Presentación

Un ano máis, e van xa dez, achegamos aos interesados en coñecer cómo se desenvolveu a Literatura galega, non só en Galicia senón tamén fóra dela, o *Informe de literatura* correspondente ao 2004, o primeiro observatorio literario galego con características que van máis alá dunha base bibliográfica, xa que non só achega a creación senón que tamén a recepción de todo tipo de obras literarias, así como doutros elementos sistémicos, acompañados todos eles dunha descrición do seu contido, e mesmo da súa historia cando de revistas e premios se fala. Esta vez este *Informe* poderase consultar non só no CD-ROM, como en anos anteriores, senón tamén nunha nova versión web que permitirá realizar unha maior cantidade de buscas e consultas. Na web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (http://www.cirp.es) en recursos en liña, ademais desta nova versión do *Informe de Literatura 2004*, tamén atoparán os informes anteriores.

Como é habitual, no traballo acollemos todas as informacións e reflexións que, atinxindo directa ou indirectamente ao ámbito da Literatura galega, apareceron por unha parte en soporte impreso durante o ano 2004 e, dentro deste tipo de soporte, nas súas máis diversas manifestacións: monografías, libros colectivos, revistas, xornais, folletos, etc., e por outra en soporte informático, de aí que se citen dende 1998 aquelas páxinas web que tratan esta Literatura.

Ofrecemos un comentario descritivo, non valorativo nin crítico, de cada unha das entradas rexistradas, é dicir, tanto dos libros relacionados coa literatura que viron a luz ao longo do ano 2004 (e tan só deses) coma das recensións que sobre eles apareceron nas revistas e nos xornais durante ese mesmo período de tempo. Con estes comentarios tratamos tan só de informar ao lectorado do contido das diferentes publicacións, sen entrar en análises minuciosas, cousa que sería de todo punto imposíbel, nin en excesivos tecnicismos que puidesen obstaculizar a comprensión a un lectorado non suficientemente especializado.

Respecto dos xornais, os consultados seguen a ser, fundamentalmente, de ámbito galego, aínda que cada vez máis son obxecto de atención aqueloutros foráneos que moi esporadicamente conceden algunha atención á Literatura galega. Así, poderán atoparse ao longo deste *Informe* algunhas entradas de *ABC, El diario montañés, El Mundo* e *El País*, fundamentalmente. Doutra banda, apreciarase que, polo que se refire a este tipo de publicacións, diferenciamos entre "Recensións" e "Referencias varias", por considerar que estas últimas, de importancia menor, evidentemente, achegan tan só, xa sexa algún tipo de información convencional (notas de redacción ou de axencia), xa algunha alusión ou información secundaria respecto do obxecto principal do escrito (artigos de opinión, entrevistas), xa simples nótulas que non alcanzan o rango de recensións nin de análises críticas con pronunciamentos valorativos de interese, na maioría dos casos. Se decidimos mantelas foi por considerar que proporcionan unha información colateral valedoira, cando menos, para sabermos o grao relativo de atención que prestan ao ámbito literario, en xeral, os diferentes xornais consultados, cousa que se reflicte elocuentemente nos gráficos estatísticos que presentamos.

Polo que fai ás revistas, cómpre ter en conta que as consultadas son case todas galegas, por máis que apreciamos e rexistramos a atención que lle prestan a esta literatura outras como *ADE (Revista de la Asociación de directores de escena de España)*, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, *Galicien Magazin*, *Leer, Madrygal. Revista de Estudios Gallegos, Malasartes. Cuadernos de Literatura para a Infância e a Juventude, Mealibra. Revista de Cultura, Primer Acto*, *Qué leer día a día*, *Romania, Serta* e *Setepalcos*. Tamén nesta orde de cousas, queremos avisar ao lectorado de que, case exclusivamente, nos temos dedicado a consultar as revistas de maior difusión, pero que somos conscientes da existencia de gran cantidade de publicacións por parte de Centros de ensino, Agrupacións e Asociacións culturais e outros Centros, de dentro e de fóra de Galicia, que poden ter interese para os nosos fins pero que non nos foron asequíbeis na súa maior parte. Neste sentido queremos manifestar a nosa vontade de apertura e o noso interese cara a todas aquelas contribucións que o lectorado desexe facernos chegar ao Centro para paliar o noso descoñecemento, nalgúns casos, e noutros a escasa difusión de certos materiais.

Noutra orde de cousas, cómpre salientar que, como xa se ten feito en edicións anteriores, dedicamos un apartado especial (IV) a todo o que se publicou arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, neste caso, Xaquín Lorenzo "Xocas". Entre outras cousas, esa decisión serviunos para que a bibliografía que se produciu no ano 2004 sobre esta figura non repercutise, desvirtuándoos, nos parámetros relativos ao reconto estatístico da produción literaria total do ano.

Doutra banda, o lectorado apreciará que a Literatura Infantil e Xuvenil é obxecto, así mesmo, de atención diferenciada (Apartado VII), respecto da que podemos denominar institucionalizada, ou dirixida aos adultos. Incorporamos a este apartado a sección denominada "Cómic" polas súas características gráficas e narrativas, aínda que somos conscientes de que hai distintos tipos de cómic, con intencións diferentes e lectorado ideal non infantil e xuvenil. Polo mesmo, coidamos que os traballos rexistrados sobre a Literatura de transmisión oral, pola especial metodoloxía que o obxecto de estudo impón, debían considerarse á parte (Apartado VIII), tal e como se fai asemade coa Literatura medieval (Apartado XI), por constituír esta un corpus con perfil de seu, practicamente xa pechado, e dispoñer, así mesmo, dunha metodoloxía de investigación ben diferenciada respecto do resto da literatura.

En canto ás páxinas web (Apartado XIII) ofrecemos unha listaxe das que continuaron vixentes e das novas achegas, coa finalidade de informar daquelas máis salientábeis no ámbito da Literatura galega e que nos informan dela dende a rede.

Para unha mellor matización na análise dos aspectos que definen o sistema literario galego seguimos a consignar a porcentaxe de obras que se beneficiaron dunha subvención pública para a súa edición (marcadas no texto con ▪), así como a daquelas que foron directamente editadas por institucións oficiais, xa sexan de ámbito local, provincial ou autonómico (marcadas no texto con ◆), para contribuír a unha mellor interpretación da realidade cultural galega.

Nesta nova xeira dos “Informes de Literatura” debido á nova aplicación informática para non distanciar a web do CD-ROM, os apartados que están estabelecidos pero que no ano concreto non mereceron atención nos medios que se acollen aparecerán sen descritores.

Finalmente, queremos manifestar como sempre o noso agradecemento a Mercedes Brea pola axuda e a información que nos prestou sobre Literatura medieval e a todas aquelas persoas que ou ben realizaron a descrición dalgunha entrada e que constan no apartado de créditos, ou ben colaboraron neste proxecto nalgún momento do proceso de elaboración ou nalgún aspecto puntual.

Blanca-Ana Roig Rechou

Créditos

Informe de Literatura
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

A literatura galega no 2004 e a súa recepción

Directora e Coordinadora: Blanca-Ana Roig Rechou
Bolseiros do proxecto: Natalia Mirón Domínguez
Francisco Martínez Hidalgo

Redactores:

Rafael Adán Rodríguez
María Jesús Agra Pardiñas
Eulalia Agrelo Costas
Alberto Barreiro Docampo
Inés Coiradas Martínez (MEDIEVAL)
Manuel Corbacho Pérez
Celia Díaz Núñez
Antonio Augusto Domínguez Carregal (MEDIEVAL)
Paulo Filgueira Fachal
Carmen Franco Vázquez
Margarita García Candeira
Nazareth García Seijas
Xosé Francisco Godón Davila
Marta González Miranda
Rosalía Grandal Montero
Fernando Groba Bouza
Marta López Macías (MEDIEVAL)
María Pilar López Suárez
Francisco Martínez Hidalgo
Iria Mayer Mayer
Natalia Mirón Domínguez
Isabel Mociño González
David Muíño Barreiro
Marta Neira Rodríguez
Mª José Noya Sanmartín
Sara Pino Ramos
María do Cebreiro Rábade Villar
Amparo Raviña Rosende
Esperanza Rocamonde Iglesias
Blanca-Ana Roig Rechou
Ursicino Seco García

Mª Isabel Soto López
Eva Tizón Zas
Susana Mª Vázquez Recarey
Isabel Vega Vázquez (MEDIEVAL)
Mª Dolores Villanueva Gesteira

Agradecementos a:

Raquel Alonso Parada
Raquel Campos Pico
Ana Belén Cao Míguez
Jorge Cea Viña
María Cuquejo
Lorena Domínguez
Marta González Louzao
Olalla Márquez Losada
Marta Obelleiro
Antonio Reyes Sánchez Crespo
Teresa Sixto Rey
David Rodríguez
Damián Suárez Vázquez
Carme Marina Vidal Valiña

Edita:
XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN
EN HUMANIDADES

Coordinador Científico
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Literatura
ANXO TARRÍO VARELA

Informe de Literatura 2004

I. NARRATIVA

I.1. NARRADORES GALEGOS

Agrafoxo, Xerardo, *Unha viaxe no Ford T*, Premio Manuel García Barros 2004, Vigo: Galaxia, 22 novembro 2004, col. Literaria, nº 210, 212 pp. (ISBN: 84-8288-755-6).

A novela parte dunha postal recibida polo narrador protagonista, un xornalista. O seu remitente é Clara Nogueira, unha fermosa e enigmática muller coa que estivera sentimentalmente relacionado no pasado. Pasando por Cuba, Compostela, Austria ou Suíza, o xornalista implícase na investigación dun segredo familiar que serve de marco a unha historia de amor durante os anos 30 que ten como protagonistas a Ernest Hemingway e unha rapaza galega, nos tempos en que o escritor foi correspondente na Guerra de 1936.

Recensións:

- A.N.T., 'Xerardo Agrafoxo, premio García Barros', *A Nosa Terra*, nº 1.134, 'Cultura', 24 xuño 2004, p. 30.

Introdución ao argumento da novela gañadora do premio "García Barros", *Unha viaxe no Ford T*, que parte duna mensaxe escrita por unha amante de Hemingway atopada por un xornalista. Saliéntase que a obra forma parte dunha triloxía na que a literatura, o amor e as viaxes son os tres temas dominantes. Para rematar, faise unha aproximación á traxectoria do autor.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Unha viaxe no Ford T', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 xuño 2004, p. 49.

Apúntase que o argumento da novela *Unha viaxe no Ford T*, gañadora do premio "García Barros", baséase nunha suposta viaxe de Ernest Hemingway a Galiza. Recóllense declaracións do autor, que afirma que estruturou a obra sobre continuos flash-back que o levan dende Cuba a Compostela e de Austria até Suíza.

Alcalá, Xavier, *Entre fronteiras*, Vigo: Galaxia, marzo 2004, col. Literaria, nº 200, 344 pp. (ISBN: 84-8288-667-3).

Xavier Alcalá (Miguelturra, Cidade Real, 1947) conta neste libro a historia de Manuel Liñares Couto, ferroviario protestante que se converte en narrador da súa propia historia. O libro podería definirse como ficción histórica e ao tempo como relato de aventuras, pois créase unha novela a partir das peripecias dun personaxe individual mais que tamén fala da realidade histórica que abarca desde o reinado de Alfonso XIII (1916) até 1939. Sitúase no sur de Galiza, en Pontevedra, na fronteira con Portugal. A partir da historia que o

protagonista nos conta, reflíctese a situación de marxinación e represión á que a comunidade evanxélica foi sometida durante ese período. O libro pode dividirse en dúas partes temáticas: a primeira fala do tempo de paz e nela a acción é mais áxil; na segunda, que trata o tempo da guerra, o núcleo é o propio escenario bélico.

Recensións:

- Montse Pena Presas, 'Unha ollada desde a trincheira', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 162, 'O espello das letras', 2004, pp. 86-87.

Comentario sobre a novela *Entre fronteiras* de Xavier Alcalá. Sinala que se trata da primeira parte dunha triloxía que levará por título "Evanxélica memoria". Explica que se trata dunha novela que introduce distintos acontecementos que vive unha comunidade protestante evanxélica das terras en que Galicia mira Portugal. Considera que a historia particular e individual de Manuel Liñares, o personaxe principal, converxe coa historia colectiva do país no primeiro terzo do século XX, razón pola que forma parte das chamadas "novelas da guerra civil". Fai notar que este tema xa foi tratado noutras ocasións por Xavier Alcalá, mais nesta ocasión coa novidade de que a voz narrativa pertence a un evanxélico e amosa a represión que viviu este grupo minoritario. Sinala tamén que se trata dunha novela iniciática, posto que é a primeira vez en que a nosa literatura recolle as peripecias da guerra nas trincheiras. Manifesta que, en ocasións, a historia faise demasiado lenta e opina que os personaxes secundarios caen nun certo maniqueísmo. Finaliza sinalando que con esta novela Xavier Alcalá consolídase como un dos autores con maior capacidade para crear mundos de ficción potencialmente novelescos.

- Xosé M. Eyré, 'Un mozo protestante na guerra do 36. Xavier Alcalá comeza unha triloxía sobre os evanxélicos', *A Nosa Terra*, nº 1.125, 'Cultura', 22 abril 2004, dende abril 2004 ata abril 2004, p. 26.

Céntrase na análise do argumento e do personaxe principal, Manuel, antiheroe que ten que sobrevivir a toda a contenda. A obra está dividida en dúas partes: unha do tempo da paz, no que os personaxes teñen un protagonismo especial, e outra na que os personaxes perden forza narrativa e entón é o escenario da guerra o que cobra o protagonismo. É descrita como crónica, mais tamén como novela relixiosa, na cal, aínda que hai confrontación bélica, non así relixiosa. Valórase a lingua flexíbel e rica en matices. En opinión do crítico, a novela perde a forza que podería ter co paso da primeira á segunda parte, aínda que se recoñece o engado de tan singular tema.

- Rodri García, 'Anacos dunha historia mergullada', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 57, 'Letras en Galego', 24 abril 2004, p. 7.

Faise un percorrido pola historia do protagonista, Manuel Liñares Couto, ferroviario «atrapado entre as súas crenzas, polas que non quere empregar armas». Este personaxe representa aos crentes evanxélicos da primeira metade do século pasado. Sinálase que a historia arranca nos anos 20 nunha vila da fronteira entre Galiza e Portugal. Destácase

como novidade o feito de novelar o día a día do que vai acontecendo na guerra e na vida cotiá da vila. Aprovéitase tamén para anunciar a reedición de Galaxia doutras obras do autor.

- Francisco Martínez Bouzas, 'A recuperación da memoria histórica dos protestantes', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 2 maio 2004, p. 3.

Fai unha análise dos contidos, os obxectivos e a relación entre o argumento e a realidade histórica. Cualifícase a obra como relato de aventuras no que tamén se fai un alegación contra o belicismo, pois gran parte da narración dedícase a contar as cruezas da guerra. Este é o primeiro volume da triloxía "Evanxélica memoria" e narra a historia da represión das comunidades evanxélicas establecidas en Galiza. Sinálase que nesta obra, focalizada no sur da provincia de Pontevedra, se describen, coa garantía dunha base documental, as duras coaccións ás que foron sometidos os que eran xulgados como herexes, comunistas e masóns dende finais do reinado de Alfonso XIII até o remate da guerra civil. Dise que se descobre así unha parte da nosa historia relixiosa, social e política descoñecida, ao converter intrahistoria en historia. Valórase a novela como traballada «coa mestría dos grandes narradores do noso sistema literario».

- Francisco Martínez Bouzas, 'Entre fronteiras', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 82, 'Libros', 6 maio 2004, p. V.

Preséntase o libro *Entre fronteiras* como o primeiro dunha triloxía que, ao tempo que é un relato de aventuras, ten o obxectivo de dar a coñecer unha historia de represión, unha parte da nosa historia relixiosa, social e política descoñecida, sacando á luz a presenza das comunidades evanxélicas na Galiza. Advírtese que por medio da voz testemuñal en primeira persoa dun personaxe central de carácter simbólico, a novela convértese na crónica de «como un evanxélico afronta a barbarie da guerra civil». Vese a obra como unha alegación contra o belicismo e a intolerancia. Sublíñase que esta é unha novela de ritmo áxil, sobre todo no inicio, que se ralentiza cos avatares bélicos que centran o interese narrativo na segunda parte.

- Tomás Ruibal, 'A historia esquecida', *Diario de Pontevedra*, 'Anaquel dos Libros', 9 maio 2004, p. 8.

Fai unha análise e unha valoración da obra. Resalta que esta pretende encher un baleiro na Historia ao constatar a opresión que sufriu a comunidade evanxélica na Galiza por parte da comunidade católica desde o reinado de Alfonso XIII até a guerra civil, mesturando realidade e ficción e evolución individual e colectiva. Considérase a Alcalá narrador experimentado que lle dá fluidez ao relato; como crítica negativa observa que ás veces explicítanse frases que parecen innecesarias por consabidas, mais destaca o valor literario e histórico da obra. Por último, fai lembranza de distintas obras publicadas polo autor.

- Xulio Valcárcel, 'Entre fronteiras', *El Ideal Gallego*, 'Páxina Literaria', 23 maio 2004, p. 4.

Faise unha crítica positiva do autor e da obra. Dela dise que é un relato denso e de tema apaixonante, con múltiples mundos dentro dun universo máis amplo. Os/as protagonistas están sacudidos/as por distintos temas, como a emigración, a guerra e a persecución. A novela, que sobe en intensidade e emoción nas páxinas dedicadas á guerra, describe a «experiencia de loita con toda a súa carga de dor e de destrucción (sic)». Dise que a dureza descrita, que podería rozar o tremendismo nalgún momento, vén esixida pola lóxica interna do relato. No conxunto, segundo o crítico, resulta «un cadro forte e vibrante».

- Vicente Araguas, 'Colportores', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 30 maio 2004, p. 21.

Valora a habilidade de Xavier Alcalá para crear unha novela realista que fala da represión da comunidade evanxélica na Galiza do reinado de Alfonso XII até a guerra civil. Saliéntase que, a pesar de ser unha «historia novelada do protestantismo en Galicia», os personaxes son «seres de verdade e non de cartón-pedra» e conséguese que o/a lector/a entre con facilidade na acción.

Referencias varias:

- Maré, 'Memoria dos esquecidos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 abril 2004, p. 49.

Infórmase da xénese, contido e relación do narrado coa historia política, social e relixiosa na que transcorre a historia. Afírmase que a realidade foi coñecida na infancia do escritor, polo que se cualificou de "autobiografía" ao retratar social e historicamente feitos e personaxes reais. Ao longo dunha triloxía, "Evanxélica memoria", da que *Entre fronteiras* é a primeira entrega, nárrase a represión que entre 1916 e 1939 viviu a comunidade evanxélica en Galiza. Sinálase que o argumento se centra no personaxe central simbólico, que relata a súa peripecia vital e os acontecementos que tivo que superar para sobrevivir.

- I.M., 'En Galicia fan falla 'ikastolas' máis aínda que no País Vasco', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 13 abril 2004, p. 14.

Dá noticia da presentación do libro en Vigo. Tras facer unha pequena memoria dos libros publicados do autor, fala da situación social do grupo retratado e de como se novela por medio dun personaxe, que, en forma de autobiografía, desenvolve unha crónica da disidencia e da represión. Trátanse tamén outros aspectos, como a influencia política na situación do galego e, aproveitando o traballo do autor como enxeñeiro de telecomunicacións, a relación entre Internet e a literatura.

- B.R. Sotelino, 'O mundo dos evanxélicos está cheo de curiosidades', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 abril 2004, p. 43.

Pregúntase ao autor cómo xorde o interese cara ao tema da triloxía, o por qué de adoptar a forma novelada e a qué público podería interesar. Alcalá di que xorde da súa « curiosidade ante unha realidade oculta que eu coñecía». Define o seu libro como novela de aventuras, protagonizada por un evanxélico que ten que resistir nunha sociedade que o rexeita, e, ao converter a intrahistoria en historia, novela o que podería ter sido unha narración xornalística.

- Alberto Quian, 'Os evanxelistas sufriron brutalidades en España', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 14 abril 2004, p. 45.

Aprovéitase a presentación do libro *Entre fronteiras* na Fundación Penzol, en Vigo, para facer unha entrevista ao autor. Dise que a historia se novela a partir dunha trintena de testemuños e das vivencias de nenez do autor. O libro, definido por Alcalá como de aventuras, ao tempo que relata a historia nunca contada da supervivencia da comunidade evanxélica trala súa disidencia da doutrina apostólica e romana, tamén di moito da realidade social, política e cultural galega desde o reinado de Alfonso XIII até a guerra civil.

- M. Mayoral, 'Nunca darei pagado ós evanxélicos que me brindaron a súa historia', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 15 abril 2004, p. 11.

Dáse noticia da presentación en Ferrol do último libro de Xavier Alcalá nun acto ao que acudiron Abel García, Carlos Lema e Bernardo Maíz. Fala das fontes e da fidelidade á realidade: «non hai imaxinación», o que se fixo foi «sintetizar os moitos personaxes en arquetipos, os bos, os malos...». As dúas próximas entregas que seguen a este libro están localizadas case integramente en Ferrol.

- Xan Carballa, 'Xavier Alcalá', *A Nosa Terra*, nº 1.135, 'Cultura', 1 xullo 2004, p. 29.

Anúnciase o contido do último libro de Xavier Alcalá, *Entre fronteiras*, que se describe como «a reivindicación dun sector da poboación, os e as protestantes da relixión evanxélica», resultado dun esforzo «histórico-literario», pois é unha realidade ficcionalizada e atenta á historia que conta. Afírmase que este primeiro libro da triloxía "Evanxélica memoria" narra a aventura de supervivencia desa comunidade contada por un dos seus membros, e que o autor aproveita para achegarnos ás distintas situacións que viviron os evanxélicos na historia durante o reinado de Alfonso XIII.

- Enrique de Ron, 'Xavier Alcalá y su trilogía evangélica', *El Correo Gallego*, 'A Coruña', 1 xullo 2004, p. 24.

Infórmase da presentación do libro *Entre fronteiras*, publicado pola editorial Galaxia, na Fundación Luís Seoane, da Coruña. Sinálase que se trata do primeiro libro dunha triloxía que conta a historia de incomprensión das comunidades evanxélicas en Galiza partindo de

feitos reais.

- Albino Mallo, 'A 'docunovela' de Alcalá', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 xullo 2004, p. 51.

Infórmase da presentación do libro *Entre fronteiras* na Fundación Luís Seoane, da Coruña. Afírmase que se trata do primeiro libro da triloxía "Evanxélica memoria", que se continuará con *Nas catacumbas* e *Unha falsa luz*. Sinálase que, ademais dos testemuños directos que o autor coñeceu, o argumento da triloxía foi recollido ao longo de cinco anos: relata a historia e intrahistoria da comunidade evanxélica na Galiza desde 1916 até 1975 por medio do protagonista, Manuel Liñares Couto, arquetipo no que se xuntan distintas personalidades.

- Xesús Fraga e Marta Otero, 'A vida condicionada pola ideoloxía', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 67, 'Lecturas de verán', 3 xullo 2004, p. 9.

Recoméndase a lectura da novela *Entre fronteiras*, de Xavier Alcalá, á que se cualifica de intensa e forte, e recoñécese como valor destacábel o gran coñecemento que amosa desa realidade e o feito de ser rigorosa e contrastada co fondo histórico no que se sustenta, nun momento en que as artes non se preocupan polo rigor. Destaca o argumento, cuxos personaxes non son heroes, senón galegos normais que non pertencen á relixión oficial, senón á evanxélica.

- Albino Mallo, 'Evangélica memoria' trata sobre la persecución de los protestantes', *El Correo Gallego*, 'Gallegos del nuevo milenio', 14 xullo 2004, p. 8.

Destácase a intensa actividade de Xavier Alcalá como escritor e o autor de *Entre fronteiras*, primeiro libro da triloxía titulado "Evanxélica memoria", cuxas segunda e terceira entregas serán *Nas catacumbas* e *Unha falsa luz*. De *Entre fronteiras* di que conta a situación de marxinación á que se viron sometidos os e as practicantes da relixión evanxélica até 1975, onde remata a historia. Dise que para a historia que está no fondo do relato aproveita o coñecemento persoal da realidade histórica que tivo de neno convivindo con esas comunidades.

- Xulio Valcárcel, 'Fanatismo e tolerancia', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 25 xullo 2004, p. 4.

Con motivo da presentación do último libro de Xavier Alcalá, aproveita o tema central deste, a persecución sufrida pola comunidade evanxélica en Galiza, para reflexionar sobre a actualidade do tema: "o fanatismo relixioso, político, fanatismo deportivo, desprezo do alleo, intransixencia, xenofobia". Opina que a novela parte da crenza na posesión da verdade e do convencemento de que debe apostarse pola racionalidade do diálogo. Recoñece os méritos literarios de Alcalá e cualifica a novela de intelixente.

Ameixeiras, Diego, *Baixo mínimos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xuño 2004, col. Narrativa, nº 204, 175 pp. (ISBN: 84-9782-167-X).

Diego Ameixeiras Novelle (Lausanne, Suiza, 1976) presenta nesta primeira novela do xénero negro a Horacio Dopico, un detective vido a menos a quen lle encargan unha investigación na que ten que descubrir ao asasino do avogado Adrián Seivane, supostamente matado pola GIA (Grupo Independentista Armado), pero a Consellaría do Interior non acepta deixar así o caso e pretenden resolvelo sen incluír na investigación os medios policiais. Dopico é un home amargado, divorciado que aínda non asumiu que a súa muller o deixara e que ten problemas co alcol; comparte moitos momentos coa súa veciña lesbiana chamada Iris e a partir dunha entrevista coa muller do falecido sospeita que a morte do avogado vai ser complicada de solucionar. A partir deste intre, o detective introdúcese na resolución do caso e sofre diversas peripecias ata a solución final do crime.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'A presentación literaria do detective Horacio Dopico', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 8 agosto 2004, p. 2.

Comenta a primeira novela de Diego Ameixeiras, quen se estrea no xénero negro, o cal ten a súa orixe nas novelas de Edgar Allan Poe. Sinala que esta novela presenta as características básicas de calquera outra cun crime inexistente, a investigación e o comezo da historia polo final para chegar ao seu comezo. Realízase un repaso polo contido do libro, salientando as accións e corrupcións que teñen lugar na novela. Ademais, indícase que o espazo, Ourense, é tratado de xeito paródico e finaliza confirmando que a novela ten todos os ingredientes necesarios do xénero negro, aínda que nota a falta de certa claridade, sobre todo ao final.

- Vicente Araguas, 'Negra verde', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 5 setembro 2004, p. 20.

Vicente Araguas realiza unha crítica da novela de Ameixeiras en canto a súa construción e funcionalidade. Salienta que o protagonista é como calquera outro protagonista de calquera novela do xénero negro onde se poden atopar drogas, sexo, fumadores empedernidos, etc. Ademais di que se trata dun libro pouco funcional e que perde ao lector con tanto "retruécano" porque incluso ao final non se coñece quen é realmente o culpable. Afirma que o ambiente debería ser aínda máis real e aconsella ao autor que teña en conta estes aspectos para a seguinte entrega.

- C. Lorenzo, 'Horacio Dopico vixía Ourense', *A Nosa Terra*, nº 1.144, 'Narrativa', 30 setembro 2004, p. 27.

Recensión sobre a novela de Diego Ameixeiras, *Baixo mínimos*. Comeza comentando cales son os autores máis coñecidos da novela negra para pasar a citar aos escritores galegos que se dedicaron tamén a este xénero. Nomea a Manuel Forcadela e Miguelanxo Fernández,

pero sinala que agora tamén hai que incluír a Ameixeiras. Apunta as fontes das que parte o personaxe Horacio Dopico, ao igual que outros protagonistas e loa a linguaxe empregada polo autor e o ritmo da novela. Apunta que está chea de expresións e formas propias da lingua oral, pouco habituais nos escritores novos que se expresan máis ben co formalismo académico e non coa linguaxe dos vellos.

- Xosé M. Eyré, 'A ironía como acceso á verdade', *A Nosa Terra*, nº 1.145, 'Narrativa', 7 outubro 2004, p. 26.

Comeza o artigo reflexionando sobre o concepto de ironía e en qué situacións os autores toman man dela. Propón que a ironía supón un distanciamento do escritor coa realidade que ironiza e unha necesidade de liberación, colectiva ou individual, e salienta que o libro de Diego Ameixeiras, *Baixo mínimos*, é un bo exemplo de novela que parodia a realidade de forma colectiva. Eyré indica que a novela engancha porque presenta un ton irónico e está estrutura en capítulos curtos que atraen ao lector, ademais de desenvolverse nun ambiente real, o Ourense actual, extensíbel a toda Galicia, e cunha acción detectivesca convencional. Remata salientando de novo que a ironía comeza xa no inicio do libro, cando o lector se identifica con ese antiheroe que é Horacio Dopico a quen lle asignan unha misión que consegue levar a cabo. Conclúese que, polo tanto, Ameixeiras non emprega unha ironía destrutiva senón construtiva, xa que crea unha realidade.

- M.R., 'Baixo mínimos', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 81, 'Letras en galego', 9 outubro 2004, p. 8.

Resume o contido da novela *Baixo mínimos* e o ambiente no que se move o protagonista, quen recibe tantas malleiras que non acadará permanecer vivo na segunda entrega.

Referencias varias:

- MARÉ, 'A editorial Xerais lanza no verán tres novos títulos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 xullo 2004, p. 48.

Informa da publicación por parte da editorial Xerais de tres libros entre os que se atopa a novela de Diego Ameixeiras, *Baixo mínimos*, da que recolle brevemente o seu argumento.

- Carlos G. Meixide, 'Son un parado que escribe', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Entrevista', 15 agosto 2004, pp. 10-11.

Entrevista a Diego Ameixeiras, autor do libro *Baixo mínimos*, quen comenta cales son os seus autores favoritos e afirma que a caracterización do seu personaxe está tomada de xente real pero tamén inventada; el non se identifica co protagonista aínda que considera que pode haber persoas con ese carácter. Tamén afirma que no libro lle fai unha homenaxe aos seus pais cando loa o traballo dos quiosqueiros e indica que a novela podería ser levada ao

cine pola súa atractiva historia. Sobre outro dos temas da historia, a sexualidade, comenta o autor que non quixo entrar nese aspecto porque a muller coa que trata Dopico é unha menor e ademais o protagonista ve ás mulleres como superiores. En canto ao tema da literatura galega e do xénero negro, Ameixeiras di que en Galicia non existen moitas obras deste estilo e que resulta contraditorio que se publiquen tantos libros pero que non obstante se perdan falantes. Finaliza a entrevista comentando que nestes momentos é un xornalista parado que pretende gañarse a vida escribindo libros ou traballando no mundo do audiovisual.

- Laura Vázquez, 'De Chandler a Blanco Amor', *La Región*, 'Cultura', 29 agosto 2004, p. 83.

Coméntase o contido da primeira novela de Ameixeiras, que será presentada polo autor na cidade das Burgas, onde transcorre o relato. Indícase que o libro alcanzou xa un grande éxito e que o autor está preparando novas entregas que serán historias pechadas pero cun fío condutor entre elas.

- M.S., 'El primer paso, que confíen en ti, siempre es muy difícil', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 5 outubro 2004, p. 17.

Informa da presentación na librería Lume da Coruña da obra de Diego Ameixeiras, á que asistiu o director da editorial Xerais, Manuel Bragado. O autor salienta a súa sorpresa de que o libro teña tanto éxito e afirma que tivo sorte ao contar co apoio da editorial. Tamén di que xa ten preparada a segunda parte e que quizais poida ser levada ao cine en pouco tempo.

- V. Oliveira, 'Diego Ameixeiras leva a Santiago o seu detective Horacio Dopico', *El Correo Gallego*, 'Narradores', 28 outubro 2004, p. 74.

Dáse conta da presentación da novela *Baixo mínimos* de Diego Ameixeiras, publicada pola editorial Xerais, no pub Cachán de Compostela. Salienta a boa acollida que está a ter o libro e ademais indica cal é a ocupación actual do novelista e describe de forma breve o mundo no que se desenvolve a novela.

- Margarito Flowers, 'Ameixeiras triunfa con 'Baixo mínimos', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 28 outubro 2004, p. 80.

Anuncia a presentación da novela de Ameixeiras no pub Cachán de Santiago de Compostela e salienta o éxito que está a ter como un dos libros máis vendidos, competindo incluso c'*O código Da Vinci*. Di que na presentación actuará o grupo Pollegros.

- N.M., 'A realidade política galega daría para moitas novelas', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 29 outubro 2004, p. L2.

Informa da presentación en Santiago da primeira novela de Diego Ameixeiras, a quen se lle realizan unha serie de preguntas sobre o libro.

- V. Oliveira, 'De negro nun país de tolos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 novembro 2004, p. 50.

Dáse conta da presentación, no pub Cachán de Compostela, da novela de Diego Ameixeiras publicada pola editorial Xerais. Saliéntase a boa acollida que está a ter e indica cal é a ocupación actual do novelista e describe de forma breve o mundo no que se desenvolve a novela. Ademais, Ameixeiras dá a súa opinión sobre a situación actual da lingua galega e considera que é algo preocupante, polo que debe ser responsabilidade de todos, e atópase esperanzado en que a situación cambie. En columna á parte salienta que está a preparar a segunda entrega das aventuras do detective e afirma que o xénero negro non é dos máis cultivados na literatura galega.

Aneiros, Rosa, *Veu visitarme o mar*, Vigo: Xerais, 2004, col. Narrativa, nº 213, 324 pp. (ISBN: 84-9782-251-X).

Esta terceira incursión de Rosa Aneiros Díaz (Valdoviño, 1976) na novela narra a historia dunha bióloga granadina, Alba, dende a súa mocidade andaluza até a súa vida na parroquia de Lira, situada na Costa da Morte. A historia iníciase coa marcha do fogar común de Marcos, a parella de Alba, e o inicio dunha crise persoal. Crise que se agrava coa chegada da marea negra do Prestige e o perigo que supón para a piscifactoría na que traballa Alba, así como para o seu emprego alí. O mar é o pano que unifica tanto este tempo presente, coma os outros dous tempos que se introducen na historia: a infancia granadina e a súa chegada a Galicia como voluntaria coa marea negra do Mar Exeo (1992). Cada tempo contén a súa frustración irresoluta e os seus personaxes críticos, que van evolucionando ao longo da novela ata chegar á súa resolución. Os soños onde se lle aparece a súa avoa defunta, Trinidad, conducen a Alba ao seu pasado granadino, enfrontándoa de socato coas súas confusas relacións familiares, produto da marcha da casa do seu pai. A súa irmá, Pinocho, que a vai visitar a Lira, e á que tamén se lle aparece a avoa, será outro personaxe vital para a resolución desta parte da historia. A súa chegada a Galicia explícase polos correos electrónicos nos que lle procura lembrar á súa amiga Isa, que a acompañou na viaxe, todas as súas peripecias galegas, facendo especial fincapé na ambigua relación sentimental que ambas mantiveran naquel tempo cun rapaz que traballa para Greenpeace, David. Personaxe este que, como Pinocho, reaparece no presente tamén de forma decisiva. É esta, xa que logo, unha novela sumatoria de tres historias, en tres tempos, cuxa presenza e resolución conflúen no tempo presente, no que Alba debe enfrontarse co seu pasado e cos problemas sen resolver que nel deixara.

Blanco Rivas, Manuel, *A sombra das acacias*, ilus.de Miguelanxo Varela, A Coruña: Laiovento, 2004, col. Narrativa, nº 189, 104 pp. (ISBN: 84-8487-062-6).

Volume de once relatos curtos obra de Manuel Blanco Rivas de temática variada. Comézase co titulado "A lealdade do capataz Milos", co que obtivo o segundo premio no Certame Nacional Galego de Narracións Breves "Modesto R. Figueiredo" en 1996, e no que se describen as andanzas de Martiño como novo emigrante en Cuba e a súa amizade co capataz Milos. En "A muller de branco" atopámonos a Josiño fuxindo no derradeiro intre das gadoupas de Marichu, o seu amor de xuventude, nunha xuntanza de veteranos. No relato que dá nome ao volume, "A sombra das acacias", vemos como Elías escapa dunha cidade debido á soidade e ante o novo panorama político, mentres que en "Lobo" un legoeiro chamado Antón e alcumado o Lobeiro, por ter matado a moitos lobos, descobre que grazas a un destes animais o seu fillo Cibrán non morreu conxelado. Asemade en "O pintor do arco da vella" aparece Silverio coa súa arela dunha sociedade mellor mediante a súa pintura, pero ante o seu éxito as autoridades méteno nun manicomio e após é desterrado ás illas Maldivas. En "O viaxeiro", un home atopa o seu paraíso perdido ao fundar na súa aldea unha academia como as que vira en Lucerna, e en "Cálida presenza", Lucario sente a presenza da súa muller defunta cunha bolboreta. Os soños que se poden ter mentres se está a durmir no traballo están presentes en "A maldición de Sísifo" e a Santa Compaña vémola en "O espantallo". Finalmente, tamén teñen cabida relatos centrados no paso do tempo como "María" -co inexorábel decorrer dos anos na senectude- ou "A casa grande" -onde se ve como o paso do tempo colle a todo o mundo, incluso "ás cousas á que lembramos con máis ledicia como a casa da aldea dos meus avós".

Recensións:

- Salvador Rodríguez, 'Tenrura, fantasía e escepticismo', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, 'Libros', 21 agosto 2004, p. 2.

Afírmase que este volume de relatos é o resultado da mirada dun xornalista que bebe esencialmente das fontes da tradición dos grandes mestres galegos na narración curta, como Xosé Neira Vilas e, en menor medida, Blanco Amor ou Vicente Risco. Aproxímase a algún destes contos e en conxunto indica que neles teñen collida a vea fantástica, o humor e a ironía, a fábula ou o relato urbano. Conclúese facendo uns pequenos apuntamentos biográficos do autor deste volume, Manuel Blanco Rivas.

- Manuel Rosales, 'Instantáneas vitais', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 92, 'Libros', 23 setembro 2004, p. V.

Indica que estes relatos curtos se caracterizan por conformar unha literatura que se define polo afán de compromiso ético co ser humano e así mesmo destaca a dupla capacidade dos contos: seducir ao lector e mais amosar a face máis vital e humana dos seus personaxes. Outras das características que se subliñan deste libro son a cohesión temático-ideolóxica, a recuperación narrativa do espazo rural, a crítica social, o escepticismo ou o vitalismo.

- Xan Carballa, 'Manuel Blanco Rivas: 'Non creo na arte nin na escrita como profesión', *A Nosa Terra*, nº 1.148, 'Cultura', 28 outubro 2004, p. 29.

Conversa na que Manuel Blanco Rivas fala deste libro destacando que o relato "A lealdade do capataz Milos" está baseado nun feito real, algo que non é habitual na súa escrita. Afirma que procura fuxir da frivolidade e que tenta ser claro co lector. Asemade subliña que escribe "como unha necesidade de vida, para sobrevivir" e reflexiona sobre a poesía apuntando que está canso do seu hermetismo. Finalmente detense na literatura galega da que destaca o bo momento da literatura infantil e xuvenil pero bota en falta un meirande apoio institucional.

Blanco, Camen, *Vermella con lobos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004 (ISBN: 84-9782-180-7).

A partir do elemento paratextual recollido no título *Vermella con lobos*, o lector xa pode intuír que se vai encontrar neste volume de Carmen Blanco (Lugo, 1954) cun discurso narrativo alimentado dos contos máis tradicionais, aínda que enfocado dende un prisma pouco convencional e transgresor. Isto queda confirmado nas palabras limiares da autora, quen manifesta a súa fascinación polas versións primitivas dos contos de fadas e a súa animadversión polos seus contidos misóxinos, reaccionarios e pouco liberadores. Tamén sinala que da súa vontade de cambio nacen estas novas historias, que recrean con absoluta liberdade os contos clásicos e que todo o que recollen é verdade, "verdade viva de ficción". Estes contos só "unidos polos seus fíos libertarios de homenaxes e repudios" son: "Vermella con lobos", "Quérote, Pai Pan, dixo Tigridia", "Novas noites nosas", "Os meus ollos falaban ao corazón máis fondo que o fermoso canto das escravas" "Lugar para ti", "Branca como a neve", "Silva Rosa", "Mamaíña querida", "O cuarto oculto" e "Alicia en Galicia", que parten, respectivamente, de *Carapucha vermella*, *Peter Pan*, *As mil e unha noites*, *A sereíña*, *Bucles de ouro* ou os *Tres osiños*, *Brancaneves*, *A bela dormente do bosque*, *Cincenta*, *Barba azul* e *Alicia*. Un conxunto de dez historias que alteran as coordenadas espazo-temporais de orixe, pois algunha delas ten lugar en terras lucenses e outras teñen como referentes temporais datas non moi afastadas. Nelas destaca a presenza do amor en todas as súas manifestacións e a de costumes e personaxes do mundo galego. Cómpre subliñar o papel xogado polos personaxes femininos, xa que se presentan como seres que buscan a súa plenitude e liberación.

Recensións:

- Mónica Folgueiras López, 'Ruptura coa perspectiva tradicional', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 164, 'O espello das letras', 2004, pp. 80-81.

Dáse conta da nova lectura que a profesora e escritora Carmen Blanco fai de dez contos tradicionais, despoxándoos dos contidos misóxinos, reaccionarios e pouco liberadores. Dise, ademais, que non é unha experiencia innovadora, senón que é a continuidade dunha tendencia que tivo a súa orixe en América e no libro *Na boca do lobo* da editorial luguesa Tris Tram. Recálcanse, tamén, as diferenzas existentes e os cambios sufridos entre o

primeiro dos contos e os outros, froito da súa feitura en diferentes tempos.

- R. García, 'Contos escritos coa tinta das fadas', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, 'Letras en galego', 18 setembro 2004, p. 8.

Aproxímase á obra *Vermella con lobos*, na que Carmen Blanco lles dá unha reviravolta a dez contos clásicos, entre os que se atopan *Carapucha vermella*, *Barba Azul*, *Peter Pan*, *As mil e unha noites*, *Brancaneves*, *Os tres osiños* ou *Cincenta*. Recóllense unhas declaracións da escritora luguesa, quen recoñece a súa fascinación polos contos de fadas, así como o desgusto que lle provocan os seus contidos "misóxinos, reaccionarios e pouco liberadores", o que motivou que se decidira a reelaboralos. Tamén se sinala que a autora pon diante do lector uns textos cargados de lirismo e sensualidade, dos que se reproducen algúns fragmentos e se achegan unha serie de comentarios.

- Xosé Freire, 'Vouche contar un conto... distinto', *A Nosa Terra*, nº 1.145, 'Narrativa', 7 outubro 2004, p. 27.

Refírese ao traballo de Carmen Blanco ao redor da muller, Ricardo Carballo Calero e a revista *Unión Libre*, para logo centrarse na súa última entrega, *Vermella con lobos*. Comenta que neste volume a escritora luguesa revisita e renarra, con liberdade absoluta, dez contos clásicos, que están dirixidos a un público adulto. Sinala que se apodera de personaxes como Carapucha vermella, Peter Pan, Cincenta ou Alicia, "outorgándolles outras personalidades e dimensións, reinterpretadas dende a experiencia e a ideoloxía". A seguir, detalla o simbolismo que podemos atopar nalgunha das narracións de *Vermella con lobos*, insistindo na súa "mudabilidade" co decorrer dos tempos.

- Xosé M. Eyré, 'A ironía como acceso á verdade', *A Nosa Terra*, nº 1.145, 'Narrativa', 7 outubro 2004, p. 26.

Considera que a ironía é un dos recursos literarios de maior rendemento na actualidade e que a literatura galega contou con excelentes cultivadores dende a época dos trobadores. Explica o concepto de ironía, a cal "traspón o plano real en ilusoria parodia liberadora" e centra o seu comentario en dous títulos que son boa mostra do emprego deste recurso: a novela *Baixo mínimos* e o conxunto de relatos *Vermella con lobos*. Da primeira entrega, cuxo autor é Diego Ameixeiras, sinala que "se trata dunha desas novelas que agradan porque enganchan ao lector tanto polo ton irónico como polo emprego de capítulos breves, que leva á condensación de acción de xeito que esta se precipita sen deixar respiro nin ao protagonista nin ao lector". Achega o argumento da trama argumental desta obra e refírese á presenza da ironía nela, puntualizando que unha primeira ironía se produce cando o lector se identifica cun antiheroe como Dopico. A seguir, detense nas dez narracións de Carmen Blanco, que están inspiradas en contos infantís e que se presentan nunha "prosa segura onde resalta a adxectivación precisa, de ritmos cambiantes, mollada en soños e lembranzas,

tremendamente lírica, reivindicativa, con afán de rescatar lembranzas da nenez e nunca de rescribir os contos dos que se parte". Tamén apunta que se trata de versións moi libres, apenas unidas aos seus referentes por un tenue fío, e considera unha ironía que "aqueles vellos contos infantís, para sobreviviren nun tempo no que a muller xa non é (ou non debera seguir sendo) unha simple escrava-amante-compañeira, deben metaforsearse en algo no que fai moi complicado recoñecelos". Tamén apunta que Carme Blanco nunca deu a entender que os seus textos sexan produto de acción irónica, aínda que estima que a ironía se establece na mente do lector.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Contos clásicos reescritos cunha tinta liberadora', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Relatos', 12 decembro 2004, p. 3.

Alude ás diversas versións que autores como os irmáns Grimm, Perrault ou Andersen teñen feito dos contos da tradición oral e puntualiza que ningún deles foi capaz de "rachar coa estrutura do conto nin cos seus contidos e valores reaccionarios e case que sempre, misóxinos", como o fai Carmen Blanco en *Vermella con lobos*. Comenta que os dez contos escolmados parten "dunha vontade radical de cambio, limpos dos seus contidos misóxinos, reaccionarios e pouco liberadores", como confesa a autora no seu limiar, e especifica que moitos deles só conservan do seu referente tradicional o título ou un lixeiro bocexo. Así destaca que a autora lucense crea novas narracións con novos argumentos, espazos e pulos ideolóxicos, esteados na idea de liberdade e no afán liberador tanto de mulleres como de homes. Conclúe analizando algún dos relatos deste volume "de homenaxe e repudio".

Referencias varias:

- MARÉ, 'A editorial Xerais lanza no verán tres novos títulos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 xullo 2004, p. 48.

Achégase a tres obras coas que a editorial Xerais se introduce no verán. Da novela *Baixo mínimos*, de Diego Ameixeiras, comenta que nela se configura unha trama sobre o asasinato dun avogado a través do xénero negro, mentres que de *Vermella con lobos*, de Carmen Blanco, destaca que se trata de dez narracións que constitúen unha recreación libre e persoal dos contos de fadas, apartados dos contidos misóxinos, reaccionarios e pouco liberadores. Por último, cita *Gramática subordinada*, coa que o Obradoiro de Lingua Gianni Rodari recolle a experiencia de animación á lectura, levada a cabo dende hai vinte anos en Vigo, e analiza o proceso creativo, ademais de cuestionar as premisas máis sagradas da Gramática.

- MARÉ, 'Camiño de liberdade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 agosto 2004, p. 49.

Achega certos comentarios de Carmen Blanco sobre a súa última obra, *Vermella con lobos*, que é unha recreación persoal dos contos tradicionais, que ten como obxectivo "ser 'un camiño de liberación para os homes e as mulleres' pensando 'nun presente mellor". Sinala que, baixo unha análise psicolóxica, a ensaísta lucense presenta o amor en todas as súas formas, coa muller como protagonista dos seus contos. Especifica que, fronte aos contos tradicionais de carácter "misóxino", as súas narracións "apostan 'por un cambio' e por iso presenta 'a moitas mulleres, todas entroncadas e vencelladas ó mundo galaico" e "vencelladas a unha dición liberadora". Apunta que este libro xurdiu como unha necesidade "do meu gusto polos contos de fadas, que a miña filla non soportaba" e que os fixo "para adultos, como unha recreación dos actuais", baseándose "na imaxinación e a realidade do mundo tradicional". Tamén acolle a súa opinión sobre a situación da muller en Galicia e o feminismo, ademais de dar conta dos seus futuros proxectos.

- Suso Varela, 'Unha reinterpretación feminista', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 8 agosto 2004, p. L2.

Infórmase que a escritora Carme Blanco vén de publicar un novo libro, *Vermella con lobos*, no que recolle dez contos da literatura clásica ("Carapucha vermella", "Peter Pan", "As mil e unha noites", "A sereíña", "Bucles de ouro", "Os tres osiños", "Brancaneves", "A bela dormente do bosque", "Cincenta", "Barba azul" e "Alicia no país das marabillas"). Cóntase que a pretensión da autora é a de amosar unha nova realidade liberadora e de formular certas temáticas que sempre preocuparon.

- Jaureguizar, 'Bragado refire o xeito 'libre e libertador' co que Carmen Blanco refai contos infantís', *El Progreso*, 'Cultura', 17 decembro 2004, p. 88.

Recóllese parte das declaracións do editor de Xerais, Manuel Bragado, e da autora de *Vermella con lobos*, Carmen Blanco, con motivo da presentación do citado volume. Por unha parte, Bragado falou do "xeito libre, libérrimo e libertador co que Carmen Blanco recrea os contos infantís"; referiuse, ademais, ao ánimo extraído do libro de que "o mundo dende a ficción pode entenderse dende outro punto de vista, distinto ao do patriarcado" e salientou a súa capacidade para homenaxear o amor e ás mulleres. Por outra parte, a autora lucense comentou que os seus contos son unha homenaxe aos tradicionais e que fixo unha versión deles "dende a vida e a mentalidade de hoxe, e a miña é libertaria e feminista".

Borrazás, Xurxo, *Ser ou non*, Vigo: Galaxia, 10 maio 2004, col. Literaria, 182 pp. (ISBN: 84-8288-701-7).

Xurxo Borrazás (Carballo, A Coruña, 1963) presenta a historia dun escritor vigués na trintena que decide ir vivir durante un mes á Pena, unha aldea perdida no máis fondo da serra dos Ancares, na procura de tranquilidade. Atrás quedan o barullo da cidade e os ecos dun premio literario desprestixiado e amañado que lle acaban de conceder entre a sorpresa

de máis de un. Antes de iniciar a súa *tourné* por salóns de conferencias e sinaturas de libros, o escritor busca o sosego dunha aldea que, segundo lle aseguran, está totalmente deshabitada. As súas vivencias durante eses días constitúen o groso da materia desta novela, alternándose coas non de todo limpas disquisicións do xurado do premio que finalmente lle acabará correspondendo. Os primeiros días na aldea redúcense para o escritor a acostumarse aos ruídos da noite baleira, alimentar os seus estraños animais de compañía e ver películas porno no ordenador. Todo cambia cando por casualidade coñece a Aurora, unha anciá que lle conta que é a última habitante da aldea. Furioso nun primeiro intre pola tranquilidade rota, o escritor inicia despois unha sorprendente relación afectiva e sexual con Aurora, os dous unidos polo silencio da Pena e polos recordos e as perdas íntimas que arrastran consigo. Pouco antes de que el volva a Vigo, Aurora morre. Aos poucos días, o escritor recibe unha chamada do dono da casa que ten alugada e descobre por boca deste que a aldea levaba xa tempo deshabitada, pois a tal Aurora morrera dous anos atrás. O final introduce así unha nota fantástica que rompe co acentuado realismo que o libro destilaba en todas as páxinas que o precedían.

Recensións:

- Inmaculada Otero Varela, 'As leas dun provocador', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 164, 'O espello das letras', 2004, pp. 78-79.

Coméntanse as peculiariedades do contido, como o xogo metaliterario que se fai na novela, as temáticas (o amor, ao que se lle dá un novo enfoque, e o esmorecemento do mundo tradicional galego) ou a predilección do autor polos personaxes marxinais. Saliéntase a súa catalogación como literatura galega comercial, por ser un libro que conta con todos os ingredientes para enganchar ao lector sen renunciar á calidade.

- Natalia Álvarez, 'Para min, a vida sen arte, sen as historias, non tería sentido', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 87, 'Entrevista', 10 xuño 2004, p. III.

Entrevista a Xurxo Borrazás, de quen vén de publicarse a novela *Ser ou non*. Ao longo desta, o autor carballés desvela o proceso que segue á hora de escribir as súas novelas, reflexiona sobre o papel dos premios na conversión da literatura nun negocio e sobre o uso do galego na escrita literaria. Tamén subliña o seu gusto pola sorpresa e pola linguaxe coloquial.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Ser ou non ser': as historias dun vitalista de vida cinsenta', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 20 xuño 2004, p. 3.

Sinálase que a de Borrazás é unha novela que plasma as características xerais da obra deste autor, marcada pola orixinalidade e a ruptura dos canons. Saliéntase que nela se reflicte o encontro entre dúas persoas moi pouco convencionais mesturado coa historia da propia creación da novela nun texto case metaliterario. Sublíñanse especialmente as innovacións na trama, na que se reflicten os aspectos máis característicos da escrita do seu autor, sobre todo a naturalidade na lingua.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Ser ou non ser', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 89, 'Libros', 24 xuño 2004, p. V.

Cualifícase *Ser ou non* como obra de calidade dentro dunha produción, a de Xurxo Borrazás, que presenta en xeral este trazo. Apúntase que nesta novela se trata da historia da relación de dous personaxes pouco convencionais en paralelo a unha trama de concursos amañados que coa que se critica a literatura "oficial e competitiva". Saliéntanse especialmente as innovacións no desenvolvemento narrativo da trama (metaliteratura), na cal están presentes os trazos máis característicos da escrita de Borrazás, especialmente a naturalidade lingüística.

- Tomás Ruibal, 'Círculos concéntricos', *Diario de Pontevedra*, *'Revista!'*, 'Anaquel dos Libros', 25 xullo 2004, p. 8.

Dá conta da publicación da novela, destacando a importancia dos elementos metaliterarios na conformación do texto, factor que, na opinión do xornalista, exemplifica o "estado de ensimismamento no que parecen crearse moitas, pode que demasiadas, novelas galegas". Así mesmo, subliña tanto a contraposición entre o mundo rural e o urbano como a construción dos diálogos entre o narrador e Aurora, a anciá que é a última habitante da aldea á que se traslada o protagonista e coa que este inicia unha relación amorosa.

- Xulio Valcárcel, 'Ser ou non', *El Ideal Gallego*, *'La Galería'*, nº 327, 'Páxina Literaria', 12 setembro 2004, p. 4.

Analiza os aspectos fundamentais da novela, entre os que o crítico resalta o ton nihilista que caracteriza a representación do mundo fixado no texto, un espazo opresivo e sen esperanza no que todo sucede dende o desencanto e o desengano. Fronte á desesperación que domina a atmosfera de dor na que viven os personaxes da obra, o amor preséntase, segundo o xornalista, como a única salvación, unha paixón que cobra vida na figura de Aurora. Finalmente, a pesar de considerar ao escritor como un autor importante e con carácter, xulga excesivos a maioría dos apuntes pornográficos incluídos no texto, cualificando como innecesaria a recreación no noxo que define a sexualidade reflectida na novela.

- Xosé M. Eyré, 'Sexo non Ancares', *A Nosa Terra*, nº 1.143, 'Narrativa', 23 setembro 2004, p. 30.

Salienta a linguaxe directa e clara que identifica a escritura da obra, un trazo que, na opinión do xornalista, fai interesante o libro captando en todo momento a atención do lector. Examina, ademais, as relacións existentes entre a novela e os textos anteriores do mesmo autor, especialmente o relato "Pena de Ancares", aparecido no volume *Materia prima. Relatos contemporáneos* (Xerais, 2002), onde xa era presentada a historia amorosa principal da obra.

- Vicente Araguas, 'Tratado de pervensións', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 26 setembro 2004, p. 20.

Destaca a relativa orixinalidade da novela, sinalando a calidade dos diálogos que adornan as deliberacións do xurado reunido para decidir o gañador do premio "Universo", galardón que alude implicitamente ao premio "Planeta". Así mesmo, chama a atención sobre o contraste entre o mundo rural de Aurora e o universo tecnolóxico conectado aos progresos técnicos que o escritor protagonista manexa diante dela.

- Armando Requeixo, 'Parábola do naúfrago', *Tempos Novos*, nº 90, 'Crítica', novembro 2004, p. 74.

Cualifícase a nova novela de Xurxo Borrazás, *Ser ou non*, como outra manifestación da súa actitude renovadora, comenta as súas características principais e o argumento esencialmente amoroso e, finalmente, recomenda a súa lectura demorada.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Xurxo Borrazás ambienta nunha aldea ancaresa a súa nova novela', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 26 abril 2004, p. 64.

Recóllese a noticia da próxima publicación da novela do autor *Ser ou non*. A nova incide especialmente na ambientación da obra nunha aldea ancaresa, se ben tamén se recolle o seu argumento e os contrastes que marcan en boa medida o seu desenvolvemento. Nun despece complementario faise referencia a que a crítica á literatura comercial, un dos temas clave de *Ser ou non*, caracteriza en xeral á obra de Xurxo Borrazás e mesmo se reflicte na súa propia traxectoria como escritor.

- Carme Vidal, 'Xurxo Borrazás: 'Os narradores novos son conservadores", *A Nosa Terra*, nº 1.133, 'Cultura', 17 xuño 2004, p. 29.

Entrevista ao autor carballés, do que se vén de publicar a súa última novela, *Ser ou non*. Ao longo das diferentes preguntas, Borrazás repasa distintos aspectos desta obra, subliña o papel da imaxinación e da incerteza na súa produción literaria, as marcas comúns á mesma e a evolución da súa escrita. Tamén analiza a situación dos narradores máis novos, aos que define por un certo "conservadurismo literario".

- Maré, 'A vida que colle no papel', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 xuño 2004, p. 57.

Resúmese o argumento da novela que centra a noticia, *Ser ou non*, unha volta máis ao

gusto do seu autor, Xurxo Borrazás, por "facer da literatura materia de narración" e cuestionar o politicamente correcto. Tamén se subliña que o escritor carballés critica por medio desta obra os certames literarios, que dende o seu punto de vista condicionan en exceso a escrita que se fai en Galicia, agudizando a precariedade do sector. Finalmente, achéganse varias das razóns que segundo Borrazás explican a crise do libro galego.

- Marta Otero, Rodri García e Xesús Fraga, 'Xurxo Borrazás, un autor que divirte e perturba', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 67, 'Lecturas de verán', 3 xullo 2004, p. 11.

Afírmase que a nova novela de Borrazás, *Ser ou non*, é a lectura recomendada polo escritor Xabier López para o verán. Destácase a orixinalidade da obra, así como a súa asequibilidade en canto a unha lectura rápida, o xogo metaliterario presente nela e mais o tratamento da figura do antiheroe.

Caamaño, Adolfo, *Soberano*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, abril 2004, 232 pp. (ISBN: 84-96203-71-9).

Esta primeira novela de Adolfo Caamaño (Barro, 1959), que se pode enmarcar dentro da denominada literatura barroca, é un "mosaico de tipos". Tomando como punto de partida o accidente dun camión en Barreiros conducido por Fran, un ex-lexionario que se ve obrigado a botarse fóra da estrada, debido a que perdeu os freos. Como consecuencia, a carga que transportaba, botellas de coñac *Soberano*, rompen ou quedan esparexidas. Os nenos de Bouza del Rey encargaranse logo de recollelas. Eles representan case o único nexo de unión entre a meirande parte dos retratos que compón a obra. Caamaño realiza un retrato da sociedade galega nos primeiros momentos nos que se comeza a mesturar o mundo urbano co rural. A obra posúe unha ensarillada trama argumental na que aparece un gran número de personaxes que moitas veces non están relacionados entre si. Destaca Elías de Mane, que é unha das personaxes clave, o mestre Don Amancio, que funciona como nexo entre un bo número de personaxes, o ciclista Vituco ou o militar Fermín Carrasco López. Chama tamén a atención o emprego dos saltos temporais, mediante os que explica a peripecia vital dos diferentes personaxes cos acontecementos históricos que os condicionan. Externamente a obra está formada por catro capítulos, un epílogo e unha especie de prólogo, que a súa vez están divididos nun total de corenta e catro secuencias, todas sen título. Presenta unha coidada selección léxica e, en ocasións, combinacións de rexistros. En canto ao tempo, abarca un amplo abano histórico, dende as guerras nas que participaba a lexión en África, en tempos de Alfonso XIII, até a época dos primeiros contrabandistas de tabaco. Hai que mencionar que só sabemos a época na que se desenvolven os acontecementos grazas ás referencias históricas que aparecen. Tamén hai que destacar a carencia de progresión argumental, pola que, de non ser polas características apuntadas, podería afirmarse que se trata dunha novela por acumulación.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, 'Entre a novela e o cadro de costumes', *A Nosa Terra*, nº 1.148, 'Narrativa',

28 outubro 2004, p. 26.

Comeza describindo a novela que, segundo el, é un "mosaico de tipos". A seguir comenta a súa estrutura e os personaxes. Chama a atención sobre o arriscado exercicio narrativo que realiza Adolfo Caamaño. Destaca, por exemplo, a forma na que reproduce as lembranzas: mediante a difuminación do tempo -só mediante os acontecementos relatados sabemos onde se localizan- e do espazo. Tamén destaca que bordea dous abismos que provocan que poida ser considerada a obra como unha novela por acumulación ou un conxunto de relatos "disfrazados de novela", susceptíbeis de ser vistos como cadros de costumes.

- Rodri García, 'Estética pop con letra barroca', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 90, 11 novembro 2004, p. 9.

Logo de citar os premios que lle outorgaron ao autor por outras obras anteriores destaca, en primeiro lugar, a linguaxe tan traballada da obra; en segundo lugar, comenta o tempo da obra, que abarca dende o desastre de Annual, en África, nos tempos de Alfonso XIII, até a época na que entraron en acción os primeiros contrabandistas de tabaco. A seguir, comenta o ensarillado argumento da obra e conclúe enmarcando a obra dentro da literatura barroca.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Soberano', *Atlántico Diario*, 'Musas', 5 decembro 2004, p. 51.

Logo de citar a bibliografía de Adolfo Caamaño comenta brevemente *Soberano*, "un entremetido libro de memorias de si, dos seus anos máis mozos". Comenta a estrutura narrativa e conclúe indicando que na obra se nota a pegada do Caamaño poeta.

- Manuel Xestoso, 'Excelente novela de Adolfo Caamaño', *A Nosa Terra*, nº 1.154, 'Narrativa', 9 decembro 2004, p. 27.

En primeiro lugar, destaca como unha das principais virtudes da obra o retrato que nela se fai da sociedade galega xusto nos primeiros momentos nos que se comezan a mesturar co mundo rural as características do mundo urbano, tomando como punto de partida un simple accidente. Destaca tamén o "distanciamento irónico, pero lúcido" dende o que o autor ambienta a obra nos últimos anos do franquismo e os primeiros da transición. Entre outros aspectos, tamén subliña o variado grupo de personaxes que aparecen ao longo dos saltos temporais que se producen. Loa a aposta que realiza o autor pola mestura de estilos xa dende o comezo da obra, así como tamén o emprego dos capítulos breves e a combinación de diferentes rexistros.

- Dorinda Castro Soliño, 'Con Soberano', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 105, 'Libros', 24 decembro 2004, p. IV.

Abre o artigo cunhas palabras do propio autor da obra, Adolfo Caamño, nas que fala do seu traballo, non só como unha ponte nostálxica ao pasado, senón tamén como unha denuncia

da miseria moral e do réxime político que nese momento existía. A seguir describe o argumento da obra e menciona algunhas referencias históricas que nela aparecen. Logo indica que, no xeito de escribir Caamaño, "trae por veces á memoria a escrita de Saramago". Define a novela como un exercicio de diversas técnicas narrativas onde se chama a atención sobre a inxustiza que padeceu toda unha xeración, dende a nostalxia, a carraxe e o ton de denuncia.

Referencias varias:

- Maré, 'Daquel futuro soberano', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 xullo 2004, p. 51.

Comenta a primeira obra de Adolfo Caamaño (Barro, 1959), *Soberano*, e destaca dela o tempo, tanto o exterior como o interior. Sinala que está construida en torno "ao recordo dos personaxes e o recordo da xente próxima a eles". Fala tamén do título e define a obra como unha especie de "anticuéntame" dunha aldea dos anos 60.

- Xaime Leiro Darriba, 'Soberano' de Adolfo Caamaño', *El Correo Gallego*, 'Tribuna libre', 10 novembro 2004, p. 68.

Entrevista ao autor de *Soberano*, na que, entre outras informacións, se indica que a obra é a antítese de "Cuéntame" e que se centra no ámbito rurbano do Salnés e no de Pontevedra durante o tardofranquismo e na transición. A novela amosa as penurias e o "cutrerio" daquela época e como foi mudando. Explica para finalizar a portada e dá a súa visión da literatura actual.

- Belén López, 'Adolfo Caamaño: 'Esta historia retrata a xeración dos que querían ser e non lles deixaban', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir Aquí', 18 novembro 2004, p. 71.

Informa da presentación no teatro Principal de Pontevedra de *Soberano* e fala brevemente da obra e cóntanos as súas impresións trala súa lectura definindo o autor como unha "promesa segura que debería de ser mimada".

Caride, Ramón, *Dedre*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2004, col. Narrativa, nº 211, 119 pp. (ISBN: 84-9782-247-1).

Ramón Caride Ogando (Cea-Ourense, 1957) presenta nesta obra un conxunto de seis relatos estruturados en dúas partes, unha primeira que leva por título "Da razón práctica" e que inclúe os relatos intitulados "Pepe Carrera en dous tempos", "Snuff-movie" e "Donald Fuck", e unha segunda, "Da razón impura", conformada por "Obradoiro literario", "Espazos da resistencia" e "A culpa foi de Max Weber". Abre o volume un prólogo de Francisco Castro baixo o título de "Flash-back", no que fai unha achega a Ramón Caride en tres

puntos: "a viaxe", no que lembra cómo coñeceu a obra deste autor; "a dor", no que fala dos personaxes destes relatos, marcados todos eles pola dor; e "a ollada", no que se refire ao compromiso que demostra o autor en toda a súa produción. No primeiro relato, "Pepe Carrera en dous tempos", un narrador en terceira persoa ofrece unha visión descarnada deste personaxe, un home covarde que prefire non enfrontarse á inxustiza para acubillarse á beira dos poderosos, primeiro en 1979 cando, actuando como xornalista, é interrogado polo asasinato de Antonio Rodríguez Louriño, Antón o Caxato, e posteriormente en 1993, cando colabora con narcotraficantes. En "Snuff-movie", empregando técnicas cinematográficas como a estruturación en secuencias, relátase cómo Lalo, un cámara de televisión, se involucra na gravación dunha *snuff-movie*, na que é enganado e remata sendo a vítima. En "Donald Fuck", un narrador en primeira persoa ofrece un retrato descarnado da visión idealizada da sociedade norteamericana, acentuada polo xogo lingüístico co *spanglish*. Xa na segunda parte, en "Obradoiro literario" nárrase como queda en evidencia a intelixencia dun grupo de escritores moi prometedores. Ante a expectación arredor da presenza dun afamado escritor, Paulo Moazwyrzt, nun obradoiro literario, o reducido número de asistentes seleccionado déixase engaiolar pola actuación dun cómico amigo de Paulo, sen chegar a recoñecer ao verdadeiro escritor, a quen se supón que admiran tanto. En "Espazos da resistencia", preséntanse as reflexións dun xornalista que se enfronta á páxina en branco e, finalmente, coñécese a causa do seu desconcerto. "A culpa foi de Max Weber" é un relato en primeira persoa narrado por Darío Gancedo, quen rememora a súa amizade con Pepe C.C., un escritor moi coñecido que desaparece sen deixar rastro, mesmo das súas propias obras publicadas, que son secuestradas. Gancedo, desencantado coa vida, decide tamén abandonar a literatura e pasar á clandestinidade.

Castro, Francisco, *Xeración perdida*, Vigo: Galaxia, febreiro 2004, col. Literaria, nº 202, 158 pp. (ISBN: 84-8288-659-2).

Esta novela de Francisco Castro (Vigo, 1966) conta a historia dun grupo de amigos no Vigo dos anos setenta e oitenta. Ricardo, o protagonista, é o único superviviente daquel grupo; os demais morreron vítimas da SIDA, ou loitan por saír da droga, están na cadea, ou están aínda enganchados e viven como zombis, fóra do mundo. Tres son os personaxes centrais da historia: Ricardo -personaxe principal-, Chagüi e Calbot. A acción comeza no momento en que Ricardo sobe ao coche logo de asistir ao enterro do seu amigo Changüi, un toxicómano que, como tantos outros amigos da infancia, morre vítima da SIDA. No asento do lado hai un paquete que lle deu Changüi cando o foi ver ao hospital, hai unha semana, co encargo de que non o abrise até despois da súa morte. Cando chega á casa ábreo e atopa un feixe de billetes e unha nota na que Changüi lle explica que debe entregar esas cincocentas mil pesetas a Calbot, porque se trata dunha débeda que tiña con el. Este encargo causa unha gran dor e preocupación a Ricardo, xa que o obriga a contactar de novo con Calbot, logo dun ano no que rompeu toda relación con el. O núcleo central da acción novelesca consiste nesa entrega e na maneira en que se leva a cabo. Paralelamente, Ricardo, aos seus trinta e cinco anos, reconstrúe as biografías paralelas dos tres personaxes, amigos desde a infancia: Calbot é un traficante de heroína que se iniciou en 2º de BUP como o camelo do instituto; Changüi é o drogadicto, que morre como consecuencia da súa adicción; Ricardo traballou para Calbot subministrando heroína no barrio, na cidade e na bisbarra até que hai un ano decidiu afastarse deste submundo. Ao par desta reconstrución biográfica sitúase a

reconstrución da cidade daquel tempo: os cines, os bares, os concertos de Siniestro Total e Golpes Bajos en Castrelos, as series de televisión, o encontro coa droga, ou o vestiario, nun auténtico exercicio de memoria. A novela está contada en primeira persoa por un narrador que se confunde co personaxe e co propio autor e que se dirixe constantemente ao lector para opinar e comentar con ironía e mordacidade.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Memoria e ficción', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 85, 'Libros', 27 maio 2004, p. V.

Considera o libro a crónica novelada da evolución dun grupo de amigos. Sinala que se trata dun axuste de contas co pasado e fai notar a verosimilitude de ambientes e personaxes, cun case milimétrico deseño do Vigo dos anos oitenta, dende a perspectiva de quen viviron na cidade sendo pre-adolescentes. Salienta que paralelamente ao desenvolvemento do argumento, hai un ente de ficción, alleo á voz narrativa, pero que ás veces se confunde con ela e que en ocasións non se disocia do personaxe Ricardo, que expón a súa opinión. Destaca a importancia das páxinas iniciais, xa que, a modo de ensaio, radiografan verdades, sospeitas, conxecturas ou axiomas acerca do ámbito creativo literario galego, diseccionando o estatus do escritor en galego hoxe. Tamén considera que a novela esborroa as fronteiras xenéricas e configura un lector participativo, intelixente, con sentimento, a quen demanda complicidade. Trátase dunha "reflexión metaliteraria sobre a creacion". Por último fai notar que, como novela da memoria, forma parte da nosa tradición contemporánea, representada, entre outros, por: Neira Vilas, Xavier Alcalá, Méndez Ferrín, Suso Valcárcel ou Xesús Fraga.

- Xosé M. Eyré, 'Unha reflexión sobre a mocidade de finais dos 70', *A Nosa Terra*, nº 1.133, 'Cultura', 17 xuño 2004, p. 26.

Comeza indicando que se trata da novela dun personaxe (Ricardo) e da novela dunha xeración. Considera que poucas veces se pode asistir a unha "comuñón tan estreita entre personaxe, narrador e autor", comuñón identitaria ficticia. Por iso, defínea como novela de narrador. Explica que, como novela de personaxe, é a novela dos que "en Vigo, polo ano 1975, tiñan arredor de 10 anos e viron como a droga entraba nos institutos, que asistiron estupefactos ao feito de que a rixidez e rigor educacionais trocaran nunha permisividade fóra de control". A continuación sinala que se trata dunha novela moi metaliteraria, posto que a conciencia do acto de escritura está presente continuamente. Dende o punto de vista argumental, é a crónica parcial, máis comentada que narrada, dos derradeiros anos 70 e 80. Por último, sinala que a novela está escrita cunha linguaxe clara, que non refuga o cultismo, pero que quere facerse entender por riba de todo.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Radiografía e catarse da mocidade viguesa dos oitenta', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 4 xullo 2004, p. 3.

Comeza sinalando que se trata dunha novela que olla o pasado para radiografalo e á vez

facer unha catarse, da que participarían o propio autor, o personaxe central e tamén a súa xeración, "a xeración daqueles rapaces vigueses nacidos, como o autor, na metade dos sesenta e que acadan a pubertade e a xuventude nas dúas décadas seguintes. Por iso, sinálase que a novela é unha historia da memoria na que o autor radiografía o submundo da droga e a súa penetración entre a mocidade viguesa e a "movida dos anos oitenta." Destaca as innovacións formais da obra: un autor omnisciente que racha conscientemente cos xéneros, como se percibe especialmente no primeiro capítulo, no que Francisco Castro se converte en protagonista e reflexiona sobre o acto de escribir. Tamén salienta o ánimo crítico e por veces mordaz co que a voz narradora lanza constantes reflexións, até o punto de que se trata dunha novela con mitin polo medio. Apunta tamén o xorne metaliterario coas constantes reflexións do novelista sobre o avance do relato e sobre as súas dificultades. Por último, dá conta da fragmentación, recoñecida polo propio autor: "esta é unha novela do século XXI: fragmentaria, caótica, desordenada coma o século".

- Vicente Araguas, 'Novela de novela', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 1 agosto 2004, p. 21.

Considera o libro unha novela dentro dunha novela, ou un xogo de bonecas rusas ou de caixas chinesas, é dicir, unha novela na que sobre todo se conta como se fai a novela. Sinala que se trata dunha obra na que prima o concepto, escrita por un escritor conceptista que xoga coas palabras. Apunta tamén as coincidencias existentes entre os personaxes da historia e o autor do libro, pois este retrata un mundo que coñece ben, e mesmo fai notar que o suxeito calvo do que se fala nunha ocasión se cadra é o mesmo ca o que figura na contracapa do libro.

- Xosé Freire, 'Os que eramos mozos hai vinte anos', *A Nosa Terra*, nº 1.153, 'Narrativa', 2 decembro 2004, p. 27.

Considera que esta novela consolida un escritor como Francisco Castro, fóra de todo encadre xenérico. Na súa opinión, esta obra é unha ollada intensa e crítica aos anos do espertar, pero non se trata dunha novela de iniciación, aínda que ao comezo poida parecelo. Sinala que a novela narra os feitos que deixaron unha fonda pegada nun grupo importante de xente, entre a que o autor da recensión se inclúe, posto que as vivencias que o escritor retrata son as mesmas da súa propia adolescencia. Fai notar que se trata dunha novela sobre Vigo, construída cunha trama moi real, achegada á vida, palpábel. En canto á estrutura, explica que o narrador está tan implicado que deita a súa influencia sobre o lector, como se se tratase dun protagonista; aspecto este que permite a comparación con outras obras (*O triángulo inscrito na circunferencia,* de Víctor Freixanes, e *Os nomes da morte,* de Vítor Vaqueiro). Finaliza indicando que se trata dunha novela de recuperación da memoria cotiá, que mostra unha aceda crítica feita desde a reflexión, onde o autor fai unha análise novelada a partir da súa realidade para convertela en colectiva.

Referencias varias:

- Maré, 'Francisco Castro e a 'xeración perdida', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 maio 2004, p. 51.

Anuncia a presentación da novela na Casa do Libro de Vigo e defínea como a historia dun grupo de amigos e das súas vidas abocadas á droga. Apunta que está contada en primeira persoa, cun ton irónico e cun ritmo áxil, dirixíndose ao lector para lograr a súa complicidade. Remata dando conta da traxectoria literaria do escritor.

- Jaureguizar, 'Novelas con olleiras', *El Progreso*, 'Cultura/Auto dos danados', 16 maio 2004, p. 73.

Reflexiona sobre o sistema literario galego: os escasos índices de vendas (só un cinco por cento dos libros supera os dous mil exemplares vendidos), os poucos escritores profesionais, a escasa dotación das bibliotecas, ou os problemas do sector editorial. Na súa argumentación reproduce textualmente un fragmento da novela *Xeración perdida*: "Os escritores galegos andan cansos e con olleiras por roubarlle o tempo ao sono para escribir novelas e poemas interesantes porque deben gañar a vida con outras cousas menos interesantes".

- M. Veiga, 'Francisco Castro', *A Nosa Terra*, nº 1.130, 'Cultura', 27 maio 2004, p. 29.

Entrevista con Francisco Castro na que se fala da súa actividade como director dun taller literario e da súa faceta como escritor de relatos eróticos. A continuación, analízanse algúns aspectos do relato longo *Memorial do infortunio*. Céntrase logo na análise de *Xeración perdida*, obra á que define como "novela da derrota, cunha pequena luz ao final". Explica que son dúas novelas: a primeira, unha historia que podería ser contada en páxina e media; por outra banda, hai unha autopoética. Di que se trata dunha ollada cara atrás, que é unha obra escrita desde o enfado e aclara que "o narrador son eu, con 35 anos". E finaliza coa opinión do escritor sobre a situación da literatura galega actual.

Conde, Alfredo, *Romasanta. Memorias incertas do home lobo*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2004, col. Medusa/Narrativa, 152 pp. (ISBN: 84-7824-439-5).

No "Prólogo necesario" previo ao desenvolvemento da novela, Alfredo Conde refírese á veracidade dos feitos que nela se narran, é dicir, á historicidade do caso de Manuel Blanco Romasanta, única persoa no mundo que foi obxecto dun xuízo por supostos crimes de licantropía. Conde explica que todos os datos do proceso son reais, e que o único ficticio é a recreación que o autor fai da interioridade psicolóxica de Romasanta. Así mesmo, expresa a súa intención de se rebelaren contra as anteriores historias sobre este personaxe, non por seren menos veraces senón porque presentan o caso como paradigmático da incultura e ignorancia endémicas de Galicia galegas. Fronte a elas presenta o feito de que foi precisamente a clase pseudocientífica foránea quen aceptou as alegacións de licantropía, nun intre no que as teorías dun tal Mr Phillips acadaban gran boga e actualidade. Escrita en primeira persoa, a novela presenta as pseudo memorias de Manuel Blanco Romasanta, o presunto home lobo de Allariz. Desde o castelo de San Antón, onde cumpre condena tras

liberarse da pena de garrote vil pola intervención da raíña Isabel II, os pensamentos de Romasanta percorren o devalar da súa vida dende a infancia. A retrospectiva levada a cabo nos oito capítulos do libro parten do retrato dun neno esperto cun grande afán por se diferenciar dos demais rapaces aldeáns, que o leva a esmerarse para aprender a ler e escribir, así como a desenvolver habilidades oratorias. Posteriormente, as ambicións de se enriquecer atopan canle cando descobre as posibilidades do comercio ambulante con teas, que o obriga a continuas viaxes a Portugal. Alí coñece aos boticarios cos que estabelecerá outro tipo de intercambio máis macabro: o da graxa humana. A partir de entón, Romasanta se dedicará a matar persoas co obxecto de lles quitar o unto para vendelo aos fabricantes de produtos cosméticos. Arremete especialmente con Manuela García e a súa familia. Tras seduciren á primeira, asasínala, así como á filla, a dúas irmás e a dous sobriños. Tan só se salvará a súa irmá Bárbara, pola que sinte unha fatal atracción. Cando Martín Prado e dous compañeiros o descorren en terras afastadas de Galicia e o denuncian, Romasanta porá toda a súa astucia ao servizo dun so obxectivo: pasar por, segundo as súas propias palabras, "un pobre home de aldea, vítima dun contorno dominado pola ignorancia e maila superstición, que cre as historias que se contan acerca dos lobos, para obrar en consecuencia levado dunha fantasía dominadora e irrefreable". O apoio do avogado Manuel Rúa Figueroa e o abano de obstáculos que opón o médico Vicente María Feixoo-Montenegro e Arias serán determinantes nun xuízo que acaba por sancionar positivamente todo o seu finxir.

Recensións:

- Montse Pena Presas, 'Un doutor Jekill e Mr. Hyde entre o animal e o humano: Romasanta. Memorias incertas do home lobo', *Trabe de Ouro*, nº 59, 2004, pp. 131/419-113/421.

Dáse conta das características máis relevantes e da vida do protagonista da obra de Alfredo Conde, *Romasanta. Memorias incertas do home lobo* (Sotelo Blanco Edicións, 2004). Fai alusión ao tratamento do personaxe e ao empeño do autor en demostrar que o protagonista non era un simple home lobo. Tamén fai referencia ao filme derivado da obra e á tradición do lobishome en Galicia, con Risco como máximo representante.

- R. Loureiro, 'Crimes que o tempo non borra', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 58, 'Letras en galego', 1 maio 2004, p. 4.

Citando unhas verbas recentes de Basilio Losada, di que tanto a historia contada en *Romasanta*, como o xeito de narrala do seu autor, Alfredo Conde, son maxistrais. Lembra o caso do asasino en serie de Allariz, indultado pola raíña Isabel II ao considerarse vítima da licantropía, e destaca da visión de Conde a novidade e o seu maior apego á realidade, ademais do enorme reto, superado brillantemente, que asume o escritor ao contar as súas andanzas dende a primeira persoa.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Romasanta', desmontando a fraude do home lobo', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Narrativa', 9 maio 2004, p. 3.

Considérase que Alfredo Conde acadou éxito na súa intención de rematar coas visións

pseudocientíficas do episodio de Romasanta, e fai referencia ao longo traballo de documentación do autor. Así mesmo, cualifícase a obra, escrita por encargo, de excelente novela aínda que por debaixo dos grandes textos de ficción de Conde, e sublíñanse tres dos seus alicerces: a capacidade narrativa de manter a intriga do lector, a narración en primeira persoa e a axilidade do ritmo.

- Juan Ángel Juristo, 'Pasajes lunáticos', *ABC*, *'Blanco y Negro Cultural'*, nº 642, 'Libros', 15 maio 2004, p. 10.

Fala das reivindicacións expostas na novela *Romasanta* de Alfredo Conde, dirixidas a desbotar a imaxe de ignorancia dos galegos e a tratar as relacións entre individuo e sociedade. Establece conexións entre a historia do presunto home lobo e a de Jack o Destripador e loa a capacidade de Conde para amosar a psicoloxía perversa dun asasino en serie, dun "nihilista en solitario".

- Lluís Santorras, 'Yo, el sacamantecas', *El País*, *'Babelia'*, 'Narrativa', 15 maio 2004, p. 10.

Fala da novidade que supón o enfoque que Alfredo Conde fai da historia de Manuel Blanco Romasanta, contraposto ao privilexiado por tradicións anteriores. Describe ao protagonista como un home "narcisista" e compárao co Pascual Duarte de Cela, considerando o primeiro máis distante e monstruoso. Remata debatendo a esvaeza das fronteiras entre realidade e ficción.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Romasanta', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 86, 'Libros', 3 xuño 2004, p. V.

Sitúase a derradeira novela de Alfredo Conde na tendencia do autor, manifestada nos últimos tempos, a recrear memorias baseadas en personaxes reais. Tras pasar revista aos feitos históricos de Allariz, lóase o xeito de contar de Conde, que permite manter a atención do lector grazas ás súas destrezas narrativas. Resúmese o contido da obra e destácase o ben parado que sae o autor do reto que supón meterse na pel dun asasino.

- Tomás Ruibal, 'O sacaúntos. Mito e realidade', *Diario de Pontevedra*, 'Anaquel dos libros', 6 xuño 2004, p. 8.

Faise eco de *Romasanta*, último libro publicado por Alfredo Conde, e acode á historia para lembrar a orixe real do protagonista. Refírese ao propósito de Conde, ben explicado no prólogo, de referendar as explicacións que certos médicos, entre eles un antepasado seu, e avogados galegos esgrimiron para desmantelar o recurso á licantropía que persoeiros foráneos presentaban como xustificación dunha serie de crueis asasinatos. Así tenta desmantelar o episodio do Sacaúntos como exemplo da ignorancia galega, como se ten presentado en numerosas ocasións. Enxálzase a capacidade narrativa de Conde, o seu sentido da mesura e a súa habilidade para converter en materia literaria as divagacións dun

asasino en serie.

- Armando Requeixo, 'Contra falsos licántropos', *Tempos Novos*, nº 86, 'Libros', xullo 2004, p. 70.

Análise de *Romasanta. Memorias incertas do home lobo,* de Alfredo Conde. Destácase a vontade de modernidade dunha obra que se basea nun tema varias veces tratado na literatura.

Referencias varias:

- V. Oliveira, 'O home lobo era un asasino que mataba por diñeiro', *Galicia Hoxe*, 'Comunicación Hoxe', 5 xaneiro 2004, p. 53.

Alfredo Conde responde a preguntas de V. Oliveira e explica como entrou en contacto co produtor da película e como se baseou nos documentos do seu tritavó e nos relatos familiares para redactar *Romasanta*. Di que o home lobo forma parte do imaxinario galego e europeo, polo que ten perfecta vixencia, e, tras loar a película pola súa beleza estética e interpretacións, cualifica a situación audiovisual galega de excepcional, pero lamenta a escaseza de espectadores.

- Alfredo Conde, 'Outra declaración de amor', *El Correo Gallego*, 'Opinión/Os outros días', 26 febreiro 2004, p. 4.

Co gallo da publicación da súa derradeira novela, sobre a historia de Romasanta, en ruso antes que en galego ou en castelán, Alfredo Conde deféndese dos que o atacaran no pasado por publicar en español, pese a ser o escritor vivo con máis páxinas editadas en galego. Conclúe dicindo que a literatura galega ten que se estender e competir con todas as demais.

- Daniel Utrilla, 'Alfredo Conde elige Moscú para presentar su novela 'Romasanta', *El Correo Gallego*, 'Hoy/Estrea Literaria', 4 marzo 2004, p. 75.

Tras dar conta da importancia dada en Rusia a Alfredo Conde, ata tal punto de que a súa novela *Romasanta* ve a luz antes en ruso que en galego, refírese á presentación desta en Moscova, onde viaxou o escritor ourensán. Explica tamén os motivos que levaron a Conde a cambiar drasticamente o tratamento da historia e a presentar como un asasino sen escrúpulos a quen se quixo amosar como un exemplo da ignorancia e superstición galegas. Di que o oficio de escribir permítelle roubar vida á morte, vivindo moitas vidas nas páxinas impresas.

- Daniel Utrilla, 'Ninguén coma nós', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 marzo 2004, p. 52.

Dáse conta da presentación da novela de Alfredo Conde en Rusia, onde foi publicada antes que en España. Apúntase que o autor, convidado polo Instituto Cervantes de Moscova, expuxo nunha conferencia as claves da súa "paisaxe literaria", definindo, entre outras cousas, o escritor coma "un ser capaz de imaxinarse calquera barbaridade".

- Maré, 'Memorias incertas do home lobo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 abril 2004, p. 51.

Fala da nova formulación que Alfredo Conde fai da historia do home lobo en *Romasanta*. Trala presentación do libro en Santiago, reproduce algunhas declaracións do autor nas que acusa de ignorantes aos señoritos da cidade e á raíña Isabel II e se manifesta en contra da visión de Romasanta como exemplo da incultura galega. Fala, así mesmo, da versión cinematográfica baseada directamente na súa obra.

- Laura Grandal, 'Las memorias inciertas de un hombre lobo', *La Región*, 'Cultura/Literatura', 14 abril 2004, p. 67.

Co gallo da presentación en Compostela de *Romasanta*, explícase a nova óptica dende a que Alfredo Conde trata o tema, recorrendo ás opinións da xente do pobo e á transmisión familiar. Así mesmo, recoñece que esta é a primeira novela que fai por encargo e que colaborou activamente no desenvolvemento da película de Filmax sobre o mesmo personaxe.

- Juan Capeáns, 'Alfredo Conde revisa la historia y el mito del hombre lobo de Allariz', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 14 abril 2004, p. 46.

Tras contrapor a historia de Romasanta coa lenda orixinada despois, sinálanse as intencións de Alfredo Conde de desbaratar esta última, que facía do asasino un tolo que se cría home lobo. A propósito da presentación en Santiago da novela *Romasanta. Memorias incertas do home lobo*, Conde explica que foi o produtor Julio Fernández quen o animou a escribir sobre ese tema.

- G.A., 'Alfredo Conde conta en Madrid a lenda de Romasanta', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 abril 2004, p. 67.

Recolle as principais incidencias da presentación en Madrid da novela *Romasanta*. Alfredo Conde, o seu autor, asegura que pretendía aterse á versión familiar e que quería desbaratar a visión dos galegos como ignorantes. En canto ao oficio de escritor, di que lle permite roubar vida á morte e amosa a súa satisfacción pola versión levada ao celuloide.

- Ainhoa Sastre, 'Alfredo Conde 'resucita' al hombre lobo de Allariz', *El Mundo*, 'Cultura', 22 abril 2004, p. 54.

Faise eco das declaracións de Alfredo Conde na presentación da novela *Romasanta* en Madrid: esta presenta ao protagonista como un home culto, despiadado, que buscaba enriquecerse e que soubo convencer a médicos e avogados de que sufría licantropía. Remata referíndose á versión cinematográfica de Paco Plaza.

- R. Garzón, 'Alfredo Conde novela las 'memorias inciertas' del hombre lobo de Allariz', *El País*, 'La Cultura', 22 abril 2004, p. 41.

Fala da presentación en Madrid da novela *Romasanta*, resume brevemente a historia do presunto home lobo de Allariz e destaca a visión psicolóxica que achega Alfredo Conde na súa obra, coa que pretende desterrar a do aldeán inculto. Remata facendo una breve alusión á película.

- Xavier Costa Clavell, 'O home lobo', *Galicia Hoxe*, 'Opinión/No faiado', 28 abril 2004, p. 5.

Aproveitando a publicación da novela de Alfredo Conde e a película sobre o home lobo de Allariz, Xavier Costa Clavell repasa outras versións anteriores da lenda galega.

- J.L.P., 'Exportar o Sacaúntos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 maio 2004, p. 52.

Refírese á celebración do Festival de Cine de Málaga e á sección de terror protagonizada por *Romasanta*, a versión cinematográfica da novela homónima de Alfredo Conde.

- Cristina Díez, 'La impecable factura de 'Romasanta' pone fin al festival de cine de Málaga', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 1 maio 2004, p. 51.

Comenta os pormenores do pase de *Romasanta* no Festival de Cine de Málaga, e cotexa esta versión, baseada na novela de Alfredo Conde, co filme anterior de Pedro Olea.

- MARÉ, 'Paixón pola imaxe', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 maio 2004, p. 63.

Fala do Festival de Cine de Málaga, no que acadou un premio a película *Romasanta*, baseada na novela do mesmo nome escrita por Alfredo Conde.

- Isabel Freire, 'Síntome can sen dono e non é malo, gústame andar só', *Galicia Hoxe*, 'Un cuarto con vistas', 2 maio 2004, p. 72.

Entrevista a Alfredo Conde, que fala das consecuencias dos seus avatares políticos, da valoración da súa traxectoria en Rusia e da historia de Romasanta, á que chegou por

referencias familiares. En canto ao protagonista, afirma que considera que se trata dun asasino sen escrúpulos que roubaba por diñeiro.

- R.B., 'Paco Plaza: 'Romasanta é, sobre todo, unha historia de amor', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 maio 2004, p. 50.

Coincidindo coa edición do Festival de Cine Fantástico de Bilbao FANT 2004, Paco Plaza, director da película fundada na obra de Alfredo Conde, define o argumento como "unha historia de amor".

- Ana Iglesias, 'Preestreno de 'Romasanta', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 8 maio 2004, p. 35.

Alude á preestrea da película de Paco Plaza, baseada no libro *Romasanta*, de Alfredo Conde, nos cines Compostela de Santiago.

- Ana Iglesias, 'Elsa Pataky baila con lobos', *El Correo Gallego*, 'Santiago/Mitos y leyendas', 11 maio 2004, p. 30.

Comenta as declaracións dos protagonistas na preestrea da película *Romasanta*, baseada no libro de Alfredo Conde. Salienta a reivindicación que o director Paco Plaza fai das lendas de Galicia.

- Carmen Villar, 'El hombre lobo existió... y vendía jabón', *Faro de Vigo*, 'Un monstruo gallego', 11 maio 2004, p. 80.

Comenta a estrea da película *Romasanta. Memorias incertas do home lobo* a partir dos feitos históricos dos que parte a lenda. Faise eco das gabanzas que director e actores fan da paisaxe e da riqueza do material lexendario galegos.

- Camilo Franco, 'Filmax estrena 'Romasanta' como un cuento para la lareira', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 11 maio 2004, p. 49.

Tras repasar brevemente a vida real de Manuel Blanco Romasanta, Camilo Franco fala da estrea da película baseada na novela de Alfredo Conde e destaca a connivencia existente entre o director Paco Plaza e o escritor á hora de enfocar a historia do asasino, dende unha perspectiva autobiográfica.

- Albino Mallo, 'A volta do licántropo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 maio 2004, p. 49.

Facéndose eco da presentación da película baseada na novela de Alfredo Conde sobre Romasanta, destaca a maior autenticidade desta versión con respecto da anterior de Pedro Olea. Salienta a boa impresión que levou Conde coa película, que trata o tema do home lobo empregando unha linguaxe universal, e as declaracións do director, Paco Plaza, sobre as fontes das que bebeu, os contos da súa nai e a súa avoa, ambas as dúas ourensás. Tamén sinala a intención de Plaza de non facer cine gore nin ofrecer sangue gratuito.

- Mar Barros, 'O lobishome', *A Nosa Terra*, nº 1.128, 'Fin de semana', 13 maio 2004, p. 32.

Refírese a historia de Romasanta nun intre no que acapara a actualidade debido ás dúas versións, unha cinematográfica a cargo de Paco Plaza e outra literaria escrita por Alfredo Conde, que ven a luz ao mesmo tempo. A estrea da película serve de pretexto para repasar os verdadeiros feitos acontecidos en Allariz no século XIX e o relato que deles fixo o avogado Manuel Rúa Figueroa, así como os diferentes tratamentos que esta lenda tivo tanto no cine como na literatura, por parte de escritores como Risco, Cela ou Martínez Barbeito.

- Albino Mallo, 'A realidade de Romasanta entre a novela e o cine', *Galicia Hoxe*, 'Opinión Hoxe/Visións', 19 maio 2004, p. 4.

Comenta as dúas versións da historia de Romasanta, sen escatimar loubanzas para ámbalas dúas. Da literaria suliña o traballo de documentación científica e xurídica levado a cabo por Conde, e da cinematográfica eloxia a interpretación de Julian Sands, a renuncia á violencia gratuita e a busca dun ambiente idóneo, moi galego e universal á vez.

- Arturo R.-Vispo, 'Romasanta', *La Región*, 'Opinión/Allariz, Allariz', 22 maio 2004, p. 22.

Tras lamentar que Alfredo Conde non convencese ao director da película Romasanta, con quen estivo escollendo as paisaxes da rodaxe, para centrala en Allariz, lugar dos feitos históricos, describe a personalidade do Sacaúntos como a dun home dunha enfermiza autoestima, que descobre enseguida as habilidades comerciais da súa amante Manuela e que é capaz de manter unha feroz loita psicolóxica co forense. Considérao, ademais, un adiantado ao descubrir no século XIX o inmenso poder da prensa. Remata Vispo queixándose novamente de que, malia que Conde amose o amor pola súa terra na súa obra, non conseguira que Allariz fora o escenario da película.

- Miguel Suárez Abel, 'Romasanta, o sacaúntos', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Cine', 6 xuño 2004, p. 7.

Comenta os achados e os defectos da versión cinematográfica que Paco Plaza fai do libro de Alfredo Conde *Romasanta. Memorias incertas dun home lobo*. Na súa opinión, a película amosa con calidade e corrección formal o entramado pseudocientífico e as

habilidades manipulatorias do protagonista; pola contra, adoece de ambigüidade ao non escollerse con decisión un punto de vista claro. Destaca, ademáis, a interpretación de Elsa Pataky.

- Perfecto Conde, 'Alfredo Conde', *A Nosa Terra*, nº 1.132, 'Cultura', 10 xuño 2004, p. 29.

Entrevista ao autor de *Romasanta*, que fala da situación política e literaria. No que toca a esta última, denuncia a falta de ideas e de linguaxes novas no panorama galego, renuncia ao papel de guía do intelectual e sinala a semellanza da literatura galega coas linguas mortas, por ser "unha moi boa literatura sen lectores". Remata defendéndose doutros persoeiros da intelectualidade galega que o estiveran atacando.

- Margarito Flowers, 'Alfredo Conde habla de literatura junto a las chicas bombón de 'Man', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 29 xuño 2004, p. 80.

Fala do doce momento que está a vivir Alfredo Conde tralo éxito acadado pola súa derradeira novela, *Romasanta*, e da versión cinematográfica á que esta serve como base. Destaca a aparición dunha entrevista súa na revista *Man*.

- Alfredo Conde, 'A fonte de Castalia', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 13 agosto 2004, p. 4.

Tras lembrar o mito de Castalia procedente da obra ovidiana, Alfredo Conde alude a unha cita de Pascal consignada no limiar da súa novela *Romasanta* sobre o poder das modas para aplicala ao predicamento de certas formas de arte contemporánea en seguidores caracterizados polo "papanatismo".

- Margarito Flowers, 'Romasanta, el hombre lobo de Galicia, aúlla fuerte en veinte cines de Moscú', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 24 setembro 2004, p. 80.

Fala da ledicia que está a sentir Alfredo Conde polo éxito da adaptación cinematográfica da súa novela *Romasanta* nos cines rusos, e loa o bo quefacer do director e os reclamos da protagonista Elsa Pataki.

- Alfredo Conde, 'Cuestión de esperanza', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 12 outubro 2004, p. 4.

Partindo da necrolóxica de Katharina Dalton, científica estadounidense que defendeu no xulgado a múltiples asasinas alegando que o síndrome premenstrual lles alteraba o equilibrio, Alfredo Conde aproveita para falar do caso de Romasanta, asasino galego indultado por Isabel II por padecer, supostamente, o síndrome do home lobo.

Constela Doce, Xesús, *As humanas proporcións*, XV Premio de Narrativa Torrente Ballester, Vigo: Galaxia, agosto 2004, col. Literaria, nº 207, 148 pp. (ISBN: 84-8288-721-1).

Volume de Xosé Constela Doce (Ferrol, 1963) que mereceu o XV Premio de Narrativa Torrente Ballester convocado pola Deputación da Coruña en 2003. Nesta edición, ademais dos relatos premiados, tamén se inclúe o conto titulado "Na fraga". Trátase dun conxunto heteroxéneo de doce relatos, nos que se abordan temáticas como a dos malos tratos, a influencia das novas tecnoloxías, os contos marabillosos, a inmigración ilegal, ou os soños. Así, en "As lembranzas todas", unha muller describe cómo vive dende o medo a chegada do seu marido cada día á casa, as vexacións ás que a somete e cómo ela desexa a súa morte, escapando desta situación só a través dos seus soños; en "Non escoites a Giovanna", un narrador en terceira persoa narra como o protagonista chega ao suicidio despois de desvelar o misterio de Giovanna, personaxe do cadro dun pintor flamengo co que chega a estabelecer contacto a través dun chat; en "Celia e o príncipe" un narrador en terceira persoa dá a coñecer a Celia e a súa filla Iria, á que cada noite lle conta a historia da andoriña que se namorou dun xunco, descubrindo a través desta historia que pasou de xeración en xeración, que nada é o que parece, nin sequera nas súas propias vidas; en "¿Onde estás, meu amor, Sangare?" relátanse, a través da corrente de pensamento do protagonista, os sufrimentos ao longo da travesía en patera dende Marrocos até as costas de España deste e un grupo de inmigrantes ilegais, que foron morrendo paseniñamente; en "Lily" faise un retrato da sociedade burguesa, superficial e insensíbel, reflectida nos comentarios dos comensais dunha cea moi elegante, durante a que morre a anfitrioa, sen que estes se inmuten, gabando só a súa elegancia no xeito de morrer; en "Algarismos", nárrase a monótona xornada dunha telefonista, só rota pola paixón nocturna que vive coa súa parella; en "Burbulla" ofrécese a visión nostálxica sobre a figura dunha muller que dá de mamar ao seu fillo, lembrando a voz narradora a súa infancia a través da evocación de cando lle narraba os contos marabillosos; en "Geographos" nárrase a historia dun home que descobre que ten o don de ser o *Home Vitrubiano*, o que Leonardo debuxara como proporción de todas as cousas, sentindo nel as forzas que dominan a Terra; en "A sementadora de estrelas" trátanse as soidades e fantasías coas que vive unha anciá internada nun asilo; en "Son unha raia" xógase cos significados que na sociedade actual adquire esta palabra en función do contexto no que se empregue, en especial referida a problemas de drogadicción; en "Tiñádelo que ver" ofrécese un retrato descarnado e esaxerado do consumismo que domina a sociedade actual, neste caso asociado cos centros comerciais; e, finalmente, en "Na fraga" nárrase o encontro entre dúas xeracións, representadas estas polos avós da aldea e polos netos da cidade que, obrigados a pasar unha fin de semana con eles, descobren a maxia dun lugar ao que non querían ir e aprecian a sabedoría dos anciáns.

Recensións:

- María Luís Gamallo, 'Percorrer a vida humana', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 164, 'O espello das letras', 2004, pp. 77-78.

Saliéntase que os relatos de *As humanas proporcións* son un percorrer pola vida humana, analizando e criticando problemas de actualidade (a inmigración, os tratos aos anciáns, etc),

pola muller como xerme, como xeradora de vida; pola imaxinación redentora, e tamén pola Morte como parte integrante da Vida. Destácase, ademais, a destreza natural de narrar do escritor e o uso que fai de novas linguaxes, como relación entre texto e paratexto ou a poeticidade.

- R.G., 'As humanas proporcións', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 91, 'Letras', 18 2004, p. 6.

Breve noticia na que se comenta o libro de relatos *As humanas proporcións* do escritor Xesús Constela Doce. Enténdese que as páxinas descobren sorprendentes e imaxinativos relatos que mereceron o Premio Torrente Balllester.

- Rodri García, 'Letras enchoupadas de imaxinación', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 80, 2 outubro 2004, p. 8.

Unha obra na que se tratan aspectos da vida cotiá do home da sociedade actual adobados coa imaxinación do seu autor é a definición d' *As humanas proporcións*, de Xesús Constela, gañadora do premio Torrente Ballester 2003. Resalta que o autor consegue sorprender en cada relato con trazos como a lírica ou o emprego dos números para achegarse a aspectos cotiáns. Repasa a temática dalgún dos relatos como o primeiro, centrado no maltrato ás mulleres, a mestura das novas tecnoloxías cun cadro de Van Eyck en "Non escoites a Giovanna" ou a inmigración tratada en "¿Onde estás, meu amor, Sangare?", mentres que doutros destaca a cita que os precede, como en "Geografphos". Remata dándolle a benvida ao autor ao panorama da literatura galega e convidando ao lector a achegarse a unha proposta cualificada de "arriscada, moderna, resolta atinadamente e con raíces na narrativa de sempre".

- Francisco Martínez Bouzas, 'Rescatar e atopar as humanas proporcións', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Relatos', 17 outubro 2004, p. 3.

Dá conta da publicación por parte de Galaxia da obra gañadora do premio Torrente Ballester de 2003, que recaeu en *As humanas proporcións*, de Xesús Constela, autor que se suma á nómina dos poucos en galego que teñen acadado tal galardón. Destaca tamén o recoñecemento a un conxunto de relatos cualificados polo xurado como unha proposta "arriscada" e "moderna". Repasa brevemente a temática de cada un dos relatos, da que destaca a heteroxeneidade e enfoques, conformando unha "proposta literaria interesante e desigual", na que se pode ver un bo fabulador, aínda que atopa que moitas son "historias insignificantes que deixan indiferente ao lector", polo que considera excesivo o recoñecemento obtido.

- Marga Romero, 'O gran palimpsesto', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 101, 'Libros', 25 novembro 2004, p. V.

Despois de destacar o bo inicio do autor no mundo das letras, destaca a importancia que adquiren os paratextos como homenaxes á cultura de todos os tempos, especialmente pola cuberta. Repasa as temáticas dalgúns relatos, nos que estabelece xogos de intertextualidade como "Non escoites a Giovanna", que relaciona cun poema de Lowell, ou "Celia e o príncipe", que ten a Wilde de fondo, ou "Burbulla", que lle evoca a Rafael Dieste, para rematar evocando as palabras de Marica Campo ao referirse ao palimpsesto, e que a articulista considera que ten o seu maior valor na urdime, ao que Constenla homenaxea no último dos relatos.

- Armando Requeixo, 'Do home vitruviano', *Diario de Ferrol*, 28 novembro 2004, p. 21.

Comeza destacando que a estrea como narrador deste autor fora recoñecida co Premio Torrente Ballester por *As humanas proporcións*. Explica que a obra está composta por once relatos, aos que sumou un máis para a publicación, caracterizados pola súa heteroxeneidade temática e formal. Repasa os títulos, de entre os que sobrancea "Non escoites a Giovanna", considerado como das mellores pezas do volume; "Celia e o príncipe", no que ve a pegada de Oscar Wilde, ou "¿Onde estás, meu amor, Sangare?", que é unha denuncia da migración clandestina e no que inflúe a obra de Faulkner. Remata felicitando ao autor como "unha voz poderosa que por forza ha dobregar a quen ela se achegue a enxurradas de imaxinación".

Referencias varias:

- Atenea, 'O ferrolán Constela gaña o Premio de Literatura Torrente Ballester coa súa primeira obra', *Atenea*, nº 14, 'Breves', 2004, p. 36.

Dáse conta da concesión do Torrente Ballester a Xesús Constela Doce pola obra *As humanas proporcións*. Saliéntase que o xuri composto por Fernández Moreda, Celestino Poza, José Merino, Luis Mateo Díez, José María Guelbenzu, Pedro Sorela, José Antonio Ponte Far, Alfredo Conde, Rubén Abella, Marcos Ricardo Barnatán e Ángel Basantos valorou a construción experimental dos contos, escritos en clave fantástica e nun galego literario moderno. Apúntase finalmente que o cubano Alejandro Soto Ramón foi o finalista con *La noche del Nizur hiperespacio*.

- Albino Mallo, 'O poder fabulador/O escritor Xesús Constela di que a realidade se atopa dentro do libro', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Hoy', 6 outubro 2004, p. 48/76.

Faise eco da presentación d'*As humanas proporcións* na Coruña nun acto ao que se indica que asistiron o autor, o director de Galaxia, Víctor Freixanes, e o presidente da Deputación coruñesa, Salvador Fernández Moreda. Recóllense as palabras do autor, nas que explica que a obra consta dun conxunto de relatos, un deles non presentado ao premio e incluído posteriormente no libro, nos que se atopan características como liberdade, imaxinación, realidade e fantasía. Sinálase que, segundo Víctor Freixanes, acadar o Premio Torrente Ballester é un índice de calidade; ademais, este considera que a obra de Constela se insire na tradición de autores como Rafael Dieste, Álvaro Cunqueiro e Vicente Risco, entre

outros, e que presenta características novidosas dentro do panorama galego como unha imaxinación creadora nunha aposta arriscada e efectiva. Remátase coas palabras de Constenla, quen adianta que está a traballar nunha novela longa.

- Isabel Mariño, 'Galaxia edita 3.000 exemplares da obra gañadora do Torrente Ballester', *La Opinión*, 'Cultura', 6 outubro 2004, p. 61.

Dáse conta da presentación na Coruña do libro de relatos *As humanas proporcións*, gañador do premio Torrente Ballester de narrativa 2003. Recóllense as palabras de Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña, nas que salienta a calidade da obra, e de Víctor Freixanes, quen sitúa a obra na liña dos grandes mestres do relato breve. Sinálase que o autor destacou a importancia do galardón como estímulo para seguir escribindo e recoñeceu influencias na súa obra como Faulkner, Cunqueiro, Orwell e Rimbaud, entre outros. Finalmente, indícase que a obra está conformada por unha ducia de relatos de temática heteroxénea.

- Eva Moreda, 'Xesús Constela debuta 'desde a calidade' en la literatura gallega', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 6 outubro 2004, p. 54.

Dáse conta da presentación d' *As humanas proporcións* na Coruña, nun acto ao que sinala que asistiron o presidente de Galaxia, Víctor Freixanes, e o presidente da Deputación coruñesa, Salvador Fernández Moreda, quen manifestou a súa satisfacción pola consolidación do premio Torrente Ballester, do que esta obra foi merecedora en 2003.

- M.J.R., 'Xesús Constela achegou a Ferrol a súa primeira obra literaria', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 6 novembro 2004, p. 13.

Refírese ao acto de presentación d' *As humanas proporcións* en Ferrol da man do seu autor e de Inma López Silva, quen salientou que se concilia a realidade e a fantasía a través do mundo cotián nun autor que domina a intriga. Tamén se recollen as palabras do autor, que manifestou a súa alegría por acadar o galardón e que o título da obra ten a ver coa idea do Renacemento de que o home é a proporción de todas as cousas, malia que considera que na actualidade iso mudou.

- Belén López, 'Xesús Constela: 'O ser humano xa non é a medida de nada', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir Aquí', 16 novembro 2004, p. 77.

Dáse conta da presentación do volume no Café Moderno de Pontevedra e reprodúcese unha entrevista co autor, Xesús Constenla, na que responde a cuestións como a idea da medida que deu lugar ao título e que provén do Renacemento, que hoxe xa non ten vixencia, pois o único que permanece é o nacemento e morte do home, pero que mudaron totalmente as relacións sociais. Explica que estes aspectos están recollidos en diferentes relatos, valora positivamente gañar o premio e o feito de que a obra estea gustando e considera que a súa

visión das cousas non é excesivamente positiva, pero está intimamente relacionada coa realidade.

- M.V., 'Xesús Constela: "En Galiza hai unha literatura asombrosa', *A Nosa Terra*, nº 1.151, 'Cultura', 18 novembro 2004, p. 29.

Entrevista a Xesús Constela con motivo da publicación d' *As humanas proporcións*. O autor lembra que o xerme comezou un día que estaba co seu fillo nun centro comercial. Confesa a súa querencia por Brech e a súa concepción de escenarios nus, o seu gusto por autores como Juan José Millás ou Manuel Vicent e a influencia dunha concepción da vida baseada no principio co nacemento e o final coa morte, ofrecendo nos relatos que conforman a obra o retrato da desazón que sente o home en cada unha desas etapas. A seguir, explica a orixe e significado dalgúns dos relatos, nos que destaca a influencia das matemáticas; tamén sinala que se lle rende unha homenaxe aos que morreron vítimas das drogas ou plásmanse ideas como a do home *vitrubiano*. Remata manifestando o seu gusto polas obras de autores como Paul Auster, Sechu Sende ou Álvaro Cunqueiro e considerando que a situación da literatura en Galicia é moi boa.

Cruz, Ángel de la , *Compostellanum*, Finalista do IIIº Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia, Cesuras-A Coruña: Biblos Clube de Lectores , 2004, col. Mandaio, nº 6, 159 pp. (ISBN: ISBN: 84-933327-3-9).

O autor preséntanos esta novela, gañadora do certame de novela por entregas de *La Voz de Galicia*, como o resultado do estudo duns manuscritos que tiñan como obxectivo unha serie que debera ser emitida pola TVG. A acción desenvólvese como a investigación de Guido de Borgoña e o seu axudante para resolver unha revolta popular contra Xelmírez. No transcurso da investigación deste cardeal repásanse feitos históricos que rodearon a historia de Xelmírez e a da construción da Catedral de Santiago no medio das loitas polo poder que xiraron ao redor de Dona Urraca e do rei Afonso VII, fillo da raíña. A historia desenvólvese en tres xornadas dende a súa chegada a Compostela até a súa marcha; vaise dando conta dos feitos dende o nacemento de Xelmírez. No "finis" dáse conta do misterio agochado na arquitectura da propia catedral e todo envolto en numerosos episodios sobre os supostos "pecados de Xelmírez", como a pillaxe de reliquias en Braga ou a decadencia nos lupanares de Compostela. O propio volume nos ofrece un índice de personaxes históricos aos que se fai referencia, así como a bibliografía que serviu de fonte á historia, o que envolve a narración dun aura de verosimilitude.

Recensións:

- C. Lorenzo, 'A película de Xelmírez', *A Nosa Terra*, nº 1.140, 'Cultura', 2 setembro 2004, p. 27.

Sinálase que a carta de presentación de *Compostellanum* reside nos límites da novela concibida como filme. Dise que o factor cinematográfico é resaltado nesta historia que se

nos presenta con diálogos áxiles e unha Compostela de superprodución, rica, luminosa e cosmopolita. É precisamente esta visión a que nos leva á crítica final da que se nos di que nos pode valer para achegarnos a un modelo de historia que sempre se esqueceu.

Cuns Lousa, Xulio, *Así foi... e seguirá sendo*, ilustracións de Eduardo e José Luis Múñoz Vales, Betanzos - A Coruña : Concello de Betanzos, 2004, 65 pp. (ISBN: 84-923797-8-2).

Os tres contos de Xulio Cuns foron premiados en diferentes certames. O primeiro foi premiado pola Sociedad Unión Protectora de Artesanos de Santiago (1957), o segundo no Certame Literario do Centro Gallego de Bizkaia (1970) e o último no Certame do día das Letras Galegas convocado pola Agrupación Socialista da Coruña (2003). En *Alter ego*, desenvólvese a historia dun home que sente o chamamento da terra que o leva a plantar unha árbore no terreo do cemiterio onde quere ser soterrado. Os paseos por este lugar e o coñecemento do enterrador lévano, a través dunha conversa co xa vello traballador do cemiterio, a saber dunha vella historia e a encontrarse co seu pasado. No segundo dos contos, *Tiñan frío*, unha avoa e o seu neto van a un avogado a solucionar un asunto de herdanzas. O frío da cidade xúntase coa fría relidade das leis que nin ela nin o neno chegan a entender. No último dos contos, *Catro follas dun diario*, as herdanzas volven o ser centro desta "noveliña curta" de Xulio Cuns.

Dacosta, Beatriz, *Contrato temporal*, IV Certame de Creación Literaria "Terra de Melide", Vigo: Francka Editora ♦, 2004, 228 pp. (ISBN: 84-932575-4-0).

Obra de Beatriz Dacosta (Vigo, 1967) na que realiza unha radiografía dun grupo de persoas que teñen en común traballar en Spíral, trasunto de Citroën. A obra está formada por un conxunto de capítulos breves, todos con título, que non superan as catro páxinas e nos que, dende diferentes puntos de vista, se reflicte a precariedade laboral dos contratos temporais e como iso condiciona as vidas dos distintos empregados, xa que, por exemplo, impídelles aos novos que poidan mercar un piso para independizarse dos pais ou realizar calquera proxecto a longo prazo. Ou tamén, no caso dos traballadores da quenda de noite, a gran dificultade de estabelecer calquera tipo de relación sentimental. Ao longo de toda a obra está sempre presente a metáfora da caída das follas e do calendario, que sempre está en novembro, sempre é outono. Beatriz Dacosta amósanos aos empregados como vítimas da globalización, onde, como se di na obra, ademais de ser só un número, "se non vales ven outro para o sitio". Na serie de capítulos titulados "Área de repouso", que están colocados aleatoriamente ao longo da obra e que teñen como nexo de unión o título e transcorrer durante o descanso que teñen os traballadores, estes expresan as súas inquedanzas sobre a súa precaria situación laboral.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'O contrato temporal de Beatriz Dacosta', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Narrativa', 14 novembro 2004, p. 4.

Comeza indicando como se describe e caracteriza en *Contrato Temporal*, Premio Terra de Melide 2004, á sociedade galega neourbana e industrializada. Indica que o tema central é a opresión e a marxinación na que malvive o proletario baixo as gadoupas do empresariado. A seguir comenta o argumento e remata mencionando que a autora, Beatriz Dacosta emprega "unha linguaxe directa".

Referencias varias:

- C.B., 'Dacosta gana el cuarto premio Terra de Melide con 'Contrato temporal', *El Correo Gallego*, 'Cultura', 2 xuño 2004, p. 39.

Anúnciase a obra de Beatriz Dacosta como gañadora Premio de Creación Literaria Terra de Melide 2003, *Contrato temporal*, que versa sobre a temática que lle dá título e que foi dotado con seis mil euros e valorada polo xurado por introducir un tema pouco tratado na literatura galega. A novela erótica de Isidro Novo ficou como finalista, mais as dúas serán publicadas por Francka Editora.

- N.R.M., 'Non sei se existen asalariados en canto á creación literaria', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 9 xuño 2004, p. L2.

Entrevístase a Beatriz Dacosta, gañadora do certame Terra de Melide 2003 coa novela *Contrato temporal*, definida como "coral e polifónica", que ten como telón de fondo unha realidade actual, a da precariedade laboral e a do mercado de traballo que contribúe a consolidar o actual sistema económico occidental. A autora opina que cada día o compromiso é maior na literatura e na sociedade galegas.

- A.N.T., 'Unha novela sobre o contrato temporal', *A Nosa Terra*, nº 1.140, 'Cultura', 2 setembro 2004, p. 28.

Anúnciase a gañadora do Premio Terra de Melide 2003, Beatriz Dacosta, coa obra polifónica *Contrato temporal*, que será publicada por Francka Editora. O libro denuncia esta situación, que é unha constante na época da globalización, da deslocalización e do traballo alienante nas fábricas, neste caso de coches. A continuación adiántase un capítulo da obra.

- A.N.T., 'Unha novela sobre o contrato temporal', *A Nosa Terra*, nº 1.140, 'Cultura', 2 setembro 2004, p. 28.

Comeza indicando cal e o tema da obra e as dúbidas que teñen os diferentes personaxes como consecuencia directa e "como determinan estas condicións a nosa vida e as relacións humanas". A seguir ofrece como anticipo un dos capítulos da obra titulado "Area de repouso".

- Belén López, 'Beatriz Dacosta: 'Esta novela é unha obra mergullada na realidade', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 23 setembro 2004, p. 85.

Dá conta da publicación de *Contrato Temporal*, que foi Premio Terra de Melide, pola Editorial Francka Editora. Recolle as palabras da autora, Beatriz Dacosta Molanes, nas que explica a xénese da obra. Entre outros aspectos destaca que as súas experiencias nunha fábrica foron moi importantes, de feito alí xurdiulle a idea da obra; comenta, ademais, o satisfeita que se sentiu cando lle outorgaron o premio.

- Natalia Noguerol, 'Editan un millar de exemplares da obra gañadora do certame literario Terra de Melide', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 28 setembro 2004, p. L12.

Anúnciase a presentación do libro gañador e finalista do Certame Terra de Melide 2003 *Contrato temporal* e *Rosa lenta*, de Beatriz Dacosta e Isidro Novo, respectivamente. O primeiro deles terá unha tirada de mil exemplares. Tamén se aproveita para anunciar a celebración da III Edición do Certame de Investigación Terra de Melide, do que saíu gañador Xosé Manuel Sánchez.

- C.P., 'Dacosta: 'O lector non se pode sentir estafado, sempre o nota", *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 29 setembro 2004, p. L2.

Comenta as novelas *Rosa lenta* de Isidro Novo e *Contrato temporal* de Beatriz Dacosta; a última foi finalista do premio literario "Terra de Melide" e trata un tema de actualidade, como é a precariedade laboral.

- Amaia Mauleón, 'El escritor no debe ofrecer esperanzas', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultua', 1 outubro 2004, p. 45.

Logo dunha pequena introdución na que menciona o tema principal da obra, "a precariedade laboral, a globalización e a deslocalización", realízase unha pequena entrevista á autora na que esta destaca que quixo tratar preferentemente temas de actualidade onde se viran reflectidas un gran grupo de persoas e que a ela serviulle moito traballar en Citroën. Tamén afirma que é unha novela coral.

- César Lorenzo Gil, 'Beatriz Dacosta: 'Traballar é perder o futuro e caer nunha espiral de rutina sen expectativas', *A Nosa Terra*, nº 1.149, 'Cultura', 4 novembro 2004, p. 29.

Entrevista a Beatriz Dacosta (Cangas, 1967) na que se reflexiona, entre outras cousas, sobre a súa novela *Contrato temporal* (Francka Editora). A autora afirma que nela tentou facer unha reflexión sobre o mundo e o tempo no que vivimos. Indica que a súa experiencia laboral nunha empresa subcontratada por Citroën foi moi importante, que o seu libro é unha

"achega persoal que pretende ser útil para entender o que está a pasar" e xustifica a disposición do espazo e das personaxes.

Díaz Díaz, Xosé, *O dómine indómito*, IV Premio de Narrativa. Historias na Universidade, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela ♦, 2004 (ISBN: 84-9750-278-7).

Novela na que se contan as peripecias dun catedrático da Universidade de Santiago de Compostela que vive entre os séculos XV e XVI, xusto cando nace esa institución. Ao longo de sete capítulos Máximo Xoán Núñez de Enebro relátanos dende a cela na que se atopa recluído, agardando que a Inquisición o queime na fogueira, os feitos máis destacábeis da súa vida, que o levaron xusto a onde está. Comeza explicando como a miseria na que vivía a súa familia a levou a ingresalo de neno no colexio beneditino de San Martiño Pinario, onde realizou os seus estudos especializándose en Lóxica. Grazas ao Padre Basilio acadou a cátedra no Colexio Alfeo, que logo sería a Universidade de Sant Iago, que era como el quería que se denominase para que se destacara o nome do santo. A seguir relata a súa primeira clase, na que lle bateu con brutalidade a un alumno logo de que este lle contara algúns dos rumores que circulaban polos corredores sobre el, sen saber, claro está, que estaba falando con el. Por mor dese incidente abríronlle un expediente sancionador. A continuación indica como coñeceu a Patricio Sinot, un docente irlandés que practicaba a nigromancia. Para impresionar a un alumno, que segundo el era un vaidoso, xa que non ía moito a clase pero sabía todo o que lle preguntaba, finxiu exorcizalo no medio dunha clase, pero este contoullo á súa familia, que era bastante poderosa, e o padre pasou a estar no ollo de mira do Santo Oficio. No seguinte capítulo conta como presenciou parte dunha novatada e como, no canto de socorrer ao novato, logo de que este lle pedise axuda, xustificou o resto dos alumnos. Isto valeulle, entre outras cousas, para traballar durante un tempo sen soldo e unha drástica diminución deste. No penúltimo capítulo relata como se veu no medio dunha revolta estudantil da que o acusaron como indutor ideolóxico. Estas e outras peripecias provocaron que fose condenado pola Inquisición á fogueira. Dende a cela na que agarda ese momento despídese no último capítulo. Os títulos de todos os capítulos indican o tema que neles se trata, como se facía nas obras da época que se reflicte na obra. A linguaxe empregada tamén imita mediante expresións á da época.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Da picaresca universitaria no medievo compostelán', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Historia', 21 novembro 2004, p. 4.

Comeza realizando un breve repaso polos diferentes certames que organiza a Universidade de Santiago de Compostela e destaca o Premio de Narrativa "Historias na Universidade", debido a que Xosé Díaz Díaz acaba de gañar a última edición coa novela breve *O dómine indómito*. A seguir menciona o tema, as aventuras dun catedrático universitario que vive entre os séculos XIV e XV. Destaca como virtudes da obra o humor e as solucións lingüísticas diacrónicas que emprega e menciona como defectos xustificábeis algúns anacronismos.

Domínguez, José Vicente, *O anxelote e outros relatos*, prólogo de Alfredo Conde; ilustracións de Domingo Regueira e Toño Fernández; partituras de Enrique Paisal., Edicións Baleíña, xullo 2004, 119 pp. (DL: C-1608-2004).

O libro reúne tres relatos: "Caderno de bitácora", "O anxelote" e "O piñeiro de Peres". En "Caderno de bitácora", a voz narradora corresponde a un rapaz de dezanove anos, alumno de náutica, aprendiz de oficial, que toma nota das incidencias dos seus dous centos primeiros días de navegación nun pesqueiro chamado "O Niño". Estrutúrase en trece capítulos con título seguidos dunha referencia xeográfica e temporal. O primeiro capítulo dá conta da saída do porto de Vigo con dirección aos caladoiros do sur de África o 30 de xuño de 1976. O último narra a chegada a porto o 11 de xaneiro de 1977, logo dunha longa viaxe. Entremedias, descríbese a vida a bordo dun gran pesqueiro: o traballo dos mariñeiros, os perigosos lances de pesca, a preparación do peixe, a dependencia do alcol, os accidentes no mar, ou a morte, até o desexado reencontro final coa familia. "O anxelote" conta a historia do tío Xoán, vello pescador xa falecido, de quen se recuperan algunhas circunstancias da súa vida: o accidente de tren que o deixou eivado, o seu pasado amoroso, as cantigas que entoaba, e, especialmente, a súa ilusión por pescar o peixe máis grande que endexamais se pescara na ría. A súa captura do anxelote suporá tamén a propia morte, mais a permanencia na memoria colectiva das xentes do mar. En "O piñeiro de Peres" o narrador, un rapaz de Palmeira de nome Lino, cóntalle ao capitán do barco o que lle sucedeu a seu pai co piñeiro máis grande do Barbanza, cando logo de ser abatido polo temporal amosou baixo as raíces unha laxe que formaba a tapa dun dolmen baixo o que se agachaba unha profunda cova. Ao rematar a historia, Lino recibe o cablegrama coa noticia da morte de seu pai ao pé da mámoa.

Referencias varias:

- A. Losada, 'José Vicente Domínguez: Só son un afeccionado á escritura', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 18 agosto 2004, p. 64.

Entrevista ao autor da obra, que é capitán de barco, empresario, fabricante de dornas, político, experto en pesca e escritor. Explica o contido desta obra e indica que o xénero do relato breve é o que mellor se lle adapta; sinala que a vocación de escritor lle vén dende mozo e que o mar é unha constante na súa obra; finalmente, explica como compaxina todas as súas actividades profesionais e fala de *Con el sol por la popa*, unha obra publicada en 2002, na que recompilou todas as súas colaboracións na prensa entre 1982 e 2002.

Eiré, Afonso, *O coxo de Vilarelle*, A Coruña: Espiral Maior, 2004, col. Narrativa, nº 35, 188 pp. (ISBN: 84-88137-97-4).

Novela que parte dun feito real, acontecido en Chantada na época da Transición. A Castro Candad chega un andaluz que di ser enxeñeiro e promete a construción dunha estrada sen

curvas entre Lugo e Ourense; xunto co cacique da vila, o Coxo de Vilarelle, quen montara unha oficina na fonda onde paraban os coches de liña, bota a andar unha empresa que ofrece postos de traballo a cambio de diñeiro. A medida que se van relatando os avances e xestións na construción da estrada, introdúcesenos na historia do Coxo, quen ascendeu socialmente ao deixar preñada á filla dun dos podentes da vila.

Recensións:

- R.L., 'O coxo de Vilarelle', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 78, 18 setembro 2004, p. 8.

Afírmase que nesta novela se realiza unha reflexión sobre un fenómeno social como o caciquismo tomando como punto de partida o Lugo rural durante a Transición. Destácase o dominio dos recursos narrativos do autor, así como a eficacia das descricións e a axilidade dos diálogos.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Crónica viva do caciquismo adaptado aos novos tempos', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Narrativa', 3 outubro 2004, p. 3.

Salienta que a obra de Eiré, da que apunta extensamente o argumento, se encadra dentro da novela de non ficción, posto que ten moito de reportaxe no seu tratamento do caciquismo; destaca, ademais, o léxico utilizado, tirado da fraseoloxía do galego oral.

- Natalia Álvarez, 'Afonso Eiré. 'Aínda pervive un sistema político que fai necesaria a existencia do cacique', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 94, 'Entrevista', 7 outubro 2004, p. III.

Entrevista ao autor d'*O coxo de Vilarelle*, Afonso Eiré, na que se toma como punto de partida a novela, que trata o tema do caciquismo, para reflexionar sobre a vida política galega, da Transición á actualidade. Polo que respecta á obra literaria, o autor confesa que en Chantada houbo unha persoa da que podería ser trasunto o personaxe principal; afirma, ademais, que a súa pretensión na composición da novela foi recuperar o ritmo da literatura oral.

- Xulio Valcárcel, 'O coxo de Vilarelle', *El Ideal Gallego*, *'Páxina literaria'*, 10 outubro 2004, p. 4.

Afirma que a obra de Afonso Eiré é unha novela realista que parte parte dun presuposto histórico, a estafa de "D. Pedro das carreteras", para abordar o tema do caciquismo. Destaca a fluidez e o ritmo da narración, na que se advirten voces dialectais e, finalmente, recomenda a lectura do libro.

- Francisco Martínez Bouzas, 'O coxo de Vilarelle', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, 'Libros', 4 novembro 2004, p. V.

A propósito da publicación d'*O coxo de Vilarelle*, destaca as características da obra de Afonso Eiré, afirmando que a vontade deste é "perpetuar o universo cultural galego na nosa literatura". Apúntase que a súa escrita é ruralista e participa dun realismo crítico con vontade etnográfica. Para rematar, fai unha aproximación ao argumento da novela, baseada nun feito real.

Referencias varias:

- César Lorenzo, 'Afonso Eiré: 'Escribo sobre o mundo que vivín pero que non me vai sobrevivir', *A Nosa Terra*, nº 1.141, 'Cultura', 9 setembro 2004, p. 29.

Afirma que *O coxo de Vilarelle* é unha novela sobre o "novo" caciquismo da Transición, pero tamén un "relato sobre as esperanzas e as miserias dos que xa non podían vivir do agro". A seguir, entrevista a Afonso Eiré, quen defende a súa vontade etnográfica e o uso de termos dialectais, así como o suposto "ruralismo" da súa obra, afirmando que debe escribirse sobre o que se coñece.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 92, 23 setembro 2004, p. VII.

Sección fixa que inclúe as recensións d' *O cabalo na cultura celta* (2004), de Sioned Davies e Nerys Ann Jonnes; *Ollos negros* (2004), de Henrique Rabuñal; *A freguesía de Santa Mariña de Esteiro* (2004), de Xosé Agrelo Hermo e Francisco Abeijón; e *O coxo de Vilarelle* (2004), de Alfonso Eiré. Sinala que *O coxo de Vilarelle* é unha sátira implacábel do novo caciquismo, ambientada nunha vila luguesa e desenvolta dacabalo entre os últimos anos do franquismo e os primeiros tempos da democracia; destaca nela o realismo crítico tinxido de humor e a súa imaxinación narrativa.

- Alfredo Conde, 'A patria da literatura', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 26 setembro 2004, p. 4.

Reflexión sobre o oficio da escrita e a lingua empregada. Refírese, a seguir, á novela de Afonso Eiré, *O coxo de Vilarelle*, afirmando que o autor é dos que "fai país cando escribe".

Fernández Ferreiro, Xosé, *Os últimos fuxidos*, Vigo: Xerais, novembro 2004, col. Narrativa, nº 209, 241 pp. (ISBN: 84-9782-239-0).

Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 1931) remata con esta achega a súa triloxía sobre as consecuencias da Guerra Civil en Galicia. *Os últimos fuxidos* pecha así o ciclo iniciado coas novelas *A ceo aberto* (1981) e *Agosto do 36* (Premio Xerais, 1991). En trinta secuencias narrativas, Fernández Ferreiro constrúe a historia de catro guerrilleiros galegos

que, como moitos fuxidos, tiveron que se refuxiar no monte para escapar dos fusilamentos masivos. A obra participa das características da novela histórica, achegando localizacións recoñecíbeis para o lector como a Serra da Corza (Ourense), que abeirou fuxidos a mediados dos anos 50. En consonancia, o modo da narración é realista e o protagonismo da novela é coral. O autor intenta reflectir, por medio dunha serie de situacións vividas polos fuxidos e polos seus achegados, a dureza da represión franquista en Galicia.

Recensións:

- Albino Mallo, 'Fernández Ferreiro novela a historia en 'Os últimos fuxidos", *Galicia Hoxe*, 2004.

Fai referencia ao carácter en boa medida histórico, e mesmo autobiográfico, da novela *Os últimos fuxidos*, baseada na represión franquista aos galegos republicanos. Neste sentido, recolle declaracións do autor nas que contextualiza os avatares dos fuxidos, algúns deles membros da súa familia ou amigos de seu.

Referencias varias:

- Ana Lorenzo, 'Ferreiro cierra su trilogía sobre la guerra con 'Os últimos fuxidos", *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 2004, p. 46.

A noticia céntrase na xénese da obra, e remite o seu proceso de escrita aos materiais que lle serviron de fonte a Fernández Ferreiro para a novela *Agosto do 36*, primeira parte da triloxía sobre o impacto da Guerra Civil en Galicia. Faise referencia á presentación da novela na Coruña, á que asistiron o editor Manuel Bragado e o profesor Xosé Manuel Salgado e sinálase que este último salientou o carácter case cinematográfico das escenas relatadas na obra, á que comparou cun guión sobre o que se podería facer unha película.

- Ana Lorenzo, 'Ferreiro cierra su trilogía sobre la guerra con 'os últimos fuxidos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 decembro 2004, p. 46.

- Albino Mallo, 'Fernández Ferreiro novela a historia en 'Os últimos fuxidos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 decembro 2004, p. 30.

Fernández, Miguel Anxo, *Capitol, última sesión*, Vigo: Galaxia, 29 outubro 2004, col. Literaria, nº 209, 161 pp. (ISBN: 84-8288-749-1).

Volume que consta de trece relatos curtos que tratan a historia do cine como espectáculo en Galicia de 1917 á actualidade. Neles, ficción e realidade crúzanse a través das historias motivadas polas proxeccións de filmes de diferentes épocas no Cine Capitol. Personaxes como os propietarios de sala nas vilas, proxectistas ou vendedores de entradas teñen cabida nestas páxinas nas que se desenvolve a historia colectiva co cinema como pretexto. Así, en "As rosas vermellas de Ava Gardner" trátase a mitomanía dos cinéfilos, a sentimentalidade

en "Murchou a flor" ou a confusión entre realidade e ficción en "Os apaches de Avelino o Matachín".

Referencias varias:

- Miguelanxo Fernández, 'Os apaches de avelino o matachín', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 83, 'O relato', 23 outubro 2004, p. 12.

- Camilo Franco, 'Quero explicar á xente que hai outra forma de ver cine', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 decembro 2004, p. 50.

Pequena entrevista con Miguel Anxo Fernández, a propósito da presentación de *Capitol, última sesión.* Sinálase que se trata dun libro de relatos que segue, en certo modo, a estrutura da película *Vidas cruzadas*, de Robert Altman, e que serve para repasar, desde a ficción, a historia do cine en Galicia. Miguel Anxo Fernández indica que o libro ten dous propósitos, provocar algo de nostalxia no lector sobre o mundo que rodeaba o cine, e explicarlle á xente moza que houbo outra forma de ver cine que xa non existe pero que contribuíu moito á formación cultural e sentimental da súa xeración. Apúntase que os relatos seguen unha orde cronolóxica, acompañando a vida dun cine desde 1917 até 2001, identificado co cine Capitol. Abórdase a seguir a tardía incursión do autor na publicación de ficción, os cambios que está a experimentar o cine actual e as razóns que levaron á desaparición os cines históricos.

- X.A. Reboiro, 'Miguel Anxo Fernández lembra a historia dos cines galegos en 'Capitol, última sesión', *La Región*, 'Cultura', 30 decembro 2004, p. 59.

Infórmase de que Miguel Anxo Fernández presentou no Carballiño a súa terceira incursión na literatura de ficción, tras as novelas *O sabre do francés* e *Un nicho para Marilyn*, publicadas por Galaxia. Indícase que *Capitol, última sesión* é un percorrido de trece relatos nos que o autor plasma as súas propias vivencias como cinéfilo. Apúntase que é unha literatura moi próxima ao lector, na que os protagonistas dos filmes semellan "contaxiar" a vida dos espectadores, e na que tamén aparecen personaxes entrañábeis como o porteiro, o proxeccionista, o acomodador ou o artista que debuxa os carteis publicitarios do cine.

Fonte, Ramiro, *Os ollos da ponte*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Narrativa, nº 208, 349 pp. (ISBN: 84-9782-244-7).

É este o segundo volume da triloxía memorística que nos presenta Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957) baixo o título global de *Vidas da Infancia*. Igual ca no primeiro, aquí describe, en terceira persoa, a súa vila natal, Pontedeume, e os seus personaxes. O centro da novela é a escola, dende a que vai desenvolvendo, ao longo de seis capítulos, vidas e sentires do tardofranquismo. No primeiro capítulo, "Na escola do mar", presenta o edificio da escola (chamado 'Pescador'), os profesores das súas dúas aulas e, en especial, o seu mestre, don Pablo, así como os seus compañeiros. No segundo, "Sabor amargo", continua

relatando anécdotas escolares, elixindo como eixo o proceso de elaboración do leite en po, que doaban os emigrantes pontedeumeses, e os efectos do seu sabor para os alumnos da aula. En "Tres cines" o relato sae ás rúas da vila para presentarnos o nacemento, vida e decadencia das tres salas cinematográficas e teatros. "A miña vocación e os manuscritos" é o capítulo máis duro da novela: os relatos clandestinos da Guerra Civil española, a versión dos 'derrotados' deixada por familiares vivos e mortos, marcan unha íntima relación entre o narrador e a literatura. O quinto capítulo, "Xardíns, xogos florais", fai un repaso polos mapas de olores e texturas dos parques e xardíns de Pontedeume, así como polos distintos tipos de personaxes que se dan cita neles. En remate, "Leccións de música" volve á escola para recrear as atmosferas musicais dende as clases impartidas por Antonio Leira, director da banda municipal. En definitiva, é esta unha novela na que se reúnen, como nos di o narrador, "voandeiras lembranzas nunha andeira prosa".

Recensións:

- Xesús Fraga, 'A Madalena do Plan Marshall', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 90, 11 decembro 2004, p. 8.

Descríbese este volume como a segunda parte dunha triloxía onde Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957), a semellanza de Marcel Proust, procura lembrar o seu pasado dende a vila na que viviu de mozo. Apunta o gran detalle co que se describen sensacións e anécdotas e sinala que, aínda que exista unha estrutura erguida sobre as experiencias de escola, hai espazo tamén para outras historias e personaxes alleos. Dáse conta, por outra banda, de cómo o libro recolle a vocación literaria do autor nos reflexos dos seus recordos. Finalmente, destácase o desexo dunha pronta continuación.

Referencias varias:

- M.L., 'Ramiro Fonte presenta en Pontedeume su nuevo libro sobre la villa', *La Opinión*, 'Eume', 4 decembro 2004, p. 18.

Dáse conta do acto de presentación da obra na Casa de Cultura de Pontedeume. Destácase a presenza no acto, canda ao autor, do alcalde da vila eumesa, Belarmino Freire, e mais o director da editorial Xerais, Manuel Bragado.

- María Jesús Rico, 'A gran literatura, como a arte, vén sempre da observación da vida', *Diario de Arousa/El Ideal Gallego/El Progreso*, 'Ferrol', 9 decembro 2004, p. 7.

Entrevista a Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957) na que o autor confesa que a triloxía da que forma parte este libro comezou sendo unha única obra que foi esixindo a súa reescritura segundo crecía como proxecto. Di que os personaxes recollidos no primeiro volume, *Os meus ollos* (Xerais, 2003), que aínda hoxe viven, non se sentiron ofendidos polos trazos da súa descrición. Manifesta, ademais, que a literatura xorde da contemplación e das vivencias individuais. Sinala, por outra banda, que este seu libro é un dos que máis pormenorizadamente describe a vida na escola pública, así como nun tempo histórico e

vital determinado, como a década dos sesenta.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 105, 24 decembro 2004, p. VII.

Sección fixa que acolle as recensións de *Carlos Casares* (2004), de Damián Villalaín; *Memoria solar* (2004), de Luz Pozo Garza; *Os ollos da ponte* (2004), de Ramiro Ponte; e *Guía de viños de Galicia* (2004), de Sumilleres Gallaecia. Explica que *Os ollos da ponte* é a segunda entrega da triloxía *Vidas de infancia*, na que evoca a vila de Pontedeume nos últimos anos da década dos sesenta; sinala, asemade, que neste volume se presta protagonismo ao ámbito da escola pública, mentres que no primeiro se deu protagonismo á vida familiar. Destaca, finalmente, a elegancia coa que está escrita esta novela, na que as descricións ocupan un lugar relevante.

- VV.AA., 'En catalán, euskera y gallego', *El País*, *'Babelia'*, nº 684, 'Los mejores libros de 2004', 31 decembro 2004, p. 5.

Recóllense as obras máis senlleiras publicadas nas linguas cooficiais peninsulares. Na narrativa galega destácase este libro como parte dunha senlleira triloxía na que o autor recolle as súas vivencias na vila que o viu nacer, Pontedeume, nun intento de recuperar o tempo perdido.

Fortes, Alberto, *Tristemil*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2004, col. Literaria, nº 3, 74 pp. (ISBN: 84-7824-456-5).

Tristemil de Alberto Fortes (Pontevedra, 1964) relata a maldición caída sobre a liñaxe dos Soutomaior de Tristemil e que se achega tamén ao tema do dobre. A novela estrutúrase en catro capítulos. No primeiro, "A confesión de Ricardo Pontes", un dos descendentes dos Soutomaior de Tristemil, Ricardo Pontes, dá conta da perdurabilidade da maldición no século XIX, feitizo que tocará o seu fin na súa persoa. Os tres capítulos restantes, "O informe da Real Sociedade Arqueolóxica", "Na cripta" e "Derradeira epístola", explican a orixe da maldición coa que vive a dinastía dos Soutomaior de Tristemil -unha das ramas nas que se dividiu a familia dos Soutomaior, xunto cos Soutomaior de Toroño e os Soutomaior de Lantaño-, que se remonta ao século XIV, data na que ocorreu un crime entre dous irmáns xemelgos, Álvaro Sánchez de Soutomaior e Suero Sánchez de Soutomaior. As funestas predicción, a mestura do posíbel co imposíbel, a atmosfera de misterio e sombras que envolve os personaxes e a descrición pausada de paisaxes, pazos ruinosos ou criptas son ingredientes que dotan a novela de Alberto Fortes dunha boa dose de intriga e suspense e que a configuran como unha novela gótica.

Referencias varias:

- Manuel Jabois, 'Non creo nas maldicións, pero si nas manifestacións culturais que

acarrexan', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 16 decembro 2004, p. 85.

Alberto Fortes manifesta diversas ideas e comentarios sobre a súa última obra, que leva por título *Tristemil*. Refírese ao tempo e a investigación que precederon a composición da novela. Declara o seu interese por construír unha novela de ambientación gótica e afirma que Pontevedra sempre lle pareceu unha cidade moi gótica. Por último, apunta o atractivo da historia dos Soutomaior, que daría pé a un bo número de novelas, aínda que el preferiu engadir unha liñaxe máis a xa complicada familia Soutomaior.

Fraga, Xesús, *Solimán*, III Premio Rubia Barcia-Cidade de Ferrol de novela, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2004, col. Narrativa, nº 203, 207 pp. (ISBN: 84-9782-139-4).

Esta obra relata a realidade duns rapaces que foron medrando na convulsa época de finais dos anos 70 e principios dos 80. O protagonista é Álvaro e ao seu redor pululan unha serie de individuos que se van describindo e que van entrando na súa vida. O relato chega ao lector a través dun Álvaro xa adulto que recorda todos eses tempos pasados e compartidos con Román ou con Lucía na vila de Untia (aparente trasunto literario de Betanzos). Temas como a amistade ou o amor que se van perdendo e dos que non vai quedando nada máis que o recordo vanse descolgando nas páxinas desta novela. Xesús Fraga (Londres, 1970) vai artellando, mediante continuos saltos ao pasado que se converten na parte máis grosa da obra, unha realidade de tempos múltiples. Os pequenos sucesos da vida cotiá duns rapaces acaban practicamente converténdose no máis importante para uns adultos para os cales a única relación que lles queda son os recordos. O texto caracterízase por estar escrito en primeira persoa, por ter unha lingua sinxela e fluída, sen dificultades para unha lectura rápida, e por ter un ritmo narrativo moi áxil.

Recensións:

- Ramón Loureiro, 'Crónica dende o horizonte', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 59, 'Novelas de primavera', 8 maio 2004, p. 4.

Enxálzase a calidade de *Solimán* e do seu autor Xesús Fraga. Fálase da fluidez do texto e da eficacia narrativa e destácase a visión que se ofrece do tempo reflectido na novela. En sección individualizada recóllense certas opinións do narrador sobre a literatura e a súa obra.

- Xosé M. Eyré, 'O veleno do tempo', *A Nosa Terra*, nº 1.130, 'Cultura', 27 maio 2004, p. 26.

Fálase da nova novela de Xesúa Fraga, *Solimán* e tentan definirse as liñas temáticas da obra. Coméntanse as circunstancias e situacións da infancia e adolescencia nos convulsos principios dos anos oitenta. É a crónica dunha xeración "derrotada" antes da madurez. Valórase como boa a técnica narrativa do autor.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Rememorar o pasado para facer innecesario o solimán', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 6 xuño 2004, p. 3.

Achega á novela de Xesús Fraga, na que se esboza o seu argumento recollendo algunhas das palabras que aparecen ao final do libro e onde se introducen as razóns do título: *Solimán*. Fálase brevemente dalgúns dos sucesos narrados, así como do estilo narrativo empregado.

- Ramón Nicolás, 'Solimán', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 87, 'Libros', 10 xuño 2004, p. V.

Tras unhas breves notas sobre o autor faise un resumo de *Solimán*, a última novela de Xesús Fraga. Coméntase rapidamente en que consisten as peripecias de Álvaro, o protagonista e conclúese que se trata da biografía do fracaso e a derrota. Defínese como unha novela que reflicte a memoria dunha xeración.

- Vicente Araguas, 'Enérxico desinfectante', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 11 xullo 2004, p. 21.

Comeza falando do efecto depurativo (de purga) que poden ter a literatura e este *Solimán*, última obra de Xesús Fraga. Fálase tamén das referencias continuas a Betanzos que semella esconderse tras esa Untía que aparece na novela. Defínese a obra como un "cadro de costumes" dunha época e a reconstrucción da historia íntima do protagonista vai parella á da nosa historia recente.

Referencias varias:

- J.C., 'Xesús Fraga investiga a evolución da amizade na súa primeira novela', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 abril 2004, p. 51.

Coméntase que *Solimán* é a primeira novela longa de Xesús Fraga e recóllense palabras do propio autor falando sobre este tema. Reprodúcense as súas opinións sobre o biográfico que pode haber nesta novela, sobre a relativa homenaxe que hai a Castelao (e a *Os vellos non deben de namorarse*) e destácase a consecución do premio Liceo Rubia Barcia.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 86, 3 xuño 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Solimán* (2004), de Xesús Fraga; *Muletas* (2004), de Peter Härtling; *Un digno herdeiro* (2004), de Keith Dixon; e *Xaquín Lorenzo "Xocas"*, de Marcos Martinón-Torres. De *Solimán* destácase que foi

premiada co Rubia Barcia-Cidade de Ferrol en 2003. No que atinxe ao tema, fai referencia ao mantemento das amizades antigas a través da lembranza do pasado común.

- Suso Varela, 'Hai amigos dunha lealdade forte, que provén da memoria', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 18 xuño 2004, p. L2.

Entrevista con Xesús Fraga, despois de que presentase o seu terceiro libro, *Solimán*. O escritor e xornalista comenta que na novela se trata a memoria, pois os protagonistas viven un presente condicionado polo pasado, e a amizade, que, cando é boa, leva consigo a lealdade, malia o tempo e o espazo. Por último, sostén que narrou unha historia duns rapaces que medran, polo que cre que pode ser lida por persoas de distintas idades, dende nenos até adultos.

- Xan Carballa, 'Xesús Fraga', *A Nosa Terra*, nº 1.134, 'Cultura', 24 xuño 2004, p. 29.

Entrevista a Xesús Fraga con motivo da publicación da súa novela *Solimán*. Comenta aspectos como a súa evolución vital entre Londres, A Coruña e Betanzos, fala da importancia da emigración nas súas obras, da ambigüidade entre a vida e a literatura, da adolescencia na época da transición, das drogas e do amor, e máis concretamente do fracaso do amor.

Franco Alonso, Xavier, *Oitocentos*, Galaxia, 4 xuño 2004, col. Illa nova, nº 5, 115 pp. (ISBN: 84-8288-613-4).

Primeira novela de Xavier Franco Alonso (Pontevedra, 1967). Composta por vinte e cinco capítulos de curta extensión, a novela modalízase a través dun narrador omnisciente heterodiexético. Destaca así mesmo a abundancia de diálogos, sobre os que realmente se sustenta a novela. O protagonista, Hadrián, regresa a Vigo tras pasar cinco anos en Barcelona como atleta de medio fondo. Os seus maos resultados deportivos fan que perda a bolsa da federación e se vexa obrigado retirarse do atletismo e regresar a Vigo, onde tentará atopar traballo como arquitecto. A súa volta provoca o reagrupamento dun vello grupo de amigos, que tomaran rumbos separados cando el fora para Barcelona. Todos están preto dos trinta anos e se atopan ante diversas encrucilladas, tendo que afrontar os problemas sentimentais, laborais e vitais propios dos mozos galegos do seu tempo.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Oitocentos': un retrato realista da mocidade viguesa de hoxe', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Narrativa', 12 setembro 2004, p. 3.

Comeza sinalando que malia ser a primeira novela do autor, non é exactamente o seu debut literario, pois xa publicara un libro de relatos, *Eventuais*, en 1997. Tras sintetizar o argumento da obra, Martínez Bouzas sinala que se trata dunha novela de iniciación, coa

particularidade de non seren os protagonistas un grupo de adolescentes, senón mozos cos estudos rematados. Xulga que pola trama e construción é unha noveliña chea de boas intencións 'pero pouco máis', e que como acto narrativo é unha novela plana e elemental, salientando que sobre todo se bota en falta un desenlace. Sinala que nas infinitas conversas sobre as que se constrúe a obra non se afonda nin na caracterización dos personaxes nin na trama argumental. Conclúe Martínez Bouzas que a estrutura elemental e rectilínea, o formato lixeiro, o ritmo narrativo e a falta de complexidade lingüística fan de *Oitocentos* unha obra de lectura doada pero irrelevante.

- Vicente Araguas, 'Isto xa o vin', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 19 decembro 2004, p. 20.

Sinala que a novela ten detalles e elementos que fan pensar que o autor promete como novelista, e que o único que lle falta é atopar unha historia orixinal que enganche, que teña a forza da que esta carece, pois considera que a historia do protagonista que regresa ao punto de partida máis ou menos fracasado provocando que os seus amigos espallados se volvan xuntar ao seu redor non é precisamente novidosa, e que o argumento podería dar moito máis de si. Xulga que o autor desaproveita a ocasión de facer do seu protagonista un filósofo da media distancia e conseguir así que o asunto tomase un voo que aquí fica "como de galiña", resolto en tediosas sesións de bares, mesóns e casas particulares, con conversas de mínimo interese. Tamén recrimina á obra o feito de as referencias musicais, literarias e cinematográficas suplementar treitos da narración en momentos nos que o narrador non sabe que facer, botando man destas alusións para cubrir tempos mortos, o que non fai ningún favor a unha historia curta que non se beneficia destes recheos pouco consistentes. No entanto, saliéntase que Xavier Franco Alonso sabe por onde van os tiros narrativos, e que malia a pobreza argumental sabe manexar os personaxes e pode resultar un escritor ameno, polo que finaliza desexando que a próxima entrega deste escritor dea definitivamente no cravo.

Franco Rodríguez, Mario, *Terranova. Memorias dun mariñeiro*, Noia-A Coruña: Toxosoutos, xuño 2004, col. Nume, 158 pp. (ISBN: 84-96259-23-4).

Mario Franco Rodríguez (Santiago de Compostela, 1934) relata en *Terranova. Memorias dun mariñeiro* a dura vida da tripulación dun bacallaeiro que pescaba en Terranova nos anos cincuenta. A novela está enmarcada por unha introdución e unha coda na que un narrador apunta que o seu labor soamente consistiu en poñer por escrito as verbas dun mariñeiro xubilado que estraña o traballo e a vida no mar. Estrutúrase en tres grandes partes tituladas "O Chispas", "Farewell" e "O motín", que se corresponden con tres campañas de pesca en augas polares. Se ben ao longo da novela queda patente o duro traballo, as sacrificadas condicións nas que viven e as difíciles situacións que ten que afrontar toda a tripulación, en cada unha das partes cobra relevancia un asunto concreto; así, "O Chispas" céntrase na historia vital de Marcos, un electricista que navega por vez primeira, exemplo de bondade e boa disposición; en "Farewell", o protagonista é un forte temporal que preto do cabo Farewell azoutou duramente o barco e á súa tripulación, obrigada sen máis axuda que o seu valor e o seu esforzo a enfrontarse a el para salvar a vida. Finalmente, en "O

Motín" relátase a sublevación dalgúns mariñeiros como resposta á morte dun compañeiro. Toda a tripulación do bacallaeiro Delfín -non só os mariñeiros e o capitán, senón tamén electricistas, mecánicos, cociñeiros- é a protagonista das esforzadas e valentes accións que transcorren nesta novela coral onde todos e cada un dos personaxes ten o seu momento de grandeza. O outro, e non menos importante, protagonista da novela é o mar, sempre con esa dobre cara, amigo e inimigo, xusto e inxusto, pero sempre imprescindíbel e vital para todo o persoal do bacallaeiro.

Recensións:

- Estro Montaña, 'Terranova', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 96, 'Libros', 21 outubro 2004, p. IV.

Celebra a publicación de *Terranova*, pola súa temática sobre a vida dos mariñeiros, pois a literatura galega non está sobrada de relatos sobre o mar. Comenta brevemente o argumento da novela, cuxo fío conductor é a crueza da vida mariñeira. Por último, salienta o realismo de *Terranova* e recalca a solidariedade e o esforzo que precisa a xente do mar para manter a harmonía a bordo do barco.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, 'El 'marinero' Franco regresa a Terranova en su último libro', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 22 xuño 2004, p. 80.

O articulista recomenda a lectura de *Terranova. Memorias dun mariñeiro* de Mario Franco -relato forte que narra a vida dos homes do mar naquelas paraxes- e anuncia a presentación da novela no colexio santiagués Manuel Peleteiro, onde o escritor estudiou un curso cando aínda era a Academia Minerva. Apúntase que Xesús Franco González e Xosé Agrelo Hermo, director da editorial Toxosoutos, acompañarán a Mario Franco neste acto.

- Ana Iglesias, 'Presentación del libro de Mario Franco', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 26 xuño 2004, p. 34.

Refírese á presentación da novela *Terranova. Memorias dun mariñeiro*, de Mario Franco, no colexio Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela. Dise que o autor estivo acompañado por Xesús Franco González e Xosé Agrelo Hermo, director de publicacións da editorial Toxosoutos.

Frías Conde, Francisco-Xavier, *O pai do artista*, edic. de Carmela González Boo e ilustr. de Xoan G., Cesuras: Biblos Clube de Lectores , 2004, col. Mandaio, 93 pp. (ISBN: 84-933327-8-X).

Xavier Frías Conde (Béjar, Salamanca 1965) é autor desta novela breve que conta con

ilustracións de Xoan G. e que inclúe, antes de comezar, un breve perfil no que se informa dos acontecementos vitais máis destacados do autor, así como tamén das súas obras. A novela conta a historia de Carlos, que ve sorprendido como un dos "xefazos" da empresa na que traballa, logo de sorprendelo no descanso do café mirando uns debuxos que lle regalara seu fillo Mario, mércallos por cento cincuenta euros. Cando chega á casa cóntallo a Sabela, a súa muller, quen amosa a súa opinión en contra de que negocie coas ilustracións do seu fillo. Pero este volve facer negocios co seu xefe vendéndolle uns debuxos de Mario, polos que obtén unha maior cantidade de diñeiro. A súa dona volve reprendelo. Pouco despois Carlos regálalle ao seu fillo uns lapis de cores e un paquete de folios indicándolle que son para que continúe a facer debuxos, ao que el responde que prefire que lle conte contos que debuxar. Carlos volve caer na tentación, pero neste caso cóllelle uns debuxos que o neno gardaba nun dos caixóns da súa mesiña de noite mentres este durmía. Por iso obtivo mil cincocentos euros. En canto Sabela se dá conta fai as maletas e vaise co seu fillo para a casa de seus pais. Carlos en canto chega á casa e ve o sucedido reflexiona e nunha nova visita ao seu xefe infórmao de que xa non lle vai vender máis cadros. Este despídeo pero volve contratalo cando nunha nova visita Carlos lle conta toda a verdade: o autor dos debuxos era o seu fillo de sete anos. O narrador omnisciente que domina toda a obra ao final infórmanos de que Mario acabou sendo un ilustrador profesional de libros e cómics. Nun dos dezaseis capítulos nos que se divide a obra o narrador é Mario. Hai que indicar que na narración dos feitos inclúense dous contos. O primeiro é o que lle conta Carlos ao seu fillo e o segundo e o que Carlos le nun papel, escrito por Mario. Tamén hai unha retrospección na que Sabela lle conta a Mario como se fixo respectar de nena.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'Retrato do pai artista cando novo', *Diario de Ferrol*, 'Libros', 26 decembro 2004, p. 20.

Comeza achegando uns datos bio-bibliográficos de Xavier Frías Conde, parándose na súa última obra publicada, *O pai do artista*. Defínea como unha obra con "características da literatura preadolescente" que entra en "territorio adulto". A seguir comenta a trama argumental e repróchalle ao autor a brevidade da novela, xa que podería conter máis historias ensarilladas. Comenta, por exemplo, o papel da señora Patro Tharr, que apenas está esbozado. Loa a linguaxe que emprega.

Fuentes Castro, Xoán, *Na Fronteira*, Noia- A Coruña: Toxosoutos, xuño 2004, 128 pp. (ISBN: 84-96259-21-8) (DL: C-1241-2004).

Xoán Fuentes (San Vicente do Grove, 1932) estrutura *Na Fronteira* en catorce capítulos sen título precedidos dun breve fragmento a modo de introdución onde revela a fin dos protagonistas da novela. *Na fronteira* mostra o diálogo e os monólogos de dous soldados inimigos, Vintín e Al-Haken, situados en cadansúa trincheira na liña fronteiriza. A través da súa conversa e reflexións coñécese a súa historia vital e tamén, aínda que de maneira sutil, a súa filiación militar; posibelmente Vintín forme parte do exército dos países imperialistas e Al-Haken sexa un soldado dos territorios sometidos, que só defende a propia explotación

dos recursos da súa terra. Así mesmo, percíbense os seus anceios e sobre todo a súa rehumanización. En efecto, se nun primeiro momento defenden con fervor e certo fanatismo os seus postos de vixía, progresivamente danse conta de que o odio que sente o un polo outro lles foi inculcado polos políticos dos seus respectivos países. Ante as necesidades básicas -calor, fame e sobre todo sede- que deben soportar e que lles fai en moitos casos delirar, decátanse da crueldade e do absurdo da guerra na que están inmersos e deciden desertar, aínda que finalmente un deles non o consegue. En todo caso, o intercambio de posturas ideolóxicas entre os protagonistas relega a un segundo plano o desenvolvemento argumental ou a trama narrativa. Neste sentido pódese dicir que *Na fronteira* é unha novela de ideas, con cuxa ideoloxía -denuncia da guerra e do militarismo e defensa da paz- é moi fácil coincidir. Somentes ten ilustración a cuberta. A imaxe de Toti Magdalena evoca unhas terras lonxanas a través da composición fotográfica dunha paisaxe árida e uns rostros curtidos sobreimpresionados no primeiro plano.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Na fronteira: un alegato contra o belicismo e o militarismo', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Narrativa', 26 setembro 2004, p. 3.

Comenta que a obra de Xoan Fuentes Castro *Na Fronteira* conta o diálogo entre dous soldados inimigos, Vintín e Al-Haken, quen primeiro revelan a súa comuñón coa ideoloxía belicista, pero a medida que avanza o diálogo vanse decatando que non son máis que monicreques dirixidos por uns irracionais mandatarios e deciden abandonar os seus puntos de garda e converterse en desertores. Salienta o didactismo da novela, unha constante denuncia da guerra e do militarismo, que por veces dificulta a lectura da obra.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Suficiencia doutrinal', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 93, 'Libros', 30 setembro 2004, p. V.

Anota que *Na fronteira* é a segunda novela de Xoan Fuentes Castro, despois d'*A torre no deserto*. Céntrase no argumento, que mostra a dous soldados inimigos -Vintín e Al-Haken, representantes do exército dos países imperialistas e dos territorios sometidos respectivamente e localizados na fronteira- que a medida que avanza a obra se dan conta do absurdo do seu papel e da heroicidade que suporía desertar, feito que levan a cabo no medio dun delirio mental. Salienta o carácter doutrinal e o didactismo de *Na fronteira*, que lle outorgan a lectura certa densidade e dificultade.

Referencias varias:

- P.S., 'Escribir es una aventura y la escritura una entrega', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 18 maio 2004, p. 17.

Dá conta da feira do libro na que Xoán Fuentes estaba firmando exemplares da súa obra *A Torre no deserto*, que conta as vicisitudes dun personaxe solitario. O escritor manifesta a súa paixón pola escritura e comenta o contido da súa próxima novela, titulada *Na*

Fronteira, que narra a conversación de dous soldados inimigos unidos pola esperanza e que presentará en breve.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 94, 7 outubro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras: *Animal* + (2004); *Na fronteira* (2004), de Xoán Fuentes Castro; *Insomnes* (2004), de Manuel Lourenzo; e *En concreto* (2004), de Luísa Villalta. No que atinxe á obra de Fuentes Castro, destaca o tema antibélico como eixo central da obra, analizado dende o punto de vista de dous soldados de ambos os bandos combatentes.

G. Trigo, Xosé Manuel, *Reserva especial*, Vigo: Galaxia, 25 maio 2004, col. Literaria, 171 pp. (ISBN: 84-8288-708-4) (DL: VG-469-2004).

Novo libro de Xosé Manuel G. Trigo (Meira, Moaña, 1948) que nos propón, a través dunha serie de historias con marco autobiográfico, unha narración en primeira persoa de anacos intensos da memoria dunha vida que dende neno se vai descubrindo, emerxendo todos eles como se dunha viaxe polo mundo do viño se tratase. Libro singular no que cada capítulo leva o nome dun viño, dunha taberna ou dun personaxe. O autor crea un universo vitivinícola cheo de vida, emocións, amizade, ateigado da realidade rural galega, a comarca do Morrazo concretamente, onde as relacións persoais se van entrelazando ao longo dos recordos, a preocupación pola enfermidade, a morte do avó, a emigración, o 'ritual' das tabernas e o 'chiquiteo', ou o mundo da universidade, todo isto acompañado por unha especial reserva de viños.

Recensións:

- Rodri García, 'Conversas das vellas tabernas', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 76, 'Letras en galego', 4 setembro 2004, p. 7.

Comeza introducindo algúns fragmentos significativos do novo libro de Xosé Manuel G. Trigo, *Reserva especial*. Segue coa achega á obra falándonos primeiro un pouco da estrutura e dos personaxes, salientando a chispa de ironía e de humor con retranca, intercalando novamente fragmentos do libro, para continuar coa temática do amor como marco envolvente da obra, o amor polo antigo e os amores do protagonista de neno e de adulto. Despide este comentario propondo unha forma de ler o libro, "amodiño para apreciar os seus aromas."

- Manuel Rosales, 'Reserva especial', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 95, 'Libros', 14 outubro 2004, p. IV.

Recensión do novo traballo de Xosé Manuel G. Trigo. En primeiro lugar, salienta a

temática e estrutura do libro, trinta e catro contos onde o autor fai un exercicio de memoria autobiográfica polo seu mundo próximo e cuxo fío condutor son o viño e as tabernas rurais. A continuación, desenvolve unha análise reflexiva sobre o libro dende o ámbito literario, pero tamén entendido como un estudo "sociolóxico e antropolóxico" dunha zona moi concreta de Galicia, o Morrazo, reflectindo a súa cultura e costumes. Fálasenos destes contos como "documentos dunha forma de ser" propiamente galega, reflectindo, deste xeito, unha certa melancolía que se extrae ao longo da súa lectura. Remata pondo a nosa atención sobre a descrición que se fai no libro dun mundo, o tradicional, a piques de desaparecer.

- A.R., 'Amizades memoriadas', *Tempos Novos*, nº 90, 'Crítica', novembro 2004, p. 74.

Destácase, da obra de Xosé Manuel G. Trigo titulada *Reserva especial*, a temática vinícola e a influencia de autores como Cunqueiro, Otero, Castroviejo ou Cabanillas.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, 'Honoris Causa' para Puy Muñoz y bodas con caché que llegarán con retraso', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 10 novembro 2004, p. 72.

Refírese á próxima presentación do novo libro do escritor Xosé Manuel G. Trigo, *Reserva especial*, editado por Galaxia. Saliéntase o humor e a ironía, así como a prosa áxil e aguda do autor, que, segundo se indica, dedicou o seu libro a Baco, Venus e Pílades. Remata achegándonos información sobre o acto de presentación, que terá lugar no Casino de Santiago e no que participarán o editor, Víctor F. Freixanes, máis o escritor Xosé María Álvarez Cáccamo.

- V. Oliveira, 'Paladear un libro afroitado/García Trigo deita tempo, viño e amizade no seu 'Reserva especial', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Hoy', 12 novembro 2004, p. 50/75.

Faise eco do acto de presentación do último traballo de Xosé Manuel G. Trigo, no que estiveron presentes Víctor Freixanes, Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Camilo Franco e Carlos Pajares. Así mesmo, recolle as palabras do autor sobre este libro, do que salienta "a intensidade da atracción amistosa" e a conciencia de que a xente vai e vén e o único que queda é "o instinto de supervivencia sentimental". Segue referíndose ao tema do viño como fío condutor dos diferentes capítulos e remata comparando a literatura co viño. Para el, a literatura é "a beleza da palabra, o puro pracer do texto".

García Méndez, Paloma, **Martín Acero**, Begoña, *Mar de cores*, ilust. de Paloma García Méndez, Edicións de Autor, marzo 2004, 51 pp. (ISBN: 84-609-0082-7).

O libro contén dezasete relatos escritos por Begoña Martín Acero e outros sete da man de Paloma García Méndez, ademais dun conto composto por ambas as autoras. Así mesmo, inclúe diversas acuarelas a cargo de Paloma García e un grafito realizado por Camilo Pérez Martín. No relativo ao contido dos textos, estes son definidos polas autoras como "relatos viaxeiros" a causa dos múltiples ambientes retratados nas páxinas do libro. Finalmente, tamén é destacábel o espírito de denuncia que caracteriza a obra, imaxinada a modo dun "percorrido por un mundo que precisa de urxentes cambios para que todos os seus habitantes poidamos disfrutar das marabillas que contén".

Recensións:

- Laura Caveiro, 'Mar de cores', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 83, 'Libros', 13 maio 2004, p. IV.

Analiza o volume de relatos, salientando o valor estilístico da escrita das autoras, a cal , segundo a opinión da crítica, "transmite sensacións e autenticidade, acougo e sentimentos". Entre os contos que integran o libro, fai especial mención de "Negro antracita", de Begoña Martín, e "Azul noitiña", de Paloma García Méndez.

- Vicente Araguas, 'Irmá Terra', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 23 maio 2004, p. 21.

Explica os elementos que compoñen a obra, como as ilustracións ou os contos. Eloxia a calidade dos debuxos e a orixinalidade do proxecto colectivo proposto, pero critica a ausencia de intensidade literaria na aproximación ás situacións narrativas, as cales, por outra parte, son consideradas repetitivas.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 100, 18 novembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras: *Crónicas marcianas* (2004), de Ray Bradbury; *¿Onde está o sol?* (2004), de Chus Ferrín; *O vento de Antón* (2004), de Xosé A. Perozo e María Lires; e *Mar de cores* (2004), de Begoña Martín e Paloma García. De *Mar de cores* cóntase que é unha reunión de relatos sinxelos que, centrados cada un nunha cor, contan historias cheas de sentimentos e emocións.

García Suárez, Xenaro, *Fausta*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2004, col. Literaria, nº 1, 116 pp. (ISBN: 84-7824-454-9).

Nesta novela preséntanos a vida de Fausta, unha estudante de Terceiro Ciclo de Física, centrada no campo dos supercondutores. A relación da protagonista co seu mundo académico, a súa familia e os seus compañeiros de facultade e piso é presentada a través da

razón, dos pensamentos científicos e a visión do mundo, caótico, onde o pensamento e os sentimentos se mesturan co seu mundo particular. Na propia edición se cualifica a súa postura dominada polo tedio, o derrotismo e o individualismo como saída ao desasosego en contraposición ao seu pai, que entrado na madurez loita polo futuro contra o capitalismo e a globalización. A mestura do fracaso da relación dos seus pais xunto coas escenas da vida sexual da propia Fausta, caracterizadas polo dominio da razón sobre os sentimentos, logran un ambiente decadente na súa evolución persoal. A obra é presentada nun único bloque onde flúe o seu pensamento e a descrición, até un final capitalizado polo estilo epistolar grazas ás cartas do seu pai.

Iglesias Viqueira, Víctor, *Xabarín, xabarín...*, ilust. de Iván Morillas, Henrique Pereira e Marcos Piñeiro e prólogo de Bieito Legaspi, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos, 2004, col. Letras da Groba, 63 pp. (ISBN: 84-8289-283-5).

Este volume de contos comeza con tres textos introdutorios. O primeiro, "A xeito de presentación", é obra do presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Santa Cristina da Ramallosa, Xosé Alfredo Pereira, e nel fala dos montes veciñais en man común como a "organización máis anterga do noso país, de Galicia, que chegou até os nosos días" e da importancia de investir en cultura. O segundo, "De estilo bizantino-oxival", de Bieito Legaspi, é unha loanza á figura de Víctor Iglesias e un repaso pola súa traxectoria no *Faro de Vigo*. O último, titulado "Contos para un sitio ledo", de Víctor Iglesias Viqueira, apunta brevemente algunhas das características desta morea de historias e destaca que ven a luz por vez primeira na escrita. A seguir temos os vinte e nove relatos curtos con título que conforman *Xabarín, xabarín...* e que teñen como un dos eixes comúns as historias cotiás dos seus personaxes que moran, na súa maioría, no rural e dentro do triángulo formado polas vilas de Baiona, Nigrán e Gondomar. Nestes relatos podemos ver historias de mariñeiros, de cans, de vacas ou de borrachos, nos que moitas veces aparece na acción Pereira, que é un trasunto do seu autor, Víctor Iglesias Viqueira. Péchase cunha relación e descrición dalgúns dos personaxes deste libro.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 25 marzo 2004, p. VII.

Sección fixa que acolle as recensións de *Rebelión no inverno* (2004), de Mario Regueira; *Cerdedo, in the Voyager I* (2004), de Carlos Solla; *Xabarín, xabarín...* (2004), de Víctor Iglesias Viqueira (2004); e *O galo avisado e o raposo trampulleiro* (2003), de Antonio Reigosa e Xosé Cobas. Con respecto da obra de Víctor Iglesias, destaca a orixinalidade dos seus contos, que fan referencia ás xentes da parroquia de Sabarís e ao mundo tradicional galego.

Iglesias, Bieito, *Amor e música lixeira*, Vigo: Galaxia, 3 maio 2004, col. Literaria, 212 pp. (ISBN: 84-8288-697-5).

Este volume continúa a obra contística (*Aventura en Nassau*, *Miss Ourense* e *O mellor francés de Barcelona*) do escritor ourensán , responsábel tamén de tres novelas (*Vento de seda*, *A vida apoteósica* e *A historia escríbese de noite*) e varias traducións. O libro contén doce relatos, todos eles dominados polas referencias constantes á cultura masiva (música popular, cine, etc.). En canto á temática, as relacións sentimentais constitúen o eixo fundamental das narracións, articulando os vínculos que os personaxes, afundidos na insatisfacción e a tristura, establecen entre si. Finalmente, o estilo do autor destaca polo uso do humor e da ironía, elementos que, xunto coa mestura dos recursos procedentes da oralidade e a escrita, contribúen a outorgarlle aos relatos "a luz do auténtico e o sabor agridoce da realidade" (maré).

Recensións:

- Inmaculada Otero Varela, 'Aloumiños de factura galega', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 164, 'O espello das letras', 2004, pp. 76-77.

Coméntasenos o contido e a forma do libro. Dísenos que este libro de relatos de Bieito Iglesias é a continuación do xénero erótico que el mesmo inaugurara. Sinala que atopa no rural galego un lugar axeitadísimo para o desenvolvemento do *topoi* erótico, ciscado de referencias grecolatinas. O amor que se describe vai máis alá do desexo carnal e descríbense relacións bastante máis profundas que intentan, sobre todo, evitar a soidade. De aí que haxa que falar da violencia silandeira da Guerra Civil e da posguerra, as cales inflúen na escolla dos personaxes. Esa sensibilidade aplícaa á preocupación pola identidade galega. Da forma, fálasenos de que usa unha combinación de rexistros cultos con outros máis chocalleiros, narración áxil e observacións agudas, e unha boa estruturación interna das historias.

- Xosé M. Eyré, 'Carne do pasado', *A Nosa Terra*, nº 1.131, 'Cultura', 3 xuño 2004, p. 26.

Subliña a condición existencial que caracteriza aos personaxes dos relatos, "seres simples, necesitados de amor, habitantes no gume da traxedia". Destaca que o autor retrata unha sociedade gris e insatisfeita, onde os conflitos teñen dúas orixes primordiais, a social e a sexual. Así mesmo, sinala que a escrita de Bieito Iglesias provén dunha lingua natural modelada por unha alta esixencia estilística e formal.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Amor e música lixeira', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 27 xuño 2004, p. 47.

Describe os trazos básicos do libro, salientando o humor inherente á escrita do autor e a utilización da ironía na construción do estilo da obra.

- Vicente Araguas, 'Bailable', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 4 xullo 2004, p. 21.

Destaca a exquisitez do galego do autor, o cal, segundo o crítico, afonda "nas raíces no don da enxebreza". Subliña o carácter realista das narracións do escritor, ao tempo que a sentimentalidade pervertida que define as relacións entre os personaxes.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Historias de pouco amor e menos música lixeira', *El Correo Gallego*, 'Relatos', 22 agosto 2004, p. 2.

Analiza o libro do escritor ourensán, estabelecendo as características que o conectan aos seus textos anteriores: unha escritura cun alto grao de riqueza e complexidade na que a realidade é retratada dunha forma que roza o esperpento, un rexistro lingüístico que reflicte o falar d axente, ateigado á vez de enxebrismos, de termos da propia colleita e de castelanismos, e a mestura do humor co saibo agridoce da realidade. Comenta varios relatos, entre os que salienta "Lenin. Historia oral, amollada en rabos de cereixa".

- Armando Requeixo, 'Ardora de noite', *Tempos Novos*, nº 88, 'Voces e cuturas. Crítica. Libros', setembro 2004, p. 72.

Recomenda a lectura da obra *Amor e música lixeira,* de Bieito Iglesias. Sinala que é un conxunto de doce relatos breves onde Armando Requeixo destaca, entre outros trazos, a ironía e o sarcasmo, o gran uso dos recursos dialectais, dos neoloxismos e dos fraseoloxismos. A seguir repasa brevemente cada unhas das historias e sinala que os diferentes personaxes provocan un sentimento de identificación, xa que son "irisacións dese eu" que é cada un de nós.

- Román Raña, 'Sedución estilística', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 91, 'Libros', 16 setembro 2004, p. IV.

Pon de relevo a capacidade do autor para captar os problemas da sociedade galega actual. Trata brevemente algúns dos contos que integran a obra e conclúe calificando ao escritor ourensán como "o maior estilista das nosas letras actuais".

Referencias varias:

- R. Loureiro, 'Amor e música lixeira', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 62, 'Letras en galego', 29 maio 2004, p. 7.

Informa da publicación do libro e resalta a calidade da prosa do escritor, especialmente a firmeza e a sobriedade que a caracterizan.

- Maré, 'Detrás do sabor agridoce do real', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 xuño 2004, p. 51.

Anuncia a presentación da obra en Santiago, á que acudirán Dolores Vilavedra, Víctor F.

Freixanes e Bieito Iglesias. No relativo ao libro, salienta a combinación do humor coas andanzas sentimentais dos personaxes e a presenza constante do mundo da cultura popular.

- Concha Pino, 'O relato permite máis experimentación que a novela', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 18 xuño 2004, p. L2.

Entrevista co autor na que se desvelan algúns aspectos do libro e da obra en xeral de Bieito Iglesias. O escritor destaca a comodidade que atopa na redacción dos contos e afirma o papel da cultura popular de masas como fío condutor do volume de relatos.

- Laura Grandal, 'Amor con música, humor y drama', *La Región*, 'Literatura', 19 xuño 2004, p. 67.

Dá conta da publicación da obra, subliñando a utilización do humor como un recurso especialmente eficaz na narración das historias, aparentemente felices ou tráxicas, do libro.

- P.A.M., 'O amor viaxa no espazo e no tempo grazas ás melodías', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novidade editorial', 20 xuño 2004, p. 2.

Afirma que, xunto coas historias de sentimentos, amor e cultura popular, permanece nos relatos a idea de profundar nos problemas e conflitos da sociedade. En canto ao estilo, sinala que varios contos se inspiran na cultura oral, mentres que outros son "estilisticamente máis ricos".

Martínez Oca, Xosé Manuel, *Outono na Illa*, Cesuras - A Coruña: Biblos Clube de Lectores , 2004, col. Mandaio, nº 10, 140 pp. (ISBN: 84-933327-7-1).

Xosé Manuel Martínez Oca (A Estrada, 1942) recrea a vellez do mítico Ulises tras o seu retorno a Ítaca. A novela estrutúrase arredor de doce secuencias que narran as distintas peripecias do protagonista, incluídas novas singraduras marítimas e fluviais. A influencia de Álvaro Cunqueiro (que fixera uso da materia homérica en *Las mocedades de Ulises*) déixase ver na superposición de tempos e espazos. O mítico mestúrase co histórico e a Grecia arcaica é contemporánea da Idade Media, ao que contribúe o uso dalgunhas pasaxes da *Crónica Troiana*. Un dos aspectos máis destacábeis de *Outono na illa* é a conversión de Homero en personaxe. O poeta épico convértese, deste xeito, en interlocutor privilexiado das narracións de Ulises.

Recensións:

- Adriana Rodríguez, 'Moitos non saben achegarse a unha librería', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 7 novembro 2004, p. 30.

Co gallo da presentación en Vigo da última novela de Xosé Manuel Martínez Oca, *Outono na illa*, recóllense, primeiramente, as reflexións do propio autor sobre o libro, que describe como "unha prolongación da *Odisea* de Homero"; sobre as súas fontes de inspiración, una viaxe, unha lectura dunha historia; ou sobre a relación entre autor-libro-lector. Segue un apuntamento sobre a súa próxima produción, un libro de contos, xa case rematado. A continuación, desenvolve brevemente a traxectoria profesional deste escritor. Remata referíndose á editoral que publica este libro, Biblos, apoiada polo propio autor, dado o interés que se está a poñer en facer chegar todo tipo de literatura ao público lector.

- R. Loureiro, 'Polos novos camiños de Ulises', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 87, 'Letras en galego', 20 novembro 2004, p. 9.

Recensión do novo traballo de narrativa de Xosé Manuel Martínez Oca, *Outono na illa*, publicado por Biblos, na súa colección Mandaio. Logo de sinalar dous aspectos esenciais deste libro, un temático como é a recreación de grandes figuras míticas da literatura universal mergullados agora en novas realidades; outro estilístico, referido á sonoridade da prosa deste escritor, fainos una achega á traxectoria de Martínez Oca dentro da narrativa galega, considerando *Outono na illa* como a súa obra máis madura. Finalmente, considera necesario comentar o labor que a editorial Biblos está a facer dentro da colección Mandaio, tanto pola súa aposta por unha literatura de calidade como pola presenza de diferentes xéneros, que a converten en "imprescindible".

Mayoral, Marina, *Ao pé do magnolio*, Vigo: Galaxia, marzo 2004, col. Literaria, nº 201, 210 pp. (ISBN: 84-8288-674-6).

Novela de Marina Mayoral (Mondoñedo, Lugo 1942), na que se nos conta a chegada ao pazo da novelista que escribiu a historia de Laura. Quere falar con Paco, o home con quen todo o mundo pensaba que Laura casaría , e que agora é o propietario da casa e as terras que pertenceran á familia dela. A novelista quere coñecer a versión de Paco sobre os feitos, quere preguntarlle cáles foron as razóns que o levaron a quedar alí , sacrificando a súa vocación de arquitecto e adaptando a súa vida aos estreitos limites do mundo no que naceu e creceu. Paco recíbea con reticencia. Pensa que non é imparcial, que debera darlle antes a oportunidade de falar e de dar a súa versión do sucedido. Cre, ademais, que chega con ideas preconcebidas e que só pretende ratificalas. Non acepta que o que escribiu sexa unha novela, porque alí está a súa vida e esíxelle controlar o que vaia publicar. Paco acaba aceptando porque se dá conta de que, ao falar e discutir con ela, empeza a ver claros sentimentos que viviu de forma escura, e comeza a entender situacións e sucesos que nunca entendera.

Recensións:

- Ángel Basanta, 'Bajo el magnolio', *El Mundo*, *'El Cultural'*, 'Letras/Novela', 17 xuño 2004, p. 14.

Céntrase na presentación da nova obra de Marina Mayoral (Mondoñedo, Lugo, 1942), que forma parte de máis dunha ducia de libros de narrativa, algúns escritos en galego e a maioría en castelán. Apunta o feito de que a narración *Bajo el magnolio* é complementaria da referida en Un *árbol, un adiós*, publicada en galego (1988) e traducida ao castelán en 1996. E aclara que ambas poden lerse por separado, pero compréndense mellor xuntas, porque a segunda amplía e perfecciona o contado na primeira.

- Ramón Loureiro, 'Iluminador camiño de emocións', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 68, 'Letras en galego', 10 xullo 2004, p. 7.

Comeza sinalando que esta nova obra de Marina Mayoral, *Ao pé do magnolio*, pon ao alcance dos lectores como unha especie de darlle a palabra a quen non a tivo antes, como un contar o que non se contara e importaba dicir. Neste caso o pasado é visto dende outro lado do cristal, a través de quen non marchou, ese home que merecía ser escoitado. Salienta tamén a grande mestría que sempre tivo Marina Mayoral no debuxo dos personaxes.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Unha historia que revive moitos anos despois', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 25 xullo 2004, p. 2.

Fálase do libro *Ao pé do magnolio* de Marina Mayoral, das características narrativas da autora, de cómo a escritora constrúe as súas novelas como unha amalgama de historias persoais que ilustran a principal liña argumental desde distintos puntos de vista. Sinálase que *Ao pé do magnolio* está editada, como outras moitas pezas da autora, á vez en galego e en castelán.

- Marga Romero, 'Ao pé do magnolio', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 100, 'Libros', 18 novembro 2004, p. IV.

Fai referencia ás orixes desta nova historia de Marina Mayoral, que leva por título *Ao pé do magnolio*, as cales se remontan á novela curta *Plantar un árbol*, que vai ter un maior desenvolvemento en *Unha árbore, un adeus*. Apúntase que desta vez, a voz que nos presenta a súa verdade é a de Paco, a dun home, que é escollido pola escritora que xa contou a historia de Laura, para narrar agora a "outra versión".

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Marina Mayoral volve á literatura de sentimentos no seu novo libro', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 marzo 2004, p. 56.

Sinala que Marina Mayoral recuperou en *Ao pé do magnolio* os personaxes de *Unha ábore, un adeus.* Salienta tamén que a novela foi editada a un tempo en galego por Galaxia e en castelán por Alfaguara; deste xeito confirma unha das pautas narrativas da escritora, que é a de ofrecerlle ao lector sempre máis dun punto de vista. Mayoral explicou no encontro cos

xornalistas que existe unha mirada feminina, por que a condición de muller segue a ser moi importante, por canto que os homes e as mulleres non recibimos o mesmo trato.

- Carmen Villar, 'Cando o personaxe está ben feito, actúa por si mesmo', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 13 marzo 2004, p. 68.

Comeza aludindo á traxectoria literaria de Marina Mayoral, que desde 1988, ano no que publicou *Unha árbore, un adeus*, volta a unha historia de amor truncado. Daquela, deixara falar a Laura. Agora, é Paco quen chamou á súa cabeza para dar a súa versión dos feitos en *Ao pe do magnolio*, que a autora presentou onte á vez en galego e en castelán. As dúas novelas, separadas por mais de quince anos, son autónomas e poden lerse dun xeito independente.

- R.T., 'Vintecinco anos de amor roto', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 marzo 2004, p. 52.

Centra este comentario na escritora galega Marina Mayoral, e na súa nova novela. Salienta que se trata dunha historia de amor roto, que comezou hai tempo coa voz "dela", pero agora é relatada a través "del", que foi editada en galego e en castelán. A autora sinalou que a novela fala "deses desexos insatisfeitos", ao ter escollido un camiño e deixado outro atrás. E aclara que o ser docente permitiulle escribir sempre "con liberdade", e sen a presión que supón vivir da literatura.

- Aurora Intxausti, 'Marina Mayoral se adentra en 'Bajo el magnolio' en la pasión de un amor imposible', *El País*, 'La Cultura', 19 marzo 2004, p. 46.

Comeza sinalando que Marina Mayoral narra unha historia sobre a liberdade de elixir a través dun dos seus personaxes. Con esta obra esperta os soños de Paco e faille revivir o amor imposíbel coa novelista Laura. O personaxe masculino desta novela debátese entre dous amores: un co que convive a diario, a súa muller, e outro co cal soña, Laura. A autora comenta que un amor é do seu mundo real e o outro e o dos soños.

- A.S., 'Non se perden os soños, só a posibilidade de realizalos', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 22 marzo 2004, p. 70.

Pon de manifesto que *Ao pé do magnolio* mergúllase nos segredos das relacións amorosas e penetra nese mundo escuro no que se ocultan os soños. Pero os soños van quedando no camiño, porque se esvaece a posibilidade de realizalos. Nesta entrevista a escritora falounos da súa nova novela, dos personaxes, dos soños, do amor e do público para o que escribe.

- A.S., 'Non se perden os soños, senón a posibilidade de facelos realidade', *El Progreso*, 'Cultura', 5 abril 2004, p. 77.

Refírese á última novela da escritora Marina Mayoral, na que se mergulla nos segredos das relacións amorosas e penetra nese mundo escuro no que se ocultan os soños, os desexos insatisfeitos, as ilusións e os recordos, á espera de converterse en realidade.

- J.P., 'La lengua gallega ha pasado del provincialismo al cosmopolitismo', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 8 agosto 2004, p. 9.

Entrevista a Marina Mayoral, que estivo presente na Feira do libro da cidade da Coruña. Nesta entrevista fálanos do panorama actual da literatura en España, da saúde do idioma galego e de como as mulleres son moi necesarias para a literatura.

- Albino Mallo, 'A realidade e o desexo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 agosto 2004, p. 45.

Fala da presentación da novela *Ao pé do magnolio* de Marina Mayoral, presentación que se fixo na Feira do Libro da Coruña, da súa temática e do protagonista que nesta novela é Paco, que contara a súa versión da historia.

Mella, Carlos, *Sorte do paxariño*, Santiago de Compostela: Editorial Compostela, 2004, 158 pp. (ISBN: 84-8064-126-6).

Preséntanos Carlos Mella o seu libro *Sorte do paxariño,* unha compilación de máis de douscentos artigos dos que vén publicando, durante os últimos anos, nas páxinas de *El Correo Gallego*. Destaca nestes artigos a marabillosa descrición que fai do pensamento galego en textos breves, agudos, cargados de ironía e perspicacia. O prólogo é de Ramón Villares.

Referencias varias:

- F.P. Lorenzo, 'Carlos Mella: 'O galego foxe dos dogmas e é dun relativismo feroz', *El Correo Gallego*, 'Publicación', 14 xuño 2004, p. 67.

Comeza sinalando que esta obra é unha recompilación de artigos e reflexións, cargadas de ironía e agudeza. O autor Carlos Mella confía na habilidade do idioma galego para expresar a identidade deste país, na súa riqueza de matices.

- F.P. Lourenzo, 'A prol da preguiza cultura', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 xuño 2004, p. 45.

Dá conta da presentación o próximo martes, 15 de xuño, no salón de actos do Grupo Correo Gallego, do libro *Sorte do paxariño*, o cal está composto dunha presada de máis de douscentos artigos, seleccionados polo propio escritor, entre os que vén publicando durante os últimos catro anos nas páxinas d'*El Correo Gallego*. Salienta o narrador que plasma o

pensamento galego por medio de textos breves, agudos, cargados de ironía e perspicacia.

- Isabel Freire, 'Onde a ideoloxía está moi marcada, o sentido do humor desaparece', *Galicia Hoxe*, 'Un cuarto con vistas', 20 xuño 2004, p. 72.

Céntrase na presentación do libro *Sorte do paxariño*, do escritor Carlos Mella, no cal personifica á perfección a este narrador irónico, que escribe cada día na páxina tres d'*El Correo Gallego*. O autor defende o humor como actitude vital para sobrevivir, aclara o significado do título do seu libro e quen é o Baliñas, ese interlocutor que tanto aparece nos seus comentarios.

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Carlos Mella e a 'sorte do paxariño', *Galicia Hoxe*, 'Caderno Aberto', 26 agosto 2004, p. 3.

Nota de prensa sobre o último libro de Carlos Mella que leva por título *Sorte do paxariño*. Informásenos de que se trata dunha escolma de máis de douscentos artigos literarios e xornalísticos, publicados en *El Correo Gallego*. Artigos cheos de ironía, retranca fina e humor polo miúdo.

Mora, Ricardo C., *Oito días nunha existencia violácea*, Bertamiráns: Edicións Laiovento, 2004, col. Narrativa, nº 182, 219 pp. (ISBN: 84-8487-054-5).

Baixo este título escóndese a vida de Denís, un tipo que vaga polo mundo de whisky en whisky, errático no seu camiñar etílico, seguro nunha afirmación de superioridade sobre os seres que o circundan e aos que parece ignorar cando non menosprezar. Ao longo da novela van aparecendo rúas dunha cidade calquera que parece ter practicidade no casco histórico de Pontevedra pero que podería ser un núcleo calquera de calquera lugar do mundo no que un Denís calquera vagaría ata perder o sentido polo alcohol e a cocaína. As mulleres cruzan por diante súa e cargan as liñas de erotismo, de relacións esporádicas, de aproximacións sentimentais e de sexo de pago. Son retratadas de xeitos distintos pero o protagonista parece situarse sempre por riba delas alleo aos sentimentos simples, levitando entre a violencia e o alcoholismo pero sempre cheo de desexo físico que se mestura ás veces con repulsión pola muller que ten diante. Así, deixando que vague polas rúas, Ricardo C. Mora (Poio, 1970) crea o universo convulso, comprimido en oito días, do protagonista. A fluidez caracteriza a súa prosa, a inclusión de termos coloquiais repítese con frecuencia dentro dun discurso formalmente coidado. O narrador (en terceira persoa omnisciente) controla accións e pensamentos e, "pseudodisimuladamente" ofrece unha toma de posición coma se fose o propio protagonista o que describise e contase os sucesos. Múltiples referencias musicais, literarias ou cinematográficas contribúen a dar un ton de culturalismo e á descrición de personaxes e ambientes: pubs, night-clubs, tendas ou bares. En resumo, o camiñar pola vida convertido nun vagar por ela.

Recensións:

- Dorinda Castro Soliño, 'Irreverencias dos malditos', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 91, 'Libros', 16 setembro 2004, p. IV.

Tras unha moi breve referencia biográfica de Ricardo C. Mora analízase o que é a súa primeira novela *Oito días nunha existencia violácea*. Tomando como referencia a cor que aparece explicitamente no título defínese o ton da novela e vaise explicando o decorrer do tempo sobre o protagonista, Denís. Compárase a este co alter ego literario de Bukowski (H. Chinaski) ou co Paul do último tango en París. Finalmente refírese ás influencias cinematográficas, literarias e musicais presentes no volume e remata o artigo cunha especie de crítica a certa tendencia da literatura galega en relación coa española.

- Tomás Ruibal, 'Malditismo previsible', *Diario de Pontevedra*, *'Revista!'*, 'Anaquel dos libros', 3 outubro 2004, p. 9.

Debúllase o argumento de *Oito días nunha existencia violácea* de Ricardo C. Mora. Tomando da man ao protagonista (Denís), vaise explicando como é o decorrer da acción da novela e cales son os seus piares fundamentais. Ponse varias veces en relación co estilo de Bukowski pero, precisamente partindo desa comparación, critícanse certos acenos de pretensiosidade. En xeral valórase a obra, pese a esas lagoas, como unha "prometedora primeira novela". Esta mesma recensión publicouse o día 9 de outubro no xornal *El Progreso*.

- Tomás Ruibal, 'Malditismo previsible', *El Progreso*, *'Fin de semana'*, 'Literatura', 9 outubro 2004, p. 9.

Debúllase o argumento de *Oito días nunha existencia violácea* de Ricardo C. Mora. Tomando da man ao protagonista (Denís), vaise explicando como é o decorrer da acción da novela e cales son os seus piares fundamentais. Ponse varias veces en relación co estilo de Bukowski pero, precisamente partindo desa comparación, critícanse certos acenos de pretensiosidade. En xeral valórase a obra, pese a esas lagoas, como unha "prometedora primeira novela". Esta mesma recensión publicouse o día 3 de outubro no xornal *Diario de Pontevedra*.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 84, 20 maio 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Rosalía de Castro. Poesía galega completa II* (2004), de Andrés Pociña e Aurora López; *Celso Emilio Ferreiro. Poesía galega completa* (2004), unha edición de Ramón Nicolás; *Oito días nunha existencia violácea* (2004), de Ricardo Mora; e *Indo para máis perto* (2004), de X. Alexendre Cribeiro. En canto á obra de Ricardo Mora destácase a vontade da historia de

provocar e escandalizar mediante a construción dun personaxe, Denís, cuxa maior ansia é escachizar o mundo como simple divertimento.

Moreda Rodríguez, Eva, *Singularis Domitilla*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela ♦, 2004, 55 pp. (ISBN: 84-9750-278-7).

Singularis Domitila é a historia da vida de don Fernando Antonio de Ameixide e Estravís dende a súa chegada a Santiago para cursar estudos de medicina até a súa morte. Cunha prosa fluída e lixeira, Eva Moreda Rodríguez vai relatando en terceira persoa omnisciente os avatares do protagonista, centrándose en dous aspectos fundamentais e que son os que caracterizan ao personaxe: os amores e as inquedanzas intelectuais. Torturado pola imposibilidade de casar coa muller que amaba, chamada Domitila, que chegou ao matrimonio co seu irmán, o protagonista comeza a investigar e traballar en diversos campos: medicina, astronomía, xornalismo ou botánica. Será esta última disciplina a que ocupe os seus derradeiros días na busca dunha rosa única á que chamaría Singularis Domitila. Durante toda esta etapa alternarán épocas difíciles e outras máis cómodas, dependendo moitas veces dos cartos da facenda familiar. Tamén amores intensos e outros interesados para rematar todo constituíndo a biografía novelada deste personaxe que ofrece a autora. A prosa caracterízase pola fluidez e simplicidade na forma, que acompaña un ritmo narrativo moi rápido. En poucas páxinas nárrase unha biografía case completa, sen roturas temporais e linearidade no decorrer dos acontecementos. Esta obra foi galardoada co III Premio de Narrativa "Historias na Universidade" que concede a Universidade de Santiago de Compostela.

Moure, Teresa, *A xeira das árbores*, Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2004, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións □, 2004, col. Medusa/Narrativa, 127 pp. (ISBN: 84-7824-457-3).

A xeira das árbores, novela curta de Teresa Moure coa que obtivo o premio "Lueiro Rey", relata unha xornada da vida de Clara, unha muller solteira con tres fillos e tradutora de profesión. O feito de que todo o que acontece na novela suceda ao longo dunha única xornada explica que se estruture en tres partes tituladas "A Mañá", "A Tarde" e "A Noite", subdivididas en capítulos pautados polas horas do día nas que ocorren os acontecementos contados. A vida de Clara mostra as dificultades, pero tamén as satisfaccións, que supón para unha muller nas súas circunstancias compaxinar a vida laboral coa crianza dos fillos. A medida que se debulla a andaina diaria da protagonista, coñecemos tamén a vida da súa familia, a súa infancia, as relacións que mantivo cos homes que acabarán sendo os distintos pais dos seus fillos, os seus desexos e os seus soños. Débese subliñar o orixinal título da novela, *A xeira das árbores*, que se explica na propia obra. O termo *xeira* indica que a obra se desenvolve nun só día e a palabra *árbore* alude á protagonista e quizais, ás mulleres en xeral. Clara é unha *árbore* con tres *gallas* fortemente enraizada no chan e que non se deixa abanear polos *ventos* do mundo. Máis tamén, á súa sombra medra a alegría, o xogo, a tenrura, a sensibilidade, a paixón e o amor. *A xeira das árbores* é tamén unha novela

reivindicativa e comprometida, nela a voz é exclusivamente feminina e desde esa óptica obsérvase o mundo. Reclama os dereitos da muller, critica o modelo social estabelecido e defende a liberdade e a escolla particular da forma de vivir. Con habilidade narrativa e descritiva, con ironía e humor e con ritmo tece Teresa Moure *A xeira das árbores*, unha atractiva e suxerinte novela coa que se estrea no eido da creación literaria.

Referencias varias:

- P.S.M., 'La novela 'A xeira das árbores' gana el premio Manuel Lueiro Rey', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 31 outubro 2004, p. 14.

Anuncia que a novela curta *A xeira das árbores* de Teresa Moure gañou a XII edición do Premio "Manuel Lueiro Rey" convocado polo concello do Grove. Así mesmo o xurado outorgou un accésit á obra *Sinfonía cíclica* de Paulino Martínez Pereiro. Apunta que o premio está dotado con tres mil euros e a publicación da obra, aínda que no caso do accésit só se publicará a obra. Sinala tamén que o xurado estivo composto por Xesús Alonso Montero, Manuel Quintáns, Francisco Martínez Bouzas, Belén Fortes e a gañadora da edición anterior, Pilar Buela. Recolle as palabras de Moure, quen manifesta a súa alegría pola consecución do galardón e explica o título da obra.

- Adriana Rodríguez, 'Escribo no que creo porque me gustaría implantar moitas das miñas ideas', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 7 novembro 2004, p. 23.

Informa que o XII Premio "Manuel Lueiro Rey", organizado polo concello do Grove, recaeu na novela curta *A xeira das árbores*, de Teresa Moure. Así mesmo, tamén se lle concedeu un accésit á obra *Sinfonía cíclica* de Paulino Martínez Pereiro. Apunta que o xurado, que estivo formado por Xesús Alonso Montero, Manuel Quintáns, Francisco Martínez Bouzas, Belén Fortes e a gañadora da edición anterior, Pilar Buela, destacou o carácter optimista e reivindicativo da obra. Recolle as palabras da autora, quen manifesta o seu desexo de que as súas obras axuden a cambiar "o curso das cousas".

Novo, Isidro, *Rosa lenta*, Vigo: Francka Editora, 2004, 178 pp. (ISBN: 84-932575-5-9).

Isidro Novo (Lugo, 1951) relata en *Rosa lenta* a iniciación dun rapaz no mundo do sexo, feito que configura a obra como unha novela de aprendizaxe con incursións abondo no relato erótico. *Rosa lenta*, que principia cunha cita de Ernesto Lynx, está constituída por seis capítulos: "Primeiros pasos", "Unha verea afeita a ser camiñada", "Corredoiras de paso", "Camiños que levan a outros novos", "Atallos novos que levan a vieiros vellos" e "Final de traxecto", nos que ten lugar unha ou máis experiencias sexuais fundamentais na formación de Froilán, narrador e protagonista da novela. En *Rosa lenta*, Froilán relata as súas experiencias sexuais, desde o descubrimento do pracer da masturbación, pasando pola primeira relación sexual cunha muller maior ca el ou polas aventuras posteriores con diversas rapazas, até o seu primeiro encontro sexual, no que aparece o sentimento do amor. En efecto, a vida de Froilán -que até o de agora discorrera entre a casa paterna nunha vila e

as vacacións nunha aldea costeira-, dará un forte xiro cando, co obxecto de estudar unha carreira, se desprace a Santiago, onde coñecerá a Layla, quen esperta en Froilán o amor e a paixón e a quen se debe o título da novela, pois esta rapaza ten no seu pube unha fermosa tatuaxe coa forma dunha rosa. Destaca, sen dúbida, a variada e ampla terminoloxía que Isidro Novo manexa para referirse ás sucesivas aventuras sexuais do protagonista da novela. Así mesmo, hai que subliñar certas achegas humorísticas que salpican esta novela de formación con cariz claramente erotizante que Isidro Novo titulou *Rosa lenta*.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Os pasos da exploración da vida a través do sexo', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 10 outubro 2004, p. 3.

Repasa a producción literaria de Isidro Novo con obras como *Por unha presa de machacantes*, *Carne de can* e *Antollos de Eimarmena* para centrarse na súa última novela titulada *Rosa lenta*. Apunta que *Rosa lenta* é unha novela de aprendizaxe que camiña polos vieiros da sexualidade, un tema que conta cunha escasa presenza no ámbito das letras galegas e que polo tanto dálle a novela de Isidro Novo un valor maior, xa que contribúe a configuración do xénero erótico na literatura galega. Incide en que na obra, ademais do descubrimento dos corpos, hai tamén un descubrimento da vida. Finalmente, subliña o rico vocabulario e a narración lineal e sensual da novela.

- Héitor Mera, 'O perigo de aburrirse co sexo', *A Nosa Terra*, nº 1.146, 'Narrativa', 14 outubro 2004, p. 27.

Comenta a obra *Rosa lenta*, coa que Isidro Novo foi finalista do premio "Terra de Melide". Apunta que se trata dunha novela de formación, na que se percorre o traxecto vital do protagonista, Froilán, fundamentado na súa sexualidade, desde a primeira experiencia puramente sexual até a chegada da compoñente amorosa. Destaca as visuais descricións dos diferentes encontros sexuais do protagonista e os trazos de humor que salpican a novela.

- R.L., 'Rosa lenta', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, 13 novembro 2004, p. 7.

Dá conta da publicación en Francka editora da novela *Rosa lenta* de Isidro Novo, coa que foi proclamado finalista do premio "Terra de Melide". Cita os membros do xurado entre os que figuran Franck Meyer, Ánxeles Vázquez Mejuto, Cristina Domínguez Dapena ou Eva Moreda. Sinala que *Rosa lenta* narra a través dos ollos dun rapaz o descubrimento da sensualidade e celebra a elección desta temática pola súa escaseza no marco da literatura galega.

Referencias varias:

- C.P., 'Dacosta: 'O lector non se pode sentir estafado, sempre o nota", *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 29 setembro 2004, p. L2.

Comenta as novelas *Contrato temporal* de Beatriz Dacosta e *Rosa lenta* de Isidro Novo, gañadora e finalista respectivamente do premio literario "Terra de Melide". Inclúe as palabras de Isidro Novo, quen declara que con *Rosa lenta* supera as barreiras do subxénero da novela erótica e sinala que, a pesar de non ser unha obra autobiográfica, nela están presentes o mundo da súa adolescencia e os escenarios de Lugo, da mariña lucense e de Santiago.

- Xoán García López, 'Unha rosa, dende Lugo', *Diario de Ferrol*, 'La ventana', 15 outubro 2004, p. 12.

Celebra a publicación de *Rosa lenta* do escritor lugués Isidro Novo. Apunta a calidade e a habilidade da súa escritura, capaz de arrastrar ao lector a unha lectura incesante, que non deixa tempo para o descanso e subliña que se trata dun relato "picante" que fai pasar o tempo de maneira agradábel.

- Benigno Lázare, 'Falo de aventuras que eran posibles, pero improbables', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 20 outubro 2004, p. L2.

Pequena entrevista a Isidro Novo que se lle realiza con motivo da publicación da súa nova novela, *Rosa lenta*, finalista no último premio Terra de Melide. Conversan sobre o asunto principal que se desenvolve no libro, cómo o protagonista principal descobre o sexo nos anos 60 por si mesmo, sen que ninguén lle explique nada. Ao final, o escritor anuncia que xa ten outra novela acabada e que esta xirará ao redor da ciencia ficción e dos transxénicos.

Paz, Begoña, *A ferida*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Abismos, nº 6, 116 pp. (ISBN: 84-9782-090-8).

A ferida é o primeiro libro publicado por Begoña Paz Rey; un libro que, como se di na contracapa, fala das mulleres e da vida, "desa vida que ás veces se atrincheira nos nosos corpos, seguros baixo as máscaras, protexéndonos coas mentiras de sempre, ignorando que a felicidade vai máis alá dunhas poucas faíscas que enganan a vista", nos seus vinte e cinco relatos narrados na súa práctica maioría en primeira persoa. En "O peso do meu desexo" conta a historia dunha muller que afoga ao seu home mentres dorme ao sentárselle enriba na procura do seu pracer. En "Ela, eu, todos os demais", temos unha muller que atopa a súa dobre, pero mellorada, con todos os seus defectos corrixidos; estoutra muller resulta ser unha prostituta coa que se vai deitar. En "De ovellas e de lobos" unha nena de doce anos é acosada por un rapaz maior que vive obsesionado con ela. "Os amantes de mulleres como ti" é a historia dunha muller de corpo arruinado que concerta unha cita a cegas con un home. No relato que dá título ao libro Adela volve encontrar a Carlos casualmente nun aparcadoiro, o pai daquel fillo que nunca chegou a ter. "Pandoro ou o príncipe azul" é a historia dunha rapaza que se namora dun compañeiro de oficina e o deixa todo polo que parece a vida perfecta, ata que o soño se desmorona. En "Corpo de mudanzas" conta como

o seu fillo saca a Chariño da residencia polas festas porque necesita a súa sinatura para realizar a venda da casa familiar, o mesmo que consentiu que a súa muller cortase a figura do seu pai das fotos familiares. Temos en "Azul" unha muller para a que é unha victoria roubarlle ao seu marido pechada no baño o momento en que o test de embarazo dea positivo. No relato "Cara a ningures" unha muller que ten cita co xinecólogo confúndese de centro. No décimo relato de *A ferida* ,"Polos pelos", unha parella que discute porque a muller non quere depilarse, e que se ve que permanece unida porque teñen unha hipoteca e un fillo en común. "Sempre sucia" é a historia da señora dun bar que está secretamente namorada dun cliente casado, e que lle bota un café por riba o día que o ve cunha rapaza. En "O cubo" temos unha muller maltratada e pechada nun cuarto polo seu home, ata que un día a bota fóra da casa. En "Danzando baixo a luz do sol" encontramos a unha muller preñada que está sentada nun banco do parque co seu home vendo os nenos, chea de malos agoiros. "Fotos" narra a historia dun taxista que leva as fotos dos fillos na guanteira recolle unha puta que lle di que coñece a unha filla súa. En "Labirintos", un home ao que a súa muller deixa ten que ir vivir á casa que era dos seus pais e que agora ocupa o seu irmán maior. "Dezasete quiñentas" é o monólogo dun ionqui que vai contando as indemnizacións que conseguiu por diferentes accidentes que tivo. En "Cadeas" un home reflexiona xusto antes de entrar na casa á volta do traballo sobre as cadeas da rutina. En "Fabada" dous homes van roubar a unha casa, e xusto cando están saíndo a un deles antóllaselle coller unha pota de fabada que unha vella que alí había estaba a cociñar. En "Historial médico" temos a reprodución de fragmentos da conversa do paciente dun psiquiatra ou dun médico, unha persoa que ten visións arrepiantes.
No vixésimo relato de *A ferida*, titulado "Ela", ela é unha muller á que os rapaces do barrio idolatran dun xeito escuro e obsesivo. "Máscaras" é a historia dun home que está no baño xogando coa maquillaxe da súa muller cando chega ela co seu amante. "True Love" é a historia dunha muller á que o seu home quere obrigar a limpar algo. "O blues do matachín" é o relato do asasinato dun campesiño no meio do deserto de M. En "Cristais" temos neste caso un neno que aproveita para mexarlle o coche todo ao seu pai cando baixa o lixo. Finalmente, en "Campana sobre campana" un paciente vello anda a tolear a unha enfermeira en nadal co seu cassette con vilancicos, e ela tenta fuxirlle. O mesmo vello cunha paga miserábel que despois lle regala unha caixa de bombóns deixándoa sin palabras.

Recensións:

- Xosé Manuel Eyré, 'Vidas rotas', *A Nosa Terra*, nº 1.122, 'Cultura', 25 marzo 2004, p. 26.

Fala do primeiro libro publicado por Begoña Paz, *A ferida*. Di que a narración dentro do modelo do relato curto e a perspectiva posmoderna multiplican os focos de interese dun discurso sempre mellorábel desde o punto de vista dos usos lingüísticos ,mais que transmite o impalpábel sabor das vidas rotas ao redor da muller como protagonista indiscutíbel.

- Ramón Nicolás, 'A ferida', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 77, 'Libros', 1 abril 2004, p. V.

Apunta que a *opera prima* de Begoña Paz, *A ferida*, nos descobre a voz dunha nova narradora "que inicia un camiño propio de xeito contundente e con paso firme, dona dun

tratamento desprexuizado da materia narrativa e cunha inequívoca vontade de contar claro, seguido e ben".

- Francisco Martínez Bouzas, 'Feridas lacerantes e pavorosas sobre a da existencia humana', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Relatos', 4 abril 2004, p. 3.

Sinala que na colección Abismos da editorial Xerais, creada co propósito de dar a coñecer as obras de creadores inéditos, sae do prelo o primeiro libro publicado da coruñesa Begoña Paz, *A ferida*. Apunta que neste conxunto de 25 relatos a autora fala daqueles conflitos que teñen unha presenza máis lacerante na existencia humana e dos máis escuros recantos da condición feminina cunha prosa a un tempo contundente e expresiva.

- Tomás Ruibal, 'A intensidade da cor', *Diario de Pontevedra*, 'Anaquel dos libros', 11 abril 2004, p. 8.

Sinala que, na liña da mellor tradición anglosaxona, Begoña Paz emprega o relato breve na súa primeira obra publicada despois daquel relato seu que a presentaba no volume colectivo *Narradoras* (Xerais 2000). Di que *A ferida*, que relata historias con protagonistas femininas salvando as excepcións, é un libro duro e contundente que fala con intensidade da ferida que implica vivir, e máis sendo muller.

Referencias varias:

- Luis Pousa, 'Entre o desexo e a soidade', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 52, 'Letras en galego', 13 marzo 2004, p. 6.

Sinala que *A ferida*, conxunto de 25 relatos de Begoña Paz publicado pola editorial Xerais na colección Abismos, supón o interesante debut dunha autora que ata o de agora só publicara un relato na antoloxía *Narradoras* (Xerais 2000).

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 18 marzo 2004, p. VII.

Sección fixa na que se inclúen recensións de *O lago de Como* (2004), de Ramón Chao; *Fernán Pérez de Andrade, o Bóo* (2004), de José Francisco Correa Arias; *A ferida* (2004), Begoña Paz; e de *As amantes de Hamlet* (2003), de Marta Dacosta. Sinala que os relatos incluídos no libro *A ferida* teñen como tema central as mulleres e a vida; que están escritos con resolución, de xeito que non deixan indiferente ao lector; e que ao longo das súas páxinas hai espazo para a paixón, a desesperación, a aldraxe, a violencia, o medo, o sexo, etc.

Pedreira, Emma, *As cinzas adentras*, Cesuras: Biblos Clube de Lectores , 2004.

Novela que consiste nunha historia de misterio transcorrida nunha aldea galega dos anos 60. A protagonista é Xela, unha rapaza nova con problemas psicolóxicos. A través de varios saltos temporais vanse abordando diferentes planos narrativos nos que se nos dá a coñecer toda unha familia e mais o misterio que, xa formulado no comezo, constitúe a trama central da novela: a morte de Amparo, a irmá de Xela. A nivel formal destaca o uso do monólogo interior.

Recensións:

- Teresa Seara, 'As cinsas adentras', *Festa da palabra silenciada*, 'Actualidade', 2004, pp. 91-93.

Despois de trazar un percorrido pola traxectoria poética de Emma Pedreira e de glosar brevemente as súas primeiras incursións narrativas, faise unha recensión da súa primeira novela longa *As cinsas adentras*. Comézase por dar conta do argumento do relato. A seguir, faise unha lectura da obra en clave simbólica, alicerzada no peso que o sobrenatural ten na trama. Deste xeito, repárase na importancia de motivos temáticos como o elemento líquido (auga, sangue). Valórase especialmente a habilidade da autora para caracterizar psicoloxicamente os personaxes.

Referencias varias:

- Víctor Omgbá, 'La escritora Emma Pedreira retrata en su último libro la Galicia anacrónica de los años sesenta', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 29 xullo 2004, p. 54.

Esta nova informa da presentación que a poetisa coruñesa Emma Pedreira fixo da súa primeira novela, *As cinzas adentras*, xunto co dúo Iván Novo e Pablo Parra, e Teresa Seara, no Club de Mar de San Amaro da Coruña. Conta, tamén, o motivo polo cal a escritora fixo o libro e fala dos temas clave do contido: trátase da historia dunha muller que loita pola súa independencia nos anos sesenta, e que se desenvolve entre o campo e a cidade.

- A. Ramil, 'Enma Pedreira regresa con 'As cinzas adentras', una novela de misterio', *La Opinión*, 'Cultura', 29 xullo 2004, p. 55.

Comeza falando dos responsábeis editoriais da primeira novela de Emma Pedreira, *As cinzas adentras*, para despois entrar no contido. Conta, tamén, que a obra foi presentada por Tucho Calvo e Teresa Seara, dos que resume a súas intervencións con dúas citas. E remata falando do motivo de creación do libro e do título.

Pereiro, Paulino, *Sinfonía cíclica*, Finalista do Premio Lueiro Rey 2004, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2004, col. Medusa/Narrativa, 232 pp. (ISBN: 84-

7824-458-1).

Esta novela de Paulino Pereiro (A Coruña, 1957), finalista do Premio "Manuel Lueiro Rey" de Novela Curta 2004, iníciase cunha "nota bene" na que se informa acerca das dúas posibilidades de lectura da obra: a lectura convencional, centrada na peripecia dos personaxes, e outra, máis pausada, na que as audicións musicais serven de ambientación sonora das palabras e dos acontecementos e axudan a entender as sensacións experimentadas polos protagonistas. Esta segunda lectura supón que o lector, abandonando o libro, se dispón a escoitar as pezas citadas en cada capítulo. O tema da novela xira ao redor da música e os músicos. O punto de partida sitúase na chegada de Lucrecia Ferreira, violinista de trinta e un anos, a unha pequena cidade de provincias para ocupar a praza de concertino da Orquestra Sinfónica. A partir deste inicio, a historia avanza e retrocede para reconstruír o pasado de Lucrecia e, á par, ir presentando a situación actual da protagonista. Deste modo, cóntase a súa infancia lisboeta, os estudos de violín, o amor por Federico, a estadía durante sete anos como primeiro violín na Orquestra de Cámara Franz Schubert de Nova York, os dous anos en Praga dedicados a facer música de cámara con Tatiana Wilz, pianista de éxito, e o amor por Franz Groll, o poeta. Lucrecia sente que o pasado é un lastre do que debe desprenderse; mais non lle é fácil ilusionarse con proxectos de futuro e adaptarse á súa nova vida nin aos seus novos compañeiros de orquestra, entre os que destacan Leonardo, o director , e a súa esposa Blanche; Lola, a violista; e Carlos, o compositor. Lucrecia decátase da súa capacidade de atraer con magnetismo a cantos a rodean, homes e mulleres. O seu atractivo fai que todos a procuren e queden prendidos do erotismo que desprende: Tatiana e Franz, Lola e Blanche, Teodoro ou Carlos. Mesmo chega a reconstruír con Teodoro e Blanche a relación que mantivera con Tatiana e Franz. Malia a súa promiscuidade, Lucrecia é consciente de que os amantes masculinos non son máis que un corpo substituto do de Franz. A lectura dun relato de Franz titulado "Sinfonía cíclica" descóbrelle que tamén Franz está namorado dela e desexoso de encontrala, sabendo que cando a atope o círculo pecharase e todo cobrará sentido. No capítulo final ten lugar o reencontro con Franz, e con Tatiana, e ao sentir o contacto dos labios de Franz na súa fazula, Lucrecia sente que o tempo recuou, que volveu ao pasado acolledor.

Perozo, Xosé Antonio, *Segunda convocatoria*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2004, col. Narrativa, nº 202, 135 pp. (ISBN: 84-9782-116-5).

Xosé Antonio Perozo (Llerena, 1951) publica en *Segunda convocatoria* unha colección de contos marcados polas voltas ao pasado e polas ocasións para enfrotarse a este. O libro está formado por catorce relatos: "O último disfrace", no que os protagonistas son Rosario e Carmelo, dous irmáns vellos e solteiros, que viven xuntos; a morte de Carmelo é o tema do relato, ao non darse conta el do seu estado, así como o seu recontro co seu grande amor unha vez morto. En "O pintor e a modelo", un pintor aprovéitase dos encontros sexuais coa súa modelo para realizar o culme da súa obra pictórica; o relato conclúe co suicidio da modelo, que se sentiu expoliada. "Pretérito imperfecto" narra a historia de Alberte, escritor en crise tras a morte do seu pai, que recibe a visita dun personaxe misterioso e fantasmagórico que lle relata a historia de amor da súa nai cun guerrilleiro. En "Segunda convocatoria", o protagonista é Xenaro, recén divorciado, que rememora o seu namoramento xuvenil de Salomé, á que reencontra por azar en Santiago de Compostela e

coa que concluirá a historia comezada anos atrás. En "Transmigración", o autor dun libro de éxito sobre Pitágoras decide escribir un ensaio sobre as comunicacións e as ideas, pero descobre con sorpresa que a súa idea foille roubada por un dos seus veciños. En "Lola, a do Papagaio" relátase a biografía de Lola, unha prostituta, contándonos a súa vida dende os seus comezos como cupletista ata a súa morte nun entorno miserable a pesar da súa ampla fortuna. En "Hai unha muller" mestúrase o mundo dos soños e a realidade; un home soña cunha muller que logo atopará na súa vida cotiá. "Paredes de papel" é un relato que se centra nas fantasías eróticas dun home e en como non chega a conseguilas. En "Futuro perfecto" un pintor volve ao seu pobo de infancia nunha vella locomotora de vapor, para descubrir á fin da viaxe que en realidade está morto. O protagonista de "A súa voz" é un home que busca á locutora radiofónica da que se namorara da voz cando neno, para descubrir decepcionado que é unha "matrona de pelo enlacado". En "Ausencia", Alba morre antes de tempo, así que decide quedar na súa casa de forma fantasmal; a pesar dos seus intentos por confraternizar cos seus inquilinos, non obtén ningún éxito. O protagonista de "O número" é o dono dun balneario que atopa ao seu bisavó, quen viaxou no tempo para averiguar o número que vai tocar na lotería e poder así fundar o balneario. "Gañotes" ambiéntase na posguerra, cando un notábel local se enfronta nunha partida de póker a un home importante da vila; xoga e perde a súa fortuna, as súas posesións e a súa esposa. Finalmente, en "PHD" nárrase o encontro entre o xeneral Franco e o redactor da "Enciclopedia Universal Electrónica", que quere reducir a entrada dedicada á súa persoa.

Recensións:

- C.D.C., 'Un conto é o mesmo que meter a vida nunha botella', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 2 maio 2004, p. 2.

O autor fai un percorrido polo currículo literario de Xosé A. Perozo (Llerena, 195), dando unha especial importacia a *Segunda convocatoria*.

- Xosé Freire, 'Esnaquizando a realidade', *A Nosa Terra*, nº 1.131, 'Cultura', 3 xuño 2004, p. 27.

Destaca o compromiso de Xosé A. Perozo cunha lingua que polo seu nacemento lle é allea, para logo analizar *Segundasconvocatoria*, libro que cre unido pola "ausencia definida como perda".

- Luis Pousa, 'A maxia de Compostela', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 63, 'Letras en galego', 5 xuño 2004, p. 7.

Destaca, de todo o conxunto, o relato que dá título ao libro, "Segunda convocatoria", pola súa mestría á hora de captar a imaxe cotiá de Santiago de Compostela, así como polo feito de non desvelar a natureza de mortos de certos personaxes até o derradeiro momento.

- Vicente Araguas, 'Yesterday', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 6 xuño 2004, p. 21.

Fai un percorrido por cada un dos relatos que forman *Segunda convocatoria*, obra que eloxia por ser "un libro de lectura fluidísima".

- Xosé M. Eyré, 'Se a vida nos dese unha segunda oportunidade', *A Nosa Terra*, nº 1.132, 'Cultura', 10 xuño 2004, p. 26.

Analiza cada un dos contos que forman *Segunda Convocatoria*, nos que os personaxes teñen "segundas citas coa historia". Xulga o libro de relatos de lectura amena, aínda que lamenta que o escritor non prolongase un pouco máis a súa obra.

- Francisco Martínez Bouzas, 'O virtuosismo dun narrador moi experto e eficiente', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 27 xuño 2004, p. 3.

Conclúe que esta obra presenta os trazos característicos da obra de Xosé A. Perozo (Llerena, 1951), xa nunha etapa de madurez. O autor fai un percorrido por cada un dos contos.

- Ramón Nicolás, 'Segunda convocatoria', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 90, 'Libros', 9 setembro 2004, p. V.

Fai referencia, en primeiro lugar, ás anteriores achegas narrativas de Perozo, nas que este 'concentra a súa particular maneira de estabelecer ese elo singular que mantén cos seus lectores'. Sinala, a seguir, que os contos que integran esta obra posúen todos os trazos que caracterizan o xénero e tratando diferentes temáticas: sentimentos, relacións humanas, amor, desamor ou erotismo; sinala, así mesmo, que os catorce relatos que integran a obra carecen dunha solidez aparente e que isto lles outorga naturalidade. Destaca, por outra banda, as reconstrucións de ambientes e lugares, todos eles situados en moi diferentes épocas, e o interese que o autor manifesta ao longo da obra por 'apreixar a memoria'.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, 'Un asesor de alcaldía en pleno apogeo', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 7 abril 2004, p. 80.

Comenta a proximidade da presentación do libro *Segunda convocatoria*, de Xosé A. Perozo, na Galería Sargadelos, en Santiago de Compostela.

- C.P., 'Gústame moito o conto, o xénero narrativo máis difícil', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 27 abril 2004, p. L2.

Xosé A. Perozo (Llerena, 1951) responde a diferentes cuestións sobre o seu derradeiro libro, *Segunda convocatoria*, tanto sobre os aspectos formais do libro como sobre o seu sentido.

- C.P., 'Xosé Antonio Perozo lanza un libro con catorce relatos unidos polo erotismo e a melancolía', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 abril 2004, p. 51.

A presentación de *Segunda convocatoria* é o tema tratado neste breve artigo, no que tamén se fai unha recensión da próxima publicación nun só volume da novela coa que Xosé A. Perozo gañou o Premio de Novela por Entregas d'*A Voz de Galicia*, 2003.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 87, 10 xuño 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Os celtas da antiga Gallaecia* (2004), de Manuel Alberro; *Segunda convocatoria* (2004), de Xosé Antonio Perozo; e *O guindastre* (2004), de Reiner Zimnik. No que atinxe á obra de Perozo, subliña o fío común dos catorce relatos que conforman o libro: os acontecementos imprevistos; e fai un somero resume dalgún deles.

Queipo, Xavier, *Os ciclos do bambú*, Vigo: Galaxia, 2004, col. Illa nova, nº 6, 128 pp. (ISBN: 84-8288-748-3).

Conxunto de cinco relatos de Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957), que van precedidos dunha presentación na que o autor repasa os feitos, lecturas, obxectos e aprendizaxes que lle evocaban o Oriente dende a infancia. Refírese tamén á presenza desta temática noutras obras súas anteriores como *Malaria sentimental*. Dá conta da orixe diversa dos relatos escritos en diferentes momentos e á vinculación que o título ten coa súa vida. Os relatos incluídos son: "O exame imperial", no que en cinco capítulos se achegan ás memorias que fai Huo, criado do señor estudante Nguyen Toc, da viaxe que realiza con este á capital de Vietnan dende a súa remota aldea no norte, co obxecto de que se someta ao exame imperial, e a volta de novo á casa unha vez superada esta difícil proba, xa como autoridade do círculo íntimo do Emperador; "Soño laranxa. Relato dun soño acamado en cinco estratos diferentes", que levan por título "Quietude", "Praia", "Samsara", "Whispering" e "Conxuro", ademais dun glosario de termos, que axudan á lectura duns textos fragmentarios, de frases moi curtas, nos que se mesturan universos lendarios e que teñen en común a marca da cor laranxa; "As torres do silencio", no que se ofrece a visión dun eu testemuña que viaxa á India, onde comeza admirando as súas cores e beleza, pero remata asistindo á miseria e contradicións dunha cultura cuns costumes moi diferentes aos occidentais; "Media ducia de contos chineses", no que se recollen breves contos, a xeito de chistes, con protagonistas característicos desta cultura; e "Metromanía", relato estruturado en tres capítulos intitulados, no que un narrador en primeira persoa describe a sensación que lle provoca a viaxe en metro dunha cidade oriental dominada pola escuridade e o

movemento constante de xente e no que se reitera a necesidade de mudar as cousas.

Recensións:

- R.L., 'Viaxe por unha Asia de letras', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 88, 'Letras en galego', 27 novembro 2004, p. 9.

Comeza por sinalar a difícil clasificación d'*Os ciclos do bambú*, de Xabier Queipo, unha obra precedida dun limiar do autor no que se lembra que repasa a presenza do Oriente dende a súa infancia en obxectos, crenzas e fantasías. Sobre os relatos que conforman esta entrega, indícase que algúns foron reelaborados, como "As torres do silencio" ou rematados como "Soño laranxa". Destácase da traxectoria do autor a súa contribución á incorporación de novos rexistros á literatura galega, a capacidade para converter espazos exóticos como as terras asiáticas en "territorios da literatura en lingua galega" cunha significación inesperada. Lémbranse outros títulos publicados, como *Ártico e outros mares* (Premio da Crítica Española en 1990) ou *O ladrón de esperma* (2001) e remátase apuntando que esta nova entrega é unha obra excelente.

Quiroga, Xabier, *Era por setembro*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Narrativa, nº 210, 175 pp. (ISBN: 84-9782-232-3).

A novela de Xabier Quiroga parte dunha viaxe que Aldara, muller que ostenta un importante cargo político, realiza ao seu pobo natal para asistir ao enterro de súa nai. Este traslado xeográfico será o alicerce dun percorrido emocional pola súa memoria que a leva a reconstruír as etapas da súa infancia que cambiaron radicalmente o transcurso da súa existencia. A vida dunha familia obreira nun pobo perturbado polos ecos xa un tanto esvaecidos da represión franquista será debuxada desde a mirada curiosa e virxe dunha nena que comeza a entender, lentamente, o que sucede tras as aparencias e valores ensinados na escola. Pero Aldara comezará a ver alén do panorama formado por un pai adicto á bebida e unha nai amorosa e algo calada cando, nun enterro, escoita os comentarios sobre un tal don Manuel, escritor volto do exilio e prohibido polas súas tendencias políticas. A partir dos seus encontros con este personaxe, a nena adolescente comprende a historia da súa familia, a complexidade dos conflitos e inimizades no pobo, e, ademais, desenvolverá novas inquedanzas que lle posibilitarán o coñecemento doutros mundos e perspectivas. A estrutura da obra consta de pequenos capítulos non numerados que oscilan entre o presente do enterro da nai vivido por unha Aldara adulta e o pasado, relatado non coma un recordo afastado, senón desde a actualidade e a mirada infantil. O vocabulario e o estilo é sinxelo e sen alardes, e o ritmo narrativo é estábel e sen grandes oscilacións, o que posibilita que o interese se manteña esperto durante toda a lectura.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Inmanente setembro de nós', *Atlántico Diario*, 'Musas', 5 decembro 2004, p. 51.

Conversa con Xabier Quiroga sobre a súa nova novela, *Era por setembro*; abórdanse as liñas argumentais básicas e os elementos autobiográficos da obra.

- Francisco Albo, 'A miña novela rememora unha época triste e apagada', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 9 decembro 2004, p. L2.

Pequena conversa con Xabier Quiroga a propósito da presentación da súa segunda novela, *Era por setembro*. O autor di que se trata dun libro de sentimentos, emotivo, que fala da maduración dun personaxe adolescente no ano 1974. No resto da conversa compárase esta novela coa anterior, *Atuado na braña*, e coa próxima, que xa ten preparada para publicar, *Se buscabas un deus*.

Rabuñal, Henrique, *Ollos negros*, A Coruña: Espiral Maior, 29 xullo 2004, col. Narrativa, nº 36, 118 pp. (ISBN: 84-95625-28-8).

A obra está composta por oito relatos: "Perante o cadáver de papá"; "Evocación de Mísia Nela"; "Adrián e a furna do galo"; "Susana Mourelle Troitín"; "Ruco"; "A cúpula dos soños"; "Noticia da felicidade" e "Telegrama con vida incorporada", todos eles dedicados a diferentes persoas e algúns datados en distintos anos. Na maior parte hai unha primeira persoa que relata a súa historia ou a dalgún veciño de Touza, espazo xeográfico fantástico onde moran as distintas persoas e acontecen os anacos de vida e tamén de morte que se recrean. A narración é sinxela, accesíbel e sen complicacións.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 92, 'Infantil/Xuvenil', 23 setembro 2004, p. VII.

Sección fixa que inclúe as recensións d' *O cabalo na cultura celta* (2004), de Sioned Davies e Nerys Ann Jonnes; *Ollos negros* (2004), de Henrique Rabuñal; *A freguesía de Santa Mariña de Esteiro* (2004), de Xosé Agrelo Hermo e Francisco Abeijón; e *O coxo de Vilarelle* (2004), de Alfonso Eiré. Da obra de Henrique Rabuñal destaca a creación dun territorio literario, Touza, e a presenza dos temas claves de toda a súa obra; cita todas as súas obras anteriores e fai referencia á súa labor como poeta, narrador, dramaturgo e ensaísta.

- M. Rodríguez, 'Un macondo en arteixo', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 81, 9 outubro 2004, p. 9.

Dásenos idea do universo literario reflectido na obra; nela xúntanse realidade e fantasía, lembranzas e soños nun territorio a medio camiño entre o mundo rural e o urbano polo que pasan anacos de vida e tamén a sombra da morte dos veciños de Touza.

- Francisco Martínez Bouzas, 'O mundo enteiro apreixado no territorio de Touza', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Relatos', 7 novembro 2004, p. 3.

Aproximación ao contido dos relatos que constitúen a obra, que ten a vida e a morte como fios condutores; localizada na xeografía literaria de Touza, "tenta aprehender as grandes teimas dos homes e mulleres do mundo actual". Valora as cualidades literarias do autor na obra e aproveita para tratar algúns dos relatos en particular.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Ollos negros', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 99, 'Libros', 11 novembro 2004, p. V.

Analízanse os trazos mais salientábeis da obra, que ten a vida e a morte como "marcadores semánticos" dos oito relatos que a compoñen. Todos eles teñen a Touza, lugar fantástico dos aconteceres dos personaxes, como xeografía. A obra vai precedida dos relatos "Epistolario en catro tempos" e "A fariña das horas". Apúntase que o obxectivo do autor foi apreixar as grandes teimas e os grandes pesadelos do mundo actual.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 92, 23 setembro 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *O cabalo na cultura celta*, de Sioned Davies e Nerys Ann Jones (2004); *Ollos negros*, de Henrique Rabuñal (2004); *A freguesía de Santa María de Esteiro*, de Xosé Agrelo Hermo e Francisco Abeijón (2004); e *O coxo de Vilarelle* (2004) de Alfonso Eiré (2004). Sobre a obra de Rabuñal destácase a creación dun territorio literario marcado polos soños, a memoria, a familia e o individuo, grandes preocupacións todas elas do home actual.

Regueira, Mario, *Rebelión no inverno*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Abismos, nº 7, 151 pp. (ISBN: 84-9782-091-6).

Rebelión no inverno é a "opera prima" de Mario Regueira (Ferrol, 1979) quen, logo de facer diversas publicacións en revistas como *A Caramuxa* ou *Citania*, preséntanos este conxunto de relatos breves nos que o misterio, a ironía e, sobre todo, unha especie de insurrección persoal contra o ego e/ou aquilo que rodea aos protagonistas tinxen a obra. Narradores homodiexéticos ou heterodiexéticos, ritmos pausados ou veloces e unha linguaxe sempre directa compoñen estes dezasete relatos de extensión moi variábel. En "Independencia", ilústrase unha situación de tensa confrontación no seo dunha parella debido ás "interferencias" que a familia dun dos membros provoca nela. "Crueldade" é un breve relato no que un escritor está a desenvolver unha historia sobre un vello que pasa os

seus últimos instantes de vida. En "A palabra", a protagonista é Carolina, unha moza que ante unha prolongada desaparición tiña preocupados a familiares e amigos, que pensaban que se trataba dunha fuxida; logo de moito tempo, aparece de novo sumida nunha absoluta e case enfermiza indiferenza que provoca unha distante incomunicación coa súa amiga máis próxima, Patricia. En "Desexo", un poeta, o Señor B., vese sorprendido na súa casa por un descoñecido que tatuara un dos seus poemas no peito e solicitaba que para concluír a súa particular obra o escritor lle fixera o propio coa súa sinatura; sucédese unha longa discusión con marcado corte filosófico entre ambos os dous e todo acaba nunca acalorada rifa. "Cartas dende a cidade escura" é un conxunto composto por catro breves relatos nos que a paixón polo xadrez e unhas peculiares historias de amor unen a ambos os dous protagonistas: I: Xoán coñece a Afonso, un implacábel xogador de Xadrez co que mantén durísimas partidas; II: Xoán conta cómo era a súa vida compartindo fogar coa que fora a súa moza antes de chegar a aquela cidade na que ambos os dous se atoparan; III: É Afonso quen, nesta ocasión, relata parte da súa historia vital facendo especial fincapé nos seus inicios como xogador de xadrez e no seu namoramento de Esperanza, coa que mantiña unha prolongada partida que xogaban por carta; e IV: Tráxico remate no que, sen motivo aparente, Afonso aparece pendurado dunha viga. En "Historia das mans atadas", unha especie de Deus reflexiona sobre o ser humano ecómo este se comporta perante el. En "O pantano sagrado", os discípulos de Xesucristo narran unha moi peculiar visión da súa actitude perante o fillo de Deus. "Terra queimada" narra a historia dun triángulo amoroso entre un home, a súa muller e Lara, a amante do protagonista, que remata morrendo. En "Os dous infernos" relátase un cómico malentendido derivado das diversas concepcións que existen entre o inferno grecolatino e o cristián. "Atardecer en Míkonos" é a narración en primeira persoa dun home namorado que reflexiona trala morte de Joao, un compañeiro de piso; esta reflexión vai misturando elementos reais e soños que rematan por provocarlle un auténtico estado paranoico no que non é capaz de distinguir entre o certo e o que non o é. En "O amante tras o cristal", o baleiro no que se atopa o protagonista anónimo lévalle a facer unhas reflexións que avanzan no seu grao de pesimismo conforme progresa o relato até que chega á morte, ao final deste. "O que aprendín de Medea" narra a historia dunha alumna universitaria marcada pola participación nun grupo de teatro e a descuberta da súa identidade homosexual; todo transcorre nun ambiente de asembleas e protestas estudantís en contra da posta en marcha dunha reforma lexislativa. "No atlántico" desenvólvese no interior dun tren nas inmediacións de Sttutgart, onde unha rapaza lle conta unha historia inventada a un estraño home sobre o seu lugar de nacemento. "Os feiticeiros" é unha narración fantástica baseada nos poderes que un grupo de feiticeiros lle deron a unhas pedras negras que salvaban ós edificios dos ataques inimigos. En "A cadea", un candidato á presidencia do goberno recorre a certas artemañas das que remata sendo vítima. En "A rebelión", a información sobre unha rebelión popular en contra do poder estabelecido que parece inminente (pero que nunca chega) difúndese por todo o país e a xente reacciona de moi diverso modo. O relato carga as tintas máis sobre cómo se produce a transmisión de información e cómo reacciona o pobo que sobre os feitos en si. E finalmente, "O inverno" céntrase nos estudos e hipóteses realizados por un ilustre profesor universitario sobre os enigmas que rodean toda a historia protagonizada por Xohán de Valmonte, quen defendera ás clases obreiras fronte á nobreza.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Rebelión no inverno', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Libros', 8 abril 2004, p. V.

Logo de aludir ao desexo de soerguemento contra un mesmo ou contra a sociedade como unha temática recorrente ao longo da historia da literatura, incide sobre o emprego desta por parte do escritor ferrolán nesta primeira obra. Non deixa de tratar o carácter diacrónico e heteroxéneo que posúen os relatos en *Rebelión no inverno*, nos que, en ocasións, unha liña moi delgada separa a realidade da ficción. Remata o artigo dando a coñecer certo paralelismo entre o estilo desta obra coa de algún dos grandes da "Nova Narrativa Galega".

- Vicente Araguas, 'Rebelde', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 11 abril 2004, p. 21.

Carga as tintas na meirande parte texto na diferenza existente entre esta primeira obra de Regueira e aqueloutras "operas prima" nas que a "pedantería ou a incontinencia" -segundo as súas palabras- é habitual en escritores novos. De Kafka, Cortázar, Borges ou Ferrín ve evidentes reminiscencias en moitos dos relatos, aínda que isto non exime da presenza dun estilo propio dúctil e equilibrado, comenta.

- Xosé M. Eyré, 'Dezasete relatos de rebelión e misterio', *A Nosa Terra*, nº 1.124, 'Cultura', 15 abril 2004, p. 26.

A rebelión como nexo unificador dos dezasete relatos que compoñen *Rebelión no inverno* é o primeiro aspecto que se analiza tentando extraer unha lectura política da obra e incidindo sobre a carencia de libertades existenciais que afecta aos protagonistas, así como a continua presenza do misterio ou o carácter metafórico que posúe a meirande parte do que se relata. Conclúe comentando que se trata dun volume completo e "tecnicamente complexo", pero ben resolto, que conquista con facilidade ao lector.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Ficar pendurado no baleiro e poder rebelarse co mundo', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Relatos', 18 abril 2004, p. 3.

Logo de facer unha breve introdución sobre o carácter xeral da obra, incidindo na desigualdade dos dezasete textos que compoñen esta escolma, unidos polo nexo temático da rebelión, analízanse algúns dos relatos, destacando *Historia das mans atadas, O amante tras o cristal* ou *O que aprendin en Medea*, para, finalmente, dar unha idea xeral da obra comentando que o autor nos mergulla nun mar de ambigüedades e inquéritos sen resposta.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Unha fermosa viaxe pola palabra', *Atlántico Diario*, 'Musas', 18 abril 2004, p. 43.

Breve recensión na que se sublima o carácter directo que posúe esta primeira obra de Regueira na que persiste unha prosa descritiva que elude todo tipo de "barroquismos"

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo, 'Faro da Cultura'*, nº 75, 25 marzo 2004.

Sección fixa que acolle as recensións de *Rebelión no inverno* (2004), de Mario Regueira; *Cerdedo, in the Voyager I* (2004), de Carlos Solla; *Xabarín, xabarín...* (2004), de Víctor Iglesias Viqueira (2004); e *O galo avisado e o raposo trampulleiro* (2003), de Antonio Reigosa e Xosé Cobas. Indica, con respecto de *Rebelión no inverno*, que é un libro pautado e reflexivo, construído a través de relatos enigmáticos, misteriosos e oníricos; os seus personaxes caracterízanse por estar ante unha situación de rebelión de distinta natureza, ben sexa unha rebelión política, filial, social ou contra a linguaxe como forma de comunciación.

Reimóndez, María, *O caderno de bitácora. Aventuras espaciais*, IV Premio de Novela Mulleres Progresistas, ilust. Serxio Suárez, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, marzo 2004, col. Narrativas, 157 pp. (ISBN: 84-87783-80-5).

É a primeira novela de María Reimóndez (Lugo, 1972), unha novela que se podería adscribir ao xénero da ciencia ficción, polo menos por algunha das súas características. A protagonista é a capitana Reimon, que parece un trasunto evidente da propia autora, percorrendo o espazo ao mando da súa nave, cumprindo misións e aproximándose ou afastándose ao seu amado planeta Caladan e ao desexado "mariñeiro s.." En realidade as notas do caderno de bitácora, os estudos e teorías da capitana Reimon e as anotacións da "outra voz", que aparentan narrar unha historia con certa orde cronolóxica, dá a impresión de que non pasan de ser retallos dunha aventura interior, unha aventura amorosa vivida introspectivamente, chea de símiles e saltos temporais. O que sería a dimensión espacial da novela carece totalmente de sentido como tal, a capitana Reimon pulula por un mundo no que cada planeta, cada nave, cada satélite ou cada misión son metáforas de persoas, lugares ou acontecementos que inflúen na vida da autora. Pola súa parte, o que sería a orde temporal ten unha coherencia interna, conseguida doadamente porque a historia se vai contando por medio de anotacións no "caderno de bitácora" da nave, pero a fin de contas estas anotacións están cheas de recordos, que ás veces aparecen desposuídos dos elementos artificiosos característicos da novela, perden o aire onírico ou ficional e parecen anacos auténticos da vida cotiá dunha persoa. Con relación aos personaxes da novela só se poden adiviñar un máximo de dous, que se cadra son o mesmo, a capitana Reimon e a "outra voz", pois os outros (representados por planetas, asteroides, estacións, etc.) son presentados en realidade pola voz da protagonista en función da súa relación con ela, incluso o mariñeiro s., do que sabemos polas súas comunicacións de amor e desamor. Ao final, estes factores da obra, ademais da riqueza léxica, serven para crear un falso mundo espacial, que non é tal, senón unha aventura intimista, e conforman universo moi lírico que é a base de toda a novela.

Recensións:

- X.M. Eyré, 'A vida como viaxe espacial', *A Nosa Terra*, nº 1.126, 'Cultura', 29 abril 2004, p. 26.

Descríbese a obra de María Reimóndez como unha "estraña novela de ciencia ficción" e inténtase atopar dentro dunha enorme casuística do xénero ou dos seus subxéneros unha similitude ou un xeito de encadrar o libro. Conclúese que a novela é unha exploración do espazo interior que se apropia de elementos como naves, galaxias ou satélites como metáforas que permitan ver as relacións humanas como se dunha aventura espacial se tratasen. Por estabelecer algunha similitude coa ciencia ficción fala de *Dune*, "universo literiario de ciencia ficción creado por Frank Herberte e o seu fillo Brian". Destácase tamén a pouca importancia que ten a liña evolutiva do tempo, debido á pouca acción que hai e ao extremado lirismo do libro, que lle confire unha difícil clasificación. A conclusión é que *O caderno de bitácora* non é fácil de incluír ou excluír no xénero da ciencia ficción, pero que dende logo non pode esperar o lector aventuras espaciais, senón, máis ben, moita introspección.

- Armando Requeixo, 'Caudas e asteroides', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 83, 'Libros', 13 maio 2004, p. V.

Comeza falando da obra de María Reimóndez, que se cualifica como intensa nos últimos anos, coa publicación dun poemario, *Moda galega*, en 2002, e varias traducións. Logo pasa a analizar *O caderno de bitácora*, gañadora do cuarto Premio de Novela "Mulleres Progresistas". Fala das aventuras da capitana Reimon, na que se evidencia un trasunto da autora, como unha xeira perpetua rodeada de máscaras: o amado "mariñeiro s.", os asteroides ou os planetas; pero afirmando que estas "roupaxes parabólicas" non fan máis que falar do presente vital da propia narradora, que xogaría a disfrazar a realidade de aventura espacial. Por outra parte, dise que o libro versaría sobre unha agónica historia de amor entre a capitana Reimon, o "mariñeiro s." e a súa compañeira, unha historia de amor entre X, Y e Z. En definitiva, ve a obra como unha prometedora aposta da voz que pode chegar a ser María Reimóndez, aínda que ás veces o tecido argumental poida resultar "obsesivamente reiterativo" e o rexistro estilístico se aproxime ao coloquialismo.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 85, 27 maio 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Do descontento á acción* (2004), de Concha Fernández e Xosé Manuel Sabucedo; *O caderno de bitácora* (2004), de María Reimóndez; *Viaxe ao país dos ananos* (2004), de Celso Emilio Ferreiro; e *Loge, tao perto* (2003); de Kike Benlloch. Con respecto da obra de Reimóndez destácase a súa visión da galaxia dun fogar no que acontecen a cotío conflitos que se proxectan na súa nave de guerra, ao servizo da federación, contra os malvados Harkonen.

Referencias varias:

- Maite Gimeno, 'Los niños idean carteles para la Feria del Libro', *El Correo Gallego*, 'Vigo', 4 xullo 2004, p. 24.

Infórmase que a biblioteca da Feira do Libro contará coa presenza da escritora María Reimóndez para asinar exemplares do seu libro *Caderno de Bitácora*.

Rodríguez Baixeras, Xavier, *Diario de comidas*, Vigo: Galaxia, 26 novembro 2004, col. Literaria, nº 212, 329 pp. (ISBN: 84-8288-768-8).

O *Diario de comidas* de Xavier Rodríguez Baixeras é unha obra miscelánea, que participa de xéneros como o dietario, o libro de receitas, a escolma literaria e a guía de viaxes. O autor vai enleando as súas reflexións sobre a arte culinaria nunha narración de teor autobiográfico. Desde o punto de vista temporal, o diario abrangue algúns días do mes de xaneiro do ano 2002, sección que funciona a modo de pórtico, e a totalidade do ano 2003, que constitúe o groso do libro. A través dunha serie de viaxes, na súa maioría pola xeografía galega, Rodríguez Baixeras tece as súas reflexións sobre os alimentos e sobre a cociña, que entende como unha das dimensións máis reveladoras da cultura dos pobos. A valoración dos restaurantes e das casas de comidas encadéase así coa evocación de receitas de distintos tempos e lugares. No libro son numerosas as alusións tanto á presenza do tema culinario na literatura, e especialmente na poesía, como á existencia dunha literatura culinaria de longa tradición.

Rodríguez López, Xoan Carlos, *Occidencia*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2004, col. Literaria, nº 2, 72 pp. (ISBN: 84-7824-455-7).

A editorial Sotelo Blanco retoma un dos seus obxectivos editoriais iniciais á hora de descubrir novos valores e faino pondo no mercado a colección "Literaria", dedicada á publicación de novelas curtas. Unha desas novelas é *Occidencia*, de Xoán C. Rodríguez (A Barra-Ourense, 1966). Nas escasas páxinas da novela, o autor, cunha dináminca narrativa áxil, entre a poesía e a prosa, ofrécenos un discurso que engancha ao lector a través da escritura experimental e rupturista, aparecendo en ocasións páxinas case en branco. Atopamos nesta proposta un exercicio de reconstrución, non só do texto, senón tamén da propia existencia ao redor da nostalxia, da lembranza de tempos mellares. Así, é o autor capaz de reconstruír unha nova realidade, de renovarse en "cada existencia sembrada e equecida". Xoga un papel importante nesta novela a temática da duplicación, triplicación de historias no proceso de reescritura do texto, dando a entender que a vida é un conxunto de varias historias, de momentos transcendentais e intranscendentais, e non unha concepción lineal dende o principio ao fin.

Rutherford, John, *As frechas de ouro*, Vigo: Galaxia, 23 novembro 2004, col. Literaria, nº 211, 246 pp. (ISBN: 84-8288-757-2).

O protagonista do romance, un peregrino que está a facer o camiño francés, de

Roncesvalles a Compostela, vai relatando os últimos trinta días de traxecto, dende o Cebreiro. Ao longo do relato vai describindo as paisaxes, os lugares e a xente coa que se atopa e coa que intercambia vivencias, anécdotas e consellos. No relato reflicte os pensamentos: o cansazo, o duro dalgunha xornada e o gozo de chegar ao destino; reproduce conversas e intercala fragmentos do seu diario. A novela divídese en oito capítulos que levan o nome de diferentes lugares polos que pasa dende a fronteira galega: O Cebreiro, Triacastela, Barbadelo, Portomarín, Palas de Rei , Arzúa, O monte do Gozo e Santiago de Compostela, aproveitando para aproximarnos a esas xeografías e á historia deses lugares.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'John Rutherford publicará unha novela sobre vivencias no Camiño', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 18 outubro 2004, p. 81.

Recóllense as palabras do autor da novela sobre o seu contido e xénese. A narración, editada por Galaxia e baseada nas cinco viaxes polo Camiño de Santiago que o autor realizou, conta como dous personaxes avanzan pola ruta relixiosa entre o Cebreiro e Compostela. A acción céntrase en Galiza, aínda que tamén se citan os tramos anteriores do traxecto e, aínda que foi concibida en inglés, finalmente foi escrita en galego, "idioma de corazón" do escritor.

- Ramón Loureiro, 'O corazón dunha cultura está dentro da súa lingua', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 26 decembro 2004, p. 42.

Entrevístase ao autor da novela *As frechas de ouro*, quen sinala que a obra é produto do coñecemento persoal de Galiza e das experiencias que narra sobre o Camiño de Santiago, argumento do seu primeiro libro que, no inicio ía ser un libro de ensaios en inglés, mais que rematou por ser unha novela galega. Tamén aproveita para facer consideracións sobre o destino do galego e das linguas que están nunha situación de supervivencia difícil, así como sobre a relación lingua-cultura.

Sende, Sechu, *Orixe*, Premio Blanco Amor 2003, Vigo: Galaxia, abril 2004, col. Literaria, nº 203, 167 pp. (ISBN: 84-8288-695-9).

Esta novela de Sechu Sende (Padrón, 1972) ten como fío condutor unha historia de amor, na que se artellan outras moitas sobre as que, en xeral, pesa un forte contido socio-político, o cal deixa aberta a porta a múltiples interpretacións por parte do lector. Os personaxes principais son Mario Negro, un mozo de vinte e sete anos e libreiro, e Laura Lobo, unha enfermeira da mesma idade. Coñécense e namóranse no hospital no que el é ingresado a causa dunha enfermidade incurábel chamada vertixe crónica que o leva a perder o equilibrio constantemente. Os dous, que teñen en común o feito de non teren familia, sintonizan tan ben que continúan a relación fóra do hospital. Laura trata de axudar a Mario a superar as terríbeis crises que lle dan, contándolle ás veces relatos que ela mesma escribe e que se insiren de forma fragmentaria na novela, desnortando nalgunha ocasión ao lector

nesta ficción dentro da ficción. Unha das historias fundamentais no tecido xeral da obra que lle conta é a do apicultor que loita contra o ditador dun estado asoballado polo seu poder. Este estimula a sociedade na que vive a rebelarse contra a inxustiza a través de manifestos que deixa esparexidos en distintos lugares coa súa particular pegada para identificarse. Este personaxe, sen unha identidade definida, chega á xente dunha forma tan efectiva que, ao pouco, moitos outros guerrilleiros clandestinos apareceren suplantándoo na súa loita. En definitiva, a través do predominio dun narrador principal en terceira persoa omnisciente, achega unha clara reivindicación dun dos dereitos fundamentais do ser humano, a liberdade persoal e a liberdade da colectividade na que este se integra, chamando á concienciación social sobre este aspecto.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, 'A metáfora das abellas', *A Nosa Terra*, nº 1.129, 'Cultura', 20 maio 2004, p. 26.

Sinala que *Orixe* de Sechu Sende é unha novela posmoderna e explica en que se basea para tal afirmación. Así mesmo, cre que é obra de "acción sinxela", mais de "significado complexo" polas moitas interpretacións que nela poden subxacer, salientando o papel activo que deixa ao seu lector. Tamén se refire aos personaxes centrais, analizando brevemente a súa función. Por outro lado, observa que a novela se ve algo desmellorada cando se xuntan moitas historias de forma caótica e intencionada, tentando xustificar isto nunha das finalidades do autor. Por último, coida que estamos ante unha creación que non "é finalidade senón orixe" que "quere inducir á acción" e a mover ao seu lector.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Orixe': entre o compromiso e a loita por chegar á liberdade', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Narrativa', 30 maio 2004, p. 3.

Subliña que *Orixe* de Sechu Sende representa a loita pola liberdade, ben sexa individual ou colectiva, pondo en relación esta loita coas liñas temáticas sobre as que xira. Coida que esta ansia de liberdade é presentada como unha utopía para os personaxes e destaca aquí catro termos clave: "Resistencia, Dignidade, Xustiza, Rebeldía". Sinala, ademais, que o autor tentou aproximar "un rexistro socialrealista con outros máis próximos á ciencia ficción e á literatura sentimental". Ademais, refírese, entre outros ingredientes narrativos, á diversidade de lecturas e ao fragmentarismo, salientando que se trata dunha "novela comprometida cos grandes valores do humanismo".

- Laura Caveiro, 'Orixe, orixe', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 88, 'Libros', 17 xuño 2004, p. V.

Refírese á trama argumental desta novela, da que destaca o feito de ser a gañadora do Premio "Blanco Amor" 2003. Así pois, subliña primeiramente a historia de amor entre un enfermo de vertixe, Mario Negro, e a súa enfermeira, Laura Lobo, dando algunhas pinceladas sobre a súa relación, da cal subliña a "ardente sensualidade". Logo, alude ás historias que relata Laura, pondo de relevo delas a forte pegada de loita social contra un

poder asoballador. Ademais, comenta como estas historias se mesturan e chegan a un simbólico final. Así mesmo, fai notar a singular estrutura da novela e a prosa desenvolta por veces, afirma, en "declaracións intuitivas e breves".

- C. Lorenzo, 'Os soños da boneca rusa', *A Nosa Terra*, nº 1.138, 'Cultura', 22 xullo 2004, p. 28.

Realiza unha aproximación crítica a *Orixe* de Sechu Sende, salientando que se trata dunha novela fragmentaria e caótica, "de resistencia, de sufrimento e de ollos abertos". Alude ás historias que se entretecen e aos temas que nelas subxacen, que permiten, destaca, varias lecturas. Define a historia de amor como "inconsistente" e compara as tramas no hospital coas d'*Os aneis da memoria* de Georges Simenon. Asemade, refírese á protagonista ironicamente como a muller ideal. Céntrase, tamén, no relato con contido social, observando de fondo a presenza de Galicia e do movemento "Nunca Máis". Opina que Sende reactualiza "a mítica de Darío Xohán Cabana ou Xosé Méndez Ferrín" e coida que nesta narración mostra certa "inxenuidade revolucionaria".

Referencias varias:

- Manuel Méndez, 'González Sende gaña o Blanco Amor cunha novela sobre a enfermidade', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 25 xaneiro 2004, p. 46.

Informa do fallo do XXII Premio de Novela Longa en Galego "Blanco Amor" 2003 que recaeu no escritor Sechu Sende coa obra titulada *Orixe*. Remata aludindo á traxectoria profesional do autor que, segundo as súas propias palabras, recibiu a nova con ilusión e ledicia.

- Manuel Méndez, 'González Sende obtén o Blanco Amor cunha novela sobre a enfermidade', *La Opinión*, 'Cultura', 26 xaneiro 2004, p. 45.

Faise eco do fallo premio Blanco Amor 2003 que foi a parar a mans de Sechu Sende pola novela *Orixe*. Recolle as palabras de ledicia do autor que conta a temática da súa obra, centrada na enfermidade do protagonista, pero tamén da enfermidade da sociedade actual.

- MARÉ, 'Coñecer é vencer', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 xaneiro 2004, p. 45.

Anuncia o nome do gañador do Premio "Blanco Amor" 2003 convocado este ano polo concello de Vilagarcía. *Orixe* é o título que Sechu Sende (Padrón, 1972) elexiu para a súa proposta; unha obra que bebe do espíritu de liberdade e activismo cultural do seu autor. Sechu Sende explica el mesmo a temática da novela, estruturada en dous planos, un persoal e outro social. Recolle nunha ventá a súa traxectoria como activista en Burla Negra e Nunca Máis.

- Xesús Fraga, 'Vexo a novela como un compromiso co ser humano', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 27 xaneiro 2004, p. 38.

Conversa con Sechu Sende, que acaba de recibir o Premio Blanco Amor 2003 por *Orixe*, a historia dun home que combate a morte e a enfermidade a través dos seus ideis de liberdade. Na conversa relata máis en profundade o contido da obra e fala da precaria situación dos escritores galegos.

- Carmen Vidal, 'Sechu Sende', *A Nosa Terra*, nº 1.114, 'Cultura', 29 xaneiro 2004, p. 29.

Entrevista a Sechu Sende sobre os piares sobre os que se alicerza a súa primeira novela. O autor principia indicando que o significado do título o debe descubrir o propio lector a quen, di, ofrece unha "historia sinxela e clara". A seguir, vai analizar os distintos planos argumentais que forman a estrutura narrativa de *Orixe*. Coida que a súa creación é unha obra comprometida, cunha certa carga ideolóxica na que, salienta, á parte da historia sentimental, se pode realizar unha "lectura política e revolucionaria" que "entra dentro da literatura de evasión". Sinala tamén que coa súa ficción se pode ver reflectida calquera nación occidental deste século e alude á propia realidade de Galicia, sinalando na narración certa dose de realismo. Por último, quéixase da situación inestábel da nosa literatura e móstrase preocupado polo idioma.

- M. Méndez, 'O Grove entrega el Premio Blanco Amor a Sechu Sende y da el relevo a Porto do Son', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 4 abril 2004, p. 47.

Informa do acto protocolario de entrega do premio, correspondente á súa XXII edición, ao gañador Sechu Sende. Este acto ademais acolleu o sorteo para designar o concello que se ocupará da organización do mesmo neste ano: Porto do Son. Salienta a presenza dun grupo que organizou unha representación teatral dun dos episodios da novela gañadora.. Remata recollendo os nomes dos presentes no acto.

- L. Varela, 'El ganador del 'Blanco Amor' pide 'liberdade' al recoger su premio', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 4 abril 2004, p. 14.

Faise eco da ruptura de formalismos do acto de entrega onte do Premio "Blanco Amor" a Sechu Sende por *Orixe*, unha obra que, segundo o xurado, destacou pola súa orixinalidade. No discurso de agradecemento tivo lugar a lectura dun manifesto en prol da liberdade por parte de tres dos personaxes da obra que irrumpiron no acto. Recolle as palabras de Freixanes propoñendo a creación dun patronato que garante a pervivencia do premio.

- R.E., 'Freixanes avoga por crear un Patronato para o Blanco Amor', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 4 abril 2004, p. 50.

Informa do acto de recollida da XXII edición do premio Blanco Amor de novela 2003 que recaeu no escritor Sechu Sende por *Orixe*, agora editada por Galaxia. Mais centra a información na preocupación pola continuidade do premio organizado polos concellos de Galicia, xa que corre "perigo de extinción". O alcalde do Grove pide maior colaboración de todos os concellos e o escritor Víctor Freixanes propuxo a "constitución dun patronato plural" para garantir esta continuidade. Finalmente anunicia que a próxima edición terá lugar no concello de Porto do Son.

- Jaureguizar, 'Turismo de catequese', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 11 abril 2004, p. 90.

Dá conta, brevemente, do acto de entrega do premio Blanco Amor 2003 a Sechu Sende por *Orixes*, salientando, por un lado, o enxeño da novela e, por outro, a intervención de Sechu Sende e a presenza no acto dun grupo de amigos do autor que repartían folletos con lemas como "resistencia, dignidade, xustiza".

- S.F.R., 'La Feria del Libro cierra sus puertas con la ventana de más de quince mil ejemplares', *El Correo Gallego*, 'Santiago/Ocio', 9 maio 2004, p. 32.

Anuncia a clausura da XXIII Feira do Libro de Santiago, salientando un óptimo balance. Así mesmo, refírese a algúns aspectos deste evento cultural, como a sinatura de libros por parte de importantes autores, entre os que está Sechu Sende, de quen pon de relevo que o seu libro *Orixe* foi un dos éxitos da feira.

Vaamonde, Pablo, *O mes de abril*, A Coruña: Espiral Maior, xullo 2004, 99 pp. (ISBN: 84-88137-55-9).

Este libro supón a segunda novela de Pablo Vaamonde (A Baña, A Coruña, 1956), autor tamén d'*O fillo do emigrante* (2002) e dúas pezas de teatro, *A Taberna* (1976) e *Agardando polo tren* (1977). A obra componse de trinta e tres estampas evocativas que alicerzan no rememorativo persoal e familiar como principal ámbito temático. A narración xira ao redor do personaxe de Anselmo, quen recorda dende o seu presente de xubilado coruñés os días da súa mocidade e da súa infancia na aldea, ademais das historias da súa familia e dos seus coñecidos. O argumento da novela é presentado mediante a voz en primeira persoa do protagonista, complementada pola incorporación dalgunhas pasaxes narradas por Felisa, muller que limpa a casa de Anselmo e que ofrece tanto o relato das súas propias traxedias como un punto de vista diferente sobre a vida do personaxe principal. O estilo do libro aparece como unha escritura directa na que priman a sobriedade e a claridade, ofrecendo como recurso máis visíbel e constante a utilización do monólogo interior. Finalmente, a obra contén un prólogo a cargo de Víctor F. Freixanes no cal se comentan os rasgos máis importantes da novela, definíndoa como" un texto cheo de autenticidade que, mesmo cos seus defectos, debemos considerar tamén coma un ensaio, as primeiras andainas dun escritor".

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Pulcritude e sobriedade', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 97, 'Libros', 28 outubro 2004, p. IV.

Repasa a traxectoria literaria do escritor e analiza os aspectos máis destacados da obra. Subliña o estilo sobrio do texto, conectándoo coa tradición baseada nas historias de peripecias familiares, nas espacializacións labregas e nos sucesos de intensa vivencia adolescente.

- Xulio Valcárcel, 'O mes de abril', *El Ideal Gallego*, *'La Galería'*, nº 334, 'Páxina literaria', 31 outubro 2004, p. 4.

Cualifica a novela como unha obra ben escrita e ben resolta que ofrece ao lector unha fácil lectura e que move á reflexión sobre a soidade na sociedade actual. Considera que o texto, sen chegar a ter ningunha vocación didáctica ou sociolóxica, achégase a un sector social amplo e a dous temas tabú, o desemprego e a vellez, dando lugar a unha crítica a valores predominantes como o éxito e a produtividade.

- Francisco Martínez Bouzas, 'No mes de abril, momento da rememoración dunha vida', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Narrativa', 28 novembro 2004, p. 3.

Resume o argumento da novela, descrita como "a crónica íntima dunha vida calquera" e unha reflexión sobre os sentimentos e o sentido da existencia. Chama a atención sobre a utilización na obra do monólogo interior, "o instrumento narrativo máis axeitado para as vivencias do tedio".

- M. Rodríguez, 'A fiestra dun abril triste', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 90, 11 decembro 2004, p. 9.

Comenta a estrutura e o argumento da novela, incidindo en que a través dos seus monólogos o protagonista traslada ao lector pensamentos que poden estar na cabeza de calquera, dende as preguntas sobre o sentido da vida até a perda da infancia en aldeas que esmorecen pasando pola felicidade agachada no cotián.

Referencias varias:

- José Xavier Bom, 'O protagonista é antiheroico e penso que o trato con cariño', *La Voz de Galicia*, 'En dos minutos', 1 setembro 2004, p. L4.

Entrevista na que o escritor explica algúns aspectos da súa escritura e dá conta dos seus referentes literarios. En canto á situación do galego, opina que esta é unha situación crítica

debido a que a vida habitual das novas xeracións xa non ten como referente este idioma.

- V. Oliveira, 'Hai que buscar a luz no azar da vida', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 setembro 2004, p. 44.

Anuncia o acto de presentación da novela na aula magna do Colexio de Médicos da Coruña. Ademais, inclúe un breve resumo da obra e recolle diversas declaracións do escritor.

- P.G., 'A miña profesión está presente na novela de forma tanxencial', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 22 setembro 2004, p. 15.

Nesta entrevista, o escritor reflexiona sobre as diferenzas da súa novela respecto dos seus textos anteriores e sobre as relacións entre a súa profesión de médico e a súa escritura. O autor sinala tamén que está preparando unha serie de relatos breves.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 93, 30 setembro 2004, p. VII.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras: *A xursidicción do Morrazo nos séculos XVII e XVIII*, de Hilario M. Rodríguez Ferreiro; *O mes de abril* (2004), de Pablo Vaamonde; *As murallas de Bérxida* (2004), de Fernando Cerezales; e *Dende Gres* (2004), de Xosé Neira Vilas. Explica que o protagonista de *O mes de abril* é Anselmo, un traballador de banca, e que a novela se estrutura en trinta e unha estampas nas que o lector coñece, pouco a pouco, a vida do protagonista, que se caracteriza como lineal, anodina e rutineira.

- M.M.O., 'Vaamonde presenta su última novela corta', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 17 novembro 2004, p. 38.

Informa da presentación da novela na casa da cultura de Negreira, municipio onde residen os pais do escritor.

Veiga, Manuel, *O exiliado e a primavera*, Premio Xerais de Novela 2004, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, setembro 2004, col. Narrativa, 141 pp. (ISBN: 84-9782-202-1).

Alexandre Marrube, un galeguista exiliado en México, volve á súa cidade natal (M), despois de corenta anos, para asistir ao funeral da súa nai. En Galicia vai estar tres meses, que é o tempo que lle dura o permiso. No seu regreso atopa un sociedade despolitizada que esqueceu a guerra civil, pero o que máis inquieta ao exiliado é que non se fale da guerra, que non se mire ao pasado. No pensamento de Marrube vese esa crítica a esas persoas que

pensan que o franquismo trouxo a modernidade (medias, os programas de radio, ou cómics) e que esqueceron as consecuencias da guerra, a pesar de que en Galicia non houbo fronte.

Recensións:

- Rodri García, 'Un emigrante atrapado no tempo', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 83, 23 outubro 2004, p. 9.

Fálase da novela de Manuel Veiga, *O exiliado e a primavera*. Primeiro céntrase no personaxe, Alexandre Marrube, logo no tempo e espazo no que se ambienta a historia. Finalmente fala sobre algunha cousas que na novela o exiliado vai vendo trala súa volta como os programas de radio ou os cómics.

- Francisco Martínez Bouzas, 'O exiliado e a primavera': crónica dun desencanto', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 24 outubro 2004, p. 3.

Coméntase o argumento do libro de Manuel Veiga, *O exiliado e a primavera,* gañador do Premio Xerais 2004, no que un exiliado, Alexandre Marrube, volve á súa cidade natal despois de corenta anos para asistir ao funeral de súa nai e atópase coa xente despolitizada do tardofranquismo.

- Manuel Rosales, 'A memoria do exilio', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 102, 'Libros', 2 decembro 2004, p. V.

Fálase da obra de Manuel Veiga *O exiliado e a primavera*. Menciónase que recibiu o Premio Xerais 2004. Finalmente, dise que o libro é "unha reivindicación da memoria republicana".

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Manuel Veiga gaña o Xerais cunha novela sobre o retorno do exilio', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 xuño 2004, p. 57.

Sinala que Manuel Veiga é o gañador do premio Xerais. Fala do argumento e relaciónao c'*O brindo de ouro*, gañador do Merlín. Para rematar, menciona quen son os gañadores do premio no labor editorial.

- César Lorenzo Gil, 'Manuel Veiga gaña o Xerais cunha lembranza aos exiliados', *A Nosa Terra*, nº 1.133, 'Cultura', 17 xuño 2004, p. 24.

Primeiro fala da entrega do premio Xerais de novela. Este ano o gañador foi Manuel Veiga c'*O exiliado e a primavera*. Logo menciona o importante labor dos críticos para este premio, xa que fan visíbeis os libros na sociedade.

- C.L., 'O desencanto de Alexandre Marrube', *A Nosa Terra*, nº 1.133, 'Cultura', 17 xuño 2004, p. 24.

Relata o argumento da película *El desencanto* para logo relacionalo c'*O exiliado e a primavera*, que mostra o desencanto dos exiliados incapaces de comprender a Galiza do tardofranquismo.

- Marta Rodríguez, 'O libro galego está agochado tras dun pano que é o castelán', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Entrevista', 27 xuño 2004, p. 2.

Primeiro di que con *O exiliado e a primavera* Manuel Veiga gañou o premio Xerais. A continuación mostra unha entrevista feita ao autor sobre cuestións da obra e outras máis xerais. Na entrevista di como abordou o tema do exilio e o regreso, cánto tempo lle levou escribir a novela ou qué significou gañar o premio Xerais.

- Fernando Franco, 'Mira Vigo', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 17 outubro 2004, p. 12.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, dáse conta da recente publicación da obra *O exiliado e a primavera* de Manuel Veiga, gañadora do Premio Xerais de Novela.

- Jaureguizar, 'Manuel Veiga. 'Moitos dos republicanos que negaron selo acabaron créndoo', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 25 outubro 2004, p. 73.

Primeiro menciónase que Manuel Veiga gañou o Premio Xerais con *O exiliado e a primavera.* Logo móstrase unha entrevista feita ao autor onde se lle pregunta por cuestións relacionadas coa novela, aspectos relacionados con Alexandre Marrube, por que non identifica a vila, ou as diferentes actitudes dos personaxes. Finalmente o autor deixa claro que a novela é "unha reflexión sobre os anos 60 e 70, sobre os que non hai acordo sobre si foron unha época positiva ou non, cando todos recoñecen que os 40 e 50 foron anos de miseria".

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 98, 4 novembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras; *O exiliado e a primavera* (2004), de Manuel Veiga; *O brindo de ouro* (2004), de Xesús Manuel Marcos; *A cousa vermella* (2004), de Olga Novo; e *A pequena árbore* (2004), de Ánxeles Ferrer. Sobre a obra de Veiga, dise que foi gañadora do Premio Xerais 2004 e que toca varios temas relacionados coa memoria da Guerra Civil.

- Elena Castelao, 'Sargadelos' acoge en Monforte varios actos culturales', *El Progreso*, 'A la última', 17 novembro 2004, p. 96.

Menciónase a exposición de fotografías de María Luisa Vázquez Pedrera na galería *Sargadelos* de Monforte e anúnciase a presentación do libro de Manuel Veiga, *O exiliado e a primavera*, Premio Xerais 2004.

- Natalia Álvarez, 'Manuel Veiga. 'A literatura galega non se entendería sen a obra dos exiliados', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 100, 'Entrevista', 18 novembro 2004, p. III.

Primeiro menciónase que Manuel Veiga gañou o Premio Xerais 2004 con *O exiliado e a primavera*. Logo móstrase unha entrevista con Manuel Veiga na que se comentan algúns datos relacionados coa novela. Esta entrevista tamén foi publicada no suplemento *Saberes* do xornal *La Opinión*, o día 27 de novembro, baixo o título "Manuel Veiga: En Galicia o franquismo non foi criticado nin analizado".

- Francisco Albo, 'Manuel Veiga presentou en Monforte a novela 'O exiliado e a primavera', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 novembro 2004, p. 47.

Coméntase a presentación d'*O exiliado e a primavera*, de Manuel Veiga, que gañou o Premio Xerais 2004. No acto saliéntase que a principal novidade da obra é "recrear o retorno dos exiliados republicanos e galeguistas a un país moi diferente do que se viron obrigados a abandonar no seu día pola situación política". Logo coméntase que o protagonista da novela, Alexandre Marrube, non está inspirado en ningún personaxe histórico e por que se ambienta no ano 1974. Finalmente recolle a afirmación do autor de que o libro é "unha tentativa de recuperar a memoria dunha época difícil que foi esquecida a raíz do pacto de silencio da transición".

- Natalia Álvarez, 'Manuel Veiga. 'En Galicia o franquismo non foi criticado nin analizado', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 80, 'Entrevista', 27 novembro 2004, p. 5.

Primero menciónase que Manuel Veiga gañou o Premio Xerais 2004 con O *exiliado e a primavera*. Logo móstrase unha entrevista con Manuel Veiga na que se comentan algúns datos relacionados coa novela. . Esta entrevista tamén foi publicada no suplemento *Faro da Cultura* do xornal *Faro de Vigo*, o día 18 de novembro, baixo o título "Manuel Veiga: A literatura galega non se entendería sen a obra dos exiliados".

Viaño, Maximino, *Os muíños de Riamontes. Contos da miña aldea*, Limiar de Pilar Candocia Pita, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Alternativas, 176 pp. (ISBN: 84-9782-170-X).

Maximino Viaño recolle a historia do seu concello, Ames. Nela fala dos muíños, o pozo de

Riamontes, o xugo da auga; de personaxes reais que existiron como o coxo de Gomes ou Henrique das cabras; pero tamén denuncia os abusos que se cometeron contra a agricultura galega nas últimas décadas. Quere que a xente lembre e coñeza como era a vida do seu pobo, incluso os contos da época que viviu, de aí que se inclúan contos, xogos, lembranzas do pobo, etc.

Referencias varias:

- José Martínez Couselo, 'La leche de los competitivos', *El Correo Gallego*, 'Con acento gallego', 13 xuño 2004, p. 2.

Fálase de que o libro de Maximino Viaño, ademais de contar a memoria histórica de Ames, tamén é unha denuncia dos abusos que se cometeron contra a agricultura galega nas últimas décadas.

- José Martínez Couselo, 'Un libro de Viaño con la raíz del atraso', *El Correo Gallego*, 'Con acento gallego', 14 xuño 2004, p. 2.

Apúntase que Maximino Viaño, no seu libro *Os muíños de Riamontes. Contos da miña aldea,* trata o tema do minifundismo e as consecuencias do seu fin a través do personaxe de Manuel da Revolta.

- M. Quintáns S., 'A historia das terras de Ames', *El Correo Gallego*, 'Contos', 4 xullo 2004, p. 4.

Sinálase queMaximino Viaño recolle a intrahistoria do seu concello, Ames, no seu libro *Os muíños de Riamontes. Contos da miña aldea.* Apúntase que nel fala dos muíños, o pozo de Riamontes, o xugo da auga, etc. Engádese que grazas ao libro consegue que a xente lembre e coñeza como era a vida do seu pobo, incluso os contos da época que Viaño viviu.

- Ana Iglesias, 'Arranca el Festival Keltoi para acercar la cultura celta', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 13 xullo 2004, p. 32.

Infórmase da presentación do libro *Os muíños de Riamontes* de Maximino Viaño, no Centro Comercial de Compostela, onde o autor estará acompañado de Manuel Bragado.

- Míriam F. Louzao, 'Escribo estes libros para que a xente nova saiba como era Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 14 xullo 2004, p. L9.

Móstrase unha entrevista a Maximino Viaño na que este declara que escribe para "deixarlle á xente nova as historias de como foi o noso pobo". Engade que quere que os veciños de Ames saiban como foi o pobo no último século, de aí que o libro sexa un recompilación da historia do concello.

Vidal, Francisco Antonio, *Os chanzos da escada*, Noia: Toxosoutos, decembro 2004, col. Nume, 249 pp. (ISBN: 84-96259-39-0).

Esta obra de Francisco Antonio Vidal é unha emotiva novela que percorre a traxectoria vital dunha familia a través dun século. A historia remóntase a finais do século XIX, cando a fame obrigou a Mingos a emigrar a América. Xunto á emigración, eríxense como protagonistas outros temas que marcaron a familia de Mingos e, por extensión, a unha parte importante da sociedade galega da ampla época narrada; así, faise fincapé nos duros tempos da guerra e da posguerra ou, xa máis recentemente, no constante e progresivo abandono do medio rural en favor da vida nas cidades. Ao lado destes temas de marcado carácter social, sitúanse outros contidos de ton máis intimista, e de feito o autor non escatima detalles á hora de relatar as emocións e os sentimentos dos múltiples personaxes que poboan a novela. Francisco Antonio Vidal, cunha linguaxe clara e afectiva, constrúe *Os chanzos da escada* como unha novela coral de marcados trazos sociais na que se dá conta da realidade social e histórica pola que atravesa a familia protagonista.

VV. AA., *Voces da casa*, Fene: Concello de Fene ♦, 2004, (10) pp. (DL: C-1276/04).

Volume editado en formato revista no que se recollen os textos, de narrativa e poesía, creados polos participantes do obradoiro literario, celebrado no Concello de Fene en xuño de 2004. Os autores de relatos en lingua galega acollidos neste traballo son Sebastián Martínez Balado, Duarte Romero, Maruxa e Matilde Castro García.

Referencias varias:

- N.V., 'A arte da escrita', *Diario de Ferrol*, 28 maio 2004, p. 72.

Dá noticia do III obradoiro literario de Fene a unha semana do seu remate, organizado por Eduardo Estéves e Rosa Aneiros. Descríbese o funcionamento do obradoiro e dáse noticia do caderno que recolle os traballos dos alumnos do ano anterior: *Sempre mar*; e o próximo *Casa de palabras*. Nesta edición destacan a participación de Quico Cadaval, Lino Braxe e Rosa Méndez. Resalta Eduardo Estévez que o traballo dos alumnos vai mellorando ano a ano.

VV. AA., *Cordura ou Martelos e catro contos máis*, Ourense: Agrupación de Libreiros □, decembro 2004, Casa da Xuventude, 2004, 92 pp. (ISBN: 84-453-3944-3).

Este volume está composto por un limiar, no que a organización mostra a súa gratitude polos resultados do XXI Concurso "Ourense" de Contos para a Mocidade 2004. Logo atopamos cinco contos, todos participantes no dito premio. O primeiro deles, titulado

"Cordura ou Martelos", foi o gañador, e os outros catro recibiron os accésits. No final aparecen unha ficha técnica sobre o concurso, unha relación con todos os participantes desta XXI edición, e o cadro de honra que contén todos os gañadores do dito premio dende o ano 1984, ano no que tivo lugar a súa primeira convocatoria. A continuación resúmense cada un dos relatos do presente volume.

- Iván García Campos, "Cordura ou martelos", pp.11-28.

Ante a sucesión de varios accidentes sucedidos no elevador da vecindade dun edificio, os habitantes deciden amañar a máquina con *cordura*, é dicir, de forma pacífica e cautelosa. Quilovatio, que foi a persoa á que lle pagaron para que o amañase, díxolles que a situación só se amañaría se lle desen ao aparello cariño e que tiñan que tratalo ben porque ese era o motivo do que ocorrera. Despois da morte do narrador, vítima tamén da máquina asasina, o caos apoderouse do edificio. Así, cando o electricista da Xunta, Vicente Malvar, chega alí, nun día de treboada, para amañar o trebello, o que atopa é un edificio no que as persoas indignadas coas máquinas, que destruían todo o que tivese que ver con elas, e que non querían que o elevador se amañase.

- Beatriz Lorenzo López, "Ollos brancos", pp. 29-40.

É unha historia misteriosa na que unha moza chamada Fedra que vivía nunha vila mariñeira que acababa de sufrir unha guerra. Ela tiña unha irmá xemelga e namoraba co Garamel, un mozo moi estraño que nacera cos ollos brancos e que a nai abandonara nunha casopa da praia. Un día o pai de Fedra amañoulle o casamento cun home ao que ela non quería. O día do enlace atoparon ao Demo dos Ollos Brancos agatuñando polas penedías. Pensaron que quería roubar e chantáronlle un tizón nos ollos. A partir de aí a vila perdeu as cores. Dicían que Fedra non era pura.

- Miguel Ángel Rodríguez Fervenza, "Os non-domingos", pp. 41-48.

Relátanos o estilo de vida rutinario de Elvira, unha viúva moi católica e moi respectuosa co seu defunto. Para ela había nada máis que dous días na semana, diferenciados pola hora dos actos litúrxicos. De luns a venres un, por seren estes actos polas tardes, e sábado e domingo outro, por ser polo mediodía. Era moi boa persoa e soñaba que o seu enterro sería o máis bonito que nunca vira e ao que iría moita xente. Porén, cando morreu non foi nada como ela tiña matinado.

- Ana García Diéguez, "O derradeiro trato das Moiras", pp. 49-76.

Cóntasenos a viaxe en tren dunha moza á que lle acababa de morrer o amor da súa vida. Nela atópase con tres mulleres e en tres sitios distintos, na estación mentras agardaba ao tren, no propio tren e nunha estación na que se avariou a máquina. Cada unha cóntalle unha da vidas vividas pola mesma parella protagonista, aínda que en épocas e lugares moi distintos. Todas tiñan un final tráxico. Ao final sabemos que estas tres mulleres, que cumpren un papel de tratantes nos tres relatos contados, son as Parcas (ou Moiras, as tecedoras da Historia) e que ela, a protagonista, é tamén, xunto co seu mozo que acaba de morrer, a personaxe principal das outras tres historias, das outras vidas, que esta que vive é

a cuarta, e que viñeran onda ela porque chegara a hora do trato.

- Brais González Pérez, "Na congostra", pp. 77-85.

Relato que nos conta a historia dun fascista que veu loitar a España na Guerra Civil. Infórmasenos do seu pasado e despois da súa morte nas trincheiras ao carón dun rapaz que o tiña como mestre. Os motivos polos que loitaba eran tres: os seus ideais, a súa muller e o seu suposto fillo.

VV. AA., *Os imposibles no xardín*, XXXI Premios Literarios Minerva 2003, limiar de Xosé María Paz Gago, Santiago de Compostela: Colexio Peleteiro/Revista Vamos □, 2004, 102 pp. (ISBN: 84-607-9956-5).

Como cada ano publícase este volume recompilatorio dos traballos galardoados nos Premios "Minerva", que convoca o Colexio Peleteiro dende hai máis de trinta anos. Nesta edición actuou como mantedor do acto Xosé María Paz Gago, de quen se reproduce o discurso como limiar da obra. Nel lembra a súa vinculación con esta institución educativa e a súa propia participación en diferentes eventos de carácter literario durante a súa época de estudante. Tamén se refire aos gañadores, exhortándoos a que continúen cultivando a literatura e se convirtan no futuro en referentes no sistema literario galego. A seguir, recóllense os traballos da modalidade de "Narración", reprodúcese o relato de Diego Jesús García Campos (Bos Aires) "Trinta anos sen Ducados" (Primeiro Premio de Narración), no que se achega con gran realismo á temática dos malos tratos. Ten como protagonista a un home con problemas de alcoholismo que lle infrinxe de maneira habitual malos tratos á súa dona, até que acaba coa súa vida. De Inma García Fernández (Curtis) reprodúcese "Benquerida Beatriz" (Segundo Premio de Narración), no que de modo epistolar o protagonista lle confesa á súa parella que non vai regresar ao seu lado. Péchase o volume co traballo de Lidia López Teijeiro (Paradela-Lugo, 1986) titulado "A revolta dos creados" (Terceiro Premio de Narración), no que se narra cómo os personaxes dunha novela desvelan na presentación da obra que o seu famoso autor non é en realidade o artífice do texto.

Recensións:

- María Navarro, 'Xoves creadores', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Xuvenil/Cómic', 8 abril 2004, p. VII.

Dá conta dos textos gañadores da trixésimo primeira edición dos "Premios Literarios Minerva", que se celebran como cada ano no Colexio M. Peleteiro. E saen todos estes textos en formato de libro baixo o título *Os imposibles no xardín*. Informásenos tamén por quen estaba formado o xurado, cantos eran os premios e cales eran os temas que trataban os distintos textos.

- M. Quintáns S., 'Só andando se fai camiño: XXXI premios literarios Minerva', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Galardóns', 5 decembro 2004, p. 4.

Presenta o volume *Os imposibles no xardín*, no que se recompilan os traballos gañadores dos Premios "Minerva", para o que comeza cunha reflexión sobre a importancia da educación na sociedade e especialmente do seu papel na incorporación da mocidade nun mundo cada día máis complexo e tecnificado. A seguir lembra que esta iniciativa do Colexio Peleteiro se vén celebrando dende hai máis de trinta anos e que é un estímulo para o estudantado que valora a expresión escrita e a capacidade da palabra como medio para provocar emocións e mover a vontade humana. Define a creación destes mozos como "berros de comprensión no noso mundo de xordos, agres ou ledas críticas a todo andar desnortado" e alude ás palabras do prólogo asinado por José María Paz Gago, nas que loa aos mozos e mozas gañadores deste certame. Remata repasando os nomes dalgúns destes galardoados.

VV. AA., *Premio 2004 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia □♦, 2004, Universidade de Vigo, 2004, 183 pp. (ISBN: 84-9782-240-4).

Ábrese este volume cun "Limiar" no que se anuncia que se recollen os traballos galardoados na oitava convocatoria do "Premio de relato, poesía e tradución" que convoca a Universidade de Vigo desde 1997 para conmemorar o Día das Letras Galegas, o que o converte nun dos premios de maior lonxevidade no ámbito universitario de Galicia. Saliéntase así mesmo que a gran calidade literaria dos textos presentados distinguen este certame como unha porta de acceso cara ao mercado editorial destes novos valores da creación literaria. Cítanse as persoas que formaron parte do xurado (Xavier Martínez Cobas, Manuel Bragado, Xosé Sánchez Puga, Xosé Henrique Costas González, Lourdes Lorenzo, Marta Dalhgren, Carlos Bernárdez, Hermes Salceda, Anxo M. Lorenzo Suárez) e achéganse algúns datos referidos a Xoaquín Lorenzo "Xocas", homenaxeado co Día das Letras Galegas 2004. A seguir inclúense os textos premiados, divididos en tres apartados, "Relato curto", "Poesía" e "Tradución". Os textos narrativos son os seguintes:

-Daniel González Vázquez, "Globalización v.s. Castaña Loureiro", Premio de Relato Curto, pp. 10-18.

A través dun relato en terceira persoa cóntase o que lle aconteceu ao señor Loureiro o día que acudiu á empresa Traugasa para solicitar unha demora no pagamento da súa débeda. A súas enormes ganas de fumar fan que remate por asasinar un conserxe da empresa tras lle prohibir acender un pito.

-Diego Alfonsín Rivero, "Unha flor", 1º Accésit de Relato Curto, pp. 19-31.

En "Unha flor" relátase a estraña relación que Euloxio chegou a ter coa súa mascota, o porco Amador. Tanto foi o cariño que lle demostrou que acabou por matalo a bicos. No seu lugar apareceu na casa de Euloxio unha fermosa flor que se transformou nunha planta voraz á que tivo que prender lume na noite do San Xoán.

-Ana Rozados Gómez, "O expreso", 2º Accésit de Relato Curto, pp. 33-41.

Áurea, farta do seu traballo nun supermercado e da incomprensión de Manuel, o seu home, decide deixalo todo e coller o expreso de media noite para cumprir os seus soños nunha gran cidade.

-Paula Costa González, "Os corpos invisibles", 3º Accésit de Relato Curto, pp. 43-51.

Kublai, Mauro, Cesáreo e Darío son os catro personaxes deste relato no que se achegan os seus soños e desexos máis íntimos.

- Sabela González Panizo, "TRD", 4º Accésit de Relato Curto, pp. 53-63.

Recóllense, a través da reprodución do diario dun personaxe feminino, sentimentos e emocións que se dirixen a un amante e que teñen relación coa paisaxe que a muller observa mentres viaxa no tren.

X.A.P. (coord.), *Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela ♦, 2004, 152 pp. (ISBN: 84-89597-46-4).

Volume editado polo Concello de Santiago de Compostela para regalar aos seus visitantes e que recolle semblanzas que diferentes autores, en galego ou castelán, fixeron da cidade compostelá. Os textos de narrativa galega recollidos no volume pertencen a Antonio López Ferreiro, Antón Vilar Ponte, Vicente Risco, Xesús Carro García, Ramón Otero Pedrayo, Ánxel Sevillano, Xosé Filgueira Valverde, José María Castroviejo, Francisco Fernández del Riego, Raimundo García Domínguez "Borobó", Isaac Díaz Pardo, Alberto Schommer, Xosé Fernández Ferreiro, Anselmo de Andrade, Aldo Rossi, Álvaro Siza Vieira, Xosé Luís Franco Grande, Paco Martín, Helena Villar Janeiro, Carlos Casares, Marina Mayoral, Anxo Tarrío, Teresa García-Sabell Tormo, Alfredo Conde, Marilar Aleixandre, Carlos G. Reigosa, Xavier Alcalá, Vicente Araguas, Víctor Freixanes, Darío Villanueva, Bieito Iglesias, Anxo Adolfo Rei Ballesteros, Xosé A. Perozo, Margarita Ledo Andión, Darío Xohán Cabana, Suso de Toro Santos, Ramiro Fonte, Luís Rei Núñez, Antón Reixa e Miguel-Anxo Murado.

I.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES

Casares, Carlos, *O sol do verán*, Vigo: Galaxia, 2004, Fundación Caixa Galicia, 2004, col. Biblioteca Carlos Casares, nº 3, 242 pp. (ISBN: 84-8288-686-X) (ISBN: 84-95491-93-1).

Reedición da novela póstuma de Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002), que foi publicada por primeira vez en 2002 e que agora aparece na nova colección 'Biblioteca Carlos Casares'. Trátase dunha novela tecida pola voz narrativa en primeira persoa de

Helena, que, tralo suicidio de Carlos, desata as súas lembranzas sobre dous polos temporais: o das conversas previas á morte inesperada do mozo, o seu enterro e lectura dunhas cartas que desvelan certos enigmas amorosos, e o dos recordos ligados a Beiro, con algúns desprazamentos ao espazo urbano concretizados en cidades como Santiago ou Madrid. Así, ao longo de nove capítulos e mediante o exercicio de rememoración de Helena, coñecemos o transcurso vital desta parella de mozos, que viviron felices veráns da súa nenez e mocidade no *locus amoenus* representado por Beiro cos seus xogos, aventuras, primeiros amores e restantes membros da familia, que están solidamente construídos a partir das palabras da narradora, caso da súa nai, o pai de Carlos ou a Tía Mercedes. Pese a que as alusións a determinados feitos nos axuden a situarnos entre 1950 e os anos finais da década dos 60, o verdadeiro conflito desta novela de tráxicos amores líbrase no interior dos personaxes, que van coñecer unha verdade cun gran poder de destrución, pois provoca tanto a morte de Carlos coma a do tempo da inocencia e da ilusión. Deste modo, o sol tan prezado da época estival, leitmotiv da novela, vai ferir e molestar a Helena no verán da morte do seu sempre amado Carlos.

Casares, Carlos, *Os mortos daquel verán*, Vigo: Galaxia, 25 febreiro 2004, Vigo: Fundación Caixa Galicia, 25 febreiro 2004, col. Biblioteca Carlos Casares, nº 2, 138 pp. (ISBN: 84-8288-685-1) (ISBN: 84-95491-95-8).

Novela de Carlos Casares (Ourense, 1941- Vigo, 2002) coa que foi candidato ao Premio Nacional de Narrativa en 1988 e que nesta ocasión constitúe o segundo volume da Biblioteca Carlos Casares. Ábrese, como a maior parte dos volumes da colección na que se insire, cunha fotografía do autor, da autoría, neste caso, de Manuel G. Vicente. A seguir, reprodúcese a historia, ambientada a comezos da Guerra Civil Española, contada no rexistro da linguaxe forense a base das actas que un funcionario de policía do réxime vai levantando sobre as declaracións dunha serie de persoas que deben testificar sobre a morte do boticario Ernesto Vilariño Dacal. Mentres que na versión oficial do goberno recentemente instalado á forza consta como morte accidental (intentan convencer -ou non- de que a desfeita que ten na cara foi debida a unha caída dun cabalo e non dos disparos que recibiu), as diferentes testemuñas que van aparecendo ao longo do relato amosan a súa predisposición a preferir unha versión máis achegada á realidade que ten que ver cos tristemente famosos paseos que a tanta xente levaron por diante. Os intereses do empresario cacique do lugar, ao cal os informes das análises do boticario non lle eran favorábeis para a súa empresa e que estaban revolucionado o movemento sindical, estarían detrás da verdade sobre o acontecido. A ilustración da capa correspóndese coa pintura "A nai do artista durmida" da autoría do pintor Egon Schiele.

Casares, Carlos, *Cambio en tres*, Vigo: Galaxia, febreiro 2004, col. Literaria, Biblioteca Carlos Casares, nº 1, 107 pp. (ISBN: 84-8288-670-3).

Primeira reedición de *Cambio en tres*, que ten na portada unha imaxe do pintor expresionista austríaco Egon Schiele. Publicouse orixinariamente en 1969 na colección "Illa Nova". A presente publicación engade as correccións que Carlos Casares lle realizara pouco antes de finar. A obra conta a historia de Lisardo, que retorna de Francia, a onde

emigrara, para asistir ao velorio do Cachorro, o seu amigo da infancia. Pódense apreciar tres puntos de vista distintos: as lembranzas da nenez e da mocidade que Lisardo compartiu co seu amigo, (narradas polo primeiro), a volta o punto de partida (París e Reims) e as pasaxes nas que topamos un monólogo interior onde se efectúa unha viaxe metafísica. Tipograficamente, sobre todo nas páxinas 67 a 70 da presente edición, chama a atención o uso de caligramas, onde se aprecian influencias dos poemas discursivos. Finalmente hai que destacar que nalgunhas partes obsérvase certo hermetismo na linguaxe.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'Empecemos polo principio', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 18 xullo 2004, p. 21.

Fala de *Cambio en tres*, publicado na colección da Biblioteca Carlos Casares, da Editorial Galaxia que trata o tema da emigración. Afirma que as disposicións tipográficas herdadas da poesía e os excesos de hermetismo nalgunhas partes son os dous pequenos defectos que ve na obra. Indica tamén que as páxinas que van dende a 67 á 70 están moi relacionadas co poema discursivo.

- Ramón Nicolás, 'Cambio en tres', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 91, 'Libros', 16 setembro 2004, p. V.

Informa de que a Editorial Galaxia vén de publicar catro reedicións no seo da "Biblioteca Carlos Casares", unha das cales é da primeira novela do autor, *Cambio en tres*. Destaca o feito de que non fora nunca reeditada debido á negativa do autor e salienta como virtudes da obra o uso do monólogo interior por parte dun dos personaxes principais, que ao mesmo tempo é o narrador, onde confronta o seu presente co seu pasado. Tamén chama a atención sobre a inclusión de caligramas e de diversos xogos gráficos de carácter visual e espacial que fai Casares.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'Biblioteca Casares', *La Región*, 'Sociedad', 30 abril 2004, p. 61.

Dá conta da publicación de *Cambio en tres* dentro da "Biblioteca Carlos Casares", onde tamén se publicaron *Os mortos daquel verán*, *O sol do verán* e *Conciencia de Galicia*. Indica que *Cambio en tres* orixinariamente publicárase na colección "Illa Nova" en 1969 e que trata o tema dun emigrante galego retornado. Defínea como unha novela experimental que se pode enmarcarse dentro da Nova Narrativa e das vangardas. O mesmo artigo publicouse o 10 de maio en *Galicia Hoxe*, p. 56.

- Marcos Valcárcel, 'Biblioteca Carlos Casares', *Galicia Hoxe*, 10 maio 2004, p. 56.

Dá conta da publicación de *Cambio en tres* dentro da "Biblioteca Carlos Casares", onde

tamén se publicaron *Os mortos daquel verán*, *O sol do verán* e *Conciencia de Galicia*. Anuncia a presentación ao público desa colección na Fundación Carlos Casares. Indica a seguir que *Cambio en tres* orixinariamente publicárase na colección Illa Nova en 1969 e que trata o tema dun emigrante galego retornado. Defínea como unha novela experimental que pode enmarcarse dentro da Nova Narrativa e das vangardas. Foi publicado o 30 de abril en *La Región*, p. 61.

- Maré, 'O patrimonio propio', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 maio 2004, p. 50.

Comeza indicando que a editorial Galaxia acaba de inaugurar a "Biblioteca Carlos Casares" publicando catro obras do escritor. Realiza unha descrición da nova colección e indica que na nova edición de *Cambio en tres* recupérase o texto orixinal e engádenselle as correccións que realizou o propio autor pouco antes de finar.

- Maite Gimeno, 'Galaxia edita la biblioteca de Carlos Casares', *El Correo Gallego*, 'Galicia/Vigo', 11 maio 2004, p. 22.

Dá conta da presentación da colección "Biblioteca Carlos Casares" da Editorial Galaxia, que se abre ca publicación de catro obras do escritor, entre elas *Cambio en tres*. Infórmase de que todas as obras publicadas e que se publicarán nesta colección irán acompañadas por ilustracións do pintor austríaco Egon Schiele.

- B.R. Sotelino, 'Casares resucita nas librerías coa colección que recupera a súa obra', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 maio 2004, p. 46.

Informa da presentación en sociedade das obras completas de Carlos Casares, que se inaugurou con *Cambio en tres*, *Os mortos daquel verán*, *O sol do verán* e *Conciencia de Galicia*. Destaca que unha das marcas de identidade desta nova colección é que todas as obras están ilustradas con creacións do pintor expresionista Egon Schiele.

Cunqueiro, Álvaro, *Merlín e familia*, Vigo: Galaxia, xaneiro 2004, col. Literaria, Biblioteca Álvaro Cunqueiro, nº 1, 141 pp. (ISBN: 84-8288-637-1).

Nova reedición da novela fundacional da narrativa de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981), publicada por vez primeira no ano 1955. O paxe Felipe de Amancia, que lembra os tempos nos que traballou para o mago Merlín, achega ao lector a historia dun Merlín xa vello e retirado nas terras de Miranda. Na novela van xurdindo fascinantes historias, xa que pola casa de Merlín pasan numerosos personaxes na procura de consello. Tamén se narran as aventuras do paxe cando vai facer os encargos do mago. A historia vaise desenvolvendo nun contexto de tensión e confusión permanente entre a realidade e a fantasía. Cunqueiro sorprende a través da fusión do mundo mítico co mundo cotiá, ademais dun fino humorismo que conforma o seu universo único.

Recensións:

- Jaureguizar, 'Somos Cunqueiro (malia negarmos)', *El Progreso*, 'Cultura', 14 marzo 2004, p. 83.

Co gallo da reedición da obra de Cunqueiro, *Merlín e familia*, por parte da editorial Galaxia, comeza repasando a situación privilexiada do escritor mindoniense dentro da crítica literaria. Segue co anuncio da edición dentro da mesma biblioteca d'*As crónicas do Sochantre*. Fai mención tamén á publicación da súa *Poesía en galego* (2003), versións de César Antonio Molina e Vicente Aragüas. Remata aludindo á versión teatral que montou Quico Cadaval d'*O ano do cometa*. Asemade, recolle palabras do propio Cadaval definíndose como "parte da seita formada por hermeneutas do señor de Mondoñedo" e queixándose dos detractores da obra deste escritor.

- Ramón Loureiro, 'Tesouro de moi diferentes maxias', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 53, 'Letras en galego', 20 marzo 2004, p. 6.

Dá conta da reedición de *Merlín e familia* que a editorial Galaxia presenta dentro dunha nova colección que leva o nome do autor. Comenza o comentario referíndose a unha entrevista que Carlos Casares lle fixo a Cunqueiro, publicada no número que a revista *Grial* lle dedicou a este escritor. Segundo se nos indica, nela Cunqueiro expón o xerme dunha literatura que borra as barreiras do tempo que se suceden nun lugar moi concreto, Mondoñedo. Despídese convocándonos a unha nova lectura desta obra.

- Vicente Araguas, 'Maxia cotiá', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 12 decembro 2004, p. 20.

Aproximación á nova reedición do libro de Cunqueiro *Merlín e familia* que, segundo se sinala, pon de manifesto a capacidade creadora e imaxinativa dun escritor xenial fronte ao realismo que imperaba no canon literario daquel momento. Aproveita Araguas para facer unha crítica acérrima a aqueles que "ningunearon" ao escritor mindoniense principalmente polo seu bilingüismo. Remata facendo unha defensa do galego empregado no libro e tamén da "maxia" dos elementos empregados na historia.

Fole, Ánxel, *Historias que ninguén cre*, Vigo: Galaxia, 31 agosto 2004, col. Biblioteca Ánxel Fole, nº 1, 127 pp. (ISBN: 84-8288-730-0).

Derradeira obra de Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986) publicada por vez primeira en 1981 e na que o autor lucense reuniu contos dispersos en publicacións varias. O volume, cuxa ilustración da capa se corresponde cun fragmento de "Mulleres en roda", de Carlos Maside, inicia a colección "Biblioteca Ánxel Fole" e inclúe vinte relatos titulados "A vengación", "¡Lobos te coman!", " A pinga de sangue", "A macabra chanza do Grilo", "Os cas da Torre

de Lopo", "¿E decímolo ou non o decimos?", "Unha morte sin rastro", "Pepe Troitiño", "As bebedeiras de Moncho do Grilo", "¡Xantamos a carón dun esquelete!", "Un caso prá Parapsicoloxía", "Tracatrá, tracatrá, tracatrá", "O medo", "Esporretar", "De como o Xocas deu o timo do sobre a dous atracadores", "Un queixo de San Simón", "O galo de Monforte", "Medo e mais medo", "O miragre de Ribadeo" e "A máscara antigás". Neles, fenómenos que hoxe consideramos "paranormais" son tratados polo autor con total naturalidade. Ademais da fantasía, o humor é outro dos trazos salientábeis destes relatos.

Recensións:

- Ramón Loureiro, 'Na relectura dun outro Fole', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 80, 2 outubro 2004, p. 9.

Salienta que a reedición da obra de Fole supón unha nova oportunidade para a relectura dos seus textos e a negación do falso tópico que identifica ao escritor lucense, de maneira exclusiva, co ruralismo, co parapopular e co lingüisticamente dialectal.

- Vicente Araguas, 'Biblioteca Ánxel Fole', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, nº 295, 24 outubro 2004, p. 20.

Dá conta da aparición da colección dedicada á recuperación das obras de Fole, considerado como un autor capaz de saltar cun esforzo mínimo as barreiras do tempo, e achega breves comentarios sobre as dúas obras que abriron esta colección: *Historias que ninguén cre* e *Contos da néboa*.

- Armando Requeixo, 'Tempo de Fole', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 101, 25 novembro 2004, p. 1.

Eloxia a creación por parte da Editorial Galaxia da "Biblioteca Ánxel Fole", iniciada coa reedición dos dous últimos libros do autor lucense, *Contos da néboa* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981). O xornalista reivindica a calidade de ambos textos fronte á discreta consideración crítica que, na súa opinión, tales volumes recibiron en comparación coas obras anteriores do escritor. Así, destaca que estes libros mostran unha contística (semi)urbana practicamente ausente nas primeiras coleccións de relatos do narrador lucense, ao tempo que, no relativo ás características lingüísticas que distinguen a súa escritura, incorporan múltiples dialectalismos da cidade de Lugo e moito acervo lexical herdado ou emprestado da tradición literaria precedente ou coetánea. Finalmente, resalta que ambas as obras presentan nas súas cubertas fragmentos de cadros de Carlos Maside, compañeiro de Fole en diferentes empresas culturais como *Yunque* ou *Periódico de vanguarda política*. Publicouse este mesmo artigo no suplemento *Saberes* do xornal *La Opinión*, con data 4 de decembro, p. 11.

- Armando Requeixo, 'Tempo de Fole', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 81, 4 decembro 2004, p. 11.

Eloxia a creación por parte da Editorial Galaxia da "Biblioteca Ánxel Fole", iniciada coa reedición dos dous últimos libros do autor lucense, *Contos da néboa* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981). O xornalista reivindica a calidade de ambos textos fronte á discreta consideración crítica que, na súa opinión, tales volumes recibiron en comparación coas obras anteriores do escritor. Así, destaca que estes libros mostran unha contística (semi)urbana practicamente ausente nas primeiras coleccións de relatos do narrador lucense, ao tempo que, no relativo ás características lingüísticas que distinguen a súa escritura, incorporan múltiples dialectalismos da cidade de Lugo e moito acervo lexical herdado ou emprestado da tradición literaria precedente ou coetánea. Finalmente, resalta que ambas as obras presentan nas súas cubertas fragmentos de cadros de Carlos Maside, compañeiro de Fole en diferentes empresas culturais como *Yunque* ou *Periódico de vanguarda política*. Este artigo foi publicado con anterioridade no suplemento *Faro da Cultura* do xornal *Faro de Vigo* o 25 de novembro, p. 1.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Historias que ninguén cre: contos de realismo pouco coñecido', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Relatos', 26 decembro 2004, p. 3.

Explica a conformación dos eixes temáticos fundamentais da obra, centrándose na análise dos elementos que diferencian os textos do escritor lucense do realismo máxico. Deste xeito, afirma que, aínda que nos contos de Fole "a realidade inmaterial dos habitantes de Galicia, asentada en lendas e experiencias paranormais, como premonicións e aparicións, sutúrase coa realidade material galega", a súa escritura marca sempre con claridade as fronteiras entre a fantasía e o real. Así mesmo, cita outros temas importantes nos relatos do autor lucense como o humor ou o misterio, aspectos que contribúen a transformar o volume nun "mosaico polícromo e ricaz".

Referencias varias:

- Suso Varela, 'Unha biblioteca para Fole', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 25 setembro 2004, p. L2.

Infórmase de que a editorial Galaxia vén de dar comezo á "Biblioteca Ánxel Fole", na mesma liña que fixera con outros destacados autores como Vicente Risco, Otero Pedrayo ou Carlos Casares, cos volumes *Historias que ninguén cre* e *Contos da néboa*. O xornalista sitúa as narracións do primeiro libro na cultura popular, na tradición oral dos contos moi preto da parapsicoloxía e salienta o humor do que están impregnadas e mais a riqueza lingüística; canto ao segundo, sitúao no mundo urbano e opina que o humor e e mais o misterio conflúen na tradición do conto popular coa modernización e renovación do xénero. Finaliza comentando que as portadas de ambos os dous libros correron a cargo de Carlos Maside.

- Vicente Araguas, 'Brutarate', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 26 outubro 2004.

Celebra o acerto do escritor lucense á hora de crear a palabra que dá título ao artigo, adxectivo que o xornalista aplica a un home cuxa falsa cultura critica con dureza.

Fole, Ánxel, *Contos da néboa*, Vigo: Galaxia, 31 agosto 2004, col. Biblioteca Ánxel Fole, nº 2, 149 pp. (ISBN: 84-8288-732-7).

Obra de Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986) que saíu a lume por primeira vez en 1973. Publicouse en diferentes ocasións na Editorial Galaxia, que novamente a acolle, agora, como segunda entrega da "Biblioteca Ánxel Fole". O volume ábrese cunha "Soleira" do propio autor intitulada "Perdón polo meu galego" e datada en "Lugo, día de san Xoán do 70". Nela reflexiona sobre a lingua galega, comenta diferentes aspectos da narración curta, especialmente do conto, define e caracteriza a "téunica" á hora de escribir e dá conta do valor do estilo do escritor. Así mesmo, céntrase nesta última figura, fala sobre a presenza da paisaxe na literatura e opina sobre esta na literatura galega. Finalmente, tamén ofrece a súa definición do home galego e de Galicia e fai unha arenga pola música desta terra. A seguir, reprodúcense os dezaoito contos que conforman a obra e que se titulan "O galo", "¡Caronte!", "¿Egua ou cabalo?" , " A fotografía", "O desafío", "Brindis", " A néboa pare pantasmas", "O paxaro laión", "A vella cerdeira", "O can que sentía saudades", "Non hai dúas sin tres", " De cómo o xastre Bieito volveu pró inferno", "Un ladrón andaba pola casa", "Morre en accidente de automóbil o libreiro lugués don Segundo Daponte", "Suicidio frustrado", "De cómo me atopei co demo en Vigo", "¡Difuntámo-la botella!" e "O ateo da vila". Neles o misterio chega ás cidades, que se fan protagonistas das narracións nas que a néboa xera pantasmas, medos, demos, etc.

Recensións:

- Ramón Loureiro, 'Na relectura dun outro Fole', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 80, 2 outubro 2004, p. 9.

Salienta que a reedición da obra de Fole supón unha nova oportunidade para a relectura dos seus textos e a negación do falso tópico que identifica ao escritor lucense, de maneira exclusiva, co ruralismo, co parapopular e co lingüisticamente dialectal.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Contos da néboa', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 17 outubro 2004, p. 51.

Informa da publicación do libro, recomendando a súa lectura e lembrando diversas experiencias persoais asociadas ao goce da edición orixinal da obra.

- Vicente Araguas, 'Biblioteca Ánxel Fole', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, nº 295, 24 outubro 2004, p. 20.

Dá conta da aparición da colección dedicada á recuperación das obras de Fole, considerado como un autor capaz de saltar cun esforzo mínimo as barreiras do tempo. En canto ao libro en cuestión, destaca a calidade do prólogo, "un prodixio de retranca e sabencia", e o valor do proemio "Perdón polo meu galego", texto onde o escritor xustifica a súa opción lingüística.

- Armando Requeixo, 'Tempo de Fole', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 101, 25 novembro 2004, p. 1.

Eloxia a creación por parte da Editorial Galaxia da "Biblioteca Ánxel Fole", iniciada coa reedición dos dous últimos libros do autor lucense, *Contos da néboa* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981). O xornalista reivindica a calidade de ambos os textos fronte á discreta consideración crítica que, na súa opinión, tales volumes recibiron en comparación coas obras anteriores do escritor. Así, destaca que estes libros mostran unha contística (semi)urbana practicamente ausente nas primeiras coleccións de relatos do narrador lucense, ao tempo que, no relativo ás características lingüísticas que distinguen a súa escritura, incorporan múltiples dialectalismos da cidade de Lugo e moito acervo lexical herdado ou emprestado da tradición literaria precedente ou coetánea. Finalmente, resalta que ambas as obras presentan nas súas cubertas fragmentos de cadros de Carlos Maside, compañeiro de Fole en diferentes empresas culturais como *Yunque* ou *Periódico de vanguarda política*.

- Armando Requeixo, 'Tempo de Fole', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 81, 4 decembro 2004, p. 11.

Eloxia a creación por parte da Editorial Galaxia da "Biblioteca Ánxel Fole", iniciada coa reedición dos dous últimos libros do autor lucense, *Contos da néboa* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981). O xornalista reivindica a calidade de ambos textos fronte á discreta consideración crítica que, na súa opinión, tales volumes recibiron en comparación coas obras anteriores do escritor. Así, destaca que estes libros mostran unha contística (semi)urbana practicamente ausente nas primeiras coleccións de relatos do narrador lucense, ao tempo que, no relativo ás características lingüísticas que distinguen a súa escritura, incorporan múltiples dialectalismos da cidade de Lugo e moito acervo lexical herdado ou emprestado da tradición literaria precedente ou coetánea. Finalmente, resalta que ambas as obras presentan nas súas cubertas fragmentos de cadros de Carlos Maside, compañeiro de Fole en diferentes empresas culturais como *Yunque* ou *Periódico de vanguarda política*.

Referencias varias:

- Suso Varela, 'Unha biblioteca para Fole', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 25 setembro 2004, p. L2.

Infórmase de que a editorial Galaxia vén de dar comezo á "Biblioteca Ánxel Fole", na mesma liña que fixera con outros destacados autores como Vicente Risco, Otero Pedrayo ou Carlos Casares, cos volumes *Historias que ninguén cre* e *Contos da néboa*. O xornalista sitúa as narracións do primeiro libro na cultura popular, na tradición oral dos contos moi preto da parapsicoloxía e salienta o humor do que están impregnadas e mais a riqueza lingüística; canto ao segundo, sitúao no mundo urbano e opina que o humor e e mais o misterio conflúen na tradición do conto popular coa modernización e renovación do xénero. Finaliza comentando que as portadas de ambos os dous libros correron a cargo de Carlos Maside.

Lamas Carvajal, Valentín, *Gallegada e outros textos en prosa de Valentín Lamas Carvajal*, edición, introdución e notas de Rafael Adán Rodríguez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ♦, 2004, col. Narrativa recuperada, 353 pp. (ISBN: 84-453-3756-4).

O editor da obra, Rafael Adán, recolle unha ampla panorámica da produción narrativa -quer en libro, quer en xornais- de Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-1906). Despois dunha presentación institucional temos os dous grandes bloques desta edición, "Introdución" e "Textos". A introdución presenta cinco apartados. O primeiro, "Achega biobibliográfica", repasa a traxectoria vital e a produción literaria e xornalística de Lamas Carvajal. No segundo, "*Gallegada*", debúllase o volume *Gallegada. Tradiciós, costumes, tipos e contos da terriña* (1887), e elabórase unha aproximación aos vinte textos en prosa que o integran; como remate, detállase a fortuna literaria, en libros e xornais, destes textos de *Gallegada*. No terceiro, "*O tío Marcos da Portela*", descríbese este xornal lamasiano salientando a súa importancia para a lingua galega, sinálanse a súas características máis salientábeis, analízase o personaxe Marcos da Portela e mais coméntase a presente escolma. Os dous últimos apartados deste primeiro bloque son a "Bibliografía" e mais os "Criterios de edición". A seguir temos o segundo bloque, "Textos", que pecha este volume. No seu primeiro apartado, "*Gallegada*", reprodúcense todos os textos de *Gallegada. Tradiciós, costumes, tipos e contos da terriña* (a introdución "Ó leutor" máis dezanove relatos curtos). No segundo, "Escolma de *O tío Marcos da Portela*", reprodúcense sesenta textos narrativos, ordenados tematicamente ("Editoriais", "Homenaxes", "Descrición de personaxes", "Sociolóxicos", "Política" e "Prosas varias") e por orde cronolóxica, que apareceron en *O tío Marcos da Portela*. Esta escolma xornalística aparece introducida cun esquema no que vemos o título do texto, a súa data de publicación co seu número de parrafeo e mais o número que ten na presente escolma.

Recensións:

- Xosé Feixó, 'Gallegada', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 97, 'Libros', 28 outubro 2004, p. IV.

Comeza este artigo facendo referencia ao proxecto "Narrativa Recuperada" do Centro Ramón Piñeiro. A continuación, céntrase na descrición e comentario deste volume. Afirma que nel se recolle unha ampla panorámica da produción de Lamas que é "referencia

obrigada na historia da recuperación da prosa en galego", e destaca que neste libro ten cabida a súa rica produción xornalística. Conclúe indicando que con esta publicación se poderá valorar mellor a obra de Valentín Lamas Carvajal.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Balance en positivo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 maio 2004, p. 48.

Afírmase que o Centro Ramón Piñeiro vén de presentar catro novos traballos: *Gallegada e outros textos en prosa de Valentín Lamas Carvajal*, *Narradores ocasionais do século XIX*, *Informe de Literatura 2002* e mais *Caderno Ramon Piñeiro n.º 4*. Engádese que o Centro analizou entre as súas propostas para 2004 vinte e sete novas publicacións. Con respecto das catro novas publicacións, sublíñase o seu rigor investigador, apúntase que *Gallegada* "recolle parte da ampla produción narrativa do ourensán Lamas Carvajal" e finalmente indícase que o *Informe de Literatura* pode ser consultado na páxina web do Centro Ramón Piñeiro.

- Marcos Valcárcel, 'O esforzo normalizador', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 5 xuño 2004, p. 64.

Destaca o autor a importancia da obra xornalística de Valentín Lamas Carvajal para a normalización da lingua galega. Afirma que só é na prosa onde se pode apreciar a "auténtica personalidade" do autor. Subliña a contribución que a nova publicación do Centro Ramón Piñeiro, *Gallegada e outros textos* (2004), reedición da obra en prosa do escritor, a este recoñecemento.

- Marcos Valcárcel, 'O esforzo normalizador de Lamas', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 5 xuño 2004, p. 64.

Sinala que a dimensión literaria de Lamas non se limita á poesía senón que "a auténtica personalidade da obra de Lamas poderá ser agora mellor valorada" co volume *Gallegada e outros textos en prosa de Valentín Lamas Carvajal* (2004), xa que nel podemos ver o retrato dunha época e dos seus personaxes, a crónica fiel da miseria campesiña ou o caciquismo. Conclúe sinalando que en conxunto estamos perante un "auténtico xornalismo de altura, gran xornalismo, gran literatura".

- Marcos Valcárcel, 'Lamas Carvajal, os labregos e a política', *Galicia en el mundo*, 'Andoliña', 8 xuño 2004, p. 64.

Apoiándose en textos tirados da "escolma do Centro Ramón Piñeiro" o recensionista fala dos retratos que Lamas fixo ao sistema político da Restauración, e exemplifica co relato "Escola conservadora" onde amosa o seu escepticismo sobre a praxe política daquela altura.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 8 xuño 2004, p. 59.

Lémbrase da conferencia que Filgueira Valverde lle dedicou a Lamas Carvajal en Ourense no ano 1972, e dálle os parabéns a esta edición de textos de Lamas, dado que nela se reflicte a súa dimensión prosística e reedítanse textos lamasianos tirados de *O tío Marcos da Portela*.

Otero Pedrayo, Ramón, *Arredor de si*, Vigo: Galaxia, xaneiro 2004, col. Literaria, Biblioteca Otero Pedrayo, nº 3, 159 pp. (ISBN: 84-8288-649-5).

Arredor de si é a historia de A., un fidalgo duns 30 anos que no comezo da novela atopamos de viaxe a Madrid para sacar unhas oposicións; atrás quedan a casa da aldea e a nai, que ten postas nel grandes esperanzas. Trátase dun home en nada parecido ao seu irmán pequeno, Xacobe, un rapaz enérxico e pragmático, decidido, coas cousas moi claras; alí en Madrid relaciónase con outros galegos, pero a A. desacóugao pensar en Galicia, así que desbota todo pensamento sobre ela. Daquela viaxa polas terras de España primeiro, e despois polas de Europa, na procura de algo que só atopará cando volva á súa casa e se vexa na súa terra: a súa identidade, a súa personalidade.

Recensións:

- Tomás Ruibal, 'Imprescindible Otero Pedrayo', *Diario de Pontevedra*, 'Anaquel dos libros', 4 abril 2004, p. 8.

Tomás Ruibal cualifica a novela *Arredor de si*, biografía espiritual dos homes da Xeración *Nós* e historia da súa descuberta de Galicia e a cultura galega, como imprescindíbel na historia da nosa literatura; dedica ademais algunhas liñas aos momentos máis salientábeis da vida do seu autor, Ramón Otero Pedrayo.

- Vicente Araguas, 'Interiores', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 2 maio 2004, p. 21.

Para Vicente Araguas hai libros, hai autores, cuxa existencia xustifica a de toda unha literatura; é o caso de *Arredor de si*, *bildungsroman* de sorprendente frescura a pesar do paso do tempo.

Risco, Vicente, *A trabe de ouro e outros contos*, Vigo: Galaxia, 15 marzo 2004, col. Biblioteca Vicente Risco, nº 2, 126 pp. (ISBN: 84-8288-660-6).

Segundo volume da Biblioteca Vicente Risco que toma como base os relatos incluídos na

edición titulada *O porco de pé e outras narracións* (1972) aos que se lles engaden aqueles outros axuntados no primeiro tomo das *Obras completas* (1994) do autor, publicadas por Editorial Galaxia. Despois dunha foto de Risco, ábrese co apartado "A presente edición", da autoría dos editores, no que se comenta de onde se tomaron os relatos que esta recompilación inclúe e se indican cáles son estes e as publicacións nas que apareceron. Tamén se sinala qué textos en prosa galega non se inclúen e as razóns desa exclusión. A seguir, reprodúcense: "Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros", "A velliña vella. Principio da historia" "O lobo da xente", "A trabe de ouro e a trabe de alquitrán", "Os europeos en Abrantes. Epopea en prosa", "Meixelas de rosa" e "O señor feudal". Estes relatos están baseados en moitas ocasións en lendas e crenzas populares, como a do lobishome ou a dos mouros gardadores de tesouros fabulosos. Noutras, fan unha parodia da sociedade. O volume está ilustrado con obras do pintor Hieronymus van Aecken, *O Bosco*; concretamente a ilustración da capa correspóndese cun fragmento da obra "O carro de herba seca".

Recensións:

- Román Raña, 'Reler a Risco', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 90, 'Libros', 9 setembro 2004, p. IV.

Informa da publicación da obra, indicando as diversas narracións que integran o volume. Define a escritura do autor como unha prosa áxil e especulativa que incorpora elementos sempre sorprendentes tanto pola súa modernidade como polo enfoque intelectual dende o que se abordan os temas tratados nos textos. Así mesmo, ademais de sinalar as características principais dalgunhas das obras incluídas no volume (por exemplo, *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*, *O lobo da xente* ou *A trabe de ouro e a trabe de alcatrán*), insiste no feito de que a ética e a estética do escritor se manifestan dun modo certamente inseparábel, até o punto de dar lugar a unha narrativa sempre estimulante.

I.3. NARRADORES TRADUCIDOS OU VERSIONADOS

Atxaga, Bernardo, *O fillo do acordeonista*, Premio da Crítica 2003, trad. de Ramón Nicolás Rodríguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Narrativa, nº 212, 547 pp. (ISBN: 84-9782-250-1).

Esta obra supón a tradución ao galego da novela *Soinujolearen semea*, do escritor vasco Bernardo Atxaga (Asteausu, Guipuzkoa, 1951), a cal obtivo en 2003 o Premio da Crítica. Así, narra a historia de Joseba e David, o fillo do acordeonista, dous amigos que se reencontran en California e rememoran os seus días de infancia en 1957 na escola do seu territorio natal de Obaba, retratado dende os tempos da República e da Guerra Civil aos da posguerra e remate do franquismo. A novela continúa, deste xeito, o ciclo de textos do autor ambientados na localización imaxinaria de Obaba, dentro do cal destaca *Obabakoak* (1989), texto fundamental do escritor que alcanzou o Premio Euskadi, o Premio da Crítica e o Premio Nacional de Literatura. O libro, narrado a través dunha terceira persoa

omnisciente e mediante unha linguaxe sinxela e poética, recorre, pois, a dúas historias case paralelas xurdidas dun terríbel e opresivo contexto de guerra e violencia para abordar temas como a memoria, a lingua, a amizade ou a tristeza do emigrante que deixa a súa terra sabendo que nunca volverá, presentando o amor e a lealdade como únicas formas de redención fronte á dor derivada da realidade e a historia. O texto ofrécese, así mesmo, como unha reflexión sobre as circunstancias e condicións que determinaron a evolución histórica do conflito vasco, ao tempo que sobre as características dos proceso de formación da identidade individual e colectiva, chegando a ser considerado pola crítica como o maior logro narrativo de Atxaga e como a primeira grande novela escrita en éuscaro.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Atxaga publicará en galego 'O fillo do acordeonista' a fins de outubro', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 16 setembro 2004, p. 65.

Informa da aparición da tradución do libro, publicada nunha tiraxe de dous mil exemplares. Cita ao director de Edicións Xerais, Manuel Bragado, quen sitúa o texto como a obra cume na traxectoria de Atxaga e engade que os temas principais da novela son a orixe da violencia no conflito vasco e a importancia da identidade e da lingua para a formación das persoas. En canto ao argumento da novela, o xornalista subliña que nesta se utiliza a historia de dous amigos dende finais dos 50 para abordar temas como a memoria, a nostalxia e a melancolía.

- Albino Mallo, 'Amor para saír do inferno', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 setembro 2004, p. 48.

Dá noticia da presentación da tradución ao castelán da novela. Salienta que a versión orixinal da obra bateu en Euskadi un récord de venda con quince mil exemplares. No relativo á tradución, inclúe diversas manifestacións do escritor, quen afirma que a versión en galego permitirá que se comprendan mellor moitos dos xiros que estaban orixinalmente en euskera. Así mesmo, segundo o autor, a novela será a derradeira do ciclo situado no lugar imaxinario de Obaba, un territorio que fora creado a partir dos recordos da súa nenez e que lle servira ata agora para novelar o pasado e o presente dos vascos.

- Bea Abelairas, 'El hecho de ser vasco se ha convertido en un trabajo extra', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 24 setembro 2004, p. 47.

Entrevista na que o escritor vasco asegura comezar unha nova etapa literaria na que as cuestións que ata agora centraban as súas reflexións quedan cada vez máis lonxe para dar paso a unha segunda biografía. Así mesmo, afirma que ten unha relación moi forte co euskera e sente que debe manterse leal a unha lingua que pode desaparecer.

- Jaureguizar, 'Atxaga, ventrílocuo', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 12 decembro 2004, p. 89.

Reflexiona sobre a posición de Atxaga na literatura vasca actual, apuntando que o predominio da súa figura fai que moitos lectores non presten atención a unha literatura euskalduna que tamén teñen cabida outros autores como Unai Elorriaga, Javier Muguruza ou Iban Zaldua. Rexeita as críticas realizadas contra a novela polo xornalista Ignacio Echeverría e subliña que a visión de Atxaga sobre o sistema vital vasco se afasta de calquera forma de esencialismo ou fantasía idílica. Destaca que a mensaxe que constitúe a base da intencionalidade do autor se centra na alerta pola agonía do euskera, unha lingua con miles de anos de evolución.

Brown, Dan, *O código Da Vinci (The Da Vinci Code, 2003)*, trad. de Carlos Acevedo, Eva Almazán e Fernando Moreiras, Barcelona: El Aleph Editores, maio 2004, 494 pp. (ISBN: 84-7669-653-1).

Dan Brown é o autor desta novela de suspense que, en pouco tempo, se converteu nun best-seller mundial; nela, a través dunha complexa trama, o autor revela cal é o segredo que se oculta tras o Santo Graal e cal é o lugar no que se atopa agochado. A obra comeza coa aparición do cadáver de Jacques Saniere, conservador do Louvre, que é atopado neste museo en estrañas circunstancias; pouco a pouco, van aparecendo no relato os demais personaxes: Sophie Neveu, neta de Saniere e criptóloga da policía francesa; Robert Langdon, prestixioso historiador e simbólogo estadounidense; Bezu Fache, capitán da policía francesa; Manuel Aringarosa, bispo do Opus Dei; Silas, man dereita do anterior e tamén membro do Opus Dei; sir Leigh Teabing, especialista no Santo Graal; Rèmy, criado do anterior; e outros personaxes secundarios que desenvolven a acción entre París, Londres e Edimburgo durante dous días da actualidade. Nestas coordenadas espazo-temporais, Silas e o bispo Aringarosa seguen as indicacións do gran Mestre para roubarlle ao Priorado de Sión a Pedra Angular, que os levará ao Santo Graal para, deste xeito, obter o máximo poder ante o Vaticano; mais, o que era un plan perfecto, tórcese ao entrar en acción Langdon, Sophie e Teabing, que farán todo o posíbel para evitar que o Opus chegue á Pedra Angular antes ca eles. Só tras cento cinco capítulos, diversas aventuras e a resolución de diferentes enigmas, se entende o verdadeiro argumento da novela. Destaca, finalmente, a combinación entre ficción e realidade, pois ao longo de todo o libro son numerosas as referencias a personaxes e sociedades coñecidas, e as coidadas descricións de obras de arte, monumentos, prazas e cidades.

Recensións:

- F.M.C., 'O código Da Vinci' editado en galego (por unha empresa de Cataluña)', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Olladas', 30 maio 2004, p. 2.

O autor dedica boa parte do artigo á grande repercusión social que tivo *O código Da Vinci* a nivel mundial, dando datos como a traducción a máis de corenta idiomas ou a venda de máis de cinco millóns de exemplares. Ademais, incide na traducción ao galego levada a cabo pola iniciativa dunha editorial catalana que, visto o éxito, pensa facer o propio con outros *best sellers*.

- Moisés R. Barcia, 'O código da Vinci', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 87, 10 xuño 2004, p. 1.

Logo de dar unha visión persoal sobre a calidade literaria da obra, realízase unha sucinta recensión desta. Cítase algunha das críticas efectuadas polos xornais de maior tirada mundial e faise referencia á imaxe que a obra dá dos europeos vistos por uns "ollos" americanos, para rematar cunha reflexión acerca das traducións á nosa lingua de obras coma esta e da necesidade de facer o mesmo con grandes clásicos.

- Xosé M. Eyré, 'Un best-seller polémico en galego', *A Nosa Terra*, nº 1.146, 'Narrativa', 14 outubro 2004, p. 26.

Subliña a capacidade da novela para atrapar ao lector a través dunha estrutura ben traballada que orixina múltiples clímax intermedios que eleven os niveis de curiosidade creados pola trama. Aínda que incide no valor que lle corresponde á obra pola súa influencia no incremento do público lector, o xornalista critica, máis alá das manipulacións históricas e os datos erróneos que forman parte do texto -por exemplo, a presentación de Clemente V como responsábel da eliminación dos templarios ou a negación dos vínculos entre o latín e o inglés-, diversos aspectos relacionados coas características especificamente literarias do texto como a simplicidade case infantil das mensaxes crípticas investigadas polos personaxes ou a falta de coidado na construción do estilo da novela. Finalmente, eloxia tanto a reivindicación da figura da muller dentro da obra como a importancia da novela na configuración de novos debates.

Referencias varias:

- MARÉ, 'O fenómeno do ano', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 maio 2004, p. 51.

Coincidindo co Día das Letras Galegas, publícase a traducción ao galego da obra *Código da Vinci*, da que se subliña a inxente cantidade de exemplares vendidos ou o número de idiomas aos que se traduciu, sen obviar a polémica que provocou entre os sectores máis conservadores da Igrexa Católica polo cuestionamento dalgún dos seus piares fundamentais. Asegura que o seu éxito vén dado polo carácter enigmático do texto.

- Enrique Clemente, 'Una editorial catalana publica 'El código Da Vinci' en gallego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 4 maio 2004, p. 56.

Referencia centrada na decisión da editorial catalana El Aleph en publicar a versión en galego do best-seller. A editorial, que xa está a estudar outros proxectos para facer o propio, decidiuse a editar esta primeira obra grazas ó apoio da Xunta de Galicia, que financiou na súa totalidade a tradución.

- E.C., 'Un fenómeno sociológico', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 4 maio 2004, p. 56.

Logo de facer unha referencia ó éxito obtido en EUA, país no que se publicou por primeira vez, e dar conta da súa chegada a España, céntrase o interese na repercusión social que está a ter e os motivos que poden motivala, algo que choca de xeito frontal coa postura da meirande parte da crítica literaria.

- Xesús Fraga, 'Traducir 'O código Da Vinci' gaña lectores para o galego', *La Voz de Galicia*, 'A Fondo', 17 maio 2004, p. 3.

Entrevista realizada a unha das persoas que traduciu ao galego *O código Da Vinci*, Eva Almazán, quen considera "urxente" rematar a versión na nosa lingua dos grandes clásicos. Igualmente, declara que esta actividade gaña lectores para o galego aínda que, aclara, está en desvantaxe co castelán debido á máis tardía incorporación ás librerías, motivo polo que aposta porque as versións nos dous idiomas saian á rúa ao mesmo tempo. Non remata a entrevista sen deixar constancia da pouca profesionalización da tradución en Galicia.

- LR, 'Da Vinci naufraga en galego', *La Región*, 'Ourense', 18 maio 2004, p. 8.

Coméntase o Día da Feira do Libro en Galego de Ourense, da que se di que non tivo moito éxito, pois, segundo os libreiros, os libros que máis se venden son os obrigatorios para os estudantes. De feito, afírmase que *O código da Vinci*, un dos libros máis vendidos en castelán, non tivo esa sorte en galego e case pasou desapercibido.

- Lois Diéguez, 'Da Vinci', *A Nosa Terra*, nº 1.134, 'Galiza', 24 xuño 2004, p. 12.

Crítica á obra de Dan Brown traducida ao galego, á que considera unha narración fría e plana "sen frase fresca" nin "imaxe orixinal", atribuíndo o seu éxito máis a unha cuestión de promoción empresarial que de valía literaria, destacando que hai obras galegas de menor notoriedade popular pero superior calidade.

- Luís Pousa, 'El 'Código da Vinci': el fenómeno de ventas del thiller histórico', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 66, 'En portada', 26 xuño 2004, pp. 3-4.

Dilatada referencia na que se comeza facendo unha reflexión sobre a temática tratada nas dúas obras de maior venda mundial actual: *O Código Da Vinci* e *El Club Dante.* Logo disto, Pousa céntrase na similitude das liñas argumentais de ambas as obras (reminiscencias reais, datos, documentación e pousos de historia), que ven unha continuidade a través dos correspondentes webs. Ademais, analízanse outras obras realizadas por escritores da península, como Matilde Asensi (con *El último Catón*) e recóllense as opinións de figuras senlleiras na nosa literatura como Darío Xohán Cabana e Víctor Freixanes.

- Jaureguizar, 'A honra dos premios', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 14 novembro 2004, p. 73.

Reflexiona sobre a concesión dos premios Renaudot e Goncourt ás obras *Suite française*, de Irène Némirovsky, e *Le soleil des Scorta*, de Laurent Gaudé, respectivamente, considerando esta última novela como un posíbel best-seller capaz de continuar o éxito alcanzado polo texto de Dan Brown.

- Luís Giadás, 'Código da Vinci', un dos libros máis lidos', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Tradicións: De meigas, trasnos e feitizos', 5 decembro 2004, p. 15.

Analiza o forte eco social obtido pola novela mediante a súa comparación coa notoriedade que distinguiu a outras obras anteriores centradas en temas relixiosos ou espirituais tales como a *Lenda Dourada*, un compendio medieval de vidas grandiosas de santos atribuído a Iacoppo de Voragine, un dominico xenovés falecido a finais do século XIII.

Cerezales, Fernando, *As murallas de Bérxida (Las murallas de Bérgida)*, Edicións Positivas, maio 2004, col. Popular, 165 pp. (ISBN: 84-87783-81-3).

Novela de Fernando Cerezales composta de dezaoito capítulos nos que o autor sitúa os acontecementos do Medulio nas Médulas, mesturando personaxes reais con outros inventados. Céntrase nos tempos da invasión romana no Bierzo ás tribos ástures que loitaron para desfacerse dos invasores, evitar a aniquilación da súa cultura e impedir o espolio do ouro da súa montaña sagrada, o Monte Medulio.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, 'Unha aventura despois do Medulio', *A Nosa Terra*, nº 1.147, 'Narrativa', 21 outubro 2004, p. 26.

Fala da publicación da correspondente tradución ao galego, que fai a editorial Positivas, do volume *As murallas de Bérxida*. O autor Fernando Cerezales sitúa os acontecementos do Medulio nas Médulas, mesturando personaxes reais con outros inventados. A toma do Medulio vaille servir de inicio dunha trama novelesca na que se mesturan catro planos. Mais o que verdadeiramente importa é o golpe de Tilego aos romanos, ao que se supedita todo o demais.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 93, 2004.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras: *A xursidicción do*

Morrazo nos séculos XVII e XVIII, de Hilario M. Rodríguez Ferreiro; *O mes de abril* (2004), de Pablo Vaamonde; *As murallas de Bérxida* (2004), de Fernando Cerezales; e Dende Gres (2004), de Xosé Neira Vilas. Explica que *As murallas de Bérxida* está ambientada nos tempos da invasión romana no Bierzo e que ofrece unha axitada historia de guerras e amores; sinala que as terras que as tribos defenden nesta novela son o que hoxe coñecemos como As Médulas e destaca o valor ilustrador que a obra ten sobre unha época histórica relevante e pouco coñecida.

Chao Rego, Ramón, *O lago de Como*, Edicións Xerais de Galicia, 2004.

Desde a súa vivenda en París, onde amplía os seus estudos musicais, Mario Luís reconstrúe lentamente os episodios máis importantes da súa traxectoria vital, nun devalar que lle permitirá facer un retrato íntimo da súa familia, de Reigada, a súa vila natal, e da difícil relación co seu pai. A medida que avanzan os tres capítulos, de certa extensión, que conforman a estrutura do libro, saberase que foi este quen, obsesionado por se desquitar das ultraxes sofridas pola súa condición de roxo, quen o obriga a tocar horas e horas o piano para que, nun futuro, acade sona internacional. O relato, escrito en primeira persoa nun monólogo que ás veces se transforma en diálogo, amosa ao pai do narrador, verdadeiro protagonista da historia, como un home violento, cruel e teimado, que non ten escrúpulos á hora de acadar o que pretende. Este home exerce de tirano coa súa muller e os seus fillos, aos que condena ao medo e infelicidade constantes, e só Mario Luís terá a forza suficiente para rachar con este círculo cando, tras unha aprendizaxe que constitúe o núcleo do libro, decide finxir unha artrite para deixar o piano, pensar por si mesmo e liberarse, dunha vez por todas, da sombra poderosa do seu pai.

Recensións:

- Luis Pousa, 'Axuste de contas coa memoria', *La Voz de Galicia*, 'Letras en Galego', 17 abril 2004, p. 7.

O saldo de débedas que fai Chao co seu pai mediante a novela *O lago de Como* foi causa, segundo se afirma, de certos problemas no entorno familiar do autor afincado en París. A obra serve para achegarse non só á sociedade da época do primeiro franquismo, senón tamén para coñecer as raíces dun persoeiro como Ramón Chao, xornalista, músico e escritor galego, mediante unha magnífica tradución de María Dolores Torres París.

- Ana Luna, 'Regreso á orixe', *Guía dos libros novos*, nº 6, maio 2004, p. 11.

Ana Luna céntrase na novela de Ramón Chao (Vilalba, 1935) *O lago de Como*, recentemente publicada en galego pola editorial Xerais. Despois de trazar brevemente o perfil biobibliográfico do autor afincado en París, céntrase no comentario da obra, publicada orixinalmente en castelán en 1982. Afirma que sempre se tratou dunha narrativa galega, porque entre outras cousas nela están presentes moitos dos trazos que nos caracterizan como sociedade. Tamén sinala o carácter autobiográfico do libro, e a mestura

que hai nel entre elementos reais e ficticios.

- Francisco Martínez Bouzas, 'O lago de Como', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 83, 'Libros', 13 maio 2004, p. V.

Tras facer un breve resumo da traxectoria literaria de Ramón Chao, califícase a este como adiantado ao seu tempo por ser quen de mesturar autobiografía e ficción vinte anos antes de que esta técnica se puxera de moda. O reflexo da Galicia caciquil na que as bolsas se acadaban a cambio de regalos ou a evolución do personaxe, que pasa de repetir as argalladas e enganos do pai a percatarse de que precisa romper con ese xeito de ser para se liberar son o máis salientado, así como a axeitada mestura de rexistros estilísticos da que fai gala Chao.

- Antón Baamonde, 'O lago de Como', *La Opinión*, 'Pezas en fuga', 25 xuño 2004, p. 30.

A propósito da novela de Ramón Chao, Antón Baamonde sinala a súa dimensión autobiográfica e as múltiples implicaturas que ten a figura, cruel, violenta e manipuladora, do pai do narrador. Para el, o ataque está dirixido ao carácter do proxenitor pero tamén ao mundo no cal ese xeito de ser miserábel tiña un sentido.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Ramón Chao volve á súa Vilalba natal co libro 'O lago de Como', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 3 marzo 2004, p. 54.

Destácase a dobre vertente, persoal e social, do acontecido n'*O lago de cómo*. Faise referencia ás numerosas características que comparten o narrador da obra e o seu autor, como o feito de que os pais de ambos rexentasen unha fonda ou que tanto un coma outro marcharan a París a perfeccionar a súa formación musical. Estas semellanzas foron o que causaron un certo rexeitamento á novela nos contornos de Vilalba, lugar natal de Chao, así como o retrato que este fai do severo clima social da zona. Alude tamén ao feito de que a obra se publicara en francés e en castelán con anterioridade.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, nº 75, 18 marzo 2004, p. VII.

Sección fixa na que se inclúen recensións de *O lago de Como* (2004), de Ramón Chao; *Fernán Pérez de Andrade, o Bóo* (2004), de José Francisco Correa Arias; *A ferida* (2004), Begoña Paz; e de *As amantes de Hamlet* (2003), de Marta Dacosta. Sinala, con respecto da novela de Ramón Chao, que o seu protagonista é Celso Veiga, un home de Reigada, que fai que o seu fillo máis novo sexa pianista para vingarse de todas as ofensas que el recibiu; indica, asemade, que se trata dunha novela de aprendizaxe que se desenvolve na primeira década da ditadura.

- Jaureguizar, 'O meu pai era unha persoa grandiosa; pero detesteino sempre', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 28 marzo 2004, p. 81.

Fala da relación co pai, que constitúe o núcleo principal dunha novela que ten case entidade de memorias. A obsesión do proxenitor do autor por facer del un pianista famoso e a súa personalidade odiosa explícanse, aínda que Chao non as xustifica, polas penosas circunstancias que sufriu ao longo da súa existencia. Así mesmo, afirma que escribiu a obra para saldar contas con el, quen constitúe, por outra banda, a súa maior fonte literaria.

- Jaureguizar, 'Poliferan as 'parrigrafías', *El Progreso*, 'Cultura/Auto dos danados', 28 marzo 2004, p. 82.

Alude a diferentes obras literarias nas que os autores saldan débedas coas respectivas figuras paternas. Ademais de *O lago de Como*, de Ramón Chao, están *La magia de la niñez*, do islandés Guldergur Bergsson, ou o proxecto que vai emprender Suso de Toro para indagar na súa infancia zamorana.

- M. Barba, 'Sólo yo me salvé de mi padre', *La Opinión*, 'Cultura', 29 marzo 2004, p. 46.

Fala da publicación d'*O lago de Como*, escrita hai máis de vinte anos en Francia, en galego e di que a carreira literaria do seu autor se desenvolveu con moita regularidade en Francia malia a escasez de traducións ou edicións en galego ou castelán. O autor describe ao seu pai como "unha persoa grandiosa pero insoportable" e confesa que non volveu fisicamente a Vilalba, onde transcorreu a súa infancia, dende que escapou a París.

- Maré, 'A voz do neno prodixio', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 abril 2004, p. 48.

Faise eco da conferencia que Ramón Chao pronuncia no curso da Semana Galega de Filosofía, antes da cal presentou *O lago de Como*, a versión galega dunha novela publicada con anterioridade en francés e castelán. Alúdese ao argumento básico da obra e á confesión das trampas que o seu pai e Fraga facían para lle dar bolsas ao protagonista.

- Camilo Franco, 'Ramón Chao: 'Meu pai representa unha Galicia subdesenvolvida e caciquil', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 abril 2004, p. 47.

A intervención de Ramón Chao no peche da Semana de Filosofía céntrase ao redor do contido d'*O lago de cómo*. Para o autor, a figura paterna representa socioloxicamente a unha Galicia subdesenvolvida e tramposa, pero aclara que malia as críticas e á pintura negativa, quere render unha homenaxe ao seu proxenitor pola súa habilidade para acadar os seus obxectivos.

- Jaureguizar, 'A importancia de apelidarse Chao', *El Progreso*, 'Comunicación/Auto dos danados', 18 abril 2004, p. 73.

Entre as principais novidades editoriais en literatura galega, Jaureguizar fala da progresiva descrición da familia que fai Chao nas súas obras. Lembra o personaxe da avoa materna do autor, da que sabemos grazas a *O lago de Como*, e explica que era maltratada polo seu home e que acabou sendo amante en Cuba do home para o que traballaba. Así mesmo, lamenta que a calidade literaria de Chao só se teña en conta a raíz da sona internacional do seu fillo Manu.

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Ramón Chao e o lago de Como', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 abril 2004, p. 3.

Amosa a súa ledicia pola tradución ao galego desta obra de Ramón Chao, que define como unha "novela de iniciación e de aprendizaxe". Fala do verdadeiro lago de Como, situado en Italia, e da súa beleza, así como do poder que se acada nas páxinas de Chao para simbolizar todo o devalar vital do protagonista.

Dostoievski, *A lenda do gran inquisidor*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Peto.

Tradución ao galego dun breve relato, recollido no Libro V da Segunda parte d'*Os irmáns Karamázov* (1879), de Fiódor Mikhailovich Dostoievski (Moscova 1821-San Petersburgo 1881) titulado "Pro e contra". Abrangue os capítulos IV e V. No IV os irmáns Iván e Alexis manteñen unha discusión sobre o amor ao próximo, o perdón, o mal e o sufrimento humano, nomeadamente dos seres indefensos como as crianzas, ilustrado con exemplos verídicos tirados da prensa da época (coleccionados por Iván). Estas reflexións, moi comúns na Rusia do século XIX, levan a Iván, librepensador e agnóstico, a rexeitar o mundo creado por Deus por inxusto en oposición a Alexis (ou Alioxa), un novizo educado nun convento ortodoxo, que moitas veces non atopa argumentos cos que rebater os do seu irmán. "O Gran Inquisidor" é o relato dun poema composto polo propio Iván, ambientado na Sevilla do século XVI: Xesús Cristo volve á Terra e realiza milagres ante os ollos da xente até que chega o Inquisidor, que o prende ante a pasividade do pobo. O Inquisidor fai unha longa acusación contra el, na que rexeita a liberdade concedida por Xesús á humanidade, xa que o ser humano é, polo xeral, cativo e feble de máis para alcanzala e preferirá sempre a seguridade dos bens materiais ofrecida pola institución que o Inquisidor representa. A obra formula, pois, unha crítica do Estado e a Igrexa, especialmente da católica, e a súa opresión sobre o individuo. Este relato pódese ler de maneira autónoma respecto do resto da novela e foi concibido para unha novela que non se chegou a publicar, *O soñador*. O prólogo de Claudio Rodríguez Fer, como el mesmo indica, tenta facer unha análise do autor e a súa obra conforme o modelo das bonecas rusas, seguindo unha escala de maior a menor e viceversa, comezando polo tema máis xeral, da literatura entendida como medio de coñecemento, para despois facer unha breve recensión da biografía e a obra do autor, da novela *Os irmáns Karamázov*, a propia novela en relación co autor, cómo se

integra o relato do Gran inquisidor na novela e no conxunto da obra de Dostoiévski, o relato en relación co marco da Rusia do século XIX, os temas universais que trata e a súa crítica da Igrexa e do Estado.

Elorriaga, Unai, *O pelo de Van't Hoff*, trad. Unai Elorriaga e Xesús Carballo Soliño, Vigo: Galaxia □, febreiro 2004, col. Literaria, nº 199, 214 pp. (ISBN: 84-8288-666-5).

Novela coa que Unai Elorriaga (Algorta, 1973) nos presenta o deambular do singular funcionario Matías Malanda pola vila de Idus coa peculiar misión de compilar biografías e historias de xente cunha vida inusual para un proxecto do Ministerio. Tras este deambular lúdico agóchanse non só personalidades complexas do pobo, senón tamén as propias inquedanzas e angustias vitais do protagonista que parecen proxectarse no xogo de busca dun fragmento de texto que faltaba na novela *Vredaman*, de E. H. Beregor, en pequenos papeis-pistas que un vendedor italiano foi deixando na enciclopedia Tabucchi, vendida soamente nesa zona.

Recensións:

- Iratxe Gutiérrez Retolaza, 'Unha viaxe ao soño', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 162, 'O espello das letras', 2004, pp. 87-88.

Presentación da novela *O pelo de Van´t Hoff,* de Unai Elorriaga. Comeza lembrando a traxectoria literaria do escritor e destaca a coidada tradución desta segunda novela. Enumera algunhas coincidencias coa anterior obra, *Un tranvía cara a sp* e considera que nesta ocasión a imaxinación do autor chega aínda máis alá. Destaca que se revira a lóxica común por medio dunha ollada infantil ateigada de imaxinación. Opina que un dos achados máis interesantes da novela é a creación dun discurso reflexivo artellado pola lóxica da imaxinación e guiado polo soño. Non obstante, considera que o punto feble da novela é que a busca de reflexión resulta ás veces cansa e repetitiva e enlea nunha rede que non atrapa.

- R. Loureiro, 'Visita ao mundo de Unai Elorriaga', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 52, 'Letras en galego', 13 marzo 2004, p. 6.

Logo de referirse á publicación en galego da nova novela de Unai Elorriaga, Premio Nacional de Literatura (2002) co seu anterior libro *Un tranvía cara SP*, en tradución de Xesús Carballo Soliño e do propio autor, editada por Galaxia, amósanos unha análise do mundo literario do escritor da que nos di que "xorde, enmascarada tras o xogo co lector, non para ser esquecida, senón revisada." Remata cun breve apuntamento referido ao argumento da obra.

- Ramón Nicolás, 'O pelo de Van't Hoff', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 81, 'Libros', 29 abril 2004, p. V.

Recensión da nova proposta narrativa de Unai Elorriaga. En primeiro lugar , ofrécenos un

resumo do argumento da novela, cualificada de "singular e atractiva". A continuación desenvolve os eixes que configuran o universo ficcional da obra: o achegamento a un "eterno xogo" que ofrece diferentes posibilidades creadoras para un "lector activo"; a inmersión nun "torbellino delirante" de situacións aparentemente carentes de toda lóxica; a aparición dunha voz narradora poderosa e omnisciente que se confunde coa voz do protagonista; tamén o mundo do absurdo, do paradoxal, do humor e da inxenuidade. Despídese coa reflexión final do remate desta lectura como un "exercicio de complicidade" que deixa o lector cheo de dúbidas.

- Santiago F. Cordeiro, '100% literatura', *Guía dos libros novos*, nº 6, maio 2004, p. 12.

Fálasenos da tradución ao galego da novela de Unai Elorriaga, *O pelo de Van't Hoff*, que publicou a editorial Galaxia neste 2004. O comentarista ten palabras moi eloxiosas para o libro, que recomenda vivamente aos lectores pola súa amenidade e mestría compositiva. Canto á tradución en si, realizada por Xesús Carballo Soliño, parécelle apenas "cumprida", e sinala algún exemplo.

- X.M. Eyré, 'Elorriaga mestre da suxestión', *A Nosa Terra*, nº 1.127, 'Cultura', 6 maio 2004, p. 26.

Ademais de ofrecernos unha síntese do argumento, achéganos unha reflexión sobre as "esencias" narrativas que atopamos na nova novela de Unai Elorriaga, e que supoñen unha constante na súa escrita: o tratamento dos personaxes, a necesidade de precisión ou o fino humorismo produto da ironía e da extravagancia. Asemade, cualifica o autor coma un "mestre da suxestión" que asenta a súa novela nas bases da dúbida permanente e da interpretación da historia dun xeito totalmente lúdico.

- Francisco Martínez Bouzas, 'O pelo de Van't Hoff': lúdico exercicio de imaxinación', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 11 xullo 2004, p. 3.

Céntrase no novo traballo de Unai Elorriaga, *O Pelo de Van't Hoff*, editada a súa tradución ao galego por Galaxia, e que sitúa o autor nas "canles da literatura experimental e renovadora". Aproxímase ao argumento da novela explicando unha a unha as liñas ao redor das cales xira para mostrala como un "lúdico exercicio de imaxinación" a través do cal Elorriaga parece querer reivindicar o aspecto lúdico na vida adulta, denunciando calquera acto de autoridade, transcendencia e solemnidade.

Referencias varias:

- Maré, 'Vida que é teoría do xogo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 marzo 2004, p. 49.

Faise eco da publicación da tradución ao galego da última obra do escritor vasco Unai Elorriaga, *O Pelo de Van't Hoff*, que describe como un exercicio orixinal que achega ao

lector a unha "teoría lúdica da existencia". Logo pasa a destacar algunhas das reflexións do propio autor tanto sobre a novela como sobre a situación das literaturas galega e vasca, nas que asegura a non existencia de ataduras comerciais.

Futrelle, Jacques, *A máquina pensadora*, tradución de Pepe Coira e Carlos Coira, Lugo: Tris-Tram, 2004, 169 pp. (ISBN: 84-89377-52-9).

Esta obra supón unha tradución de nove relatos detectivescos escritos por Jacques Futrelle (1875-1912), autor norteamericano morto no naufraxio do Titanic. Os textos de Futrelle inscríbense na tradición máis clásica do xénero policial, presentando múltiples semellanzas cos escritos de autores como Edgar Allan Poe, Arthur Conan Doyle ou Gaston Leroux. Todos os contos deste volume son protagonizados polo profesor Augustos F. S. Van Dusen, cuxa prodixiosa intelixencia outórgalle o alcume de "A Máquina Pensadora". O personaxe principal, descrito como o home máis listo do mundo, correspóndese coa figura do investigador como o razoador puro, como o gran racionalista que defende a lei e descifra os enigmas, afirmándose no fetiche da intelixencia pura e a omnipotencia do pensamento. Os argumentos dos relatos van dende a solución de enigmas aparentemente irresolúbeis (a aparición dun coche fantasma, a inexplicábel fuxida dun preso, ou a busca dun cadro de Roubens roubado) ao estabelecemento de diversos retos afrontados polo protagonista (unha partida de xadrez contra os mellores xogadores do mundo, ou o escape dunha prisión). Por último, no relativo á construción narrativa dos contos, estes, como é habitual neste xénero, son narrados en primeira persoa por un personaxe secundario, testigo das proezas intelectuais do protagonista e das particularidades da súa personalidade, marcada pola fachenda e a antipatía, elementos que subliñan a súa distancia respecto do resto da sociedade.

Kafka, Franz, *Un médico de aldea. Narracións completas I*, posfacio, tradución e notas de Luís Fernández, Vigo: Galaxia □♦, 30 agosto 2004, 258 pp. (ISBN: 84-8288-714-9).

Este primeiro volume da tradución para o galego dos textos narrativos breves do escritor checo Franz Kafka (1883-1924) a cargo de Luís Fernández, reúne 47 relatos da súa autoría que chegan ata o ano 1917, en que se se lle diagnostica a tuberculose que había acabar coa súa vida, seguindo unha orde cronolóxica; acompáñanos un posfacio do tradutor en que se dá noticia tanto dos criterios que rexen esta edición como dos adoptados á hora de traducir, e unhas notas sobre os textos que avalan a orde cronolóxica presentada. Os relatos, entre eles algún tan coñecido como "Na colonia penal" ou o "Informe para unha academia e outros textos sobre Pedro o Vermello", achégannos ao realismo característico das obras de Kafka, mestura de soño e absurdo, que apunta á temática da condición de impotencia do home moderno fronte á organización social á que se ve sometido, náufrago que actúa cega e mecanicamente na capa superficial da maré das circunstancias que o enredan.

Recensións:

- Marcelo Ranicki, 'Microuniverso Kafka', *El Progreso*, 'Libros', 3 outubro 2004, p. 105.

Dá noticia da publicación do primeiro volume das narracións completas de Franz Kafka dentro da colección "Clásicos universais" da editorial Galaxia, dedicada á tradución para o galego de obras fundamentais da historia da literatura no ámbito mundial, baixo o título *Un médico de aldea*; este volume recolle todos as narracións escritas por Kafka até o ano 1917 ordeadas cronoloxicamente, con vistas ao seguimento da evolución do escritor checo para quen así o desexar.

- R.L., 'A tradución de Frank Kafka', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 81, 'Letras en galego', 9 outubro 2004, p. 8.

Afírmase que grazas á tradución de Luís Fernández chega ás mans dos lectores galegos a obra dun autor deses que "fai que un se pregunte de novo (...) que é o que ten o corazón humano dentro". Dáse conta de que a editorial Galaxia, na súa colección "Clásicos universais" saca á luz o primeiro volume das narracións completas de Franz Kafka nun volume titulado *O médico de aldea*.

- Moisés R. Barcia, 'Angustías do cotián', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 96, 'Libros', 21 outubro 2004, p. V.

Dá conta de como no repertorio de relatos que podemos atopar no primeiro volume das narracións completas de Franz Kafka, *Un médico de aldea*, publicado pola editorial Galaxia dentro da colección "Clásicos universais", "o autor afonda nas súas obsesións: a relación entre a inguaxe e a realidade, a fraxilidade da vida, a soedade do escritor ou a pulsión pola morte. (...) A escrita é directa, case conversacional; o estilo, transparente, dunha sinxeleza enganosa, logra proxectar nos lectores o pavor e a angustia, transmutando así o soño espantoso na realidade máis crible, malia a aparencia do absurdo".

Lillo Redonet, Fernando, *Teucro: o arqueiro trojano*, tradutor: Lillo Redonet, Fernando, Noia-A Coruña: Toxosoutos, 2004, col. Narrativa histórica, 276 pp. (ISBN: 84-96259-30-7) (DL: C-1555-2004).

Tradución do castelán da novela do doutor en Filoloxía Clásica Fernando Lillo Redonet (Castellón de la Plana, 1969), publicada pola editorial Toxosoutos asemade en galego e castelán, cunha nota final do autor e mais un glosario de lugares e nomes propios que facilitan ao lector situar os personaxes e os espazos en que se desenvolve a narrativa e comprender o traballo de reelaboración implícito. A historia de *Teucro, o arqueiro de Troia*, que relatan alternándose un narrador omnisciente en terceira persoa e o propio Teucro en primeira, está dividida en tres libros correspondentes a tres estadios diferenciados da vida do seu protagonista que pasamos a resumir sucintamente. No primeiro deles, "O arqueiro errante", sábese da profecía da caída de Troia, preséntase o heroe e a súa estirpe e asístese ao desterro de Teucro unha vez consegue chegar a Salamina, a súa terra, trala fin da guerra de Troia; despois, na corte de Tiro, Teucro falará do sucedido

ao abandonar Salamina, da súa vida entre os xudeus e de como foi testemuña do poder do deus do pobo de Israel diante das murallas de Xericó. No segundo, "Troia", Teucro, acollido na corte do rei de Sidón despois da súa fuxida de Tiro, narra para a corte a historia da guerra de Troia. Finalmente, no terceiro, titulado "Nova Salamina", cóntase como o rei de Sidón anima a Teucro a participar na conquista de parte da illa de Chipre e o noso heroe acaba fundando alí unha Nova Salamina en que non ha de estar a fin da súa viaxe, pois "o seu destino non fora o regreso á súa patria, senón axudar a que outros tivesen unha terra e un fogar".

Recensións:

- M.R., 'Teucro', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 76, 'Letras en galego', 4 setembro 2004, p. 7.

Noticia da publicación de *Teucro, o arqueiro de Troia*, da autoría de Fernando Lillo Redonet, que nos propón con esta novela unha nova volta ao mundo grego e ao das súas narrativas.

- Xosé Freire, 'As aventuras do fundador de Pontevedra', *A Nosa Terra*, nº 1.143, 'Narrativa', 23 setembro 2004, p. 31.

Toxosoutos, editora comprometida coa memoria, vén de publicar *Teucro, o arqueiro de Troia*, unha narración das aventuras e desventuras do heroe grego a quen se supón mítico fundador da cidade de Pontevedra, escrita por Fernando Lillo Redonet. Desácase ademais o feito de que "Teucro é unha novela de xénero que axuda a normalizar a nosa literatura e polo tanto a nosa lingua, a diferenza do que se está a publicar noutros idiomas".

Piñón, Nélida, *A república dos soños*, trad. de Carmen e Mª Dolores Torres París, Vigo: Galaxia, 20 decembro 2004, col. Literaria, nº 213, 936 pp. (ISBN: 84-8288-767-X).

Primeira novela de Nélida Piñón (Río de Janeiro, Brasil, 1937) que chega ao mercado editorial galego, orixinariamente publicada en Brasil no ano 1984. Centra a súa ollada nun personaxe galego, Madruga (mozo de Sobreira que, dende moi novo, emigra ao Brasil coas ansias de facer fortuna), e no devir da súa historia familiar pasada e presente. El será a pedra chave dende a que se desenvolven as múltiples temáticas que contén esta complexa historia. O tema principal, que é o dos lazos das persoas co pasado e o deber da memoria deste, preséntase de forma imbricada dentro das relacións familiares de varias xeracións e refórzase positivamente noutros personaxes coma o avó Xan ou a neta, Breta. Outros temas aparecen tratados a partir do antagonismo entre dous personaxes da familia, case sempre con Madruga como eixo destas contradicións. Así, o compañeiro de viaxe ao Brasil, Venancio, opónselle na loita por construír uns soños de futuro chantados ben na realidade ben na ilusión da utopía. Tamén con Venancio mantén unha disputa por cómo enfrontar a construción dunha identidade complexa, acabalo entre dous mundos, o deixado atrás e o do Brasil. Coa súa dona, Eulalia, existe un antagonismo sobre cómo conducir as relacións

familiares: se dende o individualismo da supervivencia persoal ou a solidariedade comunal. A outro nivel, a contradición entre dous dos fillos de Madruga, Tomás e Bento, debuxa as posibilidades que existen de facer fortuna entre a ética do sacrificio e a inmoralidade da busca exclusiva do éxito económico e persoal. A voz narradora, sen ben é variábel, recae fundamentalmente en Breta. Ademais, a historia non deixa de ter un certo sabor a autobiografía, se se considera a neta de Madruga como unha transposición da propia Nélida Piñón. Toda a novela serve, por último, para dar un repaso a fondo por un século da historia do Brasil, aquel que vai de finais do século XIX a finais do XX.

Posse, Abel, *O inquedante día da vida*, Madrid: Grupo de Comunicación S.A., 2004, 268 pp. (ISBN: 84-922157-3-9).

Esta tradución ao galego do libro do escritor arxentino Abel Posse, *El inquietante día de la vida* (2001) conta con dous limiares, o primeiro escrito por Manuel Fraga Iribarne, que logo de lembrar o seu encontro veneciano co autor, se refire ao libro como un claro exemplo da visión de Posse sobre a Arxentina do século XIX, un momento de arranque económico, social e cultural; e o segundo, escrito polo propio Posse, que conta os antecedentes da historia que se nos vai narrar e fala do protagonista da novela e da súa ascendencia galega, unha familia de pioneiros do século XVIII que dende Camariñas emigran á Arxentina e se instalan en Tucumán. O libro, que se atopa estruturado en tres partes: "O mar doce", "A outra beira" e "As dúas ribeiras", conta a experiencia "agónica" de Felipe Segundo, neto do fundador da saga e do patrimonio familiar grazas á industria do zucre. O protagonista tense que enfrontar á súa propia morte por mor dunha enfermidade terminal que pouco a pouco o destrúe, e con el á súa propia familia e a posibilidade de ser un protagonista no despegue do país. Asistimos, nun acto de rebeldía, ao abandono do esplendor no que vive, da súa muller, amantes e oito fillos para iniciar unha viaxe en busca de aventura que o afasta da vida monótona e cotiá. Pasará pola capital arxentina e dirixirase a París, intentando coñecer a Rimbaud, un poeta que o fascina porque na súa poesía atopa unha loanza á vida salvaxe, entrando en contacto co círculo esotérico de Madame Blavatski no momento da *belle époque*. Xa nos seus derradeiros momentos, dende París marcha a Exipto, tratando de contaxiarse dunha filosofía e cultura diferentes. Finalmente, volta á súa Arxentina, a Tucumán, ao carón da súa familia, xa moribundo, para morrer. Déixalle "o paquete azul" ao seu amigo Roperti, dirixido para o seu sobriño. Así, a historia cóntasenos ben en primeira persoa, a través da voz do propio Felipe Segundo, ou ben dende a perspectiva do seu sobriño que le as anotacións deixadas por seu tío.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'O inquedante día da vida', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 89, 'Libros', 24 xuño 2004, p. V.

Comeza recollendo as palabras do propio Posse resumindo o argumento deste libro, gañador do Premio da Academia Arxentina das Letras no 2002, para referirse á intencionalidade do autor de que o libro se traducise ao galego. Segue repasando brevemente a súa recoñecida traxectoria no ámbito literario de expresión castelá, tanto en prosa coma en verso, posuíndo galardóns como o "Rómulo Gallegos". Céntrase, de

seguido, no argumento da novela, "un intento de espellar a política arxentina do século XIX" a través dos ollos de Felipe, mais tamén de amosarnos a vida na capital bonaerense e o mundo parisino de Madame Blavatski e Rimbau, nunha viaxe catárquica e esperanzada do protagonista por vivir intensamente os seus últimos días. Despide este comentario reiterando a naturalidade e a habelencia da escrita de Posse, afirmando que a súa proposta estreita máis os vínculos entre Arxentina e Galicia.

Referencias varias:

- Natalia Álvarez, 'O escritor e o lector son cómplices dunha aventura marabillosa', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 81, 'Entrevista', 29 abril 2004, p. III.

Conversa con Abel Posse con motivo da recente publicación da tradución ao galego da súa última novela *O inquedante día da vida*. Comeza referíndose ao seu desexo de que a obra se traducise ao galego e reflexiona sobre a Arxentina do século XIX, un país en fase de crecemento económico, e o que dela queda na actualidade. Deseguido, pasa a centrarse na historia do protagonista, que ten que facerse consciente da súa propia morte e inicia unha viaxe onde realmente os seus días se enchen de vida. Por último, ademais de facer unha crítica á industrialización da cultura, convertida agora en produto, remata a entrevista referíndose á relación inmanente entre escritor e lector.

Rabelais, François, *Cuarto libro*, tradución, introdución e notas de Henrique Harguindey Banet, A Coruña: Laiovento □, 2004, col. Narrativa, nº 186, 251 pp. (ISBN: 84-8487-059-6).

Nun libro que ten a sátira contra as institucións reaccionarias do seu tempo, nomeadamente a Igrexa católica, como tema central, François Rabelais (Chinon, Francia, 1494-París, 1553) narra o periplo do xigante Pantagruel na procura de Verdade. O *Cuarto Libro* preséntase así como unha defensa por parte do seu autor da alegría e as ganas de vivir fronte ao medo e a opresión. Tras unha introdución na que se recollen as principais características desta obra xunto á biografía e produción literaria de Rabelais, o autor francés comeza a narración cunhas liñas que dedica ao cardeal de Châtillon e aos lectores, para logo desenvolver en sesenta e sete capítulos as aventuras de Pantagruel e a tripulación que o acompaña na súa viaxe. Na procura do oráculo da divina Bacbuc, percorre a illa de Medamoti, recibe noticias do país das Lanternas, experimenta curiosas aventuras cuns carneiros ou chega á illa de Enasos. Tamén coñecerá a seres curiosos como Nafresfungantes ou os Notifiqueiros, ademais de enfrontarse a unha perigosa tempestade en mar aberto. Hai, así mesmo, capítulos enteiros que se ven case reducidos a unha interminábel enumeración na que Rabelais pon de manifesto o seu dominio do léxico. É o caso de "Anatomía de Choqueiro de Coresma canto ás súas partes externas". En suma, trátase dunha obra chea de fantasía que, non obstante, agocha detrás da súa aparencia lúdica e festiva unha profunda crítica contra o inmobilismo católico da súa época.

Recensións:

- Moisés R. Barcia, 'Rabelais: Cuarto libro', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 95, 'Libros', 14 outubro 2004, p. V.

Introdución sobre a traxectoria do tradutor da obra, Henrique Harguindey, que desta volta traduce unha obra que ten a crítica do inmobilismo católico como tema central. O *Cuarto libro* supón un periplo na busca da Verdade no que a fantasía é un elemento constante e no que o bo facer como escritor de François Rabelais se manifesta con especial intensidade, sobre todo no seu dominio da lingua. Sublíñase que é a primeira tradución da obra a unha lingua ibérica e recóllense algunhas das dificultades ás que Harguindey se enfrontou á hora de verquela ao galego.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'François Rabelais en galego', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 19 agosto 2004, p. 3.

Incídese especialmente na importancia do feito de que a tradución de Henrique Harguindey Banet sexa a primeira realizada da obra *Cuarto Libro* en toda a Península Ibérica. Sinálase que o seu autor, François Rabelais, é un dos máis destacados representantes da "cultura cómica popular da Idade Media e do Renacemento", criticando dende esa comicidade o reaccionarismo das institucións do seu tempo.

Rodríguez, Ramón (editor), *Biblia Popular Galega*, ilustr. de Soledad Pite Sanjurjo e Pedro Ávila Durán., Vigo: Xerais □, 2004, 230 pp. (ISBN: 84-9782-222-6).

Volume de Xosé Chao Rego publicado por Xerais e con ilustracións de Soledad Pite Sanjurjo e Pedro Ávila Durán. Aestrutura do libro comeza cunha selección de textos bíblicos que van recortados polos comentarios de Chao Rego, e ao final do volume figuran unha serie de notas co obxectivo de completarlle a información ao lector. O libro titúlase *Biblia Popular Galega*, pero só aparece o *Antigo Testamento*, malia que Chao Rego afirma que lle gustaría publicar outro volume co *Novo Testamento*.

Recensións:

- Camilo Franco, 'Xosé Chao presenta unha versión accesible e popular da Biblia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 4 novembro 2004, p. 54.

Dá conta da presentación da *Biblia Popular Galega*, do teólogo Xosé Chao, o cal presenta unha versión sinxela e popular da Biblia. Apunta as referencias á cultura galega que empregan cando pretende facer un paralelismo entre a emigración do pobo de Israel e do galego, ou cando inclúe cantigas populares que fan referencia ao libro sagrado. E lembra que este volume que se presenta corresponde só ao Antigo Testamento.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 21 novembro 2004, p. 91.

Comeza facendo referencia á homenaxe que o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural 'O Galo' lle fixeron á obra e personalidade de Xosé Chao Rego. Continúa informando da publicación de dous novos volumes da súa autoría, *A muller, ¡que cale! Raices do antifeminismo* e a *Biblia Popular Galega*.

- Marcos Valcárcel, 'Chao Rego, a muller, a Biblia', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 23 novembro 2004, p. 64.

Informa da saída á rúa de dous novos volumes do escritor e teólogo Chao Rego. Apúntase que un destes volumes leva por título *A muller,¡que cale! Raíces do antifeminismo*, e ten por obxectivo recuperar a imaxe da muller negada ao longo da historia eclesiástica. O outro volume, *A Biblia Popular Galega*, segue a liña dos artigos que publicara na revista *Irimia*.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 102, 2 decembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *A biblia popular galega* (2004), de Xosé Chao Rego; o *Diccionario de escritores de Tabeirós-Montes* (2004), de Carlos Loureiro Rodríguez; *As bioinvasións na Galiza* (2004), de Xurxo Pérez Pintos e Xosé Bouzó Fernández; e *O segredo de Cristina* (2004), de Pasqual Alapont e Alberto Botella. Da obra de Chao Rego destácase a coidada edición e as ilustracións, que a converten en acaída para todas as idades.

Tabucchi, Antonio, *Tristano morre*, Trad. Leandro García Bujarín, Vigo: Galaxia □, 4 outubro 2004, col. Literaria, nº 208, 202 pp. (ISBN: 84-8288-728-9).

Nesta novela do escritor italiano AntonioTabucchi (Pisa, 1943) cóntasenos a historia de Tristano, un vello partisano que loitara contra o fascismo e que agora agoniza nunha casa da Toscana, ao coidado da vella Frau e do doutor Ziegler, que lle proporcionan a morfina coa que soportar a dor da perna engangrenada que se nega a amputar. Ao se saber no leito de morte fai chamar un escritor, que xa trinta anos antes novelara as súas fazañas na guerra, para que escriba a súa biografía. Así, durante un tórrido mes de agosto, o último do século XX e da súa vida, e mentres agoniza por mor da gangrena que lle avanza pola perna, Tristano irá narrando en primeira persoa a este escritor, que se limita a transcribir, os feitos da súa vida. O escritor, sempre así chamado e sen maior identificación, será o intermediario para que apareza en letra impresa a memoria do partisano moribundo como un longo monólogo. Mais a agonía da gangrena e os delirios producidos pola morfina fan que o discurso de Tristano non sexa lineal, de modo que a longa e desencantada confesión persoal

que constitúe a narración se ve constantemente fragmentada ao ir Tristano lembrando e reinventando o seu relato entre os momentos de lucidez e de delirio. Tras dunha breve referencia á infancia e á adolescencia, o relato da súa vida comeza realmente durante a Segunda Guerra Mundial. Tristano formaba parte do exército italiano de ocupación en Grecia, mais tras matar un oficial nazi que asasinara a sangue frío unha muller e un neno, deserta e únese á resistencia, chegando a se converter nun heroe logo de conseguir acabar el só cunha patrulla alemana. Nárranse tamén as súas historias de amor, amores que se solapan e confunden, como os da rapaza grega que o acolleu ou o dunha capitana norteamericana á que non quixo dar un fillo. Abórdase tamén a súa vida posterior, os seus desenganos políticos e a súa actividade como escritor e editor. A tensión aumenta ao aparecer un segredo que só se desvelará ao final da novela e que nos revela unha vida atormentada pola culpa. A novela presenta unha estrutura caleidoscópica, na que o relato de Tristano se constrúe como un crebacabezas a partir da confusión das voces e dos puntos de vista, dos saltos cronolóxicos, da mestura de lembranzas contraditorias, soños e delirios do vello partisano. Deste xeito, vanse sucedendo episodios e escenas significativos da súa vida mesturados con imaxes líricas, anécdotas ou pensamentos introspectivos, lembranzas e reflexións que en último termo reflicten a historia do século XX, que acaba por ser o verdadeiro eixo do relato.

Recensións:

- Manuel Xestoso, 'A historia do s. XX e o pracer da palabra', *A Nosa Terra*, nº 1.150, 'Narrativa', 11 novembro 2004, p. 26.

Tras resumir o argumento da novela, faise observar que se trata de algo máis que unha reflexión sobre os acontecementos históricos no século XX e que o discurso quebrado e contraditorio do narrador fan gañar o interese do lector desde o primeiro momento. Considera o crítico que Tabbuchi consegue nesta novela crear un compromiso especial co lector, que é quen debe artellar o discurso que se lle presenta fragmentado, de xeito que acabe por convencelo de que realmente non existe o escritor de que se fala na obra, senón que a súa función lle corresponde ao lector final. Sublíñanse tamén as referencias cultistas máis ou menos veladas nas páxinas da novela (Walter Benjamin, Gertrude Stein, etc). Considera o crítico, finalmente, que non existe só confusión propositada entre o lector e o escritor de que se fala na obra, senón tamén co propio Antonio Tabbuchi, o autor empírico. Termina a recensión sinalando que hai excesiva obviedade nas críticas de Tabbuchi, o cal lle impediría estar á altura doutros seus textos anteriores.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Na agonía, unha biografía moral do século XX', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 14 novembro 2004, p. 3.

Considera a Tabucchi como un escritor versátil, salientando esta novela como a máis cobizosa da súa produción, na que traballou durante doce anos. Tras sinalar o argumento da novela, apunta algúns dos temas que esta convoca: a crise de valores da civilización occidental e a pregunta de se pode ser contada unha vida. O crítico tamén observa que o título da obra recorda a *Malone morre* de Samuel Beckett e o nome do protagonista resulta unha homenaxe a Leopardi, ao Tristano das *Operette Morali*, unha figura pesimista e

amarga. Termina esta recensión indicando que se trata dun produto literario moi afastado dos de simple consumo.

- Xosé M. Eyré, 'Ao pé da morte, cando todas as historias se mestura', *A Nosa Terra*, nº 1.152, 'Narrativa', 25 novembro 2004, p. 26.

Comézase situando esta novela dentro da obra de Tabucchi, a quen se describe como o autor italiano máis coñecido e internacional. Saliéntase tamén o compromiso do autor contra o neofascismo berlusconiano, confrontándoo cun Umberto Eco máis despreocupado por esas cuestións. No segundo parágrafo comézase xa a analizar a narración, observando que esta ten como fío condutor dar testemuño dun compromiso ético e político, igual que o resto da obra de Antonio Tabucchi. Faise notar a metáfora de que o personaxe protagonista da novela morra co século XX, de modo que revisará os principais acontecementos desa centuria no seu país. Considera tamén que en *Tristano morre* se cultiva a característica posmoderna do esquecemento inmediato, por non teren os seus relatos nin un inicio nin un remate convencional, senón que se presentan ensarillados como un delirio. A reseña conclúe cunha breve comparación entre as obras de Tabucchi e de Xosé Carlos Caneiro, apuntando a semellanza nos personaxes que constrúen mais tamén as diferenzas entre os seus discursos.

- Jaureguizar, 'O círculo de Tabucchi', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 28 novembro 2004, p. 89.

Comeza reflexionando sobre a situación de excepcionalidade de que se traduzan novidades para o galego e sobre o labor dos tradutores. Posteriormente esmiuza o desenvolvemento argumental da narración. Considera o crítico que a pretensión de Tabbuchi era facer unha obra que fose o cumio da súa carreira, mais que non o deu conseguido, ficando atrás de obras como *Afirma Pereira* ou *Nocturno hindú*.

- Tomás Ruibal, 'Eses últimos recordos', *Diario de Pontevedra*, 'Revista!', 28 novembro 2004, p. 8.

Sinálase o argumento da obra e como o relato agónico de Tristano é tamén o relato do século XX. Considera que as referencias eruditas lastran por momentos o ritmo narrativo da novela. Finaliza a crítica considerando que a saída desta obra ao mesmo tempo que en castelán e catalán é un paso para a normalización lingüística. Esta recensión tamén se publicou no xornal *El Progreso*, o día 4 de decembro.

- Tomás Ruibal, 'Eses últimos recordos', *El Progreso*, 'Libros', 4 decembro 2004, p. 6.

Sinálase o argumento da obra e como o relato agónico de Tristano é tamén o relato do século XX. Considera que as referencias eruditas lastran por momentos o ritmo narrativo da novela. Finaliza a crítica considerando que a saída desta obra ao mesmo tempo que en

castelán e catalán é un paso para a normalización lingüística. Esta recensión tamén se publicou no xornal *Diario de Pontevedra*, o día 28 de novembro.

- Moisés R. Barcia, 'Tristano morre', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 105, 'Libros', 24 decembro 2004, p. V.

Sinálase o argumento da novela e indícase que é a terceira obra de Tabbuchi que se traduce para o galego. Vincula a obra c'*O paciente inglés* de Michael Ondaatje e dá a coñecer que a crítica internacional e a italiana non consideran a novela como unha das mellores do seu autor, debido ao seu ton canso e repetitivo. Na parte positiva, sinala que foi considerado pola revista *Lire* como o mellor libro publicado en Francia no 2004. A recensión finaliza avaliando como solvente a tradución.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, 'A nova novela de Tabucchi verá a luz en galego antes que en castelán', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 24 xullo 2004, p. 53.

O titular salienta a saída desta novela antes en galego que en castelán, e no subtítulo sinala que o seu autor é candidato ao Premio Nobel. A noticia comeza indicando que Tabucchi repasou persoalmente as probas da tradución ao galego e que é un amante da obra de Cunqueiro que utiliza habitualmente a lingua galega nas súas visitas a Galicia. Posteriormente, sinálase que este libro era ansiosamente agardado por representar algo importante na traxectoria literaria do seu autor. Coméntase brevemente o argumento da novela e afírmase que a súa construción "converte na máis lúcida das literaturas o relato dunha agonía terrible". Unhas declaracións de Xosé Soutullo, o Xefe de Produción de Galaxia, destacan que se poida acceder a esta tradución "en tempo real", co que significa de "incorporación do libro galego á normalidade". A noticia finaliza cun perfil, en estilo poético, do autor e da súa obra. Considérase aí que Tabucchi é un autor insubstituíbel, que cambiou para sempre a literatura contemporánea, e posuidor dunha conciencia cívica.

- Jaureguizar, 'Tabucchi repasa o século XX na novela 'Tristano morre', *El Progreso*, 'Verano', 27 xullo 2004, p. 65.

Sublíñase nesta noticia que a tradución ao galego desta novela vai ser a primeira a unha lingua peninsular. Indícase brevemente a trama da novela e que o seu autor esparexe múltiplas referencias literarias dentro dela (Goethe, Leopardi, Heine, etc). Saliéntanse despois os dous grandes amores dos que fala Tristano no seu leito de morte.

- Silvia Rozas García, 'A última novela de Tabucchi publícase en galego, castelán e catalán', *A Nosa Terra*, nº 1.148, 'Cultura', 28 outubro 2004, p. 28.

Saliéntase en primeiro lugar a innovación no mercado editorial, por ser este libro publicado

ao mesmo tempo en galego, castelán e catalán. Dise que se debe a un obxectivo marcado pola editorial Galaxia, de conseguir que as traducións máis agardadas cheguen ao mesmo tempo en galego do que en castelán. Chámase a atención tamén sobre o feito de que a tradución ao noso idioma fose revisada persoalmente polo propio autor. Sinálase o argumento do libro, que fai cuestionar se a literatura é capaz ou non de transmitir a vida. A noticia termina sinalando algúns posicionamentos políticos de Antonio Tabucchi.

VV. AA., *Premio 2004 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia □♦, 2004, Universidade de Vigo, 2004, 183 pp. (ISBN: 84-9782-240-4).

- Eva Almazán García, "Os alicerces da paz", Premio de Tradución, pp. 115-132.

Tradución dun discurso de Sir Winston S. Churchill pronunciado en 1946 con motivo de recibir o "Honoris Causa" do Westminster College, no que reflexiona sobre os beneficios da paz para o mundo.

- Laura Sáez Fernández, "Tarzán de goma", 1º Accésit de Tradución, pp. 133-168.

En dez breves capítulos relátase a historia de Iván Olsen, a quen non se lle dá ben aprender as letras, nin subir ás árbores, nin xogar ao fútbol. Grazas a unha bruxa consegue cumprir por un día todo o que desexa e vingarse dos seus compañeiros de escola e mesmo de seu pai.

- Lara Alonso García / Isabel Arjones Porto, "A lotaría", 2º Accésit de Tradución, pp. 169-182.

Cóntase o que sucedeu nunha vila o día 27 de xuño con motivo do tradicional sorteo da lotaría.

Woolf, Virginia, *As ondas*, trad. María Cuquejo, Vigo: Galaxia □♦, 30 agosto 2004, col. Clásicos Universais, 246 pp. (ISBN: 84-8288-722-X).

Esta obra, aparecida en 1931, da autora inglesa Virginia Woolf (1882-1941) é un dos alicerces fundamentais da novela moderna e nela nárransenos as vivencias dun grupo de amigos -tres homes e tres mulleres- dende cativos até a súa madurez. Ademais dunha linguaxe poética rica e chea de múltiples metáforas -que canaliza a través da prosa rompendo deste xeito os ríxidos lindeiros que se estabelecían na teoría xenérica clásica-, esta novela "lírica" constrúese sobre unha sucesión de monólogos interiores, que flúen a través das páxinas da obra da Woolf o mesmo que as ondas nas augas do mar, e mais fragmentos de descrición pura que se centran na natureza e no relato obxectivo do transcorrer dun día: o abrente ou o sol sobre o mar. Deste xeito, *As ondas* vaise tecendo de

retallos de descrición obxectiva ganduxados con anacos que recollen a "corrente da consciencia", polo tanto subxectiva, de varios personaxes. Póñense de relevo neste texto eternas cuestións que se veñen formulando a crítica e mais os estudos literarios dende o principio dos tempos: a fenda insalvábel que se abre entre experiencia e escrita; as difusas fronteiras entre xéneros literarios, neste caso poesía e prosa -os especialistas e a crítica catalogan esta obra como novela lírica-, e a obxectivación da realidade fronte ao peso do subxectivo nos textos literarios.

Recensións:

- R.L., 'As ondas', *La Voz de Galicia, 'Culturas'*, nº 80, 2 outubro 2004, p. 9.

Anuncia a publicación do libro, presentado como un texto que cambiou o corazón de milleiros de lectores e que ensinou a múltiples escritores a contar doutro xeito. Así mesmo, chama a atención sobre a necesidade de que o sistema literario galego incorpore traducións de textos como o da autora inglesa.

- Moisés R. Barcia, 'As ondas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 99, 'Libros', 11 novembro 2004, p. V.

Analiza os elementos fundamentais da construción da obra, prestando especial atención á importancia do monólogo interior e á metáfora na constitución da linguaxe da novela. Ademais, a pesar de sinalar diversos erros cometidos pola tradutora, eloxia a calidade da translación ao galego dunha novela tan complexa e difícil.

- Francisco Martínez Bouzas, 'As ondas': acadando os cume do monólogo interior', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 5 decembro 2004, p. 3.

Destaca o valor literario e o carácter anovador da obra de Virginia Woolf, subliñando o feito de que a súa aparición en galego constitúe un paso máis cara á consolidación da cultura e a lingua galegas.

Zweig, Stefan, *Novela de xadrez*, trad. Patricia Buján Otero e Saleta Fernández Fernández, Vigo: Ir Indo Edicións, marzo 2004, col. Ir Indo Clásicos, 100 pp. (ISBN: 84-7680-509-8).

A obra relata un encontro entre personaxes distintos que se atopan a bordo dun barco onde se van reunir ao redor dun taboleiro de xadrez. Os personaxes principais son Czentovic, o campión mundial de xadrez, McConor e o narrador. Durante a partida e nun momento en que o grupo de xogadores que se enfronta ao campión dubida sobre cal será o movemento máis axeitado, xorde o doutor B., que consegue que a partida quede en táboas, polo que o campión cítaos para o día seguinte. O narrador é o encargado de falar co doutor B. para que sexa el quen xogue contra Czentovic, polo que agora o relato se centra na figura deste

home. O doutor B. é un avogado austríaco que antes da chegada do nacionalismo traballaba como administrador do patrimonio da corte e do clero. Cando Hitler invade Austria, a Gestapo faino prisioneiro co fin de obter información sobre a onde foran parar bens materiais da corte, e encérrao nun cuarto de hotel completamente só. Esta situación faise cada vez máis insoportábel, até que un día o doutor B. consegue coller un libro, unha compilación das mellores partidas de xadrez de todos os tempos. A partir de aí comeza a repetir todas e cada unha das xogadas do libro, e o xadrez convértese nunha obsesión patolóxica. Esa obsesión fai que acabe no hospital e logo sexa liberado. Unha vez que o doutor B. lle acaba de contar a súa vida ao narrador, a narración volve situarse no barco, onde o doutro B. se enfronta a Czentovic nunha partida real.

Recensións:

- C. Lorenzo, 'Clásico psicolóxico sobre o nazismo', *A Nosa Terra*, nº 1.124, 'Cultura', 15 abril 2004, p. 27.

Primeiro menciónase a figura de Stefan Zweig como un dos escritores máis importantes das letras alemás. A súa literatura baséase na análise psicolóxica dos individuos e das sociedades modernas. Logo fálase da súa obra *Novela de xadrez,* unha tradución publicada por Ir Indo. Exponse cal é o argumento e como se debe interpretar: "unha profunda análise da sociedade que refinou a tortura e o sufrimento". Tamén é unha complexa análise da esencia do ser humano e dos seus límites.

- Moises R. Barcia, 'Novela de xadrez', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 81, 29 abril 2004, p. 1.

Infórmasenos da tradución da primeira obra de Stefan Zweig traducida ao galego, *Novela de xadrez*, para logo falar da vida do autor. Finalmente menciónase a interpretación da obra como "metáfora do momento histórico en foi escrita", onde o doutor B. representa o humanismo e Czentovic a imaxe de Hitler. Esta recensión tamén foi publicada no xornal *La Opinión*, o día 8 de maio de 2004.

- Moisés R. Barcia, 'Os libros como refuxio', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 56, 8 maio 2004, p. 5.

Infórmasenos da tradución da primeira obra de Stefan Zweig traducida ao galego, *Novela de xadrez*, para logo falar da súa vida. Finalmente menciónase a interpretación da obra como "metáfora do momento histórico en foi escrita", onde o doutor B. representa o humanismo e Czentovic a imaxe de Hitler. Esta recensión tamén foi publicada no xornal *Faro de Vigo*, o día 29 de abril de 2004.

Referencias varias:

- Maré, 'Galegos na historia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 marzo 2004, p. 52.

Destácase a importancia de Lois Tobío e Avelino Pousa Antelo como diplomáticos e galeguistas, de aí que Ir Indo saque unha biografía de cada un. Relaciónase isto co anuncio da publicación de *Novela de xadrez* de Stefan Zweig e indícase brevemente o argumento. Menciónanse tamén as novas publicacións infantís *¡Cóntame un conto, Alfonsiño!* de Rosario Miloro Costas e *O cabalo ceibe* de Xosé Lois Ribalda, dos cales de nos amosa un resumo.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 80, 22 abril 2004, p. VII.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle as recensións de *Contos prodixiosos, I* e *Contos prodixiosos, II* (2004), de Xosé Miranda e Antonio Reigosa; *Novela de xadrez* (2004), de Sefan Zweif; *Cociña vexetariana* (2004), de Miguel Burros; e *Xoaquín Lorenzo. Vida e obra* (2004), de Marcos Valcárcel. Indica que o espazo no que se desenvolve a historia de *Novela de xadrez* é un barco de pasaxeiros que navega rumbo a Bos Aires, no que se atopan dous homes antagónicos: Czentovic e Dr. B.; sinala que os dous protagonistas comparten unha partida de xadrez, grazas á cal coñecemos "un universo dualista que Zweig narra de xeito maxistral neste clásico da literatura".

I.4. ANTOLOXÍAS

Casas Rigall, Juan, *Padrón cuna de escritores*, Xunta de Galicia, 2004, Pontevedra: Fundación Rosalía de Castro ♦, 2004, Concello de Padrón, 2004, Fundación Camilo José Cela, 2004, 165 pp. (ISBN: 84-921180-9-1).

Despois das presentacións institucionais por parte dos editores do volume, o encargado da antoloxía, Juan Casas Rigall, explica que ademais de Rosalía de Castro e Camilo José Cela, "estandartes de las letras padronesas por el hondo calado de sus aportaciones a la cultura hispánica y universal", outras figuras padronesas deixaron a Padrón como referencia nas súas obras. Foi o caso de Macías o Namorado, que dende o punto de vista literario escribiu versos que, segundo Casas, "se hayan en una encrucijada de privilegio entre las letras ibéricas, pues constituyen el natural nexo entre la cantiga de amor galaico portuguesa y los nuevos usos de la poesía castellana". Salienta Casas, da mesma época, a Juan Rodríguez del Padrón, que se inspirou nas cancións de Macías e que reclamou nos seus versos ser sepultado xunto a "el paisano de tierras y pasiones". No século XIX salienta ao padronés Manuel Barros, Manuel Vázquez Castro, que viviu en Cuba, EEUU e Arxentina, dende onde difundiu a cultura ibérica e, en particular, a galega. Figura que tamén salientou como poeta e narrador. Entre o século XIX e o XX, entroncando con Barros, fala de Nicasio Pajares, escritor, periodista, emigrante que nas súas obras se inclúe a sátira a o humor. A seguir acóllense os antalogados, dáse deles unha breve biobibliografía e reprodúcense algúns textos.

Varela, Carme; Fandiño, Xosé Ramón (editor), *Premios Pedrón de Ouro. Certames XXVII (2001), XXVIII (2002) e XXIX (2003)*, Sada: Ediciós do Castro, setembro 2004, col. Narrativa, 294 pp. (ISBN: 84-8485-153-2).

Volume que recolle os relatos premiados e as actas das convocatorias dos anos 2001, 2002 e 2003 do Certame Nacional Galego de Narracións Breves "Modesto R. Figueiredo". Preséntase cun limiar de Avelino Abuín, presidente da Fundación do Pedrón de Ouro. As obras incluídas nesta recompilación son as seguintes:

- Álvaro Lago, "O crime do Pombal", pp. 11-19

Relato ambientado en Compostela co que Álvaro Lago (Santiago de Compostela, 1963) obtivo o primeiro premio do Certame XXVII. A trama xira ao redor da figura de D. Pascual Borrajo durante unha noite de esmorga nun bordel compostelán. A narración caracterízase por posuír minuciosas descricións e polos continuos saltos de escena.

- Xosé Monteagudo Folgar, "O engado do triángulo", pp. 21-32

Narración breve gañadora dun accésit na que Xosé Monteagudo Folgar relata as peripecias dun adolescente chamado Barrilete ao tentar conquistar a súa namorada Graciela, unha moza á que todos pretenden no instituto. Nun primeiro momento, Barrilete é axudado polo seu compañeiro de mesa, Felipe, a voz narradora da historia, que acaba sendo seducido por Graciela. O relato posúe un desenlace difícil de prever.

- Andrés Pociña Pérez, "Medea en Camariñas", pp. 33-53

Un lavadoiro de Camariñas é o lugar en que se desenvolve esta historia propia dunha traxedia grega, gañadora dun accésit, de Andrés Pociña Pérez (Lugo, 1947) acerca de Medea, a filla dun rei grego. Medea, en primeira persoa, narra a súa vida, unha existencia marcada pola desgraza e terxiversada por todos os que querían facer de Xasón, o seu marido, un heroe. Ao longo do relato, Medea transmítelles a súa historia ás lavandeiras de Camariñas empregando continuamente chamadas de apelación. Pociña é quen de transformar ao lector nunha das camariñás ás que Medea dirixe a súa mensaxe.

- Manuel Pereira Valcárcel, "Un día de praia", pp. 55-59

Breve relato, con recomendación para ser publicado, no que Manuel Pereira Valcárcel (Ouzande-A Estrada, 1955) revela a relación de amizade que existe entre un sobriño e o seu tío e recolle unha conversa verbo das mulleres. Os puntos de vista dos dous familiares no que atinxe ao sexo feminino son totalmente antagónicos.

- Xósé Díaz Díaz, "O Galbao", 61-87

A narración adopta como título o alcume do personaxe ao redor do cal xira a trama. O Galbao é un ancián procedente dunha desgraciada familia que, nos últimos anos, só sofre

infortunios. Xosé Díaz Díaz (Ferrol, 1944) mestura diferentes escenas que converxen nun único punto, na morte do protagonista. O soño, a guerra, as faladurías e un bosque forman o contexto en que se desenvolve esta historia cargada de diálogos e monólogos que amenizan a lectura do texto recomendado polo xurado para ser publicado.

- Emma Pedreira, "Os doces devorados", pp. 93-120

Relato co que Emma Pedreira (A Coruña, 1978) obtivo o primeiro premio do Certame XXVIII. A trama desenvólvese nun marco onde o azucre e as formigas, fieis acompañantes do protagonista, son os elementos principais. A voz narrativa é a dun home que vai contando a súa relación cos insectos dende a súa infancia. O protagonista goza comendo todo tipo de insectos, e máis tarde toda clase de animais, mesturados cos bolos e cos pasteis que fai a súa nai e deléitase fantaseando cos corpos das nenas mortas ás que cre que lle saen ás ou ás que comen os parasitos. Cando desaparece a súa nai e ten que rexentar el o negocio, coñece a Madalena, unha moza coa que estabelece unha estraña relación. O epílogo adopta a forma de poema e recolle a esencia do relato.

- Xosé Luís Vázquez Somoza, "Río do esquecemento", pp.121-155

Narrada en terceira persoa, Xosé Luís Vázquez Somoza achéganos unha conmovedora historia, gañadora do primeiro accésit, sobre dous mozos comprometidos no contexto da guerra civil española. Cando quedan dous meses para que Catalina e mais Mateo Román casen, o mozo recibe unha carta que require a súa presenza no exército. Aconsellado polo seu padriño, Mateo Román desoe a chamada ás filas e permanece oculto durante nove meses, feito que supón a súa condena a morte. Catalina, axudada pola familia do seu noivo, fará todo o posíbel para salvar a Mateo Román.

- Xosé Díaz Díaz, "Lupanar", pp. 157- 185

Historia fantástica coa que Xosé Díaz Díaz (Ferrol, 1944) obtivo o segundo accésit *ex-aequo* xunto á obra "Están ardendo as serras orientais". Trátase dun relato no cal o máis alá, o onírico, unha obra teatral e a realidade mestúranse dando vida a unha trama que xira ao redor dunha morte inverosímil. O sexo, unha prostituta e a relación homosexual entre Mauro e Martiño confírenlle un carácter erótico ao texto.

- Xaime Domínguez Toxo, "Están ardendo as serras orientais", pp. 187-207

Bandallo e Caneiro, un mozo xordomudo, son os protagonistas desta obra de Xaime Domínguez Toxo que narra a viaxe ao Hospital Militar da Coruña dos dous amigos inseparábeis. Os dous mozos inician un percorrido en tren que os leva a coñecer ambos os dous bandos que se enfrontarán nunha incipiente guerra civil.

- Salvador Rodríguez, "Tatuaxe", pp. 209-217

Breve relato de Salvador Rodríguez que acadou a recomendación do xurado para ser publicado. Trátase dunha historia desenvolta nun ambiente repleto de alcohol, drogas e

cartas. Roi, un mariñeiro separado cun fillo pequeno e amante das mulleres, porta unha tatuaxe no brazo ao seu regreso das Palmas; pero non se trata dun simple gravado, é unha ferida de morte infectada polo VIH.

- Xosé Luís Álvarez Pérez, "De noite non reces aos ídolos", pp. 223-263

Esta historia gañadora do primeiro premio no Certame XXIX está posta en boca dunha nena de catorce anos que conta a existencia e os infortunios da súa familia. As contradicións tinguen o relato cun halo misterioso que vai cobrando sentido ao longo da narración. A protagonista tenta confundir ao lector intercambiándose os papeis coa súa irmá, unha irmá que faleceu, pero que parece seguir viva.

- Xavier López Rodríguez, "Fiordes", pp. 265-282

Nunha viaxe a Noruega, o protagonista do relato de Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende-Zamora, 1956), un home que goza mentindo e burlándose da xente, descubre no comedor do hotel un cadro cun enigmático home nunha ventá do Hostal Breogán de Santiago. Abraiado polo descubrimento, logra convencer a un camareiro para que lle explique a procedencia da imaxe. O camareiro cóntalle que varias rapazas que visitaron a cidade chegaron embarazadas e hipnotizadas aos países nórdicos. As mulleres que volveron a Compostela entregaron os seus fillos no hostal e as que non o fixeron enxendraron fillos mudos e morreron.

- Andrés Pociña, "O colar indio", pp. 283-297

Xenaro, o protagonista galego da historia de Andrés Pociña (Lugo, 1947), vai a Toulouse para cursar un mestrado. Como a relación coa súa moza vai cada vez peor, decide mercarlle un precioso colar indio. Non obstante, a tenda que o vende permanece sempre pechada e Xenaro, obsesionado co complemento, decide pescudar acerca do negocio. Un día que ve luz no interior do establecemento, entra e atopa o corpo sen vida de tres persoas con rasgos orientais. Nun primeiro momento, Xenaro é acusado de asasinato.

II. POESIA

II.1. POETAS GALEGOS

Álvarez Torneiro, Manuel, *Setembro Stradivarius*, Deputación Provincial de Pontevedra, 17 maio 2004, col. Tambo, 102 pp. (ISBN: 84-8457-189-0).

Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) recolle neste volume un total de cincuenta composicións. O presente volume tivo unha versión inicial no poemario homónimo inserido na escolma *Os reinos do fulgor. Antoloxía esencial (1982-2002)* (Deputación provincial da Coruña; 2002), se ben nesta compilación só eran doce os textos que se incluíron, agora revisados e reescritos na súa gran parte. Está composto por tres partes: "Amor e algunhas sombras", "Vella luz vulnerada" e "Outono para violín", aparentemente

independentes pero co fío común da presenza de temas recorrentes na poética do autor tales como a música -suxerida xa no título no que resoa a presenza do violín-, o amor, a indagación na infancia e na memoria persoal a través da exploración das posibilidades do paso do tempo, e a metaliteratura. O mes de setembro que titula a obra concíbese como o nexo a través do cal agrupar as distintas partes do poemario e faise indagando no seu carácter propicio para a música, para o gozo do amor a través dos sentidos, para o deleite das paisaxes outonais que proporciona a luz nas súas diversas tonalidades, da soidade ou da reflexión demorada. Formalmente sobrancea a feitura clásica das composicións, plagadas de sutís alusións literarias, musicais e pictóricas.

Recensións:

- Concepción Delgado Corral, 'A sonora luz da ausencia', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 164, 'O espello das letras', 2004, pp. 83-84.

Despois de dicirnos que doce dos poemas se tomaron da súa anterior obra *Os reinos do fulgor* (Deputación provincial da Coruña; 2002), de expoñernos os cambios de título destes poemas, de comentarnos que se estrutura en tres partes -e que a primeira consta de vine e tres, a segunda de quince, e a terceira de vinte e un- e de analizar o contido, saliéntase que esta obra entra no proxecto de obra total do poeta: pola coherencia temática e estilística, a pescuda da linguaxe poética, a atmostera afectiva ou a saudade dun tempo pasado.

- Xavier Castro R., 'Os territorios limítrofes de Álvarez Torneiro', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Versos', 25 xullo 2004, p. 3.

Cualifica a Manuel Álvarez Torneiro como unha das voces líricas máis persoais, atractivas e cultas da poesía galega e con respecto a *Setembro Stradivarius* sinala que se trata do cume dunha etapa onde plasma os temas recorrentes na súa produción: a experiencia, a música, a homenaxe á literatura, a memoria e a procura da luz. Repara na estrutura do poemario e alude ao último poema, "As preguntas", onde botando man do tópico do "ubi sunt?" o poeta interrógase sobre o tempo, as persoas e as cousas, con dúbidas encadeadas que deixan aberto o libro. Menciona tamén que a aparición deste libro coincide coa declaración do seu anterior poemario, *Epicentro*, como finalista do Premio Nacional de Poesía, unha noticia que dá conta da dimensión da palabra e do poeta.

- Xesús Fraga, 'Á sombra de setembro', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 73, 'Letras en galego', 14 agosto 2004, p. 7.

Repara nos temas presentes en *Setembro Stradivarius*, recorrentes na poesía de Álvarez Torneiro. Entre eles cita a contemplación da vida e o seu curso imparábel, o amor, a conexión íntima do home coa natureza, temas expresados a través dos sentidos, da percepción da música, dos vellos oficios e das súas ferramentas. Repara na identificación entre os textos deste poemario e o mes que figura no título: calmos, cheos de matices, lixeiros pero con múltiples trazos. Finalmente, alude aos vellos oficios que lembra a través

de obxectos e técnicas que están esmorecendo ou están esquecidos e nos que se plasma como o home mantiña unha relación respectuosa e natural co contorno.

- Tomás Ruibal, 'Dúas entregas poéticas', *Diario de Pontevedra*, *'Revista!'*, 'Anaquel dos libros', 26 setembro 2004, p. 8.

Comenta os dous novos títulos da colección "Tambo" que edita a Deputación de Pontevedra: *Setembro Stradivarius*, de Manuel Álvarez Torneiro e *Sucesos*, de César Souto Vilanova, aos que se refire dicindo que se trata de dúas propostas poéticas radicalmente distintas tanto polas personalidades e traxectorias poéticas dos seus autores coma polo estilo e a temática de cada un. Con respecto a Álvarez Torneiro salienta a súa longa traxectoria, menciona os títulos que publicou e pon de relevo a intertextualidade e do seu gusto pola reflexión clasicista arredor do paso do tempo e o sentido da existencia; trazos presentes nos seus textos. A seguir, e con relación a *Sucesos*, destaca que se trata do primeiro poemario do xornalista César Souto Vilanova no que a través de poemas breves intenta transmitir reflexións fondas, de xeito que poden semellarse aos haikus e mesmo "corren o risco de acadar esa reflexión case epigramática en catro versos ou quedar nunha (...) irrelevancia que deixa indiferente".

- Vicente Araguas, 'Arredor dos instrumentos do xenial Cremonense', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 26 setembro 2004, p. 3.

Comeza declarando a súa admiración por Manuel Álvarez Torneiro, tanto pola forza coa que chegou, aínda que serodiamente, á poesía galega coma pola xenerosidade coa que se ten entregado a ela. Con respecto a *Setembro Stradivarius* salienta que nel volve remexer nos faiados da memoria e transmite unha poética neocomprometida. Refírese ás tres partes do volume e comenta que poucas veces os epígrafes que as titulan revelan máis nidiamente o que veñen anticipar. Repara na presenza de temas como o paso do tempo, a nostalxia estacional, a música, Bach como referencia e o que o poeta chama as "cousas": casa, amor, outono, música. Conclúe afirmando que se trata dun libro "para ler tan delongadamente como a súa intención esixe: non outra cousa que facer que todo se deteña e fique suspendido".

- Armando Requeixo, 'Setembro Stradivarius: harmonía musical de esferas e verbas', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 3 outubro 2004, p. 21.

Despois de encadrar o volume na colección "Tambo", que edita a Deputación da Pontevedra baixo a dirección do tamén pontevedrés Luís Rei Núñez, e que cualifica de referente obrigado no panorama editorial galego, sinala que *Setembro Stradivarius* posúe un fondo alento lírico. Percorre a súa traxectoria poética, mencionando os seus volumes en castelán *Desnudo en barro* (1983) e *Cenizas en el salmo* (1985) e os galegos *Memoria dun silencio* (1982), *Fértil corpo de soño* (1986), *Restauración dos días* (1986), *As voces consagradas* (1992), *As doazóns do incendio* (1993), *Rigorosamente humano* (1995), *Habitante único* (1997), *Luz de facer memoria* (1999), *Corpo segado* (2000), *A lámpada*

perpetua (2003) e *Epicentro* (2003). A propósito de *Setembro Stradivarius*, sinala que contén medio cento de composicións de variado xorne nas que se perciben a feitura do imaxinario simbólico, a coidada selección léxica, o tratamento da memoria e da infancia, o universo erótico, o acusado sensorialismo, sobre todo o musical e o pictórico, a metaliteratura e a reflexión sobre o proceso da creación, trazos que caracterizan a produción poética de Torneiro.

- Román Raña, 'Setembro Stradivarius', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 94, 'Libros', 7 outubro 2004, p. IV.

Comeza aludindo ao misterioso título deste poemario de Manuel Álvarez Torneiro, *Setembro Stradivarius*, aínda que nel aparecen as claves que sustentan a súa poética: o outono e o violín barroco de Italia, que simbolizan, respectivamente, a decadencia do mundo e o preciosismo das cousas. Comenta que comparte co seu poemario anterior, *Epicentro* (2003), o feito de ter nacido na madureza do escritor e repara na presenza de referencias á música culta, a autores ben coñecidos e a sentimentos expresados por "un corazón que sofre amargamente polo destino dun pobo", especialmente nos poemas "Demanda de luz", de estilo descarnado; "Ser", onde expresa o cansazo de vivir; "Un destino diurno", onde o creador fala do texto que escribe; "Lecturas", que explora a relación entre a vida e a escrita. Tamén alude ao tema do paso do tempo e á nostalxia, expresados en "O retrato" e conclúe sinalando que non hai un só poema no volume "que non nos conceda o don da beleza e a gozosa esperanza da sabedoría, algo impagábel".

Referencias varias:

- Teresa Seara, 'Raíz de crisantemo', *Tempos Novos*, nº 88, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', setembro 2004, p. 73.

Comenta *Setembro Stradivarius* de Manuel Álvarez Torneiro e afirma que na obra están presentes os principais leitmotiv do poeta, como son a constante reflexión sobre a natureza do léxico, a infancia como espazo recorrente e a música.

Blanco, Noel, *Mecánicas celestes*, Premio de Poesía Miguel González Garcés 2004, Contén ilustracións de Antón Patiño., A Coruña: Deputación Provincial da Coruña □♦, setembro 2004, 49 pp. (ISBN: 84-95950-98-7).

Mecánicas celestes, accésit de poesía do premio Miguel González Garcés na súa edición de 2004, é o primeiro libro de poemas de Noel Blanco Mourelle. O autor parte dun programa poético debedor da tradición lírica europea, dende Dante a Ossip Mandelstam. Son perceptíbeis tamén as pegadas do simbolismo francés, consonte ao esteticismo da súa proposta, e da poesía alemana contemporánea (Hölderlin, Rilke), que sitúan a súa procura no horizonte da lírica filosófica. Xorde así unha dicción clásica que tende ao verso branco, nomeadamente hendecasílabo e que, por veces, indaga no ámbito do poema en prosa. O

recurso a linguas como o italiano, o inglés ou o francés (moitas veces nos títulos dos poemas) subliñan a dimensión intertextual de *Mecánicas celestes*, así como a aposta do autor por unha concepción da arte como obxecto da poesía. De aí tamén que os referentes dos poemas sexan a miúdo obras de creación plástica, musical e cinematográfica. O intimismo e o culturalismo da súa proposta poden ser remitidos, asemade, á asimilación dalgúns autores da xeración poética galega dos anos oitenta.

Boán Rodríguez, Anxo, *As árbores das idades*, Málaga: Corona del Sur, maio 2004, col. Almud literario, nº 7, 30 pp. (ISBN: 84-96315-03-7).

Primeiro poemario do avogado e poeta Anxo Boán Rodríguez no que recolle os poemas escritos nos últimos anos; os poemas, nos que o autor mostra unha fonda pegada intimista e social, fan referencia a historias, recordos e experiencias persoais do autor.

Referencias varias:

- X.L.Q., 'En Chantada hai moitos poetas por ser zona interior, profunda', *El Progreso*, 'Chantada', 14 maio 2004, p. 21.

Preséntase esta entrevista a Anxo Boán Rodríguez co gallo da inminente presentación do seu libro *As árbores das idades* na Festa da Poesía do Círculo. As preguntas e as respostas pasan polos seus inicios na escritura, a análise da tradición poética de Chantada e tamén do seu libro, que define como intimista e social. Boán expresa o seu desexo de publicar unha segunda parte deste poemario que se titularía *Do amor e da soedade*, así como un traballo infantil que se chamaría *Os xoguetes de Cozín*.

Cacheiro Varela, Maximino, *A iluminación do mar*, ilust. Antolín Cacheiro Varela, Noia-A Coruña: Toxosoutos, 2004, col. Letra inversa, nº 1, 68 pp. (ISBN: 84-96259-33-1).

Maximino Cacheiro (A Coruña, 1943) ofrece un breve poemario no que canta ao mar en toda a súa plenitude. Este é un mar ao que lle pon nome, trátase do mar de Vigo, mais tamén é o "mar de Breogán" e o "mar galego". Descríbenos un mar nas súas variadas e múltiples vertentes: o mar é feitizo, aventura, forza natural, vitalidade, bravura … un mar doce, pero tamén fero e tráxico. Convértese o mar logo nun protagonista cargado de simboloxía. Asemade, a propia interioridade do *eu* vese reflectida aquí xunto a un mar que admira, confesando seren "dous enigmas que se encontran". Os sentimentos do poeta agroman a cada pouco para, finalmente, deixar constancia dunha breve crítica ás negativas consecuencias do chapapote. Remata definindo o mar como "un espazo aberto ao soño" ao que todo "home libre amará". O volume, que principia recreando a trobadores medievais como Mendiño ou Martín Codax e aos poetas modernos Rosalía e Pondal, contén dúas estrofas de rima libre e de tres breves versos cada unha.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'Iluminacións que agroman de mares de homes libres', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 3 outubro 2004, p. 3.

Pon de relevo o libro pola súa "autenticidade". Gaba a presentación do volume que, subliña, nos achega "mares de homes libres".Alude tamén ao chapapote, ao que menciona nos seus versos. Indica, asemade, que os poemas se aproximan ao "haiku" oriental. Por outro lado, cita outros libros poéticos deste autor, posuidor, di, do "don da versatilidade". Refírese á súa poesía como creación que se afasta do "comunmente admitido".

- Ángel Núñez Sobrino, 'A iluminación do mar': sus claves particulares', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 26 decembro 2004, p. 4.

Comenta que o tema de *A iluminación do mar* de Maximino Cacheiro é o mar cunha "derivacación antropolóxica". Asemade, subliña como característica a brevidade "expresiva", "comunicativa" e "indicativa", explicando isto. Por outro lado, salienta o gusto do autor pola obra de Roland Barthes e reproduce un fragmento dun texto deste sobre o "Haiku" que, di, pode valer para interpretar este poemario. Ademais, apunta algunha característica dos haikus, entre elas a obxectividade inicial e a seguida subxectividade. Logo, tras aludir a outros aspectos como o traballo cultural da editorial Toxosoutos, sinala que o libro vai dedicado a Eduardo Pondal e pon de relevo como debe ser valorada esta creación.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Da palabra ao tempo da cor', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 1 agosto 2004, p. 39.

Achégase á "travesía de haikus" que, salienta, conforma *A iluminación do mar* de Maximino Cacheiro. Así, principia aludindo ás referencias nestes versos a Mendiño ou a Eduardo Pondal. Logo destaca a fonda carga emotiva que o autor desprende ante un mar que, afirma, se presenta "como referente, como dimensión, como paixón".

- Dora Vázquez, 'A iluminación do mar', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 6 outubro 2004, p. 4.

Reseña do libro de Maximino Cacheiro *A iluminación do mar*. Cítanse varios versos do poemario e destácase a súa vontade de cantar a paisaxe mariña tanto no seu acougo como na súa bravura.

Calviño, Xulio, *Anac(onda)*, Santiago de Compostela: Amastra-n-gallar, 2004, 46 pp. (DL: C-973-2004).

Xulio Calviño (Xesta-Lalín, 1949) leva a cabo neste libro un exercicio de submersión culturalista na que destaca o especial papel da filosofía. O eu lírico asume o nome de Alicia e desprega un discurso artellado a través de ilustres personaxes da historia da humanidade. Enténdese como un extenso monólogo no que a voz lírica se encontra en transo e nunha éxtase que transloce na escrita pola fluidez: que se consegue na inexistencia de puntos ao longo de todo o texto. Imaxínase na escena do teatro Dionisio, en Atenas, repleto de espectadores que lle fan comentarios e estes contradino porque esa é a esencia da liberdade. Confésase seguidor de Nietzsche e das súas obras, pero nos versos teñen cabida todos os nomes importantes da filosofía e algunhas das súas ideas máis interesantes, así cita a Platón, Tales, Zenón, Spinoza, Nicolás de Cusa, Adorno, Hegel, Heidegger, Horkheimer ou Kant. É importante a presenza de personaxes relixiosos e míticos, pero dende a súa óptica o concepto existencial e metafísico é máis sublime có relixioso porque este último precisa de sicarios. Deféndense, entre outras moitas ideas, o suicidio (aínda que sexa simbólico, como un paso máis de liberdade) e a moral do pobo sobre a do Estado.

Calvo, José Luís, *Definitivo territorio*, limiar de Santiago López Crespo e ilustracions de José Blázquez, Lugo: Concello de Lugo, maio 2004, col. Ágora Cultural, 99 pp. (ISBN: 93760-5-8).

Poemario de J. Luís Calvo (Oviedo, 1973) que, tras o prólogo institucional de Concepción Burgos López, presenta un 'Limiar' de Santiago López Crespo no que dá conta da orixe asturiana do autor e do amor que este sente pola cidade de Lugo, na que reside; sinala, asemade, que este é o eixe temático da obra. De seguido, J. Luís Calvo explica, en 'Escolio' que os poemas que conforman esta obra foron creados durante a última década da súa estancia en Lugo e sen propósito unitario; indica, ademais, que esta obra só pretende ser o testemuño 'dun verdadeiro, profundo e consumado amor' pola Cidade das Murallas. O poema componse de trinta e seis textos breves nos que as referencias á cidade e a outros lugares da provincia de Lugo son destacábeis. Todos os poemas están ilustrados por José Blázquez quen, ademais, pecha a obra cun texto no que, cun marcado carácter poético, fai unha exaltación da cidade.

Referencias varias:

- Enrique G. Souto, 'El Concello estudia cómo difundir los libros y folletos que promueve', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 14 novembro 2004, p. L5.

Esta noticia xira ao redor do proxecto que está barallando o concello lucense para achegar ao público as máis de corenta obras, entre libros e folletos, que ten editados. Ao longo da nova cítanse case a totalidade destes volumes, dos cales, pola súa relación directa coa literatura galega, se poden mencionar *O concello de Lugo en memoria do seu poeta Manuel María* ou *Vanguardia gallega*, entre outros. Tamén se di que proximamente se presentará *Definitivo territorio*, un poemario de José Luis Calvo, publicado tamén polo Concello e por Ágora Cultural, e que a concelleira de Cultura asegurou que antes do remate do presente ano sairía á rúa un novo número da revista *Xistral*.

- Benigno Lázare, 'Hai xente que lle ten un medo atávico á poesía', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 17 novembro 2004, p. L2.

Pequena conversa con José Luis Calvo a propósito da presentación de *Definitivo territorio*. O poeta di que este libro está inspirado en Lugo e na súa provincia e que nel sobresaen lugares como Viladonga, Rinlo ou San Cibrao, polos que sente un grande amor. Engade que non é partidario das correntes literarias e sostén que hai xente que lle ten medo á poesía e que non se achega a ela, como un dos motivos polos que non se le tanto este xénero literario coma outros.

- Marta Becerra, 'Cura de carcajadas', *El Progreso*, 'El despertador', 17 novembro 2004, p. 12.

Breve nota na que se dá conta da presentación do libro *Definitivo territorio* á que acudiron o alcalde de Lugo, José Clemente López Orozco, e a concelleira de cultura, Concepción del Burgo. Remátase indicando que a obra a editou o Concello de Lugo e a ilustrou José Blázquez.

Cid Neira, Xulio, *Gasumelo*, Edicións Positivas, maio 2004, col. Di-versos, 85 pp. (ISBN: 84-87783-83-X) (DL: C-1260-2004).

Poemario de Xulio Cid Neira (Ourense, 1971) dedicado aos seus pais, Elvira e Manuel. Aparece dividido en catro partes: "Gasumelo", "Niño de metralladoras", "Arrebatos" e "As cousas máis belas da vida". A primeira sección é a que lle dá o título ao libro e nela atopamos unha poesía onde predomina a morte e a desolación, representadas por elementos como a néboa ou o furacán. "Niño de metralladoras" é unha poesía de combate, de denuncia; ao ler os versos pertencentes a este apartado visualízase a imaxe dunha guerra que trae consigo a desolación, anunciada xa na primeira parte. En "Arrebatos" esa desolación continua e, ¡finalmente, "As cousas máis belas da vida"', como o título indica, contén unha poesía máis optimista. Hai, por tanto, un contraste entre as tres primeiras partes e a última, pois, se ao comezo amosábase a desolación ou a guerra, ao final móstrase o lado positivo da vida.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 99, 11 novembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *A negrura do mar* (2004), de Ramón Caride; *Gasumelo* (2004), de Xulio Cid Neira; *Bacoriño* (2004), de Antón Reigosa; e *Casa última* (2003), de Xulio L. Valcárcel. De *Gasumelo* destácase o seu fondo contido social, así como as fotografías que o ilustran.

- Vicente Araguas, 'As boas intencións de Xulio Cid Neira', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 5 decembro 2004, p. 3.

Establécese unha distinción moi clara entre a primeira parte da obra, que considera tópica e de escasa calidade, e os dous últimos apartados que, nas súas propias palabras, "fan albiscar un autor potencialmente interesante".

Comesaña Besteiros, María, *Zoonose*, XVI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, outubro 2004, col. Colección de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, 36 pp. (ISBN: 84-8485-160-5).

Poemario de María Comesaña Besteiros, dedicado a Dino. A obra está composta por vintecatro poemas (ou estrofas). O obxecto poético é o corpo, que no século XX se transformou en protagonista da temática sensual. 'A mirada, o corpo, o sangue, a dor e a lingua ante o espello chegan a ter unha consistencia diferencial en *Zoonose'*.

Recensións:

- X.G.G., 'María Comesaña entre con pé forte', *A Nosa Terra*, nº 1.153, 'Poesía', 2 decembro 2004, p. 27.

Crítica da obra *Zoonose* da poetisa galega, incidindo nos seus temas fundamentais e comentando os principais trazos de estilo que a caracterizan.

Corral Iglesias, José Alberte, *Detrás da palavra*, Ourense: Associaçom Galega da Língua, xaneiro 2004, col. Criaçom, 89 pp. (ISBN: 84-87305-19-9).

Este poemario de José Alberte Corral Iglesias (A Coruña) é a cuarta obra poética logo de *Del amor y la memoria*, *Palabra e memoria* e *Acarom da brêtema*. Prologado por Sérgio Iglesias, presenta oitenta poemas breves e encabezados, ás veces, pola cita dalgún autor. Desenvólvese en tres seccións (diferenciadas pola achega duns versos de Luís Maças Lopes, León Felipe e Pero Meogo) e que posúen cada unha delas unha poética persoal, poesía amorosa e social, respectivamente.

Recensións:

- X.G.G., 'Corral, nin tronos, nin chuvia', *A Nosa Terra*, nº 1.120, 'Cultura', 11 marzo 2004, p. 27.

Descríbese a estrutura do libro e que conta con oitenta poemas divididos en tres partes: poemas persoais, poemas de amor e poemas solidarios. Critícase ao libro negativamente, atribuíndolle un ton asurdinado e certa monotonía e danse exemplos dalgún poema para amosar estas eivas.

- D.V. Guitián, 'Subxectividade e revolta', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ/Detrás da palabra', 17 marzo 2004, p. 51.

Achégase a crítica da última obra poética de José Alberte Corral Iglésias. Incídese na subxectividade do poeta dende o primeiro poema, deixando claras as súas intencións e fuxindo da neutralidade. Fálase tamén da presenza transgresora da "orde", así como a constante referencia nihilista á atracción polo fatídico e pola morte.

Couceiro, Xosé, *O meu brado mainiño*, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza, maio 2004, col. O cartafol de Vilancosta, nº 2, 60 pp. (ISBN: 84-933317-4-0).

Poemario de Xosé Couceiro (Santo André de Souto-A Estrada, 1963), introducido polo tamén poeta David Otero, formado por vinte e un poemas inéditos, recollidos todos eles durante dez os anos nos que o autor traballou de ensinante en distintos grupos musicais. Temas de raíz popular e corte costumista que abranguen dende cancións fúnebres até cancións de berce pasando por cancións de romaría ou asuntos relacionados co culinario, coa reivindicación do idioma, co amor e máis o desamor ou coa emigración. Poemas de versos de corte tradicional e rima consoante, están claramente influenciados na súa estrutura pola orixe musical da que xurdiron.

Referencias varias:

- G.B., 'O meu brado mainiño', poesía da terra', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 1 xuño 2004, p. 78.

Fálase da publicación, a cargo de Edicións Fervenza, do último poemario do músico e poeta Xosé Couceiro, *O meu brado maimiño*. Destácase o amor da voz poética pola súa terra de orixe, representada a través da presenza constante da aldea. Ao tempo, critícase a falta de homoxeneidade dos poemas.

Cribeiro, X. Alexandre, *Indo pra máis preto. A señardade no puño*, edición de Miro Villar, Vigo: Xerais, 2004, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 58, 226 pp. (ISBN: 84-9782-099-1).

Nova edición da obra de Xosé Alexandre Cribeiro Rodríguez (Pontevedra, 1936-1995), en edición de Miro Villar. Estruturada en dous grandes bloques, seguindo as características propias da colección de acollida, comeza cunha ampla introdución do editor, na que ofrece un estudo da traxectoria biográfico-literaria deste membro do grupo Brais Pinto, para logo centrarse na súa obra poética conformada polos libros de poemas *Indo pra máis perto* (1979), no que se integran os poemarios anteriores *Acoitelado na espera* (1960), que fora premiado en 1959 pola asociación "Unity Gallega" de Nova York, e *Doente na esperanza*,

un poemario inédito premiado en 1962 polo Centro Gallego de Bos Aires, e *A señardade no puño* (1996), que se publicou postumamente. Na súa produción estúdase cada un destes poemarios atendendo á súa xénese e historia editorial, así como a estrutura e as liñas temáticas que presentan, sen esquecer a métrica e as rimas, o repertorio estilístico do poeta, a intertextualidade presente na súa obra con autores como Pablo Neruda ou Pedro Salinas, así como os galegos Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro ou X. L. Méndez Ferrín, e a recepción que tivo até a actualidade. Remátase a parte introdutoria cunha análise lingüística, os criterios de edición e unha bibliografía selectiva. A seguir, reprodúcense os dous poemarios de Cribeiro, *Indo pra máis perto* e *A señardade no puño*. Péchase o volume cuns apéndices nos que se reproducen a recensión que o propio Cribeiro fixo do libro *A noite*, de Xosé Fernández Ferreiro, a introdución do autor a *Indo pra máis perto*, o prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín a esta obra e o limiar de Xosé Manuel Beiras a *A señardade no puño*, ademais dun glosario de voces que axudan á comprensión daqueles termos que poidan presentar maior dificultade ao lector.

Recensións:

- Xosé Feixó, 'Brais Pinto', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 88, 'Libros', 17 xuño 2004, p. IV.

Felicítase pola nova entrega da colección "Biblioteca das Letras Galegas", na que ve a luz esta edición da poesía de Alexandre Cribeiro, un autor de escasa recepción malia a importancia do propio grupo Brais Pinto para o sistema literario galego. Destácase a calidade do estudo introdutorio de Miro Villar, que sitúa ao autor na súa época e estuda con detalle cada un dos poemarios incluídos na recompilación. Descríbese a estrutura do volume, deténdose brevemente en cada un dos títulos, e sinálase que se inclúe un glosario e tamén catro apéndices.

- Armando Requeixo, 'Indo para máis preto dos versos de Xosé Alexandre Cribeiro', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 4 xullo 2004, p. 4.

Comeza denunciando a escasa repercusión crítica e popular da produción de Alexandre Cribeiro. Ademais de referirse ás características desta edición, sinala que o lector que se achegue a esta obra descubrirá un poeta que non desmerece nada de figuras como Celso Emilio Ferreiro, Cuña Novás ou Méndez Ferrín en canto a pegada do socialrealismo, da fonda angustia ou do culturalimo presente na súa produción. Destaca tamén a abondosa información biográfica do estudo introdutorio de Miro Villar e a súa contextualización precisa da obra deste poeta pontevedrés.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 84, 20 maio 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Rosalía de Castro. Poesía galega completa II* (2004), de Andrés Pociña e Aurora López; *Celso Emilio Ferreiro. Poesía galega completa* (2004), unha edición de Ramón Nicolás; *Oito días nunha existencia violácea* (2004), de Ricardo Mora; e *Indo para máis perto* (2004), de X. Alexendre Cribeiro. No que atingue a *Indo pra máis perto*, destácase a valía dos textos compilados, entre os que se inclúen poemarios inéditos. En canto ás influenzas do autor, sinálase o tránsito dende un existencialismo iniciático ata unha madurez máis próxima ao lirismo.

- Teresa Seara, 'Acoitelado na espera', *Tempos Novos*, nº 88, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', setembro 2004, p. 73.

Dá conta da publicación da obra *Indo pra máis perto/ A señardade no puño*, do membro do Grupo Brais Pinto, Alexandre Cribeiro, cunha edición de Miro Villar. Loa esta publicación porque o seu autor, inda que foi unha voz comprometida co seu tempo, pasou desapercibido.

Dono, Maite, *Desilencios*, XXXIIIº Premio Esquío de Poesía, prólogo de Miguel Anxo Fernán Vello, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán □, febreiro 2004, col. Esquío de Poesía, nº XCVb, 59 pp. (ISBN: 84-95289-84-2).

O volume ábreo o tamén poeta Miguel Anxo Fernán Vello, quen describe a poesía da poeta Maite Dono (Gasteiz, 1969) como un recorrido pola súa intimidade e entende que os lectores están ante un agasallo para os sentidos. Nas corenta e cinco composicións deste poemario pódese atopar a presenza do silencio que conforman o mundo privado da voz lírica. Atópanse referencias constantes á paisaxe e a propia natureza serve como definición da persoa: a medida que se explora o interior afóndase no natural e así di que ten "un corazón de terra" no que "latexan arboredas enteiras". Outro dos elementos constantes é o silencio, que xa aparece no propio título, pero tamén teñen cabida a paixón dunha forma diferente que tenta mostrar esta realidade dende unha óptica non tradicional. En canto aos aspectos formais cabe destacar o ritmo ávido da maioría dos poemas que se consegue cunha disposición moi adecuada dos versos, un vocabulario preciso e a brevidade da maioría deles que contrasta con outros máis narrativos.

Recensións:

- X.G.G., 'Maite Dono, unha voz diferente, camiño de madurar', *A Nosa Terra*, nº 1.125, 'Cultura/Poesía', 22 abril 2004, p. 27.

Infórmase da obra da poetisa Maite Dono, *Desilencios*, gañadora do Premio Esquío. Coméntase que o texto recolle corenta e cinco composicións líricas elaboradas durante dous meses e que se entende conforman un diario íntimo da autora. Chámase a atención sobre que este é un primeiro froito e que lle queda un camiño máis longo que recorrer. Pídeselle á autora, ademais, unha maior reflexión e unha máis clara inscrición á tradición que escolla

para escribir. Lóase, ao tempo, a súa orixinalidade e profundidade, cargadas da ambición necesaria.

- Vicente Araguas, 'Precipicio', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 25 abril 2004, p. 21.

Refírese ao libro *Desilencios* de Maite Dono, gañador do XXIIIº Premio Esquío. Coméntase que o volume trata a tan manida temática do amor dende o drama e a loucura amorosa. Defínese á súa autora como "cerebral", capaz de achegarse a este sentimento cunha postura neorromántica. Cualifícase o seu poemario como elegante, subversivo onde xa dende o título induce a unha lectura no límite entre o real e o desvarío.

- Vicente Araguas, 'O precipicio aberto nos versos de Maite Dono', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 2 maio 2004, p. 3.

Reflexiona sobre o libro *Desilencios* de Maite Dono, gañadora do XXIIIº Premio Esquío e que se considera unha obra non convencional. Explícase que a temática do amor que enche o poemario está tratada dende o erotismo e inserindo elementos dramáticos cunha intención de desmentir quizais os tópicos que aparecen unidos sempre a este tema. Describe este texto como de temática obsesiva e que convida á evasión, xoga coa tensión, a temperatura, os límites tendo como resultado unha obra novidosa.

Referencias varias:

- Xoán Rubia, 'Festa da poesía', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 25 abril 2004, p. 28.

Comézase por caracterizar o Premio Esquío nas súas distintas modalidades para centrarse, posteriormente, nos gañadores e en cada unha das obras. Engádese que en galego o texto *Desilencios* foi o gañador e indica que a súa autora, Maite Dono, está afincada en Madrid, onde desempeña a súa faceta profesional de cantante e de actriz. Noméase tamén o outro texto premiado en lingua galega de Óliver Escobar, *A última bengala*.

- Xulio López Valcárcel, 'Novidades na edición en Ferrol', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 9 maio 2004, p. 23.

Entre outros asuntos, infórmase da publicación do libro *Desilencios*, gañador do Premio Esquío, e dise da súa autora, Maite Dono, que naceu no País Vasco e que actualmente vive en Madrid. Enténdese que se trata dun libro "en carne viva" no que se mesturan a paisaxe e o amor, así como ofrece momentos tensos de sentimentos case animais.

Escobar Rodríguez, Óliver, *A última bengala*, Accésit do XXIIIº Premio Esquío de Poesía, prólogo de Marica Campo, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán □, febreiro 2004, col. Esquío de Poesía, nº XCVIb, 95 pp. (ISBN: 84-95289-49-0).

Óliver Escobar (Xove, 1979) é o autor deste poemario de aprendizaxe amorosa na que a voz lírica masculina tenta analizar que significa amar. Na descuberta do propio sentimento asoman as palabras do que durante séculos outros dixeron sobre o amor; así, o poemario está cheo de intertextualidades directa ou indirectamente referidas no propio poema. A imaxe da amada e musa, Carmen, enche de sentidos a propia vida; ela non pode ser definida, é a un tempo vida, soño, pracer… constrúese e píntase por medio da imaxinación e do onírico, de metáforas suxestivas xurdidas da subxectividade da voz lírica amante e enche os espazos máis afastados e tamén os máis próximos da mesma. O libro vai precedido dun prólogo de Marica Campo e divídese en cinco partes, cada unha cun número diferente de poemas extensos e de liberdade métrica e rítmica: "O segredo luminoso", "As soidades capicua", "A paz do espeleólogo", "Prosema dos presaxios"e "Muller que desemboca".

Recensións:

- X.G.G., 'A pólvora de Óliver Escobar', *A Nosa Terra*, nº 1.126, 'Cultura/Poesía', 29 abril 2004, p. 27.

Descríbese a estrutura, introducida por unha presentación de Marica Campo e composta de cinco partes; ainda que todo o libro pode verse como un único poema. Ofrécese unha visión crítica na que, a pesar de recoñecerse versos de calibre, se di que é máis estenso que intenso: "de certa pesadez rítmica" e na que "a forza bruta que compoñen os poemas non pugnou coa estilización que é toda literatura".

- Vicente Araguas, 'Licor de flores', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 16 maio 2004, p. 21.

Preséntase o libro como cheo de brillo e talento. Descríbese a poesía deste libro como intelixente e culta. Sinálase que o título indica unha última tentativa comunicativa no afán de transmitir a mensaxe a Carmen, a compañeira e musa que é retratada unha e outra vez en paisaxes íntimos e colectivos. Apúntase a influenza de Pablo Neruda e de Claudio Roríguez Fer así como a presenza dunha liña neohippy pola exaltación da natureza e o antibelicismo que se desprende da obra.

Referencias varias:

- Elena Castelao, 'El xovense Óliver Escobar, un poeta que promete', *El Progreso*, 'a la última', 4 novembro 2004, p. 88.

Anúnciase a presentación en Xove da obra de Óliver Escobar *A última bengala*, coa que logrou un accésit do Premio Esquío e o Premio Díaz Jácome.

Espinosa, Estíbaliz, *Número e*, X Premio de Poesía Espiral Maior, A Coruña: Espiral Maior, 12 abril 2004, col. Espiral Maior Poesía, 66 pp. (ISBN: 84-95625-88-1).

Neste poemario de Estíbaliz Espinosa (A Coruña, 1974) a voz lírica feminina preséntase por medio dunha prosa poética . Procura definirse, describirse deixándose ver e non ver a un tempo. Incide na importancia e no valor das palabras que nos constrúen; algo tan abstracto ou prosaico como os números cobra beleza e significado poético, pois os números poden materializarse en calquera cousa. O libro divídese en tres partes: "Miña infinito", que contén doce poemas, (cada un leva por título un número); "parte I" con oito poemas e "parte II" con outros oito poemas.

Recensións:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Número e', *Atlántico Diario*, 'Musas', 20 xuño 2004, p. 51.

Presenta a Estívaliz Espinosa como unha poeta orixinal recoñecida cos premios "Esquío", "Díaz Jácome" e o" X Premio de Poesía Espiral Maior" obtido polo seu libro de poemas *Número e*. Defínese a súa poesía como "unha sucesión harmónica e numérica e certamente sorprendente".

- X.G.G., 'Estíbaliz Espinosa, reflexión con esperanza', *A Nosa Terra*, nº 1.137, 'Cultura', 15 xullo 2004, p. 27.

Con motivo da concesión do premio de poesía Espiral Maior, achégase a estrutura e características do libro: de ton narrativo e palabras con forza expresiva, está formado por vinteoito poemas divididos en dúas seccións: "Miña infinito", de doce poemas, e "e", con dúas partes (Parte I, con oito poemas, e Parte II, con outros oito). Na opinión do crítico a primeira sección contén os mellores poemas aínda que do lado de poemas conseguidos, outros parécenlle "de recheo", como o que abre o libro. Os máis interesantes, na súa opinión, son os estritamente reflexivos: onde "o contido -semántico- se despraza cara a indagación existencial do ser humano".

- Vicente Araguas, 'Estíbaliz de estibalizes: facer versos de liberdade', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 22 agosto 2004, p. 2.

Destaca o hermetismo de Estíbaliz, que desde un posto sobranceiro no panorama poético galego escribe sen atención á complicidade lectora, abrindo así novos camiños, necesarios, na opinión do crítico, na poesía galega moderna; nun proceso escurecedor da súa ideoloxía poética.

- Román Raña, 'Número E', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, 'Libros', 11 novembro 2004, p. IV.

Lóase o libro de poemas cualificándoo de "imponderábel beleza" e capaz de transmitir "en cada un dos seus versos a forza impetuosa da existencia, o misterio de ser e o enigma de sermos amados". Á autora recoñéceselle talento, sabedoría e paixón creadora. Destácanse os xogos de palabras: non gratuítos, senón que xorden da necesidade expresiva e da mestría da autora para transgredir os límites da palabra e darlle unha nova capacidade creadora.

Estévez, Eduardo, *Derrotas*, VI Premio de Poesía Concello de Carral, A Coruña: Espiral Maior, 12 abril 2004, col. Espiral Maior Poesía, 50 pp. (ISBN: 84-95625-89-X).

Poemario de Eduardo Estévez (Bos Aires, 1969) no que se interseccionan constantemente a realidade ficcional e a propia construción do poema, de tal xeito que entremesturada co amor, a soidade que este deixa cando fracasa, a memoria, o tempo que pasa e as historias de persoas anónimas, aparece tamén a metaliteratura. O estilo é sobrio, minimalista nos poemas máis evocadores, aínda que prolixo en poemas narrativos, sen máis signos de puntuación que as parénteses e a pechazón das interrogativas: evitando todo o supérfluo que poida enturbiar a mensaxe.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Deuses de pedra, palabras feridas da árbore da memoria e a tristura', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 15 agosto 2004, p. 3.

Cítase o VI Premio de Poesía Concello de Carral que mereceu *Derrotas* e logo faise un recorrido literario por imaxes desta e outras obras de Eduardo Estévez, sinalando o dobre sentido das derrotas: os vencidos na loita do día a día e as derrotas que ise provocan pola quebra dos límites; e salientando a sobriedade da voz do poeta e o cotián dos seus temas.

- Román Raña, 'Derrotas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 100, 'Libros', 18 novembro 2004, p. IV.

Recolle un mínimo currículo de Eduardo Estévez citando as súas obras anteriores, en galego *Só paxaros saíron desta boca* (1998), *Lúa gris* (1999), *Os veos da paisaxe* (2000) e *Caderno apócrifo da pequena defunta* (2003), e salientando que agora con *Derrotas* gañou o VI Premio de Poesía Concello de Carral. Sinálase que a obra trata temas como o amor, a tristura e a escrita e que inclúe unha poesía máis de contención verbal e outra máis narrativa. Eloxia, por outra banda, a capacidade do autor para crear atmosferas.

Referencias varias:

- Chicha Pantín, 'Bautismo de mar para la primera fragata noruega', *El Correo Gallego*, 'Ferrol', 30 maio 2004, p. 22.

Infórmase da presentación de dous libros de Eduardo Estévez: *Caderno apócrito da pequena defunta* e *Derrotas*, na biblioteca municipal de Fene.

- Xosé María Costa, 'Estévez e a fugacidade do pracer', *A Nosa Terra*, nº 1.139, 'Cultura', 29 xullo 2004, p. 27.

Apúntanse como eixes temáticos a tristeza, a memoria e a fugacidade do pracer. Dise que o poeta busca a sobriedade e a emoción e recoñécese a valía do seu estilo persoal na expresión da tenrura, así coma o seu futuro, a pesar das presentes carencias.

Feixó Feixó, Henrique, *Loa ao porco bravo & virá o monstro irado fendernos a cabeza & escrita maldita, alé!*, Ourense: Edicións de Autor, maio 2004, 168 pp. (ISBN: 84-609-1068-7).

Dous poemarios e un poema, a "Loa ao porco bravo", de distintas épocas, conforman este inusual volume no que se parte dunha concepción da creación que engloba: o novo enfoque dalgúns temas, como a metapoesía; e ambientes, coma o agro; o léxico remodelado con moitos neoloxismos; e unha visión aconvencional da versificación que non procura -e a veces mesmo elude- a eufonía, pero que se percibe fondamente elaborada ao establecer ligazóns conceptuais entre palabras semellantes fonicamente de tal xeito que acada interesantes achádegas. En ocasións, xoga coa disposición do verso e hai tamén algúns fragmentos en prosa. Cómpre resaltar tamén a visión negativa que deita o libro sobre o oficio de poeta "puta da arte" e que maldí o país "máximo produtor de merda enmerdado" dicindo que debería seguir o exemplo do porco bravo e ser dono de si mesmo.

Recensións:

- Laura Grandal, 'Feixó: "Morto Tovar, Ourense parece deserto"', *La Región*, 'Cultura', 23 xullo 2004, p. 67.

Entrevista con Henrique Feixó Feixó acabada de publicar *Loa ao porco bravo & Virá o mostro irado a fendernos a cabeza & Escrita maldita, ale!* logo de 25 anos de silenzo, na que xustifica editar el o libro porque hai poucos creadores de verdade e abundan os plaxios, a pesar das perdas que dá. Di tamén que con tantas subvencións algúns xa escriben por escribir, que o seu libro fai metapoesía e fala do amor e do mundo labrego, unha poesía segundo el difícil de asimilar na súa totalidade. Afirma conservar inédita unha colaboración ao diccionario galego de dúas mil palabras de Celanova.

- Heitor Mera, 'O talento libre de Henrique Feixó', *A Nosa Terra*, nº 1.150, 'Cultura', 11 novembro 2004, p. 28.

Tras unha chamada de atención sobre os circuitos subalternos do sistema literario, (basicamente editoriais marxinais, publicacións dunha asociación cultural e edicións de autor), nos que hai a veces obras que non desmerecen ou mesmo superan en calidade as publicadas en editoriais consagradas, menciónanse os nomes de Xe Freyre e Henrique Feixó como exemplos do dito. Canto á obra recensionada anótanse os seus temas: o mundo campesiño contraposto ao capitalista, a poesía social e a metapoesía; e saliéntase ante todo a "pulcritude dos versos" de arte maior e a súa "fervenza léxica", que acompañadas do fonosimbolismo e a paronomasia fan do ritmo e dos xogos de palabras un novo prisma co que ollar a realidade.

Fernán Vello, Miguel Anxo, *Capital do corpo*, Premio de Poesía Miguel González Garcés 2004, Contén ilustracións de Fidel Vidal., A Coruña: Deputación Provincial da Coruña □♦, setembro 2004, 65 pp. (ISBN: 84-95950-99-5).

O novo poemario de Miguel Anxo Fernán Vello, gañador do Premio de Poesía "Miguel González Garcés" da Deputación da Coruña, consta de vinte e un poemas que comparten o motivo do corpo, tema central do poemario, como xa ben manifesta o seu título *Capital do corpo*. O conxunto de poemas está estruturado en dúas partes: "Razón do corpo" e "corpoemas"; na segunda opta por un tipo de poema máis epigramático cá primeira , con composicións máis extensas e de maior densidade. O poemario ábrese con dúas citas, unha de IKKYŨ e outra de Jean-Paul Sastre, que conectan coa temática da obra, adicada a Xosé maría Álvarez Cáccamo.

Fernán Vello, Miguel Anxo, *Territorio da desaparición*, Vigo: Galaxia, xullo 2004, col. Dombate, nº 40, 108 pp. (ISBN: 84-8288-719-X).

Poemario de Miguel Anxo Fernán Vello, dedicado a Francisco Pillado Maior. O libro aparece dividido en sete partes. É un libro de denuncia ante o desamparo e a indignación dunha situación política e social desalentadora. No poemario ten moita importancia o valor da casa, símbolo do esforzo común.

Recensións:

- Xosé María Álvarez Cáccamo, 'Nova música coral', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 164, 'O espello das letras', 2004, pp. 81-82.

Despois de falarnos do simbolismo de Miguel Anxo Fernán Vello e dos dous ciclos na súa traxectoria poética, fálasenos de Territorio da desaparición como cume do segundo dos ciclos, o do testemuño dos horizontes. Descríbese un libro no que se denuncian as ameazas e a desfeita efectiva da Cidade polo Poder. Fernán Vello denuncia a destrución individual e colectiva (Galiza), pasando pola identificación cos colectivos máis desfavorecidos da sociedade. Así e todo, no final do libro semella verse unha luz de esperanza que se transmite a través do erotismo e vitalidade ao que o poeta nos ten acostumados.

- Luciano Rodríguez, 'Viaxe das sombras á luz', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 72, 'Letras en galego', 7 agosto 2004, p. 13.

Coméntase que o último libro de Miguel Anxo Fernán Vello, *Territorio da desaparición*, marca o punto álxido da súa obra. Nos primeiros poemarios o amor, a vida e o paso do tempo enchían os seus versos, mais neste poemario sitúanos nunha poesía "de pensamento que aspira a se converter en voz da colectividade".

- Manuel Vidal Villaverde, 'Territorio da desaparición', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 29 agosto 2004, p. 50.

Saliéntase a reaparición de Miguel Anxo Fernán Vello despois duns anos de silencio con *Territorio da desaparición*. Logo coméntase o poemario.

- Vicente Araguas, 'Un paso cara á belixerancia na lírica de Fernán-Vello', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 5 setembro 2004, p. 2.

Destácase ao poeta Miguel Anxo Fernán Vello coa publicación do seu último poemario *Territorio da desaparición*. Resucita vellos modelos, conceptos e a linguaxe poética. Ao final, incita a ler en voz alta calquera poema do libro.

- Xavier Costa Clavell, 'Territoiro da desesperación', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 22 setembro 2004, p. 5.

Reflexiona acerca do libro de Miguel Anxo Fernán Vello, *Territorio da desaparición*, do que di que é un libro de denuncia e de reflexión. Alude ao valor da casa como o símbolo do esforzo común.

- Armando Requeixo , 'A reaparición da voz do poeta ou luz esperanzada que fenda a noite da Terra', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 26 setembro 2004, p. 4.

Primeiro comenta que un bo autor no adoita ser prolífico. Despois aplícao a Fernán Vello, que publicou *Territorio da desaparición* logo de varios anos sen publicar. Ademais, descríbese brevemente a obra.

- Salvador García-Bodaño, 'Territorio da desaparición', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 26 setembro 2004, p. 3.

Valórase a alta calidade poética de Fernán Vello, que chegou ao seu cume con *Territorio da desaparición*. Finalmente, coméntase o poemario.

- Vicente Araguas, 'Néboa para poetas', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 3 outubro 2004, p. 20.

Fala do último poemario de Fernán Vello, *Territorio da desaparición*. A existencia da casa é un problema básico. Tamén se comenta a expresividade da súa riqueza léxica.

- Xulio Valcárcel, 'Territorio da desaparición', *El Ideal Gallego*, *'La Galería'*, nº 333, 'Páxina literaria', 24 outubro 2004, p. 4.

Coméntase o cambio temático que produciu a publicación de *Territorio da desaparición* na obra de Fernán Vello, anotando que se antes latexaba co amor, no presente poemario só hai amargura. Finalmente, ilustra a súa valoración con algúns poemas.

- T. Seara, 'A mirada lúcida', *Tempos Novos*, nº 90, 'Crítica', novembro 2004, p. 75.

Co gallo da saída ao mercado de *Territorio da desaparición*, poemario de Miguel Anxo Fernán Vello, Seara comenta a volta do autor ao compromiso social sen descoidar a linguaxe poética e o rico simbolismo despregado ao redor da palabra 'casa'.

- Román Raña, 'Arquitecto dos adentros', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 98, 'Libros', 4 novembro 2004, p. IV.

Coméntase o libro de Miguel Anxo Fernán Vello, *Territorio da desaparición*. Nel pódese observar o desamparo e a indignación ante unha situación política e social desalentadora.

- X.G.G., 'Un sólido paso adiante de Fernán-Vello', *A Nosa Terra*, nº 1.151, 'Poesía', 18 novembro 2004, p. 27.

Crítica favorábel do poemario *Territorio da desaparición*. Destácase a aparición de temas como a derrota ou a emigración. Avalíase a obra como un cambio cara a un maior grao de calidade dentro da poesía de Fernán Vello.

Referencias varias:

- Albino Mallo, 'A creación literaria é sempre a miña razón de ser e existir', *El Correo Gallego*, 'Entrevista/Galegos do novo milenio', 18 xaneiro 2004, p. 8.

Destácase o papel de Miguel Anxo Fernán Vello como poeta e editor mediante unha entrevista ao autor na que di como combina as dúas facetas.Ademais, infórma sobre a publicación do poemario *Territorio da separación* e que lle falta pouco para rematar a súa primeira novela longa. Menciona tamén os premios que obtivo e de que lle gustaría ver representada unha súa obra inédita sobre María Casares. Despois fala de como xurdiu a

editorial Espiral Maior e de que os máis novos teñen cabida na editorial sempre e cando ofrezan unha boa literatura.

- MARÉ, 'Poetizar a realidade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 xullo 2004, p. 41.

Coméntase o último poemario de Miguel Anxo Fernán Vello, *Territorio da desaparición*. Anúnciase a presentación do libro e lémbranse algúns dos poemarios anteriores do autor.

- MARÉ, 'Poesía fronte a política', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 xullo 2004, p. 50.

Fálase da presentación do último poemario de Miguel Anxo Fernán Vello, *Territorio da desaparición*, na que interviñeron Víctor Freixanes e Luciano Rodríguez, quen opinaron sobre o libro.

- Suso Varela, 'O poeta chairego reflexiona sobre o paso do tempo', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 22 agosto 2004, p. L2.

Alúdese ao último poemario de Miguel Anxo Fernán Vello, *Territorio da desaparición*. Dise del que é un libro comprometido co país galego, xa que a través dos seus versos se realiza unha reflexión aguda sobre a situación na que se atopa Galicia, a súa cultura e o seu idioma, á parte de ser un poemario íntimo.

- Xan Carballa, 'Miguel Anxo Fernán Vello: 'A poesía está sendo expulsada da cultura contemporánea', *A Nosa Terra*, nº 1.140, 'Cultura', 2 setembro 2004, p. 29.

Entrevista a Miguel Anxo Fernán Vello na que se lle pregunta por cuestións relacionadas coa publicación de *Territorio da desaparición*, así como outras relacionadas coa xeración dos '80 e coa relación entre a lingua e a poesía.

- Marcos Valcárcel, 'O labirinto destruído de Fernán Vello/O agonicismo de Fernán Vello', *Galicia Hoxe/La Región*, 'Andoliña/Ronsel dos libros', 15 outubro 2004, p. 64/77.

Analízase o libro de Miguel Anxo Fernán Vello, *Territorio da desaparición*, como unha reflexión sobre o país e a memoria.

Fernández de la Cigoña, Estanislao, *Escolma de epitafios galegos. A fala escrita dos nosos camposantos*, Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2004, col. Etnografía Galega, nº 11, 101 pp. (ISBN: 84-87904-24-6).

Volume no que Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez (Vigo, 1941) recolle un bo número de epitafios que compilou tras percorrer máis de mil cincocentos cemiterios galegos, entre os que se atopan aqueles onde figuran soterrados recoñecidos poetas galegos como Rosalía de Castro ou Álvaro Cunqueiro. A obra estrúturase en tres partes: unha introdución, na que se estuda a presenza da lingua galega nos epitafios de Galicia, realiza unha breve achega á literatura epitafial galega e na que fai unha aproximación a algúns epitafios da nobreza nos templos; unha segunda parte, titulada "Escolma epitafial en galego", na que reproduce os epitafios de escritores, de represaliados, de políticos, de artistas, ... e na que recollen outros destacábeis polo seu humor, polo seu carácter enigmático, polo emprego da lingua portuguesa, ...; e, finalmente, unha terceira parte que leva por título "Complementos", na que ofrece información sobre o modo de solicitar os libros editados pola Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, sobre o prezo destes volumes, sobre a obra do autor ou sobre a bibliografía consultada e citada nesta obra. Cómpre sinalar, por último, que o volume inclúe fotografías de gran parte dos epitafios citados e comentados polo autor.

Referencias varias:

- Anxo Boente, 'De la Cigoña presenta en Mos sus obras en el Día das Letras Galegas', *Atlántico Diario*, 'Condado Louriña', 28 marzo 2004, p. 24.

Infórmase da traxectoria de Fernández de la Cigoña e dise que representa o Día das Letras Galegas as súas novas publicacións: *O aceite en Galicia. Guía das lagaretas castrexo-romanas, medievais e modernas*, na que fala da fabricación do aceite en Galiza, e *Escolma de epitafios galegos*, onde compila este tipo de composicións, extraídas de máis de mil quiñentos cemiterios de Galicia.

- Avelino Abuín de Tembra, 'Epitafios', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 6 setembro 2004, p. 5.

Achégase a figura de Estanislao Fernández de la Cigoña, do que destaca o seu labor científico no terreo da botánica e da bioloxía e céntrase no libro *Escolma de epitafios galegos. A fala escrita dos nosos camposantos*. A seguir, reproduce algúns dos epitafios que aparecen recollidos: como os das tumbas de Eduardo Pondal, Pascual Veiga, Álvaro Cunqueiro, Ramón Cabanillas, Cabada Vázquez ou Rosalía de Castro. Remata sinalando que estas composicións proceden tando de grandes poetas coma de populares e que neles se presenta "a faceta humana dun drama eterno: a morte".

Figueroa Panisse, Adela, *Vento de amor ao mar*, ilustr. Jesús Herrero e Laura Campoy, prólogo de María Pilar García Negro, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, decembro 2004, col. Poesía (ISBN: 84-8485-136-2).

Poemario de Adela Figueroa Panisse (Lugo) que reúne un total de corenta e un poemas con título, con ilustracións de Jesús Herrero e Laura Campoy. O libro estrutúrase en cinco

partes. As dúas primeiras, "De amor" e "De amor a terra", presentan estampas vitalistas e lúdicas: a fermosura das noites de luar, a beleza do outono, o tránsito das augas do río, a ledicia da chegada do verán, unha emotiva interpelación á cidade de Lugo, etc. Na terceira parte, "Amor ao mar", a voz lírica expresa a súa desolación polas dramáticas consecuencias do desastre do Prestige. No primeiro poema exprésase, a través da paronomasia amor - amar - mar, a identificación do mar coa vida; segue unha composición na que se expón a necesidade de "Resgatar o mar" ("Iniciamos a aventura / Vamos conquistar o mar") e nas restantes presenta un mar agora preto e pegañento, con paxaros negros e ondas de escuma preta lambendo as praias de Malpica, Lira, Muxía, Camelle ou Carnota. A cuarta parte, "De dor da terra", denuncia a guerra de Iraq e trasládanos á xeografía do horror: Bagdad, Um Qasar, Nasiriya, Basora e outros lugares nos que, outrora, estivo o paraíso. Describe a noite de Bagdad iluminada polo estoupido das bombas, dá conta do poder destrutor das bombas que estoupan en acios de morte, presenta aos pobres soldados americanos (chicanos, hispanos e pretos) que fan a guerra e sinala o paradoxo de que"Galicia" sexa o nome dun barco hospital para curar aos feridos da guerra. A última parte, "Ser povo", máis breve cás anteriores, expresa a esperanza dun futuro en liberdade. O libro iníciase cun limiar de María Pilar García Negro que define o poemario como un libro de circunstancias, "fiel reflexo do noso *aquí e agora*". Analiza o contido dos poemas das diferentes seccións, diferenciando os iniciais, máis optimistas, dos que se centran no desastre provocado polo Prestige e na guerra de Iraq. Finaliza dando a benvida á autora á agra das letras. Segue un texto "A modo de xustificación" no que a autora explica que estes versos responden a un "tempo turbulento". Primeiro foi o desastre do Prestige, que foi sentido como unha ultraxe á Mai, despois seguiu a invasión de Iraq. Estas poesías dan conta da vivencia dese tempo e pretenden ser un modesto testemuño de comuñón coa Terra.

Referencias varias:

- Benigno Lázare, 'Busco unha expresión harmónica dos sentimentos', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 14 abril 2004, p. L2.

Breve entrevista realizada a algún lucense destacado, Convérsase con Adela Figueroa Panisse, que vén de publicar o seu primeiro poemario, *Vento de amor ao mar,* que presentou, xunto con Pilar García Negro, na galería Sargadelos. A autora manifesta que este libro xurdiu ao abeiro do desastre do Prestige e da guerra de Iraq, polo que García Negro o cualificou como de poesía de circunstancias. Fala, así mesmo, do labor de escribir poesía e dos tempos que corren para ela.

- Jaureguizar, 'Pilar García Negro cualifica o primeiro poemario de Adela Figueroa de 'circunstancial', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 14 abril 2004, p. 74.

Informa da presentación do libro na galería Sargadelos de Lugo e sinala que neste acto interveu Pilar García Negro, quen cualificou a obra como "poesía de circunstancias" pois xira arredor de dous feitos claves: o Prestige e a guerra de Iraq. Asemade, definiu a poesía de Figueroa como "humanista e vitalista", na que o amor é a forza motriz da obra: amor como sentimento íntimo e individual, amor á terra, amor ao mar. A autora indicou que o

eixo temático do libro é o amor e explicou que o primeiro poema en ser composto ("Desabrochou a primavera") xurdiu do sentimento de rabia que sentiu ante a marea negra.

- Belén López, 'Poemas como vía de escape', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 1 maio 2004, p. 82.

Dá noticia de presentación en Pontevedra desta obra xunto a Celsa Sánchez, autora da portada, e Xesús Herrero, autor dos gravados que se inclúen no libro. A autora explicou que o libro recolle todas as sensacións e os sentimentos que lle produciu o sucedido co Prestige e a guerra de Iraq. A autora sinalou que o libro foi a súa particular "vía de escape".

Franco, Xesús, *Atlántico, Atlántico*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra ♦, 15 decembro 2004, col. Tambo, 57 pp. (ISBN: 84-8457-208-0).

Esta obra de Xesús Franco (Vigo, 1943) componse de vinte e sete poemas caracterizados formalmente por posuír estrofas heterométricas nas que o verso de arte maior se mestura co verso de arte menor, creando un ritmo dinámico e vivaz. O mar, tema central do poemario, é o elemento que lle confire continuidade á obra. Ao longo da composición o 'eu lírico' achégalle ao lector diferentes historias verbo de sete illas bañadas polo Atlántico e de sete amores. A mitoloxía clásica, os personaxes históricos e as referencias a lendas e a cancioneiros populares desenvolven un rol notábel nesta obra.

García Teijeiro, Antonio, *Polo camiño do incerto*, prólogo e ilustracións de Xulio García Rivas, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, novembro 2004, col. Poesía, 67 pp. (ISBN: 84-8485-164-8).

O poemario divídese en catro partes nas que se vai relatando por medio de poemas en versos libres o transcurso dun "Vello Camiñante" na procura de verdades e de palabras. Ese transcurso tínxese dun ton de escuridade e de néboa. Intercálanse citas, versos e palabras doutras persoas que iluminan o que o poeta expresa. A obra vai precedida dunhas palabras "a xeito de prólogo" e de deseños de Xulio García Rivas, e péchase cun epitafio na tumba do "Vello Camiñante".

García, Xoán Xosé, *Maio de mel ou lapa*, II Premio de Poesía Afonso Eanes do Cotón, Santa Comba- A Coruña: tresCtres Editores, 2004, col. Varilongo/Poesía, nº 5, (ISBN col: 84-933588-5-1), 89 pp. (ISBN: 84-933588-5-1).

Xoán Xosé García (Ferrol, 1970) ofrece unha obra poética na que desenvolve unha historia de amor dende o principio ata o final. O volume estrutúrase en catro partes: "Preludio da danza", "Penúltima vértixe", "A selva" e "As feridas da auga". O eu lírico diríxese constantemente á súa amada, facendo patente insistentemente o desexo e a atracción física no momento máis álxido da relación, tendo unha destacada presenza a palabra "sexo".

Erotismo e sensualismo vense nos versos curtos que se insiren á marxe de toda convención poética, en composicións de pequeno formato. É salientábel a elaboración técnica e toda a armazón metafórica que crea o autor para poetizar o seu tema. Aínda que se trata de formas expresivas breves e moi condensadas, estas, ao mesmo tempo, son moi suxestivos.

García, Xoán Xosé, *In-ventos*, XI Premio de Poesía Espiral Maior, A Coruña: Espiral Maior, abril 2004, col. Espiral Maior Poesía, nº 139, 67 pp. (ISBN: 84-95624-91-1).

A obra de Xoán Xosé García, *In-ventos*, gañou do XI Premio de poesía Espiral Maior desta mesma editorial. Consta de 66 poemas divididos en tres partes: "Parque Eólico", "Alisios" e "Atmós-fera", onde o núcleo temático é o tema do amor e o desamor metamorfoseado en profundas imaxes eólicas que dan forza e profundidade narrativa á obra. Tratado con nostalxia amor aparece aludido cunha linguaxe actual, en estrofas e vesos breves e directos, cheos de musicalidade provocada polos numerosos encabalgamentos e aliteracións dos poemas. A primeira parte inclúe títulos tan significativos como "Amante", "Voar", "Fantasmas de altoredo" rematando con "...*E ferías*". A segunda parte recupera títulos eólicos tan interesantes como "O amor é un aire azar", "Prenderme de Pandora" ou "Ceibarás furacáns" para concluír con "...*Aturas cómo un xiro apesarado*". Finalmente, a terceira parte tamén presenta símbolos e metáforas do campo semántico do vento en "Amala coma un ceo", "Saudades do teu aire" ou o poema final "...*Tece-las mans de dual aparellaxe*". Todos eles tratan un tema tan común na poesía como o mundo do amor pero presentado dende un contexto innovador que da conta das grandes destrezas técnicas e o gran calibre do poeta.

Recensións:

- Manuel Vidal Villaverde, 'In-ventos', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 5 setembro 2004, p. 44.

Comeza informando sobre o libro In-ventos de Xoán Xosé García, gañador do Premio de Poesía Espiral Maior, ademais de referirse aos membros que compoñían o xurado. Logo define ao autor e a súa poesía apoiándose en versos significativos da obra. Así, o autor queda descrito como poeta intimista de versos claros, cantor de amor e nostalxia, o cal lle da unha importante unidade temática á obra. Remata augurando un bo futuro para o poeta neste campo.

- Armando Requeixo, 'Poesía eólica', *Diario de Arousa/El Ideal Gallego/El Progreso*, *'Nordesía'*, 31 outubro 2004, p. 21.

Comeza o artigo facendo un rápido repaso pola traxectoria literaria do autor, destacando os premios literarios obtidos e rematando no actual XI Premio de Poesía Espiral Maior 2002. Tras mencionar os membros do xurado do certame, céntrase nas calidades relevantes do libro como o discurso elíptico, uso de silepses e diloxías, ademais das referencias ao cosmos eólico. Subliña o senso de fragmentación que conseguen os versos, abruptos, co uso dunha fórmula breve pero de impacto. Pero non só se fai referencia á forma senón

tamén ao contido, remarcando que son versos de cicatrices amorosas. Logo menciónase as tres partes nas que se divide o libro: "Parque eólico", "Alisios" e "Atmós-fera". Remata o artigo cunha visión global e opinión persoal da obra: acentos propios e distintivos para finalmente concluír de forma lírica reproducindo versos do libro.

- Vicente Araguas, 'Andaravías na mente dun poeta case inédito', *El Correo Gallego*, 'Versos', 14 novembro 2004, p. 3.

Da conta do libro *In-ventos*, escrito por Xoán Xosé García co que gañou o premio de poesía da Editorial Espiral Maior. O artigo eloxia a frescura dos versos do autor, catalogando os poemas de "eufónicos", breves e cargados de musicalidade, aínda que ás veces nota una certa polifonía en exceso. Fai tamén referencia ás tres partes en que se divide a obra: "Parque eólico", "Alisios" e "Atmós-fera". Conclúe cunha referencia ao don de Xoán Xosé García no arte de escribir poesía.

Gómez Alfaro, Xosé Carlos, *O clamor da eclipse*, XX Premio de Poesía Cidade de Ourense, prólogo de Vicente Araguas, A Coruña: Espiral Maior, 2004, col. Espiral Maior Poesía, nº 142, 64 pp. (ISBN: 84-95625-92-X).

Vicente Araguas, no limiar, cualifica a Xosé Carlos Gómez Alfaro de "francotirador no monte difícil da poesía galega" debido ao seu inusual clasicismo, que o fai nadar contracorrente no panorama actual. Nesta liña destaca o coidado da métrica e a atención prestada a acentos e a ritmos. A temática do poemario é claramente amorosa. Consta de dúas seccións que se complementan. A primeira, titulada "Albor", contén vinte e cinco poemas e explora os recantos da cara favorábel do amor, empregando unha simboloxía de índole relixiosa para describir os seus praceres. A segunda, "Solpor", ofrece vinte composicións que actúan como contrapunto: nas que Gómez Alfaro ispe os camiños do desamor, da dor, da culpa e da nostalxia. Malia que a disposición dos versos non obedece a esquemas estróficos preconcibidos, é perfectamente perceptíbel o esforzo no tratamento sonoro mediante o uso de rimas consonantes e internas, e das esdrúxulas.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'A algoritmia versal de Xosé Carlos G. Alfaro', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 1 agosto 2004, p. 3.

Sinala a singularidade da obra de Gómez Alfaro, que fai posíbel a súa comparación e inserción en épocas poéticas diferentes dada a súa independencia. Esta mesma recensión foi publicada neste mesmo suplemento o día 22 de agosto.

- Armando Requeixo, 'A algoritmia versal de Gómez Alfaro', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 22 agosto 2004, p. 3.

Sinala a singularidade da obra de Gómez Alfaro, que fai posíbel a súa comparación e inserción en épocas poéticas diferentes dada a súa independencia. Esta mesma recensión foi publicada neste mesmo suplemento do día 1 de agosto.

- X.G.G., 'Clasicismo liberador de Gómez Alfaro', *A Nosa Terra*, nº 1.140, 'Cultura', 2 setembro 2004, p. 27.

Cualifica o clasicismo de Gómez Alfaro de vangardista, xa que o maioritario e normalizado hoxe en día son as posturas radicalmente anticlásicas. Loa globalmente o poemario pero lamenta que non apareza a voz feminina e que se abuse das aliteracións.

- Ramón Nicolás, 'O amor e a palabra', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 98, 'Libros', 4 novembro 2004, p. IV.

Agradece a saída á luz do poemario de Gómez Alfaro e destaca do mesmo o seu posicionamento á marxe das modas, a diversidade temática con tendencia ao predominio do erótico, o clasicismo dos metros e a vocación de permanencia do conxunto.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Fernán Vello: 'Isto é algo demencial', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 xuño 2004, p. 50.

Cualifica como "demencial" a súbita suspensión do acto de presentación do volume de Gómez Alfaro *O clamor da eclipse* na Feria do Libro ourensá. Ante o cruce de acusacións para xustificalo, o director de Espiral Maior, empresa editora do libro, achaca ás desavinzas entre Federacións a culpa dese imprevisto e lamenta a desconsideración que sofren os autores galegos.

- Xosé Lois García, 'O clamor da eclipse', *Galicia Hoxe*, 'Ecos da Berenguela', 29 xuño 2004, p. 4.

Xosé Lois García, tras subliñar a traxectoria de Gómez Alfaro, faise eco das palabras do prólogo, de Vicente Araguas, para sinalar que o poeta é un francotirador nunha xeografía moi determinada, a do Ribeiro, que modela a súa poesía. Segundo Xosé Lois García, a madurez acadada é o que permite ordenar unha morea de metáforas e de ideas con éxito e abrir, deste xeito, un camiño novo para a poesía amatoria galega, que cre un tanto reseca. Termina citando o poema "Nin ver, amoro, nin oír nada"

- Clodio González Pérez, 'O clamor da eclipse', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 3 xullo 2004, p. 5.

Loa o volume de Gómez Alfaro, fala da relación persoal que lle une co poeta e con outros autores do Ribeiro e sinala a multiplicidade de significados posíbeis para as dúas partes do poemario, "Albor" e "Solpor" que poden referirse, entre outros conceptos, ás partes do día ou ás etapas da vida. Remata destacando a composición "Sangue e gloria do Ribeiro".

- Ricardo R. Vicente, 'A Guarda inicia su programa cultural con una obra de la compañía teatral Nove-Dous', *Faro de Vigo*, 'Área Metropolitana', 5 decembro 2004, p. 19.

Faise eco da presentación da programación cultural do Concello da Guarda, que se abrirá coa representación teatral *Rexurdimento. Coplas de Cego*, da compañía Nove-Dous. Entre outros actos que figuran no programa, destácase a presentación do libro *O clamor da eclipse*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro, na que participarán Xesús Alonso Montero e Miguel Anxo Fernán-Vello.

Gómez, Lupe, *Levantar as tetas*, A Coruña: Espiral Maior, 30 xuño 2004, col. Poesía, nº 144, 83 pp. (ISBN: 84-95625-96-2).

Cuarto poemario de Lupe Gómez (Fisteus-Curtis, 1972), cuxa primeira parte é unha "Autopoética" en prosa na que a autora reflexiona sobre a súa escrita como exercicio de liberdade individual e sinceridade. A segunda parte do libro, "Os ollos rotos", componse dunha serie de poemas brevísimos nos que a creación lírica, o corpo, a infancia, o amor, o sexo e a muller ("É importante/para a muller/ descubrir a pel/e o corpo./Descubrir as tetas/tapadas"), son constantes novamente abordadas dende unha voz en primeira persoa e ton autobiográfico. "O amor das vacas", terceira parte do libro, indaga a través de cinco poemas de maior extensión no amor como espazo de liberdade, dor e vitalidade. O libro péchase cunha sección titulada "Fuxida", que contén un único poema de despedida.

Recensións:

- X.G.G., 'A poesía de Lupe Gómez', *A Nosa Terra*, nº 1.144, 'Poesía', 30 setembro 2004, p. 27.

Recensión na que se cuestionan a orixinalidade e o contido subversivo da obra de Lupe Gómez. Critícase a ausencia de ritmo no poemario e a falta de evolución na temática desde os seus primeiros libros ata *Levantar as tetas*.

- Vicente Araguas, 'O 'over and over again' nos versos de Lupe Gómez', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 7 novembro 2004, p. 3.

Saliéntase a reiteración nas mesmas formulacións retóricas, imaxes conceptuais e estilísticas da autora de *Levantar as tetas*, recoñecendo o "engado de sempre" na lectura dos seus "poemas breves e altruístas", nos que destacan a sinxeleza e a apelación directa ao sexo e á "nai natureza". Considérase a "Autopoética" coa que comeza o poemario como a

mellor parte do libro. A recensión remata sinalando o "parentesco" intelectual de Lupe Gómez con autoras como Luísa Castro, Xela Arias e Olga Novo.

Referencias varias:

- C.P., 'Escribir sempre foi para min como saír da escuridade', *La Voz de Galicia*, 'En dos minutos', 14 setembro 2004, p. L2.

Entrevista a Lupe Gómez na que se dá conta da presentación do seu libro *Levantar as tetas*, así como da próxima publicación dunha nova obra, *O útero dos cabalos*. A autora confesa a súa intención de "rachar coas convencións", máis alá da provocación, desde os títulos das súas obras. Recoñece a súa insistencia en temas recorrentes como o sexo, a muller, a infancia e a aldea, que a súa poesía aborda "chea de raiba". A propósito da inspiración, fala da escrita como modo de "saír da escuridade, da ambigüidade e da castración". Finalmente, afirma estar traballando nun libro de narrativa.

- Alfredo Conde, 'Levantar as tetas', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 23 setembro 2004, p. 4.

Reflexión suscitada polo novo libro de Lupe Gómez na que se subliña a calidade do poemario, que se considera un reflexo da "actitude vital" mantida pola autora. Destácase a unidade e coherencia da obra, facendo fincapé na autopoética como "gran texto" que serve como limiar ao devalar dos pequenos poemas, "*haikus* cáseque", que medran progresivamente ata o final do libro. Remátase recomendando a súa lectura.

- MARÉ, 'Levantar as tetas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 setembro 2004, p. 48.

Anúnciase a presentación do novo libro de poemas de Lupe Gómez, que será realizada cunha intervención poético-musical. Sinálase a metáfora que dá título ao poemario, *Levantar as tetas*, como "necesidade de buscar o berro" fronte á "falta de autoestima das mulleres". Recóllense comentarios da autora nos que manifesta a súa visión do sistema literario galego como un espazo pechado no que a súa poesía é frivolizada. Reitera a súa necesidade de enfrontarse coa sociedade "que estrangula" e de rebelarse "contra o que se entende por ser muller". Finalmente, avánzase un futuro cambio na brevidade dos seus poemas, que abandonarán a introspección para achegarse a unha visión máis crítica da sociedade.

- MARÉ, 'Versos do eu en nós', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 setembro 2004, p. 50.

Artigo no que se relata a presentación do libro de Lupe Gómez en Compostela, que contou coa presenza do profesor, poeta e crítico literario Arturo Casas (A Coruña, 1958), quen "lle ofreceu á Literatura galega un novo dicionario: O Dicionario interactivo para lupenautas". Palabras como amor, bailar, caos, dor, escrita, Fisteus, Galiza, identidade, inmolación,

Krakatoa, Louro, marxinal, nación, obscenidade, río, sangue, tolemia, útero ou vaca son algunhas das que se sinalan. A presentación contou cun recital poético-musical a cargo dos músicos Patricia e Manuel Blanco, nun acto que supuxo " o exemplo máis depurado dunha poesía xa de seu esencial, desprovista de máscaras, que lles chama ás cousas polo nome e que se volve brutal e arriscada, eterna, nesa sinceridade".

- Natalia Álvarez, 'Lupe Gómez: 'Escribir é a miña droga, expulsar o que me doe e oprime', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 99, 'Entrevista', 11 novembro 2004, p. III.

Entrevista a Lupe Gómez a propósito do seu novo libro, *Levantar as tetas*, metáfora do berro de autoafirmación das mulleres. A autora afirma concibir a escrita como expresión catárquica de sinceridade e forma de liberación, de expulsión do que lle "doe e oprime". Salienta, así mesmo, o acto de violencia que supón recitar en público e a importancia e beleza da comunicación, así como a oralidade da súa poesía. Confesa a necesidade de repetirse, "igual que os nenos", de volver sobre recorrencias temáticas como o "amor das vacas", expresión de espiritualidade e procura do eterno retorno. Finalmente, reitera a necesidade e vixencia do "berro feminino".

González Pérez, Brais, *Sangue sobre silenzo*, prólogo de Antón Figueroa, Tui: Edicións de Autor □, 31 outubro 2004, 93 pp. (ISBN: 84-609-3069-6).

Primeiro libro de poemas, dedicado aos Mártires de Sobredo, de Brais González Pérez (Salceda de Caselas, 1988), que se abre cun prólogo de Antón Figueroa, no que o catedrático de Filoloxía Francesa na Universidade de Santiago de Compostela comenta, fundamentalmente, a función que para el ten a arte e no que dá conta das características que o sorprenderon de *Sangue sobre o silenzo*. A continuación, reprodúcese o limiar do autor, no que González Pérez se dirixe aos lectores e lles indica qué van atopar nas páxinas que seguen, así como no que lembra e agradece a diferentes persoas a axuda prestada para a realización e publicación deste seu primeiro libro de poemas. Finalmente, reprodúcese o poemario no que se homenaxea, reflexiona e se lle canta aos mártires da guerra civil. Divídese en catro partes: "Sangue sobre silenzo", "Lugar", "Sol Morrente" e "Névoa e rei mortos" nas que se agrupan os vinte poemas que conforman o volume e que en moitas ocasións aparecen dedicados a escritores, como por exemplo, Bernardino Graña, Xosé Lois Méndez Ferrín e Darío Xohán Cabana, ou personaxes históricos, como por exemplo, "Che Guevara".

Referencias varias:

- E.G., 'Brais González dedica su primer libro de poemas a los Mártires de Sobredo', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño/Área Metropolitana', 12 novembro 2004, p. 18.

Dáse conta da presentación do libro de Brais González (Salceda de Caselas, 1988) en Salceda de Caselas e Vigo e sinálase que o poeta dedica a obra ao seu mestre, Xosé Luís Méndez Ferrín, afirmando que a poesía é "sempre unha maneira de protesta".

- Anxo Boente, 'Brais González Pérez. 'La abundancia de léxico refleja los sentimientos del autor', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 28 novembro 2004, p. 24.

Entrevista a Brais González na que declara a súa afección polos libros, que o levou á composición poética, a través da lectura de Méndez Ferrín, e na que fala dos seus estudos e do compromiso social.

Graña, Bernardino, *Sen sombra e sen amor*, Vigo: Galaxia, 30 marzo 2004, col. Dombate, nº 38, 72 pp. (ISBN: 84-8288-693-2).

Poemario de Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932), precedido por fragmentos dunha canción tradicional, dun verso de Heráclito e dalgúns versos de O soño sulagado, de Celso Emilio Ferreiro; alusións estas ao tema do libro. A obra fórmana vinte e seis poemas que, aínda que divididos en catro partes, forman un todo orgánico no cal o poeta se amosa como un loitador, desexoso de manifestarse ante as catástrofes e as inxustizas que o rodean. Así, o poemario adopta o estilo da denuncia social, vertebrada, á súa vez, por unha temática claramente bipolar: a que contrapón o amor e a xustiza fronte o desengano e a aldraxe. A voz poética, no seu desexo de "estar coa xente", xa que logo, sitúa valora a xustiza e a liberdade xunto co sentir do amor, que ocupa o núcleo poético central nas partes segunda e terceira, diante dun mundo imperialista e violento.

Recensións:

- Héitor Mera, 'Os versos de Graña, en plenitude', *A Nosa Terra*, nº 1.126, 'Cultura/Poesía', 29 abril 2004, p. 27.

Análise reflexiva na que se resalta o lirismo dos versos e a "carraxe" con que os acontecementos se expresan por parte do autor, quen nos propón un "enfrontamento crítico á sociedade actual fronte ao amor". A continuación, desenvolve brevemente as liñas conceptuais das que se serve a poesía de Bernardino Graña tanto neste traballo como en obras anteriores. Despide este comentario reiterándose nos logros deste poemario, unha "nova mostra da mellor poesía que deu este país".

- Manuel Vidal Villaverde, 'A unificación do ritmo', *Atlántico Diario*, 'Musas', 2 maio 2004, p. 51.

Comentario sobre a publicación da última obra de Bernardino Graña, *Sen sombra e sen amor*. Logo de sinalar as vertentes poéticas máis salientábeis deste autor: o poeta do mar, do amor, o poeta civil, recolle os versos dun dos poemas que aparecen na obra. Finalmente,

ademais de repasar os eixes sobre os que xiran os poemas- amor e desengano, xustiza e aldraxe, refírese á actual poética de Bernardino Graña como unha poesía de "fértil madurez creativa".

- Héitor Mera, 'Paseo polo mellor lirismo', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, 'Libros', 10 xuño 2004, p. V.

Comeza repasando a cosmovisión de Bernardino Graña como "poeta do mar" ou "poeta do amor", xeneralidades que, segundo se indica, non fan xustiza ao que, unha vez lido o seu último poemario, *Sen sombra e sen amor*, se atopa: non só o amor como eixe central, senón tamén a poesía de denuncia social. Logo, achéganos algúns textos do que é a poesía de Graña ao longo da súa traxectoria poética para exemplificar a presenza do campo sémico da denuncia. Remata referíndose aos poemas amorosos do poemario, cheos de erotismo e sensualidade na voz poética, que se sitúan como centro vertebral do volume.

- Xosé María Costa, 'Bernardino Graña, vital e ritual', *A Nosa Terra*, nº 1.135, 'Cultura', 1 xullo 2004, p. 27.

Cualifica a poesía de Bernardino Graña, no seu poemario *Sen sombra e sen amor*, como de vital, se ben "ritual e escasamente innovadora" ou "previsíbel". Ofrece logo unha mostra dos poemas que aparecen no libro para menifestar que o autor está "máis correcto que inspirado".

- Héitor Mera, 'Evanxeos, sombras e amores', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 90, 'Letras do noso tempo', 9 setembro 2004, p. II.

A partir do feito da aparición de dúas obras de Bernardino Graña, *Sen sombra e sen amor* e *Protoevanxeo do neto de Herodes*, reflexiónase sobre a evolución da obra deste autor. Destácase o seu labor sobre varios xéneros literarios. Sobre o labor poético destácase o amor como o referente de interpretación da súa poesía. Con respecto á prosa, anótase o seu gran coñecemento do subxénero do conto popular. No canto do seu traballo de dramaturgo, dáse conta do escaso coñecemento deste autor por este motivo. Finalmente, reivindícase a Bernardino Graña como fonte digna de estudo e investigación, exemplificando esta circunstancia, para Héitor Mera, a existencia de importantes lagoas no sistema literario e cultural galego.

Referencias varias:

- Maré, 'Sen sombra e sen amor' loita contra as desfeitas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 abril 2004, p. 58.

Faise eco da publicación da última creación de Bernardino Graña, *Sen sombra e sen amor*, publicada na colección Dombate de Galaxia. Logo de defender a madureza creativa do

autor nesta obra, continúa por salientar as principais liñas temáticas da mesma: "un canto ao amor, á liberdade que se enfronta ás inxustizas sociais". Remata cunha reflexión sobre a traxectoria artística deste escritor.

- Vicente Araguas, 'Bernardino Graña ou a sombra de San Francisco en flor', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 8 agosto 2004, p. 21.

Co gallo da publicación do novo libro de poemas de Bernardino Graña, *Sen sombra e sen amor*, Vicente Araugas remóntase aos anos cincoenta, sesenta para lembrasr ao Bernardino Graña daquela época; tempos da revista *Alba* en donde, segundo Araugas, éste "erguía as saias de Dona Poesía, con ánimos lascivos". Xa na actualidade, Araugas ve nos novos poemas a un Bernardino Graña cun aquel de "franciscano laico" que fai das "elexías flores e destas fillos como poemas".

Hernández Hernández, Mª Concepción, *Impresiones del Bierzo/Impresións do Bierzo*, Madrid: Ediciones Torremozas, xaneiro 2004, col. Serie Prímula, 105 pp. (ISBN: 84-7839-309-9).

Libro de poemas bilingüe da escritora canaria María Concepción Hernández (Los Realejos de Tenerife, 1938) no que a autora toma a estrutura dos haikus xaponeses para amosar o seu fondo sentimentalismo polas terras do Bierzo. O poemario estrutúrase en catro partes, unha por cada unha das estacións, nas que María Concepción Hernández fai referencia aos cambios cíclicos da paisaxe, evoca o Bierzo a través de imaxes delicadas e suxestivas e, en definitiva, transmite o seu profundo sentimento por estas terras.

Recensións:

- Xosé Lois García, 'Haikus do Bierzo', *Galicia Hoxe*, 'Ecos da Berenguela', 6 abril 2004, p. 4.

Recóllese a publicación do libro bilingüe *Impresións do Bierzo* da escritora canaria María Concepción Hernández. Enténdese que é importante a aparición do galego como parte da paisaxe das terras bercianas, como un elemento máis desa rexión. Obsérvase que a exploración dun lugar non pode esquecer unha das peculiaridades máis importantes como ter unha lingua de seu. Coméntase que o libro está estruturado en catro partes correspondentes cada unha cunha estación do ano ao igual que se fai nos haikus xaponeses onde se evocan as mudanzas cíclicas que producen trocos na paisaxe e eses no estado anímico das persoas.

Kruckenberg, María do Carme, *Luz para un novo amencer*, edic. bilingüe; introdución de Eva Llórens, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, setembro 2004, col. Poesía, 64 pp. (ISBN: 84-8485-152-4).

Esta obra fórmana vinte poemas, coa súa respectiva tradución o castelán ao lado. Engádense, ademais, un eloxioso prólogo da catedrático de literatura Eva Lloréns e as ilustracións da pintora galega Mercedes López Lence. Con respecto ao tema do libro, non é posíbel falar dunha unidade das composicións pois, aínda que nelas soa a música coa que romper o silencio cómplice de todas as inxustizas, non son unha denuncia directa nin tampouco unha canle de comunicación ideolóxica. Aquilo facilmente visíbel si é, neste sentido, o conxunto de suxestivas reflexións poéticas (sobre a condición humana, sobre a beleza, sobre a utopía) co que a autora, a partir dun léxico dividido en dous mundos: o real no que vivimos (trevas, irracionalidade, craridade invisible, delor dos homes derrubados, anguria, medo, etc) e o imaxinario no que deberiamos vivir -a prol do cal se sitúa- (utopía, lonxe, desaparición das trevas, etc.), fala da súa realidade. Por outra banda, os poemas posúen unha importante presenza, xunto coas súas reflexións íntimas, de imaxes suxerentes (coma as do poema 14: "porque hoxe andamos / como os trapecistas sin rede / pendurados do espacio / e pendentes da fraxilidade / da corda invisible / que levamos prendida na memoria"). Cómpre sinalar, tamén, a ortografía vacilante da autora: que prescinde frecuentemente dos acentos gráficos dalgunhas palabras esdrúxulas (*arbore, limite, espirito*) mantendo a acentuación noutras (*pérdeda*) ou escolle grafías propias -non normativas- como nos casos de *hirmáns* ou de *duhn*.

Luna, Xosé, *Memorias do Cairo*, Premio de Poesía Avelina Valladares 2003, epílogo de Miro Villar, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza ♦, maio 2004, col. O cartafol de Vilancosta, nº 3, 61 pp. (ISBN: 84-933317-3-2).

Como se se tratara dun caderno de viaxes dividido en quince xornadas, Xosé Luna (A Estrada, 1965) inclúe nos seus poemas termos exóticos e referencias a lugares que marcan o devir da cidade que dá nome ao libro (o hotel Shepherad, as prazas de Chubrâh e de Eskebiêh). *Memorias do Cairo* é pois unha viaxe física polas rúas da capital exipcia, pero tamén unha singradura polas lembranzas e a memoria do propio autor. O poemario presenta unha estructura pechada: o autor agarda nos primeiros versos "por un bico de outono" e a última composición péchase con "Ao fondo/unha parella dase un bico de outono". As referencias ao Cairo compleméntanse con poemas máis íntimos nos que o sentimento predominante é a melancolía pola ausencia da amada ("Todo é deserto ao cabo", "Hatshepsut!") ou con guiños a coñecidos autores e obras da literatura universal (Kafka, o *Fausto* de Goethe) ou mesmo do cine (*Casablanca*). O último poema, "Un bico de outono", abandona a mera descrición e o intimismo das páxinas precedentes e ofrece un fresco, por máis que rápido, dun rincón do Cairo e das persoas que nel se atopan. O libro complétase cun "Epílogo para unha epifanía", escrito por Miro Villar, no que o poeta galego reflexiona e comenta a obra de Luna.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Memorias do Cairo', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 101, 'Libros', 25 novembro 2004, p. IV.

Comézase cun recorrido pola traxectoria do autor antes da publicación do libro comentado, a súa primeira obra de poemas. A continuación, incídese na madureza amosada nesta súa creación novel. Finalmente, faise referencia á estrutura e ás características xerais do libro, prestando unha atención especial ás diversas referencias mitolóxicas e da literatura universal presentes nel.

Referencias varias:

- Ángela Brianes, 'Unas 'Memorias do Cairo' escritas desde A Estrada', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 1 outubro 2004, p. 41.

Tras unha breve introdución na que se valora moi positivamente a obra, faise referencia á noticia da súa presentación na galería Sargadelos de Santiago. A continuación, incídese na concepción que da cidade do Cairo ten o seu autor e indícanse a estrutura e os temas básicos do poemario, así como á súa sinxeleza discursiva. Finalmente, sublíñase que a obra obtivo o primeiro premio na VII edición do certame Avelina Valladares da Estrada (Pontevedra), e vólvese facer un comentario valorativo positivo sobre ela. A noticia complétase con dous despeces, un sobre o epílogo das *Memorias*, escrito polo poeta Miro Villar, e outro sobre as obras escritas e os xéneros cultivados por Luna.

Marqués Gil, Serafín, *Ventos da terra*, ilust. de Maite Vázquez, Ourense: Deputación Provincial de Ourense ♦, 2004, 155 pp. (ISBN: 84-96011-82-8).

Introspección reflexiva arredor do ser galego, a través de cincuenta poema xebrados en cinco partes tituladas, ademais dunha oración final e, asemade, as ilustracións de Maite Vázquez. A primeira parre,"Galicia inmorrente", con trece poemas, céntrase na xeografía galega; a segunda, "Estampas da miña terra", con cinco poemas, focalízase na cidade de Ourense; a terceira, "Soños e teimas", que con vinte e dúas composicións -é a parte máis longa-, presenta ao ser galego como creador de ilusións e mais como vítima; a cuarta, "Ruadas", con nove poemas, detense na realidade desenfadada dos galegos; e na quinta e última, "Recordanzas e nostalxias", con once sonetos, xorden as lambranzas saudosas do pasado intercaladas con reflexións sobre o presente. Como peche de *Ventos da terra* aparece unha oración, lida o 15 de maio de 2003 na ourensá praza de San Mamede, que leva como título "Volve, Señor".

Mato Fondo, Miguel, *O whiskey na barrica*, IV Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, Limiar de Xosé María Álvarez Cáccamo, A Coruña: Espiral Maior, 12 abril 2004, col. Espiral Maior Poesía, nº 141, 69 pp. (ISBN: 84-95625-93-8).

Poemario de Miguel Mato Fondo (Ponteceso, 1953) composto de trinta e catro poemas, agrupados en catro partes e cos títulos de "Innisfree", "Teoría das chuvas", "Casa de sombras" e "Biblioteca e fuga", respectivamente. Destaca, dentro das liñas temáticas do poemario, a busca de proximidade entre a realidade anglosaxona e a galega; afondando na

procura das raíces celtas. O libro comeza remitindo ás terras de "Innisfree" mediante a evocación das imaxes do home tranquilo, que o cine inmortalizou, para, posteriormente, usar o inglés como evocación tanto en títulos coma en frases intercaladas. A seguir, adopta un estilo intimista con poemas que afondan na nostalxia: como, por exemplo, "Infancia" ou "Tarde de primavera". Sobre a orixe céltica entre pobos, fálase da "estirpe" e remítese, ademais, a autores como Pondal ouYeats. Por outra banda, abórdase a búsqueda da calor dos recordos fronte o "frío do outono" do presente, por conseguinte, a voz poética reivindica o pasado e laméntase fugacidade do tempo que se deixa escapar ("o verán rematara sen nos decatarmos"). En canto ás imaxes e aos símbolos que se empregan, esta melancolía existencial aparece a través das chuvias e dos invernos húmidos que aparecen nos versos de toda a obra. Finalmente, destaca a introdución do prólogo de Xosé María Álvarez Caccamo no que o autor vigués eloxia a poesía de Mato Fondo e fai un exercicio de búsqueda da intertextualidade entre esta obra e a doutros autores, así como entre as interrelacións dialóxicas urbano/rural, Galiza/Irlanda, libros/cine, etc., presentes no poemario.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, 'O wiskhey na barrica', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 20 xuño 2004, p. 4.

Comentario extenso da obra *O whiskey na barrica* de Miguel Mato Fondo, destacando a súa edición por Espiral Maior, así como as ilustracións de María Braxe. Fálase da actitude que amosan as palabras escollidas polo poeta para amosar unha actitude de reflexión, de ollada ao pasado, de solidariedade, etc. Saliéntanse as numerosas referencias culturais que aparecen na obra: a evocación de Irlanda a través da súa música e dos seus costumes, o jazz, a poesía de Avilés de Taramancos, entre outras.

- Vicente Araguas, 'Mato Fondo: a fórmula de crear versos a modiño', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 11 xullo 2004, p. 3.

Comentario breve da poesía de Miguel Mato Fondo no que se salienta o seu afán plástico, a intemporalidade dos seus versos, as referencias literarias e musicais que introduce na obra, a súa vinculación a Alén e o "novos" que semellan os seus versos.

- X.G.G., 'Mato Fondo, verdade sen nostalxia', *A Nosa Terra*, nº 1.141, 'Cultura', 9 setembro 2004, p. 27.

Recensión de *O whisky na barrica* de Miguel Mato Fondo. Tras destacar que comezara a publicar en 1977 en *Alén* cítanse as partes desta última obra e analízanse moi sucintamente algúns versos do libro. Destácase o ton narrativo duns poemas que parecen estar cheos de ritmo. Dise que a edición conta cun prólogo de Xosé María Álvarez Cáccamo.

- Román Raña, 'Un bosque selvaxe', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 95, 'Libros', 14 outubro 2004, p. IV.

Anótase que o poemario *O wiskhey na barrica* foi o gañador do IV premio de poesía "Fiz Vergara Vilariño" e coméntase que Mato Fondo é un autor auténtico, erudito e sen artificiosidade. A continuación analízánse algúns dos poemas e os eixos temáticos que constitúen o libro, prestando atención ás partes nas que este se divide. Cítanse influencias e remátase definindo a poesía de Mato Fondo como "torrencial" ou "impulsiva", entre outros cualificativos.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Na aldea de Oscar Wilde', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 marzo 2004, p. 53.

Breve artigo no que se recollen as palabras de Miguel Anxo Mato Fondo en referencia á súa obra *O whisky na barrica*. A primeira frase xa define case todo o texto: "doidamente contento". Con estas palabra Mato Fondo comeza o comentario da obra e dalgunha das sensacións que a motivaron. A continuación recóllense opinións de Xosé María Álvarez Cáccamo como membro do xurado do Premio Fiz Vergara Vilariño co que este volume foi galardoado. En breve cadro recóllense unhas palabras que Mato Fondo adica á falecida escritora Luísa Villalta.

- Benigno Lázare, 'Fiz foi un poeta que está sendo xustamente tratado', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 30 marzo 2004, p. L2.

Entrevista a Miguel Mato Fondo logo de que resultase gañador do certame de poesía Fiz Vergara Vilariño coa obra *O whisky na barrica*. Conversan sobre a figura do poeta de Lóuzara e as homenaxes que se lle veñen facendo, así como sobre a produción poética de Mato Fondo que, segundo el mesmo recoñece, non é demasiado prolífica.

- M.R., 'Un nuevo orden', *El Progreso*, 'Libros', 20 xuño 2004, p. 89.

Fálase da publicación *O whiskey na barrica*, obra de Miguel Mato Fondo que obtivo o IV premio de poesía "Fiz Vergara Vilariño". Recóllense as palabras do autor sobre as súas vivencias de mocedade cos amigos, a intención de homenaxe á cultura underground e a conxunción do popular co refinado.

- Xurxo Souto, 'Miguel Mato, o retorno dun poeta', *La Opinión*, 'el Domingo', 20 xuño 2004, p. 16.

Breve análise dalgúns poemas que compoñen *O whiskey na Barrica*. Recóllense versos de varios poemas e elabórase unha pequena reflexión sobre posíbeis referencias e intencións.

Nun pequeno cadro danse unhas notas biográficas e fálase da presentación da obra no IES "Eusebio da Guarda".

- Lino Braxe, 'Mato', *La Opinión*, 'Opinión', 30 xullo 2004, p. 26.

Descrición eloxiosa da obra poética de Mato Fondo, posta en relación cos poemas do libro *O whisky na barrica*. Define o poemario como "culto e currado" e ensalza o bo resultado obtido. Enfatiza os vinte anos de silencio editorial do autor e, finalmente, expresa o desexo persoal de que a próxima obra de Mato Fondo tarde menos en aparecer.

Murado, Miguel-Anxo, *Lapidario*, Vigo: Xerais, marzo 2004, col. Poesía, 127 pp. (ISBN: 84-9782-163-7).

O libro *Lapidario* de Miguel Anxo-Murado (Lugo, 1965) ábrese cunha introducción na que o autor salienta que a orixe desta obra está nun poemario publicado en 1990, o cal ampliou notabelmente, xa que contén o dobre de textos e unha sección de notas, e comenta o seu interese pola biografía e polo subxénero do epitafio. A continuación un breve poema-pregaria sintetiza parte das ideas expresadas na introdución e anuncia o contido do libro. O epitafio é o nexo que une os cincuenta e seis poemas (algúns poemas narrativos ou en prosa) que conforman *Lapidario*, dedicados a outros tantos persoeiros, entre os que podemos destacar a Walter Benjamín, Giacomo Casanova, Antón Chekhov, Afonso Eanes de Cotón, Paio Gómez Chariño, Yasunari Kawabata, Manuel Leiras Pulpeiro, Raimon Llull, Charles Perrault, Francesco Petrarca, Luís Pimentel, Jan Potocki, Baruch Spinoza, Su Che ou Tu Fu. Os nomes apuntados mostran o amplo abano de personaxes que desfilan polas páxinas de *Lapidario*, pero todos teñen en común o seu desexo de avanzar e de comunicar. Os poemas configuran breves pinceladas biográficas que Murado pon en boca de cada un dos escritores obxecto do poema despois do seu pasamento. O poemario complétase asemade cun apartado de notas no que Miguel-Anxo Murado desprega a súa erudición: apunta breves notas biográficas sobre cada un dos persoeiros homenaxeados e comenta algúns versos de cada un dos poemas coa intención de facer o libro comprensíbel a un maior número de lectores

Recensións:

- Xesús Fraga, 'Poesía que celebra a vida', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 65, 'Letras en galego', 19 xuño 2004, p. 13.

Despois de comentar *A loita continúa* de Claudio Rodríguez Fer, o articulista dá conta da publicación pola editorial Xerais de *Lapidario,* de Miguel-Anxo Murado: unha obra que amplía un texto anterior de 1986 e que está a cabalo entre a poesía, a enciclopedia e o epitafio. As vidas turbias e azarosas de Pedro Abelardo, Tu Fu, Walter Benjamin, Sergei Esenim, Christopher Marlowe, Leiras Pulpeiro, Casanova, Perrault, etc., desfilan polos diferentes poemas nun intento de "buscar coa literatura unha orde ao que non o ten".

- X.G.G., 'Murado, epitafios con nostalxia', *A Nosa Terra*, nº 1.138, 'Cultura', 22 xullo 2004, p. 27.

Apúntase que, con *Lapidario*, Miguel-Anxo Murado se une aos escritores que cultivaron o xénero do epitafio, entre os que destaca a Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro ou Celso Emilio Ferreiro. Comenta que o poemario consta de cincuenta e sete poemas, un poema introdutorio e cincuenta e seis epitafios dedicados a escritores, poetas, ensaístas, políticos, etc. Sinala que o libro conta tamén cunha sección de notas na que se inclúe unha breve biografía de cada persoeiro homenaxeado.

- Armando Requeixo, 'Lapidario', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 94, 'Libros', 7 outubro 2004, p. IV.

Comenta a obra *Lapidario* de Miguel Anxo Murado, que está precedida por *Lapidario dos heterodoxos*, se ben a actual é máis ambiciosa e extensa. Salienta a unión nesta obra de personaxes dos máis variados tempos e latitudes, entre os que destaca a Abelardo, Aurelio Aguirre, Walter Benjamin, Petrarca ou Casanova. Finalmente, apunta que Murado entra na lista de autores que practicaron a escrita epidíctica entre os que figuran Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro ou Celso Emilio Ferreiro.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Miguel-Anxo Murado volve á poesía narrativa coa edición de 'Lapidario'', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 22 xuño 2004, p. 54.

Refírese á publicación de *Lapidario* de Miguel-Anxo Murado, unha obra que amplía o seu libro anterior, *Lapidario dos heterodoxos*. Comenta que os poemas que compoñen *Lapidario* están moi próximos o xénero literario dos epitafios e que están dedicados a nomes tan dispares como Ambrose Bierce, Leiras Pulpeiro ou Casanova. Murado considera que as biografías espertan gran interese entre os lectores e que ademais con *Lapidario* fai a súa especial contribución ao xénero do epitafio.

- Xesús Fraga e Marta Otero, 'A poesía vital dos heterodoxos', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 67, 'Lecturas de verán', 3 xullo 2004, p. 8.

Refírese a *Lapidario* de Miguel-Anxo Murado, unha obra poética na que dialogan personaxes de todos os tempos, linguas e culturas: Luís Pimentel, Emilio Salgari, Leiras Pulpeiro e un longo etcétera, unha escolla que reflicte a erudición e os gustos do seu autor. Recolle as palabras de Anxos Sumai, quen recomenda a lectura da obra pola súa temática e polo seu estilo. Sumai destaca os apuntamentos biográficos da obra e a súa capacidade de "levarte" a outras lecturas e a outros libros.

Neira Vilas, Xosé, *Dende Gres*, A Coruña: Espiral Maior, 16 xullo 2004, col. Poesía, nº 146, 81 pp. (ISBN: 84-95625-99-7) (DL: C-1779-04).

Os poemas que compoñen esta obra articúlanse arredor de dous bloques moi diferentes en extensión e temática. O primeiro deles supón unha aproximación, por veces nostálxica, por veces esperanzadora, á aldea natal do poeta: da que marchou para cara á emigración durante a súa xuventude. Retornado a Gres, Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928) lembra as paisaxes, as persoas e os recunchos que marcaron a súa infancia e primeira mocidade: o río Ulla, as árbores, o muíño, a ponte Ledesma, os avós, o mestre, o tío Laureano... Recunchos, paisaxes e persoas que, en moitos casos desaparecidos tras a súa volta a Galicia, sérvenlle para desenvolver unha reflexión sobre o inexorábel paso do tempo e sobre as perdas íntimas. Máis aló da pura descrición, poemas como "Escola" mesturan as lembranzas coa crítica, neste caso dos primeiros tempos do franquismo que o autor viviu sendo aínda neno. Do mesmo xeito, a guerra civil preséntase en "Guerra" como unha vivencia traumática que rompe a tranquilidade aldeá. Na segunda parte, "Elexías", abandónase por completo o tema de Gres para reunir un conxunto de poemas que Neira Vilas dedica a unha serie de persoeiros que, por unha ou outra causa, deixaron nel fonda pegada. En boa parte das composicións, trátase de persoas que se posicionaron en contra do franquismo (un tema puntual pero moi presente en toda a obra), como os guerrilleiros Manuel Ponte e Xosé Gómez Gayoso ou de persoas coas que o autor comparte ideario (o Che Guevara). Hai así mesmo un conxunto de poemas dedicados a distintas personalidades da cultura galega, como Curros Enríquez, Uxío Novoneyra ou Avilés de Taramancos.

Recensións:

- C. Bilbao, 'Coa poesía recupero todo o que me roubou a emigración', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 3 outubro 2004, p. 2.

O poemario como fin dun ciclo que o autor abriu no Bos Aires da emigración en 1960 con outro conxunto de poemas, *Desde lonxe*. Viría sendo un xeito de recuperar o que a emigración roubou, expresando as emocións do reencontro coa aldea natal. Tamén se fai referencia á dupla división da obra entre os poemas iniciais e o capítulo final de "Elexías", así como aos temas que predominan no libro. O comentario remata cunha valoración sobre a continuidade da voz poética de Neira Vilas dentro do panorama literario galego.

- Xosé Lois García, 'Dende Gres', *Galicia Hoxe*, 19 outubro 2004, p. 4.

Enmárcase a obra dentro do interese xeral do autor pola súa terra natal. Sublíñase que a recuperación da memoria das persoas e das cousas é outra das grandes teimas de Neira Vilas presente na obra. Afírma a beleza das paisaxes versificadas, que o propio Neira Vilas lle deu a coñecer, para rematar cunha consideración sobre o valor do poemario como restituidor e garante dunha Galicia plena e inmorredoira.

- X.G.G., 'Neira Vilas, emoción e memoria', *A Nosa Terra*, nº 1.147, 'Poesía', 21 outubro 2004, p. 27.

O artigo céntrase na temática da obra como testemuño das vivencias do seu autor e na súa sinxeleza verbal. Tamén se reflexiona sobre a identificación entre o eu de Neira Vilas e o eu lírico dentro do poemario, chegando á conclusión de que a tal identificación non existe e, por tanto, o eu lírico acaba sendo substituído polo eu do poeta, que interfire na recepción das súas propias composicións.

- A.S., 'Dende Gres', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 83, 23 outubro 2004, p. 9.

Incídese no poemario como froito da profunda comuñón do autor coa terra natal, así como na sinxeleza e emoción que destilan os seus versos. A elexía ao Che é mostra da apertura da obra cara a outras realidades, máis aló da cotidianeidade da aldea natal que predomina na maior parte dos poemas. Finalmente, no último parágrafo, o comentario céntrase na Casa do Romano, un dos escenarios da obra, pola simboloxía e a importancia que dentro desta lle concede o autor.

- Armando Requeixo, 'Dende Gres', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 98, 'Libros', 4 novembro 2004, p. V.

Tras unha breve referencia ao labor literario de Neira Vilas, pásase a subliñar a importancia da obra comentada á hora de lograr unha maior comprensión do universo creativo e emocional do seu autor. Tamén se incide na continuidade estética e temática do volume en relación con outros de Neira Vilas. A atención pasa logo a fixarse nos temas esenciais da obra e no seu sentimento e claridade comunicativa. O articulista remata por subliñar a importancia do poemario como testemuño, ademais de facer referencia ao acerto da editorial Espiral Maior ao acoller a un autor experimentado como o de *Dende Gres* no seu seo.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, 'Vexo busca de comenencias no traballo pola cultura galega', *La Opinión*, 'Cultura', 11 agosto 2004, p. 46.

Entrevista a Xosé Neira Vilas co gallo da publicación do seu libro *Dende Gres*. Nela Neira Vilas fala da idealización da terra que sofren os emigrados/as ou exiliados/as, a diferenza entre a maneira de traballar nos anos cincuenta en Bos Aires das Mocedades Galeguistas, optimista, xenerosa e esforzada, e a actual, onde ve nalgunha xente comenencia e intereses creados. Tamén destaca a absurda fronteira, dende o seu punto de vista, imposta entre a literatura do urbano e do rural, xa que defende que hai facela de todos os tipos.

- Ana Rodríguez, 'Vexo busca de comenencias no traballo pola cultura galega', *La Opinión*, 'Cultura', 11 agosto 2004, p. 46.

Tras un breve comentario sobre a natureza do poemario como canto ao eido natal ao que se volve tras a emigración, recóllense unha serie de preguntas ao autor nas que se incide tanto na propia obra como noutros diversos aspectos da cultura galega: a importancia da memoria na concepción de *Dende Gres*, a loita do autor por Galicia dende a emigración, o sobranceiro papel de Castelao no exilio, o traballo pola cultura galega na actualidade e o tratamento do rural na escrita de Neira Vilas e na literatura da nosa terra en xeral.

- A.S.L., 'É unha recopilación de poemas que recollen toda esa placenta miña', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 11 agosto 2004, p. 13.

Despois dun breve parágrafo introductorio no que se recolle a presentación da obra na última xornada da Feira do Libro da Coruña, ofrécense unha serie de preguntas realizadas ao seu autor. As cuestións céntranse nos temas do poemario e no seu papel como peche dun ciclo iniciado décadas atrás na Arxentina, nos proxectos literarios de futuro do autor ou na súa valoración persoal da literatura galega actual.

- Albino Mallo, 'Estas catro décadas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 agosto 2004, p. 48.

Céntrase a atención na presentación da obra na Feira do Libro da Coruña e resáltase o seu carácter de poemario que pecha un ciclo iniciado en 1960 en Bos Aires. Faise tamén referencia ás dúas partes que compoñen a obra e recóllense unhas declaracións do propio autor nas que sinala o encanto especial que para el ten a cita da Coruña. O artigo remata cunha breve referencia á biografía do propio Neira Vilas ata a súa volta a Galicia dende a emigración durante a década dos noventa.

- Margarito Flowers, 'Poesía dedicada de Xosé Neira Vilas', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 24 agosto 2004, p. 80.

Tras unha breve referencia inicial á importancia como escritor de Neira Vilas, faise mención ao libro e á dedicatoria que este recolle ao avó do autor, para rematar coa recomendación da lectura dunha obra que, segundo se aduce, destila a pureza que vai unida ao lugar de nacemento de Neira Vilas, a aldea de Gres.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, nº 93, 30 setembro 2004, p. VII.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras: *A xursidicción do Morrazo nos séculos XVII e XVIII*, de Hilario M. Rodríguez Ferreiro; *O mes de abril* (2004), de Pablo Vaamonde; *As murallas de Bérxida* (2004), de Fernando Cerezales; e *Dende Gres* (2004), de Xosé Neira Vilas; explica, con respecto a Neira Vilas, que pasaron corenta anos dende que publicou o seu primeiro libro de poemas e que este vén a dar conta

do seu regreso á vila natal; trátase, sinala, dun volume de poemas sobre a vida e as cousas sinxelas.

- Xulio Valcárcel, 'Desde Gres', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 28 novembro 2004, p. 4.

Anótase a sinxeleza e a emoción que dominan a obra. Incídese logo por extenso nos temas tratados no poemario, moi vinculados coa traxectoria vital do propio autor (a familia, os ríos da terra natal, o muíño, os amigos da infancia…). O parágrafo final dedícase a resumir a segunda parte do libro, as "Elexías", sinalando a loita contra a morte e a inxustiza que o autor "libra" nelas e expoñendo por extenso os protagonistas e o eixo temático básico de cada unha das dezaoito composicións.

Neira, Xoán, *Ás catro augas*, introito de Manuel María e ilustración de Alfonso Otero Regal, Vilalba: Fundación Manuel María da Terra Chá □, 2004, col. As foulas do rañego, 35 pp. .

Poemario de Xoán Neira (Meilán, Lugo-1953) que se abre cun 'Introito' de Manuel María, no que o finado poeta dá conta da súa amizade co autor e da vinculación deste coa Terra Chá; achega, asemade, unhas breves notas de cada un dos poemas que integran o volume. De seguido, reprodúcese o poemario, que está integrado por catro poemas longos: 'Auga de Maio', co que Neira obtivo o Premio 'Concello de Vilalba' en 1995; 'Cos pés na chaira e un canto na alba', co que foi gañador deste mesmo premio en 1996; 'Os circundos do silencio', que o autor data en 1998; e 'O derradeiro herdeiro', co que, en 2002, obtivo novamente o Premio 'Concello de Vilalba'. Os catro poemas, nos que a temática tradicional e as referencias á Chaira son constantes, están ilustrados por Alfonso Otero Regal.

Referencias varias:

- F.V., 'El Muíño do Rañego acogerá actos culturales en las fiestas', *El Progreso*, 'Terrá Chá/Meira', 10 agosto 2004, p. 18.

Infórmase dos actos culturais que a Fundación Manuel María organiza no Muíño do Rañego, en Vilalba, durante as festas do San Ramón. Entre eles, unha charla coloquio sobre a música tradicional en Terra Chá e a presentación do libro *As catro augas*, de Xosé Neira.

- María Cuadrado, 'Último adeus á beira do Miño', *La Voz de Galicia*, 'Provincia', 10 setembro 2004, p. L9.

Con motivo do falecemento do poeta chairego Manuel María, achéganse retallos da súa obra, da súa vida e da fundación que leva o seu nome, nada hai tres anos. Dise que esta entidade, coordinada por Alfonso Blanco, vai presentar o libro *Ás catro augas*, do que é autor Xoán Neira e que está ilustrado por Otero Regal e prologado polo propio Manuel

María. Tamén se dá conta das publicacións *Manuel María*, *Bibliografía de Manuel María* e *A Terra Chá na poesía de Manuel María*. Adiántase que a devandita fundación ten previsto reunir a narrativa e as colaboracións xornalísticas do poeta chairego, ademais de dous cadernos con fotos e debuxos seus. Nas últimas liñas dáse conta dalgúns detalles relativos ao funeral, faise un repaso polos últimos actos públicos aos que acudiu antes da súa morte e un breve repaso da súa traxectoria literaria.

- Ángel Allariz, 'La alta producción forestal protagoniza un seminario', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 14 setembro 2004, p. 24.

Anúnciase a presentación por parte de Marica Campo do libro *As catro augas*, de Xoán Neira, no Muíño do Rañego, sede da Fundación Manuel María. A este acto seguirá unha conferencia sobre a música tradicional galega.

- Mayte Corbelle, 'La Fundación Manuel María vive en O Rañego su primer acto público', *El Progreso*, 'Terra Chá', 18 setembro 2004, p. 20.

Resúmense os actos celebrados na Fundación Manuel María no Muíño do Rañego, de Vilalba, no seu primeiro acto, "Muiñadas". Entre eles saliéntase a presentación do libro *O camiño norte na plumiña de Ramón Guntín*, de Luís Novo Cazón, e a do libro de poemas *As catro augas*, de Xoán Neira, obra formada por catro composicións nas que o fio é a comarca chairega. O volume presentouno Marica Campo, quen afirmou que o libro "é unha reivindicación á comunión entre o futuro e o respecto ó patrimonio e á memoria".

Novo, Olga, *A cousa vermella*, A Coruña: Espiral Maior, 11 marzo 2004, col. Espiral Maior Poesía, 134 pp. (ISBN: 84-95625-90-3).

O poemario *A cousa vermella* de Olga Novo (Vilarmao, Pobra do Brollón, 1975) estructúrase en sete seccións tituladas "Antes a vida", "Amar é unha india", "Marea negra marea branca", "Vilarmao", "A corazoa clama", "Magnalia" e "A cousa vermella" compostos por un, quince, dous, once, nove, cinco e un poemas respectivamente. A maior parte dos poemas están titulados. En *A cousa vermella* ofrécese unha reflexión sobre a condición feminina: a presenza da muller se non está directamente referida, si está latente na maioría dos versos. Neste sentido, destaca a feminización do termo 'corazón' no título da quinta sección do poemario, "A corazoa clama": para indicar que o corazón que sente é o da muller. Arredor do tema esencial, que é a muller, están o amor, o desamor e o erotismo. Asemade, hai lugar para a preocupación ecolóxica en "Marea branca marea negra". Salienta tamén o grupo de poemas recollidos baixo o título "Vilarmao" nos que a poeta fala, ás veces de maneira críptica, da súa terra natal e dalgúns dos seus familiares máis achegados. Parello o hermetismo dalgúns versos da obra, cómpre subliñar o carácter enigmático do propio título do libro, *A cousa vermella*, que alude segundo parece indicar a poeta a "mente, corazón e cona esta Cousa/ Vermella/ esta Cousa Vermella/ esta Cousa". Recorren as páxinas de *A cousa vermella* unha gran paixón e unha intensa forza, ás veces acrecentada

cun léxico enérxico e duro. A nivel formal, sinalar a escaseza de signos de puntuación, a falta de maiúsculas, o emprego do verso libre e a utilización da rima en contadas ocasións.

Recensións:

- Manuel Vidal Villaverde, 'A cousa vermella', *Atlántico Diario*, 'Musas', 13 xuño 2004, p. 50.

A cousa vermella súmase ás obras *Nos nus* (Xerais, 1996), *A teta sobre o sol* (Letras de cal, 1999) e *Magnalia* (Espiral Maior, 2001), que conforman a producción literaria de Olga Novo. Destaca as luminosas e acertadas metáforas, os versos limpos e claros, así como a fondura vital, a paixón e o erotismo de *A cousa vermella*.

- X.G.G., 'Olga Novo, poeta feita con algo que pulir', *A Nosa Terra*, nº 1.133, 'Cultura', 17 xuño 2004, p. 27.

Apunta certas características do poemario *A cousa vermella* de Olga Novo: a escritura ás veces mecánica, o gusto pola colaxe e a fragmentación e certo hermetismo; trazos que achegan a poesía de Olga Novo ao surrealismo. Considera que debe evitar os xogos de palabras pobres e coidar o ritmo dos poemas. Dise da obra *A cousa vermella* que está dentro da "razón" poética despregada pola autora. Finalmente, destaca os poemas agrupados baixo o título "Vilarmao".

- Xulio Valcárcel, 'A cousa vermella', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 8 agosto 2004, p. 4.

Subliña a presenza da muller no poemario *A cousa vermella* de Olga Novo, que se inscribe, segundo Valcárcel, nunha corrente de afirmación vital, sexual e revolucionaria. Sinala a paixón e a emoción que caracteriza todos e cada un dos poemas do libro. Apunta tamén outros recursos da obra: a polisemia, o xogo de palabras, a forza da sintaxe, o cambio de xénero, etc.

- Vicente Araguas, 'Cousa vermella': o peso do mundo é amor', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 15 agosto 2004, p. 2.

Refírese aos diversos temas que toca Olga Novo no poemario *A cousa vermella*, nel están presentes os amores entregados, as causas eróticas, os animais, o clima, a paixón, etc. Destaca a sección titulada "Vilarmao" e, en especial, o poema bautizado como "Interpretación libre de Gnosiennes para Nina". Por último, subliña a poesía libre, a telúrica, a erótica, a calidade e o rigor estilístico de Olga Novo.

- Vicente Araguas, 'Cousa coral', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 22 agosto 2004, p. 20.

Destaca a importancia de Olga Novo no panorama da poesía galega. Apunta que un dos mestres de Novo é Claudio Rodríguez Fer -sobre quen escribiu dous ensaios- ademais de ser compañeira xeracional de Yolanda Castaño, Couceiro ou Espinosa. Subliña a calidade do libro *A cousa vermella*, no que prevalece a unión do sexo e a terra. Destaca a sección bautizada "Amar é unha india", que alcanza cotas puras de erotismo lírico. Comenta tamén o título do poemario -*A cousa vermella*-, cuxa explicación atópase no último poema: "esta cousa virá será mente corazón e cona".

- Héitor Mera, 'A cousa vermella', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 98, 'Libros', 4 novembro 2004, p. 98.

Comenta o poemario *A cousa vermella* de Olga Novo. Salienta as seccións tituladas "Antes a vida", "Amar é unha india" e "Vilarmao". De "Antes a vida" destaca o seu carácter de poema introdutorio: recolle os temas que serán desenvolvidos por extenso ao longo do poemario. Subliña que o espazo máis intenso é "Amar é unha india", no cal predomina a presenza do amor e do sexo, lembrando o seu libro *Nós nus* (1997). En "Vilarmao" estabelécese un diálogo coa súa familia e co contorno rural da infancia. Finalmente, apunta o impacto que produce a lectura da obra, aconsellábel para quen queira ler boa poesía.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'A poetisa de Brollón presenta un poemario hoxe na Coruña', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 17 xuño 2004, p. 80.

Refírese á presentación do libro de Olga Novo *A cousa vermella* na Biblioteca González Garcés da Coruña. A poeta estará acompañada por Miguel Anxo Fernán Vello, Carmen Blanco e Mercedes Peón. Segundo o articulista, *A cousa vermella* ofrece unha visión integral das mulleres, pero tamén hai espazo para a ecoloxía nos poemas "Marea negra", "Marea branca" e para a reflexión sobre o seu lugar natal e os seus habitantes.

- Amalia Iglesias Serna, 'Auga', *ABC*, *'Blanco y Negro Cultural'*, nº 647, 'Contemporáneos', 19 xuño 2004, p. 14.

Repasa a traxectoria literaria de Olga Novo e recolle a súas obras de investigación, entre as que destaca *Por un vocabulario galego do sexo. A terminoloxía erótica de Claudio Rodríguez Fer* (Positivas, 1996) e *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer* (1999). Así mesmo inclúe o poema "Auga" da obra *A cousa vermella* e a súa tradución ao castelán, da man da propia poeta. Subliña a forza desgarrada e o intimismo da poesía de Olga Novo.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Sei o mar do meu sitio', *Atlántico Diario*, 'Musas', 20 xuño 2004, p. 51.

Olga Novo apunta que *A cousa vermella* son os infernos sociais xustapostos, "as mulleres aló embaixo" e as palabras perseguidas. Considera que é unha poeta racional, aínda que cando se pon a escribir funciona o pensamento que, segundo ela, non é máis có principio da razón.

- A.N.T., 'Olga Novo recibe o Ánxel Fole por un estudo sobre Novoneyra', *A Nosa Terra*, nº 1.134, 'Cultura', 24 xuño 2004, p. 30.

Refírese ao premio Ánxel Fole que recibiu a poeta Olga Novo por un estudo sobre a poesía de Uxío Novoneyra, do que destaca a súa capacidade para conciliar a creación vangardista e a popular. Ao tempo que celebra o premio, presenta o seu poemario *A cousa vermella*: un libro dedicado á mulle e no que hai espazo para a reflexión sobre a marea negra ou sobre a orixe da súa estirpe en Vilarmao.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 98, 4 novembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *O exiliado e a primavera* (2004), de Manuel Veiga; *O brindo de ouro* (2004), de Xesús Manuel Marcos; *A cousa vermella* (2004), de Olga Novo; e *A pequena árbore* (2004), de Ánxeles Ferrer. Da obra de Olga Novo dise que é unha compilación de poemas aparecidos en distintas publicacións e que, no seu conxunto, representa un referente da poesía feminina actual.

- Vanesa Oliveira, 'Cómpre matar a morte', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 decembro 2004, p. 37.

Refírese a última obra da poeta Olga Novo *A cousa vermella*. Inclúe as palabras da poeta lucense, quen considera *A cousa vermella* como un canto a vida, unha afirmación da paz, das aperturas e da esperanza. Olga Novo fala tamén sobre a súa experiencia como mestra en Bretaña e subliña a forte relación entre ese lugar e Galicia. Anuncia tamén que o Padroado da Cultura Galega de Montevideo decidiu dedicarlle o Día da Poesía Galega do 2004 á poeta de Vilarmao.

Ónega López, José Ramón, *Sol de poniente*, edición bilingüe, Madrid: Huerga & Fierro, xullo 2004, 160 pp. (ISBN: 84-8374-477-5).

Primeiro libro de poemas de J. Ramón Ónega López (Mosteiro-Pol, Lugo-1939) que presenta en edición bilingüe e no que o autor amosa o seu intenso amor polas paraxes naturais. Trátase dunha obra na que o humor, que ocupa un lugar destacábel, se mestura co lirismo máis elexíaco e na que o Ónega amosa un mundo interior en permanente conflito.

Pato, Chus, *Charenton*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2004, col. Poesía, nº 6, 130 pp. (ISBN: 84-9782-221-8).

Obra de Chus Pato (Ourense, 1955) composta por oitenta e catro poemas nos que os xogos tipográficos, a presenza de texto en prosa, a distribución do poema no espazo, a inclusión de diálogos nos poemas ou, mesmo, a presenza de cadros e táboas dentro dos textos xogan un papel destacado; hai que salientar, asemade, a presenza de diferentes voces da ficción literaria, da historia ou da mitoloxía que dialogan ou monologan dando lugar ao recurso da cita ou da falsa cita. Finalmente, cómpre facer referencia á contraposición que nos poemas hai entre real e ficción, así como ás reflexións que a autora fai sobre aspectos literarios e políticos da actualidade e no noso pasado.

Recensións:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Charenton', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 21 novembro 2004, p. 53.

Infórmase da publicación en Edicións Xerais de Galicia da obra *Charenton* de Chus Pato. Cualifícanse os poemas de "fermosísimos" e apúntase que hai neles unha "reflexión sobre fragmentos textuais e políticos do noso pasado e presente" nos que se "flexibiliza as fronteiras do real" por medio de poemas que, son "como unha máquina lingüística en liberdade". Tamén nos achega a produción anterior da poeta, enumerando algunha das súas publicacións.

Referencias varias:

- X.L. Méndez Ferrín, 'Desde Charenton', *Faro de Vigo*, 'Os camiños da vida', 24 decembro 2004, p. 20.

Lembra unha chamada telefónica que lle efectuou Heriberto Bens dende o manicomio francés Charentón, onde lle expón a súas impresións positivas polo novo libro de Chus Pato e realiza ademais diversas reflexións sobre a política española actual.

Penela, Carlos, *O que ardeu nos espellos*, Accésit do XXIVº Premio Esquío de Poesía, Bores, Fernando; Uceda, Julia (direc.), Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán □, novembro 2004, col. Esquío de Poesía, nº 100b, 42 pp. (ISBN: 84-95289-59-8).

Terceira obra literaria de Carlos Penelas Martín (Vigo, 1975) -logo de publicar *As linhagens do frio* (1998) e *Acaso o inverno* (2001)- gañadora do accésit no XXIV premio Esquío de Poesía en Lingua Galega, convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade de Cultura Valle-Inclán de Ferrol. Este poemario pretende sumarse ao macrotexto, inconcluso e marcadamente político, principiado na cidade Olívica hai máis dunha década. Componse de tres bloques: "Cartularios", "Arfares" -que conta cun longo

poema dedicado a Chus Pato- e "Espellos". En conxunto estamos diante de dezasete poemas que levan sempre o seu título entre paréntese.

Piñeiro, Antonio, *Mentres te alonxas*, Libro elaborado de forma artesán e con debuxos do ilustrador catalán Xerardo Crusat., Ribeira: Edicións de Autor, 31 agosto 2004, col. Colección Bourel, 26 pp. (ISBN: 84-934024-0-0).

Componse de catorce poemas curtos (entre sete e quince versos libres) que xiran en torno ao amor e as sensacións e as emocións que este sentimento suscita na vida do cotián: a nostalgia, a felicidade, a dozura, etc. Acompáñase de catro deseños de Xerardo Crusat e no inicio indícase o número de exemplar que é dos, unicamente, cen publicados (edición non venal). A obra dedícase "A Corrubedo".

Referencias varias:

- Adriana Rodríguez, 'O amor, tema principal do libro 'Mentras te alonxas', de Antonio Piñeiro', *Diario de Arousa*, 'Libros', 19 decembro 2004, p. 23.

Recóllense as palabras do autor sobre a súa intención de facer unha obra de arte independente dentro do mundo da literatura e que cunha tiraxe limitada a cen exemplares.

Queipo, Xavier, *Glosarios*, A Coruña: Espiral Maior, 15 decembro 2004, col. Poesía, nº 147, 109 pp. (ISBN: 84-89814-15-5).

Glosarios constitúe o segundo poemario de Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957). A obra estrutúrase en tres partes ben diferenciadas: "Glosarios", "Falsos haikus de Chicago" e "Londres e abril". "Glosarios" está formado por un total de trinta e sete poemas, neles predomina a tendencia a definición ou a enumeración baseadas en asociacións, sensacións e imaxes que un determinado concepto lle suxire á voz lírica; os títulos destes poemas ilustran esta liña: "Enumeración nunha praia do norte", "Inventario nunha praia do sur (kriti)" ou "Inventario nunha praia atlántica e aberta". Predominan os contornos mariños, aínda que tamén hai un oco para Compostela ("Inventario nunha rúa (mollada e de pedra)"). A segunda sección "Falsos haikus de Chicago" está composto por corenta e sete haikus precedidos por unha introdución titulada "Fluxo e mutabilidade" na que explica a xénese e as características destes "*anti-haikus* ou falsos haikus". Destaca a presentación da versión inglesa e galega de cada unha destas peculiares composicións, polas que desfilan a natureza, o amor e tamén a carraxe. Por último, a sección "Londres e abril" está constituída por sete poemas en prosa (ou prosa poética) que dan conta da viaxe da voz poética á capital inglesa. A modo de diario, a voz lírica leva o lector aos museos e paraxes londinienses, tampouco faltan certos apuntamentos sobre política ("Whitechapel. Cuba va"). Trátase, pois, dun poemario heteroxéneo, experimentador e complexo, por veces hermético, trazo ao que favorece o emprego do plurilingüismo e dun léxico científico. A orixinalidade de *Glosarios* contribuirá, sen dúbida, a renovación do discurso poético galego.

Rábade Villar, María do Cebreiro, *Non queres que o poema te coñeza*, II Premio Caixanova de Poesía, Santiago de Compostela: P.E.N. Clube Escritores Galicia □, marzo 2004, col. Arte de Trobar, nº 4, 139 pp. (ISBN: 84-933404-0-5).

Poemario de María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) que comeza cun paradoxal "Epílogo" que presenta ao lector a interioridade dun "ela" que estará presente ao longo dos restantes corenta e nove poemas; nestes impera a heteroxeneidade e o carácter aberto da temática, aínda que hai unha trama narrativa sólida que os sostén, conferíndolles unidade, pero sobre todo impera a liberdade; contrastan composicións de lonxitude considerábel con outras máis epigramáticas con certo espírito irónico, valéndose en moitas delas de diferentes linguas (castelán, inglés, francés, italiano ou latín) que mestura e combina como lle prace.

Recensións:

- Xosé María Costa, 'Os poemas sinxelos e libres de María do Cebreiro', *A Nosa Terra*, nº 1.122, 'Cutura/Poesía', 25 marzo 2004, p. 27.

Caracteriza os poemas de María do Cebreiro como sinxelos, libres e vivos, e reproduce algúns versos representativos do estilo do seu *Non queres que o poema te coñeza*, gañador do Premio Caixanova 2003.

- Vicente Araguas, 'Crecente', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 18 abril 2004, p. 21.

Salienta o poema "Crecente" por ser un dos máis representativos do estilo de *Non queres que o poema te coñeza,* de María do Cebreiro. A seguir, fáiselle un recoñecemento á autora e ao seu libro, do que comenta a súa radicalidade, o enfoque narrativo, o carácter aberto, o automatismo na escrita, o escepticismo e a cosmovisión irónica. Finalmente, advirte ao lector do esforzo intelectual que esixe a lectura deste poemario.

- Vicente Araguas, 'Fallín': as referencias de María do Cebreiro', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 25 abril 2004, p. 3.

Por unha banda comenta a radicalidade, o academicismo sutil, a frialdade e o sentido do humor de María do Cebreiro e, pola outra, fala de dous dos poemas que compoñen *Non queres que o poema te coñeza*: "Fallin'", do que destaca o seu afán de crear novas referencias culturais no noso panorama poético, e "Crecente", onde cun bo senso do ritmo ensambla poemas, cancións, etc. Remata salientando a súa capacidade narrativa e o carácter aberto do seu último libro.

- Román Raña, 'Nos misterios do amor', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 83, 'Libros', 13 maio 2004, p. IV.

É un eloxio ao libro gañador do II Premio de poesía Caixanova promovido polo Pen Clube de Galicia: *Non queres que o poema te coñeza*, de María do Cebreiro. Fálase ademais, entre outras cousas, da madurez da súa poética, da eficacia da súa expresión, da prodixiosidade da trama narrativa ateigada de elipses e digresións, da felicidade que contaxia ao lector e da profundidade dos sentimentos que subxacen nos poemas.

Referencias varias:

- Alfredo Conde, 'A clave dos tempos', *El Correo Gallego*, 'Opinión/Os outros días', 25 marzo 2004, p. 4.

Recoméndase no principio do artigo a lectura do novo libro de María do Cebreiro *Non queres que o poema te coñeza*.

- E.P., 'A poesía de María do Cebreiro galardoada', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 maio 2004, p. 58.

Dá noticia da entrega do II Premio de poesía Caixanova, outorgado pola entidade en colaboración co PEN Clube de Galicia e que caeu en mans da escritora compostelá María do Cebreiro pola súa obra *Non queres que o poema te coñeza*; escollido polo xurado entre un total de setenta e seis traballos. Remata cunhas breves notas sobre a traxectoria poética da gañadora.

- Xosé Lois García, 'María do Cebreiro', *Galicia Hoxe*, 'Ecos da Berenguela', 18 maio 2004, p. 4.

Defende que María do Cebreiro non precisa dos premios nin dos apelidos dos seus proxenitores para ser un dos nomes máis interesantes do actual panorama poético galego.

Rodríguez Fer, Claudio, *A loita continúa (dores, amores e clamores)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2004, col. Poesía, nº 3, 92 pp. (ISBN: 84-9782-162-9).

Poemario de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) articulado en catro partes, algunhas delas xa publicadas, como *Rastros de vida e poesía* (2000) e *Gran Tirano*: na primeira o poeta tira da súa experiencia biográfica, mentres na segunda, en forma de apéndice esperpéntico e histórico, satiriza os grandes sátrapas do século XX. "A loita continua" é outra das partes do volume e na que se reivindican as raíces sobre as que construír unha nova sociedade. Trátase dunha poesía integral sobre a vida a través da autenticidade, do coñecemento e da radicalidade.

Recensións:

- Xesús Fraga, 'Poesía que celebra a vida', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 65, 'Letras en galego', 19 xuño 2004, p. 13.

Nota na que se nos informa da publicación do volume de poesías do escritor lugués Claudio Rodríguez Fer, obra que se define como unha proposta poética fondamente ligada ao vitalismo.

- X.G.G., 'Rodríguez Fer e os riscos da poesía social', *A Nosa Terra*, nº 1.134, 'Cultura', 24 xuño 2004, p. 27.

Informa da publicación do novo libro de poemas de Claudio Rodríguez Fer, *A loita continúa*. Opínase del que quere ser un renovamento da poesía social. Infórmanos, ademais, de cales son os motivos da estrutura do libro, así como das pretensión do autor para con el.

- Vicente Araguas, 'Novas vellas maneiras de Claudio Rodríguez Fer', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 27 xuño 2004, p. 3.

Infórmase do último libro de poemas de Claudio Rodríguez Fer, *A loita continúa* (Xerais, 2004). Destácase deste poeta lugués a recuperación das maneiras e os xeitos da vella poesía social. Ínfórmase, así mesmo, que para volver a aquelas maneiras, tan presentes na sección deste libro chamada "Apéndice escénico Gran Tirano", fixo falla un gran coñecemento da linguaxe poética.

- Armando Requeixo, 'Sempre e mais despois', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 93, 'Libros', 30 setembro 2004, p. IV.

Sinala que esta é a primeira ocasión na que Claudio Rodríguez Fer reúne algúns dos seus poemas, producidos ao longo dunha traxectoria de trinta anos, nun mesmo volume. Destaca que este poemario é unha obra comprometida que aposta pola defensa da liberdade e a fraternidade humanas.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 90, 9 setembro 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Druídas*, de Anne Ross (2004); *A loita continúa*, de Claudio Rodríguez Fer (2004); *Rinoceronte*, de Eugéne Ionesco (2004); e *Illa das esculturas*, de X. Antón Castro (2003). Respecto da *Loita continúa* faise unha descrición xeral do libro para pasar a destacar a presenza do poema "Dende min", que o autor leu no Congreso da Memoria sobre A Represión Franquista en Galicia.

Rodríguez Gómez, Fernando, *Miradas ausencias*, Premio Prados Ledesma, prólogo de Antón Fortes, Mos-Pontevedra: Francka Editora ♦, 2004, Concello de Viveiro, 2004, 73 pp. (ISBN: 84-932575-6-7).

Poemario de Fernando Rodríguez Gómez (O Telleiro-Pontecesures, 1966), gañador do V premio de poesía Prados Ledesma, convocado polo concello de Viveiro en 2004. Reprodúcese o texto "A xeito de prólogo" que Antón Fortes -membro do xurado- pronunciou na entrega do premio, nel apunta algunhas das características da obra: a poesía hiperbólica, a epigramática, a irónica, etc. Este libro é unha reflexión arredor de temas da vida diaria e de actualidade como, por exemplo, a explotación infantil. O poemario fórmano sesenta e unha composicións con título, entre as que predominan os poemas curtos -de un a catro versos a maioría deles-. Entre os poemas de maior extensión están os dous que pechan este volume: "Amence" e "As cousas claras".

Recensións:

- Belén López, 'Escribo poemas sen parar, como terapia', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 23 outubro 2004, p. 84.

Sinálase que o título orixinal desta obra era, inicialmente, "De reollo". Anota que nela se pode ver unha linguaxe clara e concreta. Subliña tamén a importancia que ten o pasado, así como as referencias ás cousas que conmoveron Fernando Rodríguez. Finalmente, apúntase que está dedicado á muller do autor e que no volume se xoga coa imaxe duns anteollos rotos.

Rodríguez Rodríguez, Alfonso, *Subir ao faiado*, Edicións Positivas, maio 2004, col. Diversos, 96 pp. (ISBN: 84-87783-82-1).

Poemario de Alfonso Rodríguez (Ourense, 1973) formado por oitenta e oito composicións poéticas que mesturan a literatura coa fotografía, que acompaña as composicións, e co debuxo, de trazo sinxelo e sintético. Os versos libres deixan que a rima se convirta en xogos de palabras, sendo así un xogo fonético ou de estruturas paralelísticas. As composicións, de extensión variábel, amosan unha realidade que aparece desde a distancia, pola postura da voz lírica, e que, así facendo, constrúe a realidade dende o soño e a imaxinación: sendo a cama, a azotea ou balcón os refuxios espaciais dende os que asomarse ao cosmos. Nesta visión interna do mundo mestúrase o sexo, representado por unha muller ollada dende lonxe, desexada, imaxinada, observada, sentida; con referenzas sexuais máis explícitas. O léxico é actual, utilizando voces como "móbiles", "Fifa", "Nasa", "mando a distancia", "spot", etc., e pasa dun predominio do substantivo e dos verbos en xerundio (p. 12) a composicións case exclusivamente de verbos como en 'Inserta moeda' (p. 67). No medio, xoga coas palabras, frases feitas, o contraste entre nomes opostos, para levarnos a un mundo poético formado ou concebido case que en flashes da realidade, ou ideas expresadas

ás veces en composicións de dous, tres ou catro versos; retallos da realidade que o rodea ou que imaxina e que se pode resumir cos seguintes versos: "Hoxe a inspiración flúe / porque encantado sinalo algo / e exteriorizoo con brincos no espacio".

Recensións:

- Héitor Mera, 'Subir ao faiado', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 99, 'Libros', 11 novembro 2004, p. IV.

Recensión na que se destaca o interese do autor polo acto creativo, resaltándoo como un elemento que leve ao lector a esforzarse na interpretación do mundo. Destaca o verolibrismo e o compromiso social.

- Vicente Araguas, 'As estrelas no faiado de Alfonso Rodríguez', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 28 novembro 2004, p. 3.

Destácase o contraste entre o lirismo mol, os vieiros irónicos e as manifestacións máis marcadamente sexuais. Analízase a obra de Alfondo Rodríguezo como un conxunto irregular e inconformista.

Salgado, Daniel, *Días no imperio*, XXIV Premio Esquío de Poesía, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán □, novembro 2004, col. Esquío de Poesía, 57 pp. (ISBN: 84-95289-57-1).

A obra, que recolle trinta e tres poemas, levou o Premio Esquío de Poesía e comeza con "En construción" onde Manuel Darriba explica, entre outros aspectos, a xénese da obra baseándose nas opinións do propio autor, Daniel Salgado (Monterroso-Lugo, 1981). Sinala que se ven influencias de Kavafis ou dos Beach Boys, por exemplo. A obra é unha reflexión sobre o poder que os Estados Unidos exercen sobre o resto do mundo e de como este se ve baixo as premisas do país americano. A obra remata con "Nota do autor", na que Daniel Salgado, ademais de dar as grazas a todos os que lle axudaron, sinala que os poemas "lugar natal" e "outubro estragado" foron incorporados á obra con posterioridade ao fallo do premio.

Referencias varias:

- C.P., 'Daniel Salgado y Noni Benegas ganan el Premio Esquío de poesía', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 2 outubro 2004, p. 67.

Informa de que Daniel Salgado con *Días no imperio* e Noni Benegas con *Fragmentos de un diario desconocido* foron os gañadores da vixésimo cuarta edición do premio Esquío de poesía en galego e en castelán, respectivamente. Indica tamén que *O que ardeu nos espellos*, de Carlos Penela Martín, e *Desecación de la alegría,* de Miguel Sánchez Robles, obtiveron accésits.

- Ramón Loureiro, 'Daniel Salgado gana el Esquío en gallego y Noni Benegas, en castellano', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 2 outubro 2004, p. 46.

Dá conta da concesión do premio Esquío de Poesía, na categoría de lingua galega, a Daniel Salgado por *Días no imperio*. Sinala tamén que os accésits se outorgaron a Carlos Penela, por *O que ardeu nos espellos* e a Miguel Sánchez Robles, por *Desecación de la alegría*. Remata indicando os compoñentes dos xurados e o número de participantes.

- Ágatha de Santos, 'El lucense Daniel Salgado y Noni Benegas, premios Esquío de Poesía', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 3 outubro 2004, p. 52.

Informa de que se lle outorgou o premio Esquío de Poesía en galego a Daniel Salgado e os accésits, nesta mesma categoría, a Carlos Penelas Martín e Miguel Sánchez Robles. A seguir, comenta as obras dos galardoados. De *Días no imperio* di que é unha reflexión sobre o poder que os Estados Unidos exercen sobre o resto do mundo e de como este se ve baixo as premisas do "imperio estadounidense".

- Xosé María Dobarro, 'Esas voces novas necesarias', *Diario de Ferrol*, 'Outra volta', 3 outubro 2004, p. 28.

Indica que xa se fixeron públicos os nomes dos gañadores e dos accésits do premio Esquío de Poesía. En lingua castelá a galardoada foi Noni Benegas, con *Fragmentos de un diario desconocido,* e en galego Daniel Salgado, con *Días no imperio*. A seguir, cualifica a Salgado como unha nova promesa e menciona algúns actos nos que coincidiu con el. Por último, salienta as principais actividades que está a traballar o autor.

- M. J. Rico, 'El Esquío lanza a Daniel Salgado y consolida a Noni Benegas', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 3 outubro 2004, p. 7.

Describe as traxectorias literarias de Noni Benegas e Daniel Salgado, que obtiveron o premio Esquío 2004 en lingua castelá e galega, respectivamente. Menciona a temática social que impregna *Días no imperio*, do que destaca tamén a concesión do premio Uxío Novoneyra no ano 2002.

- MARÉ, 'Un muro de voces', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 outubro 2004, p. 59.

Informa de que Daniel Salgado obtivo o premio Esquío de Poesía na modalidade de lingua galega por *Días no imperio*, a súa segunda obra e anota que con *Sucede*, a primeira, obtivo o Premio Uxío Novoneyra no 2002. Realiza a seguir un breve comentario conxunto das dúas obras e repasa o resto das obras nas que participou Salgado.

Salgado, Daniel, *Sucede*, II Premio de poesía Uxío Novoneyra, Limiar de M. Outeiriño, A Coruña: Espiral Maior, abril 2004, col. Poesía, nº 143, 50 pp. (ISBN: 84-95625-94-6).

Poemario de Daniel Salgado (Monterroso, Lugo, 1981). Divídese nun limiar, asinado por Manuel Outeiriño, e catro seccións que recollen vinte e catro composicións. No limiar analízase a poética de Salgado e o seu tempo, destacando a creación de referencias que mesturan diversas culturas do mundo. No primeiro libro, "Verán que nunca chega", preséntasenos de modo descritivo un verán que vén pero que nunca chega, que paraliza o mundo, que nos separa da terra: "a viaxe do verán escríbese en outubro", reza un dos seus versos. No segundo libro, "A estación sen ti", xoga con imaxes: a busca de rostros nunha xanela, a morte dun guerrilleiro, a viaxe ou a distancia son algunhas delas; o contido das composicións céntrase na pregunta: que recolle un poema? No terceiro, "Cada cousa estraga o silencio", a incertidume aparece a través da falta de sentido das cousas, da falla de explicación para a realidade próxima. No cuarto, "Vivir entre parénteses", a voz poética pregúntase por como nacerá a composición poética e onde queda a loita ante a dura realidade; contrasta así a situación do occidente desenvolvido con lugares como o Kurdistán, Perú ou un campamento de refuxiados calquera.

Recensións:

- Xosé María Costa, 'Daniel Salgado e a pegada da memoria', *A Nosa Terra*, nº 1.145, 'Poesía', 7 outubro 2004, p. 27.

X. M. Costa céntranos nas sensacións que nos dá a obra poética de Daniel Salgado, *Sucede*, en forma de "verdades en verso coma puños" e na que nos ofrece unha fonda imaxe de soedade, memoria, melancolía, a dor e a barbarie e repreoduce versos do autor para zoster a súa argumentación.

- Armando Requeixo, 'Os versos solidarios de Daniel Salgado', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 24 outubro 2004, p. 4.

O choque de mundos é o aspecto do que parte esta recensión de *Sucede*, de Daniel Salgado. Das catro estacións nas que se divide o libro destaca a música, o verso contestatario e inconformista e remata por calificalo como un poemario agre e suxestivo que cómpre visitar.

- Pilar Ponte, 'Sucede', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 100, 'Libros', 18 novembro 2004, p. IV.

Esta recensión céntrase na primeira obra individual de Daniel Salgado publicada por Espiral Mayor: *Sucede*, que obtivera o II Premio de Poesía Uxío Novoneyra. A temática sobre os mundos presentados, escangallados, centra este artigo, así como unha panorámica centrada polo mundo bélico ou ese verán que nunca chega e detén a vida.

- Vicente Araguas, 'Voltas de parafuso cara ós versos incendiarios', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 12 decembro 2004, p. 3.

A situación da poética no tardofranquismo e a busca de novos camiños, como o culturalismo ou a poesía erótica, válelle de introdución a Vicente Araguas para presentarnos *Sucede*, II Premio de Poesía Uxío Novoneyra, de Daniel Salgado, como exempolo de poética cargade de boas intencións. A necesidade de desparafusar a orde establecida desde fundamentos poéticos é un dos piares cos que caracteriza este poemario.

Sánchez Moreiras, Miriam, *Contra Rochester*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Poesía, nº 5, 63 pp. (ISBN: 84-9782-217-X).

A obra, que ten como subtítulo "Breve tratado sobre a gravidade", da autoría de Míriam Sánchez Moreiras, (Vigo, 1970) é un "poemario da oquedade" no que se reflicte o baleiro na busca dunha restitución e, ao mesmo tempo, tamén se ve o oco como receptáculo. As diferentes composicións teñen, maioritariamente, rima e métrica libre.

Sánchez-Iglesias, Cesáreo, *Variacións Nube*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, xullo 2004, 84 pp. (ISBN: 84-96203-59-X).

Sánchez Iglesias (Dadín, O Irixo, 1951) reúne neste libro sesenta e nove poemas sen título, numerados en romanos, que rematan coa indicación entre paréntese do pintor ou escultor que inspirou cada poema. A continuación segue unha listaxe na que o número da composición vai acompañado da referencia da obra concreta na que se baseou, coa indicación do lugar no que
se atopa. Por último, no índice final, cada poema identifícase co nome do artista que lle corresponde. Os poemas ocupan a extensión dunha páxina completa, o que vén supoñer unha media duns trinta versos. Son todos poemas en versos libres, dispostos en versículos en torno ás vinte sílabas. Cada poema xorde da contemplación dunha obra de arte, escultura e pintura, fundamentalmente, ante a cal o "eu lírico" evoca vivencias persoais e recrea momentos da súa vida presente e pasada.

Recensións:

- Xosé María Costa, 'Cesáreo Sánchez, cor e memoria', *A Nosa Terra*, nº 1.150, 'Cultura', 11 novembro 2004, p. 27.

Afirma a voz singular do poeta, así como a procura deste de imaxes e de formas persoais que reflictan a pegada da memoria e do silencio. Considera que estes versos se achegan á forma e á cor do son e máis da palabra; ofrecendo así unha poesía intimamente detallada, vagamente narrativa e, en consecuencia, capaz de amosar o segredo da soidade, da

lembranza, da distancia, etc. Trátase dun libro, di Costa, que reflicte, entón, a unión da arte e da palabra.

- Salvador García-Bodaño, 'Variacións dende a arte', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 14 novembro 2004, p. 3.

Tras salientarse a dilatada traxectoria de Sánchez Iglesias, considérase que este volume reafirma as elevadas cotas do facer poético do escritor. Sinala a innovación que esta obra supón dentro do corpus da súa obra lírica, sobre todo no aspecto estético e temático. Destácase, ademais, a grande unidade temática e estética da obra, cunha linguaxe poética ampliada e enriquecida. Continúa empregando o verso libre aínda que alongando os versos ata achegalos aos versículos, nunha oscilación de entre as vinte e tres e as cinco sílabas. Tamén fai notar a orixinalidade do poemario, que se sae do usual na tradición lírica. O poeta escolleu como inspiración unha serie de obras plásticas e, a partir da contemplación e da reflexión sobre cada unha, recréaas e vai creando mundos fabulosos. Deste modo, cada poema é como unha secuencia onírica que transmite as sensacións e as vivencias do poeta. Por último, considera que este poemario acada a cima do proceso creador de Cesáreo Sánchez Iglesias.

- Camilo Franco, 'Pintura celeste', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 89, 4 decembro 2004, p. 9.

Dise que se trata dun pormario articulado sobre a contemplación e a admiración da obra de artistas de todos os tempos. Considérao un poemario da experiencia estética, da revelación emocional que algunhas obras deixan no espectador. Defíneo como un catálogo de sensacións e sinala a elegancia e a delicadeza dos versos. Considera que o libro é unha metáfora do espello posto de forma que, cando o espectador mira a pintura, en realidade, se descobre a si mesmo, e así o poeta asoma en cada obra que mira. Explica que é un libro sobre a experiencia da mirada, do proceso de ter aprendido a mirar, a entender, a deixar que os ollos revelen cousas que se atopan no fondo da memoria. Por tanto, a arte non é máis ca un espello vital para as cousas que non se explican doutra maneira.

- Vicente Araguas, 'Variacións da fermosura de Cesáreo Sánchez', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 26 decembro 2004, p. 3.

Araguas sinala que Cesáreo Sánchez é un poeta pouco atento a modos: escribe o que quere e cando quere. Salienta tamén o léxico, escollido e delicado, a economía expresiva, a emoción contida, a palabra mesurada e a paixón evidente con que o poeta reproduce canto vai mirando. Defíneo como un poeta "ful time" parangonábel con Miguel Anxo Fernán-Vello. Fai notar o grande esforzo que o autor verteu no libro, ao comporse de poemas longos que raramente decaen. Sobre a estrutura, Araguas teoriza coa posibilidade dunha disposición cronolóxica, consecuencia da distribución arbitraria dos artistas. Finaliza dicindo que neste libro prima a beleza arbitraria.

Referencias varias:

- A.S.L., 'A poesía é profunda e vai máis alá da alma do cadro', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 10 agosto 2004, p. 15.

Nesta entrevista, Sánchez Iglesias explica que a esencia do seu libro está nos cadros, nas esculturas e nas pinturas que o formaron ao longo da súa vida. Trátase de cadros das súas viaxes ou visitas a museos. Cada cadro dálle un motivo para habitalo cos personaxes que o axudaron a ser como é. Deste modo, por exemplo, a partir dunha cabeza de Venus que hai no museo de Lugo, fala da súa avoa. Sinala que é un libro de personaxes da súa infancia e da súa vida. Explica que os cadros non son descricións ao xeito dun catálogo de pintura, senón que son variacións sobre cadros. Así, utiliza a Monet para falar das variacións dos ceos que el ve cada día desde Santa Cruz. Considera que a figura da muller é importante na súa vida e na súa obra, e tamén sinala a procura da súa parte feminina na poesía. Por último, opina que o sector editorial está nun momento de fraxilidade no que precisa de moito apoio, tamén institucional, pero considera que hai un bo momento na creación literaria e salienta as importantes achegas á poesía galega por parte das voces femininas das novas xeracións.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 95, 14 outubro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *O aire* (2004), de Adela Leiro Lois e Mon Daporta Padín; *A rocha dos proscritos* (2001), de Ramiro Fonte; *A arte do teatro* (2002), de François Riccoboni; e *Variacións nube* (2004), de Cesáreo Sánchez-Iglesias. A respecto desta obra dinos que é unha homenaxe deste autor, do que tamén destaca a súa biobibliografía, a figuras das artes e as letras como Goya, Botticelli, Seoane, Colmeiro, Magritte, etc.

- Margarito Flowers, 'Honoris Causa' para Puy Muñoz y bodas con caché que llegarán con retraso', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 10 novembro 2004, p. 72.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, o autor considera a Cesáreo Sánchez Iglesias un dos autores máis sólidos das nosas letras. Sinala que *Variacións nube* é unha marabillosa lección estética tecida cunha linguaxe áurea. Informa da súa presentación na Galería Sargadelos de Santiago acompañado por Salvador García-Bodaño, Carlos Negro e Teresa Seara.

- V. Oliveira, 'A luz que pelisca o rostro da Terra', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 novembro 2004, p. 48.

Explica que este poemario é definido, en palabras do propio autor, como "biografía das sensacións" xa que se inspira en sesenta e nove cadros de pintores como Leonardo da

Vinci, Modigliani, Vermeer, Picasso, Cézanne, Monet, Colmeiro, Maruxa Mallo ou Eduardo Chillida. Durante tres anos desenvolveu un intenso traballo, mediante apuntamentos de museos e estudos sobre a historia da arte galega, que se concreta en poemas a xeito de sensacións plásticas. A través dos poemas o poeta achega momentos da súa propia vida recreados a partir de monumentos significativos, como a asemblea dos anciáns do Pórtico da Gloria ou a escultura de Venus. Na actualidade o poeta está preparando un novo libro no que continúa o camiño iniciado con este poemario, aínda que máis centrado sobre a realidade humana galega.

Seoane, Xavier, *Vagar de amor e sombra*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra ♦, 15 decembro 2004, col. Tambo, 110 pp. (ISBN: 84-8457-215-3).

Xavier Seoane (A Coruña, 1954) abre a obra cunha introdución na que afirma que un anticipo formado por unha escolma de sonetos veu a luz na Biblioteca Virtual Galega e, logo, afirma que a presente obra xurdiu por iniciativa de Luís Rei Núñez, director da colección Tambo. A continuación amosa o seu gusto polos sonetos indicando, entre outros factores, que este tipo de composición foi empregado por escritores como Camões, Quevedo, Juan Ramón Jiménez, Borges ou Keats. Chama a atención a seguir sobre a necesidade de crear antoloxías que recompilen os sonetos que diferentes escritores crearon. As diferentes composicións que forman a obra, a meirande parte das cales son sonetos, están agrupadas en nove partes "A visita do outono", "Celebración do lugar", "Portus Magnus Artabrorum", "Dun tremor esgazado", "As naves do tempo", "Canción de Eros", "O azougue no espello", "Dunha secreta heráldica (Homenaxes)" e "De fecundas derrotas". Como o propio autor indica o ton dominante na obra é "marcadamente outonal".

Solla, Carlos, *Cerdedo in the voyager I*, Grafismos de Davide Solla, Vigo: Ediciones Cardeñoso, febreiro 2004, 95 pp. (ISBN: 84-8190-330-2).

Despois de varias citas de autores como o Padre Martín Sarmiento, Juan Manuel Pintos e Antón Reixa, ábrese este poemario de Carlos Solla (Pontevedra, 1971) cun limiar de Heitor Mera no que se explica cómo se coñeceron o autor e o prologador, cáles son as características xerais da obra de Solla e, concretamente, cáles as características de *Cerdedo in the Voyager I*. A seguir, reprodúcese o poemario, que se estrutura en tres partes: "Qui sumus?", "Unde venimus?" e "Quo imus?". Nelas destaca a presenza de Cerdedo, eixo de gran parte dos poemas, e os xogos tipográficos como caligramas, tipogramas, etc.

Recensións:

- Manuel Rodríguez Alonso, 'Poemario 'incorrecto' desde Cerdedo', *A Nosa Terra*, nº 1.128, 'Cultura', 13 maio 2004, p. 27.

Un Manuel Rodríguez Alonso entusiasmado co poemario de que fai a recensión loa á crítica ao mundo académico, subsección ensino da lingua e da literatura galegas, que atopa no prólogo e os poemas vangardistas *stricto sensu* de *Cerdedo in the Voyager I*.

- Dorinda Castro Soliño, 'In the Voyager', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, 'Libros', 10 xuño 2004, p. IV.

Dorinda Castro preséntanos a Carlos Solla e mais a súa última obra, *Cerdedo in the Voyager I*: poemario no que se indaga sobre as raíces da identidade galega con moito humor e en forma, principalmente, de xogos de palabras.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 25 marzo 2004, p. VII.

Sección fixa que acolle as recensións de *Rebelión no inverno* (2004), de Mario Regueira; *Cerdedo, in the Voyager I* (2004), de Carlos Solla; *Xabarín, xabarín...* (2004), de Víctor Iglesias Viqueira (2004); e *O galo avisado e o raposo trampulleiro* (2003), de Antonio Reigosa e Xosé Cobas. Destaca, con respecto a *Cerdedo, in the Voyager I*, o exposto por Héitor Mera no limiar da obra e as distintas formas poéticas que Solla emprega neste volume, como son os caligramas, tipogramas, anagramas ou amálgamas; tamén fai referencia á presenza de novos tecnicismos o elementos extralingüísticos que potencian a expresividade e o ludismo do poemario.

Souto Vilanova, César, *Sucesos*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra ♦, maio 2004, col. Tambo, 67 pp. (ISBN: 84-8457-188-2) (DL: VG-425-2004).

César Souto Vilanova (Noia, 1975) reúne neste libro corenta e oito poemas. Estrutúrase en tres partes iniciadas con citas en galego, inglés e latín de Dino Campana e Federico Mompou, de Charles Tomlinson e do Evanxeo de San Xoán e Josquin Desprez, respectivamente. Os poemas escríbense todos en verso libre. Predominan os poemas breves, esenciais, sen apenas verbos, nos que se recollen as sensacións e as percepcións do poeta: como a choiva, o vento, o voo das aves, o silencio da tarde, o outono..., así como as súas reflexións ou os seus estados de ánimo: como a tristeza, a morte, a dor, a ausencia, etc. As composicións lembran aos haikus ou á obra poética de Uxío Novoneyra.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'Un labirinto de silencios en cancións de vento e pó', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 29 agosto 2004, p. 2.

Sinala que se trata de poemas de pequeno e mediano formato, aínda que ás veces César Souto bota man de distancias superiores. Apunta tamén que se trata dun libro no que se percibe un asunto místico ou paramístico, nunha secuencia composta de seis poemas inaugurados por citas de Juan e Joaquím Desprez. Fai notar tamén que o autor poetiza a

varios niveis, incluíndo neles os hermetismos. Considera tamén que os poemas de Souto gardan posúen un algo labiríntico. Por último, sinala que se trata dun autor forte dende unha estrutura, aparentemente, fráxil.

- Tomás Ruibal, 'Dúas entregas poéticas', *Diario de Pontevedra*, *'Revista!'*, 'Anaquel dos libros', 26 setembro 2004, p. 8.

Dá noticia da publicación de dous novos títulos de poesía: *Stradivarius*, de Manuel Álvarez Torneiro e *Sucesos,* de César Souto Vilanova. Considera a este último como unha obra na que o autor busca a contención verbal para transmitir, en poemas a miúdo breves, as súas fondas reflexións.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Sucesos', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 10 outubro 2004, p. 41.

Tras considerar a César Souto Vilanova como unha das voces da nova poesía galega máis prometedoras, define o seu libro como "poesía culta" posuidora dunha emoción contida, se ben non reprimida. Sinala, ademais, que aínda que a simple vista semella que os versos deixan como inacabado o poema, isto non é así. Remata dando os parabéns ao poeta pola excelente viaxe contida no seu poemario.

- Román Raña, 'Sucesos', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 101, 'Libros', 25 novembro 2004, p. IV.

O autor da recensión considera que neste libro hai dous tipos de poesía. O primeiro, centrado na descrición rigorosa de estados de ánimo próximos á indolencia e á desesperación, está escrito cunha sintaxe abrupta e polimorfa. O segundo, caracterizado por unha esencialidade que aproxima os poemas ao haiku xaponés, presenta os temas a través de pinceladas descritivas do cosmos contemplado.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Os poemas que din', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 xullo 2004, p. 47.

Informa do debut literario de César Souto con *Sucesos*, libro que se abre con referencias a Dino Campana e a Federico Mompou. Sinala que a colección "Tambo" serve como plataforma para a incorporación de novas voces poéticas, así como para a consolidación doutras traxectorias.

Vázquez Fernández, Lois, *Ledicia fuxidía*, Málaga: Corona del Sur, 2004.

Libro de Lois Vázquez Fernández (Chavaga, Val de Lemos, 1938) que constitúe a última achega do autor á produción literaria en lingua galega. A aposta polo clasicismo formal (tal e como se verifica nos grupos de sonetos), e a súa vinculación estilística coa poesía popular, convive cunha aposta temática pola entrada dalgúns conflitos recentes (a crise do Prestige, os atentados terroristas en Madrid) no seu universo poético. En canto ao ton, *Ledicia fuxidía* alterna a dimensión elexíaca, presente desde o título, cunha dimensión lúdica, da que dan testemuño varios textos nos que o autor opta pola creación léxica e a factura dun mundo de animais imaxinarios.

Referencias varias:

- Adriana Rodríguez, 'Lois Fernández Vázquez publicou o seu noveno libro en galego dende Madrid', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 20 xuño 2004, p. 22.

Xunto cunha breve información sobre a traxectoria de Lois Vázquez, destácase a opinión do autor pola cal a poesía é unha das formas de expresión que máis lle gusta. Saliéntase, igualmente, que aínda que a maior parte da súa obra esta escrita en lingua castelá, tamén ten nove libros publicados en lingua galega. Sobre a obra *Ledicia fuxidía*, cualifícase como de marcada inspiración persoal.

Vázquez, Víctor, *Barboletta*, ilust. de Ginés Liebana, Madrid: Fundación Premios Mayte, decembro 2004, 141 pp. (ISBN: 84-933082-2-6).

Poemario bilingüe galego-castelán de Víctor Vázquez subtitulado "Historia dun voo quimérico/Historia de un vuelo quimérico". O libro ábrese co texto de Luis Antonio de Villena titulado "La quimera, de viaje (A manera de prólogo)" no que se sinala a *Barboletta* como o primeiro libro de Vázquez e que, por tanto, constitúe o diario de iniciación literario do poeta, dentro do cal están presentes a maxia, os soños e os símbolos. A seguir, preséntanse as catro partes nas que se estrutura a obra: "Diario estético" (en galego), "Diario estético" (en castelán), "Fugas e contrapunto/Fugas y contrapunto", e "Mulleres e Deixadume/Mujeres y Dejadumbre". Nas dúas primeiras, onde unha é tradución da outra, o poeta explica, mediante unha narración poética, o significado que ten para el a poesía, cales son os motivos da súa inspiración, así como outras cuestións que afectan á súa concepción da realidade e, por ende, doutros textos da súa creación literaria. En "Fugas e contrapunto/Fugas y contrapunto" recolle trinta poemas nos que, na súa maioría, o título fai referencia a un lugar xeográfico; mentres que os trinta e un poemas incluídos en "Mulleres e Deixadume/Mujeres y Dejadumbre" son predominantemente de temática amorosa. Cómpre sinalar, finalmente, que nas partes bilingües primeiro aparecen os poemas en galego e logo a súa versión castelá.

Vidal Caramés, Clementina, *Alquimia*, A Coruña: Espiral Maior, xullo 2004, col. A Illa Verde, nº 37, 120 pp. (ISBN: 84-95625-97-0).

O libro de Clementina Vidal (Redondela) está formado por cento dous poemas, a maioría deles breves e intitulados, estruturados en catro seccións. A temática é moi variada: a metapoesía, o amor, a paisaxe e a reivindicación sociopolítica alternan significativamente xunto con outros menos recorrentes. Na primeira sección dominan os poemas referentes ao quefacer poético e nos que se explora o mundo interior da voz poética. O amor e a paixón dominan na segunda sección, salpicada de versos como, por exemplo: "Sinto a túa presencia coma un lóstrego" ou "Heite querer con amor de río". Nos poemas da terceira parte impera a descrición da paisaxe, nomeadamente galaica. Por último, os poemas da cuarta sección configuran pezas de carácter reivindicativo, aflorando aquí unha voz poética que protesta contra a guerra, o xenocidio, a opresión e a inxustiza, e que proclama, por outra banda, a paz e a liberdade. A nivel formal destaca o uso do verso libre e a escasa utilización da rima. Cunha linguaxe sinxela, se ben non exenta de alusións e de símbolos, Clementina Vidal compón un poemario complexo, non en van o seu título, *Alquimia*, que vai dende a reflexión intimista ata a lírica de compromiso.

Recensións:

- Román Raña, 'Alquimia', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 93, 'Libros', 30 setembro 2004, p. IV.

Apunta que *Alquimia* constitúe o primeiro libro individual en galego de Clementina Vidal, aínda que este viña precedido de poemas publicados en volumes colectivos e en diversas revistas. Segundo o articulista, en *Alquimia* existen tres liñas poéticas principais: a lírica do compromiso, o intimismo e a descrición da paisaxe.

Vila Ribadomar, Xosé María, *Peixes medievais*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra ♦, maio 2004, col. Tambo, 35 pp. (ISBN: 84-8457-190-4) (DL: VG-424-2004).

Segundo poemario editado de Xosé María Vila Ribadomar (Cambados, 1970), tras darse a coñecer en 2001 co poemario *A fraga do pericardio*. O presente volume componse de vinte e sete poemas, todos eles sen de título e numerados con números arábigos. Trátase en todos os casos de poemas en prosa de tipo intimista e nos que hai unha forte presenza do erotismo e do surrealismo. O poemario ábrese coa dedicatoria "A Manu, a miña compañeira, a mergulladora que segue a afondar en min", na que se avanzan as claves para entender o sentido dos versos que compoñen o volume.

Recensións:

- Iago García, 'Todo ten influencia na poesía', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 31 agosto 2004, p. 65.

Parafrasease unha entrevista con Xosé María Vila Ribadumia na que o autor sinala que comezou a escribir na EXB: cun exercicio no que o profesor lles mandaba facer un poema. Sinala que o poema en prosa é onde se sinte máis cómodo e onde ten máis liberdade. A

respecto da súa particular riqueza léxica, apunta que lle gusta arriscar e achegar algo máis no léxico. Respecto das súas influencias sinala a marcaron Manuel Antonio, Luísa Castro, Domingo Tabuyo, Cándido Duro e María do Cebreiro. Finalmente, preguntado por se hai algo de Cambados no seu libro, Vila Ribadumia di que todo ten influencia sobre a poesía: o clima, a paisaxe, as persoas... aínda que non se especifique con determinados topónimos.

- Vicente Araguas, 'Prosas profanas sobre 'Peces medievais', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 12 setembro 2004, p. 3.

Vicente Araguas comeza a súa recensión lembrando que a poesía en prosa non abunda na literatura galega, polo que é noticia que apareza un libro como este. Cualifica a Xosé María Ribadomar como poeta "surrealista *ma non troppo*" xa que, malia navegar sobre das ondas da realidade, é pouco proclive a se mergullar en automatismos. A seguir reproduce a dedicatoria do volume, sinalando que aporta algunha clave para entender a obra. Apunta tamén que, malia as aparencias, o libro non é narrativo, pois carece dun argumento visíbel ou subxacente; a diferenza doutras obras en verso que si pretenden contar cousas. Así, indica que o volume afonda no mundo das sensacións, moi colorísticas e musicais, deixando que o lector se deixe levar por elas nun proceso introspectivo. Salienta que ao autor lle sobra intelixencia e sentido do ritmo, mais que peca en ocasións dun exceso de brillantez que devén quer en hermetismo quer en rebuscamento das imaxes e do léxico. Finalmente sinala que o erotismo dos poemas apunta pero non termina de aflorar. Araguas conclúe que se trata dunhas prosas ben tiradas, pouco argumentadas e moi gráficas ás que o lector deberá pór os acentos.

- Armando Requeixo, 'A piscipoética medieval e neosurreal do cambadés Xosé María Vila Ribadomar', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 19 setembro 2004, p. 4.

Apunta que os vinte e sete textos que compoñen a obra están configurados como unha aposta polo neosurreal, mergullándose no gume da epifanía do cotiá aparentemente intranscendente e abordando os temas eternos da dialéctica erótica e a memoria. Sinala o efecto galvanizador que nos poemas ten a preferencia polos períodos breves e a substantivación do discurso, mais reproba o feito de algunhas composicións se extraviaren nun efectismo escolmador de palabras infrecuentes que dificulta a comunicación cos lectores. Finaliza salientando que o autor demostrou con este libro a súa pericia verbal e un hábil manexo da imaxinería poemática.

- Román Raña, 'Peixes medievais', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 102, 'Libros', 2 decembro 2004, p. IV.

Advírtese de que *Peixes medievais* representa a un xénero híbrido entre a prosa e a poesía, ao que antes se chamaba 'prosa poética' e agora 'poema en prosa', e subliña o carácter máis acertado desta última denominación por acentuar a súa compoñente poética. Sinala a dificultade de facer crítica sobre un xénero tan difícil e apunta que foi Rimbaud o que mellor lle aplicou o alto grao de abstracción, unidade formal e pesquisa alucinatoria da que

gozaría despois. Deste xeito, indica que Xosé María Ribadomar segue o roteiro trazado polo autor francés para edificar un breviario de íntimas soidades e de versículos que abordan temas como o erotismo e a descuberta da estrañeza do mundo, que se materializan cunha forte carga de irracionalidade e unha orixinal pesquisa lexicolóxica. Entre as virtudes da obra, saliéntase a selección vocabular, por veces fulgurante, e relaciona ao autor co Cunqueiro surrealista de *Poemas do si e do non* (1933). Así mesmo, destaca os poemas vinte e un e vinte e dous como os mellores do volume. Porén, entre as pexas do poemario, sinala certa indefinición emotiva e un exceso de hermetismo.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Os poemas que din', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 xullo 2004, p. 47.

Dáse conta da aparición na colección Tambo, do Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra (dirixida Luis Rei Núñez), dos poemarios *Setembro Stradivarius,* de Álvarez Toreneiro*, Sucesos,* de César Souto, e *Peixes medievais*, de Xosé María Vila Ribadomar. No tocante a este último, sinálase que a colección Tambo serve como plataforma para incorporar novas voces e para consolidar traxectorias como a de Xosé María Vila Ribadomar, que con esta obra continúa na escrita: logo de darse a coñecer co poemario de adolescencia *A fraga do pericardio* (Ediçoes Tema, 2001). Apunta, por último, que o autor entra nos espazos do ser nunha infrecuente prosa poética.

Villalta, Luísa, *En concreto*, A Coruña: Espiral Maior, 2004, col. Espiral Maior Poesía, nº 145, 95 pp. (ISBN: 84-95625-98-9).

Poemario póstumo de Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004) que mereceu o Premio de Poesía Espiral Maior na súa XII edición. Despois das citas nas que se define o concepto de "concreto" e dun poema prologal, reprodúcense as composicións, estruturadas en cinco partes tituladas: "Brasón", "Edificios", "Estampas", "Nomes" e "Poema da cidade alta" , respectivamente. A temática xira arredor da visión que a voz poética ten da cidade da Coruña, un espazo definido tanto dende o seu aspecto exterior coma da implicación emocional do eu con diferentes lugares e momentos da cidade. O obxecto poetizado adquire matices e trazos intimamente ligados con experiencias, sentimentos e lembranzas da voz poética. Así, é tanto representación dos medos e inseguridades coma dun espazo de liberdade, no que tamén se fai unha evocación da infancia perdida, por veces con trazos premonitorios de morte e final. É este un poemario no que se combinan tanto a modernidade como o clasicismo e no que a poeta demostra unha gran madureza.

Recensións:

- María do Cebreiro Rábade Villar, 'O longo poema dos pasos', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 164, 'O espello das letras', 2004, pp. 82-83.

Primeiro fálase do libro *En concreto* de Luísa Villalta como gañador do XII premio de poesía Espiral Maior. A seguir, coméntanse os dous sentidos que a palabra *concreto* contén no poemario. Fálase tamén do tratamento especial que se lle dá no poemario ao vento e á terra -en especial, a Cidade-. Para rematar, saliéntase o sentido revolucionario que se lle confire ao acto de camiñar, responsábel do coñecemento, e ao labor da linguaxe -e, sobre todo, da cita- como construtora da cidade, que se destrúe para que a Cidade naza, e da cultura.

- Xosé María Álvarez Cáccamo, 'En concreto, de Luisa Villalta', *Festa da palabra silenciada*, nº 19, 'Actualidade', 2004, pp. 68-69.

Semblanza biográfica e literaria de Luísa Villalta, que comeza incidindo na súa actividade cívica e no seu compromiso coa cultura galega. A seguir, salienta a dimensión política de *En concreto,* o seu derradeiro libro,que constitúe unha reflexión de alcance xeral sobre a vida nas cidades contemporáneas, pero tamén unha achega íntima á cidade da Coruña. O autor analiza as dimensións estética e ideolóxica da obra e conclúe que, ao retratar a cidade, a voz poética está procurando a súa identidade.

- Carme Vidal, 'Luísa Villalta gaña o Espiral Maior cunha recreación poética da Coruña', *A Nosa Terra*, nº 1.114, 'Cultura', 29 xaneiro 2004, p. 25.

Anúnciase a concesión do premio Espiral Maior ao libro de poemas *En concreto*, de Luísa Villalta. Ademais de sinalar os membros do xurado e os poemarios anteriores de Villalta, refírese aos significados do título, nunha obra que ten a cidade da Coruña como eixo temático. Repasa cada unha das cinco partes que forman a estrutura da obra: "Brason", na que se fai referencia a aspectos míticos da cidade; "Edificios", na que se alude ás construcións, aos espazos baleiros e ás ruínas; "Estampas", onde se recrea a dinámica da cidade; "Nomes", un poema no que se recupera o significado e a memoria perdida dalgúns termos; e "Poema da cidade alta", no que a poeta se proxecta no espazo nunha comuñón entre o *eu* e o *nós*. Recóllense declaracións da poeta sobre a súa concepción do volume, entre elas a súa identificación co expresionismo ou a importancia da poesía na literatura galega.

- Xurxo Souto, 'O poema da Coruña', *La Opinión*, 'El Domingo', 8 agosto 2004, p. 16.

Con motivo da presentación na Feira do Libro da Coruña de *En Concreto*, de Luísa Villalta, Xurxo Souto achégase a este poemario póstumo, do que destaca a comuñón que a poeta estabelece coa cidade. Lembra algúns versos que considera moi significativos e compara a necesidade de plasmar na poesía a relación co espazo de Villalta coa que, no seu momento, tivo Uxío Novoneyra co Courel. Cualifica este volume como "o grande poema da Coruña", reproducindo algúns versos nos que aparecen as diferentes caras e barrios da cidade. En columna a parte e baixo o título de "A viaxe de Luísa" refírese ao inxusto da morte e á concepción da poeta sobre a relación entre a música e a poesía.

- Manuel Vidal Villaverde, 'En concreto', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 15 agosto 2004, p. 51.

Define *En concreto*, de Luísa Villalta, como un recorrido sentimental por si e pola Coruña, nos que abrolla unha profunda emoción. Evoca a imaxe da poeta en vida e destaca a singularidade da súa produción dentro do panorama da literatura galega, especialmente pola súa conexión coa música.

- Vicente Araguas, 'No aquén da morte nace un libro meridiano', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 19 setembro 2004, p. 3.

Considérase que con *En concreto* Luísa Villalta deu un importante cambio na súa poesía, antes máis hermética e conceptual. Cualifícase esta última entrega de "libro meridiano, moi meditado e medido". Alúdese á polisemia do título, explicada xa nas citas introdutorias, e sinálase que é unha poesía belixerante, na que se combina o amor e a crítica.

- X.G.G., 'A cidade humana de Luísa Villalta', *A Nosa Terra*, nº 1.146, 'Poesía', 14 outubro 2004, p. 27.

Anúnciase a publicación de *En concreto*, poemario de Luísa Villalta, gañador do premio Espiral Maior de Poesía. Repásase a traxectoria da poeta, na que se salienta a súa chegada serodia á poesía e o feito de facelo a través da música. Considérase esta entrega unha biografía da cidade da Coruña e reprodúcense abondosos versos, nos que se reflicten as diferentes imaxes, reais e metafóricas, que se ofrecen deste espazo. Considérase que é unha poesía "deliberadamente humana e comunicativa", "fráxil e melancólica", que emprega unha linguaxe sinxela e sincera na que se aprecian influencias de Manuel Antonio ou Álvarez Cáccamo.

- Rodri García, 'Luísa Villalta, no vento e na lúa', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 82, 'Letras en galego', 16 outubro 2004, p. 9.

Lembranza de Luísa Villalta a través dos versos da súa obra póstuma, *En concreto*. Evócase o encontro coa poeta durante unha noite de lúa chea e a gravación dun programa de radio no que falou sobre a súa obra e recitou diversos poemas. Saliéntase que neles se facía un recorrido sentimental por diversos espazos da cidade, unha obra que se considera a mellor da poeta e que "o vento espallará".

- Román Raña, 'En concreto', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 97, 28 outubro 2004, p. I.

Achega á personalidade e á produción de Luísa Villalta dende a consciencia da súa perda. Repásanse minuciosamente os diferentes títulos publicados en ensaio, con títulos como *O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral* (1992); en narrativa con *Teoría de xogos*

(1997), en teatro con *Concerto para un home só* (1989) e en poesía con obras como *Música reservada* (1991), pasando por *Ruído* (1995) até *Rota ao interior do ollo* (1995). Da súa última obra, *En concreto*, sinala que ten a peculiaridade de presentarlle aos lectores unha arquitectura que constrúe unha cidade con todos os seus posíbeis matices. Recorre algúns dos recursos presentes nos poemas, destacando como a mellor composición "Poema da cidade alta", no que se dá unha identificación total entre a poeta e a cidade. Remata concluíndo que malia a combinación de aspectos positivos e negativos que adquire esa cidade, todo o que a poeta edifica perdura e traspasa o tempo.

- Román Raña, 'Memoria de Luísa Villalta', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 77, 6 novembro 2004, p. 4.

Achega á personalidade e á produción de Luísa Villalta dende a consciencia da súa perda. Repásanse minuciosamente os diferentes títulos publicados en ensaio, con títulos como *O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral* (1992); en narrativa con *Teoría de xogos* (1997), en teatro con *Concerto para un home só* (1989) e en poesía con obras como *Música reservada* (1991), pasando por *Ruído* (1995) até *Rota ao interior do ollo* (1995). Da súa última obra, *En concreto*, sinala que ten a peculiaridade de presentarlle ao lectorado unha arquitectura que constrúe unha cidade con todos os seus posíbeis matices. Percorre algúns dos recursos presentes nos poemas, destacando como a mellor composición "Poema da cidade alta", no que se dá unha identificación total entre a poeta e a cidade. Remata concluíndo que malia a combinación de aspectos positivos e negativos que adquire esa cidade, todo o que a poeta edifica perdura e traspasa o tempo.

Referencias varias:

- J.Y., 'A Coruña es grande en horizontes, pero pequeña en dotación cultural', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 26 xaneiro 2004, p. 9.

Conversa con Luísa Villalta con motivo da concesión do premio Espiral Maior ao seu poemario *En concreto*, recoñecemento do que se mostra moi satisfeita. Sinala que na obra reflexiona poeticamente sobre a vida colectiva na cidade, uns modos de vida que considera que ofrecen liberdade aínda que por veces choque coa imposibilidade deste medio. Manifesta que o xénero no que máis cómoda se sente é a poesía, que na cidade da Coruña se fala moito en galego, malia que as novas xeracións empreguen máis o castelán, (talvez movidos por unha idea equivocada de progreso), e que a literatura galega está a vivir un excelente momento. Remata referíndose á relación entre poesía e música e ao feito de que considera o galego unha lingua moi cadenciosa e melódica.

- Albino Mallo, 'Por sempre Luisa Villalta', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 marzo 2004, p. 50.

Dáse conta da presenza dunha parte da intelectualidade galega no enterramento da poeta e profesora Luísa Villalta. Sinálanse os nomes de moitos persoeiros que manifestaron o seu pésame á familia e descríbese o acto de homenaxe que se lle rendeu, no que se destacan

como momentos máis emotivos o discurso de Manuel María ou o recitado de "Poema á cidade alta", incluído no seu poemario *En concreto*, da man de Miguel Anxo Fernán-Vello. Recóllense as palabras deste, nas que destaca a sona da poeta en Portugal, Cataluña ou Euskadi, ademais de lembrar que o compromiso con ela era o de publicar este volume con motivo da Feira do Libro da Coruña. Da obra destaca que foi premiada por unanimidade e que nela se aprecia unha enorme lucidez e madureza.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Tempo do tempo, este tempo', *Galicia Hoxe*, 'Fai fume', 11 agosto 2004, p. 4.

Reflexión a partir de novas de actualidade tanto de carácter político como cultural. No que se refire á literatura, sinala que vén de recibir o libro de poemas de Luísa Villalta, *En concreto*, do que reproduce algúns versos e destaca o gusto da autora polas aliteracións.

- Xurxo Souto, 'Os cánticos da Coruña', *La Opinión*, *'El Domingo'*, nº 208, 3 outubro 2004.

Co gallo da homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega vai render á memoria de Luísa Villalta no Teatro Rosalía da Coruña, Xurxo Souto explica que até hai ben pouco pensaba que *En concreto*, obra póstuma da escritora, era o primeiro poemario no que A Coruña era a protagonista absoluta; explica cómo Manuel María lle fixo saber que o Padre Rubinos xa publicara nos anos 30 *O poema da Cruña* e cómo Miguel Anxo Fernán Vello lle indicou que Xosé Devesa Monterroso escribira *Nau Enfeitizada*. Informa brevemente de cada unha das obras e lembra que el participou, por expreso desexo da escritora Luísa Villalta, na presentación que de *En concreto* se fixo nos Xardíns de Méndez Núñez.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 94, 7 outubro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras: *Animal* + (2004); *Na fronteira* (2004), de Xoán Fuentes Castro; *Insomnes* (2004), de Manuel Lourenzo; e *En concreto* (2004), de Luísa Villalta. Sobre esta obra nos di que obteu o XII Premio Espiral Maior de Poesía de forma póstuma, ademais de que é unha homenaxe da autora á cidade herculina, a súa vila natal.

- Rodri García, 'A lírica despedida dunha poeta que sabía bailar coa lúa chea', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 91, 'Letras 2004', 18 decembro 2004, p. 6.

Rodri García achégase ao poemario póstumo de Luisa Villalta, *En Concreto,* e cualifícao como "canto para a sua cidade, A Coruña, e para o pais". Ademais recorda que a obra obtivo o premio Espiral Maior.

- Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 23 decembro 2004, p. 7.

Breve achega ao labor de Luísa Villalta tanto como poeta con obras como *Música reservada* ou *En concreto*, así como a novela *Teoría de xogos* (Laiovento, 1997) ou a peza teatral *Concerto para un home só* (1989). Saliéntase a importancia da música na súa creación literaria, a súa etapa como membro da Orquestra Sinfónica de Galicia ou os seus artigos sobre esta temática publicados en diferentes cabeceiras.

VV. AA., *Os imposibles no xardín*, XXXI Premios Literarios Minerva 2003, limiar de Xosé María Paz Gago, Santiago de Compostela: Colexio Peleteiro/Revista Vamos □, 2004, 102 pp. (ISBN: 84-607-9956-5).

Volume compilatorio dos traballos galardoados nos premios Minerva: convocados polo colexio Manuel Peleteiro dende hai máis de trinta anos. Nesta edición actuou como mantedor do acto Xosé María Paz Gago, de quen se reproduce o discurso como limiar da obra. Nel lembra a súa vinculación con esta institución educativa e a súa propia participación en diferentes eventos de carácter literario durante a súa época de estudante. Tamén se refire aos gañadores, exhortándoos a que continúen cultivando a literatura e se convertan no futuro en referentes no sistema literario galego. Na modalidade de poesía recóllense os traballos poéticos de Lidia López Teijeiro (Paradela-Lugo, 1986) baixo o título de "Os imposibles no xardín" (Primeiro Premio de Poesía). Son tres poemas sen título nos que se tratan temáticas como a soidade e se ofrece unha visión crítica da realidade circundante, en especial pola diferenza entre países ricos e pobres, así como a presenza do mar ou o paso ineludíbel do tempo. De María López Jiménez (Moimenta-Lugo, 1985) preséntanse co título de "Os dedos de Nayim" (Segundo Premio de Poesía) os poemas "Anular", "Polgar" e "Meniño", nos que os temas son o amor, a propia poesía e a infancia perdida. De Alexandra Eiras Rodríguez (Foz-Lugo) reprodúcense baixo o título de "Cando o blues é primavera" (Terceiro Premio de Poesía) os poemas "Ad libitum", "Asperezas de flores" e "Berran os versos", nos que a temática xira arredor da identidade da voz poética, do amor ou da denuncia dos conflitos. De Lorena abuín Lorenzo (Vigo) inclúese "Nocturnos para bisturí", poemas cos que acadou o primeiro accésit de Poesía e no que levan por título "Trata de terras", "Tres corpos máis tarde" e "Balada de apuntamentos". De Jesús García Campos (Bos Aires) aparecen tres composicións sen título co lema xenérico de "Antes que morra o verbo. Tres sonetos de estío", coas que acadou o segundo accésit nesta modalidade. Finalmente, de Fátima Peón Torres (Pontevedra) recóllense baixo o título de "Wendy, John e Michael no país de Nunca máis" (terceiro accésit de poesía) os poemas titulados "Enésima e estraña oda ao amor", "Xunta de Galicia" e "Memoria historiakoa".

Recensións:

- María Navarro, 'Xoves creadores', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Xuvenil/Cómic', 8 abril 2004, p. VII.

Dá conta dos textos gañadores da trixésimo primeira edición dos premios Minerva, que se celebran como cada ano no Colexio M. Peleteiro. Informásenos tamén por quen estaba formado o xurado, cantos eran os premios e cales eran os temas que trataban os distintos textos.

- M. Quintáns S., 'Só andando se fai camiño: XXXI premios literarios Minerva', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Galardóns', 5 decembro 2004, p. 4.

Presenta o volume *Os imposibles no xardín*, no que se recompilan os traballos gañadores dos premios Minerva, para o que comeza cunha reflexión sobre a importancia da educación na sociedade e especialmente do seu papel na incorporación da mocidade nun mundo cada día máis complexo e tecnificado. A seguir, lembra que esta iniciativa do colexio Manuel Peleteiro se vén celebrando dende hai máis de trinta anos e que é un estímulo para o estudantado, pois valórase a expresión escrita e a capacidade da palabra como medio para provocar emocións e mover a vontade humana. Define a creación destes mozos como "berros de comprensión no noso mundo de xordos, agres ou ledas críticas a todo andar desnortado" e alude ás palabras do prólogo asinado por José María Paz Gago, nas que loa aos gañadores do certame. Remata repasando os nomes dalgúns destes galardoados.

VV. AA., *Voces da casa*, Fene: Concello de Fene ♦, 2004, (10) pp. (DL: C-1276/04).

Volume editado en formato revista no que se recollen os textos, de narrativa e poesía, creados polos participantes do obradoiro literario, celebrado no Concello de Fene en xuño de 2004. Os autores de poemas en lingua galega acollidos neste traballo son Arsenio Iglesias Pazos, Diana Rodríguez Cendán, Aurora Varela Caabeiro, Xaime Pereira Maroto, Dulce López Rivera e Mariola Hermida Romero.

VV. AA., *O Nadal. XXVIII Certame de xornalismo, certame de poesía*, XXVIIIº Certame "O Nadal" de Begonte, Begonte-Lugo: Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte □, xaneiro 2004, 36 pp. (DL: LU-408-2004).

Neste volume publícanse as bases, o fallo do xurado, os textos e unha pequena biografía de cada un, dos gañadores do XXVIII Certame O Nadal de Begonte (Lugo). Na modalidade de poesía, o primeiro premio foi para o poema "Poeira de luz", de Baldomero Iglesias Dobarro, e o segundo para "Vuelve la Navidad", de Alfredo Macías Macías. O tema dos poemas é o Nadal, pero, mentres que "Poeira de luz" posúe un enfoque máis descritivo: no que se dá conta da paisaxe e do nacemento de Xesucristo en Belén e apélase ao amor que envolve esta festividade, en "Vuelve la Navidad" o tratamento é máis subxectivo: primeiro fálase da antigüidade da festa fronte á efemeridade da vida humana e, despois, cóntasenos como o Nadal vai chegando en forma de panxoliñas dende as prazas ás casas.

VV. AA., *Premio 2004 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia □♦, 2004, Universidade de Vigo, 2004, 183 pp. (ISBN: 84-9782-240-4).

Ábrese este volume cun "Limiar" no que se anuncia que se recollen os traballos galardoados na oitava convocatoria do Premio de relato, poesía e tradución que convoca a Universidade de Vigo desde 1997 para conmemorar o Día das Letras Galegas, o que o converte nun dos premios de maior lonxevidade no ámbito universitario de Galicia. Saliéntase así mesmo que a gran calidade literaria dos textos presentados distinguen este certame como unha porta de acceso cara ao mercado editorial destes novos valores da creación literaria. Cítanse as persoas que formaron parte do xurado (Xavier Martínez Cobas, Manuel Bragado, Xosé Sánchez Puga, Xosé Henrique Costas González, Lourdes Lorenzo, Marta Dalhgren, Carlos Bernárdez, Hermes Salceda, Anxo M. Lorenzo Suárez) e achéganse algúns datos referidos a Xoaquín Lorenzo "Xocas", homenaxeado co Día das Letras Galegas 2004. A seguir inclúense os textos premiados, divididos en tres apartados, "Relato curto", "Poesía" e "Tradución". No apartado correspondente á poesía aparecen as catorce composicións de Isaac Xubín ("38º 42' N 9º 6 W"), que mereceron o primeiro premio do certame; de Cándido Domínguez Ordóñez ("Arquitectura horizontal"), 1º accésit; e de Diego Alfonsín Rivero ("Silencios prostituídos"), 2º accésit.

VV. AA., *23 poetas galegos cantan a don ANTONIO MACHADO*, edición e prólogo de Xesús Alonso Montero, Poio, Pontevedra: Hipocampo Amigo, 2004, col. Poesía, nº 15, 94 pp. (ISBN: 84-933408-2-0).

O volume ábrese cun limiar de Xesús Alonso Montero, quen loa as virtudes literarias e cívicas de Machado que, segundo o profesor, o converteron nun referente na loita antifranquista feita desde a actividade intelectual e poética e, por outra banda, lembra os diferentes actos de homenaxe machadiana habidos en Galicia ao longo da ditadura. A estrutura do poemario segue unha liña cronolóxica que permite recoller as trinta mostras poéticas que, desde 1959 até 2003, teñen feito vinte poetas galegos entre os que destacan Valente, Aquilino Iglesia, Xesús Rábade ou Darío Xohan Cabana. Ao final, aparecen tres poemas que o sevillano compuxo en honra de Valle-Inclán e Líster. As composicións están escritas, na súa maioría, en galego, aínda que tamén hai algunhas que empregan o castelán e, como non podía ser doutro xeito dada a variadísima procedencia do material, percorren formas métricas e estilísticas moi diversas. No que toca aos contidos, todos se refiren, directa ou indirectamente, á morte triste e solitaria de Machado, ao seu exemplo estético e ao seu perfil ético como modelos para as novas xeracións.

Recensións:

- M. Rodríguez, 'Polos versos de Machado', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 80, 2 outubro 2004, p. 9.

Explica que a bondade de Machado, declarada no seu "Retrato", é a principal causa que levou aos poetas galegos a telo sempre moi en conta, como amosa a recompilación feita por

Alonso Montero. Nese senso, Rodríguez lembra a atención que o sevillano prestou a autores galegos como Valle-Inclán e Líster e reproduce algunhas das loanzas que Xohan Cabana ou Valente fan de Machado.

X.A.P. (coord.), *Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela ♦, 2004, 152 pp. (ISBN: 84-89597-46-4).

Volume editado polo Concello de Santiago de Compostela para regalar aos seus visitantes e que recolle semblanzas que diferentes autores, en galego ou castelán, fixeron da cidade compostelá. Os textos de poesía recollidos pertencen a Xosé García Mosquera, Xohán Manuel Pintos Villar, Marcial Valladares Núñez, Francisco María de la Iglesia González, Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas, Gonzalo López Abente, Victoriano Taibo, Eugenio Montes, Federico García Lorca, Fermín Bouza Brey, Álvaro de las Casas, Augusto María Casas, Ricardo Carballo Calero, Valentín Lamas Carvajal, Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña, Salvador García-Bodaño, X.L. Méndez Ferrín e Xesús Rábade Paredes.

II.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES

Acuña, Manuel Luís, *Fírgoas*, edición facsímile, limiar de Ramón Nicolás Rodríguez, Vigo: Galaxia □♦, 2004, 72 pp. (ISBN: 84-9782-172-6).

Reedición, en facsímile, do poemario publicado por primeira vez en 1933, no intre de maior auxe da vangarda europea. Ramón Nicolás agradece o labor das institucións de Trives para a promoción da figura de Manuel Luís Acuña e destaca a intensa e extensa influencia que o volume tivo nos seus continuadores, malia a súa escasa difusión. O corpo poético divídese en seis partes, todas coa súa dedicatoria: "Poemas do Alalá"; "Caminantes"; "Gris"; "Regueifa"; "O neno" e, finalmente, "Bodas". O denominador común de todas elas é, precisamente, a variedade e a mestura que Acuña fai de elementos dispares. Recorre formas métricas diversas, desde a hieraticidade do soneto até a sinxeleza dos romances e o cultivo, de tinxes vangardistas e usa o versolibrismo. Certos temas antipoéticos comparten espazo cos máis tradicionais dos sentimentos e dos valores cívicos. No que toca ao estilo, a brevidade das primeiras composicións contrasta coa maior lonxitude doutros poemas; a dificultade expresiva, por outra banda, deixa paso ás veces aos recursos repetitivos e coloquiais do romance e da lírica popular. Por último, pódese destacar en moitas mostras poéticas do volume a existencia de metáforas e imaxes sen referentes concretos, encamiñadas a crear ambientes e a evocar emocións.

Recensións:

- Ramón Loureiro, 'Eterna voz de luces e vento', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 69, 'Letras en galego', 17 xullo 2004, p. 7.

Acolle con entusiasmo a reedición de *Fírgoas*, cualifica a obra de perenne e lembra, para compartila, a opinión de Carlos Gurméndez: quen dicía que Manuel Luís Acuña era o Rimbaud de Galicia.

- Armando Requeixo, 'Introducíndose por entre as fírgoas do discurso poético de Manuel Luís Acuña', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Reedición', 25 xullo 2004, p. 3.

Participa da conciencia da necesidade de recuperar o legado do poeta Manuel Luís Acuña e de difundir a súa obra alén da esfera crítica, até os lectores comúns. Loa o volume preparado por Xerais, o privilexio de gozar dunha edición facsímile e dun limiar do profesor Ramón Nicolás.

Casas, Álvaro de las, *Sulco e vento*, edic. de María Cuquejo Enríquez, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia □♦, 2004, col. Láncara de poesía, (ISBN col: 84-453-3791-2), 212 pp. (ISBN: 84-453-3791-2).

Reedición do único poemario de Álvaro de las Casas (Ourense, 1901-1950), publicado por primeira vez no ano 1931 e que agora presenta o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Ademais de presentarnos novamente o poemario íntegro, engadíronselle algúns poemas soltos do autor, recuperando deste xeito case a totalidade da súa obra poética en lingua galega. Conta tamén cun recorrido biográfico pola vida e obra do escritor, unha bibliografía de traballos arredor da súa figura, así como un detallado estudo temático e estilístico do poemario que axuda a un seu mellor entendemento. A respecto do poemario, divídese en catro partes: a primeira, sen título, reúne vinte poemas; a segunda, titulada "Cantigas", recolle trece pequenas composicións; séguelle "Canzós de berce", composta de tres cancións de arrolar; finalmente, en "Alalás" atópanse seis composicións dedicadas aos seus rapaces de Noia. Son estes, xa que logo, uns poemas, especialmente os da primeira parte, nos que a voz poética se identifica totalmetne con Galicia e con acontecementos ocorridos na primeira metade de século, entre eles a emigración. A instrospección nos sentimentos e lembranzas propias, a exaltación da natureza, a relación íntima entre o home e o seu entorno ou certas pegadas características da poesía popular galega, como nas composicións de "Cantigas", buscan a dignificación do eido popular e son, ademais, elementos conductores da poética de Álvaro de las Casas.

Recensións:

- X.F., 'Sulco e vento', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 87, 'Letras en galego', 20 novembro 2004, p. 8.

Con motivo da reedición de *Sulco e vento* (1930), de Álvaro de las Casas, polo Centro Ramón Piñeiro, o autor incide na ampla produción literaria deste escritor galego: dende libros que abranguen xéneros diversos, como o ensaio e a narrativa, pasando por artigos na prensa e ata a súa actividade como editor, mostrada en publicacións como a revista *Nós*.

Reivindica, deste xeito, a figura e os traballos de Álvaro de las Casas, "sobre os que pesan os efectos do esquecemento" pese á celebración do centenario do seu nacemento en 2001. Remata este comentario referíndose á actual edición deste libro de poesía, dentro da colección Láncara, do que di que constitúe "unha valiosa achega" de cara á recuperación da obra do escritor.

Referencias varias:

- E.P., 'Nove publicacións do Centro 'Ramón Piñeiro', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 28 outubro 2004, p. 75.

Dáse noticia do acto de presentación de nove novas publicacións do Centro Ramón Piñeiro. Entre as obras citadas, refírese ao poemario Sulco e Vento como unha "reedición dun poemario de Álvaro de las Casas".

- MARÉ, 'Irmandade de sangue', *La Voz de Galicia*, 'MARÉ', 28 outubro 2004, p. 48.

Destácase o acto de entrega do II Premio de Ensaio Breve Ramón Piñeiro, concedido polo centro de investigación homónimo, e das nove publicacións nel presentadas. De entre as investigacións, destácase o poemario *Sulco e Vento*, compilación de obras do poeta galego Álvaro de las Casas.

Castro, Luísa, *Señales con una sola bandera. Poesía reunida (1984-1997)*, prólogo da autora, Madrid: Ediciones Hiperión, 2004, col. Poesía Hiperión, nº 467, 297 pp. (ISBN: 84-7517-768-9).

Reúne os cinco libros de poemas publicados por Luísa Castro entre 1984 e 1997. Un prólogo da autora, no que reflexiona sobre a esencia da poesía, encabeza as súas obras completas. *Odisea definitiva* publicouse na editorial Arnao en 1984 e logo en 1986. O libro, escrito con dezaoito anos, amosa unha voz poética desenganada da vida que guía ao lector por un mundo habitado polo desamor, a tristeza, a rutina, a fidelidade, a morte, a renuncia e a soidade. En *Los versos del eunuco*, premio Hiperión en 1986 e varias veces reeditado, hai abondosas referencias clásicas e, con respecto ao tema deste libro, proséguese coa exploración do mundo dende a infancia, a inocencia e a soidade. No plano formal resalta a alternancia de prosa e verso. *Baleas e Baleas* publicouse en Esquío en 1987 e en Hiperión, en edición bilingüe, en 1990; a voz poética cóntanos unha fuxida da casa, a súa desobediencia, e aparecen o alcoholismo e unha ambientación mariñeira. *Los hábitos del artillero* publicouno Visor en 1990 e nel aparecen como figuras poéticas os animais, o cotiá e as paisaxes insólitas como obras en construción. O poemario *De mí haré una estatua ecuestre* publicouse en 1997 e constata a perda da inocencia , a despedida da xuventude e a ansiedade ante a morte.

Recensións:

- Francisco Díaz de Castro, 'Señales con una sola bandera. Poesía reunida', *El Mundo*, *'El Cultural'*, 'Letras/Poesía', 6 maio 2004, p. 11.

Repaso crítico e interpretativo pola obra de Luísa Castro recollida neste volume e que parte de *Odisea definitiva* como un libro de busca e referencias míticas que coloca a palabra no lugar que lle corresponde. De *Los versos del eunuco* saliéntase o uso deste personaxe para seguir explorando as relacións amorosas e as desilusións que nos provoca madurar. Di tamén que os outros libros continúan entretecendo as experiencias da infancia e o feito de facerse adulto para en *De mí haré una estatua ecuestre* ratificar a perda da inocencia á que os outros libros viñan apuntando.

- Antonio Ortega, 'Protagonista de sí misma', *El País*, *'Babelia'*, nº 670, 'Poesía', 25 setembro 2004, p. 14.

Recoñece o contributo de Luísa Castro á renovación da poesía española de despois dos 80 cos cinco poemarios que publicou entre 1984 e 1997, e que agora reedita en *Señales con una sola bandera*. Salienta a súa visión persoal da vida e a súa expresión sen límites que atopa a beleza ata no máis prosaico. Finalmente, anuncia o seu próximo poemario con poemas en galego e en castelán.

- M. Rodríguez, 'Lírica sobre las olas de la vida', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 82, 'Letras poesía', 16 outubro 2004, p. 8.

Coa calificación de "bo" achégase a *Señales con una sola bandera* de Luísa Castro nun exercicio de suxerencia, incluíndo versos que ilustran o que di dela: que habita en lugares insospeitados, que coñece ben o mar e os prosaicos traballos en torno a el, que nela ecoan voces de grandes coma Virxilio, Eliot, Wilde, Yeats, Cortázar ou Baudelaire. Recolle tamén unhas palabras autopoéticas da autora.

Referencias varias:

- Alberto Quian, 'A literatura non arranxa problemas; serve de consolo', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 20 marzo 2004, p. 43.

Entrevista a Luísa Castro con motivo da publicación da súa obra completa na que fai afirmacións do tipo de que para ela a poesía é un xeito de responder a preguntas que se fai ou que o seu primeiro libro ten o valor engadido de que foi escrito fóra do sistema literario e as presións do mercado. Tamén di a escritora que a poesía é un consolo e que a súa está moi conectada coa súa prosa. Esta mesma noticia foi publicada no xornal *La Opinión*, o día 23 de marzo de 2004.

- Alberto Quián, 'A literatura non arranxa problemas, serve de consolo', *La Opinión*, 'Entrevista', 23 marzo 2004, p. 64.

Entrevista a Luísa Castro con motivo da publicación da súa obra completa na que fai afirmacións do tipo de que para ela a poesía é un xeito de responder a preguntas que se fai ou que o seu primeiro libro ten o valor engadido de que foi escrito fóra do sistema literario e as presións do mercado. Tamén di a escritora que a poesía é un consolo e que a súa está moi conectada coa súa prosa. Esta mesma noticia foi publicada no xornal *Faro de Vigo*, o día 20 de marzo de 2004.

- Rodri García, 'Luisa Castro recopila toda su poesía en 'Señales con una sola bandera', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 12 abril 2004, p. 50.

Dáse noticia da publicación de *Señales con una sola bandera*, título con orixe nun código de sinais marítimas que tiña o pai da autora. Dise que ela é máis coñecida como narradora e que se inclinou nesa dirección. Destácase por último a variedade da súa obra poética e o feito de que cada vez sente menos necesidade de publicala.

- Chico Losa, 'Artistas', *El Correo Gallego*, 'El Espejo', 7 maio 2004, p. 37.

Pinceladas dunha conversa con Luísa Castro da que se conclúe a incatalogabilidade da poeta. Rastrease a orixe da súa vocación nun premio escolar que lle deron aos dezaoito anos. Lémbrase, ademais, a cita para a presentación de *Señales con una sola bandera*.

- C.P., 'Luísa Castro presentou 'Señales con una bandera', o libro que reúne a súa produción poética', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 8 maio 2004, p. 48.

Dá noticia do acto de presentación do libro de Luísa Castro na Galería Sargadelos, no que interviñeron Darío Villanueva, que lembrou cando Luísa con dezaoito anos lle deu a ler os seus versos e lle falou das súas dúbidas sobre se escribir en galego ou en castelán, e Miguel Anxo Murado, que falou da autora destacando o momento no que a coñeceu.

- Antonio Lucas, 'El verso disidente de Luisa Castro', *El Mundo*, 'Cultura', 19 xuño 2004, p. 54.

Resalta que a poesía de Luísa Castro é imposíbel de etiquetar e nace amparada por unha reflexión constante sobre o feito poético. Anota que *Señales con una sola bandera*, reedición de cinco libros, foi presentado no Círculo de Bellas Artes por Caballero Bonald. Pecha a noticia unha intervención da autora na que destaca o poder da poesía para construírse a si mesmo e achegarse aos demais.

- A. Mallo, 'A poesía como liberación', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 agosto 2004, p. 50.

Dáse noticia da presentación de *Señales con una sola bandera* de Luísa Castro na feira do libro da Coruña, e do feito de que non incluíu nesa recopilación nada novo para marcar ben a fronteira respecto do poemario que vai publicar. Recolle tamén a súa observación de que a poesía é unha liberación e un exercicio de síntese, mentres que a prosa é análise, sobre o relato dise que, na súa brevidade, permite unha maior creatividade cá novela.

- A.R., 'No trasfondo dun poema so hai unha persoa falando consigo mesma ', *La Opinión*, 'Cultura', 7 agosto 2004, p. 39.

Entrevista na que Luísa Castro define a poesía como autocoñecemento, síntese, un falar con un mesmo. Di tamén que non se dirixe a un público concreto, que está influída por todo o que leu e que o seu poemario preferido de *Señales con una sola bandera* é *Baleas*.

- A. Ramil, 'Agora penso preservar a miña poesía para o ámbito privado', *La Opinión*, 'Cultura', 7 agosto 2004, p. 39.

Entrevista con Luísa Castro, que estivo na feira do libro da Coruña asinando exemplares de *Señales con una sola bandera*, na que se di que a poesía para ela -na presente etapa da súa madurez- é algo privado, que atribúe o carácter minoritario do xénero á concentración que esixe a súa interpretación eque a responsabilidade de que a xente lea é dos escritores: na medida en que deben ofrecer algo interesante.

- Fernando Franco, 'Después de los treinta no se escriben poemas en vano', *Faro de Vigo*, 'Entrevista', 3 outubro 2004, p. 5.

Entrevista a Luísa Castro na que se fala dun novo libro de poesía que vai publicar con poemas en galego e en castelán. Di que tras unha xuventude de viaxar moito e vivir rápido volveu a Galicia para mergullarse no seu interior. Recoñece, ademais, que pensou en levar ao cine algunha das súas obras e que o auténtico reto é poder vivir da literatura que un quere facer. Por último, a escritora afirma que a lingua nai non ten por qué ser a dos sentimentos. Esta noticia tamén se publicou o día 5 de outubro no xornal *La Opinión*.

- Fernando Franco, 'Después de los treinta no se escriben poemas en vano', *La Opinión*, 'Entrevista', 5 outubro 2004, p. 64.

Entrevista a Luísa Castro na que se fala dun novo libro de poesía que vai publicar con poemas en galego e en castelán. Di que tras unha xuventude de viaxar moito e vivir rápido volveu a Galicia para mergullarse no seu interior. Recoñece, ademais, que pensou en levar ao cine algunha das súas obras e que o auténtico reto é poder vivir da literatura que un quere facer. Por último, a escritora afirma que a lingua nai non ten por qué ser a dos sentimentos. Esta noticia tamén se publicou o día 3 de outubro, no xornal *Faro de Vigo*.

Castro, Rosalía de, *Poesía Galega Completa II. Follas Novas, Poemas Soltos. Traduccións*, edición de Andrés Pociña e Aurora López, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2004, col. Clásicos Galegos, 351 pp. (ISBN: 84-7824-438-7).

Segundo volume da *Poesía Galega Completa* de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-1885); inclúe o poemario *Follas Novas*, nove poemas soltos en galego e a tradución rosaliana de vinte e cinco dos *Cantares* do poeta salmantino Ventura Ruíz de Aguilera presentados ao carón dos orixinais en castelán. A todo isto precédeo un estudo crítico da man de Andrés Pociña e Aurora López que, salpicado de versos que diferentes poetas lle dedicaron á autora, recolle algunhas notas da vida da poeta compostelá e a obra posterior á publicación de *Cantares Gallegos*, unha descrición detallada das diferentes edicións de *Follas Novas* dende a edición príncipe ata a de 1999 -acompañada dun calendario ecdótico do poemario, unha explicación dos criterios que guiaron a presente edición (a non normativización da ortografía orixinal da autora excepto o caso concreto de grafía *un-ha*, que non se mantén, a inclusión do prólogo de Emilio Castelar co que contaba a primeira edición de *Follas Novas*, a publicación independente de "De Galicia os cimiterios" e "Unha boda n'aldea", etc.) e unha abondosa bibliografía. O volume dedícase ás "mulleres que seguen en galego o legado de Rosalía".

Recensións:

- Luis Pousa, 'Rosalía, en versión orixinal', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 54, 'Letra en galego', 27 marzo 2004, p. 5.

Anuncia a publicación por Sotelo Blanco do segundo volume da edición crítica da súa *Poesía galega completa*, tomo no que se inclúen *Follas Novas*, unha serie de poemas soltos e varias traducións. Destácase a recuperación da ortografía orixinal e a inclusión do prólogo de Emilio Castelar, desaparecido en edicións posteriores.

- Dorinda Castro Soliño, 'Con Rosalía', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 86, 'Libros', 3 xuño 2004, p. IV.

Presentación de *Rosalía de Castro II Poesía galega completa. Follas Novas. Poemas soltos. Traduccións.* Coméntase a exhaustividade da edición, a presentación depurada de todo elemento alleo á autora, a abondosa bibliografía, o contido do estudo introdutorio, a edición independente dos poemas incorporados con posterioridade aos dous grandes libros da autora ou publicados noutros medios e as traducións rosalianas dos versos do seu amigo Ventura Ruíz de Aguilera.

- Armando Requeixo, 'Rosalía en boas mans', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 11 xullo 2004, p. 20.

Opinión sobre a segunda entrega da obra íntegra en galego de Rosalía de Castro, parécelle unha excelente edición crítica de referencia inescusábel para calquera posterior estudo sobre a autora. Apunta, con todo, dous aspectos cuestionábeis: a edición como textos independentes do fragmento "De Galicia os cimiterios" e o longo poema "Unha boda n'aldea", que contén ao primeiro, e a non coherencia que supón o mantemento das opcións ortográficas orixinais de Rosalía excepto a grafía *un-ha*, que non se respecta.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 84, 20 maio 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Rosalía de Castro. Poesía galega completa II* (2004), de Andrés Pociña e Aurora López; *Celso Emilio Ferreiro. Poesía galega completa* (2004), unha edición de Ramón Nicolás; *Oito días nunha existencia violácea* (2004), de Ricardo Mora; e *Indo para máis perto* (2004), de X. Alexendre Cribeiro. No que atingue á antoloxía de Andrés Pociña e Aurora López, destácase a coidada edición e o grande interese que teñen tanto os nove poemas soltos como a traducións de Cantares que se inclúen.

Castro, Rosalía de, *Follas Novas/Hojas Nuevas*, edic. bilingüe; trad. de Xesús Rábade Paredes e Helena Villar Janeiro, Padrón, A Coruña: Fundación Rosalía de Castro , 2004, Centro de Estudios Rosalianos, 2004, 453 pp. (ISBN: 84-87668-21-6).

Edición bilingüe de Rosalía de Castro. A traducción, editada pola Fundación Rosalía de Castro, correu a cargo de Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes; sendo este último o autor do prólogo co que se inicia o libro. O libro supón unha traducción completa da obra, incluíndose as palabras limiares de editores e autora que lle serven de introducción. Na tradución consérvanse, na medida do posíbel, os ritmos e as rimas das composicións orixinais. A presenza de arcaísmos, de dialectalismos e dun estilo pertencente ao século XIX son fenómenos irreproducíbeis e sen posibilidade de traslación. Formalmente, a edición presenta as dúas versións intercaladas, facilitando a lectura contrastada e a busca dos versos orixinais.

Referencias varias:

- F.P.L., 'Rosalía feita bilingüe', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 novembro 2004, p. 52.

Entrevista aos autores da traducción na que falan da importancia desta obra, da responsabilidade que tiveron nas súas mans e de como foi o proceso que seguiron. Dáse tamén unha pequena explicación das características da obra orixinal.

- F.P.L., 'Xesús Rábade e Helena Villar traducen ao castelán 'Follas novas' de Rosalía', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 3 novembro 2004, p. 75.

Coméntase a importancia da primeira tradución íntegra ao castelán de *Follas Novas* e destácanse as dificultades que os traductores afirman que tiveron no desenvolvemento do seu labor, como a conservación das rimas e os ritmos. Finalmente, fálase brevemente da obra, cualificándoa como "o mellor libro da lírica galega".

Cunqueiro, Álvaro, *Mar ao norde, Cantiga nova que se chama Riveira, Poemas do si e non. Poesía 1032-1933*, ilust. Luís Seoane, Vigo: Galaxia, febreiro 2004, col. Literaria, Biblioteca Álvaro Cunqueiro, 129 pp. (ISBN: 84-8288-665-7).

Recóllense neste volume os tres poemarios publicados por Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo 1911-Vigo, 1981) nos anos 1932 e 1933. Trátase da reproducción completa das obras *Mar ao Norde* (1932), *Cantiga nova que se chama Riveira* (1933) e *Poemas do sí e do non* (1933) nesta mesma orde. A primeira é unha obra con composicións curtas que se agrupan en catro apartados e que se acompañan de ilustracións de Luís Seoane. *Cantiga nova que se chama Riveira* é un impulso ao neotrobadorismo: mestúranse as estruturas paralelísticas e as características das cantigas de amigo con pequenas pinceladas da imaxinación de Cunqueiro e cun certo superrealismo. *Poemas do si e do non* é un xogo renovador da poesía de Cunqueiro, un traballo de imaxes co que o autor, partindo do contacto vital dos seres, toca temas como o erotismo ao tempo que experimenta coa presentación visual das composicións. Esta edición recolle os textos tal e como aparecen publicados no tomo I da súa *Obra en galego completa*, revisada polo seu autor.

Dacosta, Marta, *Crear o mar en Compostela*, Premio de poesía "O Grelo 1993", Textos introdutorios de Rafa e Miro Villar, Santiago de Compostela: Grupo Correo Gallego/Concello de Santiago ♦, 2004, col. Poeta en Compostela, nº 2, 63 pp. (ISBN: 84-8064-135-5).

O poemario *Crear o mar en Compostela* de Marta Dacosta (Vigo, 1966) vai precedido de dous textos, a modo de introdución, nos que Rafa e Miro Villar, respectivamente, sitúan o libro no *corpus* literario da autora viguesa e subliñan as súas liñas temáticas fundamentais. Conta tamén cun limiar de Bernardiño Graña, no que Graña celebra a publicación do poemario e resalta a protesta, a saudade e a musicalidade que emerxe dos seus versos. O libro componse de cincuenta poemas, precedidos duns versos da obra *Himno verde* (Espiral Maior, 1992) de Bernardino Graña. Un dos temas principais da obra é a metapoesía: non en van o poemario ábrese e pecha con dous poemas metapoéticos, pero ademais a voz poética fai continuas referencias ao labor creador, sirvan de exemplo os seguintes versos: "Non chegaron os versos/ e non houbo poemas", "a palabra perfecta/ no lugar adecuado", "Cada noite comezo un verso novo" ou "Tantas veces que te intento meu verso inacabado/ tantas veces que procuro o teu certo camiño". A emoción que xorde do recordo global de determinados espazos -A Guarda, Barra, Tambre, Sarela- e a reivindicación ecolóxica son outros dos temas que pululan por *Crear o mar en Compostela*. Dende o punto de vista

formal, en ocasións a poeta xoga coa disposición gráfica dos versos e coa disposición de versos en maiúsculas; recursos que chaman a atención do lector en canto enfatizan a mensaxe transmitida. Entre as figuras retóricas empregadas destaca o uso da aliteración e do *isocolon*, este último serve de eixe central para a construción dalgúns poemas de *Crear o mar en Compostela*.

Recensións:

- Miro Villar, 'Un libro iniciático', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 3 novembro 2004, p. 74.

Comenta o libro *Crear o mar en Compostela* de Marta Dacosta, ao que considera un libro iniciático que diferencia dúas liñas temáticas fundamentais: por un lado a metaliteratura e por outro lado, a flora, a fauna e as metáforas acuáticas. Ilustra ambas as temáticas con versos extraídos do poemario.

- Rafa Villar, 'Onde a poesía se chama Marta Dacosta', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 3 novembro 2004, p. 74.

Apunta que *Crear o mar en Compostela* (1993) é o primeiro libro individual de Marta Dacosta, aínda que viña precedido de ducias de poemas publicados en revistas ou ofrecidos en recitais poéticos. A *Crear o mar en Compostela* seguíronlle títulos como *Pel de ameixa* (1996), *Setembro* (1998), *En atalaia aberta* (2000) ou *As amantes de Hamlet* (2003). Segundo Rafa Villar, a poesía de Marta Dacosta é unha poesía que zumega intelixencia e autenticidade e que non abusa da retórica nin cae no sentimentalismo. Finalmente, informa que a poeta viguesa forma parte da directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega e está implicada en proxectos literarios diversos.

Referencias varias:

- H.N., 'Marta Dacosta: 'Compostela é un signo cultural e histórico único'', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 4 novembro 2004, p. 68.

Dá conta do acto literario que se celebra no Casino de Santiago en torno ao poemario *Crear o mar en Compostela,* de Marta Dacosta. Este libro constitúe o segundo volume da colección Poeta en Compostela editada por El Correo Gallego e a concellaría de cultura de Santiago, coa colaboración da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Refire que a autora viviu once anos en Santiago e recolle as súas palabras sobre o impacto que lle causou esta cidade, así como a ligazón dos membros da súa promoción -Rafa Villar, Francisco Souto, Eduardo Estevez e Estevo Creus- con Santiago de Compostela. Por outra banda, a autora declara a súa preferencia polo xénero poético e apunta o importante papel que xogan os profesores no gusto ou na afección dos estudantes pola lectura e pola creación literaria.

- H.N., 'Un faro no interior da terra', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 novembro 2004, p. 60.

Dá conta do acto literario que se celebra no Casino de Santiago en torno ao poemario *Crear o mar en Compostela,* de Marta Dacosta. Este libro constitúe o segundo volume da colección Poeta en Compostela editada por El Correo Gallego e a concellaría de cultura de Santiago, coa colaboración da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Refire que a autora viviu once anos en Santiago e recolle as súas palabras sobre o impacto que lle causou esta cidade, así como a ligazón dos membros da súa promoción -Rafa Villar, Francisco Souto, Eduardo Estevez e Estevo Creus- con Santiago de Compostela. Por outra banda, a autora declara a súa preferencia polo xénero poético e apunta o importante papel que xogan os profesores no gusto ou na afección dos estudantes pola lectura e pola creación literaria.

- S.L.C., 'Ejemplo a seguir', *El Correo Gallego*, 'Las siete maravillas', 14 novembro 2004, p. 5.

Informa da aparición do segundo volume da colección "Poeta en Compostela" que distribúe El Correo Gallego: *Crear o mar en Compostela,* de Marta Dacosta. Opínase que neste poemario a autora imaxinou a Santiago como un faro dende o que recordar a costa se ben, por outra banda, hai nel unha forte reivindicación ecolóxica. Dá conta tamén da publicación da poesía completa de Xohana Torres, grazas ao PEN Clube.

Devesa Naveiro, Domingo Campio, *Cadernos poéticos dun emigrante galego en Cuba*, Epílogo de Xosé Neira Vilas e edic. de Xosé Lois García, Sada: Edicións do Castro, outubro 2004, col. Poesía, 140 pp. (ISBN: 84-8485-161-3).

Reúnense unha serie de poemas que Xosé Lois García recolleu dun manuscrito asinado por Domingo Campio Devesa Naviero, un santiagués nado a finais do XIX que dende Cienfuegos (Cuba), a onde emigrou moi novo, compaxinou o seu labor como xastre coa creación de versos. A obra divídese en tres partes: "Introducción", "Cadernos poéticos dun emigrante galego en Cuba" e "Epistolario". Na introdución, Xosé Lois García fai unha aproximación xeral á obra: conta como descubriu o manuscrito en Cuba e ofrece unha serie de características xerais do poemario, subliñando a súa dobre pegada, a cubana e a galega. Así mesmo, sinala as influencias literarias de Devesa Naveiro e o seu pensamento liberal, progresista e demócrata, apoiando o proceso de independencia cubana. No segundo apartado recóllense os poemas de Devesa Naveiro, divididos á súa vez en dous subgrupos: poemas en galego e poemas en castelán. Estas composicións caracterízanse por un sentimento constante de saudade cara ao entorno natal (topónimos santiagueses, presenza de labregos ou de poetas galegos que loitaron pola nosa terra…), mesturado con descricións de Cienfuegos e comparacións entre Cuba e Galicia. No caso dos poemas en castelán, reúnense tamén unha boa cantidade de semblanzas de diferentes personaxes. O ton mestura a melancolía e a ironía cunha característica retranca galega. Finalmente, o "Epistolario" reúne unha serie de cartas (ao xeneral Martínez Campos; a Francisco Hermida, director do semanario *Galicia Moderna*, e unha titulada "In crescendo", na que pide a autonomía para Galicia), ilustracións dos manuscritos orixinais do poemario e un epílogo firmado por Xosé

Neira Vilas. Nel, o autor de Gres subliña as dotes para a poesía de Devesa Naveiro e o seu papel como intelectual que proxecta a mensaxe propia dende a emigración. Tamén gaba o acerto de Xosé Lois García na recuperación dos seus versos.

Ferreiro, Celso Emilio, *Poesía galega completa*, limiar e edición de Ramón Nicolás, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2004, col. Clásicos, nº 4, 788 pp. (ISBN: 84-9782-138-6).

Volume que recolle a totalidade da obra poética en galego de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979). O limiar, a edición e as notas a rodapé están realizados por Ramón Nicolás, que comeza a obra cun "Limiar", que está dividido nos apartados "Aspectos bio-bibliográficos", onde se recollen as obras e os acontecementos vitais máis destacados do escritor e "A poesía de Celso Emilio Ferreiro", onde seafirma que non está suficientemente recoñecida a obra dunha "das grandes voces poéticas que abrollou no noso sistema literario no século XX". Define a súa poesía como polifónica e destaca a gran variedade de formas que presenta así como o prolífica que é. Tamén indica que debe considerarse como un *todo* unitario xa que presenta unha grande unidade estilística e temática e que unha gran parte das súas composicións deben situarse na tradición reivindicativa poética galega. A seguir está o apartado "A presente edición", onde indica que os criterios que seguiu para a realización desta obra foron o cronolóxico, o de ser o máis fiel posíbel as edicións definitivas das obras de Celso Emilio. Tamén indica que reproduce todos os libros poéticos do autor en galego, ademais dun grupo de composicións que ven a luz por vez primeira . Na presente obra consérvanse, asemade, os limiares orixinais e as dedicatorias, así como as solucións sintácticas léxicas e morfolóxicas que adoptou o propio autor. Ramón Nicolás afirma tamén que tentou, na medida do posíbel, colocar o menor número de notas a pé de páxina. Remata este apartado indicando as fontes que empregou. O "Limiar" remata co apartado "Bibliografía selecta". Recóllense as seguintes obras: *Cartafol de poesía* (1936), que publicou conxuntamente con Xosé Velo , *O soño sulagado*, (1954), onde, en palabras do editor, "nace definitivamente a poesía galega", *Longa noite de pedra* (1962), *Viaxe ao País dos Ananos* (1968), que conta cunha "Introducción" de Xesús Alonso Montero, *Cantigas de escarneo e maldecir* (1968), *Terra de ningures* (1968), *Paco Pixiñas. Historia dun desleigado contada por il mesmo* (1970), *Antipoemas* (1972), *Os autentes* (1973), *Cimenterio privado* (1973), *Onde o mundo se chama Celanova* (1975), que inclúe a sección titulada "Moraima: diario de a bordo", *O libro dos homenaxes* (1979), que aparece dividido en "Homenaxes ós meus"," Homenaxe á miña terra" e "Homenaxe ós meus amigos". O último apartado da presente obra é "Poemas soltos", dividido este á súa vez en tres epígrafes: "Poemas de preguerra", "Poemas de posguerra" e "Novos poemas (1932-1978)": neste último recóllense unha serie de poemas que non foron compilados até agora.

Recensións:

- Ramón Loureiro, 'Todos os versos de Celso Emilio', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 60, 'Letras en galego', 15 maio 2004, p. 7.

Loa a figura de Celso Emilio, cita algunha das obras poéticas recollidas en *Poesía Galega Completa* e destaca a importancia de publicar xunta toda a súa obra poética vista dende a perspectiva que achega o paso do tempo. Chama tamén a atención sobre o máis de medio centenar de composicións inéditas ou aínda non compiladas que ven a luz por primeira vez. Indica, a seguir, os criterios que Ramón Nicolás, o editor da obra, empregou. Remata recomendando a lectura da obra.

- C.B.G., 'Os versos coñecidos e descoñecidos de Celso Emilio Ferreiro', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Obra galega completa', 30 maio 2004, p. 2.

Comeza definindo a obra, publicada vintecinco anos despois da morte do autor, como "ambicioso e único volume". Indica que o editor, Ramón Nicolás, reproduce fielmente todos os versos en galego de Celso Emilio, incluíndo sesenta composicións que permanecían inéditas ou non compiladas. Realiza unha visión biobibliográfica do escritor e indica que as súas principais características poéticas son o "inconformismo, soedade, dor e angustia existencial".

- Vicente Araguas, 'O amor belixerante de Celso Emilio Ferreiro', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 6 xuño 2004, p. 3.

Loa a publicación de *Poesía Galega Completa* pola editorial Xerais de toda a poesía de Celso Emilio Ferreiro, a quen Vicente Araguas define como un dos grandes clásicos da literatura galega. Destaca a súa poesía belixerante e política, presente sobre todo en *O soño sulagado, Longa noite de pedra* ou *Viaxe ao pais dos ananos* e tamén a súa poesía erótica, onde destaca *Explicación*.

- Xan Carballa, 'Os inéditos de Celso Emilio Ferreiro', *A Nosa Terra*, nº 1.132, 'Cultura', 10 xuño 2004, p. 24.

Repaso a gran parte da obra inédita de Celso Emilio, a quen se lle dedicara o Día das Letras Galegas no ano 1989. Manifesta que vinte e cinco anos despois da súa morte é necesario que se publique toda a súa obra inédita. A seguir, repasa os diferentes proxectos que están en marcha como, por exemplo, a obra na que se recollerán os traballos publicados en *Faro de Vigo* entre o 1950 e o 1962 e que correrá a cargo de Ramón Nicolás, ademais doutra obra que recollerá as colaboracións que realizou Ferreiro para o ABC. Tamén anuncia a posíbel publicación de *Cabronario*, obra satírica onde Celso Emilio xuntou parte da súa obra poética en castelán ou de *Memorias de nunca*. Conclúe indicando que tamén sería preciso publicar todo o seu epistolario e aporta o dato de que hai trescentas cancións rexistradas na SGAE que son poemas seus musicados.

- Vicente Araguas, 'Testemuña', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 13 xuño 2004, p. 21.

Loanza a Celso Emilio co gallo dos vintecinco anos da súa morte. Vicente Araguas, amigo do escritor, relata algunha das súas vivencias xunto Ferreiro como, por exemplo, cómo o coñeceu.

- Armando Requeixo, 'Poesía completa', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 88, 'Libros', 17 xuño 2004, p. V.

Comeza destacando a grande importancia que ten a publicación de *Poesía Galega Completa* de Celso Emilio Ferreiro, editada polo profesor Ramón Nicolás, xa que a obra do escritor celanovés foi moi pouco estudada. Afirma que ten unha "importancia decisiva" e achega a relación das obras que recolle, destacando a sección titulada "Poemas soltos": na que aparecen recollidos un conxunto de poemas que non foran compilados antes. A seguir comenta e loa o "Limiar" da obra así como tamén a maquetación tipográfica, a ilustración da cuberta, de Villalobos, e as interiores, de Laxeiro e de Sesto Novás. Conclúe loando o gran respecto filolóxico co que se realizou a obra.

- Vicente Araguas, 'Café e whisky con Celso', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 19 setembro 2004, p. 20.

Loanza a Celso Emilio co gallo dos vinte e cinco anos da súa morte. Vicente Araguas, amigo do escritor, relata algunha das súas vivencias xunto del como, por exemplo, cómo o coñeceu.

- Teresa Seara, 'Os nomes do poeta', *Tempos Novos*, nº 89, 'Libros', outubro 2004, p. 73.

Reflexiona Teresa Seara sobre o feiro de que na maioría dos estudos sobre a obra de Celso Emilio Ferreiro se pon de relevo que foi o iniciador da poesía de matriz social-realista, mais afirma que o poeta celanovés tamén cultivou outros temas como a liña intimista ou a satírica, que tiveron un peso esencial dentro da súa obra. Sinala que o volume está formado por trece poemarios, aos que se engade un conxunto de "Novos poemas" que xa foran editados en revistas e outros medios entre 1932 e 1978. Teresa Seara salienta que estes novos textos permiten comprender na súa totalidade a tendencia de Celso Emilio cara a elaborar unha obra plural tanto nos temas como na forma. Comenta que as liñas axiais ou ben teñen unha relevancia sucesiva en cada libro ou ben se imbrincan e evolucionan xuntas nos versos: que permiten ao lector coñecer de primeira man certas vivencias persoais e biográficas do poeta. Considera finalmente que agora que estamos no vinte e cinco cabodano do seu pasamento, a voz de Celso Emilio volve á actualidade tanto neste volume como tamén na nova edición que Armando Requeixo preparou de *Viaxe ao País dos Ananos*, obra na que se inicia a veta satírica do celanovés.

Referencias varias:

- Cándida Andaluz, 'Xerais recoge en un volumen toda la obra poética de Celso Emilio Ferreiro', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 maio 2004, p. 50.

Dá conta da homenaxe que se lle tributou en Celanova a Celso Emilio Ferreiro cando se cumpren vinte e cinco anos da súa morte. Coincidindo co evento, Edición Xerais de Galicia publicou *Celso Emilio Ferreiro. Poesía Galega Completa*, de Ramón de Nicolás, na colección "Xerais clásicos" e *Celso Emilio Ferreiro. Viaxe ao país dos ananos*, de Armando Requeixo, na colección "Biblioteca das Letras Galegas". Indica que na primeira das dúas obras se recolle toda a obra do escritor, incluíndo textos pouco coñecidos e inéditos. Remata falando brevemente da edición de *Viaxe ao país dos Ananos*.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Primavera en Celso Emilio', *Galicia Hoxe*, 'Opinión Hoxe/Fai fume', 5 maio 2004, p. 4.

Reflicte diferentes vivencias vitais nas que coincidiu con Celso Emilio Ferreiro e que recorda logo da lectura de *Poesía Galega Completa*, edición que preparou Ramón Nicolás. Incorpora tamén o poema "O alacrá debaixo da pedra" do libro *Cimenterio privado* (1973).

- Alberto Quián, 'Celso Emilio Ferreiro é un autor clásico para nós', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 12 maio 2004, p. 40.

Entrevista a Ramón Nicolás na que se informa da publicación de *Poesía Galega Completa* de Celso Emilio Ferreiro, obra na que compilou toda a obra poética do escritor, xunto cun estudo introdutorio. Cualifica a Celso Emilio como "un dos máis grandes poetas do século XX". Finalmente, destaca *Longa noite de pedra* (1962) e xustifica *Viaxe ao país dos ananos* (1968).

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 84, 20 maio 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Rosalía de Castro. Poesía galega completa II* (2004), de Andrés Pociña e Aurora López; *Celso Emilio Ferreiro. Poesía galega completa* (2004), unha edición de Ramón Nicolás; *Oito días nunha existencia violácea* (2004), de Ricardo Mora; e *Indo para máis perto* (2004), de X. Alexendre Cribeiro. No que respecta á antoloxía de Celso Emilio Ferreiro, destácase o feito de que se atopa nun volume toda a obra poética do autor celanovés, así como a engádega dun importante número de material inédito.

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Poesía enteira de Celso Emilio Ferreiro', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 20 maio 2004, p. 3.

Defende a publicación das obras completas ou reunidas dos poetas, xa que segundo el a poesía representa para a cultura galega o "nervio étnico e estético primordial", onde se

encadra a *Poesía Galega Completa* de Celso Emilio Ferreiro, recentemente publicada cunha edición que correu a cargo de Ramón Nicolás. Remata o artigo loando a figura do escritor.

- Marcos Valcárcel, 'O primeiros poemas de Celso Emilio', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 2 xuño 2004, p. 64.

Reflexiona brevemente sobre as primeiras composicións de Celso Emilio Ferreiro. Fala de *Cartafol de poesía* (1936) e dos dezaoito poemas que publicou antes da guerra civil, así como tamén das cinco colaboracións que viron a luz no *Heraldo de Galicia* e no *Faro de Vigo*. Comenta que os grandes temas do escritor, como son o paraíso da infancia e as paisaxes natais, a forza do alento amoroso, a reflexión existencial, o paso do tempo e o diálogo calado con Deus, están xa presentes nestas composicións. Conclúe mencionando que todas estas obras están recollidas en *Poesía Galega Completa*.

- X.L. Méndez Ferrín, 'No País dos Ananos', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 4 xuño 2004, p. 24.

Loa a edición da obra poética completa de Celso Emilio Ferreiro que realizou Xerais e reflexiona tanto sobre os "ananos" dos que falaba Celso Emilio como dos que existen na actualidade.

- Marcos Valcárcel, 'Unha voz polifónica', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 4 xuño 2004, p. 77.

Informa de que vinte e cinco anos despois da súa morte, Edicións Xerais publicou dous novos libros sobre o autor, *Poesía galega completa*, preparada por Ramón Nicolás e unha reedición de *Viaxe ao País dos Ananos*, da man de Armando Requeixo. Indica que a obra recolle a ducia de obras en galego del xunto con trinta e dous poemas que permanecían inéditos en libro ata agora. Remata afirmando que nesa obra pódese observar a súa obra en conxunto.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 5 xuño 2004, p. 75.

Chama a atención sobre o feito de que no volume editado por Ramón Nicolás baixo o título *Poesía Galega Completa* de Celso Emilio Ferreiro aparecen compiladas as creacións líricas en galego máis antigas do escritor. Trátase de textos que apareceron en *Heraldo de Galicia* dende 1932.

García Bodaño, Salvador, *Tempo de Compostela*, Santiago de Compostela: Grupo Correo Gallego/Concello de Santiago ♦, 2004, col. Poeta en Compostela, nº 3, 64 pp. (ISBN: C-84-8064-136-3).

Volume que recolle o segundo poemario de Salvador García-Bodaño Zunzunegui (Vigo, 1935), que saíu a lume por vez primeira en 1978, e que constitúe a terceira entrega da colección "Poeta en Compostela". Ábrese cunha introdución de Euloxio R. Ruibal titulada "Fonda verdade poética" na que se indica que con este poemario se inaugurou un ciclo sobre a Cidade do Apóstolo e na que se recorda o tempo no que o poemario se publicou por vez primeira, así como a relación do seu autor con Euloxio Ruibal. Tamén se fai fincapé no que supuxo a publicación destas composicións centradas en "un tempo e un espazo, poeticamente bodañescos, xa por sempre universalizados". A seguir, baixo o título "Ao pé de cada hora en Compostela", Xosé María Álvarez Cáccamo comenta as características da poesía de García-Bodaño, especialmente de *Tempo de Compostela* (1978), Premio da Crítica Española de 1979, e lembra a súa sorpresa e pracer lector ante a segunda edición deste libro. Así mesmo, comenta aspectos de cómo se conformou este poemario e a edición da *Obra Poética*, reunida por Espiral Maior en 1993. Finalmente, alúdese a diferentes autores cos que García Bodaño dialoga na súa obra. En "Máis alá dos vitrais da choiva" o autor de *Tempo de Compostela* (1978) indica cal foi a súa intención coa edición deste libro, cales as necesidades que pretendía cubrir, cómo foi a xénese e a evolución do poemario e o seu éxito. Finalmente reprodúcese o poemario que, respecto á última edición publicada, correspondente ao ano 2002 (Xerais), non presenta ningún estudo preliminar nin notas. Divídese en tres seccións; "Poemas diacrónicos", "Poemas contemporáneos" e "Poemas nominados", aos que lle hai que engadir tres textos limiares e un epigonal.

Referencias varias:

- H. Neira, 'A realidadeda cidade suxeríame poemas', recorda García-Bodaño', *El Correo Gallego*, 'Literatura', 2 decembro 2004, p. 67.

Comunícase a distribución, na área de Santiago, do poemario *"Tempo de Compostela"* de García Bodaño, autor encadrado na chamada Xeración das festas Minervais, que xurdiu en Compostela na posguerra. A obra, que tivo a súa primeira edición en 1978, mudou dende entón coa incorporación de novos textos. O autor afirma que se elaborou en distintas etapas dende a realidade que Compostela que lle ía suxerindo.

García Lorca, Federico, *Seis poemas galegos*, ilust. por Antón Pulido
introdución por Luís Manuel García Mañá e Modesto Hermida García, Santiago de Compostela: Xefatura Superior de Policía de Galicia/Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 28 setembro 2004, [30] pp. (DL: C-2.257-2004).

Volume que se abre, a xeito de introdución, cos apartados "Chove en Santiago. Meu doce amor...", da autoría do Xefe Superior de Policía de Galicia, Luís Manuel García Mañá e "García Lorca, Galego de Vocación", da autoría do crítico literario Modesto Hermida García (Vales de Cea-Ourense, 1946). No primeiro destes apartados, que se presentan ambos os dous tanto en lingua galega como en lingua castelá, García Mañá loa a xuntanza da "lírica e forza tráxica" de García Lorca co idioma galego e declara que o Corpo Nacional de Policía ao que pertence creu que, nunha festa como é a da celebración da súa festa

nacional, *Seis poemas galegos* "poden sintetizar unha mostra dun xeito de ser". No segundo apartado, Modesto Hermida comenta a relación do autor de *Romancero gitano* con Galicia: fala da relación mantida entre Lorca e Eduardo Blanco Amor e repasa os diferentes contactos do autor andaluz coa nosa terra en 1916 e 1932, así como as súas colaboracións en revistas como a pontevedresa *Cristal*, a luguesa *Yunque* e a compostelá *Resol*. Hermida García tamén sinala cando e onde apareceu por primeira vez *Seis poemas galegos* (constituíu o volume LXXIII publicado pola editorial compostelá Nós no 1935) e pon exemplos de diferentes poemas incluídos na coroa poética, "Os poetas de Galicia cantan a García Lorca. Coroa literaria para Federico contra a súa morte", da que se encargou Alonso Montero, así como exemplos doutros estudosos que, como este último, se ocuparon da vida e obra do granadino, entre outros, Xosé Luís Franco Grande e José Landeira Yrago. A seguir, reprodúcense os poemas "Madrigal a cibdá de Santiago", "Romaxe de nosa Señora da Barca", "Cantiga do neno na tenda", "Noiturno do adoescente morto", "Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta" e "Danza da Lua en Santiago" nos que a morte, Galicia e os seus costumes e elementos atmosféricos están presentes. Este volume acompáñase das fotografías de diferentes autores que se citan no texto, así como de ilustracións de Antón Pulido: que reflicten ao que a este ilustrador lle suxiren os distintos textos poéticos.

Recensións:

- Xosé Ramón Pena, 'Chove en Santiago', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 102, 'Libros', 2 decembro 2004, p. IV.

Xosé Ramón Pena felicita aos responsábeis da reedición dos poemas en galego de Federico García Lorca, publicada co gallo da Festa do Corpo Nacional de Policía. Achega un fragmento dunha das seis composicións en galego recollidas nesa reedición, alude ao interese espertado por esas seis composicións entre os críticos e estudosos, indican algunhas das razóns que xustifican ese interese e, en relación coa polémica ao redor da autoría, reproduce un fragmento dunha epístola de Ernesto Guerra da Cal a Eduardo Blanco Amor.

Referencias varias:

- Xesús Alonso Montero, 'García Lorca e a Policía española', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 82, 'A outra mirada', 16 outubro 2004, p. 19.

Xesús Alonso Montero cualifica como "feito insólito" o acto clebrado en Compostela e no que policías chegados de toda España foron agasallados cunha nova edición de *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca. Dá conta do que se atopa o lector neste volume. Loa esta iniciativa e aínda lles suxire, aos seus promotores, outra: a edición en galego, castelán, eúscaro e catalán do poema "Na Catedral", de Rosalía de Castro.

- Antonio Piñeiro, 'Seis poemas, tres ourensáns e un autor', *La Región*, 'Opinión', 19 outubro 2004, p. 21.

Antonio Piñeiro dá conta do que fixo cos dous exemplares que recibiu da nova edición non venal de *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca, que se lle regalou aos policías de España que se deron cita en Compostela na festa do seu patrón. Parafrasea as palabras de Luís García Mañá e Modesto Hermida García, que se recollen na introdución do volume, para indicar o que estes seis poemas supoñen e, finalmente, fala destes dous ourensáns e de Antón Pulido como menbros "desa caste de ourensáns que camiñan polo mundo ofrecéndolles a Ourense unha dimensión de universalidade que, cando menos, nos fai sentir orgullo da nación".

- Helena Villar Janeiro, 'Chove en Santiago', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 22 outubro 2004, p. 3.

Comeza este artigo sobre o Plan de Normalización Lingüística cuns versos de García Lorca en galego recollidos na nova edición realizada pola Xefatura Superior de Policía de Galicia.

- F. Franco, 'La policía recuerda a Lorca', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 386, 'Arte/Libros', 23 outubro 2004, p. 2.

Coméntanse algunhas das características do agasallo co que o Corpo Nacional de Policía de Galicia obsequiou ao seus compañeiros no acto celebrado na Praza do Obradoiro compostelá con motivo do Día da Policía. Indícase que o agasallo consistiu nunha nova edición de *Seis poemas Galegos*, de Federico García Lorca.

García Lorca, Federico, *Seis poemas galegos*, introdución de Francisco Umbral; ilust. Carlos Fernández e Sally Cutting, A Coruña: Editorial Camiño do Faro, xullo 2004, 41 pp. (ISBN: 84-933357-1-1).

Baixo o título *Seis poemas galegos* a editorial Camiño do Faro publica unha edición ilustrada dos seis poemas que Federico García Lorca (Granada 1898-1936) compuxo en galego. As ilustracións dos poemas débense a Carlos Fernández e Sally Cutting. A obra conta tamén cunha introdución de Francisco Umbral e cun prefacio do editor Lucindo-Javier Membiela. Umbral refírese á extraordinaria sensibilidade que caracteriza a Lorca, calidade fundamental do poeta que explica o nacemento dos poemas lorquianos en galego. O autor de *Las Ninfas* resalta o poema dedicado a Rosalía de Castro e subliña o paralelismo entre Lorca e a poeta galega pois, segundo el, ambos cantaron á claridade do amor e á epopea do seu pobo. Por último, Francisco Umbral subliña a musicalidade e o ritmo da poesía de Lorca que tamén enchoupa os *Seis poemas galegos*. Membiela apunta brevemente que esta edición se basea na príncipe da editorial Nós, ademais indica que se contrastou unha ampla bibliografía na que figuran diversas revistas científicas, manuscritos, textos doutras editoriais así como os estudos e as declaracións dos editores e dos amigos de Lorca: García Posada, Ánxel Casal, Fole ou Cunqueiro. A obra *Seis poemas galegos* manifesta a fascinación que o poeta granadino sentiu por Galicia: a súa paisaxe, a súa cultura e as súas xentes. Pódese dicir que a cidade de Santiago de Compostela impresionou

a Lorca, pois celebra a súa beleza nos poemas "Madrigal â cibdá de Santiago" e "Danza da lúa en Santiago". En "Romaxe de Nosa Señora da Barca" describe á Virxe da Barca e a súa romería. Lorca coñece a emigración do pobo galego a Arxentina e a ela fai referencia en "Cantiga do neno da tenda". Belas imaxes constrúen o poema "Noiturnio do adoescente morto". Lorca declara tamén a súa profunda admiración pola autora de *Cantares Gallegos*, a quen lle dedica o poema "Canzón de cuna para Rosalía de Castro, morta". O libro péchase cunha "Adenda" na que se inclúen unha fotografía da viaxe que Lorca fixo a Santiago en 1916, un retrato do escritor, a portada da primeira edición de *Seis poemas galegos* (1935) e unha breve cronoloxía que recolle os anos de nacemento e pasamento do poeta, así como as datas nas que Lorca mantivo algún tipo de relación con Galicia. En suma, *Seis poemas galegos* son unha sensíbel e agarimosa mostra do leve contacto de Federico García Lorca coa terra galega.

Recensións:

- Xesús Fraga, 'A sensibilidade galega de Lorca', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 71, 'Letras en galego', 31 xullo 2004, p. 7.

Informa que a editorial coruñesa Camiño do Faro, publicou o libro *Seis Poemas galegos*, que recolle os seis poemas en galego de Federico García Lorca. Apunta que os poemas están acompañados polas ilustracións de Carlos Fernández e Sally Cutting e precedidos dun limiar de Francisco Umbral, que se centra na musicalidade dos poemas lorquianos. Subliña que os textos son froito da fascinación de Lorca por Galicia e lembra que xa foran publicados por Ánxel Casal no ano 1935, un ano antes do fusilamento do poeta andaluz e do impresor galego. Finalmente, sinala que hai certa polémica en torno ao grao de participación de Lorca nos mencionados poemas: as posturas oscilan entre os que pensan que o seu dominio do galego era moi escaso e, por tanto, non lle permitiría escribir os textos e os que consideran que só recibiu unha pequena axuda de corrección lingüística.

Referencias varias:

- Antonio Piñeiro, 'Seis poemas, tres ourensáns e un autor', *La Región*, 'Opinión', 19 outubro 2004, p. 21.

Antonio Piñeiro dá conta do que fixo cos dous exemplares que recibiu da nova edición non venal de *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca, que se lle regalou aos policías de España que se deron cita en Compostela na festa do seu patrón. Parafrasea as palabras de Luís García Mañá e Modesto Hermida García que se recollen na introdución do volume para indicar o que estes seis poemas supoñen e, finalmente fala destes dous ourensáns e de Antón Pulido como menbros "desa caste de ourensáns que camiñan polo mundo ofrecéndolles a Ourense unha dimensión de universalidade que, cando menos, nosfai sentir orgullo da nación".

- Helena Villar Janeiro, 'Chove en Santiago', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 22 outubro 2004, p. 3.

Helena Villar Janeiro comeza este artigo sobre o Plan de Normalización Lingüística cuns versos de García Lorca en galego recollidos na nova edición realizada pola Xefatura Superior de Policía de Galicia.

Gómez Ledo, Avelino, *Romanceiro compostelán*, edic. de Mª Teresa Araujo García, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, 2004, col. Libros da Frouma, nº 32, 84 pp. (ISBN: 84-85385-87-X).

Ábrese o libro cunha introdución de Mª Teresa Araújo García, que contén unha pequena biobibliografía do teólogo e poeta Avelino Gómez Ledo (Chantada, 1893-1977), así como unha aproximación á "xénese de Avelino Gómez Ledo como poeta en galego", un apartado no que se advirten os criterios de edición e unha listaxe bibliográfica sobre o autor. O *Romanceiro compostelán* consta de 21 poemas nos que predomina o verso octosílabo e a rima asonante, mais tamén conta con sonetos, silva e cuaderna vía. A temática principal é xacobea, manifesta xa no título e en 12 dos poemas do libro, nos que se realiza unha exaltación da cidade compostelá, a catedral, os rituais relixiosos e as lendas relacionadas co apóstolo Santiago; aprécianse, así mesmo, poemas de inspiración relixiosa ("Badaladas", "Rosa místega") e costumista ("Conto de bruxas"). Unha pequena parte do poemario contén composicións dedicadas a Galicia, nas que é apreciábel a influencia da Rosalía de *Cantares Gallegos*, como no caso do titulado "¡Adeus!". A obra reunida neste Romanceiro escribiuse entre 1919 e 1915.

Lorenzo Abeijón, Áurea, *Queixas*, edic. de Aurora Marco, Noia-A Coruña: Toxosoutos ♦, 2004, col. Memoralia, nº 4, (ISBN col: 84-96259-41-2), 95 pp. (ISBN: 84-9659-41-2).

Ábrese o volume cun "Liminar" de Aurora Marco no que se fala sobre como xurdiu esta reedición e cales foron os obxectivos dela, así como da colección na que se insire. A seguir, preséntase a introdución dividida en catro apartados: "Na 'Hortiña': núcleo familiar", "Áurea Lorenzo Abeijón", "Emigración a Arxentina" e "Obra literaria". Na primeira delas a editora achégase ao nacemento de Áurea Lorenzo Abeijón e ao ambiente familiar no que viu a luz. Na segunda, céntrase na infancia e adolescencia da escritora e indica algunhas das actividades que realizaba. En "Emigración a Arxentina" dá conta da vida levada a cabo na emigración e, finalmente, no cuarto apartado, "Obra literaria", Aurora Marco detense na obra literaria da autora tanto en galego como en castelán: concretamente nos poemarios *Queixas* e *Campanas del cielo*. Acompáñase a introdución de dous anexos nos que se recollen diferentes cartas de Áurea Lorenzo dirixidas a súa irmá Enriqueta e á sobriña-neta Dominga Vázquez Vila e fotografías que a familia conserva. A continuación reprodúcese o poemario *Queixas* -publicado por vez primeira en Bos Aires no ano 1943- que constitúe un dos poucos poemarios editados en galego nos anos posteriores á Guerra Civil. Iníciase entón o libro cun prólogo de autoría descoñecida (segundo indica Aurora Marco a sinatura autógrafa é ilexíbel), logo do cal están os vinte e nove poemas nos que a poeta se traslada ás paisaxes natais para evocar os gratos recordos da nenez e a adolescencia, das lembranzas polas que desfilan tipos populares (gaiteiros, mariñeiros, labregos, etc.) ou nos que a

tristura e a saudade pola ausencia dos seres e os lugares queridos, por causa da emigración xeralmente, constitúen o seu tema central.

Manuel Antonio, *Foulas*, Vigo: Galaxia, 5 outubro 2004, col. Dombate, nº 41, 61 pp. (ISBN: 84-8288-727-0).

Volume que reproduce a edición publicada en Galaxia no ano 1972 a cargo de Domingo García-Sabell baixo o título *Poesías*. Con respecto de aquela corrixe erros de imprenta e elimina o acento gráfico nas palabras oxítonas rematadas en ditongo e nas que teñen vogal *u* en hiato, seguindo o uso habitual de Manuel Antonio (Rianxo, 1900-1930). Tamén sistematiza o emprego do apóstrofo e do guión no caso das contraccións. O volume inclúe vinte e oito poemas, todos eles con título, compostos entre 1922 e 1925, nos que a estética vangardista, cos seus xogos tipográficos, e o léxico e a temática mariñeira característicos do autor están presentes. Así, pódense atopar termos mariñeiros como "ronsel", "foulas", "rede", etc. ben en diferentes versos das composicións ben dándolle título a estas. Tamén se atopan neste poemario elementos relacionados coa noite, co firmamento ou cos astros.

Recensións:

- Ramón Loureiro, 'Para sempre, Manuel Antonio', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 84, 'Letras en galego', 30 outubro 2004, p. 7.

Anuncia a publicación do poemario *Foulas* pola editorial Galaxia. Faise unha valoración da achega do seu autor, Manuel Antonio, ao panorama literario galego: no que conseguiu unha modernización, podendo ser considerado, xunto con Álvaro cunqueiro, un dos poucos vangardistas.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Foulas', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 7 novembro 2004, p. 51.

Achéganos ao contido deste poemario reeditado pola editorial Galaxia; libro singular no que se "comenza a experimentar coa disposición do texto en caligramas" e na que se fai unha orixinal renovación da tradición popular.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Je suis, eu son', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 novembro 2004, p. 51.

Anúnciase a reedición de *Foulas*, obra que deixou inédita o poeta Manuel Antonio e que vén de ser recuperada por parte da editorial Galaxia. Esta nova edición reproduce a publicada en Poesía no 1972 a cargo de García Sabell e é, segundo a editora, a que mellor soubo recoller o espírito renovador dos *ismos* europeos e hispanoamericanos. Aproveita igualmente para achegarnos a obra e a vida do único representante da liña simbolista das vangardas en Galiza.

Manuel María, *Elexías á miña vida pequeniña*, Vilalba-Lugo: Instituto de Estudios Chairegos, 2004, col. Biblioteca Chairega, nº 1, 84 pp. (DL: LU 257-2004).

Libro de trece poemas no que o poeta escolle a elexía como forma para dar contido a todas as angustias, as soidades, os sufrimentos e as contradicións que viña sufrindo en torno aos anos '50. É pois un poemario fondamente existencialista. Consta de dúas introducións, unha do autor, que nos fala do que pasou coa obra entre o ano de elaboración (1950) e o de publicación (2004); e outra de Antón Xosé Meilán García (quen atopou este libro entre os papeis do escritor mindoniense) que consta de varias partes: unha presentación do poemario, unha descrición do seu significado dentro da obra do autor, un tratamento do contido por temas (o home e o poeta, Deus e a relixión, a poesía irreal, etc.), e un tratamento da forma por aspectos (fónicos, sintácticos, morfolóxicos, semánticos e estilísticos). A continuación veñen as trece elexías que compoñen a obra, introducidas por unha dedicatoria que Manuel María fai a Álvaro Cunqueiro. Logo hai un epílogo, escrito polo escritor de Mondoñedo, no que se fala da relación entre a xeografía (a toponimia), a historia e a obra do autor chairego. Xa no remate aparece un facsímile do orixinal dos trece poemas.

Recensións:

- X.F., 'Elexías á miña vida pequeniña', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 69, 'Letras en galego', 17 xullo 2004, p. 7.

O primeiro parágrafo conta que a publicación do libro de Manuel María levouse a cabo para conmemorar os cincuenta anos da primeira edición de *Terra Chá*, de Manuel María. A seguir, achega uns datos sobre a historia do libro. A segunda parte comeza a falar do valor simbólico do libro na obra do autor e da súa estrutura e remata contando, a modo de anécdota, o xeito no que apareceu.

- Armando Requeixo, 'Pequeniña vida de Manuel María tras do relanzo de medio século', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poemario', 29 agosto 2004, p. 3.

Conta a aparición do libro e a alegría que supón isto tanto para o investigador como para os lectores e resume o contido do libro. Relata a historia do libro e fala do sentido que ten este dentro da obra de Manuel María. Remata falando da edición facsímile e do epílogo que aparecen na obra.

- Xavier Castro R., 'Trece elexías recuperadas de Manuel María', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Escolma', 10 outubro 2004, p. 4.

Comeza falando da relación existente entre Manuel María, a súa obra, a Terra Chá e Álvaro Cunqueiro. Continúa contando quen foi o responsábel da publicación, encadra o libro no

conxunto da obra de Manuel María e opina sobre o que pasou coa obra para que sobrevivise 50 anos. Despois, cualifica de "útil e interesante" o prólogo de Xosé Meilán García e reflexiona sobreo sentido do libro.

Referencias varias:

- Orlando Viveiro, 'Manuel María', *El Progreso*, 'Cartas', 18 xullo 2004, p. 24.

Fala da presentación do libro o día 4 de xullo na Carballeira de Santa Isabel, en Outeiro de Río, e da data de elaboración da mesma. A seguir, informa de que Meilán García foi o seu descubridor e de que o Instituto de Estudos Chairegos, entre outros, foi o promotor desta edición. Logo, despois de dicir quén foron os que falaron na dita presentación, e do bonito que foron os discursos que saíron das bocas dos presentadores, trata dun xeito irónico as ausencias oficiais do evento.

- Margarito Flowers, 'Manuel María sigue 'poemando' mientrea mide en verso la cadencia de sus arritmias', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 29 xullo 2004, p. 72.

O escritor fai un contraste entre o que di el que viña dicindo Manuel María, que "ya casi no escribe, salvo la jugosa y muy seguida colaboración que mantiene en este periódico", e o que el di "Manuel no para de hacer cosas. Sirva de ejemplo que ahora acaba de ver la luz una maravillosa joya escrita que lleva por título *Elexías á miña vida pequeniña*".

- Xosé M. Felpeto Enríquez, 'Carta a Manuel María', *El Progreso*, 'Tribuna Libre', 21 setembro 2004, p. 18.

Carta na que o autor repasa algunhas das anécdotas biográficas de Manuel María que poñen de relevo a súa personalidade: "compartir a túa sabedoría", "a túa humildade", "E de novo cediches altruístamente". Logo, segue falando da despedida o día do seu enterro en San Domingos de Bonaval e en Santa Isabel. Finalmente, menciona a fachenda colectiva que foi ter a un escritor e a unha persoa como era Manuel María.

- Mayte Corbelle, 'Multitudinario homenaje a Manuel María en el centro cultural y recreativo vilalbés', *El Progreso*, 'Terra Chá', 16 outubro 2004, p. 20.

Fala da homenaxe que a Fundación Manuel María e e a asociación Xermolo lle fixeron a Manuel María. Describe o acto e conta que "o BNG de Outeiro de Rei presentará unha moción para que o poeta sexa nomeado fillo predilecto".

- Xosé María Palacios, 'A Terra Chá lembra ao seu cantor', *La Voz de Galicia*, 'Terra Chá', 17 outubro 2004, p. L11.

Dáse conta do acto de homenaxe que se lle rendeu ao poeta Manuel María no Círculo Cultural e Recreativo de Vilalba, organizado polo Instituto de Estudos Chairegos. Recóllense as palabras do presidente do devandito instituto, Chema Feldepeto, quen dixo que a Terra Chá tiña unha gran débeda de gratitude co poeta, que "en certo xeito foi o inventor da comarca chairega". Dise que Feldepeto pediu a todos os concellos da comarca que lle rendan unha homenaxe ao poeta dándolle o seu nome a unha rúa ou á respectiva Casa de Cultura. Por último, coméntase que a este acto acudiu Alfonso Blanco, o presidente da asociación cultural Xermolos de Guitiriz, e Antón Meilán, catedrático da Universidade de Oviedo, e que nel se comentaron trazos do libro *Elexías á miña vida pequeniña*, editado pouco antes da morte do poeta.

- Jaureguizar, 'Rescatado o segundo poemario de Manuel María, que estaba inédito', *El Progreso*, 'Cultura', 30 outubro 2004, p. 89.

Infórmase da presentación do libro *Elexías á miña vida pequeniña* de Manuel María, que se desenvolveu na galería Sargadelos de Lugo. A seguir, resume a intervención de Antonio Meilán, quen contou a historia de como o libro se perdeu nas mans de Álvaro Cunqueiro -para recuperarse logo en 2003- e de cal era o seu contido: a busca íntima, persoal e literaria, do autor.

- V. Oliveira, 'Manuel María inédito', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 novembro 2004, p. 47.

O xornalista fala da presentación do libro *Elexías á miña vida pequeniña* de Manuel María que tivo lugar na galería Sargadelos de Compostela. Conta a historia do libro, dende que o autor o escribiu até que o publicaron, tomando citas dos presentadores do acto e do propio autor.

- V. Oliveira, 'Manuel María, entre os papeis de Cunqueiro', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 19 novembro 2004, p. 75.

A nova remite a presentación do libro *Elexías á miña vida pequeniña* de Manuel María que se levou a cabo na galería Sargadelos de Santiago. Conta a historia do libro, dende que o autor o escribiu até que o atoparon.

- Isabel Mariño, 'Un libro recupera trece elexías inéditas escritas por Manuel María', *La Opinión*, 'Literatura', 20 novembro 2004, p. 61.

Fala da presentación que a asociación Amigos dos Museos de Galicia, no seu espazo de cultura "Portas Abertas", fixo do segundo libro que escribiu Manuel María, *Memoria da miña vida pequeniña*. Logo resume cada unha das intervencións dos participantes que colaboraron neste acto: Antón Xosé Meilán, Manuel Roca e Felipe Senén López.

Manuel María, *Poemas a Compostela*, Santiago de Compostela: Grupo Correo Gallego/Concello de Santiago, 2004, col. Poeta en Compostela, nº 1, 79 pp. .

Este libro é o inicio da colección "Poeta en compostela" creada e levada a cabo por El correo gallego, a concellaría de cultura de Santiago de Compostela e a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Comeza cunha sorte de tres limiares que compoñen unha primeira parte introdutoria que se titula "Limiares para unha colección" e que o que fan é informarnos de quen foron os responsábeis e do que vai ser a presente colección e a presente obra. Logo temos dous prólogos máis, un de Lois Diéguez e outro de Miguel Anxo Fernán Vello que tratan a vida do escritor, as súas vivencias santiaguesas e a relación íntima que mantiña coa cidade. Para rematar atopamos un derradeiro limiar, escrito polo propio autor, que introduce xa a obra: fala do momento da creación da obra, da súa mala sorte editorial e do significado que seguen a conter os versos. O poemario é unha vivencia biográfica e unha ensoñación evocada. Ten catorce poemas. O número de versos das estrofas e o número de sílabas destes varían, aínda que predominan os longos sobre os curtos, e a rima é libre. Caracterízase por ter unha estrutura pechada, comeza cunha "Invocación" ao Apóstolo e á Virxe para que o bendigan e o escoiten e remata dicíndolle ao propio Santiago que "abonda de falar". Polo medio temos unha sorte de poemas nos que o poeta gaba a beleza da cidade; sente a tristeza e a soidade; critica aos que se terían que mover para que Santiago non sufra; e mesmo quere saber de onde vén a dor da cidade. Predomina o léxico tenebrista: néboa, escurecer, chumbo, medo, pedra, rosa, florecida, camelia, neve, cantería, vieiro, etc.

Méndez Ferrín, X.L., *Con pólvora e magnolias*, ilustr. de Sucasas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Os Libros Xerais do XXV Aniversario, 113 pp. (ISBN: 84-9782-249-8).

Edición conmemorativa do vinte e cinco aniversario da creación de Edicións Xerais de Galicia. O texto reproduce o da primeira edición (Rompente, 1976), reproducido asemade na colección de Xerais "Biblioteca das Letras Galegas" en 1989. O libro inclúe, ademais, nove ilustracións de Alfonso Sucasas, datadas no ano 1987. No colofón final, o autor fai referencia ao aniversario de acontecementos como o ondear primeiro da bandeira de Galicia na Habana (en 1904), o nacemento de Ulrike Meinhof (en 1934), o comezo da Longa Marcha de Mao Tse Tung (en 1934), o triunfo de Ho Chi Minh na batalla de Dien Bien Phu (1954), o álbum de Georges Brassens *Les amoreux des bancs publiques* (1954) e a morte de Jack Keruac (1964).

Pexegueiro, Alfonso, *A illa das mulleres loucas*, Vigo: Galaxia, abril 2004, col. Dombate, nº 39, 82 pp. (ISBN: 84-8288-664-9).

O poemario recolle os textos incluídos na edición orixinal de 1984, publicada nunha versión bilingüe en galego e catalán. Como novidades principais, o presente volume preséntase unicamente en galego e contén un post-scriptum no que o poeta inclúe unha nova composición ("A muller e o rei. Conto"). Máis alá destas diferenzas, o libro mantense

fiel ao espírito rompedor que orixinou a primeira edición e que aparece plasmado nos outros poemarios de Alfonso Pexegueiro, *Seraogna* (1976) e *Mar e naufraxio* (1978). Os poemas representan evidentes exercicios de experimentación poética a través dos cales a realidade transfórmase nun obxecto artístico e a escrita queda libre de norma e de regras. Primando a imaxinación e os sentimentos, o poeta rompe as barreiras da linguaxe e a linealidade para reflectir ante o lector a dolorosa sensación do extravío, de estar perdido "no labirinto mundo do poeta que se atopa asediado por forzas que descoñece e por conflitos que o dramatizan" (Raña).

Recensións:

- Xosé María Costa, 'Pexegueiro, entre a forza e a caída de tensión', *A Nosa Terra*, nº 1.131, 'Cultura', 3 xuño 2004, p. 27.

Analiza os elementos fundamentais do poemario, incidindo no carácter dos textos e a deformación da fala e do discurso lineal. Critica a irregularidade que define o libro, no cal, segundo o crítico, ao lado de poemas despoxados de forza e ritmo, aparecen tamén "versos tan intensos como espidos".

- Román Raña, 'A illa das mulleres loucas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 89, 'Libros', 24 xuño 2004, p. IV.

Expón os trazos básicos do libro e da obra en xeral do autor, considerado como "un autor fundamental na historia da nosa poesía". Subliña a influencia de Ezra Pound, Paul Celan e as vangardas históricas, ao tempo que incide na dificultade da poesía do escritor. Así mesmo, destaca a tendencia á prosa que, xunto coa irrupción de diálogos e a deslocalización dos textos, domina o libro.

- Vicente Araguas, 'Poesía narrada ou prosa', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 29 agosto 2004, p. 20.

Considera o poemario un exemplo dunha escritura difícil pero compensada, que parte do irracionalismo para alcanzar unha liña lóxica chea de conceptos máximos desde operativos mínimos. Subliña que os textos do escritor superan as fronteiras xenéricas que marcan a separación entre a prosa e a poesía. Así mesmo, sinala a importancia de que o libro teña sido reeditado a pesar das circunstancias que definen o mundo editorial galego: "onde os libros raramente superan a primeira saída".

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Á procura da palabra e o tempo', *Atlántico Diario*, 'Musas', 9 maio 2004, p. 53.

Informa da reedición da obra e loa o traballo poético do autor: "é poeta inicial e iniciático, de fronteiras pretéritas e futuras, con versos, non por herméticos, esclarecedores".

- Teresa Seara, 'Azul e loucura', *Tempos Novos*, nº 88, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', setembro 2004, p. 73.

Informa da reedición da obra *A illa das mulleres loucas* de Alfonso Pexegueiro, publicada orixinalmente en 1984. Sinala que é un libro innovador e rupturista onde un dos trazos que chama a atención é a liberdade léxica.

Rábade Paredes, Xesús, **Villar Janeiro**, Helena, *Cabeleira de pedra*, textos introdutorios de Afonso Becerra e X.L. Axeitos, Santiago de Compostela: Grupo Correo Gallego/Concello de Santiago ♦, 2004, col. Poeta en Compostela, nº 4, 46 pp. (ISBN: C-84-8064-139-8).

Os textos deste poemario, que pertence á colección "Poeta en Compostela", editada conxuntamente polo Grupo Correo Gallego, a Asociación de Escritores en Lingua Galega e o Concello de Santiago e constitúen unha reedición dun orixinal do ano 1993. Naquela primeira edición, os poemas de Helena Villar e Xesús Rábade ían acompañados de cadansúa fotografía. Aquí, en cambio, achéganse unicamente os poemas. Os limiares de Alfonso Becerra e Xosé Luís Axeitos apuntan ao xeito no que esta transformación modifica a lectura dos poemas, que antes funcionaban case como pés de fotografía e no poemario actual adquiren o estatuto de escenas. *Cabeleira de pedra* constrúese, deste xeito, como unha sucesión de estampas compostelanas. Os títulos de cada un dos textos, que son tamén innovación desta entrega, contribúen ao obxectivo de achegarlles un marco circunstancial aos poemas. Así o aclaran os autores nunha nota que funciona como pórtico da obra.

Requeixo, Armando (editor), *Viaxe ao País dos Ananos*, Prólogo de Xesús Alonso Montero, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 59, 185 pp. (ISBN: 84-9782-131-9).

Reedición de *Viaxe ao País dos Ananos* de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979) publicada por primeira vez de xeito biblingüe en 1968, na colección "El Bardo" da editorial Ciencia Nueva, prologada e traducida ao castelán por Xesús Alonso Montero. A presente edición está tamén prologada por el, que lle dedica ás súas letras ao editor José Batlló, director de "El Bardo". Informa sobre o difícil contexto no que se publicou a obra e achega as claves necesarias para entender esa situación. A seguir vén o "Prólogo" onde Armando Requeixo, editor da presente obra, analiza a traxectoria biográfico-literaria e o contexto no que viviu Celso Emilio e, por último, analízaa dende todos os niveis (a recepción da obra no seu momento, os temas, a estrutura, a análise lingüística, etc.). En *Viaxe ao País dos Ananos* Celso Emilio retratou un mundo da emigración onde unha gran parte dos emigrantes esqueceran as súas raices e só se preocupaban de obter ganancias económicas de formas, en moitos casos de formas moi deplorábeis, incluso a conta doutros

emigrantes. O poemario divídese en dous grandes bloques: no primeiro domina esa temática, que se reflicte nos diferentes poemas mediante os sentimentos de decepción e da saudade da terra, os cantos contra os ananos que manteñen a inxustiza ou contra a indiferencia dos ananos, por exemplo. No segundo bloque domina máis a liña socio-realista, máis abstracta, con poemas a favor do cristianismo, contra o racismo, contra a guerra imperialista, etc.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 85, 27 maio 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Do descontento á acción* (2004), de Concha Fernández e Xosé Manuel Sabucedo; *O caderno de bitácora* (2004), de María Reimóndez; *Viaxe ao país dos ananos* (2004), de Celso Emilio Ferreiro; e *Longe, tao perto* (2003); de Kike Benlloch. Con respecto á obra de Celso Emilio Ferreiro, faise unha análise retrospectiva do que supuxo no seu tempo e se felicita pola calidade da reedición presentada por Armando Requeixo.

- Manuel Rosales, 'Viaxe ao país dos ananos', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 89, 'Libros', 24 xuño 2004, p. IV.

Informa da saída ao mercado de *Viaxe ao país dos ananos* dentro da colección "Biblioteca das Letras Galegas", da editorial Xerais. Indica tamén que está acompañada dunha completa edición a cargo de Armando Requeixo e dun prólogo de Xesús Alonso Montero, onde se pon en contexto a obra e se ofrece un apartado biográfico necesario para entendela. A continuación analiza a introdución, realizada por Armando Requeixo, que consta dun capítulo no que se presenta a traxectoria biográfico-literaria de Celso Emilio, incluíndo o contexto literario no que viviu xunto cun estudo da obra. Logo fala dos temas, sobre todo da crítica a parte da emigración que ten un afán explotador dos seus veciños, esquecendo as súas raíces.

- Xavier Castro R., 'Un modelo de antiheroe nunha viaxe antiépica', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 12 setembro 2004, p. 4.

Comeza anunciando a reedición de *Viaxe ao país dos ananos* de Celso Emilio Ferreiro dentro da colección "Biblioteca das Letras Galegas" coincidindo co vixésimo quinto aniversario da súa morte. A obra conta cun prólogo de Xesús Alonso Montero e coa edición elaborada por Armando Requeixo. Salienta a vixencia que manteñen na actualidade moitos dos poemas de Celso Emilio. A seguir comenta o grande éxito que tivo a obra cando se publicou por primeira vez (1968, colección "El Bardo" da editorial Ciencia Nueva) e destaca o feito de que a obra debe entenderse como unha crítica ao grupo de emigrantes acomodados e afastados da realidade de onde viñan e que manifestaban actitudes de desprezo cara aos seus próximos. Non se debe interpretar a obra como unha crítica a toda a emigración en xeral.

Referencias varias:

- Xesús Alonso Montero, 'José Batlló', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 62, 'A outra mirada', 29 maio 2004, p. 15.

Comeza loando a figura de José Batlló, que foi o director da colección "El Bardo" na cal se publicou por primeira vez *Viaxe ao país dos ananos*, de Celso Emilio Ferreiro en 1968. A seguir Alonso Montero, menciona que se trataba dunha edición bilingüe que el mesmo prologou e traduciu. Tamén afirma que para a presente reedición elaborou un limiar titulado "Editar poesía civil en galego no ano 1968" onde relata os avatares polos que tiñan que pasar as obras literarias nese momento antes de poder ser publicadas.

- Marcos Valcárcel, 'Unha voz polifónica', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 4 xuño 2004, p. 77.

Informa da publicación de dous novos libros sobre Celso Emilio Ferreiro, vinte e cinco anos despois da súa morte, na Editorial Xerais dentro da colección "Biblioteca das Letras Galegas". Trátase de *Poesía Gallega Completa*, preparada por Ramón Nicolás e a reedición de *Viaxe ao País dos Ananos*, este último cunha edición a cargo de Armando Requeixo.

Soto, Isabel (coord.), *Rosalía Ilustrada*, ilust. de Xaquín Marín, Xosé Cobas, Fran Jaraba, Nacho Hortas, Ánxeles Ferrer, Suso Cubeiro, María Fe Quesada, Manuel Uhía, Miguelanxo Prado, Pepe Carreiro, Xan López Domínguez, Fausto, Norberto Fernández, Fran Bueno, Andrés Meixide, Kiko da Silva, Pablo Otero Peixe, Primitivo Marcos, Miguel Robledo, Fernando Iglesias, Federico Fernández Alonso, Óscar Villán, Fino Lorenzo e Raquel González , Padrón-A Coruña: Fundación Rosalía de Castro, 2004, 73 pp. (ISBN: 84-87668-19-4).

Volume no que se edita unha escolma de poemas de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885), seleccionados dos libros *Cantares Gallegos*, *Follas Novas* e *En las orillas del Sar* e que forma parte dun proxecto inédito, dada a escasa iconografía da autora, organizado pola Fundación que leva o seu nome, no que se ilustra graficamente a figura poética desta muller nun intento de desvelar unha Rosalía nova e 'ilustrada' para un novo século. Cada poema aparece acompañado pola súa correspondente ilustración, visións artísticas realizadas por prestixiosos ilustradores galegos, a través das cales se da vida ao particular universo rosaliano. Preséntanse precedidos polas palabras dos prologuistas, nesta ocasión Agustín Sixto Seco, presidente da Fundación Rosalía de Castro, Ana María Blanco, Patroa da Fundación, e Xaquín Marín, Director do Museo do Humor de Fene e ilustrador. Cada un dos tres achégannos datos sobre a intencionalidade, o xerme e o posterior proceso de desenvolvemento até chegar á materialización do proxecto, que, segundo se nos di, "non remata neste libro que a fai realidade senón que se espallará nunha atraínte exposición itinerante que achegue a poesía de Rosalía ós ámbitos estudiantís."

Péchase o volume cun repaso, tamén ilustrado, pola biografía artística dos diferentes ilustradores que colaboraron na realización desta obra.

Referencias varias:

- Maré, 'Unha reivindicación, un país', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 abril 2004, p. 64.

Saúda a iniciativa pioneira do proxecto "Rosalía Ilustrada", organizado pola Fundación Rosalía de Castro, que inclúe unha exposición na que vinte e cinco ilustradores galegos interpretan poemas de Rosalía a través de ilustracións propias, que se completará coa publicación dun libro que recolle unha escolma de poemas desta autora acompañados polos devanditos debuxos. Logo de referir a lista dos prestixiosos artistas que participaron na exposición, recolle as palabras de Ana Blanco, describindo ao proxecto como "singular, atrevido, importante e novísimo" xa que posibilita o achegamento a esta poetisa, símbolo dun soño e dun país, dende unha perspectiva diferente.

- Laura Calviño, 'Mil años de historia en hora y media', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 3 xullo 2004, p. L6.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, fai referencia á exposición Rosalía Ilustrada que se pode visitar na Sala de Exposicións da Casa Simeón e na que se poden ver as ilustracións que distintos artistas galegos fixeron para a obra do mesmo nome.

- Mar Barros, 'As outras facianas de Rosalía', *A Nosa Terra*, nº 1.138, 'Fin de semana', 22 xullo 2004, p. 33.

Dá conta tanto da exposición itinerante *Rosalía Ilustrada* como da publicación que ilustra os versos de Rosalía e que leva o mesmo título. O proxecto organizouno a patroa da Fundación rosalía de Castro, Ana María Blanco, xunto con Gonzalo Rey Lama, no que vinte e cinco artistas gráficos plasmaron en outras tantas ilustracións algúns dos poemas máis coñecidos da poeta galega coa intención de "descubrir unha Rosalía nova" para o novo século, dada a escasa iconografía que se ten da autora. Cítanse tamén fragmentos do discurso de ingreso na Real Academia Española de Augusto G. Besada sobre a escritora galega que veén de reeditar A Nosa Terra, nun traballo a cargo de Pilar García Negro, baixo o título *Rosalía Castro. Notas Biográficas*.

- Jaureguizar, 'O Museo acolle unha mostra que busca anovar a imaxe de Rosalía', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 4 novembro 2004, p. 81.

Faise eco da mostra que acolle o Museo Provincial de Lugo na que vinte e cinco ilustradores galegos debuxan poemas de Rosalía de Castro co obxectivo de modernizar a súa iconografía. Tamén recolle as palabras de Ana Blanco sobre como xurdira a idea de poñer en imaxes os poemas da escritora e de facer partícipes neste proxecto a ilustradores galegos. Tamén se refire ás palabras da deputada provincial Fe Rodríguez Rocha, que

relacionou esta exposición coas Rutas Literarias organizadas polo Museo. Finalmente, Carlos Herrero, en nome da Universidade de Santiago de Compostela, salientou os froitos do convenio das institucións implicadas.

Torres, Xohana, *Poesía reunida (1957-2001)*, edición e prólogo de Luciano Rodríguez, Santiago de Compostela: P.E.N. Clube Escritores Galicia, setembro 2004, col. Arte de Trobar, nº 5, 325 pp. (ISBN: 84-933404-1-3).

Volume no que se recolle a poesía de Xohana Torres (Santiago de Compostela, 1931) publicada dende 1957 até o ano 2001. Esta edición de Luciano Rodríguez estrutúrase en dúas partes, unha primeira na que se ofrece un estudo da traxectoria vital e creativa da escritora santiaguesa e unha segunda na que se reproducen as composicións poéticas dos diferentes poemarios editados até o de agora por Xohana Torres, así como poemas dispersos dados á luz en diversas publicacións periódicas. Comeza referíndose á súa ascendencia de familias de labregos e mariñeiros e á influencia que na súa vida exerceron a súa avoa Lola, que é á que lle debe a lingua galega, e de Ricardo Carballo Calero, profesor de Bacharelato e o que incentivou a súa faceta creativa, ademais de animala a participar en publicacións periódicas como *Aturuxo*. Detense na produción teatral, narrativa e sobre todo nos diferentes poemarios de Xohana Torres dende que en 1957 publicara *Do sulco*, un conxunto de vinte poemas que caracteriza polo "pensamento gris e angustiado de filiación existencial" na liña das poéticas da súa xeración. Logo detense en *Estacións ao mar* (1980), conxunto de corenta poemas de madureza estruturado en catro libros que levan por título "O Tempo e a Terra", "O Tempo e a Memoria", "Elexías a Lola" e "Estacións ao mar". Luciano Rodríguez caracteriza este volume dedicado á súa filla Andrea como de alto grao de reflexividade e unha maior concentración, no que se dá unha expulsión dos espazos protectores e a perda de vivencias que co tempo se esvaecen. Finalmente, de *Tempo de ría* (1992), sinala que a diferenza dos dous primeiros ten como foco central a cidade de Vigo e non a de Ferrol, que os poemas son moito máis breves aínda que na mesma liña temática que a anterior obra (o paso do tempo, a perda, a soidade, etc.) e que presenta unha estrutura en tres partes: dous poemas pórtico, "Longa estación" e "Laxeiro en Vigo". A continuación ofrécese toda a bibliografía da autora e sobre a autora en artigos e libros e antoloxías, que dá paso á reprodución dos tres poemarios e diversas composicións espalladas por publicacións periódicas, así como sete poemas de *Liña divisoria*, libro en preparación.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, 'Poesía reunida de Xohana Torres', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 7 novembro 2004, p. 4.

Comentario de *Poesía reunida*, de Xohana Torres, no que se refire á importancia que adquire o mar en cada unha das obras incluídas no volume, dúas delas con referencias xa no propio título. Destaca que *Do sulco* (1957) é un poemario de busca da propia voz, no que atopa como virtudes a atmosfera creada e a presenza de temas e características que van ser recorrentes en obras posteriores. Manifesta a admiración que lle merece ao crítico a concepción allea ás présas e ás imposicións da autora, repasa algúns dos temas presentes en

Estacións ao mar (1980) e de *Tempo de ría* (1992) destaca a brevidade, rotundidade e falta de todo o superfluo dos poemas. Remata referindo que ademais destes poemarios tamén se inclúen neste volume outros poemas esparexidos por diferentes publicacións periódicas.

- Rodri García, 'Versos para navegar', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 86, 13 novembro 2004, p. 6.

Comeza evocando a participación de Xohana Torres no ciclo titulado "Homenaje a la poesía gallega", celebrado en Santiago de Compostela en 1955, como inicio da súa andaina literaria, e no que tamén participaban autores como Uxío Novoneyra, Méndez Ferrín ou Franco Grande, entre outros. Lembra tamén a súa entrada na Real Academia Galega e a súa reivindicación constante do papel da muller. De *Poesía reunida (1957-2001)* destaca o estudo introdutorio de Luciano Rodríguez e a concepción da vida que se deriva da súa poesía: "vivir e navegar ou navegar e vivir vén sendo o mesmo". Refírese tamén á influencia da avoa Lola como transmisora da lingua e á visión da súa poesía como fotografías efémeras que ela fixa para achegar ao lectorado. Reprodúcense comos exemplos do dito abondosos versos de Xohana Torres.

- X.G.G., 'Xohana Torres, incuestionábel e á marxe de modas', *A Nosa Terra*, nº 1.154, 'Poesía', 9 decembro 2004, p. 27.

Achega á última entrega da colección "Arte de trobar", a obra *Poesía reunida*, de Xohana Torres, unha edición a cargo de Luciano Rodríguez. Destaca da súa obra poética a brevidade e o constante proceso de maduración que configura unha poesía caracterizada por aspectos como a efusión lírica, unha subxectividade rica e a sinxeleza afectiva, entre outros. Atopa que nas tres obras de Xohana Torres se observa unha unidade de estilo e mesmo de temática, pois as composicións caracterízanse por unha expresión vivencial mediante a que afonda na súa condición de muller. Da relación do lector coa obra considera que é distante, motivada pola "difícil mistificación cun autor tan radical". Dos temas recorrentes opina que son "perfectamente típicos", aínda que producen unha permanente conmoción. Remata sinalando que a poesía de Xohana Torres ocupa un lugar sobranceiro na produción dos séculos XX e XXI "porque está á marxe de modas".

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Poesía reunida' de Xohana Torres', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 30 xullo 2004, p. 3.

Anuncia a publicación desta obra de Xohana Torres en edición de Luciano Rodríguez, do que destaca o acerto e xusteza do estudo introdutorio no que percorre a vida e obra da poeta. Botando man das palabras de Rafa Villar, Fernán Vello destaca a forte e constante presenza do mar nesta poesía, froito da relación perceptiva e vivencial que Xohana Torres mantivo con el ao longo da súa vida. Considera que por veces lle serviu para fixar a súa

visión interior do mundo e para a reflexión sobre o tempo, a soidade e a memoria. Remata destacando a transcendencia desta poeta no sistema literario galego.

- MARÉ, 'Versos en preamar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 outubro 2004, p. 48.

Anúnciase a próxima publicación de *Poesía reunida (1957-2001)*, de Xohana Torres e recóllense declaracións da propia autora nas que recoñece a satisfacción deste "regalo" que cualifica como "limpo", por achegar só poemas sen outro material que distraia. Destácase a presenza do mar en cada un dos poemarios, nos que funciona como escenario de reflexións sobre o tempo e a soidade humana. Tamén se alude a outras facetas creativas de Xohana Torres como a narrativa ou a literatura infantil e sinálase que neste volume aparece a esencia da súa escrita, que segue cultivando cunha fidelidade absoluta a unha lingua milenaria.

- Marcos Valcárcel, 'Xoana Torres, unha vida en poemas', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 4 novembro 2004, p. 72.

Anuncia a publicación desta obra recompilatoria de Xohana Torres, á vez que lembra que as primeiras achegas da poeta foron uns poemas na revista *Aturuxo* en 1953. Destaca o labor como antologador de Luciano Rodríguez, quen sinala no estudo introdutorio algunhas das liñas temáticas da poesía da autora santiaguesa. Sinala que neste volume se recuperan os seus títulos canónicos *Do sulco* (1957), *Estacións ao mar* (1980) e *Tempo de ría* (1992), así como algúns poemas inéditos. Considera que nesta produción se manifesta unha voz de forte personalidade tanto de carácter épico-lírica como elexíaca, reflectida especialmente a través da evocación das paisaxes amadas. Este mesmo artigo foi publicado en La Región o 13 de novembro.

- Marcos Valcárcel, 'Poeta do mar', *La Región*, 'Sociedad', 13 novembro 2004, p. 93.

Anuncia a publicación desta obra recompilatoria de Xohana Torres, á vez que lembra que as primeiras achegas da poeta foron uns poemas na revista *Aturuxo* en 1953. Destaca o labor como antologador de Luciano Rodríguez, quen sinala no estudo introdutorio algunhas das liñas temáticas da poesía da autora santiaguesa. Sinala que neste volume se recuperan os seus títulos canónicos *Do sulco* (1957), *Estacións ao mar* (1980) e *Tempo de ría* (1992), así como algúns poemas inéditos. Considera que nesta produción se manifesta unha voz de forte personalidade tanto de carácter épico-lírica como elexíaca, reflectida especialmente a través da evocación das paisaxes amadas. Este mesmo artigo foi publicado en *Galicia Hoxe* o 4 de novembro.

- S.L.C., 'Ejemplo a seguir', *El Correo Gallego*, 'Las siete maravillas', 14 novembro 2004, p. 5.

Informa que o segundo volume da colección "Poeta en Compostela" que distribúe *El Correo Gallego* confórmao *Crear o mar en Compostela* de Marta Dacosta. Neste poemario a autora imaxinou Santiago coma un faro desde o que recordar a costa e por outro lado, hai nel unha forte reivindicación ecolóxica. Dá conta tamén da publicación da poesía completa de Xohana Torres, grazas ao PEN Clube.

- X.L. Méndez Ferrín, 'Homenaxe a Xohana', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 19 novembro 2004, p. 32.

Comeza referíndose ao coidado paratexto da colección na que aparece esta nova entrega de Xohana Torres, da que sinala que tivo o privilexio de seguir a súa carreira literaria dende o inaugural *No sulco* (1957), pasando polas súas colaboracións en *Vieiros* e *Aturuxo*. Refírese aos longos silencios da autora e considera que esta obra é unha boa oportunidade para a descuberta e para a relectura. Remata salientando dos poemas da autora a capacidade da palabra de funcionar de xeito inesperado "e daquela xorde a iluminación".

Varela, Lorenzo, *Catro poemas galegos (Unha homenaxe a Galicia)*, prólogo de X.L.Axeitos, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, agosto 2004, [65] pp. (ISBN: 84-8485-156-7).

O libro constitúe unha versión facsimilar, cunha tiraxe de seiscentos exemplares numerados, da edición orixinal do poemario de Lorenzo Varela (1916-1978) *Catro poemas para catro gravados*, publicado orixinalmente pola editorial Argentina de Música en Bos Aires en 1951. Así pois, presenta, ademais dos textos elaborados polo poeta galego, os catro gravados de Luís Seoane que inspiraron a escritura dos poemas e a partitura da obra musical *Catro poemas galegos*, concibida á súa vez por Xulián Bautista a partir das palabras de Varela. Xunto a ditas composicións aparece tamén a tradución ao inglés dos textos poéticos levada a cabo polo autor escocés William Shand, poeta afincado en Arxentina dende finais da década dos trinta. En canto aos poemas creados por Lorenzo Varela, estes levan os títulos de "María Pita", "María Balteira", "A Ruy Xordo" e "O touro (Na proba d'o bispo Adaulfo)", referencias directas ao gravados en madeira realizados por Luís Seoane, retratos imaxinarios do medieval galego reunidos baixo o nome de *María Pita e tres retratos medioevales*. Deste xeito, ao igual que as pinturas das que xorden, os textos do escritor galego recuperan de forma épica ou irónica catro figuras asociadas á mitoloxía construída pola cultura popular galega, configurando, así mesmo, a súa evocación a través de varias estruturas métricas como o soneto ("A Ruy Xordo"), o romance de octosílabos ("O touro") ou a combinación de versos de diferentes medidas -pentasílabos, heptasílabos e endecasílabos- e de rimas consoantes e asonantes. Finalmente, tanto as circunstancias que determinaron a aparición da obra en Bos Aires como a vida e a formación ideolóxica dos intelectuais que participaron nos distintos elementos artísticos do libro son expostas por X. L. Axeitos nunha exhaustiva introdución que resulta imprescindíbel para a completa comprensión por parte do lector dos significados desta obra multidisciplinar.

Zapata García, Antón, *A roseira da soidade*, Introdución de Miro Villar, Vigo: Concello de Laxe, 2004, 243 pp. (ISBN: 84-9782-171-8).

Edición facsimilar do poemario de Antón Zapata García (Laxe-A Coruña, 1886-Bos Aires, 1953) publicado por primeira vez de xeito póstumo en 1954. Ábrese cunha introdución a cargo de Miro Villar na que ofrece a traxectoria biográfica do autor dende a súa infancia na aldea de Santa María da Atalaia de Laxe até a emigración á Arxentina en 1903, país no que desenvolveu un gran labor cultural. Repasa as súas colaboracións poéticas na prensa da diáspora, primeiro en castelán e logo en galego, e a súa actividade dentro das colectividades galegas en América como a Asociación Benéfica y Cultural del Partido de Corcubión, ademais doutras actividades como a dirección da revista *Alborada*. Do poemario, Miro Villar explica a polémica suscitada arredor deste polo "secuestro" que sofre cando é presentado ao Concurso Literario do Centro Gallego en 1949. Ademais de deterse na recepción da obra, explica as vicisitudes polas que pasou até a súa publicación en 1954, meses despois da morte do poeta, e cun prólogo de Ramón Otero Pedrayo. Remata a introdución cun breve repaso á situación da literatura galega da altura, alude aos problemas coa censura, que suprimiu catorce textos, e ofrece a bibliografía empregada. A seguir, reprodúcese o facsímile de *A roseira da soidade. Poesías galegas*, que contén unha dedicatoria a Galicia e aos galegos, un limiar en forma de poema asinado coas siglas do poeta e un prólogo da man de Ramón Otero Pedrayo, no que se refire á temática da poesía de Zapata centrada nos recordos de infancia e na nostalxia pola Terra vista dende a emigración, ademais de constatar a influencia de autores como Eduardo Pondal. A seguir, reprodúcense os setenta e tres poemas que conforman a obra, que se abre co poema que lle dá título.

II.3. TRADUCCIÓNS OU VERSIÓNS

Barbeitos, Arlindo, *Intres*, trad. de Emilio Araúxo, Santiago de Compostela: Amastra-n-gallar, 2004, col. Cadernos Amastra-N-gallar, 59 pp. .

Escolma do poeta angolano Arlindo Barbeitos (Catete, provincia do Bengo, 1940) traducida do portugués por Emilio Araúxo. O volume presenta poemas dos libros *Angola Angolè Angolema* (1975), *Nzoji* (1979), *Fiapos de Sonho* (1990) e *Na Leveza do Luar Crescente* (1998). A poesía de Barbeitos caracterízase por un destacado pulo rítmico, acentuado pola repetición de onomatopeas e de monosílabos. Dende o punto de vista estilístico, sobrancean os recursos tirados do surrealismo, tales como a imaxe visionaria. A vinculación poética do autor co movemento da Negritude déixase notar na dimensión crítica dalgúns poemas, atentos ás circunstancias políticas da África negra. Ademais, o libro inclúe un "Elucidario", onde se glosan algunhas palabras africanas que aparecen no texto e un apartado coas "Respostas" do poeta a unha serie de preguntas formuladas por Emilio Araúxo. *Intres* remata cunha "Nota biográfica" de Arlindo Barbeitos.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'Os versos musicais que chegan desde Angola', *El Correo Gallego*, *'Correo da Universidade'*, 'Poesía', 29 febreiro 2004, p. 3.

Presenta a figura do autor angoleño ao público galego, lamentándose da pouca fortuna da súa obra dentro do contexto da cultura galega. No relativo ao libro, considérao "unha mostra notábel de poesía musical, puro ritmo e esencia" que fai lembrar, por momentos, a musicalidade dos versos do cubano Nicolás Guillén. Define o poemario como unha especie de invitación á danza que tamén ofrece excelentes poemas baseados na profundización en conceptos especialmente atractivos. Remata salientado o interese da reflexión de Barbeitos, viaxeiro pola Galicia do ano 1958, empurrado polas preguntas de Emilio Araúxo, quen, na opinión do xornalista, volve demostrar neste caso a importancia do seu traballo no crecemento da literatura en Galicia.

- Xosé Feixó, 'Poesía angolana', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 82, 'Libros', 6 maio 2004, p. IV.

Anúnciase a tradución da obra de Arlindo Barbeitos, poeta angolano, por Emilio Arauxo: *Intres*. Fai unha pequena biografía do autor. Describe a obra, relación dos orixinais de onde parte a antoloxía e destaca un elucidario de termos alleos e unha nota biográfica. Descríbense e reporcúcense fragmentos dos poemarios para finalmente asegurar que estamos ante un volume de notable interese.

Carracedo Fraga, José (editor), *Carmina Burana. Poemas de amor*, introdución e tradución de José Fraga Carracedo, Vigo: Galaxia □, decembro 2004, col. Clásicos en galego, nº 23, 479 pp. (ISBN: 84-8288-769-6).

O presente volume constitúe unha edición bilingüe na que José Carracedo Fraga recompila os poemas de contido amoroso recollidos da colección de cantos medievais *Carmina Burana*. Este poemario está precedido dunha introdución na que o tradutor aporta diversos aspectos que atinxen á obra completa. A tradución caracterízase pola primacía da fidelidade ao senso completo do orixinal fronte aos trazos formais e por conter notas explicativas que aportan información adicional. As páxinas pares conteñen os poemas escritos en latín mesturado con linguas vernáculas e as páxinas impares comprenden a versión galega. Co obxectivo de evocar a sensación que supón intercalar no mesmo poema o latín co italiano, francés e alemán antigos, José Carracedo Fraga traduce estas linguas ao castelán. Os poemas, escritos por autores cultos e letrados de vida libertina, recollen os dous tipos de versificación da poesía latina, uns responden a esquemas métricos e outros baséanse na versificación rítmica. Entre os temas tratados ao longo do volume pódense sinalar a exaltación e o gozo de amar, os lamentos, os amores entre homosexuais, as relacións amorosas dos cregos, a beleza física e espiritual da amada e o *locus amoenus.* En moitas das composicións pódese advertir a influencia da relixión e dos autores clásicos como Ovidio, Homero ou Virxilio. En todo o poemario, as verbas son tecidas a partir da

musicalidade e dos sentimentos que espertan no lector as numerosas imaxes líricas que compoñen a obra.

Daive, Jean, *A onda xeral*, trad. de Emilio Araúxo, Santiago de Compostela: Amastra-n-gallar, 2004, col. Cadernos Amastra-N-gallar, 14 pp. .

Poema longo de Jean Daive (Bonsecours, 1941) traducido do francés por Emilio Araúxo. Artellado en tiraxes de dous a cinco versos, *A onda xeral* constitúe un exemplo de poesía reflexiva. Esta tendencia á indagación atópase en correspondencia cunha linguaxe esencial e depurada, que recorre adoito á modalidade do aforismo. No carácter meditativo da súa lírica pode apreciarse a influencia de Paul Celan, ee quen Jean Daive é destacado intérprete e biógrafo. N'*A onda xeral* é salientábel o recurso ao léxico científico, tirado de ámbitos como a matemática, a física ou a anatomía. Como é costume nos Cadernos Amastra-n-gallar, o material poético aparece seguido dunha serie de "Repostas" do autor ás preguntas de Emilio Araúxo e por unha biobibliografía do poeta.

Dickinson, Emily, *Dickinson*, edición bilingüe; tradución de Carlos Coira e limiar de Carlos Casanova, Lugo: Tris-Tram, 2004, col. Poesía de Peto, 59 pp. (ISBN: 84-89377-49-9).

Breve edición bilingüe galego-inglés de vinte e cinco poemas da escritora Emily Dickinson recollidos e traducidos por Carlos Coira. Está precedido por un limiar de Carlos Casanova, no que, en clave lírica, expón brevemente algúns dos trazos da poética desta autora. Fai alusión a súa reclusión na casa paterna para crear os seus poemas "estraños, delicados, perfectos, irrepetibles". Caracterízase a súa obra pola temática da natureza e, sobre todo, a morte que ronda a súa visión do mundo.

Hutchinson, Pearse, *Lenda*, ilust. de Charles Cullen e Anxo Pastor, trad. de Robert Neal Baxter, Santiago de Compostela: Amastra-n-gallar, 2004, 23 pp. .

Conxunto de poemas de Pearse Hutchinson, escritor en gaélico e en inglés (1927), traducidos por Robert Neal Baxter. O libro inclúe os textos "Dentro da súa verdadeira ternura", "O cabuxo na montaña", "O insecto", "A alma que bicou ó corpo", "Até" , "Lenda", "Pulcherrima paradigmata", "Rapariga en Jerez de la Frontera no outono do 1952", "O milagre do pan e dos violíns" e "Para Alan". A poesía de Pearse Hutchinson caracterízase pola estreita participación da vida cotiá no universo lírico. As dedicatorias de moitos destes poemas testemuñan a entrada dos textos nun nivel de comunicación íntima e directa que non elude a procura da transcendencia a partir dunha reflexión sobre a vivencia subxectiva, que acada deste xeito un alcance universal. Os poemas van seguidos dunhas "Declaracións" nas que Pearse Hutchinson responde as preguntas de Emilio Araúxo e mais dunha nota biobibliográfica.

Padorno Navarro, Eugenio, *Paseo antes do trebón*, edición bilingüe, A Coruña: Edicións Espiral Maior, 2004, col. Auliga, nº 8, 131 pp. (ISBN: 84-95625-53-9).

Paseo antes do trebon é unha das últimas publicacións de Eugenio Padorno (Barcelona 1943), publicado nunha edición bilingüe español-galego, pola editorial Espiral Maior-Auliga. Este libro supón a primeira tradución ao galego da obra deste poeta. Trátase dunha antoloxía na que se recolle un dos mundos poéticos máis atractivos da lírica contemporánea. Nesta obra atopamos: *Paseo antes do trebón* de 1996, *Teoría dunha experiencia* (1989), *Para dicir en abril*(1965), *Memoria da claridade* (1965), *Candelabro de sete brazos* (1969), *Comedia* (1977), *Septenario* (1984) e *Cambiado por silencio* (1989). O obxectivo deste libro é facernos chegar a un mundo cheo de matices e sentimentos como é o do mundo poético.

Tsángs-Dbyangs-Rgya-Mtsó, *Cantos do sexto Dalai-Lama*, trad. e notas de Mª do Carme Kruckenberg, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, 2004, col. Esquío de Poesía, 78 pp. (ISBN: 84-95289-36-9).

Este libro é unha versión bilingüe galego-castelán de cincuenta e unha composicións escritas por Tsángs-Dbyangs-Rgya-Mtsó (Mon, Tibet meridional, 1683-1706), sexto Dalai-Lama. Cada peza está formada por catro versos, orixinalmente de seis sílabas, mantendo unha estrutura semellante á dos haikus, cos que os cantos incluídos na obra comparten tamén unha simboloxía e un ton doadamente identificabéis. En canto á temática, as composicións presentadas, fronte aos escritos doutrinais e ortodoxos do mesmo autor, xiran en torno á natureza e ao amor , enfocándoos, asimesmo, dende un punto de vista profano. Contén, ademais das notas, un prólogo en castelán e galego no que a tradutora explica as razóns que a levaron a traballar sobre os textos do sexto Dalai-Lama e ofrece ao lector unha breve introdución á vida do autor das composicións.

II.4. ANTOLOXÍAS

Cabana, Darío Xohán (editor), *Antoloxía do Doce Estilo Novo*, trad. de Darío Xohán Cabana, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 30 novembro 2004, col. Clásicos Universais, nº 6, 433 pp. (ISBN: 84-8288-756-4).

O volume iníciase cun limiar no que o editor e tradutor fai unha presentación e caracterización da poesía do Dolce Stil Nuovo que floreceu en Italia no derradeiro terzo do século XIII. A continuación, presenta os primeiros poetas, xunto coas voces máis significativas e os epígonos. Describe a tradición contra a que reacciona esta poesía e realiza unha caracterización da mesma desde o punto de vista temático, formal e lingüístico. A seguir, céntrase no seu labor de tradutor e xustifica o número de poemas seleccionados de cada autor, comenta acerca da inclusión de determinados versos, advirte verbo da utilización dalgúns vocábulos así como de certas marcas ortográficas (como o emprego de tiles para evitar confusións léxicas), sinala o respecto á métrica e ao esquema de rimas dos textos orixinais que guiou o seu labor de tradutor, etc. Informa asemade das

edicións das obras orixinais nas que se baseou para a tradución, así como dos libros consultados. E remata indicando o marco temporal no que desenvolveu o seu traballo. A continuación segue a antoloxía de textos, que se divide en nove apartados: A escola siciliana, a escola síciulo-toscana, Guido Guinizzelli, Guido Cavalcanti, Dante Alighieri, Lapo Gianni, Dino Frescobaldi, Cino de Pistoia e Senuccio del Bene. Cada apartado reúne un número variable de composicións presentadas primeiro na lingua orixinal e á súa dereita na versión ao galego. E remata coa sección "Os poetas" onde inclúe unhas notas biobibliográficas dos vinte e cinco autores incluídos na antoloxía. Finaliza cun detallado índice que facilita a localización de cada poeta.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Darío Xohán Cabana compila aos predecesores de Petrarca', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 31 decembro 2004, p. 77.

Informa da publicación do volume *Antoloxía do Doce Estilo Novo* no que Darío Xohán Cabana recompila a poesía italiana dos séculos XIII e XIV. O volume reúne 120 poemas orixinais dunha vintena de autores coa súa correspondente versión ao galego. Lembra, asemade, que Darío Xohán Cabana é o autor da tradución de *A divina comedia* de Dante, labor polo que foi recoñecido coa Medalla de Ouro de Florencia. Finaliza reproducindo as opinións do editor e tradutor da antoloxía acerca das características temáticas e formais destes poetas.

Cacheiro Varela, Maximino (editor), *Poemas de amor*, edición de Maximino Cacheiro Varela; ilust. da portada de Antolín Cacheiro Varela, Santiago de Compostela: Tórculo Edicións □, 2004, 113 pp. (ISBN: 84-840311-X).

Obra na que Maximino Cacheiro Varela realiza unha escolma dos poemas de amor de tres poetisas da Xeración dos 50: Luz Pozo, Pura Vázquez e M.C. Kruckemberg. Tal e como el mesmo explica no 'Limiar', Cacheiro Varela quere realizar unha homenaxe ás poetas da devandita xeración 'a través dos poemas de amor que marca a súa existencia'; neste texto preliminar, o autor da antoloxía realiza unha breve achega á obra de cada unha delas e apunta os trazos máis salientábeis das súa produción poética. O volume divídese en tres partes, unha por cada autora; cada unha delas se abre cunha fotografía da poeta, seguida dunha breve biobibliografía e péchase cos poemas de amor que Cacheiro seleccionou entre as obras de cada unha delas.

Recensións:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Poemas de amor', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 14 novembro 2004, p. 53.

Maximino Cacheiro Varela escolma en *Poemas de amor*, que ve a luz da man de Tórculo Edicións, poemas de temática amorosa da autoría de tres poetisas do que Xerardo Sacau

denomina "poesía dos 50", María do Carme Kruckemberg, Pura Vázquez e Luz Pozo Garza.

Referencias varias:

- Dora Vázquez, 'Escolma de 'Poemas de amor', *La Región*, 'Opinión', 24 novembro 2004, p. 21.

En palabras de Dora Vázquez, no volume *Poemas de amor*, que ve a luz grazas a Tórculo Edicións, podemos atopar "tres mulleres poetisas que cantan cunha morea de títulos publicados ó longo dos anos ata chegar ó noso actual 2004, e que Maximino Cacheiro vai anunciando no "Limiar" de cada unha, empregado para darnos conta da súa historia vital e literaria, nunha exposición de títulos correspondentes a cada poetisa estudada, con estilo que fala de amor, da súa presencia ou ausencia, da súa dozura e sentimento (...)".

- Dora Vázquez, 'Escolma de 'Poemas de amor', *Galicia Hoxe*, 'Ronseis', 19 decembro 2004, p. 4.

Dá conta da recopilación que Máximo Cacheiro fai no seu libro *Poemas de amor* (2004) dos poemas amorosos de tres destacadas poetisas, Pura Vázquez, Luz Pozo e M C Kruckenberg. Infórmase que o libro conta cun *Limiar, o amor en feminino* onde da conta da historia vital e literaria das tres mulleres. Nun primeiro momento describe a poesía de Pura Vázquez como "bela, fonda, chea de luz e sentimento". Segue unha referencia á produción literaria de Luz Pozo para rematar cunha síntese da obra da viguesa M C Kruckenberg. O artigo está adornado coa reproducción de versos de cada unha delas.

Castro, Rosalía de, *Rosalía*, escolma e introdución de Mª Xesús Lama, Lugo: Tris-Tram, 2004, col. Poesía de Peto, 67 pp. (ISBN: 84-89377-48-0).

Libro de peto iniciado cunha breve introdución de María Xesús Lama na que se nos presenta á poeta santiaguesa como "unha muller intelixente, lúcida, libre e inconformista" que "compartiu a loita por un ideal de xustiza social e de reforma democrática". A seguir, recóllense un conxunto de fragmentos ou breves poemas extraídos de toda a súa obra poética: tanto aquela en galego como aquela en castelán. Todas as composicións falan dende unha voz poética en primeira persoa, se ben posúen unha temática, unha estrutura e un estilo diversos. A intención da compilación é a de amosar a complexa personalidade da poeta.

García Bodaño, Salvador, *Cantos de ausencia. Elexías (1959-2002)*, Limiar da Asociación de Escritores en Lingua Galega e ilustracións de Pepe Carreiro, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2004, 119 pp. (ISBN: 84-96203-99-9).

Inicia este volume un breve limiar laudatorio adscrito á Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) onde se gaba a figura persoal e poética do autor vigués. A seguir, unha breve nota de Salvador García-Bodaño (Vigo, 1935) explica os criterios da edición: as composicións son "de carácter elexíaco ou a xeito de nenias, de diferentes rexistros estilísticos e formais"; o libro non pretende "en ningún momento realizar unha colectánea exhaustiva" pois algúns dos poemas compostos neste tempo "se perderon cos seus orixinais e resultan hoxe absolutamente irrecuperábeis"; algunhas das elexías foron "revisadas e mesmo obxecto de algunha variación"; e a ordenación está "polos anos correspondentes á súa escrita, como se indica cun número situado de par do nome da persoa a quen vai destinado o poema". Logo destas indicacións comeza a compilación poética de García-Bodaño, formada por corenta e un poemas dedicados a distintos persoeiros da literatura galega: Ramón Cabanillas, Celso Emilio, Luís Pimentel, Rosalía de Castro, Manuel Antonio, etc.; así como a figuras literarias e políticas provenientes doutros marcos culturais: Antonio Machado, Pablo Neruda ou o Che Guevara. A cada poema acompáñao, cando menos, unha ilustración de Pepe Carreiro, baixo da cal se sitúa un breve fragmento do poema ilustrado.

Recensións:

- Xosé María Costa, 'Homenaxes de García-Bodaño', *A Nosa Terra*, nº 1.149, 'Cultura', 4 novembro 2004, p. 27.

Reflexión sobre a obra *Cantos de ausencia* de Salvador García-Bodaño. Defínea como un catálogo de homenaxes no que se evoca intensamente a ausencia, o silencio e a distancia. Anota que as elexías se escribiron ao longo dos anos e que o galego que usa é aberto e sinxelo.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Presentan 'Cantos de ausencia' de García Bodaño', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 xullo 2004, p. 48.

Dá conta da presentación que fará a Asociación de Escritores en Lingua Galega e o Concello de Santiago do volume *Cantos de ausencia* de Salvador García-Bodaño, no que o autor reúne poemas elexíacos dedicados a escritores da literatura galega e vinculados a súa propia traxectoria vital. Sen esquecer que a presentación deste libro se enmarca na homenaxe dedicada a Salvador García-Bodaño en Teis, Vigo.

- MARÉ, 'Son claustrofóbico', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 xullo 2004, p. 51.

Fai referencia á homenaxe que vai a recibir na seu barrio natal de Teis (Vigo) o poeta Salvador García-Bodaño. Informa de que a Asociación de Escritores de Lingua Galega (AELG) lle fará entrega dunha Letra "E" (de "escritor"), colocará un monólito en Teis cuns versos que o poeta dedicou á súa nai e plantará un amieiro ao pé do antedito monólito. Polo

mesmo, refírese ao volume que a AELG publicou con motivo desta homenaxe: *Cantos de ausencia*, un conxunto de elexías que Bodaño escribiu entre 1959 e 2002.

- A.N.T., 'Letra E, monolito e álamo para García-Bodaño', *A Nosa Terra*, nº 1.138, 'Cultura', 22 xullo 2004, p. 25.

Recóllese neste artigo a tradicional homenaxe que anualmente organiza a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), que agasallou nesta ocasión ao poeta Salvador García-Bodaño. A homenaxe vén acompañada da publicación dunha antoloxía da súa obra que edita conxuntamente A Nosa Terra e a Asociación de Escritores en Lingua Galega.

- Marcos Valcárcel, 'Cantos de ausencia, García-Bodaño', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 12 novembro 2004, p. 64.

Alude á presentación que fai a Asociación de Escritores en Lingua Galega do poemario elexíaco *Cantos de ausencia*, de Salvador García-Bodaño.

- Marcos Valcárcel, 'Elexías, autobiografía, un tempo', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 13 novembro 2004, p. 64.

Indica que nesta obra evoca nomes moi próximos a propia andaina vital do escritor e que é toda unha visión de país a que se plasma no poemario. Este artigo publicouse tamén en *La Región* do 21 de novembro.

- Marcos Valcárcel, 'Elexías de García-Bodaño', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 21 novembro 2004, p. 93.

Indica que nesta obra o autor evoca nomes moi próximos á súa propia andaina vital e que é toda unha visión do país a que se plasma no último poemario de Salvador García-Bodaño. Este artigo publicouse tamén no *Galicia Hoxe* do día 13 de novembro.

Méndez Ferrín, X.L., *Era na selva de Esm*, Iris Cochón (colab.), A Coruña: Edicións Espiral Maior, 15 decembro 2004, col. Espiral Maior Poesía, 109 pp. (ISBN: 84-96475-01-8).

Volume que recolle corenta e oito poemas publicados por Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938) e que até hoxe en día resultaban de difícil acceso. Estamos perante unha edición realizada pola propio poeta ourensán que recolle case cincenta anos da súa obra poética dispersa. Esta colectánea, que segue unha orde cronolóxica, conta cun "Limiar", obra de Ferrín, no que explica algúns aspectos das vicisitudes dos poemas deste volume que están tirados de: *Voce na néboa* (1957), *Os cincocentos días* (1962), *Homes e illas* (1986) -

con prólogo de Marisa Sobrino Manzanares-, *Morte de Amadís* (1990), *Erótica* (1990) -con prólogo de Eloy Lozano-, *O Outro* (2002) e mais *Extravagantes* (1972-2003).

Pozo Garza, Luz, *Memoria solar. Obra poética*, introd. de Carmen Blanco, Ourense: Linteo, 21 xullo 2004, 875 pp. (ISBN: 84-960067-04-1).

Recolle a obra poética completa de Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1920). O volume ábrese cun prólogo de Carmen Blanco no que se centra na poesía da académica e nas características desta, vencellándoa á súa traxectoria vital. Así, realiza unha breve achega a cada unha das súas obras, salientando a evolución creadora, para rematar cunha conclusión xeral sobre estas. Subliña que o quefacer poético de Luz Pozo "é, no esencial, unha poética simbolista e borgeanea da luz e da totalidade", definindo o libro como "a recompilación canónica que presenta a súa opera omnia, un mundo poético de fulgurante beleza platónica rexida pola claridade, a fondura e a harmonía". En total cóntanse catorce poemarios e un apartado final que recolle un amplo número de poemas dispersos, publicados en revistas como *Clave Orión* ou *Aturuxos* entre 1946 e 2003, en castelán e en galego. A orde de presentación dos libros poéticos é a ano de publicación. En castelán figuran *Ánfora* (1949), *El vagabundo* (1952), *Paraíso perdido* (1944), *Poemas de primavera* (1955), *Adviento* (1959) e *Cita en el viento* (1962). *Últimas palabras-verbas derradeiras* (1976) é un volume bilingüe no que se manifesta unha desgarradora dor do desamor e da soidade existencial. Entre os libros enteriramente escritos en galego temos: *O paxaro na boca* (1952), onde destacan o amor e o erotismo; *Concerto de outono* (1981) e *Códice calixtino* (1991), cunha temática centrada na dialéctica amor e morte, con trazos estilísticos clásicos; *Prometeo aflor de Loto* (1992), poesía elexiaca pola morte do seu marido Eduardo Moreiras; *Vida secreta de Rosalía de Castr*o (1996), onde dialoga coa autora de *Follas Novas*; *Medea en Corinto* (2003), onde reinterpreta o mito clásico de Medea inseríndoo na tradición galega; e *As arpas de Iwerddon* (2004), poemario inédito de inspiración céltica e gaélica, que ten como receptora a unha filla súa que vive en Irlanda, país ao que vencella aquí con Galicia. É un volume variado en canto a temas e características estilísticas. Aínda así, pódense apuntar temas como o amor, a liberdade, a terra… que se insiren en composicións que van dende o intimismo ata o compromiso social, da "exuberancia sensual neobarroca inicial" ao "equilibrio contido da madurez", ou dun vitalismo exaltado a un máis nostálxico. Intertextualidade, sensualismo, luminosidade e forte carga de símbolos son outros trazos de *Memoria solar*.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Luz Pozo Garza reúne en 'Memoria solar' medio século de poemarios', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 13 decembro 2004, p. 81.

Informa da saída do prelo da obra poética completa de Luz Pozo Garza. Principia comentando o contido do volume e, logo, recolle a opinión sobre o mesmo de Manuel Ramos, de Linteo, editorial na que se publicou, e da prologuista, Carmen Blanco. Así, sinala que o primeiro puxo de manifesto de *Memoria solar* o "lirismo, o pensamento de raíz clásica e a intertextualidade coa tradición poética galega". A seguir, afirma que Carme Blanco salientou a confluencia do "intimismo do diálogo eu-ti xunto ao compromiso do

nós" e o uso das dúas linguas. Asemade, fai notar que esta subliñou a evolución estilística da poeta, ademais de aludir ás claves temáticas.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, nº 105, 24 decembro 2004, p. VII.

Sección fixa que acolle as recensións de *Carlos Casares* (2004), de Damián Villalaín; *Memoria solar* (2004), de Luz Pozo Garza; *Os ollos da ponte* (2004), de Ramiro Ponte; e *Guía de viños de Galicia* (2004), de Sumilleres Gallaecia. Con respecto a *Memoria solar*, sinala que o volume recolle toda a obra publicada por Luz Pozo Garza, ademais dalgúns poemas inéditos ou dispersos, e cita as obras que o integran.

- Rodri García, 'Memoria solar' recolle toda a obra poética de Luz Pozo', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 decembro 2004, p. 36.

Apunta que o editor de linteo Manuel Ramos salientou a importancia da publicación da obra completa de Luz Pozo Garza, subliñando que as claves desta as ofrece Carmen Blanco na introdución do volume. Así mesmo, indica que Manuel Ramos apunta que algúns versos é imposíbel atopalos nas librerías. Por outra parte, afirma que Luz Pozo comentou que *Memoria solar* contén poesías publicadas en diversas revistas, así como un poemario inédito, *As arpas de Iwerddon,* que, dixo, dedica á súa filla Mónica. Ademais, afirma que a poetisa confesou que os poemas pasaron por unha revisión para seren adaptados ao galego normativo. Por último, subliña que Carmen Blanco na introdución define a publicación como obra "canónica", ao tempo que se refire ao poemario antes citado como un libro de "inspiración gaélica".

Queizán, Mª Xosé, *Non o abras como unha flor*, Prólogo de Marga Romero e estudo de Mónica Bar Cendón, Vigo: Xerais, 2004, col. Alternativas, 357 pp. (ISBN: 84-9782-181-5).

Preséntanos María Xosé Queizán (Vigo 1939) un libro no que se recolle a súa obra poética, que iniciou con *Metáfora da metáfora* (1991) e que continuou con *Espertar das amantes* (1993) e *Fóra de min* (1994), ademais destes tres poemarios, neste libro podemos atopar un conxunto heteroxéneo de poemas independentes, *IV poemas a Rosalía, Homenaxes, Guerra, A dona dos Cárpatos* e *Lei do mercado.* Poesía reflexiva e filosófica, onde a autora consegue adaptarse aos máis diversos temas sen perder o compromiso cos conflitos de actualidade.O prólogo deste libro *Non o abras como unha flor* corre a cargo de Marga Romero e o estudo a cargo de Mónica Bar Cendón.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Poesía iconoclasta e sentimental', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 376, 'Libros', 14 agosto 2004, p. 2.

Primeiramente no artigo infórmase de que o presente volume *Non o abras como unha flor* compendia a obra poética de María Xosé Queizán desde comezos de 1980 ata a actualidade. Que nas páxinas que configuran este volume atópase, máis que poesía, un manifesto literario sustentado nas certezas ideolóxicas constantes ao longo da súa carreira literaria. E que a súa obra adáptase con ductilidade aos máis diversos temas.

- Xosé María Costa, 'O ideario poético de Mª Xosé Queizán', *A Nosa Terra*, nº 1.148, 'Cultura', 28 outubro 2004, p. 27.

Alude ao libro de Mª Xosé Queizán que leva por título *Non o abras como unha flor*, con prólogo de Marga Romero e estudo de Mónica Bar Cendón. Comenta que nos podemos atopar con versos didácticos e ao mesmo tempo irónicos, e máis que poesía, poderíase falar dun manifesto literario.

Referencias varias:

- Alberto Quian, 'A poesía non xurde dos sentimentos, senón da razón', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 1 xullo 2004, p. 44.

Entrevista a escritora Mª Xosé Queizán, na Feira do libro de Vigo, a que asistiu para presentar esta edición, *Non o abras coma unha flor*, libro no que recolle a súa obra poética, que iniciou con *Metáfora da metáfora* (1991), neste libro atopamos unha poesía reflexiva, racional, filosófica e de actualidade candente.

Rodríguez, Luciano (editor), *Poetas galegos do século XX*, A Coruña: Espiral Maior, 2004, col. Opera Omnia, 561 pp. (ISBN: 84-89814-13-9).

Esta antoloxía poética galega do século XX recolle mostras de trinta e oito poetas galegos. Cronoloxicamente abrangue desde o poemario *Montañesas* (1904), de Noriega Varela, até o máis recente *Capital do corpo* (2004), de Miguel Anxo Fernán Vello. Comeza cunha "Introdución" na que se describe o concepto de 'antoloxía', o proceso da súa elaboración e mai onde se fai unha aproximación ao material primario, á disposición e aos criterios que deron lugar a este volume. A seguir temos os poemas de *Poetas galegos do século XX* que contén mostras de 337 poemas tirados de 301 libros, dun total de 38 poetas. Cada poeta ten reproducidos como mínimo seis poemas -Antonio Noriega Varela e Xosé M.ª Díaz Castro- ou como máximo dez -Cabanillas, Pimentel, Iglesia Alvariño, Carvalho Calero, Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Antón Tovar, Luz Pozo Garza, Manuel María, Uxío Novoneyra e Ferrín-. Os autores levan todos o lugar e data de nacemento, e se for necesario da súa morte, xunto cos seus poemarios publicados, datados e por orde cronolóxica. Os poetas galegos escolmados son: Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Luís Pimentel, Manuel Antonio, Luís Amado Carballo, Fermín Bouza-Brey, Aqulino Iglesia Alvariño, Ricardo Carvalho Calero, Luís Seoane, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Miguel González Garcés, Lorenzo Varela, Xosé M.ª Díaz Castro, Pura Vázquez, Antón Tovar, Luz

Pozo Garza, Manuel María, Uxío Novoneyra, Xohana Torres, Bernardiño Graña, Manuel Álvarez Torneiro, Antón Avilés de Taramancos, Salvador García-Bodaño, Xosé Luís Méndez Ferrín, Arcadio López-Casanova, Xavier R. Baixeras, Xosé M.ª Álvarez Cáccamo, Luís González Tosar, Darío Xohán Cabana, Xulio L. Valcárcel, Xavier Seoane, Claudio Rodríguez Fer, Pilar Pallarés, Ramiro Fonte, Manuel Rivas, Miguel Anxo Fernán Vello e mais Manuel Forcadela. Esta colectánea poética péchase cunha "Bibliografía" sobre a poesía galega do século XX xebrada en dous apartados: Estudos xerais e mais Antoloxías.

Villar, Rafa, *No ventre da balea*, textos introdutorios de Eduardo Estévez e Teresa Seara, Santiago de Compostela: Grupo Correo Gallego/Concello de Santiago ♦, 2004, col. Poeta en Compostela, nº 5, 94 pp. (ISBN: C-84-8064-140-1).

Estamos perante unha recompilación poética de Rafa Villar, poeta ceense que nos presenta nesta colección "Poeta en Compostela", unha selección de textos que parten desde *O devalo do mar* (1994) ata Sombras de cidade (sen data). Nesta colección podemos observar as liñas mestras da súa poesía, as súas temáticas: a dos lugares íntimos, a poesía amorosa, a casa. O contraste entre uns e outros é visible o xuntárense nun único volume, como o mar de *O tributo da tarde* ou os lugares íntimos da casa de *Casa ou sombras*. Así mesmo as múltiples formas da súa poética desde o máis adxectivado e lírico ao máis longo e case narrativo como en *Liques da memoria* ou *No mesmo espacio*. Ao final recóllense poemas soltos que non aparecen nos seus poemarios, dos que cabe destacar *Sombras de cidade* onde fai un canto a Compostela.

VV. AA., *Poesía inglesa e francesa*, Mos: Galaxia □, 30 decembro 2004, col. Clásicos Universais, nº 7, 173 pp. (ISBN: 84-8288-783-1).

Esta escolma poética aparece publicada por segunda vez despois de que na súa primeira edición, 1949 na editorial Alborada de Bos Aires, fora premiada no certame literario organizado pola Federación de Sociedades Galegas da Arxentina. Recolle, porén, un novo limiar feito por Carlos Lema onde se explican as razóns polas que esta escolma apareceu no seu momento xa que se pretendía normalizar a lingua e literatura galega tentando poñela en relación a outras linguas e ás súas literaturas, ademais de indicar os diferentes autores escollidos así como a novidade nesta edición da recolla do lugar e data de nacemento, de morte e da cita dalgunhas das obras máis importantes destes poetas franceses e ingleses. A seguir, amósasenos o limiar de 1949 para despois organizar a escolma de poesía segundo os autores que a traduciron, Plácido R. Castro, Lois Tobío e F. M. Delgado Gurriarán.

VV. AA., *Galeusca. Antoloxía poética (1990-2003)*, Iruña: Pamiela, 2004, AELG, 2004, AEIE, 2004, AELC, 2004, col. Poesía, 398 pp. (ISBN: 84-7681-426-7).

Antoloxía na que corenta e cinco poetas, quince galegos, quince vascos e quince cataláns, publican dous poemas seus, que son traducidos ás outras dúas linguas do grupo Galeusca. No que corresponde á literatura galega, participan nesta antoloxía Xosé Mª Álvarez

Cáccamo, Antón Avilés de Taramancos, Estevo Creus, Emma Couceiro, Miguel Anxo Fernán Vello, Manuel María, Bernardino Graña. Xosé Luís Méndez Ferrín, Olga Novo, Pilar Pallarés, Chus Pato, Luz Pozo, Xavier R. Baixeras, Xavier Seoane e Xohana Torres.

Recensións:

- Román Raña, 'Galeusca', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 104, 'Libros', 16 decembro 2004, p. IV.

Dá conta da publicación de *Galeusca. Antoloxía poética (1990-2003)*, que xorde dunha iniciativa das Asociacións de Escritores en Lingua Galega, Catalá e Vasca consistente en que quince poetas elixidos de cada unha das literaturas publica dúas composicións nos tres idiomas. Achega a lista dos escritores que interveñen e sinala que o máis interesante dende a perspectiva do lector galego e a achega as literaturas veciñas. Indica que a antoloxía de poesía vasca é a máis coherente posto que é dunha gran calidade, moi impactante esteticamente e dunha gran violencia irracional. Conclúe afirmando que o galego empregado nas traducións "é máis que deficiente".

Referencias varias:

- C.F., 'Galeusca presenta a primeira antoloxía conxunta de poesía', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 novembro 2004, p. 56.

Informa da presentación na última xornada do Congreso de Galeusca, celebrado en Ourense, da primeira antoloxía que conten textos escritos en galego, catalán ou vasco traducidos as linguas da área galeusca na que participaron un total de corenta e cinco escritores. A obra tamén inclúe uns apuntamentos biográficos de cada un dos autores. Sinala que a selección dos poetas que representan a Galicia é interxeneracional xa que participan dende Luz Pozo ou Xohana Torres a Xavier Seoane ou Bernardino Graña, por exemplo. Finaliza resumindo os debates que tiveron lugar na penúltima xornada do Congreso e informando de que tamén se lle rendeu homenaxe a Antón Tovar e a Blanco Amor facendo o Roteiro baseado na obra *A Esmorga*.

Zernova, Elena (editor), *Compañeira tristeza. As poetas galegas do século XX*, San Petersburgo: Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo ♦, 2004, col. Antoloxía da literatura galega, nº IX, 187 pp. (ISBN: 5-288-03624-1).

O presente volume recolle, ordenados segundo a data de nacemento das súas autoras, poemas de vinte e catro das poetas máis relevantes do século XX en Galicia. Cada unha delas aparece representada por catro composicións. A maioría dos poemas caracterízanse por un ton pesimista e melancólico que xustifica o título da antoloxía. Todos eles preséntanse na súa versión orixinal galega e na tradución rusa correspondente. A obra complétase cun prólogo de Helena González e cunha listaxe final das autoras participantes na que, de forma breve, se dá a data de nacemento de cada unha delas e se fai un percorrido

polas súas traxectorias. Tanto o prólogo coma esta listaxe ofrécense só en ruso. As poetas antologadas nesta obra son as seguintes: María Mariño (Noia 1907-1967), Pura Vázquez (Ourense, 1918), Luz Pozo (Ribadeo, 1922), Xohana Torres (Santiago, 1931), Helena Villar Janeiro (Becerreá, Lugo, 1940), Marica Campo (Val do Mao, Incio, Lugo, 1948), Chus Pato (Ourense, 1955), Pilar Pallarés (Culleredo, A Coruña, 1957), Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004), Medos Romero (Soomede, As Pontes, 1959), Isolda Santiago (Mazaricos, A Coruña, 1960), Xela Arias (Sarria, 1962- Vigo, 2003), Ana Romaní (Noia, 1962), Helena De Carlos (1964), Anxos Romeo (A Estrada, Pontevedra, 1965), Marta Dacosta (Vigo, 1966), Luísa Castro (Foz, 1966), Estíbaliz Espinosa (A Coruña, 1974), Olga Novo (Vilarmao, Pobra do Brollón, Lugo, 1975), María do Cebreiro (Santiago, 1976), Emma Couceiro (Cospeito, Lugo, 1977), Iolanda Castaño (Santiago, 1977), Emma Pedreira (A Coruña, 1978) e María Lado (Cee, 1979).

III. TEATRO

III.1. DRAMATURGOS GALEGOS

António, Inma, *Os cárceres do esquenzo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia □♦, 2004, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 40, 58 pp. (ISBN: 84-9782-211-0/84-453-3874-9).

Obra de Inma António (A Coruña, 1968) que consta de oito breves secuencias e de doce personaxes. A trama xira ao redor dunha entrevista concedida por Nicolás o Ruso, un recoñecido reporteiro de guerra, a unha xornalista. A autora, a través de Nicolás o Ruso, sérvese do Apocalipse para referirse a catro historias diferentes identificadas coa guerra, coa fame, coa peste e coa morte. Trátase dunha composición que remite ao receptor a espazos de distinta índole cunha linguaxe sinxela e accesíbel. En contraposición cun contexto sociohistórico complexo, marcado polo atentado do World Trade Center e pola inmintente guerra do Iraq, Inma António revela as verbas 'dos que xa non teñen voz'. A última escena da obra recolle frases tiradas da realidade de personaxes que sufriron atrocidades nos feitos históricos das últimas décadas do século pasado. A conciencia e os recordos son dous elementos relevantes da obra.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 104, 16 decembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *Confundindo historias* (2004), de Giani Rodari; *Os cárceres do esquenzo* (2004), de Inma António; *Artefactes*, de José Antonioi Portillo e Carmen Puchol; e a *Revista Galega de Teatro*. Respecto da peza teatral de Inma António destácase o feito de afrontar un tema de interese como é o risco de esquecer os males que ameazan á humanidade, representados aquí nos catro xinetes da apocalipse.

Cunqueiro, Álvaro, *O ano do cometa*, estudo crítico de César Morán Fraga, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais/Centro Dramático Galego ♦, marzo 2004, col. Centro Dramático Galego, nº 32, 230 pp. (ISBN: 84-453-3757-2).

O libro recolle o texto do espectáculo escénico elaborado por Quico Cadaval co apoio do Centro Dramático Galego a partir de diversos escritos de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1912-1981) -principalmente, da novela que dá título á representación teatral-. Ademais de incluír a versión escrita da montaxe, ofrece tanto múltiples datos correspondentes á espectáculo, incorporando unha extensa ficha na que se indican os membros do equipo técnico e artístico da obra, como fotografías dos ensaios xerais e debuxos que representan a escenografía e aos personaxes . Así mesmo, contén dous textos a cargo do director da peza ("Unha condena") e de Dani Salgado ("Voar, soñar"), axudante de dirección, nos que dan conta das circunstancias que definiron o proceso de adaptación ao teatro da escritura de Cunqueiro e da súa visión do espectáculo teatral resultante. A comprensión da peza teatral vese facilitada, finalmente, pola presentación dun extenso estudo no que César Morán Fraga analiza a teatralidade na obra de Cunqueiro, investigando as relacións estabelecidas entre o escritor e a estética do seu tempo, á vez que o valor dentro da súa produción de temas como a idea de representación ou as conexións entre o mito e o soño. Así pois, o libro pretende presentarse como unha completa achega ao espectáculo ideado por Quico Cadaval, peza que, máis alá de salientar novamente o valor literario dos textos de Cunqueiro, anhela demostrar as posibilidades teatrais que alentan tras as narracións do escritor galego.

López, Siro, *Hai que confiar na esperanza*, Premio Álvaro Cunqueiro de Teatro 2003, Vigo: Edicións Xerais de Galicia □♦, 2004, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 41, 101 pp. (ISBN: 84-9782-212-9/84-453-3876-5).

Trátase do primeiro texto teatral que publica Siro López (Ferrol, 1943), máis coñecido pola súa faceta de humorista gráfico nos xornais. Consta a obra dunha introdución do propio autor na que nos explica a ficionalización que fixo cos elementos reais que aparecen na obra e a orixe doutros totalmente inventados. Consta dun total de cinco actos que transcorren en pouco máis dun lustro, desde o 26 de xullo de 1890, que aparece no calendario no primeiro acto, ata o 1 de decembro de 1895, pero nun espazo que sempre é o mesmo, a redacción do xornal satírico *Don Quijote* no Bos Aires de final do século XIX, un fervedoiro de ideas libertarias de revolución que se enfronta co humor á corrupción e ao dominio político do xeneral Roca. Os personaxes son, coma a obra en si, anacos de realidade sometidos á ficción: Eduardo Sojo, Xosé María Cao e Mayol, caricaturistas, e Álvarez e García, xornalistas, coincidiron realmente na redacción deste xornal, Malarriaga foi un xornalista español que traballou en Bos Aires e Luísa Moreno foi a dona de Eduardo Sojo, pero as súas relacións están tratadas literariamente. Pola contra o pillabán representa ao caricaturista galego de orixe ferrolá Xoán Carlos Alonso, que non ten nada que ver con

Don Quijote, e Alberto Dolina é un personaxe creado a partir de Alberto Leonardo Urcaray e Alejandro Dolina. Durante a obra a redacción do xornal e os seus traballadores viven todo tipo de experiencias profesionais e persoais, sobre todo profesionais, que se enmarcan nunha época de constante actividade política na que se suceden revolucións, cambios de goberno e estados de excepción; pero na que nada cambia. Isto vai minando o ánimo profesional dos protagonistas até chegar ao peche da publicación, na que ao final só crerá o seu director, o idealista Eduardo Sojo.

Recensións:

- X. Fraga, 'Homenaxe ao humor de papel', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 85, 'Letras en galego', 6 novembro 2004, p. 9.

Defínese a obra de Siro López como atípica, tanto pola localización espacial, pois transcorre en Bos Aires, como pola temporal, trátase do final do século XX, ou porque os personaxes sexan sacados da realidades. Da estrutura dise que conta con cinco actos nos que transcorren anacos da vida na redacción do xornal humorístico *Don Quijote*, na que os personaxes, entre os que destacan Eduardo Sojo, o director, e o debuxante de orixe galega Xosé María Cao, se ilusionan e viven experiencias que van desde revolucionario ao ámbito familiar. Aínda que a acción teatral transcorra toda na redacción do xornal, fálase de que aborda un momento de especial efervescencia ideolóxica e sociolóxica da historia de arxentina, época na que o debuxante Sojo ten que superar todo tipo de hostilidades políticas e incomprensións. Non obstante tamén se salientan escenas con especial carga dramática, coma a clausura do periódico. En definitiva cualifícase a obra de tratado sobre a defensa dos ideais e dos procesos de perda ou desencanto con estes.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 101, 25 novembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as referencias das seguintes obras *Galicia en cen prodixios* (2004), de Henrique Alvarellos; *A unlla da aguia* (2004), de Ramón Carredano Cobas; *Hai que confiar na esperanza* (2004), de Siro López; e *Raquel ten medo* (2004), de Agustín Fernández Paz e Marina Seoane. Da peza teatral de Siro López destaca o estar baseada en feitos e personaxes reais, nun ambiente arxentino onde son cotiáns os enfrontamentos entre políticos conservadores e da esquerda socialista e anarquista dos que trata a obra.

Pernas Cora, Gustavo, *Paso de cebra e sucesos*, Noia - A Coruña: Laiovento □♦, 2004, col. Teatro, nº 192, 194 pp. (ISBN: 84-8487-065-0).

O volume ábrese con breve limiar no que un personaxe en primeira persoa que se identifica co libro que o lector ten entre as mans reflexiona sobre a súa fortuna polas librerías e, deste xeito metafórico, perfila a feble situación da literatura galega e, sobre todo, do xénero

teatral na actualidade. Despois dun artigo onde vincula as tradicións teatrais irlandesa e galega, comeza o corpus teatral. O libro acolle unha obra bastante extensa, *Paso de cebra*, e unha sorte de pequenas obriñas individualizadas englobadas baixo o nome común de *Sucesos*. *Paso de cebra*, que aparece definida como comedia urbana, sitúase de feito nun escenario cidadán caracterizado por un tratamento esencial e minimalista: seis personaxes diversos aparecen aliñados ante un paso de peóns agardando a que sexa posíbel cruzar a estrada. Un cego que vende cupóns, un lampista de mediana idade e unha actriz mestúranse cunha viúva de loito e un axente de seguros, e todos eles deben acatar as ordes do policía de tráfico que os está a dirixir. Nun clima estático e cunha sensación de impotencia que beben do teatro do absurdo de Beckett, o feito de atravesaren a rúa antollaráselles como imposíbel e os personaxes comezan un proceso de introspección que os levará a expor os seus medos e circunstancias vitais máis conflitivas. Deste xeito, a obra fai un uso recorrente do monólogo interior para vehicular os contidos desa intimidade problemática posta ao límite por unha situación basicamente nimia e trivial como é a de cruzar un paso de cebra. No que toca ás cinco pezas que conforman *Sucesos*, a primeira, *Ruínas*, presenta nun escenario dividido por un muro que representa algunha ruína famosa a dous turistas, un home e unha muller, que reflexionan sobre as súas vivencias e sobre o feito de viaxar e apostrofan ao público. En *A vella sensación do prohibido* un matrimonio que celebra as súas vodas de prata conversa sobre a súa primeira noite xuntos e sobre o decorrer do seu matrimonio até o momento presente. *Branco e negro* presenta as conversas dunha parella de viúvos que agarda polas cinzas dos seus respectivos defuntos nun crematorio. En *¡Ai, que sería de nós sen os obreiros!*, dúas vellas rezan un rosario no que os destinatarios son os diversos tipos de obreiros e, finalmente, *Dando voltas* amosa unha brevísima charla entre dous corredores urbanos.

Prieto, José Luís, *Dereita-Esquerda*, Ferrol: Embora, maio 2004, 121 pp. (ISBN: 84-95460-33-5).

Nova obra de José Luís Prieto (Narón, 1967), de longa traxectoria no teatro galego como autor, director e actor. A obra, dende o primeiro momento, presenta un centro de interese inmediato: dous compartimentos perfectamente illados, sendo observados, á vez, dende outro compartimento cerrado e incomunicábel. De aí pódese deducir que o comportamento habitual e situacións cotiás dos seus habitantes é o foco central da obra: "Estamos sentados na butaca. Dende alí podemos observar o que sucede no interior da segunda planta de ese edificio de aí. No segundo dereita viven os Pena, no segundo esquerda os Lema. As dúas familias están agora mesmo na casa. Entre elas non poden verse nin escoitarse, separados polos tabiques e polo oco das escaleiras." Seguindo reminiscencias da película *A ventana indiscreta* de Hitchcock, o autor, mergúllanos na vida diaria de dúas familias, no que fan, no que din e tamén no que "pensan", moitas veces o máis importante polo que cala e oculta, quedando así ao descuberto as verdadeiras relacións entre ambas familias. A estrutura da obra é sinxelo: primeiramente, os personaxes principais introdúcense sós a través dos seus discursos. De seguido comenza o desenvolvemento da acción que se divide por momentos de observación en "Segundo dereita", "Segundo esquerda", "Entreportas" e "Segundo dereita-Segundo esquerda". Neste último, un elemento central na vida das familias, a televisión, aparece como un personaxe destacado da obra en torno o cal toda a familia se xunta e actúa como a voz da conciencia. Como lectores podemos supoñer que os

observadores son especialmente semellantes aos observados polo que pode existir un distanciamento entre o comportamento real e a interpretación que se fai do mesmo, que vén a ser o único que ao lector en definitiva se lle comunica. Ao final, é o lector o que ten que interpretar, como un observador máis, a verdadeira situación.

Taxes, Francisco, *Casta i Albito*, ilust. Xavier Correa Corredoira, limiar de Camilo Franco, notas a pé de páxina de Juan A. Hernández Les, Cesuras-A Coruña: Biblos Clube de Lectores , 2004, col. Mandaio, nº 7, 77 pp. (ISBN: 84-933327-4-7).

Obra que se presenta cun limiar e un breve estudo titulado "Casta i Albito, de Francisco Taxes. Notas a pé de páxina de Juan A. Hernández Les". No limiar, Camilo Franco realiza unha achega ao teatro galego e fala da función do teatro en xeral para pasar a tratar a obra de Francisco Taxes; sinala que a súa obra reflicte fielmente o mundo que Taxes frecuentaba, o humor popular e os personaxes cotiás. Como a súa obra máis importante, destaca *O Velorio*, o primeiro grande éxito de público do teatro galego, que relaciona directamente con *Casta i Albito* polo tema da morte e polo humor negro. Desta última obra destaca o humor de sainete e a aproximación ao rural galego, na que a loita de sexos se presenta coma unha regueifa. No estudo, Juan A. Hernández Les fala da obra coma un texto da oralidade, das palabras ben empregadas, unha obra realista atopada vinte anos despois de ser escrita. A obra é curta, conta só cun acto que se desenvolve sempre na mesma escena, é un diálogo entre Abito e a súa muller Casta, que, despois de morta, se lle aparece ao seu home unha noite que pasan discutindo. Os dous únicos personaxes representan a clase alta dentro do que sería o rural galego, son uns vellos labregos ricos que se podían permitir ter unha criada; aínda que tamén se pode interpretar coma unha intervención de Deus, ou esa é a interpretación de Casta, uns tronos que hai polo medio da acción e polo tanto habería un terceiro personaxe. O tema central da obra é un axuste de contas entre Casta e Albito recriminándose mutuamente as súas infidelidades, sorprendendo máis, desde a perspectiva da obra, a sinceridade de Casta, que non dubida en confesar as súas infidelidades despois de descubrir as do seu home. Naturalmente a muller ten un certo grao de superioridade sobre o marido, porque ela xa está morta e sábeo todo, mentres que o marido está intimidado pola pantasma da súa muller. Destaca sobre todo o seu humor sarcástico.

Referencias varias:

- Albino Mallo, 'A memoria recuperada de Taxes', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 febreiro 2004, p. 51.

Fala da homenaxe que se lle renderá no teatro Rosalía ao escritor Francisco Taxes cando se cumpre un ano do seu pasamento. Segundo conta acaba de presentarse o evento, no que participarán Manuel Manquiña, Agustín Lorenzo, representando ao concello, ou Carmela González en representación do "Clube de Lectores Biblos". Tamén se fala da participación do fillo do dramaturgo, Pucho Taxes, que cantará o poema de seu pai titulado "Con palabras". Entre as institucións que participan están a Asociación de Escritores en Lingua Galega ou o Centro Dramático Galego. Ademais da representación, dirixida por Ánxela Abalo, tamén se nos fala da publicación da obra, que correrá a cargo do club Biblos dentro da súa colección 'Mandaio' e contará cunha introdución do crítico teatral Camilo Franco.

- MARÉ, 'Homenaxe contra o olvido', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 febreiro 2004, p. 51.

Dase conta aquí dunha homenaxe ao dramaturgo Francisco Taxes o día do primeiro cabodano da súa morte que terá lugar no teatro Rosalía da Coruña. Neste acto, no que se anuncia a presenza de xente coma Manuel Manquiña, Euloxio Ruibal ou o fillo do homenaxeado, Xurxo Taxes, representarase tamén por primeira vez a súa obra *Casta i Alvito*, que tamén será editada proximamente polo Clube de Lectores Biblos. Esta edición contará, dísenos, cun prólogo de Camilo Franco no que salienta do escritor que fora o primeiro dramaturgo profesional de éxito en galego e o humor sarcástico que emprega na obra en cuestión. No que respecta a representación destácase a colaboración desinteresada de Ánxela Abalo, a directora, e dos actores Elina Luaces e Fernando Morán.

III.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES

González, Cándido A., *¡Mal ollo!... Comedia de ambente mariñeiro*, estudo, edición e notas de M. Ferreiro e L. Tato Fontaíña, A Coruña: Universidade da Coruña □♦, 2004, col. Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 33, 131 pp. (ISBN: 84-9749-113-0).

Recupérase nesta edición unha comedia musical de Cándido Alfonso González (Carballo, 1905-Bos Aires, 1966) publicada por primeira vez en Bos Aires en 1954 e premiada no certame do Centro Galego da capital arxentina nos anos 1952-1953. A edición conta cun estudo introdutorio realizado por Laura Tato e Manuel Ferreiro e dous apéndices nos que se recollen as partituras da peza e unha breve nota biográfica do autor. A obra preséntase dividida en dous actos e un "Intermedio" de carácter exclusivamente musical. Ábrese cun romance recitado por unha voz en off que explica os antecedentes da historia que se vai desenvolver posteriormente en escena: nun aquelarre celebrado no Monte Neme, as bruxas deciden enfeitizar unha moza para que a luz dos seus ollos faga naufragar a gamela do mariñeiro que se namore dela. A comedia propiamente dita comeza coa presentación indirecta da moza protagonista, Gabriela, a quen todos alcuman "Mal Ollo" e coa discusión entre aqueles que cren en meigallos e os que consideran que todo se trata dun rumor infundado. A incomodidade de Gabriela na vila aumenta polo feito de que a nai dun mariñeiro desaparecido no mar tolea e pasea chamando por el e agardando o seu regreso. Moncho, un dos mariñeiros, decláralle o seu amor a Gabriela e esta comeza a temer pola súa sorte e pensa en marchar da vila. No segundo acto, o barco de Moncho leva xa dous días de atraso na súa arribada, o que provoca o rexurdimento do rumor contra Gabriela. Pero axiña no xornal aparece a noticia de que o fillo da Tola fora recollido por un cargueiro sueco e tamén regresa sa e salva a tripulación de Moncho. A obra remata cunha festa celebrando a desaparición do malfado e o amor de Moncho e Gabriela e castigando ao responsábel de estender o rumor contra a rapaza.

Recensións:

- Salvador Rodríguez/M. Blanco Rivas, 'Un 'folk-drama' mariñeiro', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 379, 'Libros', 4 setembro 2004, p. 2.

A propósito da publicación da obra *¡Mal ollo!* na colección Biblioteca Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor que editan, en colaboración, o IGAEM, a Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo e o concello de Carballo, achéganse algúns datos biográficos do autor, Cándido Alfonso González e sinálase que a obra foi publicada por primeira vez en Bos Aires en 1954 e que debe inscribirse no contexto do chamado teatro musical galego, "un subxénero de gran aceptación entre a emigración galega na Arxentina da primeira mitade do século XX". Apúntase tamén que se trata dunha comedia de ambiente mariñeiro e que foi premiada no Certame Castelao do Centro Galego de Bos Aires. A seguir, coméntase que conta cunha estrutura en dous actos e un intermedio musical e reprodúcense algunhas notas do estudo que acompaña a obra, realizado por Manuel Ferreiro e Laura Tato, tales como o cualificativo de "folk drama", a mestura de elementos populares e propios do ambiente mariñeiro co mundo mítico galego e, en canto ao aspecto lingüístico, o feito de que a obra responda ao período inmediato da posguerra, sen un estándar idiomático fixado e cunha vontade diferencialista e popular.

Lourenzo, Manuel, *Insomnes*, limiar de Carlos Paulo Martínez Pereiro e apéndice de Isaac Ferreira, A Coruña: Universidade da Coruña, 2004, col. Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, 174 pp. (ISBN: 84-9749-106-8).

Reúnense neste volume tres pezas teatrais de Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, 1943) que conforman a triloxía que lle dá título: *O glaciar, Nosferatu e A conquista da cripta*. *O glaciar* data de mediados dos anos noventa e conta cunha versión en portugués que se deu a coñecer na páxina web de Alberto Augusto Miranda e cunha versión española estreada como lectura dramatizada na Sala Manuel de Falla da SGAE en abril de 2002. *Nosferatu* foi publicada na revista *Nó*, da Asociación de Escritores en Lingua Galega, en 1986 e estreada pola Escola Dramática Galega en 1987, mentres que *A conquista da cripta,* unha peza nunca estreada, apareceu na páxina web de Teatro Bruto en 1997 e conta tamén cunha versión portuguesa publicada en Edições Tema. Nun espazo e nun tempo, por veces impreciso, e cunha base mítica, os personaxes parecen sufrir a tortura de permanecer conscientes por sempre, sen descanso posíbel. Así, os dous mortos recentes d'*O glaciar*, o Xeneral e o Profesor, cargados de cadanseu carriño da compra e vagando por unha especie de antigo círculo glaciar entre montañas; ou o amor adolescente que viven Tristán e Mariana, sempre na lembranza e frustrado por mor da acción dos pais del que desexan o seu matrimonio coa súa media irmá Lucía, en *Nosferatu*; e os dous artistas de *A conquista da cripta*, que dan renda solta nas frías salas dun museo ás súas obsesións sexuais. O volume ábrese cun texto titulado "Á maneira de limiar", de Carlos Paulo Martínez Pereiro, publicado no número catro da revista *Casahamlet*, correspondente a 2002, no que se ofrece un percorrido pola produción teatral de Manuel Lourenzo. O apéndice, de Isaac Ferreira, recolle as referencias bibliográficas da obra dramática do autor, representada, publicada e premiada.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Un chapeau insomne', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 xullo 2004, p. 61.

Breve nota na que se dan a coñecer os últimos títulos publicados na colección "Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor": a peza cómica *Un chapeau de paille d'Italie,* de Eugène Labiche e Marc-Michel e *Insomnes*, de Manuel Lourenzo. Infórmase de que se trata dunha iniciativa do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña, en colaboración co IGAEM, que comezou a súa andaina en 1997 coa edición de *Donosiña*, de Xaime Quintanilla, e que xa conta con trinta e dous títulos publicados.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 94, 7 outubro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as referencias ás obras: *Animal +* (2004); *Na fronteira* (2004), de Xoán Fuentes Castro; *Insomnes* (2004), de Manuel Lourenzo; e *En concreto* (2004), de Luísa Villalta. Sobre a obra de Lourenzo dinos que contén tres relatos, que resume brevemente, unidos polo tema común do padecemento e o sufrimento humano.

Ruibal, Euloxio R., *Minimalia. 20 pezas de teatro breve*, intr. e edición de Inma López Silva, A Coruña: Arquivo teatral Francisco Pillado Mayor/Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística ♦, 2004, 237 pp. (ISBN: 84-9749-128-9).

O volume reúne vinte pezas breves do Euloxio R. Ruibal (Ordes, 1945), ordenadas cronoloxicamente segundo a data da súa publicación orixinal. Agás o penúltimo dos textos teatrais recollidas no libro, "Ondiñas do mar salgado", elaborado especialmente para esta publicación e inspirada na catástrofe do petroleiro Prestige, as obras compiladas xa foran publicadas en diversos espazos, non sempre de fácil acceso. Así pois, o obxectivo fundamental do libro é que o lector posúa nun só volume unha serie de textos que, ben porque foron encargados por publicacións periódicas ou obras colectivas, ben porque a súa feitura inicial como breve non facilitou a súa reedición como pezas independentes, até agora se atopaban fóra do alcance do grande público. Non obstante, do volume quedaron excluídas as obras que de modo orixinario foron pensadas e escritas para nenos, xa que, indica a responsábel da edición, tales textos posúen características e obxectivos diferentes condicionados polo público a que se dirixen, esixindo un tratamento particularizado demandado, ademais, pola súa aparición por separado en volumes como *Teatro infantil* (1988) e *Teatro infantil e xuvenil* (1991). Tanto os criterios utilizados para a configuración da edición como os trazos e temas que definen as pezas breves de Ruibal son explicadas dentro da introdución firmada por Inmaculada López Silva, titulada "Pequenas obras, grandes mundos. O Teatro breve de Euloxio R. Ruibal".

III.3. TRADUCCIÓNS OU VERSIÓNS

Ionesco, Eugène, *Rinoceronte*, tradución e notas de Henrique Harguindey Banet, A Coruña: Laiovento, 2004, col. Teatro, nº 188, 165 pp. (ISBN: 84-8487-061-8).

Eugène Ionesco (1912-1994) recrea a vida dunha vila de provincias de, aproximadamente, mediados do século XX, "un tanto baleira", que se ve alterada a partir da aparición dun rinoceronte nas súas rúas. Tras este suceso dáse a transformación dos seus habitantes en rinocerontes dunha forma progresiva, agás un dos personaxes, Berenguer, que resiste até o final e ve impotente como todos os seus amigos e compañeiros de traballo se deixan levar pola colectividade xa convertida, significando isto unha desintegración social total. Trátase dunha historia que rolda o absurdo e, incluso, o esperpento, mais que encerra unha crítica do autor á debilidade das conciencias humanas e á incomunicación. É por isto que se mesturan diálogos, algúns carentes de lóxica, que tentan transmitir incomprensión, falta de coherencia e que tamén fan dubidar de determinadas conductas dun mundo "cínico e grotesco". Ao longo dos tres actos, o segundo deles dividido en dous cadros, faise notar a ironía e un humor un tanto ácedo.

Recensións:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Rinoceronte', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 12 setembro 2004, p. 45.

Achégase brevemente ao tecido argumental de *Rinoceronte* de Eugène Ionesco, apuntando que o autor pretende que se converta nun "alegato contra o totalitarismo" e a falta de liberdade que este provoca. Sinala que presenta un mundo "cínico" do que só se desmarca un dos personaxes que non acepta a sociedade coa que convive. Alude, así mesmo, á estrutura e insiste unha vez máis na denuncia de Ionesco quen, subliña, nos ofrece unha das súas obras "máis comprometidas". Finalmente, felicita á editorial Laiovento e ao tradutor por esta contribución cultural.

- Manuel F. Vieites, 'Comunicacións patolóxicas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 94, 'Teatro', 7 outubro 2004, p. VIII.

Fai referencia á personalidade controvertida e provocadora de Eugène Ionesco a cal, di, tamén se manifesta na súa obra. Apunta, asemade, que nas súas creacións, a pesar do variábeis que son, son evidentes influencias como as de Kafka ou Jarry, as do teatro de bulevar ou os surrealistas. Ademais, subliña o seu papel renovador no eido da dramaturxia e o seu anti-teatro. Por outro lado, baixo o título "Rinoceronte, entre nós", refírese ás claves temáticas da súa obra *Rinoceronte*, observando que tras a metamorfose dos personaxes en rinocerontes está a extensión do nazismo polas mentes da poboación, sobre todo burguesa, de Romanía a partir de 1940. Indica que busca evidenciar a degradación da burguesía, subliñando isto como unha das recorrencias na súa obra, xunto con outras, por exemplo, como "as trampas dunha linguaxe que carece de toda lóxica".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 90, 9 setembro 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Druídas*, de Anne Ross (2004); *A loita continúa*, de Claudio Rodríguez Fer (2004); *Rinoceronte*, de Eugéne Ionesco (2004); e *Illa das esculturas*, de X. Antón Castro (2003). Sobre a obra de Ionesco, presentase como unha obra rupturista que afonda na crítica social mediante o cínico e o grotesco. Neste caso, como se conta, a historia céntrase na aparición dun rinoceronte no medio dunha vila e os temores cos que esa sociedade vilega se enfronta a el.

Labiche, Eugène, **Marc-Michel**, *Un chapeu de palla italiana*, Coruña: Universidade da Coruña, 2004, col. Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, 237 pp. (ISBN: 84-9749-105-X).

O presente volume contén a tradución ao galego da obra *Un chapeu de palla italiana* de Eugène Labiche (1815-1888) coa axuda de Marc-Michel (1812-1868), pero tamén se insire nas páxinas pares o texto orixinal en francés. Acompáñase o volume dunha introdución da propia tradutora, Ana Luna Alonso, na que se ofrecen algunhas claves para a interpretación da obra, datos sobre os autores e a propia época na que foi concibida e representada, 1851. Trátase dunha comedia en cinco actos en prosa, pero con intercalacións de coplas e cancións que pretende crear unha atmosfera na que o riso estea asegurado, pero sen perder de vista o aspecto moral que pretende transmitir. O primeiro acto sitúase na casa de Fadinard, un rendeiro parisino que ese día celebra a súa voda coa filla de Nonancourt, propietario dun viveiro. O contraínte preséntase axitado porque o seu cabalo lle comeu un anaco dun sombreiro de palla a unha dona que o deixara pendurado dunha árbore, esta esíxelle en compañía do seu galán, un oficial, que lle busque un exactamente igual. O segundo acto desenvólvese na tenda de Clara, unha antiga moza de Fadinard, que acaba de vender o chapeu buscado á baronesa Champigny. No seguinte acto encontrámonos na casa da baronesa á que lle pide o chapeu mediante unha nota, ela celebraba unha xornada musical e cre que Fadinard é o tenor que agardaba; finalmente, e despois de todos os equívocos, non consegue facerse co sombreiro que era para a señora Beauperthuis. A escena cuarta lévanos á casa desta última; o marido da Sra. Beauperthuis, cre que Fadinard é un ladrón até que, polas súas explicacións, descobre a infedilidade da súa muller. O derradeiro acto ten lugar diante da casa do protagonista que consegue milagrosamente o chapeu, que remata na cabeza da dama.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Un chapeu insomne', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 xullo 2004, p. 61.

Salienta o labor que está a levar a cabo a Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado que publicou as obras *Un chapeu de palla italiana* de Eugène Labiche e *Insomnes* do galego

Manuel Lourenzo. Coméntase, con respecto á obra do escritor francés que foi todo un éxito no momento en que saíu á escena xa que estivo tres meses en cartel no parisino Teatro de la Montansier no ano 1815. Deféndese que é unha crítica á sociedade burguesa, ao tempo que pretende provocar un sorriso no espectador. Conclúe co tratamento de *Insomnes*, da que se indica que é unha triloxía composta por *O glaciar, Nosferatur* e *A conquista da cripta*.

- Manuel F. Vieites, 'Defensa do vodevil', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 92, 'Teatro', 23 setembro 2004, p. VIII.

Faise unha achega á obra do dramaturgo francés Eugène Labiche que defendeu honradamente o vodevil nas súas pezas. Recoñécese que o escritor explorou as posibilidades do xénero sen caer nos efectos típicos e nos trucos fáciles, sabendo contribuír sen rexoubadas. Enténdese que recrea identidades, ilustra escenas simples, situacións disparatadas e conflitos nos que teñen cabida xente da máis diversa estirpe. Coméntase da peza *Un sombreiro de palla italiana* que responde ao anteriormente citado, así irrompe co feito irrelevante dun cabalo que come un chapeu de palla a unha dama e dese nimio altercado proveñen a sucesión de equívocos e tramas nas que hai un pouso surrealista.

Sarrazac, Jean Pierre, *Cantiga para JA*, tradución de Manuel Guede, Vigo: Edicións Xerais de Galicia □♦, 2004, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 39, 92 pp. (ISBN: 84-9782-210-2/84-453-3875-7).

Volume no que se recolle a peza dramática de Jean Pierre Sarrazac (Francia, 1946) e da que se indica que serviu de base para o espectáculo coproducido polo Centro Dramático Galego, Companhia de Teatro de Braga e "Coimbra, Capital Nacional da Cultura, 2003". Estrutúrase en catorce escenas que teñen en común tres aspectos: a utopía, un lugar onde a harmonía remata cos conflitos; a cantiga, especialmente a de José Afonso; e a praza que, ademais de ser o lugar escollido para a representación, simboliza todas as prazas onde algún día se iniciou unha revolución. Comeza o texto con dous rapaces que se atopan botando un baile, pero de súpeto el síntese como o seu pai, que foi chamado á loita, e nese momento comeza a realizar un mural revolucionario. Aparecen en escena seis personaxes máis con distintos problemas persoais sobre os que reflexionan en conxunto. Así, unha reclusa que se sinte inferior pola cor da súa pel negra e á que convencen de que esa non é unha razón para explotala, nin tampouco o medo ás supersticións ou o propio feito de ser muller. Ou o maratoniano ao que vemos a través dunha pantalla, corre dende Mozambique e na derradeira escena chega á praza na busca do Cantor que lle falaba á súa xente dun mundo mellor, da loita, da igualdade dos negros, pero ao que fai tempo xa non escoita. Infórmano de que morreu, pero de súpeto soa a música que viñera buscar e despois de oír o canto á liberdade érguese e desaparece correndo; así, van aparecendo os seis personaxes, cada un con cadaseu problema persoal.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Utopías na existencia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 decembro 2004, p. 42.

Indícase que os dous últimos libros que entraron a formar parte da colección do Centro Dramático Galego, editada por Xerais, foron *Morte dun viaxante* de Arthur Miller e *Cantiga para Ja* do autor francés Jean Pierre Sarrazac. Sinálase que este último serviu de base para o espectáculo que coproduciron o Centro Dramático Galego, Companhia de Teatri de Braga e Coimbra, Capital Nacional da Cultura, 2003. Faise un breve resumo da obra na que sobresaen tres elementos: a utopía, a revolución e a praza.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 103, 9 decembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as referencias das seguintes obras *A vestimenta tradicional no surleste de Ourense* (2004), de José Rodríguez Cruz; *Cantiga para JA* (2004), de Jean-Pierre Sarrazac e Christina Mirjol; *Frederick* (2004), de Leo Lonni; e *No parque* (2004), de Patxi Zubizarreta e Rebeca Luciani. Desta peza teatral destácase o ser a tradución dun dos máis importantes teóricos e ensaístas de Francia. Felicítase tamén pola tradución de Manuel Guede.

III.4. POSTAS EN ESCENA

III.4.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS, SEMANAS E SALAS ALTERNATIVAS

Festival de Teatro do Servizo Universitario de Residencias (SUR)

♦.Organizado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), acolleu aos grupos teatrais dos Colexios Maiores e Residencias Universitarias da institución compostelá. Como parte do xurado do certame estiveron Elena Vázquez Cendón, vicerreitora de estudantes; Roberto Salgueiro, director da Aula de Teatro da USC; Eduardo Alonso, autor teatral; e Borja Ínsua, como bolseiro da Residencia Universitaria Monte da Condesa. Celebrouse nos días 2 e 3 de xuño no Auditorio da Universidade en Santiago.

XVª Xornadas de Teatro en Galego do Seixo

.Organizadas pola Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega do Seixo, tiveron a colaboración do Concello de Mugardos e a Deputación Provincial da Coruña. Celebradas entre os días 4 e 8 de decembro na parroquia ferrolá do Seixo, contaron coa presenza da compañía Amistade, que representou a obra *Vanessa ten un pinchazo*; os títeres do grupo fenés Falcatrúa; a compañía teense A Mámoa, coa obra *Nós, elas e o duende*; o grupo

Bartoleta, coa obra *O embruxado*; e, como peche, o grupo local Teruca Bouza que, dirixido por Manuel Basoa e tras varios anos de inactividade, reiniciou o seu labor teatral coa escenificación da obra *Farsa do cornudo mallado*. Ao final tivo lugar unha homenaxe a Andrés Romero, anterior director desta agrupación.

Xoves teatrais de Ferrol 2004

□♦.Organizados polo Concello de Ferrol, coa colaboración do IGAEM e a Fundación Caixa Galicia, e coordinados polo Ateneo Ferrolán, abranguen un conxunto de representacións teatrais e grupos galegos e foráneos. O programa esténdese ao longo de todo o ano durante os xoves, primeiro nos meses de febreiro, marzo, abril, maio e xuño, e logo os xoves dos meses de outubro, novembro e decembro. As compañías galegas que participaron neste ciclo foron Sarabela Teatro, que representou *Así que pasen cinco anos*; Nove Dous teatro, que escenificou *O porqué das cousas*; Balea Branca, que levou a obra *Un tranvía de nome desexo*; Lagarta, Lagarta, con *Fobias*; Teatro de Ningures, con *Círculo*; Bucanero Teatro, con *Se normal... vota substancia bucanera*; Teatro do Noroeste, que representou a obra *Ensaio*; Teatro do Atlántico, con *O Encoro*; Librescena producións, que escenificou *Os cárceres do olvido*; Talía Teatro, coa obra *Eu así non xogo*; e Áncora Producións, con *Paso de cebra*. Cada representación contou con dous pases, o de mediodía para os estudantes e o das oito e media da tarde para todo o público. O escenario de todas as representacións foi o auditorio do Centro Torrente Ballester.

Referencias varias:

- M.J.R., 'Os Xoves Teatrais abandonarán o Torrente para instalarse no Jofre', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 11 marzo 2004, p. 10.

Describe o ciclo Xoves Teatrais que organiza o Concello de Ferrol. Apunta que a partir da seguinte convocatoria as actuacións non serán no Torrente Ballester senón no teatro Jofre, xa rehabilitado. Sinala que nesta edición participarán unha decena de compañías de dentro e fóra de Galiza, das cales son galegas: Sarabela, Nove Dous, Balea Branca, Teatro do Noroeste, Talía, Casahamlet e Bucanero. Iniciarán o ciclo os estremeños Al Suroeste cunha obra de Valle-Inclán. Nos destacados anota tamén que o Concello forma parte da Rede Galega de Teatros e Auditorios, polo que reciben a subvención da metade da cotización das compañías, e que manterán en Caranza o ciclo Domingos a escena polo éxito de público.

- Chicha Pantín, 'La familia de Couso reclama más apoyo de su ciudad natal', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 9 abril 2004, p. 17.

Breve no que se apunta a representación da obra *O porqué das cousas*, texto de Quim Monzó, dentro do ciclo dos Xoves Teatrais de Ferrol, que trata os conflitos de parella e as angustias existenciais.

Iª Mostra de Teatro da Pobra do Caramiñal

□♦.Organizada pola Concellaría de Cultura da Pobra do Caramiñal, e coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña, celebrouse entre os meses de novembro e decembro e contou con varias compañías galegas. As representacións tiveron lugar no Teatro Elma desta localidade barbanzá e a compañía encargada de pechar a Mostra foi Ullán Teatro, con obra *Jrelos Crest*.

Iª Mostra de Teatro Universitario da Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra

□.Organizado pola Asociación Xuvenil Quartoescuro, residente na Facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Vigo (campus de Pontevedra), celebrouse entre os días 10 e 20 de abril. A Mostra contou coa presenza de distintas agrupacións afeccionadas e semiprofesionais entre as que estiveron o grupo de teatro da asociación anfitrioa, que representou as obras *Eu son un sernormal* e *A importancia de chamarse Dolly Wilde*; Caleac Teatro, do campus de Lugo (Universidade de Santiago), que representou *Juguem tanoques*; a Aula de Teatro de Ourense "Maricastaña", que levou as obras *Totem* e *O señor das moscas*; e Tangutanga Teatro (Santiago), que escenificaron a produción propia *Sete locas con Mario*. Outras compañías que levaron as súas obras, en castelán, foron Teatro Quinto Acto (Universidade de Vigo) e Teatro do Grilo. Todas as representacións tiveron lugar no salón de actos da facultade.

Vª Mostra de Teatro de Afeccionado de Arteixo

♦.Organizada polo Concello de Arteixo, celebrouse entre o 27 de febreiro e o 2 de abril, Contou coa participación de distintos grupos da zona como o grupo de teatro Fogar do Maior, o grupo Valacar da ONCE, Retranca, o grupo Muradana de Anceis ou o grupo de teatro do CEIP de Galán, que pechou o ciclo coa representación das obras *Príncipe feliz* e *Soldadiño de chumbo*. O escenario de todas as obras foi o Auditorio Municipal de Arteixo.

Ciclo de Teatro de San Sadurniño

♦.Organizado polo Concello leva por título "Os domingos... ao teatro". Na edición de 2004 celebrouse entre o domingo 17 de outubro e o 19 de decembro. Inaugurou o ciclo Talía Teatro, con *Bicos con Lingua*. Outras representacións foron as da Compañia Meridional, con *Dionisio Guerra*; Experimenta, con *Os nosos soños nun baul*; ou Teatro do Atlántico, con *Vanzetti*.

Ciclo de teatro "Vigo a escena"

□♦.Organizado pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural de Vigo, comezou no mes de decembro de 2003 e prolongouse ao longo de todo o ano 2004. Contou coa

actuación de medio cento de agrupacións teatrais viguesas. Celébrase en diferentes lugares, barrios e parroquias, deste concello e no Auditorio Municipal. Ademais de achegar o teatro aos seus habitantes, tamén é unha forma de promocionar aos diferentes grupos locais, que percorren estes escenarios coas súas pezas. Algunhas das compañías que interviron nesta edición foron Avento Teatro, co seu espectáculo *¿E agora que facemos?*; Fulano, Mengano e Citano, que levaron a montaxe *Shsss... calma!*; Artello Teatro, coas obras *Unha de americanos* e *Amadís*; Aforo Teatro, representando a obra *O cepillo de dentes*; Máscara producións, con *O discurso sobre o fillo de puta*; ou Sísifo Teatro coa súa montaxe do *Bico da muller araña*; entre outras.

Referencias varias:

- José Carlos Bastos, 'Teatro para once barrios', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 9 maio 2004, p. 23.

Breve sobre o ciclo 'Vigo a escena', onde se apunta que haberá dezaseis representacións a cargo de compañías viguesas en once barrios da cidade durante os meses de maio e xuño. Así mesmo, sinala que esta iniciativa é "a cuarta folla do trébol teatral" deseñado polo Concello conxuntamente co Verán de Teatro, Vigocreque e o Festival Alternativo de Teatro.

- A.R., 'El teatro se pasea por los barrios', *Faro de Vigo*, 'Vigo 4 costados', 11 maio 2004, p. 3.

Dá conta do ciclo de teatro 'Vigo a escena', destacando que sete compañías de teatro e unha de danza realizarán dezaseis actuacións en diversas entidades da cidade as fins de semana de maio a xullo. Anota os nomes das compañías, as obras que representarán e o lugar onde se levarán a cabo. Posteriormente céntrase na obra de Máscara Producción, *Discurso sobre o fillo de puta*, da que salienta os pequenos monólogos reiterativos, satíricos e mordaces, e que leva máis dun ano recorrendo os escenarios galegos con moito éxito.

- P.C.G., '"Vigo a escena" visita Teis', *Atlántico Diario*, 24 decembro 2004, p. 40.

Achega información sobre a nova edición do ciclo 'Vigo a escena', programado polo departamento de Cultura que se iniciou a finais de decembro de 2004 e que se prolongará durante os primeiros meses de 2005. Apunta que está conformado por dezaseis actuacións teatrais levadas a cabo por oito compañías profesionais viguesas (Aforo Teatro; Avento Teatro; Disque Danza; Fulano, Mengano e Citano; Máscara Producións; Sísifo Teatro; The Pinga e Artello Teatro Alla Scala 1:5). Tamén sinala o obxectivo desta iniciativa: descentralizar a programación cultural cara aos barrios e apoiar e difundir o traballo feito polos profesionais da cidade.

IVª Mostra de Teatro de Gondomar "Roberto Vidal Bolaño"

□♦.Organizada por primeira vez en 1999 pola Concellaría de Cultura de Gondomar, contou nesta edición coa colaboración do IGAEM. Esta iniciativa enmárcase dentro dun programa que ten como obxectivo ofrecer aos gondomareños representacións de teatro e música de calidade, e que dende 2001 diferenciou en "Mostra de Teatro de Primavera" e "Mostra de Teatro de Outono"; se ben este ano só tivo lugar a "Mostra de Teatro de Outono". Nesta última participaron Teatro do Morcego, que representou *O caso da rúa Lourcine* e *Os Piratas-A Branca Rosa*; Librescena producións, coa *Biblia (abreviada)*; Lagarta, Lagarta, que representou *Fobias*; Sarabela Teatro, que levou a obra *Así que pasen cinco anos*; e Vichelocrego, con *Deus*, versión de Woody Allen. Todas as actuacións tiveron lugar no Auditorio Municipal "Lois Tobío" entre os meses de novembro e decemnbro.

Referencias varias:

- Vicente Montejano, 'Gondomar abre la Mostra de Teatro', *Faro de Vigo*, 'Especial Val Miñor', 30 outubro 2004, p. 6.

Análise pormenorizada da Mostra de Teatro Roberto Vidal Bolaño de Gondomar, na que comenta cada unha das sete obras que se levarán a escena. Destaca que abre a Mostra Teatro do Morcego con *O caso da rúa Lourcine*, da que resume o argumento e achega os intérpretes e dirección. Salienta da compañía os premios que recibiu e os numerosos festivais nos que participou, que avalan a súa calidade e o éxito de público. Tamén representará *A branca rosa-os piratas*. A continuación fai referencia á compañía Librescena, citando os compoñentes, que levará *A Biblia, a historia xamais contada*, comedia que parodia pasaxes do Antigo Testamento. Posteriormente representarase *Fobias* de José Luís Prieto, comedia negra que será posta en escena por Lagarta, Lagarta, da que tamén expón a interpretación e dirección. Así mesmo, estará Sarabela Teatro con *Así que pasen cinco años* de Federico García Lorca. Resume o argumento, indica a interpretación e dirección e observa que esta arriscada proposta escénica obtivo seis premios María Casares na edición do 2004. Por último, actuarán a compañía Filandoira, especializada en obras de Gil Vicente, e os afeccionados Vichelocrego coa obra *Deus* de Woody Allen.

- A.G., 'La Biblia, en la Mostra de Teatro de Gondomar "Vidal Bolaño"', *Atlántico Diario*, 'Val Miñor', 27 novembro 2004, p. 23.

Breve sobre a Mostra de Teatro Roberto Vidal Bolaño de Gondomar, organizada pola Concellaría de Cultura do Concello. A compañía Librescena, da que salienta a súa calidade, representará esa noite *A Biblia, a historia xamais contada*, sinalando que é unha comedia que parodia algunhas pasaxes do Antigo Testamento, pero con respecto cara aos crentes.

- P. C. G., 'Mañana arranca 'Títerenadal', *Atlántico Diario*, 'Navidad/Val Miñor', 21 decembro 2004, p. 54.

Anúnciase o remate da Mostra de teatro Roberto Vidal, que incluíu un ciclo de oito obras representadas os sábados dende o 6 de novembro ao 18 de decembro. Tamén se comenta

que o Concello de Gondomar despide o ano con títeres, entre os que están o grupo tudense Gomes i Gomis coa obra *Sentits*, Trompicallo con *Nadarín*, Cachirulo con *A pedra que arde*, Pablo Nojes e Paprika con *Las aventuras de Siete*, Buratini con *Palabras de caramelo* e Tanxarina con *Narigudos*.

IIIº Festival de teatro afeccionado "Agustín Magán"

♦.Organizado por primeira vez polo IGAEM e a Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA), quere ser unha ocasión na que se lembre e homenaxee a Agustín Magán, ademais de servir de intercambio de experiencias para grupos afeccionados. Celebrouse do 3 ao 8 de decembro no Teatro Principal e no Salón Teatro de Santiago de Compostela. As seis compañías participantes nesta edición foron Palimoco Teatro, con *As fillas de Eva*; Atrezzo Teatro, con *Historias peregrinas*; Achádego Teatro, con *Confusión de María Balteira*; a compañía Lohengrin levou a obra *Como unha motooo*; Metátese Teatro representou *No mundo megaguai;* e Vichelocrego, que escenificou *Deus*, versión sobre un texto de Woody Allen.

Referencias varias:

- EP, 'Achádego estrena obra en el Salón Teatro', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 5 decembro 2004, p. 28.

Breve onde se anota a representación para ese día no Salón Teatro de Compostela da peza *Confusión de María Balteira* da compañía Achádego Teatro, que forma parte do III Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán. Esta noticia publicouse, neste mesmo día, no xornal Galicia Hoxe, asinada por MARÉ.

- MARÉ, 'Achádego estrea 'Confusión de María Balteira", *Galicia Hoxe*, 'Maré', 5 decembro 2004, p. 61.

Breve onde se anota a representación para ese día no Salón Teatro de Compostela da peza *Confusión de María Balteira* da compañía Achádego Teatro, que forma parte do III Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán. Esta noticia publicouse, neste mesmo día, no xornal *El Correo Gallego*, asinada por E.P.

- E.P., 'Metátese Teatro no 'Agustín Magán", *Galicia Hoxe*, 'Maré', 7 decembro 2004, p. 44.

Nota sobre a posta en escena da obra *No mundo megaguai* da compañía Metátese Teatro, dentro do III Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán. Tras apuntar as entidades organizadoras, as datas de realización e observar que conta cun total de seis representacións, resume o contido da peza teatral e cita o nome das actrices e actores.

- Xosé Lueiro, '¡Hai vida despois do Igaem!', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Teatro', 12 decembro 2004, p. 9.

Analiza o III Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán. Despois dun breve repaso polos problemas do teatro afeccionado (carencia de infraestruturas, falta de axudas institucionais, escaseza de cursos formativos, etc.), reclama a implicación das institucións para potenciar a difusión e exhibición, a pesar de que dende o 2002, tras a proposta da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) e en resposta a esta situación de marxinalidade, o Instituto das Artes Escénicas e Musicais financiara o Festival. Non obstante, apunta as palabras do presidente da FEGATEA, onde explica que aínda faltan cursos de formación, circuítos de teatro afeccionado, etc., por contar con insuficiente número de grupos socios para facer presión sobre a administración. Do Festival salienta a liña continuadora e a gran variedade de propostas. Nos á partes anota o orzamento, os días e lugar de representación e o aforo medio, ademais das compañías e obras participantes.

Teatro Galán

.Sala independente de Santiago de Compostela que forma parte do Rede de Salas Alternativas Españolas e na que se organizan actividades teatrais, debates e cursos sobre o teatro, ademais doutras actividades artísticas relacionadas coa danza. A encargada da programación é Ana Vallés, directora tamén da Compañía Matarile Teatro, que é a que xestiona esta sala.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, 'Un taller de danza y ritmo inicia el programa anual de la Sala Galán', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 9 xaneiro 2004, p. 29.

Analiza as actividades e espectáculos da Sala Galán nos meses próximos. Apunta que inicia o programa un taller de danza, ritmo e movemento, impartido por Patricia Ruz, e que continuará coa montaxe de narración oral e música *Vento mareiro* de Avelino González e Caramuxo. Para final de mes salienta que estará Teatro de Norte con *Hotel Europa* e en febreiro o Alternativa 2004, festival que abre Matarile coa peza teatral *Acto seguido*. Nos destacados expón os espectáculos que se realizarán en marzo e abril.

- Carmen Villar, 'Opcións contra o aburrimento', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, 'Teatro', 24 xaneiro 2004, p. 2.

Anota a oferta das Salas Galán e Nasa para ese primeiro trimestre do ano. Inicia o comentario co programa da Galán, onde esa mesma noite Avelino González e Caramuxo realizarán o espectáculo *Vento mareiro*. Destaca as seguintes representacións, xa dentro do Festival Alternativa, que abrirá a compañía Matarile, e que inclúe a danza de Fóra de Serie e as Curtas de Teatro. A continuación observa as propostas da Nasa, que tamén participa en

Alternativa con música e o teatro de Belmondo, ademais de citar outros espectáculos de danza, música e teatro e os Seráns da Nasa.

- Ana Iglesias, 'Nao D'Ire y sus primeras 'Formas diáfanas' con la frescura del folk', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 6 abril 2004, p. 33.

Resume a programación trimestral da Sala Galán, que inclúe teatro, danza e música e que sinala xa deu comezo coa compañía Mal Pelo. Durante o mes de abril apunta a representación de *Indignos* de María A Parva e a XII Feira do Teatro. Así mesmo, destaca o Taller de Creación Escénica impartido por Ana Vallés. En maio anota dúas obras, unha do coruñés Sergio Zearreta e outra dunha compañía barcelonesa. Finalmente, para xuño cita a realización dun taller de danza e o IX Festival Internacional de Danza En pé de pedra.

- Carmen Villar, 'Escenas para evadirse', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, 'Teatro', 24 abril 2004, p. 2.

Análise detallada das programacións das salas compostelás Nasa e Galán para os meses de abril a xuño. Comeza pola Galán, anotando o taller de creación escénica que levará a cabo Ana Vallés. En maio salienta *Noveccento* do coruñés Sergio Zearreta e a obra catalá *¡Polacos!* Finalmente, en xuño realizarase un taller de danza e a IX edición de En pé de pedra, onde haberá un mínimo de oito compañías. Polo que respecta á Nasa, destaca que dedicarán o restante do mes de abril á música e á estrea de *Radio Universo* de Chévere, o de maio ás sesións Seráns da Nasa e o de xuño, ademais dos concertos de música, organizarán unha festa do circo e a presentación da compañía Femininosingular.

- MARÉ, 'Performance, música e danza no fin de ano da Galán', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 1 outubro 2004, p. 50.

Comentario sobre o programa da Sala Galán para os meses de outubro a decembro. Salienta que comezará co taller de danza de Andrés Corchero e a danza de Rosa Muñoz e posteriormente coa estrea da performance de Ignacio Villar, que mestura o recital de poesía, a danza e o teatro obxectual. En novembro apunta que chegará a danza da rede de teatros alternativos e un programa propio de performances: a quinta edición do teatro de operacións. Por último, destaca que decembro abrirá co taller de danza de Juschka Weigel e que se realizará nese mes o concerto de Leilía, no que mesturan teatro e humor.

- MARÉ, 'Raravis inunda co silencio '... de terrisa' o Teatro Galán', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 14 outubro 2004, p. 52.

Destaca a presentación da coreografía *…de terrisa* dos cataláns Raravis, que sinala se representa esa noite no Teatro Galán. Do espectáculo salienta a súa "limpeza resolutiva" e austeridade escénica, ademais do gusto polas músicas mestizas, en dialéctica co silencio.

Observa as palabras da directora da Galán, Ana Vallés, que apuntan a facilidade coa que o espectáculo acada a empatía co público.

- M.B., 'Jushka Weigel estrena en el Teatro Galán su último solo', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 8 decembro 2004, p. 5.

Dá conta do espectáculo *Life is too short to dance with an ugly man?* (É a vida demasiado curta para bailar cun home feo?) da bailarina Juschka Weigel que se levará a cabo na Sala Galán. Apunta que hai tres anos que Weigel comezou a facer solos de danza e que neste partiu do título para elaborar a coreografía. Tamén sinala que é un gran espectáculo que os lectores non deberían perder.

IIIº Encontro de Teatro Independente da Coruña

Organizado pola asociación cultural A Bufarda, en colaboración co grupo teatral coruñés Manicómicos, ten como obxectivo primordial o de amosar o traballo das compañías galegas independentes, alleas aos circuítos interpretativos profesionais. Na edición do 2004 o cartel contou coa participación de compañías coma os propios Manicómicos, cunha montaxe homónima; María a parva, que levou a súa obra *Xogo de nenas*; A Serna, que interpretou *A casa de Bernarda Alba*; Mariclown, co seu espectáculo *Día tras día*; Teatro Aforo, con *O cepillo de dentes*; e a Aula de Teatro Municipal de Pontevedra, coa obra *A vinganza do padre cu*. Toda as actuacións tiveron lugar no Fórum Metropolitano coruñés.

Vª Mostra de Teatro Afeccionado de Boiro

□♦.Organizada pola Concellaría de Cultura de Boiro e pola compañía Teatro do Improvisto, celebrouse entre os días 2 e 7 de abril. Creada co obxectivo de potenciar o teatro como actividade de lecer e mais como acto cultural, contou coa participación do grupo municipal de Noia, do grupo de teatro San Paio, da Aula de Teatro de Pontevedra, da compañía Andaravía, de Queimastein Teatro e da compañía Imaxina-T. A inauguración correu a cargo do grupo municipal de Noia, que representaron a obra *Antígona*.

XXIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas

♦.Organizada polo colectivo formado polo Centro Recreativo Cultural Xiria, o Concello de Cangas e a compañía Teatro de Ningures, baixo a dirección de María Xosé Mariño; tivo lugar entre os días 5 e 12 de setembro. Celebrouse nas rúas, discotecas, pubs, a Casa da Cultura e o Auditorio Municipal. Participaron compañías galegas e foráneas, por exemplo a uruguaia Mote-Video Teatro, a belga, Elliot, ou a venezolana, Taller del Método; a representación galega correu a cargo de Tanxarina Títeres, que representou a súa obra *Os narigudos*; Catroemedio Teatro, que escenificou a obra *Cebrados*; Fulano, Mengano e

Citano, con *¡Shsss... calma!*; Volta e Dalle, con *Rodesindo de Barrosa*; e B.B. Producións, coa súa montaxe *Lili Berlín*. Na última xornada da mostra entregouse o "Premio Xiria ao Labor Teatral", que recaeu no centro da Universidade da Coruña responsábel da Diplomatura de Pedagoxía Teatral. A mostra contou co patrocinio do IGAEM, o Concello de Cangas, a Deputación Provincial de Pontevedra, Frigoríficos do Morrazo e o Cupón do Minusválido.

Referencias varias:

- E.V.R., "Los tres mosqueteros' e 'Humor sapiens' pechan a Mostra de Teatro', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 12 agosto 2004, p. 20.

Comenta a última xornada da XXI Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, na que haberá tres actuacións. Destaca que os nenos serán os protagonistas, xa que a eles se dirixen dúas das tres funcións. A primeira é *Los tres mosqueteros buscando a Dartañán* dos madrileños Teatro Impar e a segunda *Os narigudos*, monicreques dos redondeláns Tanxarina. Anota tamén a obra de clausura, dirixida a adultos: *Humor sapiens* dos cataláns Pocaconya, á que caracteriza como un espectáculo humorístico, satírico e irónico.

- Cecilia Martínez, 'El Gran Wyoming actuará el día 5 en la XXI Mostra de Teatro Cómico de Cangas', *Diario de Pontevedra*, 'Cangas/Moaña', 19 agosto 2004, p. 16.

Comentario sobre a presentación da XXI Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, organizada polo Concello cun presuposto de cincuenta e catro mil euros, que se levará a cabo do 5 ao 12 de setembro. Destaca que o prato forte será a actuación do Gran Wyoming e o Maestro Reverendo coa obra *Antolojía* e que a continuación se entregará o 'Premio ao Labor Teatral'. Así mesmo, cita as cinco compañías galegas e as nove de fóra. A Mostra contará tamén con animación de rúa, teatro para nenos, cursos, etc.

- J. Luís Martínez, 'El Gran Wyoming se definió ayer en Cangas como "un servidor del arte"', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 6 setembro 2004, p. 15.

Describe a presentación o día anterior da XXI Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, onde falaron o Maestro Reverendo e o Gran Wyoming, que tamén abriron a mostra con dúas funcións do seu espectáculo. Anota as palabras destes, nas que fan referencia, entre outras cousas, aos trinta anos que levan co espectáculo e á vontade de facer rir ao público. Nun á parte, destácanse as representacións para ese día e as actividades paralelas: as xornadas sobre violencia e xénero e o curso de iniciación á Commedia dell'Arte.

- V. Oliveira, 'A certeza inquedante do sorriso/O grupo Fulano, Mengano e Citano presenta en Cangas 'Shsss... Calma!', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'Maré/Hoy', 8 setembro 2004, p. 50/73.

Dá conta das obras que se representan ese día na XXI Mostra Internacional de Teatro Cómico de Cangas. Comeza anotando *Shsss…Calma!* da compañía Fulano, Mengano e Citano, que sinala levará esa noite a ironía e o humor á Mostra. A continuación apunta para esa tarde o espectáculo de rúa *Cebrados* da compañía Catroemedio Teatro. Para o día seguinte salienta o número *Rock Comedy Show* de Elliot, que cun humor aparentemente sinxelo consegue facer unha crítica aos convencionalismos, e a presentación do número trinta e nove da *Revista Galega de Teatro*.

- Natalia Álvarez, 'O teatro sempre reflicte a situación dun país ou dunha época', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 90, 'Entrevista', 9 setembro 2004, p. III.

Entrevista con María Xosé Mariño, directora da Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Esta Mostra, organizada pola asociación Xiria en colaboración co Concello de Cangas, celebra este ano a súa vixésimo primeira edición. O seu obxectivo é amosar, desde un punto de vista cómico, os diferentes xeitos de facer teatro noutros sitios. Á Mostra acode compañías galegas, españolas, europeas e sudamericanas. Ademais dos distintos espectáculos, tamén presentaron unhas Xornadas de Violencia de Xénero, porque consideran que o teatro sempre reflectiu a situación dun país ou dunha época. Deste modo, na pasada edición incluíron o tema da guerra. Fai unha valoración da situación do teatro galego actual e opina que está á par de calquera outro, malia as dificultades de medios e infraestruturas. Finaliza indicando que o teatro segue a ser un dos ámbitos máis esquecidos polas administracións.

- J. Luís Martínez, 'A mostra trae ao afiador de Cangas', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 10 setembro 2004, p. 17.

Describe o programa para ese día da Mostra de Teatro Cómico de Cangas, comezando pola actuación de Volta e Dálle que poñerá na rúa ao afiador Rodesindo da Barrosa. Apunta que máis tarde se realizará unha demostración pedagóxica para todo tipo de públicos sobre a Commedia dell'Arte a cargo dos asturianos Teatro del Norte. Así mesmo, anota as actuacións de Theatre Organic coa obra *Oú va lumiére quand il fait noir?* e dos galegos B.B. Producción con *Lili Berlín*, e cita as representacións para o día seguinte.

- HV, 'Esmendréllanse', *Galicia Hoxe*, 'Weekend', 10 setembro 2004, p. 4.

Comentario sobre a XXI Mostra de Teatro Cómico de Cangas. Destaca as palabras de María Armesto, pertencente á comisión organizadora da mostra, nas que expón que nela hai humor de todas as clases, dende as historias de pallasos até a máis dura crítica. A continuación cita detalladamente cada unha das obras e compañías que representarán durante a fin de semana, na que se pechará a mostra.

- Estela Veloso, 'A Mostra ofrece teatro venezolano', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 11 setembro 2004, p. 22.

Dá conta da penúltima xornada da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Dela anota as dúas actuacións que se levarán a cabo, *Quiéreme mucho* dos venezolanos Taller del Método e *El carro de las comedias* dos estremeños Al suroeste Producciones, e o espectáculo gratuíto de rúa de Volta e Dálle sobre a figura do afiador. Tamén apunta os cursos que se imparten dentro da mostra e cita as últimas representacións.

- Estela Veloso, 'La Mostra de Teatro de Cangas bajó el telón con un incremento de público', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 13 setembro 2004, p. 14.

Céntrase na avaliación da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Salienta que participaron dezaseis compañías procedentes de todo o mundo, obtendo o maior éxito *Rock Comedy Show* de Elliot, e que se incrementou o número de espectadores. Ademais, apunta o éxito das actuacións gratuítas nas rúas, dos monicreques para nenos e dos talleres, que tiveron que aumentar a matrícula. Por último, expón que as xornadas sobre violencia de xénero foron a novidade desta edición.

- Silvia Rozas García, 'Cangas cómico', *A Nosa Terra*, nº 1141, 'Fin de semana', 15 setembro 2004, p. 31.

Análise da XXI Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, impulsada pola Asociación Cultural Xiria. Comeza facendo un pequeno repaso á historia desta e logo dá conta da entrega do Premio ao Labor Teatral á Facultade de Pedagoxía Teatral da Coruña. Salienta tamén a diversidade da Mostra: grupos de dentro e fóra de Galiza, profesionais e afeccionados, etc. Así mesmo, destaca dous aspectos: un positivo, a resposta dun público fiel todos os anos, e un negativo, a falta de apoio económico por parte das institucións. Nun destacado final sinala a novidade desta edición que consistiu na introdución dunhas xornadas sobre violencia e xénero, conectadas coa idea de que o teatro reflicta situacións actuais que xeren debate.

Ciclo de teatro do Concello de Rábade

□♦.Organizado polo Concello de Rábade tivo lugar durante o mes de xuño e as actuacións estiveron enmarcadas na campaña "Móvete en Verán", organizada polo departamento de Cultura deste concello. As representacións que se levaron a cabo estaban enmarcadas tamén dentro dos "Itinerarios Culturais" organizados pola Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e a Deputación Provincial de Lugo. Comezou o 6 de xuño coa actuación de Ubu Teatro que representou *A raíña aburrida*, unha versión de *Rei Aborrecido*, de Xesús Pisón; o 13 de xuño foi Argalladas quen actuou con *Non hai ladrón que por ben non veña*, de Darío Fo; o

día 20 foi o Grupo de Teatro de Chantada con *Artefacto*, e finalmente o grupo de teatro da Biblioteca de Antas de Ulla que escenificou *O Quixote*.

XVIIº Mostra de Teatro de Cee

□♦.Organizada pola concellaría de cultura de Cee, a Asociación Cultural Domingo Antonio de Andrade e a compañía local Talía Teatro, celebrouse entre os días 22 e 29 de agosto. Contou coa presenza de quince compañías divididas en dous itinerarios, matutino e vespertino, segundo o seu público fose infantil ou adulto, respectivamente. No que atinxe ás representacións destinadas ao público adulto, estas correron a cargo de Talía Teatro, que representou tres obras: *A paz do crepúsculo, Molière Final e Bicos con Lingua*; Teatro de Ningures, que presentou a obra *Troianas*; Teatro do Noroeste, que levou o seu espectáculo *Feirantes*; Librescena, con *As obras completas de W. Shakespeare (abreviadas)*; Nostrumcai, con *Tatuaxes*; Avelino González e Caramuxo, que levaron *Vento Mareiro*; e Berrobambán, con *Vendetta*. Todas as representacións tiveron lugar no Salón de Actos da Casa do Concello de Cee. As representacións destinadas ao público infantil recóllense no apartado de "Literatura infantil e xuvenil" deste mesmo informe.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Un país a escena/A XVII Mostra de Teatro de Cee abre as súas portas ata o día 29', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Hoy', 21 agosto 2004, p. 51/75.

Anota a realización de dúas mostras de teatro para eses días. A primeira é a XVII Mostra de Teatro de Cee, da que sinala que está organizada pola Asociación Cultural Antonio de Andrade e Talía Teatro e que contará con quince espectáculos, con funcións de mañá para nenos e de noite para adultos. Cita desta todos os espectáculos e as compañías que os representarán. A segunda é a V Mostra de Teatro Amador de Palas de Rei, da que expón que se entregará a terceira edición do Premio Mácara a Marina Carballal, polo seu labor a prol do teatro amador, e apunta as representacións xa levadas a cabo e as aínda por realizar. Nun á parte destaca a traxectoria do grupo de Valdoviño Os amigos.

XIª Mostra de Teatro Universitario da Universidade da Coruña

♦.Organizada polo Servizo de Extensión Universitaria da Universidade da Coruña, celebrouse no Forum Metropolitano entre o 22 e o 30 de abril. Neste certame participaron compañías de distintas universidades galegas e españolas. No tocante ao teatro galego a compañía institucional da Universidade da Coruña, Hac Luce, representou a obra *Gominolas*; a Aula de Teatro do campus de Vigo escenificou a obra *Pingas*; a Aula de Teatro de Ourense "Mariacastaña" levou a obra *Totem*; e o grupo de teatro do campus de Lugo, Caleac, estivo presente coa obra *Juguem tanoques*. A conferencia inaugural desta edición correu a cargo do actor galego, parte do dúo Mofa e Befa, Vítor Mosquera.

XIIª Feira do teatro de Galicia

♦.Celebrada con regularidade dende o 1997 en Santiago de Compostela (a que foi a quinta edición despois de tres anos sen convocar), está organizada polo IGAEM. No 2001 incluíse na Coordinadora de Feiras de Teatro do Estado Español. Esta duodécima edición contou coa participación dun total de vinte e sete compañías, dezanove delas galegas. Como novidades celebráronse distintas sesións de debate sobre o estado do sector, ademais dunha reunión da Xunta Ordinaria da Rede Nacional de Teatros, Auditorios e Circuítos de Titularidade Pública. Cómpre sinalar, así mesmo, a chegada á dirección de Víctor López Carbajales como substituto de Rubén García, anterior responsábel. A Feira celebrouse entre os días 20 e 24 de abril. Os escenarios foron o Salón Teatro, o Teatro Principal, o Teatro Galán, a Sala Nasa, a Sala Sant-Yago e a Aula de Cultura de Caixa Galicia. As estreas absolutas foron as de Chévere, co seu espectáculo *Radio Universo*, e a compañía para público infantil Títeres Trompicallo, con *Nadarín*. O resto das compañías galegas participantes foron Nove-Dous, con *O porqué das cousas*; Librescena Producións, que levou a obra *Os cárceres do olvido*; Bucanero Teatro, con *Se normal... vota Substancia Bucanera*; Talía Teatro con *Molière final*; Matarile Teatro, que escenificou a obra *Acto seguido*; Lagarta, Lagarta, con *Fobias*; Teatro do Morcego, con *O caso da rúa Lourcine*; Factoría Teatro, con *O canto do Dime-Dime*; Teatro do Noroeste, que escenificou a peza *Ensaio*; a compañía Sarabela Teatro, que chegou con *Así que pasen cinco anos*; Títeres Cachirulo, con *A pedra que arde*; Sapristi, con *Hotel Run*; Monicreques de Kukas, coa peciña para público infantil *Contos do vento acatarrado*; Teatro do Aquí, con *Camiño longo*; María a Parva, que levou *Indignos*; e Teatro de Ningures, que escenificou a obra *Troianas*, versión do texto clásico de Eurípides.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Fin de obra con mutis', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 16 xaneiro 2004, p. 51.

Analiza o desacordo suscitado coa renovación da dirección da Feira do Teatro, no que o anterior director, Rubén García, que levaba nove anos á fronte da mostra, fala de escurantismo e silencio, comunicándoselle o cese como decisión persoal do xerente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e apunta como causa da súa vinculación á Plataforma Nunca Máis. Denuncia ademais a inxerencia do Centro Dramático Galego na organización da Feira. O xerente do IGAEM, non obstante, observa que isto non é correcto e que non se cuestiona a profesionalidade de Rubén García, pero que o posto non é vitalicio. Nun á parte expóñense os cambios realizados polo novo director.

- M.B., 'La feria del teatro abrirá el telón a la danza y al debate', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 7 abril 2004, p. 2.

Expón que restan doce días para a inauguración da XII Feira do Teatro de Galicia. Anota que segundo o novo director, Víctor López Carbajales, o obxectivo é servir como punto de encontro entre os profesionais do teatro, esperando conseguir gran participación e que "se converta no referente teatral de Galicia". Apunta así mesmo as novidades: a introdución da

danza, as dúas estreas e a sección "Diálogos-Miradas", onde se debaterá sobre os problemas actuais do teatro.

- E.P., 'Casi treinta compañías en la Feria de Teatro', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 12 abril 2004, p. 17.

Comenta brevemente a XII Feira do Teatro de Galicia, destacando que se levará a cabo do 20 ao 24 de abril e que participarán vinte e seis compañías escénicas e un centenar de programadores, incluíndo por vez primeira a danza e os foros de debate. Apunta que o director, Víctor López Carbajales, ten como un dos obxectivos difundir esta cita cultural.

- E.P., 'A Feira do Teatro de Galicia contará con 26 compañías', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 12 abril 2004, p. 45.

Breve no que se apunta a realización da XII Feira do Teatro de Galicia, do 20 ao 24 de abril en Santiago, que contará coa participación de vinte e seis compañías, incluíndo por primeira vez a danza e foros de debate.

- MARÉ, 'Indignos', anhelo dunha vida perfecta na Galán', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 abril 2004, p. 52.

Analiza a obra *Indignos* da compañía María a Parva. Expón que á presentación acudiron os tres intérpretes, Javier M. Oro, Roberto Leal e Gena Baamonde, autora así mesmo do texto. Anota a hora e días de representación no Teatro Galán e resume a peza como o anhelo de tres persoas por alcanzar os seus soños imposíbeis e chegar a unha vida perfecta, na busca da felicidade. A ollada irónica alcanza tamén á profesión de actor.

- Carme Villar, 'A Feira do Teatro de Galicia incluirá por primeira vez danza na súa XII edición', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 15 abril 2004, p. 45.

Desenvolve a presentación da XII Feira do Teatro de Galicia, sinalando que nela participan dezanove compañías galegas e que servirá de xuntanza aos cento vinte programadores até ese momento anotados. Apunta que serán vinte e sete espectáculos entre o 20 e o 24 de abril e que se incluirá por primeira vez a danza e os foros de debate. Tamén destaca os cinco escenarios para as representacións e o prezo de dous euros das entradas. No final cita as obras de Nove-Dous, Bucanero, os monicreques de Trompicallo e a estrea de Chévere.

- MARÉ, 'Danza e debates na XII Feira do Teatro de Galicia', *Galicia Hoxe*, 15 abril 2004, p. 49.

Breve sobre a presentación no Salón Teatro da XII Feira do Teatro de Galicia da man do novo director, Víctor López Carbajales. Destaca que contará con vinte e sete compañías, vinte delas galegas, e coas novidades da danza e dos foros de debate sobre o sector.

- Xosé Lueiro, 'Vocación de cambio', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 16 abril 2004, p. 4.

Entrevista a Víctor López Carbajales, novo director da Feira do Teatro de Galicia en substitución de Rubén García. As primeiras preguntas, tras apuntar a ampla experiencia en programación do director e os problemas que implica, xiran arredor das críticas vertidas sobre a inxerencia do Centro Dramático Galego e a polémica suscitada, nas que Víctor López salienta que traballa sen inxerencias nin escurantismo, pero que, por exemplo, os criterios de selección das obras participantes na Feira son subxectivos. Apunta a importancia de que o teatro galego se exporte a toda a Península, pero que debido á urxencia da elaboración da programación, non houbo contacto con agrupacións portuguesas, aínda que está contemplado para outras edicións. Finalmente salienta as novidades da danza, os foros de debate e a enquisa que valorará esta edición.

- C. Domínguez, 'Víctor López Carbajales: 'Os bancos deberían comprar teatro', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 16 abril 2004, p. 64.

Entrevista ao novo director da Feira do Teatro de Galicia, Víctor López Carbajales, onde expón que o primeiro foi reorganizar a feira cun novo equipo. Apunta que a introdución da danza se debe ao intento de relación con outras artes, que continuará nos catro anos do proxecto, e que os cento corenta programadores inscritos posibilitarán ao teatro galego saír das súas fronteiras. Valorando a escena galega, destaca que os concellos deberían poñer en marcha máis políticas teatrais, incluso buscando o apoio das entidades bancarias.

- Camilo Franco, 'A Feira do Teatro pretende subliñar a diversidade da escena galega', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 18 abril 2004, p. 9.

Análise da Feira do Teatro onde destaca unha mellora cualitativa das obras seleccionadas e unha perspectiva máis ampla das artes escénicas coa incorporación da danza. Observa o cambio de director, que trae consigo certas novidades, como a introdución de debates sobre a creación e produción teatral, pero mantendo os obxectivos que viña desenvolvendo, como é o de ser un escaparate para as compañías do país. Por último, anota algunhas das compañías máis coñecidas e unhas breves consideracións sobre as de fóra.

- Lupe Gómez, 'A cidade, co teatro, brilla mellor, brilla máis', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 18 abril 2004, p. 5.

Comentario persoal da escritora Lupe Gómez, onde presenta a Feira do Teatro de Galicia como un evento cargado de maxia, esperanza e alegría. Destaca que haberá estreas, danza e debate. Transmite a idea de que o teatro fai reflexionar e soñar e que é necesario acudir ao

teatro polos beneficios que achega. Tamén anota a estrea de Chévere, *Radio Universo*, da que afirma que será un espectáculo interesante e fresco.

- M.B., 'Propuestas de Galicia, Cataluña y Andalucía abren hoy la Feira do Teatro', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 20 abril 2004, p. L8.

Salienta que tres compañías galegas (Nove-Dous, Librescena e Bucanero), unha andaluza e unha catalá exhiben os seus espectáculos no primeiro día da Feira do Teatro de Galicia, que contará coa novidade dos foros de debate. Anota que no seu conxunto amosará aos cento sesenta e cinco programadores vinte e sete propostas e que esta décimo segunda edición está organizada polo Instituto das Artes Escénicas e Musicais, contando cun presuposto de cento vinte mil euros. Destaca tamén que se realizará en seis espazos e que se incluirán tres estreas. A continuación fai unha descrición de cada unha das cinco pezas teatrais.

- MARÉ, 'A ironía do cotián, a escena', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 abril 2004, p. 50.

Noticia do inicio da Feira do Teatro de Galicia en Compostela. Apunta que esa primeira xornada xirará ao redor do día a día e das preocupacións sociais e políticas actuais, na que participarán cinco compañías, tres delas galegas (Nove-Dous, Producción Librescena e Bucanero). Anota que a Feira se desenvolverá en cinco espazos distintos e a ela asistirán cento sesenta e cinco programadores. A continuación comenta brevemente e resume cada unha das obras da xornada. Nun á parte expóñense as pezas teatrais do día seguinte.

- M.B., 'Chévere y Trompicallo ofrecen los únicos estrenos de la Feira do Teatro', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 21 abril 2004, p. L9.

Analiza a segunda xornada da Feira do Teatro de Galicia, centrándose especialmente nas dúas únicas estreas desta edición, *Radio Universo* da compañía Chévere e *Nadarín* de Trompicallo. Da primeira salienta que é unha comedia futurista sobre unha suposta misión espacial galega para demostrar que o universo é curvo. Observa do segundo que é un espectáculo de monicreques visual, sen diálogos, sobre as relacións sociais trasladadas ao fondo do mar. Do mesmo xeito, apunta breves comentarios sobre as restantes representacións desa xornada, onde actuarán as compañías galegas Matarile Teatro; Lagarta, Lagarta e Talía Teatro. Anota tamén a reunión de cincuenta representantes da rede española de teatros.

- E.P., 'O exame da escena', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 abril 2004, p. 50.

Análise da segunda xornada da XII Feira do Teatro de Galicia. Comeza destacando a asemblea xeral da Rede Nacional de Teatros, Auditorios e Circuítos de Titularidade Pública, patrocinada polo Ministerio de Cultura, e na que participarán cincuenta representantes. Así mesmo, salienta as estreas das compañías Chévere e Trompicallo e a continuación anota o resto da programación, observando a hora e o lugar da representación.

Finalmente apunta que esta edición conta cun total de vinte e sete compañías e a ela asisten preto de cento cincuenta programadores. Nun á parte comenta as obras da primeira xornada.

- MARÉ, 'Entre o Diálogo-Ollada', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 abril 2004, p. 68.

Céntrase na xornada programada para ese día na Feira do Teatro de Galicia. Comeza salientando os debates, que se dan por primeira vez para analizar a realidade do teatro galego. No dese día falarase da situación actual da exhibición dende o punto de vista dos seus creadores. Sinala quen participarán e onde se realizará. Posteriormente anota as cinco compañías que representarán e dá breves notas sobre as súas pezas teatrais.

- C. Domínguez, 'Jorge Rey: 'A oferta dos títeres é moi cativa', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 23 abril 2004, p. 64.

Entrevista ao director da Sala Yago e de Títeres Cachirulo, que actúan na Feira do Teatro de Galicia. Salienta o director que é un bo momento para os monicreques, onde máis de cinco compañías teñen espectáculos fóra de Galiza, pero que serían necesarias máis programacións. Valora que haxa todos os días un espectáculo infantil na Feira pero observa que os programadores deberían ter máis presuposto. Ademais comenta a peza *A pedra que arde*, que representan na Feira, o difícil camiño do teatro galego de autor e os proxectos futuros da Sala Yago e de Cachirulo.

- M.B., 'La Feira do Teatro exhibirá hoy las primeras coreografías de su historia', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 23 abril 2004, p. L9.

Análise da penúltima xornada da Feira do Teatro de Galicia, onde a danza aparece por primeira vez, tras os doce anos de existencia da feira, cunha compañía galega e unha catalá, das que dá breves pinceladas. Ademais destaca que haberá, comentándoos brevemente, tres espectáculos de actor e un de monicreques, dos que son galegos *Hotel Run*, de Sapristi, e *A pedra que arde*, de Títeres Cachirulo. Nun á parte salienta a escasa asistencia ao foro de debate "Diálogos-Miradas", ao contrario do que sucede coas representacións, que presentan cheos absolutos.

- E.P., 'La XII Feira do Teatrode Galicia se clausura hoy tras su 'buena acogida', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 24 abril 2004, p. 75.

Comenta o peche da XII Feira do Teatro de Galicia, apuntando as compañías que traballarán nesta última xornada e a boa acollida do público. Destaca que durante eses cinco días participaron vinte e sete compañías en seis escenarios composteláns, así como a asistencia de máis de cento sesenta programadores, técnicos culturais, distribuidores e produtores. Finalmente deixa constancia da realización do terceiro e último foro de debate.

- M.B., 'La Feira do Teatro cierra superando la participación de años anteriores', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 24 abril 2004, p. L9.

Salienta que co peche da décimo segunda edición da Feira do Teatro de Galicia a mostra pon fin a cinco días nos que vinte e sete compañías, dezanove galegas, amosaron os seus espectáculos a máis de cento sesenta programadores, técnicos culturais, distribuidores e produtores de dentro e fóra de Galiza. Destaca tamén as novidades dos foros de debate, da incorporación da danza e da elaboración dunha enquisa final para mellorar en vindeiras ocasións. Anota o cartel da última xornada para ese día, apuntando breves notas das cinco obras teatrais que se representarán. Por todo o conxunto, observa o resultado positivo, cunha participación maior que en anos anteriores.

- Camilo Franco, 'A Feira do Teatro confirma as debilidades da escena galega', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 25 abril 2004, p. L9.

Finalizada a Feira do Teatro de Galicia, fai un balance desta destacando os problemas do teatro galego e as dificultades das compañías para producir unha obra cada ano. Entre as conclusións da sección Diálogos, apunta que segundo os profesionais as estruturas son poucas e precarias, con escasos cambios dende hai vinte e cinco anos, e que existen poucos circuítos, carencias de programación e unha redución da presenza do galego nas carteleiras. En catro á partes analiza a obra de Teatro Meridional, *Dionisio*, *Amor de Don Perlimplín* de Histrión Teatro, *Camiño Longo* de Teatro do Aquí e *Alento* de Nova Galega de Danza.

- Xosé Lueiro, '¿Que lle pareceu a feira?', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 30 abril 2004, p. 4.

Entrevista a nove persoas que expoñen a súa valoración sobre a Feira do Teatro de Galicia. Entre estas persoas atópanse o novo director da Feira, Víctor López, e actores, directores, produtoras, programadores, escenógrafos e manipuladores de monicreques. O punto de vista xeral e maioritario que se reflicte é que a Feira foi innovadora e moi positiva, cunha gran afluencia de público e programadores/as. Non obstante, case todos apuntan a falta de acordo no diálogo entre os grupos e os problemas que atravesa o teatro galego e as dificultades das compañías. Tamén destacan que haberá que ver se os programadores/as de fóra de Galiza se acollen a estas propostas, aínda que algunhas compañías xa fixeron contratos para fóra.

- José Luís Prieto Roca, 'Feira do teatro', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 'A pupila', 2 maio 2004, p. 22.

Comentario humorístico e irónico onde o articulista pretende dar a coñecer a pasada Feira do Teatro de Galicia, que era a décimo segunda edición e que se levou a cabo en Santiago entre o 20 e o 24 de abril. Emprega a sátira para observar a escasa atención que se lle prestou nos medios de comunicación, a pesar de que estiveron nela vinte e sete compañías de dentro e fóra de Galiza e máis dun cento de programadores e distribuidores.

VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado de Sanxenxo

.Naceu no ano 1997 e celebrouse na primavera organizada pola Asociación de Prevención e Loita contra a Droga Avante, coa colaboración do Ministerio de Asuntos Sociais, a Consellaría de Sanidade e Servizos Sociais e o Concello de Sanxenxo. Esta iniciativa enmárcase dentro do Programa de Prevención de Drogodependencias no ámbito do lecer e o tempo libre que a asociación Avante puxo en marcha hai seis anos. Celebrouse entre o 9 de maio e o 20 de xuño no local social do clube de fútbol de Portonovo. Inaugurada polo grupo de teatro infantil e xuvenil de Avante coa representación da obra *Mamasiña ¡que medo!*, de Chus Pereiro. Este mesmo grupo, pero para o público adulto, pechou a mostra coa representación das obras *O roubo do arco da vella*, de Hugo Andrade, e *Flores para María*, de Ernesto G. Oubiña. Outros grupos participantes foron o taller de teatro da ANPA do colexio público de Portonovo; o grupo local Tarabelo, que representou *Non hai ladrón que por mal non veña*; e o grupo do colexio Abrente, con *A parada*. Todas as actuacións tiveron lugar ás 20:00 horas.

Referencias varias:

- Marina Abilleira, 'Avante', ocho años haciendo teatro', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra', 20 marzo 2004, p. 24.

Dáse conta da cada vez maior inclusión, dentro da Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo, de grupos locais de distinto carácter. Entre estes grúpos saliéntase a da asociación local organizadora, a asociación para a prevención e a loita contra a droga "Avante". O obxectivo deste grupo, apúntase, é o de facilitar o acceso a unha ocupación do tempo libre saudábel e construtiva.

Vº Festival Alternativo de Teatro, Música e Danza de Compostela 'Alternativa 2004"

.Festival internacional alternativo de teatro, música e danza que botou a andar en Santiago de Compostela no ano 2000. Está organizado polas salas Nasa e Galán, coa colaboración do IGAEM e Caixanova; dende 2001 conta, tamén, co apoio do Consello da Cultura Galega. En 2004 celebrouse entre o 4 de febreiro e o 3 de abril e nel tiveron lugar as representacións das compañías galegas Matarile Teatro con *A brazo partido* e Teatro Chévere con *O navegante*. Tamén representou *Radio Universo*, unha producción propia de Alternativa interpretada por Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo e Manuel Cortés, na que se reúnen elementos de teatro radiofónico e serial teatral. Tamén nesta edición, na sección "Sen contexto", participaron Anxos Romero, Lupe Gómez e Ana Romaní, conformando un programa especial dedicado ás "autoras galegas en escena". Outra das seccións do Festival é "Curtos de Teatro", na que oito compañías galegas representaron pezas de curta duración.

Referencias varias:

- M.B., 'Alternativa presenta un programa variado y sin presencia internacional', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 3 xaneiro 2004, p. 9.

Céntrase no acto de presentación do Festival Alternativa, organizado polas Salas Nasa e Galán e cofinanciado polo Concello de Santiago, o Consello da Cultura Galega e o Instituto das Artes Escénicas e Musicais, do que se destaca o baixo presuposto (sesenta e tres mil euros), que fixo recortar gastos en publicidade e na presenza de compañías estranxeiras. Nun á parte desenvolve as propostas das salas por separado, apuntando na Galán os programas 'Fóra de Serie', de danza, e 'Curtas de Teatro', e na Nasa, o teatro e a música, citando nos dous casos os nomes dos grupos que participarán.

- Lupe Gómez, 'Desexamos que se poida respirar en Compostela', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 18 xaneiro 2004, p. 5.

Comentario da poetisa Lupe Gómez onde observa o baleiro que provoca o peche do Teatro Principal de Compostela, enchido polos espazos de teatro máis vivos e dinámicos da cidade, segundo a autora, a Sala Nasa e a Galán, que levaron a cabo un concerto e un taller de danza, respectivamente, ademais de estar previsto para a Galán a obra *Vento Mareiro (Sabor a mar)*. A continuación céntrase no Festival Alternativa 2004, do que apunta que se realizará en febreiro con moitos espectáculos teatrais, e do que espera que libere a ilusión e a fantasía.

- M.B., 'El laboratorio de los "curtos de teatro" abre las puestas a la creatividad', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 28 xaneiro 2004, p. 8.

Dá conta da apertura do prazo para a presentación de propostas, que posteriormente serán seleccionadas, para a undécima edición das Curtas de Teatro da Sala Galán, inseridas dentro do Festival Alternativa. Expón que a directora, Ana Vallés, destaca que nas curtas amósase o proceso de elaboración de obras normalmente arriscadas, pero que delas naceron espectáculos teatrais e incluso novas compañías. Tamén salienta que nelas hai mestura de distintas artes, que resulta moi positivo, pero que carecen de axudas e presuposto, dentro da cobertura mínima de Alternativa, polo que só poden ofrecer o espazo.

- MARÉ, 'Novos espectadores', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 3 febreiro 2004, p. 51.

Alude á presentación do V Festival Alternativo de Teatro, Música e Danza, organizado polas Salas Nasa e Galán. Salienta da presentación as palabras da directora da Galán que explicaba que a pesar do crecente interese do público, necesitaban un maior apoio institucional, cuestión na que os cargos institucionais tamén estaban de acordo. Nesta sala actuarán tres compañías de teatro e unha de danza, ademais dos programas Fóra de Serie e Curtas de Teatro. Tamén apunta que na Nasa haberá música e teatro, cunha especial participación de compañías barcelonesas.

- C.V., 'Alternativa 2004 sirve de nuevo de foro para el teatro contemporáneo', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 3 febreiro 2004, p. 46.

Presentación do programa do V Festival Alternativa, onde vinte e cinco espectáculos se darán cita nas Salas Nasa e Galán. Anota as palabras da directora da Sala Galán nas que instou ás institucións a que manteñan os festivais, xa que o presuposto de Alternativa este ano non chegou para traer compañías estranxeiras nin investir en publicidade. Así mesmo, observa que sete compañías estrearán obra e que dentro deste festival de teatro, música e danza a Galán ofrecerá as Curtas de Teatro e o programa de danza Fóra de Serie.

- MARÉ, 'Sidecar', o teatro galego desinhibido', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 7 febreiro 2004, p. 51.

Destaca que o Festival Alternativo continúa coa representación de *Sidecar* da compañía Belmondo na Sala Nasa, unha das apostas máis valentes do 2003 segundo os responsábeis desta sala. Salienta que esta compañía, pertencente á nova xeración de artistas, trata de incorporar unha perspectiva máis fresca e multidisciplinar que conecte co público, mediante técnicas do circo, da comedia musical, da danza e do clown. Apunta que sen ningún tipo de axuda ou subvención eles mesmos crean, exportan e autoxestionan os seus proxectos.

- MARÉ, 'Matarile Teatro volve ós escenarios coa Alternativa 2004', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 7 febreiro 2004, p. 55.

Breve sobre a actuación de Matarile Teatro coa obra *Acto seguido*, dentro do Festival Alternativo de Teatro, Música e Danza, no que se indican as datas de representación, os organizadores do festival e a interpretación e dirección do espectáculo.

- M.B., 'Belmondo viaja en "Sidecar" para hablar de muchas cosas', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 7 febreiro 2004, p. 2.

Analiza a obra *Sidecar* da compañía Belmondo, que se representa na Sala Nasa dentro do Festival Alternativa. Comeza cunha crítica ao desleixo institucional, que abandona esta nova xeración de actrices e actores, que aínda que cheos de talento e ideas teñen que ser autodidactas. De Belmondo destaca que levou o primeiro premio do festival internacional Festiclown e que xa representaron no estranxeiro. De *Sidecar* expón que son catro historias de catro autores distintos cuxo eixo é unha parte dun sidecar e que conforman unha viaxe, realizada con técnicas de circo, musical, danza e clown e estética de cómic de manga.

- MARÉ, 'A ironía dos actores de 'Acto seguido' abre a Alternativa', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 12 febreiro 2004, p. 51.

Apunta que a última produción de Matarile Teatro, *Acto seguido*, abrirá na Sala Galán o Festival Alternativa 2004, que contará con trinta e cinco representacións e trece compañías. Expón que é un traballo que traspasa as fronteiras da realidade e a ficción abordando con ironía cómo viven os actores. Sinala os intérpretes e destaca os textos de moi diversa procedencia, a iluminación e a montaxe musical. Anota que a peza, xa estreada, representarase tamén fóra de Galiza.

- MARÉ, 'Conservas chega hoxe á Sala Nasa', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 13 febreiro 2004, p. 49.

Céntrase na obra *7 dust show* do grupo Conservas, que continúa o Festival Alternativa 04 na Sala Nasa, do que expón que é un subversivo cabaré de humor corrosivo que interactúa co público mediante unha gran carga visual. Así mesmo, fai un repaso pola historia e éxitos da compañía, que produce e exhibe novas tendencias, que atraen numeroso público. Por último, apunta que na Sala Galán se mantén a representación de *Acto seguido* de Matarile.

- MARÉ, 'Todo un exercicio de onanismo', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 20 febreiro 2004, p. 48.

Presenta dentro do Festival Alternativa 04 a obra *La La La La La* do catalán Roger Bernat, que se representa na Sala Nasa. Comenta a peza, sinalando que é un autorretrato fragmentario sobre un espazo cheo de obxectos coa esperanza de ser tan vulgar como para que se poida ver reflectido calquera. Tamén destaca as súas constantes: o humor glacial, o descaro do método, a xustaposición de materiais diversos e a ausencia de proclamas. A continuación apunta a súa brillante traxectoria e todos os participantes na obra.

- Ana Iglesias, 'Una cartelera para todos los gustos y exposiciones de calidad', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 4 marzo 2004, p. 38.

Describe dúas pezas teatrais, unha representada dentro da programación da Sala Yago e outra dentro do Festival Alternativa 2004 na Sala Galán: *Ensaio* de Teatro do Noroeste e *Los días que todo va bien* de El canto de la cabra, respectivamente. Despois de apuntar o argumento de *Ensaio* e sinalar as últimas actuacións da Sala Yago, expón que *Los días que todo va bien* aborda, con humor e ironía, o caos ideolóxico en que está somerxida a sociedade actual e anota os dous directores e intérpretes e o horario de representación.

- MARÉ, 'El canto de la cabra' estre hoxe na Galán', *Galicia en el mundo*, 'Maré', 4 marzo 2004, p. 50.

Comenta a presentación da obra *Los días que todo va bien* de El canto de la cabra, que se estrea na Sala Galán dentro do Festival Alternativa 2004. Destaca que nela se critica a realidade, como resposta ao que acontece, xa que segundo os dous intérpretes e codirectores, Elisa Gálvez e Juan Ubeda, estamos nuns tempos malos e existe un caos

ideolóxico na sociedade. Tamén sinala a defensa dos autores dun teatro alternativo, de creación, que debera ser o que se apoiase, e non o convencional e comercial, como sucede.

- MARÉ, 'Un novo Fóra de serie', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 15 marzo 2004, p. 46.

Dá conta do comezo do ciclo 'Fóra de serie' que se realiza na Sala Galán dentro do Festival Alternativa de Teatro, Música e Danza. Destaca que é un programa dedicado á danza contemporánea que este ano conta con tres coreografías: *Yo solo quiero caminar* de Aberto Huetos, *Las locas de Chaillot* de Nicolás Rambaud e *Disparates n? 5:5* de Mónica Valenciano, das que achega uns breves comentarios. Nun á parte sinala o compromiso da Sala Galán coa danza, xa que ademais deste ciclo, organiza o festival En pé de pedra.

- MARÉ, 'Oito curtas de teatro na Alternativa da Galán', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 24 marzo 2004, p. 50.

Pequena descrición do programa 'Curtas de Teatro' organizados pola Sala Galán dentro do Festival Alternativa. Sinala que son oito propostas escénicas nas que prima a experimentación e o risco sobre o resultado, porque o interesante para os responsábeis é amosar o proceso de creación. Destaca tamén que moitas das curtas de anteriores edicións acabaron sendo espectáculos teatrais.

- C.B.G., 'Pasión por la escena', *El Correo Gallego*, 'Fin de semana', 28 marzo 2004, p. 5.

Salienta o esforzo e compromiso de Ana Vallés, directora do Teatro Galán e da compañía Matarile, co teatro galego e coa dimensión experimental e libre da escena que fixo que coorganizara con éxito o Festival Alternativa de Teatro, Música e Danza.

- Inma López Silva/Andrea Álvarez Pino, 'In extremis, alternativos todos', *Tempos Novos*, 'Crónica', maio 2004, pp. 6-9.

Trata o artigo sobre Alternativa 2004, o festival de teatro contemporáneo que ten lugar en Santiago de Compostela. Segundo se conta este ano o festival estivo a piques de non celebrarse e, só no último momento, coa colaboración do Concello de Santiago, ademais da do Instituto Galego das Artes Escénicas e do Consello da Cultura Galega, se puido organizar esta edición, que pola súa longa duración se di que acabou sendo pouco máis que unha programación de dúas salas en colaboración: a Sala Nasa e o Teatro Galan. Aínda así salientase a afluencia de público e a calidade dalgúns espectáculos, que de non existir o festival non se poderían presentar, por iso se fala deste coma un referente peninsular e coma o máis cosmopolita dos festivais galegos. Entre as montaxes de teatro que se destacan está *Atrás los ojos* da compañía Mal Pelo, cunha especie de teatro danza; a compañía Conservas co espectáculo *7 Dust Show*; o último espectáculo de Roger Bernat, *la la la la la* e *Los días que todo va bien*, de El Canto de la Cabra. En representación do teatro galego estiveron Matarile Teatro con *Acto Seguido*, un espectáculo cheo de metateatro tocado por

un pesimismo agridoce, e a nova compañía Belmondo co seu espectáculo *Sidecar*, unha compañía cun ilusionante aire fresco para o teatro galego e que presentou un espectáculo no que hai unha lectura fragmentaria do mundo a través da viaxe. Remata o artigo preguntándose sobre o futuro do festival e reclamando apoio institucional para unha iniciativa que xa é un éxito de público. Xa nun apartado á marxe fálase dos Curtos de Teatro, o que antes era un parte da programación do Teatro Galán e que agora se incluíu coma parte do festival. Foron un total de oito propostas diferentes cheas de vitalidade. O primeiro en presentarse foi un performance en homenaxe á desaparecida Xela Arias, *Vencerse é cousa de se tratar*, obra que a propia escritora empezou a montar con Fernando Abreu con textos de *Intemperiome,* o seu último libro. Ademais coincidiron esa mesma xornada os espectáculos: *Catástrofe* de Quico Cadaval, *Infinitesimal*, interpretada por Toñito de Poi e Helen Bertels, e *Prato* de Arrepentimento de Padrón. Nunha segunda xornada estarían: *Sentimental*, de Rebeca Montero; *Tatuaxes*, de Nostrumcai Teatro; *Tornasol,* de Roberto Leal; e *Domestic*, de Simone Negrín e Marta Pazos. Todo isto, indícase, foi presentado coma un quefacer orixinal no panorama santiagués asumindo novos códigos.

XIIIº Festival Internacional "Outono de teatro" (FIOT) de Carballo

♦.Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte e a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo. Nesta edición levou como título "FIOT'04" e celebrouse no Auditorio do Pazo da Cultura de Carballo. Tivo lugar entre o 7 e o 17 de outubro e nel participaron compañías galegas e de fóra. A participación galega correu a cargo da compañía Lagarta, Lagarta, que representou *Fobias, unha estraña noite na casa de Luís Mendía*. Tamén se entregaron os galardóns do "Premio do Público Outono de Teatro 2004", outorgado polos espectadores mediante o seu voto á compañía da súa preferencia logo da celebración do festival e mais do "IV Concurso escolar de Teatro Lido Xosé Manuel Eirís", coa colaboración de Radio Voz Bergantiños. Finalmente, no marco deste festival tamén tivo o "IV Certame Galego de dramatización de monólogos cómicos Outono de Teatro", coa colaboración e o patrocinio de Radio Bergantiños-Cadena Ser.

Referencias varias:

- X.R., 'El Outono de Teatro traerá "la locura de los visionarios" a los escenarios de Carballo', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 19 setembro 2004, p. 39.

Dá conta da presentación en Carballo do XIII Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo (FIOT) organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, que se levará a cabo do 7 ao 17 de outubro. Apunta as palabras do presidente da asociación nas que expón que as obras teatrais xirarán este ano ao redor da tolemia e os visionarios, buscando deste xeito un teatro menos convencional e máis arriscado. A continuación revela as compañías participantes e as súas pezas, nas que a única galega é Lagarta, Lagarta con *Fobias*.

- M.C.S., 'El 'Quijote' llega hoy al Festival Internacional de Teatro de Carballo', *La Opinión*, 'Carballo/coste da morte', 10 outubro 2004, p. 26.

Describe a representación do *Quijote* dos valencianos L'om Imprevís como unha das máis importantes do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo (FIOT), xa que conta con numerosos premios e boas críticas. Tamén destaca que antes da actuación se entregará o galardón "Xoglar de Outono 2004" a Artur Trillo, actor, autor, director, dinamizador cultural e fundador de Talía Teatro. Finalmente, sinala que nesta data vai ter lugar o "Concurso de Monólogos cómicos" e o espectáculo a Rúa dos Contos, que recorrerá os locais hostaleiros.

- M.C.S., 'El Festival Internacional de Teatro llega a la recta final respaldado por el público', *La Opinión*, 'Carballo/costa da morte', 15 outubro 2004, p. 22.

Anota as tres obras teatrais que se representarán esa fin de semana no final do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo (FIOT), do que subliña o respaldo do público, xa que contou con varias representacións de aforo completo. Salienta, como característica común das tres obras, do humor. Nun á parte cita os gañadores do Concurso de Monólogos no que participaron catorce persoas.

- M.C.S., 'El Festival de Teatro se clausura con el apoyo del público', *La Opinión*, 'Carballo/costa da morte', 19 outubro 2004, p. 22.

Despois de expor o final do programa de música do Concello de Carballo e a realización dunha sesión de contacontos da compañía Trinke Trinke para os pequenos, destaca que en Malpica continúa a Mostra de Teatro, que representa a obra *Cheiro de Estrelas II* de Fulano, Mengano e Citano. Tamén sinala que en Cabana prosegue a mostra Cabana Teatro.

IIIº Festival "Teatrarte" de Redondela

□♦.Organizado pola Concellaría de Cultura do Concello de Redondela, coa colaboración do IGAEM, nesta edición tivo como título "Sete olladas de teatro para Redondela". Naceu no 2001 coa vontade de que durante os meses de febreiro e marzo Redondela se convertera na vila do teatro de Galicia. As actuacións foron integramente en galego e en cada edición estivo como convidada unha compañía de Redondela. Na edición deste ano participaron as compañías Teatro Galileo, que representou *Servidor de dous amos*; Teatro do Morcego, que escenificou *A gran ilusión*; Fulano, Mengano & Citano, que levaron *¡¡¡Shsss... calma!!*; Lagarta, Lagarta, cos súa obra *Fobias*; Librescena Producións, con *As obras completas de Will Shakespeare (abreviadas)*; Sarabela Teatro, con *A conxura dos necios*; e, finalmente, Teatro Cachirulo, que representou *Insomnio*.

Xº Festival internacional de teatro universitario da USC

□♦.Celebrado dende 1995, este festival está dirixido por Roberto Salgueiro e celébrase nos dous campus da Universidade compostelá, que teñen como coordinadores a Pablo Rodríguez no Campus de Lugo e a Cecilia Carballido no de Santiago de Compostela. En 2004 celebrouse en ambas as dúas cidades entre o 22 e o 28 de marzo. Os lugares de representación foron o auditorio municipal Gustavo Freire e a sala Esmelgar en Lugo, e a Sala Nasa e mais a Fundación Eugenio Granell en Santiago. Este ano participaron compañías de cinco países: España, Francia, Brasil, Alemania e Porto Rico. A representación galega correu a cargo da Aula de Teatro da Universidade de Santiago, que escenificou a obra *Hamlet*. Colaboraron nesta edición o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), e a iniciativa municipal Proxecto LugoCultural.

Referencias varias:

- P.A., 'Compañías de cinco países toman parte en el festival de Santiago', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 18 marzo 2004, p. 78.

Comenta o X Festival Internacional de Teatro Universitario, que se realizará en Santiago entre o 22 e o 28 de marzo e que foi presentado no día anterior pola vicerreitora de Extensión Cultural da Universidade de Santiago, Mar Lorenzo, e o responsábel do Festival, Roberto Salgueiro. Cita as seis universidades que participarán, das que dúas son por primeira vez europeas, cuxas montaxes inclúen dende creacións colectivas até tecnoloxía multimedia. Este evento único entre as universidades españolas, realizarase tamén en Lugo.

- Roberto Pascual, 'O teatro universitario na punta do iceberg', *Atlántico Diario*, 'Universitas', 18 marzo 2004, p. 31.

Analiza e reflexiona sobre o teatro galego, centrándose no peso do teatro universitario e concretamente na Aula de teatro da Universidade de Santiago. Observa que á falta dunha Escola Superior de Arte Dramática galega, o teatro universitario ofrece, de non ser as escolas privadas ou os estudos fóra, unha moi boa formación para futuros actores e actrices. Outra das características positivas que apunta do teatro universitario é o movemento e dinamización que esperta non só na universidade, senón tamén na cidade e incluso no país, xa que ademais de festivais, conferencias, etc., as obras que levan á escena son de grande calidade. A consolidación e referencia da Aula de Santiago, dirixida por Roberto Salgueiro, é mostra para o autor do dito. Expón que tamén organiza o Festival Internacional de Teatro Universitario, que supón un interesante intercambio de experiencias, pois permite ver o que fan outras universidades. Sinala que o Festival durará sete días e cita as seis universidades que participarán.

- Concha Pino, '"O festival aposta polo risco e por abrir portas á innovación"', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 23 marzo 2004, p. 2.

Entrevista a Roberto Salgueiro, director da Aula de Teatro da Universidade de Santiago e do Festival Internacional de Teatro Universitario, que comezou a súa décima edición no día

anterior. Expón que neste ano virán dous grupos de universidades europeas, ademais dos iberoamericanos, como parte da aposta pola innovación e a experimentación, xa que sinala é importante a asistencia de público, pero por riba está arriscarse con novas propostas, como fai a Aula. Tamén apunta o grave problema de non existir unha Escola Superior de Arte Dramática galega, polo que mellorarán os cursos de formación que imparten cada ano.

- M. Beceiro, '"El teatro europeo está muy dominado por los textos"', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 27 marzo 2004, p. 2.

Entrevista a Gerhard Dressel, director da compañía da Universidade de Konstanz (Alemaña), que se presenta no Festival Internacional de Teatro Universitario coa obra *Far familiar shore*. Anota, en primeiro lugar, que non están subvencionados polo Estado pero que teñen un gran departamento técnico que lles permite traballar con concepcións multimedia, que usan na peza. Desta destaca que trata sobre o artista alemán Walter Spies, confrontando algunhas teorías da época, que dicían que o teatro europeo tiña demasiado texto e pouca imaxe e irracionalidade, ao mesturar estes dous elementos na súa obra.

- Marta Becerra, 'El día grande de la escena', *El Correo Gallego*, 'El despertador', 28 marzo 2004, p. 10.

Breve onde se apuntan dúas representacións en Lugo coincidindo co Día Mundial do Teatro. Unha foi *Apareceu a margarida* da compañía da Universidade de São Paulo (Brasil), realizada dentro do Festival Internacional de Teatro Universitario, e a outra, *Os paroleiros*, levada a escena polo grupo de teatro de Xuventude.

- Ruth Fernández, 'Puro teatro', *Galicia Hoxe*, 'Noticias cotiás', 31 marzo 2004, p. 5.

Apunta a realización do Festival Internacional de Teatro Universitario en Lugo, impulsado polo programa Lugo Cultural. Anuncia que nel se inclúen propostas que difunden traballos audiovisuais, informáticos e danza. Expón que comezou cun grupo universitario de México e que a Aula de Teatro do campus de Lugo presentará *Joan*. Cita tamén outras obras do Festival e algunhas que se representarán na cidade fóra deste evento, ás que anima a asistir.

IXª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego)

♦.A Aula de Ourense organizou en 1994 a Iª Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense que pasaría no 1996 a constituírse na Iª Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario (MITEU). Esta Mostra pretende potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos, grupos da península e de fóra dela. Organizada pola Universidade de Vigo, a Aula de Teatro de Ourense "Maricastaña" e a compañía Sarabela Teatro, celebrouse en 2004 entre o 14 de abril e o 2 de maio no Teatro Principal ourensán e nos distintos locais asociados. Nesta edición participaron con dezaseis grupos de España, Portugal, Hungría e

Inglaterra. As representacións a cargo de compañías galegas foron do Grupo Cordelia (Universidade de Vigo), que escenificou o *Rei Lear*; o grupo Hac Luce (Universidade da Coruña), que levou a obra *Gominolas*, de Ivonne Ruiz; a Aula de Teatro de Lugo (Universidade de Santiago), coa obra *Joan*, baseada na vida de Víctor Jara; a compañía lucense CALEAC, coa obra *Jugem, Tanoques*; a Aula de Teatro Universitario de Pontevedra (Universidade de Vigo), con *Mórdeme*, de Inma Antonio; a Aula de Teatro Quartoescuro (Fac. de CC. Sociais, Universidade de Vigo), con *Esperta Dolly*, de Ángel Seoane; e a Aula de Teatro Universitaria de Ourense "Maricastaña" con *Tótem*. Ao final de cada representación realizouse un coloquio sobre ela. Houbo tamén actuacións de rúa, así como cursos, conferencias ou exposicións. A mostra conta co patrocinio da Universidade de Vigo, o Concello de Ourense, o Instituto de Artes Escénicas e Musicais e o Teatro Principal (Deputación de Ourense). Colabora o Liceo Recreo Ourensán.

Referencias varias:

- C.d.U., 'Presentación da IX edición da Mostra de Teatro de Vigo', *El Correo Gallego*, *'Correo da Universidade'*, 'MITEU', 13 abril 2004, p. 4.

Dá conta da presentación en Vigo da IX Mostra Internacional de Teatro Universitario, que se levará a cabo entre o 14 de abril e o 2 de maio e que conta con grupos teatrais de diversos países. Expón que, ademais das representacións, se realizaran coloquios, maxia, contacontos, performances, malabares, cursos de formación, conferencias, exposicións, música, etc. Apunta que nesta edición houbo un incremento de actuacións de rúa. Por outra banda, sinala os premios, nacionais e internacionais, recibidos pola Aula de Teatro Universitario de Ourense.

- LR, 'Los universitarios secuestran el teatro', *La Región*, 14 abril 2004, p. 11.

Analiza a IX Mostra Internacional de Teatro Universitario en Ourense, afirmando a súa consolidación como referente. Destaca a participación de grupos de todo o mundo e o elevado número de persoas, seiscentas, que fan posíbel o festival. Anota que comezará ese mesmo día con dous espectáculos de rúa, o de Os Quinquilláns e o desfile da Aula Universitaria de Teatro de Ourense, e cunha representación do grupo da Universidade de Zaragoza. En distintos comentarios á parte, apunta a incorporación da maxia, os premios dos grupos do campus de Ourense e as conferencias, cursos, exposicións, música, etc., que entran no programa de actividades desta edición.

- LR, 'La Miteu abre boca entre payasos y ungüentos', *La Región*, 'Ourense', 15 abril 2004, p. 7.

Describe o comezo da Mostra Internacional de Teatro Universitario en Ourense, que se levou a cabo mediante o tradicional desfile que fixeron a Aula Universitaria de Ourense e Os Quinquilláns no casco histórico. Destaca a expectación que suscitou entre pequenos e maiores a música e o humor dos zancudos, as bruxas, a comunidade medieval ou os

pallasos, que remataron con cinco accións teatrais á vez. Apunta ademais que no mesmo día inaugurou a Mostra a obra *El último gallinero* do grupo da Universidade de Zaragoza.

- LR, 'O plato fuerte é todo o que aínda queda', *La Región*, 22 abril 2004, p. 13.

Análise da IX Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITEU), que se está a realizar en Ourense e que dura dezaseis días. Destaca o entusiasmo dos organizadores, xa que, a pesar de que a Mostra aínda non chegou á metade, a media de espectadores por función está sendo de cento oitenta e hai unha grande participación nos coloquios. Achega que a incorporación da maxia e dun musical foron moi positivas, e que o que falta por chegar é moi interesante: grupos estranxeiros, conferencia de Luís Tosar, actuación de Mofa e Befa, cursos de formación, etc.

- LR, 'Las obras y actividades de la Mostra de Teatro Universitario sedujeron a más de 7000 personas', *La Región*, 6 maio 2004, p. 13.

Expón a consolidación da Mostra Internacional de Teatro Universitario, baseándose nos sete mil oitocentos oitenta e cinco espectadores, nas tres obras que colgaron o cartel de "non hai entradas", o cheo nos cursos de formación, etc. Anota tamén os premios concedidos, o do xurado e o do público para *Verkli*, do grupo húngaro, e as tres mencións especiais á Aula de Teatro do campus de Lugo, ao grupo de Portugal e ao de Huelva.

Sábados Teatrais de Narón

□♦.Organizados polo Padroado de Cultura do Concello de Narón, coa colaboración do IGAEM e da Deputación da Coruña, celébranse no Auditorio Municipal de Narón durante os meses de xaneiro a abril, continuado logo a partir de setembro e até decembro, cunha sesión semanal. Nesta edición actuaron as compañías galegas Lagarta Lagarta, que representou *Fobias*; o Centro Dramático Galego, que levou a obra *Comedia do gurgullo*; ou aínda outras como Uvegá Teatro, Sarabela Teatro, Teatro do Aquí, Teatro do Morcego ou Talía Teatro, que levou a súa representación da obra *A paz do crepúsculo*.

Referencias varias:

- Patricia Hermida, 'Narón, capital en Galicia del teatro más arriesgado', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 11 xaneiro 2004, p. 17.

Salienta os "descomunais" cheos conseguidos no ciclo Sábados Teatrais de Narón, que sinala que apoian unha programación que aposta por obras arriscadas e o impulso da Escola de Teatro. Por outra banda, observa que Narón xa é un referente teatral e apunta obras que se representarán: *Destroyer, Alejandro y Ana* de Animalario, *A Comedia do Gurgullo* do Centro Dramático Galego e o último texto do premio Max José Luís Prieto.

- Lorena Romero, 'El 58% de las compañías teatrales que actuaron en el Auditorio son gallegas', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 2 maio 2004, p. 23.

Resumo da tempada teatral que vai de xaneiro a maio dos Sábados Teatrais de Narón. Destaca que a compañía que máis actuou no municipio foi o Centro Dramático Galego e que o total das compañías participantes foi de doce, das que enumera as galegas: Lagarta, Lagarta; Centro Dramático Galego; Uvegá Teatro; Sarabela Teatro; Teatro do Aquí; Talía Teatro e Teatro do Morcego. Sinala que houbo catro estreas, que o prezo da entrada incrementouse e que aínda non se facilitou a cifra total de asistentes aos espectáculos.

- Susana Pérez, 'La asistencia al ciclo municipal de teatro se incrementa un 40%', *La Opinión*, 'Narón', 3 xuño 2004, p. 26.

Análise da tempada desenvolta entre o 13 de xaneiro e o 1 de maio dos Sábados Teatrais de Narón. Salienta o incremento dun corenta por cento da asistencia de público con respecto ao ano pasado, sendo a media de duascentas once persoas por espectáculo. Destaca que os maiores éxitos foron os de *Fobias* de Lagarta, Lagarta e *Alejandro y Ana* de Animalario, nos que houbo persoas que non puideron asistir por falta de localidades. Pola contra, apunta que a menos vista foi *O caso da rúa Lourcine* de Teatro do Morcego. Tamén expón as palabras da edil de Cultura que fan balance da Escola de Teatro e da asistencia á música e á danza.

- Lorena Romero, 'El Auditorio cierra la programación anual con teatro, música y danza', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 2 outubro 2004, p. 23.

Expón as representacións previstas para os próximos meses no Auditorio de Narón, sinalando que a contratación dos espectáculos supón un total de máis de sesenta e un mil euros. Destaca as palabras da concelleira de Cultura, Ana Muñiz, nas que salienta que do traballo do técnico do Padroado, Luciano Fernández, resulta a calidade das actuacións, anotando a inauguración a cargo da compañía Esteve y Ponce. Tamén describe a Mostra de Teatro para o alumnado dos colexios e institutos de Narón, apuntando, ademais, que a música e danza completarán o programa no mes de decembro.

- Susana Pérez, 'Un otoño muy teatral', *La Opinión*, 'Narón', 2 outubro 2004, p. 19.

Describe a programación de teatro para ese outono no Auditorio de Narón. Comeza polos Sábados Teatrais, cita anualmente renovada que se inaugurará con *Rip, Rip, Hurra* de Esteve y Ponce. Enumera algunhas das nove compañías, maioritariamente galegas, que actuarán: Lagarta, Lagarta, que repite en Narón o seu éxito *Fobias*, Talía Teatro, Teloncillo, Teatro do Atlántico, Teatro Paraíso e Producción Librescena. Posteriormente apunta que o programa teatral será completado coa Mostra Infantil para o alumnado do concello.

- S.P., 'Talía Teatro representa 'A paz do crepúsculo', *La Opinión*, 'Ferrolterra', 13 outubro 2004, p. 16.

Informa da representación da obra *A paz do crepúsculo*, de Talía Teatro, na terceira sesión dos Sábados Teatrais que se celebran en Narón.

Teatro Rosalía

♦.Construído na Coruña no 1841, recibe orixinariamente o nome de Teatro Principal. No 1867 un incendio destruíuno, e as obras de reconstrución iníciansе no 1868. Xa no século XX, concretamente en 1909, adopta a súa denominación actual. Recentemente restaurado, conta cun escenario de cento cincuenta metros cadrados e un aforo máximo para setecentos doce espectadores. Xestionado polo Concello da Coruña acolle distintos espectáculos musicais e programacións artísticas, entre eles, a programación teatral.

Referencias varias:

- Juan Fernán, 'Teatro Rosalía: ciclo de otoño', *El Ideal Gallego*, 'Vivir en A Coruña', 26 setembro 2004, p. 6.

Observa o comezo da nova tempada teatral no Teatro Rosalía de Castro, destacando a posibilidade de gozar de autores como Rivas, Shakespeare, Lorca, Miller, etc., compañías de calidade como Teatro do Atlántico, Áncora Producciónss, Sarabela Teatro, etc., e actores e actrices consagrados. Apunta que os prezos oscilan entre os corenta e oito e os cento tres euros e que existen abonos.

Xº Ciclo de Teatro de Ponteceso

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Ponteceso tivo lugar entre o 17 de novembro e o 15 de decembro. Celebráronse sesións semanais os sábados a partir das 22.30 horas na sede social de "Río Anllóns".

Vª Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

♦.Organizada polo Vicerreitorado de Extensión Cultural da Universidade de Santiago de Compostela, e baixo a coordinación da Aula de Teatro da USC, dirixida por Roberto Salgueiro, esta actividade ten a vontade de ser un referente para a posta en escena dos grupos de teatro de carácter universitario de toda Galicia. Celebrada en 2004 entre o 24 de maio e o 10 de xuño, contou coa participación dun total de catorce compañías procedentes das universidades de Burgos, A Coruña, Estremadura e Santiago. No que atinxe ás representacións en galego, a única desta edición correu a cargo do grupo institucional Hac

Luce da Universidade da Coruña, que escenificou a obra *Gominolas*. Os escenarios da mostra foron a Sala Nasa, o Salón Teatro e o Auditorio Universitario; os tres situados na cidade compostelá.

IVº e Vº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

□♦.Ciclo teatral organizado pola Concellaría de Cultura de Ferrol dende o mes de novembro do ano 2000, en colaboración coa Asociación Max de Teatro, no que tamén teñen o patrocinio da Deputación Provincial da Coruña e da Fundación Caixa Galicia. Celébrase no Centro Cívico de Caranza e no auditorio FIMO. A participación está aberta a todos aqueles grupos de teatro da comarca de Ferrol e mesmo doutros puntos de Galicia. Cada unha das súas tempadas engloba aos meses de setembro a marzo. No que se refire ás actuacións correspondentes ao ano 2004 distinguimos, xa que logo, o final dunha tempada (2003-2004) e o comezo da seguinte (2004-2005). No que respecta ao final da tempada 2003-2004, e no que atinxe ao teatro galego, participaron a compañía pontesa O Catre, coa obra *Sursum corda*; a ferrolá Bartoleta Teatro, con *¡Viva o duque noso amo!*; a tamén ferrolá Oquetiqueiras, que estrenou a súa obra *Dramático*; Mariclown, con *Día tras día*; e Imaxina-T, coa montaxe de *Tanto busto*. No comezo da temporada 2004-2005 contouse coa participación da Escola Teatro de Narón, coa obra *O soño dunha noite de verán*; o grupo de Cervo 'O Bordelo', que levou a súa obra *Plática Sisual*; a compañía do Concello de Boiro, coa montaxe *Non é tan fácil*; o grupo Patatín & Patatín Superproducións, que representou *Vida, paixón e -¡case!- morte de Patatán piloto*; Talía Teatro, con *Bicos con lingua*; o grupo Luzada, con *A casa dos seductores*; ou Ullán Teatro, con *Jrelos-Crest*, entre outras.

Referencias varias:

- N.V., 'Mariclown leva 'Día tras día' ao ciclo teatral de Caranza', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 1 febreiro 2004, p. 9.

Dá conta da representación da obra *Día tras día* da compañía ferrolá Mariclown para esa mesma tarde dentro do ciclo teatral Domingos a escena, organizado pola Concellaría de Cultura do Concello de Ferrol. Destaca da obra que é unha crítica demoledora e ácida aos usos sociais que soporta aínda a muller, baixo unha gran dose de humor, e conformada por variados elementos como a música ou comentarios gravados con voces diversas. Tamén salienta que colaboran na produción os malabaristas de Circusfusión e que foi gañadora do pasado certame do Mundoclown de Pontevedra na categoría de espectáculo de interior.

VIª Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITEU) da Universidade de Vigo

□♦.Organizada pola compañía Teatro de Ningures, conta co patrocino da Universidade de Vigo, mediante o seu Vicerreitorado de Extensión Universitaria, e o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais; ten ademais a colaboración do Kbaret Club de Pontevedra e a

Fundación Caixanova. No 2004 celebrouse entre o 26 e o 30 de abril no campus de Pontevedra e entre o 3 e o 7 de maio no campus de Vigo. Contou coa presenza de compañías universitarias galegas, do resto de España e internacionais. No que respecta á presenza galega, correu a cargo da Aula de Teatro de Vigo, do campus de Pontevedra, que representou a obra *Mórdeme*, de Inma Antonio; a Aula de Teatro do campus de Vigo, que escenificou *Pingas*; a compañía institucional da Universidade da Coruña, Hac Luce, que levou a obra *Gominolas*, de Ivonne Ruiz; Caleac Teatro, da Universidade de Santiago, campus de Lugo, que puxo en escena a obra *Juguem tanoques*; e a Aula de Teatro de Ourense "Mariacastaña", coa obra *Totem*. Os escenarios foron o Auditorio Caixanova, a Facultade de Belas Artes e o Kbaret Club en Pontevedra; e o Teatro da Cidade Universitaria en Vigo.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Comeza a Mostra de Teatro Universitario en Vigo', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 3 maio 2004, p. 45.

Dá conta da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Vigo, da que observa que dará comezo ese mesmo día coa obra *Verkli* dos húngaros Szàrnyak Szinhàza, obra que segundo apunta conxuga técnicas de performances e do kabuki xaponés, ademais de experimentar co traballo corporal e xogar co folclore do seu país. Tamén cita as compañías, o lugar e a hora das actuacións.

- Amaia Mauleón, 'Escenas húngaras en el campus', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 4 maio 2004, p. 50.

Céntrase na obra *Verkli* do grupo húngaro Szàrnyak Szinhàza, primeira representación da VI Mostra Internacional de Teatro Universitario de Vigo. Desta montaxe sinala que mestura diversas manifestacións artísticas como o tango, o folclore húngaro, as improvisacións ou o teatro xaponés, sen incluír a palabra. Tamén apunta que gañaron o premio do público e do xurado no Festival de Teatro Universitario de Ourense e por iso observan que o teatro alternativo é mellor recibido aquí que no seu país. Anota as actuacións para ese día, *Pingas* da Aula de Teatro da Universidade de Vigo e a animación de rúa dos ingleses Circus Society.

VII^{a} Mostra de Teatro de Vilanova de Arousa

□♦.Organizada pola Concellaría de Cultura de Vilanova de Arousa, conta coas contribucións da Consellaría de Cultura, a Deputación Provincial de Pontevedra e Caixanova. A edición de 2004, celebrada entre o 25 de xuño e o 14 de agosto, puxo en escena sete espectáculos, entre eles, a representación de *Hansel e Gretel*, a cargo da compañía Sim Salabím; e de *Ligazón*, a cargo de The Pinga Teatro. Os escenarios de representación das obras foron a Casa da Cultura de Esteiro e a Praza da Pastoriza.

Referencias varias:

- Adriana Rodríguez, 'Os Quinquilláns chega a Vilanova ca obra 'O circo da Máscaras', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 20 xuño 2004, p. 23.

Anuncia que *O circo das Máscaras* chega a Vilanova da man da compañía teatral Os Quinquilláns para actuar na VII Mostra de Teatro de Arousa. Sinala que a autora e directora da obra é Carolina Ramos, quen adapta o texto do dramaturgo sudafricano Víctor Ombda, e que a música parte de Manuel Riveiro e a produción de Lucho Penavade. Apunta que esta obra, da que se explica o seu título e se recolle o seu argumento, se estreou en xaneiro de 2002 e se caracteriza polo ritmo rápido e un gran número de movementos mesturados cunha gran cantidade de cancións en directo, o que lle proporciona moita frescura. Considera que nesta representación se modifican "os conceptos ante o común dunha estrututura de circo real", o que provoca a risa, así como recolle comentarios de Lucho Penavade, quen comparte coa directora que "a elección desta obra de teatro fíxose pola súa tendencia actual, a modificación que sofren as cousas, neste caso, en concreto, o circo que se quere mudar cara algo novo". Por outra parte, o produtor manifesta o seu gusto por traballar ao aire libre, onde o espectador é completamente libre de facer o que queira e non se suscita a curiosidade entre os asistentes detrás dos panos.

IVª Mostra de Traballos Teatrais

♦.Organizada pola Casa da Xuventude de Ourense, celebrouse o 26 de marzo e contou coa participación de grupos como Os Garabatos, Obradoiro de Loli Buján ou Teatro do Grilo. O escenario das representacións foi o Salón de Actos da entidade organizadora.

Sala Nasa

.Creada en 1992 co nome de Nave de Servicios Artísticos (NASA), a NASA é unha iniciativa privada, aberta e independente, impulsada polo grupo teatral CHÉVERE e xestionada por artistas. A NASA actúa como centro de recursos artísticos para os creadores locais e apoia a dinamización sociocultural; tamén fomenta a produción e a exhibición de novas formas de espectáculos, sempre atentos ás novas expresións, aos creadores máis novos e ás propostas artísticas que non atopan canles para a súa difusión nos circuítos habituais. A súa temporada de programación estábel vai de outubro a xuño.

Referencias varias:

- María Laxe, 'Deixarse ver pola Nasa', *A Nosa Terra*, nº 1112, 'Fin de semana', 15 xaneiro 2004, p. 34.

Fai referencia á Sala Nasa e á súa programación, reflectindo o labor e traballo que realiza. Apunta que a sala leva funcionando dende 1992 e que a programación destes meses comeza

coa presentación do novo disco de Os Cempés e continúa coa música renovada de Os seráns da Nasa. Anota o espectáculo *Os Mutantes Metálicos* e o regreso das Ultranoites para final de mes, que contan cun público constante. Posteriormente céntrase nas Ultranoites, que define como un cabaré colectivo de espectáculo efémero, dedicadas nesta edición ao "Kapital". Tamén fala dos integrantes do proxecto Nasa, que o son tamén da compañía Chévere, e das múltiples e variadas actuacións desta sala alternativa.

- Lupe Gómez, 'Desde a Sala Nasa, un lugar vivo ó servicio do teatro', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 25 xaneiro 2004, p. 5.

Comentario subxectivo da poetisa Lupe Gómez, que presenta o programa da Sala Nasa namentres expón a importancia da sala na conformación dun espazo "máxico" e "libre" para o teatro en Compostela, un lugar onde gozar coa música e co teatro, onde existe a denuncia e o soño. Destaca que neses días se levarán a cabo os programas 'Os seráns da Nasa' e mais a 'Ultranoite', así como o espectáculo *Os mutantes metálicos*.

- Carmen Villar, 'Escenas para evadirse', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, 'Teatro', 24 abril 2004, p. 2.

Análise detallada das programacións das salas compostelás Nasa e Galán para os meses de abril a xuño. Comeza pola Galán, anotando o taller de creación escénica que levará a cabo Ana Vallés. En maio salienta *Noveccento* do coruñés Sergio Zearreta e a obra catalá *¡Polacos!* Finalmente, en xuño realizarase un taller de danza e a IX edición de 'En pé de pedra', onde haberá un mínimo de oito compañías. Polo que respecta á Nasa, destaca que dedicarán o restante do mes de abril á música e á estrea de *Radio Universo* de Chévere, o de maio ás sesións 'Seráns da Nasa' e en xuño, ademais dos concertos de música, organizarán unha festa do circo e a presentación da compañía Femininosingular.

- MARÉ, 'O ano 13 do proxecto da NASA', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 16 setembro 2004, p. 50.

Destaca a presentación en rolda de prensa do programa da décimo terceira tempada da Sala Nasa, onde apunta as palabras dun dos responsábeis, Xesús Ron, quen reclamou máis logros culturais, espectadores críticos, creadores independentes, infraestruturas, investimentos, etc. Sinala tamén que as liñas de actuación son consolidar os programas propios, como 'Ultranoite', abrir unha canle de comunicación co ámbito lusófono e contribuír á integración de Santiago no circuíto estatal e europeo de teatro, música e danza. Por último, anota os espectáculos para ese mes: a música de La Tirana e as obras *Vendetta* de Berrobambán e *Os fillos de Eva* de Bacana.

- Mar Barros, 'Sala Nasa, despegue inminente', *A Nosa Terra*, nº 1143, 'Fin de semana', 23 setembro 2004, p. 37.

Analiza a programación da Sala Nasa, que comeza a tempada número trece. Sinala que as expectativas da sala pasan pola consolidación dos programas propios, como a 'Ultranoite', 'Cabo Jam Lourenzo' ou os 'Seráns da Nasa'; pola colaboración co Concello e pola apertura dunha canle de comunicación estábel coa cultura lusófona. Desta última resulta un novo espazo, Portugaliza, que é un proxecto de intercambio cultural con diversas organizacións portuguesas, entre elas a compañía Trigo Limpo ou a cantante Filipa Pais. Ademais destaca outros dous novos espazos, un programa de teatro no que os novos poderán dar a coñecer os seus traballos e o ciclo SÓS, dedicado a espectáculos unipersoais. Así mesmo, salienta que haberá tres actuacións manufacturadas na cidade: a música de La Tirana, Berrobambán co cabaré humorístico *Vendetta* e Bacana coa proposta cómico-musical *Os fillos de Eva*.

- M.B., 'Ruso Negro prolonga las animadas noches de cabaré', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 26 novembro 2004, p. 2.

Céntrase no trío musical compostelán Ruso Negro, que se deu a coñecer no festival Feitoamán, do que destaca que actuará esa noite na Sala Nasa coa súa viaxe cómico-musical dentro da sección Ambigú. Esta sección é nova pero destaca que xa resulta exitosa. Observa que o espectáculo trata de xogar coa música, a través de moitos estilos, con instrumentos formais e informais, en busca da canción universal.

- S.P., 'Arranca na NASA un ciclo de teatro e música portuguesa', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 2 decembro 2004, p. 51.

Breve que apunta a renovación do proxecto de intercambio cultural con diversas organizacións portuguesas, xa desenvolvido na Sala Nasa entre o 1995 e o 1997, mediante un novo ciclo de teatro e música portuguesa que arrinca coas obras *Pela boca morre o peixe* e *Mamá Lusitánia* da compañía Trigo Limpo.

Sala Sant Yago

.Espazo escénico que, dende mediados de outubro de 2001, se converteu en teatro estébel e se integrou na Coordinadora de Salas Alternativas de España. A súa vantaxe comparativa é a senlleira oferta de espectáculos de monicreques, articulada tanto mediante representacións individuais como mediante festivais de distinto ámbito. Ademais da súa programación de teatro de actor, e cine de autor en versión orixinal e música, tamén se levan a cabo representacións teatrais das máis diversas compañías galegas.

Referencias varias:

- M.B., 'La Sala Yago llevará a la calle 'Flashback Compostela'', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 11 xaneiro 2004, p. 9.

Dá conta dos espectáculos que se levarán a cabo na Sala Yago nos próximos meses. Sinala que o teatro continuará en febreiro coa comedia *Con las "cannes" abiertas* de Ignacio Andréu, á que lle seguirá *Liturxia de Tebas* de Casahamlet e a final de mes *Bicos con lingua* de Talía Teatro. Apunta tamén que o programa concluirá en marzo con *Ensaio* de Teatro do Noroeste, da que fai un breve comentario. Finalmente, fala do proxecto da sala, que a Consellaría de Cultura lles solicitou, *Flashback Compostela*, baseado no Ano Santo e con motivo do Xacobeo, así como das axudas recibidas da Administración.

- Lúpe Gómez, 'Bótase de menos unha dose máis de alegría, de forza e emoción', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 30 maio 2004, p. 5.

Analiza a peza de teatro *Excultura* da compañía de Granada Teatro 5 Comentarios, que se representou na Sala Yago. Destaca aspectos positivos como a reflexión sobre o que somos, o guión, a imaxinación nos monólogos, etc., e tamén os negativos, a clave cómica non moi ben desenvolvida, a interpretación frouxa ou a escenografía plana. A valoración final que salienta é que funciona como entretemento pero non transforma, xa que para isto necesaría máis forza.

- M.B., 'La Yago se convertirá en un espacio de producción', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 2 outubro 2004, p. 2.

Pon en relevo o inicio da nova tempada da Sala Yago, que continuará coas mesmas liñas de programación dado o bo funcionamento, pero, non obstante, tratará de converterse tamén en espazo de produción de espectáculos. Sinala que tras a conclusión do festival de monicreques ofrecerá a obra *Bicos con lingua* de Talía, e posteriormente actuarán as compañías galegas Teatro do Noroeste, No es café Teatro e Teatro do Altlántico.

IIIª Semana de Teatro ao aire libre de Foz

♦.Celebrada no Campo da Cabana de Foz, está organizada polo Concello como actividade dentro dos festexos municipais de verán, buscando tamén dar a coñecer o traballo que están a realizar diferentes grupos teatrais da zona. Esta edición tivo lugar entre os días 23 e 29 de agosto e contou coa presenza dos grupos A Adala, coa obra *Borrando sombras*; O Castro (Vilaronte), coa comedia *Don Armando Gresca*; o grupo Irmáns Vilar Ponte (Bravos), coa obra *Se o sei non vou a casa*; Raiolas (Alfoz), con *Miles Gloriosus*; O Bordelo (Cervo), coa peza *Plática visual* e o grupo chantadiño Faro-Miño, que representou a obra *Gracias pola visita*.

Referencias varias:

- E.V., 'Desde las tablas', *El Progreso*, 6 agosto 2004, p. 53.

Comenta a Semana do Teatro de Foz, da que expón que se vén realizando dende que hai uns anos incorporaron as representacións dos grupos de teatro afeccionados ás festas de San Lourenzo e o éxito obtido fixo que o Concello programara esta semana. Cita os nomes dos sete grupos afeccionados que participarán, un por día, e sinala que as pezas se interpretarán ao aire libre. Salienta que todas as obras son en galego e que os traballos están á altura das montaxes profesionais. Anota que o Concello espera que haxa máis público ca noutras edicións.

XIVª Mostra de Teatro Popular de Chantada

□♦.Organizada polo Concello de Chantada e a compañía de teatro afeccionado local, Faro Miño, celebrouse na chantadina Praza do Cantón entre os días 16 e 20 de agosto. Contou coa participación de distintas compañías de teatro afeccionado de Galicia aínda que, xa nesta edición, vai incorporando tamén a compañías profesionais. O seu programa contou coa compañía O Carballo (Taboada, Lugo), que representou a obra *Canto máis quente, mellor*; O Bordelo Teatro (Cervo), levou a obra *Plática sisual*; Tiruleque Teatro (Carballiño, Ourense), que escenificou *Silicon Valley*; Faro-Miño, con *Gracias pola visita*; e a compañía profesional Mofa e Befa, con *Cultura para dar e tomar*. A subvención municipal para esta actividade foi de 3000 euros.

Referencias varias:

- A.L., "Faro-Miño' inició los preparativos de su certamen de teatro popular', *El Progreso*, 'Zona sur', 16 xaneiro 2004, p. 16.

Comenta a posta en marcha dos preparativos da XIV Mostra de Teatro Popular de Chantada pola agrupación teatral Faro-Miño. Destaca que a agrupación xa recibiu solicitudes de diversas agrupacións para participar no evento, de dentro e fóra de Galiza, pero que pretenden manter os principios doutras edicións, polo que excluirán as de fóra do país e só contarán cun grupo profesional para poder potenciar o teatro afeccionado. Sinala tamén o apoio por parte do Concello á Mostra, que subvencionará con tres mil euros. Ademais, anota as datas, lugares e obras da pequena xira de Faro-Miño no mes de febreiro.

- A.L., 'La XIV Mostra de Teatro se celebrará entre los días 16 y 20 de agosto', *El Progreso*, 'Chantada', 16 xullo 2004, p. 14.

Breve sobre a XIV Mostra de Teatro Popular de Chantada, no que expón os días e lugar das representacións. Cita todas as obras que se levarán a escena e as compañías (O Carballo, O Bordelo Teatro, Tiruleque Teatro, Faro-Miño e Mofa e Befa).

- A.N.T., 'Paco Maciñeiras: 'No teatro afeccionado, a risa do público é tan importante como os cartos', *A Nosa Terra*, nº 1.139, 'Fin de semana', 29 xullo 2004, p. 33.

Paco Maciñeiras dialoga nesta entrevista sobre a celebración en Chantada dunha nova edición da Mostra de Teatro Popular, que ten lugar do dezaseis ao vinte de agosto. Esta mostra, da que el foi un dos creadores, botou a andar en 1991 da man do grupo *Faro Miño* e, logo de catorce anos de representacións ininterrompidas, considera que estas xornadas son unha das citas máis consolidadas e un dos referentes dentro do ámbito afeccionado. Sinala que polo escenario pasaron compañías importantes e que contou cunha afluencia de público considerábel. Este ano programáronse cinco días de actuacións.

- V. Oliveira, 'Unha arte chamada afección/Chanta acolle durante estes días a súa Mostra de Teatro Popular', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Hoy', 17 agosto 2004, p. 53/68.

Analiza a XIV Mostra de Teatro Popular de Chantada, que describe como unha das convocatorias máis destacadas do teatro afeccionado do país. Anota os catro grupos de teatro afeccionado que participan, O Carballo, O Bordelo, Tiruleque Teatro e Faro-Miño, e o único profesional, Mofa e Befa, que clausurará a mostra. Salienta tamén que hai noventa anos xa era tradición representar unha obra antes das festas, de onde procede a idea desta Mostra, que pretende seguir potenciando o teatro afeccionado.

- A.L., 'La muestra de teatro continúa esta noche en la Praza do Cantón', *El Progreso*, 'Chantada', 17 agosto 2004, p. 19.

Breve no que anota a peza teatral que inaugurou no día anterior a XIV Mostra de Teatro Popular de Chantada: *Canto máis quente millor* do grupo O Carballo. A continuación expón a obra para esa noite, *Plática visual*, do grupo O Bordelo, e cita as obras que se levarán a escena nos días seguintes.

- A.L., "Faro-Miño' hace un balance muy positivo de su muestra teatral', *El Progreso*, 'Chantada', 29 agosto 2004, p. 14.

Breve que destaca as palabras de Francisco Manciñeiras, presidente da agrupación Faro-Miño, organizadora da XIV Mostra de Teatro Popular de Chantada, nas que fixo un balance positivo do evento, contando cunha ampla asistencia de público a pesar do clima adverso.

VIIª Mostra de Teatro de Ribeira

□♦.Organizada pola Concellaría de Cultura de Ribeira, coa colaboración da Deputación da Coruña e a Fundación Caixanova, celebrouse no Auditorio Municipal da localidade barbanzá ao longo dos meses de outubro, novembro e decembro. Oito foron os grupos participantes, dos que só se ten noticia da compañía Experimenta Teatro, que levou a obra *A escondidas*. Todas as representacións se celebraron en venres.

Iª Mostra de Teatro de Malpica

□♦.Organizada conxuntamente polo Concello de Malpica de Bergantiños, a Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia e a obra social de Caixa Galicia; esta é a súa primeira edición. Celebrada entre os días 19 de novembro de 18 de decembro acolleu as representacións das obras *Pallasos,* de UVEGA Teatro; *Concerto Bífido,* de San&San; *Cheiro de Estrelas II,* de Fulano, Mengano e Citano; *As Damas de Ferrol,* de Teatro do Noroeste; *O Labirinto dos Soños,* dos Trabalinguas Producións de Dentro; e *Contos de Sempre,* do Obradoiro de Animación Teatral do Concello de Malpica, que dirixe Silvia Losada Crende.

Referencias varias:

- M.C.S., 'Carballo despide los actos musicales y Malpica el teatro', *La Opinión*, 'Carballo/Costa da morte', 3 decembro 2004, p. 20.

Despois de expor o final do programa de música do Concello de Carballo e a realización dunha sesión de conta contos da compañía Trinke Trinke para os pequenos, destaca que en Malpica continúa a Mostra de Teatro, que representa a obra *Cheiro de Estrelas II* de Fulano, Mengano e Citano. Tamén indica que en Cabana prosegue a mostra Cabana Teatro.

Vª Mostra "Amador no Camiño" de Palas de Rei

□.Organizada pola compañía local Metátese Teatro, celebrouse entre o 20 e o 28 de agosto na Casa de Cultura deste Concello e contou coas representacións de compañías galegas e de fóra. O teatro galego estivo representado polo grupo Os amigos, que abríu a mostra; os noieses Candelexas, que representaron *A sombra de Tenorio*; Palimoco, que puxo en escena *As fillas de Eva*; Noitebra, que levou a obra de Andrea Bayer, *Pero... ¿quen colleu o tren?*; Casahamlet, que escenificou a *Liturxia de Tebas*; e os anfitrións Metátese, que pecharon a Mostra coa obra *No mundo megaguai*. Dentro desta mostra tivo lugar a entrega do IIIº Premio Mácara, que concede a organización, e que este ano recaeu na actriz Mariana Carballal, polo seu labor a prol do Teatro Amador palense.

Referencias varias:

- Suso Varela, 'Estrea de Metátese no remate do festival teatral de Palas', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 28 agosto 2004, p. L2.

Dáse conta do peche da quinta Mostra de Teatro Amador de Palas de Rei, que correrá a cargo, precisamente, do grupo teatral palense responsábel de tal evento, Metátese -dirixido por Alfonso García Penas-, e que o fará representando a obra *No mundo megaguai*. Fálase desta obra e dise que en palabras dos seus autores reflexiona sobre a sociedade contemporánea, que é unha parodia e visión satírica do mundo actual e dos avances

tecnolóxicos. Repásanse, así mesmo, algunhas das compañías teatrais que participaron nesta mostra, como Os Amigos, a compañía cubana Máscara Laroye, Candelexas, Palimoco, Noitebra ou Casahamlet, e que no transcurso do festival se lle entregou o premio Mácara á actriz Mariana Carballal pola súa traxectoria teatral e polo seu labor a prol do teatro Amador.

IVº Certame de Teatro Enxebre

.Organizado pola Asociación Cultural Enxebre, que lle dá nome ao certame, celebrouse no Grove entre os días 26 e 29 de decembro. Das vinte e sete compañías presentadas para participar a propia Asociación organizadora elixiu ás cinco participantes, que foron: a compañía Estragón, coa obra *Tres entremeses cómicos del siglo de oro*; o grupo Tarabelo, coa montaxe *Non hai ladrón que por ben non veña*; os pontevedreses Arume, que representaron *Seis personaxes en busca de autos*; e os grupos Teatro do Aforo e a propia compañía Enxebre, con cadansúas obras.

Referencias varias:

- Leticia Castro, 'Enxebre' inicia nueva etapa con un cambio en la directiva', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 26 agosto 2004, p. 19.

Salienta a renovación da directiva da Asociación Cultural Enxebre do Grove, despois do décimo aniversario da organización, citando os nomes que compoñen a nova directiva. Anota tamén que a asociación, despois de poñer en escena abundantes obras con éxito de público e ter recibido algún galardón, pretenden poder representar un espectáculo por ano e centrarse principalmente en dous proxectos: a edición dunha revista gratuíta que analice a historia do grupo e a consolidación do Certame de Teatro Enxebre, conseguindo que se manteña a asistencia de público e que sexa unha cita estábel para as compañías galegas.

- P.S., 'Una 'performance' abrirá este año el IV Certamen de Teatro Enxebre', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 8 decembro 2004, p. 14.

Comentario sobre o IV Certame de Teatro Enxebre organizado no Grove pola Asociación Cultural Enxebre e o Concello, que terá lugar entre o 26 e o 29 de decembro no cine Marino. Apunta que abrirá o certame unha *performance* da que sinala que non se sabe o contido. Por outra banda, destaca que de entre as vinte e sete compañías que se presentaron ao certame só se escolleron cinco e cita os seus nomes: Estragón, da Coruña, O Tarabelo, de Sanxenxo, Arume, de Pontevedra, Teatro Aforo, de Vigo, e Enxebre, do Grove.

Mostra de Teatro Galego de Cariño

□♦.Organizado pola Concellaría de Cultura de Cariño, coa colaboración do Instituto de Artes Escénicas e Musicais e mais a Deputación Provincial da Coruña, celebrouse entre o 17 e o 22 de agosto no Auditorio Municipal da localidade. Participaron Sapristi, que representou *Hotel Run*; Talía Teatro, escenificando *Molière Final*; Belmondo, que levou o seu espectáculo *Lolamento*; Teatro de Ningures, con *Círculo*; Balea Branca, con *Un tranvía de nome desexo*; e Teatro do Aquí, coa obra *Camiño longo*.

Referencias varias:

- Patricia Hermida, 'Red teatral en torno a Cariño', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 18 agosto 2004, p. 16.

Breve nova na que, tras apuntar que o edil de Cultura de Ferrol espera a recuperación do Teatro Jofre para principios do 2005, observa a programación teatral de Cariño, entre a que se ofrecerá *Molière Final* do grupo Talía Teatro, despois do éxito de *Hotel Run* de Sapristi.

Encontros Culturais de Culleredo

♦.Organizados pola concellaría de cultura de Culleredo, acollen distintos tipos de actividades culturais entre as que se comprende o teatro. Divídese á súa vez en dúas convocatorias de carácter estacionario: os Encontros Culturais da Primavera por unha banda, e os Encontros Culturais de Outono pola outra. No que atinxe ao teatro, nos Encontros de Primavera acolleuse á compañía Teatro Galileo, que representou *Servidor de dous amos*. Aos Encontros Culturais de Outono acudiron as compañías Sarabela Teatro, coa súa obra *Así que pasen cinco anos*, e Teatro do Atlántico, que representou a obra *O encoro*, de Connor McPherson. Todos estes actos tiveron lugar no Teatro do Burgo da localidade.

Referencias varias:

- S.A., 'Teatro Galileo abre los Encontros Culturais', *La Opinión*, 'Cambre/Culleredo', 5 marzo 2004, p. 14.

Breve comentario sobre os Encontros Culturais de Culleredo, que se abrirán coa compañía Teatro Galileo coa peza *Servidor de dous amos*, e que continuarán con outras obras que non especifica. Observa tamén que dentro do programa se inaugura esa tarde unha exposición titulada "O Teatro institucional en Galicia. Normalización ou normalidade cultural".

Iº Certame de Teatro Afeccionado de Campo Lameiro

Organizado pola Asociación Cultural "Vintureira" e celebrado durante os sábados 9, 16 e 23 de outubro no Centro Cultural Sobrino Buhígas, contou coa participación de varios

grupos afeccionados a razón de dúas representacións diarias. Os responsabéis de abrir fogo foron o grupo infantil da asociación organizadora coa obra *La criada sorda* e a agrupación pontevedresa Bacharel Teatro con *A Caída do conselleiro*. O obradoiro de teatro Traquers e a obra *Romeo e Xulieta* xunto a asociación Inzar, que levou a cabo un espectáculo de teatro espontáneo, participaron no segundo día. A clausura correu a cargo do Círculo Teatral de Cesantes coa montaxe ¡*Hip, hip, hurra!* e o grupo adulto da Asociación Vintureira coa representación da obra *O limpa chemineas*. O xurado estivo composto por personaxes coñecidas da escena como Federico Ríos 'Oti', xefe de produción do Centro Dramático Galego, ou o actor Manuel Millán.

Referencias varias:

- A. Piñeiro, "La criada sorda' e 'A caída do conselleiro' no I certame teatral de Campo Lameiro', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 2 outubro 2004, p. 86.

Sinala a realización do I Certame de teatro afeccionado de Campo Lameiro, organizado pola Asociación Cultural Vintureira. Apunta a duración de tres fins de semana, tras as que se levará a cabo a entrega de premios, que conta con representantes célebres do mundo da escena como membros do xurado. A continuación anota as actuacións que se levarán a cabo nos tres días. Os pequenos da Asociación Cultural Vintureira iniciarán o espectáculo seguidos por Bacharel Teatro. O sábado 16 de outubro participarán Traquers e a asociación Inzar, cun exercicio de teatro espontáneo. Por último, o sábado 23, clausurarán a mostra o Círculo Cultural de Cesantes e os adultos de Vintureira.

Ciclo Teatral Outono 2004 de Cambados

♦.Baixo este epígrafe o concello cambadés recolle toda a súa oferta teatral para o derradeiro trimestre do ano. Desta volta contouse con compañías de varias zonas do Estado. No que respecta a Galicia contouse coa participación de Teatro do Morcego, que achegou as obras *Os vellos non deben de namorarse* e *A gran ilusión*; Talía Teatro, que representou *Bicos con lingua*; e Teatro do Noroeste, que levou a súa obra *Ensaio*.

IIª Mostra de Teatro Cidade de Lugo

□♦.Celebrada por primeira vez en 2003, esta mostra organízaa a agrupación teatral do campus de Lugo CALEAC, xunto co Concello de Lugo e o Colexio Fingoi. Esta edición tivo lugar entre os días 5 e e 13 de maio no Auditorio Gustavo Freire e nela participaron doce compañías vinculadas á cidade de Lugo. Os grupos participantes na mostra foron: Aula de Teatro do Campus de Lugo, Equiliqua Teatro, Nova Escena Teatro, Achádego Teatro, Amal Teatro, Caleac Teatro, Corre que Teatro, In Bocca al Luppo, Palimoco Teatro, Sarabela Teatro, Ubú Teatro e Matapiollos. Estas últimas dúas compañías, con representacións destinadas ao público infantil, escenificaron as súas obras no Centro Sociocultural de Fingoi.

Referencias varias:

- Suso Varela, 'Doce compañías participarán en la Mostra de Teatro Cidade de Lugo', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 4 maio 2004, p. L4.

Achégase información sobre a segunda edición da Mostra de Teatro Cidade de Lugo, que terá lugar entre os días 5 e 13 do mes de maio e que está organizada pola Concellería de Cultura de Lugo, pola Universidade de Santiago e polo colexio Fingoi. Ademais de transcribir as distintas opinións que os representantes de cada unha das devanditas entidades expresaron na súa presentación, sitúanse no lugar -auditorio Gustavo Freire e colexio Fingoi-, no horario e achégase o custe de cada unha delas. Así mesmo, en columna á parte, infórmase de que esta mostra, na que participarán doce grupos de teatro, comezará coa representación de *Joan*, a cargo do taller de teatro da Universidade de Santiago de Compostela do campus de Lugo. Ao día seguinte estará Equiliquá Teatro con *Romeo e Xulieta* e que o venres o grupo Nova Escena representará *O decamerón*. Na fin de semana Achádego poñerá en escena *Aulularia* e Amal, *Horror, terror e furor*. Tamén o sábado e o domingo haberá unha sesión para os nenos con *A raíña aburrida*, a cargo de Ubú, e *Unha de contos*, que desenvolverá a compañía Matapiollos. Xa na recta final, Corre, Corre que Teatro representará *Los ciegos* e Caleac Teatro, *Juguem tanoques*; In Bocca al Lupo, *Ellas* e Palimoco Teatro, *As fillas de Eva*. A mostra rematará con Sarabela Teatro que levarán ao escenario a obra de Federico García Lorca, *Así que pasen cinco años*, galardoada nos últimos premios María Casares.

- C.d.U., 'Difusión do teatro en áreas illadas na provincia de Lugo', *El Correo Gallego*, *'Correo da Universidade'*, 11 maio 2004, p. 2.

Tras a exposición da actividade levada a cabo pola agrupación teatral do campus de Lugo Caleac Teatro, en colaboración co Centro de Desenvolvemento Rural Ancares, na que se pretende achegar o teatro como forma de ocio aos rapaces illados xeograficamente dos centros de representación, expón que este grupo abriu a segunda semana da Mostra de Teatro Cidade de Lugo coa obra *Juguem Tanoques*, dirixida por Alberte Alonso. Destaca desta a trama e apunta o traballo visual e coreográfico, así como a profundidade da personalidade dos protagonistas.

XVIIª Noites Teatrais do Pazo de Vilamarín

□♦.Organizadas pola Concellaría de Cultura de Vilamarín, contan co patrocinio da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense, e as entidades financeiras Caixanova e Caixa Galicia. Celebradas entre os días 12 e 15 de xullo, contaron coa participación de Nove Dous Teatro, que representou *O porqué das cousas*; o grupo de iniciación á arte dramática da Universidade Laboral de Ourense, que escenificou *O soño dunha noite de San Xoán*; Lagarta, Lagarta, con *Fobias*; e pechou a compañía viguesa Fulano, Mengano e

Citano, coa súa obra *Shsss... ¡calma!* O escenario das representacións foi o Pazo de Vilamarín.

Referencias varias:

- Lorena Crespo, 'El Pazo de Vilamarín alza al telón teatral cuando cae la noche', *La Región*, 'Verano en Ourense', 13 xullo 2004, p. 13.

Analiza a XVII edición das Noites Teatrais do Pazo de Vilamarín, sinalando que, con entrada libre, comezaron as representacións coa comedia sobre a felicidade *O porqué das cousas* da compañía Nove Dous. Describe lixeiramente a obra desa noite, *O soño dunha noite de San Xoán* do grupo de iniciación á arte dramática da Universidade Laboral de Ourense e as dos próximos días, a comedia *Fobias* de Lagarta, Lagarta e o humor ácido e a imaxinación de ¡*Shsss… Calma!* de Fulano, Mengano e Citano. Tamén destaca que para a próxima edición se inaugurará o novo auditorio.

- Toño Alfaro, 'Vilamarín y Vigo rivalizan en el escenario', *La Región*, 'Verano de ocio', 14 xullo 2004, p. 16.

Sinala as dúas citas teatrais organizadas para eses días: por unha banda o ciclo Noites Teatrais de Vilamarín, que vai pola dezasete edición, e pola outra, o V Ciclo Verán de Teatro de Vigo. Dentro da primeira cita destaca as actuacións de Nove Dous Teatro e os alumnos de iniciación á arte dramática, e as previstas de Lagarta, Lagarta, S.L., con *Fobias*, e Fulano, Mengano e Citano con *Shsss…Calma*. Dentro do ciclo vigués anota as representacións gratuítas da madrileña El Zurdo, as galegas Sapristi e Contraste e os cataláns La Baldufa.

Iº Mes do Teatro da Pastoriza

♦.Organizado polo Concello da Pastoriza e celebrado no salón de actos da Casa Consistorial acolle, durante os catro domingos de novembro, distintas actuacións. Con respecto ao teatro galego contouse coa presenza da compañía chantadina Faro Miño, que representou *Gracias pola visita*; a Agrupación do Hospital Xeral, Lucho, puxo en escena a obra *Cousas da vida*; e o grupo Os Xubilosos, formado por anciáns dos concellos da Pastoriza e de Cospeito, que levou a obra *Unha noite de ruada*.

Referencias varias:

- M.C., 'El Ayuntamiento pone en marcha a partir del día 7, el Mes do Teatro', *El Progreso*, 'Terra chá', 19 outubro 2004, p. 29.

Breve sobre o Mes do teatro da Pastoriza, do que destaca que durante o mes de novembro haberá catro actuacións, unha cada domingo. Anota os grupos e as obras participantes, que chegan da man dos Itinerarios Culturais: Faro-Miño con *Gracias pola visita*, Lucho con

Cousas da vida, Os xubilosos con *Unha noite de ruada* e a maxia de Xosé Manuel Carballo.

Setembro Cultural San Miguel 2004 de Pazos de Reis

♦.Organizado polo Concello de Tui, celebrouse durante o mes de setembro na parroquia de Pazos de Reis. Entre as compañías participantes atópase o grupo de teatro Xuntanza de Randulfe, que o día 24 representou a obra *As mulleres de antesdonte, onte e hoxe*.

Referencias varias:

- E.G., 'Teatro en el Setembro Cultural de Pazos', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño', 19 setembro 2004, p. 20.

Breve que anota a representación da obra *As mulleres de antesdonte, onte e hoxe* do grupo Xuntanza, dentro do Setembro Cultural San Miguel 2004 de Pazos de Reis.

Festival do Teatro Galego do Carballiño

□.Tras varios anos de ausencia por desacordos entre os anteriores organizadores, recupérase esta oferta teatral grazas á iniciativa da compañía Nove-Dous e á empresa privada Arteficción de Ourense, así como á colaboración económica do Concello do Carballiño, o IGAEM, o Xacobeo 2004 e a mesma empresa organizadora do evento. Celebrado entre os días 7 e 10 do mes de setembro no centro multifuncional do Carballiño, este Festival contou coa participación de catro compañias galegas. A compañía anfitrioa abriu o ciclo coa súa obra *O porqué das cousas*; os días seguintes foron Talía Teatro, con *Bicos con Lingua*; BB Producións, con *Lili Berlín Cabaret*; e Sarabela Teatro, con *O lapis do carpinteiro*.

Referencias varias:

- LR, 'El Festival do Teatro Galego abre el telón con la compañía organizadora Nove-Dous', *La Región*, 'Carballiño', 7 setembro 2004, p. 20.

Comentario sobre o Festival do Teatro Galego do Carballiño, que tras unha paréntese nos últimos anos por falta de acordo entre os organizadores e o Concello, abre de novo as portas baixo a organización da compañía Nove-Dous. Apunta que serán catro representacións durante catro días, a cargo das compañías Nove-Dous, Talía Teatro, B.B. Producción e Sarabela Teatro, e expón uns breves comentarios de cada unha das pezas.

Pazo Emilia Pardo Bazán

.Situado na vila de Sanxenxo, coñéceselle tamén como o Pazo da Torre de Miraflores, nome este que recibe pola torre do século XVII que serviu de xermolo sobre o que creceu o actual conxunto histórico-artístico. O nome de "Pazo Emilia Pardo Bazán" provén, por outra banda, do feito de que foron os pais desta os propietarios do lugar durante o final do século XIX, ademais de ter vivido alí a mesma Pardo Bazán durante moitos veráns da súa nenez: como así testemuñan algunhas das súas obras. Actualmente propiedade dos Condes de Cardona, xestiónao o organismo autónomo municipal Terra Sanxenxo. Este organismo asinou durante 2004 co Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) un convenio para incluír este auditorio, no que nos últimos anos xa se viñan realizando actividades culturais de distinto tipo, na Rede de Auditorios de Galicia. Froito deste convenio o Pazo Emilia Pardo Bazán ou Pazo da Torre de Miraflores, veu incrementada ostensibelmente a súa actividade.

Referencias varias:

- Carmen G. de Burgos, 'El Pazo amplía su oferta con la adhesión a la red gallega de teatros', *Diario de Arousa*, 'Sanxenxo', 22 xaneiro 2004, p. 29.

Salienta a adhesión do Pazo Emilia Pardo Bazán de Sanxenxo á Rede de Auditorios de Galicia, destacando que isto permitiralle ao municipio dispor dunha oferta cultural regular de teatro, música e danza, e repartir o investimento anual de corenta e oito mil euros entre o Concello e a Consellaría de Cultura, beneficiando deste xeito ao público, que obterá unha maior oferta de ocio e un baixo prezo de entrada. Inaugurarán o primeiro semestre do ano cinco obras en galego, que expón nun á parte.

- Marina Abilleira, 'El Pardo Bazán retoma su programación de teatro de cara al próximo trimestre', *Diario de Pontevedra*, 'Sanxenxo/O Salnés', 30 setembro 2004, p. 24.

Comenta o programa para o segundo semestre do ano do Pazo Emilia Pardo Bazán de Sanxenxo, que dá continuidade ao acordo polo que se integrou na Rede de Auditorios de Galicia, para crear unha oferta cultural regular. Sinala que está composto por tres representacións, dúas destas en galego, *Jalisia, mi madriña* de Volta e Dálle, *Servidor de dous amos* de Teatro Galileo e *Dionisio Guerra* de Teatro Meridional, e cita tamén as xa levadas a cabo no primeiro semestre do ano.

Teatro Ensalle

Situada en Vigo e xestionada, de forma completamente privada, polos membros da compañía que lle dá nome, posúe unha programación de actividades culturais de distinto carácter. No que atinxe ao teatro, actividade principal da sala, ademais dos ciclos e representacións, ten un calendario propio de cursos de interpretación e cursos técnicos relacionados co desenvolvemento da profesión teatral, ademais de servir de apoio escénico

a outros espectáculos e compañías. Conta para isto con distintos espazos como son unha sala múltiple, unha sala de ensaio e a sala de teatro, que ten aforo para oitenta e un espectadores.

Referencias varias:

- Marta Suárez, 'El Teatro Ensalle baja el telón por vacaciones', *Faro de Vigo*, 'Faro de verano', 23 xullo 2004, p. 30.

Despois de apuntar os once anos de traballo da compañía Ensalle e o ano de vida da sala alternativa Teatro Ensalle de Vigo, fai unha pequena valoración do feito durante ese ano. Destaca que cento trinta funcións e catro mil cincocentos espectadores avalan o éxito acadado. Por outra parte, salienta que antes do verán, no que prepararán a obra *El zoo nocturno*, repetirán a súa obra estrela *Las presidentas*, da que describe o argumento e resume as liñas mestras.

- Javier D. Campa, 'Cerca de cinco mil personas asistieron a las representaciones del Teatro Ensalle', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 23 xullo 2004, p. 16.

Análise da primeira tempada da sala Teatro Ensalle de Vigo, que observa moi positiva segundo os organizadores, debido á afluencia de público e ás cento corenta representacións. Apunta o orzamento co que contaron, suficiente para conseguir financiarse mediante a venda de entradas, a escola de teatro e as escasas axudas públicas. Destaca tamén que pretenden ser un centro cultural aberto e próximo á xente, que programe con compañías de dentro e fóra de Galiza. Por último, anota que rematan a tempada con *Las presidentas* e que comezarán a segunda en setembro con *El zoo nocturno*.

- J.D.C., 'El Teatro Ensalle dedica a la música su programación del mes de noviembre', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 13 novembro 2004, p. 19.

Describe a presentación da programación para o último trimestre do ano do Teatro Ensalle de Vigo, que inclúe música, danza contemporánea, representacións teatrais e exposicións. En canto ao teatro, salienta a campaña infantil de Nadal, que contará coas obras *Las estaciones de trapo*, *Pío*, *Historia dunha semente* e *Pequeño gran teatro*, que ofrecerán dúas representacións diarias dada a afluencia de público. Tamén cita as obras para adultos, que son de compañías de fóra de Galiza.

IVª Mostra de Teatro Afeccionado de Noia

♦.Organizada pola Concellaría de Cultura do municipio noiés, e celebrada no Coliseo Noela entre os meses de xaneiro e marzo, contou coa participación de compañías coma o grupo municipal de Noia, O Catre ou Metátese Teatro, que representou a súa obra *Silencio*.

Festival de Gorra

.Organizado pola Asociación Pista 4 Novo Circo por primeira vez en 2004, contou coa colaboración coa concellería de cultura de Santiago de Compostela, e tivo como obxectivo o impulso de novos artistas da cidade compostelá. O Festival celebrouse do 16 ao 29 de agosto e as representacións tiveron lugar nas prazas do Toural, Praterías e A Quintana a cargo da compañía Teatro Clandestino, así como outros artistas da cidade.

Referencias varias:

- Susana Formoso, 'El Teatro Clandestino sorprenderá con sus espectáculos en la zona vieja', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 14 agosto 2004, p. 35.

O comezo do Festival de Gorra en Santiago, organizado pola Asociación Pista 4 Novo Circo en colaboración coa Concellaría de Cultura, centra o artigo. Anota que neste festival haberá dezaoito grupos con distintos espectáculos cómicos de rúa, uns planificados, con horario e lugares fixos, e outros, como o de Teatro Clandestino, que actuarán por sorpresa para os transeúntes da zona vella compostelá. Destaca que na presentación o concelleiro de Cultura expuxo que a duración sería de dúas semanas e que a innovación e experiencia dos grupos farán que se enchan de humor as rúas.

Ciclo de teatro "Caixanova"

Organizado pola entidade financeira galega Caixanova, ten periodicidade semestral e abrangue un heteroxéneo tipo de actividades que van dende o teatro á danza, pasando polos concertos musicais de todo tipo. No que ao teatro galego respecta, neste período contouse coa participación da compañía Teatro do Atlántico, que estreou a obra *O encoro*; Áncora Producións, que representou a súa obra *Paso de cebra*; Sarabela Teatro, que achegou a súa montaxe *Así que pasen cinco anos*; Lagarta Lagarta, que pasou con *Fobias*; Matarile Teatro, con *Acto seguido*; o Centro Dramático Galego, coa obra *O ano da cometa*; Teatro de Ningures, con *Troianas*; ou a compañía de clown Os sete magníficos + 1, entre outras.

Referencias varias:

- Albino Mallo, 'De Graves a Lorca e Rivas', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 20 setembro 2004, p. 44.

Fai un percorrido polas obras que se representarán no Ciclo de Teatro de Caixanova. Comeza salientando as obras nas que actúan Héctor Alterio e Norma Aleandro, *Yo, Claudio* de Robert Graves e *Mi querido embustero*, respectivamente. Así mesmo, destaca outras, entre as que se atopa a adaptación da compañía vasca Tanttaka Teatroa d'*A man dos paíños* de Manuel Rivas. Das obras de compañías galegas anota *O encoro* por Teatro do Atlántico, *Paso de cebra* de Gustavo Pernas e *Así que pasen cinco anos* de García Lorca por Sarabela Teatro, das que apunta os días de representación e os actores e actrices que participan.

- Juan Fernán, 'Teatro Rosalía: ciclo de otoño', *El Ideal Gallego*, 'Vivir en A Coruña', 26 setembro 2004, p. 6.

Dá conta do comezo da nova tempada teatral no Teatro Rosalía de Castro, destacando a posibilidade de gozar de autores como Rivas, Shakespeare, Lorca, Miller, etc., compañías de calidade como Teatro do Atlántico, Áncora Producciónss, Sarabela Teatro, etc., e actores e actrices consagrados. Apunta que os prezos oscilan entre os corenta e oito e os cento tres euros e que existen abonos.

- M.P., 'El ciclo Caixanova traerá al Rosalía la obra 'Yo, Claudio', con Héctor Alterio', *La Opinión*, 'Cultura', 28 setembro 2004, p. 54.

Describe a programación de teatro, música e danza para os meses de outubro a decembro no Teatro Rosalía de Castro, presentada no día anterior polo director xeral de Caixanova, entidade colaboradora, que estivo acompañado polo alcalde da Coruña. Dentro desta programación, as compañías galegas que representarán son Teatro do Atlántico, coa obra *O encoro*, que inaugurará o ciclo, e da que se salienta que leva vinte anos en escena, Áncora Producciónss con *Paso de cebra*, da que se expón o argumento, e Sarabela Teatro con *Así que pasen cinco anos*. Un último dato que se observa é o peche da temporada que correrá a cargo da compañía vasca Tanttaka Teatroa, que adaptará a obra de Manuel Rivas *A man dos paíños* ao castelán como *La mano del emigrante*.

- J.A. Martínez Sevilla, 'Embalse de dipsómanos', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 6 outubro 2004, p. 28.

Destaca o comezo do Ciclo de Teatro de Caixanova, no Teatro Rosalía de Castro, co cheo que supuxo *O encoro*, obra de Coner McPherson, posta en escena pola compañía Teatro do Atlántico e dirixida por Xulio Lago. Centra o artigo na análise desta obra de teatro, cun balance final bastante negativo. Non aproba as historias de fantasmas e aparecidos, por non ter a beleza das de Cunqueiro, Carré Alvarellos, etc., e resultar inconsistentes e previsíbeis. Tamén salienta a falta de pulso escénico do director e a postura narcisista do elenco de actores.

IIIº Circuíto de Teatro Afeccionado de Poio

□♦.Organizado pola Concellaría de Servizos Sociais do Concello de Poio, pretende a promoción das artes escénicas no municipio. Celebrado entre os meses de febreiro e maio, contou entre as súas representacións coa da compañía local Lúa Chea, que inaugurou o Circuíto coa obra *A familia sempre unida*; De expresión, que escenificou a obra *Entrenós*; o grupo Alecrín (Ribadumia), que puxo en escena a obra *Un ovo de dúas xemas*; A Mimosa, de Monteporreiro, que interpretou a obra *Plus Quam Perfecto*; o grupo Fonte da Tella, que

levou *Sabina e as meigas*; ou a Asociación de Mulleres de Moaña, que interpretaron *A moi lamentable comedia e moi cruel morte de Príamo*. A outra compañía local, Lúa Nova, pechou o Circuíto. O escenario para todas as obras foi o salón da Casa Rosada.

Referencias varias:

- Eva González, 'El grupo 'Lua chea' abre hoy el III Circuíto de Teatro Aficionado de Poio', *Diario de Pontevedra*, 'Poio', 28 febreiro 2004, p. 13.

Describe o III Circuíto de Teatro Afeccionado de Poio. Ao primeiro, dá conta dos inicios no ano 2001, cando a través da Concellaría de Asuntos Sociais se formou un grupo de teatro que tiña un marcado carácter interxeracional, de onde naceu no 2002 o I Circuíto. Sinala que este ano o presuposto subiu, sendo de mil oitocentos setenta euros, que durará de febreiro a xuño e que as representacións serán gratuítas. Destaca tamén que a apertura e peche realizaranas os grupos do concello, Lúa Chea e Lúa Nova, e anota algunhas das próximas actuacións.

Vª Mostra de teatro afeccionado das Pontes

Organizada polo grupo Amigos do Teatro, está patrocinada polo concello das Pontes e celébrase ao longo do mes de marzo. As actuacións desenvólvense ás 20:00 horas no auditorio da Casa Dopeso. Nesta quinta convocatoria participaron: O Bordelo con *Cambadelas*, Candelexas con *Cando os bancos falan*, Amistad con *A lebre das ánimas/A medosa Blandina* e pecha a mostra o grupo anfitrión, Amigos do Teatro, con *O pauto do demo*.

XXª Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia

□♦.Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ribadavia e dirixida por Rubén García, contou neste ano coa colaboración e o apoio, ademais, da Xunta de Galicia, da Deputación Provincial de Ourense, do Ministerio de Cultura, de sete empresas vitivinícolas da comarca do Ribeiro, doutras empresas da zona e dunha empresa vasca de conxelados. Celebrouse entre os días 17 e 24 de xullo e contou con vinte compañías de Galicia, doutras comunidades e mais de Uruguai, Italia, Dinamarca e Francia; e nela representáronse vinte e catro pezas das que catorce eran estreas. O tema monográfico deste ano foi o rexeitamento contra a violencia de xénero, posto de manifesto no pregón lido por Suso de Toro. No tocante á representación teatral galega, esta correu a cargo de Matarile Teatro, que representou *Acto Seguido*; Títeres Tanxarina, con *Contaloucos*; e Lagarta, Lagarta, con *Fobias*. Ao final da mostra concedeuse o Premio do Público, asignado tras o reconto dos votos diarios do público asistentes; o Premio do Xurado, outorgados polos colectivos culturais do Concello anfitrión; e o Premio da Honra Abrente, que na edición de 2004 recaeu en Inma López Silva e Dolores Vilavedra polo seu ensaio *Un abrente teatral* (Galaxia, 2002), no que investigaron sobre os anos do grupo Abrente. Os escenarios

principais das representacións foron as rúas da vila ourensá e o auditorio do Castelo de Ribadavia. O presuposto deste ano da mostra ascendeu a 100 000 euros.

Referencias varias:

- Carmen Crespo, 'La Mostra de Ribadavia se feminiza', *La Región*, 'Cultura', 3 xullo 2004, p. 59.

Dá conta dos preparativos da XX Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que inaugurará o escritor Suso de Toro e na que este ano a muller será a gran protagonista, xa que seis dos dezaoito espectáculos están dirixidos, interpretados ou creados por unha muller, e inclúe unha obra que trata a explotación laboral das mulleres. Sinala tamén que continuará o esquema de anos anteriores con espectáculos de rúa, infantís, no auditorio e algúns trasladados ás parroquias. Destaca que haberá estreas absolutas e que continuarán co premio do xurado. Salienta que ademais do teatro profesional, grupos de teatro non profesionais de seis países actuarán paralelamente na rúa e farán talleres e seminarios. Ademais, apunta a colaboración económica de institucións públicas e empresas privadas.

- Sonia Torre, 'El círculo de Ribadavia', *La Región*, 'De paso', 10 xullo 2004, p. 11.

Destaca a acertada decisión da organización da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia ao invitar a Suso de Toro para a inauguración, xa que recibiu ese ano o Premio Max ao mellor autor teatral en galego pola súa obra *Círculo*. Non obstante, lamenta que estando a compañía Teatro de Ningures nominadas no apartado de mellor espectáculo revelación por *Círculo*, o director da mostra decidise non incluílas na súa programación.

- Víctor Furelos, 'Ribadavia alzará la voz contra los malos tratos por medio del teatro', *El Correo Gallego*, 'OURENSE', 14 xullo 2004, p. 25.

Informa da próxima celebración da XX edición da Mostra de Teatro de Ribadavia que este ano está dedicada á violencia de xénero e onde tamén se lle entregará o premio Honra Abrente a Dolores Vilavedra e a Inma López Silva pola súa obra *Un Abrente Teatral.*

- Silvia Rozas García, 'Dezanove compañías na XX Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia', *A Nosa Terra*, nº 1137, 'Cultura', 15 xullo 2004, p. 25.

Análise da XX Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Recolle primeiramente os datos máis técnicos: participarán dezanove compañías con catorce estreas, das que galegas son Matarile Teatro, Títeres Manxarina e Lagarta Lagarta e as restantes de distintos países do mundo e que lerá o pregón o escritor Suso de Toro. Posteriormente sinala que esta edición está dedicada ás mulleres e á denuncia dos malos tratos. Tamén fai un repaso pola historia da Mostra e apunta os éxitos das súas estreas, que cada vez atraen a máis espectadores. No final observa o pequeno orzamento e os premios que se outorgarán.

- Lolín Lira Pousa, 'Veinte años después', *La Región*, 'Ourense', 16 xullo 2004, p. 2.

Céntrase na XX Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, citando todos os escenarios que durante esa semana se encherán de representacións. Apunta que esta edición denunciará a violencia de xénero e que se inaugura coa obra *Las mujeres de verdad tienen curvas* e pecha con *La noche de Molly Bloom*. Finalmente destaca a entrega dos premios do público e do xurado e o Premio de Honra Abrente, que recaerá en Inma López Silva e Dolores Vilavedra polo libro *Un Abrente Teatral*, que é un estudo histórico do movemento.

- Xosé Lueiro, 'Espazo de reflexión', *Galicia Hoxe*, *'Hoxe Venres'*, 16 xullo 2004, p. 4.

Entrevista ao director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, Rubén García. Despois de facer un repaso pola historia desta, que nun principio organizou a agrupación cultural Abrente para dignificar o teatro galego até o ano 80, e despois de catro anos de baleiro, dende o 84, Rubén García, apunta que é de salientar a progresiva profesionalización e o nivel de calidade dos espectáculos. Tamén observa o director que a Mostra pretende ser un foro de debate sociocultural, e de aí que este ano se reflexione sobre a violencia de xénero. Por último, destaca que proseguirán cos premios e o intercambio cultural con compañías doutros países.

- M. Iglesias, 'La Mostra se solidariza con las mujeres', *La Región*, 'Verano de teatro', 17 xullo 2004, p. 15.

Descrición da XX Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, na que apunta que o encargado de inaugurala será o escritor e dramaturgo Suso de Toro, premio Max no 2004. Sinala que durante unha semana poderanse ver nas rúas, no auditorio e nas parroquias (nestas por segundo ano) vinte e catro espectáculos dos que catorce serán estrea. Así mesmo, anota que este ano a se Mostra solidariza coas mulleres que sofren a violencia de xénero, a quen se lles dedica. Observa que haberá compañías de dentro e fóra de Galiza e que o director destaca a honra de contar coa exitosa obra *La noche de Molly Bloom*. En dous destacados recolle que se fará por primeira vez un intercambio xuvenil de animación de rúa con mozos europeos e que a concelleira de Cultura valora a achega dos empresarios de Ribadavia no financiamento.

- S. Pinal, 'Los actores comen fuera', *La Región*, 'Verano de teatro', 17 xullo 2004, p. 14.

Analiza a infraestrutura hostaleira e hoteleira de Ribadavia durante a Mostra Internacional de Teatro, destacando que se demandan maiores prazas de aloxamento e diversidade de restaurantes, xa que os existentes resultan insuficientes para a desbordante asistencia de público, técnicos, actores, etc., tendo que botar man dos municipios veciños. Tamén anota os catro escenarios principais nos que se levará a cabo a Mostra.

- X.A. Reboiro, 'Arriba el telón: comienza el teatro en Ribadavia', *La Región*, 'Verano de teatro', 17 xullo 2004, p. 13.

Comentario sobre os detalles da organización da XX Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Destaca que un equipo formado por vinte persoas será o encargado da infraestrutura loxística e que un total de vinte e cinco espectáculos, con quince estreas, integrarán o cartel. Anota tamén que haberá monicreques para os nenos e que o encargado da inauguración será o escritor Suso de Toro.

- Sabela Pinal, 'Os actores fannos máis libres', *La Región*, 'Verán de teatro', 18 xullo 2004, p. 19.

Salienta o comezo da XX Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia coa estrea do espectáculo de rúa *Urbe* do grupo vasco Gaitzerdi. Sinala que paralelamente Suso de Toro inauguraba a Mostra falando do valor da palabra e do papel dos actores, que desvelan publicamente a identidade oculta de cada un e obrígannos a reflexionar sobre os problemas sociais. Apunta que na presentación se coincidiu en que a Mostra é un dos acontecementos culturais máis importantes do país e que esta edición está dedicada á muller.

- C. Santos, 'Tres estrenos abren la muestra de teatro de Ribadavia', *ABC*, 'Galicia', 18 xullo 2004, p. 31.

Destacado que anuncia a inauguración da XX Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia a cargo do escritor Suso de Toro, e que no día anterior representou tres estreas no país. Expón que durante oito días se levarán a escena vinte e cinco obras, das que quince son estreas, e que este ano está dedicada ás mulleres, denunciando a violencia de xénero.

- Camilo Franco, 'El papel de la mujer protagoniza la Mostra de Teatro de Ribadavia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 xullo 2004, p. 56.

Analiza o papel da muller na Mostra de Teatro de Ribadavia, observando que pasa a ocupar un lugar relevante no escenario, e destaca as obras que se ocupan dos problemas desta. A continuación fai un repaso das pezas deste tipo que se representarán, comezando polo humor lixeiro das cinco mulleres de *Las mujeres de verdad tienen curvas*, seguindo polas de *Acto seguido* de Matarile e as de *Negra* de Teatro Meridional. No final salienta que, na animación de rúa, a percusión e a pirotecnia foron as protagonistas dos dous primeiros días.

- S. Pinal, 'Las mujeres fueron las protagonistas', *La Región*, 'Protagonistas', 19 xullo 2004, p. 13.

Dentro da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, apunta a actuación da compañía vasca Ados Teatroa que representou *Las mujeres de verdad tienen curvas*, pola que, segundo sinala, que recibiron moitas felicitacións. Destaca da peza o retrato dos problemas

da inmigración, da explotación das traballadoras e dos estereotipos femininos. Anota que o mesmo día tamén se levaron a cabo na rúa *Urbe* de Gaitzerdi Teatro e *Les Bateurs* dos franceses Le Dernier Minute, seguidas por numeroso público. Por outra banda, observa que tamén se levou á escena *Cirtocando* nas parroquias e na vila.

- Vanesa Oliveira, 'Xogos de antiheroes', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 20 xullo 2004, p. 48.

Analiza a XX Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, da que sinala que é un referente de prestixio ao que acoden este ano vinte e cinco grupos de dentro e fóra de Galiza, cunha programación na que a protagonista é a muller. Recolle as representacións para ese día, *Juguimobil*, dirixida ao público infantil, e *Cyrano* de Teatro Meridional, e as xa levadas a cabo o día anterior, *Animales* de El Retablo e *Acto seguido* de Matarile Teatro. Nun á parte destaca tres obras: *La noche de Molly Bloom*, os monicreques de Tanxarina e *Negra*.

- S. Pinal, 'El teatro atrae a los jóvenes europeos', *La Región*, 'Verano de teatro', 20 xullo 2004, p. 15.

Salienta o intercambio xuvenil con grupos europeos de animación de rúa, dentro da Mostra de Ribadavia, que comezou con clases de interpretación seguidas de música italiana. Por outra parte, destaca a hospitalidade da xente da vila que comparte o seu ocio e actividades cos mozos europeos e observan as súas montaxes. Apunta tamén as dúas representacións do día anterior, *Animales* de El Retablo para os máis pequenos e *Acto seguido* de Matarile para os adultos, e o éxito de público.

- C. Crespo, 'La farándula se va a los pueblos', *La Región*, 'Verano de teatro', 22 xullo 2004, p. 16.

Apunta a idea xurdida na pasada edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia consistente en levar as actuacións ás parroquias, para difundir o teatro entre toda a poboación, e que este ano renovan con grande asistencia de público. Sinala que as obras deben ser de fácil montaxe, pero que isto non diminúe a calidade, como se puxo de manifesto con *Contaloucos*, *Negra* e *A veces maburro*.

- Xosé Lueiro, 'Récord de público en la edición de la Mostra de Teatro de Ribadavia', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 23 xullo 2004, p. 24.

Breve que dá conta da XX Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, onde unha vintena de grupos levan a cabo as súas obras. Destaca o prestixio das compañías, que observa trataron de reflexionar sobre os problemas da muller na sociedade actual. Anota as palabras do director que sinala o éxito da Mostra pola enorme asistencia de público, co único aspecto negativo da escasa presenza de programadores galegos.

- C. Crespo, 'La Mostra traspasa O Padornelo', *La Región*, 'Protagonistas', 23 xullo 2004, p. 16.

Céntrase en destacar o aumento do número de programadores que asisten á Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, sobre todo de fóra de Galiza, xa que esta edición conta con catorce estreas, o que para o director da Mostra, Rubén García, supón a consolidación desta como escaparate. Tamén sinala o incremento de público de fóra de Ribadavia e de moita xuventude.

- C. Crespo, 'El público de la Mostra rejuvenece', *La Región*, 'Verano de teatro', 26 xullo 2004, p. 11.

Balance da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Destaca en primeiro lugar a numerosa asistencia de público, que aínda que coas cifras sen pechar, apunta superou amplamente as catro mil cincocentas persoas, das que moitas eran xente nova. Salienta o protagonismo dado ás mulleres, que foron autoras, directoras, intérpretes e gañadoras do premio de Honra Abrente, Inma López Silva e Dolores Vilavedra. Tamén destaca que asistiron moitos programadores, sobre todo de fóra de Galiza. Como negativo recolle o baixo presuposto, as colas e as incómodas cadeiras.

XIª Mostra de Teatro Afeccionado de Pontevedra

♦.Organizada polo Concello de Pontevedra e a Coordinadora de Teatro desta cidade dende hai nove anos, celebrouse nesta edición entre o 9 e o 31 de outubro no Teatro Principal desta cidade. Participaron nela seis compañías galegas como a Aula de Teatro, con *A caída do conselleiro*; Caleac Teatro, con *Juguem tanoques*; Etrunoia Teatro, con *Bailadela da morte ditosa*; a Aula de Teatro Quartoescuro, con *A noite de Molly Bloom*; o grupo de teatro A Mimosa, con *Aquí non pagha nin Dios*; e Arume Teatro, que pechou a mostra.

Referencias varias:

- Belén López, 'A Aula de Teatro relata 'A caída do conselleiro'', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 9 outubro 2004, p. 69.

Dá conta da apertura da XI Mostra de Teatro Afeccionado de Pontevedra coa obra *A caída do conselleiro* levada a escena pola Aula de Teatro de Pontevedra. Expón o argumento da peza e observa que a Aula segue a apostar por espectáculos comprometidos e con crítica social, neste caso ademais trátase dun texto propio por primeira vez. Sinala tamén que é a quinta montaxe que levan a cabo e que escribiron eles mesmos o texto porque había moitas mulleres e poucos homes na Aula e non existían textos que se adaptasen a isto. Nun texto á parte cita as compañías que participarán: Caleac, Etrunoia, Quartoescuro, A Mimosa e Arume.

- Belén López, 'Etrunoia e Quartoescuro presentan as súas montaxes na Mostra de Teatro', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 23 outubro 2004, p. 86.

Comenta a XI Mostra de Teatro Afeccionado de Pontevedra, sinalando que outros dous grupos da cidade volven levar a escena as súas obras esa fin de semana tras o paso de Caleac. O primeiro que anota é Etrunoia, que presentarán *Bailadela da morte ditosa*, de Roberto Vidal Bolaño. Apunta os intérpretes e dirección e fai un breve repaso pola historia do grupo. O segundo é Quartoescuro, que representará *A noite de Molly Bloom*, de Sanchís Sinisterra, baseada no *Ulises* de James Joyce, da que tamén apunta intérpretes e dirección.

"Venres Teatro" de Salceda de Caselas

♦.Organizado pola Concellaría de Cultura de Xuventude celebrouse entre os días 2 de abril e 21 de maio. Contou coa presenza de tres compañías que foron Dorna Teatro, que representou a obra *O empapelado amarelo e outras historias*; Fulano, Mengano e Citano, con *Shsss... ¡calma!*; e Nove-Dous, con *Crimes anónimos*.Todas as representacións foron no Auditorio Municipal.

Referencias varias:

- E.G., '"Dorna Teatro" lleva hasta Salceda la trama en femenino', *Faro de Vigo*, *'Vigo 4 costados'*, 27 marzo 2004, p. 3.

Destaca o ciclo Venres Teatro de Salceda de Caselas, que é unha aposta da Concellaría de Cultura e Xuventude que se completa co ciclo Outono Teatro. Expón que a próxima representación é *O empapelado amarelo e outras historias* de Dorna Teatro, grupo que intenta buscar personaxes femininas non convencionais. Tamén anota a seguinte representación, *¡Shsss… Calma!* de Fulano, Mengano e Citano, e o peche de Nove Dous con *Crimes Anónimos*.

VIIº Certame de Teatro de Monterroso

.Organizado pola Asociación Cultural Falcatrueiros (Monterroso) celebrouse entre os días 18 e 21 de setembro no centro sociocultural da vila lucense. Nel participaron Metátese Teatro, coa obra *No mundo megaguay*; a escola municipal de teatro do Carballiño; o grupo de teatro da biblioteca de Antas de Ulla ou a escola de teatro da asociación organizadora, que representou as pezas *Farsas marabillosas* e *Polos meus mortos*.

XIVº Circuítos Teatrais de Moaña

♦.Organizado polo Concello da localidade pontevedresa, celébrase anualmente entre os meses de setembro e outubro. Nesta edición acolléronse representacións de máis dunha decena de compañías galegas. Entre elas estiveron Factoría Teatro, coa súa obra *O canto do Dime-Dime*; Teatro do Noroeste, con *Ensaio*; Lagarta, Lagarta, que representou *Fobias*; Teatro do Aquí, que levou *Camiño longo*; ou Teatro de Ningures, coa montaxe de *Troianas*. Todas as representacións foron no Instituto de Educación Secundaria "As Barxas" de Moaña. O ciclo rematou o sábado 30 de outubro.

Referencias varias:

- Estela Veloso, '"O canto do dime-dime" abre esta noite os Circuitos Teatrais de Moaña', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 18 setembro 2004, p. 23.

Comenta a presentación e comezo do programa dos Circuítos Teatrais de Moaña, que durarán sete sábados. Anota o prezo da entrada, a hora e o lugar onde se realizarán, ademais do presuposto total, que ascende a quince mil oitocentos euros, cofinanciados pola Xunta, e o aforo de duascentas persoas. A continuación cita as obras teatrais, facendo tamén un resumo e pequeno comentario das que primeiro se estrearán, e as compañías que actuarán: A Factoría Teatro; Teatro de Ningures; Teatro do Noroeste; Lagarta, Lagarta; Teatro do Morcego; Teatro do Aquí e a madrileña Teatro Meridional.

- E.V.R., 'Teatro do Noroeste representa esta noche en Moaña la obra "Ensayos"', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 2 outubro 2004, p. 21.

Describe e analiza a peza teatral *Ensaios* de Teatro do Noroeste, terceira función dos Circuítos Teatrais de Moaña, que trata dos procesos de ensaio dunha obra de teatro antes da súa estrea. Anota o prezo da entrada, a hora e o lugar da representación e a seguinte función, que correrá a cargo da compañía Lagarta, Lagarta. Sinala que os circuítos rematarán o 30 de outubro.

XIª Xornadas de teatro universitario da Coruña

Evento organizado polo Vicerreitorado de Estudantes da Universidade da Coruña coa colaboración do grupo Hac Luce. No ano 2004 celebráronse entre o 22 e o 30 de abril e tiveron como escenario o Fórum Metropolitano. O programa das xornadas estivo composto, entre outras, polas representacións: *Gominolas*, de Hac Luce; *Juguen Tanoques*, da Asociación Xuvenil Grupo Caleac Teatro ou *Pingas*, da Aula de Teatro do Campus de Vigo. Ademais dos grupos das universidades galegas e co afán de traspasar fronteiras nesta convocatoria tamén participaron os grupos da Universidade de Extremadura e da Complutense.

Referencias varias:

- M.P.L., 'Víctor Mosquera, co teatro universitario da Coruña', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 16 abril 2004, p. 52.

Comenta a presentación das XI Xornadas de Teatro Universitario da Coruña, salientando que se iniciarán cunha conferencia a cargo do actor Víctor Mosqueira. Nela o vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación destacou que concibe o teatro como arte e como formación. Apunta que as Xornadas contarán con grupos universitarios de dentro e fóra de Galiza e que entre as pezas haberá novas creacións e adaptacións. Tamén anota a creación dunha aula de teatro, unha de letras, un club de prensa e unha aula de cine.

- P. Pérez, 'La Universidad tendrá un aula de teatro', *La Opinión*, 'A Coruña', 16 abril 2004, p. 11.

Sinala que na presentación das XI Xornadas de Teatro Universitario da Coruña destacouse, ademais da creación dunha aula de teatro, unha de letras, un club de prensa e unha aula de cine, que esta edición inclúe a novidade da charla coloquio que ofrecerá o actor Víctor Mosqueira. Ademais observa que serán un total de oito representacións, que tratan temas moi variados, e que comezará con *Gominolas* do grupo Hac Luce.

- J.A. Martínez Sevilla, 'Las relaciones de pareja', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 4 maio 2004, p. 20.

Céntrase na representación de *Pingas* da Aula de Teatro do campus de Vigo, que pechou as XI Xornadas de Teatro Universitario da Coruña. Destaca a firme e reflexiva dirección escénica e selección musical, a cargo de Pepa Barreiro, e a boa interpretación dos actores e actrices. Resume o argumento da obra como a análise das complicadas relacións de parella, en base a tres historias. Por outra parte, critica a falta de arquitectura, forza teatral e expresividade climática da obra.

Iª Semana Cultural 'A Trisca'

Organizada polo Centro Sociocultural do barrio compostelán da Trisca, esta actividade engloba acontecementos culturais de carácter heteroxéneo. Nesta edición, e no que respecta ao teatro galego, o grupo de teatro Fogar do Maior da Porta do Camiño representou as obras *A tía lambida*, de Eduardo Blanco Amor, e *O mal de Manueliño*, de Edelmira Cacheda. Ambas as dúas representacións tiveron lugar o 23 de xuño no salón de actos do propio Centro Sociocultural.

IVª Mostra de Teatro 'Cabanateatro'

♦.Esta mostra naceu no ano 2000 coa finalidade de premiar a posta en escena de orixinais e adaptacións de textos dramáticos contemporáneos. No ano 2002 deixou de ser un certame

de teatro e converteuse nunha mostra con participación de grupos profesionais e afeccionados contratados polo Concello de Cabana. No ano 2003 celebrouse os días 16, 17 e 18 de maio, para conmemorar o Día das Letras Galegas, e nela participaron: Uvegá Teatro con *Mulleres*, Falcatruada Teatro con *A verdadeira historia de Romeo e Xulieta* e Fulano, Mengano e Citano con *Cheiro de estrelas II*.

IIº Ciclo de Teatro Afeccionado do Morrazo 'Citeamor'

.Organizado pola Asociación Cultural 'A Cepa', coa colaboración do Concello e a Deputación Provincial de Pontevedra, ten por obxectivo reunir todos os grupos de expresión dramática da comarca e ofrecer a posibilidade de presenciar o teatro de creación máis próxima. As actuacións desta edición tiveron lugar no Auditorio Municipal de Cangas, os venres, entre o 29 de outubro e o 3 de decembro. A inauguración do ciclo correu a cargo da Compañía Avresno coa peza *A súa maxestade e a moda*, de Eduardo Quilis. Outras compañías participantes foron Ximalveira, con *Ledaíña pola morte do Meco*; Atrezo teatro, con *Historias peregrinas*; a compañía do Instituto de Rodeira, que representou *Lisístrata*, de Aristófanes; Noitebra Teatro, coa montaxe *Pero... quen colleu o tren?*; e Teatro da Esmorga con *Quanto vales, meu tentador*, de Joel Rodríguez Gómes.

Referencias varias:

- J.L.M., 'O Auditorio cangués acolle actuacións de grupos cangueses e do Morrazo', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 28 outubro 2004, p. 24.

Anota a presentación da programación cultural do Auditorio Municipal de Cangas para o outono-inverno. Salienta que comeza o Ciclo de Teatro Afeccionado organizado pola asociación cultural A Cepa coa compañía moañesa Avresno e que tamén participarán as compañías galegas Talía Teatro, con *Bicos con lingua*, e o grupo de teatro afeccionado Xilmaveira. Destaca que hai programadas actuacións musicais e outras representacións de compañías españolas e galegas, entre as que cita Teatro Aforo, Teatro da Esmorga, Nove-Dous, Teatro de Ningures, o Centro Dramático Galego e Balea Branca, e que así mesmo haberá representacións de teatro infantil e xuvenil.

- J.L.M., 'O Auditorio cangués acolle actuacións de grupos cangueses e do Morrazo', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 29 outubro 2004, p. 25.

Analiza a presentación da asociación cultural A Cepa do II Ciclo de Teatro Afeccionado do Morrazo Citeamor. Sinálase que nesta coincidiuse no escaso apoio económico que o teatro afeccionado ten por parte das institucións públicas, sendo, non obstante, fundamental para a formación de actores e actrices. Por outra banda, apunta as compañías (Avresno, Silmaveira, Atrezo Teatro, Instituto da Rodeira, Noitebra Teatro e Teatro da Esmorga) e as obras, que se representarán todos os venres, e que o prezo da entrada será de tres euros. Tamén anota que o ciclo é bianual para darlles tempo aos colectivos a preparar novas obras.

- E.V.R., 'El auditorio ofrece esta noche la obra 'Historias Peregrinas', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 12 novembro 2004, p. 20.

Breve no que se anota a representación nesa mesma noite da obra *Historias Peregrinas* de Miguel Anxo Murado pola compañía Atrezo Teatro no Auditorio Municipal de Cangas, dentro do Ciclo de Teatro Afeccionado organizado pola asociación cultural A Cepa.

Mostra de Teatro 'De Santa Cecilia ó Nadal'

♦.Organizada polo Concello de Cambre, recibe esta denominación polas datas nas que se celebra: abrague os meses de novembro e decembro de cada ano. No ano 2004 contouse coa participación de Teatro Librescena, que levou as *Obras completas de Shakespeare (abreviadas)*; Talía Teatro, que representou *Bicos con lingua*; o grupo de teatro afeccionado 'Alexandre Bóveda', coa montaxe *A farsa de Inés Pereira*; e o grupo de teatro afeccionado 'Valacar' coa obra *Faragullas*. Todas as representacións tiveron lugar no Centro Sociocultural do Graxal.

IIIº Ciclo de Teatro Independente 'Horas Punta'

.Organizado pola Asociación Cultural 'A Bufarda' e subvencionado polo Concello da Coruña, celebrouse no auditorio do Fórum Metropolitano herculino entre o 16 de setembro e o 14 de outubro. Cun formato similar ao xa experimentado noutros lugares, o ciclo ten unha duración por sesión de hora e media na que os espectadores puideron gozar de representacións de distinto carácter e curta duración. Entre os participantes deste ano estiveron Gari, Luís Pousada, David Lendoiro, ou Os dous de sempre.

Iº Festival Internacional de Teatro Cómico 'Manicómicos'

Organizado pola asociación cultural herculina Manicómicos entre os días 5 e 10 de xullo recolle actuacións galegas e internacionais. Os lugares de celebración das representacións son o Forum Metropolitano, que recolleu as obras durante a semana, e o Teatro Rosalia, que o fixo na fin de semana.Contou con participación galega e internacional. Na banda internacional participaron o clown italiano Carlo Colombaioni, co seu espectáculo *Carlo* e o artista escocés Johnny Melvile, con *European Blues*. Pola banda galega a participación correu a cargo dos propios Manicómicos, co seu espectáculo *Clown*; Mariclown, que representou *Día tras día*; Os 7 magnificos + 1, que puxo en escena a obra *As cincentas desclowntroladas*; e San & San Teatro, coa súa obra *Concerto bífido*.

Referencias varias:

- A.S.L., 'Manicómicos transformará la ciudad en el fórum de las risas', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 17 xuño 2004, p. 18.

Apunta as datas e espectáculos que se realizarán no I Festival de Teatro Cómico, organizado pola asociación e compañía Manicómicos, destacando que nace coa vontade de revitalizar o ámbito cultural e converterse nun festival de referencia. Serán seis actuacións e ademais contarase coa presenza de recoñecidos artistas do xénero da comedia. Por outra banda, sinala que haberá pasarrúas e cursos de formación e técnicas de clown.

- C. de la Torre, 'Me río "porque yo lo valgo"', *El Ideal Gallego*, 7 xullo 2004, p. 64.

Comenta a obra *Día tras día* da compañía feminina Mariclown, representada no Fórum da Coruña dentro do I Festival Manicómicos, onde as tres intérpretes debuxan un espello cómico do canon da muller actual, tratando de facer rir ao público ao falar de sexo, cociña, amor, cremas, etc. Destaca este humor rompente e a crítica tenra como un exercicio moi saudábel para calquera persoa.

- J.A. Martínez Sevilla, 'Manicómicos', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 9 xullo 2004, p. 30.

Aplaude a realización do I Festival Internacional de Teatro Cómico na Coruña, organizado pola compañía Manicómicos. Dálles os parabéns pola publicidade e polos pasarrúas, dirixidos por Churry Silva. Sinala que o certame abriuse con *Casting* de Manicómicos, co aforo completo, expoñendo a súa boa mestura de humor, mimo, contorsionismo, música, monólogos e cabaré. Así mesmo, describe e opina favorabelmente sobre os outros dous espectáculos, *Día tras día* de Mariclown e *As cincentas desclowntroladas* de Os 7 Magníficos + 1.

- A.S.L., 'El clown abre la mente de niño que hay en cada adulto', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 10 xullo 2004, p. 16.

Entrevista a Johnny Melville, tras actuar na Coruña co seu espectáculo *European Blues*, que se levou a cabo dentro do Festival Manicómicos. Comeza destacando as variadas facetas do actor, xa que fixo cine, televisión, documentais, películas, clown, acrobacias, música, etc. Salienta tamén que nas súas actuacións se basea na improvisación e na participación do público e apunta que impartirá un curso dentro do Festival, no que ensinará aos alumnos a non ser competitivos entre si e a que gocen co que fan e saquen o mellor deles mesmos.

IXº 'Mes del Teatro' da Asociación de Mujeres Amistad

Fundada no 1989, a Asociación de Mujeres Amistad de Santa Mariña (Ferrol), organiza dende hai nove un encontro de distintos grupos de teatro afeccionado. Celebrado nesta ocasión ao longo do mes de outubro no Local do Río, contou coa presenza de cinco grupos chegados dos concellos de Boiro, Cervo, Coruña e o mesmo Ferrol. No tocante ás

representacións en galego, correron a cargo do grupo O Bordelo, coa súa obra *Plática visual*; da compañía do Concello de Boiro, que escenificou a obra *Non é tan fácil*; e o grupo teatral da Asociación organizadora, dirixido por Manuel Basoa, que estrenou *Vanesa ten un pinchazo*.

IIIª Mostra de Teatro Afeccionado 'Móstrate' de Salvaterra do Miño

Organizada pola Asociación Solpor, de Fornelos da Ribeira (Salvaterra, Pontevedra), celebrouse na Carballeira das Fraguiñas da devandita parroquia entre o 30 de xullo e o 2 de agosto. As compañías participantes foron a propia organizadora, Solpor, que representou a obra *O anel máxico*; a comparsa Tea-Tro, coa súa primeira obra *A pousadeira*; ou a compañía Novo Teatro o Trasno, que puxo en escena o monólogo *...muller ¿que?*

'Outono cultural' de Arteixo

♦.Organizado polo Concello de Arteixo, en colaboración coa Deputación da Coruña e a Rede Galega de Teatros e Auditorios, contén actividades teatrais, musicais e artísticas. En canto ao teatro participaron na edición de 2004 Teatro do Morcego, con *A gran ilusión*; Teatro do Atlántico, con *O encoro*; Áncora Producións, con *Paso de cebra*; ou Caramuxa Teatro, con *Luz de gas*. O ciclo tivo lugar entre o 8 de outubro e o 3 de decembro no Centro Cívico municipal.

'Outono Cultural' de Outes

♦.Organizado polo Concello de Outes contou coa participación de distintas compañías; a encargada de inaugurar este ciclo foi Factoría Teatro, coa representación da obra *O canto do dime dime*.

'Outono Cultural' de Rois

♦.Organizado polo Concello de Rois, esta actividade amalgama oferta de tipo teatral, musical e divulgativo. En canto ao teatro, contouse coas compañías Talía Teatro e Teatro do Noroeste que representaron as obras *Bicos con lingua* e *Os outros feirantes*, respectivamente. Ambos os dous actos tiveron lugar no local do CPI de Dices, unha parroquia deste concello coruñés.

Referencias varias:

- U.L., 'Teatro y un Outono Cultural central la oferta lúdica en la comarca del Sar', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 4 novembro 2004, p. 12.

Entre outras cousas, dentro das que apunta o ciclo de teatro de Padrón, destaca a realización do Outono Cultural de Rois. Sinala que comeza cun recital poético e audiovisual e que incluirá concertos de jazz, música clásica, documentais e teatro. Deste último anota a actuación do grupo Talía Teatro e a de Teatro do Noroeste, que representará *Os outros feirantes*.

'Outono cultural' da Baña

□♦.Organizado polo Concello da Baña entre os meses de outubro de 2004 e xaneiro de 2005, este programa de actividades ten o obxectivo de levar por todas as parroquias do municipio distintas actividades teatrais e musicais. Algúns dos grupos participantes foron Volta e Dálle, Badius ou o grupo local Berenguela, que interpretou *Aquí chove coma fóra*. Colaboraron na organización a Deputación da Coruña, a Consellaría de Cultura e as distintas asociacións veciñais.

Referencias varias:

- Emilio Forján, 'O Outono Cultural levará obras de teatro e actuacións musicais a tódalas parroquias de A Baña', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 20 novembro 2004, p. 12.

Pequeno resumo do programa do Outono Cultural da Baña, que se levará a cabo nos meses de novembro, decembro e xaneiro, onde salienta algunhas das vindeiras actuacións nas distintas parroquias do concello. Anota que o grupo Falcatruada será o que abra esta edición e cita tamén Volta e Dálle, Badius, Berenguela, Colexiata do Sar e Os Quinquilláns.

'Outono teatral' do Carballiño

♦.Despois da desaparición en 2000 do Festival do Teatro Galego, que durante quince anos organizou a Asociación Cultural Orballo, o Concello do Carballiño recuperou esta actividade logo de dúas edicións nas que celebrou unhas xornadas de teatro de rúa. Así facendo, no 2002, e coa entrada do Concello na Rede Galega de Teatros e Auditorios, organizáronse catro representacións que levaron como denominación aglutinadora a de "Outono Teatral". Esta actividade continuou esta edición con representacións como as de Sarabela Teatro, con *Así que pasen cinco anos*; Fulano, Mengano e Citano, con *Shss... calma!*; os cataláns Sim Salabim, con *Hansel e Gretel*; ou Santi Prego, con *O monólogo do imbécil*.

IVº Ciclo de teatro 'Sen Numerar'

♦.Celebrado por primeira vez no ano 2001 por iniciativa do Instituto Municipal Coruña Espectáculo (IMCE), ten como obxectivo achegar propostas variadas en campos

heteroxéneos da cultura; principalmente o teatro, a música e a danza. Dende o 2002 celébrase no Teatro Rosalía da cidade herculina. Neste ano 2004, en canto ao teatro en galego, destacaron as compañías Nordesía Producións e Carlos Blanco, con *Dillei*, e Librescena, con *Os cárceres do olvido*.

Referencias varias:

- J.A. Martínez Sevilla, 'Disección de la cantiga', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 8 outubro 2004, p. 28.

Apunta a exitosa inauguración no Teatro Rosalía de Castro da Coruña do Ciclo Sen numerar, no que a compañía Nordesía representou a obra *Dillei* cun cheo total. Observa que é unha obra na que o teatro, a música e a danza están entrelazados e que a autoría, dirección e interpretación son de Carlos Blanco, apoiado por textos de Antón Reixa e Lucía Aldao. Cita tamén os nomes dos acompañantes de Blanco, dos que destaca as súas excelentes calidades interpretativas e musicais. Salienta os monólogos, o dinamismo, a forza e o explosivo humor e fai un resumo do que atopa o espectador nesta peza, dende a disección da cantiga popular até os heroes de cómic e un porvir catastrófico e apocalíptico.

- M. Pardo, 'A compañía coruñesa Librescena pecha o 'ciclo sen numerar'', *La Opinión*, 'Cultura', 21 decembro 2004, p. 55.

Apunta o peche do Ciclo Sen numerar a cargo da compañía Librescena no Teatro Rosalía de Castro da Coruña coa obra *Os cárceres do olvido*, xa estreada hai un ano, da autoría de Inma António e dirección de Miguel Pernas. Resume a peza como un percorrido polos conflitos máis relevantes do séc. XX a través das vivencias dun reporteiro de guerra, que fai reflexionar sobre as loitas armadas e a fame. Por outra parte, destaca as palabras de Pernas nas que fala do necesario compromiso das compañías. Tamén anota que o 7 de xaneiro de 2005 a mesma autora, que recibiu o premio Rafael Dieste de Teatro da Deputación da Coruña, e o mesmo director poñerán en escena *A ciencia dos anxos*.

Ciclo de 'Teatro de Nadal'

Representacións organizadas polo Concello de Carballo dentro do seu programa para as festas de Nadal. Este ciclo está destinado ao público adulto, distinguíndoo do Festival Infantil de Teatro: dirixido ao público pero infantil, encadrado dentro destas mesmas actividades natalicias.

Referencias varias:

- M.C.S., 'El teatro y la música central los programas de Navidad en Carballo y Cee', *La Opinión*, 'Costa da morte/Carballo', 16 decembro 2004, p. 24.

Refírese ás actividades de Nadal organizadas polo Concello de Cee, entre as que se destacan o espectáculo *Fobias*, da compañía Lagarta Lagarta, a Semana de Teatro Infantil, que contará coa obra *As aventuras de Pepín o Pelegrín* de Títeres Falcatrúa, e obras infantís. Por outra parte, o Concello de Carballo ten previsto un ciclo de Teatro de Nadal e un Festival Infantil de Teatro.

Iº Ciclo de Teatro Afeccionado 'Teatrofilia' de Vedra

Organizado polos colectivos culturais Papaventos e Ullán, celebrouse entre os meses de marzo e abril na casa da terceira idade. Entre as representacións afeccionadas que foron a esta Mostra atópanse a obra *O enfermo imaxinario,* a cargo do grupo Vellas Maneiras de Vilanova; a asociación Papaventos escenificou o *Romance de Micomicón e Adhelala*; Touro teatro levou a montaxe *¿Por que non temos papel?*; e as obras *Experimental* e *Salitre* representounas Volta e Dalle; entre outros.

'Tempo para o Teatro' de Neda

♦.Organizado polo Concello de Neda, coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña, tivo lugar entre os sábados 9 de outubro e 20 de novembro. Nesta convocatoria estiveron presentes compañías como Bádius, con *Tócama Sam*; Eme2 Producións, con *Malicia*; Teatro do Atlántico, que representaron a obra *Vanzetti*; ou outras coma o grupo Agarimo ou Talía Teatro. Todas as representacións tiveron lugar na Casa da Cultura.

Iº ciclo 'Venres Teatrais' de Laracha

♦.Organizado polo Concello de Laracha no salón de actos da Casa da Cultura, celebrouse entre o 22 de outubro e o 26 de novembro. Temos constancia da representación de *Cousas que pasan*, do grupo teatral Migallas; e a obra *Tócama Sam*, da compañía Badius.

Vº Ciclo 'Verán de teatro' de Vigo

♦.Incluído no programa de festas do verán do Concello de Vigo, naceu no ano 2000 coa denominación de "Verán de teatro e danza". Este Ciclo, organizado pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, ten como escenario a Praza da Estrela: onde se levan a cabo representacións nocturnas. Esta edición tivo lugar entre os días 13 e 18 de xullo e acudiron compañías de dentro e fóra de Galicia. As compañías galegas presentes foron Sapristi, coa súa obra *Hotel Run*, Bucanero, co seu espectáculo *Sé normal... vota substancia bucanera* e a compañía viguesa Contraste, con *Chelofón*.

Referencias varias:

- S.P, 'As historias do humor absurdo abren o verán en Vigo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 xullo 2004, p. 43.

Destaca o comezo do V Verán de Teatro de Vigo coa obra *Pésame Mucho* dos cataláns Pez en raya, dentro das Festas do Cristo da Vitoria 2004. Fai un pequeno retrato da compañía e da obra, resaltando o humor absurdo presentado cunha linguaxe propia. Anota que o ciclo abranguerá todas as noites da semana e cita os nomes das compañías e obras teatrais participantes, entre as que están as galegas Bucanero con *Se normal*, Sapristi con *Hotel Run* e Contraste con *Chelofón*.

- J.D.C., 'Seis compañías participan en el quinto 'Verán de Teatro', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 13 xullo 2004, p. 14.

Centra este artigo no V Ciclo Verán de Teatro de Vigo, informando dos dezaoito mil euros de presuposto cos que conta este evento e o lugar, día e hora de representación. Dá conta dos espectáculos que se representarán, achegando breves notas sobre cada un deles. Das compañías galegas salienta o humor negro do grupo Sapristi, de Bucanero a súa sátira política e de Contraste a unión do xesto, do humor, da improvisación e da música.

- Toño Alfaro, 'Vilamarín y Vigo rivalizan en el escenario', *La Región*, 'Verano de ocio', 14 xullo 2004, p. 16.

Sinala as dúas citas teatrais organizadas para eses días: por unha banda o ciclo Noites Teatrais de Vilamarín, que vai pola dezasete edición, e pola outra, o V Ciclo Verán de Teatro de Vigo. Dentro da primeira cita destaca as actuacións de Nove Dous Teatro e os alumnos de iniciación á arte dramática, e as previstas de Lagarta, Lagarta, S.L., con *Fobias*, e Fulano, Mengano e Citano con *Shsss…Calma*. Dentro do ciclo vigués anota as representacións gratuítas da madrileña El Zurdo, as galegas Sapristi e Contraste e os cataláns La Baldufa.

- C.F., 'Música e humor no 'V Verán de Teatro'', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 17 xullo 2004, p. 73.

Das actuacións do V Verán de Teatro de Vigo, dentro da programación das Festas do Cristo 2004, céntrase na obra *Chelofón* da compañía viguesa Contraste, despois dunha introdución na que apunta a media de mil espectadores por peza teatral. De *Chelofón* salienta que une o xesto, a palabra, a poesía, o humor e a música á improvisación de Popín Magune.

- Patricia Costa, 'Un programa completo e variado', *Atlántico Diario*, 30 xullo 2004, p. 34.

Apunta o variado programa das Festas do Cristo da Victoria de Vigo 2004, que inclúe ciclos de bandas de música, corais, cine, teatro e música. Ademais da exposición do

programa, salienta a apertura do V Verán de Teatro, que estará activo entre o 12 de xullo e o 31 de agosto.

- P.C.G., 'Arriba el telón', *Atlántico Diario*, 30 xullo 2004, p. 36.

Describe as actuacións teatrais que se presenciaron no V Ciclo Verán de Teatro de Vigo, no que actuaron ademais de grupos madrileños e cataláns, as compañías galegas Sapristi, Bucanero e Contraste. Dá conta tamén de que o 2 de agosto arranca a XI Semana de Teatro para nenos/as, onde todas as obras teatrais correrán a cargo de compañías de fóra de Galiza.

III.4.2. ESTREAS

III.4.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Agrupación Caramuxo Teatro e Avelino González: *Vento mareiro (sabor amar)*.

Espectáculo músico vocal que conta diferentes historias que teñen como nexo común o mar, no que Avelino González é o narrador e a Agrupación Caramuxo se encarga da parte musical. A peza inclúe a copla da factoría baleeira de Cee, a historia das baleas de Massó en Cangas e o xabón de La Toja; a historia da decadencia do acordeón por culpa das sereas, homenaxeando aos Acordeóns Mallo; a historia do Andrucho -de Avilés de Taramancos- que de patrón de veleiro na ría de Noia foi dar en contrabandista no Amazonas; ou a historia do Golpe de Mar -de Manuel Rivas- que ataca aos barcos que pescan no Gran Sol contada en 'galenglish'.

Ver XVIIª Mostra de Teatro de Cee.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, 'Amplia oferta literaria, exposiciones, recitales y teatro para todos los gustos', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 20 xaneiro 2004, p. 35.

Dáse conta, entre outros aspectos alleos á literatura galega, da presentación da obra do actor Avelino González, *Vento mareiro (sabor a mar)* que estará en cartel na cidade de Santiago de Compostela do 22 ao 24 de xaneiro.

- M.B., 'Avelino González y Caramuxo llevan su propuesta músico-vocal al teatro Galán', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 21 xaneiro 2004, p. L9.

Dá conta da proposta de Avelino González do seu novo espectáculo *Vento mareiro (sabor a mar)* no que mestura a narración oral coa música, pertencente á Agrupación Caramuxo, constituído por Fernando Abreu, X. C. Vázquez, Óscar Prieto, Cándido Cabaleiro e Patricia

Cela. Coméntase que o monólogo ten como tema central de todas as historias que o compoñen, o mar e que naceu a carón dos concertos organizados polo movemento social Nunca Máis.

- Ana Iglesias, 'Actuaciones para todos los gustos y una gran muestra humorística', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 21 xaneiro 2004, p. 36.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, saliéntase a estrea da obra de Avelino González, *Vento mareiro (sabor a mar)*, presentada na Sala Galán de Santiago de Compostela.

- Pilar Pousada, 'É tan difícil ser actor como público', *Galicia Hoxe*, 'Entrevista', 25 xaneiro 2004, pp. 12-13.

Realízase unha entrevista ao actor Avelino González cando presentou o espectáculo *Vento Mareiro (sabor a man)* na Sala Galán de Santiago de Compostela. Comenta Avelino González que a súa obra é unha mestura de monólogo con música coa que consegue canalizar as emocións. En canto á situación actual do teatro, considera que se deberían mellorar as infraestruturas e que a Consellería debería realizar unha política de cultura e non de propaganda, ademais cre que as obras non permanecen en cartel o suficiente tempo para que cheguen a un maior público. Con respecto ao seu currículo comenta que ten costume de traballar con zancos e entre os seus obxectivos atópase o labor de levar a escena unha obra irlandesa. Na parte final da nova, realízase un resumo da traxectoria artística de Avelino González e saliéntase o continuo empeño en crear grupos teatrais e realizar espectáculos de teatro, circo, cine, etc.

- Lupe Gómez, 'O mar visto con ironía, con música, con tenrura', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 1 febreiro 2004, p. 5.

Salienta que o mar está presente na vida do pobo galego e a través dos contos loa o traballo de Avelino González quen conseguiu artellar unha serie de historias nas que o mar é o protagonista. *Vento mareiro*, segundo Lupe Gómez, é un espectáculo sinxelo e cheo de tenrura que, acompañado pola música de Caramuxo, chega ao interior dos espectadores.

Áncora Producións: *Paso de cebra*.

Peza de Gustavo Pernas, na que seis personaxes quedan illados nun paso de cebra; nesta situación activan os seus desexos e os seus medos e reflexionan sobre os seus obxectivos. Esta, que nun principio é unha situación trivial, muda cando os seis personaxes descobren que no edificio de enfronte hai un franco tirador que pon en perigo as súas vidas.

Autor: Gustavo Pernas Cora.

Dirección: Gustavo Pernas Cora.
Iluminación: Gustavo Pernas / Antonio Simón.
Vestiario: Anxela G.Abalo.
Escenografía: Antonio Simón.
Xénero: Comedia Urbana.

Ver Xoves Teatrais de Ferrol 2004.
Ver Outono Cultural de Arteixo.
Ver Ciclo de Teatro Caixanova.

Referencias varias:

- Albino Mallo, 'Gustavo Pernas regresa a escena con 'Paso de cebra', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 novembro 2004, p. 50.

Comeza informando do día e do lugar da estrea de *Paso de cebra* de Gustavo Pernas. A seguir, vai explicando o contido da obra a través de citas do propio Pernas, primeiro relacionándoa coa súa anterior produción, *Footing*, no que á innovación da estrutura dramática se refire, e despois describindo as particularidades que a singularizan en canto ao contido. Para rematar, fai un repaso da xira que Áncora Produccións fará polo país.

- Albino Mallo, 'Cada vez disfruto más como escritor, a solas con las palabras', *El Correo Gallego*, 'Gallegos del nuevo milenio', 19 novembro 2004, p. 8.

Faise unha achega á traxectoria profesional de Gustavo Pernas. En primeiro lugar fala da súa actividade como escritor, actor e director, para falar, logo, dos seus últimos traballos como director, onde se fai referencia a *Paso de Cebra*. Finalmente, preséntase unha breve entrevista, na que Pernas fala do seu traballo e recóllense, en dous apartados á parte, algúns datos persoais do autor.

- Xosé Lueiro, 'Atrapados nun paso de peóns', *Galicia Hoxe*, 'Teatro: o merlo branco', 21 novembro 2004, p. 09.

Analízase de forma esmiuzada o contido da obra *Paso de cebra* de Gustavo Pernas. Despois de falar da relación coa súa produción anterior, *Footing*, -as dúas son obras urbanas, estruturadas en monólogos interiores, etc.- pasa a falar da acción (espazo), da estrutura dramática (relación co público) e da posta en escena (decorados, luz e música). Como complemento, ao carón da nova principal, hai tres apartados pequenos nos que falan dos nomes dos responsábeis e realizadores da obra, do seu autor e da xira da compañía que a representa, respectivamente.

- Manuel F. Vieites, 'Os límites da sitcom', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 102, 'Teatro', 2 decembro 2004, p. VIII.

Comézase falando de Pavis a propósito dos dous tipos de comedia existentes, entre os que se atopa a comedia de situación (*sitcom*) e dentro dela a comedia dramática (*dramedy*), xénero ao que pertence *Paso de cebra*, a "nova achega literaria e teatral de Gustavo Pernas". Despois, vai analizando as múltiples semellanzas e as poucas diferenzas -proporcionadas pola cultura empobrecedora que se inculca en Galiza- que ten esta peza coa *sitcom*. Ao final, fai unha pequena descrición-comentario do contido da devandita obra.

- M.B., 'No teatro galego seguimos na dinámica da resistencia', *La Voz de Galicia*, 'En dos minutos', 14 decembro 2004, p. L2.

Despois dunha breve introdución na que se presenta a obra como "un proceso de investigación espacial e de relacións por parte dos actores" ao igual que a súa anterior produción, *Footing*, hai unha pequena entrevista na que Gustavo Pernas fala de por que escolleu como espazo un paso de peóns; da comedia urbana e da comedia de reflexión; da necesidade da comedia para atraer ao público; ou da necesidade de ter que escribir, dirixir, promover, etc., onde deixa patente a precariedade e falta de recoñecemento que adoece o teatro galego dende hai ben tempo.

Arte Livre do Brasil: *O efecto dos raios gama sobre as margaridas do campo*.

Peza ambientada nos anos setenta nun dos arrabaldes pobres de Estados Unidos, na que a protagonista é unha muller, viúva excéntrica, que traballa coidando enfermos terminais para poder manter as súas fillas adolescentes, unha epiléptica e transtornada e outra que quere ser científica e que cre no efecto dos raios gamma sobre as margaridas do campo; trátase dunha obra na que, partindo dun universo degradante e cruel, as protagonistas sobreviven e cambian o rumbo.

Autor: Paúl Zindel.
Dirección: Eisenhower Moreno.
Interpretación: Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno.

Referencias varias:

- A.N.T., 'Eisenhower Moreno: 'Busco personaxes fortes e transgresores, que normalmente son mulleres', *A Nosa Terra*, nº 1.111, 'Fin de semana', 9 xaneiro 2004, p. 33.

Entrevista a Eisenhower Moreno na que nos informa da trama de *O efecto dos raios gama sobre as margaridas do campo*, de Paúl Zindel. Dinos que está ambientada nos EEUU, que a protagonista é unha viúva que atende a enfermos terminais para manter ás súas dúas fillas. Despois do argumento, cóntanos que escolle sobre todo a mulleres pola súa forza comunicativa, que a montaxe ten de novo o achegamento aos espectáculos cinematográficos e que se estreará na Cañiza porque o proxecto tivo alí o seu inicio.

- MARÉ, 'A vota de Greta Garbo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 marzo 2004, p. 59.

Fálase de *O efecto dos raios gama sobre as margaridas do campo* como o inicio dunha Mostra dedicada ao actor e director Roberto Cordovani, que forma parte do reparto. E dise, en palabras de Cordovani, que a obra trata a temática do "terrorismo na familia".

Bacana Teatro: *Os fillos de Eva*.

'Os fillos de Eva' é o nome dun programa de televisión, que se emite en rigoroso directo e que ten como presentadores a Caín e Abel, dous personaxes con personalidades moi distintas que dan lugar a numerosos conflitos e moito humor.

Autor: Xulio Abonjo e Meninha Mutante.
Dirección: Mara Sánchez.
Interpretación: Marcos Correa e Xulio Abonjo.
Voces estelares: Evaristo Calvo, Mara Sánchez e Xan Casas.
Xénero: Comedia musical.

Referencias varias:

- M.B., 'No teatro non hai nada mellor que facer rir á xente', *La Voz de Galicia*, 'En dos minutos', 25 setembro 2004, p. L2.

O actor Xúlio Abonjo é entrevistado por se coprotagonista da obra *Os fillos de Eva*, que se representa hoxe na Sala Nasa. Sinala que esta peza é un musical que ten como obxectivo facer rir, parodiando o telelixo.

Balea Branca: *Un tranvía de nome desexo*.

Peza de Tennesse Willians que foi estreada nos escenarios de Broadway (1947) e levada ao cine por Elia Kazar, na que o seu autor reflicte a perda dos valores do vello sur, dunha nova sociedade industrializada, de adaptación á nova América e que fala, tamén, da ilusión, da sociedade e do amor.

Autor: Tennesse Willians.
Dirección: Damián Contreras.
Interpretación: Mónica Camaño, Casilda García, Salvador del Río, Sonia Rúa, Damián Contreras, Santiago Cortegoso, Fran Paredes e Antón Lamapeira.
Xénero: Drama.

Ver Xoves Teatrais de Ferrol 2004.
Ver Mostra de Teatro Galego de Cariño.

Referencias varias:

- Benigno Lázare, 'No teatro é imprescindible a axuda institucional', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 18 febreiro 2004, p. L2.

Entrevista ao actor ourensán Damián Contreras da compañía Balea Branca, a propósito da posta en escena no auditorio lucense Gustavo Freire da obra *Un tranvía de nome desexo*, de Tenesse Wiliams. O artista comenta que se trata dunha montaxe naturalista, pero dotada de elementos simbólicos. O resto da conversa xira ao redor da falta de apoio institucional que padece o teatro galego e compárao co de Barcelona, Madrid e outras cidades onde estiveron actuando e conseguiron encher os teatros.

- E.P., 'Balea Branca estrea en Ourense 'Un tranvía de nome desexo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 marzo 2004, p. 51.

Anúnciase a estrea da primeira adaptación á escea deste clásico cinematográfico por unha compañía profesional, Balea Branca de Damián Contreras, e que se levará a cabo no Teatro Principal de Ourense.

- Sonia Torre, 'Balea Branca adapta a Tenesse Williams', *La Región*, 'Teatro', 16 marzo 2004, p. 67.

Dáse noticia da presenza en cartel de *Un tranvía de nome desexo* adaptada por Balea Branca e recóllese o chamamento do seu director Damián Contreras aos ourensáns para que enchan a sala e apoien así o teatro galego. Dise que trata da incomprensión das persoas, recóllese o elenco de actores participantes e sublíñase a fonda pegada da súa versión cinematográfica no imaxinario dos espectadores.

- Amaia Mauleón, 'La versión teatral de 'Un tranvía de nome desexo' cautiva al público', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 17 abril 2004, p. 40.

Entrevista a Damián Contreras, director e actor de *Un tranvía de nome desexo*, na que se incide na forza do texto e no xeito en que aborda a incomunicación das persoas. Recoñécese tamén que se tiveron que facer recortes ao orixinal, que non alteran a súa esencia e sublíñase a capacidade do teatro de ofrecer novos puntos de vista ao espectador. Por último, o director loa o talento e bo traballo dos actores e sinala a frutífera relación entre literatura, teatro e cine.

- A.N.T., 'Un tranvía de nome desexo, sorpresa positiva da tempada teatral', *A Nosa Terra*, nº 1.125, 'Cultura', 22 abril 2004, p. 25.

Saliéntase a calidade e consistencia da adaptación teatral de *Un tranvía de nome desexo* dirixida por Damián Contreras, a primeira montaxe galega da obra, así coma o excelente

traballo dos actores. Faise mención ademais das deficiencias dos nosos teatros evidenciada polo feito de que a escenografía non cabía en moitos deles. Por último, cítanse outras obras do seu director.

- Adriana Rodríguez, 'Da narrativa pódese sacar teatralidade e mundos extraordinarios para representar', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 17 outubro 2004, p. 21.

Anúnciase a próxima representación de *Un tranvía de nome desexo* en Vilagarcía, da que se destaca que é a primeira adaptación para o teatro a cargo dunha compañía profesional, Balea Branca, do clásico de Tennessee Williams. Ademais cítase o elenco de actores participantes, faise un resumo do argumento e fálase da formación do seu director Damián Contreras, así como de outras obras súas no teatro e no cine. Por último recóllese unha cita del que é a que dá título ao artigo e menciónase a súa próxima obra, *Defensa de dama*, sobre o maltrato a mulleres.

BB Producións: *Lili Berlín Cabaret*.

Peza protagonizada por Lili Berlín, unha amante de Chopín que asina un pacto co demo e que, xunto cos seus músicos, percorre os cabarets de medio mundo.

Autora: Blanca Cendán.
Dirección: Blanca Cendán e Suso Alonso.

Ver XXIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo (Cangas).
Ver Festival do Teatro Galego do Carballiño.

Belmondo: *Lolamento*.

Ver Mostra de Teatro Galego de Cariño.

Berrobambán Teatro: *Vendetta*.

Espectáculo que os seus propios autores definen como 'cabaret punkarra', caracterizado pola ironía e a capacidade de asombrar, cunha gran carga crítica e na que se defende o dereito á liberdade. Segundo sinala a propia compañía, trátase dunha actuación que racha co inconformismo e a impotencia.

Autores: Paula Carballeira e Leo F. Campos.
Dirección: Chiqui Pereira.
Interpretación: Paula Carballeira, Leo F. Campos, Anabel Gago, Ángel Lago e Chiqui Pereira.
Música: Leo F. Campos e Ángel Lago.

Vestiario: Mercedes Torres 'Isi'.

Ver XVIIª Mostra de Teatro de Cee.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, 'Vendetta, cabaré provocador, divertido, transgresor', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 26 setembro 2004, p. 5.

Crítica positiva a *Vendetta*, a nova montaxe da compañía compostelá Berrobambán, da que salienta o seu magnífico guión, a súa forza transgresora, a excelente interpretación dos actores e a denuncia, e o berro de liberdade, que cobra un valor catártico e provoca auténtico goce no espectador.

Braxe, Lino: *A caricia da serpe*.

Espectáculo poético-musical para todos os públicos baseado na obra homónima deste autor, publicada en 1999.

Bucanero & Emedous Producións: *Jánsel e Pónsel/Tres notas/Se normal*.

Espectáculo no que a compañía Bucanero Teatro integra e reinterpreta as tres montaxes que tivo en escena o ano pasado, co fin de recadar fondos para o seu próximo traballo. De seguido, dámos conta dos datos de cada unha destas obras:

- *Se normal, vota substancia bucanera*
Parodia escrita por Xosé Luís Prieto sobre as eleccións, nas que se presenta o partido que lle dá título á obra. Os elixidos son membros dun partido político que pretenden representar ao colectivo aínda "normal" do planeta.

Dirección: Iolanda Muíños.
Interpretación: Pedro Picos, Xosé Bonome e Xosé Luís Prieto.
Deseño gráfico: Héctor Bonome.
Escenografía: Pepablo e Leandro.

- *Tres notas*
Peza escrita por Santi Prego na que, en clave de humor, se tenta dar resposta á pregunta se hai vida antes da morte.

Dirección: Santi Prego.
Interpretación: Pedro Picos, Xosé Bonome e Santi Prego.

- *Jánsel e Pónsel. Documental lúdico didáctico recreativo neurótico*.

Baseada nun texto de José Luís Prieto, esta obra é unha explicación peculiar da orixe do universo e a evolución do home até desembocar no "homo global", coa que se fai parodia dun documental arredor da historia da humanidade.

Dirección: Santi Prego.
Interpretación: Xosé Bonome (Nero) e Pedro Picos (Buca).
Adaptación: Flor Maceiras.

Referencias varias:

- Chicha Pantín, 'El BNG reestructura su grupo con la incorporación de dos nuevos concejales', *El Correo Gallego*, 'Ferrol', 15 setembro 2004, p. 20.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, fai referencia á iniciativa pioneira da compañía Bucanero de pagar o seu próximo espectáculo coa recaudación da venta das entradas de *Jánsel e Pónsel*, *Tres notas* e *Sé normal*.

- Lorena Romero, 'Bucanero representará tres obras para financiar su nuevo espectáculo', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 16 setembro 2004, p. 22.

Anúncianse as representacións de *Hánsel y Pónsel*, *Tres notas* e *Sé normal, vota substancia bucanera* pola compañía Bucanero. Explícase tamén a iniciativa do grupo coa colaboración do Concello de Narón de autofinanciar a súa próxima montaxe coa recaudación das obras citadas, e o feito de que todos os espectadores que deixen o resgardo da súa entrada cos seus datos no Auditorio figurarán como produtores do novo espectáculo.

- S.P., 'Bucanero recauda más de 3.000 euros para su nuevo espectáculo', *La Opinión*, 'Narón', 21 setembro 2004, p. 26.

Dise que a recaudación das representacións da compañía Bucanero ascendeu a tres mil cincocentos euros, algo máis do cincuenta por cento dos seis mil necesarios para financiar a nova montaxe. Sinala, asemade, qeu houbo unha media de douscentos trinta espectadores por día.

Cadaval, Kiko: *Son de aquí*.

Proxecto innovador que ofrece un percorrido de máis de cinco horas por algunhas das máis interesantes manifestacións populares da nosa cultura, dando lugar a un espectáculo deseñado para chegar a todos os públicos e a todas as idades. SON DE AQUÍ está pensado para ser gozado en sesión de tarde con gaiteiros, mostra de baile tradicional galego e unha función de marionetas a carga da compañía Tanxarina; pola noite ten lugar un concerto

presentado polo contacontos Quico Cadaval, que inclúe as actuación do Orfeón Treixadura, Treixadura Gaiteiros e Leilía.

Referencias varias:

- S.R., 'Son de Aquí: a festa completa', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 351, 14 febreiro 2004, p. 2.

Achega ao espectáculo *Son de aquí*, do que se destaca a súa estrutura con diferentes manifestacións da cultura galega como a música, os contos, o baile ou o teatro, que está representado por unha peza de monicreques da compañía Tanxarina dirixida ao público infantil. Este artigo tamén se publicou no xornal *La Opinión*, o día 28 de febreiro.

- S.R., 'Son de Aquí: a festa completa', *La Opinión*, 28 febreiro 2004, p. 10.

Achega ao espectáculo *Son de aquí*, do que se destaca a súa estrutura con diferentes manifestacións da cultura galega como a música, os contos, o baile ou o teatro, que está representado por unha peza de monicreques da compañía Tanxarina dirixida ao público infantil. Este artigo tamén se publicou no xornal *Faro de Vigo*, o día 14 de febreiro.

- Emilio Espadañedo, 'Proposta global para amosar a cultura do país', *Galicia Hoxe*, 'Música: Feitizo de sons', 11 abril 2004, p. 5.

Entrevista con Leilía e Treixadura que explican en que consiste o multidisciplinar espectáculo *Son de aquí*, un proxecto global no que se pretende mostrar a esencia do ser galego. Dise que a idea xurdiu dunha común arela por facer algo diferente e que o resultado reúne os contos de Quico Cadaval, os monicreques de Tanxarina e as actuacións musicais de Treixadura, o Orfeón e Leilía nun espectáculo de máis de cinco horas de duración.

- Mar Barros, 'Son de aquí', *A Nosa Terra*, nº 1.126, 'Fin de semana', 29 abril 2004, p. 31.

Fálase do espectáculo *Son de aquí*, que nace dunha posta en común de intereses entre Treixadura e Leilía despois de teren coincidido durante o verán en distintos escenarios e co mesmo técnico de son. Os contos de Quico Cadaval abren e enfían os monicreques e as actuacións musicais de Treixadura, o Orfeón e Leilía, que pretenden mesturar todo tipo de sons para transmitir a tradición do país. Menciónase que Treixadura presentará *Unha noite non é nada* e Leilía *Madama*, coa colaboración de Suso de Toro nos textos.

- P.A.M., 'O maio das artes', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 abril 2004, p. 49.

Exponse o programa cultural do Concello de Santiago para o mes de maio que inclúe o Club da Comedia, a obra *5hombres.com*, o ciclo *Sons da diversidade*, o recital *Ao pé da letra* e a obra *Son de aquí* de Quico Cadaval, outras actividades.

- E.P., 'O pano de Compostela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 maio 2004, p. 45.

Dáse noticia do remate das obras do Teatro Principal de Santiago despois de varios meses de amaños para subsanar os estragos ocasionados pola intensa programación cultural desenvolvida neste espazo, e anúnciase que a reapertura terá lugar co espectáculo *Son de aquí*.

- Concha Pino, 'Brillante como unha patena', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 11 maio 2004, p. L8.

Noticia na que se dá conta da reapertura do Teatro Principal co programa "Son de aquí" despois de dous meses e medio pechado por reformas.

Caramuxa. Artes escénicas e musicais: *Luz de gas*.

Peza pertencente ao xénero policial que trata un tema de total actualidade, os malos tratos psicolóxicos e físicos. A protagonista é Stella, unha muller casada cun home que quere volvela tola; esta situación muda cando recibe a visita do inspector Rof, quen, entre intrigas e suspenses, consigue salvala.

Autor: Patrick Hamilton.
Dirección: Matilde Blanco.
Interpretación: Matilde Blanco, Miguel Abalo, Diego Ameixeiras, Fely Manzano, Vanesa Mariño, Paco Navajas e Tucho Lagares.
Xénero: Drama/suspense.

Ver Outono Cultural de Arteixo.

Castiñeiras, Monti; Manuel San Martín e Ivana Heredia: *Borracheira de paixón*.

Peza escrita en clave de comedia e ambientada nun plató abandonado dunha canle de televisión, na que dous actores lembran o seu pasado de gloria como estrelas de culebrón de sona; a súa situación profesional tocou fondo, pero todo cambia cando descobren que se vai gravar un novo serial titulado 'Borracheira de Paixón'.

Dirección: Pilar Massa.
Interpretación: Manuel San Martín, Monti Castiñeiras e Ivana Heredia.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Compostela recibe unha 'Borracheira de Paixón', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 agosto 2004, p. 45.

Dáse conta da estrea da obra de teatro *Borracheira de paixón*, dirixida por Pilar Massa, no Teatro Principal de Santiago. A obra, que ten como protagonistas aos actores Monti Castiñeiras, Manuel San Martín e Ivana Heredia, é unha parodia das telenovelas. A obra está ambientada no estudo abandonado dunha canle de televisión na que dous actores lembran o seu pasado glorioso como estrelas dunha serie de sona.

- HV, 'Embriagados da escena', *Galicia Hoxe*, 'Arriba o telón', 3 setembro 2004, p. 4.

Dáse conta da estrea da obra teatral *Borracheira de paixón* no Teatro Principal de Santiago, interpretada por Manuel San Martín, Monti Castiñeiras e Ivana Heredia e dirixida por Pilar Massa. Coméntase que a obra é unha mestura de comedia e sátira onde os protagonistas están sós e arruinados tras o seu pasado de gloria no mundo do espectáculo. Ademais indícase que na presentación participaron Néstor Rego, Concelleiro de Cultura, e Patricia Maceira, directora de Obra Social de Caixa Galicia en Santiago de Compostela.

- C.B., 'Un doce regreso ás táboas', *Galicia Hoxe*, 'Entrevista', 5 setembro 2004, pp. 10-11.

Con motivo da estrea da obra *Borracheira de paixón*, realízase unha entrevista a un dos actores: Monti Castiñeiras quen comenta como xurdiu a idea de crear esta obra da que el e mais Manuel San Martín son os produtores. Indica que, tras a escolla da temática, contaron coa axuda de Xosé Morais para elaborar o guión e que a peza foi escrita, simultaneamente, en galego e castelán. Indica, finalmente, que a peza non recibiu ningunha subvención e fala da súa traxectoria profesional no teatro e no cinema.

- Inma López Silva, 'Tolos polo culebrón', *Tempos Novos*, nº 89, 'Libros', outubro 2004, p. 77.

Comeza esta crítica do espectáculo *Borracheira de paixón* reflexionando sobre a existencia doutros públicos para o teatro galego, como demostra esta obra, que encha salas e recupera un sector do público asiduo ao "teatro burgués" ou á "comedia de salón" á española. Sinala que *Borracheiras de paixón* ten graza, polo que ten bos resultados cun público que os entendidos cualificarían de pouco esixente, mais que os profanos con sentido común definirían como desexoso de diversión. Deste xeito Inma López pregúntase se son moito mellores a maior parte das obras galegas que por riba presentan os patios de butacas baleiros, e sinala que quizais sexa pedir demasiado que os espectáculos que enchen teatros sexan excelentes exercicios dramáticos na dirección e na interpretación, textos fascinantes e propostas escénicas arriscadas nun Estado no que predomina o 'telelixo' e no que se glorifica a mediocridade, situación que empeora no ámbito galego onde aínda se está á procura dun público tanto para o teatro bo como para o malo. A este respecto salienta que *Borracheira de paixón* soubo atopar un tipo de espectador non militante, un público que simplemente foi ao teatro unha vez e quizais queira repetir. No entanto, sinala que a obra

podería mellorar en certos aspectos, como a interpretación dos protagonistas, que Inma López cualifica de encorsetadas no esaxero e no xesto, e considera que a proposta escénica se debería achegar máis á naturalidade para contrarrestar coa artificiosidade do tema do culebrón no que se centra o espectáculo. Lembra que o teatro non é coreografía, malia seren os mellores momentos da obra os *gags* nos que os actores cantan e interpretan simpáticas escenas de culebrón. Detecta Inma López, así mesmo, erros nos movementos dos actores fóra dos espazos coreografados, algúns problemas de ritmo e interpretacións pouco críbeis. Con todo, sinala que se trata dunha obra divertida que fai pasar un bo momento aos espectadores. Finaliza a autora sinalando que moitos quixeran que, ser renunciar ao lecer, á risa e á evasión dun mundo hostil, o teatro lles achegase algo máis ca unha hora de diversión.

Centro Dramático Galego: *O ano do cometa*.

Espectáculo, co que o Centro Dramático Galego (CDG) leva aos escenarios galegos a famosa novela de Álvaro Cunqueiro, escrita orixinalmente en castelán e publicada na editorial Destino no ano 1975. O protagonista da peza é Paulos, quen gaña as oposicións para o posto de astrólogo onirista da cidade de Lucerna (Mondoñedo) e que a través dos seus oráculos descobre que un tirano oriental soña con conquistar toda as cidades con ponte, entre as que se atopa Lucerna. Por orde do concello da vila, Paulos emprende viaxes oníricas para recadar aliados e axudas; viaxa polos países soñados e atópase con heroes como Arturo de Bretaña, David de Xudeia ou Xulio César de Roma; todos se amosan dispostos á batalla final. O único vínculo que o mantén unido á realidade é coidado pola insomne María, que utiliza toda a forza do seu amor para evitar que o home se perda no remuíño dos soños, para sempre.

Autor: Álvaro Cunqueiro.
Versión, dramaturxia e dirección: Quico Cadaval.
Interpretación: Evaristo Calvo, Xan Casas, Xoán Cejudo, Fernando Dacosta, Susana Dans, Ursia Gago, Xosé Manuel Olveira 'Picó', Manuel Millán, Marcos Orsi, Patricia Vázquez e Marcos Viéitez.
Iluminación e escenografía: Baltasar Patiño.
Vestiario: Carlos Alonso.
Xastras: Concha Abad e Dolores Paz.
Composición musical: Bernardo Martínez.
Axundante de dirección: Daniel Salgado.
Meritoria de dirección: Carmen Vargas.
Auxiliar de produción: Xan Cordeiro Budiño.
Estudo crítico: César Morán.
Fotografía: Miguel A. Fernández.
Imaxe gráfica: Alberte Permuy.
Produción: Francisco Oti Ríos.

Ver Ciclo de Teatro Caixanova.

Referencias varias:

- Isabel Freire, 'Quico Cadaval: Contacontos e director de teatro', *Galicia Hoxe*, 'Un cuarto con vistas', 4 xaneiro 2004, p. 71.

Despois de referirse ao que para el significa o Nadal, céntrase na súa labor como profesor de teatro no programa Operación Triunfo portugués e defende o valor didáctico do mesmo. Adianta que vai dirixir no Centro Dramático Galego unha versión da novela *O ano da cometa* de Álvaro Cunqueiro. Finalmente, comenta que o seu traballo como contacontos lle reportou máis dunha viaxe.

- Eva González, 'El Centro Dramático Galego trae a Tui 'O ano do cometa', *Faro de Vigo*, 'Área Metropolitana/Baixo Miño', 17 xaneiro 2004, p. 17.

Sinálase que a vila de Tui vén de presentar a súa programación cultural para os vindeiros meses. Entre as actividades previstas citouse a festividade do Entroido, a Feira de Artesanía, a Feira do Libro Galego, un concerto de música clásica, animación polas rúas e a representación de distintas pezas de teatro: *O ano do cometa,* do Centro Dramático Galego, dirixida por Quico Cadaval e na que se fai unha adaptación dunha novela de Álvaro Cunqueiro; *Pallasos,* da compañía Uvegá Teatro; e a actuación de Santi Prego co *Monólogo do imbécil,* que conseguiu o Premio Max 2003 ao Mellor Texto en Lingua Galega.

- Jaureguizar, 'Operaçao Triunfo' galega', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 25 xaneiro 2004, p. 91.

Faise unha reflexión sobre a importancia que ten que os galegos poidan abrir os seus horizontes cara Portugal e, tamén, da importancia de que este país se dea conta da existencia de grandes talentos galegos; como mostra, sinala que Quico Cadaval vén de chegar da súa aventura portuguesa en Operaçao Triunfo, onde estivo traballando como profesor. Sinala que agora está traballando na preparación da obra *O ano do cometa* que dirixe para o Centro Dramático Galego. O autor deste artigo quere destacar, ao mesmo tempo, o incremento de publicacións en Portugal de varios escritores galegos a cargo da editorial Deriva.

- MARÉ, 'O soño de ser nós mesmos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 marzo 2004, p. 51.

Faise eco da estrea de *O ano do cometa*, obra que dirixe Quico Cadaval para o Centro Dramático Galego (CDG). O texto é una adaptación dunha novela de Álvaro Cunqueiro que leva o mesmo nome que a obra. O propio Cadaval afirma que escolleu este libro porque considera que é a novela-testamento do autor xa que supón o final dun ciclo, pois é a última que escribiu antes de morrer. Na peza teatral hai lealdade ao texto orixinal, respectando a fragmentaridade dos episodios, a falta de coherencia narrativa e o exceso de

imaxes. Tamén están presentes o surrealismo, o ultraísmo, a poesía medievalista, a materia da Bretaña e até o conto popular. É unha obra na que Cunqueiro e Cadaval se fusionan tan ben, que non permiten coñecer se ese reinventarse soñando, ese escapar do mundo, fuxir da realidade, o viaxar nun tempo perdido, o falar do nós mesmos é unha achega dun ou do outro.

- P.A.M., 'O ano do cometa' represéntase por primeira vez o día 19', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 marzo 2004, p. 51.

Dáse conta da conferencia impartida por Quico Cadaval para uns estudantes compostelanos sobre o seu traballo na peza teatral *O ano do cometa*, na que se adapta unha obra de Álvaro Cunqueiro e que dirixe para o Centro Dramático Galego (CDG). Contoulles a dificultade que supón adaptar unha novela para o teatro, tamén lles amosou algúns elementos de *atrezzo* de grande importancia na montaxe, xa que axudan a mostrar o imaxinario da obra de Cunqueiro. Por último, sinala que neste espectáculo aparecerán sobre o escenario dez actores e algúns músicos que interpretarán en directo.

- Carmen Villar, 'Un cometa sobre o espacio teatral galego', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 19 marzo 2004, p. 45.

Coméntase que co gallo do Xacobeo 2004 o CDG estrea *O ano do cometa*, unha versión dunha novela de Álvaro Cunqueiro dirixida por Quico Cadaval, tal e como ocorrera no ano 1999 coa representación de *Se o vello Sinbad volvese ás illas*. Preténdese trasladar o mundo onírico, a mestura de fantasía e realidade, o grotesco, tipicamente cunqueirianos, a un texto e a un escenario, labor non doado segundo afirma o propio director da peza. A historia que se conta é a dun rapaz que se "ofrece como soñador e astrólogo municipal para pedir a man da súa namorada".

- MARÉ, 'Unha viaxe sen retorno', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 marzo 2004, p. 48.

Dáse conta da estrea no Salón Teatro de Compostela da peza *O ano do cometa*, dirixida por Quico Cadaval para o Centro Dramático Galego (CDG). El mesmo foi quen versionou e adaptou a obra dunha novela en castelán de Álvaro Cunqueiro, traballo que lle resultou difícil debido á cantidade de lugares, planos narrativos, figuras episódicas, tramas non acabadas... que aparecen no libro. O director do CDG, Manuel Guede Oliva, cualifica esta montaxe como unha "función extraña e difícil" tal vez pola dificultade para diferenciar o que é soño do que é realidade. A historia ten como protagonista a un rapaz que regresa á súa vila natal e que, despois de estudar no estranxeiro, pretende atopar nalgún sitio os arquetipos épicos, que non están. Será por isto polo que se converte en soñador e astrólogo municipal.

- C. Bilbao, 'Quico Cadaval enche a escena con toda a maxia de Cunqueiro', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 21 marzo 2004, p. 1.

Dáse conta da posta en escena no Salón Teatro de Compostela da obra *O ano do cometa* dirixida por Quico Cadaval para o Centro Dramático Galego (CDG). Sinala que é unha recreación do mundo mítico e onírico de Álvaro Cunqueiro, que aparece na novela escrita en castelán *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes.* Cadaval escolleu esta obra porque considera que é a súa novela-testamento, xa que nela se mestura a melancolía, o humor, a compaixón e o humanismo tan identificadores de numerosos libros cunqueirianos. Sobre o escenario preséntase a historia de Paulos, astrólogo e soñador municipal, que levará a cabo unha serie de viaxes oníricas na procura de aliados que salven a súa cidade dun perigo. Nesta viaxe encontrarase con múltiples e variados personaxes; a súa prometida María será a única cousa que o ate á realidade.

- Carme Vidal, 'Quico Cadaval: 'O teatro non pode despediciar a Cunqueiro', *A Nosa Terra*, nº 1.122, 'Cultura', 25 marzo 2004, p. 29.

Nesta entrevista Quico Cadaval fala do seu novo proxecto xunto co Centro Dramático Galego (CDG), que consiste na dirección da obra *O ano do cometa*, que é unha adaptación dunha novela de Álvaro Cunqueiro. Conta que o que pretende é reivindicar a figura deste escritor, para el un dos mellores da literatura galega, denostado por algúns, aos que critica duramente. Comenta, ao mesmo tempo, que versionar a Cunqueiro, trasladar unha novela para o teatro, foi unha tarefa difícil pero que axudou moito a conciencia teatral do autor; pois, segundo sinala, os personaxes sábense personaxes, fan posta en escena, comentan o vestiario, etc. Explica que neste proxecto gozou dunha total liberdade, pois el mesmo escolleu a obra que ía dirixir, así como o equipo técnico e artístico. Sinala que espera unha boa acollida do público, cousa que lle preocupa especialmente xa que "se non hai ninguén para escoitarte pouco importa o interese que teña o teu discurso". Xa no final da entrevista fai unha valoración positiva do seu paso polo programa Operación Triunfo da televisión portuguesa, reflexiona sobre a situación dos actores galegos que teñen que botar man de papeis en series de televisión para darse a coñecer e da comunicación profesional existente entre Galicia e Portugal.

- Lupe Gómez, 'O ano do cometa', unha obra bonita, que nos fai soñar', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 28 marzo 2004, p. 5.

Dá a súa visión da posta en escena da obra que dirixe Quico Cadaval, *O ano do cometa,* versionando ao escritor mindoniense Álvaro Cunqueiro. Comenta que é un bonito exercicio teatral, moi visual, que fai soñar todo o tempo ao espectador, aínda que, por veces, falte empatía co mesmo. Tamén pensa que debería ser unha peza con máis maxia, máis vida. Pero, en xeral, cualificaa como unha boa obra, onde se reflicte un grande traballo, moi coidado e con moita vontade. Destaca a interpretación dos actores, sobre todo do seu protagonista, Fernando Dacosta. Así mesmo, fala das numerosas e variadas historias (amor, viaxes, fantásticas) que se ven sobre o escenario, todas elas cargadas dun forte simbolismo.

- Conchi Bilbao, 'Pico', o afinador de actores', *Galicia Hoxe*, 'Entrevista', 4 abril 2004, p. 12.

Faise unha entrevista a Xosé Manuel Oliveira *Pico* actor do reparto de *O ano do cometa* que dirixe, por encargo do Centro Dramático Galego (CDG), Quico Cadaval. Esta é a cuarta montaxe que a compañía do IGAEM fai dun texto do escritor mindoniense Álvaro Cunqueiro. O entrevistado, que deu o salto ao teatro profesional da man desta compañía, di que tivo sorte de poder compaxinar esta función co papel de avogado que desenvolve na serie televisiva *Pratos combinados*, tarefas nada fáciles de combinar. Comenta que o labor de versionar a Cunqueiro non é un traballo doado, pero que Cadaval o fixo dunha maneira fantástica. Conta que case todos os actores da obra interpretan a máis dun personaxe, o que non lles permite descansar nada. *Pico* sinala que a xira só vai durar tres meses porque, tal e como está o panorama galego, non se pode aspirar a máis; quéixase de que non existen espazos suficientes para levar este tipo de espectáculos grandes. Outro aspecto que se resalta na entrevista é o das escasas axudas que o teatro galego percibe; aínda que o actor recoñece que a situación mellorou nos últimos tempos, pensa que queda moito por facer, xa que existen moitas compañías e poucos cartos, polo que a situación é precaria. Ao final tamén se analiza a situación dos actores que, moitas veces, teñen que botar man de papeis en series televisivas para a súa estabilidade económica. Recoñece, finalmente, que actuar en televisión ten de positivo o recoñecemento do público, pero de negativo que che encadren sempre no mesmo papel.

- MARÉ, 'O 'Ano do Cometa' chega a Vigo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 abril 2004, p. 52.

Resáltase a chegada a Vigo de *O ano do cometa,* unha obra de Álvaro Cunqueiro dirixida por Quico Cadaval para o Centro Dramático Galego (CDG). O artigo destaca que é a cuarta vez que a compañía pública leva unha obra deste escritor aos escenarios. Explícase que non se pretende facer unha copia e tradución do texto orixinal (a novela foi escrita en castelán polo autor), senón unha peza inspirada en fragmentos do romance. Sinálase que se escolleu este libro porque é o que recolle gran parte os tópicos que aparecen reflectidos ao longo de toda a obra do mindoniense, por explo a melancolía, o humor, a compaixón e o humanismo, referencias identificatorias das creacións de Cunqueiro. Defínese a obra escollida como a novela-testamento xa que con ela se pecha un ciclo onde se xuntan os mundos oníricos de novelas anteriores. Finalmente, dáse conta do complicado labor de adaptar esta novela para o teatro, a pesar da teatralidade presente nas obras de Cunqueiro.

- José Carlos Bastos, 'La ciudad triplicará en tres años su número de centros comerciales', *El Correo Gallego*, 'Vigo', 9 abril 2004, p. 19.

Infórmase de que o centro cultural Caixanova de Vigo acollerá o espectáculo *O ano do cometa,* baseado nunha novela de Cunqueiro, que o Centro Dramático Galego pasea por varios escenarios galegos. Quico Cadaval, director da montaxe, asegura que a escolla deste texto se fixo porque resume toda a obra do autor e considera que esta creación do mindoniense é a súa novela-testamento, pois nela se mesturan os temas máis recorrentes do escritor.

- D.D.G., 'Os soños máxicos', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 9 abril 2004, p. 3.

Infórmase de que só resta unha semana para ver no Salón Teatro de Compostela a obra dirixida por Quico Cadaval *O ano do cometa*, versión da novela *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes* do escritor Álvaro Cunqueiro. Indícase que neste libro aparecen reflectidos o surrealismo, o ultraísmo, a materia da Bretaña, a poesía medievalista, o conto popular e a concepción operística do mundo de todos os seus soñadores e explícase o argumento da peza teatral que narra a historia de Paulos, un home que se introducirá no mundo onírico para salvar a súa vila dun tirano oriental; nesta viaxe polo mundo dos soños coñecerá a diferentes personaxes. Explícase, finalmente, que o único que o devolve á realidade é a figura de María, que empregará a forza do seu amor para que o protagonista non quede para sempre no abismo dos soños.

- I.M., 'De 'Woyzeck a la Escuela de Arte Dramático', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 11 abril 2004, p. 15.

Infórmase de que Vigo foi elixida sede da Escola Superior de Arte Dramática. Lémbrase que a cidade contribuíu de maneira moi significativa á creación do Centro Dramático Galego e á formación do seu primeiro elenco, que puxo en escena a versión que Manuel Lourenzo fixo do Woyzeck, de Büchner, pero foi Santiago a cidade na que o Centro Dramático se estabeleceu converténdose así na capital da escena. Considérase que vinte anos despois, Vigo recupera un certo papel para o futuro: en dous anos será a sede da Escola Superior de Arte Dramática. Tamén se anuncia que o Centro Dramático Galego pon en escena o texto de Álvaro Cunqueiro *O Ano do Cometa*, baixo a dirección de Quico Cadaval. Explícase que esta é a cuarta obra de Cunqueiro representada polo Centro Dramático Galego, logo de *Se o vello Simbad volvese ás illas*, *A noite vai coma un río* e *O incerto señor don Hamlet*.

- I.M., 'Unha ollada de afecto sobre Cunqueiro', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 14 abril 2004, p. 14.

Dáse conta da estrea en Vigo, no Teatro Caixanova, de *O ano do cometa*, a última montaxe do Centro Dramático Galego sobre unha novela de Álvaro Cunqueiro. A versión, dramaturxia e dirección corren a cargo de Quico Cadaval, un namorado do autor. Sinala que tanto o novelista como o dramaturgo se fusionan, á perfección, para mostrar un universo ateigado de referencias cruzadas e tamén dislocadas, de variadas figuras, nunha lograda e boa creación. Teñen relevancia no espectáculo a iluminación e mesmo os obxectos da escenografía que se moven e contan historias como os diferentes e numerosos personaxes que se presentan sobre o escenario.

- Damián Villalaín, 'O ano do cometa', *Faro de Vigo*, 'Letras libres', 17 abril 2004, p. 24.

Considera que a montaxe que o CDG acaba de estrear, *O ano do cometa*, é unha 'seductora adaptación' que Quico Cadaval fixo da obra de Álvaro Cunqueiro, na que aparece unha síntese de todos os mundos cunqueirianos. Sinala que Cadaval traslada todo isto ao escenario e crea un soño cheo de referencias a Shakespeare, á traxedia grega, ao ciclo artúrico; un soño que por momentos se converte en grotesco. Destácase a magnífica escenografía e iluminación, o vestiario, os músicos e a interpretación dun gran elenco de actores. Xa por último, péchase o artigo comentando que esta é a mellor homenaxe que se lle pode facer a Cunqueiro, feito que os espectadores entenderon, premiando á obra con "intensos, sentidos e prolongados aplausos".

- Alfredo Conde, 'Don Álvaro Cunqueiro', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 17 abril 2004, p. 4.

Eloxia a figura do escritor Álvaro Cunqueiro e critica aos galegos que non saben valoralo, acusándoos por tratalo dunha maneira inxusta. Destaca, así mesmo, a representación teatral *O ano do cometa*, na que Quico Cadaval fai unha versión da novela de Cunqueiro. Considera que nesta peza existe unha simbiose total entre o escritor e o dramaturgo, que ten un resultado marabilloso no escenario. Finalmente, sinala que esta obra é a mellor homenaxe que se lle pode, e debe, facer a Cunqueiro.

- Alfredo Conde, 'Perfecta simbiose', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 30 abril 2004, p. 4.

Continúa neste artigo, como xa fixera nun anterior, opinando sobre a figura de Cunqueiro, que eloxia, e sobre a representación que da súa novela *O ano do cometa* fai Quico Cadaval. Con respecto a esta di que é unha montaxe excepcional, onde Cunqueiro e Cadaval se converten nun só, pois existe unha "perfecta simbiose" entre ambos. Pensa que a posta en escena se lle presenta ao espectador como brillante e perfecta. Remata valorando moi positivamente a transformación que se fai da novela deste escritor até convertela nunha obra de teatro.

- Sonia Torre, 'Cadaval revisa 'O ano do cometa', *La Región*, 'Teatro', 18 maio 2004, p. 59.

Informa sobre a peza teatral *O ano do cometa* que presenta o Centro Dramático Galego baixo a dirección de Quico Cadaval. Sinala que é unha versión da novela de Cunqueiro que se titula *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes* do 1974 e resúmea como a loita do soño e da realidade. O protagonista aparece entre un mundo e o outro, cunha muller que espera por el; son personaxes míticos desmitificados, tipicamente cunqueirianos. Indica, finalmente, que é unha obra que acadou excelentes críticas, moitas delas grazas á magnífica iluminación e escenografía, e ao, ben escollido, reparto de actores.

- Suso Varela, 'O Centro Dramático representa o derradeiro soño de Cunqueiro', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 10 xuño 2004, p. L12.

Achégase información sobre a representación de *O ano da cometa*, por parte do Centro Dramático Galego, que quixo rematar na cidade lucense -pola relación desta cidade co poeta Álvaro Cunqueiro- con esta última posta en escena unha xira que durou máis de tres meses. Dise que a obra está baseada na novela testamento do autor mindoniense, publicada en 1974 en castelán co título de *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes* e que a adaptación ao teatro correu a cargo de Quico Cadaval. O xornalista fai un resumo do argumento da novela e recolle as palabras de Guede a propósito da aceptación que a obra tivo en todas as súas representacións.

Chévere Teatro: *Radio Universo*.

Ver Vº Festival Alternativo de Teatro, Música e Danza de Compostela 'Alternativa 2004'.
Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.

Chévere Teatro: *O navegante*.

Ver Vº Festival Alternativo de Teatro, Música e Danza de Compostela 'Alternativa 2004'

Dous son compañía: *As cincentas desclowntroladas*.

Adaptación que Dous son Compañía, subgrupo de teatro da compañía Os Sete Magníficos máis Un, fan popular do conto 'A cincenta', no que non falta ningún dos personaxes do conto tradicional, aínda que as situacións non son precisamente as tradicionais.

Autor: Iván Prado.
Dirección: Iván Prado, Jöns Pappila e Pablo Múñoz.
Interpretación: Isabel Martínez-Risco e Marián Bañobre.
Xénero: Clown.

Ver Iº Festival Internacional de Teatro Cómico Manicómicos.

Espello Cóncavo: *Os mutantes metálicos atacan*.

Obra cuxo argumento xira en torno a dous mozos que se atopan nun mal momento, sen fogar, sen estudos, sen diñeiro e sen amigos, e que deciden converterse en heroes do 'heavy metal'.

Autor: Denís López.
Dirección: Arturo López.
Interpretación: Fernando Moreira e Denís López.
Música: Fernando Moreira.

Vestiario: Marita Martínez.
Atrezzo/máscaras: Rodrigo Roel.
Deseño Gráfico: Adrián Herrero.
Xénero: Comedia musical.

Referencias varias:

- M.B., 'Espello Cóncavo reabre la sala Nasa con una comedia musical gamberra', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 22 xaneiro 2004, p. L8.

Sinálase o carácter pouco ortodoxo da comedia e as súas influencias e principais contidos. Resúmese o argumento da obra e recóllense as palabras dun dos seus protagonistas, Fernando Moreira.

- MARÉ, 'Mutantes metálicos estrean 'Atacan!!' na Nasa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 xaneiro 2004, p. 48.

Recóllese a noticia da presentación da obra na Sala Nasa, as súas características e principais actores, director e creadores do vestiario ou do deseño gráfico.

- S.A., 'Los niños asistirán a talleres de cómic y lectura durante la IV Semana do Libro', *La Opinión*, 'Cambre/Culleredo', 20 abril 2004, p. 12.

Repaso ao programa da IV Semana do Libro de Culleredo, no que se prevé un encontro dos socios dos clubs de lectura de todo o concello, conferencias, debates e talleres infantís de cómic, así como sesións de contacontos e talleres de animación á lectura. Remátase adiantando que a clausura destas actividades organizadas nas diferentes bibliotecas do concello coruñés correrá a cargo de Xabier P. Docampo cunha conferencia sobre a importancia da lectura na educación e a representación que Espello Cóncavo fará de *Os mutantes metálicos atacan*.

Fulano, Mengano e Citano: *¡Shssss... Calma!*.

Obra que reflicte as reaccións de todo o país polo adiamento da inauguración do Xacobeo e mais as consecuencias deste feito.

Autores: M. Botana, M. Pombal e X.M. Conde.
Dirección: Manuel Pombal.
Interpretación: Manuel Pombal, Manuel Botana e Xosé M. Conde.
Xénero: Comedia.

Ver IIIº Festival Teatrarte de Redondela.
Ver XXIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo (Cangas).

Ver Ciclo de Teatro Vigo a escena.
Ver XVIIª Noites Teatrais do Pazo de Vilamarín.
Ver Outono Teatral do Carballiño.
Ver Venres de Teatro de Salceda de Caselas.

Referencias varias:

- E.G., 'Fulano, Mengano e Citano' estrenan obra en Salceda', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño/Área Metropolitana', 8 abril 2004, p. 14.

Anúnciase a estrea da obra chea de humor e inxenio *¡Shsss Calma!* que o grupo teatral Fulano, Mengano e Citano protagoniza no Auditorio Municipal Salceda.

- A. Mauleón, 'Fulano, Mengano y Citano ironizan sobre el Xacobeo en su nueva obra', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 29 setembro 2004, p. 43.

Anúnciase a representación da comedia *¡Shsss Calma!* que o grupo teatral Fulano, Mengano e Citano representa no auditorio do Centro Cultural Caixanova. Fálase do argumento, unha viaxe imaxinaria a Santiago de Compostela onde o Xacobeo está a piques de comenzar; e sobre todo, no obxectivo, a crítica, elegante, de bo gusto, "dos de arriba, das grandes decisións políticas e relixiosas"; o guión, a dramaturxia e a dirección corresponden a Pombal, M. Botana e XM Conde cuxos textos recollen de feitos ou declaracións reais.

Instituto Lucense de Expresión e Arte: *O sentir do camiño*.

Espectáculo multidisciplinar no que, a través do teatro, da música, da danza e da poesía, se pretende identificar á xente co Xacobeo. O fío condutor da peza é un neno que encontra o diario dun peregrino, grazas ao cal percorre un camiño xeográfico que vai do Cebreiro a Compostela e un camiño interior, no que experimenta a soidade, o amor, o fasquío, etc.

Autor: Instituto Lucense de Expresión e Arte (ILEA).
Dirección: Teresa Iglesias.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Unha montaxe fixa en Lalín o 'Kilómetro 0', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 maio 2004, p. 52.

Dá conta da presentación deste espectáculo, que tivo lugar en Madrid e ao que asistiron o presidente da Deputación de Lugo e a directora do ILEA; explica o argumento da montaxe e sinala que o seu obxectivo é sintetizar o presente, pasado e futuro do Camiño de Santiago.

Lagarta lagarta: *Fobias (Unha estraña noite na casa de Luís Mendía).*

Peza na que catro mulleres, todas elas pacientes e amantes do psiquiatra Luís Mendía, son invitadas por este para cear na súa casa. Ao chegar descobren ás demais invitadas e a desaparición do médico; no seu lugar hai unha carta na que lles propón unha serie de xogos coa finalidade de curar, definitivamente, as súas fobias. As mulleres xogan até que aparece un cadáver; no desenlace da obra, inesperado, enténdese a trama argumental.

Autor: José Luís Prieto.
Dirección: Lino Braxe.
Interpretación: Flor Maceiras, Iolanda Muíños, Rosa Álvarez e Belén Constenla.
Iluminación: Miguel Soto.
Vestiario: Paco Conesa.
Escenografía: Paco Conesa.
Xénero: Comedia.

Ver XIIIº Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo (FIOT 04).
Ver IIIº Festival Teatrarte de Redondela.
Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver IVª Mostra de Teatro de Gondomar 'Roberto Vidal Bolaño'.
Ver Xoves Teatrais de Ferrol 2004.
Ver XVIIª Noites Teatrais do Pazo de Vilamarín.
Ver XIVº Circuítos Teatrais de Moaña.
Ver Sábados Teatrais de Narón.
Ver Ciclo de Teatro Caixanova.
Ver XXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

Referencias varias:

- X.T., 'Para mí es una gran suerte poder dedicarme en exclusiva al teatro', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 3 xaneiro 2004, p. 25.

Entrevista a José Luís Prieto (Narón, 1968), a quen se lle outorgou o Premio Max de Teatro 2003 como mellor autor en lingua galega promovido pola Sociedad General de Autores de España. Entre outros datos indica que a súa próxima estrea será a de *Fobias*, unha obra de suspense que levará aos escenarios o grupo Lagarta Lagarta, de Ernesto Chao no auditorio de Narón. Tamén sinala quen esa vila traballa de monitor da Escola Municipal de Teatro.

- Rocío Pita Parada, 'Fobias' ten contratadas máis de vinte funcións antes da estrea', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 22 xaneiro 2004, p. 19.

Comeza indicando que a peza que se vai estrear ten como ingredientes o suspense, a comedia negra e a intriga. Logo comenta o argumento do que afirma que está escrito "ó máis puro estilo do cine negro". A seguir salientase o feito de que é a primeira montaxe coproducida por un concello de Galicia. Logo indica que, grazas en gran medida a fama das protagonistas, a obra ten xa vintedúas funcións contratadas. Afirma tamén que a montaxe é

unha homenaxe a José Ernesto Díaz Noriega, pai do cine galego, por iso todo é en branco e negro. Conclúe informando do elenco de persoas que traballaron e dos horarios e prezos das representacións que terán lugar.

- Susana Pérez, 'Teatro en blanco y negro', *La Opinión*, 'Narón', 22 xaneiro 2004, p. 25.

Informa da presentación oficial de *Fobias*, producida pola compañía Lagarta-Lagarta, no auditorio municipal de Narón. Anuncia que a presentación ao público terá lugar dentro dos Sábados Teatrais. Logo comenta os aspectos técnicos onde se destaca o feito de que é a primeira vez que un concello galego copatrocina un obra de teatro. A seguir recolle as palabras do director da peza, Lino Braxe, nas que, ademais de eloxiar ao produtor e ao reparto, di que a representación é "unha homenaxe ao cine de xénero, pero en branco e negro" e tamén a José Ernesto Díaz, pai do cine galego. Tamén salienta o feito de que xa antes da estrea ao público a compañía teña xa contratadas vintedúas funcións.

- Susana Pérez, 'Narón ten que medrar tamén en cultura', *La Opinión*, 'Narón', 25 xaneiro 2004, p. 22.

Entrevista a Ana Muñiz Fontán, Concelleira de Cultura do Concello de Narón onde, entre outros datos, se anuncia a estrea da coprodución *Fobias*. A concelleira tamén agradece a Elvira Fontán, súa nai, e a José Manuel Blanco a gran labor que realizaron apostando no seu momento polo teatro.

- Nicolás Navaza, 'Curando as fobias', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 30 xaneiro 2004, p. 3.

Anuncia a posta en escena pola compañía teatral Lagarta Lagarta S. L. do espectáculo *Fobias unha estraña noite na casa de Luís Mendía*. Achega os datos técnicos e destaca o feito de que catro das actrices que participan na representación, Rosa Álvarez, Belén Constenla, Iolanda Muíños e Flor Maceiras, posúen, ademais de diversos galardóns, unha ampla traxectoria dentro do mundo estenográfico xa que traballaron, por exemplo, en series como *Rías Baixas* ou *Periodistas*. A seguir comenta o argumento e o espazo da peza teatral. Conclúe achegando unhas notas sobre a propia compañía.

- Sonia Torre, 'Fobias' en clave de humor y misterio', *La Región*, 'Teatro', 30 xaneiro 2004, p. 67.

Comeza achegando os datos técnicos xa comentados anteriormente e sinala que a obra escribiuse pensando xa nas catro actrices protagonistas. Recolle as palabras de Ernesto Chao nas que sinala, referíndose a trama da obra, que é unha especie de comedia de suspense pero con humor. Salientase o feito de que enriba do escenario non haberá colorido ningún. Comentase tamén a banda sonora, da autoría de Rubén García. Conclúe destacando a participación de catro ourensáns na obra.

- Sonia Torre, 'Hay actores vetados en televisión', *La Región*, 'Cultura', 31 xaneiro 2004, p. 67.

Co gallo da última actuación de Belén Constenla, en *Fobias*, onde o personaxe que interpreta foi escrito a propósito para ela. Sonia Torre repasa brevemente a súa traxectoria profesional e a seguir entrevístaa. A actriz dá a súa opinión sobre o que prexudica ou beneficia o traballo en televisión a unha actriz, sobre o Centro Dramático Galego, sobre as represalias contra determinados actores, que se produciron debido a determinadas reivindicacións, e sobre as mostras de teatro. Conclúe afirmando que o futuro do teatro está na busca de novas alternativas para sorprender a un espectador que, cada vez máis, está acostumado a estética da televisión e do cine.

- Víctor Furelos, 'Época de celebraciones con el botelo en O Barco y el domingo fareleiro de Xinzo', 'Ourense', 1 febreiro 2004, p. 28.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, comenta no subapartado titulado "Última función de *Fobias* en el Principal" precisamente ese feito e ademais salienta o papel de Flor Maceiras, Iolanda Muíños, Belén Constela e Rosa Álvarez. Tamén sinala que esta última, xunto con Ernesto Chao (Miro Pereira na serie televisiva *Pratos combinados*) son os encargados da produción.

- I.M., 'Lagarta Lagarta reunirá en Caixanova a cuatro mujeres a solas con sus 'Fobias', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 11 febreiro 2004, p. 17.

Dá conta da próxima representación de *Fobias* no auditorio do Centro Cultural Caixanova en Vigo, logo de que se estreara en Narón e se representara tamén en Noia, Lalín e Ourense. Defínea como "íntima, divertida e especial velada de despedida" ao estilo de *Mulleres en Venecia* de Mankiewicz. Menciona o argumento e describe brevemente a compañía Lagarta Lagarta, promotora da obra, destacando o feito de que en cada un dos proxectos, adaptándose a montaxe crea un elenco diferente de actores.

- C. Pancorbo, 'El teatro y el cine negro de 'Fobias' se dan cita en el Rosalía de Castro', *La Opinión*, 'Cultura', 19 marzo 2004, p. 70.

Anúnciase que a compañía Lagarta Lagarta estrea *Fobias (unha estraña noite na casa de Luís Mendía)* no teatro Rosalía de Castro. Indícase que é "unha comedia en clave de suspense que rende homenaxe ao cine negro" de mediados do século XX. Logo de comentar a escenografía, inclúe as palabras do produtor e das actrices nas que mencionan diferentes aspectos da peza.

- J.A. Martínez Sevilla, 'Psiquiatría teatral', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 23 marzo 2004, p. 15.

Dá conta da estrea, no teatro Rosalía, de *Fobias*, de José Luís Prieto, pola compañía Lagarta, Lagarta. A obra é un espectáculo de suspense, sorpresa e xogos escénicos dotados dun "humor negro, corrosivo, delicado e incisivo". Comenta o argumento e loa o traballo de todos os participantes na peza teatral.

- Patricia Pérez, 'Lino Braxe, escritor: 'Me considero comprometido con lo social de ésta y otras culturas', *El Ideal Gallego*, 'La entrevista', 11 abril 2004, p. 9.

Entrevista ao escritor director teatral Lino Braxe, que na actualidade dirixe *Fobias*. O entrevistado defínese a si mesmo e di que é un poeta comprometido co social, que lle gusta poñerlle música ao que fai e que non se interesa demasiado polos premios que lle conceden.

- LR, 'La obra 'Fobias' abre un ciclo de sesiones teatrales organizado por el Área de Cultura', *La Región*, 'Carballiño', 29 abril 2004, p. 15.

Anúnciase que, coa posta en escena pola compañía "Lagarta, Lagarta, SL" de *Fobias* de José Luís Prieto, comeza un ciclo teatral organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Carballiño.

- S.C., 'Las 'Fobias' de Ernesto Chao y Rosa Álvarez desembarcan en el Principal', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 28 xuño 2004, p. 21.

Dá conta da posta en escena no teatro Principal en Santiago de *Fobias, unha estraña noite na casa de Luís Mendía* pola compañía Lagarta Lagarta salientando o gran éxito que tivo noutros lugares de Galicia. A seguir comenta o argumento e os aspectos técnicos e conclúe falando da compañía que Lagarta Lagarta, que ten como principal obxectivo levar a cabo diferentes proxectos que por diversas circunstancias nunca se puideron efectuar.

- Ana Iglesias, 'Cuatro actrices descubren sus 'Fobias' en el Teatro Principal', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 29 xuño 2004, p. 33.

Comeza falando do tema de *Fobias*, catro mulleres reunidas nunha cea íntima que teñen que seguir ao pé da letra as instrucións do seu psiquiatra e amante para curar. Comenta logo todo o reparto e logo indica que é "unha obra para ver e desfrutar". A seguir fala de outros actos culturais que non teñen que ver coa literatura.

- Lupe Gómez, 'Fobias, interesante obra sobre o orgullo e a dignidade de ser muller', *El Correo Gallego*, 'Teatro', 4 xullo 2004, p. 5.

En primeiro lugar sinala que *Fobias* é unha obra "sobre as fobias das mulleres, sobre o desamor, sobre a parte traxicómica das nosas vidas". Indica que é unha mestura de humor

negro con poesía, filosofía e cunha visión cómica da psicoloxía e da psiquiatría e que afonda no nihilismo. Loa a actuación das catro mulleres protagonistas.

- Inma López Silva, 'Lagartas con fobia', *Tempos Novos*, nº 88, 'Voces e culturas. Teatro', setembro 2004, p. 77.

Faise eco da posta en escena do texto de José Luís Prieto *Fobias. Unha estraña noite na casa de Luís Mendía*, pola compañía Lagarta Lagarta, baixo a dirección de Lino Braxe. Enmarca a obra dentro do teatro burgués, da comedia de situación, e sinala que nela domina o xénero de enredo con toques do policial. Apunta que, en ocasión, sobra escenografía e falta tensión teatral, debido a que a opción escénica provoca que se prevexa o que vai ocorrer. Destaca a actuación de Rosa Álvarez.

- Belén López, '¿En cuántas obras se barnizan las vallas?', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 30 setembro 2004, p. 77.

Entre outras novas, dáse conta da representación levada a cabo pola compañía Lagarta, lagarta da súa obra *Fobias*, o día 18 de decembro.

- C.B., 'La capital del Sar dedica este mes a la figura de Maruxa Villanueva', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 3 novembro 2004, p. 38.

Dá conta das actividades culturais organizadas polo Concello de Padrón que teñen como obxectivo homenaxear a Maruxa Villanueva e promover o teatro. Consisten na posta en cartel gratuitamente de catro pezas teatrais: *O atraco ó banco* polo grupo Falcatrúa, *Tócama Sam* por Teatro Badius, *Mariñeiro en Terra* por Teatro Luzada e, finalmente, *Fobias* polo grupo de teatro Lagarta&Lagarta. Conclúe anunciando que proximamente se dará a coñecer o actor ou actriz a quen se lle outorga o Premio de Teatro Maruxa Villanueva.

- A.G., 'Gondomar acoge unha obra teatral programada por Concello y Caixanova', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana/Val Miñor', 18 novembro 2004, p. 24.

Dá conta da posta escena pola compañía "Lagarta, Lagarta" da obra *Fobias (Unha extraña noite na casa de Luís Mendía)* dirixida por Lino Braxe. A seguir fala do argumento e finaliza mencionando que en Gondomar tamén está tendo lugar a Mostra de Teatro "Roberto Vidal Bolaño".

María A Parva: *Indignos*.

Espectáculo no que distintos personaxes falan, dialogan e discuten sobre a falsidade existente no mundo, en xeral, e no mundo artístico, en particular; centrándose no importante papel que a arte ten neste mundo de falsidade e aparencias.

Autor: Juanito Lema.
Dirección: Gena Baamonde.
Interpretación: Javier M. Oro, Roberto Leal e Gena Baamonde.
Xénero: Agri-doce.

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Chega á Galán 'Indignos' na non aceptación da morte', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 abril 2004, p. 48.

Comeza indicando a trama da obra *Indignos*: un grupo de hipócritas encerrados que falan e discuten sobre a imposibilidade da arte perfecta, dunha vida perfecta con desexos perfectos. A continuación fala da traxectoria de Gena Baamonde e da propia súa compañía, María a Parva.

- Ana Iglesias, 'La presencia de las tecnologías en la cultura contemporánez', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 9 abril 2004, p. 29.

Entre outros aspectos relacionados coa cultura, informa da posta en escena de *Indignos* pola compañía de teatro María a Parva, baixo a dirección de Gena Baamonde, que tamén é unha das protagonistas da representación.

- M.B., 'María A Parva lanza una mirada irónica sobre el mundo del arte', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 15 abril 2004, p. L9.

Dá conta da estrea na sala Galán, en Santiago de Compostela, de *Indignos* pola compañía María a Parva. Dise que a obra é unha mirada irónica sobre o mundo da arte e informa de todos os que participan na montaxe.

- Lupe Gómez, 'Indignos', unha obra serena, divertida e tamén liberadora', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 25 abril 2004, p. 5.

Lupe Gómez expón a súa opinión da última obra levada a escena pola compañía María a Parva, *Indignos*, "unha obra centrada na palabra, cunha maneira antiga de contar", sinala que é unha obra orixinal, ilusionista e divertida na que hai moita reflexión. Ademais tamén loa o traballo da escenografía, os actores, a música e a iluminación.

Matarile Teatro: *Historia Natural (eloxio do entusiasmo)*.

Espectáculo que reúne teatro, danza e música en directo, integrado por un elenco de doce actores, músicos e bailaríns que describen unha 'historia natural' facendo fincapé no entusiasmo como perseverancia do sentimento.

Creación e dirección: Ana Vallés.
Actores - bailaríns - músicos: Daniel Abreu, Mariu del Amo, Helen Bertels, Lorena Cobas, Pablo Doval, Jose Mª Golmar, Roberto Leal, Daniel Moreno, Benjamín Otero, Emma Silva, Guillermo Weickert, Sergio Zearreta.
Iluminación, espazo escénico e deseño gráfico: Baltasar Patiño.
Vestiario: Matarile Teatro.
Textos: Ana Vallés - Peter Handke (citas).
Asistente de dirección: Miguel Muñoz.
Composición orixinal: Benjamín Otero.
Xénero: Teatro, danza e música.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Manifesto e eloxio do entusiasmo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 xullo 2004, p. 51.

Dá conta da próxima estrea de Matarile, *Historia natural (elogio del entusiasmo)*. Recolle as palabras da directora, Ana Vallés nas que di que a intención da obra é "a gana de introducir o sol nun espazo pechado e privado como é un teatro á italiana". Logo comenta a gran dificultade de reunir un elenco de personaxes tan grande enriba dos escenarios e de levar a cabo un proxecto tan economicamente custoso como foi esta obra. Tamén sinala que o texto da obra é unha mestura de textos de Ana Vallés e de Javier Martínez Alejandre, autor de referencia, e das achegas que realizaron os propios actores.

Migallas Teatro: *¡Cousas que pasan!*.

Espectáculo que parte dunha crítica a determinados estereotipos da arte dramática e que, partindo de diferentes esceas da vida cotiá, demostra que o teatro está no noso día a día.

Autores: María Campos, Carlos Yus e Xurxo Cortázar.
Dirección: Migallas.
Interpretación: María Campos e Carlos Yus.

Ver Iº Ciclo Venres Teatrais da Laracha.

Migallas Teatro: *Os Irmandiños*.

Espectáculo que o grupo de teatro preparou, en colaboración coa Asociación Recreativa de Xeve, para rememorar a loita popular contra o poder dos nobres dentro da programación da Feira Franca de Pontevedra.

Referencias varias:

- Diana Esperón, 'A revolta irmandiña, no teatro de rúa', *Diario de Pontevedra*, 'Feira Franca', 1 setembro 2004, p. 5.

Recóllese a rememoración da loita popular medieval contra os nobres por parte do grupo teatral Migallas a través da obra *Os irmandiños*. Faise un breve percorrido polos distintos lances que compoñen o espectáculo e alúdese ao éxito da Feira Franca de Pontevedra, dentro da cal se representa esta peza. Finalmente, faise outro percorrido pola traxectoria profesional do grupo Migallas Teatro e indícanse as características xenéricas das súas pezas.

- Pilar Fariña, 'La Feria Franca transporta la ciudad a las épocas medievales', *El Correo Gallego*, 'Pontevedra', 4 setembro 2004, p. 25.

Dentro dunha noticia máis ampla sobre a Feira Franca Medieval de Pontevedra, faise referencia á representación da Revolta dos Irmandiños, que centrará o evento e que correrá a cargo do grupo Migallas Teatro. Cítase o nome de Carlos Yús como director da agrupación e alúdese á primeira actuación deste colectivo iniciando a Feira a noite anterior á publicación da noticia.

Mofa e Befa: *Cultura para dar e tomar*.

Montaxe na que o dúo interpreta a Pepe e Pepe, conselleiro e concelleiro de cultura respectivamente; trátase dunha crítica mordaz e punzante da política deste país.

Interpretación: Evaristo Calvo, Víctor L. Mosqueira e Piti Sanz.

Ver XIVª Mostra de Teatro Popular de Chantada.

Referencias varias:

- M.B., 'Mofa e Befa ilustran deleitando en 'Cultura para dar e tomar', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 24 novembro 2004, p. L9.

Recóllese a noticia da presentación do último espectáculo do dúo cómico, facendo referencia ás peculiares características do seu humor. A nova péchase cun resumo dos contidos da obra, ademais de sinalar outros dos proxectos dos seus autores.

Mofa e Befa: *A cociña económica*.

Nesta montaxe, dirixida por Quico Cadaval, os personaxes achéganse ao mundo da cociña para presentar unha serie de escenas de humor.

Noescafé Teatro: *¡No!*.

Peza que leva ao escenario as contradicións do mundo contemporáneo e o triunfo do 'non' e da desconfianza como forma de enfrontarse á vida; critica, así mesmo, o poder da publicidade e da sociedade xeral sobre o noso comportamento.

Autor e dirección: Lola Correa.
Interpretación: Lola Correa e Viviana Figueroa.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, '¡No!, obra orixinal e sinxela, con moita crítica e ironía', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 5 decembro 2004, p. 5.

Enxalzamento da peza teatral en cuestión, sinalando o nome das dúas actrices que nela participan e o argumento, pero centrándose sobre todo na ironía, a provocación, a viveza ou o dinamismo da peza, así como na personalidade das dúas personaxes femininas que nela aparecen retratadas.

Nove-Dous: *Ondas*.

Peza na que o protagonista é Felipe, un home que quere dedicarse ao teatro; ante as burlas da súa muller que, ademais, non lle deixa dedicarse a isto, Felipe vese obrigado a interpretar as súas obras teatrais no baño.

Dirección: Maxi Rodríguez.
Interpretación: Jouse García e Josi Lage.
Iluminación, vestiario e escenografía: Nove-Dous.
Xénero: Comedia.

Nove-Dous Teatro: *Crimes anónimos*.

Nesta peza, na que o crime é visto como arrebato, os actores dan vida a máis de corenta personaxes; o espectáculo componse de varias escenas individuais que teñen vida propia conexas entre si polo tema e pola música.

Autor: Max Aub.

Adaptación: Roberto Cerdá.
Dirección: Roberto Cerdá.
Interpretación: Josi Lage e Jouse García.
Iluminación: Roberto Cerdá.
Vestiario: Nove-Dous.
Escenografía: Nove-Dous.
Xénero: Comedia.

Ver Venres de Teatro de Salceda de Caselas.

Orfanato Albert Ansot de Gramont: *Acrobacia acuática*.

O espectáculo 'Acrobacia acuática', da compañía lalinense Orfanato Albert Ansot de Gramont e no que interveñen a bailarina Olga Cameselle e Ignacio Vilariño, usa os poemas de Chus Pato do libro *m-Talá* (2002) como base para a súa idea na que tamén están presentes textos doutros autores como Poe, Rimbaud, Ferrín ou Celán. A trama do espectáculo xira arredor dun obradoiro de costura onde dous modistos fan o traxe que levará o gañador dun certame poético.

Dirección: Ignacio Vilariño.
Interpretación: Olga Cameselle e Ignacio Vilariño.
Iluminación: Octavio Más.
Vestiario: Olga Cameselle e Ignacio Vilariño.
Adaptación: Ignacio Vilariño.
Escenografía: Ignacio Vilariño.
Xénero: Performance.

Referencias varias:

- M.B., 'Orfanato Albert Ansot de Gramont escenifica los poemas de Chus Pato', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 21 outubro 2004, p. L8.

Anuncia a representación da performance *Acrobacia acuática*, de Orfanato Albert Ansot de Gramont, na sala Galán de Compostela. Recolle as declaracións dos membros da compañía, que afirman que a complexidade do espectáculo procede da riqueza dos poemas de Chus Pato nos que se basea.

- MARÉ, 'Mestura das artes', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 outubro 2004, p. 53.

Faise eco da presentación do primeiro traballo de Orfanato Albert Ansot de Gramont, compañía formada pola bailarina Olga Cameselle e o artista Ignacio Vilariño. A performance *Acrobacia acuática* está baseada en textos de Chus Pato, quen no poemario *m-Talá* incorporou ao discurso lírico xéneros coma o teatro, o diálogo, a narración e o ensaio.

- Lupe Gómez, 'Poderosa e estraña performance, sobre o amor ás palabras', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 14 novembro 2004, p. 5.

Afirmando que "as cousas raras son as máis bonitas", a autora destaca a beleza do espectáculo *Acrobacia acuática* de Orfanato Albert Ansot de Gramont, baseado en textos do poemario *m-Talá* de Chus Pato. Destaca o entusiasmo do público ante a representación.

Os sete magníficos máis Un: *U-la praia?*.

Primeira produción desta nova compañía de clown, na que tres clown aparecen ante o público en bañador e perfectamente equipados para a ocasión con flotadores, cremas protectoras, pamelas,... e até unha cometa.

Dirección: Iván Prado.
Interpretación: Marián Bañobre, Isabel Martínez-Risco e Fran Rei.
Vestiario: Os sete magníficos máis un.
Xénero: Clown de rúa.

Referencias varias:

- P.C.G., 'Teatro, ritmos internacionales y danza', *Atlántico Diario*, 'Comarcas', 1 xullo 2004, p. 43.

Anúnciase a representación de *U-la praia?* dentro da programación cultural do Porriño para o verán.

Os Sete Magníficos máis Un e Santi Prego: *Manicomio só para clowns*.

Espectáculo onde varios pallasos galegos, da man do mestre italiano, recuperan algunha das técnicas circenses das tradicionais farsas da saga familiar dos Colombaioni. O espectáculo, que inclúe varios sketches unidos por un fío condutor que só se coñece ao final, representan diferentes historias coñecidas polo espectador, por exemplo as aventuras de don Quixote e Sancho Panza ou as de Guillermo Tell.

Dirección: Carlo Colombaioni
Interpretación: José Losada, Fran Rei, Pedro Brandariz, Marián Bañobre, Isabel Martínez-Risco e Eva Guerrero
Iluminación: Os sete magníficos máis un
Vestiario: Os sete magníficos máis un
Escenografía: Os sete magníficos máis un
Xénero: clown

Referencias varias:

- A.S., 'Os Sete Magníficos Máis Un trae a Vigo un montaje de Colombaioni', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 18 xuño 2004, p. 46.

Ademais de anunciar a representación de *Manicomio só para clowns*, a noticia recolle as impresións do director artístico da compañía, Iván Prado, e fai referencia ao contido e á montaxe da obra. O texto fai fincapé na participación do "prestixioso" clown italiano, Carlo Colombaioni, que dirixe a peza teatral.

Os Tirinautas: *Contos de Taberna*.

Referencias varias:

- Adriana Rodríguez, 'Isi: 'O máis importante é saber aplicar un pouco de humor á vida', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 30 decembro 2004.

Trázase un recorrido pola traxectoria de Xosé Manuel Rodríguez Puente, "Isi", con motivo da actuación do grupo Tirinautas na Casa da Cultura de Ribadumia. A obra representada foi *Contos de Taberna*. Tamén se repasan os comezos artísticos do humorista, que salienta a importancia da improvisación nas súas montaxes.

Pazó, Cándido: *O espectáculo da palabra*.

Espectáculo que inclúe contos, humor, historias, monólogos e narración oral.

Produciónes Librescena: *A Biblia (abreviada)*.

Versión do coñecido texto no que o autor é Deus e os protagonistas Adán e Eva.

Dirección: Xosé M. Rabón.
Escenografía: Xosé Méndez.
Interpretación: Miguel Pernas, Inma Antonio e Xosé Vilarelle.
Iluminación: Xosé M. Rabón.

Ver IVª Mostra de Teatro de Gondomar 'Roberto Vidal Bolaño'.

Produciónes Librescena: *As obras completas de William Shakespeare (abreviadas)*.

Versión en galego dun texto orixinal de Adam Long, Daniel Singer e Jess Winfield co que se prentende achegar a obra do dramaturgo inglés a todos os públicos, facéndoos gozar dela.

Autores: Adam Long, Daniel Singer e Jess Winfield.
Dirección: Xosé M. Rabón.
Interpretación: Inma Antonio, Miguel Pernas e Xosé Vilarelle.

Ver IIIº Festival Teatrarte de Redondela.
Ver XVIIª Mostra de Teatro de Cee .
Ver Mostra de Teatro de Santa Cecilia o Nadal.

San&San: *Concerto bífido*.

Os protagonistas desta historia son San e San, dous personaxes que se ven na obriga de substituir a unha orquestra que debería ofrecer un concerto e que non compareceu; esta situación inicial dá lugar a un peculiar concerto que segue o programa estipulado.

Autores: Pablo Sánchez e Carlos Sante.
Dirección: Pablo Sánchez e Carlos Sante.
Interpretación: Pablo Sánchez e Carlos Sante.

Ver Iº Festival Internacional de Teatro Cómico Manicómicos.
Ver Iª Mostra de Teatro de Malpica.

Sarabela Teatro: *Rolda de caricias*.

Obra que presenta unha estrutura dramática trabada e precisa na que se fala do desamor, da incomprensión, da incomunicación e da soidade dos doce personaxes que protagonizan a peza e que presentan distintas problemáticas (a marxinación, a pobreza, a droga, a vellez, o conflito entre pais-nais, etc.); a obra remata cunha volta sorprendente e esperanzadora na que o humor e a retranca se converten en instrumentos esencias e imprescindíbeis para enfrontar a cotidianidade.

Autores: Arthur Schnitzer e Sergi Belbel.
Adaptación: Sergi Belbel.
Dirección: Ánxeles Cuña.
Interpretación: Nate Borrajo, Fina Calleja, Fernando Dacosta, Suso Díaz, Sabela Gago, Tito R. Asorey, José A. Porto 'Josito' e Elena Seijo.
Vestiario: Teté Seoane.
Escenografía: La Faust and Volk.
Xénero: Drama.

Referencias varias:

- E.P., 'Sarabela Teatro estrea en Ourense 'Rolda de caricias', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 outubro 2004, p. 49.

Ademais de anunciar a estrea, sinala diversos aspectos da peza. Inclúe declaracións da directora, Ánxela Cuña, quen considera que a finalidade da obra é concienciar aos espectadores sobre a violencia. Tamén se recollen os principais temas sobre os que versa *Rolda de caricias*.

- E.P., 'Sarabela estrena en Ourense su nueva obra, 'Rolda de caricias', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 15 outubro 2004, p. 75.

Informa sobre a estrea da obra e sinala diversos aspectos desta. Inclúe declaracións da directora, Ánxela Cuña, quen considera que a finalidade da obra é concienciar aos espectadores sobre a violencia.

Sarabela Teatro: *Sexismunda*.

Baseada na peza de Calderón de la Barca, Rosaura, acompañada por Clarín, atópase nunha paisaxe estraña na que se atopa a moza Sexismunda, cautiva dende o seu nacemento sen saber porqué. Clotaldo, coñecedor da identidade de Sexismunda, que é filla do rei Basilio, manda apreixar aos forasteiros e recoñece entre as pertenzas de Rosaura algo que el lle dera anos antes a unha muller. O rei Basilio desvela a existencia desta filla e a presenza de Rosaura e Clarín fan cambiar os acontecementos. Esta peza foi recoñecida con seis galardóns na entrega dos premios María Casares 2003.

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda.
Interpretación: Fernando Dacosta, Xosé A. Porto "Josito", Fina Calleja, Sabela Gago, Elena Seijo, Suso Díaz e Tito R. Asorey.
Xénero: Drama sobre o destino.

Ver VIº Outono de Teatro de Vilalba.

Sarabela Teatro: *Romance de Micomicón e Adelaha*.

Peza que se desenvolve nun reino gobernado por unha raíña viúva e desquiciada, filla e neta de tiranos, e que ten como escenario un pazo que está a piques de desmoronarse baixo as arroutadas dun príncipe de dimensións desproporcionadas e xigantescas. Neste pazo conviven unha serie de personaxes farsescos e mais unha moza chamada Adelaha, que coñece cal é a orixe do mal do herdeiro da coroa e posúe o talismán da tenrura que todo o acada.

Autor: Eduardo Blanco Amor.
Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda.

Interpretación: Elena Seijo, Fina Calleja, Sabela Gago, Suso Díaz e Antón R. Macías.
Xénero: Farsa.

Talía Teatro: *Molière final*.

Peza que desenvolve a súa acción nun tempo moi delimitado e que vai dende a morte de Molière, producida na noite do 17 de febreiro de 1673, até o momento do seu enterro. Neste tempo, cinco personaxes fundamentais na traxectoria vital de Moliere (a súa dona; o seu primer actor, La Grange; o seu actor protexido, Barón; o músico de gran parte das súas obras, Lulli; e o seu actor rival, Monfleur) reflexionan sobre o home dende a perspectiva universal e que outorga á palabra un valor relevante, tomando como punto de partida a normativa que prohibe sepultar aos comediantes e o desexo da muller de Molière de soterralo no camposanto.

Autor: Roberto Salgueiro.
Dirección: Roberto Salgueiro.
Interpretación: Gonzalo M. Uriarte, X.M. Olveira 'Pico', Xulio Lago, Maxo Barjas e Artur Trillo.

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver XVIIª Mostra de Teatro de Cee.
Ver Mostra de Teatro Galego de Cariño.

Referencias varias:

- M.C.S., 'Teatro, cine y música centran la oferta cultural que realizan los municipios de la comarca', *La Opinión*, 'Costa da morte/Carballo', 1 abril 2004, p. 24.

Fai referencia á representación de *Moliere final*, da compañía Talía Teatro e da peza *Os Piratas. A branca rosa*, a cargo do grupo Teatro do Morcego.

Teatro de Ningures: *Troianas*.

Traxedia cunha forte carga ideolóxica na que, por medio do personaxe de Hécuba, se critican as guerras e todas as súas consecuencias.

Autor: Eurípides.
Adaptación: X.M. Pazos e E. Vázquez.
Dirección: Etelvino Vázquez.
Interpretación: Casilda García, Sonia Rúa, Pepa Barreiro, Francisco Paredes, Santiago Cortegoso e Salvador del Río.
Escenografía: Pablo Giráldez.
Vestiario: Diego Seixo.
Xénero: Traxedia.

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver XVIIª Mostra de Teatro de Cee.
Ver XIVº Circuítos Teatrais de Moaña.
Ver Ciclo de Teatro Caixanova.

Teatro de Ningures: *Fausto*.

Espectáculo que recrea a turbulenta e controvertida vida do Doutor Fausto, o mago-científico-alquimista que naceu en Alemaña en torno ao ano 1480; nesta peza, na que se parte do texto de Cristopher Marlowe (1564-1593), faise unha adaptación para achegar todos os personaxes ao imaxinario galego, coa que se pretende facer reflexionar ao espectador sobre a complexidade do personaxe de Fausto.

Autor: C. Marlowe.
Adaptación: X.M. Pazos e E. Vázquez.
Dirección: Etelvino Vázquez.
Interpretación: Casilda García, Sonia Rúa, Pepa Barreiro, Francisco Paredes, Santiago Cortegoso e Salvador del Río.
Iluminación: Chus Pérez.
Vestiario: Carlos Alonso.
Escenografía: Pablo Girádez 'Pastor'.
Xénero: Traxedia.

Referencias varias:

- Sonia Torre, '¿Por qué vendería usted su alma?', *La Región*, 31 marzo 2004, p. 67.

Recóllese a noticia da presentación da obra e unhas palabras dos actores protagonistas nas que reflexionan acerca da particular adaptación da peza literaria de Christopher Marlowe por parte da compañía galega. Faise a continuación un breve percorrido pola traxectoria da mesma e recóllense unhas novas declaracións de varios dos membros reflexionando sobre a vixencia da historia de Fausto. A nova péchase con outras palabras dos actores, nas que reiteran a definición propia do espectáculo no que traballan. Como complemento, inclúese un despece no que se sinalan o nome dos intérpretes e do director, así como o do traductor da obra literaria orixinal e o dos seus adaptadores. TEATRO

Teatro de Operacións: *Implantados*.

Espectáculo no que se mesturan catro exercicios de experimentación artística e no que traballan actores, escritores, poetas, bailaríns, etc.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Teatro de Operacións', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 novembro 2004, p. 51.

Faise eco da próxima posta en escea no Teatro Galán de catro exercicios de experimentación artística creados por artistas de diferentes disciplinas e que van dende a improvisación musical até o recital poético, mesturando danza e audiovisual. Dá conta, asemade, do contido de cada unha das catro partes que integran o espectáculo.

Teatro do Aquí: *Camiño longo. Antre as roseiras de Cabanillas*.

Peza coa que se quere dar a coñecer a traxectoria, os ideais, a obra e o tempo do escritor cambadés Ramón Cabanillas (1876-1959) e na que tamén aparecen outros personaxes ou movementos determinantes para a historia de Galicia, como Basilio Álvarez, Antón Villar Ponte, Castelao ou o agrarismo anticaciquil. A trama argumental constrúese tomando como base fragmentos de poemas, cartas e declaracións do propio Cabanills e doutros persoeiros que con el trataron.

Autor: Luís Rei.
Dirección: Teatro do Aquí.
Interpretación: Luís Iglesia, Miguel Varela, Xoan C. Mejuto, Rubén Ruibal e Lucía Regueiro
Músicos en escea: Xabier Camba, Javier Debesa e Cándido Lorenzo.
Iluminación: Teatro do Aquí.
Vestiario: Teatro do Aquí.
Escenografía: Julia Brens.
Xénero: Musical.

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver Mostra de Teatro Galego de Cariño.
Ver XIVº Circuítos Teatrais de Moaña.

Referencias varias:

- M.B., 'Teatro do Aquí invita a coñecer a vida do 'poeta da raza', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 20 outubro 2004, p. L9.

Alude á presentación da nova montaxe teatral da compañía Teatro do Aquí titulada *Camiño Longo. Antre as roseiras de Cabanillas*, escrita por Luís Rei e concebida como un musical, que se representará no Teatro Principal en Santiago. Recolle as palabras do autor salientando a figura de Cabanillas ao mesmo tempo que fai un breve resumo da obra, na que aparecerán personaxes representativos de Galicia na primeira metade do século XX. A música ofrécese en directo polos músicos do grupo Na Lúa. Nun texto á parte dáse conta do reparto e máis dos días e horas das representacións.

- Lupe Gómez, 'Obra poética, que renova a ilusión e resulta elegante', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 7 novembro 2004, p. 5.

Fai unha achega ao contido e posta en escena da obra *Camiño longo*, unha aproximación á poesía de Ramón Cabanillas dende o teatro. Ensalza o lirismo e o compromiso coa terra. Tampouco deixa de salientar o excelente labor dos actores e a montaxe da obra, que cualifica de "esteticamente perfecta", todo envolto pola música no escenario e a mestura de teatro e proxeccións fílmicas que fai este peza moi "suxestiva".

- Manuel Jabois, 'Ramón Cabanillas volve a casa', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 20 novembro 2004, p. 87.

Faise eco da próxima "Semana Cabanillas" en Pontevedra, na cal a compañía Teatro do Aquí ofrecerá, durante cinco días no Teatro Principal, a súa visión deste autor galego cunha obra sobre a vida de Cabanillas escrita por Luís Rei e titulada *Camiño longo*. De seguido recolle as palabras do autor durante a presentación dos actos culturais, que cualifica a obra de "documental" e fai especial énfase na presenza de música en directo da posta en escena, o que fai desta montaxe un "collage dramatizado". Remata o artigo nomeando aos actores do espectáculo así como ás persoas encargadas da escenografía e o vestiario, as proxeccións e o deseño gráfico.

- Belén López, 'Luís Rei: 'Que Cabanillas apareza nos libros de texto non é facerlle xustiza', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 23 novembro 2004, p. 76.

Con motivo do acto de presentación dunha semana de actividades en torno á figura de Cabanillas, que incluirá representacións teatrais e unha exposición no Principal, recóllense as palabras de Luís Rei, autor de *Camiño longo*, unha obra teatral baseada na vida e obra deste escritor, e que se poderá ver ao longo da semana en Pontevedra. Durante o acto tanto Rei como Bará, concelleiro de Cultura, reclamaron máis atención para a figura deste autor galego.

- Belén López, 'Mércores de Cabanillas', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 25 novembro 2004, p. 87.

Refírese ás representacións de *Camiño longo* de Luís Rei feitas pola compañía Teatro do Aquí no Teatro Principal de Pontevedra para alumnos de distintos centros escolares. Ofrécese un breve resumo da obra, cuxo protagonista é Ramón Cabanillas, en donde vai presentando aos distintos personaxes da mesma, todos eles coñecidos intelectuais de principios de século. Salienta o bo facer da compañía teatral, o humor e inxenio da posta en escena.

Teatro do Atlántico: *O Encoro*.

A acción desta peza desenvólvese na taberna dunha pequena aldea, na que se xuntan uns poucos veciños, amigos e clientes habituais que queren impresionar a Fimbar, antigo veciño e hosteleiro na cidade, e á súa compañeira, coa que vén para arrendar unha casa que el tiña no lugar. Os homes queren impresionar aos forasteiros con historias de fadas e noticias de mortos que visitan aos vivos, pero vai ser ela a que os impresione coa historia que ten que contar.

Autor: Connor McPherson.
Dirección: Xulio Lago.
Interpretación: Gonzalo M. Uriarte, Toño Casais, Artur Trillo, Antonio Simón e María Barcala.
Vestiario: Antonio Simón.
Escenografía: Antonio Simón.
Xénero: Comedia dramática.

Ver Xoves Teatrais de Ferrol 2004.
Ver Outono Cultural de Arteixo.
Ver Ciclo de Teatro Caixanova.

Referencias varias:

- Albino Mallo, 'A Coruña recibe a estrea de 'O encoro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 setembro 2004, p. 48.

Faise eco do acto de presentación da obra *O Encoro* do escritor irlandés Conor McPherson e coa que comenzou o ciclo de outono que organiza IMCE en colaboración con Caixanova na Coruña. As representacións terán lugar en outubro no Teatro Rosalía de Castro. Seguidamente recolle as palabras de Agustín Lorenzo, representante do IMCE, salientando o número de compañías e actores nacionais de primeira magnitude que participarán neste ciclo. Falaron tamén Xulio Lago e María Barcala, produtores do Teatro do Atlántico, sobre o tema da obra, que se desenvolve nunha taberna en donde os personaxes falan da vida, de ledicias e tristuras.

- A.R., 'Vinte anos de Teatro do Atlántico', *La Opinión*, 'Cultura', 29 setembro 2004, p. 63.

Conversa con María Barcala, que encarnará á personaxe feminina da obra do autor irlandés Conor McPherson e que levará a escea o Teatro do Atlántico para celebrar o seu vixésimo aniversario nos escenarios. Nun primeiro momento recorda a súa interpretación da Rosalía de Pedraio baixo a dirección de Vidal Bolaño, para pasar a reflexionar sobre a súa personaxe nesta obra, unha muller perdida que se busca e se atopa a sí mesma nunha aldea irlandesa remota. Por último, alude ao vínculo que a través do texto orixinal se pode estabelecer entre a tradición rural irlandesa e galega.

- Lupe Gómez, 'O encoro', unha obra máxica para evadirse e empezar a soñar', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 17 outubro 2004, p. 5.

Análise que Lupe Gómez fai da obra e da representación de *O Encoro*, de Teatro do Atlántico. Por un lado bota en falla máis música, máis dinamismo, a comunicación co público, que fose máis interactiva; por outro, cualifica as interpretacións de moi boas, sobre todo a de Gonzalo M. Uriarte, e a personaxe femenina como a máis intensa e interesante da obra, unha obra que, segundo as súas palabras, é unha "obra de maxia e encontros e desencontros, un lugar para evadirse e soñar."

- Manuel F. Vieites, 'Nas terras da saudade', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, 4 novembro 2004, p. VIII.

Recurrindo á conexión galaico-irlandesa, comenza facendo referencia a dous autores irlandeses, Joyce e Yeats, que por unha ou outra razón tiveron unha especial relación con Irlanda, sobre todo este último, que construíu a súa poética en base á tradición gaélica. Isto vén a conto do novo espectáculo da compañía Teatro do Atlántico, *O encoro*, do autor irlandés Conor McPherson, que transcorre nunha taberna irlandesa como espazo comunal de transmisión oral. Contínuase por facer unha loanza tanto da montaxe escenográfica como da calidade interpretativa de todo o elenco. Remata animando ao lectorado a ir a vela para "sentir o seu engado a través desas historias que falan de nós, que reflecten todo canto de insólito, anódino, conmovedor ou sorprendente pode haber nos nosas vidas."

- A.V., 'Teatro do Atlántico leva a Santiago 'O encoro' de McPerson', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 decembro 2004, p. 45.

Anuncia a próxima estrea na Sala Yago de Santiago da nova representación da compañía Teatro do Atlántico, *O Encoro*, do autor irlandés Conor McPherson, baixo a dirección de Xulio Lago. Logo de referirse ás principias liñas na produción literaria deste autor, centra a información na temática da obra en cuestión. Remata dando a coñecer os nomes dos intérpretes: Gonzalo M. Uriate, Antonio Francisco Simón, Artur Trillo ou María Barcala.

- M.B., 'Teatro do Atlántico retorna con 'O Encoro' esperando otra buena respuesta del público', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 8 decembro 2004, p. L5.

Noticia que se fai eco da representación en Santiago, na Sala Yago, da obra *O Encoro*, dirixida por Xulio Lago, última aposta do Teatro do Atlántico. Salienta as expectativas de público por parte do director da compañía nunha cidade que se está a caracterizar pola baixa afluencia de espectadores nas obras teatrais. Remata facendo unha referencia ao contido da obra que presenta "mundos inaprensibles, inquietantes, inexplicables", pero tamén o desamor e o fracaso.

- L.V., 'Debería establecerse algún intercambio con Irlanda', *La Voz de Galicia*, 'En dos minutos', 11 decembro 2004, p. L2.

Recolle unha entrevista con María Barcala, protagonista feminina da obra *O Encoro*, comedia escrita por Conor McPherson, autor irlandés contemporáneo, en donde ademais de falar do seu personaxe, Valerie, muller universitaria de Dublín que marcha a vivir a unha aldea, refírese á necesidade de estabelecer un intercambio con Irlanda, aínda que se queixa de que aquí non hai un festival grande.

Teatro do Morcego: *O caso da rúa Lourcine*.

A acción desta peza comeza cando Lenglumé esperta na súa cama, tras unha noite de esmorga, con resaca e sen lembrarse de nada; ao seu lado está un ex-alumno seu e na radio anuncian que na rúa Lourcine foi atopado o cadáver dunha carboeira horribelmente mutilado e que se supón que os asasinos foron dous. A partir de aquí danse distintas situacións cómicas.

Autor: Eugène Labiche.
Adaptación: Henrique Harguindey.
Dirección: Xoan Cejudo.
Interpretación: Maxo Barjas, Celso Parada, Miro Magariños, Salvador del Río e Mundo Villalustres.
Iluminación: Xoán Cejudo e Celso Parada.
Vestiario: Carlos Alonso.
Escenografía: Pablo Giráldez.
Xénero: Comedia.

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver IVª Mostra de Teatro de Gondomar 'Roberto Vidal Bolaño'.

Teatro do Morcego: *Os patios da memoria*.

Espectáculo estreado na Mostra de Ribadavia no ano 1995 e que agora volve para celebrar o XV Aniversario da fundación da compañía; nesta obra faise un percorrido pola infancia con lirismo e humor, grazas ao personaxe dun neno que descubre o sexo, os amigos e a morte.

Autor: Ever Martín Blanchet.
Dirección: Bernardo Galli.
Interpretación: Celso Parada.
Iluminación: Celso Parada.
Vestiario: Bernarda.
Escenografía: Pablo Giráldez.
Xénero: Comedia.

Referencias varias:

- F.S., 'Teatro do Morcego, en Vilanova', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 15 xullo 2004, p. 75.

Dentro dun percorrido pola oferta cultural do Concello de Vilanova, indícase que Teatro do Morcego vai representar *Os patios da memoria* e dáse conta do seu argumento e principais contidos.

Teatro do Morcego: *O Lazarillo de Tormes*.

Adaptación da coñecida peza, de autor descoñecido e publicada en 1554, na que destacan a vixencia que na actualidade ten o tema tratado nesta novela: a fame.

Autor: anónimo.
Adaptación: Celso Parada.
Dirección: Andrés Pazos e Celso Parada.
Interpretación: Celso Parada.
Iluminación: Celso Parada.
Vestiario: Bernarda.
Escenografía: Pablo Giráldez.
Xénero: Comedia.

VIIIª Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de Narón.

Teatro do Noroeste: *Ensaio*.

Peza na que se amosa o proceso que unha actriz ten que realizar para crear un personaxe que é ela mesma, pois o autor creou o personaxe inspirándose nela; esta situación créalle conflitos, pois a actriz é incapaz de asumir a inexistencia de alteridade entre ela e o personaxe.

Autor: Eduardo Alonso.
Dirección: Eduardo Alonso.
Interpretación: Luma Gómez e Manuel Areoso.
Iluminación: Eduardo Alonso.
Vestiario: Equipo Teatro.
Escenografía: Equipo Teatro.
Xénero: Drama.

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver Xoves Teatrais de Ferrol 2004.
Ver Ciclo Teatral Outono 2004 de Cambados.

Ver XIVº Circuítos Teatrais de Moaña.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Nos límites do teatro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 xaneiro 2004, p. 60.

Di que a compañía Teatro do Noroeste está traballando na última montaxe, *Ensaio*, obra que, segundo o autor e director Eduardo Alonso, pretende ser didáctica, amosándolle ao espectador os mecanismos internos das representacións teatrais.

- Concha Pino, 'A obra non deixa títere con cabeza', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 29 febreiro 2004, p. L2.

Entrevista a Eduardo Alonso a propósito da estrea de *Ensaio*, de Teatro do Noroeste. O autor e director reflexiona sobre as dificultades polas que atravesa o teatro galego, cuxas causas son as deficiencias na política cultural, así como a crise social do teatro.

- MARÉ, 'A metáfora de Ensaio na Yago', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 marzo 2004, p. 50.

Faise eco da estrea en Compostela da cuarta obra de Eduardo Alonso, *Ensaio*, que, protagonizada por Luma Gómez, supón unha metáfora do que acontece no teatro galego, o cal se está "extinguindo", segundo o autor.

- M.J. Rico e J. Fandiño, 'Luma Gómez. O avance do teatro galego no noso idioma é moi lento', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 11 abril 2004, pp. 18-19.

Entrevista á actriz Luma Gómez, na que se lle pregunta pola súa traxectoria profesional e polo futuro do teatro en Ferrol; segundo a actriz, esta cidade carece de diversidade de salas, especialmente de teatro independente.

- Xosé Lueiro, 'Un actor con rumbo', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 3 decembro 2004, p. 4.

Entrevista ao actor Manuel Areoso, que coprotagoniza con Luma Gómez a montaxe *Ensaio* de Teatro do Noroeste. Pregúntaselle sobre a súa traxectoria no medio teatral e no audiovisual. O actor confesa que o seu último papel é un dos máis esixentes que ten interpretado.

- Lupe Gómez, 'Ensaio, os enigmas da vida, os enigmas do teatro', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 26 decembro 2004, p. 5.

A autora destaca a intensidade poética da última montaxe de Teatro do Noroeste, *Ensaio*, na que se reflexiona "profunda e intensamente sobre o teatro", mais tamén sobre a vida. Resalta a nudez escenográfica da obra e a calidade do guión.

Teatro Galileo: *Servidor de dous amos*.

Peza na que se mostran os enredos que Truffaldino provoca ao querer atender a dous amos ao mesmo tempo; de todas as súas manobras, destacan as que complican cada vez máis o casamento de Clarice, que non entende o que ocorre e que se debate entre casar cun home ao que non ama ou casar co seu prometido.

Autor: Carlo Goldoni.
Adaptación: Pedro Rubín.
Dirección: Pedro Rubín.
Interpretación: Ana Santos, César Cambeiro, Fernando Morán, Xabier Pan, Marita Martínez, Teresa Horro e Raúl Varó.
Iluminación: Pedro Rubín.
Vestiario: Sonia Pinaque.
Escenografía: Pedro Rubín.
Xénero: Teatro clásico/comedia.

Ver IIIº Festival Teatrarte de Redondela.
Ver Encontros Culturais de Culleredo.

Referencias varias:

- S.A., 'Teatro Galileo estrenará 'Servidor de dous amos' en el ciclo teatral de primavera', *La Opinión*, 'Cambre/Cullerado', 11 febreiro 2004, p. 14.

Anúnciase a función da obra *Servidor de dous amos*, coa que a compañía de teatro Galileo abrirá o ciclo teatral adicado a Adolfo Marsillach dentro dos Encontros Culturais de Primavera de Culleredo, que acollerá a grupos de teatro profesionais e afeccionados.

Uvegá Teatro: *Pallasos.*

Peza na que, partindo do embarazo dun pallaso, se reflexiona sobre a igualdade de xéneros.

Autor: Vicente Montoto.
Dirección: Vicente Montoto.
Interpretación: Xosé Luís López 'Sacha', Mara Sánchez, Pepe Penabade, Matilde Blanco, Xosé Manuel Esperante e Vicente Montoto.
Iluminación: Octavio Más.
Escenografía: Carlos Alonso.

Xénero: Comedia.

Ver Iª Mostra de Teatro de Malpica.

Referencias varias:

- E.P., 'Uvegá Teatro representa 'Pallasos' en Vigo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 xaneiro 2004, p. 65.

Informa da representación en Vigo da obra *Pallasos*, escrita e dirixida por Vicente Montoto. Trátase dunha obra de corte cómico na que se aborda con humor o tema do embarazo masculino. O reparto está formado por Xosé Luís López Sacha, Mara Sánchez, Pepe Penabade e Luís Iglesias, entre outros.

- M.D., 'El Teatro de Tui celebra hoy el Día Internacional de la Mujer', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 5 marzo 2004, p. 30.

Sinala que *Pallasos* é unha produción da compañía Uvegá Teatro que ten como obxectivo reflexionar sobre a igualdade entre homes e mulleres. A obra xorde da pregunta que se formulaba un personaxe de *Mulleres*, a anterior traballo da compañía: ¿por que o embarazo era sempre da muller e nunca do home? *Pallasos* tenta dar unha resposta: o embarazo do home xa é posíbel e o mundo comeza unha transformación moi fonda e pregúntase se os tempos da igualdade son chegados.

Uvegá Teatro: *Mulleres*.

Peza de Darío Fo e Franca Rame coa que esta compañía conmemora o seu décimo quinto aniversario. Nela dáse unha visión crítica e solidaria das sempre difíciles relacións entre o home e a muller, cun punto de humor grotesco no que a risa golpea ao home, o eterno antagonista.

Dirección: Vicente Montoto.
Interpretación: Susana Dans, Mara Sánchez e Laura Ponte.
Traducción e adaptación: Vicente Montoto.
Espacio escénico: Carlos Alonso.
Iluminación: Octavio Más.

Ver IVª Mostra de Teatro Cabanateatro.

Veiga, Javier: *Ó carón do lume*.

Espectáculo teatral no que Javier Veiga interpreta textos de Valle Inclán e Ánxel Fole de temática lendaria.

Referencias varias:

- C.G. Machuca, 'El actor Javier Veiga estrena el pazo de Castrelos como sede de cuentacuentos', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 10 decembro 2004, p. 14.

Anúnciase a estrea do espectáculo "Ó carón do lume" no pazo de Castrelos, actuación creada sobre relatos de Ánxel Fole e Valle-Inclán, coa que se tenta levar o teatro fóra dos lugares habituais e que os asistentes se sumerxan na atmosfera recreada levando atuendos tradicionais.

Viravolta Títeres: *Barriga Verde*.

Espectáculo dirixido a un público familiar co que se quere homenaxear aos titiriteiros que representaron en Galicia entre os anos 1910 e 1964, fundamentalmente a 'Barriga Verde'; este é o nome do personaxe que levaba a familia Silvent e que ten a súa orixe no don Roberto portugués. O argumento do espectáculo recolle estas historias e outras da tradición europea; remata coa frase final tradicional que pasou a formar parte do repertorio de expresións populares do noso idioma 'Morto o demo, acabouse a peseta'.

Autor: Popular.
Dirección: Anxo García.
Interpretación: Xulio Balado, Pilar Álvarez, Anxo García e Ignacio Vilariño.
Xénero: Títeres cachiporra.

Referencias varias:

- Adriana Rodríguez, 'Meis aposta pola cultura estival', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 4 xullo 2004, p. 27.

Informa da representación da obra *Barriga Verde* pola compañía Viravolta. Trátase dun texto versionado pola compañía que amosa unha réplica dos monicreques de cachiporra, e que conta as falcatruadas deste personaxe. Viravolta traballa con todo tipo de monicreques, de luva, de variñas, con sombras e obxectos. A longa experiencia desta compañía levounos a dar cursos de construción e manipulación, a formar un Museo da Marioneta, en colaboración co Concello de Lalín, e a participar en festivais e circuítos de feiras e de teatro, tanto nacionais como internacionais.

Virtude Produción: *Unha noite no muíño non é nada*.

Espectáculo de canto, teatro e danza que se basea nas fontes tradicionais galegas.

Interpretación: Davil Salgado e Pepa Yáñez.

Referencias varias:

- M.B., 'Pepa y Davide 'saen da artesa' para crear el 'Cabaret daquí', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 19 novembro 2004, p. L9.

Pepa Yáñez e Davide Salvado estrean na Sala Nasa a obra *Unha noite no muíño non é nada*, unha incursión polo cabaré desde a óptica da cultura popular galega que supón a creación dun novo xénero: o "Cabaré daquí". A obra, na que se combinan música, teatro e danza, é cualificada como un auténtico sarcasmo á música galega. O espectáculo, no que non falta a figura do pianista, conta cun apartado performático no que se mostra a evolución da música galega. Facendo honor ao título, trátase dunha obra moi sexual e sensual.

- MARÉ, 'Arrinca a faixa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 novembro 2004, p. 50.

Nesta montaxe a música en directo combínase coa teatralidade e a comicidade. Como no Moulin Rouge, neste muíño mestúranse a noite, a festa, a paixón e a luxuria. Davide Salvado define este espectáculo como un cabaré sexual, cómico e musical que convida a arrincar a faixa e escachar de risa, xa que o humor está moi presente a través de varios sketchs. Á voz e pandeireta, habituais nos traballos destes dous artistas, únese agora un pianista. Trátase dun espectáculo exhibicionista e provocador no que se mesturan vellas e novas músicas.

Volta e Dálle Teatro: *Rodesindo de Barrosa*.

Ver XXIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo (Cangas)

Volta e Dálle Teatro: *Jalisia, ¡mi madriña!*.

Peza na que se fai un retrato familiar humorístico dende unha pluralidade de voces.

Autor: Nazaret López.
Dirección: Nazaret López.
Interpretación: Comba Campoy e Pepe Penabade.
Xénero: Comedia.

Referencias varias:

- Elena Castelao, 'Representarán en Foz una obra de Nazaret López', *El Progreso*, 'A la última', 11 novembro 2004, p. 88.

Breve noticia na que se dá conta da representación teatral *Jalisia ¡mi madriña!* que se levará a cabo no auditorio municipal de Foz. Cítase que a directora e guionista da peza teatral é a xornalista luguesa Nazaret López que vén de acadar un gran éxito coa representación desta peza teatral.

Volta e Dálle Teatro.: *Experimental*.

Ver Iª Mostra de Teatro Afeccionado Teatrofilia de Vedra.

III.4.2.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS

A Adala: *Borrando sombras*.

Ver IIIª Semana de Teatro ao Aire Libre de Foz.

A Mámoa: *Nós, elas... e o duende*.

Peza de Carlos Llopis, ambientada na época actual.

Ver XVª Xornadas de Teatro en Galego do Seixo.

A Mimosa: *Plus Cuan Perfecto*.

Ver IIIº Circuíto de Teatro Afeccionado de Poio.

A Mimosa: *Aquí non pagha nin Dios!*.

Peza na que se mostran as penalidades e actitudes de dous matrimonios ante unha crise económica que asola Galicia, na que se incrementan os prezos e baixan os soldos.

Autor: Darío Fo.

Ver XIª Mostra de Teatro Afeccionado de Pontevedra.

A Raiola: *A petición de man*.

Versión en galego da comedia do autor ruso, Antón Chejov, na que se relata un episodio rural que podería desenvolverse na sociedade rural galega.

Autor: Antón Chejov.
Dirección: Miguel Llanderas.
Interpretación: Loli Acuña, Suso Sueiro e Merchy Uzal.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, 'Actores de la tercera edad, en clave de comedia', *Faro de Vigo*, 'Vigo 4 costados', 16 marzo 2004, p. 4.

Comeza repasando a historia da compañía. Ademais de anunciar a posta en escena de *A petición de man* e *A las seis en la esquina del bulevar*, descríbese o argumento das pezas. Tamén fai alusión aos actores e á produción de Antón Chejov e Javier Poncela. A noticia fai referencia á montaxe da última obra de A Raiola. Remata ofrecendo os títulos das representacións destacadas do grupo teatral.

Achádego Teatro: *Confusión de María Balteira*.

Autor: Marica Campo.
Dirección: Tereixa Campo.

Ver IIIº Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán.

Agrupación do Hospital Xeral Lucho: *Cousas da vida*.

Ver Iº Mes do Teatro da Pastoriza.

Referencias varias:

- María Caravel, 'Premios y despedidas', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 31 decembro 2004, p. L11.

De todas as noticias que integran esta sección interesa aquí a que informa sobre a actuación do grupo de teatro do complexo hospitalario Xeral Calde, que representou *Cousas da vida* no centro social municipal do Sagrado Corazón, onde tamén estivo o mago Antón, dentro das actividades propias do Nadal que se destinan aos máis pequenos.

Alá vós teatro: *Os cravos de prata*.

Autor: Nicolás Bela.
Dirección: Manuel Nogueira.

Amigos do Teatro: *O pauto do demo*.

Ver IVª Mostra de Teatro Afeccionado das Pontes.

Amistad: *A medosa Blandina*.

Ver IVº Mostra de Teatro Afeccionado das Pontes.

Amistad: *A lebre das ánimas*.

Ver IVº Mostra de Teatro Afeccionado das Pontes.

Amistad: *Vanesa ten un pinchazo*.

Ver XVª Xornadas de Teatro en galego do Seixo.
Ver IXº Mes de Teatro da Asociación de Mulleres Amistad.

Aneis: *O achado do Castro*.

Farsa de estilo romano coa que Manuel Núñez Singala gañou, en 1987, o premio Esquío.

Autor: Manuel Núñez Singala

Referencias varias:

- Pedro García Luaces, 'Teatro con futuro', *La Región*, 'Mancomunidad de A Limia', 20 xuño 2004, p. 49.

Achega información do labor dramático que se desenvolve en Xinzo de Limia a cargo da Escola de Teatro de Xinzo, da Asociación Aneis e da Asociación Xeito. Fai referencia á estrea de *O achado do Castro,* da compañía Aneis e á representación da última obra da Asociación Xeito, *Sorprendente*. Tamén inclúe unhas consideracións de Alfonso Carlos Lois, director do grupo Xeito.

Artello Teatro: *Amadís*.

Ver Ciclo de Teatro 'Vigo a escena'.

Referencias varias:

- Marta Becerra, 'Arte con mayúsculas', *El Progreso*, 'El despetador', 2 febreiro 2004, p. 4.

Dá conta da clausura da cuarta edición da Mostra de Teatro Clásico, que correu a cargo da compañía Corral de Comedias de Almagro. Lémbrase que entre outras representacións, tamén tivo lugar a de Títeres Artello coa peza *Amadís de Algures*, obra baseada no *Don Quijote de la Mancha*.

Artello Teatro: *Unha de americanos*.

Ver Ciclo de Teatro 'Vigo a escena'.

Arturo López: *Inconveniencia*.

Autor: Oswaldo Digón.

Arume: *Seis personaxes en busca de autos.*

Ver IVº Certame de Teatro Enxebre.

Asociación cultural teatral 'Algures': *Anacos de amor*.

Peza formada por un conxunto de escenas curtas sobre o amor, que inclúe momentos amábeis e outros dramáticos; a obra está baseada na libre adaptación de textos de L. Visconti, Cliffor Odets e José Luis Alonso de Santos.

Dirección: Mar Sande.
Adaptación: Julio Ortuño.

Asociación da Terceira Idade Lembranza: *Perruquería Lembranza*.

Asociación de Mulleres de Moaña: *A moi lamentable comedia e moi cruel morte de Priamo*.

Ver IIIº Circuíto de Teatro Afeccionado de Poio.

Asociación de Veciños Raviña Valdés: *Historias íntimas do paraíso*.

Autor: Jaime Salom.
Dirección: Paco Nogueira.
Interpretación: Mar Castro, Xaquín Coto, Lucía Mayo e Necho Tojo.

Asociación Entre lusco e fusco: *Matanza*.

Referencias varias:

- Adriana Rodríguez, 'Entre lusco e fusco', sinónimo de perseverancia e ilusión', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 2004.

Descríbese o labor da Asociación "Entre lusco e fusco" de Paradela (Meis). Integrada por Camilo Outón, Enrique Barros, Marién Rodiño, María Canto e Fernando Oubiña de Parade, ao longo dos seus tres anos de historia deu preferencia ao teatro como plataforma de expresión artística e de intervención cultural. Neste sentido, a formación está ensaiando a obra *Matanza*, de Roberto Salgueiro. Ademais, infórmase da convocatoria dun Concurso de Contacontos.

Asociación Papaventos: *Romance de Micomicón e Adelaha*.

Ver Iª Mostra de Teatro Afeccionado Teatrofilia de Vedra.

Asociación Vintureira: *O limpachimeneas*.

Ver Iº Certame de Teatro Afeccionado de Campolameiro.

Atrezzo Teatro: *Historias peregrinas*.

Ver IIIº Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán.
Ver IIº Ciclo de Teatro Afeccionado do Morrazo Citeamor.

Aturuxo: *Historias de amor*.

Peza que basea a súa trama nas distintas historias de amor que xurden nun establecemento, que terminarán con moitas sorpresas.

Dirección: Javier Millán.

Aula de Teatro de Lugo: *Joan*.

Ver IXª Mostra Internacional de Teatro Universitario (Ourense).

Aula de Teatro de Pontevedra: *A caída do conselleiro*.

Ver XIª Mostra de Teatro Afeccionado de Pontevedra.

Aula de Teatro do Campus de Vigo: *Pingas*.

Ver XIª Mostra de Teatro Universitario da Universidade da Coruña.

Aula de Teatro Escola Viva: *Cinco horas con Mario*.

Adaptación da obra de Miguel Delibes.

Adaptación: Concepción Carmiña.
Atrezo: Aula de Teatro.
Equipo técnico: Luís Casanova e Antonio Blanco.
Dirección musical: José Luis Fernández.

Referencias varias:

- Laura Grandal, 'Teatro de Delibes, al estilo gallego', *La Región*, 'Teatro', 4 febreiro 2004, p. 75.

Na primeira parte fala do nacemento da Aula de Teatro Escola Viva e da súa filosofía de funcionamento. Despois, informa da representación que vai facer esta aula da obra *Cinco horas con Mario*, e céntrase no traballo que Concepción Camiña, adaptadora e protagonista da obra, tivo que realizar na adecuación lingüística e, sobre todo, cultural do texto de Miguel Delibes. Na segunda parte, titulada 'Incomunicación' dásenos a coñecer o argumento desta obra e relaciónao coa época: "es el reflejo de una forma burguesa y provinciana donde la crítica y los comentarios adquirían una forma vital".

- M.A., 'Teatro en galego na loita contra a sida', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 febreiro 2004, p. 50.

Empeza informando da representación que a Aula de Teatro Escola Viva vai facer no Teatro Principal de Ourense da obra *Cinco horas con Mario*. A continuación, a atención céntrase en Concepción Camiña, responsábel da adaptación desta obra de Miguel Delibes, no proceso de adaptación do contido, lingüístico e cultural, e no argumento: muller que desvela os seus sentimentos e reproches mentres vela ao seu falecido marido.

Aula de Teatro Universitario de Ourense, Mariacastaña: *Totem*.

Versión da obra literaria *O señor das moscas*, de W. Golding.

Autor: William Golding.
Versión e dirección: Fernando Dacosta.

Ver IXª Mostra Internacional de Teatro Universitario (Ourense).
Ver XIª Mostra de Teatro Universitario da Universidade da Coruña.
Ver VIª Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITEU) da Universidade de Vigo.
Ver Iª Mostra de Teatro Universitario de Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra.

Referencias varias:

- Víctor Furelos, 'Maricastaña en Marruecos', *El Correo Gallego*, 'Ourense', 4 setembro 2004, p. 26.

Infórmase de que a Aula de Teatro Universitario de Ourense, Maricastaña, volveu a actuar no Festival Internacional de Teatro Casablanca, que representou *Totem*, unha versión de *El señor de las moscas* de William Holding, e que a función conta co apoio do vicerreitorado de Planificación e Desenvolvemento do campus de Ourense.

Aula de Teatro Universitario de Pontevedra: *Mórdeme*.

Ver IXª Mostra Internacional de Teatro Universitario (Ourense).
Ver VIª Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITEU) da Universidade de Vigo.

Aulas de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela: *Hamlet*.

Autor: William Shakespeare.
Dirección: Roberto Salgueiro.
Adaptación: Roberto Salgueiro.
Interpretación: Fran Godón, Natalia D. Maside, Daniel Brión, Diego Meizoso, Noemí Prieto, Antonio de Valdivielso e Roberto Pascual.
Atrezzo: Rodrigo Roel.

Ver Xº Festival Internacional de Teatro da USC.

Referencias varias:

- Inma López Silva, 'Hamlet con honras de rei', *Revista Galega de Teatro*, nº 37, 'Opinións dende a butaca', 2004, pp. 73-74.

Comenta a posta en escena de *Hamlet* a cargo da Aula de teatro da Universidade de Santiago de Compostela. Eloxia a lectura do texto de Shakespeare feita polo director, Roberto Salgueiro, e o uso da luz e as sombras na potenciación dos aspectos máis dramáticos da traxedia. Tamén chama a atención sobre a utilización dos monicreques nunha escena da montaxe, novidade que a crítica considera como unha das propostas máis interesantes da obra.

- J.A. Martínez Sevilla, 'A caballo entre el Siglo de Oro y Shakespeare', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 29 abril 2004, p. 15.

Faise unha crítica á representación que a Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela fixo da obra de Shakespeare *Hamlet* no segundo día das undécimas xornadas de teatro na Coruña. Infórmasenos dos responsábeis da representación da obra, entre os que está Roberto Salgueiro, director do espectáculo, para despois falar do bo facer dos actores, aínda que "rápidos y urgentes al hablar", da arriscada proposta dramática do director seu director por ofrecer a obra como "espacios opacos entre los personajes y el público", e do entusiasmo que puxeron os espectadores.

Avante: *Flores para María*.

Ver VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado de Sanxenxo.

Avante: *O roubo do arco da vella*.

Ver VIII Mostra de Teatro Afeccionado de Sanxenxo.

Avante: *Mamasiña, ¡que medo!*.

Ver VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado de Sanxenxo.

Avresno: *A súa maxestade e a moda*.

Autor: Eduardo Quilis.

Ver IIº Ciclo de Teatro Afeccionado do Morrazo Citeamor.

Avresno: *As árbores morren de pé*.

Ver Ciclo de Teatro Afeccionado do Morrazo.

Bacharel Teatro: *A caída do conselleiro*.

Ver Iº Certame de Teatro Afeccionado de Campolameiro

Bartoleta Teatro: *O embruxado*.

Ver XVª Xornadas de Teatro en galego do Seixo.

Berenguela: *Aquí chove como fóra*.

Ver Outono Cultural da Baña.

Caleac Teatro: *Juguen, Tanoques*.

Obra de María Teresa Menero, duns corenta e cinco minutos de duración, que describe a procura de entretemento de dous personaxes que se aburren terribelmente e que non atopan ningunha actividade que os saque dese estado de apatía.

Autor: María Teresa Menero.
Adaptación, dramaturxia e dirección: Alberte Alonso.
Interpretación: Tamara M. Balsa e Rafa L. Pidre.
Escenografía, vestiario e maquillaxe: Caleac Teatro.
Iluminación: Caleac Teatro.

Ver IXª Mostra Internacional de Teatro Universitario (Ourense).
Ver XIª Mostra de Teatro Universitario da Universidade da Coruña.
Ver VIª Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITEU) da Universidade de Vigo.
Ver Iª Mostra de Teatro Universitario de Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra.
Ver XIª Mostra de Teatro Afeccionado de Pontevedra.

Referencias varias:

- Suso Varela, '¿Riscos? No teatro universitario', *La Voz de Galicia*, 'Crítica teatral', 11 maio 2004, p. L13.

Achega á obra *Juguen tanoques* que representou a compañía teatral Caleac Teatro. Concíbea coma un xogo no que o espectador ten que participar dende que comeza a obra; un xogo que cualifica de surrealista e que el considera unha fuxida por parte da autora do texto, María Teresa Menero, do aburrimento no que vive a sociedade de hoxe. Fala así mesmo, dun teatro experimental que só se pode entender dende a liberdade que teñen as

compañías universitarias, como Caleac Teatro. Tamén fai un breve repaso pola que puxo en escena Amal, *Horror, terror e furor*, á cal atribúe unha acertada habilidade de criticar os sentimentos do amor romántico a través do humor bufo.

Candelexas: *Cando os bancos falan*.

Ver IVª Mostra de Teatro Afeccionado das Pontes.

Candelexas: *A sombra de Tenorio*.

Ver Vª Mostra Amador no Camiño (Palas de Rei).

Catroemedio Teatro: *Cebredos*.

Ver XXIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo (Cangas)

Centro de maiores Caixa Galicia: *Os vellos non deben namorarse*.

Peza de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao na que todo xira arredor dos amores de tres vellos imprudentes, D. Saturio, D. Ramón e o Sr. Fuco, que teñen a desgracia de poñer os seus ollos en tres mozas: Lela, Micaela e Pimpinela.

Centro Dramático Vilalbés: *A costureira sen dedal*.

Comedia en tres actos de corte costumista e ambientada nos anos da posguerra, na que a protagonista é unha costureira que traballa con tres familias: unha rica, unha solvente e outra con menos recursos; a raíz de aquí xorden as distintas tramas desta peza, caracterizada polo humor.

Autora e dirección: María Xosé Lamas.

Referencias varias:

- María Roca, 'La escuela de teatro para mayores de Vilalba estrena una nueva obra en octubre', *El Progreso*, 'Terra Chá', 28 agosto 2004, p. 18.

Faise referencia á estrea inminente da peza *A costureira sen dedal*, de María Xosé Lamas. Saliéntase a importancia de que a obra estea preferentemente dirixida ás persoas maiores. Tamén se dá noticia dos lugares nos que se representará a comedia.

- María Roca, 'El centro cultural programa teatro, actuaciones para niños y música', *El Progreso*, 'Terra Chá', 17 outubro 2004, p. 22.

Ademais de aludir á representación da comedia *A costureira sen dedal*, dáse conta da celebración doutros actos e actividades programados polo Centro Cultural e Recreativo de Vilalba, dirixido por María Xosé Lamas.

- Mayte Corbelle, 'Puesta de largo', *El Progreso*, 'Terra Chá/Meira', 19 outubro 2004, p. 30.

Noticia sobre a estrea da obra *A costureira sen dedal*, escrita por María Xosé Lamas, directora do Centro Dramático Vilalbés. Descríbese o argumento da comedia e repásase a historia do Centro, dende a súa fundación no ano 1994.

Círculo Teatral de Cesantes: *¡Hip, hip, hurra!* .

Ver Iº Certame de Teatro Afeccionado de Campolameiro

Comando Itinerante: *Zambrano e Granell*.

Espectáculo teatral no que se pretende facer unha lectura lúdica e intelixente non só de María Zambrano e de Eugenio Granel, senón tamén do acto de comuñón co espectador.

Interpretación: Margarita Fernández, Isabel Arcos, Mayka Braña, Susana Caaveiro e José Aguilar.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Na hilaridade do surrealismo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 xullo 2004, p. 52.

Faise eco do percorrido que se fai pola obra de Granell, na exposición que se exhibe na fundación do mesmo nome. O que une todo este navegar pola creación de Granell é a presenza da muller, que utiliza dun xeito moi diferente aos seus coetáneos, cunha visión que se aproxima ao feminismo. Neste marco, a compañía Comando Itinerante realizou unha "acción teatral" como complemento a dita exposición, pero, principalmente, como homenaxe a María Zambrano no seu centenario. Preténdese dar unha visión lúdica destes dous personaxes, e do acto de comuñón co espectador. Esta montaxe remata cun "concerto gatuno" que os membros da compañía realizan xunto cun violín e un contrabaixo e un só final de ballet clásico.

Compañía de Teatro do Concello de Boiro: *Non é tan fácil*.

Ver IVº e Vº Ciclo de Teatro Afeccionado Domingos á escena.
Ver IXº Mes de Teatro da Asociación de Mulleres Amistad.

Comparsa Tea-tro: *A pousadeira*.

Ver IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Móstrate de Salvaterra de Miño.

Contraste: *Chelofón*.

Contraste é un grupo vigués integrado por Popín Magune, que comeza a andaina como artista dirixido ao público adulto, e o chelo Luis Caballero, un instrumentalista cubano e profesor no Conservatorio Mayeusis. *Chelofón* une o xesto, a palabra, a poesía, o humor e a música baseándose en textos de Calderón, Borges ou Cunqueiro, que se unen á improvisación de Popín Magune, quen interpreta un papel de bufón disposto a levar ao público a situacións absurdas, a accións que buscan como fin fundamental a risa do público.

Ver Vº Ciclo Verán de Teatro (Vigo).

Referencias varias:

- Antía Gándara H., 'Hacer reír no tiene truco, es un don', *Faro de Vigo*, 'Faro verano', 18 xullo 2004, p. 39.

Fáiselle unha entrevista ao actor Popín Maguna e ao músico Luis Caballero que abandonan ao seu habitual público infantil, para presentar o seu espéctaculo para adultos *Chelofón*. Contan que a obra recolle textos de varios autores, como Cunqueiro ou Borges, dándolle unha visión cómica. Os principais personaxes son o bufón e a música, que consegue este estatus. O primeiro é moi irónico, fai bromas das cousas máis duras. O segundo representa a elegancia. Desta maneira conseguen o contraste que buscan. Recoñecen que o espectáculo é o resultado dunha exhaustiva observación da realidade, de fixarse nas persoas e de ler nos xornais.

Dorna Teatro: *O empapelado amarelo e outras historias*.

Ver Venres Teatro de Salceda de Caselas

Equiliquá Teatro: *Romeo e Xulieta*.

Referencias varias:

- Suso Varela, 'Romeo e Xulieta', *La Voz de Galicia*, 'Crítica teatral', 7 maio 2004, p. L13.

O xornalista cualifica de arriscada a representación que levou a cabo o grupo Equiliquá Teatro de *Romeo e Xulieta*, a través dunha coreografía baseada na percusión e no manexo de paus. Opina que con ela o seu director demostrou que se poden facer tantas interpretacións e achegas aos clásicos como gañas e atrevemento se teñan. Prosegue dicindo que a posta en escena era sinxela, pero que Alonso dotou aos personaxes de sensualidade e erotismo, acentuado coas imaxes de vídeo que fan de fondo ao drama dos Montescos e dos Capuletos.

Escola de Teatro de Narón: *O soño dunha noite de verán*.

Ver IVº e Vº Ciclo de Teatro Afeccionado Domingos á escena.

Escola Municipal de Teatro de Catoira: *O carro das mentiras*.

Autor e dirección: Lucho Penabade.

Referencias varias:

- Adriana Rodríguez, 'Lucho Penabade domina o Teatro Vikingo de Catoira', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 2004.

Entrevista con Lucho Penabade, gañador do Premio de Teatro Romaría Vikinga coa obra *O carro das mentiras.* Esta é a cuarta ocasión na que consegue o premio, logo de gañar en 1998 con *O dragón dos deuses*, en 2000 con *A guerra dos deuses* e en 2002 con *Retorno a Escandinavia*. Explica que leva quince anos no mundo do teatro coa súa compañía Quinquillán teatro na rúa e indica que escribe, dirixe, produce, actúa e traslada e monta os aparellos necesarios para as representacións. Explica que fai teatro de rúa en calquera espazo que se preste e di que traballa desde a perspectiva do espectáculo tentando resaltar os elementos visuais e escénicos sobre os do texto para facilitar a comprensión do público. Finalmente, resume o argumento da obra, na que a vila de Catoira se rebela ante o somemento do poder eclesiástico, e as circunstancias específicas das representacións teatrais nas Torres do Oeste, onde o aproveitamento que se fai da luz natural xoga un papel relevante.

- MARÉ, 'O carro das mentiras', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xullo 2004, p. 52.

Anúnciase a próxima representación no recinto das Torres de Catoira da peza "viquinga" *O carro das mentiras*, escrita por Lucho Penabade. Este texto gañou un concurso convocado polo Concello de Catoira e a Universidade de Santiago. Con anterioridade as creacións de

Lucho Penababe xa foron elixidas nos certames dos últimos anos. Debido á precaria acústica do recinto, os diálogos xa foron gravados por Manuel Riveiro Hermo, deste modo non teñen que empregar micrófonos. O tema da obra leva á Idade Media asuntos de actualidade: a guerra, a manipulación mediática, etc; así, para liberarse da opresión da nobreza e do clero, o pobo recorre a estratexias que os amedrenten e, no medio da dialéctica, irrompen os viquingos.

- F.S., 'La Romaría Vikinga arranca con la obra 'O carro das mentiras', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 25 xullo 2004, p. 73.

Sinala que a cuadraxésima edición da Romaría Viquinga de Catoira comeza coa posta en escena da obra *O carro das mentiras*, escrita por Lucho Penabade, cuxas obras xa foron seleccionadas para esta celebración nos anos 1998, 2000 e 2002. A obra conta coa implicación total dos veciños posto que os setenta actores que participan na representación residen no municipio. O argumento trata de desenmascarar os tópicos que rodean a historia dos normandos: nin eles eran tan bárbaros como os pintan, nin os galegos eran tan pacíficos como se di.

- C.B., 'Las argucias del 'Carro das mentiras', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 30 xullo 2004, p. 39.

Indica que *O carro das mentiras* se representa nas Torres do Oeste e que serve de aperitivo ao desembarco viquingo. A historia sitúase na Idade Media, pero o fondo da mesma está moi de actualidade, posto que pon de relevo os abusos do poder, a manipulación mediática, a guerra e as artimañas dos desfavorecidos para romper o sometemento. O pobo, campesiños e pescadores, tenta liberarse dos abusos dos señores feudais, propietarios do castelo, e da autoridade do bispo, e para iso recorren a distintas estratexias que provocan pavor entre os poderosos. Indica que polo escenario pasan figuras fantasmagóricas, compoñentes da Santa Compaña, dragóns, etc. e cobra especial relevancia o xogo de luces e a música. A representación, na que participan máis de setenta actores afeccionados, veciños de Catoira, está obtendo un gran éxito.

- Adriana Rodríguez, 'Catoira réndese ante o amplo abano cultural que invade o territorio vikingo', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 1 agosto 2004, p. 23.

O Concello de Catoira para celebrar a romaría viquinga desenvolveu unha ampla e variada oferta cultural, entre a que destaca a representación durante toda a semana da obra de teatro *O carro das mentiras*, de Lucho Penabade, que fixo reflexionar aos espectadores sobre o poder da imaxinación como medio para vencer aos poderosos.

- Susana de la Gala, 'Catoira é outra historia', *Galicia Hoxe*, 'Corazón de león', 1 agosto 2004, p. 4.

Reflexiona sobre as actividades organizadas en Catoira para celebrar a Romaría Vikinga e asegura que neste concello se demostrou que a recuperación do pasado é un investimento saudábel.

Escola Municipal de Teatro de Ortigueira: *O achado do Castro*.

Farsa de estilo romano coa que Manuel Núñez Singala gañou, en 1987, o premio Esquío.

Autor: Manuel Núñez Singala.

Escola Municipal de Teatro de Vigo: *Asembleas*.

Comedia que nos traslada á Atenas clásica, na que se están a vivir un grande número de guerras e loitas polos intereses políticos; o argumento complétase co desenvolvemento de numerosas situación caóticas e irónicas.

Autor: Aristófanes.

Etrunoia Teatro: *Bailadela da morte ditosa*.

Ver XIª Mostra de Teatro Afeccionado de Pontevedra.

Experimenta Teatro: *Os nosos soños nun baúl*.

Ver Ciclo de Teatro de San Sadurniño

Experimenta Teatro: *A escondidas*.

Ver VIIª Mostra de Teatro de Ribeira.

Expresión Producións: *Entre Nós*.

Ver IIIº Circuíto de Teatro Afeccionado de Poio.

Referencias varias:

- Belén López, 'A Feira do humor pecha co debut de Expresión como compañía profesional', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 7 agosto 2004, p. 74.

Informa de que a compañía teatral Expresión, fundada no ano 1992 e dirixida por Manuel Solla, pecha a Feira do humor da cidade de Pontevedra coa obra *Entre nós*. Os seus integrantes consideran esta representación como un punto de inflexión na súa traxectoria, que evoluíu dende un estadio semiprofesional até unha fase de plena profesionalización teatral.

- Luz Pérez, 'Teatro, cine y deporte centran la programación de Navidad', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Bueu', 17 decembro 2004, p. 16.

Dentro da programación cultural do Nadal do Concello de Bueu, dáse conta da representación, no Centro Social do Mar, da obra *Entre Nós* polo grupo pontevedrés Expresión produccións. Coméntase que é unha comedia na que participan seis actores e actrices sobre a guerra de sexos

- Ana Baena, 'Bueu celebra la Nochebuena con teatro', *Atlántico Diario*, 'Navidad en O Morrazo', 22 decembro 2004, p. 35.

Sinálase que a representación da obra *Entre nós*, da compañía Expresión, abriu o programa de actividades organizado polo concello de Bueu para celebrar o Nadal. O acto tivo lugar nas instalacións do Centro Social do Mar.

Faro-Miño: *Gracias pola visita*.

Ver IIIª Semana de Teatro ao Aire Libre de Foz.
Ver XIVª Mostra de Teatro Popular de Chantada.
Ver Iº Mes do Teatro da Pastoriza.

Faro-Miño: *Risoterapia Fervescente*.

Faro-Miño: *Cousas nosas*.

Fonte da Tella: *Sabina e as meigas*.

Ver IIIº Circuíto de Teatro Afeccionado de Poio.

Fonte da Tella: *O testamento do Tío Siño*.

Fusquenlla: *Medea XXI*.

Montaxe actual desta obra clásica.

Interpretación: Manuel Sabín, Isabel Veiras e Emilio Brenlla.

Grupo ATEACO: *Abnegación*.

Peza ambientada nos anos trinta, que ATEACO recupera con motivo do seu centenario; o argumento da obra xira arredor dunha muller que se autoinculpa como infiel para salvar a honra da súa irmá falecida.

Autor: Manuel Masdías.

Grupo Comitiva: *A aldea dividida*.

Representación que este grupo de Narón fai na festa que se celebra anualmente no municipio e que se coñece como Noite do Castro.

Referencias varias:

- Laura Feal, 'Os habitantes de Sedes vólcanse coa Noite do Castro', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 22 xullo 2004, p. 7.

Anuncia a interpretación da peza teatral *A aldea dividida* no contexto dos actos programados para a celebración do Oenach céltico no concello de Narón. O espectáculo preparado polo grupo teatral é a segunda parte da *Noite dos dous mil anos*, obra que foi representada en anos anteriores na mesma velada do Oenach.

Grupo Cordelia: *Rei Lear*.

Autor: William Shakespeare.

Ver IXª Mostra Internacional de Teatro Universitario (Ourense).

Grupo de Iniciación á Arte Dramática da Universidade Laboral de Ourense: *O soño dunha noite de San Xoán*.

Ver XVIIª Noites Teatrais do Pazo de Vilamarín.

Grupo de teatro Agarimo: *O remate da corda*.

Autor: Andrés Picallo.

Grupo de teatro Alexandre Bóveda: *A farsa de Inés Pereira*.

Autor: Gil Vicente.
Dirección: Ramiro Neira.

Ver Mostra de Teatro de Santa Cecilia O Nadal.

Grupo de teatro Bule-bule: *A tía lambida*.

Autor: Eduardo Blanco Amor

Grupo de Teatro da Aula de Adultos (Lugo): *Téñoche como unha señora*.

Grupo de Teatro da Aula de Adultos (Ourense): *A consulta do doutor*.

Peza baseada nun texto de Fina Casalderrey, cuxa trama se centra no que ocorre nunha consulta médica na que o facultativo se caracteriza pola súa despistada conduta. Destaca, da posta en escena, a presenza de dous tempos narrativos diferentes, pois o espectador ve a un tempo o que ocorre no interior da consulta e na sala de espera.

Referencias varias:

- Marta Becerra, 'Puro teatro', *El Progreso*, 'El despertador', 25 marzo 2004, p. 8.

Dáse conta da representación que da obra *A consulta do doutor* fixo a Aula de Adultos de Ourense, que tivo lugar no Centro Social de Fingoi.

Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla: *Farsas marabillosas*.

Ver VIIº Certame de Teatro de Monterroso.
Vª Mostra e campamento de teatro infantil e xuvenil de Antas de Ulla.

Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla: *Os dereitos dos nenos*.

Peza de carácter reivindicativo, na que se fai reflexionar a nenos e adultos sobre as difíciles circunstancias nas que viven millóns de nenos en moitos lugares do mundo e na que se lembra ao espectador que todos os nenos son iguais, por riba de cal sexa a súa raza, relixións ou costumes; anímase ao espectador, ademais, a facer todo o posíbel para que estes nenos poidan crecer en condicións de liberdade e dignidade.

Ver Vª Mostra e campamento de teatro infantil e xuvenil de Antas de Ulla.

Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla: *Urxencias*.

Obra humorística na que se mostran as disparatadas situacións que se dan nunha peculiar consulta médica.

Grupo de Teatro da Terceira Idade de Pedroso: *Menciñeiro á forza*.

Dirección: Gonzalo Grandal.

Referencias varias:

- X.T., 'Es una felicidad ver la disciplina y el entusiamo de los mayores', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 12 maio 2004, p. 24.

Entrevístase a Gonzalo Grandal, monitor do grupo de teatro afeccionado da terceira idade de Pedroso, que está a representar por distintas localidades da comarca a obra *Menciñeiro á forza*. Indica, ademais, que a agrupación prepara unha obra ao ano e que aínda non decidiu cal será a próxima estrea, aínda que pode ser *Non lle busques tres pés ó alcalde*.

Grupo de Teatro do CEIP de Galán: *O soldadiño de chumbo*.

Ver Vª Mostra de Teatro Afeccionado de Arteixo.

Grupo de teatro do CEIP de Galán: *O príncipe feliz*.

Ver Vª Mostra de Teatro Afeccionado de Arteixo.

Grupo de teatro do Centro Cultural de Beade: *A laranxa da laranxa*.

Grupo de teatro do Centro Cultural de Beade: *A lambida*.

Grupo de Teatro do Centro Cultural de Xinzo: *A lúa de mel*.

Autor: Grupo de Teatro do Centro Cultural de Xinzo.

Referencias varias:

- G.P., 'El grupo de Teatro del CCX de Xinzo estrena el domingo su nueva obra', *Faro de Vigo*, 'Área metropolitana/Condado-Paradanta', 18 novembro 2004.

Anúnciase a estrea do grupo de teatro do Centro Cultural de Xinzo da comedia creada pola propia agrupación *A lúa de mel*. Indícase que todas as integrantes do grupo de teatro son mulleres e que a súa actividade supón unha mestura de experiencia e de renovación no teatro da zona.

Grupo de Teatro do Centro Social de Cee: *Repouso absoluto*.

Dirección: Artur Trillo.
Interpretación: Presentación Rodríguez, Margarita Costa, María del Carmen Lago, Jesús Outes, Herminda Castro, Cándido Trillo, Consuelo Lado e Ángela Lado.

Grupo de Teatro do IES Miguel Ángel González Estévez: *Contonconsón*.

Peza de carácter multidisciplinar na que, a través da música, se expoñen conceptos básicos de historia, matemáticas, arquitectura, física, política, relixión, arte e literatura; a obra, que se pode definir como 'teatro musical', foi organizada polos departamentos de Música e Filosofía do centro educativo.

Grupo de Teatro do IES Rodeira: *Crónica da peste*.

Peza que ten como temática central os feitos ocorridos a raíz da catástrofe do 'Prestige'.

Autor. Xosé Manuel Pazos.

Grupo de Teatro do IES Vilalonga: *Triste chegada*.

Autor: Manuel Varela Buxán
Dirección: Hugo Andrade

Referencias varias:

- Carmen G. de Burgos, 'Vilalonga hace feliz la triste llegada', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 25 maio 2004, p. 86.

Comunícase a consecución por parte do grupo de teatro do Instituto de Ensino Secundario de Vilalonga do premio á mellor agrupación da provincia de Pontevedra coa obra *Triste chegada* de Varela Buxán; a agrupación opta agora ao premio absoluto competindo coas gañadoras das outras provincias.

Grupo de Teatro do IES Xograr Afonso Gómez: *Historia dunha escaleira*.

Autor: Bueno Vallejo.
Adaptación: Esperanza Fernández.

Grupo de Teatro Esguello: *Cando baixa o telón para as Ches*.

Peza teatral na que a inminente desaparición do lugar de traballo de catro vellas actrices orixina diversas situacións con matices dramáticos e cómicos.

Autor: Iker Ibáñez.
Dirección: Xaime Costas.
Interpretación: Rocío Gallego, Palmira Lago, Carmen Mojón.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, 'Esguello, dieciséis actores unidos por la pasión al teatro', *Faro de Vigo*, 'Vigo 4 costados', 20 xullo 2004, p. 7.

Dá noticia da estrea da obra no Centro Social de Coia. Ademais, subliña que dito espazo se vincula ao grupo teatral, o cal está formado por dezaseis actores de idades comprendidas entre os trinta e dous e os oitenta anos, centrados especialmente en traballos de improvisación.

Grupo de Teatro Fogar do Maior da Porta do Camiño: *A tía lambida*.

Ver Iª Semana Cultural A Trisca.

Grupo de Teatro Fogar do Maior Porta do Camiño: *O mal de Manueliño*.

Ver Iª Semana Cultural A Trisca.

Grupo de Teatro Irmáns Vilar Ponte: *Se o sei non vou á casa*.

Ver IIIª Semana de Teatro ao Aire Libre de Foz.

Grupo de Teatro Lúa Chea: *A familia sempre unida*.

Ver IIIº Circuíto de Teatro Afeccionado de Poio.

Referencias varias:

- A. Agulla, 'Representación teatral en Santo Tomé de Piñeiro', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Marín', 27 xuño 2004, p. 21.

Informa de que o Concello de Marín e a Asociación Cultural de Santo Tomé de Piñeiro organizaron a representación teatral de *A familia sempre unida* que leva a escena o grupo de teatro Lúa Chea.

Grupo de Teatro Municipal Monte Oribio: *Estación Mir*.

Autor: Santiago Jaureguizar.

Referencias varias:

- Susana Rodríguez, 'As Letras dos nenos', *El Progreso*, 'Sarria', 16 maio 2004, p. 11.

Dentro dun resumo dos actos festivos do día das Letras Galegas en Sarria, recóllese a representación, por parte do grupo infantil teatral Monte Oribio, da obra de Jaureguizar *Estación Mir*.

Grupo de Teatro O Feal: *Só para homes*.

Grupo de teatro pertencente ao Padroado da Cultura do Concello de Narón.

Grupo de teatro Os Amigos: *Mal de moitos/Trato a cegas*.

Dirección: Lucía Caneiro.
Interpretación: Diego Fortuna, Rubén Hermida, Tania Álvarez, Pili Prego, Miguel Caneiro, Jorge Casas, Alejandro Fortuna e Thais Lorenzo.

Grupo de Teatro Xuntanza de Randulfe: *As mulleres de antesdonte, onte e hoxe*.

Ver Setembro Cultural San Miguel 2004 de Pazos de Reis.

Grupo do CEIP Abrente: *A parada*.

Ver VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado de Sanxenxo.

Grupo do IES Eduardo Pondal: *O Mariscal - A Frouseira* .

Montaxe con fragmentos das obras *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte, e mais *A Frouxeira*, de Manuel Lourenzo.

Dirección: Daniel Baamonde.

Grupo do IES Isaac Díaz Pardo: *O paseo das esfinxes*.

Autora: Luísa Villalta.
Dirección: Cristina Asensio.
Piano: Beatriz López Suevos.
Soprano: Susana de Lorenzo.

Grupo Longoiro Teatro: *Melocotón en almíbar*.

Ver VIIIº Mes do Teatro (Ferrol).

Grupo Municipal de Teatro de Noia: *Antígona*.

Ver Vª Mostra de Teatro Afeccionado de Boiro.

Grupo Tarantela: *A tía lambida*.

Interpretación que o grupo de teatro afeccionado do barrio da Valenzá fai da obra de Eduardo Blanco Amor.

Autor: Eduardo Blanco Amor.
Dirección: Eva Vila.

Hac Luce: *Gominolas*.

Ver IXª Mostra Internacional de Teatro Universitario (Ourense).
Ver XIª Mostra de Teatro Universitario da Universidade da Coruña.
Ver Vª Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Compostela.
Ver VIª Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITEU) da Universidade de Vigo.

IES Rodeira: *Lisístrata*.

Versión galega que Manuel Lourenzo fixo da obra de Aristófanes, na que o autor grego nos mete nas rúas de Atenas e nos fai partícipes da súa vida cotiá a través da sátira incisiva, a burla máis cruel e o enfrontamento entre sexos.

Ver IIº Ciclo de Teatro Afeccionado do Morrazo Citeamor.

Imaxina-T: *Tanto busto*.

Peza na que tres mulleres afrontan o seu desexo de mellorar o seu aspecto físico por distintas razóns, que van dende as ideolóxicas ás culturais pasando por circunstancias históricas.

Autor: Ernesto Caballero.
Interpretación: Fernanda Martínez, Eva Vigo e María Polo.

Ver IVº e Vº Ciclo de Teatro Afeccionado Domingos á escena.

Lohengrin: *Como unha motooo*.

Ver IIIª Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán.

Longoiro: *Amor en branco e negro*.

Luaces, Elina e Fernando Morán: *Casta i albito*.

Montaxe coa que os amigos de Francisco Taxes queren homenaxear ao autor recentemente falecido. A peza baséase nunha obra inédita de Taxes, na que se aborda o tema do maltrato de xénero.

Autor. Francisco Taxes
Dirección: Ánxela Abalo
Interpretación: Elina Luaces e Fernando Morán

Referencias varias:

- M. Barba, 'Os achegados a Taxes montan a súa obra inédita', *La Opinión*, 'Cultura', 7 febreiro 2004, p. 52.

Dáse conta da homenaxe que os achegados a Francisco Taxes lle farán o 19 de febreiro e no que representarán a súa obra inédita *Casta i albito*, un sainete da década dos oitenta que Biblos Clube de Lectores publicará dentro da colección Mandaio. Estará protagonizada por Fernando Morán e Elina Luaces.

- Camilo Franco, 'Cazador de diálogos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 18 febreiro 2004, p. 46.

Fálase da presentación de *Casta i albito*, o libro editado por Biblos Clube de Lectores na colección 'Mandaio', con ilustracións do pintor Xulio Correa Corredoira, con motivo da homenaxe que a profesión teatral galega lle ten preparada a Francisco Taxes. Indica que a homenaxe inclúe a representación da obra, que será dirixida por Ánxela Abalo e estará protagonizada por Fernando Morán e Elina Luaces.

Manicómicos: *Clowns*.

Ver Outono Cultural de Arteixo.
Ver Iº Festival Internacional de Teatro Cómico Manicómicos.

Manicómicos: *Manicómicos*.

Ver IIIº Encontro de Teatro Independente da Coruña.

Mariclown: *Día tras día (A vida de Rosa)*.

Peza dividida en tres 'sketches', titulados 'O bo amante', 'A cociña' e 'A corporación dermopatética', nos que se parodian certos prototipos da muller. Nesta obra, na que a música ocupa un lugar destacado, inclúense fragmentos da obra de Lino Braxe e Marta Villar.

Autor: Mariclown.
Interpretación: Sabela Amado Rojo, Clara González e Teresa Rañal Pol.

Ver IVº e Vº Ciclo de Teatro Afeccionado Domingos á escena.
Ver Iº Festival Internacional de Teatro Cómico Manicómicos.
Ver IIIº Encontro de Teatro Independente da Coruña.

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, 'Un espectáculo debe estar en cartel ata que o público non queira velo', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 26 decembro 2004, pp. 18-19.

Entrevista as tres intérpretes de *Día a día (A vida de Rosa)*, Premio Mundoclown 2003 de Pontevedra, onde, en primeiro lugar analizan a estrutura da obra que se divide en tres sketchs "O bo amante", "A cociña" e a "A corporación dermopatética" nos que se reflicte a vida dunha muller prototipo dunha ama de casa á que xa dende pequena lle inculcan que a súa función é a educacional en tres etapas diferentes da súa vida. A seguir tamén sinalan que a súa compañía, Mariclown, naceu dunha petición da Concellería da Muller do Concello de Ferrol. Finalizan expoñendo os seus novos proxectos deixando claro que a muller é sempre o eixo sobre o que xira a súa compañía.

Meridional: *Dionisio Guerra*.

Ver Ciclo de Teatro de San Sadurniño

Metátese Teatro: *No mundo megagüai*.

Creación colectiva dos membros de Metátese Teatro que propón unha reflexión sobre as diferenzas entre o mundo 'civilizado' europeo e a sociedade tribal samoana dende unha perspectiva lúdica e cómica.

Dirección: Afonso Penas e Xesús Xavier Souto Bragado.
Interpretación: Óscar Varela Casal, Mónica Pérez Souto, Xosé Manuel Pérez e Afonso García Penas.

Ver Vª Mostra Amador no Camiño (Palas de Rei).
Ver IIIº Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán.
Ver VIIº Certame de Teatro de Monterroso.

Noitebra Teatro: *Crimes exemplares*.

Nova Escena: *Borralliña*.

Revisión cómica do famoso conto da Cincenta; nesta versión afóndase, en clave de humor, nos cadros psicolóxicos dos personaxes do conto facendo unha caricatura de cada un deles: unha Borralliña parva, un príncipe fetichista, un rei dominado por unha raíña mandona... todos os persoaxes rozan o esperpento, guiados polo zapateiro que fixera o famoso calzado e que vai desencadear o final da historia. A narración deste personaxe transcorre entre a fantasía dos seus recordos e a realidade dun conto que puido ser posíbel.

Novo Teatro O Trasno: ... *muller ¿que?*.

Ver III Mostra de Teatro Afeccionado Móstrate de Salvaterra de Miño

O Bordelo: *Plática sisual*.

Autor: Francisco Piñeiro.
Dirección: Francisco Piñeiro.

Ver IVº e Vº Ciclo de Teatro Afeccionado Domingos á escena.
Ver IIIª Semana de Teatro ao Aire Libre de Foz.
Ver XIVª Mostra de Teatro Popular de Chantada.
Ver IXº Mes de Teatro da Asociación de Mulleres Amistad.

Referencias varias:

- Elena Castelao, 'O Bordelo' estrena una obra teatral en Sargadelos', *El Progreso*, 'A la última', 25 decembro 2004, p. 96.

Anuncia o peche da temporada teatral do grupo de teatro O Bordelo tras trinta e sete representacións das súas obras *Plática sisual* e *Trébedes sen lume*; así mesmo, indica que a súa nova montaxe será *Katharsis* da autoría de Francisco Piñeiro, director da compañía.

O Bordelo: *Cambadelas*.

Ver IVª Mostra de Teatro Afeccionado das Pontes.

O Castro de Vilaronte: *Don Armando Gresca*.

Ver IIIª Semana do Teatro ao Aire Libre de Foz.

O catre: *Sursum corda*.

Ver IVº e Vº Ciclo de Teatro Afeccionado Domingos á escena.

O gato Zorbas: *Todas queren ser Ángela Chaning*.

Comedia satírica na que se plasman as diversas dificultades polas que atravesa a xuventude de hoxe: busca de emprego, introdución laboral na sociedade, o proceso para independizarse ou as relacións sociais.

Autor: Nelson Quinteiro.
Dirección: Nelson Quinteiro.

Obradoiro de Animación Teatral do Concello de Malpica: *Contos de sempre*.

Ver Iª Mostra de Teatro de Malpica.

Obradoiro de teatro Clámide: *O que non dixo Guillerme*.

Parodia do clásico da literatura universal *Romeo e Xulieta*, de William Shekaspeare na que os seus protagonistas, ao contrario da versión orixinal, non queren casar e suicídanse pola presión das familias, que manteñen unha boa relación e buscan a unión entre os mozos.

Oquetiqueiras: *Dramático*.

Ver IVº e Vº Ciclo de Teatro Afeccionado Domingos á escena.

Os Falcatrueiros: *Polos meus mortos*.

Ver VIIº Certame de Teatro de Monterroso.

Os Viaductos: *O menciñeiro á forza*.

Adaptación da obra do dramaturgo francés Molière.

Dirección e adaptación: Jesús Cameselle Bon.

Referencias varias:

- Sandra Penelas, 'Mujeres con muchas tablas', *Faro de Vigo*, 'Área Metropolitana/Redondela', 30 decembro 2004, p. 17.

Indica que o grupo afeccionado redondelán Os Viaductos vai representar a obra de Molière *O menciñeiro á forza*, adaptada ao galego polo director Suso Cameselle. Sinala que a obra xa foi representada en dúas ocasións anteriores e que obtivo o mesmo éxito, xa que a súa comicidade é unha aposta segura. Trátase dun enredo no que unha muller para vingarse do maltrato do marido di que este é médico, pero que só a admite se é apaleado. As once integrantes do grupos encarnan os personaxes masculinos e femininos, e hai unha que se desdobra. A veterana da compañía é Josefa Bastos, que conta con setenta e cinco anos, e a máis nova é Maijo Álvarez, de trinta e sete. O decorado e o vestiario tamén foron elaborados por estas mulleres. O grupo Os viadutos forma parte das escolas municipais de teatro e ten oito anos de vida durante os cales representaron *Os caciques,* de Arniches, e *Paquiña alegre y olé*, de Miura e Tono.

Os Xeitosos: *O bosque animado*.

Referencias varias:

- X.T., 'Como actriz, saco moitas lecturas positivas traballando cos maiores', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 13 xuño 2004, p. 23.

Entrevista á actriz e directora Silvia Casal que con vinte e oito anos vén de estrear no Auditorio Municipal de Narón unha versión de *O bosque animado* cun elenco de actores maiores de sesenta e cinco anos. Entende que o teatro a unha idade avanzada axuda a derribar prexuízos e pudores, amais de ser unha boa terapia ao ter que realizar unha actividade con persoas de características similares.

Os Xubilosos: *Unha noite de ruada*.

Ver Iº Mes do Teatro da Pastoriza.

Referencias varias:

- Mayte Corbelle, 'Una cita con la cultura local', *El País*, 'Especial', 2 abril 2004, p. V.

Infórmase da actividade que está a levar a cabo a asociación cultural de Muimenta "Aquilino Iglesia Alvariño" neste ano en que cumpre vinte anos promovendo a cultura.

Segundo a presidenta Mari Cei Cruña os obxectivos sempre son educativos, formativos e sociais e para acadalos contan con cursos para aprender a fiar la ou tocar a gaita, exposicións de fotografías da aldea e puntualmente representacións teatrais como a de *Unha noite de ruada* dos Xubilosos.

Palimoco Teatro: *As fillas de Eva*.

Peza na que se tratan os traumas que causan as guerras.

Dirección: Paloma Lugilde
Autor: Xoán Laxe.

Ver Vª Mostra Amador no Camiño (Palas de Rei).
Ver IIIº Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán.

Papachangos: *O xuízo*.

Autor: Gabriel Penabade

Referencias varias:

- Ana Iglesias, 'Emotivo acto académico de imposición de becas en el Colegio Gelmírez', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 2 abril 2004, p. 32.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, fai referencia á presentación da obra *O xuízo* no centro sociocultural de Fontiñas, do grupo pertencente á Asociación Fonte da Virxe *Papachangos*.

- Joel Gómez, 'Todo el arte de Papachangos', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 3 abril 2004, p. L6.

Con motivo da presentación da obra *O xuízo*, do grupo Papachangos, o autor resalta a función terapéutica do teatro para os membros da Asociación Fonte da Virxe, que sofren diversas doenzas.

Pasapadentro: *A consulta*.

Peza interpretada polo grupo Pasapadentro, pertencente ao colectivo Melandrainas de Laxe.

Patatín & Patatín Superproducións: *Vida, paixón e -¡case!- morte de Patatán Piloto*.

Ver IVº e Vº Ciclo de Teatro Afeccionado Domingos á escena.

Quartoescuro: *A importancia de chamarse Dolly Wilde*.

Ver Iª Mostra de Teatro Universitario de Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra.

Referencias varias:

- Belén López, 'Referencia Madonna', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 16 marzo 2004, p. 85.

Dá conta da homenaxe á cantante Madonna, realizada polo grupo de teatro Quartoescuro da facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra, cuxo próximo proxecto é unha obra titulada *A importancia de chamarse Dolly Wilde*, inspirada na biografía dunha sobriña de Oscar Wilde. Anuncia, ademais, a realización da primeira mostra de teatro de Ciencias Sociais.

- Adriana Rodríguez, 'Quartoescuro trae a Vilagarcía a obra 'A importancia de chamarse Dolly Wilde', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 2 maio 2004, p. 25.

Destaca o éxito da estrea en Vilagarcía da obra *A importancia de chamarse Dolly Wilde*, coa que Quartoescuro presenta unha trama que xira en torno a unha serie de mulleres homosexuais que son recoñecidas artistas no mundo da pintura e a escritura. Contando coas declaracións dalgúns dos membros da compañía, faise un pequeno percorrido pola historia do grupo, nacido en outubro de 2001 da man de Rut Briones e Carlos Gulías.

Quartoescuro: *Esperta Dolly*.

Ver IXª Mostra Internacional de Teatro Universitario (Ourense).

Quartoescuro: *A noite de Molly Bloom*.

Ver XIª Mostra de Teatro Afeccionado de Pontevedra.

Raiolas: *Miles Gloriosus*.

Ver IIIª Semana de Teatro ao Aire Libre de Foz.

Repámpanos Teatro: *O soño de Ofelia*.

Autor: Repámpanos Teatro.

Repámpanos Teatro: *Falta Hamlet*.

Autor: Manuel Lourenzo.

Santos, Javier: *Nós mesmos*.

Peza que acolle varios monólogos sobre diversas personaxes con enfermidades psicolóxicas e psiquiátricas.

Referencias varias:

- N.V., 'Javier Santos: 'A preparación dun actor non remata nunca', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 13 xaneiro 2004, p. 10.

Ademais de dar conta das obras de Javier Santos que se atopan en cartel, *Sexo!!??... un placer* e *Nós mesmos*, a noticia recolle diversas declaracións do actor mugardés. Santos alude á necesidade da calidade na produción teatral e expón a súa visión crítica sobre o teatro galego.

Santos, Javier: *Sexo!!??... un placer*.

Referencias varias:

- N.V., 'Javier Santos: 'A preparación dun actor non remata nunca', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 13 xaneiro 2004, p. 10.

Ademais de dar conta das obras de Javier Santos que se atopan en cartel, *Sexo!!??... un placer* e *Nós mesmos*, a noticia recolle diversas declaracións do actor mugardés. Santos alude á necesidade da calidade na produción teatral e expón a súa visión crítica sobre o teatro galego.

Sennome: *O Principiño*.

Sin Salabím: *Hansel e Gretel*.

Ver VIIª Mostra de Teatro de Vilanova de Arousa.
Ver Outono Teatral do Carballiño.

Tangutanga Teatro: *Sete locas con Mario*.

Ver Iª Mostra de Teatro Universitario de Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra.

Tarabelo: *Non hai ladrón que por ben non veña*.

Ver VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado de Sanxenxo.
Ver IVº Certame de Teatro Enxebre.

Tarabuleque Teatro: *Pallasos puros e duros, dous pallasos en apuros*.

Espectáculo no que dous pallasos, Chis e Pum, se encargan das actuacións dun circo abandonado polos seus artistas.

Autor: Helena Ferro.

Teatro Avento: *¿E agora que facemos?*.

Peza ambientada nun teatro, no que está prevista a estrea dun espectáculo que sacará á institución da crise económica que sofre dende hai anos. No último instante a función debe ser cancelada e serán os propios traballadores da empresa, o acomodador, o vendedor de billetes, a muller da limpeza, o electricista, o tremoísta, a encargada do vestiario e o xerente, os que deciden seguir adiante creando o seu propio espectáculo.

Autor: Avento Teatro.
Dirección: Xoan Abreu.
Interpretación: Benito A. Correa, Gloria Sampedro, Carlos R. Roca, Marcos A. Costas, Carina González, Natalia Villarino e Xoan Abreu.
Luz e son: Laura Abreu.
Vestiario, atrezzo e escenografía: Avento Teatro.

Ver Ciclo de Teatro Vigo a escena.

Teatro da Esmorga: *Kuanto vales, meu tentador*.

Autor: Joel Gomes

Ver IIº Ciclo de Teatro Afeccionado do Morrazo Citeamor.

Teatro do Grilo: *Momo*.

Peza baseada no texto homónimo de Michael Ende, que está protagonizado por unha nena deste nome que ten o don de escoitar aos homes. Na sociedade na que vive asiste a unha transformación motivada pola falla de tempo de toda a xente, pois uns homes grises queren roubarlle o tempo á humanidade.

Autor: Michael Ende.
Dirección: Mónica Sueiro.

Teatro do Grilo: *Romeo e Xulieta*.

Versión da coñecida historia de amor de W. Shakespeare, na que os protagonistas pelexan contra vento e marea para salvar unha relación prexudicada polo enfrontamento familiar.

Autor: William Shakespeare.
Dirección e adaptación: Mónica Sueiro.

Referencias varias:

- Fernando Domínguez, 'Teatro, la novedad de este año', *La Región*, 'Fiestas de San Bartolomé, en Melías', 20 agosto 2004, p. 48.

Con motivo das Festas de San Bartolomé, na localidade ourensana de Santa María de Melías, faise referencia ao completo programa de actividades, entre as que se salienta como novidade a representación teatral da obra *Romeo e Xulieta*, a cargo do grupo Teatro do Grilo, nunha versión dirixida por Mónica Sueiro.

Teatro do Improvisto: *Non é o mesmo*.

Autor: Paco Mir.

Teatro Experimental de Barbadás: *Retablo dun tempo presente*.

Peza dividida en tres historias diferentes, 'A colocación', 'A distancia' e 'O silencio', que teñen como nexo común a crítica social e o feito de obrigar ao espectador a reflexionar.

Dirección: Alfonso Blanco.
Interpretación: Adán Rey, Daniel Rey, David López, Rosa Suárez, Alfonso Blanco e Iria Loisa.

Teatro Luzada: *Mariñeiro en Terra*.

Referencias varias:

- C.B., 'La capital del Sar dedica este mes a la figura de Maruxa Villanueva', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 3 novembro 2004, p. 38.

Dá conta das catro pezas teatrais que o Concello de Padrón pon en cartel con motivo das actividades culturais deste mes que teñen por obxectivo promover o teatro e rendir homenaxe a Maruxa Villanueva. Todas estas obras estarán postas en escena por formacións teatrais de certo caché en Galicia: o grupo Falcatrúa con *O atraco ó banco*, o Teatro Badiu con *Tócama Sam*, o Teatro Luzada interpretará *Mariñeiro en terra* e cerrará o ciclo Lagarta Lagarta pechará o ciclo con *Fobias*.

Teatro Pellado: *O achado do canón do Colorado*.

Adaptación da obra *O achado do Castro*, de Manuel Núñez Singala.

Dirección: Carlos Mosquera

Teatro Sergio Zearreta: *Noveccento*.

Espectáculo que naceu da man de Sergio Zearreta e o director Xavi Castiñeiras, que partindo dun texto de Alessandro Barico crearon unha obra con vocación multidisciplinar; o protagonista da peza é Noveccento, un personaxe que nace, vive e morre nun barco e que ten gran habilidade para tocar o piano.

Autor: Alessandro Barico.
Dirección: Xavier Castiñeiras.
Interpretación: Sergio Zearreta.

Teatroula: *O bululú do linier*.

Nova montaxe da Escola municipal de teatro de Boborás, agora bautizada como Teatroula, na que fan unha adaptación da peza homónima que Cándido Pazó creara para un monólogo do actor Xosé Porto.

Dirección: Jouse García.

Teruca Bouza: *Farsa do cornudo mallado*.

Ver XVª Xornadas de Teatro en Galego do Seixo.

Touro Teatro: *¿Por que non temos papel?*.

Ver Iª Mostra de Teatro Afeccionado Teatrofilia de Vedra.

Traquers: *Romeo e Xulieta*.

Ver Iº Certame de Teatro Afeccionado de Campolameiro

Trotaconventos: *¿Como me ves?*.

Referencias varias:

- Patricia Pérez, 'El teatro es como una droga que crea una adición', *El Ideal Gallego*, 'La entrevista', 28 marzo 2004, p. 9.

Entrevista con Carlos Freire, profesor no instituto de Monte Alto, autor de varias obras teatrais e director da compañía Trotaconventos, formada na súa maior parte por ex alumnos seus. Como resposta ás nove preguntas formuladas, explica as razóns do nome do grupo, valora moi positivamente o labor dos membros da compañía, enumera as obras narrativas e dramáticas das que é autor, defínese como unha persoa sensibilizada cos temas de actualidade (o Prestige, o Mar Egeo, a montaña de lixo de Bens...), explica a súa faceta de actor das obras que el escribe, valora a situación do teatro de afeccionados, informa do próximo estreo da súa obra *¿Como me ves?* e augura un bo futuro para esta compañía e para os seus compoñentes.

Valacar: *Faragullas*.

Título baixo o cal se recollen varias pezas breves de comedia de Chejov, Ruibal e Oswaldo Digón.

Ver Mostra de Teatro de Santa Cecilia O Nadal.

Valacar: *Pedida de man*.

Autor: Antón Chejov.

Veciños de Carral: *Abril de lume e ferro*.

Representación coa que un total de setenta actores, veciños de Carral, quixeron conmemorar o 26 de abril, día do fusilamento dos seus mártires.

Autor: Manuel María.

Vellas maneiras: *O enfermo imaxinario*.

Ver Iº Ciclo de Teatro Afeccionado Teatrofilia de Vedra.

Vichelocrego: *Deus*.

Ver IVª Mostra de Teatro de Gondomar 'Roberto Vidal Bolaño'.
Ver IIIº Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán.

Vichelocrego Teatro: *O proceso de Lucullus*.

Representación da obra homónima que foi escrita en 1939 para ser emitida en espazos radiofónicos e que foi base do libreto da ópera de Paul Dessau 'A condena de Lucullus'; a primeira posta en escena desta obra fíxose en 1951 baixo a dirección de Bertolt Brecht.

Xeito: *Sorprendente*.

Adaptación que a asociación Xeito, vinculada ao Centro Social da Terceira Idade de Xinzo, fixo da obra *Melocotón en almíbar* de Miguel Miura.

Dirección: Alfonso Carlos Lois Suárez.

Referencias varias:

- Pedro García Luaces, 'Teatro con futuro', *La Región*, 'Mancomunidad de A Limia', 20 xuño 2004, p. 49.

Infórmase da actividade que está a levar a cabo a Escola de Teatro de Xinzo dende hai dous anos. Coméntase que medio centenar de nenos dende os catro anos forman este colectivo. Finalmente coméntase que a Asociación Aneis fórmana actores maiores de dezaoito anos e foi a encargada de representar a obra de Manuel Núñez Singala *O achado do Castro*. Pola súa banda a asociación Xeito representou *Sorprendente*, unha adaptación de *Melocotón en almíbar* de Miguel Mihura.

Xerigonza Teatro: *Prohibido suicidarse en primavera*.

Autor: Alejandro Casona.

Xerpo: *UTC (Unidade de Tratamento de Son)*.

Peza que centra o seu argumento en cómo a ambición e a corrupción do poder fan cambiar as persoas.

Referencias varias:

- N.A., 'Xerpo bota en falta un público educado', *Faro de Vigo*, 'Especial Festas do Cristo en Porriño', 25 setembro 2004, p. 19.

Achégase á andaina da compañía Xerpo que dende o ano 1997 leva a cabo a tarefa de aproximar ao público o teatro, para iso representou xa obras como *O cómic a escena* (1999), *300 pompas fúnebres* (2000) e *Trapos sucios* (2002) que teñen en común a autoría da directora e fundadora da compañía Irene Moreira. Sinálase que a última obra que estrearon foi *UTC (Unidade de Tratamento de Son)* na que se trata o tema da corrupción de poder. Para rematar a directora opina que é necesario que as institucións participen no proceso de educación dun público non afeito a asistir asiduamente ao teatro.

Ximalveira: *Ledaíña pola morte do Meco*.

Ver IIº Ciclo de Teatro Afeccionado do Morrazo Citeamor.

III.4.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

III.4.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Arte Livre do Brasil: *A volta do parafuso*.

Peza de Henry James, caracterizada polo suspense, na que se xoga coas palabras no tratamento de temas como o erotismo ou a pedofilia. Está protagonizada por unha institutriz inglesa que asiste a estrañas aparicións na casa na que traballa, na que descobre que os nenos están posuídos polos espíritos dos antigos serventes.

Adaptación e dirección: Roberto Cordovani.
Interpretación: Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno.

Referencias varias:

- A. Mauleón, 'Arte Livre do Brasil presenta en el Teatro Ensalle 'A volta do parafuso', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 15 abril 2004, p. 45.

Dáse conta da presentación que a compañía Arte Livre do Brasil vai facer da obra *A volta do parafuso* de Henry James no teatro vigués Ensalle, dos días e horas que vai estar dispoñíbel en carteleira, do novidoso que é unha obra de fortes doses de misterio para os directores, da calidade da representación -resultado da experimentación dos actores e da adecuación da música e do vestiario- e do argumento que desenvolve a historia, da cal "Amenábar partió también... para su película *Los otros*".

Bacana Teatro: *Ratman&Bobyn*.

Definida polos seus integrantes como "aventura musical, aeróbica e furiosamente anticapitalista". Cunha mestura de humor, música e interpretación satirízase sobre os heroes e os mitos, á vez que se aposta polo entretemento do espectador. Os dous heroes, Ratman e Bobyn terán que enfrontarse ao roubo do Ratbuga, o compañeiro incombustíbel na loita contra o pensamento único e a globalización.

Dirección: Marcos Orsi.
Interpretación: Xulio Abonjo e Marcos Orsi.
Axudante de dirección: Mara Sánchez.
Música: Carlos Santiago e Pepe Sendón.
Coreografía: Marcos Orsi.
Iluminación: Baltasar Patiño.
Vestiario, maquillaxe e atrezzo: Mara Sánchez
Xénero: Comedia musical.

Referencias varias:

- María Núñez, 'Ratman&Bobyn, un musical de cloaca': pregón con risas para abrir o Entroido', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/ciudad', 14 febreiro 2004, p. 12.

Dáse conta da programación prevista para a celebración do Entroido pontevedrés e sinálase que os encargados de ler o pregón serán Xulio Abonjo e Marcos Orsi, ambos os dous do grupo Bacana Teatro. Faise referencia a algúns traballos anteriores destes dous actores e indícase que agora están a traballar coa peza *Ratman&Bobyn*, da que tomaron os personaxes que interpretaron durante a lectura do pregón.

- Belén López, 'Urco escríbese con hache', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 21 febreiro 2004, p. 80.

Fálase do pregón que abriu o entroido pontevedrés, breve pero cheo de humor, con moita asistencia e cunha emotiva lembranza para José Manuel Brea. Dise que comezou co discurso do Urco en ton celebratorio e con algunha chiscadela crítica de cariz político. A seguir, Ratman (Marcos Orsi) e Bobyn (Xulio Abonjo) bromearon con chistes locais e cantaron o número musical do Ratbuga. Para rematar, Bobyn lembrou a historia do Urco e xuntos proclamaron o fin da loita entre Teucro e Urquín para dar paso á festa.

Balea Branca: *O bico da muller Araña*.

Obra do escritor arxentino Manuel Puig, na que se desenvolve unha trama ambientada na ditadura arxentina, na que dous presos, condenados por motivos moi diversos, coinciden na cela dunha cárcere.

Autor: Manuel Puig.
Dirección: Dami Contreras.
Interpretación: Dami Contreras e Mundo Villalustre.
Xénero: Comedia dramática.

Belmondo: *Sidecar*.

Montaxe baseada nos textos escritos por Manuel Cortés, Marcos Ptt Carballido, Ángel Burgos e Carlos Santiago, que traballaron tendo como idea o sidecar e como horizonte unha viaxe. O resultado é unha comedia na que se leva a cabo tanto unha viaxe de dous personaxes pola estrada, coma unha viaxe a través dos elementos escénicos do teatro dentro do teatro.

Dramaturxia e dirección: Carlos Santiago.
Interprétes: Borja Fernández e Marta Pazos.
Axudante de dirección: Gil Rodrigues.
Textos: Manuel Cortés, Marcos Ptt Carballido, Ángel Burgos e Carlos Santiago.
Coreografía: Uxía Pereiro.
Música: Fran Pérez.
Vestiario: Mónica Lavandera.
Maquillaxe: Fany Bell.
Xénero: Comedia.

Bucanero & Emedous Producións: *Se normal, vota Substancia Bucanera*.

Parodia escrita por Xosé Luís Prieto sobre as eleccións, nas que se presenta o partido que lle dá título á obra. Os elixidos son membros dun partido político que pretenden representar ao colectivo aínda "normal" do planeta.

Dirección: Iolanda Muíños.

Interpretación: Pedro Picos, Xosé Bonome e Xosé Luís Prieto.
Deseño gráfico: Héctor Bonome.
Escenografía: Pepablo e Leandro.
Xénero: Comedia.

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver Xoves Teatrais de Ferrol 2004.
Ver Vº Ciclo Verán de Teatro (Vigo).

Bucanero Teatro: *Monólogo do imbécil*.

Dirección: Xosé Luís Prieto.
Interpretación: Santi Prego.

Ver Outono Teatral do Carballiño.

Casahamlet: *Liturxia de Tebas*.

Peza que describe a nova peste que asola Tebas, da que todos apuntan como responsábel a Edipo; tras coñecer o aforcamento da súa nai, o rei despídese do pobo que o exaltará (representado nos diversos estamentos polos espectadores).

Autor: Manuel Lourenzo.
Dirección: Manuel Lourenzo.
Interpretación: Manuel Lourenzo.
Xénero: Drama.

Ver Vº Mostra Amador no Camiño (Palas de Rei).

Referencias varias:

- M.B., 'Casahamlet indaga en la pulsión existencial de Edipo en su nueva obra', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 12 febreiro 2004, p. L10.

Dáse conta da estrea do monólogo teatral de Casahamlet: *Liturxia de Tebas*. Esta obra escrita, dirixida e representada por Manuel Lourenzo recolle o mito grego de Edipo, pero vai máis aló ao tratar a despedida ou dimisión de Edipo tras descubrir os seus actos.

- Manuel Darriba, 'Hoxe ninguén dimite. Hai que botalos a fungueirazos ou prenderlles lume no cu', *El Progreso*, 'Entrevista', 15 febreiro 2004, pp. 28-29.

Xesús Ponte entrevista a Manuel Lourenzo co gallo do estreno da súa última obra teatral: *Liturxia de Tebas*. Na entrevista faise un pequeno percorrido pola carreira teatral de Manuel

Lourenzo. Despois, a entrevista discurre entre diversas preguntas sobre a concepción teatral do entrevistado, a súa opinión sobre a situación actual do panorama teatral galego, etc.

- Lupe Gómez, 'Rebelión do íntio, con elegancia e ó temo con paixón', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 22 febreiro 2004, p. 5.

Dáse conta da estrea por Casahamlet da obra *Liturxia de Tebas* na sala Yago. Este monólogo escrito, dirixido e interpretado por Manuel Lourenzo é, segundo Lupe Gómez, unha revisión sen interferencias, sen maquillaxe e cun enfoque claro do mito de Edipo.

- C. Pancorbo, 'Casahamlet presenta su última programación cultural', *La Opinión*, 'Cultura', 4 maio 2004, p. 63.

Fálase da presentación na Deputación da Coruña da programación cultural da compañía teatral Casahamlet. Neste acto, que presidiron Manuel Lourenzo, Santiago Fernández e Celestino Poza, dáse conta dos diversos cursos e publicacións que levará a cabo a citada compañía teatral coa axuda económica da devandita Deputación.

Centro Dramático Galego: *A comedia do Gurgullo*.

Dirección, versión e dramaturxia: Celso Parada.
Interpretación: Manuel Pombal, Xan Casas, Vicente de Souza, Miguel Varela, Marcos Orsi, Evaristo Calvo, César Goldi, Mundo Villalustre, Manuel Botana e Santi Prego.
Escenografía e máscaras: Pablo Giráldez "O Pastor".
Iluminación: Eduardo Alonso.
Coreografía: Olga Cameselle.
Vestiario: Carlos Alonso.
Dirección Musical e arranxos: Pablo Costas.
Selección musical e idea plástica: Celso Parada.
Asistentes de dirección: Dami Contreras, Salvador del Río e Maxo Barjas.
Auxiliar de Produción: Ángeles Prieto.
Fotografía: Miguel A. Fernández.
Deseño gráfico: Alberte Permui.
Produción: Francisco Oti Ríos.

Ver Sábados Teatrais de Narón.

Referencias varias:

- J.A. Martínez Sevilla, 'El cabaret de Plauto', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 8 xaneiro 2004, p. 15.

Informa da representación que o Centro Dramático Galego fará da súa nova obra, dirixida por Celso Parada, no Teatro Rosalía. Ademais dáse conta da publicacación número trinta e un da colección do Centro Dramático Galego. Sinala que neste libro se recolle a obra dramática que adaptou o director da peza, baseada en diversos textos do clásico Plauto. Xunto con isto, a obra inclúe un contexto crítico de Maria Teresa Rodríguez e Eva Castro Caridad sobre o teatro clásico e a figura de Plauto, analizada desde diversos puntos de vista (home, poeta...). Cómpre indicar que tamén aparece salientado no volume o reparto, as equipas artística e técnica, a montaxe e a escenografía.

- Ana Rodríguez, 'El Centro Dramático Galego plagia a Plauto', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 9 xaneiro 2004, p. 2.

Dáse conta da nova estrea do Centro Dramático Galego que presentará a obra *A comedia do Gurgullo* que dirixe Celso Parada. É unha versión de varios textos do autor latino Plauto baixo unha mirada actual, onde se descobre unha clara influencia do cine. Pretende ser unha comedia con expresas referencias a escenas de *O gran dictador* de Charles Chaplin, ou *Unha tarde no circo* dos irmáns Marx. Mestúranse linguaxes como a do circo, o cabaré ou o *music-hall.* No escenario aparecen moitos e diversos personaxes cada un coa súa historia, quere ser "*unha obra do máis coral*" como indicou Evaristo Calvo, un dos seus intérpretes.

- I. Suárez, 'A Comedia do gurgullo' abre o novo ciclo de teatro de Caixanova', *La Opinión*, 'Cultura', 9 xaneiro 2004, p. 51.

Sinala que a peza teatral do Centro Dramático Galego *A Comedia do gurgullo* abre o novo ciclo de teatro Caixanova que se realiza na Coruña. O seu director, Celso Parada, pretende facer unha comedia coa adaptación de textos de Plauto, ofrecendo dos mesmos unha mirada nova e actual. Nesta obra hai claras referencias ao *vodevil*, aparece ante os espectadores como un cabaret no que un personaxe "vai presentando os outros que fan a súa aparición nun número musical".

- J.A. Martínez Sevilla, 'Embrollo gallego', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 13 xaneiro 2004, p. 26.

Analízase a posta en escena da obra *A Comedia do gurgullo* do Centro Dramático Galego. Ofrécese unha valoración positiva, destacando a boa dirección de Celso Parada, a suxestiva coreografía de Olga Camaselle, o vestiario de Carlos Alonso e por riba de todo os arreglos e seleccións musicais de Pablo Costas. Aínda así, no artigo tamén ten acollida a crítica: o autor considera que nesta peza aparecen tantos tópicos e referencias á película homónima de Liza Minnelli que a converten en pouco novedosa. Critica certas partes do texto, que define como 'soeces', e fai referencia á actuación dos dez intérpretes deste cabaret, que desenvolven a personalidade de varios personaxes (monstruos, deuses, semideuses...).

- Amaia Mauleón, 'Mi versión es un 'Plauto entroidero' que pretende divertir', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 16 xaneiro 2004, p. 39.

Nesta entrevista recóllese a opinión e visión de Celso Parada (fundador do Teatro do Morcego) sobre a obra *A comedia do gurgullo* que dirixe, por primeira vez, para o Centro Dramático Galego. Este director comenta que a peza consiste na recompilación de textos do autor latino Plauto. Pretende facer unha actualización do clásico, unha adaptación moderna, nunha linguaxe nova e actual, polo que aparecen momentos de *music-hall* e homenaxes a *O gran dictador* de Chaplin ou mesmo a Groucho Marx, entre outras. Tamén nos di que están reflectidos os principais personaxes e tópicos do autor, aínda que todo envolto de referencias galegas como as máscaras o Entroido, a gaita... Xa por último, destaca o excelente traballo dos actores en perfecta sintonía coa música na posta sobre o escenario, o que fai que este sexa un espectáculo moi visual.

Chévere: *Río bravo 02*.

Wester recuperado con motivo do décimo quinto aniversario da Sala Nasa. Esta comedia fora estreada no ano 90, aínda que agora só repiten dous dos membros do reparto e a peza conta cunha nova formación musical, ademais dalgúns arranxos. Respondendo ao xénero, conta con todos os seus tópicos e arquetipos.

Dirección: Chévere.
Interpretación: Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Marcos Ptt Carballido e Xesús Ron.
Músicos en escena: Ramón Orencio López e Xacobe Martínez.
Música orixinal: Fran Pérez.
Letras das cancións: Pepe Sendón.
Deseño luz e son: Óscar Álvarez.
Espacio escénico: Chévere e Carlos Alonso.
Iluminación: Óscar Álvarez.
Técnicos en xira: Xurxo Pinheiro e Fidel Vázquez.
Roupas e obxectos escénicos: Carlos Alonso.
Caracterizacións e maquillaxe: Fanny Bel.
Deseño gráfico: Fausto Isorna.
Equipo de produción: Xron, M. Serodio e Belén Brandío.

Referencias varias:

- M.B., 'Cuba, qué linda', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 25 xaneiro 2004, p. L9.

Dáse noticia do intercambio cultural levado a cabo pola Sala Nasa e a Asociación Hermanos Saíz de Cuba. No marco deste programa de intercambio, a compañía Chévere visitou a cidade de Santiago de Cuba, onde se celebrou o encontro *Por los caminos de Santiago*. Alí Chévere representou a obra *Río Bravo*, un espectáculo de teatro de rúa e mais

unha *Ultranoite*. Membros da compañía salientaron a boa acollida recibida polo público e polas autoridades culturais cubanas.

Eme2 Producións: *Malicia (Maica&Alicia).*

Primeira produción propia desta produtora galega que comezou a súa actividade en 2001. Trátase dunha comedia escrita por Paula Carballeira que busca profundar na condición da muller a través de situacións cotiás vividas por dúas irmás de personalidades contrapostas: Maica e Alicia.

Dirección: Cristina Domínguez.
Interpretación: Anabell Gago e Mercedes Castro.
Escenografía: Carlos Alonso.
Iluminación: Joseba García.
Vestiario: La Canalla.
Fotografía: Mónica Gago.
Produción executiva: Julio Perugorría.

Ver Ciclo Tempo para o Teatro de Neda.

Factoría Teatro: *O canto do dime-dime*.

Peza que ten como protagonistas a catro irmáns, tres homes e unha muller, que reciben en herdanza un aparello chamado 'dime-dime', ao que cada un conta as súas penas e alegrías. Na obra contrapóñense os mundos urbano e rural, e exprésase unha especie de desexo por un mundo primitivo, arcaico e lonxe da cidade.

Autor: Daniel Danis.
Adaptación: Frank Meyer.
Dirección: Cristina Domínguez.
Interpretación: Alfredo Rodríguez, Rocío González, César Martínez 'Goldi', e X. Antón Coucheiro 'Cou'.
Iluminación: Paco D´Pink.
Vestiario: Carlos Alonso.
Escenografía: Carlos Alonso.
Xénero: Drama.

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver XIVº Circuítos Teatrais de Moaña.

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, 'Escoitar o idioma', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 30 xaneiro 2004, p. 4.

Entrevista a Cristina Domínguez, actriz e directora da compañía, na que explica as súas experiencias no eido pedagóxico a partir das clases de expresión oral que imparte en *Espacio Aberto*. En canto ao seu traballo con "Factoría Teatro", laméntase de que as obras representadas polo grupo necesitan proxectarse primeiro fóra de Galicia para poder entrar no territorio galego con garantías de éxito.

Factoría Teatro: *Coitelos nas galiñas*.

Peza de David Harrower, Premio María Casares á Mellor Dirección Escénica 2002, ambientada na Escocia rural do século XVIII, que pretende ser o estandarte da rebelión de homes e mulleres de todos os tempos. Neste ambiente vive unha muller sometida ao seu marido e que comeza a aprender a poñerlle palabras ao mundo que a rodea, malia o seu analfabetismo, a través da súa amizade cun muiñeiro.

Dirección: Cristina Domínguez.
Interpretación: Rocío González, César Martínez 'Goldi' e Alfredo Rodríguez.
Deseño do espazo escénico: Carlos Alonso.
Xénero: Drama.

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, 'Escoitar o idioma', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 30 xaneiro 2004, p. 4.

Entrevista a Cristina Domínguez, actriz e directora da compañía, na que explica as súas experiencias no eido pedagóxico a partir das clases de expresión oral que imparte en *Espacio Aberto*. En canto ao seu traballo con "Factoría Teatro", laméntase de que as obras representadas polo grupo necesitan proxectarse primeiro fóra de Galicia para poder entrar no territorio galego con garantías de éxito.

Fulano, Mengano e Citano: *Cheiro de estrelas II*.

Trátase dun espectáculo no que o público asiste a unha viaxe a un país imaxinario chamado "Jalisia", onde se vai gravar un programa de televisión de variedades. Trátase do magazine da TVJá, Cheiro de Estrelas, no que actúa Chicho de Chantada, participante que non se conforma con que só lle paguen os quilómetros.

Dirección: Manuel Pombal.
interpretación: Xosé Manuel Conde, Manuel Botana e Manuel Pombal.
Escenografía: Paula Mariño.
Música: Bernardo Xosé e Manuel Pombal.
Fotografía: José Groba e Isabel Álvarez.

Asistencia técnica: Roi Sobral.
Realización vestiario: Alberto Moldes e Pilar Pombal.
Axudantes de produción: Marisa Gallego e Maribel Pérez.
Xénero: Comedia.

Ver IVª Mostra de Teatro Cabanateatro.
Ver Iª Mostra de Teatro de Malpica.

Librescena Producións: *Os cárceres do olvido*.

Peza de Imma Antonio construída a través de noticias de actualidade extraídas da prensa diaria que ten como protagonista a un xornalista. A modo de flash-backs, este correspondente de guerra retirado despois de corenta anos informando de guerras, fames, pestes e outros conflitos, lembra no transcurso dunha entrevista os dramas humanos a consecuencia destas situacións.

Dirección: Miguel Pernas.
Interpretación: Imma Antonio, Miguel Pernas, Xosé Vilarelle e Agustín Vega.

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver Xoves Teatrais de Ferrol 2004.

Referencias varias:

- Roberto Pascual, 'Xinetes Apocalípticos nun tempo de silencio', *Revista Galega de Teatro*, nº 37, 'Opinións dende a butaca', 2004, pp. 75-76.

Analiza a montaxe de *Os cárceres do olvido*, de Imma António, por parte da compañía Librescena. Sinala que o propósito principal da obra é exhortar á reflexión do espectador sobre as circunstancias socias do seu tempo, expostas no espectáculo a través das imaxes da guerra, a morte, a fame e a peste. Loa a construción do texto dramático e a escenografía da montaxe, pero critica o excesivo sentimentalismo do final e as actuacións dalgúns actores.

- S.L., 'Os cárceres do olvido' de Inma Antonio chegan a Vigo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 novembro 2004, p. 52.

Dá conta da posta en escena de *Os cárceres do Olvido* de Inma Antonio polo grupo de teatro Libreescena Producións.baixo a dirección de Miguel Pernas. Indica que a obra é "unha viaxe en espiral para o centro propio ser".

- V. Oliveira, 'Cárceres do olvido', os argonautas chegan ao Rosalía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 decembro 2004, p. 38.

Informa de que *Os cárceres do olvido* da compañía Librescena dirixido por Miguel Pernas e da autoría de Imma António vai deixar de representarse no Teatro Rosalía. Analiza o seu argumento sinalando que na obra se realiza un percorrido polo espazo do ser humano entre as reixas do esquecemento consciente. Indica o reparto dos autores e afirma que é "un espectáculo sobre o Continente que non desexamos descubrir". Conclúe afirmando que a representación desa obra pecha o ciclo *Sen numerar 2004*.

- Albino Mallo, 'Librescena estrea 'A ciencia dos anxos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 decembro 2004, p. 38.

Anuncia que a compañía de teatro Librescena estreará, baixo a dirección de Miguel Pernas, *A ciencia dos anxos* da autoría de Inma Antonio, Premio Rafael Dieste. Indica que será interpretada por Inma Antonio e polo propio Pernas. A seguir infórmase de que a Deputación da Coruña colaborará na montaxe e na publicación do texto. Conclúe coas palabras da propia autora nas que indica que a obra "é unha historia de amor entre dous biólogos moleculares que traballan en novos camiños da ciencia e que se desenvolve como unha metáfora".

María a Parva: *Xogo de nenas*.

Espectáculo que xira en torno ao xogo da vida, do amor e do teatro, no que ante o público se presenta unha muller que xoga a parecer parva, a ser unha nena, a durmir, a actuar en serio, etc.

Dirección: colectiva.
Autor: Gena Baamonde.
Interpretación: Gena Baamonde.
Escenografía: Kukas.
Atrezzo: Mercedes Rey.
Soporte lumínico: Jorge Méndez Oro.
Xénero: Agri-doce.

Ver IIIº Encontro de Teatro Independente da Coruña.

Máscara Producciónss: *Discurso sobre o fillo de puta*.

Peza baseada na obra do portugués Alberto Pimenta, na que fillo de puta é "todo o mundo" ou "ninguén", unha propensión humana na que se manifesta cando as condicións o permiten e resulta moi habitual.

Dirección: Xerome Calero.

Interpretación: Patricia Alfaia, Marco Antonio Álvarez, María A. Lagarón, Xerome Calero Verónica Codesido, Beatriz Míguez e Pablo Puga.

Ver Ciclo de Teatro Vigo a Escena.

Referencias varias:

- G. Luca, 'Manual para identificar canallas', *A Nosa Terra*, nº 1.132, 'Cultura', 10 xuño 2004, p. 27.

Análise do argumento de *O discurso sobre o Fillo de Puta* de Alberto Pimenta, levado aos escenarios por Máscara Producciónss baixo a batuta de Xerome Calero. Sinala que se trata dun manifesto anti-moralista de humor acedo. Salienta dous aspectos da obra. En primeiro lugar a forma de recitar o discurso da infamia que teñen sete personaxes. Entóano coma "quen conta a vida sexual do mexilón". O segundo aspecto que destaca é a parodia que se realiza, empregando afirmacións categóricas, sobre un recitado moral dun texto anti-moralista.

Matarile Teatro: *A brazo partido*.

Obra de Ana Vallés na que se trata o tema da morte. O argumento parte da morte dun home que está sentado pelando unha laranxa, o que desencadea toda unha serie de situacións entre cómicas e desesperadas.

Dirección: Ana Vallés.
Interpretación: Helen Bertels, Ana García, Eugenia Iglesias, Roberto Leal, Juan López Berzal, Daniel Moreno e Ana Vallés.
Deseño de iluminación, espazo escénico e montaxe musical: Baltasar Patiño.
Textos: Juan Martínez Alejandre.
Tradución ao galego e dicción: Anxos Sumai.
Fotografía e vídeo: Javier M. Oro, Baltasar Patiño e Miguel Suárez R.
Vestiario: Matarile Teatro.

Ver Vº Festival Alternativo de Teatro, Música e Danza de Compostela 'Alternativa 2004'.

Referencias varias:

- MARÉ, 'De xira con Matarile Teatro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 febreiro 2004, p. 46.

Informa da posta en escena da obra *A brazo partido* polo grupo Matarile Teatro nun gran número de lugares da xeografía española aportando as datas e os nomes dos sitios. Logo apunta que o espectáculo contou co apoio do Igaem e do Teatro Galán e ca colaboración de Caixanova, Artes Gráficas Litonor e O Dezaseis.

Matarile Teatro: *Acto seguido*.

Peza creada por Ana Vallés na que se trata a confusión na que vivimos entre a realidade e a ficción, achegándose ás distintas formas de narrar os temas, aos medios de comunicación, ás necesidades de definirse, explicarse e reafirmarse, nun traballo no que prima a comunicación co espectador.

Dirección: Ana Vallés.
Interpretación: Helen Bertels, Eugenia Iglesias, Roberto Leal, Daniel Moreno, Ana Vallés, Marina Wainer e Sergio Zearreta.
Deseño de iluminación, espazo escénico: Baltasar Patiño.
Textos: Javier Martínez Alejandre.
Escenografía: Baltasar Patiño
Vestiario: Matarile Teatro.
Xénero: Teatro e danza contemporánea.

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver Ciclo de Teatro Caixanova.
Ver XXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Galicia entra no mostrario', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 xaneiro 2004, p. 44.

Informa de que a compañía Matarile Teatro é a única representante galega no Festival Alternativo das Artes da Escena Contemporánea de Madrid onde participarán un total de setenta e seis compañías que representarán as súas últimas producións. Logo de expoñer detalladamente o programa de actos indícase que Matarile Teatro levará a escena *Acto seguido*, que é unha reflexión sobre os finos límites entre a interpretación e a vida e sobre a actividade dos actores.

- Xosé Lueiro, 'Teatro&poesía', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 16 xaneiro 2004, p. 4.

Entrevista a Ana Vallés, directora da compañía Matarile Teatro, nas que afirma que a principal característica da compañía e o uso de técnicas creativas que serven para transgredir os códigos que rexen o teatro tradicional. Tamén reivindica que unha obra de teatro non se fai nun escritorio se non enriba do escenario, motivo polo cal traballa só co guión como único soporte ou, en ocasións, só con consignas ou ideas. Sinala tamén que a morte ligada ao paso do tempo e a confusión entre realidade e ficción son temas aos que recorren nas súa últimas composicións. Amosa tamén o seu interese pola linguaxe non verbal, polo que ten de universal e indica que *Acto seguido*, sérvese da ironía como elemento atenuante.

Monicreques de Kukas: *Anxélica no ombral do ceio*.

Obra baseada nun texto de Eduardo Blanco Amor. Trátase dun espectáculo de guiñol pensado para o público adulto, aínda que está catalogado como apto para todas as idades. Presenta monicreques de gran formato sobre o escenario con catro manipuladores para contar as dúbidas da moza Anxélica sobre a conveniencia de entrar no ceo, a onde foi enviada.

Nordesía Producciónss: *Dillei*.

Musical no que se mesturan as cancións e os ritmos tradicionais galegos con música disco e imaxes de videocreación inseridas en directo. O espectáculo inclúe tamén narración oral, monólogo e humor negro.

Dirección: Carlos Blanco.
Interpretación: Carlos Blanco, Ramón Pinheiro (percusión), Nathan (Dj), Uxía Pedreira, Davide Salvado e Richar Rivera (voces e pandeiretas).
Música en directo: Ecléctica Ensemble e Dj Snoocer.

Ver IVº Ciclo de Teatro Sen Numerar.

Referencias varias:

- G. Luca, 'Carlos pega no Branco', *A Nosa Terra*, nº 1.111, 'Fin de semana', 9 xaneiro 2004, p. 31.

Fálase do espectáculo *Dillei* de Carlos Blanco do que se destaca o éxito de público só equiparábel ao de *Celtas sen filtro* no seu tempo, así coma a forza da rexouba, do razonamento espontáneo e a crítica aceda que agroma del. Compárase o mundo que a obra crea coa invención do jazz polos escravos negros e faise alusión tamén ao teatro irlandés e á crítica inglesa. Da segunda parte do espectáculo dise que trata do desastre do Prestige e só se lle achaca que podía ter cedido menos ás mesturas xenéricas tan posmodernas.

- Armando Álvarez, 'Carlos Blanco', *Faro de Vigo*, 'Tal como es', 1 febreiro 2004, p. 13.

Fálase do Carlos Blanco que está por detrás do que fai o espectáculo *Dillei,* con vinte anos de carreira nos máis diversos espazos, de locais experimentais á rúa ou á televisión, cuxa fama vén máis de *Mareas vivas* que de todos os seus "desvelos de trotamundos". Dise que el é ante todo un cómico e que a maxia da súa palabra envolve e atrapa o espectador nun universo propio porque está feito para iso.

- Sabela Corbelle, 'Fago o pallaso porque así o elixín', *El Progreso*, 'Entrevista', 3 marzo 2004, p. 96.

Entrevista a Carlos Blanco da que se desprende a súa incorruptibel vocación interpretativa. O actor aproveita tamén para pedirlles perdón aos da Real Academia Galega polos erros que comete e que, segundo alega, alega derivan do seu apego á lingua real. Subliña o feito de que cobra por pensar e comunicar o que pensa, de que se pode vivir do teatro en Galicia e confesa que traballar con Antón Reixa é un privilexio.

- MARÉ, 'O berro feminino chega a Santiago co musical 'Dillei', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 marzo 2004, p. 56.

Anúnciase a estrea en Santiago do espectáculo *Dillei* que mestura o ritmo do DJ Nathan Carter, a música tradicional de Embletica Ensemble, a videocreación, os textos de Antón Reixa e a voz e a interpretación de Carlos Blanco. Dise que parte do Prestige para acadar un "berro feminino e plural".

- E.M.M., 'O 'Dillei' de Carlos Blanco no Auditorio', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 marzo 2004, p. 50.

Anúnciase a estrea en Santiago do espectáculo *Dillei* do que se subliña o aval de público que o leva apoiado e a innovación que supón a mestura da música tradicional, un DJ en directo, imaxes e narración oral de Carlos Blanco con textos del, de Lucía Aldao e de Antón Reixa.

- M.B., 'Son actor e non teño vocación de líder político ou social', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 31 marzo 2004, p. L2.

Entrevista a Carlos Blanco onde o actor e director de *Dillei* afirma que levan sete cheos de nove funcións, que o seu espectáculo desconcerta e asombra e que a segunda parte é máis polémica porque os textos, imaxes e sons van a toda velocidade para acadar un clímax que nace da rabia do momento. Non obstante, nega que o feito de ser crítico implique unha vocación de liderazgo. Anúnciase tamén que se adaptará para representar ao aire libre e talvez fóra de Galicia.

- Pedro Rielo, 'Dillei Blanco', *Galicia Hoxe*, 'Tempus fugit', 15 abril 2004, p. 5.

Crítica laudatoria do espectáculo de Carlos Blanco *Dillei* que se opón ás montaxes desfasadas do Centro Dramático Galego. Dise que a primeira parte traza as liñas identitarias do ser galego desde a gastronomía ao himno e que a segunda debuxa un futuro negro necesitado doutro dillei-cronista coma este.

- Belén López, 'Un 'dillei' que non cala', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 6 maio 2004, p. 85.

Fálase da montaxe de Carlos Blanco *Dillei*, do seu comezo anticipado para non dar tempo á xente a que se sente e da mestura de DJ, música tradicional e monólogo que propón. Recóllese o que di a obra de que en Galicia o fundamental é comer e beber, así como algún comentario sobre cantigas e sobre o himno que conseguen facer rir ao público.

- Xosé Lueiro, 'Bar a bar, noite a noite', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 7 maio 2004, p. 07.

Entrevista a Carlos Blanco a propósito do seu espectáculo *Dillei* que incide nos escasos musicais producidos en Galicia debido á infraestrutura que esixen, e na innovación que supón mesturar a música tradicional e a dun DJ. O actor e director fala de catro partes na montaxe: a do recitado dun poema de Reixa, a da música tradicional, unha parte que fai el só e a última que aborda desde a ciencia ficción a historia das pandeireteiras. Por último, incídese en que o seu público o gañou bar a bar e recoñece que el e a TVG concordan en que "non pinta nada" nesa canle.

- Yolanda Castaño, 'Musical galego xa', *Diario de Pontevedra/El Progreso/El Ideal Gallego/Diario de Arousa*, 'Columna invertebrada/Opinión', 7 maio 2004, p. 36/27/72/56.

Exaltación do xénero do musical que lembra espectáculos como *Aída* en Broadway ou *O fantasma da Ópera* en Londres e anuncia a innovadora proposta de *Dillei* de Carlos Blanco que combina videocreación, música electrónica e folk co sabor da ironía e da fantasía.

- Isabel Freire, 'O bonito sería, cando mires atrás, dicir: fixen isto e iso, e estivo ben', *Galicia Hoxe*, 'Un cuarto con vistas', 1 agosto 2004, p. 64.

Entrevista a Carlos Blanco de quen se lembra que participou en *Mareas vivas*, en cine e nun disco de Pilocha. Pregúntaselle logo pola película *Heroína* de Gerardo Herrera na que interpreta o papel do marido de Carme Avendaño, e el subliña que a pesar de que a Galicia narcotraficante é un tópico aquí no que máis se incide é na forza desa nai e de moitas outras que lle fan fronte ao problema. Sobre *Dillei* di que fai rir tanto a novos como a vellos e que na súa parte improvisa moito. Como meta ponse dirixir unha montaxe de Shakespeare que emocione.

- A.G., 'Caixanova presenta en Baiona el espectáculo 'Dillei', *Atlántico Diario*, 'Val Miñor', 7 agosto 2004, p. 19.

Anúnciase a estrea en Baiona do espectáculo *Dillei* de Nordesía Producións, dirixido por Carlos Blanco e sublíñase o novidoso diálogo entre a música tradicional (Ecléctica Ensemble), o DJ (Snoocer) e os monólogos. Dise que a primeira parte da montaxe ironiza sobre as cantigas tradicionais e a segunda mira ao futuro e á ciencia ficción.

- Anxo Boente, 'La de Salvaterra es una de las pocas fiestas gastronómicas que me gustan ', *Alameda*, 'Área Metropolitana', 10 agosto 2004, p. 22.

Entrevista a Carlos Blanco na que lembra os seus inicios interpretativos con vinte e un anos, a súa experiencia radiofónica e os seus papeis en diversas series televisivas como *Pratos combinados* e *Mareas vivas*. Logo fala de que creou a compañía Nordesía precisamente para montar *Dillei*.

- María Cedrón, 'Estou matinando outro espectáculo onde a poesía é moi importante', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 16 agosto 2004, p. 42.

Sinálase o éxito de *Dillei* de Carlos Blanco evidenciado mesmo no feito de que en Celanova o aforo se lle quedou pequeno. O actor e director afirma que os espectáculos nacen dunha idea como neste caso a reflexión sobre a figura dos DJ, e anuncia outro espectáculo que se titulará *Contando baixiño* ou *Conto a Galicia, hey* no que a poesía será fundamental.

- Cristina Pancorbo, 'Carlos Blanco: 'El monólogo es un género que se agota en sí mismo', *La Opinión*, 'Cultura', 7 outubro 2004, p. 71.

Fálase do espectáculo *Dillei* de Carlos Blanco e da unanimidade do público sobre a súa orixinalidade da que el como director, guionista e intérprete se sente orgulloso. O actor afirma o seu gusto polo musical dado que permite xuntar moitas artes como neste un DJ, a música de Ecléctica Ensemble, a poesía, a videocreación e o monólogo. Dise tamén que está embarcado nunha serie televisiva para Antena 3.

- Silvia Rozas García, 'Carlos Blanco: 'Se non nos rimos de nós mesmos, de quen carallo nos imor rir!', *A Nosa Terra*, nº 1.146, 14 outubro 2004, p. 40.

Entrevista a Carlos Blanco que se centra no humorismo tanto no espectáculo *Dillei* como máis en xeral, e que o actor di que é inherente á súa forma de ser. Un soño del sería montar a *Ópera do Malandro*, unha adaptación de Chico Buarque da obra de Bertold Brecht, e algo do que se arrepinte é de non ter traballado con Roberto Vidal Bolaño na súa última obra pola aversión que sente cara ao Centro Dramático Galego.

Nove-Dous Teatro: *Rexurdimento. Coplas de cego*.

Peza de Afonso Becerra, na que tomando as coplas de cego e o universo deste personaxe se nos presenta a Saturio e ao seu axudante Cirilo, que gañan a vida contando e cantando coplas que relatan sucesos truculentos. Fartos destes temas soñan que visitan a Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez para que lles escriban coplas máis "cultas".

Dirección: Afonso Becerra de Becerreá.
Interpretación: Jouse García, Clara Vázquez, Tamara Cristóbal e Lois Soaxe.
Escenografía e vestiario: Carlos Alonso.
Axudante de Dirección: Josi Lage.
Xénero: Comedia.

Referencias varias:

- Adriana Rodríguez, 'Meis aposta pola cultura estival', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 4 xullo 2004, p. 27.

Anuncia a celebración das festas patroais do Concello de Meis, que contarán con teatro, títeres, música e danza. Advirte do gran recoñecemento obtido pola obra *Rexurdimento. Coplas de cego*, da compañía Nove-Dous, que participará no programa.

- Ricardo R. Vicente, 'A Guarda inicia su programa cultural con una obra de la compañía teatral Nove-Dous', *Faro de Vigo*, 'Área Metropolitana/Baixo Miño', 5 decembro 2004, p. 19.

Faise eco da presentación da programación cultural do Concello da Guarda, que se abrirá coa representación teatral *Rexurdimento. Coplas de Cego*, da compañía Nove-Dous. Entre outros actos que figuran no programa, destácase a presentación do libro *O clamor da eclipse*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro, na que participarán Xesús Alonso Montero e Miguel Anxo Fernán-Vello.

Nove-Dous Teatro: *Historias mínimas. Un espectáculo mutante de teatro*.

Peza de Javier Tomeo na que se mesturan o drama, a comedia, o amor, o absurdo ou a morte, nunha representación aleatoria das distintas partes da que se conforma a obra. Está formada por arredor de vinte historias curtas a partir dunha primeira que se elixe sacando unha bola dunha urna.

Dirección: Jouse García.
Interpretación: Lois Soaxe, Josi Lage.

Ver VIº Outono de Teatro de Vilalba

Nove-Dous Teatro: *O porqué das cousas*.

Comedia baseada nun texto de Quim Monzó, na que se intercalan outros xéneros e na que se escenifica a relación dos personaxes coa felicidade, que unhas veces buscan e outras esquivan.

Autor: Quim Monzó.
Dirección: Roberto Cerdá.
Interpretación: Josi Lage, Lois Soaxe e Jouse García.
Xénero: Comedia

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver Xoves Teatrais de Ferrol 2004.
Ver XVIIª Noites Teatrais do Pazo de Vilamarín.
Ver Festival do Teatro Galego do Carballiño.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, 'O porqué das cousas, obra desenfadada, radical, sen pudor', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 9 maio 2004, p. 5.

Crítica do espectáculo *O porqué das cousas*, da compañía Nove-Dous. Segundo a autora, a obra move á vez á reflexión e ao riso, a través da ironía, o uso do ridículo e do humor. Conclúe que se trata dun espectáculo terapéutico.

- HV, 'O porqué das cousas', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 11 xuño 2004, p. 3.

Destaca o uso estilizado da obsesión e os diálogos arriscados da obra *O porqué das cousas*, baseada en textos de Quim Monzó. Con este espectáculo, que explora as relacións humanas, preténdese emocionar ao espectador e facelo reflexionar "sobre o logro da felicidade no ser humano".

Os Tirinautas: *Ensalada de Mosquito*.

Peza que nace a partir dun texto versificado do século XVII, *El Lindo Don Diego*, de Agustín Moreto. O seu protagonista é don Miguel, un mozo que está namorado de dona Inés e que se atopa coa oposición do pai dela, que pretende casala cun sobriño seu para aliviar unha precaria situación patrimonial; a obra amosa as peripecias que realiza a parella para conseguir os seus propósitos de voda, para o cal contan coa axuda dos criados, Mosquito e Colombina.

Autor: Agustín Moreto.
Adaptación: Xosé Lueiro.
Dirección: Xosé Lueiro.
Interpretación: José Manuel Puete 'Isi', Xavier Sampayo, Xavier Lorenzo 'Melchor', Ana Puente, Toño Pena, Chelo de Rejo, Gonzalo Valcárcel e Paula García.
Escenografía: Francisco Oti Ríos, Manuel Cobas e Baldomero Calviño.
Carpintería: Manuel Cobas.
Pintura Artística: Baldomero Calviño.
Vestiario: Lupe Cosidó.

Iluminación: Jorge Armesto e Javier Paz.
Imaxe gráfica e fotográfica: Fran Ameixeiras.
Xénero: Teatro popular.

Referencias varias:

- Adriana Rodríguez, 'Isi: 'O máis importante é saber aplicar un pouco de humor á vida', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 2004.

Recórdanse os comezos de Xosé Manuel Rodríguez Puente, Isi, no ámbito televisivo, con intervencións en distintos programas, até a súa colaboracion habitual do Supermartes e o paso importante de gañar o concurso *O Rei da Comedia,* que lle abriu moitas portas. Agora participa no grupo teatral Os Tirinautas, co que representa *Contos de Taberna* e a obra *Ensalada de Mosquito,* que xa percorreu toda Galicia.

- HV, 'Ensalada de mosquito', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 16 xaneiro 2004, p. 3.

Informa da estrea da peza do grupo de teatro estradense Os Tirinautas *Ensalada de Mosquito.* A obra está protagonizada por Isi, recente gañador do concurso da TVG *O rei da comedia*, que estará acompañado por outros finalistas do concurso: Javier Sampayo e Xavier Lorenzo "Melchor", xunto con outros membros do grupo local e integrantes da Escola de Teatro Municipal. A obra está escrita a partir do texto de Agustín Moreto *El lindo don Diego* e narra as peripecias dunha parella de namorados que para facer realidade o seu amor deben vencer a oposición paterna, para o que contarán coa axuda do criado Mosquito, que anda a cheirar os asuntos dos demais. A dramaturxia, tradución e dirección escénicas son de Xosé Lueiro. Tamén destaca a participación de Francisco Oti Ríos como escenógrafo e a colaboración de Celso Parada. Engádense uns apuntes coa historia de Tirinautas Teatro, que se remonta ao ano 1997.

- Laura Camino, 'Xosé Lueiro Lemos: 'Hai que escapar do subvencionismo', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 20 xaneiro 2004, p. 64.

Nesta entrevista Xosé Lueiro Lemos comeza explicando as orixes do seu afán pola representación teatral, no seu interese porque A Estrada tivese unha opción de tempo libre, razón pola que crearon o grupo Os Tirinautas, que ligaron á creación dunha escola para formar a xente da zona. Ademais pretenderon levar as obras até o rural e sensibilizar culturalmente á poboación. Explica que esta iniciativa tivo moi boa acollida entre os estradenses. Considera que o teatro galego se atopa nunha etapa esperanzadora xa que cada vez abren máis salas e os concellos están máis concienciados. Os problemas son a falta de infraestruturas e a situación do teatro marxinal, que ten unha mala dotación económica. Sinala que hai que escapar do subvencionismo, xa que empobrece o teatro. Ademais hai que contar máis cos espectadores e evitar que os programadores prexulguen as obras, posto que algunhas compañías, como as do teatro de vangarda, non atopan salas. En relación coa obra *Ensalada de mosquito*, salienta a gran acollida que tivo na Estrada. Por último, explica a súa relación coa poesía, como autor do libro de poemas *Antoloxía dun naufraxio.*

- Mónica González, 'El gran éxito de 'Ensalada de mosquito' obligará a celebrar otro pase mañana', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 20 xaneiro 2004, p. 44.

A obra *Ensalada de mosquito* representarase na Estrada por terceiro día consecutivo, logo das longas colas nas dúas primeiras funcións que avalan o éxito da montaxe da compañía Os Tirinautas. A presenza de Isi dando vida a un dos personaxes principais contribuíu ao éxito desta montaxe, dirixida por Xosé Lueiro, responsábel da Escola Municipal de Teatro, e coa colaboración de Francisco Oti Ríos e Celso Parada.

- C.B., 'Xosé Manuel Rodríguez, Isi: 'A xente ten moitas ganas de rir', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 30 xaneiro 2004, p. 64.

Nesta entrevista Xosé Manuel Rodríguez, Isi, explica a súa participación na televisión privada nun programa de humor titulado *Hazmerreir*, o que supón o seu salto ao ámbito estatal e nunha nova lingua, o castelán. Aborda tamén a súa última experiencia teatral con Os Tirinautas, e considera que *Ensalada de Mosquito* é unha comedia de enredo moi divertida, que está funcionando moi ben porque a xente ten moitas ganas de rir. Recorda a súa traxectoria, desde *O rei da Comedia* ao Supermartes pasando polo teatro até a súa fichaxe por unha televisión estatal e sinala que quere combinar a televisión co teatro, que é o que máis lle gusta polo contacto directo co público.

- Daniel Fernández, 'Os Tirinautas' sirven su ensalada teatral', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 31 xaneiro 2004, p. 48.

Dá conta da euforia teatral que vive A Estrada coa comedia *Ensalada de mosquito*. O Departamento de Cultura viuse obrigado a aumentar o número de funcións ante a demanda existente, chegando xa á quinta representación, o que supón que máis de dous mil espectadores presenciaron a obra. O éxito supón que está xa prevista unha oitava representación, co que se chegaría aos tres mil dous centos asistentes. A obra, adaptada por Xosé Lueiro a partir de *El Lindo Don Diego*, narra as aventuras duns criados que pretenden desfacer un matrimonio de conveniencia para que frutifique o verdadeiro amor.

- Mónica González, 'Ensalada de mosquito': una comedia servida en clave de éxito', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 3 febreiro 2004, p. 34.

O director da compañía Os Tirinautas comenta o éxito da montaxe de *Ensalada de* mosquito, no momento en que a obra vai xa pola súa sexta representación, cunha notábel afluencia de público o que suporá que mentres haxa demanda continuará habendo representacións. As claves do éxito son a existencia dunha escola de teatro, cuns alumnos moi motivados, de modo que nada é froito do azar. O grupo xurdiu oito anos atrás como alternativa á xuventude estradense. Explica tamén as dificultades de adaptación da obra, especialmente dunha obra en verso sen perder a musicalidade.

- Xosé Lueiro, 'Maxestades da comedia', *Galicia Hoxe*, 'A Contrabutaca', 13 febreiro 2004, p. 4.

Nesta entrevista, os tres finalistas da primeira edición do programa *O rei da comedia* explican o seu debut no teatro coa montaxe teatral *Ensalada de Mosquito*, obra co que obtiveron un gran éxito. Cada un responde a cinco preguntas relativas ás razóns do éxito da obra, por qué se decidiron a facer teatro, qué diferenzas observan entre a televisión e o teatro a escala interpretativa, como mudou a súa vida tras o paso por *O rei da comedia* e, por último, definir en poucas palabras os seus compañeiros de reparto.

- G.B., 'Overbooking' no patio de butacas', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 30 abril 2004, p. 86.

Os Tirinautas van de xira por Galicia coa obra *Ensalada de mosquito*, logo de conseguir un gran éxito na Estrada, con catro mil espectadores e dez funcións. Tres meses despois da estrea, a agrupación vai dar o paso ao semiprofesionalismo representándoa noutros escenarios galegos. Coper@ctiva Cultural encargarase da distribución da obra e confía en contratar unhas vinte representacións. O director do grupo, Xosé Lueiro, expresa a súa satisfacción polo gran número de espectadores que conseguiron levar ao teatro. A obra está baseada nun texto do século XVII, *El lindo don Diego*, de Agustín Moreto, e narra a historia dunha parella de namorados que ten que vencer a oposición paterna para manter o seu amor. A duración da representación é de hora e media.

- M.D., 'Los Tirinautas representan el viernes 'Ensalada de Mosquito', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 3 novembro 2004, p. 21.

Despois do éxito acadado na Estrada, Os Tirinautas representan en Tui *Ensalada de Mosquito*, adaptación do texto de Agustín Moreto *El lindo don Diego*. Trátase do sétimo espectáculo da programación de outono do Concello de Tui. Lémbrase o percorrido do grupo, que se inicia cunha adaptación de varios relatos curtos de Manuel García Barros, seguido da montaxe de *Se o sei non volvo á casa* de Varela Buxán, *Un domingo de pic-nic* e *Ensalada de Mosquito.*

- María Roca, 'El colaborador de Supermartes 'Isi' actúa el sábado en una obra teatral', *El Progreso*, 'Terra Chá', 4 novembro 2004, p. 18.

Anúnciase a próxima representación da obra *Ensalada de Mosquito*, polo grupo Os Tirinautas, e coa intervención nun papel protagonista de José Manuel Puente, Isi, colaborador do Supermartes.

Pífano Teatro: *¿Que pasa coas dependentas dos grandes almacéns ao cumpriren os 50?*.

Peza de Antón Losada na que se narra a vida de dúas dependentas duns grandes almacéns, Juli e Puri. Fórono todo na empresa na súa mocidade: brillantes, atrevidas e ousadas, fixéronse as raíñas das súas respectivas seccións de venda. Agora viven desprazadas polas novas xeracións de "pipioliñas sen conciencia", como elas mesmas as cualifican, lonxe das luces e do trato directo cos clientes. Juli ten problemas de dependencia con todo tipo de pastillas, mentres que Puri é unha fanática das liñas 906, e precisamente unha excesiva factura do consumo telefónico centra boa parte da intriga desta obra.

Dirección: Xan Cejudo.
Axudante de dirección: Xavier Picallo.
Interpretación: Mela Casal e Gloria Ferreiro.
Música e Soundtrack: Piti Sanz.
Deseño, vestiario e maquillaxe: Carmela Montero.
Realización vestiario: Carme Pichel.
Escenografía: Baltasar Patiño.
Realización escenografía/Iluminación: B&K.
Asistencia técnica: Kachet S.L.
Fotografía: MARGEN.
Xénero: Comedia.

Referencias varias:

- Laura Grandal, 'Dependientas a los cincuenta', *La Región*, 'Cultura', 7 febreiro 2004, p. 67.

Anuncia as datas da xira ourensá da compañía Pífano, que con *¿Que pasa coas dependentas dos grandes almacéns ao cumpriren os 50?* leva á escena a historia, en clave de humor, de dúas empregadas duns grandes almacéns que son enviadas ao almacén ao chegaren aos cincuenta anos.

- Suso Varela, 'Pífano Teatro inicia gira por la provincia con su última obra', *La Voz de Galicia*, 'Provincia', 18 febreiro 2004, p. L13.

Artigo que xira ao redor da posta en escena de *¿Qué pasa coas dependentas dos grandes almacéns ó cumpriren os 50?* a cargo de Pífano Teatro, que executan as populares actrices Mela Casal e Gloria Ferreiro. Infórmase dos días nos que esta obra, do lucense Antón Losada e dirixida por Xan Cejudo, se representará en distintas localidades da provincia de Lugo: primeiro en Monterroso, despois en Escairón, Cospeito e Quiroga e, por último, en Ribadeo.

Pífano Teatro: *Acto imprevisto*.

Comedia na que a tradición é satirizada e a actualidade se presenta deshumanizada pola incomunicación.

Autor: Miguel Gallego.
Dirección: Xosé Manuel Olveira *Pico.*
Interpretación: Mela Casal, Olga Ferreiro e Guillermo Cancelo.
Escenografía e iluminación: Kukas.
Xénero: Comedia.

San&San: *Muñekitous-A Nasional Yeographic Riport*.

Parodia dun programa de animais do National Geographic protagonizada por un explorador australiano de orixe galega e o seu compañeiro condutor que non se entenden.

Dirección: Carlos Sande e Pablo Sánchez.
Interpretación: Carlos Sande, Pablo Sánchez e Joaquín Domínguez.
Cámara: Carol Garel.
Luz e son: Afonso Pérez.
Vestiario: Luís Pernas.
Xénero: Parodia Cómica.

Ver Ciclo de Teatro Infantil de Cambados.

Sapristi: *Hotel Run*.

Recreación cómica de humor negro de Evaristo Calvo, na que se conta a historia de dúas irmáns que se ven obrigadas a cumprir a última vontade de seu pai: estender as súas cinzas no hotel no que pasara os mellores momentos da súa vida.

Dirección: Evaristo Calvo.
Interpretación: Patricia Vázquez e Nuria Sanz.
Música: Rodrigo López.
Iluminación: Miguel López Soto.
Vestiario: Masagris/Carme Martínez.
Escenografía: Magris.
Xénero: Comedia.

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver Vº Ciclo Verán de Teatro (Vigo).
Ver Mostra de Teatro Galego de Cariño.

Sarabela Teatro: *A conxura dos necios*.

Obra de John Kennedy Toole, na que o protagonista, Iñacio Rei, vive aos seus trinta anos coa súa estrafalaria nai e se dedica a escribir unha estensa denuncia contra o século XX, que considera falto de teoloxía e xeometría coma de decencia e bo gusto. Por unha inesperada necesidade de diñeiro vese catapultado á febre da existencia contemporánea á que Iñacio subirá algún grao máis.

Dirección e adaptación: Ánxeles Cuña.
Interpretación: Fernando Dacosta, Xosé A. Porto "Josito", Elena Seijo, Xavier Estévez, Fina Calleja, Sabela Gago e Tito R. Asorey.
Escenografía e atrezzo: Marcelino de Santiago "Kukas".
Xénero: Traxicomedia.

Ver IIIº Festival Teatrarte de Redondela.

Sarabela Teatro: *O lapis do carpinteiro*.

Baseada na novela homónima de Manuel Rivas, trátase dunha historia de amor, melancolía e busca da liberdade en tempos da guerra civil española e da postguerra. A historia de amor está protagonizada por Marisa Mallo, unha fermosa moza de Fronteira, filla dunha familia de ambiente reaccionario, e o médico republicano Daniel da Barca, posuidor da beleza tísica e seguidor da teoría da realidade do doutor Nóvoa Santos. Fronte a eles a mirada escrutadora dun home que non tiña medo, Herbal, o garda da cadea da Falcona que verá restaurada a súa condición de ser humano por obra e graza de tantas formas de amor como o lapis do carpinteiro lle foi ensinando a debuxar. Esta obra foi galardoada con oito premios María Casares de Teatro no ano 2001.

Dramaturxia: Begoña Muñoz, Fina Calleja e Ánxeles Cuña Bóveda.
Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda.
Adaptación: Sarabela Teatro.
Interpretación: Fernando Dacosta, Suso Díaz, Fina Calleja, Elena Seijo, Xosé A. Porto "Josito", Xavier Estévez, Pepe Soto e Tito R. Asorey.
Deseño de escenografía e atrezzo: Jesús Costa.
Realización de escenografía e atrezzo: Arteficción S. L. e Jesús Costa.
Deseño e realización de máscaras: Jesús Costa.
Deseño de vestiario: J. Carlos Rodríguez.
Deseño de son: Arturo González.
Deseño de iluminación: Antón R. Macías, Ánxeles Cuña e Suso Díaz.
Perruquería: Quique Martínez.
Deseño Gráfico: 1:Media.
Fotografía: Mario G. Herradón.
Xénero: Drama

Ver Festival do Teatro Galego do Carballiño.

Sarabela Teatro: *Así que pasen cinco anos*.

Peza baseada na obra de Federico García Lorca, na que un mozo indeciso rexeita o amor real da súa mecanógrafa pola ilusión do amor que a súa noiva lle promete así que pasen cinco anos; transcorrido este tempo, a noiva rexéitao e o mozo volve coa súa mecanógrafa, que o empreza para cando pasen outros cinco anos.

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda.
Interpretación: Fernando Dacosta, Josito Porto, Tito Asorey, Xavier Estévez, Suso Díaz, Elena Seijo, Sabela Gago e Nate Borrajo.
Escenografía: Suso Días.
Maquillaxe: Carmela Montero.
Música: Lameiras Cid e Labrador.
Vestiario: Teté Seoane.
Xénero: Drama.

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver IVª Mostra de Teatro de Gondomar 'Roberto Vidal Bolaño'.
Ver Xoves Teatrais de Ferrol 2004.
Ver Encontros Teatrais de Culleredo.
Ver Outono Teatral do Carballiño.
Ver Ciclo de Teatro Caixanova.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Chega a Vigo 'Así que pasen cinco anos' en versión de Sarabela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 febreiro 2004, p. 49.

Breve nota na que se anuncia a representación da obra no Centro Cultural de Caixanova, descríbese de forma lacónica o argumento e cítase o nome dos actores que forman o reparto.

- Ágatha de Santos, 'Ánxeles Cuña: 'Non quixen montar unha obra de Lorca, senón atoparme con el', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 6 febreiro 2004, p. 44.

Dá conta do inicio da xira galega de *Así que pasen cinco anos* en Vigo. Ademais, inclúe declaracións da directora de Sarabela Teatro, Ánxeles Cuña, nas que fala da adaptación da obra de Lorca e da montaxe. A directora da compañía afirma, "creo que Lorca me daría o visto bo". Remata facendo referencia aos compoñentes do reparto.

- Fran Pérez Lorenzo, 'O Lorca de Sarabela', *Galicia en el mundo*, 'Opinión', 17 febreiro 2004, p. 5.

Comentario que se inicia coa narración da experiencia do autor ao asistir á peza, *Así que pasen cinco anos*. A recensión está cargada de referencias a artistas de diversos ámbitos nas que se van tecendo algúns aspectos da obra. Tamén inclúe citas de Lorca e do dramaturgo

Harold Pinter. Fala da escenografía como "visualmente poderosa, dramática e estarrecedora". Remata facendo referencia á actualidade, na que "todas as verdades se ocultan, a liberdade se nega e a poesía semella, por veces, a única saída posibél".

- C. Domínguez, 'Quixemos atoparnos con Lorca', *Galicia Hoxe*, 'Entrevista', 25 abril 2004, p. 12.

Entrevista coa directora de Sarabela Teatro, Ánxeles Cuña, a propósito da presentación de *Así que pasen cinco anos* na Feira de Teatro de Galicia. Ánxela Cuña fala, en primeiro lugar, do seu comezo no mundo do teatro e anticipa os seus próximos proxectos. A directora fai alusión á axuda que supoñen os premios á hora de proseguir con novos traballos e á temática social das súas obras. Tamén fai referencia á obra adaptada de Lorca e ás liñas de traballo que segue a compañía á hora de seleccionar unha peza teatral. Por último, sinala que o sistema de financiamento é precario, polo que Sarabela fai "un esforzo brutal".

- Lupe Gómez, 'A obra onírica e libertaria de García Lorca e Sarabela', *El Correo Gallego*, 'Teatro', 2 maio 2004, p. 5.

A noticia loa o traballo da compañía ourensá Sarabela na adaptación da obra de Lorca, *Así que pasen cinco anos*. Sinala os aspectos máis internos e recónditos da obra. Tamén inclúe unha mensaxe que lle evoca a obra de Lorca e a posta en escena de Sarabela, "hai que amar a vida".

- LR, 'Sarabela abre la temporada de otoño del madrileño Teatro Galileo con 'Así que pasen cinco años', *La Región*, 'Ourense', 14 setembro 2004, p. 7.

Anúnciase a posta en escena da obra de Sarabela en Madrid e faise fincapé no empuxe que suporá tal feito para a compañía e para o teatro galego. Ademais, cítanse os premios María Casares acadados pola peza teatral e infórmase das previsións da compañía.

- Víctor Furelos, 'Sarabela actúa en Madrid', *El Correo Gallego*, 'Ourense', 15 setembro 2004, p. 23.

Anúnciase a representación da obra *Así que pasen cinco anos* que levará a cabo o grupo Sarabela Teatro no Galileo de Madrid.

- E.P., 'Sarabela estrea a temporada do Teatro Galileo con 'Así que pasen cinco anos' de Lorca', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 17 setembro 2004, p. 76.

Infórmase da representación de *Así que pasen cinco anos* no Teatro Galileo de Madrid. Faise referencia ao contido da obra. Ademais, inclúense declaracións da directora da

compañía, Ánxela Cuña, nas que ofrece a súa visión verbo da peza teatral. Por último, a noticia alude a diversos aspectos da compañía.

- E.P., 'Sarabela leva a Madrid 'Así que pasen cinco años', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 setembro 2004, p. 49.

Fai referencia á apertura da tempada no Teatro Galileo de Madrid coa obra da compañía Sarabela Teatro *Así que pasen cinco anos*. Alude a diversos aspectos da montaxe, aos temas centrais da peza e ao grupo teatral. Ademais, inclúe unhas consideracións da directora de Sarabela, Ánxeles Cuña.

Sísifo Teatro: *¿Que...?*.

Serie de monólogos cómicos, nos que unha serie de homes saen ao escenario para debullar algúns dos problemas, dúbidas e inseguridades que os atinxen. Aquí falan diante do psicólogo-espectador que se mostra compasivo por identificarse con moitos dos argumentos expostos, malia seren ridículos, pero que acougan o espírito dos que sofren.

Dirección: Manuel Camba.
Interpretación: Rafael Costas e Mercedes Carballo.
Deseño de escenografía: Sísifo Teatro.
Música: Joan Albert Amargos, Don Grusing e "Pagasus".
Produción: Sísifo Teatro.
Selección musical: Manuel Camba.
Vestiario: Sísifo Teatro.
Violoncello: Rebeca Núñez.

Sísifo Teatro: *O bico da muller araña*.

Peza de Manuel Puig na que se presenta a relación entre dous presos, un homosexual e un activista político, que comparten cela. Da simbiose producida emerxerá vitoriosa a dignidade necesaria para non ceder diante da represión, nunha obra na que se mestura a tenrura e o drama.

Dirección: Manuel Camba.
Interpretación: Rafa Costas e Juan Silva.
Música: Kurt Weill, Lisa Gerrard e Terje Rypdal.
Produción: Sísifo Teatro.
Selección musical: Alejandro Guillán.
Iluminación: Emilio Bugarín.
Son: Fernanda Cáccamo.
Utillaxe e montaxe escénica: Benito Martínez.
Vestiario: Sísifo Teatro.

Voces en off: Pepe González e Alejandro Guillán.

Ver Ciclo de Teatro Vigo a escena.

Talía Teatro: *A paz do crepúsculo*.

Peza de Itziar Pascual, gañadora do Premio Serantes do Concello de Santurtzi, o que supuxo a coprodución desta montaxe da que se fixo responsábel Talía Teatro. A historia céntrase nas reflexións de personaxes que estiveron na División Azul cando Alemaña invadiu a Unión Soviética, uns individuos que están nunha guerra que non é a súa e defendendo uns ideais que non asumen como propios.

Autora: Itziar Pascual.
Dirección: Cándido Pazó.
Interpretación: Toño Casais e Xavier Estevez.
Escenografía: Carlos Alonso.
Música: Colectivo Dous.

Ver XVIIª Mostra de Teatro de Cee.
Ver Sábados Teatrais de Narón.

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, 'Autor a pé de obra', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 20 febreiro 2004, p. 4.

Aproveitando a estrea de *A paz do crepúsculo*, Cándido Pazó, actor, director e narrador oral, expresa a súa preferencia polos textos que teñen un espazo reservado para o humor e o seu interese pola transmisión da realidade social.

Talía Teatro: *Bicos con lingua*.

Espectáculo no que o tema principal é a lingua galega, da que se fai unha defensa didáctica na que o humor ocupa un lugar relevante.

Autores: Suso de Toro, Cándido Pazó, Xavier Lama, Manuel Núñez Singala, Marta Echevarría e Avelino González.
Dirección: Avelino González.
Interpretación: Toño Casais e Artur Trillo.
Xénero: Comedia.

Ver IVº e Vº Ciclo de Teatro Afeccionado Domingos á escena.
Ver XVIIª Mostra de Teatro de Cee.
Ver Ciclo de Teatro de San Sadurniño.
Ver Ciclo Teatral Outono 2004 de Cambados.

Ver Outono Cultural de Rois.
Ver Festival do Teatro Galego do Carballiño.
Ver Mostra de Teatro de Santa Cecilia O Nadal.
Ver Ciclo 'Teatro para o Ensino Secundario'.

Referencias varias:

- C.F., 'Bicos con lingua', unha comedia para reflexionar sobre o idioma', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 26 febreiro 2004, p. L11.

Co motivo da representación da obra en Santiago de Compostela, a noticia fai fincapé na finalidade e no compromiso de *Bicos con lingua* co idioma galego. Ademais, cita o nome dos autores dos textos que incorpora a obra teatral e inclúe diversas consideracións do director da peza, Avelino González.

- Alfredo Conde, 'Unha lingoa propia', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 4 marzo 2004, p. 4.

Comentario no que loa *Bicos con lingua*, obra que, nun primeiro momento, compara coa primavera. Cualifica a peza de "excelente" e considera "magnífica" a interpretación. Ao longo do artigo, fai referencia á lingua galega. Remata reclamando a atención da televisión para que lle dea pulo á obra e a atención dos lectores para que asistan á representación.

- Lupe Gómez, 'Bicos con lingua', unha obra clara, didáctica e ó mesmo tempo alegre', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 7 marzo 2004, p. 5.

Define a obra como "extraordinaria para convencernos de que é importante que falemos galego". Sinala que, ao contemplar a obra, "os galegofalantes sentímonos orgullosos, contentos". Aposta pola representación da peza nos institutos como ferramenta para incitar aos rapaces a falar galego e fai alusión aos actores e aos textos que incorpora a obra.

- M.C.S., 'Música, teatro e mostras de Xocas centran os actos do Día das Letras na comarca', *La Opinión*, 'Costa da Morte/Carballo', 16 maio 2004, p. 23.

Co motivo do Día das Letras Galegas, infórmase sobre a posta en escena de *Bicos con lingua*, a cargo de Talía Teatro e de *Ecos e Voces dun tempo e dun país*, do Teatro do Atlántico.

- Cuca Peña, 'Los mejores payasos del mundo', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 4 agosto 2004, p. 31.

Anuncia a próxima representación de *Bicos con lingua*, de Talía Teatro, no Festival Internacional de Clown de Galicia.

- Jose Matamoros, 'Ponga una sonrisa en su vida', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 5 agosto 2004, p. L11.

Fai referencia á posta en escena de *Bicos con lingua* na Mostra Internacional de Clown de Galicia.

- LR, 'Elevando a voz contra a agonía da lingua', *La Región*, 'Carballiño', 10 setembro 2004, p. 14.

Co motivo da posta en escena de *Bicos con lingua*, cita as características da obra teatral.

- Chicha Pantín, 'Representación de la obra teatral 'Bicos con lingua', *El Correo Gallego*, 'Ferrol', 3 outubro 2004, p. 20.

Coméntase a obra *Bicos con lingua* que representa a compañía Talía Teatro coa que conseguiu varios galardóns na VIII Edición dos Premios María Casares.

- F.V.M., 'Talía Teatro representa en Santa Cruz 'Bicos con Lingua', *La Opinión*, 'Oleiros', 5 novembro 2004, p. 19.

Anuncia a próxima representación da obra e fai referencia ao carácter "reivindicativo" e ao argumento.

- Adriana Rodríguez, 'A obra 'Bicos con lingua' reflicte o compromiso dun mesmo co idioma galego', *Diario de Arousa*, 'Teatro', 28 novembro 2004, p. 23.

Informa da inminente posta en escena da peza teatral en Cambados. Fai referencia aos premios acadados e ao feito de ser "unha das obras máis demandadas". Alude aos textos que interpretan os actores e inclúe declaracións do director da compañía Talía Teatro, Artur Trillo, verbo da situación da lingua galega.

- Rubén García, 'Invitamos ao público a reflexionar', *La Opinión*, 'El personaje', 7 decembro 2004, p. 8.

Artur Trillo, actor e director de Talía Teatro, expón as súas consideracións sobre o idioma galego con motivo da representación de *Bicos con lingua.* Inclúe unha breve presentación do entrevistado. Ademais, fai referencia a dúas obras en cartel, *Menos lobos* e *Eu así non xogo*.

Teatro Burrattini: *Cineclú*.

Novo espectáculo cómico desta compañía galaico-italiana, dividido en seis 'skteches' baseados en diferentes xéneros cinematográficos: cine mudo, cine negro, neorrealismo italiano, cine oriental, ciencia ficción e cine erótico.

Autor: Simone Negrín.
Dirección: Simone Negrín.
Interpretación: josé Luís López Roca, Alfonso Rodríguez Molares e Simone Negrín.

Teatro Cachuzo: *Insomnio*.

Peza de Rubén Ruibal na que se tratan temas de actualidade, algúns deles relacionados cos medios de comunicación, sobre o que é correcto informar e o que non.

Dirección: Carlos Losada.
Interpretación: Ursia Gago, Santi Telmo, Iria Cacheiro, Begoña Ferreira, Eva Gontad e Silvia Cerneira.
Iluminación: Rubén Ruibal
Vestiario: S. Lily Cocosh.
Escenografía: Fins Boo.
Xénero: Comedia

Ver IIIº Festival Teatrarte de Redondela.

Teatro da lúa: *A longa agonía das centolas.*

Comedia negra de Ovidio Lucio Blanco, en tradución de Iolanda Ogando, con todos os compoñentes clásicos do xénero dende asasinatos, traficantes, almas en pena, até encaixes de Camariñas, inxenuas artesanas que falan coas centolas ou drogaditos. Partindo da exquisitez dos mariscos galegos e o cotizados que están, aquí os personaxes queren facerse donos de tan prezado negocio.

Dirección: Gina Piccirilli.
Interpretación: Dorotea Bárcena, Beatriz Graña, Roberto Leal e Ramiro Neira.
Escenografía e atrezzo: Ovidio Lucio Blanco.
Música: Pablo Pérez.
Xénero: Comedia negra.

Teatro de Ningures : *Círculo*.

Comedia baseada na obra homónima de Suso de Toro.

Adaptación: X.M. Pazos e E. Vázquez.
Dirección: Etelvino Vázquez.
Interpretación: Pepa Barreiro, Sonia Rúa, Casilda García, Francisco Paredes, Santiago Cortegoso e Salvador del Río.
Iluminación: Etelvino Vázquez.
Vestiario: Diego Seixo.
Escenografía: Diego Seixo.
Xénero: Comedia.

Ver Xoves Teatrais de Ferrol 2004.
Ver Mostra de Teatro Galego de Cariño.

Teatro do Aquí: *Animaliños*.

Terceira entrega da triloxía formada por *Anxeliños*, *Criaturas* e *Animaliños*, peza na que, fixándose en distintos animais, se analizan fenómenos da realidade actual. Parodia a contraditoria relación entre a sociedade da opulencia e o contorno natural. O espazo está situado nun xardín simbólico dunha urbanización de chalés adosados na que xorde unha praga de caracois.

Interpretación: Mónica Camaño, Avelino González e Rubén Ruibal.

Teatro do Atlántico: *Ecos e voces dun tempo e dun país*.

Espectáculo de corte intimista e cunha gran carga de humor no que se fai un percorrido pola poesía galega contemporánea e no que están presentes as obras de máis de vinte poetas galegos, entre eles Álvaro Cunqueiro, Luís Pimentel, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra, Luísa Castro ou Manuel Rivas.

Dirección: Xulio Lago.
Intepretación: María Barcala, Xavier Constenla, Pilocha e Xulio Lago.

Referencias varias:

- M.C.S., 'Música, teatro e mostras de Xocas centran os actos do Día das Letras na comarca', *La Opinión*, 'Costa da Morte/Carballo', 16 maio 2004, p. 23.

Dá conta dos diferentes actos que se celebrarán na comarca para o Día das Letras Galegas, dedicado a Xaquín Lorenzo: música, exposicións e representacións teatrais entre as que cabe salientar a posta en escena en Cee de *Ecos e voces dun tempo e dun país*, a cargo de Teatro do Atlántico.

Teatro do Atlántico: *Vanzetti*.

Recreación das cartas que nos anos 20 o anarquista italiano Vanzetti lle enviou á súa familia antes de ser executado.

Adaptación: Xosé Manuel Pazos.
Dirección: Xulio Lago.
Interpretación: Jouse García, Gonzalo M. Uriarte e Manuela Varela.
Axudantes de dirección: María Barcala e Gloria Rico.
Iluminación: Xulio Lago.
Vestiario: Susa Porto.
Escenografía: Kukas.
Xénero: Drama.

Ver Ciclo de Teatro de San Sadurniño.
Ver Ciclo Tempo para o Teatro (Neda).

Teatro do Morcego: *Os Piratas-A Branca Rosa*.

Peza inspirada no texto orixinal de D. Barbany e S. Sans, na que se leva a escena unha historia en forma de opereta romántica, na que, a cadros de gran colorido, se presentan por medio do texto e da música as desventuras de Branca Rosa, filla do virrei de España nas Antillas, casada sen amor cun nobre portugués, raptada polo pirata Morgan e convertida ao remate en serea por un Neptuno enrabechado.

Dirección: Celso Parada.
Interpretación: Eva Carreras, Eduardo R. Cunha "Tatán", Damián Contreras, Salvador del Río, Miro Magariños, Miguel Borines, Andrés Giráldez, Fran Paredes, Santiago Cortegoso, Max Gómez e Suso F. Barreiro.
Iluminación: Suso F. Barreiro.
Escenografía: O Pastor.
Xénero: Comedia romántica.

Ver IVª Mostra de Teatro de Gondomar 'Roberto Vidal Bolaño'.

Teatro do Morcego: *Os vellos non deben namorarse*.

Peza de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao na que todo xira arredor dos amores de tres vellos imprudentes, D. Saturio, D. Ramón e o Sr. Fuco, que teñen a desgracia de poñer os seus ollos en tres mozas: Lela, Micaela e Pimpinela.

Dirección: Celso Parada.
Interpretación: Carlos Alonso, Maxo Barjas, Pepe Barreiro, Miguel Borines, Eva Carreras, Belén Constenla, Casilda García, Andrés Giráldez, Miro Magariño, Sonia Rúa, Patricia Vázquez, Salvador del Río, Gonzalo Uriarte e Braulio Velo.

Vestiario: Carlos Alonso.
Técnico de luces: Suso Barreiro.
Técnico de son: Francisco Alfaro.
Colaboración musical: María Xosé López e Xico de Cariño.
Xénero: Comedia.

Ver Ciclo Teatral Outono 2004 de Cambados.

Teatro do Morcego: *A gran ilusión*.

Peza de Eduardo de Filippo, na que se aborda o tema dos celos a través dun marido que perde a súa muller moza polo seu carácter posesivo. Enganado por un mago, chega a crer que ela está nunha caixa diminuta que endexamais se atreve a abrir.

Dirección: Celso Parada.
Interpretación: Casilda García, Pepa Barreiro, María Bañobre, Maxo Barjas, Miguel Varela, Salvador del Río, Alberte Barreiro, Santiago Cortegoso, Miro Magariños, Eva Carreras, Celso Parada, Sonia Rúa e Mundo Villalustres.
Escenografía: P. Pastor.
Vestiario: Carlos Alonso.
Selección musical e interpretación: Pablo González, Max Gómez, Warren e Mundo Villalustres.
Xénero: Comedia

Ver IIIº Festival Teatrarte de Redondela.
Ver Ciclo Teatral Outono 2004 de Cambados.
Ver Outono Cultural de Arteixo.
Ver VIº Outono de Teatro de Vilalba.

Referencias varias:

- M.C.S., 'Teatro do Morcego celebra su aniversario en Carballo', *La Opinión*, 'Costa da Morte/Carballo', 4 marzo 2004, p. 22.

Informa da celebración do ciclo Teatro na Escola organizado polo Concello de Carballo. Neste marco, Teatro do Morcego representará, en dous días consecutivos, a obra *Os Piratas-A Branca Rosa* e *A gran ilusión*. Coas funcións, que serán gratuítas e se celebrarán no Pazo da Cultura, Teatro do Morcego celebra o decimoquinto aniversario da súa fundación.

- Adriana Rodríguez, 'O Teatro do Morcego trae a Vilagarcía a obra 'A Gran Ilusión', *Diario de Arousa*, 'Colaboración', 25 abril 2004, p. 21.

Despois de facer referencia á propia estrea da obra, sinálase a preferencia do seu director, Celso Parada, polo teatro italiano, de gran influencia na representación á que alude a

noticia. Faise logo un percorrido pola traxectoria e galardóns do Teatro do Morcego, para rematar cun extenso resumo do argumento da obra *A gran ilusión*.

Teatro do Noroeste: *Os outros feirantes*.

Baseado en textos de *Os outros feirantes*, de Álvaro Cunqueiro, este espectáculo teatral baséase nunha selección de textos escollidos da serie de retratos de tipos populares coñecidos por Álvaro Cunqueiro e recollidos na súa obra *Os outros feirantes*. Na posta en escena a protagonista é unha vaca marela, que serve de fío condutor para realizar o percorrido polos diferentes sitios e personaxes que aparecen na obra do escritor mindoniense.

Dirección: Eduardo Alonso.
Interpretación: Luma Gómez.
Música: Chefa Alonso.
Escenografía: Equipo Teatro.
Vestiario: Carmela Montero.
Posta en escena: Miguel López Soto e Francisco Gómez Pena.

Ver XVIIª Mostra de Teatro de Cee.
Ver Outono Cultural de Rois.
Ver Ciclo 'Teatro para o Ensino Secundario'.

Teatro do Noroeste: *Campo Sur*.

Monólogo sobre un texto de Lino Braxe no que se conta como as grandes ansias de liberdade de Aixa, unha mestra árabe, que vive nun campamento onde só atopa as alegrías de darlle clase ás nenas deste campo, pero todo mudará cando a obriguen a casar e se vexa na necesidade de fuxir.

Dirección: Elina Luaces.
Interpretación: Luma Gómez.
Xénero: Monólogo.

Teatro do Noroeste: *As damas de Ferrol*.

Obra de Eduardo Alonso na que se representa a historia de dúas supostas irmás, xa maiores, Maruxa e Lourdes, que falan sobre a súa situación actual e as causas que as levaron a ela. Pechadas nunha vella casa, unha delas aparentemente impedida, e a outra aparentemente infantilizada, degrañan a súa realidade que pode ser unha fantasía ou unha realidade do acontecido. Entre elas está a constante evocación dun home que lles condicionou a vida. O marco no que se insire a obra é a cidade de Ferrol, onde aparentar é máis importante que o que se é realmente.

Dirección: Eduardo Alonso.
Interpretación: Elina Luaces e Luma Gómez.
Música orixinal: Chefa Alonso.
Música interpretada por: Akafree.
Xénero: Comedia.

Ver Iª Mostra de Teatro de Malpica.

Referencias varias:

- J.A. Martínez Sevilla, 'La existencia inexistente', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 24 febreiro 2004, p. 6.

A propósito da estrea en Compostela d'*As damas de Ferrol*, de Teatro do Noroeste, o autor destaca o humor negro da obra, cuxas protagonistas viven nun mundo estraño, situado entre a realidade e a fantasía. Afirma que este tipo de espectáculos enriquecen o teatro galego facéndoo universal.

The Pinga Teatro: *Ligazón*.

Peza que ten como escenario de fondo a Galicia rural e profunda, na que o simbolismo acada un lugar relevante e no que Valle-Inclán trata temas como a avaricia e a luxuria, así como as súas consecuencias.

Autor: Ramón del Valle-Inclán.
Dirección: The Pinga Teatro.
Interpretación: Mónica Iglesias, Jesús Pando, Miguel Condal e Luís Correa.
Xénero: Drama.

Ver VIIª Mostra de Teatro de Vilanova de Arousa

The Pinga Teatro: *Urbe*.

Comedia baseada en textos propios da compañía na que dous cidadáns, o Susinho de Morais e Pere Brut, fan unha viaxe surrealista polo corazón dunha gran cidade. Ao longo deste percorrido xorden historias e situacións coas que o público se sente identificado.

Autores: Miquel Condal e Xesús Pando.
Dirección: Pedro Rentería.
Interpretación: Miquel Condal e Xesús Pando.
Xénero: Comedia.

Referencias varias:

- Alberto Quian, 'The Pinga Teatro raya la crítica delirante a la ciudad en su obra 'Urbe', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 20 febreiro 2004, p. 46.

Anuncia a representación de *Urbe*, de The Pinga Teatro, en Vigo. Di que a obra, viaxe surrealista en clave de comedia ás entrañas da cidade, pretende levar o espectador á reflexión. Faise eco das demandas da compañía, que reclama unha maior atención por parte do IGAEM.

- R.R. Vicente, 'Teatro y conciertos, en el programa cultural de A Guarda', *Faro de Vigo*, 'Área Metropolitana/Baixo Miño', 11 novembro 2004, p. 17.

Anuncia o comezo da temporada de arte dramático organizada pola Concellaría de Cultura do Concello da Guarda, que abrirá coa obra *Urbe*, de Jesús Pando e Miguel Condal.

Vede 3: *16 horas*.

Peza de Xosé Luís Prieto na que se fala da historia de tres mulleres que contan, con moita ironía, as súas preocupacións. O traballo, o seu aspecto físico ou as súas relacións cos homes son algunhas das cuestións que se poñen en escena.

Dirección: Xosé Luís Prieto.
Interpretación: Iolanda Muíños, Silvia Casal e Patricia Vázquez.
Música: Xosé Bonome.

Volta e Dálle Teatro: *Salitre*.

Peza na que se achega ao sufrimento provocado polo afundimento do Prestige, aínda que en ningún momento se fai alusión directa a el. Basease na historia dun mariñeiro que unha mañá sae para faenar e descobre que en lugar do mar está un deserto. A partir deste momento o obxectivo da súa vida é atopar o mar, sen o cal nada ten sentido.

Autor e director: X. Henrique Rivadulla.
Interpretación: Pepe Penabade e Comba Campoy.

Ver Iª Mostra de Teatro Afeccionado Teatrofilia de Vedra.

III.4.3.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

A Retranca: *Trecolexando*.

Dirección: Melandrainas

A Serna: *A casa de Bernarda Alba*.

Ver IIIº Encontro de Teatro Independente da Coruña.

Achádego Teatro: *A mandrágora*.

Versión da obra de Machiavelli, ambientada na Florencia actual e na que se critican os modos de vida dos diferentes estamentos. A planta da mandrágora, á que se lle atribúen propiedades como a curación da esterilidade é o motor desta obra, na que un mancebo se namora da muller dun rico e tenta conseguir á súa amada Lucrecia.

Dirección: Antón Sampaio.
Interpretación: Roi Macía, Andrés Castelo, Alberto Pérez, Alberte Cabarcos, Marga Portomeñe, Antón Sampaio, Tareixa Campos e Esther Pedrouzo.

Ver VIº Outono de Teatro de Vilalba.

Alecrín: *Un ovo de dúas xemas*.

Ver IIIº Circuíto de Teatro Afeccionado de Poio.

Amistad: *Mariñeiro en terra*.

Peza cómica en tres actos na que o grupo de Santa Mariña do Vilar desenvolve a trama protagonizada por un mariñeiro que está sempre a navegar e volve para visitar un sobriño e facerlle un galano. Cando chega á casa non sabe se os que viven alí son os seus parentes ou outras persoas.

Dirección, adaptación e tradución: Manuel Basoa.
Interpretación: Xosé Cabana, Marité Fernández, Xosé Mato, Fran Quintiá, Rosalía Rodríguez, Motse Ruiz e Chacha Serantes.

Ver VIIIº Mes do Teatro (Ferrol)

Amistad: *Unha rosa é unha rosa*.

Traxicomedia da autoría de Suso de Toro, na que se fai unha crítica aceda á sociedade actual a través da repartición da herencia da vella Rosa entre os seus dous sobriños, Pololo e Adela, e a filla doutra sobriña xa morta.

Dirección: María José Doce.
Interpretación: Elena Curto, Raúl Gundín, Lorena Martínez, Irene Mosquera, Roman Muñoz, Rosalía Piñeiro, Vanesa Rodríguez e Alba Sordo.

Ver VIIIº Mes do Teatro (Ferrol)

Argalladas: *Non hai ladrón que por ben non veña*.

Ver Ciclo de Teatro do Concello de Rábade

Arume: *Así é se vos parece*.

Aula de Teatro Municipal (Pontevedra): *A vinganza do Padre Cu*.

Peza na que se presenta unha fábula política e social cun argumento que se desenvolve nunha Galicia futura, desolada e obscena. Nesta paisaxe o desherdado Padre Cu e o seu reflexo (a imaxe máis pública e mediática do personaxe) incitado pola súa dona, a pérfida Madre Cu, decide conspirar contra o poder estabelecido e imperial de ElRei.

Ver IIIº Encontro de Teatro Independente da Coruña.

Bartoleta Teatro: *¡Viva o duque noso amo!*.

Peza orixinal de Luís Alonso de Santos escrita nos anos setenta, está ambientada na España dos Austrias do século XVII, na que unha compañía de teatro debe representar unha peza ante o duque de Simancas, o que serve para facer unha dura reflexión sobre o papel da arte en relación co pobo e co poder.

Dirección: Helga Méndez.
Interpretación: Tito Taboada, Fernando Ocampo, Carlos Castrillón, Helga Méndez, Mª José Doce, Esperanza Vidal, Conchi García, Pablo García e Rosalía Rodríguez.

Ver IVº e Vº Ciclo de Teatro Afeccionado Domingos á escena.

Candelexas: *A verdadeira historia da casiña de papel*.

Comedia sobre a especulación inmobiliaria, a rixidez administrativa e a consideración dos vellos na sociedade actual. Compárase a situación dos residentes nunha casa, da burguesía

de comezos de século ou duns okupas da actualidade, inserindo mesmo un monólogo intermedio no que se fala do turismo rural.

Autor: Víctor Vez.
Dirección: Víctor Vez.

Ver VIº Outono de Teatro de Vilalba.

Centro Dramático Vilalbés: *A farsa das zocas*.

Ver VIº Outono de Teatro de Vilalba.

Falcatruada Teatro: *A verdadeira historia de Romeo e Xulieta*.

Ver IVª Mostra de Teatro Cabanateatro.

Grupo de teatro Amistad: *A casa dos seductores*.

Comedia de enredo.

Dirección e adaptación: Manuel Basoa.

Ver IVº e Vº Ciclo de Teatro Afeccionado Domingos á escena.

Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas: *Cabaret*.

Adaptación do musical Cabaret, realizada pola propia agrupación. A representación divídese en dúas partes, cunha duración total de setenta minutos; na primeira parte, lémbranse os números máis coñecidos da película; na segunda, céntranse na protagonista feminina do filme, Sally Bowles.

Referencias varias:

- Hilario García, 'El grupo de teatro de la biblioteca de Antas actúa hoy en el centro penitenciario', *El Progreso*, 'Comarcas', 29 febreiro 2004, p. 17.

Anunciase a actuación do grupo de teatro da biblioteca municipal de Antas de Ulla no centro penitenciario de Monterroso coa adaptación do musical Cabaret. O espectáculo está dividido en dúas partes e está centrada na implantación do partido nazi en Berlín.

Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla: *O Quixote*.

Ver Ciclo de Teatro do Concello de Rábade.

Grupo de Teatro de Chantada: *Artefacto*.

Ver Ciclo de Teatro do Concello de Rábade.

Lirilampo: *Rebentacontos*.

Obra na que se pretende facer unha crítica das versións que compañías como Disney fixeron dos contos clásicos; busca, deste xeito, rescatar a esencia do conto e liberalo do 'clasicismo comercial' que manexou estas pezas literarias durante anos.

Metátese Teatro: *Silencio*.

Peza na que se reflexiona sobre o silencio e o medo a relembrar os instintos primarios incompatíbeis cos ruídos do mundo moderno.

Dirección: Alfonso García Penas e Xesús Xabier Souto Bragado.
Interpretación: Óscar Varela Casal, Mónica Pérez Souto e Xosé Manuel Pérez.

Ver IVª Mostra de Teatro Afeccionado de Noia.
Ver VIº Outono de Teatro de Vilalba.

Noitebra Teatro: *Pero... ¿quen colleu o tren?*.

Peza protagonizada por Antón, empregado da estación de ferrocarril, que vai tecendo historias, froito da súa imaxinación, sobre as persoas que transitan polo seu lugar de traballo.

Dirección: Andrea Bayer Lloves.

Ver Vª Mostra Amador no Camiño (Palas de Rei).
Ver IIº Ciclo de Teatro Afeccionado do Morrazo Citeamor.

Nostrumcai-Teatro: *Tatuaxes*.

Monólogo artellado en dúas pezas teatrais de Xesús Pisón, no que se conta a historia de dous irmáns sen nome, idade e historia, reflectidos nun pai ao que lle deu morte un deles e que serve para denunciar o peor da condición humana.

Dirección: Alberte Cabarcos.
Interpretación: Julia Armesto, Xavier Ramilo e Alberte Cabarcos.

Ver XVIIª Mostra de Teatro de Cee.

Nova Escena: *O Decamerón*.

Selección de cinco dos contos de Bocaccio, adaptados por Xoán C. Laxe, nos que as historias hilarantes sosteñen un contrapunto cómico coa traxedia reflectida no punto de partida, no que se atopa un grupo de mozos de Florencia que marchan ao campo fuxindo dunha peste.

Ver VIº Outono de Teatro de Vilalba.

Referencias varias:

- Suso Varela, 'Boa obra, peor posta en escena', *La Voz de Galicia*, 'Crítica teatral', 8 maio 2004, p. L14.

O crítico cre que a versión que o grupo teatral Nova Escena representou do clásico *O decamerón* incidiu nos aspectos máis salientábeis da obra, "como son a esperanza da mocidade e o goberno das mulleres"; non obstante parécelle que a proposta erra nalgúns aspectos de posta en escena, como pode ser o "demasiado estatismo nos actores e a demasiada precipitación nos escasos movementos e nas réplicas, ademais dun evidente problema nos diferentes tons de voz do reparto".

O Bordelo: *Trébedes sen lume*.

Autor: Francisco Piñeiro.
Dirección: Francisco Piñeiro.

Referencias varias:

- Elena Castelao, 'O Bordelo' estrena una obra teatral en Sargadelos', *El Progreso*, 'A la última', 25 decembro 2004, p. 96.

Dáse noticia do peche da temporada teatral da compañía Bordelo. O grupo de Cervo levaba trinta e sete representacións, por toda Galicia e Asturias, das súas obras *Trébedes sen lume* e *Plática sisual*. Infórmase, asemade, da próxima estrea de *Katharsis*, escrita por Francisco Piñeiro, director da compañía, no auditorio de Sargadelos.

O Carballo: *Canto máis quente, mellor*.

Peza cómica que é unha adaptación da película de Billy Willder *Con saias e ao tolo*.

Ver XIVª Mostra de Teatro Popular de Chantada.

Quartoescuro: *Eu son un sernormal*.

Comedia de teatro vangardista e neoplasticista recreada e dirixida por Ruth Briones e Carlos Gulías; segundo din os integrantes do grupo é "unha sátira inserta nunha hilarante traxicomedia que pretende loitar contra a derrota dos ideais".

Ver Iª Mostra de Teatro Universitario da Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra.

Sociedade Teátrica: *A farsa do avogado*.

Comedia anónima medieval, na que se narran os enganos dun avogado a un comerciante e cómo os enredos deste acaban ante os tribunais.

Dirección: Miro Magariños.
Interpretación: Bernardo Fernández, Rosa María Tomé, Manuel G. Cendón, Xosé M. Valcárcel e Ramón Portela.

Solpor: *O anel máxico*.

Autor: Carlos Goldoni.

Ver IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Móstrate de Salvaterra de Miño.

Teatro Aforo: *O cepillo de dentes*.

Xogo metateatral no que se revelan as diferentes situacións e conflitos cotiáns dunha parella, de xeito que se entra nun espazo onde a fronteira entre a obra e a vida se dilúe. Empregando diálogos aparentemente absurdos, entretécese unha historia que nos leva a reflexionar sobre o absurdo da condición humana e a súa repercusión na vida.

Dirección: Leonel García Laborde.
Axudante de dirección: Susana Faccio.
Interpretación: Pilar Dios e Jean Marc Van Loo.
Escenografía: Leonel García Laborde.
Maquillaxe: Montse V. Trigo.
Produción, Luz, Son e Vestiario: Teatro Aforo.

Ver Ciclo de Teatro Vigo a escena.
Ver IIIº Encontro de Teatro Independente da Coruña.

Teatro Badius: *Tócama Sam*.

Comedia baseada no guión da película 'Casablanca'.

Dirección: Alberte Villar.
Tradución e adaptación: Ricardo Vigueret.

Ver Ciclo Tempo para o Teatro (Neda).
Ver Iº Ciclo Venres Teatrais da Laracha.

Referencias varias:

- C.B., 'La capital del Sar dedica este mes a la figura de Maruxa Villanueva', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 3 novembro 2004, p. 38.

Alude ás distintas actividades culturais organizadas para este mes polo Concello de Padrón, adicadas a promover o teatro e rendir homenaxe a Maruxa Villanueva. De seguido faise unha enumeración das catro pezas teatrais postas en cartel, entre elas *Tócama Sam*, que será presentada o día 13 polo Teatro Badíus. Remata dicindo o lugar e hora das distintas representacións ademais de mencionar que o concello dará a coñecer este mesmo mes o actor ou actriz gañador do Premio de Teatro Maruxa Villanueva.

Teatro de Sombras Miro Magariños: *O vendedor de paxaros*.

Peza que constitúe unha mestura de traballo de actor e de sombras chinescas.

Teatro do Vilar: *A puta namorada*.

Obra de Chema Cardeña, que foi traducida por Lolín Lira e ambientada no Madrid dos Austrias, na que se conta a relación de María Calderón, amante de Filipe IV, co pintor Diego Velázquez e unha especie de bufón intranquilo e miserábel.

Dirección: Rubén García.
Intepretación: María García Araújo, Edmundo Araújo e Víctor L. Corral.

Teatro Maltés: *Porca Vita (Matanza)*.

Peza de Roberto Salgueiro protagonizada por dous cochos e un matachín, na que se estabelece un xogo de contrastes simbolizado polos dous porcos que centran o diálogo, onde un deles soña con ser trompetista dunha *big band*, e o outro ten como máxima aspiración rematar sendo degustado nun banquete da Xunta.

Dirección: Lino Braxe.
Interpretación: Lino Braxe, Xavier Deive e Xosé Luís López "Sacha".
Música: Diplomáticos de Monte Alto.

Ver VIº Outono de Teatro de Vilalba.

Tiruleque: *Silicon Valley*.

Peza de Xosé Prada protagonizada por Fito e Menchu, dous namorados que queren casar pero que atopan a oposición do pai dela, Pedro Beltrán, un home corrupto moi rico que ten unha viña no Ribeiro.

Ver XIVª Mostra de Teatro Popular de Chantada.

Ubú Teatro: *A raíña aburrida*.

Versión que esta compañía realiza da obra *O rei aborrecido*, de Xesús Pisón.

Ver Ciclo de Teatro do Concello de Rábade.

Ullán Teatro: *Jrelos Crest*.

Comedia de creación propia do grupo na que se recrea o mundo das telenovelas sudamericanas, que está protagonizada por Gregorio Inocencio, dono dunha multinacional venezolana que se fixo rico vendendo grelos e que tras sufrir un accidente ten que ser a súa filla Jennifer Hortensia a que dirixa o seu imperio.

Interpretación: Sonia Barros, Francisco Collantes, María Gaiteiro, Gonzalo Gesto, Carlos Martínez, Hixinio Rodeiro, Alfonso Romeo, Cristina Romeo, Ignacio Ferradáns e Manuel M. Carrillo.
Guión, dirección, vestiario e atrezzo: Ullán Teatro.
Iluminación: Manuel M. Carrillo e Agustín Barros.
Maquillaxe: Sonia Barros.
Perruquería: Ignacio Ferradáns.
Son: Manuel García.
Técnicos desta montaxe: Alejandro Carrillo e David Pereiras.

Ver IVº e Vº Ciclo de Teatro Afeccionado Domingos á escena.
Ver Iª Mostra de Teatro da Pobra do Caramiñal.

IV. DÍA DAS LETRAS GALEGAS

IV.1. CREACIÓN: REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES

Cuquejo Enríquez, María, Carmen Fariña Miranda e María Lojo Abeijón (editor), *De Rosalía a Xoaquín Lorenzo. Escolma do Día das Letras Galegas 1963-2004* , Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, 2004, 68 pp. (ISBN: 84-453-3773-4).

Volume no que se recollen corenta e un textos dos diferentes autores homenaxeados no Día das Letras Galegas, dende 1963 a 2004. Tras a 'Presentación' institucional, unha 'Nota de edición' explica que a obra vai dirixida a un público escolar nos niveis primario e secundario de ensino, polo que a lingua foi modernizada; fanse referencia, asemade, ás fontes das que se tomaron os textos e á necesidade de traducir dous fragmentos da obra de Manuel Murguía e Ferro Couselo, pola súa mínima produción en lingua galega.

Lorenzo, Xaquín, *Xaquín Lorenzo, o fotógrafo*, procesado de laboratorio e arquivo de Tomás Vega Pato, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega ♦, 2004, 76 pp. (ISBN: 84-95415-92-5).

Este volume recolle algunhas das fotografías e positivos máis intimistas da mostra "Galicia a través dun obxectivo" (1986), obra de Xaquín Lorenzo Xocas (Ourense, 1907 - Facós, Lobeira, 1989), agora baixo o título "Xaquín Lorenzo. O fotógrafo", realizada con motivo de lle dedicar o Día das Letras Galegas. O comisario desta exposición así como quen realizou o procesado de laboratorio e arquivo foi o ourensán Tomás Vega Pato, quen relata todo o proceso que levou a elaborar este libro fotográfico. Faise unha aproximación ás fotografías máis persoais -as das paisaxes, retratos ou ensaios fotográficos- de Xocas e ademais podemos ollar un total de 37 fotografías de procesado recente (arquivo de negativos): seis de bodegóns e flores, seis interiores e ensaios, nove retratos e máis dezaseis de xentes, paisaxes e escenas rurais -nomeadamente da Limia Baixa-. Asemade, tamén se teñen cabida 16 positivos orixinais (arquivo de positivos): oito de 6x9, sete de 8,5x13,5 e 8,5x11,5 e mais unha de 18x24.

Lorenzo, Xaquín, *O Tardo*, ilustr. Pepe Carreiro, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2004, Museo do Pobo Galego, 2004, col. Museo do Pobo Galego, 39 pp. (ISBN: 84-96203-64-6).

Con motivo da conmemoración do Día das Letras Galega dedicadas a Xaquín Lorenzo, o Museo do Pobo Galego edita esta obra dirixida ás Bibliotecas Municipais e Centros de Ensino Públicos de A Coruña. Reprodúcense as notas que Xaquín Lorenzo escribiu sobre o

Tardo, un personaxe da tradición oral na Terra de Lobeira considerado procedente de crenzas da antiga relixión precristiá. Describe este ser como inofensivo, que só sae de noite, que ten un tamaño moi pequeno, que vai vestido cun traxe moi vello e que na cabeza leva un gorriño vermello. Describe algunhas das súas accións, encamiñadas a burlarse da xente sen facerlle dano e baseándose no que lle conta un informante que confesaba telo visto e que ofrece os remedios para desfacerse do covarde Tardo. Remata referíndose á presenza de seres semellantes noutras culturas e á semellanza que garda o Tardo cos trasnos ou os gnomos, á vez que transcribe unha lenda na que se di que a orixe deste ser é a dun anxo que chegou tarde ao ceo e que Deus o deixou fóra, por iso vaga agora polo mundo facendo trasnadas. Os debuxos teñen predominio de liña, cun trazo expresivo configura os personaxes protagonistas cun estilo persoal. As ilustracións, de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) están plantexadas co uso de tres cores: un para a base, outro para o debuxo e outro para dar un toque illado de cor.

Lorenzo, Xaquín, *O mar terra adentro*, sen ISBN, nin DL, Consello da Cultura Galega, maio 2004, 39 pp. .

Inclúe un limiar de Alfonso Zulueta de Haz que recolle a vocación do Consello da Cultura Galega (CCG) de homenaxear a don Xaquín Lorenzo e ao artista que con el colaborou nesta obra, Xosé Conde Corbal. A seguir hai outro texto introdutorio de Francisco Calo Lourido da Sección de Antropoloxía do CCG, de xorne máis biográfico e tamén máis suxestivo, que lembra episodios da vida do etnógrafo, a súa colaboración con persoeiros coma Sebastián González García-Paz, Florentino Cuevillas, Fritz Krüger (da escola "Wörter und Sachen") ou Ramón Otero Pedrayo; e temas sobre as que traballou: os castros, as dornas, o mar. Os textos de Xaquín Lorenzo xiran en torno ao atractivo do mar para as xentes do interior, que se manifesta en costumes como ir tomar os baños, traer cunchas ou cousas feitas con cunchas cando se vai á costa; en obxectos coma exvotos con forma de barcos; e tamén no cancioneiro popular con cantigas traídas de zonas mariñeiras, algunhas adaptadas á vida do interior, ou cantigas que simplemente fan referencia ao mar. Acompañan os textos ilustracións de X. Conde coma as tituladas "Bujina", "Birbiricho", "Ouriso" e "Dornas".

Referencias varias:

- C.P., 'Gravados de Conde Corbal e alumnos do Rosalía honran a memoria de Xocas', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 15 maio 2004, p. L9.

Dá conta do acto de presentación de tres libros do Consello da Cultura Galega (CCG) en memoria de Xocas levado a cabo no instituto Rosalía de Castro: *Agasallo de cores*, catálogo de gravados de alumnos dese instituto sobre os debuxos cos que Xocas ilustrou un tomo da *Historia de Galicia* de Otero; *O mar terra adentro*, penúltimo traballo de Xocas sobre o mar e con ilustracións de Xosé Conde Corbal cedidas pola súa viúva; e o número vinte da colección *As nosas voces* do Arquivo Sonoro do CCG con palabras de Xaquín Lorenzo.

Lourenzo, Xaquín, *Cantigueiro popular da Limia Baixa*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense ♦, 27 novembro 2004, Museo do Pobo Galego, 2004, col. Raigame, Libro e CD-Rom, 227 pp. (ISBN: 84-96011-83-6).

Este traballo de Xaquín Lorenzo (Ourense, 1907-Lobeira, 1989) foi publicado por vez primeira en 1973 pola Editorial Galaxia e a Fundación Penzol, o cal á súa vez parte dun exemplar do "Legado Xaquín Lorenzo" do Museo da Pobo Galego. Ábrese cunha breve presentación de Isaac Díaz Pardo, quen pon de relevo a débeda do Museo da Pobo Galego con Xocas e a importancia do Seminario de Estudos Galegos ao que, salienta, estivo vinculado o etnógrafo. Asemade, despois dalgunhas consideracións sobre o Seminario de Estudos Galegos, subliña que grazas a que o ourensán doara o seu arquivo documental ao Museo da Pobo Galego se pode saber como desapareceu aquela institución. Séguelle un limiar do propio autor, no que comenta diversos aspectos do cantigueiro que presenta. Comeza por facer alusión á procedencia das cantigas, aos criterios e ao tempo da súa recollida. Salienta que moitas foron recollidas por el ou pola súa familia, outras recoñece que xa foran publicadas por Saco y Arce ou Florentino Cuevillas. Logo, explica onde, como e cando xorden, así como alude aos seus posibles autores. Ademais, refírese á tipoloxía destas cantigas e ás súas características, tanto en canto a contido como a forma. O volume recolle un conxunto variado de composicións populares, en total 2586, que estrutura en seis apartados: "Cantigas", "Composicións", "Desafíos", "Parrafeos", "Oracións" e "Romances". Compleméntanse cunhas amplas notas nos laterais de cada páxina, que achegan información diversa que vai dende a reprodución de cantigas semellantes doutras linguas a referencias bibliográficas. A obra péchase coa transcrición dunha conferencia de Xocas pronunciada no Casino Antelano de Xinzo de Limia en 1982. Nesta fala, entre outros temas, das cantigas, ás que cualifica de "fósiles", e do seu interese por recollelas, xustificando o valor destas no "sentimento do pobo". Refírese á variedade do cantigueiro e le uns cantos versos, destacando a relación da literatura popular e da culta. Así mesmo, tras salientar que a nosa é unha literatura lírica, apunta a causa da desaparición das cantigas.

Lourenzo, Xaquín, *Da casa rural á casa vilega*, Vigo: Galaxia □, 16 maio 2004, 77 pp. (DL: VG-390-2004).

A casa, destacada por etnógrafos de todo o mundo como un dos máis importantes elementos da cultura material dun pobo, é a protagonista desta obra; nela, Xaquín Lorenzo (1907-1989) fai un percorrido polos diferentes tipos de casas populares que caracterizaron a paisaxe galega (dende a cabana circular precéltica até a moderna casa urbana), atendendo a aspectos relacionados coa estrutura, distribución interna, materiais de construción ou á funcionalidade de cada tipo de vivenda.

IV.2. MONOGRAFÍAS, EDICIÓNS CRÍTICAS E LIBROS COLECTIVOS

Álvarez, Rosario (coord.), *Día das Letras Galegas. Xaquín Lorenzo, Xocas*, limiar da coordinadora, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela ♦, abril 2004, Departamento de Filoloxía Galega, 2004, 241 pp. (ISBN: 84-9750-363-5).

Con este volume colectivo o Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela pretende, seguindo o que constitúe xa unha tradición, homenaxear a figura escollida o presente ano de 2004 para lle dedicar o Día das Letras Galegas: o etnógrafo e antropólogo Xaquín Lorenzo Fernández (Ourense, 1907 - Lobeira, 1989). Tras o "Limiar" da coordinadora, Rosario Álvarez, publícanse tres traballos de investigación inseridos, respectivamente, nos ámbitos da etnografía, a antropoloxía e a etnolingüística. En primeiro lugar, o titulado "A obra etnográfica de Xaquín Lorenzo", elaborado por María Xosé Fernández Cerviño, do Museo do Pobo Galego, e Xosé Carlos Sierra, do Museo Etnolóxico de Ribadavia. En segundo lugar aparece "A literatura popular como paradigma do márketing e da publicidade", de Marcial Gondar Portasany, artigo que vén demostrar cómo a literatura popular, outrora vizosa, anticipa as técnicas subliminais do *marketing* publicitario actual baseadas en procesos de persuasión emotiva. Por último, o Catedrático de Filoloxía Románica, do Instituto da Lingua Galega e do Departamento de Filoloxía Galega da USC, Manuel González González, debrúzase sobre "O *mallo* en Galicia", contribuíndo ao aprofundamento do léxico relacionado con este apeiro dende o punto de vista da súa distribución diatópica. A estes traballos engádeselle unha escolma de catro artigos do agasallado Xaquín Lorenzo, dous deles facsimilares, orixinalmente publicados en galego ("Notas pra un cuestionario de etnografía. Embarcacións", de 1933 e "Notas etnográficas da parroquia de Borneiro", de 1935-1936), e os outros dous traducidos do alemán ("O freo no carro galego", de 1938 e "A casa rural na Limia Baixa", de 1943). Por fin, preséntase unha recompilación bibliográfica comentada, a realización da cal correu a cargo de Lorena Rei Noia, Xandra Santos Palmou e Inma Seage Freire.

Bande Rodríguez, Enrique, *Xaquín Lorenzo "Xocas"*, introdución de Fr. José Isorna, Ourense: Duen de Bux □, 2004, 158 pp. (ISBN: 84-932078-8-8).

Este volume comeza cunha introdución na que, a xeito de prólogo, o seu autor fala das súas lembranzas do tempo compartido en Ourense con Xaquín Lorenzo Xocas (Ourense, 1907 - Facós, Lobeira, 1989) e onde destaca a súa faceta humana así como a de estudoso da etnografía galega. Despois achégase a aproximación que Enrique Bande (Sande-Cartelle, Ourense 1936) fixo á figura de Xocas. Este percorrido comeza con "Biografía de Xaquín Lorenzo", seguida de dous apartados que se centran nos recoñecementos e homenaxes tributados a Xocas. A seguir temos "Diversas facetas de Xocas" -investigador, especialista en etnografía, publicista, debuxante, músico, mestre, amigo, paseante, político, etc.- e mais "A dimensión relixiosa de Xocas" -onde se reproducen numerosas oracións relixiosas do autor-. A continuación preséntanse os sete artigos que pechan este traballo: "Copliñas", "Louvanzas tributadas a Xocas", "Opinión de Xocas sobre a Xeración Nós", "Personalidade e cultural de Xocas. A súa evolución", "Análise da figura de Xocas", "Relacións coa vila de Celanova" e mais "Retrato de Xocas". O libro remata con catro apéndices -sobre o acordo de permitir unha misa en galego na catedral de Ourense (1967), sobre o comezo do expediente e mais sobre o seu nomeamento como fillo predilecto da provincia de Ourense

(1983), e, sobre a súa designación como director honorario da Biblioteca de deputación de Ourense (1989)- que complementan este estudo sobre Xocas.

Biblioteca Pública de Ourense, *Xaquín Lorenzo Fernández. Letras Galegas 2004*, Servizo de Difusión e Orientación Bibliográfica , 2004, [30] pp. (DL: C-914-2004).

Volume publicado co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 2004 que se centra na figura do homenaxeado neste ano, Xaquín Lorenzo Xocas (Ourense, 1907 - Facós, Lobeira, 1989). En primeiro lugar faise un repaso biobibliográfico á figura deste autor ourensán no que se pode percibir a súa obra multidisciplinar: etnógrafo, estudoso da arte, arqueólogo, fotógrafo, debuxante, maquetista, cineasta, etc. A seguir reprodúcese fragmentariamente unha entrevista a Xocas de 1979 -publicada en 1999 no n.º 9 da revista *Raigame*- así como algúns artigos das súas obras como "A vivenda e a terra" (1986), "A Seición de Etnografía do Seminario de Estudos Galegos" (1978), etc. Todo isto apoiado con reproducións de debuxos de Xocas -aldea de Olelas, candís de aceite, estraloques, nasón e a Pía dos Mouros-. Na derradeira parte desta obra divulgativa indícanse -incluída a sinatura- todas as obras referidas á bibliografía de Xocas e aos estudos centrados na súa figura que se poden atopar nas seccións galego e infantil da Biblioteca Pública de Ourense.

Calvo, Tucho (editor), *Xaquín Lorenzo. De varia etnográfica*, A Coruña: La Voz de Galicia , 2004, col. Biblioteca Gallega, 207 pp. (ISBN: 84-9757-122-3).

Nun apartado previo fálase da traxectoria de Xaquín Lorenzo, como integrante do Seminario de Estudos Galegos, investigador etnográfico e arqueolóxico, fundador do Museo do Pobo Galego, etc. Logo recóllese unha serie de artigos etnográficos publicados en revistas especializadas de Galicia, España e Portugal. Como se di na nota previa á edición, 'os artigos son representativos dos distintos eidos do seu traballo etnográfico' e a orde na que se reproducen é a cronolóxica. Ao final tamén se mostran artigos de Cuevillas, Risco, Pedraio e Xesús Ferro Couselo.

Referencias varias:

- Concha Pino, 'Xocas foi definitivo para recuperar a Galicia tradicional', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 14 maio 2004, p. 53.

Móstrase unha entrevista feita a Carlos García Martínez onde nos fala sobre o labor de Xaquín Lorenzo. Logo anúnciase a publicación do libro dedicado a Lorenzo *Xaquín Lorenzo. De varia etnográfica*, onde se recollen artigos seus.

Coira, Pepe, *No verán de 1940*, Cesuras-A Coruña: Biblos Clube de Lectores , 2004, col. Mandaio, nº 8, 109 pp. (ISBN: 84-933327-5-5).

Volume que conta con cinco capítulos acompañados dunha introdución onde se explica como o autor decide escribir o libro a partir do documental *O carro e o home* que viu en Compostela no ano 1983 ou 1984, rodado por Antonio Román, Xocas e Carlos Serrano de Osma en Lobeira (Ourense). A seguir amósanse cinco capítulos que tentan profundizar e facernos seguir o percurso de produción deste documental, para rematar cun epílogo onde Coira deixa clara a importancia deste filme así coma do traballo feito polos seus autores.

Referencias varias:

- M. Barba, 'Espero que lle adiquen o Día das Letras Galegas a un cineasta', *La Opinión*, 'Entrevista', 3 xuño 2004, p. 72.

Esta é unha enquisa ao crítico e autor de guións Pepe Coira que vén de publicar *No verán de 1940* que percorre o proceso de realización e a historia do filme *O carro e o home* feito en común polo etnógrafo ourensán e o cineasta Antonio Román en 1940. O autor incide nas arelas de ver dedicado o Días das Letras Galegas a algún cineasta.

- A.S.L., 'La cultura gallega lo tiene difícil, pese a que nunca estuvimos mejor', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 14 xullo 2004, p. 17.

Fálase da presentación do libro *No verán de 1940* no Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) da autoría de Pepe Coira que nunha entrevista admite que desde que viu o documental de Xaquín Lorenzo nos anos 80 en Compostela ficou impresionado e interesouse polo tema, ademais de ter feito unha enquisa a Antonio Román, cineasta que tamén realizou coa colaboración de Xocas o filme *O home e o carro*.

- A.N.T., 'Pepe Coira: 'Faherty únese ao carro', *A Nosa Terra*, nº 1.140, 'Fin de Semana', 2 setembro 2004, p. 33.

Entrevista ao autor de *No verán de 1940. Crónica da película O carro e o home*, na que se lle pregunta sobre unha serie de cuestións relacionadas co filme que serviu de base á obra literaria: a importancia deste dentro do cinema documental español, o papel de Xaquín Lorenzo na súa concepción, etc.

Fernández del Riego, Francisco, *Xaquín Lourenzo*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, xaneiro 2004, 54 pp. (ISBN: 84-96203-63-8).

Neste pequeno libro Francisco Fernández del Riego lembra a figura de Xaquín Lourenzo a través dun percorrido pola súa vida e pola súa traxectoria intelectual. Comeza lembrando os anos de amizade en Santiago na década dos trinta, época de militancia no galeguismo e de participación en diversos actos de propaganda política e outros de enaltecemento da cultura do país, xa que o seu verdadeiro interese era mergullarse no mundo da tradición cultural galega aferrándose totalmente ás esencias diferenzadoras da terrra. A súa personalidade e

espírito investigador merecen lembranza. Fálase tamén da súa participación no "Seminario de estudos galegos" e do seu labor de aprendizaxe ao redor dos mestres do grupo "Nós", que o encamiñaron polo mundo da etnografía e da prehistoria galega, rexistrado sobre todo na terra de Lobería, onde se atopaban as súas raíces familiares. Neste senso, Xocas iniciou un vasto e complexo labor de erudición. No capítulo "Polo pasado de Galicia" salientase a súa obra fundamental, "Etnografía. Cultura material", volume II da *Historia de Galicia*, dirixido por Otero Pedrayo, e que constitúe o primeiro intento que se fixo sobre etnografía xeral da nosa terra. Fai referencia ao arduo labor de recolleita de material oral, costumes, arte e forma de vida a través do contacto directo coas xentes de aldea, xa que entendía a parroquia como a "nosa peculiar unidade natural, xeográfica, social e cultural." As últimas páxinas do libro están dedicadas a facer un percorrido pola construción histórica de Galicia, centrado fundamentalmente no mundo do popular, da tradición, do folclore...campos nos que Xaquín Lourenzo andou a investigar toda a súa vida. Nos seu traballos monográficos aparecen recollidas as liñas diferenzadoras do noso país. Acompañan ás palabras de Fernández del Riego un conxunto de material fotográfico representativo tanto de Xaquín Lourenzo como do seu traballo no eido de compilación de trazos característicos da cultura galega.

Fidalgo Santamariña, José Antonio, *Xoaquín Lorenzo Fernández (1907-1989). Memoria do home e o etnógrafo*, Ourense: Auria □, xaneiro 2004, 54 pp. (ISBN: 84-932099-6-3).

Afonda na figura de Xoaquín Lorenzo, como etnógrafo e informador. Como etnógrafo cómpre destacar: a súa vocación etnográfica, grazas á cal e mais a V. Risco se converteu nun gran etnógrafo; a influencia intelectual que recibiu dos escritores do s. XIX como Rosalía, Curros e Pondal. A isto hai que engadir que desde moi pronto estivo vinculado aos homes de Nós a través do Seminario de Estudos Galegos. Sobresae tamén o seu método etnográfico, consistente en facer estudos ben delimitados recorrendo á arqueoloxía. Tamén contribuíu ao desenvolvemento da Etnolingüística recollendo léxico asociado a elementos patrimoniais como, por exemplo, o carro galego. Ademais era un gran fotógrafo e debuxante, pois as fotos que sacaba e os debuxos que facía para ilustrar os datos etnográficos aínda se empregan hoxe polos etnógrafos. Debemos lembrar tamén a súa faceta de guionista cinematográfico. Como informador fálanos das supersticións, lendas populares e da saudade. Das supersticións di que teñen unha orixe relixiosa e non desaparecen nunca. En canto ás lendas, "vanse transmitindo de xeración en xeración e conforme se transmiten van pouco a pouco elaborándose máis, completándose". Por outra parte, aínda que fala da saudade galega non sabe como definila "A saudade non hai forma de definila. Cando unha persoa sae de Galicia, ao pouco tempo comézalle a saudade: a estrañeza, as ganas de volver aquí, o querer volver, a necesidade de volver aquí.".

Referencias varias:

- L.R., 'Una semana en el universo de 'Xocas', *La Región*, 'Ciudad', 9 febreiro 2004, p. 7.

Coincidindo co nomeamento de Xoaquín Lorenzo para dedicarlle o día das Letras Galegas, o Ateneo de Ourense e o Laboratorio Ourensán queren sumarse a esta homenaxe coa celebración do décimo curso de antropoloxía , no que pretenden dar a coñecer as facetas da

vida do investigador. Esta celebración durará unha semana na que se inclúen conferencias sobre o etnógrafo. Finalmente menciónase que o libro *Xoaquín Lorenzo Fernández (1907-1989). Memoria do home e o etnógrafo* é máis ben unha conferencia ampliada que pretende render homenaxe á figura de Xocas.

Fidalgo Santamariña, X. Antón (coord.), *Patrimonio Etnográfico Galego*, limiar de Xosé Antón Fidalgo Santamariña, Ourense: Deputación Provincial de Ourense □♦, 2004, 281 pp. (ISBN: 84-96011-61-5).

Volume no que se recollen as actas do Iº Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego, celebrado en Ourense os días 2, 3 e 4 de maio de 2003 e dedicado á memoria de Xaquín Lourenzo "Xocas". O volume ábrese cun Limiar do coordinador da obra e mais cun artigo de Francisco Miguel Castro Allegue sobre a Lei do Patrimonio cultural de Galicia; tras os que se presentan as catro partes nas que se estrutura a obra: 'O Patrimonio Etnográfico Inmobiliario', 'O Patrimonio Etnográfico Mobiliario', 'O Patrimonio Etnográfico Inmaterial' e 'O Patrimonio Etnográfico, Turismo e Identidade Cultural', nas que se recollen os relatorios de todos os participantes no congreso. Finalmente, o volume péchase coa conferencia de clausura, na que Carlos García Martínez falou de 'Xaquín Lourenzo e o patrimonio etnográfico de Galicia', e mais co currículo de cada un dos profesores que participaron no congreso coas súas ponencias. De seguida, dámos conta do artigo que interesa neste apartado no *Informe*:

- Carlos García Martínez, 'Xaquín Lorenzo e o patrimonio etnográfico e Galicia', pp. 263-274.
Estudo dos traballos e da figura de Xaquín Lorenzo no que se fai referencia á súa dedicación ao estudo do patrimonio etnográfico de Galicia e ao interese por preservar na medida do posíbel este herdo; dá conta da súa amizade con Florentino Cuevillas, Vicente Risco ou Ramón Otero Pedrayo e mais da influencia que o Grupo Nós tivo nos seus traballos, dos que García Martínez dá coidada conta neste relatorio.

Referencias varias:

- Laura Grandal, 'Un congreso recolle o legado de 'Xocas', *La Región*, 'Cultura', 15 abril 2004, p. 67.

Neste artigo descríbese o Congreso sobre Xocas organizado pola Consellería de Cultura. O obxectivo principal destas xornadas é manter presente a memoria do Xocas. Xulio Fernández, coordinador, resalta que serán unhas xornadas sobre cultura galega, xa que Xaquín Lorenzo se dedicara á recuperación da historia en tódolos campos. Resáltanse aos ponentes X. R. Barreiro, Vázquez Monxardín, e Manuel González, entre outros. Tamén se informa sobre a publicación de actas nun volume.

González Pérez, Clodio, *Xaquín Lorenzo, "Xocas"*, Xunta de Galicia ♦, 2004, col. A nosa memoria, nº 35, 111 pp. (ISBN: 84-453-3784-X).

Seguindo o costume, a Xunta de Galicia celebra o Día das Letras Galegas coa publicación deste volume dedicado ao homenaxeado neste ano de 2004, Xaquín Lorenzo Fernández, "Xocas" (Ourense, 1907 - Lobeira, 1989). O autor do libro, Clodio González Pérez (Cenlle, Ourense; 1947) recorre en trece capítulos, precedidos dun limiar e seguidos da relación da bibliografía consultada, a vida e a obra (a cuxa completa relación cronolóxica lle dedica o capítulo XII) do etnógrafo ourensán dende as súas orixes (capítulo I, "Os devanceiros") até as "Homenaxes, honras e recoñecementos" (capítulo XIII) cos que se lle agasallou durante a súa vida (membro da Real Academia Galega, correspondente da Real Academia de la Historia, Cruz de Alfonso X, etc.) e tamén postumamente. Dá conta, así, das circunstancias en que tiveron lugar o "Nacemento, infancia e mocidade" do investigador (capítulo II); a súa etapa de formación académica (capítulo III, "O estudante: Ourense e Compostela") e as "Primeiras publicacións: *Nós*" (capítulo IV); o seu ingreso no grupo do Seminario (capítulo V, "Compostela: *O Seminario de Estudos Galegos*"); os avatares que lle trouxo "A guerra civil e a longa posguerra" (capítulo VI), que lle deixaría como lembranza de por vida unha lesión no ombreiro e o brazo dereitos, altura na que foi nomeado profesor interino de Xeografía e Historia no Instituto de Ourense (capítulo VII, "O Profesor") e na que participa activamente na maior parte dos proxectos culturais da cidade das Burgas (capítulo VIII, "O labor cotián"); o seu empeño como promotor do "Museo do Pobo Galego" (capítulo IX), inaugurado en 1977; e a diversidade de eidos (etnográfico, arqueolóxico, histórico, etnolingüístico, etc.) nos que traballou este "Sabio polifacético" (capítulo X) até que lle chegou a morte (capítulo XI, "O pasamento: Lobeira").

González Reboredo, Xosé Manuel, **Vázquez González**, Benxamín, *Xaquín Lorenzo. O herdeiro de Nós*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia ♦, 2004, 108 pp. (ISBN: 84-95491-98-2).

Volume dedicado a Xaquín Lorenzo Fernández (Ourense, 1907-Lobeira, 1989), no que os dous autores realizan unha achega á súa traxectoria vital do homenaxeado co Día das Letras Galegas. O libro estrúturase en tres partes perfectamente diferenciadas, segundo sexa o seu autor. De seguido damos conta de cada unha delas e do seu contido:

-Benxamín Vézquez, 'Páxinas abertas con Xaquín Lorenzo', pp. 13-45.
Narración realizada a partir da entrevista a Xaquín Lorenzo en xaneiro de 1983 para a revista *Outeiro.* O xornalista Benxamín Vázquez González (O Carballiño, 1943) dá conta da conversa mantida na casa da Rúa da Paz en Ourense, relatando a grandes trazos a vida do etnógrafo e arqueólogo, na que desempeñaron un papel relevante os mestres Florentino L. Cuevillas, Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo, que son lembrados con grande admiración e afecto.

-X.M. González Reboredo, 'Unha vida ó servizo da identidade galega', pp. 47-89.
Aproximación ao traballo de investigación de *Xocas* na que o catedrático de Xeografía e

Historia Xosé Manuel González Reboredo (Lugo, 1946) esboza as principais achegas arqueolóxicas e etnográficas do profesor homenaxeado. Destácanse a súa honradez e o valor documental da súa obra, malia contextualizar criticamente a ideoloxía na que se asentan as metodoloxías empregadas.

-B.V.G. e X.M.G.R., 'Síntese biográfica', pp. 91-108.
Exposición cronolóxica dos acontecementos máis relevantes da vida de Xaquín Lorenzo, como son a súa incorporación ao Seminario de Estudos Galegos, a súa participación na Guerra Civil, o seu labor como etnógrafo e profesor ou os diferentes premios e homenaxes recibidos.

Recensións:

- M. Quintáns S., 'Unha visión retrospetiva das calidades de Xaquín Lorenzo', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Ensaio', 30 maio 2004, p. 4.

Recensión na que se salienta o carácter crítico co que os autores abordan a figura e a obra de Xaquín Lorenzo, nomeadamente Xosé Manuel González Reboredo, sen que por isto diminúa "o respecto nin a admiración polo autor estudado", antes ben, achegándoo máis aos lectores ao situalo no seu tempo.

González Reboredo, Xosé Manuel, *Vida e obra de Xaquín Lorenzo*, Vigo: Galaxia, febreiro 2004, col. Letras Galegas, nº 59, 196 pp. (ISBN: 84-8288-663-0).

Volume dedicado á biografía e obra de Xaquín Lorenzo (Ourense, 1907-Lobeira, 1989), etnógrafo e arqueólogo homenaxeado no Día das Letras Galegas. O catedrático de Xeografía e Historia Xosé Manuel González Reboredo (Lugo, 1946) comeza cunha "Nota introdutoria" na que advirte da introdución no libro de certas interpretacións persoais, así como da inserción dunha pequena enquisa realizada por Xaquín Lorenzo sobre o carro e o xugo en Galicia, que, dada a posíbel circulación do libro nos centros de ensino, pode, ao seu parecer, ser empregada como traballo de curso. Seguidamente agradece ao Museo do Pobo Galego a axuda prestada, pois as indagacións que dan corpo ao libro proceden na súa maioría do arquivo persoal de *Xocas* e da biblioteca desta institución. A primeira parte do volume, "Biografía e contexto vital", narra a traxectoria do homenaxeado, desde a súa infancia e mocidade en Ourense e na casa paterna de Lobeira, até a integración no Seminario de Estudos Galegos cunha investigación sobre o carro galego, así como a súa incorporación á universidade en Zaragoza, a súa condición de ferido na Guerra Civil, e o seu traballo como mestre e director no ensino privado, que levou a cabo paralelamente ao seu labor investigador. A biografía, acompañada de diversas ilustracións fotográficas, remata cunha exposición dos diferentes galardóns e homenaxes que recibiu o etnógrafo. Na segunda e terceira partes do libro, "O prehistoriador e arqueólogo" e "A etnografía, paixón da súa vida", respectivamente, abórdase a investigación de Lorenzo en arqueoloxía prehistórica e romana, arte tardomedieval e etnografía, mediante unha previa contextualización das correntes europeas que influíron no seu traballo. González Reboredo realiza unha aproximación crítica as nocións esencialistas e principios historicistas

dominantes no espírito dos intelectuais da época, marcada por un fondo catolicismo. Expón, resaltando o valor documental das súas achegas, a visión dinámica que el mesmo mantén dos estudos etnolóxicos e antropolóxicos. O libro péchase, tras unha conclusión titulada "A xeito de remate", cunha breve "Bibliografía" e un anexo no que se inclúe a enquisa sobre o carro e o xugo elaborada por Lorenzo.

Recensións:

- Ramón Nicolás, 'Xaquín Lorenzo', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 83, 'Libros', 13 maio 2004, p. IV.

Recensión na que se destaca a importancia da esculca na vida e obra dun etnógrafo realizada por outro etnógrafo. Sinálase a sinxeleza das explicacións de González Reboredo, malia non carecer de "densidade científica", así como o seu estilo "ameno e fluído". Sublíñase o carácter de homenaxe que supón a inserción da enquisa que pecha a obra, elaborada por Xaquín Lorenzo. A recensión remata lembrando idea que *Xocas* mantiña sobre Galicia, "depositaria dunha identidade de seu", mais aberta aos novos tempos.

- Tomás Ruibal, 'Xustiza histórica', *Diario de Pontevedra*, 'Anaquel dos libros', 30 maio 2004, p. 8.

Noticia da publicación do traballo de González Reboredo sobre Xaquín Lorenzo. O artigo fai un breve percorrido pola vida do etnógrafo ourensán, enumerando os seus traballos. Seguidamente, resalta a "fácil consulta" do volume, e sinala as partes de que consta. Remata lembrando o recoñecemento do Día das Letras Galegas, feito, segundo o autor, "de xustiza histórica".

Referencias varias:

- Marta Rodríguez, 'O reto é facer a etnografía do século XXI ', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 17 maio 2004, p. 7.

Entrevista a Xosé Manuel González Reboredo con motivo da publicación do seu libro *Vida e obra de Xaquín Lorenzo*. O autor relata o momento no que entrou en contacto persoal con Xaquín Lorenzo, durante os seus estudos de Licenciatura, e realiza un breve perfil do etnógrafo, "un home cunhas afeccións moi curiosas, fotógrafo, con moita destreza nas manualidades e católico". Considera a obra *Etnografía e cultura material* o legado máis importante de Xocas, e defende a vixencia do labor dos etnógrafos no século XXI.

López Gómez, Felipe-Senén, *Xaquín Lorenzo 'Xocas'. Unha vida para a cultura dun pobo*, A Coruña: Baía Edicións, marzo 2004, col. Baía Pensamento, nº 16, 119 pp. (ISBN: 84-96128-57-1).

O libro ábrese cun cadro cronolóxico que reúne os principais acontecementos literarios en Galicia dende o Rexurdimento e os que marcaron a vida de Xaquín Lorenzo (1907-1989). Despois dunha chamada á conservación do patrimonio etnográfico galego, faise un breve percorrido por todos aqueles que traballaron pola nosa terra dende comezos do século XX, finalizando co propio "Xocas" e co seu labor como autor sobre Galicia e en galego. De "Xocas" ofrécese así mesmo unha cumprida biografía, resaltando a influencia que as súas propias vivencias tiveron no seu interese posterior pola etnografía galega, cunha especial atención á cidade de Ourense, que centrou a súa vida e formación. Tamén hai un oco para os recoñecementos dos que foi obxecto antes e despois da súa morte, subliñando especialmente o do Día das Letras Galegas do 2004. Ábrese despois unha paréntese para facer un percorrido polos estudos etnográficos en Galicia dende a Ilustración até o grupo Nós para, neste colectivo, sinalar de novo o papel do protagonista do libro. Apartados máis puntuais son os que se refiren ao traballo de campo de Xaquín Lorenzo, á importancia do tema do carro no conxunto do seu labor ou á que el mesmo tivo para a fundación do Museo do Pobo Galego. O libro complétase cunha serie de textos antolóxicos complementarios que o propio "Xocas" escribiu sobre múltiples aspectos da cultura tradicional (os oficios, o carro…), ademais de cunha tradución dunha carta do etnolingüísta alemán Fritz Krüger na que louva a *Historia de Galicia* de Otero Pedraio e a achega de Xaquín Lorenzo á mesma. Así mesmo, inclúese un glosario de elementos tradicionais galegos e unha bibliografía de e sobre o protagonista, ademais dun conxunto de obras xerais sobre etnografía. O volume péchase cun breve anexo no que se citan os autores homenaxeados no día das Letras Galegas dende a instauración desta celebración en 1963.

Referencias varias:

- MARÉ, 'A Galiza Santa de Xocas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 abril 2004, p. 48.

A través de citas sacadas do propio libro, faise un percorrido polos seus contidos: a súa finalidade, a importancia de dedicárselle a Xaquín Lorenzo o Día das Letras Galegas ou as consideracións de Vicente Risco e do propio autor do ensaio sobre a figura do etnógrafo ourensán. O artigo complétase cun despece no que se dá conta dunhas xornadas que a Consellería de Cultura organizará en Ourense dedicadas á obra de "Xocas". Neste despece cítanse con profusión as intervencións programadas para os tres días de xornadas.

- M.B., 'Felipe Senén divulga o traballo de 'Xocas' 'para chegar ao pobo a cultura popular', *La Opinión*, 'Cultura', 13 abril 2004, p. 54.

Na primeira parte do artigo recóllense unhas declaracións de Felipe Senén, autor da obra comentada, nas que subliña o papel de Xaquín Lorenzo como garante da tradición galega e sinala o acerto de dedicarlle o Día das Letras Galegas, así como tamén se fai referencia á presentación do libro comentado na Agrupación Cultural Alexandre Bóveda. Na segunda parte, as declaracións do autor sobre o libro mestúranse coas consideracións do propio articulista sobre a biografía de "Xocas". A peza péchase cun comentario persoal de Felipe Senén, no que lamenta a escaseza de iniciativas para a conservación do mundo tradicional galego mediante a creación de museos, incidindo especialmente na inexistencia dun museo do mar nunha cidade mariñeira como A Coruña.

Martinón-Torres, Marcos, *Xaquín Lorenzo "Xocas". Confesións e lembranzas para mozos de onte e hoxe*, coa colaboración de María Martinón-Torres, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2004, 86 pp. (ISBN: 84-7824-440-9).

A obra iníciase cun "Limiar" no que se describen os principais feitos, a nivel lingüístico, cultural, social ou político, de Galicia e do galego durante o ano 1986, como punto de partida para facer referencia ao labor de Xaquín Lorenzo (1907-1989) pola terra e para conectar cunha entrevista que dous rapaces (o irmán e un compañeiro do propio autor) lle fixeron ese ano para un proxecto escolar. Desa conversa van saír en boa medida os diferentes capítulos do libro, que teñen como principal fonte de información ao propio 'Xocas', ben a través da propia entrevista, ben por medio dos testemuños de persoas que o coñeceron. Como o mesmo Marcos Martinón-Torres sinala, "o resultado non pretende ser unha biografía de Xaquín Lorenzo no sentido convencional, senón máis ben un conxunto de memorias do "Xocas" que moitos recordan". Co fin de desenvolver ditas memorias, comézase cun percorrido pola biografía do autor ourensán para desentrañar os feitos que máis marcaron a súa evolución posterior: a infancia en Ourense como intre no que xorde o seu interese por Galicia; os primeiros contactos nesa cidade co galeguismo por medio de Otero Pedraio, Risco e Cuevillas, veciños seus, que tamén o influíron fondamente no persoal; a morte do seu irmán e colaborador Xurxo, que lle deixou unha profunda pegada… No ámbito máis relacionado co seu labor etnográfico, faise referencia á influencia que o profesor luso Santos Júnior tivo no interese que sentiu por Portugal e no seu gran coñecemento do país, así como tamén se sinala o seu labor como mestre e as dificuldades padecidas durante a dictadura franquista, en contraste coa esperanza que sentiu tras a chegada da democracia. Máis aló do seu labor como etnógrafo, sublíñase a súa defensa de Galicia por riba de intereses partidistas (o que se relaciona coa súa falla de implicación en política), o seu labor en prol do idioma ou, no plano máis puramente persoal, a súa complicidade coa xuventude e a súa fonda relixiosidade. As páxinas finais do libro enumeran os recoñecementos que o "Xocas" recibiu en vida ou despois da súa morte e os espazos polos que pasou boa parte da súa vida ou polos que loitou, rematando por facer un chamamento á lembranza por sempre dunha figura que, para o autor, tanto fixo por Galicia.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Como unha ardentía de palabras', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 16 maio 2004, p. 20.

Tras unha consideración inicial sobre o gran número de volumes sempre xurdidos ao abeiro do Día das Letras Galegas, sinálase a orixinalidade do libro comentado por canto é o propio "Xocas" quen vai presentando os contidos que compoñen a obra. A continuación, faise un percorrido minucioso por estes, para rematar cunha crítica positiva sobre o ensaio comentado.

- Xosé Feixó, 'Para mozos de sempre', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 85, 'Libros', 27

maio 2004, p. IV.

Sublíñase o especial interese do libro por basearse directamente en declaracións do propio "Xocas", analízanse os contidos da obra e os seus aspectos máis orixinais, e faise referencia a diferentes anécdotas recollidas nela que se consideran moi representativas da entrega de Xaquín Lorenzo a Galicia.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 86, 2004.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Solimán* (2004), de Xesús Fraga; *Muletas* (2004), de Peter Härtling; *Un digno herdeiro* (2004), de Keith Dixon; e *Xaquín Lorenzo "Xocas"*, de Marcos Martinón-Torres. En canto ao libro dedicado a Xocas, destácase o novidoso e extraordinario do seu contido: pois é a trascrición dunha entrevista que no 1986 lle concedeu o etnógrafo ao irmán do autor, Federico Martinón Torres, e a Santiago Soto Iglesias, compañeiro deste, cando ambos eran escolares.

Valcárcel, Marcos (coord.), *Don Xoaquín Lorenzo no fío de Nós: artigos e entrevistas*, Ourense: Concello de Ourense ♦, maio 2004, col. Auria, nº 9, 91 pp. (ISBN: 84-87623-39-5).

O libro aparece estruturado en dúas partes. A primeira conta coas verbas do propio coordinador deste traballo, Marcos Valcárcel, que remete para a celebración do ano 2004 do Día das Letras Galegas dedicadas a Xoaquín Lorenzo, así como o compromiso que este ourensán tivo co seu país do que Valcárcel fai un pequeno percorrido pola súa vida e incursións na Xeración Nós ou no Seminario de Estudos Galegos. A segunda parte, que ocupa case a totalidade da obra, consiste no conxunto de textos de artigos e entrevistas que se lle fixeron ao etnógrafo e que aparecen en formato facsimilar.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Xoaquín Lorenzo 'Xocas': o polígrafo das Burgas retratado a partir das súas verbas', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Retrospectiva', 18 xullo 2004, p. 3.

Anúnciase a publicación do libro *Don Xoaquín Lorenzo no fío de nós* editado por Marcos Valcárcel e publicado polo Concello de Ourense na colección Auria, onde se recollen a modo de escolma catorce artigos, dezaseis entrevistas e unha conferencia do autor polígrafo homenaxeado neste ano no Día das Letras, acompañado dun 'Limiar' feito por Valcárcel onde se xustifica a pertinencia da publicación da obra.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Valcárcel compila o xornalismo de Xocas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 maio 2004, p. 50.

Alúdese á publicación pola colección Auria do Concello de Ourense de *Don Xoaquín Lorenzo no fío de nós. Artigos e entrevistas*, onde en cen páxinas coordenadas por Marcos Valcárcel se recollen artigos publicados por Xocas na prensa ourensá entre 1974 e 1989 así como varias entrevistas feitas polos xornalistas Alvarado e Xosé A. Carracedo ao autor ourensán. O volume presenta un total e 32 textos en edición facsímile que tratan de temas moi diversos.

Valcárcel, Marcos, *Xoaquín Lorenzo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2004, col. Merlín, nº 139, serie Laranxa, 62 pp. (ISBN: 84-9782-123-8).

Incluído na colección Merlín e na súa serie Laranxa (para un lectorado a partir de once anos), con este volume de Marcos Valcárcel (Ourense, 1958) preténdese achegar a figura de Xaquín Lourenzo, homenaxeado co Día das Letras Galegas, ao lectorado infantil. A obra estrutúrase en oito capítulos: 'Unha longa vida dedicada a Galiza', 'Nace un etnógrafo', 'A nosa etnografía no cine: O carro e o home', 'As festas populares', 'O galeguista', 'O crente, o profesor', 'Outros campos de estudo de autor' e 'O Museo do Pobo Galego: un soño cumprido'; ao longo dos cales, o autor expón de xeito sinxelo e ameno a traxectoria vital e profesional deste persoeiro da cultura galega, facendo fincapé na súa labor como etnógrafo. O volume complétase con numerosas imaxes (fotografías do autor, caricaturas, debuxos dos seus traballos, portadas das súas obras, ...) que fan que o achegamento do lectorado infantil ao etnógrafo 'que tivo por oficio o soño de descubrir as raíces máis fondas e Galicia' sexa máis doado.

Recensións:

- María Navarro, 'Descubrir o país', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 82, 'Infantil/Xuvenil', 6 maio 2004, p. VII.

Preséntanos a obra que con motivo das Letras Galegas publica Edicións Xerais: *Xaquín Lorenzo*, de Marcos Valcárcel. Consta de oito capítulos e dá conta dos aspectos máis salientábeis da vida deste autor en prol da cultura galega como o de "descubrir as raíces máis fondas de Galicia".

Referencias varias:

- Silvia Gaspar, 'De Rosalía a Xaquín Lorenzo', *La Voz de Galicia*, *'La Voz de la Escuela'*, 'Semana das Letras Galegas', 10 maio 2004, pp. 4-5.

Infórmase do sentido do Día das Letra Galegas que desde o 17 de maio de 1863, data en que se publica *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, é motivo de lembranza de cada un

dos que contribuíron a manter o galego vivo. Explícase que o 17 de maio de 2004 se dedica a Xaquín Lorenzo polo seu estudo da etnografía, nos costumes e as formas de vida tradicionais galegas. Tamén se propoñen actividades por medio de distintos libros para realizar na escola ao longo da semana en relación a este Día.

Valcárcel, Marcos, *Xoaquín Lorenzo. Vida e obra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2004, col. Letras Galegas, 100 pp. (ISBN: 84-9782-112-2).

A obra de Marcos Valcárcel (Ourense, 1958) ofrece unha análise minuciosa e completa sobre a vida e a obra do polígrafo Xoaquín Lorenzo (Ourense, 1907 - Lobeira, 1989). O estudo divídese entres partes: "Vida de Xoaquín Lorenzo", "Obra e pensamento" e "Bibliografía de e sobre Xoaquín Lorenzo". Achégasenos á súa vida e pensamento: o seu compromiso político e cultural con Galiza, a súa vinculación co Seminario de Estudos Galegos, a tentativa de formar un museo etnográfico, a súa participación na fundación do Partido Galeguista e no Museo do Pobo Galego, o seu traballo na revista *Nós*, o seu ingreso na Real Academia Galega, a súa participación na Fundación da Agrupación Cultural Auriense, etc. Destácanse tamén os distintos proxectos desenvolvidos en torno á etnografía galega: a cultura tradicional, a literatura e a lingua popular, o material da vida labrega e mariñeira e as festas populares (magostos, Maios, Antroido), así como tamén os traballos desenvolvidos como arqueólogo, historiador, fotógrafo, debuxante ou profesor.

Recensións:

- Xosé Lois García, 'O 'Xocas' de Marcos Valcárcel', *Galicia en el mundo*, 'Ecos de Berenguela', 20 abril 2004, p. 4.

Preséntanos os dous libros que Marcos Valcárcel vén de publicar en Xerais: un na serie 'Letras Galegas', *Xoaquín Lorenzo. Vida e obra*, e outro, *Xaquín Lorenzo*, na serie 'Merlín'. Achégasenos ao contido dos libros e á figura do etnógrafo e escritor que desde Ourense, onde aprendeu da Xeración Nós, descubriu a patria galega.

- Armando Requeixo, 'Arredor do facedor de maquetas de carros', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 17 maio 2004, p. 10.

Preséntase o contido fundamental do libro *Xoaquín Lorenzo. Vida e obra* (Vigo, Xerais, 2004), do historiador e profesor ourensán Marcos Valcárcel. Faise unha apreciación positiva da obra, considerándoa "unha referencia bibliográfica de valor para futuras investigacións" e que pola súa pluridimensionalidade serve como "guía" tanto para investigadores como para curiosos. O libro, de afán divulgativo que non resta rigor, recolle o percorrido vital, o pensamento e o traballo deste persoeiro e inclúe tamén unha bibliografía sobre todo o traballo fundamental feito sobre a figura de Xoaquín Lorenzo.

- Manuel Rosales, 'Xoaquín Lorenzo: Vida e obra', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 85,

'Libros', 27 maio 2004, p. V.

Preséntase o volume *Xoaquín Lorenzo. Vida e obra*, do crítico e investigador Marcos Valcárcel, que publica Edicións Xerais na colección 'Letras Galegas' por ser homenaxeado este ano no día das Letras Galegas. O volume ten dous apartados: na primeira parte faise un percorrido breve pola vida do escritor (a súa participación no Seminario de Estudos Galegos e na Irmandade Nazonalista Galega...); a segunda, aproxímase á súa actividade de etnógrafo.

Referencias varias:

- Laura Grandal, 'Ourense: a cidade das letras', *La Región*, 'Cultura', 23 marzo 2004, p. 59.

Entre as homenaxes rendidas a Xaquín Lorenzo no Día das Letras Galegas está a publicación do libro *Xoaquín Lorenzo. Vida e obra*, de Marcos Valcárcel, editado por Xerais. Brevemente apúntase o contido do libro, que, partindo da personalidade do etnógrafo, aborda os distintos aspectos nos que traballou este personaxe ligado ao galeguismo histórico e mestre preocupado polo ensino.

- MARÉ, 'O día dun home bo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 marzo 2004, p. 51.

Infórmase de que Ourense será a cidade escollida para realizar os actos do Día das Letras Galegas, dedicado a Xaquín Lorenzo Xocas. Alí presentouse o libro do historiador Marcos Valcárcel, *Xoaquín Lorenzo. Vida e obra*, libro que permite, na opinión do seu autor, un achegamento divulgativo á vida, personalidade política, obra e importancia na cultura galega do homenaxeado.

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Xoaquín Lorenzo, por Marcos Valcárcel', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 16 abril 2004, p. 3.

Infórmase da publicación de dous libros de Marcos Valcárcel sobre Xoaquín Lorenzo, Xocas, a quen este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas. Faise unha presentación tanto de Marcos Valcárcel como da lembranza que este tiña de Xocas. Das obras, unha vai dirixida ao público infantil e trátase dunha síntese biográfica; a segunda presenta un estudo de investigación moi completo sobre este persoeiro.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 80, 22 abril 2004, p. VII.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle as recensións de *Contos prodixiosos, I* (2004) e *Contos prodixiosos, II*, de Xosé Miranda e Antonio Reigosa; *Novela de xadrez* (2004), de Sefan Zweif; *Cociña vexetariana* (2004), de Miguel Burros e *Xoaquín Lorenzo. Vida e obra* (2004), de Marcos Valcárcel. Sinala, con respecto a esta última obra, que 'constitúe

achega, á vez divulgativa e rigorosa, sobre a vida e obra do homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2004', do que destaca o seu lugar sobranceiro dentro da xeración do Seminario de Estudos Galegos e o seu labor como etnógrafo, arqueólogo, historiador, fotógrafo, debuxante e fundador do Museo do Pobo Galego.

- Lalo Pavón, 'Libros', *La Región*, 'Desde dentro', 24 abril 2004, p. 12.

Con motivo do Día do Libro Pavón reflexiona sobre o pracer da lectura e sobre a utilidade deste día, que pode servir para estimular á lectura. Pon como exemplo o libro *Xaquín Lorenzo*, de Marcos Valcárcel, destinado aos nenos, que ademais pode conseguir que se manteña viva a memoria do Xocas.

- Natalia Álvarez, 'O Museo do Pobo Galego é o fillo simbólico de Xocas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 84, 'Letras Galegas', 20 maio 2004, p. III.

Marcos Valcárcel, autor de *Xaquín Lorenzo. Vida e Obra,* fala nesta entrevista dos aspectos máis relevantes da figura de "Xocas" ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas. Entende que a produción máis importante é *Etnografía e cultura material* que constitúe o segundo volume da *Historia de Galiza*, pero non hai que esquecer a recolleita de cantigas na Baixa Limia e dous libros Vida de Calvos de Randín e Parroquia de Velle, texto que asina con Cuevillas e Vicente Fernández Hermida. Entende que a recollida do pasado non facía del un home nostálxico polo que xa pasou, entendía que había que construír un futuro mellor e para iso é necesario ter presente o pasado para aproveitar del o que se poida. Considera que foi un discípulo da Xeración Nós que nunca quixo relevancia porque era un home humilde en todas as facetas da súa vida. Entende que o Museo do Pobo Galego "é un fillo simbólico" da súa obra, pois foi unha idea que estivo matinando toda a súa vida. Sinala que non estaba interesado pola política, pero sempre estivo vinculado aos órganos galeguistas como as Irmandades da Fala e o Partido Galeguista do que sempre se sentiu militante.

Vázquez-Monxardín Fernández, Afonso, *Xoaquín Lorenzo Fernández 'Xocas'. A fidelidade á Galicia soñada*, Vigo: Ir Indo Edicións, 2004, col. Galegos na Historia, nº 29, 63 pp. (ISBN: 84-7680-499-7).

Afonso Vázquez-Monxardín Fernández (Ourense, 1960) amósanos en dez capítulos, máis unha cronoloxía final, os principais fitos dentro da biografía de Xoaquín Lorenzo Fernández (Ourense, 1907 - Facós-Lobeira, 1989). Comézase este estudo cunha "Introdución" na que se fai unha pequena aproximación á súa personalidade e ao seu apaixonado labor de estudo da etnografía galega. Nos capítulos II e III repásase a importancia da súa faceta activa como etnógrafo, arqueólogo, mestre e político. O seguinte capítulo céntrase na súa nenez e infancia para no seguinte falar da súa relación co Seminario de Estudos Galegos. No capítulo VI relátanse as súas peripecias vitais na guerra civil -en 1936 é ferido en Villablino e regresa a Ourense- e descríbese como comeza a súa

docencia en Ourense, como fai o guión para a celebérrima película *O carro e o home* (1940), etc. O capítulo seguinte describe o seu ingreso na RAG (1951) co discurso sobre "A casa galega" e o seu traballo como discípulo da Xeración Nós. Os derradeiros tres capítulos repasan os últimos anos da súa vida cando comeza un novo e lento rexurdir da cultura galega, coa creación e inauguración en 1977 do Museo do Pobo Galego -unha das súas máximas ilusións- e remátase co recoñecemento unánime de toda Galiza a o seu labor até a súa morte (1989) e mesmo despois dela como a celebración do Día das Letras Galegas de 2003 na súa honra. Finalmente reprodúcese o esquema cronolóxico do decorrer vital deste etnógrafo ourensán.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 13 maio 2004, p. 75.

Reflexiona sobre cál será a forma correcta do nome do homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2003: ¿Xaquín ou Xoaquín?, para isto apóiase neste libro e nas palabras do seu autor na presentación, onde afirmou que "este uso indiscriminado reflicte tamén a forte popularidade do noso escritor".

Vázquez-Monxardín Fernández, Afonso (coord.), *Xoaquín Lorenzo. 1907-1989 unha fotobiografía*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, Consello da Cultura Galega, 2004, Museo do Pobo Galego, 2004, 276 pp. (ISBN: 84-9782-179-3).

Esta edición especial para o Día das Letras Galegas de 2004, da que sobresae a gran presenza de abondoso material fotográfico, comeza cun esquema cronolóxico do decorrer vital de Xaquín Lorenzo. A seguir están os seis capítulos que nos permiten percorrer a vida de Xocas: "1907-1923. A infancia e mocidade. A descuberta de Galicia"; "1923-1936. Os tempos do Seminario de Estudos Galegos. O compromiso coa Terra"; "1936-1941. A fenda da guerra. Sobrepóndose á desfeita"; "1941-1963. O traballo posible. Arqueoloxía e Etnografía"; "1963-1977. A ilusión dos novos tempos. A confianza na mocidade"; "1977-1989. O fío da memoria. Tempo de homenaxe e recoñecementos". Este volume tamén inclúe diferentes traballos de estudosos galegos sobre diferentes parcelas da súa obra de Xocas a cargo de Clodio González Pérez "Xocas: Biografía"; Francisco Fariña e Xulio Rodríguez "Dimensión arqueolóxica de X. Lorenzo"; Xosé Manuel González Reboredo "Don Xoaquín Lorenzo Fernández e os estudos da sociedade, a literatura oral e as crenzas da Galicia campesiña"; Francisco Calo Lourido "Xaquín Lorenzo Fernández e o mundo do mar"; Francisco Fernández Rei "A terminoloxía tradicional e a construción do galego estándar"; Xosé C. Sierra Rodríguez "Palabras e cousas. Achegamentos visuais ó coñecemento etnográfico"; Segundo Alvarado "Don Xoaquín Lorenzo, un solteirón, pai de moitos" e mais Xosé Lindo Vázquez-Monxardín Blanco "A lembranza dun bo e xeneroso". Este amplo libro péchase cunha bibliografía de Xaquín Lorenzo baseada na publicada por Francisco Fariña no tomo XX-XXI do *Boletín Auriense* mais que presenta engadidos e aparece disposta tematicamente.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'Don Xoaquín en imaxes', *La Región*, 'Ronsel de libros', 31 xullo 2004, p. 93.

Debúllase este volume do que salienta os centos de fotos de grande interese, moitas delas inéditas, que o compoñen. Tamén destaca que estamos perante un "vizoso labor memoralístico" grazas ao seu coordinador, Afonso Monxardín, e nomea os diferentes apartados e estudos que integran este libro.

Vilar Álvarez, Manuel, *'Dicionario' Xaquín Lorenzo 'Xocas'*, limiar de Xesús Ferro Ruibal, Santa Comba- A Coruña : tresCtres Editores, 2004, col. Letras dous mil... 4, nº 4, 158 pp. (ISBN: 84-933588-2-7).

Este volume presenta a un Xocas etnógrafo, arqueólogo, autor de traballos de arte e profundamente comprometido coa cultura. No limiar de Xesús Ferro Ruibal destaca o encontro que tivo con X. Lorenzo no que lle dixo que "non se pode amar o que non se coñece". O seu compromiso con Fraguas de participar na causa galeguista levouno a ser un gran estudoso. Este limiar remata con análise da dedicatoria do Día das Letras Galegas ao autor ourensán. A partir de aquí o volume divídese en numerosas entradas ordenadas alfabeticamente que nos achegan á figura de Xocas. A súa infancia e a da súa familia preséntasenos en contacto coa figura de Vicente Risco ou mesmo de Otero Pedrayo, ou tamén do arqueólogo Florentino López Cuevillas. Faise polo tanto un repaso a toda a súa experiencia vital, en especial ao traballo do S.E.G., na sección de etnografía; ou tamén o feito de ser ferido na guerra que o levou de volta a casa. Tamén se destaca o seu ingreso na Real Academia Galega en 1951 co discurso *La casa gallega* ou a súa presidencia do padroado do Museo do Pobo Galego. A seguir, estúdanse as súas achegas museísticas, estudos prehistóricos e etnograficos. Analízanse nestes apartados a necesidade dun museo que recolla a identidade de Galicia como cultura diferencial. Destácanse as maquetas de casas, as coleccións de cerámica e todo aquilo que o convirte nun museo etnográfico. A súa vertente galeguista tamén o leva a preocuparse pola arqueoloxía, traballo que desenvolve á sombra de Cuevillas; ou tamén o traballo de campo ou etnográfico do que publicou contos, lendas, cantigas, medicina caseira..., do que cómpre salientar o uso do celtismo en axuda do proxecto político. Destaca tamén a súa descrición da terra de Lobeira, os traballos en arquitectura ou dedicados ao Entroido. O volume ten unha sección de imaxes da súa obra e vida, así como a relación bibliográfica da mesma, separada por materias e unha selección da obra escrita que recolle: o tangaraño, a casa rural, a moblaxe, o cultivo, o arado... e mesmo unha selección de recursos didácticos para o seu aproveitamento nos niveis de E.S.O. e bacharelato. No último apartado, "Sinopse", podemos ver a súa vida en datas contraposta a feitos importantes para Galicia e o mundo.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Lembrando a Xaquín Lorenzo', *Tempos Novos*, nº 85, 'Libros', maio 2004, p. 73.

O autor fai unha crítica positiva de *Dicionario Xaquín Lorenzo "Xocas"*, libro que ao seu modo de ver consigue tratar a vida e obra do escritor dun xeito divulgativo e accesíbel, pero que tamén pode resultar atractivo ás persoas cun maior coñecemento na materia.

- A.R., 'Xaquín Lorenzo do A ao Z segundo Manuel Vilar Álvarez', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Análise', 17 maio 2004, p. 10.

Esta recensión sobre o *Diccionario Xaquín Lorenzo Xocas* sitúanos a obra no seu contexto editorial para expoñer os seus contidos e estrutura. Resáltase, así mesmo, as achegas de Xocas nos ámbitos museográficos e prehistórico.

- M.Q.S., 'Xocas na colección 'Diccionarios' de 3C3', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Ensino', 30 maio 2004, p. 4.

Presenta o libro de Manuel Vilar Álvarez e limiar de X. Ferro Ruibal sobre a obra de Xocas e da editorial 3C3. Destaca que este volume está orientado a alumnos da E.S.O. pero tamén que se bota en falta en todos os traballos presentados a un Xocas precursor das tendencias máis vangardistas do folclore e antropoloxía actual. O traballo é resaltado como dos mellores incentivos para ollar con intelixencia á cultura tradicional.

- Xosé Freixó, 'Un volume homenaxe', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, 'Libros', 10 xuño 2004, p. IV.

Recensión sobre o volume *Diccionario de Xaquín Lorenzo "Xocas"* na que se describe a obra e as súas partes. Resaltan os contidos da obra de Xocas: museístico, etnográfico, fotográfico; así como os traballos realizados polo autor. Tamén se destaca a recollida de materiais, en especial de recursos didácticos para o ensino. Xesús Ferro Ruibal (autor do Limiar) destaca que este libro pode despertar o interese dos rapaces por Galicia.

Referencias varias:

- C.P., 'Presentan un estudio biográfico sobre Xocas con fins didácticos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 29 abril 2004, p. 46.

Crónica da presentación do *Diccionario de Xaquín Lorenzo* presentado polo autor Manuel Vilar e a editorial 3C3 no Museo do Pobo Galego. Destácase que a obra non é un dicionario e que ten contidos didácticos e recursos para o seu uso nas aulas. Resáltase a faceta museística do "Xocas" así como a arqueolóxica e etnográfica.

- Marcelo Ranicki, 'Felicidad antigua', *El Progreso*, 'Libros', 2 maio 2004, p. 89.

Ademais de facer referencia ás obras *Álvaro de las Casas* de Uxío-Breogán Diéguez Cequiel e *Elexías do Camba* de Xosé Luís Rúa, faise unha achega a esta obra didáctica dedicada ao estudo do escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas; dáse conta dos contidos da obra e indícase que inclúe exercicios para traballar cos alumnos aos que vai dedicada.

- A.N.T., 'Manuel Vilar', *A Nosa Terra*, nº 1.127, 'Fin de semana', 6 maio 2004, p. 33.

Entrevista a Manuel Vilar sobre a súa obra *Diccionario Xaquín Lorenzo Xocas* na que o autor expón as motivacións e orientacións da súa obra. O autor destaca que o Xocas pretendía que a xente traballase en campos diversos e que o país avanzase. Resalta tamén as fontes entre as que se atopa o seu arquivo persoal do Museo de Pobo Galego.

- E.F., 'A editorial Tresctres de Santa Comba súmase ás homenaxes literarias de Xaquín Lorenzo', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 9 maio 2004, p. L13.

Crónica da presentación do Volume de Manuel Vilar, *Diccionario Xaquín Lorenzo Xocas* na casa da cultura de A Baña. Destaca a presencia de Nieves Herrero (U.S.C.) e Andrés García (Alcalde de A Baña). Lémbrase a Xocas como un estudoso da tecnoloxía agraria e valóranse os seus contactos coa xeración Nós.

VV. AA., *Congreso sobre Xaquín Lorenzo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, outubro 2004, col. Difusión cultural, nº 40, Libro e CD, 288 pp. (ISBN: 84-453-3914-1).

Volume no que se recollen as actas do Congreso sobre Xaquín Lorenzo que tivo lugar en Ourense os días 22, 23 e 24 de abril de 2004 no Centro Cultural da Deputación Ourense, organizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural. Deste volume cómpre sinalar que conta cun CD-Rom anexo no que se ver unha "Introdución biográfica de Xaquín Lorenzo", en Power Point, elaborada por Afonso Vázquez Monxardín. Despois dos prólogos institucionais reprodúcense os relatorios dos estudosos participantes, que no referido á literatura galega son os que seguen:

- Xosé Manuel González Reboredo, "A literatura popular en contexto. Da tradición rural á posmodernidade", pp. 143-150.

Faise un percorrido polos estudos de folclore e alúdese á súa polarización nos sectores que conservan unha chamada cultura tradicional, onde se apunta a necesidade de superar a sinxela recollida de textos e a necesaria incorporación dos contextos nos que eses textos se recitan, cantan ou narran. A seguir elabórase unha pequena insinuación sobre as novas formas de folclore que están xurdindo na sociedade actual, que fican fóra do estudo dos folcloristas clásicos a pesar de seren merecedoras de estudo.

- Xosé Ramón Mariño Ferro, "O romanceiro na obra de Xaquín Lorenzo", pp. 205-230.

Analízanse un total de catorce romances distribuídos en tres monografías de Xaquín Lorenzo: *Vila de Calvos* -en colaboración con Cuevillas-, *Parroquia de Velle* -dos mesmos máis Fernández Hermida- e *Cantigueiro popular da Limia Baixa,* e que aparecen distribuídos do seguinte xeito. Os romances de *Parroquia de Velle* son "O conde preso", "O soldado", "O conde don Belo", "Santa Irene", "A Filomena", "Rufina", "Doña Alvira", "As tres comadres", "O gato"; os de *Calvos de Randín* son "Xan Quintán" e "O casamento da pulga e mais o piollo" -que se conserva nestas dúas monografías-; mentres que no *Cantigueiro popular da Limia Baixa* temos "O conde Alberto", "O xastre da Lomba" e "Coplas do tío Laranxo". Todos estes romances aparecen reproducidos e comentados.

- Delfín Caseiro Nogueiras, "*Cantigueiro popular da Limia Baixa*", pp. 231-253.

Antes de debullar o *Cantigueiro popular da Limia Baixa* (1973) -que é cualificado de magna obra para o estudo do cancioneiro popular e tradicional de transmisión oral- achégase unha aproximación á época na que foi elaborado e mais á contribución de Xocas ao cantigueiro popular galego. Faise unha análise deste cantigueiro que reúne 2586 composicións: dúas mil cincocentas corenta e sete cantigas, nove composicións, cinco desafíos, once parrafeos, sete breves oracións e mais catro romances.

VV. AA., *Agasallo de cores para Xaquín Lorenzo*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega ♦, 2004, 98 pp. (ISBN: 84-95415-85-2).

Obra que, como reza no subtítulo, é unha *Homenaxe realizada polos alumnos/as de plástica e visual de 4º da ESO do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela* (A Coruña), no marco das celebracións do cuarto centenario da fundación do Colexio San Clemente e do senta e cinco aniversario da creación do Instituto Rosalía de Castro. Logo dos prólogos institucionais Soledad Pite Sanjurjo, profesora de Debuxo dese centro, realiza unha pequena introdución na que recalca a súa faceta de etnógrafo e debuxante. Indica a continuación que nas diferentes obras artísticas que se recollen se fixo unha nova interpretación da obra de Xaquín Lorenzo por setenta e sete alumnos. Fala, a seguir, brevemente da xilografía, ou gravado en madeira, técnica que empregaron para a realización das diferentes creacións. A seguir veñen os capítulos "Ilustracións que teñen como fonte a *Historia de Galiza* dirixida por Ramón Otero Pedrayo" e "Ilustracións que teñen como fonte a revista ourensá *Raigame* nº 9, decembro 1999, Monográfico dedicado a Xaquín Lorenzo" onde se recollen as diferentes creacións artísticas, todas elas cun pé de páxina no que figura o nome do autor e o título. A continuación veñen os apartados "Fotografías curso cuarto -A- e cuarto -B-", "Fotografías curso cuarto -C- e cuarto -D-", "Índice de obras interpretadas". A obra conclúe co apartado titulado "Colofón" onde se indican, entre outros datos, os nomes dos deseñadores e dos compositores.

Referencias varias:

- C.P., 'Gravados de Conde Corbal e alumnos do Rosalía honran a memoria de Xocas', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 15 maio 2004, p. L9.

Informa do acto que tivo lugar no Instituto Rosalía de Castro, no que o Consello da Cultura Galega presentou tres libros que honran a figura de Xaquín Lorenzo, o homenaxeado no Día das Letras Galegas. O primeiro, *Agasallo de cores*, reúne as creacións artísticas realizadas polos alumnos de cuarto da ESO dese centro educativo. A segunda obra que se presentou foi *O mar terra adentro*, que é o penúltimo traballo sobre o mar realizado por Xaquín Lorenzo, que contén ilustracións de Conde Corbal. A última das obras presentadas foi o número 20 da colección *As nosas voces*, que reproduce as palabras do homenaxeado en diversos arquivos sonoros.

IV.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Atenea, '17 de maio. Día das Letras Galegas', *Atenea*, nº 15, 'Falamos de ...', 2004, p. 12.

Sintetízase a historia da orixe do Día das Letras Galegas, lembrando que o 20 de marzo de 1963 tres membros da Academia Galega, Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego presentaron a proposta de que se declarase o 17 de maio de cada ano Día das Letras Galegas, de xeito que con motivo da celebración do centenario de *Cantares Gallegos* a Academia consagrase con carácter perdurábel o simbolismo desa data nunha celebración anual. Indícase que máis dun cuarto de século despois é un bo momento para facer un reconto de persoeiros e deixar constancia da honra que merecen estes galegos sobranceiros aos que até o de agora se dedicou o Día das Letras. Deste xeito reprodúcese nesta mesma páxina por orde cronolóxica unha fotografía acompañada das datas de nacemento e morte de todas as persoas ás que se dedicou este Día.

Bande Rodríguez, Enrique, 'A dimensión relixiosa de Xocas', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 19, maio 2004, pp. 52-63.

Fálase da dimensión relixiosa de Xaquín Lourenzo, que xa fora tratada polo autor nun artigo publicado no xornal La Región, o 16 de xullo de 1990; nesta ocasión dá conta da escrupulosa fe de "Xocas", fai referencia ás conferencias na que o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas daba conta das súas crenzas, achega outras mostras desta dimensión relixiosa e dá conta da profunda devoción que Xaquín Lourenzo procesaba pola Virxe do Viso. Finalmente, dá conta de cómo a súa relixiosidade se reflicte na súa vida e na súa obra.

Blanco Torrado, Alfonso, 'Xaquín Lorenzo: un home providencial', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 137, 'Estudos', marzo 2004, pp. 10-29.

Co gallo da dedicatoria do Día das Letras Galegas a Xaquín Lorenzo, "o Xocas", faise un exhaustivo percorrido pola súa labor intelectual centrada no servizo total á súa terra galega. Comeza referíndose á súa vinculación coa Xeración Nós, principalmente ás persoas de Vicente Risco, Otero Pedrayo e Florentino L. Cuevillas, nutríndose do seu espírito,

patriotismo e ideoloxía. De seguido, fálase do tipo de educación que recibiu dende neno baseada no amor pola cultura popular fronte a un ensino da elite. Continúa con "A integración nunha parroquia e nunha paisaxe", onde expón a intención de "Xocas" de colaborar na construción dun futuro para Galicia a través do descubrimento da súa parroquia rural como signo e identidade, evocando na súa obra a tradición e o pasado. Na súa "valoración do pobo" amósase esencial o mundo rural, a emoción e o sentimento creativo do pobo, rexeitando a "cultura masificada" e allea; mais a súa teima, segundo se nos di, é conxugar pasado e futuro: unha Galicia mellor, sen esquecer as nosas raíces. Finalmente, as catro derradeiras partes do artigo están dedicadas exclusivamente á súa vivencia relixiosa, así como ao sentimento relixioso do pobo e ao xeito no que se proxecta na súa obra: un elemento da vida cotiá que dende a súa visión integradora e sentido comunitario pode verse como algo esencial á identidade.

Burgoa, Juan J., 'A gran labor de Xaquín Lorenzo 'Xocas', *Atenea*, nº 15, 'Artigo', 2004, pp. 34-36.

Faise un pequeno percorrido pola traxectoria de Xaquín Lorenzo, sinalando que naceu en Ourense en 1907, que foi alumno de Otero Pedrayo no bacharelato e que se dedicou profesionalmente á docencia no Instituto e Colexio Cisneros de Ourense. Continúase este percorrido indicando que foi colaborador de López Cuevillas e que comezou dedicándose ao estudo da prehistoria, que ingresou no Seminario de Estudos Galegos cun traballo sobre o carro, e que aos vinte e cinco anos, en 1932, foi nomeado director do Museo Etnográfico. Sinálase así mesmo que tras a Guerra Civil continuou cos seus traballos de lexicografía, arquitectura popular e arqueoloxía, e que cun discurso sobre a casa galega ingresou na Real Academia Galega. Saliéntase que foi presidente do Museo do Pobo Galego desde a súa fundación até o seu pasamento. A seguir referéncianse algúns libros que seguen a ser referentes inexcusábeis no campo da etnografía, como *Os oficios, A mar e os ríos, A casa* ou *A terra*, destacando o intenso traballo de campo que realizou para a recollida de datos. Deste xeito, tamén se apunta que redactou o capítulo "Etnografía. Cultura Material" da monumental *Historia de Galicia* dirixida por Otero Pedrayo, sinalando que este capítulo supón unha completa e sistematizada achega de máis de setecentas páxinas que continúa a ser unha referencia imprescindíbel para o coñecemento do patrimonio popular e das manifestacións materiais do acervo cultural galego. Saliéntase así mesmo a visión multidisciplinar dos temas etnográficos coa que Xocas traballaba, apuntando outras publicacións de grande interese como *Enredos, Cantigueiro popular da Limia Baixa, Refraneiro Galego, A Nosa Señora do Viso* ou *Vila de Calvos de Randín.* Finalmente sinálase que a súa meritoria habelencia para o debuxo, a fotografía e os coñecementos musicais, así como a súa incursión no cinema documental, supuxeron un grande valor engadido ao seu traballo de campo. O artigo finaliza cun pequeno apartado titulado "A modo de desacordo". Nel o autor analiza a procedencia xeográfica das persoas homenaxeadas co Día das Letras Galegas desde a súa implantación, constatando que nunca se dedicou tal efeméride a un ferrolán. A este respecto lembra que varias asociacións e entidades culturais ferrolás están a apoiar a petición da concesión dun Día das Letras Galegas para a Escola Diocesana de Mondoñedo ou, máis concretamente, para Crecente Vega, e manifesta o seu desacordo por considerar que se debería promover a concesión do premio a alguén nacido en Ferrol ou na súa bisbarra, como Fernando Esquío, Alberto

Camino, Emiliano Balás, Aurelio Ribalta ou Carballo Calero. Salienta que Ferrol tamén deu importantes escritores ás letras castelás, como Torrente Ballester e José Luís Prado Nogueira, polo que considera de xustiza que esta cidade que deu orixe a un grande número de personaxes sobranceiros deixe de ser inxustamente esquecida e reciba un galardón o Día das Letras.

Calo Lourido, Francisco, 'D. Xaquín Lorenzo Fernández e a etnografía mariñeira', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 19, maio 2004, pp. 125-137.

Achega aos traballos de estudo etnográfico que Xaquín Lorenzo realizou no ámbito mariñeiro; para isto, o autor fala dos estudos de etnografía mariñeira galega e portuguesa previos aos realizados por Xaquín Lorenzo, dos que este foi debedor; de seguido, dá conta da metodoloxía que o etnógrafo homenaxeado co Día das Letras Galegas empregaba nos seus traballos e, finalmente, pecha este artigo cunha exposición das investigación que "Xocas" realizou neste eido.

Caseiro Nogueiras, Delfín, 'Xaquín Lorenzo Fernández e o cantigueiro popular', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 19, 'Día das Letras Galegas: Xaquín Lorenzo Xocas', maio 2004, pp. 75-91.

Logo de facer un repaso pola historia das compilacións de literatura popular galega, céntrase na achega de Xocas ao cantigueiro popular galego, nomeadamente na súa obra magna neste ámbito *Cantigueiro popular da Limia Baixa* (1973). Analízase polo miúdo esta obra, clasificando todas as cantigas, destacando que todas elas foron recollidas antes de 1932 e mais retrata fielmente o universo campesiño galego.

Fidalgo Santamariña, Xosé Antonio, 'Xaquín Lorenzo Fernández: comentario a unha entrevista', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 19, maio 2004, pp. 36-45.

Artigo no que o autor comenta e destaca distintos aspectos da entrevista que Xaquín Lorenzo concedeu o día 29 de abril de 1983 á TVG, despois de que a Deputación Provincial de Ourense o nomeara 'Fillo Predilecto da Provincia de Ourense'. Segundo explica Fidalgo Santamariña, el mesmo gravou a entrevista no momento de realizarse e, agora, este documento sonoro pode consultarse no Laboratorio Ourensano de Antropoloxía do Campus Universitario de Ourense, onde el depositou as cintas coa gravación.

Forcadela, Manuel, 'O ensaio galego durante os anos 2002-2003', *Anuario Grial de Estudos Literarios 2003*, 'Panorámicas', 2004, pp. 87-99.

Comeza cunha reflexión sobre a complexidade teórica que exista para definir o concepto de ensaio, que é un xénero de ficción e ideolóxico que se emprega para realizar unha descrición ficticia dunha realidade. A seguir expón e comenta as publicacións, máis

destacadas deste xénero clasificándoas en catro grupos: o da literatura, o da historia, o dos estudos de xénero e o último recolle as publicacións que aparecen co gallo do Día das Letras Galegas. No eido da literatura salienta obras como *A configuración do sistema teatral galego (1882-1936)*, de M. Vieites, *Ás mulleres escritoras. O xenio de Rosalía* de Celia María Armas García e *A construción nacional no discurso de Ramón Otero Pedrayo*. Destaca que nas dúas primeiras emprégase a teoría dos polisistemas. No apartado "Días e letras" destácanse tres volumes dedicados ao homenaxeado no Día das Letras Galegas, Avilés de Taramancos: *Vida de Antón Avilés de Taramancos*, de Xosé María Álvarez Cáccamo, *Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura*, de Aurora Marco e as *Actas do Congreso sobre Antón Avilés de Taramancos*. Finaliza resaltando o aumento dos interesados e de publicacións que colleu o xénero.

García Martínez, Carlos, 'Xaquín Lorenzo e o patrimonio etnográfico de Galicia', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 19, 'Día das Letras Galegas: Xaquín Lorenzo Xocas', maio 2004, pp. 7-17.

Colaboración que se aproxima ao pensamento e á concepción da cultura e da etnografía de Xaquín Lorenzo Xocas, que tamén fora presentada no I.º Congreso sobre patrimonio etnográfico galego que tivo lugar no mes de maio de 2003 en Ourense.

González Pérez, Clodio, 'Ollos lonxanos de Xurxo… Un poema inédito de Bouza-Brey a Xurxo Lorenzo', *A Xanela*, nº 17, 'Festa das letras', 2004, pp. 21-22.

Clodio González Pérez achega nesta colaboración un poema inédito -"Ollos lonxanos de Xurxo"- que, segundo as súas investigación, lle enviara Fermín Bouza-Brey a Xurxo Lorenzo, cando este estaba estudando en Santiago de Compostela, xunto co seu irmán, Xaquín Lorenzo "Xocas", a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas. Despois de transcribir o poema traslada algunhas das facetas que de Xurxo lembran os familiares e veciños que o coñeceron, destacando del que era unha persoa moi alegre e moi bailarín. Nunha segunda parte deste traballo Clodio González achega máis relacións que se deron entre os dous persoeiros, como o traballo de campo que fixeron xuntos na parroquia das Pías (Pontearéas) ou dous poemas máis que lle dedicou Bouza-Brey a Xurxo -un con motivo do seu pasamento e outro no libro homenaxe a Florentino Cuevillas-. Remata coas verbas que Otero Pedrayo lle dedica en *Libro dos amigos*.

González Pérez, Clodio, 'Xaquín Lorenzo e Compostela: do Seminario de Estudos Galegos ó Museo do Pobo Galego', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 19, 'Día das Letras Galegas: Xaquín Lorenzo Xocas', maio 2004, pp. 25-35.

Repásase a traxectoria vital de Xocas en Santiago de Compostela como estudante universitario, o seu posterior comezo do gusto pola etnografía, o seu compromiso coa cultura galega -como destacado membro da FEU e publicando artigos en *Nós*- e o seu traslado á Universidad de Zaragoza, debido aos seus enfrontamentos con profesores fascistas composteláns. Despois descríbense distintos acontecementos que tiveron lugar

durante o franquismo, subliñando a recuperación do Seminario de Estudos Galegos e, entre 1977 e 1988, como parte activa do Museo do Pobo Galego.

Morales López, Laura, 'Lembrando a Xaquín Lorenzo 'O Xocas', *Libredón. Órgano Oficial del Centro Gallego de Santander*, nº 48, 'Cultura', 2004, pp. 25-26.

Faise unha aproximación á figura de Xaquín Lorenzo (Ourense, 1907 - Facós, Lobeira, 1989) centrándose nos seus aspectos biográficos e subliñando os seus vencellos con Lobeira e a cidade de Ourense. A autora remata indicando que a súa figura tería que estar á par dos chamados Galegos Ilustres.

Museo do Pobo Galego, 'Xaquín Lorenzo', *A Xanela*, nº 17, 'Festa das letras', 2004, pp. 16-17.

Breve repaso pola biografía e obra literaria de Xaquín Lorenzo. Comézase facendo alusión a que a rúa ourensá onde naceu tamén a compartían Vicente Risco e Otero Pedrayo, os cales deixarían unha fonda pegada na súa traxectoria vital e intelectual. Proséguese falando dos seus contactos, o próximo con Florentino Cuevillas que o animará a ampliar un pequeno estudo que tiña feito sobre o carro, que será o que lea no momento do seu ingreso no Seminario de Estudos Galegos. Séguese o repaso co seu nomeamento como director do Museo Etnográfico do Seminario de Estudos Galegos, a estanza en Madrid, a súa participación na campaña a favor do Estatuto de Autonomía, a mobilización que sufriu coa Guerra Civil e o seu regreso a Galicia e posterior dedicación á docencia como profesor de Xeografía e Historia no Instituto de Ourense, onde permaneceu até a xubilación. A continuación vaise facendo unha enumeración dos seus traballos etnográficos e das diversas publicacións en revistas e boletíns do momento. Tamén se relacionan as distintas sociedades e asociacións ás que pertenceu e as múltiples distincións das que foi obxecto.

Paz Rodrigues, José, 'O Filme 'O carro e o home', Modelo de Documentário Etnográfico', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 19, maio 2004, pp. 110-123.

Achega aos traballos etnográficos que Xaquín Lorenzo realizou sobre o carro, que levaron á rodaxe do filme O carro e o home; dá conta do interese de "Xocas" por esta peza, dos seus traballos ao respecto e que cómo se realizou a rodaxe desta película: biografía sobre a que se baseu, datos técnicos, etc.

Piñeiro, Antonio, 'Xocas e Celanova', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 19, 'Día das Letras Galegas: Xaquín Lorenzo Xocas', maio 2004, pp. 65-73.

Neste artigo repásanse, por orde cronolóxica, os vencellos vitais de Xaquín Lorenzo e a vila ourensá de Celanova. Os episodios que centran este estudo son dous: a entrada de Xocas na RAG -datada o 16 de setembro de 1951, co gallo do primeiro centenario do nacemento de Curros Enríquez- e a súa relación como arqueólogo co castro de Castromao na década dos

setenta.

Rodríguez Nespereira, Fernando, 'Xocas e as construccións populares', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 19, maio 2004, pp. 102-109.

Faise referencia á obra de Xaquín Lorenzo *Etnografía. Cultura Material* e realízase unha achega aos traballos do etnógrafo sobre os asentamentos, os hábital, os modos de vida, os costumes e os ofiicos da xente do entremado rural de Galicia, centrándose nos estudos de "Xocas" sobre as contrucións populares.

Sánchez Ferro, Pablo, 'Saudade por un home sinxelo', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 19, maio 2004, pp. 18-23.

O autor realiza unha lembranza do etnógrafo homenaxeado no Día das Letras Galegas, dando conta da amizade que os unía e das cualidades humanas e profesionais que Xaquín Lorenzo posuía.

Torres Regueiro, Xesús, 'O irmán pequeno do Xocas: Xurxo Lorenzo (1910-1934)', *A Xanela*, nº 17, 'Festa das palabras', 2004, p. 20.

Con motivo da dedicación do Día das Letras Galegas a Xaquín Lorenzo "Xocas", Xesús Torres Regueiro realiza unha achega ao seu irmán, Xurxo Lorenzo, tres anos máis novo ca el, que faleceu cando só contaba con vinte e catro anos. Del destaca a súa faceta de debuxante, que gustaba de ilustrar os traballos etnográficos e arqueolóxicos de campo; neste eido menciona algúns debuxos publicados na revista *Nós*, os tres cruceiros que, postumamente, se inseriron na monografía *A Nosa Señora do Viso* (publicada en 1983) ou a cuberta do libro *Autonomía* de Ramón Vilar Ponte. Di que cando morreu a revista *Nós* dedicou un número duplo na súa lembranza, que Vicente Risco se ocupou da súa vida e obra con diferentes artigos e que tamén fixo o mesmo Otero Pedrayo en *Libro dos amigos*.

Valcárcel, Marcos, 'Xaquín Lorenzo. A paixón pola terra', *Tempos Novos*, 'Entrevista', maio 2004, pp. 43-48.

Trátase dunha simulación de entrevista ao etnógrafo Xaquín Lorenzo, homenaxeado o Día das Letras Galegas este ano, que consta de retallos de entrevistas anteriores e textos xornalísticos do autor presentados así de forma sintética. Para empezar, fala Xaquín Lorenzo dos seus mestres Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino Cuevillas. De Risco destaca a súa profunda sabedoría que abarcaba todos os eidos, pero sempre con orixinalidade; de Cuevillas di que foi o verdadeiro creador da prehistoria galega, no que ademais había unha gran vocación de mestre; e de Otero fala coma un símbolo de Galicia, que tendeu unha ponte entre os tempos de Castelao ou Risco e os máis recentes. Tamén nos fala dos seus tempos de fundador do Partido Galeguista, en 1931, e de como despois da guerra foi sancionado e expedientado, deixando a actividade política, aínda que continuase

traballando polos ideais do Partido Galeguista. Fala ademais dos seus desexos dunha economía de Galicia que utilice os seus produtos e da cultura irmá que existe no norte de Portugal, no occidente de Asturias, no Bierzo, etc.. En referencia ao seu papel de etnógrafo, móstrase preocupado pola perda dos costumes ou a súa desvalorización, como é o caso do Antroido ou os Maios, festas populares que pola desaparición da cultura popular que os substentaba e a substitución desta por unha cultura do turismo, perden totalmente a súa identidade, aparecendo o que para el son aberracións impensábeis, coma que se fagan desfiles de carrozas ou Maios artísticos, que son elementos totalmente alleos á forma popular orixinaria destas festas. Con relación a esa perda ou falta de valoración da cultura fala tamén da arquitectura, tan maltratada, e de proxectos de recuperación que empreguen elementos tradicionais para facer casas novas. Ademais, fala da educación e critica os plans de estudo como desaxeitados e demasiado mediatizados, un problema ao que un bo profesor debe saber facer fronte, pasando por alto os defectos e compensándoos con vocación. Tamén reclama unha escola galega baseada na nosa cultura e identidade que non cre unha disociación entre o entorno e o que se ensina. O autor fala tamén das súas crenzas relixiosas, vividas dun xeito moi particular, case panteísta, no que di que sente o que para el é a saudade realmente, un desexo de fundirse coa paisaxe.

Valcárcel, Marcos, 'Sobre as nosas festas populares: algunhas opinións de don Xaquín Lorenzo', *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 19, 'Día das Letras Galegas: Xaquín Lorenzo Xocas', maio 2004, pp. 47-51.

Comeza cunha aproximación á visión que Xocas nos deixou, nos seus traballos, sobre a cultura material da etnografía galega e mais sobre a cultura espiritual dos galegos. A seguir faise un achegamento á visión de Xocas sobre os Maios e o Antroido, apoiándose en textos seus sobre estas festas populares galegas.

Vidal Estévez, Engracia, 'Libros chegados', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, 'Libros chegados á redacción', maio 2004, pp. 116-117.

Entre as novidades que rexistra destácase, no que respecta á literatura, o *"Diccionario" Xaquín Lorenzo "Xocas"*, biografía do autor ao que se lle adica o Día das Letras Galegas 2004.

IV.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Acuña, X. Enrique, 'Enredado coa fotografía e a vangarda frustrada', *La Voz de Galicia*, 13 maio 2004, pp. 16-17.

Ofrécese unha visión anovadora sobre a figura de Xaquín Lorenzo que na súa xuventude aproximouse ás tendencias que viñan de Europa. Coméntase como a historia comeza co

agasallo por parte de Augusto Pacheco dunha cámara fotográfica coa que empezou a ilustrar os artigos. Lémbrase que foi unha compañeira inseparable de todos os seus traballos de investigación, as fotografías servíanlle de apoio ás súas explicacións. Sublíñase que as súas dotes fóronse depurando ata chegar a conseguir un moi bo coñecemento da técnica e do revelado. Destácase a amizade con Carlos Velo que o achegou ás vangardas, Xocas embebeuse desa sabedoría e así a súa fotografía destaca pola utilización de vidros, reflexos e sombras en encadres basculados, picados e contrapicados que sinalan un cambio de miras creativas no panorama galego.

Castiñeira, Francisco X. / **Cuquejo Fernández**, María / **Dobarro Paz**, Xosé María / **Eiroa Pose**, Ángel / **F.X.C.** / **Fariña Miranda**, Carmen / **Novo**, Olga / **Requeixo**, Armando / **Valcárcel**, Xulio / **Vidal**, Nicolás, 'Día das Letras Galegas 2004', *Diario de Ferrol/El Ideal Gallego/Diario de Arousa*, 17 maio 2004, pp. 29-42/33-48/29-42.

Suplemento especial dedicado a Xaquín Lorenzo 'Xocas' e editado co gallo do Día das Letras Galegas que, con pequenas modificacións, saíu acompañando os xornais *Diario de Ferrol*, *El Ideal Gallego* e *Diario de Arousa*. Inclúe, para alén dos estudos asinados dos que damos conta a seguir, fragmentos da obra do autor homenaxeado e referencias das obras que con motivo desta efeméride se publicaron neste ano. Nos xornais *El Ideal Gallego* e *Diario de Arousa* aparecen, a maiores, dous artigos de Nicolás Vidal e F.X.C. Damos conta, a seguir, dos artigos incluídos nestes suplementos:

- Carmen Fariña Miranda, "Xaquín Lorenzo en Bergantiños"/"A presenza de Xocas en Bergantiños", p. 30/38/39.
Fai referencia aos traballos de etnografía que Xaquín Lorenzo desenvolveu na comarca bergantiñá ao longo da súa vida, desde moi novo e sobre todo como membro do Servizo de Escavacións do Instituto de Estudos Rexionais.

- Francisco X. Castiñeira, "Xosé Ramón Barreiro: 'Xaquín Lorenzo Fernández representa a actitude de estudo e entendemento da cultura tradicional galega desde a perspectiva do etnógrafo serio e rigoroso"/"Xosé Ramón Barreiro: 'Xocas participou na construcción científica da galeguidade", p. 32/46-47/38-39.
Entrevista ao presidente de Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, quen destaca os esforzos de humildade e curiosidade intelectual que levou a cabo Xaquín Lorenzo no seu labor etnográfico, ademais da importancia dos seus compañeiros xeracionais. Tamén fai referencias á personalidade de Xocas, subliñando a súa timidez e a ilusión que lle fixera o museo do Pobo Galego.

- Olga Novo, "Homenaxe a Xaquín Lorenzo", p. 33/35/31.
Aproveita a atención a Xaquín Lorenzo para reivindicar o seu labor de recoñecemento de restos etnográficos na comarca de Cabana, manifestado na súa atención ao castro de Borneiro.

- Armando Requeixo, "Xaquín Lorenzo e Ricardo Carballo Calero", pp. 34-35/44-45/36-37.
O autor aproveita o papel fundamental na cultura galega de dous persoeiros como Xaquín Lorenzo e Ricardo Carballo Calero para lembraren a relación persoal que estes tiveron en

vida, a paralela traxectoria de firmeza intelectual e galeguista que describiron e o intercambio epistolar habido entre eles.

- María Cuquejo Fernández, "O gardián da memoria"/"O gardián da memoria das cousas", p. 38/34/30.
Realiza un esbozo biográfico de Xaquín Lorenzo 'Xocas', e destaca sobre todo o seu compromiso coa cultura material galega. Nun tempo caracterizado pola chegada da modernidade e o doado esquecemento das tradicións que isto supón, 'Xocas' emprenderá, desde o Seminario de Estudos Galegos, e man a man con Cuevillas, o seu labor de salvagarda do acervo cultural como parte da identidade galega. Tende así unha ponte que enlaza o primeiro galeguismo da República coas novas xeracións de antropólogos.

- Ángel Eiroa Pose, "Xocas en Cabana de Bergantiños"/"Por terras de Cabana", p. 39/40/40.
Repasa os principais contidos de "Notas etnográficas da parroquia de Borneiro", un dos primeiros traballos de Xaquín Lorenzo na súa etapa de estudante, e subliña a calidade das informacións e a destreza das ilustracións.

- Xulio Valcárcel, "Unha trasnada do tardo"/"Un encontro no Luscofusco: 'Unha trasnado do tardo", pp. 40-41/36-37/32-33.
Emprega o molde da narración fantástica para explicar como, nunca tarde de estudo de Xaquín Lorenzo, o Luscofusco ou Tardo, personaxe da tradición mítica galega que fora obxecto das súas investigacións, se lle aparece e provoca o recordo das fazañas dese pequeno diaño. Así lembrará como o Tardo pon a disposición dun namorado canso un cabalo que o leva san e salvo até a casa.

- Xosé Mª Dobarro Paz, "Do ser dos pobos", p. 42.
Lembra que foi Murguía quen comezou a reivindicar a poesía popular galega como mostra de identidade e destaca o protagonismo absoluto da muller neste xénero. Ao respecto repasa algunhas referencias de Xaquín Lorenzo ás mulleres ao longo da súa obra.

- Nicolás Vidal, "O patrimonio galego como museo vivo", p. 42/34.
Loa a decisión da Real Academia Galega de dedicar o Día das Letras Galegas a Xaquín Lorenzo e a considera parte dunha tendencia positiva a reivindicar a figura de etnógrafos e antropólogos. Para Vidal, o labor de Xocas é de perfecta aplicación nun momento actual no que é preciso repensar Galicia e buscar modos de conservación dun patrimonio cultural, material e inmaterial, que está a ser posto de lado co gallo da progresiva modernización.

- F.X.C., "O outro gran día de Galicia", p. 48/41.
Nesta entrevista, o conselleiro de Cultura Xesús Pérez Varela destaca a importancia do Día das Letras Galegas como festa do orgullo e da lingua e valora o Xacobeo e o incremento editorial como feitos moi positivos na evolución cultural da comunidade.

Castro, Xavier, 'Xaquín Lorenzo Xocas: os estudos etnográficos e prehistóricos', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'A análise humna e profesional', 17 maio 2004, p. 11.

Revisa varios aspectos da vida do escritor ourensán que é homenaxeado co Día das Letras

Galegas, Xaquín Lorenzo. Alude ao seu carácter investigador na procura de coñecer ás xentes e o que estas lle puideran transmitir para despois el facer as súas análises. Caracterízase como un home disciplinado, serio e metódico no que influíu a figura de Cuevillas xa que sería el o que o animaría no estudo do carro. Para rematar dáse conta do libro de Clodio González Pérez *Xaquín Lorenzo Fernández Xocas (1907-1989). Unha vida dedicada á Nosa Cultura* (Toxosoutos, 2004) do que se indica que é unha excelente bio-bibliografía na que o lector se pode achegar ás distintas dimensións do galeguista.

García Martínez, Carlos, 'Unha presenza indeleble', *La Voz de Galicia*, 'Xaquín Lorenzo', 13 maio 2004, p. 4.

Dáse a coñecer a figura de Xurxo Lorenzo, irmán do homenaxeado no Día das Letras Galegas Xaquín Lorenzo. Lémbrase como a súa unión perdurou cando xa eran mozos e ingresaron na facultade de Filosofía e Letras en Santiago e no propio Seminario de Estudos Galegos. Sinálase a curta vida de Xurxo, pois no ano 1934 faleceu, o seu corpo foi velado no local do Partido Galeguista e soterrárono coa bandeira galega. Amósansenos facetas súas como a de ser un gran debuxante, como o fora seu pai, e a súa habilidade musical que lle axudaría a recoller as cantigas populares de Lobeira. Lémbrase que a súa desaparición temperá non impide que contemos con pequenas achegas súas nos campos da paleografía, diplomática, heráldica, arqueoloxía e etnografía.

González Pérez, Clodio, 'Xaquín Lorenzo: o carro e o xugo', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 10 maio 2004, p. 44.

Aproxímase á figura de Xaquín Lorenzo e ao camiño que seguiu ao longo da súa vida até chegar a ser un gran etnógrafo. Narra como no ano 1924 un pequeno Xocas pasaba o verán na casa familiar de Lobeira e argallou un carro de bois aproveitando unhas táboas vellas. O tío fíxollo chegar a Florentino Cuevillas, tanto lle agradou que lle aconsellou que seguise investigando no carro. No ano 1926 leu o seu traballo no Seminario de Estudos Galegos do que foi nomeado "socio activo". Recóllense as investigacións que seguiron a esta primeira como *Nomenclatura del carro gallego* (1956), *A arte popular nos xugos de Galiza* (1935) ou *Distribución dos xugos na Galiza* (1967). Para rematar lémbrase o documental realizado co cineasta Antonio Román sobre o carro nas terras de Lobeira.

González Pérez, Clodio, 'Xocas e o Seminario de Estudos Galegos', *La Voz de Galicia*, 'Día das Letras Galegas', 13 maio 2004, p. 5.

Céntrase no paso de Xaquín Lorenzo polo Seminario de Estudos Galegos no que ingresou no ano 1926, lendo o traballo *O carro galego* e do que foi nomeado "socio activo". Coméntase como o seu labor se trunca ao ter que deixar os seus estudos de Filosofía e Letras en Santiago e trasladarse a Zaragoza debido a discrepancias cos profesores que non aceptaban a súa inclinación galeguista. Alúdese ao peche o 18 de xullo de 1936 da institución e a gran frustración que lle produciu a Xocas. Para finalizar, lémbrase que nunca esqueceu aqueles anos de actividade arredor do Seminario de Estudos Galegos onde

investigou e editou títulos como *Vila de Calvos de Randín.*

González Reboredo, Xosé Manuel, 'A memoria da Galicia campesiña e mariñeira', *La Voz de Galicia*, 13 maio 2004, pp. 2-3.

Repásase a vida de Xaquín Lorenzo, un home nado nunha familia de clase media que tivo a oportunidade de estudar e formarse nas aulas, pero tamén de involucrase co pobo nos seus veráns na casa paterna de Facós, Lobeira. Cóntase como a curiosidade polo mundo rural levouno nunha desas estadías a facer un carro de bois coas súas propias mans e este vai ser o comezo dunha carreira investigadora que o levará a formar parte do Seminario de Estudos Galegos, a participar en escavacións arqueolóxicas xunto ao seu mestre Cuevillas e xa no final da súa vida a ser o primeiro director do Museo do Pobo Galego.

Iglesias, Alfredo, 'Xaquín Lorenzo, 'Xocas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 72, 'Libros', 26 febreiro 2004, p. V.

Lémbrase que o Seminario de Estudos Galegos naceu nunha camiñada que organizaran uns mozos universitarios entre Santiago e Ortoño, a casa na Rosalía de Castro pasou os primeiros anos. Baseándose no libro de Clodio González Pérez *Xaquín Lorenzo Fernández <<Xocas>> 1907-1989 unha vida dedicada á nosa cultura* repásanse algúns episodios da súa vida no que ten especial importancia a inauguración do Museo do Pobo Galego no ano 1976, do que foi o seu primeiro presidente até o día do seu pasamento en 1989.

López-Barxas, Paco, 'Galicia está por riba de calquera programa político', *La Voz de Galicia*, 13 maio 2004, pp. 12-13.

Recóllese unha entrevista realizada a Xaquín Lorenzo cando este xa contaba con oitenta anos e na que ten especial recordo para tres personalidades que el coñeceu ben: Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino López Cuevillas. Deste último sinala o forte lazo de unión que mantiñan e as visitas continuas á súa casa. De Vicente Risco lembra unha anécdota que dá conta do afecto que lle tiña a Xocas, así a antevéspera de morrer chamou por el para que lle corrixira un libro que lle ían publicar sobre mitoloxía cristiá. Xaquín Lorenzo recoñece que para el foi toda unha honra que coñecendo a todo Ourense se lembrase del. Para finalizar recorda a Otero Pedrayo quen lle encargou que o día que morrese lle puxese unha bandeira galega no peito, antes de morrer o escritor díxolles aos presentes que avisaran a Xocas para que cumprise co que lle prometera. Comenta como con eles sempre se sentiu ben porque o elevaban ao seu nivel e non deixaban que se establecese ningunha barreira.

Lorenzo Gil, César, 'Entrando con zocos na Academia', *A Nosa Terra*, nº 1.128, 'Cultura', 13 maio 2004, p. 24.

Ofrécense unhas notas bio-bibliográficas de Xoaquín Lorenzo, do que se destaca o seu

labor a prol da cultura galega. Lémbrase que naceu en Ourense en 1907 a carón do fogar de Ramón Otero Pedrayo e a esta figura habería que engadir a de Florentino Cuevillas, do que aprendeu o seu amor pola etnografía e a historia. Infórmase do seu traballo como catalogador de castros e monumentos megalíticos. Asemade recolleu cantigas populares nas terras de Lobeira e involucrouse en calquera proxecto a favor da cultura galega como a fundación do Museo do Pobo Galego, do que foi o seu primeiro presidente.

Martínez, Ana, 'Un prolífico etnógrafo vencellado á escola do galeguismo culturalista ó que chamaban "Xocas"', *ABC*, 'Suplemento especial. Letras gallegas', 17 maio 2004, pp. 16-19.

Achégase á vida de Xaquín Lorenzo (1907-1989) da que destacan a súa formación no instituto no que recibiu clases de Otero Pedrayo que vivía no edificio de enfronte. Do seu paso pola Guerra Civil destácase que combateu ao lado dos nacionais, porque aí lle cadrara, pero por pouco tempo xa que foi ferido gravemente. Lémbrase que no ano 1976 fúndase o Museo do Pobo Galego, que dirixe até os últimos días da súa vida e onde tamén vai ser o Presidente do Padroado. Recóllese a súa obra máis destacada, entre a que sobrancea o segundo volume da *Historia de Galicia* dirixida por Otero Pedrayo.

Nicolás, Ramón, 'O ano de 'Xocas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 84, 'Letras galegas 2004', 20 maio 2004.

Faise un breve repaso pola bibliografía que se pode atopar sobre a figura do homenaxeado co Día das Letras Galegas Xaquín Lorenzo. Salienta especialmente *Xoaquín Lorenzo 1907-1989* (Ed. Xerais), pero esta mesma editora ten un libro de carácter máis divulgativo co título de *Xoaquín Lorenzo,* publicado na colección Merlín e elaborado polo profesor Marcos Valcárcel. Da editorial Galaxia destacan as obras *Vida e obra de Xoaquín* de Manuel González Reboredo. Polo seu rigor faise mención a *Xoaquín Lorenzo Fernández "Xocas" 1907-1989,* da que é autor Clodio González Pérez (Ed. Toxosoutos) e *DicionarioXaquín Lorenzo "Xocas"* (Ed. 3C3).

Núñez Sobrino, Ángel, 'Xocas': el incesante laborar por Galicia', 'Fin de Semana', 30 maio 2004, p. 6.

Recóllese a dilatada vida de Xaquín Lorenzo e lémbrase a ocasión que tivo o escritor do artigo de coñecelo. Descríbeo como unha persoa austera, de forte empeño, dun día a día ben levado con disciplina, rigor e moita esperanza. Resalta a súa boa pluma como debuxante arqueolóxico que se pode cotexar en obras como *Notas etnográficas de terra de Lobeira. O liño e a lá. Arquivos* V_1, do SEG e *A vida material*. De entre toda as súas monografías destácase *A Nosa Señora do Viso* (1956 1ª ed., 1983 2ª ed.) porque é na que máis implicacións íntimas acolle. Considérase que a actualidade do seu labor ten que ver co paseniño valor que está a cobrar o rural galego.

P.V., 'Xaquín Lorenzo Fernández 'Xocas' (Ourense, 1907-Lobeira, 1989)', *La Opinión*, 'Especial', 17 maio 2004, pp. I-VIII.

Suplemento especial publicado polo xornal *La Opinión* co gallo da celebración do Día das Letras Galegas; os artigos incluídos, todos eles da autoría de P.V., son os seguintes:

- "Xaquín Lorenzo 'Xocas': a vida dun intelectual", p. II.
Realiza un repaso pola traxectoria vital de Xaquín Lorenzo, destacando desta aspectos familiares, académicos ou profesionais. Pon de manifesto neste percorrido biográfico a súa vertente galeguista e a súa relación con Vicente Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas, lembrando o seu paso polo Seminario de Estudos Galegos ou a súa participación na Irmandade Galeguista de Ourense. Asemade, subliña que tras a Guerra Civil, amais de exercer de mestre de historia, dedicouse á investigación no terreo da cultura galega. Por outra parte, salienta a súa vinculación co Museo Arqueolóxico de Ourense e co Museo da Pobo Galego, e a súa pertenza á Real Academia Galega.

- "As súas publicacións", p. III.
Alude á bibliografía de Xaquín Lorenzo. Sinala que esta se reduce a unhas poucas monografías e a un cento de artigos. Entre as monografías cita a súa "Etnografía. Cultura material" ou o seu *Cantigueiro Popular da Limia Baixa.* En canto aos artigos, subliña que estes tratan temas de arqueoloxía, etnografía e historia, indicando que foron publicados en "Nós", no "Boletín Auriense" ou en outros medios.

- "Premios e distincións á súa valía profesional", p. IV.
Subliña as razóns de que a Real Academia Galega lle rinda homenaxe a Xaquín Lorenzo dedicándolle o Día das Letras Galegas; entre estes motivos salienta o seu traballo pola cultura galega. A seguir, céntrase nos recoñecementos e numerosos premios que recibiu en vida "Xocas". Entre esas distincións destaca a entrega da Medalla Castelao e do Premio Trasalba, o nomeamento de Fillo Predilecto de Ourense ou a concesión da presidencia de honra do Padroado do Pedrón de Ouro.

- "O Concello de Narón, coa gran festa da lingua galega", p. VII.
Informa dos actos programados polo Concello de Narón para conmemorar o Día das Letras Galegas. Indica que estes se reducen a actuacións musicais e de baile galego, e á entrega de premios aos escolares do concello polos seus debuxos e murais.

- "O Museo do Pobo Galego, memoria do seu legado", p. VIII.
Apunta que as orixes do Museo do Pobo Galego están no Seminario de Estudos Galegos e, máis concretamente, no Museo Etnográfico Galego. Asemade, fai referencia á creación, metas e funcionamento do Museo da Pobo Galego. Por outro lado, pon de relevo o traballo de Xocas como presidente do Padroado desde museo. Subliña como importantes contribucións os seus facsímiles das *Cantigas de Santa María* ou do *Libro de Xadrez* de Afonso X. Tamén pon de relevo que doara o seu legado a esta entidade. Por último, refírese ao papel do Museo da Pobo Galego con respecto aos outros museos de Galicia que se entregan á conservación, estudo e difusión do noso patrimonio cultural.

Pernas Oroza, Herminia, 'Xaquín Lorenzo e o seu paso pola Universidade de Santiago', *La Voz de Galicia*, 13 maio 2004, pp. 8-9.

Achégase á vida de Xaquín Lorenzo como estudante na Universidade de Santiago xunto co seu irmán Xurxo. Destácase o momento da II República cando se comezan a galeguizar os estudos da man de catedráticos como Cabeza de León e Cotarelo Valledor. Os irmáns Lorenzo cursan a carreira de Filosofía e Letras, na especialidade de Historia, pero involúcranse noutros proxectos como ser membros da FUE. Segundo se di, as súas loitas leváronos a concluír a súa carreira en Zaragoza porque se sentían discriminados por dous profesores casteláns que non entendían nin o seu galeguismo nin que formasen parte do Seminario de Estudos Galegos.

Ruibal, Arturo, 'Gracias, Xocas', *El Ideal Gallego/El Progreso*, 'El perfil/Perfil', 25 xaneiro 2004, p. 9/8.

Indícase que Xaquín Lorenzo estivo marcado dende o berce polo lugar no que naceu, Ourense, sendo veciño de Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo. Recórdase que, como os anteriores, foi un loitador infatigábel pola cultura galega dende a súa personalidade traballadora, austera, reservada e xenerosa, como o demostra que regalara as súas fincas. Lémbrase o seu paso polo Seminario de Estudos Galegos e a súa relación especial con Florentino Cuevillas, animador da súa faceta de investigador que o levou a publicar traballos arqueolóxicos, etnográficos e históricos.

Salgado, Fernando, 'A freba e o lardo: a propósito de Lorenzo Varela', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 69, 'Letras', 17 xullo 2004, p. 14.

Crítica mordaz contra os que opinan que Lorenzo Varela non merece que se lle dedique o Día das Letras Galegas porque a súa obra é pequena ou cativa. Fernando Salgado compara a súa produción coa do escritor mexicano Juan Rulfo que é moi breve pero dunha grande importancia e calidade. Repasa toda a produción de Lorenzo Varela e fai hipóteses arredor das razóns que levan a algunhas persoas a opinar o ditos sobre unha "das voces senlleiras da poesía galega do século XX", como o autor o define.

Salgado, Fernando, 'Un amor de Borges e de Lorenzo Varela', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 79, 'En portada', 25 setembro 2004, pp. 10-11.

Análise da relación que mantiveron entre 1944 e 1947 o escritor arxentino Jorge Luis Borges e Estela Cantó, que foi a musa que lle inspirou e a quen tamén lle dedicou *El Aleph*. Estela Cantó, segundo indica Fernando Salgado, tamén mantivo un breve idilio amoroso con Lorenzo Varela do que ambos os dous implicados gardaron un negativo recordo.

Valcárcel, Marcos, 'Opinións de don Xoaquín Lorenzo', *La Región*, 'Días de Entroido', 24 febreiro 2004, p. 13.

Relaciónase a festa popular do Entroido coa figura de Xoaquín Lorenzo, quen sempre estivo involucrado coas tradicións nas que participaba o pobo. Consideraba o autor que era unha das grandes festas populares, de raíces relixiosas e pagás que, finalmente, se cristianizou. Recóllense as súas propias palabras nas que mostraba que a televisión, o turismo e a oficialidade son os maiores inimigos do Entroido.

Valcárcel, Marcos, 'O 'Xocas': paixón pola cultura', *Galicia Hoxe*, 'Ourense, universo literario', 7 marzo 2004, p. 9.

Loa os traballos etnográficos de Xaquín Lorenzo, en especial a *Etnografía:Cultura Material* (1962) tomo dous da *Historia de Galicia* dirixida por Otero Pedrayo. A este engade outros estudos como *Vila de Calvos de Randín,* escrito con Florentino Cuevillas (1930) e *Parroquia de Velle* en colaboración con Cuevillas e Vicente Fernández Hermida (1936). Outras das súas achegas foi a filmación en Lobeira, nos anos trinta, do importante documento etnográfico sobre o carro que levou o título *O carro e o home.* Nese lugar morreu no ano 1989.

Valcárcel, Marcos, 'O galeguismo de don Xoaquín', *Galicia Hoxe*, 'Un pobo, unha escrita, unha fala', 11 maio 2004, p. 53.

Lémbrase a figura de Xoaquín Lorenzo (1907-1989) a quen este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas. Repásanse os seus primeiros anos como membro do Seminario de Estudos Galegos, onde estabelece amizade con personaxes ilustres das nosas letras como Otero Pedrayo, Vicente Risco, Florentino López Cuevillas ou Antón Losada Diéguez. A actividade durante a II República ilústrase como activa e chea de proxectos que quedarían truncados coa Guerra Civil. Despois, o autor non entrou no terreo político porque tampouco era o que máis lle interesaba. Enténdese que a súa inclinación era a cultura e foi nese campo onde colectou os maiores éxitos e polo que é lembrado despois de tanto tempo.

VV. AA., 'Xaquín Lorenzo na 'Silverio Cañada', *Diario de Pontevedra*, *'Diario das Letras'*, 17 maio 2004, pp. 1-16.

Suplemento especial que o *Diario de Pontevedra* publicou o Día das Letras Galegas, dedicado este ano a Xaquín Lourenzo 'Xocas'; o suplemento, que pretende ser unha homenaxe da Gran Enciclopedia Galega 'Silverio Cañada', inclúe os seguintes artigos de interese para a literatura galega dos que, parte deles, foron tamén publicados no suplemento especial de *El Progreso*:

- A.S./A.G.N., "Xocas construía o pobo auténtico", p. 2.
Entrevista ao etnógrafo lugués Xosé Manuel González Reboredo, que no seu último libro analiza a figura de Xaquín Lorenzo. Na entrevista, González Reboredo reflexiona sobre a pervivencia da cultura campesiña tradicional na sociedade do século XXI ou sobre os cambios experimentados polo rural galego nos últimos tempos. Tamén ofrece unha serie de

datos sobre o libro que publicou arredor da figura de "Xocas" ou amosa o seu pesimismo acerca da actual situación da lingua galega

- Aser Álvarez/AGN, "Xaquín Lorenzo: entre a Xeración Nós e o renacer da etnografía galega", p. 3.
Ofrécense a biografía e a traxectoria profesional de Xaquín Lorenzo, outorgando unha especial importancia ao seu labor como etnógrafo. Outro dos aspectos de "Xocas" que se destacan é o gran número de premios que recibiu en recoñecemento á súa dedicación á cultura galega.

- A.S./AGN, "Un legado para o Museo do Pobo Galego", p. 4.
Recóllese o vasto legado que Xaquín Lorenzo deixou ao Museo do Pobo Galego, á vez que se repasan as monografías e artigos do etnógrafo ourensán. Concédese unha especial atención ao seu documental *El hombre y el carro*. A noticia analiza a produción de Xocas distinguindo entre o Xocas debuxante e o Xocas arqueólogo.

- Marcio Pinho/AGN, "Máis de 1.500 títulos en galego durante o 2003", p. 7.
Artigo sobre a actual situación do mercado editorial galego, dividido en diferentes apartados que analizan polo miúdo os xéneros predominantes, o público lector e as editoriais que publican no noso idioma.

- A.S./AGN, "Hai que despolitizar a lingua", p. 8.
Entrevista a Alfonso Vázquez Monxardín, experto na obra de Xaquín Lorenzo. Monxardín analiza a situación actual do idioma ou o papel dos ensinantes e medios de comunicación no impulso deste. En relación a Xaquín Lorenzo, resalta a súa importancia no proceso de recuperación das raíces galegas.

- Marcio Pinho/AGN, "A fantasía é a locomotora da literatura galega", p. 9.
Noticia na que se sinala que os nenos e adolescentes conforman o grupo maioritario dentro público lector de obras en galego e na que se realiza unha achega ao sistema editorial nesta lingua. A noticia dedica, asemade, unha especial atención á editorial Kalandraka, centrada específicamente no público infantil.

- Daniel Rivera/AGN, "A dobraxe, asignatura pendente", p. 14.
Completa noticia sobre a precaria situación da dobraxe no cinema galego. Recóllense as iniciativas desenvolvidas neste eido, os atrancos que impiden un maior avance, e sinálanse algúns títulos representativos de filmes que, dobrados ao galego ou mesmo estreados xa directamente no noso idioma, obtiveron un grande éxito entre o público.

- Marcio Pinho/AGN, "O galego na mestizaxe cultural", p. 16.
Panorama da nova xeración de escritores en lingua galega a través das palabras e da traxectoria do poeta arxentino afincado en Galicia Eduardo Estévez e da narradora galega Rosa Aneiros. Recóllense tamén unhas declaracións de Euloxio Ruibal, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, quen subliña o labor de modernización da nosa literatura que a nova xeración está desenvolvendo, á vez que defende o dobre compromiso, literario e co país, que deben afrontar estes creadores.

VV. AA., 'Día das Letras Galegas 2004', *La Región*, 17 maio 2004, pp. I-XXIV.

Suplemento especial dedicado a Xaquín Lourenzo Xocas e que inclúe artigos de diferentes autores, algúns destes publicados tamén no suplemento especial de *Atlántico Diario*. Os traballos que este suplemento acolle son os seguintes:

- C.M., "Unha vida entregada á investigación", p. 2.
Achega unha cronoloxía de Xocas na que se marcan os acontecementos máis salientábeis da súa vida. Así, cita datos familiares e formativos relevantes. Recolle as súas vertentes ao longo dos anos de mestre, arqueólogo e etnógrafo. Así mesmo, informa sobre a súa entrada na Real Academia Galega ou no Seminario de Estudos Galegos. Recolle tamén os recoñecementos polo seu labor cultural. Por outro lado, co título "Cantigas e refraneiros", acolle algúns títulos da bibliografía de Xaquín, apuntando que toma estes datos dun traballo de Francisco Fariña para o Boletín Auriense. Constan na pequena lista que ofrece o *Cantigueiro popular da Baixa Limia* e o *Refraneiro Galego.*

- M.I., "Etnógrafo e mestre", p. 3.
Realiza unha breve presentación de Xaquín Lorenzo. Del destaca o seu traballo como etnógrafo, arqueólogo, historiador e mestre. Así mesmo, pon de relevo que foi un epígono da Xeración Nós e que fixo que os máis novos coñecesen a calidade humana de galeguistas como Otero Pedrayo ou Vicente Risco. Por outro lado, recolle unhas palabras de Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, nas que destaca o traballo do ourensán pola cultura galega.

- Maribel Outeiriño, "La amistad hace tolerable la vida", p. 5.
Achega un extracto dunha entrevista publicada por *La Región* o dous de marzo de 1980. Nesta Xocas comenta como xorde a súa afección polo carro e como entra en contacto con Florentino Cuevillas. Ademais, refírese á súa relación con este e con Vicente Risco e Otero Pedrayo, dos que salienta o máis destacado de cada un deles. Logo, aparte de facer referencia a outros aspectos máis persoais, pon de manifesto que os seus traballos máis satisfactorios foron a súa colaboración na *Historia de Galicia* de Otero Pedrayo ou un traballo sobre Santa Mariña de Augas Santas. Tamén sinala que a súa biblioteca e as súas fichas vainas doar ao Museo do Pobo Galego. Por último, subliña que para ser un bo etnógrafo é preciso "ser observador, debuxar, ter memoria visual e ler moito".

- M.C., "Temos que usar a nosa lingua", p. 6.
Achega unha escolma de textos da publicación da Xunta de Galicia "Letras Galegas 2004: A memoria das cousas". Estes fragmentos, nos que quen fala é Xocas, salientan distintos anacos da súa traxectoria vital. Da súa nenez destaca o feito de que o seu pai fose o seu mestre e quen o iniciase na lectura. Da Xeración Nós di que asumiu os seus principios e do Seminario de Estudos Galegos pon de relevo a igualdade de todos os que alí entraban a traballar. Asemade, ten unha lembranza da súa vivencia da guerra. Logo, defende o uso da lingua e a cultura popular. Por último critica a negativa influencia da televisión.

- Fernando Domínguez, "Lobeira noméao "Fillo Predilecto", p. 8.
Anuncia por orde os actos que ten previsto realizar o Concello de Lobeira con motivo do

Día das Letras Galegas. Entre eles, indica a entrega do nomeamento de Fillo Predilecto a título póstumo a Xaquín Lourenzo ou a apertura da exposición "Vida e obra de Xaquín Lorenzo". Tamén apunta que Alfonso Vázquez Monxardín ofrecerá a conferencia "Xaquín Lorenzo "Xocas". Unha vida e obra en imaxes" e Serafín Marqués Gil o relatorio "Don Xaquín: o home, o intelectual, o cristiano". Así mesmo, baixo o título de "Concursos e actuacións Romería Raigame", fai referencia á Romería Etnográfica "Raigame" de Vilanova dos Infantes, da que salienta o seu concurso cultural.

- Seve Nieves, "Libros galegos na Rúa do Paseo", p. 9.
Fai referencia ao programa que, conxuntamente coa Real Academia Galega, ten previsto o Concello de Ourense para conmemorar o Día das Letras Galegas. Entre os actos que anuncia están a sesión plenaria que a Real Academia Galega vai realizar no Instituto Otero Pedrayo ou a inauguración na Rúa da Paz dunha exposición sobre o carro. Tamén sinala que durante todo o día haberá na Rúa do Paseo a Feira do Libro Galego. Por outro lado, e máis brevemente, informa do que teñen programado outros concellos ourensáns. Así, apunta que en Ribadavia se lerá durante vinte e catro horas a obra de Xocas, en Xinzo de Limia se entregarán os premios do "V Certame de relato curto, Letras Galegas 2004", ou que en Allariz haberá coloquios sobre Xocas na Casa da Cultura.

- Afonso Vázquez-Monxardín Fernández, "El era outra cousa", p. 10.
Pon de manifesto que Xocas e Eduardo Blanco-Amor representaban para a cultura galega sensibilidades ben diferentes. Subliña que, mentres o autor de *A Esmorga* supoñía a transgresión e o "compromiso progresista", o egrexio ourensán viña ser "a fidelidade a un galeguismo tradicional alcumado de culturalista".

- M.J. Martínez Rapela, "Don Joaquín Lorenzo, maestro", p. 10.
Recorda como se comportaba Xaquín Lorenzo cos seus alumnos nas clases e como vían estes ao etnógrafo. Sinala que foi alumno seu cinco anos e confesa que admiraba os seus moitos coñecementos, salientando o moito que lle aprendeu. Ademais, vai debullando algúns trazos da personalidade do ourensán, de quen di que era moi relixioso. Por outro lado afirma que hoxe se abusa moito do nome "Xocas", subliñando que case ninguén o chamaba así.

- Xosé Antonio Fidalgo Santamariña, "Elegante y polifacético", p. 10.
Tras destacar a elegancia e bo porte de Xaquín Lorenzo, refírese ao seu polivalente traballo en varios eidos da cultura galega. Pon de relevo de todos eles o seu papel de etnógrafo, comentando a rigorosa metodoloxía de traballo que seguía nas súas investigacións neste eido e salientando a súa *Etnografía. Cultura material* (1962). Ademais, confesa que Xocas lle transmitiu a "memoria e espírito" da Xeración Nós. Insiste no seu afán de recoller a cultura popular e afirma que era feliz xa fose escavando un castro ou recollendo as cantigas da Limia Baixa.

- M.I.C. ,"Foi unha figura moi cercana", p. 11.
Recolle unhas palabras sobre Xocas de diferentes persoeiros do mundo cultural galego, entre estes pintores, escritores, artistas plásticos ou escultores. Así, entre outros, Alfonso

Vázquez Monxardín salienta a proximidade de Lorenzo ao pobo; Alfredo Conde pon de relevo a súa "Historia da Etnografía Galega" e o seu traballo sobre o carro, valorando os seus esforzos pola cultura galega; ou Bieito Iglesias subliña que grazas ao seu traballo moitas xeracións posteriores se interesaron polo galeguismo, a etnografía e a antropoloxía de Galicia.

- Fernando Domínguez, "A última aparición pública de ¨Xocas", p. 12.
Lembra o último acto público no que participa Xoaquín Lorenzo, a inauguración do colexio público de Bande, ao que se lle puxo o seu nome. Toma como referencia os recordos dese día da daquela directora do centro, Concepción Camiña. Apunta como transcorreu o día da inauguración e salienta o impresionada que quedou a directora coa personalidade de Xocas. Sinala que esta, a raíz da conferencia que alí deu o etnógrafo, o acabou cualificando de enciclopedia.

- Serafín Marqués Gil, "O mundo do máis alá", p.14.
Subliña que Xocas foi un home moi relixioso e que tivo tamén moi presente a relixiosidade popular, da cal achega algunhas características. Asemade, alude a algunha das súas crenzas sobre as ánimas, os santos ou a vida despois da morte.

- Seve Nieves, "Un mestre singular", p. 15.
Fai referencia á relación de Xocas co colexio Cardenal Cisneros de Ourense, no que traballou como docente. Recolle a opinión de María Quintas, actual directora do colexio, quen lembra que Xaquín Lorenzo alí, amais de exercer de mestre, dedicábase ao "estudio etnográfico e sociolóxico da cultura galega". Apunta que Quintas, logo de salientar a humildade do ourensán, recorda como o seu colexio o homenaxeou ao longo de todo o ano con todo tipo de actividades educativas, entre as que destaca o Museo Etnográfico Escolar.

- Enrique Bande Rodríguez, "Investigador, debuxante, músico e mestre", p.16.
Recolle numerosas loas sobre Xaquín Lorenzo de diversos políticos, investigadores e relixiosos; entre eles Alonso Montero, quen destaca o metídico que era o ourensán no seu traballo a prol da cultura, ou González Tosar, quen apuntou que Xocas era "unha escola do galeguismo para todos". Refírese tamén aos moitos recoñecementos que recibiu o etnógrafo tanto en vida como despois de morto. Entre eles cita a distinción de fillo predilecto da provincia de Ourense ou a concesión de medalla Castelao. Asemade, salienta a súa relixiosidade, pondo de manifesto que até na súa recompilación de cantigas da Limia Baixa hai composicións dedicadas aos santos. Tamén se centra no seu galeguismo, subliñando que como os seus mestres da Xeración Nós "xurou ser dos bos e xenerosos".

- Fernando Domínguez, "Esta homenaxe énchenos de orgullo", p. 17.
Indica que o Concello de Lobeira ten programado entregarlle á curmá de Xocas, Dolores Sáenz, unha placa que acredita o nomeamento do homenaxeado o Día das Letras Galegas como "Fillo Predilecto". Asemade, recolle a opinión de Dolores sobre esta homenaxe e o seu curmán.

- S.N., "Cine: 'O carro e o home", p. 18.
Fai alusión á proxección de dúas versións do filme *O carro e o home* por parte do Museo do Pobo Galego. Recorda que foi rodado en 1940 por Antonio Román coa axuda de

"Xocas" e, ademais, subliña de onde saíron estas dúas versións. Asemade, salienta que nesta película conflúen a etnografía galega e os primeiros pasos da película documental en Galicia.

- Manuela Iglesias, "É un libro entrañable", p. 18.
Recolle unha breve entrevista a Marcos Martiñón sobre o seu libro *Xaquín Lorenzo Xocas. Confesións e lembranzas para mozos de onte e hoxe.* Este salienta que o seu traballo parte dunha entrevista que o seu irmán e un amigo lle fan a Xocas en 1986. Asemade, tras apuntar a motivación que tivo para escribilo e xustificar o título, comenta parte do contido, sinalando que contén "moitos detalles e anécdotas". Afirma que Xocas nesa conversa fala, entre outros temas, dos seus amigos da Xeración Nós ou da súa paixón por Galicia.

- Ramiro González Cougil, "Joaquín Lorenzo, in memoriam", p. 21.
Salienta a calidade humana de Xaquín Lorenzo e recorda os seus encontros con este para recoller información para a súa tese doutoral sobre a relixiosidade popular galega e a liturxia da Igrexa. Subliña a profunda relixiosidade do etnógrafo ourensán e alude a cuestións sobre o seu pensamento relixioso.

- Manuel Iglesias, "É un exemplo humano", p. 22.
Recolle unha breve entrevista a Marcos Martiñón sobre o seu libro *Xaquín Lorenzo Xocas. Confesións e lembranzas para mozos de onte e hoxe.* Este salienta que o seu traballo parte dunha entrevista que o seu irmán e un amigo lle fan a Xocas en 1986. Asemade, tras apuntar a motivación que tivo para escribilo e xustificar o título, comenta parte do contido, sinalando que contén "moitos detalles e anécdotas". Afirma que Xocas nesa conversa fala, entre outros temas, dos seus amigos da Xeración Nós ou da súa paixón por Galicia.

- Fernando Domínguez, "Unha vida nos libros", p. 23.
Lembra o último acto público no que participa Xoaquín Lorenzo, a inauguración do colexio público de Bande, ao que se lle puxo o seu nome. Toma como referencia os recordos dese día da daquela directora do centro, Concepción Camiña. Apunta como transcorreu o día da inauguración e salienta o impresionada que quedou a directora coa personalidade de Xocas. Sinala que esta, a raíz da conferencia que alí deu o etnógrafo, o acabou cualificando de enciclopedia.

VV. AA., 'Xaquín Lorenzo, 'Xocas", *Atlántico Diario*, 17 maio 2004, pp. 33-48.

Suplemento especial dedicado a Xaquín Lourenzo Xocas e que inclúe artigos de diferentes autores, algúns destes publicados tamén no suplemento especial de *La Región*. Os traballos que este suplemento acolle son os seguintes:

- Ramiro González Cougil, "Joaquín Lorenzo, in memoriam", p. 34.
Salienta a calidade humana de Xaquín Lorenzo e recorda os seus encontros con este para recoller información para a súa tese doutoral sobre a relixiosidade popular galega e a liturxia da Igrexa. Subliña a profunda relixiosidade do etnógrafo ourensán e alude a cuestións sobre o seu pensamento relixioso.

- M.I., "Etnógrafo e mestre", p. 35.
Realiza unha breve presentación de Xaquín Lorenzo. Del destaca o seu traballo como etnógrafo, arqueólogo, historiador e mestre. Así mesmo, pon de relevo que foi un epígono da Xeración Nós e que fixo que os máis novos coñecesen a calidade humana de galeguistas como Otero Pedrayo ou Vicente Risco. Por outro lado, recolle unhas palabras de Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, nas que destaca o traballo do ourensán pola cultura galega.

- M.C., "Temos que usar a nosa lingua", p. 36.
Achega unha escolma de textos da publicación da Xunta de Galicia "Letras Galegas 2004: A memoria das cousas". Estes fragmentos, nos que quen fala é Xocas, salientan distintos anacos da súa traxectoria vital. Da súa nenez destaca o feito de que o seu pai fose o seu mestre e quen o iniciase na lectura. Da Xeración Nós di que asumiu os seus principios e do Seminario de Estudos Galegos pon de relevo a igualdade de todos os que alí entraban a traballar. Asemade, ten unha lembranza da súa vivencia da guerra. Logo, defende o uso da lingua e a cultura popular. Por último critica a negativa influencia da televisión.

- Manuel Vidal Villaverde, "Xaquín Lorenzo", p. 37.
Achega unha reflexión na que mestura distintos elementos pertencentes á vida cultural galega, entre eles a vida e obra de Xocas, da cal di que o lector xa saberá máis ca el mesmo. Apunta que entrou en contacto co ourensán cando chegou a el a *Historia de Galiza* de Otero Pedrayo e cita case todas as facetas do seu traballo. Ademais, recolle algúns xuízos de valor que sobre este mestre se emiten, como aquel que o cualifica de xeneroso e humilde.

- C.M., "Unha vida entregada á investigación", p. 38.
Achega unha cronoloxía de Xocas na que se marcan os acontecementos máis salientábeis da súa vida. Así, cita datos familiares e formativos relevantes. Recolle as súas vertentes ao longo dos anos de mestre, arqueólogo e etnógrafo. Así mesmo, informa sobre a súa entrada na Real Academia Galega ou no Seminario de Estudos Galegos. Recolle tamén os recoñecementos polo seu labor cultural. Por outro lado, co título "Cantigas e refraneiros", acolle algúns títulos da bibliografía de Xaquín, apuntando que toma estes datos dun traballo de Francisco Fariña para o Boletín Auriense. Constan na pequena lista que ofrece o *Cantigueiro popular da Baixa Limia* e o *Refraneiro Galego*.

- Pedro García Luaces, "A filatelia: unha das súas pasións", p. 39.
Apunta que a Sociedade Filatélica Numismática e Vitolfílica "Miño" homenaxea a Xaquín Lorenzo cun programa no que hai conferencias ou unha exposición multitemática sobre Xocas. Lembra que o ourensán foi membro fundador desta entidade e salienta a súa paixón por coleccionar selos. Asemade, indica que esta sociedade propuxo a Correos a edición extraordinaria dun cuño coa cara do etnógrafo.

- Fernando Domínguez, "Unha vida nos libros", p. 40.
Pon de relevo as numerosas publicacións que saíron sobre "Xocas", salientando que quen máis traballou sobre este foi Marcos Valcárcel, ao que cualifica como o seu "verdadeiro biógrafo". Presenta algúns títulos dos que dá a referencia bibliográfica e unha pequena idea do contido. Entre estes, destaca *Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989), Unha vida para a*

cultura dun pobo de Felipe Senén ou *Xaquín Lorenzo* de Marcos Valcárcel. Por outro lado, apunta que os eidos nos que traballou Xocas contribuíron a recuperar a identidade do pobo galego.

- S.N., "Cine: 'O carro e o home", p. 42.
Fai alusión á proxección de dúas versións do filme *O carro e o home* por parte do Museo do Pobo Galego. Recorda que foi rodado en 1940 por Antonio Román coa axuda de "Xocas" e, ademais, subliña de onde saíron estas dúas versións. Asemade, salienta que nesta película conflúen a etnografía galega e os primeiros pasos da película documental en Galicia.

- Manuela Iglesias, "É un libro entrañable", p. 42.
Recolle unha breve entrevista a Marcos Martiñón sobre o seu libro *Xaquín Lorenzo Xocas. Confesións e lembranzas para mozos de onte e hoxe.* Este salienta que o seu traballo parte dunha entrevista que o seu irmán e un amigo lle fan a Xocas en 1986. Asemade, tras apuntar a motivación que tivo para escribilo e xustificar o título, comenta parte do contido, sinalando que contén "moitos detalles e anécdotas". Afirma que Xocas nesa conversa fala, entre outros temas, dos seus amigos da Xeración Nós ou da súa paixón por Galicia.

- Afonso Vázquez-Monxardín Fernández, "El era outra cousa", p. 43.
Pon de manifesto que Xocas e Eduardo Blanco-Amor representaban para a cultura galega sensibilidades ben diferentes. Subliña que, mentres o autor de *A Esmorga* supoñía a transgresión e o "compromiso progresista", o egrexio ourensán viña ser "a fidelidade a un galeguismo tradicional alcumado de culturalista".

- M.J. Martínez Rapela, "Don Joaquín Lorenzo, maestro", p. 43.
Recorda como se comportaba Xaquín Lorenzo cos seus alumnos nas clases e como vían estes ao etnógrafo. Sinala que foi alumno seu cinco anos e confesa que admiraba os seus moitos coñecementos, salientando o moito que lle aprendeu. Ademais, vai debullando algúns trazos da personalidade do ourensán, de quen di que era moi relixioso. Por outro lado afirma que hoxe se abusa moito do nome "Xocas", subliñando que case ninguén o chamaba así.

- Manuel Iglesias, "É un exemplo humano", p. 44.
Entrevista a Marcos Valcárcel, quen principia destacando de "Xocas" a súa proximidade coa xente, todo o seu labor de recollida de material etnográfico e a súa teima de transmitir ás xeracións máis novas o legado da Xeración Nós. Apunta que o ourensán sentía unha grande satisfacción persoal ao ver que lle aprendía moito aos máis novos, aos que, di, asesoraba en temas de galeguismo ou compilación de cantigas. Recorda tamén que para Xocas era unha ilusión a constitución do Museo do Pobo Galego. Así mesmo, fala dos seus traballos sobre Xaquín Lorenzo, indicando que aínda lle queda por presentar unha escolma de artigos para coñecelo mellor dentro da colección Auria.

- Ana Baena, "Ourense centraliza os actos de homenaxe", p. 45.
Apunta que en toda Galicia se conmemora o Día das Letras Galegas, salientando que a Real Academia Galega programou os seus festexos en Ourense por ser a terra do homenaxeado. Sinala que esta institución ten previsto unha sesión extraordinaria no paraninfo do instituto

ourensán Otero Pedrayo en honra de "Xocas". Ademais, lembra que no mes de abril se levou a cabo na cidade das Burgas un congreso sobre o etnógrafo, subliñando que a Deputación ourensá publicou as actas deste. Por outro lado, pon de relevo que o Museo do Pobo Galego organizou unha exposición sobre "Xocas", sinalando a proxección do documental "El carro y el hombre".

- Maribel Outeiriño, "La amistad hace tolerable la vida", p. 47.
Achega un extracto dunha entrevista publicada por *La Región* o dous de marzo de 1980. Nesta Xocas comenta como xorde a súa afección polo carro e como entra en contacto con Florentino Cuevillas. Ademais, refírese á súa relación con este e con Vicente Risco e Otero Pedrayo, dos que salienta o máis destacado de cada un deles. Logo, aparte de facer referencia a outros aspectos máis persoais, pon de manifesto que os seus traballos máis satisfactorios foron a súa colaboración na *Historia de Galicia* de Otero Pedrayo ou un traballo sobre Santa Mariña de Augas Santas. Tamén sinala que a súa biblioteca e as súas fichas vainas doar ao Museo do Pobo Galego. Por último, subliña que para ser un bo etnógrafo é preciso "ser observador, debuxar, ter memoria visual e ler moito".

-Fernando Domínguez, "A última aparición pública de Xocas", p. 48.
Lembra o último acto público no que participa Xoaquín Lorenzo, a inauguración do colexio público de Bande, ao que se lle puxo o seu nome. Toma como referencia os recordos dese día da daquela directora do centro, Concepción Camiña. Apunta como transcorreu o día da inauguración e salienta o impresionada que quedou a directora coa personalidade de Xocas. Sinala que esta, a raíz da conferencia que alí deu o etnógrafo, o acabou cualificando de enciclopedia.

VV. AA., 'Xaquín Lorenzo Xocas', *El Progreso*, 17 maio 2004, pp. 37-44.

Suplemento especial que o xornal lugués publica con motivo da celebración do Día das Letras Galegas como homenaxe ao grande etnógrafo; o suplemento inclúe os seguintes traballos, parte deles coincidentes cos publicados no suplemento especial do *Diario de Pontevedra*:

- Aser Alvárez/AGN, "Recolledor de historia", p. 38.
Percorrido pola biografía e, especialmente, polo labor profesional de Xaquín Lorenzo, incidindo na súa dedicación á etnografía e nos persoeiros cos que se relacionou. A noticia compleméntase cunhas pequenas notas que inciden en certos aspectos da traxectoria de "Xocas", por exemplo, os premios que recibiu polo seu labor a prol da historia e da cultura galega.

- Márcio Pinho/AGN, "Mestizaxe e compromiso", p. 40.
Ofrécese un panorama da nova xeración de escritores en lingua galega a través das palabras e da traxectoria do poeta arxentino afincado en Galicia Eduardo Estévez e da narradora galega Rosa Aneiros. Finalmente, ofrécense unhas declaracións de Euloxio Ruibal, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, que subliña o labor de modernización da literatura galega que a nova xeración está desenvolvendo, á vez que defende o dobre compromiso, literario e co país, que deben afrontar estes creadores.

- Cristina Gerpe/AGN, "Lembranzas da infancia", p. 41.
Noticia sobre a mostra *Enredos e Ixolas*, que reuniu no Museo do Pobo Galego xogos infantís tradicionais do medio rural galego en homenaxe ao labor etnográfico de Xaquín Lorenzo. Fálase brevemente do contexto no que xurdiron estes divertimentos e danse unha serie de características xerais das pezas concretas que integran a mostra.

- A.S./AGN, "Ten que haber un pacto para despolitizar o tema da lingua", p. 42.
Entrevista a Alfonso Vázquez Monxardín, experto na obra de Xaquín Lorenzo. Ao longo das diferentes preguntas, reflexiona sobre a actual situación do idioma galego, sobre o papel dos ensinantes e os medios de comunicación no impulso deste, e mesmo subliña a importancia de "Xocas" no proceso de recuperación das raíces galegas.

- A.S./AGN, "Un home xeneroso", p. 43.
Noticia na que se recolle o vasto legado de Xaquín Lorenzo ao Museo do Pobo Galego e se fai un repaso polas diferentes monografías e artigos do etnógrafo ourensán.

- R.E., "Preto dos máis novos", p. 44.
Recóllense distintas iniciativas que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Cultura puxeron en marcha para dar a coñecer entre os escolares a figura de Xaquín Lorenzo.

IV.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓN FIXAS

Abuín de Tembra, Avelino, 'Xocas no DOG', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 18 xaneiro 2004, p. 5.

Recolle as críticas que recibiu a decisión de homenaxear a "Xocas" no Día das Letras por ser un home pouco coñecido, e a súa unha obra ardua para o público, fronte á escolla de Avilés, así coma a idea de dedicar o Día non só a autores senón tamén a grupos e institucións. Outros rumores dos que se fai eco é de que escolleron por ser home do interior fronte a Avilés, e de que a homenaxe do DOG ao etnógrafo é coma "venderse" despois de morto. O articulista amosa o seu enfado entre tanta sandez e defende a "Xocas".

Abuín de Tembra, Avelino, 'Bóveda: ¿máis silencio? ', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 16 febreiro 2004, p. 5.

Anúnciase que o 2004 será o ano de Xocas, e ano tamén de conmemoración do centenario do poeta Xosé Mª Brea Segade de quen se preparan biografía e obra completa. Denúnciase que segue o silenciamento que afecta á memoria de Bóveda e a negación de licencia a varios concellos para proclamalo Fillo Adoptivo ou dedicarlle rúas. Pregúntase por último en que quedará a demanda de recoñecelo 'Pai da Patria, artífice do Estatuto de 1936 e Mártir da Causa Nacional Galega'.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Lobeira', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 29 marzo 2004, p. 5.

Primeiro reflexiónase sobre a paisaxe galega mencionando algúns concellos galegos. Logo céntrase no concello de Lobeira, descríbense e coméntanse os achados descubertos grazas aos estudos de Xaquín Lorenzo e Cuevillas. Finalmente fálase da homenaxe que a Fundación do Pedrón de Ouro lle ten organizada a "Xocas".

Abuín de Tembra, Avelino, 'As lelías da lingua (6)', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 25 abril 2004, p. 5.

Coméntase que as normas da RAG do 2003 vanse introducindo paseniñamente. Logo exponse que o día do libro é unha esperanza para a recuperación da lingua. Despois fala do paro no ensino secundario, convocado para o 28 de abril, promovido pola Mocidade da Normalización para que se impartan as materias mínimas en galego.

Abuín de Tembra, Avelino, 'As lelías da lingua (VII)', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 17 maio 2004, p. 5.

Dise que o importante non é que o 17 de maio sexa festivo ou laborábel, senón que sexa participativo e consciente, ao que se opón a frase de Xocas "Se queres que ninguén che faga caso en Galicia, fálalles en galego". Lelía 21. Recoñece a importancia de que en Bruxelas se aprobe a divulgación dos documentos da UE en galego, pero tamén que a lingua ten problemas máis graves de fondo. Lelía 22. Critica as hipócritas loubanzas a Galicia sobre benestar do *Anuario Social de España 2004* que lembran os tópicos do franquismo. Lelía 23. Sobre o feito de que o Senado español fale galego a medio prazo, critícase o feito de que nin sequera a maioría dos que son galegos saiban facelo, e sublíñase a necesidade dunha intervención desde abaixo, desde as aldeas.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Lorenzo Varela', *Galicia Hoxe*, 'Ventos Ábregos', 28 xuño 2004, p. 5.

Pregúntase sobre a acollida que terá na Xunta a homenaxe do 17 de maio do 2005 a Jesús Manuel Lorenzo Varela, símbolo da esquerda e da Galicia emigrada. Deféndese a valía deste poeta e o merecida que é a homenaxe aínda que só se substentase na súa lírica, e recóllese que a súa poesía completa en galego e castelán a publicou Edicións do Castro no 2000 con notas de Xosé Luís Axeitos.

Aneiros, Rosa, 'Orgullo SOS', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 18 maio 2004, p. 16.

Reivindicación do 17 de maio como festa de todos os galegofalantes (que cómpre rescatar da súa inconveniencia como día festivo) e da importancia de que se recoñeza o galego na UE.

Araguas, Vicente, 'Letras ceibes nunha xornada festiva', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 17 maio 2004, p. 6.

Reflexiónase sobre o Día das Letras Galegas, que serve para aprender a obra do persoeiro homenaxeado ese ano. Tamén se comenta como eran as primeiras xornadas do día das letras galegas con Voces Ceibes. Finalmente menciona que este ano se lle dedican a Xaquín Lorenzo.

Barcón, Carlos, 'Letras Galegas / Labor galega', *Diario de Ferrol*, 'Entre nosotros', 3 maio 2004, p. 10.

Coméntase a charla de Elia Rico sobre as letras galegas que será o 15 de maio no Casino Ferrolano. Ademais inaugúrase unha exposición de pintura.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón, 'O galeguismo cultural de 'Xocas', *Galicia Hoxe*, 'Dende outras perspectivas', 18 maio 2004, p. 52.

Reflexión que se esforza en definir o galeguismo como movemento de reivindicación cultural e política de Galicia, que abrangue distintas etapas: provincialismo, rexurdimento, rexionalismo e nacionalismo; e que ten unha faceta política e outra cultural ben diferenciadas e non necesariamente entrelazadas, o que permite ubicar a Xocas máis no eido cultural polos seus traballos de investigación co Seminario de Estudos Galegos, por libre, con amigos, e tamén á fronte do Museo do Pobo Galego. Recoméndase a lectura de *Etnografía. Cultura material*.

Barreiro Rivas, Xosé Luís, 'Día das Letras Galegas', *La Voz de Galicia*, 'A torre vixía', 17 maio 2004, p. 6.

Crítica irónica sobre o feito de que o 17 de maio sexa festivo e polo tanto non poidan facerse cousas en relación á lingua como falar na clase de ciencia política escrita en galego, ir a actos sociais e culturais que o conmemoren ou comprar libros. Aprovéitase para censurar que non haxa películas en galego no cine, nin a onde ir oír misa en galego, así como se reproba o oficialismo da Televisión de Galicia.

Bragado, Manuel, 'Os escabicheiros de Xoaquín Lorenzo', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 22 febreiro 2004, p. 30.

Lémbrase a figura de Xaquín Lorenzo. Fálase da súa contribución á etnografía galega,

centrándose, ao final, nos escabicheiros, figura estudada por Lorenzo.

Bragado, Manuel, 'O dezasete laborable', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 16 maio 2004, p. 26.

Reivindicación do 17 de maio como día laborable, para recuperar parte do seu pulo dinamizador tamén rebaixado polo desigual interese do público ante os homenaxeados, a carencia dun símbolo permanente da efeméride (vs. San Xurxo catalán), a falta de apoio dos concellos a esta celebración e o excesivo oficialismo da festa. Proponse a apertura das librarías, a homenaxe tamén a autores vivos e a implicación dos concellos, asociacións culturais e sectores socioeconómicos para facer atractivo ese día, na mesma liña vitalizadora dos Correlinguas e actividades dos centros de ensino.

Castaño, Yolanda, 'Letras galegas', *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol/Diario de Arousa*, 14 maio 2004.

Reflexiónase sobre a celebración do Día das Letras Galegas, xornada que en opinión da columnista estase a converter nun "Día da Cultura galega"; móstrase contraria a que se asocie biunívocamente literatura galega e folclore e opina que se trata de honrar unha arte e non unha bandeira. Tamén advirte do contraproducente que está chegando a resultar que o día sexa festivo, xa que a xente o utiliza como un día para outros leceres nos que a literatura fica esquecida. Este mesmo artigo foi publicado no xornal *El Progreso*, o día 14 de maio.

Castaño, Yolanda, 'Letras Galegas', *El Progreso*, 'Columna invertebrada', 16 maio 2004, p. 23.

Reflexiónase sobre a celebración do Día das Letras Galegas, xornada que en opinión da columnista estase a converter nun "Día da Cultura galega"; móstrase contraria a que se asocie biunívocamente literatura galega e folclore e opina que se trata de honrar unha arte e non unha bandeira. Tamén advirte do contraproducente que está chegando a resultar que o día sexa festivo, xa que a xente o utiliza como un día para outros leceres nos que a literatura fica esquecida. Este mesmo artigo foi publicado o día 16 de maio, nos xornais *Diario de Arousa*, *Diario de Pontevedra* e *El ideal Gallego.*

Castaño, Yolanda, 'Letras Galegas II', *Diario de Pontevedra/El Ideal Gallego/Diario de Arousa*, 'Columna invertebrada/Opinión', 21 maio 2004, p. 34/72/56.

Reflexiónase sobre a situación do/as escritores/as galegas que, a diferenza do que acontece noutras profesións, semella que teñen difícil vivir do seu traballo e que o mesmo sexa considerado unha profesión; opina que isto pode deberse en parte a situación pouco normalizada da cultura galega.

Conde, Alfredo, 'Día das Letras Galegas', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 17 maio

2004, p. 4.

Lembrando o chiste daquel que vai a un manicomio e ve como os tolos se poñen de un en un en pé e con dicir un número escachan todos a rir porque ese número corresponde a un chiste que automaticamente todos recordan, Alfredo Conde fai cálculos dos artigos que leva escritos a propósito das Letras Galegas desde o 1963 e convida aos seus lectores a lembralos, numeralos e facelos vixentes de cada vez só con citar o seu número, polo ben da lingua e como homenaxe a nós mesmos.

Díaz Pardo, Isaac, 'De Xocas a Lorenzo Varela', *La Voz de Galicia*, 'Crónicas inconformistas', 24 maio 2004, p. 8.

Faise un eloxio de Xaquín Lorenzo e da exposición sobre el inaugurada no Museo do Pobo Galego polo maxistral retrato que ofrece non só sobre "Xocas", senón tamén sobre os seus contemporáneos que coma el viviron atrapados na propia patria os corenta anos de férrea ditadura. A seguir, reivindícase a figura de Lorenzo Varela, e o deber de adicarlle o Día das Letras pola súa valiosa labor no exilio e para salvalo do imperdonábel esquecemento en que se viu sumido.

Dobarro, Xosé María, 'De Repúblicas e letras', *Diario de Ferrol*, 'Outravolta', 23 maio 2004, p. 26.

Anúnciase a entrega dos Premios do Padroado do Pedrón de Ouro a dona Antía Cal e ao Centro Galego de Baracaldo. Lémbrase tamén a importancia de Xaquín Lorenzo e dise que se agora hai xente que sabe algo del a raíz do Día das Letras xa tivo algo de bo, fronte ao malo que é que o mundo o controlen uns poucos e os demais llo dean todo por ben feito. Recóllese tamén a presentación de *La intimidad de la serpiente* de García Montero e recoméndase a súa lectura.

Dourado Deira, Manuel, 'Día das Letras: santo ou laborable?', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 15 maio 2004, p. 4.

En torno á petición polos escritores, libreiros, editores e pedagogos de que o 17 de maio deixe de ser festivo técese unha reflexión que di que o realmente necesario é un cambio moito máis fondo cunha educación que nos ensine a nosa lingua e que nos prepare para a Vida materializando iso de que as oportunidades vaian estreitamente conectadas á preparación e dándolle ao libro un lugar preeminente nesa formación. Dese xeito, o Día das Letras tería unha importancia equiparábel ao de Cataluña.

Dourado Deira, Manuel, 'Xocas, un amigo', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 22 maio 2004, p. 4.

Fala de cando coñeceu a "Xocas" nunha sala do Museo do Pobo Galego (MPG) e conversou con el sobre o que estaban a ver. Di que logo foi tendo noticia do que aquel

home cordial estaba a facer por Galicia e que botou en falta unha publicación que reunise todos os traballos que publicara en diferentes medios. Admira o ilustrativa que resulta a exposición do MPG sobre el e remata lembrando unha visita que fixo a Lobeira na que viu o deterioro da casa onde vivira "Xocas" e a cantidade de casas pechadas por mor da emigración.

Faginas, Sandra, 'A festa das Letras', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 maio 2004, p. 53.

Dise que o 17 de maio é día de festa e que debería notarse, e non cun festivo, senón celebrándoo nas aulas, no traballo... que un xeito de festexalo é agasallando un libro en galego, e que así o fixo a Voz con 300000 exemplares da Biblioteca 120 aos colexios de Galicia.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'O Día das Letras Galegas e o futuro', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 17 maio 2004, p. 3.

Lembra aquel 20 de marzo de 1963 no que os académicos Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego presentaran a proposta de facer o 17 de maio 'Día da Letras Galegas' lembrando así a publicación de *Cantares gallegos*. Logo recoñece o valor universalizador e normalizador que a celebración tivo até que foi declarado día festivo, polo que pide que volva ser lectivo para ser "activo, consciente, participativo".

Fernández Naval, Francisco X., 'Xaquín Lourenzo e o futuro da cultura tradicional', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 'Enfiando', 28 marzo 2004, p. 23.

Coméntase que o día das letras galegas está dedicado a Xaquín Lorenzo. Despois reflexiónase sobre a cultura tradicional, que pouco a pouco se vai perdendo ante a sociedade moderna.

Fernández Prieto, Lourenzo, 'A lingua do galeguismo', *La Voz de Galicia*, 'Mañá empeza hoxe', 18 maio 2004, p. 8.

Consideracións sobre Xaquín Lorenzo que colocan a lingua e a investigación da cultura material popular como os piares aos que nunca renunciou (cítanse as cartas que lle escribiu a Juan López Suárez, todas en galego, como exemplo de coherencia). Fálase tamén do éxito do seu xeito de entender a identidade como conservación dos bens culturais e materiais que fai que hoxe apeiros e fotos vellas sexan reclamo estético de churrasquerías e outros establecementos. Por último, lémbrase o seu galeguismo no mes no que todos os partidos galegos así se declaran.

Figueroa Panisse, Adela, 'Na semana das Letras Galegas', *El Progreso*, 'Opinión', 17 maio

2004, p. 23.

Comézase lembrando por qué o 17 de maio é día das Letras Galegas e a partir de aí faise unha crítica aceda a todos os que viven en Galicia e non comprenden a necesidade de falar en galego, e sobre todo aos políticos, dos que se di que se non valoran a nosa lingua tampouco se preocuparán realmente dos nosos problemas. Por último, deféndese a valía de coñecer varias linguas para abrir a nosa mente e entender mellor o mundo, empezando sen dúbida polo respecto por nós mesmos.

Freixanes, Víctor F., 'O ano Xocas', *La Voz de Galicia*, 'Vento nas velas', 10 xaneiro 2004, p. 5.

Dise que non coñece ningunha outra cultura que elabore o seu canon literario e cultural a partir dunha celebración coma a das nosas Letras. Canto a que este ano sexa o de Xocas remárcase o feito de que el traballou por conservar un mundo non tan afastado de nós como algúns quixeran pensar. Recoñécese por último a *Etnografía e Cultura Material* con que contribuíu á *Historia de Galicia* de Pedrayo como unha xoia, e dise que ben merece a homenaxe, e que engrandecelo a el é engrandecernos a nós mesmos.

García Bodaño, Salvador, 'Xocas, etnógrafo galego', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 16 maio 2004, p. 3.

Expón o programa de actos da Real Academia Galega (RAG) en Ourense, cidade natal do homenaxeado nesta edición das Letras Galegas, "Xocas". A seguir fai unha síntese da súa biografía: a súa licenciatura en Filosofía e Letras, a súa ida ao fronte durante a Guerra Civil, os seus anos de docente e a súa participación en institucións culturais coma a RAG, a Fundación O Pedrón de Ouro, o Museo do Pobo Galego ou o Seminario de Estudos Galegos, alén das súas aportacións etnográficas ao estudo da nosa cultura culminadas na *Etnografía. Cultura material*, o segundo tomo da *Historia de Galicia* dirixida por Otero. Por último, anota algúns recoñecementos que lle foron feitos en vida.

García Bodaño, Salvador, 'Agasallo de cores', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 23 maio 2004, p. 3.

Fálase dalgúns dos actos en memoria de Xaquín Lorenzo: unha "lograda" exposición no Museo do Pobo Galego titulada *Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989). Vida e obra,* (menciónase tamén outra, *Enredos e ixolas*, de xoguetes populares que lembra moitos debuxos de Xocas); e os traballos dos alumnos de plástica de 4º da ESO do IES Rosalía de Castro dirixidos pola pintora Soledad Pite Sanjurjo, que son interpretacións artísticas sobre debuxos de Xocas con gravados e collaxes titulados *Agasallo de cores para Xaquín Lorenzo*, e que foron inaugurados por Alfonso Zulueta de Haz, presidente do Consello da Cultura Galega, nun acto no que tamén presentaron un cd con intervencións verbais sonoras de Xocas e o libro *O mar desde adentro* ilustrado por Xosé Corbal.

García, Benedicto, 'O meu Xocas/Sempre Xocas', *Galicia Hoxe/Diario de Pontevedra*, 'Crónica persoal/Opinión&Análisis', 19 maio 2004, p. 6/34.

Di o autor que antes de coñecer a Xocas en persoa o coñeceu polos seus debuxos de aparellos de pesca que copiaba para a *Gran Enciclopedia Gallega*, na que se ocupaba da parte gráfica, e que a súa *Etnografía. Cultura material* era "a biblia do xénero". Por último, recoñece que os seus debuxos de dornas e os de Xosé Conde estiveron detrás da recuperación desta embarcación en vías de desaparición por un grupo de amigos entre os que el estaba.

García, Xoán, 'Día das Letras Galegas', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 15 maio 2004, p. 22.

Recolle un breve currículo de Xaquín Lorenzo citando o seu traballo na Real Academia Galega, no Seminario de Estudos Galegos, no Museo do Pobo Galego, na Real Academia da Historia e das Belas Artes, na revista Nós, e o recoñecemento de que goza coma un dos mellores etnógrafos de Europa. Lembra ademais que a celebración do Día das Letras Galegas xurdiu dunha iniciativa de Francisco Fernández del Riego. Reivindica, por último, a homenaxe nunha próxima conmemoración ao poeta ferrolán Xosé María Pérez Pallaré; pecha este artigo cuns versos.

Gaspar, Silvia, 'O ano de Xocas', *La Voz de Galicia*, *'La Voz de la Escuela'*, nº 736, 'O que le, é un león', 19 xaneiro 2004, p. 7.

Anúnciase que o Día das Letras Galegas do 2004 se vai dedicar a Xaquín Lorenzo e danse algúns datos del: que tiña unha boa formación literaria, Otero foi mestre seu, Cuevillas guiouno en pescudas prehistóricas, traballou no Seminario de Estudos Galegos e na Revista Nós, fixo a parte *Etnografía* da *Historia de Galicia* de Pedrayo, e dirixiu o Museo do Pobo Galego e o Museo Etnográfico de Ourense. Por último, explícase o que é a etnografía e cítanse como primeiros etnógrafos a Feixóo e Sarmiento.

Gómez, Joel, 'De Bóveda y Avilés a Xocas', *La Voz de Galicia*, 'Sin intención', 10 xaneiro 2004, p. L15.

Lémbranse as publicacións so 2003 sobre Bóveda e Avilés: *Alexandre Bóveda na Historia do nacionalismo galego* e *Raiceiras e vento. A obra poética de Antón Avilés de Taramancos*. Dise a seguir que o protagonismo de Xoaquín Lorenzo no 2004 fará que moitos descubran a este intelectual e que é boa idea o de homenaxear ás Irmandades da Fala en Santiago en maio.

González Pérez, Clodio, 'Xocas e o Camiño de Santiago', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 6 marzo 2004, p. 5.

Achégase máis información sobre a vida e obra de Xaquín Lorenzo. Se antes o coñecíamos pola súa contribución á literatura e etnografía, tamén compuxo un libro sobre o camiño de Santiago, co motivo do ano santo, en 1948. Polo que se pide que se debe "recuperar esta evocación histórica, por dous motivos: porque é o ano de Xocas e tamén ano santo xacobeo".

González Pérez, Clodio, 'O Moucho': libros do pobo para o pobo', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 17 abril 2004, p. 5.

Saliéntase a importancia da colección de peto *O Moucho*. Publicou obras de autores coñecidos como Lamas Carvajal, Celso Emilio, Curros, Pedrayo, etc., incluso chegou a publicar libros de humor.

González Pérez, Clodio, 'Xaquín Lorenzo Fernández: o Xocas', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 1 maio 2004, p. 5.

Coméntase que "Xocas" é un hipocorístico, non un alcume. Logo reflexiónase sobre cando e quen lle empezou a chamar así. Finalmente fai unha achega polos anos de estudante de Xaquín Lorenzo.

González Pérez, Clodio, 'José Lorenzo Álvarez, ¿Tabarra?', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 15 maio 2004, p. 5.

Lembranza do pai de Xaquín Lorenzo, pola influencia que tivo nel, que anota os seus estudos de Dereito, a súa colaboración no semanario *Café con gotas*, a súa faceta de debuxante humorístico e caricaturista, a súa ideoloxía republicana, socialista e anticlerical cos problemas que iso lle conlevou, mesmo estadías no cárcere, e sobre todo a súa dedicación exclusiva desde 1916 á educación dos fillos. Dise que é autor de 'Nuestras ideas' e 'El Régimen Socialista', e que o seu enterro foi todo un acontecemento social.

González Pérez, Clodio, 'Joaquina Fernández', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 22 maio 2004, p. 5.

Retrato da nai de Xaquín Lorenzo, nacida en Vigo, de familia acomodada e que posibelmente cursara os estudos de moda para rapazas da súa condición, que ademais de ler e escribir aprendían francés e piano. Dise que ela foi quen lle ensinou francés a Xaquín desde neno, que no 1906 casou con José Lorenzo Álvarez e fixaron residencia en Ourense, e que tivo que soportar a viuvez e a morte do fillo Xurxo. Recóllese tamén que escribía un diario, que era católica e que morreu acompañada do seu fillo Xocas.

González Pérez, Clodio, 'Castelao e Xocas', *Galicia Hoxe*, 'O Rodicio no Tempo', 29 maio

2004, p. 5.

Lémbrase a amizade de Castelao e Xocas afianzada dende que traballaron xuntos no Seminario de Estudos Galegos, e as dedicatorias que o etnógrafo lle fixo dos seus traballos 'A muller no cancioeiro galego' e 'O tardo. Notas de mitoloxía popular galega', ambos hoxe no Museo de Pontevedra. Recóllese tamén parte da carta coa que Castelao lle respondeu ao recibir este último artigo no seu desterro en Badaxoz, carta que evoca un pouco a vida del alá.

Gutiérrez, J.M., 'Letras galegas: A calidade das edicións choca coa falta de infraestrutura cultural', *La Opinión*, 'Los debates de La Opinión', 16 maio 2004, pp. 12-13.

Debate en torno ás carencias da infraestrutura cultural en Galicia no que Miguel Anxo Fernán Vello, Daniel Buján e Enrique Rabuñal aportan as visións das editoriais, a administración, o ensino e o mundo da escrita. No lado positivo destacan sobre todo a alta calidade editorial galega e a excelente literatura infantil que se está a escribir. Entre os principais problemas citan que as bibliotecas e as librarías non estean informatizadas, o propio marco social adoecido dun grave empobrecemento cultural a favor da prensa rosa e o fútbol, e a fracasada galeguización natural do ensino que non crea novos lectores. Así mesmo, piden melloras coma que se poñan pronto os libros novos nas bibliotecas para aproveitar o lanzamento, alúdese ás posibilidades de expansión no mercado lusófono, e reclaman maior compromisopor parte dos medios e dos políticos.

Lizancos Santos, Plácido, 'Fraga e as Letras Galegas', *El Progreso/Diario de Pontevedra/Galicia Hoxe*, 'Desde aquí/Opinión/', 17 maio 2004, p. 21/16/6.

Apuntes sobre o que de bo hai en que o 17 de maio sexa festivo (grazas a Fraga) e contra os que tamén a iso lle ven problemas. Remata cunha mínima louvanza de Xocas, de quen debemos aprender "o amor, a dedicación e a xenerosidade" que lle dedicou a Galicia.

López Fernández, Xesús, 'No Día das Letras Galegas', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 17 maio 2004, p. 15.

O Día das Letras Galegas dedícaselle a Xaquín Lorenzo, persoeiro que destacou pola súa vocación para a etnografía e a arqueoloxía. Menciónanse algúns dos seus traballos nestes eidos, e tamén que foi membro da RAG.

Manuel María, 'No día de Xoaquín Lorenzo', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Homes, feitos e palabras', 17 maio 2004, p. 14.

Lembranza agarimosa de Xocas co gallo da efeméride das nosas letras. Tímido, bo conversador, humilde e apaixonado estudoso da nosa cultura, así o recorda o Manuel María que canda el frecuentaba a tertulia de Risco no Hotel Parque, lugar onde se afianzou o seu

trato. Entre os datos anecdóticos con que se delinea este retrato está a súa condición de solteirón que Otero Pedrayo quixera infrutuosamente remediar casándoo cunha filla de Cuevillas. Dise que nin tempo para iso tiña. E como peche laudatorio Manuel María aplícalle un verso de Novoneyra: "il sabe das cousas que foron e que non son".

Medela, Julio, 'Don Xoaquín na lembranza', *La Región*, 'Ourense', 14 maio 2004, p. 11.

Percorrido pola historia da romaría do Viso que comeza na valía do santuario e o interese que espertou entre outros no propio Xaquín Lorenzo, segue cando se prohíben as celebracións profanas paralelas ás relixiosas e remata cando se ergue ademais de romaría novamente, en símbolo do galeguismo, que Xocas acentúa convocando a elite cultural galeguista do país. Para rematar fálase das melloras do Santuario e das proximidades, dáse noticia da celebración do Día de Xocas co Coro Ruada e unha exposición e ínstase aos romeiros e autoridades a financiar unha efixie da virxe e a restauración dun cálice.

Méixome, Carlos, 'Lourenzo e Tobío', *A Nosa Terra*, nº 1.115, 5 febreiro 2004, p. 6.

Lémbrase a relación de Lois Tobío con Xaquín Lourenzo e o feito de que o primeiro fora o encargado de unificar a lingua e imprimir a *Historia de Galicia* dirixida por Otero e financiada por Manuel Puente. Reprodúcese, así mesmo, a carta de agradecemento do Xocas a Lois Tobío polo coidado que puxera na edición do segundo tomo que el escribira e ilustrara, e unhas liñas de Fritz Krüger de felicitación polo traballo de Xocas. Reivindícase por último a reedición da *Historia de Galicia* de Otero e o recoñecemento de Tobío nun futuro 17 de maio.

Méndez Ferrín, X.L., 'No Liceo de Ourense', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 10 maio 2004, p. 17.

Repasa a historia do Liceo de Ourense, que primeiro foi 'Liceo Recreo de Artesanos'. Tamén comenta que Xaquín Lorenzo acudiu ao Liceo.

Méndez Ferrín, X.L., 'Memoria do Xocas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 84, 20 maio 2004, p. I.

Lembra Ferrín a tertulia da Farmacia da Pilarita á que a nai o levaba e a onde ían tamén Xesús Ferro Couselo e ás veces Xaquín Lorenzo, alcumado polos seus alumnos "El Muecas". Lembra tamén as visitas á nai do etnógrafo, que lles contaba cousas del, coma que desde que quedou viúva ía sempre darlle as boas noites e rezar con ela antes de durmir. Di que tivo pouco trato con el porque Xocas tampouco se incorporou ao galeguismo activo, e que volveu á actividade pública en torno aos proxectos do Museo do Pobo Galego e do Padroado do Pedrón de Ouro, sendo reivindicado polos mozos do Seminario de Estudos Galegos, reivindicación á que se suma esta edición das Letras.

Miragaia Doldán, Manuel, 'O Día da Lingua e Cultura Galegas', *Galicia Hoxe*, 'Vento fresco', 20 maio 2004, p. 4.

Lembranza das tres etapas polas que leva pasado o Día das Letras Galegas: a franquista, na que só era unha celebración literaria por motivos obvios, a da primeira etapa democrática na que os mestres conseguiron implicar a máis sectores sociais coma os pais de alumnos, e a que desde 1991 o declarou festivo anulando a incidencia social da data. Recorda así mesmo que a Igrexa, o sector socioeconómico, os medios, Paco Vázquez e os profesores que incumpren decretos ou se negan a aprender galego contribúen ao esmorecemento dunha lingua e ao de parte da nosa identidade polo tanto. Pecha dicindo que este ano se homenaxea a Xocas pero que hai que lembrar que este é un día tamén para a lingua e a cultura, non só para os autores.

Núñez Sobrino, Ángel, 'Xaquín Lorenzo, la incesante labor por Galicia', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 15 maio 2004, p. 84.

Lembranza de Xaquín Lorenzo na que se resaltan a súa disciplina e rigor no traballo e a súa capacidade de "facer cultura". Chámase a atención tamén sobre o valor dos seus debuxos arqueolóxicos froito de moitas excursións, como por exemplo "A vida material", así coma sobre as súas monografías exhaustivas das que se resalta *A Nosa Señora do Viso*. Por último vencéllase a súa labor ao Seminario de Estudos Galegos.

Núñez, Neves, 'En débeda coa lingua', *El Progreso*, 'Opinión', 17 maio 2004, p. 23.

Chamada de atención ao novo goberno municipal lucense pola ausencia de campañas de fomento do libro, a arte ou a música propia, e pola falta de compromiso normalizador que permite a publicación de anuncios do concello na prensa en castelán. Laméntase tamén a desaparición do libro das Portas da Muralla, de Xistral, e a non celebración axeitada do 17 de maio.

Pérez Picallo, Mari Carmen, 'Os murais das Letras', *Galicia Hoxe*, 'Punta da barca', 20 maio 2004, p. 5.

Partindo do motivo dos adornos que enchen Madrid na semana da voda real, chégase a unha reflexión aceda sobre a progresiva perda de falantes da nosa lingua e os prexuízos sobre ela. Dise que hai que seguir crendo no 17 de maio mentres non sexa Día das Letras todos os días do ano e poidamos ver as nosas cidades adobiadas con murais de Seoane, Castelao ou Laxeiro sen sorprendernos, que unha decoración que transcende o decorativo pode enriquecernos e axudarnos a estar orgullosos de vivir en galego.

Pérez Touriño, Emilio, 'A vixencia do galeguismo', *La Voz de Galicia*, 'Tribuna', 17 maio 2004, p. 7.

Incídese na importancia fundamental da "memoria consciente do que fomos", memoria alimentada de xeito valiosísimo por "Xocas" nun proxecto común que enlaza distintas xeracións de galegos comprometidos co propio, desde o Rexurdimento até hoxe: a elaboración dunha identidade. Ao fío diso explica o autor a súa concepción do galeguismo como "un proceso de construción política" cuxos elementos fundamentais son o autogoberno, a cohesión e o federalismo. Por último, lembra a dúas figuras imprescindíbeis neste proceso de cambio: Ramón Piñeiro e Carlos Casares, cuxa labor se cimenta sobre a base insubstituíbel de persoas que, como "Xocas", tecen pontes co que fomos.

Quintáns Carballo, Mónica, 'Carta a 'Xocas': Don Xaquín Lorenzo', *Galicia Hoxe*, 'Un pobo, unha escrita, unha fala', 15 maio 2004, p. 52.

Memoria dunha alumna de 4º de ESO do colexio Cardenal Cisneros, onde "Xocas" fora profesor e director, sobre o traballo etnográfico que puxeron en marcha como homenaxe a el. Conta cómo recolleron obxectos antigos que atoparan polas súas casas e lles fixeron unha ficha cos nomes que os designaban, procedencia e utilidades. Subliña a curiosidade e o pracer que ese traballo espertou neles e a admiración pola constancia e forza de vontade do seu antecesor. En anexo á parte anótase a abertura do *Museo Etnográfico Escolar Xaquín Lorenzo* do colexio entre outras actividades coma a proxección de "O home e o carro".

Quintáns, M., 'O Xocas e a linguaxe das cousas', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Memoria do carro', 17 maio 2004, p. 8.

Coméntase que este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas a Xaquín Lorenzo. É unha maneira de renderlle homenaxe pola súa contribución á literatura e etnografía.

Rodríguez Rañón, Xosé Carlos , 'Xocas', entre zocas e chocas', *La Región/Atlántico Diario* , 'Universitas', 20 maio 2004, p. 43/39.

Con motivo do Día das Letras galegas lémbrase a vida e a obra do homenaxeado este ano, Xaquín Lourenzo, en relación co seu momento histórico; a súa dedicación á historia antiga da Galiza e os estudos etnográficos, así como o seu compromiso ideolóxico e intelectual coa realidade galega. A influencia do grupo Nós, a participación no proxecto Galaxia ou a fundación xunto con Isaac Díaz Pardo do Museo do Pobo Galego son outros dos aspectos tratados.

Rodríguez, Antonio, 'Xocas, hijo predilecto de Lobeira', *La Región*, 'Cultura', 2 maio 2004, p. 75.

Xaquín Lorenzo será nomeado fillo predilecto de Lobeira. O acto será o 17 de maio co

motivo do día das letras galegas. Ademais o concello dedicaralle unha rúa. Tamén se mencionan os actos previstos para coñecer a figura de Xocas.

Rubia, Xoán, 'Día de...', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 23 maio 2004, p. 26.

Abórdase a cuestión do camiño aberto por *Cantares Gallegos*, pechado pola ditadura e reaberto na actualidade, criticando a festividade do 17 de maio. Dise que falar galego non é nin unha arma política, nin unha actitude folclórica, senón parte do noso xeito de ser, e que por tanto a todos nos corresponde coidalo e normalizalo.

Senén, Felipe, 'Xocas', o idioma galego para expresar a identidade', *La Opinión*, 'O labirinto do alquimista', 8 febreiro 2004, p. 31.

Entendendo que o mundo labrego e o mariñeiro conservaron aspectos da nosa identidade e cultura tradicional, e que ao perderse moitos elementos desa cultura tamén se perden as palabras que os denominan, valórase o traballo de "Xocas", que enlaza coa Xeración Nós, porque grazas a el gardaremos memoria de cousas que xa non existen. Dise tamén que os seus traballos foron unha valiosa aportación aos movementos antropolóxicos estruturalistas e funcionalistas, que dirixiu o Museo do Pobo Galego e que celebrándoo a el celebramos a nosa patria e a nosa lingua gardadora de esencias.

Senén, Felipe, 'A xornada seguinte: o 'Día Internacional dos museos' e o patrimonio inmaterial', *La Opinión*, 'O labirinto do alquimista', 16 maio 2004, p. 35.

Reflexión que amalgama o bo e o malo de que haxa "*días de* (todo)", entre eles o das Letras e o dos Museos, 17 e 18 de maio respectivamente. O dos Museos deste ano dise que se adica ao patrimonio inmaterial, algo que concorda á perfección co labor do homenaxeado do Día das Letras, Xocas, pois á preservación diso dedicou toda a súa vida, un traballo imprescindíbel, dado que normalización cultural e lingüística van sempre da man. E sinálase o feito de que hoxe é máis fácil que nunca gardar a memoria, cos avances informáticos. Tamén se reivindica o labor dos museos e se cuestionan as balizas que os "días de" nos colocan na mente.

Soto, Juan, 'Campoamor, político, poeta y regalo de boda', *El Progreso*, 'Habitación al viento', 4 xaneiro 2004, p. 80.

Lembra que este ano o Día das Letras se dedica a "Xocas", e que xa está solicitado que o do 2005 se dedique a Xesús Rodríguez López autor de *Supersticiones de Galicia*, *A cruz de Salgueiro* e *O Chufón*.

Suárez Abel, Miguel, 'As Letras Galegas: festa laborable', *El Correo Gallego*, *'Fin de semana'*, 16 maio 2004, p. 1.

Reafírmase o feito de que é Día das Letras Galegas todo o ano e postúlase que o día sinalado se aproveite para facer máis visíbel a lingua nos medios, normalizándoa e defendendo a necesidade e riqueza da mesma como vínculo cohesionador e fortalecedor dunha comunidade; así como para recuperar os falantes máis novos, algo que só se pode facer motivándoos mediante unha gran liturxia escolar, por exemplo con teatro, escritores ou traballos propios que lles fagan sentir apego pola lingua. Anótase tamén que para facer isto posible hai que recuperar o 17 de maio como día laborábel.

Suárez Abel, Miguel, 'Xocas: materiais nobres trala cámara', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Cine', 17 maio 2004, p. 13.

Reivindicación da cultura galega tradicional mediante o comentario eloxioso da película de Xaquín Lorenzo e Antonio Román sobre o carro proxectada no Museo do Pobo Galego. Enfianse no texto tamén comentarios sobre a percepción que un neno pequeno de medio urbano ten dese noso pasado como algo máis ben remoto e exótico, e invítase a que o noso cine saiba dar cabida a ese legado.

Toro, Suso de , 'En que ano viven as 'letras galegas'?', *A Nosa Terra*, nº 1.114, 'O tempo aberto', 29 xaneiro 2004, p. 12.

Coméntase que o Día das Letras Galegas se lle dedica a Xaquín Lorenzo e que durante uns meses van recordar a súa figura. Logo fala da faceta etnográfica de "Xocas".

Valcárcel L., Xulio, 'Xoaquín Lorenzo', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 9 maio 2004, p. 4.

Menciónase que o Día das Letras Galegas 2004 se lle dedica a Xaquín Lorenzo. Logo danse algúns datos da obra de Xocas; cítase tamén o seu ingreso na RAG.

Valcárcel, Marcos, 'Don Xoaquín e a Coral de Ruada/Pan por pan', *Galicia Hoxe/La Región*, 'Andoliña', 13 febreiro 2004, p. 64/67.

Fálase de que a Coral de Ruada interpretou un par de pezas na honra de Xocas e lémbrase ao respecto que el fora directivo da Coral, corista e acompañante na súa viaxe a Bos Aires. Dise que a Coral estaba tamén na misa en galego da Catedral ourensá e na romaría da Nosa Señora do Viso en Lobeira, que el lle fixera coreografías e que con el contactaran uns mozos que estudaban os nosos bailes e traxes tradicionais.

Valcárcel, Marcos, 'O Antroido: opinións de don Xoaquín Lorenzo', *Galicia Hoxe*,

'Opinión', 22 febreiro 2004, p. 5.

Coméntase as contribucións de Xaquín Lorenzo acerca do Antroido, que define como unha festa popular. Mesmo se fala do Antroido de 1980 cando a Xaquín Lorenzo lle prohibiron pronunciar unha conferencia sobre dita festa.

Valcárcel, Marcos, 'Don Xoaquín e o futuro do libro', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 5 abril 2004, p. 56.

Lembra a mesa redonda sobre a cultura e os libros do ano 1988 na que participou Xaquín Lorenzo, que abriu o acto dicindo que en Ourense non se lían libros.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 20 abril 2004, p. 59.

Conta unha anécdota de Xaquín Lorenzo como profesor no Colexio Cardenal Cisneros.

Valcárcel, Marcos, 'Nas aulas con don Xaquín Lorenzo', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 21 abril 2004, p. 64.

Relata unha anécdota de Xaquín Lorenzo como profesor no Colexio Cardenal Cisneros. Ademais engade que 'Xocas era o clásico profesor ao estilo dos galeguistas'. Este mesmo artigo publicouse, co título 'Pan por pan', no xornal *La Región* o día 24 de abril.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 23 abril 2004, p. 75.

Informa do comezo do congreso dedicado a Xaquín Lorenzo que recolle miles de fotografías. Logo laméntase pola perda de Xaquín e o seu irmán Xurxo.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 24 abril 2004, p. 75.

Manuel Caamaño lembrou a Xaquín Lorenzo e Otero Pedrayo ao falar dos seus estudos da arquitectura popular. Este mesmo artigo publicouse, co título 'Nas aulas con don Xaquín Lorenzo', no xornal *Galicia Hoxe* de data 21 de abril.

Valcárcel, Marcos, 'Cousas vellas e novas', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 28 abril 2004, p. 64.

Manuel Caamaño lembrou a Xaquín Lorenzo e Otero Pedrayo ao falar dos seus estudos da arquitectura popular.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 12 maio 2004, p. 67.

Fálase de que Xosé Ramón Barreiro contou a historia desa moza de Lobeira da que Xocas se namorou e que o deixou por outro, a Maruxa Lamas á que el lle dedicara o artigo sobre a etnografía desa zona publicado en *Nós* no 1934.

Valcárcel, Marcos, '¿Estivo don Xoaquín namorado?', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 12 maio 2004, p. 64.

Fálase da curiosidade dos máis novos por coñecer aspectos da intimidade de Xaquín Lorenzo, como por exemplo por qué non casou. Segundo Ramón Barreiro estivo namorado dunha moza de Lobeira que logo casou cun estremeño e iso supuxo un duro golpe para Xaquín Lorenzo.

Valcárcel, Marcos, 'Don Xoaquín, don Xaquín, o 'Xocas', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 13 maio 2004, p. 64.

Coméntase se debemos dicir don Xoaquín ou don Xaquín. As dúas opcións son correctas, de feito o escritor usou os dous nomes. Por outra parte, entre os amigos empregouse o nome de "Xocas".

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 14 maio 2004, p. 75.

Reproduce a anécdota que a británica Nina Epton conta en *Uvas e granito* dunha conversa entre Faílde e Xocas na que, ante o temor de Xocas de que cambiara de estilo para trunfar na capital, Faílde responde que non pode cambiar o seu corazón.

Valcárcel, Marcos, 'Don Ramón evocado por don Xoaquín', *Galicia Hoxe*, 'A contra::', 15 maio 2004, p. 64.

Lémbrase unha conferencia que deu "Xocas" sobre Otero na facultade de Historia de Santiago no 1985 na que resaltara a súa permanencia no Partido Galeguista trala ruptura de Risco con eles, o feito de que a piques de morrer pedira que avisaran a "Xocas" para que cando iso acontecese lle puxese a bandeira galega, e o comentario dunha vella logo de oír un discurso de Otero: "Que ben fala este home! Quen fose moza para merecelo!".

Valcárcel, Marcos, 'Por un Día das Letras laborable', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 17 maio 2004, p. 72.

Anota a boa acollida da homenaxe a "Xocas" por ser persoa achegada ao pobo e traballador incansábel pola conservación da nosa identidade, e reivindica que o 17 de maio volva ser día laborábel, e os colexios, institutos e asociacións promovan actos culturais que impliquen os seus barrios, para que sexa o día de todos.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 18 maio 2004, p. 59.

Lembranza do tempo no que a don Xaquín lle bastaba andar un pouco para que a cidade dese paso ao agro, e eloxio ao concello ourensán pola idea de encher a súa rúa natal de carros en exposición.

Valcárcel, Marcos, 'Os carros na rúa da Paz', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 18 maio 2004.

Relata como o concello ourensán optou, para homenaxear a Xaquín Lourenzo, por encher a súa rúa natal de carros galegos de diferentes formas e feituras, como tributo ao estudo ao que se dedicara toda a vida.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 2 xuño 2004, p. 67.

Lembra a antolóxica de Faílde no Pazo de Villamarín organizada pola Deputación en decembro de 1986 e que inaugurara o seu amigo don Xoaquín cunhas palabras que eloxiaban esa súa arte por ser arte popular mellorada polo xenio artístico.

Vázquez Iglesias, José Luis, 'Lembranza do Xocas', *Atlántico Diario*, *'La Galería'*, 16 maio 2004, p. 1.

Rememora o devir do Día das letras ao longo da historia para chegar a lembranza do homenaxeado este ano, Xaquín Lourenzo, experto no estudo e ensino dos múltiplos aspectos políticos, antropolóxicos, sociais e culturais da Galiza; estudos repartidos entre nove libros e uns cento trinta artigos.

Villar Janeiro, Helena, 'Da xesta ao estadullo', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 7 maio 2004, p. 3.

Reflexión sobre o xeito en que a pervivencia das culturas se supedita á súa capacidade de reciclar a tradición incorporándoa como algo útil e significativo á vida presente. Como exemplo fala da flor de xesta que locen os coches nas beiras da Arousa o primeiro de maio, unha herdanza simplificada dos maios, que antes se poñían nos mesmos carros que estudou Xaquín Lorenzo, facéndoos pervivir.

IV.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Caño, X.M. del, 'Xocas foi un gran traballador; recolleu 2.500 cantigas en Lobeira', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 23 abril 2004, p. 47.

Conversa co Catedrático de Lingua e Literatura Galega Alfonso Vázquez Monxardín que presentou a vida e obra de Xaquín Lorenzo Fernández nun congreso de Ourense. Comenta que Xocas foi un gran traballador que confeccionou fichas e recolleu máis de dúas mil cincocentas cantigas en Lobeira, sempre á sombra de membros destacados da Xeración Nós cos que tivo trato persoal. Informa que Cuevillas foi o seu mestre e debido a unha doenza Xocas converteuse nas súas mans e nos seus ollos para escarvar nos xacementos. Sinala que Xaquín Lorenzo quedou marcado aos dezaseis anos cando viu un letreiro na casa de Vicente Risco que rezaba "Xuro polo que máis quero que serei dos bos e xenerosos". Comenta aspectos da súa vida máis persoal da que destaca ser un solteiro convencido, un home acicalado que sempre tiña o mesmo traxe, pero impecábel. Engade que a súa vida estivo marcada pola morte do seu pai e irmán a unha idade temperá, polo que viviu coa súa nai durante trinta anos.

Fariñas, Elena, 'Don Joaquín apoyaba a los más jóvenes', *La Región*, 'El protagonista del día', 17 febreiro 2004, p. 14.

Entrevista co escritor e antropólogo Xosé Antón Fidalgo Santamariña que se dedica á investigación das tradicións galegas, tales como o oficio dos afiadores ou a festa do polbo do Carballiño. Comenta como no ano 1975 coñeceu a Xaquín Lourenzo e foi el quen o animou e orientou nos seus comezos e quen o aconsellou sempre respectando as súas ideas. Da figura do autor destaca a capacidade de recepción dos máis mozos, a súa mesura e o respecto por todos e cada un dos seus compañeiros. Interésalle remarcar a súa profundidade como persoa máis que a obra á que se poden achegar os interesados en varias monografías que saíron á rúa.

Martínez, Ana, 'Nós potenciamos unha convivencia pacífica e armónica entre galego e castelán', *ABC*, *'Letras Gallegas'*, 17 maio 2004, p. 8.

Entrevista a Celso Currás Fernández, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, na que fala do Día das Letras Galegas, da lingua galega e da educación en Galicia. Fai fincapé, en relación co Día das Letras Galegas, no recoñecemento que existe na actualidade desta data e nas múltiples actividades que para celebrala se organizan; indica que a Consellería edita diversos materiais de apoio, didácticos, audiovisuais e guías, ademais de apoiar aos centros para a organización de actividades. En canto á faceta investigadora, destaca o labor que bolseiros e investigadores realizan no Centro Ramón Piñeiro.

IV.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A.M., 'Homenaxe fotográfica ó mestre etnógrafo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 maio 2004, p. 52.

Alude á inauguración dunha exposición de fotografía e postais etnográficas no coruñés Arquivo do Reino de Galicia para homenaxear a "Xocas". Subliña que os materiais expostos proceden do Museo Etnolóxico de Ribadavia e aproveita para salientar o labor etnográfico desta entidade no eido que lle compete. Así mesmo, pon de relevo a importancia da mostra que, sinala, recolle o devir de Galicia dende mediados do XIX dende distintas perspectivas.

A.N.E., 'La aportación de Xocas al cine y la fotografía, en el Museo do Pobo Galego', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 27 abril 2004, p. 76.

Dá conta brevemente da mostra que se inaugura no Museo do Pobo Galego e que ten como figura central a Xaquín Lorenzo ao que este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas. Sinala que o miolo da exposición está na proxección do documental *O carro e o home* nas súas dúas versións. O documental é unha gravación realizada no ano 1940 por Antonio Román e Xaquín Lorenzo. Indícase que se exporán fotografías vangardistas ou experimentais de Xocas, José Suárez, Augusto Pacheco e Carlos Velo. Isto vén demostrar que nun momento determinado Galicia estaba na liña da vangarda.

A.N.T., 'Xoaquín Lourenzo acapara as librarías', *A Nosa Terra*, nº 1.127, 'Cultura', 6 maio 2004, p. 25.

Salienta que, entre as novidades editoriais, destacan as publicacións sobre Xoaquín Lorenzo, xa ben sexan biografías, divulgacións ou creacións. Cita algunha destas edicións e ofrece un breve apuntamento sobre algunha delas. Así, indica, por exemplo, que a editorial A Nosa Terra achega na súa colección "Esencias" unha colaboración de Francisco Fernández del Riego, na que alude á súa relación con "Xocas" e recorda o seu paso polo Seminario de Estudos Galegos. Subliña, a seguir, o compromiso de Toxosoutos coa divulgación da figura dos homenaxeados o Día das Letras Galegas e cita a biografía de Xocas que lles preparou Clodio González. Sinala tamén que 3C3 sacou o *Diccionario Xaquín Lorenzo "Xocas"* con conceptos relativos ao traballo do ourensán. Por último, indica que A Nosa Terra editou os seguintes traballos realizados polo etnógrafo: "O tardo", unha achega á mitoloxía galega, e "Enredos", unha aproximación aos xoguetes tradicionais.

A.N.T., 'Galiza cumpriu co Xocas', *A Nosa Terra*, nº 1.129, 'Cultura', 20 maio 2004, p. 25.

Alude a varios actos organizados en distintas cidades galegas para conmemorar o Día das Letras galegas. Sinala que na homenaxe da Real Academia Galega en Ourense o seu presidente, Xosé Ramón Barreiro, destacou de "Xocas" o papel continuador do legado da Xeración Nós, así como Manuel González "reivindicou o léxico do homenaxeado". Por outro lado, fai referencia ao percorrido literario organizado na Coruña pola Asociación de Veciños da Cidade Vella, á maratón de lectura do colectivo Urbano Lugrís ou, entre outros festexos, á romaría etnográfica "Raigame" en Celanova.

A.S. / **J.P.**, 'La Universidad prepara diez días de homenaje a las letras gallegas', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 27 abril 2004, p. 13.

Anuncia os actos que se levarán a cabo por parte da Universidade de A Coruña para festexar o Día das Letras Galegas que este ano ten como homenaxeado a Xaquín Lorenzo. Destácase a conferencia do catedrático de Lingua e Literatura Galega Marcos Valcárcel "No fío da memoria; unha achega á obra e personalidade de Xaquín Lorenzo" e o recital de música tradicional galega. Infórmase de que a clausura das actividades correrá da man do catedrático de Antropoloxía Marcial Gondar e quérese destacar que as celebracións están abertas a todas as facultades e estudantes universitarios.

A.S., 'Libreiros e editores demandan que o Día das Letras Galegas deixe de ser festivo', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 7 maio 2004, p. 87.

Subliña a petición de representantes de libreiros e editores galegos de que o Día das Letras Galegas pase a ser lectivo para darlle maior importancia á festividade. Sinala que coidan que os colexios ou, por exemplo, as librerías deben funcionar ese día. Por outro lado, sinala que non debería haber máis de dez anos da morte do persoeiro para homenaxealo.

A.S., 'Barreiro salienta os esforzos de Xaquín Lorenzo por manter viva a cultura galega', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 18 maio 2004, p. 54.

Dá conta das palabras máis salientábeis pronunciadas no acto organizado pola Real Academia Galega en Ourense para festexar o Día das Letras Galegas. Alude a algúns ilustres asistentes e refírese a aqueles que interviñeron. Subliña, así, que Xosé Ramón Barreiro puxo énfase no amor de Xocas por Galicia, ao tempo que o cualificou como "símbolo da Xeración Nós" despois do auxe desta. Indica tamén que Manuel González Reboredo o considerou un "investigador honrado". Apunta , por outro lado, que Manuel González sinalou que Xoaquín Lorenzo descubriu o tesouro cultural galego topándose co problema da súa transmisión.

A.S. / **AGN**, 'Amor por Galicia', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 18 maio 2004, p. 68.

Atende, principalmente, á sesión plenaria da Real Academia Galega en Ourense para celebrar o Día das Letras Galegas. Subliña que o presidente desta institución, Xosé Ramón Barreiro, no seu discurso salientou que Xocas en vida "só quixo ser discípulo" dos seus mestres, Otero Pedrayo, Vicente Risco e Cuevillas, até que o tempo o foi deixando como "símbolo da Xeración Nós". Indica, ademais, que fixo notar que o ourensán estudou a cultura galega co afán de recuperala e conservala. Asemade, detense, aínda que máis brevemente, nas palabras doutros académicos, apuntando, por exemplo, que Xosé Manuel González Reboredo definiu a Xocas como "investigador honrado e coherente".

Aboal, Leandro, 'O CGAI e o Museo do Pobo Galego homenaxean a O Carro e o home', *A*

Nosa Terra, nº 1.126, 'Cultura', 29 abril 2004, p. 24.

Coméntase a homenaxe que realizan o CGAI e o Museo do Pobo Galego á figura de Xaquín Lourenzo a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas. Saliéntase a recuperación do filme orixinal realizado por Antonio Román e Xaquín Lourenzo en terras de Lobeira no verán de 1940 e que estaba perdido. En *O carro e o home* dáse conta do día a día do carro, dende o seu nacemento até o derradeiro momento, sen esquecer a súa axuda nas tarefas do mundo campesiño. Infórmase de que nas salas de Bonaval tamén se pode atopar unha exposición na que se pretende mostrar a través de fotografías a chegada das vangardas á Galicia de primeiros do século vinte.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Dolores Sáez: 'O meu curmán, Xocas, era un namorado do mar de Arousa'', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'Letras Galegas 2004', 28 marzo 2004, p. 21.

Infórmase sobre a afección de Xaquín Lorenzo pola ría de Arousa, así como sobre outros aspectos da vida familiar e íntima. Cóntase algunha anécdota curiosa como cando unha veciña o denunciara porque as follas da súa camelia caían sobre o seu alpendre. Entón Xaquín dona a finca a esa veciña coa condición de que recollese as follas que caeran do camelio e de que velase pola súa conservación.

Bouza Brey, Gonzalo, 'A cultura mariñeira de Arousa e o Barbanza na obra de Xaquín Lorenzo', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'Teatro', 16 maio 2004, p. 26.

Tras referirse aos primeiros traballos de Xocas sobre a etnografía mariñeira, céntrase no segundo tomo da *Historia de Galicia* de Otero Pedrayo e, en concreto, alude a aqueles capítulos relativos ao mar. Salienta que nestes están presentes os oficios mariñeiros, as artes de pesca e, entre outros aspectos, moito léxico mariñeiro da ría de Arousa, destacando as múltiples referencias a esta. Por último, menciona brevemente as relacións do homenaxeado coa zona arousá, subliñando traballos de seu como os da roda do carro de Catoira.

C.B., 'Resaltan la labor de xocas por dignificar la cultura del pueblo', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 9 maio 2004, p. 37.

Infórmase da publicación do volume *Diccionario Xaquín Lorenzo. Xocas* por parte da editorial 3C3 co que pretenden botar máis luz sobre a figura do etnógrafo ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas. Destácase que este libro escrito polo historiador e antropólogo Manuel Vilar Álvarez abonda sobre a personalidade e obra de Xocas e presentouse no Concello de A Baña por ser este eminentemente rural.

C.B.G., 'Un custodio da identidade material', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 17 maio 2004, p. 4.

Alude á figura de Xaquín Lorenzo quen sen ser un autor de magna obra, con apenas media ducia de publicacións, segue a ser unha figura de referencia dos estudosos de etnografía. Destácase a súa contribución como profesor no Colexio Cardenal Cisneros de Ourense e o seu traballo no volume *Etnografía. Cultura material*.

C.B.G., 'Entre os berces de Lobeira e Ourense', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 17 maio 2004, p. 3.

Dá unhas poucas pinceladas biográficas sobre Xocas, relativas á súa familia e á súa relación cos que sinala como seus mestres, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino Cuevillas. Apunta que foi este último quen o impulsou nos seus estudos etnográficos. Asemade, indica que estes persoeiros influíron no seu compromiso galeguista.

C.V., 'Enredos, primeira entrega editorial do ano Xaquín Lourenzo', *A Nosa Terra*, nº 1.112, 'Cultura', 15 xaneiro 2004, p. 25.

Tras a decisión da RAG para conmemorar o Día das Letras Galegas 2004 a Xaquín Lorenzo, anúnciase a publicación da obra *Enredos.* Libro que recolle xogos populares e no que se ve a vocación etnográfica do investigador. Este libro é a primeira entrega da súas achegas, xa que se ten pensado publicar parte da súa obra. Tamén se comenta que Xaquín deixou o seu legado e obra ao Museo do Pobo Galego, de aí o interese deste por reeditar a súa obra.

Caño, X.M. del, 'El Museo do Pobo Galego estudia miles de fichas etnográficas de 'Xocas', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 15 abril 2004, p. 46.

Primeiro menciónase que o Día das Letras Galegas 2004 se dedica a Xaquín Lorenzo e que a Xunta ampliou dita homenaxe a todo o ano. Logo coméntase que o autor deixou miles de fichas etnográficas que foron a base dos seus traballos. Despois anúnciase o congreso que organiza Ourense sobre a figura de Xaquín Lourenzo. Finalmente expóñense os actos que a Xunta ten dedicados a "Xocas" os días 22, 23 e 24 de abril.

Castro R., Xavier, 'Unha achega entrañable a Xaquín Lorenzo Fernández, 'Xocas' (1907-1989)', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 25 xaneiro 2004, p. 4.

Tras saber que no 2004 se dedica o Día das Letras Galegas a Xaquín Lorenzo, Clodio González publica o primeiro traballo de investigación sobre a vida e obra de Xaquín, *Xaquín Lorenzo Fernández Xocas (1907-1989). Unha vida dedicada a nosa cultura.*

Castro R., Xavier, 'Un especial de Raigame sobre Xaquín Lorenzo', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 27 xuño 2004, p. 4.

Salienta o número especial da revista *Raigame* en homenaxe a Xaquín Lorenzo, destacando a achega deste á recuperación da nosa cultura e subliñando a súa importancia para a identidade dun pobo. Así mesmo, pon de relevo deste monográfico os traballos de Clodio González Pérez, Xulio Rodríguez e Francisco Calo, afirmando que tantos estes como os nove restantes achegan un mellor coñecemento sobre Xocas.

Coira, Pepe, 'O carro e o home', *La Voz de Galicia*, 'Día das Letras Galegas', 13 maio 2004, p. 19.

Fai referencia ao documental "O carro e o home" que ideou Xaquín Lorenzo e dirixiu o seu amigo Antonio Román en 1940. Subliña que tanto un coma o outro puxeron as súas respectivas sabedorías ao servizo deste proxecto, salientando algunhas pinceladas sobre as súas traxectorias. Logo, tras achegar brevemente algúns detalles deste filme, pon de relevo o obxectivo de Xocas de preservar a cultura popular e de evitar co seu esforzo a súa desaparición.

Cuadrado, María, 'Queremos un Día das Letras Galegas para Lorenzo Varela', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 14 maio 2004, p. L2.

Recóllese a presentación ao público da asociación cultural e veciñal da Ulloa, O Cairón, cunha conferencia do profesor Claudio Rodríguez Fer no centro cultural de Monterroso. Fáiselle unha pequena entrevista á súa presidenta María José Blanco Ferreiro, quen explica que o nome elexido polo colectivo o tomou do poema de Lourenzo Varela "Ofrenda aos franceses", no que fai referencia á serra do Careón. Comenta que elixiron a Rodríguez Fer como padriño por consideraren que é un dos estudosos da obra do poeta local Lorenzo Varela. Insiste en que ademais de loitar por un Día das Letras Galegas para o devandito escritor a asociación que preside está aberta a todo tipo de actividades culturais e de carácter divulgativo e dinamizador do patrimonio da comarca da Ulloa.

E.G., 'El legado de 'Xocas', como introductor', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño/Área Metropolitana', 30 xuño 2004, p. 16.

Refírese á primeira toma de contacto de futuros alumnos do IES "Francisco Sánchez" a través da visita a unha exposición, preparada polo centro, en homenaxe a Xocas. Subliña que nela se podían ver xoguetes tradicionais ou maquetas de arquitectura popular, entre outros materiais.

E.P., 'A Xunta declara o 2004 como ano de Xaquín Lourenzo Fernández 'Xocas', *El Correo Gallego*, 'Conmemoración', 9 xaneiro 2004, p. 68.

Subliña, entre outros temas, que a Xunta de Galicia asinou o Real Decreto polo que no 2004 se dedicará o Día das Letras Galegas a Xaquín Lorenzo. Así mesmo, ofrece unha moi

breve biografía deste etnógrafo, de quen salienta que pertenceu á "vella escola do galeguismo cultural" e que, xunto con Risco, Otero e Cuevillas, asinou no 1931 o Manifesto do Partido Nacionalista Republicano.

E.P., 'Tralos pasos de Xocas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 abril 2004, p. 63.

Coméntase o curso universitario sobre traballos arqueolóxicos realizados en Galicia en homenaxe a Xaquín Lorenzo. O curso rematou coa visita ao Castro de San Cibrán.

E.P., 'Analizan a pegada de Xocas na prensa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 abril 2004, p. 61.

No congreso que se celebrou en Ourense en homenaxe a Xaquín Lorenzo analizouse a súa repercusión na prensa. Finalmente cítase quen organizou dito congreso.

E.P., 'Ourense homenaxea o Xocas cunha mostra e dúas charlas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 maio 2004, p. 52.

Anuncio da homenaxe que Caixa Galicia lle ten prevista a Xaquín Lorenzo cunha exposición, *Lembranza a Xocas*, e dúas charlas. Unha de Antonio Rodríguez Colmero e outra de Pedro Llano.

E.P., 'Tres libros máis na honra do estudoso', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 maio 2004, p. 52.

Refírese á presentación de tres libros dedicados a homenaxear a Xoaquín Lorenzo, a cargo do Consello da Cultura Galega e o IES Rosalía de Castro. Sinala que se trata de *Agasallo de cores para Xaquín Lorenzo,* que, di, achega o traballo de nenos de cuarto da ESO; o número vinte das *Nosas Voces* do Arquivo Sonoro de Galicia; e *O mar terra adentro*, do que o prologuista, Francisco Calo, sinalou que ofrece a visión de Xocas sobre galegos de costa e interior.

E.P., 'A revista da Coral de Ruada lembra a Xocas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 outubro 2004, p. 50.

A Coral de Ruada lembra a Xaquín Lorenzo na súa revista, ademais supuxo un adianto cualitativo e cuantitativo.

Fernández, Miguel Anxo, 'Xocas e a curtametraxe 'Galicia' de Carlos Velo', *La Voz de Galicia*, 'Xaquín Lorenzo', 13 maio 2004, p. 18.

Fai mención á relación de Xocas co mundo do cine, ao tempo que alude á súa relación con Carlos Velo e Antonio Román. Sinala que na súa mocidade estes se reunían para ver cine e

recorda como as súas vidas se entrecruzaron nalgún outro momento, por exemplo cando Xaquín Lorenzo colaborou nos documentais "El hombre y el carro" de Román e en "Galicia" de Carlos Velo. Logo, tras lembrar algún dato da traxectoria deste último cineasta, apunta cal foi a contribución de Xocas a este documental no que, salienta, tamén participaron Castelao e Rafael Dieste.

Fonte, Ramiro, 'Letras gallegas', *ABC*, *'Blanco y Negro Cultural'*, 'La geografía borrada', 15 maio 2004, p. 15.

Realiza un breve repaso pola historia do Día das Letras Galegas. Principia referíndose á obra de Rosalía *Cantares gallegos* que contén, di, a dedicatoria coa data dun dezasete de maio e que foi o motivo da elección da data da celebración das Letras Galegas. Céntrase, a seguir, en 1963 e na situación de resistencia e recuperación cultural, destacando que comeza aquí o terceiro rexurdimento. Logo, salienta como xorde a iniciativa do Día da Letras Galegas e en que derivou esta. Indica que é "unha data de afirmación cultural", ao tempo que se dá a coñecer mellor a un determinado autor. Remata presentando moi brevemente ao homenaxeado deste ano, Xocas, como "etnógrafo e folclorista ourensán".

Fraga, Xesús, 'A palabra botouse a camiñar polas rúas da Coruña', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 18 maio 2004, p. 48.

Comenta que a Asociación de Veciños da Cidade Vella da Coruña conmemorou o Día das Letras Galegas dando un paseo polas casas de ilustres persoeiros da cultura galega xa falecidos. Subliña que nesta rota se leron poemas, como fixo Xurxo Souto cun do ilustrado Cornide, ou fragmentos de obras, como a lectura que Ramiro Fonte realizou dun texto de *Os Precursores* de Manuel Murguía. Así mesmo, sinala que outros, como Jaureguizar, reivindicaron a lingua. Por outra banda, apunta que Pepe Cáccamo pronunciou unhas palabras sobre Avilés de Taramancos, Urbano Lugrís e Luísa Villalta.

Franco, Camilo, 'As biografías dominan as novidades editoriais arredor de Xaquín Lorenzo', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 12 maio 2004, p. 44.

Fai mención aos libros que saen do prelo para homenaxear a Xoaquín Lorenzo. Comenta que predominan as biografías que son de gran axuda, di, para dar a coñecer a unha figura cultural case descoñecida. Logo, apunta que o resto de publicacións son menos, mais considéraas interesantes. Salienta, entre elas, a creación de Xocas *Enredos*, publicada por A Nosa Terra, na que, di, alude a xoguetes tradicionais; *Confesións e lembranzas para mozos de onte e hoxe* de Sotelo Blanco, onde, asegura, se recolle unha entrevista con Lorenzo; ou outras publicacións do Consello da Cultura Galega como *Agasallo de cores para Xaquín Lorenzo* que, sinala, contén debuxos dos alumnos do centro de ensino Rosalía de Castro de Santiago. Por outro lado, destaca que Benxamín Vázquez e Xosé Reboredo no libro publicado pola Fundación Caixa Galicia sobre Xocas, así como Clodio González nos seus traballos sobre o ourensán visen a Xaquín Lorenzo como o "herdeiro de Nós".

Franco, Camilo, 'A Real Academia define a Xaquín Lorenzo como herdeiro da Xeración Nós', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 18 maio 2004, p. 46.

Fai mención á sesión plenaria solemne que a Real Academia Galega fixo en Ourense para homenaxear a Xaquín Lorenzo o Día das Letras Galegas. Apunta o máis salientábel dos discursos alí pronunciados. Así, sinala que Xosé Ramón Barreiro o definiu como "herdeiro da xenerosidade da Xeración Nós", ademais de subliñar a súa humildade. Por outro lado, comenta que Xosé Manuel Reboredo cualificou a "Xocas" como un etnógrafo e un arqueólogo que estudou a "tecnoloxía rural". Sinala que Manuel González reivindicou o uso do "léxico galego que se está perdendo". Tamén alude á mostra de carros exposta nas rúas ourensás e a reivindicación da lingua por parte dos partidos políticos.

Franco, F., 'Barreiro: "O galeguismo de 'Xocas' non foi político senón nidiamente cultural', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 11 maio 2004, p. 42.

Recolle as ideas máis relevantes pronunciadas no acto en homenaxe a "Xocas" no Club Faro de Vigo. Subliña que o encargado de presentar o evento foi Manuel Bragado quen, indica, recordou algúns datos biográficos de Xaquín Lorenzo, así como a súa relación con Vigo. Apunta, ademais, que tamén participaron Marcos Valcárcel e Xosé Ramón Barreiro. Sinala que o primeiro deles salientou o traballo de homenaxeado e referiuse dunha forma máis "exhaustiva" á biografía deste, de quen puxo de relevo, di, o seu galeguismo e o seu catolicismo. Por outra banda, apunta que o presidente da Real Academia Galega destacou que o galeguismo de Lorenzo non era político, senón cultural.

Furelos, Víctor, 'La vida de Xocas va a centrar unas jornadas a finales de mes', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 9 abril 2004, p. 22.

Os días 22, 23 e 24 de abril terán lugar unhas xornadas en homenaxe a Xaquín Lorenzo. Cítanse as conferencias previstas neses actos.

G.P., 'Xosé González anima en Mondariz a defende-la cultura e a tradición', *Faro de Vigo*, 'Área metropolitanan/Condado-Paradanta', 18 maio 2004, p. 13.

Alude brevemente ao pregón do Día das Letras Galegas de Mondariz, dando conta de como se celebrou. Apunta que o pregoeiro, Xosé González, entre outros aspectos, reivindicou o uso da lingua e a conservación do patrimonio cultural desta vila.

García, Jesús Manuel, 'Os expertos subliñan o detalle co que Xocas reflictiu a etnografía', *La Voz de Galicia*, 'Ourense', 24 abril 2004, p. L9.

Fai referencia ao Congreso que sobre Xaquín Lorenzo se está a celebrar estes días na cidade de Ourense e indica que no día de onte interveu Manuel Caamaño, quen falou do

traballo etnográfico e arqueolóxico do autor; resume a exposición deste relator e anuncia as conferencias que, dentro do congreso, están previstas para o día de hoxe.

García, Xosé Lois, 'As letras galegas e Lorenzo Varela', *Galicia Hoxe*, 'Ecos de Berenguela', 13 xullo 2004, p. 4.

Primeiro critícase a decisión da RAG de dedicarlle o día das letras galegas a Lorenzo Varela porque ten máis obra en castelán que en galego. Alude tamén a que esta polémica xa ocorrera cando se lle dedicara a Murguía. Logo comenta o compromiso coa terra que se pode ver nos seus poemas en galego, de aí que Lorenzo Varela merece ser homenaxeado.

Gestoso Álvarez, Maruxa, 'As raíces dun pobo', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 84, 'Letras Galegas, 2004', 20 maio 2004, p. II.

Céntrase na figura de Xaquín Lorenzo, de quen salienta o seu labor como arqueólogo e etnógrafo, aspecto importante, asegura, para a recuperación da nosa cultura popular. Subliña que foi herdeiro da Xeración Nós e que participou no Seminario de Estudos Galegos, no que, indica, entrou cun traballo sobre o carro, recordando en palabras do propio Xocas a orixe deste estudo e o asesoramento do seu mestre Florentino Cuevillas. Logo, tras referirse a súa relación con distintos museos galegos, destaca o volume II da *Historia de Galicia* de Otero, sinalando a estrutura do mesmo e a gratitude de Xocas aos seus informadores. Así mesmo, pon de relevo que o ourensán reivindicou o uso do galego e recolleu literatura popular como cantigas ou refráns.

Gómez, Joel, 'Un estudio resalta la relación de 'Xocas' con Santiago', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 18 xaneiro 2004, p. L10.

Clodio González Pérez, en *Xaquín Lorenzo Fernández 'Xocas' 1907-1989. Unha vida dedicada a nosa cultura,* salienta que o feito de que Xaquín tivo que finalizar os seus estudos universitarios en Zaragoza. Tamén afirma que Santiago e Ourense foron as cidades máis importantes para Xaquín. Menciónase o seu cargo de presidente do primeiro padroado do Museo do Pobo Galego e a súa participación no Seminario de Estudos Galegos.

Grandal, Laura, 'Todo un ano para redescubrir a Xaquín Lourenzo', *La Región*, 'Cultura', 9 xaneiro 2004, p. 59.

Subliña a elección do homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2004 pola Real Academia Galega e a posterior ratificación mediante decreto pola Xunta de Galicia. Sinala que será Xaquín Lorenzo a quen dende principios do dito ano se lle dedicarán estudos, congresos, actividades diversas en colexios e bibliotecas, etc. Ademais, apunta que a Xunta de Galicia sacará unha imaxe conmemorativa de Xocas. Por outro lado, resume nunhas liñas a biografía do ourensán, do que destaca a súa tarefa como arqueólogo e etnógrafo. Asemade, pon de manifesto que tan egrexia figura da nosa cultura se pode encadrar na

escola do galeguismo culturalista.

Grandal, Laura, 'Música coral para Xaquín Lorenzo', *La Región*, 'Cultura', 7 marzo 2004, p. 75.

Diferentes entidades súmanse á homenaxe a Xaquín Lorenzo. A asociación Foula Cultural programou un festival de corais. Logo menciona as corais que participan no evento, a canción que interpretarán e quen colabora. Despois dise que se formará un taller de baile para os que queiran aprender a bailar 'A redonda de Lobeira' (é a canción tradicional que se vai interpretar). Finalmente menciona a publicación dun libro sobre a vida e obra de Xaquín Lorenzo de Xosé Manuel González Reboredo.

Grandal, Laura, 'Xaquín Lorenzo y su dimensión religiosa', *La Región*, 'Libro', 3 abril 2004, p. 59.

Co motivo de que o Día das Letras Galegas se dedique a Xaquín Lorenzo, Enrique Bande en homenaxe escribe un libro, Xaquín Lorenzo "Xocas", onde non só o recorda como etnógrafo senón tamén na súa relixiosidade que se explica en poucas liñas. Tamén se comenta que Bande realizou este labor de investigación partindo dos artigos da prensa. Finalmente dise que a súa relixiosidade estará presente no Congreso de Chamoso Lamas.

Grandal, Laura, 'Os escolares imitan ó mestre 'Xocas', *La Región*, 'Cultura', 16 abril 2004, p. 67.

Dáse conta das actividades que se están a levar a cabo no colexio Cardenal Cisneros de Ourense onde foi mestre o homenaxeado co Día das Letras Galegas, Xaquín Lorenzo. Infórmase que os estudantes están a realizar unha exposición que deron en denominar "Museo Etnográfico Escolar" e no que achegaron carros, colchas antigas, apeiros e outras pezas empregadas hai anos na zona.

Grandal, Laura, 'Xocas': o galeguista que non sabía ser político', *La Región*, 'Cultura', 23 abril 2004, p. 75.

O presidente da RAG, Xosé Ramón Barreiro, protagonizou a primeira comunicación do congreso sobre Xaquín Lorenzo. Destacou o galeguismo de Xocas mais carecía de ideas políticas, aínda que militou no Partido Galeguista. Finalmente Barreiro 'fixo un alegato en favor da defensa de Galicia'.

Grandal, Laura, 'A cultura galega inmortaliza ó intelectual artesán que 'garda a súa obra no corazón da patria', *La Región*, 'Ourense', 18 maio 2004, p. 6.

Céntrase nas conmemoracións do Día das Letras Galegas en Ourense en homenaxe a

Xaquín Lorenzo. Principia referíndose á exposición de carros inaugurada por membros da Real Academia, que, subliña, recibiron no concello a edición dunha obra de Xocas. Logo, dá conta do acto institucional da Academia no paraninfo do Instituto Otero Pedrayo, salientando que Xosé Ramón Barreiro puxo énfase no traballo na sombra do ourensán e gabou o seu amor por Galicia. Asemade, afirma que Manuel González e Xosé Manuel González destacaron o eido anovador de estudo de Xocas. Por último, tras mencionar os discursos dos representantes políticos, subliña a emoción de Pablo Sánchez Ferro á hora de falar do ilustre etnógrafo.

I.M., 'As librarías tamén seguirán o exemplo', *La Opinión*, 'Cultura', 21 marzo 2004, p. 61.

Non só as editoriais e institucións van conmemorar a Día das Letras Galegas senón tamén as librerías, facendo visíbeis as publicacións que saian acerca de Xaquín Lorenzo.

I.M., 'Unha traxectoria moi vinculada a Galicia', *La Opinión*, 'Cultura', 21 marzo 2004, p. 61.

Repaso da vida de Xaquín Lorenzo.

Iglesias Diéguez, Alfredo, 'Xocas: a memoria dun pobo', *Galicia Hoxe*, 'Descubrir', 12 maio 2004, p. 4.

Repásanse algúns feitos senlleiros que tiveron lugar a principios do século vinte e que influíron na personalidade e traxectoria de Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas". Destácase a fundación do Seminario de Estudos Galegos no ano 1923 no que se formaron distintas seccións entre elas a de Etnografía dirixida por Risco e a de Prehistoria por Cuevillas, o artífice de que Xocas ingresara nesta institución no ano 1926. Incídese en que foi o autor do maior legado etnográfico do século vinte dedicado a Galicia *Etnografía. Cultura material* (1962), que constitúe o segundo volume da obra *Historia de Galiza* dirixida por Otero Pedrayo. Para finalizar engádese que no ano 1976 constituíu o Museo do Pobo Galego do que foi o primeiro presidente até a súa morte en 1989.

Iglesias, Manuela, 'Rairiz: homenaje a Xocas', *La Región*, 'Especial Mancomunidad de A Limia', 9 maio 2004, p. 47.

Faise referencia ás celebracións que levan a cabo no Colexio Público Antonio Vázquez de Rairiz de Veiga durante a semana na que se conmemora o Día das Letras Galegas. Segue mencionando o traballo do centro onde os escolantes terán a oportunidade de coñecer a figura de Xaquín Lorenzo, farán xoguetes tradicionais coas súas mans e representarán a obra teatral *Os cravos de Prata*.

Iglesias, Manuela, 'Libros con descuento', *La Región*, 'Especial Manconunidad de A Limia', 9 maio 2004, p. 42.

Noticia na que se dá conta das actividades organizadas no Concello de Xinzo da Limia para celebrar o Día das Letras Galegas. Destácase que o 17 de maio na Praza Maior da vila poderanse comprar libros cun vinte por cento de desconto, pero tamén organizarase o "V Certame Letras Galegas de Relato Curto" no que participarán os centros da zona.

L.R., 'A Universidade de A Coruña homenaxea a Xoaquín Lorenzo', *Atlántico Diario*, 'Sociedad', 10 maio 2004, p. 52.

Breve noticia na que se informa dos actos que levará a cabo a Universidade de A Coruña para festexar o Día das Letras Galegas. Destácase a conferencia do historiador Marcos Valcárcel "No fío da memoria: unha achega á obra e personalidade de son Xoaquín Lorenzo" e a actuación de Uxía Senlle e Guadi Galego que interpretarán pezas tradicionais galegas.

L.R., 'Os ex alumnos de 'Xocas' destacan o respecto a Galicia como a maior herdanza do profesor', *La Región*, 'Ourense', 12 maio 2004, p. 8.

Fai referencia sucintamente a un faladoiro no Campus ourensán, realizado por alumnos de Xaquín Lorenzo na que, salienta, se debateu sobre a figura de Xocas, principalmente, sobre a súa faceta de profesor e de investigador. Apunta que nesta participaron Xulio Fernández, Xosé Lois Vázquez, Arturo Fernández e María Quintáns. Subliña que esta última subliñou que o seu antigo mestre estimulou aos seus alumnos a "recuperar tradicións e material etnográfico".

L.R., 'Máis de 30 propostas culturais espallan o Día das Letras en Ourense, según o programa oficial', *La Región*, 'Ourense', 13 maio 2004, p. 8.

Subliña a grande variedade de actividades culturais que se realizaron todo o ano como homenaxe a Xocas. Logo, céntrase nos actos programados en Ourense a semana das letras galegas, salientando os do día 17 cando se contará, indica, coa presenza da Real Academia Galega.

L.R., 'O carro de 'Xocas' viaxe nun sobre', *La Región*, 'Ourense', 15 maio 2004, p. 10.

Indica que a Sociedade Filatélica e Numismática "Miño" sacou ao mercado cincocentos sobres e un cuño para homenaxear a Xocas. Asemade, salienta a relación do ourensán con esta entidade. Por outra parte, sinala que tamén realizaron unha colección con documentos doutros ourensáns homenaxeados o Día das Letras Galegas.

L.R., 'Viaxe no tempo a cabalo de cantarelas', *La Región*, 'Ourense', 16 maio 2004, p. 10.

Apunta, entre outros aspectos, que no festival de corais organizado pola Asociación Cultural Foula, o grupo vocal Foula interpretou a muiñeira "A Redonda de Lobeira", que, salienta, foi recuperada por Xocas. Ademais, dá noticia do desenvolvemento deste evento.

L.R., 'Xocas: unha herdanza de futuro', *La Región*, 'Ourense', 16 maio 2004, p. 11.

Salienta a teima de Xaquín Lorenzo de deixar o seu legado ás xeracións vindeiras, así como a "conciencia no relativo á conservación do patrimonio cultural galego". Sinala que a súa herdanza se repartiu entre varios museos e fundacións galegas, especificando datos sobre isto. Apunta que esta se compón de material moi diverso, dende libros, traballos de investigación ata fotografías.

L.R., 'A visita da Real Academia e as homenaxes a Xocas convirten Ourense na cidade das Letras', *La Región*, 'Ourense', 17 maio 2004, p. 3.

Anuncia os diversos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas na cidade de Ourense, citando, entre estes, a visita da Real Academia Galega, unha exposición de carros ou a interpretación do himno galego pola coral Ruada. Así mesmo, alégrase de que se celebre esta festividade noutros lugares con actos diversos, como xornadas literarias ou música, destacando que o obxectivo disto sexa a defensa e promoción da nosa cultura.

L.R., 'Xocas: a memoria da Xeración Nós', *La Región*, 'Ourense', 17 maio 2004, p. 4.

Pon de relevo o carácter xeneroso de Xocas e a súa entrega á cultura galega. Así mesmo, recolle o testemuño máis salientábel de varias persoas sobre este, a cales interviñeron no programa de Telemiño "Ourense actual". Así, sinala que Rosa Casado do Ateneo de Ourense o encadra na Xeración Nós e destaca o seu papel a prol da cultura galega. Indica que Lino Vázquez Monxardín sinalou que para publicar se o tiña que facer en castelán facíao. E de Lalo Pavón di que puxo de manifesto a personalidade discreta de Xocas e a súa admiración polos seus mestres da Xeración Nós, na que, afirma, permaneceu nun segundo plano.

Lázare, Benigno, 'Más de mil escolares protagonizaron el acto central del Día das Letras Galegas', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 18 maio 2004, p. L5.

Realízase un repaso polos actos celebrados co gallo do Día das Letras Galegas nalgunhas vilas lucenses e na propia capital. Nesta dise que se levou a cabo unha sesión de baile e música protagonizada por diferentes centros educativos de Lugo e que contou cun posto de venda de libros nos soportais da Praza Maior. Así mesmo, refírense aos desenvoltos en Guntín, no mosteiro de Ferreira de Pallares e aos de Monteroso, onde tamén tivo lugar unha ofrenda floral ao poeta Lourenzo Varela, no cemiterio da parroquia de Fufín, onde está

enterrado. En columna á parte, infórmase que, ao abeiro do Día Internacional dos Museos, o da capital lucense e mais o de San Paio de Narla (Friol) agasallaron aos seus visitantes cun libro sobre literatura oral, no que se recollen cento sesenta e oito contos, medio centenar de lendas, coplas, poemas orais, oracións, adiviñanzas..., que se recolleron na zona de Friol.

Lombardero, Xabier, 'París ben vale unha oda no Cairón', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 3 setembro 2004, p. L14.

Descríbese o acto que se levou a cabo na capital de Francia ao longo do 24 e o 25 de agosto, co gallo do sesaxésimo centenario da liberación nazi. Dise que a el asistiron varios membros dos ateneos republicanos españois, entre eles varios lucenses, como Andrés Páramo, que achegaron unha edición do poema "Ofrenda a los franceses" que escribira Lorenzo Varela en 1944 para celebrar a devandita liberación e que fora publicada nun número monográfico de *Correo Literario*. Engádese que esta edición foi publicada por Ateneo Republicano de Galicia e prologada por Alonso Montero.

M.A., 'Os compañeiros de 'Xocas' compilan os seus recordos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 xaneiro 2004, p. 44.

Apunta que no colexio Cardenal Cisneros de Ourense se está a reunir diverso material sobre o seu antigo director, Xaquín Lorenzo. Recolle, así mesmo, o testemuño da súa ex secretaria, América López, quen, subliña, destacou a discreción e xenerosidade de Xocas. Tamén sinala que esta salientou o afán do etnógrafo por recoller todo o relacionado coa cultura popular, pondo por exemplo que el e mais os seus alumnos recuperaron bastantes cantigas de Limia Baixa. Remata achegando a opinión da directora do colexio, María Quintas, quen, afirma, dá importancia ao labor de compilación que están facendo para dar a coñecer mellor ao ourensán.

M.I., 'En gallego todo el año', *La Región*, 'Especial Mancomunidad de A Limia', 9 maio 2004, p. 42.

Dáse conta que o Instituto de Ensinanza Secundaria Lagoa de Antela de Xinzo de Limia está a realizar diversas actividades con motivo do Día das Letras Galegas que este ano ten como homenaxeado a Xaquín Lorenzo. Fálase de que o alumnado do centro é maioritariamente galegofalante polo que os actos realizados a favor do idioma están presentes todo o ano, pero que se acrecentan no mes de maio. Destácase a proxección ao alumnado do documental *O carro e o home*.

M.P., 'A RAG homenaxea a Xocas polo seu 'humilde' traballo por Galicia', *La Opinión*, 'Cultura', 18 maio 2004, p. 43.

Informa brevemente de diversos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas. Así,

sinala que o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, destacou en Ourense a paixón de Xaquín Lorenzo pola súa terra que, di, deu como froito os seus valiosos traballos etnográficos. Apunta que no Museo do Pobo Galego houbo unha ofrenda floral e tamén aquí se loou a figura do egrexio profesor. Fai referencia, asemade, ao nomeamento de fillo predilecto en Lobeira e á romaría etnográfica "Raigame" celebrada en Celanova. Por outra banda, salienta a reivindicación lingüística da Mesa pola Normalización Lingüística.

MARÉ, 'Á memoria do Xocas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 xaneiro 2004, p. 49.

Informa de que a Xunta de Galicia declara por medio dun decreto que o 2004 se lle dedicará o Día das Letras Galegas a Xoaquín Lorenzo, de quen pon de relevo o seu papel de investigador no campo da etnografía. Subliña que no devandito documento se indica que as institucións públicas divulgarán a vida e obra desta ourensán. Ademais, afirma que a Xunta de Galicia sacará unha imaxe conmemorativa. Por outro lado, recolle brevemente algúns datos biográficos do homenaxeado, entre eles, a súa relación coa "vella escola do galeguismo cultural" e a súa colaboración co Grupo Nós e o Grupo Macías.

MARÉ, 'Descubrir a Xocas', *Galicia Hoxe*, 16 xaneiro 2004, p. 49.

Dise que a primeira produción editorial sobre a figura de Xaquín Lorenzo é *Xaquín Lorenzo Fernández 'Xocas' (1907-1989). Unha vida dedicada á nosa cultura* de Clodio González Pérez.

MARÉ, 'Xocas', a aventura do saber', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 febreiro 2004, p. 51.

Fálase da presentación sobre o primeiro libro sobre a biografía de Xaquín Lorenzo, *Xaquín Lorenzo Fernández 'Xocas' (1907-1989). Unha vida dedicada á nosa cultura* de Clodio González Pérez. No libro faise un percorrido pola súa vida e obra.

MARÉ, 'A Galicia irredenta', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 abril 2004, p. 53.

Primeiro dise que a asociación cultural Fala Ceibe do Bierzo organiza os actos do día das letras galegas na comarca. Logo comenta a programación de ditos actos.

MARÉ, 'Destacan a 'sinxela relixiosidade' de Xocas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 abril 2004, p. 48.

Enrique Bande destaca a relixiosidade de Xaquín Lorenzo, ademais do galeguismo, en *Xaquín Lorenzo Xocas*.

MARÉ, 'As imaxes de Xocas', *Galicia Hoxe*, 'Maré Hoxe', 25 abril 2004, p. 60.

Anúnciase a inauguración da mostra 'O carro do home' para amosar a faceta cinematográfica de Xaquín Lorenzo. A mostra é unha homenaxe que o sector da imaxe lle rende a Xocas. A exposición presenta fotografías e a proxección de documentais de Xaquín Lorenzo. Finalmente explícase como se organizou dita mostra.

MARÉ, 'Arrinca a festa das Letras', *Galicia Hoxe*, 'Maré Hoxe', 10 maio 2004, p. 43.

Destaca que a semana das letras galegas está a punto de comezar con actividades de todo tipo na honra de Xaquín Lorenzo, entre as que destaca a sesión extraordinaria da Real Academia en Ourense. Por outro lado, subliña algúns datos da traxectoria vital do etnógrafo ourensán. Salienta a súa colaboración co Grupo Nós e a súa pertenza ao partido galeguista. Asemade, recorda que dedicou a maior parte da súa vida á docencia, ao tempo que realizaba debuxos de "gran valor documental".

MARÉ, '24 horas de lectura en Ribadavia para Xocas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 maio 2004, p. 50.

Anuncia a IV edición de "24 horas de lectura" no concello de Ribadavia para conmemorar o Día das Letras Galegas. Dá a coñecer os horarios e lugar da lectura, salientando que os organizadores teñen boas expectativas en canto á participación.

MARÉ, 'Un pobo, unha escrita, unha fala', *Galicia Hoxe*, 'Maré Hoxe', 17 maio 2004, p. 58.

Apunta algúns actos previstos para a xornada das Letras Galegas, entre eles, a realización da sesión plenaria da Real Academia Galega en Ourense ou a rota cultural que na Coruña se fará polos lugares relacionados con persoeiros da literatura galega. Sinala, ademais, que as editoriais publicaran bastante sobre Xocas e que a Xunta de Galicia distribuíu material didáctico nos colexios. Por outra banda, resalta algúns aspectos da traxectoria vital do homenaxeado, como a súa faceta de investigador no terreo da etnografía ou a súa vinculación ao Grupo Nós e ao Seminario de Estudos Galegos. Por último, alude á orixe do Día das Letras Galegas.

MARÉ, 'Alma de galeguidade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 maio 2004, p. 50.

Alude aos actos centrais da Real Academia Galega o Día das Letras Galegas en Ourense. Céntrase, principalmente, nos discursos que os membros desta ilustre institución pronunciaron na sesión extraordinaria en homenaxe a Xocas. Indica, así, que Xosé Ramón Barreiro apuntou que o ourensán non foi "un teórico do galeguismo" pero si demostrou a súa querenza pola terra galega. Ademais, di que sinalou que Ourense deu ilustres nomes á nosa cultura, algúns dos cales, como Otero Pedrayo ou Vicente Risco, foron os mestres de

Xaquín Lorenzo. Indica que tamén afirmou que se pode considerar símbolo do legado da Xeración Nós, mais el nunca fixo ostentación disto. Tamén alude brevemente ás palabras doutros académicos como Francisco Ogando Vázquez, quen, subliña, puxo de manifesto que Xocas só errou cando non se guiou por Ferro Couselo.

MARÉ, 'Máis alá das Letras', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 maio 2004, p. 48.

Refírese á inauguración de exposición "Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989).Vida e obra" no Museo do Pobo Galego. Sinala que colaboran nesta o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense e o Museo Etnolóxico de Ribadavia, salientando a relación de Xocas con estas entidades. Asemade, tras recoller as palabras do representante da Xunta de Galicia, indica que na mostra se ve reflectido o ambiente familiar do ourensán, a súa participación no Seminario de Estudos Galegos ou a súa investigación etnográfica.

Mariño, Isabel, 'Xocas' renace nas imprentas', *La Opinión*, 'Cultura', 21 marzo 2004, p. 61.

Coméntase cales son as primeiras biografías publicadas sobre Xaquín Lorenzo e adiántase cales van ser as seguintes. Tamén está previsto a publicación dalgunhas obras de Xocas.

Martínez Bouzas, Francisco, '17 de maio: de Día das Letras Galegas a unha ponte festeira', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 17 maio 2004, p. 1.

Tras lembrar o espírito co que naceu a celebración do Día das Letras Galegas, fai unha crítica sobre o significado que ten hoxe, salientando que se converteu nunha "encomenda ritual", nun día de lecer ou nun día comercial. Lamenta que non se coñeza ao homenaxeado e que dentro dun tempo nin se recorde que del foron as Letras Galegas de 2004. Asemade, quéixase de que se tranquilicen as conciencias festexando a nosa cultura un día só ao ano e reflexiona sobre a mala situación do galego, destacando que xa Cunqueiro advertira que lingua era o que facía que sobreviviramos como pobo.

Martínez, Ana, 'O Día das Letras Galegas rinde homenaxe á defensa da lingua dende os trovadores ata a actualidade', *ABC*, *'Letras Gallegas'*, 17 maio 2004, p. 14.

Lembra a orixe e obxectivos do Día das Letras Galegas, e comenta os criterios e procedementos que segue a Real Academia Galega para elixir ao homenaxeado. Recolle tamén as palabras do secretario desta institución, Manuel González, que, di, destaca o achegamento da Academia ao pobo por medio de diversos actos ese día. Apunta que tamén as entidades culturais privadas se afixeron a celebrar a homenaxe con actividades de seu. Por outro lado, alude á desconformidade coas eleccións da Real Academia ás veces e á busca de candidatos alternativos. Asemade, pon de manifesto que en Vilalba se creara o Día das Letras Chairegas para homenaxear a xente de alí.

Méixome, Carlos, 'Krüger e Tobío falan de X. LOURENZO', *A Nosa Terra*, nº 1.118, 'Fin de Semana', 26 febreiro 2004, p. 32.

Primeiro fala da relación entre Lois Tobío e Xaquín Lorenzo. Logo dísenos quen é Fritz Krüger, un romanista que se interesou polos traballos de Risco e Xaquín Lorenzo. Logo móstranse tres cartas de Krüger a Tobío e as contestacións deste. Das dúas primeiras dísenos cal foi a resposta pero non se nos transmite literalmente.

Méndez Ferrín, X.L., 'Rúa da Paz', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, 20 maio 2004, pp. 6-7.

Fai un repaso polas rúas de Ourense, lembrando os espazos compartidos con Xaquín Lorenzo. Párase, sobre todo, na rúa da Paz, onde viviu Xocas e, tamén, Otero Pedrayo e Vicente Risco.

Neira, Henrique, 'Un Día das Letras en París/Vivir un Día das Letras en París', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Hoy', 21 maio 2004, p. 48/75.

Fai referencia á celebración do Día das Letras Galegas no centro galego A Nosa Casa de Galicia en París. Alude ás distintas actividades que abarcan dende concertos musicais ata conferencias, entre as que destaca a de Lorena Lobeiras Seijo sobre Xocas. Sinala que esta falou da biografía do mestre ourensán, salientando o seu labor cultural. Por outro lado, ofrece algúns datos da organización da entidade encargada dos festexos.

Noguerol, Jaime, 'Xocas iluminó nuestras almas a la deriva', *La Región*, 'Ciudad', 22 febreiro 2004, p. 19.

Lembra parte da vida de Xaquín Lorenzo, sobre todo a súa estadía como mestre no Colexio Cardeal Cisneros, da que se contan algunhas anécdotas.

Noia, S. e López, A. R., 'O Xocas experimentador', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 514, 13 maio 2004, pp. 1-12.

Achegan unha monografía sobre Xoaquín Lorenzo na que se aborda a súa faceta de debuxante. Esta contén varios debuxos, entre eles, un titulado "Radiografía de Cuevillas, ou unhas caricaturas de Vicente Risco e Castelao. Así mesmo, recolle un poema manuscrito inédito de Xocas e outra composición deste e doutros asinantes, entre eles, Xesús Ferro Couselo, na que en cinco linguas lamentan a ausencia por enfermidade de Florentino Cuevillas en clave humorística. Por outro lado, colabora neste traballo A. Vázquez Monxardín, do cal se describe o artigo de seguido:

-A. Vázquez Monxardín, "Don Xoaquín. Debuxante humorístico", pp. 3-4.
Céntrase na vertente de debuxante de Xocas, lembrando que aprendeu esta do seu pai aínda

que logo mellorou a súa técnica en entidades como a Escola de Oficios da Deputación de Ourense. Logo, alude ás mostras conservadas de debuxos humorísticos, entre estes cita dúas caricaturas de Castelao e Filgueira Valverde do ano 1935, as cales, subliña, están recollidas xunto ao "Romance dunha fatal ocasión" de Xosé Fernando Filgueira Valverde. Tamén fai referencia a unha historia de oito debuxos do 1935 que Xocas lle envía a Cuevillas estando este enfermo de reuma. Máis tarde, no 1948, apunta que tamén lle dedica outro debuxo cun texto, xunto con outros amigos, no que, di, "se ve o corpo de Cuevillas inzado de restos arqueolóxicos", pondo as partes do corpo en galego, vasco, castelán, catalán e latín e sobresaíndo unha final "sutileza para iniciados na cultura popular".

Noia, S. e López, A. R., 'Outro mundo é posible? Letras galegas', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, 20 maio 2004, pp. 3-5.

Faise eco do debate que hai entorno á revitalización do Día das Letras Galegas, recollendo a opinión de ilustres nomes do mundo cultural galego. Principia indicando que Fabiola Sotelo subliña que un número importante de representantes da cultura están de acordo en que o Día das Letras Galegas sexa lectivo. Apunta, logo, que Xosé Ramón Barreiro anima aos colectivos sociais a celebrar esta festividade. Afirma que Manuel Bragado, de Xerais, quéixase de que se converteu nun día moi litúrxico e ve a necesidade dunha transformación que inclúa o poder homenaxear a autores vivos ou que, por exemplo, sexa un día laborábel. Para Helena González, profesora da Universidade de Barcelona, di que nesta data non debe homenaxearse a un só autor e indica que para a profesora Dolores Vilavedra é vital recuperar o espírito reivindicativo dun día que, salienta, "debería ser o Día do Idioma Galego". Por outro lado, pon de manifesto que Anxo Louzao, responsábel da CIG-Ensino, pide que se debe traballar a prol idioma e a cultura todo o ano. Ademais, recorda en palabras de Francisco Fernández del Riego os criterios que levaron á creación desta festividade e os obxectivos formulados nun principio. Tamén recorda como se celebrou o primeiro Día das Letras Galegas en honra de Rosalía de Castro. Por último, recolle o parecer do poeta Miguel Anxo Fernán-VelloVello quen, asegura, o feito de que este sexa un día lectivo fai que a sociedade non participe e suxire trasladar este festivo ao 18 de agosto, Día da Galiza Mártir.

Pardo, M., 'De casa en casa por Xocas', *La Opinión*, 'Cultura', 18 maio 2004, p. 42.

Recorda sucintamente o percorrido realizado pola Asociación de Veciños da Cidade Vella da Coruña polas casas de egrexios escritores galegos para festexar o Día das Letras Galegas. Comenta que neses lugares nomes relevantes da nosa cultura pronunciaron unhas palabras sobre esas figuras. Así, indica que, entre outros, Santiago Jaureguizar falou de Vasco da Ponte, Xurxo Souto de José Cornide, ou Pilar Pallarés de Francisca Herrera. Tamén, subliña que Xosé María Álvarez Cáccamo lembrou a González Garcés, de quen, di, salientou a amizade con Avilés de Taramancos e Urbano Lugrís.

Pérez, Luz, 'Beluso celebra una nueva edición de la 'Romería das Letras', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 18 maio 2004, p. 69.

Alude á "Romería das Letras"de Beluso, organizada polo concello e a Asociación O Progreso. Refírese ás numerosas actividades conmemorativas, que, subliña van dende música ata xogos tradicionais. Sinala, ademais, que se leu un pregón no que se defendeu o galego.

Pérez, P., 'Un galeguista unido ao folclore', *La Opinión*, 'La Gran Coruña', 16 maio 2004, p. 16.

Dá unhas cantas pinceladas biográficas sobre Xaquín Lorenzo. Destaca a importancia de vivir a camiño entre a vila de Lobeira e a cidade de Ourense, que lle proporciona o coñecemento da tradición rural e a relación con Risco, Cuevillas e Otero Pedrayo. Así mesmo, salienta a súa paixón pola etnografía, destacando que esta o levou a participar no Seminario de Estudos Galegos. Tamén o relaciona coa Irmandade Galeguista, a revista Nós e o Museo do Pobo Galego.

Pérez, Patricia, 'Unha celebración con boa letra', *La Opinión*, 'La Gran Coruña', 16 maio 2004, p. 16.

Comenta a axenda cultural de actividades coa que a cidade da Coruña e os concellos veciños festexan as Letras Galegas. Subliña a variedade de actos, destacando numerosos festivais de música e baile, exposicións, proxeccións cinematográficas, etc.
Entre estes, alude á inauguración da VIII Feira do libro de Culleredo, ao reparto dun libro sobre "Xocas" de A Nosa Terra en Oleiros ou unha exposición didáctica en homenaxe ao ourensán en Cambre.

Picallo Fuentes, Héitor, 'Os lavadoiros', *Diario de Pontevedra*, *'Revista!'*, 'Reportaje', 16 maio 2004, p. 6.

Fixa a atención nas achegas que Xocas realizou na súa "Etnografía, cultura material" aos lavadoiros galegos e alude a algunhas destas construcións. Asemade, realiza unha defensa destas e critica que se fagan desaparecer.

Pinacho, Antonio, 'Pinceladas por 'Xocas', *Faro de Vigo*, 'Louriña/Área Metropolitana', 29 abril 2004, p. 18.

Faise referencia á iniciativa que o instituto Ribeira do Louro de Torneiros levaron a cabo para festexar o Día das Letras Galegas que este ano ten como homenaxeado a Xaquín Lorenzo "Xocas". Dáse conta de que máis de douscentos estudantes pintaron carteis que pasearon polas rúas da súa vila até o Centro Cultural de Porriño onde permanecerán durante todo o mes de maio.

Pino, Concha, 'Unha mostra sobre Xoaquín Lorenzo rescta a vía frustrada do cine galego', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 27 abril 2004, p. L9.

Infórmase da homenaxe que o Museo do Pobo Galego ten preparada á figura de Xaquín Lorenzo con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Lémbrase que foi etnógrafo, pero tamén o fundador e o director do museo ata a súa morte en 1989. Destácase que a mostra ten como punto de referencia a proxección do documental *O carro e o home* gravado no ano 1940 en Lobeira. Esta vez cóntase coa cinta primixenia sen sonorizar que se atopaba perdida até hai pouco e que levaba o título de *El hombre y el carro*. Xocas quedara cunha desas copias mudas e no ano 1980 Eloy Lozano sonorizouna cunha locución de Xaquín Lorenzo que lle deu maior forza.

Pino, Concha, 'Unha exposición sobre Xocas documenta o primeiro cine galego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 abril 2004, p. 50.

Refírese á exposición que se inaugura no Museo do Pobo Galego ao redor da figura de Xaquín Lorenzo (Ourense, 1907-1989) e que leva por título *O carro e o home: O cine de Antonio Román e Xaquín Lorenzo*. Destácase o documental realizado por ambos no ano 1940 e que conta con dúas versións unha descoñecida até hai pouco tempo e outra que tiña Xocas e que no ano 1980 Eloy Lozano sonorizou coa súa axuda.

Pino, Concha, 'Unha mostra ilustra como eran os xoguetes populares galegos', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 9 maio 2004, p. L8.

Anuncia a inauguración dunha exposición de xoguetes populares do século XIX e da primeira metade do XX no Museo do Pobo Galego en homenaxe a Xaquín Lorenzo. Asegura que Xocas foi un dos primeiros en achegarse a estes no seu artigo "Enredos", publicado na Revista *Dialectología y tradiciones populares*.

Pino, Concha, 'Unha exposición rende homenaxe á dedicación de Xocas a Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 maio 2004, p. 47.

Informa da inauguración da exposición "Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989).Vida e obra" no Museo do Pobo Galego, ao cal vencella ao etnógrafo ourensán. Alude ás características desta mostra que, di, será itinerante. Asemade, ofrece algúns datos biográficos de Xocas e destaca a súa relevancia para a recuperación da cultura popular galega. Ademais, indica que Ourense foi o centro dos seus traballos etnográficos que, asegura, serán reunidos en tres volumes polo Museo do Pobo Galego.

R.S., 'Recrean o método de investigación de 'Xocas'', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 abril 2004, p. 45.

Os alumnos do Colexio Cardeal Cisneros reúnen material etnográfico para estudalo

seguindo o método de Xaquín Lorenzo.

R.T, 'Amigos, expertos e discípulos dan a coñecer o mestre 'Xocas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 abril 2004, p. 53.

Anúnciase o Congreso que terá Lugar en Ourense para coñecer a figura de Xaquín Lorenzo.

Reboiro, X.A., 'Tres olladas da vida de Xaquín Lorenzo', *La Región*, 'Cultura', 7 xullo 2004, p. 59.

Dá conta da xuntanza que realizaron tres institucións galegas, o Museo do Pobo Galego, o Museo Arqueolóxico Galego e o Museo Etnolóxico de Ribadavia, para organizar unha exposición sobre Xaquín Lourenzo na que fan referencia á traxectoria vital e investigadora do homenaxeado no Día das Letras Galegas. Indica que a inauguración desta exposición tivo lugar onte, cita algúns dos persoeiros que asistiron a este acto e transcribe as declaracións dos organizadores.

Rodríguez, A., '¡Que pena que non estea!', *La Región*, 'Ourense', 18 maio 2004, p. 7.

Fai mención aos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas en Lobeira, terra na que naceu Xocas. Sinala que se lle entregou o título de fillo predilecto desta vila a unha curmá súa e, ademais, dedicóuselle unha rúa. Logo, tras aludir ás autoridades asistentes, comenta que no colexio tamén se inaugurou unha exposición sobre o etnógrafo con conferencias.

Rodríguez, Adriana, 'As pegadas de Xaquín Lorenzo, 'Xocas', no Barbanza', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 2 maio 2004, p. 27.

María Luisa López organiza unha mostra de aparellos de labranza de moitos oficios típicos galegos (os cales se citan) en homenaxe a Xaquín Lorenzo. Tamén se menciona a faceta artesá se Xocas, que construía pequenos aparellos de calquera oficio.

Ruibal, Euloxio R., 'Gracias Xocas', *Diario de Pontevedra*, *'Revista!'*, 'Perfil', 16 maio 2004, p. 23.

Realiza unha aproximación á biografía de Xoaquín Lorenzo. Salienta a influencia da súa terra natal nas ansias de estudar o universo cultural galego. Asemade, pon de manifesto a pegada de Vicente Risco ou de Otero Pedrayo, que, apunta, o achegan ao Grupo Nós e ao Seminario de estudos Galegos. Lembra, tamén, a amizade "decisiva" con Florentino López Cuevillas, destacando que traballaron moito xuntos. Indica que pasado o tempo Xocas procurou "manter o espírito dos seus mestres" transmitíndollelo aos máis novos. Por outro lado, entre moitos outros aspectos da súa traxectoria vital, subliña que publicou numerosos traballos de etnografía, historia… e viu como en 1962 saía na *Historia de Galicia* de Otero

Pedrayo a súa "Etnografía, cultura material". Por todo, dálle as grazas.

Salgado, Fernando, 'Julita Álvarez, a musa lucense de Lorenzo Varela', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 31 outubro 2004, pp. L6-L7.

Ao longo destas dúas páxinas o xornalista e escritor Fernando Salgado relata o encontro que tivo con Julita Álvarez, unha fonsagradina, agora afincada en Palas de Rei, que foi moza de Lorenzo Varela. Salgado, estudoso da obra e da biografía do poeta monterrosino; así vai narrando os avatares e circunstancias socio-políticas que propiciaron, primeiro, o amor entre os dous mozos e, despois, a separación, cando Lorenzo Varela marcha para Madrid e Julita ingresa nun convento por imposición dunha tía súa. Conta que a nova familia que formou Julita Álvarez con Alfredo Mourenza lle tributou unha homenaxe ao poeta na súa tumba. Así mesmo, esta octoxenaria achega un dato -que a mediados do século volveu ver a Lorenzo Varela en Monterroso- que de ser verdade botaría abaixo a tese de Luís Seoane, quen sostiña que o poeta non volvera en vida a Monterroso.

Sierra Rodríguez, Xosé C., 'A parroquia de Velle, no recanto dunha antropoloxía social', *La Voz de Galicia*, 'Xaquín Lorenzo', 13 maio 2004, p. 10.

Pon de relevo o método de estudo etnográfico utilizado por Xaquín Lorenzo, Cuevillas e Fernández Hermida nunha monografía de 1936 sobre a parroquia de Velle, feita para o Seminario de Estudos Galegos. Define o traballo como un "estudo etnohistórico dotado dunha potencialidade antropolóxica inédita daquela". Atende ao contido e insiste na "precisión descritiva" e "agudeza observadora" que, di, fai que sexa unha obra de referencia e innovadora.

Torre, L. de la, 'Os mozos recollen o legado de 'Xocas', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 17 maio 2004, p. 15.

Recolle a opinión sobre Xocas de varios alumnos dos centros de estudos ourensáns Cardenal Cisneros, Liceo de Ourense e Instituto Otero Pedrayo. Asemade, indica que neles os rapaces prepararon mostras etnográficas nas que o carro ocupa un lugar destacado. Sinala, ademais, que unha das alumnas que participou na elaboración destas exposicións, Mónica Quintáns do Liceo de Ourense, foi premiada por un relato curto sobre o carro.

Torre, L. de la, 'O carro toma a rúa da Paz', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 18 maio 2004, p. 31.

Dá noticia da inauguración na rúa da Paz de Ourense dunha exposición de carros, salientando que o carro foi un dos obxectos do rural de moito interese para Xocas. Asemade, cita entre os asistentes a Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, que, apunta, gabou a humildade do etnógrafo e o seu esforzo pola cultura do seu pobo.

Torre, Lorena de la, 'A RAG salienta na homenaxe a 'Xocas' 'o seu gran amor e pasión por Galicia', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 18 maio 2004, p. 30.

Mostra como festexou a Real Academia Galega o Día das Letras Galegas en Ourense. Apunta que Xosé Ramón Barreiro na sesión extraordinaria da institución que preside salientou que Ourense foi o berce dunha "xeración irrepetible", ao tempo que se refire á figura de Xocas como símbolo do legado dos seus mestres, entre eles Vicente Risco e Otero Pedrayo. Así mesmo, di que o académico puxo énfase no labor de Xocas a prol da súa patria. Por outro lado, alude tamén aos discursos doutros académicos, indicando, por exemplo, que Xosé Manuel Reboredo comparou o quefacer do homenaxeado co dun "arqueólogo artesán". Por último, recolle as palabras de Pablo Sánchez Ferro, afillado do etnógrafo, quen, asegura, destacou as calidades humanas do seu padriño.

Torre, Sonia, 'En memoria de Xocas', *La Región*, 'Letras', 17 marzo 2004, p. 67.

As recentes investigacións arqueolóxicas recordan a memoria de Xaquín Lorenzo. Como actividade complementaria realízase un curso sobre as intervencións arqueolóxicas en homenaxe a "Xocas". Finalmente anúnciase o primeiro premio Audiovisual Etnográfico Galego, dedicado a Xaquín Lorenzo.

Torre, Sonia, 'Xurxo Lorenzo dibuja Lobeira en plumillas', *La Región*, 'Cultura', 21 abril 2004, p. 67.

Fálase da exposición que tivo lugar no Museo Municipal en homenaxe aos irmáns Lorenzo (Xurxo e Xaquín). Logo comenta como se organizou a exposición.

V.O., 'Lobeira nomeará 'Fillo Predilecto' ó investigador', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 maio 2004, p. 52.

Informa que a vila natal de Xaquín Lorenzo faralle unha homenaxe a este. Indica, así mesmo, que o concello ten proxectado nomealo fillo predilecto e dedicarlle unha rúa.

Valcárcel, Marcos, 'Don Xaquín, unha vida en imaxes', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 30 xullo 2004, p. 54.

Fálase da publicación da Fotobiografía de Xaquín Lorenzo. No volume inclúense fotos inéditas e algúns dos seus estudos.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Alén, María Pilar, *Breve Historia da Música Galega*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, outubro 2004, 62 pp. (ISBN: 84-96403-16-5).

Achegamento á historia da música galega no que se fai referencia aos distintos momentos da súa evolución: "Idade Media", "Idade Moderna", "Idade Contemporánea" e "Na Contemporaneidade". Dende o punto de vista que interesa a este *Informe* cómpre destacar o primeiro apartado, no que se fai referencia á música das cantigas galego-portuguesas, aos principais trobadores e a outros aspectos musicais importantes neste momento.

Alonso Girgado, Luís; María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña Miranda (editor), *Cadernos Ramón Piñeiro (V): Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades □♦, 2004, 93 pp. (ISBN: 84-453-3830-7).

Nesta nova entrega dos "Cadernos Ramón Piñeiro", en concreto o número cinco, o Centro que leva o nome do ilustre autor de Láncara continúa a súa tarefa de estudo e difusión da obra de Ramón Piñeiro, nesta ocasión poñendo coa edición da correspondencia mantida entre don Ricardo Carballo Calero e mais o autor de *Olladas no futuro.* Son un total de corenta e nove cartas, que van dende a misiva breve a algunhas de maior extensión, nas que se recollen, á maneira de pequena crónica, fitos e anécdotas da vida literaria e cultural de Galicia, premios, edicións de libros, opinións sobre literatura, etc., no período que vai de 1950 a 1977. Destaca tamén a grande amizade e estima que ambos os dous persoeiros se tiñan e que se nos transmite dende cada unha das páxinas que constitúen esta escolma epistolar. Na edición deste material respectáronse en todo momento as escollas ortográficas do autor. O volume vén acompañado dunha introdución do profesor Luís Alonso Girgado, grazas á cal o lector pode achegarse ao período histórico e cultural no que se enmarca esta correspondencia.

Referencias varias:

- Jose Matamoros, 'De Ramón Piñeiro a Cervantes', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 28 outubro 2004, p. L15.

Informa de que o Centro Ramón Piñeiro presentou varias publicacións e que entregou ao mesmo tempo o II Premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve a Emilio Xosé Insua López polo

estudo *Antón e Ramón Vilar Ponte: Unha irmandade alén do sangue*. Despois fala, moi brevemente, das publicacións presentadas.

- MARÉ, 'Irmandade de sangue', *La Voz de Galicia*, 'MARÉ', 28 outubro 2004, p. 48.

Dáse conta do acto de entrega do II Premio do Centro Ramón Piñeiro de Ensaio Breve e no que se presentaron tamén nove publicacións do centro. O gañador foi Emilio Xosé Insua López co estudo *Antón e Ramón Vilar Ponte: Unha irmandade alén do sangue*. No evento, o presidente da Xunta, Manuel Fraga, salientou o gran labor que leva a cabo o centro e tivo palabras para as nove obras que se presentaron. Primeiro para as que tiñan que ver con Ramón Piñeiro, por exemplo, o volume V dos "Cadernos Ramón Piñeiro", no que se recuperan as cartas que este enviou a Ricardo Carballo Calero; logo para as de lírica e prosa medieval, e, por último, para as que trataron a recuperación da prensa de emigración. A noticia inclúe un apartado "A cerna" no que se resalta a reedición dun poemario de Álvaro de las Casas e dunha monografía sobre Roberto Nóvoa Santos.

Alonso Montero, Xesús, *Páxinas sobre Rosalía de Castro (1957-2004)*, Vigo: Xerais, 2004, 326 pp. (ISBN: 84-9782-192-0).

Nos quince capítulos que conforman o corpo deste volume, Xesús Alonso Montero céntrase en diferentes temas e figuras literarias relacionados con Rosalía de Castro. Así, o primeiro céntrase na figura de Valentín Lamas Carvajal e a súa admiración por Rosalía. O segundo achégase a catro escritores galegos que se ocuparon da escritora: Pardo Bazán, Valle-Inclán, e as páxinas do xornal *A Monteira*, e a carta de Víctor Saíd Armesto a Miguel de Unamuno. O terceiro aborda a fortuna de dous poemas rosalianos de Curros Enríquez, "A Rosalía" e "Na tumba de Rosalía". O cuarto, aborda a recepción de Rosalía polas voces hispanas do XIX, a tradución de "Castellanos de Castilla" ao catalán, ou a relación con Valera. O seguinte céntrase no ano bélico de 1937 e dá conta da recepción da poeta en ambos bandos. O sexto detalla a paixón e atafegos de Xosé Mosquera Pérez, un rosaliólogo singular. O sétimo informa da presenza de Rosalía nas voces españolas do século XX: Juan Ramón, Azorín, Dantín Cerceda, José Hierro, Rafael Lapesa, etc. O oitavo achégase a cinco rosalianos en Lugo: Dionisio Gamallo Fierros, Luís Pimentel, Celestino Fernández de la Vega, Vázquez Pardal e Uxío Novoneyra. O noveno céntrase na presenza de Rosalía nas aulas de ensino medio, especialmente no instituto masculino de Lugo no ano 1971. O décimo dá a coñecer a tradución do poema "Negra sombra" ao latín, así como a creación en latín do poema en honra de Rosalía "In Rosaliam carmen" do P. Sergio Álvarez Campos, no ano 1993. O undécimo capítulo describe a homenaxe a Rosalía celebrada en Vigo en 1985. O seguinte presenta a recepción de Rosalía fóra de España, centrándose nos estudos de Anne Marie Morris, Catherine Davies, así como a tradución ao xaponés de *Cantares Gallegos.* O capítulo seguinte achega o perfil e problemas de Rosalía. O décimo cuarto, titulado "Varia persoal e epistolar", reproduce cartas e documentos diversos. Por último, o apéndice recolle unha exhaustiva bibliografía rosaliana.

Recensións:

- Xesús Alonso Montero, 'Rosaliólogos e rosalianos', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 77, 'Beatus qui legit', 11 setembro 2004, p. 19.

Dá conta da presentación do seu libro *Páxinas sobre Rosalía de Castro*, coincidindo co cento dezanove aniversario da morte da poeta, e do que comenta que recolle a recepción da obra desta. Cita algúns dos nomes de intelectuais que se interesaron pola obra rosaliana como Curros Enríquez, Unamuno, Anne Mari Morris ou Dámaso Alonso, entre outros. A seguir, céntrase no capítulo que lle dedica á figura de Xosé Mosquera Pérez, un persoeiro que non escribiu nada sobre a poeta pero que mercou a súa casa, hoxe museo e sede oficial da Fundación que leva o seu nome, e que traballou a prol da causa rosaliana, para o que pide que reclama unha semblanza máis detallada.

- Vicente Araguas, 'Rosalía: a santa paixón de Alonso Montero', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Homenaxe', 21 novembro 2004, p. 3.

Comeza sinalando a paixón coa que Alonso Montero elaborou esta libro, que entra na vida e na obra de Rosalía, proporcionando datos, interpretacións e achegas interesantes, rigorosas e científicas. Destaca o relativo á recepción da obra rosaliana desde 1875 en diante, e especialmente no ano 1937, cando se cumpriu o primeiro centenario do nacemento da poeta. Tamén salienta que o volume aparece cargado de cartas e documentos, o que lle dá un aspecto variado, ameno e rigoroso.

- Xosé Feixó, 'Cantar Galicia', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 101, 'Libros', 25 novembro 2004, p. V.

O autor sinala que a obra e a vida de Rosalía sempre estiveron presentes nas lecturas, traballos, pescudas, conferencias e publicacións de Alonso Montero e que o seu bo facer colector frutificou nesta magnífica colectánea que achega o que dixeron os críticos galegos, os estudos foráneos, os tradutores, os silencios de que foi vítima... Sinala que no longo e diverso corpus do elenco figuran varios e importantes estudosos da obra rosaliana, así como, os abundantes textos inéditos, sobre todo cartas, que ilustran algúns capítulos. Destaca tamén a extensísima bibliografía e remata cualificándoo como un libro de consulta obrigada para a perfecta contextualización de Rosalía.

- Vicente Araguas, 'Rosalía revisitada', *Diario de Ferrol*, 28 novembro 2004, p. 20.

O autor da recensión sinala que se trata dunha obra necesaria xa que recolle moito do que o profesor Alonso Montero leva sementado en artigos, conferencias e congresos ao redor da escritora. Opina que se trata dun libro xeneroso e moi documentado e considera que a palabra clave para definir o contido do volume é "recepción", posto que se centra en como a obra de Rosalía de Castro alcanzou a sensibilidade dunha chea de escritores galegos e non galegos.

Referencias varias:

- C.C., 'Helena Villar y Jesús Rábade presentarán este mes una traducción de 'Follas Novas', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 9 xullo 2004, p. 39.

Informa dos actos programados pola Fundación Rosalía para conmemorar o cento dezanove aniversario da morte da poeta. Entre eles, a presentación do libro de X. Alonso Montero *Páxinas sobre Rosalía de Castro. 1957-2004.*

- C.B., 'Presentan unha traducción de 'Follas Novas' en A Matanza', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 15 xullo 2004, p. 36.

Informa de que a Fundación Rosalía de Castro presentará, dentro dos actos do cento dezanove aniversario da morte da poeta, unha tradución do libro *Follas Novas* e da obra de Xesús Alonso Montero *Páxinas sobre Rosalía de Castro.*

- Uxía López, 'Presentan a tradución ao castelán de 'Follas Novas' no cabodano da autora', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 xullo 2004, p. 60.

Dá conta da presentación do libro, que define como unha recolleita de textos sobre a autora que pon de manifesto o rosalianismo exercido polo profesor Alonso Montero ao longo de case medio século.

- Manuel Dourado Deira, 'Cela conquista a Rosalía', *El Correo Gallego*, 'Arousanía', 1 agosto 2004, p. 2.

O autor do artigo comeza referíndose a que hai dous santuarios da galeguidade: Trasalba e A Matanza. A continuación, refire a súa negativa experiencia persoal en Padrón nos actos en honra de Rosalía. Refírese á tradución ao castelán de *Follas Novas*, que non considera necesaria, e ao libro de Alonso Montero, *Páxinas sobre Rosalía de Castro, 1957-2004.* Denuncia que na súa presentación a exposición se desenvolvese toda en lingua castelá e considera que esta invasión do castelán en A Matanza demostra que Cela é o rei e que está en transo de fagocitar a Rosalía, serva submisa dunha Galiza cincenta de España, cando, na súa opinión, é todo o contrario. E considera que xa é hora de aniquilar o mito da chorona.

- Xesús Fraga, 'Alonso Montero reúne nun libro os seus traballos sobre Rosalía', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 7 agosto 2004, p. 46.

Comeza apuntando que *Páxinas sobre Rosalía de Castro* permite seguir a recepción da obra rosaliana desde os tempos da escritora ata a actualidade, presentando autores galegos e doutros ámbitos que contribuíron ao espallamento da súa obra. Diferenza entre os rosaliólogos (Lamas Carvajal, Celestino Fernández de la Vega, Unamuno, Juan Ramón Jiménez, Azorín...) e os rosaliófilos. Neste segundo grupo inclúe a Xosé Mosquera Pérez, que fixo posíbel que a vivenda da escritora se convertese en museo e punto de encontro dos devotos da escritora en todo o mundo. Sinala que o investigador tamén reflexiona sobre a popularidade de Rosalía entre os lectores actuais. Finaliza considerando que Rosalía resiste ben o tempo e este vendaval de mediocridades.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 96, 21 outubro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen referencias ás seguintes obras: *Gramática da lingua galega* (2004), de Xosé Feixó Cid; *Páxinas sobre Rosalía de Castro* (2004), de Xesús Alonso Montero; *A industria* (2004), de Adela Leiro e Mon Daporta Padín; e *Álvaro e Álvaro* (2004), de Xosé Miranda. Sobre a obra de Alonso Montero destácase que ten como obxectivo analizar a recepción da obra rosaliana dende 1875 até hoxe, así como a interesante análise centrada no ano bélico de 1937, primeiro centenario do nacemento da escritora.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 14 novembro 2004, p. 75.

Considera Páxinas sobre Rosalía de Castro, de Alonso Montero, unha ampla colectánea de textos, que presta especial atención aos moitos escritores que exerceron crítica sobre Rosalía, desde Valentín Lamas Carvajal, Pardo Bazán, Valle-Inclán, Azorín, Pimentel, José Hierro, Carballo Calero, etc. Salienta tamén que o volume recolle estudos publicados entre os anos 1957 e 2004 e que contén achegas sobre as traducións dos versos rosalianos ao latín, ao catalán e a outras linguas. Este artigo foi publicado, con leves variacións, o día 15 de novembro no xornal *Galicia Hoxe*.

- Marcos Valcárcel, 'Páxinas rosalianas de Alonso Montero', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 15 novembro 2004, p. 56.

Considera Páxinas sobre Rosalía de Castro, de Alonso Montero, unha ampla colectánea de textos, que presta especial atención aos moitos escritores que exerceron crítica sobre Rosalía, desde Valentín Lamas Carvajal, Pardo Bazán, Valle-Inclán, Azorín, Pimentel, José Hierro, Carballo Calero, etc. Salienta tamén que o volume recolle estudos publicados entre os anos 1957 e 2004 e que contén achegas sobre as traducións dos versos rosalíanos ao latín, ao catalán e a outras linguas. Este artigo foi publicado, con leves variacións, o día 14 de novembro no xornal *La Región*.

- Marcos Valcárcel, 'O centenario de Rosalía na guerra/Pan por pan', *Galicia Hoxe/La Región*, 'Andoliña/Cultura', 17 novembro 2004, p. 64/67.

O columnista céntrase nos actos vinculados ao centenario rosaliano, en 1937. Salienta o brutal proceso silenciador que padeceu a obra de Rosalía na Galiza franquista da guerra, fronte á recepción obtida na Galiza leal dos galegos en zona republicana e no exilio americano.

Alonso Montero, Xesús; Henrique Monteagudo e Begoña Tajes Marcote (editor), *Actas do I Congreso Internacional "Curros Enríquez e o seu tempo"*, limiar de Alfonso Xulueta de Haz, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega ♦, 2004, col. Base, 750/636 pp. (ISBN: 84-95415-79-8).

As *Actas do I Congreso Internacional "Curros Enríquez e o seu tempo"*, celebrado en Celanova, do 13 ao 15 de setembro de 2001, constan de dous volumes nos que se recollen as conferencias e comunicacións presentadas. O tomo I ábrese co limiar de Alfonso Zulueta

de Haz, seguido do prólogo de Xesús Alonso Montero, tras o que se presenta a nómina de integrantes da presidencia e comités do Congreso e mais o programa de actividades desenvolvidas. Os relatorios e conferencias incluídos no tomo I divídense en seis seccións: 'Conferencias plenarias', 'Biografía', 'Ideario: político, relixioso, lingüístico', 'Poesía', 'Xornalismo' e 'Teatro, novela, epistolario e tradución'; no tomo II acóllense estas outras seccións: 'Curros Enríquez e outros escritores: fontes, relacións, influxo', 'Recepción', 'Varia', 'Apéndice' e 'Reportaxe fotográfica'. De seguido, describimos os artigos incluídos en ambos no tomo I e que teñen relevancia dende o punto de vista da literatura galega:

-Xesús Alonso Montero, "A Guerra Civil tamén se perpetrou contra Curros Enríquez (Presencias e ausencias do nome e da obra de Curros)", pp. 41-102.

Ampla visión panorámica na que, como se apunta na "Introdución" do presente artigo, se analizan as presenzas e as ausencias do nome e da obra do conflitivo poeta Manuel Curros Enríquez no período histórico que vai dende xullo de 1936, mes no que se produce o golpe de Espado que provocará a Guerra Civil, a 1971, ano no que se publicou un volume coa poesía galega completa que foi vítima da censura. Logo da "Introdución" veñen os apartados "Galicia de 1936 a 1939: pauliña ó herexe e lume purificador", "Curros nos anos da Guerra Civil no territorio republicano", "En España de 1939 a 1951: unha estraña edición de 1943 e un texto autocensurado de Otero Pedrayo", "En Buenos Aires, na Habana e en Toulouse entre 1936 e 1951", "1951: Centenario do nacemento de Curros Enríquez", "Despois de 1951" e conclúe con "Consideración final". Inclúe tamén un apéndice no que se recollen once facsímiles de textos ou fotografías relacionadas con Curros. Alonso Montero explica pormenorizadamente como o réxime franquista prohibiu e tentou eliminar diferentes obras de Curros mentres que nos principais focos intelectuais da "Galicia exterior" se tentaba revitalizar a súa figura.

-X.L. Ménez Ferrín, "Arredor d'*O divino Sainete*", pp. 103-115.

Comeza lembrando como, xa dende neno, tivo acceso aos poemas de Curros e que foi coñecedor de diversos contos sobre o poeta. Logo de relatar un deles comenta *O Divino Sainete* que, segundo Ferrín é a obra máis doutrinaria do autor, que foi desprezada por numerosos críticos, como por exemplo Emilia Pardo Bazán, debido, entre outros factores, á crítica política e económica que se realiza a unha determinada forma de relixión. Segundo Ferrín a obra é unha defensa do sistema literario galego. Sinala tamén que se pode apreciar nela a fonda admiración que sentía polo "Risorgimento" italiano. Analiza tamén o feito de que non tivo moita fortuna entre os críticos e historiadores da literatura galega.

-Francisco Rodríguez, "Crítica literaria e contexto ideolóxico-político: análises e avaliacións da obra de Manuel Curros Enríquez", pp. 117-133.

Comeza salientando o feito de que a actitude crítica desleixada ou menosprezada do propio que se produce na actualidade é moi nociva para a cultura nacional, para as súas perspectivas de futuro. Comenta as críticas realizadas por Manuel Barros en 1881 a *Aires da miña terra*, que viron a luz en *La nación Española*, de Bos Aires e tamén analiza a que realiza Aurelio Ribalta en 1888 na sección literaria de *La España Regional*, onde destaca o

papel de Curros na conformación dunha poesía galega de calidade. Comenta a crónica de Dionisio Pérez, que se publicou co gallo da inauguración na Coruña do monumento a Curros, que apareceu en *La Voz de Galicia* e que foi contestada por Ramón Marcote en *El Eco de Galicia*. Indica, baseándose nestes traballos que, durante o século XIX, houbo capacidade para valorar e analizar a figura de Curros e a súa obra conforme a verdade dos feitos. Destaca, a seguir, os traballos que se publicaron co gallo do centenario do seu nacemento, en 1951, entre os que destaca *Vida y obra de Manuel Curros Enríquez*, de Alberto Vilanova Rodríguez. Observa diversas opcións críticas como, por exemplo, o progresismo bovarista. Logo chama a atención sobre o feito de que até finais da década dos noventa non houbo unha tese de doutoramento sobre el, *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez*, de Elisardo López Varela, que publicou a Deputación da Coruña en 1988. Conclúe recalcando a necesidade de actualizar e difundir os clásicos.

-Carlos Casares, "Subsidios para unha revisión de aspectos controvertidos da vida, obra e ideoloxía de Curros Enríquez", pp. 135-147.

Artigo transcrito da conferencia pronunciada por Carlos Casares na clausura do Congreso, que foi revisado editorialmente por H. Monteagudo e por H. Casares Berg e no que se analizan diversos aspectos da biografía e tamén unha serie de contradicións do escritor que están pouco estudadas e que son importantes para entender mellor a súa vida e a súa obra. O traballo está divido en tres partes, na primeira, "Un pai demoníaco e unha viaxe enigmática" comenta a figura do pai de Curros e a presunta viaxe que realizou a Londres aproximadamente en 1870. En "Anticlericalismo, protestantismo e relixiosidade" analízanse as súas crenzas relixiosas comentando *Aires da miña terra* e o *Divino Sainete*. No derradeiro apartado, "Republicanismo, Federalismo, Rexionalismo", examínase a ideoloxía e o pensamento político de Curros, que pasou de ser un republicano radical a ser militante dun partido rexionalista de base tradicional e católica dirixido por Alfredo Brañas. Conclúe afirmando que mitificar aos escritores é prexudicial, xa que hai que valoralos baseándose no coñecemento obxectivo e rigoroso da súa obra e dos seus testemuños.

-Silvia Gaspar Porras, "A Virxe do Cristal, no inicio da lenda tradicional no Rexurdimento", pp. 393-406.

Comeza afirmando que *A Virxe do Cristal* (1877) constitúe o punto de partida da literatura fantástica no Rexurdimento. Sinala que se trata de obras de carácter narrativo e ambientadas nun pasado nas que a adversidade ou o perigo para o protagonista provoca, logo do seu rogo, unha intervención omnipotente que lle axuda nos seus desexos. A seguir realiza unha análise do ciclo que comeza en 1887 coa publicación d'*A Virxe do Cristal* de Curros e que continuou con *A burata d'o inferno* (1888), de Vázquez Taboada; *A Virxe d'Aránzazu* (1891), de Barcia Caballero; *O pazo d'o lago*(1984), de Rodríguez González; *A ponte da freira*(1898), de Euxenio Carré e *O cruceiro da serra* (1901), de Heraclio Pérez Placer. En primeiro lugar comenta a tipoloxía, indicando que son narracións en prosa e verso de tipo milagroso, que son unha variante da "lenda zorrillesca, espronceciana e mesmo becqueriana". A seguir analiza a estilística, o argumento e a intencionalidade do ciclo baseándose n'*A Virxe do Cristal*, debido a que é o exemplo máis representativo. Indica que é un poema narrativo convencional onde salienta o compoñente tempo-espazo, e as

fontes referencias coas que os autores xustifican as súas obras, o amor ao pasado, a transposición do asunto narrado en función das circunstancias socio-políticas do momento, etc. A seguir, no epígrafe titulado "Narración confesional para un tempo racionalista", Silvia Gaspar Porras sinala que o motivo do presente traballo responde á curiosidade sobre cáles foron as causas que animaron a un grupo de escritores de mentalidade progresista, anticlerical e racionalista a elaborar este tipo de composicións. No derradeiro apartado, "Para unha secuenciación da lenda romántica" realizase unha secuenciación do corpus seleccionado baseándose na intencionalidade, que se basea nos eixes temático, intencional e de xénero.

-Ramón Gutiérrez Izquierdo e Luciano Rodríguez, "A poesía de Manuel Curros Enríquez intimista e elexíaca", pp. 407-417.

Comentario da poesía intimista e elexíaca de Manuel Curros Enríquez. Comeza sinalando que na poesía de Curros hai mostras representativas que entroncan coas grandes expresións da lírica universal, onde expresa as súas emocións máis íntimas e menos comunitarias, aínda que concibía o canto subxectivo como unha manifestación egoísta. Destaca as composicións "Ben chegado", "¡Ai!" e "N'a morte de miña nay", as tres de temática familiar, e "Tempro deserto" e "Sola", onde se traballa a dimensión relixioso-metafísica. A seguir comenta os poemas "Nouturnio" e "A Rosalía", este último segundo os autores é un dos máis logrados da literatura galega. Conclúen afirmando que Curros concibía a poesía ao servizo dunha idea pero tamén como catarse e anhelo. O presente artigo inclúe un apéndice titulado "Sobre a data de composición do poema 'A Rosalía' de Manuel Curros Enríquez" da autoría de Ramón Gutiérrez Izquierdo.

-Arcadio López-Casanova, "Formas líricas e construción polifónica (Unha lectura de "Cantiga" e "Na morte de miña nai"), pp. 419-425.

Análise de "Cantiga" e "Na morte de miña nai". Do primeiro poema sinala que é unha axustada composición lineal onde se manexa a modalización e se emprega un orixinal perspectivismo. Todo isto modélase nunha polifonía que articula á voz dos personaxes e a narrativa. A composición "Na morte de miña nai" é, en palabras de Arcadio López-Casanova, "un conmovido poema de discurso persoal apelativo" que ten unha gran importancia e onde destaca a orixinalidade ao empregar a elexía funeral, que Curros desautomatiza incluíndolle elementos como a invocación e o diálogo interior ou a inclusión do eu nos signos de protagonización poemática.

-Andrés Pociña, "*O divino sainete* de Curros dentro da tradición da sátira literaria", pp. 427-439.

Indica que a expresión da preocupación social por medio da poesía en galego foi unha constante na vida de Curros, destacando sobre todo nas súas obras principais, *Aires da miña terra* (1880[1], 1881[2] e 1886[3]) e *O divino sainete* (1888). Sinala que empregaba a poesía, de carácter civil e comprometido, como medio de crítica social. Afirma que *O divino sainete*, inspirado en *La divina commedia* de Dante, é unha obra ideolóxica que ataca tanto á institución eclesiástica como a todo tipo de inxustiza social. A seguir, compara as dúas obras destacando as similitudes e as diferenzas. Andrés Pociña sinala que Curros concibe o

sainete como un poema satírico tanto no contido como na forma, xa que presenta moitos paralelismos cos sátiros latinos (Xuvenal, Lucilio, Horacio e Persio).

-Manuel Rodríguez Alonso, "Aspectos formais da poesía de Curros", pp. 441-464.

Artigo que analiza os aspectos retóricos e formais de Curros. Estrutúrase nos seguintes apartados: "Curros e a lingua popular. A fraseoloxía", "Curros e o galego" e "Curros e o costumismo", onde se sinala que Curros foi un admirador do costumismo e que na súa obra se tratan temas como a gabanza do traxe tradicional galego. A seguir, preséntase o epígrafe "O tópico da *descriptio puellae* e Curros", onde se indica que na poesía costumista do poeta a descrición da muller segue os tópicos tradicionais e chama a atención sobre a descrición da Virxe en *A Virxe do cristal*; destácase, asemade, que rompe o tópico para incluír o traxe tradicional galego. A continuación, en "A elexía do gaiteiro", comenta "O gueiteiro" de Curros, que é unha elexía na gabanza do gaiteiro de Penalta e en "Costumismo e volta ó paraíso da infancia", indícase que para Curros o mundo rural e as súas tradicións forman o paraíso perdido. En "A poesía intimista" comenta brevemente diferentes composicións, como "Nouturnio", "Na morte de miña nai" ou "O gueiteiro". En "Poesía lírica tradicional volta ó social" afirma que o poeta defendía o romanticismo sentimental que entendía como a recuperación da lírica popular mediante a expresión de sentimentos simples. A seguir comenta "A poética revolucionaria e satírica de Curros: a propósito de *O Divino Sainete*" e "A retórica republicana" sinalando que a valoración da cultura greco-latina e a revalorización da figura de Cristo foron tópicos del. Finaliza co apartado "Curros e o futuro", mencionando o canto á locomotora e o poema "O convento". Neste último realízase unha desmitificación humorística da igrexa e dos seus que, dende a actualidade lembra ao humor das vangardas e do movemento dadá.

-Xosé Manuel Vélez Latorre, "Dous paradigmas horacianos en Curros: o vates e o poeta civil", pp. 465-475.

Xosé Manuel Vélez Latorre realiza unha achega de esquemas dos pensamento de Horacio a Curros. Entre outros exemplos sinala que, para entender plenamente *O Divino Sainete*, hai que ter en conta que para o escritor de Celanova Rosalía e Añón teñen o mesmo valor fundacional da tradición literaria galega que Safo e Alceo para Horacio na literatura latina. Analiza os diferentes ámbitos onde Curros se ve influenciado por Horacio, como son o temático e o estilístico. A poesía horaciana que máis influenciou a Curros foi, sobre todo, a civil, a política, a das reflexións programáticas sobre o lugar da súa obra no sistema da súa literatura e tamén o das reflexións metapoéticas sobre a figura do poeta e do artista. Realiza tamén unha análise de como trata Curros a figura do "vate" (como poeta incomprendido, inspirado e oracular, como expresión da comunidade, como fustrigador dos males morais, etc). Efectúa unha relectura do poema "Encomenda" e finaliza sinalando que as influencias horacianas se manifestan en Curros maioritariamente nas súas reflexións metapoéticas sobre a figura do poeta e do artista e na súa poesía civil.

-Xosé María Dobarro Paz, "Curros Enríquez: Exhumación dun poema descoñecido con algunhas reflexións e puntualizacións literarias", pp. 479-496.

Comeza citando os diferenes textos de Curros que viron a luz por primeira vez na prensa como, por exemplo, "Al Dos de Mayo", no xornal madrileño *El Combate*; "Tributo de sangre", en *La Ilustración Republicana Federal;* ou "El itinerario. Confidencia", dentro da "Sección de Variedades" de *El Correo de Galicia*. Dobarro sinala que a primeira contribución de Curros en galego foi "Cantiga", pero non se publicou até once anos máis tarde, sendo "A primaveira", que apareceu en *El Hereldo Gallego*, o poema que o dou a coñecer como escritor en galego. Menciona tamén diversas composicións como "A nena na fonte", "Muiñeira monorrítmica" ou "A fouce do avó". Comenta a súa estadía en Cuba, onde dirixiu *La Tierra Gallega* e participou en diferentes publicacións. Sinala que a composición "A Alborada de Veiga" publicouse nesta época na revista *Galicia*, logo de permanecer inédita dous anos. Finaliza dando a coñecer a composición "A muller galega", que debeu ser escrita tamén durante a súa estancia na illa. Menciona as súas características máis importantes e conclúe co texto do poema.

-Xosé López García e Rosa Aneiros Díaz, "A concepción xornalística de Manuel Curros Enríquez e *La Tierra Gallega*", pp. 497-521.

Analízase a época na que Manuel Curros Enríquez creou e dirixiu na Habana o semanario *La Tierra Gallega* (LTG), que durou dous anos. 1894-1896. Destácanse como principais virtudes do escritor a destreza no uso da lingua, a labor de denuncia sen paliativos e a gran coherencia ideolóxica que presenta. Afirmase que, para Curros, a prensa ten unha función crítica dentro da sociedade e o xornalista debe implicarse directamente nos feitos comprometéndose eticamente a defender as clases máis desfavorecidas e loitar contra o caciquismo. A seguir, analízase a prensa cubana de finais do século XIX, que estaba sufrindo grandes transformacións e logo examínase o modelo xornalístico de LTG, onde se destaca, por exemplo, a gran importancia que se lle outorgou ás subscricións. A continuación, examínase a temática, onde se destacan catro grandes temas: a colonia galega na Habana, Galicia, o rexionalismo e a Guerra entre Cuba e España. Tamén se analizan as fontes, o financiamento e distribución e a liña editorial do xornal. Conclúese informando de cómo desapareceu *La Tierra Gallega*.

-Xurxo Salgado, "A primeira etapa xornalística de Curros Enríquez: correspondente da guerra carlista para *El imparcial*", pp. 523-555.

Analízase a traxectoria xornalística de Curros na súa primeira etapa: 1867-1876. En primeiro lugar, logo de realizar unha panorámica do xornalismo madrileño da época, analízase o nacemento xornalístico de Curros, que se produciu en 1867 no xornal madrileño *El Español*, dirixido por Modesto fernández. En 1869 publicou, en colaboración con Victoriano Rodríguez Morán, unha "Crítica en verso contra la Constitución votada por los unionistas y progresistas". Tamén se dá conta dun artigo no que se critica duramente ao duque de Montpensier publicado, segundo algúns biógrafos, no xornal *El Combate*. A seguir analízanse os "Anos escuros en Madrid", a súa etapa como redactor na *Gazeta* de Madrid, e a súa participación na prensa galega, sobre todo nos xornais *El Heraldo Gallego* e *El Correo de Galicia*. Prestase especial atención ao seu paso por *El imparcial*, a onde chega como consecuencia de obter un premio que convocara o propio xornal. É enviado como correspondente ás Guerras Carlistas. Grazas ao labor de cronista que alí realiza conságrase como xornalista. A seguir coméntase a visión xornalística do de Celanova e

destácase que continuará a súa labor xornalística até o seu pasamento. Conclúe afirmando que quedan moitos traballos xornalísticos de Curros aínda inéditos.

-Marcos Valcárcel, "Curros Enríquez na prensa ourensá e celanovesa: un xornalista republicano-federal", pp. 557-595.

Logo dunha introdución na que se describe o xornalismo do século XIX, analiza o xornalismo de Curros en Ourense e Celanova partindo de tres condicionantes. En primeiro lugar, que a etapa do Curros xornalista ourensán durou só seis anos. En segundo lugar, tense moi en conta que dende a súa entrada en *El Imparcial* como correspondente de guerra e tamén no seu paso posterior por *El País* e *El Porvenir* era xa un xornalista de sona en Madrid. En último lugar, hai que ter tamén en conta a gran dificultade para analizar a presenza de Curros na prensa local celanovesa e ourensá xa que de determinados xornais non se conservan as coleccións completas. Examínase, a seguir, a presenza do escritor na prensa de Celanova nos xornais *El Correo de Celanova* (1893-1895), *El Heraldo Gallego* (1874-1880), *O Tío Marcos d'a Portela* (1876-1880, 1883-1889) e *El Eco de Ourense* (1880-1909). A seguir, comenta as diferentes revistas literarias nas que tamén apareceron textos de Curros, como *El Eco del Liceo* (1870), *Álbum Literario* (1888-1893) ou *As Burgas* (1894-1895). Na derradeira parte obsérvase a súa presenza noutros xornais de información xeral ourensáns como *El Correo de Galicia* (1872-1874), *El Trabajo* (1879-1880) ou *El Derecho* (1890-1895).

-Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda, "A correspondencia de Curros Enríquez (con especial referencia ás cartas dirixidas a Andrés Martínez Salazar", pp. 599-619.

Dá conta do proxecto de investigación, dirixido polo profesor Xesús Alonso Montero que ten como propósito a edición da correspondencia completa de Curros e anuncia a súa próxima publicación. Comenta, en primeiro lugar, a utilidade, o número e o paradoiro das diferentes cartas que compoñen o epistolario de Curros. Presta especial atención á correspondencia con Andrés Martínez Salazar, que é unha das máis importantes debido ao elevado número de textos conservados, formado por corenta e tres cartas do de Celanova e tres borradores de Salazar. A meirande parte está inédito e abarca dende febreiro de 1886 até xullo de 1903. Examina tamén a imaxe de Curros que se extrae dese epistolario e os diferentes datos que achega sobre *O divino sainete*.

-Xosé Manuel Dasilva, "Curros Enríquez como traductor dramático: *La condesita* e *A Morgadinha de Valflor*, de Pinheiro Chagas", pp. 621-657.

Comenta a faceta de tradutor de Curros, que destacou polas versións que realizou de textos poéticos da literatura portuguesa. Comenta a adaptación teatral que realizou da obra *A Morgadinha de Valflor* de Manuel Juaquim Pinheiro Chagas, que el titulou *La Condesita*, que se publicou anos despois da morte do poeta cando seu fillo, Abelardo Curros, a incluíu no tomo III das *Obras completas*.

-Ramiro Fonte, "Os galegos contra a causa (Unha lectura de Paniagua y compañía. Agencia de sangre)", pp. 659-671.

Comentario da novela *Paniagua y compañía. Agencia de sangre*, publicada por primeira vez no xornal *El Telegrama* (1877). Nela aparecen expostas moitas das ideas políticas de Curros e tamén as súas opinións sobre determinados acontecementos da época. Na obra fala do carlismo, que el viviu de primeira man ao ser correspondente na Terceira Guerra Carlista. Curros escribiu esta novela ao mesmo tempo que as *Cartas do Norte*.

-Inmaculada López Silva, "Curros Enríquez e o teatro. Desde autos simbólicos ata zarzuelas de salón", pp. 673-703.

Inmaculada López Silva reflexiona sobre a faceta teatral de Manuel Curros Enríquez, que segundo ela, é unha das menos estudadas. Xustifica, en primeiro lugar, o uso do castelán por Curros nas súas obras teatrais; a seguir analiza, contextualizando as características dos textos de Curros nos canons do seu tempo e dentro das súas propias constantes, os tres textos de autoría integramente orixinal del: *El dos de maio de 1808* (1874), *El Padre Feijoo* (1880) e *El último papel* (1892-1893). Alude tamén á adaptación que fixo da obra *A Morgadinha de Valflor*, de Manuel Juaquim Pinheiro Chagas, que titulou *La Condesita*. Conclúe afirmando que tamén no teatro Curros defendeu o ideario liberal e progresista.

-Pilar Vázquez Cuesta, "Sete cartas de Curros Enríquez a António Feijó e dúas máis", pp. 705-750.

Dá conta das cartas que Curros escribiu a Antonio Feijó, que ficaron inéditas até que se publicaron na revista lisboeta *Ocidente* entre 1939 e 1940 por alguén que firmaba coas letras A.O. Expón diversas hipóteses acerca de a quén podían corresponder esas iniciais e afirma que foi o poeta Alberto Oliveira, gran entusiasta de Curros. A seguir analiza diferentes aspectos das epístolas e finaliza incluíndo os textos íntegros.

No tomo II cómpre destacar os seguintes traballos:

- Carlos Manuel Callón Torres, 'A función de Curros no proceso de canonización de Rosalía de Castro', pp. 17-52.

Comenta as referencias a escritores coevos na poesía do celanovés e sinala que son Añón e Rosalía os escritores aos que dá maior relevo na súa obra literaria. A continuación desenvolve a influencia da escritora en Curros, centrándose no Canto III d´*O divino Sainete,* o poema "A Rosalía" e "Na tumba de Rosalía".

- Xabier Campos Villar, 'A relación de Curros con Lugrís Freire: entre a amizade e a admiración', pp. 53-63.

Analiza a relación que mantiveron Lugrís Freire e Curros Enríquez a partir dos primeiros contactos na Habana en 1894. Tras a morte de Curros, Lugrís continúa exaltando o seu labor poético e reivindicando a súa figura, como testemuña o seu poema "¡Curros Enríquez!".

- Manuel Ferreiro, 'De Pondal a Curros: Apostilas a tres poemas éditos e un poema inédito de 1914', pp. 65-83.

Neste relatorio analízanse as referencias na poesía de Curros a Pondal, e as alusións de Pondal a Curros, incluídas en dúas cartas a Martínez Salazar e nos catro poemas que lle dedica. Segue un anexo con tres poemas éditos de Pondal a Curros: "A Curros Enríquez", de 1904 en *Folla impresa*; "A Curros Enríquez", de 1908 en *A Nosa Terra;* e "A Curros Enríquez", de 1908 en *Galicia Solidaria.*

- Belén Fortes, 'Curros e Murguía: unha relación persoal marcada pola admiración e o apoio mutuos', pp. 85-122.

Analiza a intensa relación existente entre Curros e Manuel María a partir da lectura da correspondencia, poemas, discursos, escritos, etc. Segue un apéndice no que se recollen once textos.

- José Manuel González-Herrán, 'Presencia de Curros y Doña Emilia (cincuenta años después)', pp. 123-153.
Neste relatorio dáse conta da tormentosa relación literaria e do enfrontamento entre Curros e Emilia Pardo Bazán. Segue un apéndice con fragmentos d´*O divino sainete* e diversas referencias bibliográficas.

- Xosé María Paz Gago, 'Celanova e a escola poética de Curros', pp. 155-170.

Achegamento á ampla nómina de poetas celanoveses nos anos centrais do século XIX. Primeiramente céntrase nos coetáneos de Curros, a continuación nos escritores posteriores que mantiveron a escola poética de Celanova e finaliza cunha breve caracterización desta escola.

- Xesús Rábade Paredes, 'Rosalía vista por Curros', pp. 171-175.

Analiza a visión profunda e moderna da autora de *Follas Novas* a partir dos poemas "A Rosalía" e "Na tumba de Rosalía".

- Olivia Rodríguez González, "Mirando o chau' de M. Curros Enríquez, á luz de Beranger', pp. 177-200.

Neste relatorio, logo dunha presentación da traxectoria persoal e literaria de Béranger, faise unha análise comparada das composicións "Le bon dieu" e "Mirando o chau". A continuación, nos apéndices, recóllese a versión orixinal, a tradución ao galego e a transcrición musical da composición de Béranger.

-J. Fernando Román Alonso, 'A amizade de Curros Enríquez e Castor Elices', pp. 201-210.

Dá conta da relación de amizade entre Curros Enríquez e Castor Elices. Finaliza coa presentación de dous poemas de Castor Elices: "A mi amigo Manuel Curros" e "Sr D. Manuel Curros".

- Gregorio San Juan, 'Curros lector, traductor e imitador de Guerra Junqueiro', pp. 211-237.

Presenta a Curros como poeta progresista e demócrata e analiza as coincidencias temáticas e ideolóxicas co seu irmán espiritual Guerra Junqueiro, fundamentalmente a relixión, o progreso e o anticlericalismo.

- Isabel Seoane, 'Curros e Florencio Vaamonde', pp. 239-252.

Desenvolve a relación de Curros e Florencio Vaamonde Lores, antes e despois da súa estadía na Habana.

- Silvia Alonso, 'Procesos de transtextualidade literaria e musical: Curros vs. Hugo - Chané v. Liszt', pp. 255-273.

Análise comparativa do poema "Os teus ollos", de Curros co poema de Víctor Hugo, "À une femme", así como da musicalización destes poemas por Chané e Franz Listz, respectivamente. No apéndice preséntanse as partituras de ambas cancións.

- Anxo Angueira, 'Carvalho Calero e *O divino sainete'*, pp. 275-289.

Analiza os comentarios á obra de Curros presentes na *Historia da literatura galega contemporánea*, de Ricardo Carbalho Calero.

- María Baliñas, "...Dera todo eso por sólo unha mirada deses teus ollos'. As catro melodías galegas de Chané sobre poemas de Curros', pp. 291-302.

Estuda as catro cancións para voz e piano que fixo Xosé Castro, Chané, sobre poemas de Curros. Analiza as cancións de Chané e Curros dentro dos xéneros musicais do seu tempo, desenvolve a importancia destas cantigas para a dignificación do galego e explica a evolución das cancións.

- José Ignacio Cabano Vázquez / Xavier Agenjo Bullón, 'Curros Enríquez e a crítica tradicionalista', pp. 303-313.

Reúne diversas cartas nas que se alude á figura de Curros: catro de Gumersindo Valverde a Marcelino Pelayo, datadas en 1880 e 1881, e unha carta de Rafael Pombo a Marcelino Pelayo en 1883.

- Alexandra Koss, 'Manuel Curros Enríquez en Rusia e en ruso', pp. 315-328.

Logo de sinalar as coincidencias biográficas e literarias entre Curros e o seu contemporáneo, o poeta ucraíno Iván Frankó, abórdase a presenza do nome de Curros impreso en cirílico desde a primeira aparición na *Enciclopedia literaria* de 1935. Enuméranse as enciclopedias, antoloxías, historias da literatura que van dando a coñecer a súa biografía e a súa obra poética nese ámbito.

- Esperanza Mariño Davila, "Un fillo bastardo de *O divino sainete':* o poema asturiano 'El cuintu la xana" (1895)", pp. 329-360.

Análise formal e temática do poema simbólico en cinco cantos escrito por Francisco González Prieto en asturiano e publicado en Xixón en 1895, que se presenta no apéndice.

- Ramón Nicolás Rodríguez, 'Curros Enríquez e o seu cabodano na prensa galeguista de preguerra (discursos, prosas e poemas)', pp. 361-404.

Rastrexa as referencias na prensa e as homenaxes a Curros logo do seu falecemento en Cuba.

- Luís Pérez, 'A poesía de Blanco-Amor e Curros Enríquez', pp. 405-433.

Logo de salientar a contribución de Blanco-Amor á difusión da figura de Curros en América, analiza a influencia poética de Curros nalgunhas das poesías de Blanco-Amor.

- Juan M. Ribera Llopis, '*Aires de mi tierra* (1892): Notas a propósito da traducción de Constantí Llombart', pp. 435-453.

Este relatorio analiza a tradución ao castelán da obra de Curros realizada en 1892 polo valenciano Constantí Llombart, seudónimo de Carmel Navarro i Llombart.

- Rexina R. Vega, 'Curros e a Renaixença catalana', pp. 455-465.
Dá conta do interese que a Cataluña da Renaixença amosa pola cultura galega na prensa barcelonesa da segunda metade do século XIX a partir da análise de catro medios representativos do rexionalismo: *La Renaixença, La Ilustración Catalana, La Ilustración Valenciana* e *La España Regional* e centrándose nas datas máis significativas do percorrido bio-bibliográfico de Curros.

- J. Santos Simoes, 'Curros Enríquez, hoje', pp. 467-473.

Presenta unha lectura actualizada da mensaxe da poesía de Curros na era da globalización.

- Ana Belén Vázquez Pardal, 'Manuel Curros Enríquez e a súa poesía nos anos 1951 e 1967', pp. 475-488.

Este relatorio céntrase en dúas datas importantes: 1951, centenario do nacemento do poeta, e 1967, cando Curros foi protagonista do Día das Letras Galegas). Retoma as noticias da prensa de Galicia e de fóra para ver como foi tratado Curros con motivo destas celebracións e constatar a permanencia das súas obras e ideas.

- Yolanda Vidal, 'Visión de Manuel Curros Enríquez en la prensa cubana, 1894-1980', pp. 489-501.

O obxectivo deste relatorio é testemuñar o labor realizado por Curros como periodista, para contribuír e enriquecer o coñecemento da súa obra e amosar a repercusión desta na prensa cubana.

- Antonio Piñeiro, 'Intrahistoria da Casa dos poetas. Unha cronoloxía elemental para saber algo da Casa dos Curros Enríquez e do patronato que leva o nome do poeta', pp. 505-559.

A detallada exposición cronolóxica vai ilustrada con diversas fotografías.

- Dania Vázquez Matos, 'De la vida gallega en Cuba: la sociedad "Curros Enríquez" y su revista homónima', pp. 561-577.

Analiza as publicacions da prensa galega en Cuba e céntrase fundamentalmente na que leva o nome do poeta de Celanova.

Recensións:

- Xesús Alonso Montero, 'Un novo partido político: o Partido de Curros Enríquez', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 80, 'Beatus qui legit', 2 outubro 2004, p. 19.

Dá conta da presentación do volume que recolle as actas do congreso celebrado en Celanova en 2001 arredor da figura de Manuel Curros Enríquez. Sinala os persoeiros presentes no acto, levado a cabo na vila natal do poeta, e lembra que na súa alocución destacou o feito de que esta figura das Letras Galegas esperte a admiración de persoas de tan diversas tendencias ideolóxicas.

Referencias varias:

- Antonio Piñeiro, 'As Actas do Congreso de Curros', *La Región*, 'Ourensalia', 14 setembro 2004, p. 18.

Informa da presentación das Actas do Congreso sobre Curros Enríquez, que se celebrou en setembro do ano 2001 coincidindo co cento cincuenta aniversario do nacemento do poeta de Celanova. Explica que se trata de dous grosos volumes nos que se recollen os contidos das catro conferencias plenarias impartidas por Alonso Montero, Méndez Ferrín, Francisco Rodríguez e Carlos Casares. Ademais recóllense máis de cincuenta palestras e relatorios de investigadores e estudosos que fixeron unha fonda revisión da vida e da obra de Curros Enríquez. Entre os autores dos artigos cita a Neira Vilas, Xosé Ramón Barreiro, Borobó, Elisardo López Varela, Henrique Monteagudo, Xosé María Dobarro, Paz Gago ou Xosé Manuel Salgado.

- AGN, 'Congreso sobre Curros Enríquez', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 15 setembro 2004, p. 71.

Infórmase da presentación das Actas do Congreso de Curros Enríquez que recollen novidades en canto á vida e traxectoria do escritor. Así mesmo, tamén se informa da celebración, en setembro de 2005, dun congreso que conmemorará o vinte e cinco aniversario de Celso Emilio Ferreiro, organizado pola Fundación Curros Enríquez, e baixo a dirección de Méndez Ferrín.

Álvarez, Rosario e Antón Santamarina (editor), *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, limiar de Antón Santamarina, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2004, col. Biblioteca Filolóxica Galega/Instituto da Lingua Galega, 770 pp. (ISBN: 84-95892-24-3).

Obra colectiva que consta de trinta e un artigos que abranguen toda a historia da lingua galega, dedicada á memoria de Fernando R. Tato Plaza (1962-2000), profesor de filoloxía galega na Universidade de Santiago de Compostela e investigador no Instituto da Lingua Galega. A maior parte dos traballos afonda na historia da escrita do galego, ben revisitando problemas ecdóticos ou de xénese textual ben presentando novos textos inéditos ben revisando lecturas, datacións, autorías..., ou propoñendo traballos puntuais sobre aspectos gramaticais da lingua antiga. Unha parte importante ocúpana os capítulos dedicados a onomástica, tanto toponímica coma antroponímica, co foco posto en distintos momentos da nosa historia, desde o trazado das vías romanas aos nosos días. Outros, finalmente, detéñense na presenza do galego en ámbitos de uso que non lle viñan sendo propios ou na variación lingüística interna. Péchase a obra cunha guía completa de fontes para o estudo do galego medieval, da que é coautor o homenaxeado e que estaba inédita.

- Ivo Castro, 'Autógrafos e génese textual na literatura galega', pp. 71-79.

Reflexión sobre a crítica textual da literatura galega moderna, e, en concreto, sobre a relación entre os cambios que se fixeron nas edicións revisadas polo autor -autógrafos- e a xénese textual. O autor toma como base os traballos realizados polos alumnos que Fernando Tato Plaza e mais el tiveron no derradeiro curso de doutoramento do falecido para ir facendo unha crítica e unha exposición do tema que remata cunhas conclusións. Entre estas deducións fala da necesidade da crítica textual entre os estudos filolóxicos e do que pode ser o seu futuro.

- X.L. Couceiro, 'A cantiga do Beato de Valcavado', pp. 101-110.

Lévase a cabo unha exposición das distintos traballos e resultados que se foron acadando sobre a cantiga mariana *de loor* do Beato de Valcavado. Entre eles atopamos os de C. Alvar e V. Beltrán, E. López-Aydillo e S. Rivera Monescau, e Ruíz Asencio. Cada un vai achegando datos que se van complementando: autoría, datación, amanuense, reconstrución do texto, etc. Para rematar, expóñense as distintas versións publicadas: a paleográfica, a restitución estrófica, restitución crítica e a edición paleográfica de Ruíz.

- Xosé María Dobarro Paz, 'De Vodas Reais e o Levantamento de 1846: un poema inédito de Alberto Camino', pp. 111-122.

O autor deste artigo dedícase á recuperación de textos e autores galegos que, por unha razón ou por outra, ficaron no esquecemento. Así é que, aproveita a ocasión para publicar e analizar un descoñecido poema de Alberto Camino. Primeiro comeza a describir a consideración que tiña o autor na época a través de citas. Despois achega os datos sobre acontecementos históricos dos que fala o texto e que se fan necesarios para o seu entendemento. A seguir, fala da historia editorial e confeccional do texto e remata

comentando a forma e o contido do devandito texto. Inclúese, ao final unha reprodución do poema actualizada e outra facsimilar, na que figura ao carón duns versos de Vicente Turnes.

- Mª Camiño Noia, 'Contribución ó estudio das fontes do 'Conto Gallego", pp. 595-610.

Tras dunha introdución na que se aborda a orixe dos contos de tradición oral e a súa simboloxía nas conciencias rexionalistas e nacionalistas que xorden en Europa a partir de mediados do século XIX, entre elas a galega, dentro do seu ideario identitario, e de repasar os traballos que hai sobre o conto galego até chegar á aparición do "Conto gallego" de Rosalía de Castro, Camiño Noia fai unha viaxe histórica a través das posibles fontes desta obra da escritora padronesa. O percorrido arrinca na súa orixe oriental e acaba nas versións galega, portuguesa, castelá e francesa (con tradución ao galego) do conto, facendo parada, iso si, en Europa e nas literaturas clásicas (grega e latina).

- Antón Palacio Sánchez, '*Proba-la cachirula*, unha imaxe de cetrería en Cunqueiro', pp. 611-624.

Trátase de dar unha nova lectura da expresión 'proba-la cachirula' usada por Álvaro Cunqueiro en *O príncipe señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, onde, referíndose a por que Hamlet (ao que se compara cun *falcón*) non fora á guerra, se dicía que significaba "que era porque aínda non probara o sexo compartido". Antón Palacio, despois de mostrar as aparicións das palabras referidas á cetrería nos escritos do escritor mindoniense e as fontes das que puido beber, para demostrar que era un escritor cunha formación fascinante sobre o tema, e de analizar as definicións dos dicionarios nos que aparece a palabra *cachirula*, chega á conclusión de que a expresión non ten ese significado tan figurado que se lle atribuía e que simplemente significa que Hamlet era un *falcón* ao que aínda non lle puxeran a "capucha" (*cachirula*) que se lle pon aos falcóns para amestralos.

Arias, Valentín (editor), *Xela Arias, quedas en nós*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, 222 pp. (ISBN: 84-9782-242-0).

Volume colectivo de homenaxe póstuma á poeta e tradutora Xela Arias (Sarria, 1962-Vigo, 2003). A obra, que conta coas colaboracións gráficas de Carmen Blanco, Pepe Carreiro, Xulio Gil, Eduardo, Lázaro Enríquez, Lois, Seoane, Siro e Xosé Guillermo, reúne os textos de despedida que diferentes escritores/as e amigos/as da poeta escribiron con motivo do seu falecemento. A primeira parte, titulada "No pouso dos afectos", está composta de corenta e sete poemas e breves lembranzas en prosa lírica nos que se describe a brillante personalidade da autora de *Tigres coma cabalos* ou *Intempériome*, a quen se dedican emotivas palabras de agradecemento, admiración e afecto, con abondosas construcións intertextuais que procuran a homenaxe por medio da identificación e o recoñecemento dos seus versos e linguaxe poética; asinan algúns destes traballos nomes tan significativos como os de Yolanda Castaño, Marilar Aleixandre, Román Raña, Ana Romaní, María Xosé Queizán, Vicente Araguas, Marta Dacosta, Manuel María, Bernardino Graña, Rodríguez Fer, Helena Villar, Fran Alonso, Vázquez Pintor, Xesús Rábade, Méndez Ferrín, Carlos

Negro, Víctor Freixanes, Gonzalo Navaza, Pousa Antelo, Carmen Blanco ou Camiño Noia, entre outros. Estas dúas últimas autoras inclúen, respectivamente, un artigo sobre *Denuncia do equilibrio* (1986), xa publicado no ensaio *Literatura da muller* (1991), e un traballo titulado "Muller e literatura" que a propia Xela Arias escribira para o "Encontro de escritores galegos e portugueses" celebrado en Santiago de Compostela en setembro de 1991. Destaca, ademais, o estudo de Aurora López, titulado "Unha nai fóra da sospeita: Xela Arias en *Darío a diario*", que analiza a través da "hermenéutica da sospeita" o léxico deste penúltimo libro da poeta, concluíndo que o amor e o desexo de liberdade para o fillo son os eixes centrais da obra. Esta primeira parte do libro péchase co único texto narrativo presente no volume: trátase do conto "Xelados de cereixas", de Silvia Gaspar, que dedica a Darío, fillo de Xela, un relato no que un neno descobre, grazas a unha fada que o acompaña día a día, o amor sen posesión. A segunda parte do volume titúlase "No silencio das palabras"; nela, reprodúcense os discursos de Xulián Maure e Yolanda Castaño na cerimonia de despedida de 3 de novembro de 2003, na que participou tamén María Xosé Queizán, cuxas palabras non se transcriben porque non puideron ser gravadas; Xulián Maure, representante da Asociación de Tradutores Galegos, agradece a actitude de Xela Arias ante a vida, así como a súa produción poética, como mostra da cal le o poema que comeza "Ignoro qué lugar é este onde me atopo", que contén o verso "Un día tiven desexos e cumprinos", título da última parte do volume. Yolanda Castaño, pola súa parte, achega un texto en prosa lírica que, rescrito, dá corpo ao poema de despedida incluído na primeira sección do libro. "Vencerse é cousa de se tratar" é o título da terceira parte, composta polos textos da homenaxe á defunta realizada en Vigo o 29 de maio de 2004 e organizada pola Asociación Galega de Editores, a Asociación de Tradutores Galegos e a Asociación de Escritores en Lingua Galega en colaboración con Edicións Xerais de Galicia e o Pen Clube galego; heteroxéneos e inzados de citas da poeta, compoñen esta homenaxe os discursos de Xosé María Gómez Clemente, Carlos Negro, Miguel Anxo Fernán-Vello, Xulián Maure, Fernando Abreu, Pablo Carrera, Víctor Muñoz, Marta Dacosta e María do Carme Kruckemberg, todos eles introducidos por Ana Romaní. Finalmente, o volume contén unha extensa "Aproximación biobibliográfica" na que se dá conta polo miúdo dos feitos significativos da vida e obra de Xela Arias, incluíndo aqueles artigos e homenaxes póstumos ata o 18 de setembro de 2004.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Xela Arias non se vai de nós', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 17 decembro 2004, p. 3.

Dá conta da recente publicación da obra colectiva *Xela Arias, quedas en nós*, na que participaron máis de cincuenta escritores, (Manuel Bragado, Víctor Freixanes, Manuel María, Bernardino Graña, Carlos Negro, etc.), e que publicou Edicións Xerais e a Asociación de Escritores en Lingua Galega para homenaxear a Xela Arias.

Arias, Valentín, *Avelino Pousa Antelo. Galeguista, docente, cooperativista, escritor, político e animador cultural*, Vigo: Ir Indo Edicións, 2004, col. Ir Indo Biografías. Galegos na Historia, nº 27, 63 pp. (ISBN: 84-7680-494-6).

Ao longo de dezasete capítulos, Valentín Arias reflicte a azarosa vida que lle tocou pasar a Avelino Pousa Antelo, gran divulgador da cultura galega directamente vencellado co Estatuto de Autonomía e coas Mocidades Galeguistas. Recolle deste xeito os feitos máis significativos da súa vida. Nado no Concello da Baña e coñecido na súa infancia coma "Lucho do Peto", ingresa con doce anos no Seminario Menor de Santiago de Compostela que, cinco anos despois, abandona para matricularse na Escola Normal de Maxisterio, participar nas Mocidades Galeguistas e colaborar no Seminario de Estudos Galegos. En 1936 oposita pero, debido á sublevación militar, este proceso foi anulado; oito anos despois, logo de diversos avatares, ingresa no Maxisterio Nacional. En 1946 casa con Nora Díaz, amplía a súa formación agropecuaria e inicia unha crecente actividade científica nesta disciplina. En 1955 trasládase a Canarias, onde reside catro anos, pero enseguida volve á terra que o viu nacer para facerse cargo da promoción de "Semillas Selectas SA", o que supón a súa incursión no mundo empresarial. Inician, nos anos sesenta, unha serie de recoñecementos con publicacións de corte ensaístico acerca da produción agropecuaria en Galicia e a partir de aquí toda a súa vida xira en torno ao maxisterio, á produción agrícola, as cooperativas de explotación e, sobre todo, ao compromiso coa cultura e ao galeguismo (resultou Secretario Xeral na Asemblea constituinte do Partido Galeguista en 1978). Os últimos vinte anos, e de xeito especial tras a súa xubilación en 1983, vense cargados de publicacións, recoñecementos e actividade xunguida á Fundación Castelao.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 8 abril 2004, p. VII.

Sección fixa na que se inclúen referencias ás seguintes obras: *Resistencia, guerrilla e represión (Ferrol, 1936-1955)*, de Bernardo Máiz; *O sarillo do tempo*, de Xosé Neira Vilas; *Espazos naturais da provincia da Coruña* (2003), de Adela Leiro, Mon Daporta e Víctor M. Caamaño; e *Avelino Pousa Antelo* (2004), de Valentín Arias. Destaca, con respecto á biografía de Avelino Pousa, o seu labor como divulgador da cultura galega e todos os atrancos que tivo que sufrir para desenvolver as súas actividades, por exemplo a súa inhabilitación coma mestre.

- Valentín Arias, 'Avelino Pousa en Sarria', *El Progreso*, 'Tribuna pública', 20 abril 2004, p. 23.

O autor da biografía de Pousa Antelo, Valentín Arias, comenta o acto de presentación da mesma que terá lugar na localidade onde este e Antonio Fernández López puxeron en marcha e desenvolveron a Escola de Barreiros: Sarria. Aproveita para dar a coñecer a personalidade do homenaxeado.

- Elena Castelao, 'Presentan hoy en Sarria una biografía de Pousa Antelo', *El Progreso*, 'A la última', 23 abril 2004, p. 96.

Breve referencia á presentación da biografía de Avelino Pousa Antelo na que se cita a presenza de ilustres persoeiros do mundo da literatura como Valentín Arias, Bieito Ledo, Fernández Abella ou López Arias.

Axeitos Agrelo, Xosé Luís, *A Academia no discurso exílico de Luís Seoane*, A Coruña: Real Academia Galega ♦, 29 outubro 2004, 79 pp. (ISBN: 84-87987-54-0).

O volume recolle o discurso que pronunciou o profesor Xosé Luís Axeitos no acto de entrada na Real Academia Galega que tivo lugar o 30 de outubro de 2004 e a resposta formulada por Xesús Alonso Montero. A intervención de Xosé Luís Axeitos comeza cos prototípicos reclamos de humildade e agradece aos membros da institución a concesión dunha cadeira. Tras lembrar algúns trazos da súa infancia marcada pola escola de aldea, a posguerra e a lacra da emigración, Axeitos fai unha loanza de García Sabell, que ocupara a cadeira que agora se lle cede: defíneo como un médico humanista e menciona algunhas das súas publicacións e feitos intelectuais e cívicos máis senlleiros. Posteriormente pasa a dedicarse á figura de Luís Seoane, do que destaca a profunda imbricación entre a súa obra artística e o proxecto político no que esta se inclúe. Ademais de repasar feitos vitais e fazañas intelectuais do escritor e pintor, Axeitos comenta a súa relación con outros persoeiros como Valle-Inclán ou Lorenzo Varela e destaca a súa postura sempre reivindicativa desde o exilio, que o enfronta ao conformismo doutros expulsados. A parte final percorre os avatares da relación que mantivo Seoane coa Academia, que mudou desde as iniciais e ácidas críticas á institución por non incluíren aos intelectuais no exilio entre as súas inquedanzas até un posicionamento máis amigábel por mor da inclusión de García Sabell e Dieste nela e da maior presenza da súa figura nos medios galegos. A quenda de resposta a cargo de Xesús Alonso Montero contén unha semblanza biográfica e intelectual de Axeitos, desde os seus intereses polo Padre Sarmiento cando era estudante en Salamanca até a curiosidade por Manuel Murguía que encheu algúns dos seus traballos antes de que o poeta Manuel Antonio e as vangardas por un lado e os exiliados republicanos polo outro centraran todos os seus esforzos. Tras resumir e loar o libro *O exilio galego: un mapa de cicatrices*, Montero remata co repaso a algúns feitos vitais de Axeitos.

Barreiro Rivas, Xosé Luís, *A terra quere pobo*, Premio Centro Ramón Piñeiro de ensaio, Vigo: Galaxia, 2004, col. Ensaio, 268 pp. (ISBN: 84-8288-700-9).

Neste libro de Xosé Luís Barreiro Rivas (Forcarei, 1949) análizase a actual situación política, económica e social á que se enfronta Galicia. A obra estrutúrase en nove partes de moi desigual tamaño ás que se sobrepón a unha organización clásica en exposición, desenvolvemento e conclusións. Nos dous primeiros capítulos exponse o que vai ser o motivo de todo o discurso, a nova oportunidade que se lle presenta a Galicia, unha oportunidade histórica, entendendo esta coma unha coincidencia excepcional "de cambios de toda orde e intensidade que, concentrados nun curto espazo de temo, dan a sensación de pór a cero os procesos históricos", ou o que ben sendo o mesmo, unha oportunidade para que o país se suba dunha vez ao carro da modernidade, entendida dunha maneira europea. Esta nova oportunidade vén explicada polo miúdo no segundo capítulo, que fala das

circunstancias que a fixeron posíbel e de cales son as súas características, destacando como a característica principal o salto cara á Europa posnacional, un termo que el mesmo crea contrapóndoo a terminoloxía de Habermas. Por outra banda, a medida que explica isto tamén describe a enfermidade política de Galicia e detalla os seus síntomas, que existen, di, aínda que o poder político non os queira ver, desmontando o que para el é o principal problema do nacionalismo galego; válese para iso dun simil do filósofo Maritain, o das "pontes de ferro", que ven querendo dicir que non se pode construír nada novo sobre unha base que non responde. No resto dos capítulos, e partindo desta idea, analiza o politólogo diferentes problemas de Galicia coma o problema da identidade, a ordenación territorial, a realidade electoral, o poder político e as administracións públicas ou o mundo da cultura e a lingua. É unha análise pouco optimista, na que diagnostica algúns problemas graves da política e a cultura galega, como, por exemplo, a política de subvencións da que depende o sistema cultural ou o atraso na estruturas organizativas ou burocráticas; pero na que tamén propón algunhas solucións coma a comarcalización do territorio ou a aposta polas eurorrexións. Por último, o capítulo nove ofrece algunhas conclusións pouco optimistas e a análise das da actual situación coma un problema político, que provoca que a cidadanía galega non poida dar resposta á situación mentres non transforme os seus defectos en virtudes.

Recensións:

- Xosé Luís Vilela, 'Do país diabético á posnación', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 74, 'Letras en galego', 21 agosto 2004, p. 7.

Analizando *A terra quere pobo* dinos que é un libro no que un dos máis enxeñosos articulistas do país, Xosé Luís Barreiro Rivas, nos descobre tamén outra faceta súa de pensador de ciclo longo, que exerce a análise práctica e a interpretación. Dísenos que Barreiro, considerado un dos intelectuais máis incómodos da Galicia contemporánea, e non só polos seus ataques ao poder senón porque non adula a ninguén, dispuxo un libro cunha primeira parte radical e clara e unha segunda descarnada e involuntariamente pesimista. Así, nunha parte do libro, definiría a Galicia coma un país diabético, con grandes carencias que poden ser asintomáticas, e no que existe un profundo abismo entre teoría e praxe, algo que se manifesta na política galega, pois da contraposición dos partidos non se produce unha síntese que signifique evolución, senón que queda un debate estéril entre dous proxectos parciais de país. Despois, noutra parte do ensaio, advirte que Barreiro desprega toda a súa amplitude de pensador, analizando as oportunidades perdidas de Galicia e as novas condicións, para as que o nacionalismo actual, fundado no termo de nación, non tería unha resposta válida no momento da posnación.

- Alfredo Iglesias, 'Pensar Galicia', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 90, 'Libros', 9 setembro 2004, p. V.

Segundo Alfredo Iglesias, o ensaio de Xosé Luís Barreiro Rivas, *A terra quere pobo,* gañador do premio Ramón Piñeiro de ensaio na súa terceira convocatoria, analiza os cambios actuais que condicionaron a creación da Unión Europea, a moeda única, a reestruturación dos mercados nacionais, a dislocación da toma de decisións ou a libre

circulación de capitais, etc., como unha oportunidade histórica para reconducir o proceso de modernización de Galicia. Segundo Iglesias, o autor do ensaio, un referente obrigado no discurso intelectual e político da Galicia actual, identifica a cuarta oportunidade histórica que se lle presenta a Galicia e examínaa para tratar de impedir que se desaproveite. Neste sentido irían as consideracións que o libro ofrece dos obstáculos que se lle presentan ao país, debidos en gran medida ao continuísmo do poder galego: a organización territorial, para a que propón a comarcalización, ou a dependencia das subvención que ten a realidade cultural galega. Aínda non ofrecendo unha proposta concreta, o que Iglesias extrae do libro como solución a estes problemas é a ruptura co actual modelo político, pero para iso precisaríase un novo modelo de oposición, arriscada e transformadora, que debería tomar o poder e comezar cos procesos de modernización. Este mesmo artigo foi publicado no xornal *La Opinión*, o 12 de setembro.

- Damián Villalaín, 'A terra quere pobo', *A Nosa Terra*, nº 1.141, 'Seguro azar', 9 setembro 2004, p. 30.

Destácase aquí o interesante do libro de Xosé Ramón Barreiro Rivas que gañou a última edición do premio Ramón Piñeiro de ensaio, *A terra quere pobo*. O interese dinos que está xustificado tanto pola calidade intelectual do seu autor, coma por ser un libro valente, aínda que ás veces sexa irregular e de "interese desigual" por mor dos foros aos que ían dirixidos certos capítulos. Sinálase que os apartados máis brillantes vense cando Barreiro se libera don ton academicista e é capaz de dicir o que moitos nin sequera se atreven a pensar, salpicados de autoironía e honesta reflexión crítica, non renegando do seu pasado no poder e da súa responsabilidade na actual situación de Galicia. Ao longo das páxinas do libro, indícase que Barreiro describe un diagnóstico realista de Galicia para facilitar que poida afrontar a grande oportunidade histórica que lle ofrecen estes tempos, criticando a dupla anacronía do Estado nacional e do nacionalismo que aspira a un estado, a incomprensión do comportamento electoral do país ou o desaxuste na organización territorial. Tamén se salienta un último apartado do libro que trata da normalización cultural e lingüística, do que se di que debería ser de obrigada lectura para todos os interesados no tema.

- Alfredo Iglesias, 'Pensar Galicia', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 71, 25 setembro 2004, p. 12.

Segundo Alfredo Iglesias, o ensaio de Xosé Luís Barreiro Rivas, *A terra quere pobo,* gañador do premio Ramón Piñeiro de ensaio na súa terceira convocatoria, analiza os cambios actuais que condicionaron a creación da Unión Europea, a moeda única, a reestruturación dos mercados nacionais, a dislocación da toma de decisións ou a libre circulación de capitais, etc., como unha oportunidade histórica para reconducir o proceso de modernización de Galicia. Segundo Iglesias, o autor do ensaio, un referente obrigado no discurso intelectual e político da Galicia actual, identifica a cuarta oportunidade histórica que se lle presenta a Galicia e examínaa para tratar de impedir que se desaproveite. Neste sentido irían as consideracións que o libro ofrece dos obstáculos que se lle presentan ao país, debidos en gran medida ao continuísmo do poder galego: a organización territorial, para a que propón a comarcalización, ou a dependencia das subvención que ten a realidade cultural galega. Aínda non ofrecendo unha proposta concreta, o que Iglesias extrae do libro como solución a estes problemas é a ruptura co actual modelo político, pero para iso precisaríase un novo modelo de oposición, arriscada e transformadora, que debería tomar o

poder e comezar cos procesos de modernización. Este mesmo artigo foi publicado en *Faro de Vigo*, o 9 de setembro.

- Miguel Vázquez Freire, 'A nación invisible', *Tempos Novos*, nº 89, 'Libros', outubro 2004, p. 75.

Vázquez Freire sinala que a tese central desta obra, que mereceu o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio, afirma que Galicia está a punto de deixar escapar a cuarta oportunidade que historicamente se lle ofrece para saír do seu atraso. As dúas primeiras serían o xurdimento dos nacionalismos e a República, e a terceira a transición democrática, oportunidade perdida por impedir a preponderancia electoral de UCD primeiro e do PP despois a construción dunha política propia desde Galicia. Deste xeito, a recente ampliación da UE suporía a cuarta oportunidade que tamén está en perigo de se perder, por ter desperdiciado Galicia os fondos europeos a causa do modelo clientelar e ineficiente que o PP impuxo na administración autonómica. Vázquez Freire salienta que Barreiro Rivas non se suma ás habituais críticas ao PP, senón que destaca a lexitimidade democrática dos éxitos electorais deste partido, corresponsabilizando o pobo galego nese éxito, que traduciría a racionalidade da dialéctica clientelar que alimenta a benéfica reciprocidade entre as forzas sociais e económicas tradicionais e os intereses electorais do partido gobernante. Porén, na obra deféndese que esta dependencia clientelar de ámbito autonómico estaría a ter consecuencias desastrosas para a necesaria modernización social e económica de Galicia. Apúntase que Barreiro Rivas é tamén moi crítico coa alternativa nacionalista, sumándose ás teses habermasianas do Estado posnacional para reinterpretalas e falar dunha "Europa postestatal", de xeito que a defensa identitaria de Galicia ou ben se adapta ao marco dese futuro posnacional e postestatal ou ben estaría condenada ao fracaso, contribuíndo a engadir novos atrancos á necesaria modernización de Galicia. Vázquez Freire sinala que para Barreiro esta modernización pasa por asumir como un feito irreversíbel a globalización económica, polo que Barreiro concede unha atención prioritaria ás elites políticas, láiase do escaso dinamismo empresarial, do anquilosamento da estrutura mediática e da escasa capacidade de influencia da *intelligentsia* galega, mentres silencia as forzas do traballo e os novos movementos sociais, así como o cumio de Porto Alegre. Deste xeito, Vázquez Freire apunta que a perspectiva do autor parece situarse nun nacionalismo de centro político para o que se reclama un espazo na política galega do que hoxe carece, cifrando máis o cambio político en reformas administrativas ca en mobilizacións sociais. Sinala que da política cultural só se ocupa nun breve aínda que polémico capítulo, no que se denuncia o esgotamento do actual modelo de normalización lingüística e se describe o panorama cultural desde un ton batante pesimista. A recensión finaliza indicando que sería unha mágoa que no canto de entrar a valorar con toda a súa carga polémica este ensaio, o país só lle concedese o silencio.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Aposta polo cambio', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 xuño 2004, p. 48.

Refírese ao último libro de Xosé Luís Barreiro, *A terra quere pobo*, o mesmo día no que recolleu o premio Ramón Piñeiro de Ensaio. Sinálase que Barreiro fai no libro unha aposta pola modernidade, sendo, pois, unha longa reflexión da que o autor non saca conclusión

optimista ningunha, porque non e unha gabanza, fala do envellecemento da poboación, a ecoloxía, a historia ou a lingua como en aberta crise, e faino desde a perspectiva da xente e dun político que quere solucionar os problemas. En canto á situación do nacionalismo, saliéntase que Barreiro apunta que houbo unha transformación que non foi axeitada, pois non está preparado para afrontar a globalización por andar enleado en problemas de identidade superados, aínda que tamén se destaca que o libro non é unha crítica política. Por último, recóllense brevemente as opinións do politólogo sobre as situacións máis actuais, que non puido tratar no seu libro por motivos temporais, e anúnciase que está traballando para sacar á luz partes da historia contemporánea de Galicia que el viviu e sobre as que hai xa unha perspectiva para afrontalas.

- Camilo Franco, 'Na práctica cumprín algúns dos postulados de Piñeiro', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 2 xuño 2004, p. 47.

Conversa con Xosé Luís Barreiro con motivo da presentación do seu ultimo ensaio *A terra quere pobo* na sede central de Unión Fenosa, na Coruña. O intelectual fala do paradoxo de que gañase o premio que leva o nome de Ramón Piñeiro sendo tan crítico cos seus postulados sobre o nacionalismo, aínda que di que na práctica tamén cumpriu algún destes postulados intentando galeguizar os partidos estatais, porque para el hai unha contradición entre facer política en clave galega e facela en clave española, e el decidiuse por facela en clave galega. Tamén aclara o peso que tivo na elaboración do libro a súa experiencia política, que fixo que non falase de utopías senón de posibilidades reais, ademais de ter en conta os seus erros e eivas. Por último dinos que non pretende volver á actividade política, polo menos nas circunstancias actuais, porque non atopa receptividade no seu modelo de facela; aínda que tamén por unha opción persoal, porque se tivo que retirar dese ámbito obrigado e, aínda que non está resentido, di que adoptou unha actitude que non quere contradicir.

- Elena Silveira, 'Xosé Luís Barreiro propón un xeito diferente de pensar Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 3 xuño 2004, p. 56.

No artigo resúmense as disertacións que sobre o libro *A terra quere pobo* se ofreceron durante o acto de entrega do premio Ramón Piñeiro de Ensaio. No acto participaron, ademais do autor, Xosé Luís Barreiro Rivas, os seus amigos Víctor Freixanes e Ramón Villares. Da intervención de Barreiro dísenos que explicou que a intención do libro era acelerar a velocidade de cambio do país, reflexionando sobre a responsabilidade cidadá e tendo en conta a valoración dos políticos, aínda que o seu diagnóstico é un pouco deserto, pois case non atopa respostas e as que atopa parécenlle equivocadas. Por outra parte, da intervención de Freixanes destácase que sinalou que o ensaio gañador non é conformista nin compracente, senón que, aínda que poida ser discutíbel, é unha obra estimulante que reflicte a sociedade do país. De Villares saliéntase pola contra a valoración que fixo da experiencia persoal do autor como fundador da autonomía, moi importante para que fose capaz de falarnos do problema do nacionalismo galego e da falta de expresión política dun pobo sen problemas de identidade.

- Lorena Ferreño, 'Xosé Luis Barreiro Rivas, sobre Galicia: 'Coido que o cambio non vai ser fácil'', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 16 xullo 2004, p. 73.

Infórmase da presenza de Xosé Luís Barreiro na Feira do Libro de Pontevedra, para asinar exemplares da súa recente obra, *A terra quere pobo*, un ensaio no que expón o problema do país e aborda aspectos da realidade galega desde unha pluralidade temática.

- Xosé Luís Franco Grande, 'Un libro de cabeceira', *La Voz de Galicia*, 'Soleira', 8 agosto 2004, p. 4.

Xosé Luís Franco Grande define o libro de Xosé Luís Barreiro Rivas *A terra quere pobo*, coma un libro de cabeceira para calquera que queira pensar sobre o noso presente e o noso porvir, ou incluso sobre aspectos do pasado máis próximo. Para el é un libro tan importante como foron nos seus tempos os escritos de Peña Novo, Castelao ou Vicente Risco e, sobre todo, un libro que dá que pensar. Os obxectivos cumpridos deste libro son para Franco Grande o pensar Galicia desde a modernidade e cara a ela, e analizar as realidades que nos condicionan, as posibilidades que se nos presentan e as eivas que padecemos, presentadas con ousadía e lonxe da vulgaridade habitual, indo sempre á orixe do problema.

- Xaime Leiro Darriba, 'Soberano' de Adolfo Caamaño', *El Correo Gallego*, 'Tribuna libre', 10 novembro 2004, p. 68.

Refírese á segunda novela de Adolfo Caamaño, *Soberano*, que define coma a súa reconciliación coa literatura galega. Despois de cualificar a Caamaño como unha promesa segura no panorama cultural galego, di que o pasado mes de agosto foi un mes produtivo, pois apareceron obras como *No solpor da prehistoria*, un cómic de Pepe Carreiro que lle lembra a xenialidade que neste apartado hai en Galicia. Tamén destaca entre as obras deste mes o ensaio de Xosé Luís Barreiro Rivas *A terra quere pobo*, do que di que o autor apunta á creatividade como factor co que a comunidade autónoma de Galicia debe facer fronte á globalización con éxito para a súa singularidade.

- R.L., 'A terra quere pobo', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 91, 18 decembro 2004, p. 91.

Infórmase brevemente da publicación do ensaio *A terra quere pobo* (Galaxia) do articulista Xosé Luís Barreiro, que encara nestas páxinas a súa idea da Galicia actual e do que podería ser nun futuro. Fala da grande achega que supón esta obra e non se dubida que marcará unha época dentro das reflexións sobre este país.

- AA.VV., 'En catalán, euskera y gallego', *El País*, *'Babelia'*, nº 684, 'Los mejores libros de 2004', 31 decembro 2004.

Diversos colaboradores deste suplemento cultural seleccionaron para este artigo os libros de 2004 máis destacados, de entre os publicados en galego, euskera e catalán. No ámbito da lingua galega, faise referencia a dúas obras: Os meus ollos, de Ramiro Fonte, e A terra quere pobo, de Xosé Luís Barreiro. Polo que respecta a esta última, dá conta da traxectoria política do seu autor e indica que a súa obra toma o título do poeta Celso Emilio Ferreiro; indica, ademais, que nela se estudan as causas do atraso político e social de Galicia.

Biblioteca Pública de Ourense, **Lareu Rodiño**, Javier, *Ramón Otero Pedrayo: vida, obra e ideoloxía*, Ourense: Servizo de Difusión e Orientación Bibliográfica □, 2004, 56 pp. (DL: C-914-2004).

Guía de lectura publicada pola Biblioteca Pública Nodal de Ourense que se centra na figura do ourensán Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976) e que conta con abondoso apoio fotográfico. Para isto xébrase esta aproximación a Otero Pedrayo en 9 apartados: "Biografía"; "Ideoloxía e pensamento"; "A praxe política: actitudes e militancia, galeguismo político-cultural"; "Otero polígrafo: obra"; "Trasalba"; "Cronoloxía"; "Bibliografía", onde se sinalan -incluída a sinatura- todas as obras de Otero Pedrayo e mais todos os estudos centrados na súa figura que se poden atopar na sección de galego da Biblioteca Pública de Ourense. Este volume conta tamén cunha sucinta "Escolma" de nove textos de Otero Pedrayo nas súas múltiples facetas: xeógrafo, "Encol da aldeia"; historiador, *Breve historia de Galicia*; pensador, *Pelegrinaxes*; ensaísta, *Morte e resurrección*; biógrafo, *O libro dos amigos*; xornalista, do *Heraldo de Galicia*; novelista, *Contos do camiño e da rúa*; dramaturgo, *A lagarada,* e mais poeta *Bocarribeira*. Na derradeira parte desta obra divulgativa ten cabida un pequeno "Arquivo fotográfico" de Otero Pedrayo. Cómpre subliñar que no cuarto apartado, "Otero polígrafo: obra", faise un repaso pola produción narrativa, dramática e ensaística de Otero mediante a reprodución da portada dos seus volumes, acompañado dun resumo da obra.

Biscainho Fernandes, Carlos Caetano, *Conformando o brinquedo. Reflexións á volta da preparación do actor*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña ♦, 2004, col. Manuais Casahamlet, nº 5, 135 pp. (ISBN: 84-86040-06-X).

Este libro, escrito polo crítico e investigador Carlos Caetano Biscaínho Fernandes (A Coruña, 1968), céntrase na meditación sobre os elementos necesarios para a preparación actoral e a construción do espectáculo escénico, ao tempo que na promoción apaixonada do exercicio dramático. A reflexión en torno ao teatro presenta tanto unha vertente teórica, baseada na lectura de múltiples escritores como Antonin Artaud, Carmen Bobes Naves, Peter Brook ou Jerzy Grotowski, coma unha plasmación práctica, influída tamén polas actividades desenvolvidas no Laboratorio de Experimentación e Investigación Teatral Casahamlet, dirixido por Santiago Fernández e Manuel Lourenzo. A conxunción de ambos aspectos queda representada na conformación do propio texto, de xeito que, intercaladas na digresión, reprodúcense entre corchetes algunhas experiencias e reflexións achegadas á práctica diaria, moitas veces servíndose da vía negativa, isto é, chamando a atención sobre os camiños que poden resultar perniciosos para o actor, mais que, como indica o autor, non foron concibidas para ser imitadas ou servir de modelo. Neste sentido, o autor imaxina o teatro como un xogo lúdico cuxas claves se resisten a ser totalmente descifradas e, así mesmo, como unha actividade revolucionaria, un acto de rebeldía fronte á "perversión da natureza da actividade dramática introducida polo teatro burgués". Finalmente, en canto a estrutura do libro, o lector pode atopar dez capítulos nos que se tratan asuntos tales como o papel do público no facto teatral, a transposición do texto ou os materiais de traballo, ademais dun preámbulo e un epílogo que enmarcan os razoamentos estabelecidos polo autor.

Referencias varias:

- Albino Mallo, 'O manual do actor, por Carlos Caetano Buscaínho', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 novembro 2004, p. 63.

Dá conta do acto de presentación do libro *Conformando o brinquedo. Reflexións a volta da preparación do autor*, en Culleredo, ao que o autor acudiu acompañado por Santiago Fernández e Manuel Lourenzo. Incorpora algunhas manifestacións do autor, quen considera fundamental a súa colaboración co "Laboratorio de Experimentación e Investigación Teatral Casahamlet", se ben salienta que a aprendizaxe do actor é "un proceso individual e irrepetible, que nunca se completa".

Borobó, *Anacos valleinclanianos*, edición e prólogo de Xoán Guitián, Santiago de Compostela: Fundación Valle-Inclán, outubro 2004, 148 pp. (DL: DL: C-2841-2004).

Volume que recolle cincuenta artigos xornalísticos de Raimundo García Domínguez "Borobó" (Pontecesures, 1916- Santiago de Compostela, 2003) sobre diversos aspectos da vida e obra de Ramón María Valle-Inclán. Estes "anacos" foron publicados con anterioridade, concretamente entre 1952 e 2001, nos seguintes xornais: *A Nosa Terra*, *Arriba*, *Diario de Pontevedra*, *O Correo Galego*, *La Noche*, *La Región*, *La Voz de Galicia* e *Xornal Diario*. Sete están en galego e o resto en castelán, e foron asinados con diferentes pseudónimos, tales como Ánxelo Novo ou, o máis utilizado, Borobó. O libro ábrese cunha breve presentación por parte de Xerardo Fernández Albor, Presidente da Fundación Valle-Inclán, quen destaca o papel activo do egrexio xornalista nesta entidade e pon de manifesto que o obxectivo desta publicación é dar a coñecer estes artigos e homenaxear a quen os escribiu. Ademais, subliña a variedade temática dos artigos. Séguelle un prólogo do encargado desta edición, Xoán Guitián que entre outras cuestións, salienta algunhas características deste volume como: a lingua, o medio no que se publicaron os anacos por vez primeira, o encubrimento do nome verdadeiro do autor, etc. Apunta que na escolla dos artigos que lle pasara Borobó seguiu como criterios de selección a calidade literaria e o valor informativo. Así pois, estes "anacos" céntranse nalgúns aspectos, algúns anecdóticos, da traxectoria vital do autor de *Luces de Bohemia*, tales como as súas amizades, como a que mantiña con Unamuno ou Manuel Murguía, os lugares nos discorreu que súa andaina existencial, a familia e a súa xenealoxía, a súa visión sobre o futuro de Galicia, o seu "castrapo", o seu epistolario… Ás veces, Valle-Inclán aparece dun xeito secundario nalgún artigo no que aborda outros temas.

Capelán Rey, Antón, *Diatribas manuelinas*, Ames-A Coruña: Laiovento, 2004, col. Ensaio, nº 184, 229 pp. (ISBN: 84-8487-057-X).

No presente volume preséntanse unha serie de artigos sobre varios escritores e intelectuais de diferentes xeracións que, segundo se nos indica no limiar, xa se deron a coñecer en diversas publicacións galegas entre os anos 1990 e 2000. Ademais inclúense dous textos inéditos do 2002, "Valentín Paz-Andrade labra a súa imaxe" e "Castelao, actor teatral". Os textos xiran arredor de ideas como a memoria, o esquecemento e a terxiversación. Trátase, sobre todo, dun volume que se sostén fundamentalmente entre o rigor histórico e o compromiso coas memorias nacional e obreira. Ademais do limiar, consta de dúas partes ben diferenciadas. A primeira deles conta con dous textos adicados á "Apropiación cultural de Manuel Fraga" coas figuras de Cunqueiro e Cabanillas dende o seu cargo de Ministro de Información e Turismo ata ser presidente da Xunta, incidindo na idea de "submisión ao autoritarismo" que este foi implantando en Galicia. Trátase de puntuais incursións no pasado máis escuro da nosa terra. A maioría dos escritos da segunda parte, que leva por título "Centenarios, homenaxes e outros axóuxeres", xorden con motivo de dous acontecementos de revitalización e memoria cultural, os centenarios e o Día das Letras Galegas. Así atopamos un capítulo dedicado aos centenarios, "Centenarios pero sen amnesias", outro ás "Exposicións do libro galego", así como un capítulo adicado a Luís Pimentel e seis dos seus poemas esquecidos, non recompilados. Nos restantes capítulos recóllense textos sobre Castelao, Antón Villar Ponte, Rosalía, "Roxerius", Valentín Paz-Andrade, Avilés de Taramancos e Méndez Ferrín. Sublíñase tamén no limiar o conflito entre as distintas memorias, diferentes interpretacións do pasado, como ocorre no caso dos dous artigos adicados a Valentín Paz-Andrade.

Recensións:

- Xosé Freire, 'Capelán, o descubridor da cultura galega oculta', *A Nosa Terra*, nº 1.137, 'Cultura', 15 xullo 2004, p. 27.

Concisa aproximación ao volume de ensaios de Antón Capelán, *Diatribas manuelinas*, publicado por Laiovento. En primeiro lugar, cita un fragmento do "Limiar" onde se expón o fío unificador do volume: "a memoria, o esquecemento e a terxiversación". En segundo lugar, salienta algunhas das liñas temáticas arredor das cales xira esta obra, entre as que salienta cómo a ideoloxía dominante se apropiou e manipulou indebidamente "mitos, obras e personalidades", e a análise que Capelán fai da literatura na prensa. Ademais, valora moi positivamente os textos escollidos como "lúcidos, equilibrados", que inducen inexorabelmente á reflexión.

- Dorinda Castro Soliño, 'Diatribas munuelinas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 93, 'Libros', 30 setembro 2004, p. IV.

Aproximación ao contido do libro *Diatribas manuelinas*, do que sinala que é unha recompilación de artigos do autor xa publicados en prensa entre os anos 1990 e 2000. De seguido, pasa a explicar a estruturación da obra en dúas partes: a primeira delas centrada no "pasado represor" do actual presidente da Xunta; a segunda constitúe un percorrido histórico pola memoria do país. Refírese especialmente a aqueles artigos adicados a Castelao, a "Roxerius", así como aos seis poemas esquecidos de Luís Pimentel que se

recollen neste volume. Despide este comentario salientando a figura de Capelán como un cronista, renovador da memoria colectiva.

Referencias varias:

- X.L. Méndez Ferrín, 'As diatribas de Capelán', *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 13 setembro 2004, p. 12.

Alude á publicación do novo libro de Capelán, *Diatribas manuelinas*, facendo unha achega ao autor, primeiro,ao que cualifica de "cronista maior", e ao contido da obra. Salienta o espírito crítico que domina ao libro e o intento que se fai no volume de recuperar a historia intelectual galega, manipulada por ideoloxías definidas. Remata reiterándose nos logros das obras de Capelán en canto á calidade da súa prosa e á súa ligazón cun pasado político-cultural de conciencia obreira e nacional.

Casares, Carlos, *100 artigos*, edición de Tucho Calvo, A Coruña: La Voz de Galicia □, 2004, col. Biblioteca Gallega, 113 pp. (ISBN: 84-9757-120-7).

Edición conmemorativa do cabodano do pasamento de Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002). Tucho Calvo (La Guaira-Venezuela, 1954) recolle nesta edición cen artigos que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* dende o ano 1982 ao 2001. Comeza co titulado "Carta aberta a un político galego". O volume iníciase cunhas palabras de Bieito Rubido Ramonde , "A obra dun clásico", onde o director de *La Voz de Galicia* recorda a etapa 1988-2002 na que Casares publicou diariamente neste xornal a súa sección "Á Marxe", que cualifica dun "dos maiores éxitos editoriais que se teñan dado na prensa española", onde falaba cunha linguaxe limpa dos temas cotiás. Tamén indica que "Casares foi quen de crear un estilo propio", depurado, sinxelo, irrepetíbel. Falando propiamente dos artigos constátase a prosa fluída e con aparencia de simple de Casares, que fala de todo cunha familiaridade que en realidade está moi buscada. En relación aos temas predomina a variedade. Atópanse así artigos nos que fala de viaxes nas que, por exemplo, pode visitar a tumba de James Joyce, ou dedicarse ao seu pequeno vicio de coleccionista de trens eléctricos; cunha simpleza na que mestura temas de máis "alta cultura", como poden ser as súas relacións con membros da academia sueca, dos que tiña falado sobre os premios Nobel, con temas tan cotiáns como o seu gato Samuel e a súas particularidades. En todos os artigos predomina un fondo común de humanismo, de tratar as cousas desde o punto de vista máis humano, fuxindo dunha visión fría e apartada da xente.

Referencias varias:

- R. Loureiro, 'La Voz reúne nun volume único os mellores artigos de Casares', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 marzo 2004, p. 51.

Ramón Loureiro informa da próxima publicación dun libro que recolle unha antoloxía de artigos de Carlos Casares escollidos por Tucho Calvo, que consta de cen textos nos que se recolle o mellor de canto escribiu Casares na súa columna do xornal; unha obra que reflicte

a súa maneira de ver o mundo: "unha visión de talante humanista, construída desde o amor a Galicia". Recolle tamén como presentación á obra as palabras da súa viúva Kristina Berg, que di que neses textos está a vida do escritor, que quería que a súa escrita fose "un cristal limpo e transparente: un camiño aberto ata o máis fondo do corazón". Con este libro, dinos Loureiro, *La Voz de Galicia* quixo perpetuar o autor da famosa columna "Á marxe".

- Ramón Loureiro, 'La Voz rende homenaxe cos artigos de Casares á mellor prosa xornalística', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 marzo 2004, p. 50.

No artigo dáse conta da inminente publicación do libro *Carlos Casares, 100 artigos*, que edita *La Voz de Galicia* para revivir unha das figuras da Galicia no século XX. Fálase tamén da prosa xornalística de Carlos Casares como unha das mellores, inserida na tradición dos que o propio escritor consideraba os seus mestres: Álvaro Cunqueiro, Plá ou Borobó, e do seu xornalismo como non só unha maneira de ver o mundo, senón de vivilo, como vivían os lectores a columna "Á marxe". Das súas prosas dise que xa contan cun lugar de honra na memoria colectiva de Galicia, como demostran pequenas anécdotas como a da nena Mariña, que aparecía nas súas columnas e que agora, con catro anos, non pode esquecer o escritor. Tamén se inclúen unhas palabras de Tucho Calvo, quen escolleu os artigos para publicar na antoloxía, que di que se valeu sobre todo de criterios temáticos para seleccionar os textos entre a inmensa variedade que supoñen preto de tres mil colaboracións.

- Ramón Loureiro, 'A antoloxía de artigos de Carlos Casares, maña con La Voz', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 18 marzo 2004, p. 55.

Di Ramón Loureiro que a antoloxía *Carlos Casares, 100 artigos* é moito máis que un libro, pois reúne os mellores textos xornalísticos dunha das figuras de Galicia no século XX . Fala de que nel se pode acceder ao universo do escritor, que tiña como a maior das maxias a que xorde dos sentimentos e dos pequenos tesouros que ofrece a vida. Polos artigos, dinos, sucédense as historias que Carlos Casares convertía no "máis fermoso dos concertos", cunha prosa xornalística que forma parte do patrimonio cultural e dos sentimentos dos galegos. O resto do artigo dedícao a recrear algunha das historias que constituían o universo temático do escritor e xornalista, que van desde os contos de trasgos ás intrigas literarias do Nobel, ou a historias persoais impresionantes.

Chao Rego, Xosé, *O demo meridiano: lembranzas dun trasgresor*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, febreiro 2004, col. Ensaio, nº 9, 256 pp. (ISBN: 84-9782-103-3).

Xosé Chao Rego (Vilalba, 1932) ofrécenos unha singular biografía na que conta a súa peripecia vital ata fins da década dos setenta e na que destaca, sobre todo, a temática de tipo relixioso. O volume ábrese con "Soleira" na que Daniel López Muñoz mostra a súa gratitude e admiración polo teólogo, louvándoo por saber manterse afastado da oficialidade cultural e espiritual. Séguelle unha "Presentación" na que o autor explica como xorde a idea de escribir este libro que, di, complementa a *Conversas con Xosé Chao Rego* de Daniel López. Asemade, salienta que tentará "facer unha crónica da Igrexa" e da "interpretación teolóxica", pedindo ao lector que sexa crítico. Despois vén un limiar no que Xosé Chao

xustifica o título en cuestións de tipo existencial que, di, tiveron resposta en parte no seu traballo na parroquia ferrolá de Santa Mariña do Vilar. O ensaio estrutúrase logo en nove capítulos, que á súa vez se dividen en pequenos apartados, que separados por anos e fan referencia á súa peripecia vital entre 1932 e 1978. Principia aludindo as súas orixes, á súa familia e ás lembranzas anecdóticas da súa infancia. Relata a súa formación, o seu paso polo seminario de Mondoñedo, os estudos en Salamanca e en Roma, así como as súas viaxes a Francia ou Alemaña, salientando o que todo isto lle aportou. Céntrase polo miúdo na súa ordenación sacerdotal en Roma en 1956. Tamén narra o seu retorno ao seminario de Mondoñedo como educador e fala logo de como por diferentes problemas o destinan a unha parroquia. Párase, asemade, na experiencia en Santa Mariña do Vilar entre 1959 e 1976, que, asegura, o marcou positivamente. Remata pedindo perdón pola súa tardanza en renacer a unha "nova identidade galega e cristiá" aló polo ano 1978. O galeguista a través da súa experiencia relixiosa mostra como madura ideoloxicamente, como cambia a súa mentalidade e como xorde así a vea crítica coa Igrexa, confesándose un transgresor pola súa "ruptura co dogmatismo eclesiástico".

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 77, 1 abril 2004, p. VII.

Sección fixa na que se inclúen as recensións de *Os nomes da ría de Vigo III*, de Gerardo Sacau Rodríguez; *O demo meridiano*, de Xosé Chao Rego; *Detrás da palavra* (2004), de José Alberte Corral Iglesias; e *A Unión Europea* (2003), de Xulio X. Pardellas de Blas. Sinala que *O demo meridiano* recolle as memorias de Xosé Chao Rego, escritas cun prosa fermosa e cativadora; sinala que se trata dun volume que completa o percorrido biográfico iniciado en *Conversa con Xosé Chao Rego*, de Daniel López. Comenta tamén que o libro recolle toda a traxectoria vital de Chao Rego, desde a súa infancia de neno labrego até o seu exercicio sacerdotal durante dezasete anos nunha parroquia ferrolá.

- Suso Varela, 'Espero axudar a ter unha actitude crítica ante a vida', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 22 abril 2004, p. L2.

Conversa con Xosé Chao Rego a propósito da presentación de *O demo meridiano: lembranzas dun transgresor*, unha autobiografía editada por Xerais que recolle a súa vida ligada á Igrexa ata finais dos anos 70, en concreto a vivida no Seminario de Mondoñedo, as súas estadías en Roma e Alemaña e o seu exercicio de crego durante dezasete anos. O escritor vilalbés manifesta que o feito de que Daniel López Muñoz elaborase hai dous anos o libro *Conversa con Xosé Chao Rego* tivo moito que ver na xénese desta autobiografía e que con ela espera axudar ao lector a ter unha actitude crítica ante a vida.

- Pilar Ponte, 'Memoria da sinceridade', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 84, 'Libros', 20 maio 2004, p. V.

Valora positivamente a autobiografía de Xosé Chao Rego, *O demo meridiano*, pola súa sinceridade e rigorosidade. Así mesmo, céntrase no contido, destacando algúns temas e

ideas relevantes descubertas polo egrexio teólogo. Salienta o seu rexeitamento do celibato e da súa "sona de enfant terrible" dentro da Igrexa, pondo de manifesto o seu paso por varias parroquias determinantes na súa traxectoria. Tamén sinala que se amosa crítico coa sociedade e afirma que, ao seu ver, non existe a imparcialidade política, subliñando o seu posicionamento ao lado dos marxinados polo poder. Por outro lado, fai mención ao uso da lingua galega que recoñece non ter utilizado nunca na misa. Por último, pon de manifesto o recoñecemento final do autor dunha nova identidade.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Sobre a tentación do mediodía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 febreiro 2004, p. 52.

Alúdese á presentación da biografía de Xosé Chao *O demo meridiano* na Galería Sargadelos de Compostela e fai unha breve aproximación a esta. Refírese ao contido do libro, no que se salienta que predomina a mención á andaina relixiosa do autor, destacando desta, entre outras cousas, "o nacemento da conciencia crítica entre o clero galego". Ademais, póñense de relevo os "aspectos culturais" e a simboloxía do título.

- Marcos Valcárcel, 'Chao Rego, a vida como verdade', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 5 marzo 2004, p. 64.

Salienta a "credibilidade" e a "autenticidade" de Xosé Chao Rego e subliña algún dos aspectos da autobiografía que vén de publicar este ilustre intelectual. Gústalle, entre outras cousas, a explicación que dá da súa etapa de educador, da que destaca a súa facilidade para ensinar. Sinala, así mesmo, que, en xeral, o galeguista conta "cousas sinxelas" , aínda que "subversivas".

- A.S., 'O transgresor non é un canalla; é un home que busca liberdade', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 3 xuño 2004, p. 18.

Informa da presentación de *O demo meridiano.Lembranzas dun transgresor,* de Xosé Chao Rego na sala Fonseca e achega unha entrevista ao teólogo galego. Este afirma que a súa autobiografía é "máis doutrinal que vital", ao tempo que realiza unha crítica da Igrexa actual. Asemade, descobre que simboliza o demo meridiano no seu libro que, afirma, leva máis de trinta anos escrito.

Costa Rico, Antón, *Historia da Educación e da Cultura en Galicia (Séculos IV-XX)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, setembro 2004, 1245 pp. (ISBN: 84-9782-220-X).

Ábrese este volume de Antón Costa Rico (Castellar de la Frontera, Cádiz, 1952) cun prólogo asinado por Xosé Ramón Barreiro Fernández, Presidente da Real Academia Galega, no que comenta qué é o que o lector vai atopar nas páxinas que seguen e fai algunhas consideracións arredor do papel da educación ao longo da historia. A este primeira presentación séguelle a titulada "A la búsqueda de la identidad", da autoría de Agustín Escolano Benito, na que en lingua castelá se loa o traballo do seu "viejo y siempre renovado amigo", se destacan os principais valores da obra e se lle agradece a Costa Rico

este ambicioso traballo. A continuación, aparece a "Introducción" do autor, que expón as pretensións que o guiaron na elaboración de *Historia da educación e da cultura en Galicia (Séculos IV-XX). Permanencias e cambios no contexto cultural e educativo europeo*, dá conta da estrutura que trazou para o volume e aclara diferentes cuestións que considera relevantes, así como o xermolo desta publicación. Despois dos agradecementos, divídese o amplo estudo en dez partes tituladas "O espertar cultural (séculos IV-XI)", "Cultura escrita e educación na baixa idade media europea: tradición e nova mentalidade cultural", "Educación e cultura literaria durante a Baixa Idade Media (Séculos XII-XV), "Europa Moderna. Un mundo novo", " A educación na Europa Moderna e no contexto hispano", "O século XVIII: un tempo europeo de crise, de rupturas e de luces", "Sociedade e cultura na Galicia do Antigo Réxime", "Educación e formación no tempo do Antigo Réxime", "Sociedade e duración no século XIX" e "Sociedade e educación no século XX", nos que se analizan as diversas manifestacións e plasmacións educativas e culturais ocorridas en Galicia dende a romanización até a época actual, co trasfondo constante da historia educativa e cultural europea. Acompáñase tamén esta *Historia da educación e da cultura en Galicia* dunha colectánea de corenta e oito "unidades informativas", baixo o epígrafe "Textos", que incorpora documentos de variada índole: textos periodísticos, literarios, expositivos, administrativos, históricos, ensaio educativo, etc. cos que se procura un modo distinto e complementario de se achegar á historia da educación e da cultura galegas.

Dans, Raúl, *Confesións dun practicante. As aventuras dun dramaturgo en Galicia*, prólogo de Daniel Domínguez, Lugo: Tris-Tram, 2004, col. Máscaras, 175 pp. (ISBN: 84-89373-54-5).

Raúl Dans (A Coruña, 1964) achega once textos de índole variada que se presentan, en liñas xerais, como unha reflexión sobre o seu teatro e, tamén, sobre a dramaturxia galega. O volume principia cun prólogo de Daniel Domínguez no que se aproxima ao contido desta obra, da que salienta "unha mirada tinguida de humor e amor", ao tempo que invita á súa lectura e pon de relevo o compromiso "militante" de Raúl Dans co teatro. O escritor coruñés centra parte do libro no proceso da escrita dun texto dramático seu. Así tenta explicar cando, como e para que escribe, expondo todos os mecanismos mentais que segue. Confesa que o obxectivo é "a comprensión do mundo" e di que "todo o meu teatro está escrito desde a miña incurable nostalxia das táboas". Ofrece, ademais, un "autorretrato do dramaturgo", recordando como se fai actor e, logo, escritor de textos dramáticos. Por outro lado, alude á súa participación en distintos debates sobre o seu eido de traballo ou á montaxe da súa obra *Lugar* por parte do Centro Dramático Galego. Asemade, fai referencia á precaria situación teatral en Galicia, pondo de relevo o nulo papel dun escritor aquí. Por outro lado, atende á xeración teatral dos noventa na que se inscribe e á filosofía desta; sen deixar de comentar o seu papel como guionista de series de televisión. A respecto disto último manifesta que "a escritura dramática representa a liberdade, o oficio de guionista, a submisión". Os textos están escritos entre 1998 e 2000, uns en Santiago e outros en Perillo. Todos teñen unhas notas que ás veces, incluso, superan en lonxitude ao propio texto e que serven para comprender na súa totalidade este. En definitiva, trátase dunha obra con múltiples referencias biográficas aos últimos vinte anos da traxectoria teatral de Raúl Dans, nas que a vertente reflexiva se mostra á vez irónica e non falta de humor.

Díaz, María América, *Luís Seoane. Notas ás súas cartas a Díaz Pardo (1957-1979)*, limiar de Isaac Díaz Pardo, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, abril 2004, col. Documentos, nº 186, 752 pp. (ISBN: 84-8485-141-9).

Volume que reúne a correspondencia que Luís Seoane dirixiu a Isaac Díaz Castro ao longo de vinte anos e que se interrompeu cando os dous coincidían en Galicia ou Arxentina. Nas primeiras cartas obsérvase a gran ilusión de Seoane ao se atopar no exilio con outros exiliados galegos que coñecía antes da guerra como Dieste ou Blanco Amor. Predominan tamén as inquedanzas e malhumores do autor que, segundo Díaz Pardo, "na maior parte dos casos pasábanlle e convertíanse en eloxios". Aparecen neste epistolario unha gran cantidade de nomes de amigos e nas notas amósase a relación que Seoane tiña con cada un. Os temas máis recorrentes destas cartas son o Centro Galego de Bos Aires, a situación política, social e económica de Bos Aires, a actividade artística e literaria de Seoane, a emigración galega, as viaxes de Seoane a Europa e América, a actividade de Díaz Pardo na Arxentina en Galicia, entre outros. Pero sen dúbida o que máis destaca no epistolario, segundo van pasando os anos cunha maior presenza, é a saudade que ten Seoane por estar lonxe de Galicia; esa nostalxia increméntase máis a partir da viaxe a Galicia no verán de 1963. En canto á lingua normalmente emprégase o castelán aínda que existen algunhas en galego.

Recensións:

- Xesús Alonso Montero, 'Irmáns do 36', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 57, 'Qué está pasando', 24 abril 2004, p. 2.

Sinala que Ediciós do Castro publica as cartas que Luís Seoane escribiu a Isaac Díaz Pardo. Nelas hai referencias a actividades clandestinas protagonizadas polos dous.

- Carlos Fernández, 'Un epistolario histórico', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 58, 'Letras no ficción', 1 maio 2004, p. 3.

A propósito da edición de Luís Seoane. Notas ás súas cartas a Isaac Díaz Pardo, comenta que o epistolario se inicia en 1957 e acaba en 1979, polo que nas cartas aparecen os nomes de Castelao ou Dieste. Ante a diversidade de temas tratados, a Carlos Fernández chámalle a atención a dureza con que recrimina a Celso Emilio Ferreiro polas súas críticas aos emigrados venezolanos, presentes no seu libro *Viaxe ao país dos ananos,* e recórdalle unha poesía que publicou en *Lira Bélica* de eloxio a Franco. Ao final, engade que o noventa por cento das cartas están escritas en castelán.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'A gráfica galega actual non se entendería sen o labor de Seoane', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 27 marzo 2004, p. 46.

Camilo Franco lembra as xornadas celebradas na Coruña con motivo do vinte e cinco cabodano do pasamento de Luís Seoane. Sinala que para este artista a presenza constante de Galicia estivo marcada pola idea de atopar unha modernidade que coincidise co país. Salienta que nestas xornadas Pepe Barro nesas xornadas, explicou como Seoane evitou os símbolos coñecidos de Castelao que representaban unha Galicia histórica. Alonso Montero lembrou o choque entre Ramón Piñeiro e Seoane, debido á diferente concepción da literatura social e sinalou que as institucións públicas teñen a obriga de montar o teatro escrito de Seoane aínda que o contido teña unha determinada interpretación política. Finalmente anuncia a presentación do epistolario *Luís Seoane. Notas ás súas cartas a Díaz Pardo*, que terá lugar na primeira semana de abril.

- R.T., 'Entre as cartas de Díaz Pardo e Seoane', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 abril 2004, p. 51.

Anúnciase a presentación do epistolario *Luís Seoane. Notas ás súas cartas a Díaz Pardo* no Museo Carlos Maside co motivo do vintecinco aniversario da súa morte. Infórmase de que o volume recolle cento sesenta cartas que Luís Seoane escribiu ao seu amigo Isaac Díaz Pardo, nas que se pode ver a relación entre os dous e a súa traxectoria artística.

- M.P., 'Un epistolario mostra a relación de Luís Seoane e Díaz Pardo', *La Opinión*, 'Cultura', 6 abril 2004, p. 55.

Refírese á publicación por parte de Edicións do Castro do epistolario *Luís Seoane. Notas ás súas cartas a Díaz Pardo* que recolle cento sesenta cartas que Luís Seoane lle escribiu a Isaac Díaz Pardo entre 1957 e 1979. Sinálase que nalgunhas lle reprochae que deixase de pintar para dedicarse ás súas empresas. Infórmase de que a historiadora María América Díaz foi a encargada de ordenar as cartas e facer as notas, destácase a importancia da obra para o coñecemento de Seoane como persoa. Apúntase tamén que unha queixa presente nas cartas é a dor de Seoane por non ser nomeado membro da RAG.

- Albino Mallo, 'Vintecinco anos do pasamento de Seoane', *El Correo Gallego*, 'Lembranza', 7 abril 2004, p. 76.

Menciona os actos conmemorativos que teñen lugar con motivo do vinte e cinco aniversario do pasamento de Luís Seoane. Entre eles destaca a presentación do epistolario *Luís Seoane. Notas ás súas cartas a Díaz Pardo*. Segundo Albino Mallo nas cartas, catalogadas e glosadas por María América Díaz, contémplanse os estados de ánimo de Seoane.

- Albino Mallo, 'Seoane: dende os veráns en Galicia ata as críticas á RAG', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 abril 2004, p. 52.

Anuncia a presentación do libro *Luís Seoane. Notas ás súas cartas a Díaz Pardo* editado con motivo do vinte e cinco cabodano do óbito de Seoane. Sinala que as cartas foron transcritas e comentadas por María América Díaz e que nelas pódense observar os estados de ánimo de Seoane. Ademais destaca as cartas que escribiu despois do verán que pasou en Galicia no 63, porque a partir de aí mostra a morriña que sente por estar lonxe da súa terra. Apunta tamén que algunhas cartas tamén podemos ver a dor que sentiu por non ser

nomeado membro da RAG. Para rematar, alude a que a lingua utilizada é o castelán, aínda que existen algunhas en galego, e cita algúns nomes de amigos mencionados nas cartas.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 9 abril 2004, p. 57.

Comeza facendo unha pequena alusión á morte de tres grandes autores como Luís Seoane, Celso Emilio Ferreiro e Eduardo Blanco Amor. Logo comenta a presentación do epistolario *Luís Seoane. Notas ás súas cartas a Díaz Pardo* e o labor da Fundación Luís Seoane. Por outra parte, alude á Fundación Celso Emilio Ferreiro que reeditou *Longa noite de pedra* no 2002; mentres que Blanco Amor non conta cunha Fundación que impulse a súa memoria.

Domínguez Dapena, Cristina, *Técnicas de expresión oral. O uso expresivo da voz*, Vigo: Galaxia, 2004, Xunta de Galicia, 2004, col. Biblioteca de Teatro. Breviarios, 71 pp. (ISBN: 84-8288-777-7) (ISBN: 84-453-3969-9).

Cristina Domínguez Dapena presenta unha obra con clara finalidade práctica para todas aquelas persoas que teñan na voz o seu instrumento de traballo e, moi especialmente, para as que a utilizan para crear personaxes. O libro divídese en tres partes fundamentais que todo bo comunicador debe ter en conta: a respiración, a emisión e a dicción, amais conta con apartados menores dedicados ao uso expresivo da voz falada e unha breve bibliografía de apoio. Explícase de maneira breve e nidia o mecanismo de creación da voz, para nunha segunda parte ir directamente á práctica do adestramento da voz falada. Achéganse exercicios nos que se describe a colocación das partes para unha boa emisión e tamén se dan resposta a posíbeis problemas que se poidan presentar unha vez que estamos ante un texto. Precísase adestrar os órganos da fala e para iso achéganse exercicios para a correcta pronuncia de cada son do galego.

Domínguez Rey, A. e X. Frías Conde (editor), *O espírito da palabra*, prólogo de Antonio Domínguez Rey, A Coruña: Espiral Maior, 22 setembro 2004, col. Auliga Ensaio, nº 1, 132 pp. (ISBN: 84-95625-67-9).

Volume no que se recollen as intervencións dos III e IV 'Seminario Internacional de Tradución' de Rianxo, celebrados en 2002 e 2003, respectivamente. No prólogo da obra, Antonio Domínguez Rey, presidente de AULIGA (Asociación para promover unha Universidade Libre Iberoaméricana en Galicia), explica o nacemento da asociación que preside e dá conta da historia destes seminarios; fai referencia aos dous últimos e explica que esta é a primeira vez que os textos tidos e debatidos nestes encontros van ser publicados. A continuación, damos conta dos textos recollidos neste volume e que teñen interese dende o punto de vista da literatura galega:

-Xavier Frías Conde, 'Traducir desde a para o galego', 53-65.

O profesor Xavier Frías parte da súa experiencia persoal como docente e tradutor, sobre todo no ámbito literario, para reflexionar sobre os requisitos que unha lingua debe cumprir

para converterse en receptora de traducións, sobre a formación do tradutor galego, os problemas que presentan certos dicionarios ou a cuestión das linguas ponte. Fai, asemade, un breve estudo da situación actual da tradución literaria en galego, analizando qué se traduce para o galego, qué se traduce do galego a outras linguas ou se hai necesidade de promover as traducións desde o galego, entre outras cuestións. Fala, finalmente, dalgunhas cuestións referidas aos tradutores galegos e presenta un apartado coas súas conclusións finais.

- Inma Pérez Rocha, 'O galego e as linguas da Europa Oriental: a tradución de M. Eminescu', pp. 67-77.

O traballo de Inma Pérez estrutúrase en dous apartados. No primeiro deles explica algúns dos problemas que, segundo a súa propia experiencia, aparecen á hora de realizar traducións de linguas eslavas; no segundo apartado, fai unha breve presentación dalgúns dos seus poemas para o galego, así como un percorrido por algunhas das traducións que ela ten feito para outras linguas.

- Carmen Mejía Ruiz e Laura Eugenia Tudoras, 'Problemas de tradución na poesía galega e romanesa contemporánea', p. 91-113.

As autoras presentan neste traballo as traducións do galego ao romanés, e viceversa, que realizaron de distintos poetas galegos e romaneses. En primeiro lugar, dan conta das dificultades que atoparon na realización destas traducións, da metodoloxía empregada e dos problemas que tiveron que afrontar. De seguido, presentan os poemas traducidos, dos que achegan o seu orixinal e mais a tradución realizada; os poetas traducidos son Fermín Bouza, Ileana Malancioiu, Constanta Buzea, Dorin Tudoran, Casina Maria Spiridon, Vicente Araguas, Manuel Pereira, Augustin Doinas, Xavier Frías Conde e Victoria Veiguela.

Durán, José Antonio, *Historia e lenda dos Muruais*, A Coruña: Taller de Ediciós J. A. Durán ♦, 2004, col. Biografía Histórica Ilustrada, Biografía Histórica Ilustrada, Libro e CD, 261 pp. (ISBN: 84-931470-5-2).

Ábrese este estudo de José Antonio Durán cun "Introito necesario", dividido en tres partes, no que se indica cales son as personalidades obxecto de estudo neste traballo e se dá conta do contexto político, económico, social e cultural da cidade na que naceron os protagonistas deste volume e na que transcorreu fundamentalmente a súa vida: Pontevedra. A seguir, preséntanse os capítulos "A xeración de 1868. Nace un Grugpo de Idade", "O galeguismo dos novos federais (Antecedentes e consecuentes", "Suxeitos históricos e suxeitos literarios (A emerxencia de Andrés Muruais)", "De acción xeracional á acción persoal (Os federais de Pontevedra)" e " A obra pechada (Acción, literario e xornalismo)" nos que, ao longo dos seus subapartados non só se fai un repaso á vida e actividade cultural e literaria dos irmáns Muruais senón que tamén se ofrecen datos sobre outras figuras relevantes para a cultura galega daquel século XIX, sobre publicacións periódicas relevantes, etc. Finalmente, inclúe un apartado de "Notas e complementos" e outro de "Referentes (Deseño, ornamentos e base

documental)" que axudan a comprender mellor o volume. Acompáñase este, ademais de por diversas táboas cronolóxicas, de numerosas fotografías en branco e negro de lugares, de cabeceiras de xornais, de escritores significativos do momento, etc. Tamén dun dvd, en galego e castelán, que recolle o contido da exposición virtual itinerante que o complementa.

Recensións:

- Carlos Fernández, 'Historia e lenda dos Muruais', *La Voz de Galicia*, 'Letras en galego', 28 agosto 2004, p. 7.

Dáse a nova da publicación de *Historia e lenda dos Muruais* e cualifícase ao seu autor José Antonio Durán de dinamizador cultural. Coméntanse datos biográficos tanto de Andrés Muruais, licenciado en Medicina, de ultraesquerda e galeguista, coma de seu irmán Xesús, licenciado en Dereito e Filosofía e que non era un home de acción senón un autor de xornalismo penetrante. Cualificaos de creadores do humorismo galego e referentes para outros autores. Finalmente coméntanse dúas posíbeis lecturas da obra baseadas no texto ou na achega gráfica mediante imaxes e DVD.

Referencias varias:

- Xan Sabarís, 'José Antonio Durán: 'Os Muruáis crearon o humorismo galego', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 19 agosto 2004, p. 79.

Entrevista a José Antonio Durán na que fala de *Historia e lenda dos Muruais*. Comeza relacionando os Muruais co movemento obreiro e galeguista de Pontevedra e coas primeiras iniciativas en prensa diaria. Fala tamén de que tanto Jesús, coma Andrés Muruais foron os que sentaron as bases para que outros fixesen obras admirábeis; comenta, así mesmo, as relacións entre os irmáns, a súa importancia na creación do humorismo galego ou os motivos de que se consideren mitos dentro da historia cultural de Pontevedra. Durán explica finalmente as causas que o levaron a escribir esta obra e outros aspectos persoais, como a súa repulsa polo mundo e cultura académicos.

Fernán Vello, Miguel Anxo, **Pillado Maior**, Francisco, *A estrela da palabra. Novas conversas con Xosé Manuel Beiras*, Noia: Edicións Laiovento, 2004, 312 pp. (ISBN: 84-8487-066-9).

Tras a publicación de *A nación incesante* (1989), primeiro libro de conversas con Xosé Manuel Beiras, neste volume combínase unha análise sobre a realidade política actual galega, na que se abordan distintos temas como a súa traxectoria no BNG, a súa relación co partido ou a relación do nacionalismo galego con outros nacionalismos, a carón doutros relacionados coa súa vida persoal. Convértese pois, a obra, nunha mestura entre memorias e reportaxe xornalística expostas a través de preguntas organizada por datas, que van dende o 19 de decembro do 2001 ata o 26 de marzo do 2003. Aínda que na súa maior parte a conversa transcorre baixo a temática política, é na primeira parte da entrevista onde se tocan temas do ámbito literario e cultural das letras galegas. Alí Beiras fala da súa relación

con intelectuais como Ramón Piñeiro, Paco del Riego e García-Sabell e literatos como Otero Pedrayo, Ricardo Carvalho Calero ou Fermín Bouza Brey. Así, dá conta da influencia de Ramón Piñeiro na formación do seu pensamento político, da súa función como pai de Galaxia, definindo as liñas editoriais da mesma e a relación deste con García-Sabell. Tamén se achega á relacióncon Ramón Otero Pedrayo, á vinculación do escritor coa editorial Galaxia, subliñando aqueles problemas que os envolvían. Fala tamén Beiras de Ricardo Carvalho Calero, polo que sentiu sempre grande admiración. Ademais, recorda o escritor Fermín Bouza Brey, quen o animaba coa poesía, e as inxustizas que contra el se cometeron cando foi tratado de homosexual e pederasta. Non se esquece tampouco de Alonso Montero nin doutros escritores de relevancia no campo das letras galegas. A través deste libro, podemos coñecer a un Beiras máis humano, coñecendo a súa faceta intelectual e literaria tan solapada pola súa carreira política.

Fernández, Eliseo, **Pereira**, Dionisio, *O anarquismo na Galiza (1870-1970). Apuntes para unha enciclopedia*, limiar de Miguel Íñiguez, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, marzo 2004, 290 pp. (ISBN: 84-87783-79-1).

O volume ábrese cun "Limiar" de Miguel Íñiguez, que comeza coa pregunta de se realmente houbo anarquistas en Galicia. Denuncia os tópicos e simplificacións que se adoitan dar ao abordar estes temas, e sostén que as mellores publicacións anarquistas actuais son galegas, e que os mellores traballos sobre o anarquismo que leu nos últimos anos versan sobre o anarquismo galego e foron escritos polos autores deste volume. Afirma así que Galicia contou cun potente movemento libertario fortemente enraizado nas capas populares, polo que considera natural que nacese este dicionario. Di que lle sorprende e mesmo amola a cautela e modestia dos autores, pois atesouran moitos máis datos dos que ofrecen nesta obra. Sostén que o anarquismo galego está esquecido no conxunto peninsular e marxinado noutros ámbitos nos que resulta molesto. Así, a través dunha serie de preguntas retóricas vai lembrando activistas, publicacións e organizacións que demostran esta importancia. Salienta tamén que unha característica do anarquismo galego foi o vencello con América, como efecto da emigración, sendo moi frecuentes casos de militantes que contaban con períodos de actuación en organizacións da outra beira do Atlántico, afirmando que sen anarquistas galegos sería moi outra a historia do obreirismo americano. Indica que os autores tamén dan información sobre o que aconteceu tras a sublevación militar de 1936: a represión, a guerrilla, as fuxidas, o paso a zonas republicanas e o enrolamento en milicias e batallóns. Así, Íñiguez lembra que malia haberen galegos franquistas tamén houbo unidades enteiras de libertarios galegos, e cita algunhas das máis importantes. Finaliza sinalando que este dicionario vai servir para que moitos galegos inquedos se sintan un novo fito dun pasado moito máis revolucionario e inconformista do que lles venden a diario, e para que moitos foráneos se dean conta de que aquí "tamén había dos nosos", moitos e bos. A seguir inclúese unha "Nota Introductoria" asinada polos autores na que comezan sinalando que debido á súa especial idiosincrasia o anarcosindicalismo non foi un movemento de líderes providenciais, senón unha corrente de masas organizada ao redor dunha infinidade de militantes, sindicatos, grupos anarquistas e ateneos libertarios, polo que o sentido desta obra é ofrecer unha visión do que foi o anarquismo en Galicia partindo da colleita de información dun significativo número dos

individuos e colectividades que o protagonizaron. Deste xeito, apuntan que ficaron con aproximadamente cincocentas voces que tentan recoller o máis significativo da historia deste movemento, tras pescudar na documentación máis diversa, consultar a prensa da época e mesmo entrevistarse con algún dos protagonistas. Aclaran que o número de entradas podería ser máis amplo e que a selección podería ser outra, e tamén que non todas as voces están completas, dada a dificultade de seguir os roteiros de sindicatos e grupos anarquistas que pasaban á clandestinidade, desaparecían e voltaban a renacer, como a traxectoria vital dos e das que a emigración ou a represión obrigaron a percorrer o mundo. No tocante ás fontes empregadas salientan a débeda contraída con Manuel Fernández e as voces que elaborou para a *Gran Enciclopedia Gallega*, Miguel Íñiguez, *Esbozo para una enciclopedia histórica del anarquismo español,* e outros traballos de Carlos Penelas, Antón Briallos, Ana Romero e Carlos Pereira. Alén das fontes escritas, sinalan que nas diversas entradas do volume se incorpora información transmitida oralmente por aqueles protagonistas que coñeceron e algúns resultados parciais doutras investigacións nas que traballan desde hai tempo. Informan así mesmo que acoutaron entre 1870 e 1970 por razóns editoriais e de tempo dispoñíbel para a investigación. As únicas excepcións a estes lindes temporais son as de Ernest Coeurderoy, hipotético introdutor do anarquismo en Galicia, e Ramón de la Sagra, socialista utópico que foi o precursor das ideas libertarias nesta terra. Así mesmo, posteriores a 1970 só se inclúen continuacións das historias que, comezando dentro do período escollido, finalizan máis tarde. Sinalase que estes límites temporais tamén se aplican ás dúas seleccións bibliográficas que integran o Anexo co que finaliza o volume. Aclaran que esta bibliografía faise desde unha dobre perspectiva: as obras escritas polos anarquistas galegos "urbi et orbi" e o labor editorial do movemento libertario dentro de Galicia, e aclaran que no caso de autores cuxa traxectoria rematou lonxe do anarquismo, cínguense ao escrito nas etapas nas que simpatizaban coas ideas libertarias. O corpo do volume está formado por cerca de cincocentas entradas a modo de dicionario enciclopédico. Nelas non só se aborda a traxectoria das figuras máis coñecidas, senón tamén de militantes de base, ateneos, sindicatos, partidos políticos, publicacións, editoriais, escolas, etc. O volume féchase cun Anexo no que se tenta recoller a produción bibliográfica do anarquismo galego entre 1870 e 1970. Divídese en dúas partes. "Obras de autores galegos vencellados ao anarquismo (1870-1970)" e "Obras de carácter anarquista editadas en Galiza (1870-1970)". Trátase de dúas seleccións bibliográficas nas que se achegan materiais para futuras pescudas, quer referidas aos recursos con que contaban os anarquistas galegos para transmitir ideoloxía, quer sobre se ese ideario mantiña ou non vencellos co feito diferencial galego.

Recensións:

- Bernardo Maíz Vázquez, 'Tempos anarquistas', *Tempos Novos*, 'Ensaio', maio 2004, p. 61.

En relación ao libro de Eliseo Fernández e Dionisio Pereira *O anarquismo na Galiza. Apuntes para unha enciclopedia*, salienta Bernardo Maíz que os autores, que xa fixeran traballos por separado arredor da historia do anarquismo e sobre outros temas, presentan unha peneira de materiais documentais, biográficos e orais para abordar un tema tan complexo. No canto dunha historia cronolóxica corrente, apunta que elixiron unha estruturación ao estilo dunha enciclopedia, unha innovación historiográfica que se sitúa moi

no estilo do anarquismo e que abre novas posibilidades á investigación. Sinala que o volume ten un total de cincocentas entradas nas que se trata o período comprendido entre 1870 e 1970, aínda que se afonde máis no período anterior á guerra civil e na época inmediatamente posterior a esta, e inclúe ao final un anexo coa relación da produción escrita dos anarquistas galegos. Comenta tamén que deixan fóra intencionadamente a investigación sobre a reconstrución posterior do anarquismo e que aparecen no libro unha relación abondosa de persoas, entidades e publicacións relacionadas co anarcosindicalismo galego e que ata o de agora eran descoñecidas: as primeiras seccións da AIT, os galegos presentes na construción da CNT, o artellamento da Confederación Regional Galaica, sindicatos, federacións, grupos, asociacións, ateneos, editoriais, etc.; a carón das vítimas do franquismo ou os exiliados e dos traidores e os colaboracionistas co réxime.

- M. Blanco Rivas, 'A historia que nos foi roubada', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 376, 'Libros', 14 agosto 2004, p. 2.

Indícase que pola súa especial idiosincracia o anarcosindicalismo non foi un movemento de líderes providenciais, senón unha corrente estruturada en torno a unha infinidade de militantes, sindicatos, grupos anarquistas e ateneos libertarios. De aí que o sentido do volume *O anarquismo na Galiza* sexa ofertar unha visión do que foi este movemento a partir da compilación de información dun número significativo dos individuos e colectividades que o protagonizaron. Expóñense as razóns que levaron aos autores a acoutar entre 1870 e 1970 a súa investigación, e cales son as excepcións a esta limitación temporal que aparecen no volume. Sinálase que as dúas seleccións bibliográficas que aparecen como anexo foron feitas desde unha dupla perspectiva: as obras escritas polos galegos 'urbi et orbi', e o labor editorial do movemento libertario en Galicia. Finalmente saliéntase que este dicionario servirá para que moitos galegos inquedos se sintan parte dun pasado moito máis revolucionario e inconformista do que lles venden a través dos medios de comunicación.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 82, 6 maio 2004, p. VII.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle as referencias a *O anarquismo na Galiza*, de Eliseo Fernández e Dionísio Pereira; *Portugal e Galiza: Encantos e encontros* (2004), de José David Santos Araújo; *A marabillosa medicina de George* (2004), de Roald Dahl; e *As novas tecnoloxías e a conducta dos nenos*, de Xosé Durán. Polo que respecta ao primeiro dos volumes, indica que recolle, a xeito de enciclopedia, unhas cincocentas voces relacionadas coa historia do movemento libertario galego, que ofrecen unha visión do anaquismo na Galiza e dos seus protagonistas.

- X.F., 'Introdución ao anarquismo', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 61, 'Letras en galego', 22 maio 2004, p. 10.

Informa de como está artellado o libro *O anarquismo na Galiza* e do seu valor para coñecer o pensamento no primeiro terzo do século XX. Sinala que se trata dunha especie de

dicionario que fala dos ateneos, a CNT, o Centro de Estudios Germinal, Ricardo Mella, os sindicatos e outros aspectos comúns ao anarquismo e mesmo ao naturismo.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 7 outubro 2004, p. 67.

Dáse conta da presentación do volume *O anarquismo na Galiza* na libraría Torga, por parte dos especialistas en anarcosindicalismo galego Dionisio Pereira e Eliseo Fernández. Sinálase que é un traballo necesario, un dicionario sobre os individuos e colectividades máis comprometidos co mundo obreiro, que sistematiza e divulga o descoñecido mundo dos anarquistas galegos. Sinálase que na presentación Dionisio Pereira aludiu brevemente aos ourensáns que se citan no libro. Valcárcel fai fincapé en Odilio Masid Masid, e pregúntase se será o avó do actual concelleiro de participación cidadá do PP.

- Marcos Valcárcel, 'Unha achega ao anarquismo galego', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 7 outubro 2004, p. 64.

Informa de que unha semana atrás se presentou na libraría Torga de Ourense o volume de Dionisio Pereira e Eliseo Fernández *O anarquismo na Galiza*, aos que cualifica como especialistas no anarcosindicalismo do noso país, indicando que Pereira formou parte do equipo Xerminal de historiadores contemporaneístas, moi vencellados á investigación do mundo obreiro, e que xa ten publicado diversos traballos sobre o tema. Indícase que é un libro necesario, un dicionario sobre os individuos e colectividades anarcosindicalistas, que serve para sistematizar e divulgar unha realidade moi descoñecida. Sinala así mesmo que a historiografía galega ten unha débeda con Ricardo Mella e os pioneiros anarquistas, que foron os que prenderon un ideal emancipatorio que logo se espallou desde os ateneos populares, as federacións obreiras e os movementos solidarios.

- Marcos Valcárcel, 'O anarquista de Leandro Pita Romero', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 8 outubro 2004, p. 64.

Apúntase que no seu estudo sobre o anarquismo galego, Dionisio Pereira e Eliseo Fernández esculcan no percurso de moitos anarcosindicalistas emigrados en América, lugar onde tomaron consciencia. Sinálase que moitos deles regresaron a España coa República e que moitos participaron na loita contra o golpe fascista do 36. Afírmase así que América foi unha escola de cidadanía para galeguistas, agrarios, socialistas e anarquistas. A seguir Valcárcel, céntrase no conto *O anarquista,* de Leandro Pita Romero, publicado en Lar no ano 1924.

Ferreiro, Charo e Inmaculada Pena (coord.), *Xornadas sobre Xulián Magariños*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, 21 decembro 2004, col. Difusión cultural, nº 42, 250 pp. (ISBN: 84-453-3955-9).

Actas do congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Negreira os días 16 e 17 de setembro de 2004 co gallo do centenario do nacemento de Xulián Magariños. Tras os prólogos institucionais, ofrécense os artigos dos que damos conta a seguir:

-X. Amancio Liñares Giraut, "Xulián M. Magariños Negreira: Vida e obra", pp. 11-50.

Comeza cunhas citas de diversos escritores nas que se eloxia a Xulián Magariños e a seguir realiza unha visión panorámica da súa vida e obra, dividíndoa en cinco etapas: "Nos primeiros anos (1904-1916)", "No instituto de secundaria de Santiago (1916-1922)", "Na universidade compostelá (1922-1927)", "En Madrid (1928-1930)" e "Outra vez -e para sempre- Negreira (1930-1934)". Inclúe catro anexos: no primeiro, "Obra: libros e artigos xornalísticos de Xulián Magariños Negreira", realiza unha enumeración das diferentes publicacións do escritor, que cultivou novela escrita e xornalismo, tanto en castelán como en galego; no segundo anexo recolle unha cronoloxía dos seus feitos vitais ou dos relacionados con el; no Anexo III inclúese unha "Bibliografía" e no derradeiro un "Apéndice documental".

-Avelino Pousa Antelo, "As miñas vivencias respecto de Magariños Negreira", pp. 65-74.

Relata a fundación do Seminario de Estudos Galegos que comeza coa peregrinación de Santiago de Compostela a Castro de Ortoño á casa das tías de Rosalía de Castro. Destaca a gran valía dos integrantes, xa que tiveron que financiarse a meirande parte dos seus desprazamentos do seu peto. Relata como o coñeceu e o moito que significou para el a lectura das novelas *O Kalivera 30 H. P.* e *O filósofo de Tamarica*, que publicou en "Lar". Menciona tamén o *Vocabulario popular Galego-Castelán* e diversos artigos publicados en xornais. Inclúe o texto "Tres Estampas Barcalesas", publicado na revista do Centro Galego de Zaragoza polo membro da Real Academia Galega M. Bergueiro López, onde se menciona a Xulián Magariños como un dos herdeiros poéticos de Alfonso de Cotón.

-Isaac Díaz Pardo, "Notas arredor do ano Magariños Negreira", pp. 75-76.

Comeza interrogándose sobre cal sería o destino de Xulián Magariños se tivera vivido cando comezou a Guerra Civil, debido o seu manifesto galeguismo e ao compromiso social. Destaca que dos nove fundadores do Seminario de Estudos Galegos só se investigou a figura de cinco deles, quedando catro case no anonimato. Conclúe reivindicando precisamente que se realicen traballos sobre estes.

-María Xosé Rodríguez Valcárcel, "Xulián Magariños e a colección de novelas "Lar": a visión da prensa galega da época", pp. 77-94.

Caracteriza en primeiro lugar a colección "Lar" indicando que se creou grazas á asociación de Ánxel Casal e Leandro Carré Alvarellos co obxectivo de lograr que a lingua galega conseguira cumprir co papel de idioma nacional fomentando, entre outros aspectos, a escrita de novelas curtas, xa que até o momento cultivábase maioritariamente a poesía. A partir desa colección, que foi a que tivo máis continuidade na época, xurdiu unha editorial co mesmo nome, que se inaugurou ca publicación e *A miña muller* de Fernández Flórez en 1924. Dous anos despois viron a luz as dúas novelas de Xulián Magariños *O Kalívera 30 H.P.* e *O filósofo de Tamarica*, que se poden incluír dentro das de ambientación urbana. Unha das características máis salientábeis na colección e que nela participaron escritores de diversas xeracións que, nalgún dos casos, nunca cultivaran ese xénero ou que o cultivaron

en contadas ocasións, como Margariños, por exemplo. A seguir analiza a relación da prensa galega coas editoriais da época, a presenza que tiveron as obras de "Lar" en diversas publicacións e algúns aspectos externos da colección. Finaliza analizando as valoración que realizaron os contemporáneos de Magariños da súa obra.

-Alfonso Mato, "Magariños e os primeiros anos do Seminario de Estudos Galegos", pp. 117-126.

Logo de realizar unha panorámica sobre o marco cidadán e universitario no que se moveron os nove fundadores do Seminario de Estudos Galegos (SEG), analiza a participación de Xulián Magariños, xunto con outros oitos universitarios, na fundación desa entidade científico-cultural. Alfonso Mato sinala que Magariños só colaborou co SEG durante os seus anos de estudante de Dereito en Santiago de Compostela, (1923-1927), e examina as diferentes actividades nas que participou.

-Marcos Valcárcel, "A xeración Nós e a prensa: Estratexias para facer país", pp. 127-152.

Marcos Valcárcel realiza unha panorámica sobre "A realidade comunicativa galega a comezos do século XX", examina "As estratexias do galeguismo ante esa realidade comunicativa" e "As redes de difusión do galeguismo na prensa escrita", destacando neste apartado que os galeguistas a empregaron como un instrumento de propaganda e difusión das súas posicións ideolóxicas. Examinando ese aspecto nas revistas *A Nosa Terra* e *Nós*, nos diarios republicanos (*Galicia*, *El Pueblo Gallego*, *La Zarpa*), na prensa local e comarcal e nas revistas culturais e literarias.

-Antonio Puentes Chao, "Xulián Magariños n'*A Nosa Terra* e en *Nós*", pp. 153-208.

Comeza destacando o humor como unha das constantes na escrita de Magariños e, a seguir, xustifica a escolla de *A Nosa Terra* e *Nós* para analizar o seu labor como articulista afirmando que nas dúas publicacións ten un número representativo de textos escritos integramente en galego. Continua co apartado "Cronoloxía e clasificación temática dos textos" sinalando que os dezasete textos analizados se escribiron entre novembro de 1925 e xullo 1933, cunha paréntese de aproximadamente catro anos. Clasificaos a seguir en textos de carácter literario, de comentario político e ensaístico e divulgativos. Nos de carácter literario examina os contos "Un casamento na aldea", "Os defuntos teñen medo", "Cousas de artistas", "As arelas da mosca semi-panteista" e "A meu tío, quixeron-op roubar". Destaca neles, ademais do humor, a ironía, a sátira, o uso de determinadas metáforas e imaxes e a tentativa por conseguir unha certa dose de suspense. A seguir, analiza as diferentes alusións e referencias que aparecen nos textos e logo realiza un profundo estudo lingüístico. Finaliza cun apéndice no que se inclúen os textos comentados.

-Xosé A. Ponte Far, "Xulián Magariños e o contexto literario da época", pp. 209-213.

Menciona, en primeiro lugar, a gran paixón pola lectura que tiña Xulián Magariños e que tamén participou na creación literaria, xa que foi un dos vinte e nove escritores que publicaron relatos curtos na colección "Lar". En 1926 viron a luz *O Kalivera 30 H. P.* e *O filósofo de Tamarica*. A seguir analiza o contexto social e literario no que viviu Magariños,

no que destaca a grande crise pola que estaba a pasar a novela nun bo número de literaturas, entre as que figuraba a galega. Menciona diferentes iniciativas que se levaron a cabo para tentar solucionar iso, como a de Leandro Carré e Ánxel Casal que crearon a colección "Lar", que dará nome a editorial que tiña como propósito concreto crear un hábito lector na sociedade galega mediante o que se denomina como "literatura de kiosko". Conclúe comentando as dúas novelas de Magariños.

-Manteiga Pedrares, "Xulián Magariños, egrexio exemplo de exercicio da galeguidade", pp. 209-214.

Reflexión sobre a galeguidade de Xulián Magariños na que, entre outros aspectos, se destaca a súa prematura morte. Xustifica o título e asocia a homenaxe a Magariños a un grupo de persoas ilustres da comarca de Barcala.

-Esperanza Mariño Davila, "*O filósofo de Tamarica* (1926), novlea a xeito de aforismo", pp. 221-232.

Comenta *O filósofo de Tamarica* (1926) publicado na colección "Lar", indicando que a acción se desenvolve en Tamarica, unha vila sen mar. Domina un narrador omnisciente que intervén en ocasións. Destaca o estilo onde se aprecia un gran dominio lingüístico e a naturalidade das obras realistas. Sinala que as personaxes se poden agrupar en catro grupos segundo o procedemento que se use para designalas. Conclúe indicando que un dos temas tratados é o do asoballamento cultural. Inclúe un anexo no que aparecen a portada e unhas páxinas da novela na súa primeira edición.

-David Otero, "X. M. Magariños Negreira: Exemplaridade e referencia para a nosa memoria", pp. 233-246.

David Otero comeza cunha loa a Xulián Magariños e, a seguir, destaca os feitos máis salientábeis da cultura galega na época na que naceu. Efectúa logo unha visión panorámica da súa vida, destacando, por exemplo, que foi cofundador do Seminario de Estudos Galegos onde participa na Sección de Filoloxía. Conclúe cunha composición poética dedicada a el.

-Xoán Xosé Fernández Abella, "Homenaxe a Xulián Magariños", pp. 247-248.

Logo de solicitar a publicación das Obras Completas de Xulián Magariños e a reprodución facsimilar de *A voz de Barcala* inclúe un soneto dedicado a el co gallo da descuberta dunha placa na súa honra.

Freixanes, Víctor F., *Desafíos para un novo século. Entre a trabe de ouro e a paxariña de Armenteira. Discurso de ingreso na RAG*, A Coruña: Real Academia Galega ♦, febreiro 2004, 53 pp. (ISBN: 84-87987-52-4).

Neste seu discurso de ingreso na academia, Freixanes empeza por agradecer o seu nomeamento, a pesar da pena que sente polo feito de entrar no lugar de Carlos Casares, do

que fai unha loa, en especial, como amigo. A importancia de Carlos Casares exponse grazas a un resumo da súa obra e preséntao como o "gonzo que unía a novos e vellos". Freixanes pasa a serpentear polos conceptos de Cultura entre os que destaca a E. B. Taylor ou Malinowski, desde o punto de vista da Cultura como sistema de comunicación. Este principio é o que presenta como fío deste ensaio. Desde este punto de vista configura á sociedade como un sistema de comunicación do que participan todos os seus axentes. Para este razoamento aproveita a figura de Jean Cloutier do ser humano como "Emerec" (=emisor-receptor). Preséntanos a partir de aquí á sociedade actual nun momento de encrucillada, analizando o que foi a sociedade galega ata hoxe en día en comparación co momento actual, orquestrado por un proceso de cambio na transmisión cultural referido á escola, familia, administración ou medios de comunicación de masas. A nova sociedade da información é presentada baixo o concepto de "aldea global" de MacLuhar. A reflexión máis importante que fai Freixanes é "¿Qué futuro nos espera, que posibilidade ten a nosa lingua nesta nova realidade que se nos impón?". Analiza por outra banda esta "nova modernidade" como un novo paradigma e o lugar que ocupamos neste novo espazo sen fronteiras. A conservación da identidade propia preséntasenos como chave para non desaparecer no novo mundo. Na resposta, a cargo de Antón Santamarina, faise unha exposición da vida e obra de Freixanes dividida en catro aspectos principais: o académico e científico, o xornalístico, o de actor de iniciativas culturais e o de escritor. Destaca a análise do presente ensaio desde a perspectiva de Santamarina, home do rural, fronte a Freixanes, home do urbano. Céntrase en especial no referencial europeo e o conflito de linguas.

Referencias varias:

- Maré, 'Galaxia edita o discurso que chegará ás librerías', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 febreiro 2004, p. 59.

Noticia da próxima publicación por parte de Galaxia do discurso de ingreso do novo académico Victor Freixanes, onde se fai unha breve referencia ao seu contido.

- Marcos Valcárcel, 'Identidade no moderno', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 26 marzo 2004, p. 77.

Cun apunte sobre as novas canles de información (Internet) e o futuro, introdúcenos Marcos Valcarcel no ensaio de Victor Freixanes *Desafíos para un novo século*, discurso do seu ingreso na Academia. Destaca a cultura como espacio de comunicación e a encrucillada que supón a "Nova modernidade" ou os novos retos, para a nosa cultura e lingua. Cita tamén a resposta de Antón Santamarina que analiza a problemática das linguas.

- Agustín Sixto Seco, 'Desafíos para un novo século', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 7 abril 2004, p. 3.

Este artigo de opinión céntrase no discurso de entrada na academia de Victor Freixanes: *Desafíos para un novo século. Entre a Trabe de ouro e a Paxariña de Armenteira*. Comenta Sixto Seco que ten vivido algunha anécdota cos catro últimos presidentes da Academia. Destaca tamén o ingreso de Xosé Luís Axeitos.

García López, José Ángel, *Ideas sobre a lingua galega na obra de Manuel Murguía*, I Premio Centro Ramón Piñeiro, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ♦, abril 2004, col. Cadernos Ramón Piñeiro, nº 4, 92 pp. (ISBN: 84-453-3790-4).

Preséntase neste ensaio unha análise das ideas que tiña Manuel Murguía sobre a lingua galega e que nos transmitiu nos seus escritos. Comézase coa exposición dos obxectivos da investigación e faise unha detallada descrición do que foi o Rexurdimento. Primeiro defínese o concepto e delimítase a súa cronoloxía, logo perfílase a definición, estúdanse os factores, sobre todo históricos, do suceso e analízanse paso a paso as súas fases, para rematar coa elaboración dun balance de todo o acontecido. A seguir, expóñense en catro puntos as ideas que M. Murguía expresa na súa obra. O primeiro destes puntos céntrase na importancia que tiña a lingua na filosofía do proxecto rexionalista de Murguía. O segundo trata de percibir a importancia que tiña o substrato celta para a raza e a lingua galega. O terceiro as distintas relacións de parentesco que Murguía estabelece entre o galego e o portugués, a saber: galego pai e portugués fillo, irmáns, o portugués como lingua fonte para depurar o galego enxebre. E o cuarto e último revélanos o modelo de lingua que o historiador propoñía: un galego supradialectal enxebre, libre de neoloxismos e préstamos, e que empregase a lingua portuguesa e medieval para depurarse. Finalmente, o autor mostra as conclusións ás que chegou coa súa investigación.

González Gómez, Xesús, *Ecos da batalla cotiá (Declaracións políticas surrealistas)*, Noia: Laiovento, 2004, 268 pp. (ISBN: 84-8487-050-2).

Escolma contextualizada de textos do Grupo de París entre 1924 e 1968 que supón unha achega ao surrealismo non limitada a esas coordenadas espazo temporais, senón con valor metonímico de aproximación á comprensión e análise de todo o movemento. A obra consta ademais dunhas notas introdutorias do autor que se ocupan entre outras cousas de precisións terminolóxicas sobre as diferenzas entre panfleto, polémica e sátira, tres versións do modo agónico, ou entre manifesto e chamamento, petición e prefacio. Aborda tamén a cuestión das benquerenzas entre o surrealismo e o marxismo, e o surrealismo e o anarquismo. Como peche inclúese o apéndice "O surrealismo e o 11 de setembro (de 2001)", resposta contundente e corrosiva a unhas declaracións do director do Museo Picasso de París, Jean Clair, nas que vencella estreitamente este atentado e o integrismo co carácter de negación do surrealismo.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Declaracións políticas surrealistas', *'El Sábado'*, 'Libros', 7 agosto 2004, p. 2.

Anótase a enorme cantidade de declaracións surrealistas sobre todos os aspectos da vida que se fixeron, e o carácter intrinsecamente político de calquera dela debido a esa vocación de "transformar o mundo" (Marx) e de "cambiar a vida" (Rimbaud) do movemento. Logo dáse conta das coordenadas espazo temporais que abarca o feixe de textos surrealistas que se recollen en Ecos da batalla cotiá e incídese no valor metonímico dos mesmos como representativos de toda a revolución surrealista. Remátase cun currículo do autor como colaborador de prensa, tradutor e editor.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Ecos da batalla cotiá', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 16 maio 2004, p. 55.

Crítica positiva do libro de Xesús González, tradutor de, entre outros, *Bretón* ou *Villalonga*, e recoñecido ensaísta, quen nesta ocasión se centra no surrealismo e lle segue a pista ao grupo de París entre 1928 e 1968.

- Tempos Novos, 'Avances', *Tempos Novos*, nº 88, 'Cataventos', setembro 2004, p. 15.

Entre outras novidades editorias, dá conta da publicación das obras *Ecos da batalla cotiá*, de Xoán González Gómez e de *Allá em riba um rey cunha filha* de José Luís Forneiro. A primeira das obras é un estudo do Grupo de París no que se recollen trinta e cinco intervencións do surrealismo. Na obra de Forneiro analízase a presenza do galego e do castelán no romanceiro tradicional galego.

Herrero Figueroa, Araceli, *Estudos sobre Emilia Pardo Bazán e recompilación de dispersos*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo ♦, 2004, col. Literatura, 195 pp. (ISBN: 84-8192-255-2).

Volume dedicado "A Clorinda Figueroa, magnífica intérprete de Emilia Pardo Bazán", no que Araceli Herrero Figueroa recompila un conxunto de estudos e ensaios da súa autoría (algúns inéditos e outros xa publicados en diferentes medios pero actualizados e mesmo novamente redactados para esta ocasión), centrados na actividade como narradora, conferenciante, xornalista e crítica literaria de Emilia Pardo Bazán. Ademais destes traballos, Herrero Figueroa presenta unha análise comparativa da recepción da novelística de Pardo Bazán e un conxunto de diversos textos non recompilados ou descoñecidos procedentes de diferentes xornais lucenses. Ábrese este volume cun limiar da autora datado en 2003 no que explica a xénese e características deste seu traballo. A seguir, reprodúcense os seguintes estudos: "Emilia Pardo Bazán, crítica de Rosalía", "A muller galega desde as Torres de Meirás", "Sobre a discutíbel lusofilia de Emilia Pardo Bazán", "Pardo Bazán e o cinema. Los Pazos de Ulloa, hipertexto", "Paredes Núñez e o *Corpus* contístico de Emilia Pardo Bazán" e "Aportación ao estudo da crítica galega. Emilia Pardo Bazán nos xornais lucenses *Diario de Lugo* e *El Regional*". De todos eles só o primeiro ten interese para a literatura galega. Nel a autora considera e avalía os xuízos críticos de Emilia Pardo Bazán a respecto da obra rosaliana, xuízos que remiten principalmente a *La poesía regional gallega*,

pero tamén a outros artigos que se citan neste primeiro estudo, e que "máis nos serven para caracterizar a aquela que para achegármonos propiamente a Rosalía".

Referencias varias:

- María Caravel, 'Entre fiestas infantiles y libros', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 24 setembro 2004, p. L15.

Nesta sección miscelánea, unha das breves noticias recolle información sobre varios libros que foron presentados na Deputación de Lugo: *Estudos sobre Emilia Pardo Bazán e recompilación de dispersos*, de Araceli Herrero; *Encontros*, de Jesús Otero Pérez; *Torres-fortaleza de Pumares. Pazo de Pumares*, de José Manuel Paz Carreira; e unha nova edición de *O gaiteiro de Lugo. Crónicas chantadinas*, coordinado por André Pavón.

IGAEM, *Centro Dramático Galego. 20 anos. Atrezos da Memoria*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia □♦, 2004, Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, 2004, 93 pp. (ISBN: 84-453-3910-9).

Volume co que o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) quere conmemorar o vinte aniversario da creación do Centro Dramático Galego, no que se recollen imaxes pertencentes á exposición homónima. Nesta exposición mostráronse os atrezos que a compañía institucional empregou nas súas representacións ao longo destes anos. O volume, no que a imaxe e a plástica teñen gran relevancia, ábrese cos prólogos institucionais, tras os que se definen os conceptos de 'atrezo' e 'obxecto escénico'. De seguido, ofrécense as fotografías de máscaras, decorados, vestiario, carteis, etc., que van acompañados de textos sen asinar, nuns casos explicativos, noutros literarios, sobre a arte teatral e que axudan a comprender a obra.

IGAEM, *Centro Dramático Galego. 20 anos, 1984-2004*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia □♦, 2004, Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, 2004, 315 pp. (ISBN: 84-453-3871-4).

Volume co que o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) conmemora o vinte aniversario do Centro Dramático Galego e no que se dá conta das setenta montaxes que a compañía realizou ao longo destes anos. Tras os prólogos institucionais, e de xeito cronolóxico, recóllense as fichas de cada unha das obras, que inclúen o título e autor da peza, o director, o reparto e mais a ficha técnica; esta información complétase con numerosas imaxes dos bosquexos do atrezo, dos preparativos, dos ensaios e das representacións.

Lamas Crego, Santiago, *Galicia borrosa*, Sada: Ediciós do Castro, novembro 2004, col. Cadernos da Área de Pensamento, nº 5, 199 pp. (ISBN: 84-8485-163-X).

O psiquiatra Santiago Lamas (Pontevedra, 1944) analiza neste ensaio, desde unha perspectiva multidisciplinar, algúns trazos tópicos que forman parte do imaxinario social galego e que serven de fundamento para a construción dunha identidade propia e dun sentimento de diferenza con respecto aos outros. A partir da concepción habitual do imaxinario como o repertorio das imaxes vixentes na conciencia ou no inconsciente colectivo dunha determinada sociedade, un sistema de ideas que inspira reaccións e condiciona os xuízos de valor, as opinións e as condutas dunha época determinada, ou o xeito no que unha sociedade se imaxina a si mesma, imaxina outros mundos, ou fala cos descoñecidos, o autor dá paso a unha exposición demorada arredor de temas como a paisaxe rural e urbana, os sistemas de produción agrarios e mariñeiros, os trazos lingüísticos, os costumes, os símbolos, as imaxes, os aforismos, a gastronomía, os modos de ser propios dos galegos e galegas, etc. Ao longo desta reflexión, o ensaísta dialoga con traballos e teorías de diversa procedencia e pon de manifesto a particular "lóxica borrosa" que percibe no contexto galego. Xunto ás modernas teorías da ciencia e do pensamento actual, Lamas recorre en diversas ocasións a figuras da cultura galega como Manuel Murguía, Pondal, Otero Pedrayo, Castelao ou Cunqueiro.

Lemos Montanet, José Leonardo, *'Obra viva' de Ángel Amor Ruibal*, prólogo de Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, Betanzos: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento ♦, 2004, 455 pp. (ISBN: 84-00-08262-1).

Estudo biográfico sobre o filósofo e filólogo Ángel María José Amor Ruibal (1869-1930). Analízase de xeito pormenorizado os principais aspectos vitais e os fundamentos do pensamento do cóengo compostelán ao longo de catro partes ("Hominem quaero"; "Roma communis patria"; "Labor prima virtus"; "Mors janua vitae") e un Epílogo ("Homo finit, opera manent"), dedicando especial atención ao contexto histórico e social que lle tocou vivir. O estudo elabórase en boa medida a partir da obra "menor" de Amor Ruibal (colaboracións na prensa galega, recensións bibliográficas, documentación escrita cando ocupou cargos de goberno e a súa correspondencia), que nalgún caso foi exhumada polo autor, procedente do "Arquivo Amor Ruibal" que se está a constituír na Biblioteca de Estudos Teolóxicos de Galicia. Moitos dos textos vanse reproducindo na páxinas do traballo, e outros novos son incorporados nos "Apéndices" finais.

Liñares Giraut, Amancio, *Xulián Magariños*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, setembro 2004, col. A nosa memoria, nº 39, 181 pp. (ISBN: 84-453-3872-2).

O libro preséntase como unha breve introdución á vida e á obra de Xulián Magariños Negreira (1904-1934), coa pretensión de promover o coñecemento do labor intelectual do avogado aproveitando o primeiro centenario do seu nacemento. A obra divídese en oito

apartados nos que se analizan as diversas facetas do escritor: os episodios máis importantes da súa vida ("A súa vida"), os seus diferentes proxectos intelectuais ("Na fundación do Seminario de Estudos Galegos"; "O novelista de ˙Lar' "; "O colaborador na prensa"; "O co-autor dun dicionario galego"), os elementos que compoñían o seu ideario ("Do seu pensamento"), a recepción dos seus textos ("O que del se escribiu") e as súas obras máis descoñecidas ("Textos recuperados"). Xunto a estas seccións, inclúese unha cronoloxía que resume os principais acontecementos vinculados ao escritor e un apartado bibliográfico no que se dá conta das fontes utilizadas.

López Fernández, Ramón, *Roberto Nóvoa Santos. Nova interpretación antropolóxica*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia, 2004, 257 pp. (ISBN: 84-453-3849-8).

Ramón López Fernández traza no ensaio *Roberto Nóvoa Santos (Nova interpretación antropolóxica)* unha ampla análise do pensamento médico-filosófico do ilustre doutor compostelán. O volume divídese en dous apartados. O primeiro subdivídese en catro extensos capítulos: "A súa eminencia", "As metáforas duais da vida humana", "A reflexoloxía" e "O proceso cara á morte". O segundo apartado da obra está composto por tres capítulos: "Da inmortalidade do mortal", "Do eu e do meu" e "As leis da asociación". Deste modo, López Fernández inicia a obra comentando a importancia e o prestixio que tivo na súa época don Roberto Nóvoa Santos, a quen chamaban "a súa eminencia", para despois afondar nos temas primordiais das teorías do médico santiagués, entre elas o estudo do ser humano en todas as súas dimensións, un dos obxectivos principais das súas investigacións. A vida, a reflexoloxía, a morte, a inmortalidade, a conciencia, as realidades metapsíquicas, etc., son conceptos tamén fundamentais do seu pensamento, que Ramón López Fernández analiza minuciosamente achegando exemplos da propia obra do doutor. Destaca o cadro biobliográfico, incluído na primeira parte do libro, no que se colocan os fitos e as obras da vida de Nóvoa no seu contexto histórico-cultural, e no que salientan títulos como *La vejez, la muerte y la inmortalidad* ou *El problema del mundo interior*. No eido da ficción literaria, cítase o conto *Lo inconsciente*. O libro péchase cun apartado bibliográfico, que dá conta dos libros e artigos que estudan a obra do egrexio galego Roberto Nóvoa Santos

Recensións:

- Armando Requeixo, 'Os enigmas da sabedoría de Nóvoa Santos', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Monografía', 19 decembro 2004, p. 4.

Celebra a publicación da monografía *Roberto Nóvoa Santos (Nova interpretación antropolóxica),* de Ramón López Vázquez. Sinala que grazas a López Vázquez coñecemos mellor aos pensadores galegos e que ten traballado sobre a escolástica de Feixoo, o pensamento de Celestino Fernández de la Vega ou a ética de Ramón del Prado. Apunta que en *Roberto Nóvoa Santos (Nova interpretación antropolóxica)*, o investigador pasa revista aos principais socalcos biobibliográficos de Nóvoa Santos, quen foi considerado "artista e

científico", "enxeñeiro e poeta", "curador e humanista", "cerebro privilexiado" ou "autoridade científica mundial".

Referencias varias:

- E.P., 'Nove publicacións do Centro 'Ramón Piñeiro', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 28 outubro 2004, p. 75.

Esta noticia céntrase na intervención que Manuel Fraga fixo no acto organizado polo Centro Ramón Piñeiro no que presentaron varias publicacións e que no que se entregou, ao mesmo tempo, o II Premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve a Emilio Xosé Insua López por estudo sobre os Vilar Ponte. M. Fraga gaba o labor do centro e louva a calidade das obras presentadas.

- Avelino Abuín de Tembra, 'Nóvoa Santos', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 7 novembro 2004, p. 5.

Celebra a publicación do ensaio *Roberto Nóvoa Santos (Nova interpretación antropolóxica),* do filósofo Ramón López Vázquez, catedrático do instituto Eduardo Pondal de Santiago de Compostela. Abuín de Tembra eloxia o autor e a obra, pois considera que permite esclarecer a personalidade e as teorías do famoso médico. Apunta que a obra está dividida en dúas grandes partes. A primeira parte do ensaio determina a vida e a obra de Nóvoa Santos. Destaca o cadro histórico no que fixa os datos biobliográficos de Roberto Nóvoa Santos e o seu contexto Na segunda parte do libro aborda a dualidade asimétrica na psicoloxía e os aspectos máis concretos do pensamento de Nóvoa. Destaca tamén os estudos de Nóvoa Santos sobre a Santa Compaña. Finalmente, Abuín de Tembra afirma que resta a publicación dunha monografía que recolla algún dos textos de Nóvoa Santos para espallar e difundir a obra dun dos eminentes pensadores e investigadores cos que Galicia contribuíu á sabedoría universal.

Loureiro, Carlos, *Dicionario de escritores de Tabeirós-Terra de Montes*, prólogo de Olimpio Arca Caldas., A Estrada: Edicións Fervenza □, xuño 2004, 187 pp. (ISBN: 84-96368-07-6).

O *Dicionario de escritores de Tabeirós-Terra de Montes* de Carlos Loureiro Rodríguez (Callobre, A Estrada 1957) preséntase dividido en tres apartados: Limiar, Biografía de Autores e, por último, unha Escolma. O obxectivo deste dicionario é achegar os nomes e biografías das persoas do cntorno de Tabeirós-Terra de Montes que escribiron ou escriben en galego.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 102, 2004.

Sección fixa na que se recollen referencias ás seguintes obras *A biblia popular galega* (2004), de Xosé Chao Rego; o *Diccionario de escritores de Tabeirós-Montes* (2004), de Carlos Loureiro Rodríguez; *As bioinvasións na Galiza* (2004), de Xurxo Pérez Pintos e Xosé Bouzó Fernández; e *O segredo de Cristina* (2004), de Pasqual Alapont e Alberto Botella. Do *Dicionario* destácase que reúne todos os autores nun único volume e que contén moitos nomes que, pola súa mocidade, non aparecían recollidos noutras publicacións.

Marco, Aurora (coord.), *Avilés de Taramancos. A paixón pola terra*, Noia: Consello da Xuventude de Galicia ♦, 2004, col. xente nova, 99 pp. (DL: C-1323-2004).

O propósito das achegas contidas neste volume é dar a coñecer á xuventude de Galicia o labor cívico e creativo de Antón Avilés de Taramancos. A esta fin, cada un dos autores participantes ilumina coas súas achegas distintos aspectos da actividade do homenaxeado.

-Aurora Marco, "Avilés de Taramancos: vida e poesía", pp. 13-28.

Achegamento biobibliográfico á traxectoria do poeta. A autora presenta os fitos vitais e literarios máis relevantes de Antón Avilés de Taramancos partindo de cinco apartados baseados nos lugares que foron determinantes para a súa formación e desenvolvemento (Taramancos, A Coruña, Colombia e Noia)

-María do Cebreiro Rábade Villar, "Poesía, historia e verdade en Antón Avilés de Taramancos", pp. 31-37.

Interpretación da produción lírica de Antón Avilés de Taramancos á luz da teoría da literatura. Pártese da diferenciación aristotélica entre poesía e historia para aprofundar no sentido cívico dos seus versos e na súa concepción do poema como un ámbito de intervención social.

-Pilar Sampedro, "En prosa", pp. 41-49.

Descrición das achegas literarias en prosa de Antón Avilés de Taramancos. A autora detense nos escritos de tipo xornalístico e ensaístico recollidos en *Obra viva* e mais nas secuencias da *Nova crónica das Indias*. Tamén fai referencia á peza teatral *Tres capitáns de tempos idos*.

-María Xosé Canitrot, "Avilés, o texto (in)visible na súa escrita", pp. 53-65.

Afóndase na personalidade creadora de Antón Avilés de Taramancos, salientando a multiplicidade dos seus intereses vitais e literarios. Déixase testemuño dalgúns aspectos do seu carácter e do seu posicionamento cívico que deixaron un pouso na súa producción escrita.

-Barreiro, Manolo, "O compromiso social de Antón Avilés de Taramancos", pp. 59-65.

Artigo sobre a traxectoria de Antón Avilés de Taramancos, dende os anos de mocidade ao seu regreso a Galicia despois de vinte anos de emigración. Salienta sobre todo a súa implicación coa cultura entendida como compromiso co pobo e xeito de transformación da realidade política e social.

-Xoán Manoel Rama Trillo, "Aproximaçom a um político: Antón Avilés de Taramancos. (Nóia 1935-Corunha 1992)"

Reflexión sobre a participación de Antón Avilés de Taramancos no eido político, dende o entendemento da literatura galega como compromiso cunha lingua e cun pobo, testemuñado xa nas súas primeiras obras, até o seu labor de activista social e cultural en Galicia.

-Colectivo Sacou, "Avilés de Taramancos (en homenaxe a Castelao)", pp. 77-87.
Partindo do talante "homenaxeador" de Antón Avilés de Taramancos, trázase unha análise comparada que pon en relación a súa obra coa de Castelao.

-Socorro Santos Lorenzo, "A singradura do Barbanza", pp. 91-93.

Fai referencia ao período no que Avilés de Taramancos colaborou no periódico quincenal Barbanza, dirixido pola autora do artigo. Alude ás querelas ás que tiveron que enfrontarse e ás respostas de solidariedade recibidas.

Referencias varias:

- Joel Gómez, 'Nuevas voces con Antón Avilés', *La Voz de Galicia*, 'Sin intención', 17 novembro 2004, p. L15.

Breve nota de prensa que alude ao novo volume, sobre o poeta noiés Antón Avilés, que sae baixo o título *Avilés de Taramancos, A paixón pola terra (1935-1992),* e que coordina unha das principais estudosas da súa produción, a profesora Aurora Marco.

Martínez Tamuxe, Xoán, *O Heraldo Guardés, a imprenta Guttenberg e o seu director José Darse*, A Guarda: Concello da Guarda ♦, 2004, 75 pp. (DL: VG 476-2004).

Traballo que recolle a transcendencia e repercusión sociocultural do primeiro e máis importante semanario da vila da Guarda: *O Heraldo Guardés* (1904-1935), así como a importancia do seu fundador, propietario, xerente e director José Darse Sobrino e a súa imprenta Guttenberg. Con respecto a *O Heraldo Guardés* fálase do seu nome, das súas cabeceiras, do seu formato, medidas e prezos, da súa impresión, da súa importancia como decano da prensa agrarista, dos seus diferentes correspondentes en todo o mundo, España, Portugal e Sudamérica, e dos colaboradores. Asemade sublíñase o seu carácter agrarista e o seu rol culturizador. Con respecto á imprenta Guttenberg, de Darse, detense no seu misterioso incendio así como noutras das publicacións que saíron deste prelo e finalmente detense na biografía de José Darse Sobrino (Porto, 1874-A Guarda, 1932).

Referencias varias:

- Ricardo R. Vicente, 'A vila da Guarda recorda ó xornalista José Darse', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño/Área Metropolitana', 18 maio 2004, p. 12.

Infórmase de que o concello da Guarda tributou unha homenaxe póstuma ao xornalista guardense José Darse Sobrino -fundador, editor e director e *Heraldo Guardés*- cun acto no que se presentou o volume *O Heraldo Guardés, a imprenta de Guttenberg e o seu directo José Darse* e que contou coa participación do seu autor, Xoán Martínez Tamuxe, así como de diversas personalidades.

Meilán García, Antón Xosé, *O 'Mito' do Mariscal Pardo de Cela. Historia, lendas e literatura*, prólogo de Enrique Cal Pardo, ilust. de Juan Puchades, Lugo: Asociación Cultural "O Mundo de Galea" □, maio 2004, 171 pp. (ISBN: 84-609-1128-4).

Volume no que Antón Xosé Meilán García (Mondoñedo, 1950) se achega á figura do mariscal Pedro Pardo de Cela dende unha perspectiva histórico-literaria; o propio autor explica nun texto introdutorio titulado "A modo de presentación", que o volume xurdiu das investigacións que realizou para intervir na presentación dun conto titulado "A última viaxe de Pero Pardo de Cela 'O Mariscal", co que se conmemorou o corenta aniversario dunha libraría focense. O libro ábrese cun "Prólogo" de Enrique Cal Pardo, no que, ademais de loar esta monografía, fai referencia á escaseza de documentos existentes sobre Pedro Pardo de Cela no arquivo da catedral de Mondoñedo e dá conta dos poucos documentos históricos nos que é nomeado. O volume estrutúrase en sete capítulos ("As casas solaregas e as vodas"; "Ascenso social e militar e algún trazo da súa personalidade"; "A época de Enrique IV. Primeiros problemas do Mariscal"; "A etapa dos Reis Católicos. Declive do Mariscal"; "O cerco de Vilaxóan e a Relazón da carta xecutoria"; "Mito e Lendas do Mariscal" e "Pardo de Cela na Literatura") e mais un "Apéndice documental", que van precedidos dun texto aclaratorio no que o autor fai referencia á mestura que de realidade e lenda hai arredor do Mariscal e no que cita as fontes bibliográficas consultadas. O libro complétase cunha serie de sete ilustracións de Juan Puchades, situadas entre os capítulos segundo e terceiro, nas que se evocan momentos ou lugares destacábeis na traxectoria vital do Mariscal. Nos catro primeiros capítulos narra a vida de Pedro Pardo de Cela, dende o seu nacemento na casa patrucial dos Pardo até o seu enfrontamento máis directo cos Reis Católicos, dando coidada conta do seu ascenso social promovido, en gran medida, polo seu casamento con dona Isabel de Castro. No último capítulo desta obra, titulado 'Mito e lendas do Mariscal', Meilán sinala que o acontecido nos últimos días da vida de Pardo de Cela converteu en mito un home que até o momento fora odiado e temido; así xurdiron as lendas existentes arredor deste personaxe, que fan referencia, sobre todo, ao seu cativerio e execución. No último apartado deste capítulo fai referencia aos textos da literatura galega nos que se recolle a historia de Pedro Pardo de Cela. Sinala Meilán que a súa presenza na literatura galega se inicia a partir da súa morte, pois foi entón cando comezou a ser idealizado na conciencia popular e cando xograres, cegos e trobadores recolleron nas súas cancións o tráxico desenlace do Mariscal. Ademais destes romances e cantigas, que foron estudados por Xosé María Álvarez Blázquez e Filgueira Valverde, sinala a presenza de Pardo de Cela

nas obras *Historia de Galicia* (1872) e *Los Hidalgos de Monforte*, de Benito Vicetto; *Galería de Gallegos Ilustres* (1875), de Teodosio Vesteiro Torres, na que escribe unha semblanza de Pardo de Cela, que lle serve a Emilia Pardo Bazán para escribir *El Mariscal Pedro Pardo*; en distintos poemas de Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912); a peza *O Mariscal. Lenda tráxica en verso* (1926), de Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte; *El Mariscal Pardo de Cela, leyenda trágica* (1925), obra en verso de J. Trapero Pardo; *Apocalipse dos Condes Galegos* (1997), de Xoán I. Sánchez-Andrade; *Confesión do Mariscal Pardo de Cela* (2001), de Luís Enrique Cabanela; en textos de Cunqueiro sobre a vida do Mariscal publicados en distintos xornais, como *Faro de Vigo* ou *El Envés*; o poema 'Dona Constancia de Castro', de Marica Campo; no relato titulado 'Constanza de Castro: o destino dunha estirpe', publicado por Luís Enrique Cabanela no número 2 da revista *Mondafal*; ou nos contos de tradición oral recollidos no libro *Contos do Valadouro* (2000), de Manuel Lourenzo, Xesús Pisón e Isaac Ferreira. A obra péchase cun 'Apéndice documental' no que se recollen dezaoito documentos relacionados coa vida e historia do Mariscal, tomados dos diferentes libros, artigos e documentos históricos que o autor consultou para a elaboración deste libro.

Referencias varias:

- José Alonso, 'El libro sobre el mito de O Mariscal', *El Progreso*, 'Notas de un reportero', 29 maio 2004, p. 4.

Infórmase do acto de presentación do libro de Antón Xosé Meilán García, *O mito do mariscal Pardo de Cela, historia, lendas e literatura*, na galería Sargadelos de Lugo o día 11 de xuño as oito da tarde.

- Manuel María, 'O Mariscal', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 10 setembro 2004, p. 73.

Texto inédito que o finado Manuel María ía publicar o vindeiro domingo na súa colaboración fixa do suplemento cultural "O Correo das Culturas", do xornal *El Correo Gallego*. Nel fai referencia á presentación do volume *O Mito do Mariscal Pardo de Cela*, editado e patrocinado pola Asociación Cultural "O mundo de Galea", de Alfoz; despois de apuntar certos datos sobre a asociación, fala do autor da obra e describe o seu contido; transcribe uns versos da súa autoría sobre o Mariscal e alude á presenza de Pedro Pardo de Cela na literatura galega.

Moreno, M. Victoria, *Diario da luz e a sombra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, col. Crónica, 125 pp. (ISBN: 84-9782-233-1).

Mª Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, Cáceres,1941) relata en primeira persoa como aceptou e combateu o diagnóstico dunha enfermidade como o cancro. A obra recolle anotacións que ela fixo durante o tratamento e pequenas introducións que explican as súas experiencias e estados de ánimo. Ela di que nalgúns momentos a depresión e a soidade incitárona a tirar a toalla, pero a súa cadela deulle azos para seguir adiante e loitar pola súa

vida. Dende o seu punto de vista, para que unha enfermidade non te venza debes afrontala con valentía e ganas de vivir. Trátase dun diario literario no que se pretende manifestar unha visión real e sincera da grave enfermidade, pero á vez optimista porque considera que non se lle debe abrir a porta á desolación. Nestas páxinas reflexiona sobre os pequenos praceres do cotián ou a necesidade de cariño dos que te rodean e todos os motivos son tratados dende a humildade e a esperanza.

Recensións:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Da luz e a sombra', *Atlántico Diario*, 'Musas', 19 decembro 2004, p. 41.

Dáse conta da publicación do libro íntimo da escritora cacereña afincada en Galicia María Victoria Moreno, *Diario da luz e a sombra*. Enténdese que esta obra vén ser unha crónica dunha enferma de cancro que pretende enfrontarse á enfermidade con valentía e sen medo a un desenlace amargo. Indícase que desprende optimismo moderado, sinceridade en cada liña e coraxe de vivir, todo isto adobiado de fermosura e bo estilo.

Referencias varias:

- B.L., 'A vida é vida porque temos quen nos queira', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 14 decembro 2004, p. 76.

Infórmase do evento que tivo lugar no Café Moderno en Pontevedra con motivo da presentación do libro da escritora afincada nesa cidade María Victoria Moreno. Sinálase que en *Diario da luz e a sombra* pretende amosar a súa vida dende o momento en que lle diagnosticaron un cancro de mama hai sete anos. Infórmase tamén que o encargado de presentar o volume foi Xosé Ramón Couto Fariña, quen afirmou que a súa única enfermidade era o bo estilo e a literatura.

Muñiz de las Cuevas, Ramón, *Benvida maldita vellez*, Edicións Laiovento, 2004, col. Breviarios, 149 pp. (ISBN: 84-8487-049-9).

Este ensaio, *Benvida maldita vellez*, sobre os problemas que conleva a vellez na nosa sociedade conta en primeiro lugar cun limiar breve feito polo propio autor da obra onde se explica o significado que ten o concepto de vellez e por iso as intencións que se expoñerán ao longo do estudo. A partir daí, o libro divídese en tres partes. A primeira, "Aproximación a unha vellez que fenece (a vellez que nos deixou o s.XX)", iníciase coas palabras de sete homes e cinco mulleres dun barrio coruñés con idades comprendidas entre os sesenta e oitenta anos, para poder, despois, chegar a determinadas conclusións en canto a diferentes parámetros como son o ruralismo, a proletarización, a xubilación, a pensión, o cotiá, a familia, a soidade e a morte. A segunda parte, titulada "Reflexións e proposicións sobre a política social da vellez", céntrase noutros elementos sociais e económicos como os antecedentes asistenciais, a economía, a actividade, a interxeracionalidade, a dependencia, a validez, a privatización, a vellez e o final, este último como 'metáfora' da morte. A terceira

parte, "Ideas e pensamentos sobre a vellez" non é máis que un punto e final a este estudo sinalando as conclusións ás que o autor chegou despois de ter feito o estudo que aínda contará cun breve epílogo onde se fala da situación nova na que nos atopamos augurando a necesidade de que isto cambie coa intención de chegar a un maior equilibrio xeracional e un desenvolvemento máis igualitario.

Referencias varias:

- Xan Carballa, 'Ramón Muñiz', *A Nosa Terra*, nº 1.129, 20 maio 2004, p. 40.

Entrevista ao sociólogo Ramón Muñiz de las Cuevas despois da publicación do seu traballo *Benvida maldita vellez* onde se fai unha achega á xeración máis vella da nosa sociedade a partir dun estudo feito a mulleres e homes dun barrio coruñés. O autor reflexiona sobre o peso da xuventude na nosa sociedade e o desbote de xeracións máis vellas. Insiste tamén na falta de ocupación e de ilusións destas persoas ás que en moitos casos lles falta cariño aínda que polo xeral recorren á familia como refuxio e acostúmanse a aceptar a vida xa como un paso final onde todo se está a acabar.

- M. Blanco Martínez, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo, 'Faro da Cultura'*, nº 89, 24 xuño 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Galego do século XXI*, de Xosé Feixó, Xosé Ramón Pena e Manuel Rosales; *Cociña Básica*, de Gloria Gallego; *Benvida maldita vellez*, de Ramón Muñiz de las Cuevas; e *Sopa de rato*, de Arnold Lobel. Sobre a obra *Benvida maldita vellez* dise que está destinada a dar unha visión poliédrica e complexa desta idade, superadora de prexuízos e ideas preconcibidas, de cara a facer da xente maior un colectivo máis libre e máis radical.

Neira Vilas, Xosé, *O sarillo do tempo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, febreiro 2004, col. Crónica, 236 pp. (ISBN: 84-9782-086-X).

Este volume divídese en oitenta artigos publicados en xornais. Vai precedido dunha nota introdutoria do autor titulada "Primeira reviravolta", onde explica a intención desta publicación e o que podemos atopar ao longo das máis de 230 páxinas de artigos que o autor foi publicando ao longo de dous anos no xornal compostelán *El Correo Gallego*. Os diferentes artigos, retocados, tratan sobre diversos temas desde acontecementos históricos da tradición galega e a literatura, como por exemplo o titulado "Avilés de Taramancos", até unha crítica a Saramago polo que expresou nunha conferencia sobre a lingua galega. Ademais de temas literarios, tamén aparecen numerosas anécdotas e historias que enchen todo o libro e que de forma curta lle dan dinamismo e interese ao conxunto.

Recensións:

- Xosé Freire, 'Retallos de eternidade', *A Nosa Terra*, nº 1.123, 'Cultura', 1 abril 2004, p. 27.

Breve percorrido pola obra literaria de Xosé Neira Vilas para despois centrarse na última obra publicada, da man de Xerais, *O sarillo do tempo*, onde aparecen recollidos textos xornalísticos dos últimos dous anos aproximadamente e onde se atopan resumidas as temáticas aparecidas en toda a súa obra mais en formato curto, coa intención de perdurabilidade e sobrevivencia ao inmediato. Fálase, ademais, das diferentes anécdotas e feitos que recolle o libro.

Referencias varias:

- MARÉ, 'O sarillo do tempo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 marzo 2004, p. 48.

Fálasenos da publicación de *O sarillo do tempo* por Xosé Neira Vilas onde se recompilan artigos realizados para *El Correo Gallego* durante máis de dous anos. O libro tenta ser a reunión de textos sobre diversos temas como as amizades, a tradición galega desde unha perspectiva histórica, literaria e artística, onde tamén aparecen artigos sobre Andalucía, Avilés de Taramancos ou as asociacións galegas de América, ademais de temas universais. Tamén recórdase a orixe desta publicación a partir dun encontro con Bragado, o director de Xerais, na Feira do Libro na Coruña.

- Natalia Álvarez, 'Sempre escribo no periódico con sentido de intemporalidade', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 77, 'Entrevista', 1 abril 2004, p. III.

Entrevista co autor de *Sarillo do tempo*, Xosé Neira Vilas, na que se refire ao proceso de composición da obra, incidindo na elaboración de temáticas ao recompilar textos xornalísticos, a non existencia necesaria dun fío conductor e conector, e a reflexión sobre o tratamento dalgún artigo específico. Conclúe aludindo á tentativa de levar ao cinema a súa obra máis coñecida, *Memorias dun neno labrego*.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 8 abril 2004, p. VII.

Sección fixa na que se inclúen referencias a *Resistencia, guerrilla e represión (Ferrol, 1936-1955)*, de Bernardo Máiz; *O sarillo do tempo*, de Xosé Neira Vilas; *Espazos naturais da provincia da Coruña* (2003), de Adela Leiro, Mon Daporta e Víctor M. Caamaño; e *Avelino Pousa Antelo* (2004), de Valentín Arias. Indica, con respecto á obra de Neira Vilas, que se trata dun centenar de artigos escritos ao longo da súa existencia, nos que engaiola o lector con "cada unha destas pezas labradas pola crónica e a memoria".

- Manuel Rosales, 'O sarillo do tempo', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 81, 'Libros', 29 abril 2004, p. IV.

Refírese á obra de Neira Vilas, *O sarillo do tempo*, onde se recollen cen artigos publicados ao longo de dous anos en xornais galegos e vanse proxectando as peculiares observacións sobre viaxes, lembranzas persoais, vida cotiá e cuestións de actualidade, entre outros moitos temas. Sinala que o libro constitúe unha loita contra a perda da memoria da nosa historia.

Ogando, Iolanda, *Teatro histórico: construción dramática e construción nacional*, Betanzos: Universidade da Coruña, outubro 2004, col. Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 34, serie Azul, 236 pp. (ISBN: 84-9749-117-3).

Traballo que ten como base a tese de doutoramento da autora, lida en novembro do 2002, á que engadiu as propostas de mellora do tribunal asistente. É un texto determinado cara a un discurso moi concreto dentro dos estudos teóricos do teatro: o teatro histórico. A primeira parte do libro sitúa e define os conceptos fundamentais que desenvolverá ao longo do seu discurso. Neste apartado amosa as diferentes visións do que se entendería por literatura, texto dramático e historia. Ademais, debuxa unha periodización da historia teatral galega seguindo a Vieites e Laura Tato e achegando algunhas matizacións. A segunda e terceira parte afondan na teorización do teatro histórico dende diferentes prismas de análise, expoñendo unha visión moi completa e pormenorizada do mesmo. A cuarta parte explica o tratamento que se lle dá á historia dentro dunha obra teatral, atendendo ás marcas estruturais e de análise básicas (personaxes, tempo, acción…); e a quinta e última parte amosa as funcións ou intencións deste tipo de teatro, dependendo do sistema teatral no que se insira. Este libro ten como valor engadido un apéndice no que se inclúen os textos históricos na literatura dramática galega e unha completa bibliografía sobre o tema.

Recensións:

- Manuel F. Vieites, 'A historia da nación', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 105, 'Libros', 24 decembro 2004, p. IV.

Arrinca contándonos a práctica normal de tratar a historia como viveiro temático para a creación dramática, primeiro en Europa coas traxedias clásicas e despois con Shakespeare. Así, Galicia non puido ser unha excepción e desde finais do século XIX tivo o seu propio teatro histórico que funcionou e funciona como creador de nacionalidade, dando a coñecer as súas figuras históricas, como o tivo e ten España. Despois desta longa introdución, refírese ao traballo que Iolanda Ogando acaba de publicar, *Teatro histórico: construción dramática e construción nacional*, caracterizándoo como substantivo, magnífico e moi recomendábel.

Referencias varias:

- Xesús Alonso Montero, 'Iolanda Ogando e o teatro histórico', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 89, 'A outra mirada', 4 decembro 2004, p. 19.

Informa de que a Biblioteca-Arquivo teatral Francisco Pillado Mayor, da Universidade da Coruña, vén de publicar o ensaio *Teatro histórico: construción dramática e construción nacional,* de Iolanda Ogando. A seguir, louva a calidade do traballo e comenta o impacto que debería ter. Remata facendo algunhas anotacións históricas e filolóxicas sobre certas obras que Iolanda Ogano incluíu no seu libro.

Patiño, Antón, *Urbano Lugrís*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2004, col. Esencias, 62 pp. (ISBN: 84-96203-52-2).

Biografía de Urbano Lugrís (A Coruña, 1908-Vigo, 1973) de estilo impresionista que incorpora fotografías e numerosas reproducións das súas obras e que ten como cita introdutoria uns versos da súa man nos que fica reflectida a paixón polo mar, *leitmotiv* dunha pintura cuxa obra mestra estaría representada polo cadro *A habitación do vello mariñeiro* (1946), dun home que ocupa por méritos propios un espazo de seu no mundo da pintura e da literatura galegas. Antón Patiño tenta achegarnos ao seu universo creador coa narrativa da súa traxectoria, desde os anos en Santiago e no Madrid republicano até a posguerra, desde os seus cadros incardinados no "realismo máxico" ata os murais de encarga e o labor que desenvolveu como deseñador gráfico, sen esquecer o seu *alter ego* literario, Ulysses Fingal, nin o seu papel como un dos principais animadores da revista *Atlántida* ao longo dos trece números que se publicaron entre 1952 e 1956.

Recensións:

- Xan Carballa, 'Antón Patiño. 'A imaxinación era a patria liberada de Urbano Lugrís', *A Nosa Terra*, nº 1.143, 'Cultura', 23 setembro 2004, p. 33.

Entrevista de Xan Carballa a Antón Patiño con motivo da aparición de *Urbano Lugrís*, unha pequena monografía sobre Urbano Lugrís escrita por el e publicada por A Nosa Terra dentro da colección 'Esencias'. Sinala que na obra se debullan as claves da personalidade e da obra do que é etiquetado como "o pintor do mar".

Paz, Xabier, *Catálogo de autores da Limia: literatura e humanidades*, Ourense: Museo da Limia ♦, 2004, 48 pp. (ISBN: 84-933176-7-5).

Edición preparada para o museo da Limia e coordinada por Xabier Paz. Comeza cunha introdución na que se explica que a obra forma parte dun proxecto para contribuír á estruturación e á cohesión cultural da comarca achegando aos escritores da Limia ao Museo. Tamén se sinala que se recollen no catálogo os autores naturais, orixinarios ou vinculados coa Limia nados no século XX, que pertencen ao eido das humanidades. A seguir explícase que na descrición de cada un dos autores se achegan unhas notas biobibliográficas, nas que se inclúe tamén a lista das colaboracións que realizaron nos diferentes medios de comunicación. Logo da introdución, preséntase a composición titulada "O Museo da Limia", de Delfín Caseiro, que é unha descrición laudatoria desas terra. Os persoeiros que se recollen no catálogo son María del Carmen Agulló Díaz (Xinzo da Limia, 1957), Isaac Alonso Estraviz (Vila Seca, Trasmiras, 1935), que destaca por obras como *Dicionário galego ilustrado "Nós"* (1983) ou *Dicionário da lingua galega* (1995); Luís Álvarez Pousa (Vila de Rei, Tramiras, 1948), que participou en obras como *Homenaxe a Ramón Piñeiro* (1991) ou *Globalización e cambio de milenio* (2002); Roi Brâs, pseudónimo de Xosé Rodríguez Rodríguez, (Ourense, 1962), que foi o autor de *Tic-Tac, Tic-Tac* (1984) e participou en *Voz e Voto. Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no X*

aniversario do seu pasamento (1992) e no *V Encontro de poetas valdeorreses* (1992); Xosé Luís Carneiro, (Nocelo da Pena, Sarreaus, 1961), Cándido Casal Domínguez (Congostro, Rairiz de Veiga, 1955). Tamén se inclúe a Carlos Casares Mouriño, (Ourense, 1941-Vigo, 2002), que ten unha amplísima bibliografía, por exemplo *Cambio en tres* (1969[1]); Delfín Caseiro (Rairiz de Viga, 1954), Xosé Manuel Cid Fernández (Morgade, Xinzo de Limia, 1957), Federico Cocho de Juan (Xinzo de Limia, 1958), Xosé Manuel Enríquez (San Lourenzo, Porqueira, 1957), que realizou, por exemplo, *Ilustrísima. Guía de lectura* (1992); Manoel Fonte Moura (Fontemoura, Porqueira, 1969), que publicou *Poemas resgatados (1983-1997)*; Luís García Mañá (Ourense, 1950), Manuel Mandianes (Loureses, Blancos, 1942), Miguel Marvoa da Limia (A Coruña, 1962), Luís Otero Quintas (Piñeira de Arcos, 1942), Chus Pato Díaz (Ourense, 1955), autora de obras como *Urania* (1991), *Metáfora: Monarquía* (1998), *Prometea multitúdina* (2002); Claudio Pato Díaz (Ourense, 1962), José A. Pérez Bouza (Vilar de Cas, Muíños, 1953), Elixio Rivas Quintas (Fondo de Vila, Xunqueira de Ambia, 1925), Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964), autor de obras como *A historia de Chicho* (1997), ou *Limaiaé* (inédita); María López Rído (Pidre, Xinzo de Limia, 1967), Francisco Salinas Portugal (Güín, Bande, 1955), Avelino Sotelo Álvarez (Rairiz de Veiga, 1945) e Antón Tovar Bobillo (Pereira, Rairiz de Veiga, 1921), autor, por exemplo de *Arredores* (1962), *Cadáver*(2001) ou *Diario íntimo dun vello revoltado* (2001). O *Catálogo* contén os apartados "Outras obras sobre a Limia", "Fontes bibliográficas" e "Recursos electrónicos" nos que se achegan diferentes listas de estudos sobre esa terra.

Referencias varias:

- MARÉ, 'No berce de letras', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 xaneiro 2004, p. 66.

Dá conta da inauguración do Museo da Limia, situado en Vilar de Santos, que vai recoller todo tipo de fondos en calquera soporte sobre a historia cultural da bisbarra. A seguir informa de que a editorial Difusora está a realizar, por encargo do Concello, un catálogo que recolle os escritores e investigadores das ciencias sociais e das letras

- Antonio Piñeiro, 'Apegados á terra', *La Región*, 'Ourensalia', 11 maio 2004, p. 18.

Dá conta e loa a presentación do *Catálogo de autores da Limia* na Casa do Concello de Vilar de Santos na que participaron, ademais do alcalde, Xabier Paz, Xosé Badás e Delfín Caseiro.

Pereira, Dionisio, *Xosé Otero Espasandín. Vida e pensamento dun cerdedense desterrado*, Cambados: Verbo Xido, febreiro 2004, 62 pp. (DL: PO-103-2004).

Diniosio Pereira (A Coruña, 1953) achéganos, nunha primeira parte do libro, aos feitos máis salientábies da vida e traballo de Xosé Otero Espasandín (Cerdedo, 1900-Whashinton, 1989) en relación co momento histórico no que viviu, o ambiente social e cultural do galeguismo de preguerra, as relacións con outros intelectuais e a situación na posguerra cando tivo que exiliarse. Como outros membros das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista, consideraba a defensa da cultura como unha fin en si mesma, considerando

secundaria a loita polo galego como cerne da nosa identidade. Nunha segunda parte, recolle unha “Escolma de escritos”, de Otero Espasandín publicados en diferentes lugares e sobre diferentes temas e que nos achegan ao seu pensamento.

Pomar de la Iglesia, Federico, *Santiago y Rosalía de Castro*, prólogo de Ramón Villares, Barcelona: Editorial Ronsel, 2004, 329 pp. (ISBN: 84-88413-93-9).

O prólogo, titulado "Un paseo por Compostela" e asinado por Ramón Villares, fai referencia a como cambiou esta cidade, aos autores que a tiveron en conta á hora de escribir e en especial a Rosalía de Castro (Santiago de Compostela 1837-Padrón 1885). Federico Pomar de la Iglesia xa no primeiro capítulo trata a confluencia dos ríos Sar e Sarela, no medio dos cales se atopa a cidade de Compostela, como di o *Códice Calixtino*, e que en especial o primeiro deles deu nome a unha das obras de Rosalía, *En las orillas del Sar*. A través dos versos de Rosalía reflíctese a súa paixón e apego pola terra, e en especial por eses dous lugares que son Santiago de Compostela e Padrón. O autor tamén ten moi en conta lugares que foron de vital importancia para Rosalía coma: Belvís, lugar que á poetisa galega lle traía "fondas lembranzas"; Conxo, lugar ao que o autor lle dedica varios capítulos do libro e que é protagonista dalgúns versos de Rosalía, en particular ao seu mosteiro antes de ser inaugurado como centro psiquiátrico; as Torres do Oeste, o Mosteiro de Herbón, Bonaval ou o Hospital Real, do que admira máis a súa beleza artística que a súa propia implicación persoal. Tamén se dá conta da incomprensión da xente ante o amor que sentía a poetisa polas letras, sobre todo por parte das mulleres, que se referían a ela cando pasaba como "aí vai a tola" e que crían que ese non era traballo para unha muller. Así mesmo, fálase dos malos tempos vividos en Galicia en xeral, pero especialmente en Compostela, como os períodos de fame que houbo a finais do s. XVI e durante algúns anos do s. XVIII e que foron recollidos por autores coma Rosalía, Lamas Carvajal ou Otero Pedrayo. Faise unha extensa crónica do pasado da capital galega e doutras vilas próximas, así coma dos seus personaxes e xentes, paisaxes, misterios e algunhas lendas ou historias coma a de dona Inés de Castro, quen namorou o corazón de don Pedro de Portugal, o cal foi a causa da súa morte; a creación do Pórtico da Gloria polo Mestre Mateo e como el se chegou a converter no Santo dos Croques; ou o relato de Sebastián Ilsurg de Ausburgo, que dicía que tras atravesar moitas pequenas poboacións do país de Galicia se chegaba á cidade de Compostela, onde estaba sepultado en persoa o apóstolo, e que no máis alto da catedral había unha cruz que procedía do ceo. No volume, o autor bota man dos versos de Rosalía e de fotografías, para que ao lector lle sexa máis sinxelo mergullarse tanto na vida e obra de Rosalía de Castro coma na historia compostelá.

Referencias varias:

- C. Iglesias, 'Un volumen recorre la capital gallega a través de los versos de Rosalía', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 11 maio 2004, p. 31.

Tras presentar Santiago y Rosalía de Castro, sinala que a obra foi presentada no Pazo de Raxoi e que nos achega ao pasado e presente de Compostela da man de Rosalía de Castro. Tamén cita os premios que recibiu o autor e a súa traxectoria profesional. A seguir,

ofrécese unha entrevista na que o autor declara que a idea para facer o libro lle chegou por medio do amor que sentía súa nai pola poetisa e que a historia con letra pequena a foi recollendo tras falar e recuperar os recordos dos maiores. Remata facendo alusión a algúns lugares que foron os favoritos de Rosalía, como Conxo ou Bonaval.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 83, 13 maio 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Xosé Otero Espasandín*, de Dionisio Pereira; *Xan e Pericán* (2004), de Daniel Ameixeiro e Andrés Meixide; *O cabalo ceibe* (2004), de Xosé Lois Ripalda; e *Santiago y Rosalía de Castro* (2004), de Federico Pomar de la Iglesia. No referente á obra de Pomar de la Iglesia destácase o labor do autor, que realiza un percorrido pola obra rosaliana na procura de sinais de identidade composteláns que se completan mediante a súa reprodución en imaxes.

Pousa, Xosé Ramón (coord.), *Atando cabos. Homenaxe a Francisco Pillado Rivadulla*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela ♦, 2004, 196 pp. (ISBN: 84-9750-400-3).

O libro supón unha reivindicación da figura e a dimensión pública de Francisco Pillado, director de *La Voz de Galicia* durante a ditadura franquista, contra a que loitou dende as páxinas do xornal tentando en todo momento ser coherente coa súa profesión. O motivo desta homenaxe é agradecer a doazón que a familia Pillado realizou, anos atrás, da extensa biblioteca de Francisco Pillado á Universidade de Santiago de Compostela. A través dun conxunto de colaboracións de destacadas personalidades da cultura galega e non galega, sublíñase así mesmo o seu papel revitalizador do periódico, ao que imprimiu a súa rexa personalidade. A obra ábrese cun "Limiar" de Senén Barro, rector da Universidade de Santiago de Compostela, que incide precisamente no seu labor á fronte de *La Voz* e de loita contra a censura franquista. Barro tamén incide na importancia da biblioteca persoal que Pillado legou á Facultade de Ciencias de Comunicación da USC. A continuación, Xosé Ramón Pousa, coordinador do volume e profesor nesta facultade, volve subliñar o papel de Pillado en *La Voz de Galicia* durante a ditadura franquista, neste caso a través da súa propia experiencia persoal. O libro divídese a partir de aquí en catro apartados. No primeiro, "Francisco Pillado na prensa galega do seu tempo", Gustavo Luca de Tena e José Antonio Durán ofrecen un percorrido polo xornalismo galego do franquismo e a primeira transición, até o ano 1977, data na que Pillado foi cesado en *La Voz de Galicia*. Na segunda parte, "Francisco Pillado na memoria. Semblanzas", ofrécense catorce artigos firmados por destacados persoeiros da cultura galega e non galega (Francisco Umbral, Pilar Pallarés, Borobó ou o director actual de *La Voz*, Santiago Rey Fernández-Latorre), nos que estes renden unha homenaxe a Pillado ou lembran a súa figura. Entre eles, destacan dous da propia neta do homenaxeado, Ana Pillado Vega. "Breve escolma fotobiográfica" reúne unha serie de imaxes que recollen momentos relevantes da vida profesional e íntima de Pillado. Finalmente, o "Apéndice" reúne dous conxuntos de textos do autor: "Temas al azar" (publicados na sección do mesmo nome de *Hoja del lunes*), e "Cabos sueltos" (sección que o propio autor tiña en *La Voz de Galicia*). Os textos amosan a personalidade

progresista de Pillado e o seu interese por cuestións de actualidade de moi diversas partes do mundo. Todos eles foron escolmados por Helena Pillado, neta do xornalista.

Pujales Prats, Cristina (coord.), *O son da memoria. Actas do I, II e III Encontro*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega ♦, 2004, col. Base, 541 pp. (ISBN: 84-95415-90-9).

Este volume recolle os relatorios presentados nos I, II e III Encontros "O son da memoria", organizados polo Arquivo Sonoro de Galicia, que tiveron lugar no Consello da Cultura Galega. Cada un destes encontros xirou arredor dunha temática precisa: "O patrimonio oral e a música popular", "Metodoloxías de arquivo" e mais "De quen é a palabra. Arquivos sonoros e propiedade intelectual", respectivamente. Asemade indícase que o I encontro tivo lugar entre o 5 e 6 de marzo de 1999 e contou coa coordinación de Antón Santamarina, X. M. González Reboredo e Afonso Vázquez-Monxardín Fernández; o II encontro desenvolveuse entre o 23 e 24 de marzo de 2000 e tivo a Cristina Pujales Prats como coordinadora, mentres que o III encontro tivo lugar o 21 de novembro de 2003 coa coordinación de Rodrigo Romaní Blanco. Referido á literatura recensionamos o seguinte relatorio presentado no I encontro:

- Xosé Ramón Mariño Ferro, "Interpretación dos textos orais", pp. 15-62.

Este artigo céntrase na interpretación, desde a antropoloxía, de tres contos galegos "chamados marabillosos": "Brancaflor", "A árbore das tres tronadas" e "A doncela cerva". Comeza reflexionando sobre a súa interpretación dos contos e a seguir reproduce cada texto e realiza unha análise interpretativa de cada conto. De "Brancaflor" fala do argumento, dos seus personaxes e sinala que ten moitas posíbeis lecturas complementarias ao conter moitas mensaxes; en "A árbore das tres tronadas" achégase ao seu significado desde o contexto cultural no que este conto é unha realidade viva, mentres que en "A doncela cerva" detense nos seus elementos simbólicos.

Queizán, Mª Xosé, *Racionalismo político e literario. Conciliar as ciencias e as humanidades*, Vigo: Xerais, marzo 2004, col. Ensaio, nº 11, 95 pp. (ISBN: 84-9782-117-3).

Recóllense catro ensaios nos que María Xosé Queizán (Vigo, 1939) manifesta a necesidade de conciliar as ciencias coas humanidades porque ambas teñen como punto de partida a realidade, entre outras ideas que vai expondo ao longo das páxinas do volume. O primeiro ensaio, "Martín Sarmiento racionalista galego. A Galiza que puido ser", reivindica a figura deste precursor de ideas como a educación para homes e mulleres, a ensinanza na propia lingua, a dignificación da mesma, a abolición da pena de morte ou da escravitude. Avoga polo ensino científico e racional que mantiña Sarmiento e entende que as ciencias sociais son compatibles coas naturais. O segundo ensaio, "A conciencia racional no galeguismo e no feminismo", desbota ideas que durante moito tempo foron moi manidas en referencia ao

galego como que era a lingua doce, da nai e con iso privala de carácter público. Manifesta que o feminismo sempre foi nacionalista, pero non así o nacionalismo que tivo un discurso androcéntrico non herdeiro da Ilustración, como sería desexábel, senón do romanticismo. Renega do esencialismo que crea estereotipos que na maioría dos casos son perigosos. O terceiro ensaio, "A viaxe literaria como *paideia*", reflexiona sobre a interpretación da viaxe como busca na escrita e visualiza esta idea a través da súa propia literatura. Para a escritora hai diferentes viaxes pero en ningún caso quere significar a viaxe física, senón a intención de "saír da caverna platónica", é dicir, fuxir das sombras e alzarse sobre elas na lectura. O derradeiro ensaio, "Escrita da verdade e do compromiso", é unha reacción contra a idea de que a literatura é un feito que está fóra da realidade, aínda que con esta afirmación non nega a fantasía, pero si a "escrita covarde" coa que se falsifica a realidade. Defende a literatura que ten un compromiso e que se insire no real.

Recensións:

- César Lorenzo Gil, 'Mª Xosé Queizán', *A Nosa Terra*, nº 1.129, 'Cultura', 20 maio 2004, p. 29.

Entrevista realizada con motivo da publicación do ensaio *Racionalismo político e literario. Conciliar as ciencias e as humanidades* de Mª Xosé Queizán. A autora manifesta un optimismo cara un futuro mellor e rexeita o nacionalismo do mito, avogando polo da razón porque, segundo afirma, será ese o que nos instale nun mundo real, como expón nun dos ensaios do libro. Explica que entende que o emprego do galego nunha obra é un acto de compromiso e considera que precisa do contacto diario coa sociedade para desta maneira tamén chegar mellor ao público. Con respecto ao feminismo, Queizán considera que a muller é igual ao home e só esa nivelación pode frear a violencia de xénero. Afirma que medidas como as dun goberno paritario axudarán a crear unha mentalidade na que se valore por igual ás persoas, independentemente do seu xénero.

- Alfredo Iglesias, 'Para saír da caverna', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 86, 'Libros', 3 xuño 2004, p. IV.

Comenta a publicación da obra *Racionalismo político e literario. Conciliar as ciencias e as humanidades,* de Mª Xosé Queizán na que se avoga pola Ilustración que tiña como principal programa "a universalidade do coñecemento científico, a rehabilitación da noción ética do progreso e o sentido emancipador da historia e a radicalización dos valores democráticos". Xúlgase que é un libro necesario nun momento no que todo vale e no que a moda varía e cambia día a día, e comparte a reivindicación por un ensino igualitario.

- Xosé Freire, 'Defensa do racionalismo', *A Nosa Terra*, nº 1.133, 'Cultura', 17 xuño 2004, p. 27.

Realiza un percorrido polo ensaio da escritora Mª Xosé Queizán *Racionalismo político e literario. Conciliar as ciencias e as humanidades,* onde se expón todo o ideario da autora dunha maneira que se cualifica de inconformista, rica e arriscada. Subliña o tratamento do ensino, o nacionalismo e o feminismo, e préstase especial atención ao tratamento que fai

sobre a figura do padre Sarmiento a quen reivindica polo seu pensamento e saber. Recóllense pequenas mencións a outros temas, como a viaxe concibida como busca ou certas actitudes deplorábeis de republicanos e nacionalistas.

Referencias varias:

- Alberto Quian, 'Temos que seguir coa Ilustración, xa que non logramos os seus principios', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 30 abril 2004, p. 44.

Recóllense as palabras da escritora Mª Xosé Queizán quen no seu libro *Racionalismo político e literario. Conciliar as ciencias e as humanidades* apela á razón como a única forma de progresar. Explica que o futuro de Galicia está nun nacionalismo baseado na realidade e non en mitos, e que só así se pode alcanzar o progreso. Ademais, a escritora defende a globalización dos dereitos humanos e a Ilustración como unha liña non esgotada que hai que seguir cultivando.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 88, 17 xuño 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *O españolismo lingüístico* (2004), de Manuel Rodríguez Alonso; *Ten que doer* (2004), de Suso de Toro; *O campo literario* (2004), de Pierre Bourdieu; e *Racionalismo político e literario* (2004), de María Xosé Queizán. En canto a esta última obra, destácase a opinión da súa autora de que a literatura é unha forma de resistencia cultural, racional e que, como a ciencia, comeza no coñecemento para proxectarse cara á presenza humana en todo o universo.

- Miguel Vázquez Freire, 'Nación e muller: O reto ilustrado', *Tempos Novos*, nº 88, 'Voces e culturas. Crítica. Libros', setembro 2004, p. 74.

Comeza indicando que o ensaio ten poucos cultivadores na literatura galega, en gran medida, debido a industria editorial, que a súa vez é moi pouco receptiva con este tipo de textos debido a pouca demanda que teñen por parte do público. Logo destaca como exemplo ensaístico a última publicación de María Xosé Queizán, *Racionalismo político e literario. Conciliar as ciencias e as humanidades*, que está formado por catro textos nos que se reflexiona sobre o nacionalismo e o feminismo. Comenta a obra indicando que ten un carácter crítico e unha pretensión polémica. Destaca, entre outras características, a proposta de Queizán dunha "literatura comprometida".

Rábade Villar, María do Cebreiro, *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica*, VI Premio de Investigación Filolóxica 'Dámaso Alonso', Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela □♦, 2004, 271 pp. (ISBN: 84-9750-375-9).

Este traballo parte da tese de doutoramento *Aproximación ao fenómeno antolóxico desde a perspectiva do espazo: as antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña*, defendida na Universidade de Santiago de Compostela en maio do 2004. A autora achega un corpus de

escolmas galegas e catalanas publicadas desde o Rexurdimento e a Renaixença até a actualidade. Este corpus, descrito e interpretado ao longo do traballo, serve de fundamento empírico para as consideracións verquidas ao longo do texto. Ademais das antoloxías de poesía catalana e das antoloxías de poesía galega, a bibliografía tamén compendia os exemplares antolóxicos que, editados nos sistemas literarios catalán e galego, viñeron funcionando como ponte entre outros sistemas literarios peninsulares e extrapeninsulares. Estúdanse así os mecanismos de importación e exportación literaria, e o xeito no que a selección, a ordenación e a tradución dos textos escolmados a outras linguas incide na representación das identidades culturais propias e alleas. Desde o punto de vista teórico, o concepto eixe é o de "representación", que a autora relaciona coa noción de "ficción lóxica". Segundo Rábade Villar, a disposición estrutural das escolmas xera un dispositivo ficcional substentado nos principios de "ilusión referencialista" e "garantía axiolóxica". En virtude do primeiro principio, a través dos paratextos e das escollas efectuadas no corpo textual, as antoloxías preséntanse como metonimias do sistema literario ao que pretenden representar. En virtude do segundo principio, e a través de mecanismos retóricos relacionados co proceso argumentativo, as antoloxías pretenden asegurarlles aos receptores a confianza en que as seleccións do antólogo son as máis axeitadas ou "representativas". Por outra banda, a autora recoñece dous xeitos de disposición dos materiais escolmados nas antoloxías: a forma espacial, que funciona ao modo do hipertexto informático, e subliña a dimensión visual dos textos e o seu carácter serial, e a forma temporal, que se basea nas relacións de sucesividade e que adopta, con frecuencia, o modo de articulación historiográfico.

Recensións:

- Iria Sobrino, 'As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica', *Boletín Galego de Literatura*, nº 31, 'Libros', setembro 2004, pp. 180-183.

Iria Sobrino resume as achegas teóricas da obra e consulta os que considera os seus trazos máis novidosos. Entre eles, salienta o uso do concepto "ficción lóxica", cuñado por Bertrand Russell, para a comprensión dos modos de representación das escolmas de poesía. Por outra banda, detense na cuestión da modernidade da forma antolóxica, que xorde como froito da substitución dun paradigma literario imitativo por un paradigma representacional-identitario, pois o corpus do ensaio abrangue unicamente as escolmas xurdidas a partir de finais do século XIX en Cataluña e en Galicia. Fai referencia, asemade, ao papel das escolmas como mecanismos de canonización dos sistemas literarios emerxentes, onde a construción e representación das identidades colectivas é un feito culturalmente relevante, e considera que a obra contribúe a paliar a escaseza de estudos monográficos e teóricos sobre o fenómeno antolóxico.

Rei Núñez, Luís, *Ramón Piñeiro: sobre a saudade e outros temas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades □♦, 2004, CD-Rom (ISBN: 84-453-3819-6).

Edición sonora dunha entrevista que Luís Rei lle fixo a Ramón Piñeiro en xullo de 1985. Como punto de partida pregúntaselle pola saudade, que el define coma unha vivencia existencial de carácter ontolóxico fronte á añoranza ou a nostalxia, que son de matriz psicolóxica. Logo repasan a tradición de estudos sobre o tema en Portugal e en Galicia e Ramón Piñeiro lembra a admiración manifestada cara a un ensaio seu por Teixeira de Pascoães, e cómo xurdiu un segundo ensaio ao respecto que sería a conferencia que tería dado nun curso organizado alá de non acabar de saír do cárcere e ter prohibido saír do país. Ante unha pregunta sobre as relacións con Portugal e o reintegracionismo, Ramón Piñeiro declara que só no nivel da alta cultura hai simpatía entre os dous pobos e que o reintegracionismo nesa elite cultural carece de sentido porque a intercomprensión está garantida e sobra crear un artificio convencional que non se corresponde con ningunha das dúas linguas. Luís Rei pregúntalle logo polo seu grao de satisfacción con respecto á súa colaboración co proxecto galeguista e el responde que sente que fixo todo o que estaba nas súas mans e que por esa loita renunciou á súa vocación que era ser mestre de filosofía. Lembra aos mestres da Xeración Nós e tamén o proxecto de Galaxia de reconducir a defensa do país pola vía culturalista, unha vez que os anos de cárcere lle cortaran calquera outro camiño. Sobre libros que desexaba escribir e para os que non tiña tempo cita unha antropoloxía da saudade, varios ensaios en forma epistolar e un libro de diálogos. Péchase a entrevista cunha serie de preguntas tipo para definir a súa personalidade que van desde a propia descrición a personaxes da súa preferencia, feitos históricos ou animal preferido.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Irmandade de sangue', *La Voz de Galicia*, 'MARÉ', 28 outubro 2004, p. 48.

Dáse conta do acto de entrega do II Premio do Centro Ramón Piñeiro de Ensaio Breve e no que se presentaron tamén nove publicacións do centro. O gañador foi Emilio Xosé Insua López co estudo *Antón e Ramón Vilar Ponte: Unha irmandade alén do sangue*. No evento, o presidente da Xunta, Manuel Fraga, salientou o gran labor que leva a cabo o centro e tivo palabras para as nove obras que se presentaron. Primeiro para as que tiñan que ver con Ramón Piñeiro, logo para as de lírica e prosa medieval, e, por último, para as que trataron a recuperación da prensa de emigración. A noticia inclúe un apartado "A cerna" no que se resalta a reedición dun poemario de Álvaro de las Casas e dunha monografía sobre Roberto Nóvoa Santos.

Reigosa, Carlos G., *O regreso dos maquis*, limiar de Hartmut Heine, Vigo: Xerais, febreiro 2004, col. Crónica, 263 pp. (ISBN: 84-9782-097-5).

Obra de Carlos G. Reigosa (Pastoriza, 1948), a medio camiño entre o xénero histórico e o libro de viaxes, na que tres dirixentes das guerrillas antifranquistas de Asturias, León e Galicia percorren, corenta anos despois de fuxir de España, os lugares das súas actuacións, nos que se atopan con vellos compañeiros e nos que rememoran os episodios daqueles anos. Carlos G. Reigosa, que acompaña aos tres dirixentes nesta viaxe, transcribe neste volume as súas conversas presentando o lado humano destes personaxes e achegando datos históricos daquel momento. *O regreso dos maquis* ábrese cun Limiar de Hartmut Heine, no

que define o volume como un libro de historia e de viaxes que presenta datos descoñecidos e que corrixe outros sobre as guerrillas; destaca a oralidade da obra, pois Reigosa presenta as conversas entre os tres protagonistas sen correccións, e indica que o autor fai un coidado estudo psicolóxico de cada un dos personaxes. Na Introdución o autor explica que os protagonistas desta obra son Marcelino Fernández Villanueva, Mario Morán García e César Ríos Rodríguez, os tres máximos dirixentes da Federación de Guerrillas León-Galicia (1942-1947), que marcharon de España un ano despois de rematar a II Guerra mundial e que non volveron coincidir, os tres, ata 1985; esta xuntanza debeuse a unha iniciativa da Fundación Pablo Iglesias, que organizou unha viaxe por Galicia, Asturias, León e Portugal, cun equipo de TVE, para rodar un programa da serie *Vivir cada día*; Reigosa explica como, de casualidade, se implicou nesta iniciativa da que xurdiu este volume. Na Introdución explica, asemade, que o obxectivo do libro é ofrecer unha visión desdramatizada dun episodio dramático e fai unha breve referencia introdutoria dos protagonistas. De seguido preséntanse os vinte e sete capítulos nos que se estrutura a obra, que fan referencia a cada un dos tramos da viaxe: I. Madrid-Oviedo; II. Oviedo-Cuerrias de Beloncio; III. Oviedo; IV. Oviedo-Mondoñedo; V. Bretoña; VI: Bretoña; VII. Ponferrada; VIII. Cacabelos; IX. Santalla; X. Ponferrada-Molinaseca-Los Barrios de Salas; XI. Madrid; XIII. Benavente-A Rúa; XIV. A Rúa; XV. Verín; XVI. Sernande; XVII. Verín-Madrid. Cómpre sinalar, finalmente, que o libro inclúe numerosas fotografías tomadas durante a viaxe e outras dos anos da actividade das guerrillas.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, 'O regreso dos maquis', *El Ideal Gallego*, 'Páxina Literaria', 11 xullo 2004, p. 4.

Indica que Carlos G. Reigosa recolle en *O regreso dos maquis* os testemuños de tres dirixentes das guerrillas de León e Galicia que, corenta anos despois de exiliarse, volven a Galicia, Asturias e León para percorrer os lugares nos que estiveron agochados. Considera que esta obra é esencial para comprender un momento da historia da resistencia da posguerra, con información de primeira man, na que tamén hai comentarios puntuais sobre os lugares que percorren.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Reigosa relata o encontro de tres fuxidos anos despois de exiliarse', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 marzo 2004, p. 61.

Co gallo da publicación do libro *O regreso dos maquis*, de Carlos G. Reigosa, este refírese á viaxe que fixo acompañado de tres maquis asturianos a través das terras polas que estes fuxiran desde Asturias ata Portugal. Afirma que algúns maquis consideran que foi a mellor etapa da súa vida e outros que foi unha época insufríbel. A obra céntrase na experiencia de tres maquis asturianos na súa loita contra o franquismo, completada con datos de contextualización histórica, que serven para entender as distintas formas de loita das guerrillas e para coñecer mellor aos fuxidos que tiveron contacto cos protagonistas da novela.

- A. Mallo, 'Reigosa presenta na Feira da Coruña 'O regreso dos maquis', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 agosto 2004, p. 51.

Explica que Carlos G. Reigosa presentou na feira do libro da Coruña as súas últimas obras: *La agonía del león* e *O regreso dos maquis*. Tras dar conta do contido desta última, sinala que Xerais vai reeditar as catro novelas policiais do autor e que este ten en proxecto dúas historias para dúas tv-movies.

- Carlos G. Reigosa, 'Demasiado pretérito', *La Voz de Galicia*, 'Opinión', 15 novembro 2004, p. 5.

Carlos G. Reigosa fala, en relación cunhas declaracións de diferentes políticos, da súa experiencia ao acompañar, en 1985, durante dezaoito días, a tres máximos dirixentes da Federación de Guerrillas de León-Galicia; explica as razóns que levaron a estes tres homes a falar e define o seu pensamento político

Ríos, Xulio (coord.), *Galicia, un país no mundo*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2004, 84 pp. (ISBN: 84-8485-138-9).

Trátase da edición das intervencións que se fixeron nun acto no que se conmemoraba o setenta aniversario da participación dunha delegación galega no IX Congreso de Minorías Nacionais Europeas, organismo adxunto á Sociedade das Nacións, e que ao mesmo tempo era unha homenaxe a Plácido Castro, representante de Galicia nese acto e secretario de relacións internacionais do Partido Galeguista. O volume consta dunha introdución e dunha presentación a cargo de Carmen Pérez Vaquero, á que seguen, precedidas dun breve texto explicativo, as intervencións de: Xulio Ríos, Xosé González Martínez, Xosé Luís Rodríguez Pardo, Ramón Villares, Ramón Lugrís, Isaac Díaz Pardo e Francisco Fernández del Riego. Despois das intervencións inclúese un manifesto conmemorativo escrito en galego e en inglés, varios artigos do propio Plácido Castro nos que daba conta do congreso nas páxinas de *El Pueblo Gallego* en 1933 e, por último, unha noticia na que se falaba do acto de homenaxe celebrado en Vigo. As intervencións céntranse en diferentes aspectos, que van desde a importancia da participación de Galicia naquel congreso, a estratexia do Partido Galeguista nas relacións internacionais ou a relevancia histórica de tal acto, até a mesma figura de Plácido Castro ou simplemente a evocación da emigración galega en Londres.

Ríos, Xulio, *Lois Tobío. O diplomático que quixo e soubo exercer de galego no mundo*, Vigo: Ir Indo Edicións, 2004, col. Ir Indo Biografías. Galegos na Historia, nº 28, 63 pp. (ISBN: 84-7680-495-4).

Breve biografía do poliédrico galeguista Lois Tobío (Viveiro, 1906- Madrid, 2003) na que se pretende mostrar a súa faceta de home apegado a Galicia, pero sen perder o referente universalista e especialmente europeísta. Pártese do seu nacemento na vila luguesa de

Viveiro, no seo dunha familia acomodada de nove irmáns dos todos agás un realizaron estudos universitarios. O pai vai influír na súa educación xa que era un home ligado á Institución Libre de Enseñanza e á Real Academia, era familiar de Rosalía de Castro e visitouna pouco antes de morrer, mentres súa nai pertencía a unha familia fidalga, pero de poucos estudos, aínda que cunha grande intelixencia natural. Cóntase o traslado da familia a Santiago, onde Lois Tobío cursa o bacharelato, a carreira de Dereito e os primeiros anos de alemán que se lle servirán para anos despois iniciar en Berlín os seus estudos de Ciencia Política e achegarse a unha cidade cosmopolita que lle abrirá a mente e que o impregnará dun universalismo que xamais o abandonará. Menciónase o ingreso na Carreira Diplomática, que o levará a Sofía, onde pasará tres anos e aprenderá a lingua do país, onde se atopa cando estala a Guerra Civil na que toma partido polo bando republicano e será nomeado secretario xeral do Ministerio de Estado, un cargo moi importante que o vincula claramente ao bando perdedor e fai que teña que exiliarse. Trázanse os anos de exilio fundamentalmente en Montevideo, onde traballará como xornalista, pero sen esquecer o compromiso por Galicia, como demostran colaboracións en xornais, na radio, conferencias, traducións de poesía ao galego e outras colaboracións. Preséntase como un home infatigábel até o último momento de vida e que deixou pegada na cultura e sociedade galega coas súas traducións, coa participación na elaboración do Anteproxecto de Estatuto, coa elaboración de traballos sobre o conde de Gondomar ou os levados a cabo no seo do Seminario de Estudos Galegos, a tradución de obras para o galego e moitas máis vivencias e feitos que se recollen neste volume e ás que se pode tamén chegar a partir de *Décadas,* a súa autobiografía.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Xulio Ríos salienta o 'galeguismo universal' do viveirense Lois Tobío', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 20 marzo 2004, p. 83.

Infórmase da publicación *Lois Tobío. O diplomático que quixo e soubo exercer de galego no mundo* por parte de Xulio Ríos. Saliéntase a idea de que este galeguista era un home que defendía unha ollada universalista dende a afirmación das súas raíces. Lémbrase que foi o fundador do Seminario de Estudios Galegos, promoveu o Consello de Galiza e traduciu ao galego numerosas obras dándolle ao galego prestixio, entre outras moitas achegas que tamén se sinalan.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 79, 15 abril 2004, p. VII.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle referencias ás seguintes obras: *Lois Tobío* (2004), de Xulio Ríos; *O porco centelludo* (2003), de Irene Pérez Pintos e Lázaro Enríquez; *Espazos naturais da provincia de Ourense* (2004); e *A fada do abano verde* (2004), de Teresa Núñez e Mª Fe Quesada. Con respecto á obra de Xulio Ríos, sinala que se trata dunha biografía do diplomático e intelectual galego Lois Tobío. Destaca o seu grande interese e o seu contido, facendo referencia á formación herdada polo seu pai e ao desenvolvemento do seu traballo a prol de Galicia e dos galegos. Sinala, finalmente, o abundante material gráfico que sobre a súa vida e obra recolle o libro.

- Carmen Abuín, 'Lois Tobío era unha persoa de pequenos pasos e de sentar ben as bases', *El Progreso*, 'Comarcas', 17 abril 2004, p. 24.

Entrevista realizada a Xulio Ríos, escritor do libro *Lois Tobío. O diplomático que quixo e soubo exercer de galego no mundo*, quen destaca a figura deste galeguista que foi unha figura senlleira e un gran estudoso. Destácase do seu pensamento a idea universalista, xa que entendía que a cultura galega podía entenderse mellor se se apreciaba o que nos rodeaba, o universal.

Rivas, Manuel, *Unha espía no reino de Galicia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xullo 2004, col. Crónica, 229 pp. (ISBN: 84-9782-193-9).

Manuel Rivas (A Coruña, 1957) recolle parte das súas colaboracións xornalísticas neste libro de catro espazos. O primeiro, "Galicia contada a un extraterrestre", o único composto dun só texto, apareceu en *El País Semanal* no 2003 e como indica o título é unha análise do país, non exenta da ironía, a tenrura ou a saudade ás que recende a cerna da compilación, pero malia á que o autor non foxe da confrontación. Non é, xa que logo, unha visión neutral, opóñense un pasado e un futuro que, non obstante, non coinciden forzosamente co eixo do tempo, senón que son situados máis ben nos polos da desesperanza ou da ilusión, respectivamente. Sen dubidalo, fai un panexírico dalgúns *futuros* xa presentes, nomeando especialmente aqueles que acaen coa estimada noción das fábricas da cultura ou da imaxinación. Esa querenza achéganos a Irlanda, irmá nesa cosmogonía atlántica que tanto parece prestarlle ao autor e de onde podería vir a espía que nos narra os espazos centrais do libro: "A Espía Iª e IIª volta". Estes dous mangados de textos apareceron o primeiro en *La Voz de Galicia* a primeiros dos noventa e o segundo en *A Nosa Terra* entre 2003 e 2004. Desta volta é un alleo o encargado da análise, unha espía á espreita que saca os diálogos exemplares que despois florean os seus partes cotiáns: -"O que máis me amola é que toma en serio o que di" -"Leva vinte anos en política e aínda non se fixo rico"; uns partes que exsudan humor, ironía maiormente, e non poucas doses de saudade. Fóra da ironía, os humildes, coma o toxo ou o burro, ocupan o lugar que a súa dignidade lles outorga, tornándose exemplo non só para os nativos, senón que a espía, facéndose eco do "Galiza como célula de universalidade", aproveita sempre o local para facer reflexións que abranguen a calquera ser humano. Son escasos os exemplos nos que, por mor dunha concisa denuncia, os textos fican espidos dos dous adubos fundamentais dos que falamos: o humor e a saudade. Non obstante, o derradeiro espazo, "O Blog de Rumbar", parece continuar máis por esta última liña, a da denuncia con xenio mais sereno, ou a mágoa sen tenrura, ou mesmo a esperanza, pero a cada vez un algo máis espidas.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'Contra o estado de excepción mental', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 375, 'Libros', 7 agosto 2004, p. 2.

Analízase o libro *Unha espía no Reino de Galicia,* de Manuel Rivas, que ofrece unha nova xeografía de Galicia con lugares comunicados por camiños no tempo e no espazo. Segundo se nos explica, o libro consta de catro partes: "Galicia contada a un extraterrestre", un amplo informe dirixido a un alieníxena; "A espía (1ª volta)" e " A espía (2ª volta), informacións das investigacións dunha espía enviada a descubrir os segredos dos galegos; e " O blog de rumbar" anotación nun caderno electrónico. Sinala que a obra aposta por unha rebeldía contra o conformismo, mostrado todo con ironía e cun chisco de saudade e dando así un paso para recuperar a conciencia colectiva que nos foi roubada dando lugar ao autoodio. A continuación fálase da obra do escritor e xornalista, da que se di que está traducida a quince idiomas.

- X.F., 'Claves de humor para pensarnos a nós mesmos', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 72, 'Letras en Galego', 7 agosto 2004, p. 13.

Recórdanse aquí os artigos que dan lugar a unha parte da obra de Manuel Rivas *Unha espía no reino de Galicia*, publicados en *La Voz de Galicia* a principios dos anos noventa e que analizaban, con moita inventiva e humor, os paradoxos da sociedade galega. Salienta que o libro, publicado por Xerais, recolle vinte e cinco textos publicados baixo a mesma serie e que ademais contén os apartados "Galicia contada a un extraterrestre" e " O blog de Rumbar", publicados orixinalmente en *El País* e *A Nosa Terra*. Destacao pasado destes textos para gratificarse coa actualidade que seguen ofrecendo e confirmar que o humor non perdeu validez como lupa de aumento de moitas contradicións nas que vivimos. Aprecia tamén como aumentan progresivamente nos artigos as referencias a políticos, aínda que hai moitas máis cousas, pois o libro fala de sentir e pensar, de pensarnos a nós mesmos.

Referencias varias:

- Vanesa Oliveira, 'As mestas curvas da realidade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 xullo 2004, p. 49.

Refírese á escolma de artigos xornalísticos que baixo o título de *Unha espía no reino de Galicia* acaba de publicar Manuel Rivas. Comenta que o escritor segue vendo os mesmos asuntos dolorosos desde que empezou a crear estes artigos, na década dos noventa, até o ano 2004, unha dor que se fai patente sobre todo constatando o paradoxo de que un país que ama tanto a terra lle estea facendo tanto dano. Sinala que a primeira parte consta dun informe dirixido a un extraterrestre, Golf Óscar Delta, sobre os hemisferios de Galicia, unha mirada moi próxima aos modos de Cunqueiro. Destaca do libro a ironía, a retranca e a rebelión coa que se contan as cousas, que se manifestan sobre todo na segunda parte, pola ollada da "espía", unha mirada que se corresponde a artigos publicados en dúas quendas, unha entre 1990 e 1992 e outra entre 2003 e 2004. Por último alude ao capítulo final, salgado de ironía, "O blog de Rumbar", que trata as cuestións de identidade.

- Xan Carballa, 'Manuel O´Rivas: 'O xornalismo é un puxilato coa realidade', *A Nosa Terra*, nº 1.139, 'Cultura', 29 xullo 2004, p. 29.

Conversa con Manuel Rivas na que fala de *Unha espía no reino de Galicia*, o último libro que publicou e que describe coma un libro xornalístico que descobre moita ficción na

realidade, unha ficción que fai rir moitas veces. Segundo sinala Rivas, o libro naceu con vontade de ser unha reportaxe e foi derivando nunha viaxe polo tempo que pasou a expresarse en seccións curtas publicadas en *La Voz de Galicia* ou *A Nosa Terra* que son dúas visións distintas, por un lado a concentrada, coma a da aguia, e por outro unha mirada ampla que recorre case todo o campo de visión, coma a que ten a arcea. Para o escritor, o xornalismo é a mellor escola para a literatura e mesmo unha vangarda desta, só que no primeiro hai que pelexar coa realidade, mentres que a ficción é máis permisiva. Fala tamén da relación co poder e de recuperar as visións de Galicia de Rosalía ou Castelao para camiñar cara a unha nova revolución en Galicia, que teña como compoñente principal a idea de liberdade e de imaxinar o futuro.

- Roberto L. Moskowich, 'Manuel Rivas presentará hoy 'Unha espía no Reino de Galicia', *El Ideal Gallego*, 'Torre de cristal', 4 agosto 2004, p. 25.

Informa da presentación do libro *Unha espía no Reino de Galicia* de que definen coma "nuestro futuro Premio Nobel", Manuel Rivas. Sinala que a presentación terá lugar na cervexería Estrella Galicia da cidade herculina e que nela intervirán, ademais do escritor, o oculista coruñés Manuel Sánchez Salorio e o historiador Felipe Senén López Gómez. Indica, tamén, que haberá unha presentación pública posterior con sinatura de exemplares na que participaran Sánchez Salorio, Paco Lodeiro e Manuel Bragado.

- E.F., 'Un espía en Galicia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 agosto 2004, p. 50.

Refírese ao último libro que publicou Manuel Rivas, *Unha espía no reino de Galicia*, do que se di que pretende analizar a realidade galega coma un curioso ou un observador. Infórmase de como transcorreu a presentación na que Rivas definiu a obra como "construída desde a ironía". Ofrécense tamén algúns apuntamentos doutras intervencións, como as do oculista Sánchez Salorio e o historiador Felipe Senén que definiron a Rivas, respectivamente, coma un "creador dun mundo propio" e " un creador con ética, estética e coherencia, pero cun pouso de tradición". Con respecto á obra sinálase que parte dun informe a un extraterrestre, continua coas investigacións dunha espía enviada a pescudar Galicia e remata cun caderno electrónico sobre o presente.

- Xosé M. Pereiro, 'Manuel Rivas mira en clave irónica la dualidad de Galicia', *El País*, 'Cultura y espectáculos', 5 agosto 2004, p. 27.

Xosé Manuel Pereiro sinala, con respecto ao último libro de Manual Rivas, *Unha espía no reino de Galicia*, que o escritor pretende responder a varias preguntas básicas da identidade en setenta textos breves, cheos de humor e ironía e que se agrupan en catro series: "Galicia contada a un extraterrestre", unha versión ampliada e actualizada dunha sección aparecida en *El País Semanal* no 2001; "Unha espía (1ª volta)", caderno de viaxe dunha espía que recorre a sociedade galega, publicada en *La Voz de Galicia* entre 1990 e 1992; "Unha espía (2ª volta)", continuación do anterior publicada en *A Nosa Terra* entre 2002 e 2004, e "O Blog de Rumbar", anotacións sobre o tempo presente que tamén aparecen coma unha nova sección en *A Nosa Terra* no ano 2004. A intención do libro, comenta, é a de explicar un cosmos local con instrumentos distintos á ficción e o xornalismo, presentar unha Galicia

dual capaz do mellor e do peor e construír unha visión oposta á identidade como narcisismo colectivo.

- A.S.L., 'Rivas asexa a Galicia oculta no seu último libro', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 5 agosto 2004, p. 17.

Dá conta da presentación do libro *Unha espía no Reino de Galicia* que tivo lugar na Feira do Libro da Coruña. Segundo se informa, o libro pretende, por medio de artificios, descubrir a Galicia oculta, que, en palabras do escritor, existe como estratexia de ocultamento dun pobo. Durante este texto defínese a obra por medio das palabra do editor Xosé Manuel Bragado e do propio Manuel Rivas. De acordo con estas definicións, o libro sería unha ollada desde a retranca a un país que loita co conformismo, presentada neste sentido coma unha construción irónica. Seguindo as palabras do propio Rivas, é un libro con catro leiras lindeiras, que se achegan a Galicia por un informe dirixido a un extraterrestre, polas notas dunha espía ou polas anotacións dun diario electrónico sobre o tempo presente. Tamén se nos informa de que o escritor está preparando unha nova novela.

- M. Pardo, 'Estamos no apaixoante momento de saber se Fraga sucede a Iribarne ou viceversa', *La Opinión*, 'Cultura', 6 agosto 2004, p. 38.

Entrevista con Manuel Rivas, que fala do último libro que publicou *Unha espía no Reino de Galicia*. O autor fala da súa obra dicindo que ten algúns capítulos que morden, sobre todo cando da depredación do medio ambiente, e que, polo tanto, a obra en conxunto sería coma os pementos de Padrón. Dinos que é unha visión de Galicia coma unha dualidade, cun lado sombrío e sinistro e outro que é un mundo de cores fecundísimo; unha dualidade que existe en outros sitios, pero que aquí se presenta dunha forma máis expresiva. Tamén se alegra o escritor da variedade do mundo editorial, di que é preferíbel que haxa moito onde escoller na literatura galega, un dos elementos principais que proxectan a Galicia cara ao exterior, algo que pasou sempre, só que agora aumentou o público lector propio, que merca libros galegos porque lle gustan.

- M.P., 'O´Rivas cóntalle Galicia a un extraterreste', *La Opinión*, 'Cultura', 6 agosto 2004, p. 38.

Defínese *Unha espía no Reino de Galicia*, de Manuel Rivas, coma un libro de relatos no que o escritor converte un "alien" en receptor de historias sobre o cotián de Galicia, contadas sempre con ironía. "É un libro local que nace coa vontade de ser lido por, alomenos, un extraterrestre", dísenos parafraseando ao autor, que quere mostrar a mellor parte dunha Galicia invisíbel que só sería capaz de descubrir unha espía, unha Galicia oculta que di Rivas que é moito máis interesante, chea de curvas e erotismo, e que segue sorrindo aínda que o poder lle intentase quitar a alegría.

- Salvador Rodríguez, 'Galicia é un país que quere suicidarse e non o consigue', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 380, 11 setembro 2004, p. 1.

Entrevista a Manolo Rivas na que desentraña o seu último libro editado, *Unha espía no reino de Galicia*. Di o escritor que o que lle facilitou o labor de describir Galicia, algo que

non é fácil, porque o país tende á ocultación, ao suicidio, foi atopar un interlocutor, neste caso Golf Óscar Delta, o extraterrestre ao que se dirixen os "informes da primeira parte". Tamén fala da espía que emite os textos doutras partes, que vén sendo unha personaxe con moita curiosidade para fixarse nos galegos, e do galego O'fetén, que xoga cos tópicos e que amosa o que hai neles. Por outra banda, trata o humor do libro e salienta a ironía dos textos que publicou, e un humor, dinos, que forma parte da cultura dos galegos, unha arma defensiva contra a linguaxe limitadora. Un humor típico do galego que contrasta coa fama que ten fóra de tristeiro, lonxe diso, afirma Rivas, os galegos, como ben descobre a súa espía, somos un pobo moi vitalista, que localizamos o Paraíso na terra. Por último fala Rivas de Nunca Máis e da situación de Galicia despois do movemento. Este mesma entrevista aparece en *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 70, 'Entrevista', 18 setembro 2004, p. 11.

- Ezequiel, 'La edad no perdona', *El Ideal Gallego*, 'Gente y noticia', 15 setembro 2004, p. 25.

Entre outros temas alude a Manuel Rivas e á súa última publicación *Unha espía no reino de Galicia*. Cita fragmentos dunha entrevista que lle fixo ao escritor Salvador Rodríguez e na que este fala do erotismo da lingua galega e dos galegos; di que "Galicia é un país que quere suicidarse e non o consegue" e que somos un pobo que procura a felicidade e que pensa que o paraíso está na terra.

- Salvador Rodríguez, 'Galicia é un país que quere suicidarse e non o consegue', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 70, 'Entrevista', 18 setembro 2004, p. 11.

Entrevista a Manolo Rivas na que desentraña o seu último libro editado, *Unha espía no reino de Galicia*. Di o escritor que o que lle facilitou o labor de describir Galicia, algo que non é fácil, porque o país tende á ocultación, ao suicidio, foi atopar un interlocutor, neste caso Golf Óscar Delta, o extraterrestre ao que se dirixen os "informes da primeira parte". Tamén fala da espía que emite os textos doutras partes, que vén sendo unha personaxe con moita curiosidade para fixarse nos galegos, e do galego O'fetén, que xoga cos tópicos e que amosa o que hai neles. Por outra banda, trata o humor do libro e salienta a ironía dos textos que publicou, e un humor, dinos, que forma parte da cultura dos galegos, unha arma defensiva contra a linguaxe limitadora. Un humor típico do galego que contrasta coa fama que ten fóra de tristeiro, lonxe diso, afirma Rivas, os galegos, como ben descobre a súa espía, somos un pobo moi vitalista, que localizamos o Paraíso na terra. Por último fala Rivas de Nunca Máis e da situación de Galicia despois do movemento. Esta mesma entrevista aparece en *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 380, 11 setembro 2004, p. 1.

Rodríguez Galdo, María Xosé, *Galegos en México. Pasado e presente*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, 2004, 547 pp. (ISBN: 84-688-7359-4).

Volume dedicado á emigración galega no que se recollen diversos aspectos da cultura galega presentes na vida mexicana. O libro aparece dividido en dous capítulos principais titulados "Galegos en México, pasado e presente" e "A presenza galega en México. Unha lectura a partir da imaxe". Ese primeiro capítulo mencionado subdivídese novamente en sete apartados que presentan distintos traballos sobre Galiza, a emigración, o perfil do

emigrante, as actividades económicas desenvolvidas en México, etc. e aparecen baixo os títulos de "Limiar. Presenza de Galicia en México", "Fillos de Galicia no México 'novohispano'", "México como destino na historia da emigración galega dos séculos XIX e XX", "A colonia galega de México", "A experiencia asociativa da colonia galega en México", "México e o exilio dos republicanos galegos. Unha nova e plural 'Galicia peregrina'" e "Presenzas singulares de galegos na vida social e cultural mexicana". No segundo capítulo atopamos os apartados "A presenza galega en México. Unha lectura a partir da imaxe" e "Bibliografía". Desde o punto de vista da literatura galega podemos salientar o apartado no que, baixo o título de "Unha presenza intensa e fugaz. As vivencias de Lorenzo Varela e Rafael Dieste en México" Rodríguez Galdo trata da biografía de ambos autores e da produción literaria. Sobre Lorenzo Varela salienta a súa participación na revista *Romance*, até chegar a desenvolver algún cargo de responsabilidade na mesma, sendo este un medio para expoñer os desexos de paz e xustiza que debería haber en México. Así mesmo, recóllese o "propósito" da revista que foi publicado no número un da mesma. En canto á figura de Rafael Dieste, Rodríguez Galdo comenta a similitude que garda este autor con Lorenzo Varela, por ser dous homes do exilio que traballaron en conxunto pola cultura galega. Dieste tamén foi integrante do consello de *Romance* en México e dedicou a súa vida á defensa da galeguidade.

Referencias varias:

- José Matamoros, 'Desde el infierno hasta el cielo', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 15 setembro 2004, p. L14.

Anúnciase a presentación do libro *Galegos en México. Pasado e presente,* da profesora María Xosé Rodríguez Galdo, no que se tratan temas económicos, sociolóxicos e políticos sobre a emigración galega en México. A presentación estivo a cargo de Manuel Fraga e asistiron tamén Aurelio Miras Portugal e Senén Barro.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), *Informes de literatura 1995-2002*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ♦, 2004, CD-Rom (ISBN: 84-453-3737-8).

Nova entrega do *Informe de literatura* correspondente ao ano 2002 e elaborado por un equipo de redactores, tanto do Centro Ramón Piñeiro coma externos ao mesmo, baixo a dirección e coordinado de Blanca-Ana Roig Rechou, que conta coa axuda de Eulalia Agrelo Costas, así como das bolseiras do proxecto Isabel Mociño González e Alicia Munín Munín. Ata o ano 1999 editouse en soporte impreso e dende o 2000 en soporte informático. Este CD-Rom, que recolle todos os *Informes* dende o 1995 até o 2002, ábrese coa presentación do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e os créditos. A continuación aparecen os *Informes* detallados por ano e finalmente un índice temático e outro onomástico. Como nos outros anos, o *Informe de Literatura 2002* contén unha serie de estatísticas nas que se reflite a produción dos diferentes apartados segundo os xéneros e a presenza que tivo o feito literario galego tanto nos xornais e revistas galegas coma foráneos, e os apartados estruturados en "Narrativa", "Poesía", "Teatro", "Día das Letras

Galegas: Antón Avilés de Taramancos", "Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas", "Clásicos greco-latinos traducidos", "A literatura infantil e xuvenil galega", "Literatura de transmisión oral", "Revistas", "Premios", "Literatura medieval", "Folletos de novidades editoriais", "Páxinas Web" e "Apéndice libros doutros anos non recollidos nos *Informes* anteriores". Tamén contén unha presentación na que a directora e coordinadora, ademais de salientar as pretensións da publicación e o afán de mellora que preside o proxecto ano tras ano, fai un repaso por cada un dos apartados que constitúen a obra, referíndose ás fontes consultadas e aos criterios que se empregan para facilitar unha máis produtiva achega á literatura galega recollida en cada entrega deste repertorio bibliográfico comentado.

Santos Araújo, José David, *Portugal e Galiza: encantos e encontros*, Santiago de Compostela: Laiovento, 2004, col. Vento do Sul, nº 19, 177 pp. (ISBN: 84-8487-047-2).

José David Santos Araújo (Venezuela, 1961) achégase neste volume ás relacións culturais e filosóficas entre a intelectualidade portuguesa e galega nos séculos XIX e XX, poñendo de manifesto as perspectivas dos galegos sobre a portugalidade e dos portugueses sobre a galeguidade. Neste percorrido detense en figuras como Frei Martín Sarmiento, Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Vicente Risco, Antón Vilar Ponte ou Castelao, por parte galega; e Alexandre Herculano, Oliveira Martins, Teófilo Braga, Leite de Vasconcelos, Anselmo de Andrade, Silveira da Mota, Fialho de Almeida ou Júlio Dantas, por parte portuguesa. O capítulo final está dedicado ás xéneses do reintegracionismo e nel contémplanse as relacións que mantiveron Teixeira de Pascoaes e Rodrigues Lapa con Galicia, tan intensas que ambos son considerados parte do patrimonio cultural galego; a notábel quebra nas relacións que ocasiona a guerra civil española; as iniciativas postas en marcha na decada dos cincuenta, cando a cidade de Braga asume o protagonismo a favor do galeguismo cultural, con acontecementos como a celebración da Primeira Asemblea Lusitano-Galega ou a publicación de obras de galegos en Portugal e de portugueses en Galicia; a aparición do "Manifesto para a supervivencia da cultura galega", redactado por un grupo de mozos liderados polo Padre José Martinho Montero Santalha e publicado en 1974 e a constitución da Associação Galega da Língua (AGAL) en 1981 para sustentar os debates lingüísticos e culturais de Galicia.

Recensións:

- Alfredo Iglesias, 'Unha vella relación', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 93, 'Libros', 30 setembro 2004, p. V.

Con motivo da publicación do volume *Portugal e Galiza: encantos e encontros*, do profesor de filosofía José David Santos Araújo, Alfredo Iglesias comeza aludindo á vella relación que manteñen Galicia e Portugal desde tempos prehistóricos, como proban o megalitismo e a evolución das formas sociais, que levou os romanos a identificar a *Gallaecia* como unha mesma unidade política presente nas dúas beiras do Miño. Atribúe aos desencontros históricos a ruptura desta unidade e salienta que o obxectivo fundamental

deste ensaio é recompilar as reflexións sobre a necesidade de recuperar a relación entre os dous territorios, expresadas por figuras destacadas dous últimos séculos. Apunta que se trata dun volume de fácil lectura que achega un excelente traballo de síntese no que se inclúen abondosos exemplos da portugalidade de persoeiros galegos como Manuel Murguía, Antón Vilar Ponte ou Castelao, e da galeguidade de portugueses como Alexandre Herculano, Teófilo Braga ou Rodrigues Lapa. Finalmente, destaca a interesante reflexión sobre a xénese do reintegracionismo e das súas perspectivas que se inclúe ao final do libro.

- Alfredo Iglesias, 'Unha vella relación', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 73, 9 outubro 2004, p. 4.

Con motivo da publicación do volume *Portugal e Galiza: encantos e encontros*, do profesor de filosofía José David Santos Araújo, Alfredo Iglesias comeza aludindo á vella relación que manteñen Galicia e Portugal desde tempos prehistóricos, como proban o megalitismo e a evolución das formas sociais, que levou os romanos a identificar a *Gallaecia* como unha mesma unidade política presente nas dúas beiras do Miño. Atribúe aos desencontros históricos a ruptura desta unidade e salienta que o obxectivo fundamental deste ensaio é recompilar as reflexións sobre a necesidade de recuperar a relación entre os dous territorios, expresadas por figuras destacadas dous últimos séculos. Apunta que se trata dun volume de fácil lectura que achega un excelente traballo de síntese no que se inclúen abondosos exemplos da portugalidade de persoeiros galegos como Manuel Murguía, Antón Vilar Ponte ou Castelao, e da galeguidade de portugueses como Alexandre Herculano, Teófilo Braga ou Rodrigues Lapa. Finalmente, destaca a interesante reflexión sobre a xénese do reintegracionismo e das súas perspectivas que se inclúe ao final do libro.

Referencias varias:

- Xavier Vasques Freire, 'José David Santos Araújo: há um namoro secreto entre Galiza e Portugal', *Agália*, nº 77-78, 'Entrevistas', 2004, pp. 205-219.

Conversa na que José David Santos Araújo reflexiona sobre as relacións entre Galiza e Portugal focalizando esta análise no volume *Portugal e Galiza: encantos e encontros* (2004) no que se fala dos encontros e contactos entre intelectuais galegos e portugueses nos séculos XIX e XX.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 82, 6 maio 2004, p. VII.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle os comentarios de *O anarquismo na Galiza* (2004), de Eliseo Fernández e Dionísio Pereira; *Portugal e Galiza: Encantos e encontros,* de José David Santos Araújo; *A marabillosa medicina de George* (2004), de Roald Dahl; e *As novas tecnoloxías e a conducta dos nenos*, de Xosé Durán. Polo que respecta a *Portugal e Galiza: Encantos e encontros*, indica que o autor presenta unha pesquisa ampla e demorada sobre todo o acontecer cultural lusogalaico, buscando as semellanzas ou diferenzas entre personaxes ou movementos de ambos os dous lugares; pretende, deste xeito, demostrar que 'somos un mesmo pobo, propietarios da mesma língua e cun mesmo xeito de contemplar a vida'.

- Xavier Vázquez Freire, 'J. David Santos Araújo: 'Há um namoro secreto entre a Galiza e Portugal', *A Nosa Terra*, nº 1.128, 'Cultura', 13 maio 2004, p. 29.

Entrevista con José David Santos Araújo con motivo da publicación do libro *Portugal e Galiza: encantos e encontros*. O autor sinala que o seu interese por Galicia naceu nos seus tempos de estudante por mor dun compañeiro galego, aínda que se remonta aos coñecementos de seu pai, emigrante en Venezuela, sobre a comunidade e a lingua dos galegos naquel país. Apunta ademais que este interese se intensificou coa lectura da *Teoría do nacionalismo galego*, de Vicente Risco. A propósito da cuestión lingüística pronúnciase a favor do reintegracionismo, unha postura que remonta a figuras como Murguía, Pondal, a familia Carré, o Marqués de Figueroa, continuada polos principais nacionalistas galegos dos anos vinte e trinta. Declara que os primeiros portugueses que se interesan por Galicia son os historiadores porque é imposíbel falar da independencia de Portugal sen se referir a Galicia. Menciona a Alexandre Herculano, Oliveira Martins, a Teófilo Braga, que mantivo contactos con intelectuais galegos como Murguía, a Leite de Vasconcelos, a Júlio Dantas, a Teixeira de Pascoaes, cuxa filosofía saudosista influíu na xeración de Risco e nos intelectuais de Galaxia, ou a Rodrigues Lapa. Con respecto ao título do libro apunta que *encanto* ten que ver co namoramento secreto que existe entre galegos e portugueses e que dos encontros e viaxes a Galicia e a Portugal xorde ese encanto.

Seixas Seoane, Miguel Anxo (coord.), *Galicia, o sorriso de Daniel*, edic. trilingüe, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2004, 343 pp. (DL: C-1457-2004).

O Consello da Cultura Galega edita este volume como complemento a unha exposición itinerante do mesmo nome e que ten como fondo a cultura galega, tal como subliña Alfonso Zulueta, presidente deste organismo público, no limiar. Este, ademais, expón os obxectivos, competencias, actividades e novos desafíos da entidade que preside. Asemade, salienta a finalidade da dita exposición, explicando tamén o significado do título que leva, que, asegura, se refire ao significado simbólico do sorriso do profeta Daniel, escultura do Pórtico da Gloria, e ao sorriso do carismático Alfonso Daniel Castelao. Séguenlle a este preliminar nove artigos que abordan diversos aspectos da vida galega, dende política, historia e xeografía até lingua e arte. No primeiro deles, "O sorriso de Daniel, Unha presentación da cultura galega", Ramón Villares, a xeito de introdución, explica as características e obxectivos da exposición, da que el mesmo foi director, referíndose ás dúas figuras emblemáticas que serven de fío condutor desta e do libro. A propósito deste, sinala que estes artigos son un reforzo da mostra e que buscan ser unha "síntese introductoria á cultura galega". Logo, Manuel Castiñeiras ocúpase de aspectos artísticos en "O profeta Daniel na arte europea"; Justo Beramendi en "Daniel Castelao: o sorriso da dor política" céntrase na vertente política do egrexio autor de *Sempre Galiza;* Francisco Díaz-Fierros en "Territorio e paisaxe" aborda temas de xeoloxía, xeografía e medio galego; Enrique Sáez Ponte en "Unha economía aberta" analiza a nosa economía; Xosé R. Barreiro achégase á historia de Galicia en "Un pobo con historia"; Henrique Monteagudo en "Lingua galega, pórtico derrubado?" recolle de forma breve a historia da nosa lingua, aludindo tamén ao cultivo desta na literatura; Xosé Luis Barreiro Rivas en " A Galicia autómica" fai mención a cuestións políticas; e, por último, Ramón Villares en "De Daniel a Daniel. Identidade e universalidade da cultura galega" incide na dimensión universal da nosa

cultura e tomando como referente a Castelao, evoca algúns trazos evolutivos da construción dunha conciencia política e nacional en Galicia. Así mesmo, o volume contén unha tradución ao castelán e outra ao inglés.

Serrano Alonso, Javier, *Emilia Pardo Bazán en Lugo (San Froilán, 1906)*, Lugo: Concello de Lugo, outubro 2004, col. San Froilán dos devanceiros, nº 1, 94 pp. (ISBN: 84-930760-4-X).

Volume que inicia a colección "San Froilán dos devanceiros" coa que o Concello de Lugo se propón dar a coñecer anualmente algún dos moitos feitos importantes que aconteceron na Cidade das Murallas arredor das festas patronais do San Froilán. Ábrese cun limiar de Mª Concepción Burgo López, Concelleira de Cultura e Turismo do Concello, e a seguir reprodúcese o programa oficial das festas do ano 1906. No apartado que dá título ao volume, Javier Serrano Alonso informa poló miúdo de cómo se xestaron e realizaron dous eventos que tiveron lugar durante esas festas do San Froilán: a excursión dos coruñeses a Lugo, iniciativa da Reunión Recreativa de Artesanos ou Circo de Artesanos, e a presenza da escritora Emilia Pardo Bazán en diferentes actos. En relación con isto, o número un da colección "San Froilán dos devanceiros" reproduce o discurso en castelán pronunciado por dona Emilia no Certame de Composición Musical que tivo lugar o día propio do patrón lugués. *Emilia Pardo Bazán en Lugo (San Froilán, 1906)* inclúe fotografías antigas da cidade e acompáñase dun marca-páxinas e un facsimilar do discurso da escritora publicado no diario lugués *El Regional*, concretamento no número 8036, correspondente ao día 8 de outubro de 1906.

Referencias varias:

- Xesús Durán Estévez, 'Divulgación', *El Progreso*, 'Especial San Froilán 2004', 5 outubro 2004, p. 66.

Dáse conta da publicación do volume titulado *Emilia Pardo Bazán en Lugo (San Froilán, 1906)* co que se inicia a serie "San Froilán dos devanceiros". Despois dun breve repaso biobliográfico da autora de *Los Pazos de Ulloa* (1887), indícase o contido do volume e ofrécense algúns datos do autor Javier Serrano Alonso.

Tobío Fernández, María de los Ángeles, *Anacos da vida dunha muller galega*, limiar de Katheleen March, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2004, col. Documentos, 76 pp. (ISBN: 84-8485-128-1).

María de los Ángeles Tobío Fernández (Viveiro, 1908) recolle fragmentos das súas memorias, que asina en Madrid en 1980. O volume ábrese cun limiar de Katheleen March, quen alude a algunha das lembranzas que achega a bibliotecaria galega, as cales cualifica

como "positivas" e fai notar que carezan de laios e remordementos a pesar da dureza dalgúns acontecementos. Ademais, salienta que, aínda que a lingua habitual de María Tobío era o castelán, se decantase polo galego para este proxecto. O libro está estruturado en dezanove "anacos", no medio dos cales presenta un apéndice gráfico con fotos das súas vivencias, que comeza a relatar no seu Viveiro natal sendo unha nena. Comenta como conseguiu estudar co apoio materno, como era a súa vida familiar en Santiago, como foi o paso pola universidade, como consegue praza de bibliotecaria opositando en Madrid e como, despois do casamento con Pedro Martul pasa por distintos destinos, deixando a súa impresión sobre eses lugares e a súa xente. Relata como o estalido da Guerra Civil a colle en Madrid e soporta os bombardeos e estreiteces, fuxindo a Valencia e a Cataluña, e vendo como morre o seu fillo. Tamén se para nos recordos sobre a súa marcha a Francia e a México, obrigada pola persecución franquista. Insiste en que sempre permaneceu ao lado do seu home a pesar das circunstancias adversas. A narración das peripecias de como sobrevive durante a guerra e o exilio ocupan gran parte destas páxinas, que chegan ata que regresa coa familia en 1948 a España. Trátase dun traballo biográfico ameno e de fácil lectura que axuda tamén a comprender certos aspectos da nosa historia.

Toro, Suso de , *Ten que doer. Literatura e identidade*, limiar de Rexina R. Vega, Vigo: Xerais, xuño 2004, col. Ensaio, nº 10, 295 pp. (ISBN: 84-9782-098-3).

Volume que compila moitos dos artigos publicados polo escritor Suso de Toro (Santiago, 1956) en diversos xornais ou na rede, e tamén discursos e conferencias pronunciados en encontros ou congresos. Todos eles teñen como nexo temático común a reflexión sobre a función do escritor e da literatura na sociedade de hoxe. Percorre as súas lecturas iniciais, aínda que confesa que era fillo da clase traballadora e non sempre houbo libros, pero si narracións orais. Confesa que con trece ou catorce anos fíxose lector adulto e descubriu a Ánxel Fole, Casares, Suárez-Llanos, Queizán, Ferrín, pero tamén a Vallejo, Faulkness, Lispeitor, Joyce, Beckett, entre outros moitos. Entende que a literatura tennos que facer sentir máis humanos, para iso o autor ten que se mergullador no anómalo, no minoritario e no periférico. Para el o autor é un heroe que se ten que impor coas súas armas da ambición, da soberbia, da inocencia e da humildade. Repasa a súa traxectoria como escritor da que destaca os seus primeiros pasos cando se dedicaba a reproducir o caos e unha etapa posterior de busca na vella literatura, na traxedia ou na narrativa que explica o senso da vida. Dá conta doutros temas como a liberdade de expresión que, ao seu modo de ver, non pode ter límites; as Academias, invento borbónico coa finalidade de controlar, regular e someter a creación, nas que non cre, pero que poden ter un bo uso. O mundo do cine, a falta de mercado para a literatura galega, a diversidade lingüística ou a ideoloxía do estado-nación tamén son tratados nestas páxinas de combate ideolóxico e cultural.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, 'Literatura e identidade', *El Ideal Gallego*, 'Páxina Literaria', 5 setembro 2004, p. 4.

Cualifica como unha reflexión lúcida o ensaio do escritor Suso de Toro *Ten que doer* no que se reflexiona sobre a situación da literatura galega, a función que desempeña dentro da sociedade e o seu futuro próximo. Indícase que das súas páxinas se desprende a entrada en crise da literatura como referente de identidade e a isto hai que engadir a tendencia á valorar máis o alleo có propio. Finalmente, sinala que todas e cada unha das afirmacións do escritor son froito da reflexión e do compromiso, polo que non teme ser valente e honesto en cada un dos seus artigos.

- Joaquim Ventura, 'Ten que doer', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 94, 'Libros', 7 outubro 2004, p. V.

Gaba a elaboración que se levou a cabo para confeccionar o libro *Ten que doer,* de Suso de Toro, xa que non son todos artigos de prensa de gran heteroxeneidade como se acostuma a facer, senón textos homoxéneos que reflexionan sobre aspectos que ao autor lle interesan. Pénsase que é un percorrido primeiro polas lecturas que o marcaron dende a súa infancia, o coñecemento de textos na súa propia lingua ou a influenza que tivo o cine na súa vida.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 88, 17 xuño 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *O españolismo lingüístico* (2004), de Manuel Rodríguez Alonso; *Ten que doer* (2004), de Suso de Toro; *O campo literario* (2004), de Pierre Bourdieu; e *Racionalismo político e literario* (2004), de María Xosé Queizán. En canto á obra *Ten que doer* faise fincapé en que é unha compilación de textos ensaísticos nos que se avoga polo retorno ás formas puras e á narración arcaica como as vías para garantir o discurso humanista.

- Ana Rodríguez, 'A literatura ten que rabuñar e estimular como a pedra pómez na pel', *La Opinión*, 'Cultura', 3 agosto 2004, p. 47.

Entrevista realizada ao escritor Suso de Toro despois da publicación do ensaio *Ten que doer* no que teñen cabida diferentes textos nos que se proclama a necesidade da literatura como un dos elementos que teñen que conformar a vida e afectala. Comenta que a literatura ten que estimularnos e a lectura nunca debe deixarnos como estabamos. Para finalizar expresa que a literatura galega necesita de normalidade, que a xente se interese polas novidades, polas obras dun autor e que o único que se lea non sexa os xornais deportivos e as revistas do corazón.

Toro, Suso de , *Españois todos*, Vigo: Xerais, 2004, col. Crónica, 159 pp. (ISBN: 84-9782-089-4).

Suso de Toro (Santiago, 1956) reflexiona sobre temas políticos e sociais de actualidade, dende a súa óptica e con argumentacións enérxicas. O libro divídese en dous apartados, o primeiro deles, "As regras do xogo", conta con cinco textos nos que senta as bases do seu

pensamento que desenvolverá na segunda parte. Entende que a vida política, social e cultural española é un xogo de hipocrisía moi lonxe da democracia, parte de que todos somos españois dende o momento en que temos un número de DNI e por esta razón temos que participar no xogo da baralla española. Fala dende a franqueza, que lle ten traído moitos problemas, expón a súa idea de España que difire daquela que lle ensinaron na escola "castellanista", monolingüe e homoxénea porque é unha mentira. A segunda parte leva por título "Outra España" e ao longo dos trinta e sete textos lembra as bases da historia española alicerzadas sobre non poucas mentiras e asentada cos que el chama os apóstolos do castelanismo integrista: Pidal, Ortega y Gasset e Unamuno. Bota en falta as homenaxes a Pi Margal, Presidente do Goberno na II República, Azaña ou Marañón. Entende que Galiza precisa converterse en nación con territorio e poder político para poder saír do atraso e solucionar os problemas dun país ancorado politicamente, por iso hai que desbotar a Galiza arcaica, atrasada que esmaga a Galiza activa, moza e imaxinativa.

Varela Fernández, Julia, *A ulfe. Socioloxía dunha comunidade rural galega*, Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais 2004, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2004, 293 pp. (ISBN: 84-7824-443-3).

O presente volume é o froito dun traballo de investigación de varios anos inserido no ámbito da socioloxía. Con el, e centrándose na aldea natal da Ulfe, a autora, Julia Varela Fernández (Vilaúxe, Chantada, Lugo, 1942), catedrática na Universidade Complutense de Madrid, quere loitar contra o esquecemento dun modo de vida que esmorece nun momento en que vivimos as consecuencias da modernización salvaxe iniciada hai algunhas décadas. A estudosa cédelle a voz aos protagonistas desa realidade social que pretende rexistrar (Camila, Pedro, Soledad, Camilo, Julio, María, Josefina, Rosa, Andrés, Mari, Pepe, Camilo) para evitar cair en tópicos romantizadores ou miserabilistas do mundo dos pequenos propietarios rurais galegos. O libro divídese en catro capítulos, en paralelismo coas catro xeracións que se manifestan nel, seguidos dunhas "Reflexións finais". Repásase deste xeito a historia desta comunidade dende os "Tempos da autarquía" (capítulo I), na posguerra, pretendida idade de ouro do *modus vivendi* labrego, ata os do "Adeus ó mundo rural" (capítulo IV); pasando pola altura en que "Cobra forza a emigración" (capítulo II) ou pola etapa en que "Chega a *modernización*" (capítulo III). Julia Varela sintetiza o proceso descrito indirectamente nestas páxinas coa paradóxica metáfora do lobo: temida nos bos tempos en que aparecía con frecuencia pola aldea para dar conta das ovellas, esta figura convírtese nun símbolo do mundo perdido ao ser procurado ansiadamente no presente por Pepe, un dos entrevistados, sen atopalo xamais.

Recensións:

- Ramón Loureiro, 'O inmaterial patrimonio dun país', *La Voz de Galicia*, 'Letras en galego', 26 xuño 2004, p. 7.

Infórmase da publicación do libro *A Ulfe, socioloxía dunha comunidade rural galega* de Julia Varela, e co que gañou o premio Vicente Risco de Ciencias Sociais. Este traballo

recupera a memoria dun lugar, hoxe xa deshabitado, das terras de Chantada, que vén ser o espello dunha Galicia que foi esmorecendo na segunda metade do século pasado. A investigadora dá voz aos verdadeiros protagonistas da intrahistoria para reconstruír o patrimonio inmaterial de todo un país.

Vázquez Souza, Ernesto, *Desta beira do Leteu. Artigos de historia cultural, literatura e sociedade desde o esquecemento*, Ames-A Coruña: Laiovento, 2004, col. Ensaio, nº 191, 266 pp. (ISBN: 84-8487-064-2).

A través de distintas achegas, Ernesto Vázquez Souza (A Coruña, 1970) tece unha reflexión encol da memoria histórica. Os capítulos vertébranse arredor de tres epígrafes: I. "O cincel e o machado. Construción nacional e guerrilla ideolóxica no Rexurdimento", II. "Da rúa á nación. Contra un nacionalismo de preguerra *ad usum delphini*" e III. "As cicatrices da memoria. Moral para lotófagos". O autor parte da figura mítica do río Leteu como alegoría nacional da desmemoria. A hipótese subxacente ás tres seccións principais é que a visión contemporánea do pasado histórico de Galiza está afectada por un esquecemento parcial que cómpre recoñecer e enmendar. Ademais de conferirlle unidade formal ao ensaio, o uso da metáfora do Leteu achega as investigacións contidas no volume ao eido da literatura de ideas.

Vieites, Manuel F., *Estudos superiores de arte dramática. Guía práctica*, Vigo: Galaxia, 27 decembro 2004, Xunta de Galicia/Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais/Centro Dramático Galego, 2004, col. Breviarios de Teatro, nº 1, 169 pp. (ISBN: 84-8288-738-6) (ISBN: 84-453-3950-8).

Ofrécese unha visión xeral sobre os contidos e as especialidades da Escola Superior de Arte Dramática -ESAD- de Galicia. Comézase cunha "Presentación" na que se repasan os intentos de creación dunha Escola de Arte Dramática en Galicia desde 1903, coa Escuela Regional Gallega de Declamación, até a posta en funcionamento, no curso 2005/2006, da ESAD de Galicia no campus Lagoas-Macrosende da Universidade de Vigo. A seguir en "Os estudos superiores de Arte Dramática. Especialidade e opcións", fálase destes estudos, regulados pola LOXSE e desenvolvidos polo Real decreto 754/1992 onde se regula o seu currículo así como as probas de acceso; asemade indícase que a titulación obtida ao rematar estes estudos é o de Título Superior de Arte Dramática, nas súas diferentes especialidades, "Dirección de escena e dramaturxia", "Escenografía" e "interpretación", coas súas diferentes opcións, deténdose pormenorizadamente na descrición de cada unha delas. En "A ESAD de Galicia" desenvólvense algunhas propostas orientadas a establecer un posíbel modelo de ESAD para Galicia, ao tempo que se consideran outras ideas relativas ao seu desenvolvemento curricular. Tamén se fan referencias ás "Probas de acceso", onde se presentan os requisitos académicos e os exercicios mínimos, aos "Exercicios por especialidades. Aspirantes con Bacharelato", centrándose na descricións dos dous exercicios eliminatorios das probas de acceso con numerosos exemplos prácticos, e ás "Probas de acceso directo" para persoas sen requisitos académicos. Remátase co texto

"Unha Escola Superior de Arte Dramática por dentro" no que se reflexiona sobre o carácter especial dunha ESAD en Galicia e péchase cunha "Bibliografía" que se considera de utilidade á hora de preparar as probas de acceso ás Escolas Superiores de Arte Dramática.

Vieites, Manuel F., *Crónica do teatro galego 1992-2002 (críticas, artigos, estudios, entrevistas, recensións...)*, Vigo: Universidade de Vigo, 2004, col. Monografías da Universidade de Vigo, nº 56, 689 pp. (ISBN: 84-8158-249-2).

Edición conxunta dunha selección de traballos do autor xa publicados en diferentes medios (*Faro de Vigo*, *Tempos Novos,* ...), en galego e castelán, que radiografan a década que vai de 1992 ao 2002 no noso teatro. Inclúe o prólogo "Cousas escritas", no que Vieites presenta a súa obra falando dos contidos e utilidades da mesma, e no que tamén chama a atención sobre a importancia da existencia dunha crítica. Seguen nove seccións: "Crítica teatral", centrada nos espectáculos; "Noticia do teatro galego", cunha visión máis global do sistema teatral do país e das súas deficiencias; "Entrevistas", con conversas con persoeiros coma Peter Brook, Manuel Lourenzo ou José Martins. "Políticas culturais e teatrais" aborda aquilo que o seu título indica e fai propostas de políticas gubernamentais; "Educación teatral" oriéntase máis ao ensino. A sexta sección, "Recensión de textos dramáticos" céntrase na literatura. En "Recensións de estudios sobre teatro" comenta libros que teorizan sobre o feito teatral. "De re varia" é algo así coma o caixón de xastre da obra; e na última sección, "Epílogo", reflexiona sobre os tipos, funcións, temas, problemas e desafíos da crítica. Pechan a obra un índice xeral e outro alfabético de autores, obras, textos, directores, espectáculos e autoridades para facilitar a consulta.

Referencias varias:

- I.L.S., 'Espacio de consulta a debate', *Tempos Novos*, nº 81, 'Libros', febreiro 2004, p. 75.

Noticia da publicación de *Crónica do teatro galego,* de M. F. Vieites, da que se anota a súa importancia como espazo de consulta e debate centrado en dous temas: historia do teatro e teoría xeral do teatro.

Vieites, Manuel F., *O teatro*, Vigo: Galaxia, 2004, Xunta de Galicia, 2004, col. Biblioteca de Teatro. Breviarios, 219 pp. (ISBN: 84-8288-779-3) (ISBN: 84-453-3981-8).

Volume que se abre cunha "Introdución" na que Manuel F. Vieites realiza unha breve historia do teatro e afirma que debe ser entendido como un campo de expresión artística e como un campo de coñecemento. Ao longo dos capítulos "Das cavernas de Trois-Frères ás canteiras de Boulbon", "O sistema teatral", "O teatro como obxecto de coñecemento e investigación", "O espectáculo teatral: concepto e tipoloxías", "A expresión teatral: teatralidade e elementos de significación", "A creación teatral", "A comunicación teatral", "A recepción teatral" e "Creación teatral, pensamento filosófico e movementos artísticos",

Manuel F. Vieites presenta e analiza os diferentes trazos que caracterizan o teatro como manifestación artística e cultural, prestando tamén especial atención ao espectáculo teatral e aos diferentes medios de estudo do feito escénico. Efectúa tamén unha panorámica xeral dos procesos de expresión, comunicación e recepción teatral. A obra conclúe co capítulo "Bibliografía citada".

Vila Pernas, Miguel, *O crime de Santa Cruz de Valadouro*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, agosto 2004, col. Historia, 161 pp. (ISBN: 84-8485-148-6).

Obra na que Miguel Vila Pernas (A Habana, 1958) fai unha crónica, con toques novelescos, do crime acontecido na parroquia de Santa Cruz do Valadouro (Lugo) o 22 de novembro de 1888. Ao longo de dezaoito capítulos breves, o autor explica cómo aconteceu o asasinato do cura desta parroquia e de tres dos seus criados, que conmoveu ao Valadouro a finais do XIX e que aínda hoxe se transmite de xeración a xeración. Tomando como base a documentación que consta no expediente xudicial, as noticias que no momento apareceron na prensa e outras obras sobre este, Miguel Vila explica que os asasinos das catro vítimas foron seis homes da Pastoriza, concello natal do cura, que cometeron o asasinto por móbiles económicos e dos cales só un foi executado, o 29 de marzo de 1890. Narra, paso a paso, cómo se produxo o crime e trascribe gran parte da documentación que emprega como fonte. A obra péchase coa trascrición dun cantar de cego, recollido na actualidade no Concello de Alfoz, sobre o suceso, e cun apartado titulado 'Hemeroteca', no que se recollen as fotografías da prensa empregada como fonte para a redacción da obra. Dende o punto de vista literario cómpre destacar que o forense que realizou a autopsia aos catro cadáveres foi o poeta Manuel Leiras Pulpeiro e que Álvaro Cunqueiro fixo referencia a este crime en *Merlín e familia* (1955).

Referencias varias:

- L. Prieto, 'O crime de Santa Cruz segue vivo na memoria do Valadouro', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 22 outubro 2004, p. L2.

Pequena conversa con Miguel Vila a propósito da inmediata presentación dun libro sobre o crime de Santa Cruz do Valdouro. O autor conta que foron os mitos que oíu dende pequeño sobre esta mtatanza os que o levaron a unha profunda investigación e posterior reconstrucción dos feitos.

VV. AA., *Xornadas sobre Luís Seoane*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia □♦, 2004, col. Difusión cultural, nº 39, 208 pp. (ISBN: 84-453-3845-5).

Este libro correspóndese coas actas das xornadas realizadas pola Dirección Xeral de Promoción Cultural na Coruña os días 26 e 27 de marzo de 2004 referidas a modo de "Relatorios", despois da presentación correspondente da publicación da Xunta por Manuel Fraga Iribarne e Xesús Pérez Varela. Así, aparecen recollidas as intervencións de Xosé Luís

Axeitos, *Heraldismo e compromiso na obra artística de Luís Seoane*; de Xesús Alonso Montero, *Ramón Piñeiro e Luís Seoane polemizan sobre o social-realismo en literatura (e, alá no fondo, tamén sobre o marxismo);* de Isaac Díaz Pardo, *O significado de Luís Seoane no 25 aniversario da súa morte*; de Xosé Díaz, *Seoane grafista: O cartel*; de Pepe Barro, *Ler entre letras*; de M. Victoria Carballo-Calero, *Estética e relato. A pintura de Luís Seoane (1910- 1979);* de Alberto González-Alegre, *Progresión e vertixe fronte á vangarda;* e de Antón Patiño, *Luís Seoane: as formas vivas* onde en todos eles se expoñen traballos e recensións sobre a obra do pintor Luís Seoane amosando algún dos seus deseños e obras artísticas.

VV. AA., *Valle-Inclán e Pontevedra*, Pontevedra: Fundación Caixa Galicia ♦, 2004, Concello de Pontevedra, 2004, 118 pp. (DL: PO-139/2004).

Catálogo publicado con motivo da exposición "Valle-Inclán e Pontevedra", organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Pontevedra en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e do Museo de Pontevedra, como homenaxe a Ramón María del Valle-Inclán. Ábrese, despois de varias presentacións institucionais, co "Adro", de Xoán Guitián, comisario da exposición, no que se explican as razóns que levaron á realización deste volume, así como a estrutura da exposición homónima. A seguir, recóllense os traballos "A Pontevedra de Valle-Inclán", de Xosé Carlos Valle Pérez, e "A vida cultural de Pontevedra a través das súas bibliotecas a finais do século XIX", de Eliane e Jen-Marie Lavaud, que teñen interese literario e unhas liñas máis abaixo se describen. Tamén se recolle o artigo "Valle-Inclán y Pontevedra: *Femeninas*, ópera prima", de Margarita Santos Zas, no que se fai un breve repaso biográfico do escritor e se analiza o seu primeiro libro, *Femeninas. Seis historias amorosas*. Este último traballo, que se acompaña dun apéndice no que se recolle unha relación de publicacións pontevedresas nas que Valle-Inclán colaborou, así como os seus contributos nelas, está ilustrado, igual que os precedentes, con fotografías do Arquivo Fotográfico do Museo de Pontevedra. *Valle-Inclán e Pontevedra* inclúe tamén a contribución de Xoán Guitián con "Comentarios sobre a iconografía de Valle-Inclán", no que en primeiro lugar Guitián comenta a importancia que a imaxe ten no caso de Valle-Inclán e o que supón a inclusión da iconografía nos diferentes traballos sobre este escritor e, en concreto, na exposición "Valle-Inclán e Pontevedra", e a seguir, expón os criterios empregados na selección iconográfica que na exposición se inclúe e que el mesmo analiza a continuación. Finalmente, recóllese o "Catálogo xeral da exposición" e un "Apéndice gráfico".

- Xosé Carlos Valle Pérez, "A Pontevedra de Valle-Inclán. Algúns apuntamentos", pp. 19-32.

Faise un repaso á biografía do escritor da Pobra do Caramiñal e ao contexto no que viviu, principalmente a todo o que o relacionou coa cidade de Pontevedra.

- Eliane e Jean-Marie Lavaud, "A vida cultural de Pontevedra a través das súas bibliotecas a finais do século XIX", pp. 33-51.

Estúdase a relación de Valle-Inclán coas principais bibliotecas pontevedresas, nomeadamente coa biblioteca da Casa do Arco, de Jesús Muruais, e a denominada Casa das Galerías, das que se sinalan a súas características e fondos.

Referencias varias:

- Belén López, 'O final da aposta de Andrés Landín', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir Aquí', 23 abril 2004, p. 82.

Dáse conta da presentación do catálogo *Pontevedra e Valle Inclán* e indícase algún aspecto que vencella a cidade co escritor arousán. Tamén se reproducen as palabras dalgún dos participantes no acto de presentación enmarcado na programación do concello pontevedrés "Abril dos Libros".

- Adriana Rodríguez, 'O Museo de Pontevedra presentou un novo libro sobre Valle-Inclán', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 25 abril 2004, p. 23.

Tras facer referencia aos asistentes ao acto de presentación do volume *Valle-Inclán e Pontevedra*, indícanse as partes das que este volume consta, así como os persoeiros que participaron, e o que a súa aparición supón para o coñecemento da figura de Valle-Inclán e a cidade de Pontevedra de finais do século XIX.

VV. AA., *Carlos Casares. Os amigos, as imaxes, as palabras*, Contén fotos do autor de fontes varias., Fundación Carlos Casares, 2004, Vigo: A Nosa Terra □, novembro 2004, 213 pp. (ISBN: 84-96403-20-3).

Recóllense as palabras, entrevistas, e conversas que Carlos Casares foi deixando ao longo da súa vida en distintos medios e que nos achegan ao seu pensamento sobre literatura e sobre a vida; tamén aparecen as lembranzas das persoas que o coñeceron, escritores, intelectuais, políticos... O libro vai acompañado de imaxes de Casares tomadas en distintos momentos, lugares e con diferentes persoas que nos achegan ao lado máis persoal e humano.

VV. AA., *Crónicas chantadinas*, Lugo: Círculo Recreativo Cultural de Chantada ♦, 2004, col. Historia, 240 pp. (ISBN: 84-8192-270-6).

Volume que recolle diferentes artigos sobre a vida cultural da terra de Chantada, recompilados ao longo de dous anos polo Círculo Recreativo Cultural de Chantada. Dende o punto de vista literario interésanos, neste apartado do *Informe* os seguintes traballos:

- Celso Almuiña, "Prensa e opinión pública chantadina durante o primeiro tercio do século XX", pp. 94-134.

O autor do artigo, despois dunha breve introdución sobre o papel da prensa como medio de creación de opinión e tras unha breve caracterización do contexto da prensa galega en conxunto e da lucense en particular a comezos do século XX, repasa a biografía e influencia na zona de Chantada dos principais periódicos do primeiro terzo do século. Estes xornais son: *Faro-Miño*, *El Centinela*, *La Comarca*, *El Regionalista* e *La Voz del Agro*. Finalmente, resume as características dos periódicos analizados.

- Francisco Fernández del Riego, "Viaxeiro en terras de Chantada", pp. 159-161.

Francisco Fernández del Riego lembra as viaxes realizadas ás Terras de Chantada nomeadamente a primeira que fixo, acompañado de Álvaro Cunqueiro, na que visitou, entre outros lugares, o antigo mosteiro de San Salvador e subiu ao Monte Faro. Tamén lembra a realizada cun grupo de amigos para os que Ramón Otero Pedrayo serviu de guía.

Referencias varias:

- A.L., 'Los socios del Círculo recibirán gratis un libro la próxima semana', *El Progreso*, 'Chantada', 28 agosto 2004, p. 16.

Dáse conta do contido e colaboradores do volume *Crónicas Chantadinas*, editado pola agrupación Círculo Recreativo Cultural de Chantada e que será repartido de maneira gratuíta entre os seus socios.

- A.L., 'El Círculo abre el programa navideño con el reparto del libro 'Crónicas Chantadinas', *El Progreso*, 'Chantada', 17 novembro 2004, p. 20.

Anúnciase a programación cultural que, con motivo do Nadal, se vai levar a cabo desde o Círculo Recreativo e Cultural de Chantada. Desde o punto de vista literario destácase a posta a venda do novo libro da sociedade *Crónicas Chantadinas* e a presentación de diversos volumes da autoría de Alfonso Rey López, Otilia Seijas ou Xosé Antón Míguelez.

V.2. REEDICIÓNS COMENTADAS

Alonso Girgado, Luís, **Cuquejo Enríquez**, María, *Centro Gallego (Publicación do Centro Galego de Montevideo)*, edic. facsimilar, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia □♦, 2004, [186] pp. (ISBN: 84-453-3952-4).

Edición facsimilar dos números 1 ao 13 da revista *Centro Gallego*, que o Centro Galego de Montevideo publicou entre 1917 e 1918. Como é habitual nas edicións facsimilares que o Centro Ramón Piñeiro fai no seo deste proxecto, este volume complétase cuns capítulos preliminares nos que se estuda a prensa galega de Uruguai, entre 1903 e 1929, e a prensa

galega publicada neste país. Así mesmo, achégase un estudo da propia revista, no que se inclúe a súa ficha técnica, as orixes da publicación, a súa caracterización, os colaboradores, as seccións e contidos e algunhas notas sobre a lingua empregada. Tras as páxinas que constitúen a propia edición facsimilar, ofrécese unha bibliografía e os índices da revista.

Blanco Amor, Eduardo, *Artigos en La Nación*, edición e notas de Xosé López, Marta Pérez Pereiro e Luís Álvarez Pousa, Vigo: Galaxia, 26 novembro 2004, col. Memoralia, nº 6, 244 pp. (ISBN: 84-8288-758-0).

Escolma de artigos xornalísticos realizados por Blanco Amor para o xornal arxentino *La Nación*, labor que desenvolveu entre os anos 1929 e 1936. A selección está estruturada por temas: "Crónicas políticas" ("Antecedentes de la lucha autonómica en Galicia", "El sepelio del presidente Macià", "La realidad española"); "Crónicas de cultura", que inclúe artigos de crítica cinematográfica e teatral e unha introdución á lírica medieval galego-portuguesa; e "Crónicas de viaxes", as máis abundantes, que van desde as súas crónicas sobre a pesca nas costas de Galicia e Portugal, as romarías, a vida barcelonesa até a súa poética descrición do Generalife de Granada. O libro ábrese ademais con dous textos que nos introducen na faceta xornalística de Eduardo Blanco Amor: o de Xosé López refírese ao labor de Eduardo Blanco Amor como xornalista. O seguinte, de Marta Pérez Pereiro está dedicado ao seu traballo para o xornal *La Nación*. Péchase o libro cun Epílogo de Luís Álvarez Pousa no que fai referencia ao carácter político e misioneiro do autor como xornalista e a súa vontade de concienciar os galegos do exterior para acadar un orgullo identitario e a súa solidariedade coa causa nacionalista e republicana. O libro amósanos, logo, a faceta de Blanco Amor como xornalista, a súa maneira de ver a profesión, as súas relacións coas intelectualidades galega e arxentina do momento e os seus problemas coa liña editorial do xornal *La Nación* (aínda en circulación), de ideoloxía conservadora, polo ton político dalgunhas das súas crónicas.

Cañada, Silverio (editor), *Gran Enciclopedia Galega*, (Tomo IX: castri-cer) (Tomo X: ces-conc) (Tomo XI: cond-cort) (Tomo XII: coru-crux) (Tomo XIII: cruz-diar) (Tomo XIV: dias-eme) (Tomo XV: emi-esta) (Tomo XVI: este-fene) (Tomo XVII: feni-ferr) (Tomo XVIII: fert-fop) (Tomo XIX: for-fuen) (Tomo XX: fuer-gar)(ISBN do tomo IX: 84-87804-11-X) (ISBN do tomo X: 84-87804-12-8) (ISBN do tomo XI: 84-87804-13-6) (ISBN do tomo XII: 84-87804-14-4) (ISBN do tomo XIII: 84-87804-15-2) (ISBN do tomo XIV: 84-87804-15-2) (ISBN do tomo XV: 84-87802-17-9) (ISBN do tomo XVI: 84-87804-18-7) (ISBN do tomo XVII: 84-87804-19-5) (ISBN do tomo XVIII: 84-87804-20-9) (ISBN do tomo XIX: 84-87804-21-7) (ISBN da obra completa: 84-87804-03-9), Lugo/Pontevedra: El Progreso/Diario de Pontevedra □, 2004, 256 pp. .

Ao longo do ano 2003 comezou a reedición actualizada, revisada e traducida ao galego da *Gran Enciclopedia Gallega*, que en 1974 editara Silverio Cañada, a cargo dos xornais galegos *El Progreso* e *Diario de Pontevedra*, que estabeleceron unha periodicidade mensual para a entrega dos volumes. Con esta posta ao día preténdese dar unha visión

actualizada da realidade galega e ao mesmo tempo recoller os cambios máis importantes nos case trinta anos que separan as dúas edicións. Os contidos que abrangue van dende a política, á ciencia, á xeografía, ao deporte ou á creación artística. No tocante á literatura galega ofrece biografías de escritores, apuntamentos históricos de movementos e escolas ou información detallada sobre diversas publicacións. Así, ao longo do ano 2004 chegaron aos quioscos doce volumes, do noveno ao vixésimo, que recolleron as voces comprendidas entre os termos 'Castrigo', lugar da parroquia de Ortoño (San Xuan), e 'garavico'.

(Tomo IX: castri/cer), 256 pp., (ISBN do tomo IX: 84-87804-11-X)
O noveno tomo, que comprende as entradas que por orde alfabética están entre *castri* e *cer*, entre as que destacan o amplísimo estudo sobre Rosalía de Castro á que se lle dedican máis de quince páxinas; tamén hai cabida para o descritor da revista *Céltiga*, a editorial lucense Celta ou a poeta María do Cebreiro.

(Tomo X: ces-conc), 256 pp., (ISBN do tomo X: 84-87804-12-8)

O décimo volume desta obra comprende aquelas entradas relacionadas con Galicia que van dende as que empezan por *ces* até as que o fan por *conc*. Relacionado coa literatura aparece a entrada cómic, na que se fai referencia ao cómic galego; Códice Calixtino ou o escritor ourensán Xan da Coba.

(Tomo XI: cond-cort), 256 pp., (ISBN do tomo XI: 84-87804-13-6)

Undécimo tomo da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, que comprende dende as palabras que empezan por *cond,* até aquelas que empezan por *cort*. Entre ambas entradas dáse cabida a outras, entre elas algunhas relacionadas coa literatura galega como os escritores Alfredo Conde, Perfecto Conde, Evaristo Correa Calderón e Daniel Cortezón ou a produtora Continental Producciones, que foi a encargada de levar ao cine a novela de Manuel Rivas, *Trece Badaladas*.

(Tomo XII: coru-crux), 256 pp., (ISBN do tomo XII: 84-87804-14-4)

Neste duodécimo tomo da reedición da *Gran Enciclopedia Gallega* aparecen as voces comprendidas entre os topónimos A Coruña e Cruxeiras de Arriba. Algunhas das que se poden relacionar dun xeito ou doutro coa literatura galega son as que informan sobre o escritores Antonio Couceiro Tovar, Antonio Costa Gómez, Armando Cotarelo Valledor, Enma Couceiro López, José Crecente Vega ou Xosé Alexandre Cribeiro Rodríguez; ou sobre publicacións como *La Crónica* ou *Crónica Literaria*.

(Tomo XIII: cruz-diar), 256 pp., (ISBN do tomo XIII: 84-87804-15-2)

Volume número trece da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, onde aparecen voces relativas a Galicia entre os comezos de palabra *cruz* e *diar*. No tocante aos seus contidos

literarios, nesta entrega atópanse, entre outras cuestións, a descrición do Día das Letras Galegas, motivo polo cal se explica cal foi o proceso seguido ata a consolidación desta data e se fai unha pequena achega a cada un dos autores homenaxeados nesta efeméride. Outras das entradas deste volume fan referencia a distintas publicacións galegas, como o *Diario de Lugo*, *Diario de Ourense* ou *Diario de Pontevedra*, entre outros.

(Tomo XIV: dias-eme), 256 pp., (ISBN do tomo XIV: 84-87804-15-2)

Sexto volume da reedición actualizada da enciclopedia galega de Silverio Cañada. Nel aparecen as entradas comprendidas entre *dias* e *eme*, que inician e rematan cun topónimo. No que atinxe á literatura galega, recóllense as biografías de Castor Elices Rodríguez, Maite Dono ou Antonio Domínguez Rey, entre moitos outros; tamén recolle a entrada editorial e o descritor de todas as publicacións que no seu nome levan o substantivo *Eco*.

(Tomo XV: emi-esta), 256 pp., (ISBN do tomo XV: 84-87802-17-9)

Esta entrega da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* contén as palabras, topónimos ou nomes que se inclúen entre *emi* e *esta*. Os seus contidos literarios son variados e inclúen entradas como *El Escolar*, publicación pontevedresa; a Escola Dramática Galega ou o popular Entroido galego.

(Tomo XVI: este-fene), 256 pp., (ISBN do tomo XVI: 84-87804-18-7)

Neste décimo sexto volume da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* dáse cabida ás entradas que van dende as que empezan por *este* até as que o fan por *fene*. Algunhas das voces aparecidas nesta entrega son as seguintes: a revista *Extramundi y los papeles de Iria Flavia*, as feiras galegas ou o compositor galego Mauricio Farto Parra.

(Tomo XVII: feni-ferr), 256 pp., (ISBN do tomo XVII: 84-87804-19-5)

O novo tomo da *Gran Enciclopedia Galega* recolle as palabras que empezan por *feni* e rematan por *ferr*, entre as que teñen cabida as biografías de moitos escritores da nosa literatura, por exemplo, Víctor Freixanes, Miguel Anxo Fernán-Vello ou Agustín Fernández Paz, entre outros. Neste volume, ademais, dedica sete páxinas a trece trobadores de orixe galega e portuguesa dos séculos XII e XIII.

(Tomo XVIII: fert-fop), 256 pp., (ISBN do tomo XVIII: 84-87804-20-9)

Este décimo oitavo volume da *Gran Enciclopedia Galega* acolle distintas voces entre as que destacan, dende o punto de vista literario, Ánxel Fole, Xosé Filgueira Valverde ou o escritor, director e actor teatral Ricardo Flores Pérez.

(Tomo XIX: for-fuen), 256 pp., (ISBN do tomo XIX: 84-87804-21-7)

A décimo novena entrega desta obra recolle as voces comprendidas entre as palabras Fóra de Portas e Fuenteseca, onde teñen cabida as biografías de xente como José Mª Fórneas Besteiro, Antón Fraguas, Susana Fortes ou José Fontenla Leal.

(Tomo XX: fuer-gar), 256 pp.,

Neste último volume de 2004 recóllense termos como Galicia, galego ou galeguismo, que ocupan boa parte do volume; outras das voces incluídas neste volume son Fuxan os ventos, Andrés Gaos Berea ou Elena Gago.

Referencias varias:

- M.R., 'O novo volume da Enciclopedia inclúe unha ampla oferta temática', *El Progreso*, 'Cultura', 31 xaneiro 2004, p. 91.

Fala sobre o contido do décimo volume da *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada*; este ocúpase de varios enclaves xeográficos da provincia lucense, coma o concello de Chantada ou a illa Coelleira, de clubs deportivos e culturais desta mesma provincia, e de colexios oficiais, complexos hospitalarios e concursos de gando.

- M.R., 'Sae á venda o vindeiro luns o tomo número once da 'Gran Enciclopedia', *El Progreso*, 'Cultura', 28 febreiro 2004, p. 107.

Dá conta da variedade temática que oferta o tomo número once da *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada*, entre a que cita a relacionada co Consello da Cultura Galega, co Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, co Consello Consultivo de Galicia, co Consello de Contas de Galicia, coas consellerías que integran a Xunta de Galicia, coa Constitución de 1978 e cos xornais galegos que levan o nome de *Correo*.

- M.R., 'O pintor lucense Xesús Corredoyra, un dos protagonistas do novo tomo', *El Progreso*, 'Cultura', 29 febreiro 2004, p. 91.

Apunta o máis interesante do undécimo volume da *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada*: ademais de información sobre tradicións galegas, asociacionismo, contaminación, consumo ou cooperativismo, dedica catro páxinas á figura do pintor lucense Xesús Rodríguez Corredoyra e ofrece información sobre o artista Cornelis de Holanda.

- M.R., 'O vindeiro xoves poñerase á venda o tomo doce da 'Gran Enciclopedia', *El Progreso*, 'Cultura', 28 marzo 2004, p. 83.

Dá conta da saída á venda do tomo número doce da *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada*, que trata nas súas entradas temas relacionados coa economía láctea e pesqueira, coa flora e fauna autóctonas, coa relixión, coa historia e con dous enclaves xeográficos da provincia lucense: o concello de Cospeito e O Courel.

- M.R., 'Dende mañá poderase mercar un novo tomo da 'Gran Enciclopedia', *El Progreso*, 'Cultura', 31 marzo 2004, p. 91.

Anuncia a dispoñibilidade do duodécimo volume da *Gran Enciclopedia, Silverio Cañada* e destaca as oitenta e oito páxinas dedicadas á provincia da Coruña, coa información máis actualizada sobre a súa historia, economía e curiosidades de todo tipo.

- R.L., 'El Progreso aumenta en 133 ejemplares al día su difusión', *El Progreso*, 'Comunicación', 25 abril 2004, p. 91.

Informa sobre a saída á venda do tomo número trece da *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada*, do que salienta o espazo dedicado ao Día das Letras Galegas.

- Ramón Pérez, 'Homenaxe á nosa escrita', *El Progreso*, 'Cultura', 29 abril 2004, p. 88.

Co gallo da saída á venda do décimo terceiro volume da *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada*, que atende con detalle ao Día das Letras Galegas, faise un repaso da celebración deste día e das persoas homenaxeadas dende o seu nacemento, impulsado por Francisco Fernández del Riego, pasando polo franquismo, pola etapa da Constitución de 1978… até chegar á actualidade.

- Ramón Pérez, 'O volume decimoterceiro da 'Gran Enciclopedia' sairá á venda mañá', *El Progreso*, 'Cultura', 30 abril 2004, p. 96.

Sitúa entre os máis interesantes contidos do décimo terceiro volume da *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada* a entrada na que se informa sobre vida e obra de Álvaro Cunqueiro, a correspondente a Manuel Curros Enríquez (centrada fundamentalmente no seu *Divino Sainete*) e a que se ocupa da pintora coruñesa María Antonia Dans.

- Benxamín Casal, 'A nosa Gran Enciclopedia en galego', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 30 maio 2004, p. 30.

Fálase da Gran Enciclopedia Galega-Siverio Cañada, da que xa hai case un ano que se publicou o primeiro tomo. Destácase o grande esforzo que supón esta publicación, de máis de cen mil entradas e numerosas ilustracións, tendo en conta o labor de planificación e organización que supón iso. Tamén se di que esta nova enciclopedia é herdeira da anterior Gran Enciclopedia Galega, pero que ademais de cambiar o idioma, agora é en galego, tamén ten unha edición distinta, que amosa a evolución da sociedade nos case trinta anos que van dunha a outra. Por último coméntase a necesidade que un país moderno ten dunha obra coma esa, e a importancia de que estea escrita en galego, apoiándose para iso nun discurso que leu o profesor Guiseppe Tavani diante da Real Academia Galega.

- M.R., 'O domingo poñerase á venda un novo tomo da 'Gran Enciclopedia', *El Progreso*, 'Cultura', 30 xullo 2004, p. 78.

Destaca como entradas máis importantes do novo tomo da *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada* os conceptos de "familia" e "feminismo".

- M.R., 'A decimosecta entrega da 'Gran Enciclopedia', dende hoxe á venda', *El Progreso*, 'Verano', 1 agosto 2004, p. 55.

Dá conta da décimo sexta entrega da *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada* e comenta as entradas referidas aos termos "etnicidade" e "faro".

- P.V., 'O mércores poñerase á venda un novo tomo da 'Gran Enciclopedia', *El Progreso*, 'Verano', 29 agosto 2004, p. 70.

Anuncia a saída á venda do décimo sétimo volume da *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada* e salienta entre todas as entradas as correspondentes aos termos "ferrocarril" e "ferrería" e ao escultor barroco de orixe galega Gregorio Fernández.

- P.V., 'A décimo sétima entrega da 'Gran Enciclopedia' ponse hoxe á venda', *El Progreso*, 'Cultura', 1 setembro 2004, p. 65.

Dá algunhas notas sobre as entradas máis importantes do décimo sétimo volume *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada*: Ferreira, Xosé Ferreiro, Eugenio Fernández Granell e Fenosa.

- M.R., 'A 'Gran Enciclopedia' ocúpase de Ánxel Fole na súa nova entrega', *El Progreso*, 'Cultura', 30 setembro 2004, p. 89.

O artigo céntrase na figura de Ánxel Fole, á que a Enciclopedia dedica parte das súas páxinas e, así, ofrece un pormenorizado percorrido pola biografía do narrador e unha breve recensión da súa traxectoria xornalística e literaria.

- M.R., 'A décimo oitava entrega da 'Gran Enciclopedia' ponse hoxe á venda', *El Progreso*, 'Cultura', 1 outubro 2004, p. 89.

Comenta o contido das entradas que o décimo oitavo volume da *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada* dedica aos concellos lucenses de Folgoso do Courel e A Fonsagrada.

- M.R., 'Fraga é un dos protagonistas da nova entrega da 'Gran Enciclopedia', *El Progreso*, 'Cultura', 31 outubro 2004, p. 89.

Anuncia a saída á venda do décimo noveno tomo da *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada*; presenta un breve comentario sobre o contido do volume, centrándose principalmente nas páxinas que se ocupan da entrada correspondente a Manuel Fraga Iribarne.

- M.R., 'A vixésima entrega da 'Gran Enciclopedia' atópase xa á venda', *El Progreso*, 'Cultura', 1 decembro 2004, p. 89.

Céntrase na vixésima entrega da *Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañada*, salientando dela as corenta páxinas dedicadas ao termo Galicia e o feito de que recolla tamén o termo Galiza.

- M.R., 'A 'Gran Enciclopedia' dedica vinte páxinas á lingua galega', *El Progreso*, 'Cultura', 5 decembro 2004, p. 81.

O vixésimo tomo da obra trata en amplitude o tema do galeguismo e o do idioma galego. Un despece complementario subliña a actualización da Enciclopedia, reeditada no noso idioma tras ser inicialmente escrita en castelán.

Casares, Carlos, *Conciencia de Galicia. Risco, Otero e Curros. Tres biografías*, Vigo: Galaxia/Fundación CaixaGalici □, 2004, col. Literaria, Biblioteca Carlos Casares, nº 4, 414 pp. (ISBN: 84-8288-687-8)(84-95491-94-X).

Este volume recolle as biografías de tres importantes figuras do panorama cultural galego: Manuel Curros Enríquez, Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo; que Carlos Casares escribiu entre 1979 e 1981. Nelas expón a evolución ideolóxia e política dos tres persoeiros, así como aspectos da súa vida persoal ou da súa traxectoria literaria, con rigor, claridade e certo engado literario.

Recensións:

- Alfredo Iglesias, 'Curros, Risco, Otero', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 92, 'Libros', 23 setembro 2004, p. V.

Presenta o volume titulado *Conciencia de Galicia: Risco, Otero e Curros. Tres biografías*, que apareceu no mercado incluído na "Biblioteca Carlos Casares" da editorial Galaxia.

Fariña Miranda, Carmen (editor), *Tierra Gallega (Semanario Regional Ilustrado)*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia □♦, 2004, Libro e CD-Rom, 206 pp. (ISBN: 84-453-3977-X).

Edición facsimilar do semanario uruguaio *Tierra Gallega,* composta por un libro, no que se ofrece un estudo e os índices da publicación, realizados por Carmen Fariña Miranda, e un CD-Rom no que se reproducen en formato PDF os sesenta e tres números deste semanario nado o 11 de febreiro de 1917 e cuxo último número saíu o 28 de abril de 1918. Tras os prólogos institucionais, o libro divídese en sete apartados. O primeiro deles é a 'Ficha técnica de *Tierra Gallega*', no que indica o título, subtítulo, cabeceira, lugar de edición, fundador, director, administrador, secretario de redacción, enderezo da dirección e administración, imprenta, data de inicio, data final, periodicidade, idioma, contidos, colaboradores, total de números publicados, números localizados, tiraxe, seccións fixas, folletíns, ilustracións, publicidade, número de páxinas, formato e prezo da revista. O

segundo apartado é 'Caracterización interna de *Tierra Gallega*', e nel estúdase máis polo miúdo a dirección e liña programática do semanario, a estrutura xeral dos números, as súas seccións e contidos, os colaboradores e os directores, dos que se ofrece un breve perfil biográfico. No terceiro apartado, 'Caracterización externa', afóndase na historia da revista, nos seus aspectos directivo-administrativos, datación e cronoloxía, configuración xeral das páxinas, e na recepción e difusión da publicación. O cuarto apartado é 'Lingua'. Sinálase que a lingua non é unha das principais preocupacións dos creadores do semanario e que a maioría das colaboracións están redactadas en castelán. Tamén se indica qué colaboradores se expresan unicamente en castelán, cales nun bilingüismo desequilibrado en favor desta lingua e cales se expresan unicamente en galego. 'Prosa e verso' é a quinta sección, na que se destaca o posto privilexiado que ocupa a prosa na revista. Unha prosa maioritariamente escrita en castelán onde priman os contidos informativos, culturais e sociais, e que conta tamén coa presenza de relatos literarios, contos, lendas, folletíns, etc., tanto en galego como en castelán, moitos de autores destacados e ben coñecidos dos que se dá conta neste apartado, así como dos poetas, tanto consagrados como contemporáneos da publicación que colaboran nas súas páxinas. A sexta sección é a de 'Bibliografía consultada', e finalmente, a sétima, é a constituída polos 'Índices'. Estes organízanse de dous xeitos, primeiro os sumarios de cada número e en segundo lugar un índice de colaboradores.

Fariña, Carme (editor), *Aires d'a miña terra (Bos Aires, 1908-1909)*, Alonso Girgado, Luís (direc.), edición, introdución e índices de Carmen Fariña Mirada, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades □♦, 2004, Libro e CD-Rom, 166 pp. (ISBN: 84-453-3879-X).

Edición facsimilar dos números 1 ao 62 da revista *Aires d´a miña terra*, que se publicaron en Bos Aires entre 1908 e 1909. Como é habitual nas edicións que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades fai no seo deste proxecto, este volume complétase cuns capítulos preliminares nos que se fai unha aproximación á prensa galega na Arxentina entre os anos 1880 e 1930. Así mesmo, achégase un estudo da propia revista, no que se inclúe a súa ficha técnica, as orixes da publicación, a súa caracterización, os colaboradores, as seccións e contidos e algunhas notas sobre a lingua empregada; ofrécese, asemade, unha bibliografía e os índices da revista. O facsimil inclúese no CD-rom que acompaña ao volume.

Referencias varias:

- E.P., 'Nove publicacións do Centro 'Ramón Piñeiro', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 28 outubro 2004, p. 75.

Esta noticia céntrase na intervención que Manuel Fraga fixo no acto organizado polo Centro Ramón Piñeiro no que presentaron varias publicacións e que no que se entregou, ao mesmo tempo, o II Premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve a Emilio Xosé Insua López por

estudo sobre os Vilar Ponte. M. Fraga gaba o labor do centro e louva a calidade das obras presentadas.

- Jose Matamoros, 'De Ramón Piñeiro a Cervantes', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 28 outubro 2004, p. L15.

Informa de que o Centro Ramón Piñeiro presentou varias publicacións e que entregou ao mesmo tempo o II Premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve a Emilio Xosé Insua López polo estudo *Antón e Ramón Vilar Ponte: Unha irmandade alén do sangue*. Despois fala, moi brevemente, das publicacións presentadas.

- MARÉ, 'Irmandade de sangue', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 outubro 2004, p. 48.

Dáse conta do acto de entrega do II Premio do Centro Ramón Piñeiro de Ensaio Breve e no que se presentaron tamén nove publicacións do centro. O gañador foi Emilio Xosé Insua López co estudo *Antón e Ramón Vilar Ponte: Unha irmandade alén do sangue*. No evento, o presidente da Xunta, Manuel Fraga, salientou o gran labor que leva a cabo o centro e tivo palabras para as nove obras que se presentaron. Primeiro para as que tiñan que ver con Ramón Piñeiro, logo para as de lírica e prosa medieval, e, por último, para as que trataron a recuperación da prensa de emigración. A noticia inclúe un apartado "A cerna" no que se resalta a reedición dun poemario de Álvaro de las Casas e dunha monografía sobre Roberto Nóvoa Santos.

Franco Grande, X. L., *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*, Vigo: Galaxia, setembro 2004, col. Memoria, nº 5, 466 pp. (ISBN: 84-8288-737-8).

Volume de Xosé Luís Franco Grande (Tebra, 1936), que se publicou por primeira vez en 1985 nesta mesma editorial e que agora se reedita dentro da colección 'Memoria'. Incorpora, con respecto a esa primeira edición, novos capítulos e un limiar no que sinala que Galicia é un país sen memoria histórica e que, polo tanto, está condenada ao fracaso; neste senso, sinala que el pretende testemuñar o acontecido no ámbito cultural galego durante as décadas dos cincuenta, sesenta e setenta, sempre dende o punto de vista da experiencia persoal. O volume estrúturase en trece capítulos ('Compostela, 1954', 'Unha mocidade', 'Unha xeración', 'Un camiño aberto', 'Xelmírez, 15-4º', 'Tres referentes composteláns', 'Á beira do arco de Mazarelos', 'Á beira do Orzán', 'Á beira do mar de Vigo', 'Galaxia', 'Defensor, na sombra, de Méndez Ferrín', 'Paco e Xaime' e 'Non foi posible'), nos que Franco Grande escribe, a través das súas vivencias e recordos, a memoria histórica e cultural dunha época de Galicia, dende el que chega a Compostela no outono de 1954 para matricularse en Filosofía e Letras até maio de 2003, data que aparece ao final do último capítulo. A obra compleméntase cun 'Introito' xa presente na primeira edición, na que o autor explica cál é a súa intención; uns 'Apéndices', nos que Franco Grande recolle unha serie de documentos propios ou doutros autores que serven como complemento de todo o exposto; un 'Apéndice gráfico', con fotografías e imaxes de documentos ou dos persoeiros máis relevantes da época; e, finalmente, un 'Índice onomástico'.

Recensións:

- Ramiro Fonte, 'Os anos escuros', *A Nosa Terra*, nº 1.147, 'Cultura', 21 outubro 2004, p. 25.

Faise referencia ao libro de Xosé Luís Franco Grande, *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*, onde o autor lle rende unha homenaxe á mocidade do seu tempo, que aumenta agora na súa segunda edición con novos capítulos acrecentando máis episodios que xa existían desde a súa primeira publicación. Refírese, entón, á importancia que esta obra ten por amosar os diferentes escenarios da Galiza dos anos cincuenta e sesenta onde hai que citar a importancia do grupo de Londres, a detención de Ferrín ou outros.

- Xosé Luís Vilela, 'Luz sobre os anos escuros', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 86, 13 novembro 2004, p. 7.

Sinala que a obra de Franco Grande axuda a recuperar a memoria dunha época pouco coñecida dende a perspectiva dun dos seus protagonistas nunha obra que o autor desta recensión refine como 'homenaxe ao traballo da súa xeración'; fai referencia ao contido do libro e sinala que nesta recuperación da memoria histórica aínda hai un traballo pendente, a recompilación das cartas que Ramón Piñeiro escribiu dende o Ministerio de Asuntos Exteriores, e considera que ningúen mellor para facelo que Xosé L. Franco Grande.

- Vicente Araguas, 'Os anos escuros', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 5 decembro 2004, p. 20.

Sublíñase o carácter da obra como libro de memorias que percorre o contexto cultural galeguista dos anos 50-60. Destácase que no libro se fan referencias a Ramón Piñeiro, *Borobó* ou Otero Pedrayo, e recóllense as principais diferenzas que esta edición presenta con respecto á que o autor presentara orixinalmente en 1985 có mesmo título e similares contidos. Finalmente, faise referencia ao papel do libro como obra de consulta que mellora a achega da súa precedente no que ao coñecemento do pasado de Galicia se refire.

- Román Raña, 'Os anos escuros', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 105, 'Libros', 24 decembro 2004, p. V.

Tras unha reflexión inicial sobre a necesidade de obras memorialísticas na literatura galega que recorden o noso pasado, resáltase que o ensaio comentado sobrepasa en grande medida dito obxectivo. Destácase así mesmo que o propio Xosé Luís Franco Grande foi protagonista dende a Universidade de Santiago de Compostela da "resistencia cultural" contra o franquismo que centra o seu libro, e os logros que el e os demais membros dun pequeno grupo galeguista conseguiron pese aos atrancos que lles impuña a ditadura franquista. Finalmente, cítanse algunhas das personalidades que protagonizan o libro e resúmense as principais diferenzas que a nova edición presenta con respecto á orixinal.

Referencias varias:

- Xan Carballa, 'Xosé Luís Franco Grande: 'Ramón Piñeiro non lle recoñecía autoridade política a Castelao', *A Nosa Terra*, nº 1.150, 'Cultura', 11 novembro 2004, p. 24.

Entrevista ao autor de *Os anos escuros*, libro de memorias sobre a conformación da política galeguista durante os anos cincuenta e sesenta. Ao longo das distintas preguntas, Xosé Luís Franco Grande aclara as diferenzas da nova edición da obra con respecto á primixenia dos anos oitenta, pero, especialmente, reflexiona sobre a visión que dá dentro do libro da figura de Ramón Piñeiro e sobre a súa propia relación persoal e profesional co histórico galeguista, sempre situándoa nas marxes do contexto e das circunstancias concretas das décadas analizadas no volume.

- Xosé Luís Franco Grande, '¿Toda a culpa foi de Piñeiro?', *A Nosa Terra*, nº 1.150, 'Cultura', 11 novembro 2004, p. 25.

Xosé Luís Franco Grande reflexiona sobre o papel de Ramón Piñeiro dentro do galeguismo durante a etapa da ditadura franquista. Lembra as dificultades de comunicación que el mesmo experimentou con respecto a Piñeiro; reflexiona sobre a dobre vertente, política e cultural, do galeguismo, e sinala que o corte producido pola guerra civil española impediu que o movemento galeguista se articulase plenamente.

- José Alonso, 'Os anos escuros' de Xosé Luis Franco Grande', *El Progreso*, 'Al paso', 21 decembro 2004, p. 96.

Breve recensión na que se comenta a saída ao mercado do libro e o seu tema central, á vez que se fai un sucinto repaso pola obra do seu autor.

Lojo Abeijón, María (editor), *Eco de Galicia (A Habana 1917-1936)*, Alonso Girgado, Luís (direc.), Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades □♦, 2004, Libro e CD-Rom, 118 pp. (ISBN: 84-453-3829-3).

Edición facsimilar dos números 1 ao 77 da revista Eco de Galicia que, co subtítulo Revista gráfica y de información de la colonia gallega en Cuba, se publicou na Habana entre 1917 e 1918. Como é habitual nas edicións facsimilares editadas polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades no seo deste proxecto, o volume complétase cuns capítulos preliminares nos que se presenta un estudo da revista; inclúese, deste xeito, a súa ficha técnica, as orixes da publicación, a súa caracterización, os colaboradores, as seccións e contidos, os xéneros e temática, a lingua empregada, etc. Inclúese, asemade, o índice de colaboradores e sumarios. A reprodución facsímil achégase no CD-rom que acompaña ao volume.

Referencias varias:

- E.P., 'Nove publicacions do Centro 'Ramón Piñeiro', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 28 outubro 2004, p. 75.

Esta noticia céntrase na intervención que Manuel Fraga fixo no acto organizado polo Centro Ramón Piñeiro no que presentaron varias publicacións e que no que se entregou, ao mesmo tempo, o II Premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve a Emilio Xosé Insua López por estudo sobre os Vilar Ponte. M. Fraga gaba o labor do centro e louva a calidade das obras presentadas, entre eles o facsimilar *Eco de Galicia*.

- MARÉ, 'Irmandade de sangue', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 outubro 2004, p. 48.

Dáse conta do acto de entrega do II Premio do Centro Ramón Piñeiro de Ensaio Breve e no que se presentaron tamén nove publicacións do centro. O gañador foi Emilio Xosé Insua López co estudo *Antón e Ramón Vilar Ponte: Unha irmandade alén do sangue*. No evento, o presidente da Xunta, Manuel Fraga, salientou o gran labor que leva a cabo o centro e tivo palabras para as nove obras que se presentaron. Primeiro para as que tiñan que ver con Ramón Piñeiro, logo para as de lírica e prosa medieval, e, por último, para as que trataron a recuperación da prensa de emigración. A noticia inclúe un apartado "A cerna" no que se resalta a reedición dun poemario de Álvaro de las Casas e dunha monografía sobre Roberto Nóvoa Santos.

Neira Vilas, Xosé, *Prosas Varias*, Trasalba-Ourense: Fundación Otero Pedrayo, 2004, 120 pp. (ISBN: 84-920781-8-9).

Obra publicada con motivo do Premio Trasalba 2004 concedido a Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928), como o propio autor indica na "Xustificación", limiar do libro. O volume está conformado por dezanove artigos e relatorios escritos en diferentes etapas da vida do autor. De contido heteroxéneo, neles trátanse figuras da cultura galega da relevancia de Cabanillas, Arturo Souto, Curros Enríquez, Rafael Dieste, Luís Seoane ou Castelao, cos que o autor mantivo algún contacto ao longo da súa traxectoria. Nárranse diferentes épocas e acontecementos do exilio galego en América e da estancia en Cuba de Neira Vilas. Dedícanse, así mesmo, varios textos á documentación da actividade galega en América, como a conferencia titulada "Literatura Galega en América" ou "A presenza galega en Cuba". O libro remata cun "Agradecemento", pronunciado no Acto-homenaxe "O escritor na súa terra", organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega en Vila de Cruces en setembro de 1999. Nel, o autor destaca principalmente o valor dos "Emigrantes".

Recensións:

- Xosé Feixó, 'Un clásico vivo', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 94, 'Libros', 7 outubro 2004, p. V.

Recensión do volume *Prosas varias,* de Neira Vilas, na que se sinala a axilidade do estilo do autor e o carácter ameno das súas prosas "eruditas" e "documentadas", así como as importantes achegas da súa obra ensaística que trata a realidade histórica de Galicia en América. Dáse conta, ademais, da entrega do Premio Trasalba.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Prosas varias' de Xosé Neira Vilas', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 5 agosto 2004, p. 3.

Con motivo da publicación de *Prosas varias*, do escritor, membro da Real Academia Galega e Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña, Xosé Neira Vilas, Fernán Vello salienta a calidade e contido heteroxéneo do libro, e fai referencia á contribución á memoria de Galicia en América que supón esta obra, xunto coas *Crónicas galegas de América* e *Memoria da emigración*.

V.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Badiou, Alain, *O método de Mallarmé: subtracción e illamento*, ed. non venal; trad. de Emilio Araúxo, Santiago de Compostela: Amastra-n-gallar, 2004, 40 pp. (DL: C-711-2004).

Alain Badiou reflexiona, a partir dun compendio dos seus propios estudos mallarmeanos, sobre a obra poética do intelectual francés Mallarmé. O tema central da súa reflexión é a busca das raigames do método deste pensador na súa insistente evasión do mundo real. Badiou baséase en moitas ocasións para exemplificar as súas afirmacións en poemas do propio Mallarmé, que logo vai parafraseando co fin de enxergar neles, a partir da súa análise minuciosa, as ideas e reflexións propias sobre o autor. Así mesmo, tenta tamén esclarecer o afastamento que pode existir entre o Mallarmé poeta e o Mallarmé pensador.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'O método de Mallarmé: subtracción e illamento', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 13 xuño 2004, p. 3.

Tras unha reflexión sobre o mundo literario do poeta, incídese nos argumentos que se presentan en *O método de Mallarmé* e no uso de poemas do propio Mallarmé por parte de Alain Badiou para "exemplificar a súa prédica". A noticia remata cunha valoración positiva do caderno, no que, segundo Vicente Araguas, está presente Alain Badiou "en estado puro transmitindo a un dos poetas máis puros que xamais teñan existido".

Balboa de Paz, José Antonio e outros (coord.), *Antología de Escritores Bercianos*, Ponferrada-León: Concello de Ponferrada ♦, 2004, 179 pp. (ISBN: 84-88745-25-7).

Nesta antoloxía seleccionada por José A. Balboa de Paz, César Cabezas Prieto, Marino Castro Antolín, Miguel J. García González, Jesús García García, Mariano Higuera Quindós, Justo Magaz Fernández, Tomás Martínez Rodríguez, Alfredo Rodríguez Rodríguez, José Luís Suárez Roca e Miguel Ángel Varela Gorgojo recollénse escritos de narrativa e poesía de escritores bercianos, introducidos por unha breve biobliografía. Entre os escritores que acolle esta antoloxía só de José Fernández Méndez (Cacabelos, 1901-1986) se recollen escritos no que se mestura a lingua galega. Así, en "A Maestriña", que fala dunha mestra nova que exerce o maxisterio na terra ourensán, faise referencia en galego a Breogán e acóllense uns poemas nesta lingua; en "Lumeradas" e "Froriñas" acóllense no primeiro unha cantiga de San Xoán e no segundo unha cantiga dedicada á Virxe.

Bourdieu, Pierre, *O campo literario*, trad. de Carlos Pérez Varela, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2004, col. Ensaio, nº 185, 132 pp. (ISBN: 84-8487-058-8).

Obra de Pierre Bourdieu (1930-2002) que contén catorce apartados, ademais do prólogo do autor sobre a obra e a presentación do contido do ensaio, intereses sociolóxicos de estudo xerais do autor e un percorrido pola bibliografía do mesmo. No ensaio, reflexiónase, desde unha perspectiva sociolóxica e económica, sobre o campo literario fundamentalmente (mais tamén sobre outros, como o artístico, o científico ou o filosófico), entendido como espazo social e no cal se sitúan os axentes que contribúen a producir as obras culturais e as relacións que estes manteñen co campo do poder, entendido como "espazo das relacións de forza entre axentes ou institucións que teñen en común posuír o capital necesario para ocupar posicións dominantes nos distintos campos". Para iso, analiza a relación entre eses dous campos, as relacións dos individuos dentro do campo literario e os "hábitos" dos integrantes dese campo. Aspectos como os de literatura canónica e marxinal, "subcampo de produción restrinxida e subcampo de gran produción", e termos como "heteronomía" fronte a "autonomía" ou "capital simbólico", son fundamentais nesta análise.

Recensións:

- Pilar Ponte, 'O campo literario', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 95, 'Libros', 14 outubro 2004, p. V.

Preséntanos a tradución ao galego da obra *O campo literario*, de Pierre Bourdieu, editada por Laiovento. Analiza polo miúdo o contido da obra do sociólogo francés, quen afirma a subordinación do campo literario ao económico e político, levando a investigación sociolóxica aos estudos económicos e literarios e amosando como o sistema actual "conduce os dominados a aceptaren a súa propia dominación".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 88, 17 xuño 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión comenta as obras *O españolismo lingüístico* (2004), de Manuel Rodríguez Alonso; *Ten que doer* (2004), de Suso de Toro; *O campo literario* (2004), de Pierre Bourdieu; e *Racionalismo político e literario* (2004), de María Xosé Queizán. No que atingue á obra de Bourdieu, sinálase que o seu punto teórico de partida é a existencia dun capital literario -mesmo político-, que, distribuído irregularmente, tece sobre si unha rede competitiva de actores na procura da súa lexitimidade e da súa vantaxe posicional. Esta competición diríxese dende o conxunto de regras e valores que cada tempo, e cada contexto particular, prescriben.

Brea Rei, Xosé Ramón, *Un reiseñor canta lonxe. Xosé María Brea Segade: o home e a obra*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2004, 310 pp. (ISBN: 84-95950-90-1).

Obra de Xosé Ramón Brea Rei (Taragoña-Rianxo, 1955) na que realiza un estudo da traxectoria vital e literaria de Xosé María Brea Segade (Taragoña, Rianxo, 1904-1934) e na que inclúe, asemade, a edición completa da súa obra. O volume, que se estrutura en tres partes, ábrese co limiar do autor, no que explica como chegaron ás súas mans as copias manuscritas da obra completa de Xosé María Brea Segade e no que realiza unha pequena achega á súa biografía. A seguir, na primeira parte da obra, presenta o estudo biográfico de Brea Segade, fai unha análise do seu labor como escritor en relación co tempo que lle tocou vivir e describe o panorama galego do momento. Na segunda parte achégase á súa obra e explica cales foron as razóns polas que Brea Segade sempre foi un escritor esquecido; fala, asemade, do traballo de Faustino Rey Romero e de Carme García como descubridor e editora, respectivamente do autor de Rianxo; a seguir presenta un estudo crítico da súa obra literaria, incluíndo referencias á revista Charamuscas e unha análise da lingua empregada polo autor na súa obra; neste segunda parte inclúense, así mesmo, táboas clasificatorias dos textos, unha cronoloxía do poeta, a transcrición da súa correspondencia e unha antoloxía crítica, na que se recollen as referencias que en distintas obras se fixeron a este autor. Finalmente, na terceira parte do volume, recolle a edición da obra completa, á que engade un índice de títulos e unha bibliografía.

Recensións:

- Helena Villar Janeiro, 'Centenario', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 9 agosto 2004, p. 3.

Comenta que con motivo da declaración por parte do Concello de Rianxo do "Ano de Brea Segade" polo centenario do seu nacemento se organizaron distintos actos oficiais. Entre eles alude á presentación do libro *Un reiseñor canta lonxe. Xosé María Brea Segade: o home e a obra*, do profesor Xosé Ramón Brea Rey e salienta que a filla de Abelardo Villar Fernández aproveitou para achegarse á figura dese xastre-músico que foi seu pai, do que tamén se cumpren cen anos do seu nacemento.

Referencias varias:

- Avelino Abuín de Tembra, 'O poeta Brea Segade (I)', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 8 agosto 2004, p. 5.

Percorre as fontes literarias nas que aparecen construcións da Ría da Arousa como o Castelo da Lúa, literaturizado por Martelo Paumán. Reproduce tamén algúns versos dun poema deste autor sobre o seu pazo de Taragoña e reivindica esta figura esquecida, da que ofrece un breve percorrido vital. Achégase do mesmo xeito á figura de Xosé María Brea Segade, un poeta máis popular que o anterior, do que repasa a súa vida e obra. Destaca a relación que mantivo con persoeiros como Rafael Dieste e Castelao, a súa publicación en cabeceiras como *La Noche* ou a revista *Lar* e remata dando conta da publicación de *Un reiseñor canta lonxe. Xosé María Brea Segade: o home e a obra*, da autoría de Xosé Ramón Brea Rei.

- Avelino Abuín de Tembra, 'O poeta Brea Segade (e II)', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 9 agosto 2004, p. 5.

Despois de dar conta da edición realizada por Carme García e publicada polo Concello de Rianxo en 1984 na que se recollía a obra de Xosé María Brea Segade, continúa coa achega á obra que sobre este autor vén de publicar Xosé Ramón Brea Rei, *Un reiseñor canta lonxe. Xosé María Brea Segade: o home e a obra*. Sinala que se levou a cabo unha presentación no Centro Cultural de Taragoña, na que participou Xosé L. Axeitos e o propio autor. Destaca o cariño con que foi feita esta edición, na que se recolle toda a produción do autor rianxeiro, composta por setenta poemas, textos en prosa, inéditos e a revista *Charamuscas*, que el mesmo impulsara xunto con Dieste e Otero Espasandín. Repasa algunhas das características desta produción, salienta o feito de que colocará o autor no lugar que lle corresponde e remata felicitando ao responsábel da edición polo traballo realizado.

- Adriana Rodríguez, 'Ramón Brea: 'Hai que rescatar as figuras que quedaron un pouco esquecidas', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 10 outubro 2004, p. 27.

Dá conta da presentación do libro *Un reiseñor canta lonxe. Xosé M. Brea Segade: o home a obra* de Xosé Ramón Brea Rey, que é familiar do homenaxeado. Na obra repásase a vida e a obra do escritor rianxeiro (1904-1934), que se enmarca nos actos organizados polo Concello de Rianxo para celebrar o centenario do nacemento do escritor. A seguir recolle as palabras do estudoso nas que se realiza un repaso sobre a vida e a obra de Brea Segade, indicando que tivo unha vida curta e chea de acontecementos tráxicos que marcaron a súa vocación literaria. Dí que se conserva o epistolario dos anos nos que estibo como militar na campaña de África (1921-1923), así como tamén as colaboracións que realizou na revista *Charamuscas*, da que tamén era director gráfico, e algunhas creacións da etapa que pasou en Taragoña (Rianxo-A Coruña), xa que destruíu unha gran parte de toda a súa obra.

Clopés Burgos, Juan José, **Viana Martínez**, Victor, *El arzobispo Andrade. Un vilagarcián ilustre*, Vilagarcía de Arousa: Concello de Vilagarcía ♦, 2004, 235 pp. (DL: PO-218/2004).

Biografía de Fernando de Andrade y Sotomayor, arcebispo de Santiago na segunda metade do século XVII e figura importante da historia de Galicia. A obra comeza falando da familia na que nace e se encadra o personaxe. Trátase dun núcleo familiar nobre no que a maioría de membros ocuparon cargos militares e algún eclesiástico. Coméntanse datos, neste primeiro apartado, como que estudou en Salamanca ata que viaxa a Roma onde comeza o seu traballo como membro da Igrexa. Nos seguintes apartados fálase da súa confirmación en distintos cargos de relevancia: bispo de Palencia en 1628, arcebispo de Burgos en 1631 e bispo de Sigüenza en 1640. Coméntanse algúns feitos destacados da súa biografía como certos impulsos culturais (promoción de formación do clero, construción do seminario de Burgos...), ou cargos políticos como o de virrei de Navarra. Todo isto ilústrase con cartas e documentos da época. En 1645 é nomeado arcebispo de Santiago e os sucesos e actividades desta etapa abarcan o quinto capítulo do libro, o máis importante en extensión de todo o volume. Nel debúllanse circunstancias como o cargo que Fernando de Andrade asume como Capitán Xeral de Galicia e actividades culturais como a creación de novas cátedras na universidade ou a erección de novos monumentos polo seu encargo. Préstase especial atención aos proxectos arquitectónicos de Vilagarcía que ocupan dous apartados, atendendo ao convento e igrexa de Vista Alegre e á igrexa de Santa Eulalia. Finalmente, recóllense os testamentos do arcebispo e complétase o volume cun glosario de voces e unha bibliografía.

Recensións:

- Adriana Rodríguez, 'Viana presentou o libro 'El Arzobispo Andrade un vilargación ilustr', *Diario de Arousa*, 'Libro', 11 xullo 2004, p. 23.

Sinala que nesta semana se presentou en Vilagarcía de Arousa a obra *El arzobispo Andrade. Un vilagarción ilustre*, de Víctor Viana e Juan José Clopés, nun acto ao que asistiron o alcalde, o cura da vila e o concelleiro de cultura. Informa da experiencia de Víctor Viana na historia de Vilagarcía e dá conta dos contidos do volume.

Féral, Josette, *Os camiños do actor. Formar para actuar (Les Chemins de l´acteur. Former pour jouer, 2001)*, trad. de Roberto Salgueiro González, Vigo: Galaxia ♦, 30 decembro 2004, Xunta de Galicia, 2004, col. Biblioteca de Teatro, nº 5, 282 pp. (ISBN: 84-8288-785-8) (ISBN: 84-453-3985-0).

O volume ábrese cun 'Prefacio' de Josette Féral, no que explica a orixe da obra e manifesta o seu agradecemento a diversas persoas e institucións que a fixeron posíbel. A seguir achégase unha 'Introdución' da mesma autora, na que baixo o título de 'O traballo da interpretación' ofrece unha síntese do contido do volume. Nela Josette Féral sinala que os traballos que forman esta obra ofrecen unha reflexión sobre o que é ou o que debería ser unha formación completa do actor. Deste modo directores, actores, pedagogos e teóricos do teatro adéntranse, partindo da súa experiencia como formadores no traballo do actor para preguntarse sobre que é o que leva o actor á aprendizaxe do seu oficio. Apunta Féral que o que emerxe con forza da maioría destes textos é a necesidade que existe hoxe de formar actores completos que non se sintan só involucrado na súa arte, senón no mundo. Así,

formar non significa xa aprender a interpretar, senón sobre todo impregnarse de certos valores que concirnen ao home e que fan do actor un cidadán. Indica que este é o sentido no que xiran os primeiros traballos desta obra, que elaboran diferentes ideas do que debe dar a formación: aprender a dúbida, traballar co que desestabiliza, espertar a conciencia, franquear obstáculos, desenvolver a personalidade do alumno, etc. Das diferentes perspectivas emerxe a necesidade dunha formación múltiple, complexa, inscrita nun proxecto global de ensino dirixido a combater os vicios das destrezas xa adquiridas. Salienta o fincapé que fai Eugenio Barba en que a cuestión da formación non se pode disociar da visión que cada un ten do teatro, de modo que a aprendizaxe non se concibe nin se realiza máis que nun proxecto global: relación do teatro coa sociedade, papel da arte, función do artista. Deste modo na primeira parte do volume é recorrente a evocación da aprendizaxe como un camiño indisociábel do ensino dunha certa ética. Féral sinala así que esta relación coa ética, este rol que se lle adxudica hoxe á formación do actor é un dos principais logros do século XX, o signo distintivo do que se podería chamar unha conciencia de actor. Isto fai do ensino do teatro unha tarefa difícil, e esta complexidade é a que se aborda nas dúas primeiras partes do libro. Féral resume a formación privilexiada polos artistas nestes textos en que por riba das técnicas, dos exercicios e dos saberes acumulados deben perseguirse obxectivos máis importantes, como que os alumnos aprendan a loucura e o rigor, a adaptación ao imposíbel, a xestionar os desexos, a darse a si propios, a ter iniciativa creadora ou aprender a subversión que nos proxecta máis aló da identidade profesional. No tocante aos pedagogos, cómprelles escapar da simple transmisión de coñecementos, evitaren o discurso que pecha todo sentido e toda posibilidade de evolución, fuxiren do turismo cultural ou abstérense de fundamentar a interpretación sobre códigos repetitivos. A seguir, Féral indica que os traballos agrupados na última parte do volume reflexionan sobre os camiños do actor en formación desde o punto de vista dos investigadores. Así, os tres primeiros textos estudan os modos de aprender de certos mestres e os seus modelos de aprendizaxe, Alain-Michel Rocheleau trata a existencia dunha formación fronte ás formas teatrais multidisciplinares que remiten a prácticas discursivas e multiculturais variadas. Anne Ubersfeld amosa o reto que enfrontaba e aínda enfronta o actor cos textos da traxedia antiga. Finalmente sinala que o traballo de Elly A. Konijn tenta definir iso que experimentan os actores en escena baixo o nome de 'emoción', o que lle vale para pór en cuestión algúns dos fundamentos que transmiten certas escolas de pensamento convencidas da necesidade de que o actor teña unha obrigada empatía co personaxe. Josette Féral finaliza recoñecendo que destes traballos emerxe unha visión do actor certamente parcelaria, ao non ser posíbel unha visión globalizadora e sistemática que non correse o risco de se converter en dogmática. Indica que deles tamén emerxe a imaxe de que o traxecto que constitúe a aprendizaxe importa en ocasións máis que o resultado final, e a necesidade dunha formación permanente do actor. A formación aparece, ante todo, como transmisión de certos valores e acompañamento do alumno no longo camiño que non pode percorrer só, na busca de si mesmo. A seguir, preséntanse os traballos que conforman o corpo central do volume, os cales aparecen divididos en tres partes. A primeira delas, 'Ética e política: un actor cidadán', está integrada polas contribucións de Eugenio Barba, 'A esencia do teatro'; de Jacques Lassalle, 'Eloxio da mestría na escuridade'; de Peter Sellars, 'Ser actor, interpretar, actuar', e finalmente, baixo a epígrafe 'Testemuños de artista', o traballo de Lorraine Pintal, '¿Que hai da arte do actor hoxe en día?'. A segunda parte, 'O actor en formación', agrupa textos de Normand Chouinard, 'A formación profesional do actor: ¿adaptación á realidade ou motor de

cambio?'; André Steiger, 'A interpretación como transparencia'; Alain Knapp, 'Unha formación múltiple e reflexiva'; René-Daniel Dubois, 'O turista e o viaxeiro ou… E Darwin viu que iso era bo'; e de Larry Tremblay, 'O emprego do hemicorpo como técnica de interpretación', este último presentado novamente como 'Testemuños de artista'. As achegas de Franco Ruffini, 'Boxeadores e acróbatas, mestres dos actores do século XX'; Marco de Marinis, 'O verdadeiro lugar de Étienne Decroux no teatro do século XX'; Virginie Magnat, 'O traballo sobre si mesmo. De Stanislavski a Grotowski'; Elly A. Konjin, 'Análise das emocións do actor. A teoría das emocións-tarefas'; Anne Ubersfeld, 'O actor da traxedia'; e por último de Alain-Michel Rocheleau, 'Teatro, creacións plurais e formación do actor', intégranse na terceira e última parte da obra: 'Na procura do proceso de creación'. O volume féchase cun apartado de 'Biografías', no que se sintetiza a traxectoria curricular de cada un dos autores dos diversos traballos que constitúen a obra, e mais cun 'Índice Onomástico'.

García Negro, Mª Pilar (editor), *Rosalía Castro. Notas biográficas*, Prólogo e tradución de Mª Pilar García Negro e epílogo de Francisco Rodríguez., Vigo: Edicións A Nosa Terra, maio 2004, col. Nós os galegos, 103 pp. (ISBN: 84-96203-73-5).

Reedición traducida ao galego do discurso homónimo de ingreso na Real Academia Española de Augusto G. Besada, lido o 7 de maio de 1916. Consta dun prólogo da tradutora, Pilar García Negro, que fala do autor, da estrutura do discurso e da necesidade de recuperalo para contribuír a desfacer esa imaxe deformada de Rosalía que a crítica máis estereotipadora nos legou. A seguir vén o texto que, partindo da exaltación da valía da muller galega en xeral, ascende ata o símbolo de toda a nosa cultura, que é Rosalía, unha Rosalía que se nos revela culta, filosófica e influída por Heine e non por Bécquer, quen Besada considera que bebe dela sen acadar a fondura da súa poesía. Revaloriza a obra da poeta, móstranos a dureza da súa vida e pon no seu sitio a aqueles que honran os mortos (que non respectaron en vida) por simple remordemento. Pecha a obra un epílogo de Francisco Rodríguez que resalta a importancia desta reedición e descobre as verdadeiras motivacións do seu autor (asimilación desemantizadora da figura rosaliana á cultura dominante), sistematizando e recoñecendo os puntos fortes deste retrato da verdadeira Rosalía.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, 'O verdadeiro rostro de Rosalía', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 372, 'Libros', 17 xullo 2004, p. 3.

Sobre o discurso de ingreso na Real Academia Española de Augusto González Besada de 1916 titulado *Rosalía de Castro. Notas biográficas*, resáltase o seu carácter esclarecedor, que se refrenda ademais cunha longa cita do prologuista Francisco Rodríguez na mesma liña. Canto á biografía de Augusto Besada, recolle os seus estudos de Dereito, a súa ideoloxía conservadora, e traballos literarios coma o *Cuadro de la literatura gallega en los siglos XIII y XIV,* ou dous volumes da *Historia crítica de la literatura gallega*. Por último, anótase tamén a existencia dun prólogo da editora, Mª Pilar García Negro.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'A Rosalía de González Besada', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 6 xullo 2004, p. 64.

Dá conta da publicación a cargo da profesora Pilar García Negro dunha tradución dun dos primeiros estudos da vida e obra de Rosalía de Castro, levado a cabo polo político conservador Augusto González Besada (1865-1919) en 1916. Esta obra de González Besada foi o seu discurso de ingreso na Real Academia Española; agora ese texto dáo a coñecer, traducido ao galego, na 'Biblioteca A Nosa Terra', Pilar García Negro.

- Marcos Valcárcel, 'Defensa das mulleres galegas', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 7 xullo 2004, p. 64.

Sobre a biografía de Rosalía que Augusto G. Besada fixo en 1916 e recentemente reeditou Pilar García Negro, destácase a intuición crítica do autor ao falar das fontes da poesía rosaliana en Heine e non en Bécquer, da superioridade da nosa poeta fronte ao sevillano, e noutra orde de cousas, máis sociolóxica, repárase no enxalzamento da muller galega que antecede ao retrato da poeta.

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Un libro de Augusto G. Besada', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 7 xullo 2004, p. 3.

Refírese á publicación do discurso de ingreso na R.A.E. de Augusto G. Besada traducido ao galego por Pilar García Negro. Exponse un sintético currículo político do autor que se di que foi o primeiro biógrafo de Rosalía e nos deixou un texto moi valioso para a historia e a crítica literarias. Dísenos tamén que o epiloguista, Francisco Rodríguez, resalta o carácter "esclarecedor" do discurso.

- Marcos Valcárcel, 'Monumento esquecido a Rosalía', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 8 xullo 2004, p. 64.

Fálase sobre a obra de González Besada dedicada á vida e obra de Rosalía de Castro: *Rosalía de Castro: notas biográficas*. Nesta obra, Besada propón erguer unha gran estatua en honor da poeta galega; sinala que a esta idea se unen outros intelectuais da época (comezos do século XX) como Alfredo Vicenti ou Pedro Seoane.

- Marcos Valcárcel, 'A vida de Rosalía', *La Región*, 'Sociedad', 10 xullo 2004, p. 53.

Dásenos noticia da reedición traducida ao galego por Pilar García Negro do discurso de ingreso na R.A.E. de Augusto G. Besada*: Rosalía de Castro. Notas biográficas*, publicado por A Nosa Terra. Anótase a curiosidade de que este contributo esencial ao retrato da nosa autora viñese da man dun galego entregado á súa carreira política española, así como puntos que a tradutora destacou dese discurso en relación á cultura e valía filosófica, poética e ideolóxica de Rosalía e a súa obra.

- D.C.C., 'González Besada o la desmitificación de Rosalía', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 21 xullo 2004, p. 67.

Dá conta da presentación do libro *Rosalía de Castro* de Augusto González Besada, o seu discurso de ingreso na Real Academia Española, en Poio, coa presenza de Enrique Acuña (Editorial A Nosa Terra) e Pilar García, segundo a cal o libro contribuíu a mostrar a importancia de Rosalía e a cambiar a visión das mulleres da época.

Howard, Pamela, *Escenografía*, Tradución de Manuel F. Vieites, Mos: Galaxia □♦, 24 novembro 2004, Xunta de Galicia, 2004, Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, 2004, col. Biblioteca de Teatro, 197 pp. (ISBN: 84-8288-750-5) (ISBN: 84-453-3916-8).

O libro ábrese cunha cita de Bertolt Brecht á que seguen distintas definicións do termo escenografía achegadas por corenta e tres profesionais de distintos países. Segue unha "Introdución" na que a autora reflexiona sobre a arte da escenografía, o deseño no teatro actual, as potencialidades do espazo escénico baleiro, a importancia dunha axeitada escolla dos distintos elementos que interveñen no espectáculo teatral, a necesaria colaboración entre os distintos profesionais: creadores, escenógrafos, directores, etc. Todos estes aspectos analízanse nos sete capítulos centrais, exemplificados coa súa experiencia en montaxes concretas, que ilustra cos debuxos e deseños realizados para as mesmos. Segue o Epílogo no que sintetiza "Que é a escenografía? ou Que queres dicir con iso?". A continuación, nun "Post Scriptum", achega a súa propia definición do termo. O volume péchase co "Índice onomástico" das persoas e das obras citadas.

López Mourelle, Juan Manuel, *La figura del héroe en la narrativa de Álvaro Cunqueiro*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 2004, col. Historia, 160 pp. (ISBN: 84-8192-281-1).

Juan López Mourelle fai un percorrido pola obra do escritor mindoniense Álvaro Cunqueiro (1911-1981) co fin de analizar os heroes que nela introduciu. O corpus analizado está formado por *San Gonzalo, Merlín e familia, Las mocedades de Ulises, Si o vello Sinbad volvese as illas, Un hombre que se parecía a Orestes, Vida y fugas de Fanto Fantini della Guerardesca* e *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes*. En cada texto nomeado búscanse os personaxes que responden ás características do heroe tradicional para despois, unha vez identificados, recadar información que perfile cada retrato: como actúa, como vive, en que aventura participa, que trazos son os salientábeis, que relación se estabelece entre narrador e heroe ou que opinión teñen o resto dos participantes da obra del. Conta cun epílogo final que pretende rescatar aquelas coincidencias que poden dar un heroe tipo na narrativa de Cunqueiro.

Martínez Camino, Gonzalo; Margarita García Casado e Sean Scurfield (coord.), *Encuentros de lenguas y literaturas*, Cantabria: Ediciones TGD ♦, 2004, 320 pp. (ISBN: 84-944048-1-0).

Volume editado polo Departamento de Filoloxía da Universidade de Cantabria, do que cómpre destacar o seguinte traballo:

- Rafael Adán Rodríguez, 'Ayer, hoy y mañana de la lengua y literatura gallega', pp. 3-15.

O artigo iníciase cun resumo no que se enumeran os principais puntos que se desenvolverán nas páxinas seguintes. Sinálase que o tema central será a historia da lingua e a literatura galegas dende o ano 1200 ata a actualidade, facendo especial fincapé no bo momento que a literatura galega vive hoxe en día por contraste coa precariedade da súa lingua.
O artigo propiamente dito comeza por comentar o nacemento da lingua galega a partires do latín, para centrarse despois no esplendor da lírica trobadoresca galego-portuguesa. Tampouco se esquece a decadencia dos Séculos Escuros, época na que o galego desaparece como lingua de cultura e fica reducida ao ámbito oral e familiar. Non se institucionaliza nin fixa un modelo estándar por medio de gramáticas. O século XVII supón a chegada do movemento ilustrado e con el a ruptura parcial desta situación de marxinalidade, coa aparición de figuras como Sarmiento. A fin dos Séculos Escuros, con todo, non chega ata 1863, ano de publicación de *Cantares Gallegos* e comezo do Rexurdimento. Xa entrado o século XX, os principais fitos para a lingua e a literatura galegas que se subliñan no texto son a creación da Real Academia Galega e das Irmandades ou a aparición das vangardas e, especialmente, da Xeración Nós. Desta Xeración cítanse os seus principais autores (Risco, Otero Pedraio e Castelao), coas obras e actividades máis significativas de cada un deles. Tras a guerra civil, concédese unha especial atención ao exilio sudamericano e ás actividades, que entre finais dos corenta e comezos dos cincuenta, desenvolveu o galeguismo na clandestinidade. O franquismo supón un esquecemento por parte das instancias oficiais da lingua e a literatura galegas que non se racha ata a chegada da democracia, onde destacan as figuras de Cunqueiro e Blanco Amor. Como unha sorte de conclusión do exposto ata ese momento, reflexiónase sobre o contraste entre o elevado número de falantes monolingües a comezos do XX e o descenso que neste número se está a experimentar hoxe en día, cando o prestixio social da lingua é moito maior. Tras esta reflexión, cítanse algunhas das medidas dos oitenta que contribuíron a mellorar a situación do galego, como o Estatuto de Autonomía ou a Lei de Normalización Lingüística. Baixo o epígrafe "Presente y futuro de la lengua gallega" recóllense a continuación unha serie de características e de problemas do noso idioma durante os últimos tempos. Sinálase que ten tres millóns de falantes e que a súa presenza está normalizada na vida pública. Vólvese insistir no fracaso da Lei de Normalización Lingüística e tamén se menciona o problema da fixación do corpus do galego. O autor afirma que se deberían tomar unha serie de medidas para fomentar no futuro o uso do idioma, incidindo especialmente no papel que neste punto xogan os falantes e os poderes públicos. O galego, conclúe, terá un futuro difícil se a situación continúa como ata agora. O epígrafe finaliza con tres informacións publicadas recentemente na prensa galega que exemplifican o paradoxo que o idioma vive na actualidade. Finalmente, no apartado "Presente y futuro de la literatura gallega" incídese na contradición existente entre a presenza dunha abondosa calidade e cantidade de autores e dun panorama editorial dinámico e a falla de promoción dos escritores e de achegamento da

cidadanía á súa propia literatura. Sinálanse que son tres os eixes básicos sobre os que xira a producción literaria galega actual: a narrativa, a literatura infantil e xuvenil e o teatro. Advírtese que hai que coidar a relación da literatura coa situación da lingua, algo que se está conseguindo en certa medida a través das revistas, as institucións, os premios literarios ou o Día das Letras Galegas. Entre estas iniciativas faise referencia explícita aos Informes de Literatura, mesmo cunha nota na que se recolle a súa localización na web. No "Colofón", recóllense as palabras do autor no relatorio lembrando a traxedia do Prestige e desexando que non se volva repetir NUNCA MÁIS. O artigo complétase cunha serie de notas que aclaran pormenorizadamente diversos aspectos do texto ou que recollen páxinas web e fontes bibliográficas nas que se poden consultar as referencias que se citan ao longo das páxinas precedentes. Inclúese ademais unha bibliografía.

Pizán, Cristina de, *A cidade das mulleres*, introd. Mª Carmen Pallares Méndez, trad. Susa Blanco Montecelas, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2004, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia □♦, 2004, col. As letras das mulleres, 356 pp. (ISBN: 84-453-3808-0) (ISBN: 84-7824-446-8).

O volume ábrese cunha presentación de Pilar Rojo Noguera, na que se declara que a colección 'As letras das mulleres' sae á rúa co obxectivo de influír no comportamento dos cidadáns, "incrementando o coñecemento e a sensibilización xeral sobre a situación historicamente desigual das mulleres na sociedade". Na Introdución que precede a tradución da obra de Cristina de Pizán, a Catedrática de Historia Medieval, Mª Carmen Pallares Méndez, realiza unha aproximación á vida da autora, resaltando os condicionamentos vitais dunha intelectual do século XV que, enviuvando moi nova, debeu afrontar con valentía a súa situación persoal, converténdose na primeira escritora profesional. O texto conta, así mesmo, cunha documentada reflexión sobre a toma de conciencia das mulleres na Galicia do século XV, relatando dous casos de denuncias por agresións dos que se ten constancia escrita. *A cidade das mulleres* consta de tres partes. No Libro I, preséntanse as tres donas (Razón, Xustiza e Rectitude), que encomendan á autora a creación da Cidade das mulleres; a autora e a Razón dialogan sobre o desprezo dos homes ás mulleres e a súa imposibilidade de participación no sistema xudicial. No Libro II a Rectitude rebate a crenza na inconstancia das mulleres e no seu desexo de seren violadas, expoñendo os casos de mulleres como Agripina, Sulpicia ou Xudit. No Libro III cítanse os nomes das grandes mulleres elixidas para habitar a cidade, xa construída. Na última parte, Cristina de Pizán diríxese ás mulleres dando grazas a Deus pola construción da cidade; recomenda como grandes virtudes a paciencia e a humildade, a coraxe e a pureza, para entrar no Reino dos Ceos. A autora defende que a educación das nenas é o camiño a seguir, posto que as diferenzas entre homes e mulleres son principalmente culturais.

Recensións:

- Ramón Loureiro, 'Imprescindibles voces de muller', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 70, 'Letras en galego', 24 xullo 2004, p. 12.

Advirte do valor simbólico da tradución de obras como *A cidade das mulleres* de Cristina de Pizán e *Vindicación dos dereitos da muller* de Mary Wollstonecraft, coas que a editorial Sotelo Branco bota a andar a colección As Letras das Mulleres. Destaca o labor da tradutora da obra de Wollstonecraft, na que se vincula á Razón o avance da sociedade; salienta, ademais, a importancia da educación para a igualdade que defende Cristina de Pizán.

- M. Blanco Rivas, 'A construcción do espazo feminino', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 373, 'Libros', 24 xullo 2004, p. 2.

Salienta a importancia que ten para a sociedade a tradución de obras como *A cidade das mulleres*, de Cristina de Pizán, que xunto con *Vindicación dos dereitos da muller* de Wollstonecraft forma parte da colección As Letras das Mulleres, de Sotelo Branco. Citando á "primeira escritora feminista", o autor afirma que a diferenza de xénero non é natural, senón cultural, e advirte da actualidade do pensamento de Cristina de Pizán.

V.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

A.L.L., 'Entrevista con Aldo El-Jatib', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 2004, pp. 42-44.

Aldo El-Jatib repasa a súa traxectoria no mundo teatral, que comeza cando el tiña só doce anos, nunha escola de teatro, segue co estudo durante dez anos no Conservatorio de Bos Aires, posteriormente constituíu un grupo de teatro co que viaxou por toda Europa e, finalmente, volveu a súa cidade natal, Rosario, onde formou o Grupo Laboratorio de Teatro "O raio Misterioso" que actualmente dirixe e que está formado por nove persoas. Así mesmo, El-Jatib refírese ás formas organizativas e ás bases éticas do grupo.

A.R., 'Celso Emilio, narrador', *Tempos Novos*, nº 80, 'Libros', xaneiro 2004, p. 67.

O autor destaca a reedición da *Obra narrativa* (2003), de Celso Emilio Ferreiro, que retoma a parte más descoñecida dos seus traballos.

A.R., 'Do compasado pulsar', *Tempos Novos*, nº 80, 'Libros', xaneiro 2004, p. 67.

Reséñase a reedición de *Tic-Tac* (2003), de Suso de Toro, destacando a introdución de Antonio Fernández Pderós-Gascón e os apéndices dos que vai acompañada.

A.R., 'Evitando as vigas de alcatrán', *Tempos Novos*, nº 81, 'Libros', febreiro 2004, p. 74.

Dá conta da publicación de *A Trabe de Ouro* no número correspondente a xullo-agosto-setembro de 2003. Descríbese o contido e saliéntase a importancia da revista nos tempos que corren.

A.R., 'Fotógrafo de almas', *Tempos Novos*, nº 82, marzo 2004, p. 75.

Breve comentario a *Fálame sempre*, de Cid Cabido (Xerais, 2003), no que se afirma que os dezoito relatos que conforman o libro son unha mostra da habelencia do autor para se mergullar en diferentes rexistros. Aplaude a humanidade dos protagonistas das narracións.

A.R., 'Ao redor das intrigas históricas', *Tempos Novos*, nº 83, 'Libros', abril 2004, p. 73.

Indica que Ángel de la Cruz en *Compostellanum* achega unha novela histórica que se basea na época medieval de Xelmírez. Sinala que bota man do recurso do manuscrito atopado e salienta nela o influxo de técnicas propias do cinema que son froito da profesión do escritor. Por último, aínda que observa certas eivas como anacronismos ou demasiada ficción, o cal a desmellora, ao seu ver, como relato histórico, considera que se trata dunha obra amena que move ao lector a través da aventura.

Agrafoxo, Xerardo, 'Os nosos libros', *Alameda*, nº 16, outubro 2004, p. 72.

Ofrece unha breve aproximación á biografía *Alejandro Rodríguez Cadarso*, de Xosé Agrelo Hermo, e á obra de ficción *A unlla da aguia*, de Ramón Carredano Cobas. Da primeira salienta o carácter divulgativo e da segunda recomenda a súa lectura como unha boa forma de achegarse a un episodio histórico, concretamente, a presenza das tropas napoleónicas en Galicia. Comenta que *A unlla da aguia* gañou a III edición do Premio Ávilés de Taramancos de Relatos de Aventuras 2004 e alude brevemente ás súas liñas argumentais. Asemade, pon de relevo algunha característica desta obra como "a acción trepidante, diálogos expresivos e perfecta ambientación de época".

Alhegue Leira, Carlos, 'As Torres no ar e Última fuxida a Harar. Unha perspectiva genética', *Agália*, nº 75-76, 'Estudos', 2004, pp. 29-46.

Amósase unha parte da obra de Avilés de Taramancos pouco estudada e que non tivo cabida na "explosom" de obras publicadas no Día das Letras Galegas: os manuscritos. Céntrase na descrición do corpus xenético de *As Torres no ar* e *Última fuxida a Harar* - como naceron os manuscritos e como se converteron en texto impreso- e conclúese caracterizando a Taramancos como un escritor que practica a escrita de programa, aínda que non se conservan documentos da fase pre-redaccional.

Alonso Estraviz, Isaac, 'Avilês de Taramancos e o Reintegracionismo', *Agália*, nº 75-76, 'Estudos', 2004, pp. 47-54.

Fálase da vida de Avilés de Taramancos centrándose na súa etapa de "criança", de literato -onde agrupa a súa poesía en tres etapas- e mais de reintegracionista, con apoio de numerosos textos que confirman que "a respeito da escolha ortográfica, Avilês de Taramancos foi reintegracionista".

Alonso Montero, Xesús, 'Antonio Tovar Bobillo', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 164, 'Documentos', 2004, p. 95.

Faise, en todo o escrito, unha loa da persoa e da obra do escritor. Primeiro fálase da obra en castelán, merecente de estar recollida nas antoloxías da época, e , a seguir, da escrita en galego. A continuación, nos parágrafos que seguen explícase o contido da súa obra. Esta explicación contén dúas descricións, unha que fala das partes da vida e personalidade de Antonio Tovar que máis influíron e que máis se plasmaron na súa obra, e outra que trata das peculiaridades, primeiro analízase a poesía -sobre todo, a temática- e a continuación a prosa. No final, o articulista fai un chamamento ás institucións para que fagan unha nova edición que conteña toda esta interesante obra.

Alonso Montero, Xesús, 'Do libro galego e da súa historia: un capítulo fundamental', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 162, 'O espello das letras', 2004, , pp. 97-98.

Comentario sobre dous libros arredor da figura de Ánxel Casal. En primeiro lugar, céntrase en *Anxel Casal (1895-1936) Textos e documentos*, de Xosé Mª Dobarro Paz e Ernesto Vázquez Souza, onde os autores reproducen nove textos de Seoane, un deles un poema en castelán no que execra o asasino de Casal, o falanxista compostelán Solla. Comenta, a continuación, a obra *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno,* de Ernesto Vázquez Souza. Explica que se trata da tese de doutoramento do autor, á que considera un estudo capital para o entendemento do feito literario galego das primeiras décadas do século XX. Salienta especialmente os capítulos cinco da segunda parte ("Editoriais Lar e Nós. Secuencias de publicacións") e o tres da terceira ("Aproximación a unha bibliografía documental galega (1916-1936)").

Álvarez Cáccamo, Xosé Mª, 'Voz e silencio de Luisa Villalta', *Tempos Novos*, nº 83, abril 2004, p. 82.

Lamenta o falecemento de Luísa Villalta e fai un recordatorio laudatorio, en termos musicais, do seu xenio e figura. Principia estremecéndose ao contar cómo recibe a noticia da súa morte, para a seguir salientar a súa polifacética traxectoria vital, na que destaca a súa colaboración na Asociación de Escritores ou nos Foros da Cultura Galega. Refírese, asemade, ao seu singular carácter e lémbraa como unha muller feminista e de esquerdas, de ideas fixas e moi crítica, que, asegura, segue a ter voz mesmo despois do seu pasamento. Remata aludindo a *En concreto*, poemario que cualifica de "necesaria música civil, ergueita contra o silencio".

Álvarez Lugrís, Alberto, 'Un clásico moi agardado', *Guía dos libros novos*, nº 4, 'Libros', xaneiro 2004, p. 11.

O autor felicítase pola edición de *Noite de Reis. A tempestade*, de William Shakespeare, traducida ao galego por Miguel Pérez Romero, por ser unha aproximación aos clásicos até o momento inexistente. Critica a falta dunha introdución na obra e de notas a pé de páxina en certas pasaxes.

Amado R., María Teresa, 'Don Florencio Vaamonde Lores, traductor de Virgilio al gallego: la Égloga I', *Anuario Brigantino 2002*, nº 25, 'Arte, Literatura, Antropoloxía, ...', 2004, pp. 455-466.

Comézase cunha aproximación á figura de Florencio Vaamonde Lores e despois ofrécese unha edición e comentario da versión galega da *Égloga I*,de Virxilio, que fora publicada baixo o título "Titiro e Melibeo. Égloga de Virgilio" en *Revista Gallega*.

Aneiros, Rosa, 'Dous sonetos en galego de Antonio Arias Teixeiro', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 164, 'Documentos', 2004, pp. 64-67.

Trátase dunha presentación-estudo dun poema galego de Antonio Arias Teixeiro, que está composto por dous sonetos. Na introdución a escritora presenta o contexto histórico no que viviu o autor, a causa do achado, ao parecer un proxecto interdisciplinar organizado pola Comisión Técnica de Prensa do Consello da Cultura, e, tamén, o procedemento levado a cabo na busca. No apartado "A Fundación Penzol", describe de forma máis detallada todo o proceso de pescuda, no que Xosé María Álvarez Blázquez e a Fundación Penzol tiveron moito que ver. A seguir, no apartado "Algúns apuntes biográficos de Antonio Teixeiro" fai unha achega ao que foi a vida do autor: datas de nacemento e morte, medio no que viviu, ideas políticas, etc. Na derradeira parte, "Dous sonetos en galego", Rosa Aneiros fai un comentario dos sonetos (forma, contido e contexto no que xorden). Este artigo ten como valor engadido unha representación facsimilar do poema e outra actual.

Angueira, Anxo, 'A Galicia de Rosalía de Castro', *Trabe de Ouro*, nº 59, 'Cuestións', 2004, pp. 13-21.

Adaptación da conferencia pronunciada no Liceo de Ourense no II Ciclo de Conferencias Seis Visións de Galicia en maio e xuño de 2004. Trátase dunha achega á biografía de Rosalía de Castro, do contexto en que viviu e das visións antagónicas que a poeta compostelá e George Borrow posuían de Galicia. Expón a terra digna e a conciencia patriótica de Rosalía contra o enfoque negativo do inglés, que amosa unha Galicia chea de miseria e anegada de infeccións e de ignorantes. Tamén fai referencia á lírica rosaliana e enfatiza os aspectos máis característicos de *Cantares Gallegos* e de *Follas Novas*, servíndose de diversos fragmentos das obras da poetisa. Para rematar, o autor sinala que a Galicia de Rosalía de Castro "é a única Galicia posíbel: unha Galicia ceibe".

Aramburu Molet, Rubén, 'No día das letras', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 138, 'Rolda de igrexa', maio 2004, pp. 106-115.

Dáse conta de multitude de feitos relacionados co pensamento cristián e remata facéndose eco da homenaxe rendida polo bispo e os cregos da Limia a Xaquín Lourenzo 'Xocas' co gallo do Día das Letras Galegas.

Asorey Vidal, Daniel, 'Apuntamentos sobre dúas narradoras. Para unha tentativa de clasificación e lectura de Concubinas, de Inma López Silva, e Resistencia, de Rosa Aneiros', *Anuario Grial de Estudos Literarios 2003*, 'Estudos', 2004, pp. 9-15.

Logo de xustificar a escolla desas dúas novelas para o seu estudo analiza, na primeira parte, as obras dentro do posmodernismo, ao mesmo tempo que caracteriza este movemento e examina como absorbeu as súas teses a sociedade galega e, no segundo apartado, realiza unha nova lectura das novelas dende o punto de vista da crítica feminista. Na primeira parte, "Desde as caretas do posmodernismo ao sólido valor do compromiso", comeza facendo unha introdución a ese movemento, que entrou na sociedade galega de pleno, onde convive con outros. *Concubinas*, de Inma López Silva, segundo Daniel Asorey, pertence a este movemento, entre outras características, porque presenta grandes doses de ironía, que quizais é o trazo máis importante do posmodernismo. Ademais tamén se aprecia na obra unha autoparodia, unha fusión entre a "alta" e a "baixa" cultura e tamén o fragmentarismo. Sinala logo que *Resistencia*, de Rosa Aneiros, atendendo ao ambiente ao que pertence, non é unha novela posmoderna debido a que se enmarca na "concepción dialéctica da obra literaria". Trátase, segundo Asorey, de literatura de compromiso, de realismo crítico, é unha narrativa de resistencia do Terceiro Mundo. A seguir clasifica a obra atendendo ao tipo, afirmando que é unha novela histórica, que pertence ao grupo de "tal como foi", onde os autores buscan sobre todo a verosimilitude. Ademais preténdese tamén explicar o presente e afrontar o futuro. Posúe ademais características da novela de aprendizaxe. Na segunda parte na que se divide o artigo, "Breve achegamento ás novelas a través da crítica feminista ou como aprender a ler de novo", tenta presentar "outra lectura posíbel" das dúas novelas. En primeiro lugar analiza que lugar ocupan as mulleres nos sistema literario galego, que é un sistema marxinal. A seguir di que os sistema inestábeis son máis dinámicos e receptivos ás innovacións. Destaca como principais características que nas dúas obras a sexualidade está presente e o sexo no se asocia co amor. A seguir apunta que se produce unha descolonización sexual da linguaxe e analiza como plasman as dúas escritoras a subversión nas súas obras.

Atenea, 'Os autores Maite Dono e Luís Artigue gañan o Premio Esquío de Poesía', *Atenea*, nº 14, 'Breves', 2004, p. 36.

Infórmase de que Maite Dono, de Madrid, e Luis Artigue, de León, foron os gañadores da vixésimo terceira edición do premio Esquío, edición de 2003, nas modalidades de galego e castelán, coas obras *De silencios* e *El lado femenino* respectivamente. Os accésit

corresponderon a Oliver Escobar, por *A última bengala*, e a Eloísa Sánchez, por *Los hijos de Raquel.* Dáse conta así mesmo da contía do premio e da composición do xurado, que na modalidade de Lingua Galega estivo composto polos poetas Xulio López Valcárcel, Vicente Araguas, Estíbaliz Espinosa e Luísa Castro.

Atenea, 'In memoriam, Manuel María (1929-2004)', *Atenea*, nº 17, 'Xentes', 2004, p. 8.

Necrolóxica de Manuel María Fernández Teixeiro. Comézase abordando o seu nacemento en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929, o posterior traslado a Lugo para estudar bacharelato, as súas relacións co faladoiro do café Méndez Núñez, do que forman parte Pimentel, Fole ou Rof Codina, e a publicación de *Muiñeiro de brétemas,* co que inaugura a "Escola da Tebra" e se converte no primeiro poeta da nova xeración en publicar un libro. Continúa este percorrido biográfico sinalando que no ano 1958 se instala en Monforte como Procurador dos Tribunais e o ano seguinte casa con Saleta Goi. Saliéntase a súa participación na reorganozación política do nacionalismo e a súa disponibilidade para colaborar con todas as asociacións que no país traballaban pola recuperación cultural. Apúntase, a seguir, que sen abandonar a poesía, a súa obra multiplícase, abríndose a campos como o ensaio, a narrativa ou o teatro, indicando así mesmo que evolúe desde o seu existencialismo e pesimismo radical cara a unha poesía comprometida co ser humano, coa súa realidade social e co seu pobo. En 1979 foi elixido concelleiro, lémbrase a este respecto que son anos duros nos que a súa participación en campañas en defensa da lingua foi moi activa. Indícase a seguir que no ano 1985 deixa a política activa para se dedicar completamente á actividade literaria e cultural, pasando a residir dende a súa xubilación na cidade da Coruña, e destácase que a súa entrega foi recoñecida en 1995 coa homenaxe que a Asociación Socio-Pedagóxica Galega organizou nesta cidade. Tamén se afirma que a súa obra é unha referencia imprescindíbel no panorama literario da segunda metade do século XX, pola amplitude dos seus rexistros, das súas propostas e da súa temática, que abrangue intimismo, paisaxismo, socialrealismo crítico ou satírico, preocupación relixiosa, reivindicación lingüística, etc. Finalmente, destácase que a construción da patria é o fío condutor de todo o seu mundo poético.

Axeitos Agrelo, Xosé Luís, 'Dos arquivos de Rafael Dieste: As inquietudes políticas de Galiza, segundo Luís Seoane', *Boletín Galego de Literatura*, nº 30, 'Documentos', 2004, pp. 111-116.

Xosé Luís Axeitos reproduce nesta sección habitual do *Boletín Galego de Literatura* a primeira das crónicas publicadas por Luís Seoane no xornal *Crítica* tras a súa chegada a Bos Aires. Trátase do texto titulado "El terror fascista en Galicia", asinado co pseudónimo Conrado Alem e publicado o 31 de outubro de 1936.

Axeitos Agrelo, Xosé Luís, 'Arte e represión durante a Guerra Civil', *Unión libre. Cadernos de Vida e Culturas,*, nº 9, 'Arte e literatura', 2004, pp. 83-87.

Axeitos centra esta colaboración naqueles artistas que realizaron as súas manifestacións comprometidas co momento social e/ou político que lles tocou vivir. Piccasso, Goya, Delacroix ou os galegos Luís Seoane, Carlos Maside, Castelao e Souto son algúns cos que exemplifica este feito, comentando algunhas das súas creacións, onde foron expostas ou publicadas e as circunstancias coas que se tiveron que enfrontar para poder saír á luz pública. Acompaña este artigo un poema de Luís Seoane que, baixo o pseudónimo de Conrado Alem, lle dedicou a Alexandro Bóveda, xa fusilado.

Axeitos, X. L., 'O celtismo na poesía galega', *Guía dos libros novos*, nº 4, 'Monográfico', xaneiro 2004, p. 7.

Analiza a presenza do mito celta na poesía galega, xa que ao seu modo de ver esta é unha maneira de crear nación. O autor afirma que a cuestión celta aparece como un contrapunto á cultura dominante, como unha marca de diferencia, que os poetas deciden empregar na súa obra.

Axeitos, X. L., 'O Valleinclanismo na cultura Galega (I)', *Cuadrante*, nº 8, xaneiro 2004, pp. 5-19.

Análise pormenorizada da relación que tivo Ramón María del Valle-Inclán co provincialismo, co galeguismo, co nacionalismo e cos escritores deses momentos históricos. Sinálase que a relación de Murguía con Valle-Inclán mudou, pois nun primeiro momento Murguía acolleuno dun xeito familiar, mesmo prologou a súa obra *Femeninas*, pero esta situación cambiou radicalmente aos vinte anos. Sinálase que Manuel Antonio, no manifesto *¡Máis Alá!* (1922), realiza un profundo escarnio de Valle-Inclán por ser "a cabeza visible dos galegos en Madrid que vivían arredados dos problemas de Galicia". Pola contra, indica, hai unha serie de escritores que gardan boa relación co escritor arousán; por exemplo, Rafael Dieste propón a Valle-Inclán para o premio Nobel e Antón Vilar Ponte solicita que se representen as súas obras. Castelao defíneo, tamén nesa liña entusiasta, como o embaixador de Galicia na literatura castelá, onde amosa como trazos de identidade a saudade, o sentimento da paisaxe e a fidalguía. Sinálase que o nacionalismo posterior, representado polo exilio galego, vai defender a figura de Valle-Inclán, motivado en gran parte porque ao ser unha figura moi coñecida en hispanoamérica, ao mesmo tempo que se honraba a súa figura podíase tentar dignificar a identidade cultural galega. Destácase a figura de Luís Seoane, Xavier Bóveda e Fernández del Riego, que dedicaron diversos artigos na prensa galega recalcando a galeguidade de Valle-Inclán. Na última parte do artigo coméntase que a polémica sobre a galeguidade de Valle-Inclán chegou até os nosos días e menciónanse as opinións de Francisco Fernández del Riego, Ricardo Carballo Calero e Xosé Luis Méndez Ferrín. Finalmente fálase da polémica xurdida arredor do Centro Dramático Galego cando, no ano 1998, representou varias obras de Valle-Inclán en castelán.

Axeitos, X. L., 'O Valleinclanismo na cultura Galega (II)', *Cuadrante*, nº 9, xullo 2004, pp. 5-11.

Realízase unha visión panorámica do tratamento que a prensa editada en Galicia lle dedicou a Valle-Inclán. Comenta a existencia de dous extremos sempre enfrontados: os que defenden a galeguidade da súa obra, destácase a figura de José A. Ponte Far ou José Ruibal, e os que non, onde se menciona, entre outros, a Ricardo Carballo Calero. A seguir apúntase que a presenza de Valle Inclán nas publicacións periódicas e nos xornais aumenta a partir dos anos sesenta debido a celebración do centenario do seu nacemento, cando en 1966 se xurdiu unha gran polémica motivada polo derrubo do busto que estaba no monte da Curotiña, na Pobra do Caramiñal, etc. Conclúe comentando a liorta hemerográfica que se produciu en 1998 cando o Centro Dramático programou a representación das obras *Las galas del difunto*, *La cabeza del Bautista*, *Ligazón* e *El embrujado*.

Axeitos, Xosé Luís, 'Dos arquivos de Dieste: Xermán Rañó, un emigrante no exilio', *Boletín Galego de Literatura*, nº 29, 'Documentos', 2004, pp. 131-138.

Reprodúcense neste documento media ducia de cartas de Xermán Rañó, fillo do que fora redactor de *El Barbero Municipal*, Xosé Rañó, a Rafael Dieste. As catro primeiras están datadas entres os meses de marzo e maio de 1939 no campo de concentración de Saint Cyprien, no que permaneceu logo da retirada do exército republicano, un lugar que abandonara había pouco tempo o propio Dieste. Nestas misivas insiste unha e outra vez en solicitarlle a Dieste que medie na súa liberación para poder marchar cara ao exilio, feito que acontece no mes de maio de 1939. A última carta, datada en México en 1964, é unha mostra do agradecemento e fonda amizade que sente polo autor rianxeiro, así como unha declaración do "espírito exílico", na que confesa que non ten pretensións de enriquecerse para volver á terra, senón unha fonda vontade de loitar para mudar as cousas.

Bar Cendón, Mónica, 'O galego lingua literaria para Emilia Pardo Bazán', *Festa da palabra silenciada*, nº 19, 'Actualidade', 2004, pp. 110-114.

Estúdanse as razóns polas que Emilia Pardo Bazán escolleu o castelán como lingua literaria e as súas consideracións con respecto á lingua galega ou, mesmo, con respecto á lingua catalá. Indica que, en base a declaracións da propia autora, Pardo Bazán non consideraba que o galego fose unha lingua subordinada ao castelán e a súa escolla do castelán fronte a este lingua non implicaba un desprezo polo galego. Dá conta da situación lingüística que Galicia vivía a finais do século XIX e principios do XX, cando, en palabras da autora, o galego 'non o falan os que o escribe' e o seu uso se baseaba en cuestións reivindicativas ou emocionais; fronte a esta postura, Emilia Pardo Bazán buscaba unha lingua literaria máis 'práctica', como o castelán, que lle permitía acceder a un número maior de lectores e que, ademais, entendía máis adecuado para o xénero narrativo. Por último, dá conta das críticas que a escritora sufriu pola súa escolla lingüística e por algúns dos seus artigos sobre os costumes galegos; estas criticas motivaron, finalmente, motivaron que Pardo Bazán decidise non escribir nada máis en galego.

Beltrán, Luís, 'Idilio e nacionalismo', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002*, 'Perspectivas teóricas sobre literatura e nacionalismo', xaneiro 2004, pp. 21-28.

Estudo sobre idilio e nacionalismo onde Luís Beltrán confronta as ideas de González-Millán dende o punto de vista da crítica estética. Comeza definindo o tempo "idilio", traballa coa idea de Galicia que expresou Otero Pedrayo, onde está moi presente a imaxe da Terra como familia e, ao mesmo tempo como estado-nación. A seguir repasa a estética do idilio en diferentes escritores e finaliza afirmando que coincide con González-Millán no propósito de comprender, conservar e acrecentar as literaturas e culturas minoritarias.

Ben Ramos, Xoel, 'Indolencia portuguesa en neo-galego', *Guía dos libros novos*, nº 4, 'Libros', xaneiro 2004, p. 10.

Comenta a publicación da novela gañadora da Vº Premio Eixo Atlántico, *Voar como os paxaros, chorar como as nubes* (2003), de Rui Miguel de Oliveira. Fai referencia ao percorrido que o escritor portugués fai pola historia de Portugal e aos seus personaxes, dos que non destaca ningún. Reflexiona, asemade, sobre a lingua da obra, na que, segundo sinala Ben Ramos, se mestura o portugués co galego normativo.

Bermúdez, Silvia, 'O capital simbólico das literatura sualternas: a poesía galega no serodio século XX', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002*, 'O papel da poesía na constitución dunha literatura nacional', xaneiro 2004, pp. 201-208.

Tomando como punto de partida a gran base teórica que deixou a obra de Xoán González-Millán a cerca do protagonismo do discurso literario no artellamento da identidade nacional de Galicia, Silvia Bermúdez comeza facendo referencia a *Resistencia cultural e diferencia histórica*, de González-Millán, onde se invita a examinar a "macrometáfora da subalternidade". Tamén menciona os traballos de Martín-Barbero, *Identidad, tecnicidad, alteridad* e o de Octavio Paz, *Sor Juana Inés de la Cruz o las trampas de la fe*, destacando neste último a idea de "dicir o que se ten que dicir", xa que é unha das premisas das "performances" poéticas, que tamén se manifestan na literatura galega. A seguir indica que a poesía, en especial a das performances, presentase como modalidade máis axeitada para "explicar/crear" novas formas identitarias que teñen como obxectivo a propagación e a transformación social. Repasa diferentes exemplos e finaliza reflexionando sobre si son bos ou malos tempos para a lírica galega.

Bernárdez Villar, Xoán, 'Unha lanza por Suso', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 137, 'Rolda da Cultura', 2004, pp. 84-90.

Aproximación ao novo traballo que está a facer o prolífico escritor Suso de Toro na defensa dos "Santos Lugares" do celtismo. Xoán Bernárdez Villar reitera ademais o espírito de loita a favor do celtismo galego de Suso de Toro fronte a aqueles que negan esta herdanza e recolle algunhas das palabras do escritor con respecto a este tema. Preséntalle tamén ao autor un tema de reflexión e de aproveitamento para futuros traballos: a postura dalgúns

lingüistas respecto dos vestixios da fala e topónimos prerromanos que se poden atopar por toda a xeografía galega. Ao rematar este comentario, Xoán Bernárdez ofrece as novas máis salientábeis con respecto a determinadas áreas, das cales destaca aquelas relacionadas co ámbito da literatura galega: Así, en "Cine e Teatro" dá conta da estrea en Compostela dunha versión do mesmo título da obra cunqueiriana *O Ano do Cometa*, presentada polo Centro Dramático Galego e dirixida por Quico Cadaval, así como da instauración do *Premio Roberto Vidal Bolaño* de teatro para os 18 de marzo de cada ano co obxecto de lembrar e homenaxear a traxectoria artística deste autor. No apartado "Congresos" faise eco da celebración do V *Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil* no mes de febreiro. Ademais de salientar o éxito de visitantes, tamén destaca a participación dos nenos en obradoiros, exposicións e concertos didácticos. En "Decesos" recolle a triste nova do falecemento da música e escritora Luísa Villalta no mes de marzo, así como, brevemente, as súas últimas actividades no ámbito da cultura. Na sección "Letras" refírese, entre outras, á última gañadora da terceira edición do "Premio de Tradución Plácido Castro", Enma Lázare, quen verteu ao galego a obra de Eugenie Grandet, publicada por Honoré de Balzac no ano 1833, e aos finalistas Xavier Rodríguez Baixeras, co *Decamerón*, de Bocaccio, e Sandra Sanmiguel Sousa, con *A besta da xungla*, de Henry James. Tamén se fai eco da próxima edición do Día das Letras Galegas ao etnógrafo, escritor e debuxante Xaquín Lorenzo, Xocas. Fai unha breve aproximación á súa vida intelectual e anuncia a publicación dunha das súas obras, *Enredos*, a cargo de edicións A Nosa Terra. Recóllese tamén as novas da entrega no Concello de Santiago de Compostela do *Premio de Investigación Xohana Torres* que recaeu na obra *Os traballos das mestras en Galicia. Entre a producción e a reprodución*, de Ana Sánchez Bello; as novas da tradución ao portugués do escritor Agustín Fernández Paz coa obra *O laboratorio do doctor Nogueira* e ao coreano con *O meu nome é Skywalker*. Dísenos que con estas novas versións da súa obra este escritor convértese no autor máis internacional. En "Novas en xeral" comunícase que a editorial Kalandraka acaba de tirar do prelo os primeiros libros dunha colección de contos dirixida a nenos con determinadas discapacidades intelectuais. Finalmente, na sección "Varia", faise eco do discurso de entrada na Real Academia Galega do escritor, editor e profesor Víctor Fernández Freixanes, discurso dedicado ás novas xeracións e á necesidade de que estas convertan a nosa lingua nun instrumento útil. Pasa posteriormente a relatar en poucas liñas o labor realizado por este intelectual.

Bernárdez Villar, Xoán, 'O país dos mil ríos', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 140, 'Rolda da cultura', 2004, , pp. 58-66.

Comeza facendo unha crítica da gran diversidade de premios literarios en Galicia, poñendo en dúbida que sexan efectivos á hora de dar a coñecer aos galardoados e ás súas obras. A seguir, fai referencia dun xeito breve a actividades, eventos, congresos ou festivais, e todo tipo, relacionados case todos coa cultura galega. Así, refírese á clausura do XXI Congreso Galeuzca e lembra que nel Euloxio Ruibal reivindicou a igualdade das linguas e literaturas do estado. Ademais, subliña que Manuel Rivas se vai introducir no mercado editorial estadounidense con *As chamadas perdidas* ou que Xosé Luís Axeitos leu o seu discurso de entrada na Real Academia Galega co título de "A Academia no discurso exílico de Luís Seoane". Tamén lamenta que nun pleno do Concello de Betanzos se negaran a dedicarlle unha rúa a Manuel María ou que no da Coruña algúns rexeitasen facer ao poeta chairego

Fillo Adoptivo da cidade. Por outro lado, salienta o fallo de numerosos premios, entre eles, o "Esquío de Poesía", o "Afonso Eanes do Cotón" de poesía, o "Raíña Lupa" de literatura infantil e xuvenil, o "II Premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve" ou o premio teatral "Barriga Verde". En todos as alusións aos distintos galardóns son breves; dá o nome do vencedor e pouco máis.

Bernárdez Villar, Xoán, 'Cen anos do Ulysses', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 138, 'Rolda da cultura', maio 2004, pp. 100-105.

Dedica este espazo a diferentes acontecementos, sendo o primeiro deles o dos cen anos que cumpre o paseo de Leopold Bloom, protagonista do *Ulysses*, de James Joyce, polas rúas de Dublín. A este respecto, Bernárdez Villar lembra que as verbas de Vicente Risco, que afirmou ter coñecido ao outro personaxe da novela Stephen Dedalus aló polo 1926, foron as que o animaron a facer o mesmo percorrido dublinés en 1985. Despois alude, de xeito breve, a unha serie de acontecementos relacionados coa cultura e as letras galegas. Así, destaca a morte da poeta Xaquina Trilla aos oitenta e sete anos de idade e repasa os actos de homenaxe a Xaquín Lourenzo Xocas no Día das Letras Galegas, do que subliña o seu amor pola cultura popular e os esforzos por darlle envergadura científica. Por último, alúdese brevemente á entrega en Vigo dos Premios da Crítica a Anxos Sumai, Manuel Mandianes Castro e Manuel Caamaño Suárez, á tradución ao galego do best-seller *O Código da Vinci*, e ao sesenta aniversario da publicación de *Sempre en Galiza*.

Biscainho Fernandes, Carlos Caetano, 'Política teatral na Galiza', *Guía dos libros novos*, nº 6, maio 2004, p. 38.

O autor describe criticamente a situación actual da política teatral no país, quince anos despois da creación do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Sinala que esa institución pública creou moitas expectativas, tras terse iniciado a recuperación da actividade dramática galega sen ningún tipo de axuda, pero que, na súa opinión, finalmente non as cumpriu. Considera, de feito, que a intención dos organismos públicos que sustentan a política teatral galega parece ser máis ben a de "abortar" ese proceso de recuperación, limitándose ao "fasto e escaparate".

Cabana, Darío Xohán, 'Manuel María', *Trabe de Ouro*, nº 59, 2004, pp. 135- 139.

Co motivo do falecemento de Manuel María, faise un percorrido pola vida do poeta chairego. A súa procedencia, a familia, os amigos, as iniciativas culturais, a música, a política, o amor e as viaxes a Portugal deixan a súa pegada nesta homenaxe ao ilustre literato galego. Darío Xohán Cabana expón que "se desde Cabanillas houbo alguén que merecese o título de poeta nacional, ese é Manuel María".

Cabana, Darío Xohán, 'Memoria con Manuel María', *Tempos Novos*, nº 89, 'Obituarios', outubro 2004, pp. 70-72.

Darío Xohán Cabana evoca a súa relación con Manuel María con motivo do seu pasamento. Comeza sinalando que non lle é posíbel falar del como o gran poeta que encheu medio século da nosa literatura cunha obra de vontade totalitaria na que quixo apreixar totalmente o tempo e o país, sinalando que prodigou o seu xenio en breves e magníficos relatos, en centos de artigos, en obras de teatro e sobre todo en milleiros de versos. Salienta, así, que Manuel María non foi un poeta nin un escritor, senón unha literatura, aclarando que se non hai novelas que completen o cadro é porque non gostaba delas, e non entraban na súa concepción do mundo e da literatura. Porén, Darío Xohán Cabana sinala que serán outros os que falen do Manuel María escritor, do Manuel María poeta nacional. El rememora o momento no que viu a Manuel María por primeira vez, na biblioteca do instituto de Lugo no ano 1967 ou 1968, cando un xa era un poeta consagrado e o outro un rapaciño de quince anos que tatexaba os seus primeiros versos. Lembra a seguir como ingresou na UPG e como vía en Manuel María, que tamén militaba nese partido, un mestre na poesía, na vida e na política. No entanto salienta como Manuel María trataba a ese rapaz de dezaseis anos como un igual, como un colega, non consentindo que se comportase como un discípulo e dando consellos de igual a igual. Recorda así como Manuel María lle abriu as portas á publicación na colección de poesía "Val de Lemos", para dar ao prelo *Home cara ó vento*, volume que a censura non permitiu editar, e como tivo que agardar ao ano seguinte a que se editase *Home e terra*, cun prólogo de Lois Diéguez. Lembra tamén a Margarita Ledo, sinalando que con ela foi con quen máis íntimamente compartiu o maxisterio e a amizade de Manuel María, indicando que esta autora tamén publicou nesa colección *Parolar cun eu, cun intre, cun inseuto*. Sinala Darío Xohán Cabana que aquel foi o comezo da súa vida, rememora como Manuel María e Saleta o acompañaron a Vigo a presentar *Home e terra*, onde lle presentaron a Ferrín e a Xosé María Álvarez Blázquez, e como comezou a tomar conciencia de formaren parte dunha pequena seita, unha fraternidade de patriotas antifranquistas que tendía as súas redes por unha Galicia que el comezaba a coñecer na súa extensión marabillosa. Apunta, así mesmo, que naqueles anos pasou moito tempo en Monforte na casa de Manuel María, coincidindo con Lois Diéguez, Xavier Pousa, Margarita Ledo, Camilo Gómez Torres ou Luís Álvarez Pousa. Darío Xohán Cabana destaca que foron tres os seus grandes amigos, as persoas máis importantes da súa vida: Ferrín, Xosé María Álvarez Blázquez e Manuel María, que foi o primeiro e o que lle abriu as portas á amizade dos outros. Sinala a seguir que Manuel María foi guieiro, mestre e referencia esencial non só para el, senón para multitude de persoas que tentaron e tentan seguir o exemplo non só dun bo poeta, senón dun home bo, xeneroso, xentil, fiel ao seu pobo e á súa lingua. Finaliza afirmando que Galicia é máis pequena dende o oito de setembro, e que se ben é certo que fica a súa obra, iso é pouco consolo para os que tiveron a inmensa fortuna de seren os seus amigos.

Cancelas, Irene, 'A poesia vence à água no Condado', *Tempos Novos*, nº 89, 'Cataventos', outubro 2004, pp. 6-8.

Fronte ás concepcións da poesía como unha arte minoritaria, saliéntase a experiencia do Festival da Poesía organizado pola Sociedade Cultural e Deportiva do Condado que conseguiu reunir a centos de persoas en torno á poesía nas Covas de Dona Urraca. Indícase que o Festival da Poesía comezou o xoves 2 de setembro coa "Jornada do Audiovisual",

destacando que preto de duascentas persoas encheron a Casa da Cultura de Salvaterra para veren as curtametraxes "Da Galiza Marcha Já" e "Toxic Percebe", e mais os documentais "O río é noso" e "Santa Liberdade". A seguir, relátase o que aconteceu o venres. Infórmase de que tivo lugar a "Noite Galega" coa actuación de Uxía, que encheu as Covas de Dona Urraca de músicas das dúas beiras do Miño e na que o público tivo un gran protagonismo. Respecto ao sábado dise que se realizou un roteiro guiado que organizou a asociación cultural Galeguiza pola comarca do Condado, que incluíu paseos por Melgaço, a zonas das pesqueiras do Miño, visitas ao castro de Troña e mesmo á Adega Arraiana. Dáse conta de cómo decorreu a mañá, as diferentes casetas e postos, exposicións, conferencias, festa infantil, etc., que tiveron lugar na praza da antiga Casa do Concello de Salvaterra. Coméntase que por razóns metereolóxicas foi preciso constituír un gabinete de crise, xa que as consecuencias do mal tempo fixeron temer a suspensión das actividades. Saliéntase finalmente que o Festival da Poesía puido ter o orgullo de ser iso, un festival de poesía que encheu as Covas de Dona Urraca coa participación de Carlos Blanco, María Lado, Brais González, o angolano Ondjaki, Carlos Figueiras, Jon Etxeandía, Marica Campo, Marga do Val, Tino Baz, etc. Sinálase que dos catro grupos que ían actuar só o pudieron facer os gaiteiros da Xistra, por estragar a choiva os equipos de son, mais que espontáneos con pandeiretas, tambores e guitarras foron estendendo unha noite que se prevía un fracaso a un amencer no que o festival xa se valoraba como un grande éxito pola afluencia de público que acudiu a pesar do mal tempo. Destácase así que a poesía, a vontade de colaboración e o enorme cariño ao festival dos asistentes salvaron esta festa que concluirá o 9 de outubro coa actuación de todos os grupos que se prevían para o Festival: Xistra de Coruxo, Terrakota, Matraca Perversa e Mercedes Peón.

Caño, X.M. del, 'Conversa cun vello revoltado', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 164, 'Documentos', 2004, pp. 96-103.

Na introdución preséntase a Antón Tovar Bobillo falando un pouco da súa obra e persoa e, sobre todo, de como foi tratado pola crítica. A continuación, preséntase unha longa entrevista feita ao propio escritor. Nela, Antón Tovar, así como vai contestando ás preguntas, vai rebelando moitísimos datos da súa vida. Ademais, vai dicindo nas obras ou poemas nos que os recolle. Tales cousas son: o nacemento e a infancia (coñece a obra de Manuel Curros Enríquez), a familia (a relación cos pais e coa criada, e na que foi clave a morte do pai), a etapa de formación (na que foi clave a estancia no noviciado dos xesuítas en Salamanca), os amoríos (tardíos e frustrados, agás o derradeiro), as enfermidades (sufriu unha caída de nervios que lle provocou unha xubilación prematura) e as ideas sobre a relixión (era ateo).

Cardoso, Joao José / **Costa**, Mario da, 'A Feira Medieval também é Teatro', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 2004, pp. 65-67.

Informa sobre Viv´Arte & Companhias, unha asociación da compañía de teatro Viv´Arte e outros grupos de teatro, actores, músicos, bailarinas, malabaristas, acróbatas, etc. nacida con un obxectivo común: a recreación histórica. Apuntan que a peculiaridade do seu traballo estriba na fusión entre Teatro e recreación histórica aliada ao concepto de Teatro na

rúa e afirman que a peza que representan pódese denominar *Feira Medieval*. Dán conta tamén da extraordinaria proliferación de festas ambientadas na época medieval que se celebran en Portugal e destacan a de Coimbra ou a de Castro Marim. Sinalan a importancia destes eventos, pois entre outras moitas cousas, valorizan o patrimonio, teñen un elevado papel pedagóxico e favorecen o turismo. Salienta que o espectáculo levado a cabo por Viv´Arte & Companhias fai fincapé na representación das diferentes clases sociais que existían na Idade Media, de torneos de armas, xulgamento e condenación de herexes, etc. Por último, sinala as próximas actuacións de Viv´Arte & Companhias nas diferentes Feiras Medievais que se celebran no país portugués.

Casas, Arturo, 'Balance de membros, ou palafrén da sombra', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, , pp. 90-91.

Casas, Arturo, 'A teoría crítica da cultura e a planificación dos estudos socioculturais (Para ler a González-Millán)', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002*, 'Perspectivas teóricas sobre literatura e nacionalismo', xaneiro 2004.

Comeza sinalando que na traxectoria de Xoán González-Millán destacan sobre todo dous aspectos como son a preocupación por concretar un marco epistemolóxico e heurístico de natureza interdisciplinaria, (co obxectivo de actualizar os parámetros de estudo e análise das coordenadas históricas da posmodernidade) e a vontade de proxectar e desenvolver unha planificación política e cultural, correlativa do que el mesmo denominaba como "ideario utópico-proxectivo". Arturo Casas realiza un percorrido completo polas publicacións de González-Millán observando que existe unha continuidade constante en tres aspectos. En primeiro lugar destaca que tres núcleos temáticos reclamaron poderosamente a súa atención: a cuestión nacional en termos xerais, a constitución de protosistemas e sistemas literarios e a atención ao que Gonzalez-Millán designou como "elementos de inestabilidade " e/ou "integración". En segundo lugar, a sensibilidade epistemolóxica como observador, investigador e analista foi outros dos aspectos tratados. En terceiro lugar a convicción de que o seu traballo como estudoso e investigador debería e podería ter unha proxección non só académica senón social e política. En última instancia todos estes aspectos se plasmaron maioritariamente no estudo da literatura galega contemporánea.

Casas, Arturo, 'Balance de rumbos, ou palafrén da sombra', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 90-91.

Analiza Arturo Casas a antoloxía de Xosé María Álvarez Cáccamo que leva por título Ancoradoiro e que saíu publicada en Espiral Maior no ano de 2003. Para comezar, explícasenos o contido do libro e maila súa estrutura: dise que se trata da práctica totalidade da produción poética de Álvarez Cáccamo (trece poemarios) dende o ano 1983 ata a actualidade, tirando os textos destinados aos máis pequenos; e que van precedidos por unha

breve nota introdutoria. Nunha segunda parte, Casas examina as características principais da poética do autor vigués, de quen subliña a grande influencia que exerce entre os poetas máis novos, tanto no plano referencial ou temático como no pragmático, e realizando referencias a títulos concretos.

Caseiro, Delfín, 'Antón Tovar. A voz da soidade e da resignación', *Tempos Novos*, nº 86, 'Voces e culturas', xullo 2004, pp. 55-61.

Delfín Caseiro entrevista a Antón Tovar (Rairiz de Veiga, Ourense, 1921) despois de ser este nomeado Fillo Predilecto de Rairiz de Veiga. Os temas tratados son tanto a vida do escritor (a infancia, a educación...) como a vida literaria. Tovar rememora a súa relación con Otero Pedrayo e Vicente Risco, así como con Méndez Ferrín.

Castro Moreira, Nuria, 'Crise na industria editorial. O parnaso galego, cuestionado', *Tempos Novos*, nº 88, 'Voces e culturas. Reportaxe', setembro 2004, pp. 64-67.

Comeza realizando un breve repaso pola traxectoria da industria editorial galega dende mediados do século XX até a actualidade, onde o sector se atopa en crise. Examina pormenorizadamente os factores que puideron orixinala e as posíbeis solucións. Segundo Nuria Castro, as editoriais, como mediadoras entre o público e os escritores, teñen que xogar un papel moi importante. Hoxe en día, esixen que as súas empresas gocen da consideración de industrias culturais. A seguir, recolle as opinións de todas as partes implicadas, comezando polas de Víctor Freixanes, director de Galaxia, e Manuel Bragado, director de Xerais. Logo tamén se fala dos escritores, que maioritariamente defenden a súa independencia produtiva. Recolle tamén as opinións dos críticos como Carme Hermida, experta en lingua e literatura galegas, Carlos Quiroga, profesor de lingua e literatura portuguesa, Anxo Tarrío, profesor tamén de lingua e literatura galega. Ademais inclúe os puntos de vista dos libreiros, que son os que mellor coñecen o estado de recepción dos produtos culturais; opinan, ao respecto, Pablo Couceiro, da libraría Couceiro, e Rosa Mallo, encargada da sección infantil-xuvenil de Follas Novas. A meirande parte dos que falaron expresan tamén a súa opinión sobre as subvencións do Estado ou da Xunta e dos escritores que producen por encarga. Conclúe sinalando que unha posíbel solución podería comezar realizando campañas de fomento dos hábitos de lectura por idades.

Castro, Maurício, 'Galiza e o referente irlandês: estudo comparativo de 'Cathleen ni Houlihan' de W. B. Yealts e 'Mátria', de A. das Casas', *Agália*, nº 79-80, 'Estudos', 2004, pp. 241-252.

Comézase cunha aproximación á realidade histórica e literaria de Irlanda, centrándose no desenvolvemento do "Movemento dramático irlandés", e compárase co caso galego, exemplificando coas Irmandades da Fala. A seguir, faise unha aproximación comparativa ás obras *Cathleen ni Houlihan*, de W. B. Yealts, traducida ao galego pola editorial Nós como *Dous contos populares* (1935), e á peza dramática *Matria* (1935), de Álvaro de las Casas.

Charlín Pérez, Francisco X., 'Valle-Inclán en galego', *Cuadrante*, nº 9, xullo 2004, pp. 12-32.

Comeza comentando que, en 1919, en *A Nosa Terra (Idearium das Irmandades da Fala)*, viron a luz, en números consecutivos, tres contos de Valle-Inclán trasladados ao galego, que son, a día de hoxe, as únicas traducións "oficias" que se realizaron da súa obra á lingua de Galicia. Sinala, en primeiro lugar, que as Irmandades pretendían con este tipo de actividades elevar o estatus social demostrando que, entre outros aspectos, o galego tiña a suficiente capacidade comunicativa para asumir traducións de calquera lingua. Logo analiza as características d´*A Nosa Terra*, que xurdiu en 1907 e pasou pola etapa rexionalista de Solidaridad Gallega e pola das Irmandades da Fala. A continuación examina o galego na época das Irmandades, destacando os diferencialismos, os lusismos, os arcaísmos, diferencialismos e os castelanismos. Tamén lle dedica un apartado ás grafías. Despois investiga a orixe galega das versións dos contos publicados polo xornal e finaliza cos textos das tres creacións.

Colectivo A Traída, 'Os 'libros sentidos' de Álvaro Cebreiro', *Ferrolanálisis*, nº 19, 'Galicia', 2004, pp. 90-99.

Destaca que en 2003 se fixo o centenario do nacemento de Álvaro Cebreiro, salientando que foi unha figura moi importante das artes plásticas galegas. Lembra que a Universidade da Coruña lle tributou unha homenaxe en 2004 a través dunhas xornadas das que cita o nome dalgún dos participantes, entre eles Isaac Díaz Pardo e Xosé Luís Axeitos. Subliña que estas xornadas se complementaron cunha exposición da súa obra plástica, dalgúns libros e cartas na Aula da Natureza "Juan de Lambeye". A seguir, achega uns poucos datos biográficos de Cebreiro. Céntrase, despois, na súa brillante faceta de deseñador e caricaturista, lembrando a súa colaboración en publicacións como *A Nosa Terra* ou *Galicia Emigrante,* ou a ilustración de libros de autores como Ramón Cabanillas. Tamén, alude á publicación do Manifesto "Máis Alá" xunto con Manuel Antonio. Remata facendo referencia á terrible enfermidade que o levou á morte.

Collarte Pérez, Anxo, 'Prensa agraria en Galicia', *Tempos Novos*, nº 80, 'Libros', xaneiro 2004, p. 66.

Anxo Collarte Pérez resume o contido de *Prensa agraria en Galicia* (2003), de Miguel Cabo Villaverde. Así, o autor fai un percorrido pola historia deste tipo de publicacións de finais do século XIX e principios do XX.

Costas, Xaime, 'II Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 2004, pp. 30-31.

Dá conta do Festival de teatro celebrado entre o nove e o catorce de decembro de 2003 no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Enumera e comenta as obras representadas e as compañías que participaron no Festival: *Silencio*, de Metátese Teatro; *Pero... ¿Quen colleu o tren?*, de Noitebra; *O galego, a mulata e o negro*, de Porta Aberta; *A mandrágora*, de Achádego Teatro; *Vixía*, de O Trasno Novo Teatro e *Os miserables*, do grupo Palimoco Teatro.

Cunqueiro, César, 'Don Ramón María del Valle-Inclán e Álvaro Cunqueiro', *Cuadrante*, nº 8, xaneiro 2004, pp. 20-24.

Analiza a influencia que tivo Ramón María del Valle-Inclán na vida de Álvaro Cunqueiro, do que era parente. Sinala que un gran número dos escritores e artistas da época admiraban ao de Vilanova de Arousa pero dende a distancia xa que, entre outros factores, o carácter difícil de Valle dificultaba calquera tipo de relación. Examina a seguir diversas recensións que Cunqueiro realizou sobre el.

Cuns Lousa, Xulio, 'Premios Xerais, ano 2003', *Anuario Brigantino 2003*, nº 26, 'Arte, Literatura, Antropoloxía, ...', 2004, pp. 497-500.

Reprodúcese o discurso pronunciado por Xulio Cuns Lousa no acto celebrado en Betanzos co gallo da entrega dos premios Xerais na súa edición de 2003.

Cuquejo, María, 'Pensar Galicia', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 162, 'O espello das letras', 2004, , pp. 96-97.

Informa da publicación dos tres primeiros números dos *Cadernos Ramón Piñeiro*, publicados polo centro de investigación que leva o seu nome, e dá conta do seu contido. Explica que o primeiro caderno recolle dous pequenos ensaios: "Lírica e metafísica no proxecto filosófico de Ramón Piñeiro", de Anxo González Fernández, onde se amosan e analizan as claves do pensamento piñeirano, e "Para unha sistemática de Ramón Piñeiro", de Ramón López Vázquez, onde se debulla a filosofía piñeirana, se estuda a forma en que os contidos son presentados e se salienta a estrutura temática que sustenta todos os seus artigos. Sinala que no segundo caderno, "Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas", Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro presentan a vida do autor e achegan unha escolma da correspondencia de Ramón Piñeiro con figuras senlleiras da nosa cultura, como Avilés de Taramancos, Carlos Casares, Rafael Dieste ou Luís Pimentel. Indica que no terceiro caderno, "Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución", Luís Alonso Girgado, María Cuquejo e Teresa Monteagudo Cabaleiro tentan un achegamento á bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro.

Curros, Óscar, 'Asociación cultural Iguazú. A poesía como espacio de liberdade', *Atenea*, nº 16, 'Outras entidades', 2004, p. 11.

Comézase reflexionando sobre a liberdade de prensa, a súa relación co imperio do mercado e cómo a nosa vida de cidadáns está marcada pola comunicación. Indícase que estas reflexións levaron á Asociación Cultural Iguazú a organizar en Compostela un recital poético o 3 de maio, Día Mundial da Liberdade de Prensa. Co fío condutor da liberdade conversouse e léronse textos propios ou alleos, en prosa ou en verso e inéditos ou publicados, prestándose especial atención a temas sociais como a catástrofe do Prestige ou a barbarie do 11-M. Sinálase que interviron a directora da revista Iguazú, Nuria Sebastián, e mais Eduardo Estévez, Óscar Curros, Xosé Luís Santos, Uxío "Touro Sentado", Antía Otero, Rosa Aneiros e Lara Silbiger. Así mesmo, indícase que a Asociación Cultural Iguazú promove *Iguazú-Revista Artesanal de Literatura e Cultura*, dedicada á creación mediante palabras e imaxes, e faise un convite a todo aquel que queira participar nela. Infórmase de que é unha revista gratuíta, subvencionada pola Universidade do País Vasco, cunha tiraxe de mil catrocentos exemplares e sen publicidade na que se poden ler textos en diferentes linguas como o español, o galego, o catalán, o éuscaro ou o inglés, nunha tentativa de crear diálogos interculturais. Tamén se salienta que na revista se lle presta unha especial atención á relación entre movementos sociais e cultura.

Curros, Óscar, 'Manuel Rivas. O poeta descoñecido', *Tempos Novos*, nº 80, 'Voces e culturas', xaneiro 2004, pp. 58-61.

A publicación de *Do descoñecido ao descoñecido. Obra poética (1980-2003*) (2003) serve de escusa a Óscar Curros para entrevistar a Manuel Rivas. No campo da literatura, trátanse o nacemento da vocación poética, a elección da temática e a relación e compromiso da obra coa realidade.

Dasilva, Xosé Manuel, 'En torno da difusión literaria de Eça de Queirós en Galicia', *Trabe de Ouro*, nº 58, 'Acoutacións', 2004, pp. 87-103.

Este artigo aborda a tarefa de examinar a recepción e difusión do gran novelista portugués Eça de Queirós na cultura literaria galega. O traballo de Xosé Manuel Dasilva céntrase na análise das principais revistas de primeiras décadas do século XX, demostrando desde unha perspectiva próxima ás orientacións sistémicas da Teoría literaria que as diferentes estratexias identitarias e de reconstrución cultural da Xeración Nós poden ser exploradas a través do tratamento do autor luso. En primeiro lugar, os textos documentan que a dignificación do idioma galego e da súa literatura é procurada pola identificación coa cultura portuguesa, o que nalgúns casos implica un "peculiar criterio canonizador", isto é, a escolla de figuras literarias útiles á marxe do seu status no sistema orixinal, como aconteceu coa divulgación da obra de Teixeira de Pascoaes. En segundo lugar, a necesidade de fomentar unha produción literaria non deficitaria en canto aos xéneros explica a promoción de Eça de Queirós, narrador, obviando, con algunhas excepcións, a súa escasa xenerosidade coa imaxe do "galego" e incluso os seus postulados políticos, alleos á conciencia nacional, lusista e antiespañola, que se pretendía transmitir nestes momentos. A conclusión final de Dasilva é que Eça de Queirós no sistema galego é "unha presenza, en suma, con perfil privativo no proceso de recepción, moi diversificado, do novelista portugués no Estado español".

Dasilva, Xosé Manuel, 'A nosa tradución máis famosa', *Trabe de Ouro*, nº 59, 2004, pp. 127/415-130/418.

Con motivo da publicación dos fragmentos do *Ulises*, de James Joyce, a cargo da Editorial Galaxia no ano 2003, alude ás características da tradución de Otero Pedrayo. Para adentrarse nos trazos principais, fai referencia ao preliminar de Kerry Ann McKevitt, no que expón os motivos que levaron a Pedrayo a traducir a obra universal e revela o procedemento que o escritor ourensán seguiu. Tamén recolle diversos comentarios de Vicente Risco e a opinión de Evaristo Correa Calderón.

Dasilva, Xosé Manuel, 'A recuperación dun autor escurecido', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 162, 'O espello das letras', 2004, , pp. 91-93.

Anúnciase a publicación en volume conxunto das obras *Os calaicos*, *Mágoas* e *Follas ao vento* (2003), de Florencio Vaamonde Lores. Destaca o extenso estudo que o precede, concibido con rigor e con vontade de se mostrar exhaustivo. Valora especialmente a confrontación realizada entre *Os calaicos* e *Os Lusíadas.* Finaliza, expresando que esta edición merece unha boa acollida.

Dasilva, Xosé Manuel, 'Manuel Rivas traducido ao portugués (de Portugal)', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 162, 'O espello das letras', 2004, , pp. 90-91.

Dá noticia da publicación pola editorial portuguesa Dom Quixote da obra *O segredo da terra*, de Manuel Rivas, que reúne os libros *Un millón de vacas* e *Os comedores de patacas,* publicados conxuntamente por Alfaguara co título de *El secreto de la tierra.* Primeiramente aclara que se trata dunha tradución ao portugués de Portugal e xustifica esta aclaración explicando que a anterior edición de *O lapis do carpinteiro* contou con distintas traducións para Portugal e para o Brasil, o cal choca coa pregoada proxección internacional da lusofonía. Lembra que tamén teñen versión portuguesa *Que me queres amor?* e *Alma, Maldita Alma.* Salienta algunhas peculiaridades na aparición desta obra no ámbito portugués, en concreto que figure como tradución da edición en castelán de *El secreto de la tierra*, de Ediciones B. Sen embargo, valora positivamente o feito de que Manuel Rivas sexa presentado en Portugal como escritor galego, a diferenza de Italia onde é recoñecido como escritor español. Considera que esta confusión débese á tendencia dos escritores a autotraducirse do galego ao castelán para ofrecer estas últimas versións como auténticas obras orixinais, no canto de traducións. Reflexiona tamén sobre os modos de circulación da literatura galega en Portugal, especialmente na circunstancia de que só se len as obras que contan con tradución ao portugués, independentemente da maior ou menor proximidade ao portugués da ortografía galega coa que estean escritas. Felicítase porque a literatura galega sexa cada vez menos invisíbel no país veciño e desexa que esta nova tradución de Rivas reciba a mesma aceptación ca os seus libros anteriores.

Delgado Corral, Concepción, 'Francisco Antonio Sánchez, 'Antón de Pepiño', *Anuario Brigantino 2003*, nº 26, 'Arte, Literatura, Antropoloxía, ...', 2004, pp. 481-491.

Faise unha pequena achega á vida e obra do prolífico e descoñecido poeta galego Francisco Antonio Sánchez (1874-1939). Indícase que tivo influenzas de Rosalía de Castro e de Manuel Curros Enríquez, que cultivou a poesía, os relatos breves e mais os artigos xornalísticos. Péchase este estudo cunha breve antoloxía poética.

Delgado Corral, Concepción, 'Presencia da literatura galega no Anuario Brigantino', *Anuario Brigantino 2003*, nº 25, 'Arte, Literatura, Antropoloxía, ...', 2004, pp. 475-480.

Faise un repaso á historia do *Anuario Brigantino*, fundado en 1948, e un estudo á presenza da literatura galega nesta revista, nomeadamente desde *Anuario Brigantino 1981* até o *Anuario Brigantino 2001*.

Dobarro Paz, Xosé María, 'Un lugar na historia', *Eco*, nº 155, 'Sociedad', abril 2004, p. 67.

Xosé María Dobarro Paz repasa a biografía de Ánxel Casal con motivo de publicar, en colaboración con Ernesto Vázquez Souza, o volume *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos*. Sinala que naceu na Coruña en 1895 no seo dunha familia procedente do mundo rural e que se educou en ambientes galeguistas e republicanos. Apunta que se vinculou moi novo ás Irmandades da Coruña e participou na Irmandade Nazonalista Galega encabezada por Vicente Risco en 1922; que creou, xunto a Leandro Carré Alvarellos a editorial Lar e, posteriormente, a editorial Nós cuxos prelos "darían luz unha importante parte do máis interesante da literatura, o xornalismo e a política que se desenvolveu na Galicia". Refire tamén que participou na fundación da ORGA, no Partido Galeguista e que formou parte da corporación municipal de Santiago de Compostela despois da vitoria electoral da Fronte Popular nas eleccións xerais de febreiro de 1936 e, como tal, foi elixido alcalde de Compostela e vicepresidente da Deputación Provincial. Salienta que dende ambos os organismos defendeu unha política galeguizadora ao servizo dos menos favorecidos e traballou a favor da autonomía. Conclúe relatando as circunstancias que rodearon o seu asasinato, o 19 de agosto de 1936, e como o seu cadáver apareceu na gabia da estrada de Santiago de Compostela a Cacheiras.

Even- Zohar, Itamar, 'Solucións anticuadas e a industria de ideas', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002*, 'Perspectivas teóricas sobre literatura e nacionalismo', xaneiro 2004, pp. 39-53.

Comeza aludindo un relatorio sobre planificación cultural que presentou no seminario "Literatura galega: ¿Literatura nacional ou subalterna?" onde tivo como moderador a Gonzalez Millán. Afirma que, nese momento, os seus obxectivos foron os de extraer unhas conclusións sobre as trampas e os problemas que supón a planificación cultural e as implicacións dos esforzos de promoción para mobilizar actividades colectivas. E non, pola contra, sacar conclusións sobre o éxito de tales esforzos. Sinala que o presente texto é un

intento de, baseándose en investigacións posteriores, ampliar esas conclusións. Analiza os tópicos de que a autoxestión política debe ser unha mellora e de que, en consecuencia, se deben empregar os recursos domésticos para "preservar" ou construír a cultura local separada. A continuación analiza as principais circunstancias baixo as que a industria das ideas non funcionou como debera nos apartados titulados "Os creadores de ideas e os empresarios culturais non se poden liberar da iniciativa específica que xeraron" e "A inteligentsia de segunda xeración é normalmente capaz de perpetuar -máis que calquera outro asunto- iniciativas herdadas". Emprega para os exemplos, entre outras linguas, o galego.

Fernández Álvarez, Fernando, 'A calidade do xénero', *Guía dos libros novos*, nº 6, maio 2004, p. 11.

Comentario a Pluriversos: seis poetas irlandesas de hoxe, unha mostra da poética das irlandesas Eavan Boland, Paula Meehan, Nuala Ní Dhomhnaill, Mary Dorcey, Medbh Mcguckian e Anne Le Marquand Hartigan, publicada por Follas Novas en 2003. Comeza por subliñar que se trata dun volume que ten como fío condutor o feito de presentar "voces excéntricas ao canon" que configuran un discurso feminino con temas propios. Seguidamente, cuestiona en certa medida os criterios de selección dos poemas, baseados nas afinidades entre os contextos galego e irlandés e mailo impacto das composicións na crítica internacional, e detense nunha breve consideración eloxiosa da tradución. Por último, aplaude a presentación paratextual do volume, que considera verdadeiramente sobresaínte.

Fernández Fernández, Ruth, 'A represión na novelística galega da Guerra Civil', *Unión libre. Cadernos de Vida e Culturas,*, nº 9, 'Arte e literatura', 2004, pp. 103-115.

Tal e como titulou esta contribución, Ruth Fernández escolleu tres novelas galegas nas que se denuncian os desastres producidos polo conflito de 1936-39 e toda a serie de sucesos de horror vividos polos perseguidos, dende a perspectiva republicana. Polo tanto, describe brevemente e acompaña un anaco de *Non agardei por ninguén* (1975) de Ramón Valenzuela Otero, *O silencio redimido* (1976) de Silvio Santiago e *O siñor Afranio ou cómo me rispéi das gadoupas da morte* (1979) de Antón Alonso Ríos. Engade que se trata de obras de marcado tinxe autobiográfico, máis ou menos disimulado mediante o emprego dos recursos literarios que contribúen a lograr un maior distanciamento do que se conta con respecto á persoa que narra tales feitos.

Fernández Rey, José Francisco, 'A singradura existencial de Vogar de Couse', *Trabe de Ouro*, nº 59, 'Publicacións', 2004, pp. 121-126.

Texto correspondente á intervención no acto de presentación do poemario *Vogar de couse*, no que, en primeiro lugar, o articulista descobre cómo coñeceu ao autor do libro, Alexandre Nerium. A continuación, fai unha breve análise da obra. Examina a estrutura, o contido, a intención do poemario e, sobre todo, o léxico, citando numerosos termos. Francisco

Fernández Rey sinala que algúns dos quintetos conteñen versos de obras de autores que adoptaron o mar como elemento característico dos seus escritos. Indica que se trata dun libro que "non é de lectura doada" e destaca o dominio do léxico e do emprego dos metros clásicos. Conclúe manifestando que cómpre analizar o léxico das obras dos autores de antano para enriquecer o galego.

Fernández Salgado, Xosé A., 'Cen anos sen Marcial Valladares. Retallos da vida e obra', *Trabe de Ouro*, nº 57, 'Acoutacións', 2004, pp. 89-102.

O autor escribe unha breve biografía de Marcial Valladares (Vilancosta, 1821-1903) empregando, entre outras, unha fonte inédita (as *Memorias de Familia*, do escritor de Vilancosta). Xosé A. Fernández Salgado percorre tanto a vida como político e funcionario de Valladares como a súa diversa obra literaria, destacando a importancia dos seus traballos gramáticos.

Ferreira, María Auxiliadora, 'A Bahia e Galiza unidas por um mesmo poeta', *Agália*, nº 77-78, 'Estudos', 2004, pp. 87-102.

Analízanse e reprodúcense os poemas galegos do poeta brasileiro Godofredo Rebelo e Figueredo Filho (1904-1992) que teñen os seguintes títulos: "Canzón do mar de Vigo", "Canzón que xurde da lúa", "Antífona", "Noiturnio en Santiago", "Romeiría", "D'o ermo", "Maino, chove en Santiago", "Auga e tempo", "Choiva gallega" e "Canto gratulatório ó padre Ignacio Domínguez González, pola súa festa de prebisterado, a 29-06-1967, en Vigo".

Ferreiro, Celso Emilio, 'Celso Emilio Ferreiro reflexiona sobre o Camiño de Santiago no Día da Patria Galega', *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 88, 'Auria das Letras', agosto 2004, pp. 24-25.

Reprodúcese un texto inédito en galego de Celso Emilio Ferreiro, que é un discurso pronunciado polo poeta celanovés durante a súa estancia en Caracas na celebración do Día da Patria Galega, e que versa sobre o Apóstolo Santiago.

Figueroa, Antón, 'Literaturas minoritarias: autonomía e relacións interliterarias', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002*, 'Perspectivas teóricas sobre literatura e nacionalismo', xaneiro 2004, pp. 55-67.

Recensión na que se intenta explicar como as funcións específicas da relación interliteraria en literaturas como a galega poden ser explicadas mediante os instrumentos metodolóxicos que imaxinan o mundo literario como unha rede de relacións históricas. Antón Figueroa tamén sinala que para analizar este movemento hai que analizar a estrutura de relacións entre os "axentes sociais", como os denominaba González-Millán. O feito de entender a literatura galega como unha rede de relacións permite proxectar un novo punto de vista

sobre as relacións con outras literaturas, consistente en explicar a razón e a intervención do que se importa en cada momento deste conxunto en evolución. Para explicar isto son precisos os conceptos de González-Millán "nacionalismo literario/literatura nacional". Tomando como punto de partida a noción de campo literario, no que o concepto de autonomía é fundamental, estabelece algunhas liñas de reflexión das que extrae como conclusión, entre outros aspectos, que a relación interliteraria realiza funcións tamén "políticas". Sinala tamén que non se importa o mesmo nun momento de "nacionalismo literario" que nun momento máis autónomo de "literatura nacional" e afirma que iso é aplicábel a todos os elementos importables e a todos os destinos que se lle pode dar a importación. Analiza polo miúdo, a seguir, todos estes aspectos.

Folgueiras López, Mónica, 'Venturosa carta de presentación', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 162, 'O espello das letras', abril 2004, , pp. 88-89.

Comentario da novela *Ácaros verdes*, de Pilar Buela, Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta no ano 2003. Comeza indicando que o marco espazo-temporal, o Berlín de finais da Segunda Guerra Mundial, é un tópico da literatura, mais coa novidade de que os feitos se presentan dende a perspectiva feminina de dúas protagonistas: Magda Goebbels e Eva Braun, as dúas primeiras damas do Terceiro Reich. Fai notar o coidado manexo da linguaxe, así como os anacos inzados de lirismo e a complexa simboloxía. Tamén incide no importante labor de documentación bibliográfica. Analiza a contraposición entre ambas personaxes a partir do binomio público/privado e nai/amante e remata xustificando a razón pola cal as dúas, malia as diferenzas existentes, deciden un día entregarse a homes diferentes.

Forcadela, Manuel, 'Noticia d'Os Eoas de Eduardo Pondal', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002*, 'O papel da poesía na constitución dunha literatura nacional', xaneiro 2004, pp. 209-220.

Informa da próxima publicación, promovida pola RAG, do texto definitivo d'*Os Eoas* de Eduardo Pondal cunha edición a cargo de Xosé Ramón Pena, Manuel Forcadela e Manuel Ferreiro. Comeza analizando o que "o poema quixo ser e o que finalmente foi", debido, en gran parte, a que Pondal escribiuno durante cincuenta anos, aproximadamente. A seguir aclara que a obra é un "poema" porque, entre outros factores, está escrito en versos medidos e rimados e conta ademais con linguaxe poética e logo tamén explica porqué é un poema épico. A seguir comenta os diversos paradoxos que se poden apreciar en Pondal como, por exemplo, a nostalxia que manifesta pola Idade de Ouro, que contrasta coa súa propia biografía, xa que Pondal foi unha das máis destacadas figuras da revolución liberal. Achega tamén as características máis salientábeis que singularizan a épica galega do s. XIX e repasa os trazos, nós argumentais, escenas e motivos, que se empregan na descrición literaria de Colón. Conclúe analizando a estrutura e a natureza política d'*Os Eoas*.

Forneiro, José Luis, 'Armando Cotarelo Valledor, editor e estudioso do romanceiro tradicional galego', *Revista Galega de Filoloxía*, nº 5, 2004, pp. 79-106.

O profesor José Luís Forneiro explica cómo a través das investigacións realizadas para a súa tese de doutoramento descubriu que Armando Cotarelo Valledor (Vegadeo, 1897-Madrid, 1950) tiña no seu poder os romances populares que Afonso Hervella Courel recompilara con anterioridade, a pesar do cal non indicou que esta era a fonte do seu traballo. Deste xeito, tras achegar unha breve biobliografía de Cotarelo Valledor, sinala que en 1919 publicou na revista Ultreya. Revista Quincenal de Cultura Galaica un traballo titulado 'Romancero popular gallego', no cal non indicaba que a súa fonte principal era os *Romances populares gallegos recogidos de la tradición oral*, que Afonso Hervella recompilara e presentara en 1909 na Exposición Regional Gallega; máis ben, dando a entender todo o contrario, pois nas súas notas a pé de páxina indica que el xa devolvera ao autor os seus orixinais. Finalmente, José Luís explica que existen tres copias do traballo de Hervella Courel e realiza unha análise comparativa entre a versión dos romances editada por Cotarelo Valledor e a que aparece nas outras copias, que demostran as pequenas manipulacións que o este realizou no seu traballo.

Fortes, Belén, 'Fronte a canóns e insulas baratarias', *Tempos Novos*, 'Entrevista', 2004, pp. 57-59.

Entrevista ao escritor Ramiro Fonte, na que interesa sobre todo a súa concepción da literatura en xeral e da poesía en particular. Segundo se extrae das palabras do escritor el escribe por vocación, por amor á literatura, sendo consciente de que todas as grandes obras son tremendamente lúcidas, pero tamén de que non hai que chamarse a enganos e que o poeta é unha persoa normal que escribe versos, "a ser posible, bos versos". Para facer o que el entende por poesía hai que volver ao poema ben composto, á frase ben escrita, como primeiro paso para inventar novos xéneros ou novas estrofas. Continúa dicindo que o poeta ten algo de músico e de pintor, polo menos dende Baudelaire, e que a poesía non é un xénero minoritario, aínda que si que poida parecelo nun principio e é maioritario de cara ao futuro. En relación coa súa obra di que un debe ser consciente das súas inseguridades e dos seus límites, polo que hai que decatarse de que todo o que poidan escribir xa está escrito. Considérase un escritor integral, que desexa ampliar os límites da paisaxe literaria galega , aspira a escribir obras que poidan ser canónicas na literatura galega. Falando desta literatura di que é totalmente occidental, non ten nada de periférico, aínda que si poida ser provinciana ás veces, e reitera que el non está de acordo cos que manexan o sistema literario; el o único que procura é non decepcionar, e para iso pensa nun público que sexa máis intelixente ca el, que escriba mellor ca el e que lese máis libros dos que leu el.

Franco, Camilo, 'Teatro illado', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 2004, pp. 13-15.

Apunta a desaparición paulatina do teatro nos xornais e defende unha maior presenza do teatro na prensa. Reivindica unha máis estreita colaboración entre teatro e prensa, dado que o teatro merece a mesma atención que outras manifestacións culturais do país. A pesar disto, pregúntase tamén se para que a prensa preste atención ao teatro non será necesario primeiro que os espectáculos teatrais recuperen o seu público, pois como nos sucesos

"cando aparece a xente aparece a presa". Segundo Camilo Franco, outorgarlle prioridade a prensa "non é senón outra forma de illamento"

Freire, Carlos, 'As leis do monte', *Guía dos libros novos*, nº 4, 'Libros', febreiro 2004, p. 9.

Achega á obra de Santiago Jaureguizar, *Casa Skylab* (2003), da que destaca a singularidade dos personaxes, destacando por riba de todos eles a Antón Duracell, o parvo. Así mesmo, o autor destaca a presenza de elementos da vida cotiá no relato, como poden ser os nomes de marcas comerciais ou a linguaxe xornalística. Lamenta, unicamente, os cambios de narrador, que Freire considera 'o punto máis feble da obra'.

Freire, Carlos, 'Recordos boreais', *Guía dos libros novos*, nº 6, maio 2004, p. 10.

Recensión da novela A noite da aurora (2003), de Camilo Gonsar (Sarria, 1931). Tras notar que se trata dun escritor de "crecemento lento" e cunha obra moi meditada, entra no contido da narración, localizada espacialmente en Reikiavik e nunha cidade da Galicia interior nos tempos da posguerra. Analiza as personaxes, as voces narrativas, e fai comparacións entre a novela e a película de Federico Fellini I Vitelloni. Finalmente, afirma que esta é unha obra menor dentro do conxunto da produción de Gonsar, xa que non existe na súa opinión un verdadeiro argumento: semella, máis ben, que se trata dun feixe de evocacións.

Gamallo, Luís, 'Cando a mestría se pón ao servizo da novela negra', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 85-87.

Recensión de *A vida que nos mata*, novela que Xabier López López publicou en 2003. Destácase sobre todo a mestría do autor para manter viva a curiosidade do lector e o manexo á perfección do suspense a través do que María Luís Gamallo considera pseudoprolepses. Sublíñase tamén que se fan constantes chiscadas de ollo ao lector, ficcional e real, e que o protagonista está moi conseguido. Despois, revélase a estrutura, en tres partes, analízase a voz narradora, en primeira persoa, e resúmese o argumento. Para concluír, afírmase que López López consegue facer dunha novela negra ou policial convencional algo moi novo.

García Vidal, David, 'Os Cadernos da Escola Dramática Galega. Dificultades para a construción dunha alternativa para o teatro galego', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002*, 'Teatro e nacionalismo', xaneiro 2004, pp. 141-166.

Mediante o estudo dos cento cinco volumes dos *Cadernos da Escola Dramática Galega* realízase unha análise dos problemas que topou o xénero dramático en Galicia para a súa normalización no período de institucionalización da cultura galega que comeza coa morte de Franco. O artigo divídese en seis apartados, ademais da bibliografía, "Nova literatura dramática: os premios do concurso de teatro breve da EDG", "Recuperación de textos: un repertorio para a literatura dramática galega", "Textos de teoría e crítica teatral",

"Traducións", "Conclusións" e "Apéndice". David García Vidal sinala que os *Cadernos da Escola Dramática Galega* tiveron como obxectivo principal desenvolver unha alternativa para o teatro galego, que era o xénero literario ao que máis lle afectou a falta de institucionalización, que se movía nun mercado restrinxido, e todo na etapa de paso dunha cultura minorizada a unha cultura institucionalizada. Apunta tamén tres grandes deficiencias que amosa o xénero teatral: a indefinición sobre as fronteiras do propio sistema, a ausencia de heteroxeneidade e a dispersión de criterios de selección e un exceso de especialización. Conclúe o apartado indicado que "a alternativa proposta pola Escola Dramática Galega deu interesantes froitos" e demanda tamén un maior compromiso institucional. O artigo finaliza co "Apéndice" no que se aporta a relación dos textos publicados nos *Cadernos*.

García-Sabell, Domingo, 'Dous comentos', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 63-67.

Reprodúcense nestas páxinas, a título póstumo e in memoriam, dúas reflexións de Domingo García-Sabell: as tituladas "Gabanza dos escritores" e "Sobre a crítica de arte". Trátase dos primeiros textos cos que a revista *Grial* botaba a andar na súa segunda época, en 1963. No primeiro deles o autor, que alicerzaba o cerne da identidade galega na cultura, consideraba aos escritores "unha leira decisiva da terra". Canto ao segundo, constitúe unha reflexión sobre o rigor no campo artístico, que para el reside na autenticidade do pulo creativo no caso do artista e nunha "sensibilidade peneirada conceptualmente" no caso do crítico, que debe ser o intermediario entre o creador e o espectador.

Gómez, Joel, 'Apresentaçom básica de Ricardo Flores', *Agália*, nº 75-76, 'Notas', 2004, pp. 215-238.

Aproximación á biografía e mais á obra de Ricardo Flores (1903-2002) onde se subliña que participou na Sociedade Nazonalista Galega Pondal, na Irmandade Galega ou no Consello de Galiza. Indícase que en 1929 emigrou a Bos Aires e que entre 1932 e 1936 colaborou con *A Fouce*, da que se fai a relación de todos os seus traballos. Fálase das súas obras dramáticas e da súa *Escolma de cantigas galegas* (1982). Remátase afirmando que colaborou con *Adigal* e mais con *Agália*.

Gómez-Montero, Javier, 'O paradigma galego nunha cartografía identitaria da poesía na península Ibérica: máis alá de minorización e normalización, entre resistencia e institucionalización', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002*, 'O papel da poesía na constitución dunha literatura nacional', xaneiro 2004, pp. 221-240.

Descrición dos aspectos da articulación histórica da Nación na poesía galega botando man dunhas teses provocadas por Xoán González-Millán. O estudo divídese en tres apartados. No primeiro, "Un tributo crítico persoal en homenaxe a Xoán González-Millán", o autor explica os temas obxecto de reflexión de González-Millán, que lle serviron dunha gran axuda na creación de *Cartografía identitaria de los discursos poéticos en España*. A seguir

achega uns apuntamentos sobre esa cartografía identitaria. A continuación, no apartado "Formulación sistemática: literatura, nación, identidade (Unha sinopse)" realiza unha formulación de diversas teses e no derradeiro apartado, "Os discursos identitarios na lírica galega como paradigma dunha cartografía identitaria da poesía no diasistema literario ibérico (lecturas ilustrativas)", efectúa, en tres subapartados, unha análise histórica dos procesos de xeminación, toma de conciencia, disolución e persistencia da idea dunha identidade colectiva na poesía galega, apuntando diversos exemplos.

González Fernández, Anxo, 'Pirandello na obra de Cunqueiro', *Boletín Galego de Literatura*, nº 29, 'Estudos', 2004, pp. 5-20.

Estudo da fonda presenza do autor italiano Luigi Pirandello nas obras de Álvaro Cunqueiro, no que Anxo González se detén primeiro nas citas e referencias explícitas que se poden atopar nalgunhas das creacións do escritor mindoniense e nas propias declaracións deste a amigos e intelectuais do seu momento como Baltasar Porcel ou Antón Risco. Afondando na súa análise, afirma que a obra de Pirandello está na estrutura mesma das obras cunqueirianas. Detense especialmente nas grandes similitudes existentes entre a historia e os personaxes principais de *Un hombre que se parecía a Orestes* e na novela de Pirandello *O defunto Matías Pascal* e na influencia de Pirandello, no que atinxe á estrutura dramática, en *O incerto señor Don Hamlet*, obras das que reproduce abondosos parágrafos.

González Fernández, Helena, 'Encrucilladas identitarias: sobre xénero, nación e literatura', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002*, 'O papel da poesía na constitución dunha literatura nacional', xaneiro 2004, pp. 241-250.

Comeza co apartado "Escritoras no camareiro identitario" onde afirma que toda produción cultural, especialmente se se trata dunha manifestación de resistencia, está especialmente marcada polo condicionantes sociohistóricos. Sinala que, historicamente, o nacionalismo patriarcal galego tentou neutralizar e asimilar o discurso literario resistente das mulleres. No segundo apartado, "A lexitimación dos xéneros" comeza indicando que a institucionalización do discurso feminino e maior que o que se produce noutras literaturas. A seguir destaca tres grandes acontecementos no eido da poesía, "O éxito das poeróticas femininas a mediados da década dos 90: As poeróticas", "A elección dun poema feminista, o "Penélope" de Xohana Torres, como o poema máis destacado do último cuarto de século", "A rápida conversión da poética posmoderna de Chus Pato en modelo literario". No derradeiro epígrafe, "Da identidade oximorónica á encrucillada identitaria" di que o punto de vista alternativo a visión xerarquizada das identidades é a "identidade oximorónica" na que destacan dous ítems, "nación" e "xénero". Na literatura galega "nación" refírese a "estar escrito nunha determinada lingua" e "xénero" a "autoría feminina".

González Fernández, Helena, 'O texto roto', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 94-96.

Comentario de *(Cito)* (2003), de Emma Couceiro, un dos primeiros volumes da nova colección lírica de Xerais. Comeza por facer notar que, como Fernando Pessoa, Emma Couceiro reflicte na súa poética a certeza da multiplicidade, só que non se concreta esta na heteronimia, senón máis ben na diversidade de voces que flúen nunha enunciación ventrílocua, por iso o xogo pronominal é tan determinante nela. Parécelle a Helena González que esa multiplicidade explica tamén a cantidade de citas, parénteses, cursivas, asteriscos e mesmo opcións agramaticais que percorren o libro. Continúa afirmando que se trata de trece poemas que cómpre ler utilizando os paratextos, como as notas que os acompañan e o epílogo final, porque con eles constitúese case un hipertexto ou "libro-rede" que vulnera os límites estabelecidos por Gerad Genette. Máis brevemente, refírese tamén a *Desmentindo a primavera*, de Marilar Aleixandre, publicado na mesma colección e ano que (Cito). Neste caso, di, hai tamén simultaneidade, só que se trata dunha simultaneidade temporal.

González Fernández, Helena, 'O desexo xestionado como cativerio', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 162, 'O espello das letras', abril 2004, , pp. 94-95.

Presentación de *Heleris* (2003), último poemario de Carlos Negro. Helena González Fernández recupera e analiza a produción anterior do autor e salienta o seu interese por concibir o libro de poemas como unha arquitectura narrativa moi próxima ao conto. Opina que os seus libros serían un excelente punto de partida para unha curtametraxe ou para un texto ilustrado. Explica que *Heleris* está protagonizado por unha Helena e un Paris da posguerra galega. Considera que o punto de partida leva aos textos primixenios de occidente pero reescribindo o mito polos camiños do cativerio e a derrota. Sinala tamén que a novidade da súa proposta reside na revisión da feminidade e da masculinidade, conducindo a épica homérica e os contos marabillosos dos Grimm cara á vida cotiá. A articulista opina que nas dúas partes do libro se coñece a vida dunha muller e dun home prototípicos dende a súa infancia até a súa morte, que constitúen o retrato de calquera parella da Galicia de posguerra. Comenta asemade o reto formal do autor ao construír todo o libro en versos alexandrinos brancos sen perder a naturalidade do relato oral e da lingua cotiá.

González Fernández, Martín, 'Risco no diván', *Trabe de Ouro*, nº 57, 'Publicacións', 2004, pp. 119-123.

A reedición de *Satanás. Historia del diablo* (2003) permítelle a Martín González Fernández cuestionarse sobre o pensamento de Vicente Risco. Así, reflexiona sobre o seu pensamento político e as súas conclusións etnográficas tomando como fío a xa citada obra.

González Herrán, José Manuel, 'Dos árboles de una misma semilla: Trece badaladas, de Suso de Toro/Trece Campanadas, de Xavier Villaverde', *Ínsula*, nº 688, abril 2004, pp. 27-29.

Artigo de análise comparativa entre a obra literaria de Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) e a obra audiovisual de Xavier Villaverde. Segmentado en tres partes, comeza por sinalar a orixe distinta de ambos os proxectos. Por unha banda, o proxecto audiovisual sería unha serie de televisión cuxa idea o autor compostelán tentou vender, ata que atopou unha produtora interesada en levala a termo, se ben en formato fílmico. Por outra banda, o proxecto literario tería a súa orixe consecuencia do proceso de recorte ao que Suso de Toro someteu o guión orixinal. Nunha segunda parte, compáranse os puntos comúns e as diverxencias máis destacadas entre os dous proxectos. A cidade como labirinto apúntase como o punto en común, se ben anótanse os distintos enfoques, de literatura gótica no literario, de psicothriler no cinematográfico. Na terceira parte, compáranse os dous proxectos e anótanse as influenzas audiovisuais que ten o libro.

González Millán, Xan, 'E. Pardo Bazán y su imagen del 'Rexurdimento' cultural gallego en la revista de Galicia', *La Tribuna. Cadernos de Estudios da Casa Museo Emilia Pardo Bazán*, nº 2, 'Estudios', 2004, pp. 35-65.

Comeza facendo un repaso pola prensa galega do XIX e dá conta da relevancia intelectual de Emilia Pardo Bazán cando, en 1880, comeza a dirixir a *La Revista de Galicia. Semanario de Literatura, Ciencias y Artes*, unha das dezasete publicacións que aparecen (ou reaparecen) nese ano. Dá conta do editorial programático que Emilia Pardo Bazán asina no primeiro número da revista, no que destaca a súa oposición ao emerxente movemento rexionalista, continúa facendo referencia a outros números da publicación, á dinámica editorial e a outros contidos da revista que amosan a opinión e a postura que a escritora coruñesa tiña do Rexurdimento que naqueles anos se estaba a producir. Finalmente, faise unha análise dos textos de literatura galega que se publicaron nesta revista.

González Reboredo, Xosé Manuel, 'Don Xaquín Lorenzo Fernández, ou a fidelidade e a constancia', *Revista Galega do Ensino*, nº 43, maio 2004, pp. 13-41.

Achega á vida e á obra de Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989), persoeiro ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas do ano 2004. Despois dunha breve presentación, González Reboredo fai, no apartado titulado "Traxectoria vital, ou a fidelidade", un completo percorrido pola vida de Xaquín Lorenzo, destacando fitos e datas importantes. Inclúe unha referencia especial a labor do etnógrafo ourensá como docente. No capítulo "O seu mellor legado: a obra arqueolóxica e etnográfica", ofrécese ao lector a obra arqueolóxica e etnográfica de don Xaquín. Salienta a súa contribución á arqueoloxía galega investigando a cultura castrexa, a romanización ou a arquitectura prerrománica. No tocante a súa importante labor como etnógrafo, Reboredo apunta que estudou a arquitectura tradicional, o instrumental agrícola e traballos do campo, a pesca fluvial e marítima xunto coas súas embarcacións, a sociedade, as crenzas e as festas, as coleccións de literatura oral e, por último, publicacións nas que se inclúen aspectos etnográficos diversos. Neste amplo campo de investigación, González Reboredo destaca o estudo do carro feito por don Xaquín. Nas "Breves consideracións como remate" destaca a fidelidade e a constancia como trazos definitorios da personalidade de Xaquín Lorenzo. Así mesmo da súa labor como etnógrafo subliña a inxente cantidade de datos que deixou. Por último, apunta o interese de continuar

o ronsel de Xaquín Lorenzo coa finalidade de perfeccionar a súa obra e construír unha Galicia con identidade e voz propia como don Xaquín e os seus mestres querían.

González-Millán, Xoán, 'Exilio, literatura e nación', *Anuario Grial de Estudos Literarios 2003*, 'Estudos', 2004, pp. 16-27.

Comeza co apartado "O criterio filolóxico", no que comenta a difícil situación dos exiliados galegos e salienta a figura de Luís Seoane, que publicou algunhas das obras máis importantes da literatura galega co obxectivo de amosar as excelencias da cultura galega, que na propia Galicia estaba silenciada. González-Millán sinala que os diferentes tipos de actuacións culturais estaban destinados aos tres tipos de interlocutores ben diferenciados: os emigrantes, as sociedades de acollida e a Galicia interior. Sobre todo, debido ao segundo grupo o criterio filolóxico aplicouse con flexibilidade. O uso do castelán por parte dos exiliados debeuse, como consecuencia, á posibilidade de "dialogar" cos sectores cultos da sociedade de acollida, que tiña esa lingua como oficial. No referente "As Institucións culturais" saliéntase que os exiliados sentíronse obrigados a reclamar a institucionalización cultural do galego, ou polo menos a manter viva unha infraestrutura mínima, debido ao baleiro que se estaba a producir en Galicia. Menciona diferentes proxectos relacionados coa cultura galega e salienta a creación da editorial Galaxia, en Galicia, e volve a destacar a figura de Luís Seoane, que, no exilio tentou recuperar a memoria histórica. A seguir analiza os aspectos innovadores que achegou o exilio galego ao proceso de institucionalización da súa cultura. Destaca a intencionalidade rupturista co negativo presente que tiñan en Galicia e co pasado que os obrigou saír da súa terra. Examina a dinámica cultural das comunidades galegas de emigrantes e os diferentes factores que nelas confluíron. No apartado "Unha nación desterrada" comenta as imaxes "nación imaxinada", "nación silenciada" e "nación esnaquizada". A seguir, en "Articular unha cultura nacional" explica como dende o exilio, se procurou este propósito. En "Literatura nacional", González-Millán, volve sobre a idea de que os exiliados tentaron orixinar unhas infraestruturas socioculturais mínimas. Formula, como unha hipótese, a imaxe do exilio como un intento "por emular o vigor do Rexurdimento e xustificaa. Tamén destaca a condición de privilexiada da literatura galega dentro dos discursos máis utilizados polos galeguistas e menciona que algúns escritores da Galicia do interior participaron tamén no discurso literario galego no exilio. A seguir, en "Delimitación de literatura galega", sinala que é moi complexo configurar e definir que é a literatura galega no exilio. Continua con "Historia literaria galega", onde se examina como o exilio se vía a si mesmo e como vía á tradición literaria galega anterior a Guerra. En "Xéneros e poéticas" comenta a dinámica dos xéneros e a súa representación no corpus do exilio. Dí que a poesía e as escolmas poéticas cobran un gran protagonismo. Menciona os exemplos máis significativos e lembra que a produción dos exiliados nas dúas primeiras décadas logo da guerra foi superior á publicada na Galicia interior. Conclúe co apartado "A formación dun canon" no que analiza, entre outros factores, a interpretación e a recepción do corpus literario do exilio.

GVP, 'Miguel Anxo Fernán-Vello. Presidente da Asociación Galega de Editores', *Eco*, nº 159, 'Entrevista', agosto 2004, pp. 68-70.

Preséntase a Miguel Anxo Fernán-Vello como un dos homes máis comprometidos coa cultura galega xa que é poeta, dramaturgo e home de empresa, pois fundou en 1991 a editorial Espiral Maior e na actualidade está á fronte da Asociación Galega de Editores. Sinálase que a súa candidatura á fronte desta asociación é transversal e de consenso e que nela están representadas todas as sensibilidades editoriais e as tipoloxías de empresas existentes neste mundo coa intención de configurar un gremio de editores en Galicia. Menciona os nomes de diferentes membros da Asociación Galega de Escritores e salienta entre os obxectivos inmediatos desta asociación a participación na Mesa do Libro, coa intención de presentarlle ao goberno galego unha proposta de lei do libro e de lei de bibliotecas, o estabelecemento de fluidez e de diálogo nas relacións coas diferentes administracións para crear bibliotecas de centro, escolares e de aula e a normalización da presenza do libro e da cultura na sociedade. Considérase que a comercialización do libro é un aspecto fundamental e que neste sentido cómpre mellorar a rede de librarías existentes en Galicia e favorecer a súa adaptación ás novas tecnoloxías. Sinálanse carencias como a escaseza do tempo de vida dos libros na libraría, que non supera os tres meses, a falta de estudos sobre o sector do libro galego e a prioridade da súa declaración como sector estratéxico. A propósito das bibliotecas comenta que é necesaria unha modernización notábel que pasa pola informatización, a interconexión e a fluidez en canto á recepción de novidades. O autor do artigo pronúnciase así mesmo sobre a poesía, un xénero que non é comercial; a falta de especialización dalgunhas editoras; a relación da industria galega co mercado español e co portugués, aínda deficitaria; e o papel do editor galego, "un empresario que ten conciencia de industria editorial, pero ó mesmo tempo está preocupado co que é o pan da cultura".

GVP, 'Avelino Pousa Antelo. Presidente da Fundación Castelao', *Eco*, nº 161, 'Entrevista', outubro 2004, pp. 60-62.

Despois dunha introdución referida á homenaxe que o 18 de setembro a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle rendeu a Avelino Pousa Antelo, histórico dirixente do Partido Galeguista e presidente da Fundación Castelao, este polígrafo relata como naceu a Fundación Castelao en 1984 por iniciativa do seu amigo Ramón Martínez López, que decidiu que con esta institución, na que participou a maioría dos galeguistas daquel tempo, se mantiña o nome e se divulgaba a obra do rianxeiro. Sinala tamén que recibiron axudas da Consellería de Cultura e contribucións voluntarias dos socios grazas ás que na actualidade se puido crear un museo de Castelao en internet. Cualifica a Castelao como figura simbólica, o mesmo que Rosalía de Castro, e sinala que "é de tódolos galegos de boa lei, porque dos 'arracastados' non é". A respecto da ideoloxía do Partido Galeguista di Pousa Antelo que hoxe en día podería ter vixencia e que de non ser pola Guerra Civil hoxe estaría á fronte do goberno galego. Finalmente, declárase votante do Bloque, "aínda que haxa algún a quen non o poida ver, como Rodríguez Peña ou Francisco Rodríguez, porque continúo sendo nacionalista".

GVP, 'Manuel Bragado. Director Xeral de Edicións Xerais', *Eco*, nº 162, 'Entrevista', novembro 2004, pp. 68-70.

Comeza esta entrevista cunha nota introdutoria na que se dá conta do vinte e cinco aniversario da aparición do primeiro libro da editorial que dirixe Manuel Bragado, unha empresa, segundo se informa, que leva publicados máis de dous mil trescentos títulos, producidos máis de dez millóns de libros e que constitúe un referente na cultura galega. Xa no corpo da entrevista, Bragado sinala que a nivel empresarial Xerais evolucionou dende unha condición de empresa humilde até se situar á cabeza do sector, que contan con dezaoito traballadores dedicados exclusivamente á edición e entre doce e quince colaboradores estábeis. Recoñece a delicada situación pola que atravesa o sector, que non medra o suficiente en facturación e ve baixar as tiraxes medias. Informa de diferentes datos relacionados coa edición que leva a cabo Xerais e co lector ao que os volumes van dirixidos. Apoiándose nestes datos, opina sobre a existencia ou non dunha industria cultural en Galicia e explica as razóns polas que cre que esta non existe. Así mesmo, defende a necesidade de que o sector sexa declarado estratéxico e declara que é un dos obxectivo que persegue dende a súa participación na Mesa polo Libro e pola Lectura. Coida que sería fácil para o libro galego afianzar a súa presenza no mercado brasileiro e portugués grazas á familiaridade lingüística e entre os novos proxectos para a celebración do vinte e cinco aniversario da editorial menciona a presentación dunha nova colección, "Libros do 25º Aniversario", que acollerá cada trimestre un libro que amose o seu mellor xeito de editar ao longo destes anos. Anuncia que o primeiro será *Con pólvora e magnolias*, de Xosé Luís Méndez Ferrín, ilustrado por Sucasas, coa intención non de facer libros elitistas pero si "dos que se teñan en casa pola súa beleza".

Hernández, José Ramón, 'La biblioteca del Seminario Mayor del Divino Maestro', *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 82, 'Efemérides', febreiro 2004, pp. 24-25.

Sublíñase a importancia da biblioteca do Seminario Maior do "Divino Mestre", con máis de trinta mil volumes, con revistas como *Grial*, *Boletín Auriense* ou *Compostellanum*, e anúnciase a posibilidade da súa próxima consulta en Internet dentro do Catálogo Colectivo del Patrimonio Bibliográfico.

Iglesias, Óscar, 'O cómic toma a cidade', *Tempos Novos*, nº 87, 'Entregas Culturais', agosto 2004, pp. 76-79.

Presentación da VII edición de "Viñetas desde o atlántico" na cidade da Coruña. Destácase a presenza do arousán Fernando Iglesias que traballa xunto ao guionista Carlos Portela. Faise relación dos artistas que expoñen e do seu traballo, pasando por mercados como o franco-belga até o de EUA ou o valenciano e madrileño. Esta edición contará tamén cunha exposición sobre o pasado e presente da banda deseñada na península.

Lamapereira, Antón, 'Experimenta 6', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 2004, pp. 39-41.

O articulista céntrase no "Experimenta 6 Teatro", un encontro internacional de grupos que, segundo se informa, se celebrou entre o 7 e o 13 de decembro de 2004 en Rosario (Arxentina) e que contou ademais con outras actividades: obradoiros sobre as técnicas de

traballo que utilizan os directores das diferentes compañías que participaban no Festival, unha xuntanza de directores de festivais e un encontro de revistas de teatro. Esta última actividade foi o acicate que animou ao director de *Revista Galega de Teatro* a acudir ao Encontro. Antón Lamapereira comenta o espectáculo dirixido por Aldo El-Jatib, *La consagración de las Furias*, da compañía anfitriona e dá conta das diferentes actividades levadas a cabo por esta: montaxe de espectáculos, impartición de cursos, proxección de películas, edición dunha revista, mantemento dunha páxina Web, edición electrónica da revista *Ícaro* e, dende hai seis anos consecutivos, a convocatoria de *Experimenta*. O articulista informa tamén da variada actividade teatral que hai na cidade de Rosario, que conta con dez compañías profesionais de teatro, cen de teatro afeccionado, nove salas alternativas, sete teatros oficiais, cinco privados , tres escolas oficiais de teatro e talleres privados. Como mostra desta actividade teatral, dise que o Encontro inclúe un ciclo de Teatro de Rosario do cal se destacan algúns dos espectáculos. Lamapereira refírese aos froitos do intercambio entre revistas dedicadas ao teatro, entre os que destaca o acordo de colaboración recíproca. As revistas que estiveron presentes ademais da *Revista Galega de Teatro*, foron *LMDA Review*, de Estados Unidos e Canadá, *Hojas de Teatro*, de Ecuador, *Picadero e Dionisio*, *Apuntador de Córdoba*, *El espacio vacío* e *Teatro Trúenos & Misterios*, de Arxentina. Finalmente, comenta a conferencia que pronunciou no Centro Galego de Rosario baixo o título "25 anos de Teatro Galego".

Leitao, José, 'O Teatro Art`Imagem e o Teatro Galego ou recortes de pequena historia das relaçoes galaico-portuguesas', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 2004, pp. 62-64.

Avógase por unha comuñón do teatro portugués co resto do teatro mundial, pero sobre todo co galego, pois a pesar da proximidade espacial aínda son poucos os contactos entre un e outro teatro. José Leitao Recorda que no festival "Fazer a Festa" de 1984 as primeiras compañías galegas que actuaron foron Tanxarina e Ancoradouro, posteriormente nas vinte e dúas edicións do festival estiveron xa preto de vinte compañías que prestaron uns cincuenta espectáculos. Destaca as compañías Teatro de Ningures, Teatro do Aquí, Chévere e Teatro do Morcego, entre outras. Pola outra banda lémbrase que a compañía Teatro Art`Imagem actuou por primeira vez en Galicia nese mesmo ano 1984 nun cinema-teatro de Cangas, que hoxe xa desapareceu. Dende entón, dise, o grupo de teatro portugués actúa regularmente en Galicia. Ademais, apunta a coprodución dun espectáculo entre Teatro Art`Imagem e o grupo Tanxarina. Así mesmo, refire que as compañías galegas poden verse en diferentes festivais organizados en Portugal, sen embargo, bota en falta a presenza de compañías portuguesas en festivais que se celebran en Galicia, aínda que destaca os esforzos do grupo Chévere, do Teatro do Noroeste, do Centro Dramático Galego ou da *Revista Galega de Teatro*. Finalmente, reclama maior atención por parte das institucións para que os lazos entre o teatro galego e o teatro portugués se afiancen.

Lema, Carlos / **Vilavedra**, Dolores, 'Conversa con Suso de Toro', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 74-83.

Ampla entrevista ao escritor Suso de Toro na que o que se nos presenta como un dos autores que "máis fixeron a prol da renovación da nosa narrativa" reflexiona acerca do

oficio de escribir. Comeza apuntando que o que conduce á escrita é unha ansia un tanto exhibicionista por reafirmar o propio "eu", pero que no seu recorrido como narrador se topou en determinado momento co silencio: "non ten sentido escribir para ninguén". Afirma, ademais, que entende a súa arte como oficio e tamén como responsabilidade moral, e que a literatura é arte transcendente que "debería ser un camiño de epifanía que permitise revelar o misterio do mundo a través da linguaxe". Fala, por outra banda, e por suxestión dos entrevistadores, da "feminización" da súa obra nos últimos tempos; e tamén dunha evolución da conxunto da súa produción, que, partindo do máis experimental, tende agora a ser máis argumental. Remata realizando algunhas consideracións sobre a súa relación co cinema, coa literatura europea actual, con Galicia e coa lingua.

López Foxo, Manuel, 'Ausenza e presenza de Manuel María", A Xanela, "Manuel María na lembranza', *A Xanela*, nº 18, 2004, p. 16.

Manuel López Foxo traslada a este artigo os sentimentos que lle provocan a ausencia do poeta chairego. Realiza unha especie de panexírico evocando vivencias e lugares que compartiron e resaltando moitas das súas facetas artísticas e persoais. Tal e como reza o título que lle deu á colaboración, López Foxo expresa todas estas sensacións a través da súa ausencia física pero tamén da súa presenza, que se percibe a través da súa obra, dos seus actos, das súas palabras…

López Silva, Inma, 'Xornalismo teatro e crítica en Galicia', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 2004, pp. 5-11.

Análise exhaustivo da presenza do teatro e da crítica teatral nos xornais galegos entre os anos 1990 e 2000. Perante un *corpus* de máis de dúas mil fichas, López Silva comproba a hibridación xenérica (artigo de opinión, crónica, entrevista, crítica) no tratamento da información teatral en Galicia, a non especialización do xornalista que, moitas veces, exerce de crítico teatral e o feito de que o teatro non se atopa entre os espazos xornalísticos privilexiados pola prensa, senón entre as seccións desenvolvidas con condicionantes de todo tipo: en función do espazo libre, do interese e transcendenza pública do espectáculo, actores ou director, etc. Así mesmo, tamén constata a orientación do fenómeno teatral cara o eido sensacionalista, de modo que se despraza a centralidade da obra como obxecto de atención cara ao autor, actor, director de escena, etc. Advirte unha maior atención ao teatro con ocasión das representacións do Centro Dramático Galego e ao arredor de festivais coma a Feira de Teatro de Galicia ou a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Finalmente, para López Silva a marxinación que recibe a crítica teatral nos xornais galegos é "síntoma e ao tempo causa de que os receptores marxinen tamén o teatro". Pese a todo, sinala un aumento progresivo da atención prestada ao teatro nos últimos anos da década dos noventa e que espera se siga incrementando, aínda que esa atención "non se libra da inmediatez e da espectacularización do acontecemento, de modo que as consecuencias seguen a ser paralizantes".

López Silva, Inma / **Pascual**, Roberto, 'Feira de teatro 2004: Entre os cambios e o aburrimento', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 2004, pp. 54-79.

Exhaustiva e crítica análise da Feira de Teatro de Galicia celebrada en Santiago de Compostela do 20 ao 24 de abril de 2004. Como novidade desta edición da Feira destacan a introdución do debate no espazo "Diálogos/miradas" e a inclusión dun espectáculo de danza a través das compañías Nova Galega de Danza e Thomas Noone Dance. Así mesmo, apuntan o interese de espallar a exhibición e empregar diversos espazos que ofrece a cidade de Santiago de Compostela como a Sala Nasa, a Sala Galán ou a Yago. Lamentan a baixa calidade xeneralizada presente nos espectáculos, aínda que apuntan que determinadas obras, dada a súa excelencia, elevan a calidade global. Neste sentido, destacan *Así que pasen cinco anos*, de Sarabela. Sinalan, mediante exemplos concretos, a predilección das compañías galegas pola comedia, mais tamén, coa cita doutros títulos a acollida da traxedia. Fan fincapé na obra *Os cárceres do olvido*, que recupera a escrita teatral de Inma Souto, actriz que recobra a súa faceta de escritora coa compañía Librescena, e realizan algún comentario con respecto ás companías españolas, entre as que destacan a Cambaleo que presentou un conxunto de monólogos baixo o título de *Para nada*. Por último, fan referencia a sección de títeres que ocuparon as mañás da Feira e apuntan a necesidade de celebrar unha Feira de Teatro (ou de títeres) para a infancia e a mocidade. Conclúen o artigo coa esperanza de que cheguen novos cambios para a Feira de Teatro de 2005.

López Silva, Inma, 'Ramón de Valenzuela e o teatro: exilio escénico en Buenos Aires', *Anuario Grial de Estudos Literarios 2003*, 'Estudos', 2004, pp. 28-41.

Logo dunha introdución na que se destaca a gran importancia do exilio galego no continente americano, especialmente na cidade arxentina de Bos Aires. Realiza unha panorámica do teatro galego en Bos Aires nos anos sesenta, que é onde desenvolve a súa maior actividade Ramón de Valenzuela. Sinala que debemos entender a produción dramática dos exiliados bonaerenses como un teatro para emigrantes e exiliados. Ramón de Valenzuela, que chega a Bos Aires en 1949 e regresa a España en 1966 é o último intento de asentar a produción dramática no exilio. Estabelece a diferenza entre teatro dramático e teatro espectacular. Realiza tamén unha achega á prensa da época para buscar recensións, notas e críticas sobre os diferentes espectáculos nos que toma parte Valenzuela co obxectivo de efectuar unha análise intersistémica para dar conta da posición do teatro e da cultura galega e galeguista con respecto a Galicia. Afirma que a prensa e as revistas de Bos Aires, agás en contados casos, non se fan eco das diferentes producións teatrais. Só o fan as publicacións que xorden do asociacionismo galego da emigración e do exilio, inda que nalgúns casos non é así. A continuación analiza as características do teatro de Valenzuela: a vontade de creación dun teatro en galego e, tamén, a vontade de conexión coa preguerra e o interese pola divulgación, que está asociado directamente coa vontade de representar. A seguir comenta as tres obras que levou a escena, que sintonizan perfectamente coa súa ideoloxía. Trátase de *The tinker's wedding* (*O Casamento do Latoeiro*), subida aos escenarios en novembro de 1960, *La Camisa* de Laura Olmo, estreada en abril de 1964 e *As bágoas do demo* creada polo propio Valenzuela e posta en escena en abril de 1964. As dúas primeiras obras traduciunas en colaboración coa súa dona, María Victoria Villaverde.

López Silva, Inma, 'A interpretación na historia do teatro', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 99-100.

Inma López Silva estuda a que constitúe a segunda entrega da colección "Biblioteca de Teatro" da editorial Galaxia, a obra traducida ao galego, T*eoría e práctica da interpretación*, en edición de Alison Hodge. Aplaude a aparición deste tipo de materiais de consulta tan necesarios no ámbito académico e teatral. Indica que se trata dun traballo que indaga no aspecto máis visíbel do feito teatral; isto é, o actor, e que Hodge consigue reunir nel varias reflexións teóricas de recoñecidos especialistas e directores tan significativos como Stanislavski, Copeau, Chekhov, Brecht, etc. O que lle parece máis interesante é a utilidade práctica deste manual para os profesionais e posíbeis ensinantes.

López Silva, Inma, 'Da historia do teatro galego', *Tempos Novos*, nº 81, 'Libros', febreiro 2004, p. 75.

Recensión da obra de M. F. Vieites, *A configuración do sistema teatral galego* (2003), de recente publicación e na que se destaca a visión dunha lectura sistémica do feito teatral galego.

López Silva, Inma, 'Lourenzo e a lexión tebana', *Tempos Novos*, nº 82, marzo 2004, p. 77.

Apreciación crítica da peza *Liturxia de Tebas*, de Casahamlet (2003), un texto que a comentarista atopa pouco apta para ser levada á escena xa que no espectáculo "hai demasiadas palabras". Lembra, ademais, que o teatro é un espectáculo integral no que as palabras non son as únicas protagonistas. Considera acertadas, sen embargo, a interpretación de Manuel Lourenzo como Edipo e o artificio polo que o público é confundido cos tebanos.

López Silva, Inma, 'Ensaio de teatro, e labazadas ao resto do mundo', *Tempos Novos*, nº 83, 'Teatro', abril 2004, p. 77.

Inma López Silva móstrase moi crítica coa obra *Ensaio*, de Teatro de Noroeste e, máis concretamente, arremete contra o seu autor Eduardo Alonso. Indica que falla o ritmo e que cae na "endogamia teatril". Non observa que a crítica que fai a obra sexa adecuada porque "agacha as propias limitacións do teatro". Asemade, lamenta que Alonso discrimine á xuventude á hora de falar de teatro. Por último, cre que "*Ensaio* busca o debate" pero, ao seu ver, "sobrevalorado".

López Silva, Inma, 'Centro Dramático Galego. Coma o gas, a auga ou a electricidade', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 162, abril 2004, , pp. 116-123.

Neste extenso artigo analízase a traxectoria do Centro Dramático Galego (CDG) e faise balance da súa actuación vinte anos despois da creación. Comeza cunha reflexión sobre o teatro como servizo público, como produto cultural que os poderes públicos deben valorar e promover. Lembra a creación dos Centros Dramáticos e pregúntase, ¿sobreviviría o teatro galego sen as subvencións?, ¿sobreviviría o teatro galego sen o CDG? A seguir, baixo o epígrafe "1984-2004: ilíada e odisea", detalla as circunstancias do nacemento do CDG, as súas competencias, atribucións e obxectivos e expón a relación tormentosa, ás veces de amor-odio, da profesión teatral co CDG. Remata preguntándose se o CDG está ao servizo da profesión ou da cidadanía. A continuación, en "De dramas, dramaturgos e outros artificios na dirección. Algúns datos acerca da actualidade" Inma López Silva explica que o furor dos primeiros momentos tras a creación do CDG deu paso ao desencanto dos axentes teatrais dende finais dos anos oitenta, logo de decatarse de que a institucionalización do teatro non é sinónimo da súa normalización nin da fin dos seus males. Considera que un dos síntomas da conflitividade no sistema teatral galego é a inestabilidade dos sucesivos directores do centro. Lembra os distintos mandatos e céntrase principalmente no de Manuel Guede, que se inicia en 1991 até a actualidade. Diferenza tres etapas e analiza os obxectivos perseguidos e as montaxes realizadas. Bota tamén unha ollada ás cifras para estudar a traxectoria do CDG, e dá conta do número de espectáculos, de montaxes de produción propia, de coproducións, de autores, de espectadores dende 1984 até a actualidade. Por último, en "Retos para un futuro", a autora pregúntase que se debe esperar do teatro público en Galicia. Sinala algunhas obrigas e obxectivos que se agardan dunha compañía de teatro público e dá algunhas suxestións para acadar eses retos.

López Silva, Inma, 'Os camiños do teatro galego, ¿Muda algo?', *Tempos Novos*, 'Teatro', maio 2004, pp. 80-83.

Di Inma López Silva que o panorama do teatro galego, facendo revisión do último, non é moi esperanzador, existe un inmobilismo xeral que tende a rendiblizar os espectáculos ata o máximo, pois as dificultades económicas para manterse son moitas. Aínda así dise que esta tendencia non é só do teatro galego, senón tamén do teatro estatal. Da Feira do Teatro dise que mostrou unha parte do teatro que se está a facer e, ademais, foi interesante coma tentativa de renovación e como espazo de debate, unha novidade deste ano. Falando xa concretamente de espectáculos salienta *Así que pasen 5 anos* de Sarabela, dirixido po Ánxeles Cuña, unha obra que esixe un esforzo de abstracción para o público ao trasladalo ao mundo de Federico García Lorca, pero que para compensar este esforzo se apoio nun elemento máis popular, como é a música. En efecto, salienta a música coma a gran novidade da temporada, pola gran variedade de espectáculos musicais, unha tendencia á que non escapou nin o Centro Dramático Galego con dúas obras *A comedia do gurgullo* dirixido por Celso Parada, e *O ano do cometa* por Quico Cadaval. Non obstante, di que non sempre funcionou a aposta polo musical, coma no caso de *Camiño Longo* de Teatro do Aquí, compañía que ve un pouco desnortada a raíz da perda de Roberto Vidal Bolaño. Tamén fala dunha especie de estratexia de supervivencia, facer un teatro entretido que capte ao público como exemplo do cal pon *Fobias* dirixida por Lino Braxe para Lagarta, Lagarta e *O caso da rúa Loucirne* e *Ensaio* obra de Teatro do Morcego dirixida por Celso Parada a primeira e de Eduardo Alonso a segunda. Como novidades salientan tamén o espectáculo *Molière Final* da autoría de Roberto Salgueiro e que representou Talia Teatro e

Liturxia de Tebas de dirección e autoría de Manuel Lourenzo. Dentro das perspectivas máis renovadoras destaca o presentado en Alternativa 2004, concretamente fala de dúas obras presentadas alí, *Acto seguido* de Matarile Teatro, que continúa con discursos próximo ao teatro-danza, e *Sidecar* a obra que presentou unha compañía nova, Belmondo, formada por Borja Fernández e Marta Pazos chea de mocidade e frescura. En definitiva, o diagnóstico que fai Inma López Silva sobre o último teatro galego non é tan desilusiónante, aínda coa tendencia xeral de reflexión e revisión amosa cousas interesantes e unha sensación de xermolo que obriga a agardar expectantes. De momento, di ela, xa entrou con forza a música no teatro galego e o Centro Dramático Galego vai representar unha obra para nenos, *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, de Carlos Casares, que era unha reivindicación de vello no mundo do teatro.

López Silva, Inma, 'Xulio Lago: Vinte anos non é nada', *Tempos Novos*, nº 90, 'Entrevistas', novembro 2004, pp. 58-61.

O director de Teatro do Atlántico repasa os vinte anos ao fronte da compañía teatral, destacando os malos momentos causados pola mala situación do teatro, a madurez creativa acadada co paso do tempo e a dimensión minoritaria do público que acode ás representacións. Tamén fala sobre a seleccións das obras para levar á escena, e comenta a variedade de procedencia das mesmas.

López Valcárcel, Xulio, 'Do descoñecido ao descoñecido', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 91-92.

Reséñase *Do descoñecido ao descoñecido*, a recompilación de poemas de Manuel Rivas que Espiral Maior publicou en 2003. Explica Xulio López Valcárcel que se trata de cinco libros e mais unha "curiosidade", escrita esta última en colaboración con Xavier Seoane. Anima vivamente a coñecer ao Rivas poeta, eclipsado, segundo afirma, polo Rivas narrador e xornalista. A "imperfección" que o propio autor lles imputa a estes poemas ten a virtude, segundo Valcárcel, de deixar ver aínda máis o "tremor humano da beleza". Indica que se detecta neles unha pluralidade de temas e que moitos deles captan dunha maneira íntima a grandeza da existencia de xentes sinxelas. Aplaude, por último a ausencia de calquera atisbo de narcisismo.

Lopo, María, 'O capitán galego de André Sernín', *Unión libre. Cadernos de Vida e Culturas,*, nº 9, 'Arte e literatura', 2004, pp. 117-125.

María Lopo debulla os pormenores da novela *Le capitaine galicien* (París, 1961) de *André Sernin*, pseudónimo literario de Jean Nercessian e exalta o feito de que un escritor estranxeiro adopte como referente creativo un personaxe, unha paisaxe, unha cultura e, mesmo, expresións lingüísticas propias de Galicia. Primeiramente aborda a vida deste escritor de orixe armenia, destacando que sempre estivo atento aos cambios políticos e sociais do século XX. Despois analiza a citada novela, que leva por subtítulo *Álvaro*, xa que ten como protagonista a Álvaro Coristanco, un galego republicano, que é capitán durante a

Guerra Civil española, na II Guerra Mundial e participa como mercenario en Indochina e Australia e remata a súa vida como maqui nos Perineos e falece asasinado na fronteira entre o País Vasco e Castela.

Losada Soler, Helena, 'Antero de Quental a través de Curros Enríquez: análise de 'Elogio de la muerte', *Anuario Grial de Estudos Literarios 2003*, 'Estudos', 2004, pp. 42-51.

Destácase a faceta de Manuel Curros Enríquez como tradutor dalgún dos poetas portugueses máis significativos, entre eles, Antero de Quental, a quen lle traduciu ao castelán seis sonetos que forman o ciclo *Elogio da Morte*. Elena Losada Soler indica que a primeira publicación desas traducións, que moi posiblemente fora nun dos xornais da época está desaparecida. En 1880 recóllense esas en *Os sonetos completos de Antero de Quental* por Oliveira Martíns e en 1912 aparecen no capítulo "La lira lusitana" do volume V da edición das *Obras Completas* da obra de Curros Enríquez preparada polo seu fillo, Abelardo.

Luca de Tena, Gustavo, 'A Comisión de Afectados polo Teatro visita á Prensa', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 2004, pp. 20-21.

Refírese á escasa presenza que o teatro ten na prensa, na radio ou na televisión e reclama máis atención para este xénero.

Lugrís, Manuel, 'Europeísmo e galeguismo', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 164, 'Temas do noso tempo', 2004, pp. 53-59.

O autor do artigo ao falar da relación entre europeísmo e galeguismo non pode deixar de facer alusión a escritores como Ramón Otero Pedrayo, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ou Plácido Ramón Castro, entre outros, a obras como *Arredor de si*, *Morte e resurreición* ou *Sempre en Galiza*, e a revistas ou xornais como *El Pueblo Gallego*, *Ínsula*, *La Noche* ou *Servicio*, que empregaban como medio de difusión para espallar os seus ideais.

Luna Alonso, Ana, 'Imaxe e representacións do outro: a literatura galega cara ás linguas do Estado español', *Anuario Grial de Estudos Literarios 2003*, 'Estudos', 2004, pp. 52-59.

Ana Luna Alonso comeza realizando unha panorámica da tradición dentro da literatura galega, destacando a idea de que a modernidade dunha lingua vai asociada coa capacidade de acoller traducións doutras linguas. Cita diferentes premios, como o Premio de Relato, Poesía e Tradución en Lingua Galega, convocado pola Universidade de Vigo e diferentes proxectos, como a Biblioteca Virtual de Tradución (<http://www.bivir.com>). Cita a colección "Clásicos en Galego", que promove a Xunta de Galicia, e tamén as colección de traducións que teñen as editoriais Ediciós do Castro, Edicións Xerais de Galicia, Galaxia e Sotelo Blanco. Sinala que outras editoriais de ámbito estatal tamén se inclúen neste campo debido á tradución de libros de texto en galego. Menciona que o colectivo Tris Tram e as

editoriais enfocadas áliteratura infantil, como Kalandraka están tendo moito éxito. Logo chama a atención sobre a dificultade que teñen os textos galegos para introducirse en coleccións de fora, inda que algúns teñen prestixiosos premios. A continuación realiza un estudo sobre a tradución cara ou desde o galego comezando por explicar as dificultades e os diferentes textos que existen sobre o tema. Indica que a tradución está pouco consolidada na literatura galega e analiza os diferentes factores e conclúe aportando ideas para solucionalo.

Marco, Aurora, 'Avilés de Taramancos: vida e poesía', *Agália*, nº 75-76, 'Estudos', 2004, pp. 9-28.

Estudo no que a súa autora realiza un repaso pola traxectoria vital e produción literaria de Antón Avilés de Taramancos. Para isto divide este traballo en catro capítulos - "Infáncia e adolescéncia (1935-1953)", "Anos de boémia e poesia (1953-1960)", "Onde canta o Turpial (1961-1980)" e mais "Na porta-útero. Na porta-porto (1982-1990)"- seguindo o esquema do volume *Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura* (2003), obra da propia Aurora Marco.

Mariño, Ramón, 'Se eu fora tormenta ou como varrería as illas de fama e fame', *Trabe de Ouro*, nº 58, 'Publicacións', 2004, pp. 119-123.

Comeza referíndose ás dúas traducións de Shakespeare de Miguel Pérez Romero para a editorial Galaxia en 2003, *A tempestade* e *Noite de Reis*. Da primeira, o autor do artigo afirma que foi escrita ao redor de 1610 para entreter ao público "cunha obra lixeira, fácil de dixerir"; a seguir, baixo o título "AS ILLAS E AS FUXIDAS", faise un percorrido polos mitos presentes nas vellas crónicas sobre as illas virxes, rematando cunha crítica ás emisións televisivas do século XXI nas que se retoma o espazo das illas, preguntándose se estes espectáculos serían comparábeis á obra de Shakespeare. Baixo o título "COMPAÑEIROS DE VIAXE", compara a decadencia moral de Próspero, personaxe d'*A tempestade*, cos protagonistas dos programas televisivos, recalcando a importancia da tensión sexual no mantemento da atención do espectador e subliñando o sexismo presente nestas emisións. Seguidamente, compara as relacións entre os seus protagonistas coas intrigas presentes na obra literaria, baixo o epígrafe "DE AMORES E ODIOS", concluíndo que os medios de comunicación de masas menten mostrando unha beleza física e moral inexistente. O texto remata contrapoñendo a caridade cristiá da época de Shakespeare ao baleiro do espectáculo mediático, nunha sección de título "EXEMPLOS E VALORES".

Martínez Bouzas, Francisco, 'Feridas, de Begoña Paz', *Festa da palabra silenciada*, nº 19, 'Actualidade', 2004, pp. 95-96.

Sitúase a produción narrativa de Begoña Paz no contexto de emerxencia das novas narradoras galegas e saúdase o volume *Feridas* como unha confirmación dos valores achegados pola autora no volume colectivo Narradoras.

Medela, Julio, '1933: un enigmático alemán, da man de Xocas, en Lobeira', *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 81, 'Historia', xaneiro 2004, pp. 24-27.

Fálase da presenza por terras de Lobeira e da serra do Leboreiro do investigador e hispanista alemán Hans-Karl Schneider da man de Xocas e Florentino Cuevillas: Destácanse os estudos de Schneider sobre a lingua, literatura e antropoloxía galega desta ona do sur de Ourense.

Mera, Héitor, 'Un sarillo que fia', *Guía dos libros novos*, nº 6, maio 2004, p. 16.

Céntrase no libro O sarillo do tempo, unha colección de artigos xornalísticos escritos polo narrador, ensaísta e poeta Xosé Neira Vilas. Reflexiona Héitor Mera sobre as características do xénero, o que o conduce a enxalzar o labor dos escritores que o cultivan polas numerosas limitacións que se lles impoñen. En concreto, parécelle, Neira Vilas merece ter sido en conta tamén nesta faceta. Despois, detense na análise dos temas que tratan estes artigos agora reunidos, como a emigración, a literatura, as viaxes, ou o compromiso político. Para concluír, afirma que nos cen artigos que constitúen o volume que publica neste 2004 a editorial Xerais fica testemuñados algúns dos acontecementos máis importantes da segunda metade do século XX.

Monteagudo Cabaleiro, Teresa, 'Margarita Santos Zas (dir.), La Joven Galicia', *Boletín Galego de Literatura*, nº 30, 'Libros', 2004, pp. 162-164.

Dáse conta da publicación da edición facsimilar de *La Joven Galicia* (2002), realizada polo Grupo de Investigación Valle-Inclán baixo a dirección de Margarita Santos Zas, un volume que recolle as vinte e seis entregas da primeira época da publicación. Apúntase que entre os colaboradores desta revista cóntanse moitos profesores da Universidade de Santiago de Compostela a carón de pensadores e escritores de coñecido renome, como Manuel Murguía, Eduardo Pondal ou Miguel Ángel Corzo. Faise tamén referencia á súa orientación ideolóxica que participa da reivindicación da idea do progreso e da vocación universalista dende a lingua castelá, o que a sitúa á marxe do xermolo galeguista daquela altura. Conclúe valorando a inclusión no volume de cinco índices, alternando ou combinando criterios cronolóxicos, alfabéticos e temáticos aplicados a autores e colaboracións escritas, que resultan de grande utilidade para a consulta.

Monteagudo Cabaleiro, Teresa, 'Margarita Santos Zas (dir.), Café con gotas', *Boletín Galego de Literatura*, nº 30, 'Libros', 2004, pp. 159-162.

Recensión da edición facsimilar da revista compostelá *Café con gotas*, realizada polo Grupo de Investigación Valle-Inclán baixo a dirección de Margarita Santos Zas e publicada en 1999. Salienta Monteagudo que se trata dunha xoia impagábel para acadar unha axeitada configuración da prensa galega da segunda metade do século XIX, ademais de acoller nas súas páxinas o primeiro poema e a primeira prosa do mozo Valle-Inclán. Comenta tamén

que o facsímile recupera setenta e un números da revista que abranguen de xeito discontinuo dende 1886 até 1892 e que se trata dunha publicación na que predomina o carácter ilustrado, con caricaturas de personaxes e tipos e escenas diversos da vida local, e o talante humorístico. Valora tamén a inclusión nesta edición de índices onomásticos, colaboracións escritas e ilustracións, en definitiva, "un agasallo para estudosos e curiosos do panorama compostelán de finais dos anos oitenta do século XIX en Galicia".

Nicolás, R., 'Memorias de Xaquín Lorenzo', *Guía dos libros novos*, nº 6, maio 2004, p. 16.

Comentario do libro de Clodio González Pérez Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas" 1907-1989, publicado en 2003 pola editorial noiesa Toxosoutos. Ramón Nicolás, antes de entrar propiamente en materia, refírese á polémica que levantou "nalgúns círculos" o feito de ser escollido como homenaxeado no Día das Letras Galegas unha figura como Xaquín Lorenzo, que non pertence estritamente ao mundo da creación literaria. Canto ao volume en cuestión, parécelle un traballo pioneiro e que cumpre á perfección os obxectivos de dar a coñecer a vida e obra de Xaquín Lorenzo dende o rigor e o coñecemento profundo do personaxe tratado.

Nogueira, María Xesús, 'O sal das pipas, de Antía Otero', *Festa da palabra silenciada*, 'Actualidade', 2004, pp. 97-98.

Reseña do poemario *O son da xordeira*, de Antía Otero, sobre o que se proxecta unha interpretación en clave de xénero. Deste xeito, características como o sentido crítico e lúdico do libro son remitidas ao discurso poético das mulleres que deron a coñecer as súas propostas a partir da segunda metade dos anos noventa.

Nogueira, María Xesús, 'Arturo Casas. Antoloxía consultada da poesía galega (1976-2000)', *Boletín Galego de Literatura*, nº 30, 'Libros', 2004, pp. 157-159.

Comentario sobre a *Antoloxía consultada da poesía galega (1976-2000)* (2003), editada por Arturo Casas. María Xesús Nogueira sinala que a singularidade da obra maniféstase xa dende a introdución, na que o editor declara a condición de "intervención non natural, non espontánea, non desinteresada" de toda antoloxía, inserindo así este traballo nun marco sistémico cuxo interese é amosar os criterios e tendencias dominantes entre un sector representativo do público. Alude tamén ao marco temporal da escolla, que estabelece os seus lindes baseándose no ano de publicación dos textos poéticos, con independencia das datas biográficas e das xeracións. Conclúe que se trata dun material valioso para a construción dunha historia da poesía galega contemporánea, elaborada cunha vontade plural e rigorosa, e cualifica o volume de insólito e impecábel no coidado paratextual.

Nogueira, Olga, 'Creación na diáspora', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 162, 'O espello das letras', abril 2004, , pp. 93-94.

Comentario sobre *Texas*, o último poemario de Alberto Avendaño, co que este creador retorna á actividade literaria despois de máis de vinte anos sen publicar. Defínese o libro como creación na diáspora, posto que é un poemario en galego escrito e inspirado na gran chaira fronteriza americana que lle dá nome. Saliéntase a sinceridade e amplitude creativa do poemario, que denuncia as desigualdades sociais, as incoherencias do sistema e as inxustizas. Olga Nogueira considérao un texto solidario poboado cos marxinados da sociedade texana, que son os marxinados de toda a sociedade. Sinala que no poemario se mestura a poesía coa prosa, o verso para ler co verso para cantar, formando un universo literario mestizo que transmite un mundo mestizo tamén. Indica que está escrito cunha linguaxe aberta onde se mestura o galego co inglés, co mexicano indíxena ou o *spanglish*. Comenta o final aberto no que o autor alude á infinidade de patrias que o poboan, que hai que amar e aceptar, mesmo para o descanso último.

Noia, Camino, 'Un mundo cotián, familiar e comunitario', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 87-88.

Análise de *Contos da Cábila*, de Antonio Pereira (Galaxia, 2003), libro que, segundo se explica, é a tradución galega dos relatos que o escritor vilafranquino Antonio Pereira publicou na editorial Edilesa en 2000. Para comezar, a especialista Camino Noia cuestiónase sobre as razóns que levan a realizar este tipo de traducións, feitas dende unha lingua (o castelán), que se integra na competencia lingüística dos lectores galegos. No caso concreto de Pereira, conclúe que pode deberse ás referencias a Galicia nalgúns contos. Centrándose xa no volume, afirma que se trata dun conxunto de narracións que se inspiran na oralidade e que falan dun tempo pasado.

Noia, Camino, 'A función da tradución nun sistema literario marxinal', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002*, 'Das prácticas culturais á teoría literaria', xaneiro 2004, pp. 105-119.

Análise, baseándose nos traballos de Xoán González-Millán, da función exercida polos textos doutras linguas no sistema literario galego. Menciona a conferencia de González-Millán sobre a influencia da tradución no polisistema de Galicia, "Cara a unha teoría da tradución para sistemas literarios 'marxinais'. A situación galega", publicada en 1995, e o cuarto capítulo da obra, que realizou en colaboración con Antón Figueroa, *Communication littéraire et culture en Galice*. A continuación veñen os apartados "Cara a unha teoría social da tradución", onde se teoriza sobre o tema e "A función dos textos traducidos na literatura galega". Neste último realízase unha visión panorámica da función da tradución na literatura galega dende a segunda metade do século XIX até a actualidade. Indícase que as funcións da tradución mudaron ao longo do tempo condicionadas polos cambios que sufriron a sociedade e o "polisistema" galego en cada momento histórico.

Ocampo Vigo, M. Eva, 'O teatro en Ferrol: de onte a hoxe', *Atenea*, nº 14, 'Artigo', 2004, pp. 22-23.

Iníciase o artigo destacando o grande interese e a notábel afección polas artes escénicas e particularmente polo teatro que dende sempre houbo na cidade de Ferrol. A autora sinala que antes de existiren locais teatrais tal como se entenden na actualidade, as primeiras representacións das que se ten noticia efectuábanse en escenarios públicos ou privados, como rúas, prazas e o interior das igrexas, pasando posteriormente ao atrio das mesmas. Deste xeito, indícase que foron as representacións relixiosas, sobre todo do Nadal e Corpus, as que comezaron a fomentar o gusto polas representacións escénicas. Citando a Pérez Constanti sinálase que sobre todo a partir do século XVII as actuacións ao aire libre facíanse como entretemento das festas patronais e na celebración de romarías, chegando a ser tan grande o interese polas mesmas que no século XVIII cando non había xente suficiente para cubrir os papeis dunha obra os veciños estaban obrigados a realizalos baixo pena de multa, como amosa un documento das Constitucións da Compañía de San Roque de Pontedeume, aprobadas en 1824 polas autoridades eclesiásticas, que a autora reproduce parcialmente. Así mesmo os nobres contrataban compañías para que representasen no seu palacio, e ao poderen pagalas foron introducindo melloras escenográficas, como luces e efectos de fume, lume, son, etc. A seguir, Eva Ocampo Vigo indica que en 1769 existía na cidade un teatro da ópera, nun momento no que moi poucas capitais españolas dispuñan deles, o teatro Settaro, no que os ferroláns do século XVIII comezaron a coñecer as óperas, operetas, comedias, traxedias e dramas que triunfaban en Madrid, así como outras representacións escénicas. Continúa este percurso cun documento de 1864 que proba que nesa altura existían en Ferrol dous teatros que sumaban setecentas localidades e que nese ano representaron sesenta funcións: vinte e dúas dramáticas, once óperas e vinte e sete zarzuelas. A continuación, contabilízanse todos os teatros estábeis que tivo Ferrol, constatando que nesta cidade, en canto a actividade teatral, calquera tempo pasado foi mellor, pois fronte a épocas nas que chegaron a coexistir até tres teatros funcionando ao mesmo tempo, na actualidade só existe un que ademais está inutilizado por estar en proceso de rehabilitación. No entanto, a articulista lembra o interese municipal por traer á cidade compañías galegas e estatais, así como o traballo dos grupos de teatro afeccionado que existen na cidade, que coas súas representacións cubren o baleiro existente. Deste xeito destaca como compañías máis activas a *Max Teatro, N+I,* e *Bartoleta Teatro*, e lembra que esta última vén de representar a adaptación da obra de José Luis Alonso de Santos, *Viva o duque o noso amo,* cuxo argumento se achega ao teatro feito para representar en palacio coa finalidade de loar ao señor que o vai pagar con diñeiro, comida e pousada. Ocampo Vigo recomenda esta obra non só pola excelente posta en escena senón tamén polo seu gran valor didáctico. Finaliza agardando que coa reapertura do teatro Xofre a cidade poida ser igual a outras capitais galegas a onde chegan puntualmente as novidades teatrais que triunfan no resto de España, concluíndo que unha cidade non o é totalmente mentres non teña un bo teatro que reflicta a súa categoría.

Otero Varela, Inmaculada, 'A perfidia da soidade', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 89-90.

Recensión da novela *Fálame sempre* (2003), de Cid Cabido. Estima a comentarista que se trata dunha obra de continuidade, na que o escritor volta a tocar os temas das "miserias, desenganos e desaxustes" da actual sociedade capitalista e da necesidade do outro. Ademais, detecta outro tema principal no libro, que é a propia literatura, coa inclusión de

personaxes escritores, referencias intertextuais e explicitacións das estratexias discursivas. Dedícalle a última parte a análise da linguaxe, que procura imitar o discurso propio na oralidade.

Pardo de Neyra, Xulio, 'Benito Vicetto na lírica galega do rexurdimento', *Boletín Galego de Literatura*, nº 29, 'Estudos', 2004, pp. 21-43.

Estudo no que se presenta e analiza, por vez primeira e de xeito compilado, a obra lírica galega de Benito Vicetto y Pérez (Ferrol, 1824-1878), composta por tres poemas que levan por título "Los Montenegro. Balada en castellano del siglo XII", "Cantiga dos Borboriños", incluídas ambas en *El lago de la Limia* (1861) e "Tí e éu. Sono d'unha noite de vrao", publicada en *El Museo Universal* (1862) e logo en *Álbum Literario* (1888). Comeza cun percurso pola traxectoria vital do autor para logo enmarcalo no contexto da cultura galega do século XIX, caracterizado pola efervescencia e o gran labor de intelectuais como Manuel Murguía, Alfredo Brañas ou Aureliano José Pereira de la Riva, promotores do ensaio galeguista rexionalista da súa época. Tenta tamén profundar nos feitos que levaron a Vicetto a ensaiar coa poesía galega, dos que destaca principalmente o valor concedido á recuperación do aparello lendario e popular dunha Galicia que sentía o impulso e a chamada dos vellos cabaleiros do medievo como baluartes dunha conciencia de exaltación patriótica, unha das necesidades que precisamente o Rexurdimento tentaba expresar.

Pascual, Roberto, 'A versatilidade textual de R. Salgueiro', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 97-98.

Achega a *Molière final*, premio "Álvaro Cunqueiro" 2002, e *Apnea*, as dúas últimas pezas teatrais de Roberto Salgueiro, ambas as dúas editadas en 2003. Estima Roberto Pascual que o autor é unha das grandes voces da escrita dramática actual galega, loándolle a súa capacidade para conseguir conmover a unha sociedade "acostumada a tragar miseria". Despois, resume o argumento de cada libro: o primeiro presenta, segundo se indica, os momentos inmediatamente posteriores á morte de Molière e está ambientado en París; mentres que *Apnea. Traxedia contemporánea para cinco intérpretes* é un conxunto de catro traxedias paralelas que teñen en común a figura do opresor.

Pascual, Roberto, 'Roberto Salgueiro. Por un teatro nacional', *Tempos Novos*, nº 83, 'Voces e Culturas', abril 2004, pp. 69-71.

Roberto Pascual achega as reflexións de Roberto Salgueiro sobre a súa traxectoria teatral e sobre o mundo do teatro galego, extraídas estas dunha conversa anterior con este último autor. Así pois, saliéntanse os numerosos premios recibidos por Salgueiro dende moi novo e apúntase que este considera que, aínda que os galardóns son un apoio a "nivel mediático", o autor debe comprometerse coa súa obra para que esta triunfe. Dos textos de Salgueiro destácase a súa "versatilidade" e as reflexións sobre a vida e o teatro que realizan os seus personaxes. En canto ao panorama teatral, sinálase que o dramaturgo cre que hai unha boa situación para as creacións literarias; con todo ve obstáculos como as dificultades para

publicar ou representar as obras, culpando disto á administración. Por outro lado, afírmase que Salgueiro xulga que a xente do teatro debe ser máis "autocrítica" e lamenta que ás veces deixen de lado ao público. Así mesmo, asegúrase que apunta que se debe apoiar o teatro alternativo e aos autores novos, denunciando as fraudes de certos empresarios teatrais. Por último, obsérvase que, optimista con respecto ao teatro galego, coida necesaria a creación dunha Escola Superior de Arte Dramática e dun teatro nacional non institucional.

Pascual, Roberto, 'Eterno, errante, canso Edipo', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 162, 'O espello das letras', abril 2004, , pp. 95-96.

Reflexión sobre *Edipo,* de Manuel María, que volve cobrar vida logo de corenta anos da súa aparición. Sinálase o interese do estudo introdutorio de Miguel A. Mato Fondo. Preséntase a estrutura da obra, que se inicia cunha presentación a modo de prólogo na que un narrador ou personaxe introdutor se dirixe ao espectador perseguindo a captatio benevolentiae. Resúmese o contido das tres xornadas en que se divide a peza e analízanse os personaxes principais. Saliéntanse as atinadas e abundantes indicacións sobre a luz e as descricións do decorado ao inicio de cada xornada, repletas de imaxes plásticas. Remátase sinalando o certo trasfondo autobiográfico desta obra de agradábel lectura.

Patterson, Craig, 'Unha lectura da obra de Otero Pedrayo', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 162, 'O espello das letras', abril 2004, , pp. 99-700.

Recensión do libro *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*, de Carme Fernández Pérez-Sanjulián. Craig Patterson comeza sinalando que o primeiro gran mérito deste estudo é a excelente revisión sobre o estado da cuestión da lectura das obras de Otero Pedrayo, cun repaso dos traballos previos e unha análise da escasa bibliografía oteriana. A seguir, explica e valora os obxectivos e achegas desta obra, especialmente a análise da tendencia oteriana a alicerzar unha historia para consolidar a idea da lexitimidade da nación emerxente. Considera que o tratamento da influencia de Manuel Murguía sobre a historiografía comprometida de Otero resulta insuficiente e merecería unha análise mais pormenorizada. O articulista salienta que a comparanza co sistema literario latinoamericano representa un achegamento orixinal ao fenómeno literario e cultural da literatura da Xeración Nós. Opina tamén que o estilo narrativo do texto resulta un pouco fragmentario e non de todo ben entretecido, de modo que semella máis unha colección de ensaios breves. Finalmente, destaca que esta obra é a máis importante contribución monográfica aos estudos oterianos dos últimos anos.

Pazos, Xosé M., 'O Teatro (o mesmo que o 'saber') 'non ocupa lugar'', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 2004, pp. 16-19.

O articulista parte da súa impresión de que os medios de comunicación en Galicia non cumpren co seu papel de formador e informador do feito teatral e constátaa co estudo diario de dous xornais -*La voz de Galicia* e *Faro de Vigo*- durante un período de catro meses correspondente a novembro e decembro de 2003 e xaneiro e febreiro de 2004. En efecto, o

resultado do estudo é terribelmente desesperanzador para o presente e o futuro da arte dramática en Galicia, no que á súa presenza nos medios de comunicación escrita se refire. En primeiro lugar, chama a atención sobre a falta de información derivada das *Edicións Locais*, pois imposibilitan que alguén se poida informar dun evento que se celebre fóra do ámbito teatral no que vive. En segundo lugar, destaca a ausencia de profesionais do xornalismo que traballen, xa non nunha sección de Teatro, senón na sección de Cultura, que, segundo apunta Pazos, ocupa moi poucas páxinas e nútrese sobre todo de noticias de axencia ou notas de redacción en función de recheo. En terceiro e último lugar, comproba que a información sobre Teatro circunscríbese ás *Axendas* locais ou nacionais, a algunha entrevista co gallo dalgunha representación na cidade, a algún artigo espontáneo nos suplementos de "Cultura", a algunha páxina local que dá conta dun evento nalgunha vila ou cidade ou a algunha breve nota dalgún columnista. Neste sentido, salienta a escaseza de entrevistas, a pouca importancia concedida a eventos como Mostras, Xornadas, Premios, etc. e a ausencia de crítica. O articulista conclúe afirmando que o teatro en xeral, e o teatro galego menos, non lle debe practicamente nada da proxección que poida ter na sociedade aos medios de comunicación escrita. A escusa adoita ser a pouca demanda que o Teatro ten na sociedade, pero tamén se pode pensar que a falta de proxección social do teatro e das súas xentes son consecuencia da escasa atención que se lles presta dende os medios de comunicación. Pazos considera que a proxección social do feito teatral pódese crear dedicándolle espazo suficiente e outorgándolle un tratamento digno.

Pedreira, Penélope, 'Avilés e a poesía', *Guía dos libros novos*, nº 6, maio 2004, p. 12.

Debrúzase a comentarista sobre o volume coordinado por Martín Veiga Alonso titulado Raiceiras e vento (Laiovento, 2003). Explícanos que se trata dunha obra nacida no congreso que o Irish Centre for Galician Studies (Universidade de Cork, Irlanda) celebrou en homenaxe a Antón Avilés de Taramancos o ano en que lle foi dedicado o Día das Letras Galegas. Indícanos tamén que consta de dúas partes. A primeira, dinos, está constituída por seis estudos críticos a cargo de David Pérez Iglesias, María do Cebreiro Rábade Villar, Martín Veiga Alonso, Xosé María Álvarez Cáccamo, Mario Villar e Luís Avilés de Taramancos. A segunda é unha escolma de poemas do autor noiés traducidos ao inglés que serven de inspiración para seis composicións de outros tantos poetas irlandeses, tamén traducidas ao galego.

Pérez Fernández, Carmen, 'Lidia Falcón', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 'Libros', 2004, pp. 77-78.

Comentario sobre a obra *Lidia Falcón: teatro feminista*, de John P. Gabriele. Apunta que Grabiele reúne tres obras de Lidia Falcón: *Las mujeres caminaron con el fuego*, s*iempre busqué el amor* e *La hora más oscura*. Dá conta do argumento, os temas, os personaxes e a significación de cada unha das obras que compón o libro. Salienta por enriba de todas *Las mujeres caminaron con el fuego* polo contido e pola súa escenografía.

Pérez Mondelo, X., 'O amargo pan da derrota', *Guía dos libros novos*, nº 6, maio 2004, p. 14.

Recensión sobre a novela histórica de Xosé Manuel Martínez Oca O tempo en nigunha parte (2003), que segundo o comentarista abre unha nova xanela cara ao período que se estende entre 1936 e a década de 1980, unha etapa determinante da historia contemporánea de Galicia. Resume o argumento da obra, que malia ser esencialmente unha novela coral ten como eixo fundamental os misterios que se tecen arredor da figura de Tomás Pazos, e conclúe que, como vén sendo habitual na narrativa de Martínez Oca, os protagonistas son "náufragos en terra", personaxes á procura do sentido da existencia. Afirma, finalmente, que se trata dunha obra maior.

Piñeiro, Antonio, 'Rubén García: vexo unhas trescentas obras de teatro ó ano para poder seleccionar o programa da mostra', *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 87, 'Entrevistas', xullo 2004, pp. 18-21.

Conversa con Rubén García, coordinador da XX.ª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, na que reflexiona sobre a súa labor á fronte desta mostra teatral centrándose na de 2004. Destácase que nesta edición tamén houbo representacións no rural ribadaviense e láiase da súa soidade dentro da programación teatral ourensá.

Piñeiro, Antonio, 'Paco Plaza: poder mirarle a los ojos al tío que le había metido miedo a mi madre, llegó a impresionarme', *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 87, 'Cine', xullo 2004, pp. 26-27.

Paco Plaza, director da versión cinematográfica de *Romasanta. La caza de la bestia*, co gallo da súa presenza en Celanova no Curso de Verán "Cine e Literatura", fala da súa experiencia coa versión para o cinema desta novela escrita polo allaricense Alfredo Conde(lectura da novela, relación con Alfredo Conde e cos personaxes, localización dos exteriorres, etc.).

Posse Romero, Alfonso, 'Cronoloxía da cultura galega entre 1903 e 1956', *Anuario Brigantino 2003*, nº 26, 'Arte, Literatura, Antropoloxía, ...', 2004, pp. 457-480.

Co gallo do centenario do nacemento de Álvaro Cebreiro (1903-1956) elabórase unha relación de notas cronolóxicas sobre os feitos relevantes na cultura galega -nomeadamente literatura- que tiveron lugar durante a vida do artista e que van ilustradas con caricaturas do propio Cebreiro.

Prego Rojo, Benigno, 'Apuntamentos en torno á música dos primeiros tempos no Camiño de Santiago', *Alameda*, nº 15, xuño 2004, pp. 61-67.

Queipo, Xavier, 'Estímulo para as novas xeracións', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 88-89.

Xavier Queipo detense no comentario da obra *Fragmentos de Ulises* (1926). Como se explica, trátase da edición en formato libro dos extractos traducidos que da obra de James Joyce fixera Ramón Otero Pedrayo para a revista *Nós* no ano 1926. O primeiro que lle chama a atención ao autor é o feito de que o libro saia publicado na colección "Illa Nova" de Galaxia, posto que os títulos anteriores da mesma pertencían a escritores emerxentes e experimentais. Esta tradución de Otero Pedrayo, parécelle a Queipo, tamén é seminal e experimental, polo que está xustificada a pouco ortodoxa edición nunha colección de tales características. Tamén se detén no ensaio introdutorio a cargo de Kerry Ann McKevitt, da Universidade de Birmingham, que lle parece moi rigoroso e acertado. Por último, ofrece como aperitivo uns anacos da tradución.

Quintáns S., M., 'Cadernos Ramón Piñeiro (I), (II), (III)', *Revista Galega do Ensino*, nº 44, novembro 2004, pp. 289-291.

Celebra a creación dos *Cadernos Ramón Piñeiro*, non só como contribución ao estudo do pensamento do autor que lles dá nome, senón tamén como vía de publicación de ensaios breves ou investigacións que pertenzan ao campo das humanidades, aquí resulta imprescindíbel, apunta Quintáns, a convocatoria anual dun certame que premiará os mellores traballos encadrados no ámbito sinalado e que fará posíbel a continuidade dos *Cadernos*. Refírese aos tres primeiros números dos *Cadernos Ramón Piñeiro*, publicados fóra de concurso: *Ramón Piñeiro: dúas lecturas* de Anxo González Fernández e Ramón López Vázquez, *Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas* de Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo e *Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución* de Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Teresa Monteagudo. Salienta a importancia dos tres números para coñecer e profundar no pensamento e na obra de don Ramón Piñeiro.

Quintáns S., M., 'O libro das palabras', *Revista Galega do Ensino*, nº 44, novembro 2004, pp. 285-287.

Marcos Valcárcel dá conta das derradeiras publicacións do Centro Ramón Piñeiro, destacando entre todas *O libro das palabras (Obra xornalística completa)* (Centro Ramón Piñeiro, 2003), de Constantino García. Xulga o autor nada desprezábel a iniciativa de reunir nun volume tódolos artigos deste autor, que tratan sobre a linguaxe na obra dos principais autores galegos.

R.P., 'Sidecar: unha viaxe un tanto accidentada', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 2004, pp. 58-59.

Refírese á obra *Sidecar*, da compañía Belmondo, protagonizada por Marta Pazos e Borja Fernández. *Sidecar* narra a historia dunha peculiar viaxe na que ademais de recorrer diferentes espazos sen un trazado previo, os protagonistas falan, reflexionan, etc. Subliña a forza interpretativa dos actores, aínda que critica a expresividade facial. Destaca o bo uso da escenografía, do *atrezzo* e da iluminación. Finalmente, gaba o resultado final do espectáculo e tamén o traballo e a loita da mocidade por facerse un oco no difícil mundo teatral.

Rábade Villar, María do Cebreiro / **Sobrino Freire**, Iria, 'O manifesto e a antoloxía como discursos de intervención no sistema literario galego (1975-2000)', *Anuario Grial de Estudos Literarios 2003*, 'Estudos', 2004, pp. 60-65.

Analízase e apúntanse algunhas características do funcionamento de dúas modalidades discursivas, a antoloxía e o manifesto, que se vinculan coa "esfera dun tipo textual", que tenta ao mesmo tempo codificar e describir o sistema no que se inserta. Na literatura galega serven a propósitos de lexitimación identitaria. No período de institucionalización da cultura galega (1975-2000), xurdiron novos modelos de "representación comunitaria": a pragmática, a parodia e o utópico. O estudo da súa proxección nas antoloxías e manifestos, que tratan temas como a polémica interxeneracional, é un modo de explorala.

Rábade Villar, María do Cebreiro, 'Inestimábel axuda para o coñecemento da poesía galega nos últimos anos', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 96-97.

Refírese María do Cebreiro Rábade Villar ao volume A*ntoloxía consultada da poesía galega (1976-2000)*, organizada por Arturo Casas ("esforzado antólogo", como di a autora). Para abrir boca, dedícalle abundante espazo á reflexión sobre a propia condición e metodoloxía do xénero do libro: antoloxía consultada. Para evitar as polémicas connaturais ao mesmo, lembra que, no caso que lle ocupa, se ofrece toda unha historia da poesía contemporánea e do fenómeno antolóxico en Galicia no prólogo, subliñando a importancia que ten a súa lectura: "a antoloxía debería ser o único xénero no que a lectura dos limiares fose prescritiva", afirma. Para concluír, ofrece a súa propia experiencia persoal como lectora da obra, que lle resultou moi proveitosa, non sen antes chamar a atención de todos pola escasa resposta que houbo á consulta do organizador da *Antoloxía* entre as mulleres e os máis novos.

Rabuñal, Henrique, 'Siléncio, ensaiamos', *Guía dos libros novos*, nº 6, maio 2004, p. 14.

Lembranza emotiva e poética da malograda escritora coruñesa Luísa Villalta, desencadeada ao parecer a partir dunha visita á biblioteca e a lectura do seu libro de relatos *Siléncio, ensaiamos* (Vía Láctea, 1991), atopado case por casualidade. Destaca Henrique Rabuñal a dimensión polivalente de Villalta, que foi filóloga, profesora, narradora, poetisa, violinista e musicóloga, para alén de ter un destacado papel como axente cultural. Tamén nos fai lembrar que escribía nun galego culto e distinguido, e con moita lucidez.

Raña, Román, 'Esixencia estética duradeira', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 92-94.

Saúda Román Raña a antoloxía de Víctor Vaqueiro, *Traxectorias* (2003), constituída, segundo se lle explica ao lector, por vinte e dúas composicións líricas cuxo tema principal é a denuncia da inxustiza. O primeiro que fai o recepcionista é pór en tela de xuízo a tradicional adscrición do autor á denominada xeración poética dos oitenta. Para el, non ten sentido visto a súa idade e, sobre todo, o cultivo por parte de Vaqueiro dun tipo de temática, afín ao social-realismo, que non se corresponde cos poetas novos da mencionada xeración. Distínguese a súa poética, ademais, segundo afirma Román Raña, por unha firme esixencia estética, ben contraria á "pobreza expresiva dos epígonos de Celso Emilio Ferreiro". Por último, examina un por un os libros que o autor escribiu dende Lideiras entre a paisaxe (1977-1978), incluíndo o inédito Teoría do coñecemento (1997-2002).

Requeixo, Armando, 'Do Tempo Posuído de Arcadio López-Casanova ou a señardosa vixilia do transterrado', *Trabe de Ouro*, nº 57, 'Publicacións', 2004, pp. 125-127.

Destaca Armando Requeixo o feito de que o poeta Arcadio López-Casanova conseguiu trazar un universo propio, que se pode apreciar na lectura desta autoescolma, que, por outra parte, segundo o articulista, supón "unha relectura madurecida da traxectoria poética do autor".

Requeixo, Armando, 'Convén reflexionarnos', *Tempos Novos*, nº 80, 'Libros', xaneiro 2004, p. 67.

Trázase unha dura crítica á novela gañadora do último Premio Xerais, *Casa Skylab* (2003), de Santiago Jaureguízar. Armando Requeixo desmonta todos os argumentos polos que o xurado lle outorgou o premio e laiase da, ao seu modo de ver, calidade cada vez menor das novelas galardoadas.

Requeixo, Armando, 'Homenaxe a Lorenzo Varela', *Tempos Novos*, nº 82, marzo 2004, p. 75.

Anímanos a ler o libro Homenaxe. Sesenta e seis escritores falan de Lorenzo Varela, publicado por Edicións do Castro en 2003, que tenta sacar do esquecemento ao poeta Lorenzo Varela (La Habana, 1916-Madrid, 1978), un deses autores que "por diversas razóns, quedan relegados a un segundo plano que non se xustifica polo valor intrínseco da súa obra".

Requeixo, Armando, 'Os premios Minerva ou a arte do 'tahorí', *Tempos Novos*, nº 83, 'Libros', abril 2004, p. 73.

Pon de relevo a importancia deste certame literario do colexio Peleteiro para o devir da literatura galega como descubridor de novos escritores. Recorda algúns dos mantedores do premio e tamén a algúns nomes relevantes das letras galegas que se deron a coñecer nestes premios, como Darío Xohán Cabana ou Suso de Toro. Así mesmo, sinala que dende 1990 se recollen as composicións gañadoras nun volume e apunta que xa saíu do prelo o que achega as creacións galardoadas en 2003, baixo o título *Os imposibles no xardín*, citando os nomes dos seus autores.

Requeixo, Armando, 'Historias de aquí e acola', *setepalcos*, 'Narrativa', maio 2004, pp. 52-53.

Dáse conta dos últimos libros de narrativa en galego que se publicaron coincidindo co mes de maio. De Edicións Xerais de Galicia fálase de tres libros: o primeiro *O lago de Como*, de Ramón Chao, que desenvolve unha novela de aprendizaxe nos primeiros anos da posguerra en Galicia; logo destácase a altura de *Tres pasos polo misterio*, da mesma calidade que toda as obras de Agustín Fernández Paz, que contén tres atractivas historias cheas de acción: "A serpe de pedra", "A vella foto das estrelas" e "As tres sombras do faro"; por último, coméntase a volta á palestra de Xelís de Toro con *The Corunna boats*, historia de aventuras con pouso histórico. Por parte da Editorial Galaxia fálase tamén de tres atractivos títulos: *Entre fronteiras*, de Xavier Alcalá, relato da represión sufrida polas comunidades evanxélicas galegas desde a época de Alfonso XIII até o estourido da Guerra Civil e que forma parte dunha triloxía con *Nas catacumbas* e *Unha falsa luz*; o libro da mindoniense Marina Maioral, *Ao pé do magnolio*, do que se di que incide nunha temática recorrente da escritora, a historia de Laura e Paco, xa tratada noutros libros coma *Unha árbore un adeus*; e, por último, a obra gañadora do XXXII Premio de Novela Blanco Amor, *Orixe*, de Sechu Sende, unha parábola social na que a tolemia do protagonista representa a tolemia da sociedade. Por outra banda tamén se fala de *Romasanta. Memorias incertas do home lobo*, publicada por Sotelo Branco e da autoría de Alfredo Conde que vén sendo a revisión do famoso caso do "home lobo" galego, traballado por Conde coa documentación xurídica, e na que se conclúe que máis ben era un asasino en serie. Ademais saliéntase a obra gañadora do IV Premio de Novela Mulleres Progresistas *O caderno de bitácora*, de María Reimóndez, publicado por Edicións Positivas, do que se di que se presenta como "un caderno de aventuras espaciais", que baixo a aparencia dun futuro espacial fala de episodios dun mundo do presente. Para rematar destácase a obra de Ramón Caride Ogano, poeta que aquí sorprende cun libro de relatos, *Boca da noite*, un territorio narrativo cheo de sorpresas e finais tan reveladores coma inesperados.

Requeixo, Armando, 'Da tradición galega do romanceiro hispánico', *Tempos Novos*, nº 89, 'Libros', outubro 2004, p. 74.

Armando Requeixo comeza a súa recensión apuntando que nos últimos anos a tradición galega do romanceiro hispánico viu como aos poucos ía sendo obxecto de atención por parte de diversos estudiosos que fixeron desta ponla da literatura oral un eido fértil no que descubrir valores etnográficos, históricos, sociais, lingüísiticos e propiamente literarios. Nesta liña sitúa a obra *Allá em riba un rey tinha una filha*, que presenta como unha

exhaustiva análise sobre a realidade lingüística do noso romanceiro levada a cabo polo profesor José Luís Forneiro, a quen cualifica como máximo especialista na materia. Sinala que a obra analiza en perto de duascentas páxinas toda a problemática do bilingüismo castelán-galego do romanceiro, facendo fincapé nos fenómenos gramaticais que caracterizan o galego destes textos. Considérao Requeixo un estudo fundamental que anula de raíz calquera interpretación terxiversadoramente monolingüista sobre a etnicidade galegófona do noso romanceiro. Así, indica que logo da pormenorizada análise que se leva a cabo no volume non hai dúbida de que a tradición galega do romanceiro hispánico está codificada, no fundamental, en castelán, con diversos graos de hibridismo co galego segundo os temas e versións recollidos, sendo excepcionais aqueles que só se cantan en galego. Apunta tamén que o libro é un completo manual de fenómenos fonéticos, morfosintácticos e léxico-semánticos observábeis naqueles fragmentos nos que a nosa lingua aparece nos romances, co que se engade un plus de interese para os linguistas e historiadores do galego.

Retozala, Iratxe, 'Aresti e Galiza', *Trabe de Ouro*, nº 57, 'Publicacións', 2004, pp. 129-130.

Iratze Retolaza dá conta da edición dunha biografía sobre o poeta vasco Gabriel Aresti, concretamente de *El poeta Gabriel Aresti*, de Jon Kortazar (2003). A autora destaca ao final do artigo como a lectura deste libro permite decatarse da relación do poeta vasco cos escritores galegos, xa sexa pola amizade que o unía a eles ou como tradutor de obras galegas ao éuscaro.

Riobó, Pedro P., 'Falamos con... Eduardo Alonso', *Revista Galega de Teatro*, nº 37, 'Espacios', 2004, pp. 5-10.

Entrevista na que o profesional do teatro Eduardo Alonso explica o seu traballo no Teatro Iago de Santiago e a súa experiencia en varias compañías teatrais. Indica os problemas de financiación polos que pasa a sala compostelá, pedindo a coparticipación de empresas e instituicións para o incremento das actividades. No relativo á súa carreira teatral, destaca a seu paso por diversos proxectos en Galicia e Madrid con Antonio Simón e Luma Gómez. Finalmente, fala dos seus contactos con autores como Roberto Vidal Bolaño e Manuel Lorenzo, ao tempo que dá conta das circunstancias que fixeron posíbel a creación do Centro Dramático Galego.

Riobó, Pedro P., 'Roberto Salgueiro', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 'Libros', 2004, p. 76.

Coméntase o libro *Molière final*, de Roberto Salgueiro, merecedor do premio Álvaro Cunqueiro de Teatro 2002 e publicado na colección "Os libros do Centro Dramático Galego" que edita Xerais. Apúntase que a obra se mergulla na noite do dezasete de febreiro de 1673, data do falecemento do dramaturgo francés, e se constrúe sobre a determinación dos seus amigos de soterralo en sagrado coas honras que merece, determinación que choca coa lei que prohibe o enterro sacro dos comediantes e coas instrucións do arcebispo para que se lle negasen os sacramentos. A trama avanza grazas aos diálogos ou monólogos dos

cinco personaxes que conforman a obra e discorre en tres espazos ben diferenciados, o cuarto da casa de Molière, a casa do seu amigo Lulli e tres rúas de París. Segundo o articulista, ademais da propia revelación das sombras en torno a morte de Molière, a obra tamén ilustra as relacións entre o teatro e o poder.

Riobó, Pedro P., 'Falamos con Rosa Álvarez e Ernesto Chao', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 2004, pp. 32-38.

Ernesto Chao e Rosa Álvarez falan da súa traxectoria profesional como actores que vai parella, en parte, á propia historia do teatro galego. Comentan que comezaron formando parte da Asociación Cultural Abrente, nacida en Ribadavia, que levaba non só temas culturais, senón tamén políticos. Revelan que a asociación contaba cun grupo de teatro no que eles participaban e a medida que ían tendo máis relación coas xentes do mundo da farándula e vendo máis espectáculos, aumentaron os seus desexos de dedicarse por enteiro ao teatro. No seo desta asociación xurdiu a idea da hoxe coñecida Mostra de Teatro de Ribadavia, de cuxo orixe e evolución se fala en boa parte da entrevista. Comentan a súa colaboración no grupo Artello e no Centro Dramático Galego (CDG). Refírense tamén a súa compañía Lagarta, lagarta. Por último, dan conta das vantaxes e dos inconvenientes que, ao seu parecer, ten o Centro Dramático Galego.

Riobó, Pedro P., 'Falamos con... Xulio Lago', *Revista Galega de Teatro*, nº 37, 'Espacios', 2004, pp. 11-19.

Ante as preguntas do xornalista, o entrevistado analiza a evolución do teatro independente galego dende os anos setenta e os seus vínculos co desenvolvemento da estrutura do sector teatral. Destaca a importancia da compañía Mari-Gaila no crecemento do teatro galego e na aparición de múltiples proxectos escénicos dentro e fóra de Galicia. Critica as dificultades que atopan os novos actores para incorporarse ás compañías a causa dos problemas que presenta o funcionamento global do teatro. Asimesmo, pide a mellora dos contactos entre as compañías e o público co obxectivo de eliminar o abismo entre a oferta teatral e os intereses da sociedade. Finalmente, denuncia a dependencia que ten a profesión teatral galega do sector audiovisual.

Roca, Pepe da, 'Manuel Caamaño Suárez', *Alameda*, nº 14, marzo 2004, pp. 11-15.

Longa conversa co aparellador noiés Manuel Caamaño Suárez, que conxuga a súa profesión técnica, como se nos di na breve nota de presentación, cun profundo amor por Galicia. Comeza por lembrar os inicios da súa militancia galeguista, desencadeada en Barcelona a raíz da lectura de Queixumes dos pinos, de Eduardo Pondal, e da relación epistolar e persoal que mantivo con Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego, Marino Dónega, Salvador García Bodaño, Aurora Pereira, Xosé Luís Franco Grande, etc. A parte da conversa que máis interesa do punto de vista da literatura galega é a que se lle dedica á valoración do labor da Agrupación Cultural "O Facho", da Coruña, que o entrevistado presidiu entre 1966 e 1979. Cabe destacar, entre as actividades que enumera, a

popularización do Día das Letras Galegas, a promoción do teatro, a organización de recitais e concursos literarios (salientando o de contos e o de teatro infantís), as mostras de cómics, a colaboración cos medios de comunicación e a publicación de libros. Por último, tamén é de subliñar a lembranza que fai Caamaño de Xaquín Lorenzo, "Xocas", a quen coñeceu como mebro do padroadoo do Museo do Pobo Galego.

Rodo Mendes, Inês, 'Rosalia de Castro e Virginia Woolf: perspectivas feministas que confluem', *Agália*, nº 79-80, 'Estudos', 2004, pp. 47-58.

Inês Rodo Mendes fala das importantes coincidencias nas perspectivas críticas feministas en Rosalía de Castro e Virginia Woolf. Saliéntanse as súas posturas feministas -autoafirmación das mulleres- e chámase a atención sobre algúns dos seus posicionamentos referidos ás problemáticas que padeceron as mulleres. Asemade analízanse as súas obras e conclúese sinalando que ambas as literatas deberon loitar contra as mesmas dificultades: sistema patriarcal, carencia de estudos, linguaxe sexista e androcéntrica, etc.

Rodríguez Baixeras, Xavier, 'Invitación á lectura de Os meus ollos de Ramiro Fonte', *Tempos Novos*, nº 58, 'Publicacións', 2004, pp. 125-129.

Recensión crítica do libro *Os meus ollos*, de Ramiro Fonte. O articulista comeza evocando o poema "Ritual das cinzas" do volume *Capitán Inverno*, a través do cal afirma a súa identificación con Fonte, manifesta na memoria autobiográfica compartida, nas lembranzas dunha infancia nunha vila dos anos 50 ou 60 que *Os meus ollos* relata. O libro sérvelle a Xavier Rodríguez Baixeras para reflexionar sobre o tempo á vez que analiza os personaxes que o habitan; a súa "invitación á lectura" da obra non pasa por alto a necesidade de salientar os logros en canto á estrutura, paradoxicamente invisibilizada polo xogo das coordenadas espazo-temporais. Un dos méritos máis relevantes do libro, segundo Rodríguez Baixeras, é a congruencia estrutural derivada da sabia administración de datos. En canto ao estilo, a sobriedade e harmonía non exentas de lirismo son as características destacábeis. Finalmente, péchase o artigo agradecendo a Edicións Xerais a tiraxe da obra, "en nome da alta literatura", "para o noso pracer".

Rodríguez Baixeras, Xavier, 'Celebración de Ancoradoiro, a obra completa de Xosé María Álvarez Cáccamo', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 162, 2004, , pp. 112-115.

Dende a amizade persoal e o coñecemento da traxectoria literaria de Xosé María Álvarez Cáccamo, Xavier Rodríguez Baixeras realiza un percorrido polos distintos libros publicados polo poeta. A viaxe iníciase con *Praia das furnas* e segue con *Arquitecturas de cinza, Os documentos da sombra, Luminoso lugar de abatimento, Cimo das idades tristes, O lume branco, Escrita das aves de marzo, Calendario perpetuo, Os cadernos da ira, Vocabulario das orixes, Colección de espellos* e *Depósito natural.* Presenta os motivos poéticos, detalla circunstancias persoais que os xustifican, descobre algunhas claves interpretativas e expresa as súas preferencias persoais por determinados libros ou poemas. Sinala a extraordinaria vitalidade creadora e a pericia técnica do poeta, a súa actitude de

aceptación e comuñón co mundo e a entrega desprendida e apaixonada. Expresa a súa admiración polo poeta, a quen considera un xigante da poesía galega de posguerra.

Rodríguez González, Olivia, 'Carlos Casares e Emilia Pardo Bazán: Os enigmas da vida en O Sol do Verán (2002) e La madre naturaleza (1886)', *La Tribuna. Cadernos de Estudios da Casa Museo Emilia Pardo Bazán*, nº 2, 'Estudios', 2004, pp. 157-175.

Estudo no que Olivia Rodríguez González analiza as similitudes existentes entre *La madre naturaleza* (1886), de Emilia Pardo Bazán, e *O sol do verán* (2002), de Carlos Casares. Ao longo dun texto que se estrutura en seis apartados ('Fecundacións na novela galega', 'O espazo das novelas', 'Sobre os personaxes', 'Técnicas narrativas', 'O sentido tráxico das novelas' e 'O gran enigma'), fala das semellanzas temáticas e estilísticas de ambas as dúas novelas e apunta a posibilidade de que Carlos Casares tivese presente na súa novela a obra da autora coruñesa ou que mesmo quixese amosar ao lector o punto de vista feminino na historia que Pardo Bazán narrara tantos anos antes. Deste xeito dá detallada conta das concomitancias existentes en diversos aspectos: no espazo no que se desenvolven ambas as novelas e na descrición que se fai das paisaxes; nas parellas protagonistas; no perfil dos distintos personaxes secundarios; no tratamento que ambos os autores fan do mundo da infancia/adolescencia; nas técnicas narrativas empregadas e, sobre todo, no tema central de ambas as dúas obras, o incesto, que só se descobre ao final.

Rodríguez, Luciano, 'Xa só na palabra permanece', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, p. 94.

Apreciación crítica de *Casa última*, de Xulio L. Valcárcel (2003), o último poemario publicado polo autor, que non se daba a coñecer neste xénero dende 1993. Luciano Rodríguez afirma que a poética de Valcárcel, en xeral e en concreto no volume mencionado, é coma "un río interior que nos vai envolvendo aos poucos". Dedícalle tamén algún espazo a comentar o prólogo da obra, realizado por Darío Xohán Cabana. Finalmente, indica que *Casa última* fala dun escenario baleiro, do desamparo e do desarraigamento.

Rodríguez, Luciano, 'A poesía de Xavier R. Baixeras mirada desde Eclipse', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002*, 'O papel da poesía na constitución dunha literatura nacional', xaneiro 2004, pp. 251-263.

Panorámica e análise da obra poética en galego de Xavier R. Baixeras (Tarragona, 1945) da que se destaca o rigor na forma, a riqueza léxica e o diálogo cultural. Luciano Rodríguez comeza con *Fentos no mar* (1981), que é unha peza clave no proceso de renovación da poesía galega deses anos. Salienta o tema central, que é unha das constantes na obra de Baixeras, a procura da imposíbel recuperación dos lugares, vivencias e espazos que foron importantes na súa formación. Continúa con *Lembranza do areal* (1985), *Os celestes faiados* (1985) e *A gándara da noite*, estas tres obras recóllense en *Poesía (1981-1987)*. Continua con *Visitantes*, (1991), *Nadador* (1995), *Beira Norte* (1997) e, finalmente, *Eclipse*

(2001). Nesta obra conflúen, segundo afirma Luciano Rodríguez, as distintas temáticas que caracterizan a poética de Baixeras. Conclúe analizando as cinco seccións que compoñen a obra.

Rodríguez, Pastor, 'A literatura galega na península da Barbanza no século XXI', *Alameda*, nº 14, marzo 2004, pp. 70-74.

Balance dos catro primeiros anos deste novo milenio en canto á literatura creada por escritores nacidos ou establecidos na Barbanza se refire, pois o comentarista estima que a cantidade e, sobre todo, alta calidade das publicacións xa o xustifican. Comezando pola narrativa, dá, entre outros, os nomes de Francisco Calo Lourido e Xerardo Agrafoxo, ambos procedentes do mundo da investigación, e mais de Antón Riveiro Coello; sen esquecer os premios. Así, lémbranos que no ano 2002 se creou o Premio "Avilés de Taramancos" de relatos de aventuras, que recibiron Ramón Carredano, Xosé Agrelo Hermo e Fancisco Antonio Vidal; e que persiste o máis modesto Premio de relatos "Valle-Inclán", do que resultou premiado na súa terceira edición Xosé Plácido Betanzos. Canto á narrativa infantil e xuvenil, cita a Xosé Antonio Ventoso Mariño e a Carlos Mosteiro. Xa no campo da produción poética, menos abundante, segundo afirma, destaca os nomes de Xabier López Marqués, Antonio Piñeiro, Sebastián Paz Suárez e Raúl Gómez Pato. No eido do ensaio e a investigación parécenlle destacábeis os traballos de Anxo Rei Ballesteros, Ramón Mariño Paz, Uxío Breogán Diéguez, etc. Para rematar, lembra que o 2003 foi o ano da morte de Borobó e tamén de homenaxe a Avilés de Taramancos, a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas. Con relación a este último, salienta que se publicou, por exemplo, unha peza teatral do autor que permanecía inédita e que se lle dedicaron importantes estudos a cargo de especialistas como Pilar Sampedro, Aurora Marco, Blanca-Ana Roig Rechou ou Martín Veiga.

Rodríguez, Salvador, 'A escaseza de rinocerontes', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 2004, p. 12.

Refírese á escaseza de críticos teatrais e, en consecuencia, da crítica sobre obras de teatro. Afirma que o lector á hora de decantarse por un espectáculo só conta coas breves e escasas notas de prensa e co fallo dos premios María Casares. Reclama a normalización do teatro como feito cultural e mesmo a súa industrialización.

Roig Rechou, Blanca-Ana, 'A noite de voraces sombras', *Revista Galega do Ensino*, nº 42, febreiro 2004, pp. 161-162.

Celebra a nova entrega literaria do prolífico escritor Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) que agasalla ao lectorado coa obra *Noite de voraces sombras*. Sinala que se trata dunha novela de misterio e terror con elementos do relato de aprendizaxe. Indica que a obra narra as vacacións de verán dunha rapaza de dezaseis anos na casa da súa avoa que acaba de falecer, relato no que ten cabida, ademais das propias peripecias da protagonista, as vivencias dos seus antepasados marcadas pola guerra civil. Por último, informa que o

propio autor declarou que *Noite de voraces sombras* é unha homenaxe aos mestres republicanos.

Roig Rechou, Blanca-Ana, 'Nun lugar chamado guerra', *Revista Galega do Ensino*, nº 142, febreiro 2004, p. 165.

Anuncia e comenta a obra *Nun lugar chamado guerra* de Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947), pola que foi galardoado co IV premio de Abril de Narrativa para a Mocidade. Sinala que a novela esta formada por cinco capítulos nos que o protagonista, o xornalista Néstor Pujalte encargado de cubrir a información dunha guerra, ofrece a súa visión de tan horríbel acontecemento. Salienta que xunto ao protagonista eríxese a figura dun neno lazarillo que o guiará na cobertura deste conflito. Finalmente, destaca o sentimento que Sierra i Fabra mostra nesta particular visión dos horrores da guerra que constitúe o eixe de *Nun lugar chamado guerra*.

Roig Rechou, Blanca-Ana, 'Paseniño, paseniño', *Revista Galega do Ensino*, nº 142, febreiro 2004, p. 163.

Dá conta da publicación de *Paseniño, paseniño* de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) un dos poucos poetas cos que conta a poesía infantil e xuvenil en Galicia. Salienta que polos sentidas e variadas formas estróficas da obra desfilan fenómenos atmosféricos, animais e diversos elementos da natureza. O poemario homenaxea, engade Roig Rechou, a figura de Rosalía de Castro, non en van os versos do seu poema titulado "Campanas de Bastabales" abren e pechan *Paseñiño, paseñiño*.

Roig Rechou, Blanca-Ana, 'Tres capitáns de tempos idos', *Revista Galega do Ensino*, nº 142, febreiro 2004, p. 164.

No ano que as letras galegas recordan e celebran a figura de Antón Avilés de Taramancos (Taramancos, 1935 - A Coruña, 1992), Roig Rechou súmase á homenaxe do escritor noiés con este comentario sobre a súa peza *Tres capitáns de tempos idos*. Salienta que Avilés de Taramancos narra nesta obra a historia do seu país, Galicia, e da súa lingua, o galego. Destaca tamén o humor como trazo principal da obra de Avilés de Taramancos.

Roig Rechou, Blanca-Ana, 'O paraestrelas', *Revista Galega do Ensino*, nº 143, maio 2004, p. 216.

Comenta o argumento e as ilustracións da obra *O paraestrelas* de Manuel Uhía (Portonovo, 1944). Apunta que cunha linguaxe fácil e ilustracións sinxelas, Uhía constrúe unha entretida obra que fala dos desexos e da necesidade de loitar para conseguilos.

Roig Rechou, Blanca-Ana, 'Revista Bululú', *Revista Galega do Ensino*, nº 43, maio 2004, pp. 220-221.

Refírese á *Bulubú. A revista dos títeres* dirixida por Mar Nogueira e Jorge Rey, publicación fundamental no ámbito teatral galego. Concretamente sinala o contido do número cinco da citada revista. Apunta que na sección "A personaxe" fala sobre Maruja Mallo, salienta os estudos teóricos e entrevistas, ademais da información sobre as actividades da Sala Yago de Santiago e dos festivais de marionetas que se realizan en Galicia e fóra de Galicia.

Roig Rechou, Blanca-Ana, 'Orión e os animais magos', *Revista Galega do Ensino*, nº 43, maio 2004, p. 217.

Informa da edición do libro *Orión e os animais magos* do autor de literatura infantil e xuvenil Joan Manuel Gisbert (Barcelona, 1949),que conta coas ilustracións de Francisco Solé. Sinala que en dezaoito capítulos, Gisbert narra a historia do can Orión que despois de pasar diversas vicisitudes participará en espectáculos de maxia da man do mago Danilo. Por último, apunta que a obra acaba co apartado titulado "Escribiron e debuxaron" no que Gisbert e Solé expresan as súas opinións sobre o texto e as súas facetas de escritor e ilustrador respectivamente.

Roig Rechou, Blanca-Ana, 'O meu nome é Skywalker', *Revista Galega do Ensino*, nº 143, maio 2004, p. 215.

Dá conta da publicación de *O meu nome é Skywalker* de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947). Apunta que a obra trata da relación da nena protagonista con un mendigo chamado Skywalker. Subliña que *O meu nome é Skywalker* reflicte o valor da amizade ao mesmo tempo que critica o desleixo da sociedade actual cara os indixentes.

Roig Rechou, Blanca-Ana, 'A vaca de fisterra e a trabe de alcatrán', *Revista Galega do Ensino*, nº 143, maio 2004, pp. 213-214.

Celebra a publicación de *A Vaca de Fisterra e a trabe de alcatrán* de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947). Comenta o argumento da obra no que se entrecruzan lendas e episodios históricos presentes na memoria colectiva. Así mesmo, apunta que Marilar Aleixandre xoga con textos literarios galegos e coas súas propias obras. Por último, refírese ás ilustracións de Lázaro Enríquez (A Habana, 1950), que apoian o contido e o simbolismo de *A Vaca de Fisterra e a trabe de alcatrán*.

Roux, Martine, 'A traizón en Deus sentado nun sillón azul', *Anuario Grial de Estudos Literarios 2003*, 'Estudos', 2004, pp. 66-71.

Analiza a obra *Deus sentado nun sillón azul*, (1996), de Carlos Casares. En primeiro lugar analiza a obra apuntando que é unha novela de amor escrita en terceira persoa, que conta

cun autor omnisciente que non amosa a identidade dos dous personaxes principais, "Ela" e "El". Comenta as personaxes e a trama argumental e afirma que Casares emprega na obra a regra das tres unidades da traxedia clásica. Afirma que nas reflexións de "El" realízanse referencias moi claras de Vicente Risco, que foi un das máis importantes figuras do nacionalismo galego do primeiro terzo do século XX e logo converteuse ao nacionalcatolicismo. Implicitamente estao condenando por traidor.

Ruibal, Tomás, 'Concubinas', *Revista Galega do Ensino*, nº 43, maio 2004, pp. 229-232.

Refírese á novela *Concubinas* de Inma López Silva, coa que acadou o premio Xerais de Novela. Dá conta do argumento da novela e fai fincapé na lectura feminista da obra. Destaca a capacidade lingüística da autora e o coidado estilo literario que lle imprime á novela e critica a abundancia de citas literarias e de expresións en inglés, francés, italiano e alemán. Finalmente, fai referencia ao currículo de Inma López Silva, salientando a súa faceta investigadora e literaria, facetas, sobre todo da literaria, das que agarda con expectación novos froitos.

Salgado, Xosé M., 'Cavilacións diante dun poema inédito de Otero Pedrayo', *Boletín Galego de Literatura*, nº 30, 'Documentos', 2004, pp. 117-126.

Acompañado dunhas consideracións de Xosé M. Salgado, reprodúcense os versos que Otero Pedrayo escribiu nas páxinas que preceden ao texto da segunda edición da súa *Guía de Galicia*, correspondente ao ano 1945, nun volume que envía como agasallo á Academia Galega para a súa biblioteca. Apunta Salgado que se trata dun poema que consta de trinta e cinco versos hendecasílabos brancos, con ritmo sáfico, máis un heptasílabo trocaico, no que se evocan algunhas lembranzas asociadas ao outono. Sinala tamén que o poema ten a voz da autenticidade e que a súa escrita se corresponde no tempo coa publicación de *O libro dos amigos*, de aí as similitudes entre ambos os textos.

Sánchez-Canet Rodríguez, Enrique, 'Homenaje a Álvaro Paradela en el 25 aniversario de su fallecimiento', *Ferrolanálisis*, nº 19, 'Ferrolterra', 2004, pp. 51-61.

Faise referencia á singular personalidade de Álvaro Cebreiro e ponse énfase na súa obra, especialmente nas colaboracións xornalísticas sobre literatura. Apúntase que foi un home provocador, moi retranqueiro e sarcástico, e insístese no seu afán de difundir a cultura galega a través do seu traballo. O articulista subliña, ademais, que foi un "escritor poliédrico" que nunca tivo "intención comercial" coas súas obras e realiza un longo percorrido polos seus artigos, especialmente por aqueles publicados en *La Noche*, dos cales nalgún caso achega pequenos fragmentos. Así, refírese ás colaboracións nas que, por exemplo, critica a Luz Pozo polo seu poemario *Ánfora* ou os certames literarios; fala da retranca de Castelao, un dos nomes, di, xunto con Maside e Cebreiro aos que máis alude; salienta a arte literaria de Avilés de Taramancos; aborda a poesía trobadoresca ou algúns recursos estilísticos cun obxectivo pedagóxico; ou, entre outros temas, ocúpase do discurso sobre Rosalía co que entrou na Real Academia Galega Carballo Calero. Tamén comenta

que na década dos cincuenta foi moi prolífico neste tipo de escrita, na que, apunta, lle gustaba moito comentar a lírica. Por outra banda, alude á súa vertente de tradutor e á súa preocupación de recoller os contos populares de tradición oral. En toda esta escrita, deixa moi claro que a intención de Álvaro Paradela era "enriquecer a cultura" galega.

Seara, Teresa, 'Punto de fuga', *Tempos Novos*, nº 80, 'Libros', xaneiro 2004, p. 70.

Teresa Seara recolle a publicación de *As amantes de Hamlet* (2003), de Marta Dacosta, obra que se inscribe, segundo ela, nunha nova visión da problemática dos personaxes femininos da temática tradicional.

Seara, Teresa, 'Cita co pasado', *Tempos Novos*, nº 81, 'Libros', febreiro 2004, p. 73.

Recensión sobre a recente publicación de *Poesía*, de Marcial Valladares, e *Os Calaicos*, *Mágoas* e *Follas ao vento*, poemarios presentados nun único volume, de Florencio Vaamonde. Destácase o interese de Xerais por publicar estas obras e polo traballo de recuperación literaria. Faise un pequeno percorrido pola obra destes dous poetas e descríbense a súa estrutura e temática dos catro poemarios.

Seara, Teresa, 'Camelias para luz', *Tempos Novos*, nº 82, marzo 2004, p. 74.

Nesta páxina faise eco das dúas últimas publicacións de Luz Pozo Garza: *Historias fidelísimas (Poesía selecta 1952-2003)*, antoloxía poética publicada polo Pen Clube e mais *Medea en Corinto*. A comezar por esta última, sinala que se trata dunha nova versión do mito clásico en que a protagonista, Medea, dialoga coa Nodriza descubrindo os seus sentimentos de muller ferida. Canto a *Historias fidelísimas*, destaca o estudio previo de Carmen Blanco que acompaña os poemas escolmados e a inclusión no volume dos catro poemas inéditos que conforman o ciclo Iwerddon. Poemas gaélicos (1997-2003).

Seara, Teresa, 'Casa da memoria, memoria da casa', *Tempos Novos*, nº 83, 'Voces e cultura. Crítica', abril 2004, p. 72.

Teresa Seara subliña que en *Casa última* Xulio L. Varcárcel analiza a esencia do ser humano a través da "casa da infancia e das saudades onde xa só quedan as ruínas e os recordos". Apunta que o autor dá dúas visións desta casa, das que, di, se deriva a temática. Indica que, por un lado, esta casa é considerada como "un legado íntimo" e, por outro, como signo da destrución do tempo, sinalando que no poemario "un ton acedo" provoca a impotencia ante este tempo esmagante. Ademais observa que presente e pasado ocupan as páxinas desta creación na que, subliña, predomina a "palabra descarnada pero chea de tenrura".

Seara, Teresa, 'O penúltimo pulso', *Tempos Novos*, 'Poesía', maio 2004, p. 54.

Faise aquí un percorrido polas últimas novidades no campo da poesía, salientando o aumento de volume publicado e o feito que de o último libro de Yolanda Castaño, *O libro da egoísta*, fose reeditado pouco despois de ser publicado por primeira vez. Tamén se salienta a concesión do Premio da Crítica Española a *Casa última*, de Xulio Valcárcel, do que se di que trata o tema da casa como lugar xa mítico, como tamén o fai Marilar Aleixandre con *Desmentindo a primavera*. Precisamente con este libro de Marilar Aleixandre, ademais de con *(Cito)*, de Enma Couceiro, Teresa Seara di que Xerais abre unha nova colección de poesía. Da Editorial Tris Tam destaca as traducións de Apollinaire, Lear e Stevenson. De Dombate destaca a reedición de *Dona do corpo delgado*, de Álvaro Cunqueiro, e a publicación de *Texas*, de Alberto Avendaño, antigo membro de Rompente. Tamén se fala de dúas publicacións do Pen Clube de Galicia, unha antoloxía de Luz Pozo Garza, *Historias fidelísimas*, e de *Non queres que o poema te coñeza*, de María do Cebreiro. Da autoría de Luz Pozo tamén é *Médea en Corinto* publicado polo selo ourensán Linteo, que tamén anunciou para logo a obra completa da autora, un tipo de publicacións que están agora en auxe como demostran os tres volumes: *Traxectorias*, de Vitor Vaqueiro, *Do descoñecido ao descoñecido*, de Manolo Rivas e *Ancoradoiro*, de Xosé María Álvarez Cáccamo. Comenta a autora do artigo a vitalidade que está a ter Espiral Maior despois de afrontar unha crise: *Vogar de couse*, de Alexandre Nerium, *Héleris*, de Carlos Negro, *Elexía a Camba*, de Xosé Lois Rúa e *Decrúa*, de Estevo Creus. Ademais das novidades tamén se fala da reedición de varios clásicos, como *Rosalía de Castro, Antoloxía*, feita por Anxo Angueira, ou o libro póstumo de Lueiro Rey, *Derradeira escolma ferida*, ou finalmente, a edición da primeira *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000*, elaborada por Arturo Casas. Por último ten Teresa Seara unhas palabras para a desaparecida poeta Luísa Villalta.

Seara, Teresa, 'Palabras para morse', *Tempos Novos*, nº 85, 'Libros', xuño 2004, p. 72.

Teresa Seara comenta *Decrúa* (2003) de Estevo Creus, poemario do que destaca a presencia da idea de desposesión, que funciona a modo de "catarse".

Seara, Teresa, 'Variacións', *Tempos Novos*, nº 86, 'Libros', xullo 2004, p. 71.

Destácase a importancia do lector na obra de Emma Couceiro, *(Cito)*, que require unha maior participación do mesmo na lectura. Así mesmo, destácase o emprego de citas, que amplía os horizontes da obra.

Seara, Teresa, 'Pluralidade', *Tempos Novos*, nº 89, 'Libros', outubro 2004, p. 73.

Sinálase que tamén noutras literaturas as poetas son as que se afanan por modificaren os vellos discursos. Isto percíbese en *Pluriversos*, unha escolma da obra de seis poetas irlandesas dos anos noventa elaborada por Manuela Palacios González, quen contou na tradución coa axuda de Arturo Casas, na que se presenta un amplo abano de poemas de

Eavan Boland, Paula Meehan, Nuala Ní Dhomhnaill, Mary Dorcey, Medbh McGuckian e Anne Le Marquand Hartigan, cuxas voces manifestan o desexo de primar todo o relacionado coa súa experiencia vital a través dun discurso alternativo ao dominante.

Seara, Teresa, 'Urxencia da raíz', *Tempos Novos*, nº 89, 'Libros', outubro 2004, p. 73.

Indícase que a Asociación Cultural Raigañas de Cerqueda vén de editar xunto co Concello de Carballo *Casa vouga* (2003), un volume no que os poemas de Xosé Manuel Varela dialogan cos debuxos de Miguel Anxo Calvo. A seguir, sinálase que a obra fala do abandono, de casas baleiras que xa só habita o pasado ou dos oficios de sempre, chegando aos versos referencias á artesanía do barro, aos mariñeiros acobadados na varanda portuaria, en definitiva a un mundo que se perde con rapidez e que resulta urxente preservar por ser a raíz que nos afirma fronte aos embates do tempo e da desmemoria.

Senén, Felipe, 'Cando 'O camiño é unha nostalxia', *Eco*, nº 161, 'Sociedad', outubro 2004, pp. 58-59.

Artigo dedicado á vida e á obra de Manuel María de quen Felipe Senén comeza destacando a súa coherencia e o seu labor na construción dunha patria que entendía maltratada e negada. Cualifícao de voz do esencial, do Amor e da Terra, de Saleta e de Galicia e cita algúns dos seus espazos emocionais: a casa familiar dos Hortas de Outeiro de Rei, as augas do pai Miño, a carballeira de Santa Isabel e a súa festa cada primeiro domingo de xullo e Santiago de Compostela os 25 de xullo. Dá conta das súas múltiples viaxes e referencias culturais, sinala que sempre tivo á man a obra de Rosalía e a de Francis James, lector de Dante e de Ernesto Cardenal, de Mario Benedeti e de Xosé Hierro, e apunta que agarimaba a súa biblioteca e que coleccionaba pequenas navallas. Relata cómo recibiu a nova da súa morte: "a noticia chegoume por móbil vía Londres, dada polo amigo César Varela, cando eu estaba no santuario da Virxe de Montenero, padroa da Toscana. Sentín máis fondo este ouridourado tempo de outono que se prepara para a vendima e doeume non unirme a Saleta e aos incondicionais amigos nesta xusta homenaxe, camiño da Coruña a Bonaval e á Chá, compañeiros que axudaron a estrelar máis o ceo e cubriron de esperanzado azul e branco ese corazón de Galiza e do mundo que é a sinxela Terra Chá". Finalmente, convida a todos a atopar a Manuel María nos camiños de Galiza, da palabra, do amor, da arte, da beleza.

Sodré, Paulo Roberto, 'Os gêneros líricos no cancioneiro das cantigas de amigo', *Agália*, nº 77-78, 'Estudos', 2004, pp. 135-164.

Realízase unha redistribución dos xéneros no corpus das cantigas de amigo tendo en conta o emisor. Para isto, analízase a figura da "madre" nas cantigas xunto coas súas marcas discursivas. Esta nova distribución das cantigas de amigo -que inclúe o nome dos trobadores e as súas respectivas cantigas- aparece reproducida ao final deste traballo e nela pódense observar cinco grupos de cantigas: de namorada, de madre, de confidente, de narrador e mais outros xéneros.

Sotelo, Vanesa, 'Libros', *Revista Galega de Teatro*, nº 37, 2004, pp. 84-85.

Ofrece breves análises dos seguintes libros: *A introducción ás grandes teorías do teatro*, de Jean-Jacques Roubine, *Festa, teatralidade e escrita*, de María Isabel Morán Cabanas, *Fígados de Tigre. Parodia de Melodramas*, de Francisco Gomes de Amorim, e *Fray Luis de Sousa*, de Almeida Garret.

Sotelo, Vanesa, 'XX Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas', *Revista Galega de Teatro*, nº 37, 2004, pp. 45-47.

Informa das actividades derivadas da celebración do festival, salientando os monólogos de Ángel Pavlovsky e Nancho Novo, as pezas *La noche del Oso* e *Carmen, ópera sangrienta*, e os espectáculos corais presentados por Teatro do Morcego e El Corral de Comedias de Querétaro. Dá conta, así mesmo, doutros espectáculos paralelos como as lecturas dramatizadas de textos de Roberto Vidal Bolaño e o teatro de rúa a cargo das compañías Teatro Bruto, Catroemedio e Tragaleguas.

Soto, Luís G., 'A saudade revisitada', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 98-99.

Céntrase no libro *Para unha filosofía da saudade*, de Andrés Torres Queiruga, edición da Fundación Otero Pedrayo publicada en 2003. Explícase que o volume reúne varios estudos que sobre o tema da saudade escribira Torres Queiruga dende 1981, refundido algúns e actualizando o conxunto. Tamén nos aclara que se trata dunha publicación preparada co gallo da concesión do premio "Trasalba".

T.S., 'Follas antigas', *Tempos Novos*, nº 80, 'Libros', xaneiro 2004, p. 70.

Reséñase a publicación da obra poética de Xosé Crecente Varela, autor de comezos do século XX que, segundo o autor deste breve artigo, estaba escurecido polos seus contemporáneos.

T.S., 'Monografía', *Tempos Novos*, nº 81, 'Libros', febreiro 2004, p. 73.

Noticia da presentación do número 5 da revista *Amastra-N-gallar*, que está dedicada integramente ao poeta alemán Paul Celan.

T.S., 'Era unha vez', *Tempos Novos*, nº 81, 'Libros', febreiro 2004, p. 73.

Anúnciase a publicación de *Cando as luces rebentan o silencio*, na que se poden atopar as voces poéticas de distintas poetas da Baña, Negreira e Santa Comba.

T.S., 'Rosalía revisitada', *Tempos Novos*, nº 83, 'Voces e cultura. Crítica', abril 2004, p. 72.

Sinala que Anxo Angueira recita catorce poemas de Rosalía no cd que se xunta á escolma *Rosalía de Castro. Antoloxía* de Edicións Xerais de Galicia e afirma que Angueira no limiar salienta a forte carga simbólica da poesía da padroesa ao "servizo do pobo galego". Fai referencia, así mesmo, aos "apartados temáticos" nos que se estrutura este volume.

T.S., 'Xadrez', *Tempos Novos*, nº 83, 'Voces e cultura. Crítica', abril 2004, p. 72.

Subliña que *Pálpebra azul*, de Helena Villar Janeiro, está formado por haikú, recurso poético xaponés que, subliña, lle serven para "conformar un cosmos sensitivo" que vencella á "filosofía zen da observación asombrada do universo". Asemade, apunta que os poemas se caracterizan pola sinxeleza e por uns temas que van dende a recreación paisaxística até un certo achegamento a Eros.

T.S., 'Poesía de peto', *Tempos Novos*, nº 86, 'Libros', xullo 2004, p. 71.

Dáse conta dunha forma breve da creación da colección de poesía "Poesía de peto" (Tris Tram), que é inaugurada coas traducións de obras de Apollinaire, Robert L. Stevenson e Edward Lear.

T.S., 'Dona delgada', *Tempos Novos*, nº 86, 'Libros', xullo 2004, p. 71.

Trátase a reedición de *Dona de corpo delgado*, de Álvaro Cunqueiro, por parte da Editorial Galaxia. Saliéntase a división dos poemas en dous grandes grupos, os que se adscriben a unha liña elexíaca e os que se aproximan ao neotrobadorismo.

Tempos Novos, 'Avances', *Tempos Novos*, 'Cataventos', maio 2004, pp. 10-11.

Este apartado divídese nunha serie de subseccións que dan conta das novidades en todo tipo de propostas culturais. No que se refire á literatura temos tres temas importantes. O primeiro trátase de falar un pouco dos actos que se van celebrar para difundir a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas, Xaquín Lorenzo. Fálanos sobre todo das actividades do museo do pobo galego, do que fora presidente, que realizara varias exposicións: unha titulada "O carro e o home. O cine de Antonio Roman e Xaquín Lorenzo" que amosa un camiño frustrado da cinematografía galega, e outra chamada "enredos e ixolas",. Ademais colaborara en exposicións e simposios sobre a súa obra e publicou dúas unidades didácticas. A parte fálase tamén de diversas actividades e publicacións, coma as da Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega ou a Universidade de Santiago. Noutro apartado fálasenos das obras que publican as editoriais de cara aos eventos, falando de que, ademais de moitas autobiografías, unha por editorial

case, hai reedicións dos seus libros, coma as de Galaxia: *A terra, A casa, O mar e os ríos* e *Os oficios*; ou as a editorial A Nosa Terra que saca *Os enredos* e *O tardo*. Noutro apartado fálasenos brevemente do premio Rúa Nova de narrativa, un premio que aparte da dotación económica inclúe a publicación na colección Nova33. Este ano dísenos que quedou orfo o premio en lingua galega, gañando as mencións do xurado Santiago Sanjurjo Díaz e Santiago Agra Vermejo; en español gañaría Vanesa Rodríguez Tembras, con *"Sin aliento"*.

Torres Regueiro, Xesús, 'Pranto polo amigo que non agardou o Outono', *A Xanela*, nº 18, 2004, p. 17.

Torres Regueiro realiza unha loanza das calidades persoais de Manuel María e do seu saber; das achegas que lles concedeu aos máis próximos sobre moitos dos persoeiros que conforman a literatura galega ou dos roteiros turísticos que lles facía ensinándolles os recunchos máis fermosos do país galego.

Trigo, Xosé Manuel G., 'Acoso textual. Lédeme, malditos, lédeme', *Guía dos libros novos*, nº 6, maio 2004, p. 10.

Columna de opinión na sección dedicada ás Letras pola Guía na que o autor fai unha reflexión acerca da lectura e os lectores. Pensa Xosé Manuel Trigo que convén distinguir entre os compradores de libros, que son moi numerosos, e os lectores, ben máis escasos. Por iso se dá o paradoxo de que "aínda que non teñas lectores, podes vender varias edicións". Por outra parte, cre que, debido á existencia doutros soportes para contar historias como son o cine e a televisión, o lector actual de narrativa demanda obras con "densidade cognitiva e fineza estilística".

Trigo, Xosé Manuel G., 'Morgún', *Revista Galega do Ensino*, nº 43, maio 2004, pp. 239-240.

Co gallo da publicación de *Morgún* de Suso de Toro, o articulista fai unha breve disertación sobre as publicacións do sistema literario galego e sobre a afección ou non afección á lectura. Trigo critica a complexidade argumental de *Morgún* e apunta algúns defectos estruturais e estilísticos da novela.

Trigo, Xosé Manuel G., 'A terra quere pobo', *Revista Galega do Ensino*, nº 44, novembro 2004, pp. 301-302.

Analiza o libro *A terra quere pobo* de Xosé Luís Barreiro Rivas coa que obtivo o premio de ensaio Ramón Piñeiro. Trátase, segundo o articulista, dunha obra que reflexiona sobre a situación de Galicia fronte aos procesos de mundialización económica e a subseguinte globalización cultural. Salienta o carácter pouco optimista da reflexión de Barreiro sobre

Galicia. Finalmente apunta que, sen dúbida, *A terra quere pobo* invita ao pensamento profundo e tamén serve a polémica.

Tudela, Olivia, 'Desafíos para o novo século', *Eco*, nº 155, 'Sociedad', abril 2004, pp. 64-65.

Dá conta da cerimonia de ingreso na Real Academia Galega de Víctor Freixanes, que pasou a ocupar a cadeira baleira por mor do falecemento de Carlos Casares. Sinala que o acto tivo lugar no paraninfo do Instituto de Ensino Secundario de Pontevedra, onde traballaron Losada Diéguez e Castelao e onde Freixanes asistiu a clases, entre outros, de Filgueira Valverde. Entre os méritos do novo académico menciónase a súa condición de profesor titular na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, de recoñecido xornalista e escritor e de editor á fronte de Edicións Xerais de Galicia e na actualidade de Galaxia, tras ter pasado por Anaya e Alianza en Madrid. Apunta tamén o título do seu discurso, "Desafíos para un novo século. Entre a trabe de ouro e a paxariña de Armenteira", unha presentación dun proxecto de vida cultural que non esquece o pasado e no que incluíu propostas como aproveitar as infraestruturas e o talante conformados ao longo da experiencia da emigración e conseguir dar entrada ao alleo para integralo na sociedade galega, ademais de afirmar que cómpre estabelecer un gran pacto estratéxico en Galicia para dar unha resposta colectiva á modernidade en Galicia. Recolle tamén que Freixanes rematou salientando que Galicia debe elixir ante dúas propostas posíbeis: "fronte ó inmobilismo simbolizado polo motivo da paxariña de Armenteira: é dicir, deixar que outros fagan por nós mentres nun intre pasa o tempo todo; cómpre escollermos o risco da acción cara ó logro da trabe dourada". Informa tamén de que foi Antón Santamarina o encargado de pronunciar o discurso de resposta.

Tudela, Olivia, 'No aniversario de Raimundo García Domínguez, Borobó', *Eco*, nº 159, 'Sociedad', agosto 2004, p. 73.

Dá conta da celebración no concello de Boiro, o 10 de xullo, na Casa da Cultura Ramón Martínez López, dunha xornada de conferencias dedicadas a Raimundo García Domínguez, "Borobó". Cita aos participantes nesta xornada: Xosé García Palmeiro, cunha intervención cualificada de maxistral polos asistentes; Xoán Guitián, que se encargou de repasar a biografía do polígrafo galego; e Paula García Paz, a filla máis nova do escritor, que inaugurou unha exposición de óleos inspirada nos versos de seu pai, que refundiu a escrita de Castelao sobre a paisaxe do Barbanza. Informa tamén da celebración de dúas mesas redondas. A primeira, dedicada ao Borobó periodista, estivo coordinada por Xosé López e nela participaron Gonzalo Bouza-Brey do *Diario de Arousa*, Lois Celeiro, xefe do gabinete de prensa da USC, e Alfonso Eiré, director de *A Nosa Terra*, que coincidiron en cualificar a Borobó de mestre do xornalismo de opinión. Na segunda mesa redonda, introducida por Manuel Velo, contouse coa presenza de Elías Lamelas, Xavier Baltar, Sabino Torres e Xesús Alonso Montero, que falaron das facetas de Borobó como autor de anacos periodísticos, ensaísta, guionista e autor teatral, narrador e poeta. Conclúe sinalando que a xornada se clausurou cunha festa na casa da Fiada de Trevonzos, residencia galega de

Borobó, onde a viúva do escritor descubriu unha placa conmemorativa do concellod e Boiro na súa lembranza.

Vázquez Pozo, Gonzalo, 'Vítor F. Freixanes. A lingua é para min un elemento clave no proceso dinamizador da identidade de Galicia, pero non un elemento exclusivo', *Eco*, nº 156, 'Entrevista', maio 2004, pp. 4-8.

Conversa con Vítor Freixanes unha vez celebrado o acto de ingreso na Real Academia Galega. Comeza o entrevistado sentíndose herdeiro do labor realizado por homes como Otero Pedrayo no pasado e dende a concepción dunha cultura aberta, comprometida e dinámica socialmente que o levou a ser escritor e tamén a axudar a facer lectores, a crear empresas de comunicación e a fortalecer as institucións culturais galegas. Anuncia que leva tempo cun proxecto de novela e cun libro de relatos pero que a súa participación nos deseños e promocións da editorial Galaxia atrasan inevitabelmente o seu labor na escrita, aínda que anuncia a reedición de *Unha ducia de galegos*, un libro que considera o retrato dun tempo. Fala tamén do seu labor como articulista dende o eido do xornalismo de opinión e defínese como un home moderado na expresión e nos principios a pesar da súa formación na esquerda e no galeguismo. Con respecto aos medios de comunicación galegos declara que se conta cun xornal hexemónico, *La Voz de Galicia*, que se dirixe ao conxunto da sociedade dun xeito plural e que se decanta pola modernidade e a identidade aínda que en castelán, aspecto que aproveita para afirmar que concibe a lingua como un elemento clave no proceso dinamizador da identidade de Galicia, pero non un elemento exclusivo. Sinala tamén que percibe a realidade do país nunha situación delicada na que cumpriría estabelecer un pacto estratéxico cun primeiro espazo dedicado á sociedade e cun segundo arredor das empresas e co horizonte do mundo exterior con fin de "darlles ese valor engadido ós nosos productos para deixar de ser un país exportador de materia prima bruta". Finalmente, pronúnciase sobre cuestións relacionadas coa clase política galega, o mundo da empresa, as novas tecnoloxías da información e da comunicación e a Constitución Europea.

Vázquez-Monxardín Fernández, Afonso, 'A traducción galega de A familia de Pascual Duarte', *Boletín Galego de Literatura*, nº 29, 'Documentos', 2004, pp. 167-220.

Documento no que se reproducen as trinta e dúas cartas intercambiadas entre Camilo José Cela e Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Francisco Fernández del Riego con motivo da tradución ao galego d'*A familia de Pascual Duarte*, unha novela publicada en castelán en 1942. Explícanse pormenorizadamente os diversos avatares sufridos pola tradución, que iniciara o propio autor, até a súa publicación en 1962: o contacto con Otero Pedrayo para solicitarlle un prólogo, a encarga a Vicente Risco de que se ocupe da tradución, os atrasos por motivos de saúde desta, o aparente afastamento entre estes dous persoeiros que se deriva dalgunhas frases do primeiro, o contacto de Camilo José Cela con Francisco Fernández del Riego para a publicación da tradución ou o feito de que fora unha editorial coa que non estaban directamente vinculados os persoeiros implicados en todo o proceso, son algúns dos aspectos que se van desvelando a través destas cartas.

Vega, Ángel de la , 'Ánxel Fole e Lugo. Adorador da lúa', *Guía dos libros novos*, nº 6, maio 2004, pp. 37-38.

Reportaxe da sección "Cidades literarias" desta Guía na que Ángel de la Vega fai unha lembranza de Ánxel Fole. Describe, dende unha perspectiva biográfica, a vida cotiá do escritor na cidade de Lugo. Preséntanolo como un dos últimos "xornalistas bohemios", dando conta dos seus paseos, da súa desorde e a forma estrambótica de vestir, dos lugares en que costumaba almorzar, do seu gosto por camiñar á noite e por fabular nas sobremesas, das súas amizades, etc.

Vidal Estévez, Engracia, 'Libros chegados', *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 140, 'Libros chegados', 2004, pp. 85-88.

Achégase unha lista de novidades editoriais, recollendo debaixo de cada título unha moi sucinta nota na que se alude aos autores ou ao contido. Estas novidades pertencen a campos distintos: lingua, literatura, economía, relixión, filosofía, etc. Así, entre os que teñen que ver coa literatura galega, cítanse as publicacións do Consello da Cultura: *O sorriso de Daniel*, de varios autores; *O mar terra adentro*, de Xaquín Lorenzo; ou *Agasallo de cores*, tamén de varios autores. Asemade, faise referencia á saída de dous volumes da colección de narrativa que dirixe Modesto Hermida no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: *Narradores ocasionais do século XX* e *Gallegada e outros textos en prosa*, de Valentín Lamas Carvajal.

Vieites, Manuel F., 'O folc drama en Galicia (II). A propósito do Movemento Dramático Angloirlandés e do Movemento Dramático Nacional: traducións e proxectos literarios na formulación dun teatro nacional', *Anuario Grial de Estudos Literarios 2003*, 'Estudos', 2004, pp. 72-85.

Segunda parte dun extenso artigo sobre o folc drama en Galicia. A primeira publicouse no *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002*. Comeza co apartado "Concepto e funcións do folc drama: os procesos de construción nacional" onde comenta diversas definicións. A primeira que achega entende ao folc drama como "dramaturxia popular", a medio camiño entre ritual e festa. Logo sinala que, en Galicia, ese subxénero dramático caracterizouse polo uso ou pola recuperación de temáticas, elementos e formas dramáticas que son propias da dramaturxia popular. A seguir explica que tivo unha gran importancia no desenvolvemento dos proxectos de construción nacional, debido as súas posibilidades de concreción escénica de mundos reais ou posíbeis. Tamén chama a atención sobre o feito de que o eido cultural ten unha gran importancia nos procesos de construción nacional. Explica que o folc drama naceu en Irlanda da man de Douglas Hyde e que en Galicia como aló, houbo un permanente debate entre o local e o universal. A seguir, no apartado, "Antón Villar Ponte, dramaturgo", comenta a traxectoria no universo dramático e teatral deste intelectual. Dí que sempre tivo presente a necesidade de adecuar as accións ao contexto e que foi consciente das diferenzas que existían entre os galeguistas. Tamén efectúa propostas pragmáticas e como tradutor ou como dramaturgo amosa unha gran tensión entre a instrumentalización e a autonomía da creación artística. A. Vilar Ponte participa

activamente no Movemento Dramático Nacional como dramaturgo, ensaísta e como publicista. Manuel F. Vieites repasa diversas obras dramáticas del, como por exemplo *A patria do labrego* ou *Entre dous abismos*, nas que se aprecia o concepto de folc drama que tiña el. Comenta diversas características, entre elas, o uso dun mundo antigo no que teñen cabida personaxes tan característicos como os cegos, os vagabundos, os poetas ou os tolos.

Vieites, Manuel F., 'Plácido Castro no teatro galego. Preámbulo posible', *Trabe de Ouro*, nº 57, 'Cuestións', 2004, pp. 39-55.

Manuel F. Vieites trata, no que no seu orixe foi unha conferencia para a V Conferencia Anual Plácido Castro, a problemática da creación do teatro nacional galego, centrándose na participación de Plácido Castro na mesma.

Vieites, Manuel F., 'No pasamento de Joseph Chaikin, de Enrique Buenaventura, de Luísa Villalta', *Revista Galega de Teatro*, nº 38, 2004, pp. 51-53.

Vieites recorda neste artigo a perda irreparábel que para o mundo do teatro supón o pasamento de Joseph Chaikin e Enrique Buenaventura. De Joseph Chaikin destaca as súas achegas á arte do teatro, en concreto salienta o seu libro *The Presence of the Actor* (1972). Tamén se refire ao seu labor como director de espectáculos partindo da obra de dramaturgos contemporáneos como Samuel Becket ou Eugene Ionesco. Con respecto a Enrique Buenaventura apunta que foi un dos grandes renovadores do teatro, que ademais estivo moi vinculado ao teatro español. Vieites non esquece o pasamento de Luísa Villalta - profesora, ensaísta, violinista, poeta narradora e dramaturga que desenvolveu unha activa militancia política e cultural en defensa de Galicia- cuxo perfil profesional e persoal recorda neste artigo.

Vieites, Manuel F., 'Nikita Baliev, Daniel R. Castelao e o teatro de cabaré europeo. Apropiación e transferencia de modelos teatrais', *Boletín Galego de Literatura*, nº 29, 'Estudos', 2004, pp. 75-108.

Exame da influencia que os espectáculos de cabaré rusos e europeos, e nomeadamente a figura do actor Nikita Baliev, exerceron nos postulados estéticos e artísticos de Daniel R. Castelao. A achega documental á traxectoria artística do actor ruso e ao ambiente cultural e teatral da Europa dos primeiros anos do século XX vai acompañada dunha análise das relacións intersistémicas que se estabelecen entre o tipo de teatro que encarna o célebre actor e as propostas formuladas por Castelao. Co obxecto de construír un teatro popular nacional de nidia ambición artística, non alleo á tradición, pero afastado das vellas formas teatrais ruralistas e estereotipadas, Castelao procede á transferencia e á apropiación dun modelo teatral foráneo, o teatro de cabaré e outros espectáculos afíns, que serve de fonte de renovación da arte teatral galega que se aproxima, desta maneira, á modernidade.

Vieites, Manuel F., 'O folc drama en Galicia (I). A propósito do Movemento Dramático Angloirlandés e do Movemento Dramático Nacional: traducións e proxectos literarios na formulación dun teatro nacional', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002*, 'Teatro e nacionalismo', xaneiro 2004, pp. 167-197.

Primeira parte dun extenso artigo sobre o folc drama en Galicia. Comeza explicando que diversos intelectuais nacionalistas tomaron o folc drama angloirlandés como paradigma de creación dramática nacional. Destaca a figura de Antón Vilar Ponte, que en 1927 publicou "Sobre las orientaciones de nuestro teatro" en *El Pueblo Gallego*, onde plantexa unha proposta. Fala de "folc dramas". No número dez de *Resol* fala de dous folc dramas xa traducidos para o galego e eanuncia a publicación de outro *El Pueblo Gallego*. Plácido Castro publica "El teatro gallego", onde analiza as posibilidades de crear en Galicia un teatro nacional. Na obra de Antón Vilar Ponte diferéncianse dúas orientacións básicas. Unha tiña como obxectivo a creación dun estilo "nacional", que nun artigo publicado en 1923 xa se avanzan as características básicas dese xénero. A outra gran orientación constrúese arredor do drama social para denunciar os problemas que afrontaba Galicia nesa época. Manuel F. Vieites sinala que o seu propósito é analizar os aspectos básicos desa busca e apuntar algunhas intertextualidades e tamén analizar a creación dramática galega partindo das relacións con outras literaturas. Manuel F. Vieites continua o seu estudo co apartado titulado "Presentación: ás voltas coa nación" e continua logo con "Debates e propostas arredor da construción dun teatro nacional en Galicia". No primeiro analiza, entre outros aspectos, diversas teses sobre o tema da construción nacional e da súa relación coa literatura. No segundo dos apartados, co que finaliza este artigo, recolle as propostas e opinións de intelectuais como González-Millán, Vilar Ponte, Galo Salinas Rodríguez, Evaristo Correa, Leandro Carré, Jesús Bal y Gay e repasa os proxectos do Movemento Dramático Rexional, o Teatro Rexionalista, a Escuela Regional Gallega, a Escola Dramática Galega, etc.

Vieites, Manuel F., 'xogo de máscaras', *Revista Galega do Ensino*, nº 142, febreiro 2004, pp. 203-205.

Agradece a publicación do libro *Xogo de máscaras* de Euloxio R. Ruibal, que non só contribúe á divulgación e ao coñecemento da creación dramática galega, senón tamén á conformación do espazo propio dos estudios teatrais galegos. Vietes recorda que Euloxio R. Ruibal, ademais dun gran autor de pezas teatrais, é un gran estudoso do teatro galego; en efecto, *Xogo de máscaras* é unha mostra da súa rigorosa investigación teatral. Apunta que o volume consta de dezaseis ensaios nos que ofrece unha aproximación á obra de autores da talla de Rafel Dieste, Álvaro Cunqueiro, Luís Seoane ou Ramón Otero Pedraio entre outros. Finalmente subliña o interese de *Xogo de máscaras* por tratarse da lectura e a interpretación dun dramaturgo sobre a obra de outros autores teatrais.

Vieites, Manuel F., 'Escola Superior de Arte Dramática. Cinco retos inmediatos', *Tempos Novos*, nº 90, 'Opinión', novembro 2004, pp. 62-65.

Fálase da recente creación da ESAD e do seu idóneo emprazamento no Campus da Universidade de Vigo, da actitude xenerosa desta institución e da súa próxima posta en funcionamento. Despois repasa os cinco grandes retos que enfronta o proxecto, que atinxen respectivamente á publicidade que se debe realizar da mesma, á necesidade de elaborar unha boa oferta académica, á construción dunhas instalacións axeitadas, á elección de persoal altamente cualificado e, por último, á vocación de servizo que debe guiar todas as súas actividades.

Vilavedra, Dolores, 'Xénero narrativo e identidade en Galicia: unha achega diacrónica', *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002*, 'Das prácticas culturais á teoría literaria', xaneiro 2004, pp. 121-137.

Comeza indicando que o seu obxectivo é realizar unha análise diacrónica da contribución da narrativa galega ao proceso de codificación de modelos dunha suposta identidade galega tendo en conta a secular situación de dependencia que padeceu Galicia e a situación da lingua, que determina a evolución do xénero narrativo. Comeza co apartado titulado "Dos precursores a Nós: O 'Big Bang'" onde destaca poderosamente o Grupo Nós que, ademais de realizar un diagnóstico de cales podían ser as achegas do xénero narrativo, vinculan este a un proxecto ideolóxico de máis amplo alento, desenvolven a literatura coa parte do patrimonio que unha comunidade debe ter para ser considerada unha nación. O seguinte apartado que aparece é "De 1936 aos nosos días" que comeza co repentino parón, a todos os niveis, que significou a Guerra Civil e chega até os anos oitenta onde van deixando de funcionar como modelos orientadores os máis destacados sistemas estéticos e ideolóxicos. A narrativa entra nunha etapa desintegradora que produce un segundo "Big Ben" creativo motivado, entre outros factores, pola diversificación dun público cada vez máis heteroxéneo. O artigo conclúe co apartado titulado "Un novo escenario", onde se analizan os acontecementos da narrativa nestes últimos anos. Destaca, por exemplo, o interese do cine por este xénero ou a gran importancia que tomou a ficción periodística.

Vilavedra, Dolores, 'De esfinxes e outros segredos', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 84-85.

Análise da obra *A esfinxe de amaranto* (2003), de Antón Riveiro Coello, obra na que a especialista examina o argumento da novela, as voces que sustentan o relato (as de Rosa e Verónica), as personaxes secundarias, etc. Parécelle a Dolores Vilavedra que o resultado é moi digno, aínda que subliña algúns aspectos do libro que constitúen, para ela, imprecisións ou desacertos narrativos.

Vilavedra, Dolores, 'Literatura galega. Guía crítica de lecturas', *Tempos Novos*, nº 87, 'Entregas Culturais', agosto 2004, pp. 54-57.

Destaca Dolores Vilavedra a importancia do libro galego nos medios de comunicación públicos nos últimos tempos a raíz da denuncia dun faladoiro no Consello da Cultura Galega de repensar o Día das Letras Galegas. A partir de aquí fai un repaso pola literatura

do momento nunha especie de catálogo no que fai recensións tanto de traducións (como *Harry Potter*), obras relacionadas con cinema (como *Romasanta*) ou un sen fin de obras que van dende a novela até a banda deseñada para presentar unha oferta que di ampla para todos os gustos.

VV. AA., 'Tovar na memoria', *Lethes. Cadernos Culturais do Limia*, nº 6, 2004, pp. 11-63.

Reproduce vinte e un relatos e poemas xunto con deseños, obra de diferentes persoas relacionadas coa cultura, nomeadamente ourensás, que reflexionan e se lembran de diferentes aspectos da vida e da personalidade de Antón Tovar. Os textos que integran esta acordanza de Tovar son: un poema manuscrito e inédito de Tovar que se leu no Museo da Limia o 8 de maio de 2004 co gallo da presentación do *Catálogo de autores da Limia. Literatura e Humanidades*; "Un informe da Real Academia Galega sobre Antón Tovar", de Xesús Alonso Montero; "Vía satélite: unha conversa con Tovar", de Segundo Alvarado; "Após o pasamento de Antón Tovar Bobillo", de Xián Bobillo; "Lembranza e reflexión", de Víctor Campio Pereira; "Antón Tovar e o Imprescindible", de Xosé Carlos Caneiro; "A Pereira, Patria da infancia gozosa", de Delfín Caseiro; "Antonio Tovar Bobillo: Otero Pedrayo, Risco e Cuevillas estaban cheos de temor relixioso", de Xosé Manuel del Caño; "Adeus Tovarich", de Manuel Catoira; o poema "Canto autumnal a Antón Tovar Bobillo", de Bernardino Graña; "Antón Tovar", de Santiago Lamas; "Antón Tovar, un exemplo a seguir", de Manuel Peña Rey; o poema "A Antón Tovar, in memoriam", de Xosé A. Pérez Bouza; o poema "O adeus", de Agustín Perianes; "Antón, o Proscisto", de Xaime Quessada; o poema "Pobo e prestixio", de Xosé Benito Reza; o poema "Antón Tovar", de Antón Riveiro Coello; "Tovar, poeta e comunista", de Gonzalo Iglesias Sueiro; "A miña relación con Antón Tovar", de Anxo Tarrío; "A tertulia dos xoves", de Pura Veiga Pombo, e mais "Memoria de Antonio Tovar", de Manuel Zabal. Os diferentes debuxos que acompañan aos textos foron elaborados por Acisclo, Arturo Baltar, Xosé Lois Carrera, Xosé Conde Corbal, Manolo Figueiras, Ánxel Huete, Baldomero Moreiras e mais Virxilio.

VV. AA., 'Vinte anos de Centro Dramático Galego', *Tempos Novos*, nº 91, decembro 2004, pp. 84-93.

Nos vinte anos do nacemento do Centro Dramático Galego faise necesario un debate que recolla unha revisión do feito teatral durante este tempo e as perspectivas futuras. Con este motivo *Tempos novos* convidou a directores, actores e críticos de teatro cuxas impresións se recollerán neste artigo. Interveñen no debate Antonio Simón, director e actor teatral; Inma López Silva, como moderadora, escritora e crítica de teatro; Damián Villalaín, crítico de teatro e ex-director do CDG; Manuel Guede, actual director do CDG; Cándido Pazó, director de teatro; Xosé Manuel Olveira "Pico", actor, e Mabel Rivera, actriz. Dende o público, os directores Xulio Lago e Roberto Salgueiro, asi como o ex Director Xeral de Cultura, que dicidiu crear no ano 1984 o CDG, Luís Álvarez Pousa, achegaron tamén as súas opinións. Coménzase o debate lembrando aqueles días do momento da creación, cando moitos dos participantes aínda non pertencían ao CDG, para seguir na ratificación case unánime dun certo distanciamente entre o CDG e a profesión. Alúdese á falta de contacto

entre o primeiro e os profesionais do ámbito facendo unha análise das causas. Antonio Simón salienta tres claves fundamentais, de carácter político, xa que se ve ao CDG como unha extensión da ideoloxía gobernante; ser o único teatro público de Galicia e, a terceira, unha cuestión de presuposto. O debate segue agora tocando o tema da normalización social do teatro, aínda non acadada, e o grado de responsabilidade do CDG neste asunto. A continuación, séguese a facer unha análise e reflexión sobre os obxevtivos iniciais da súa creación, ademáis da función lexitimadora do feito teatral, tamén falan da credibilidade, da relación con público ou a consolidación do teatro dentro e fóra de Galicia. Os contertulios son bastante escépticos e críticos no tocante a estes temas, non só coas actuacións do CDG e o tipo de teatro que se está a producir na actualidade, a ausencia en prazas tan representativas como a de Coruña, escasa publicidade dos espectáculos ou a falta dunha liña de planificación en cuestións como o teatro infantil, senón tamén coas esixencias e actitudes do público. Propones un cambio de rumbo e unha actualización do teatro fronte ao "teatro histórico" a través dunha boa planificación interna e dunha política de postas en escena xa que se considera que falla "unha estrutura referida ao modelo de teatro que temos", en palabras de Damián Villalaín. A efectos de optimización, pídese unha "corresponsabilización" de todo o múndo do teatro, tamén do público, e un proxecto de goberno para o teatro e a cultura en xeral para que cambie o preconcepto negativo que a sociedade ten do teatro, e que despois de vinte anos aínda non se conseguiu. Entre o proxectos de futuro saliéntanse unha maior adicación ao mundo infantil, unha proxección exterior, tanto en España como en Portugal, así como a posta en funcionamento da Escola Superior de Arte Dramática. Remata o debate coas palabras do fundador do CDG, Luís Álvarez Pousa, lembrando brevemente cómo foi a súa creación no medio de circunstancias política e culturalmente adversas. Considera que o CDG cumpriu só en parte as súas expectativas, mais o seu meirande desafío aínda queda o aire: conectar co público e asumir o seu papel como normalizador do feito teatral.

V.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

A.N.T., 'A memoria de oito mulleres vítimas do franquismo', *A Nosa Terra*, nº 1.117, 'Cultura', 19 febreiro 2004, p. 29.

Achega á obra de Beatriz Graña Otero, *Voces da memoria*, libro no que se recolle un resumo da vida das oitos protagonistas da trama. Faise referencia ao prólogo, no que a autora analiza a estrutura dividida en dúas partes. Tamén se alude ás fontes coas que a escritora se documentou e remátase lembrando que a obra foi galardoada co Premio Xohana Torres 2003.

Abilleira Sanmartín, Xosé, 'Lembrando a Xoán Vidal Martínez', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 18 xullo 2004, p. 74.

Con motivo da conmemoración do nacemento de Xoán Vidal Martínez, Xosé Abilleira Sanmartín ofrece un artigo que rememora a vida do poeta pontevedrés, reivindicando a lectura da súa obra e convidando a 'saborear' os seus textos. Comeza repasando a biografía e fai referencia a súa actividade literaria e editorial. Cita as publicacións que Xoán Vidal fundou e describe as principais características e a temática da súa poesía, recollendo exemplos de obras súas. Ademais, fai un breve percorrido pola traxectoria política do poeta galeguista. Xunto co artigo, aparece unha mostra do documento no que Vidal asinou o cargo de secretario na Organización Galeguisto de Pontevedra.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Os premios literarios', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 20 decembro 2004, p. 5.

En primeiro lugar, enuncia os acontecementos vencellados coa literatura que tiveron lugar no mes de decembro. Tamén dá conta dos gañadores dos certames literarios galegos que tiveron lugar neste mesmo mes e refírese ao gran número de escritores que participan nestes concursos coa finalidade da publicación das súas obras. Lembra que moitos dos autores galegos de hoxe en día foron protagonistas destes certames. Loa o labor dos premios 'a pesar de que non se publica nin se le en Galicia'.

Alonso Montero, Xesús, 'As mulleres tamén contan', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 67, 'Beatus qui legit', 3 xullo 2004, p. 15.

Dá conta da identidade da escritora Beatriz Graña e de cómo se interesou polos problemas que recolle no seu libro *Voces da memoria*. Explica que non se trata de interesarse polas mulleres de ilustres exiliados como tal, senón de salientar 'os aspectos que foron decisivos para o éxito intelectual ou político dos seus homes'. Remata resumindo de maneira sucinta a vida dalgunha das protagonistas.

Alonso Montero, Xesús, 'Unha antoloxía chamada 'Faunética', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 83, 'A outra mirada', 23 outubro 2004, p. 19.

Informa verbo da existencia dunha escolma titulada *Faunética. Antología poética zoológica panamericana y europea*, que recolle poemas caracterizados por posuíren un personaxe principal de orixe animal. Achega os nomes dos poetas galegos incluídos no volume, como por exemplo, Camilo José Cela, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Pondal e Antón Tovar, e os animais que protagonizan as composicións. Enuncia os autores máis notábeis recollidos na colección e achega a clasificación naturalista da obra. Por último, comenta as ausencias de poemas galegos dedicados á fauna.

Araguas, Vicente, 'Escenas bélicas', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 2004, p. 21.

Dá conta da Guerra Civil como tema principal en numerosas obras literarias galegas para informar verbo do libro de Xosé Manuel Martínez Oca, *O tempo en ningunha parte* (2003).

Ademais de recoller o argumento da obra, sinala as características formais, das que destaca a radicalidade no tratamento, a existencia de varias voces narrativas que achegan 'tons corais a unha narración en absoluto liñal' e a sorpresa final que posúe a novela.

Araguas, Vicente, 'A lírica parella de Helena e Paris', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 18 xaneiro 2004, p. 3.

Recensión do libro de Carlos Negro (Lalín, 1970), *Helenis* (2003) publicado por Espiral Maior e que obtivo o "VII Premio de poesía Johán Carballeira". Refírese á orixe do título, do contido e do deseño formal. Apúntase que o autor "sabe manexar con fluidez a súa historia" e que a obra "podería dar moito froito como narración". Tamén se considera que hai momentos "febles" no libro e recoñécese que Carlos Negro ten "interese como poeta, posúe música e sabe controlar o argumento".

Araguas, Vicente, 'Chocas e campaíñas en Medos Romero', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 8 febreiro 2004, p. 3.

Recomenda *Lenzo das madrugadas*, de Medos Romero, de quen salienta a súa poesía enxebre e a forte riqueza léxica. Observa nel semellanzas coa lírica de Uxío Novoneyra e apunta que na brevidade dos seus poemas hai aspectos interesantes como os nomes propios, "para ser degustados con sensualidade", ou a gran pegada da natureza sobre o ser humano.

Araguas, Vicente, 'O crebacabezas indivisible na obra de Manuel Rivas', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 15 febreiro 2004, p. 3.

Fai referencia ao volume que recolle a obra poética de Manuel Rivas dende 1980 até 2003, *Do descoñecido ao descoñecido*. Sinala que dende a súa primeira incursión lírica, *Libro de entroido*, se foron repetindo os mesmos motivos na súa poesía, que cualifica de "clariña". Salienta nesta, entre outras características, "a fantasía, o don da cotidianidade, a vocación narrativa, o fundamento lendario". Así mesmo, destaca o prólogo de Rivas a este libro polo que desprende de "fábula".

Araguas, Vicente, 'Fontiana', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 28 marzo 2004, p. 21.

Fai referencia a *Os meus ollos*, de Ramiro Fonte, apuntando que se trata dunha creación a medio camiño entre unha biografía e unha novela. Sinala como acertos do autor o feito de principiar a historia no seu Pontedeume natal e a estratexia narrativa de "distanciar ao protagonista do libro". Ademais, alude á "amena" restra de personaxes que roldan o costumismo aínda que sen caer nel grazas, di, á "intelixencia conceptual e a elegancia sutil" do autor. Así mesmo, salienta que Pontedeume pase a ser máis "mítico e lendario" a través desta obra. Por último, refírese á precisa presenza familiar.

Araguas, Vicente, 'Educación sentimental', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 4 abril 2004, p. 21.

Considera *Ámote*, de Xosé Carlos Caneiro, como a novela de amor galega "mellor" e "máis importante". A seguir, tras aludir á recarga de referencias culturalistas doutras obras deste autor e á insaciábel ansia de contar, fai mención ao argumento da obra salientada e admírase da feitura deste "monólogo namorado". Ademais, subliña o seu xusto ritmo, que cualifica de "perfecto" e "musical", así como gaba o estilo "impecable" do autor.

Araguas, Vicente, 'Haiku', a expresión dun mundo pequeno', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 11 abril 2004, p. 3.

Subliña que o volume *Traxectorias* de Víctor Vaqueiro recolle toda a súa poesía, incluso a inédita, dende 1977 a 2002, e coida que este representa unha "despedida" do quefacer poético. Así mesmo, explica que para este escritor a poesía supón un "acto de intropección solidaria", salientando que non caese na "elementalidade culturalista". Remata xulgando que a súa é unha poesía épica que se achega tamén á lírica. Este estudo publicouse neste mesmo xornal o día 21 de marzo.

Araguas, Vicente, 'Marilar Aleixandre: verso forte e fondo', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 18 abril 2004, p. 3.

Destaca o labor poético de Marilar Aleixandre na obra *Desmentindo a primavera*. Sinala que esta, a través dun "idioma sumptuoso", mais con "contención conceptual", achégase a diversos tempos baixo unha mirada que vai do telúrico a "xeitos moito máis épicos e ucrónicos". Asemade, cualifica o seu verso de "descriptivo" e "moi coidado".

Araguas, Vicente, 'A estética do silencio repartida en medio formato', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 9 maio 2004, p. 3.

Principia referíndose á poesía de Ricardo Martínez Conde como "unha poética lúdica na que a economía conceptual vai en paralelo cunha riqueza lingüística". A seguir, alude ao seu libro *Compostela, vella memoria*, apuntando que nos poemas máis curtos non observa orixinalidade con respecto ao tratamento do tema, ao seu ver, xa moi traballado por outros. Con todo, afirma que nos máis longos e narrativos si aprecia certo "poderío poético".

Araguas, Vicente, 'Descubrir as 'Cidades mergulladas' de Miranda', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 1 agosto 2004, p. 2.

Servíndose da obra *As cidades mergulladas* (2003), fai fincapé no 'poeta caudaloso e rigoroso' que existe baixo a pluma de Xosé Miranda. Fala do escritor lugués non só pola súa actividade narrativa, senón tamén pola súa actividade lírica. Tamén fai alusión ao prólogo da obra, de Darío Xohán Cabana.

Araguas, Vicente, 'Libro de batalla', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, nº 293, 10 outubro 2004, p. 20.

Lémbrase a existencia dun volume, *Libro dos exemplos* (2003), no que Raimundo García Domínguez, Borobó, recolleu diversas peripecias e outros aspectos da Guerra Civil que atinxen a persoas recoñecidas como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Álvaro Cunqueiro ou Ramón María del Valle-Inclán. Define o libro como 'un volume decididamente exemplar'. Ademais de aludir ao contido da obra, saliéntase a actividade xornalística de Borobó, a súa vida e a súa personalidade.

Araguas, Vicente, 'Consultorio sentimental', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 17 outubro 2004, p. 20.

Dáse conta da escolma de Arturo Casas, *Antoloxía consultada de poesía galega 1976-2000* (2003). Vicente Araguas refírese á previsibilidade na escolla dos poetas e das obras xa que, ao seu parecer, reitéranse os nomes das demais escolmas. A continuación, fai alusión ao inquérito de Casas. Ademais, achega nomes e obras recollidas no volume e salienta a escasa presenza de poetas novos na antoloxía. Tamén se pregunta cómo nomes coma os de Luísa Castro e Manuel Vilanova non aparecen na recompilación. Caracteriza o volume como 'grosísimo, pero nada mesto' e afima que 'é tan meritorio como discutible, como toda antoloxía'. Por último, recolle o nome dos poetas e dos libros máis votados.

Araguas, Vicente, 'Horas de consulta na escolma da terra', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 24 outubro 2004, p. 3.

Fai fincapé na elección das obras e dos autores na compilación *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000* (2003) e alude á inexistencia de xente nova no grupo dos consultados á hora de elaborar a escolma. Indica que se trata dunha 'antoloxía-pirámide', grosa no centro, escorada cara á Xeración dos 80, e máis cativa na base e no cumio.

Araguas, Vicente, 'Manuel María na encrucillada', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 21 novembro 2004, p. 20.

Algo máis dun mes despois do pasamento de Manuel María, Vicente Araguas lembra todos os momentos que compartiu co escritor e alude á *Obra poética completa de Manuel María*. En primeiro lugar, refírese ao intre en que se coñeceron no ano 1968 e á presentación dun recital de Voces Ceibes, a cargo do poeta, no cine Capitol en outono dese mesmo ano. Ademais, faise eco das dedicatorias e dunha carta que posúe de Manuel María. Por último, salienta o carácter da poesía do escritor e indica que nela 'hai un sendeiro aberto que leva a todas as partes'.

Araguas, Vicente, 'O valor do escaso nos versos de Xohana Torres', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 19 decembro 2004, p. 5.

Con motivo da saída do prelo da recompilación da obra poética de Xohana Torres, *Poesía reunida (1957-2001)*, lóase *Do sulco*, 'un libro exacto, existencialmente correcto'. Vicente Araguas afirma que a escritora nada en Compostela 'representa a nosa poesía moderna máis chamativa'. Ademais, compara a Xohana Torres coa escritora Amália Rodrígues.

Barcia, Moisés R., 'Shakespeare entre nós', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 67, 'Libros', 22 xaneiro 2004, p. V.

Aplaude a creación da colección "Clásicos Universais", de Galaxia, e comenta as publicacións da "Biblioteca William Shakespeare" coas que esta bota a andar, destacando a importancia do autor inglés. Así pois, alude brevemente ao argumento de *Noite de reis* e de *A tempestade*, salientando que ambas as dúas obras teñen como nexo común o afastamento familiar dos protagonistas tras un naufraxio. Sinala que o responsábel das traducións foi Miguel Pérez Romero, de quen lembra outros traballos deste tipo. Indica algúns acertos e algúns erros da tradución, e critica o feito de que o volume non conteña un limiar ou pés de páxina que orienten ao lector sobre estas obras. Ademais, lamenta que Pérez Romero non indicase os criterios que seguiu no seu labor. Este mesmo estudo publicouse o día 28 de febreiro, no xornal *La Opinión*.

Barcia, Moisés R., 'Outra vez Shakespeare', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 70, 'Libros', 12 febreiro 2004, p. V.

Comenta o contido do novo volume da "Biblioteca Shakespeare" de Galaxia. Apunta que esta ofrece as obras *Romeo e Xulieta* e *O Rei Lear*, das cales achega brevemente as súas liñas argumentais, ao tempo que se refire ás fontes nas que se inspirou o célebre autor inglés para a súa creación. Delas salienta a fondura tráxica. Así mesmo, analiza a tradución ao galego que fixo Miguel Pérez Romero, obxectando algúns erros gramaticais e ortográficos. Con todo, aplaude as "logradas equivalencias da idiosincracia galega" e considera que o traballo do tradutor ten o seu mérito.

Barcia, Moisés R., 'Shakespeare en galego', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 46, 28 febreiro 2004, p. 4.

Aplaude a creación da colección "Clásicos Universais" de Galaxia e comenta as publicacións da "Biblioteca William Shakespeare" coas que esta bota a andar, destacando a importancia do autor inglés. Así pois, alude brevemente ao argumento de *Noite de reis* e de *A tempestade*, salientando que ambas as dúas obras teñen como nexo común o afastamento familiar dos protagonistas tras un naufraxio. Sinala que o responsábel das traducións foi Miguel Pérez Romero, de quen lembra outros traballos deste tipo. Indica algúns acertos e algúns erros da tradución, e critica o feito de que o volume non conteña un limiar ou pés de páxina que orienten ao lector sobre estas obras. Ademais, lamenta que Pérez Romero non

indicase os criterios que seguiu no seu labor. Este mesmo estudo publicouse o día 22 de xaneiro, no xornal *Faro de Vigo*.

Barcia, Moisés R., 'Volver a Dostoievski', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Letras de sempre', 18 marzo 2004, p. II.

Salienta a relevancia deste autor ruso, así como pon de manifesto a complexidade do seu pensamento, sen deixar de achegar unhas cantas notas sobre a súa biografía. Ademais, entre outros aspectos, comenta sucintamente o argumento de *Crime e castigo* e presenta os protagonistas, subliñando que a través deles o autor "recolle a profundidade psicolóxica do individuo asoballado pola sociedade". Por outro lado, baixo o título de "Crime e castigo, en galego", realiza unha breve crítica da tradución desta obra á lingua galega por parte de Ekaterina Guerbek para Galaxia. Destaca primeiramente os acertos da tradución, entre eles o léxico ou a fraseoloxía galega empregada. Despois, refírese a algúns erros lingüísticos e ortográficos, así como bota en falta un prólogo sobre a obra traducida.

Barcia, Moisés R., 'Áiax/ Electra', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Libros', 25 marzo 2004, p. V.

Ofrece algunhas pinceladas sobre a vida de Sófocles e salienta as novidades que introduciu na dramaturxia grega. A seguir, tras citar toda obra conservada de Sofocles, realiza unha breve achega ao volume número vinte e dous da colección "Clásicos en galego" de Galaxia que recolle as súas obras *Aiax* e *Electra.* Alude ás liñas argumentais destas traxedias e gaba o labor do tradutor, José Francisco Calaza Fernández, de quen subliña que presenta uns textos que brillan pola súa "fluidez, sonoridade e naturalidade". Remata vencellando o traballo de Calaza co de Felipe Rodríguez en *Antígona*.

Bernárdez, Carlos L., 'Historia do demo', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 71, 'Libros', 19 febreiro 2004, p. IV.

Fai mención á reedición de *Historia del diablo*, de Vicente Risco, a cargo de Xosé Ramón Mariño Ferro. Subliña que o editor comenta que se trata dunha "historia mítica" dende un punto de vista medieval. Indica que o volume tiña un precedente do mesmo autor, un artigo publicado na revista *Nós* sobre "o demo na tradición popular galega". Di que este tema era pouco común na época e que era froito do antirracionalismo e gusto polo ocultismo de Risco, xa daquela, asegura, "desencantado co mundo moderno". Apunta que a singularidade deste traballo está en que se vale de material antigo e en que tamén bote man da tradición popular occidental. Por último, insiste en que se trata dunha obra propia da literatura fantástica, mais que ao mesmo tempo, afirma, é un ensaio cheo de erudición.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 65, 8 xaneiro 2004, p. VII.

Sección fixa que acolle as recensións de *Gramática do texto* (2003), de Xosé Ramón Freixeiro Mato; *Obra narrativa* (2003), de Celso Emilio Ferreiro; *Vogar de Couse* (2003) e *Héleris* (2003), de Alexandre Nerium e Carlos Negro; e *A praia da esperanza* (2003), de Agustín Fernández Paz. Sinala que *Obra narrativa*, de Celso Emilio Ferreiro, recolle as súas obras en prosa *A fronteira infinda* (1972) e *A taberna do galo* (1978), nunha edición de Mónica Góñez que presenta un interesante estudo sobre o escritor. Indica, asemade, que *Vogar de Couse* e *Héleris* son dous poemarios premiados co *ex aequo* na sétima edición do Premio de Poesía Johán Carballeira; do primeiro destaca o traballo lingüístico e do segundo a estruturación e o seu aprofundamento en ambientes e personaxes.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 66, 15 xaneiro 2004, p. VII.

Sección fixa que acolle as recensións de *Guía dos castelos medievais de Galicia* (2003), de Ramón Boga Moscoso; *Blobló* (2003), de Rai Bueno e Mariona Cabassa; *Iraq: días de posguerra* (2003), de Javier Teniente, e *Alma de Beiramar* (2003). Indica que *Alma de Beiramar* é un volume colectivo contra a marea negra, editado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, en colaboración con *A Nosa Terra*; sinala que nel participan oitenta escritores, dos que cita a algúns.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 66, 22 xaneiro 2004, p. VII.

Sección fixa que inclúe as recensións das seguintes obras: *Espazos naturais* (2003), de Adela Leiro, Mon Daporta e Víctor M. Caamaño; *Ancoradoiro* (2003), de Xosé María Álvarez Cáccamo; *A illa do tesouro* (2003), de R.L. Stevenson; e *Xaquín Lorenzo* (2003), de Clodio González Pérez. Sinala que en *Ancoradoiro* se recolle a produción poética dos últimos vinte anos de Álvarez Cáccamo e, tras facer referencia ao mundo poético deste autor, cita algúns dos galardóns conseguidos ao longo da súa traxectoria literaria. Con respecto á obra de Clodio González Pérez, sinala que se trata dunha biografía do ilustre etnógrafo, autor de *Etnografía. Cultura material;* destaca de Xaquín Lorenzo 'Xocas' o seu labor investigador e a súa pertenza ao Seminario de Estudos Galegos.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 68, 29 xaneiro 2004, p. VII.

Sección fixa que acolle as recensións de *Do descoñecido ao descoñecido* (2003), de Manuel Rivas; *A pantasma de Canterville* (2003), de Óscar Wilde; *A configuración do sistema teatral galego (1882-1936)* (2003), de Manuel F. Vieites; e *DesVenturas* (2003), de An Alfaya. Sinala que *Do descoñecido ao descoñecido* recolle toda a produción lírica de Manuel Rivas, dando conta da estruturación da obra e da orixe de cada un dos volumes ou partes que integran o libro. Indica que *A pantasma de Canterville*, traducida ao galego por Gustavo Luca de Tena, é un estudo do carácter e reaccións dos membros dunha familia ante a aparición do fantasma de Sir Simon de Canterville; sinala, ademais, que o volume está

ilustrado por Federico Fernández e que inclúe outros contos do autor. Describe o contido do ensaio *Configuración do sistema teatral galego*, no que Vieites realiza unha introdución ao estudo do teatro dende a perspectiva da Teoría Xeral de Sistema. E, finalmente, indica que *DesVenturas* é unha nova aposta de Edicións Positivas pola firmeza da escrita, na que o protagonista é un home que se sabe insignificane no seu entorno familiar e social.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 69, 5 febreiro 2004, p. VII.

Sección fixa que acolle as recensións de *Españois todos* (2004), de Suso de Toro; *Os Barbanzós* (2003), de Pepe Carreiro; *O tempo en ningunha parte* (2003), de Xosé Manuel Martínez Oca; e *Os meus ollos* (2003), de Ramiro Fonte. Indica que *O tempo en ningunha parte* se ambienta na Galicia da Guerra civil e que nesta obra o autor presenta unha trama de gran tensión dramática e realismo; fai referencia, asemade, á biobliografía de Martínez Oca. Con respecto á obra de Ramiro Fonte, indica que se trata dun intento do autor por recuperar o tempo e lugar da súa infancia, destacando o exercicio de recuperación vivificadora da memoria individual e colectiva e mais a emoción e ironía que abranguen toda a obra.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 70, 12 febreiro 2004, p. VII.

Sección fixa na que se inclúen recensións de *Raiceiras e vento. A obra poética de Antón Avilés de Taramancos* (2003), de Martín Veiga Alonso; *Fálame sempre* (2003), de Cid Cabido; *Teoría e práctica da interpretación* (2003), de Alison Hodge; e *Memorial do infortunio* (2003), de Francisco Castro. Sinala que *Raiceiras e vento* recolle unha análise dos aspectos esencias da obra poética de Antón Avilés de Taramancos e unha escolma dalgúns dos seus poemas máis relevantes en versión bilingüe galego-inglés; inclúe, asemade, os textos de seis poetas irlandeses que escribiron como resposta á obra do autor noiés. Polo que se refire á obra de Cid Cabido, indica que *Fálame sempre* está constituída por dezaoito relatos caracterizados polo humor e o desenlace inesperado; describe, máis polo miúdo, os relatos 'Outra vida cotiá' e 'O estraño caso de Cándido Costas Tobío'. Explica que *Teoría e práctica da interpretación* é unha análise das teorías e propostas de traballo de catorce creadores teatrais do século XX, dos que cita a algúns, e que inclúe un informe sobre os principios teóricos e a súa aplicación a moitos dos espectáculos saliéntabeis dos últimos cen anos. Por último, achega o argumento de *Memorial do infortunio* e sinala que a obra está ilustrada por Antonio Fernández Calo.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *'Faro da Cultura'*, nº 71, 19 febreiro 2004, p. VII.

Sección fixa na que se inclúen recensións de *Bieito Dubidoso* (2003), de Roque Cameselle; *A Trabe de Ouro* (2003); *Carlos Casares* (2003), de Ramón Loureiro; e *Inmigración e acción educativa en Galicia* (2003), de Miguel Anxo Santos e María do Mar Lorenzo. Sinala, con respecto á novela de Roque Cameselle, que os protagonistas son un mago

chamado Bieito, de curiosas facultades, e Destreza, coa que comparte aventuras e descubre o amor. Dá conta dos contidos do número 55 da revista *A Trabe de Ouro,* na que destaca, dende o punto de vista da literatura galega, os artigos "Relación literaria, tecnoloxía e cultura única", de Antón Figueroa, e "Cultura e compromiso onte e hoxe: 1936-2003", de Xesús Alonso Montero. Finalmente, defínese a obra de Ramón Loureiro como a biografía dun "home que tivo como proxecto máis importante a Galicia"; sinálase que inclúe un percorrido polos acontecementos e datas máis sobranceiras da vida de Carlos Casares e que acolle abundante material gráfico.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 72, 26 febreiro 2004, p. VII.

Sección fixa na que se inclúen as recensións das seguintes obras: *La economía de los celtas de la Hispania atlántica I* (2003), de Jesús F. Torres Martínez; *Enredos* (2004), de Xaquín Lorenzo; *Os irmáns Corazón de León* (2002), de Astrid Lindgren; e *Traxectorias* (2003), de Vítor Vaqueiro. Blanco Rivas sinala con respecto a esta última obra, que se trata da produción poética dos últimos vinte e cinco anos do autor e mais dous libros inéditos: *A fenda no horizonte* (1968) e *Teoría do coñecemento* (1997-2002); cita, ademais, algúns dos galardóns obtidos por Vítor Vaqueiro, algúns dos seus libros de relatos e algún proxecto editorial no que colabora.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 74, 11 marzo 2004, p. VII.

Sección fixa deste xornal na que, nesta ocasión, se inclúen as recensións de *Voces da memoria* (2003), de Beatriz Graña Pérez; *A-Z* (2003), de Xesús Fraga; *(Cito)* (2003), de Emma Couceiro; e *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2001* (2003). Sinala que o obxectivo de *Voces da memoria*, que foi premiado co Premio 'Xohana Torres', é recuperar a muller como suxeito histórico dentro do exilio e da resistencia que se inicia despois do Alzamento militar de 1936 en Galicia; indica, ademais, que o tratamento que deste tema fai a autora resulta novidoso. Con respecto ao libro de Xesús Fraga sinala que todos os seus relatos poderían acontecer na cidade de Londres, que é descrita como unha gran aldea formada por outras máis cativas e habitadas por xentes de todos os lugares do mundo. Explica que *(Cito)* é o terceiro volume de Emma Couceiro, no que reflexiona sobre a escrita a partir do propio texto e da súa capacidade de recreación; destaca desta obra o emprego da digresión como recurso estilístico. Finalmente, dá conta dalgúns dos textos e traballos de investigación incluídos no *Anuario de Estudios Literarios 2001*, dos que cómpre destacar 'O mundo artúrico na obra de Álvaro Cunqueiro. Un Merlín compoñedor antes da descrenza e da parodia', de María Xesús Lama, ou 'De alcanate a Santa María do Porto. Arredor dun 'cancioneiro' integrado nas Cantigas de Santa María', por Xosé Ramón Pena.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 18 marzo 2004, p. VII.

Sección fixa na que se inclúen recensións de *O lago de Como* (2004), de Ramón Chao; *Fernán Pérez de Andrade, o Bóo* (2004), de José Francisco Correa Arias; *A ferida* (2004), Begoña Paz; e de *As amantes de Hamlet* (2003), de Marta Dacosta. Sinala, con respecto a esta última obra, que se trata do quinto poemario da autora viguesa; indica que 'as distintas facetas da muller relévanse ao longo deste poemas a través de personaxes tan universais como Ofelia ou Penélope' e achega uns breves datos biográficos da autora.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 81, 29 abril 2004, p. VII.

Sección fixa na que se inclúen as recensións de catro obras: *Tres pasos polo misterio* (2004), de Agustín Fernández Paz; *Libro dos exemplos* (2003), de Raimundo García, Borobó; *O caribú namorado* (2004), de Xoán Abeleira; e *Xoaquín Lorenzo* (2004), de Marcos Valcárcel. Sinala, con respecto ao *Libro dos exemplos*, que este volume reúne o último e inmenso xornalismo de Borobó nas páxinas do seminario *A Nosa Terra*; destaca o afianzamento do seu compromiso político e lingüístico e mais o humor e a ironía presentes na escrita do xornalista.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 91, 16 setembro 2004, p. VII.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Fala e cultura d'Os tres lugaris* (2004), da Asociación Cultural Alén do Val ; *A taberna de Nador* (2004), de Gonzalo Amoedo e Roberto Gil; *Urbano Lugrís* (2004), de Antón Patiño ; e *O caracol Remoldiño*(2003), de Xoán R. Cuba . Desta última obra faise un breve resume, incluíndo a reprodución dalgunha das súas pasaxes.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *'Faro da Cultura'*, nº 95, 14 outubro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *O aire* (2004), de Adela Leiro Lois e Mon Daporta Padín; *A rocha dos proscritos* (2001), de Ramiro Fonte; *A arte do teatro* (2002), de François Riccoboni; e *Variacións nube* (2004), de Cesáreo Sánchez-Iglesias.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 97, 28 outubro 2004, p. VII.

Sección fixa na que se recollen as recensións das obras *Teoría de Lugo* (2004), de Henrique Alvarellos e Paco Vilabarros; *Chove nos versos* (2004), de Antonio García Teijeiro; *A música teatral* (2003), de Paulino Pereiro; e *Brrumm-Brrumm* (2004), de Alberto Varela Ferreiro.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 99, 11 novembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das obras *A negrura do mar* (2004), de Ramón Caride; *Gasumelo* (2004), de Xulio Cid Neira; *Bacoriño* (2004), de Antón Reigosa; e *Casa última* (2003), de Xulio L. Valcárcel. Desta última obra destácase a súa excepcionalidade debida ao longo silencio do seu autor, máis dunha década.

Blanco, Camen, 'Eu non son Medea', *A Nosa Terra*, nº 1.113, 'Cultura', 22 xaneiro 2004, p. 28.

Informa da publicación de *Medea* (2003), de Luz Pozo Garza, por parte de Edicións Linteo. Carmen Blanco subliña que o poemario está introducido por un prólogo de Aurora López e Andrés Pociña, no que salientan, di, que a autora seguiu para a recreación do mito de Medea aos clásicos Eurípides, Ovidio e Séneca. Tamén salienta que galeguizou esta materia mítica, observando por exemplo "motivos rosalianos". A seguir, céntrase polo miúdo na protagonista, Medea, poñendo énfase no seu cruel comportamento ante a infidelidade do seu home. Subliña que esta se deixa arrastrar por unha paixón amor-odio que a leva aos actos máis negativos do ser humano involucrándose nunha guerra de sexos. Sinala, ademais, que non representa a liberación da muller e opona a esta en xeral. Por outro lado, pon de manifesto a boa mestría da escritora, destacando que a poesía dramática é nova na súa traxectoria.

Bragado, Manuel, 'Muiñeiro de brétemas', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 12 setembro 2004, p. 29.

Pasados uns meses do falecemento de Manuel María, lóase a actividade do poeta chairego. Comeza facendo alusión á carballeira de Santa Sabel e ao enterro do prolífico autor, no que se escoitaron uns acordes de 'Alborada' ou 'Negra sombra' e no que Miguel Anxo Fernán Vello leu uns versos. A continuación, faise eco da obra e da intensa actividade literaria do escritor, 'alma da poesía galega do último medio século'. Así, fai referencia á poesía, a súa faceta de escritor de literatura infantil, como libreiro e como editor sen esquecer o seu compromiso nacionalista.

C.B., 'La voz lírica y jovial de Laíño', *El Correo Gallego*, *'(Sobre)Vivir'*, 'El rincón de Pandora', 7 novembro 2004, p. 3.

Percorrido pola vida de Eusebio Lorenzo Baleirón, poeta de Dodro en homenaxe ao que nesta vila se instaurou un premio de poesía homónimo e unha colección literaria. Destácanse as súas obras *O libro dos viaxes e dos soños*, *Os días olvidados* e *O corpo das sombras*. Tamén se nomea o volume *A morte presentida*, editado a título póstumo nos anos oitenta.

Cabeza Quiles, Fernando, 'Pranto pola infancia', *A Nosa Terra*, nº 1.116, 'Cultura', 12 febreiro 2004, p. 27.

Fernando Cabeza Quiles ofrece algunhas das características da poesía de Xulio L. Valcárcel en *Casa última*. Destaca a sinxeleza poética e define cada poema como un lamento sincero cheo de lirismo. Así mesmo, detense, entre outros recursos, no emprego do tempo pasado nas formas verbais ou nas metáforas usadas, para dar conta da intención do autor neste volume. Finalmente, comenta a localización do poemario e cualificao de intimista e rebelde.

Calvo Varela, Raúl, 'Poetas gallegos del siglo XX', *Diario de Pontevedra*, *'Revista!'*, 'Letras', 20 xuño 2004, p. 10.

Fala sobre Aquilino Iglesia Alvariño e relaciona a súa vida coa doutros mozos galegos como Álvaro Cunqueiro, Antón Noriega Varela, etc. A continuación, fala de maneira xeral do contido das súas obras, que teñen un influxo virxiliano e horaciano mentres que rexeita a poesía medievalista galega. Un dos grandes valores de Iglesia Alvariño é a súa preocupación pola pureza da linguaxe. Finalmente, cítanse algunhas das obras de Aquilino Iglesia Alvariño e reprodúcese un poema del.

Calvo Varela, Raúl, 'Autores del siglo XX', *Diario de Pontevedra*, *'Revista!'*, 'Lecturas', 17 outubro 2004, p. 10.

Destácase a alma lírica da obra de Álvaro Cunqueiro dende o primeiro momento. Raúl Calvo Varela fai unha introdución á obra poética deste autor grazas a unha listaxe dos seus poemarios. Pouco a pouco vai desgranando os eixos temáticos e estilos destes. Reproduce unhas palabras do propio poeta analizando o seu mundo poético no que asegura "reiventar o mundo a través da palabra". Ao final, reprodúcese o poema "Deica abril".

Calvo Varela, Raúl, 'Autores del siglo XX', *El Progreso*, *'Fin de semana'*, 'Libros', 13 novembro 2004, p. 9.

Preséntase a vida e obra de Ricardo Carballo Calero. Raúl Calvo Varela céntrase na súa obra poética e destaca a primeira en galego, *Vieiros* (1931), añoranza da mocidade perdida. Salienta na obra de Carballo Calero o recreo ultraísta e o mostrar a un poeta en busca de valores a través da poesía. Analízase tamén *Morta no mar* e *E si viñeras ti* e apúntase que o intelectural está sobre o poeta xa que nos seus poemas existe e persiste unha fonda inflexión, que se combina con certa independencia de escola e reflexo de vangardas. Para demostrar o dito reprodúcese "Muller dormida".

Carballa, Xan, 'Vinte e cinco anos sen Eduardo Blanco Amor', *A Nosa Terra*, nº 1151, 'Cultura', 18 novembro 2004, p. 24.

Con motivo do aniversario do falecemento de Eduardo Blanco Amor, faise un repaso pola traxectoria do escritor nado en Ourense. Xan Carballa comeza facendo un breve repaso pola súa biografía, na que destaca a súa achega a numerosas publicacións na Arxentina. Tamén fai referencia á súa amizade con Federico García Lorca. A continuación, expón os tres aspectos que, segundo o xornalista Gustavo Luca de Tena, marcaron a carreira literaria de Blanco Amor. A censura tamén deixa a súa pegada neste artigo, que incorpora unhas consideracións do autor d'*A Esmorga* con respecto a este tema. Remata facendo alusión ao dobre exilio sufrido polo polifacético escritor, á homosexualidade e á obra *La catedral y el niño*, editada por *La Voz de Galicia*. Este repaso pola vida de Blanco Amor contén un fragmento do artigo "Función política do intelectual", no que o escritor e xornalista manifesta "hai que mesturarse cos que loitan, ser os que loitan".

Casal González, César, 'Ulises Caneiro', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 45, 'Letras en galego', 31 xaneiro 2004, p. 8.

Indícase que Xosé Carlos Caneiro logra a súa mellor novela con *Ámote* (2003). Sinálase que o protagonista desta novela, Ulises Craso, ten moito do autor, e coméntanse algunhas das características que ambos os dous comparten: son idealistas, eternos soñadores, namóranse de todas as mulleres, os dous escriben, etc. A continuación, coméntase que o lector está ante un texto onde predominan os monólogos e a trama non ten importancia. Finalmente, dáse conta do argumento e recórdase que, como xa se anuncia no título, *Ámote* é unha novela de amor.

Castro R., Xavier, 'Tradición e modernidade na colección Dombate cunha obra de Álvaro Cunqueiro', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 11 xaneiro 2004, p. 4.

Fálase da iniciativa de Galaxia por retomar a "Colección Dombate" na que van aparecer conxugados títulos da tradición e da modernidade. Indícase que nela se publicarán dende títulos como *Dona do corpo delgado*, de Álvaro Cunqueiro, até outros de autores modernos, como Yolanda Castaño.

Castro R., Xavier, 'A publicación da Asociación de Directores de Teatro, unha guía útil para todos', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Dramaturxia', 29 febreiro 2004, p. 4.

Coméntase a publicación do número noventa e oito da revista da Asociación de Directores de Escena de España. Sinálase que neste volume se lle dedica un espazo ao teatro do exilio galego, destacando a figuras como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Luís Seoane.

Castro R., Xavier, 'Unha moi novidosa achega de Helena Villar', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 14 marzo 2004, p. 4.

Menciónase a publicación do último libro de Helena Villar, *Pálpebra azul*. Indícase que a autora cedera unha composición para unha homenaxe que a revista *Casa da Gramática* preparaba en honra a Antón Avilés de Taramancos. Sinálase que o poemario se insire na modalidade de poesía oriental dos haikai. Finalmente, destácase que constitúe unha resposta íntima e evocadora do ser humano fronte á paisaxe.

Castro Ratón, Xosé, 'Galiza, no corazón de Xaquina Trillo', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 16 maio 2004, p. 27.

Menciónase o pasamento de Xaquina Trillo, a única muller que lle dedicou poemas a Alexandre Bóveda. Como era unha muller unida ao compromiso galeguista aproveitase o seu óbito para facer un repaso polo nacionalismo galego: o comezo con Murguía, logo as Irmandades da Fala, Manuel Antonio, Castelao e finalmente Bóveda, este último considerado un mártir da patria.

Castro Ratón, Xosé, 'Os ilustrados galegos', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 27 xuño 2004, p. 26.

Faise un repaso de cómo foi a Ilustración galega, quén eran os Ilustrados e cáles eran os seus obxectivos. Na Ilustración destacan tres xeracións: a primeira é a xeración crítica, encabezada por Feixoo e Sarmiento; a segunda xeración é a presidida por Xoán F. Castro, Somoza de Monsouriu, Cornide Saavedra e Diego Cernadas; e a terceira é a "xeración finisecular", destacando Pedro Sánchez e Lucas. Dísenos cáles son os obxectivos de cada xeración e cómo contribuíron os autores citados. Finalmente, conclúese que de maneira xeral si se conseguiu o obxectivo esencial da Ilustración xa que "houbo un avance na alfabetización da poboación e na preparación xurídica e latinista do clero".

Castro Ratón, Xosé, 'O tropezón de Borobó', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 29 agosto 2004, p. 25.

A enteireza de Raimundo García Borobó no seu pensamento e filosofía nun momento tan difícil é a tarxeta de presentación deste xornalista no artigo de Xosé Castro. A partir de aquí pasa a loar aos xornalistas da republica como A. Huete, Xulio Sigüenza ou o mesmo Ánxel Fole, e tamén fai especial atención á revista *Chan* publicada no exilio de América. Nestes anos, Borobó, que non era galeguista, comprometeuse por enteiro coa causa. Remata o artigo coa anécdota do secuestro dos orixinais de Manuel Antonio e coa presentación dunha plataforma lúdico-reivindicativa rianxeira que convocou varios actos para reclamar que a obra de Manuel Antonio sexa patrimonio de todos os galegos.

Castro Ratón, Xosé, 'Manuel María', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'Colaboración', 12 setembro 2004, p. 24.

Xosé Castro Ratón define este artigo como un laudatorio urxente á morte de Manuel María. Destaca a morte deste poeta nun ano negro para a cultura galega polo alto número de mortes de xentes da causa. A actitude ética de fidelidade a Galicia e ás clases traballadoras é resaltada na obra do poeta, así como o achegamento ao mundo dos nenos. Destácase a obra literaria e en especial a de editor, deixando como nome chave a revista *Xistral* (1949). Desta publicación faise referencia á colección "Poesía Val de Lemos".

Castro Ratón, Xosé, 'Lorenzo Varela recibirá o homenaxe das Letras Galegas 2005', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'Colaboración', 10 outubro 2004, p. 24.

Empeza esta páxina co anuncio do Día das Letras Galegas para Lorenzo Varela, polo seu compromiso co idioma e a loita polas liberdades. Dáselle importancia ao período en Bos Aires pola pegada que deixaría nel, así como á participación nas Irmandades da Fala de Lugo e o achegamento ao troskismo, á participación nas Misións Pedagóxicas, revista *PAN*, ou en *Sol*. Destácase a súa participación na guerra e a filiación ao Partido Comunista. Do exilio na Arxentina faise unha relación da súa produción literaria, para rematar facendo fincapé na súa triste morte antes de ser soterrado en Monterroso.

Castro Ratón, Xosé, 'Avelino Pousa Antelo, memoria activa do galeguismo', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 31 outubro 2004, p. 25.

Presentación da primeira homenaxe a persoeiros vivos da Asociación de Escritores en Lingua Galega neste caso outorgado a Avelino Pousa Antelo. Descríbese o acto e os participantes entre os que destacan Xosé Manuel Beiras, Xosé Fortes Bouzón, David Otero, Amancio Liñares e Euloxio Rodríguez Ruibal. Despois, descríbese a intervención de Pousa Antelo, que fixo unha viaxe pola súa vida e pola realidade actual de Galicia. Pouco a pouco vai desgranando a vida e o activismo cultural deste galeguista da Baña. Remata cunha loa a Avelino Pousa na que destaca "unha vida consagrada á causa de Galicia".

Castro Ratón, Xosé, 'Blanco Amor e 'Os Céltigos", *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'Colaboración', 12 decembro 2004, p. 26.

Ofrécese un periplo a través da vida dunha das figuras máis relevantes da literatura galega, Eduardo Blanco Amor. En primeiro lugar, achéganse datos biográficos do autor e sinálanse os aspectos que, segundo o xornalista Gustavo Luca de Tena, marcaron a carreira literaria do escritor ourensán. A continuación, cítanse as súas obras máis insignes. Alúdese tamén á colaboración de Blanco Amor coa Federación de Sociedades Galegas na Arxentina e á actividade desenvolta polo escritor e xornalista en diversas publicacións á outra beira do océano. Ademais, faise referencia á revista *Céltiga* e ao grupo ideolóxico que se foi conformando nesta publicación.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Cidade suxetiva', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 11 xaneiro 2004, p. 2.

Resáltase a figura de Manuel Antonio, que se sumou á vangarda europea reflectindo os trazos na súa obra. Presentado o autor, faise un repaso por esta súa obra, onde o mar e a poesía sempre estarán presentes.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Aquelas mañáns de música', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 22 febreiro 2004, p. 2.

Coméntase a importancia de Salvador García Bodaño, autor da Xeración dos 50, denominada tamén xeración das Festas Minervais. Cualifícase como poeta "de fondo compromiso humano e político e de grande reflexión sobre o ser humano". Cítanse algúns dos seus libros prestándolle especial atención a *Tempo de Compostela*, poemario do que se di que pasou á historia da literatura pola súa visión da cidade.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Dos anxos e dos mortos', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 29 febreiro 2004, p. 2.

Fálase da publicación da novela *Dos Anxos e dos mortos*, de Anxo Rei Ballesteros, que tivo lugar nos anos setenta. A seguir, dáse conto do argumento e fálase, por exemplo, do espazo e dos personaxes.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Xornadas de Bastián Albor', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 7 marzo 2004, p. 2.

Anúnciase o cincuenta aniversario de Álvaro de las Casas, do que se afirma que foi un autor prolífico non moi coñecido polo público. A continuación, fálase das contribucións que fixo para a literatura galega. Finalmente, coméntase o seu libro *Xornadas de Bastián Albor*.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Onde moran os que aman', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 14 marzo 2004, p. 2.

Exáltase a creatividade de Luz Pozo Garza como unha das poetas máis significantes das letras galegas. Indícase que para ela a poesía é a principal vía de expresión, de aí a grande importancia dos seus poemarios. Tamén se sinala que destacou por dirixir dúas publicacións: *Nordés* e *Clave Orión*. Finalmente, coméntase o poemario, *Códice Calixtino*, que é unha homenaxe a Santiago de Compostela.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Itinerario gallego', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 21 marzo 2004, p. 2.

Fálase do libro *Itinerario gallego*, de Víctor Luis Molinari, e infórmase de que nas lapelas deste volume se explica que Follas Novas é unha empresa cultural dedicada a difundir o libro galego en América. A continuación, descríbese o libro que constitúe unha homenaxe a Galicia.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Louvores ao Senhor Sant-Yago', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 28 marzo 2004, p. 2.

Indícase a importancia de Fermín Bouza Brey para a literatura galega. Dise que destacou por ser o promotor do neotrobadorismo coa publicación de *Nao Senlleira* en 1933 e recórdase que máis tarde publicaría *Seitura*. Así mesmo coméntase que como resultado do seu compromiso co Seminario de Estudos Galegos publicou *Louvores ao Senhor Sant-Yago*. Finalmente, explícanse brevemente as ideas dos libros citados.

Castro Rodríguez, Xavier, 'San Gonzalo', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 4 abril 2004, p. 2.

Céntrase na figura de Álvaro Cunqueiro, non só como poeta e narrador da literatura galega senón tamén como un novelista en lingua castelán. Das novelas que escribiu en castelán comenta *San Gonzalo*, publicada en 1945 baixo o pseudónimo de Álvaro Labrada.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Santiago vai en nós como unha sombra', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 11 abril 2004, p. 2.

Faise un repaso pola obra poética de Xulio López Varcárcel. A súa faceta de escritor vai parella a algúns colectivos como *Cravo Fondo* e *De amor e desamor*. Finalmente, tras avaliar a súa produción, acábase comentando o seu último poemario *Casa última* (2003), que aparece dividido en tres partes.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Tránsito dos gramáticos', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 18 abril 2004, p. 2.

Coméntase a creación literaria de Marilar Alexandre, que destacou porque os seus títulos acadaron premios prestixiosos como o Merlín ou o Xerais. Préstaselle especial atención ao seu libro *Tránsito dos gramáticos*, unha novela onde alternan dúas historias localizadas no espazo compostelán.

Castro Rodríguez, Xavier, 'O fogueteiro', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 25 abril 2004, p. 2.

Faise un pequeno repaso da vida e obra de Xosé Filgueira Valverde, persoa que destacou, entre outras cousas, por ser o fundador do Seminario de Estudos Galegos. A continuación, descríbese a súa produción, centrándose máis na novela *Quintana viva*.

Castro Rodríguez, Xavier, 'O cabaleiro vagamundo', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 2 maio 2004, p. 2.

A raíz do vinte e cinco aniversario do pasamento de Luís Seoane lémbrase o máis importante da súa vida e obra. De entre os seus libros coméntase *Na brétema Santiago*, un poemario, na opinión do articulista, onde predomina a crítica social.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Límites', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das Letras', 16 maio 2004, p. 2.

Fálase da figura de Antón Avilés de Taramancos, a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas en 2003. Faise un repaso pola vida e obra do autor e sinálase que hai que ter en conta que a súa produción está ligada ás diferentes etapas da súa vida: ciclo coruñés, colombiano e noiés.

Castro Rodríguez, Xavier, 'O lapis do carpinteiro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 maio 2004, p. 2.

Resáltase o éxito acadado por Manuel Rivas nos últimos anos, nos que, segundo Xosé Castro Rodríguez, contribuíu a literatura non só no eido da narrativa senón tamén no da poesía. Relacionado co dito, infórmase da publicación en 2003 dun volume titulado *Do descoñecido ao descoñecido* no que se recolle a súa obra poética anterior. Así mesmo, coméntase a produción narrativa, centrándose en *O lapis do carpinteiro*, un dos grandes éxitos de Rivas.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Pola unión', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das Letras', 6 xuño 2004, p. 2.

Céntrase na obra de Mnauel Curros Enríquez, destacando a temática anticlerical de obras como *Aires da miña terra* e posteriormente *O divino sainete*. Así mesmo, detense nas pezas de contido relixioso, entre elas, "A virxe do Cristal", unha das tres composicións coas que gañou o premio do certamen de Ourense.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Foi un túnel', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 13 xuño 2004, p. 2.

Fálase da obra de Xesús Manuel López Valcárcel. Coméntanse algúns dos seus poemarios e amósanse as súas liñas temáticas. Finalmente, céntrase en *Tránsito*, volume do que comenta un poema.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Pranto en Compostela', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe Galicia', 20 xuño 2004, p. 2.

Coméntase a figura de Manuel Fabeiro Gómez, autor da Xeración do 36. Indícase que non destacou pola cantidade de obras senón pola calidade, pois as poucas que ten, segundo o articulista, son moi importantes. Ademais, sinálase que participou en varias publicacións galegas. En canto a súa produción poética fálase de *Follas de un arbre senlleiro*, primeiro poemario onde se recollen as liñas básicas que irá desenvolvendo ao longo da súa obra posterior.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Camilo, pai do coraxe', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 27 xuño 2004, p. 2.

Menciónase a publicación da *Antoloxía da poesía galega actual* para de seguido falar dun autor que aparece na mesma, Valentín Paz Andrade. Indícase que na antoloxía se inclúen dous poemas: "Pranto matricial" e "Sementeira do vento", que o deron a coñecer como un escritor comprometido co galeguismo. Finalmente, coméntase o seu poema "Camilo, pai do coraxe", onde se ven as consecuencias da Guerra Civil.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Mencer en Compostela', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 4 xullo 2004, p. 2.

Fálase de que o pasamento prematuro de Eusebio Lorenzo Baleirón supuxo a perda dun gran valor poético, pois con vinte e catro anos acadara varios premios. De seguido, coméntase un poema "Mencer en Compostela", incluído en *Os días olvidados*. Tanto do poema como do poemario amósanse as liñas xerais.

Castro Rodríguez, Xavier, 'A tecedeira de Bonaval', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 11 xullo 2004, p. 2.

Faise un breve repaso á vida de Antonio López Ferreiro para logo centrarse na súa produción novelística, onde o articulista indica que Santiago de Compostela será un motivo recorrente. Das tres novelas coñecidas do autor coméntase *A tecedeira de Bonaval.*

Castro Rodríguez, Xavier, 'Alba de groria', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 25 xullo 2004, p. 2.

Un fragmento do *Alba de groria* válelle a Xavier Castro Rodríguez para presentar este discurso de Castelao como o máis emotivo dos que se teñen pronunciado e mesmo clave para a cultura galega. Destaca que fora escrito un ano e medio antes da súa morte, publicado por Edicións Galicia, de Bos Aires, e traducido ao castelán por Eduardo Blanco Amor. Faise un repaso pola temática de Castelao na súa obrae a conxugación de literatura e plástica en relación a este discurso. Xavier Castro non deixa de analizar e expoñer a estrutura e narración deste discurso no que di se conxugan Compostela e Galicia enteira.

Castro Rodríguez, Xavier, 'En Compostela, amiga, pode un home', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 8 agosto 2004, p. 2.

Reprodúcese un soneto do cancioneiro *Amor e tempo liso*, de Darío Xohán Cabana, que ten a cidade de Compostela como telón de fondo, para introducir ao lector na vida e obra deste poeta. Caracterízase a Darío Xohán Cabana a través da súa obra poética, novelística e doutras vertentes literarias. Xavier Castro destaca os anos oitenta como un período de gran produción para este autor no que saíron a lume obras como *A fraga amurallada* ou *VIII fragmentos*, entre outras. A seguir, fai unha análise de *Amor e tempo liso* na que destaca as fontes e lecturas do poeta, personaxes poéticos ou estruturas líricas. Finalmente, reflexiona sobre o soneto reproducido.

Castro Rodríguez, Xavier, '¡Compostela!', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 15 agosto 2004, p. 2.

Xavier Castro achégase a Compostela a través da literatura de Avelino Gómez Lado, cun poema tirado de *Romanceiro compostelán*. Repasa a obra deste autor, da que destaca a poética e as traducións, como por exemplo, *Églogas de Virxilio, escolma de poetas gregos e latinos*. Así mesmo, detense no momento no que foi creado o poemario e alude á relación do poeta coa Xeración Nós.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Ô toque de ánimas', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 22 agosto 2004, p. 2.

A obra de Manuel Pose Rodríguez, concretamente, *Paisaxes* (1925), é a escollida esta vez por Xavier Castro para achegarse a Compostela. Despois dunha presentación do poeta, Castro Rodríguez analiza as liñas mestras das súas obras e dos diferentes lugares onde foron compostas. Destaca o denominador relixioso e o ensalzamento patriótico. Do poema reproducido, "O toque das ánimas", faise unha descrición e dise que está dedicado ao arcebispo Manuel Lago González. Tamén se sinala que a fe, a patria e o amor son os temas que agroman nesta exposición.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Compostelana', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 29 agosto 2004, p. 2.

O canto a Compostela reproducido neste artigo corresponde a *Vagalumes* (1931), único poemario de Xosé Manuel Cabada Vázquez. Faise un repaso pola vida deste autor e indícase que o obxectivo de Cabada era galeguizar a Igrexa. Xavier Castro Rodríguez detense na publicación do seu único libro e comenta a recepción que tivo. Desta maneira, alude a Álvaro de las Casas, quen incluíu a Cabada Vázquez nunha antoloxía publicada por Edicións Sopena en Bos Aires no ano 1939. Finalmente, destácase a pegada compostelá na obra de Cabada no que o articulista denomina "siluetas de Compostela".

Castro Rodríguez, Xavier, 'A Cruz d'os Farrapos', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 5 setembro 2004, p. 2.

Reprodúcese unha composición poética da obra *Saudades gallegas*, de Valentín Lamas Carvajal, centrada na falta de atención aos peregrinos. O fito literario que supuxo *O Tío Marcos d'a Portela* é o punto de partida desta introdución á obra de Lamas Carvajal. Destácase o éxito sen parangón de *Catecismo do labrego* para ilustrar a obra do ourensán que é representado como poeta, prosista e xornalista. De todo o repaso que se fai pola obra do poeta, destácanse *La monja de San Payo* (1871), *Las flores del ayer* (1871) ou *Xan de Pitelas en Compostela* por estar relacionadas coa cidade do Apóstolo. Finalmente, analízase o poema-protesta reproducido.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Deus sentado nun sillón azul', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 12 setembro 2004, p. 2.

Un laio pola morte de Carlos Casares serve para valorar a importancia do escritor. Faise unha relación da obra que deixou e destácase o paso do escritor pola súa cidade natal e por Compostela, lugares que lle serviron de unión coa literatura e con figuras sobranceiras da historia da cultura galega como Vicente Risco. Deste contacto destácanse obras como *Deus sentado nun sillón azul*, novela na que, segundo o articulista, se amorean numerosos recordos composteláns.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Maxina ou a filla espúrea', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 19 setembro 2004, p. 2.

A obra de Marcial Valladares é presentada como de gran valor lexicográfico, poético, novelístico, xornalístico e gramático. Faise unha relación da obra inédita, da que se destaca un *Cantigueiro popular* e o seu apéndice. Noméase, entre as publicacións periódicas nas que participou, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, onde publicou por entregas a novela *Maxina ou a filla espúrea*. Recóllense as palabras de Ricardo Carballo Calero, quen cualificou esta obra como o primeiro ensaio de novela galega. Remátase cunha descrición da novela de Valladares.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Sant-Iago', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 26 setembro 2004, p. 2.

Cunha composición de *Oracións campesinas* introdúcese ao lector do artigo na obra de Eladio Rodríguez González. Do traballo etno-lingüístico deste investigador, destácase o *Diccionario enciclopédico Gallego-Castellano*, do que se fai unha descrición. A seguir, faise unha relación das calidades como escritor de Rodríguez González (uso da lingua, sintaxe, temática, etc.) e cítanse as súas obras: *Folerpas* (1984), *Raza e Terra* (1922), e *Oracións campesinas* (1927). Finalmente, destácase o o pouso relixioso deste último poemario, no que, segundo Xavier Castro Rodríguez, se enxalza unha visión distinta do Apóstolo Santiago.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Compostela no peito', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 3 outubro 2004, p. 2.

Pártese do fragmento dunha entrevista a Eduardo Blanco Amor para ilustrar a fonda impronta de Santiago de Compostela na súa obra. Saliéntase que o escritor sempre defendeu a idea de Compostela como capital de Galicia.

Castro Rodríguez, Xavier, 'As sombras do Barroco', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das Letras', 10 outubro 2004, p. 2.

Empeza esta recensión de *As sombras do barroco* (1994) cun anaco desta obra de Xesús Rábade Paredes que é presentada dentro da traxectoria iniciada en *Branca de loboso* (1991). Analízase esa novela e destácase que se presenta como un xeito de entender a realidade que se mostra dun tempo, dun xogo de forzas contrapostas. Sinálase que a historia parte da rotura da corda do botafumeiro para centrarse en Compostela, homenaxe espacial á cidade.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Razón de amigo, con Compostela ó fondo', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das Letras', 17 outubro 2004, p. 2.

A temática e comunicación cos demais é o fío do que empeza a tirar Xavier Castro Rodríguez para presentar a obra e vida de Arcadio López-Casanova. O articulista bota man da *Alicerces*, poemario do que di ter finos e elegantes versos que asentaron ao poeta nun lugar de referencia nas letras de dentro e fóra de Galicia. Do repaso que se fai pola obra literaria de López Casanova destácase o volume *Do tempo posuído*, publicado por Espiral Maior, catro tempos vitais nos que, segundo Castro Rodríguez, é doado recoñecer outras tantas experiencias íntimas. Ao comezo reprodúcese un poema desta obra.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Tempo de lembrar. Os lonxanos outonos de Compostela', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 24 outubro 2004, p. 2.

Reprodúcese un anaco de *Tempo de lembrar*, para introducir ao lector na vida de Ánxel Fole e no seu momento. Indícanse os gustos literarios deste autor e destácase o seu "labor

apaixonado" polo xornalismo que o levou a traballar en innumerabéis revistas e xornais como *Faro de Vigo*, *El Progreso*, *La Noche* ou *A Nosa Terra*, entre outras. Finalmente, faise unha pequena análise do fragmento reproducido ao inicio do artigo.

Castro Rodríguez, Xavier, 'O silencio de Compostela non ten fin', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico de letras', 31 outubro 2004, p. 2.

Da obra poética de Ricardo Martínez-Conde, Xavier Castro Rodríguez destaca os títulos *Orballo nas camelias*, *O silencio das árbores*, *Evoë*, *Devalar* e o poema, tirado de *Compostela, vella memoria*, co que introduce a vida deste poeta. Salienta o "todo" desta singular obra, corpus poético e artístico cunha obra plástica da man de Javier Mourón Figueroa. Descríbese a obra e dáse conta da estrutura en cinco partes cunha pequena introdución a cada unha. Finalmente, destácase a presenza do silencio e dos tres símbolos da cidade: noite, camiñante e choiva.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Tremor', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 7 novembro 2004, p. 2.

A reprodución do poema "Tremor" válelle a Xavier Castro para introducir este canto á vida de Manuel María despois da súa morte. Destaca da súa figura o compromiso político, co idioma e coa causa galega. Tamén se detén na súa obra literaria, concretamente, en *Muiñeiro de brétemas* e *Poemas a Compostela*. Finalmente, reproduce algunhas opinións do poeta a respecto desta última obra.

Castro Rodríguez, Xavier, 'A música', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 14 novembro 2004, p. 2.

Reproduce un anaco da obra *A música*, de Eva Veiga, para despois presentar á poeta de Pontedeume. Liga a súa obra aos espazos vitais da súa traxectoria vital, a medio camiño entre o mar e a terra. No tocante ao aspecto literario, destaca os seus libros *Fuxidíos* (accesit do premio Esquío 1993) ou *Paisaxes do baleiro*. Finalmente, fai unha valoración desta especial *Guía de Santiago*.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Os outros días', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 21 novembro 2004, p. 2.

Reprodúcese un anaco de *Os outros días*, de Alfredo Conde, obra na que se describe Santiago de Compostela, en relación coa pedra, a auga e a música. Xavier Castro anota que a novela *Los otros días* ten un orixinal en galego e fai un repaso pola traxectoria do escritor nado en Allariz. A continuación, fai unha recensión da novela centrándose especialmente na evolución dos personaxes (especialmente Don Xaquín e Xana) e como inflúe a paisaxe, neste caso Compostela e Turín, no seu devalar.

Castro Rodríguez, Xavier, 'A vida apoteósica', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe Galicia', 5 decembro 2004.

Ademais de ofrecer unha liñas de *A vida apoteósica* (2001), achégase información sobre Bieito Iglesias. Dáse conta das características comúns da obra do autor ourensán e da súa capacidade para atraer ao lector. Tamén se fai fincapé nos espazos que o escritor emprega para desenvolver as historias dos seus libros. Remata sinalando os trazos fundamentais de *A vida apoteósica*.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Tríadas de Sant-Yago', *Galicia Hoxe*, 'Estraños, raros e esquecidos', 12 decembro 2004, p. 2.

En primeiro lugar, sitúa a figura de Emilio Álvarez Blázquez no eido familiar e explica o contexto histórico en que se desenvolveu a súa actividade literaria. Fai referencia á colección de poesía "'Benito Soto", onde foi publicado *Poemas de ti e de min* (1949)e sinala diversos aspectos do poemario. Alude aos temas das obras do poeta tudense facendo fincapé na cidade de Santiago de Compostela e na vila natal do escritor. Tamén ofrece consideracións de Sabino Torres Ferrer e de Salvador Lorenzana, autor do limiar do poemario. Inclúe unhas estrofas extraídas de *Poemas de ti e de min*.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Crime en Compostela', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 19 decembro 2004, p. 2.

Con motivo do vinte aniversario da publicación de *Crime en Compostela* (1984), rememora o libro co que Carlos G. Reigosa obtivo o I Premio Xerais de novela. Tamén achega os principais trazos que caracterizan a obra narrativa do escritor lucense. A continuación, presenta o contido da novela detectivesca, destacando o rol que desenvolve a cidade. Para iso, recolle unhas liñas da obra nas que fala Carlos Conde, amigo do protagonista, verbo de Santiago de Compostela. Neste artigo afírmase que *Crime en Compostela* "representa un símbolo daquela década".

Castro Rodríguez, Xavier, 'Bronce na catedral', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 26 decembro 2004, p. 2.

Comeza facendo alusión ao grupo heteroxéneo de poetas que comezaron a escribir nos últimos vinte e cinco anos do século pasado para referirse a Paulino Vázquez Vázquez. Describe as principais características da obra do poeta, nas que destaca o culturalismo, o intimismo e o hermetismo. Tamén cita o vencello de Paulino Vázquez coa cidade de Santiago de Compostela e recolle un poema pertencente a *Seixo de desfacer entre os dedos* (1985), onde se reflicte esa unión.

Castro Soliño, Dorinda, 'Positively', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 68, 'Libros', 29 xaneiro 2004, p. IV.

Descríbese o libro *Positively* (2003), de Jaime Santoro de Membiela, e dáse conta da súa estrutura en catro relatos que se complementan. Tamén se destaca que se trata dun volume "no que coexisten diversos narradores, diversos eus, espazos, tempos, diversos modos de narración e grafías, no que se reflexiona sobre a identidade e as normas e que constitúe un novo modo de comunicación".

Castro Soliño, Dorinda, 'O lobo da xente', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 74, 'Libros', 11 marzo 2004, p. V.

Primeiro menciónase a crise do xénero de literatura erótica na literatura española ante a imposibilidade de dar o 'Premio de literatura erótica', pois, segundo o xurado, os que entroncaban co xénero erótico carecían de ambición literaria e os que tiñan ese tratamento literario non mostraban esa tensión erótica. A continuación, coméntase o éxito no que se atopa o erotismo na literatura galega e noméase a creación do Premio Narrativas Quentes, cuxo gañador foi Alberte Momán con *O lobo da xente*. Cualifícase este volume como "Libro co erotismo como pretexto para contar diversos aspectos da sociedade que significa un paso nese desexo de todos de que a literatura galega nos ofreza espazos". Este mesmo artigo foi publicado no suplemento *'Saberes'* do xornal *La Opinión*, o día 24 abril 2004, baixo o título 'Longa tradición erótica'.

Castro Soliño, Dorinda, 'Historias do empardecer', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Libros', 18 marzo 2004, p. IV.

Recoméndase o último libro de Manuel María *Historias do empardecer*, que está constituído por historias que van do real ao fantástico. Sinálase que na obra hai evocacións a escritores da nosa literatura como Celso Emilio Ferreiro.

Castro Soliño, Dorinda, 'Vella memoria', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 77, 'Libros', 1 abril 2004, p. IV.

Primeiro presenta a Ricardo Martínez-Conde como un escritor bilingüe. A continuación, di cales son as súas publicacións en galego para, finalmente, centrarse no seu último libro *Compostela, vella memoria* (2003), poemario no que se indica que o poeta realiza un percorrido por Santiago de Compostela. Destácase que a soidade e o tempo serán dous elementos presentes na obra.

Castro Soliño, Dorinda, 'Longa tradición erótica ', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 54, 24 abril 2004, p. 3.

Primeiro menciónase a crise do xénero de literatura erótica na literatura española ante a imposibilidade de dar o 'Premio de literatura erótica', pois, segundo o xurado, os que entroncaban co xénero erótico carecían de ambición literaria e os que tiñan ese tratamento literario non mostraban esa tensión erótica. A continuación, coméntase o éxito no que se atopa o erotismo na literatura galega e noméase a creación do Premio Narrativas Quentes, cuxo gañador foi Alberte Momán con *O lobo da xente*. Cualifícase este volume como "Libro co erotismo como pretexto para contar diversos aspectos da sociedade que significa un paso nese desexo de todos de que a literatura galega nos ofreza espazos". Este mesmo artigo foi publicado no suplemento *'Faro da Cultura'* do xornal *Faro de Vigo*, o día 11 de marzo, baixo o título "O lobo da xente".

Castro Soliño, Dorinda, 'Lenzo das madrugadas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 81, 'Libros', 29 abril 2004, p. IV.

Cítase a obra narrativa e poética de Medos Romero para logo comentar a súa última publicación, *Lenzo das madrugadas* (2003), poemario que "afonda nas raíces da terra". A seguir, destácase a gran riqueza léxica referida aos elementos da natureza e da paisaxe presentes no volume.

Castro, Luísa, 'O libro da egoísta', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 85, 'A mi bola', 6 novembro 2004, p. 9.

Luísa Castro recorda nesta columna unha viaxe a Atlanta que realizou en compañía de Yolanda Castaño. Describe a facilidade da poeta para mesturarse coa vida social e televisiva desa cidade.

Castro, Xavier, 'A memoria da infancia, persoas e espacios', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Casa última', 28 marzo 2004, p. 4.

Fálase do último poemario de Xulio López Valcárcel, *Casa última* (2003). Indícase que nel ten importancia o paso do tempo, reflectido na infancia, e a imaxe da casa, que amosa "as vidas, lembranzas e traxedias que foron nacendo, vivindo e morrendo entre as paredes da íntima construción, principio e fin do ser humano e dos membros da súa comunidade familiar".

Caveiro, Laura, 'Áncoras no corazón', *La Opinión*, *'Saberes'*, 7 febreiro 2004, p. 6.

Retómase a idea do naufraxio da fragata francesa Medusa, que despois pintaría o pintor romántico Gericault. Relaciónase este acontecemento co acontecido na costa de Galicia e sinálase que os escritores non o reflicten na literatura galega. Entre as obras de temática mariñeira destácanse *Fins do mundo*, de Bernardino Graña, e *A laranxa mecánica*, de Anthony Burgess. Tamén se cita a Hans Christian Andersen como un autor que retoma os contos de sereas e namorados.

Constela Doce, Xesús, 'Celso Emilio: a terra do poeta', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 'Enfiando', 5 decembro 2004, p. 23.

Análise da obra poética de Celso Emilio Ferreiro á luz da pegada que nela deixou Celanova, vila natal do autor.

Cordal, Xabier, 'Boas novas', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 507, 25 marzo 2004, p. 2.

Faise un repaso pola traxectoria de Serxio Iglesias. Indícase que comezou en Ronseltz, pero que tras a súa desaparición estivo nun longo silencio. Infórmase que despois de vinte anos publica *Métodos para afogar un cisne* (2002), poemario que está dividido en varias partes, que ten como pano de fondo a Costa da Morte e que describe a ruptura social dunha comarca. Finalmente, destácase que o volume está escrito cun rexistro naturalista.

Costa, Xosé María, 'Xulio L. Valcárcel, sinxeleza e sentimento', *A Nosa Terra*, nº 1.114, 'Cultura', 29 xaneiro 2004, p. 27.

Coméntase o último poemario de Xulio L. Valcárcel, *Casa última* (2003), e destácase que no libro "abrolla o tempo, un mal crónico, incurábel e cheo de perdas, ofrecido coa singular intensidade dos sons, o ritmo e a tenrura, a vibración formal e o sentimento capaces de amosar a íntima e esvaída sensación de lonxanía da dor e da distancia e revelar a soidade radical que vai connosco".

Costa, Xosé María, 'Poesía civil e limitada de Lueiro Rei', *A Nosa Terra*, nº 1.117, 'Cultura', 19 febreiro 2004, p. 27.

Fálase do último libro de Manuel Lueiro Rei, *Derradeira escolma ferida* (2003). Dise que o poemario, máis que un canto á liberdade, é un grito agudo e subversivo, dunha íntima desolación do sentimento. Menciónase que na escolma se atopan "ráfagas de angustia e de silenzo, lembranzas e soidades".

Costa, Xosé María, 'Adela Figueroa, paixón obvia', *A Nosa Terra*, nº 1.127, 'Cultura', 6 maio 2004, p. 27.

Coméntase o libro de Adela Figueiroa Panisse, *Vento de amor ao mar* (2003), do que se destaca que nel se observa o amor á vida e a Galiza. Afírmase que "O poemario fica como un póster político"

Costa, Xosé María, 'Rivas en diálogo co tempo', *A Nosa Terra*, nº 1.128, 'Cultura', 13 maio 2004, p. 27.

Fálase da obra poética de Manuel Rivas. Indícase que o poeta "ofrece unha poesía de emocionada intensidade e radical desacougo que amosa o instante efémero, o silencio da terra, a asolagar a palabra de suxerencia e sentimento". A seguir, coméntase o seu último poemario *Do descoñecido ao descoñecido* (2003), que é unha recompilación da súa obra poética.

Dacosta, Henrique, 'As letras en Ferrol: breves notas', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 23 maio 2004, p. 23.

Achega ao mundo literario na comarca ferrolá no que se destacan voces pertencentes aos tres xéneros literarios. Na narrativa noméase a Anxo Franco e Rosa Aneiros. Do primeiro, coméntase a súa novela *Hóspedes do medo* (1999), mentres que de Rosa Aneiros se citan *Eu de maior quero ser* (1999) e *Resistencia* (2002). No xénero teatral noméase a Eduardo Fra Molinero, que mestura drama e comedia como se ve na súa obra *Teatro Settaro presenta ópera Bufa* (2002). En canto á poesía coméntase *O peso da derrota* (2000), de Medos Romero, e *Regreso a ningures* (2000), de Anxo Franco.

Docampo, Xabier P., 'Voz literaria e actitude ética', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 78, 18 setembro 2004, p. 20/3.

Xavier P. Docampo identifícase co libro *Terra chá*, de Manuel María, na súa lectura do ano 1959. Indica que este poemario serve para analizar como te podes identificar coa obra e coa túa propia experiencia. Destaca a capacidade do poeta por facerche vivir aquilo do que escribe, considera que esa capacidade se chama actitude ética e que pasa por ser un dos legados de Manuel María. O dito, exemplifícao Docampo cunha cita de Huidobro.

Dourado Deira, Manuel, 'Exilio galego: Mapa de cicatrices', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 5 xuño 2004, p. 4.

Dáse conta da presentación celebrada en Rianxo o día 28 de maio do volume *O exilio galego: un mapa de cicatrices* (2004), de Xosé Luís Axeitos, a cargo de Xesús Alonso Montero. Indícanse algunhas das palabras coas que Alonso Montero cualificou a Axeitos, para quen, segundo o articulista, o ambiente no que naceu e viviu é presentado como definitorio da súa obra.

Eyré, Xosé M., 'O xornalista namorado', *A Nosa Terra*, nº 1.111, 'Cultura', 9 xaneiro 2004, p. 26.

Cunha loa a Xosé Carlos Caneiro sobre a súa calidade como escritor empeza esta recensión da súa última obra, *Ámote* (2003). Xosé Eyré indica que a característica destacada da obra

de Caneiro é a fidelidade, entre outros aspectos, á temática e a ficionalización do drama. Eyré fai unha descrición do personaxe principal como prototípico de Caneiro e destaca que sexa unha obra novela-tributo á muller. Finalmente, describe a novela tecnicamente como algo case que perfecto.

Eyré, Xosé M., 'Relatos do sexo proletario', *A Nosa Terra*, nº 1.112, 'Cultura', 15 xaneiro 2004, p. 26.

Introdúcese ao lector na obra de Alberte Momán, *O lobo da xente*, que foi premio da última edición do Premio de Literatura Erótica Narrativas Quentes, de Edicións Positivas. Destácase que nos doce relatos aparece a depravación como consecuencia dunha sociedade que violenta a personalidade do individuo: a guerra, a incomunicación... Apúntase que unha das virtudes da obra é a variedade, que neutraliza a monotonía, ou a sublimación do amor. Eyré felicita a Momán e ao proxecto de Positivas por encheren un oco da literatura galega.

Eyré, Xosé M., 'Un mago entre Galicia e Portugal', *A Nosa Terra*, nº 1.113, 'Cultura', 22 xaneiro 2004, p. 26.

Recensión da obra *Bieito dubidoso* (2003), de Roque Cameselle. Xosé Manuel Eyré céntrase na trama desta novela histórica e destaca que o estilo narrativo leva a que os feitos sexan citados máis que narrados o que lle supón ao lector converterse en testemuña e non en protagonista. O articulista destaca da trama, que está centrada na loita polo poder entre Santiago de Compostela e Braga, detense no personaxe central, Bieito Dubidoso, e indica que a novela ten certo aire de melodrama.

Eyré, Xosé M., 'Memorias da Compostela universitaria dos 70', *A Nosa Terra*, nº 1.114, 'Cultura', 29 xaneiro 2004, p. 26.

Recensión da obra *A transfusión* (2003), de Básico Rodríguez, pseudónimo de Basilio Rodríguez. Xosé Eyré céntrase nas grandes ausencias desta pintura da Compostela universitaria dos anos setenta e destaca a lingua ou o coidado coa lingua, así como a ausencia da problemática social do momento ou da cultura galega da que se fai unha pequena referencia ao carrabouxo e a Celso Emilio Ferreiro. Finalmente, descríbense os personaxes que viven feitos anecdóticos nunha Compostela idílica.

Eyré, Xosé M., 'Segredos de familia', *A Nosa Terra*, nº 1.115, 'Cultura', 5 febreiro 2004, p. 26.

Recensión da obra *A esfinxe de amaranto* (2003), de Antón Riveiro Coello, obra na que se conta a historia dunha familia asentada no Couto Mixto. Xosé Eyré destaca da novela que é unha historia de mulleres, que sofren en silencio toda a vida coa fin de manter acesa a chama do amor, e que no fondo dela esta presente a Guerra Civil. Relata a trama da obra e identifica as voces narrativas.

Eyré, Xosé M., 'Dúas narracións que recuperar', *A Nosa Terra*, nº 1.116, 'Cultura', 12 febreiro 2004, p. 26.

Xosé Eyré opina sobre as obras *Longo voo de paxaro* (1987), de Fermín Bouza Álvarez, e *Fridom spik* (1995), de Santiago Jaureguizar, esta última reeditada e ampliada no ano 2003. Os relatos de Jaureguizar son cualificados como perfume, pílulas plenas de lucidez e sentimento. Da obra de Fermín Bouza dise que se trata dunha aproximación á narrativa de cómic, da que a súa lectura se volve gozosa.

Eyré, Xosé M., 'Dúas Evas nazis', *A Nosa Terra*, nº 1.117, 'Cultura', 19 febreiro 2004, p. 26.

Preséntase a obra gañadora do premio Lueiro Rei 2003 de novela curta, *Ácaros verdes*, de Pilar Buela. Indícase que nela se estabelecen dúas partes moi claras: unha arredor das personaxes de Eva e Magda e unha segunda arredor dun grupo de neonazis nunha cerimonia de iniciación. Para Xosé Eyré o feito de meter a Eva e Magda nun bunker é o que obriga a saíren do da memoria, e que nos leva ao búnker da maldade gratuíta dos neonazis da segunda parte. Destácase a calidade narrativa de Pilar Buela, en especial nesta obra de fácil acceso.

Eyré, Xosé M., 'Unha pescuda na poesía actual', *A Nosa Terra*, nº 1.118, 'Cultura', 26 febreiro 2004, p. 26.

Fai unha relación dalgúns títulos das poetas Marilar Aleixandre, Xela Arias e Enma Couceiro e céntrase máis polo miúdo en *Destmentindo a primavera* (2003), da primeira autora, *Intempériome* (2003), da segunda, e *(Cito)* (2003), da terceira. Tamén describe e revisa a estética dos tres poemarios, o ritmo, a temática, a lingua... Xosé Eyré nomea tamén o *Libro da egoísta* (2003), de Yolanda Castaño. Finalmente, destaca a índole culturalista como medio de acadar resultados estéticos moi salientábeis pero que non semella o mellor camiño para traspasar o círculo dos iniciados.

Eyré, Xosé M., 'Unha aventura sen destino', *A Nosa Terra*, nº 1.119, 'Cultura', 4 marzo 2004, p. 26.

Dende o apreixamento que o cinema fai dos heroes parte Xosé M. Eyré para presentarlle ao lector os personaxes centrais de *A estrela dos polisóns* (2003), último traballo de Luís Rei Núñez. Destaca que a educación é o fondo no que se moven os ambientes da novela, na que un naufraxio é o punto de inflexión do estado inicial ao final. Eyré indica que se trata dunha historia lastrada no seu desenvolvemento pola falta de obxectivos. Preséntaa como unha novela de aprendizaxe centrada máis na exposición de coñecementos que na súa asimilación.

Eyré, Xosé M., 'Un magnífico conversador en prosa', *A Nosa Terra*, nº 1.120, 'Cultura', 11 marzo 2004, p. 26.

Preséntase a Camilo Gonsar como un autor con estilo propio e faise un repaso polos títulos que deu a lume. Menciónase a novela histórica de amizade *A noite da aurora* (2003), como exemplo de Gonsar como excelente conversador en prosa. Descríbense os personaxes que protagonizan a historia (tres compañeiros de esmorga) e o ambiente no que se moven. A seguir, Xosé Eyré caracteriza a lingua empregada nesta novela e fai comentarios ao respecto do paso do tempo e do valor da personalidade.

Eyré, Xosé M., 'A vida fracasada', *A Nosa Terra*, nº 1.121, 'Cultura', 18 marzo 2004, p. 26.

Parte Xosé M. Eyré do suicidio do Rañolas de Castelao e da súa última palabra "protesto" para falar de *Desventura* (2003), de An Alfaya. Eyré estabelece as pontes entre os personaxes de *Os dous de sempre* e *Desventura*. Dá conta dalgún que outro pecado de lingua relacionado cos pronomes e os castelanismos desta obra de An Alfaya, así como da súa estrutura e do argumento. Finalmente, destaca que a novela queda na mente do lector máis alá da última palabra, buscando respostas.

Eyré, Xosé M., 'O desenmascaramento do clan Barral', *A Nosa Terra*, nº 1.123, 'Cultura', 1 abril 2004, p. 26.

Unha reflexión sobre a Guerra e os misterios da sociedade actual é presentada como posíbel pensamento do protagonista de *O tempo en ningunha parte* (2003), última entrega de Xosé Manuel Martínez Oca. O articulista indica ónde e cándo se sitúa a acción desta novela e dá conta do seu argumento. Finalmente, destaca o emprego dunha prosa fácil para o lector e a presenza duns personaxes complexos nunha novela ao uso clásico.

Eyré, Xosé M., 'A obra completa dun poeta en evolución', *A Nosa Terra*, nº 1.141, 'Cultura', 9 setembro 2004, p. 26.

Coméntase o libro de poemas *As cidades mergulladas* (2003), do autor lugués Xosé Miranda. Infórmase de que neste volume se recollen os seus nove poemarios anteriores, que aparecen ordenados cronoloxicamente. Finalmente, incídese na claridade da lírica de Xosé Miranda e cualifícase como poesía autorreflexiva e moi crítica.

Eyré, Xosé M., 'Biografía cultural de Manuel María', *A Nosa Terra*, nº 1.144, 'Narrativa', 30 setembro 2004, p. 26.

Xosé Eyré dá conta da actualización da obra *Manuel María: os traballos e os días* (2001), de Camilo Torres Gómez, que no seu momento fora presentada como tese de doutoramento. Considera que xunto con *Conversas con Manuel María* (1990) son dúas

obras fundamentais para achegarse á vida e obra do autor chairego. A seguir, repasa a vinculación do poeta con Outeiro de Rei, o seu lugar de nacemento; Monforte de Lemos, onde viviu boa parte da súa vida, e a cidade da Coruña, na que permaneceu os últimos anos. Repasa a estrutura da obra que segue o precurso vital do poeta dende o capítulo inicial centrado na infancia, logo a mocidade como tempo de crise e descubrimento, o seu posterior compromiso coa literatura, a terra e a xente ou o fastío do tempo do servizo militar. Para rematar, destaca a constante presenza do poeta chairego en actos culturais, a dificultade de integración e recoñecemento na "rancia" sociedade monfortina e o seu incansábel labor tanto no eido político de base como no terreo literario.

Feixó, Xosé, 'A voz do patriarca', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Libros', 8 abril 2004, p. IV.

Preséntase a obra publicada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e da autoría de Teresa Monteagudo, *Manuel Murguía* (2000), na que se recolle unha escolma de textos, unha cronobiografía e referencias hemerográficas. Infórmase que neste volume se recolle unha escolma de textos que teñen que ver con Cuba malia nin Murguía nin Rosalía estar nunca na illa. Destácase tamén a relevancia do artigo "Diccionario de la lengua gallega. Necesidade de su formación y publicación".

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Manuel María, o home e o poeta', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 78, 'En portada', 18 setembro 2004, pp. 3-4.

Refírese á obra do poeta chairego Manuel María e á súa posíbel significación dentro de medio século. Despois de facer referencia as palabras de Vicente Huidobro ou Xosé Luís Méndez Ferrín, achégase unha suxerente biografía do autor da Terra Chá, para despois rematar coa referencia á súa prolifica obra, que amosa, segundo Miguel Anxo Fernán Vello, unha perfecta proba material do enraizamento do poeta na arte da palabra, entendida como forma e expresión vital, así como ser un espello total da condición humana.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Poeta da radicalidade vivida e sentida', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poetas do século XXI', 19 setembro 2004, p. 8.

Refírese á poeta da Estrada, Antía Otero, que publicou o seu primeiro libro en 2003, *O son da xordeira*, obra que recibiu moitas loas por parte da crítica galega. Reprodúcese un poema inédito, caracterizado como perturbador, no que se sinala que tenta amosarse unha especie de espello dos instintos que o soño poético proxecta sobre a nai. Remátase aludindo á poeta como escritora dunha radicalidade vivida e sentida.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Paixón subterránea dunha voz poética', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poetas do século XXI', 26 setembro 2004, p. 8.

Preséntase á poeta coruñesa, Lucía Aldao, gañadora de numerosos premios nos que se encontra o Tanxedoria de poesía do ano 1987 ou o O Facho. Sinálase que tamén foi colaboradora do guión no espectáculo de Carlos Blanco, *Dillei*, aínda que non sacou á rúa ningunha publicación da súa obra agás a da publicación colectiva *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra* (2003). Indícase que a súa poesía se caracteriza, como se ve a partir do poema que se presenta no artigo, pola rebeldía que se pode incluír na poética do "underground".

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Alexandre Nerium e o poema con ritmo de onda', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poetas do século XXI', 3 outubro 2004, p. 8.

Fálase aquí do poeta fisterrán, Alexandre Nerium, pseudónimo de Francisco Manuel López Martínez, poeta e mariñeiro que foi presidente do Batallón Literario da Costa da Morte e que no 2002 gañou o VII Premio de Poesía Johán Carballeira do Concello de Bueu. Infórmase de que en 2003 publicou o seu primeiro libro, *Vogar de couse*, e destácase que a súa poética se caracteriza polo labor incansábel do autor coa lingua. O dito, dise, fica patente no poema inédito "Rutía" que no artigo se reproduce.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Rafael Lema: a realidade vivida dun mar épico', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poetas do século XXI', 10 outubro 2004, p. 8.

Refírese ao poeta de Camariñas, Rafael Lema, e infórmase de que xa ten publicados tres libros de poemas e tres novelas, a última titulada *Mareas negras* (2003). Tamén se di que foi galardoado con numerosos premios, como por exemplo, o Espiral Maior e o do Concello de Carral. Reprodúcese un poema e sinálase que, igual que o resto da súa poética, ten as súas raíces no mar. Miguel Anxo Fernán Vello cita ao ensaísta Claude Le Bigot, xa que fala dunha "melancolía do paraíso perdido" dentro da poética de Lema. Así mesmo, afírmase que o poema que se reproduce é resultado do enfrontamento directo entre o poeta e a "marea negra" do Prestige.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Lucía Novas: topografías compartidas do amor', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poetas do século XXI', 17 outubro 2004, p. 8.

Fálase da poeta Lucía Novas, licenciada en Filoloxía Galega, que xa publicara no ano 2000 o libro de poemas *Epiderme de estío* e que agora, segundo Miguel Anxo Fernán Vello, amosa no poema inédito que se reproduce o erotismo como desexo e fin, seguindo as palabras de Goethe.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A canción liberadora de Xosé Manuel Lema', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poetas do século XXI', 24 outubro 2004, p. 8.

Preséntase aquí o poema inédito de Xosé Manuel Lema, "A néboa dos teus ollos", despois de ter publicado no ano 1999 en Edicións do Castro o seu primeiro libro prologado por

Manuel Rivas, *Os dentes da noite.* Dise que tanto nese volume coma no poema que se presenta no artigo fican patentes as coordenadas poéticas do autor como son o amor, a experiencia da ausencia, a música, a denuncia social e unha tensión social que está no cerne do latexar poético, dentro dunha tonalidade de "balada" e dunha linguaxe medida con claridade.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Maxi Rei: política poética e reflexión lírica', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poetas do século XXI', 31 outubro 2004, p. 4.

A partir das reflexións sobre a "poesía crítica", de Ángel González, ou do poema "La poesía es un arma cargada de futuro", de Gabriel Celaya, preséntase o poema inédito de Maxi Rei (Abegondo, A Coruña, 1975) titulado "Manifesto da poesía que reclamo". Miguel Anxo Fernán Vello considera que nel se albisca unha clara tonalidade de intervención textual que conecta coa "función manifesto" e que tenta amosar a palabra poética como vía social e liberadora.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Pedro Rielo: experiencia e persuasión emocional', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poetas do século XXI', 7 novembro 2004, p. 8.

Refírese ao poeta pontevedrés Pedro Rielo, xornalista que, segundo o articulista, afinca a súa profesión e o coñecemento desta no conxunto da súa poética, como se puido observar no libro de poemas *Illado na incerteza* (2002). Reprodúcese un poema inédito do autor pontevedrés e coméntase a combinación entre a tensión descritiva e o ton dramático.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Olalla Cociña, música e metafísica do lugar', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poetas do século XXI', 14 novembro 2004, p. 8.

Reprodúcese o poema "A tristeza do bemol" da poeta de Viveiro Olalla Cociña. Infórmase que esta xornalista foi galardoada no ano 2004 co Premio de Poesía "Avelina Valladares" e que anteriormente, concretamente no ano 2000, xa obtivera o "Premio de Poesía O Facho'". Para rematar, indícase que "A tristeza do bemol" se pode ver relacionado cos valores da evocación e da memoria de Nietzsche.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Paulo Vaamonde: de amor, tempo e memoria', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poetas do século XXI', 21 novembro 2004, p. 8.

Reprodúcese un poema do autor compostelán Paulo Vaamonde e recórdase que xa foi recoñecido polo seu labor poético no Certame Minerva, organizado polo colexio Peleteiro, e por outro premio da Deputación de Lugo. Coméntase o poema reproducido e fálase das coordenadas do tempo, nostalxia e amor que, segundo o articulista, neste poema están presentes. Miguel Anxo Fernán Vello cualifíaas como "marcas" definitorias, como titulares interiores do propio texto.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Diana Varela: amor como a poesía dos sentidos', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poetas do século XXI', 28 novembro 2004, p. 8.

Preséntase o poema "A calor da roupa" da poeta de Corme Diana Varela. Infórmase de que se trata da primeira aparición pública desta moza como artista da palabra e que no poema reproducido se amosa un mundo totalmente sensorial e sensual. O dito leva a Fernán Vello a reflexionar sobre Jorge Guillén e Paul Eluard.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A condición prometeica do poema de Elvira Riveiro', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poetas do século XXI', 5 decembro 2004, p. 8.

Faise un repaso pola vida de Elvira Riveiro e achégase un seu poema , "Prometea", que se analiza. Infórmase que este poema está centrado na figura mítica de Prometeo mais que nel se remarca o interese no tratamento de feminización deste personaxe.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Xema Andrade, seiva da terra pondaliana', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poetas do século XXI', 12 decembro 2004, p. 8.

Fálase da poeta bergantiñá Xema Andrade a partir do poema que no artigo se reproduce, "Noite de novembro". Ademais de incidir no recoñecemento da poeta con premios ou colaboracións en xornais, tamén se fai referencia ao seu dominio da lingua e ao emprego dun léxico rico.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'O poema como licuefacción', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poetas do século XXI', 19 decembro 2004, p. 8.

Faise unha análise literaria do poema "Amarar" do poeta e xornalista Carlos Fuentes Moledo. Infórmase tamén que naceu en Vilaboa e que foi gañador no ano 2002 do XVI Concurso de Poesía en Lingua Galega Rosalía de Castro. Tamén se recorda que ten participado en numerosos recitais e colaborado en diferentes entidades culturais en Pontevedra, cidade onde reside actualmente.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Tres poemas da outredade amorosa', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poetas do século XXI', 26 decembro 2004, p. 8.

Preséntase á poeta Alicia Fernández e sinálase que aínda sendo moi nova, xa participa na redacción do folleto literario *Ollándonos*, editado en Escairón, Lugo. Reprodúcense tres poemas da súa autoría inéditos nos que, segundo Miguel Anxo Fernán Vello, se realiza un diálogo coa "outredade amorosa". O articulista incide, ademais, na madurez compositiva da poeta.

Fernández del Riego, Francisco, 'Presencia dun xornalista exemplar', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 28 agosto 2004, p. 2.

Artigo en homenaxe a Raimundo García Domínguez, Borobó. Incídese na importancia do seu labor como redactor nas páxinas do xornal *La Noche* mais tamén no seu traballo noutros campos como na comedia, coa obra *Duce, duce, ¿Quién mató al Meco?* ou *Aura o el complejo de Polícrates*, na narrativa ou como escritor de guións de cinema, como por exemplo, *Tina, la Piñera*. Finalmente, o articulista fala da admiración polo prestixio profesional e humano de Borobó.

Fernández, Paula, 'Cadernos Grial', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 79, 'Revistas/Infantil', 15 abril 2004, p. VII.

Paula Fernández debulla o contido do número 160 de *Grial*. Caderno dedicado, como refire, a recoller as reflexións sobre as relacións entre a literatura e o mar por parte de tres escritoras e sete escritores galegos, españois e sudamericanos que se reuniron en Vigo en outubro de 2003. Subliña que se pon de manifesto unha percepción do mar moi variada e até "radicalmente diferente" entre uns e outros.

Fraga, X., 'Teatro inédito', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 63, 'Letras en Galego', 5 xuño 2004, p. 7.

Refírese á recuperación de obras da autoría de exiliados ou represaliados polo franquismo da man da editorial Edicións do Castro e infórmase que se acaba de publicar *Teatro inédito*, de Ángel Johán e Luis Martínez Carvajal. Indícase que conta con tres obras teatrais: *Arco, Escombros* e *Raíces y alas*, transcritas e examinadas polos filólogos Ana Espada Ascariz e Xosé Luís Sarceda. Refírese, tamén, á aparición meses antes de *Os cadernos dun prisioneiro de guerra*, do mesmo Ángel Johán, que conta cun estudo de Nuria López Presedo.

Fraga, Xesús, 'O río soterrado da lírica', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 43, 'Letras en galego', 10 xaneiro 2004, p. 7.

Céntrase o artigo na faceta lírica de Xosé Miranda, quen, informa Xesús Fraga, se dera a coñecer como narrador. Indícase que o seu volume *As cidades mergulladas* (2003) é unha obra que recolle catro libros publicados, outros tantos inéditos e un novo poema. Destácase no artigo a desmitificación do amor nesta obra, as olladas irónicas, o acatamento á métrica, e reprodúcense versos do autor. Tamén se nomean outras publicacións, como por exemplo, *Vinte cadernos*, de Darío Xohán Cabana.

Fraga, Xesús, 'Lembranzas dun neno vilego', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 44, 17 xaneiro 2004, p. 9.

A memoria como base das mellores creacións literarias é o punto de partida da presentación de *Os meus Ollos* (2003), de Ramiro Fonte. Sinálase que a novela centra ao lector no Pontedeume da infancia do autor, saído da negrura da posguerra. Destácase o cadro que se fai da vila en todos os seus aspectos. Segundo Xesús Fraga, algunhas características a ter desta obra son a precisión minuciosa das anécdotas e a lingua na que non falta nin sobra unha soa palabra. Finalmente, anúnciase unha segunda entrega: *Os ollos da ponte*.

Franco Grande, X. L., 'A noite da aurora', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 65, 'Libros', 8 xaneiro 2004, p. V.

Preséntase neste artigo a última obra de Camilo Gonsar, *A noite da aurora* (2003). Dise que esta novela presenta personaxes noitaregos, marxinais, pero de personalidade complexa. Xosé Luís Franco realiza unha pormenorizada descrición dos personaxes destacando a Amadeo, Lor, Boro e Cibias. Tamén destaca o ambiente, que enmarca a vida picaresca dos personaxes. Da prosa di que é clara e precisa. Remata facendo unha valoración final positiva desta obra.

Franco, Camilo, 'Edipo antifranquista', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 45, 31 xaneiro 2004, p. 9.

A revisión dos mitos como forma de coñecemento dun mesmo é o punto de partida desta presentación do texto dramático *Edipo* (1960), de Manuel María, reeditado pola Biblioteca Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor en 2003. Camilo Franco destaca o carácter heroico do protagonista, un Edipo antifranquista, e dá conta das razóns esgrimidas por Francisco Pillado para a reedición: uns referentes que seguen a ser válidos desta obra que xa é un clásico, valor histórico e literario. Finalmente, infórmase que a reedición conta cun estudo crítico de Miguel Anxo Mato e destácase que unha das características desta obra é que é un teatro de texto parlamentario.

Franco, Camilo, 'Antologías para el recuento', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 49, 'Poesía', 21 febreiro 2004, p. 3.

A recuperación do pasado é a reflexión que aproveita Camilo Franco para dar conta de dúas novas antoloxías de poesía, unha en castelán, co título *Centuria*, e outra en galego, titulada *Antoloxía consultada da poesía galega (1976-2000)* (2003). Dise que a pesar do sistema selectivo, expóñense algúns razoamentos de escolla, onde se pode ver o conflito entre a escolla dun texto e a representatividade do mesmo. Sobre a *Antoloxía consultada* expóñense os criterios e o proceso de traballo e selección por parte do seu coordinador Arturo Casas. Ademais indícase que os poetas seleccionados fan comentarios da traxectoria propia a xeito de autopoética, e sobre a situación actual da poética en Galicia. Camilo Franco tamén ofrece unha selección de cinco poetas dos casteláns e cinco dos galegos dos que reproduce un texto. Os poetas casteláns son Antonio Machado, Pablo Neruda, Luís Cernuda, Federico García Lorca e José Ángel Valente. Os poetas galegos son Ana Romaní, Uxío Novoneyra, Álvaro Cunqueiro, Xosé Luís Méndez Ferrín e Xohana Torres.

Franco, Camilo, 'As débedas con Blanco Amor', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 90, 'Aniversario', 11 decembro 2004, p. 17.

Refírese á figura de Eduardo Blanco Amor no panorama literario galego, incidindo na inaugauración da modernidade que a súa obra prosística amosou mais que non lle foi moi recoñecida até agora. Fálase, tamén, da ponte que a súa persoa adquiriu entre os escritores da Xeración Nós e os que chegaron despois, así como a afirmación da figura de Blanco Amor como a máis influente e máis decisiva da literatura galega.

Freire, Carlos, 'Desventura', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Libros', 25 marzo 2004, p. IV.

Carlos Freire describe a situación de Ventura Rocha, personaxe central de *Desventura* (2003), de An Alfaya. Indicar que o azar se presenta como factor fundamental no desenvolvemento desta situación inicial marcada polo fracaso e frustración. Así mesmo sinala que a situación do personaxe e a súa relación coa mentira é o que se presenta como fío condutor da historia. O final aberto é o que para Freire lle dá unha segunda oportunidade a Ventura, que produce certo grado de empatía no lector.

Freire, Xosé, 'Retratos ao minuto de Manuel María', *A Nosa Terra*, nº 1.113, 22 xaneiro 2004, p. 27.

A traxectoria literaria e editorial de Manuel María serve para introducir o seu novo traballo *Historias do empardecer* (2003). Destas historias destácanse diferentes aspectos como por exemplo o compromiso do autor con Galicia, a súa lingua (reflicte a fala e mentalidade popular da Terra Chá) ou a paisaxe. Da prosa do autor, di Xosé Freire, salienta o paisaxismo e o lirismo.Finalmente, indícase que a obra está dividida en dúas partes e que o autor recolle textos escritos en diversas épocas e inspiradas no modelo xornalístico e no volume *Cousas*, de Castelao.

Freire, Xosé, 'Diarios dun preso republicano', *A Nosa Terra*, nº 1.119, 'Cultura', 4 marzo 2004, p. 27.

Presentación do volume *Os cadernos dun prisioneiro de guerra*, de Ángel Johán González López. Infórmase que neste volume se recollen os escritos do autor lugués no seu período de prisión en Las Palmas (1937-1941), así como algunhas pinturas. Dise que o libro está a medio camiño entre a versión facsimilar e o documento histórico, o estudo especializado e a obra literaria. Finalmente, Freire afirma que bota en falta un afondamento na biografía do autor e un estudo máis polo miúdo da obra literaria e artística.

Freire, Xosé, 'Contos que arrepían', *A Nosa Terra*, nº 1.121, 'Cultura', 18 marzo 2004, p. 27.

Este artigo empeza coa defensa de Edgar Allan Poe, do que di ser un dos autores estadounidenses menos americanos e do que se destaca o seu gusto pola filosofía e o relato psicolóxico. A continuación, Xosé Freire presenta a súa obra *Berenice e outros relatos*, traducida en 2002 por Ana Belén Varela Miño, e fai algunha anotación da temática do libro no que destaca que é para "desfrutar" do pracer da lectura.

Freire, Xosé, 'Os poetas de hai mil anos', *A Nosa Terra*, nº 1.127, 'Cultura', 6 maio 2004, p. 27.

Xosé Freire presenta o estudo divulgativo, *Antoloxía da lírica galego-portuguesa* (2003), de Xosé Bieito Arias. Sinala que un dos obxectivos desta obra apuntados é a permeabilidade e o achegamento cultural ao gran público e afirma que esta escolma é unha viaxe ao longo de cento cincuenta anos, noventa autores e duascentas composicións poéticas, que tocan as tres formas líricas de amor, amigo e escarnio.A seguir, Freire explica a estrutura da antoloxía (divídese en tres partes) e dá conta dos autores nos que se centra. Finalmente, describe a edición como ambiciosa e didáctica e considera que fai que a poesía medieval estea ao alcance de todos para o seu aproveitamento.

Freire, Xosé, 'Retrato dun século a través da vida de Lois Tobío', *A Nosa Terra*, nº 1.139, 'Cultura', 29 xullo 2004, p. 27.

Refírese á obra *As Décadas de T. L*, de Lois Tobío, reeditada en 2003, e ao prólogo que a introduce no que Xosé Freire considera que se deixa entrever de forma pormenorizada o que significará o conxunto do libro. Cualifícase a obra como testemuño en primeira persoa da historia contemporánea de Galiza onde desfilan acontecementos e persoeiros referentes dese tempo determinado e onde se narran determinadas pasaxes políticas, sociais e culturais acontecidas ao longo de seis décadas até 1986.

García, Rodri, 'Unha ollada ó búnker de Hitler', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 44, 24 xaneiro 2004, p. 9.

Dáse conta do argumento e, segundo Rodri García, do encantos da novela *Ácaros verdes* (2003), de Pilar Buela, gañadora do último Premio Lueiro Rey. Dise que trata das mulleres protagonistas do Terceiro Reich dende unha óptica intimista e con fermosas metáforas rescatando o papel feminino na historia.

Garea, Fernando, 'Na diáspora. A Galicia de Bos Aires', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Historia', 17 outubro 2004, p. 14.

Faise memoria histórica lembrando a actividade cultural realizada polos exiliados galegos durante o franquismo dende o exterior; Cuba e Arxentina fundamentalmente. Repásase o devir político e cultural de entón, con especial mención ás actividades do galeguismo en Bos Aires que chegou a converterse en verdadeiro centro cultural do noso país.

Garragal Yáñez, Gaspar, 'Fermín Bouza Brey', *Diario de Pontevedra*, *'Revista!'*, 'Reportaje', 29 febreiro 2004, pp. 4-5.

Faise un repaso pola vida e obra do polígrafo Fermín Bouza Brey (1901-1973). Anótanse as súas lecturas, datos sobre os seus anos de estudo en Santiago, traballos que tivo, así como se alude ás súas múltiples e diversas colaboracións co Seminario de Estudos Galegos, co Instituto "Padre Sarmiento" de Estudios Gallegos (en todas as seccións de ambas as dúas institucións) ou co Museo de Pontevedra. Durante a exposición chámase tamén a atención sobre os trazos prototípicos da súa poesía: o gusto polo popular, a renovación estética dos Cancioneiros e a vontade de universalidade. Destácase, así mesmo, o seu papel de formación dos novos e a súa condición de "engarzador" xeracional. Afírmase que foi o mellor biógrafo de Rosalía de Castro e que poeticamente, non obstante, está máis próximo de Eduardo Pondal. Por último, remárcase a súa estreita vinculación con Pontevedra, tanto polos estudos dos que a fixo obxecto en diversas parcelas do saber, como pola súa participación na vida cultural da cidade.

Garrido Couceiro, Xoan Carlos, 'Losada Diéguez: do local ao nacional', *A Nosa Terra*, nº 1.146, 'Cultura', 14 outubro 2004, p. 29.

Con motivo do setenta e cinco cabodano da morte de Antón Losada Diéguez (1884-1929), lémbrase a este nacionalista galego e o seu traballo en resposta ás demandas que lle presentou a sociedade na que lle tocou vivir: a súa loita contra o caciquismo que constatou na vila pontevedresa da Estrada e o proceso de conscienciación de "a canle pola que había que responder as necesidades e problemas do pais, a auto-organización do pobo galego".

Gestoso Álvarez, Maruxa, 'Importancia da memoria', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 68, 'Libros', 29 xaneiro 2004, p. V.

Descrición do ensaio divulgativo *O río do esquecemento* (2003), de Manuel Mandianes, que se di que consiste nunha lembranza da identidade antropolóxica galega dende Estrabón a hoxe, tal como se construíu e se constrúe e como se plasmou en cada época, conxugando xa que logo a exposición etnográfica coa historiografía da antropoloxía galega.

Giráldez, José Miguel A., 'Seis mulleres irlandesas en lingua galega', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Literatura irlandesa', 4 abril 2004, p. 2.

Empézase falando da eclosión da poesía contemporánea en Irlanda e lembrando os xenios precedentes para facer unha breve presentación comentada da obra *Pluriversos* (2003),

unha escolma de Manuela Palacios que recolle textos de seis mulleres poetas irlandesas ás que se enumera, en tradución dela e Arturo Casas. Dise que a introdución repara nas concomitancias de ambas as dúas literaturas e no crecente interese mutuo. Tamén se recolle o pesar da escolmadora por non poder incluír a todas as poetas que o merecerían.

Gómez, Lupe, 'Sen poñer tacóns', *A Nosa Terra*, nº 1.114, 'Fin de semana', 29 xaneiro 2004, p. 32.

Achegamento a *Anxos de garda* (2003), de Anxos Sumai, no que Lupe Gómez fala do intenso pracer que lle proporcionou a lectura deste volume e resalta a humildade do que conta e a importancia de recuperar, como fai a autora, o cotián e o próximo. Considera que se conta a vida mesma e se fala da amizade e do amor como vías de evitar a soidade.

Gómez, Lupe, 'Da imaxinación', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 507, 5 febreiro 2004, p. 4.

Achegamento literaturizado a *Diário Comboio* (2002), de Raquel Miragaia, no que se bocexan as súas liñas argumentais: a soidade, o amor, a enfermidade e o tema das "mulleres enfrontadas ás imaxes de muller". Fai alusión aos retratos psicolóxicos dos personaxes e á forza dos diálogos. Di tamén que é un libro bonito pola edición e as fotos de Luz Castro. Engade ademais que relacionaría a novela no estilo e nas atmosferas con Marguerite Duras. Por último, explica como empeza a novela, coa chegada dunha muller de fóra ao estraño mundo da escravitude.

Gutiérrez, José Manuel, 'O poeta coruñés esquecido', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 64, 'Lecturas', 3 xullo 2004, pp. 10-11.

Faise un achegamento á figura de Emilio Pita, "o poeta coruñés esquecido", emigrado en Arxentina dende os doce anos. No plano ideolóxico incídese no seu progresismo que o levou a colaborar en iniciativas coma as Irmandades da Fala ou o Partido Galeguista. No plano poético dise que o profesor responsábel da recuperación da obra deste autor, Xosé Manuel Maceira, salienta a orixinalidade da mesma, algo insólito no seu contexto, e a erudición presente en textos como "Trilogía coral". Cítanse os seus poemarios *Jacobusland*, ilustado por Castelao e editado por primeira vez en 1942, *Polos camiños do pobo* (1999), "Poemas e cantigas" e "Retesía". Faise tamén alusión á publicación do seu poema "Romance" en *Nós* no ano 1932. Por último, lémbrase que foi membro da Real Academia Galega.

Hermida, Modesto, 'Compromiso de raigame', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 68, 'Libros', 29 xaneiro 2004, p. IV.

Infórmase de que o volume *Palabra por palabra. Contos da policía* (2003) foi unha iniciativa da Asociación de funcionarios para a normalización lingüística en colaboración

de Avelino Luís de Francisco Martínez, Xefe Superior de Policía de Galicia. Afírmase que consiste nun libro de relatos breves de autores de prestixio e de policías cuxo maior mérito radica en xurdir da vocación común de facer país.

Iglesias, Alfredo, 'Ánxel Casal (1895-1936)', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 67, 'Libros', 22 xaneiro 2004, p. IV.

Lémbranse as circunstancias nas que Ánxel Casal foi elixido alcalde de Santiago en 1936 e a súa ideoloxía, factores ambos os dous responsábeis da súa morte a mans dos fascistas aquel 19 de agosto. Faise referencia a unha obra sobre a actividade de editor e impresor de Ánxel Casal, de Ernesto Vázquez Sousa, e a unha achega á súa faceta política, de Luís Seoane, que se completa coa obra *Ánxel Casal (1895-1936): textos e documentos* (2003), de Xosé María Dobarro e o mesmo Ernesto Vázquez. Indícase que este último volume consta dunha biografía, dos seus escritos xornalísticos e da súa correspondencia, un traballo fundamental para entender a traxectoria política de Casal.

Iglesias, Alfredo, 'Ramiro Paz Carbajal', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 74, 'Libros', 11 marzo 2004, p. IV.

Afírmase a condición de homenaxe do libro *Ramiro Paz Carbajal: unha vida segada pola barbarie* (2003), de Aurora Marco, e dise o que a obra ofrece: unha reconstrución da figura deste socialista, asasinado polos fascistas no 1936, con documentos e un apéndice gráfico ilustrativo, así como un achegamento á súa obra xornalística con outro apéndice que recolle os seus traballos en prensa.

Jaureguizar, 'No pasamento dun gran poeta', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 10 setembro 2004, p. 86.

Pon de manifesto o legado literario que deixou Manuel María (1929-2004) a Galicia e fai referencia a algunhas cuestións sobre este. Principia subliñando a influencia dun criado da súa familia que falaba en verso, chamado Manuel de Paderna, na nenez do escritor lugués ou as lecturas de "poetas vellos" que lle recomendaba o seu tío crego. Asemade, destaca a identificación total do chairego coa cultura e a xente galega, que, di, confesa o poeta no prólogo que escribe a *Muiñeiro de brétemas* en 2003, salientando a relevancia que este libro tivo na época na que saíu do prelo por primeira vez. Recorda como se inicia na "carreira literaria" e como, logo, se aproxima á política. Ademais, apunta que non só cultivou a poesía, senón que tamén escribiu narrativa e teatro. Da narrativa pon de relevo as súas obras *Contos en cuarto crecente,* que subliña como pioneira da prosa de ficción galega, e *O xornaleiro e sete testemuñas.* Do teatro sinala que os seus son "dramas baseados no sustrato popular e filtrados por esixencias políticas". Asemade, salienta que a súa escrita vai do popular ao "radicalmente ideolóxico", con temas como o amor, a paisaxe ou a relixión, indicando que a súa terra chairega ten unha presenza destacada. Remata aludindo ao caloroso recibimento que lle tributou Xosé Luís Méndez Ferrín na súa entrada na Real Academia Galega.

Lezcano, Arturo, 'O arrecendo das tertulias', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 50, 'O retrovisor', 28 febreiro 2004, p. 18.

Fai un repaso aos diversos faladoiros do Ourense dos primeiros anos do século XX nos que participou Vicente Risco, salientando destes a naturalidade coa que transcorrían e a notábel presenza de xente nova.

Lezcano, Arturo, 'Un xigante entre ananos', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 87, 'Memoria', 20 novembro 2004, p. 12.

Dá conta da xuntanza organizada polo Foro Teatral de Sada en Santiago de Compostela sobre a Rede Galega de Teatros e Auditorios, apuntando que aquí se reuniron compañías, programadores e membros do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Fai referencia a algunha das intervencións, comentando, por exemplo, que o xerente do IGAEM, José Manuel Soto, pediu a unidade de todos os implicados. Sinala, ademais, que Agustín Lorenzo, coordinador do Instituto Municipal Coruña Espectáculos, comparou a situación galega coa doutras comunidades españolas e subliñou a "necesidade de dinamizar e incrementar os investimentos da programación", entre outras suxestións, sen esquecerse, di, de mencionar os problemas máis graves da rede. Por último, apunta que Xulio Lago, membro do Foro de Sada, achegou un documento para debater sobre a programación teatral dos concellos galegos.

López Fernández, Xesús, 'Xaquina Trillo, poeta galeguista e cantora de Compostela', *El Correo Gallego*, 'Recordos', 20 xuño 2004, p. 6.

Dedícase esta páxina á poeta Xaquina Trillo (Vilagarcía de Arousa, 1916-2004); nela faise unha recensión biográfica que se pon en relación coa súa obra, da que se achegan unha serie de características que se ven reflectidas en anacos de poemas reproducidos no texto.

López Piñeiro, Xesús Andrés, 'Libro sobre Luis Seoane', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 4 maio 2004, p. 15.

Céntrase no libro *Luís Seoane a través da prensa 1929-1979* (2003), no que María Antonia Pérez Rodríguez interpreta a obra e pensamento artístico de Luís Seoane, á vez que toca temas coma a polémica dos sesenta entre Xosé Luís Méndez Ferrín e Marina Mayoral sobre a arte abstracta en Galicia, ou a de 1978 sobre a poesía social galega.

López, A. R. e Soedade Noia, 'Tobío', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 506, 11 marzo 2004, pp. 1-16.

Dezaseis páxinas nas que, da man de diferentes informantes, se proporciona un estudo a fondo sobre a polifacética personalidade de Lois Tobío (Viveiro, 1906-Madrid, 2003); nelas saliéntase dende a súa importancia no decorrer da historia de Galicia, o seu compromiso galeguista e universalista, o seu labor de tradutor e os seus froitos, a súa relación co SEG (Seminario de Estudos Galegos), até a súa concepción de Galicia e o que esta significa para el; alén disto, nestas páxinas inclúense un anaco da súa novela inédita *A vida nova*, da que se di que será publicada por Ediciós do Castro; un artigo dedicado a súa dimensión humana; un bo número de fotografías e unha cronoloxía.

López, A. R. e Soedade Noia, 'Avelino Pousa Antelo. Memoria dun século', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 532, 16 setembro 2004, pp. 1-7.

Refírense á traxectoria vital de Avelino Pousa Antelo (A Barcala, Pontevedra 1914), tomando como base para este monográfico sobre a súa figura unha conversa mantida con el con anterioridade. Céntranse, sobre todo, na súa faceta política, aínda que tamén se fai alusión á súa formación e aos seus proxectos relacionados co ensino e a agricultura. Ponse de relevo, así pois, o seu activismo político dende moi cedo no nacionalismo galego, salientando cada un dos pasos dados neste eido, así como algunhas discrepancias políticas. Por outro lado, destácase a súa admiración por Castelao e a pegada que este lle deixou en 1931 tras asistir a un mitin seu; a súa campaña a prol do Estatuto de Autonomía ou, entre outros aspectos, as peripecias polas que pasa durante a Guerra Civil para salvar a vida. Asemade, recórdanse os cargos que Pousa Antelo exerceu na Fundación Castelao, na Fundación do Pedrón de Ouro e na Alexandre Bóveda. En definitiva, deixase constancia, en maior ou menor medida, das súas facetas como articulista, docente, activista político e cultural, cooperativista e agrarista, etc., definíndoo como "mestre de mestres".

López, A. R. e Soedade Noia, 'Losada Diéguez', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 536, 14 outubro 2004, pp. 1-8.

Trátase dun suplemento monográfico sobre Antonio Losada Diéguez (Ourense, 1884-Pontevedra, 1929). Comeza cun breve retrato do ourensán no que se salienta a súa relevancia no nacionalismo político e cultural do XX e a súa capacidade para atraer cara ao galeguismo a importantes nomes como Vicente Risco ou Ramón Otero Pedrayo. Así mesmo, destácase o seu papel nas Irmandades da Fala e a súa relación co tradicionalismo católico. Tamén se pon de manifesto a súa función galeguizadora da sociedade pontevedresa que levou a cabo durante a súa última etapa vital. Por outro lado, faise referencia á conmemoración do setenta e cinco aniversario do seu pasamento por parte da Fundación Alexandre Bóveda. Tamén se informa do contido de *Losada Diéguez. Obra completa*, de Xusto G. Beramendi. A seguir, baixo o título de "En reconstrución", o seu fillo Luis Losada e Xusto G. Beramendi achegan unha cronoloxía do escritor homenaxeado no suplemento, na que se observa por anos toda a súa traxectoria política, todo o proceso polo que pasan as Irmandades da Fala, e a súa actividade cultural. Da súa faceta literaria apenas se comentan trazos. Co título "Antoloxía literaria", preséntase unha escolla da súa obra literaria que consta de seis poemas e dous contos. Sinálase que os poemas son composicións sinxelas que están na liña doutras da época, así como que un deles non é da

autoría de Losada, senón que se trata da tradución dun poema de *La vita nuova*, de Dante, publicado en homenaxe a Losada Diéguez cando este morreu. Respecto aos relatos, indícase que un deles, o titulado "Pin-pin", é inédito e con características do conto popular, mentres que o outro non ten título, é de carácter didáctico, e trata sobre a compaixón que se debe ter tamén cos máis fortes.

López, A.R. e Soedade Noia (coord.), 'Brea Segade', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 539, 4 novembro 2004, pp. 1-16.

Suplemento monográfico sobre Xosé María Brea Segade (Rianxo, 1904-1934) con motivo do centenario do seu nacemento. Contén un amplo estudo sobre a súa vida e obra a cargo de Xosé Ramón Brea Rei; principia facendo alusión á súa biografía, salientando a influenza do seu pai e do seu veciño Xosé Otero na orixe da súa vocación literaria. Párase na experiencia da guerra de Marrocos. Desta etapa destaca o intercambio de libros e xornais galegos coa súa irmá a cambio de poemas e outros escritos seus, todo a través de cartas das que achega algún fragmento. Salienta tamén que alí en África se fai amigo de Rafael Dieste e Xesús Romero, e entre os tres fundan a revista literaria manuscrita "Charamuscas". Comenta, a seguir, como transcorre a súa vida trala guerra e como sofre a mortal enfermidade pulmonar que o leva a destruír case toda a súa obra. Subliña que despois de morto pasou ao esquecemento ata que a mediados do XX o descobre Faustino Rey; así mesmo recorda como foi difundida a súa figura nos anos seguintes. Despois, aborda unha análise literaria, comentando primeiro a súa poesía. Destaca que esta pasa por varias etapas evolutivas nas cales vai encadrando os seus diversos poemas. Así, sinala que se caracteriza pola pegada de Rosalía nun primeiro momento, máis adiante seguirá a estética modernista e, logo, inspirarase no animismo de Amado Carballo. Finalmente, apunta que se aproximara timidamente ao vangardismo de Manuel Antonio. A seguir, alude a unha serie de libros de poesía que nunca foron publicados, entre eles, *Arumes de beiramar* e *Responsos líricos no día e na noite*. Por outro lado, comenta a súa escrita narrativa, que coloca nun lugar secundario e que, afirma, se conserva fragmentaria e inacabada. Coida que os seus relatos están próximos á forma de escribir de Rafael Dieste, observando a presenza das historias contadas polo pobo. Asemade, refírese a tres relatos, "Recordos de campaña", publicado na súa revista Charamuscas, e aos inéditos "Malvís" e "O vello patrón". Conclúe desexando nun ton reivindicativo que por fin Brea Segade se converta nun referente da literatura galega. Neste suplemento, así mesmo, ofrécese unha escolma da súa escrita poética e prosística. Esta consta de dezaoito poemas que testemuñan a evolución poética da que fala Brea Rei no seu estudo; e dous relatos, "O vello patrón", cadro mariñeiro no que se retrata a miseria que produce a escaseza de peixe, e "Recordos da campaña", no que achega un episodio da súa experiencia militar. Por último, cerra o suplemento unha "Cronoloxía" de Brea Segade.

Lorenzo, C., 'Contra o monstro da anorexia', *A Nosa Terra*, nº 1.118, 'Cultura', 26 febreiro 2004, p. 28.

Faise unha exposición do argumento da novela *Un nome de dicionario* (2003),de Amélie Nothomb , traducida ao galego por Dolores Vilavedra.

Lorenzo, C., 'O relato vivido de Celso Emilio', *A Nosa Terra*, nº 1148, 'Cultura', 28 outubro 2004, p. 27.

Informa de que a editorial Xerais publicou *Obra narrativa*, de Celso Emilio Ferreiro, cando se fai o vintecinco aniversario da súa morte. Indica que este volume contén as obras *A fronteira infinda* e *A taberna do galo,* salientando nelas a pegada autobiográfica e o compromiso social e político a prol do cambio. A seguir, comenta brevemente por separado cada unha delas. Subliña que a primeira ten maior calidade literaria e que procura unha "desmitificación da emigración", froito isto, di, dunha mala experiencia na emigración americana. Da segunda, destaca que é a máis autobiográfica e que se centra na súa infancia e mocidade en Celanova, destacando o seu fragmentarismo e a carga humorística.

Losada, Óscar, 'Avilés de Taramancos tamén rima en inglés', *La Opinión*, *'Saberes'*, 13 marzo 2004, p. 6.

Explica como as comunicacións presentadas no congreso de Cork por parte de seis especialistas na obra de Avilés de Taramancos deron lugar á publicación, coordinada por Martín Veiga, *Raiceiras e vento. A obra poética de Avilés de Taramancos* (2003), que recolle, ademais das actas das xornadas, unha ampla escolma poética do autor traducida ao inglés por Martín Veiga e David Mackenzie e a resposta que deron a esta varios escritores irlandeses.

Loureiro, R., 'Medos Romero: lúcida viaxe polas terras do alto Eume', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 44, 24 xaneiro 2004, p. 9.

Dá noticia da volta de Medos Romero ao eido da narrativa co seu novo libro de relatos *O trevo da sorte* publicado no 2003 pola editorial Baía. tamén se fai unha pequena alusión á nova xeografía sentimental que a autora está a crear, tanto por medio do verso coma da prosa.

Loureiro, R., 'Os vellos camiños de Fole', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 50, 28 febreiro 2004, p. 7.

Comeza cun recordo que o poeta Miguel Carlos Vidal garda sobre Ánxel Fole e remata salientando a importancia da publicación na editorial Galaxia da súa obra completa en tres tomos, en edición de Claudio Rodríguez Fer e ao coidado lingüístico de Armando Requeixo.

Loureiro, R., 'Dostoievski e a eterna desesperanza', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 50, 'Letras en galego', 6 marzo 2004, p. 6.

Fala da publicación na "Biblioteca de Clásicos Universais", da editorial Galaxia, de *Crime e castigo*, de Fiódor Dostoievski. Infórmase de que é unha tradución de Ekaterina Guerbek revisada por María Dolores Torres París.

Loureiro, R., 'Aquelas aulas do seminario', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 64, 'Letras en galego', 12 xuño 2004, p. 7.

Presenta a novela *Amigos sempre*, de Alfonso Eiré (Chantada, 1955), editada por Miguel Anxo Fernán Vello na colección "Espiral Maior". Cualifícase coma unha desas poucas novelas "de longo alento" e apúntase o tema arredor do que xira: a vida do seminario de Lugo nos anos sesenta vista a través dos ollos dun aldeán que chega á cidade para estudar.

Loureiro, R., 'Méndez Ferrín, reeditado', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 89, 9 decembro 2004, p. 9.

Anuncia a nova publicación da totalidade da obra de Xosé Luís Méndez Ferrín por parte da editorial Xerais, un empeño considerado como conveniente e necesario por ter como obxectivo a recuperación dos textos "dun dos autores vivos que máis aportou ás letras galegas do século XX". En canto ao libro que acaba de reeditarse, *Arraianos*, é presentado como un título que abre as portas ao mellor da produción do escritor e no que a recreación dun espazo a medio camiño entre dous países orixina, a través da memoria, un intenso proceso de reflexión sobre múltiples temas de carácter universal.

Loureiro, Ramón, 'A flor dos versos de Cunqueiro', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 50, 'Letras en galego', 28 febreiro 2004, p. 6.

Anuncia a publicación da *Poesía en gallego completa* de Álvaro Cunqueiro pola editorial Visor, en edición bilingüe e nun só volume, con traducións ao castelán de Vicente Araguas (*Mar ao Norde*, *Cantiga nova que se chama Riveira*, *Poemas do si e non*, *Dona do corpo delgado*) e César Antonio Molina (*Herba aquí ou acolá*).

Loureiro, Ramón, 'Teatro felizmente reeditado', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 86, 13 novembro 2004, p. 7.

Pon de relevo que a peza teatral *O achado do castro* (1991), de Manuel Núñez Singala, vaia xa pola sétima edición, sendo por isto e máis por ser representada, salienta, "un texto vivo". Alude, así mesmo, ao contido argumental, indicando que se centra na historia dun emperador romano e da súa filla que se namora dun plebeo. Por outro lado, apunta que unha das claves do seu éxito é a súa compoñente humorística.

Lueiro, Xosé, 'E entre todos matárono...' (I) conversas co marqués de 'Sada' (II)', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'O merlo branco', 26 decembro 2004, p. 9.

Xosé Lueiro achega unhas poucas lembranzas sobre Celso Emilio Ferreiro e sobre a súa relación con el. Así mesmo, subliña a "sabedoría irónica" do autor de *Onde o mundo se chama Celanova* tanto coa Galicia interior como coa exterior do seu momento. Lembra cando emigrou e o seu desencanto coa Hermandade de Caracas, apuntando que produto disto é a súa obra *Viaxe ao país dos ananos.* Por outra banda, salienta a súa "beatificación que non chegou á canonización" despois de morto, explicando a razón.

M. V., 'Del Riego conta as dificultades do galeguismo na ditadura', *A Nosa Terra*, nº 1.125, 'Cultura', 22 abril 2004, p. 24.

Faise unha breve reseña biográfica de Francisco Fernández del Riego para despois facer referencia á publicación das súas memorias escritas por el mesmo nas que aparecen recollidas moitas das experiencias xa relatadas polo autor noutras obras anteriores, sobre todo de *O río do tempo. Unha historia vivida*, editada por Edicións do Castro en 1990, pero incluíndo algunhas novidades. Alúdese á posibilidade de coñecer de primeira man anécdotas que axudan a perfilar as características do réxime franquista, como atractivo fundamental da obra.

M.Q.S., 'Estudo do teatro na teoría xeral de sistemas', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Análise', 5 setembro 2004, p. 3.

Afírmase que no volume *A configuración do sistema teatral galego (1882-1936)*, Manuel F. Vieites defende unha concepción do teatro como sistema, polo que reclama o estabelecemento duns parámetros teóricos e metodolóxicos para a definición do seu estatuto epistemolóxico, así como unha aproximación ao feito teatral realizada desde diferentes achegas.

MARÉ, 'Reecontro con Losada Diéguez', *Galicia Hoxe*, 'Maré Hoxe', 13 outubro 2004, p. 47.

Con motivo do 75 aniversario do pasamento de Antón Losada Diéguez e da publicación da súa *Obra Completa*, achégase unha síntese da traxectoria vital deste intelectual, salientando a súa influencia na cultura e nacionalismo galegos.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Ácaros verdes': unha estrea máis que prometedora ', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 25 xaneiro 2004, p. 3.

Reflexiona sobre a importancia dos premios na literatura galega e cualifícaos como "mal necesario". A seguir, faise referencia á convocatoria de 2003 do Certame de Novela Curta Manuel Lueiro Rey, que dende comezos dos noventa apadriña o Concello do Grove e que conleva a publicación da obra gañadora por editorial Sotelo Blanco. Infórmase que Pilar Buela se deu a coñecer ao gañar este premio coa novela *Ácaros verdes*, onde se amosan os

derradeiros días dos xerarcas nazis e das súas mulleres, encadrándose dentro dunha literatura psicolóxica onde se describen os conflitos interiores e as conseguintes reaccións.

Martínez Bouzas, Francisco, 'A vida que nos mata', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 68, 'Libros', 29 xaneiro 2004, p. V.

Comeza indicando os numerosos autores estranxeiros que se dedicaron a escribir literatura policíaca, como tamén, sinala, o fixeron en Galicia Carvalho, Nivardo Castro e Frank Soutelo, aos que agora hai que engadir a Xabier López López coa súa obra *A vida que nos mata* (2003). Infórmase que esta obra obtivo o premio "García Barros" da pasada convocatoria e dise que nela se recollen os ingredientes canónicos do xénero negro que sobrancea polo tirón crecente da esculca detectivesca así como da ambientación esmerada.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Fragmentos da dose anual do noso erotismo proletario', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Narrativa', 1 febreiro 2004, p. 3.

Refírese ao segundo premio "Narrativas Quentes" de literatura erótica que recaeu no escritor novel ferrolán Alberte Momán coa colección de relatos *O lobo da xente* (2003). Recórdase a situación na literatura galega da literatura erótica sinalando que aínda está por facer e cítanse as palabras de Vargas Llosa arredor disto, debido xa non á censura senón á barreira de banalidade e do estereotipo. Defínese a novela como un conxunto de relatos ateigados do lume do erotismo facendo do desexo nefando algo aceptábel. Ademais destácase a esculca que o autor fai no mundo da atracción e o desexo buscando os motivos destes.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Deambulando por territorios fragmentarios e ateorizables', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Narrativa', 8 febreiro 2004, p. 3.

Fálase da importancia que Cid Cabido ten dentro do sistema literario galego e recórdanse algunhas das súas novelas como *Días contados* (1991) e *Grupo abeliano* (1999). Incídese na súa novela publicada da man de Xerais, *Fálame sempre* (2003), e indícase que nela persiste un dos trazos primordiais do escritor, como é o humor fino que chega até á retranca, á esmorga e mesmo á situacións esperpénticas que reflicten a realidade. Coméntase a posíbel introdución do libro dentro de dúas coordenadas, o evidencialismo e o fragmentarismo, onde se atopan relatos de variada natureza, labirínticos e imprevisíbeis, tamén kafkianos, que se converten en crónicas dunha vida. Destácase que todo isto se acompaña de distintas fórmulas narrativas que utiliza Cabido, como o rexistro coloquial, o emprego da primeira persoa, etc.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Ámote, Ámote', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 70, 'Libros', 12 febreiro 2004, p. V.

Francisco Martínez Bouzas refírese á última novela de Xosé Carlos Caneiro, *Ámote* (2003), e infomra que nela aparecen literaturizados moitos dos elementos constantes na súa escrita, como a soidade, a melancolía, a esculca dos sentimentos e a busca da felicidade. Tamén indica que a novela se estrutura arredor dun único personaxe, protagonista, que fai unha demorada confesión seguindo a arquitectura da *Divina Comedia*, de Dante, ao lado de reflexións metaliterarias, incontinencias verbais e numerosas metáforas.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Baixos fondos e tensión detectivesca en Mondariz', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 15 febreiro 2004, p. 3.

Recórdase a importancia que ten dentro do sistema literario galego a figura de Xabier López López, malia non transcorrer moito tempo dende o seu debut literario con *Biff, bang, pow!* (1997). Dise que a súa produción é moi ampla, ademais de ser de alta calidade, como o demostran as recompensas con algúns dos premios máis importantes gañados. A seguir, dá conta da publicación *A vida que nos mata* (2003), novela pertencente ao xénero policíaco na que Francisco Martínez Bouzas di que aparecen todas as características do xénero negro como o esquema detectivesco, o gradual crecemento da intriga e do interese, a primeira persoa como fío condutor da novela, etc. Destácase tamén a importancia na obra das descricións dos ambientes, climas e costumes, sobre todo da recreación dos cafés literarios de Madrid e o aire nostálxico e decadente de Mondariz.

Martínez Bouzas, Francisco, 'A aprendizaxe da vida tras a estrela dos polisóns', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 22 febreiro 2004, p. 3.

Refírese ao libro de Luís Rei Núñez, *A estrela dos polisóns* (2003). Dise que se centra nun axuste de contas co pasado, coa posguerra en Pontevedra e na Península do Morrazo, á vez que tamén é unha novela sobre a amizade e un relato iniciático e de aprendizaxe. Coméntase, ademais, a presenza de varias voces narrativas.

Martínez Bouzas, Francisco, 'A escrita existencial e cristalina do anovador Camilo Gonsar', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 29 febreiro 2004, p. 3.

Refírese á publicación da nova novela *A noite da aurora* (2003), de Camilo Gonsar, editada por Editorial Galaxia. Faise un breve repaso pola obra deste autor, tanto da poética como da pertencente á Nova Narrativa Galega, e incídese no seu facer na novela mencionada como narrador realista e menos vangardista, nomeadamente nos aspectos formais. Tamén se comenta algunha característica dos personaxes e das voces narrativas. Finalmente, sinálase que en *A noite da aurora* están presentes a maioría das teimas da escrita de Gonsar como son o dualismo antitético dos personaxes, a complexidade humana, o desexo de claridade estilística e de transparencia narrativa, etc.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Un novo axuste de contas co noso pasado e co presente', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 7 marzo 2004, p. 3.

Despois de facer un breve percurso pola obra de Xosé Manuel Martínez Oca, céntrase no estudo da última obra publicada por este escritor que dende 1995 con *Naúfragos en terra* non escribira nada máis. Sinálase que parece editada da man de Espiral Maior Narrativa e que se titula *O tempo en ningunha parte*. Dise que se trata dunha novela de corte socio-político onde se trata de forma non maniquea os acontecementos xurdidos no franquismo e no período democrático, tentando rachar a actual desmemoria na que estamos insertos.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Xosé Carlos Caneiro: na eterna procura duns ollos verdes', *El Correo Gallego*, 'Novela', 14 marzo 2004, p. 3.

Fálase da última obra de Xosé Carlos Caneiro, *Ámote* (2003). Resáltase que se trata dunha novela sentimental na que se narra a paixón irrecusábel centrada nun protagonista, Ulises Craso, e na que aparecen todos os temas de sempre deste autor: o amor, a soidade, a melancolía, a ilusión, a perpetua procura da felicidade. Indícase, ademais, que a estrutura do libro segue a *A divina comedia*, de Dante. Finalmente, critícaselle ou sinálse como erro a forte desmesura verbal.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Venturas e desventuras dun home corrente e perdedor', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 21 marzo 2004, p. 3.

Faise unha recensión de *Desventura* (2003), de An Alfaya, obra publicada da man de Edicións Positivas na colección Narrativas. Dáse conta do argumento e valórase que nunha novela breve se conte unha gran historia.

Martínez Bouzas, Francisco, 'O tempo en ningunha parte', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Libros', 25 marzo 2004, p. V.

Faise unha reflexión sobre a necesidade de publicar obras que traten acontecementos da historia máis recente, como por exemplo, a Guerra Civil. Neste sentido, destácase a aparición nos últimos anos de varias obras como *Pensa nao* (1999) e *Expediente Artieda* (2000) que se considera unha testemuña desta necesidade silenciada por moitos. A seguir, coméntanse os aspectos literarios da última novela de Xosé Manuel Martínez Oca, *O tempo en ningunha parte* (2003) e indícase o período cronolóxico no que se enmarca temporalmente, é dicir, na Galiza da Guerra Civil, a posguerra e os primeiros anos da democracia. Dise que é unha novela política e comprometida coa realidade e coa historia e estruturalmente complexa pola confluencia de varias voces narrativas, que ofrecen o seu punto de vista e que narran en tempos distintos os acontecementos.

Martínez Bouzas, Francisco, 'A descuberta sentimental e irónica da nosa vila de orixe', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 28 marzo 2004, p. 3.

Pártese da consideración de Ramiro Fonte como poeta, aínda que se lembra a súa contribución á narrativa con *Catro novelas sentimentais* (1988), *As regras do xogo* (1990), *Aves de paso* (1990) e *Os leopardos da lúa* (1993), entre outros títulos. A seguir, indícase que a súa novela *Os meus ollos* (2003) é, en certa medida, unha influenza clara do poemario *Cravo fondo* (1977), e sinálase que nela aparecen refundidas características esenciais na obra poética do autor como é a nostalxia, a melancolía, a recuperación da infancia, a necesidade de rescatar as lembranzas, etc. Ademais, resáltase a creación dunha segunda novela, segunda entrega, como formadora dun díptico e o inmenso traballo en canto á consecución do estilo.

Martínez Bouzas, Francisco, 'Segredos, amores e traxedias dentro dunha saga familiar', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 11 abril 2004, p. 3.

Refírese ao último libro de Antón Riveiro Coello, *A esfinxe amaranto* (2003), onde Francisco Martínez Bouzas sinala que o autor incide na teima xenérica dos traballos narrativos que preceden a este. Destácase a configuración da novela en historias superpostas que pretenden ser unha pescuda dunha estirpe con orixes en Oriente e na Raia Seca, cunha presenza feminina, como recuperación da memoria familiar.

Méixome, Carlos, 'A gabela do Guillade', *A Nosa Terra*, nº 1.120, 'Fin de semana', 11 marzo 2004, p. 32.

Fálase das partidas carlistas, do bandoleirismo e dos fuxidos do 36, e na creación mítica que a cultura popular fixo sobre estes. Así, pártese da obra de Xosé Manuel Barreiro Fernández, *El carlismo gallego*, para exemplificar o estudo destes grupos clandestinos e o seu efecto na poboación galega. Tamén se fai referencia á obra de Xosé Miranda, *Morning Star*, e explícase o personaxe Guillade coa súa respectiva confusión entre o bandoleiro e o xefe carlista.

Mera, Héitor, 'A realidade sempre nos abraia', *A Nosa Terra*, nº 1.112, 'Cultura', 15 xaneiro 2004, p. 27.

Despois de lembrar as obras narrativas de Xosé Cid Cabido, chégase á conclusión do lugar importante que este debe ocupar dentro da literatura galega, debido ao seu talante pescudador e á sorpresa que sempre produce. A seguir, detense Héitor Mera na publicación de *Fálame sempre* (2003), onde se sinala que ao longo dos dezaoito relatos que a compoñen Cabido adentra ao lector no decadente, impertinente e sorprendente mundo cotiá duns personaxes que deambulan polas súas asfixiantes realidades.

Mera, Héitor, 'Decrúa', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 74, 'Libros', 11 marzo 2004, p. IV.

Refírese á publicación do "III Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño", o poemario *Decrúa* (2003), do membro do Batallón Literario da Costa da Morte, Estevo Creus. Así, fálase da reflexión e realidade individual que xira en torno ao eu lírico e do poema introdutorio como presentador de diversos pensamentos que estruturarán as catro partes en que está dividido o texto. Incídese tamén, na observación e reflexión da realidade como experiencia individual xa estabilizada e asumida, do medo e desconfianza como sentimentos que xera esta cosmovisión e o desexo último de fuxida e esvaemento que fan que, segundo o articulista, o resultado do poemario no seu conxunto sexa impactante e desgarrador.

Mera, Héitor, 'A gabeta pechada da familia', *A Nosa Terra*, nº 1.129, 'Cultura', 20 maio 2004, p. 28.

Fálase do libro *A esfinxe de amaranto* (2003), de Antón Riveiro Coello. Lóase o grandísimo logro da ambientación para marcar e retardar tempos, ao igual que a creación moi coidada dos personaxes. Pese ao dito, cítase unha eiva que tería que ver co requintamento das cartas do avó Nicolás tendo en conta o estado en que se encontraba ao escribilas. Finalmente, defínese a obra como merecente de todas as "beizóns literarias".

Neira, Henrique e Miguel Seoane (coord.), 'Os 125 galegos máis influentes/Los 125 gallegos más influyentes', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 22 febreiro 2004, pp. 1-32.

Tal e como se explica nunha nota editorial inicial, este monográfico do grupo El Correo Gallego publícase en versión castelá (en *El Correo Gallego*) e galega (en *Galicia Hoxe*) polo aniversario dos cento vintecinco anos de existencia da empresa. Pretende ser unha compilación doutros tantos personaxes públicos galegos que, elixidos entre máis de cincocentos votantes (o "comité de notables"), resultaron ser os considerados como máis influíntes ("vips"). Estas páxinas foron elaboradas con textos de Laura Camino, Rosabel Candal, Carlos Deaño, María Xosé Gómez, Koro Martínez, Mónica Martínez, Pilar Pousada, Santi Riveiro, Marta Rodríguez, Miguel Seoane e Andrés Tarrío, e pretenden ter un carácter anual. Así, entre as figuras máis significativas da arquitectura, política, deporte, etc., galegos, recóllense unhas breves biografías (acompañadas de fotografías ou caricaturas) das seguintes persoas relacionadas coa literatura galega: o escritor Manuel Rivas, o intelectual e empresario Isaac Díaz Pardo, o actor Luís Tosar, o escritor Suso de Toro, o Presidente da Real Academia Galega Xosé Ramón Barreiro, o escritor e académico Francisco Fernández del Riego, o escritor e artista polifacético Antón R. Reixa, o escritor Alfredo Conde Cid, o catedrático da Universidade de Compostela Darío Villanueva, o escritor e catedrático Xosé Luís Méndez Ferrín, o actor Manuel Manquiña, o presidente do Consello da Cultura, Alfonso Zulueta, e o escritor e director xeral de Editoria Galaxia, Víctor Fernández Freixanes.

Nicolás, Ramón, '(Cito)', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 65, 'Libros', 8 xaneiro 2004, p. IV.

Fálase da publicación do poemario *(Cito)* (2003), de Emma Couceiro, editado na colección "Poesías" da editorial Xerais. Ramón Nicolás comenta que esta obra amosa unha estética singular, incorporando ao panorama poético actual unha ruptura evidente das convencións literarias, ao amosar a súa orixe fragmentaria e acumulativa. Tamén se sinala que nesta obra circulan numerosas voces de forma intertextual como Stendhal, Kundera ou Marsé.

Nicolás, Ramón, 'O Nadal como fabulación ', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 43, 'Letras en galego', 10 xaneiro 2004, p. 8.

Faise unha introdución sobre a creación artística que envolve á creación literaria e recórdanse algunhas obras que tiveron como marco fundamental o Nadal, como é o caso *Contos de Santos* e *Nadal*, de Ramón Otero Pedrayo, ou *Tres Navidades*, de Quim Monzó e o ilustrador Ramón Enrich. Sinálase, a continuación, a publicación de *Contos de Nadal*, de Manuel Rivas e Miguelanxo Prado, e indícase que o volume está formado por un conxunto de oito relatos enmarcados dentro deste xénero e caracterizados por seren contos tradicionais que teñen como marco referencial o Nadal aínda que outros só o toman como anécdota o como pano de fondo.

Nicolás, Ramón, 'Tapal', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 66, 'Libros', 15 xaneiro 2004, p. IV.

Dáse conta do rescate dunha das revistas dos anos cincuenta en Galicia, *Tapal*. Indícase que aparece recollida nun volume que inclúe un minucioso estudo dirixido por Luís Alonso Girgado e editado e introducido por Carmen Fariña. Tamén se comenta que se acompaña dun CD-rom que inclúe todos os números da revista e mais un índice. Finalmente, faise unha breve descrición do que supuxo a revista nos seus anos de existencia e os autores que participaron nela.

Nicolás, Ramón, 'Unha estética singular', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 44, 'Letras en galego', 17 xaneiro 2004, p. 8.

Fálase da obra de Xosé Cid Cabido *Fálame sempre* (2003) e cualifícase como intención compilatoria, que xunta textos espallados con outros que ven a luz por vez primeira, onde se amosan os trazos máis singulares do autor. Menciónase que xorden destes relatos o pouso irónico e o tratamento humorístico e distanciado cunha presenza moi forte do desconcertante, do inesperado e do fortuíto e todo mesturado co rexistro coloquial ao que Cabido sempre recorre.

Nicolás, Ramón, 'A exploración de espazos íntimos e sociais', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 44, 'Letras en galego', 24 xaneiro 2004, p. 8.

Reflexiónase sobre a saudábel posición na que se atopa a poesía galega dende hai anos debido ás numerosas compilacións e revisións da obra poética realizadas polos propios

autores, como é o caso de Arcadio López Casanova, Xosé Miranda, Darío Xohán Cabana, Manuel Rivas, Vítor Vaqueiro ou, máis recentemente, Xosé María Álvarez Cáccamo, quen, da man de Espiral Maior publicou *Ancoradoiro* (2003). Este poeta, segundo Ramón Nicolás, vén dende o ano 1983 amosando vivencias e lembranzas que na compilación poética actual aparecen espalladas.

Nicolás, Ramón, 'Alén das palabras', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 69, 'Libros', 5 febreiro 2004, p. V.

Fálase da última colección de relatos publicada por Xosé Cid Cabido en Edicións Xerais de Galicia, *Fálame sempre* (2003), onde, segundo o articulista, se recollen textos espallados noutros medios e outros que aparecen por vez primeira aínda que amosando todos eles unha forte cohesión estrutural onde se reflicten as características máis sobranceiras do autor como son o tratamento humorístico, o pouso irónico, as vivencias cotiás, a soidade ou a felicidade, etc. Márcase, tamén, o rexistro coloquial utilizado en toda a colección, que é conscientemente adoptado, e a presenza de fíos soltos que propositadamente o autor deixa abertos no artellamento do relato.

Nicolás, Ramón, 'Actualidade do Val Miñor', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 69, 'Libros', 5 febreiro 2004, p. IV.

Recensión no número 3 da Revista de Estudos Miñoranos, da que destaca a súa achega a distintas dimensións do patrimonio cultural, histórico, etnográfico ou artístico do Val Miñor. Indica, asemade, algúns dos seus contidos e colaboradores.

Nicolás, Ramón, 'Esconxurar os silencios', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 46, 'Letras en galego', 7 febreiro 2004, p. 8.

Refírese á novela que vén de publicar Antón Riveiro Coello, *A esfinxe de amaranto* (2003), despois de ter publicado *As rulas de Bakunin* (2000) e *Homónima* (2001). A nova publicación, editada por Galaxia, defínese como novela de estrutura bimembre feita con moito máis alento que as anteriores, con extremo coidado dos aspectos técnicos e cun discurso no que a recuperación da memoria familiar é o argumento principal unido a outros factores que interveñen na acción, como o pouso aventureiro, os sentimentos humanos máis opostos ou a vivencia doria da enfermidade do Alzheimer.

Nicolás, Ramón, 'O compromiso das palabras', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 48, 'Letras en galego', 14 febreiro 2004, p. 9.

Fálase da última publicación de Manuel Rivas da man da editorial Espiral Maior cunha compilación poética, *Do descoñecido ao descoñecido* (2003), na que, segundo o Ramón Nicolás, se pode situar ao autor nas coordenadas xeracionais dos anos oitenta aínda que se albiscan características propias da súa escrita.

Nicolás, Ramón, 'Memoria dunha vida', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 71, 'Libros', 19 febreiro 2004, p. V.

Coméntase a última publicación de Francisco Fernández del Riego, *Camiño andado* (2003), unha autobiografía relacionada co mundo memorialístico. Indícase que este autor xa botara antes a vista atrás noutros volumes autobiográficos como *O río do tempo* (1990)e *O cego de Pumardeón* (1992). De *Camiño andado*, definida polo articulista como unha autobiografía completa, dise que fala do franquismo e da regaleguización cultural que conduce á creación de Galaxia.

Nicolás, Ramón, 'De novo Lorenzo Varela', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 72, 'Libros', 26 febreiro 2004, p. IV.

Refírese á celebración do vintecinco cabodano en Monterroso, en novembro de 2003, do escritor Lorenzo Varela a raíz do que se publicaron *Escolma: 12 poemas*, antoloxía breve, introducida por Xesús Alonso Montero, e o libro *Homenaxe. Sesenta e seis escritores falan de Lorenzo Varela (florilexio de textos sobre a vida, a obra e o home)* (2003), editado por Edicións do Castro e que recolle xuízos e opinións sobre escritores que trataron a Lorenzo Varela como é o caso de Octavio Paz, Xosé Neira Vilas, Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Méndez Ferrín, A. Sánchez Barbudo e Carlos Gurméndez.

Nicolás, Ramón, 'Raiceiras e vento', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Libros', 18 marzo 2004, p. IV.

Fálase sobre a publicación de *Raiceiras e vento. A obra poética de Antón Avilés de Taramancos* (2003). Indícase que este volume xorde despois do congreso celebrado en Irish Centre for Galician Studies da University College Cork ao longo do mes de febreiro de 2003 baixo o título de "Roots and Wings. The Poetry of Antón Avilés de Taramanos" e que incorpora os textos críticos de diferentes estudosos. Infórmase que o volume aparece ademais acompañado dunha ampla escolma de poemas do autor noiés homenaxeado traducidos ao inglés por David Mackenzie. A seguir, cítanse os autores que interveñen nesta obra coas súas exposicións críticas como por exemplo David Pérez Iglesias, María do Cebreiro Rábade Villar, Xosé María Álvarez Cáccamo, Miro Villar e Luís Avilés Baquero.

Nicolás, Ramón, 'C. E. Ferreiro, XXV cabodano', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 25 marzo 2004, p. I.

Faise lembranza do escritor Celso Emilio Ferreiro ao cumprirse o vintecinco cabodano da súa morte e considérase que esta celebración podería servir para atraer aos lectores á súa produción. Ademais, recórdase que moita da súa produción poética é parcialmente descoñecida debido á súa publicación nos xornais da época, como é ocaso de *Faro de Vigo*, nos anos de posguerra.

Nicolás, Ramón, 'Covadonga', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Libros', 25 marzo 2004, p. IV.

Infórmase da publicación do volume editado por Teresa Amado e prologado por Xesús Alonso Montero, *Covadonga de Xosé Rubinos: unha ilíada galega do século XX* (2003). Sinálase que anteriormente apareceu unha aproximación ao estudo sobre este autor da man Teresa Monteagudo e Luís Alonso Girjado, na colección "Libros da Frouma", da editora compostelá Follas Novas, titulada *Cantigas, fábulas e outros poemas* (2002)

Nicolás, Ramón, 'Escritos recuperados', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 79, 'Letras de sempre', 15 abril 2004, p. II.

Fálase da obra do escritor lugués Ángel Johán e coméntase o esquecemento ao que se someteu. A continuación, cítanse varias obras que sacaron á luz a súa produción, nomeadamente, *Sonetos de vida e morte* (1989), editada pola Deputación Provincial de Lugo e por Manuel María; *Ángel Johán. Obras reunidas* (1993), editada por Edicións do Castro; *Ángel Johán: Retrato dun artista*, de Nuria Lópea Presedo, e, máis recentemente, *Ángel Johán. Os cadernos dun prisioneiro de gueraa 1937- 1941* (2003), de Nuria López, e *Ángel Johán. Teatro inédito* (2003), de Ana B. Espada e Xosé Luís F. Sarceda, ambos os dous volumes editados por Edicións do Castro.

Nicolás, Ramón, 'Tempo de Varela Buxán', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 80, 'Libros', 22 abril 2004, p. IV.

Dá conta da importancia para a dramaturxia galega da obra de Manuel Varela Buxán e das publicacións sobre a figura e produción deste autor *Manuel Daniel Varela Buxán. O Patriarca do teatro galego* (2002), coordinada por Xosé Luna, *¿Pista ou peste?* (2003)e *Gracias, padre Ramón* (2004). Desta última sinálase que se trata dunha versión traducida para o galego dende o castelán e que constitúe unha boa ocasión para achegarse ás esencias da súa produción teatral.

Nicolás, Ramón, 'Novas voces', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 82, 'Libros', 6 maio 2004, p. IV.

Refírese ás convocatorias literarias que teñen servido como plataformas para coñecer aos escritores, resaltando o papel dos Premios Minerva, o Modesto R. Figueirido e os Rúa Nova Biblioteca 33. A partir de aí, noméanse os premios literarios da Universidade de Vigo e recórdanse aos premiados en 2003. Na sección de textos narrativos noméase a Robert Duif, M. A. Álvarez Sánchez, Jacobo Díaz, Pablo Otero e Daniel González. No ámbito da poesía cítase Alba Vidal e a Iago Castro Buerguer, e na sección de traducións, ao galardoado Xoán Bernárdez Vilar, a Iván Sestay, a J. L. Bueno e Ana Mª Fernández.

Nicolás, Ramón, 'Casa vouga', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 92, 'Libros', 23 setembro 2004, p. IV.

A propósito de *Casa vouga*, salienta a recorrencia da simboloxía do lar nativo en poemarios como *Casa última* de Xulio Valcárcel ou *Casa ou sombra* de Rafa Villar. Sobre o libro de Xosé M. Varela, afirma que nel se procura a esperanza e a revitalización do lugar comunal cunha inequívoca vontade telúrica.

Nicolás, Ramón, 'Poesía da fin do milenio', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 100, 'Libros', 18 novembro 2004, p. V.

Comeza salientando a aparición do volume Antoloxía consultada da poesía galega (1976-2000), de Arturo Casas, xa que ademais do seu valor canonizador é, segundo o comentarista, "unha auténtica novidade no seo do noso sistema literario", pois por primeira vez se ofrece "unha panorámica, plural e aberta" da poesía publicada no derradeiro "cuartel" do século XX (1975-2000). Salienta tamén o feito de que sexa unha escolma consultada "un risco singularizador da iniciativa", pois baséase na opinión requerida a escritores, profesores, críticos... e prescinde de fronteiras poéticas, de grupo e mesmo de idade. Dá conta de que das duascentas persoas que foron convocadas para opinar responderon só a metade, por iso considera que a resposta puido ancorar o resultado. Describe o volume cualificando de interese as notas biobibliográficas e as reflexións dos propios poetas que preceden aos antologados. Dáse a nómina dalgúns dos antologados e saliéntase que ten como precedente un proxecto parcial de Filgueira Valverde e tamén o proemio no que "hai un ricaz exercicio de interpretación e cuestionamento dos resultados obtidos", cheo de datos de gran interese para o lector. Remata dando a súa opinión positiva do proxecto.

Nicolás, Ramón, 'Unha suma prosística', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 103, 'Libros', 9 decembro 2004, p. 4.

Exalta a importante compilación de relatos publicados na prensa ou noutros volumes durante o século XIX, un período no que Ramón Nicolás considera que calquera achega era necesaria e interesante. Indícase que se ofrecen obras de autoría máis ou menos coñecida e deste xeito se atopan nomes familiares como Marcial Valladares, Juan Cuveiro Piñol ou Luís Otero Pimentel fronte a outros que resultan totalmente descoñecidos como o de Hipólita Moíño, Laureano Guitián ou Carlos Pol. Ademais coméntase que se achegan datos bibliográficos dos autores para identificalos e definilos máis que pola súa escasa produción.

Novo, Paulino, 'As vidas dos arqueólogos e antropólogos', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Borborón biográfico', 17 maio 2004, p. 12.

Aproveitando a homenaxe feita a Xaquín Lourenzo, *Xocas*, cítanse algúns escritores que tiveron relación coa arqueoloxía e a antropoloxía. Así, fálase de Mérimée, íntimo amigo de Stendhal, co seu relato *A venus de Ille*, que xunto co de Amelia Ann Blandford Edwuards, *A carruaxe fantasma*, aparecen no libro editado por Ir Indo, *O relato fantástico: de Poe a Lovecraft*. Cítase, tamén, o galés Thomas Edward Lawrence que despois dunha expedición arqueolóxica por Turquía e O Sinaí, escribiu *O deserto de Zin*. Tamén, se fala de Jack London, o escritor ucraíno Gógol, e Tolkien, inventor dunha mitoloxía para os ingleses e que se ve reflectida no libro *O Hobbit*.

Núñez Sobino, Ángel, 'Avilés de Taramancos: la morada de la ausencia', *El Correo Gallego*, 'Fin de Semana', 29 febreiro 2004, p. 7.

Reflexiónase aquí sobre a figura do noiés Antón Avilés de Taramancos, abordando o punto de vista da creación e do creador e todo o que iso supón. Así, fálase da ausencia que provoca a morte do creador como a produción poética que deixa tras de si, e promulga a necesidade que debe ter a cultura de buscar todo o que está detrás do escrito.

Otero, Encarna, 'Unha pinga de esperanza', *A Nosa Terra*, nº 1.118, 'Cultura', 26 febreiro 2004, p. 28.

Salienta a última novela de Xavier López Rodríguez, *Destrucción* (2003). Dise que nesta novela se fala dunha muller maltratada que decide vingarse do seu marido. Infórmase de que o relato en seis días, co home en silencio e amordazado, se converte na redacción das diferentes angustias e ledicias da protagonista da novela: pobreza, miseria, soidade, maltrato psicolóxico... Encarna Otero destaca a pinga de esperanza que mostra esta novela para alcanzar un mundo mellor. Tamén salienta a posibilidade dunha adaptación teatral da obra.

Pena, Xosé Ramón, 'Voz e memoria', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 8 abril 2004, p. I.

Dáse conta do centenario do nacemento do poeta Xoán Vidal Martínez. Xosé Ramón Pena conta cómo coñeceu ao citado poeta e repasa a achega deste á poesía galega de comezos do século XX, sobre todo a súa relación co movemento hilozoísta e principalmente con Luis Amado Carballo. Tamén salienta a importancia dun poemario de xuventude de Vidal Martínez, *Mágoas* de 1921.

Pena, Xosé Ramón, 'Blanco Amor á vista', *La Opinión*, *'Saberes'*, 18 decembro 2004, p. 4.

Lémbrase que o ano 1979 foi aciago para as letras galegas xa que se perderon tres grandes figuras como Luís Seoane, Celso Emilio Ferreiro e Eduardo Blanco Amor. Deste último ofrécense certos datos, pero especialmente considérase que é un dos máis ou o máis decisivo e anovador narrador que contou a nosa literatura. Enténdese que foi moitas veces

esquecido e por esta razón é de cumprido rigor homenaxealo como se fixo no PEN Clube de Galicia onde xunto á el se conmemoran ilustres figuras como Xesús Alonso Montero, Isaac Díaz Pardo, Marcos Valcárcel, Luís Pérez, Víctor Freixanes, Helena Villar Janeiro e Afonso Vázquez-Monxardín. Laméntase que certas conmemoracións cheguen tarde porque serían de cumprido rigor moito antes pola magnitude da súa figura e a súa achega ás nosas letras.

Pérez, Patricia, 'Luis Seoane, un hombre', *El Ideal Gallego*, 'Crónica', 4 abril 2004, p. 2.

Dáse conta do vintecinco cabodano da morte do artista Luís Seonae. Tamén se destacan os numerosos actos conmemorativos que se celebrarán ao longo do ano co gallo deste cabodano. Patricia Pérez repasa a vida e obra de Luís Seoane en tres apartados: a infancia e xuventude, o exilio e o regreso a Galiza.

Ponte, Pilar, 'Pinceladas dun mundo ido', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 66, 'Libros', 15 xaneiro 2004, p. IV.

Fala da publicación de *Contos da Cábila* (2003), de Antonio Pereira. Pilar Ponte afirma que esta serie de relatos non se ateñen á estrutura prototípica do conto (introdución, nó e desenlace) senón que son pequenas pinceladas dun mundo rural, dun universo atemporal. O título responde a un barrio (a Cábila) da cidade onde transcorren as historias (Vilafranca do Bierzo).

Ponte, Pilar, 'O fardel do exiliado', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 83, 13 maio 2004, p. 1.

Dáse conta do vintecinco cabodano da morte do artista Luís Seoane. Pilar Ponte repasa o seu labor polifacético, dende os seus escritos até os seus gravados e cadros, pasando polo seu traballo de ilustrador en dúas obras: *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares, e *Dos arquivos do trasno*, de Rafael Dieste. Tamén salienta a creación da Fundación Luís Seoane coa colaboración do Concello da Coruña e a viúva do autor. Por último, informa da publicación de dúas obras sobre a vida e a obra de Luís Seoane: *Luís Seoane. Nota ás súas cartas a Díaz Pardo 1957-1979* (2004), de María América Díaz, e *Luís Seoane a través da prensa 1929-1979* (2003), de María Antonia Pérez Rodríguez.

Pousa, Luis, 'Unha crónica da amizade', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 50, 28 febreiro 2004, p. 7.

Luís Pousa fala sobre a última novela publicada por Luís Rei Núñez, *A estrela dos polisóns* (2003). Esta novela, segundo Pousa, é unha fermosa narración sobre as aventuras e desventuras dun rapaz mecoso (Amaro Mengoti) e un fareiro (Recaredo Rei). Dise que o relato flúe entre as lembranzas dos dous protagonistas e a crónica xornalística de O Tabán

(un xornalista que publica en *Litoral*). O mar aparece sempre de fondo nesta narración sólida e con personaxes ben construídos, tal e como salienta Luís Pousa.

Quintáns S., M., 'É unha inxenuidade pensar nunha educación sen modelos', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Estudo', 1 agosto 2004, p. 3.

Despois de reflexionar sobre a vida sen modelos, considera unha "fermosa iniciativa, intelectual e educativa" a creación dos Cadernos Ramón Piñeiro". Salienta as palabras programáticas dos directores da iniciativa e o contido dos mesmos que describe brevemente.

Quintáns S., M., 'O tópico como recurso de humor da narrativa actual e tradicional', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Relatos', 26 setembro 2004, p. 4.

Reseña do libro *Don Nuno e outros relatos humorísticos* de Valentín Alvite, con prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín. Destácase o uso da retranca como elemento caracterizador da cultura galega, así como o valor humorístico do tópico nestes contos.

Quintáns S., M., 'A memoria dos 'bos e xenerosos': unha vida á cultura', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Estudo', 7 novembro 2004, p. 4.

Ofrécese unha análise da vida e obra do homenaxeado no Día das Letras Galegas, Xaquín Lorenzo Fernández, coñecido familiarmente como "Xocas". Enténdese que a súa figura a prol da cultura galega é destacada e merecedora de todo eloxio aínda que como obra importante só achegase o segundo volume da *Historia de Galiza*, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Enxálzase o traballo *Xaquín Lorenzao Fernández "Xocas". Unha vida dedicada á Nosa Cultura*, do estudoso Clodio González Pérez, no que o autor se achega a todas as facetas que cultivou ao longo da súa inmensa vida o etnógrafo, fotógrafo, debuxante, mestre e moitas facetas que Xocas desenvolveu e das que se dan conta no artigo e, de maneira máis prolixa, no libro.

Quintáns, M., 'Desfrutar cos silencios imposibles dun poeta pudoroso', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Versos eróticos', 22 febreiro 2004, p. 4.

Dáse conta da publicación de tres libros de poesía de Alfonso Rei López: *A verdadeira historia de Pepe do Rego* (2003), *Cancioneiro básico* (2003) e *Poemas eróticos* (2003). Segundo Quintáns, estes poemarios reflicten as vivencias do poeta, tanto a súa intimidade como o mundo que o rodea. Salienta ademais que a poesía deste autor non pretende comunicar, senón emocionar ou desacougar.

Quintáns, M., 'O segundo tomo dun agardado diccionario', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Estudio', 29 febreiro 2004, p. 4.

Dáse conta da publicación do segundo tomo do *Diccionario de termos literarios galegos* (letras e-h) do Equipo Glifo. Saliéntase o aumento de páxinas deste segundo tomo con respecto ao primeiro (duascentas páxinas máis). Tamén se destaca a concisa e transparente redacción do *Diccionario*, así como o apartado "Voces relacionadas" que nos axudan a atopar voces e termos doutras linguas.

Quintáns, M., 'Os clásicos grecolatinos: o 'Gurgullo' de Celso Parada', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Dramaturxia', 21 marzo 2004, p. 4.

Manuel Quintáns destaca a versión feita por Celso Parada do *Gurgullo*, de Plauto. *A Comedia do Gurgullo* (2003), título da adaptación é, en palabras de Quintáns, máis que unha tradución ou adaptación, unha peza orixinal que demostra o amplo coñecemento que de Plauto ten Celso Parada.

Quintáns, M., 'Unha edición homenaxe ó gran mestre Constantino García', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Escolma xornalística', 25 xullo 2004, p. 3.

Dá conta do libro homenaxe co que en 2003 a Xunta de Galicia recoñeceu o labor de Constantito García, *O libro das palabras (Obra xornalística completa)*. Explica cal adoita ser o contido de todos os libros que, coma este, queren homenaxear o traballo dun persoeiro da cultura galega e fala da traxectoria biobibliografía deste investigador e docente; sinala, asemade, que o volume citado recolle gran parte dos miles de artigos que Constantino García publicou na prensa galega.

Quintáns, M., 'Para devotos como Alonso Montero Rosalía sempre é noticia', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Arredor dun mito', 24 outubro 2004, p. 4.

Cualifica esta publicación de "coidada" e salienta qe inclúa noticias e textos en homenaxe ao profesor Sergio Álvarez Campos. Dscribe o libro e fíxase no contido de cada un dos apartados para rematar dicindo qu eten o "encanto marabilloso do breve, do pequeniño", "un libriño xeitoso, cómodo para ler e consultar nun paseo polo campo ou á beira dun regato".

R.N., 'Máis ca unha traducción', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 43, 'Letras en galego', 10 xaneiro 2004, p. 7.

Dáse conta da publicación *Fragmentos de Ulises, 1926* (2003) recollida na colección "Illa de Nova", de Editorial Galaxia. Explícase que son dous fragmentos do *Ulises*, de James Joyce, que no seu día Ramón Otero Pedrayo verteu para o galego e publicou na revista *Nós* no ano 1926. Coméntase que o texto está precedido dun amplo estudo que resulta esclarecedor e incluso polémico realizado pola estudosa Kerry Ann MacKevitt.

Raña, Román, 'Humanización feminina', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 66, 'Libros', 15 xaneiro 2004, p. IV.

Comentario do libro *Medea en Corinto* (2003), da escritora Luz Pozo Garza, á que se considera como unha voz imprescindíbel dentro da literatura galega. Primeiramente, Román Peña achégase aos preliminares do volume e comenta que a edición correu a cargo de Andrés Pociña e Aurora López que ofrecen unha introdución na que se citan as últimas sete versións que existen sobre esta mesma temática na literatura en galego e, de entre elas, se destacan as realizadas por Manuel Lourenzo e Xesús Pisón. A seguir, Peña entende que no caso de Pozo Garza a orixinalidade maior reside na confrontación de sentimentos que manifesta Medea, por unha banda como unha muller ansiosa por levar a cabo a súa vinganza contra o home que a abandonou, pero tamén como unha muller namorada que se debate entre o odio e o amor. Finalmente, considérase que formalmente é un texto brillante con diálogos dignos de considerar verdadeiras xoias.

Raña, Román, 'Unha voz fundamental', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 67, 'Libros', 22 xaneiro 2004, p. V.

Recoméndase a lectura do libro de poesía publicado por Xosé Miranda baixo o título de *As cidades mergulladas* (2003) no que se inclúe unha escolma da súa mellor lírica dende 1973 ata o 2000. Lémbrase que é un autor moi coñecido en prosa con *Morning Star* (1998), contista en *A biblioteca da iguana* (1994) e autor de literatura infantil en *Pel de lobo* (2000), pero sinálase que non se pode esquecer o seu labor como poeta. Repásase a creación poética dende *Lenta luz nos lousados* (1973-1982) até *Permiso para o corso* (1995) sen esquecer *Amantes e viaxeiros* (1984), *Carozo azul* (1985), *Vésperas de min mesmo* (1986) e *Sonetosfera* (1993). Enténdese que é unha voz singular na que se percibe o pouso de figuras como Álvaro Cunqueiro ou Xosé Luís Borges e destácase a súa predilección polo soneto que alcanza unha gran altura na súa pluma.

Raña, Román, 'Discurso aliterado', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 69, 'Libros', 5 febreiro 2004, p. IV.

Comentario do poemario *Vogar de couse* (2003) firmado por Alexandre Nerium, pseudónimo detrás do que se agocha Francisco Manuel López Martínez, o que fóra presidente do "Batallón literario da Costa da Morte". Explícase que a obra se divide en cinco partes e está precedida dun necesario prólogo de Francisco Fernández Rei que aclara un léxico moi especializado e relativo ao mar. Recoñécese que o vocabulario é o obstáculo máis visíbel, pero que non debe vencer ao lector que se ten que deixar levar polo discurso aliterado e a perfección dos alexandrinos.

Raña, Román, 'Texas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 70, 'Libros', 12 febreiro 2004, p. IV.

Aproximación ao libro *Texas* (2003), de Alberto Avendaño (Vigo,1957), co que este autor volve ao panorama literario galego despois dun longo silencio creativo. Lémbrase a súa participación no Grupo Rompente co que publicou diversos textos nos que xa despuntaba un gran poeta. Enténdese que neste caso hai unha mudanza na que se achega a un lugar mítico, fronteirizo, onde hai un forte contraste entre a pobreza de México e a bonanza de Estados Unidos. Coméntase a variedade de personaxes entre mafiosos, prisioneiros para cumprir a pena de morte e alcohólicos e outros individuos vítimas da vida e a existencia. En canto á lingua, prevense que hai moitos termos chicanos que son convenientemente explicados nun glosario que inclúe o volume.

Raña, Román, 'Pálpebra azul', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 72, 'Libros', 26 febreiro 2004, p. IV.

Acóllese con ledicia a publicación do libro de Helena Villar Janeiro *Pálpebra azul* (2003) no que, segundo Román Raña, se expresa un mundo de sensacións, exuberante e lírico a través do *haiku*. Destácase, ademais do seu preciosismo interior, o exterior do volume pola súa cuberta de papel celofán case transparente e a letra vistosa coa que se canta a unha natureza que non está suxeita á razón humana.

Raña, Román, 'Ancoradoiro', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 74, 'Libros', 11 marzo 2004, p. V.

Resúmese a obra poética do escritor Xosé María Álvarez Cáccamo que se recolle no volume *Ancoradoiro* (2003). Repásase dende o primeiro libro *A praia das furnas* (1983), de extraordinaria beleza poética, até *Os cadernos da ira* (1999), último até o momento e no que hai un compromiso máis forte co seu tempo. Non se esquecen títulos como *Arquitecturas de cinza* (1985), no que se achega á morte; *Os documentos da sombra* (1986), no que se amosan un mundo de destrución e horror; *Luminoso lugar de abatimento* (1987); *Cimo das cidades* (1988); *O lume branco* (1991); *Colección de espellos* (1994) e *A escrita das aves de marzo* (1997). Destácase a obra *Calendario perpetuo* (1997) onde Román Raña di que a diferenza dos anteriores non hai unha veta culturalista e si o protagonismo dos recordos que se presentan puros.

Raña, Román, 'Do descoñecido ao descoñecido', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Libros', 25 marzo 2004, p. IV.

Infórmase da publicación do libro *Do descoñecido ao descoñecido. Obra poética (1980-2003)* (2003) que se encarga de recoller toda a poesía que ao longo destes anos foi saíndo da pluma de Manuel Rivas (A Coruña, 1957). Enténdese que é a súa faceta poética a máis descoñecida para o gran público polo que nestas páxinas se recolle dende o seu primeiro libro, *Libro do entroido* (1980), até o último *Malabares e ourizos.* Defínese a súa poesía como metropolitiana, urbana, pero na que teñen cabida a cultura popular, a cinematográfica, a linguaxe do cómic e outras realidades que mestura. Tamén se nomean

os detalles posmodernos que se observan como a inserción de lugares recoñecíbeis ou incógnitos, mitos e celebridades ou onomatopeas desmesuradas.

Raña, Román, 'Héleris', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 77, 'Libros', 1 abril 2004, p. IV.

Recóllese un comentario sobre o VII Premio de Poesía Johán Carballeria do concello de Bueu que recaeu na composición *Héleris*, de Carlos Negro (Lalín, 1970). Opínase que é un volume orixinal especialmente pola súa estrutura en dúas partes. Dise que a primeira parte, "Helena", se compón de vinte e cinco poemas que deixan ver un escuro mundo no tempo franquista e que nela a voz lírica feminina mostra o seu temor e opresión. A segunda parte, "Paris", contén outras vinte e cinco composicións nas que un home se converte en protagonista dos versos. Sinálase que se trata dun condutor de camións que se namora dunha muller e que vai mostrando os seus sentimentos e desfacéndose da armadura que mostra ao principio.

Raña, Román, 'Desmentindo a primavera', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 80, 'Libros', 22 abril 2004, p. IV.

Dáse conta da publicación do poemario *Desmentindo a primavera* (2003) da escritora Marilar Aleixandre. Dise que esta obra supón a súa segunda incursión na poesía e recórdase que é máis coñecida a súa faceta de narradora. Infórmase que o libro se estrutura en tres partes ben diferenciadas. Indícase que a primeira destaca polo seu lirismo e a referencia constante á natureza. A segunda caracterízase, segundo o articulista, pola voz lírica dunha muller que se enfronta ás lembranzas, ao amor e a outros sentimentos. Finalmente, da terceira parte dise que é a que se considera máis prosística e enténdese que decae o lirismo presente nas dúas seccións anteriores.

Raña, Román, 'Na xeira das Irmandades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 81, 'Libros', 29 abril 2004, p. IV.

Céntrase na publicación do libro *O primeiro Vilar Ponte* escrito por Emilio Ínsua López e Carlos Nuevo Cal que lles valeu o XVII Premio Ánxel Fole e que trata os primeiros anos do creador da primeira Irmandade da Fala. Sinálase que a obra está dividida en cinco capítulos que recollen dende os primeiros anos na súa cidade natal, Viveiro, até a súa decisión de marchar a Cuba no ano en 1908, pasando pola súa etapa de estudante en Santiago de Compostela, onde se achega á liña republicana federal, para máis tarde e na vila de Foz asumir un discurso galeguista e vincularse ao rexionalismo.

Raña, Román, 'O paraíso perdido', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 82, 'Libros', 6 maio 2004, p. IV.

Fálase do poemario premiado no XIX Premio Cidade de Ourense, *Elexías do Camba* (2003), escrito por Xosé Luís Rúa Nuñez (Campobecerros, Ourense, 1951). Fálase da súa temática centrada na infancia, na aldea natal e en todos os sentimentos que se espertan. Defínese o libro como un canto nostálxico no que en ocasións fanse excesivas as enumeracións.

Requeixo, Armando, 'Pluriversos', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 79, 'Libros', 15 2004, p. IV.

Recóllese a publicación do libro *Pluriversos. Seis poetas irlandesas de hoxe* (2004). Indícase que se trata dunha escolma de poemas de autoras irlandesas feita por Manuela Palacios e Arturo Casas. Elóxiase a iniciativa de verter ao galego a voz lírica das autoras Eavan Boland, Paula Meehan, Nuala Ni Dhomhnaill, Mary Dorcey, Medbh McGuckian e Anne Le Marquand. Non obstante, obsérvanse erros que minguan o valor da obra como pode ser a desorde dalgúns ítems bibliográficos, despistes referentes á morfoloxía verbal, presenza de castelanismos ou erros gramaticais.

Requeixo, Armando, 'Memoria viva', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 65, 'Libros', 8 xaneiro 2004, p. IV.

Comentario da publicación *Carlos Casares* (2003) obra do escritor Ramón Loureiro que desvela partes da vida e obra do escritor ourensán falecido. Enténdese que non pode ser cualificada como unha monografía biobibliográfica, senón máis ben como un volume que pretende chegar a súa figura a un público amplo e que procura unha lectura amena para coñecer os principais acontecementos da súa breve pero intensa vida. Obsérvase que é un ensaio breve, pero interesante, feito por unha persoa próxima e amiga. Crese interesante a achega fotográfica composta por máis de cincuenta instantáneas que poñen imaxe a pasaxes da súa vida.

Requeixo, Armando, 'Uns estudios sobre as letras rosalianas', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Revista', 11 xaneiro 2004, p. 4.

Dáse conta do segundo número da publicación *Revista de estudios rosalianos* dirixida por Xesús Alonso Montero e que coa axuda de diversos colaboradores explora nesta ocasión a gran admiración de Álvaro Cunqueiro pola poeta Rosalía de Castro. Fálase de certas informacións que se verten na revista como o feito de que Cunqueiro tiña pensado elaborar unha monografía co título *Amor i-estancia de Rosalía de Castro*, pero que, como outras moitas intencións do escritor, quedaron no maxín. Elóxiase a intención da revista por dar proxección a unha das figuras máis importantes das letras galegas e lóase o labor do seu director pola tarefa desempeñada ao fronte da publicación, do Centro de Estudios Rosalianos e da Fundación Rosalía de Castro.

Requeixo, Armando, 'Casa última', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 67, 'Libros', 22 xaneiro 2004, p. IV.

Dáse conta da publicación *Casa última* (2003) do poeta lugués Xulio L. Valcárcel despois de dez anos de silencio literario. Repásase toda a súa bibliografía dende *Víspera do día* (1979) até *Memoria de agosto* (1993), pasando polos títulos *Alba de auga sonámbula* (1987), *Solaina da ausencia* (1987) e *O sol entre os dedos* (1993). Céntrase nas peculiaridades de *Casa útlima* poemario do que se entende que tenta comunicar a crónica dun desamparo, no que se lembra a infancia perdida no paso de tempo, a derrota dos días e o presente negativo. Opínase que formalmente hai versos moi conseguidos e que certas imaxes están demasiado usadas, pero en xeral considérase que se crea unha expresión poucas veces mellorábel.

Requeixo, Armando, 'A necesaria recuperación das xoias narrativas dun gran poeta de Celanova', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Dos clásicos', 1 febreiro 2004, p. 4.

Agradécese a publicación da obra prosística en galego de Celso Emilio Ferreiro por parte de Mónica Góñez que reuniu nun só libro, *Obra narrativa* (2003), os textos *A fronteira infinda* e *A taberna do galo*. Recórdase que en moitas ocasións a obra dun autor tan relevante queda solapada por un só libro que ten grande éxito e consideración dentro do sistema literario, por esta razón, enténdese que se cabe é máis importante esta publicación que, á súa vez, engade unha breve biografía do autor.

Requeixo, Armando, 'Bieito Dubidoso', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 69, 'Libros', 5 febreiro 2004, p. V.

Refírese á novela publicada por Roque Cameselle baixo o título *Bieito Dubidoso* (2003) da que se salienta a temática fantástica, aínda que de transfundo histórico, e se dá conta do argumento. Enténdese que é un libro moi desigual e do que se poden diferenciar unha primeira parte aceptábel, que se dilúe nos capítulos centrais nos que se perde o fío da historia que só se recupera nas últimas páxinas. Achácanse outros problemas como a presenza excesiva do narrador omnisciente, a escasa verosimilitude de certos fragmentos e erros gramaticais na colocación dos pronomes que non se consideran de recibo ao non ser un escritor novel.

Requeixo, Armando, 'Nabalpam', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 71, 'Libros', 19 febreiro 2004, p. IV.

Fálase da reedición do libro de relatos *O deserto de Nabalpam* (2003), de Alfonso Pexegueiro, que sae á rúa despois de máis de vinte anos da súa primeira publicación baixo o título *Relatos pra salferir* (1981). Dáse conta do engadido dun novo relato co que pon punto e final ao libro "A muller do Deserto Branco" que data do mesmo tempo e que resulta un engadido importante e unha moi suxestiva nota prologal. Defínense os seus

relatos como surrealistas e oníricos, nos que hai sempre un apartado para a violencia e a alienación, polo que se entende que sempre é unha boa opción volver a eles.

Requeixo, Armando, 'Artesanía da palabra', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 72, 'Libros', 26 febreiro 2004, p. V.

Infórmase da publicación da obra de Luís Rei Núñez, *A estrela dos polisóns* (2003) na que se indica que unha vez máis o seu autor se serve do mar como marco para a súa narración, así como que se entende que esta veta mariñeira pode estar motivada pola súa orixe muradá. Trázanse os aspectos máis salientábeis desta novela e dáse conta do seu argumento. Sinálase que nas páxinas de *A estrela dos polisóns* hai unha reivindicación de dignidade para todas aquelas persoas anónimas que traballan diariamente na procura dun mundo mellor.

Requeixo, Armando, 'Crónicas da luz dunha das mellores voces líricas', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 7 marzo 2004, p. 4.

Explícase que Luz Pozo Garza é unha poeta imprescindíbel dentro do panorama literario galego como o demostran as publicacións dos libros *Medea en Corinto* (2003) e *Historias fidelísimas* (2003). Destácase que o primeiro texto é unha volta ao clásico de Sófocles no que a escritora insire elementos da cultura galega. Da segunda publicación dise que é unha autoescolma poética dende os seus primeiros poemas de *O paxaro na boca* (1952) até a actualidade e lóase o estudo co que conta, realizado pola profesora Carme Blanco.

Requeixo, Armando, 'Visión lírica dunha Compostela melancólica', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 21 marzo 2004, p. 4.

Dáse conta da publicación do poemario *Compostela vella memoria* (2003) de Ricardo Martínez-Conde, escritor que se deu a coñecer na década dos noventa, segundo o dito polo articulista. Coméntase que o libro está moi depurado no formal e que tematicamente presenta un achegamento á cidade da pedra que evoca soidade e melancolía grazas á presenza constante da pedra, das árbores que dan sombra e o silencio xeral que se percibe. Felicítase á pequena editorial por ofrecer boa lírica nun formato impecábel e que abre oportunidades a novos autores.

Requeixo, Armando, 'Don Ánxel Fole, un escritor en castelán', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Escolma', 25 abril 2004, p. 4.

Dáse noticia da publicación, por Editorial Galaxia, con motivo do centenario do nacemento de Ánxel Fole, da súa *Obra galega completa*, na que se engade tamén a produción en castelán. Infórmase que os tres volumes están realizados con gran saber e que sen dúbida van ser unha achega definitiva á figura do escritor de *Á lus do candil*. Repárase en que o

máis anovador que achega esta edición é o número de textos ensaísticos e periodísticos que relevan unha vez máis as tendencias, as filias e as fobias do lugués.

Requeixo, Armando, 'Para sucar a Terra Chá cos versos de M. María', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 2 maio 2004, p. 4.

De entre a producción bibliográfica de Manuel María, o autor salienta os estudos de Camilo Gómez Torres e saúda a aparición da súa monografía *A Terra Chá na poesía de Manuel María* (2004).

Requeixo, Armando, 'A cábala de March e Claudio Rguez. Fer', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 9 maio 2004, p. 4.

Breve noticia que dá conta da publicación do poemario *Entre dúas augas* (2003), de Kathleen March, traducido por Claudio Rodríguez Fer, obra que se recomenda a todos aqueles lectores interesados e gustosos pola cábala versal. Destácanse algúns aspectos das composicións e lémbrase que o libro está editado na editorial Amaranta Press a quen se lle agradece o esforzo realizado.

Requeixo, Armando, 'A vida traizoeira', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 13 xuño 2004, p. 20.

Elóxiase o bo facer do escritor Xabier López López (Bergondo, 1974) na súa nova novela publicada por Editorial Galaxia *A vida que nos mata*, gañadora do Premio García Barros 2003 e Premio da Crítica Galega. Coméntase brevemente a trama, que se desenvolve na cidade de Pontevedra e que ten como protagonista a Sebastián Faraldo, un xornalista dos tempos da República que se ve facendo de detective. Indícase que o fío condutor da obra é a morte dunha parella de mozos no Balneario de Mondariz o día antes do seu casamento e a busca do culpábel. Finalmente, gábase a solidez estrutural da obra e a fondura dos seus personaxes o que demostra, segundo Armando Requeixo, a superación do autor en cada novo texto.

Rodríguez, Adriana, 'Plácido Castro, un intelectual símbolo de universalidade', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 18 abril 2004, p. 23.

Infórmase da exposición fotográfica arredor da figura de Plácido Castro (1902-1968) o escritor e xornalista nado en Corcubión. A continuación, repásase a súa actividade profesional e a importancia que tiveron nela os estudos dende os seis anos en Glasgow cunha educación totalmente británica. Coméntase que este afastamento físico da terra non lle fixo perder o contacto con ela e así colaborou nos xornais *El Pueblo Gallego* ou *Informacionaciones*, para máis tarde estabelecer relacións coas Irmandades da Fala. Recórdase tamén que en Inglaterra traballou como locutor da BBC e participou no *Galician Progamme*, que foi o primeiro espazo estábel en lingua galega nas ondas. Finalmente,

sinálase a súa achega á literatura mediante traducións do inglés de autores como Christina Rossetti.

Rodríguez, Adriana, 'Montero presentou o libro "O exilio galego, un mapa de cicatrices" de Luis Axeitos', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 6 xuño 2004, p. 26.

Dá conta da presentación de *O exilio galego un mapa de cicatrices* (2003), de Xosé Luís Axeitos, polo profesor Alonso Montero. Indícase que Axeitos presenta un conxunto de traballos e estudos, algúns inéditos, da produción literaria que realizaron os escritores galegos republicanos que estaban exiliados.

Rodríguez, Adriana, 'A figura de Borobó', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'Borobó, mestre arousán dos xornalistas galegos', 29 agosto 2004, p. 20.

En primeiro lugar informa de que, co gallo do primeiro aniversario do pasamento de Raimundo García Domínguez, "Borobó", o xornal *Diario de Arousa* realiza un monográfico onde fai un repaso á vida e á obra deste escritor. A seguir, Adriana Rodríguez cita diferentes homenaxes que levaron a cabo algúns dos concellos aos que estivo vinculado Borobó e céntrase en comentar o volume *Homenaxe a Borobó*, de Xavier Baltar, onde se fai un achegamento a súa figura. Destácase a súa faceta nos xornais *El Correo Gallego*, *La Noche*, *3 E* ou a revista *Chan*.

Rodríguez, Adriana, 'Todo o mundo quere vivir de Valle, pero fano coas frangullas, non coa columna vertebral', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 12 decembro 2004, p. 27.

Recóllense as impresións do estudoso Xesús Alonso Montero emitidas despois de participar no Congreso Nacional "La Galicia de Valle-Inclán" que tivo lugar na Pobra do Caramiñal. Destácase que, ante a intención do Conselleiro de Cultura Pérez Varela de trasladar os restos do escritor arousán Valle-Inclán ao Panteón de Galegos Ilustres, o profesor Alonso Montero responde en claro desacordo e lembra o republicanismo do autor e o seu funeral eminentemente civil conforme o seu desexo, polo que este acto sería profanar a súa vontade. Tamén se sinala que Alonso Montero lamenta a falta de atención á súa obra e entende que merecería unha representación teatral na súa vila natal cada ano, como se fai en Stratford con William Shakespeare.

Rodríguez, M., 'Despertando a vida', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 76, 'Letras en galego', 4 setembro 2004, p. 7.

Informa da publicación d'*O cero escuro* (2003), de An Alfaya (Vigo, 1964). Descríbese o argumento e dise que é unha "novela de rapaces espertando a vida". Loa a capacidade da autora para realizar retratos psicolóxicos e tamén o dominio da linguaxe que amosa.

Rodríguez, Salvador, 'Redescubrir a Celso Emilio', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 371, 10 xullo 2004, p. 1.

Co gallo do vixésimo quinto aniversario do pasamento de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979) indícase que se organizaron un gran número de actos de homenaxe. Entre eles, destácase a celebración dun recital de cantautores que levarán a escena versións musicais dalgúns dos seus poemas, así como tamén a celebración dunhas xornadas literarias e a elaboración de tres programas monográficos para a televisión. No mundo editorial destácase, da man de Edicións Xerais de Galicia, a publicación dos tres volumes que recollen as obras completas do autor de Celanova. Tamén se menciona a publicación en francés de *Longa noite de pedra*, a recuperación de obras inéditas e a elaboración dunha biografía. A seguir, repásase a actividade xornalística de Celso Emilio Ferreiro no *Faro de Vigo* e en *ABC* e tamén a súa ideoloxía política.

Rodríguez, Salvador, 'Redescubrir a Celso Emilio', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 66, 17 xullo 2004, p. 5.

Anúnciase que con motivo da conmemoración do vixésimo quinto aniversario da morte de Celso Emilio Ferreiro distintas organizacións levarán a cabo durante todo o ano homenaxes ao poeta, xornalista e novelista de Celanova. Infórmase, por exemplo, que o Concello de Vigo ten preparado un recital no que actuarán cantautores que porán voz e música aos seus poemas e que a editorial Xerais ten preparada a publicación das súas obras completas en tres volumes e a elaboración dunha biografía importante que despois de tanto tempo está por facer. Para rematar, danse conta doutras facetas do autor celanovés como o seu paso polas xornais *Faro de Vigo* e *ABC*, así como a súa vinculación á liña política da esquerda galega.

Rodríguez, Xosé Manoel, 'Escoitar a Losada Diéguez', *A Nosa Terra*, nº 1.146, 'Cultura', 14 outubro 2004, p. 28.

Co gallo do setenta e cinco cabodano da morte de Antón Losada Diéguez (Moldes, Boborás, 1884 - Pontevedra, 1929) Xosé Manuel Rodríguez repasa a súa figura destacando as circunstancias que provocaron que fora unha figura condenada durante moitos anos ao silencio e a marxinación. A seguir, repasa a intensa actividade que realizou tanto no mundo do agrarismo como no cultural. Destaca que converteu ao nacionalismo a Ramón Otero Pedrayo e a Vicente Risco, que puxo en marcha proxectos como a Coral de Pontevedra ou o Eiriña, xermolo do actual Pontevedra F. C. e que participou na Misión Biolóxica de Galicia e no Padroado do Museo Provincial de Pontevedra. O articulista recolle tamén un fragmento d' *O libro dos amigos* (1953) onde Otero Pedrayo loa a figura do nado en Moldes. A seguir, realízase un repaso polos primeiros traballos de investigación que se realizaron sobre Losada Diéguez; menciónase o premio que se creou co seu nome así como tamén o feito de se lle dedicar o Día das Letras Galegas en 1985. Conclúe loando o gran labor que realiza Mercedes Losada Espinosa, a filla do intelectual a prol da recuperación da

figura do seu pai e menciona que se está traballando na creación dunha fundación que leve o nome de Antón Losada Diéguez.

Romero, Marga, 'A construción nacional', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 65, 'Libros', 8 xaneiro 2004, p. V.

Comentario do libro *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo* (2003), escrito por Carme Fernández Pérez-Sanjulián. Faise saber que a autora xa elaborou a súa tese de doutoramento sobre o mesmo autor coa que acadou o "Premio Sempre en Galiza de Investigación", do Concello de Pontevedra. Enténdese que o gran éxito deste libro é ir mostrando ao público como o escritor, historiador e político constrúe un discurso a través dos seus textos nos que se defende unha idea de nación e unha idea da Galicia desexada. Desvélase que a obra entende que a familia chega a ser metonimia da nación, unha idea que se forma ao longo dos séculos que Otero Pedrayo achega coas figuras máis senlleiras de cada momento histórico.

Romero, Marga, 'Ferinte emotividade', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 70, 'Libros', 12 febreiro 2004, p. IV.

Infórmase da publicación do libro *Un nome de dicionario* (2003), da autora Amélie Nothomb, da que se loa a súa pulcritude ao escribir, a precisión na busca da palabra fundamental e a escaseza dos adxectivos nas súas obras. Brevemente coméntase o argumento do libro do cal é protagonista Plectrude unha muller que vai estar marcada polo coñecemento da noticia de que súa nai era unha asasina que se suicidou e a persoa coa que vive é súa tía. Este feito fará que caia na anorexia da que só sairá coa axuda do seu amigo Robert.

Romero, Marga, 'O lector modelo', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 60, 5 xuño 2004, p. 14.

Trázase a figura de Lois Tobío (Viveiro, 1906-Madrid, 2003) dende unha perspectiva fundamentalmente literaria e a prol da cultura galega e dende o seu confeso universalismo. Destácase a súa contribución á dignificación do idioma e, deste xeito, recórdase que foi un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos, que participou na elaboración do anteproxecto do Estatuto de Autonomía de Galiza ou que foi o responsábel da edición dos dous primeiros volumes da *Historia de Galiza*, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Tamén se sinalan outros moitos. Finalmente, recóllese que durante a súa vida foi diplomático o que non lle impediu estar relacionado coa cultura e ata traduciu obras de H. Mann ou Hermann Hesse.

Rosales, Manuel, 'Completando un retrato', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 70, 'Libros', 12 febreiro 2004, p. IV.

Comentario da biografía de Álvaro de las Casas escrita por Uxío Breogán Diéguez Cequiel que inclúe un apéndice documental, outro epistolar e un gráfico. Enténdese que esta obra axuda a comprender mellor os cambios que rexistrou Álvaro de las Casas ao longo da súa vida e que achega unha figura controvertida que aínda estaba por coñecer. Menciónase que traza a liña dos primeiros anos do autor vinculado á monarquía e á relación con Portugal, para despois achegarse ao galeguismo e chegar a formar parte do Seminario de Estudos Galegos até o retorno á concepción imperialista de España.

Ruibal, Arturo, 'Pólvora y magnolias', *El Ideal Gallego*, 'El perfil', 4 abril 2004, p. 8.

Repásase a vida e obra do escritor de Celanova Xosé Luís Méndez Ferrín e coméntase que algo debe ter esta terra que veu nacer aos tres grandes poetas civís da literatura galega como son Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro e o xa nomeado Ferrín. Recóllese que a musa que inspira este último escritor é Galicia, ben sexa nos seus poemas, nos seus ensaios ou nas novelas. Cualifícase como un mito vivo da literatura galega, un home que non renuncia a nada e que traballa a prol dos seus ideais tamén dende os foros públicos que posúe. Indícase que dirixiu *A Trabe de Ouro*, colaborou co xornal *El Faro de Vigo* e é membro da Real Academia Galega dende onde coida a lingua galega. Finalmente, recórdase a súa admiración por dous grandes escritores Ramón María del Valle-Inclán e Ramón Otero Pedrayo.

Ruibal, Arturo, 'Don Paco', *Diario de Pontevedra*, 'Revista!', 25 abril 2004, p. 23.

Exáltase a importancia para Galicia da figura de Francisco Fernández del Riego. Enuméranse múltiples amigos que colectou ao longo da súa dilatada existencia entre os que se destacan Xaime Illa, Cunqueiro, Paz Andrade, Maside, Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Aquilino Iglesias Alvariño ou Manuel Beiras. Recórdase que con moitos deles emprendeu empresas complicadas como a creación da Editorial Galaxia ou o suplemento bilingüe do xornal *La Noche* no ano 1949. Infórmase que o labor de Fernández del Riego o levou a ser membro da Real Academia Galega e presidente da mesma institución por varios anos, codirector da revista *Grial* ou director da biblioteca da Fundación Penzol. Para rematar, Arturo Ruibal recoñécelle o seu labor como escritor de numerosos libros e felicítao polo seu traballo infatigábel.

Ruibal, Tomás, 'A mellor poesía medieval', *Diario de Pontevedra*, *'Revista! Letras'*, 'Anaquel dos libros', 4 xaneiro 2004, p. 9.

Dáse conta da publicación dunha *Antoloxía da lírica galego-portuguesa* (2003) editada por Xosé Bieito Arias Freixido, profesor da Universidade de Vigo. Recoméndase tanto para público especialista como para o común das persoas que se queiran achegar á lírica medieval porque inclúe uns comentarios que acompañan a cada cantiga e que axudan a situala, a entendela e a percibir detalles formais e semánticos que doutra maneira pasarían desapercibidos. Coméntase que na selección realizada bótanse en falta algunhas cantigas,

pero están as máis importantes composicións dos autores Martin Codax, Pero da Ponte, Don Dinis, Meendinho, Pero García Burgalés ou Johan Zorro.

Ruibal, Tomás, 'Unha historia de aprendizaxe', *Diario de Pontevedra*, *'Revista! Letras'*, 'Anaquel dos libros', 4 xaneiro 2004, p. 8.

Comentario da novela *A estrela dos polisóns* (2003), última publicación até o momento de Luís Rei Núñez. En primeiro lugar, Tomás Ruibal achégase ao esqueleto argumental da obra, á que cualifica de relato de aprendizaxe. Así, segundo afirma Ruibal, Rei Núñez narra a historia "robinsoniana" da amizade entre un home solitario e un cativo de trece anos. Por outro lado, o recencionista destaca o lirismo do texto e a habelencia con que se enlazan os diferentes episodios. En resumo, indica, este libro posúe as características doutras novelas anteriores do autor, ao tempo que inclúe outras novas tiradas da literatura universal. Recórdase ademais, que este mesmo autor tiña sacado á luz, tamén en 2003, unha obra de denuncia con respecto ao afundimento do petroleiro "Prestige" titulada *O corvo do chapapote*.

Ruibal, Tomás, 'Volve o suspense', *Diario de Pontevedra*, *'Revista! Letras'*, 'Anaquel dos libros', 11 xaneiro 2004, p. 8.

Achega á novela do escritor Xabier López López (Bergondo, 1974), *A vida que nos mata* (2003), ambientada na Segunda República española. Penéirase o argumento do texto no que aparece un xornalista pontevedrés que se atopa cun crime dunha parella que ía casar e no que se involucrará até que descubra a verdade do suceso. Lóase a perfección na linguaxe en cada un dos rexistros empregados, a tensión conseguida en cada fase da trama e se hai algunha gralla enténdese que está na pouca caracterización dos personaxes secundarios e a aparición de certos tópicos. Enténdese que o autor destaca pola súa comuñón da novela galega e as correntes universais que fan del un escritor interesante e máis se se ten en conta a súa curta idade.

Ruibal, Tomás, 'Fragmentos de vida', *Diario de Pontevedra*, *'Revista!'*, 'Anaquel dos libros', 25 xaneiro 2004, p. 8.

Aproximación ao libro *Fálame sempre* (2003), do escritor Cid Cabido. Coméntase que entre os seus dezaoito relatos alterna algúns de alta consideración con outros máis frouxos. Merécenlle especial atención ao articulista "O estraño caso de Cándido Costas Tobío" e "Qwertyuiop" dos que comenta brevemente o seu contido. Apréciase a influenza de Italo Calvino, Augusto Monterroso, Thomas Bernhard ou Álvaro Cunqueiro en trazos como a preferencia pola brevidade, as situacións non convencionais e un sentido do humor característico. Obsérvase que os relatos parten de situacións cotiás e sen importancia para achegarse ao xeito en que o ser humano se enfronta ás mentiras da vida.

Ruibal, Tomás, 'A identidade galega', *Diario de Pontevedra*, *'Revista!'*, 'Anaquel dos libros', 8 febreiro 2004, p. 9.

Comentario do ensaio *O río do esquecemento* (2003), de Manuel Mandianes Castro. Explícase que leva este título pola famosa lenda do río Limia e que con el se pretende chamar a atención para que a sociedade galega non perda a memoria e non esqueza a súa verdadeira identidade. Trázase a grandes riscos a estrutura interna da obra e os temas tratados en cada sección. Así, a primeira parte, "A violencia terreal", amosa a loita que se mantivo na defensa do territorio; a segunda, "Un pobo celta", recolle os textos nos que se fala da relación dos galegos e os pobos celtas; na terceira, "Independente", móstranse as definicións dos galegos polos homes de Nós e do Seminario de Estudos Galegos; na última parte, "E viaxeiro", reflexiónase sobre a contradición do galego apegado á terra e ao mesmo tempo á emigración. Finalmente, apúntase que este ensaio se pode ler sen ser expertos na materia e engádese resulta ameno.

Ruibal, Tomás, 'La literatura catalana en México', *El Progreso*, *'Fin de semana'*, 'Libros', 11 decembro 2004, p. 4.

Reflexiónase sobre a importancia que está a acadar a literatura catalá que foi invitada a unha das máis importantes feiras do libro celebrada na cidade mexicana de Guadalajara. Enténdese que unha lingua minorizada pode alcanzar cotas de prestixio contando con bos medios e unha masa lectora que apoie o produto cultural propio. Aconséllase a todos os sectores do mundo editorial galego que sigan o modelo catalán que acadou logros como ter unha lingua totalmente normalizada, traducir os seus autores máis sobranceiros e verter á súa lingua outros escritores de recoñecido prestixio.

Sánchez Agustino, José Luis, 'Por una senda marinera orlada de estrellas Elisardo Rodríguez Barreiro (I)', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 28 marzo 2004, p. 24.

Achégase á figura do poeta Elisardo Rodríguez Barreiro (Noia, 1862-Vilagarcía,1943) ao que se considera unha das grandes voces da lírica galega, malia recordar o articulista que o noiés tamén cultivou outros xéneros. A seguir, ofrécense algunhas características da actividade cultural da cidade na que se asentou, Vilargarcía de Arousa, pois enténdese que non se pode entender a súa figura fóra do marco no que tivo lugar.

Sánchez Agustino, José Luis, 'Por una senda marinera orlada de estrellas. Victoriano García Martí', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 4 abril 2004, p. 26.

Infórmase da publicación dun opúsculo do que é autor Fernando Casanova Fernández sobre a figura de Victoriano García Martí nado na Pobra do Caramiñal no ano 1881. Elóxiase o estudo que repasa a súa vida e fundamentalmente a súa traxectoria vital en Madrid exercendo a súa profesión de avogado. Recórdase o seu vencello a certas institucións como a Real Academia de Jurisprudencia ou á Casa de Galicia da que foi presidente na capital de

España. Céntrase nunha das súas obras sobre a figura de Rosalía de Castro titulada *Rosalía de Castro. Obras Completas* na que se traza un perfil afortunado da poeta e na que esclarecen moitas incógnitas que existían até ese momento.

Sánchez Agustino, José Luis, 'Elisardo Rodríguez Barreiro (y II)', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 4 abril 2004, p. 24.

Lémbrase a figura do noiés Elisardo Rodríguez Barreiro, un médico e farmacéutico que se interesou pola cultura e que colaborou en distintos xornais da época como *El Ciclón*, *La Voz* ou *La Cítara* e até dirixindo *El Correo Gallego de Ferrol.* Enténdese que cultivou con éxito a lírica especialmente na súa obra *Escumas e brétemas* publicada no ano 1923 e na que a voz lírica canta á illa de Cortegada. Enuméranse as obras que editou sobre temas científicos e especializados.

Sánchez Bargiela, Rafael, 'Alfredo Pedro Guisado, un poeta portugués e galego', *Faro de Vigo*, 'No ronsel dos persoeiros', 23 abril 2004, p. 8.

Fálase dun dos poucos autores portugueses que escribiu un libro en galego, Alfredo Pedro Guisado, quen no ano 1921 editou *Xente d´aldea*, obra que na súa cuberta ten unha ilustración do seu amigo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Repásase brevemente a súa vida persoal para destacar que seus pais eran galegos (concretamente o pai era de Pías (Pontearéas) e a nai, de Mondariz), aínda que el xa naceu en Lisboa. Destácase a súa figura por ser un dos principais renovadores da lírica portuguesa contemporánea e por dar vida á revista *Orpheu* xunto a autores como Fernando Pessoa, Mário de Sá Carneiro ou José Almada Negreiros.

Sandoval, Lois, 'Neruda, sombra do exilio galego', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 507, 25 marzo 2004, p. 8.

Lémbrase a figura do poeta Pablo Neruda e fálase especialmente da vinculación que tivo con Galicia da man de Luís Seoane con quen compartiu conversación no café bonaerense Tortoni, lugar ao que tamén acudían Rafael Dieste ou Lorenzo Varela. Lémbranse versos dos seus poemas nos que fai referencia a Galicia que coñecía da man dos exiliados citados e tamén a través de Maruja Mallo, á que coñeceu na Arxentina e que máis adiante sería a súa anfitrioa en Madrid.

Santos Gayoso, Enrique, 'Hojas de unión en el exilio', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 62, 19 xuño 2004, pp. 6-7.

Lémbrase a importancia da revista mensual aparecida en Bos Aires *Galicia Emigrante* (1954-1959), baixo a dirección de Luís Seoane e coa colaboración da súa muller Maruxa Fernández. Recórdanse datos da publicación como o feito de ser bilingüe e de tratar temas literarios e de denuncia da situación de Galicia nese momento. Indícase que nos trinta e sete

números que saíron á rúa deixaron a súa pegada figuras tan importantes como Xoán Ledo, José Núñez Búa, Francisco Fernández del Riego ou Isaac Díaz Pardo. Recórdase que non sempre foron plumas galegas, senón que tamén colaboraron Unamuno ou Azorín e mesmo personaxes da cultura arxentina. A seguir, cóntase como a revista tivo que desaparecer porque xa non cubría os gastos que levaba a súa saída á rúa e recórdase que non só se podía ler senón tamén escoitar a través da radio arxentina o que dá mostra da súa importancia. Finalmente, infórmase que no ano 1994 a editorial Graficas de Castro-Moret publicou unha edición facsimilar de todos os números que saíron á rúa de *Galicia Emigrante.*

Soutelo, Rudesindo , 'Roque caviloso', *A Nosa Terra*, nº 1.119, 'O bardo na brêtema', 4 marzo 2004, p. 35.

Sucinto comentario do libro *Bieito Dubidoso* (2003) que sacou á rúa Roque Cameselle, centrado no momento da construción da Catedral de Tui e do Pórtico da Gloria polo Mestre Mateo. Indícase que este marco no que inserta o relato serve para facer un breve repaso histórico situándose na época de Alfonso IX de Galicia e X de Castela, a quen se considera un home cultivado que deixou unha xoia literaria como as *Cantigas de Santa María*.

Souto Castelo, Raúl, 'A ledicia de poder ler moito', *El Correo Gallego*, 'Fin de semana', 18 xaneiro 2004, p. 6.

Coméntanse catro libros do autor Alfonso Rey López e danse unhas pinceladas de cada un deles co ánimo de que sexan lidos. Dise do primeiro, *A verdadeira historia de Pepe do Rego* (2003) que son trinta e cinco cantos que o escritor atribúe a Pepe López, o protagonista que encarna a épica do rural galego, vítima da emigración, a pobreza e a inxustiza. Do segundo, *Poemas eróticos* (2003), sinala que son vinte e nove composicións de carga amorosa máis ca erótica. Do terceiro, *Cancioneiro básico* (2003), afírmase que se trata dunha mestura de versos de variada composición formal e temática. Para rematar, recoméndase o único en castelán, *Triscar*, que lembra a Ovidio.

Souto, Xurxo, 'Un outono con Cunqueiro', *La Opinión*, *'El Domingo'*, 17 outubro 2004, p. 16.

Comentario de *Cunqueiro en la Radio* (1991), obra editada pola Fundación Barrié, onde se recollen os guións elaborados durante case tres décadas polo escritor para a radio. Xurxo Souto destaca os temas da vendima, a caza e a feira que Álvaro Cunqueiro trata facendo gala dunha gran erudición.

Valcárcel, Marcos, 'Máis voces do galeguismo', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Ourense:: Universo literario', 4 xaneiro 2004, p. 9.

Recolle os nomes de diferentes galeguistas ourensáns do período comprendido entre 1920 e a Guerra Civil, así como dos medios de comunicación nos que escribiron. Alexandre

Bóveda (Ourense, 1903 - Pontevedra, 1936) e Arturo Noguerol (Ourense, 1892 - a Coruña, 1936) son destacados por riba do conxunto.

Valcárcel, Marcos, 'Un ensaísta republicano', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Ourense, universo literario', 11 xaneiro 2004, p. 9.

Analízase a figura de Eloy Luís André (Mourazos, Verín, 1876 - Madrid, 1935), diferenciando o articulista entre a faceta ensaística en castelán deste escritor, derivada das súas funcións de docente, e a súa faceta poética, en galego.

Valcárcel, Marcos, 'Os mestres republicanos', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Ourense, universo literario', 18 xaneiro 2004, p. 9.

Marcos Valcárcel rememora a actividade xornalística dos mestres republicanos identificados coas ideas da Nova Ensinanza, destacando nunha das partes do artigo as colaboracións que moitos deles realizaban na revista *Nós*. A outra parte está dedicada a Albino Núñez (A Mesquita, 1901 - Ourense, 1974), mestre e xornalista que publicou ensaios en galego e que traduciu a Antonio Machado.

Valcárcel, Marcos, 'Versos e retratos campesiños', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Ourense:: Universo Literario', 25 xaneiro 2004, p. 9.

Céntrase na obra *Arelas irtas* (1930), de Luis Madriñán Neira (¿?- Ourense, 1933). Descríbese esta colección de poemas e prosas como costumista e de certo "alento patriótico". Tamén se fai referencia á familia do escritor e á súa relación co mundo das letras.

Valcárcel, Marcos, 'A defensa do noso patrimonio', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Ourense, universo literario', 8 febreiro 2004, p. 9.

Marcos Valcárcel resume os traballos de Xesús Ferro Couselo (Cordeiro-Valga, 1906 - Ourense, 1975), destacando a súa relación coa provincia de Ourense, onde dinamizou a vida cultural, creando, entre outros centros, o Arquivo Histórico Provincial. Tamén é tratada a súa biografía e o seu labor xornalístico.

Valcárcel, Marcos, 'Poetas de Ourense e América ', *Galicia Hoxe*, 'Ourense, universo literario', 15 febreiro 2004, p. 9.

Marcos Valcárcel céntrase nos poetas galego-arxentinos de comezos de século, dos que destaca a falta de referencias actuais na bibliografía galega. Traza un breve esbozo de quen foron e o que escribiron Xavier Bóveda e Francisco Luís Bernárdez.

Valcárcel, Marcos, 'Carlos Velo: cineasta e escritor', *Galicia Hoxe*, 'Ourense, universo literario', 22 febreiro 2004, p. 9.

Rememórase a figura do director de cinema Carlos Velo (Pereiros, 1909 - México, 1988) e destácase a súa contribución á literatura galega con *Memoria erótica* (1998). Marcos Valcarcel subliña a novidade de enfoque desta obra: unha aproximación dende o punto de vista erótico aos seus recordos.

Valcárcel, Marcos, 'Ben-Cho-Sey': o deber de amar o País galego', *Galicia Hoxe*, 'Ourense, universo literario', 14 marzo 2004, p. 9.

Céntrase na figura de Xosé Ramón Fernández - Oxea (Ourense, 1896 - Madrid, 1988), máis coñecido como *Ben - Cho - Sey* , e destácase como o seu *amor* militante pola terra se reflicte na súa obra, da que se salientan as súas achegas etnográficas.

Valcárcel, Marcos, 'Risco e Otero na posguerra', *Galicia Hoxe*, 'Ourense, universo literario', 21 marzo 2004, p. 9.

Céntrase na actuación de Vicente Risco (Ourense, 1884 - 1963) durante a Guerra Civil e na súa afiliación ao golpe militar. En dúas partes, o articulista detense na evolución da obra de Risco nos anos posteriores á guerra e na actuación de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888 - Trasalba, 1963) nesa mesma época.

Valcárcel, Marcos, 'Allariz e o seu acomodador', *Galicia Hoxe*, 'Ourense, universo literario', 28 marzo 2004, p. 9.

Marcos Valcárcel lembra a contribución, ao seu ver esquecida pola crítica, de Marcial Suárez (Allariz, 1948- Aguieira, Porto do Son, 1996) á literatura galega coa súa obra *O acomodador e outras historias* (1969). Destaca nesta obra o protagonismo da terra natal do autor. Tamén se detén na figura de Ánxel Sevillano.

Valcárcel, Marcos, 'Santiago, o noso Fra Angélico', *Galicia Hoxe*, 'Ourense, universo literario', 4 abril 2004, p. 9.

Céntrase nas obras *Villardevós* (1961) e *O silencio redimido* (1976), de Silvio Santiago (Vilardebós, 1903 - ¿?, 1971). Da primeira obra, indícase que nela se recollen as experiencias da Guerra Civil no escritor. Da segunda, dise que se trata dun canto ao pobo natal do autor.

Valcárcel, Marcos, 'Tovar, berros en voz baixa', *Galicia Hoxe*, 'Ourense, universo literario', 11 abril 2004, p. 9.

Marcos Valcárcel fai un resumo da obra de Antón Tovar (Pereira, 1921), apoiándose para describila nas opinións dadas por outros críticos e na propia definición que dela fai o poeta. Destaca así mesmo os temas maiormente empregados polo escritor: a terra ou os personaxes queridos.

Valcárcel, Marcos, 'O poeta Xosé Conde berra contra a emigración', *Galicia Hoxe*, 'Ourense, universo literario', 18 abril 2004, p. 9.

Marcos Valcárcel céntrase nun poeta, ao seu ver, hoxe esquecido: Xosé Conde (Barbantes, 1918 - Ourense, 1990). Valcárcel destaca a pertenza deste escritor aos poetas da emigración e aproveita para recordar as figuras doutros dous membros das que el chama "voces de América", Xerardo Álvarez Gallego e Antonio Docampo.

Valcárcel, Marcos, 'Taboada, etnógrafo de Verín', *Galicia Hoxe*, 'Ourense, universo literario', 25 abril 2004, p. 9.

Fálase de Xesús Taboada Chivite (Verín, 1907 - Madrid, 1976) centrándose no seu labor de etnógrafo, historiador e arqueólogo. Tamén se destaca o feito de que fora discípulo de Florentino Cuevillas.

Valcárcel, Marcos, 'As irmás Pura e Dora Vázquez, poesía e sonoridade', *Galicia Hoxe*, 'Ourense, universo literario', 2 maio 2004, p. 9.

As irmás Dora Vázquez (Ourense, 1913) e Pura Vázquez (Ourense, 1918) son as protagonistas deste artigo de Marcos Valcárcel. Destácase o paralelismo que, ao modo de ver do articulista, sempre se puido estabelecer na traxectoria vital e literaria de ambas as dúas escritoras, así como o interese que tiveron por unha temática campesiña.

Valcárcel, Marcos, 'Sebastián Martínez-Risco', *Galicia Hoxe*, 'Ourense, universo literario', 6 xuño 2004, p. 6.

Marcos Valcárcel revisita a figura de Sebastián Martínez - Risco (Ourense, 1899 - A Coruña, 1977), quen foi presidente da Real Academia Galega entre 1960 e 1977 e autor de ensaios en galego ou sobre Galicia.

Valcárcel, Marcos, 'O rebelde Celso Emilio', *Galicia Hoxe*, 'Lecer/Ourense, universo literario', 13 xuño 2004, p. 6.

Resúmese a obra de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912 - Vigo, 1979). Outórgaselle especial interese ao compromiso da mensaxe da súa obra poética e ao feito de que a súa produción se acabou convertendo nunha "consigna" política.

Valcárcel, Marcos, 'Eduardo Blanco Amor. Escritor e cidadán', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 20 xuño 2004, p. 6.

Marcos Varcárcel repasa a obra literaria de Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897 - Vigo, 1979) e detense na súa relación con Ourense e no reflexo que esta cidade ten na súa produción literaria.

Valcárcel, Marcos, 'A saga dun afiador da escrita', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Ourense, universo literario', 27 xuño 2004, p. 6.

O articulista repasa a obra de Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 1931), autor que sobresae, segundo el, por introducir temas e estilos non antes tratados na literatura galega. Destaca entre toda a súa produción *Agosto do 36* (1991), a quen dedica unha das dúas partes do artigo. A segunda parte está dedicada a unha biobibliografía do escritor.

Valcárcel, Marcos, 'Xulio Francisco Ogando. Un home liberal, pero católico', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Ourense, universo literario', 25 xullo 2004, p. 6.

Repaso pola traxectoria biobibliográfica de Xulio Francisco Ogando Vázquez (Ourense, 1913), Fernández Gallego (Ourense, 1886, Ourense, 1962) e José Luís Varela (Ourense, 1924). De Xulio Francisco Ogando achega unhas notas da súa vida, citando o seu discurso de ingreso na RAG, lido en 1980, "Tres fitos na historiografía da lingua galega: 1768, 1868, 1968". A seguir, indica que a súa obra de investigación abarcou temas como o estudo de xuristas, o mundo do libro e a bibliofilia, e o dos mestres e ilustrados desde o século XIV ao XVIII, e os estudos sobre diversos escritores galegos. Achega os títulos máis destacados como son *Los grandes juristas gallegos* (1954) ou *As "Lerias no adro" de Castelao* (1975). Finaliza cun extracto do prólogo que elaborou para á reedición de *La Centuria* (1981). A continuación, Marcos Valcárcel realiza o mesmo traballo con José Luís Varela. Indica que foi director entre 1945 e 1946 da revista ourensá *Posío* e que é autor dun cento de estudos literarios, un gran número dos cales son sobre escritores de literatura galega. Logo de citar algúns deses estudos conclúe este apartado cun fragmento no que rememora os tempos da revista *Posío* que está incluído na reedición publicada polo Centro Ramón Piñeiro en 1995. Finaliza con Fernández Gallego destacando, por exemplo, que en 1929 creou e dirixiu o semanario *Heraldo Orensano*, que logo pasaría a ser dirixido por Ricardo Outeiriño e a denominarse *Heraldo de Galicia*. Indica que nel traballaron como colaboradores Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo ou Antonio Noriega Varela, por exemplo. Tamén se di que Fernández Gallego realizou diversos ensaios sobre Valentín Lamas Carvajal, José García Mosquera e Manuel Curros Enríquez.

Valcárcel, Marcos, 'Alonso Montero, o profesor', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Os escritores do século', 26 setembro 2004, p. 6.

Panorámica da vida e a obra do profesor Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928). Ábrese o artigo mencionando que ingresou na Real Academia Galega en 1993. Entre outros datos, Marcos Valcárcel menciona que, entre os principais temas nos que fixo fincapé Alonso Montero dende os seus primeiros escritos, destacan Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Otero Pedrayo ou Valentín Lamas Carvajal. Destácanse ademais as referencias á terra dos pais. A continuación, cítase a súa produción como ensaísta no eido da lingua e a literatura galega. Conclúe cun poema da obra *Versos satíricos (para hoxe)* da autoría do propio Alonso Montero.

Valcárcel, Marcos, 'Con pólvora e magnolias', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Ourense, universo literario', 3 outubro 2004, p. 6.

Repaso pola vida e a obra de Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938). En primeiro lugar comenta *Con pólvora e magnolias* (1976), mencionando o feito de que xa pasaron vinte e oito anos dende que se publicou. A seguir, realiza un repaso pola resto da súa produción no eido da poesía galega, chamando a atención sobre *Estirpe* (1994), da que di que "é un volume clave na poesía galega do século XX". Entre as súas principais características destaca a estética vangardista, a poetización da paisaxe, a reinvención da lingua e a vontade de entroncar co alento pondaliano. Marcos Valcárcel cita as obras nas que Ferrín fai referencia a Ourense e analiza a narrativa ferriniana comezando por *Percival e outras historias* (1958) e rematando con *No ventre do silencio* (2000), última novela que publicou e que obtivo o "Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega". A continuación, comenta brevemente os seus ensaios e os traballos de investigación destacando *O cancioneiro de Pero Meogo* (1966), *De Pondal a Novoneyra* (1984) e o seu discurso de ingreso na RAG. Informa de que dirixe a revista *A Trabe de Ouro* e de que escribe unha columna bisemanal no *Faro de Vigo*. Finaliza, achegando a lista de estudos que existen sobre a obra de Ferrín e presentando uns poemas de temática ourensán de *Con pólvora e magnolias*.

Valcárcel, Marcos, 'Un contador de historias', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Ourense, universo literario', 10 outubro 2004, p. 6.

Amplo repaso pola vida e a obra de Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002). Comézase por dar conta da súa produción como escritor, indícase que sempre buscou a sinxeleza elaborada e coméntase o libro de relatos *Vento ferido* (1967) e as novelas *Cambio en tres* (1969) e *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), "Premio XXV aniversario da Editorial Galaxia". A seguir, comenta os seus escritos xornalísticos en *La Región* e *La Voz de Galicia*. Logo de mencionar *Un país de palabras* (1998), continua comentando as obras que Casares realizou dentro da literatura infantil, do teatro para nenos e das traducións. Cítanse *A galiña azul* (1968), *A laranxa máis laranxa de tódalas laranxas* (1973) e a súa tradución de *O principiño*, de Saint-Exupéry (1972). Na última parte do artigo fálase das "novelas de acento ourensán" destacando *Os escuros soños de Clío* (1979), *Ilustrísima* (1980), *Os mortos daquel verán* (1987), *Deus sentado nun sillón azul* (1996) e, a súa novela póstuma, *O sol do verán* (2002). Tamén se dá conta da súa produción como investigador literario, onde se destacan as biografías *Curros Enríquez* (1980), *Vicente Risco*

(1981) e *Otero Pedrayo* (1981), e os libros *Poesía completa de Curros Enríquez* (1992), *Conversas con Ánxel Fole* (1984) e *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia* (1991). Finaliza cun anaco da obra *Deus sentado nun sillón azul*.

Valcárcel, Marcos, 'Nova fornada ourensá', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Ourense, universo literario', 17 outubro 2004, p. 6.

Repasa as traxectorias literarias de Millán Picouto, Cesáreo Sánchez Iglesias e Manuel Outeiriño, novos escritores ourensáns. De Millán Picouto, logo de repasar toda a súa obra, consistente en máis de vinte volumes que inclúen comedias, traxedias e obra lírica, comenta as principais características dos seus escritos. Entre as súas características destaca a vontade de diálogo coas grandes culturas de todos os tempos e a forza expresiva. De Sánchez Iglesias, logo de repasar a súa extensa obra, fai mención a que se lle outorgou o "Premio Esquío de poesía" co libro *O Rumor do Distante* (2001). Finalmente, de Manuel Outeiriño, efectúase tamén un repaso pola súa traxectoria como ensaísta tradutor, poeta, investigador e xornalista. Destácase, por exemplo, que a súa poesía ten como principais características estar inzada de referencias intertextuais e de trazos culturalistas.

Valcárcel, Marcos, 'Memoria ourensá de Blanco Amor e historia do roteiro 'A esmorga', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, 25 novembro 2004, p. 11.

Comeza informando da orixe do Roteiro *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, convocado dende 1997 polo Club Cultural Alexandre Bóveda e o Concello de Ourense. Indícase que toma como idea o *Boomsday*, día no que os seguidores do *Ulises* de James Joyce peregrinan literariamente polas rúas de Dublín. Dáse conta de cómo se elaborou un roteiro baseado na obra de Blanco Amor polas rúas de Ourense e infórmase de que para tal fin Afonso Monxardín e o articulista realizaron o primeiro folleto *Roteiro literario de A esmorga. Espazos urbanos da novela de Eduardo Blanco Amor*. A seguir, analízase polo miúdo en qué consiste este proxecto e infórmase de cómo evolucionou. Despois de facer mención ao grande éxito do Roteiro Valcárcel repasa outras actividades que levou a cabo o Club Alexandre Bóveda lembrando a Blanco Amor, mencionando, por exemplo, a elaboración dos volumes *Eduardo Blanco Amor Fotógrafo* (1993) e *O fillo da florista. 34 retratos de Eduardo Blanco Amor* onde se recolle unha parte do fondo fotográfico do escritor. Conclúe anunciando o acto, organizado polo PENClub, no que se lle renderá homenaxe no vinte e cinco aniversario do seu pasamento.

Valcárcel, Marcos, 'Antón Riveiro Coello. O escritor da Limia', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Feitizo de sons', 5 decembro 2004, p. 6.

Repásase a obra do escritor Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) que se considera unha firme figura das letras galegas conseguida cunha interesante obra da que se dá conta polo miúdo. Destácanse os seus libros de relatos *Parque central* (1996), *Airadas de palabras* (1998) ou *Animalia* (2000), todos merecedores de importantes premios que deron a coñecer a este autor. Lémbranse tamén as súas incursións na novela con *Valquiria* (1993),

A historia de Chicho Antela (1997), *A quinta de Saler* (1999), *Homónima* (2000) e *As rulas de Bakunin* (2000), obras que tamén foron premiadas con destacados galardóns literarios. Indícase que dos textos de Coello se desprende certa débeda estilística de Xosé Luís Méndez Ferrín, así como, coa imaxinación e o mundo do marabilloso partícipe dalgúns relatos, certa achega a Álvaro Cunqueiro. Na súa produción tamén se atoparían, segundo o articulista, outros acenos á literatura, por exemplo, a Kafka.

Valcárcel, Marcos, 'Ramón Caride Ogando', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Ourense, universo literario', 19 decembro 2004, p. 6.

Achégase á figura do poeta e narrador Ramón Caride Ogando (Cea, 1957) do que se destaca que, ademais, participa en varias iniciativas a favor da cultura galega asinando en diversas revistas, en volumes colectivos ou en xornais. Como poeta, destácanse os textos *Paisaxe de verde chuvia* (1986), *Tudo quanto ha no mundo* (1989), *Cerne das labaredas* (1994), *Flor no deserto* (1995) e *Xeografía do sal* (1999). Recórdase que tamén cultivou o xénero narrativo con gran mestría o que leva a consideralo un dos máis innovadores autores como se mostra nos seus libros de relatos: *Os ollos da noite* (1990), *Crónica de sucesos* (1991), *Lumefrío* (1994) e *Fendas no templo* (1995). En canto á súa produción novelística recórdase que con *Soños eléctricos* (1992) foi premio Blanco Amor de 1992 e que con *Sarou*, obra grazas á cal obtivo o premio Café Dublín, tratou o tema do narcotráfico nas Rías Baixas. Para finalizar, noméanse os textos cos que engaiolou ao público infantil: *Perigo vexetal* (1995), *Ameaza Antártida* (1997) e *As aventuras de Said e Sheila* (2001).

Valcárcel, Marcos, 'O tren humano de Tovar', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 24 decembro 2004, p. 40.

Reflexiónase sobre a xornada de Noiteboa e lémbrase que é unha data que inmortalizou Antón Tovar no poema "El tren humano" que se pode ler no seu libro de versos *El tren y las cosas* (1960). Indícase que para este autor era unha noite de ledicia encabezada pola figura de seu pai e deséxase que na actualidade haxa moitos nenos e nenas que nun futuro lembren esta celebración con cariño.

Valcárcel, Marcos, 'A cidade medieval', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Ourense, universo literario', 26 decembro 2004, p. 6.

Infórmase dunha serie de libros que achegan ao lector ao mundo medieval fundamentalmente en terras ourensás. Cítanse autores como Xesús Ferro Couselo, Olga Gallego, Emilio Duro Peña ou Miguel A. González García, pero de entre todos destácase a Anselmo López Carreira (Vigo, 1951) do que se recomenda o título *Ourense no século XV. Economía e sociedade urbana na Baixa Idade Media* (1991). Enténdese que é unha obra sintética e didáctica apta para un uso non especializado e de carácter divulgativo que permite recuperar os nomes das rúas medievais, as zonas de cultivo do viño, a importancia dos xudeus e os oficios artesanais que se desempeñaban na cidade.

Valcárcel, Xulio, '(Cito), de Emma Couceiro', *El Ideal Gallego*, *'La Galería'*, nº 294, 'Páxina literaria', 25 xaneiro 2004, p. 4.

Xulio Varcárcel escribe a crónica da presentación de *(Cito)* (2003), de Emma Couceiro (Cospeito, 1977), para logo adentrarse nunha descrición valorativa do poemario.

Valcárcel, Xulio, 'Ancoradoiro', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 8 febreiro 2004, p. 4.

Xulio Varcárcel analiza a obra *Ancoradoiro* (2003), do poeta Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950). O articulista considera que este poemario é unha obra dunha alta calidade, "poesía en estado puro".

Valcárcel, Xulio, 'Obra poética de Rivas', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 22 febreiro 2004, p. 4.

Xulio Valcárcel comenta a produción poética de Manuel Rivas (A Coruña, 1957), obra ao seu modo de ver escurecida pola importancia e polo impacto da súa obra narrativa e xornalística. Considera igualmente destacábel que o escritor se centre nunha temática sobre a xente "humilde".

Valcárcel, Xulio, 'Os meus ollos', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 29 febreiro 2004, p. 4.

Recensiónase a obra *Os meus ollos* (2003), de Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957). Considérase que a novela mestura a crónica persoal, familiar, coa crónica dunha vila, que dá lugar a "unha sagaz, divertida, irónica e denunciadora crítica duns anos deficitarios".

Valcárcel, Xulio, 'Memorias de Fernández del Riego', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 21 marzo 2004, p. 4.

Xulio Valcárcel destaca a importancia como testemuño de *Camiño Andado* (2003), memorias de Francisco Fernández del Riego. Finalmente incide na calidade literaria do texto.

Valcárcel, Xulio, 'Antoloxía consultada', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 28 marzo 2004, p. 4.

Xulio Valcárcel destaca a natureza da obra *Antoloxía consultada da literatura galega* (2003), para a que o coordinador Arturo Casas realizou un traballo de enquisa previa entre diferentes colectivos (xornalistas, profesores, escritores...) coa intención de acadar a listaxe

de obras seleccionadas. Así mesmo, subliña a importancia da casa editora, que tomou a cargo a edición dunha obra custosa sen o apoio de axudas oficiais.

Valcárcel, Xulio, 'O exilio galego', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 4 abril 2004, p. 4.

Xulio Valcárcel comenta *O exilio galego: un mapa de cicatrices* (2003), de Xosé Luís Axeitos (Rianxo, 1945), libro que considera de "necesaria e proveitosa lectura" e que inscribe nunha recuperación da memoria. Subliña a distinción que Axeitos fai entre emigrantes e exiliados, o que diferencia as súas propostas; así como a aproximación ás diferentes figuras do exilio que tenta o autor.

Valcárcel, Xulio, 'Álvaro de las Casas', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 18 abril 2004, p. 4.

Xulio Valcárcel dá conta da biografía que Uxío Breogán Diéguez Cequiel vén de publicar sobre Álvaro de las Casas (Ourense, 1901 - Barcelona, 1950), *Álvaro de las Casas. Biografía e documentos* (2003). Destaca que este libro cubre un baleiro sobre unha figura ao seu ver verdadeiramente interesante polo seu percorrido político, ao que o autor fai unha completa referencia.

Valcárcel, Xulio, 'As cidades mergulladas', 'Páxina literaria', 25 abril 2004, p. 4.

Xulio Valcárcel lamenta o descoñecemento da obra poética de Xosé Miranda (Lugo, 1955), autor que permaneceu sen publicar ningunha obra durante preto de vinte anos a pesar, segundo o autor, da súa calidade. Felicítase, xa que logo, da edición dunha antoloxía da súa poesía baixo o título de *As cidades mergulladas. Poesía reunida 1973-2002* (2003).

Varela, Ángel, 'O que din os rumorosos no século XXI', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 83, 'En portada', 23 outubro 2004, p. 3.

Co gallo da edición en CD, pola empresa Ouvirmos, da primeira gravación completa conservada do Himno de Galicia, realizada polo Coro Toxos e Froles de Ferrol en 1922, realízase unha panorámica da intrahistoria do Himno de Galicia. Ángel Varela finaliza cun apartado titulado "¿Restaurar o himno ou deixalo como está?" onde dá conta da polémica orixinada logo do descubrimento de Manuel Ferreiro de que o manuscrito orixinal de Pondal non coincide coa letra oficial, estudos que foron publicados en 1997 baixo o título *De Breogán aos Pinos*.

Ventura, Joaquim, 'Poetas nacionais', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 65, 8 xaneiro 2004, p. 1.

Faise unha análise comparativa das literaturas galega e catalana dende o Rexurdimento e a Renaixença partindo dos seus poetas máis representativos. Segundo o autor, Rosalía de Castro, Castelao e Celso Emilio Ferreiro serían os poetas nacionais galegos. Para o caso catalán, adúcense as figuras de Jacint Verdaguer e Miquel Martí i Pol.

Ventura, Joaquim, 'Neotrobadorismo', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 72, 26 febreiro 2004, p. I.

Reflexión sobre o neotrobadorismo na poesía galega a propósito da reedición de *Dona de corpo delgado*. Afirma que, en contraste coas outras literaturas peninsulares, no sistema galego estaba moi presente o modelo popular, polo que a asunción da lírica medieval, no seu momento, foi feita en clave vangardista. Subliña a creación dunha nova realidade a partir dos soños, como acontece na poesía de Álvaro Cunqueiro, na que son evocados tempos e espazos pasados ou irreais.

Ventura, Joaquim, 'Pobos na procura de escritores símbolo', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 47, 6 marzo 2004, p. 5.

Joaquim Ventura afonda na conversión de diferentes autores en símbolos de ideas políticas, ou dos intereses dun pobo, tomando a figura de diferentes escritores cataláns e galegos. Entre os galegos nomea a Rosalía de Castro, Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas e Celso Emilio Ferreiro.

Ventura, Joaquim, 'James Joyce en Galiza', *'Faro da Cultura'*, nº 74, 'Letras do noso tempo', 11 marzo 2004, p. II.

Rememórase o tratamento que a revista *Nós* fixo das letras estranxeiras, concluíndo que, exceptuando o caso das literaturas catalá, francesa e irlandesa, o tratamento foi irregular. Subliña, como a achega máis importante, a tradución de *Ulysses*, de James Joyce (Dublín, 1882- 1941), que apareceu en 1926 na revista.

Ventura, Joaquim, 'O neotrobadorismo de Cunqueiro', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 51, 'Lecturas', 3 abril 2004, p. 10.

A reedición en 2003 de *Dona de corpo delgado*, de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911 - 1981), permítelle a Joaquim Ventura reflexionar sobre as diferentes solucións que os poetas atoparon a comezos do século XX para superar as formas anteriores.

Vidal Villaverde, Manuel, 'O crepúsculo e as formigas', *Atlántico Diario*, 'Musas', 28 novembro 2004, p. 48.

Dá conta da reedición do libro *O crepúsculo e as formigas* e analiza os temas fundamentais articulados polos once relatos que compoñen o volume. Salienta que os textos que integran a obra recrean "un ambiente abafante, enrarecido, inzado de enigma, de misterio, de sordidez, de violencia, de medo", un mundo entre a realidade e a fantasía onde as persoas, movidas por un destino tráxico, se transforman en formigas. Así pois, na opinión do crítico, o libro constitúe un referente imprescindíbel da literatura galega contemporánea, en tanto que resulta un dos títulos con que a narrativa galega se incorporaba á modernidade europea propia do momento da súa publicación orixinal.

Vidal, Carme, 'Os poetas do 90 entran na Universidade', *A Nosa Terra*, nº 1.112, 'Cultura', 15 xaneiro 2004, p. 21.

Carme Vidal dá conta das conclusións de Miguel Louzao sobre os poetas galegos dos anos noventa, recollidas na tese doutoral que este vai presentar (*Letras de Cal na producción poética galega).* Louzao conclúe que os autores dos noventa, ante unha situación que lle era adversa, tentaron novas vías, como a colectivización da publicación ou o achegamento da poesía a novas tribunas, que ademais se converteron nas súas propias características xeracionais.

Vieites, Manuel F., 'Teatro e políticas editoriais', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 69, 'Teatro', 5 febreiro 2004, p. II.

Manuel F. Vieites reflexiona sobre as necesidades que a creación dunha Escola Superior de Arte Dramática en Galicia podería crear e de como o galego se podería converter na lingua de comunicación e aprendizaxe da mesma.

Vieites, Manuel F., 'Memorial da tortura', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 77, 'Libros', 1 abril 2004, p. V.

Comeza Manuel F. Vieites por preguntarse sobre a relación que os escritores e a literatura deben manter coas situacións de violación dos Dereitos Humanos, para logo centrarse en *Pedro e o capitán*, de Mario Benedetti (Tacuarembó, 1920), que Francisco Pillado traduciu en 2003 ao galego. Destaca desta obra a súa natureza de "denuncia da barbarie".

Vieites, Manuel F., 'Retratos de todos nós', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Libros', 8 abril 2004, p. IV.

Coméntase *Ñiquiñaque. O último roedor* (2003), de Cándido Pazó (San Paio de Navia, 1960) e indícase que é unha obra formada por dous textos independentes escritos para ser representados no teatro. O articulista destaca como, esta natureza teatral, incide nas características dos textos, para logo facer un breve resumo do argumento de cada un deles.

Vieites, Manuel F., 'No enterro de Molière', *Faro de Vigo*, 'Libros', 15 abril 2004, p. IV.

Manuel F. Vieites explica o argumento de *Molière final* (2003), que trata os sucesos inmediatamente posteriores á morte de Molière. Destaca como esta obra, gañadora do "Premio Álvaro Cunqueiro de Literatura Dramática 2002", pode ser vista como un reflexo de moitas das "liortas que se viven no campo das artes, da cultura, da política".

Vieites, Manuel F., 'Edipo liberado', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 100, 'Teatro', 18 novembro 2004, p. VIII.

Despois de efectuar unha profunda análise do mito de Edipo, onde se repasan diversas interpretacións, coméntase a versión editada por Miguel Anxo Mato Fondo e realizada por Manuel María. Nela debúxase, segundo o articulista, a un Edipo, que xunto coa súa filla Antígona, son símbolo de liberdade fronte aos deuses e o Estado corrupto.

Villalaín, Damián, 'Historia da dramaturxia', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 71, 'Libros', 19 febreiro 2004, p. V.

Coméntase a obra *A configuración do sistema teatral galego (1882- 1936)* (2003), de Manuel F. Vieites (Lorbé, 1956). Destácase a aproximación deste libro a un tema até agora tratado de forma secundaria e a recuperación que nel se fai de nomes xa descoñecidos.

VV. AA., 'Manuel María (1929-2004)', *El Progreso*, 'Documentos', 10 setembro 2004, pp. 1-8.

Suplemento especial que o xornal lugués publica con motivo do falecemento do poeta chairego Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004). Neste suplemento, que acolle numerosas colaboración de diversos persoeiros da cultura galega, faise unha breve referencia á traxectoria vital e profesional do poeta e dáse conta dos actos organizados ao redor do seu funeral; inclúese, asemade, imaxes e fotografías do poeta. Deseguido, damos conta dos artigos recollidos neste suplemento:

-Camilo Gómez Torres, "Aportacións", p. 3.
Destaca como principais características de Manuel María a incesante loita que levou a cabo pola normalización e o fortalecemento da cultura galega, a súa achega ética (destacando valores como a congruencia dos seus actos, a honestidade, a tolerancia, etc.) e gran a diversidade da súa creatividade literaria, que abrangue a poesía, a narrativa, o teatro, o ensaio, o xornalismo, traballos de divulgación, etc.

-Darío Xohán Cabana, "Unha casa aberta", p.3.

Loa a poesía de Manuel María e iguala a súa figura á de Ramón Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Celso Emilio ou Álvaro Cunqueiro. A seguir relata como o coñeceu e o moito que significou para el.

-Jaureguizar, "O home que se parecía moitísimo a unha chaira", pp. 4-5.

Comeza indicando que o poeta Manuel de Paderma, que traballaba na súa casa, foi o primeiro e o que con máis forza influíu nel. A seguir sinala que *Muiñeiro de brétemas* (1950) foi o primeiro libro publicado tras a Guerra Civil en galego por un debutante. A seguir conta a gran importancia que tivo para el a súa estadía en Santiago durante dúas décadas. Alí participou en diversos faladoiros literarios onde coñeceu aos intelectuais da época. En 1959 casou con Saleta Goi con quen rexentou a librería Xistral, nome que dou título a unha colección de poesía que dirixiu xunto con Ángel Johán e que serviu de plataforma de lanzamento a moitos poetas. Tamén se indica que participou nun gran número de actividades políticas e culturais (cabe destacar que participou cos neotrobadores da Nova Canción Galega) e que colaborou na prensa. Indícase que a súa galeguidade foi recoñecida publicamente en 1995 cunha homenaxe que lle tributou a Asociación Socio-Pedagóxica Galega e, sobre todo, no 2003 cando ingresou na RAG. A seguir saliéntase o feito de que cultivou todos os xéneros literarios, consciente de que era preciso unha diversificación do galego. Cítanse e coméntanse brevemente as súas obras e remata indicando que as chairas que percorreu de neno marcaron a súa vida e a súa obra.

-Manuel María, "Lugo marcoume para sempre", p. 6.

Artigo publicado en 1998 en *El Progreso* onde Manuel María lembra a súa infancia que o levou a ser "chairego, provinciano e diocesano lugués".

-José de Cora, "Morre o home, nace o poeta", p. 6.

Láiase pola morte de Manuel María e loa a súa poesía afirmando que "disfruta da música da natureza, da coherencia da razón e da sensibilidade do corazón".

-Ramón Reimunde, "Elexías á túa vida", p.7.

Elexía dedicada a Manuel María que comeza salientando o feito de que a primeira obra publicada de Manuel María foi *Muiñeiro de brétemas* e a última ía ser *As brétemas do muiñeiro*, pero o Instituto de Estudios Chairegos publicou *Elexías á miña vida pequeniña*, que permanecera cincuenta e catro anos inédito. Logo menciona a frutífera editorial da que era dono e director Manuel María e finaliza loando a súa poesía popular.

-Álvaro Sal, "Cando non atopo con quen falar escribo versos", p.7.

Extracto da entrevista con Manuel María que *El Progreso* publicou en 1997 na que o escritor realiza unha declaración de intencións indicando que escribe en galego porque o fai para a súa xente e para o seu país defende. Defende tamén o universalismo, que diferenza do cosmopolitismo e sinala que para el escribir non é unha competición e que o seu traballo de procurador o tivo en contacto coas miserias da vida e, para el, a "poesía é vida".

-Alfonso Blanco Torrado, "Deitareime silandeiro, humilde...", p. 7.

Denomínao o bardo da Terra Chá, destaca o que o seu compromiso con Galicia lle provocou, en ocasións, problemas coa xustiza. Menciona que Manuel María "naqueles tempos escuros" amosou a Terra Chá. Conclúe citando a obra *Os lonxes do solpor*.

-Froilán Varela, "O poeta volve a Santa Isabel", p.8.

Comenta o gran amor que sentía o escritor pola Terra Chá e menciona o feito de que, coincidindo co cincuenta aniversario de *Terra Chá*, Manuel María volve definitivamente á súa casa, xa que será enterrado na súa vila natal, *Outeiro de Rei*.

-Luís Rodríguez, "Corenta anos na *Xistral*", p.8.

Comenta a etapa na que o escritor viviu en Monforte, no Val do Lemos, onde abre unha librería, que rexentará a súa dona, Saleta Goy, e crea e dirixe a editorial Xistral na que se desenvolve a colección de poesía "Val de Lemos". Relata as súas andainas na política e sinala que a abandonou para ocuparse da poesía. Manuel María dedicoulle a Monforte, Pantón, Quiroga e Sober diversas composicións. Para rematar sinala que o escritor foi homenaxeado polo concello de Monforte, que lle dedicou unha rúa e o nomeou fillo adoptivo da cidade.

VV. AA., 'Un poeta, unha terra, unha fala', *Galicia Hoxe*, 'Suplemento especial', 10 outubro 2004, pp. 1-8.

Co gallo do pasamento de Manuel María, o xornal *Galicia Hoxe* realiza un suplemento especial no que participan diversas personalidades. Despois dun breve limiar no que se loa a súa figura aparecen, ademais de retratos e fotografías do finado, diversos estudos e creacións literarias dos que se dá conta a seguir:

-MARÉ, "O mago da grande chaira", p. 2.

Comeza denominando a Manuel María como "o mago Merlín chairego" xa que a paisaxe da Terra Chá marcou para sempre o seu destino. Dedicoulle, entre outras obras, un poemario en 1954 de ritmo popular e rimas sonoras e en 1982 o enxeño literario *Escolma de poetas de Outeiro de Re.* Tamén menciona as súas creacións existencialistas, onde destaca *Muiñeiro de brétemas* (1950), que foi o primeiro poemario publicado tras a Guerra Civil por un mozo. A seguir cita as diferentes vertentes da poesía que tocou destacando algunha das súas obras. Da poesía de compromiso social menciona *Cataventos de neutróns domesticados* (1979), da poesía erótica *A primavera de Venus* (1993), da poesía infantil *Os soños na gaiola* (1972). Tamén fala da súa faceta como autor dramático, onde salienta o *Auto do taberneiro* (1968), como ensaísta, *O futuro do teatro galego* (1968) e como colaborador en diversos xornais os seus traballos en *El Correo Gallego*. En total elaborou case cincuenta poemarios, que, en 2001, foron recollidos pola editorial Espiral Maior en dous volumes. Ademais tamén creou numerosos títulos noutros xéneros. A continuación realízase un repaso pola súa traxectoria política e remata indicando que a súa derradeira gran satisfacción foi o ingreso Real Academia Galega.

-EDITOR, "Xistral, símbolo dunha vida", p. 2.

Nota na que se destaca a faceta de Manuel María no mundo editorial. En 1949 crea a revista *Xistral* onde viron a luz os seus primeiros versos. Posteriormente, nos anos cincuenta, xorde a colección de poesía do mesmo nome que dirixiu xunto con Anxel Xohán. Nela participaron os principais poetas da época. En colaboración coa súa dona, Saleta Goi, crea, dez anos despois, unha editorial á que tamén lle dou o nome de Xistral, na que se creou a colección de poesía 'Val de Lemos', que foi unha das máis importantes nos derradeiros anos do fascismo.

-MARÉ, "A cidadanía no Panteón", p. 3.

Dá conta dos diferentes actos que terán lugar até o enterro de Manuel María e informa das diversas iniciativas que se levarán a cabo para homenaxealo como é a reedición de *Poemas en Compostela* por parte do Concello de Santiago e do Grupo El Correo Gallego, en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega. A seguir menciona os persoeiros máis destacados que foron amosar os seus respectos á capela ardente e recolle algúns testemuños.

-MARÉ, "Co país nas entrañas", p. 4.

Reflexión sobre as reaccións que provocou o pasamento de Manuel María e dos distintos testemuños de respecto que presentaron, ademais dos diferentes persoeiros e institucións culturais galegas, personalidades de distintas ideoloxías políticas. Recolle tamén as palabras de D.X. Cabana, do presidente da Real Academia Galega, X.R. Barreiro, do seu biógrafo, C. Gómez Torres, do editor M.A. Fernán Vello e do poeta Salvador García Bodaño nas que relatan as súas experiencias vitais co finado e loan a súa figura.

-Manuel María, "O Mariscal", p. 5.

Texto inédito de Manuel María que se ía publicar en *O Correo das Culturas* no que se dá conta da publicación dunha obra de Antón Xosé Meilán, que conta con ilustracións de Juan Puchades, e que foi patrocinado e editado pola Asociación Cultural "O mundo da Galea". Nela estúdase a figura do Mariscal Pedro Pardo de Cela. Finaliza cuns versos da súa propia autoría dedicados ao Mariscal.

-Xosé María Álvarez Cáccamo, "Manuel María, Aquí, en Galiza", p. 5.

Relata diferentes vivencias relacionadas con Manuel María, entre elas, como coñeceu a súa existencia dos beizos da súa nai. .

-Xoán Costa, "Manuel María e o ensino", p. 6.

Salienta o feito de que Manuel María, exceptuando un ano por motivos de saúde, participou sempre activamente nas Xornadas do Ensino, que organizan a AS-PG (Asociación Socio-Pedagóxica Galga) e CIG-Ensino dende hai case trinta anos tendo como principais obxectivos a galeguización do ensino e máis a renovación metodolóxica e didáctica.

-Medos Romero, "Hai camiños que atravesar sós", p. 6.

Composición poética dominada polo verso libre na que Medos Romero enxalza a figura de Manuel María, mencionando, entre outras características do escritor, o seu gran amor por Galicia.

-Manuel María, "As frases da vida", p. 7.

Selección de frases pertencentes a sete obras de Manuel María que representan toda a súa ideoloxía cultural e política.

-Darío Xohan Cabana, "A Manuel María", p. 7.

Composición poética onde se define a Manuel María como un gran amigo.

-Ánxel Fole, "Devalare e cantare", p.8.

Extracto de *Galicia Emigrante* publicado en 1954 onde se loa a obra *Terra Chá,* realizando un breve análise e indicando que non desmerece das outras creacións que realizou o escritor. Sinala que os versos son "sinxelos e fondos" e que Manuel María foi un dos máis "esgrevios segreles" de Galicia.

-Marica Campo, "Os carreiros da morte", p. 8.

Elexía polo pasamento de Manuel María onde se sinala que nun dos últimos poemas seus que viron a luz, "Os carreiros da morte", que apareceu na Biblioteca Virtual Galega, quizais o escritor xa intuía o que estaba por vir.

X.C., 'Xosé Chao Rego, tempo de homenaxe', *A Nosa Terra*, nº 1148, 'Cultura', 28 outubro 2004, p. 24.

Repásase a dilatada traxectoria do profesor, crego, escritor e galeguista Xosé Chao Rego (Vilalba, 1932) con motivo do simposio que se celebrará en Santiago sobre a súa figura e que está organizado pola Agrupación O Galo co apoio da Concellería de Cultura da cidade. Lémbranse os seus escritos sobre temas tan diversos como a teoloxía, o feminismo, a historia, a homosexualidade, o ecoloxismo, a identidade ou a antropoloxía. Iníciase a súa breve biografía no seu nacemento, coméntase o paso polo seminario ou a universidade e a data na que se converteu nun crego atípico que buscaba a proximidade cos seus fregueses e defendía dende o púlpito ideas democráticas que lle custaron desgustos coa Ditadura estabelecida. Finalmente, alúdese ao seu cambio firme cara ao galeguismo do que xa nunca puido desmarcarse e que dará lugar a libros tan importantes como *Eu renazo galego. Ensaio sobre a identidade galega* (1983) que sería finalista do Premio Nacional de Literatura.

X.C., 'Luís Seoane, vintecinco anos sen o artista integral', *A Nosa Terra*, nº 1.154, 'Cultura', 9 decembro 2004, p. 25.

Co gallo do vinte e cinco aniversario do pasamento de Luís Seoane, faise un repaso pola traxectoria vital e profesional desta figura da cultura galega. Sinálase que naceu o 1 de xuño de 1910 en Bos Aires, lugar ao que tivo que regresar en 1936 tras o alzamento militar; dáse conta da súa primeira exposición en 1929, cando formaba parte da Federación Universitaria Española; indícase que participou nas mobilizacións estudantís a prol da República e a reforma universitaria, e que en 1936 entrou a formar parte do partido de Castelao. A seguir, faise referencia ao continuo activismo social, político e cultural que presidiu toda a súa traxectoria vital e destácase o seu labor no Laboratorio de Formas, onde pintaba, gravaba, ilustraba, debuxaba, facía murais, teorizaba, etc. Finalmente, dise que o seu regreso de Arxentina producese en 1976 e a súa morre o cinco de abril de 1979, por causa dun derrame cerebral. Lémbrase tamén que se lle dedicou o Día das Letras Galegas en 1994 e laméntase a escasa difusión da súa obra, finalidade principal da fundación que leva o seu nome.

X.F., 'Reflexións encol da habitación', *'Culturas'*, nº 44, 'Letras en galego', 24 xaneiro 2004, p. 8.

Dáse noticia do segundo número da revista *0 monografías*, vinculada ao Colexio de Arquitectos de Galicia. Saliéntase a participación de Chus Pato, Anxos Romeo, Estevo Creus e Yolanda Castaño con cadanseu texto, así como o coidado formato da publicación.

X.F., 'As memorias do vello Sinbad', *Galicia Hoxe*, *'Culturas'*, nº 67, 'Lecturas de verán', 3 xullo 2004, p. 7.

Recóllense as palabras de Darío Xohán Cabana (Roás, Terra Cha, 1952) nas que recomenda como lectura de verán a obra de Álvaro Cunqueiro *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, onde "Cunqueiro puxo máis de si mesmo". Xohán Cabana tamén indica que son erróneas as críticas que clasifican a obra de Cunqueiro como "escapista", argumentando que bota man de personaxes e mitos da literatura universal. Indica que Cunqueiro sempre escribiu inspirándose en Galicia e que, os relatos das *Mil e unha noites*, xunto con toda a tradición árabe, tamén teñen a súa influenza. Pero continua dicindo, no básico, os soños literarios están emparentados en todas as culturas. Afírmase que a obra recomendada é un exemplo da antiga costume de "contar e escoitar historias".

X.F., 'O xornal 'Galicia' (1922-1926)', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 70, 'Letras en Galego', 24 xullo 2004, p. 12.

Afírmase que a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega e *A Nosa Terra* veñen de publicar un ensaio que achega ao lector o xornal *Galicia* (1922-1926). Indícase que nel se presentan uns primeiros capítulos nos que os autores "contextualizan á Galicia dos anos 20"; a seguir, céntrase na análise da publicación -aspectos formais, liña editorial,

publicidade, temas que trataba- e, finalmente, remátase coa semblanza dos colaboradores propios deste xornal, nomeadamente Valentín Paz Andrade, e cunha escolma de artigos.

X.G.G, 'Nerium e o mar como metáfora da vida e a morte', *A Nosa Terra*, nº 1.111, 'Cultura', 9 xaneiro 2004, p. 27.

Recensión da *Vogar de couse* (2003), de Alexandre Nerium (Fisterra, 1960). O articulista conclúe que é unha obra "non conseguida de todo pola ruptura de ritmo", producida ao seu ver polo uso dun mesmo tipo de verso de forma constante. Tamén destaca o emprego dunha linguaxe complexa, tomada da lingua dialectal e de diferentes formas arcaicas.

X.G.G, 'Un excelente Estevo Creus', *A Nosa Terra*, nº 1.112, 'Cultura', 15 xaneiro 2004, p. 27.

O articulista fai unha recensión de *Decrúa* (2003) de Estevo Creus (Cee, 1971). Considera o libro como un "excelente poemario" que invita a ser lido e relido. Destaca a linguaxe e a capacidade para transmitir a mensaxe da obra.

X.G.G, 'Antón Lopo e a vida cotiá', *A Nosa Terra*, nº 1.113, 22 xaneiro 2004, p. 27.

O autor analiza *Fálame* (2003), de Antón Lopo (Monforte de Lemos, 1961), un poemario no que considera que a intención de tratar o cotiá pola poesía resulta fallida.

X.G.G, 'Pereira Valcárcel, viaxe a ningures', *A Nosa Terra*, nº 1.115, 'Cultura', 5 febreiro 2004, p. 28.

Tras unha parte introdutoria na que o crítico se laia das condicións que poden facer pasar inadvertido a un novo libro, comeza a súa crítica de *Libro de viaxes* (2003) de Manuel Pereira Valcárcel. Conclúe de forma pesimista que o seu autor non ten nada que dicir.

X.G.G, 'Carlos Negro: a epopea de dous personaxes', *A Nosa Terra*, nº 1.116, 'Cultura', 12 febreiro 2004, p. 27.

O autor cualifica *Héleris* (2003), de Carlos Negro, de "excelente libro", acentuando como, a pesar do ton e tema da epopea, o autor consegue reflectir a monotonía e a mesquindade do cotián.

X.G.G, 'Avendaño, máis sinceridade que autenticidade', *A Nosa Terra*, nº 1.118, 'Cultura', 26 febreiro 2004, p. 27.

Coméntase *Texas* (2003), de Alberto Avendaño (Vigo, 1957), obra que o articulista xulga carente de "autenticidade, é dicir, pouca palabra poética". Lamenta as, ao seu ver, faltas de ritmo ou o emprego de palabras innecesarias.

X.G.G, 'X. L. Rúa, evocación, sen ritmo', *A Nosa Terra*, nº 1.119, 'Cultura', 4 marzo 2004, p. 27.

Laméntanse as faltas de ritmo e sinceridade que ao modo de ver do articulista presenta *Elexías do Camba* (2003), de Xosé Luis Rúa (Campobecerros, 1951).

X.G.G, 'Eduardo Estévez, poeta en seis leccións ', *A Nosa Terra*, nº 1.121, 'Cultura', 18 marzo 2004, p. 27.

Dunha forma irónica, X.G.G. comenta *Caderno apócrifo da pequena defunta* (2003), obra que considera caracterizada dun certo típismo poético. Para o crítico, o poemario caracterizase por "dicir nada".

X.G.G, 'O longo poema de X.Mª Álvarez Cáccamo', *A Nosa Terra*, nº 1.129, 'Cultura', 20 maio 2004, p. 27.

O autor felicítase coa publicación da obra poética completa de Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950). Recomenda vivamente a súa lectura, por tratarse dunha poesía que alcanza "a profundidade e mais a intensidade".

X.G.G, 'A esixencia de Vaqueiro', *A Nosa Terra*, nº 1.132, 'Cultura', 10 xuño 2004, p. 27.

Faise eco da publicación de *Traxectorias (1977-2002)* de Vítor Vaqueiro. Nela recompílase toda a súa obra poética, que consiste en cinco libros xa publicados máis dous inéditos, aos que se lles engaden as páxinas limiares que apareceron nas primeiras edicións. A obra tamén conta cun prólogo do propio autor onde reflexiona sobre a súa relación coa poesía. Comenta brevemente a obra e finaliza loando o proxecto que esta levando a cabo Espiral Maior consistente en publicar a obra completa dos escritores que pertencen a denominada "poesía dos oitenta", a que pertence *Traxectorias*.

V.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

Abelardo, Gabriel , 'Xan da Coba (creador de un idioma: trampitán)', *La Región*, 'Opinión', 14 maio 2004, p. 23.

Abórdase a figura de Juan de la Coba e Gómez, sinalando que inventou o Trampitán porque non atopaba as palabras precisas para a súa poesía no galego nin no castelán. Tamén se comenta que facía recitais privados das súas obras.

Abella, Emma, 'Luísa, in memoriam', *A Nosa Terra*, nº 1.120, 'Cartas', 11 marzo 2004, p. 6.

Breve panexírico incluído na sección de cartas ao director, no que Emma Abella evoca a figura de Luísa Villalta, salientando o moito que a botará de menos.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Instituto Castelao', *Galicia Hoxe*, 'A lúa nos beizos', 12 xaneiro 2004, p. 5.

Comézase discutindo o peso que Rosalía de Castro e Castelao teñen na representación da Galicia eterna, e ponse de manifesto que calquera dos escritores do Rexurdimento teñen a forza suficiente para cumpriren esta función que quizais tamén poidan cumprir figuras históricas que non tivesen que ver coa literatura. Deseguido, reclámase unha homoxeinización na letra do himno de Galicia, que entronca coa exposición e comentario da presentación que o líder do BNG Anxo Quintana fixo dun proxecto de creación dun Instituto Internacional Castelao, que tería unhas funcións para a lingua e cultura galegas semellantes ás que o Instituto Cervantes ten para o castelán e a cultura española e o Instituto Camoes para o portugués e a cultura lusa, prestando tamén atención aos lugares nos que a presenza social galega é moi importante.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Semana de Rianxo', *Galicia Hoxe*, 26 xaneiro 2004, p. 5.

Reivindícase máis recoñecemento cultural para Rianxo, ao nivel de Santiago ou de Padrón, por ser o berce de escritores como Castelao, Manuel Antonio ou Rafael Dieste, tan importantes para a nación galega e denúncianse determinados actos que van en detrimento da vida cultural da vila. Despois, infórmasenos do inicio da celebración do centenario do nacemento de Xosé María Brea Segade, do que se describe algúns datos da súa vida e obra, e se presentan os estudos que até o momento versan sobre el e os seus poemas. Por último, infórmase de que o inicio desta celebración será unha conferencia que terá lugar o derradeiro día da Semana de Rianxo (30 e 31 de xaneiro e 1 de febreiro).

Abuín de Tembra, Avelino, 'Suplemento', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 2 febreiro 2004, p. 5.

Despois de falar da mala situación que vive a lingua en relación ao país, o columnista encárgase de describir e de alabar o papel tan importante que ten o suplemento do xornal Galicia Hoxe -antes chamado *O Correo Galego- 'Revista das letras'* e 'Maré' como dinamizador cultural. Nel danse a coñecer títulos de libros, gañadores de premios, poemas, etc. Di que é tan importante o seu labor que até chega a ser unha desas pequenas cousas que

dá azos aos defensores da nosa cultura para seguir loitando na busca do lugar que lle corresponde.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Rosalía e Luís Aguirre', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 23 febreiro 2004, p. 5.

Achega á figura dun poeta de Padrón, case descoñecido, Luís Aguirre del Río (1839-1866), que poderá pasar a ser, xunto con Rosalía, 'o mellor poeta en castelán de Galicia do século XIX', xa que a súa colección de poemas aínda se está a analizar e estudar. Os seus poemas están maioritariamente dedicados a intelectuais da época e a persoas do seu entorno familiar e social, xunto a diversas mulleres que se presentan en abreviaturas, aínda que, sorprendentemente, non se fai ningunha mención a Rosalía, o cal, segundo Abuín de Tembra, 'non se comprende ben'.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Cela fronte a Rosalía', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 22 marzo 2004, p. 5.

Comeza o seu artigo referíndose á próxima colocación da estatua de Cela no Espolón de Padrón, lugar que se caracteriza pola súa "soberbia magnitude". Comenta, non sen certa retranca e en ton irónico cara á política cultural do Concello, que a vila se gaba da distinción de ter alí nacido un premio Nobel, empregando este reclamo como "valor de mercado" e "atracción turística" e antepoñendo sempre Cela a Rosalía, que queda rebaixada e oprimida. Segue a realizar unha aguda crítica contra as actuacións e as subvención que recibe a fundación CJC, a actitude de entrega absoluta e incondicional do poder central e do autonómico para con este escritor, sempre por proximidade ideolóxica. Afirma que a política e o poder están detrás de todo, e para demostralo o autor contrapón a procedencia de Cela e a de Rosalía, así como a situación actual de ambas as dúas fundacións. A gota que colma o vaso é a intención de situar a estatua de Cela fronte a fronte á de Rosalía, cando nada teñen que se dicir.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Axeitos na RAG', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 4 abril 2004, p. 5.

Fala do recente ingreso do profesor Xosé Luís Axeitos na RAG, que vén de ocupar a cadeira de Domingo García Sabell. Empeza gabando o formidábel traballo que Xosé Ramón Barreiro Fernández e Xosé Luís Axeitos fixeron en *Cartas a Murguía*. A continuación comenta a obra e a vida do novo académico, relacionándoo moi profundamente con Rianxo, e, por último, fai un repaso das críticas que se lle fan á Academia desde fóra.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Cela fronte a Rosalía (II)', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 5 abril 2004, p. 5.

Despois de expoñer o esquecemento no que quedaron os premios Nobel da literatura española, critícase profundamente a figura de Camilo José Cela. Primeiro faise un paralelismo oposto con Rosalía, porque, mentres que os recoñecementos que se lle fixeron á escritora padronesa partiron do pobo e de iniciativas populares, os de Camilo José Cela saíron da administración. E, despois, dise que Cela non era nada por obter un Nobel porque caeu no esquecemento e foi unha persoa que non fixo nunca nada nin por Padrón nin por Galicia.

Abuín de Tembra, Avelino, 'A terra desvalida', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 10 maio 2004, p. 5.

Neste artigo, Abuín de Tembra chama a nosa atención sobre o que el chama "a deserción" da terra. Fronte á simbiose home-terra que vén dende antigo e representa un trazo característico dos galegos, atopámonos agora cun desinterese e un abandono da terra que produce preocupación. O emblema da "Terra Nai", a idea de traballar a terra, parece que quedou hoxe reducido á agricultura de xardín e as leiras e agros están baldíos. Tamén se refire, de xeito crítico, non só ás actuacións da administración en cuestión de leis de expropiación de terras, mobilidade e transmisión, senón tamén aos campesiños que só esperan cobrar os cartos da espoliación. Preséntanos unha imaxe da "terra" totalmente desvalida e desprotexida.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Pardo Bazán e a RAG', *Galicia Hoxe*, 'Ventos Ábregos', 14 xuño 2004, p. 5.

Faise unha crítica á visión "empobrecedora" que rodea ao Día das Letras Galegas por homenaxear só a escritores que escribisen como mínimo unha obra en galego, deixando fóra a escritores tan célebres como Valle-Inclán, Emilia Pardo Bazán, etc. Fálase tamén das denuncias que a Mesa pola Normalización Lingüística fai cada vez que a RAG intenta facer algún tipo de acto sobre algún escritor galego que escribise só en castelán, e como, á súa vez, reclaman máis recoñecemento aos escritores lusos (Teófilo Braga, etc.). E remata expoñendo o caso de como as outras literaturas periféricas -vasca e catalana- por ser exclusivistas co tema da lingua o único que fan é empobrecerse, xa que ao non incluíren o tema das cantigas nos seus libros de textos, hai un descoñecemento do que foi este movemento cultural.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Nenia por Antonio Tovar', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 21 xuño 2004, p. 5.

Despois de mostrar a obra, en castelán e en galego, de Antonio Tovar, na que se albisca a evolución do castelán ao galego, Avelino Abuín detense a falar de *Arredores*, libro do escritor ourensán que o impresionou a primeira vez que o leu e que lle segue parecendo unha obra formidábel. Hai, polo tanto, unha loanza e unha descrición tanto do libro como do autor. Incluso nos chega a dicir que a idea de Tovar sempre triste e permanentemente deprimido non é exacta de todo.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Berce de escritores', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 12 xullo 2004, p. 5.

A partir da exposición e do catálogo 'Padrón, cuna de escritores', organizados polas fundacións Camilo José Cela e Rosalía de Castro, fai unha contraposición entre o que significaron as dúas figuras de orixe padronesa e critica tanto ao propio acto como a subordinación á que a Fundación Rosalía de Castro se someteu fronte á Fundación Camilo José Cela con este tipo de acto. Afirma que Cela naceu en Padrón e non fixo nada nin pola súa vila natal nin polo seu país, mais Rosalía, aínda que nada en Santiago, non se pode entender sen tomar como referente a Padrón e, ademais, loitou moitísimo polo súa lingua e o seu país.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Letras para Rosalía 2004', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 18 xullo 2004, p. 5.

Dá conta do cento dezanove aniversario do pasamento de Rosalía de Castro, que reuniu a unhas cincuenta persoas na Casa da Matanza. Lamenta que a participación nesta efeméride, que se celebra cada 15 de xullo, está decaendo nos últimos anos e critica que a exposición que estes días se expón na Casa Museo, 'Padrón, cuna de escritores', estea en lingua castelán. A seguir, reflexiona sobre a presenza, peso e influencia da lingua castelán na literatura.

Abuín de Tembra, Avelino, 'O prodixioso Nuco', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 23 agosto 2004, p. 5.

Sinala que Rianxo é unha xeografía de artistas e indica que Otero Pedrayo cualificou este concello como 'unha terra cantareira'; a seguir cita a numerosos músicos, escritores, pintores e escultores vinculados a Rianxo e dá conta dalgunhas das súas obras. Polo que respecta aos escritores cita a Daniel A. Castelao, Manuel Antonio, Rafael Dieste, Paio Gómez Chariño, Faustino Rey Romero, Xosé María Brea Segade, Xosé Arcos Moldes, Roxelio Pérez, Manuel Dourado, Xesús Santos e Xosé Ramón Brea Rei. No título do artigo faise referencia a Robustiano Losada Romero, Nuco, que era un prodixioso escultor.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Xulián Magariños', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 5 setembro 2004, p. 5.

Percorrido pola historia do Seminario de Estudos Galegos, dende a súa creación en 1923. Describe a súa estrutura en diferentes seccións, achega os títulos dalgundas das publicacións que se levaron a cabo e céntrase na figura de Xulián Magariños Negreira, de quen se está a celebrar o centenario. Fai un percorrido pola biografía deste persoeiro, do que lembra algún título narrativo, e destaca o seu labor como articulista.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Canción para Manuel María', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 12 setembro 2004, p. 5.

Evoca os artigos que Manuel María escribía nun xornal coruñés nos anos cincuenta e a impresión que lle causou a súa protesta pola degradación do patrimonio galego nun artigo titulado en galego. Tamén alude á correspondencia que mantiveron e céntrase na relación entre o Poeta da Terra Chá e Uxío Novoneyra, estabelecendo as principais diferenzas entre ambos, especialmente a través das súas descricións paisaxísticas. Repasa boa parte da súa obra dende *Muiñeiro de brétemas* ou *Terra Chá* até *O libro das baladas*. Lembra que en 1994 lle foi outorgado o Pedrón de Ouro e que neste home se recoñecía a fidelidade e lealdade a Galicia. Remata reproducindo como homenaxe ao autor finado algúns versos do *Libro dos pregos*.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Fariña Jamardo', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 13 setembro 2004, p. 5.

Con motivo da xuntanza anual das Damas e Cabaleiros Endovélicos, Abuín de Tembra achégase á figura de Xosé Fariña Jamardo, un dos fundadores desta asociación. Destaca del que é autor dunha abondosa obra literaria e tamén investigadora. Da súa faceta de narrador sinala obras como *Co sorriso nos beizos* (1969) ou *Pepiño* (2003), mentres que como poeta indica que publicara en 1957 *Carballiño, poemas ó xeito vello para unha vida nova,* e en 2003 *Coa alma espida*. Deste poemario explica que está composto por vinte e seis poemas escritos nos anos sesenta e setenta, que xa o tentara publicar Celso Emilio Ferreiro e que na actual edición conta cun prólogo de Xesús López Fernández. Da temática di que é un "libro de amor á terra e ó país", repasando algunhas das composicións e reproducindo abondosos versos.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Ramón Lorenzo', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 8 novembro 2004, p. 5.

Lembra a importancia literaria e intelectual que no pasado tivo Amaía, nome co que se coñece ás terras que abranguen os actuais Ortoño, Bertamiráns, Roxos, etc., e fala das importantes personalidades vinculadas a esta zona. Indica que, de todos eles, na actualidade só queda o seu máximo representante, o investigador, ensaísta, poeta, narrador e tradutor Ramón Lorenzo; realiza unha achega a algúns dos seus traballos, fala da súa vinculación con Eirapedriña, lugar no que reside, e lembra que Ramón Lorenzo foi galardoado co Premio Galicia de Investigación 2004, polo seu traballo de lingüística galega-portuguesa.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Pondal en Cospindo', *Galicia Hoxe*, 'Ventos ábregos', 5 decembro 2004, p. 5.

Destaca, en primeiro lugar, o feito de que gran parte dos grandes escritores de Galicia posúen na actualidade unha fundación, que polo xeral, carecen da pompa e do boato das

súas homónimas hispanas. Indica que, no ámbito da literatura galega, a máis antiga é a de Rosalía de Castro, seguida das de Curros, Otero Pedrayo, Cabanillas, Castelao e Losada Diéguez. Indica que proximamente se deberán crear os museos de Manuel Antonio e Rafael Dieste. A seguir chama a atención sobre o feito de que un dos tres grandes escritores do Rexurdimento, Eduardo Pondal, estivese marxinado neste sentido. A seguir informa de que a sede da nova Fundación Eduardo Pondal estará en Ponteceso, na que foi a casa rectoral de San Tirso de Cospindo.

Acuña, X. Enrique, 'Herbaluísa', *A Nosa Terra*, nº 1.120, 'Cultura', 11 marzo 2004, p. 24.

Bela homenaxe a través do lirismo das palabras que Acuña fai á persoa e obra de Luísa Villalta tras a súa morte. Defende que quedará para lembrala a súa obra, que o autor cualifica coma "unha aventura xeneracional e desexo de idioma".

Alcalá, Xavier, 'O poldro de Dumbría', *La Voz de Galicia*, 'Caderno da vida', 22 febreiro 2004, p. 11.

A través dunha visita a un colexio de Dumbría, que lle fai lembrar as antigas escolas de aldea, onde os nenos aínda falan con naturalidade familiar o noso idioma mantendo a continuidade identitaria do pobo, Xavier Alcalá reflexiona sobre o labor dos mestres na promoción da lingua propia e na incentivación da lectura e escritura en galego onde os nenos podan dar renda solta á súa imaxinación creativa.

Alcalá, Xavier, 'O gesto nao espúrio', *La Voz de Galicia*, 'Caderno da vida', 29 febreiro 2004, p. 17.

Relata a visita da escritora Nélida Piñón a Galicia como se dun conto se tratase. Primeiro sitúa a acción no salón de actos do Consello da Cultura Galega, flanqueada por Luís González Tosar e Víctor Freixanes, onde fala coa súa linguaxe característica que defende dende a súa literatura. Logo, a cea organizada polo Pen Clube, onde se falou de todos os temas posíbeis, arroupada por literatos, filólogos, xornalistas, historiadores, economistas... Finalmente, a despedida.

Alcalá, Xavier, 'Milagre en Compostela', *La Voz de Galicia*, 'Caderno da vida', 9 maio 2004, p. 6.

Xavier Alcalá mestura neste artigo de opinión dous mundos, o do fútbol, na Coruña, e o da literatura, a feira do libro de Santiago, á que el mesmo se dirixe, atopándose na estrada, en dirección contraria a aqueles que van presenciar o partido. Rematados os acontecementos cada un volta ao seu lugar de procedencia, "uns gañadores e outros perdedores", pero cunha sensación de andar sempre a contramán.

Aldán, Clara, 'Adiós al ambiente literario', *Diario de Pontevedra*, 'La figura', 18 xullo 2004, p. 26.

Comentario sobre a finalización da Feira do Libro en Pontevedra, no que a autora lembra algúns dos escritores que por alí pasaron e promete asistir de novo o vindeiro ano.

Alonso Montero, Xesús, 'Antía Cal de Beiras', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 48, 'Beatus qui legit', 14 2004, p. 9.

Fálanos dunha cea con Antía Cal de Beiras e co seu home Antón Beiras, dous galeguistas que fundaron en 1961 o colexio vigués Rosalía de Castro cuxas aulas tiñan entre as súas denominacións nomes de ilustres galeguistas como Castelao e Alexandre Bóveda. Esta cea foi posterior a un acto no que á convocante -a Antía Cal- se lle agasallaran versos, discursos, cancións, etc.

Alonso Montero, Xesús, 'Poeta feudal: 1901-1950', *La Voz de Galicia*, nº 44, 'A outra mirada', 17 xaneiro 2004, p. 19.

Trátase a Álvaro de las Casas como un escritor cun espírito ultrarreaccionario e cun feudalismo ideolóxico o que singulariza. Para iso fálase da análise que Alonso Montero fixera do seu poema *Beatus ille*, da biografía do escritor acabada de publicar por Galaxia, da autoría de Uxío Breogán Diéguez, e da segunda edición do libro de poemas *Sulco e vento* (1931, 1936).

Alonso Montero, Xesús, 'Akí Yerushalayim', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 44, 'Beatus qui legit', 24 xaneiro 2004, p. 8.

A partir da publicación do artigo "Traduksion al ladino de kantigas gayegas" de Xesús Alonso Montero que fala sobre Juan Antonio Saco y Arce na revista sefardí de Xerusalén *Akí Yerushalayim* cóntasenos a historia de Jos Nehama, interesado nas nosas cantigas e na nosa lingua, que provocou que José Luís Chao se interesas polo artigo e o publicase, e fálasenos de Saco e Arce como estudoso da literatura popular de tradición oral.

Alonso Montero, Xesús, 'Poetisa carlista', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 45, 'Beatus qui legit', 31 xaneiro 2004, p. 8.

Dáse conta do centenario do nacemento de Herminia Fariña, escritora que facía apoloxía do franquismo mais que Xesús Alonso Montero caracteriza máis de carlista ca de falanxista, polo contido dos seus poemas. Ao parecer, de catorce composicións que ten o seu libro *¡Por España y para España! (el libro del combatiente)* catro están en galego.

Alonso Montero, Xesús, 'Amor Ruibal, 1904, 1954', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 49, 'Beatus qui legit', 21 febreiro 2004, p. 9.

Montero fainos un retrato da figura de Amor Ruibal (1869-1930), intelectual estudoso de Filosofía e a Teoloxía, ao mesmo tempo que reclama un maior interese polo Ruibal filólogo e a súa obra en dous volumes *Los problemas fundamentales de la Filología comparada*, onde se compila todo o que naquela época se sabía sobre Lingüística xeral. Remata aludindo á súa primeira conferencia, que foi sobre este estudoso, baixo o título "Amor Rubial y las teorías en torno al origen del lenguaje", no Centro Galego de Madrid, alá polo ano 1954.

Alonso Montero, Xesús, 'Lázaro Carreter e o P. Sarmiento', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 52, 'Beatus qui legit', 13 marzo 2004, p. 6.

Alonso Montero centra a nosa atención na figura de Lázaro Carreter como un dos filólogos polos que sente máis admiración, sobre todo despois de ler a súa tese doutoral, *Las ideas lingüísticas en España durante el siglo XVIII*. Máis concretamente sinala que chamaron a súa atención as páxinas novidosas dedicadas ao filólogo galego P. Martín Sarmiento e as súas ideas lingüísticas no ámbito pedagóxico.

Alonso Montero, Xesús, 'A Soldadeira, ¿cando?', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 55, 'Beatus qui legit', 3 abril 2004, p. 6.

Tomando como referencia a celebración dunhas xornadas sobre Luís Seoane, Alonso Montero intenta facer unha aclaración sobre a súa obra teatral *La soldadera* (1957). Dinos que esta peza foi redactada en 1956 única e exclusivamente en galego. Deseguido, describe a obra (personaxes, característica, temática, etc.) e expón a opinión que no seu momento lle suscitou este drama histórico a Ramón Piñeiro, o cal recibira un exemplar das mans do propio autor. E, para rematar, fai unha alusión a Manuel Guede para que teña en conta unha posíbel representación desta obra polo Centro Dramático Galego.

Alonso Montero, Xesús, 'Neruda e os mestres galegos', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 56, 'Beatus qui legit', 17 abril 2004, p. 7.

Dáse conta da solidariedade de Pablo Neruda coa represión que os mestres galegos recibiron durante a época franquista. Para iso, Alonso Montero refírese a dous textos de Pablo Neruda: "A mis amigos de América" e "Canto en la muerte y resurrección de Lluís Companys".

Alonso Montero, Xesús, 'O extraordinario valor dos 'Seis poemas galegos' de Lorca', *La Voz de Galicia*, 'Análise', 11 maio 2004, p. 48.

Análise da noticia emitida pola axencia Efe dende París sobre a existencia de "el manuscrito de los seis poemas gallegos" de Lorca, que sairá a poxa o vindeiro día 13. Infórmanos do seu abraio e tamén entusiasmo tendo en conta que o coñecido até o de agora se atopa custodiado pola Deputación de Ourense e correspóndese co texto manuscrito que se imprimiu en Nós (Santiago) no 1935. Pese a algúns erros e imprecisións da información emitida, fálasenos do valor artístico do manuscrito que contén viñetas e debuxos de Lorca; do valor textual, segundo se aclara, darase conta ao cotexalo co "ourensán" e coa primeira copia impresa. Remata aludindo á existencia irrefutábel dun texto autógrafo dos poemas distinto do ourensán que "proban a adhesión de Lorca ao poemario galego" e sería un fracaso, pois, que as autoridades galegas voltasen de París sen o manuscrito.

Alonso Montero, Xesús, 'Na morte de Antonio Tovar', *La Voz de Galicia*, 'Obituario', 17 xuño 2004, p. 7.

Fálase de Antonio Tovar a razón da súa morte, facendo un repaso dos seus títulos e da súa personalidade, e deixando sempre latente a súa coherencia de pensamento até o momento final. "Poeta, case sempre, intimista que cuestionaba tamén a sociedade", era ateo en controversia con Deus e coa Igrexa, causantes en boa medida, segundo Alonso Montero, de moitos dos seus males.

Alonso Montero, Xesús, 'Rosalía e as linguas clásicas', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 65, 'Beatus qui legit', 19 xuño 2004, p. 13.

Dáse conta das traducións que hai de textos de Rosalía de Castro ao latín e ao grego. Fálase, sobre todo, do pequeno volume *Rosalía de Castro traducida ó latín e cantada en latín e grego clásicos (Noticia e textos)* da autoría do propio Alonso Montero, que presentou no XI Congreso da Sociedade Española de Estudos Clásicos e que se publicou na revista *Iris*.

Alonso Montero, Xesús, '... natus in Lemica civitate...', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 66, 'Beatus qui legit', 26 xuño 2004, p. 7.

Fálase da primeira tradución feita ao galego da *Crónica do bispo limiau*, da que si existía unha versión en castelán do 1906 feita por Marcelo Macías. O seu autor foi José Antonio López Silva e os responsábeis da súa edición foron a Asociación Cultural Civitas Limicorum e a Deputación Provincial de Ourense.

Alonso Montero, Xesús, 'Cora Coralina e Rosalía', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 68, 'A outra mirada', 10 xullo 2004, p. 15.

Coméntase a tese de doutoramento que Consuelo Brito de Freitas elaborou en Madrid. Nela faise un estudo comparativo entre Rosalía de Castro e Cora Coralina -pseudónimo da poetisa brasileira Ana Lins dos Guimaraes Peixoto Brêtas-. A doutora trata de precisar cales

foron as confluencias e as diverxencias nos discursos das dúas escritoras dunha forma espléndida, non obstante, as desemellanzas, na vida e na obra, son grandes e notorias.

Alonso Montero, Xesús, 'Gauguin e Lorenzo Varela', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 69, 'Beatus qui legit', 17 xullo 2004, p. 15.

Céntrase no labor de Lorenzo Varela como tradutor durante os seus anos de exilio en Buenos Aires. Achégase á obra de Paul Gauguin traducida polo autor galego baixo o título de *Noa Noa. La isla feliz* e reclama que na edición que vén de saír do prelo a cargo da editorial José J. de Olañeta se lle outorgue o lugar que merece ao tradutor, Lorenzo Varela.

Alonso Montero, Xesús, 'Fraga e Piñeiro: cincuentenario', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 71, 'Beatus qui legit', 31 xullo 2004, p. 15.

Conta o episodio protagonizado por un grupo de antifranquistas na VIII Conferencia da UNESCO celebrada en Montevideo en 1954, que denunciaban a política represiva de Franco contra o uso literario do galego. Sinala que nesta conferencia exercía como secretario Manuel Fraga, quen defendeu que tal acusación era falsa, por ser tanto Franco coma el galegos. Partindo de información que Ramón Piñeiro lle comentou e que aparece xa referida na súa obra *A batalla de Montevideo* (2003), Alonso Montero anuncia que atopou tres cartas na Fundación Fernández del Riego, nas que se esclarece máis a posición de cada un dos personaxes anteriores fronte a este feito e que dará a coñecer na revista *Grial*.

Alonso Montero, Xesús, 'Borobó: primeiro cabodano', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 75, 'Beatus qui legit', 28 agosto 2004, p. 15.

Lembranza de Raimundo García Domínguez, "Borobó", con motivo do primeiro aniversario da súa morte. Destaca deste persoeiro que foi unha das grandes plumas do columnismo literario, que creara en 1946 en *La Noche* un xénero que denominou "anacos", que considera que deberían ser estudados nas Facultades de Xornalismo. A seguir, céntrase na súa actuación durante a Guerra Civil, na que defendeu a República.

Alonso Montero, Xesús, 'Lorenzo Varela en París', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 76, 'Beatus qui legit', 4 setembro 2004, p. 15.

Dá conta da presenza de Lorenzo Varela en París con motivo da liberación da cidade do exército nazi, feito que lle inspirou unha oda que fora publicada en 1944 no *Correo Literario*, que dirixían Luís Seoane, Arturo Cuadrado e o propio Lorenzo Varela. Sinala que é Seoane o que ilustra a páxina na que apareceu reproducido e remata referíndose á edición bilingüe publicada por Ediciós do Castro en 1999, así como a outra na que se presenta o poema traducido a quince idiomas.

Alonso Montero, Xesús, 'A primeira morte de Jean Cassou', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 79, 'Beatus qui legit', 25 setembro 2004, p. 19.

Alonso Montero achégase á figura do intelectual francés Jean Cassou, hispanista que naceu a finais do século XIX. Lembra que a noticia da súa morte en 1944 propiciou entre a intelectualidade exiliada en Bos Aires unha "Homenaje a Jean Cassou", asinada por persoeiros galegos como Rafael Dieste, Xosé Otero Espasandín, Arturo Cuadrado, Lorenzo Varela e Luís Seoane, malia que o escritor francés morrería realmente en 1986. Reproduce o texto e aventura que polo estilo ben podería ser de Luís Seoane, director naquela altura de *Correo Literario*, a revista porteña na que se publicara. Remata referíndose a outros feitos históricos vinculados coa contenda bélica e preguntándose se algún día o intelectual francés tería coñecido a existencia desta nota na que choraban a súa morte "como homenaxe á súa vida e á súa obra literaria".

Alonso Montero, Xesús, 'Fóisenos o profesor Santos Simoes', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 84, 'Beatus Qui Legit', 30 outubro 2004, p. 19.

Faise eco da morte do profesor portugués Santos Simões, persoeiro que organizou os Jogos Florais Minhogalaicos, nos que se premiou a autores galegos como Celso Emilio Ferreiro, Antón Tovar, Eduardo Blanco Amor, Manuel María ou Darío Xohán Cabana, entre outros. Destaca a súa figura como a máis comprometida coas inquedanzas culturais que unían ambas beiras do Miño e repasa algúns dos actos celebrados en Galicia aos que el asistía con asiduidade, como a homenaxe a Rosalía de Castro en 1975, a Celso Emilio ou a tributada a Manuel Curros Enríquez en Celanova en 2001. Ademais de repasar algúns datos biográficos destaca a súa admiración por Castelao.

Alonso Montero, Xesús, 'Dous censores da poesía de Celso Emilio Ferreiro', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, 'Beatus Qui Legit', 13 novembro 2004, p. 19.

Alonso Montero fai referencia á intervención que el realizou nas xornadas que en Vigo se celebraron sobre Celso Emilio Ferreiro; indica que falou dos dous censores da obra do poeta, Manuel Fraga Iribarne e el mesmo. Sinala que Manuel Fraga censurou un poema da segunda edición de *Longa noite de pedra* (aínda que a primeira edición pasara a censura sen ningún problema) e outros catro de Viaxe ao país dos ananos; explica, asemade, que el mesmo censurou un poema desta última, con autorización do autor, antes de entregala no Ministerio de Información e Turismo.

Alonso Montero, Xesús, 'XX cabodano de Darío Álvarez Blázquez', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 90, 'Beatus qui legit', 11 decembro 2004, p. 19.

Comeza indicando que no presente ano se cumpren vinte e cinco do pasamento de Luís Seoane, Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Blanco Amor e Darío Álvarez blázquez (1910-1979). Dun ou doutro xeitos todos foron homenaxeados agás Darío Álvarez Blázquez, que

foi o gran esquecido. A seguir realiza un perfil da vida e da obra que cualifica como "interesante e polifacética". Destaca o volume *Homenaxe ao doutor Darío Álvarez Blázquez* que publicou un grupo de amigos e admiradores. Conclúe informando de que en 1979 tamén finou o doutor Álvaro Paradela, que tamén foi escritor.

Alonso, Fran, 'Librarías', *A Nosa Terra*, nº 1.135, 1 xullo 2004, p. 40.

Partindo da premisa de que as librarías son o reflexo das sociedades o escritor fai un repaso da situación das diversas librarías en distintos países.

Álvarez Cáccamo, Xosé Mª, 'O teu sorriso', *A Nosa Terra*, nº 1.120, 'Cultura', 11 marzo 2004, p. 24.

Lembra a figura da desaparecida Luísa Villalta a través de recordos como unha tarde pasada na casa duns amigos, onde os facía partícipe de argumentos "moitas veces polémicos", congresos de escritores ou os anos do Foro da Cultura Galega. Fainos partícipes da ledicia da escritora ao recibir recentemente o premio "Espiral Maior" polo seu libro *En concreto*. Remata lembrando, como fai ao longo deste adeus con palabras, o seu sorriso.

Álvarez Cáccamo, Xosé Mª, 'Fragmentos da memoria', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 19 xuño 2004, p. 85.

O escritor fala da relación que existiu entre el, o seu pai, Xosé María Álvarez Blázquez, e Xoán Vidal, de quen se celebra o centenario do seu nacemento. Saliéntase unha visita que este fixo aos pais de Xosé María Álvarez Cáccamo, porque dela xurdiu un poema que compuxo seu pai titulado "Solpor". Poema que o seu fillo considera que representa "talvez o cimo de toda a obra poética do seu autor".

Álvarez Cáccamo, Xosé María, 'Manuel María, Aquí, en Galiza', *El Correo Gallego*, 'Tribuna libre', 10 setembro 2004, p. 74.

Xosé María Álvarez Cáccamo lembra a figura de Manuel María a través dos seus recordos, xa dende antes mesmo de coñecelo, cando súa nai manifestaba a admiración polo poeta. Percorre ocasións como viaxes feitas en común e lembra a súa gran capacidade memorística, o seu engaiolante discurso ou o terror compartido aos avións. Destaca o seu compromiso coa loita política, co nacionalismo e coa poesía como instrumento "civil e artístico en todo tempo". Parte da súa *Obra Poética Completa* e reproduce o verso no que di que está entre a néboa de Galicia, para rematar salientando o seu compromiso coa terra e a súa marcha discreta acorde coa súa vida.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, 'Ao pé de cada hora en Compostela', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 1 decembro 2004, p. 67.

Repaso á obra de Salvador García-Bodaño, na que se comeza referindo a *Ao pé de cada hora* (1967), poemario do que destaca as formas rítmicas e compositivas e a influencia de Luís Pimentel e dos cancioneiros galego-portugueses. A seguir, detense en *Tempo en Compostela* (1978), Premio da Crítica Española no ano seguinte, do que sinala como características a concepción do poema como "peza escultórica", no que se aprecia a influencia de autores como Manuel Antonio e do que describe as características paratextuais da edición publicada por Luís Mariño en Edicións do Cerne. De *Obra poética reunida*, publicada en 1993 por Espiral Maior, repasa as diferentes partes que conforman esta obra como "Poemas diacrónicos", da que sinala a reformulación da "norma trobadoresca", e "As palabras e os días", no que se recollen poemas publicados en revistas, e do que sinala as evocacións a poetas amigos como Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño ou Eusebio Lorenzo Baleirón.

Álvarez Torneiro, Manuel, 'A aventura da palabra', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 78, 'Nun intre', 18 setembro 2004, p. 5.

Achégase á poesía de Manuel María, que describe dentro do contexto histórico no que se produciu. Indícase que na obra do poeta chairego hai trazos do existencialismo, socialrealismo e da protesta social propias do momento, que son tratados por Manuel María máis por razóns ideolóxicas que sentimentais. Destácase, asemade, a presenza que da 'patria amada' hai na poesía do poeta, así como as reminiscencias a outros poemas, como Francis Jammes, Pimentel, Crecente Vega, Noriega, etc.; e, finalmente, agradéceselle ao poeta a emoción dos seus versos, a súa paz, a súa sinxeleza, a súa fidelidade ao país e o feito de converterse en 'palabra necesaria, testemuñal, identificadora'.

Amenedo, Cristina, 'Celso Emilio', *El Correo Gallego*, 'Lorelei', 10 setembro 2004, p. 4.

Carta a Celso Emilio Ferreiro, figura á que evoca a través da súa obra *O sono sulagado*, un exemplar que o propio poeta lle dedicara había anos. Destaca o sentimento da poesía que late nas composicións do celanovés, do que reproduce algúns versos, aludindo a cuestións como a relixiosidade patente nelas, á vez que manifesta a súa identificación plena con estas poesías.

Aneiros, Rosa, 'Por un libro libre', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 2 marzo 2004, p. 30.

Faise eco da protesta que numerosos bibliotecarios e autores fixeron en contra do préstamo de libros previo pago que prevé a UE. Na mesma liña crítica, Rosa Aneiros ofrécenos un panorama bastante pesimista, sinalando que España é un dos países europeos onde menos obras se prestan e que en Galicia a actividade lectora se atopa por debaixo da media española. A autora pregúntase se aínda por riba se pretende obrigar a pagar aos lectores de

biblioteca, "os nosos mellores dinamizadores da lectura", convertendo os libros, segundo as súas propias palabras, "nun pracer prohibido."

Aneiros, Rosa, 'Luísa', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 9 marzo 2004, p. 34.

Con motivo da morte de Luísa Villalta, a autora faise eco de "O feito fotográfico. A colección fotográfica do Cocello de Vigo 1984-2000". Entre as fotografías salienta "María", da serie Dystopia (1992), como representativa da crítica ao papel da muller na sociedade e da busca da dignificación da propia figura feminina, a mesma que buscaba, en definitiva, Luísa Villalta a través da palabra.

Aneiros, Rosa, 'Culturalmente viva', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 6 abril 2004, p. 6.

Reclámaselle á administración que invista máis fondos públicos para formar ao público en "nocións básicas" para que este saiba degustar a súa cultura, porque se ben é certo que hai unha esperanza creativa moi positiva, non se ve recompensada polo desánimo que se percibe dende a recepción.

Aneiros, Rosa, 'Que toda a vida é literatura', *El Progreso/Diario de Pontevedra/Galicia Hoxe*, 'Nova ondas', 22 xuño 2004, p. 24.

Partindo da 74 edición da Feira do Libro de Lisboa e pasando pola crise que padece o sector editorial, o cal vén reclamando un 0% de IVE para os libros, chega ao caso galego. Dinos que na Mesa do Libro debatéronse as novas Lei do Libro e Lei de Bibliotecas, cuxos obxectivos son mellorar servizos, facer campañas que fomenten a lectura e dignifiquen a figura do escritor, e mellorar o mercado no que se refire á produción e á calidade.

Aneiros, Rosa, 'García Bodaño', *Galicia Hoxe/Diario de Pontevedra/El Progreso*, 'Opinión/Nove ondas', 20 xullo 2004, p. 6/78/24.

Despois da reprodución duns versos de *Cantos de ausencia* (1975), dáse conta da homenaxe que a Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega lle tributaron a Salvador García-Bodaño, autor que se enmarca na Xeración das Festas Minervais. Esta mesma noticia foi publicada nos xornais *El Ideal Gallego* e *Diario de Arousa*, o día 9 de agosto de 2004.

Aneiros, Rosa, 'Esa hipocondríaca chamada cultura', *Diario de Pontevedra*, 'Galegos 2004', 25 xullo 2004, p. 42.

Artigo estruturado en catro bloques intitulados, no que comeza referíndose ao estado xeral da cultura galega, que cualifica de "hipocondríaco", malia seren moitos os galardóns que recoñecen o valor da creatividade de artistas e intelectuais de Galicia. Tamén se achega a

algúns proxectos interdisciplinares, que considera "unha das nosas principais vetas de futuro", as liñas que seguen as industrias culturais na actualidade, que se enfrontan co problema do financiamento, ou o papel da administración e da necesidade de promoción.

Aneiros, Rosa, 'García Bodaño', *El Ideal Gallego/Diario de Arousa*, 'Opinión', 9 agosto 2004, p. 56/48.

Despois da reprodución duns versos de *Cantos de ausencia* (1975), dáse conta da homenaxe que a Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega lle tributaron a Salvador García-Bodaño, autor que se enmarca na Xeración das Festas Minervais. Esta mesma noticia foi publicada nos xornais *Galicia Hoxe*, *Diario de Pontevedra* e *El Progreso*, o día 20 de xullo de 2004.

Aneiros, Rosa, 'Soio unha estrela por guía', *El Progreso/Diario de Pontevedra*, 'Nove ondas', 14 setembro 2004, p. 25/28.

Homenaxe a Manuel María na que Rosa Aneiros parte do poema "A terra está en ti, Saleta", lido por Miguel Anxo Fernán Vello durante o soterramento en Outeiro de Rei. Relata cómo se foi dando lectura a diferentes poemas durante os actos do sepelio. Destaca del que foi o construtor da idea de patria e que coas súas palabras vencerá a morte. A autora lembra a súa infancia, como membro da primeira xeración que se achegou á lectura de moitos dos seus poemas dirixidos aos nenos e nenas, para rematar reproducindo algúns versos e declarando que as novas xeracións os tomarán como guía.

Aneiros, Rosa, 'Soio unha estrela por guía', *El Ideal Gallego/Diario de Arousa*, 'Opinión', 15 setembro 2004, p. 64/56.

Homenaxe a Manuel María na que Rosa Aneiros parte do poema "A terra está en ti, Saleta", lido por Miguel Anxo Fernán Vello durante o soterramento en Outeiro de Rei. Relata cómo se foi dando lectura a diferentes poemas durante os actos do sepelio. Destaca del que foi o construtor da idea de patria e que coas súas palabras vencerá a morte. A autora lembra a súa infancia, como membro da primeira xeración que se achegou á lectura de moitos dos seus poemas dirixidos aos nenos e nenas, para rematar reproducindo algúns versos e declarando que as novas xeracións os tomarán como guía.

Aneiros, Rosa, 'Alén das letras', *El Progreso/El Ideal Gallego*, 'Nove ondas/Opinión', 2 novembro 2004, p. 23/72.

Faise eco do acordo da Real Academia Galega e o Instituto Cervantes de estender o galego polo mundo, a través dun anuncio feito polo director desta última institución, César Antonio Molina. Felicítase a todos os galegos e destácase o feito de que a partir de agora non só os lectorados de galego das diferentes universidades do mundo falarán de autores

como Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro ou Xohana Torres, senón que o Instituto Cervantes será un apoio máis a este labor de divulgación.

Aneiros, Rosa, 'Os cariños', *El Ideal Gallego/Diario de Arousa*, 'Opinión', 22 decembro 2004, p. 72/56.

Reflexión sobre o tempo do Nadal, do que se valora especialmente a súa capacidade para fortalecer os vínculos entre as persoas. Rosa Aneiros ofrécelles aos lectores unha nómina de "agasallos" de Nadal con nome de escritores galegos: Anxos Sumai, Carlos Negro, Estevo Creus, Manolo Rivas, Eduardo Estévez, Fran Alonso, Antón Lopo, María do Cebreiro, Lupe Gómez e Emma Couceiro.

Araguas, Vicente, 'O bater contra as pedras de Enma Couceiro', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 1 2004, p. 3.

Resalta o estilo tan propio que Enma Couceiro ten de narrar as súas historias, das que non nos debemos de quedar coa primeira impresión, senón que detrás das súas narracións ou poemas hai unha mensaxe moito máis profunda e confeccionada que fai reflexionar ao lector.

Araguas, Vicente, 'Manolo', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 4 xaneiro 2004, p. 56.

Dáse conta da multitudinaria presentación que Manuel Rivas fixo, xunto con Miguel Anxo Fernán Vello, no "Sargadelos novo" dun libro seu de poesía, e gábase a súa destreza de escritor coma a calidade da súa escritura.

Araguas, Vicente, 'Tic-tac', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 8 xaneiro 2004, p. 64.

Dáse conta dunha nova edición da novela de Suso de Toro *Tic Tac* polo seu décimo aniversario. A encargada é a editorial Xerais e conta cun epílogo confeccionado por A. F. Pedros Gascón.

Araguas, Vicente, 'A seguir', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 11 xaneiro 2004, p. 64.

Fálase do segundo cabodano de Carlos Casares e de como se mofa da morte ao manterse no recordo coas cousas que se fan pola súa persoa, por exemplo: a creación dunha asociación, á que se unirá Vicente Araguas, e un libro que se acaba de publicar cunha biografía súa.

Araguas, Vicente, 'Alexandre Nerium: os versos do mariñeiro', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 25 xaneiro 2004, p. 3.

Aproximación ao contido da obra de Alexandre Nerium, *Vogar de couse* (2003), gañadora do VII Premio de Poesía Johán Carballeira. Un libro de tema monográfico como é o mar, mesmo no prólogo, escrito por Francisco Fernández Rei, dáse conta dos escritores galegos que se ocuparon tamén desta temática. Araguas considera aspectos un pouco arriscados o léxico, que obriga a botar man do dicionario, a métrica clásica ou o "fenómeno de intercambiabilidade poética". Por outro lado, salienta o nivel digno do libro dentro da poesía actual galega.

Araguas, Vicente, 'Enxebreza', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 13 febreiro 2004, p. 64.

Fálase do novo libro de poesía que Medos Romero acaba de incluír na súa obra, titulado *Lenzo das madrugadas* (2003). Ao mesmo tempo, Vicente Araguas caracteriza a obra desta escritora como *enxebre*, no sentido de nutrición das raíces e de riqueza de idioma que ten a palabra.

Araguas, Vicente, 'Cunqueirana', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 17 febreiro 2004, p. 72.

Fálasenos da experiencia tan gratificante de traducir a un escritor como é Cunqueiro, "poeta dúctil, sutil, lizgairo, dotado dun oído finísimo e dun sentido do ritmo absoluto" en palabras de Vicente Araguas. As obras traducidas foron catro, as que van cronoloxicamente de *Mar ao norde* a *Dona do corpo delgado*.

Araguas, Vicente, 'Experiencia', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 26 febreiro 2004, p. 72.

Logo de lembrar os anos en que coñeceu ao poeta Pepe Cáccamo en Santiago, faise eco da publicación de *Ancoradoiro* (2003), un volume que recolle toda a obra poética en galego de Cáccamo. Trátase dunha poesía que Araguas define como eminentemene "autobiográfica", que aposta polo compromiso, aínda que sen esquecer os postulados estéticos.

Araguas, Vicente, 'Luísa', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 12 marzo 2004, p. 80.

Na súa homenaxe a Luísa Villalta comeza lembrando os días que pasaron xuntos en Viena como representantes de Galicia nun congreso de escritores europeos, en 1995. De seguido céntrase na loanza á figura desta muller da que salienta a súa beleza e a súa paixón pola literatura.

Araguas, Vicente, 'Ámote', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 15 marzo 2004, p. 64.

Refírese Araguas nun primeiro momento á nosa maneira de ler e ao noso gusto lector, que nada ten que ver coa calidade literaria das obras que lemos, para pasar a introducir como foi a súa última lectura, un libro do autor Xosé Carlos Caneiro, *Ámote* (2003), que leu con "paixón de avaro" e "desmoradamente".

Araguas, Vicente, 'Texas': uns versos sobre a paisaxe humana', *El Correo Gallego*, 'Poesía', 28 marzo 2004, p. 3.

Dá conta da publicación do libro de poemas *Texas* (2003), escrito por Alberto Avendaño, antigo membro do grupo de comunicación Rompente durante os inicios da democracia. Araguas define a obra coma un libro de paisaxes humanas onde a mensaxe que se nos transmite vólvese universal. Sinala, así mesmo, que *Texas* é un libro cheo de connotacións fílmicas e musicais así como de influencias da poética americana de Whitman, Sandberg, Hughes… xunto co mergullamento en Galicia a través de Ramón Martínez ou Rubia Barcia.

Araguas, Vicente, 'Libros libres', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 23 abril 2004, p. 72.

A partir dunha experiencia infantil na que a nai do columnista interpretaba libremente a lectura dun conto que lle adoitaba ler, deféndese unha lectura libre dos libros, que chega a compararse co sexo, que nada teñen que ver coa canalización que os poderes fácticos fan dende "a mala prensa".

Araguas, Vicente, 'Taurina', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 19 maio 2004, p. 72.

Faise eco da presenza de Suso de Toro en Madrid, na Complutense e en Sargadelos, e del mesmo en calidade de presentador na segunda das conferencias. Despois de facer unha loanza da persoa e da súa obra, recorda os tempos en Santiago e saca a relucir unha polémica encetada por Luísa Castro, verbo desa "tarta presuntamente usufructuada por Rivas&De Toro".

Araguas, Vicente, 'Estevo Creus: oculto tras dun pantalla virtual', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 20 xuño 2004, p. 3.

Fálasenos da nova publicación de Estevo Creus, *Decrúa*, que segue a mesma liña que as súas obras anteriores (*Areados* (1996)). Fálase deste escritor como un poeta-narrador ou narrador-poeta subversivo e pouco convencional, mais non por iso de menor consideración. Ademais, dánsenos unha serie de claves da súa poética que nos axudan a unha posterior comprensión lectora: didáctica épica, espanto, etc.

Araguas, Vicente, 'Teleboa', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 30 xullo 2004, p. 72.

Araguas comeza manifestando o seu escepticismo con respecto á posibilidade de que a televisión sexa un instrumento de cultura. Lembra as palabras do americano Woody Allen nas que mantiña que cada vez que acendía a televisión lle entraban ganas de coller un libro e aborda á boa iniciativa da Radio Televisión de Galicia de dedicarlle uns minutos en cada

informativo a un libro. Considera que con isto se muda a "caixa tonta" en biblioteca familiar.

Araguas, Vicente, 'Probas', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 7 setembro 2004, p. 64.

Conta Vicente Araguas que está corrixindo as probas da recompilación da súa poesía completa, *Maneiras de querer*, editada por Espiral Maior. Sinala que corrixir probas dunha obra de seu supón unha gran tortura, e moito máis se se trata dunha obra poética sometida a relectura. Define algúns dos seus poemas, sobre todo os publicados en 1978 e 1980, como "tatuaxes, que por máis que quixera non hai xeito de ceibarse deles. Tatuaxes, en fin, feitos con técnicas vellas, nada sofisticadas, nos que o seu posible valor vén dado pola frescura e afouteza con que foron aplicados". Salienta que algúns destes textos operan agora como elementos catárquicos.

Araguas, Vicente, 'Manuel María', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 10 setembro 2004, p. 64.

Semblanza de Manuel María, a través dun percorrido pola súa traxectoria dende os tempos da nova canción galega. O columnista fai referencia aos seus encontros co poeta e deixa constancia da versatilidade e amplitude da súa obra.

Araguas, Vicente, 'Luísa Castro', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 16 outubro 2004, p. 72.

Comeza sinalando que hai xa tempo que non sabe nada de Luísa Castro, á que comparara tempo atrás con Gloria Fuertes. Considera que esta poeta non ten tido o recoñecemento que merece e destaca o feito de que malia implicarse pouco coa literatura galega non hai outra poeta neste momento que inflúa tanto nas pertencentes a xeracións máis novas. Remata cualificándoa como "dinamiteira poética".

Araguas, Vicente, 'CEF', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 7 novembro 2004, p. 72.

Con motivo dunhas xornadas a prol de Celso Emilio Ferreiro celebradas en Vigo, Vicente Araguas repasa a traxectoria persoal e intelectual do autor. Salienta a súa condición de grande poeta cívico, xunto con Curros Enríquez, de quen foi biógrafo.

Araguas, Vicente, 'Desagradecidos', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 27 novembro 2004, p. 80.

Conta dúas anécdotas que lle sucederon: na primeira, describiu un libro eloxiosamente na súa presentación cando non o era tanto; e na segunda, a petición do interesado, escribiu

unhas liñas máis ou menos positivas sobre un poemario, que, segundo indica non valía para nada. Isto vén a conto de que, na actualidade, os dous escritores, ademais de non agradecerlle o favor, non lle dirixen a palabra.

Araguas, Vicente, 'CDG', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 5 decembro 2004, p. 64.

Dá conta dun volume que editou a Consellería de Cultura co gallo do vinte e cinco aniversario do Centro Dramático Galego. Menciona o importante papel que realizou o seu primeiro director, Eduardo Alonso, e cita tamén o actual, Manuel Guede. Destaca tamén diversos actores e actrices que participaron nas diferentes representacións como Teté Delgado, Luís Tosar, Xosé Manuel Oliveira ou Antonio Durán "Morris".

Araguas, Vicente, 'Homenaxe', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 7 decembro 2004, p. 64.

Dá conta da homenaxe que se realizou en Madrid a Manuel María, na que Francisco Rodríguez comentou as claves literarias e biográficas do homenaxeado e Maite Dono e Manuel Pereira Valcárcel recitaron diversos textos del.

Araguas, Vicente, 'Castigos', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 16 decembro 2004, p. 72.

Indica que deberían existir unha serie de penalizacións para os poetas que incumpren determinadas normas das diferentes convocatorias de premios ao presentar, por exemplo, textos que xa foran galardoados, prexudicando así aos outros participantes e danando tamén o prestixio do premio. Pon como exemplos o acontecido co premio Loewe ou co Adonis.

Araguas, Vicente, 'Internet', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 17 decembro 2004, p. 72.

Relata as súas experiencias coa Biblioteca Virtual Galega e manifesta o seu pesar pola supresión dalgún dos seus servizos, que el empregaba bastante, debido a un grupo de usuarios que empregaron a páxina inadecuadamente.

Arias López, Valentín, 'Avelino Pousa Antelo, nonaxenario', *El Correo Gallego*, 'La Opinión', 14 maio 2004, p. 75.

Faise un repaso e unha loanza tanto da vida como da obra de Avelino Pousa Antelo, defensor do galeguismo, do noso agro, da nosa cultura e dos propios galegos.

Arias, Valentín, 'Memoria para Xoana', *El Progreso*, 'Eido rural', 11 febreiro 2004, p. 21.

Fálasenos do fascinante que pode chegar a ser a novela *Memoria para Xoana* de Marica Campo, da que só nos desvela o resumo que vén estampado na solapa do libro para non desvelarnos o argumento e que o pescudemos por nós mesmos.

Baamonde, A., 'Carlos Casares', *La Opinión*, 'Pezas en fuga', 5 marzo 2004, p. 29.

Lembra o momento en que coñeceu a Carlos Casares a través da súa actividade editorial, cando decide enviar á editorial Galaxia o manuscrito do libro *O marxismo e as linguaxes* e recibe resposta afirmativa. Relátanos o seu encontro, definindo a Casares coma "un tipo humorístico" e un "tipo calmado".

Baamonde, A., 'Literatura contemporánea', *La Opinión*, 'Pezas en fuga', 9 abril 2004, p. 16.

Faise unha crítica ás leis do mercado que moven a literatura contemporánea porque a simplicidade da mensaxe para chegar a un número de lectores moito máis grande non vai acompañada dun nivel de calidade asociado, e así como sobe a simplicidade baixa a calidade do texto.

Baamonde, Antón, 'Borges/Marsalis', *La Opinión*, 'Pezas en fuga', 16 xullo 2004, p. 30.

Dá conta do encontro entre Jorge Luís Borges e Ramón Piñeiro en Santiago de Compostela, do que falou María Esther Vázquez nunha conferencia organizada polo Pen Clube. Sinala que esta compañeira de Borges lembrou a conversa entre os dous persoeiros, na que trataron cuestións como a figura de Heidegger e o período no cárcere de Alcalá de Henares de Ramón Piñeiro, aspecto este último que lle demostrou ao autor hispanoamericano a determinación que tiña o galego.

Bande Rodríguez, Enrique, 'Alegoría de Alexandre Bóveda', *La Región*, 'Ourense', 19 maio 2004, p. 10.

Faise unha loanza da figura de Alexandre Bóveda como "galleguista, profeta y mártir", a partir do monumento -alegoría- que se lle ergueu no Casco Vello da cidade de Ourense da man de Manuel Buciños.

Bande Rodríguez, Enrique, 'A nosa fala', *La Región*, 'Opinión', 8 xullo 2004, p. 22.

Faise un chamamento para a reivindicación e o orgullo de falarmos a nosa lingua, e para iso póñense como exemplos citas tomadas de escritores como Lamas Carvajal, Curros Enríquez ou Lago González, nas que tamén atopamos ese pouso de orgullo pola nosa fala.

Bará, Luis, 'Manuel María, muiñeiro de esperanzas', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 18 setembro 2004, p. 30.

Dá conta da morte de Manuel María, ao que compara coas grandes figuras do galeguismo como Castelao, Carballo Calero ou Celso Emilio Ferreiro. Destaca o labor de promoción da cultura galega que durante toda a súa vida levou a cabo Manuel María e que o converteu en guieiro para moitas xeracións. Da súa faceta de escritor destaca que cultivou todos os xéneros e estilos, principalmente a poesía, na que se manifesta o seu compromiso social e coa terra e na que convive a poesía popular coa de tradición culta. Tamén alude á súa faceta como dramaturgo co personaxe de Barriga Verde. Remata referíndose á intensa relación do poeta coa cidade de Pontevedra, lugar no que se editou a súa primeira obra, *Muiñeiro de brétemas* (1950), na que mantivo unha intensa amizade con Sabino Torres e á que acudía con asiduidade para participar en todo tipo de actos culturais.

Barcón, Carlos, 'Un mar de interesante literatura', *Diario de Ferrol*, 'Entre nosotros', 12 febreiro 2004, p. 18.

Entre outros asuntos, saúda a aparición dun Caderno Grial que lle chegou ás mans e que aborda 'Dez caras do mar, dez encontros'; isto é, as reflexións de dez creadores que nos falan do mar: Luísa Castro, Suso de Toro, Alfredo Conde, Víctor F. Freixanes, ...

Barcón, Carlos, 'Semana Santa 2004', *Diario de Ferrol*, 'Entre nosotros', 9 abril 2004, p. 16.

Falando da Semana Santa ferrolá e das artes que a rodean, no final dise que hai dous poetas ferroláns que lle fan chegar os seus poemas e que reseña neste artigo. Un é de José Ramón de Dolarea, escrito en castelán, e outro de Aurora Varela, escrito en galego.

Barcón, Carlos, 'Expertos en palabras', *Diario de Ferrol*, 'Entre nosotros', 25 abril 2004, p. 20.

Fálasenos dos poetas como grandes expertos das palabras, faise un recoñecemento e unha loanza da poesía como arte e, despois de facer un repaso por algúns certames poéticos que hai no momento, remata cun poema de Elvira Lacaci titulado "Bágoas de amor".

Barcón, Carlos, 'Siempre habrá poesía...', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 31 outubro 2004, p. 20.

Despois dunha introdución na que reflexiona sobre o concepto de poesía, Carlos Barcón céntrase no novo número da revista *Poesía Galicia*, dirixida por Elica Rico e que vén de sacar á luz o seu número dezaoito. Recolle os nomes dos poetas colaboradores e dos traballos que compoñen esta nova entrega, faise eco das palabras da directora nas que salienta que cada autor participa cunha mostra representativa da súa obra, na que se reflicte

a súa particular visión do seu propio cosmos, e anuncia o proxecto da revista de editar libros de Pepe Antón e María Elvira Lacaci, da que remata reproducindo un poema.

Barcón, Carlos, 'Lareira de poesía', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 8 decembro 2004, p. 18.

Informa de diversas obras que serán publicadas proximamente como *Lúa vella*, de Javier Prado Piñeyro, que contén ilustracións de Lourdes Riveiro. Indica tamén que Elia Rico Lagarón, logo de presentar o número dezaoito da revista *Poesía Galicia*, prepara o número dezanove, que estará escrita integramente en galego co gallo do Día das Letras Galegas. Informa, así mesmo, de que Xohana Torres está preparando *Lareira de Poesía Gallega*, onde se xuntará en Ferrol un gran número de poetas. Conclúe informando que a Universidade da Coruña lle concedeu a Aurora Valentina Varela Caabeiro o "I Premio Luísa Villalta" polo traballo *Quen quere a lingua de noso*.

Basoa Vizoso, Manuel, 'Teatro en galego', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 24 decembro 2004, p. 26.

Describe as impresións que lle causaron as XV Xornadas de Teatro en Galego da Sociedade Amigos da Paisaxe Galega e sinala que a data de clausura coincidiu coa estrea, catorce anos antes, da obra *Non lle busques tres pernas ó alcalde* polo grupo teatral "Teruca Bouza", do que Manuel Basoa Vizoso era compoñente e fundador. Lembra tamén o gran éxito que tivo a peza.

Beade Dopico, Andrés, 'Crisis en el Centro Gallego de Buenos Aires', *La Opinión*, 'Opinión', 3 maio 2004, p. 18.

Dáse conta das causas, sobre todo de base política, que produciron a crise pola que pasa o Centro Gallego de Buenos Aires, que no seu día tivo máis de cen mil asociados e era símbolo de fraternidade interoceánica entre Galicia e Arxentina.

Blanco, Alfonso, 'Dereito á humanidade', *El Progreso*, 'Tribuna chairega', 23 novembro 2004, p. 18.

Saliéntase a especificidade da escrita dos autores chairegos, entre os que menciona a Crecente Vega, Iglesia Alvariño, Pepe Chao ou Paco Martín. Detense especialmente na obra de Díaz Castro, de quen salienta o seu apego á fala labrega.

Bouza Álvarez, José Luis, 'Homenajes', *El Correo Gallego*, 'El Análisis', 8 xuño 2004, p. 3.

Réndese homenaxe a Xela Arias e Serafín Moralejo, recén finados no intre da redacción da columna, e mais a Pedro Rey, Xaquín Lorenzo e Pedro Román. Ao seu entender, as súas respectivas traxectorias poética, humanística, fotográfica, etnográfica e cinematográfica foron exemplares no seu entendemento do galeguismo como lealdade ás raíces.

Bouza Álvarez, José Luis, 'Notas en torno a la poesía de Manuel María', *El Correo Gallego*, 'El análisis', 19 outubro 2004, p. 3.

Repaso pola traxectoria poética de Manuel María a través dalgúns versos escollidos da súa produción. Salienta tamén o estudo crítico do poeta *Notas encol da poesía de Fermín Bouza-Brey*.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Últimas novedades', *Diario de Arousa*, 'Libros que leer', 31 xaneiro 2004, p. 28.

Faise referencia á presentación de dous libros: *O exilio galego: un mapa de cicatrices,* de Xosé Luís Axeitos e editado por Edicións do Castro, e *Nasciturus,* de Benito Pereira Domínguez e editado por Edicións Cardeñoso.

Bragado, Manuel, 'O gaiteiro do Lérez', *Faro de Vigo*, 'Campo de Granada ', 25 xaneiro 2004, p. 26.

Infórmasenos de que o coro pontevedrés "Aires da Terra" incluía nas súas actuacións, primeiro en Galicia e logo en Madrid e Arxentina, recitais de poemas galegos, representacións de pezas dramáticas ou as caricaturas de personaxes populares de Castelao, que se uniu ao grupo en 1912.

Bragado, Manuel, 'Arte Dramática en Cluny', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 18 abril 2004, p. 29.

Fálase da creación dunha Escola de Arte Dramático por parte da Xunta de Galicia en Vigo. Así e todo, as cidades da Coruña e Santiago tamén a reclaman para elas por ter máis tradición teatral cá cidade olívica. Porén, o columnista trata de expoñer a importancia que tería tanto para Vigo ("un exercicio de autoestima para a cidade e unha actuación urbanística osixenadora para a zona") como para o conxunto de Galicia (cidade que está "nunha privilexiada localización no centro do eixo atlántico e o liderado emerxente na industria cultural galega") que a escola se situase nesta cidade.

Bragado, Manuel, 'Abrir Vigo ao libro', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 2 maio 2004, p. 27.

Despois da profunda crítica que se lle fai á precariedade das infraestruturas bibliotecarias viguesas, fálase da posta en marcha dun ambicioso plan de bibliotecas que Xesús Pérez Varela, conselleiro de Cultura, vai levar a cabo en Galicia, e do rebaixe do IVE dos libros

que Carmen Calvo, ministra de Cultura, vai levar a cabo. Ambas as medidas van encamiñadas a democratizar a adquisibilidade do libro e a fomentar a lectura. Así e todo, Manuel Bragado pensa que tanto unha coma a outra non van ter a repercusión que deberían en Vigo pola actitude política que se respira.

Bragado, Manuel, 'Pan da cultura', *Faro de Vigo*, 'Campo de Granada', 27 xuño 2004, p. 25.

Despois de presentar a nova Feira do libro de Vigo e de falar da riqueza e o goce que nos achega a literatura, fálanos da crise que afecta ao sector do libro e da edición á que o galego non é alleo e ao que, debido á súa situación de estar inmerso nunha cultura minorizada, os efectos son máis devastadores. As causas desta situación son: a homoxeinización cultural da globalización, que supón a americanización empobrecedora dos imaxinarios culturais, os cambios de hábito e de lecer do lector tradicional, etc. Aínda así, Manuel Bragado pon a súa esperanza na "Mesa polo libro e a lectura" e na "Mesa de traballo permanente de libreiros e editores galegos" que intentarán mudar a situación.

Bragado, Manuel, 'Celso Emilio, editor pirata', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 31 outubro 2004, p. 27.

Dá conta da celebración en Vigo dunhas xornadas sobre Celso Emilio Ferreiro con motivo do vinte e cinco aniversario do seu pasamento, nas que se abordaron as diversas facetas deste autor. De entre todas as intervencións destaca a de Sabino Torres como a máis emocionante, porque nela evocou a súa relación co poeta de Celanova durante os seus anos pontevedreses. Lembra a súa amizade e o traballo en conxunto en iniciativas como o semanario *Ciudad* ou a colección "Benito Soto". Céntrase nesta colección, da que repasa os títulos publicados e da que destaca aspectos como os colofóns, do mesmo xeito que a súa calidade literaria e editorial. Remata referíndose á iniciativa de publicar o volume *Musa alemá*, que foi condenado polas autoridades e do que só se salvaron algúns exemplares, unha afouteza que considera debe ser lembrada por converter a Celso Emilio nun pioneiro da edición moderna galega.

Bragado, Manuel, 'Memoria de ferro', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 19 decembro 2004, p. 30.

Dá conta da homenaxe que a Federación Eduardo Chao lle rendeu a Isaac Díaz Pardo en Vigo, onde realizara a súa primeira exposición pública de cadros en 1944, con motivo da festa anual do Estatuto de Autonomía. Comenta a súa biografía destacando que na súa casa natal se reunían membros das Irmandades da Fala, debido a que seu pai, Camilo Díaz Baliño era un dos seus membros. Tamén se menciona que, debido á Guerra Civil, estivo exiliado. A seguir coméntanse os diferentes proxectos intelectuais, empresariais e culturais nos que participou. Fundou, en primeiro lugar Cerámicas do Castro en Galicia, en 1948, e, en 1963, o Laboratorio de Formas de Galicia, onde participaron diversos intelectuais exiliados. Fundou tamén o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, Ediciós do

Castro e o complexo industrial de Cerámicas Sargadelos (1968). Conclúe falando do gran labor que segue a realizar Isaac Díaz Pardo a prol da recuperación da memoria histórica.

Braxe, Lino, 'Adio, miña bela Luísa, adio, adio', *La Opinión*, 8 marzo 2004, p. 12.

Homenaxe dende as páxinas nas que escribe á súa amiga Luísa Villalta, lembrando os sons do seu violino, o seus versos e a súa elegancia na vida. Despídese cun poema, unha versión modificada dun texto que representa a perda irreparábel dun ser querido.

Braxe, Lino, 'Non canta na Chá ninguén', *La Opinión*, 'Opinión', 20 setembro 2004, p. 18.

Dá conta da morte de Manuel María, do que sinala que era o elo con poetas como Otero Pedrayo, Blanco-Amor, Pimentel ou Iglesia Alvariño, entre outros. Lembra a fonda amizade que o unía ao poeta e á súa muller, Saleta, á que lle di que son un exemplo a seguir no seu compromiso coa terra e a súa xente. Despídese del montrándolle o seu respecto e o amor que sempre lle profesará.

Cabana, Darío Xohán, 'Unha casa aberta', *Diario de Pontevedra*, 'A lembranza', 10 setembro 2004, p. 86.

Artigo dedicado á lembranza da figura do poeta Manuel María, considerado como un escritor de dimensións semellantes ás de Cabanillas, Otero Pedrayo, Cunqueiro ou Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o autor explica as circunstancias que orixinaron a súa longa amizade co finado, ao tempo que destaca a bondade e a xenerosidade do poeta.

Calvo, Tucho, 'A oportunidade do libro', *La Voz de Galicia*, 'Sociedad/Carabullos', 16 xuño 2004, p. 53.

Fala Tucho Calvo do mundo do libro e da súa complexidade actual, que se corresponde coa complexidade do mundo. Segundo el, o libro impreso goza dunha boa saúde, sen nada que temer aos chamados e-books, aínda que esta saúde non exime ao mundo do libro de se actualizar. Este sería o caso tamén do libro galego, que aínda con todo parte dunha boa posición pola súa calidade e variedade e polo seu carácter diferenzador, que o rescata da vulgaridade. Logo fala do Consello, unha mesa sectorial promovida pola administración e a asociación de editores, que presenta coma unha oportunidade, xunto coa expectación da prensa pola actualidade do libro, dentro dun tempo no que tanto escritores como editoriais están sufrindo por sobrevivir, ao tempo que se incorporan ao mercado rapaces que aprenderon a ler en galego.

Calvo, Tucho, 'Celso Emilio e Blanco-Amor', *La Voz de Galicia*, 'Carabullos', 1 setembro 2004, p. 45.

Recolle os recordos do xornalista sobre Celso Emilio Ferreiro e Eduardo Blanco-Amor, ambos falecidos en 1979.

Campio Pereira, Víctor, 'Don Xoán Vidal, mestre e poeta', *La Región*, 'Opinión', 25 maio 2004, p. 20.

Fálase do poeta pontevedrés Xoán Vidal, do que se cumpren cen anos do seu nacemento, e ao que está homenaxeando a súa cidade natal. Segundo se nos di, el foi xunto con Bouza Brey, Amado Carballo, Manuel Antonio e o ourensán Manuel Luís Acuña unha das voces que modernizaron a poesía galega e introduciron nela as vangardas. Apúntase tamén, apoiándose en voces de xente coma Xosé Ramón Pena, que Xoán Vidal foi un dos creadores do movemento de vangarda da poesía galega denominado hilozoísmo ou imaxinismo; e destaca del o seu papel de animador cultural, como impulsor de diferentes revistas como "Hebe", "Alborada" ou "Cristal. Finalmente, os tres últimos parágrafos dedícanse a analizar a súa obra, tanto en galego coma en castelán, e a falar das súas fillas, Aurora e Clementina, que destacaron na poesía e na historiografía literaria.

Campo, Marica, 'Elexía para inaugurar un novo outono', *A Nosa Terra*, nº 1.144, 'Fin de semana', 30 setembro 2004, p. 32.

Reflexiona sobre a morte de Manuel María, símbolo de todos e todas as que teñan "como paixón Galiza e como casa a palabra que esta terra criou". Subliña o sentimento de ausencia provocado pola desaparición do poeta e reivindica o legado de esperanza deixado pola súa obra.

Campo, Marica, 'Os palimpsestos das nosas avoas', *A Nosa Terra*, nº 1.150, 'Fin de semana', 11 novembro 2004, p. 32.

Salienta que a modalidade dos palimpsestos se está poñendo de moda, sobre todo no eido da literatura. Enténdese que, para un gran número de literatos, o palimpsesto literario é "apropiarse do alleo". Antes ese acto denominábase plaxio e agora, segundo Marica Campo, na meirande parte dos casos tamén o é. Conclúe indicando que a literatura é un palimpsesto pero que nela os textos alleos se teñen que incrustar e nunca superpoñerse uns a outros. Emprega como símil a colcha que tecían as avoas con diferentes retallos doutras prendas.

Caneiro, Xosé Carlos, 'Darío', *La Voz de Galicia*, 'De sol a sol', 6 maio 2004, p. 64.

Xosé Carlos Caneiro quéixase de que non fose elixido membro da Academia un escritor como Darío Xoán Cabana. A queixa vai dirixida contra os membros da Real Academia Galega, que recusaron a súa candidatura, e convértese nunha crítica contra a institución.

Pregúntase para que serve se os seus membros non consideran digno de formar parte dela a un escritor "eximio, profundo, fértil". As últimas palabras son de desencanto, desencanto porque na literatura triúnfe a mediocridade fronte ao labor da "literatura luminosa".

Caneiro, Xosé Carlos, 'O 'Ulises' de Joyce, imprescindible', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 67, 'Lecturas de verán', 3 xullo 2004, p. 10.

Afirma a centralidade da novela de James Joyce no canon literario contemporáneo. Considera que *Ulises*, ademais dunha evocación moderna da obra homérica e dunha innovadora proposta estética, é o primeiro texto literario onde a linguaxe é tamén protagonista.

Caneiro, Xosé Carlos, 'Manuel', *La Voz de Galicia*, 'De sol a sol', 16 setembro 2004, p. 64.

Evocación da figura de Manuel María onde se salientan as súas virtudes persoais. Expresa a necesidade de manter a lembranza dos poemas do finado, "o único modo de dicir verdade nesta Galiza tribal, suicida".

Carballo, Francisco, 'Un futuro para os galegos', *A Nosa Terra*, nº 1.138, 'Galiza', 22 xullo 2004, p. 14.

Artigo no se que se critica a situación actual da nación galega, especialmente a falta de traballo, a incapacidade do goberno e a discriminación do idioma galego. Cita versos de Rosalía de Castro, Xosé Luís Méndez Ferrín e Avilés de Taramancos, poetas que, na opinión do xornalista, condensaron nos seus versos as penas, alegrías e esperanzas dos galegos.

Carbia, Susana, 'Hacia la igualdad', *El Correo Gallego*, 'Las siete maravillas', 14 marzo 2004, p. 5.

Nesta páxina dedicada habitualmente á reseña de mulleres que son noticia por diversos motivos, encontramos unhas liñas que lembran a memoria da despaparecida poeta coruñesa Luisa Villalta, "una autora a la que felicitábamos en este mismo espacio hace poco más de un mes, tras ganar el premio Espiral Maior con su obra *En concreto*".

Casanova, Carlos, 'Casa Skylab', *El Progreso*, 'Solo de flauta', 6 maio 2004, p. 25.

Comenta Carlos Casanova a obra de Jaureguizar *Casa Skylab,* sinalando que a analizou retardadamente para dar perspectiva á súa lectura. Casanova móstrase entusiasmado coa obra, aínda declarándose escéptico co que se publica ultimamente e cos escritores novos. Seguidamente fai unha descrición da obra, que ve corrosiva nalgúns momentos e cómica noutros, aínda que nunca desenfadada. Destaca a mordacidade dos gags e as diversas

perspectivas dos personaxes, así como o sorprendente que resulta cada nova páxina. Por último, e nun aparte, fala dun artigo anterior sobre unha obra de Ramírez de Oca e dun comentario ao respecto que lle fixeron.

Casanova, Jorge, 'O gran conversador', *La Voz de Galicia*, 'No pasamento dun poeta', 10 setembro 2004, p. 43.

Destaca ao finado Manuel María como un conversador "único, fascinante, hipnótico", enfatizando o valor mítico alcanzado polo poeta, máis alá da súa obra, na sociedade de Monforte.

Caseiro, Delfín, 'Crónica triste e urxente', *La Región*, 'Ourense', 10 xuño 2004, p. 10.

Homenaxe ao poeta Antón Tovar con motivo da súa morte. Dáse conta da súa vida, moi apegada á máxima epicúrea de "vive oculto", pois era un home pouco presente na vida pública, pero cunha fonda voz poética. Faise, asemade, un percorrido pola súa obra, dende o libro de poemas *El tren y las cosas* de 1960 até as últimas obras *Cadáver adiado* ou *Diario íntimo dun vello revoltado*, as dúas de 2001. Analízase, finalmente, a súa poesía, citando versos de distintas obras.

Castaño, Yolanda, 'A morte e a palabra', *El Progreso/Diario de Pontevedra*, 'Opinión/Opinión&Análisis', 19 marzo 2004, p. 23/p. 38.

A escritora afirma que se ve obrigada a falar de silencio e de morte neste seu primeiro artigo de opinión, tanto polas circunstancias do momento coma pola recente desaparición de tres mulleres próximas a ela, ás que lle dedica esas letras: Xela Arias, Luísa Villalta e súa avoa Lolita Ribas. Non obstante, sostén que prefire a vida e a palabra, porque mentres haxa voz, hai vida. Esta noticia tamén foi reproducida o 20 de marzo nos xornais Diario de Arousa e El Ideal Gallego.

Castaño, Yolanda, 'A morte e a palabra', *El Ideal Gallego/Diario de Arousa*, 20 marzo 2004, p. 64/ p. 56.

A escritora afirma que se ve obrigada a falar de silencio e de morte neste seu primeiro artigo de opinión, tanto polas circunstancias do momento coma pola recente desaparición de tres mulleres próximas a ela, ás que lle dedica esas letras: Xela Arias, Luísa Villalta e súa avoa Lolita Ribas. Non obstante, sostén que prefire a vida e a palabra, porque mentres haxa voz, hai vida. Este artigo foi reproducido tamén o 19 de marzo nos xornais El Progreso e Diario de Pontevedra.

Castaño, Yolanda, 'Amizade celebración', *Diario de Arousa/El Ideal Gallego/El Progreso*, 'Opinión', 23 abril 2004, p. 56/72/28.

A escritora reflexiona sobre a importancia dos amigos con motivo da celebración do seu vinte e sete aniversario. Para ela a amizade é un sentimento basicamente egoísta, que precisa dunha forte autoestima persoal previa para poder ofrecelo aos demais. Este artigo foi reproducido tamén o 24 de abril no xornal *El Progreso***.**

Castaño, Yolanda, 'A lectura', *El Ideal Gallego/Diario de Arousa/Diario de Pontevedra/Galicia Hoxe*, 'Opinión', 4 xuño 2004, p. 72/64/38/6.

Fai Yolanda Castaño unhas consideracións sobre a lectura e o gusto polas historias que tivo sempre a humanidade, mesmo antes de que se puidese ler. É, segundo ela, unha ansia de saber, de coñecer e de desconectar que se mantivo durante milenios, desde os mosteiros ou as gabetas, e que se actualiza, facéndonos aínda hoxe tremer con calquera escritor continuador da saga da literatura de Galicia, coma da de calquera outra lingua.

Castaño, Yolanda, 'Ser escritores', *Diario de Pontevedra/El Progreso/El Ideal Gallego*, 'Columna invertebrada/Opinión', 23 xullo 2004, p. 28/24/72.

Chama a atención sobre o feito de que numerosos escritores galegos non reciben os seus dereitos de autor. Esixe a defensa da dignidade dos escritores e expón a importancia de chegar a unha verdadeira situación de normalidade.

Castaño, Yolanda, 'Un espazo dentro do paradoxo', *Diario de Pontevedra*, 'Galegos 2004', 25 xullo 2004, p. 46.

Dá conta da contradición derivada da preocupante perda de falantes que sofre o idioma galego e do simultáneo crecemento da literatura galega. Non obstante, matiza dito paradoxo mediante un repaso dos problemas da literatura feita en galego: ausencia de mercado, falta de apoio institucional e promoción mediática, redución das actividades e iniciativas arredor do feito literario e demora no relevo xeracional.

Castaño, Yolanda, 'Manuel María', *Diario de Pontevedra/El Ideal Gallego/Diario de Arousa*, 'Columna invertebrada', 17 setembro 2004, p. 36/64/56.

Sinala que coa morte de Manuel María se perdeu a voz do pobo galego e, así mesmo, unha das cabezas máis visíbeis dunha xeración xa en proceso de desaparición e un modelo para os novos escritores. Esta noticia tamén foi publicada nos xornais *El Progreso,* o día 18 de setembro, e *Galicia Hoxe*, o día 19 de setembro.

Castaño, Yolanda, 'Manuel María', *El Progreso*, 'Columna invertebrada', 18 setembro 2004, p. 27.

Sinala que coa morte de Manuel María se perdeu a voz do pobo galego e, así mesmo, unha das cabezas máis visíbeis dunha xeración xa en proceso de desaparición e un modelo para os novos escritores. Esta noticia tamén foi publicada nos xornais *Diario de Pontevedra, El Ideal Gallego e Diario de Arousa,* o día 18 de setembro, e *Galicia Hoxe*, o día 19 de setembro.

Castaño, Yolanda, 'Mar interno', *Galicia Hoxe*, 'Días (des)contados', 19 setembro 2004, p. 72.

Sinala que coa morte de Manuel María se perdeu a voz do pobo galego e, así mesmo, unha das cabezas máis visíbeis dunha xeración xa en proceso de desaparición e un modelo para os novos escritores. Esta noticia tamén foi publicada no xornais *El Progreso, Diario de Pontevedra, El Ideal Gallego e Diario de Arousa*, o día 18 de setembro.

Castaño, Yolanda, 'Centígrados 6/17-23', *Galicia Hoxe*, 'Días (des)contados', 26 setembro 2004, p. 72.

Breve nota sobre os Encontros Anuais de Poesía de Verines (Asturias), aos que acudiron escritores como Estíbaliz Espinosa, Elena Medel, Luis García Montero e Julia Uceda.

Castaño, Yolanda, 'Poetas reunidos', *Galicia Hoxe/Diario de Pontevedra/El Ideal Gallego/Diario de Arousa*, 'Columna invertebrada', 1 outubro 2004, p. 6/34/72/56.

Subliña a pluralidade que caracteriza o encontro de escritores celebrado en Verines, onde tivo lugar a reunión de vinte e seis dos mellores poetas do Estado para reflexionar sobre as súas propias poéticas e a literatura en xeral. Esta noticia tamén se publicou en *El Progreso*, o día 2 de outubro.

Castaño, Yolanda, 'Poetas reunidos', *El Progreso*, 'Columna invertebrada', 2 outubro 2004, p. 31.

Subliña a pluralidade que caracteriza o encontro de escritores celebrado en Verines, onde tivo lugar a reunión de vinte e seis dos mellores poetas do Estado para reflexionar sobre as súas propias poéticas e a literatura en xeral. Esta noticia tamén se publicou en *Galicia Hoxe*, *Diario de Pontevedra*, *El Ideal Gallego* e *Diario de Arousa*, o día 1 de outubro.

Castaño, Yolanda, 'Colexio Oficial de Poetas Xa', *Galicia Hoxe*, 'Días (des)contados', 3 outubro 2004, p. 72.

Resume as actividades realizadas polos escritores que formaron parte dos Encontros de Verines, prestando atención tanto ás diversas discusións literarias levadas a cabo como aos aspectos máis lúdicos da reunión.

Castaño, Yolanda, '¿U-la nova poesía?', *Diario de Pontevedra/El Ideal Gallego/Diario de Arousa*, 'Columna invertebrada/Opinión', 8 outubro 2004, p. 36/72/80.

Informa da utilización dos recursos de internet por parte de novos poetas galegos como Alicia Fernández, Elvira Riveiro, Ramiro Vidal ou Nana Coromoto, os cales renuncian a publicar os seus textos en boletíns ou fanzines e optan por crear na rede diarios ou cadernos abertos a calquera lector ("blog"). Esta mesma noticia foi publicada en *El Progreso*, o 9 de outubro.

Castaño, Yolanda, '¿U-la nova poesía?', *El Progreso*, 'Columna invertebrada', 9 outubro 2004, p. 31.

Informa da utilización dos recursos de internet por parte de novos poetas galegos como Alicia Fernández, Elvira Riveiro, Ramiro Vidal ou Nana Coromoto, os cales renuncian a publicar os seus textos en boletíns ou fanzines e optan por crear na rede diarios ou cadernos abertos a calquera lector ("blog"). Esta mesma noticia foi publicada en *Diario de Pontevedra, El Ideal Gallego* e *Diario de Arousa*, o 9 de outubro.

Castaño, Yolanda, 'Pero, ¿que fixemos mal?', *Galicia Hoxe*, 'Días (des)contados', 10 outubro 2004, p. 72.

Nota sobre a homenaxe póstuma a Luísa Villalta celebrada no Teatro Principal da Coruña, consistente nunha montaxe dirixida por Lino Braxe e construída sobre tres pezas teatrais curtas engarzadas entre textos da escritora.

Castaño, Yolanda, 'Espiral maior', *Diario de Pontevedra/El Ideal Gallego/Diario de Arousa*, 'Columna invertebrada/Opinión', 22 outubro 2004, p. 32/72/56.

Homenaxea o labor da empresa editorial dirixida por Miguel Anxo Fernán-Vello na promoción da literatura galega e na resistencia fronte aos problemas que definen a crise editorial en Galiza. Esta noticia tamén se publicou en *El Progreso*, o día 22 de outubro.

Castaño, Yolanda, 'Espiral maior', *El Progreso*, 'Columna invertebrada', 23 outubro 2004, p. 29.

Homenaxea o labor da empresa editorial dirixida por Miguel Anxo Fernán-Vello na promoción da literatura galega e na resistencia fronte aos problemas que definen a crise

editorial en Galiza. Esta noticia tamén se publicou en *Diario de Pontevedra*, *El Ideal Gallego* e *Diario de Arousa*, o día 22 de outubro.

Castaño, Yolanda, 'E tras do Atlántico, Atlanta', *Galicia Hoxe*, 31 outubro 2004, p. 80.

Relata a visita á casa-museo de Margaret Mitchell, autora de *Foise co vento*, na cidade estadounidense de Atlanta.

Castaño, Yolanda, 'Nomes de homes', *Galicia Hoxe*, 7 novembro 2004, p. 71.

Dá noticia da celebración dun recital poético no Reitorado da Coruña con motivo do certame poético "Miguel González Garcés" da Deputación da Coruña.

Castro, Luísa, 'Melancolía de sofá', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 45, 'A mi bola', 31 xaneiro 2004, p. 13.

Explícanos aquí Luísa Castro a súa peculiar forma de vivir a publicación dun libro. Segundo ela, cada vez que entrega un libro sofre un proceso cíclico que vai da expectación a unha especie de depresión posparto. Os seis meses seguintes dinos que os pasa esperando no sofá a que chegue a recompensa ao seu traballo, traducida en moedas de ouro ou príncipes azuis con castelos, pero o único que recibe son moreas de poetas que copian e silencio académico.

Castro, Luísa, 'Puro teatro', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 54, 'A mi bola', 27 marzo 2004, p. 11.

Fálanos Luísa Castro da súa relación co mundo do teatro. Para ela, é moi difícil que a xente vaia ao teatro ou ao cine podendo estar comodamente na casa, pois esixe un esforzo de preparación e, despois, ter que compartir un pequeno local con descoñecidos. Á parte diso, confesa que ten un problema de concentración neste tipo de espectáculos, pois tende a fixarse máis no resto do público, xa que nunca aceptou a tiranía da escena, que pretende secuestrar a súa atención. Para ela a maioría do público marcha para a casa sen saber o que viron. Por último, fala de tres momentos memorábeis para ela no teatro: un espectáculo de La Fura dels Baus, unha representación de *Medea* e outra de *Salomé*. E conta unha experiencia de cando estudaba que estaría na raíz das súas limitacións co teatro.

Castro, Luísa, 'Escritores en Compostela', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 58, 'Amibola', 1 maio 2004, p. 11.

O artigo ocúpase das xornadas sobre nova narrativa que tiveron lugar na Fundación Gonzalo Torrente Ballester de Santiago. Di Luísa Castro que o único día no que houbo gran

afluencia de público foi o dedicado á literatura galega, xa que o resto dos días eran poucos os asistentes. A continuación fala dos lectores de Compostela, dos poucos que coñece que non sexan tamén escritores, e fai algúns comentarios sobre escritores en galego coma Manolo Rivas ou Suso de Toro. Ao final hai un parágrafo no que eloxia a Julián Ríos, un escritor en castelán nacido en Galicia que vive en París e que participou nas xornadas.

Catoira, Manolo, 'Adeus ó gran amigo', *La Región*, 'Ourense', 18 xuño 2004, p. 9.

Fala nestas liñas Manolo Catoira da morte de Antón Tovar. Indica que supón a desaparición de "cecais o último clásico vivo", e ao mesmo tempo a perda dun gran home de ben. Pero tamén recorda a súa obra como obra dun poeta total dedicado a evocar un Ourense que enriquecía xa desde a primeira obra, *El tren y las cosas*, até a última, *Calados esconxuros*. Ademais, evoca a súa figura de mestre e poeta da alegría, das pracidas tardes de paseos por Ourense, e remata cuns versos populares seus escritos nas paredes dun bar da cidade.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 16 xuño 2004, p. 5.

Continúa este artigo outros nos que se analizaba a vida e obra de frei Martín Sarmiento como persoeiro da Ilustración galega. Danse uns breves apuntamentos biográficos sobre o seu nacemento e a súa vida, como o seu verdadeiro nome, Pedro Xosé García Balboa, e o de seus pais Alfonso García Gosende e Clara de Balboa Sarmiento.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 17 xuño 2004, p. 5.

Neste texto, continuación de outros que falaban de frei Martín Sarmiento, dásenos conta de dúas viaxes que fixo o monxe a Galicia desde a súa residencia madrileña. Estas viaxes serían importantísimas para espertar o interese pola súa terra. A primeira é de 1754, despois da que escribiría o *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, e a segunda de 1954, despois de espertar o seu interese pola botánica, e da que xurdirían traballos como *Catálogo de voces vulgares, y en especial de voces gallegas de diferentes vegetales*, seguido do *Catalogo de voces y frases de la lengua gallega*, ou o opúsculo *Sobre el origen de la lengua gallega y sobre la Paleografía española.*

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 18 xuño 2004, p. 5.

O artigo forma unha serie con outros que dan uns apuntes biográficos da vida de frei Martín Sarmiento. Neste en concreto fálasenos dos vinte anos que viviu en Madrid, formando parte destacada da vida da Corte, e polo medio dos cales viaxa a Galicia e se interesa polo idioma da terra na que medrou, espertando posteriormente o seu interese pola botánica e polos nomes das plantas en galego. Por último dísenos que cando faleceu, en 1772, non se publicara nada da súa obra, que era moi adiantada para o seu tempo, pois proxectos coma

un dicionario de galego non eran moi comprendidos nas circunstancias de centralismo e desprestixio do galego nas que viviu.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 19 xuño 2004, p. 5.

Neste artigo vólvese a insistir en datos biográficos e bibliográficos do padre Sarmiento que xa se deran con anterioridade na mesma columna. Fálasenos do seu importante papel na Ilustración galega e española, das súas orixes galegas e no interese que, estando xa en Madrid, lle espertou o seu lugar de orixe a raíz dunhas viaxes a que fixera. Interese do que xurdiron obras coma o *Coloquio de 24 gallegos rústicos* ou o *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega.*

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 29 xuño 2004, p. 5.

Continúa a serie dedicada ao padre Martín Sarmiento. Desta volta, ademais de pequenos apuntes biográficos, tamén se destaca o seu interese pola botánica, que comezaría por 1951 e que produciría numerosas obras. No que respecta ao galego, a importancia da súa obra botánica residiría en que foi o primeiro en recoller nomes de plantas en galego en obras como: *Catálogo de voces vulgares, y en especial de voces gallegas de diferentes vegetales* , *Onomástico latín-gallego de los vegetales que vío el padre Sarmiento* ou *Onomástico etimológico de la lengua gallega*.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 30 xuño 2004, p. 5.

Continuación da serie dedicada a frei Martín Sarmiento. Ademais de recordar datos da vida do monxe que xa apareceran noutras entregas anteriores, fálase do seu gran proxecto, a elaboración dun dicionario de galego, e da súa obra dedicada ao problema do idioma galego. Con respecto a isto último dise que criticaba duramente os castigos físicos aos rapaces por usar a súa lingua e que defendía a utilización do galego en varios usos da vida pública.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 1 xullo 2004, p. 5.

Refírese á obra de temática galega do padre Sarmiento. Fai referencia, sobre todo, ás súas reflexións pedagóxicas, que ilustra escolmando un parágrafo do autor. Na pasaxe, Sarmiento insiste na necesidade de que nas primeiras etapas da alfabetización os nenos sexan instruídos na súa primeira lingua.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 2 xullo 2004, p. 5.

Esta sección segue a mesma liña ca outras publicadas con anterioridade, dando algúns apuntes da vida e da obra de Sarmiento e reproducindo fragmentos da súa obra. Nos fragmentos da súa obra que aparecen aquí fala Sarmiento da necesidade de introducir o galego na escola como unha condición para que os nenos aprendesen.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia en el mundo*, 'Opinión', 3 xullo 2004, p. 5.

Este breve textiño, que forma parte dunha serie deles dedicados a frei Martín Sarmiento, dános algúns apuntes sobre a súa vida e a súa obra; destacando, por exemplo, que fora o principal promotor do Real Xardín Botánico. Logo hai un pequeno fragmento da obra de Sarmiento, que neste caso son uns apuntes sobre pedagoxía. Segundo o ilustrado, debería haber quen ensinase aos nenos a lingua galega, pero nunca baseándose na memoria, pois el propuña un ensino baseado na práctica, empezando polo natural, polo de a redor, para pasar posteriormente aos conceptos abstractos.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 13 xullo 2004, p. 5.

O artigo fala nun primeiro momento da prolífica obra de Sarmiento e do seu interese pola botánica e polo futuro do galego. Despois cítanse uns anacos da súa obra nos que, basicamente, reclama a utilización do galego na educación e na elaboración do material didáctico.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 14 xullo 2004, p. 5.

Comeza o artigo, dedicado coma moitos outros aparecidos nesta sección a Sarmiento, comentando a súa obra. Dise dela que, aínda que case nada se chegou a publicar, é unha das máis importantes do seu tempo, xunto coa de Feijoo e a de Jovellanos. Tamén se comenta que, ao non ser publicadas por non aclimatarse ao gusto imperante, circulaban en copias pouco fiábeis. Por último inclúense uns fragmentos da mesma nos que o ilustrado defende a cultura dos indios americanos e a súa pedagoxía, e a inclusión das linguas maternas na escola da época, da que tamén critica os métodos mnemotécnicos.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 15 xullo 2004, p. 5.

Destaca este artigo o interese por Galicia do padre Sarmiento, aínda que case non escribise en galego, dedicándose a catalogar e recoller datos etnolóxicos, folclóricos, toponímicos, etc.. Dísenos tamén que foi o primeiro interesado en recoller, documentar e estudar o galego. Por último hai un fragmento no que fala da educación do neno e dunha maneira práctica de aprender xeografía: percorrendo co neno os sitios. Tamén hai outro fragmento que comenta a gravidade da mala educación dos nenos.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 16 xullo 2004, p. 5.

Recolle catro frases procedentes dos escritos do padre Sarmiento nas que se insiste na necesidade de que aos nenos galegos se lles ensinara no seu propio idioma.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 17 xullo 2004, p. 5.

Reúne unha nova serie de frases do padre Sarmiento sobre a importancia da ensinanza do galego na escola.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 1 setembro 2004, p. 5.

Recomenda a novela *Pensa nao*, de Anxo Angueira, na cal se relata a historia dos habitantes de Sernanselle, unha aldea de Dodro Vello, durante os anos da República.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 22 decembro 2004, p. 5.

Lembranza da poeta Luísa Villalta, da que se salienta tamén a súa actividade nos eidos musical, teatral, narrativo e ensaístico. Asemade, lémbrase o seu paso pola directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega, dende onde exerceu un importante labor a prol da normalización cultural de Galicia.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 24 decembro 2004, p. 5.

Escólmase un fragmento da obra de Luísa Villalta *Desperta do teu sono*, e recoméndase a lectura de calquera das súas obras.

Cid, Emilio, 'A literatura como paixón excluínte', *A Nosa Terra*, nº 1152, 'Cultura', 25 novembro 2004, p. 28.

Sinala que Roberto Bolaño e Xosé Carlos Caneiro son para el os escritores máis destacábeis que coñeceu nos últimos tempos. Indica que o que máis chama a atención neles é a gran paixón que manifestan pola escrita. De Bolaño cita a súa obra póstuma, *2666* e destaca a súa estética radical, ética e política. De Caneiro sinala que "vive roído polo verme da literatura", afirma que nas súas obras abundan as personaxes que falan dos seus autores, feito que, segundo Emilio Cid, se pode interpretar como unha homenaxe aos escritores de cabeceira. Tamén salienta o feito de que se creen diferentes vocábulos nas obras de

Caneiro. Finaliza expresando a súa intención de ler *2666* e loando a próxima obra de Caneiro que verá a luz, debido a que el xa leu o manuscrito.

Conde, Alfredo, 'A vixencia dos escritores', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 5 febreiro 2004, p. 4.

Fala da vixencia e recuperación de determinados escritores de referencia que na actualidade están ausentes no sistema literario. Está de acordo en que se recuperen algúns escritores, como xa se fixera ao final da dictadura; pero oponse a que isto se faga en detrimento dos outros, como sucedera entón. Para el non é propio eloxiar determinados escritores ou artistas só por motivos ideolóxicos ou políticos e desprezar outros. Afirma que a calidade artística non se debe supeditar a estas consideración e, por iso, non se deberían esquecer certos escritores que até agora gozaron de vixencia.

Conde, Alfredo, 'Medicina e humanismo', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 8 febreiro 2004, p. 4.

Coméntase o libro *Medicina e Humanismo. Homenaxe a Domingo García-Sabell*, publicado conxuntamente pola Universidade de Santiago de Compostela e a editorial Galaxia. Conde comenta brevemente o artigo de Xesús Alonso Montero, o de Franco Grande, o de Fernández Albor ou o do xeneral Sabino Fernández Campo. Pero repara especialmente na achega de Xosé Luís Barreiro que trata as reaccións do nacionalismo de cara a figuras coma García-Sabell ou Ramón Piñeiro, e que lle suxire unhas breves reflexións sobre o nacionalismo e o galeguismo piñeirista.

Conde, Alfredo, 'Pazo Quinteiro da Cruz', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 18 febreiro 2004, p. 4.

Recorda Alfredo Conde unha viaxe que fixo recentemente polo Salnés na que visitou o Pazo Quinteiro da Cruz. Aproveita as palabras de Filgueira Valverde e uns versos de Manuel María para describilo. Tamén dá os seus propios datos sobre o pazo, destacando a perfección das camelias, pois di que pasou o día contemplando nelas.

Conde, Alfredo, 'Nesta fala antiga', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 19 febreiro 2004, p. 4.

O texto fala dos libros que non teñen moito éxito, recordando o pouco pudoroso con eses temas que era Camilo José Cela, quen dicía que regalara catrocentos exemplares de *La familia de Pascual Duarte* para que se lera (obra coa que, ademais, perdera varios premios literarios). A respecto dos seus propios libros o autor, Alfredo Conde, fala do fracaso de dous deles, *Sempre me matan* e *O fácil que é matar*, que foron un fracaso editorial aquí,

pero que son dos máis apreciados pola crítica foránea. Conde quéixase da súa desaparición dos manuais de literatura e dos estudos universitarios de Galicia, e recorda datos, tan contraditorios para el, como que dentro de pouco vai presentar un libro en Rusia, publicado en ruso antes que en galego.

Conde, Alfredo, 'De premios literarios', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 20 febreiro 2004, p. 4.

Fala neste artigo Alfredo Conde dos premios literarios, recordando que o mesmo Camilo José Cela, do que viña falando xa nun artigo anterior, non tiña ningún premio até que lle concederon o Nacional de Literatura. Recorda aquí tamén Conde a sorte dalgunha das súas obras e a súa experiencia cos premios; segundo di, desde que en 1984 gañou o Blanco Amor non volveu gañar premio ningún, e iso que presentou algunhas obras coma *Historia do Soldado*, da que di que foi a mellor tratada pola crítica. Por último comenta ironicamente o seu último premio, a *Ponla de toxo* á gran traizón á lingua galega, e fala da contradición que é que o que escribe en galego se lea en ruso.

Conde, Alfredo, 'Ollada no baleiro', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 28 febreiro 2004, p. 4.

Tras unha breve reflexión sobre o carácter do escritor e da súa manía de xulgar como interesante para o público o que tamén o é para el, fálanos Alfredo Conde da súa última viaxe a Rusia. E fala disto porque lle desapareceu nela unha maleta con notas que tomara alí sobre lugares como a Universidade Patricio Lumumba ou o cemiterio de Novodevischy. Esas notas dinos que contiñan, ademais de apuntamentos para os artigos, datos sobre a súa ultima novela, unha novela histórica sobre un mulato fillo dunha bailarina do Tropicana e dun galego algo esmorgueiro.

Conde, Alfredo, 'Liñas no fondo dos sucos', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 15 marzo 2004, p. 4.

Artigo dedicado á memoria de Luísa Villalta. O que lle dá pé a Alfredo Conde para falar dela é un artigo que le no xornal, un artigo de Miguel Anxo Murado que lle descobre cousas novas da escritora recentemente falecida. Tamén nos conta Conde como a coñeceu gravando na Radio Galega uns textos e como lamenta non a ter coñecido un pouco máis por mor da súa repentina morte.

Conde, Alfredo, 'Dos meus esquecementos', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 26 abril 2004, p. 4.

Quéixase aquí Alfredo Conde de que perdeu o último libro de Ricardo Martínez-Conde, que quería comentar nesta sección e do que non recorda nin o nome. Isto lévao a falar da súa mala memoria, di que para compensar as gabanzas, polo menos implícitas, que se bota a si mesmo nos artigos. Tamén comenta que ten un novo libro publicado, e prognostica que padecerá esquecementos como outros anteriores.

Conde, Alfredo, 'Maios e literatura', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 4 maio 2004, p. 4.

Coa chegada do mes de maio o autor recorda a súa infancia, na que alternaba os Maios de Pontevedra cos de Ourense, e tamén que chega a festa da literatura. Pero quéixase amargamente de que é unha festa un tanto absurda, na que se celebra unha lingua que está camiño da desaparición. Por iso arremete contra as loitas normativas e dá a súa propia postura.

Conde, Alfredo, 'Prosa universal', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 18 maio 2004, p. 4.

Fala Alfredo Conde da lectura que fixo de *Un hombre que se parecía a Orestes*, o libro de Álvaro Cunqueiro que foi premio Nadal en 1968 e que di que acaba de ser reeditado pola editorial Destino. Cualifica Conde a súa lectura de pracenteira, con "tanto pouso lírico e aínda onírico". Nunha última parte do artigo pregúntase se se pode considerar o libro en cuestión de literatura galega e dá varios exemplos nos que Cunqueiro usa estruturas lingüísticas galegas para afirmar que Cunqueiro, aínda escribindo en castelán, segue sendo galego; galego e universal tamén.

Conde, Alfredo, 'A arte de ler', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 27 maio 2004, p. 4.

Despois dunha breve introdución, na que indaga sobre a relación que estabelece nos seus artigos co público, Alfredo Conde bota man de outros autores coma Joseph Joubert ou Ghoete para reflexionar sobre a arte de ler. Primeiro dinos que, segundo dicía o francés, na arte de escribir hai costumes do cerebro, polo que el supón que as haberá tamén para ler. Logo pregúntase sobre o que vén sendo a arte de ler, e apoiándose nas palabras do alemán dinos que, probabelmente, a lectura sexa un camiño para procurar os "monumentos"do espírito. Unha concepción desta arte segundo a que o escritor ocuparía un papel pouco menos que de médium entre o lector e o seu propio espírito.

Conde, Alfredo, 'A paixón soborda', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 30 maio 2004, p. 4.

Fala neste artigo Alfredo Conde da paixón polos libros, unha paixón da que di padecer e da que coñece algúns exemplos extremos. A este respecto fai unhas pequenas apreciacións sobre a lectura e os libros, baseándose en citas de escritores importantes: Voltaire, Goethe,

Schopenhauer e Ernesto Sábato. Por último explica a súa teima de acumular libros, afirmando que coas relecturas descobre cousas que no seu día se lle pasaran.

Conde, Alfredo, 'Realidade lingüística', *El Correo Gallego*, 'Opinión/Os outros días', 14 xuño 2004, p. 4.

No artigo, directamente relacionado con outro que publicara anteriormente o mesmo autor, coméntanse algunhas novidades editoriais. Por un lado Alfredo Conde fala de cinco libros de poesía que acaba de sacar a editorial Espiral Maior e reafírmase na opinión, que xa dera con anterioridade, de que os libros son de moita calidade. Por outro lado fala doutra novidade, un ensaio de Manuel Rodríguez Alonso titulado *O españolismo lingüístico*. Cualifícao como un gran ensaio, que desmonta unha serie de tópicos argallados sobre a realidade cultural e lingüística do que sería o estado español, algo para tomar unha posición máis cabal e certa.

Conde, Alfredo, 'Antón Tovar', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 26 xuño 2004, p. 4.

Artigo de homenaxe dedicado a Antón Tovar, recentemente falecido. Dinos Alfredo Conde que cando soubo da nova improvisou unhas palabras de dor baseándose nunha idea de Schopenhauer, que di que somos inducidos á vida por un impulso ilusorio de voluptuosidade e retidos nela polo ilusorio medo á morte. Logo recorda o poeta ourensán, que para el sempre tivo unha intelectualidade voluptuosa, chea de amor polas cousas sinxelas. Tamén nos fala Conde do melancólico que era Tovar e recorda un verso do seu libro *El tren y las cosas,* moi semellante a outros do poeta español Miguel Hernández.

Conde, Alfredo, 'Vella memoria poética', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 4 xullo 2004, p. 4.

Conta neste texto Alfredo Conde as súas peripecias cun libro de Ricardo Martínez-Conde, *Compostela vella memoria*, do que se queixara da súa desaparición nun artigo anterior, e do que a editorial lle volveu mandar un exemplar. Faille pensar este libriño nos versos que se lle teñen escrito a Compostela e acaba por reler a Aquilino Iglesia Alvariño buscando algún poema dedicado a esta cidade. Non atopa ningún poema de Alvariño dedicado a Santiago, nin sequera na súa antoloxía editada pola Universidade de Santiago de Compostela en 1986 e con prólogo de Anxo Tarrío; pero si que atopa un par de poemas dedicados a París que reproduce.

Conde, Alfredo, 'Letras Libres', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 9 xullo 2004, p. 4.

Fala o artigo da revista "Letras Libres" que o autor describe coma un relanzo, apoiándose para iso na definición que dá desta palabra o dicionario de Eladio Rodríguez González. Di

que a revista é unha descanso, un remanso no medio da prensa mensual, un alto no camiño para ler amodo e gozar sen urxencias, pois non son noticias perecedeiras, senón unha revisión do que está a acontecer no universo do pensamento.

Conde, Alfredo, 'Mesas de escritores', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 19 xullo 2004, p. 4.

Aproveitando a incorporación á Fundación Camilo José Cela da mesa do escritor, reflexiona sobre as condicións que definen o seu propio espazo de escritura.

Conde, Alfredo, 'Esforzo lector', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 30 xullo 2004, p. 4.

Comenta unha pasaxe dos *Ensaios* de Montaigne na se que presenta a biblioteca doméstica como refuxio fronte as ameazas da vida pública e familiar.

Conde, Alfredo, 'Galeguizar Galicia (I)', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 16 agosto 2004, p. 4.

Destaca o papel determinante da "Xeración Nós" e dos integrantes do "Grupo Galaxia" no avance da actividade cultural e política en Galiza. No relativo aos membros de Galaxia, lembra a súa expresión máis coñecida e explica a súa influenza sobre os partidos políticos que funcionan actualmente en Galiza.

Conde, Alfredo, 'Galeguizar Galicia (II)', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 17 agosto 2004, p. 4.

Continúa coa reivindicación das figuras de Nós e os membros do "Grupo Galaxia", reclamando a aparición dun movemento que continúe o labor de aqueles e complete "a galeguización de Galiza".

Conde, Alfredo, 'Crise da literatura', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 26 agosto 2004, p. 4.

Denuncia o papel secundario que desempeña a literatura na sociedade galega actual e pide que os intelectuais leven a cabo un labor máis construtivo e acorde ás necesidades dos lectores galegos.

Conde, Alfredo, 'O mesmo espírito', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 3 setembro 2004, p. 4.

Formula unha exaltación dos valores do Grupo Galaxia e presenta brevemente algúnss dos trazos do seu pensamento xeral, así como as diferenzas existentes entre as posturas ideolóxicas de diversos galaxistas (Francisco F. Del Riego, Xaime Isla, García-Sabell, Mariño Dónega, etc.)

Conde, Alfredo, 'Un santo laico', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 10 setembro 2004, p. 4.

Dá conta da noticia da morte de Manuel María e explica as virtudes que atribúe á súa obra poética, descrita como un instrumento imprescindíbel para o coñecemento dos mecanismos do pensamento galego.

Conde, Alfredo, 'Mes de uvas', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 11 setembro 2004, p. 4.

Comenta algúns aspectos da vida de Chateaubriand e Valle-Inclán, salientando o carácter suxestivo dos textos de ambos escritores.

Conde, Alfredo, 'Tacada literaria', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 22 setembro 2004, p. 4.

Breve recensión dos libros publicados recentemente pola editorial "Espiral Maior". Cita os seguintes textos: *Levantar as tetas*, de Lupe Gómez, *O coxo de Vilarelle*, de Alfonso Eiré, *En concreto*, de Luísa Villalta, *Dende Gres*, de Neira Vilas, *O mes de abril,* de Pablo Vaamonde, *Ollos negros*, de Henrique Rabuñal, *Sucede*, de Daniel Salgado, e *In-ventos*, de Xoán Xosé García.

Conde, Alfredo, 'Gloria ó poeta', *El Correo Gallego*, 'Os outros días', 18 outubro 2004, p. 4.

Critica a negación da condición de fillo adoptivo da Coruña ao finado Manuel María, debida, en opinión do xornalista, á militancia do poeta no Bloque Nacionalista Galego. Pide que a valoración da figura do escritor non dependa de factores extraliterarios e se axuste á calidade dos seus versos.

Conde, Alfredo, 'Música e literatura', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 26 outubro 2004, p. 4.

Reflexiona sobre as pezas musicais que acompañaron o proceso de escritura dos seus textos. Fai referencia a dúas das súas novelas, *Breixo* e *O Contubernio*, influídas, respectivamente, pola escoita da quinta sinfonía de Dvorak e o *Carmina Burana*, de Carl Orf.

Cora, José de, 'Morre o home, nace o poeta', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 10 setembro 2004, p. 86.

Breve nota que lamenta a morte de Manuel María e exalta o valor da súa poesía.

Cordal, Xabier, 'Día das Letras Chairegas, asemblea da cultura (I)', *El Progreso*, 'Comarcas', 31 xaneiro 2004, p. 22.

Comenta como foron os comezos do "Día das Letras Chairegas". Todo empezou, di, por unha reunión no "IES Terra Chá" de Castro Riberia de Lea, onde se chegaron a uns acordos básicos para facer uns actos que fomentasen a conciencia de unidade cultural da comarca e nos que, ademais do homenaxeado, fose o protagonista o alumnado. A raíz disto, e segundo conta, a celebración converteuse nunha suma de esforzos individuais que facían posíbel un gran éxito colectivo: escritores coma Darío Xohán Cabana, Manuel María, Agustín Fernández Paz ou Chao Rego eran recoñecidos na comarca e miles de rapaces xuntábanse nunha celebración cultural para todos. Pero di que esta celebración está en crise pola falta de medios, que obriga á organización a andar mendigando axudas, e chegados a este punto pode haber dous fins para semellante acontecemento: ou ben suspender a celebración á espera de tempos mellores, ou permitir que se convirta nunha das moitas homenaxes institucionais que xa hai.

Cordal, Xabier, 'Día das Letras Chairegas, asemblea... (II)', *El Progreso*, 'Comarcas', 1 febreiro 2004, p. 14.

Continúa un artigo publicado no mesmo xornal, en 'Comarcas', 31 xaneiro 2004, p. 22, dicindo que non se pon en dúbida a necesidade do mundo institucional, só que o "Día das Letras Chairegas" non naceu para iso, senón aspirando a estar onda o futuro, onda os mozos bailan hip-hop ou len historias de Xabier P. Docampo. Por último remata pedindo que non se deixe que a celebración morra ou cambie, e para iso apela aos concellos da zona, coma o de Castro de Rei, que xa se ofreceu para acoller en ocasións vindeiras esa festa da cultura de toda a comarca.

Cores, Baldomero, 'Rosalía de Castro desde o miradoiro de Muxía', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 12 decembro 2004, p. 7.

Comenta que en dous poemas do apartado VI de *Cantares Gallegos*, dedicados á festa da Nosa Señora da Barca, e na novela *La hija del mar* (1859) Rosalía de Castro plasma as súas visións do mar fisterrá. Tamén achega dúas hipóteses a cerca de canto tempo e onde morou a escritora en Muxía.

Cores, Baldomero, 'Rosalía de Castro, a costa e o mar fisterrán', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 26 decembro 2004, p. 7.

Comenta que Rosalía de Castro en *La hija del mar* (1859) foi tamén precursora ao elevar a rango estético os fenómenos da natureza, en concreto a hostilidade do diálogo entre o mar, a terra e o home na costa fisterrá, que nun primeiro momento se denominou Costa Brava galega e, logo, Costa da Morte.

Costa Clavell, Xavier, 'Rosalía e a súa nai', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 9 marzo 2004, p. 5.

Co gallo de que se cumpre nese ano o bicentenario do nacemento de María Teresa de la Cruz de Castro Abadía, a nai de Rosalía de Castro, fálanos un pouco sobre ela. Dinos que era filla dun cabaleiro virtuoso, Xosé de Castro Salgado, moi admirado posteriormente pola súa neta, e que, pola realidade que a rodeaba, se viu caída en desgraza ao ter unha filla ilexítima cun crego, José Martínez Viojo. Tamén se nos conta que o rexeitamento que tivo nun principio cara á súa filla influíu decisivamente no espírito de Rosalía, aínda que despois tivese unha infancia feliz. Por último tamén se dá conta do centenario da publicación do *Cancioneiro de Ajuda*, que Rosalía nunca chegou a coñecer.

Costa Clavell, Xavier, 'O home que falaba vegliota', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 18 marzo 2004, p. 5.

Fala o artigo de Raimundo Patiño con motivo da presentación na Galería Sargadelos de Barcelona dunha exposición sobre el que leva o nome "O home que falaba vegliota", unha serie de cadros que para o autor constitúen a historia dun home perseguido por non falar o "idioma oficial do imperio franquista". Hai tamén uns pequenos apuntes biográficos do poeta, escritor e político que foi Patiño, e reprodúcese un poema que lle dedicara Méndez Ferrín á súa memoria.

Costa Clavell, Xavier, 'Xente amiga', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 23 marzo 2004, p. 5.

Bota a vista para atrás Xavier Costa Clavell e fai un percorrido polos amigos que tivo na vida. Acórdase nos seus anos en Barcelona de María Luz Morales, xornalista e escritora; de Santiago Gisán Pardo e Manuel Casado Nieto, os dous directores do Centro Galego de Barcelona; ou de Xohán Manuel, un escritor falecido moi novo. Tamén destaca unha serie de pintores amigos seus, coma Luís Seoane, Reimundo Patiño, Isaac Díaz Pardo, etc. Entre os escritores nomea algúns coma: Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Blanco Amor, Eliseo Alonso, Méndez Ferrín, Salvador García Bodaño, Ramón Lorenzo, Margarita Ledo, Celso Guerrero, Baltasar Porcel, Roberto Saladrigas, etc. Por último, di que non poden faltar nomes coma Carmen Nieves, Martínez Caamaño, Rey Novoa, Manolo Rivas, Otero Besteiro ou Eduardo Butragueño, sen esquecerse da súa muller Nuria.

Costa Clavell, Xavier, 'O neno', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 28 marzo 2004, p. 4.

Pregúntase Xavier Costa Clavell polo motivo de que o ser humano adulto recorde constantemente a infancia. De feito reprodúcenos algún poema seu non publicado no que fala da súa infancia. Por último fai unhas reflexións xerais sobre a infancia e a felicidade dos nenos.

Costa Clavell, Xavier, 'Homenaxe popular ó chantadino Leopoldo de Soto', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 1 maio 2004, p. 4.

O artigo comeza falando da homenaxe que se lle rendeu a Leopoldo de Soto R. Osorio, amigo do autor e presidente do Círculo Recreativo e Cultural de Chantada. Fálasenos de Leopoldo de Soto como principal impulsor das actividades da institución, das que fai un pequeno resumo: presentacións de libros, un certame poético co nome do trobador medieval Xohán de Requeixo, actuacións de danza ou conferencias, etc.

Costa Clavell, Xavier, 'Do descoñecido ao descoñecido', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 26 xuño 2004, p. 4.

Fala Xavier Costa Clavell dunha antoloxía de poemas que acaba de publicar Manolo Rivas e que leva o mesmo título que o seu artigo, *Do descoñecido ao descoñecido*. Recorda nun principio como coñeceu el ao escritor cando era xornalista en *El Ideal Gallego*. Con respecto ao libro dinos que é unha antoloxía que recolle a súa obra poética desde 1980 até 2003, desde o primeiro *Libro do Entroido* até o último *Palabras e ourizos*; unha iniciativa que partiu de Miguel Anxo Fernán Vello, director de Espiral Maior. Logo reprodúcenos un fragmento no que o propio Manolo Rivas explica o proceso de conformación da obra e reproduce tamén poemas dela. Segundo as palabras do escritor que se nos reproducen, a obra nun principio provocoulle un fondo desacougo, pero agradeceu o resultado.

Costa Clavell, Xavier, 'Isaac Díaz Pardo', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 14 xullo 2004, p. 5.

O artigo dedícase a destacar algúns persoeiros galegos de diferentes ámbitos. Salienta sobre todos eles Xavier Costa Clavell a Isaac Díaz Pardo coma un exemplo de galeguidade durante todo o século XX, e lembra que deixou a pintura para pular por Galicia, creando proxectos coma Sargadelos, Edicións do Castro, ou o museo Carlos Maside. Tamén destaca a Francisco Fernández del Riego, co seu traballo na Real Academia Galega, tanto sendo presidente coma sen selo. Ten unhas palabras amais para o editor e poeta Miguel Anxo Fernán Vello, para a filóloga Pilar Vázquez Cuesta, ou para as escritoras e escritores Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, Antón Tovar ou Darío Xoán Cabana. Por último fálanos de Antonio García Patiño, Alfonso Costa ou Alfonso Sucasas no mundo das artes plásticas.

Costa Clavell, Xavier, 'Antón Tovar Bobillo', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 27 xullo 2004, p. 5.

Artigo no se que se lembra ao poeta ourensán recentemente falecido. Recolle varios versos do escritor e cita os libros que compoñen a súa obra. Define a Antón Tovar como un autor que mestura "un fondo e fermoso lirismo" cunha preocupación social baseada na procura continua da xustiza.

Costa Clavell, Xavier, 'Salvador García-Bodaño', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 29 xullo 2004, p. 5.

Dá noticia da homenaxe da Asociación de Escritores en Lingua Galega ao poeta santiagués. Repasa os textos que integran a obra do escritor e os premios que lle foron concedidos durante a súa carreira literaria.

Costa Clavell, Xavier, 'Os últimos galeguistas galeguizadores', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 15 agosto 2004, p. 4.

Sinala que o nacionalismo galego sofre actualmente unha crise derivada da perda de intensidade e claridade conceptual por parte das novas xeracións de galeguistas. O xornalista critica o romanticismo excesivo de Xosé Luís Méndez-Ferrín e o carácter marcadamente moderado de Manuel Rivas, opoñéndoos á forza do pensamento de autores como Blanco Amor ou Celso Emilio Ferreiro.

Costa Clavell, Xavier, 'Morre Manuel María', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 19 setembro 2004, p. 4.

Dá conta do falecemento de Manuel María. Cita varios versos procedentes dos textos do poeta e resume a súa traxectoria literaria.

Costa Clavell, Xavier, 'Seoane, aquel galego amigo', *Galicia Hoxe*, 'No faiado', 3 outubro 2004, p. 4.

Informa da incorporación de unha serie de gravados do pintor galego a unha mostra organizada na sala de exposicións de San Eloy de Salamanca. Recolle algunhas anécdotas da vida do artista, salientando os seus contactos con importantes personaxes da cultura ibérica e latinoamericana.

Dacosta, Henrique, 'As letras en Ferrol: un signo de normalidade', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 16 maio 2004, p. 23.

O que busca o autor do artigo é presentar unha idea do que pode ser a literatura da chamada Terra de Transancos ou Ferrolterra. Comeza para iso cun breve texto de factura literaria, pero cunha marcada expresividade localista. Pero afirma que non se trata de mostrar unha

serie de particularidades léxicas ou de lingua, que si que se poden identificar nos autores, senón de falar dunha serie de escritores de todos os tempos, aínda que lle interese máis falar dos de hoxe, que forxaron a contribución da comarca ás letras do país. Por non deixar ningún nome fóra non se atreve a dar unha lista, pero fala dunha nova xeración, con xente coma o ferrolán Xosé Constenla Doce, gañador do premio Torrente Ballester do mesmo ano, que lle vai dando o relevo a algúns dos xa considerados grandes, como podía ser Xavier Alcalá; pois a literatura, dinos, vigorízase e reactualízase a cada momento.

Dacosta, Marta, 'Equilibrio', *A Nosa Terra*, nº 1.119, 'Cultura', 4 marzo 2004, p. 25.

No artigo critícase unha forma de poesía que, segundo Marta Dacosta, chegou nestes últimos anos a uns extremos de hermetismo absoluto, no que desaparece toda mensaxe. E critícaa porque ela mantén que sen mensaxe non hai comunicación, e esa falta de comunicación fai renunciar á lectora ou lector. Fuxindo do debate sobre a popularización da poesía, considera que é moi difícil escribila, porque hai que acadar un equilibrio entre mensaxe e expresión, condición indispensábel para que se poida falar realmente de poesía.

Dacosta, Marta, 'Crítica literaria', *A Nosa Terra*, nº 1.127, 'Cultura', 6 maio 2004, p. 25.

Aborda aquí Marta Dacosta o tema da crítica literaria, atacando duramente os excesos e influencias desta sobre o mundo da literatura. Para ela a crítica non ten por que dedicarse exclusivamente a facer promoción de certas publicacións ao servizo das editoriais, pero tampouco debe chegar á desmesura e condenar inxustamente a algúns textos á destrución, só porque o crítico non os soubese ler. Porque, segundo nos di Marta Dacosta, a Crítica ten que esixir os mesmos criterios para ela que lles esixe aos escritores, e non obter un desacordo maioritario co público, porque iso faille perder calquera valor de referencia. A este respecto recorda o papel da crítica na institución do canon literario, polo que reclama que o que exerce a crítica debe ter consciencia da súa responsabilidade máxima.

Dacosta, Marta, 'Literatura sen xénero', *A Nosa Terra*, nº 1.131, 'Cultura', 3 xuño 2004, p. 25.

Comeza o artigo Marta Dacosta comentando unha afirmación de Luísa Villalta na que a escritora falaba da irrelevancia do sexo do autor á hora de abordar a obra, constituíndo iso unha evidencia da homologación de escritores e escritoras. Dacosta engade que tamén o é a irrelevancia da autoría á hora de afrontar a obra. Para, dalgún xeito, contrastar isto, fálanos da xeración de poetas dos noventa, que estaría dominada por unha ampla nómina de escritoras de grande calidade coas que un representante masculino coma Rafa Villar se sente totalmente identificado. Pero como exemplo da existencia de obras que consigan esa irrelevancia fálanos de dous libros aparecidos o ano anterior, dous libros de dous homes: Carlos Negro e Eduardo Estévez, pero nos que a muller é protagonista. Segundo ela,

Helena ou a Pequena Defunta son protagonistas que, apartadas do nome do autor, foron consideradas creacións femininas. Por último fainos unha breve descrición dos dous libros.

Dacosta, Marta, 'Letras galegas', *A Nosa Terra*, nº 1.135, 'Cultura', 1 xullo 2004, p. 25.

A xornalista manifesta a súa sorpresa pola decisión de dedicar o Día das Letras Galegas de 2005 a Lorenzo Varela, ofrecendo unha mostra de posíbeis autores alternativos na que se inclúe a Ricardo Carvalho Calero, Eusebio Lorenzo Baleirón, os irmáns Álvarez Blázquez e María Mariño. Asimesmo, propón buscar novas fórmulas para a promoción da literatura galega e o arraigamento da identidade nacional galega na sociedade actual.

Dacosta, Marta, 'Prohíbese por orde da alcaldía', *A Nosa Terra*, nº 1.146, 'Cultura', 14 outubro 2004, p. 25.

Reivindica a figura do poeta Manuel María a raíz da negación a este da condición de fillo adoptivo da cidade da Coruña.

Díaz Pardo, Isaac, 'Domingo García-Sabell e Seoane', *La Voz de Galicia*, 'Crónicas inconformistas', 9 febreiro 2004, p. 5.

A súa asistencia á presentación dun libro, que publican a editorial Galaxia e a Universidade sobre Domingo García-Sabell, dálle pé a Isaac Díaz Pardo para falar un pouco do seu amigo médico. Así debúllanos algúns dos recordos que ten del no Santiago anterior á guerra e da súa relación con Luís Seoane, de como os dous lideraban as reivindicacións estudantís na universidade, e posteriormente dos distintos camiños que tomaron: Luís Seoane no exilio e Domingo García-Sabell mantendo o contacto desde Galicia. Tamén se lembra da colaboración total que mantiveron unha vez rematado o exilio de Seoane. Por último fai Díaz Pardo algún comentario sobre o prólogo do citado libro, feito polo presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Barreiro Fernández.

Díaz Pardo, Isaac, 'A propósito da lingua galega', *La Voz de Galicia*, 'Crónicas inconformistas', 8 marzo 2004, p. 11.

Fálanos aquí Isaac Díaz Pardo dunha charla arredor do libro de Xesús Alonso Montero, *A batalla de Montevideo*, na que el mesmo participou. O libro trata, segundo nos di, da denuncia que, diante da Unesco, fixeron as sociedades galegas de Arxentina pola persecución que da lingua galega fixo o Estado español. Na reunión tentábase explicar ata onde chegaba a persecución do galego por parte do franquismo, aínda que di que xa o explicara moi ben o autor do libro. Por outra lado cóntanos a discrepancia que houbo sobre unha famosa nota contra o galego que aparecera reproducida na revista *Galicia Emigrante* e das consecuencias que esta publicación, coma outras moitas cousas que aparecían na revista, trouxo ao réxime franquista.

Díaz Pardo, Isaac, 'No 25 cabodano de Luís Seoane', *La Voz de Galicia*, 'Crónicas inconformistas', 16 marzo 2004, p. 24.

O artigo ten como motivo os vinte e cinco anos do pasamento de Luís Seoane. Fálanos Díaz Pardo da unanimidade que existe hoxe en día por recordalo e enuméranos diversos actos que perseguen este fin. Comeza cunhas xornadas organizadas pola Consellería de Cultura no novo centro da Fundación Luís Seoane na Coruña, unhas xornadas que abren Xesús Alonso Montero e Xosé Luís Axeitos e nas que participará xente coma Mª Victoria Carballo Calero e Mª Antonia Pérez, Pepe Barro, Euloxio Ruibal, Iolanda Ogando, Alberto González-Alegre, Antón Patiño, Antonio Garrido e o propio Díaz Pardo. Por outra banda infórmanos dunha exposición no Museo Carlos Maside que volve montar unha mostra Gráfico-bibliográfica de Seone, e con motivo da cal se presentará o libro *Luís Seoane, notas ás súas cartas a Díaz Pardo* editado por María América Díaz. Por último salienta dous actos que tamén terán lugar na Fundación Luís Seoane: un total de seis encontros que, desde maio até novembro, pretenden manter vivo o espírito renovador de Seoane; e unha exposición sobre as relacións do homenaxeado con Julio Cortázar, do que tamén se celebran os noventa anos do seu nacemento.

Díaz Pardo, Isaac, 'Na Coruña con Seoane e a cartografía', *La Voz de Galicia*, 'Crónicas inconformistas', 29 marzo 2004, p. 5.

Fálasenos aquí de dous eventos que houbo o mesmo día na cidade da Coruña e aos que asistiu o propio Isaac Díaz Pardo. Por un lado a inauguración das conferencias que conmemoran o vinte e cinco cabodano da morte de Luís Seoane, nas que participaban xente coma Xosé Luís Axeitos, Xesús Alonso Montero ou o propio Díaz Pardo, que mostrou a súa preocupación sobre o futuro da sociedade de Sargadelos, obra na que participou tamén Seoane, porque chegou a esta sociedade xente con ansias especulativas. Por outro lado fala tamén Díaz Pardo da presentación dun libro sobre cartografía á que tamén asistiu.

Díaz Pardo, Isaac, 'Os Fernández de la Vega', *La Voz de Galicia*, 'Crónicas inconformistas', 7 xuño 2004, p. 5.

No artigo desentraña Isaac Díaz Pardo os lazos familiares galegos da ministra María Teresa Fernández de la Vega. Segundo Díaz Pardo trátase dunha ilustre familia moi espallada pola provincia de Lugo, composta por tres irmáns e dúas irmás. Pero salienta sobre todo Díaz Pardo a dúas tías da ministra, Elisa e Jimena, nacidas na Veiga, na beira administrativamente asturiana do río Eo, e que foron as primeiras mulleres licenciadas en medicina en Galicia. E fala sobre todo de Gumersindo Sánchez Guillade, o marido dunha das tías, que define como un gran demócrata galego e gran activista no exilio, que atendeu a Castelao nos seus últimos días e que foi un dos grandes oradores na presentación do *Sempre en Galiza* en 1944.

Díaz Pardo, Isaac, 'Noticias de mortos', *La Voz de Galicia*, 'Crónicas inconformistas', 13 setembro 2004, p. 5.

Artigo dedicado ao recordo do escritor Manuel María e do artista Luís Quintanilla, no que se relatan algúns episodios da vida de ambos intelectuais. Ademais, anuncia a publicación das memorias de Luís Quintanilla, *Pasatiempo, la vida de un pintor*, editadas pola profesora Esther López Sobrado no marco dunha exposición sobre a obra do pintor.

Díaz Pardo, Isaac, 'Luís Seoane e Ruedo Ibérico', *La Voz de Galicia*, 'Crónicas inconformistas', 13 decembro 2004, p. 5.

Dá conta da mostra da editorial parisina Ruedo Ibérico que está tendo lugar na Fundación Luís Seoane. Afirma que tanto neste caso como na que se vai inaugurar no Centro Galego de Arte Contemporánea, un dos eixes centrais é Seoane.

Díaz-Pachín, Alba, 'Nada mejor que decir 'te amo', *La Voz de Galicia*, 'Hechos y figuras', 3 xaneiro 2004, p. 36.

Fálasenos no artigo, entre outras cousas, dun acto no que o escritor Xosé Carlos Caneiro presentou a súa última novela. Foi no cárcere de Pereiro de Aguiar; alí o ourensán leu para os presos fragmentos de *Ámote* e algúns poemas de xuventude, acompañado á guitarra por José Manuel Salgado. Ao final, dísenos, acabou repartindo algúns libros entre os asistentes e asinando exemplares.

Diéguez, Lois, 'Corazóns de terra', *La Voz de Galicia*, 'No pasamento dun poeta', 10 setembro 2004, p. 43.

Subliña a importancia do finado Manuel María como cantor da paisaxe da Terra Chá e a fidelidade do poeta á nación e ao idioma galegos.

Diéguez, Lois, 'Caudaloso río', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 7 outubro 2004, p. 76.

Recolle os recordos do escritor sobre Manuel María, salientando o seu amor pola Terra Chá, a súa memoria prodixiosa e o seu constante optimismo.

Dobarro Paz, Xosé María, 'Fitos', *Diario de Ferrol*, 'Outravolta', 11 xullo 2004, p. 25.

Fálanos neste artigo Xosé María Dobarro da tese de doutoramento de María Ogando Bautista, *Historia de la actividad editorial en gallego (1808-1916).* Cóntanos que a tese é

unha novidade dentro dos estudos da actividade editorial, pois aborda un período amplo que inclúe o nacemento e o afianzamento da escrita en galego. Pero o motivo polo que nos fala desta tese é outro, pois participando no tribunal ademais del como presidente xente coma Gonzalo Navaza, Aurora Marco ou Teresa López, todos galegos, foi a primeira tese doutoral da Universidade Nacional de Educación a Distancia que se leu en galego. Tamén nos fala dunha lectura pública do *Sempre en Galiza* organizada na casa da cultura de Vigo pola Fundación Galiza Sempre. Tratábase de conmemorar o acto celebrado o 2 de xullo de 1944 en Buenos Aires, no que participaron miles de persoas para homenaxear a obra de Castelao.

Dobarro Paz, Xosé María, 'Ao pé de Salvador nesta súa hora', *Diario de Ferrol*, 'Outra volta', 18 xullo 2004, p. 25.

O escritor relata, coa escusa dun disco no que Miro Casabella musica dous poemas de Salvador García Bodaño, o seu primeiro encontro con ambos intelectuais. Ofrece información sobre a vida cultural compostelá durante os anos 60 e 70 e sobre a publicación dos dous primeiros poemarios do autor santiagués.

Dobarro Paz, Xosé María, 'Centenarios e académicos', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 31 outubro 2004, p. 28.

Dá conta do primeiro centenario da homenaxe a Manuel Curros Enríquez celebrada no Teatro Principal da Coruña. Explica tanto as circunstancias que deron lugar a dito acto como algúns aspectos da vida do poeta relacionados coa súa influencia na cultura galega.

Dobarro, Sara, 'Letras que unen', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 3 decembro 2004, p. 13.

Defende a idea dunha irmandade entre as cidades de Mondoñedo e Ferrol, presentándoa como un factor decisivo para o crecemento da actividade cultural na zona e a mellora das súas condición económicas. Como símbolo de dita unión, propón unha conexión entre Álvaro Cunqueiro e Gonzalo Torrente Ballester, figuras principais das letras de tales cidades.

Dobarro, Xosé María, 'Camiños', *Diario de Ferrol*, 'Outravolta', 30 maio 2004, p. 26.

Coméntanos aquí Xosé María Dobarro o transcurso do encontro "Desacordo de amor: Occitania en Galicia", organizado polo PEN Clube de Galicia no mosteiro de Samos. Fálanos da intervención do profesor Giuseppe Tavani, que falou sobre Airas Nunes e Raimbaut de Vaqueiras, acompañado de outros coma Pilar Blanco, Francisco Fernández Campo e Camiño Noia. Despois ofrece unhas pequenas consideracións sobre a pertinencia do título e sobre as linguas minorizadas, para rematar dando conta doutros eventos literarios. Por un lado da entrega dos premios "Pedrón de Ouro" , que este ano recaeu en Antía Cal, unha das pioneiras na renovación da pedagoxía galega, mentres que o Centro

Galego de Biscaia levou o Pedrón de Honra. Por outro comenta a VII edición dos Xogos Florais que se organizan en Cedeira, gañada por Aurora Varela Caabeiro, destacando a participación e importancia do acto.

Dobarro, Xosé María, 'Gouaches coruñeses e bombas arraianas', *Diario de Ferrol*, 'Cultura/Outravolta', 13 xuño 2004, p. 26.

Trátanse aquí basicamente dous temas, por unha banda dáse conta dunhas xornadas "Homenaxe a Álvaro Cebreiro", que celebraron el e outros na universidade da Coruña. A homenaxe viña a conto porque no mes de maio se celebraba o cento un aniversario do nacemento do homenaxeado, posto que no seu centenario non foi posíbel organizar nada; segundo di participaron nas xornadas: Isaac Díaz Pardo, Teresa Villar Chao e Elvira Varela Bao; ademais de Álvarez Torneiro, Xosé Luís Axeitos, Xesús Torres, Carlos Pereira, Fidel López Criado, Felipe Senén e Olivia Rodríguez. Tamén comenta que se pechou a homenaxe cunha exposición na que se mostraron cadros, libros ilustrados, cartas, postais, revistas, etc. de Cebreiro. Por outra banda tamén nos fala Dobarro do libro *O Cambedo da Raia: Solidariedade Galego Portuguesa Silenciada*, do que nos di que se presentou o venres anterior na Coruña e que fala da represión sobre as milicias guerrilleiras que despois da guerra se escondían na zona da raia. Os seus autores son Xosé Carlos Caneiro, Luís Martínez-Risco, Dionisio Pereira González, David Cortón, Domingos da Costa Gomes, Antonio Loja Neves, José Alves Pereira, José Dias Baptista e Paula Godinho.

Dobarro, Xosé María, 'Amizade, señorío, bonomía, poesía...', *Diario de Ferrol*, 'Outravolta', 12 setembro 2004, p. 24.

Homenaxe ao poeta Manuel María na que o xornalista repasa algúns dos momentos da vida do escritor. No relativo á súa obra, rexeita a idea de que o carácter prolífico do autor supoña un trazo negativo.

Dobarro, Xosé María, 'Homenaxes', *Diario de Ferrol*, 'Outra volta', 19 setembro 2004, p. 24.

O xornalista celebra os noventa anos de Avelino Pousa Antelo e dá noticia do acto de homenaxe realizado no Museo do Pobo Galego. Asimesmo, informa do centenario do nacemento de Xulián Manuel Magariños Negreira, acontecemento que orixinou a organización en Negreira dunhas xornadas dedicadas ao estudo da figura do escritor e do seu tempo.

Dobarro, Xosé María, 'Nomes propios', *Diario de Ferrol*, 'Outravolta', 10 outubro 2004, p. 28.

Aproveitando a visita de José Saramago a Ferrol, o xornalista expón a súa admiración polo escritor portugués, derivada tanto da calidade literaria da súa obra como do seu compromiso cos menos favorecidos.

Dopico Vale, Julia María, 'Vieiros y Álvaro Paradela', *Diario de Ferrol*, 'La ventana', 21 agosto 2004, p. 18.

Chama a atención sobre a revista *Vieiros*, publicada en México, na cal colaboraron escritores como Celso Emilio Ferreiro, Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro ou Manuel María. Cita unha carta do médico coruñés Álvaro Paradela, extraída no número 62 da dita publicación, na se que defende a superación do individualismo en función da postulación dunha colectividade popular.

Dourado Deira, Manuel, 'Rianxo: Orfo do herdo dos Dieste?', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 17 xaneiro 2004, p. 4.

Fai referencia aquí Manuel Dourado Deira a un artigo anterior de Isaac Díaz Pardo no que falaba da doazón, por parte dos sobriños e da viúva de Rafael Dieste, da biblioteca e os papeis do escritor á Fundación Sargadelos. Aínda que Dourado se alegra de tal doazón, tamén fala do desacougo e a frustración que lle provocou a noticia e explícanos tales sentimentos. Segundo conta, o preocupante da doazón é que posibelmente signifique que a herdanza da familia Dieste vaia parar a un destino afastado da súa vila natal, Rianxo. Para explicar isto, que entende como antinatural, fálanos das raíces do problema, unha vez mortos os protagonistas: a viúva e o sobriño de Rafael e case confirmada a doazón. Segundo el, o problema que impediu que o legado quedase en Rianxo é, basicamente, unha ofensa que sufriron os Dieste por parte duns antigos representantes legais de Rianxo.

Dourado Deira, Manuel, 'Os contiños de Xan', *El Correo Gallego*, 'Arousanía', 18 xaneiro 2004, p. 6.

O artigo xira en torno á figura de Juan José García Domínguez, que utiliza literariamente o pseudónimo de Xan, un amigo do autor que vén de publicar un libro para celebrar os oitenta anos de vida. O libro, titulado *Contiños,* é unha recompilación de relatos curtos versificados en cuartetos de versos octosilábicos. Os contos proveñen da tradición oral ou escrita e da propia inventiva do autor, que pretende plasmar neles unha filosofía vital fundamentada na alegría moi próxima ás tradicións. Este modo de ver a vida perante a actual sociedade posmoderna é o que máis salienta Manuel Dourado tanto do autor como do libro.

Dourado Deira, Manuel, 'Rosalía, Cabanillas, a ética e o viño', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 31 xaneiro 2004, p. 4.

Empeza o artigo cun pequeno repaso pola ética dos políticos, sobre todo en época electoral, seguindo para iso máximas como unha de Hobbes que di que o poder corrompe. Despois foxe destes temas e tira por outras vías máis suxestivas para os sentidos. Fálanos entón dunha exposición celebrada na Casa-Museo de Rosalía de Castro do pazo da Matanza a iniciativa doutra Casa-Museo, a de Ramón Cabanillas Enríquez en Cambados. Trátase dunha exposición sobre o viño que se inaugurou o 23 do mesmo mes.

Dourado Deira, Manuel, 'Castelao 04: fundacións e ritos', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 7 febreiro 2004, p. 4.

Responde aquí Manuel Dourado Deira a tres preguntas que lle fixo un amigo sobre a Fundación Castelao. Aclara en primeiro lugar o seu silencio deste ano sobre a figura de Castelao, motivado, moi ao seu pesar, pola ausencia de noticias novas que motiven a referencia ao rianxeiro. Logo fai uns pequenos apuntes sobre as condicións do seu silencio sobre algúns asuntos do herdo de Castelao. Por último fálanos dun fervoroso discurso de David Otero diante do busto de Castelao e dunha conferencia de Xoán Guntián no Concello de Rianxo, que versaba sobre a cerámica galega, moi especialmente sobre a importancia da cerámica celta de Cesures, na que xa reparara no seu día Castelao.

Dourado Deira, Manuel, 'Brea Segade e Dieste na guerra de África (II)', *El Correo Gallego*, 'Fin de semana', 28 marzo 2004, p. 2.

Este artigo é a continuación doutro e comeza in media res, falándonos de Xosé María Brea Segade e da súa estancia en Santiago de Compostela mentres pretendía facer carreira militar. Segundo se di, o da carreira militar sería só unha escusa para que un rapaz con inquedanzas puidese saír da aldea e estudar algo, pois comeza ao mesmo tempo a estudar por libre Maxisterio. O drama, dísenos, foi que o chamaron para incorporarse á guerra de África, que por aquel entón, 1921, estaba de plena efervescencia. Cóntase como coincide en África con Rafael Dieste e continúa a súa dedicación á literatura, lendo e escribindo prosas, poemas, anacos de novelas, etc. Ademais, entre el, Dieste e Xesús Romero, escriben unha revista en galego alá no medio de África, nun fortín militar en plena guerra. Trátase da revista manuscrita *Charamuscas*, que recorda Dieste máis tarde nun pequeno texto que se reproduce.

Dourado Deira, Manuel, 'Xosé Mª Brea Segade: Regreso, relacións literarias e o final (e III)', *El Correo Gallego*, 'Arousanía', 4 abril 2004, p. 4.

Terceira entrega dunha serie dedicada a Xosé Mª Brea Segade. Comeza o artigo falando da súa etapa na guerra de África, xa anteriormente tratada, para seguir co seu regreso a Rianxo. Unha vez alí sería nomeado mestre do pósito de pescadores de Taragoña, e nos tempos posteriores, dísenos, continúa os estudos de maxisterio, dos que non existe rastro documental, e continúa coa súa actividade literaria, ademais da musical e a plástica, para as que tiña grandes dotes. Na derradeira parte do artigo pregúntase sobre as súas relacións cos

rianxeiros máis relevantes desta época: Castelao, Dieste ou Manuel Antonio, e conclúese que non eran moi estreitas, ben polas diferenzas xeracionais, ben pola distancia. Non obstante recórdase a súa relación cos mestres galeguistas Xosé Losada Castelao e Manuel Rodríguez Castelao, coñecidos como "os Insua", e a influencia na súa poesía última de Manuel Antonio. Remata o artigo cunha pregunta sobre se chegou a hora de sacar do esquecemento a este escritor, eclipsado polo resto das figuras de ilustres rianxeiros da época.

Dourado Deira, Manuel, 'A derradeira vontade de Teresa Castelao', *El Correo Gallego*, 'Arousanía', 18 abril 2004, p. 9.

Ocúpase aquí Manuel Dourado Deira do que é o tema do herdo dos Castelao. Para iso expón ao principio unha resposta dada a un amigo, que lle preguntaba polo seu silencio sobre Castelao no mes de xaneiro, o mes de Castelao. Desta resposta dedúcese que Dourado Deira está gardando silencio sobre certos asuntos escuros que atinxen a este herdo, esperando que alguén cumpra un compromiso ou se esqueza del. Segundo di a derradeira vontade de Teresa Castelao, a irmá de Daniel, sería que todo o patrimonio da súa familia se destinase a dar maior gloria á memoria de seu irmán. Por outro lado, cóntanos como co seu contacto con Teresa a foi convencendo para que fose deixando de lado algúns temas dos que ela non quería nin falar. Explica que logrou convencela, coa axuda dun amigo da familia, de que os restos dos Insua, un primos de Castelao "autoinmolados" antes de exiliarse, volvesen para Rianxo, para o panteón familiar; e de que admitise a necesidade de que Rianxo tivese un museo dedicado a seu irmán.

Dourado Deira, Manuel, 'A Cela e Rosalía, hai que os ler...', *El Correo Gallego*, 'Arousanía', 16 maio 2004, p. 4.

Este texto vén sendo a resposta a un comentario que lle fixo un lector a Manuel Dourado Deira a raíz dun artigo anterior titulado "Cela fronte a Rosalía". O lector di que é hora de que se pare de polemizar cos dous grandes escritores de Padrón, e Dourado Deira amósase, en principio, partidario do que di o lector e di que non caben os enfrontamentos. Pero, non obstante, di que hai un "contraste evidente" entre os promotores de cada un, collendo así os dous escritores un profundo significado social, político e humano. Para demostrar isto dá varios exemplos de actuacións institucionais a redor destes dous escritores, como, por exemplo, que Rosalía fose nomeada filla predilecta de Padrón case vinte anos despois que Cela; ou que Cela fose declarado académico de honra de Real Academia Galega xa en 1982.

Dourado Deira, Manuel, 'Cuestións sobre o legado de Domingo García-Sabell', *El Correo Gallego*, 'Arousanía', 30 maio 2004, p. 2.

Parte doutro artigo de Albino Mallo, no que se daba unha información sobre a doazón de vinte e cinco mil libros da colección de Garcia-Sabell á fundación Barrié, e sobre unha homenaxe que se lle fixo nesa mesma asociación e que contou coas palabras de Darío Villanueva, que deu varios apuntes sobre a biografía do homenaxeado. Logo continúa Manuel Dourado Deira dicindo que, aínda que considera moi xusta a homenaxe, el ten algunhas cuestións sobre o legado de García-Sabell, manifestando, como xa fixeran outros, o escurantismo do médico con respecto a parte dos seus papeis. O que se pregunta en definitiva é o destino dos papeis e arquivos de Manuel Antonio, o dos papeis dos arquivos do Partido Galeguista e a aclaración dos contactos entre o exilio de fóra de Galicia e o de dentro que se mantiveron por medio de Domingo García-Sabell.

Dourado Deira, Manuel, 'Pensamento de Peña Novo', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 12 xuño 2004, p. 4.

Comeza este texto Dourado Deira dando conta da décima edición dos Premios Lois Peña Novo, concedidos ao concello de Lugo, polo seu labor normalizador; ao Consello da Avogacía Galega, polo seu labor de cara á extensión e mellora do uso do galego na administración de xustiza; e ao fiscal da Audiencia Provincial de Pontevedra, pola súa constancia no uso da nosa lingua. Logo fai unhas consideración sobre a política cultural e lingüística da Administración, poñendo como contrapunto e exemplo dous pequenos fragmentos nos que Lois Peña Novo expón o seu pensamento.

Dourado Deira, Manuel, 'Rosalía: 'Castellana' de Padrón?', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 17 xullo 2004, p. 4.

Anuncia a celebración do CXIX aniversario de Rosalía de Castro na Casa-Museo da Matanza, criticando o uso do castelán nos actos de dito acontecemento. Así mesmo, denuncia o que considera unha apropiación da figura da escritora por parte da cultura castelá.

Dourado Deira, Manuel, 'Borobó en 'Boirobo' e Trevonzos', *El Correo Gallego*, 'Arousanía', 18 xullo 2004, p. 2.

Dáse conta da Xornada de Homenaxe a Borobó celebrada na Casa da Fiada en Trevonzos, organizada polo Concello de Boiro e coordinada por Xoán Guitián. Coméntase que houbo varias conferencias, a primeira ofrecida por García Palmeiro sobre a participación de Borobó no xornal La Noche e sobre a súa importancia para o galeguismo. Tamén se sinala que nas mesas redondas levadas a cabo, os temas trataron sobre Borobó e o xornalismo en xeral.

Dourado Deira, Manuel, 'Ideario de Bóveda: Utilízase, non se cumpre', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 21 agosto 2004, p. 4.

Reivindica o pensamento galeguista de Castelao e Alexandre Bóveda, ao tempo que esixe unha maior aplicación do seu ideario nos postulados políticos que rexen o nacionalismo galego da actualidade. Para expoñer as ideas de Bóveda, utiliza o libro *Vida, Paixón e Morte de Alexandre Bóveda* (1996), de Alexandre Álvarez Gallego.

Dourado Deira, Manuel, 'Santa Isabel te acolla no ceo, Manuel María', *El Correo Gallego*, 'Arousanía', 19 setembro 2004, p. 2.

Lembra a Manuel María, "excelso combatente como poeta e guieiro de Galiza en loitas exemplares". Ademais, o xornalista relata a súa visita en compañía do poeta á Romaxe de Crentes Galegos no Campo de Santa Isabel de Outeiro de Rei.

Escrigas, Carmina, 'Homenaje a García Sabell en la Barrié', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 12 maio 2004, p. 22.

Alude á homenaxe que a Fundación Barrié lle tributou a Domingo García Sabell pola doazón que fixo a esta entidade da súa biblioteca. Destaca o nome dos ilustres asistentes ao acto, entre estes Darío Villanueva, quen pronunciou a laudatio ao homenaxeado, ou José María Arias, vicepresidente desta fundación. Subliña que este último adiantou que os investigadores poderán ter acceso a parte dos libros alí depositados.

Estévez, Xosé, 'Manuel María, memoria da tribo', *A Nosa Terra*, nº 1.144, 'Opinión', 30 setembro 2004, pp. 6-7.

Infórmase do falecemento na Coruña do escritor Manuel María, un dos escritores máis destacados dentro do panorama da literatura galega contemporánea. Despois fala da traxectoria humana e literaria do autor, sen esquecer que Manuel María non só foi un amigo, senón unha persoa que lle influíu non só como escritor senón tamén como home cuns valores a imitar.

Eyré, Xosé M., 'Unha literatura ben curiosa', *A Nosa Terra*, nº 1.128, 'Cultura', 13 maio 2004, p. 28.

Fai unha crítica do mundo literario galego. Principia queixándose de que a Real Academia Galega non acollera a Darío Xohán Cabana, culpando disto a factores políticos, feito que, afirma, afasta máis a esta institución da cultura galega. Lembra a polémica de se as nosas letras terían que ser nacionalistas ou non, apuntando que a nosa è unha literatura nacionalista xa desde os trobadores. Ademais, ataca o feito de que se pretenda incluír na literatura galega autores que escriben en castelán e, pola contra, se rexeiten nos libros de texto textos en galego ou, mesmo, en portugués.

Ezequiel, 'Borobó', *El Ideal Gallego*, 'Gente y noticia', 7 maio 2004, p. 6.

Sinala que a productora Lúa Films está preparando unha serie, chamada "Galegos de honra", na que, salienta, se ocupan tamén da vida de Borobó. Gaba a traxectoria vital do egrexio xornalista, lembrando algúns momentos desta como o traballo en *La Noche* ou en *El Correo Gallego*. Ademais, destaca os seus "Anacos", a súa faceta de autor de teatro e o seu coñecemento da vida da Bela Otero. Remata recordando un episodio das súas vidas común.

F.M.B., 'Un mar de literatura', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Olladas', 15 febreiro 2004, p. 2.

Tras reflexionar sobre as carencias xerais das nosas letras, nomeadamente as poucas referencias que nelas se fan ao mar; dáse conta da aparición dun *Caderno Grial* que recolle as conferencias que, co título de 'Un mar de literatura', xuntou a varios escritores en Vigo.

Faria, Gonçalo Nuno de, 'Até sempre, amigo', *A Nosa Terra*, nº 1.143, 'Opinión', 23 setembro 2004, p. 7.

Recorda a figura do poeta galego Manuel María admirado e recoñecido en Portugal pola súa loita contra a ditadura a través da palabra. Entende que sempre foi un home comprometido coas súas convicións políticas e que expresou o seu sentir a través dos distintos xéneros.

Felpeto, Xosé M., 'A ponte dos contos', *El Progreso*, 'Tribuna Chairega', 16 novembro 2004, p. 17.

Recóllese neste artigo a tradición de contar contos, lendas, cantigas, refráns, adiviñas etc., que se facían en determinadas épocas do ano con motivo de facer xuntanzas para realizar solidariamente traballos en comunidade.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Lexisladores poetas', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 22 2004, p. 3.

Reflexiona sobre o poder da lírica na sociedade a partir dunha sentenza de P. B. Shelley, quen, afirma, dicía a poesía lexisla. Busca exemplos que dean testemuña desta influencia, citando a poetas simbólicos como Eduardo Pondal, Rosalía ou Celso Emilio Ferreiro. Finaliza salientando que a poesía "comunica, por revelación, as verdades da existencia".

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Poesía, música e acción cívica en Sada', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 19 xaneiro 2004, p. 3.

Refírese á xuntanza cívica na Casa da Cultura Pintor Lloréns de Sada para defender a democracia e berrar contra a corrupción a través da música e da poesía. Cita a egrexios asistentes como Manuel María, Luisa Villalta ou, entre outros, Lino Braxe, recoñecendo a súa valiosa presenza.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Bibliotecas municipais galegas', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 20 xaneiro 2004, p. 3.

Denuncia o estado das bibliotecas municipais galegas e avoga polo papel socializador e culturalizador destes espazos para a lectura. Ademais, lamenta a escasa actualización bibliográfica, salientando a case nula presenza de novos libros en lingua galega.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Novos datos e reflexións sobre as bibliotecas municipais', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 21 xaneiro 2004, p. 3.

Pon de manifesto a lamentábel situación das bibliotecas locais, salientando que aínda sesenta e tres concellos carecen dun servizo destes. Partindo dunha excepción, a biblioteca do concello de Arteixo, salienta a escasa calidade dos espazos para a lectura existentes e insiste en que son necesarios para a sociedade.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A realidade vizosa da Revista das Letras', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 30 xaneiro 2004, p. 3.

Gaba o tipo de xornalismo cultural que se fai a través da Revista das Letras do xornal *Galicia Hoxe*. Asemade, considera este medio como "referencia do uso da transversalidade plurisémica, foro de intertextualidades".

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Manuel Balboa: in memoriam', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 2 febreiro 2004, p. 3.

Dóese da morte de Manuel Balboa e louva a súa traxectoria como compositor. Lembra que para algúns traballos musicais tomara textos de Uxío Novoneyra, así como alude a momentos compartidos como cando fixo a música para a súa obra *A casa dos afogados.*

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'María do Cebreiro ou o talento literario tanxíbel', *Galicia Hoxe*, 'Caderno Aberto', 20 febreiro 2004, p. 3.

Tras destacar que o talento literario é fácil de percibir, salienta o traballo creador das novas xeracións, citando, entre outros nomes, a Rosa Aneiros, Carlos Negro ou Estevo Creus. A seguir, céntrase na figura de María do Cebreiro, de quen pon de relevo o seu talento e a súa poesía. Alude aos seus poemarios *O estadio do espello* e *Nós, as inadaptadas*, e móstrase

ansioso pola próxima saída do prelo da súa nova obra, aquela que, di, foi galardoada co Premio de Poesía Caixanova.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Historias do empardecer', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 24 febreiro 2004, p. 3.

Acolle positivamente *Historias do empardecer* de Manuel María, lembrando outros títulos narrativos deste. Apunta que coincide con Armando Requeixo ao afirmar o "autobiografismo" da súa obra de ficción, observando nesta unha "tensión entre o real e o poético". Sinala que o poeta lugués nesta nova creación bota man da memoria para dar forma a uns personaxes dunha determinada época, os "tolos de vila", que, asegura, trata con dozura e cunha certa dose de humor. Ademais, pon de manifesto que aquí conviven o marabilloso e o sobrenatural. Remata destacando as ilustracións de Ana Pillado.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Víctor Freixanes na Academia', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 2 marzo 2004, p. 3.

Aplaude a entrada de Víctor Freixanes na Real Academia Galega, salientando da súa polifacética traxectoria, entre outras vertentes, a súa condición de narrador, editor e xornalista. Subliña, tamén, que se trata dun "home aberto, a outras visións ideolóxicas e a outras culturas". Así mesmo, alude ao seu discurso de ingreso na ilustre institución, destacando que se referiu aos retos de Galicia ante a "Sociedade da Información e do Coñecemento", apuntando como se debe adaptar a nosa cultura a esta. Tamén indica que puxo de manifesto a relevancia da nosa lingua.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Luísa Villalta: o mar detido contra os cons do corazón', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 8 marzo 2004, p. 3.

Retrata o perfil humano de Luisa Villalta, lamentando moi sentido a súa ausencia. Subliña o seu amor pola cidade da Coruña e pola patria galega. Confesa, ademais, que sempre admirou a esta polifacética muller pola súa intelixencia, sensibilidade e compromiso, entre outras moitas cualidades que destaca dela. Asemade, non se esquece de salientar a súa vertente creativa e o seu quefacer poético.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Vida e literatura', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 9 marzo 2004, p. 3.

Esfórzase en explicar a estreita relación entre a literatura e a vida, tomando como referencia a visión de, entre outros, Afránio Coutinho, crítico literario brasileiro. Así mesmo, pon como exemplos desta relación a Antón Avilés de Taramancos ou a Luisa Villalta. Salienta que a poeta coruñesa coñecía perfectamente que "a vida é o cerne da literatura".

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A 'Cidade Virtual' de Salvador García-Bodaño', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 23 marzo 2004, p. 3.

Fai referencia a *Cidade Virtual* de Salvador García-Bodaño. Sinala que Ramiro Fonte opinou que neste libro o poeta apunta a unha "cidade moderna, composta de fragmentos de aquén e de alén". Explica que parte da Compostela real para achegarse a unha cidade "imposíbel". Por outro lado, destaca nesta obra os trazos sentimentais, a emotividade e, tamén, o humor crítico, aínda que, salienta, este ás veces está "rebaixado pola piedade da melancolía". Remata pondo de relevo que se trata dunha poesía "escrita contra o tempo e a morte", na que non falta o cotián, o vivido e un certo pouso existencialista.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Un millón de libros', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 26 abril 2004, p. 3.

Fai unha gabanza da celebración do Día de Sant Jordi 2004 en Catalunya, recoñecendo unha "envexa sa" da exaltación que alí se fixo do libro. Pon de relevo, ademais, a importancia da lectura para o positivo devir dun pobo. Ao tempo, realiza unha crítica da preocupante situación do libro en Galicia.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Libros en Compostela', *Galicia Hoxe*, 'Caderno Aberto', 5 maio 2004, p. 3.

A propósito da XXIII Feira do Libro de Santiago, destaca a necesidade de intervir no sector do libro, referíndose ás palabras de conselleiro de Cultura, o señor Pérez Varela, quen, segundo indica Fernán Vello, anunciou algunhas das medidas para solucionar a crise, entre elas, unha nova lei de bibliotecas. Subliña, ademais, que o libro "é fundamental para avanzarmos no proceso de normalización lingüística e cultural", crendo necesaria unha campaña a prol de lectura. Remata salientando a calidade da poesía e narrativa galegas.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Unha Lei do Libro necesaria', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 6 maio 2004, p. 3.

Achega algunha das pautas precisas para superar a crise pola que pasa o sector do libro galego, subliñando a necesidade de consenso entre a administración e o sector privado. Alude, asemade, ás manifestacións da Unesco a este respecto e reivindica unha lexislación do libro que, di, xa solicitaron no pasado persoas como Pilar García Negro e que xa existe noutros lugares en España.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Políticas sobre o Libro', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 7 maio 2004, p. 3.

Comenta brevemente algúns aspectos de diferentes leis do libro dalgúns países latinoamericanos, pondo de relevo a función enriquecedora do libro para estes. Todo isto coa finalidade de facer ver a necesidade dunha política vixente para o noso libro.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Xela Arias, muller do libro', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 31 maio 2004, p. 3.

Fai referencia á homenaxe que se lle fixo en Vigo a Xela Arias, destacando do acto "a emoción e a admiración" pola autora. Asemade, subliña a súa traxectoria poética e tamén o seu traballo a prol do libro en Edicións Xerais de Galicia.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Occitania entre nós', *Galicia Hoxe*, 1 xuño 2004, p. 03.

Alude ao encontro "Descordo de amor: Occitania en Galicia" que se realizou en Samos entre poetas e escritores galegos e occitanos. Así mesmo, salienta a importancia da cultura e literatura trobadoresca occitana para Europa, centrándose no influxo que exerceu na nosa lírica medieval.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'O dereito á lectura e as bibiliotecas públicas', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 10 xuño 2004, p. 3.

Salienta que a lectura é un dereito esencial do ser humano polo que aporta á súa educación e formación cultural. Así mesmo, alude ao número de bibliotecas públicas existentes en Galicia e á incorporación a elas das novas tecnoloxías, pondo de manifesto o feito, nada positivo, de que cincuenta concellos aínda non estean na rede de bibliotecas galegas.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Premios aos críticos literarios', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 18 xuño 2004, p. 3.

Refírese á resolución do XXI Premio Xerais de Novela e o XIX Premio Merlín, aplaudindo que recaeran en Manuel Veiga e Xesús Manuel Marcos, respectivamente. Asemade, pon de relevo o papel da editorial Xerais ao "dotar a literatura galega dun gran corpus no xénero da narrativa". Por outro lado, alude ao premio especial á cooperación editorial, salientando que os galardoados desta vez son os críticos Ramón Nicolás, Armando Requeixo, Francisco Martínez Bouzas, Xosé Manuel Eyré e María Xesús Fernández. Ademais, destaca a importancia da crítica literaria para as nosas letras e propón a creación dunha Asociación de Críticos Literarios Galegos.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Libros en Vigo: cultura para todos', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 29 xuño 2004, p. 3.

Refírese á inauguración da XXX Feira do Libro de Vigo e lembra cando esta naceu. Asemade, pon de relevo que Vigo é por excelencia a cidade do libro galego, salientando a existencia nesta de librarías históricas e o nome dalgunhas editoriais emblemáticas como Galaxia ou Xerais. Por último, tras destacar a importancia dos libros, convida a esta feira aos lectores.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Un libro sobre Ovidio Murguía de Castro ', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe Galicia', 30 xuño 2004, p. 3.

Dá noticia da saída do prelo dunha biografía sobre Ovidio Murguía de Castro da autoría de Pedro Rielo Lamela. Fai alusión á vida artística do fillo de Rosalía, encadrándoo na xeración Doente e atribuíndolle unha sensibilidade propia do Romanticismo. Recomenda, así mesmo, esta obra de Rielo que, segundo afirma, contén unha prosa envolvente e "está ben escrita".

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Contradicións, feitos positivos e feitos diversos', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 1 xullo 2004, p. 3.

Apunta que nesta vida hai moitas contradicións e tamén aspectos positivos, pondo exemplos. Sinala, así, que resulta contraditorio que a familia do académico Meijide Pardo puxera a súa esquela en castelán. Como exemplo positivo, subliña a viaxe literaria á terra do poeta Fiz Vergara Vilariño, da cal ofrece algúns detalles como o recital poético.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Con Manuel María na Romaxe de Santa Isabel', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 2 xullo 2004, p. 3.

Fai mención á romaría de Santa Isabel e ao sentir que Manuel María tiña por esta, recordando o que dicía nunha cantiga súa sobre esta festa. Alude tamén á próxima romaxe e confesa que o poeta chairego lle fixo "sentir alí a entrañabilidade da terra". Así mesmo, salienta a publicación dun libro de Manuel María que se atopou nos papeis de Álvaro Cunqueiro, *Elexías á miña vida pequeniña*.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'As cores poéticas de Blanca Silva', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 9 xullo 2004, p. 3.

Define "cor poética" como "aquela disposta a sorprender" e alude a esta na obra plástica de Blanca Silva. Recorda as impresións que sobre esta tiñan Luisa Villalta ou Ana Pillado, referíndose a un poema desta última no que homenaxeaba á artista. Asemade, informa da exposición da súa nova obra en Ferrol, observando nesta tamén a xa comentada cor.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Galicia e Iberoamérica, un mundo literario', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 13 xullo 2004, p. 3.

Aplaude a iniciativa do Pen Clube de Galicia de reunir a escritores galegos e iberoamericanos nun encontro literario en Santiago de Compostela. Salienta o papel de Galicia neste encontro como "ponte interlingüística e intercultural". Ademais, cita o nome dalgún dos convidados, entre eles, Horacio Armanio ou Nélida Piñón.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Borges en Galiza con María Esther Vázquez', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 14 xullo 2004, p. 3.

Refírese á presenza da biógrafa de Borges en Galicia convidada polo PEN Clube de Galicia. Destaca as palabras que esta pronunciou sobre as súas raíces galegas e sobre Borges no encontro "Galicia e Iberoamérica: un mundo literario". Salienta, asemade, que Esther Vázquez apuntou que Borges consideraba a Rosalía como o mellor poeta de España no XIX.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Notas sobre a raíz emocional da poesía', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 15 xullo 2004, p. 3.

Insiste no cerne emocional do feito poético a través de diversas perspectivas que toma de distintos expertos no tema. Así, por exemplo, comenta que Antonio Gamoneda falaba da poesía como unha composición "comprendida precisamente pola memoria dos sentidos, pola memoria emocional".

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A pedra e a árbore de Salvador García-Bodaño', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 16 xullo 2004, p. 3.

Artigo sobre a homenaxe que lle brinda a República Viva das Letras Galegas a Salvador García-Bodaño. Apúntase que este autor recibirá a Letra E que concede a AELG, o Centro Cívico de Teis levará o seu nome e ademais plantarase unha arbore e poñerase unha pedra cunha inscrición.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Poetas galegos como Antonio Machado', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 22 xullo 2004, p. 3.

Ao longo deste artigo falase dun novo libro, editado e prologado por Xesús Alonso Montero. Trátase dunha antoloxía que honra e lembra a figura de Antonio Machado. Son vinte e tres poetas galegos que entre 1959 e 2003 lle dedican poemas ao autor de *Campos de Castilla*.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'As 366 'Galicias' que soñamos', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 26 xullo 2004, p. 3.

Fai unha loanza ao libro *Soñar Galicias* que saíu a luz o día anterior, Día da Patria Galega, libro co que *Galicia Hoxe* agasallou aos seus lectores. Define a obra como unha excelente radiografía política, realista e sentimental do país.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Galiza ou o mito da inmobilidade', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 27 xullo 2004, p. 3.

Reflexiona sobre distintos aspectos tratados no libro *Soñar Galicias*, publicado pola Editorial Compostela e Galicia Hoxe. Invítanos a analizar o soño colectivo da nosa Galicia, no que se proxecta un desexo de avance e de ruptura co pasado.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A Tropa da Tralla de Xurxo Souto', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 29 xullo 2004, p. 3.

Centra este comentario na persoa de Xurxo Souto e no programa musical e cultural *A Tropa da Tralla* que dirixe este na Ser da Coruña e que celebra neste 2004 dez anos en antena.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A poesía como necesidade ou a necesidade como poesía', *Galicia Hoxe*, 'caderno aberto', 4 agosto 2004, p. 3.

Sinala a necesidade da poesía no mundo actual como unha necesidade de interrogación do home sobre si mesmo e o seu mundo. Chégase á conclusión de que hoxe os libros de poemas deben ser libros para a Humanidade.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Miguel Mato, poeta de Ponteceso', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 16 agosto 2004, p. 3.

Breve comentario sobre o recital poético de Miguel Mato Fondo en Ponteceso.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Unha libraría en Santa Comba', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 7 setembro 2004, p. 3.

Infórmase neste artigo dos actos do vinte aniversario da libraría de Santa Comba, a antiga San Cristovo, agora renomeada co nome de Libraría Ler de Santa Comba. Neste evento o escritor Rafael Lema presentou unha edición conmemorativa do vinte aniversario da libraría. Trátase dun facsímile dunha obra de Pepe de Xan Baña.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Derradeira carta a Manuel María', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 10 setembro 2004, p. 3.

Carta dirixida ao escritor Manuel María tras o seu falecemento. Nesta carta faise un percorrido pola súa traxectoria humana. E subliña como a súa falta vai ser moi sentida por todos.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Manuel María, humanismo no xornalismo escrito', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 12 setembro 2004.

O xornalista verte unha serie de características do traballo de Manuel María como escritor articulista na súa sección titulada "Homes, feitos e palabras", un observatorio da vida que o poeta compartía cada semana no apartado de opinión do Correo das Culturas. Defíneo como un escritor que soubo facer un xornalismo humanista.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Os indíxenas do Cauca van camiño de Cali', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 17 setembro 2004, p. 3.

Dá conta, nun primeiro momento, da situación dos indíxenas, moitos dos cales foron asasinados impunemente en Colombia, o que pode levar ao perigo de que os pobos aborixes sexan exterminados. E en segundo lugar fai referencia ao libro *Cantos caucanos*, de Antón Avilés, no que se nos descobren as paisaxes e as terras fermosas que percorre o río Cauca.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Betanzos, capital da cordialidade', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 28 setembro 2004, p. 3.

Fai referencia a Betanzos e á súa xente, de cómo foron moitos os escritores que falaron dela. Como exemplo fálanos de Manuel María, admirador e amigo de Betanzos, o cal iniciou o seu ciclo xornalístico titulado *Andando a terra* cun fermoso artigo dedicado á capital das mariñas coruñesas. E Eduardo Blanco Amor, que falaría das xentes de Betanzos nun artigo publicado en Buenos Aires.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Avelino Pousa Antelo, 'bo e xeneroso", *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 29 setembro 2004, p. 3.

Alúdese á iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega de celebrar unha homenaxe. A dita homenaxe leva por título "Os bos e xenerosos" e servirá para premiar e agradecer todas aquelas traxectorias a prol da cultura galega en calquera das súas dimensións. A primeira persoa homenaxeada será don Avelino Pousa Antelo.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Posibilidades para o libro galego', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 1 outubro 2004, p. 3.

Fala da feira do libro iberoamericano, Liber 2004, que se celebra en Barcelona, así como da presenza nesta dos editores galegos, da exposición da edición galega, que define como unha

das máis atractivas e orixinais, e de que é posíbel que algún día o libro galego teña un lugar no mundo.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Escritores galegos en Europa', *Galicia Hoxe*, 'Caderno Aberto', 6 outubro 2004, p. 3.

Impresións sobre as posibilidades que o libro galego e os autores galegos teñen fóra de España. Fala da posibilidade de traducir os nosos libros a distintas linguas como fan noutros países e, finalmente, apunta as iniciativas doutros países para entrar dentro doutros mercados distintos aos seus e totalmente novos.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Santiago e Manuel María entre a rosa e o soño', *El Correo Gallego*, 'A opinión', 7 outubro 2004, p. 76.

Dá conta de cómo a cidade pode ser un bo tema lírico. Define a cidade como realidade, como sensibilidade e como coñecemento e como exemplo falásenos de Manuel María, autor de *Poemas a Compostela*.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A mente de J. González González', *Galicia Hoxe*, 'Caderno Aberto', 11 outubro 2004, p. 3.

Contestación a unha carta ao director que escribiu un lector de Lugo. Na dita carta desprézase un poema de Antía Otero, poeta que ten publicados dous libros e traballa como colaboradora en temas de arte no xornal *Galicia Hoxe*. Deféndea, aclarando que se trata dunha escritora que posúe un inmenso talento e que será unha referencia literaria nun futuro non moi afastado.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A diversidade estética dos libros', *Galicia Hoxe*, 'Caderno Aberto', 13 outubro 2004, p. 3.

Reflexiona sobre algúns aspectos relacionados co gran número de libros que se deron cita na Feira Internacional do libro de Francfort. E dentro destes libros repara na beleza e no coñecemento que todos eles albergan. Comenta como para Luís Seoane, ilustrador, maquetista e editor, o libro galego debía de ter unha estética representativa particular. De todas formas o libro galego estivo presente nesta feira, na que destacou pola súa modernidade e puro deseño o libro italiano.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Antonio Gamoneda na Coruña', *Galicia Hoxe*, 'caderno Aberto', 18 outubro 2004, p. 3.

Alúdese á participación de Antonio Gamoeda nos actos con motivo do "Premio de poesía Miguel González Garcés", nos que o poeta ofreceu unha entrañábel lectura poética. Falásenos tamén do libro *Sublevación inmóvil* que escribiu Antonio Gamoeda.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'As pequenas e medianas librarías en perigo', *Galicia Hoxe*, 'Caderno Aberto', 19 outubro 2004, p. 3.

Dáse conta do descenso de mercado das librarías fronte ás grandes cadeas comerciais do libro que aumentaron notabelmente. Alúdese ao feito de que en España están a desaparecer unha porcentaxe importante de librarías independentes.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Goretti Fiaño ou a crítica destrutiva, inculta e lerchana', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 9 novembro 2004, p. 3.

Recóllese neste artigo que, con motivo da celebración dos vinte e cinco anos de existencia, Edicións Xerais premiou os críticos literarios galegos na súa última festa literaria anual. Fernán Vello reflexiona sobre os distintos tipos de críticos, e fai un comentario en referencia aos bos críticos sen esquecer aos que representan o peor da profesión.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Crítica construtiva e crítica destrutiva', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 10 novembro 2004, p. 3.

O xornalista retoma a reflexión que fixo no artigo do día anterior sobre os distintos tipos de críticos, que define de dúas maneiras: por unha banda temos aos bos e por outra aos que representan o peor da profesión.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Aquí remata o conto da crítica', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 18 novembro 2004, p. 3.

Continúa unha serie de catro artigos sobre a crítica literaria, escritos ao fío dun artigo de opinión de Goretti Fiaño, nos que Fernán Vello defende as tres obras de poesía atacadas pola primeira.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Escritores en Mariñán', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 22 novembro 2004, p. 3.

Recóllese neste artigo a celebración no Pazo de Mariñán do "II Encontro de Escritores Galegos", no cal vinte escritores e escritoras falaron durante dous días do tema da "Creación e crítica literaria". Como resultado deste II Encontro tense previsto dar a coñecer os textos presentados nel presentados, acompañados dun amplo resumo do diálogo xeral celebrado.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Poesía e crítica literaria en Mariñán', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 23 novembro 2004, p. 3.

Dá conta do "II Encontro de Escritores Galegos" no Pazo de Mariñán como xa fixo no artigo do día anterior. Infórmasenos dos participantes e do bo resultado que este retiro supuxo para a literatura, e de que se ten previsto facer públicos os resultados textuais do Encontro.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Poetas en Salamanca: de Brines a Modesto Fraga', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 2 decembro 2004, p. 3.

Coméntase o "VII Encontro de Poetas Hispanoamericanos" que se celebrou en Salamanca, e ao cal asistiron un total de vinte poetas de diversos países, entre os que Fernán Vello destaca a participación de Galicia.

Fernán Vello, Miguel Anxo, '2005: Ano do libro e a lectura', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 6 decembro 2004, p. 3.

Comeza cunha breve reflexión sobre a gran importancia dos libros e a seguir informa de que se vai celebrar o Ano do Libro e a Lectura 2005 en Barcelona, evento que coincide co catrocentos aniversario da publicación do *Quijote* de Cervantes. Destácase a gran importancia do evento e tamén que nel se vai prestar unha atención especial ao público máis novo, así como tamén aos sectores da cidadanía que se atopan máis afastados dos hábitos lectores.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'A Torre de Hércules de Àlex Susanna', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 13 decembro 2004, p. 3.

Debido a que acaba de chegar ás súas mans un poema do catalán Àlex Susanna titulado "A Torre de Hércules", onde se homenaxea á torre e os cidadáns da Coruña. Comenta diversas descricións que sobre a Torre de Hércules realizaron diferentes escritores, como Paulo Orosio ou Avilés de Taramancos, que vía a Coruña como "un gran navío iluminado no que a Torre era un enorme mastro".

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Amigos no pensamento e na lembranza', *Galicia Hoxe*, 'Caderno aberto', 27 decembro 2004, p. 3.

Expresa o seu pesar cando lembra, logo da lectura dun artigo de Albino Mallo, a desaparición, en 2004, de dúas figuras senlleiras da literatura e tamén a un dos máis importantes compositores; trátase de Manuel María, Luísa Villalta e Manuel Balboa.

Fernán, Juan, 'Manuel María, D.E.P.', *El Ideal Gallego*, *'La Galería'*, nº 327, 'Vivir en A Coruña', 12 setembro 2004, p. 2.

Faise unha loanza a Manuel María, do que se afirma que é un dos máis grandes poetas da literatura galega do século XX, como recoñecemento polo seu labor e ao ter noticias do seu falecemento.

Fernández Albor, Xerardo, 'Política, Trebonzos y Portugal', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 18 xullo 2004, p. 5.

No artigo infórmase da homenaxe que se lle fixo en Boiro a Raimundo García Domínguez, Borobó, á cal asistiron diversas personalidades do periodismo e da literatura. Homenaxe que define o articulista como merecido, porque Borobó foi un home que loitou pola convivencia e a paz na súa terra.

Fernández Areal, Manuel , 'Sixto Seco', *El Correo Gallego*, 'De aquí y de allá', 12 xullo 2004, p. 2.

Alude á renuncia de Agustín Sixto Seco do seu cargo como presidente da Fundación Otero Pedrayo no acto de entrega do Premio Trasalba a Xosé Neira Vilas. Louva o seu labor á fronte desta institución e apunta a causa da súa marcha, dándolle a benvida ao novo presidente, Víctor F. Freixanes. Por outra banda, refírese ás palabras do galardoado no evento, quen, di, se referiu ás viaxes de Otero a Bos Aires.

Fernández Areal, Manuel , 'Gonzalo Torrente', *El Correo Gallego*, 'De aquí y allá', 23 agosto 2004, p. 2.

Comentario do libro publicado en 1983 *Conversas de Gonzalo Torrente Ballester con Carlos G. Reigosa*. Neste libro recóllese unha longa entrevista dun periodista, Carlos G. Reigosa, a un literato, Gonzalo Torrente.

Fernández del Riego, Francisco, 'As Rubáiyyat en galego', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 43, 'A outra mirada', 10 xaneiro 2004, p. 19.

Fai mención á poesía do poeta iraniano Omar Khyyam e á polémica versión que desta fixo ao inglés Edward Fiz-Gerald co título *The Rubáiyyát*. A seguir, salienta a tradución que realizou desta ao galego Plácido Castro. Sinala que o galego no prólogo do seu traballo achegou un estudo "bio-crítico" sobre Omar e tamén analizou a versión inglesa. Apunta que elixiu un léxico expresivo e comenta como adapta o texto inglés ao verso galego.

Fernández del Riego, Francisco, 'Nun fogar con historia', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 44, 'A outra mirada', 17 xaneiro 2004, p. 19.

Lembra cando acompañou á escritora inglesa Jean R. Longland a mediados do XX á casa de Gala Murguía para interesarse polos seus pais. Destaca a emoción con que Gala falaba de Rosalía e de Manuel Murguía, e alude aos espazos que naquela casa habitou este último, así como a diferentes obxectos deste que lles mostrou.

Fernández del Riego, Francisco, 'A voz dos eidos caurelaos', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 45, 'A outra mirada', 31 xaneiro 2004, p. 19.

Salienta a fonda unión vital e poética de Uxío Novoneyra coas paisaxes do Courel, pondo de relevo o rico universo de sentimentos e sensacións que revelan os seus versos e, máis en concreto, *Os Eidos*. Indica que se identificaba totalmente coa natureza, que lle permitía "explicar a súa alma e o seu abraio" a través dunha poesía tremendamente sonora e rítmica.

Fernández del Riego, Francisco, 'Un entardecer nas ruínas', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 52, 'A outra mirada', 13 marzo 2004, p. 15.

Rememora admirado o discurso engaiolante que Otero Pedrayo pronunciou na homenaxe do centenario de Chateaubriand sobre este persoeiro en San Domingo de Pontevedra, subliñando a súa sobresaínte capacidade oratoria. Alude sucintamente ás súas palabras e apunta que o escritor animara a analizar a influencia deste francés na obra dos románticos galegos.

Fernández del Riego, Francisco, '¿Por que iso de antinovela?', *La Voz de Galicia*, 'A outra mirada', 27 marzo 2004, p. 6.

Esfórzase en explicar o termo "antinovela" aplicado ao xénero "noveau roman" francés que abranguía, di, a autores como Claude Simon ou Butor, salientando que ás súas "individualidades" é a quen lles "debe" moito esta modalidade xenérica. Apunta que estes non estaban conformes co que os rodeaba, por iso procuraban "unha realidade total do mundo".

Fernández del Riego, Francisco, 'Fole no rural galego', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 55, 'A outra mirada', 3 abril 2004, p. 15.

Fai referencia ao paso de Ánxel Fole do mundo urbano ao rural, obrigado pola Guerra Civil, destacando como atopou na aldea a autenticidade. Asemade, recorda como foi publicado *Á lus do candil, contos a carón do lume*, sinalando que os relatos foron inventados ou ouvidos aos seus paisanos. Ademais, apunta que os escribiu "á lus do candil de carbunco" para ser contados, salientando a rica lingua que reflicten.

Fernández del Riego, Francisco, 'Galeguismo de Rof Carballo', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 56, 'A outra mirada', 17 abril 2004, p. 15.

Destaca a estreita relación deste médico lugués coa cultura galega, lembrando que na súa mocidade sentía admiración por Castelao ou que se formou en parte lendo a revista *Nós.* Tamén alude ao seu ingreso no Seminario de Estudos Galegos e ao seu traballo para Galaxia. Logo, pon de relevo o seu libro *Mito e realidade na Terra-Nai*, apuntando algúns trazos do seu contido, relevante para a cultura galega. Así mesmo, subliña o rigor deste libro e cualifícao de "unha lección de moderno ensaísmo".

Fernández del Riego, Francisco, 'Os viaxeiros da ilustración', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 67, 'A outra mirada', 3 xullo 2004, p. 15.

Describe os viaxeiros do XVIII como "científicos portadores dunha nova filosofía de vida", salientando entre estes ao alemán Humboldt. Observa neles o influxo dos renacentistas que viaxaron por América no XVI e apunta que estes tamén percorreron este continente do cal, destaca, importaron "a naturareza romántica americana" a Europa, xurdindo así, ao seu ver, o viaxeiro romántico. Remata presentando o viaxeiro neoclásico.

Fernández del Riego, Francisco, 'Memoranza de Urbano Lugrís', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 70, 'De cotío', 24 xullo 2004, p. 15.

Fernández del Riego lembra neste artigo a vida e obra de Urbano Lugrís. Fai unha mención á forza do enxeño deste artista, que se amosaba nos seus cadros e nos seus poemas e prosas, os cales asinaba co pseudónimo de Ulises Fingal. Unha das súas teimas era fusionar elementos épicos e líricos.

Fernández del Riego, Francisco, 'Marcel Proust de novo', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 73, 'De cotío', 14 agosto 2004, p. 15.

Alude ao primeiro volume da novela proustiniana que se editou no 1913, e das posteriores traducións que se fixeron ao castelán. Mais agora vén de repasar *Á sombra das rapazas en flor*, traducida por Julio Gómez de la Serna, da Editorial Aguilar. Coida que con Marcel Proust aprendemos a enfocar as cousas dende distintas perspectivas, e que co seu método poético da análise da existencia que o novelista revelou xera unha condición específica.

Fernández del Riego, Francisco, 'Aquel 'Catón Compostelano", *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 75, 'De cotío', 28 agosto 2004.

Alude ao considerado como primeiro xornal que apareceu en Galicia, *El Cantón Compostelano*, cuxo director foi don Francisco del Valle Inclán. O xornal estaba composto dunha amalgama de humor, de reformismo galicista e apego ao tradicional. Mais sinala que a vida do periódico foi breve.

Fernández del Riego, Francisco, 'Rosalía, Galicia e Azorín', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 80, 'De cotío', 2 outubro 2004, p. 19.

Comeza sinalando que Azorín foi un dos primeiros escritores contemporáneos non galegos que rehabilitou a obra poética de Rosalía de Castro, e ao longo do artigo argumenta con diversa información o anteriormente afirmado.

Fernández del Riego, Francisco, 'Peregrinaxe con Otero Pedrayo', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 81, 'De Cotío', 9 outubro 2004, p. 19.

Recóllense neste artigo as memorábeis viaxes realizadas na compaña de Otero Pedrayo por terras chantadinas. Lóase o coñecemento que tiña este da xeografía e a historia desas terras.

Fernández del Riego, Francisco, 'O salnés nas lembranzas de Cabanillas', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 84, 'De cotío', 30 outubro 2004, p. 19.

Neste artigo reflexiónase sobre o autor de *Vento mareiro*, Ramón Cabanillas, do cal di que a paisaxe formou parte da súa vida, xa incluso dende a súa nenez. Só así se pode explicar a concepción que tiña da vida e que reflectía nas súas obras.

Fernández del Riego, Francisco, 'Louzanía da antigüiidade', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, 'De cotío', 18 decembro 2004, p. 19.

Comeza afirmando que todo pobo culto debe coñecer, respectar e conservar todos os vestixios doutros tempos e pon como exemplos a Italia e a Grecia. A seguir, analiza o caso galego destacando a nova etapa que comezou coa sección de arqueoloxía do Seminario de Estudos Galegos, onde destacou a figura de Florentino López Cuevillas, que dedicou gran parte da súa vida á investigación da prehistoria galega, destacando o seu traballo na cultura castrexa.

Fernández Naval, Francisco X., 'Cortázar e os galegos', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 18 abril 2004, p. 23.

Lembra que nunha conferencia súa impartida nas I Xornadas Literarias Julio Cortázar en Neda puxera en relación a este escritor arxentino con Galicia e achega algúns puntos desta ponencia. Sinala o contacto de Cortázar con egrexios persoeiros galegos na emigración americana como Lorenzo Varela, Luis Seoane ou Rafael Dieste na época na que se estaba formando, salientando un posíbel influxo da concepción do relato breve de Dieste. Observa, ademais, a presenza nas súas obras de personaxes galegos. Tamén alude á relación en París con José Ángel Valente ou Ramón Chao. Por último, subliña a sensibilidade coa que trataba aos emigrantes galegos.

Fernández Naval, Francisco X., 'Tamén os libros', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 5 setembro 2004, p. 23.

Reflexión sobre o papel que desempeñan os libros nas nosas vidas. De que maneira forman parte de nós, nun primeiro momento como amigos, cos que se convive e se conversa, sempre presentes nos momentos en que un esta ben e nos que un se atopa mal. Fernández Naval conclúe coa idea de que para vivir tamén son necesarios os libros.

Fernández, Ruth, 'A ollada do poeta e o lobo', *Galicia Hoxe*, 'Noticias cotiás', 2 xullo 2004, p. 4.

Mostra a súa admiración polo lobo e alude á súa presenza na obra de Ánxel Fole. Refírese ao seu libro *Contos de lobos*, apuntando que aquí o escritor lugués recolle as crenzas supersticiosas do pobo sobre este animal, recreándoas nun ambiente misterioso. Por outro lado, compara a mirada do lobo co fitar de Manuel María, culificándoa de "limpa" e "brillante".

Fernández, Ruth, 'Amor, amor, amor', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 13 agosto 2004, p. 4.

Despois de informar de cales son os obxectivos dos cursos de verán e a quen van destinados, alude a un curso de verán celebrado na cidade de Lugo, no mes de xullo, que levaba por título *Amor e Literatura*. Aclara que foron moitos os escritores e escritoras que pasaron por este curso de verán e que tamén foron moitos os tratamentos dados sobre o tema do amor.

Fernández, Ruth, 'Gañando tempo á morte... co espazo da escrita', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 17 setembro 2004, p. 5.

Comeza sinalando que Manuel María, o poeta da Terra Cha, deixounos á idade de setenta e catro anos. Apunta que na súa despedida foi arroupado por todos aqueles que o apreciaban. Define a este poeta como un home polifacético, cunha vida moi activa.

Fernández, Xurxo, 'Camelias y rosas de Laura', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 16 marzo 2004, p. 80.

Fai referencia, entre outras cousas, ao disco de Laura Alonso que edita o Grupo Correo Gallego e que pon música, por exemplo, aos poemas galegos de Lorca. Tamén dá noticia da publicación de *A semente aquecida da palabra* a cargo do Consello da Cultura Galega para homenaxear a Carlos Casares.

Fernández, Xurxo, 'Poema y destino de Manuel M', *El Correo Gallego*, 20 setembro 2004.

Comentario no que se alude a dous poetas destacados da súa xeración, un é Uxío Novoneyra e o outro Manuel María, o primeiro falecido hai tempo e o segundo o pasado día 8. Destácase neste artigo a súa humanidade e a súas obra.

Flowers, Margarito, 'Libros con enjuncia y barra libre para niños de tan sólo tres años', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 2 xaneiro 2004, p. 72.

Dá noticia da saída do prelo de dúas obras de Manuel María. Sinala que a primeira delas, *Edipo*, é unha obra teatral de 1960 na que Edipo é un "anti-Franco". Da segunda, *Historias do empardecer*, subliña que son narracións "enraizadas no vivir galego".

Flowers, Margarito, 'Homenaje de Cultura a Correa Calderón', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 4 febreiro 2004, p. 80.

Dáse conta da edición, a cargo da Consellería de Cultura, dun volume co que se rende homenaxe a Evaristo Correa Calderón. Así mesmo, recoméndase a lectura deste volume escrito por Xulio Pardo de Neyra e prologado polo conselleiro.

Flowers, Margarito, 'Gente a la última', *El Correo Gallego*, 19 febreiro 2004, p. 80.

Refírese, entre outros temas, á promoción que da súa obra literaria está facendo por México Elixio Villaverde, destacando varios actos de presentación. Sinala que a Editorial Sotelo Blanco depositou esta obra na libraría mexicana Cristal. Ademais, subliña que o autor agradece a axuda promocional de Xavier Senín.

Fonte, Ramiro, 'Canonizar', *A Nosa Terra*, nº 1.122, 'Cultura', 25 marzo 2004, p. 25.

Fai referencia ás súas teimas á hora de ordenar a biblioteca persoal, feito que, di, supón unha forma de crítica. Quéixase de que moitos libros sobran e cuns poucos "doctos" sería suficiente. Ademais, confesa o seu gusto polas primeiras edicións de obras de literatura galega, froito este, subliña, do seu "patriotismo cultural".

Fonte, Ramiro, 'Cidades vellas', *A Nosa Terra*, nº 1.130, 'Cultura', 27 maio 2004, p. 25.

Fai referencia ás cidades vellas de Vigo e da Coruña. Refírese primeiro á cidade vella viguesa que, di, percorre na procura de inspiración para concluir o poemario *Cronos do casco vello*. A seguir, lembra a súa asistencia á homenaxe que o Día das Letras Galegas a Asociación de Veciños da Cidade Vella da Coruña lle fixo a egrexios persoeiros galegos que viviran alí como Rosalía de Castro ou os Carré. Así mesmo, destaca aquel galeguismo liberal e coruñés que habitaba naqueles espazos de acollida destes intelectuais.

Fonte, Ramiro, 'Bodaño en Teis', *A Nosa Terra*, nº 1.138, 22 xullo 2004.

Dá conta da homenaxe ao poeta Salvador García-Bodaño que lle fixo a Asociación de Escritores, os cales fixéronlle entrega da Letra E. Neste acto plantouse un álamo e colocouse unha pedra que levaba escritos uns versos do poeta, sen esquecer que a partir de agora o Centro Cívico de Teis levara o seu nome.

Fonte, Ramiro, 'Lamas Carvajal', *A Nosa Terra*, nº 1151, 'Cultura', 18 novembro 2004, p. 25.

Logo de indicar que está a ler un exemplar de *Espiñas, follas e frores. Colección de versiños galegos* (1877), destaca o feito de que, na actualidade e na maioría dos casos, só os profesores de literatura len a Lamas Carvajal. Este feito chama a atención xa que a súa obra tivo moitas máis reedicións que a de Curros ou Rosalía e, ademais, foi un dos escritores máis prolíficos e de maior éxito no Rexurdimento.

Forcadela, Manuel, 'No adeus a Manuel María', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 91, 16 setembro 2004.

O autor verte unha serie de características da personalidade e obra de Manuel María Fernández Teixeiro, considerado o poeta da Terra Cha. Sinala que este era un dos grandes poetas galegos e que faleceu a semana pasada na Coruña. Destaca que a obra que deixa é densa e diversa, e que ademais de poeta foi tamén xornalista, dramaturgo ou narrador.

Fraga, Lucía, 'Mercenarios del verso', *El Correo Gallego*, 'Palabras y letras', 16 maio 2004, p. 4.

A raíz dun debate sobre como traducir un verso de Luisa Castro nun encontro de tradutores en Alemaña, realiza unha dura crítica a editores, poetas e, sobre todo, aos tradutores por, en xeral, procurar unha fidelidade ao orixinal que, ao seu ver, non é adecuada. Explica a súa tese con argumentos como que a poesía implica moitas lecturas, "non existe un poema igual a outro" e que, ademais, non sempre se pode consultar co autor.

Fraga, Xesús / **García**, Rodri / **Otero**, Marta, 'Unha gran obra de Ray Bradbury', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 67, 'Lecturas do verán', 3 xullo 2004, p. 10.

Bernardino Graña fai unha aclaración ao título *Crónicas Marcianas* do que di que non se trata dun programa da televisión, senón da obra literaria de Ray Brabdbury, libro que recomenda a toda a xente. Trátase dunha colección de relatos que contan a colonización de Marte por parte da especie humana. Por outra banda recomenda un segundo libro que leva por título *Morning Star*, do escritor Xosé Miranda.

Fraga, Xesús / **García**, Rodri / **Otero**, Marta, 'Paixón polo mundo dos Medici', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 67, 'Lecturas de verán', 3 xullo 2004.

Neste artigo dous escritores, Fina Casalderrey e Xabier P. Docampo, están de acordo á hora de elixir o libro que recomendarían como libro de lectura para este verán. Trátase da obra de Xosé A. Neira Cruz titulada *O armiño dorme*.

Fraga, Xesús / **García**, Rodri / **Otero**, Marta, 'Unha visión da caída do nazismo', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 67, 'Lecturas do verán', 3 xullo 2004, p. 10.

Fai referencia á novela de Pilar Buela, que leva por título *Ácaros verdes*, e que acadou o último "Premio Luerio Rey". Fran Alonso recoméndanos esta obra, na que se narran as últimas horas no búnker de Hitler antes do seu suicidio, pero dende unha ollada feminina.

Fraga, Xesús / **Otero**, Marta, 'Un quijote irónico e sorprendente', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 67, 'Lecturas do verán', 3 xullo 2004, p. 8.

Alúdese ao libro *El Quijote*, obra de Miguel de Cervantes, que é a obra recomendada por Ramiro Fonte. Trátase dunha novela na que se pode atopar sentido da ironía e que lle deixa ao lector moita liberdade. Saliéntase que esta obra está considerada todo un clásico da literatura.

Fraga, Xesús / **Otero**, Marta, 'Os erros da utopía de Azaña', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 67, 'Lecturas do verán', 3 xullo 2004, p. 9.

A poeta Luz Pozo recomenda para os meses estivais o libro que leva por título *Azaña*, co cal Carlos Rojas gañou o Premio Planeta no ano 1973. Trátase dunha biografía moi interesante para coñecer a figura de Manuel Azaña, que fora o presidente do goberno da República.

Fraga, Xesús / **García**, Rodri / **Otero**, Marta, 'Encontro casual en Reikiavik', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 67, 'Lecturas do verán', 3 xullo 2004, p. 11.

Dáse conta da obra escollida por Santiago Jaureguizar como lectura de verán. Trátase dun libro de recente publicación que leva por título *A noite da aurora*, de Camilo Gonsar. Da novela destaca o estilo arriscado, a súa densidade reflexiva, o seu estilo moi sinxelo e unha prosa moi limpa. Trátase de toda unha historia de amizade e amores.

Fraga, Xesús / **Otero**, Marta, 'A vixencia de Otero Pedrayo', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 67, 'Lecturas do Verán', 3 xullo 2004, p. 9.

Recóllese a recomendación que fai Víctor Freixanes para escoller un libro como lectura para este verán. O libro recomendado é *A romaría de Xelmírez* do escritor Ramón Otero Pedrayo. Trátase dunha novela que esta baseada na viaxe histórica que realizou o bispo Xelmírez a Roma.

Franco, Camilo, 'Non cansarse nunca máis', *La Voz de Galicia*, 'Obituario', 7 marzo 2004, p. 18.

Sente a morte de Luisa Villalta, a quen pon como exemplo de fortaleza e enerxía. Alude á súa polifacética vida e observa na súa obra "unha firmeza de fondo e unha suavidade de pel que non é contradicción senón elegancia e lucidez". Así mesmo, fai mención ao libro co que se inicia no mundo da poesía, *Música reservada*, e sinala que en *O outro lado da música, a poesía* analizou os vencellos da lírica e a música.

Freixanes, Víctor, 'O señor das palabras', *La Voz de Galicia*, 'Opinión', 11 setembro 2004, p. 6.

Artigo no que se fai un recordo cariñoso a Manuel María con motivo do seu falecemento. Fálasenos da súa vida e da súa obra, sen esquecer que foi un mestre e un referente para moitos escritores.

Freixanes, Víctor, 'Galegos en castelán', *La Voz de Galicia*, 'Opinión', 18 setembro 2004, p. 6.

Primeiramente no artigo fai unha reflexión sobre o tema de que é o que se entende por literatura galega e do papel da lingua galega ao longo da historia. A continuación fai referencia á difusión que está a facer estes días *La Voz de Galicia* da "Colección de Autores Galegos en Castelán". Ante tal situación o articulista reflexiona afirmando que na realidade histórica do noso país se presenta unha cuestión: "Hai unha Galicia que se expresa en castelán."

Freixanes, Víctor F., 'Conto breve para tempo de eleccións', *La Voz de Galicia*, 'Vento nas velas', 21 febreiro 2004, p. 8.

Achega un relato didáctico-lúdico no que un carpinteiro a través dun símil tenta abrirlles os ollos a uns nenos sobre unha verdade da vida. Ensínalles que todo o que se di ou fai ao revés, aínda que despois haxa arrepentimento, sempre deixa pegada.

Freixanes, Víctor F., 'Libros ceibes', *La Voz de Galicia*, 'Vento nas velas', 24 abril 2004, p. 8.

Pon de relevo a práctica do book-crossine, subliñando que esta busca fundamentalmente levantar paixón pola lectura. Explica que consiste en atopar un libro que outros anteriormente deixaran nun lugar público, lelo e volvelo de novo á rúa para que unha nova persoa se interese por el. Alude á orixe disto e salienta que no mundo hai moitas persoas ás que lles atrae esta maneita de achegarse a un libro. Por último, insiste na importancia que ten a lectura para o ser humano baseándose na propia experencia.

Freixanes, Víctor F., 'O pan da cultura', *La Voz de Galicia*, 'Vento nas velas', 8 xuño 2004, p. 9.

Pon de manifesto a necesidade dun apoio incondicional ao libro galego, aplaudindo a iniciativa da Xunta de Galicia de crear unha Mesa do Libro Galego para "a activación da edición e, sobre todo, da lectura". Subliña que o libro é "pan da cultura", símbolo da modernidade e de desenvolvemento, polo cal o reivindica. Ademais, apunta algunhas eivas que rodean o sector do libro, como as carencias en bibliotecas, a escaseza promocional, etc.

Freixanes, Víctor F., 'Vintecinco anos de Xerais', *La Voz de Galicia*, 'Opinión', 12 xuño 2004, p. 5.

Achega os seus parabéns a Xerais polo cuarto de século de vida que fai, salientando que naceu en 1979 co fin de ofrecernos material na nosa lingua nun momento de especial relevancia histórica. Cita algún dos primeiros libros que publicou esta editorial viguesa, entre eles as súas *Memorias dun fuxido*, así como lembra algúns nomes relevantes que alí traballaron a prol da nosa cultura, como Xela Arias ou el mesmo. Remata pondo de relevo a débeda que temos con Xerais e dándolle as grazas a esta empresa polo seu contributo a Galicia.

García Bodaño, Salvador, 'Fonte a fluír do pasado', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 7 marzo 2004, p. 3.

Menciónase o último libro de Ramiro Fonte, *Os meus ollos*, que é un grande exercicio narrativo. No libro flúen os anos da súa nenez na súa vila natal, Pontedeume. Para rematar relaciónase este libro con *Memorias dun neno labrego* de Neira Vilas.

García Bodaño, Salvador, 'Empresa e cultura', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 21 marzo 2004, p. 3.

Destácase a figura de Enrique Peinador Lines, que quedara esquecida e que agora pretende reivindicar Xosé González Martínez. Foi propietario do Gran Hotel e Balneario de Mondariz, onde se editaron varias publicacións, algúns libros de autores coñecidos como Cabanillas e incluso se celebraron algúns actos de ingreso de membros da RAG.

García Bodaño, Salvador, 'Libros e liberdade', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 25 abril 2004, p. 3.

Menciónase a celebración do día do libro para facer unha reflexión acerca da importancia da lectura.

García Bodaño, Salvador, 'A lectura baixo mínimos', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 9 maio 2004, p. 3.

Coméntase que a xente ten o hábito de no ler, de aí a crise no sector do libro. Tamén se amosan as porcentaxes da xente que le, le pouco ou nada.

García Bodaño, Salvador, 'Muiñeiro de verbas', *El Correo Gallego*, 12 setembro 2004, p. 3.

Xogando co título do que foi o primeiro poemario en galego que se publicou na posguerra, *Muiñeiro de brétemas*, Salvador García Bodaño fálanos do seu autor, Manuel María, e da súa obra.

García Bodaño, Salvador, 'Fragmentos de pasado', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 28 novembro 2004, p. 3.

Dá conta da publicación de *Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*, publicadas en *Cadernos Ramón Piñeiro* (V), e tamén da publicación do *Eco de Galicia* da Habana, que está composto por un libro que contén un estudo e un CD que recolle os números que se realizaron nos anos 1917-1918. Afirma que os dous son proxectos do Centro Ramón Piñeiro para Investigación en Humanidades. Destaca algunha das cartas, que lle traen a mente diversos recordos e conclúe loando a actividade do Centro e citando as edicións de *As Cantigas de Loor de Santa María* e o estudo do profesor Pensado sobre o *Tratado de Albeitaría* e o poemario S*ulco e Vento* de Álvaro de las Casas.

García Bodaño, Salvador, 'Orvallo de sons", *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 19 decembro 2004, p. 3.

Fai referencia á publicación de *Dos anos de voces ceibes*, un ensaio de Vicente Araguas que se acompaña dun CD coas últimas cancións de Miro Casabella, e dá conta da presenteción do mesmo na Galería Sargadelos.

García López, Xoán, 'Casa dos poetas', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 24 febreiro 2004, p. 22.

Fai referencia á publicación do poemario de Xosé María Pérez Parallé *Casa dos poetas*. Os temas principais que observamos no libro son o amor, que é a razón de vivir, a liberdade e a paz. Finalmente cítase aos poetas que aparecen no libro.

García López, Xoán, 'Camiñante descoñecido', *Diario de Ferrol*, 'La ventana', 23 xullo 2004, p. 20.

Xoán López García fálanos de como no ano 1934 no concello de Barallobre "un grupo de homes e mulleres con inquietudes culturais e sociais, decidiron poñer en marcha unha idea que viñan madurando dende había un par de anos e que consistía en erguer, nun pequeno terreo preto da estación do ferrocarril, un monumento ao camiñante descoñecido o cal constaba de dúas columnas cilíndricas rematadas nun teito plano, tellado que cubría un pedestal e que ao mesmo tempo facía de abrigadoiro dun banco de dobre respaldo que homenaxeaba a Curros e Castelao (...) e xa fóra ao seu derredor outros bancos das mesmas características recordaban a ilustres galegos de diferentes profesións".

García López, Xoán, 'Na búsqueda da musa, Poesía', *Diario de Ferrol*, 'La ventana', 27 novembro 2004, p. 16.

Explica que, acompañado do grupo musical "Zoar do vento", recitou unha ducia de poemas baixo o título de *Un canto de amor* no Círculo Mercantil e Industrial. Unidade de Fene. A seguir divaga sobre o concepto de poesía e dá as grazas á revista *Poesía Galicia* pola grande axuda que lle presta aos poetas.

García Negro, Mº do Pilar, 'Benquerida Luísa', *A Nosa Terra*, nº 1.120, 'Galiza', 11 marzo 2004, p. 13.

Dedícanselle unhas palabras de homenaxe a Luisa Villalta tras o seu pasamento.

García, Xosé Lois, 'A batalla de Montevideo', *Galicia Hoxe*, 'Ecos da Berenguela', 13 xaneiro 2004, p. 4.

Coméntase a última publicación de Xesús Alonso Montero, *A batalla de Montevideo*. Componse dunha serie de denuncias expostas por diversos emisarios que representan a voz dos sen voz daquela Galicia da posguerra. Estas denuncias xa viran a luz en Bos Aires nun opúsculo, só que agora aparecen comentadas.

García, Xosé Lois, 'Os haikus de Helena Villar Janeiro', *Galicia Hoxe*, 'Ecos da Berenguela', 20 xaneiro 2004, p. 4.

Coméntase o libro de Helena Villar Janeiro, *Pálpebra azul*. Defínese o haiku, xa que é o que predomina neste libro. Tamén se menciona o primeiro libro de haikus en galego, *Orballo nas camelias*, de Ricardo Martínez-Conde.

García, Xosé Lois, 'Ao redor da casa última', *Galicia Hoxe*, 'Ecos da Berenguela', 27 xaneiro 2004, p. 4.

Fálase do último poemario de Xulio L. Valcárcel, *Casa última.* Coméntase que no libro a casa cobra valor, como xa o fixeran Rosalía e Manuel María.

García, Xosé Lois, 'Luísa Villalta, in limine mortis', *Galicia Hoxe*, 'Ecos da Berenguela', 9 marzo 2004, p. 4.

Menciónase o pasamento de Luísa Villalta, destacando que "a súa poesía é o mellor legado que nos deixou".

García, Xosé Lois, 'Os banzados de Vázquez Pintor', *Galicia Hoxe*, 'Ecos de Berenguela', 13 abril 2004, p. 4.

Coméntase o libro de Xosé Vázquez Pintor, *Banzados*. Apúntase que é un poeta da xeración de transición entre a dos cincuenta-sesenta e a dos oitenta e que sabe "graduar a palabra na que toma forma e forza a metáfora e a metafísica". Saliéntase que neste poemario aparece a nación na súa propia metafísica. Finalmente, menciónanse algúns dos títulos da súa produción anterior.

García, Xosé Lois, 'Antía Otero, en seu son', *Galicia Hoxe*, 1 xuño 2004, p. 04.

Fálase da publicación do primeiro poemario de Antía Otero, *O son da xordeira*. Indícase que nel topamos a presenza da muller antiga: a dona de sempre fiando e tecendo o liño que fixo historia e que é permanencia no verso.Vese, por tanto, que no transfondo do verso está Galicia.

García, Xosé Lois, 'Curros reivindicando na Habana', *Galicia Hoxe*, 3 agosto 2004, p. 4.

Xosé Lois García dá conta neste artigo de como Curros Enríquez segue a ser para os emigrantes ourensáns que viven en Cuba un referente, ou máis ben unha referencia idealizada, tal e como puido percibir sendo convidado pola Unión Orensana da Habana para dar unha conferencia sobre este autor no Centro Gallego.

García, Xosé Lois, 'Manuel María', *Galicia Hoxe*, 14 setembro 2004, p. 4.

Xosé L. García fálanos da excepcional figura do poeta chairego Manuel María con motivo do seu pasamento, e reflexiona sobre como na súa obra fica codificada a nosa terra.

García, Xosé Lois, 'A rosa dos claustros', *Galicia Hoxe*, 'Ecos da Berenguela', 9 novembro 2004, p. 5.

Recóllese a noticia da publicación dunha antoloxía brasileira en edición bilingüe, titulada *A rosa dos claustros*, que reúne diversos poemas de Rosalía de Castro. Saliéntanse a traxectoria e o bo facer do seu tradutor, Andityas Soares de Moura. Destácase que esta obra vén coincidir coa celebración do sesenta aniversario da publicación das obras completas de Rosalía por parte da Editorial Aguilar en 1944, en plena ditadura franquista.

García, Xosé Lois, 'Celso Emilio, en poesía completa', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 30 novembro 2004, p. 4.

Xosé L. García felicita á editorial Xerais pola publicación nos seus "Clásicos" da *Poesía galega completa* de Celso Emilio Ferreiro e pregúntase que será do país "cando a palabra poética non sexa usada para corrixir e denunciar aos espoliadores do progreso e da xustiza social".

García, Xosé Lois, 'Poetas galegos finados no 79 e 2004', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 28 decembro 2004, p. 4.

Comenta que, coincidindo co vinte e cinco aniversario do pasamento dos poetas Luís Seoane, Celso Emilio Ferreiro e Eduardo Blanco Amor, finaron este ano Luísa Vilalta, Antón Tovar e Manuel María. Salienta como características comúns dos tres primeiros que foron emigrantes e que souberon defender e aspirar a unha Galicia ceibe, para o cal crearon un gran número de infraestruturas político-culturais. Repasa a continuación o máis salientaíbel da produción dos seis poetas.

García-Bodaño, Salvador, 'Unha lectura de recordos', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 21 novembro 2004, p. 3.

Para Salvador García-Bodaño a lectura "é o mellor antídoto contra a intoxicación intelectual" e n'*Os anos escuros. A resistencia cultural*, de Xosé L. Franco Grande teriamos "unha recuperación agridoce de lembranzas e ilusións dunha época lamentábel que só se puido vencer coa decisión que proviña da esperanza."

Gil Gómez, Adolfo, 'Sobre idiomas, tumbas y sabios', *La Opinión*, 'La feliz gobernación', 11 maio 2004, p. 26.

Critica que o goberno e a oposición se queixen de que o galego diminúe entre a xuventude e que porén non tomen medidas con respecto disto.

Gómez Abad, Manuel A., 'IES Carlos Casares', *La Región*, 'Cartas al director', 12 maio 2004, p. 22.

Explica por que o IES Carlos Casares recibe ese nome, en homenaxe a Casares, que por dirixir unha obra de teatro foi expulsado.

Gómez Miño, Xesús, '40º aniversario', *Diario de Ferrol*, 'La ventana', 22 xuño 2004, p. 19.

Fálase do corenta aniversario do Padroado de Cultura Galega de Uruguai, e ao mesmo tempo faise un repaso pola súa historia (como xurdiu, con quen, etc.).

Gómez, Joel, 'La poesía de un agitador cultural', *La Voz de Galicia*, 'Sin intención', 11 maio 2004, p. L15.

Menciónase a presentación do poemario de Francisco Souto, *Crebar postais coa lingua*. Sinálase que este autor destacou por participar en empresas editoriais que intentaban promover a poesía galega.

Gómez, Joel, 'Rosalía de Castro y los médicos', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 31 decembro 2004, p. 11.

Loa a figura de Agustín Sixto Seco, quen foi un dos médicos que participou moi activamente para engrandecer a figura de Rosalía de Castro. Relata que, entre outras actividades, se chegou a reunir con Francisco Franco co obxectivo de solicitarlle apoio para a Casa-Museo de Padrón, que se inaugurou en 1972.

Gómez, Lupe, 'Reinventar o teatro, ilusionarse, bailar, en Compostela', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Escena', 27 xuño 2004, p. 5.

A autora fai unha valoración moi positiva da temporada teatral en Compostela. Opina que houbo unha notábel asistencia de público e que se representaron obras moi interesantes. Tamén se felicita porque por primeira vez a danza estivo presente nesta Feira de Teatro, e agarda ilusionada a próxima temporada.

Gómez, Lupe, 'Que o teatro estale no verán, nas rúas, nas praias e nos festivais', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 11 xullo 2004, p. 5.

A autora do artigo expón o seu desexo de que o teatro volva ás rúas, ás prazas e aos festivais. Defende un teatro próximo á xente, espontáneo, mesturado coa vida e co cotián, que sorprenda e permita gozar e soñar. Finalment recoñece *En pé de pedra* como unha magnífica mostra de teatro nas rúas.

Gómez, Lupe, 'Que o teatro estale no verán', *Galicia Hoxe*, 6 agosto 2004, p. 5.

Lupe Gómez reivindica que o teatro, "no verán, saia das salas onde vive encerrado no inverno e volva ás rúas", que sexa o teatro o que nos acolla no verán e nos faga libres.

Gómez, Lupe, 'Corpos espidos no teatro', *Galicia Hoxe*, 13 agosto 2004, p. 5.

Lupe Gómez fálanos de dúas pezas teatrais a cuxa representación asistiu, *Amoralia*, do Museo Finlandés, e *Homo politicus*, de La República, que teñen en común o feito de que nelas os corpos dos actores aparecen espidos nalgún momento, e isto interesa á poeta porque entende que "espirse e berrar é unha forma de censurar todo, e devolver a paz que tivemos nos ollos cando eramos libres e ancestrais".

Gómez, Lupe, 'Reiniciar a vida teatral, volver sentir a alegría', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 19 setembro 2004, p. 5.

En palabras de Lupe Gómez, o teatro, despois do verán, "volverá para enchernos de melancolía e beleza. Teatro galego e teatro de fóra de Galicia, porque todo ao fin e ao cabo conflúe e intégrase".

González Martínez, Xosé, 'Un empresario galeguista', *El Correo Gallego/Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 356, 'Tribuna libre', 20 marzo 2004, p. 14/1.

Coméntase que a Fundación Premios da Crítica Galicia quere recuperar a figura de Enrique Peinador Lines, propietario do Gran Hotel e Balneario de Mondariz. Destacou porque no seu complexo se publicaron obras de Cabanillas, a RAG celebrou algúns actos de ingreso dos seus membros, etc. Tamén se mencionan outras institucións que apoian a reivindicación deste empresario.

González Pérez, Clodio, 'Cunqueiro e os maios de Mondoñedo', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 24 abril 2004, p. 5.

Fala de que ten unha colección de coplas de Mondoñedo cuxo autor é Álvaro Cunqueiro. Lembra tamén que Cunqueiro dedicou algunhas liñas aos maios.

González Pérez, Clodio, 'Romance do pescador peregrino', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 25 setembro 2004, p. 5.

Fala desde "O rodicio do tempo" do *Romance do pescador peleriño*, escrito por Xosé María Álvarez Blázquez co gallo da peregrinación nacional de pescadores a Santiago de Compostela en 1954.

González Pérez, Clodio, 'Castelao: cousas de nenos', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 11 decembro 2004, p. 5.

Indica que en 1976 se publicou unha escolma de "cousas" de Castelao baixo o título *Cousas de nenos* que está dedicado exclusivamente aos nenos. Comeza cunhas verbas que Ramón Otero Pedraio elaborara para o limiar de *Cousas* (Vigo, 1968); e, a seguir, sinala que a obra recolle sesenta e unha "cousas" extraídas na súa gran maioría dos xornais vigueses *Galicia* e *Faro de Vigo*; Clodio González Pérez foi o encargado de realizar a escolla e Xosé María Álvarez Blázquez editouno no número cincuenta e dous da colección "O Moucho" de Edicións Castrelos.

González Puente, Julio, 'O poeta', *El Correo Gallego*, 10 setembro 2004, p. 2.

Julio González Puente láiase na súa columna da morte do poeta Manuel María, que "fixo patria coa súa lingua, porque a lingua é o sangue do espírito e non hai máis patria que onde a lingua resoa".

González, Brais, 'Darío Xohán Cabana, sen fortuna', *A Nosa Terra*, nº 1.125, 'Cultura', 22 abril 2004, p. 28.

Critica a decisión da RAG de presentar a candidatura de Xosé Luís Axeitos en lugar da de Darío Xoán Cabana como próximo membro da institución.

González, Xosé, 'Despedida', *El Progreso*, 17 setembro 2004, p. 26.

Xosé M. González dá conta da homenaxe que se tributou ao poeta Manuel Maria primeiro no seu velorio no Panteón dos Galegos Ilustres e máis tarde no enterro propiamente, e lamenta "o silencio público do presidente da Xunta de Galicia con ocasión do pasamento de tan voluminoso vulto nacional".

Iglesias Sueiro, Gonzalo, 'Poesía, arma do pobo', *La Región*, 'Opinión', 19 xuño 2004, p. 21.

Primeiro lembra ao escritor ruso Zóschenko. Logo coméntase a figura de Antón Tovar, destacando non só a súa faceta de poeta senón tamén o seu compromiso político.

Ínsua, Emílio Xosé, 'A constante dignificación do idioma', *A Nosa Terra*, nº 1.120, 'Cultura', 11 marzo 2004, p. 28.

Destácase a figura de Lois Tobío comentando todo o que fixo a favor da lingua galega. Tamén se comentan os artigos que escribiu.

Jaureguizar, 'A gripe, animadora cultural', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 4 xaneiro 2004, p. 75.

Fai un repaso por algunhas novidades editoriais. Reseña favorabelmente *A noite da aurora*, de Camilo Gonsar; *Fálame sempre*, de Cid Cabido e *A vida que nos mata*, de Xabier López. Saúda a poesía de Yolanda Castaño, pero xulga negativamente aos novelistas que escriben como se fosen poetas. Neste último caso estaría Xosé Carlos Caneiro, coa súa novela *Ámame*.

Jaureguizar, 'Ribadeo experimenta', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 11 xaneiro 2004, p. 74.

Empeza este artigo de opinión cuns apuntes sobre o que denomina "crónica oral dos xantares" destacando a Lois Caneiro e *Xantar da memoria* ou Miguel Vila con *Caldeirada para dous (mortos)*, ou o que prepara Xabier Rodríguez Baixeras. Pasa tamén por Santoro de Membiela e o seu *Positively, un encontro casual*, ou a proposta do deseñador gráfico Mariano Grueiro. O protagonismo ribadense amplíase con Benito Prieto Cousset a través do estudo asinado por Francisco Pablos.

Jaureguizar, 'O derradeiro limiar de Cela', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 8 febreiro 2004, p. 75.

O traballo de transcrición de manuscritos centra esta artigo de Jaureguizar. Acércanos unha serie de anécdotas entre as que destacan o último "Limiar" de Cela, que quedou inédito, ou como Otero Pedrayo interpretaba as transcricións que facían dos seus manuscritos. Anota tamén o traballo de Jorge Coira con *O ano da carracha* ou a última gravación de Arturo Vaquero da Safari Orquestra. Remata en aparte coa anécdota da negativa de subvención a unha editorial por faltar na solicitude a firma do autor. O problema viña porque o autor estaba morto.

Jaureguizar, 'Paulo Coelho, chámano literatura', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 22 febreiro 2004, p. 83.

Jaureguizar introdúcenos, a través dunha cita de Rosa Aneiros, no quinto congreso de escritores 'Correntes d'escritas' en Póvoa de Varzim. Grazas a comentarios, conversas e anécdotas, vai elaborando unha pintura do encontro, entre as que temos que destacar as protagonizadas pola casa de Eça de Queiroz, o autor peruano Javier Arévalo, a algarvense Lidia Jorge ou Luis Sepúlveda; con reflexións sobre literatura e novela. Destácase o especial interese das revistas lusas pola literatura galega.

Jaureguizar, 'Nélida Piñón, o eterno retorno', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 7 marzo 2004, p. 90.

De entre as idas e vidas de Nélida Piñón, presidenta da Academia Brasileira das Letras, destaca a súa visita de Febreiro do 2004 para participar en actos da U.S.C. e o Consello da Cultura Galega. Esta visita é conectada coa que realizará á Fundación Carlos Casares para participar nos 'Diálogos Literarios en Mariñán'. Outra visita que destaca é a de Luísa Castro ao 'Encontro de Novos Narradores' da Fundación Torrente Ballester. Tamén se presenta a obra de Marina Mayoral, *Ao pé do magnolio*, e anúnciase a 'Semana da Maxia' en Lugo, da man do Mago Antón.

Jaureguizar, 'Reconstrución dos Casares', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 21 marzo 2004, p. 83.

Jaureguizar preséntanos a iniciativa de Galaxia de centrarse na edición de obras de Carlos Casares. Destaca *Cambio en tres* da que dá unhas notas sobre o estilo dun Casares que renegara dos xogos literarios. Tamén estarán *Os mortos daquel verán*, *O sol do verán*, e as *Biografías reunidas de Curros Enríquez*, *Vicente Risco*, e *Ramón Otero Pedrayo*. Anuncia tamén unha homenaxe da Asociación Española de Editores a Fernández del Riego, Xaime Isla Couto e Isaac Díaz Pardo. Tamén acerca o anuncio de Carlos Negro de que o próximo encontro Galeusca será en Galicia. En aparte anota que Margarita Ledo está a traballar na recuperación dos arquivos de Carlos Varela.

Jaureguizar, 'O peor non son os autores', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 4 abril 2004, p. 83.

Empeza este artigo cunha paráfrase de Mario Muchnick para defender a X. Luís Méndez Ferrín fronte aos seus aduladores. Toda esta argumentación vén motivada pola "non entrada" de Darío Xohán Cabana na Academia Galega. Remata coa defensa dunha cadeira para Manuel Rivas, do que se anuncia a súa vindeira entrega, *Un espía no reino de Galicia*, e de Suso de Toro, do que se dá noticia dunha próxima viaxe aos Estados Unidos xunto con Fernando Trueba, Antonio Elorza e Miquel de Palol. En aparte anúnciase o proxecto de Nordesía *Ao pé da letra*.

Jaureguizar, 'Pere Gimferrer toca a comida', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 25 abril 2004, p. 89.

Noticia do primeiro encontro de "Novos narradores" da Fundación Torrente Ballester. Jaureguizar destaca as participacións de Germán Sierra, Luísa Castro, Antón Lopo e Anxo Angueira. Reflexiona sobre a importancia que tivo a escolla de lingua en Cunqueiro e Rosalía ou a vida pública en Alfredo Conde ou Xavier Alcalá. Anuncia a entrega dunha nova novela sobre a Guerra Civil de Manuel Rivas, o que é presentado con "desasosego" por parte de Jaureguizar.

Jaureguizar, 'Balbino, a farmer boy', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 2 maio 2004, p. 89.

Lémbrase Jaureguizar do primeiro libro que leu en galego, *Memorias dun neno labrego*, que hoxe en día conta as edicións por ducias. Anuncia unha próxima edición en inglés, o que lle dá pé a reclamar unha versión en portugués para Balbino. Ao falar das importacións literarias entre Galicia e Portugal introduce o encontro 'Falamos entre nós', que contará coas intervencións de Gonçalo Tavanes, Mário Cláudio, Lois Diéguez e Francisco Fernández Casas. En aparte anúnciase a presentación do ensaio de Eliseo Fernández e Dionisio Pereira *O anarquismo na Galiza*, de Edicións Positivas.

Jaureguizar, 'A letra para quen a traballa', *A Nosa Terra*, nº 1.133, 'Opinión', 17 xuño 2004, p. 9.

O esforzo do escritor na escrita e no proceso de publicación é o punto de partida deste artigo de opinión. Desde este punto de vista reclámase un canon por préstamo de obras en bibliotecas. Compara a situación dos literatos con cineastas, músicos, pintores,... para concluír cunha reclamación de subir os presupostos das bibliotecas para poderen render contas dos préstamos cara a unha dignidade da cultura nacional. Compara tamén a calidade coa cantidade de publicacións en Galicia. Ponse como exemplo de política cultural a levada a cabo polo Concello de Lugo a través da contratación de Darío Xohán Cabana.

Jaureguizar, 'A xeración knows', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 27 xuño 2004, p. 89.

O anuncio dunha tradución do Ulises de James Joyce, por parte de Victor Freixanes, serve para presentar o que Jaureguizar denomina "Xeración knows", polo seu interese na concepción anglosaxona da literatura, o urbano, experimentalismo, memorialismo e individualismo. Esta xeración estaría representada por Xavier Queipo, Xurxo Borrazás, Xabier López, Camilo franco, Antón Lopo, Xesús Fraga, Fran Alonso, Francisco Castro, Rosa Aneiros, Miguel A. Murado e Xerardo Quintián. O seu interese literario pasa polo ritmo ledo, o sexo, a violencia, os medios de comunicación e o interese por outras artes como a música ou o cine. Fai finalmente unha relación de obras destes autores onde se materializan estes conceptos.

Jaureguizar, 'Libreta', *El Progreso*, 'á sombra', 10 agosto 2004, p. 72.

A adquisición dunha libreta de marca italiana dá pé a Jaureguízar para reflexionar sobre o oficio de escritor.

Jaureguizar, 'Rif Raf', *El Progreso*, 11 agosto 2004, p. 80.

Jaureguizar reflexiona sobre certas cuestións literarias que non son do seu agrado, como que á xente lle interesen as "babecadas filosóficas" de Paulo Coelho ou que confundan o "repugnantiño" de Harry Potter cun personaxe literario.

Jaureguizar, 'Bicicleta', *El Progreso*, 9 setembro 2004, p. 72.

Unha anécdota de carácter persoal dá pé a Jaureguízar para valorar a importancia da figura da Manuel María con motivo do seu pasamento.

Jaureguizar, 'Novela canoura', *El Progreso*, 13 setembro 2004, p. 21.

O autor afirma que só se tolera que culturas galega, vasca e catalá fornezan á española cun libro ao ano de cadanseu escritor "compulsado". Ante este panorama, Jaureguizar entende que o que debemos é *canourizarnos*, sendo os *canouros* os veraneantes de fóra alá por Ribadeo, xa que é a actitude que o sistema literario español agarda de nós: "un pouco de patacas, percebes a esgalla, unha meiga que faga sopas con curuxas e un par de aparecidos simpáticos."

Jaureguizar, 'Pushkin', *El Progreso*, 19 setembro 2004, p. 89.

Jaureguízar fálanos de *El viaje a Arzum durante la campaña de 1829*, obra que recolle as impresións de Pushkin na súa viaxe canda o exército ruso na marcha por Osetia, Xeorxia e Armenia.

Jaureguizar, 'Bolaño exhuma a Dieste', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 31 outubro 2004, p. 87.

Jaureguízar fálanos de *2666*, a obra que deixou inacabada Roberto Bolaño, na que un dos personaxes atopa nunha caixa con libros o *Testamento xeométrico* de Rafael Dieste, publicado na Coruña en 1975.

Jaureguizar, 'Cervantes, Caneiro, Tabucchi, etc', *A Nosa Terra*, nº 1153, 'Cultura', 2 decembro 2004, p. 28.

Manifesta o seu profundo malestar polas declaracións laudatorias aparecidas sobre a obra de Xosé Carlos Caneiro. Comenta que, en *A Nosa Terra* , un crítico literario afirmaba que

unha das obras de Caneiro era mellor que *El Quijote de la Mancha;* tamén, no mesmo xornal, Xosé Manuel Eyré estabelece unha comparación entre os estilos de Caneiro e Antonio Tabucchi en *Tristano morre*; así mesmo, Emilio Cid compara a Xosé Carlos Caneiro con Roberto Bolaño. Recolle unhas palabras de diferentes interlocutores que afirman que Caneiro é "un pretensioso e un pedante que se sente un clásico en vida". Afirma que todas as súas obras son moi parecidas, que nelas se produce un amoreamento de adxectivos e adverbios, que, segundo Jaureguizar, poden ser debidos á incapacidade para escoller entre eles. Conclúe indicando que a paixón pola produción narrativa que manifesta o escritor é unha eiva.

Jaureguizar, 'O filólogo de Burgos', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 26 decembro 2004, p. 65.

Informa do ingreso na Real Academia Galega de Felipe Lubián Lubián, (Zamora) que é un dos representantes do galego que se fala fóra das fronteiras administrativas de Galicia. Canda el tamén foron incorporados Carlos Varela (Asturias), Héctor Silveiro (O Bierzo) e Domingo Frades (Estremadura). Finaliza o artigo mencionando os seus discursos de ingreso.

Lamela Bautista, José, 'Rosalía: del Sar al Llobregat', *La Región*, 'Provincia', 13 decembro 2004, p. 10.

Destaca, en primeiro lugar, a gran actividade cultural que levan a cabo os emigrantes galegos en Cataluña, que teñen vinte e dúas agrupacións. Destácase a Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellá de Llobregat. Achega a relación de actividades que realiza destacando o Premio de Poesía Rosalía de Castro que levan realizando dende hai dezaoito anos. Sinala que o último preado foi Alberte Momán Noval, por *O pasado nas horas*. Loa o galardón e menciona outros premiados como Marta Dacosta ou Darío Xohán Cabana.

Laya Reboredo, José, 'Rexoubar', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 10 xaneiro 2004, p. 18.

A partir dun estudo británico no que se confirma que o murmurar é bo para a saúde, José Laya Reboredo cre que o defecto de rexoubar aparece ligado á natureza humana dende sempre e como mostra percorre diferentes pasaxes de obras como a *Biblia*, adaxios chineses, *O Tío Marcos da Portela* ou o *Dicionario Filosófico* de Voltaire.

Liñares Giraut, X. Amacio, 'Centenario', *La Voz de Galicia*, 'O fiadeiro', 29 febreiro 2004, p. L15.

Anúnciase a disposición do Concello de Negreira a apoiar o centenario do escritor Xulián M. Magariños (1904-1934), un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos. Tamén se anuncian iniciativas da Consellería e do I.E.S. Xulián Magariños.

Liñares Giraut, X. Amacio, 'Anxos', *La Voz de Galicia*, 'O fiadeiro', 12 setembro 2004, p. L15.

X. Amancio Liñares Giraut recomenda a lectura do libro de Anxos Sumai, *Anxos de Garda*, publicado por A Nosa Terra.

Liñares Giraut, X. Amancio, 'Gaiteiro', *La Voz de Galicia*, 'O fiadeiro', 18 abril 2004, p. L15.

Liñares Giraut loa a fermosura de Santiago de Compostela e do Obradoiro partindo dunha anécdota relacionada co seu encontro con dous músicos de rúa, un gaiteiro e un acordeonista, e na que introduce citas do escritor cubano Miguel Barnet e de *Cantares Gallegos* de Rosalía.

Liñares Giraut, X. Amancio, 'Cubanía', *La Voz de Galicia*, 'O fiadeiro', 9 maio 2004, p. L15.

Unha fotografía da inauguración da Cátedra de Cultura Cubana a Alejo Carpentier é o punto de partida para analizar o funcionamento da propia cátedra e do Seminario Internacional Alejo Carpentier en España. Fai unha pequena referencia á obra de Carpentier e ao desenvolvemento do Seminario.

Lizancos Santos, Plácido, 'Nin 'plantexado' nin 'a partires'', *Galicia Hoxe*, 'Día a día', 23 xuño 2004, p. 5.

Lizancos Santos céntrase nun artigo de Alfredo Conde (E.C.G. 12.06.2004) no que se queixa do non uso do galego por algúns votantes nacionalistas. Lizancos fai referencia aos méritos de Conde para pasar a anotar as diverxencias coa norma no citado artigo e das dificultades de axeitarse ou non á norma para concluír que hai pouca vontade política para que non esmoreza o galego.

Lizancos Santos, Plácido, 'Oración do artista que volve', *Galicia Hoxe*, 29 xullo 2004, p. 4.

Plácido Lizancos lembra co gallo do Día da Patria Galega a figura de Luís Seoane e un dos seus poemas "dedicado a todos os galegos que aínda non poden volver á súa terra".

López Boullón, Xosé Ramón, 'O Portfolio das linguas', *Galicia Hoxe*, 'Retallos dunha época', 12 maio 2004, p. 5.

Reflexión sobre a aprendizaxe de linguas, da propia e de estranxeiras. Todo vén en relación ao Portfolio Europeu das Linguas, co que se pretende unificar directrices sobre aprendizaxe e ensinanza de linguas. Dentro das súas seccións López Boullón destaca o Pasaporte das Linguas onde se reflectirá a experiencia lingüística do individuo, e o propio cartafol que conterá os traballos persoais desenvolvidos para a adquisición de linguas.

López Boullón, Xosé Ramón, 'Blanco Amor - Fame Negra', *Galicia Hoxe*, 'Retallos dunha época', 1 decembro 2004, p. 5.

Xosé R. López Boullón reivindica a importancia da figura de Eduardo Blanco Amor na recuperación cultural galega durante a posguerra e pregúntase "cara a onde camiñamos hoxe durmidos pola comodidade e o abandono da nosa lingua".

López Fernández, Xesús, 'En torno a Teodora', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 1 xullo 2004, p. 32.

López Fernández pregúntase pola sorte de Teodora, a serea grega cunqueiriana. Esta reflexión lévao a se preguntar pola situación de Camelot para reflexionar sobre as orixes das fábulas do mundo de Cunqueiro. Fai unha relación de lugares que lle recordan a ese mundo e mesmo a Teodora. A busca de Teodora lévao á marea negra e ás Illas Atlánticas, xuntando sereas gregas con Conselleiros para mesturar o idílico das lendas cunqueirianas coa fría realidade das nosas costas e políticos na imaxe final do artigo.

Losada, Basilio, 'Tres poetas nun', *El Progreso*, 15 outubro 2004, p. 88.

O título deste artigo do catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa Basilio Losada, recollido da revista *A micro pechado*, fai referencia aos que serían os tres temas que na poesía de Manuel María "artellan unha visión domundo e unha consciencia de creación literaria. Galicia como proxecto de país, a loita pola redención da xente labrega, e o amor por *Saleta*, a leal compañeira da súa vida."

Lugrís, Manuel, 'O veciño Manuel María', *A Nosa Terra*, nº 1.144, 30 setembro 2004, p. 11.

Con motivo do pasamento de Manuel María, Manuel Lugrís dá conta da impronta da súa figura galeguismo coruñés, pois o poeta chairego viviu na cidade da Coruña nos últimos anos da súa vida.

Máiz Togores, Xosé María, 'O que ben cala ben fala', *Galicia Hoxe*, 'O chioleiro', 22 xuño 2004, p. 5.

Crítica dos presuntos mecenas das letras que non só non publican aquilo que escribe un descoñecido se non o consideran bo, algo en si normal, senón que nin sequera envían unha nota aos autores cun comentario ou cun simple agradecemento, aínda que así o prometeran nos medios de comunicación.

Mallo, Albino, 'A constante crise do teatro', *Galicia Hoxe*, 'Visións', 31 abril 2004, p. 4.

Con ocasión do Día Mundial do teatro, o columnista fai un repaso pola súa propia vinculación ás artes escénicas, como axudante de dirección e como espectador. Conclúe que se fala de "crise do teatro" dende que el ten memoria, e que mentres o teatro exista se falará de crise.

Mallo, Albino, 'Celso Emilio que estás nos ceos', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 8 setembro 2004, p. 4.

Lembranza de Celso Emilio Ferreiro no vinte e cinco aniversario do seu pasamento, de cando traballaron xuntos no despacho de Albino e frecuentaban a tasca de Euloxio onde se reunían con intelectuais coma Álvaro Cunqueiro ou Urbano Lugrís, e tamén o faladoiro do Bar Derby por onde aparecían Xulio Sigüenza, Ánxel Sevillano, Valentín Paz Andrade, os irmáns Álvarez Blázquez, Cuña Novás, Otero e Risco, entre outros. Por último, lembra como os seus destinos se separaron e recibiu a noticia da súa morte inesperada estando en Bruxelas.

Mallo, Albino, 'Estou contigo, Manuel', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 15 setembro 2004, p. 4.

Lembranza de Manuel María, da forza dos seus versos de denuncia pronunciados pola súa voz grave, das conversas sostidas con el na Coruña, da presentación da súa poesía completa publicada por Espiral Maior. Menciónase tamén á súa muller Saleta e o grao en que o seu amor axudara a recuperarse ao poeta dun infarto cerebral tres anos atrás. Do enterro saliéntase o cariño de todos os que o acompañaron.

Mallo, Albino, 'As institucións e o teatro', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 6 outubro 2004, p. 4.

Sublíñase o labor que se está a realizar por parte das institucións públicas a favor do teatro en Galicia. Obsérvase que, grazas ás subvencións, a entrada para ver unha peza teatral de calidade é moi inferior á de cidades como Madrid e Barcelona. Destácanse diversas compañías como o Centro Dramático Galego que leva a cabo importantes postas en escenas e que despois de vinte anos da súa fundación conta xa cunha sala propia como é o Salón Teatro en Santiago. Outras compañías galegas que traballan a favor dun bo teatro son Teatro do Atlántico e Áncora producións. Para rematar quere destacar a peza *Meu querido*

troleiro que vai ser representada en Vigo e A Coruña por unha compañía arxentina e que conta cos actores Sergio Renan e Norma Alenadro. A peza está baseada nas cartas cruzadas entre Bernard Shaw e Stella Campbell.

Manuel María, 'Breve noticia sobre este febreiro tolo', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Homes, feitos e palabras', 1 febreiro 2004, p. 8.

Destaca a beleza dun mes que xa anuncia a primavera e o agradábel que sería pasear por paraxes da Terra Chá, pero sen asoballar a terra con ese pisar do que leva o pensamento na explotación económica da natureza. Lembra a fío disto poetas que como Miguel González Garcés repararon na fermosura desta época do ano.

Manuel María, 'Nota encol das fontes', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Homes, feitos e palabras', 14 marzo 2004, p. 8.

Reivindicación das fontes como parte esencial das nosas vidas, inxustamente esquecidas, e que forman parte da cultura popular, por exemplo nas fontes dos santos milagreiros, así coma da literatura culta como en Novoneyra ou Xosé Crecente Vega, do que se citan varios versos. Suxírese a elaboración dunha escolma poética coa temática das fontes desde o medievo á actualidade.

Manuel María, 'Entre marzo e abril', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Homes, feitos e palabras', 28 marzo 2004, p. 8.

Lémbrase o famoso refrán "Entre marzo e abril sae o cuco do cubil", e enlazando con iso o traballo de Pallarego e Cunqueiro no que o primeiro conseguiu escribir a música do "cu-cú". A seguir pregúntase o autor polas andoriñas ausentes e cita versos sobre elas, desexando que volvan.

Manuel María, 'Raimundo García Domínguez 'Borobó', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Homes, feitos e palabras', 18 abril 2004, p. 8.

Lembranza do labor xornalístico e de recuperación cultural realizada por Raimundo G. R. Borobó durante a ditadura. Manuel María insta, así mesmo, a unha urxente recopilación e publicación das súas obras completas que debería ser levada a cabo polo Centro Ramón Piñeiro ou o polo Consello da Cultura Galega.

Manuel María, 'Divagacións verbo da poesía 'haiku', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Homes, feitos e palabras', 25 abril 2004, p. 8.

Explica o que son os haikus e atribúe a Novoneyra ser o seu primeiro adepto en galego, quen os coñeceu a través da *Antología de la poesía china* de Marcela de Juan. Admira a

seguir a cultura dos nosos poetas supoñendo que acudiran aos haikús no seu xaponés orixinal, e remata estabelecendo unha relación de semellanza entre esta poesía e as triadas de Curros no *Divino Sainete.*

Manuel María, 'A medra da caloña e falsa testemuña', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Homes, feitos e palabras', 6 xuño 2004, p. 8.

Provocación en plena campaña electoral realizada a modo de reflexión sobre baixezas humanas coma a caloña, a falsa testemuña, da que se di que ten habido profesionais, o asesinato (incluíndo nel a pena de morte) e a traizón.

Manuel María, 'As vellas boticas', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Homes, feitos e palabras', 27 xuño 2004, p. 8.

Lembranza dalgunhas boticas como a Farmacia de la Cruz luguesa frecuentada por Ánxel Fole e onde fixo a súa primeira exposición Tino Grandío; ou a de Xoaquín Cunqueiro, pai de Álvaro Cunqueiro, quen escribiu moito sobre boticas e "menciñeiros". Menciónase tamén o libro de José Luís Aulet que fala de sesenta e nove boticas de Galicia, e por último, ínstase a respectar a estética dos edificios que gardan eses lugares, parte da historia do país.

Manuel María, 'Eros e erotismo', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Homes, feitos e palabras', 4 xullo 2004, p. 8.

Condena do pseudoerotismo imperante na poesía máis recente que lixa a fondura do erotismo transcendente, aquel que na tríada Amor, Eros e Sexo completa a fórmula da máis grande felicidade humana. Citas de Torga e Teixeira de Pascoaes ilustran ese sentimento tan afastado da pornografía asexante.

Manuel María, 'Unha sorprendente 'Escola de larpeiros', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Homes, feitos e palabras', 11 xullo 2004, p. 8.

Lémbrase a figura do poeta Monseñor Rey Soto, especialmente unha tradución de Horacio titulada "Escola de larpeiros", inserida na súa única obra en galego. Na poesía ínstase a afogar nun Falermo vello unha pita se se ten a visita inesperada dun amigo. Manuel María oponse a unha suxerencia así e exalta a marabilla dese viño no que converxen o mellor da poesía latina e do 'dolce stil nuovo'.

María, Manuel, 'Unha guía e mapa para descubrir o celtismo', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 8 agosto 2004, p. 6.

Primeiro menciona que as feiras medievais que se celebran non teñen nada de medievais. Logo pasa ao terreo da música e opina o mesmo dos grupos que din interpretar música

celta. Despois fala da atracción que sentimos polo pasado celta galego, cuxo maior representante é Pondal. Finalmente céntrase no libro de M. Aberro, *Diccionario mitológico y folklórico céltico*, que cualifica como "unha guía perfecta para coñecer e transitar como se debe polos fabulosos camiños de celtismo".

María, Manuel, 'Semella que algo se está a mover', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 29 agosto 2004, p. 6.

Coméntase o cambio que supuxo para a poesía galega a publicación do libro de Claudio Rodríguez Fer *Poemas de amor sen morte*. A partir de aquí os novos poetas renováronse, cultivando o culturalismo e erotismo, cuxo antecedente é Rodríguez Fer. Apúntase que na actual poesía galega se observa unha ampliación da temática. Finalmente, cítanse algúns poemarios que marcan este novo sentido.

María, Manuel, 'O primeiro 'Andando a terra'', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Opinión', 16 setembro 2004, p. 5.

Homenaxe ao poeta falecido mediante a publicación da súa primeira colaboración n'*A Nosa Terra* en decembro de 1977. Trátase dunha crónica de viaxe sobre a cidade de Betanzos e os seus atractivos turísticos: as igrexas, as murallas medievais, a ponte, os ríos. Nela destácase sobre todo o "Pasatempo García", un parque construído por uns emigrantes enriquecidos e viaxados que fixeron plasmar en cemento aquilo que viron na súa viaxe polo mundo, e que se foi derruíndo ante a indiferenza das autoridades.

Martín, Íñigo, 'Poeta del nacionalismo gallego', *El Mundo*, 'Obituarios', 12 setembro 2004, p. 6.

Dáse noticia do falecemento de Manuel María e faise un percurso pola súa biobibliografía. Dise que a poesía foi o seu eido principal de creción e que nela falaba da súa Terra Cha e das xentes. Menciónase *Muiñeiro de Brétemas* (1950) como o seu primeiro poemario, publicado en Benito Soto cando facía o servizo militar en Compostela e coñeceu a Otero Pedrayo e a Ramón Piñeiro, entre outros. Lémbrase tamén o seu activismo político e a súa compañeira Saleta Goi. Por último sinálase que a súa obra completa a publicou Espiral Maior no 2001.

Martín, Paco, 'Manuel', *Diario de Pontevedra/El Progreso*, 'Auga Lizgaira', 12 setembro 2004, p. 24/27.

Lembranza do falecido Manuel María que exalta a súa fonda humanidade. Conta a anécdota de que nas súas viaxes adoitaba visitar as tumbas de literatos e deixarlles un ramo de flores.

Martínez Couselo, Xosé, 'Meijide y la biografía de Sánchez Vaamonde', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 30 xuño 2004, p. 2.

Lembranza do historiador Antonio Meijide Pardo e da súa obra sobre Pedro Antonio Sánchez Vaamonde, figura esencial da Ilustración, do que se anotan proxectos e traballos que promoveu ou desempeñou.

Martínez Sevilla, J.A., 'El soplador de la palabra', *El Ideal Gallego*, 20 xaneiro 2004, p. 15.

Descrición e comentario sobre "Valle Rosa", o último espectáculo da Compañía Galega de Danza Contemporánea, a cargo do Ballet Jesús Quiroga, co que homenaxean a Rosalía de Castro. Fálase dunha coreografía esquemática e un escenario case baleiro, poucos bailaríns, as voces de Marina Mayoral e Eva Veiga, as artistas Ana Belén Ferreiro, Iris Pintos e Eva Faraldo, a música de Juan Durán tocada no piano por Albert Nieto e a coordinación artística de Ángeles Quiroga.

Martínez Sevilla, J.A., 'Universalismo gallego', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 30 xuño 2004, p. 28.

Agradecemento polo envío do número seis da revista *Casahamlet*, "Monólogos", acompañado dunha laudatio da mesma, da enumeración de autores dos que publica soliloquios, e dunha reflexión sobre o subxénero do monólogo e a súa importancia na procura dun universalismo galego.

Martínez Sevilla, J.A., 'Carlo Colombaioni', *El Ideal Gallego*, 'La columna', 14 xullo 2004, p. 24.

Coméntase o esperado trunfo de Carlo Colombaioni no Primeiro Festival de Teatro Cómico organizado pola asociación Manicómicos. Destácase a experiencia do artista e a súa capacidade para conquistar o público cun espectáculo variado e dinámico.

Martínez Sevilla, J.A., 'Programación cultural', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 24 outubro 2004, p. 24.

Breve noticia na que se dá conta de diversos premios e actividades culturais dignas de mención levadas a cabo pola Deputación Provincial da Coruña. Destácanse o XII premio de poesía Miguel González Garcés, o IV premio de fotografía Luís Ksado, o V premio de ensaio Manuel Murguía, o V premio Raíña Lupa e o XVI premio de narrativa Torrente Ballester; nos que se premian as modalidades de poesía, fotografía, literatura infantil e xuvenil, ensaio e narrativa e cada certame faise acompañar de exposicións, conferencias e proxeccións que amenizan o evento.

Martínez-Risco Daviña, Luís, 'Unha obra actual', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 decembro 2004, p. 58.

Luís Martínez-Risco Daviña, secretario da Fundación Risco, afirma que a produción narrativa en castelán é a gran esquecida de toda a súa bibliografía. Destaca *Galamandalfa, La verdadera historia del niño de dos cabezas de Pronome* e *La puerta de paja*, que foi finalista do Premio Nadal en 1952. comenta brevemente a seguir esta obra onde se poden apreciar as preocupacións espirituais que Risco xa manifestara noutras obras.

Matamoros, Jose, 'Un año santo de película', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 20 xaneiro 2004, p. L15.

Lembra a presentación do libro *Pedro Antonio Sánchez Vaamonde (1749-1806) un promotor da Ilustración en Galicia* polo profesor Carlos García Cortés.

Matamoros, Jose, 'Lo que la verdad puede oculta', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 30 xaneiro 2004, p. L15.

Dá noticia da presentación na libraría Couceiro do poemario *Héleris* (2003), premio Johan Carballeira, de Carlos Negro, coa participación de Marta Dacosta, Rosa Aneiros, Miguel Anxo Fernán Vello e o propio autor.

Matamoros, Jose, 'Alas para la libertad', 'Patio de vecinos', 6 febreiro 2004, p. L15.

Recóllese a nova iniciativa do Consello da Cultura Galega, coordinada por Víctor Freixanes, de celebrar faladoiros literarios mensuais sobre o libro galego, o primeiro dos cales se centrou en Suso de Toro e no seu Premio Nacional de Literatura.

Matamoros, Jose, 'Poemas con sabor a Japón', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 12 febreiro 2004, p. L19.

Dáse noticia da presentación do poemario *Pálpebra azul* de Helena Villar en Sargadelos, acompañada por Xosé Luís Axeitos, con 67 haikus que tratan da paisaxe e do estado de ánimo e que, impregnados dun certo erotismo a veces, retratan a propia natureza da vida.

Matamoros, Jose, 'Carnavales literarios', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 17 febreiro 2004, p. L15.

Danse tres acepcións de "cidade literaria", a que incita ao escritor a escribir sobre ela, a que serve de escenario a unha obra, ou a que se presta a "ser paseada literariamente". Ás tres se axusta Compostela, e como mostra da última posibilidade cítase un paseo poético do

colectivo Redes Escarlatas pola cidade, deténdose en lugares sinalados a recitar poemas. Cítanse como participantes a Antón Dobao e Claudio Pato.

Matamoros, Jose, 'Compostela, memoria poética', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 5 marzo 2004, p. L15.

Dá noticia de que Ricardo Martínez Conde presentou o seu novo poemario *Compostela, vella memoria* na libraría Couceiro arroupado por Amancio Liñares, Caetano Díaz e Armando Requeixo.

Matamoros, Jose, 'Un árbol para Xulián Magariños', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 25 marzo 2004, p. L15.

Dá noticia do acto no que o alcalde de Negreira e algúns concelleiros plantaron unha cereixeira -recálcase que é unha árbore que dá froito- xunto á casa do escritor Xulián Magariños co gallo do seu centenario.

Matamoros, Jose, 'Con la vocación por delante', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 28 marzo 2004, p. L15.

Recóllense algunhas actividades aprobadas na última asemblea da Asociación de Escritores en Lingua Galega: as homenaxes a Luísa Villalta e a Salvador García-Bodaño, unhas xornadas dedicadas a Avelino Pousa Antelo, e un encontro anual con autores portugueses. Recórdase que nesta edición o encontro Galeuzca se celebrará en Ourense co lema *A cidade e a palabra*.

Mayoral, Marina, 'Fórmula para incitar á lectura', *La Voz de Galicia*, 'Opinión', 12 setembro 2004, p. 6.

Suxerencia sobre como espertar o gusto pola lectura nos rapaces baseada en contarlles contos cando son pequenos, contos universais ou da vida cotiá, pero coa condición de que quen llelos conte amose a súa implicación e interese, que é o que di que os nenos perciben.

Méndez Ferrín, X.L., 'Luísa Villalta é morta', *Faro de Vigo*, 'Os camiños da vida', 19 marzo 2004, p. 27.

Exalta a figura da escritora falecida, o seu "lirismo (...) da intelixencia", a súa ampla formación e a súa pluriescrita (ensaio, xornalismo, crítica, poesía), lamentando a súa morte prematura e sostendo a perdurabilidade da súa palabra.

Méndez Ferrín, X.L., 'A arte de convocar pantasmas', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 7 maio 2004, p. 37.

Co gallo dunhas xornadas en Compostela sobre Casas-Museu e lembrando a súa loita exitosa por rehabilitar a casa de Curros en Celanova, Ferrín reivindica estes lugares como memoria viva do país e estabelece as bases para fundalos: posuír unha casa onde nacera ou vivira o personaxe, convocar as fantasmas mediante unha ambientación axeitada, deixar un cuarto para documentación e ter un bo guía.

Méndez Ferrín, X.L., 'A casa das lembranzas', *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 5 xullo 2004, p. 11.

Repaso pola historia do Edificio Sanchón desde a República á actualidade, cunha recalada no momento en que nel tiñan os seus despachos Valentín Paz Andrade e Xosé López Varela, e a súa clínica Antón Beiras. Esa evocación vén inducida pola lectura de *Diatribas Manuelinas* de Antón Capela, que lembra a relación entre eses dous avogados que "conviviron" no edificio. É un libro que Ferrín recomenda a historiadores coma X. M. Núñez Seixas e X. Beramendi para que non sigan a banalizar a historia do nacionalismo galego. Remátase enumerando os novos usos do edificio que fan xustiza á súa memoria democrática.

Méndez Ferrín, X.L., 'Vista ao Brasil', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 26 xullo 2004, p. 15.

Fálase do encontro entre escritores de Iberoamérica e Galicia organizado polo PEN Club. Ademais coméntase o interese que os escritores galegos sentiron polo Brasil.

Méndez Ferrín, X.L., 'Máis Brasil', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 30 xullo 2004, p. 23.

Afírmase que a literatura brasileira foi un modelo a seguir para os escritores galegos da súa xeración, incluso cita algúns. Logo di que Galicia se identifica con Brasil porque uns brasileiros queimaron un exemplar de *Os Lusíadas* e declaráronlle a guerra (simbólica) a Portugal. Finalmente dedica o artigo ao portugués J. Viale Moutinho.

Méndez Ferrín, X.L., 'Con Curros', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 2 agosto 2004, p. 12.

Coméntase a primeira sesión da Fundación Curros Enríquez tras a nova constitución. Logo fálase da súa figura.

Méndez Ferrín, X.L., 'Celso Emilio Arraiano', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 3 setembro 2004, p. 28.

Revívese o pasamento de Celso Emilio Ferreiro tras o vinte e cinco aniversario da súa morte.

Méndez Ferrín, X.L., 'Cide Hamete Benengeli, autor do 'Quixote'', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 6 setembro 2004, p. 10.

Coméntase o premio de narración 'Cide Hamete Benengeli' para autores mozos. Logo lémbrase aos autores ficticios que aparecen no Quixote. Finalmente fala do libro premiado no primeiro certame deste premio.

Méndez Ferrín, X.L., 'Manuel María é morto', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 10 setembro 2004, p. 30.

Dáse noticia da morte de Manuel María e dise que foi autor fundamentalmente monolingüe en galego de poesía, ensaio, teatro e narración. Destácase a súa concepción da poesía como servizo social e o feito de que o seu compromiso tamén impregnaba a súa vida real. Como temas da súa obra cítanse a lingua, a vida das aldeas e a intrahistoria de Galicia.

Méndez Ferrín, X.L., 'No cristal', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 17 setembro 2004, p. 26.

Fálase da danza de Vilanova dos Infantes, ese rito tradicionalmente masculino no que os homes bailaban vestidos con enaguas de muller e que tamén se ve por exemplo en Miranda do Douro. Menciónase a súa antigüidade e a súa presenza nas cerimonias das Maias coma as que facían chorar ao rei Don García preso. Por último engádese a esa danza misteriosa outra alusión ao enigma da procedencia da Virxe do Cristal.

Méndez Ferrín, X.L., 'Constantes históricas de Vigo', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 24 setembro 2004, p. 25.

Faise un percorrido pola historia da cidade de Vigo marcada polo vivir de costas ao poder político. Destácase a vocación mariñeira e fabril dende as súas orixes, xa que se lembra que hai constancia de que nela había fábricas de salgadura e salinas, así como unha ruta importante de mercadorías da que deixan constancia as ánforas conservadas. Céntrase finalmente na achega desta cidade ás letras, dende o propio Martín Codax até a actualidade, sen esquecer que en Vigo se publicou *Cantares Gallegos* e despois da Guerra Civil consolidouse como a capital do libro coa creación de Monterrei e Galaxia fundamentalmente.

Méndez Ferrín, X.L., 'Une certaine tristesse', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 2 outubro 2004, p. 25.

Laméntase o pasamento de Françoise Sagan un escritor do que o articulista leu dous libros: *Bon día, tristeza* e *Un certo sorriso*. Coméntase que nos anos cincuenta o grupo Brais Pinto tivera acceso ás súas novelas e na Galicia de entón líase e discutíase a novela con bastante entusiasmo.

Méndez Ferrín, X.L., 'Rosalía por Francisco Brines', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 8 outubro 2004, p. 26.

Destácase a figura de Francisco Brines, un poeta insigne das letras castelás que recibiu o Premio Rosalía de Castro no Pazo de Fonseca, lugar no que entoou unha conferencia na que loou a figura da poetisa galega. Resúltalle curioso o feito de que Galicia fose a única nación que se simboliza nunha figura feminina en contra de España con Cervantes, Portugal con Camoens ou Reino Unido con Shakespeare. Indícase que Francisco Brines destacou a faceta de poeta en galego e engade que se *En las orillas del Sar* estivera escrito en galego gañaría substancialmente.

Méndez Ferrín, X.L., 'La mar del mal', *Faro de Vigo*, 'Segunda feira', 6 decembro 2004, p. 12.

Manifesta o seu profundo malestar por un anuncio televisivo dunha Consellería da Xunta no que se emprega incorrectamente o xénero do substantivo "mar". Achega diferentes extractos de textos da literatura galega, dende a Idade Media, nos que se emprega correctamente e indica que é un castelanismo. Afirma, asemade, que a Xunta non seguiu o consello da RAG de transformar a Dirección Xeral de Política Lingüística nunha Secretaría Presidencial que tivese potestade sobre toda a Administración.

Méndez Ferrín, X.L., 'Galicia en Occitania', *Faro de Vigo*, 'Os camiños da vida', 10 decembro 2004, p. 32.

Relata un encontro no que participou o PEN Clube e escritores cataláns que tivo lugar en Tolosa baixo o nome de "Memoria de Linguas e de augas" co que se renovou o contacto entre as literaturas galegas e occitanas. Méndez Ferrín destaca que, por primeira vez, un reitor universitario pronunciou un discurso en occitano e a actuación da Chorale Populaire de Colomiers.

Méndez Ferrín, X.L., 'Rememorar Xerais', *Faro de Vigo*, 'Os camiños da vida', 31 decembro 2004, p. 24.

Felicitación a Edicións Xerais de Galicia polos seus vinte e cinco anos. Méndez Ferrín repasa os catro directores que tivo a empresa (Xulián Maure Rivas, Luís Mariño, Víctor Freixanes e Manuel Bragado) e sinala que é onde se sinte máis cómodo. Apunta como principais características a dedicación exclusiva á cultura galega, a independencia respecto aos poderes políticos, a eficacia, a profesionalidade e o equipo de traballadores.

Méndez, Rosa e Xosé Leira, 'Manuel María: amigo e compañeiro no camiño', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 14 setembro 2004, p. 15.

Lembranza emocionada de Manuel María mediante o enfiamento de vivencias comúns, de encontros: nunha homenaxe a Uxío Novoneyra, en Ferrol, nas Letras Galegas, no recital das Aulas do Camiño no Faro de Fisterra que dou lugar á obra colectiva *Poemas e mar de Fondo*. Por último, dise que seguirá vivo a través dos seus poemas.

Mera, Manuel, 'Sesenta anos de 'Sempre en Galiza', *Diario de Ferrol*, 'La ventana', 7 xaneiro 2004, p. 14.

Lembra a Castelao no quincuaxésimo cuarto aniversario da súa morte, e sobre todo a forza crítica dos seus debuxos, o seu labor político no Partido Galeguista a prol do Estatuto, e o seu *Sempre en Galiza*, afirmando que unha obra así é un bo cimento histórico para a construción do noso futuro como nación.

Miranda, Xosé, 'Un conto ruso na Galiza', *A Nosa Terra*, nº 1.131, 'Fin de semana', 3 xuño 2004, p. 32.

Afínase razoadamente a clasificación dun conto recollido por Bouza-Brey na comarca ferrolá denominado por Risco "historia de tipo mítico" ao equiparalo a outro conto popular ruso, colocándoo na sección "Outros animais e obxectos" do Catálogo Tipolóxico de Aarne e Thompson.

Miranda, Xosé, 'Enxeños e criaturas', *A Nosa Terra*, nº 1.135, 'Fin de semana', 1 xullo 2004, p. 32.

O autor explica o título da sección. Di que o enxeño é o que é feito artificialmente, e a criatura a que ten alma e vontade propia. Pero desde Pinocho e, máis atrás, desde a mitoloxía grega, mostra como "criatura" deixa de equivaler a natural e se confunde con enxeño, e asomándose ao actual e á crúa realidade, os homes feitos á carta sérvenlle de exemplo desa confusión extrapolábel á converxencia de enxeñeiro e creador.

Miranda, Xosé, 'Os grilos', *A Nosa Terra*, nº 1151, 'Fin de semana', 18 novembro 2004, p. 32.

Comenta a gran importancia que teñen os grilos tanto na cultura chinesa coma na galega. Describe os diferentes tipos de grilos e recorda algúns escritores que falaron deles, como Vicente Risco.

Montero, Antonio, 'unha historia cercana', *La Voz de Galicia*, 'Opinión', 6 outubro 2004, p. 55.

Lémbrase ao escritor Wenceslao fernández Flórez e concretamente a súa obra *Volvoreta* (1917) coa que se inicia a que se considera primeira etapa do autor, xornalista e, fundamentalmente, galeguista loitador e comprometido. Apúntase que no ano 1913 chegou á aldea de Cecebre, que xa non abandonaría até a súa morte e na que se inspira para recrear os seus libros inzados de proximidade. Enténdese que sempre foi un home que se achegou ao pobo que o lembra con cariño, a súa compenetración estaba baseada na utilización do galego que o diferenciaba de todas as demais persoas que viñan da Coruña ou Madrid.

Moskowich, Roberto L., 'Exitosa presentación extraoficial de la "Cuarentina" de La Coruña', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 12 setembro 2004, p. 25.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega faise referencia á morte do poeta Manuel María e dáse o pésame á súa viúva, familiares e amigos.

Mourelle, Juan Manuel L., 'Nostalgia del maestro', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 27 decembro 2004, p. 33.

Comeza destacando o feito de que Cunqueiro sempre escolleu a personaxes da literatura e da mitoloxía como protagonistas das súas obras. Comenta que, no *Merlín e familia*, dentro da súa riqueza e da diversidade, o que máis chama a atención é a forma "maxistral" na que é recreada a personaxe mediante o uso dunha "imaxinación orixinal e doméstica".

Murado, Miguel-Anxo, 'Luísa', *La Voz de Galicia*, 'Escrito en cafeterías', 9 marzo 2004, p. 17.

En calidade de amigo, Murado lembra a última vez que viu a Luísa Villalta e as conversas que tiñan sobre música e poesía. Fai fincapé na súa sensibilidade musical, única no círculo dos poetas, e cita dúas obras. *Música reservada* e *Ruído*. Lamenta finalmente a súa morte prematura e inesperada.

Murado, Miguel-Anxo, 'Fantasmas', *La Voz de Galicia*, 'Opinión', 3 agosto 2004, p. 5.

Comenta a reconstrución da batalla de Elviña entre ingleses e franceses que tivo lugar en Compostela. Na loita morreu o comandante británico Sir John Moore.

Murado, Miguel-Anxo, 'Pimentel, poeta universal', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 novembro 2004, p. 47.

Fálase de Luís Pimentel, cuxa poesía é sinxela, ao mesmo tempo que toma elementos modernistas e vangardistas. Tamén manifesta a mala sorte do poeta porque a causa da posguerra non puido publicar ningún libro, de aí que agora *La Voz de Galicia* edite *Barco sin luces*.

Neira Vilas, Xosé, 'Memoria dun mariñeiro', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 11 xaneiro 2004, p. 2.

Lembranza de Xosé Pena, un emigrante que se foi a Cuba e que fixo o servizo militar no acoirazado Cíclope e un submarino, como xefe de cociña de Mussolini, camareiro de Weyler, axudante de Afonso XII e custodio das infantas Beatriz e María Cristina. Neira Vilas entrevistouno para o seu libro *Galegos no Golfo de México* e axudoulle a reconstruír a memoria da súa fértil vida.

Neira Vilas, Xosé, 'Un día en Melide', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 1 febreiro 2004, p. 2.

En torno ao motivo da terra de Melide fala de como Ramón de Valenzuela lles facilitara a monografía que levaba ese nome aos seus alumnos bonaerenses, de como visitou o Museo Etnográfico homónimo, dunha charla na biblioteca municipal, da inauguración dunha exposición sobre Bóveda na capela de San Antón, da ponte romana de Leboreiro e doutros lugares de interese.

Neira Vilas, Xosé, 'Bóveda en Buenos Aires', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 29 febreiro 2004, p. 2.

Danse pinceladas dun retrato de Bóveda, da súa obra e do seu final tráxico, con especial recalada no que Castelao di del no *Sempre en Galiza*. Logo cítanse iniciativas feitas na súa memoria polos galegos de Bos Aires.

Neira Vilas, Xosé, 'A aventura de Ismael', *El Correo Gallego*, 'Xentes e camiños', 21 marzo 2004, p. 2.

Conta como coñeceu e se fixo amigo de Ismael González, director e produtor de cine que vai levar á gran pantalla as *Memorias dun neno labrego*. Dá tamén unhas pinceladas da vida e formación deste home na emigración a Arxentina e Venezuela, e cita grandes personalidades do cine coas que tivo trato.

Neira Vilas, Xosé, 'Tres de Sada', *El Correo Gallego*, 'O sarillo do tempo', 28 marzo 2004, p. 2.

Lembranza de tres emigrantes de Sada: Manuel Lugrís, que viviu en Cuba onde desempeñou un amplo labor cultural na prensa, na poesía, no teatro; Ricardo Flores, que en Bos Aires traballou moito tamén polo teatro creando e dirixindo precisamente o grupo Lugrís Freire; e Suárez Picallo, destacado sindicalista, xornalista, orador, deputado e xurista.

Neira Vilas, Xosé, 'Un home do cabo do mundo', *El Correo Gallego*, 'Xentes e camiños', 30 maio 2004, p. 2.

Percorrido pola vida de Alexandre Campos Ramírez, Alejandro Finisterre, os seus estudos, a súa participación na Guerra Civil, a súa invención do futbolín e un pasafollas mecánico, o seu ingreso forzoso no exército africano, o seu labor autorial e editorial en América e o seu vivir a cabalo de catro cidades, México, Madrid, A Coruña e Fisterra.

Neira Vilas, Xosé, 'Centenario de Carpentier', *La Opinión*, 'Xentes e camiños', 4 xullo 2004, p. 2.

Breve exposición en torno ao "Seminario Internacional sobre Alejo Carpentier en España" celebrado na Facultade de Filoloxía da U.S.C. Alúdese á organización do evento, temario, actos anexos e participantes. Finalmente, Neira Vilas fala de lembranzas persoais do autor e da súa tradución dunha obra del.

Neira Vilas, Xosé, 'Homenaxe a Antía Cal', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 11 xullo 2004, p. 2.

Faise referencia á homenaxe feita a Antía Cal e un repaso pola vida e obra desta fundadora, e até hai pouco, profesora e directora do colexio vigués Rosalía de Castro. Anótanse tamén traballos dela coma "O ensino galego no ano 70", "A arte para os nenos" e *O libro dos nenos*.

Neira Vilas, Xosé, 'Cartas en verso', *El Correo Gallego*, 8 agosto 2004, p. 2.

Primeiro cita emigrantes que escribían cartas en verso. Logo aplícao a Galicia, onde tamén hai correspondencia en verso, e móstrase unha carta de Chela a Ben Cho Sei e a resposta deste, ambas en verso.

Neira Vilas, Xosé, 'Galicia emigrante', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 15 agosto 2004, p. 2.

Coméntase a traxectoria da revista *Galicia emigrante*, desde a expectación que supuxo o primeiro número até o último. Menciona a persoas que colaboraron nela, tanto fóra como en Galicia. Finalmente dise que o último número saíu en 1959 e que non podía continuar debido aos altos custos da impresión.

Neira Vilas, Xosé, 'Klaus Bochmann', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 22 agosto 2004, p. 2.

Fala da amizade que Neira Vilas mantivo co profesor Bochmann, quen lle publicou nunha colección de literatura universal *Memorias dun neno labrego.* Logo menciona unha carta que Bochmann lle escribira na que lle mostraba a intención de publicar algúns libros seus en alemán e investigar temas relacionados con Galicia, mais isto non chegou ao seu fin porque tivo algúns problemas.

Neira Vilas, Xosé, 'Recordando a Seoane', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 5 setembro 2004, p. 2.

Saliéntase a figura de Seoane tras o vinte e cinco aniversario do seu pasamento. Logo coméntase a súa persoa como home loitador, xornalista, dramaturgo, editor, etc.

Neira Vilas, Xosé, 'Rodolfo Prada', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 28 setembro 2004, p. 2.

Recórdase a figura de Rodolfo Prada (Ourense1892, Bos Aires 1981), un home do que destaca a súa vontade de conciliación e a súa continua loita a favor de Galicia dende un segundo plano. Repásase a andaina como director de publicacións como *Acción Gallega, Correo de Galicia, El orensano,* e *Opinión Gallega*. Amais lémbrase que promoveu actos culturais e patrióticos e creou xunto con Alfonso R. Castelao a Irmandade Galega, foi organizador do Consello de Galiza e participou activamente na Galeuzka e no Primeiro Congreso da Emigración.

Neira Vilas, Xosé, 'Antonio Baltar', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 3 outubro 2004, p. 4.

Lóase a publicación do libro *Antonio Baltar, o compromiso do exilio* de María Díaz Rey que se recolle na colección *Documentos* de Ediciós do Castro. Enténdese que con esta obra se fai xustiza á figura de Antonio Baltar do que se entende que foi un home singular, modesto, recatado, creador infatigábel e impulsor de iniciativas. Na obra compílanse cartas, discursos, relatorios de congresos, entrevistas, crónicas… Cítase a súa actividade na emigración vinculado á revista *Galicia emigrante*, á Editorial Citania ou ao Fogar Galego para Anciáns. Relátase como tivo que emigrar por negarse a cantar *Cara ao sol* no café Derby en Santiago, o que dá conta da súa personalidade, que é retratada nesta obra.

Neira Vilas, Xosé, 'Proxección da cultura galega', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 17 outubro 2004, p. 2.

Achégase aos primeiros pasos que se levaron a cabo na emigración para estabelecer lazos con universidades europeas e americanas onde agora hai cátedras de cultura galega. O precedente está nas relacións mantidas entre a Sección Galega do Instituto de Literatura e

Lingüística da Habana e a universidade rusa de San Petersburgo e a alemá de Leipzig. Recórdase que nelas comezaron a realizarse traballos e memorias de licenciatura arredor de Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Antonio ou Eduardo Blanco Amor, entre outros. Finaliza destacando a importancia do coñecemento mutuo dos pobos necesario para que estes avancen.

Neira Vilas, Xosé, 'Santa liberdade', *El Correo Gallego*, 'Xentes e camiños', 5 decembro 2004, p. 2.

Dá conta da primeira longametraxe documental de Margarita Ledo Andión que trata o tema do secuestro dun transatlántico luso-galego polo Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación. Sinala que é unha montaxe ben documentada e rigorosa tanto nos textos coma nas imaxes.

Neira, Manuel Xosé, 'Apuntamentos de arte', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 20 setembro 2004, p. 5.

Percurso literario crítico que exalta os versos traballados de Pondal e a formación de Ramón Cabanillas fronte á menor destreza literaria de Celso Emilio Ferreiro. Dise que prefire *Os biosbardos* e *Xente ao lonxe* a *A esmorga*, e faise unha afervoada defensa dos versos metafísicos de Luís Pimentel que tanto se adaptaban ás pescudas metafísicas existencialistas de Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro. Cítanse tamén outros autores, galegos e non galegos, como Victoriano Taibo, López Abente, Montale, Baroja, Hemingway, Otero Pedrayo, Valle Inclán e Rilke, entre outros.

Neira, Manuel Xosé, 'Manuel María vive con todos nós', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 4 outubro 2004, p. 5.

Recórdase con agarimo a figura de Manuel María que faleceu recentemente, enténdese que con el desapareceu unha parte de Galicia, a Galicia tradicional, a que cheiraba a enxebre, a carpaza. Pénsase que ninguén coma el retratou tan ben a Galiza rural que está a desaparecer pola mecanización. Laméntase o seu pasamento porque, ademais de autor, era amigo persoal.

Neira, Manuel Xosé, 'Rosalía: o desastrado pazo', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 11 outubro 2004, p. 5.

Opina que Ramón Otero Pedrayo, Ánxel Fole e Uxío Novoneyra son tres dos piares fundamentais da cultura galega. Enténdese que eles asentaron unhas bases para facer un camiño que das novas xeracións depende que sexa tortuoso ou continuador dun espírito a favor da cultura galega. Indícase que Otero abriu as primeiras fendas para traballar a favor

da cultura galega, Fole achegou deixou "unha pegada animal" nas nosas letras e Novoneyra ofrece zonas prosísticas inexplicábeis.

Neira, Manuel Xosé, 'Esixencias para coa poesía: Ferrín', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 18 outubro 2004, p. 5.

Proponse neste artigo unha achega á figura de Xosé Luís Méndez Ferrín, pero dende un punto de vista crítico e non mitificador. Pártese de que a súa figura está por riba de calquera dúbida, especialmente como narrador e contista, no que se observan as mellores pegadas de Otero, Ánxel Fole, Mourullo, Xohán Casal ou Rafael Dieste entre outros. No que respecta á súa lírica, insístese en que carece das miudezas e sutileza da gran poesía, bótase en falta o franciscanismo de Noriega Varela, a graza simbólica de Díaz Castro ou as sagas míticas de Cabanillas. Pese a todo isto, enténdese que é merecente do Premio Nobel, pois ten todo o sabor da boa literatura centroeuropea.

Neira, Manuel Xosé, 'Propósitos: cabras coma vacas', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 1 novembro 2004, p. 5.

Reflexión sobre o estado da literatura en Galicia. Comenta que a literatura de hoxe non é coma a de antes con Pedrayo, Fole, etc. a quen considera como mestres. Unha das causas de que os lectores miren aos clásicos é que se publica demasiado. De aí que anuncia que a literatura 'boa' aínda está por vir.

Neira, Manuel Xosé, 'Poesía verdadeira', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 20 decembro 2004, p. 5.

Reflexión sobre a poesía verdadeira que comeza mencionando a gran importancia da Revolución Bolchevique na Unión Soviética, que pasa case desapercibida. Fala dos escritores rusófilos Luís Manteiga e Antonio Machado. E a seguir tamén comenta as figuras de Manuel Machado e Manuel María. Menciona tamén a Camilo José Cela e a Baroja.

Nieto González, Remigio, 'El poeta que perdió Pontevedra', *Diario de Pontevedra*, 'Opinió&Análisis', 7 xullo 2004, p. 32.

Afírmase a calidade da poesía do recentemente falecido Jorge Cuña Casasbellas. Cítanse opinións de Antonio Domínguez Rey que a cualifica de "ortopoética", de Xosé Luís Méndez Ferrín que resalta o seu existencialismo, e do propio Remigio Nieto que se fixa na súa dificultade e o seu antimercantilismo que a afastan das masas. A seguir enuméranse fontes desa poesía segundo Domínguez Rey e recóllense unhas palabras autopoéticas de Cuña. Remigio Nieto di que o poeta era moi autoesixente e remata cun breve currículo do mesmo.

Noguerol, Jaime, 'Contra el odio y el miedo', *La Región*, 'Ourense', 17 xuño 2004, p. 10.

Lembranza do momento no que o autor e Antón Tovar se coñeceron, grazas ás mesmas ansias de liberdade, desde un presente no que se di que o pobo xa non chora os seus poetas.

Novo, Olga, 'O lenzo luminoso da sabia aldeá', *La Voz de Galicia*, 'Opinión', 11 setembro 2004, p. 55.

Lémbrase a data de publicación de *En las orillas del Sar*, da que se cumpren cento vinte anos, e faise unha exaltación da vixencia da súa mensaxe, sempre centrada no sufrimento dos oprimidos, e tamén con versos sobre a relixión, a ecoloxía, a paixón e a busca da felicidade.

Novo, Paulino, 'Relixiosos, parte II', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Borboriño biográfico', 11 xaneiro 2004, p. 5.

Recolle fragmentos do *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas, das *Oraciós campesiñas* de Eladio Rodríguez, dunha "Oración" de Cabanillas, e outros versos de Noriega Varela, Iglesia Alvariño e Crecente Vega.

Novo, Paulino, 'Relixiosos, parte III', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Boboriño biográfico', 18 xaneiro 2004, p. 5.

Fala dos primeiros escritores galegos que foron relixiosos: a monxa Exeria coa súa *Viaxe a Terra Santa*; Paulo Orosio e os seus sete libros contra os pagáns cos que quería combater o priscilianismo; o bispo Hidacio coa súa *Crónica*; os Avito que tamén escribiron contra o priscilianismo; Baquiario, que primeiro fora priscilianista e logo se retractou; e finalmente cítase a un Martiño Dumbría que non foi galego pero escribiu sobre os galegos.

Novo, Paulino, 'Relixiosos parte V', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Borboriño biográfico', 1 febreiro 2004, p. 5.

Móstrasenos un Francisco Añón que despois de tres anos de filosofía e cinco de teoloxía pon en dúbida a lexitimidade do poder papal, e que foi o guía elixido por Curros para acompañalo a Roma no *Divino Sainete*, lembrando tamén o proceso de Curros polos seus poemas anticlericais.

Novo, Paulino, 'Relixiosos parte VI', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Borboriño biográfico', 8 febreiro 2004, p. 5.

Fálase do grao de relixiosidade de Chao Rego, Dieste, Castelao, Bóveda, Noriega, Risco, Otero, Cabanillas e Álvaro de las Casas, tema no que se di que tamén repara o libro de Claudio Rodríguez Fer *A literatura galega durante a Guerra Civil.*

Novo, Paulino, 'Relixiosos parte VII', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Borboriño biográfico', 15 febreiro 2004, p. 5.

Fálase dos estudos de Carlos Casares no Seminario e de que tivo familiares relixiosos. De Góngora cóntase como se ordenou, e o mesmo de Calderón, que tivo un fillo antes diso. Menciónase tamén o intento de Baltasar Gracián de tomar os hábitos, quen morreu sen chegar a facelo.

Novo, Paulino, 'Sobrenomes. Parte XVIII', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Borboriño biográfico', 30 maio 2004, p. 5.

Atribúe a orixe de Oliver Twist a unha selección de apelidos para orfos seguindo a orde alfabética; a de O Tío Marcos da Portela (Lamas Carvajal) a un personaxe de Sarmiento; a de O Henry (William Sydney Porter) á marca da pluma coa que escribía no cárcere; a de Salvo Montalbano (un personaxe de Andrea Camillero) ao común do apelido e o gusto pola literatura de M. Vázquez Montalbán; e a de Terenci Moix á honra do poeta Terencio.

Novo, Paulino, 'Sobrenomes parte XXII', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Borboriño biográfico', 27 xuño 2004, p. 5.

Recóllese a explicación dos pseudónimos Juan do Porto, Frei Ambrosio Calepino, Caetano de Gaeta, Tomás Navarro Tomás, Fray Luís de Granada, Camilo Gonsar e Manuel Forcadela.

Novo, Paulino, 'Autodidactas II', *El Progreso*, 'Verano', 10 xullo 2004, p. 87.

Reflexión sobre a aplicación da etiqueta "autodidacta" a unha serie de persoas, desde o escravo Terencio a autores galegos coma Euxenio Montes ou Uxío Novoneyra, estes con formación académica, pasando por algúns emigrados a Ultramar sen estudos que escribiron poesía. Por último, cítase a María Mariño como autodidacta *strictu sensu* que cómpre reivindicar.

Novo, Paulino, 'Sobrenomes Parte XXIV', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Boboriño biográfico', 11 xullo 2004, p. 5.

Sinálase a motivación estética dos pseudónimos Antón Avilés de Taramancos e Roque Grilo Berzas. Fronte a eses dise que Isaac Bickerstaff, Martinus Scriblerus e o simple anonimato foron as etiquetas ou ausencia delas coas que Jonathan Swift (e o seu equipo na segunda opción) se protexeu de represalias políticas previsíbeis ante as súas publicacións.

Novo, Paulino, 'Sobrenomes Parte XXV', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Borboriño Biográfico', 12 setembro 2004, p. 5.

Fálase dos sobrenomes verdadeiros de José Saramago, Manuel Curros Enríquez, Miguel de Cervantes Saavedra e Ramón María del Valle Inclán, que unhas veces se mudaron por descoido administrativo e outras pola intención do interesado.

Novo, Paulino, 'Sobrenomes XXVII', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Borboriño biográfico', 26 setembro 2004, p. 5.

Enuméranse algúns autores que mantendo o seu nome real para a creación literaria adoptaban sobrenomes para os traballos en prensa coma Ramón Otero Pedrayo (S. de Amaral, Juan Gallego), Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben-Cho-Sey), Manuel García Barros (Ken Keirades) e outros.

Novo, Paulino, 'Léxico Parte I', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Borboriño biográfico', 17 outubro 2004, p. 5.

Lémbrase a figura do loro Ravachol que se atopaba na botica de Perfecto Feijoo. Evócase a Sarmiento para recordar que el mesmo constatou que este loro falaba en galego. A continuación menciónase o loro retratado por Torrente Ballester no seu libro *La saga/fuga de JB* que moi probabelmente estea inspirado no anterior, pois o loro da obra tamén pertence ao propietario dunha botica, neste caso de Perfecto Reboiras, e dise que deixaba escapar frases en galego medieval.

Novo, Paulino, 'Léxico: os escritores que inventan palabras', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Borboriño biográfico', 7 novembro 2004, p. 5.

Primeiro menciona que temos un gran corpus léxico que se descoñece, para logo falar da tentación que teñen moitos escritores de crear palabras novas.

Novo, Paulino, 'Léxico como fonte de innovación estilística', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Borboriño biográfico', 28 novembro 2004, p. 5.

Coméntase os exercicios de creación artística de dous autores: Gonzalo Navaza co seu libro de palíndromos, *A torre da derrota*, e Alfredo Conde coa novela *Memoria de Noa*.

Novo, Paulino, 'Autor e produción: escritores precoces', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Borboriño biográfico', 26 decembro 2004, p. 5.

Repasa a diferentes poetas precoces como Ovidio, William Wordsworth, Samuel Taylor Coleridge, Byron, Shelley, Keats ou Ruben Darío. Na literatura galega destaca a Darío

Xohán Cabana, que publicou os seus primeiros libros, *Verbas a un irmao* e *Home e terra*, con dezasete anos.

Otero Cebral, 'Casa última' na poesía de Xulio Valcárcel', *El Progreso*, 'Firmas', 6 abril 2004, p. 67.

Fala sobre o libro de poesía *Casa última* de Xulio López Valcárcel e sobre como está constituído por todas as situacións emocionais (boas e malas) que viviu e que forman parte da súa persoa.

Otero, Encarna, 'Corazón de lúa ', *A Nosa Terra*, nº 1.120, 'Cultura', 11 marzo 2004, p. 24.

Lóase a figura da falecida Luísa Villalta como muller e como artista que foi.

Outeiriño, Maribel, 'Un poeta orensano en cabeza', *La Región*, 'Historia en 4 tiempos', 31 xaneiro 2004, p. 69.

Informa sobre a preferencia que os universitarios españois manifestaban nunha enquisa de 1979 polos poetas Félix Grande, Claudio Rodríguez Fer e Celso Emilio Ferreiro. Remata reproducindo deste último os seus célebres poemas "Monólogo do vello traballador" e "Ti e máis eu".

Outeiriño, Maribel, 'La vejez y la rebeldía', *La Región*, 'Ourense', 17 xuño 2004, p. 10.

A autora deste artigo escribe nel sete frases que escoitou a Antonio Tovar.

Outeiriño, Maribel, 'El amor socrático de Eduardo Blanco Amor', *La Región*, 'Sociedad', 19 setembro 2004, p. 77.

Maribel Outeiriño comenta o artigo de Eduardo Blanco Amor "Por aquí otra vez, la misma vez", publicado en *La Región* en setembro de 1979, no que o escritor ourensán explicaba a razón do seu regreso a Ourense.

Pablos, 'Celso Emilio, 25 años ya', *Atlántico Diario*, 20 xaneiro 2004, p. 3.

Artigo dedicado ao poeta celanovés Celso Emilio Ferreiro co gallo dos vinte e cinco anos da súa morte. Nel faise un percorrido pola súa vida e pola obra que deixou, así como pola súa concepción desta.

Pablos, 'Recuerdo y elogio de Rof Carballo', *Atlántico Diario*, 23 marzo 2004, p. 3.

Lembra a Juan Rof Carballo co gallo dos dez anos do seu pasamento: médico humanista da xeración de Nóvoa Santos e García Sabell, colaborador nas primeiras etapas de "Grial"e autor de *Mito e realidade da terra nai*. Finaliza facendo un chamamento á recuperación dos seus escritos.

Pallarés, Pilar, 'Ameazas', *A Nosa Terra*, nº 1.117, 'Cultura', 19 febreiro 2004, p. 25.

Pilar Pallarés opina que o feito de publicar en Galicia en español, de fundar editoriais nesta lingua ou de verter nela textos estranxeiros dificulta a normalización da lingua e cultura galegas en todos os ámbitos.

Pallarés, Pilar, 'Desconcerto do mundo', *A Nosa Terra*, nº 1.121, 'Cultura', 18 marzo 2004, p. 25.

Pilar Pallarés diríxese neste artigo a Luísa Villalta co gallo do seu falecemento; nel lémbralle a envexa que lle suscitaba o seu benfacer no traballo (e na vida en xeral) e remata confesándolle o desconcertante que lle está a resultar o mundo que acaba de deixar.

Pallarés, Pilar, 'Orballa no mar', *A Nosa Terra*, nº 1149, 'Cultura', 4 novembro 2004, p. 25.

Comeza mencionando o gran número de poemas ao mar e sobre o mar que existen, destaca algúns poetas que trataron esta temática como Mendinho, Alexandre Nerium ou os poetas da Costa da Morte. A seguir comenta *A iluminación do mar,* de Maximino Cacheiro Varela, unha obra formada por haikus nos que o autor, mediante un diálogo intertextual, navega polos diferentes tratamentos que se lle dou ao mar na poesía galega dende as súas orixes.

Pallarés, Pilar, 'O día do 36º aniversario', *A Nosa Terra*, nº 1153, 'Cultura', 2 decembro 2004, p. 25.

Comeza manifestando a fascinación que sentiu cando era adolescente pola personalidade de Lord Byron e a seguir comenta as múltiples voces do eu que poden apreciarse nos seus poemas, sobre todo a que provoca a ataraxia e a que cultiva as paixóns. Indica que ese é o drama do escritor na nosa sociedade, conxugar as dúas, e achega exemplos como Rosalía, Castelao ou Pimentel.

Pardo de Vera, Xerardo, 'Luís Mariño', *A Nosa Terra*, nº 1.112, 'A Frouseira', 15 xaneiro 2004, p. 30.

Xerardo Pardo de Vera dedica esta columna ao seu amigo Luís Mariño, do que dá algunhas notas sobre a súa personalidade e sobre a relación de amizade que mantiveron ao longo da súa vida.

Pardo de Vera, Xerardo, 'Tramposos e covardes', *A Nosa Terra*, nº 1.116, 'A Frouseira', 12 febreiro 2004, p. 30.

Di que os cartos públicos só deben subvencionar literatura que o mereza e salienta a importancia que adquire o lector, ao que o poder concede opinión mais non criterio, nese labor de selección do mellor.

Parga, Lolo de, 'Ó poeta e amigo Manuel María', *El Progreso*, 12 setembro 2004, p. 86.

Semblanza do poeta Manuel María despois de se coñecer a noticia do seu pasamento. Saliéntase a súa vinculación poética e afectiva coa Terra Chá.

Pascual, Roberto, 'Cartas: lazos de tinta azul', *La Región*, 'Opinión', 27 maio 2004, p. 43.

Faise unha chamada ao non esquecemento da carta como medio de comunicación interhumano, unha reivindicación do seu uso como fonte de análise histórica, literaria e social e un recoñecemento ao seu potencial valor literario.

Pavón, Lalo, 'O mundo de Tovar', *La Región*, 'Desde dentro', 18 xuño 2004, p. 15.

Co gallo do seu pasamento, o artigo lembra unha ocasión na que Antón Tovar escribiu un texto para o xornal que dedicaba a metade do espazo a explicar que só o escribira porque llo pedira quen llo pedira.

Paz García, José, 'El último caballero', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 19 xuño 2004, p. 85.

O médico José Paz García lembra ao seu amigo don Juan Vidal, último representante dunha xeración de escritores e poetas pontevedreses do primeiro terzo do século, falecido hai dez anos. Destaca a súa elegancia e educación e agradécelle o contacto que lle fixo tomar co mundo da arte.

Pazos, Lino J., 'De cara al mar', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión & Análisis', 13 xullo 2004, p. 30.

Lino J. Pazos dedica este artigo a Manuel Cuña Novás e ao seu poema "Romance de la última sirena", un pouco como penitencia polo descoido de non o incluír no seu libro *Guía de sirenas de Galicia*.

Pena, Xosé Ramón, 'Blanco Amor á vista', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 103, 9 decembro 2004, p. 1.

Lémbrase que o ano 1979 foi aciago para as letras galegas xa que se perderon tres grandes figuras: Luís Seoane, Celso Emilio Ferreiro e Eduardo Blanco Amor. Deste último ofrécense algúns datos e considérase que é un dos máis ou o máis decisivo e anovador narrador que contou a literatura galega. Enténdese que foi moitas veces esquecido, razón pola que Xosé Ramón Pena considera que é de cumprido rigor homenaxealo como se fixo no PEN Clube de Galicia onde, xunto a el, se conmemoraron ilustres figuras como Xesús Alonso Montero, Isaac Díaz Pardo, Marcos Valcárcel, Luís Pérez, Víctor Freixanes, Helena Villar Janeiro e Afonso Vázquez-Monxardín. Laméntase que certas conmemoracións cheguen tarde porque serían de cumprido rigor moito antes pola magnitude da súa figura e a súa achega ás letras galega.

Penas, Ánxeles, 'Carta-poema urxente a Luisa Villalta', *El Ideal Gallego*, 9 marzo 2004, p. 17.

A responsábel do artigo dedica un poema á figura da súa amiga falecida Luísa Villalta.

Penas, Ánxeles, 'Flying carpet, Alfombra voladora', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 21 marzo 2004, p. 17.

Presenta unha novidosa exposición que recolle o Centro Torrente Ballester de Santiago durante os meses de marzo e abril. Esta, que ten o seu precedente na Suíza do 2002, reunirá unha trintena de mulleres artistas de todo o mundo, entre as que se atopan dezaseis galegas.

Pereiro, Xosé Manuel, 'Abur, Manuel', *La Opinión*, 'Si home si', 13 setembro 2004, p. 2.

Xose M. Pereiro explica como "Manuel María era un poeta nacional como aqueles húngaros, polacos e irlandeses do século XIX que marcaban o camiño dos pobos acéfalos. E tivo unha despedida, o velorio no Panteón dos Galegos Ilustres e o enterro na capela de Santa Isabel, como tal".

Pérez Prieto, Victorino, 'Manuel María, "dunha caste rexa de labregos fideles á súa terra i ó seu Deus"', *Diario de Ferrol*, 'O recanto', 12 setembro 2004, p. 12.

Victorino Pérez fálanos de Manuel María e de como a súa obra representa "máis de cincuenta anos de compromiso rexo e decidido, poético e solidario" con Galicia e cos galegos.

Pernas, Ramón, 'Campanas', *La Voz de Galicia*, 'Nordés', 22 maio 2004, p. 11.

Ramón Pernas fala das campás que o acompañaron na súa infancia e que hoxe lembra grazas a un artigo de Ramón Loureiro .

Perozo, Xosé A., 'A erótica da arte', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 febreiro 2004, p. 47.

Presenta a literatura erótica como a liberdade intelectual que non permite a literatura socialmente correcta e fala do descenso dos seus lectores, da falta de calidade do que se publica e da confusión entre erotismo e pornografía por parte dalgúns autores.

Piñeiro, Antonio, 'Faustino Santalices', *La Región*, 'Ourensalia', 27 marzo 2004, p. 18.

Co gallo da presentación do disco *Faustino Santalices. Gravacións históricas de zanfona (1927-1949)* Antonio Piñeiro fai un esbozo da que foi a primeira gravación sonora realizada en Galicia e lamenta a ausencia de representación institucional nun acto que conmemora ao Pondal da música galega.

Piñeiro, Antonio, 'Na taberna do galo', *La Región*, 'Ourensalia', 1 maio 2004, p. 27.

Lembra con agarimo a época na que ía tomar o viño tostado en compañía das súas amizades á taberna do Galo.

Piñeiro, Antonio, 'Aí ven o maio', *La Región*, 'Ourensalia', 4 maio 2004, p. 26.

Comeza o artigo co poema "Aí vén o Maio" de Curros Enríquez transcrito tal coma aparece recollido na Colección Pombal, publicada en 1971 en Vigo. Pasa, a continuación, a destacar a presenza do poeta entre os celanoveses e a importancia da constitución da Fundación que lle dea contido á súa Casa Museo.

Piñeiro, Antonio, 'Abandeirado', *La Región*, 'Ourensalia', 8 maio 2004, p. 22.

É un recoñecemento a Jesús Pérez Varela pola súa importante contribución a facer realidade a Casa Museo do poeta celanovés Curros Enríquez, que levaba sendo un proxecto a levar a cabo dende 1927.

Piñeiro, Antonio, 'Un proxecto provocador', *La Región*, 'Ourensalia', 8 xuño 2004, p. 18.

Antonio Piñeiro fala dunha das tres xornadas literarias "Diálogos literarios de Mariñán", á que asistiu convidado pola Fundación Carlos Casares e na que estiveron presentes arredor de trinta persoas relacionadas coa literatura galega que debateron sobre temas diversos. Salienta o aire de "ourensanía" que se respirou na xornada e propón a idea dunha xuntanza de toda a literatura que Ourense ten espallada polo mundo.

Piñeiro, Antonio, 'A memoria dun fillo predilecto', *La Región*, 'Ourensalia', 26 xuño 2004, p. 22.

O artigo reproduce unhas verbas que Celso Emilio Ferreiro concedeu á emisora "La voz de Vigo" en 1978 sobre o seu autoexilio a América e que quedaron impresas no libro *Celso Emilio Ferreiro. Compañeiro do vento e das estrelas*. A finalidade de lembrar estas verbas é posicionarse a favor da proposta do PSOE para que o poeta poida ser declarado fillo predilecto da provincia de Ourense e, por outra banda, propor a recuperación do "Premio de Poesía Celso Emilio Ferreiro", que contou unicamente cunha efémera edición.

Piñeiro, Antonio, 'O couto mixto e Rosalía', *La Región*, 'Opinión', 27 xullo 2004, p. 19.

Antonio Piñeiro agradece o labor do crego do Couto Mixto Miguel Blanco na Misa de Rosalía, que se vén celebrando desde os anos 50 en Santo Domingos de Bonaval cada 25 de xullo.

Piñeiro, Antonio, 'Celso Emilio solicita "Escuela"', *La Región*, 'Opinión', 31 agosto 2004, p. 18.

Antonio Piñeiro fálanos dunha carta escrita por Celso Emilio Ferreiro ao alcalde de Celanova o 13 de outubro de 1940 en que lle solicitaba un certificado conforme se negara a tomar posesión do cargo de concelleiro en representación da *Juventud Galleguista* para poder acceder a unha praza de profesor.

Piñeiro, Antonio, '¡Y quién no conoce Celanova!', *La Región*, 'Ourensalia', 30 outubro 2004, p. 19.

Sinala que se deberían elaborar rotas de escritores galegos como na actualidade fan noutras literaturas, como a portuguesa.

Piñeiro, Antonio, 'A miña canción', *La Región*, 'Ourensalia', 14 decembro 2004, p. 21.

Faise referencia á actuación de María do Ceo no Teatro Principal de Ourense, na que presentaba o seu último disco. Entre as composicións interpretadas atopábase a célebre "Cantiga" de Curros Enríquez, que lle fora suxerida como posíbel peza do repertorio polo propio columnista.

Ponte, José Manuel, 'Bisabuelo de Pondal', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Opinión/Inventario de perplejidades', 15 xullo 2004, p. 25/2.

José Manuel Ponte fai referencia a un artigo anterior no que un erro do ordenador, que lle suprimiu un anaco de texto, fixo aparecer a Eduardo Pondal como nativo de Lugo de Llanera, preto de Oviedo.

Prieto Roca, José Luis, 'Pobres a apaleados', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 12 2004, p. 22.

José L. Prieto denuncia neste artigo o atraso con que os concellos saldan as súas débedas coas compañías de teatro que contratan.

Prieto Roca, José Luis, '¿Para que serve o teatro?', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 'A pupila', 4 xullo 2004, p. 22.

Considera a voz e o corpo como as dúas ferramentas fundamentais dun actor ou actriz, sen as que non pode saír ás táboas; o corpo como tarxeta de presentación inseparabél dos personaxes, con linguaxe propia, e o xeito de dicir, son os responsábeis de transmitir emocións, que é a esencia desta arte.

Queizán, Mª Xosé, 'O tópico sentimental', *La Voz de Galicia*, 'A rentes da terra', 6 xullo 2004, p. 6.

María Xosé Queizán argumenta defendendo a imposibilidade de facer poesía co sentimento e mantén que é a racionalidade o único instrumento creador deste xénero e de literatura en xeral.

Rabuñal, Henrique, 'Entre a estética e a ética', *La Voz de Galicia*, 'Opinión', 4 outubro 2004, p. 64.

Fai referencia á reedición de *Los Precursores*, de Manuel Murguía, dentro da colección 'Biblioteca Gallega de Autores en Castellano' de *La Voz de Galicia*; sinala que neste volume se analizan os últimos trinta anos do autor e dos seus camaradas, entre os que aparecen referencias a Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre, Vicetto, etc.

Rego Candamil, Nestor, 'O poeta da nación, en Santiago', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 10 setembro 2004, p. 74.

Sinala, en primeiro lugar, que hoxe Manuel María vai recibir en Compostela 'a homenaxe da nación que tanto amou' e lamenta a súa perda; resalta o que o poeta significa para todos os que se achegaron a el, ben a través do seu trato persoal, ben a través da súa obra; e conta, finalmente, que el aínda garda un pequeno libro que Manuel María lle asinou en 1977, cando el tiña quince anos.

Reigosa, Carlos G., 'Merlín', *La Voz de Galicia*, 'De sol a sol', 6 xaneiro 2004, p. 60.

Recórdase a figura de Álvaro Cunqueiro e da súa obra Merlín e familia co gallo do cincuentenario da vida do autor en Mondoñedo onde nacería esta obra. Fálase da importancia do libro e da calidade do escritor.

Rey Rodríguez, Julia, 'Incertidumbre y escritura', *La Región*, 'Opinión', 15 xullo 2004, p. 24.

Dá conta da recente publicación de *Os meus últimos contos para nenos e mozos* (2003) das irmáns Dora e Pura Vázquez, que editou a Deputación de Ourense. A obra divídese en dúas partes: na primeira, "Os meus últimos contos para nenos e mozos", da autoría de Dora Vázquez, recóllense narracións infantís e xuvenís; mentres que na segunda, "Todo vén desa luz", creada por Pura, recóllense os seus poemas galegos.

Rielo, Pedro, 'Vitaminas de palabras', *Galicia Hoxe*, 'Tempus fugit', 10 marzo 2004, p. 5.

Reflexiónase sobre a importancia dos libros dentro da sociedade na que vivimos onde a literatura fica relegada a un segundo plano. Dunha forma metafórica advírtese da necesidade da lectura como solución para os nosos problemas, identificando aos libreiros como os "bos médicos" que intentan sanar aos doentes enfermos.

Rielo, Pedro, 'Os mundos de Casares', *Galicia Hoxe*, 'Tempus fugit', 24 xuño 2004, p. 5.

Achégasenos á figura de Carlos Casares por medio de anécdotas que nos levan a entender a creación da narrativa e obra deste autor. Insístese na figura do creador literario como un manipulador das palabras e na necesidade que sente de descubrir a vida xunto coa fonda capacidade intelectual que lle acompañaba.

Rielo, Pedro, 'Castelao, peregrino na Bretaña', *Galicia Hoxe*, 'Tempus Fugit', 12 agosto 2004, p. 5.

Dá conta das descubertas etnográficas, paisaxísticas e musicais de Castelao durante a súa viaxe á Bretaña francesa.

Rielo, Pedro, 'Manuel María, poeta do auténtico', *Galicia Hoxe*, 'Tempos Fugit', 11 setembro 2004, p. 49.

Pedro Rielo réndelle unha homenaxe a Manuel María incidindo na capacidade da súa obra para conxugar arte e vida.

Ríos, Xulio, 'Universalismo', *A Nosa Terra*, nº 1.120, 'Cultura', 11 marzo 2004, p. 28.

Achégasenos á figura de Carlos Casares por medio de anécdotas que nos levan para entender a creación da narrativa e obra deste autor onde se insiste na figura do creador literario como un manipulador das palabras e da necesidade que sente de descubrir a vida xunto coa fonda capacidade intelectual que lle acompañaba.

Risco Bóveda, Eduardo, 'Blanco-Amor non estivo só', *La Voz de Galicia*, 'Provincia', 1 decembro 2004, p. L10.

O autor, que é presidente da asociación cultural Cantigas e Frores de Lugo e o sobriño-neto de Eduardo Blanco Amor, realiza unha serie de observacións e puntualizacións sobre comentarios que se teñen realizado en sucesivas ocasións sobre o seu tío. Fai un pequeno percorrido pola vida que levou o escritor en Ourense dende a súa chegada de Arxentina, cinguíndose basicamente en aspectos biográficos, pois pretende desmentir algúns comentarios sobre a morte de Eduardo Blanco-Amor. Concretamente fai alusión a un artigo que neste mesmo periódico escribiu o xornalista Rodri García, quen traslada as palabras do presidente do PEN Club de Vigo, o cal sostén que o autor de *A esmorga* "morreu só" e que "non rematou na cama dun hospital senón na morgue, e alí estivo tirado". Tamén fai referencia ao pé de foto dese mesmo artigo no que se escribe que os restos de Eduardo Blanco-Amor comparten tumba con outros falecidos e puntualiza certos datos sobre esta cuestión. Remata expresando os seus desexos a cerca de que dende as institucións se faga todo o posíbel por rescatar a memoria do seu tío.

Risco, Vicente, 'Homo infimae latinitatis', *La Región*, 'Historia en 4 tiempos', 30 setembro 2004, p. 77.

Recupérase un texto Vicente Risco no que reflexiona sobre a súa persoa en diferentes aspectos da vida.

Risco, Vicente, 'Estos primeros días de lluvia', *La Región*, 'Historia en 4 tiempos', 2 outubro 2004, p. 69.

Comentario de Vicente Risco sobre os días de choiva e como a xente acepta este fenómeno de maneira ben diversa. Risco conclúe que hai que gozar de calquera momento do día.

Risco, Vicente, 'Un editor moderno', *La Región*, 'Historia en 4 tiempos', 3 outubro 2004, p. 85.

Comentario de Vicente Risco sobre a visión do home que ve o mundo desde fóra ou aquel que se sente como centro do universo.

Rivas Troitiño, Xosé Manuel, 'A negra sombra', *Galicia Hoxe*, 'Porta de palla', 9 xaneiro 2004, p. 5.

Alúdese ao poema de Rosalía musicado por Xoán Montes "Negra sombra". Indícase que agora conta cunha nova versión debida ao coro Orfeón Donostiarra e lóase o importante labor que realiza este coro.

Rivas, Antonio, 'Pensar en escribir', *La Región*, 'Opinión', 7 decembro 2004, p. 21.

Reflexión sobre a escrita na que se afirma que para escribir ben hai que pensar, xa que non todo o que se escribe está ben escrito; afirma, ademais, que o amor é un tema ao que sempre hai que escribirlle.

Rivas, Manuel, 'O rancor', *A Nosa Terra*, nº 1.122, 'Galiza', 25 marzo 2004, p. 8.

Refíresenos á unha frase verquida polo presidente do Goberno do Estado Español, José María Aznar, en relación ás manifestacións dos cidadáns pola catástrofe do Prestige. Despois, recórdase a imposición da medalla de ouro a Álvarez Cascos coa conseguinte crítica, lémbrase o premio que recibiu a fotógrafa Sandra Alonso por unha imaxe á cal Rivas acompaña cun poema para rematar co concerto "In memoriam" a Manuel Balboa pola Real Filharmonía de Galicia.

Rivas, Manuel, 'O lambeta', *A Nosa Terra*, nº 1.125, 'O blog do rumbar', 22 abril 2004, p. 8.

Faise unha breve introdución como crítica ao "absolutismo" político xa desde a invasión francesa ao Estado Español en 1808, e lóuvase aos que sempre estiveron no bando contrario. A partir de aí, relaciona a situación de inicios do século XX entre Galiza e Islandia onde se poden observar numerosas coincidencias como o que acontece na literatura.

Rivas, Manuel, 'Confesións', *A Nosa Terra*, nº 1.126, 'O bloc do rumbar', 29 abril 2004, p. 6.

Este artigo estrutúrase en tres partes onde se nos fala da orixe do humor nos galegos como elemento inherente ao ser galego, da crítica á etiqueta "escritor mediático" que utilizan os libros de texto e das atribucións erradas que determinan distintas posicións con respecto a unha persoa na nosa sociedade.

Rivas, Manuel, 'Jodeté', *A Nosa Terra*, 'Galiza', 16 setembro 2004, p. 6.

Entre outras cuestións relativas á actualidade política, saliéntase a relevancia intelectual e persoal de Manuel María, que dedicou a súa vida a loitar pola defensa da identidade de Galicia e que, segundo Manuel Rivas, "tiña alma de zahorí".

Rodríguez Maneiro, 'Cien años de la coronación de Curros', *El Ideal Gallego*, 'Pluma del día', 10 2004, p. 10.

Refírese a un traballo de Juan Naya titulado "Los poetas gallegos y Curros Enríquez" onde se evoca a última viaxe do poeta a La Habana no 1904, catro anos antes da súa morte. Alúdese á celebración desta despedida acompañado doutros moitos escritores e que nela leu unha composición poética feita para a ocasión.

Rodríguez Maneiro, 'Homenaje a García Sabell', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 20 xullo 2004, p. 25.

Coincidindo co cabodano de Domingo García Sabell, anúnciase unha homenaxe que terá lugar na Aula de Cultura do Sporting Club da Coruña. No acto, organizado por Manuel Mourelle de Lema, participarán, entre outros, Carlos Amable Baliñas, Isaac Díaz Pardo e Xerardo Fernández Albor.

Rodríguez Maneiro, 'Coronación de Curros', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 1 agosto 2004, p. 25.

Rodríguez Maneiro achega detalles puntuais do acto de coroación do poeta Curros Enríquez (chegada dende A Habana, ofrenda floral a Rosalía de Castro en Santiago de Compostela, hospedaxe na Coruña), cen anos despois de que esta tivese lugar.

Rodríguez Rañón, Xosé Carlos , 'Skylab: O Universo está na Terra', *La Región*, 'Universitas', 19 febreiro 2004, p. 47.

Recensión sobre o último libro de Jaureguizar, *Skylab*, onde se comenta a ubicación da novela en Ribadeo, vila natal do escritor, así como numerosos personaxes e lugares que participan na ficción, como Castelao, Recesvinto, Evita Perón, Grandas de Salime en Asturias… Conclúese coa ligazón do libro co mundo dos soños, xa que o protagonista, que leva por nome o título co que se presenta a novela, é a propia metáfora dun soño.

Rodríguez Rañón, Xosé Carlos , 'Literaturizar en galego a postmodernidade', *La Región/Atlántico Diario* , 'Universitas', 1 abril 2004, p. 39/35.

Refíresenos a situación actual na que se encontra a nosa literatura, debido á forte expansión que está acadando en todos os ámbitos literarios, só comparábel á época da Xeración Nós

ou do pleno Rexurdimento, como o demostran os numerosos autores que se dedican á nosa literatura e que están a conseguir a súa plena normalización. Mais tamén se fala da problemática de falta de lectores en galego debido á presión que a literatura en español fai en contra da nosa, e termina pedindo un esforzo por parte de todos para intentar cambiar a situación de risco.

Rodríguez, Carlos Luís, 'Nuestro Sócrates', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 23 agosto 2004, p. 2.

Comparanza de Ramón Piñeiro coa figura de Sócrates. No persoal, saliéntase o seu talante conversador e no político, o seu antifranquismo democrático.

Roel Villanueva, Antón, 'Selva de Esmelle', *Diario de Ferrol*, 'la Ventana', 11 agosto 2004, p. 16.

Relaciona a *Selva de Esmelle* do libro Merlín e familia (1955), de Álvaro Cunqueiro, coa parroquia ferrolá de Esmelle, sobre a que achega algúns datos históricos.

Roel Villanueva, Antón, 'A festa do río', *El Correo Gallego*, 'Cartas al director', 15 setembro 2004, p. 4.

Evocación bucólica da morte de Manuel María nesta carta ao director que destaca o amor do escritor pola natureza e a perda dun poeta bo e xeneroso, que se suma á doutros como Uxío Novoneyra ou Alexandre Cribeiro.

Romero, Marga, 'Tobio e Thomas Mann', *A Nosa Terra*, nº 1.120, 'Cultura', 11 marzo 2004, p. 29.

Faise referencia á publicación recentemente da tradución do alemán ao español da obra de Thomas Mann titulada *Oíd, Alemanes (Discursos alemanes contra Hitler)* pola editorial Península Atalaya. Sinálase que a obra xa fora traducida por Lois Tobío en 1945 na Editorial Nova, onde aparecían trinta e catro discursos, a nota do autor e un epílogo que falta na edición actual e que foi feita polo galego. Incídese, entón, no labor importante deste co-fundador do Seminario de Estudos Galegos que xa traducira o *Fausto* de Goethe, *Os Sonetos de Orfeu* de Rilke ou a *Nai coraxe e os seus fillos* de B. Brecht.

Romero, Marga, 'Luísa: Desde a Cidade Alta até Bingen', *A Nosa Terra*, nº 1.121, 'Fin de semana', 18 marzo 2004, p. 32.

Faise unha homenaxe á poeta coruñesa morta, Luísa Villalta, dun modo moi poético. Fala da viaxe que os seus libros terán que facer ao longo de toda Europa ao lado doutros e dentro

da literatura universal, tentando conferirlle a importancia que ela e a súa obra tiveron para a nosa literatura.

Rubia, Xoán, 'Lueiro', *Diario de Ferrol*, 1 febreiro 2004, p. 4.

Fálase do poeta Manuel Lueiro e do poemario *La Noche Espera al Alba,* reflexionando sobre o socialismo humanista, e dentro das coordenadas que seguía o autor, do realismo social, no momento en que se celebrou a presentación en Ferrol dun libro de poemas de Lueiro titulado *Derradeira Escolma Ferida*.

Rubia, Xoán, 'Centro Galego de Santander', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 2 maio 2004, p. 28.

Refírese aquí ao labor exercido polos Centros Galegos no exilio e á situación de "decrepitude física e anímica" na que se atopan moitos deles, tendo en conta, e como excepción, o Centro Galego de Santander, do que se salienta a súa autonomía e boas instalacións, ademais de que conta cun amplo abano de actividades. Dáse o nome do presidente da entidade, Juán José Fernández Teijeiro.

Rubia, Xoán, 'Manuel María', *Diario de Ferrol*, 'Opinión', 12 setembro 2004, p. 24.

Gabanza do poeta Manuel María con motivo do seu pasamento. Saliéntase a súa vinculación co movemento Voces ceibes e o seu convencemento dunha necesaria aliaxe entre música e poesía galega. Un dos froitos deste entendemento da arte poética foi a gravación do disco "Manuel María, poemas ditos coa súa voz".

Ruibal, Euloxio R., 'Fonda verdade poética', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 1 decembro 2004, p. 67.

Trinta anos despois da primeira edición de *Tempo de Compostela*, de Salvador García-Bodaño, reeditado na serie "Poeta en Compostela" do Grupo Correo Gallego, saliéntase a capacidade do poeta para dotar de transcendencia universal os referentes espaciais e temporais da cidade de Santiago.

Salgado, Daniel, 'Da poesía social e outros diaños', *A Nosa Terra*, nº 1.135, 'Cultura', 1 xullo 2004, p. 28.

Respóndese á crítica feita por Xesús González Gómez en *A Nosa Terra* sobre o poeta Claudio Rodríguez Fer, ao que se lle rebate a afirmación de que a poesía non existe no seu eixo máis social ou de resistencia.

Sánchez Agustino, José Luis, 'Rosalía y su último adiós al mar', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'Ruta Xacobea mar de Arousa', 4 xullo 2004, p. 24.

Fálase aquí da importancia do porto de Carril na década de oitenta do século XIX, onde á parte de ser un centro destacábel polo seu movemento comercial tamén o foi por ser testemuña das despedidas da emigración cara a América. Refírese, ademais, á figura de Rosalía de Castro pola ligazón que sempre tivo con esta vila arousá e ao polígrafo Victoriano García Martí polas páxinas que nos legou sobre a influencia de Carril na poeta.

Sánchez Iglesias, Cesáreo, 'Lembrando a Manuel María desde Bos Aires', *A Nosa Terra*, nº 1.143, 'Opinión', 23 setembro 2004, p. 6.

Reprodución dun texto lido na Asemblea da Federación de Sociedades Galegas en Bos Aires como homenaxe a Manuel María. Repásanse as achegas do poeta aos eidos poético, teatral e xornalístico e saliéntase o seu alento cívico e o seu compromiso con Galicia.

Sánchez Soto, Marina, 'Homenaxe a don Víctor Campio', *La Región*, 'Opinión', 28 abril 2004, p. 22.

Fálase da homenaxe que se lle dedicou o día 23 de abril ao poeta Víctor Campío, á vez que se recordan aspectos humanos do autor e do seu traballo docente como profesor da columnista.

Sánchez Soto, Marina, 'Adeus a Tovar', *La Región*, 'Opinión', 23 xuño 2004, p. 22.

Este pretende ser un laio pola morte do poeta Tovar recordando a súa poesía de corte existencial, de denuncia social e dun intimismo pesimista que o caracterizou como poeta dentro do sistema literario galego dos anos posteriores á Guerra Civil.

Sánchez Soto, Marina, 'Manuel María', *La Región*, 'Opinión', 17 setembro 2004, p. 23.

Con motivo do pasamento do poeta Manuel María, réndeselle homenaxe comentando algúns dos seus versos. Entre eles a autora salienta os que fan referencia á paisaxe e ao pasado histórico de Galicia e os que reclaman a liberdade como primeira condición para unha vida digna.

Sánchez Soto, Marina, 'Eduardo Blanco Amor', *La Región*, 'Opinión', 7 decembro 2004, p. 21.

Co gallo do vinte e cinco aniversario da morte de Eduardo Blanco Amor, Marina Sánchez Soto realiza unha panorámica biobibliográfica del destacando que gran parte da súa vida

estivo emigrado en Arxentina e que se relacionou coa Xeración do 27, especialmente con Federico García Lorca. Das súas obras en prosa salienta *A Esmorga* e *Xente ao lonxe*.

Sar, Máximo, 'Yo, uno de los 'gallegos", *El Correo Gallego*, *'Fin de semana'*, 8 agosto 2004, p. 2.

O autor responde á acusación de ter "secuestrado" a Manuel Antonio, incluída no libro *Gallegos. ¿Quién es quién en la Galicia del siglo XXI?* Relata o xeito no que presenciou, canda Roxelio Pérez, cómo a nai do poeta rianxeiro lle facía entrega de numerosas pertenzas a Domingo García Sabell. Considera que o concello de Rianxo debería intentar recobrar algúns destes bens, legados por García Sabell á Fundación Barrié.

Senén, Felipe, 'Manuel María e A Coruña', *La Opinión*, 'O labirinto do alquimista', 26 setembro 2004, p. 35.

Co gallo do falecemento de Manuel María, Felipe Senén dá coidada conta neste artigo da especial relación que unía ao poeta chairego coa cidade da Coruña e explica cómo era o seu día a día neste lugar; fala das súas amizades, dos lugares que lle gustaba visitar, dos seus faladoiros no Kirsch, da súa actividade, etc.

Seoane, Luís, 'Da Galicia emigrante', *Galicia Hoxe*, 'Perfil', 17 xuño 2004, p. 49.

Fálasenos da actividade cultural galega exercida por numerosos galeguistas na emigración de entre os que se citan Eduardo Blanco Amor, Lorenzo Varela ou Xohán Carballeira, dando datos de publicacións dos mesmos.

Sixto Seco, Agustín, 'A posición das portas para o exilio ou emigración', *El Correo Gallego*, 'Fóra das portas', 14 xaneiro 2004, p. 3.

Refírese á sentenza que o Tribunal de Superior de Xustiza dictou a favor do léxico galego, despois de recordar á poeta Helena Villar Janeiro e tamén despois de referirse á nominación que recibe a súa columna de colaboración neste xornal.

Sixto Seco, Agustín, 'O décimosexto verso do noso Himno', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 1 maio 2004, p. 3.

Dáse a opinión de facer rematar o *Himno Galego* no decimosexto verso pola "brevidade impactante" que defende o autor, a partir dunha anécdota vivida por el.

Sixto Seco, Agustín, 'A continuidade do foco cultural trasalbés', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 30 xuño 2004, p. 3.

Transmítesenos a renuncia que o autor fai por problemas de presenza física no seu cargo de formador da Presidencia Executiva na "Fundación Otero Pedrayo" e recorda a Reunión Plenaria dos Patróns de 1980 en Ourense pola memoria de Otero Pedrayo.

Sixto Seco, Agustín, 'No cabodano de Ramón Piñeiro', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 21 agosto 2004, p. 3.

Con motivo dos catorce anos do pasamento de Ramón Piñeiro, Agustín Sixto Seco reflexiona sobre a súa herdanza intelectual, e conclúe que a súa actividade en prol do galeguismo deu froitos.

Soto, Juan, 'La realidad supera siempre a la ficción', *El Progreso*, 'Habitación al viento', 8 febreiro 2004, p. 80.

Con motivo da presentación en Compostela do libro *Contos da Policía,* onde se reúnen narracións de temática policíaca, o autor reflexiona sobre a presenza deste xénero na literatura e sobre o gusto polo mesmo dalgúns escritores do sistema literario castelán.

Soutelo, Rudesindo , 'Músicas e letras galegas', *A Nosa Terra*, 'Fin de Semana', 13 maio 2004, p. 35.

Comeza reflexionando sobre a necesidade de respectar a legalidade vixente no que atinxe á reprodución de libros e partituras musicais. A seguir, reivindica a necesidade dunha confluencia entre os mundos da música, das letras e das artes en Galicia. Tamén anuncia a celebración dun concerto de Lírica Galega, organizado pola Asociación Galega de Intérpretes de Música culta, para conmemorar o Día das Letras Galegas.

Soutelo, Rudesindo , 'A minha música de Manuel María', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Fin de Semana', 16 setembro 2004, p. 35.

Rudesindo Soutelo declara a súa gratitude a Manuel María por alentar a súa traxectoria musical, na que sobrancean as tentativas de creación dun repertorio de música culta para dúos de Gaitas de fole.

Souto, Xurxo, 'O silencio iluminado de Luísa Villalta', *La Opinión*, 'El Domingo ', 14 marzo 2004, p. 16.

Fálase da morte da poeta Luísa Villalta, facendo referencia ao acto "de dignidade" no cemiterio de San Amaro onde Manuel María e Miguel Anxo Ferán-Vello leron e deron un pequeno discurso antes da interpretación ao violín dunha Partita de Bach polo violinista Florian Vlashi. De seguido, fálasenos da obra da autora, que xa publicara en vida os

poemarios *Música Reservada* e *Ruído* e que deixou inédito o seu derradeiro libro, chamado *En Concreto,* que está dedicado á cidade da Coruña.

Souto, Xurxo, 'Primavera gaiteira', *La Opinión*, 'El Domingo', 21 marzo 2004, p. 16.

Faise aquí unha reflexión sobre o que supón a gaita para a cultura galega e por iso a testemuña en numerosos poemas da literatura galega como en Rosalía, "O Repoludo Gaiteiro", X. Manuel Pintos no seu poemario *A Gaita Galega*, o poema de Curros "O Gueiteiro de Penalta", ou mesmo en Cabanillas, "Gaiteiro de Cambados". Segue o artigo co recordo de encontros de gaitiros en distintos sitios de Galiza e o que supón o tocar a gaita.

Souto, Xurxo, 'Contos do mar de Irlanda', *La Opinión*, 'El Domingo', 28 marzo 2004, p. 16.

Co gallo da exposición feita na Fundación Caixa Galicia polo fotógrafo francés Jean Gaumy titulada *Pleine mer*, exhibida desde o 17 de marzo até o sete de maio, o autor recorda as viaxes ao mar de Irlanda polos primeiros 'bous de carbón' desde o fondeadoiro da Mariña polas imaxes das catro mareas do Gran Sol que son os alicerces da riqueza dos peiraos da Coruña.

Souto, Xurxo, 'Os estalos de luz de Luís Seoane', *La Opinión*, 'elDomingo', 4 abril 2004, p. 16.

Cumpríndose o vinte e cinco aniversario do pasamento de Luís Seoane, remítese para o que significou a súa vida e o seu traballo vencellado e comprometido a Galiza desde diferentes ámbitos: pintura, radio, literatura, edición...

Souto, Xurxo, 'Cincuenta anos de 'Terra Chá', *La Opinión*, 'elDomingo', 16 maio 2004, p. 16.

Trázase o perfil do poeta chairego Manuel María, incidindo na súa personalidade e no seu percurso vital. Saliéntase o libro fundamental dentro da súa obra poética e dentro da literatura galega de posguerra, *Terra Chá*, saído do prelo o día 17 de maio de 1954, que se converteu nun fito de referencia para a literatura galega contemporánea.

Souto, Xurxo, 'O acordeón de Antuerpe', *A Nosa Terra*, nº 1.133, 'Galiza', 17 xuño 2004, p. 10.

Ao recordar unha canción feita polo autor e *Os Diplomáticos* sobre as distintas xeografías, e entre elas a do mar, fai unha breve pasaxe polo que o tema dos grandes portos do mar do Norte significaron para a literatura galega xa nos comezos do século XX da man da Xeración Nós e até a segunda metade do mesmo. Así, lembra ao lector o libro de Amado Carballo *Proel,* do ano 1927, onde xa aparece o "acordeón de Antuerpe", e segue con Otero

Pedrayo con *Arredor de si* e a viaxe de Adrián Solovio pola Europa, ademais de recordar a Castelao nas súas *Cousas,* até chegar ao propio Avilés de Taramancos por unha carta ao pintor e amigo Urbano Lugrís.

Souto, Xurxo, 'A procelosa singradura do barco 'Alegría", *La Opinión*, *'El Domingo'*, nº 197, 18 xuño 2004, p. 1.

Dá noticia do contexto no que se coñeceron Manuel María e Bernardino Graña. O encontro tivo lugar nunha travesía a bordo do barco "Alegría", organizada no marco dun congreso de escritores no que tamén participaban Álvaro Cunqueiro, José María Castroviejo, Gerardo Diego e Celso Emilio Ferreiro. Baseándose nas fontes orais de Manuel María e Bernardino Graña, Xurxo Souto relata, en ton humorístico, algunhas das anécdotas acontecidas na singradura.

Souto, Xurxo, 'O poeta e a cidade', *La Opinión*, *'El Domingo'*, nº 206, 19 setembro 2004, p. 1.

Lembra ao finado Manuel María e explica a especial vinculación que unía ao poeta coa cidade da Coruña. Sinala que Manuel María coñeceu a cidade, cando sendo neno, pasaba nela os veráns coa súa familia e que, sendo mozo, continuou co costume de pasar os veráns na cidade herculina, mais nesta ocasión acompañado de Uxío Novoneyra. Lembra que o poeta adoitaba presentarse e gañar o Certame poéticos dos Xogos Florais de Betanzos e que, co premio, pagaba un mes de estadía na pensión na que el e Novoneyra residían. Indica que a vinculación de Manuel María continuou até que, ao xubilarse en 1994, el e Saleta fixeron dela o seu lugar de residencia, onde se lles podía ver en faladoiros literarios, na Real Academia da Lingua Galega ou en actos semellantes. Finalmente, sinala que tanto o Concello de Oleiros, como a Asociación Socio-Pedagóxica están a preparar distintos actos de homenaxe para o finado e manifesta o seu desexo de que a cidade da Coruña faga semellante para recoñecerlle a Manuel María o seu cariño pola cidade.

Suárez Abel, Miguel, 'A adolescente que lía libros de amor', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 23 abril 2004, p. 33.

Cóntase de forma moi literaria e metafórica a introdución que sofre unha moza no mundo literario, incitada polas recomendacións da súa profesora. É esta unha reflexión sobre o que os libros e a literatura significan tanto como elementos que permiten unha determinada formación, como do poder de lecer que ofrecen.

Toro, Suso de , 'Libros en saco roto', *A Nosa Terra*, nº 1.131, 'Cultura', 3 xuño 2004, p. 28.

Fálase aquí da pobreza na que se atopa a cultura galega, sobre todo desde o punto de vista cualitativo, xa que a base humana si que se veu ampliada. Así, dáse como exemplo a situación na que se encontran tres obras galegas que aínda que algunha conta coa súa

segunda edición, se atopan silenciadas polos propios axentes culturais: *O Reino da Gallaecia* de Camilo Nogueira, o último libro de Anxo Ballesteros, *Tempo e vinganza,* e o último de Ramiro Fonte, *Os meus ollos.*

Toro, Suso de , 'Cave canem', *A Nosa Terra*, nº 1.133, 'Cultura', 17 xuño 2004, p. 28.

Xorde o artigo como contestación ás críticas que no número anterior lle foron verquidas ao autor e mais ao tamén escritor Manuel Rivas por Alfredo Conde, insistindo na tentativa de deixar de lado as diferenzas persoais que poden existir entre escritores e na necesidade de igualarse e solidarizarse na insatisfacción que a vida literaria produce ás veces.

Torre, Sonia, 'El punto justo', *La Región*, 22 xullo 2004, p. 16.

Saúdase a iniciativa dos responsábeis da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que propiciaron un intercambio de animación de rúa protagonizado por cincuenta rapaces europeos.

V. A., Ángel, 'El Cabe que nos lleva', *El Progreso*, 'De actualidad', 12 febreiro 2004, p. 96.

Recordando os diferentes actos sociais da provincia, o autor comenta a presencia de Xosé Miranda nun instituto para falar de literatura, dunha homenaxe ao trovador Xohán de Requeixo e da exposición dos collages que servirán de ilustracións a *Lembrazas e pantasías*, de Maruxa Fernández Fernández.

Valcárcel L., Xulio, 'Antonio García Hermida', *El Ideal Gallego*, 'Páxina Literaria', 11 abril 2004, p. 4.

Tras recibir de mans do neto de García Hermida un exemplar da súa obra, *Charetas* (1973), Xulio Valcárcel repasa o contido do mesmo destacando a especial virulencia dos ataques á situación do labrego galego. Valórao como un 'poeta estimable, un tendeiro honrado que facía versos e os facía ben', e atribúe á falta de conciencia da propia valía e á ausencia de ambicións o feito de que o poeta non acadara cotas poéticas máis altas.

Valcárcel, Marcos, 'A cidade, a palabra Panchito', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 2004, p. 56.

Apunta que "A cidade e a palabra" é o lema do congreso de Galeusca que convocou en Ourense e Allariz a un grupo de setenta escritores galegos, cataláns e vascos da man da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Salienta que os debates están a ser proveitosos arredor do diálogo entre a cidade e o mundo rural, a creación dunha lingua urbana, as cidades galegas e as cidades do mundo, as cidades soñadas e Ourense como universo literario. Dá conta da intervención en Allariz dun escritor vasco que se referiu á confrontación e á convivencia de culturas e á sorpresa dalgúns vascos ao ver a cidadáns de

pel negra cantar nun coro en eúscaro. A seguir, sinala que Pilar García Negro contou a historia de "Panchito", de *Cousas*, de Castelao, que entende como un claro exemplo de que os galegos nisto temos vantaxe pois "xa inventamos, hai moitos anos e desde a emigración, todo un modelo de convivencia e integración cultural".

Valcárcel, Marcos, 'O camiño andado de Don Paco', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 3 xaneiro 2004, p. 56.

A publicación de *Camiño andado* (2003) de Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913) permítelle a Marcos Valcárcel reflexionar sobre a traxectoria persoal do escritor e o seu compromiso político.

Valcárcel, Marcos, 'Mazzini, Pinocho, Murguía ', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 8 xaneiro 2004, p. 64.

Fai un percorrido polas obras dos artífices da unificación italiana e as de Manuel Murguía, tratando de establecer un paralelismo entre ambas.

Valcárcel, Marcos, 'O romance do cego de Trasmiras', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 10 xaneiro 2004, p. 64.

Marcos Valcárcel recorda un panfleto electoral das eleccións de 1977, asinado por Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912 - Vigo, 1979) e que seguía a forma dos cantares de cego. Destaca o autor que Ferreiro asinara até o momento con pseudónimos.

Valcárcel, Marcos, 'Elexías do río Camba', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 26 xaneiro 2004, p. 80.

Dá conta da presentación de *Elexías do Camba* (2003) de Xosé Lois Rúa (Campobecerros, 1951), que é o poemario gañador do XIX premio de poesía da 'Cidade de Ourense'. O autor considera o volume unha homenaxe á terra natal do poeta. Este artigo foi publicado novamente o día 29 de xaneiro, no xornal *La Región*.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 29 xaneiro 2004, p. 67.

Brevemente, o autor dá conta da publicación de *Elexías do Camba* (2003) de Xosé Lois Rúa (Campobecerros, 1951), obra que xulga como unha "sentida homenaxe ás terras natais (...) e ao río que os atravesa". Este mesmo artigo foi publicado no xornal *Galicia Hoxe*, o día 26 de xaneiro.

Valcárcel, Marcos, 'Revista das Letras', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 5 febreiro 2004, p. 64.

Dá conta da saída do número 500 da *Revista das Letras*, suplemento do xornal *Galicia Hoxe;* considera que esta revista que considera unha das mellores no eido da cultura, pola súa aposta polas vangardas e polo seu deseño que a fai única.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 8 febreiro 2004, p. 75.

Breve referencia ao ciclo "Un mar de literatura", encontro de dez escritores no Museo do Mar de Vigo, como nos explica Marcos Valcárcel, cuxos relatorios agora recollen os *Cadernos Grial*. O autor congratúlase por este feito.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 11 febreiro 2004, p. 67.

O autor parte duns versos de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979) para opinar sobre unha sentenza referida a un accidente laboral.

Valcárcel, Marcos, 'Uns versos de Celso Emilio', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 11 febreiro 2004, p. 64.

Fai referencia ao 'Monólogo do vello traballador', de Celso Emilio Ferreiro (Celanova,1912 - Vigo, 1979), poema do que recolle a opinión de Xosé L. Méndez Ferrín de que é 'a traducción poética do concepto marxista da plusvalía', para opinar sobre un sentenza do Tribunal de Xustiza de Andalucía.

Valcárcel, Marcos, 'Mar e literatura, 10 miradas', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 16 febreiro 2004, p. 56.

Fala do ciclo 'Un mar de literatura', encontro de dez escritores no Museo do Mar de vigo, como explica Marcos Valcárcel, cuxos relatorios agora se recollen na revista *Grial*. Repítese así, con levísimas modificacións, o que xa tiña publicado no diario La Región o 8 de febreiro deste mesmo ano.

Valcárcel, Marcos, 'Risco e o exemplo catalán', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 17 febreiro 2004, p. 64.

Céntrase na relación de Vicente Risco (Ourense, 1884-1963) co nacionalismo catalán e cómo, a pesar de non estar de acordo co seu líder político, manifestaba unha "envexa" polos seus logros.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 17 febreiro 2004, p. 59.

A partir do xornal *O tío Marcos da Portela* de Lamas Carvajal, recórdase algún dos costumes do Antroido ourensán no século XIX.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 18 febreiro 2004, p. 67.

Igual que noutros artigos publicados anteriormente polo autor nesta sección, Valcárcel sérvese d' *O tío Marcos da Portela*, de Lamas Carvajal, para falar do Antroido.

Valcárcel, Marcos, 'Os galegos finos e corteses', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 18 febreiro 2004, p. 64.

A relación de tres pensadores galegos, Vicente Risco, Manuel Murguía e Alfredo Brañas, coa realidade catalá e as conclusións que estes tiraron con relación a Galicia son os temas que centran este artigo.

Valcárcel, Marcos, 'Das Irmandades a Carrasco Formiguera', *Galicia Hoxe*, 'A contra', 19 febreiro 2004, p. 64.

Comenta o interese do nacionalismo de principios de século, en especial de Vicente Risco (Ourense, 1884 - 1963), polo nacionalismo catalán e cómo, a pesar dos avatares históricos, se mantiveron en contacto.

Valcárcel, Marcos, 'Don Vicente e a maxia do antroido', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 26 febreiro 2004, p. 64.

Recolle as ideas de Vicente Risco (Ourense, 1884 -1963) sobre o Antroido e explica como o escritor ourensán defendeu esta costume ao longo da súa vida. Así, Valcárcel extrae dos textos de Risco diferentes afirmacións sobre esta festa.

Valcárcel, Marcos, 'Amélie Nothomb', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 27 febreiro 2004, p. 69.

Céntrase na obra de Amélie Nothomb (Kobe, Xapón, 1967), especialmente en *Un nome de diccionario* (2004), que vén de ser traducida ao galego por Dolores Vilavedra. O autor destaca o atractivo da historia, baseada na realidade, e o emprego de elemenetos fantasticos na liña da película *O fabuloso destino de Amélie Poulain* (Jean -Pierre Jeunet, 2002). Esta mesma noticia foi publicada en *Galicia Hoxe*, o día 18 de marzo, baixo o título 'Un nome de diccionario'.

Valcárcel, Marcos, 'Mandianes, identidade e esquecemento', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 1 marzo 2004, p. 56.

Fai referencia á publicación de *O río do esquecemento. Identidade antropolóxica de Galicia* (2003), de Manuel Mandianes (Loureses, 1942), que é definida como un ensaio sobre a antropoloxía en Galicia. O columnista critica o tratamento que o ensaísta fai do nacionalismo galego, por considerar que reduce demasiado a problemática, pero aínda así considera a obra "amena e útil".

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 7 marzo 2004, p. 75.

Reproduce un texto de Anne Philipe, traducido por X. M. Beiras e titulado "O tempo dun salaio".

Valcárcel, Marcos, 'Carlos Casares, na lembranza', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 9 marzo 2004, p. 64.

Recorda o segundo aniversario da morte de Carlos Casares (Xinzo de Limia, 1941 - Vigo, 2002), afirmando logo que algo do autor queda nas súas obras convertindo a súa memoria en "imperecedoira". Finalmente, destaca a importancia que neste derradeiro aspecto teñen os actos culturais realizados na súa honra.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 9 marzo 2004, p. 59.

O segundo aniversario da morte de Carlos Casares (Xinzo de Limia, 1941-Vigo, 2002) é o tema principal deste artigo, no que se fala da súa novela póstuma *O sol do verán* e das diversas actividades culturais organizadas na súa honra.

Valcárcel, Marcos, 'Un nome de diccionario', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 18 marzo 2004, p. 64.

Céntrase na obra de Amélie Nothomb (Kobe, Xapón, 1967), especialmente en *Un nome de diccionario* (2004), que vén de ser traducida ao galego por Dolores Vilavedra. O autor destaca o atractivo da historia, baseada na realidade, e o emprego de elemenetos fantasticos na liña da película *O fabuloso destino de Amélie Poulain* (Jean -Pierre Jeunet, 2002). Esta mesma noticia foi publicada en *La Región*, o día 27 de febreiro, baixo o título 'Amélie Nothomb'.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 21 marzo 2004, p. 75.

Dá conta dos actos que se organizan no Liceo de Ourense con motivo do centenario do nacemento de Pablo Neruda e reproduce os versos que lle dedicou Luís Seoane.

Valcárcel, Marcos, 'O exilio galego', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 21 marzo 2004, p. 77.

Dá conta da publicación de *O exilio galego: un mapa de cicatrices* (2003) de Xosé Luís Axeitos (Asados, 1945), obra na que o historiador recompila artigos e conferencias sobre o exilio; así mesmo, Marcos Valcárcel fai un resume dos contidos do libro. Este mesmo artigo foi publicado en *Galicia Hoxe* o día 23 de marzo, baixo o título 'Crónica do exilio galego'.

Valcárcel, Marcos, 'Crónica do exilio galego', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 23 marzo 2004, p. 64.

Dá conta da publicación de *O exilio galego: un mapa de cicatrices* (2003) de Xosé Luís Axeitos (Asados, 1945), obra na que o historiador recompila artigos e conferencias sobre o exilio; así mesmo, Marcos Valcárcel fai un resume dos contidos do libro. Este mesmo artigo foi publicado, baixo o título 'O exilio galego', no xornal *La Región* o día 21 de marzo.

Valcárcel, Marcos, 'Neruda na revista 'Resol', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 24 marzo 2004, p. 64.

Conta a breve historia da revista *Resol* en Arxentina. Así, explica como tras ser levada polo seu fundador, Luís Seoane (Bos Aires, 1910 -1979), ao exilio editáronse só dous números. Destaca o columnista a importancia dos seus colaboradores, destacando dous poemas de Pablo Neruda.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 26 marzo 2004, p. 75.

Recórdase a reacción dos autores galegos ante a morte de Pablo Neruda, dende os versos dos poetas até o artigo escrito por Carlos Casares, do que se transcribe o último parágrafo.

Valcárcel, Marcos, 'Luís Seoane canta a Neruda', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 26 marzo 2004, p. 71.

Reprodúcese unha parte dos versos que Luís Seoane (Bos Aires, 1910 -1979) lle dedicou a Pablo Neruda (Parral, Chile, 1904-Santiago de Chile,1975) tras a súa morte, que Marcos Valcárcel encadra na conmoción que seguiu á morte do poeta.

Valcárcel, Marcos, 'Máis voces galegas con Neruda', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 27 marzo 2004, p. 72.

Fai referencia a dúas homenaxes realizadas recentemente con motivo do falecemento de Pablo Neruda: a contribución a unha publicación trilingüe por parte dos poetas galegos e un artigo de Carlos Casares (Xinzo de Limia, 194 Vigo, 2002) publicado en *La Región*.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 27 marzo 2004, p. 59.

Considera que a obra *Chile no corazón* (1975), na que varios autores galegos escriben poemas á morte de Pablo Neruda (Parral, Chile, 1904-Santiago de Chile,1975), é representativa do xénero elexíaco galego. O autor reproduce algúns versos.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 28 marzo 2004, p. 91.

O autor compara dous poemas de Pablo Neruda e Avilés de Taramancos para establecer a influencia do primeiro sobre o segundo; finalmente recorda o ascendente dun terceiro, Walt Whitman, sobre ambos os dous.

Valcárcel, Marcos, 'Música e poesía en mancomún', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 29 marzo 2004, p. 56.

Dá conta da homenaxe que a Palabra de Poeta de Xinzo de Limia brindou a Carlos Casares (Xinzo de Limia, 1941 - Vigo, 2002), na que se mesturaron música, a cargo de Orestes Reyes e Antonio Fernández, e poesía, de diferentes autores, recitada por Luís González Tosar.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 4 abril 2004, p. 67.

Rememora a intervención de Xoaquín Lourenzo nunha mesa redonda que ambos compartiron, reproducindo as opinións deste sobre a literatura e os nenos.

Valcárcel, Marcos, 'O ano 1979, fatal para as nosas letras', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 8 abril 2004, p. 64.

Explícase o contraditorio que tivo o ano 1979, que deixou un pouso de liberdade no plano político ao celebrarse as primeiras eleccións democráticas e amargo pola morte de tres persoeiros das letras galegas. Recórdase que no marco político a partir dese momento avanzaron os partidos de esquerdas e nacionalistas e mesmo se asentaron nalgunhas cidades galegas como Santiago e A Coruña. Laméntase nese mesmo ano a perda de Eduardo Blanco Amor (1897-1979), Luís Seoane (1910-1979), e Celso Emilio Ferreiro (1912-1979) dos que se di que loitaron até o seu último alento pola democracia, a liberdade e o renacer do país en todos os ámbitos, entre eles o cultural.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 8 abril 2004, p. 67.

Lémbrase o vinte e cinco aniversario das primeiras eleccións democráticas municipais que marcaron un avance considerábel para partidos políticos de esquerdas e nacionalistas, que co tempo se asentaron en cidades galegas como Santiago ou A Coruña. Confróntase esta vitoria social coa morte de tres ilustres das letras galegas como Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor e Celso Emilio Ferreiro.

Valcárcel, Marcos, 'Despedida e memoria de tres autores', *Galicia en el mundo*, 'Andoliña', 9 abril 2004, p. 64.

Recórdase que no ano 1979 o panorama intelectual galego perdeu de vez a tres grandes persoeiros como Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor e Celso Emilio Ferreiro. Enténdese que os dous primeiros estiveron máis unidos á Galicia exterior, mentres que foi Celso Emilio que transmitiu a súa profunda decepción na andaina sudamericana o que lle valeu enfrontamento, entre outros, con Seoane. Lóase o labor realizado pola Fundación Luís Seoane, moi activa nos últimos tempos, en contraste coa Fundación Celso Emilio Ferreiro, e laméntase que Blanco Amor non dispoña dunha institución sendo un dos principais mentores literarios da nosa nación.

Valcárcel, Marcos, 'Tamén foi a república dos poetas/Pan por pan', *Galicia Hoxe/La Región*, 'Andoliña/Opinión', 13 abril 2004, p. 64/59.

Sérvese das xornadas que se van celebrar no Liceo de Ourense nun intento de rescatar a figura de Felipe Fernández Armesto para reflexionar sobre unha das épocas nas que viviu, a Segunda República. Coméntase que foi o tempo no que agromaron novas ideas, proxectos e se abriu unha fiestra para os intelectuais, pero tamén para todas as persoas que viñan dun momento de monarquía absoluta e ditatorial.

Valcárcel, Marcos, 'Cando fracasan as democracias', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 16 abril 2004, p. 64.

Lémbrase a etapa da Segunda República como unha época de liberdades que significou para os intelectuais un trunfo da súa moral, un momento de novos proxectos e de grande esperanza posta no futuro e no traballo. Non se esquece que tamén foi o momento para que membros da intelectualidade do momento se sentisen decepcionados e visen a necesidade de reclamar un certo elitismo. Destácase entre eles ao galeguista Roberto Blanco Torres, xornalista, poeta e un dos creadores da publicación agrarista *La Zarpa*.

Valcárcel, Marcos, 'A novela Montedemo', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 16 abril 2004, p. 69.

Laméntase que o público galego non se achegue ás obras portuguesas na súa versión orixinal, pero é un realidade e por esta razón acóllese de bo grao a tradución da novela curta *Montedemo* da escritora Hélia Correia (Lisboa, 1949), unha das voces máis destacadas das letras lusitanas. Explícase que a través dunha sinxela historia acontecida nunha vila da costa portuguesa se desenvolve unha narrativa que destaca polo carácter popular e pola habilidade para describir sensacións e sentimentos. Lémbrase que o autor da tradución é Xavier Baixera e que se publica en *Xerais* na súa colección de Peto.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 16 abril 2004, p. 67.

Faise eco dunha conferencia impartida polo profesor Alonso Montero no Liceo de Ourense onde falou da pegada marxista nos anos trinta en autores galeguistas. Enuméranse as figuras que se sentiron atraídas polas teses de Marx e Engels, como Luís Seoane, Xaime Quintanilla, Luís Tobío, Luís Manteiga, o primeiro Fole e incluso se nomea a Castelao, que asinou algunhas páxinas de prendida admiración pola URSS, aínda que o articulista considera que estaría máis próximo pola solución ideal dos problemas que polo proxecto económico.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 18 abril 2004, p. 67.

Sucinto artigo no que se lembra que durante a época da Segunda República houbo certos membros da intelectualidade que defenderon un certo elitismo. Recoñécese que sempre se cita a Ortega y Gasset, pero dentro do galeguismo podemos atopar a figura de Roberto Blanco Torres, quen afirmou que "toda masa é irresponsable e sentimental".

Valcárcel, Marcos, 'Auria das augas', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 19 abril 2004, p. 56.

Lémbrase a relación que a cidade de Ourense ten coa auga aquela que nace nas famosas Burgas e a do río Miño que baña a cidade. Cítase a Florentino Cuevillas, quen dicía que as raíces da urbe ourensá estaban ao redor destas augas termais, e lémbrase que tanto el como Fermín Bouza Brey escribiron sobre os mitos da auga da propia cidade. Remátase por citar que o río foi público privilexiado de todos os cambios que se produciron ao longo dos moitos anos de existencia de Ourense.

Valcárcel, Marcos, 'Montedemo, de Hélia Correia', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 20 abril 2004, p. 64.

Comézase expresando o desexo de que o lector galego se achegase ás obras dos autores portugueses na súa propia lingua, pero recoñécese que isto está lonxe de conseguirse fóra dun minúsculo grupo de persoas. Felicítase a tradución de Xavier Rodríguez Baixeras do libro da escritora portuguesa Hélia Correia (Lisboa, 1949) *Montedemo* (Ed. Xerais), da que se di que é unha das voces femininas máis importantes das letras lusas na actualidade. Coméntase que se trata dunha novela curta chea de simbolismo na que se narra un breve

suceso acometido nunha romaría e toda a falsidade do pobo labrego e mariñeiro. Destácase a expresión áxil e popular que se mantén na tradución.

Valcárcel, Marcos, 'Autores galegos en 'Triunfo', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 24 abril 2004, p. 72.

Recórdase o papel xogado en España pola revista *Triunfo* nos últimos anos da ditadura do Xeneral Franco. Relaciónase a vida da publicación co mundo galego ao que nunca estivo alleo xa que nela colaboraron escritores da altura de Eduardo Blanco Amor, Xesús Alonso Montero, Ramón Chao, Javier Alfaya ou Xosé Luís Méndez Ferrín, entre outras moitas firmas. Lémbrase que se mantivo tamén aberta aos novos valores e a aquelas figuras xa recoñecidas pero que vivían no exilio como Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Celso Emilio Ferreiro ou Luís Seoane.

Valcárcel, Marcos, 'Un libro de poemas a Laura', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 11 maio 2004, p. 64.

O autor recolle o orixinal agasallo que un home lle fai á muller coa que vai casar, Laura, un libro de poemas. O protagonista fai unha escolma de poesías de autores galegos, acompañados de ilustracións de Menchu Lamas e Antón Patiño.

Valcárcel, Marcos, 'Neruda, Avilés, Whitman', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 27 maio 2004, p. 64.

Faise unha comparación de dúas poesías de Pablo Neruda e Avilés de Taramancos, para destacar a influencia do autor chileno no galego. Finalmente, conclúe que ambos os dous estiveron influenciados por Walt Whitman.

Valcárcel, Marcos, 'Unha voz polifónica e xigantesca', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 31 maio 2004, p. 56.

Felicítase a edicións Xerais pola reedición comentada das obras de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912 - Vigo, 1979), destacando a importancia de iniciativas semellantes para coñecer a un autor que publicaba en revistas periódicas ou que reeditaba poemas dos seus libros soltos con variantes.

Valcárcel, Marcos, 'A ferida sen curar de Celso Emilio', *Galicia Hoxe*, 1 xuño 2004, p. 64.

A relectura de *Viaxe ao país dos ananos*, de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912 - Vigo, 1979), permítelle ao autor afirmarse na vixencia da obra, que considera unha crítica "dos que pensan que o mundo está ben", e cuestionarse sobre o orixe do sarcasmo do autor.

Valcárcel, Marcos, 'O redondismo céltico de Faílde', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 4 xuño 2004, p. 64.

Céntrase na figura do escultor Antón Faílde, facendo un percorrido polos seus gustos artísticos e polo que López Cid e Nina Epton dixeron sobre el.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 6 xuño 2004, p. 75.

O autor fantasea coa posibilidade de vivir a vida ao sentido inverso, nacer vello e morrer neno, e conclúe por recordar que ese é o argumento de "O neno suicida", conto de Rafael Dieste (Rianxo, 1889 - 1981), e o dun anuncio de televisión.

Valcárcel, Marcos, 'Un anuncio e un conto de Dieste', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 7 xuño 2004, p. 56.

Imaxina a idea dunha vida ao revés, que comezase coa vellez e finalizase coa infancia, e comenta cómo Rafael Dieste utiliza este tema nun dos seus contos e cómo o fan os publicitarios nun anuncio.

Valcárcel, Marcos, 'As andainas políticas de Lamas', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 9 xuño 2004, p. 64.

Rememora a obra de Valentín Lamas Carvajal *O Tío Marcos da Portela,* onde se entende que están unhas fabulosas páxinas xornalísticas nas que se retrata aos políticos comparándoos con lobos que nunca se morden uns a outros, senón que só se deteñen nos cartos das persoas. Lémbrase que dentro deste pouso pesimista, Lamas entendía que a redención da Terra podía chegar se os mestres se desen conta das necesidades da mesma e uniran o seu labor profesional e a loita por Galicia, só así este país tería salvación.

Valcárcel, Marcos, 'Lamas e a esperanza dos mestres', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 10 xuño 2004, p. 64.

Rescátanse algunhas reflexións de Lamas Carvajal, recollidas *n'O Tío Marcos da Portela*. Alúdese á súa opinión de que os mestres deberían ser un dos motores da galeguización cultural.

Valcárcel, Marcos, 'Contos da Cábila', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 11 xuño 2004, p. 85.

Destácase a tradución para o galego dun libro de Antonio Pereira (Vilafranca do Bierzo, 1923) que sae á rúa baixo o título de *Contos da Cábila. Fabulacións no país do Bierzo*. Sinálase que nestes relatos memorialísticos nos que se recrea un mundo próximo e cheo de

verdade e comicidade tamén se pode observar unha certa proximidade a Silvio Santiago ou a algunhas obras de Julio Llamazares. Felicítase a labor do tradutor Xesús Carballo Soliño que foi quen de captar a sensibilidade do texto coa riqueza do léxico empregado.

Valcárcel, Marcos, 'Tamén inventou a publicidade en galego', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 11 xuño 2004, p. 64.

Recórdase a figura normalizadora de Valentín Lamas Carvajal, sempre a favor da lingua galega, como así o demostra o feito de que foran nas páxinas do seu xornal onde apareceu por primeira vez en galego unha necrolóxica dedicada a Rosalía de Castro e os primeiros anuncios nesta lingua. Enténdese que foi o pai do xornalismo en galego e que sempre reivindicou a necesidade de falar con orgullo a lingua galega, para o que consideraba necesario a súa total integración en todos os ámbitos, como nos xornais, aos que pedía que cando menos tivesen unha sección en galego.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 11 xuño 2004, p. 83.

Sucinto artigo no que se pretende dar conta das andainas políticas de Valentín Lamas Carvajal que estudaron os autores Xavier Castro e Jesús de Juana. Xustifícase o seu titubeo político despois do fracaso republicano e o seu achegamento á causa liberal non só por razóns ideolóxicas, senón tamén por problemas económicos unha vez que se fundara o xornal *El Miño* que lle restou lectores.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 12 xuño 2004, p. 75.

Lémbrase a Valentín Lamas Carvajal e enténdese que a súa figura foi clave para a normalización do galego, especialmente no ámbito xornalístico. Recórdase que este persoeiro foi o primeiro en reclamar unha sección nos xornais en galego, pediu que a xente non sentise vergoña ao falar galego e esixía a normalización da lingua dende as páxinas do seu xornal *Heraldo Gallego* e despois en *O tío Marcos da Portela*. Enténdese que foi o pai do xornalismo galego.

Valcárcel, Marcos, 'Reformismo e rexionalismo en Lamas', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 12 xuño 2004, p. 64.

Pénsase que Valentín Lamas Carvajal é un precursor nos seus xornais do discurso rexionalista porque é coincidente na súa crítica ao caciquismo, á corrupción da democracia, a excasa alfabetización da poboación e a petición de melloras que reflictan na economía de Galicia. Lémbrase o lema do seu xornal *El Heraldo Gallego,* "Galicia ante todo, Galicia sobre todo", e enténdese que esa era a súa verdadeira preocupación e que a súa figura non pasou desapercibida para Castelao, quen recolleu a imaxe de Galicia como unha vaca muxida, que apareceu por primeira vez en forma literaria n´*O Tío Marcos da Portela* en 1888.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 15 xuño 2004, p. 59.

Lémbrase o moito que lle debe o xornalista en galego a Valentín Lamas Carvajal que con *O tío Marcos da Portela* iniciou unha maneira de facer imitada e continuada en numerosas ocasións. Recórdase que no seu xornal apareceu a primeira necrolóxica en galego dedicada a Rosalía de Castro e os primeiros anuncios tamén en lingua galega.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 16 xuño 2004, p. 67.

Breve reflexión sobre os moitos problemas que ten a sociedade actual. Remite a uns versos do poeta latino Ennio (236-169 a X.C.) nos que se dá a entender que os deuses andan ocupados noutros menestreis e esquecendo a realidade terreal. Recórrese a outros versos do escritor galego Curros Enríquez que dicían en boca de Deus: "se eu fixen tal mundo/ que o demo me leve", versos polos que se recorda que pagou un alto custo.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 17 xuño 2004, p. 75.

Sucinta noticia na que se lembra un episodio narrado por Antón Tovar no seu *Diario íntimo dun vello revoltado* (Galaxia, 2001). Recorda momentos pasados nos cales escribiu unha elexía a un antigo amor. A través dos seus versos finalízase o artigo para demostrar que aínda segue vivo por medio dos seus versos.

Valcárcel, Marcos, 'Antón Tovar, revolta e autenticidade', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 17 xuño 2004, p. 64.

Laméntase o pasamento de Antón Tovar e recórdase a súa obra e figura como unha das máis importantes plumas da poesía contemporánea, moitas veces esquecida porque el sempre quixo manterse lonxe de modas e cenáculos culturais. Dáse conta da reedición do libro *El tren y las cosas,* do que se entende que é un gran volume escrito en castelán. Considérase que sempre se lembrarán os seus versos e os *Diarios,* considerados xoias memorialísticas de gran densidade conceptual.

Valcárcel, Marcos, 'Os contos de Antonio Pereira', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 18 xuño 2004, p. 64.

Dáse conta da publicación do volume *Contos da Cábila. Fabulacións no país do Bierzo,* un libro da autoría de Antonio Pereira (Vilafranca do Bierzo, 1923) que saíu á luz na Editorial Galaxia. Coméntase que a súa é unha narración con autenticidade e que se aproxima á sensibilidade galega, entre outras cousas pola boa tradución que fixo Xesús Carballo Soliño coa utilización dunha variada fraseoloxía.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 18 xuño 2004, p. 67.

Breve noticia na que se dá conta dunha das anécdotas que o poeta Antón Tovar conta no seu *Diario íntimo dun vello revoltado* (Galaxia, 2001). Nela lembra unha elexía que lle escribiu ao seu primeiro amor. Recórdase que é unha das grandes voces das nosas letras, que aínda que fisicamente xa non estea entre nós perdurará nos seus versos.

Valcárcel, Marcos, 'O tren e as cousas de Tovar', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 19 xuño 2004, p. 64.

Lémbrase o pasamento do escritor Antón Tovar poucos días despois da presentación da reedición do seu primeiro libro lírico, *El tren y las cosas,* publicado por primeira vez no ano 1960 e que naquel momento foi merecente do premio Marina. Recóllese que no seu momento a súa poesía foi loada por figuras tan destacadas como Cunqueiro, Blanco Amor ou Vicente Risco. Finalmente, recórdase que o poeta se instalou no galego e recoméndase a lectura do prolixo poema "Sol amigo" onde aparece unha constante na súa poesía como a morte.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 19 xuño 2004, p. 67.

Breve artigo no que se alarma sobre a situación que vive o galego, especialmente entre a mocidade, onde se ve como algo desfasado e rústico que non paga a pena, segundo o informe elaborado pola Real Academia Galega. Felicítase polo nomeamento do Fiscal Xefe de Galicia Carlos Varela García, comprometido coa lingua, e finalízase coa idea de que para que o galego sexa unha lingua viva no século XXI todos e todas teñen que colaborar.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 22 xuño 2004, p. 59.

Lembra a presenza da muller na obra de Antón Tovar; sinala que este autor dedicou varios poemas a figuras femininas, sobre todo a Xesusa Blanco Fernández, que foi para o escritor como unha segunda nai.

Valcárcel, Marcos, 'Mulleres na poesía de Tovar (1)', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 22 xuño 2004, p. 56.

Valcárcel destaca a presenza das mulleres na obra de Antón Tovar, sacadas da súa vida e entre elas, salienta a figura de Susa, a criada que formaba parte da vida familiar e a quen dedica o poema "A Susa da vella casa" e Tucha, muller que o acompañou desde 1968 ao 2000 e quen lle axudou a saír de numerosos trances; grazas a ela, incluso, escribiu a obra *Diario sen datas*.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 23 xuño 2004, p. 59.

Salienta a importancia que tivo para o poeta Antón Tovar a figura de Tucha, a quen dedicou varios poemas e o libro *O vento no teu colo*. Comenta que ela o axudou a saír de diversas complicacións e que as súas cinzas repousan ao seu carón no cemiterio de San Francisco.

Valcárcel, Marcos, 'Mulleres na poesía de Tovar (2)', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 23 xuño 2004, p. 64.

Comenta a importancia da figura de Tucha na vida do poeta Antón Tovar e indica cales son as obras ou poemas dedicados a ela. Fai referencia ao libro *O vento no teu colo* publicado en 1971, onde aparece un ti amoroso, e a *Berros en baixa voz* de 1990, onde tamén hai referencias a Tucha.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 24 xuño 2004, p. 67.

Fai referencia á revista *Resol*, centrándose na súa andaina nos anos de exilio (1937-38), nos que só saíron dous números. O autor destaca a contribución de Pablo Neruda a esta revista.

Valcárcel, Marcos, 'Mulleres na poesía de Tovar (3)', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 24 xuño 2004, p. 64.

Seguindo co estudo da presenza das mulleres na poesía de Antón Tovar, Valcárcel céntrase neste artigo na figura de Elvira Carballo, un dos seus amores e cuxa ruptura produciu unha caída na vida do escritor. A ela está dedicado o libro *La barca*, composto por catorce poemas e editado en 1973.

Valcárcel, Marcos, 'Mulleres na poesía de Tovar (e 4)', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 25 xuño 2004, p. 64.

Segundo indica Valcárcel, a derradeira muller que acompañou a Antón Tovar nos seus últimos días foi a ucraniana Nadiya Lashko, que el chamaba Naia, e que probabelmente aparece nalgún texto inédito.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 25 xuño 2004, p. 67.

Outra das mulleres da vida de Antón Tovar, segundo comenta Valcárcel, foi Elvira Carballo e, referencias dela pódense atopar no libro de poemas *La Barca*, escrito en 1961. Así mesmo, recolle algúns versos deses poemas.

Valcárcel, Marcos, 'El tren y las cosas', *La Región*, 'Ronsel de libros', 25 xuño 2004, p. 69.

Sinala que tras a morte de Antón Tovar foi presentada a reedición do primeiro volume lírico do escritor *El tren y las cosas* publicado en 1960, cos prólogos asinados por Alonso Montero e Víctor Campio. Valcárcel salienta a importancia desta obra na que o escritor evoca a vida provinciana e no que se reflicte a súa identidade.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 26 xuño 2004, p. 91.

Comenta cal foi a última muller que axudou a Antón Tovar coa enfermidade dos seus derradeiros días. Chamábase Naia, Nadiya Lashko, unha muller ucraniana que foi inmortalizada nun artigo de Carlos Casares.

Valcárcel, Marcos, 'Don Ramón, de novo con Neira Vilas', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 26 xuño 2004, p. 64.

Dá conta dunha homenaxe ofrecida á figura de Neira Vilas no Pazo de Trasalba. Marcos Valcárcel lembra tamén cando Otero Pedrayo viaxou por segunda vez a América e alí foi homenaxeado entre outros, por Neira Vilas e a súa muller Anisia Miranda.

Valcárcel, Marcos, 'Don Ramón e Neira Vilas', *La Región*, 'Ourense', 27 xuño 2004, p. 6.

Salienta Marcos Valcárcel a figura de Otero Pedrayo como un símbolo do exilio e comenta a homenaxe que o grupo Follas Novas lle rendeu en Lugo xunto a outros escritores. Sinala que Otero foi a voz do exilio e que xunto a el, outro escritor, Neira Vilas, soubo recoller a vida dos emigrados. Indica que para recoñecer o seu labor se lle ofrecerá unha homenaxe en Trasalba, en recoñecemento á súa achega nos distintos campos literarios.

Valcárcel, Marcos, 'A xove Galicia', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 28 xuño 2004, p. 56.

Reflexiona sobre a posibilidade que ofrecen os arquivos e os xornais das hemerotecas para viaxar no tempo como se fora nunha máquina do tempo. Desta maneira, regresa a 1860 e destaca un artigo sobre o discurso de apertura na Universidade de Santiago de Compostela a cargo de José Planellas, que aparece na publicación universitaria *La Joven Galicia*.

Valcárcel, Marcos, 'A actriz Rosalía de Castro', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 29 xuño 2004, p. 56.

Salienta a publicación *La Joven Galicia* como vehículo de expresión de numerosos intelectuais galegos do século XIX, entre eles, Ramón Soto, Manuel Murguía, Eduardo Pondal e unha descoñecida Rosalía de Castro, a cal destaca o xornal como unha excelente actriz nunha función teatral realizada a comezos de 1860.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 30 xuño 2004, p. 75.

Comenta a exposición que o Consello da Cultura Galega presenta no Forum Universal das Culturas en Barcelona, baixo o título "O sorriso de Daniel" e indica que a cultura galega debería estenderse máis polo mundo.

Valcárcel, Marcos, 'A primeira guerra de África', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 30 xuño 2004, p. 72.

Fala sobre a publicación de *La Joven Galicia* do século XIX, concretamente de1960. Destaca os numerosos artigos que aparecen neste xornal sobre a Guerra de África, os cales insisten sempre no barbarismo e ignorancia dos marroquís fronte a temperanza e mansedume do exército español. Remata dicindo que no xornal aínda non se fala da Illa Pirixel.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 1 xullo 2004, p. 67.

Salienta a figura de Torrente Ballester como un dos mellores escritores do século XX e, a partir dunha anécdota contada polo escritor, Valcárcel comenta o feito de que non sempre os libros recollen aos mellores escritores.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 3 xullo 2004, p. 59.

Dá conta da defensa que Torrente Ballester fixo da literatura fantástica e a crítica polo descoñecemento de autores que escribían noutras linguas, como o catalán Llorenç Villalonga.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Opinión*, 'Cultura', 4 xullo 2004, p. 83.

Comenta a importancia que ten a imaxinación para o desevolvemento dun pobo e indica que algúns criticaron a Cunqueiro ou a Torrente Ballester por practicala na súa literatura.

Valcárcel, Marcos, 'A fantasía, departamento da verdade', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 5 xullo 2004, p. 56.

Reflexiona sobre a importancia da fantasía na literatura galega, centrándose nas figuras de Cunqueiro, Torrente Ballester e Felipe Fernández Armesto. Estes tres escritores resaltan a importancia do elemento fantástico na literatura dun país, así comparan que un país de escritores de ciencia ficción é tamén un país de inventores, de homes de ciencia.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 13 xullo 2004, p. 51.

Con motivo do curso de verán que se celebra en Celanova baixo o título "Cine e a literatura: Casares e o cine", Valcárcel comenta a importancia de estudar a relación entre ambos e salienta a obra de Casares *Ilustrísima* na que se reflicte a chegada do cine á sociedade ourensá.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Opinión', 14 xullo 2004, p. 67.

Comenta que a obra *Ilustrísima*, de Carlos Casares, foi a primeira novela galega que tratou o tema do mundo do cine e relata cómo a Casares lle xurdiu a idea de escribir esta obra a partir dunha conversa con Otero Pedrayo.

Valcárcel, Marcos, 'Ilustrísima, Otero, Barbagelatta', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 14 xullo 2004, p. 64.

Marcos Valcárcel fala da obra de Carlos Casares, *Ilustrísima*, co gallo dun curso de verán sobre o "Cine e a literatura: Casares e o cine". Insiste na achega deste escritor ao mundo do cine e a literatura, e lembra o argumento da obra, que trata sobre a chegada a Ourense do primeiro cinematógrafo e o seu enfrontamento co estamento clerical.

Valcárcel, Marcos, 'Casares, produto audiovisual', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 15 xullo 2004, p. 63.

Dá conta da celebración do curso de verán "Carlos Casares: Literatura e Cine", organizado pola Universidade de Vigo e a Fundación Carlos Casares. Marcos Valcárcel tamén insiste na posibilidade de que numerosas obras de Casares (*Os escuros soños de Clío*, *Ilustrísima*, *Vento Ferido*...) poidan ser levadas á pantalla, e di que só falta que apareza un produtor intelixente.

Valcárcel, Marcos, 'De aquén e de alén mar', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 16 xullo 2004, p. 64.

Refírese ao remate do programa *Galicia e Iberoamérica: Un mundo literario,* organizado polo PEN Clube de Galicia no ciclo "Escritores no Camiño / Writers on the Road", ao que asistiron vinte e catro escritores iberoamericanos, entre eles Nélida Piñón, Horacio Vázquez Rial, Horacio Armani, María Esther Vázquez, Alexei Bueno, Iván Junqueira, Marcos Ricardo Barnatán e Napoleón Baccino Ponde de León. Felicita ao equipo organizador polo interese das comunicacións e mesas redondas e o agradábel clima de confraternización, e salienta como un dos momentos máis emocionantes a homenaxe diante da Casa Museo de Rosalía en Padrón, onde Méndez Ferrín lembrou todos os significados da obra da poeta, Esther Vázquez e Napoleón Baccino lembrárona "con acentos de saudade", e Xesús Rábade e Helena Villar leron algúns poemas.

Valcárcel, Marcos, 'Escritores no camiño', *La Región*, 'Sociedad', 17 xullo 2004, p. 61.

Marcos Valcárcel refírese ao remate do programa *Galicia e Iberoamérica: Un mundo literario* organizado polo PEN Clube de Galicia no ciclo "Escritores no Camiño / Writers on the Road", ao que asistiron vinte e catro escritores iberoamericanos, entre eles Nélida Piñón, Horacio Vázquez Rial, Horacio Armani, María Esther Vázquez, Alexei Bueno, Iván Junqueira, Marcos Ricardo Barnatán e Napoleón Baccino Ponde de León. Felicita ao equipo organizador polo interese das comunicacións e mesas redondas e o agradábel clima de confraternización, e salienta como un dos momentos máis emocionantes a homenaxe diante da Casa Museo de Rosalía en Padrón, onde Méndez Ferrín lembrou todos os significados da obra da poeta, Esther Vázquez e Napoleón Baccino lembrárona "con acentos de saudade", e Xesús Rábade e Helena Villar leron algúns poemas. Apunta tamén que nesa xornada se presentou o volume *Poesía brasileira hoxe*, unha escolma preparada polo poeta, crítico e ensaísta Alexei Bueno.

Valcárcel, Marcos, 'Escritores galegos no cine/Pan por pan', *Galicia Hoxe/La Región*, 'Andoliña/Cultura', 17 xullo 2004, p. 64/67.

Marcos Valcárcel apunta que foron os escritores nacidos en Galicia de expresión castelá os que tiveron máis sorte nas adaptacións das súas obras ao cinema e á televisión, entre eles Emilia Pardo Bazán, Valle-Inclán, Camilo José Cela, Wenceslao Fernández Flórez ou Torrente Ballester, conseguindo así ter certa repercusión como demostra o feito de que Torrente Ballester deixou de ser un escritor de minorías. Recoñece que a literatura galega e o mundo do cinema viviron sempre de costas, sobre todo pola inexistencia dunha industria audiovisual até finais do século XX, un proceso que está a cambiar na actualidade e autores como Manuel Rivas, Suso de Toro e Alfredo Conde ven as súas obras nas pantallas. Conclúe sinalando que cando falar de cinema era só un soño, algúns realizadores adaptaron textos de Castelao, Ánxel Fole ou de Ferrín, e que hoxe, contando xa cunha industria audiovisual galega, cómpre facer realidade aquela utopía.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 18 xullo 2004, p. 67.

Anuncia a aparición dun texto inédito de Otero Pedrayo nun armario da Casa Grande de Cima de Vila en Trasalba, titulado *Historia Universal del Arte*, un encargo editorial redactado cara a 1966 e 1967 que vén de publicar Galaxia. Sinala que nesas 700 páxinas a viaxe artística de Otero Pedrayo remata cun breve capítulo sobre o cinema, trece páxinas "tan oterianas como singulares" nas que afirma que o cinema lle parece demasiado gratuíto e ilusionista, fai breves comentarios sobre Griffith, Cukor, Cocteau, Charlot e Ford e declara a súa paixón pola película *Hiroshima, mon amour.*

Valcárcel, Marcos, 'Ángel Lázaro Machado', *La Región*, *'Lecer'*, 18 xullo 2004, p. 6.

Lamenta que en 2000 quedase esquecido a ollos das institucións e de particulares o centenario do nacemento do escritor Ángel Lázaro Machado, que naceu en Ourense en xaneiro de 1900. Resume algunhas referencias á súa figura, obra de Alvarado, quen deu conta na prensa local en outubro de 1986 da morte do escritor, acaecida en Madrid en febreiro de 1985; de José Luís López Cid, Maribel Outeiriño e Manuel Blanco Guerra, que lembraron en diversas ocasións a súa figura. A seguir, sinala que Ángel Lázaro iniciou a súa andaina como poeta co libro *El remanso gris*, publicado na Habana en 1921, que contén versos de temática ourensá, lembranzas que tamén recuperou en *El molino que no muele* (1931); *Romances de Cuba y otros poemas* (1937) e *El español de dos riberas* (1955), arredor da emigración; e *Sangue de España* (1941), sobre a traxedia da guerra civil española. Cita tamén outras obras do escritor e as amizades que mantivo con Unamuno, Benavente, Marañón, Alberti e os irmáns Machado. A respecto da súa achega ás letras galegas menciona *Lonxe* (1955), libro do que recolle a definición de Otero Pedrayo: "o máis ourensán dos que se teñan escrito", e salienta que se trata dun conxunto de trinta e un cantos que evocan a xeografía de Ourense e os días infantís de vendimas e magostos, estabelecendo un diálogo con Rosalía de Castro a través da cantiga popular "Moucho, que estás no penedo". Completa o artigo unha biografía máis detallada do escritor.

Valcárcel, Marcos, '¿Gustaba Pedrayo do cine?', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 19 xullo 2004, p. 56.

A propósito dunha afirmación que expresou outro día neste espazo e na que sinalaba que a Otero Pedrayo non lle gustaba o cinema, Marcos Valcárcel sinala que existen opinións diferentes entre os estudosos da súa obra. Así, Méndez Ferrín afirma que lle gustaba o cinema e que ía en ocasións; porén Claudio Rodríguez Fer rescatou un artigo publicado en 1958 en *Vida Gallega* abondo despectivo co mundo do cinematógrafo e chegou a falar dun odio de Pedrayo e Risco polo cinema. Comenta que Otero preparou para o produtor Cesáreo González un guión de cinema no ano santo de 1954 sobre as peregrinacións a Compostela, pero que nunca se fixo; e que nun texto inédito que apareceu recentemente nun armario da Casa Grande de Cima de Vila en Trasalba, titulado *Historia Universal del Arte*, un encargo editorial redactado cara a 1966 e 1967 que vén de publicar Galaxia, remata cun breve capítulo sobre o cinema, trece páxinas "tan oterianas como singulares" nas que afirma que o cinema lle parece demasiado gratuíto e ilusionista, fai breves comentarios sobre Griffith, Cukor, Cocteau, Charlot e Ford e declara a súa paixón pola película *Hiroshima, mon amour*.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 20 xullo 2004, p. 51.

Comenta a distancia que mantivo o galeguismo cultural de preguerra co mundo do cinema e recolle as declaracións de Antón Fraguas nunha entrevista concedida en 1994: "Coido que todo o mundo ten a ilusión por ler. A necesidade xorde da afición. Na miña vida debín ir ó cine dúas veces, outro tanto ós cafés e nunca fun de "cuchipandas". Os cartos das películas que non vin, están investidos en libros". Contrasta esta opinión coa do seu coetáneo Xoaquín Lorenzo que comprendeu a forza expresiva das imaxes e plasmou o seu labor no documental *O carro e o home*.

Valcárcel, Marcos, 'O cine, Antón Fraguas, Anxel Fole', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 20 xullo 2004, p. 64.

Comenta a distancia que mantivo o galeguismo cultural de preguerra co mundo do cinema e recolle as declaracións de Antón Fraguas nunha entrevista concedida en 1994: "Coido que todo o mundo ten a ilusión por ler. A necesidade xorde da afición. Na miña vida debín ir ó cine dúas veces, outro tanto ós cafés e nunca fun de "cuchipandas". Os cartos das películas que non vin, están investidos en libros". Contrasta esta opinión coa do seu coetáneo Xoaquín Lorenzo, que comprendeu a forza expresiva das imaxes e plasmou o seu labor no documental *O carro e o home,* e tamén coa de Ánxel Fole, que lembra os primeiros filmes que viu no seu Lugo natal no libro de conversas con Casares: "os da casa Pathé, os de Rodolfo Valentino, de indios apaches, o noticiario do naufraxio do *Titanic*". Salienta que o cine foi para el "un refuxio espiritual" durante a posguerra e que prefería o cinema americano (John Ford, Gary Cooper, Marlon Brando) ao español, que lle parecía teatro. Conclúe lembrando que "algúns dos seus contos foron levados á pantalla, pero toda a súa obra é un tesouro á espera para ser transmutada en cine e contar así en imaxes a nosa visión do mundo".

Valcárcel, Marcos, 'Curros Enríquez e o seu tempo', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 26 xullo 2004, p. 64.

Lembra a celebración do Iº Congreso Internacional "Curros Enríquez e o seu tempo", que tivo lugar en Celanova entre o 13 e o 15 de setembro de 2001, organizado polo Consello da Cultura Galega, con motivo de se cumprir o sesquicentenario do seu nacemento. A seguir alude á recente publicación das actas daquel congreso en dous volumes, a cargo de Alonso Montero, Henrique Monteagudo e Begoña Tajes, unha obra que xunto a *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez* (1998), de Elisardo López Varela, "permítennos xa falar dun Curros case definitivo".

Valcárcel, Marcos, 'Curros, pastor e evanxelista', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 27 xullo 2004, p. 56.

Cita unha intervención interesante que se produciu no marco do Iº Congreso Internacional "Curros Enríquez e o seu tempo", que tivo lugar en Celanova entre o 13 e o 15 de setembro de 2001, e do que acaban de aparecer as actas: a de Patrocinio Ríos Sánchez arredor da biografía do poeta e a súa relación co protestantismo en Madrid en 1870. Salienta que grazas aos datos achegados por este investigador, confírmase que Curros, aos dezaoito anos, figurou como evanxelista na primeira Igrexa Bautista creada en Madrid entre os comezos de 1870 e o mes de setembro, o cal desmente que residise en Londres nesas mesmas datas.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 27 xullo 2004, p. 51.

Refírese á celebración do Iº Congreso Internacional "Curros Enríquez e o seu tempo", que tivo lugar en Celanova entre o 13 e o 15 de setembro de 2001, organizado polo Consello da Cultura Galega con motivo de se cumprir o sesquicentenario do seu nacemento. A seguir alude á recente publicación das actas daquel congreso en dous volumes, a cargo de Alonso Montero, Henrique Monteagudo e Begoña Tajes, dos que apunta a "beleza e nobreza da edición".

Valcárcel, Marcos, 'Lecturas de 'O divino sainete'', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 28 xullo 2004, p. 64.

Recupera a intervención de X.L. Méndez Ferrín no marco do Iº Congreso Internacional "Curros Enríquez e o seu tempo", que tivo lugar en Celanova entre o 13 e o 15 de setembro de 2001, arredor de *O divino sainete*, unha obra na que recoñeceu a influencia das fontes clásicas da sátira grecolatina e o espírito rabelesiano, e que abriu pontes ás estéticas esperpénticas de Valle-Inclán. Recolle tamén a opinión de Anxo Angueira que, na liña da lectura de Ferrín, subliñou que *O divino sainete* contextualiza o Rexurdimento galego desde a autoparodia e constrúe unha obra plenamente moderna.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 28 xullo 2004, p. 59.

A propósito da publicación das actas do Iº Congreso Internacional "Curros Enríquez e o seu tempo", que tivo lugar en Celanova entre o 13 e o 15 de setembro de 2001, recupera algúns dos datos que achegou o investigador Patrocinio Ríos Sánchez arredor da biografía do poeta e a súa relación co protestantismo. Salienta que coa axuda de documentos definitivos demostrou que Curros, aos dezaoito anos, figurou como evanxelista na primeira Igrexa Bautista creada en Madrid entre os comezos de 1870 e o mes de setembro, o cal desmente que residise en Londres nesas mesmas datas.

Valcárcel, Marcos, 'A lira lusitana de Curros', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 29 xullo 2004, p. 64.

Refírese aos aspectos apuntados por Gregorio San Juan na súa intervención no Iº Congreso Internacional "Curros Enríquez e o seu tempo", do que veñen de aparecer as actas, arredor da paixón de Curros pola literatura portuguesa e o seu labor de lector, tradutor e imitador de Guerra Junqueiro. Ademais, menciona os traballos de Pilar Vázquez Cuesta, que recupera sete cartas de Curros a António Feijó; e de Inmaculada López Silva, que se refire ás versións teatrais que realizou o celanovés de Pinheiro Chagas. Conclúe citando un artigo que Curros publicou en 1893 en *El Correo de Celanova*, definindo como absurda e artificial a fronteira con Portugal e chamando a derrubar esa raia que separa irmáns.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 29 xullo 2004, p. 59.

Recupera a intervención de X.L. Méndez Ferrín no marco do Iº Congreso Internacional "Curros Enríquez e o seu tempo", que tivo lugar en Celanova entre o 13 e o 15 de setembro de 2001, arredor de *O divino sainete*, unha obra na que recoñeceu o modelo da farsa grotesca e carnavalesca posterior e as influencias da sátira grecolatina.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 30 xullo 2004, p. 73.

Refírese aos aspectos apuntados por Gregorio San Juan, Pilar Vázquez Cuesta e Inmaculada López Silva nas súas intervencións no Iº Congreso Internacional "Curros Enríquez e o seu tempo", do que veñen de aparecer as actas, arredor da paixón de Curros pola literatura portuguesa e a súas relacións con Guerra Junqueiro, António Feijó e Pinheiro Chagas.

Valcárcel, Marcos, 'Vogar de couse, mar e vida', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 31 xullo 2004, p. 64.

Tras apuntar que o mar é parte substancial da nosa memoria poética, como demostra a obra de Avilés de Taramancos, dos trobadores medievais, de Bernardino Graña, Ferrín, Xohana Torres, Darío Xohán Cabana ou Miro e Rafa Villar, refírese á súa presenza nos versos de *Vogar de couse*, de Alexandre Nerium, que mereceu en 2002 o Premio Johán Carballeira *ex aequo* e que vén de aparecer da man de Espiral Maior. Menciona que Alexandre Nerium é o pseudónimo literario de Francisco Manuel López Martínez, un poeta fisterrá que presidiu o Batallón Literario da Costa da Morte. Valora a rotundidade dos seus versos, o emprego de ritmos e metros clásicos e a aparición de temas como o mar, a loita pola vida, a saudade, o paso do tempo, a ameaza da destrución e a anguria do descoñecido.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 31 xullo 2004, p. 91.

Arredor da paixón de Curros Enríquez polas letras portugueses e o seu contacto epistolar cos escritores lusos daquela época, Marcos Valcárcel apunta que nun artigo que Curros publicou en 1893 en *El Correo de Celanova* definía como absurda e artificial a fronteira con Portugal e chamaba a derrubar esa raia que separa irmáns e os converte en estranxeiros.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 1 setembro 2004, p. 59.

Sinala que Curros Enríquez amou fondamente as letras portugueses e mantivo un intenso contacto epistolar cos principais escritores lusos daquela época. Marcos Valcárcel recolle unhas palabras que Curros escribiu nun artigo publicadou en 1893 en *El Correo de Celanova* pedindo que se destruíse a "raia que separa como un muro de odio unha familia de irmáns, convertíndoa en estranxeira".

Valcárcel, Marcos, 'Robert Capa e Castelao en Salamanca', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 3 setembro 2004, p. 64.

A propósito dunha exposición que ten lugar no Arquivo Histórico da Guerra Civil de Salamanca, Marcos Valcárcel comenta que de Robert Capa se ten dito que foi o mellor fotógrafo de guerra do mundo e que cubriu a Guerra Civil española e a Segunda Guerra Mundial, a guerra israelí da independencia ou a guerra francesa en Indochina. Sinala tamén que a mostra, que recolle parte das imaxes de Capa, vai acompañada doutra da guerra española na que a única presenza galega é un panel monográfico co álbum *Atila en Galicia*, de Castelao.

Valcárcel, Marcos, 'O esquecido Alexandre Cribeiro', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 4 setembro 2004, p. 64.

Dá conta da publicación en Edicións Xerais dunha biografía de Xosé Alexandre Cribeiro realizada por Miro Villar. Sinala que se trata dun integrante do grupo Brais Pinto, cuxa traxectoria quedou esquecida a pesar de contar cunha valiosa obra poética e unha entrega constante ao seu país. Da súa biografía apunta que foi fillo dun mestre galeguista e que se relacionou dende moi novo con Méndez Ferrín, Herminio Barreiro e Bernardino Graña; que estivo vencellado co mundo do cine e da televisión e que "el mesmo declaraba nos seus últimos anos sentirse frustrado e cometer o erro de non facer cine, absorto en traballos burocráticos e de xestión. Polo camiño quedaron fanados vizosos proxectos como o guión de *1942*, reconvertido logo nunha novela inédita sobre o mundo da guerrilla galega". Conclúe sinalando que a biografía de Miro Villar ofrece datos de interese como o labor de Ben-Cho-Shey e Borobó entre a colectividade galega de Madrid, decantada cara ao conservadorismo e o franquismo.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 5 setembro 2004, p. 67.

Recolle varias novas relacionadas con Celso Emilio Ferreiro e Curros Enríquez como a recente edición dos tomos do Congreso Internacional sobre Curros e da poesía galega completa de Celso Emilio, "dúas das publicacións máis importantes do noso mundo cultural nos últimos tempos"; e a existencia da Casa dos Poetas na casa familiar de Curros. Sinala que nesta institución se honrará ao escultor Acisclo Manzano, ao que cualifica como un dos mellores artistas contemporáneos.

Valcárcel, Marcos, 'Curros, Celso Emilio, Celanova', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 6 setembro 2004, p. 56.

Recolle varias novas relacionadas con Celso Emilio Ferreiro e Curros Enríquez como a recente edición dos tomos do Congreso Internacional sobre Curros e da poesía galega completa de Celso Emilio. Alude ao recente vinte e cinco aniversario da morte de Celso Emilio, ao que define como a porta para varias xeracións á cultura galega a través dos seus versos e das versións da Nova Canción Galega. Refírese tamén ao acto de entrega do

Premio Casa dos Poetas 2004 ao escultor Acisclo Manzano, ao que cualifica como un dos mellores artistas contemporáneos vivos.

Valcárcel, Marcos, 'A vida como luz e beleza', *La Región/Atlántico Diario* , 'Sociedad', 10 setembro 2004, p. 80.

Homenaxe ao poeta Manuel María a partir duns versos recollidos na escolma portuguesa *99 poemas de Manuel María* (1972). Extraídos da "Canción para hora de morrer", que pecha a selección, os versos citados comezan coa exhortación "A vida ten que ser luz e beleza". O poeta incita a cultivar a verdade, a comprensión, a irmandade e a pureza para deixar atrás a dimensión negativa da existencia.

Valcárcel, Marcos, 'A vida ten que ser luz e beleza', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 10 setembro 2004, p. 64.

Recupera unha lembranza persoal relacionada cos primeiros poetas que leu no instituto de Ourense no que estudaba: Celso Emilio Ferreiro e Manuel María, onde se gardaban a *Autoescolha poética*, do primeiro, e *99 poemas de Manuel María*, ambos volumes publicados en 1972 en Porto. Apunta que os versos destes dous escritores acompañaron toda a súa biografía e posteriormente tivo ocasión de tratar a Manuel María e recibir as súas cartas. Salienta que o poeta chairego tivo ocasión de ver recollida a súa obra na edición da súa *Obra poética completa* que preparou Camilo Gómez Torres en 2001, o mesmo ano no que Manuel María sufriu un debilitamento da súa saúde que lle impediu acudir á homenaxe a Curros que se celebrou na Coruña diante da estatua de Asorei. Conclúe afirmando que "Manuel María entra na historia da nosa poesía e con el vaise o neno que eu fun cando descubría o país desde os seus versos".

Valcárcel, Marcos, 'Manuel María, lembranza dende Auria', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 11 setembro 2004, p. 64.

Sinala que Manuel María mantivo amizade con Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro e Eduardo Blanco Amor, e sobre este último escribiu un texto para o libro *O fillo da florista. 34 retratos de EBA,* onde o definía como un ser humano excepcional. Apunta tamén que en Auria vive o seu sobriño Benito Losada e as súas amigas Pura e Dora Vázquez, e que moitas das súas vivencias están asociadas a ese espazo, como a súa participación nas Mostras de Teatro de Abrente en Ribadavia, a súa relación con xentes do nacionalismo como o poeta Millán Picouto e o artista Xosé Lois González "O Carrabouxo" ou a súa colaboración coa revista *Follas secas,* da man de Xosé M. del Caño, autor dun libro de entrevistas co escritor que se publicou en 1990. Refírese tamén á devoción que sentía Manuel María polos "toliños ourensáns" como Xan da Coba e Paco Roque, aos que dedicou moitas páxinas; aos seus versos ourensáns, en volumes como *O Miño canle de luz e néboa* (1996) ou no *Cantigueiro de Orcellón* (1984), publicado co seu heterónimo E.A. Reque Varela e ilustrado por Felipe Senín. Finaliza apuntando que el mesmo o convidou na súa

derradeira visita cultural a Auria para participar nun recital poético de homenaxe a Alexandre Bóveda que tivo lugar en xuño de 2003 no Liceo ourensán.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 11 setembro 2004, p. 75.

Sinala que Manuel María gozou da amizade de Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro e Eduardo Blanco Amor, e sobre este último escribiu que era un ser humano excepcional. Apunta tamén que en Auria vive o seu sobriño Benito Losada e as súas amigas Pura e Dora Vázquez, e que moitas das súas vivencias están asociadas a ese espazo, como a súa participación nas Mostras de Teatro de Abrente en Ribadavia ou a súa colaboración coa revista *Follas secas,* da man de Xosé M. del Caño, autor dun libro de entrevistas co escritor. Refírese tamén á devoción que sentía Manuel María polos tipos curiosos ourensáns como Xan da Coba e Paco Roque, e aos seus versos ourensáns, que conteñen volumes como *O Miño canle de luz e néboa* (1996) ou no *Cantigueiro de Orcellón* (1984), publicado co seu heterónimo E.A. Reque Varela.

Valcárcel, Marcos, 'Poeta para construír unha patria', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 13 setembro 2004, p. 56.

Dá conta de cómo transcorreu o enterro de Manuel María respectando a vontade do poeta: soou a *Alborada*, de Pascual Veiga; a *Negra sombra*, a *Marcha procesional do Antigo Reino de Galiza*, interpretadas pola Banda de Sober dirixida por Luís F. Guitián. Apunta tamén que a misa foi oficiada en galego por Alfonso Blanco Torrado e que Miguel Anxo Fernán-Vello leu os versos dedicados á súa compañeira Saleta perante varios milleiros de galegos e galegas que se xuntaron para despedir o "poeta da nación". De feito afirma que "poucas veces vimos xuntas tantas e tan plurais xentes da cultura galega, arredor dunha común emoción e verdade". Cita algúns dos seus poemarios, como *O Miño canle de luz e néboa* (1996), un dos seus últimos títulos, e *Poemas para construír unha patria* (1977), que define o seu horizonte vital, e conclúe apuntando que coa morte de Manuel María remata unha época que el simboliza e co desexo de que no futuro non falten os poetas.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 17 setembro 2004, p. 67.

Refírese a *Pelerinaxes*, o libro con prosas de Ramón Otero Pedrayo e debuxos de Risco, que conta a viaxe realizada con Ben-Cho-Shey a pé e en coche desde Ourense a Santo Andrés de Teixido en xullo de 1927 e da que se cumpren setenta e cinco anos da súa edición. Recolle palabras de Maribel Outeiriño nas que sinala que este debería ser un dos nosos grandes roteiros culturais e que se algún día chega a facerse pide que se complete cunha cea feudal en Monterroso.

Valcárcel, Marcos, "Pelerinaxes' don Ramón e xamón', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 17 setembro 2004, p. 64.

Con motivo de se cumprir setenta e cinco anos da edición pola Editorial Nós de *Pelerinaxes*, o libro con prosas de Ramón Otero Pedrayo e debuxos de Risco que conta a viaxe realizada en sete xornadas con Ben-Cho-Shey a pé e en coche desde Ourense a Santo Andrés de Teixido en xullo de 1927. Cualifica o libro como unha pequena xoia da nosa literatura de viaxes, sinala que conta cun limiar e uns debuxos de Vicente Risco e que nese texto permanece viva a forza das mellores prosas de Otero "que expón a súa filosofía do camiño e a necesidade de sentir o decorrer, o devenir, o "elan", os grados de perfeizón". Comenta tamén que este debería ser un dos nosos grandes roteiros culturais e que se algún día chega a facerse pide que se complete cunha cea feudal en Monterroso.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 18 setembro 2004, p. 75.

Refírese a *Pelerinaxes* (1929), de Ramón Otero Pedrayo que cualifica como unha pequena xoia da nosa literatura de viaxes. Sinala que conta cun limiar e uns debuxos de Vicente Risco e que nese texto permanece viva a forza das mellores prosas de Otero "que expón a súa filosofía do camiño e a necesidade de sentir o decorrer, o devenir, o "elan", os grados de perfeizón".

Valcárcel, Marcos, 'O sentido do tempo da botica', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 18 setembro 2004, p. 64.

Refírese ao limiar escrito por Vicente Risco para a obra de Otero Pedrayo *Pelerinaxes* (1929) e recolle a idea alí expresada de que eles non querían ser confundidos con turistas nin con veraneantes e non o eran porque "Otero, Risco e Ben-Cho-Shey coñecían o sentido do tempo paisano, que diría don Ramón, o tempo da botica, o devalar das conversas no perruqueiro, o ritmo pracenteiro do xantar na pousada". Considera que *Pelerinaxes* é un libro moi moderno que responde á modernidade manifesta na concepción narrativa da viaxe de Otero e á súa capacidade de observación e de integración do relato coa propia viaxe e coa historia. Conclúe afirmando que "traducido a outros idiomas, *Pelerinaxes* sería hoxe considerada unha obra plenamente moderna".

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 19 setembro 2004, p. 75.

Dá conta da súa asistencia ás xornadas de estudo dedicadas a Xulián Magariños Negreira con motivo de se celebrar o centenario do seu nacemento. Sinala que é un autor pouco coñecido, en parte porque morreu aos vinte e nove anos, aínda que deixou unha interesante obra xornalística e dúas novelas curtas. Menciona especialmente *O kalivera 30 HP*, que trata dun home empeñado en mercar un automóbil ao que todo lle sae mal dende que o consegue, e que relaciona coa obra *El hombre que compró un automóbil*, de Fernández Flórez, posterior en varios anos.

Valcárcel, Marcos, 'Xulián Magariños Negreira', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 20 setembro 2004, p. 86.

Refírese ás xornadas de homenaxe a Xulián Magariños Negreira, escritor da época Nós. A pesar da súa curta vida, Xulián Magariños deixou unha interesante obra xornalística e publicou dúas novelas curtas na editorial Lar. Marcos Valcárcel resume o contido dunha delas, titulada *O Kalivera 30 H. P.*, incipiente crítica á sociedade de consumo.

Valcárcel, Marcos, 'O humor e a normalización cultural', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 21 setembro 2004, p. 56.

Salienta o labor de Xulián Magariños Negreira a prol da normalización da lingua e da cultura galegas durante a época Nós. Deste proxecto participan as súas novelas curtas publicadas na colección Lar: *O filósofo de Tamarica* e *O Kalivera 30 H. P*. Destácase o sentido crítico da liña editorial de Lar durante a ditadura de Primo de Rivera.

Valcárcel, Marcos, 'Da censura en tempos de Primo', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 22 setembro 2004, p. 64.

Repásanse as repercusións da ditadura de Primo de Rivera sobre as publicacións galegas dos anos vinte. O labor do semanario *A Nosa Terra* reduciuse á información cultural, pero neste período editáronse as novelas humorísticas de crítica social de Magariños Neira e mais *O porco de pé*, de Vicente Risco.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 23 setembro 2004, p. 67.

Con respecto á censura, "moitas veces arbitraria e caprichosa", comenta que Alonso Montero conta o que aconteceu co libro *Antipoemas*, de Celso Emilio Ferreiro, que se escribiu en galego para Xistral e foi prohibido pola censura. Despois o celanovés presentouno en castelán ao IV Premio de Poesía El Álamo de Salamanca, instituído polo Movemento e a súa Delegación de Cultura, e gañou o premio. Apunta que o volume se publicou en 1972 sen dez poemas considerados conflitivos que se retiraron sen ser consultado o autor e que Celso Emilio editou nunha separata para encartar nos volumes que el mesmo distribuía. Finaliza recollendo unha reflexión de Méndez Ferrín que manifestaba a súa extrañeza porque ninguén estudase a historia da censura nas letras galegas, un traballo pendente que debería abordar cuestións como quen censuraba, como reaccionaban os escritores e que temas e contidos eran máis perseguidos.

Valcárcel, Marcos, 'A censura, unha historia por facer', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 23 setembro 2004, p. 64.

Repárase na arbitrariedade da censura en épocas como a ditadura de Primo de Rivera ou a etapa franquista. Adúcese o exemplo de libros que foron afectados pola censura (*Antipoemas* de Celso Emilio Ferreiro) e pola autocensura (*Xente ao lonxe*). Coméntase

tamén a estrañeza de Xosé Luís Méndez Ferrín ante a ausencia dunha historia da censura nas letras galegas.

Valcárcel, Marcos, 'A censura, Blanco Amor, outra Cataluña', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 24 setembro 2004, p. 64.

Fai unha relación das obras de Blanco Amor afectadas pola censura. Detense nos casos d'*A Esmorga*, *Xente ao lonxe* e *Los miedos*. En carta a Luís Seoane, o novelista refírese ao medo, manifestado por un censor, de que a novela contribúa a edificar "outra Cataluña".

Valcárcel, Marcos, 'Rubem Fonseca, hoxe en compostela', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 30 setembro 2004, p. 72.

Dá noticia da entrega do premio Rosalía de Castro do Pen Clube de Galicia ao escritor brasileiro Rubem Fonseca. No acto, que se celebrará no salón nobre do Pazo de Fonseca, serán tamén galardoados a catalana Carme Riera, o vasco Ramón Saizarbitoria e o valenciano Francisco Brines, poeta en lingua castelá. Bieito Iglesias oficiará como mantedor.

Valcárcel, Marcos, 'Risco lembra a Eugenio d'Ors', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 1 outubro 2004, p. 64.

Con motivo dos cincuenta anos do pasamento de Eugenio d'Ors, o autor deixa testemuño da relación intelectual e persoal que o vencellou a Vicente Risco.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 1 outubro 2004, p. 67.

Semblanza de Camilo José Cela na que pon de relevo as súas contradicións ideolóxicas e salienta algúns comportamentos que xulga dignos de valoración positiva. Entre eles, a súa boa relación cos escritores galegos nos anos da posguerra ou a súa renuncia á presidencia do Ateneo madrileño despois da execución do anarquista catalán Salvador Puig Antich.

Valcárcel, Marcos, 'Outras vidas case paralelas', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 2 outubro 2004, p. 64.

Repasa os fitos biográficos de Vicente Risco e Eugenio d'Ors e conclúe que compartiron moitas vivencias comúns relativas ao tempo histórico e xeracional que viviron, aos seus modelos e ideas lingüísticas e ao seu posicionamento político trala guerra civil.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 8 outubro 2004, p. 67.

Fai un repaso pola historia do anarquismo galego e polos seus ideais de mellora social. Conclúe que non foi un aspecto demasiado tratado polos autores galegos. Deixa constancia da novela de Antón Riveiro Coello *As rulas de Bakunin* (2000), sobre a memoria do anarquismo nas Mariñas coruñesas.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 9 outubro 2004, p. 67.

Resumo do conto "O anarquista" de Leandro Pita Romero, publicado na colección Lar en 1924.

Valcárcel, Marcos, 'Agravio inmerecido a un poeta', *Galicia Hoxe*, 'Andoriña', 11 outubro 2004, p. 56.

Critica a decisión, tomada por Francisco Vázquez e o seu grupo de goberno, de impedir o nomeamento de Manuel María como fillo adoptivo da Coruña, cidade na que viviu a última etapa da súa vida. Salienta o feito de que o responsábel de cultura do concello é o fillo de Miguel González-Garcés, a quen Manuel María denominara "poeta da luz da Coruña".

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 15 outubro 2004, p. 75.

Cita un fragmento de *Xente ao lonxe* no que Blanco-Amor fai unha dura crítica ao gobernador de Ourense nos tempos dos sucesos de Oseira, subliñando a súa liberdade e independencia creativa.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 21 outubro 2004, p. 75.

Relaciona *Á lus do candil*, de Ánxel Fole, coas historias de terror do cinema actual.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 24 outubro 2004, p. 99.

Fala de distintas tertulias históricas da cidade de Ourense, nas que participaron persoeiros como Vicente Risco, Otero Pedrayo, Julio Gimeno ou Ricardo Outeiriño. Refírese ás normas non escritas dos faladoiros, entre as que sobrancean o sentido do humor e o respecto pola opinión dos contertulios.

Valcárcel, Marcos, 'O engado das vellas tertulias', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 27 outubro 2004, p. 64.

Indica que o pasado venres tivo lugar, no Liceo ourensán, unha xuntanza entre José Fernández, Segundo Alvarellos e Julio Alonso-Losada, na que falaron dos vellos faladoiros da cidade; lembraron a algúns dos asiduos destas xuntanzas e deron conta das tres normas,

non escritas, polas que se regulaban: imperio da amizade, discreción sobre o falado e o humor.

Valcárcel, Marcos, 'A primeira asociación de escritores/Pan por pan', *Galicia Hoxe/La Región*, 'Andoliña/Cultura', 28 outubro 2004, p. 64/75.

Dá conta da celebración da edición anual de Galeusca na súa sétima convocatoria que se celebrará en Ourense e na que participarán máis de sesenta autores galegos, cataláns e vascos que debaterán sobre o papel das cidades na literatura. A propósito do lugar escollido para celebrar este encontro, apunta que foi o 10 de xullo de 1930 en Ourense onde naceu a primeira Asociación de Escritores Galegos, e que a súa creación se recolle no xornal agrarista *La Zarpa*. Sinala que estaba presidida por Otero Pedrayo e como vicepresidentes figuraron Noriega Varela, Castelao e Antón Villar Ponte; Álvaro de las Casas era o secretario xeral e na directiva estaban o pintor Cándido Fernández Mazas, Vicente Risco, Roberto Blanco Torres, Jacinto Santiago, Rafael Dieste, Paz Andrade, Rodríguez Sanjurjo, Cuevillas, Bal y Gay e Felipe Fernández Armesto. Salienta que a actividade deste colectivo foi moi escasa pola chegada da República.

Valcárcel, Marcos, 'Os escritores e o libro galego', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 29 outubro 2004, p. 64.

Comeza sinalando que asomarse aos xornais antigos pode causar en ocasións certa vertixe histórica pois semella que pouco cambiou nos problemas que afectan á cultura galega. Neste sentido apunta que Álvaro de las Casas se laiaba en *A Fouce* en 1930 da falta de apoio ao libro galego e que este non superaba os cincocentos exemplares mentres que os libros en español podían pasar dos tres ou catro mil. Salienta que o obxectivo de difundir o libro galego naceu a Asociación de Escritores en Lingua Galega e que Antón Capelán Rey se encargou de historiar a andaina das primeiras asociacións de escritores: a de 1930 e a constituída en Compostela en marzo de 1936. Cita os nomes dos que participaron nesta última: Gonzalo López Abente como presidente; Álvaro de las Casas e Fernández del Riego como secretarios; e Castelao, Otero Pedrayo, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro e Blanco Amor como delegados das cidades. Refírese ademais a que a iniciativa naceu no enterro de Losada Diéguez, no outubro de 1929, e só se logrou na primavera de 1936. Os acontecementos provocaron que quedasen sen facer o monumento a Villar Ponte e a proxectada exposición da Exposición do Libro Galego e que setenta e dous dos socios inscritos foran vítimas da barbarie fascista. Ánxel Casal, Blanco Torres, Jacinto Santiago, Víctor Casas, Lustres Rivas, Xoán Xesús González, Xaime Quintanilla e Xoán Carballeira.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 31 outubro 2004, p. 75.

Dá conta da intervención en Allariz, no marco do congreso de Galeusca, dun escritor vasco que se referiu á confrontación e á convivencia de culturas e á sorpresa dalgúns vascos ao ver a cidadáns de pel negra cantar nun coro en eúscaro. A seguir, sinala que Pilar García Negro contou a historia de "Panchito", de *Cousas*, de Castelao, que entende como un claro

exemplo de que os galegos nisto temos vantaxe pois "xa inventamos, hai moitos anos e desde a emigración, todo un modelo de convivencia e integración cultural".

Valcárcel, Marcos, 'As páxinas de Auria', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 2 novembro 2004, p. 49.

Dá conta dos diversos actos e intervencións que tiveron lugar en Ourense e Allariz nas tres xornadas do congreso de Galeusca, que reuniu setenta escritores das tres culturas periféricas. Refírese ao roteiro de *A esmorga* de Blanco Amor, que fascinou aos cataláns e vascos, e aos interesantes debates arredor da cidade: as cidades galegas, as capitais do mundo e as cidades soñadas. Comenta que viaxaron desde Vigo con Fran Alonso até as Viñas do Saball do catalán Isidre Grau e ao Bilbao de Urtzi Urrutikoetxea; a Tréveris con Marga do Val, a Xerusalén con Miguel Anxo Murado, a Nova York con David Tijero, a Xangai con Jon Abril e a Valencia e Portland con Jaume Pérez Montaner. Arredor das cidades soñadas sitúa as intervencións de Joan Agut, que afondou na Santa María de Onetti; Julen Gabiria e Xavier Queipo, que achegou unha descrición dos modelos de urbes utópicas: "cidades-mandala, cidades-esteiro, cidade-compostela, cidade-mutante ou cidade-rayuela, entre outras". Conclúe desexando a próxima publicación das actas deses debates e citando actividades paralelas como a biografía emocionada e os versos de Antón Tovar e a intervención escénico-poética de Antón Lopo en Allariz sobre a cidade no espazo.

Valcárcel, Marcos, 'A cidade preñada de versos', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 2 novembro 2004, p. 64.

Con motivo da celebración do congreso Galeusca 2004 refírese á iniciativa de sacar á rúa os versos dos poetas. Cita a presenza na Alameda de Ourense de Bieito Iglesias e Otero Pedrayo; de Chus Pato e Pura Vázquez moi cerca; a poucos metros Curros Enríquez cantando ao progreso na locomotora, ás liberdades e á razón; Celso Emilio invocando ao Miño; Casado Nieto coa súa elexía a Vicente Risco e Dora Vázquez; Millán Picouto, Manolo Outeiriño e Miro Villar no interior do Liceo de Ourense; o Madrigal de Manuel María e Lamas Carvajal co anuncio do Café Suízo da Praza Maior.

Valcárcel, Marcos, 'Patria e terra en Xohana Torres', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 5 novembro 2004, p. 64.

Recupera varios feitos acontecidos nos anos cincuenta nas nosas letras: o nacemento da Editorial Galaxia e de revistas literarias como *Posío* e *Aturuxo* e a aparición de grandes voces da nosa lírica contemporánea como Manuel Casado Nieto, Eduardo Moreiras, Bernardino Graña, Pura Vázquez, Luz Pozo, Cuña Novás, Manuel María, Novoneyra ou Méndez Ferrín. Sitúa nesta liña a aparición de *Do sulco* (1957), de Xohana Torres e resume os contidos dunha entrevista coa autora que realizou Salvador Lorenzana para *Galicia Emigrante* un ano despois. Xohana Torres declara que o punto de partida da súa poética era o manifesto de Manuel Antonio e reflexiona sobre a importancia da terra nos poetas galegos. Marcos Valcárcel sinala que a publicación do conxunto da poesía de Xohana

Torres que realizou Luciano Rodríguez, permite constatar o seu fondo sentimento telúrico e un claro sentimento da patria.

Valcárcel, Marcos, 'O papagaio, a pegada dos sentidos', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 6 novembro 2004, p. 64.

Refírese á mostra de Maribel Longueira, *O Papagaio, a pegada dos sentidos*, que tivo lugar na sala municipal ourensá e que recolle imaxes do derruído barrio do Papagaio na Coruña centradas en portas e ventás desfeitas e papeis esconchados das paredes, todas cargadas de significado. Salienta que os poemas da falecida Luisa Villalta fan dese labor conxunto, imaxe e poesía, unha plena obra de arte. Remata cuns versos da poeta.

Valcárcel, Marcos, 'Debate sobre xornalismo literario', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 18 novembro 2004, p. 64.

Informa da posta en funcionamento do Centro de Estudos Carlos Casares, con sede en Ourense e dependente da Fundación que leva o nome do escritor, no transcurso do cal tivo lugar unha mesa redonda no Liceo ourensán arredor do xornalismo literario en Galicia. Comenta Marcos Valcárcel que el foi o encargado de abordar o labor de Casares neste terreo e que salientou o seu estilo persoal froito da transformación do microcosmos cotián en literario, que o converten nunha figura irrepetíbel na historia do periodismo galego que conseguiu atraer coa súa sección a lectores no habituais en galego. Cita tamén o resto dos presentes na mesa redonda: Anxo Angueira, Bieito Iglesias e Damián Villalaín, que coincidiron en valorar positivamente a presenza do columnismo literario nos xornais galegos, unha actividade que conta con precedentes tan brillantes como Vicente Risco, Otero Pedrayo ou Álvaro Cunqueiro. Conclúe recollendo a opinión de Angueira que destacou que tamén na radio, na televisión e na prensa dixital está presente o xornalismo literario.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 18 novembro 2004, p. 83.

Informa da posta en funcionamento do Centro de Estudos Carlos Casares, con sede en Ourense, no transcurso do cal tivo lugar unha mesa redonda no Liceo ourensán arredor do xornalismo literario en Galicia. Cita os presentes na mesa redonda: Anxo Angueira, Bieito Iglesias, Damián Villalaín e o propio Marcos Valcárcel, que coincidiron en valorar positivamente a presenza do columnismo literario nos xornais galegos, unha actividade que conta con precedentes tan brillantes como Vicente Risco, Otero Pedrayo ou Álvaro Cunqueiro. Conclúe recollendo a opinión de Angueira que destacou que tamén na radio, na televisión e na prensa dixital está presente o xornalismo literario.

Valcárcel, Marcos, 'A invisibilidade da crítica literaria', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 20 novembro 2004, p. 64.

Continúa informando do desenvolvemento das xornadas "Carlos Casares e o xornalismo literario", no marco da posta en marcha do Centro de Estudos Carlos Casares en Ourense, nesta ocasión cunha mesa redonda centrada na crítica literaria na que participaron Ramón Nicolás, Manuel Rodríguez, Ramón Cao e Serafín Alonso Pintos. Recolle a opinión de Ramón Nicolás, que afirmou que a crítica literaria en Galicia é unha tarefa case heroica que debe loitar contra a invisibilidade do libro galego. Apuntou tamén que o 30% dos libros publicados en 2000 non mereceron nin unha soa liña en ningún xornal. Comenta Valcárcel que no que atinxe ao papel dos críticos predomina a a crítica garimosa e pouco esixente e, en ocasións, a crueldade. Pregúntase, por exemplo, se "é lícito recensionar o primeiro libro dun autor recomendándolle que nunca máis colla a pluma". Conclúe afirmando que quizais o papel do bo crítico sexa actuar de mediador para que cada lector atope o seu libro.

Valcárcel, Marcos, 'O pai Miño cantado polos nosos poetas', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 27 novembro 2004, p. 64.

Recolle diferentes evocacións do río Miño realizadas por poetas galegos como Otero Pedrayo, Xerardo Álvarez Limeses, Xabier Bóveda, Euxenio Montes e Celso Emilio Ferreiro, reproducindo algúns versos que contan coa presenza do río.

Valcárcel, Marcos, 'Pasai caladiñas, ondiñas do Miño', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 29 novembro 2004, p. 56.

Continúa recollendo evocacións do río Miño apoiándose na reprodución dalgúns versos de Curros Enríquez, que o identifica co "río dos grandes destinos"; José Rubinos, que o considera un camiño cara á emigración; Bernardo Vázquez Gil; Xosé Conde; Millán Picouto, para quen o Miño é o "eixo da patria"; Augusto María Casas; Edelmiro Vázquez Naval; e Antón Tovar.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 1 decembro 2004, p. 75.

Recolle o relato sobre a navallada do *Bocas* que presenciou Blanco Amor dende un balcón da Praza Maior de Ourense un Venres Santo e que o escritor recoñeceu como a orixe da súa novela *A esmorga*. Salienta Valcárcel que só por esta obra Blanco Amor é merecente da homenaxe que lle tributa o Pen Clube galego na súa querida/odiada Auria, con motivo de se cumprir vinte e cinco anos da súa morte.

Valcárcel, Marcos, 'Navallada no bandullo do 'Bocas'', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 1 decembro 2004, p. 64.

Recolle o relato sobre a navallada do *Bocas* que presenciou Blanco Amor dende un balcón da Praza Maior de Ourense un Venres Santo e que o escritor recoñeceu como a orixe da súa novela *A esmorga*. Salienta Valcárcel que só por esta obra Blanco Amor é merecente da homenaxe que lle tributa o Pen Clube galego na súa querida/odiada Auria, con motivo de se

cumprir vinte e cinco anos da súa morte. Sinala que dende América o escritor construíu unha lingua literaria e un mundo narrativo excepcional, renovou as formas de contar, abriu as portas das cidades e introduciu sectores sociais até daquela ignorados, ademais de escribir outras obras mestras como *Xente ao lonxe*, *Os biosbardos*, *La Catedral y el niño*, *Chile a la vista* e outras obras poéticas e teatrais.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 2 decembro 2004, p. 67.

Repara no poder da memoria que se percibe na narrativa de Blanco Amor e que provoca a necesidade de contar. Concibe *La catedral y el niño* como a autobiografía dun tempo na que os personaxes falan a través do seu autor e se retratan os seus fragmentos de vida persoal. Salienta ademais que o ourensán admiraba a Marcel Proust e a súa fórmula *À la recherche du temps perdu* e que procuraba voces próximas para as súas criaturas.

Valcárcel, Marcos, 'Marcel Proust, Blanco Amor, a memoria', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 2 decembro 2004, p. 64.

Repara no poder da memoria que se percibe na narrativa de Blanco Amor e que provoca a necesidade de contar. Concibe *La catedral y el niño* como a autobiografía dun tempo na que os personaxes falan a través do seu autor e se retratan os seus fragmentos de vida persoal. Salienta ademais que o ourensán admiraba a Marcel Proust e a súa fórmula *À la recherche du temps perdu* pero precisando que as rememoracións do pasado precisan da estilización do escritor que transforma decisivamente a realidade. Recolle unhas palabras de Blanco Amor nas que indica que a masacre dos campesiños de Oseira que retrata en *Xente ao lonxe* foi tamén estilizada no seu libro.

Valcárcel, Marcos, '1 decembro, día de Blanco Amor', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 3 decembro 2004, p. 64.

Dá conta da homenaxe a Blanco Amor que tivo lugar co gallo do vinte e cinco aniversario do seu pasamento en Ourense na que, aproximadamente, participaron cen persoas. Participaron, entre outros, González Tosar, Víctor Freixanes e Díaz Pardo. Apunta que, entre outros temas, se falou da personalidade humana do escritor, que estivo marcada ás veces pola marxinación que sufriu debido a que era republicano, galeguista, de esquerdas e homosexual.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 3 decembro 2004, p. 75.

Informa da homenaxe que se lle realizou a Blanco Amor e na que participaron entre outros Víctor Freixanes e Isaac Díaz Pardo. Nela recordouse a súa personalidade humana e a marxinación que sufriu en diversos sectores sociais debido a que era republicano, galeguista, de esquerdas e homosexual.

Valcárcel, Marcos, 'Unha lectura presentista de Blanco Amor', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 4 decembro 2004, p. 64.

Comenta o argumento e a temática de *Xente ao lonxe* (1973) de Eduardo Blanco Amor e sinala que, como indican Xesús Rábade, María Victoria Moreno e Alonso Montero, pode realizarse unha lectura da novela interpretándoa como unha aposta desde o presente a favor das loitas labregas e proletarias.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 4 decembro 2004, p. 67.

Sinala que é posíbel realizar unha lectura "presentista" de *Xente ao lonxe* de Eduardo Blanco Amor, baseándose en que fala dun pasado lonxano pero desde 1973. Segundo Marcos Valcárcel poderíase interpretar a obra como unha aposta polas loitas labregas e proletarias nos últimos anos da ditadura de Franco. Achega como xustificación dos seus argumentos unhas palabras de Xesús Alonso Montero.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 5 decembro 2004, p. 91.

Comenta o calvario que estaba a sufrir un mozo dun Instituto de Melide debido á súa opción sexual. Indica o moito que para el significou que, un día na clase de galego, o mestre explicara que Eduardo Blanco Amor era homosexual e que un colectivo coruñés, en lembranza dunha das personaxes d´*A Esmorga*, se bautizou "Milhomes".

Valcárcel, Marcos, 'Da mocidade, Blanco Amor, un milagre', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 6 decembro 2004, p. 64.

Comenta o feito de que a mocidade actual, nalgúns aspectos, non se diferenza moito da de outros tempos e relata o caso dun mozo dun instituto dunha vila coruñesa que estaba a vivir un auténtico calvario só pola súa opción sexual. Indica o moito que significou para el que o profesor de galego explicara na clase que Eduardo Blanco Amor era homosexual e que un colectivo da Coruña, en homenaxe a unha das personaxes d´*A esmorga*, se chamara Milhomes.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 7 decembro 2004, p. 59.

Manifesta o seu pesar polos libros que os grandes escritores tiñan en mente escribir pero que nunca chegaron a materializar. Cita algunhas posíbeis obras de Eduardo Blanco Amor, como unha novela sobre a guerrilla galega, outra sobre o mundo da prostitución e outra onde recollería as súas memorias, que se titularía, como el anunciou nunha entrevista, *Memorias de un don nadie*.

Valcárcel, Marcos, 'Melancolía polos libros non escritos', *Galicia Hoxe*, 'Andolliña', 7 decembro 2004, p. 56.

Comeza salientando que, en contra do que se dixo na homenaxe que o Pen Clube lle rendeu en Ourense a Eduardo Blanco Amor, a obra deste autor está máis viva que nunca. Destaca entre outras reedicións do autor a de *La catedral y el niño* e *Chile a la vista*. A seguir laiase polos libros que Blanco Amor tiña a intención de escribir pero que o final non o fixo. Baseándose en diversas testemuñas, como a de Carlos Casares, achega títulos como *Memoria de un don nadie*, que serían as súas memorias.

Valcárcel, Marcos, 'Máis sobre os libros non escritos', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 8 decembro 2004, p. 56.

Baseándose en diversas testemuñas, como as entrevistas que recolleu Ramón Nicolás ou a *Fotobiografía de Cunqueiro* que preparou Miguel Anxo Seixas, menciona títulos de obras que Álvaro Cunqueiro tiña a intención de escribir pero que, finalmente, quedaron no tinteiro. Destacan, por exemplo, o *Diccionario de los ángueles*, *O mundo i-outras vísperas*, *Adolescenza no inverno*, *As cinco familias antigas*, *As vacacións de Sísifo* ou *O retorno de Ulises*.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 11 decembro 2004, p. 59.

Comenta que en ocasións diversos escritores realizaron bromas literarias como, por exemplo, Álvaro Cunqueiro, que afirmaba que un dos seus libros "El carro de heno" gañara un prestixiosos premio literario nos Estados Unidos. O libro é un dos vinte e dous que tiña en mente escribir pero que nunca chegou a levar ao papel. Conclúe citando o *Cancioneiro de Monfero* que, en 1953, Xosé María Álvarez Blázquez publicou como apócrifo pero que resultou ser da súa propia autoría.

Valcárcel, Marcos, '25 anos dun manifesto de Rompente', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 11 decembro 2004, p. 48.

Comeza destacando que en 1979 finaron Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane e Celso Emilio Ferreiro e que no presente anos foron honrados con diferentes homenaxes. Tamén informa de que no 1979 se produciron diversas iniciativas culturais como a reivindicación de Manuel Antonio no manifesto *Fóra as vosas sucias mans de Manuel-Antonio*, elaborado polo colectivo Rompente.

Valcárcel, Marcos, 'Rompente, a poesía na vangarda', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 13 decembro 2004, p. 40.

Comeza mencionando que en 1979 o Día das Letras Galegas estivo dedicado a Manuel Antonio, o que provocou que o grupo poético Rompente elaborara o manifesto *Fóra as*

vosas sucias mans de Manuel-Antonio. A continuación describe o colectivo, fundado por Antón Reixa e Alfonso Pexegueiro e indica que a reivindicación de Manuel Antonio xa a manifestaran tamén na obra colectiva *Silabario da turbina* (1979).

Valcárcel, Marcos, 'A fascinante serea de don Ramón', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 17 decembro 2004, p. 48.

Comeza cun fragmento d´*A muller mariña* de Xosé Luís Martínez Pereiro no que se describe a descuberta dunha serea. Sinala que estes seres mitolóxicos tiveron un gran éxito na literatura. Comenta a seguir *A serea* de Ramón Otero Pedrayo, que é unha alegoría das arelas da fidalguía por unir o seu sangue co pobo.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 17 decembro 2004, p. 75.

Comeza afirmando que as sereas tiveron moito éxito nas diferentes literaturas. Destaca dentro da galega a obra *A serea* de Ramón Otero Pedrayo, onde poden verse as ganas da fidalguía "por unir o seu sangue en comuñón co pobo". Para Otero a serea era símbolo do espírito sempre libre, vivificador e novo.

Valcárcel, Marcos, 'As sereas mouras, Cunqueiro', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 18 decembro 2004, p. 48.

Comeza falando do traballo de Mar Llinares no que se fala das sereas mouras e a seguir menciona as diferentes visións que deses seres míticos teñen Risco e Xoán Xosé Teijeiro Rey, quen lle dedicou un capítulo na obra *Seres galegos das augas*. Conclúe resumindo unha historia que contaba Álvaro Cunqueiro dun crego cazador que se ve sorprendido por un destes seres.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por Pan', *La Región*, 'Cultura', 19 decembro 2004, p. 99.

Menciona que Álvaro Cunqueiro escribiu un gran número de artigos sobre as sereas e indica que en *Fábulas y leyendas de la mar* mesmo hai un capítulo enteiro dedicado a elas. Finaliza cunha historia, tamén de Cunqueiro, que veu a luz nun artigo de 1953, sobre un crego cazador que se ve sorprendido por un destes seres mitolóxicos.

Valcárcel, Marcos, 'As sereas, Cunqueiro, Castelao', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 20 decembro 2004, p. 56.

Indica que Cunqueiro escribiu un gran número de artigos en xornais e revistas sobre as sereas, gran parte dos cales foron recollidos por Tusquets en *Fábulas y leyendas de la mar*. A seguir indica que Castelao, ao igual que outros galeguistas, tamén empregou as sereas nas súas creacións artísticas.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 29 decembro 2004, p. 75.

Logo de comezar cun fragmento breve d´*Os meus ollos* (2003) de Ramiro Fonte, comenta como principal característica da obra a forma na que emprega a nostalxia evocando os acentos da infancia en Pontedeume e empregando detalles moi sinxelos.

Valcárcel, Marcos, 'Metáforas cultas e populares', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 31 decembro 2004, p. 48.

Comenta o estudo *O sexo na poesía popular* (1995), onde Xosé R. Mariño Ferro investiga nas diferentes imaxes poéticas orixinadas arredor do sexo feminino. Algunhas coinciden coas que empregan os poetas cultos mentres que outras están moi relacionadas coa cultura galega. Sinala que gran parte destas imaxes son universais, xa que son empregadas por artistas e poetas de diferentes culturas.

Vázquez Gil, Lalo, 'Sempre Xosé María Álvarez Blázquez', *Atlántico Diario*, 2 marzo 2004, p. 11.

Rememóranse as boas calidades de Xosé María Álvarez Blázquez, "home moi popular e querido", do que destaca a súa contribución á literatura, á arqueoloxía e á historia e á crónica da cidade de Vigo, cidade da que el era Cronista Oficial.

Vázquez Gil, Lalo, 'O home que cantaba ó cuco', *Atlántico Diario*, 'Opinión', 13 abril 2004, p. 3.

Recórdase a figura de Suso Vaamonde ao que o articulista coñecía persoalmente e ao que lle debe unha canción para nenos que lle pedira e que el creou, pero nunca chegou ás súas mans. Lémbrase o seu amor por Galicia, pola liberdade e polos máis pequenos aos que dedicou un disco no que cantaba poemas de autores de sona da literatura galega.

Vázquez Gil, Lalo, 'Sobre a homenaxe a García Bodaño', *Atlántico Diario*, 'Opinión', 22 xullo 2004, p. 3.

Dá conta da homenaxe que se lle rendeu ao poeta Salvador García-Bodaño no seu barrio natal, Teis, da cidade de Vigo e sinala que nela estiveron presentes moitas das súas amizades. Reclama das autoridades viguesas un acto oficial de recoñecemento.

Vázquez Gil, Lalo, 'O monumento a Celso Emilio Ferreiro', *Atlántico Diario*, 'Opinión', 31 agosto 2004, p. 3.

Anuncia a homenaxe que se lle rende a Celso Emilio Ferreiro en Vigo con motivo do vinte e cinco aniversario da súa morte. Lembra que o poeta pasou por varias crises persoais e ideolóxicas até que publicou *Longa noite de pedra*, que o consagrou como poeta social. Dá conta do monumento que existía na cidade para lembrar o poeta, inaugurado en 1980 por iniciativa de Francisco Santomé e realizado polo pintor, ceramista e escultor de Chantada, Eduardo Rodríguez Osorio, e conta como foi roubado e reemprazado por outro que se encargou a Silvino Silva.

Vázquez, Carlos, 'Lendo a sementeira', *La Voz de Galicia*, 'No Outeiro', 17 outubro 2004, p. L15.

Valora o acto de homenaxe a Manuel María, no que participaron vinte escritores, entre os que se atopaba el. Destaca lecturas emotivas que realizaron Darío Xohán Cabana ou Paco Martín; di que o poema que leu o primeiro foi o que o propio Manuel María lle escribira a Pimentel. Tamén fala da lectura de poemas que levaron a cabo algunhas persoas presentes no acto, tamén moi emocionadas pola perda do poeta chairego.

Vázquez, Dora, 'O xograr, a poesía e a primavera', *La Región*, 9 marzo 2004, p. 18.

De forma poética, Dora Vázquez reflexiona sobre a chegada da primavera e invita ao poeta a inspirarse nela, recordando que esta relación xa está estabelecida "dende o principio dos tempos".

Vázquez, Dora, 'Rosas quero ter cando veña o fructífero maio', *Galicia Hoxe*, 'Ronseis', 18 abril 2004, p. 5.

Aprovéitase o mes de maio para festexar a chegada das rosas e pregúntase se se abriu algunha vez unha, se se viu como nacían ou como cheiran. Recoméndase a Antoloxía de Juan Ramón Jiménez onde ten varios poemas dedicados a esta flor e lémbranse algúns versos nos que se evocan as calidades da mesma. Vese nela a cor da castidade e do amor, pero tamén o vivir de vagar saboreando as cousas do mundo. Engádese un breve poema da colleita da articulista que pon de manifesto a predilección por esta flor.

Vázquez, Dora, 'A moza emigrante', *La Región*, 'Opinión', 20 abril 2004, p. 20.

Pequeno texto no que se estabelece un diálogo entre un mozo e unha moza namorados no que discuten sobre a posibilidade da emigración. Para ela é a oportunidade de saír adiante, de gañar uns cartos para así axudar aos seus pais, para o seu namorado irse é morrer para sempre e perder un mundo pobre pero querido. Ela comenta que xamais esquecerá a terra na que naceu e creceu, nin o amor do seu Francisco, e aínda que se vai sorrindo os seus ollos choran baixiño.

Vázquez, Dora, 'Esa señora de casa pechada', *La Región*, 'Opinión', 19 maio 2004, p. 20.

Reflexiona sobre o paso do tempo e as cousa s feitas ou non feitas, así como sobre as ideas nun texto en prosa poética, no que mestura a introspección co diálogo.

Vázquez, Dora, 'Pondal nas lembranzas', *Galicia Hoxe*, 30 maio 2004, p. 04.

Introdución a Pondal e á súa voz poética, voz chea de sensibilidade e potente enerxía que cantaba os valores da raza. Achéganos tamén a visión que del tiñan os seus biógrafos e historiadores. Destaca as impresións de Manuel Murguía, e os cantos ao amor e á paisaxe, en especial en 'A campana de Anllóns'.

Vázquez, Dora, 'Eduardo Pondal nas lembranzas', *La Región*, 'Opinión', 1 xuño 2004, p. 18.

Recupérase a figura de Eduardo Pondal, destacando os seus comezos de poeta "de alma namorada". Fala Dora Vázquez do seu amor pola terra, que lle impediu saír de Galicia; do seu interese pola lingua e polos individuos, aos que defende nas súas obras.

Vázquez, Dora, 'O poeta Antón Tovar', *Galicia Hoxe*, 'Follas soltas', 27 xuño 2004, p. 4.

Lembran a figura do falecido poeta Antón Tovar ao que se lle renderon numerosas ofrendas e recitais e desculpan, as autoras, a súa ausencia en tales actos. Recoñece Dora Vázquez a obra e o traballo de Tovar, salientando o seu primeiro libro *El tren y las cosas*, para rematar cunha cita de Delfín Caseiro na que loa ao finado poeta ourensán. Este texto tamén foi publicado o día 22 de xuño, no xornal *La Región*, nesta ocasión baixo a sinatura das dúas irmáns Vázquez.

Vázquez, Dora, '¡Grazas, Borobó!', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 24 xullo 2004, p. 4.

Con motivo da celebración dunha homenaxe a Raimundo García Domínguez, Borobó, que cumpriría o 10 de xullo os oitenta e oito anos, Dora Vázquez lembra a súa traxectoria xornalística. Recupera os momentos que compartiron no xornal compostelán *La Noche* e sinala que a el lle debe a súa entrada no eido da escrita nos xornais que continúa na actualidade con noventa e un anos. Relata como enviou a súa primeira colaboración en 1930, cando contaba con dezasete anos, comentando un poema. Finaliza reiterando o seu agradecemento: "Aquí lle quero entregar tamén a miña memoria a canto fixo por min para darme pasos adiante nesta tarefa que me leva horas da miña vida, e que de seguro a el lle debo os meus principios na escritura xornalista. Borobó, por canto me deches coa túa xenerosa acollida. ¡Graciñas! ¡Deus cho pague!".

Vázquez, Dora, 'Camiñantes e romanceiros', *Galicia Hoxe*, 'Ronseis', 2 agosto 2004, p. 5.

Dora Vázquez remóntase á viaxe de Santiago o Maior a España para se referir dun xeito moi lírico á transcendencia da peregrinación xacobea ao longo dos séculos e ao nacemento dos romances que cantan os romeiros. A seguir recolle unhas estrofas dunha composición súa publicada en 1969 na obra *A xeito de antoloxía.*

Vázquez, Dora, 'Recordar...', *La Región*, 'Opinión', 31 agosto 2004, p. 18.

Dá conta dunha publicación de Manuel Rego Nieto (Moreiras, Toén, 1932), *Recuerdos de un barrio. Marcelo Macías-A Carballeira*, que recupera os seus recordos do seu barrio ourensán. Sinala Dora Vázquez que o autor demostra ter unha fiel memoria porque ofrece toda clase de pormenores do barrio, dependente de Santa Eufemia la Real del Centro, das familias que alí viviron e dos costumes do seu tempo.

Vázquez, Dora, 'Celso Emilio Ferreiro (recordo)', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 11 setembro 2004, p. 4.

Lembra que nestas datas se cumpren vinte e cinco anos de ausencia de Celso Emilio Ferreiro e con este motivo Dora Vázquez detense nas verbas que o poeta escribiu en *Longa noite de pedra*. Sinala que a través dos seus versos o poeta busca un camiño no que non existan os muros do egoísmo e as cadeas da incomprensión e si a xustiza, a caridade e a liberdade. Apunta que a pesar de que recoñece que os corazóns dos homes están feitos de pedra non perde a esperanza e tende a súa man a toda a humanidade cunha aperta de amor fraterno universal. Conclúe destacando que a súa frase "coma un irmán che falo" resume a nobreza do espírito de Celso Emilio Ferreiro. Este mesmo artigo foi publicada en *La Región*, o 15 de setembro.

Vázquez, Dora, 'Celso Emilio Ferreiro (recordo)', *La Región*, 'Opinión', 15 setembro 2004, p. 20.

Lembra que nestas datas se cumpren vinte e cinco anos de ausencia de Celso Emilio Ferreiro e con este motivo Dora Vázquez detense nas verbas que o poeta escribiu en *Longa noite de pedra*. Sinala que a través dos seus versos o poeta busca un camiño no que non existan os muros do egoísmo e as cadeas da incomprensión e si a xustiza, a caridade e a liberdade. Apunta que a pesar de que recoñece que os corazóns dos homes están feitos de pedra non perde a esperanza e tende a súa man a toda a humanidade cunha aperta de amor fraterno universal. Conclúe destacando que a súa frase "coma un irmán che falo" resume a nobreza do espírito de Celso Emilio Ferreiro. Este mesmo artigo foi publicado en *Galicia Hoxe*, o 11 de setembro.

Vázquez, Dora, 'Cando morre un poeta...', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 26 setembro 2004, p. 4.

Lembra a figura poética e humana de Manuel María e sinalan que a noticia da súa morte caeu sobre Galicia causando sorpresa e dor. Recuperan unha postal de Nadal na que ademais dos bos desexos se inclúen dúas cantigas do poeta. A seguir reproduce unhas palabras tomadas do xornal *Galicia Hoxe* o 10 de setembro nas que se conta como foi o seu enterro. Remata expresando a súa pena: "cando morre un poeta, un bo poeta artista do verso, algo se morre tamén dentro de nós. Algo que nos deixa coma fillas orfas e soias sen guía nin soños que nos fagan alentar para seguir adiante…". Este texto tamén foi publicado no xornal *La Región*, o día 18 de setembro, baixo a sinatura de Pura e Dora Vázquez.

Vázquez, Dora, 'Recordos dun tempo pasado', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 24 outubro 2004, p. 4.

Rememora a paisaxe do Coto do Catro, cume asociado á lenda da "cova dos encantos", e imaxina o posíbel pasado céltico de Galicia. Conclúe que a sociedade moderna arreda ao ser humano das súas raíces naturais.

Vázquez, Dora, '¿Quen son as andoriñas?', *Galicia Hoxe*, 'Ronseis', 27 outubro 2004, p. 5.

Tras facer referencia á poesía de Gustavo Adolfo Bécquer e ao seu poema sobre as andoriñas, sinala que na literatura galega houbo outro poeta, Manuel Curros Enríquez, que introduciu a estas aves nos seus versos e transcribe un poema no que Curros fala das andoriñas e da emigración. Pecha o artigo coa definición que o dicionario da Real Academia Galega achega deste paxaro.

Vázquez, Dora, 'Recordando 'Longa noite de pedra'', *La Región*, 'Opinión', 17 decembro 2004, p. 22.

Co gallo do vinte e cinco aniversario da morte de Celso Emilio Ferreiro realiza unha lembranza de *Longa noite de pedra* (1963) indicando que o autor poetiza os problemas sociais e humanos en "belos e sonoros versos". Apunta que a súa poesía aparece vinculada á de Curros Enríquez,pero incorpora tamén as novas tendencias modernas no tocante á rima e ao versilibrismo.

Vázquez, Dora e Pura, 'Montefurado fotopoético', *La Región*, 'Opinión', 12 maio 2004, p. 22.

Fan referencia á presentación de dúas obras do poeta José Reinaldo Pol García, *María Mariño Carou, a verba viva* e *Montefurando fotopoético*; sinalan que a primeira obra estivo motivada polo aprecio que o poeta tiña á escritora e á súa obra; mentres que o segundo volume é a presentación poética de Montefurado. Este mesmo artigo foi publicado en *Galicia Hoxe*, o día 16 de maio.

Vázquez, Dora e Pura, 'Montefurado fotopoético', *Galicia Hoxe*, 'Ronseis', 16 maio 2004, p. 5.

Fan referencia á presentación de dúas obras do poeta José Reinaldo Pol García, *María Mariño Carou, a verba viva* e *Montefurando fotopoético*; sinalan que a primeira obra estivo motivada polo aprecio que o poeta tiña á escritora e á súa obra; mentres que o segundo volume é a presentación poética de Montefurado. Este mesmo artigo foi publicado en *La Región*, o día 12 de maio.

Vázquez, Dora e Pura, 'O poeta Antón Tovar', *La Región*, 'Opinión', 22 xuño 2004, p. 20.

Lembran a figura do falecido poeta Antón Tovar ao que se lle renderon numerosas ofrendas e recitais e desculpan, as autoras, a súa ausencia en tales actos. Recoñece Dora Vázquez a obra e o traballo de Tovar, salientando o seu primeiro libro *El tren y las cosas*, para rematar cunha cita de Delfín Caseiro na que loa ao finado poeta ourensán. Este texto tamén foi publicado no xornal *Galicia Hoxe*, o día 27 de xuño, asinado unicamente por Dora Vázquez.

Vázquez, Dora e Pura, 'Cando morre un poeta...', *La Región*, 'Opinión', 18 setembro 2004, p. 20.

Lembran a figura poética e humana de Manuel María e sinalan que a noticia da súa morte caeu sobre Galicia causando sorpresa e dor. Recuperan unha postal de Nadal na que ademais dos bos desexos se inclúen dúas cantigas do poeta. A seguir reproducen unha palabras tomadas do xornal *Galicia Hoxe* o 10 de setembro nas que se conta como foi o seu enterro. Rematan expresando a súa pena: "cando morre un poeta, un bo poeta artista do verso, algo se morre tamén dentro de nós. Algo que nos deixa coma fillas orfas e soias sen guía nin soños que nos fagan alentar para seguir adiante…". Este texto tamén foi publicado no xornal *Galicia Hoxe*, o día 26 de setembro, baixo a sinatura de Dora Vázquez.

Vázquez, Pura, 'Decídelle ao vento que me agarda', *Galicia Hoxe*, 'Verbas na edra do vento', 8 febreiro 2004, p. 5.

Laméntase a perda do poeta Eusebio Lorenzo Baleirón pola súa xuventude e por ser unha promesa para as letras galegas. Fálase dun libro seu publicado pola Editorial Espiral Maior que se valora por ser impecábel e transmitir os sentimentos da dor humana cunha forza poética dificilmente alcanzábel. Recoñécese que a súa lectura foi moi positiva e lóase a beleza das palabras que axudan a crear ese mundo da morte atafegante a un mozo cheo de vida. Este texto publicouse novamente, neste mesmo xornal, o día 19 de abril.

Vázquez, Pura, 'As espadas no tempo', *La Región*, 16 marzo 2004, p. 16.

Láiase de non ter podido coñecer persoalmente a Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897 - Vigo, 1979), a pesar de ter os dous nacido na mesma cidade. A autora fai un breve percorrido pola traxectoria vital paralela de ambos os dous, destacando a humildade do escritor e a súa morte solitaria.

Vázquez, Pura, 'Neruda, xenio e figura', *Galicia Hoxe*, 'Verbas na edra do vento', 4 abril 2004, p. 5.

Lémbrase o centenario do nacemento de Pablo Neruda (1904-2004), un escritor fortemente comprometido coa esquerda que por esta razón apoiou a exiliados como a Arturo Cuadrado unha vez que estalou a Guerra Civil. Fálase da súa relación con Galicia a través de Luís Seoane, co que compartía faladoiros no Café da Avenida de Maio dos Bos Aires ás que tamén acudían Rafael Dieste, Lorenzo Varela e Rafael Alberti. Entende que a súa morte constituíu o primeiro acto de sublevación ante a ditadura que fóra instaurada catorce días antes e foi unha perda de grandes dimensións por todo o que a súa figura representaba.

Vázquez, Pura, 'Decídelle ao vento que me agarde', *Galicia Hoxe*, 'Verbas na edra do vento', 19 abril 2004, p. 5.

Laméntase a perda do poeta Eusebio Lorenzo Baleirón pola súa xuventude e por ser unha promesa para as letras galegas. Fálase dun libro seu publicado pola Editorial Espiral Maior que se valora por ser impecábel e transmitir os sentimentos da dor humana cunha forza poética dificilmente alcanzábel. Recoñécese que a súa lectura foi moi positiva e lóase a beleza das palabras que axudan a crear ese mundo da morte atafegante a un mozo cheo de vida. Este texto xa fora publicado, neste mesmo xornal, o día 8 de febreiro.

Vázquez, Pura, 'Algunhas figuras da Galicia cultural', *La Región*, 'Opinión', 8 xuño 2004, p. 18.

Lembra as visitas que ela e súa irmá facían á filla de Rosalía de Castro, dona Gala, quen contaba maravillas da nai e orgullecíase cada vez que miraba o seu retrato. Pura Vázquez comenta que a poesía de Rosalía de Castro é "suxestiva ou directa" como o xesto do cadro no que ela aparecía. Este texto tamén foi publicado en *Galicia Hoxe*, o día 4 de xullo.

Vázquez, Pura, 'Algunhas figuras da Galicia cultural', *Galicia Hoxe*, 'Verbas na edra do vento', 4 xullo 2004, p. 4.

Lembra as visitas que ela e súa irmá facían á filla de Rosalía de Castro, dona Gala, quen contaba maravillas da nai e orgullecíase cada vez que miraba o seu retrato. Pura Vázquez comenta que a poesía de Rosalía de Castro é "suxestiva ou directa" como o xesto do cadro no que ela aparecía. Este texto tamén foi publicado en *La Región*, o día 8 de xuño.

Vázquez, Pura, 'Lembranza do gran señor de Trasalba', *La Región*, 'Opinión', 14 xullo 2004, p. 22.

Lembra a figura de Ramón Otero Pedrayo repasando a vida do escritor. Apunta momentos como a súa pertenza á Xeración Nós, o sufrimento da Guerra Civil e algún encontro que Pura Vázquez e a súa irmá tiveron co escritor no pazo de Trasalba.

Vázquez, Pura, 'Pondal, vate do pazo de Anllóns', *La Región*, 'Opinión', 28 xullo 2004, p. 19.

Percorre a biografía de Eduardo Pondal salientando o seu nacemento en Ponteceso, "bisbarra de paisaxes fermosas, rexas, agrestes, onde acompañaban os piñeiraes con rochas e ventos polas gándaras que o poeta consagraría nos seus vibrantes poemas pasado o tempo". Apunta ademais que era orfo de nai, a súa educación rodeado das súas irmás, os seus estudos en Santiago onde cursou latín, gramática, grego e retórica. Tamén sinala que entre 1856 e 1860 estudou medicina ao mesmo tempo que vivía con intensidade a axitación política dos círculos intelectuais da cidade e participaba en acontecementos decisivos como o banquete de Conxo. Finaliza destacando que o seu poema "Os pinos" foi elixido como letra do himno galego que musicou o mestre Veiga.

Vázquez, Pura, 'Poemas da memoria', *La Región*, 'Opinión', 9 setembro 2004, p. 20.

Reflexiona de maneira moi lírica sobre a capacidade da poesía para abarcar un mundo de beleza. Sinala que os motivos eternos, interpretados dende olladas persoais e delicadas, conforman a poesía de xeito natural "e medran como o torrente dándonos a súa luz e a súa sombra, e o seu amor inmenso por todo o creado, e a esperanza nun mundo que cree firmemente que pode facerse millor, e que forma parte da entraña mesma da súa vida e da súa obra".

Vázquez, Pura, '¿cómo cheguei á poesía?', *La Región*, 'Opinión', 22 decembro 2004, p. 22.

Pura Vázquez reflexiona a cerca de cómo chegou á poesía. Lembra que comezou con pequenas colaboracións aos oito ou dez anos de idade no diario *La Zarpa* e logo que, pouco a pouco, foi creando, en galego, tanto a súa obra literaria como a poética. Destaca que, xa dende os seus comezos, a crítica animouna moito. Indica que tamén cultivou a obra xornalística e apunta como constantes na súa produción Galicia e o seu Ourense natal. Menciona a seguir os seus escritores favoritos, que tamén deixan pegada na súa produción, como Rosalía de Castro ou Carmen Kruckenberg.

Veiga, Eva, 'Carta paráfrase a Luísa Villalta', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 4 abril 2004, p. 23.

Escríbese unha sentida carta ante o falecemento da escritora galega Luísa Villata e enténdese que a súa poesía axudará a reparar a súa perda. Os recordos mestúranse con versos da súa pluma e enténdese que esa poesía será a que faga menos dolorosa a súa perda. Compárase á autora á unha estrela chea de luz, pero que un día rebenta e esa luminosidade continúa polo espazo infinitamente, e por esta razón crese que a súa estela perdurará por sempre.

Veiga, M., 'Luísa Castro e a literatura galega', *A Nosa Terra*, nº 1.127, 'Cultura', 6 maio 2004, p. 28.

A partir dun artigo de Luisa Castro publicado no xornal *La Voz de Galicia*, Veiga comenta a actitude crítica de Luisa Castro en torno a Manuel Rivas e Suso de Toro e defende, Veiga, que estes escritores buscan o mellor para o país.

Ventura, Joaquim, 'Sempre en Galiza', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 19 xullo 2004, p. 4.

Con motivo da celebración en Vigo, pola Fundación Galiza Sempre, do sesenta aniversario da publicación de *Sempre en Galiza*, de Castelao, Joaquim Ventura reflexiona sobre a apropiación da figura do rianxeiro por parte dos nacionalistas. Na súa opinión, o nacionalismo ten pendente revisar con criterios obxectivos a figura de Castelao e desligalo desa consideración case de santo. Pregúntase "¿Cando desbotaremos eses tópicos da bágoa eterna para definir a Galicia?" ou se "¿Ninguén se decatou de que Castelao era un pesimista, moitas veces en situación depresiva?". Afirma tamén a súa postura "profundamente conservadora, cando non abertamente reaccionaria" e dubida da existencia dalgunha clave de modernidade na súa obra.

Ventura, Joaquim, 'Asuntos exteriores', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 90, 9 setembro 2004, p. 1.

Comeza lembrando como hai uns anos o panorama literario mundial viuse sacudido pola aparición do canon proposto por Harold Bloom e como, nesta mesma liña, os comparatistas españois propoñen refelexionar sobre a presenza hispánica nun hipotético canon literario europeo no seu próximo simposio. Joaquim Ventura pregúntase que escritores galegos poderían ser dignos de figurar nel, tendo en conta que sería necesario prescindir de escritores imprescindíbeis para a historia da literatura porque se trata de que espertasen o interese do lectorado europeo. Propón a nómina que el incluiría: Rosalía, por seguir sendo o estandarte da literatura galega moderna cunha calidade que transcende a dimensión de Galicia; Manuel Antonio, por conciliar tradición e vangarda e ser o principal referente da poesía galega do século XX; Rafael Dieste, por ser o mellor escritor de contos que houbo en España no século XX e seguiren as súas narracións frescas como no primeiro día; Álvaro Cunqueiro, por ser un poeta de alto nivel e ser autor dunha narrativa universal sen perder o ton local; Celso Emilio Ferreiro, porque representa a voz poética de todo un pobo fronte á ditadura; Xosé Luís Méndez Ferrín, un dos grandes poetas europeos vivos, fiel ao seu tempo e aos seus principios estéticos e políticos; e, finalmente, Manuel Rivas, o

principal artífice da internacionalización da literatura galega, que representa a primeira xeración que puido dedicarse profesionalmente ás letras. Este mesmo artigo foi publicado no suplemento *Saberes*, do xornal *La Opinión*, o día 25 de setembro.

Ventura, Joaquim, 'Poeta e máis amigo', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 13 setembro 2004, p. 4.

Despois de ter escoitado na radio a noticia da morte de Manuel María, Joaquim Ventura lembra como o coñeceu hai máis de vinte anos cando o poeta escribía a sección "Andando a terra" en *A Nosa Terra*, onde asinaba co pseudónimo Manuel Hortas. Conta que lle escribiu unha carta precisándolle uns topónimos cataláns e occitanos que citaba en francés e que se sorprendeu cando lle respondeu o poeta a quen xa admiraba pola súa obra poética. Sinala que foi o comezo dunha intensa relación epistolar que derivou nunha amizade persoal a partir do momento no que o coñeceu persoalmente no Centro Galego de Barcelona, onde pronunciara unha conferencia co gallo da festividade do Día das Letras Galegas, e visitou a súa casa en 1992.

Ventura, Joaquim, 'Asuntos exteriores', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 71, 25 setembro 2004, p. 2.

Comeza lembrando como hai uns anos o panorama literario mundial viuse sacudido pola aparición do canon proposto por Harold Bloom e como, nesta mesma liña, os comparatistas españois propoñen refelexionar sobre a presenza hispánica nun hipotético canon literario europeo no seu próximo simposio. Joaquim Ventura pregúntase que escritores galegos poderían ser dignos de figurar nel, tendo en conta que sería necesario prescindir de escritores imprescindíbeis para a historia da literatura porque se trata de que espertasen o interese do lectorado europeo. Propón a nómina que el incluiría: Rosalía, por seguir sendo o estandarte da literatura galega moderna cunha calidade que transcende a dimensión de Galicia; Manuel Antonio, por conciliar tradición e vangarda e ser o principal referente da poesía galega do século XX; Rafael Dieste, por ser o mellor escritor de contos que houbo en España no século XX e seguiren as súas narracións frescas como no primeiro día; Álvaro Cunqueiro, por ser un poeta de alto nivel e ser autor dunha narrativa universal sen perder o ton local; Celso Emilio Ferreiro, porque representa a voz poética de todo un pobo fronte á ditadura; Xosé Luís Méndez Ferrín, un dos grandes poetas europeos vivos, fiel ao seu tempo e aos seus principios estéticos e políticos; e, finalmente, Manuel Rivas, o principal artífice da internacionalización da literatura galega, que representa a primeira xeración que puido dedicarse profesionalmente ás letras. Este artigo tamén foi publicado en *Faro de Vigo*, o día 9 de setembro de 2004.

Ventura, Joaquim, 'Máis libros por azar', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 29 novembro 2004, p. 4.

Enumera algunhas "pequenas xoias" que atopou por azar na libraría Costa de Vic, entre elas: *La cocina cristiana de Occidente*, na edición de 1969, e *Merlín y familia*, de 1973, de Álvaro Cunqueiro; a segunda edición de *Historia de los Judíos* e a primeira de *Satanás, historia del diablo*, de Vicente Risco; varias guías de Compostela de Otero Pedrayo

traducidas ao castelán e ao francés e a súa *Guía de Galicia*, nunha segunda edición de 1945; e tamén unha antoloxía de Rosalía de Castro en edición bilingüe realizada por Augusto Casas en Barcelona en 1946.

Ventura, Joaquim, 'Editar en galego', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 105, 'Opinión', 24 decembro 2004, p. 2.

Comeza apuntando a necesidade de realizar unha reflexión profunda sobre a edición de textos en galego baseándose en dous motivos principais, o vinte e cinco aniversario de Edicións Xerais e a recente defensa da tese de doutoramento a cerca das primeiras edicións en galego, entre 1808 e 1916, por María Ogando. A estudosa conclúe que, sen as subvencións e sen os libros "de obriga", o panorama editorial galego non sería moi distinto do que había hai cento cincuenta anos, onde o reducido número de libros editados só tiña a vontade de dignificar a lingua, sen ánimo algún de lucro. Comenta a seguir o papel de gardiá do patrimonio cultural e histórico da produción de despois da Guerra Civil que xoga a Editorial Galaxia e indica que ten o deber cos lectores de crear edicións de calidade das obras completas dos diferentes escritores, que conten tamén cuns bos apartados críticos.

Viale Moutinho, José, 'Manuel María, in memoriam', *A Nosa Terra*, nº 1.143, 'Fin de Semana', 23 setembro 2004, p. 38.

Lembranza emotiva da amizade de José Viale Moutinho con Manuel María, a través dos momentos que compartiron con autores como Uxío Novoneyra, Bernardino Graña ou Xosé Luís Méndez Ferrín.

Viale Moutinho, José, 'A descuberta do galego', *A Nosa Terra*, nº 1.144, 'Fin de Semana', 30 setembro 2004, p. 34.

José Viale conta que o seu primeiro contacto coa literatura galega foi na librería viguesa Librodouro, onde en 1969 mercou *Paseo*, de Xoán Xulio Alfaia, e *Retorno a Tagen Ata*, de X.L. Méndez Ferrín. Indica que ese mesmo día coñeceu a Méndez Ferrín e iniciou a súa amizade co libreiro Antón Patiño. A seguir, fala de cómo, pouco a pouco, foi descubrindo outras obras da literatura galega; fai referencia á publicación en Portugal dunha obra súa, *Introduçao do Nacionalismo Galego*, con textos de Castelao, Alonso Montero; e expresas a súa emoción tras a concesión do Pedrón de Honra ou o nomeamento, de mans de Manuel María, como membro da Irmandade dos Viños Galegos.

Viale Moutinho, José, 'Curros traduz Zara de Antero', *A Nosa Terra*, nº 1.147, 'Fin de Semana', 21 outubro 2004, p. 34.

Faise referencia a un artigo que Pilar Vázquez Cuesta, publicado en 1947, no número 46, no que recolle distintos textos publicados por Manuel Curros Enríquez entre 1890 e 1891

en *El País*; sinala que entre eles se atopa a tradución ao galego que Curros fixo dun texto do poeta portugués Antero de Quental e reproduce o texto orixinal e mais a tradución.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Crime e castigo', *Atlántico Diario*, 'Musas', 15 febreiro 2004, p. 51.

O autor felicítase pola tradución ao galego de *Crime e castigo* (2003), de Fiodor Dostoievski. Considera que a colección na que se inscribe esta obra constitúe un paso máis para a normalización da lingua, por tratarse de traducións de obras clásicas doutras literaturas.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Luísa Villalta: o tempo aterecido', *Diario de Pontevedra*, 'Opinión&Análisis', 9 marzo 2004, p. 35.

Artigo de ton elexíaco pola morte da poetisa Luísa Villalta; laméntase a súa morte facendo referencia a diferentes personaxes literarias ou da literatura, como Ofelia ou Aurelio Aguirre.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Prímula de neve e soñares', *Galicia Hoxe*, 'Fai fume', 31 marzo 2004, p. 4.

Fanse unha serie de calas sobre diversos temas, así lembra o "Romance de Don Gaiferos" musicado por Faustino Santalices, unha copla de cegos e escribe algúns versos do mesmo. Reflexiona ao mesmo tempo sobre os nacionalismos que ás veces son malentendidos e entende que non só hai nacionalismos nas comunidades históricas, senón tamén en Madrid, alí entendido como un nacionalismo español.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Entre os gozos e as sombras', *Galicia Hoxe*, 'Fai fume', 21 abril 2004, p. 4.

Digresión que se suxire a partir da visión da serie emitida por televisión española *Los gozos y las sombras* do escritor Gonzalo Torrente Ballester. Lémbrase que está formada por unha triloxía que levaban por títulos: *La pascua triste*, *El señor llega* e *Donde da la vuelta el tiempo*, das que comenta que cando as leu non lle gustaron como tampouco lle gustou *La saga/fuga e JB*, nin *Filomeno a mi pesar*. Céntrase en *Fragmentos del Apocalipsis* da que reflexiona sobre a qué xéneros se pode adscribir, e entende que aínda que a afirmación recibiu críticas el pensa que é unha peza costumista.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Vía Láctea, a saber', *Galicia Hoxe*, 'Fai fume', 30 xuño 2004, p. 4.

Repasa neste artigo a literatura de diferentes autores galegos en relación coa Vía Láctea; neste sentido, cita a Otero Pedrayo, Luís Pimentel, Ramiro Fonte, García Sabell, etc.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Máis días de agosto', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 18 agosto 2004, p. 4.

Crónica dun mes do verán, na que se tecen reflexións sobre o uso do castelán nos nomes das rúas galegas ou nos pregóns das festas populares co acuse de recibo dalgunhas obras galegas recentes, entre as que se mencionan *Territorio da desaparición*, de Miguel Anxo Fernán-Vello ou *En concreto*, de Luísa Villalta.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Muiñeiro de brétemas', *La Región/Atlántico Diario* , 'Sociedad', 10 setembro 2004, p. 80.

Lamenta a morte de Manuel María, e lembra os momentos que compartiron xuntos canda escritores como Uxío Novoneyra, Ánxel Fole ou Luís Pimentel.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Manuel María', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 15 setembro 2004, p. 4.

Artigo dedicado á lembranza de Manuel María con motivo do seu pasamento. Vidal Villaverde lembra instantes compartidos en Compostela, na compaña tamén de Bernardino Graña, e vai entrelazando versos e evocacións da Terra Chá.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Outono', *Atlántico Diario*, 'Opinión', 22 setembro 2004, p. 3.

A partir dalgunhas das características que a tradición literaria lle atribúe ao tempo do outono (saudade, declinar da vida...) o autor fai un repaso polos versos de autores como Rosalía de Castro, Manuel María ou Luís Pimentel.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Rosalía de Castro', *Atlántico Diario*, 'Opinión', 13 outubro 2004, p. 3.

Relaciona distintos aspectos da actualidade informativa coa obra de escritores canónicos da literatura galega como Rosalía de Castro, de quen cita varios versos, ou Celso Emilio Ferreiro.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Tempo do tempo', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 13 outubro 2004, p. 4.

Ao fío dun libro de Gonzalo Adrio Barreiro sobre os consellos de guerra e os fusilamentos na guerra civil, repasa a memoria literaria antifascista, con testemuños como *Os cadernos da ira* de Xosé María Álvarez Cáccamo.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Viaxe ao País dos Ananos', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 20 outubro 2004, p. 4.

Lembra que nun dos Galeusca organizados pola AELG, presidida daquela por Uxío Novoneyra, recibiu o encargo de elaborar un relatorio sobre exilio e emigración. Fai referencia ao tema da súa ponencia, titulada *Concordancias entre Tirano Banderas e Viaxe ao país dos ananos*.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Agallopan as espadas polos eidos', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 29 outubro 2004, p. 4.

Sinala que utiliza como título un verso de Celso Emilio Ferreiro pertencente a *Viaxe ao país dos ananos* para deseguido se referir á súa etapa na emigración desde 1966. Di ter escoitado que a Hermandad Gallega de Caracas era "un reduto resistente contra a infamia franquista", aínda na súa opinión "en realidade eran galegos de gaita, pandeiro, romarías, feiras e festas, xentiña que chorou bágoas de dor cando o infame xeneral Franco deixou este mundo". Estas palabras de Vidal Villaverde veñen provocadas pola celebración dos vinte e cinco anos do pasamento do poeta. Defende a tese de que "cabo de Celso, emigrante e (por que non exiliado?) ía o corazón do que entón representaba a UPG".

Vidal Villaverde, Manuel, 'A pública subhasta da memoria', *Atlántico Diario*, 'Opinión', 24 novembro 2004, p. 3.

Lembra a importancia na memoria do Partido Galeguista de Castelao, Alexandre Bóveda ou mesmo Luís Seoane e denuncia algúns delitos de "apropiación indebida, como pasou con Castelao, Rosalía, e agora, digo, con Celso Emilio Ferreiro".

Vidal Villaverde, Manuel, 'Valle-Inclán no panteón dos galegos ilustres?', *Galicia Hoxe*, 'Fai fume', 8 decembro 2004, p. 4.

Expresa o seu asombro ante a idea de enterrar os restos de Ramón María del Valle-Inclán no panteón dos galegos ilustres. Describe brevemente como foi o seu enterro e a relación que tivo cos intelectuais galeguistas da época. Cualifica como erróneas as opinións que sinalan que o galeguismo e o nacionalismo se adoutrinou no odio a Valle-Inclán e conclúe afirmando que é mellor deixar todo como está.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Gozos e sombras', *Atlántico Diario*, 'Opinión', 22 decembro 2004, p. 3.

Logo de reflexionar sobre que faría se lle tocase a Lotería de Nadal, menciona que, despois de saudar a Xohana Torres, viñéronlle a cabeza, logo de observar o solpor, uns versos da poetisa pertencentes a *Tempo de ría*.

Villalaín, Damián, 'Antón Tovar', *A Nosa Terra*, nº 1.139, 'Cultura', 28 xullo 2004, p. 30.

Lembra a Antón Tovar, finado o 16 de xuño en Ourense. Damián Villalaín refírese á publicación, unhas semanas antes da súa morte, dunha nova edición do poemario *El tren y las cosas*, na editorial Hipocampo Amigo de Poio, o libro, sinala, co que Tovar iniciou en 1960 unha das aventuras poéticas máis intensas e puras. Da súa poética salienta que nace dunha íntima necesidade de se expresar para fuxir da angustia e buscar sentido ao mundo, nunha manifesta "incomprensión da existencia da que non o aliviou nin sequera a súa fe comunista". Lembra tamén como o coñeceu, calado e meditabundo tal como o definía Vicente Risco, unha tarde no Liceo de Ourense, onde llo presentou Carlos Casares, "quen se burlaba amigabelmente das angustias tovarianas e mesmo conseguía por este método que o poeta rira algo de si mesmo e das súas metafísicas". Apunta que, fiel ás súas convicción, no seu enterro non houbo ningún símbolo relixioso.

Villar Janeiro, Helena, 'Da trabe á paxariña', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 5 marzo 2004, p. 3.

Comenta o discurso de entrada na Real Academia Galega de Víctor Fernández Freixanes, que subscribe de forma clara. Así, como o escritor, ela sostén que a lingua debe ser considerada "un luxo".

Villar Janeiro, Helena, 'Nun país que le moi pouco', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 30 abril 2004, p. 3.

Comenta a obriga que a Unión Europea pretende impor ás bibliotecas españolas: a de cobrar un canon por cada libro prestado. Laméntase a autora da influencia que unha lei parella pode ter nun país que, segundo ela reflexiona, le pouco.

Villar Janeiro, Helena, 'Occitania en Galicia', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 4 xuño 2004, p. 3.

Dá conta do encontro entre autores galegos e occitanos no mosteiro de Samos para rememorar a proximidade destas dúas literaturas en tempos medievais. Helena Villar Janeiro reflexiona ao fío das declaracións dos autores occitanos sobre a situación desa lingua.

Villar Janeiro, Helena, 'Antón Tovar', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 18 xuño 2004, p. 3.

Lémbrase a figura do poeta Antón Tovar, ao que se considera unha das voces máis orixinais da poesía de posguerra. Enténdese que na súa voz lírica atópase o desacougo pola existencia, os grandes pensamentos tristes, o apego á terra e o pouso do desengano. Todos estes aspectos son exemplificados con versos do propio poeta. Para rematar e consolarse pola súa perda refúxiase nunha composición de Antón Tovar na que se retrata o mundo inalterado como se non pasase nada.

Villar Janeiro, Helena, 'Anacos e novelos', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 16 xullo 2004, p. 3.

Helena Villar expresa o seu desexo de renderlle unha homenaxe a Borobó, con motivo de se cumprir o seu primeiro cabodano, recorrendo á súa técnica de "anacos e novelos". Deseguido relata unha anécdota que lle aconteceu cando lle cedeu o seu caderno a un peregrino para que este escribise sobre a calidade da comida dun estabelecemento hostaleiro de Sarria. Recolle tamén a reflexión que lle enviou unha amiga por correo electrónico a propósito da pregunta de onde iría parar o caderno.

Villar Janeiro, Helena, 'O espírito do PEN', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 17 setembro 2004, p. 3.

Refírese á celebración do 70º Congreso do PEN Internacional celebrado na cidade boreal de Tronso, que estivo dedicado á creación dos que viven no exilio e á das minorías culturais. Sinala que os comités tiveron longas sesións de traballo para aprobar perante a Asemblea Xeral dos Delegados propostas que na súa maior parte serán presentadas á UNESCO e aos dirixentes dos estados nos que se conculcan dereitos humanos de escritores e escritoras. Indica tamén que nese congreso se informou da liberación do último preso que conseguiu o PEN Internacional, "un xornalista checheno presentado á asemblea por un poeta ruso. Eis a fraternidade que representa o espírito do PEN".

Villar Janeiro, Helena, 'Memoria de linguas e de augas', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 26 novembro 2004, p. 3.

Anuncia a celebración para os días 3, 4 e 5 do mes de decembro do "Primeiro encontro de poesía e poéticas galega, occitana e catalá: memoria de linguas e de augas", organizado pola Casa de Galicia en Toulouse e o Departamento de occitano da Universidade desa vila francesa, o INFOC, o Colectivo Occitano e o Casal Catalá de Toulouse. Apunta que os organizadores do encontro pretenden irmandar tres linguas cunha problemática común e que presentan grandes afinidades nunha cidade idónea para esa xuntanza por ser o berce da poesía trobadoresca e acoller múltiples peregrinacións e migracións ao longo da historia. Entre as actividades a celebrar refírese aos dous recitais de música e poesía, á mesa redonda sobre as expectativas de cada unha das linguas, á exposición bibliográfica que probará a súa

creatividade e á homenaxe a Max Roqueta, o patriarca das letras occitanas. Louba a iniciativa da Universidade de Toulouse e nomea aos humanistas que por ela pasaron, como Servet, Rabelais e Montaigne, así como aos que traballan neste encontro, tradutores como Vincent Ozanam ou recompiladores da memoria como a erudita Marie Laffranque, que recupera a correspondencia que mantivo con Eduardo Blanco Amor.

Villar Janeiro, Helena, 'A ollada do desexo', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 10 decembro 2004, p. 3.

Dá conta da publicación d´*A ollada do desexo. Obra fotográfica 1933-1973* na Biblioteca Blanco Amor da Editorial Galaxia dentro da homenaxe que lle tributou o PEN Clube de Galicia co gallo do vinte e cinco aniversario da súa morte. Tamén comenta unha carta de Marie Laffranque que tamén se leu na homenaxe na que se loa a figura de Blanco Amor a quen coñeceu persoalmente e grazas ao cal descubriu a literatura galega.

Villar Janeiro, Helena, 'Arredor do poeta de Laíño', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 24 decembro 2004, p. 3.

Dá conta da celebración da homenaxe anual ao poeta de Laíño Eusebio Lorenzo Baleirón, onde se fai entrega dun galardón co seu nome, que xa vai pola dezasete edición. Neste ano outorgouse á poetisa, articulista e narradora Lupe Gómez.

Villar, Mariluz, 'Movimiento cultural', *La Región*, 'Mujeres', 27 xuño 2004, p. 22.

Entre outros aspectos alleos á literatura galega, Mariluz Villar felicita ao profesor e historiador Marcos Valcárcel polo seu nomeamento como membro correspondente da Real Academia Galega.

Vispo, Arturo R., 'Risco: avogado e xurisprudente', *La Región*, 'Allariz, Allariz', 10 xaneiro 2004, p. 20.

Tras a saída de *O mestre sempre vivo* (2003), o autor reafírmase na súa idea de que o aspecto profesional de Vicente Risco (Ourense, 1884 - 1963) como avogado e xurista está completamente esquecido, dando algúns datos sobre este aspecto da súa existencia.

X.G.G, 'A crítica literaria como servizo privado', *A Nosa Terra*, nº 1.123, 'Cultura', 1 abril 2004, p. 27.

Considérase que en Galicia se fai unha crítica literaria que nada ten que ver co servizo público cara á información do público lector. Enténdese que no sistema literario galego hai demasiada solidariedade ou afinidade de calquera tipo que non permite facer unha crítica arredada do escritor do texto, ben porque quen a fai é o director da colección na que sae,

ben por ser o propio tradutor ou, incluso, porque a fai algún xornal que mantén inimizades persoais con determinados autores. Reclámase unha crítica como servizo público e non como un favor que se fan uns a outros chea de loanzas que logo non se reflicte no número de lectores que mercan a obra.

X.G.G, 'É adecuado escribir críticas negativas?', *A Nosa Terra*, nº 1.143, 'Cultura', 23 setembro 2004, p. 31.

Sinala que considera necesario facer críticas negativas, pois pensa que falando só das obras boas non se beneficia ao sistema literario e que, ademais, é unha postura pouco valente coa que non se dá conta da realidade; a seguir, indica que fai esta reflexión por que, por un momento, dubidou en escribir ou non o que tiña pensado sobre *Gasumelo*, de Xulio Cid Neira, que define como unha obra na que 'o autor, con voz indignada, adoita ceibar versos nos que as palabras parecen tropezar unhas con outras'.

Xesteira, 'Os Días das Letras Galegas', *La Región*, 'Opinión', 13 maio 2004, p. 22.

O autor crítica a atribución da día das Letras Galegas a personaxes que pouco teñen que ver coa literatura de xeito específico e que, pola contra, pertencen á cultura xeral, como Xaquín Lorenzo. Ao seu modo de ver, este tipo de eleccións non ten nada que ver coa idea base do proxecto.

V.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

A.B., 'La Filología se merecía una discriminación positiva', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 8 xuño 2004, p. 12.

A decana da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña responde a unha serie de preguntas sobre a súa xestión á fronte deste centro. Fala da avaliación á que están sometendo as súas titulacións, da implantación do sistema de créditos europeo con orientación cara á autoaprendizaxe e remata dicindo que a filoloxía non debe desaparecer e debe ser reforzada e discriminada positivamente.

A.N.T., 'Francisco Quintas. 'O Liceum quere ser un punto de referencia no país', *A Nosa Terra*, nº 1.112, 'Fin de semana', 15 xaneiro 2004, p. 32.

Francisco Quintas é o xerente do Café Liceum do Porriño, local no que se ofrece novamente unha programación cultural despois de sete anos de ausencia. O entrevistado resume brevemente en qué van consistir as actividades e outros aspectos como a aparición dunha páxina web do local e un comentario sobre a resposta do público.

A.N.T., 'Emilio Xosé Ínsua 'Literatura e política formaban o substrato de Villar Ponte', *A Nosa Terra*, nº 1.119, 'Fin de semana', 4 marzo 2004, p. 33.

Entrevista a Emilio Xosé Insua con motivo da publicación, xunto co historiador Carlos Nuevo Cal, do libro *O primeiro Antón Villar Ponte*, galardoado co XVII Premio Literario Ánxel Fole. As respostas do entrevistado xiran en torno á figura deste galeguista de comezos do século XX: a modernidade, a súa estancia en Madrid, a vinculación de política e literatura, etc.

A.N.T., 'Xosé Luís Axeitos 'O exilio é unha vida de cicatrices', *A Nosa Terra*, nº 1.120, 'Fin de semana', 11 marzo 2004, p. 33.

Entrevista a Xosé Luís Axeitos que vén de publicar en Edicións do Castro a obra *O exilio galego: un mapa de cicatrices*. Fala brevemente da importancia dos exiliados na cultura galega, de figuras como Luís Seoane e do contraste cultural entre a época do exilio e a actual.

A.N.T., 'Fabiola Sotelo', *A Nosa Terra*, nº 1.131, 'Cultura', 3 xuño 2004, p. 25.

Entrevista realizada á presidenta da Asociación Galega de Editores con motivo da proximidade de novas eleccións ao cargo. Nela a entrevistada fai un balance dos seus catro anos á fronte desta agrupación, sinala a importancia que teñen eventos como o salón do libro e apunta algunha das reivindicacións que quedan pendentes.

A.N.T., 'Ramiro Fonte', *A Nosa Terra*, nº 1.134, 'Fin de semana', 24 xuño 2004, p. 33.

Entrevista a Ramiro Fonte tras a consecución do premio Losada Diéguez coa obra *Os meus ollos*. O autor fala da súa satisfacción polo galardón e resume brevemente os trazos da obra: o tema central é a infancia dun rapaz en Pontedeume, e partindo dese punto aborda os problemas da infancia e da adolescencia. Finalmente, fala brevemente da acollida que tivo a obra entre o público.

A.N.T., 'Pilar Buela', *A Nosa Terra*, nº 1.135, 'Fin de semana', 1 xullo 2004, p. 33.

Entrevista a Pilar Buela con motivo de ser galardoada cos premios Lueiro Rey de novela curta e, máis recentemente, co San Clemente, pola súa obra *Ácaros verdes*. Fala da trama do libro, do tema do nazismo e do proceso de documentación previo sobre o tema.

A.P., 'La poesía se debe leer entre líneas y después reflexionar', *Faro de Vigo*, 'Louriña/Área Metropolitana', 19 maio 2004, p. 18.

Entrevista a María Magdalena Domínguez, escritora de Mos que é coñecida como 'a poetisa do Val de Louriña' e que acaba de publicar *A quen lle dou unha estrela?*. Sinala que xa ten publicadas trece obras e que no seu labor como poeta foi totalmente autodidacta; explica que escribe versos dende nena e fala das súas fontes de inspiración, entre as que destaca o amor ou os elementos da vida cotiá. Considera que é necesario fomentar máis a lectura e que son precisos máis recitais de poesía, para que este xénero deixe de ser 'a ovella negra' da literatura. Indica, por último, que proximamente vai publicar dous novos libros, un deles destinado ao público infantil.

A.R., 'É moi difícil ser sensible', *La Región*, 'Provincia', 9 xullo 2004, p. 24.

Entrevista a María Teresa Atanes, muller que rexenta un negocio de confección en Cualedro, no rural galego, e que leva anos escribindo poemas. Fala do que significa a poesía para ela, comenta que publicará cando domine ben o galego, xa que a infancia e a xuventude pasouna no País Vasco, e explica as dificultades que atopa á hora de compoñer.

A.S., 'El libro constituye el producto cultural más barato que existe', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 21 xuño 2004, p. 72.

Antonio María de Ávila, director executivo da Federación de Gremios de Editores de España, responde a diversas preguntas sobre a situación do sector do libro. Comenta aspectos como o gasto dos españois e galegos en libros, de Internet e os libros electrónicos, etc.

A.S.L, 'Tratamos de revitalizar el aspecto popular de la cultura', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 30 novembro 2004, p. 12.

O entrevistado, José Ángel Fernández Roca, profesor do departamento de Filoloxía Española e Latina, informa do nacemento da Sociedade de Estudios Literarios de Cultura Popular (Selicup), da que el é secretario xeral. Explica que esta idea xurdiu no ano 1999 co obxectivo de promover un estudo no que confluísen os temas folclóricos e os estudos culturais. Sinala que o obxectivo principal é dignificar a cultura popular e revitalizar o aspecto popular da cultura. Pretenden recuperar a cultura popular mediante dúas vías: os congresos e a revista *Garoza*, que vai xa polo cuarto número. Anuncia que o próximo congreso terá lugar na Coruña e levará por título "Literatura y cultura popular en el nuevo milenio" e o seguinte celebrarase en Estremadura no ano 2007. A asociación está formada por xente de diversas universidades, profesorado de instituto e persoas interesadas no tema. A súa pretensión é estenderse por toda España e incrementar a relación con universidades estranxeiras.

A.T.B., 'El teatro es sabiduría, educación y un gran lujo que la sociedad necesita', *El Correo Gallego*, 'Entrevista', 25 xuño 2004, p. 8.

Theodor Smeu Stermin, director da escola de teatro Santart de Santiago responde a unha serie de preguntas sobre o teatro, como o interese que hai na cidade compostelá por esta arte ou cal é o posíbel futuro profesional dos seus alumnos. Nun cadro dáse unha breve biografía profesional do entrevistado.

A.T.B., 'La literatura me sirve para rebelarme o para confraternizar con la realidad', *El Correo Gallego*, 'Entrevista', 2 outubro 2004, p. 8.

Entrevista con Antía Celeiro Muñoz, gañadora dos primeiros premios do IES Antonio Fraguas de relato curto en galego e do certame de narrativa en castelán do IES Rosalía de Catro. A escritora compostelá, estudante de Dereito na USC, explica que empezou a escribir sendo moi nena. Como lectora, sente predilección polos autores hispanoamericanos: Rulfo, Cortázar, García Márquez, Delmira Agustini ou Neruda, así como polas novelas policiacas de Andrea Camilleri. Entre os autores galegos salienta a Novoneyra, Fiz Vergara, Manuel María, Casares, Fole, Alfredo Conde, Valcárcel, Darío Xohán Cabana... Sinala que escribe acerca de cuestións humanas: soidade, inxustiza, etc., e o que escribe adoita ser pouco esperanzador. Comenta tamén que os últimos textos que escribíu se inclúen no xénero epistolar. A entrevista vai acompañada dun perfil biográfico e dun test "moi persoal" con sete preguntas breves acerca de: un libro en galego, un libro en castelán, unha película, unha obra de arte, un desexo, unha comida e unha máxima ou refrán.

Acuña, Hortensia, 'La esencia del teatro es mostrar el trabajo del actor', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 22 xullo 2004, p. L2.

Entrevista a Lola Fernández Fernández, compoñente do grupo Nostrum-Cai Teatro, que organizará o obradoiro de interpretación '8 Días de Teatro' na capital lucense, tal e como veñen facendo dende hai máis de cinco anos consecutivos. Segundo a actriz o curso está aberto a todos os interesados en aprender as bases da interpretación e outras afinidades co mundo do teatro. Di que traballarán principalmente as técnicas de interpretación e escena e mais que levarán a cabo actividades corporais baixo o método de adestramento de partitura física.

Acuña, X. Enrique, 'Mercedes Losada. 'Penso que o meu pai hoxe sería nacionalista, seguro', *A Nosa Terra*, nº 1.146, 'Cultura', 14 outubro 2004, p. 30.

Mercedes Losada, filla de Antón Losada Diéguez, evoca a figura do seu pai, morto cando ela tiña seis anos. Sinala que ten poucas lembranzas, pero intensas: algún agasallo, os veráns na casa de Domaio, os baños na praia, a súa chegada de dar clases do instituto, as reunións no seu despacho con outros homes.... Grazas á súa nai, sobriña de Marcial Valladares, o recordo do pai permaneceu nos fillos. Recorda os anos da guerra que pasaron pechados en Moldes. Lembra a formación do pai, os estudos en Deusto, os amigos e discípulos de Pontevedra, a amizade con Castelao, a afección polos deportes e polo canto. Sinala que seu pai hoxe seguiría a ser nacionalista, na liña do desaparecido Partido

Galeguista. Por último, explica a súa intención de pór en marcha a Fundación no Pazo de Moldes, coa súa biblioteca, o seu arquivo e os seus papeis, entre os que hai algúns inéditos e cartas con personalidades da época.

Alonso, Carmen, 'Si a los niños no se les regalan libros, es difícil que les guste leer', *El Ideal Gallego*, 'Rostros de la ciudad', 10 decembro 2004, p. 14.

A Libraría C&C é presentada como un bo lugar onde escoller un regalo. Nesta entrevista, María Casais denuncia que os pais non lles regalan libros aos nenos. Outros artigos dispoñíbeis son enumerados por esta libraría.

Álvarez, Natalia, 'O conflicto lingüístico afectou á evolución do teatro galego', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 68, 29 xaneiro 2004, p. III.

Entrevista a Manuel F. Vieites, que vén de publicar en Laiovento a obra *A configuración do sistema teatral galego (1882-1936)*. Vieites fala dos primeiros intentos de creación dun sistema teatral galego, dende as tentativas do Conservatorio Nacional de Arte Galega e de escritores como Ramón Cabanillas ou Xaime Quintanilla entre outras iniciativas, e remata falando dos problemas que aínda hoxe impiden a creación dunha Escola Superior de Arte Dramática.

Álvarez, Natalia, 'Luís Rei Núñez. 'Agora imos deixando de ter quen nos subministre contos', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 71, 19 febreiro 2004, p. III.

Entrevista ao escritor Luis Rei Núñez con motivo da publicación da súa obra *A estrela dos polisóns*. O autor debulla o argumento e as liñas temáticas desta obra, fala do franquismo por ser o momento no que ambienta o texto, do Prestige e ata do seu método creativo e da vinculación que este ten co xornalismo.

Álvarez, Natalia, 'Carlos del Pulgar. 'Temos o mellor museo de arte galega en soporte papel', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 72, 26 febreiro 2004, p. III.

Entrevista a Carlos del Pulgar, editor de Nova Galicia. Nela fálase de asuntos como a edición de libros de arte en Galicia ou a recuperación de documentos históricos como *A Nosa Terra*, *Galeuzca* ou *A Fouce*. Destaca algúns dos proxectos nos que está a traballar esta editorial así como proxectos inmediatos da mesma.

Álvarez, Natalia, 'O motor da novela é pensar como se pode amar a alguén como Hitler', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 88, 'Entrevista', 17 xuño 2004, p. III.

Entrevista a Pilar Buela con motivo da publicación da obra *Ácaros verdes*, destacada pola crítica. A autora fala do argumento da obra, que xira en torno ao nazismo alemán e aos

sentimentos máis íntimos. Coméntase a relación entre os personaxes ou a proximidade coa realidade histórica, e finalmente Buela recoñece a emoción que lle provocou gañar o premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2003.

Álvarez, Natalia, 'Miguel Anxo Fernán-Vello. 'O potencial do noso sector no plano internacional é realmente grande', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 98, 'Entrevista', 4 novembro 2004, p. III.

Miguel Anxo Fernán-Vello explica as liñas de traballo da Asociación Galega de Editores, que el preside, entre as que destaca o seu intento por fortalecer e reactivar o sector editorial. Indica que a asociación elaborou o documento "Notas de urxencia sobre a situación actual do libro en Galicia" que presentou ao presidente da Xunta para promover un plan de choque que poña en primeiro plano os problemas que ten o sector. Problemas como a dotación e funcionamento das bibliotecas, a recensión do consumo de libros, etc. O presidente da Xunta comprometeuse a efectuar unha nova reunión que, no entanto, aínda non tivo lugar. Outros temas a arranxar son a informatización da rede pública de bibliotecas galegas, así como os problemas de horarios de apertura, de persoal, etc. A Asociación propón tamén pasar do 1,1 libros por habitante con que está dotada a rede de bibliotecas, a 1,5 libros, aínda lonxe da media europea que está situada en 1,9 libros por habitante. Tamén abordou a cuestión do potencial do sector editorial galego no plano internacional, xa con presenza en países de Iberoamérica e países asiáticos, e centrado fundamentalmente nos segmentos de literatura infantil e de grandes obras. Para intensificar esta presenza, a Asociación promove a creación dunha Axencia Literaria Galega. Por outra parte, para promover a lingua galega no exterior, propoñen a creación dun instituto similar ao Cervantes ou ao Ramón Llull. Por último, o entrevistado comenta o seu último libro publicado, *Territorio da desaparición*, unha poesía que quere chegar ao corazón da cidade.

Alvite, Isabel / **Iglesias**, Patricia, 'Los mejores deseos para el', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 42, 'Cuestionario', 3 xaneiro 2004, p. 10.

Cuestionario de cinco preguntas sobre a produción cultural do ano 2003 realizado a catro persoeiros da cultura galega. Os "enquisados" son o intelectual Isaac Díaz Pardo, o editor e escritor Víctor F. Freixanes, o arquitecto Arturo Franco Taboada e o pintor Jorge Cabezas. Seleccionan un evento cultural, unha lectura, un disco e unha película do ano rematado e expresan un desexo para o 2004.

Aneiros, Rosa, 'Cando escribo me invade a melancolía ', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 42, 'A autoentrevista ', 3 xaneiro 2004, p. 17.

Entrevista na que Rosa Aneiros se interroga a si mesma. Fala dalgún personaxe literario saído das súas mans, da soidade e das dificultades que atopa para escribir sobre a soidade segundo lle bota en cara Berta, outra das súas creacións. Os personaxes vana acosando con preguntas sobre a súa obra, sobre temas como o mar ou o humor e ela deixa entrever poeticamente as respostas.

Angueira, Mercedes/Bouza-Brey, Gonzalo, 'Ángel Amor Ruibal era un eclesiástico entregado a un labor intelectual', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 21 febreiro 2004, p. 21.

Entrevista a Xesús Alonso Montero na que este fala de Ángel Amor Ruibal, persoeiro galego importante de finais do século XIX e principios do XX. Fala deste eclesiástico, dos seus traballos filolóxicos, da súa personalidade e doutros asuntos relevantes.

Araguas, Vicente, 'Alfredo Osset', *Diario de Ferrol*, 'Ferrolanas en la diáspora', 14 marzo 2004, p. 15.

Entrevista realizada por Vicente Araguas a Alfredo Osset, un ferrolán vencellado fortemente ao mundo do teatro que marchou da súa cidade porque precisaba aprender máis cousas. Esbózanse as súas actividades en Madrid e en Ferrol, falan das situacións externas que condicionaron o seu traballo, etc.

Arnáiz, Ángel, 'A poesía é quitar o desacougo do ventre e convertelo en palabras', *El Correo Gallego*, 'Mulleres do novo milenio', 22 novembro 2004, p. 8.

Alicia Fernández é presentada como unha auténtica promesa para a poesía. Esta entrevista céntrase no éxito temperá de Alicia Fernández quen reflexiona sobre o feito poético sinalando que lle vale para "quitar o desacougo do ventre e convertelo en palabras". Tamén se fai especial fincapé no uso do idioma que a poeta ve como unha cuestión de sinceridade consigo mesma.

Barros, Mar, 'Xosé Ballesteros. 'Ás veces enos máis difícil vender en Verín ca en París', *A Nosa Terra*, nº 1.145, 'Cultura', 7 outubro 2004, p. 29.

Nesta entrevista, Xosé Ballesteros, director de Kalandraka, fai balance e sinala que poden estar satisfeitos xa que en seis anos conseguiron tres premios nacionais de ilustración e dous ao libro mellor editado. Apunta que o éxito da editorial se debe a que desde o principio soñaron con ofrecer publicacións de calidade aos primeiros lectores. Déronse a coñecer nas feiras internacionais máis importantes e os seus produtos foron acadando recoñecementos. Ballesteros salienta que actualmente Kalandraka non publica só en galego, senón en todas as linguas peninsulares e tamén en portugués e inglés. A editora está tamén presente en moitos países de Hispanoamérica, especialmente en México. Os seus libros circulan en xaponés, italiano, brasileiro e, acaban de vender os dereitos de case vinte títulos en Corea.

Beotas, Enrique, 'París fue la manera de salir del atolladero en el que me encontraba', *El Correo Gallego*, 'A modiño', 27 novembro 2004, pp. 8-9.

Entrevista a Ramón Chao que é presentado como unha persoa cargada de sensibilidade e ligado á terra, na memoria e no interior, en especial á Terra Chá da súa infancia. Os seus inicios en Francia, grazas a unha bolsa asignada por Fraga, marcan un conflito interior ideolóxico que o leva ao cambio. Na entrevista van percorrendo e anotando ideas sobre a vida de Chao e o mundo actual, desde os seus veciños en Vilalba como Fraga ou Rouco Varela a personaxes históricos como Prisciliano, a globalización, o comunismo, a guerra... Os seus gustos literarios tamén se ven analizados acabando cunha anécdota que viviu ao ler a Álvaro Cunqueiro.

Bilbao, C. , 'Pensar nun público pode coartarche cando escribes', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 15 febreiro 2004, p. 2.

Entrevista na que Pilar Buela, gañadora do Premio Lueiro Rey, fala da súa última novela *Ácaros verdes*. Explica a orixe da novela así como o traballo de documentación que realizou para escribila. Comenta brevemente que a temática xira en torno aos últimos días do nazismo e céntrase na visión de dúas mulleres: Magda Goebbels e Eva Braun. Finalmente ofrécese unha brevísima nota biográfica da autora.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Manuel Lourenzo', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 43, 'Letras en galego', 10 xaneiro 2004, p. 7.

Brevísima entrevista a Manuel Lourenzo que consta de dez preguntas e respostas moi curtas. Pregúntaselle polo que supón ser actor, polas ilusións da infancia ou polo personaxe que sempre quixo representar.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Víctor Mosquera', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 46, 'Letras en galego', 7 febreiro 2004, p. 8.

En dez breves respostas a este cuestionario o actor Víctor Mosqueira fala da súa situación profesional actual, das súas preferencias artísticas ou de accións sociais como o apoio á protesta polo Prestige.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Manuel Álvarez Torneiro', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 49, 'Letras en galego', 21 febreiro 2004, p. 9.

En dez respostas o poeta Manuel Álvarez Torneiro resume libros favoritos, traballos actuais, valoracións vitais, análise do sistema educativo, etc.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Marica Campo', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 50, 'Letras en galego', 28 febreiro 2004, p. 6.

Breve entrevista á escritora Marica Campo na que fala das súas influencias, dos libros preferidos ou das súas expectativas de futuro.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Francisco Fernández Naval', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 50, 'Letras en galego', 6 marzo 2004, p. 6.

Entrevista ao escritor Francisco Fernández Naval na que este recomenda a lectura dos escritores galegos que "reflicten a complexidade, as contradicións, ..." e fala da súa primeira lectura; fala, así mesmo, dos seus hábitos como escritor (mellor momento para escribir, procesos de correccións, etc.) e doutras cuestións persoais, por exemplo as cales eran as súas afeccións de neno e cales son agora.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Pepe Carballude', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 52, 'Letras en galego', 13 marzo 2004, p. 6.

Entrevista breve ao escritor Pepe Carballude. Nela fala da dificultade de escribir literatura infantil, dos seus soños e outros puntos da súa personalidade.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Rafa Villar', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 54, 'Letras en galego', 27 marzo 2004, p. 5.

Breve cuestionario no que o poeta Rafa Villar comenta certos puntos de vista da literatura e da relación desta coa sociedade.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Lois Diéguez', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 55, 'Letras en galego', 3 abril 2004, p. 6.

Apoiándose nas respostas a dez preguntas que se lle propoñen o escritor Lois Diéguez fala da súa literatura, da súa vida e das súas ilusións.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Xosé Vázquez Pintor', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 56, 'Letras en galego', 17 abril 2004, p. 7.

Brevísimo cuestionario ao escritor Xosé Vázquez Pintor no que se lle inquire sobre sociedade, literatura e anceios persoais.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Helena Villar', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 57, 'Letras en galego', 24 abril 2004, p. 7.

Helena Villar responde un breve cuestionario no que se lle pregunta por asuntos como preferencias literarias ou sobre cómo se compaxina a escritura co traballo de docente.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Xesús Rábade Paredes', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 65, 19 xuño 2004, p. 13.

Brevísima entrevista ao escritor e catedrático de lingua Xesús Rábade Paredes. Fala da súa creación literaria e dalgúns aspectos persoais.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Carlos Reigosa', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 71, 'Letras en galego', 31 xullo 2004, p. 7.

Sección fixa na que Carlos Reigosa responde a dez preguntas breves relacionadas coas similitudes entre xornalismo e literatura, a súa actividade de escritor e acerca dalgúns gustos ou teimas persoais.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a María Canosa', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 80, 2 outubro 2004, p. 8.

Sección fixa na que María Canosa responde a dez preguntas breves acerca dos seus soños infantís, do número de libros que le ao mes e da súa actividade poética.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a María Pujalte', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 83, 'Letras en galego', 23 outubro 2004, p. 8.

Sección fixa na que María Pujalte responde a dez preguntas breves acerca dos seus gustos e afeccións persoais.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Isidro Novo', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 84, 'Letras en galego', 30 outubro 2004, p. 7.

Sección fixa na que Isidro Novo responde a dez preguntas breves acerca do seu libro de cómoda, as tres obras que influíron nel, a súa razón para escribir, o futuro da lingua galega e algunhas afeccións persoais.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a David Otero', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 86, 'Letras en galego', 13 novembro 2004, p. 6.

Sección fixa na que David Otero responde a dez preguntas breves acerca da súa actividade literaria, o mellor libro de todos os tempos, o seu lugar preferido para escribir e algúns gustos persoais.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Eva Veiga', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 89, 4 decembro 2004, p. 8.

Dez preguntas breves a Eva Veiga, xornalista e poeta nas que define "poesía" ou opina sobre o futuro da lingua ou internet.

Bom, José Xavier, 'Foi un deslumbramento ver interese polo galego en Italia', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 15 maio 2004, p. L2.

Entrevista na que José Carlos Quiroga explica que acaba de publicar, en Pordenone (Italia), unha edición bilingüe da súa obra teatral *O castelo da lagoa de Antela*, coa que en 1988 gañou un premio. Explica que esta publicación xorde da iniciativa dunha asociación italiana, con interese polas diversas culturas, e dá conta da viaxe que en marzo deste ano realizou a Italia, que incluía conferencias e visitas a centros educativos.

Bom, José Xavier, 'Ao narrar tento transmitir moito con poucos medios', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 19 xuño 2004, p. L2.

Entrevista a Kike Benlloch con motivo da publicación do seu volume de narrativa *Longe, tao perto*. Explica en que consisten os seus relatos e fala de aspectos como a selección de contos para incluír na obra final ou o estado da lingua galega na mocidade e o futuro da mesma.

Botrán, C. , 'A cara oculta de Cela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 marzo 2004, p. 55.

Entrevista ao historiador e biógrafo de orixe irlandesa Ian Gibson con motivo da súa estancia en Galicia para oficiar de pregoeiro na Festa da Lamprea en Pontecesures. Comenta asuntos como a vinculación que existía entre García Lorca e Galicia, fala de Cela e a súa obra e a continuación dá a súa opinión sobre outros aspectos históricos coma a Guerra Civil, o papel de España en relación ao mundo árabe, os políticos actuais ou o futuro dos nacionalismos.

C.F., 'A historia de Compostela é irónica, ten moita retranca', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 21 xaneiro 2004, p. L2.

Ángel de la Cruz comenta a súa última novela, *Compostelanum*, editada por Biblos Clube de Lectores. Apunta que a idea orixinaria era facer un guión para unha película, pero ante a imposibilidade de levar a cabo o filme debido ao alto presuposto, o autor acordou converter o primitivo guión en novela coa correspondente ampliación e enriquecemento do novo texto. Comenta que *Compostelanum* retrata a vida de Santiago na época do arcebispo Xelmírez.

C.F., 'Non pensei en lector ningún', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 23 xuño 2004, p. 47.

Pilar Buela fala da súa novela *Ácaros verdes*, coa que acadou o premio Lueiro Rey e coa que participa no premio San Clemente, que conta cun xurado formado por alumnos. En *Ácaros verdes* toman protagonismo as mulleres de Hitler nese momento en que no búnker xa se senten os obuses de artillaría soviética. Comenta tamén o carácter reducionista da selección de libros de lectura obrigatoria no ensino.

C.F., 'Borges se quedó impresionado por la niebla de Galicia y por Rosalía', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 1 agosto 2004, p. 56.

María Esther Vázquez, secretaria e biógrafa de Borges, regresa a Galicia e rememora a viaxe realizada co escritor arxentino no ano 1964. Apunta que logo de percorrer varias cidades europeas, achegaronse até Galicia para coñecer Compostela e a terra de Valle-Inclán. Sinala que Borges quedou impresionado pola néboa e pola choiva, pola influencia de Rosalía e tamén por Ramón Piñeiro, a quen visitaron na súa casa. María Esther Vázque lembra que Borges se conmoveu ante a actitude perseverante de Ramón Piñeiro e que se asombrou polo gran coñecemento que tiña sobre filosofía e tamén pola tranquilidade e delicadeza con que falaba.

Caneiro, X. C., 'Eu non quero ser como Borges', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 42, 'A autoentrevista', 3 xaneiro 2004, p. 16.

Nesta "autoentrevista", Xosé Carlos Caneiro fai un brevísimo percorrido pola súa traxectoria vital. Recorda a súa etapa de estudante no colexio Salesianos de Ourense, os seus estudos de Maxisterio e máis tarde de Filoloxía e Xeografía e Historia. Estas últimas carreiras cursounas pensando en conseguir escribir mellor, tarefa na que foron decisivas as múltiples e variadas lecturas que fixo na biblioteca do colexio Salesianos. Achega tamén a súa vida máis persoal, fala da súa muller, Berta, e das súas fillas, Concha e Marta. Conclúe a "autoentrevista" insistindo no seu oficio de escritor e sinala que espera lograr facer unha literatura que cambie a vida de quen a le, que emocione e faga sentir.

Carballa, Xan, 'Xosé Luís Axeitos', *A Nosa Terra*, nº 1.127, 'Cultura', 6 maio 2004, p. 29.

Xosé Luís Axeitos refírese ao tema do seu discurso de entrada na Real Academia Galega, que posibelmente versará sobre a relación de Luís Seoane coa Real Academia Galega. Apunta o labor desta institución e os tesouros que garda, entre os que destaca a importante correspondencia, e informa de que el está a traballar na correspondencia de Murguía. Finalmente, comenta a importancia da literatura do exilio e o descoñecemento dalgunhas figuras, en concreto, chama a atención sobre a persoa de Luís Seoane, cuxo labor, que abrangue distintos campos -promotor de libros e revistas, gravador, poeta, narrador, pintor-, aínda está pouco divulgado.

Carballa, Xan, 'Camilo Gonsar', *A Nosa Terra*, nº 1.131, 'Cultura', 3 xuño 2004, p. 29.

Con motivo da publicación da súa última novela, *A noite da Aurora* (2003), Camilo Gonsar fala sobre a mesma. Afirma que nela intentou reflectir o ambiente dunha vila galega durante a época da posguerra e que o título fai referencia a unha aurora boreal que se viu no ano 1938. Refírese tamén á súa afección pola literatura nórdica. Finalmente, reivindica a claridade e o uso do idioma galego.

Carneiro, Montse, 'Asubían de Madrid, e Galicia enteira empeza a mover o rabo', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 17 maio 2004, p. 84.

Manuel María reclama que se cumpra a Lei de normalización lingüística, é dicir, que o galego se use na administración a todos os niveis e que se busque o xeito de darlle prestixio social. Afirma que a conciencia de pertencer a unha comunidade cunha cultura e un idioma propio veulle cando leu *Sempre en Galiza*, obra que lle prestou Ramón Piñeiro. Defínese como escritor de versos, gaba a paisaxe da Terra Cha e do Ribeiro e pídelle á vida seguir vivindo ao lado de Saleta, a súa muller.

Castillejo, A., 'A mí me gusta todo: soy de un tiempo mestizo, por eso estoy en tierra de nadie', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir Aquí', 25 novembro 2004, p. 86.

Entrevista con Suso de Toro con motivo da publicación do seu libro *El príncipe manco*, onde reúne nun único volume todo o traballo que dedicou ao seu personaxe máis querido, Nano, un home simple e manco, que fala sen descanso. A novela consta de tres partes: unha introdución, a continuación "Tic-Tac", que xa publicara en castelán, e por último "Círculo", que aparece por primeira vez en castelán. O escritor sinala que se sente a gusto en todos os xéneros porque pertence a un tempo moi mestizo e porque se formou nunha escola mixta entre a vida e as letras e entre a alta cultura e a cultura popular, a radio, a tele, as cancións, entre os debuxos animados e o *Quijote*. Explica tamén que aínda que o título deste libro, *El príncipe manco,* era o título dun cómic de culto nos noventa, e malia existir tamén o libro *A princesa manca*, de Gustavo Martín Garzo, el non se lembrou de ningún deles cando puxo título á súa obra. O título nace do protagonista, Nano, que é como un Hamlet de barrio instalado na dúbida, que lle dá mil voltas ás cousas. O escritor considera que, logo desta reunión de dúas obras anteriores, *El príncipe manco* vai ser o centro da súa obra.

Castro, Luísa, 'Escribir é unha débeda que se paga ó longo da vida', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 42, 'A autoentrevista', 3 xaneiro 2004, p. 15.

Nesta peculiar "autoentrevista", Luísa Castro manifesta que coa súa obra literaria pretende conseguir "algo grande", a mesma grandeza que transmitían os autores que ela lía. Afirma que é unha persoa entrañábel e critica os escritores galegos que "perden a mexa por ter

éxito en Madrid". Por último, enumera algúns dos lugares nos que viviu e que marcaron dalgunha maneira a súa personalidade.

Corbelle, Sabela, 'No quiero ser una estrella de ésas', *El Progreso*, 'Entrevista', 9 maio 2004, p. 104.

Manuel Galiana fala do seu labor como profesor na Aula de Teatro de Madrid, e manifesta que a escola do actor está no xénero teatral. Sinala tamén que agradece os premios recibidos e que se sente querido e respectado polos compañeiros e polas institucións. Apunta o aumento das compañías de teatro. Finalmente declara a súa predilección polo papel de Cyrano de Bergerac, polas obras *Tres sombreros de copa* e *Las guerras antepasadas* e polo actor Chaplin.

Corbelle, Sabela, 'Miguel Anxo Murado: 'Para subir á muralla levaría a cámara, unha gorra e auga', *El Progreso*, 'En chanclas', 5 agosto 2004, p. 77.

Miguel Anxo Murado conversa acerca da cidade de Lugo, aconsella aos turistas sobre o equipo necesario para subir á muralla, salienta un recanto de Lugo, imaxina as súas vacacións ideais e informa sobre algúns gustos persoais.

Domínguez, C., 'Mauricio Calzadilla Martínez. 'Ós poetas galegos fáltalles proxección', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 9 xaneiro 2004, p. 64.

Refírese ao traballo de investigación "O discurso da identidade na poesía galega contemporánea. Os poetas do Pen Clube" co que Mauricio Calzadilla conseguiu unha bolsa no Centro Ramón Piñeiro. Calzadilla considera que o seu traballo, tutelado polo profesor Anxo Tarrío, permítelle facer unha visión historicista da poesía contemporánea galega e apunta que os poetas do Pen Clube actualizaron a poesía galega e déronlle voces novas coa introdución da literatura feminista, poscolonial, posmoderna ou performática.

Domínguez, C., 'Salvador García Bodaño. 'Á escrita galega fáltalle diversidade', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 27 febreiro 2004, p. 64.

Salvador García Bodaño fala da súa colaboración no libro *Intifada. Ofrenda dos poetas galegos a Palestina*. Comenta a temática do seu poema que versou sobre a necesidade e o dereito de Palestina de vivir en paz. Refírese tamén á publicación do seu último libro, *Cidade virtual* (2003), que xira arredor dos sentimentos. Finalmente sinala a dificultade que encerra a poesía e o bo momento que atravesan as letras galegas, aínda que lles recomenda aos escritores que camiñen cara a unha creatividade máis persoal.

Domínguez, C., 'Artesán da imaxe', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 18 abril 2004, p. 12.

Fausto Isorna repasa a súa traxectoria como deseñador, tarefa na que foi un dos pioneiros xunto con Pepe Barro ou Xosé Díaz. Traballou coa editorial Positivas e Sotelo Blanco e actualmente con Galaxia. Apunta que as súas influencias foron o cómic americano e Ibáñez. Sinala que grazas ás novas tecnoloxías facilitouse e abaratouse o traballo dos deseñadores de cómics, aínda que tamén permitiu que os informáticos sen ser debuxantes se dedicaran ao deseño. Comenta que a situación do cómic en Galicia é semellante á do resto de España. Hai, segundo el, unha boa actividade arredor deste xénero.

E.B., 'Carlos Santiago: 'Reintroduzo a poesía na oralidade', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 13 agosto 2004, p. 64.

Carlos Santiago preséntase como unha persoa polifacética: é autor do libro de poemas *Metalurxia*, é vocalista, letrista e compositor da banda Psicofónica, e tamén é actor no espectáculo Feitoamán. Explica que este espectáculo parte de textos de tipo poético, organizados como un monólogo, combinando monólogo e poesía. A súa intención é reintroducir a poesía na oralidade, para recuperar a comunicación directa co público. Considera que a poesía e a música teñen moito que ver entre si, especialmente nas cancións. Por último sinala que as facetas de poeta, cantante, compositor e actor están todas relacionadas.

Feal, Laura, 'Iolanda Muíños: 'Ó público hai que educalo para que vaia ó teatro', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 26 setembro 2004, pp. 18-19.

Iolanda Muíños, actriz de Narón, fai un percorrido pola súa traxectoria teatral, cinematográfica e televisiva. O teatro é o xénero no que comezou, e o que máis coñece. Actualmente representa con Lagarta Lagarta a peza *Fobias*, e tamén está *16 horas* con As Vede3, obra que representa desde o 2002. No cine, traballou na curta *El Ramo,* participou en *Trece badaladas* e en *Mar adentro.* En televisión participa na rodaxe da serie da TVG *Libro de familia*, onde interpreta o papel de Mariquiña. Tamén colaborou en *Pratos combinados*, *Rías Baixas*, *Máxima Audiencia*... Debido a que en *Libro de familia* non ten un papel protagonista, pode compatibilizar a televisión cos outros proxectos. Proximamente estrearase como directora teatral e codirixirá xunto con Avelino González o espectáculo *Por un millón de dólares,* da compañía Bucanero. Finaliza a entrevista opinando sobre o panorama teatral galego, ao que ve mal. Considera que a Xunta destina poucos cartos para programar teatro e que o público necesita unha programación constante para aprender a ir ao teatro.

Ferreño, Lorena, 'Ovidio Murguía fue el único mohicano', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 10 xullo 2004, p. 74.

Con motivo da publicación do libro *Ovidio Murguía*, de Pedro Rielo, este comenta algúns aspectos da vida e, sobre todo, da pintura de Ovidio Murguía. Rielo destaca a importancia que os seus pais tiveron na súa formación e salienta a súa obra paisaxística, pola que sen dúbida destacou, aínda que tamén pintou algúns retratos importantes.

Filgueiras, L.S., 'A literatura é para min coma un arado que debe levantar estrelas na terra', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 4 xaneiro 2004, p. 14.

Manuel Rivas fala sobre o seu último libro *Contos de Nadal*, que leva ilustracións de Miguelanxo Prado, e da súa recompilación de poesía. O escritor declara que a través da poesía pódese chegar a coñecer a unha persoa. Non se posiciona no tocante a se prefire a poesía ou a narrativa.

Forján, Emilio, 'Magariños merece que se recupere a súa memoria', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 6 abril 2004, p. L2.

Con motivo do nomeamento de X. Amancio Liñares Giraut como comisario da celebración do centenario do nacemento de Xulián Magariños, o escritor e historiador negreirés reivindica a importancia da figura de Magariños, un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos, e adianta algúns dos actos que conformarán o mencionado evento, como a celebración dun congreso sobre a vida, a obra e a época de Xulián Magariños, o descubrimento dun monolito preto da casa onde naceu ou a colocación dunha placa na súa casa natal.

Franco, Camilo, 'Este ano farase a película de 'Memorias dun neno labrego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 24 abril 2004, p. 47.

Neira Vilas comenta as claves do éxito da súa obra *Memorias dun neno labrego* e adianta que se fará unha versión cinematográfica da novela dirixida por Ismael González, un galego residente en Madrid. Por último, apunta que o feito de que os protagonistas da súa obra pertenzan á clase popular ou proletaria vén dado por un desexo de outorgarlle voz a quen non a tivo, afirmando que "cómpre equilibrar o mundo".

Franco, Camilo, 'La creación del director es elegir un camino y que lo sigan', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 7 maio 2004, p. L2.

A directora de Ur Teatro, Helena Pimenta, está impartindo en Santiago dous cursos de teatro, un para a Asociación de Actores e outro para a Universidade de Santiago. Comenta o curso para a Asociación de Actores titulado "El actor como creador", o que lle dá pé para defender o traballo en conxunto: non se trata de impor ordes, senón de motivar, conciliar e tomar decisións entre todos. Así mesmo, Pimenta reivindica a lectura dos clásicos desde o momento actual, buscando o universal e o humano de cada obra.

Franco, Camilo, 'Los libros casi originales tienen mucho que ver con la pintura', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, 'Deletras', 22 maio 2004, p. 14.

Entrevista na que se reflexiona sobre a importancia que teñen as copias case orixinais de tesouros bibliográficos, así como sobre o complexo proceso de elaboración que teñen.

Franco, Camilo, 'Farruco Sesto. 'Una revolución precisa avances culturales para ser eficaz', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 24 outubro 2004, p. 49.

Farruco Sesto aborda distintas cuestións: a súa condición de galego exiliado, de poeta en lingua galega, de nacionalista... Recupera as figuras do exilio galego coas que se relacionou, Laxeiro e Celso Emilio Ferreiro, principalmente. Explica que se sente con dobre nacionalidade cultural: é un venezuelano que conserva as súas raíces galegas, o cal é perfectamente compatíbel xa que Venezuela é un país multicultural. Como ministro de Cultura de Venezuela expón os obxectivos básicos que se propón: revalorizar a cultura autóctona e converter Venezuela nun país de lectores e escritores, xa que unha revolución necesita avances culturais para ser eficaz. Tamén sinala a importancia dos intercambios con outras culturas, como a galega.

Franco, Fernando, 'Siempre quise ser escritor sin apellidos geográficos o políticos', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 354, 'Glub Faro', 6 marzo 2004.

Suso de Toro fala sobre a "presión" derivada da obtención de diversos premios, pois xa ten no seu haber o Nacional da Crítica, o da Crítica Galega, o Blanco Amor de novela e o Nacional de Narrativa. Recalca que non se debe xustificar por escribir en galego, pois nacendo en Galicia non concibe outra forma de facelo, pero gustaríalle ser un escritor sen apelidos xeográficos ou políticos. Por último, apunta que se as editoriais galegas non recibisen subvencións, buscarían outros camiños para conseguir diñeiro.

Freire, Isabel, 'Germán Sierra Paredes', *Galicia Hoxe*, 'A contra', 14 marzo 2004, p. 72.

Despois de tratar varios asuntos pertencentes ao ámbito científico no que Germán Sierra exerce a súa investigación, céntrase no seu labor como coordinador dun encontro de escritores. Reivindica a literatura que require o esforzo do lector fronte á literatura como simple entretemento.

González, Eva, 'Bieito es un mago que hace cosas portentosas', *Faro de Vigo*, 'Área Metropolitana', 7 xaneiro 2004, p. 15.

O escritor Roque Cameselle Capón fala da súa primeira novela, *Bieito Dubidoso*. O autor sinala que o seu libro narra unha historia ambientada na Galicia do século XII, onde o personaxe principal vive, como mago da corte, as evolucións das relacións entre Portugal e Galicia.

Graña, Carmen, 'Nos interesa ofrecerle al potencial lector la riqueza del yo literario', *El Correo Gallego*, 'Entrevista', 6 outubro 2004, p. 10.

Cecilia Martínez e Elisa Vázquez, responsábeis de Primerapersona, falan deste proxecto editorial de ámbito estatal que publica en castelán, galego, catalán, euskera e inglés. Sinálase que lles interesa a mestizaxe de linguas e a recuperación de clásicos, e que teñen dous tipos de obras: as adquiridas nos mercados internacionais e os manuscritos que lles chegan do mercado próximo. Na entrevista abórdase cómo xorde o concepto e o nome desta editorial, os idiomas nos que publican e cal é a súa liña editorial. Sinalan así as dúas grandes ramas da editora; 'Palabras Mayores', que abarca todo tipo de literatura, e 'Letras Pequeñas', dirixida a cubrir ocos existentes no currículo educativo. Dentro desta última colección salientan a tradución ao galego de *A miña planta de laranxa lima*. Destacan así mesmo as dificultades de editar para adultos por ser o mercado moi grande e non permaneceren os libros nas librarías o tempo suficiente para que o lector saiba que existen. Como proxectos inmediatos sinalan que en breve publicarán dous libros: *Aquel paseo por el parque Naryshkin*, de Rose Zwi, e *¡Ah las mujeres!,* de Isaie Biton Koulibaly. Tamén se ofrece un pequeno perfil de ambas as entrevistadas e da editorial, indicando que xurdiu en decembro de 2000 e que ten títulos como *Flor de xiz, La voz recuperada, Miseria, Extrañas* e *El don de la serenidad*, na colección Letras Mayores, e en Letras Pequeñas: *La vida en la mar salada, Cantos rodados* ou *¡Sabe salado!*

Graña, Carmen, 'La librería se creó como un espacio cultural de intercambio', *El Correo Gallego*, 'Mujeres del nuevo milenio', 8 decembro 2004, p. 8.

Entrevista a Lola Puerta, da Libraría Aenea. Nesta entrevista, Lola Puerta achéganos ao proxecto da Libraría Aenea, un espazo cultural de intercambio, de pensamento humanista, integral, na que nos describe que podemos encontrar nos seus andeis. O labor de presentación de libros, incluíndo tamén libros antigos, revélase como a actividade máis significativa da libraría.

Hermida, Patricia, 'A cultura debe comprometerse, pero tamén ten que facelo a empresa', *El Correo Gallego*, 'Mulleres no novo milenio', 30 marzo 2004, p. 8.

Ante as preguntas da xornalista, Fina Casal, xerente da galería Sargadelos de Ferrol, fala da súa experiencia profesional e da situación actual da cultura en Ferrol. Destaca a importancia dun compromiso xeral na construción dunha cultura crítica e a necesidade de fomentar as publicacións sobre a historia máis recente da cidade.

Iglesias Viqueira, Víctor, 'La ambigüedad en mi trabajo es deliberada y persigue la duda', *Faro de Vigo*, 'Área metropolitana/Val Miñor', 4 decembro 2004, p. 15.

Nesta entrevista Quico Cadaval reflexiona sobre o seu traballo como contador de historias e explica como utiliza as propias narracións para producir no público unha "ambigüedade deliberada".

J.P., 'Irlanda es la referencia en que debería mirarse Galicia', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 3 marzo 2004, p. 12.

Antonio Raúl de Toro, catedrático de Filoloxía Inglesa da Universidade da Coruña e director do Instituto de Estudios Irlandeses Amergin, expón as funcións e actividades da institución que dirixe. Subliña o papel do Instituto como ponte entre as culturas galega e irlandesa, enfatizando a capacidade emprendedora desta última como modelo para Galicia.

Lázare, Benigno, 'O dos premios é como o das primas a terceiros no fútbol', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 13 xaneiro 2004, p. L2.

Entrevista a Xoán Rodiño, que vén de gañar o Concurso de Relatos Curtos 'Valle-Inclán' da Pobra do Caramiñal. Este escritor rianxeiro, residente no concello lucense de Trabada, sinala que xa foi galardoado con outros premios e expresa o seu desexo de que algún editor publique os seus traballos.

Lázare, Benigno, 'Eu teño a idea de que a poesía é un xénero esencial', *La Región/Atlántico Diario* , 'Al día', 13 febreiro 2004, p. L2.

Entrevista a Xulio López Valcárcel a propósito da presentación do seu libro *Casa última*, co que vén de abrir un espazo de dez anos sen publicar nada de poesía, xa que segundo el mesmo conta, estivo cultivando outros eidos como a narración, co libro de relatos *Anel de mel* e coa novela *Campo de Marte*, o ensaio ou a literatura de viaxes. O escritor afirma que para el a poesía é a forma de coñecemento da realidade non cuantificábel, dos valores inmateriais, e considéraa o xénero por excelencia.

Lázare, Benigno, 'Roxelio Subiela foi persoa xenerosa e de fino humor', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 3 marzo 2004, p. L2.

Pequena entrevista ao autor de *Roxelio Subiela Ledo: a gracia dun home de aldea*, obra que presentou na galería Sargadelos de Lugo. O autor, de Chantada, afirma que con este libro lle fai unha homenaxe a un labrego, tamén chantadino, que estaba dotado dunhas calidades excepcionais: gran xenerosidade, fino humor e honestidade, pero que coma moitas outras persoas do medio rural pasaron moitas penurias a consecuencia da guerra e da posguerra.

Lázare, Benigno, 'Tengo una forma de contar historias muy cotidiana', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 27 abril 2004, p. L2.

Conversa con José Luis Camparini, que está a desenvolver o curso *Narración oral: a imaxe, a historia e a palabra*, promovido polo Sindicato de Traballadores do Ensino Galego (STEG) e dirixido fundamentalmente a docentes. Este arxentino de ascendencia

galega, que tamén se dedica a contar historias en distintos locais da capital lucense, asegura que a tradición de referir contos nunca se esqueceu e que o seu auxe actual se remonta a vinte anos atrás.

Lázare, Benigno, 'O reto da vangarda resúltame un pouco alleo', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 24 outubro 2004, p. L2.

Conversa co artista vilalbés Eduardo Baamonde que acaba de realizar unha exposición na Casa de Cultura da súa terra natal, onde, ademais de dez cadros, expuxo os debuxos que ilustraron os libros *Boca da noite* e *O cabo da serpe*. Baamonde fala das súas facetas de pintor, ilustrador e deseñador gráfico e do seu compromiso político e social relacionado con elas.

Lizcano, R., 'Enrique León Calviño 'Neste traballo hai centos de anécdotas', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 12 febreiro 2004, p. 64.

O Comisario Xefe da Policía Nacional en Santiago explica a súa experiencia como participante no volume colectivo de relatos *Palabra por palabra. Contos da policía*, editado en apoio á normalización lingüística.

López, Belén, 'Manuel Varela. 'Erótica es hasta la punta de la nariz', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 2 xaneiro 2004, p. 64.

O presidente da Sociedade Galega de Sexoloxía presenta o volume editado cos traballos que participaron no primeiro certame de relatos eróticos convocado pola institución que preside. Recomenda o libro porque hai contos en galego e castelán, "para todos os gustos", e, asimesmo, porque conta con ilustracións eróticas que complementan a lectura.

López, Belén, 'Manuel Teijeiro: 'Eu son un narrador de fondo', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 28 xaneiro 2004, p. 84.

O secretario da Comisaría de Pontevedra, participante en *Contos da policía*, declara o seu agradecemento por ter sido elexido para dito proxecto literario.

López, José Miguel, 'A obra do vate chairego amosa o seu gran saber enciclopédico', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 24 abril 2004, p. L2.

Entrevista con Camilo Gómez Torres despois de que presentase en Vilalba o libro A Terra Chá na poesía de Manuel María. Infórmase de que esta obra foille solicitada a Gómez Torres por Alfonso Blanco Torres para renderlle unha homenaxe ao vate chairego en conmemoracióln do quincuaxésimo aniversario da aparición de Terra Chá. Sinálase que A Terra Chá na poesía de Manuel María está composto por 458 poemas que teñen en común

temática relacionada con esta comarca lucense. O autor di que se presenta acompañada duns apéndices nos que se enumeran todas as persoas e lugares homenaxeados por Manuel María, que realizou coa intención de que sexa un manual aproveitábel polos escolares, dadas as múltiples aplicacións en ciencias sociais e naturais, antropoloxía, literatura e lingua.

López, Rafa, 'Filias y fobias', *Faro de Vigo*, 'La escapada', 6 febreiro 2004, p. 8.

Cuestionario no que a poeta Yolanda Castaño expón as súas filias (Björk, César Vallejo, a fotografía, os bombóns de licor,etc.) e fobias (Steven Seagal, o fútbol, Antonio Gala, os ovos fritidos,etc.).

Loureiro, Ramón, 'Hai que publicar en galego a mellor literatura mundial', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 7 marzo 2004, p. 49.

Ekaterina Guerbek, tradutora de *Crime e castigo* ao galego, afirma a importancia da tradución dos clásicos no crecemento da lingua e da cultura galegas. Ademais, a lingüista rusa considera que o galego é unha lingua viva e, polo tanto, allea a calquera risco de desaparecer.

Lueiro, Xosé, '... no terreo da épica', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 23 xaneiro 2004, p. 4.

Manuel Guede, actor, director escénico e responsábel máximo do Centro Dramático Galego, fala da súa visión do teatro galego e da súa obra. O intelectual considera o teatro un espazo "reservado á epica", ao tempo que denuncia a precariedade do sistema teatral galego.

Lueiro, Xosé, '¿Vívese do teatro?', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 6 febreiro 2004, p. 4.

Reportaxe que recolle as opinións de varios profesionais galegos sobre a situación actual da escenografía. Todos eles coinciden en subliñar os moitos problemas que definen, ante a ausencia dunha política teatral, o mundo escénico galego.

Lueiro, Xosé, 'Somos pouco profesionais', *Galicia Hoxe*, 'A Contrabutaca', 27 febreiro 2004, p. 4.

Jorge Armesto, programador da rede galega de teatro profesional, fala da función dos programadores no panorama teatral galego. O entrevistado opina que a carencia dunha cultura teatral sólida dificulta o traballo dos programadores, aumentando os problemas que xorden do divorcio entre as ofertas das compañías e os gustos do público.

Lueiro, Xosé, 'Camiñar cara a algures', *Galicia Hoxe*, 'A Contrabutaca', 19 marzo 2004, p. 4.

Isabel Blanco, actriz e presentadora de televisión, analiza as características do medio teatral e reclama tanto a sistematización da aprendizaxe a nivel interpretativo como a implantación dunha segunda canle autonómica que permita consolidar a industria cultural en Galicia.

Lueiro, Xosé, 'Cunqueiro é teatro', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 4 xuño 2004, p. 4.

Quico Cadaval explica a súa visión da obra de Álvaro Cunqueiro e, especialmente, de *O ano do cometa*, texto que levará ás táboas co Centro Dramático Galego. O artista considera que dita obra "completa e resume a dialéctica entre a realidade e a ficción, o soño e a fantasía". Cadaval afirma, asimesmo, que a adaptación da novela ao teatro xustifícase polas situacións teatrais que inclúe o texto de Cunqueiro.

Lueiro, Xosé, 'Estamos a tocar fondo', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 18 xuño 2004, p. 4.

Xulio Lago, fundador do Teatro do Atlántico, expresa o seu pesimismo sobre o teatro galego actual, dicindo que, dende o ano 1994, o teatro galego "foi apodrecendo ata tocar fondo", de tal maneira que xa non se considera que o teatro sexa un elemento importante para a reflexión e a creación.

Lueiro, Xosé, 'A luz dentro da luz', *Galicia Hoxe*, *'Hoxe Venres'*, 'A Contrabutaca', 30 xullo 2004, p. 4.

Baltasar Patiño, membro de Matarile teatro, fundador do teatro Galán, escenógrafo e iluminador, fala nesta entrevista especialmente desta última faceta: a de iluminador. Como tal, é requirido desde diversas zonas do Estado español. Considera que a luz é fundamental para facilitar ao público a comprensión do espectáculo e considera que hai que desenvolver unha política teatral que teña en conta cuestións técnicas como esta que repercuten no resultado final dun espectáculo.

Lueiro, Xosé, 'Nunca refugo dun papel', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 10 setembro 2004, p. 4.

Xosé Manuel Oliveira 'Pico', coñecido actor que comezou a súa carreira no Grupo de Teatro Afeccionado Ditea nos 70, considera que se avanzou nestes tres decenios, mais que aínda hai obxectivos a conseguir, como crear unha escola de arte dramática ou introducir nos centros de ensino unha materia de teatro. Sinala que leva tamén desde 1985 colaborando ininterrompidamente co CDG, aínda que nos últimos tempos o seu labor no audiovisual lle impide poder facer fronte ás montaxes teatrais. Avalía a situación da Televisión de Galicia, observando positivamente a aposta pola ficción e sinalando outros camiños como a produción de tele movies e facerlle un oco ao teatro. Manifesta a súa

alegría pola boa acollida ao papel de Mabel Rivera en *Mar adentro*, e sostén que servirá para que se abran novas portas aos actores galegos.

Lueiro, Xosé, 'Aprobado con nota', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 24 setembro 2004, pp. 4-5.

Tripla entrevista a tres figuras fundamentais na creación do teatro institucional de Galicia, o Centro Dramático Galego. Os tres homes entrevistados son Eduardo Alonso, fundador do CDG; Damián Villalaín, reitor, e Manuel Guede, o director actual. Comezan falando sobre os primeiros pasos da profesionalización do teatro galego e a vertebración dunha compañía institucional antes de crear un centro de formación. Manuel Guede afirma que o teatro non ten responsabilidade no relativo á normalización lingüística e tanto el como Villalaín se manifestan contrarios ás polémicas creadas polas representacións en castelán do CDG. No relativo á ausencia de público nas representacións do CDG, considérase que hai unha responsabilidade social máis ampla, singularmente no ámbito educativo. Unha carencia de futuro que se repite na entrevista é a da existencia dunha Escola de Arte Dramática, que se agarda que sexa unha realidade para o ano 2005.

Lueiro, Xosé, 'Teatro e misoxinia', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 1 outubro 2004, p. 3.

Entrevístase a Dorotea Bárcena, actriz e directora teatral, ademais de fundadora de varias compañías. Bárcena sinala que nos 70 deixou o seu traballo como mestra para se ir formar a Madrid, nun momento en que en Galicia escaseaban as compañías profesionais. No regreso, fundou o grupo Mari Gaila e foi testemuña da creación do CDG. Na entrevista recorda que ela se posicionou en contra da creación desta institución e considera que o tempo lle deu a razón, por ter destruído o teatro independente. Isto non quita que rexese o Centro no ano 1989, o cal a dramaturga valora como un momento "revolucionario", no que se lle deu posibilidade de traballar a novos actores e actrices. Considera que a industria teatral continúa a ser misóxina, pondo como exemplo que en vinte anos de teatro institucional só dúas mulleres dirixiron unha montaxe do CDG. Termina a entrevista cunha crítica á distribución de subvencións, que fixo desaparecer a súa compañía.

Lueiro, Xosé, 'Sen transcendencia pública', *Galicia Hoxe*, *'Hoxe Venres'*, 'A contrabutaca', 12 novembro 2004, p. 4.

Inma López Silva, investigadora e crítica teatral, considera que a crítica teatral galega non está erixida como discurso social con transcendencia pública, mais si é capaz de xerar un estado de opinión dentro do propio mundo teatral. Considera que o CDG recibe un maior tratamento mediático que as compañías privadas pola situación de inferioridade destas últimas e opina que a futura Escola Superior de Arte Dramática non formará só actores ou directores, senón que tamén formará futuros críticos. O entrevistador solicítalle unha valoración das obras máis relevantes do 2004, ao que responde cos seguintes títulos: *O ano do cometa, As laranxas máis laranxas de todas as laranxas, Ensaio, Acto seguido, Así que pasen cinco anos* e, salientadamente, *O encoro*.

Lueiro, Xosé, 'Satisfacción persoal', *Galicia Hoxe*, *'Hoxe Venres'*, 'A contrabutaca', 26 novembro 2004, p. 4.

O director da Aula de Teatro da Universidade de Santiago e autor teatral, Roberto Salgueiro, defende que a Escola Superior de Arte Dramática tivese un rango universitario e non de ensino secundario. Denuncia que hai xente que está a tentar sacar proveito da creación desta Escola e que, pola contra, prescíndese de figuras como Manuel Lourenzo e Antonio Simón. Sinala que actualmente moita xente, entre a que se inclúe, xa non escribe teatro pensando para a representación. Di que existe unha nómina maior de escritores de teatro que de novelas. Así mesmo, sostén que sente unha especial predilección pola reinterpretación dos clásicos desde prismas actuais e que a súa dramaturxia desprende desacougo.

Lueiro, Xosé, 'De risos en loitas', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 10 decembro 2004, p. 4.

Entrevista a Gloria Ferreiro, fundadora da revista *Pífano*. A entrevista céntrase na traxectoria de Gloria que empeza no teatro amador no Instituto Rosalía de Castro de Compostela. Dá como nomes chave a súa coincidencia con Mela Casal ou Antón Reixa. As reflexións sobre a evolución dos públicos desde a súa primeira función como público na sala Losada de Ourense ata hoxe en día ou o compromiso social do seu teatro pecha a entrevista.

Lueiro, Xosé, 'Unha profesión de fe', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 17 decembro 2004, p. 4.

Na presentación desta entrevista a Antonio Simón faise fincapé na súa longa historia no eido do teatro, en especial ligada a Teatro Circo e Centro Dramático Galego. A entrevista encamíñase a través dos seus inicios e da súa etapa en Madrid onde coincide con Xulio Lago ou Manuel Manquiña. A súa volta a Galicia marca o inicio do teatro profesional coa compañía Troula que se constitúe xusto despois de Teatro Antroido. A compoñente ideolóxica e militante do teatro galego marca a análise final desta entrevista.

M.B., 'Desde hace años hay una hermandad gallega y vasca', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 5 xuño 2004, p. L2.

O xornalista comeza falando da traxectoria da compañía de Euskadi, Tanttaka Teatroa, máis coñecida polo éxito que conseguiu coa obra *El florido pensil*. Agora presenta en Santiago *La mano del emigrante* obra de Manuel Rivas, na que une ao emigrante e o mariñeiro na súa loita pola vida. A adaptación é de Fernando Bernués, o cal é tamén director da obra. O actor Quique Díaz de Rada confesa que existe unha irmandade entre galegos e vascos dende hai moitos anos.

M.B., 'A xente entendo porque falo de cousas que lle preocupan', *La Voz de Galicia*, 'En dos minutos', 12 agosto 2004, p. L2.

Entrevista ao músico, escritor e narrador teatral Carlos Santiago. Fala do seu espectáculo poético, onde o monólogo ocupa un lugar relevante e que está creado a partir de poemas seus. Indica que neste espectáculo experimenta coa poesía e que nel mestura, dende o punto de vista temático, ficción e actualidade. Sinala, finalmente, que o outro elemento destacábel desta proposto escénica é o humor, que presenta unha forte carga crítica, satírica e política.

M.B., 'El teatro está maltratado porque es un arte subjetivo', *La Voz de Galicia*, 'En dos minutos', 2 setembro 2004, p. L2.

A autora, actriz e directora teatral Marina Wainer Levy é entrevistada por estar a impartir un curso intensivo, convidada pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia. Coméntase que as participantes no curso son todas mulleres e que hai unha epígrafe do curso que o actor acostuma descoidar: o corpo. Considera tamén que a crise teatral se está a dar igualmente en Madrid.

M.B., 'Celso Parada. 'Non hai un compromiso real das institucións co teatro', *La Voz de Galicia*, 'En dos minutos', 30 novembro 2004, p. L2.

Entrevista a Celso Parada, o intérprete e director da compañía Teatro do Morcego, por mor da representación dunha versión galega d' *O Lazarillo de Tormes*. Sinala que se trata dunha versión máis sociolóxica e que consegue interesar ao público infantil. Os proxectos de futuro como actor están nunha serie da TVG, *Libro de familia*, e noutras obras da compañía.

M.M., 'Helena Villar Janeiro. 'O xornalismo é un exercicio de estilo imprescindible para o escritor', *El Correo Gallego*, 'Mulleres do novo milenio', 26 novembro 2004, p. 8.

Helena Villar Janeiro é preguntada en primeiro lugar pola conciliación entre o seu labor como escritora e como articulista en *El Correo Gallego*, ao cal responde que o xornalismo é un exercicio de estilo. As seguintes preguntas versan sobre a lingua: o recén aprobado Plan de Normalización Lingüística, as causas da situación do galego e a comparativa entre o galego, o catalán e o vasco. Móstrase preocupada e indica que para garantir que quen queira poida usar o galego hai que obrigar a alguén a que cumpra coas súas pretensións, de modo que a voluntariedade é imposíbel. Cuestiónaselle se non é contraditoria a súa preocupación polo galego coa tradución que realizou, xunto con Xesús Rábade, de *Follas novas* ao castelán, ao cal Villar Janeiro contrapón que está destinado a lectores foráneos. Finalmente sinala que ten varios proxectos de futuro diferentes. A entrevista acompáñase de dous cadros con datos biográficos da autora.

M.N., 'Se incendió un motor cuando despegamos de Río de Janeiro', *El Progreso*, *'Cantón'*, 'Viajeros', 5 setembro 2004, p. 4.

Entrevista a Isaac Díaz Pardo, acompañada dunha foto do pintor en 1957. Todas as preguntas están relacionadas con viaxes: cal non esquecerá na vida, algunha anécdota que lle acontecese nalgunha, etc. Sinala que cando viaxaba a América tiña que preparar previamente o que ía facer, pois eran viaxes de traballo para pasar alí tres meses ou dous anos.

M.Q., 'Ramón Chao. 'En Suecia tuve que llevar en la moto a dos rubias soberbias', *El Progreso*, 'Viajeros', 17 outubro 2004, p. 4.

O escritor e xornalista Ramón Chao é preguntado sobre viaxes da súa vida, anécdotas concernentes ás mesmas, etc. Sinala que ten pendente unha viaxe en moto desde o norte de Escocia ao sur de Portugal para escribir un libro sobre o Arco Atlántico.

Maira, Ángeles F., 'La sensación de tocar un libro no la ofrece Internet', *El Progreso*, 'Lugo', 16 maio 2004, p. 8.

Entrevista a Carlos Coira Nieto, que é o novo presidente da Agrupación Provincial de Libreiros, elixido esta semana, e que substitúe a José Luis Cadenas. Entre os seus proxectos destaca a necesidade de buscar colaboradores, organizar o equipo directivo, fomentar actividades de animación á lectura e arranxar os posíbeis problemas que teña a asociación. En canto á situación do sector en Lugo informa da pouca venta nos últimos tres anos e de como a libraría de fondo esta a desaparecer.

Mallo, Albino, 'Como xa dicía Castelao, o idioma é o que nos identifica como país', *El Correo Gallego*, 'Galegos no novo milenio', 23 xaneiro 2004, p. 8.

Comeza sinalando que Manuel María, escritor e académico, é unha das figuras máis salientábeis da literatura galega. A súa obra literaria é longa e importante, o que lle valeu o nomeamento como membro de número da Real Academia Galega. Agora retoma os artigos xornalísticos para *El Correo Gallego*, e espera a publicación da súa poesía completa.

Mallo, Albino, 'Lino Braxe. 'Teño unha novela na mente', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 1 marzo 2004, p. 56.

Conversa con Lino Braxe, na que se nos informa de que estes días esta a dirixir a obra *Fobias*, historia escrita por José Luis Prieto. Trátase dunha obra que ten suspense, intriga, humor e misterio. Lino Braxe tamén é narrador, ten algúns relatos breves, pero dende hai catro anos esta a traballar nunha novela longa, titulada *A última caravana*.

Mallo, Albino, 'Antonio Durán 'Morris. 'Cada día é unha estrea', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 15 marzo 2004, p. 56.

Entrevista ao actor Antonio Durán "Morris", a quen se pode ver todas as semanas como un dos protagonistas da serie "Pratos combinados", na Televisión de Galicia. Fixo *Os vellos non deben namorarse* de Castelao, o cal supuxo en boca do actor "unha grande satisfacción porque é un clásico do teatro galego". *Calígula* de Camus e *Espectros* de Ibsen, foron dramas nos que el tamén participou.

Mallo, Albino, 'No me importa que me encasillen en los personajes de tipo cómico', *El Correo Gallego*, 'Gallegos del nuevo milenio', 31 marzo 2004, p. 9.

O articulista fai un repaso pola carreira tanto en cine, como en teatro e televisión do actor Manuel Manquiña. Agora está a preparar un espectáculo galego con poesía e música no que intervén ao lado de Lino Braxe, Julián Hernández, de Siniestro Total, e Rómulo Sanjurjo, de Os Diplomáticos.

Mallo, Albino, 'Marica Campo 'Escribo para apoiar a lingua', *Galicia Hoxe*, 'A contra', 26 abril 2004, p. 56.

O xornalista, despois de presentar a Marica Campo como profesora, poeta, narradora e dramaturga, informa de que con *Memoria para Xoana* foi galardoada co premio que se lle concede á mellor obra publicada en Galicia. A novela, que xa fora publicada por Espiral Maior levara o premio de narrativa do Concello de Vilalba. Sinala que a escritora non só se atreve coa narrativa, pois tamén fixo poesía, como o libro *Tras as portas do rostro*, así como letras de cancións que interpretaron Fuxan os ventos, A quenlla ou a Agrupación Juan Vila da Coruña. Agora atópase cun libro de poemas, outro de relatos e xa ten rematada a obra teatral *María Balteira*, unha escenificación da narración que xa tiña sobre este personaxe, que é a primeira dun libro de once relatos titulados *Confusión e morte de María Balteira.*

Mallo, Albino, 'Estou metido coa tradución do cancioneiro de Ausias March', *El Correo Gallego*, 'Entrevista/Galegos do novo milenio', 9 maio 2004, p. 8.

Conversa con Darío Xohán Cabana na que o autor lembra os seus comezos literarios cando era estudante de bacharelato. Sinala que o seu primeiro libro de poemas non se chegou a publicar, e que sería un ano despois, en 1967, cando se publicou o que era o seu segundo libro, *Home Terra*, que acadara un premio litarario. Afirma que foi nos últimos anos da década dos oitenta cando comezou a escribir novelas, e finaliza referíndose a outros dos seus traballos: a tradución. Salienta que sempre traduce partindo do texto orixinal, e menciona entre as súas traducións máis destacábeis *A divina comedia* de Dante.

Mallo, Albino, 'Agora quero ser poeta', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 10 maio 2004, p. 56.

Conversa co escultor galego Paco Pestana a próposito da súa próxima exposición en Arxentina. Afírmase que en España ten compromisos para cinco exposicións individuais e a participación nunha colectiva. Apúntase que ademais publicou un libro no que recolleu artigos xornalísticos, mais que nestes momentos está metido coa poesía.

Mallo, Albino, 'No hay fronteras en la inquietud del creador tras conocer todas las técnicas', *El Correo Gallego*, 'Entrevista', 19 maio 2004, p. 8.

Conversa con Ángeles Penas, profesora, escritora e artista plástica, na que se nos informa que xa dende nena escribía contos e ademais gustáballe ilustralos. O primeiro libro que publicou tratábase dun libro de poemas en castelán titulado *Con pies en la frontera,* editado pola editorial Nordés. Sinala que foi con outro poemario en castelán co que levaría o premio nacional Jorge Manrique. Na facultade empezou a escribir en galego, pero o seu primeiro libro en galego tardou bastante en saír. En 1982 saíu este primeiro libro co título de *Galicia, fon do val*.

Mallo, Albino, 'A poesía é froito da inspiración, traballo, sensibilidade e estudo', *El Correo Gallego*, 'Galegos do novo milenio', 16 xuño 2004, p. 8.

Entrevista ao escritor Salvador García-Bodaño, home comprometido coa literatura galega. Entre os seus libros cabe sinalar que predominan os de poesía. El defínese como nembro da xeración poética chamada das Festas Minervais. Un dos seus últimos libros foi o que presentou hai uns meses, trátase dun poemario *Cidade virtual.* Agora está a preparar e a revisar os textos poéticos para *Cantos de ausencia*, libro de elexías.

Mallo, Albino, 'Soy fundamentalmente un poeta, pero me gusta mucho el ensayo', *El Correo Gallego*, 'Gallegos del nuevo milenio', 10 agosto 2004, p. 8.

O escritor Xavier Seoane comenta que aínda que tivo que vivir noutras cidades, moveuse case sempre pola Coruña, e que se considera sobre todo poeta e, despois, ensaísta. Sinala que os múltiplos premios que recibiu non son o fundamental, aínda que si un recoñecemento. Decidiu ser escritor monolingüe en galego aos vinte e seis anos. Considera que na actualidade hai tres xeracións poéticas actuando, o cal significa unha grande vitalidade.

Mallo, Albino, 'A miña vocación de escritor está vencellada co idioma da nenez', *El Correo Gallego*, 'Galegos no novo milenio', 6 setembro 2004, p. 8.

Entrevista co escritor Xosé Neira Vilas. Sinálase un perfil biográfico previo, para despois preguntarlle sobre o comezo da súa actividade cultural e a súa decisión de escribir en galego, que están moi vinculadas, pois o autor manifesta que a súa vocación está unida ao noso idioma. Comenta que emigrou aos vinte anos a Bos Aires, onde mantivo contactos co

grupo de exiliados galegos na década de 50 nesa cidade (Seoane, Varela, Dieste, etc). Trasládase despois a Cuba, para se sumar á revolución. Retorna de vez a Galicia trinta anos despois, coa constitución da Fundación Neira Vilas.

Mallo, Albino, 'Xulio Lago. 'Sen vocación non hai teatro', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 12 outubro 2004, p. 55.

O director e actor Xulio Lago, responsábel da obra *O encoro*, sinala que se escolleu a representación deste texto porque é dun autor novo e cunha situación que podería acontecer en Galicia. Sinala que, igual que foi o primeiro director dunha representación do CDG, agora prepara para o vinte aniversario da institución os *Seis personaxes en busca de autor*, de Pirandello. Fai un chamamento para que os autores de teatro inéditos difundan os seus textos, pois as que se publican son xeralmente obras xa estreadas e di que só recibe pezas dos seus amigos. Comenta que está centrado no teatro, que é o que lle gusta, e por iso non deu o salto ao audiovisual.

Mallo, Albino, 'Victor F. Freixanes: 'Preparo unha nova novela que se vai titular 'Arte de bailar tango', *El Correo Gallego*, 'Galegos do novo milenio', 15 novembro 2004, p. 8.

Nunha entrevista na que fala sobre a honra que lle supón ter ingresado na Academia, a perigosa situación do galego e o traballo do xornalista, Víctor Freixanes comenta que entre os seus proxectos inmediatos está o remata dunha novela co título de *Arte de bailar tango*.

Mallo, Albino, 'Publicar las obras viene a significar que pervivirán en la memoria', *El Correo Gallego*, 'Gallegos del nuevo milenio', 7 decembro 2004, p. 8.

Entrevista a Manuel Lorenzo que é presentado como home total do teatro, dedicado e laureado en todas as súas facetas. Un repaso á súa traxectoria teatral e teatral-literaria centran esta entrevista na que hai que destacar a súa relación con O Facho e Teatro Circo ou a súa primeira obra estreada: *Crónica do sol de inverno*. Hai que destacar tamén a parte pedagóxica centrada na escola Casahamlet, da que se recordan os seus inicios.

Manrique Sabogal, Winston, 'Hay un robo del sentido de las palabras', *El País*, *'Babelia'*, nº 654, 'Equipaje de bolsillo', 5 xuño 2004, p. 1.

Alúdese, nun primeiro momento, á traxectoria literaria de Manuel Rivas, que o define como un dos escritores máis comprometidos coa literatura e a sociedade. Por ese motivo dende a traxedia do Prestige fala en voz alta para denunciar e expresar as súas preocupacións. O resultado son tres libros, un con algúns poemarios inéditos. Este autor galego que foi dúas veces premio da Crítica e un Nacional de Narrativa, estará na feira de Madrid.

Manteiga, Marcos, 'Sería unha marabilla para Galicia que o 'Harry Potter' saíra de aquí', *El Correo Gallego*, 'Galegos do novo milenio', 13 xaneiro 2004, p. 8.

Ao longo desta entrevista fálase con Amancio Liñares Giraut, o cal foi un dos fundadores, e presidente varios anos, da entidade Afonso Eanes, importante pola súa promoción dos valores galegos e locais en eidos tan dispares como o artístico, literario ou etnográfico. Cabe destacar que Amancio Liñares é unha peza básica na cultura de Negreira e por ese motivo foille outorgada a Medalla de Ouro de Negreira. Como escritor infórmasenos de que segue a escribir na prensa, e fai relatos.

Mariño, Isabel, 'Vázquez fala galego cunha gran dignidade', *La Opinión*, 'Cultura', 4 abril 2004, p. 61.

Tras unha breve introdución, na que ser realiza unha achega á traxectoria vital de Xosé Luís Axeitos, este responde ás preguntas da xornalista sobre a súa recente elección como membro da Real Academia Galega e fala de cal é a situación desta institución na actualidade; opina sobre a situación da lingua galega e a súa normalización na nosa sociedade; recoñece que aínda non sabe cal será o tema sobre o que versará o seu discurso de ingreso na RAG e explica cales son os motivos polos que sente tanto interese polos intelectuais galegos que se viron obrigados a emigrar.

Marqués, Mercedes, 'La libertad de expresión me pasó factura en Galicia', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 41, 24 febreiro 2004, p. 5.

Entrevista ao escritor e Premio Nacional de Narrativa 2003, Suso de Toro, autor dunha longa lista de novelas. A súa obra *Trece badaladas* foi a gañadora do Premio Nacional de Narrativa 2003. Agora acaba de publicar *Españois todos*.

Martínez, Iago, 'A Escola de Arte Dramática deberá ser a referencia teatral do Eixo Atlántico', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 30 marzo 2004, p. 12.

Anuncia a próxima creación da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, na cidade de Vigo. Este anuncio fíxose a semana pasada polo Conselleiro de Educación. O proxecto estivo traballándose dende 1998, no seo do Consello da Cultura Galega. O teatrólogo Manuel F. Vieites é membro da comisión técnica de teatro do Consello da Cultura Galega e coñecedor deste proxecto. Entre as súas obras teóricas sobre a escena compre destacar *A configuración do sistema teatral galego 1885-1936*, e *Crónicas do teatro galego*, unha recompilación dos seus artigos editada pola Universidade de Vigo.

Mauleón, Amaia, 'Escribiría sin tener un solo lector; es una obligación inexplicable', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 4 xaneiro 2004, p. 35.

Recóllese neste artigo a recente presentación do novo libro *Contos de Nadal* (Xerais) do escritor e periodista coruñés Manuel Rivas. O libro está composto dunha recompilación de oitos relatos con ilustracións de Miguelanxo Prado. Na entrevista o escritor explica o que supón esta nova obra, o significado que ten nun tempo tan importante como é o de Nadal. Esta mesma entrevista foi publicada en *La Opinión*, o día 5 de xaneiro.

Mauleón, Amaia, 'Escribiría sin tener un lector; es una obligación inexplicable', *La Opinión*, 5 xaneiro 2004, p. 56.

Recóllese neste artigo a recente presentación do novo libro *Contos de Nadal* (Xerais) do escritor e periodista coruñés Manuel Rivas. O libro está composto dunha recompilación de oitos relatos con ilustracións de Miguelanxo Prado. Na entrevista o escritor explica o que supón esta nova obra, o significado que ten nun tempo tan importante como é o de Nadal. Esta mesma entrevista foi publicada en *Faro de Vigo*, o día 4 de xaneiro.

Mauleón, Amaia, 'Nadie ha expresado la dignidad de la tierra como Rosalía de Castro', *Faro de Vigo*, 15 decembro 2004, p. 76.

Entrevista a Amancio Prada co gallo do seu concerto na Colexiata de Vigo na que cantará a San Juán de la Cruz e a Rosalía de Castro. Destes escritores resalta o amor en San Juan ou a dignidade da terra en Rosalía. Na entrevista destácase o valor dos espazos como ambiente para a música e o valor da palabra. Anuncia tamén o seu próximo traballo dedicado a Chicho Sánchez Ferlosio.

Meixide, Carlos, 'A sorte hai que buscala', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Entrevista', 29 agosto 2004, pp. 6-7.

Ao longo desta entrevista ao actor César Martínez 'Goldi' debúxase o seu perfil humano e faise un repaso polos seus labores interpretativos, desde o teatro amador e a súa primeira incursión no teatro profesional n' *A lagarada* até a súa participación na primeira sit-com galega: *Cuarto sen ascensor*. Sinálase que ademais de representar textos alleos, tamén montou textos propios, como en *Magical Brothers* e *Caperucitoloxía*.

Mene, Álex, 'Francisco Vázquez Chantada ', *A Nosa Terra*, nº 1.115, 'Cultura', 5 febreiro 2004, p. 30.

Alude á recente publicación da segunda novela do escritor Francisco Vázquez Chantada, *Crónica de Ofiusa***.** Trátase dun relato épico nunha época mítica que narra as aventuras dun mozo, Ando, que deberá liberar a Ofiusa do imperio de Non Fal. A novela é unha crónica de Galicia en forma de viaxe iniciática. O protagonista debe percorrer o camiño que o levará a liberar a súa terra sometida por un imperio que lle impón unha lingua e unha cultura distinta.

Miras, Roberto Carlos, 'Escribir é como un parto doloroso', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 21 marzo 2004, p. 12.

Recóllese neste artigo a recente publicación do novo libro *Xogos serodios*, Edicións Lea, de Manuel Anxo Laxe. O autor aclara que "xogos serodios", son xogos tardíos, son os xogos de persoas un pouco maiores, que de acordo coa cultura, asúmese que non son nada serodias. O autor define este libro como unha interpretación da vida.

Mouriño, Begoña, 'Manuel Lourenzo Pérez: 'O teatro é unha forma de vivir traballando coa realidade', *El Progreso*, 'A Ulloa/Terra de Melide', 30 agosto 2004, p. 14.

Entrevista ao director e actor Manuel Lourenzo, con motivo da súa participación no certame Amador de Palas. Recorda os seus comezos no mundo do teatro, tanto creando textos, xa no ano 1958, como representándoos. Manifféstase sorprendido polo nivel do grupo de Palas, Metátese, que lle recorda ao teatro independente dos 60. Sinala, por último, que en Galicia hai unhas 50 compañías profesionais, que están en quebra, o que levou a pór de moda contar chistes e monólogos, que segundo el leva ao decaemento do teatro.

Neira, H., 'Universidade e sector editorial deben mudar', *Galicia Hoxe*, 'Universidade', 9 marzo 2004, p. 3.

Dá conta, nun primeiro momento, da situación do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago (USC). A edición universitaria caracterízase por producir libros de alta investigación, moi específicos e polo tanto de circulación limitada. Nun segundo momento fálanos de Juan Luís Blanco, editor, profesor e autor de seis libros: o *Léxico Editorial Castelán-Galego*, tres ensaios sobre a figura de Roberto Blanco Torres, homenaxeado no Día das Letras do 1999, e dous poemarios: *Os signos, as mudanzas*, editado no 2000 pola Deputación de Pontevedra, e *Ruínas*, do 2003, publicado por Follas Novas.

Olarte, Miguel, 'O problema é que Galicia pasou dunha lectura militante a unha escolarizada', *El Progreso*, 'Entrevista', 12 decembro 2004, pp. 6-7.

Esta entrevista a Manuel Bragado, director xeral de Edicións Xerais, empeza analizando a política de publicacións e calibrado o éxito ou fracaso dos produtos. A importancia dos escritores é outro aspecto marcado na captación de lectores. Este aspecto é o punto de partida para a análise do sector e da lectura en si mesma nun sistema que pasa da militancia ao sistema educativo. As costumes lectoras dos galegos son presentadas como pouco esperanzadoras. A entrevista desenvólvese finalmete cunha análise da política de publicación en comparación cos premios xerais de novela e os marcos de expansión da Literatura Galega, que dá como máis importante Brasil ca Portugal pola centralización lisboeta do país veciño.

Oliveira, V., 'Antes de xornalista, sempre me considerei cidadán do meu país', *Galicia Hoxe*, 'Comunicación Hoxe', 19 xaneiro 2004, p. 53.

V. Oliveira entrevista brevemente ao autor da tradución para o galego da obra de Oscar Wilde *A pantasma de Canterville*, o xornalista de *A Nosa Terra* Gustavo Luca de Tena. Falan do valor das traducións para o galego, do teatro que se facía no país na década dos 70 e o seu vínculo co xornalismo, e mais das formas solapadas de censura que seguen a existir aínda hoxe nos medios de comunicación.

Oliveira, V., 'Yolanda Castaño. 'A obviedade é unha vulgaridade', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 5 marzo 2004, p. 64.

Entrevístase a Yolanda Castaño con motivo do grande éxito de vendas da súa última obra, *O libro da egoísta*. A poeta coruñesa fala de como este novo poemario marca unha mudanza na súa traxectoria, e tamén dos seus próximos proxectos.

Oliveira, V., 'Escribir en galego hoxe en día xa non é ningunha heroicidade', *Galicia Hoxe*, 'Comunicación hoxe', 8 marzo 2004, p. 53.

Entrevista á escritora Fina Casalderrey, gañadora do "Primeiro Premio de Periodismo Francisco Fernández Del Riego", polo artigo *"Camiños brancos"* publicado no xornal *Diario de Pontevedra*. Nesta entrevista a escritora galega infórmanos do que supuxo para ela o gañar este premio, sobre que tema falaba o artigo, que quixo transmitir con el e por último como ve a situación do periodismo de opinión en Galicia.

Oliveira, V., 'Franck Meyer: 'Non quero meter todo no mesmo saco', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 29 setembro 2004, p. 64.

Franck Meyer fala dos últimos lanzamentos da súa empresa editora, *Contrato temporal* de Beatriz Dacosta e *Rosa lenta* de Isidro Novo, e explica que esta iniciativa xurdiu para dar saída ás obras que non teñen cabida nas canles convencionais de acceso ao público. Nese senso destaca os círculos pechados nos que se move a industria editorial en Galicia.

Otero, A., 'Hay casos en Vigo para escribir best-sellers', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 19 xaneiro 2004, p. 8.

O comisario xefe da Policía nacional de Vigo, Manuel Mariño, é entrevistado pola publicación do libro de relatos *Palabra por palabra. Contos da policía*, en que participou xunto con outros policías nacionais, autonómicos e locais. Na entrevista pregúntaselle tanto polo seu relato, titulado "El delator", como polo día a día do labor policial.

Outeiriño, Maribel, 'Álvaro Cunqueiro: 'Reivindico el derecho del hombre a soñar', *La Región*, 'Sociedad', 11 xullo 2004, p. 69.

Fragmento dunha entrevista que Maribel Outeiriño fixera a Álvaro Cunqueiro no ano 1979, no que se fai un rápido percorrido pola súa traxectoria vital e literaria e se destaca a reivindicación do dereito do home a soñar e a inventarse a si mesmo do escritor mindonienese.

P.V., 'Parte da venda dos libros vai ir destiñada á loita contra o cancro en Ribadeo', *El Progreso*, 'Fotomatón', 27 xuño 2004, p. 17.

Entrevista a José Luis Trashorras pola publicación dun romance a través da Deputación Provincial de Lugo, que versa sobre o Camiño de Santiago. O autor declara que vai regalar cento cincuenta exemplares á Xunta Local de Loita Contra o Cancro de Ribadeo.

Pancorbo, Cristina, 'La ilustración te permite ganar más y discutir menos', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 65, 'Tebeos', 10 xullo 2004, p. 16.

Víctor Rivas, vicepresidente da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI), prepárase para volver á banda deseñada logo de ser contratado por unha publicación nacional que se dará a coñecer en setembro. Cabe destacar desta entrevista a súa reflexión acerca do bo momento que está a vivir o mundo da *bd* galega despois da aparición de *H_2Oil* cando o afundimento do *Prestige*.

Pantín, Chicha, 'Con su esfuerzo, Narón logró un prestigio que abre muchas puertas', *El Correo Gallego*, 'Entrevista', 22 xuño 2004, p. 8.

Entrevista co responsábel do Padroado da Cultura do Concello de Narón, Luciano Fernández, sobre a actividade teatral que se desenvolve neste concello e a súa integración no circuíto nacional de teatro. Por causa disto último preténdese construír en Narón un Palacio da Cultura que permita a representación de espectáculos que non é posíbel representar no momento actual polas súas escenografías. Para Luciano Fernández o teatro é unha das artes máis completas e unha ferramenta de valor indiscutíbel para a creación da identidade tanto individual como colectiva.

Pérez Montes, Ezequiel, 'Cristina Amenedo, bodas de plata con la literatura', *El Correo Gallego*, 'Entrevista', 4 xullo 2004, p. 4.

Entrevista a Cristina Amenedo, escritora galega de renome internacional grazas ao seu poema en prosa *La niña Saral*; escribe tanto en galego como en castelán, porque como ela mesma di, trátase dun espíritu ecuménico e o sentimento que a domina é o de fraternidade. A entrevista céntrase nos gustos literarios, musicais e pictóricos desta autora e mais os seus

plans de futuro, entre os que se conta ir dar unha conferencia sobre o *Ariel* de Shakespeare na Sorbona.

Pérez, Patricia, 'El galardón más importante es una sala llena de público', *El Ideal Gallego*, 'La entrevista', 7 marzo 2004, p. 9.

Para Gustavo Pernas, actor e director de teatro que fundou en 1989 a produtora Áncora Producións, o mellor premio é sempre unha sala chea de público, sobre todo cando as compañías galegas non contan coa mesma promoción, días de estancia nos teatros e axudas ca as de fóra. Entre os seus próximos proxectos está a estrea de *Pasos de cebra*, comedia urbana.

Pérez, Patricia, 'Creo que Galicia necesita unha lei do libro', *El Ideal Gallego*, 'La entrevista', 9 maio 2004, p. 9.

Miguel Anxo Fernán-Vello aproveita esta entrevista para defender a necesidade de que en Galicia se promulgue unha lei do libro que promova a edición cultural, que contempla o libro como vehículo fundamental na transmisión de ideas e coñecementos, fronte á edición comercial, cuxa premisa básica é a obtención de beneficios.

Pérez, Patricia, 'El espacio escénico es tan importante como el texto', *El Ideal Gallego*, 'La entrevista', 13 xuño 2004, p. 9.

Antonio Simón, director, actor e escenógrafo que se encontra preparando o espectáculo de rúa *Traslación* e mais unha película que leva por título *Verano de plomo*, reivindica o valor da escenografía e expresa a súa opinión de que os teatros deberían deseñarse en colaboración coa xente que traballa neles.

Pérez, Patricia, "Hai unha desgradación na calidade dos espectáculos", *El Ideal Gallego*, 'La entrevista', 20 xuño 2004, p. 9.

Entrevista a Xulio Lago, actor e director de teatro, polo vixésimo aniversario de Teatro do Noroeste, a compañía que creou no ano 1985. Neste entrevista Xulio Lago valora a traxectoria da súa compañía como coherente e lamenta que ao longo destes anos non acadaran a estabilidade pretendida, canto a contar cun elenco estábel de actores e cun teatro que funcionase como base operativa da súa actividade. Polo que respecta ao ámbito do teatro galego Xulio Lago considera que o público diminuíu, que a atención que os medios de comunicación lle prestan é mínima e que á parte da evidente falta de infraestruturas hai un exceso de produción, o que repercute na calidade das pezas.

Pérez, Patricia, 'Sempre digo que a revolución comeza nun mesmo', *El Ideal Gallego*, 'La entrevista', 25 xullo 2004, p. 9.

Tras a publicación do poemario *A cousa vermella*, Olga Novo fala da súa actividade poética como unha escolla previa a calquera toma de decisión, do compromiso social e feminista impreso na súa obra e da presenza dos seres queridos na súa última publicación.

Pérez, Patricia, 'O teatro é sobre todo unha gloriosa mentira', *El Ideal Gallego*, 'La entrevista', 3 outubro 2004, p. 9.

Manuel Lourenzo lamenta a mala situación do teatro en Galicia e considéraa subsidiaria dunha crise social xeneralizada. No que toca aos requisitos para ser actor, destaca a necesidade de coñecerse a un mesmo e, no eido máis práctico, subliña as dificultades económicas que sofren os actores teatrais, que os levan a traballar en televisión moi a miúdo. Por último, fala da escola de teatro que codirixe, Casahamlet.

Pérez, Patricia, 'Xavier Seoane. 'Creo que hai unha crise global das humanidades', *El Ideal Gallego*, *'La Galería'*, nº 333, 'La entrevista', 24 outubro 2004, p. 9.

Xavier Seoane defínese como poeta antes que como narrador ou ensaísta e expresa a súa concepción da poesía como una vía dobre que vai cara a fóra e cara a dentro dun mesmo. Ademais, loa a figura do pintor Luís Seoane e lamenta a crise das humanidades que se manifesta na educación e na xeración nova que enfronta un entorno hostil.

Pérez, Patricia, 'La literatura gallega tiene unas hondas raíces populares', *El Ideal Gallego*, 'La entrevista', 19 decembro 2004, p. 9.

Na presentación desta entrevista ao catedrático en Filoloxía Galega e Portuguesa Xosé María Dobarro anótase a preparación do II Congreso Internacional de SELICUP (Sociedad Española de Estudios Literarios de Cultura Popular). A entrevista xira en torno á asociación, da que se explica o esquema organizativo, financiamento ou o traballo desenvolvido. Destácase a publicación da revista *Garoza* (Albacete) que ten como obxectivo aglutinar todo tipo de estudos literarios. Tamén se resalta o II Congreso que será continuación do celebrado en Sevilla no 2003 ou as canles para a publicación na revista da asociación.

Pinal, S., 'El teatro debería ser una asignatura escolar', *La Región*, 'Vox populi', 4 decembro 2004, p. 25.

O teatro é o motivo desta entrevista a Victor Manuel Tato Soto, actor do grupo Tiruleque. Durante a entrevista faise un repaso á traxectoria deste actor que empezou no instituto e participou en Avelaíña ou Tiruleque. Fai especial mención ao Festival do Teatro Galego do Carballiño.

Pino, Concha, 'O drama humano é universal', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 12 marzo 2004, p. L4.

Pilar Buela, flamante gañadora do Premio "Manuel Lueiro Rey" de novela curta 2003 con *Ácaros verdes*, en que relata os útlimos días do Terceiro Reich desde o punto de vista de Eva Braun e Magda Goebbels, explica a escolla de tema e perspectiva polo seu interese persoal e anuncia que ten en marcha un novo proxecto.

Pino, Concha, 'A división entre literatura xuvenil e de adultos non é real', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 11 xuño 2004, p. L2.

Xosé A. Neira Cruz, gañador do Premio "Raíña Lupa" 2002 pola súa obra *O armiño dorme*, novela baseada na vida de Bianca de Medicis, fala sobre a súa obra e sostén que a división entre literatura xuvenil e de adultos non é real.

Pino, Concha, 'Ovidio tiña unha relación moi fonda coa nai, Rosalía', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 20 xuño 2004, p. L2.

Pedro Riela, xornalista e escritor fala sobre a súa obra *Ovidio Murguía*, en que tenta reconstruír as vivencias deste pintor tan marcado pola súa familia.

Pino, Concha, 'Os poetas de poucos libros non son os peores, ao contrario', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 17 xullo 2004, p. 46.

Co gallo da homenaxe recibida en Teis, Salvador García-Bodaño explica as razóns de ter escollido a localidade viguesa como sede do recoñecemento, a árbore do álamo para plantar alí e, ademais, lembra o labor en pro da cultura galega desenvolvido desde as Irmandades da Fala, o seu afán selectivo á hora de publicar e a situación de perigo na que se atopa hoxe en día a cultura escrita.

Pino, Concha, 'A Igrexa non a abandonei nunca, abandonei o celibato', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 26 setembro 2004, p. L7.

Entrevista a Xosé Chao Rego na que resume a súa traxectoria vital e profesional, dende a estancia en Ferrol como crego da parroquia de Santa María do Vilar até chegar á docencia de lingua galega en Santiago de Compostela. O teólogo e ensaísta vilalbés comenta que a igrexa non a abandonou nunca pero que diferentes circunstancias -a decisión de escribir, o ingreso no cárcere por comunista ou o feito de que figurase nunhas listas para chegar á clericatura máxima, a bispo- fixeron que deixara a parroquia e o celibato e que se dedicase a escribir , ademais de dar clases de Filosofía, primeiro e de galego, despois.

Pose, Antía, 'Xavier Manteiga. 'O premio Xerais de Novela deume moral para continuar escribindo', *El Correo Gallego*, 'Entrevista', 11 outubro 2004, p. 9.

Xavier Manteiga confesa a Antía Pose a súa vocación literaria temperá, e repasa a súa traxectoria como escritor, que lle levou a obter o premio Xerais de novela, paralela ao seu labor nos medios audiovisuais, que levou ao éxito ao dúo dos Tonechos grazas aos seus guións cheos de retranca galega e dunha linguaxe sinxela e próxima.

Pousada, Pilar, 'Manolo Gómez Santos 'Estamos con tres filmes á vez, o ideal', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 21 abril 2004, p. 64.

Entrevista a Manolo Gómez Santos, o presidente de Dygra Films, a factoría coruñesa responsábel do filme *O bosque animado*, do que se prepara a segunda parte para despois de *O soño dunha noite de verán*, novo proxecto baseado libremente na obra de Shakesperare.

Prieto, Susana, 'El teatro hace mejores personas', *La Región*, 'Vox populi', 31 xullo 2004, p. 18.

Anxo Baranga explica que a iniciativa das xornadas teatrais de Córgomo se deben ao intento de facer presión para que se lle dedique un día das Letras Galegas ao poeta Florencio Delgado Gurriarán e expresa a súa convicción dos valores cívicos e éticos que o teatro fomenta.

Quian, Alberto, 'A Guerra Civil truncou a carreira de Ángel Johan', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 15 febreiro 2004, p. 49.

Entrevista a Nuria López con motivo da publicación de *Os cadernos dun prisioneiro de guerra* (Edicións do Castro), do lucense Ángel Johan (1901 - 1965). Na entrevista cóntanos como chegou a esta figura e aos cadernos que gardaba a súa familia. Dálle especial importancia á vertente sentimental dos escritos, ao contacto coa morte así como á necesidade da recuperación da memoria histórica.

Quian, Alberto, 'Sigo mantendo un espíritu de rebeldía', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 27 febreiro 2004, p. 46.

Entrevista a Manolo Rivas con motivo da presentación na Casa do Libro de Vigo da súa obra poética completa, *Do coñecido ao descoñecido (1980-2003)*, publicada por Espiral Maior. O escritor reflexiona sobre a súa traxectoria como poeta e as mudanzas que ve nela e na súa escrita.

Quian, Alberto, 'As feiras do libro son humillantes para o escritor', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 8 xullo 2004, p. 41.

Suso de Toro afirma nesta entrevista que as feiras do libro son humillantes para o escritor. Partindo da sua participación na Feira do Libro de Vigo, sinala que nestes eventos o contacto co público é mínimo, cando non inexistente, e que resulta humillante ter que agardar nunha caseta a ver se alguén se achega cun libro teu para que llo asines.

Rei, Sole, 'A variedade permite vivir moito máis feliz', *Galicia Hoxe*, 'Augas de verán', 12 agosto 2004, p. 55.

O actual presidente da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración afirma que o que máis lle gusta do seu traballo é a posibilidade de mudar de rexistro continuamente, e que o matrimonio entre arte e publicidade vén de lonxe e non anula en absoluto a súa faceta artística aínda que si impoña certas dinámicas.

Rico, M.J., 'Rosalía de Castro era mucho más reivindicativa que llorona', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 14 xullo 2004, p. 13.

Entrevista a Mercedes Castro, que acaba de publicar unha antoloxía de Rosalía de Castro, traducida ao castelán, baixo o título *Antología poética* (2004). Destaca, desta obra, a presenza de poemas pouco habituais nas antoloxías da escritora galega e subliña a presenza de poemas de carácter irónico e reivindicativo. Nesta entrevista fala, así mesmo, dos tópicos que describen a Rosalía de Castro como unha muller chorona cuns poemas sentimentais e depresivos e que a comparan con Bécquer ou Espronceda.

Rivera, Daniel, 'Non hai mercado para a poesía en galego', *El Ideal Gallego*, 'Entrevista', 6 xuño 2004, p. 9.

Entrevista a Yolanda Castaño, ante a próxima viaxe da poeta a Bruxelas para presentar a súa última obra, *O libro da egoísta* (2003). Con respecto a este libro, a autora destaca a sorprendente acollida da crítica, xa que se trata da súa obra menos compracente. Fala, ademais, do seu interese por achegarse a novos medios, coma o audiovisual, e da súa experiencia na televisión presentando o programa Mercuria, polo que foi nomeada aos premios Mestre Mateo como mellor comunicadora do ano. A poeta declara a imposibilidade de vivir da poesía en Galicia.

Rivera, Daniel, 'Teño poesías que fixen con sete anos imitando a Gloria Fuertes', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 7 xuño 2004, p. 73.

Entrevista a Yolanda Castaño. A autora d' *O libro da egoísta* (2003) declara que comezou a escribir sendo moi nova, imitando o estilo de poetas como Gloria Fuertes. Destaca a deconstrución da linguaxe como unha das constantes da súa obra, posto que "a arte é sobre todo forma". Confesando a imposibilidade de vivir da poesía en Galicia, a poeta fala do seu interese por se achegar a medios coma o audiovisual.

Rodríguez, Adriana, 'Baldo Ramos intercala nos seus cadros libros de poemas', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 27 xuño 2004, p. 23.

Entrevista ao pintor e poeta Baldo Ramos, con motivo da exposición da súa obra na Galería Borrón 4 de Cambados, baixo o título "Os ollos das palabras". O autor declara que se achegou á pintura, de modo autodidacta, a través da escrita. Na súa obra, combinación de ambas as dúas artes, "a poesía evoca á pintura, polo que a función que colle é a de darlle significado".

Rodríguez, Ana, 'En Vigo hay desidia política hacia el teatro', *Faro de Vigo*, 'Vigo 4 costados', 25 maio 2004, p. 6.

Entrevista a Xerome Calero, director e actor do grupo teatral Máscara Producciónss. O entrevistado considera lamentábel a situación actual do teatro en Vigo, dado que non hai unha programación estábel nin unha sala municipal de teatro. Con respecto á situación do teatro no resto de Galicia, Calero afirma que Santiago de Compostela é unha cidade privilexiada nestes momentos pola programación teatral do Xacobeo.

Rodríguez, Isabel, 'O actor debe ser rebelde', *La Región*, 'Teatro', 20 agosto 2004, p. 83.

Rosa Álvarez fala da mala situación do teatro en Ourense en particular e en Galicia en xeral e cre que hai un certo triunfalismo no eido do audiovisual xa que, malia a existencia de profesionais preparados na comunidade, os directores e xefes sempre son de fóra. Tamén declara que o teatro é a base primeira de todo actor, e que este debe ser un pouco rebelde sempre.

Rodríguez, Marta, 'As mulleres aínda hoxe son obxecto da invisibilidade literaria', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 7 marzo 2004, p. 2.

Entrevista á profesora universitaria Manuela Palacios, que acaba de editar a obra *Pluriversos. Seis poetas irlandesas de hoxe*, tradución realizada coa colaboración do profesor e poeta Arturo Casas. A entrevistada destaca as semellanzas entre Galicia e Irlanda en canto á produción poética, á cultura e estrutura familiar e afirma que as mulleres son "aínda hoxe obxecto da invisibilidade literaria".

Rodríguez, Nuria, 'Álvaro Guevara. 'En teatro, aquí está todo por hacer', *La Opinión*, 'A Coruña', 14 outubro 2004, p. 8.

Álvaro Guevara comenta os pormenores da súa escola de formación de actores, explica a orientación eminentemente práctica das disciplinas e os apuros monetarios que tal actividade supón.

Rodríguez, Salvador, 'Eu traballo con caricaturas, non con personaxes', *La Opinión*, 3 xaneiro 2004, p. 52.

Entrevista a Santiago Jaureguizar, autor da novela *Casa Skylab*, "thriller bravú, western de aldea", na que se relata unha historia que fala da loita polo poder nunha comunidade pequena e ao tempo, reflicte o contraste entre a Galicia tradicional "cunha Galicia que si quere o cambio, máis nova e máis en contacto con Europa". O escritor declara que con esta novela pretendeu chamar a atención "sobre o pouco que se ten conseguido dende a existencia do nacionalismo galego".

Rodríguez, Salvador, 'A boa literatura é a que emociona, a que fai chorar e rir', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 65, 8 xaneiro 2004, p. III.

Entrevista a Ramiro Fonte, autor de *Os meus ollos*, libro co que se pretende "a reconstrución da vida colectiva dunha vila galega e, tamén, a reconstrución do tempo da infancia", segundo o escritor. A obra, que nun principio ía ser "modesta", transformouse na primeira parte dunha especie de díptico que o autor completará cunha "segunda entrega" titulada *Os ollos da ponte*. Fonte, reflexionando sobre a poesía e a narrativa, confesa que na actualidade lle custa escribir poemas, dada a súa implicación na prosa.

Rodríguez, Salvador, 'Hai que escribir desde a loucura, o límite, a fronteira', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 67, 22 xaneiro 2004, p. III.

Entrevista ao escritor Xosé Carlos Caneiro con motivo da recente publicación da súa novela *Ámote*. O autor, que confesa ser un "mal poeta que só sabe ser novelista" reflexiona sobre a figura do "antiheroe", que encarna o protagonista do seu último libro, un xornalista alcohólico. Con respecto ao prototipo de escritor "correcto" que predomina na actualidade, Caneiro declara que a escrita debe realizarse desde a periferia. Confesa, ademais, que cando escribe, lonxe de pensar nas vendas, procura sempre realizar "unha obra mestra".

S.R., 'Na procura do apoio da administración', *Galicia Hoxe*, 'Augas de verán', 31 agosto 2004, p. 47.

O actual presidente da Asociación Galega de Editores explica o momento de encrucillada que vive o sector editorial a nivel europeo e comenta as propostas, xa elevadas á Xunta de Galicia, elaboradas pola Asociación co obxecto de salvar a empresa de edición galega.

Salgado, Fernando, 'Se publican muchas cosas malas', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 27 abril 2004, p. 83.

Entrevista a Ramón Domínguez Argibay, presidente da Agrupación de Libreiros de Pontevedra. O entrevistado considera que existe unha falta de promoción da lectura "a nivel de todos os sectores implicados", a pesar do elevado número de publicacións tanto en Galicia como no resto do Estado. Destaca a influencia da televisión no ámbito da publicación, así como a loita coas grandes superficies ás que deben enfrontarse os profesionais do libro.

Sandoval, Lois, 'Germán Sierra. 'Estamos na pos-posmodernidade', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 9 abril 2004, p. 64.

Entrevista ao escritor Germán Sierra, promotor dos Encontros de Novos Narradores que tiveron lugar na Fundación Torrente Ballester, en Compostela. O autor reflexiona sobre as tendencias da nova narrativa, na que o compromiso (social, estético e político) "consiste en reflectir as cousas que van sucedendo, como o impacto das tecnoloxías electrónicas, a globalización ou o desenvolvemento biomédico". Fronte ao concepto de posmodernidade que, segundo el, se intenta "vender", mostra a súa admiración polos pensadores franceses representantes da posmodernidade crítica.

Sandoval, Lois, 'José Carlos Quiroga: 'Non me vou render', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 25 xuño 2004, p. 64.

Entrevista na que José Carlos Quiroga explica que acaba de publicar, en Pordenone (Italia), unha edición bilingüe da súa obra teatral *O castelo da lagoa de Antela*, coa que en 1988 gañou un premio. Explica que esta publicación xorde da iniciativa dunha asociación italiana, con interese polas diversas culturas, e dá conta da viaxe que en marzo deste ano realizou a Italia, que incluía conferencias e visitas a centros educativos.

Santos, Agatha de, 'La poesía también puede hacer reír', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 4 abril 2004, p. 49.

Entrevista á poeta María Reimóndez, autora do libro *Moda Galega*. A entrevistada considera que a poesía debe servir "para facer rir" e polo tanto, para facer crítica social. A autora declara que a muller segue sendo o obxecto principal da educación sexista, polo que o seu libro aborda a temática da moda e o sector textil desde unha perspectiva feminista.

Suárez, Alba, 'Hai alguén que quere facer de Sargadelos un negocio inmoral', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 30 marzo 2004, p. 9.

Entrevista a Isaac Díaz Pardo, quen declara que a mercantilización de Sargadelos, a fábrica que fundara con Luís Seoane, resulta da submisión a unha internacional. Díaz Pardo aventura que a única solución é a entrega de Sargadelos a unha entidade pública, coma o Patronato que pertence á Xunta de Galicia.

Suárez, Alba, 'O noso é o centro con máis material teatral de toda Galicia', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 3 novembro 2004, p. 12.

Manuel Ferreiro describe os labores desenvolvidos no seo da Biblioteca-Arquivo teatral "Francisco Pillado Mayor" vinculada á Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña. Destacan non só o número de documentos, senón tamén a variedade e a calidade dos mesmos, e o aceptábel ritmo de publicacións que o proxecto ten acadado.

Varela, Froilán, 'A escola poética vilalbesa debería ter continuidade noutra xeración de hoxendía', *El Progreso*, 'Fotomatón', 21 abril 2004, p. 18.

Convérsase aquí con Pilar Maseda, poeta de Vilalba que colabora en varias publicacións. A escritora coméntanos brevemente os seus inicios, que define coma prematuros, xa que empezou de adolescente a escribir, nos que só cambiaba as palabras que lía. Fala tamén dos sentimentos e das paisaxes e da xente que coñece como fonte para os seus poemas. Con respecto á publicación de libros di que non sente esa necesidade, só publica en revistas e xornais, aínda que si lle gustaría recompoñer a escola poética vilalbesa, que xa existira anteriormente con Carmiña Prieto Rouco e Mato, e revitalizar así a estancada vida cultural desa terra de poetas.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Entre a vocación e a devoción', *Atlántico Diario*, 'Musas', 11 xaneiro 2004, p. 45.

Entrevista a Conchi Álvarez, filóloga que acaba de publicar un libro en colaboración con Xosé Henrique Costas : *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)*. Di Conchi Álvarez que o libro está escrito entre a vocación e a devoción, influída por ter nacido en Viana do Bolo, unha zona na que a fala é próxima á do galego oriental e ao do Bierzo en concreto, da que se dá un glosario ao final do libro. Tamén fala da súa relación de alumna con Henrique Costas e dos seus proxectos, centrados sobre todo nun traballo sobre o dialecto de Viana do Bolo, polo medio dos cales, pretende seguir escribindo poesía.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Escoito a casa, a túa chamada', *Atlántico Diario*, 'Musas', 18 xaneiro 2004, p. 51.

Trátase cunha conversa co poeta Xulio Valcárcel na que nos fala da súa obra, máis concretamente do seu libro *Casa última*, publicado en 2003. Di Valcárcel da súa poética que é de "espazos interiores", que pretende evocar o pasado, pero non con nostalxia, senón para recuperalo e integralo con outras emocións; para el a poesía é señardade, pero tamén xogo, pescuda imaxinación, etc. Cóntanos como os seus primeiros versos se forxaron cun binomio entre a poesía e o amor, que sería o xermolo xunto ás cancións da adolescencia, até que atopou un código de expresión para manifestarse a si mesmo. Con respecto ao seu último poemario, fala dun "relatorio da dor místico-doorosa", no que procura desenvolver o que aparentemente é superficial.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Máis alá das raíces da Terra', *Atlántico Diario*, 'Musas', 25 xaneiro 2004, p. 45.

Entrevista a Olegario Sotelo Branco, editor e autor de *Antropoloxía cultural da terra de Caldelas.* Fálanos o entrevistado do seu interese pola emigración galega, algo que o toca directamente porque el tamén foi emigrante, a globalización e o desapego á terra que cada día é máis evidente entre os galegos. E xa centrándose na súa obra, da que fala coma unha paixón, di que se adscribe á xeografía humana da terra de Caldelas. Tamén nos comenta que non se sente capacitado para a poesía, pois el é un "corredor de fondo" e a poesía é un traxecto curto, de moita tensión.

Vidal Villaverde, Manuel, 'A devota paixón por Galicia', *Atlántico Diario*, 'Musas', 1 febreiro 2004, p. 51.

Ten aquí Manuel Villaverde unha breve conversa con Xaime Isla Couto, un dos creadores de Galaxia, que lle conta como chegou ao galeguismo de man do seu irmán Ramiro e os duros anos do comezo de Galaxia e *Grial*, falando do proceso de creación destas iniciativas, que pretendían facer cousas tan simples coma informar da economía da Galicia "real". Tamén fala Xaime Isla dos seus estudos de dereito en Santiago, onde coñeceu a Carlos Maside, de seu irmán ou mesmo da dura oposición da falanxe naqueles días. Por último tamén sabemos que o tentou algo a poesía, publicando algún poema solto en revistas coma *Cristal* ou na homenaxe a Francisco del Riego.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Cazador con escopeta e pólvora', *Atlántico Diario*, 'Musas', 8 febreiro 2004, p. 39.

Trátase dunha conversa con Miguel Mato Fondo, ensaísta e profesor de secundaria. Segundo nos di o propio Mato Fondo el séntese máis poeta do que ensaísta, aínda que xa teña publicadas dúas obras de ensaio, *A mazá e a cinza* e *A escrita da Terra*, e en poesía só dese a coñecer algún poema asinado como Matofondo. Cóntanos, non obstante, que logo sairá o seu primeiro libro de poesías que no fondo, como di a súa namorada, xa está preparado, pero que non ten présa, porque esta é mala conselleira.

Vidal Villaverde, Manuel, 'No devalar das esperas', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 29 febreiro 2004, p. 51.

Entrevista con Emilio Xosé Insua na que nos fala un pouco do que leva publicado e dos seus proxectos. Conta Insua que divide o seu tempo entre a poesía e o ensaio. Como poeta publicou, ademais de poemas soltos, o libro *O devalar das esperas* e ten outro no prelo chamado *Acontece que ás veces a ternura*, gañador do premio Prado Lédesma de Viveiro. Como ensaísta ocupouse en gran medida da obra de Vilar Ponte, persoeiro sobre o que escribiu a súa tese, que é unha parte da historia política de Gálica non moi trillada, e máis

recentemente sobre as Irmandades da Fala; ten publicado nesta faceta o libro *O primeiro Vilar Ponte* (2003) con Carlos Nueva, que gañou o XVI premio Ánxel Fole. Segundo nos di considera as dúas actividades complementarias, pois a poesía é algo para o que hai que ter unha certa disposición que non se consegue sempre.

Vidal Villaverde, Manuel, 'A poesía como arma fundamental', *Atlántico Diario*, 'Musas', 7 marzo 2004, p. 51.

Fala Manuel Vidal Villaverde con Brais González, o poeta máis novo das Redes Escarlatas. O escritor aclara un pouco a súa concepción da poesía e do proceso literario, di que utiliza a poesía para expandir os seus sentimentos, para a loita e para estudar a relación do home co universo que habita; preocúpase da ontoloxía humana, pero non se esquece da realidade máis próxima a el, aínda que non lle gusta falar de poesía social, pois considera que o adxectivo é innecesario. Fálanos tamén un pouco da súa forma de construír un poema, na que o primeiro vocábulo é o matiz primordial, e da súa evolución: pasou de ser un poeta intimista a mobilizar os sentimentos a raíz da catástrofe do "Prestige".

Vidal Villaverde, Manuel, 'Entre a paixón e o rigor', *Atlántico Diario*, 'La Revista', 14 marzo 2004, p. 41.

Conversa con Antón Capelán, que fala un pouco de como concibe el os estudos literarios. Para el detrás do posicionamento estético dun escritor sempre hai parte do seu pensamento, aínda que moitos estudosos non queiran chegar a iso, e saen á luz cousas coma a ideoloxía; el pensa se non se entenden a vida e a ideoloxía, tampouco se entende a obra. Tamén nos fala da súa propia obra de creación, que revisa constantemente, pero que non publica, aínda que anuncie a saída ao prelo de "algo" para este ano. Hai ademais de todo isto unha breve noticia sobre a súa última obra de investigación: *Xerminal*, que fala do centenario dunha folga xeral da Coruña, tema que sacou de profundar no arquivo histórico do Ateneo Libertario Ricardo Mella.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Nas dársenas do acaso', *Atlántico Diario*, 'Musas', 21 marzo 2004, p. 51.

Entrevista a Xavier Seoane, que se define coma un poeta máis que nada, aínda que utilice para se expresar outras formulas coma a narrativa e o ensaio, que para el son máis frías. Intenta explicar basicamente o que para el é a poesía: a propia palabra como elemento de comunicación utilizada para transmitir emocións, " pegadas do vivir". En xeral, un xeito de ver o mundo, coma facer "debuxos coas palabras" ou mesmo ir máis aló do debuxo e intentar plasmar os estímulos que pasan dun a outro sentido por medio da sinestesia, seguindo a lóxica do recordo e o esquecemento.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Arredor das casas habitadas', *Atlántico Diario*, 'Musas', 27 xuño 2004, p. 47.

Fala aquí Santiago Jaureguizar como escritor, contándonos o que quere que sexa a súa prosa. Segundo di, pretende reflectir o mundo nas súas novelas, explicando os camiños que se andan, os paradoxos e situacións que vivimos, as diversidades, etc. E parécelle que niso consisten os seus libros, sen máis mensaxe, porque el non cre na mensaxe, só na ideoloxía que é inevitábel que apareza en calquera escritor. Tamén di que escribe para asumir que o mundo é como é e non como queremos que sexa, valéndose para iso da ironía, a ironía como ánima do escéptico.

Vidal Villaverde, Manuel, 'A devoción pola historia', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 4 xullo 2004, p. 51.

Conversa con Hixinio Fuentes, natural do Barqueiro e autor de libros de historia. Cóntanos este como comezou escribindo poesía, oficio que despois abandonou ou, segundo el mesmo, o abandonou a el. Despois dinos que pasou á prosa en castelán e en galego polo ano 1993, obtendo anos despois, en 1999, o premio Pastor Díaz cunha biografía novelada do bandoleiro galego Mamede Casanova. Máis tarde escribiu *Naufraxios da Galicia norte*, pero iso xa no campo dos estudos de historia. Non obstante ao final da entrevista aclara que, aínda que non volva a poesía a el, é posíbel que volva el a ela.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Das últimas mareas', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 11 xullo 2004, p. 57.

Entrevista á poeta noiesa Ana Romaní, que repara en consideración sobre o tempo e sobre a vida. Para ela a poesía é "a realidade deturpada", unha realidade das ausencias moi próxima á filosofía prousiana. Di que sempre estamos entre dúas razóns e que unha delas é a do corazón, no seu sentido poético, e outra é a do ser e o estar . Por último fala da filosofía simplemente como pensar.

Vidal Villaverde, Manuel, 'O son do apacíbel', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 8 agosto 2004, p. 40.

Euloxio Ruibal refírese aos seus comezos no mundo literario como escritor de artigos e á súa participación no equipo LUPA nos setenta. Tamén fala da súa faceta de director e adaptador de obras teatrais, das súas incursións no eido narrativo e do seu gusto pola poesía malia considerarse un negado para o seu cultivo.

Vidal Villaverde, Manuel, 'O tempo que necesita do tempo', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 15 agosto 2004, p. 51.

Francisco Pillado Mayor define ao teatro como a manifestación artística por excelencia xa que considera que nela están latentes todas as demais. Cre, con Lorca, que a teatro

comprometido é solidario da saúde dun pobo e destaca o valor rebelde do mito de Fígaro que el estudou.

Vidal Villaverde, Manuel, 'No decurso dos días', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 29 agosto 2004, p. 50.

Miguel Suárez Abel defínese ante todo como narrador de historias aínda que considera que a poesía non está ausente dos relatos. Lembra os seus comezos, cando acadou o premio "Modesto Rodríguez Figueirido" e o seu traballo posterior como crítico de cine en xornais, así como a súa faceta de novelista.

Vidal Villaverde, Manuel, 'O camiño diferente da vida', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 5 setembro 2004, p. 44.

Manuel Lourenzo define o teatro como unha ocupación preferente, un impulso vital xa que cre que o home teatraliza de xeito cotiá. Considera que tal oficio é un todo con tres partes: dirixir, escribir e interpretar, e diagnostica a situación do mesmo en Galicia como de fatal, malia que garda esperanzas de que mellore.

Vidal Villaverde, Manuel, 'A serenidade da crítica', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 12 setembro 2004, p. 45.

Pepe Carreiro ve no debuxo a súa paixón non oculta e destaca o papel de precursores no eido galego como Castelao, Maside ou Laxeiro. Tamén subliña a necesidade dunha actitude crítica ao elaborar viñetas.

Vidal Villaverde, Manuel, 'O mar xamais debelado', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 3 outubro 2004, p. 41.

Xesús Franco fala do seu último poemario, *Contra mar*, e confesa que o mar lle inspira unha mestura de paixóns e que unha das súas proxeccións é a literatura.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Inma López Silva. 'Gotas de auga non avolta', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 10 outubro 2004, p. 41.

Inma López Silva declara que a materia da súa escrita a constitúe a memoria das cousas e di que xa aos dezaseis anos gañara un premio pola súa primeira novela. Aínda que le poesía, síntese máis identificada coa actividade narrativa, a que considera un xeito de situarse no mundo.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Xerardo Sacau. A paixón da memoria', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 14 novembro 2004, p. 53.

Nunha conversa con Manuel Vidal, Xerardo Sacau cita algúns dos seus títulos poñendo de manifesto a súa querenza pola toponimia da zona viguesa e a súa convicción de que os nomes dos lugares teñen relación coa memoria.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Franco Grande, entre o si e o non', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 decembro 2004, p. 38.

Entrevista a Xosé Luís Franco Grande, do que se destacan as súas facetas como poeta, ensaísta e académico. A entrevista fai fincapé nos seus comezos na revista *Avante* do Instituto Santa Irene de Vigo ou *Vento choído*, publicada na colección "Illa Nova". A entrevista recorre a súa vida até chegar a *Os anos escuros* (publicada anteriormente en colección "Salnés" de Galaxia) que non considera unha reedición senón un novo libro, aumentado e corrixido. Esta entrevista tamén se publicou no xornal *Atlántico Diario*, o día 19 de decembro.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Entre o si e o non', *Atlántico Diario*, 'Musas', 19 decembro 2004, p. 41.

Entrevista a Xosé Luís Franco Grande, do que se destacan as súas facetas como poeta, ensaísta e académico. A entrevista fai fincapé nos seus comezos na revista *Avante* do Instituto Santa Irene de Vigo ou *Vento choído*, publicada na colección "Illa Nova". A entrevista recorre a súa vida até chegar a *Os anos escuros* (publicada anteriormente en colección "Salnés" de Galaxia) que non considera unha reedición senón un novo libro, aumentado e corrixido. Esta entrevista tamén foi publicada no xornal *Galicia Hoxe*, o día 18 de decembro.

Vidal, Carme, 'Carlos Arias. 'Na escrita busqueime a min mesmo', *A Nosa Terra*, nº 1.111, 'Cultura', 9 xaneiro 2004, p. 30.

Entrevista con Carlos Airas na que nos fala da súa última novela *Libro das capitulacións de Xulio Corveira de Andrade.* Di o autor que a súa novela ten grandes doses de autobiografía e un certo compoñente terapéutico, pois plasmou nela unha serie de experiencias vitais que naquel momento eran dolorosas, nun proceso que, aínda que foi duro, resultoulle moi liberador. Segundo nos di o personaxe principal da novela decide cambiar de vida, buscando un espazo distinto que lle permita vivir, no seu caso, o asilo; unha experiencia moi parecida á súa, aínda que a del fose forzada polas circunstancias laborais. Por último, di que nesta primeira novela seguiu un proceso lóxico de creación, só se decidiu a escribir cando tiña algo que dicir, e unha vez feito isto cérrase unha etapa, aínda que non renuncia a escribir máis novelas.

Vidal, Carme, 'Suso de Toro. 'O Celta e o Deportivo tamén poden gañar a liga', *A Nosa Terra*, nº 1.113, 22 xaneiro 2004, p. 40.

Fala aquí Carme Vidal con Suso de Toro do seu último libro, *Españois todos*. Para o escritor todo libro é subxectivo, por iso di que el non escribe desde un punto de vista científico, senón que defende o individuo, e o seu libro sería unha mostra disto. Tanta é a carga ideolóxica, que de feito confesa que necesita apartarse un pouco da vida política despois de escribilo, porque non quere ser politólogo, senón escritor. Nos textos do libro di que pretende desmontar o integrismo castelanista, demostrando que non é científico e identificando unha España máis ampla que, por exemplo, recoñeza a Galicia coma unha nación relacionada con outras entidades coma España, Portugal ou Europa. Na súa idea tamén estaría o falar do cambio en Galicia e dunha fuxida cara á esquerda, que quere dicir unha saída derivada da preocupación social. Por último fai algúns comentarios sobre a posíbel acollida do libro, dicindo que para el non é ningunha sorpresa a mala acollida que terá por parte dereita de Madrid.

Vidal, Carme, 'Margarita Fernández. 'Dona Elvira vive dentro dunha faixa', *A Nosa Terra*, nº 1.114, 29 xaneiro 2004, p. 40.

Conversa coa actriz Margarida Fernández que nos fala dos últimos personaxes que representou, por un lado Maruxa Mallo, no teatro, e polo outro Dona Elvira, na serie de televisión "As leis de Celavella". Segundo nos di son dúas personaxes moi distintas, case opostas: a primeira é liberdade, vida, cor, etc.; e a segunda unha muller de clase alta e tradicional, que acepta o seu destino. Mais tamén son distintos os procesos de interpretación: no caso de Maruxa Mallo dominou a personaxe desde os principios, mentres que con Dona Elvira xa lle viña todo dado. Ademais disto coméntanos as diferenzas que supoñen para unha actriz o cambio de época ou o distinto que é facer teatro ou televisión.

Vidal, Carme, 'Vítor Vaqueiro 'En poesía xa só me interesa a comprensión do mundo', *A Nosa Terra*, nº 1.115, 'Cultura', 5 febreiro 2004, p. 29.

Entrevista con Vítor Vaqueiro, que nos fala do seu último libro publicado, *Traxectorias*, que ven sendo unha recompilación do conxunto da súa obra, pero que ademais inclúe dous libros inéditos que non viran a luz con anterioridade: *A fenda do horizonte* e *Teoría do coñecemento*. Segundo o autor no libro publicado amosa todo o seu camiño na poesía, incluíndo: *Lideiras entre a paisaxe, Informe da gavilla, Camiño de Antioquía, A fraga de Paderne* ou *A cámara de néboa*, os seus libros publicados até 1986, e ademais *A fenda do horizonte*, libro que se viu incapacitado para rematar en 1986 e que publica así, inconcluso; tamén inclúe *Teoría do coñecemento*, que recolle a súa poesía desde 1997, cando volveu a escribir versos. O autor fálanos un pouco da súa traxectoria pasada e das características desta, tratando temas coma a lingua, a temática ou a unidade de conxunto. Pero, non obstante, di que agora o único proxecto poético que lle interesa é *Teoría do coñecemento*, un libro no que o autor pretende coñecer o mundo que o rodea cunha maior claridade e sinxeleza na expresión, unha busca que ve coma normal nos escritores co paso do tempo. Tamén fala brevemente do seu paso á narrativa, algo que no pasado nunca imaxinara.

Vidal, Carme, 'Ramiro Fonte 'As grandes obras universais son todas profundamente localistas', *A Nosa Terra*, nº 1.116, 'Cultura', 12 febreiro 2004, p. 24.

Trátase nunha conversa co escritor Ramiro Fonte na que nos comenta a súa última novela publicada, *Os meus ollos (Vidas de infancia)* (2003). Dinos que esta era a obra que desexaba escribir, a obra coa que levaba soñando moito tempo, un libro con bo galego, " que puidese servir como modelo de prosa clara, sinxela, transparente"; en definitiva, un libro que puidese ser unha obra canónica da literatura galega. O libro quitoulle, segundo di, a espiña que tiña cravada de escribir un libro de boa prosa en galego. O xermolo da obra, que se atreve a definir como novela nun concepto amplo desta, próxima á do século XIX que quería expresar a totalidade da vida e tamén o intimismo, serían as experiencias que tiña dentro, pero unha vez evolucionada a idea descubriu que xa non se trataba dunha memoria individual, senón dunha memoria colectiva, o que esixiu un maior coidado. En todo caso, afirma, aínda tratando a memoria ficcionalizada da vila de Pontedeume, tamén é piadoso e evita xulgar os acontecementos, precisamente porque o libro abrangue a toda unha comunidade. Así que o éxito do libro, do que está marabillado, atribúeo a ser un libro tremendamente localista, como o foran no seu día outras grandes obras da literatura universal.

Vidal, Carme, 'Carlos Negro. 'Ser escritor en galego segue a ser un acto de resistencia', *A Nosa Terra*, nº 1.121, 'Cultura', 18 marzo 2004, p. 29.

Entrevista con Carlos Negro na que nos fala por un lado da súa nova responsabilidade de secretario na Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e por outro da súa traxectoria como poeta. Cóntanos un pouco as novas actividades que pretenden poñer en marcha, coma unha páxina web, unha asemblea, un congreso de escritores no ámbito da lusofonía, a organización de Galeusca, etc. Segundo el a AELG ten que abrise aos medios e saír á sociedade, sendo conscientes das ameazas que para eles representa a perda de falantes de galego e loitando contra iso; para iso propón apoiarse na caras máis populares que teñen, como Manuel Rivas. Por outro lado fala da súa xeración poética e da súa obra; confirma que, seguindo un proceso normal de evolución, a súa xeración literaria, a dos noventa, está chegando agora ao centro do sistema e a unha simbiose coa xeración anterior. Coméntanos tamén as súas orixes como escritor nas que salienta o apoio de iniciativas coma a editorial Letras de Cal. Para el a poesía é unha linguaxe esencial para coñecerse a si mesmo, unha memoria afectiva do mundo que serve para entendelo e na que hai elementos biográficos nos que intervén a ficción e a imaxinación. Despois de comentar brevemente os seus libros, *Far-West* e *A laranxa de alí baba* como un diálogo coa literatura e a arte, fálanos da súa última obra como un xénero híbrido que lle resultou moi cómodo, cunha linguaxe moi poética, pero tamén con personaxes, historia, escenario, etc.

Vidal, Carme, 'Arturo Casas 'Os cambios dos noventa foron unha fortuna para a poesía', *A Nosa Terra*, nº 1.123, 'Cultura', 1 abril 2004, p. 29.

Conversa aquí Carme Vidal con Arturo Casas, crítico e investigador que vén de dirixir a *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000* (2003) , ademais de ser parte do equipo "Glifo" que elabora o *Dicionario de Termos Literarios*. Nesta entrevista Arturo Casas fala basicamente da antoloxía e do seu modo de elaboración, pois permitiulle tirar numerosas conclusións sobre o sistema literario galego ao ser unha especie de sondaxe entre poetas, profesores ou críticos. Segundo el o que se extrae da antoloxía é que o canon galego está moi aberto, habendo só un reducido número de escritores que se poden considerar intocábeis dentro del. Por outro lado dinos que, seguindo un proceso normal de cambio no canon, é dicir, co paso do tempo, se foi instalando no centro deste a xeración dos oitenta, que polo de agora se impón sobre a dos noventa. A parte disto fai unhas consideracións sobre o dinámica que foi a época que abrangue a antoloxía, na que di que houbo unha "aceleración dos procesos literarios" que permitiu avanzar moito e non só na poesía, pois todo o sistema literario se beneficiou disto. O único que bota en falta deste período son as revistas literarias, que considera moi importantes pola súa pluralidade e porque deixan máis espazo para a crítica.

Vidal, Carme, 'Arcadio López-Casanova: 'O mal da poesía é o automatismo', *A Nosa Terra*, nº 1.137, 'Cultura', 15 xullo 2004, p. 29.

O poeta e ensaísta fala da necesidade que sente de revisar con certa recorrencia a totalidade da súa obra poética e como isto se plasma en diversas antoloxías feitas con espírito autocrítico. López-Casanova cre que o poema é ante todo un obxecto estético ao que se lle engaden outros valores e destaca o labor renovador do estoupido poético de 1976 en adiante. Así mesmo, critica a automatización das poéticas.

Vidal, Nicolás, 'Prefiro morrer que estar sen facer nada', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 25 abril 2004, p. 18.

É esta unha entrevista á popular actriz da Televisión de Galicia Finola Vázquez. É unha entrevista un tanto biográfica, na que a actriz nos conta como, aínda que xa desde moi nova se interesou polo teatro, non puido conseguir ser actriz até que xa é " demasiado vella" di ela. Segundo nos conta Finola, empezou no mundo da dobraxe quince anos antes, algo que, aínda que duraría pouco, lle valería para que a chamasen para participar na serie "Rías Baixas", na que leva xa varias temporadas e coa que gañou o premio "Chano Piñeiro" no ano 2001. Ademais disto, cóntanos outra habilidade súa, a de facer bonecos de trapo, cos que fixo exposicións por numerosos sitios, incluso en Suecia nunha exposición de "Amnistía Internacional".

Vidal, Nicolás, 'Mercedes Castro. 'Como editora ou escritora sempre fun atípica', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 17 outubro 2004, p. 18.

Mercedes Castro repasa a súa vida, desde o seu nacemento no medio da axitación ferrolá do 72 até os seus estudos de dereito, tras os que comezou a traballar no eido editorial. Comenta

os avatares e dificultades do proceso de edición e do trato con escritores e subliña as vantaxes de non dedicarse só ao labor poético, polo que ten sido finalista do premio Esquío.

Vidal, Nicolás, 'Luís Ramos. 'Hai vinte anos ninguén dirixía e tocoume a min', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 21 novembro 2004, pp. 18-19.

Luís Ramos fala de toda a súa traxectoria teatral, que desenvolveu desde diversos ámbitos, xa que foi actor na súa mocidade e, posteriormente, funda a Escola de Teatro de Narón, que segue a funcionar con grande efectividade. Subliña a ausencia dun apoio institucional claro ao teatro en Ferrol e destaca a obra dramática de Torrente, para rematar declarando a súa inextinguíbel ilusión polo eido.

Villar, Carmen, 'Ser escritor debiera ser una de las condiciones humanas', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 4 decembro 2004, p. 45.

Entrevista a Juan Cruz, director de Alfaguara, con motivo da súa visita ao I Simposio "O libro e a lectura". Nesta entrevista empézase centrándonos na reflexión de se hai ou non moitos escritores para concluír que a escritura é unha forma de ordear o mundo, como unha terapia contra a perturbación. As reflexións sobre o futuro do libro como soporte pechan esta entrevista con esperanzas de futuro.

Vixande, H., 'Manuel Mandianes. 'Non seriamos nós os que inventamos a escaleira?', *A Nosa Terra*, nº 1.118, 26 febreiro 2004, p. 40.

É esta unha conversa co antropólogo Manuel Mandianes que publicara recentemente o seu libro *O río do esquecemento* (2003). Nela define o antropólogo coma un "antropófago" que come todo o que escoita. Tamén se ocupa de dar pequenos datos que definen o ser galego: segundo el o galego é moi espiritual, pero ao mesmo tempo mantense moi pegado á terra, só se convence polos feitos; en todo caso, é complexo dubitativo. Aborda ademais o tema do celtismo, para dicir que o celtismo é unha cuestión de identidade, os galegos considéranse celtas coma os bretóns e escoceses e iso abonda para ter ese fondo común. Todo isto vén a conto polo seu libro, que di que presenta como un reclamo, exposto no título a xeito de metáfora para evitar o esquecemento.

V.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A.A., 'Laurel e poemas de Lugo para Manuel María/Laurel y poemas de Lugo para Manuel María', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Hoy', 13 outubro 2004, p. 49/68.

Informa dos actos que o Concello de Lugo organiza co motivo da celebración dunha homenaxe pola recente morte de Manuel María. Sinala que se lle ofrendará unha coroa de loureiro e se lerá un poema do homenaxeado titulado "Oda á cidade de Lugo". Indica que haberá un recital poético a cargo de vinte poetas entre os que estarán Lupe Bao, Xohán Cabana, Antón Grande, Marica Campo, etc.

A.B., 'Prosa, verso e traducción na 'Universidade de Vigo', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 25 febreiro 2004, p. 75.

Coméntase a aparición, a cargo da editorial Xerais (2003) e en colaboración coa Universidade de Vigo e a Xunta de Galicia, do volume *Premio 2003 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*. Coméntase sobre o premio que nacera coa vontade de dinamizar a lingua galega entre a comunidade universitaria. Describe o volume como a recolleita dos textos gañadores nas categorías de poesía, de relato curto e de tradución. Detállanse tamén os nomes dos gañadores e as obras premiadas.

A.B., 'Finaliza la XXX Feria del Libro', *Atlántico Diario*, 9 xullo 2004, p. 35.

Infórmase da clausura da XXX Edición da Feira do Libro de Vigo, que un ano máis se instalou na Alameda. Apúntase que a feira permaneceu aberta durante dez días e se conformou con vinte e dúas casetas de libreiros galegos, doce de editores tanto galegos coma foráneos, tres casetas institucionais e unha de información. Indícase tamén que a organización correu a cargo da Federación de Libreiros de Galicia, en colaboración co Concello de Vigo e a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e que contou coa asistencia de escritores, que aproveitaron para promocionar os seus libros durante a celebración dunha serie de actos culturais, de mesas redondas, de recitais de poesía ou de talleres.

A.B., 'La biblioteca ponteareana recibió libros de la Fundación Barrié de la Maza', *Atlántico Diario*, 'Condado/Louriña', 11 agosto 2004, p. 20.

Dáse conta da doación de cento corenta e catro libros procedentes da Fundación Barrié de la Maza, entregados á biblioteca pública de Ponteareas. Os libros versan sobre a realidade social e cultural de Galiza.

A.B., 'Campaña "Lendo espero" en el centro de salud de O Porriño', *Atlántico Diario*, 'Condado, Louriña', 4 decembro 2004, p. 22.

Faise eco de que, na biblioteca municipal do Porriño, se iniciou unha campaña para o fomento da lectura. Apunta que consiste na colocación duns denominados "puntos de lectura" nos centros de saúde da vila, en concreto na área Pediatría, e que van dirixidos sobre todo para a rapazada das primeiras idades.

A.C., 'Recital poético en clave de tango', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 18 decembro 2004, p. 48.

Coméntase o acto que tivo lugar no Paraninfo na cidade herculina con motivo da celebración do vinte aniversario da fundación do grupo poético 'De amor y desamor'. Apúntase que a este acudiron seis dos dez integrantes: Lino Braxe, Miguel Anxo Fernán-Vello, Miguel Mato Fondo, Manuel Rivas, Xabier Seoane e Xulio Valcárcel. Lémbrase tamén o nome dos catro ausentes: Lois Pereiro, Xosé Mª Monterroso, Pilar Pallarés e Francisco Salinas. Anótase a diverxencia nas traxectorias de todos estes autores dende aquel ano fundacional, 1984.

A.G., 'Del Riego, galardonado con el premio 'Nano Cambeiro', *Atlántico Diario*, 'Área metropolitana', 20 agosto 2004, p. 19.

Breve nota de prensa na que se fai eco do premio de periodismo "Nano Cambeiro" que recaeu no escritor Francisco Fernández del Riego.

A.I.S., 'Cabaret con sabor gallego', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 19 novembro 2004, p. 34.

Entre outras cuestións non relacionadas coa literatura galega, fai referencia aos espectáculos teatrais que terán lugar nas distintas salas de teatro compostelás. Informa de que a Sala Galán presentará o espectáculo de performances *Teatro de Operacións* no que participarán diferentes personaxes da cultura galega. Tamén indica que a Sala Nasa acolle a obra *Unha noite no muíño non é nada* e a actuación do grupo Ruso Negro que inaugura o ciclo de actuacións no Ambigú. Por último, anuncia que a Sala Yago contará coa representación dunha obra da compañía zaragozana Tranvía Teatro.

A.L., 'Mil firmas avalan dedicar el Día das Letras a los trovadores chantadinos ', *El Progreso*, 'Comarcas', 27 xaneiro 2004, p. 16.

Infórmase da proposta feita por unha comisión integrada por distintos persoeiros do mundo da cultura e da política, que recolleran un milleiro de firmas para solicitarlle a Real Academia Galega que o Día das Letras Galegas de 2005 fose dedicado aos trobadores das terras de Chantada: Fernán Páez de Talamancos, Airas Moniz de Asma, Diego Moniz e Xohán de Requeiro, «como máximos representantes da lírica medieval galega dos séculos XII e XIII no sur de Lugo». Sinala que algúns deles, como Xohán de Requeiro, xa contaron con algunha homenaxe e recoñecemento.

A.L., 'El escritor Xosé Lois García recibirá un homenaje en agosto del próximo año', *El Progreso*, 'Chantada', 14 decembro 2004, p. 14.

Dáse conta da organización, por un grupo de cidadáns, dunha homenaxe ao autor e historiador chantadino Xosé Lois García. Entre os actos previstos, que se celebrarían os días 13 e 14 de agosto, destácase a representación dunha das súas obras, *A feira do cinco*, polo grupo local Faro Miño, no lugar do Cantón.

A.M., 'A 'voz substantiva' de García-Bodaño', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 18 xullo 2004, p. 14.

Dáse conta da homenaxe rendida a García-Bodaño no seu barrio de Teis, onde naceu en 1935. A homenaxe levouna a cabo a AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) e no acto Álvarez Cáccamo salientou a importancia deste escritor no mundo da cultura galega. Así mesmo, sinala que se lle obsequiou unha escultura "Letra E" do artista galego Xurxo Oro Claro, un monólito e a plantación dunha árbore conmemorativos. Ao final da nova noméanse os asistentes ao acto.

A.N.T., 'Cultura no ano do fuel', *A Nosa Terra*, nº 1.111, 'Cultura', 9 xaneiro 2004, p. 24.

Faise balance e resumo do ano 2003 no terreo das letras e da cultura galega en xeral, un ano marcado polo desastre do Prestige e por outros acontecementos que tiveron reflexo no mundo da cultura. Cítanse distintos proxectos colectivos e obras individuais que contribuíron ao panorama artístico-cultural: as obras do Centro Dramático Galego, a publicación de volumes colectivos contra «a invasión do petróleo», os premios literarios concedidos nos distintos xéneros, as obras levadas ao cine ou as novidades editoriais.

A.N.T., 'Manuel Rivas e Fernández Paz, novidades editoriais en Portugal', *A Nosa Terra*, nº 1.111, 'Cultura', 9 xaneiro 2004, p. 30.

Anúncianse algunhas das obras que serán editadas en Portugal no próximo ano: *As chamadas perdidas*, de Manuel Rivas, e *O laboratorio do doutor Nogueira*, de Agustín Fenández Paz, xunto coa última novela de José Saramago, *Ensaio sobre a lucidez*, anunciada por el mesmo como a máis "polémica" das súas novelas. Xunto a estes, dise que o máis vendido no mundo é un escritor de lingua portuguesa, Paulo Coelho, con *Onze minutos*, que vendeu catro millóns de exemplares.

A.N.T., 'Freixanes encargarase de divulgar o labor da Academia', *A Nosa Terra*, nº 1.119, 'Cultura', 4 marzo 2004, p. 25.

Con motivo do ingreso de Víctor Fernández Freixanes na Academia Galega, no sitio que deixou o finado Carlos Casares, resúmense as ideas do seu discurso de entrada, no que falou da situación da lingua e a identidade galegas e alertou da necesidade de facerlles ver aos universitarios a súa significación non como «unha eiva, senón como un valor engadido no concerto desa pluralidade global». Para iso, apúntase a necesidade dun proceso de

modernización da sociedade no seu conxunto e de accións políticas para poder pensar no futuro da cultura galega.

A.N.T., 'Poesía e música en Santo Amaro', *A Nosa Terra*, nº 1.120, 'Cultura', 11 marzo 2004, p. 25.

Comunícase a morte da poetisa e música Luísa Villalta o 6 de marzo e o funeral celebrado no Cemiterio de Santo Amaro. Faise unha emotiva lembranza das súas actividades e compromiso coa Galiza: foi participante da Asociación Alexandre Bóveda, da Asociación de Escritores/as, da AS-PG, da Mesa pola Normalización Lingüística, do BNG e traballadora da CIG.

A.N.T., 'Luísa Villalta lembrada en Portugal', *A Nosa Terra*, nº 1.121, 'Cultura', 18 marzo 2004, p. 24.

Dáse conta de diversos actos de homenaxe a Luísa Villalta tras o seu recente falecemento. Indícase que a revista portuguesa *Incomunidade* lle dedica unha sección especial titulada "En amor da Luísa", onde se recolle unha semblanza biográfica e literaria da autora, o libro titulado *Rota ao interior do ollo* e un ensaio do autor Fernando Martinho Guimaraes. En canto aos demais actos conmemorativos, faise referencia, entre outros, ao recital poético que iniciará en Pontevedra o programa "Abril dos libros".

A.N.T., 'Extenso programa nas XIV Xornadas de Lingua e Literatura', *A Nosa Terra*, nº 1.124, 'Cultura', 15 abril 2004, p. 30.

Anúncianse as Xornadas de Lingua e Literatura que veñen organizando a ASPG (Asociación Socio-Pedagóxica Galega) e a CIG (Confederación Intersindical Galega) e que terán lugar na Facultade de Ciencias da Educación, en Compostela, do 23 ao 25 de abril. Detállanse os obxectivos, contidos e até algúns dos participantes do curso, cuxos obxectivos, segundo sinalaron os organizadores, son "a actualización e formación do profesorado no campo das nosas letras, abordar desde unha perspectiva galega outras literaturas para afondar na galeguización do ensino e coñecer as últimas investigacións, traballos e estudos, así como propostas prácticas para aplicalas na aula". Tamén se apunta que abranguerán vinte e dous seminarios onde trinta escritores, críticos literarios, profesores e investigadores farán as súas achegas sobre a lingua e a literatura galega, catalá e vasca, entre outras.

A.N.T., 'Escritores na cociña', *A Nosa Terra*, nº 1.125, 'Fin de semana', 22 abril 2004, p. 33.

Preséntansenos algúns libros da escrita culinaria galega, como o de Miguel Burros, *Cociña vexetariana e cociña básica*, da colección 'Gastronomía' de Xerais; no que se recollen as receitas do seu restaurante: O cabaliño do demo, en Santiago de Compostela. Tamén se nos fala do libro de Gloria Gallego, *Para quen non sabe nin fritir un ovo*, da mesma colección.

Finalmente aprovéitase para facer memoria doutros escritores ben coñecidos da literatura galega que escribiron sobre cociña, como Álvaro Cunqueiro, coa *Cociña galega de montaña*, debedora do manual de *A cociña práctica de Picadillo*, de Manuel Puga e Puga. Outros son Fina Casalderrey, Emilia Pardo Bazán, Xulio Camba, Manuel Vázquez Montalbán ou Luís Villaverde.

A.N.T., 'Morre Xaquina Trillo, poeta e galeguista', *A Nosa Terra*, nº 1.128, 'Cultura', 13 maio 2004, p. 30.

Dáse noticia da morte de Xaquina Trillo o 9 de maio en Vilagarcía aos oitenta e sete anos, de quen se nos achega a súa vida. Sinálase que foi poeta sempre en galego, admiradora de Rosalía de Castro e militante do Partido Galeguista e que tamén participou na Fundación Alexandre Bóveda, na que se encargou da parte literaria. Por último, apúntase que como outros membros da súa xeración, viviu os anos da sublevación militar que truncou o mundo da cultura.

A.N.T., 'Vinte e catro autores limiaos', *A Nosa Terra*, nº 1.128, 'Fin de semana', 13 maio 2004, p. 35.

Infórmase da elaboración dun catálogo de autores da Literatura e das Humanidades da comarca da Limia coordinado por Xabier Paz, representante da Difusora das Letras, Artes e Ideas. Apúntase que foi presentado no concello de Vilar de Santos, que coeditou o texto xunto co Museo da Limia e se distribuirá en distintos centros da zona. Tamén se explica que o catálogo recolle vinte e catro escritores vinculados á zona e que se presenta como a primeira entrega dunha colección máis ampla con carácter multidisciplinar, na que se abordarán outras manifestacións culturais da comarca ourensá co obxectivo de «incidir desde o ámbito comarcal no proceso de normalización lingüística e da posta en valor e apoio da cultura galega».

A.N.T., 'O Congreso de Editores pide unha lei de Fomento do Libro e a Lectura', *A Nosa Terra*, nº 1.129, 'Cultura', 20 maio 2004, p. 24.

Infórmase da celebración do 5º Encontro de Editores Españois, organizado pola Asociación Galega de Editores do 13 ao 15 de maio en Compostela, baixo as esperanzas de que a nova situación política estatal favoreza ao sector. Tras analizar a situación do libro e das editoriais dentro do mercado globalizado liberal e infórmase de que o congreso culminou con vinte e sete conclusións, entre elas: petición dun maior apoio á industria editorial, dun proxecto de fomento do libro e da lectura que garanta a pluralidade e diversidade editorial, prezo fixo dos libros, maior número de bibliotecas e de libros. Por outra parte, indícase que se aproveitou a ocasión para realizar unha homenaxe a editores galegos históricos: Isaac Díaz Pardo, Xaime Illa Couto e Francisco Fernández del Riego.

A.N.T., 'Reflexión sobre memoria e literatura nos Diálogos de Mariñán', *A Nosa Terra*, nº 1.132, 'Cultura', 10 xuño 2004, p. 25.

Detállase a programación da primeira edición dos *Diálogos de Mariñán*, na Fundación Carlos Casares, que se presentan con vocación de cita e debate anual. Ao longo de tres xornadas distintos escritores e escritoras trataron temas como "localismo e cosmopolitismo na literatura", "os escritores e as súas mediacións", "escritores e patrias" e "literatura e memoria", nos que participaron entre outros Nélida Piñón, Manuel Rivas ou Bernardo Atxaga. Finalízase dicindo que o acto se pechou coas lembranzas dos que coñeceron a Carlos Casares.

A.N.T., 'Reúnese a Mesa polo Libro, que culminará os seus traballos en outubro', *A Nosa Terra*, nº 1.132, 'Cultura', 10 xuño 2004, p. 24.

Anúnciase a convocatoria feita en Compostela pola Consellería de Cultura para celebrar a primeira reunión da Mesa polo Libro, que ten como obxectivo facer unha análise e diagnóstico da situación do sector para posteriormente facer chegar ao Parlamento de Galiza as futuras leis do libro e das bibliotecas. Tamén se indica que a Mesa está presidida polo Conselleiro de Cultura Xesús Pérez Varela e integrada por distintos membros da política e da cultura, representantes do sector editorial e persoas a título individual, ademais de estar organizada en tres comisións de traballo.

A.N.T., 'Fernán Vello, novo presidente dos editores', *A Nosa Terra*, nº 1.133, 'Cultura', 17 xuño 2004, p. 30.

Dáse conta da nova directiva da AGE (Asociación Galega de Editores), que estará presidida polo escritor e editor Miguel Anxo Fernán Vello, entre outros. Sinálase que o novo presidente dixo que a directiva tiña o obxectivo de representar tanto as diversas realidades empresariais como as sensibilidades editoriais, e facer fronte aos grandes desafíos do libro. Tamén se di que esta renovación de directiva acontece ao tempo que a posta en marcha da Mesa do Libro, que debe elaborar os proxectos de Lei do libro e Lei de bibliotecas.

A.N.T., 'O exiliado Lorenzo Varela candidato favorito para o Día das Letras', *A Nosa Terra*, nº 1.133, 'Cultura', 17 xuño 2004, p. 25.

Infórmase da candidatura de Lorenzo Varela como autor elixido para ser o homenaxeado o Día das Letras Galegas do 2005. Coméntase que a proposta foi aceptada por importantes académicos e resúmese a vida e traxectoria literaria de Lorenzo Varela.

A.N.T., 'Morre Antón Tovar, o poeta revoltado', *A Nosa Terra*, nº 1.133, 'Cultura', 17 xuño 2004, p. 30.

Comunícase a morte, aos 73 anos, en Ourense de Antón Tovar Bobillo, poeta da chamada Promoción de Enlace que escribiu en galego e castelán. Faise un recorrido da súa vida e dalgúns dos títulos máis destacados da súa obra, polos que recibiu diversos premios.

A.N.T., 'As leis de Celavella e O lapis do carpinteiro, triunfadoras nos 'Mestre Mateo', *A Nosa Terra*, nº 1.135, 'Cultura', 1 xullo 2004, p. 24.

Infórmase da concesión por parte da Academia Galega de Audiovisuais de cinco premios á película *O lapis do carpinteiro*, dirixida por Antón Reixa, entre eles o de mellor longametraxe, que tamén recibiu *Trece badaladas*. Sinálase que o primeiro destes títulos está baseado na novela homónima de Manuel Rivas no que se conta a historia de Daniel da Barca e Marisa Mallo, separados polo alzamento fascista de 1936. Por outra parte, apúntase que dous dos intérpretes da serie televisiva *As leis de Celavella* recibiron cadanseu galardón: Eva Fernández, por mellor actriz protaconista, e Antonio Mourelos, por mellor actor de reparto.

A.N.T., 'Foro cultural' no Condado. Salvaterra acolle a dezaoito edición do Festival da Poesía', *A Nosa Terra*, nº 1.140, 'Cultura', 2 setembro 2004, p. 30.

Anúnciase o inicio da décimo oitava edición do Festival de Poesía do Condado na que participarán dezasete poetas (galegos, portugueses, angoleños e vascos) e no que haberá diferentes expresións artísticas ademais da poesía, como a música, a pintura e a artesanía. Apúntase que o evento se inicia coa proxección do documental dirixido por Margarita Ledo, *Santa Liberdade* e que a participación dos poetas se verá recollida nun libro prologado por Suso de Toro e editado pola Sociedade Cultural e Deportiva do Condado. Tamén se sinala que haberá concertos, diferentes exposicións de pintura e de fotografía sobre a violencia de xénero, entre outras actividades.

A.N.T., 'Poesía pasada por auga no Condado', *A Nosa Terra*, nº 1.141, 'Fin de semana', 9 setembro 2004, p. 34.

Dáse conta do éxito alcanzado na décimo oitava edición do Festival de Poesía do Condado, que durou tres días a pesar do mal tempo, os actos se levaron a cabo, a excepción dos concertos: que quedaron aprazados para o vindeiro 9 de outubro.

A.N.T., 'Os escritores réndenlle homenaxe a Avelino Pousa Antelo', *A Nosa Terra*, nº 1.143, 'Cultura', 23 setembro 2004, p. 28.

Dá conta da homenaxe ofrecida a Avelino Pousa Antelo organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, en recoñecemento ao compromiso ético do homenaxeado con Galicia. Salienta que o día 18 de setembro se desenvolveron diversos actos baixo o título "Os bos e xenerosos" e ao final indica que esta iniciativa pretende ser repetida cada ano para recoñecer o labor das persoas que loitaron pola difusión da cultura galega.

A.N.T., 'Atrezzos da Memoria, exposición para conmemorar os vinte anos do CDG', *A Nosa Terra*, nº 1.144, 'Cultura', 30 setembro 2004, p. 25.

Informa sobre a apertura da exposición titulada "Atrezzos da Memoria" que conmemora os vinte anos de creación do Centro Dramático Galego. Sinala que está composta por fotografías, carteis, vídeos ou maquetas das sesenta e tres obras representadas en total polo CDG dende os seus inicios. Indica que a exposición se pode visitar na Fundación Gonzalo Torrente Ballester en Compostela e que ademais o Centro organizará tres obradoiros: un de vestiario impartido por Clotilde Vaello, outro de maquillaxe a cargo de Dolores Centeno e un terceiro sobre o funcionamento da maquinaria escénica impartido por xente do CDG. Finalmente, comenta que o CDG aproveitou o comezo da exposición para anunciar a súa programación para o 2004/2005 que se iniciará coa representación da obra de Carlos Casares, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, dirixida a un público infantil. Outras dúas obras que poñerán en escena serán a versión de *Ricardo III* e *Seis personaxes á procura de autor* de Pirandello.

A.N.T., 'Luísa Villalta homenaxeada na Coruña', *A Nosa Terra*, nº 1.145, 'Cultura', 7 outubro 2004, p. 25.

Informa da homenaxe ofrecida a Luísa Villalta por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega que tivo lugar o 3 de outubro no teatro Rosalía de Castro da Coruña. Comenta que nela participaron diferentes escritores e persoas relacionadas co mundo cultural, dos que indica os seus nomes e o tipo de participación.

A.N.T., 'Galegos na feira', *A Nosa Terra*, nº 1.145, 'Cultura', 7 outubro 2004, p. 28.

Dá conta da participación da AGE (Asociación Galega de Editores) na feira do libro de Frankfurt, na que expoñerán novidades de diversas editoriais galegas. Indica, así mesmo, que este feito é importante para manter contactos e aumentar as vendas.

A.N.T., 'Homenaxe en Boborás e Pontevedra', *A Nosa Terra*, nº 1.146, 'Cultura', 14 outubro 2004, p. 28.

Anuncia a celebración de diversos actos durante os días 14, 15 e 16 de outubro para conmemorar o 75º aniversario da morte de Losada Diéguez, organizados pola Fundación Alexandre Bóveda e os concellos de Pontevedra e Poio.

A.N.T., 'Homenaxe a Losada Diéguez', *A Nosa Terra*, nº 1.147, 'Cultura', 21 outubro 2004, p. 25.

Co motivo de 75º aniversario do pasamento de Antón Losada Diéguez, informa dos actos que pecharon o programa da homenaxe, organizada pola Fundación Alexandre Bóveda e mais a Fundación Castelao, que tiveron lugar na capela de San Mamede e no seu pazo de Moldes. Tamén indica que se descubriu unha placa de pedra conmemorativa como remate a todas as mesas redondas e conferencias, que se desenvolveron ao redor do homenaxeado.

A.P., 'O Concello de Mondariz-Balneario recoñecerá a figura do empresario galeguista Enrique Peinador', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 27 marzo 2004, p. 46.

Transmítese a proposta feita por representantes da cultura galega de nomear a título póstumo como fillo adoptivo do Concello de Mondariz-Balneario, a Enrique Peinados Lines, empresario galeguista finado en Vigo en 1940 que converteu a vila termal en foco da cultura galega e da estatal. Sinálase que a iniciativa, promovida pola Fundación Premios da Crítica, foi remitida ao alcalde dese concello, Xosé Antonio Lorenzo. Tamén se citan algúns nomes dos asistentes ao acto e outras figuras senlleiras do galeguismo que non puideron asistir por diferentes motivos.

A.P., 'Chega a Bruxelas 'O libro da egoísta', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 maio 2004, p. 48.

Infórmase da presentación d'*O libro da egoísta*, o último libro de poemas de Yolanda Castaño, na librería Orfeu de Bruxelas con motivo do 17 de maio, nun acto no que colaborou a Fundación Galicia-Europa e que tamén incluíu un recital e a proxección dun vídeo.

A.P., 'Acunados entre libros', *El Progreso*, 'Verano', 10 xullo 2004, p. 87.

Anúnciase a inauguración da exposición "Padrón, berce de escritores", organizada polas fundacións Rosalía de Castro e Camilo José Cela. Apúntase que nela se recuperou a memoria de seis escritores, dous deles máis coñecidos, que son os que dan nome ás dúas fundacións organizadoras, e outros catro menos coñecidos: Manuel Barros, Nicasio Pajares (cuxas referencias prosísticas serán expostas en Iria Flavia), Macías o Namorado e Juan Rodríguez de la Cámara (cuxas mostras se exhibirán na Matanza). Tamén se indica que a exposición contará con diversas actividades culturais relacionadas.

A.R., 'Castelao vuelve a Buenos Aires', *La Voz de Galicia*, 'Crónica', 29 abril 2004, p. 48.

Anúnciase a estrea en Bos Aires da longametraxe documental *Castelao e os irmaos da liberdade*, na que o autor, Xan Leira, tenta recuperar a memoria da comunidade galega marcada pola emigración a outros países, nomeadamente Arxentina. Coméntase que o filme, dedicado a Castelao, a quen Leira considera capital para entender Galiza, supón a primeira entrega dunha tetraloxía que ten como eixo distintas fases históricas.

A.R., 'Camino Noia abre la nueva temporada del ciclo Falando do Noso', *Faro de Vigo*, *'Vigo 4 costados'*, 31 agosto 2004, p. 7.

A respecto da inauguración do ciclo de conferencias Falando do Noso, organizado pola Agrupación de Centros Culturais e Deportivos de Vigo, dáse conta da conferencia inaugural, a cargo da filóloga Camino Noia.

A.S., 'Cunqueiro, un peregrino más', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 21 febreiro 2004, p. 40.

Apunta que Francisco Singul recolleu no libro, *Por el camino de las peregrinaciones*, os artigos que o autor mindoniense escribiu para *Faro de Vigo* en 1962 tras percorrer o camiño francés da Ruta Xacobea. Destaca o traballo do editor, en concreto as anotacións e a actualización dos artigos, e recolle a súa opinión sobre o volume. Así, sinala que Singul salienta deste a "calidade literaria e narrativa", ademais do "valor histórico e documental". Tamén apunta que pon de manifesto o que estes artigos significaron para activar a Ruta Xacobea naqueles anos.

A.S., 'Galicia se encuentra entre las autonomías que menos gastan en libros por habitante y año', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 29 abril 2004, p. 87.

Danse a coñecer os datos da Federación de Gremios de Editores de España sobre os hábitos de lectura. Dise que Galiza, Andalucía e Valencia son as comunidades que menos diñeiro gastan por habitante e que len máis as mulleres cós homes.

A.S.L, 'Isaac Díaz Pardo se plantea dejar Sargadelos en manos de la Xunta', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 27 marzo 2004, p. 7.

Recóllense as declaracións e as achegas fundamentais feitas con motivo do 25º aniversario da morte de Luís Seoane, como os emitidos por Pepe Barro, Díaz Pardo e o seu fillo, Xosé Díaz, que falaron nunha mesa redonda sobre as facetas do polígrafo. Anúncianse distintas iniciativas como a presentación, na data exacta doa aniversario, dun libro que recolle 160 cartas que Luís Seoane escribiu a Isaac Díaz Pardo durante vintedous anos, ou unha exposición gráfica, biográfica e documental sobre o autor. Tamén se recolle a posibilidade anunciada por Isaac Díaz Pardo, que con Luís Seoane recuperara a cerámica de Sargadelos, de deixar a empresa en mans da Xunta para asegurar que siga en mans públicas.

A.S.L, 'Las aulas de letras, teatro y cine comienzan su andadura cultural', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 10 novembro 2004, p. 15.

Salienta a iniciativa que leva a cabo a Universidade da Coruña co desenvolvemento dunha aula das letras na que se celebran os "I Encontros de Poesía", nos que participan escritores en lingua galega, catalá, vasca e española. Ademais, indica que empezará unha aula de

teatro e outra de cine, na que se proxectarán películas de diferentes temáticas. Así mesmo, teñen previstas outras actividades relacionadas coa música e realizadas en colaboración coas tres universidades galegas.

Abad López, Víctor, 'As bágoas do tempo', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 2 agosto 2004, p. 7.

Relato no que un home que perdeu a súa muller e filla, vive un suceso anormal no que se atopa de novo coa súa dona, unha noite de lúa chea.

Abad, S., 'La biblioteca gana adeptos', *La Opinión*, 'Cambre/Culleredo', 8 febreiro 2004, p. 14.

Infórmase do aumento de socios da Rede de Bibliotecas Municipais do Concello de Cambre, que alcanzou o número de 362, e saliéntase o incremento de servizos e dos fondos bibliográficos e documentais das tres salas de lectura e servizos de préstamo do Concello, que se ampliaron en 3.958 volumes, o que fai que o número de títulos ou documentos dispoñíbeis sexa de 51.360 nas tres bibliotecas municipais: a Biblioteca Central, a Biblioteca do Temple e a da Barrala. Detállanse tamén cales foron os títulos máis solicitados en cada unha delas en galego e castelán. Algúns deles son: *Caperucita Roja*, de Perrault, *Pel de lobo*, de Xosé Miranda, *Os dous de sempre*, de Castelao, *Aura gris*, de Pilar Molina ou *Soldados de Salamina*, de Javier Cercas, entre outros.

Abad, Sandra, 'La Escola Municipal de Teatro empezará a funcionar en octubre', *La Opinión*, 'Culleredo/Cambra', 23 setembro 2004, p. 16.

Dáse conta da creación da Escola Municipal de Teatro do Concello de Culleredo que inicia a súa actividade o 9 de outubro baixo a dirección de Santiago Fernández e Manuel Lorenzo, ambos membros responsábeis do estudo teatral Casahamlet. Indícase que o curso terá unha duración de nove meses e que se levará a cabo no Edificio Municipal de Servicios Múltiples do Burgo, no que participarán vintecinco persoas maiores de dezaseis anos.

ABC, 'Cultura recibiu dúas mil páxinas de informes dirixidos á Mesa polo Libro', *ABC*, 'Galicia', 24 outubro 2004, p. 32.

Nova que dá conta dos informes que chegaron á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo sobre o panorama editorial galego. Así mesmo, indica os trámites polos que teñen que pasar estes informes e os obxectivos a acadar.

Abilleira, Marina, 'O instituto de Poio acolleu unha xornada de 'mulleres e literatura', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 24 abril 2004, p. 84.

Infórmase da celebración dunha charla-debate sobre "Mulleres e Literatura" ca cal o Instituto de Educación Secundaria Fontenla festexou o Día do Libro. Sinálase que a iniciativa contou coa participación de representantes feministas da cultura galega e xurdiu da Concellaría de Muller e Asuntos Sociais.

Abuín de Tembra, Avelino, 'Ausencia', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'Borobó, mestre arousán dos xornalistas galegos', 29 agosto 2004, p. 22.

Co gallo da celebración do primeiro aniversario da morte de Borobó, resalta o seu carácter de home pausado e apracíbel que nunca gardou ira a ninguén, a pesar de ser un mártir da causa da República. Tamén comenta que algunha vez amosou o anoxo ante certas imposicións ás que respondeu de forma enérxica e considera que quedou como un escritor de lingua galega consagrado. Sinala que destacou pola súa faceta de xornalista e xustifica que todo o seu labor supera e acala as acusacións que ás veces lle teñen feito por escribir en lingua castelá. Remata cun poema dedicado á súa lembranza.

Abuín de Tembra, Avelino / **Cortizo**, Justo, 'Luís Aguirre: o descoñecido', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 543, 2 decembro 2004, pp. 1-8.

Recolle un monográfico sobre a figura de Luís Aguirre, presentando un estudo sobre a biografía e a importancia da súa obra, da que salienta o seu dicionario da lingua galega: *Diccionario del dialecto gallego*. Así mesmo, refírese ao seu parentesco con Rosalía de Castro, á súa descendencia, as influencias e a análise temática e métrica dos seus poemas, así como a pegada que deixou noutros escritores. A continuación, recóllense varios poemas de Aguirre: "Galicia", "Desencanto", "A la memoria del poeta Dn. A. Aguirre", "El judío errante", "Ven a mi aldea" e "Consejo".

AGN, 'O mundo da cultura e a política despide con pesar ó literato Manuel María', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 10 setembro 2004, p. 87.

Informa do traslado dos restos do poeta chairego Manuel María ao Panteón de Galegos Ilustres no Museo do Pobo Galego. Así mesmo, dáse conta da declaración do portavoz da familia, Alberto Ansede, que realiza unha reflexión sobre a vida e a morte do poeta, ademais de presentar os diversos actos da homenaxe que se celebrarán no Museo antes do seu funeral e que correrán a cargo da AS-PG, a Mesa pola Normalización Lingüística, a AELG, e a Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena. Tamén salienta a lembranza da súa traxectoria literaria por parte de numerosos amigos.

AGN, 'Os poetas despiden a Manuel María', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 11 setembro 2004, p. 79.

Dá conta dos actos celebrados con motivo da homenaxe ao poeta Manuel María, no auditorio do Museo do Pobo Galego. Entre eles, cítanse as actuacións musicais d'A Quenlla

e de Tino Vaz, un recital poético presentado por Carlos Negro, secretario da AELG, e a lectura dos poemas do chairego, iniciada por Pousa Antelo e seguida polos restantes participantes.

Aguilia, Álvaro, 'La Biblioteca alerta de la desaparición del préstamo gratuito de libros', *Diario de Pontevedra*, 'Marín. O Morrazo.', 21 abril 2004, p. 15.

Anúnciase a posibilidade de que, debido á pretensión da Unión Europea de impor un canon polo préstamo bibliotecario, o préstamo gratuíto que era "un servizo libre, público e democrático" poida converterse "en servizo comercial; primando o interese privado ao público". Por este motivo, coméntase que a Biblioteca de Marín organiza distintos actos en protesta aproveitando o Día do Libro do 23 de abril.

Albo, Francisco, 'Poetas de toda Galicia homenaxearon a Xohán de Requeixo en Chantada', *La Voz de Galicia*, 'La provincia', 4 xaneiro 2004, p. L9.

Infórmase que no Casino da vila lucense de Chantada se presentou o libro *Homenaxe poética ao trobador Xohán de Requeixo*. Achégase a lista dos poetas que participaron coas súas creacións neste volume -moitas delas recitadas na devandita presentación-, como Xesús Alonso Montero, Xesús Rábade Paredes, Helena Villar Janeiro, Isidro Novo, Ramón Caride, Xulio Valcárcel ou "Mini" e "Mero", entre outros. Engádese que completan o volume, amais das cinco cantigas do trobador, poemas dos portugueses Vergílio Alberto Vieira, António José Queirós e Luis Veiga; do brasileiro Andityas Soares de Moura e da cubana Anisia Miranda. Así mesmo, coméntase que se recuperan tres poemas dedicados a Xohán de Requeixo da man de Álvaro Cunqueiro, Manuel María e do chantadino Avelino Gómez Ledo. En columna á parte, infórmase de que Xosé Lois García, un dos promotores deste acontecemento, dará unha conferencia sobre a igrexa románica de Pesqueiras e, tamén en diferente columna, achégase información sobre o CD que acompaña o devandito libro e que recrea a dimensión musical dos textos dende unha óptica contemporánea.

Albo, Francisco, 'Os escritores reunidos en Samos piden que o occitano teña tanta protección oficial como o galego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 31 maio 2004, p. 55.

Resúmese o contido do primeiro Encontro de Escritores de Galicia e Occitania celebrado no Mosteiro de Samos, no que se analizou a relación entre a cultura galega e a provenzal e o paralelismo existente na evolución social e cultural de ambos idiomas, co maior retroceso social do segundo no século XX. Apúntase que os organizadores alertaron da necesidade de recuperación do idioma e da cultura desa rexión do sur de Francia, que non recibe protección nin promoción por parte do Goberno francés, así como anunciaron a previsión de novos encontros literarios no Camiño de Santiago ao longo do Ano Santo.

Aleixandre, Marilar, 'As mazás reprochan desde a herba', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 novembro 2004, p. 54.

Recóllese un fragmento dun poema de Marilar Alexandre titulado 'As mazás reprochan desde a herba', no que compara o pobo galego coas mazas que podrecen.

Aleixandre, Marilar, 'Christmas pudding', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 91, '6 contos de nadal', 18 decembro 2004, p. 8.

Narra a historia dunha rapaza que é galega, pero que está en Londres traballando nunha casa para aprender inglés. Un día, está a colocar un armario da cociña e atopa unha bola pequena cuberta con papel de prata. Cando chega a dona da casa dille que se trata dun pudín feito o ano pasado e coméntalle que o comerán por Nadal. Cando chega o momento de tomar o pudín, María non proba bocado e lembra a boa comida que fai sempre súa nai por esas datas.

Aleixandre, Marilar, 'Crebar o enxame', *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 28 decembro 2004, p. 48.

Reflexión íntima sobre o futuro e a vida simbolizado nun enxame.

Aleixandre, Marilar, 'De 'Desmentindo a primavera'', *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 30 decembro 2004, p. 40.

Reflexión íntima sobre o futuro e a vida simbolizado nun enxame.

Alonso Montero, Xesús, 'Armenio Alves e J. Porto González: ¿ubi sunt? (¿ulos?)', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 6 marzo 2004, p. 21.

Recoñécese a nota como un chamamento a todos aqueles que poidan proporcionar información sobre Armenio Alves e J. Porto González, que na altura de 1936 eran dous estudantes do Colexio León XIII que fixeran unha tradución galega, algo inusual para aquel entón, de fragmentos do poeta Ovidio, seis versos da *Eneida*, de Virxilio, e dous poemas do poeta francés Francis Jammes, probabelmente guiados por Aquilino Iglesia Alvariño, director do Colexio amais de poeta e latinista.

Alonso Montero, Xesús, 'De Galicia a Porto Rico', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 77, 'Letras de sempre', 1 abril 2004, p. II.

Faise unha lembranza da portorriqueña Margot Arce, profesora de Filoloxía na especialidade de literatura, con motivo do seu nacemento. Sinálase que a investigadora tiña examinado o conflito idiomático entre o inglés e o español en Porto Rico dende que os EUA penetraron no tecido social e cultural da Illa, ademais de apuntarse que esta filóloga,

próxima á cultura e coñecedora da literatura galega, defendeu a necesidade de non abandonala.

Alonso Montero, Xesús, 'Francis Jammes en Vilagarcía', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 2 maio 2004, p. 23.

Faise memoria literaria e apúntase a tradución feita ao galego, en Vilagarcía no ano 36, de dous poemas de Francis Jammes, poeta francés de fonda sensibilidade relixiosa e devoto das cousas humildes e pequenas, por dous nenos estudantes de bacharelato, J. Porto González e Armenio Alves, probabelmente orientados por Aquilino Iglesia Alvariño, profesor e director do Colexio León XIII, en Vilagarcía naquela altura. A continuación transcríbese unha das traducións.

Alonso, Fran, 'Ninguén', *El Progreso*, 'Relatos da Xeración Knows', 29 agosto 2004, p. 79.

Narra a historia dun home que se muda de piso porque non soporta o ruído que fan os veciños. Na nova casa está cómodo xa que non se escoita nada, até que un día, cando lle aparece unha goteira no teito do cuarto, pretende falar cos veciños e, tras varios días intentando velos, decátase de que a casa está baleira, e alí non vira a , razón pola que non había ruídos.

Álvarez, Concepción, 'Con sabor a tinto', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 16 agosto 2004, p. 7.

Conto que narra a historia dun labrador solitario do Ourense oriental, chamado Amador. El facía todos os labores do campo e da casa e, polas noites, contaba coa visita de moitos morcegos ata que un día, os morcegos cheiraron o viño que facía Amador e este púxolles unha cunca para que bebesen. A partir de entón, nunca máis o volveron molestar polas noites: emborrachábaos.

Álvarez, Elisa, 'Los libros que llegaron de ultramar', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 14 marzo 2004, p. L7.

Relátase a historia da Biblioteca América con motivo do primeiro centenario da Institución, proxecto que, o galego emigrado a Bos Aires, Gumersindo Busto Villanueva, emprendeu tentando achegar os dous continentes. Desde 1904 a Biblioteca acolleu distintos libros que chegaban de América, creándose un fondo de volumes de temas americanos en Compostela que axuntaba distintas correntes, máis conservadoras ou máis liberais. Relátanse tamén os distintos momentos polos que pasou até hoxe, como a súa situación inicial en 1926 na Facultade de Historia e posteriormente no Colexio de Fonseca, onde está na actualidade e onde se recibe a dirixentes políticos de países latinoamericanos.

Álvarez, Gumersindo, 'A herdanza do caderno', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 7 agosto 2004, p. 7.

Historia dun home que ao morrer deixa en herdanza un caderno no que fala sobre aspectos da arte da pintura.

Alvite, Isabel, 'Vestirse es disfrazarse', *La Voz de Galicia*, 'Fugas', 23 2004, p. 16.

Achéganos á figura de Yolanda Castaño como poetisa e como amante da moda, facendo unha relación entre ambos, pois ela recoñece que proxecta a súa creatividade non só nos versos, senón tamén no seu aspecto persoal: concibe a roupa como un modo de comunicarse, aínda que recoñece non inverter nesta afección nin moito tempo nin moitos cartos.

Ameixeiras, Diego, 'A cabeza do señor conselleiro', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 29 agosto 2004, p. 10.

Unha ninja xaponesa, que controla todas as artes orientais, vive a conta dun home rico pero, un día, coñece a un ourensán, futuro funcionario, e vaise con el. O seu amor non consegue aprobar as oposicións e ela acepta matar a un conselleiro para recibir cartos do seu anterior mantedor.

Ameixeiras, Diego, 'A chuvia final', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 91, '6 contos de nadal', 18 decembro 2004, p. 9.

O conto sitúase nun café de Santiago onde dous namorados conversan ante unha tarde de chuvia. O narrador describe o xeito de chover de forma minuciosa para introducir a historia de amor de Paula e Alfredo, dous mozos que, ao saber que se queren, as súas vidas toman outro sentido.

Andaluz, Cándida, 'Dos nuevos legados literarios', *La Voz de Galicia*, 'Ourense', 21 decembro 2004, p. L2.

Informa da reedición de dúas obras de Carlos Casares, *Ilustrísima* e *Vento ferido*, pola editorial Galaxia, presentadas no Liceo de Ourense coa participación de Marcos Valcárcel e Damián Villalaín. Sinala que ambos autores salientaron o traballo literario do escritor e comentaron as dúas obras reeditadas.

Aneiros, Rosa, 'O monstro espreita', *El Progreso*, 'Relatos da Xeración Knows', 8 agosto 2004, p. 72.

Conto que narra a historia dun home que padece un trastorno dismórfico corporal, é dicir, que cando se mira nos espellos ve un monstro e está obsesionado coa comida, sobre todo coas graxas. Por isto, ten a súa habitación a cegas e nunca se mira no espello. Este feito cóntao desde unha terapia médica á que se apuntou para curar.

Angueira, M., 'Fernández del Riego se lleva el Blanco Torres de periodismo', *Diario de Arousa*, 'Ulla/Umia', 22 decembro 2004, p. 23.

Anúnciase o fallo da sexta edición do premio de xornalismo literario e de opinión "Roberto Blanco Torres" que recaeu no xornalista Fernández del Riego pola colección de artigos titulados "De cotío". Así mesmo, noméanse todos os membros do xurado e a súa opinión con respecto á obra de Del Riego. A dotación económica é de seis mil euros e a publicación da obra por parte da Universidade de Santiago de Compostela.

Angueira, Mercedes, 'Boiro lembra a memoria do polifacético xesuita Celestino García Romero', *Diario de Arousa*, 'Homenaxe', 17 xaneiro 2004, p. 25.

Dáse conta do acto de homenaxe a Celestino García Romero que tivo lugar no Centro Sociol de Boiro a instancias da Asociación Artesá e Etnográfica do Barbanza "O Faiado 2". Destácanse as palabras dedicadas por Xesús Ferro Ruibal no acto de apertura e nas que se referiu á escolla de García Romero do galego para os temas relixiosos e á expresividade e riqueza da súa lingua. Con respecto ás palabras dedicadas pola presidenta da asociación organizadora, María Luísa López, ponse o punto sobre a relación de García Romero co seu entorno e os estudos etnográficos que elaborou sobre o mesmo. No tocante á intervención de Manuel A. Santiago García, saliéntase a súa referencia ao discurso agrarista de García Romero, por exemplo, poñendo en marcha un sindicato orientado á loita da mellora das condicións dos campesiños. Infórmase, finalmente, do peche do acto coa lectura do "Himno a Galicia", da autoría de García Romero.

Araújo, Emma, 'La Feira do Libro de Oroso incluye actos de homenaje a la cultura local', *La Voz de Galicia*, 'Comaracas', 27 agosto 2004, p. L9.

Informa do inicio da primeira edición da Feira do Libro en Oroso co obxectivo de facer chegar a oferta literaria aos veciños. Tamén apunta que haberá información especial sobre a cultura musical e un coloquio sobre o Obradoiro da Historia de diferentes bandas musicais, ademais de actividades de papiroflexia, contacontos para os nenos e teatro ao aire libre para os maiores.

Ares, María, 'La literatura cobró vida en el campus de Ferrol en la fiesta de las letras', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 24 abril 2004, p. 15.

Detállanse as actividades que tiveron lugar no Campus de Ferrol propostas por dúas alumnas de Biblioteconomía e Documentación para festexar o Día do Libro. Sinálase que a

proposta foi convidar a distintos representantes da Universidade para unha xornada na que cadaquén escollía as preferencias literarias que «nos ensinaran a ler e pensar». Detállanse os nomes e as obras escollidas por algúns deles nun acto que tamén contou con teatro, danza, ópera, música, vídeo e pintura.

Argibay, Xoán P., 'A cafetería de Ana', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 12 agosto 2004, p. 6.

Conta a historia de dúas persoas que tras levar tres meses escribíndose teñen o seu primeiro encontro nunha cafetería e, a partir de aí, comezan unha relación, aínda que un día, a rapaza desapareceu deixando unha nota de despedida e unha foto.

Armesto, Mónica, 'Vaidade', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 21 agosto 2004, p. 8.

Conta a historia dunha trapecista que presume de facer ben o seu traballo pero, en realidade, ten medo de caer do trapecio e, cada vez que está enriba del, sente a vaidade e pensa que vai precipitarse no baleiro.

Arnáiz, Ángel, 'Campaña para leer en verano', *El Correo Gallego*, 'Lugo', 1 xullo 2004, p. 28.

Anúnciase a campaña estival "Maletas viaxeiras", que ten por obxectivo promover a lectura a través de bibliotecas itinerantes de préstamo que poden solicitar concellos, hospitais, asociacións culturais e que oferta máis de cinco mil libros. Esta campaña está posta en marcha polo Departamento Autonómico de Cultura.

Arronte, Aitor, 'A memoria do canto', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 setembro 2004, p. 56.

Expresa as súas lembranzas sobre o canto perdido nun poema titulado 'A memoria do canto'.

Asociación de Escritores en Lingua Galega, 'Notas de urxencia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 xullo 2004, p. 51.

Infórmase da intención do sector editorial galego de ofrecer análises e perspectivas que contribúan a mellorar en Galiza o actual estado da industria da edición do libro, conscientes de que se está a vivir un proceso de crise por distintos motivos. Sinálase que debe competir coas transnacionais impondo as súas leis de mercado e enfrontarse á recesión xeral do consumo de produtos editoriais de cultura, desprazados por produtos mediáticos e de lecer masivos, e a unha realidade infraestrutural feble (insuficiente dotación de bibliotecas, pouco hábito de lectura...). Coméntase que os últimos vinte anos foron de crecemento para o libro galego, mais a recuperación é lenta e enfróntase con outros problemas, como a

penetración masiva do libro en castelán, polo que se consideran necesarias políticas activas e claras por parte da administración autonómica que animen decididamente á industria editorial galega. Finalmente anótase que a recente constitución da Mesa do Libro parece abrir expectativas neste sentido, coa creación dunha futura Lei do libro e unha Lei de bibliotecas.

Avilés de Taramancos, Antón, 'Última fuxida a Harar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 outubro 2004, p. 54.

Centra o seu comentario nun condensado poema en seis versos, que trata da ferida simbólica do eu lírico ao perder a xuventude e observar cómo as novas xeracións se abren paso no tempo. Tamén destaca a forza concentrada da expresión.

Barba, M., 'Os intelectuais galegos lembran a Seoane aos 25 anos da súa morte', *La Opinión*, 'Cultura', 27 marzo 2004, p. 61.

Transmítense as declaracións de distintas personalidades do mundo da arte e da literatura galega no 25 aniversario da morte do polígrafo Luís Seoane nun encontro que tivo lugar na Coruña. Sinálase que Isaac Díaz Pardo anunciou a saída á luz o 5 de abril, data exacta da súa morte, dun epistolario con 160 cartas que el e o finado intercambiaron ao longo de moitos anos, nas que, adianta, Seoane "criticábao todo".

Barba, M., 'Fiesta en las librerías, luto en las bibliotecas', *La Opinión*, 'Cultura', 24 abril 2004, p. 61.

Relátase o decorrer do Día do Libro na Coruña, no que participaron nenos e adultos con distintas preferencias literarias. Sinálase que algúns dos libros de máis éxito foron, entre outros, os seguintes: no cómic, *Superlópez*; en novela, *El código da Vinci*; en literatura galega, os ensaios etnográficos do Xocas, e na tradución, *El ensayo sobre la lucidez*, de Saramago. Tamén se comenta que no Museo Pardo Bazán se fixo unha lectura en cadea de *Los Pazos de Ulloa* con Yolanda Castaño e outros escritores coruñeses. Por unha parte, sinálase que as bibliotecas se manifestaron cunha recollida de sinaturas contra a aplicación no Estado español, baixo o mandato da Unión Europea, do préstamo de pago polos dereitos de autor.

Barba, M., 'Un galeguismo en ruínas', *La Opinión*, 'Cultura', 17 maio 2004, p. 53.

Faise un recorrido por distintos lugares da Coruña onde egrexios escritores galegos viviron, morreron ou desenvolveron a súa actividade cultural: Murguía, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal ou Ánxel Casal estiveron ligados á cidade da Coruña, pero que non figuran nos percorridos culturais, e que os edificios aos que estiveron vinculados, se atopan nun

lamentábel estado de conservación fronte a outras figuras, como Picasso, Pardo Bazán, María Pita e Casares Quiroga, que si teñen casas-museo.

Barba, M., 'Los 'dublineses' gallegos', *La Opinión*, 'Cultura', 4 xullo 2004, p. 69.

Recóllense as opinións e análises de distintos autores galegos sobre a obra de Joyce e a influencia que este autor exerceu sobre algúns deles, como Torrente Ballester. Así mesmo, apúntase que Cela recoñecera sentir admiración polos carácteres do *Ulises* e que Manuel Rivas recoñece sentirse atraído por esa obra "polo que representa para a modernidade", así como establece un triángulo entre Irlanda e a Galiza pola "condición atlántica", "as claves do humor popular", "o influxo do tempo chuvioso no carácter das persoas" ou "o culto aos mortos".

Barba, M., 'James Joyce, el hermano celta', *La Opinión*, 'Cultura', 4 xullo 2004, p. 68.

Anuncia a celebración da mostra "Joyce y España" que se celebrará dende novembro (2004) até o 31 de xullo (2005) na Fundación Torrente Ballester de Santiago de Compostela co gallo do recente centenario do Bloomsday. Sinala que a mostra incluirá textos de especialistas galegos na obra do escritor irlandés: César Antonio Molina, Julián Ríos, Antonio Raúl de Toro Santos ou Manuel Rivas. Rememórase brevemente a conexión entre os membros do grupo Nós e Joyce.

Barba, M., 'Un país de escritores', *La Voz de Galicia*, 'Día de Galicia', 25 xullo 2004, p. 12.

Dá conta da importancia do mundo editorial galego con respecto a España e salienta o éxito de obras que acadaron premios como *Trece badaladas* de Suso de Toro, ou obras que foron levadas ao cine como *Romasanta*, etc.

Barbadillo, A., 'La letra impresa regresa a los jardines de Méndez Núñez', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 22 abril 2004, p. 8.

Anúnciase a cuarta edición da Festa do Libro, que se instalou do 21 ao 25 nos Xardíns Méndez Núñez na Coruña. Os libreiros confiaban no bo tempo para ter un maior número de visitantes que nas edicións anteriores e que os libros tiveron un desconto do 10%. Tamén se apuntan outras actividades a realizar nesta festa, como actuación da banda municipal de música, o intercambio gratuíto de libros e unha ofrenda floral.

Barbazán Turnes, Daniel, 'Unha ducia de xemelgos', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 6 agosto 2004, p. 7.

Narra a historia dun pobo que se rexía en todos os seus actos pola orde alfabética dos nomes dos habitantes. Exemplifícao co feito de que unha familia con catro xemelgos,

fainos casar coas catro xemelgas doutra familia, emparellándoos por orde alfabética. Pero o día da voda, outro grupo tamén formado por catro xemelgos, mátaos a todos xa que lles correspondía a eles casar coas xemelgas porque as letras dos seus nomes eran anteriores no alfabeto ás dos outros xemelgos.

Barcón, Carlos, 'Biografías', *Diario de Ferrol*, 'Entre nosotros', 25 xaneiro 2004, p. 18.

Entre outros asuntos relativos ao cómic e á caricatura, Barcón refírese tamén ao debuxante e humorista Siro López, quen obtivo o Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais na edición 2003.

Barge, Amalia, 'Dentro do labirinto', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 29 agosto 2004, p. 11.

Conta a situación do protagonista deste conto que vive illado nun labirinto e que, camiñando entre unha multitude, decátase de que ten que atopar unha saída.

Barros, Mar, 'Tres pelis galegas', *A Nosa Terra*, nº 1.127, 'Fin de semana', 6 maio 2004, p. 31.

Infórmase da celebración do Festival de Cine en Málaga, no que se presentaron tres películas rodadas na Galiza o pasado ano: *O ano da Carracha*, primeira longametraxe de Xurxo Coira, producida por Filmanova e Lugo Press, que trataba os problemas dos mozos actuais; *Romasanta*, de Paco Plaza, unha longametraxe de Filmax que leva á pantalla unha novela de Alfredo Conde, *A caza da besta*, situada en 1850; e *Pinocchio P3K*, unha longametraxe que recrea a historia de Pinocchio no 3003. Adiántanse tamén novos proxectos do audiovisual galego: Ismael González levará ao cine a historia de Xosé Neira Vilas, *Un neno labrego*, e Lúa Films comeza a produción da primeira longametraxe de animación con plastilina *Pica Pica Circus*.

Barros, Mar, 'O verán en cursos', *A Nosa Terra*, nº 1.133, 17 xuño 2004, p. 32.

Anúncianse diferentes cursos de verán organizados en distintos puntos da Galiza sobre temas diversos. Entre eles, o 12 de xullo, en Lugo, as xornadas coordinadas por Claudio Rodríguez Fer "Amor e Literatura". Sinálase que neles participarán Carmen Blanco, que falará sobre a relación entre o amor e o feminismo; María Lopo, que tratan a materia de Bretaña, e Xosé Luís Axeitos, que reflexionará sobre o amor no exilio. En Vigo, entre o 12 e o 14 de xullo, impártense as aulas que compoñen "O teatro negro como experiencia educativa" e na Coruña, distintos premios nacionais de literatura e membros da Real Academia reuniranse na Fundación Luís Seoane para celebrar as xornadas tituladas "O oficio de escribir".

Basterrechea, Susana, 'A RAG dedica as Letras Galegas do 2005 ao intelectual e poeta Lorenzo Varela', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 xuño 2004, p. 58.

Comunícase a elección para a homenaxe no Día das Letras Galegas en 2005 do intelectual e poeta Lorenzo Varela, formado nos círculos progresistas de Lugo na Segunda República e que, como outros, sufriu o exilio durante a Guerra Civil. A decisión non foi unánime, xa que se propuxo como candidato por Xosé Luís Méndez Ferrín, Alonso Montero e Neira Vilas polo significativo da súa obra e "polo seu compromiso co idioma e a loita polas liberdades democráticas" mentres, para outros, a súa obra non era suficiente.

Batán, Teresa, 'Os libros están gratis nas bibliotecas para todos', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 28 novembro 2004, p. L2.

Conversa con Ruth Fernández, despois de que quedase como gañadora na novena edición do premio Manuel Reimóndez Portela e de que decidise doar parte do seu premio ás bibliotecas de Antas de Ulla e de Monterroso, co ánimo -segundo as súas propias palabras- de animar aos nenos á lectura, pois o premio estaba relacionado con ese feito, xa que ela obtivo o galardón por un relato sobre como fomentar a lectura.

Becerra, Marta, 'Se buscan actores', *El Progreso*, 'El despertador', 13 abril 2004, p. 6.

Anúnciase a proba que o ximnasio Aspnais organiza para seleccionar quince alumnos que integrarán o taller de teatro da Fundación Ánade en Lugo en convenio coa Consellaría de Servizos Sociais. Anótase que a proba está dirixida por José Colmenero Encarnación, presidente da Fundación a nivel nacional, e ten o obxectivo de formar un grupo de teatro estábel e profesional.

Becerra, Marta, 'Formación estival', *El Progreso*, 'el despertador', 3 agosto 2004, p. 7.

Sinala, entre outras cuestións alleas á literatura galega, que onte empezou un curso de teatro no Pub Teatro, de Lugo, que será impartido por Aarón Navia e Lola Fernández.

Becerra, Marta, 'Cultura festiva', *El Progreso*, 'El despertador', 8 outubro 2004, p. 4.

Entre outras cuestións alleas á literatura, fai referencia á conferencia sobre literatura galega que os escritores Manuel Rivas e Xurxo Souto impartiron onte no colexio Galén de Lugo.

Becerra, Marta, 'Memoria de pupitre', *El Progreso*, 'El despertador', 4 novembro 2004, p. 8.

Ademais doutros asuntos non vinculados á literatura galega, fálase da inauguración do ciclo "Historias de Lugo, Século XX, segunda parte", presentado polo escritor Claudio Rodríguez Fer e organizado polo club cultura Valle-Inclán.

Bernárdez, Miguel, 'El Quijote cabalga en Navidad', *La Región*, 'Libros', 28 decembro 2004, p. 59.

Resumo sobre os libros máis vendidos do ano. Entre eles, atópase a novela de Diego Ameixeiras, *Baixo mínimos*; *Orixe* de Sechu Sende e a obra de Julio Prada titulada *Ourense, 1936-1939. Alzamento, guerra e represión*.

Berrocal, Flavia, 'Buxainas', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 15 agosto 2004, p. 11.

Relato que reflexiona sobre o maltrato que reciben certas mulleres que son como buxainas, xirando constantemente e sen dirección, dependentes duns fíos que as moven. Conclúe poñendo o exemplo dunha muller cuxa única maneira de deixar de xirar, de romper eses fíos, é morrendo, porque a xustiza non actúa como debería.

Bilbao, C. , 'As universidades galegas ofrecen un verán de libros', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 27 xuño 2004, p. 1.

Detállanse os distintos cursos ofertados polas universidades galegas para o verán relacionados coa Literatura, entre os que están os seguintes: na Universidade de Vigo, "Cine e Literatura. Casares e cine", onde Manuel Rivas, Antón Reixa, Jose Luis Cuerda ou Pancho Casal deron leccións maxistrais; no Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela celebrouse un curso sobre as conexións entre amor e literatura dende múltiples perspectivas; e na Universidade da Coruña, en colaboración coa Fundación Luís Seoane, o seminario "O oficio de escribir".

Bilbao, C. , 'Rusia e Galicia tenden pontes pola voz das súas mulleres', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 4 xullo 2004, p. 1.

Infórmase de que o Centro de Estudos Galegos de San Petersburgo está a preparar unha antoloxía sobre a poesía feminina galega. Trátase dunha iniciativa que continúa o labor de exploración na literatura galega da profesora rusa Elena Zernova, directora do Centro e que, segundo se nos di, está estes días en Santiago preparando materiais. Como colofón, avísase que está tamén previsto que se celebre no vindeiro outono en San Petersburgo unha conferencia na que se comparará o peso na literatura das mulleres de cada país.

Bilbao, C. , 'Galicia busca o seu Teatro Nacional', *Galicia Hoxe*, 'Reportaxe', 19 setembro 2004, pp. 2-3.

Reportaxe na que se lembra a celebración do vixésimo aniversario do Centro Dramático Galego e se anuncia que a partir do día 24 de setembro se abre unha exposición que recolle a evolución da única compañía institucional para a creación de grupos teatrais e dun centro de formación de actores. Tamén se recollen as opinións de Eduardo Alonso, primeiro director do CDG, que explica como era a situación social cando naceu o Centro e como evolucionou, ademais de afirmar que a escena galega debe renovarse. Finalmente, Alonso considera que a solución para a mellora do teatro galego é a creación da Escola Dramática Galega a cal chegará nun futuro.

Bilbao, C. e C. Domínguez, 'Os Chao: lembranza arredor da estirpe', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 7 marzo 2004, p. 02.

Aprovéitase a publicación do libro *O demo meridiano*, de Xosé Chao Rego, no que relata a súa traxectoria vital e literaria, para achegarse ás traxectorias persoais e personalidades profesionais e literarias da familia dos Chao. Dise que é "unha estirpe comprometida que nestes tempos se preocupa pola expansión da globalización", aínda que se recoñece que cada un dende liñas diferentes. Xosé, teólogo e ensaísta, comezou a escribir en castelán e "confesa chegar tarde á galeguidade". Ramón Chao Rego, músico, redactor xefe de Radio Francia Internacional, crítico literario de *Le Monde* e colaborador de *Le Monde Diplomatique*, tamén ten publicado algún libro, como *O lago de Como* (1982, agora reeditado por Xerais), tamén con carácter autobiográfico, ou *A paixón de Carolina Otero*. É recoñecido polo seu activismo na esquerda comprometida. Ambos irmáns recoñécense marcados pola figura paterna, se ben que sobre ela fan valoracións distintas. O último da saga, Manu Chao, fillo de Ramón, focalizar os seus proxectos dende o panorama musical.

Blanco Amor, Eduardo, 'Compromiso sen vedettismo', *A Nosa Terra*, nº 1151, 'Cultura', 18 novembro 2004, p. 24.

Recóllese unha parte do artigo escrito por Blanco Amor no que alenta os intelectuais á acción, ao compromiso. Este artigo foi publicado no xornal *Galicia* en Bos Aires o 12 de outubro de 1945.

Blanco Amor, Eduardo, 'Yo nunca fui otra cosa que ourensano', *La Región*, 'Especial 25º Aniversario', 1 decembro 2004, pp. 33-48.

Suplemento especial que publica o xornal *La Región* para conmemorar o vintecinco aniversario do pasamento de Eduardo Blanco Amor. Sinálase que está composto por oito páxinas que recollen textos e comentarios do propio autor seleccionados por Maribel Outeiriño en colaboración coa Editorial Galaxia e a biblioteca da Deputación de Ourense e que se agrupan baixo os seguintes títulos: "Rapsodia orensana", "Mi pueblo y Eça de Queiroz" e "Galicia, de Vigo a Orense". Ademais, recóllense opinións xornalísticas que Blanco Amor publicou en diferentes diarios: "Post Data" en *La Región* e "Correspondiendo" e "Testimonio" en *Hoja del Lunes* de Ourense.

Blanco Mariño, Manuel, 'Relembranzas de tempos pasados', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'Borobó, mestre arousán dos xornalistas galegos', 29 agosto 2004, p. 21.

Lembra a figura de Borobó nos tempos en que o vía pasear coa filla do seu mestre e describe os lugares polos que camiñaba. Realza a figura do escritor e catalógao como un dos primeiros que empregou a lingua galega tras a guerra civil.

Blanco Rodríguez, Alberto, 'No río', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 14 agosto 2004, p. 7.

Un neno de seis anos conta o naufraxio que sufriu na desembocadura do río cando ía co seu tío nunha pequena barca, que afundiu por un golpe. Conta como intentou salvarse, pero, cando se decatou tiña aos familiares chorandoao seu redor por que estaba nun cadaleito.

Blanco, Alberto, 'García-Bodaño, profeta en su tierra', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 18 xullo 2004, p. 4.

Infórmase da décima edición do acto organizado pola AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) no Centro Cívico de Teis co obxectivo de homenaxear cada ano a un escritor galego vivo e baixo o título "O escritor na súa terra". Apúntase que este ano a persoa elixida foi o poeta veciño do barrio de Teis, García-Bodaño, que estivo acompañado na homenaxe por distintas personalidades do mundo literario. Sinálase que na homenaxe se descubriu un monólito e unha placa na que se lle dá o nome de Salvador García-Bodaño ao centro cívico, e que este plantou unha árbore e agradeceu tal homenaxe. Remátase dicindo que, ao final do evento, se lle entregou a "Letra E", o máximo galardón da AELG.

Blanco, Carmen, 'Amar na mar', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 1 agosto 2004, p. 8.

Relato no que se realza a beleza do mar Cantábrico cando sobe e baixa na praia das Catedrais, lugar propicio para o amor e a tranquilidade.

Blas Lourés, Carmen, 'A la memoria de Manuel María', *El Progreso*, 'Necrología', 13 setembro 2004, p. 63.

Lembranza do escritor Manuel María na que salienta o carácter dos seus versos cheos de ironía, sensíbeis e humanose se afirma que o seu recordo sempre permanecerá.

Borrazás, Xurxo, 'Cinco días', *El Progreso*, 'Relatos da Xeración Xnows', 25 xullo 2004, p. 72.

Conto que trata dun escritor ao que chama un xornalista e lle pide se pode facer un conto en cinco días. O escritor acepta pero no momento de colgar o teléfono, éntralle o pánico só de pensar que ten que escribir algo en tan pouco tempo. Encérrase no váter e ao final xórdelle a idea.

Botrán, C. , 'Rosalía, un sueño, una idea, un país', *El Correo Gallego*, 'Area de Compostela', 22 abril 2004, p. 37.

Anúnciase a exposición "Rosalía ilustrada" que xurdiu hai tres anos na Casa de Rosalía de Castro e que foi realizado por vinte e cinco artistas galegos como Xaquín Marín, Pepe Carneiro ou Ánxeles Ferrer, quen, con liberdade para interpretar a esta muller e a súa obra, achegan a súa obra desde outra perspectiva. Sinálase que a exposición ten como complemento un libro.

Bouza Brey, Gonzalo, 'Borobó, un exemplo arousán', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'Borobó, mestre arousán dos xornalistas galegos', 29 agosto 2004, p. 26.

Comenta a presentación da obra póstuma de Borobó, *Libro dos exemplos*, a partir do cal comeza a resaltar a figura do escritor. Dá conta dos vintedous escritores que Borobó recolle no seu libro, todos nados ou vinculados á Ría de Arousa, e apunta que o escritor sempre facía referencias á comarca arousán e participaba en todos os actos que se celebraban nela. Finaliza reproducindo un poema.

Bravo, María Xosé, 'Un poeta na escola', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Cultura', 16 setembro 2004, p. 29.

Esta mestra do CPI de Carral lembra a visita que o finado Manuel María fixo ao instituto e ademais salienta o feito de que as súas obras de poesía e teatro foron empregadas como material para ensinar aos rapaces. Algunhas das obras que cita son: *Os soños na gaiola*, *As rúas do vento ceibe* ou *Abril de lume e ferro*. Finalmente, apunta que o obxectivo, que pretendía Manuel María de lograr que as súas palabras convenceran os galegos a amar o seu, foi plenamente acadado.

Braxe, Lino, 'Monólogos ínfimos', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 'Enfiando', 8 agosto 2004, p. 23.

Presenta tres monólogos dedicados aos seus alumnos na Escola de Teatro de Narón.

Braxe, Lino, 'Ningún castigo para o inglés', *La Región/Atlántico Diario* , 'Relatos de verán', 23 agosto 2004, p. 6.

Conta a historia dun aviador británico que tivo un accidente co avión e caeu nunha aldea galega. Alí refuxiouse cunha familia na que coñeceu a unha moza chamada Carme, que era a namorada de Antón, veciño da aldea. Ao pasar os anos, e cando o inglés xa marchara, Carme e Antón casaron e tiveron fillos. Ao final do conto, Antón descobre que o primeiro fillo non era del, senón do inglés.

Braxe, Lino, 'O rostro do Drakkar', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 'Enfiando', 12 setembro 2004, p. 23.

Presenta cinco textos coa mesma estrutura, agás o primeiro que ten forma narrativa, onde expón un concepto e, de seguido, defíneo baixo a súa percepción.

Braxe, Lino, 'Diálogos enmascarados', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, nº 293, 'Enfiando', 10 outubro 2004, p. 23.

Presenta tres breves diálogos titulados "Así que pase unha lúa", "Nenos" e "Encontro en Matala".

Brenlla González, Alberte, 'Alboradas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 agosto 2004, p. 64.

Describe no poema titulado "Alboradas" ese fenómeno meteorolóxico para finalizalo como un canto á liberdade do pobo galego.

Brianes, Ángela, 'Reivindican la importancia de la figura de Raimundo García, 'Borobó', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 11 xullo 2004, p. 40.

Dáse noticia da homenaxe rendida na Casa da Cultura de Boiro a Raimundo García Domínguez, "Borobó", unha insigne figura do xornalismo galego de todos os tempos, home prolífico que escribiu máis de dez mil artigos, axitador de intención crítica e de actualidade dentro e fóra de Galiza. Sinala que ao acto asistiron, ademais da viúva do columnista, personalidades como o presidente da Real Academia Galega ou o presidente da Fundación Valle-Inclán.

Brianes, Ángela, 'Díaz Pardo abre hoy unas jornadas sobre la Guerra Civil y la República', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 11 agosto 2004, p. 39.

Dá conta do inicio das terceiras Xornadas de Historia e Cultura organizadas polo Concello de Porto do Son e coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Sinala o seu tema central e que será o estudo da II República e a Guerra Civil arredor da comarca do Barbanza e que a inauguración realizaraa Isaac Díaz Pardo, así como que a primeira conferencia correrá a cargo de Alonso Montero. Así mesmo, dise que se fará unha homenaxe ás vítimas da guerra e inaugurarase a exposición "A Guerra Civil na narrativa".

Brocos, Gonzalo / **López**, Belén, 'Antón Losada, pilar do futuro posible', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 15 outubro 2004, p. 85.

Dáse conta do inicio dos actos polo setenta e cinco aniversario do pasamento de Antón Losada Diéguez que se iniciaron na Estrada cunha mesa redonda na que participaron entre outros Alfonso Varela, presidente do colectivo "Fillos da Estrada", David Otero, Amalia Bóveda ou Xoán Carlos Garrido. Tamén se apunta que o segundo acto da homenaxe se traslada a Pontevedra e finalizarase na casa onde naceu Losada Diéguez: o pazo de Moldes, no concello de Boborás. Aclárase que neste último día se fará un acto poético coa participación de Avelino Pousa Antelo e o poeta Xoán Xosé Fernández Abella e ademais de descubrirse unha placa conmemorativa.

Brown, Martha D., 'Blanco Amor volvió a Argentina', *La Voz de Galicia*, 20 decembro 2004, p. 72.

Dáse conta da homenaxe que o Centro Galego de Bos Aires lle rendeu ao escritor Blanco Amor polo vixésimo quinto aniversario do seu pasamento. Coméntase que o acto estiveron presentes o Conselleiro de Emigración, Aurelio Miras Portugal, e o director da editorial Galaxia, Víctor Freixanes, entre outros. Así mesmo, faise un breve resumo da vida de Blanco Amor na emigración e lémbrase como aparece reflectida esa vivencia en toda a súa obra.

Buela, Pilar, 'As tripas da lura', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 18 agosto 2004, p. 6.

Conta a historia dunha rapaza que todos os anoiteceres ía pasear pola beira da praia cando esta xa quedaba deserta de xente que tomaba o sol. Alí aparecían os pescadores e ela pasaba por debaixo dos sedais, pero, un día, un pescador sacou do mar unha estraña pesca que miraron con desconfianza.

Bugallal, I., 'El misterioso manuscrito de Lorca', *La Opinión*, 'Cultura', 12 maio 2004, p. 55.

Infórmase da aparición dun manuscrito até o de agora descoñecido dos *Seis poemas galegos* de Lorca, que provocou a sorpresa de críticos e estudosos da obra do autor e da propia Fundación Federico García Lorca, que recoñeceu o valor de tal achado de ser auténtico. Sinálase que o manuscrito contén debuxos inéditos que acompañan cada poema e está en mans dun libreiro arxentino especialista na cultura hispánica. Así mesmo anúnciase que será posto á venda o 13 de maio no Salón do Libro Antigo de París.

Bugallal, I., 'El manuscrito del poemario gallego de Lorca carece de autentificación oficial', *La Opinión*, 'Cultura', 13 maio 2004, p. 62.

Infórmase da posta á venda no Salón do Libro Antigo de París dun manuscrito de *Seis poemas galegos* acompañado de deseños de Lorca que un libreiro arxentino, Víctor Alzenman, ten no seu poder. Coméntase que na obra, que ascende a cento vintecinco mil euros, están interesados un comprador arxentino e a Fundación Federico García Lorca, sempre que se comprobe a súa autenticidade, segundo informou o responsábel desta, Manuel Fernández Montesinos.

Bugallal, I., 'La Fundación Lorca considera falso el manuscrito del poemario gallego', *La Opinión*, 'Cultura', 14 maio 2004, pp. 58-59.

Explícanse os motivos que levaron ao presidente da Fundación Federico García Lorca, Manuel Fernández Montesinos, sobriño do poeta, a determinar a falsidade do manuscrito de *Seis poemas galegos*, que un libreiro arxentino ía poñer en venda na decimosexta edición do Salón do Libro Antigo de París. Así, apúntase que os debuxos, as grafías, a dedicatoria ou o aliñamento amosan a súa falsidade e que Montesinos recoñeceu como o único verdadeiro o conservado no Museo Provincial de Ourense, que provén do legado do escritor Eduardo Blanco Amor.

Bugallal, I., 'Lo más difícil es hacer entrar a un alumno en la mentalidad del clown', *La Opinión*, 'Cultura', 7 xullo 2004, p. 54.

Dáse noticia da chegada de Carlo Colombaioni á Coruña para impartir un taller de *clown* organizado pola Asociación de Manicomios e actuar no Teatro Rosalía. Aprovéitase para achegármonos á vida dese italiano, o único *clown* vivo da súa xeración, cuxa tradición familiar, segundo as crónicas, remóntase até o século XVII, a través de seis xeracións de circo. Carlo Colombaioni bebe nas fontes da Comedia dell Arte e colaborou con asiduidade co cómico italiano Totó, Fellini, Dario Fo ou Grotowski.

Bunder, Olaf, 'Isterman', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 agosto 2004, p. 48.

Recóllese un poema de Olaf Bunder titulado 'Isterman' no que reflexiona sobre a creación poética.

Busto, Ramón, 'Amar a mar' se convierte en un homenaje a la solidaridad', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 23 xullo 2004, p. 41.

Infórmase do inicio da "Mostra do mar" de Laxe, na que se levarán a cabo diferentes actividades e, en canto ao aspecto literario, salienta que o pregón foi pronunciado por Xurxo Souto e o recital poético estivo a cargo de Manuel Rivas. Tamén se dá conta da presentación dun novo libro de Juan Campos Calvo-Sotelo.

Busto, Ramón, 'Carballo será la capital del libro durante cuatro días', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 20 agosto 2004, p. 36.

Dáse conta do inicio da décima Feira do Libro en Carballo que terá unha duración de catro días e cuxo pregón realizouno a escritora Concha Blanco. Infórmase tamén das distintas actividades que haberá: presentacións de libros, recitais, contacontos ou concertos.

Busto, Ramón, 'La literatura se une en torno a Pondal', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 8 setembro 2004, p. 37.

Informa da próxima celebración do décimo Simposio Pondaliano, organizado pola A C Monte Branco no Couto (Ponteceso) para recompilar todos os relatorios que se teñen feito sobre Pondal. Comenta que se realizarán todos os martes dende o cinco de outubro até o dous de novembro e que participarán autores como Miguel Ángel Mato, Felipe Senén e Manuel Ferreiro. Sinala que ademais haberá un recital poético a cargo de Manuel Rivas e César Morán, a realización da ruta pondaliana a Fisterra e a proxección dun documental sobre os dez anos de vida do simposio.

C. A., 'Cita do Galeusca en Ourense', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 2004, p. 68.

Lémbrase que no día anterior a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) se reuniu para facer balance do 2003, renovar os estatutos do colectivo e presentar os proxectos para 2004, entre os cales se citan a creación dunha páxina web, a organización dunha homenaxe a Salvador García Bodaño en Vigo e a celebración do XXIº Congreso Galeusca. Infórmase que este encontro terá o título de "A Cidade e a Palabra" e se celebrará en Ourense.

C.B., 'Rosalía y Cabanillas, juntos en unha muestra sobre vino', *El Correo Gallego*, 'Area de Compostela', 21 xaneiro 2004, p. 41.

Infórmase de que a Fundación Rosalía de Castro vai celebrar a reunión plenaria anual na que fará memoria das actividades levadas a cabo no pasado ano e de que a continuación se inaugurará na Casa Museo unha exposición. Explícase que se trata dunha serie de paneis nos que se dará a coñecer a relación de Rosalía de Castro e Ramón Cabanillas coa cultura do viño; sinalase, así mesmo, que esta exposición xa estivo en Cambados.

C.B., 'Exposición de nueve libros antiguos desde el Siglo de Oro hasta el XIX', *El Correo Gallego*, 'Santa Comba. Cultura', 2 marzo 2004, p. 44.

Anúnciase que a librería Ler de Santa Comba albergará unha exposición de libros antigos entre os que destaca *Suspiros da Terra*, de Pepe Xan Baña; este é, posibelmente, o único exemplar orixinal da obra que se conserva.

C.B., 'Multitudinario encuentro en Herbón', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 21 marzo 2004, p. 31.

Sinálase que ex-alumnos das promocións comprendidas entre 1930 a 1960 do desparecido colexio dos franciscanos de Herbón se van xuntar proximamente na localidade; lémbrase, así mesmo, que estas promocións foron un "semilleiro" de cultura de onde saíron coñecidos músicos, filósofos, historiadores ou escritores, como Faustino Rey Romero.

C.B., 'Rosalía, eterna y reinterpretada', *El Correo Gallego*, 'Area de Compostela', 25 abril 2004, p. 44.

Dáse conta da inauguración da exposición *Rosalía Ilustrada* en Padrón. Esta mostra, segundo se explica, permanecerá na Casa Museo Rosalía de Castro durante un mes, e despois preténdese que teña un carácter itinerante. No proxecto, infórmase, participaron vinte e cinco ilustradores galegos de recoñecido prestixio, ilustrando outros tantos poemas de Rosalía de Castro.

C.B., 'Las fundaciones Cela y Rosalía organizan conjuntamente 'Padrón, berce de escritores', *El Correo Gallego*, 'Area de Compostela', 14 maio 2004, p. 41.

Infórmases da existencia dun proxecto que, baixo o título "Padrón, cuna de escritores", dará a coñecer a obra de seis grandes escritores (Juan Rodríguez del Padrón, Macías o Namorado, Rosalía de Castro, Manuel Barros, Nicasio Pajares e Camilo José Cela) nados na vila de Padrón e a súa proxección social. Indícase que a iniciativa parte das Fundacións Rosalía de Castro e Camilo José Cela e que como anticipo á súa presentación oficial celebrouse unha xornada na que participaron diversos escritores e estudosos e na que se presentou unha antoloxía homónima sobre a visión de Padrón dos seis escritores.

C.B., 'Sale a la luz el número tres de la revista del instituto Terra do Xallas 'Carpe Diem', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 21 maio 2004, p. 39.

Anuncia a saída á luz do número tres da revista *Carpe Diem*, deseñada, escrita e dirixida polos alumnos do instituto Terra do Xallas de Santa Comba; dá algunhas notas sobre o seu contido: a preocupación dos rapaces pola nova Lei da Calidade e pola avaliación final, os feitos máis destacados do curso, reportaxes sobre medio ambiente, entrevistas, poesía e contos literarios.

C.B., 'Viaxe ó inverso', *El Correo Gallego*, 'Padrón Cultura', 1 xuño 2004, p. 44.

Dáse conta da publicación da obra *Viaxe ó inverso, adverso, oposto e reverso*, primeiro poemario do padronés Vili Mosquera. Coméntase que se trata de corenta e catro poemas que se agrupan en catro bloques e que na opinión de Cándido Duro o seu eixe fundamental

é o amor. Tamén se comenta brevemente en que consistiu a presentación e quen foron os que acompañaron o autor na mesma.

C.B., 'Unha exposición de libros antiguos 'inaugura' la semana cultural xalleira', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 22 xuño 2004, p. 38.

Faise eco da aperturada da Semana Cultural Xalleira, unha iniciativa do Departamento de Cultura do Concello de Santa Comba, e na que destaca unha exposición de libros antigos, a presentación do libro de Rafael Lema *Mareas Negras* e as actuacións teatrais.

C.B., 'Las fundaciones Rosalía y Cela rescatan la memoria de los escritores locales', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 3 xullo 2004, p. 41.

Faise eco da aperturada da Semana Cultural Xalleira, unha iniciativa do Departamento de Cultura do Concello de Santa Comba, e na que salienta unha exposición de libros antigos, a presentación do libro de Rafael Lema *Mareas Negras* e as actuacións teatrais.

C.B., 'Deporte, cine, talleres y teatro componen la oferta veraniega', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 7 xullo 2004, p. 39.

Indícase que, entre as diversas actividades programadas polo Concello de Val do Dubra para o período estival, está programada a actuación do grupo Teatro do Atlántico.

C.B., 'Padrón, cuna de escritores' reúne seis siglos de historia literaria', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 10 xullo 2004, p. 38.

Fálase da mostra "Padrón, cuna de escritores", organizada conxuntamente polas Fundacións Rosalía de Castro e Camilo José Cela en Padrón. Nela, segundo se informa, amósanse documentos relativos a insignes escritores nados na terra de Padrón, como Cela, Rosalía, Nicasio Pajares, Manuel Barros, Macías O Namorado e Juan Rodríguez de la Cámara. Na inauguración, dise, estiveron presentes, entre outros, Alfredo Conde, Agustín Sixto Seco, Carmen Krukemberg, Marina Castaño, etc.

C.B., 'Rianxo rinde homenaje al poeta de Taragoña Xosé María Brea Segade', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 1 agosto 2004, p. 41.

Salienta a homenaxe que a Corporación de Rianxo fixo ao escritor Xosé María Brea Segade, natural de Taragoña, como un prolífico poeta que morreu moi novo e que agora se cumpre cen anos do seu nacemento. Apunta que se lle entregou o título de fillo predilecto da vila á súa sobriña Rosa Brea Suárez e que o escultor alemán, Bert Gerresheim, achegou un busto como homenaxe.

C.B., 'El olvidado José Mª Brea Segade', *El Correo Gallego*, '(Sobre)vivir', 22 agosto 2004, p. 2.

Réndelle homenaxe ao escritor José María Brea Segade polo centenario do seu nacementos e realiza un resumo da súa vida. Recoñece que é un escritor pouco coñecido e que se conservan moi poucos escritos. Apúntase que un dos primeiros estudosos da figura de Brea Segade foi Faustino Rey Romero na década dos 50 e que xa nos 80, Carmen García fixo unha recuperación da súa obra. Por último, refírese ao estudo actual presentado por Xosé Ramón Brea Rei e titulado *Un reiseñor canta lonxe*.

C.B., 'Krukemberg le en Rosalía un amor distinto ao de Murguía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 novembro 2004, p. 60.

Dáse conta da celebración do acto organizado pola asociación Amigos do Museo Romántico de Madrid a Rosalía de Castro na Casa Museo da autora en Padrón. Anótase que a homenaxe se iniciou pola mañá cunha conferencia de Carmen Krukemberg quen insinuou que a poeta puido ter un amor distinto ao de Murguía. Tamén se apunta que Ana Blanco e Maite Piñeiro recitaron varios poemas e que, finalmente, todos os visitantes destacaron a importancia e sinxeleza de Rosalía de Castro.

C.D.C., 'Nos 60 anos da publicación da 'Homenaxe á Torre de Hércules", *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 19 decembro 2004, p. 1.

Infórmase da celebración dunha exposición titulada "*Homenaxe á Torre de Hércules*. 60 anos da súa publicación". Coméntase que esta exposición se leva a cabo para conmemorar os sesenta anos da publicación da obra de Luís Seoane co mesmo título e que está composta por corenta e nove debuxos e un limiar de Rafael Dieste. Na parte final, achégase a traxectoria vital e artística de Luís Seoane.

C.d.U., 'O nome do actor Vidal Bolaño para o teatro da Universidade de Vigo', *El Correo Gallego*, 'Recoñecemento', 16 marzo 2004.

Infórmase que o teatro da Cidade Universitaria de Vigo vai levar o nome do malogrado Roberto Vidal Bolaño. Aprovéitase este feito para repasar a vida e a obra do actor compostelán (1950-2002), de quen se destaca o seu compromiso co país e a lingua e a súa grande valía como escritor de pezas dramáticas para a súa propia compañía. Tamén se fai mención dos seus inicios, ligados ao grupo Abrente, e do recoñecimento que supuxeron os moitos premios que acadou na década dos noventa.

C.d.U., 'Novo rexurdir dos circuítos do teatro na cidade olívica', *El Correo Gallego*, 'Universidade', 2 novembro 2004, p. 2.

O director do Centro Dramático Galego, Manuel Guede, nunha charla con motivo do vixésimo aniversario do CDG, comenta que se celebrarán novamente en Vigo os ciclos teatrais, que xa existían nos anos 70 pero que se perderon. Sinálase que esta iniciativa será posíbel grazas á creación da Escola de Arte Dramática na cidade olívica e salienta, entre outras cousas, os conflitos que se atopan no teatro con respecto ás traducións de obras. Por último, considera Guede que o teatro debe ser independente da política.

C.F., 'Pintores e escritores percorrerán o Camiño a favor da solidariedade', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 12 marzo 2004, p. 55.

Anúnciase que Acción Contra a Fame convidou a 20 artistas galegos a participar na iniciativa "Camiño solidario", entre os cais están os escritores Rosa Aneiros, Eva Veiga, Francisco Xosé Fernández Naval, Gustavo Pernas, Marica Campo, Ánxela Abalo e Fran Alonso. Sinálase que unha vez finalizado o itinerario, prepararáse un volume con textos e unha exposición con ilustracións. Dísenos que se lle dedicará un acto á inesperadamente falecida Luísa Villalta, que tamén estaba convidada a participar.

C.F., 'Os diálogos entre autores galegos e portugueses terán continuidade', *La Voz de Galicia*, 'A fondo', 17 maio 2004, p. 4.

Faise eco do faladoiro celebrado en Santiago de Compostela entre autores galegos e portugueses, respondendo á convocatoria de Biblos. Resúmense as principais cuestións debatidas na mesa redonda na que participou o escritor portugués Mário Cláudio, e sublíñase que os participantes agardan un segundo encontro e a posta en práctica de varias iniciativas.

C.F., 'Cultura convoca a trinta persoas para crear a mesa sectorial do libro galego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 4 xuño 2004, p. 46.

Infórmase da posta en marcha da mesa sectorial do libro, un órgano co que se pretende dar inicio a unha serie de accións que leven á redacción da lei do libro galego. Dise que o anuncio da súa creación foi realizado pola directora xeral de Promoción Cultural, María del Carmen García Campelo, no marco dos primeiros Diálogos Literarios de Mariñán, onde segundo se indica participaron escritores como Lola Beccaría ou Marilar Aleixandre, entre outros.

C.F., 'Libros para todos los gustos', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 7 xullo 2004, p. 68.

Dáse noticia da celebración da XXXª Feira do Libro de Vigo. Infórmase de que nas trinta e nove casetas que a conforman se expoñen libros en diversos idiomas, de que existe un espazo dirixido aos máis pequenos (a Biblioteca Aberta) e tamén das actividades que van ter lugar nese día: actuará o contacontos Cándido Pazó, o escritor Suso de Toro asinará

exemplares dos seus libros *Trece badaladas* e *Españois e todos* e presentarase o libro *Soberano*, de Adolfo Caamaño.

C.F., 'La Universidad coruñesa accede al primer máster europeo de teatro', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 setembro 2004, p. 56.

Dáse conta da próxima celebración do primeiro máster europeo de teatro no que participarán a Universidade da Coruña, a de Aviñón e Nantes de Francia, a de Turín e Urbino-Bolonia de Italia, e a de Alcalá de Henares de Madrid. Sinálase que o máster se baseará nos aspectos pedagóxicos e sociolóxicos do teatro e que, en canto á práctica, os alumnos participarán no Festival de Aviñón. Tamén se indica que os profesores rotarán entre as universidades e que haberá bolsas Erasmus Mundus.

C.F., 'Galeusca repasa a evolución da imaxe das cidades nas literaturas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 31 outubro 2004, p. 52.

Dáse conta da celebración dunha das mesas redondas do Galeusca 2004 que se realizou en Allariz e Ourense. Apunta que esta mesa contaba coa participación de Urtzi Urrutikoetxea, Isidre Grau e Fran Alonso, moderados por Carlos Bernárdez, os cales trataron o tema das relacións entre espazos rurais e urbanos e cómo estes son presentados na literatura.

C.F., 'O simposio do libro e a lectura debatirá os retos do sector editorial', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 decembro 2004, p. 46.

Informa da celebración do primeiro simposio sobre o libro e a lectura que foi organizado pola Asociación Galega de Editores, co obxectivo de falar sobre o mundo editorial en Galicia. Comenta que o evento durou dous días, nos que entre outras actividades se presentou o primeiro estudo sistemático da situación editorial galega da man de María Dolores Cabrera e Víctor Freixanes. Tamén apunta que a Asociación Galega de Escritores deu a coñecer o anuario do 2005 que será a tarxeta de visita do sector no ámbito internacional.

C.F., 'Catro xeitos de viaxe protagonizan a oferta de Galaxia para o Nadal', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 decembro 2004, p. 50.

Salienta as novidades editoriais que presenta Galaxia para o Nadal. Comenta que se trata de catro libros que gardan en común o tema da viaxe e que teñen por título: *Diario de comidas*, de Xavier Rodríguez Baixeras; *As frechas de ouro*, de John Rutherford; *Unha viaxe no Ford T*, de Xerardo Agra Foxo e *Capitol, última sesión*, de Miguel Anxo Fernández.

C.G., 'Unas 250 personalidades de la sociedad gallega leen a Castelao durante 12 horas', *El Progreso*, 'Verano', 3 xullo 2004, p. 74.

Dáse conta da lectura ininterrumpida da obra de Alfonso Rodríguez Castelao, *Sempre en Galiza,* por parte de duascentas cincuenta personalidades da sociedade galega co gallo do sesenta aniversario da publicación do devandito libro. O acto, dise, foi organizado na Casa Galega da Cultura de Vigo.

C.G.M., 'Una esperanza para el Verbum', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 27 xaneiro 2004, p. 11.

Reflíctense as opinións do mundo da cultura con resepecto ao Museo Verbum (Casa das Palabras) de Vigo, dedicado ao mundo da comunicación verbal que, segundo se indica, perdeu interese entre os escritores e profesores que aplaudiron no seu día a iniciativa e tamén entre o público en xeral. O xornalista consulta a varios expertos, en concreto a Xosé Luís Méndez Ferrín, Antonio García Teixeiro, Damián Villalaín, Manuel Bragado, María Xosé Queizán e Agustín Fernández Paz.

C.G.M., 'Currás confirma que Vigo será sede de la Escola Superior de Arte Dramático', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 27 marzo 2004, p. 5.

Faise eco da sorpresa causada en Vigo tras o anuncio por parte do Conselleiro de Educación de que a cidade acollerá finalmente a Escola Superior de Arte Dramático, aínda que se subliña que evitou concretar cando se porá en marcha.

C.G.M., 'La Concejalía de la Mujer destina 24.000 euros para la biblioteca de 'Alecrín', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 13 abril 2004, p. 5 .

Breve nota de prensa na que se informa da dotación, por parte do Concello de Vigo, de 24.000 euros para axudar ao mantemento do centro de documentación e da biblioteca do colectivo feminista "Alecrín", especializado en temas da muller.

C.G.M., 'Celso Emilio, 'longa noite' de homenaje', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 24 novembro 2004, p. 14.

Dá conta da homenaxe que a cidade de Vigo ofrece a Celso Emilio Ferreiro polo vinte e cinco aniversario do seu pasamento. Anuncia os actos que se levarán a cabo, entre as que están a colocación dunha placa no domicilio do escritor e o recital titulado "Voces da cidade para Celso Emilio", que se celebrará no teatro do Centro Cultural Caixanova, neste recital participarán diferentes artistas encargados de poñerlles voz a poemas e que haberá tamén unha actuación musical.

C.P., 'O audiovisual e a literatura galega amplían a base de datos común', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 xaneiro 2004, p. 47.

Anúnciase que a Consellería de Cultura, a Asociación Galega de Editores e mais a Asociación Galega de Prouctoras Independentes ampliaron a colaboración que xa tiñan iniciado en 2001 asinando un segundo convenio para a selección de dez novas obras literarias en galego susceptíbeis de seren levadas á gran pantalla. Destes dez títulos, engádese, realizaráse unha copia en papel e en CD-ROM, en castelán e inglés, de xeito que fiquen á disposición dos axentes audiovisuais nacionais e internacionais.

C.P., 'Jonathan Coe recollerá o luns en Santiago o Premio San Clemente', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 xaneiro 2004, p. 50.

Informa dos gañadores do Premio Arzobispo Juan de San Clemente 2003, concedido por alumnos de bacharelato de diferentes centros, e que nesta IX edición recaeu en Rosa Aneiros con *Resistencia*, Almudena Grandes por *Los aires difíciles* e Jonathan Coe con *El club de los canallas*. Saliéntase a independencia e transparencia da decisión do xurado e confírmase a asistencia ao acto de entrega do premido dos tres galardoados.

C.P., 'Os libreiros saen á rúa para celebrar o Día Mundial do Libro', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 23 abril 2004, p. L8.

Faise eco da decisión dalgúns libreiros composteláns, que van celebrar o Día Mundial do Libro montando postos de venda na praza do Toural. Infórmase de que haberá un desconto do 10% no prezo dos libros e coincidindo con esta data a Consellería de Cultura vai enviar lotes de libros a todos os hospitais de Galicia.

C.P., 'Fernández Paz substituirá a Saramago como pregoeiro da Feira do Libro', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 1 maio 2004, p. L8.

Anúnciase a próxima inauguración da Feira do Libro de Santiago, cuxo pregón, por unha indisposición de José Saramago, correrá a cargo do escritor Agustín Fernández Paz. Explícase que Fernández Paz é autor dunha importante obra de literatura infantil e xuvenil, recoñecida e premiada tanto en Galicia como en España.

C.P., 'A última novela de Saramago, á cabeza das vendas nos primeiros días da Feira do Libro', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 4 maio 2004, p. L6.

Dá conta da resposta por parte dos visitantes e os compradores na Feira do Libro de Santiago, que no que respecta á creación en galego é moi favorábel a autores como Sechu Sende (coa súa primeira novela, *Orixe*), e no ámbito do ensaio a Ramón Villares (*Historia de Galicia*) e mais a Suso de Toro (*Españois todos*).

C.P., 'Los editores españoles reclaman el precio fijo y bibliotecas públicas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 29 maio 2004, p. 46.

Infórmase da celebración en Santiago de Compostela do quinto congreso organizado pola Federación de Gremios de Editores de España, de carácter bianual, que, segundo se nos di, vai debater temas que preocupan moito ao sector, como son o da distribución e o do fomento da lectura.

C.P., 'O Pen Clube busca a pegada galega nas literaturas iberoamericanas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 xullo 2004, p. 42.

Infórmase de que o Pen Clube está a realizar un encontro de escritores galegos e iberoamericanos e que nel se está a rendir homenaxe a autores como Manuel Antonio, Francisco Luis Bernárdez, Eduardo Blanco Amor e Álvaro Cunqueiro. Resúmesenos tamén o contido dalgunhas das mesas redondas que tiveron lugar no primeiro día da celebración do encontro.

C.R.C., 'O libro, como a primavera, anuncia o rexurdir da vida', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 16 maio 2004, p. 3.

Faise eco da inauguración da decimosexta edición da Feria do Libro de Ferrol, que tivo como pregoeira á escritora Helena Villar Janeiro. Resúmese o contido do pregón, no que destaca unha apelación ao fomento nos máis pequenos da ansia pola lectura e do costume de agasallar con literatura. En columna á parte, infórmase dos actos previstos para o día.

C.S., 'A Fundación Bóveda rende homenaxe a Losada Diéguez', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 outubro 2004, p. 54.

Con motivo do 75 aniversario do pasamento do escritor Antón Losada Diéguez, dáse conta da homenaxe que a Fundación Alenxandre Bóveda levará a cabo durante tres días. Sinálase que o primeiro ten lugar na Estrada e que acollerá unha mesa redonda sobre a relación do escritor co movemento agrario do municipio, mentres que o segundo día, en Pontevedra, presentará dous relatorios a cargo de Luís Bará, concelleiro de cultura de Pontevedra, e Uxío Breogán Diéguez, xerente da Fundación Alexandre Bóveda. Por último, indícase que en Boborás haberá un acto poético no que intervirán Avelino Pousa Antelo e Xosé Fernández Abella e que ademais se descubrirá unha placa conmemorativa

C.V., 'Xavier López 'O tema de Destrucción xera debate', *A Nosa Terra*, nº 1.113, 'Cultura', 22 2004, p. 30.

Co gallo da recente presentación en Santiago da obra *Destrucción* (2003), de Xavier López, relízase unha aproximación ao libro. Comézase por sinalar que trata o tema da violencia

doméstica e que a protagonista, Felisa, xa aparecera en anteriores publicacións do autor. Tras resumir o argumento xeral da novela, remátase facendo unha consideración sobre a literatura arraiana, posto que Xavier López é natural de San Ciprián de Hermisende (Zamora).

C.V., 'Ferrín e Cáccamo, os mellores poetas', *A Nosa Terra*, nº 1.111, 'Cultura', 9 xaneiro 2004, p. 25.

Tendo en conta a *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000* (2003), organizada por Arturo Casas, o xornal faise eco dos resultados das votacións dos especialistas que participaran para concluír que no primeiro lugar no canon se encontran os poetas Xosé Luís Méndez Ferrín e Xosé María Álvarez Cáccamo. Tamén se indica que os libros máis votados foron *Con pólvora e magnolias* e *Herba de aquí e acolá*. Dito isto, explícase en qué consiste esta *Antoloxía*, que levou máis de tres anos elaborar e que conta con máis de setecentas páxinas. Destácase o limiar do coordinador, os listados e a información biobibliográfica que acompaña os poemas de cada un dos autores escolmados. Para concluir, enxálzase o feito de ser este un proxecto case pioneiro no noso sisema.

C.V., 'Xosé Luís Axeitos completa as cadeiras da Academia', *A Nosa Terra*, nº 1.123, 'Cultura', 1 abril 2004, p. 25.

Anúnciase que o investigador Xosé Luís Axeitos (Asados, Rianxo, 1945) vai ocupar na Real Academia Galega a praza que quedou vacante tras o pasamento de Domingos García Sabell. Explícase que esta candidatura venceu na votación celebrada o 27 de marzo deste ano á de Darío Xohán Cabana. Así mesmo, refírese aos últimos proxectos de Axeitos, entre os que destacan a publicación do libro *O exilio galego, un mapa de cicatrices* ou a preparación dun epistolario de Manuel Murguía.

C.V., 'A reprografía ilegal preocupa ós editores galegos', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 1 decembro 2004, p. 46.

Alude a que a Asociación de Editores Galegos realiza a súa protesta polo alto índice de reprografía ilegal que se produce no país, ademais de aludir ao inicio do I Simposio baixo o título "O libro e a lectura", onde se falará sobre a situación editorial galega. Tamén se indica que neste mesmo acto se presentará o catálogo que a Asociación amosará no 2005 a nivel internacional e que se conta que estea feita a tradución ao inglés para a Feira de Bolonia.

Caamaño, Adolfo, 'Sentidos da vida', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 9 agosto 2004, p. 6.

Neste relato, o narrador describe o costume dun cabaleiro moi distinguido e educado, que fai todos os días o mesmo cando entra no café no que traballa o narrador.

Cabana, Darío Xohán, 'Unha historia con algo de neve', *El Progreso*, 'Contos da Invernía', 30 decembro 2004, p. 64.

Conto no que un home e unha muller preñada piden refuxio nunha casa para pasar a noite de Reis. O narrador, que era o home da casa, acólleos e déixaos durmir no celeiro mais, toda a noite escoita que andan os helicópteros e os tanques preto da casa. Pola mañá, cando se erguen, os refuxiados marcharan.

Cabezón Gómez, Antón, 'Picadura sen filtro', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 22 agosto 2004, p. 11.

Relato que fai referencia aos traballadores dos asteleiros de Astano e Izar en Fene e a súa problemática por mor da falta de traballo.

Cadahía, Sandra, 'El lucense Daniel Salgado recogió en As Pontes el premio de poesía dedicado a Uxío Novoneyra', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 14 maio 2004, p. L14.

Infórmase que Daniel Salgado García (Monterroso, 1981) vén de recoller o premio de Poesía Uxío Novoneyra 2003, convocado polo concello das Pontes de García Rodríguez e no que participaron como xurado Marica Campo, Vázquez Pintor e Rafa Villar. Engádese que *Sucede*, que así se chama o poemario e que foi editado por Espiral, aborda temas cun profundo transfondo social, como a loita do pobo palestino e os atentados do 11 de setembro. Dise que esta xuntanza foi aproveitada para presentar unha nova convocatoria do devandito premio e que foi clausurado por Talía Teatro, coa representación de *Bicos con lingua*.

Calbarro, Juan Luís, 'Obertura', *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 13 decembro 2004, p. 32.

Descrición do eu lírico da metamorfose dun vagalume en cascalleira.

Calvo Varela, Raúl, 'Poetas gallegos del siglo XX', *Diario de Pontevedra*, *'Revista!'*, 'Letras', 15 agosto 2004, p. 10.

Dá conta da celebración dos noventa anos do nacemento de Celso Emilio Ferreiro e mais do vixésimo quinto aniversario do seu pasamento. Por isto, ofrece un resumo da traxectoria vital do poeta e salienta tres obras súas que considera as máis significativas: *Longa noite de pedra*, *Verbas limiares* e *Onde o mundo se chama Celanova*. Na parte final do artigo, Calvo Varela desenvolve o conflito entre poesía lírica e expresión de sentimentos e conclúe cun poema de Celso Emilio Ferreiro.

Calvo, A., 'Un punto e a parte', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 maio 2004, p. 61.

Faise eco do anuncio por parte do Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia que pretende converter o do libro nun sector estratéxico en Galicia. Trátase, segundo se di, de que as empresas editoriais do país poidan optar a axudas do Instituto Galego de Promoción Económica e da Consellería de Industria, así como da creación dunha nova Lei de Bibliotecas.

Calvo, A., 'Pérez Varela prevé relanzar el libro gallego haciéndolo sector estratégico', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 2 maio 2004, p. 29.

Sinálase que o Conselleiro Pérez Varela anunciou na inauguración da Feira do Libro de Compostela que o sector editorial será declarado sector estratéxico en Galicia. Ademais, infórmase, da presentación do libro *Intifada*, editado pola Fundación Araguaney, nun recital en que participaron Lino Braxe, Estívaliz Espinosa, Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes. En columna á parte, ofrécense datos sobre a edición en galego en 2002, que supuxo o 2,3 por cento da produción estatal.

Calvo, Tucho, 'La Voz lanza el próximo mes la Biblioteca gallega de Autores en Castellano', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 agosto 2004, p. 54.

Refírese á publicación por parte de *La Voz de Galicia* da colección "Biblioteca Gallega de Autores en Castellano" na que se editarán obras, sobre todo do xénero narrativo, de autores galegos que escribiron en lingua castelá. Sinala que entre so corenta que van publicar aparecen nomes como Rosalía de Castro, Otero Pedrayo, Valle-Inclán, Cela, Torrente Ballester, Fernández Flórez ou Luísa Castro.

Camaño, Carlos, 'Sisargas', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 25 agosto 2004, p. 7.

Diálogo entre personaxes que están a decidir se saen do barco no que están atrapados en busca de axuda ou esperan a que esta chegue. O conto é unha homenaxe aos mariñeiros que morreron no afundimento do barco "O Bahía".

Cameselle, Roque, 'O sal das bágoas', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 13 agosto 2004, p. 8.

Narra a historia dunha muller que tiña a maior parte da súa pel composta por sal, debido ao moito que choraba polos maltratos, que ela e as súas fillas recibían do marido, acusado por "abusos sexuais continuados". Cando esta muller choraba, as bágoas non deixaban rastros senón que a pel as absorbía.

Caño, X.M. del, 'Antonio Tovar, uno de los grandes poetas gallegos, fallece a los 83 años a causa de una neumonía', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 17 xuño 2004, p. 48.

Dáse conta do pasamento de Antón Tovar, considerado por moitos autores, segundo se subliña, un grande poeta da literatura galega e da literatura castelá. Sinálase que o corpo do escritor vai ser incinerado conforme á súa vontade e que deixou un poema para ser lido no día do enterro, para o que pediu unha cerimonia discreta e familiar.

Caño, X.M. del, 'Antonio Tovar ya descansa junto a Tucha en 'S. Francisco', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 18 xuño 2004, p. 44.

Infórmase do enterro de Antón Tovar Bobillo, sinalando que deixou 6.000 euros á súa asistenta ucraniana, a quen o poeta se sentía moi unido e agradecido, e que na cerimonia se cumpriu a vontade do escritor: descansar xunto á súa muller. Indícase tamén que foron lidos algúns poemas como despedida.

Caño, X.M. del, 'El último poema de Antón Tovar', *La Opinión*, 'Cultura', 18 xuño 2004, p. 70.

Dáse conta do enterro do poeta ourensán Antón Tovar no camposanto de San Francisco. Dísenos que, cumprindo a vontade do poeta, na cerimonia non houbo funeral nen curas, e que se fixo público o legado que o poeta deixa á súa asistenta ucraniana.

Caño, X.M. del, 'En bicicleta pola Terra Cha', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 10 setembro 2004, p. 43.

Lembranza á figura de Manuel María na que se salienta certos momentos da infancia como o seu nacemento en Outeiro de Rei, os cigarros do seu avó, cando fixo o servizo militar no campamento de Parga, as lecturas que facía cos amigos ou cando lle regalaron unha bicicleta coa que recorreu toda a Terra Cha.

Caramés, Lito, 'O cuarto de bonecas', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 21 agosto 2004, p. 7.

Conta a historia dunha nena que a súa familia ten moi mimada e ela créase un mundo artificial no que os seus habitantes son as bonecas. É un universo de seu no que non deixa entrar a ninguén, pero un día, os pais danlle a noticia de que vai ter un irmán e ese mundo desaparecerá.

Caravel, María, 'Más de un artista en la provincia', *La Voz de Galicia*, 'Ventana indiscreta', 9 xaneiro 2004, p. L15.

Achégase información sobre o curso de monicreques e máscaras que puxo en marcha a Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela. Dise que o curso se levará a cabo os xoves e que os encargados de impartilo serán os compoñentes da compañía Os Monicreques de Kukas, Marcelino de Santiago, Isabel Rey e Marga Portomeñe.

Caravel, María, 'Nuevo rechazo a la violencia', *La Voz de Galicia*, 'Ventana indiscreta', 21 xaneiro 2004, p. L15.

Breve noticia sobre o recital poético que ofrecerá o escritor Carlos Vázquez, baixo o lema "Poemas atados", que terá lugar no centro multiúsos da Pobra de San Xiao. Dise que o recital estará acompañado da música de Ángeles Nogueira, profesora do Conservatorio de Vigo.

Caravel, María, 'Día de lectura y de cocidos', *La Voz de Galicia*, 'Ventana indiscreta', 22 xaneiro 2004, p. L19.

Infórmase da presentación do libro *Desde la tarima, medio siglo entre alumnos y profesores y contos de Láncara*, a cargo do seu autor, o catedrático de Lengua y Literatura Castellana José López Villar. Na mesma sección, en columna á parte, achégase o nome dos novos gañadores do Certame de Poesía de Begonte: Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero) e Alfredo Macías, que foron seleccionados polo xurado composto por Xabier Rodríguez Barrio, Ramón Soilán, Jesús Domínguez e Xulio Xiz.

Caravel, María, 'Instructivo regalo de bodas', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 15 maio 2004, p. L15.

Baixo este titular agrúpanse varias novas relacionadas coa literatura galega; así, cóntase que a Deputación de Lugo lles enviará ao Príncipe de Asturias e á súa futura muller unha colección de libros de autores representativos da provincia lucense, que o concello de Palas de Rei, co gallo do Día das Letras Galegas, proxectou películas, invitou a Marica do Campo a impartir unha conferencia e a Javier Pérez Scholfied a dar un concerto.

Caravel, María, 'A paso rápido, pero seguro', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 16 xuño 2004, p. L15.

Nesta sección, baixo a que reúne unha miscelánea de noticias breves, coméntase que na Feira do Libro que se está a desenvolver en Lugo, no día pasado faltou do programa o guionista de cómic Carlos Portela por motivos persoais, pero no seu canto estivo a ilustradora Noemí López. Así mesmo, infórmase que para o día que corre haberá unha sesión de contacontos a cargo de Ana Carreira e Esme e co investigador Arturo Casas que presentará a *Antoloxía consultada da poesía galega*, publicada por Tris Tram.

Caravel, María, 'Premios y fiestas escolares', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 23 xuño 2004, p. L15.

Nesta miscelánea de noticias, relaciónanse os premiados, correspondentes á provincia de Lugo, na fase provincial Letras Galegas 2004, que convoca a Biblioteca Pública Provincial, tanto na modalidade de debuxo coma na de narración. Infórmase que xa saíu á luz o número 14 da revista Xanela, que edita a Asociación de Pais de Alumnos do Colexio Marista e tamén se apunta que na sala Esmelgar continúan os actos correspondentes a Erotizarte.

Caravel, María, 'Afortunados y cursos de verano', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 13 xullo 2004, p. L11.

Entre as numerosas noticias breves que aquí se reúnen, coméntase que na Facultade de Humanidades do campus lucense se están a desenvolver unhas xornadas sobre Amor e Literatura. Na súa inauguración participaron o profesor André Pociña , a escritora Carmen Blanco e a docente granadina Aurora López, que rematou o acto cun recital de poemas de amor.

Caravel, María, 'Cosas que pasan en verano', *La Región/Atlántico Diario* , 'Mirada indiscreta', 17 xullo 2004, p. L10.

Breve noticia na que se dá conta da clausura do curso 'Amor e Literatura', que se veu celebrando ao longo da semana no campus lucense. Dise que esta última xornada estivo centrada en cancións de amor, como as composicións de Eduardo Aute, das que falou Sara Fernández, e dun recital de poesía erótica e amatoria, no que Claudio Rodríguez Fer e Olga Novo leron poemas seus.

Caravel, María, 'La cultura innunda la ciudad', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 3 agosto 2004, p. L11.

Entre as varias noticias breves que acolle esta sección onde se relacionan numerosas actividades culturais que se están a desenvolver na cidade lucense, recóllese información sobre o obradoiro '8 Días Teatro, impartido por Lola Fernández -directora de Nostrum-Cai Teatro- e por Aarón Navia. Dise que tamén participará o actor e director lucense Alberte Cabarcos e que ao longo dos cursos os alumnos aprenderán como é o traballo dun actor e que probarán as sensacións escénicas.

Caravel, María, 'Premios literarios y artesanía', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 24 decembro 2004, p. L11.

Entre as múltiples noticias breves que compoñen esta sección destaca unha na que se dá conta das gañadoras da décima edición dos premios de contos e relatos curtos Trapero

Pardo. Noelia Martínez Rey obtivo o primeiro premio con *El chámao amor* e Diana Mandiá Álvarez con *A posguerra dos sentimentos*. Tamén se relacionan os galardoados co segundo e terceiro premio.

Carballedo, Carolina, 'Más de cincuenta casetas acercarán desde hoy la literatura al público', *El Correo Gallego*, 'A Coruña', 1 agosto 2004, p. 18.

Anuncia a inauguración da XXXIII da Feira do Libro na Coruña por parte de José Luis Méndez Romeo. Sinala que este ano conta con cincuenta casetas instaladas nos xardíns de Méndez Núñez e indica que, entre as diferentes presentacións, a relacionada coa cultura galega será a do libro *Artistas galegos pintores*, contando coa presenza de Moncho Borrajo, Alfonso Abelenda e Felipe Criado.

Carballedo, Carolina, 'Despedida a la feria del libro', *El Correo Gallego*, 'A Coruña', 11 agosto 2004, p. 18.

Infórmase da clausura da Feira do Libro da Coruña na que houbo un incremento das vendas en relación ao ano anterior.

Carballo, Francisco, 'Roxe de Sebes', *A Nosa Terra*, nº 1.111, 'Fin de semana', 9 xaneiro 2004, p. 35.

Comentario da obra *Roxe de Sebes*, de Ignacio de Castro (2001), no que se afirma que a obra presenta unha difícil atribución xenérica (poema, diario, epistolario) e que nela as palabras e as ilustracións gozan da mesma "capacidade de sentido". Examínanse despois os catro capítulos ou partes que a conforman ("Caderno de intres", "Cartas dende a cabana", "Mil días", e "Clima e Acción") para concluír que se trata dunha obra "imprescindíbel" e escrita con intelixencia.

Carballo, Francisco, 'QQQOC', *A Nosa Terra*, nº 1.122, 'Fin de Semana', 25 marzo 2004, p. 35.

Describe os diversos contidos que integran a revista *Que Quede Quen o Conte* (artigos, historias, gráficos, mapas, análises do agro galego,etc.) , ao tempo que destaca o valor da publicación como testemuña e defensa do mundo rural.

Carballo, Pablo, 'El traductor de James Joyce retrata en Galicia el carácter universal de 'Ulises', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 24 abril 2004, p. 48.

Infórmase que, dentro das II^{as} Xornadas Literarias de Neda, dedicadas á vida e a obra de James Joyce, foi pronunciada a conferencia "El lector ante Joyce". O encargado foi o tradutor Francisco García Tortosa, de quen se afirma que é considerado o maior especialista

español na obra do escritor dublinés. Ademais, indícase que García Tortosa fixo referencia á tradución que de extractos do *Ulises* realizara Otero Pedrayo nos anos vinte.

Carballo, Pablo, 'El foro literario de Neda subraya la influencia del irlandés James Joyce en los escritores de Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 25 abril 2004, p. 58.

Refírese á disertación que Antonio Raúl de Toro pronunciou nas Xornadas Literarias de Neda, dedicadas a James Joyce, sobre a influencia do escritor irlandés nos autores galegos da denominada Xeración Nós. Destácase tamén que Ramón Otero Pedrayo traduciu ao galego importantes fragmentos do *Ulises* en 1926, apenas un lustro despois da primeira edición da novela; e que segundo de Toro o influxo exercido por Joyce nos galegos non acabou na referida etapa, para o cal puxo o exemplo do seu irmán Suso de Toro.

Cardalda, Teo, 'Jesús Garrido Álvarez', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 21 marzo 2004, p. 22.

Achega á figura de Jesús Garrido Álvarez (1904-1971), galeguista, mestre e poeta quen, como o seu compañeiro Aquilino Iglesia Alvariño, era unha "persoa de extraordinaria humanidade".

Cardalda, Teo, 'Lembranzas', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'Borobó, mestre arousán dos xornalistas galegos', 29 agosto 2004, p. 26.

Recorda certos momentos vividos con Borobó cando ía no verán á súa casa de Trevonzos, ou cando bautizaron un carballo co nome de Valle-Inclán. Ademais, salienta as boas calidades, pensamentos e todo o esforzo de Borobó pola cultura galega.

Caride Ogando, Ramón, 'O ano que lin por primeira vez o Sempre en Galiza de Castelao', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 18 abril 2004, p. 21.

O autor do artigo fai unha lembranza do ano 1975, dende un punto de vista persoal. Ademais de debuxar o panorama socio-político daquel tempo, cando "o franquismo daba os seus últimos estertores", o autor repasa as súas lecturas. Entre elas, afirma, o *Sempre en Galiza* de Alfonso Rodríguez Castelao tivo un lugar predominante, porque naquel contexto concreto, segundo nos explica, tiña o valor non só dun símbolo senón dunha "cousa íntima e emotiva" en que os daquela estudantes atopaban "todo".

Carlos, Helena de, 'De '1999', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 outubro 2004, p. 54.

Recóllese un poema de Helena de Carlos extraído do poemario *1999* no que se refire a feitos acontecidos en tal data.

Carlos, Helena de, 'De '1999', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 outubro 2004, p. 72.

Recóllese un poema de Helena de Carlos extraído do poemario *1999* no que se refire a feitos acontecidos en tal data.

Carregal, Jorge, 'El faro de Luís Seoane vuelve a alumbrar', *La Opinión*, 'Cultura', 22 decembro 2004, p. 54.

Dáse conta da exposición que na Fundación Luís Seoane da Coruña se está a levar a cabo para conmemorar os sesenta anos da publicación da obra de Seoane *Homenaxe á Torre de Hércules*, recoñecida como un dos trescentos mellores libros ilustrados entre 1935-1945. Coméntase que na exposición hai dúas partes: unha que mostra os trinta e nove debuxos do libro e outra, que exhibe quince libros que estiveron na exposición en Nova Iorque en 1946. Así mesmo, tamén se apunta que na Fundación se expón unha videocreación e que se editou un catálogo coas ilustracións, o prólogo de Rafael Dieste, textos de Seoane sobre A Coruña e a técnica do debuxo e textos do profesor de Historia da Arte, Jesús Sánchez García.

Cascallar, Marina, 'Axeitos: 'A fin do exilio non existe, o regreso tórnase en aterramento', *Diario de Arousa*, 'O Barbanza', 8 febreiro 2004, p. 26.

Infórmase da presentación, na Casa da Cultura de Boiro, da última publicación de Xosé Luis Axeitos: *O exilio galego. Un mapa de cicatrices* (2003). Destácase a presenza no acto de Isaac Díaz Pardo, e recónllense algunhas manifestacións pronunciadas no mesmo.

Cascallar, Marina, 'Iberoamérica se interesa por el Museo Valle-Inclán de A Pobra', *Diario de Arousa*, 'O Barbanza', 1 xullo 2004, p. 26.

Dáse conta da visita que vai ter lugar nese día no Museo Valle-Inclán da Pobra, así como por outras paraxes da comarca vencelladas ao escritor arousán, por parte dun grupo de trinta e cinco escritores galegos, españois e latinoamericanos pertencentes ao PEN Clube reunidos co gallo da celebración do congreso "Galicia e Iberoamérica, un mundo literario".

Cascallar, Marina, 'Borobó era un crítico intelixente e non deixaba indiferente a ninguén', *Diario de Arousa*, 'O Barbanza', 11 xullo 2004, p. 17.

Faise eco da celebración dunha homenaxe póstuma a Borobó na que participaron, entre outros, o profesor Xesús Alonso Monero, o ex-decano da Facultade de Xornalismo de Santiago Xosé López, o historiador Xoán Guitián, o escritor Gonzalo Bouza Brey, o catedrático Lois Celeiro, o xornalista Alfonso Eiré e representantes do Concello de Boiro. Indícase, tamén, que se inaugurou un busto e unha placa en memoria do ilustre xornalista galego.

Cascallar, Marina, 'A comunidade pode atar a un escritor ou ben chegar a afogal', *Diario de Arousa*, 7 decembro 2004, p. 56.

Informa da celebración, no Concello da Pobra, do Congreso Nacional "La Galicia de Valle-Inclán" que foi clausurado por Suso de Toro cunha intervención na que reivindicou a importancia de Ramón Valle-Inclán dentro da nosa literatura, a pesar de ter escrito en castelán. Sinala que, para Suso de Toro, a fonte de todo escritor está na tradición cultural que envolve a súa infancia e adolescencia, polo que Valle-Inclán debe considerarse un escritor da literatura galega. De Toro manifesta, finalmente, que, a pesar dos problemas que Valle-Inclán puido atopar na súa época, 'todo artista verdadeiro ten conflitos coa comunidade que o crea'.

Castelao, Elena, 'Regina Polín lee un poema de Manuel María', *El Progreso*, 'A la última', 15 setembro 2004, p. 72.

Lembranza a Manuel María en Guitiriz pola inauguración da asociación de xubilados e mais da presentación do CD da banda. Así mesmo, saliéntase que un poema do escritor está gravado nunha escultura situada en Feira do Monte.

Castelao, Elena, 'Manuel María será homenajeado en Barcelona el 27', *El Progreso*, 'a la última', 18 novembro 2004, p. 96.

Infórmase da homenaxe que organiza o Centro Galego de Barcelona ao poeta Manuel María, no que se lerán textos do finado e haberá actuacións musicais.

Castelao, Elena, 'Jaureguizar dará sendas charlas en Bruselas y Cáceres', *El Progreso*, 'a la última', 19 novembro 2004, p. 96.

Faise eco da charla que Santiago Jaureguizar dará na librería lusa "Orfeu" de Bruselas sobre a literatura galega e a portuguesa, e da que ofrecerá no Centro de Estudos Galegos de Cáceres, sobre a narrativa galega.

Castelao, Elena, 'Chao Rego será homenajeado en Santiago mañana', *El Progreso*, 'A la última', 10 decembro 2004, p. 96.

Dá conta dos actos que a asociación cultural compostelá O Galo realiza na cidade en homenaxe ao escritor Chao Rego. No estritamente literario, destaca o recital co que homenaxearan os poetas Marica Campo, Lois Diéguez, Salvador García Bodaño, Xesús Rábade, Rafa Villar e Helena Villar Janeiro.

Castelló, Jorge, 'A illa dos paxaros', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 18 agosto 2004, p. 6.

Historia na que se menciona a existencia dunha illa habitada por paxaros con aparencia de homes, que se sublevan contra o seu creador.

Castillejo, A., 'Suso de Toro reúne en 'El príncipe manco' los monólogos de Nano', *El Progreso*, 'Cultura', 25 novembro 2004, p. 91.

Alude á publicación da obra *El príncipe manco*, do escritor galego Suso de Toro. Coméntase o seu contido e indícase que consiste nun traballo dedicado ao seu personaxe máis querido: Nano.

Castiñeira, F. X. , 'É unha gran responsabilidade social ser membro da Academia', *El Ideal Gallego*, 'Galicia', 26 abril 2004, p. 20.

Recóllense as primeiras impresións de Xosé Luís Axeitos Agrelo tras o seu nomeamento como membro numeario da Real Academia Galega, quen se recoñece moi honrado e disposto a traballar. Destácase que até o de agora Axeitos realizou sempre un grande esforzo como investigador en solitario e que o seu ingreso na Academia supón a continuación dun traballo xa iniciado, pois o recén nomeado coñece en profundidade unha institución que conta cunha das mellores fontes documentais sobre a cultura galega.

Castro R., Xavier, 'Homenaxe da RAG a Avilés de Taramancos', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Boletín', 18 abril 2004, p. 4.

Breve referencia á publicación do volume monográfico da RAG (Real Academia Galega) adicado á figura de Antón Avilés de Taramancos. Explícase que esta obra se divide en varias partes e cítanse os nomes dalgúns dos colaboradores desta edición.

Castro Ratón, Xosé, 'Galicia Mártir', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'Colaboración', 15 agosto 2004, p. 50.

Lembra a Alexandre Bóveda como mártir: pola súa defensa da nación galega cando foi fusilado en 1936, motivo polo cal o 17 de agosto se celebra o Día dos Mártires Galegos. Así mesmo, salienta a importancia de Bóveda e o seu traballo como impulsor do Estatuto de Autonomía para Galiza e apunta diferentes actos e conferencias nas que o autor participou. Por último, achega uns versos de Celso Emilio Ferreiro que recollen o froito do traballo de Bóveda.

Castro Rodríguez, Xavier, 'Aquí Santiago', *Galicia Hoxe*, 30 maio 2004, p. 2.

Achega á figura de Aquilino Iglesia Alvariño (Seivane, 1909-Santiago, 1961), de que se destaca a formación clásica que recibiu no Seminario de Mondoñedo e a súa sensibilidade. Para rematar, comenta o poema "Aquí, Santiago", da obra *Leva o seu cantare* (1963), co que abría a súa sección "Pórtico das Letras" de hoxe.

Castro, C., 'Con Rosalía no 119 cabodano', *Galicia Hoxe*, 'maré Hoxe', 16 xullo 2004, p. 47.

Infórmase da homenaxe que se lle rendeu a Rosalía de Castro polo seu cabodano na Casa Museo de Padrón. Sinálase que no acto se presentou dous libros de Alonso Montero: *Páxinas sobre Rosalía de Castro (1957-2004)* e a segunda edición das obras completas da autora. Así mesmo, coméntase que tamén se falou da tradución ao castelán de *Follas Novas* feita por Helena Villar e Xesús Rábade que logo sairá do prelo. Por último, cítanse as personalidades que participaron no acto.

Castro, Claudia, 'Vida', *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 3 decembro 2004, p. 54.

A vida vista dende a óptica persoal da poeta. Referencias claras o Prestige.

Castro, Francisco, 'Un funcionario exemplar', *El Progreso*, 'Relatos da Xeración, Knows', 11 xullo 2004, p. 80.

Reprodúcese un relato de Francisco Castro (Vigo, 1966) titulado "Un fucionario exemplar". Nel nárrase un día excepcional dentro da vida monótona e gris dun funcionario de museo puntual e exemplar. Un día en que decide, sen saber por qué, continuar a camiñada diaria cara ao traballo atrás dun misterioso individuo que descoñece no canto de se meter no museo, como todos os días.

Castro, Francisco, 'Leonor á maneira do amor cortés', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 17 agosto 2004, p. 6.

Relato que reflicte o sufrimento dun home namorado que imita as formas de conquista medievais. Considérase un trobador que supera probas e cumpre cos requisitos do amor cortés pero, aínda así, non consegue chamar a atención da súa amada.

Castro, Luísa, 'Tarxeta de nadal', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 91, '6 contos de nadal', 18 decembro 2004, p. 9.

Historia na que se narra o que lle aconteceu a unha rapaza chamada Elena no seu traballo. Durante a campaña de Nadal, Elena traballaba nunha gran superficie comercial informando sobre tarxetas de crédito. Un día chegou un home maior, Raúl, solicitando información que Elena lle facilitou amabelmente, pero Raúl non se decidía coa tarxeta e ía a cotiá falar con

Elena. Esta, xa cansa do mesmo todos os días, contestoulle de forma violenta nunha ocasión e Raúl marchou. Elena deuse conta de que aborrecía o traballo e deixouno.

Castro, Rosalía de, 'Basta unha morte', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 xuño 2004, p. 54.

Como vén sendo habitual nesta sección fixa do xornal, reprodúcese en cadro á parte un poema, desta vez é "Basta unha morte", de Rosalía de Castro.

Castro, Rosalía de, 'De 'Follas Novas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 xullo 2004, p. 56.

Recóllese un poema de Rosalía de Castro extraído do seu poemario *Follas Novas* no que expresa a súa angustia.

Castro, Rosalía de, 'Follas Novas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 agosto 2004, p. 56.

Recóllese un poema de Rosalía de Castro extraído do seu poemario *Follas Novas* no que expresa a súa angustia.

Castro, Rosalía de, 'Follas Novas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 setembro 2004, p. 54.

Recóllese un poema de Rosalía de Castro extraído do seu poemario *Follas Novas* de temática existencial.

Castro, Rosalía de, 'De 'Poesía Galega Completa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 novembro 2004, p. 54.

Recóllese un poema de Rosalía de Castro extraído da obra *Poesía Galega Completa* que versa sobre a vanidade que chega incluso no momento da morte, onde tanto os ricos como os pobres se igualan.

Castro, Rosalía de, 'De 'Poesía galega completa", *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 14 decembro 2004, p. 44.

Reprodúcese o poema no que a voz poética procura o inefábel, aquilo que desexa pero que non atopa, nin sabe o que é.

Castro, Rosalía de, "Ti onte, mañán eu", *Galicia Hoxe*, 'Un ano de cultura', 31 decembro 2004, p. 38.

O propio título do poema acláranos o seu significado: a vida repítese unha e outra vez, o que ti ves hoxe nos demais mañá veralo na túa.

Castro, Victoriano, 'Encuentro con la literatura y las letras', *El Correo Gallego*, 'Pontevedra', 11 xullo 2004, p. 23.

Dáse conta da inauguración da XVI Feira do Libro de Pontevedra pola escritora Ana Romaní e que este ano contará con doce libreiros e sete editoriais. Tamén se comenta que se achegarán escritores para asinar os seus libros, como Víctor Caamaño ou Fina Casalderrey.

Castro, Xan, 'Date María, date', *La Región*, 'Mis relatos', 11 xullo 2004, p. 15.

Nárrase, ambientado nun intercambio verbal dun faladoiro de verán, o conto dunha muller que sentiu pavor á hora de consumar o matrimonio na súa noite de vodas.

Castro, Xan, 'A 'bici amaestrada', *La Región*, 'Mis relatos', 25 xullo 2004, p. 16.

Conto no que se narra a historia de dous homes. Un deles, o señor Delfín, era negado para andar en bicicleta e tras moitos intentos nunca o conseguiu. O outro, o señor Baltasar, pola contra, montaba moi ben na bicicleta e tanta práctica tiña que, cando ía de troula, a bicicleta xa sabía volver soa para a casa.

Castro, Xan, '¡Tómalle outro vaso!', *La Región*, 'Mis relatos', 4 agosto 2004, p. 13.

Historia na que uns homes se atopan nunha taberna tomando viños e un deles é un estranxeiro inglés. Chega un novo personaxe, o Belisardo, que invita ao inglés e a outros a ir a súa casa para que vexan o novo invento que creou.

Castro, Xan, 'Unha obra ben feita', *La Región*, 'Mis relatos', 6 agosto 2004, p. 12.

Continuación do conto "¡Tómalle outro vaso!" de Xan Castro no que o inglés, chamado Jeff, vai con dous amigos, Suso e mais o narrador, visitar a cidade de Ourense e tamén vai ver o novo invento do Belisario. A novidade consiste nun mecanismo para facer chegar o viño dende a pipa até a mesa. O inglés asómbrase por todo mais cando proba o viño di que é moi malo.

Castro, Xan, 'Orates frates', *La Región*, 'Verano al sol', 8 agosto 2004, p. 15.

Narra a historia dun cura ao que lle roubaron un porco e cando ía paseando escoitou cantar a un rapaz que revelaba na canción o roubo. Falou con el e díxolle que se cantaba o mesmo

na misa do domingo dáballe unha peseta. Feito o trato, o rapaz contoullo ao seu pai e este temendo que o ían castigar pola súa mala acción, cambiou a canción para poñer ao cura en evidencia. O conto conclúe coa reflexión do crego de que non se deben facer tratos cos nenos.

Castro, Xan, '¡Mentiroso!', *La Región*, 'Verano al sol', 19 agosto 2004, p. 12.

Nárranse tres historias diferentes nas que os narradores contan uns feitos nada críbeis, polo que os oíntes os chaman mentireiros.

Castro, Xan, 'O Franciscano', *La Región*, 'Mis relatos', 29 agosto 2004, p. 16.

Conto no que se narra a historia dun cura vello, coñecido como "O Franciscano" porque era ardente seguidor de San Francisco máis por unha anécdota que, sobre o asunto, lle acontecera na escola.

Cela, Dolores, 'Un taller de teatro dirigido a discapacitaados pretende formar en Lugo a actores profesionales', *La Voz de Galicia*, 'Sociedad', 25 marzo 2004, p. 43.

Anúnciase a iniciativa pioneira da fundación Anade, que porá en marcha en Lugo un taller de teatro dirixido a persoas con discapacidades tras a asinatura dun convenio coa Consellería de Asuntos Sociais. Indícasenos que a finalidade é formar profesionais que se poidan incorporar ao mundo laboral en compañías de teatro que actúan nos circuítos normalizados.

Cendán, Antonio, 'O día que me ensanguentaron a memoria', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 30 agosto 2004, p. 7.

Relato no que o narrador lembra os días da Guerra Civil na que participou el e mais un amigo da infancia que morreu nos seu brazos. Aquel feito permanece na súa memoria como tamén a reacción que tivo de saír correndo e botar disparos ao aire cos que matou a outros moitos homes inocentes.

Chantada, Francisco V., 'Canción de berce para Minia', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 24 agosto 2004, p. 7.

Narra a historia dunha rapaza pequena que quedou soa nun asilo onde a deixaron seus pais porque emigraron a Suíza. Nese asilo, as monxas coidábana ben, pero por ser estranxeiras non entendían a lingua galega da rapaza e ela choraba continuamente. Grazas á cociñeira do asilo, que a puido comprender, consolouse.

Chao, Ramón, 'Mira ti por onde', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 4 agosto 2004, p. 6.

Historia que trata dun xornalista que lle fai unha entrevista a un personaxe famoso. Ten medo porque non sabe sobre qué falar pero, xa na súa casa, comezan a tocar o piano e a conversa discorre con normalidade, porque os dous tiñan a mesma afeción pola música.

Chapela, Luis, 'Veciños descoñecidos', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 23 agosto 2004, p. 7.

Conta a historia dun rapaz que por algún tempo ten que vivir nun piso que el considera como un cárcere, onde os veciños non gardan relacións e a pouca natureza que se observa é artificial. Esta experiencia serviulle para seguir mantendo unha opinión negativa con respecto a habitar nun piso.

Cheda, M., 'Galicia y León incumplen su pacto para divulgar la obra de Sarmiento', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 marzo 2004, p. 47.

Denúnciase que non se cumpriu o compromiso de construír un centro en memoria de Pedro José García Balboa, Frei Martín Sarmineto. Este centro debería estar xa listo na súa localidade natal, Vilafranca do Bierzo, e os gastos dividiríanse a medias entre a Xunta de Galicia e o Goberno de Castela e León.

Cibeira, Ana María, 'Afogo de placer', *Galicia en el mundo*, 'MARÉ', 3 xullo 2004, p. 56.

Poema no que se representa metaforicamente o corpo humano co dun peixe e o ambiente externo coa auga salgada do mar. Descríbense as experiencias da vida e da morte a partir da interacción do corpo coa luz e coa escuridade mariñas.

Cid Neira, Xulio, 'Gasumelo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 novembro 2004, p. 64.

Recóllese un poema de Xulio Cid Neira extraído do poemario *Gasumelo* de temática existencial.

Cid Neira, Xulio, 'O espanto coñecido', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 novembro 2004, p. 54.

Recóllese un poema de Xulio Cid Neira titulado 'O espanto coñecido' cunha estructura de versos pareados e un último verso final que recolle o contido do poema: o sufrimento.

Cid Neira, Xulio, 'De 'Gasumelo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 novembro 2004, p. 64.

Recóllese un poema de Xulio Cid Neira extraído do poemario *Gasumelo* de temática existencial.

Clemente, Enrique, 'Los gallegos se sentirían como en casa en Transilvania', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 86, 'Letras en galego', 13 novembro 2004, p. 8.

Saliéntase a publicación que Darie Novaceanu realizou dunha antoloxía sobre a poesía galega traducida ao romano. Apúntase que o seu título é *O suta de ani de poezi galiciana* (Cen anos de poesía galega) e que recolle autores dende Rosalía de Castro até César Antonio Molina. Recóllense tamén declaracións de Novaceanu, quen comenta que se decantou pola poesía galega debido á semellanza que garda coa romana. Así mesmo, salienta que lle resultou difícil ter que escoller os poetas porque a publicación costeouna el mesmo e non puido facer unha antoloxía moi extensa. Finalmente, comenta que os problemas de tradución son abundantes debido aos inexistentes apoios institucionais e económicos e, en canto aos autores máis coñecidos en Romanía, nomea a Valle-Inclán, Cela, Pardo Bazán, Cunqueiro e Torrente Ballester.

Conde, J., 'El Fórum 2004 abre hoy sus puertas con el objetivo de recibir 5 millones de visitas', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 8 maio 2004, p. 47.

Dá conta da inauguración do Fórum das Culturas 2004 en Barcelona e na que se destaca a presenza de escritores e músicos galegos na Cidade Condal. En concreto, infórmasenos da asistencia de Manuel Rivas e Suso de Toro.

Conde, María, 'Freixanes pide un pacto social para la pervivencia de la cultura gallega', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 febreiro 2004, p. 46.

Indícase que Víctor F. Freixanes acaba de pronunciar na súa Pontevedra natal o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega. Explícase que o escritor escolleu o instituto onde cursou estudios, o Valle-Inclán de Pontevedra, para a lectura e que o tema da disertación, titulada "Desafíos para un novo século", foron os retos da cultura galega ante a encrucillada que se lle presenta coa nova modernidade. Infórmase de que o autor se referiu a Carlos Casares, a quen sustitúe, e que a resposta correu a cargo de Antón Santamarina. Tamén se subliña que non entraba ningún xornalista na Academia dende o pasamento de Antón Villar Ponte.

Conde, Paulo, 'O home e o lobo', *Atlántico Diario*, 'Microrrelatos de verano', 11 agosto 2004, p. 25.

Conto que trata dun home que vivía só nunha aldea e un día atopou un cachorro de lobo e decidiu crialo. Os dous coidábanse e axudábanse pero un día o lobo matou as galiñas e un porco, co que o home entendeu que o animal tiña que ser libre. Así, abriulle a porta e o lobo marchou.

Conde, Paulo, 'Foise a luz no hospital', *Atlántico Diario*, 'Microrrelatos de verano', 14 agosto 2004, p. 38.

Historia na que o narrador lembra a un amigo polo seu ánimo e optimismo ante os problemas da vida. Este amigo tivo un accidente e aínda nos peores momentos, el dicía ser feliz. O día que morreu, foise a luz no hospital no que estaba ingresado.

Conde, Paulo, 'Green eyes', *Atlántico Diario*, 'Microrrelatos de verano', 24 agosto 2004, p. 26.

Relato no que o narrador lembra a presenza e os caracteres dunha muller que destacaba sobre todo polos seus ollos verdes. Mais a pesar das boas calidades da moza, o narrador despídese dela e nomea os motivos que o levaron a deixala.

Conde, Pedro, 'O pasamento de Manuel María tivo un grande eco', *El Progreso*, *'Cantón'*, 'Desde el exterior', 17 outubro 2004, p. 9.

Dáse conta da lembranza que certos organismos galegos lle renderon a Manuel María cando souberon a noticia do seu pasamento.

Constela Doce, Xesús, 'Calidoscopio ', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 11 abril 2004, p. 23.

Como se dunha visión caleidoscópica se tratase, Xesús Constela Doce, gañador do premio "Torrente Ballester" en 2003, lembra que en Ferrol houbo un tempo en que o teatro contaba con infraestruturas para darlle cabida; mentras que agora "a cidade acabou quedándose sen cóicos ao non ter un escenario onde poderen montar os seus espectáculos".

Contreras, Rosabel, 'Lidos e ledas', *Galicia en el mundo*, 'MARÉ', 16 agosto 2004, p. 48.

Poema de Rosabel Contreras titulado "Lidos e ledas", no que se salienta o recurso da aliteración, que o enche de musicalidade.

Corbelle, Mayte, 'Xermolos' pone en marcha una iniciativa para exaltar la importancia de las palabras', *El Progreso*, 'Comarcas', 24 marzo 2004, p. 23.

Indícase que a asociación cultural "Xermolos", de Guitiriz, vai inaugurar proximamente "A Casa das Palabras", un espazo, ubicado no edificio de Caixa Galicia, para a exaltación das palabras onde se poderán ver creacións plásticas baseadas nas lendas de transmisión oral e que se pretende sexa un lugar de reunión.

Corbelle, Mayte, 'El cambio de gestión en Cultura deja a la villa sin Mostra de Teatro', *El Progreso*, 'Terra Chá', 15 outubro 2004, p. 24.

Informa de que a VII edición da Mostra de Teatro de Vilalba este ano non se levará a cabo. Apunta que estaba organizada polo Centro Dramático Vilalbés e o Concello pero, segundo comenta a directora do Centro, María Xosé Lamas, houbo certas trabas coa contratación dos grupos participantes. Por outra banda, anota que o concelleiro de cultura explica que simplemente non había un oco para a Mostra no programa de espectáculos.

Corbelle, Mayte, 'La Casa das Palabras inició ayer su actividad en Guitiriz', *El Progreso*, 'Terra Chá', 31 outubro 2004, p. 22.

Alúdese a que a asociación cultural Xermolos de Guitiriz realizou a inauguración da Casa das Palabras na que pretende levar a cabo conferencias ou talleres. Apúntase que a primeira actividade foi un "Taller de creación" para dar a coñecer a novos escritores e que outro dos proxectos é a "Escola da memoria", onde os protagonistas serán os maiores.

Corbelle, Mayte, 'El área de Santa Isabel acoge un homenaje a Manuel María', *El Progreso*, 'Comarca de Lugo', 4 novembro 2004, p. 13.

Dáse conta da homenaxe ao poeta Manuel María organizada pola Fundación Manuel María e a asociación cultural Xermolos, na que se lerán algúns poemas do escritor. Ademais indícase que este acto inclúese dentro do programa do IV Congreso Cultural da Terra Chá.

Coromoto, Nana, 'Homenaxe a Deborah paauwe', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 outubro 2004, p. 54.

Recóllese un fragmento do poema de Nana Coromoto titulado 'Homenaxe a Deborah paauwe' no que loa a citada homenaxeada.

Cortegoso, Alberto, 'Lembranzas', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 23 agosto 2004, p. 6.

Relato no que un home lembra as historias que lle contaba seu avó cando el e a súa familia ían visitalo na aldea. Neses contos, que di o narrador que non cría, o avó expoñía feitos que nos anos actuais do protagonista estaban a acontecer. O seu avó predicía o futuro.

Costa i Llobera, Miquel, 'Un vol d´inefable poesía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 outubro 2004, p. 54.

Recóllese un poema de Miquel Costa i Llobera titulado 'Un vol d'inefable poesía' no que o eu lírico expresa a súa felicidade por un desexo que lle xurdiu do corazón.

Couceiro, Emma, '(Cito)', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 xaneiro 2004, p. 54.

Renuncia por parte da poeta a adaptarse ás normas da sociedade. Ela é un ser anestesiado e perturbado que se separa do mundo material.

Crespo, Carmen, 'Queremos que la gente lea', *La Región*, 'Vox populi', 3 outubro 2004, p. 24.

Entrevista a José Ramón Estévez, director da revista, quen explica tanto o proceso seguido pola publicación para a elección do tema de cada exemplar como o perfil que caracteriza aos lectores dos cadernos.

Cruz, Ángel de la , 'O descenso do derradeiro ocaso', O descenso do derradeiro ocaso'/'Carlos Quintanilla, o dandi'/'Roxelio Brandariz, o político'/'O talk-show de Paco Doleiro'/'Camiño a Trasomundo da Cancela'/'Aniceta Dosil, o alcalde crucificado'/'Balbino Ruibal, o benemérito viticultor'/'Sofía, a meiga americana'/'Os recortes de La Voz de Galicia'/'Xoán de Requeixo, o Resucitado da Carballeira'/'A cerimonia de benzón da vendima'/'Don Tristán, o cura larpeiro'/'A enigmática estudante de Santiago'/'O estraño achado da lápida misteriosa'/'A entrevista de Aniceto, o crucificado'/'A misteriosa torre do balneario'/'A investigar o pasado de Xema'/'O accidente de tránsito'/'Trasomundo arde en festas'/'Moncho, o tempesteiro'/'O regreso da Santa Compaña'/'Unha declaración de amor'/'O 'cosmonauta Yuri Gagarin"/'O resucitado falece'/'Máis amarga que a morte'/'Unha chamada telefónica reveladora'/'Unha grave acusación'/'Un poema de amor e morte'/'Véndese vino de colleiteiro'/'Caderno de Riparia'/'Un brinde pola vida', Páxinas literarias, 1 agosto 2004-31 agosto 2004, p. 9/p. 7/p. 7/p. 7/ p. 7/ p. 7/ p. 7/ p. 7/ p. 8/ p. 7/ p. 7/ p. 7/ p. 9/ p. 7/ p. 11/ p. 8/ p. 7/ p. 7/ p. 7/ p. 7/ p. 7/ p. 8/ p. 11/ p. 7/ p. 8/ p. 8/ p. 7/ p. 7/ p. 7/ p. 11/ p. 7/ p. 7., *La Voz de Galicia*, 2004.

Historia de suspense coa que Ángel de la Cruz (A Coruña, 1963) obtivo o IV Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia*. Trátase dunha obra de estrutura circular tecida cunha linguaxe sinxela e accesible. A intriga e o enigma son os elementos que lle proporcionan continuidade ao relato. A trama xira ao redor dun asasinato que dúas reporteiras da Televisión de Galicia pretenden esclarecer para presentalo nun programa de sucesos co fin de incrementar o índice de audiencia. Desenvolta nun contexto marcado polo sangue, o amor, a traizón, o adulterio, o viño e o medio audiovisual e repleta de insólitos personaxes, esta obra preséntase como unha novela de misterio cun sorprendente desenlace.

Cruz, José, 'Luís Acuña era un escritor esquecido', *La Región*, 'Vox populi', 10 outubro 2004, p. 21.

Entrevista ao profesor e promotor do proxecto Manuel Luís Acuña, Xoán Carlos Domínguez Alberte, na que fala dos inicios do seu labor, alá polo 1999, e enuncia as actividades desenvoltas ou en proxecto ao redor desta figura da cultura galega. Tamén destaca o feito de que Valentín Paz Andrade fose desterrado en Trives durante a Guerra Civil e do esquecemento que arrodea este feito.

Cuadrado, María, 'Teatro, cine y talleres centran la oferta de ocio de Rábade', *La Voz de Galicia*, 'Provincia', 15 xuño 2004, p. L11.

Relaciónanse as distintas actividades que o concello lucense de Rábade preparou para o verán para os seus habitantes: excusións, talleres de sal, de glofoflexia, de papel reciclado, de barro e de marionetas, torneos de fútbol, etc. Das relacionadas coa literatura destacan as representacións teatrais que levarán a cabo o grupo Palimoco, con *As fillas de Eva*, Festiclow e Dous son Compañía, con *O gordo e o calvo*, e Matapiollos, con *Mario*.

Cuadrado, María, 'Los dibujos del vilalbés Ramón Guntín ilustran el patrimonio del ', *La Voz de Galicia*, 'Vilalba', 24 setembro 2004, p. L11.

Infórmase de que o Instituto de Estudios Chairegos editará un milleiro de exemplares do libro *O Camiño norte de Santiago na plumiña de Ramón Guntín*, de José Luis Novo Cazón. Engádese que o autor achega diferentes comentarios sobre o Camiño Norte de Santiago; que inclúe un estudo sobre o significado desa ruta na literatura, amais de reunir corenta e oito debuxos do vilalbés Ramón Guntín; e que a portada do libro é obra de Miguel Anxo Domínguez Lamas e do deseño do libro, Arturo Gómez Mato. Tamén se di que esta asociación, que preside José María Felpeto, aproveitará este acto para entregarlles aos familiares de Ramón Guntín o diploma de socio de honor, que lle foi concedido a título póstumo, asemade que lle descubrirán unha placa e lle dedicarán unha das salas da Casa da Cultura de Vilalba.

Cuba Rodríguez, Xoán Ramiro, 'Tres meigas inglesas', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 12 agosto 2004, p. 6.

Conto que trata sobre o pesadelo que unha anciá sufriu, no que tres malas meigas entraban na súa casa e mexaban por riba dela na cama. A vella sabía que eran unhas meigas inglesas pola súa fala. Cando o medo lle pasou, á mañá seguinte chegoulle un telegrama de Inglaterra que informaba da morte dunha tía que viña de camiño para ser enterrada.

D. V. , 'Premios da Crítica urge al Concello la reforma de la plaza de los juzgados', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 10 xaneiro 2004, p. 8.

Breve nota de prensa na que se informa de que a Fundación Premios da Crítica solicita ao Concello de Vigo a remodelación dunha praza na que está previsto colocar un busto en

bronce do maxistrado Orencio Pérez González; así mesmo, a fundación instou a esta institución para que se comprometa coa cultura e a lingua galega.

Dacosta, Beatriz, 'A enferma', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 26 agosto 2004, p. 6.

Conta a historia dunha muller que ten o sarabullo e para loitar contra el decide facerse vexetariana.

Dacosta, Marta, 'As amantes de Hamlet', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 xullo 2004, p. 54.

Recóllese un poema de Marta Dacosta sacado do libro *As amantes de Hamlet* de temática amorosa.

Dacosta, Marta, 'O meu nome é Antígona', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 setembro 2004, p. 54.

Reproduce un poema de Marta Dacosta titulado 'O meu nome é Antígona' sobre a lembranza e identidade de Ismene e Antígona.

Dacosta, Marta, 'De 'As amantes de Hamlet', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 outubro 2004, p. 62.

Reproduce un poema de Marta Dacosta sacado do libro *As amantes de Hamlet* sobre a importancia do sentimento amoroso.

Dacosta, Marta, 'De 'As amantes de Hamlet', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 novembro 2004, p. 46.

Reproduce un poema de Marta Dacosta sacado do libro *As amantes de Hamlet* sobre a importancia do sentimento amoroso.

Dans Mayor, Xabier, 'Esperanza', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 1 agosto 2004, p. 9.

Narra a frustración dun home namorado que lle levou unha carta á súa namorada, Virxinia, e, ao botala por debaixo da porta, a gata da rapaza esnaquizouna e, así, esta non soubo nada do mozo. Tras pasar o tempo, Virxinia coñeceu outro home e o protagonista viu marchar o seu futuro por causa da gata chamada Esperanza.

Darriba, Manuel, 'Western', *El Progreso*, 'Relatos da Xeración Knows', 18 xullo 2004, p. 72.

Nárrase a historia de tres homes que están no deserto ao carón das vías do tren, agardando a que este pase para asaltalo. Cando o ven chegar dispáranlle ao maquinista e conseguen subir ao terceiro vagón, pero alí hai tres homes que lles comezan a disparar.

Darriba, Manuel, 'A superficie', *El Progreso*, 'Contos da Invernía', 27 decembro 2004, p. 96.

Conto que trata dun home que recibe unha carta anónima dicíndolle que van ir cear con el na Noiteboa, pero el non coñece a esa persoa. Durante o día, vai ao traballo e pensa continuamente na carta até que ao final do conto, os lectores comproban que el mesmo escribe outra carta dirixida a súa propia persoa.

Díaz Pardo, Isaac, 'O laboratorio de formas', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 56, 17 abril 2004, p. 16.

Alude os obxectivos e a filosofía de Sargadelos e insiste en que o Laboratorio de Formas é moito máis do que unha simple fábrica de louza na que se experimentan as formas artísticas. Explica, tamén, cal foi a orixe de Sargadelos, indicando que se tratou da concretización dun proxecto ideado no exilio por Luis Seoane e por el mesmo. Ademais, enumera diversos proxectos que dependen ou naceron no seo desta institución, coma o Museo Carlos Maside, as Edicións do Castro ou o Seminario Sargadelos. Lembra, por último, que o recinto histórico de Sargadelos foi declarado Conxunto Histórico-Artístico.

Díaz, Ignacio R., 'La USC creará una compañía de títeres en Lugo', *El Progreso*, 'Lugo', 15 outubro 2004, p. 10.

Informa que a USC vai crear unha compañía de marionetas no campus de Lugo, converténdose, deste xeito, na primeira universidade pública española cunha compañía deste tipo. Sinala que esta nova agrupación estará dirixida por Marga Portomeñe e que completará o curso de construción e marionetas que se impartirá en Maxisterio. Dá conta, doutra banda, das actividades organizadas pola Aula de Teatro da USC no campus lucense: un taller de arte dramático, un curso de introdución á práctica teatral e un curso de conta contos. Finalmente, achega información sobre os prazos de matrícula nos cursos citados.

Díaz, María, 'Los empresarios de Tui impulsan el comercio con un encuentro de teatro', *Atlántico Diario*, 'Área metropolitana', 26 maio 2004, p. 22.

Infórmase do I Encontro Internacional de Teatro e Artes, iniciativa que o colectivo de comerciantes tudenses está a organizar e que inclúe un bo número de actividades variadas, entre as cales destaca o teatro.

Díaz, María, 'La biblioteca municipal de Tui tiene cada vez más usuarios', *Atlántico Diario*, 'Area metropolitana', 3 xuño 2004, p. 25.

Breve nota de prensa na que se anuncia o aumento de usuarios da Biblioteca Municipal de Tui.

Díaz, Ramón, '(D) Moncho-Ramón (a)o Manuel María', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Cultura', 16 setembro 2004, p. 30.

Lembranza de Ramón Díaz, compoñente de Fuxan os ventos, ao poeta Manuel María a quen coñeceu pola década dos 70 en Monforte e comenta aqueles momentos en que organizaban xornadas e falaban de diversos temas.

Diéguez, Lois, 'Rosa do tempo', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Cultura', 16 setembro 2004, p. 27.

Lois Diéguez rememora momentos da vida do recente falecido poeta Manuel María. Recorre os lugares polos que o escritor tiña o costume de pasear e as casas de comidas e tabernas nas que paraba, sempre acompañado pola súa muller, Saleta. A ela, dálle folgos e apoia Diéguez, nestes momentos de dor.

Docampo, Xabier P., 'A soidade do que esquece', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 91, '6 contos de nadal', 18 decembro 2004, p. 7.

Conto no que se narra a historia dun home vello que está sentado á beira da súa casa, esperando a que un dos seus fillos o veña buscar para ir á cidade e cear o día de Noiteboa todos en familia. Pero o fillo non aparece, así que, el cea só e marcha á casa dun veciño a pasar a noite de festa. A reflexión final do vello é que o que realmente está só é o que esquece, non el.

Docampo, Xabier P., 'A Noiteboa dos Manequíns', *El Progreso*, 'Contos da invernía', 26 decembro 2004, p. 72.

Conto no que un home atopa un mendigo ao que invita a tomar algo e lle conta a historia que lle acontecera o ano anterior pola noite de Reis. Conta que foi cear a unha casa baleira porque non lle gustaba o Nadal e alí se atopou cuns manequíns que tiñan vida.

Domínguez Romero, Francisco, 'A razón de cantar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 agosto 2004, p. 56.

Recóllese un poema de Francisco Domínguez Romero titulado 'A razón de cantar' cunha extensión de cinco versos.

Domínguez, Fernando, 'Fotografías con poesía ', *La Región*, 'Especial Mancomunidad de A Limia', 9 maio 2004, p. 47.

Infórmase da exposición titulada "Imaxe e Palabra", que albergará o Centro de Interpretación de Congostro, en Rairiz de Veiga. Indícase que se trata dunha mostra de fotografías realizadas por Juan Cid e acompañadas polas composicións líricas de Delfín Caseiro.

Domínguez, Francisco, 'Che', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 outubro 2004, p. 54.

Recóllese un poema titulado 'Che' do autor Francisco Domínguez de breve extensión e ritmo áxil, no que incita á reivindicación.

Domínguez, Xaime, 'Tornas facéndome mofa', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 25 agosto 2004, p. 8.

Narra a historia dunha muller á que lle dan ataques de angustia porque sempre ve un monstro que a acosa. Ao final do conto descóbrese que ese temor é a tristeza interior que sente.

Dourado Deira, Manuel, 'Presentación de 'Pálpebra Azul', *El Correo Gallego*, 'Fin de semana', 14 marzo 2004, p. 4.

Describe as actividades da Asociación Cultural Galicia Viva, unha entidade sen ánimo de lucro de Rianxo á que el mesmo pertence, entre as que destacan un faladoiro semanal, a organización de coloquios e recitais, o mantemento dunha revista electrónica, etc. Despois, dá conta da última actividade que levou a cabo a Asociación: a presentación do libro *Pálpebra Axul* (2003), de Helena Villar Janeiro, que estima ser un libro singular e de deliciosa edición.

Dourado Deira, Manuel, 'Rianxo: o Montevideo galego honra a Castelao', *El Correo Gallego*, 'Arousanía', 15 agosto 2004, p. 4.

Despois de chamarlle a atención ao comportamento de Cristina Amenedo sobre a nova normativa da lingua salienta a homenaxe que lle ofreceron a Castelao en Rianxo unha representación do Padroado de Cultura Galega en Montevideo. Comenta que o grupo viña encabezado por Xosé Mª Monterroso Devesa quen, tras a realización dunha ofrenda floral,

pronunciou un discurso sobre a figura de Castelao como o mito do século XX en Galiza. Finalmente, refírese ao significado de mito e a como este perdura no tempo.

Durán Estévez, Jesús, 'Recuperar la lectura', *El Progreso*, 'Especial Fiestas en Viveiro', 13 agosto 2004, p. 53.

Infórmase da inauguración da oitava edición da Feira do Libro en Viveiro como un reclamo para a recuperación da lectura. De seguida, dáse conta detallada de todos os actos que se levarán a cabo durante os catro días de duración. Sinálase que acto inaugural corre a cargo de Yolanda Castaño e, entre diferentes actividades, destaca a presenza de Sechu Sende, Xoán Neira e Emilio Xosé Ínsua, que presentarán os seus libros: *Orixe*, *A última bengala* e *Xiz de cor*, respectivamente.

Durán Estévez, Jesús, 'Animación', *El Progreso*, 'Especial San Froilán 2004', 5 outubro 2004, p. 57.

Dáse conta de diferentes representacións que se levarán a cabo en Lugo. Entre elas, atópase o grupo de teatro "Os sete magníficos máis" un que interpretarán *As cincentas desclowntroladas*, baseada no conto da Cincenta. Así mesmo, alúdese ao grupos Teatro Espiral que presentará o número *Baba bobo* que trata dun matrimonio excéntrico e lunático.

E.A., 'A editorial Galaxia recompilará as obras completas de García-Sabell', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 5 febreiro 2004, p. 75.

Refírese á homenaxe póstuma a Domingo García-Sabell pola USC e pola editorial Galaxia no Salón Nobre do Pazo de Fonseca en Santiago de Compostela, onde, despois de que o profesor Carlos Baliñas expresase a súa arela de que se reunisen todos os artigos que o expresidente da RAG escribiu durante tantos anos, o responsábel da editorial Galaxia, Victor F. Freixanes, se compromete a publicar a recompilación da obra completa de Sabell destacando a súa contribución á cultura galega. Ademais, sinálase que presentou o libro *Medicina e Humanismo* coordinado por Marcelino Agís Villaverde e Darío Villanueva onde se recollen numerosos artigos dedicados ao autor e publicado da man das dúas institucións.

E.A.R., 'El papel mantiene su reclamo', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 27 outubro 2004, p. L9.

Anúnciase a celebración da primeira edición da Feira do Libro en Oroso que, no seu primeiro día, recibiu bastantes visitantes e consultas sobre todo de literatura galega e infantil. Ademais, infórmase de que haberá escritores para asinar os seus libros, como Fernando Patricio e Sechu Sende.

E.E., 'Pérez Varela anuncia nuevas leyes del libro y bibliotecas y un plan de animación a la lectura', 'Nacional', 21 decembro 2004, p. 22.

Dáse conta das novidades lexislativas que lle afectan ao mundo editorial e da cultura galega e que presentou o conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela, con motivo da inauguración da Biblioteca Municipal 'Daniel Castelao' na vila pontevedresa de Silleda. Sinálase que a estas novidades súmaselles a intención de crear unha Rede Galega de Bibliotecas.

E.F., 'Santa Comba acolle esta semana unha exposición de libros antigos', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 2 marzo 2004, p. L12.

Faise eco da exposición de libros antigos que se realiza en Santa Comba onde destacan *Suspiros da terra* de Pepe de Xan Bañá, por exemplo.

E.G., 'Se presenta hoy en Tui el libro y película 'Bieito Dubidoso', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño', 13 febreiro 2004, p. 18.

Anúnciase a presentación no Teatro Municipal de Tui do libro *Bieito Dubidoso* (2003), de Roque Cameselle, así como o episodio piloto da longametraxe de debuxos animados baseada na novela.

E.M., 'Veinte escritores debatirán en el pazo de Mariñán', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 novembro 2004, p. 54.

Infórmase da celebración do II Encontro de escritores galegos no que participarán ao redor de vinte poetas, narradores e dramaturgos. Coméntase que o evento terá lugar no pazo de Mariñán na Coruña entre os días 19 e 21 de novembro. Finalmente, confírmase que todos os relatorios serán publicados pola revista *Grial*.

E.M.M., 'La ampliación de la biblioteca se cifra en casi 450.000 euros', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 7 febreiro 2004, p. 11.

Informa da reunión que tivo lugar en Ferrol onde a Comisión de Obras do Concello lle presentou aos grupos da oposición o proxecto básico das obras de reforma da biblioteca municipal.

E.P., 'Rivas e Prado asinan exemplares no seu libro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 xaneiro 2004, p. 42.

Anuncia que Manuel Rivas e Anxo Prado asinarán exemplares da súa obra *Contos de Nadal*.

E.P., 'Ourense declara a Bóveda como Fillo Predilecto', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xaneiro 2004, p. 52.

Faise eco do nomeamento de Fillo Predilecto de Ourense a Alexandre Bóveda polo seu labor como galeguista e escritor.

E.P., 'Grandes, Coe e Aneiros chegan o luns a Santiago', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 xaneiro 2004, p. 51.

Anuncia a chegada para o acto de entrega dos tres gañadores da IX edición do Premio San Clemente 2003, Rosa Aneiros, Almudena Grandes e Jonathan Coe. Informa tamén do día, hora e lugar do acto de entrega. Ubaldo Rueda, director do Instituto Rosalía de Castro, fixo saber que este acto formaba parte dos Actos Conmemorativos do catrocentos aniversario do Colexio San Clemente e do sesenta aniversario do Instituto Rosalía de Castro. Salienta ademais o feito de que o xurado estea formado por alumnos de ensino medio como algo que lles fai "ilusión" aos premiados.

E.P., 'Freixanes insta a recuperar as nosas letras sobre o mar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 xaneiro 2004, p. 51.

Faise eco da presentación dun monográfico de *Grial*, que deixa testemuño das reflexións mariñeiras dos dez escritores participantes no ciclo "Un mar de literatura" celebrado en Vigo. Recóllense algunhas das palabras pronunciadas por Víctor F. Frenixanes.

E.P., 'Por saber contar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 xaneiro 2004, p. 45.

Informa da entrega do Premio San Clemente 2003 a Almudena Grandes, Rosa Aneiros e Jonathan Coe polas súas novelas *Los aires difíciles*, *Resistencia*, e *O Club dos Canallas*, respectivamente. Por un lado salienta o feito de que o xurado estea formado por alumnos de Bacherelato de diferentes institutos, o que aos gañadores lles fai máis "ilusión"; por outro, a entrega no mesmo acto da Medalla de Ouro ao editor Jordi Herralde. Finalmente, recolle os nomes dalgúns dos gañadores de anteriores edicións.

E.P., 'Padrón reúne arredor do viño a Rosalía e Cabanillas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 xaneiro 2004, p. 50.

Informa da exposición itinerante "Rosalía e Cabanillas a través do viño"que se amosará na Casa-Museo de Rosalía de Castro, logo de estar en Cambados. Apunta que a exposición recompila retallos da obra de ambos os dous escritores con referencias ao mundo do viño.

E.P., 'O Igaem incrementa nun 5% as axudas á escena galega', *Galicia Hoxe*, 'Teatro', 2 marzo 2004, p. 49.

Dá conta do aumento das axudas ao sector escénico galego por parte do Instituto Galego de Artes Escénicas e musicais (Igaem).

E.P., 'Tralo 'Soño dunha noite de San Xoán', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 marzo 2004, p. 50.

Faise eco da colaboración económica de Caixanova á largometraxe *Soño dunha noite de San Xoán*, da productora Dygra Films, que é unha adaptación libre d' *O sono dunha noite de verán,* de Willian Shakespeare.

E.P., 'Apoio á Fundación Manuel Puente, mecenas do galeguismo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 marzo 2004, p. 49.

Faise eco da concesión dunha axuda da Xunta de Galicia á Fundación Manuel Puente para que colabore nos traballos de rexistro e control bibliográfico dos impresos conservados nos centros galegos e para a promoción da lingua e a cultura galega.

E.P., 'Ferrín no Festival de Poesía Venezuela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 marzo 2004, p. 53.

Dá conta da participación de Xosé Luís Méndez Ferrín no Festival Mundial da Poesía Venezuela 2004, organizado polo viceministro de Cultura dese país, que se celebra con motivo do Día Mundial da Poesía.

E.P., 'Unha aposta por un nacionalismo visible', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 marzo 2004, p. 50.

Dá conta da presentación das traducións ao valenciano de *Españois todos* e *Trece badaladas*, de Suso de Toro polo propio escritor.

E.P., 'A Biblioteca González Garcés terá acceso a Internet', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 marzo 2004, p. 62.

Indica que se instalou un servizo de acceso público e gratuíto a Internet na Biblioteca pública González Garcés na Coruña.

E.P., 'Un millón de euros á edición e traducción en galego/Máis dun millón de euros á traducción de obras ó galego', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Hoy', 28 marzo 2004, p. 68/75.

Salienta que a Consellería de Educación destinará máis dun millón de euros á edición de obras escritas en galego, sexan traducións ao galego de textos ou edicións en galego de orixinais feitos noutros idiomas.

E.P., 'Pontevedra co poeta Xoán Vidal', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 marzo 2004, p. 70.

Dá conta do acto de homenaxe que o concello de Pontevedra lle tributará ao poeta Xoán Vidal Martínez (19040-1994) qu será o primeiro dunha serie de actividades que se realizarán co gallo do centenario da súa morte.

E.P., 'Singularidades e coincidencias das dúas Fisterras Europeas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 abril 2004, p. 45.

Anuncia o inicio do Congreso Internacional organizado polo Departamento de Historia Contemporánea da USC e o Consello da Cultura Galega "Galicia-Irlanda: dúas Fisterras Europeas", onde se analizarán as singularidades e coincidencias das dúas rexións.

E.P., 'A Feira do Libro de Santiago en positivo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 maio 2004, p. 45.

Balance positivo da XXIII edición da Feira do Libro de Santiago de Compostela, onde triunfaron maioritariamente as novidades editoriais.

E.P., 'Os editores debaten os seus retos en Santiago', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 maio 2004, p. 45.

Informa do V Congreso de Editores que se vai celebrar en Santiago organizado pola Federación de Gremios de editores de España (FGEE) e a Asociación Galega de Editores e no que se abordarán temas como a defensa do prezo fixo do libro e a lectura mediante a potenciación das bibliotecas.

E.P., 'A nova Mesa polo Libro achegará solucións aos problemas do sector', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 10 xuño 2004, p. 77.

Dá conta da creación da Mesa polo Libro que ten como principal obxectivo atopar solucións concretas aos problemas dos diferentes sectores vinculados á produción editorial. Sinala que se crearon dentro dela tres comisións que se encargarán de preparar o proxecto da Lei do Libro de Galicia.

E.P., 'A Fundación Curros de 'Interese Cultural', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 xuño 2004, p. 53.

Informa de que a Xunta de Galicia declarou á Fundación Curros Enríquez de "Interese Cultural".

E.P., 'Visto e prace para Lorenzo Varela', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 20 xuño 2004, p. 73.

Anuncia o nomeamento de Xesús Manuel Lorenzo Varela (1916-1978) como o próximo homenaxeado no día das Letras Galegas e achega algúns datos biobibliográficos sobre a súa vida e obra.

E.P., 'Ábrese o luns en Vigo a Feira da Lectura', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 xuño 2004, p. 54.

Indica que proximamente se inaugurará a XXX edición da Feira do Libro de Vigo organizada pola Concellería de Cultura e a Federación de Libreiros de Galicia.

E.P., 'Ante 'Padrón, berce de escritores', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 xullo 2004, p. 53.

Indica que as Fundacións Rosalía de Castro e Camilo José Cela se uniron para organizar un seminario, que terá lugar o día antes da inauguración da exposición "Padrón, berce de escritores".

E.P., 'César Antonio Molina doa a súa biblioteca á Deputación', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 xullo 2004, p. 51.

Informa da doazón do director do Instituto Cervantes, César Antonio Molina, e da súa esposa, da súa biblioteca persoal á Deputación da Coruña e indica tamén que se estableceron unhas liñas de colaboración coa R.A.G.

E.P., 'El Igaem adjudica 632.500 euros en ayudas a 21 compañías teatrales', *El Correo Gallego*, 'Teatro', 11 agosto 2004, p. 68.

Infórmase da concesión das axudas económicas ofrecidas polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais a un total de vinteúnha compañías teatrais de carácter profesional: doce son de teatro de autor e nove de espectáculo de títeres. Tamén se indica que parte da contía queda reservada para a futura posta en escena das obras galardoadas co XII Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais e co I Premio Internacional Barriga Verde de Textos

para Teatro de Títeres. Por último, ofrécese unha relación dos nomes de todas as compañías subvencionadas.

E.P., 'A Mesa do Libro xerou 2.000 páxinas en informes', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 outubro 2004, p. 68.

Dáse conta da chegada á Consellería de Cultura de máis de dúas mil páxinas de informes e propostas en relación ao panorama editorial galego.

E.P., 'Nano (Hamlet) faise independente', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 novembro 2004, p. 50.

Dáse conta da publicación do libro *El príncipe manco* do escritor galego Suso de Toro. Indícase que este volume se centra no personaxe Nano, un home maior que non está realizado, e que o libro é unha mestura de poesía, ensaio e contos, etc.

E.P., 'Blanco Amor es, desde ayer, 'Hijo Predilecto' de la provincia de Ourense', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 27 novembro 2004, p. 68.

Dáse conta da aprobación do acordo, polo pleno da Deputación, no que se decide declarar a Eduardo Blanco Amor fillo predilecto da provincia. Destácanse aquí as declaración realizadas polo presidente da deputación ourensán, José Luís Baltar, tras o pleno anunciando que o acto se celebrará noutro pleno e no mesmo lugar o 1 de decembro.

E.P., 'A Mesa doa libros a Fala Ceibe do Bierzo', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 30 novembro 2004, p. 76.

Saliéntase a doazón de libros en galego que a Mesa pola Normalización Lingüística e a Fundación Vía Galego lle fixeron á asociación cultural Fala Ceibe do Bierzo, co obxectivo de manter as colaboracións entre os dous lados da raia administrativa.

E.P., 'A editorial Galaxia presenta a publicación de catro títulos para as festas de Nadal', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 10 decembro 2004, p. 74.

Dáse conta das catro novidades editoriais coas que a editorial Galaxia pretende afrontar a campaña de Nadal. Trátase dos seguintes títulos, todos pertencentes ó xénero da narrativa: *Diario de comidas*, de Xavier Rodríguez Baixeiras, *As frechas de ouro*, do profesor inglés John Rutherford, *Unha viaxe no Ford T*, do historiador Eduardo Agrafoxo e *Capitol última sesión*, do crítico audiovisual Miguel Anxo Fernández.

E.V.R., "Retrouso' pon en marcha un grupo de teatro', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 9 outubro 2004, p. 19.

Dá conta da creación do grupo de teatro da asociación cultural Retrouso, que está dirixido para persoas de entre catorce e vintecinco anos. Explica que a matrícula para participar nesta iniciativa aínda está aberta e que as clases terán lugar os sábados entre as oito e as dez da noite. Sinala, finalmente, que o profesor do taller teatral será Gaspar Broullón, que é actor e director do colectivo Fatuati Teatro de Santiago de Compostela.

Eiré, Afonso, 'A forza dun poeta', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Cultura', 16 setembro 2004, p. 21.

Lembranza ao poeta Manuel María polo seu pasamento. Eiré comenta que foi o "poeta nacional" e que concibiu a poesía como un servizo popular. Ademais dá conta dalgunhas obras súas como *Muiñeiro de Brétemas* ou *Terra Chá* e salienta a súa faceta non só de poeta, senón tamén de dramaturgo, ensaísta, narrador e activista, sempre, en cada unha delas, defendendo as súas ideas e loitando pola mellora da nación. Finalmente, afirma que a lembranza de Manuel María permanecerá sempre na alma do pobo.

EP., 'La relación de literatura y ciudad, a debate en el Congreso de Galeusca', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 28 outubro 2004, p. 74.

Saliéntase a celebración do Congreso Galeusca en Ourense e Allariz no que participarán escritores galegos, cataláns e vascos aos que nomea. Así mesmo, recóllense as palabras de Carlos Negro, secretario da Asociación de Escritores en Lingua Galega, quen apunta que a conferencia inaugural correrá a cargo de Marcos Valcárcel que tratará sobre a cidade de Ourense como universo literario e indica cales serán os tres temas fundamentais do congreso: a presenza das cidades galegas, catalás e vascas nas obras literarias; a visión doutras cidades do mundo nestas literaturas; e o tema das cidades intanxíbeis e soñadas.

Escrigas, Carmina, 'Volver a Luis Seoane', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 marzo 2004, p. 58.

Dá conta das xornadas que organizaron na Coruña a Xunta de Galicia e a Fundación Luís Seoane para conmemorar o vintecinco cabodano do pasamento do artista. Nelas participan, entre outros, Alonso Montero, Díaz Pardo, María Antonia Pérez e Antón Patiño.

Escrigas, Carmina, 'Invitación a la lectura y a la solidaridad con los primeros calores del año', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 25 abril 2004, p. 19.

Dá conta da celebración da Feira do Libro na Coruña onde se realizará un desconto do 5% a todos os exemplares mercados.

Espasandín, María Carmen, 'Na ponte vella', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 17 agosto 2004, p. 7.

O narrador relata o medo que lle ten á primavera que rexeita fronte ao inverno como estación máis querida. Ao final do conto descóbrese que o rexeitamento á estación florida é debido á morte dun compañeiro nesa época.

Estévez, Eduardo, 'De 'Derrotas'', *El Correo Gallego*, 'MARÉ', 22 xuño 2004, p. 46.

Composición poética de verso e estilo libre onde se describe a chegada da noite, que leva asociado un sentimento de soidade. Este mesmo poema, cunha distribución dos espazos diferente, foi publicado o día 7 de xullo.

Estévez, Eduardo, 'De 'Derrotas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 xullo 2004, p. 54.

Composición poética de estilo libre, sen rima, onde se ofrece unha visión pesimista da noite, moi acentuada coa división en tres estrofas que conteñen un número desigual de versos. Este mesmo poema, cunha distribución diferente dos espazos entre os versos, foi publicado o 22 de xuño.

Estévez, Eduardo, 'De 'Derrotas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 xullo 2004, p. 54.

Poema de estilo libre sen rima no que se reflicte unha situación de absoluta incomunicación nunha parella, que, segundo parece ser, perdeu a "complicidade".

Estévez, Eduardo, 'De 'Derrotas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 xullo 2004, p. 54.

Texto poético de estilo libre, sen rima, que está dividido en tres estrofas, nas que o eu poético anuncia como vai ser a situación na que el e a súa parella pasen a noite.

Estévez, Eduardo, 'De 'Derrotas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 agosto 2004, p. 54.

Preséntase un fragmento dun dos poemas escritos por Eduardo Estévez no seu poemario *Derrotas*. O poema versa sobre a presencia permanente da patria no individuo.

Estévez, Eduardo, 'De 'Derrotas', *Galicia en el mundo*, 'MARÉ', 2 setembro 2004, p. 54.

Recóllese un poema de Eduardo Estévez sacado do libro *Derrotas* sobre a creación literaria.

Estévez, José, '3.000 libros para la Biblioteca 'Medal', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Ciudad', 25 setembro 2004, p. 10.

Dáse conta da creación da nova Biblioteca Pública de Ponte Sampaio que leva o nome do artista Antonio Medal Carrera. Sinálase que se inaugura cun fondo de tres mil libros doados por distintas entidades públicas e que no acto de inauguración se descubriu un busto en honor do artista e que a súa muller doou dous cadros pintados polo seu marido.

Estévez, José, 'La nueva Biblioteca de Ponte Sampaio registra una decena de usuarios diarios', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Ciudad', 20 outubro 2004, p. 10.

Indícase que tras un mes de funcionamento da nova Biblioteca Pública Antonio Medal, os usuarios máis asiduos son os alumnos da ESO que contan con tres mil exemplares para consultar. Sinálase que o presidente da entidade considera que os fondos aínda son escasos e que pretende solicitar máis doazóns, así como, conseguir un maior uso da biblioteca por parte dos maiores, dotándoa de xornais. Tamén se anota que a viúva da Antonio Medal entregou dous cadros do seu marido e que o día da inauguración se descubriu un busto en lembranza de Antonio Medal.

F.G., 'Cita con Rosalía', *El Progreso*, 'Especial Domingo das Mozas', 10 outubro 2004, p. VII.

Dáse conta da homenaxe que, como todos os anos, se lle rende á poeta Rosalía de Castro, no parque que leva o seu nome da cidade de Lugo, durante as festas patronais do San Froilán. Apúntase que este ano a ofrenda realizaraa a decana da Facultade de Veterinaria de Lugo, Ana Bravo, en presenza de distintas autoridades. Así mesmo, recóllese un resumo de cándo foi a primeira vez que se realizou esta ofrenda e a repercusión que tivo posteriormente.

F.M.B., 'Jonathan Coe, premio Arcebispo Juan de San Clemente', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Olladas', 25 xaneiro 2004, p. 2.

Ademais de mencionar que a gañadora en narrativa galega do Premio San Clemente 2003 foi Rosa Aneiros coa novela *Resistencia* (editada en decembro do 2002), este artigo centra a súa ollada no gañador en novela estranxeira do Premio San Clemente, Jonathan Coe, coa obra titulada *El Club de los Canallas*, calificada como unha gran novela na que Coe describe a Inglaterra dos anos 70 a través da visión de catro adolescentes que frecuentan un colexio de élite de Birmingham. Salienta o seu dinamismo e o estilo narrativo.

F.M.B., 'Para que non desapareza o premio Blanco Amor', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Olladas', 7 marzo 2004, p. 2.

Aproximación ao Premio Blanco Amor de novela longa dende un chamamento para que este non desapareza. Despois de facer un percorrido pola historia do premio dende a súa creación ata chegar a convertirese, xa na XXII edición, nun "importante elemento dinamizador da cultura", advértese do perigo que corre na actualidade a súa existencia por

mor das "motivacións que teñen que ver coa súa orixe municipal", xa que a participación é voluntaria. Remata pedindo unha maior sensibilización por parte dos concellos galegos polo feito literio e una maior concienciación á hora de aportar financiamento para evitar a súa desaparición.

F.M.B., 'Antón Tovar, na casa da morte tantas veces presentida', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Olladas', 27 xuño 2004, p. 2.

Elexía-panexírico emocionado, pola morte de Antón Tovar, que finou o dezaseis de xuño de 2004.

F.M.B., 'Álvaro Lago: o eterno carnaval da literatura', *El Correo Gallego*, 'Olladas', 4 xullo 2004, p. 2.

Dá conta da publicación de *Retablo de jácaras tristes y farsas jocundas sobre la muerte, el sexo y la vida provinciana* do escritor bilingüe galego-castelá Álvaro Lago. Achega tamén unha visión da súa biografía e realiza un comentario da obra.

F.M.B., 'A incerta chegada dos bárbaros á narrativa galega', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Olladas', 21 novembro 2004, p. 2.

Comeza marcando a influencia da literatura iberoamericana na península que coincidiu coa Nova Narrativa Galega nas décadas do 50-60. Polo tanto, salienta que na literatura galega hai un realismo máxico en versión galega anterior ao hispanoamericano e que a influencia da materia dos soños, os mitos e o sobrenatural sobre o pobo galego xa lle vén dada da vida das tribos de labregos e mariñeiros de hai dous mil anos, anteriores á chegada dos bárbaros.

F.P., 'Compostela albergará a sede da SXAE do Noroeste', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 novembro 2004, p. 53.

Anúnciase a aprobación do novo proxecto da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SXAE) de crear a Sede Integral Noroeste. O edificio que se construirá foi deseñado por Antón García Abril e indícase que, está dividido en catro bloques: Formación, Difusión, Xestión e Área Pública, co que acadaría os fins divulgativos e formativos da arte e a cultura.

F.P. maré, 'O mundo en palabra melódica', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 marzo 2004, p. 61.

Manifesta o seu pesar pola morte da poeta Luísa Villalta (Coruña 1957-2004) e, a continuación, realiza unha panorámica pola súa obra e tamén sobre as diferentes actividades literarias nas que participou. Destaca a súa participación na Asociación de Escritores en Lingua Galega.

F.P.L., 'Manuel Puente dará nome a unha fundación cultural', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 marzo 2004, p. 50.

Informa da estadía en Santiago de Rosa Puente, filla de Manuel Puente, para a constitución dunha fundación que terá o nome do finado e que terá unha sede paralela en Bos Aires. Anota que terá como principal obxectivo ser o punto de encontro para os "intelectuais e estudosos da lingua e da cultura galega". Tamén achega uns breves apuntes bio-bibliográficos sobre ese mecenas do exilio galego.

F.P.L., 'Manuel Puente, histórico do galeguismo, dálle o seu nome a unha fundación', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 6 marzo 2004, p. 76.

Faise eco da próxima creación da Fundación Manuel Puente, que terá a súa sede en Bos Aires e unha paralela en Galicia que será o punto de encontro para os intelectuais e estudosos da lingua e da cultura galegas.

F.S., 'Cambados recibe la visita de un grupo de escritores gallegos e iberoamericanos del Pen Club', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 15 xullo 2004, p. 75.

Alúdese ao encontro literario "Galicia e Iberoamérica, un mundo literario" organizado polo Pen Club en Santiago de Compostela, no que participaron diferentes escritores aos que nomea. Explícase que os temas tratados foron: Compostela e a literatura, os camiños da narrativa, a pegada de Borges, poesía e liberdade ou a voz poética no terceiro milenio. Por último, apúntase que tamén se realizou unha homenaxe a Blanco Amor e a Álvaro Cunqueiro.

F.T, 'Los españoles leen más libros en inglés que en gallego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 18 2004, p. 53.

Comentario do barómetro de hábitos de lectura do ano pasado elaborado pola Federación de Gremio de Editores de España onde se destaca que, por exemplo, en España hai máis lectores habituais en inglés ca en galego, que Galicia é a segunda comunidade onde máis se le na lingua autonómica e que a novela é o xénero preferido.

F.V.M, 'La muestra sobre Manuel María estará abierta hasta el 4 de octubre', *La Opinión*, 'Oleiros', 24 setembro 2004, p. 17.

Infórmase da exposición que se realizará na biblioteca central Rialeda de Perillo, sobre a figura de Manuel María polo seu recente pasamento. Indícase que a mostra recolle exemplares de todas as obras do autor e incluso aquelas que están fóra de circulación como

Remol ou *O xornaleiro e sete testemuñas máis*. Así mesmo, tamén se inclúen libros sobre a figura do autor.

F.V.M, 'La biblioteca Riadela acoge una charla de la escritora Rosa Aneiros', *La Opinión*, 'Oleiros', 14 decembro 2004, p. 17.

Dáse conta do encontro literario que a autora manterá cos seus lectores para disertar sobre a súa obra. O motivo do acto, destácase, é a presentación da súa obra *Resistencia*.

Fandiño, Luz, 'Un poema desde Compostela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 novembro 2004, p. 64.

Expresa a inconformidade nun poema breve de ritmo áxil.

Fariña, Pilar, 'Campolongo acogerá la imagen más moderna del urbanismo del siglo XXI', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 30 marzo 2004, p. 24.

Informa, no apartado "Recordando la obra de Xoán Vidal Martínez", da homenaxe póstuma que o concello de Pontevedra lle realizou a Xoán Vidal Martínez (1904-1994), co gallo do centenario do seu nacemento.

Fariña, Pilar, 'La Diputación inicia hoy las obras de la denominada gran manzana cultural', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 14 abril 2004, p. 23.

Dá conta do comezo das obras da "gran mazá cultural" de Pontevedra nos terreos onde estaba o Fogar Provincial.

Fariña, Pilar, 'Recordando a Cuña Novás', *El Correo Gallego*, 'Pontevedra', 30 xuño 2004, p. 19.

Informa do acto que tivo lugar no cemiterio de San Mauro onde os socialistas pontevedreses lembraron a Manuel Cuña Novás.

Fariñas, Elena, 'Tres candidatos a mandar en la Casa', *La Región*, 'Ciudad', 17 xaneiro 2004, p. 12.

Faise eco das próximas eleccións á presidencia da Casa da Xuventude de Ourense, que é o centro neurálxico da maior parte das actividades destinadas aos mozos da cidade.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Territorio da desaparición', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 xullo 2004, p. 54.

Preséntase un poema de Miguel Anxo Fernán-Vello procedente do libro *Territorio da desaparición*, sobre temática existencial.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'De 'Territorio da desaparición'', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 setembro 2004, p. 54.

Preséntase un poema de Miguel Anxo Fernán-Vello procedente do libro *Territorio da desaparición*, que fala do tempo e da creación.

Fernán Vello, Miguel Anxo, 'Editor con maiúsculas', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Cultura', 16 setembro 2004, p. 28.

Salienta a faceta de editor de Manuel María, pouco coñecida e de grande importancia, xa que pretendeu promover o libro e a cultura e, tan só con vinte anos, creou a revista *Xistral* da que só saíron á luz dous números. Sinala que en 1952 naceu a "Colección de Poesía Xistral" e anos despois inaugurou en Monforte a Libraría Xistral. Tamén salienta a importancia da colección "Val de Lemos", editada por Ediciós Xistral na que se publicaron poemas de distintos autores en anos de dificultades pola forte censura. Finalmente, reclama un maior coñecemento desta faceta do escritor que promoveu a saída á luz da poesía galega non só coa creación senón tamén coa súa divulgación.

Fernán, Juan, 'En recuerdo de Luisa Villalta', *El Ideal Gallego*, 'Vivir en A Coruña', 14 marzo 2004, p. 6.

Unhas poucas palabras de lembranza e loanza para Luisa Villalta, "escritora, profesora, violinista, poeta y amiga", unha semana despois da súa morte.

Fernández Albor, Xerardo, 'Un ano sen Borobó', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'Borobó, mestre arousán dos xornalistas galegos', 29 agosto 2004, p. 21.

Con motivo do primeiro cabodano do pasamento de Borobó, Xerardo Fernández Albor, presidente da Fundación Valle-Inclán, homenaxea a figura do escritor galego. Salienta a amizade que dende novo mantiveron a pesar das diferenzas políticas, e resalta sobre todo o estudo que Borobó realizou sobre Valle-Inclán. Así, indica que a Fundación que el preside vai publicar unha antoloxía na que se recollen moitos dos artigos que Borobó escribiu sobre a obra e vida de Valle-Inclán. Finalmente, loa o carácter moral de Borobó e considera que foi un home extraordinario.

Fernández Paz, Agustín, 'Loanza da filatelia (conto triste)', *El Progreso*, 'Contos da Invernía', 31 decembro 2004, p. 88.

Historia da vida de Ernesto Soutelo, un home que coleccionaba caixas de mistos baleiras desde a súa infancia. Nárrase que, cando casou, a muller tamén estaba ilusionada coas caixas pero de contado as rexeitou por ocupar espazo no piso no que vivían. Cando morreu Ernesto, a muller empezou a queimalas unha a unha e non se decatou que tamén queimou o anel que Ernesto lle ía regalar nas próximas vodas de prata.

Fernández, Alicia, 'Cordaesperanza', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 1 agosto 2004, p. 8.

Descrición física dunha rapaza cargada de lirismo, na que o seu corpo e os seus sentimentos se mesturan coa natureza.

Fernández, Carlos, 'Los Reyes inauguran en A Coruña la nueva sede de la Real Academia Gallega', *La Voz de Galicia*, 'Hemeroteca', 23 marzo 2004, p. L16.

Noticia de hemeroteca acaecida en 1979 na que se fai eco da inauguración na nova sede da Real Academia Galega na Coruña polos Reis de España.

Fernández, Carlos, 'Fallece en Vigo el gran poeta gallego Celso Emilio Ferreiro', *La Voz de Galicia*, 'Hemeroteca', 1 setembro 2004, p. L16.

Recóllese a nova publicada en 1979 que facía referencia á morte do escritor Celso Emilio Ferreiro e na que se ofrecía un repaso da súa traxectoria vital e literaria.

Fernández, Carlos, 'Galicia tributa un vibrante homenaje al gran poeta Manuel Curros Enríquez', *La Voz de Galicia*, 'Hemeroteca', 22 outubro 2004, p. L16.

Recóllese a nova de 1904 cando se lle ofreceu ao poeta Manuel Curros Enríquez a máis grande homenaxe en vida na cidade da Coruña, onde participaron Manuel Murguía e Alfredo Vicenti e salientaron que, pasados os anos, a xente lembrará Galicia por nomes como o de Curros, Rosalía de Castro ou Lamas Carvajal.

Fernández, Raquel, 'Sen ti', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 setembro 2004, p. 46.

Poema de Raquel Fernández titulado 'Sen ti' no que o eu lírico expresa a súa felicidade pola marcha de alguén.

Fernández, Xurxo, 'El esquivo retrato de los dioses', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 19 xaneiro 2004, p. 72.

Breve nota sobre a entrega do Premio San Clemente 2003 na que dá os nomes dos gañadores e informa tamén da entrega da Medalla Arzobispo San Clemente aos editores Valente e Herralde.

Fernández, Xurxo, 'Ese lugar que ocupa la cultura', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 26 xaneiro 2004, p. 71.

Breve aproximación á figura de Ubaldo Rueda, director do Instituto Rosalía de Castro, como instaurador do Premio Arcebispo San Clemente, onde a novidade é que son alumnos de ensino medio os que votan aos seus autores preferidos. Así mesmo, informa dos gañadores da edición de 2003: Rosa Aneiros, Jonathan Coe e Almudena Grandes. Finalmente, alude á entrega da Medalla de Ouro por parte desta institución ao editor Jordi Herralde (Anagrama).

Fernández, Xurxo, 'Presencia, acontecer y ausencia', *El Correo Gallego*, 'La Rosa de los Vientos', 4 outubro 2004, p. 72.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, dáse conta do pasamento de Manuel María e menciónase a publicación dun estudio dedicado a Rosalía de Castro, elaborado por Federico Pomar de la Iglesia, baixo o título *Santiago y Rosalía de Castro*.

Ferreira, Isaac, 'Tema libre', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 9 agosto 2004, p. 7.

Recóllese a historia dunha muller a quen lle quedou na memoria a matanza dos porcos que se facía de nena na súa casa, e como o animal era degolado. Esa imaxe repetíuselle cando un home quixo abusar dela e agora atópase diante do xuíz relatándolle o caso.

Ferreira, Ismael, 'Desde aquí... ', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 outubro 2004, p. 46.

Poema de Ismael Ferreira titulado 'Desde aquí..', no que o eu lírico recrimina a situación negativa á que chegou.

Ferreiro, Celso Emilio, 'Longa noite de pedra', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 agosto 2004, p. 54.

Recóllese un poema de Celso Emilio Ferreiro sacado da súa obra *Longa noite de pedra*, no que un home aparece como un raio de luz na escuridade do poeta.

Ferreiro, Celso Emilio, 'Cimenterio privado', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 agosto 2004, p. 56.

Recóllese un poema de Celso Emilio Ferreiro extraído do libro *Cimenterio privado*.

Ferreiro, Celso Emilio, 'Cimenterio privado', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 agosto 2004, p. 56.

Recóllese un poema de Celso Emilio Ferreiro extraído do libro *Cimenterio privado*.

Ferreiro, Celso Emilio, 'Onde o mundo se chama Celanova', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 agosto 2004, p. 56.

Preséntase un poema de Celso Emilio Ferreiro extraído da obra *Onde o mundo se chama Celanova,* sobre a liberdade do ser humano.

Ferreiro, Celso Emilio, 'De 'Poesía Galega Completa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 setembro 2004, p. 54.

Reprodúcese un poema de Celso Emilio Ferreiro tomado da *Poesía Galega Completa* onde o poeta reivindica a opresión sufrida polo pobo galego.

Ferreiro, Celso Emilio, 'Viaxe ao País dos Ananos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 novembro 2004, p. 54.

Reprodúcese un poema de Celso Emilio Ferreiro extraído da súa obra *Viaxe ao país dos ananos*, de tema existencial.

Ferreiro, Celso Emilio, 'De 'Poesía Galega Completa'', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 decembro 2004, p. 38.

Poema no que se describe un mesías anónimo que trae á vida e ao mundo do poeta unha nova era de paz e felicidade.

Ferreño, Lorena, 'Ata a próxima', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 19 xullo 2004, p. 50.

Alude á clausura da XVI Feira do Libro de Pontevedra e apunta a decepción dos libreiros porque as vendas foron moi escasas. En canto ás actividades, estas leváronse a cabo con moito éxito.

Ferxo, 'Ao Manuel', *A Nosa Terra*, nº 1.144, 'Opinión', 30 setembro 2004, p. 7.

Poema ofrecido en nome das Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego como lembranza a Manuel María polo seu pasamento.

Figueiras, Óscar, 'A última noite de Lucrecio Marabillas', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 26 agosto 2004, p. 7.

Narra a historia dun magnífico xogador de fútbol, Lucrecio Marabillas, que se atopa no seu derradeiro partido e representando ao seu país. Nos minutos finais do encontro ten a oportunidade de marcar o único gol e acadar a vitoria pero falla no seu tiro e deste xeito xa non será lembrado polos afeccionados nunca máis.

Filgueiras, Laura S., 'La Casa das Palabras cumple un año con una media de mil visitas diarias', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 25 abril 2004, p. 13.

Realiza un balance do primeiro ano de existencia do Verbum, salientando que non foi tan negativo e informa dos proxectos de actuación que se van levar a cabo para dinamizalo máis.

Filgueiras, Laura S., 'Un libro recoge el medio siglo de vida artística del pintor Xaime Quessada', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 30 xuño 2004, p. 14.

Dá conta da presentación na Feira do Libro de *Quessada. Arte e Liberdade*, de José Gómez Alén, en dous volumes prologados por Darío Villanueva, que recollen os cincuenta anos de vida artística do debuxante. Tamén informa dos diferentes eventos que terán lugar na Feira.

Flowers, Margarito, 'Touro sentado se mete a poeta', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 7 outubro 2004, p. 80.

Dáse conta da presentación das novas creacións poéticas de Xosé Uxío Diz.

Flowers, Margarito, 'La soprano Laura Alonso estrenará el año cantando en quince lenguas diferentes', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 30 decembro 2004, p. 78.

Infórmase de que catro artistas galegos, Carmen Hermo, Miguel Pereira, Antón Sobral e Enrique Velasco, participarán na galería compostelá C5 que recolle entre outras artes, fotografía poética.

Forján, Emilio, 'A biblioteca brionesa aumentou socios e número de consultas', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 28 xaneiro 2004, p. L13.

Comenta que aumentaron os socios e os lectores da biblioteca municipal de Brión.

Forján, Emilio, 'O galeguista Avelino Pousa Antelo cumpre hoxe '90 primaveras' cunha homenaxe de amigos en Teo', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 14 maio 2004, p. L11.

Informa de que Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao, acaba de cumprir noventa anos e dá conta de todos os actos que se celebrarán por este feito.

Forján, Emilio, 'Os veciños da Baña réndenlle unha homenaxe a Pousa Antelo', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 25 xuño 2004, p. L12.

Alude á homenaxe que a asociación de veciños "A Barcalesa de Seoane" (A Baña, A Coruña) lle rendeu ao galeguista Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao, co gallo do seu noventa aniversario.

Forján, Emilio, 'Promocionan con pancartas gigantes en Negreira los actos del centenario de Xulián Magariños', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 11 agosto 2004, p. L9.

Con motivo da celebración do centenario do nacemento do escritor Xulián Magariños Negreira, dáse conta das actividades que ten previsto levar a cabo o Concello. Sinálase que a máis importante será a "Semana Magariños" que contará cun congreso sobre o escritor, unha exposición de fotografías cedidas pola familia e un recital de guitarra clásica.

Forján, Emilio, 'O programa do congreso sobre Xulián Magariños xa está pechado', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 19 agosto 2004, p. L8.

Infórmase da celebración do congreso en homenaxe a Xulián Magariños Negreira polo centenario do seu nacemento. Coméntase que está organizado pola Concellería de Cultura e que se celebra na Casa da Cultura cunha participación de dezaseis profesores e catedráticos dos que se dá conta, como Marcos Valcárcel, Ramón Mariño Paz, Amancio Liñares Guiraut ou Ramón Villares.

Forján, Emilio, 'O congreso sobre Xulián Magariños centra a semana do seu centenario', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 14 setembro 2004, p. L13.

Dá noticia da celebración, na localidade de Negreira e a instancias da Consellaría de Cultura, dun congreso sobre a figura de Xulián Magariños. Destácase a coincidencia entre estes Congreso e o centenario do seu nacemento. Resúmense os actos máis destacados deste congreso, con especial relevancia da conferencia que, baixo o título "A lexicografía galega na época de Xulián Magariños e os seus precedentes", impartiu o profesor de filoloxía galega Ramón Mariño Paz.

Formoso, Luís, 'Impotentes', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 xullo 2004, p. 54.

Recóllese un poema de Luís Formoso titulado 'Impotentes', de tema satírico.

Forxán, Emilio, 'Negreira acolle as xornadas do escritor Xulián Magariños', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 12 setembro 2004, p. L11.

Co obxectivo de conmemorar o centenario do nacemento do escritor Xulián Magariños, infórmase de que o Concello de Negreira ten previsto realizar diferentes actividades ao longo dunha semana. A homenaxe, segundo se indica, comezará cunha exposición de fotografías do autor e o día máis importante será o 16 (data concreta do nacemento do autor) no que celebrarán unha misa, unha ofrenda floral ante a súa tumba e á tarde, inauguraranse as xornadas sobre a súa vida e obra. Ao final, noméanse os resto de actos da semana.

Fraga, Jesús, 'La narrativa erótica entra en crisis como género literario en España', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 febreiro 2004, p. 47.

Informa de que o premio de literatura erótica, "La sonrisa vertical" da editorial Turquets se declarou deserto nesta edición debido a que os diferentes manuscritos entregados non reunían as características requiridas. Achega as palabras da editorial nas que se afirma que se modificarán as bases do premio ou se anulará. Tamén apunta que esta situación muda substancialmente na literatura galega onde Francisco Macías, editor de Edicións Positivas, que convoca o premio de literatura erótica "Narrativas Quentes", se amosa moi positivo coa marcha deste xénero en Galicia. Destaca a peculiaridade de que en galego a meirande parte dos escritores que cultivan o xénero erótico fano vinculándose á poesía. Conclúe falando dos tres principais representantes: Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo e Yolanda Castaño.

Fraga, Jesús, 'No sé si es bueno o malo que la gente llore leyendo mis libros', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 6 marzo 2004, p. 54.

Conversa con Ian McEwan (Inglaterra, 1948), gañador do premio de Novela Europea Casino de Santiago coa obra *Expiación*, na que reflexiona sobre o sistema literario inglés ou a problemática da tradución de obras á lingua inglesa. No tocante ás súas obras, afirma que unha novela é unha extensión da personalidade dun mesmo, por iso se centra na investigación do comportamento humano. A seguir, céntrase xa na obra gañadora do certame, que recrea a evacuación de Dunkirk, donde estivo seu pai e remata referíndose a gran dose de emoción que, segundo os lectores, implica ler a súa novela.

Fraga, Jesús, 'Galicia incrementó su producción editorial en el 2003 con 1.980 títulos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 4 maio 2004, p. 57.

Nesta análise da produción editorial en España, sinálase que en Galicia destaca o aumento de títulos, o que contrasta co descenso de volumes de cada un.

Fraga, X., 'La edición en gallego continúa su subida con 1.828 títulos en el 2003', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 23 outubro 2004, p. 47.

Dáse conta dos datos obtidos pola Panorámica da edición española de libros no 2003 elaborada polo Ministerio de Cultura. A conclusión é que o número de títulos publicados segue aumentando. Con respecto á produción en galego, a porcentaxe chega a dobrarse pero aínda que se publican más libros, imprímense menos exemplares de cada un. Coméntase tamén que os máis abundantes son los libros de texto e que as traducións ao galego seguen sendo baixas. Por último, apúntase que a editorial que máis títulos rexistrou foi A Nosa Terra seguida de Xerais, Galaxia, Edebé, etc.

Fraga, Xesús, 'Unha colección inspirada na solidariedade cultural', *La Voz de Galicia*, 'Cutura', 23 abril 2004, p. 51.

Fala da gran colección de obras que posúe Ramiro Fonte (Pontevedra, 1957) na que destacan as primeiras edicións de obras como *Follas Novas* ou *O Divino Sainete* de Curros Enríquez.

Fraga, Xesús, 'O amargo pouso dos versos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 outubro 2004, p. 50.

Resáltase o conflito que produciu a publicación da obra de Celso Emilio Ferreiro, *Viaxe ao país dos ananos*, entre os emigrantes, xa que moitos entenderon os versos como un ataque directo a todos os galegos e algúns non se merecían tales sarcasmos. Sinálase que isto opínao Alonso Montero, quen comenta a idea que tiña Celso Emilio co libro, ademais de anotarse que Ramiro Fonte considera que a obra "xurdiu dunha visión demasiado inxenua da emigración".

Fraga, Xesús, 'Na terra de ninguén', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 91, '6 contos de nadal', 18 decembro 2004, p. 8.

Conto de Nadal que narra a historia do soldado Neal que o día de Noiteboa lle tocou estar no fronte, no ano 1914. Esa noite escoitou cantar e felicitarse entre eles aos soldados alemáns e, entón, os dous exércitos saíron á terra de ninguén a celebrar a Noiteboa. Neal coñeceu o cantor alemán e sacáronse unha foto. Cando a batalla comezou de novo, Neal recibiu un disparo e morreu. O conto remata coa lembranza de que todos os anos por Nadal, a familia de Neal recibe unha postal de Alemaña.

Franco, Anxo, 'Punto cero', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 8 agosto 2004, p. 7.

A primeira persoa deste relato conta a situación que sufriu nun momento en que se debatía entre a vida e a morte e só lembra dese intre a sensación de silencio.

Franco, Camilo, 'O volume 'Contos da policía' nace para demostrar a normalización', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 29 xaneiro 2004, p. 43.

Informa da presentación do libro *Palabra por palabra. Contos da policía* (Editorial Ir Indo), que conta con vinteún textos de argumento policial da autoría de doce policías nacionais e tres locais.

Franco, Camilo, 'Culturas sobre o papel', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 52, 'Primeiro aniversario', 13 marzo 2004, p. 52.

Recolle os acontecementos máis destacados do último ano segundo oito destacados persoeiros da vida cultural galega. Destaca Cándido Pazó que chama a atención sobre o afianzamento da narración oral, e Antón Riveiro Coello e Pancho Casal que resaltan a concesión do premio Nacional de Literatura a Suso de Toro.

Franco, Camilo, 'Galicia debate sobre a figura de Luis Seoane no seu 25 cabodano', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 26 marzo 2004, p. 61.

Faise eco das xornadas de conferencias e mesas redondas sobre Luís Seoane que se están a celebrar na Coruña organizadas pola Xunta de Galicia e a Fundacións Luís Seoane. Achega e comenta brevemente o programa de actos.

Franco, Camilo, 'Ser escritora sen aceptar a etiqueta de muller', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 3 abril 2004, p. L9.

Dá conta do debate "Literatura de muller, literatura feminina, literatura feminista" que realizaron Anxo Sumai, Rosa Aneiros e Inma López Silva no Consello da Cultura Galega. Sinala que coinciden en que existen diferenzas de enfoque entre a literatura escrita por mulleres e a escrita por homes e diverxen, entre outras cuestións, no porvir da literatura.

Franco, Camilo, 'Un accionista de Sargadelos impide al grupo convertise en fundación', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 4 abril 2004, p. 49.

Informa de que, debido á negativa dun dos accionistas, posuidor do 1,89% das accións, non se puido unificar a dirección das empresas baixo a Fundación Sargadelos.

Franco, Camilo, 'Sargadelos: un modelo para unha empresa cultural', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 56, 'En portada', 17 abril 2004, p. 3.

Amplo repaso pola historias do Grupo Sargadelos dende as súas orixes, a finais do século XVIII, cando o marqués de Sargadelos, Antonio Raimundo Ibáñez, fundou a primeira siderurxia integral da Península Ibérica, até a actualidade, cando por mor da negativa dun accionista non se puideron integrar as diversas empresas na Fundación Sargadelos, o que pon en perigo o seu principal obxectivo, recuperar a identidade do país.

Franco, Camilo, 'El Gobierno reducirá el IVA de los discos, los libros y el arte', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 30 abril 2004, p. 46.

Faise eco da redución do I.V.E. nos discos, nos libros e no mundo da arte, o que se enmarca na denominada "excepción cultural". Sinala que isto terá como consecuencia inmediata o abaratamento destes produtos.

Franco, Camilo, 'Bernardino Graña recibe en Portugal o premio de narrativa Eixo Atlántico', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 8 maio 2004, p. 48.

Dá conta do acto de entrega a Bernardino Graña por *Protoevanxeo do neto de Herodes* do IIº Premio narrativo Eixo Atlántico, galardón patrocinado por La Voz e o xornal portugués "Público". Trátase dunha obra na que se ofrece unha interpretación distinta da *Biblia* e das figuras de María e Xesús. Ademáis de mencionar aos asistentes ao acto, recolle as opinións do galardoado expresando a súa satisfacción así como explicando aos presentes a súa relación con Portugal. Salienta a intervención do director de Opinión de *La Voz* que sinalou que a novela vai levantar máis dunha polémica.

Franco, Camilo, 'Fraga anuncia no congreso de editores a creación da lei para o libro galego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 14 maio 2004, p. 52.

Dá conta da futura lei para o libro galego que garantirá un mellor futuro para o mundo da edición e do libro en Galicia e analiza a situación actual.

Franco, Camilo, 'Só o 12% dos libros publicados en lingua galega son traducións', *La Voz de Galicia*, 'A fondo', 17 maio 2004, p. 2.

Salienta o feito de que só o 12% dos libros que se publican en galego son traducións, o que supón a metade do que debería ser habitual nunha lingua normalizada, e analiza algunha das posíbeis causas.

Franco, Camilo, 'Os diálogos de Mariñán afondan no valor literario da patria e da memoria', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 5 xuño 2004, p. 53.

Realiza un resumo das catro intervencións que tiveron lugar nos Diálogos de Mariñán, que realiza a Fundación Carlos Casares e que versaron sobre "Patria e memoria". Apunta que neles participaron Bernardo Atxaga, Manuel Rivas, Luís González Tosar e Nélida Piñón.

Franco, Camilo, 'Kalandraca crea unha editorial para publicar en Andalucía', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 7 xuño 2004, p. 55.

Informa da creación dunha nova filial en Andalucía da editorial Kalandraka, que forma parta da súa expansión.

Franco, Camilo, 'Unha candidatura única e de consenso optará á nova directiva dos editores', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 12 xuño 2004, p. 48.

Informa da presentación dunha única candidatura para a presidencia da directiva da Asociación Galega de Editores encabezada por Miguel Anxo Fernán Vello, que representa a continuidade e a renovación.

Franco, Camilo, 'A candidatura de consenso acada o apoio da asemblea de editores', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 xuño 2004, p. 55.

Dá conta da elección da nova directiva da Asociación Galega de Editores a fronte da cal vai estar Miguel Anxo Fernán-Vello, presidente de Espiral Maior.

Franco, Camilo, 'Falece en Ourense Antón tovar, o poeta da lucidez e o pesimismo', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 xuño 2004, p. 54.

Dá conta do falecemento de Antón Tovar e ofrece datos biobibliográficos, destacando o último acto público no que participou: un faladoiro no Liceo Recreativo de Ourense sobre a reedición do libro *El tren y las cosas*.

Franco, Camilo, 'Riveiro Coello e Xosé Benito Reza, novos xuíces de honra', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 27 xuño 2004, p. 56.

Dá conta do acto no que Antón Riveiro Coello e Xosé Benito Reza, entre outros, foron investidos co título de "Xuíces honorarios do Couto Mixto".

Franco, Camilo, 'Os editores galegos propoñen un plan de choque para as bibliotecas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 xullo 2004, p. 58.

Informa da reunión que a executiva dos editores galegos tivo co presidente da Xunta, na que lle entregou un documento titulado *Notas de urxencia sobre a situación actual do libro en Galicia*. Apunta que neste informe, entre outros aspectos, se reivindica o aumento do gasto en libros até chegar a 1,5 exemplares por habitante nas bibliotecas públicas.

Franco, Camilo, 'A editorial Sotelo Blanco inicia unha colección de libros feministas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 7 xullo 2004, p. 49.

Dá conta da presentación por parte da Editorial Sotelo Blanco da colección "As letras das mulleres", que ten como finalidade recuperar textos que trataron o papel da muller na historia. Anota que a colección se abriu coa publicación d'*A cidade das mulleres*, de Cristina de Pizán e *Vindicación dos dereitos da muller*, de Mary Wollstonecraft. Anúnciase tamén a publicación d'*Orgullo e Prexuizo* de Jane Austen e de *Un cuarto*, de Virginia Woolf. Conclue achegando datos bio-bibliográficos de M. Wollstonecraft.

Franco, Camilo, 'Os editores piden que se recoñeza a débeda histórica co libro galego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 agosto 2004, p. 55.

Dáse conta da elaboración dun informe editorial realizado pola Asociación de Editores Galegos no que reclaman unha maior atención por parte da Xunta de Galicia ao sector editorial debido ás dificultades que está a ter.

Franco, Camilo, 'Pequenas cidades, grandes obras', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 74, 'Literatura', 21 agosto 2004, pp. 8-9.

Expón as relacións que se establecen entre certas cidades galegas e o mundo literario. Lembra que nos libros se poden atopar auténticas descricións de cidades como o caso de Ourense ou Santiago, pero tamén, ás veces, na literatura aparecen vilas inexistentes na realidade como Floravia ou Dalmara. Outro tipo de relación, segundo Camilo Franco, prodúcese naquelas vilas onde naceron ou viviron abundantes ou importantes escritores, como é o caso de Padrón, Rianxo, Mondoñedo e Celanova. A continuación, explica que o artigo se divide en catro seccións dedicadas a cada vila mencionada e aos seus escritores.

Franco, Camilo, 'As traduccións protagonizan o inicio do outono literario galego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 6 setembro 2004, p. 63.

Dáse conta das traducións que verán a luz no outono nas diferentes editoriais galegas. Sinálase que Galaxia edita *As ondas*, de Virginia Woolf coa tradución de María Cuquejo e, tamén da mesma autora, *Un cuarto propio*, editada por Sotelo Blanco e traducida por Iria Sobrino. Anúnciase que esta última editorial, en textos clásicos, publicará *Orgullo e prexuízo* de Jane Austen, traducida por Xosé Diz Lage. Saliéntase ademais, a tradución de todos os relatos curtos de Kafka, recollidos en dous volumes publicados por Galaxia baixo

o título de *Narracións completas*. Tamén se apunta que a editorial Xerais sacará do prelo *Crónicas marcianas* de Bradbury traducida por Magdalena Fernández Pérez e a última obra de Bernardo Atxaga, *O fillo do acordeonista*. Pola súa parte, anótase que Laiovento presentará *Cuarto libro* de Rabelais e *Rinoceronte* de Eugène Ionesco e que, en canto a ensaio sobre linguas, edita *Por unha ecoloxía das linguas no mundo*, de Calvet e *Linguas e nacións na Europa* de Daniel Baggioni. Por último, Edicións Positivas editará o libro de poemas *Gilgamesh*.

Franco, Camilo, 'Galicia honra a Manuel María agradecéndolle a defensa do país', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 setembro 2004, p. 43.

Dáse conta da primeira homenaxe que recibiu o finado poeta Manuel María na capela de San Domingos de Bonaval. Recóllense diferentes lembranzas de representantes de colectivos galegos como a do secretario da Asociación de Escritores Galegos, a do presidente da Asociación de Editores Galegos, a do alcalde de Santiago de Compostela, do concelleiro de cultura, etc. Tamén se indica que o féretro será trasladado á capela de Santa Isabel en Outeiro de Rei onde terá lugar o funeral.

Franco, Camilo, 'La precursora del existencialismo', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 setembro 2004, p. 55.

Coméntase a importancia e influencia da obra *En las orillas del Sar* de Rosalía de Castro, coa que marcou o cambio da lírica hispánica xa que, xunto con Bécquer, propuxo as últimas influencias do Romanticismo e introduciu certos caracteres do Modernismo posterior. Tamén se indica que esta obra deixou marca en autores como Antonio Machado ou Juan Ramón Jiménez.

Franco, Camilo, 'Los grandes nombres del otoño teatral en Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Fugas D Teatro', 15 outubro 2004, pp. 8-9.

Informa dos próximos espectáculos teatrais na tempada do outono e salienta a participación de actores e actrices xa coñecidos en Galicia. Tamén anota que se trata de recuperar argumentos coa finalidade de atopar personaxes e títulos de obras que o público xa coñeza de antemán, aínda que haxa que realizar adaptacións, para atraer espectadores. Entre as obras en lingua galega, inclúe: *O Encoro*, *Paso de Cebra*, *Rolda de Caricias* e *A laranxa máis laranxa de todas as laranxas*.

Franco, Camilo, 'Destacan a vixencia da obra e das actitudes de Celso Emilio Ferreiro', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 29 outubro 2004, p. 53.

Dáse conta da celebración en Vigo dunhas xornadas dedicadas á memoria de Celso Emilio Ferreiro. Coméntase que neste encontro participaron os escritores Méndez Ferrín e Víctor Freixanes, dos cales se recollen as súas opinións e comentarios sobre o autor de Celanova.

Franco, Camilo, 'O Congreso de Galeusca estuda a relación entre as cidades e a literatura', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 30 outubro 2004, p. 48.

Informa sobre a celebración do Congreso Galeusca 2004, dedicado este ano á relación entre a literatura e as cidades. Indica que a cidade galega levada máis veces á literatura é Ourense, na cal se centrou o relatorio de Marcos Valcárcel, e que outras cidades tratadas por autores galegos foron por exemplo, Xerusalén ou Tréveris. Tamén sinala que no congreso se realizaron outras actividades como música clásica, jazz, un paseo por Ourense seguindo o itinerario que describe Blanco Amor n'*A esmorga*, ou as homenaxes a Luísa Villalta e a Antón Tovar. Así mesmo, en columna á marxe, dá conta da publicación que se presentará no congreso e que se trata dunha antoloxía que abarca trece anos (1990-2003) de poesía lírica nas tres literaturas.

Franco, Camilo, 'Ceden á Fundación Risco o orixinal de "Las tinieblas de occidente"', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 novembro 2004, p. 56.

Dáse conta do descubrimento que Francisco Galán fixo dun manuscrito dun libro de Vicente Risco: *Las tinieblas de Occidente*. Coméntase cómo atopou Galán a obra e di que foi entregada á Fundación Vicente Risco xa que considerou que era o mellor lugar para conservar dito orixinal.

Franco, Camilo, 'Galeusca pide o mesmo trato para todas as literaturas peninsulares', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 2 novembro 2004, p. 40.

Finalizado o congreso Galeusca, recóllense as conclusións ás que chegaron os escritores das tres literaturas, que reclamaron igualdade entre todas as literaturas peninsulares, e un urbanismo máis coidadoso co contorno, ademais de criticar o Concello da Coruña pola súa actitude sobre o topónimo da cidade. Así mesmo, apúntase a satisfacción que lles deu coñecer que o Instituto Cervantes incluíra as actividades que se presenten nas tres linguas do Galeusca e finalmente, saliéntase a publicación para o ano que vé, dunha antoloxía de relatos breves das tres literaturas.

Franco, Camilo, 'A facturación editorial galega baixou catro millóns en tres anos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 4 decembro 2004, p. 47.

Dá noticia da presentación do avance do informe sobre o mercado editorial galego, do que son editores María Dolores Cabrera e Víctor Freixanes, que tivo lugar no Salón do Libro e da Lectura. Describe as informacións máis importantes referidas aos males que afectan a este sector. De entre eles, destaca a diminución da facturación con respecto a anos anteriores, a excesiva dependencia do sistema educativo -motivo que explica a redución de títulos de literatura infantil e xuvenil publicados-, a atomización do sector e as dificultades para competir con empresas foráneas que publican en Galicia e que factura no exterior.

Destaca tamén que o coeficiente de libros publicados por habitante Galicia é o máis baixo de todas as literaturas peninsulares.

Franco, F., 'Aguatinta alumbra otra delicadeza bibliófila', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 353, 28 febreiro 2004, p. 2.

Indícase a publicación dun poemario de Xavier Seoane, gañador do Premio de Poesía Caixanova, ilustrado coa serigrafía de Leopoldo Nóvoa e editado por Aguatinta. Sinálase que esta é una tenda de gravados que realiza edicións limitadas de douscentos exemplares, solicitando o texto ao escritor, quen escolle ao artista que lle ilustrará o libro.

Franco, F., 'Suso de Toro: 'Los escritores somos melancólicos, pesimistas y soñadores', *Faro de Vigo*, 'Sociedad', 2 marzo 2004, p. 49.

Faise eco da conferencia que Suso de Toro deu no Paraninfo do Reitorado da Universidade de Vigo titulado "O escritor, entre este mundo e o da imaxinación".

Franco, Fernando, 'Todo por contar', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 356, 20 marzo 2004, p. 1.

Loa a figura de Enrique Peinador Lines (Pontevedra, 1876-Vigo, 1940), que foi o creador da vertente cultural do Balneario de Mondariz e que estivo relacionado estreitamente co galeguismo.

Franco, Fernando, 'Mira Vigo', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 14 outubro 2004, p. 10.

Dá conta de diferentes novas culturais. A primeira informa sobre o curso de literatura galega que imparte o profesor Alonso Montero dende a etapa do Rexurdimento até a actualidade. De seguido, comenta que haberá unha homenaxe poética, co motivo da edición do libro *23 poetas galegos cantan a Antonio Machado*, editado por Alonso Montero e, por último, salienta a actividade que está a levar a cabo o grupo de teatro alternativo Teatro Ensalle, organizando representacións catro días á semana e impartindo clases de teatro.

Franco, Xesús, 'Celso Emilio Ferreiro e Casares volven aos andeis', *La Voz de Galicia*, 'A fondo', 17 maio 2004, p. 4.

Informa da saída ao mercado de novas obras en lingua galega co gallo das feiras do libro como *Amor e música lixeira*, de Bieito Iglesias; *Romasanta*, de Alfredo Conde; *Orixe*, de Sechu Sende; *Ser ou non*, de Xurxo Borrazás; *Boca da noite*, de Ramón Caride; *Oito días dunha existencia violácea*, de Ricardo C. Mora; e *Caderno e bitácora*, de María Reimóndez. Tamén destaca as reedicións de *Poesía Galega Completa*, de Celso Emilio Ferreiro ou de *Cambio en tres*, de Carlos Casares.

Freire Guirau, J. M., 'Una saga de ley de origen ourensano', *La Región*, 'Ourense', 25 abril 2004, p. 10.

Salienta a figura de Luciano Puga Blanco, que foi quen defendeu a Manuel Curros Enríquez, en segunda instancia, logo de que fose condenado por un "delito contra o libre exercicio de cultos" debido á súa obra *Aires da miña terra*.

Freire, Carlos, 'Páxinas queimadas polo sol', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 89, 'Literatura e lecer', 24 xuño 2004, p. II.

Comenta cáles poden ser as lecturas escollidas para o tempo de verán. Salienta os motivos que levan aos lectores a decantarse por unha ou outra obra e apunta que xeralmente son os "best-seller" os máis lidos. En canto ás obras da literatura galega, salienta as traducións de *O código Da Vinci*, de Dan Brown ou *Crime e Castigo*, de Dostoyevsky. Tamén apunta a novela policial de Diego Ameixeiras*, Baixo mínimos*, ou *Xeración perdida,* de Francisco Castro.

Freire, Carlos, 'Páxinas queimadas polo Sol', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 64, 3 xullo 2004, p. 15.

Expón uns cantos criterios polos que os lectores se poden guiar para escoller unha lectura para o verán. En primeiro lugar fala dos "best-seller", que cualifica como "anteproxectos de novela", e que non recomenda. O seguinte é guiarnos polas obras que lían os escritores famosos, que na súa meirande parte eran "sisudas". Tampouco recomenda este criterio porque as opinións que expoñen estes "literatos malhumorados son pouco fiables". O último criterio do que fala é o de escoller as narracións que teñen lugar no verán e menciona, entre outros, o *Ulises*, de James Joyce.

Freire, Xosé, 'Un libro para pechar un centenario', *A Nosa Terra*, nº 1.111, 'Cultura', 9 xaneiro 2004, p. 27.

Recomenda a lectura de *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, de Xerardo Álvarez Gallego (A Nosa Terra) que se publica logo do remate do centenario do seu nacemento.

Furelos, Víctor, 'Xantar ofrece unos menús muy apetitosos a un precio excelente', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 30 xaneiro 2004, p. 28.

Dá conta da presentación de *Elexía do Camba*, de Xosé Lois Rúa, gañador do Premio Cidade de Ourense 2001. A obra, segundo o propio autor, forma parte da triloxía iniciada con *O tránsito da auga* e que remata con *O cuarto verán das cereixas* e *Elexías de Orfeo*.

Furelos, Víctor, 'Once librerías se instalan en una carpa en la calle del Paseo', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 24 abril 2004, p. 21.

Informa da próxima celebración da Feira do Libro en Ourense co gallo do Día Internacional do Libro.

Furelos, Víctor, 'Interés Cultural de la Fundación Curros Enríquez', *El Correo Gallego*, 'Ourense', 16 xuño 2004, p. 26.

Saliéntase que a Xunta de Galicia declarou de interese cultural a Fundación Curros Enríquez de Celanova creada co obxectivo de promover e difundir a vida e a obra do autor.

Furelos, Víctor, 'Ciclo de Casares en Celanova', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 9 xullo 2004, p. 25.

Dá conta da celebración na casa de Curros Enríquez e no mosteiro de San Rosendo de Celanova do curso titulado *Cine e Literatura. Casares e o Cine* que contará coa asistencia de diversos intelectuais e directores de cine e no que, entre outras actividades se proxectarán *O lapis do carpinteiro* e *Romasanta*, dirixidas por Antón Reixa e Paco Plaza, respectivamente.

Furelos, Víctor, 'Más para Celso Emilio Ferreiro', *El Correo Gallego*, 'Ourense', 16 setembro 2004, p. 24.

Resáltase o labor que está a levar o edil Gonzalo Iglesias Sueiro coa súa proposta de considerar a Celso Emilio como fillo pródigo de Ourense. Sinálase que para isto, ofreceu un reparto gratuíto da obra do autor e pretende realizar unha mesa redonda, unha conferencia ou un recital poético.

Fuxan os Ventos, 'A poesía que cantaba', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Cultura', 16 setembro 2004, p. 30.

Homenaxe que ofrecen os compoñentes do grupo Fuxan os ventos a Manuel María tras o seu pasamento. Lembran momentos e viaxes que fixeron xuntos e, sobre todo, salientan a disposición de Manuel María para colaborar achegando poemas, xa que se adaptaban perfectamente á música. Comentan que foi Suso Vaamonde quen máis poemas musicou do poeta e consideran que Manuel María foi un poeta excepcional, sabedor de moitos temas e que a súa persoa estará sempre presente na alma galega.

Garavitos, Luís A., 'Unha canteira de lectores', *El Progreso*, 'Educación', 15 agosto 2004, p. 33.

Refírese á decisión da Consellería de Educación de impulsar o desenvolvemento dunha rede de bibliotecas escolares como medio para fomentar a lectura nos máis novos e se convirtan en "lectores competentes". Apúntase que para isto, destina un orzamento de catro millóns de euros, así como a creación de convenios como o *Plan Galego de fomento da lectura e as bibliotecas escolares 2003/2008*. Sinálase, finalmente, a importancia da formación do profesorado como complemento perfecto para a dinamización da lectura por medio da organización de cursos e actividades específicas.

García Lorca, Federico, 'Poemas galegos', *Galicia Hoxe*, 1 decembro 2004, p. 54.

Belo poema en galego de Federico García Lorca que comeza "Chove en Santiago". A voz poética aparece fascinada pola chuvia que cae "na noite escura" e as sensacións que esta produce no poeta son postas en palabras creando uns versos capaces de transmitir toda a maxia de Santiago.

García Negro, Mº do Pilar, 'Querido Manuel María, adeus!', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Cultura', 16 setembro 2004, p. 26.

Aproximación, a modo de epístola, aos recordos que a autora ten sobre a figura de Manuel María, salientando a súa familiaridade, patriotismo, literatura e cultura. Reflexiona tamén sobre o silencio, a indiferenza e a "rutina submisa"dos galegos que temos que demostrar que valemos igual que os demais.

García, Rodri, 'Un libro recolle os 80 anos da axitada historia do Centro Galego de Barcelona',

, *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 6 xaneiro 2004, p. 43.

Comentario sobre o libro *Centro Galego de Barcelona. 80 anos de historia. 1923-2003* (Edit. Ronsel) que reúne a historia desta entidade dende a súa fundación até a actualidade. Sinálase que a obra leva un prólogo de Olegario Sotelo Blanco, actual presidente da institución. Explícase que o libro está estruturado en capítulos temporais que dan conta da situación e evolución do centro ao longo de oito décadas e que nel se inclúe a composición das xuntas directivas do centro desde o ano 1948 até a actualidade. Tamén se indica que a obra incorpora un amplo apartado no que se inclúen as sinaturas no libro de honor de personaxes moi diversos (Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego, Carlos Casares, Xosé Filgueira Valverde, Uxío Novoneyra, Manuel María, Pura Vázquez ou Suso de Toro, que foi o último en asinar, así como testemuños de persoas vinculadas á entidade, como Basilio Losada. Ademais, sinálase que escriben sobre as súas lembranzas arredor do Centro Galego Xoán Manuel Casado, Xavier Costa Clavell, Xesús González Gómez, Manolo Piñeiro, Moncho Ramos e Anxo L. Baranga.

García, Rodri, 'Os policías tamén escriben en galego', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 43, 'Letras en galego', 10 xaneiro 2004, p. 8.

Alúdese ao libro *Palabra por palabra* (Varios, Ir Indo, 2003) que reúne vinte e unha historias, a maioría escritas por funcionarios da policía, e outras por media ducia de escritores de sona, entre eles Carlos G. Reigosa, autor de *Crime en Compostela,* a primeira novela policial en galego. Sinálase que o autor do prólogo, Avelino De Francisco, o xefe superior de Policía de Galicia , explica que os relatos escritos por policías reflicten o traballo diario destes profesionais, mentres que as historias creadas polos escritores están máis afastadas da realidade que se vive nas comisarías e centros policiais e presentan o modelo ideal de policías cos que debería contar a sociedade. Tamén se di que estas historias fan patente o emprego do galego por parte dos funcionarios da policía, achegan os funcionarios á sociedade, dan conta da eficacia do traballo da Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística e, así mesmo, permiten o descubrimento de novos valores literarios.

García, Rodri, 'Las editoriales publican uno o dos libros por cada cien originales recibidos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 xaneiro 2004, p. 54.

Trátase a paixón por escribir que se vive actualmente en España. O autor dá conta das opinión de Manuel Bragado sobre as razóns desta paixón: a actividade literaria está moi prestixiada e publicar un libro é socialmente moi relevante; tamén a gran dimensión do sector editorial en España, razón pola cal é máis fácil publicar ca noutros países; e asemade, o atrevemento de moitas persoas á hora de botarse a escribir. Engádese a opinión de Constantino Bertolo, da editorial Edebé, que apunta que de cada cincocentos manuscritos recibidos nas editoriais publícase un, e a de Bragado para quen que de cada cen manuscritos recibidos se publican un ou dous. Sinálase tamén que un dato que demostra a proliferación de escritores é que ao último certame Torrente Ballester se presentaron case seiscentas novelas e ao Premio Caixanova de Poesía concorreron setenta e oito orixinais. A conclusión final do autor é que hai escritores, editores e libros, pero faltan lectores.

García, Rodri, 'O PEN clube rescata a memoria de Blanco Amor, morto hai 25 anos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 8 novembro 2004, p. 54.

Comeza facendo unha evocación da morte de Blanco Amor pasando despois a referirse ao homenaxe que o PEN club está a organizar para o 1 de decembro con motivo do vintecinco aniversario da súa morte coa intención de rescatar a memoria do escritor ante tanto esquecemento e inxustiza. Anuncia a celebración de diversos actos, que terán lugar en Ourense, entre os que salientan unha ofrenda floral na súa tumba, un acto literario a cargo de Marcos Valcárcel, que falará sobre "Afinidades literarias de Eduardo Blanco-Amor", un recital de poemas e a proxección dun audiovisual con fotos do autor. Tamén adianta que a homenaxe será recollida nunha publicación conmemorativa que incluirá textos inéditos de Blanco Amor e remata cunha breve referencia biográfica sobre a traxectoria intelectual deste escritor.

García, Xoán Xosé, 'De 'In-ventos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 setembro 2004, p. 54.

Poema de Xoán Xosé García, pertencente a *In-Ventos* que comeza "Esta bris" e que plasma o rebulir da vida e o paso do tempo.

García, Xoán Xosé, 'De 'In-ventos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 novembro 2004, p. 46.

Breve poema de Xoán Xosé García titulado "Amarte" e incluído en *In-ventos*. Trátase dun poema amoroso marcado tematicamente polo erotismo e a sensualidade envolvente da voz poética, onde a muller, "calqueira muller", "ela", é a protagonista. Este mesmo poema foi publicado, neste mesmo xornal, o 2 de decembro.

García, Xoán Xosé, 'De 'In-Ventos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 novembro 2004, p. 54.

Breve poema de Xoán Xosé García cuxo primeiro verso comeza "…E ferías" no que o autor volve a dar renda solta á súa imaxinación nuns versos que parecen zumegar soños e ilusións.

García, Xoán Xosé, 'In-ventos', *Galicia Hoxe*, 2 decembro 2004, p. 54.

Breve poema de Xoán Xosé García titulado "Amarte" e incluído en *In-ventos*, que xa aparecera no mesmo xornal coa data do 22 de novembro. Trátase dun poema amoroso marcado tematicamente polo erotismo e a sensualidade envolvente da voz poética, onde a muller, "calqueira muller", "ela", é a protagonista.

Garrido, Daniel, 'Escolma de poemas ', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 24 xaneiro 2004, p. 25.

Infórmase de que a Concellaría de Cultura do Concello de Vilagarcía acaba de publicar o libro *Da terra, do mar e do ceo*, primeiro poemario de Daniel Garrido Castromán. Explícase que a obra xira ao redor de diversos temas: a natureza, o ceo, as cantigas de amigo, xentes, panxoliñas e o Xacobeo. Inclúese nesta páxina unha escolma de tres poemas, titulados "Bravura", "A muller labrega" e "Natura". Daniel Garrido tamén é autor das obras *O constitucionalismo español* e *Ruta marítimo xacobea del mara de Arousa e Ulla, un don del Apóstol*, das que existe versión en galego e en castelán.

Garzón, Raquel, 'Suso de Toro reúne las historias de Nano en 'El príncipe manco', *El País*, 'La Cultura', 25 novembro 2004, p. 39.

Aproximación á obra de Suso de Toro con motivo da publicación do seu libro *El príncipe manco* da que destaca, en palabras do propio autor, a mundoloxía do personaxe Nano, "pura palabra cotidiana", no que se atopa "mi mundo, mi sensibilidad, mi *pathos*, mis humores". Así mesmo, fala da súa obra coma un "libro extraño, sin género" onde se reflexiona sobre a propia existencia.

Gaspar, 'De 'Mariñas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 xullo 2004, p. 54.

Poema sen título de Gaspar pertencente a *Mariñas*, cuxo primeiro verso di así: "Na fermosa lindeira da mañá". Sinálase que se trata dunha creación poética na que o eu poético, xa vello, "sabio e vencido" rememora un momento amoroso e bucólico da súa vida. Tamén se anota que ao longo do poema, o mar se converte no motivo fetiche para falar de amor.

Gaspar, 'Mariña', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 agosto 2004, p. 56.

Poema de Gaspar pertencente a "Mariña" e que xa aparece no mesmo xornal con data do 22 de xullo.

Gaspar, 'Mariñas', *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 4 decembro 2004, p. 56.

Reflexión metapoética por parte do autor onde nos describe o coñecemento da poesía.

Gimeno, Maite, 'Pastor, embajadora de Galicia', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 17 xaneiro 2004, p. 21.

Dáse noticia do proxecto de construción en Vigo da Escola Superior da Arte Dramática, que completará a oferta universitaria en formación artística da área urbana de Pontevedra ao sumarse á Facultade de Belas Artes de Pontevedra e á Escola de Restauración de Bens Culturais que se creará en Poio.

Gimeno, Maite, 'Confirmadas las escuelas de Arte Dramático y de Imagen y Sonido', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 27 marzo 2004, p. 24.

Información sobre a colocación da primeira pedra do colexio de educación integrada Doctor Fleming para confirmar que Vigo será a sede da Escola de Arte Dramática e da nova titulación de Imaxe e Son. Sinálase que a titulación de Artes Escénicas comezará o próximo curso no Campus de Lagoas, pero até o ano 2005 non será posíbel iniciar a docencia de imaxe e son debido á complexidade das instalacións que hai que desenvolver.

Gimeno, Maite, 'Castelao, en la voz de 250 lectores', *El Correo Gallego*, 'Vigo', 3 xullo 2004, p. 22.

Informa da iniciativa da Fundación Galiza Sempre pola que ata duascentas cincuenta persoas leron un parágrafo da obra de Castelao *Sempre en Galiza*. Explica que máis de sesenta e cinco delas son protagonistas da cultura galega e, a seguir, dá os nomes dalgunhas das persoas que participaron nesta actividade.

Gimeno, Maite, 'Obra e graza do idioma', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 xullo 2004, p. 61.

Trátase da mesma noticia que aparece tamén integramente en *El Correo Gallego* do mesmo día baixo o título "Homenaje a Salvador García-Bodaño" (p.75). Nesta ocasión só aparecen na ventá "As Frases" e recollidas as opinións de Euloxio Ruibal e de Xosé María Álvarez Cáccamo.

Gimeno, Maite, 'Homenaje a Salvador García-Bodaño', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 18 xullo 2004, p. 75.

Aproximación á homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle fixo ao poeta Salvador García-Bodaño. Comeza recollendo uns versos do poeta que aparecerán nun monolito á beira do álamo plantado por el mesmo onte en Teis. Ademais de incidir na emoción do homenaxeado, dá conta das distintas personalidades da cultura galega que compartiron o acto con el e que se desfixeron en eloxios cara ao seu compañeiro cualificándoo coma "un poeta verdadero" cunha "transparente trayectoria humana y literaria", en palabras de Xosé María Álvarez Cáccamo. Remata recollendo o máis salientábel do discurso de Salvador García-Bodaño, que lembrou a súa entrega coa creación e a palabra e salientou o "prestixio" da nosa lingua. Ao final da páxina, nunha pequena ventá, aparecen recollidas as dedicatorias ao poeta do presidente da RAG, Xosé Ramón Barreiro, do poeta Xosé María Álvarez Cáccamo, de Euloxio Ruibal e do poeta Carlos Negro.

Gimeno, Maite, 'Convenio', *El Correo Gallego*, 'Vigo', 16 setembro 2004, p. 22.

Infórmase do apoio económico que recibirá a Fundación Carlos Casares por parte da Deputación de Pontevedra ademais de darse conta do inicio dos segundos encontros no balneario de Mondariz. Sinálase que esa axuda servirá para financiar a exposición itinerante "Os mundos de Carlos Casares".

Giráldez, José Miguel A., 'El año Gamoneda', *El Correo Gallego*, *'(Sobre)Vivir'*, 26 decembro 2004, pp. 2-4.

Reportaxe na que se recollen as opinións de diferentes escritores en relación á produción literaria do ano 2004. En canto á literatura galega, apúntase que algúns especialistas consideran que foi un ano de transición e outros pensan que se reafirmaron os novos valores, sobre todo en poesía. Resúmense, así mesmo, as respostas concretas que os autores

(Juan Carlos Mestre, Xurxo Borrazás, José María Merino, Antonio Pereira, Santiago Jaureguízar, Rosa Aneiros, Miguel Anxo Fernán-Vello e Antón Lopo) deron sobre a valoración do ano literario e artístico 2004 en xeral, sobre a súa valoración persoal e o que consideraban sobre a próxima celebración do ano do Quixote.

Gómez Alfaro, Xosé Carlos, "Na foz do incendio", *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 29 decembro 2004, p. 40.

Soneto erótico onde o autor describe a súa paixón amorosa.

Gómez Blanco, José, 'Bóveda, Castelao e os distintos nacionalismos', *El Correo Gallego*, 'Fin de semana', 26 setembro 2004, p. 6.

Nesta reflexión e análise das figuras de Alexandre Bóveda e Castelao en relación á súa ideoloxía nacionalista; alúdese ás súas vivencias na Guerra Civil, da que foron vítimas a través do asasinato e exilio, respectivamente; tamén se fai referencia aos nacionalismos mal entendidos da actualidade, con pretensións independentistas.

Gómez Miño, Xesús, 'Galiza en Uruguai', *A Nosa Terra*, nº 1.134, 'Opinión', 24 xuño 2004, p. 5.

O artigo dá conta de que o Patronato da Cultura Galega de Montevideo celebrou o seu 40º aniversario. O autor fai unha positiva valoración do labor desenvolvido por esta entidade a prol da nosa lingua, da nosa historia e da nosa cultura. Fai un sentido recoñecemento das persoas, de exemplar vocación galeguista, que ao longo deste tempo se empeñaron nesta tarefa e converteron o Patronato nun símbolo cultural da colectividade galega do Uruguai.

Gómez, Chus, 'Bieito Iglesias e as bolboretas efímeras', *Diario de Pontevedra*, 'Comunicación', 16 abril 2004, p. 91.

Dá conta do "V Premio Roberto Blanco Torres de Xornalismo Literario e de Opinión", o cal tivo como gañador este ano ao escritor ourensán Bieito Iglesias polo seu traballo realizado no semanario *A Nosa Terra* e na revista *Tempos Novos* e, por dar un tratamento diferente e orixinal ao xornalismo acadando un resultado eficaz e intelixente.

Gómez, Chus, 'Arte e poesía collidos da man', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 2 xullo 2004, p. 75.

Infórmase sobre o inicio do Festival Cultura Quente de Caldas de Reis. Saliéntanse a exposición de fotografía, denominada "Camiño de Poesía", e a de Kaldarte, nesta edición subtitulada "Desvío provisional por obras". Tamén sinala que os alumnos da Escola de Canteiros de Poio participan por vez primeira neste festival.

Gómez, Chus, 'Poesía para todos os públicos', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 20 setembro 2004, p. 69.

Fala da celebración das actividades "Poetas na rúa 2004", organizada polo Concello de Poio para achegar a poesía á xente, incluído dentro do programa "Arte próxima". Sinala que ademais dos recitais poéticos, se creou un poema xigante no cal aqueles que o desexasen podían plasmar a súa poesía, reflexións ou frases. Para rematar, menciona outras actividades dentro do programa "Arte próxima" como son a exposición colectiva con catorce artistas novos ou obradoiros para que os máis pequenos poidan gozar da arte.

Gómez, Damián, 'Alianza', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 agosto 2004, p. 46.

Poema de Damián Gómez que comeza "Non sei cál é o egoñismo" no que a voz poética denuncia o egoísmo e a envexa, quizais, que alimenta os comportamentos violentos daqueles aos que non lles importa causar un dano, un desastre, unha guerra ou mortes con tal de conseguir o que queren.

Gómez, Lupe, 'De 'Levantar as tetas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 agosto 2004, p. 46.

Poema pertencente a *Levantar as tetas*. Nesta ocasión, a voz poética amósase sen retórica, abertamente e recorre á unión dos corpos para chamar a nosa atención na necesidade dun "amor" libre, "sen bandeiras", sen enredos, enfatizado a través das imaxes dos corpos "nus", dos "corazóns abertos".

Gómez, Lupe, 'Levantar as tetas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 agosto 2004, p. 54.

Breve poema que nesta ocasión nos ofrece a súa particular visión do amor, un sentimento que, a pesar da súa aparente solidez, mestura realidade e soño, e onde o paradoxo de sensacións está a flor de pel.

Gómez, Lupe, 'De 'Levantar as tetas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 agosto 2004, p. 48.

Recóllese un poema de Lupe Gómez sacado do seu último poemario *Levantar as tetas*, de temática amorosa.

Gómez, Lupe, 'Levantar as tetas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 setembro 2004, p. 46.

Breve poema que comeza "Teño frío nos labios", e no que Lupe Gómez pon de manifesto un sentimento de desconformidade coa realidade na que se está a vivir.

Gómez, Lupe, 'De 'Levantar as tetas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 outubro 2004, p. 54.

Poema no que a voz poética se nos presenta namorada, pero sen perder nunca a súa identidade como muller.

Gómez, Lupe, 'De 'Levantar as tetas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 novembro 2004, p. 54.

Poema de Lupe Gómez pertencente a *Levantar as tetas*. Nesta ocasión a autora reincide na súa temática do amor, da vida divertida e libre, sen ataduras, que xorde dos seus poemas fronte a monotonía e cansazo que vivimos na realidade actual.

Gómez, Lupe, 'De 'Levantar as tetas", *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 9 decembro 2004, p. 48.

Descrición por parte da poeta da unión física e psicolóxica de dous amantes.

González Camiña, Beatriz, 'O vagalume', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 5 agosto 2004, p. 7.

Relato ambientado no verán de calquera lugar do rural galego. A protagonista sae a tomar o aire porque non pode durmir, o calor é abafante e centra a súa e a nosa atención no comportamento dun pequeno vagalume que se sente atraído pola luz da lámpada da porta da súa casa. Observa a breve e tráxica historia de amor descrita a través da súa danza de cortexo, "facéndolle as beiras" a aquela luz que o ten engaiolado até que preto de fundirse, o vagalume, por mor de perdela, estrélase contra ela.

González González, J., 'Fernán', *El Correo Gallego*, 'Cartas al director', 6 outubro 2004, p. 4.

Comentario crítico que o autor da carta lle fai a un texto, "penoso y mediocre", pornográfico, escrito por unha tal Antía e que Fernán-Vello quere facer pasar como "poesía". Sinala que se trata dunha literatura mediocre que representa a poesía en Galicia, que está en "*buenas manos*". Remata aludindo e reivindicando un oco para os clásicos, a literatura boa e profunda.

González, Almudena, 'Celanova organizará un congreso sobre Curros Enríquez el próximo año', *El Progreso*, 'Cultura', 15 setembro 2004, p. 66.

Comeza por dar conta do anuncio para o 2005 da celebración dun congreso dedicado a Celso Emilio Ferreiro organizado pola Fundación Manuel Curros Enríquez en colaboración co Consello da Cultura Galega. Sinala que esta noticia se dá a coñecer na presentación das actas do congreso celebrado no 2001 sobre a vida e obra de Curros Enríquez. Finalmente,

recolle as reflexións do profesor Xesús Alonso Montero durante o acto sobre algúns trazos descoñecidos do poeta.

González, Eva, 'Roque Cameselle presenta a 'Bieito Dubidoso' en Tui', *Faro de Vigo*, 'Área metropolitana/Baixo Miño', 15 febreiro 2004, p. 19.

Infórmase de que Roque Cameselle presentou no Teatro Municipal de Tui o protagonista da súa última novela, Beito Dubidoso, cuxas aventuras van protagonizar unha longametraxe de debuxos animados da que se proxectou un avance de oito minutos de duración. Reprodúcense as súas palabras, segundo as cales Bieito é un "meigo prestidixitador que é capaz de facer cousas portentosas nun Tui situado entre os séculos XII e XIII, o período máis esplendoroso da Galicia medieval". Dáse conta de que na presentación estivo acompañado por Manuel Bragado, director de Xerais, e por Luís Collazo, director da Produtora Faro.

González, Eva, 'Letras con música y teatro en Tui', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño/Área Metropolitana', 18 maio 2004, p. 12.

Faise eco da celebración da Feira do Libro de Tui. Coméntase a variedade de publicacións que estiveron presentes nas casetas: libros de literatura infantil, guías do Camiño Portugués, obras de Casares, de Roque Cameselle, etc. Tamén se informa de que o escritor e concelleiro tudense, Suso Vila, considera que o Concello debería destinar unha partida para a edición de libros, así como establecer un certame literario. Por último, sinálase que nos actos programados interviñeron o grupo de baile "Inquedanzas" de Pazos de Reis, Caramuxo Teatro, a contacontos Paula Carballeira e Malvela.

González, Eva, 'Amigos da Poesía tendrá su sede en el barrio de Remuíños', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño/Área Metropolitana', 23 xuño 2004, p. 12.

Infórmase de que a Asociación Amigos da Poesía do Baixo Miño, que cumpre o seu décimo aniversario, contará cun novo local propio. Anúnciase tamén a celebración do X Festival de Poesía "Baixo Miño", no que se agarda unha ampla participación de poetas do Baixo Miño, de Portugal, do Grupo Poético de Pontevedra e do Grupo Poético Brétema de Vigo. Recóllense tamén as palabras de Emilia Rosende, presidenta da asociación, quen fai unha valoración das actividades desenvolvidas nestes anos e presenta o programa do festival.

González, Eva, 'Quisiera utilizar el barallete, la jerga de los afiladores', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño/Área Metropolitana', 14 agosto 2004, p. 14.

Refírese á presentación do poemario de Antonio García Rivas e ilustrado por Susana García Feijoo, *Arboiro*, na Área Panorámica de Tui, onde admite que este conxunto de poemas nacen ligados á obra do escultor Florencio de Arboiro a partir da conferencia que este deu

sobre os afiadores. A seguir, recóllese unha entrevista feita ao autor onde incide en ser esta a súa primeira publicación así como a intención de publicar o próximo libro de poemas co título *Ondas do Baixo Miño*.

González, M., 'Bieito Iglesias Araúxo engrosa a prestixiosa nómina do Blanco Torres', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 16 abril 2004, p. 41.

Alude á entrega do "Premio de Xornalismo Literario e de Opinión Roberto Blanco Torres". Apunta que o gañador foi o autor ourensán Bieito Iglesias Araúxo polos seus artigos publicados na revista *Tempos Novos* e no semanario *A Nosa Terra*. Tamén dá conta da publicación que fará a USC dos traballos gañadores desta quinta edición do certame e da presentación do volume cos artigos do gañador da anterior edición, Carlos Casares.

Goyos, Ana, 'Una clase con un maestro de la escena', *El Progreso*, 'Al sol', 21 agosto 2004, p. 88.

Faise eco da próxima estrea, o 20 de setembro, dunha obra baseada na selección de textos literarios de Álvaro Cunqueiro, que será representada por actores afeccionados da Asociación "A Pomba do Arco" de Foz. É o director de escena Manuel Lourenzo, "fiel seguidor e estudioso da figura de Álvaro Cunqueiro", segundo el mesmo di, o que está a axudar a estes actores nos ensaios da obra. Recolle as propias palabras do director referíndose á xestación e desenvolvemento do proxecto.

Graña, Bernardino, 'Romaría', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 5 agosto 2004, p. 6.

Relato breve titulado "Romaría" que conta a noite de troula de tres amigos -Parcero, Anxo e mailo narrador-. En busca de rapazas, como non se daba ningunha, van de comellona e engolen unha empanada enteira, para rematar cunha borracheira durmindo no monte e cunha dor de estómago que un deles até pensara que botara o corazón, cando o que realmente vomitara foran os pementos roxos da empanada.

Grandal, Laura, 'A novela galega afíncase en Francia',

, *La Región*, 'Ourense', 2 xaneiro 2004, p. 8.

Infórmase da presentación na universidade da Sorbona dunha tese sobre literatura galega realizada pola filóloga ourensá María Luísa Gamallo, que leva por título *Xurdimento dunha novela en Galicia (ideoloxía, estética, imaxinación)*. Explícase que nas súas páxinas se fai unha análise sobre a creacion literaria en Galicia dende 1980 ata 2003 e que para a súa elaboración analizou obras de autores como Manuel Rivas, Suso de Toro, Méndez Ferrín,

Bieito Iglesias ou Carlos Casares. Sinálase que tamén se centrou no espazo ourensán, na visión que transmiten da cidade escritores como Carlos Casares, Bieito Iglesias, Méndez Ferrín ou Alfredo Conde. Apunta que a autora considera que o éxito da novela galega no mercado francés débese, por unha parte, a que se trata dun mercado moi receptivo e, por outra, a que se trata de obras nas que prevalece o social e o sentimento. Faise notar que esta tese supón un paso máis na presenza das letras galegas en Francia, que vén sumarse ás cátedras de galego existentes en diversas universidades franceses.

Grandal, Laura, 'A Policía galeguízase a través do relato', *La Región*, 'Cultura', 6 xaneiro 2004, p. 59.

Dáse noticia da publicación de *Palabra por palabra. Contos da Policía* (Ir Indo, 2003), un libro de relatos nacido da iniciativa de Luís García Mañá, comisario de Ourense. Explícase que a obra reúne un total de vinte e un textos escritos por outros tantos autores, dos cales quince son funcionarios da Policía Nacional, e seis escritores consagrados, como Neira Vilas e Tucho Calvo. Dise tamén que todos os relatos pertencen ao xénero policial e que nalgúns casos parten de anécdotas vividas polos seus creadores. Saliéntase que o libro amosa a vontade de normalización lingüística no ámbito policial. Por último, indícase que leva un prólogo de Avelino L. De Francisco Núñez, comisario superior de Policía de Galicia, e que a revisión lingüística dos textos correu a cargo de Xesús Domínguez.

Grandal, Laura, 'El verso obliga a embellecer el lenguaje',

, *La Región*, 'Cultura', 23 xaneiro 2004, p. 59.

Infórmase de que Segundo Alvarado ultima un poemario en castelán que posibelmente se titulará *Tu voz en mis palabras* e que este libro verá a luz dous anos despois de que publicase en Edicións do Castro, *Orfo de ti*. Tamén se dá conta de que os seus amigos ourensáns lle renderon unha homenaxe e o converteron en protagonista do recital que lle brindaron os seus compañeiros do grupo Valle Inclán. Reprodúcense as palabras do poeta Víctor Campio que destacou o labor de Alvarado como un dos máximos promotores da revista *Posío*, nos anos corenta. Sinálase que a escritora Dora Vázquez recoñece que Alvarado fixo moitas cousas pola poesía e a cultura en xeral na provincia ourensá. Finalmente, exponse a opinión de Pura Vázquez que considera que Alvarado supuxo moitísimo para o ámbito da poesía e a cultura ourensás.

Grandal, Laura, 'La emigración retorna a Trasalba', *La Región*, 'Cultura', 22 abril 2004, p. 83.

Anúnciase que o Pazo de Otero Pedrayo acollerá o día 24 de abril varias ponencias relacionadas coa psiquiatría, a psicanálise e a literatura, nas que participará o escritor Xosé Neira Vilas, como representante da literatura sobre emigración. Lémbrase que cada ano a Asociación Galega de Saúde Mental organiza en Trasalba as súas xornadas de "Psiquiatría, Psicanálise e Literatura", que van pola XIV edición.

Grandal, Laura, 'As obras saen do armario', *La Región*, 'Cultura/Literatura', 11 xuño 2004, p. 83.

Dáse conta do nacemento da editorial ourensá A pena d´agua Edicións, da man de Asunción Arias, Pablo Otero e Xosé Lois "Che". Apúntase que se trata dunha editorial multidisciplinar e políglota que ten como obxectivo que as obras "saian do armario, saian á luz". Infórmase de que a primeira publicación desta editorial é a reedición do libro *Muller de Vidro*, de Asunción Arias, publicado no ano 2003. Explícase que a temática desta obra trata do amor e do sufrimento da muller na época actual.

Grandal, Laura, 'Poesía para o cabodano de Celso Emilio Ferreiro', *La Región*, 'Literatura', 31 agosto 2004, p. 51.

Faise eco da homenaxe que o Concello de Celanova mais a Fundación Celso Emilio Ferreiro organizaron para conmemorar os vintecinco anos da morte do escritor coa publicación dunha recompilación de poemas do autor baixo o título *Celso Emilio. 25 anos na memoria*. Refírese tamén aos actos que se celebrarán en Vigo e onde os escritores e actores protagonizarán un recital coas súas poesías. Finalmente, dá conta da entrega do premio "Casa dos Poetas" ao artista ourensán Acisclo Manzano, representante das vangardas artísticas galegas no eido escultórico.

Guillén, Lola, 'No sólo de religión vive el hombre',
, *El Progreso*, 'De actualidad', 9 abril 2004, p. 88.

Comunícase que a Concellería de Cultura do Concello de Foz, con motivo do Día do Libro, programou a cuarta edición do seu maratón de lectura, dedicado este ano ao poeta chairego Manuel María. Sinálase que o propio poeta será o encargado de abrir o maratón, o día 24, e que será relevado pola poeta Marica Campo.

Guitián, Xoán, 'Sábado Santo en Vilanova', *Diario de Arousa*, 29 agosto 2004, p. 24.

Recorda a figura de Raimundo García Domínguez, Borobó, co gallo do seu primeiro pasamento a través de lembranzas, de paseos e conversas, "de amigos comúns e teimas compartidas". Relata unha visita que realizou con el a Vilanova de Arousa en 1986 para coñecer a casa do seu admirado Valle-Inclán.

Gulín, Zoila, 'Queimada', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 24 agosto 2004, p. 8.

Relato que aparece no apartado "Escriben os lectores" e que denuncia os encorsetamentos, as rutinas diarias ás que nos vemos sometidos, sobre todo as mulleres, para estar como a sociedade nos esixe, totalmente "guapas". A protagonista, unha muller, pensa nisto mesmo

mentres asiste, con sufrimento, a unha sesión de depilación e se pregunta "¿para qué toda esta dor? Viva o natural, todo o liberador desas idiotas composturas".

H.N., 'Exportar y especializarse, los retos de las editoriales gallegas',

, *El Correo Gallego*, 'Educación', 3 xullo 2004, p. 6.

Dáse conta da convocatoria do primeiro Máster de edición de Galicia, organizado pola Universidade de Santiago e pola Xunta. Explícase que o obxectivo deste máster é "buscar vías e saídas para licenciados en carreiras como Filoloxía e Humanidades, xa que hai máis alternativas que dar clases." Infórmase de que a dirección do mesmo corre a cargo de Mercedes Brea e de Xavier Senín. Explícase que o máster desenvolverase de outubro de 2004 a xuño de 2006, comezando cunha fase teórica que irá seguida dunha fase práctica, coa posibilidade de realizar prácticas en empresas ou editoriais de xullo a decembro de 2005. Tamén se especifica o número de prazas con que conta (corenta e cinco), o prezo da matrícula, así como a existencia de cinco becas. Fanse tamén constar as datas e o lugar para realizar a preinscricion, así como o lugar no que se impartirán as clases (na facultade de Filoloxía de Santiago).

Harguindey, Henrique, 'Á beira do Sena', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 81, 'Galice/Galiza', 29 abril 2004, p. II.

Ocúpase da cultura galega na emigración francesa e dá conta do labor que está realizando Xaime Varela Sieiro, que foi durante anos lector de galego na Sorbona e responsábel do "Centre d´Etudes Galiciennes" de París. Sinálase que Varela leva a cabo o importante traballo de historiar as manifestacións culturais galegas en París na segunda metade do século XX, polo que con este motivo indagou no seo da emigración parisiense para recadar datos e material para reconstruír a súa historia. Explícase que Varela realiza un percorrido polas asociacións galegas en París (a "Casa de Galicia", o "Centro Gallego", a "Agrupación Cultural O Toxo", a "Asociación Cultural Galega A Lareira", a "Asociación Cultural e Deportiva Casa de Galicia", "A Nosa Casa de Galicia"). Faise notar que as publicacións e os actos de diverso tipo levados a cabo por estas asociacións (recitais poéticos, musicais, ciclos de conferencias, exposicións, etc.) foron dando a coñecer en París unha lingua e unha cultura descoñecidas naquelas terras. Tamén dá conta do traballo que está a elaborar Luís GonÇáles Blasco, que foi durante anos responsábel da UPG en París. Ademais o autor do artigo recoñece o papel exercido por diversas persoas, como Ramón Chao, embaixador cultural galego desde hai anos. Considera que Chao abriu a presenza de Galicia en xornais e editoriais francesas e, ademais, como escritor dá constancia do noso país e como tradutor dá a coñecer a autores galegos como Manuel Rivas. Tamén se destaca o labor do redondelán Ignaci Ramonet, director de *Le Monde Diplomatique*, que acolle con frecuencia voces e temas galegos. Harguindey considera que a principios do século XXI Galicia é máis coñecida en París, como resultado da acción levada a cabo en décadas anteriores, pero tamén polas novas plataformas e circunstancias. Destaca tamén a actividade do Centre

d´Études Galiciennes da Sorbonne Nouvelle, do que é responsábel Olga Fernández Nogueira. Por todo isto, o autor considera que hoxe en París atópanse frecuentes mostras da creatividade galega: na música (coa presenza na radio ou na televisión de Carlos Núñez ou Mercedes Peón), no cine (a estrea d'*O lapis do carpinteiro* ou d'*O bosque animado*), na literatura (a entrevista na prensa a Suso de Toro, a edición en francés de Manuel Rivas).

Hermida, María, 'Maruxa', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas literarias', 11 agosto 2004, p. 6.

Breve relato que presenta unha historia sobre a capacidade imaxinativa dos nenos. A protagonista, Maruxa, dedícase a mirar a través da fiestra da súa casa e imaxínase subindo polo monte e trepando polas árbores, até querer saber como os Reis Magos poden entrar na súa casa por unha fiestra tan pequeniña.

I.B., 'Viaje a Galicia y 'flechazo' coruñés', *La Opinión*, 'Cultura', 12 maio 2004, p. 55.

Comentario sobre o poema "Madrigal á cibdá de Santiago" pertencente aos *Seis poemas galegos* de Lorca. Explícase que este poema é froito da grande impresión que ao poeta lle produciu a cidade e destácase a importancia do seu amigo Ernesto Guerra da Cal na elaboración destes poemas. Tamén se lembra que Lorca regalou a Martínez Barbeito unha poesía autógrafa escrita nunha folla do Hotel Compostela, onde se hospedou. Recóllese tamén a opinión de Alonso Montero segundo a cal Martínez Barbeito provocou un "flechazo" en Lorca. Por outra parte, sinala Alonso Montero que Lorca dedicou o poema "Chove en Santiago" ao escritor coruñés, a quen tamén regalou un exemplar das obras poéticas de Afonso X o Sabio.

I.B., 'Una torpe imitación evidente para el más profano', *La Opinión*, 'Cultura', 14 maio 2004, p. 59.

Informa de que o misterioso manuscrito dos *Seis poemas galegos* de Lorca que se amosa no Salón do Libro Antigo de París é falso por tratarse dunha torpe imitación. Sinálase que se chegou a esta conclusión logo dunha comparación entre este texto e o manuscrito orixinal. Explícase que as diferenzas entre ambos son: o título, o aliñamento do poema, os acentos gráficos, os trazos, a grafía, a letra e tamén os debuxos.

I.B., 'García Lorca, el 'alma gemela' de Rosalía Castro', *La Opinión*, 'Cultura', 10 agosto 2004, p. 39.

Faise eco da publicación dos poemas que García Lorca escribiu en galego, grazas á editorial coruñesa Camiño do Faro, ilustrada por Carlos Fernández y Rally Cutting, con prólogo de Umbral, e que leva por título *Seis poemas galegos*. De feito, recolle as reflexións que este último verteu no prólogo con respecto a estes poemas salientando a sensibilidade lorquiana cara Galicia. Así mesmo, Umbral afirma a conexión entre Lorca e

Rosalía de Castro, dúas almas xemelgas que representan a "poesía desgarrada" dos seus pobos.

I.M., 'La edición de obras en gallego creció un 50% en los últimos seis años', *La Opinión*, 'Cultura', 23 abril 2004, p. 61.

Dá noticia dun estudo do Ministerio de Educación e Cultura sobre o sector do libro en toda España no que pode apreciarse a evolución da edición por linguas. Sinala que no caso do galego, dende 1998 até 2003 se incrementou nun 50% a difusión de obras neste idioma, de modo que é a lingua con maior crecemento porcentual das catro linguas oficiais do Estado. Tamén indica que os libros en galego superaron o ano anterior os escritos en euskera, pero que as cifras están aínda lonxe das do catalán, xa que só en 2003 se editaron nesa lingua case os mesmos libros que no global dos editados nos últimos seis anos en galego. Fai notar que os lectores en galego supoñen o 2´5% do total de España, aínda que dentro de Galicia a porcentaxe de lectores de galego é só do 33´3%. Por último, menciona que o estudo tamén revela un importante aumento da distribución de libros en Galicia, sendo máis espectacular na provincia de Pontevedra, onde a distribución se duplicou en seis anos.

I.M., 'A RAG nomea académico correspondente ao historiador Marcos Valcárcel', *La Opinión*, 'Cultura', 20 xuño 2004, p. 69.

Refírese ao nomeamento por parte da Real Academia Galega de Marcos Valcárcel, catedrático de Lingua e Literatura Galegas de Ensino Medio, como membro correspondente da institución, salientando as súas investigacións na historia política nos anos 1900-1930, así como no estudo do galeguismo.

I.M.L., 'Grial' selecciona en un cuaderno literario 10 textos sobre el mar', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 17 xaneiro 2004, p. 11.

Nota de prensa na que se informa da presentación dun monográfico da revista *Grial* co título de *Un mar de literatura*. Explícasenos que este volume recolle os ensaios, poemas e narracións que xurdiran nun encontro de escritores no Museo do Mar de Galicia, e que foi editado coa colaboración de varias institucións. Resúmense as intervencións dos participantes no acto.

I.R, 'El cine como espejo de la literatura',
, *La Región*, 'Ourense', 14 xullo 2004, p. 8.

Infórmase da celebración no mosteiro de Celanova da primeira xornada do curso de verán dedicado a Casares, baixo o título "Cine e literatura. Casares e o cine". Coméntase que nesta xornada interviñeron como relatores Xosé Luís Cuerda, Antón Reixa e Marcos Valcárcel e houbo tamén unha mesa redonda na que interviñeron os guionistas Carlos Ares,

Rosa Castro e Carlos Amil, que debateron sobre a posíbel produción audiovisual derivada da obra de Casares. Sinálase que o curso está sendo seguido por medio cento de persoas, estudantes na súa maioría. Anúnciase tamén o programa de actos para a próxima xornada, no que haberá unha conferencia de Xosé Carlos Caneiro, unha mesa redonda con David Martínez, Pancho Casal e Moncho Varela, e un taller de creación de guións que terá lugar na Casa de Curros.

Iglesias Serna, Amalia (coord.), 'Poema de Olga e Elba', *ABC*, *'Blanco y Negro Cultural'*, 'Contemporáneos', 3 xaneiro 2004, p. 13.

O suplemento cultural do xornal estatal *ABC* dedícalle unha columna da sección destinada á poesía contemporánea á reprodución do "Poema de Olga e Elba", da galega Yolanda Castaño. Acompáñase da tradución a castelán, realizada pola propia autora segundo se nos indica, e cunha nota de presentación da poeta e o seu traballo.

Iglesias, Ana, 'Los jóvenes premian a Rosa Aneiros, Almudena Grandes y Jonathan Coe', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 20 xaneiro 2004, p. 33.

Informa do acto de entrega do Premio literario San Clemente 2003, no que resultaron gañadores Rosa Aneiros, Almudena Grandes e Jonathan Coe, e que incluíu unha rolda de prensa e unha cea de confraternidade. Recolle as primeiras impresións dos galardoados nas que coincidiron en amosar a súa satisfacción de que o xurado estea composto por estudantes de ensino medio. Remata aludindo á entrega, no mesmo actor, da Insignia de Ouro ao reconocido editor Jordi Herralde, ao frente de Anagrama.

Iglesias, Ana, 'Chega o peregrino das letras/Ian McEwan recogió en Santiag su I Premio de Novela del Casino', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Santiago', 6 marzo 2004, p. 52/34.

Refírese ao acto de entrega do Premio de Novela do Casino, correspondente ao ano 2003, ao escritor inglés Ian McEwan pola súa novela *Expiación*, que se impuxo aos outros finalistas da talla de Michel Houellebercq e Xavier Marías. Recolle algúns aspectos da ceremonia de entrega como os asistentes á mesma e as primeiras opinións do galardoado expresando a súa satisfacción. Finalmente, informa da axenda de actividades coas que o escritor ocupará o seu tempo na cidade galega.

Iglesias, Ana, 'Son 'na boca das camelias',

, *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 marzo 2004, p. 56.

Informa da presentación do novo disco da cantante Laura Alonsi, *Na boca das camelias*, editado polo Grupo Correo Gallego, en colaboración coa Radio Galega e co patrocinio do Xacobeo. Dá noticia de que no acto interviñeron a directora xeral de Cultura, María del

Carmen García Campelo, o presidente do Consello de administración do Grupo Correo Gallego, Antonio Castro, o director de orquestra Maximino Zumalawe, e o xefe de deseño do xornal *O Correo Galego,* Xurxo Fernández. Reproduce as palabras de Zumalawe, para quen o disco reúne "vinteoito temas de artistas que están nas máis altas cotas da literatura e a música galega" e ao tempo sinalou a gran profesionalidade e calidade vocal da cantante.

Iglesias, Ana, 'Teatro de calidad y para todos los gustos y muchas novedades discográficas', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 15 abril 2004, p. 32.

Anuncia a presentación na Sala Yago por parte da compañía sevillana Cámara Negra da obra *Hamletmaschine*, de Heiner Müller, interpretada por Carlos Álvarez-Osorio. Explica que se trata dunha montaxe sobre o *Hamlet* de Shakespeare e que permanecerá en cartel ata o día 18. Tamén anuncia que a compañía compostelá María A Parva estrea na Sala Yago o seu novo espectáculo *Indignos*, dirixido e interpretado por Gena Baamonde, xunto a Javier M. Oro e Roberto Leal, baseado nun texto de Juanita Lena, que estará en cartel até o día 17. Dáse tamén noticia de que o actor e guionista Xavier Picallo foi o invitado especial do faladoiro Paraísos Terrenales, na que comentou os pormenores da montaxe *Acto imprevisto*, do grupo Pífano Teatro. Por último, informa que no colexio Manuel Peleteiro terá lugar a resolución da XXXII edición dos Premios Literarios Minerva, á que concorreron sesenta e oito poesías e cento noventa e seis narracións.

Iglesias, Ana, 'Cultura celebra el Día del Libro enviando lotes a los hospitales', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 24 abril 2004, p. 30.

Informa que a Consellaría de Cultura celebrou o Día do Libro enviando varios lotes aos servizos de Pediatría dos hospitais galegos para que lles fosen entregados aos nenos ingresados nestes centros. Sinala que a directora Xeral de Promoción Cultural, María del Carmen García Campelo, xunto coa escritora Helena Villar, entregaron un destes lotes á biblioteca da Escola Camilo José Cela do Complexo Clínico Hospitalario. Tamén se entregaron lotes de libros no Materno e no Canalexo da Coruña, no Comarcal de Burela, no Xeral Calde de Lugo, no Cristal Piñor de Ourense, no Xeral de Verín, no Xeral Cíes de Vigo, no Salnés de Vilagarcía e no Hospital de Pontevedra. Explica que outra iniciativa da Consellaría para fomentar a lectura é a subvención á edición en galego, cunha media de mil oitocentos euros para os catrocentos dezasete títulos que se beneficiaron desta medida. Di que segundo a Consellaría, o rexistro de volumes en galego incrementouse en máis de mil exemplares por ano, o que indica un aumento do 200 por cen fronte ao 80 por cen a nivel nacional, que fixo que en crecemento de facturación editorial, Galicia sitúase no terceiro posto, por detrás de Andalucía e Euskadi. Por último, sinala que esta auxe no libro galego supón que o sector editorial en Galicia estea en alza.

Iñarrea, Sabela B., 'Tanxarina quemará con un meco de Aznar 'todo lo desechable de 2003', *Atlántico Diario*, 'Área metropolitana', 19 febreiro 2004, p. 25.

Anúnciase que o grupo Tanxarina volve ser o encargado da queima do meco en Redondela. Infórmase que o martes desfilarán coa compaña de zancudos, monociclos, pandereteiras e gaiteiros, nun espectáculo que rematará cunha gran pirotecnia, o xuízo do meco e a lectura da sentencia. Reprodúcense as palabras de Tatán, titiriteiro do grupo, quen sinala que coa figura de Aznar caracterizan "a representación da mentira, os males da guerra ou a ditadura". Faise notar que Tanxarina foi fundado en Redondela hai case vinte anos, que é un grupo de construción, manipulación e creación de monicreques, e que percorreu España, Portugal e América coas súas actuacións. Tamén se recollen as palabras de Borinés, outro dos membros do grupo, que considera que o teatro de monicreques medrou moito nos últimos ano, e opina que non é o fillo pobre do teatro, senón o fillo descarado, polas súas críticas aos poderosos.

Iñarrea, Sabela B., 'La biblioteca municipal de Redondela prepara un fondo de cedés de audio', *Atlántico Diario*, 'Área metropolitana', 16 abril 2004, p. 28.

Faise eco de que a biblioteca municipal "Valle Inclán" de Redondela disporá dun fondo audiovisual. Sinálase que os usuarios contan xa cun cento de DVD´s de cine non comercial, como o de autor, clásico ou doutros países que non se atopa facilmente nos videoclubs. Saliéntase que neste momento traballase na recompilación de CDs de audio de bandas sonoras, de música popular galega ou clásica, e películas para a sala infantil. Tamén se fai notar que os socios teñen xa acceso a un fondo informatizado de máis de nove mil libros e outro antigo, contan cunha sala de adultos, unha de infantil e unha de lectura de prensa, teñen acceso a internet, a CD-roms, a utilizar a impresora, fotocopiadora e reprodutor de DVD e ao programa maletas viaxeiras que achega a cultura portuguesa con libros ou CD's. Por último, indícase que a incorporación das novas tecnoloxías supuxo un importante aumento no número de socios da biblioteca.

J. F., 'Las bibliotecas centran en el Día del Libro sus protestas contra el préstamo de pago', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 23 2004, p. 50.

Aproveitando a celebración do Día do Libro, sinala que o persoal das bibliotecas tomará medidas para amosar o seu rexeitamento á directiva da Unión Europea que pretende que as bibliotecas paguen un canon aos autores polos dereitos de préstamos das súas obras. Comenta que os seus xerentes esgrimen como defensa o papel de eslabón cultural que veñen exercendo e reivindican para seguir a normativa ter alomenos as condicións das bibliotecas europeas.

J.D.C., 'La Feria del Libro superó en cerca de un 20% las ventas del año pasado', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 8 xullo 2004, p. 14.

Apunta que a Agrupación de Libreiros destaca o incremento no número de visitas e vendas da Feira do Libro viguesa, que contou coa presenza de literatos como Manuel Rivas ou Suso de Toro, así como o éxito acadado polas actividades paralelas, no que influíron sen dúbida as boas condicións atmosféricas.

J.D.C., 'Vigo lembrou a Celso Emilio', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 25 novembro 2004, p. 20.

Coméntase a homenaxe a Celso Emilio Ferreiro que tivo lugar en Vigo no teatro do Centro Cultural Caixanova, con motivo do 25 aniversario da súa morte. Apúntase que estiveron presentes no acto os seus fillos, a alcaldesa de Vigo e unha serie de persoeiros de distintos ámbitos públicos que fixeron unha lectura de poemas do autor. Sinálase que tamén houbo unhas breves actuacións musicais a cargo de Miro Casabella e Luís Emilio Batallán, así como a proxección dun documental sobre o autor.

J.I., 'Tomeza dedica ese año el Día do Canteiro a Frei Martín Sarmiento', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Ciudad', 31 xullo 2004, p. 12.

Anúnciase a celebración da XI edición do Día do Canteiro na localidade pontevedresa de Tomeza. Sinálase que o evento está organizado pola Asociación Cultural Amigos dos Canteiros e a Asociación de Amigos do Camiño Portugués e que estas agrupacións decidiron dedicar este ano a festa á figura de Frei Martín Sarmiento. Coméntanse os horarios dalgúns dos actos.

J.L., 'Una viguesa hace su tesis doctoral en Estados Unidos sobre la obra de Marina Mayoral', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 9 xaneiro 2004, p. 44.

Infórmase de que Mayte de Lama vén de rematar a súa tese sobre Marina Mayoral na Universidade de Kentucky, proxecto que comezou tras ler *Dar la vida y el alma*. Sinálase que actualmente dá clases en Elon, aínda que non descarta volver a Galicia.

J.L., 'Publican un estudio do teatro galego no tempo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 xaneiro 2004, p. 67.

Anótase que a editorial Laiovento edita *A configuración do sistema teatral galego (1882-1936)*, realizado por Manuel F. Vieites, no que percorre a historia dese espectáculo en Galicia, describe as súas tendencias maioritarias e fala das principais compañías.

J.L., 'Marina Castaño vincula 'Papeles de Son Armadans' a las voces del exilio', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 15 maio 2004, p. 74.

Sinala que na presentación de exposición *Presencia de Galicia en Papeles de Son Armadans*, con sede na Fundación Camilo José Cela, Marina Castaño explica que nesta revista fundada e dirixida polo Nobel de Padrón se recollían textos de numerosos literatos galegos e exiliados, tendo Cela que sortear a censura para poder facerse eco destes últimos. Así mesmo, comenta que Darío Villanueva subliña no seu discurso a "íntima relación" de Cela coa literatura galega.

J.L., 'O fillo de Celso Emilio Ferreiro pecha as xornadas dedicadas en Vigo ao seu pai', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 30 outubro 2004, p. 47.

Será Luis Ferreiro, fillo de Celso Emilio Ferreiro, quen peche as xornadas sobre seu pai que organizou a Concellería de Cultura da cidade de Vigo. Dará unha conferencia titulada "¿Que é o *País dos ananos*?". Dentro dos actos do día haberá tamén un repaso á poesía do escritor celanovés a cargo de Antidio Cabal González e unha mesa redonda na que participarán Ramón Nicolán, Ramiro Fonte e Mónica Góñez. Tamén se fala de que as xornadas contaron coa presencia de Xesús Alonso Montero ou X. M. Núñez Seixas entre outros.

J.L.M., 'Díaz Pardo revivió el exilio en Moaña', *Atlántico Diario*, 19 maio 2004, p. 19.

Sinala que a colaboración de varias entidades consegue levar a Isaac Díaz Pardo a unha xornada cultural celebrada no Instituto As Barxas de Moaña. Comenta que o intelectual repasou cos alumnos a súa traxectoria vital e o seu exilio, así como lles manifestou a súa vontade de que se dedique o Día das Letras Galegas de 2005 a Lorenzo Varela.

J.L.M., 'Playas para bailar y leer en Cangas', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 27 xuño 2004, p. 17.

Faise eco da iniciativa do concello de Cangas de ofertar bibliopraias nas que os bañistas poderán acceder ao empréstito de mil catrocentos libros.

J.R., 'O Consello afonda no xornalismo do século XX cun estudo sobre 'Galicia'', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 24 xuño 2004, p. 77.

Anuncia que o Consello da Cultura Galega publica un estudo sobre *Galicia*, cabeceira viguesa dos anos vinte, dirixido por Xosé López. Comenta que o traballo subliña a modernidade e vangardismo do xornal de Valentín Paz Andrade.

J.R., 'La Escuela de Teatro que ambicionan Ourense y Chaves no existe en ningún otro país europeo', *La Región*, 'Ourense', 11 xullo 2004, p. 11.

Explica as óptimas condicións que reúnen Ourense e Chaves para ser sede dunha Escola de Teatro, dado o interese que esperta ese espectáculo na zona. Sinala que tal institución contaría con dúas sedes, unha en cada vila, e que sería única en Europa, xa que abordaría eidos moi distintos, dende a creación até un laboratorio de dramaturxia. Apunta que o plan, para cuxa execución tan só se precisa a aprobación dos orzamentos, requiriría un persoal de vinte persoas.

Jabois, Manuel, 'Lembrando a Manuel Lueiro Rey', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 14 xullo 2004, p. 64.

Faise eco da presentación do libro póstumo do poeta Manuel Lueiro Rey, *Derradeira escolma ferida*, na Feria do Libro pontevedresa. Sinala que o poemario mestura composicións xa coñecidas con outras inéditas e repasa a produtiva traxectoria literaria do home progresista que escribiu, entre outros títulos, *Un tempo de sol a sol*.

Jaureguizar, 'Galaxia compila a obra literaria de Ánxel Fole en galego e castelán', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 8 febreiro 2004, p. 74.

Co gallo do centenario do nacemento de Ánxel Fole, a editorial Galaxia edita a súa obra completa en tres volumes. Sinala que Claudio Rodríguez Fer, encargado do proxecto, explica as novidades existentes a respecto dos dous volumes editados pola mesma casa en 1997, e é que nesta ocasión tamén terá cabida a súa obra en castelán e os seus artigos xornalísticos. Subliña a presenza de Lugo nestes e a continuidade estilística entre os textos en galego e en castelán.

Jaureguizar, 'Salientan o 'esencial' do último poemario de Xulio Valcárcel', *El Progreso*, 'Cultura', 13 febreiro 2004, p. 91.

Sinala que na presentación de *Casa última*, de Xulio Valcárcel, en Lugo, persoeiros como Darío Xohán Cabana, Lois Diéguez ou Fernán-Vello subliñan o esencialismo característico da poesía do lucense, que se manifesta en toda a súa percepción da realidade.

Jaureguizar, 'Carlos Reigosa recupera e amplía unha obra sobre o maquis galego', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 22 febreiro 2004, p. 82.

Comenta que Carlos Reigosa traduce e perfecciona a obra sobre os maquis que editara no ano 1948. Sinálase que a propósito d'*O regreso dos maquis*, o autor explica que narra as peripecias de tres loitadores antifranquistas dende a perspectiva dun libro de viaxes e lembra o percorrido que fixo cos tres protagonistas aos escenarios da historia. Anuncia que Xerais publica esta nova versión, que estará máis coidada no que toca ao léxico e ao valor literario.

Jaureguizar, 'Los lectores españoles continúan ignorando la literatura portuguesa', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 23 febreiro 2004, p. 67.

Faise eco de que Dolores Vilavedra lamenta que as predicións feitas hai anos sobre un próximo 'boom' da literatura portuguesa en España non se cumpriran e achácao á política das editoriais, que traducen aos autores que acadan premios para encher unha cota máxima dun ou dous escritores. Tamén sinala que a profesora da universidade compostelá cre que é

necesaria a intervención das autoridades portuguesas. Jaureguizar destaca que, pola contra, nas cidades galegas é doado atopar volumes en portugués.

Jaureguizar, 'Centenario, máis cun coñac', *El Progreso*, 'Cultura', 29 febreiro 2004, p. 89.

Entre outras noticias culturais cítase a saída do prelo do boletín da RAG (Real Academia Galega) que se adica, ao igual que o Día das Letras Galegas á figura de Antón Avilés de Taramancos.

Jaureguizar, 'Unha xuntanza dos Pen galego e occitano lembrará a Fiz Vergara', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 27 maio 2004, p. 72.

Sinala que o presidente do Pen Club galego fala da próxima reunión en Samos de escritores galegos e occitanos e informa de que se atenderá a figura de Fiz Vergara Vilariño, entre outros. Comenta que a intención do encontro é coñecer o estado das letras occitanas e as relacións entre as literaturas medievais de Galicia e Occitania.

Jaureguizar, 'Samos será sede dun encontro de autores galegos e italianos no 2005', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 31 maio 2004, p. 72.

Coincidindo co peche do encontro mantido por literatos galegos e occitanos en Lugo, apunta que o presidente do Pen Club Galego, Luis González Tosar, anuncia a celebración dunha xuntanza de escritores galegos e italianos en 2005. Tamén recolle as declaracións do presidente do Pen Club de Lenga d'Oc Joan-Yves Casanova, que explica as dificultades coas que se atopa a lingua occitana para se normalizar.

Jaureguizar, 'Os editores pechan a súa crise ao elixir presidente a Fernán Vello', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 15 xuño 2004, p. 80.

Anuncia que a elección de Miguel Anxo Fernán-Vello, que encabeza unha candidatura de consenso, como presidente da Asociación Galega de Editores, parece rematar cos desencontros dos últimos tempos. Informa que o equipo do director de Espiral Maior estará formado por Víctor Freixanes, Manuel Bragado e Rodríguez Iglesias, entre outros, e reemplazará ao anterior, encabezado por Fabiola Sotelo.

Jaureguizar, 'Galaxia promove unha tradución para o galego da novela 'Ulises', de James Joyce', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 16 xuño 2004, p. 88.

Co gallo da celebración en Dublín do Bloomsday, o director de Galaxia, Víctor Freixanes, informa do proxecto en curso que esta editorial está realizando para traducir o *Ulises* de James Joyce ao galego. Lembra que foi Otero Pedrayo quen fixo a primeira tradución dun

fragmento da devandita obra ao galego en 1926, sendo esta a primeira vez que se facía a unha lingua peninsular.

Jaureguizar, 'El Progreso inicia mañá a publicación de contos de escritores galegos emerxentes', *El Progreso*, 'Verano', 3 xullo 2004, p. 75.

Co gallo da colección que o xornal *El Progreso* dedicará a novos autores literarios galegos, fai un pequeno resumo da traxectoria profesional de cada un deles, dende Quintiá até Fran Alonso, pasando por Francisco Castro, Xavier López López, Xurxo Borrazás, Rosa Aneiros ou Xavier Queipo.

Jaureguizar, 'Seis dibujantes gallegos participan en una revista juvenil editada por 'El Jueves', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 7 setembro 2004, p. 72.

Anúnciase a iniciativa da editorial que publica o semanario *El Jueves* de sacar ao mercado unha revista de humor gráfico orientada á xente nova e que se chamará *Mister K*. Cítanse os seis debuxantes galegos que han colaborar na publicación e destácanse as propostas do colaborador de El Progreso Santy Gutiérrez e do lucense Alberto Guitián.

Jaureguizar, 'Un milleiro de persoas despediu ao poeta Manuel María onte en Outeiro', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 11 setembro 2004, pp. 87-88.

Coméntase o acto no que tivo lugar o soterramento dos restos mortais do poeta chairego Manuel María Fernández Teixeiro. Sinálase que se desenvolveu no souto de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, e que contou coa presenza dunha multitude de persoeiros da cultura galega e de xentes que quixeron darlle o último adeus ao escritor. Tamén se apunta que os actos fúnebres seguiron as ordes que marcara o propio Manuel María, cunha cerimonia relixiosa e outra laica, unha "banda sonora" que el mesmo escollera e as palabras dalgúns amigos.

Jaureguizar, 'Catro poetisas representan ás letras galegas nun encontro en Asturias', *El Progreso*, 'Cultura', 22 setembro 2004, p. 73.

Fala de que as poetisas Luísa Castro, Yolanda Castaño, Julia Uceda e Estíbaliz Espinosa representarán á literatura de orixe galega no encontro de escritores que terá lugar en Verines (Asturias). Recolle unhas palabras das dúas primeiras e anuncia sobre que temas van falar. Finalmente esboza brevemente as traxectorias de Julia Uceda e Estíbaliz Espinosa.

Jaureguizar, 'A novela é o xénero que domina na literatura lucense este outono', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 4 outubro 2004, p. 81.

Fálase das novidades editoriais lucenses nas que parece abarcar a súa práctica totalidade o xénero narrativo. Destácanse *O exiliado e a primavera* coa que Manuel Veiga gañou o Premio Xerais, *O Coxo de Vilarelle*, de Afonso Eiré e *A rosa lenta*, de Isidro Novo. Destas recóllese unha breve referencia e algunha declaración dos autores. Anúnciase tamén a publicación d'*Arrepíos e outros medos*, de Xosé Miranda, así como a aparición dunha biografía de Manuel María e dúas reedicións de obras de Ánxel Fole.

Jaureguizar, 'Dúas publicacións descubriranlles aos lectores lusos a nova literatura galega', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 14 novembro 2004, p. 72.

Anúnciase a preparación por parte de dous xornais portugueses de candanseu suplemento para ofrecer ao lector portugués información sobre a nova literatura galega. Trátase do diario *Público* e da revista quincenal *Jornal das Artes*. Sinálase que a encargada desta tarefa é María José Oliveira, quen traballa conxuntamente nun estudo sobre prosa e outro sobre poesía. Recóllense tamén as apreciacións dun xornalista, José Viale Coutinho, e un editor, Antonio Luis Catarino, que falan do pouco coñecemento de literatura galega en Portugal.

Jaureguizar, 'Un libro revela a mestría de Blanco Amor como afeccionado á fotografía', *El Progreso*, 'Cultura e Comunicación', 28 novembro 2004, p. 88.

Dá conta da publicación do volume *A ollada do desexo*, dentro da editorial Galaxia, no que se recompilan un cento de fotografías tiradas por Eduardo Blanco Amor entre 1933 e 1973. Trátase das fotografías que Blanco Amor realizou en Galicia e nas súas diferentes estadías polo mundo, que recollen varios autorretratos, paisaxes rurais e urbanas, nubes, animais e retratos de persoeiros do mundo da litatura, como Federico García Lorca, Rafael Alberti, Afonso R. Castelao ou Ramón Otero Pedrayo.

Jiménez, Raúl, 'Distraído', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 setembro 2004, p. 56.

Breve poema no que Raúl Jiménez amosa a convulsa situación interior. Abre unha mente insegura e temerosa por todo o que se lle presenta dende o exterior pero o perigo real non está nas cousas senón dentro dun mesmo.

K.A., 'Bravo ve la poesía de Rosalía 'lume que non se apaga', *El Progreso*, '250 años con San Froilán', 11 outubro 2004, p. 5.

Fala dun acto de homenaxe celebrado en Lugo en honra á figura de Rosalía de Castro en plena celebración do San Froilán. Sinala que se realizou unha ofrenda floral a cargo da infanta dona Elena, acompañada do seu marido e dos seus fillos, e un acto de exaltación da figura da escritora, que correu a cargo da decana de veterinaria Ana Bravo.

Kruckenberg, María do Carme, 'Lembranzas da beleza triste', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 agosto 2004, p. 56.

Breve composición poética de María do Carmo Krukenberg que fala do alén e de forzas telúricas e crenzas ancestrais que se apoderan do suxeito poético.

Kruckenberg, María do Carme, 'Lembranzas da beleza triste', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 outubro 2004, p. 46.

Breve composición poética de María do Carmo Krukenberg. Nela xoga co ritmo das aparencias e coa ruptura das ilusións no inevitábel transcorrer da realidade. Aboia unha escuridade e un silencio que aproximan á morte. A noite é un cemiterio escuro e silencioso que anula a firmeza e a realidade sitúase ante a morte fronte a fronte.

Kruckenberg, María do Carme, 'De 'Lembranzas da beleza triste', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 novembro 2004, p. 46.

Este poema de María do Carme Kruckenberg fala da destrución das lembranzas polo paso do tempo. Ela quere recordar, mais as cousas tórnanse confusas. Nel describe tres anécdotas das que aínda se acorda pero no final faise preguntas sobre onde estarán as cousas das que non se lembra.

Kruckenberg, María do Carme, 'De 'Lembranzas da beleza triste'', *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 23 decembro 2004, p. 38.

Reflexión íntima da poeta que lembra a fuxida dun ser querido.

L. M. P., 'La cantera de la Sinfónica', *La Opinión*, 'A Coruña', 4 febreiro 2004, p. 14.

Entre outras novas, alúdese á presentación na librería Lume da Coruña dos últimos poemarios de Eduardo Estévez e David Creus, titulados *Caderno apócrifo da pequena defunta* e *Palabras para un parque hidráulico*, respectivamente.

L.M.T., 'La presencia de libros editados en Ourense no llega al 0,1 % en las bibliotecas españolas', *La Región*, 'Ourense', 9 agosto 2004, p. 7.

Coméntanse unha información ofrecida pola base de datos nacional onde se recollen os rexistros bibliográficos das bibliotecas. Fálase de que Ourense é a terceira provincia española con menos presenza nas bibliotecas públicas españolas en canto á produción que ofrecen. Sinálase que os datos de *Rebeca*, que así se chama a base de datos, informan de que a 1 de agosto de 2004, dos 663.799 rexistros bibliográficos contidos, só 257 eran publicacións editadas en Ourense.

L.P., 'Bieito Iglesias recibe en Cuntis o premio xornalístico Blanco Torres', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 16 abril 2004, p. 46.

Infórmase da entrega do premio xornalístico "Blanco Torres" promovido polo Concello de Cuntis e a Universidade de Santiago de Compostela e que recaeu no escritor Bieito Iglesias.

L.P., 'Del Riego gana la sexta edición del premio Blanco Torres', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 22 decembro 2004, p. 34.

Dá conta da concesión do premio de xornalismo literario e opinión "Roberto Blanco Torres" ao xornalista Fernández del Riego polos seus artigos recollidos baixo o título "De cotío". Tamén nomea os compoñentes e sinala que o premio se entregará na Casa da Cultura de Cuntis.

L.R., 'Fallece Antón Tovar, el escritor del alma triste', *La Región*, 'Ourense', 17 xuño 2004, pp. 8-9.

Dáse conta da morte do poeta Antón Tovar aos oitenta e tres anos, como consecuencia dunha grave afección respiratoria e das honras fúnebres previstas. Tamén se reproducen as verbas de aprezo de xente como Alfredo Conde, Peña-Rey, Alonso Montero, Dora Vázquez e Pura Vázquez e resúmese brevemente a súa vida e obra literaria. Na páxina seguinte, ofrécese un extracto dunha entrevista de 1991 concedida á xornalista Maribel Outeiriño.

L.R., 'Tovar se fue como un poema', *La Región*, 'Ourense', 18 xuño 2004, p. 9.

Sinálase que o enterro do poeta Antón Tovar, celebrado na Igrexa de San Francisco, ten como protagonistas aos seus poemas, ademais de recollerse as verbas de xente do seu entorno, nas que algúns lamentan a escasa atención prestada a este autor en vida. Apúntase que os presentes, entre os que se contaban representantes institucionais, remataron cantando o himno galego.

L.R., 'A cultura orensá recupera presencia na Real Academia Galega incluindo a Marcos Valcárcel', *La Región*, 'Ourense', 20 xuño 2004, p. 5.

Coméntase que a entrada do historiador Marcos Valcárcel na Real Academia Galega fará que a provincia de Ourense conte xa con oito representantes na institución. Valcárcel, que será nomeado correspondente, exercerá de colaborador. Tamén se fai eco do orgullo do ourensán, quen, tras falar dos seus proxectos actuais, lamenta a eficacia da política lingüística gobernamental.

L.R., 'El audiovisual gallego busca espectadores entre los internos de la cárcel de Pereiro', *La Región*, 'Ourense', 6 xullo 2004, p. 9.

Fálase do programa "O cine no eido social. Unha vida, unha ilusión", que pretende levar o cine galego aos lugares onde sexa difícil acceder a el. Sinálase que o primeiro acto foi o pase da película *A lingua das bolboretas* no cárcere de Pereiro, aínda que a iniciativa ten máis planos como o de achegar os filmes de animación galegos aos nenos e establecer coloquios sobre o visto. Coméntase que os organizadores queren obter axuda institucional para un proxecto que, segundo eles, non é custoso.

L.R., 'Los gallegos de Venezuela se reconcialian con Celso Emilio 25 años después de su muerte', *La Región*, 'Ourense', 17 outubro 2004, p. 11.

Conta como a Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas conmemora o vinte e cinco aniversario do falecemento de Celso Emilio Ferreiro. Tíldase de "reconciliación" referíndose á visión negativa da comunidade galega de Venezuela que o poeta amosaba en *Viaxe ó país dos ananos*. Destácanse algúns actos como unha actuación teatral ou unha exposición fotográfica así como o feito de que se outorgue á entidade o Premio Otero Pedrayo 2004.

L.R., 'Galeusca retoma su actividad con atención a la diglosia en Galicia', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 30 outubro 2004, p. 42.

Fala da xornada do congreso Galeusca que prestou especial atención á diglosia en Galicia. Sinala que este evento, que tivo lugar no Liceo de Ourense, contou coa presencia de Xosé Manuel Beiras, a concelleira de cultura de Allariz, Pilar Gallego Cid, e varios representantes da Asociación de Escritores en Lingua Galega co seu presidente Euloxio Ruibal á fronte.

L.R., 'Argentina reivindica a Blanco Amor', *La Región*, 'Ourense', 20 decembro 2004, p. 8.

Dáse conta da homenaxe que o Centro Galego de Bos Aires lle rendeu ao escritor Blanco Amor polo vixésimo quinto aniversario do seu pasamento. Sinálase que no acto estiveron presentes o Conselleiro de Emigración, Aurelio Miras Portugal, e o director da editorial Galaxia, Víctor Freixanes, entre outros. Así mesmo, faise un breve resumo da vida de Blanco Amor na emigración e lémbrase cómo aparece reflectida esa vivencia en toda a súa obra.

L.S.F., 'La Biblioteca registra más demanda de plazas para estudiar que de lectura', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 6 febreiro 2004, p. 14.

Sinálase que a directora da Biblioteca Central de Vigo considera que a enorme afluencia de usuarios ao citado centro non se debe ao interese da xente polo empréstito de libros, senón

á gran demanda de postos para estudar cando os meses de exames están preto. Por iso, indícase que solicita a creación de máis centros na cidade, para non ter que habilitar a sala de lectura como zona de estudo.

L.S.F., 'Más de 30 expositores participan en una nueva edición de la Feria del Libro', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 26 xuño 2004, p. 17.

Informa da XXX edición da Feira do Libro de Vigo. Dá conta da instalación das casetas, da hora da inauguración, do número de librarías que concorren, así como dos escritores que estarán asinando exemplares das súas obras. Tamén sinala que, por cuarto ano consecutivo, se desenvolverá a Biblioteca Aberta.

Lamas, Jorge, 'Cadernos Grial dedica un número ós encontros literarios do Museo do Mar', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 xaneiro 2004, p. 46.

Sublíñase que a Editorial Galaxia vén de publicar un monográfico dos Cadernos *Grial* que recolle as intervencións dos participantes no encontro "Un mar de literaturas", celebrado no Museo do Mar de Vigo. Indícasenos tamén que na publicación colaboraron o propio Museo, a Fundación Caixa Galicia e Galaxia, e que dela se tiraron tres mil exemplares.

Lamas, Jorge, 'Ir Indo traduce ao galego algúns clásicos da literatura universal', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 22 abril 2004, p. 48.

Comenta que, coa pretensión de promocionar a divulgación da literatura universal en galego, Anxos Vázquez dirixe unha colección de obras mestras mundiais, entre as que estarán títulos de Poe, Scott Fitzgerald ou Kipling. Sinala que os volumes estarán pensados para o lector medio e o uso escolar, e que contarán cun limiar explicativo.

Lamas, Jorge, 'Xerais reúne nun só volume toda a poesía en galego de Celso E. Ferreiro', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 maio 2004, p. 46.

Sinala que a editorial Xerais, dirixida por Manuel Bragado, presenta en Vigo a poesía completa en galego de Celso Emilio Ferreiro, uns meses despois de publicar a recopilación dos seus poemas en castelán. Comenta que o volume correu a cargo de Ramón Nicolás e recolle varios textos inéditos do poeta de Celanova. Apunta que con isto quérese celebrar o vintecinco aniversario do seu pasamento.

Lamas, Jorge, 'Editores, autores e tradutores galegos recordaron onte en Vigo á poeta Xela Arias', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 30 maio 2004, p. 50.

Faise eco de que nun acto na sede viguesa da Fundación Caixa Galicia se reuniron as asociacións galegas de Editores, Tradutores e Escritores para lembrar a Xela Arias, falecida

varios meses atrás. Apúntase que Ana Romaní presentou a homenaxe, na que participaron Miguel Anxo Fernán-Vello e Marta Dacosta entre outros.

Lamas, Jorge, 'Unha ofrenda floral rememora o cabodano de Celso Emilio Ferreiro', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 31 agosto 2004, p. 46.

Anúnciase unha homenaxe que terá lugar en Vigo na honra do falecido Celso Emilio Ferreiro. Cítanse algunhas das personalidades que participarán nos actos e anúnciase a celebración dun congreso literario na cidade olívica, así como algunha das propostas editoriais que xiran ao redor do autor celanovés.

Lázare, Benigno, 'Crecente é o pai da criatura literaria de Fientosa', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 23 abril 2004, p. L2.

Achegamento ao escritor Ricardo Polín por mor da presentación de dous estudos sobre as obras completas de *Francisco da Fientosa* e sobre a poesía galega de Xosé Crecente Vega. Respecto do primeiro, sinálase que Polín comenta que representa a poesía e a prosa creada ao redor da xeración do 36, que se trata dun autor vangardista que lle gustaba experimentar coas figuras literarias e que, de non morrer tan novo, moi posibelmente fose un dos mellores escritores do século XX. Do segundo afirma que por primeira vez se reúne a súa produción poética en galego, na que hai algúns dos mellores poemas da literatura galega.

Lázare, Benigno, 'La edad de oro del teatro lucense', *La Voz de Galicia*, 'Las seis', 14 maio 2004, p. L6.

Información sobre a quinta edición das Xornadas de Artes Escénicas. Víveas, que organizan o Concello de Lugo mais o Colexio Fingoi e que inclúe dezaoito funcións, a maioría delas do ámbito teatral, aínda que tamén haberá sesións de curtametraxes, danza e monólogos. Dise que se inician coa representación da obra *Miles gloriosus* e enumérase todos os centros educativos que participarán ao longo das dezaoito funcións que se realizarán.

Lázare, Benigno, 'El Museo Provincial reproducirá un campamento arqueológico', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 18 xuño 2004, p. L13.

Baixo este titular acóllese información sobre unha reprodución fiel dunha escavación arqueolóxica que desenvolverá o Museo Provincial para cativos de entre sete e doce anos, pero en columna á parte dáse información sobre un curso de teatro, dirixido por Alfonso Rodríguez Riveira, e un ciclo de documentais que se levará a cabo para rapaces maiores de trece anos.

Lázare, Benigno, 'Los libreros cierran esta tarde su feria bastante satisfechos', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 20 xuño 2004, p. L2.

Realízase un repaso xeral polo desenvolvemento da feira do libro de Lugo, unha vez que esta chegou ao seu remate. Fálase das mínimas ausenzas que se produciron (Xulio Valcárcel e César Portela) e algunhas que outras variacións nos horarios dalgunhas actividades. Así mesmo, relaciónanse os nomes dos escritores, dos grupos teatrais e de animación, dos contacontos, dos responsábeis dos diferentes talleres que se levaron a cabo e das actuacións musicais que amenizaron este evento. Xa en columna á parte faise unha valoración, aproveitando a opinión de Carlos Coira, presidente dos libreiros da provincia, sobre os libros máis solicitados ou o prototipo de lector e achégase unha valoración económica.

Lázare, Benigno, 'Uns contos de Correa son o máis forte da nosa literatura', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 13 xullo 2004, p. L2.

Entrevista a Xulio Pardo de Neyra a propósito da publicación do ensaio *La arrebatadora entrada de Salomé en el templo*, que segundo palabras do propio autor é un ensaio literario sobre a vangarda, baseados nun contos eróticos e pornográficos -cualificados por el como "o máis forte da nosa literatura"- de Correa Calderón, cos que intentou poñer de manifesto o terror que lles incitaba aos homes a entrada da muller nun mundo pensado para homes e dominado por eles. Comenta, así mesmo, que eses relatos foran publicados na época da vangarda na revista *Cervantes* e que foran feitos por encargo de Cansinos Asens.

Lázare, Benigno, 'Exposiciones viajeras, revista oral y certamen de ámbito internacional', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 10 setembro 2004, p. L14.

De todas as numerosas actividades, aquí relacionadas, que está a levar a cabo o Museo Provincial lucense, a relacionada coa literatura galega é a creación da revista oral *O Pazo das Musas* e o anuncio de que proximamente estarán neste museo os catro escritores que participarán en *Contos do Museo II* (Marilar Aleixandre, Xosé Antón Neira Cruz, Fina Casalderrey e Antonio Reigosa).

Lázare, Benigno, 'Réquiem por un 'santo laico', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 11 setembro 2004, p. L14.

Nesta noticia relátase o enterro de Manuel María. Dise que comezou co Salmo do Bo Pastor, que a continuación se interpretou a "Alborada Gallega" de Veiga, "Negra Sombra" e a "Marcha del Antiguo Reino de Galicia", todos eles elixidos en vida polo propio poeta. Así mesmo coméntase que Fernán Vello foi o encargado de ler o poema que o poeta chairego lle dedicara ás flores e que neste momento acompañaban o seu cadaleito. Despois de soar o himno galego tamén foi lido "A terra faise en ti", un poema de Manuel María dedicado á súa muller Saleta. Finalmente faise un repaso polas distintas personalidades do mundo cultural e político que o acompañaron neste derradeiro día.

Lázare, Benigno, 'Por poeta y por otros méritos', *La Voz de Galicia*, 'Las seis', 15 outubro 2004, p. L6.

Infórmase sobre unha homenaxe póstuma que recibiu o finado poeta Manuel María na capital lucense, na que colocaron unha coroa de loureiro xunto á placa da rúa que leva o seu nome. Engádese que o poeta e concelleiro Xabier Rodríguez Barrio leu a "Oda á cidade de Lugo", representativa do sentimento que Manuel María mostrou cara á capital de Lugo. Así mesmo, relátase que pola tarde se levou a cabo, no centro social Uxío Novoneyra, un recital poético coordinado por Camilo Gómez Torres e no que participaron unha vintena de poetas e amigos do loado, como Darío Xohán Cabana, Lupe Bao, Luis Calvo, Marica Campo, Lois Diéguez, Paco Martín, Xerardo Quintiá, Isidro Novo ou Xabier Cordal, entre outros.

Lazzarini, 'Contra vándalos y guerreros', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 30 xaneiro 2004, p. L15.

Ofrece a lista de gañadores do concurso de debuxo e narrativa que se celebrou no Fogar dos Maiores do barrio lucense da Milagrosa, baixo o lema "¿Cómo ves ti ós teu maiores?" Tamén aparece a relación de todos os rapaces e rapazas que acadaron o máximo galardón e os accésits correspondentes nas distintas modalidades, diferenciadas por idades.

Lazzarini, 'A buen tiempo, buena cara', *La Voz de Galicia*, 'La ventana indiscreta', 6 febreiro 2004, p. L15.

Infórmase da entrega dos premios correspondentes ao certame nacional Lucus Augusti, nas súas cinco modalidades (pintura, fotografía, poesía, relatos curtos e vídeo). Sinálase que no tocante á literatura galega, no apartado de poesía, a gañadora foi Ajhna Cristina Navascués, mentres que Mónica Fernández recibiu un lote de libros e Ramón Echeverri o accésit. Por outra parte, indícase que en relatos curtos, o primeiro premio acadouno Paula Vázquez Ramos e Francisco Castiñeira, na modalidade de menos de vinte e máis de vinte e un, respectivamente. Tamén se achegan os nomes dos que recibiron o premio de participación e os accésits correspondentes.

Lazzarini, 'Libros de lo divino y lo humano', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 2 abril 2004, p. L15.

Infórmase, entre outros asuntos, da media ducia de libros que vén de promover a Deputación de Lugo. Polo que respecta á literatura galega, destácase a realización da terceira edición d'*O reino da chuvia*, de Álvaro Cunqueiro, a cargo de Mabel Mato.

Lazzarini, 'Buena salud y muchos libros', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 24 abril 2004, p. L15.

Entre outras noticias, recóllese unha que dá conta de que a Casa da Barxa de Guitiriz celebrou o Día do Libro baixo o lema "Día dos libros para coida-la terra". Infórmase de que na xornada actuou o contacontos Anxo Moure e a escritora Marica Campo.

Lazzarini, 'Por los sitios que amó el poeta', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 17 novembro 2004, p. L15.

Dá conta do percorrido que uns estudantes do Concepción Arenal de Ferrol realizaron polas terras de Outeiro de Rei para renderlle unha homenaxe ao poeta Manuel María; fixeron unha ofrenda floral na súa tumba e despois desprazáronse cara ao río Ladra e o Cepelo, realizando unha ruta que amaba especialmente o poeta chairego. Noutra pequena noticia dise que La Machina Teatro xa representou *Pinocho circus* e La Baracca, *Elefantiño*, dentro da Mostra de Teatro Infantil que está organizada polas concellerías de Educación e Cultura do Concello de Lugo.

Ledo Varela, María Neves, 'Pés de ferro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 xuño 2004, p. 46.

A voz poética describe a loita entre as forzas conservadoras e as forzas renovadoras que moven o tempo. Unha loita caracterizada pola permanente presenza de pousos en ambos os bandos pois, non habendo vencedores e vencidos, causa do enfrontamento nunca rematado, si hai ansias e desvelos.

Ledo, José Manuel, 'Rúa pracer', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 18 agosto 2004, p. 7.

Neste relato ofrécese unha visión rápida do mundo frío e sórdido da prostitución. Descríbese a situación desagradábel pola que pasa unha muller que ten que vender o seu corpo e a súa dignidade por unha mísera propina coa que poder comer e sacar unha familia adiante.

Lezcano, Arturo, 'O Vargas Llosa galego', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 67, 'Memoria', 3 xullo 2004, p. 14.

Repasa as incidencias e altibaixos na súa relación persoal con Carlos Casares, ademais de achegar certos comentarios sobre os diversos títulos que conforman a obra literaria do autor galego. Remata comparándoo con Vargas Llosa e afirmando que, pola súa calidade e polos seus contactos en Suecia, é o único escritor galego que tivo posibilidades de acadar o Nobel.

Llera, Luís Carlos, 'La Fundación Casares organiza un curso de verano sobre cine y literatura', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 25 xuño 2004, p. 52.

Comenta que o curso de verán sobre Carlos Casares que organiza a Universidade de Vigo co apoio do concello de Celanova, tentará analizar en profundidade a obra do devandito escritor. Sinala que está previsto para os días 13, 14 e 15 de xullo e que contará coa colaboración duns trinta ponentes, así como que estará coordinado por Miguel Anxo Fernández e terá un coste de matrícula de trinta e seis euros.

Lomba, Ana, 'Mar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 xuño 2004, p. 56.

Nun breve poema dedicado ao mar, Ana Lomba refírese á ferida incurábel inflixida polo Prestige. Este poema publicouse no mesmo xornal o 6 de xullo de 2004.

Lomba, Ana, 'Mar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 xullo 2004, p. 54.

Nun breve poema dedicado ao mar, Ana Lomba refírese á ferida incurábel inflixida polo Prestige. Este poema fora xa publicado no mesmo xornal o día 26 de xuño de 2004.

Lomba, Ana, 'Mar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 xullo 2004, p. 54.

Poema no que a vivacidade das cores representa a vivacidade da vida, unha vida amargada pola presenza da cor negra, chegada coa sombra. A voz poética diríxese a un "eu" ausente ao que se lle promete a reconstrución da súa vida a partir da reconstrución das súas cores, se ben a negrura das súas feridas sempre o acompañará. Trasfondo do Prestige.

Lomba, Ana, 'Mar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 outubro 2004, p. 46.

Breve composición poética de estrutura paralelística na que se alude á beleza do mar e ao sentimento da tristura. Unha sombra negra apaga as cores e, aínda que a esperanza parece abrirse camiño nos versos, unha liña final afunde o renacer nunha "ferida" incurábel da "alma".

Lomba, Ana, 'Mar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 outubro 2004, p. 72.

Breve composición poética de estrutura paralelística na que se alude á beleza do mar e ao sentimento da tristura. Unha sombra negra apaga as cores e, aínda que a esperanza parece abrirse camiño nos versos, unha liña final afunde o renacer nunha "ferida" incurábel da "alma".

Lomba, Ana, 'Mar', *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 5 decembro 2004, p. 64.

Poema no que a vivacidade das cores representa a vivacidade da vida, unha vida amargada pola presenza da cor negra, chegada coa sombra. A voz poética diríxese a un "eu" ausente ao que se lle promete a reconstrución da súa vida a partir da reconstrución das súas cores, se ben a negrura das súas feridas sempre o acompañará. Trasfondo do Prestige.

Lombardero, Xabier, 'Maradona, un apellido lucense', *La Voz de Galicia*, 'Las seis', 21 maio 2004, p. L6.

Dáse conta da publicación dos números 13-14 da revista cultural *Evohé*, que se edita no campus universitario de Lugo e faise un repaso por algúns dos artigos e colaboracións que achega nas súas páxinas. Así pois, ademais de deterse no que versa sobre a posibilidade de que o apelido Maradona sexa galego, refírese a outro que trata sobre Salvador Dalí e engádese que nesta revista, que agora dirixe Alejandra Rita Vázquez de la Fuente, abundan os poemas e as ilustracións.

Lombardero, Xabier, 'Luís Vila: 'Pódese influír na vida emocional, non ordenar'', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 14 xullo 2004, p. L2.

Faise referencia ao curso de verán 'Amor e Literatura' que se está a desenvolver na Facultade de Humanidades de Lugo e coméntase o relatorio que impartiu o profesor e psiquiatra Luís Vila que versou sobre as ligazóns que hai entre a percepción emocional ou intelectual do amor e os procesos físicos e químicos no corpo humano. Tamén dá conta da intervención da docente Olga Novo, quen falou do amor tolo de André Breton, e a escritora María Lopo, quen disertou sobre o amor e o celtismo.

Lombardero, Xabier, 'Nace no Museo a revista oral 'O Pazo das Musas', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 10 decembro 2004, p. L2.

Infórmase de que o Museo Provincial de Lugo porá en marcha unha revista oral, O Pazo das Musas, que estará coordinada por Antonio Reigosa. Explícase que o seu obxectivo é o de ser un foro de actualidade, de opinión e debate sobre todas as artes, correntes e tendencias. Dise que para o primeiro número están previstas entrevistas a diferentes persoeiros da cultura, que serán lidos poemas de Isidro Novo ou que o grupo Achádego representará o entremés cervantino *O xuíz dos divorcios*, entre outros eventos. A noticia complétase con información sobre outras actividades que o devandito centro levará a cabo ao longo do Nadal.

López de Guereñu Rey, Xosé María, 'A filla do crego', *Diario de Pontevedra*, 'Opinió&Análisis', 25 outubro 2004, p. 14.

Nesta breve descrición laudatoria de Rosalía de Castro, fálase do seu nacemento sen pai recoñecido (filla de crego), que marcará parte da súa vida e aténdense outras cuestións relacionadas coa súa biografía: compromiso das súas letras, a familia que forma con

Murguía e cos seus fillos ou o pesimismo que a acompañou moitos anos e que presidiu a súa morte.

López López, Xabier, 'A pegada', *El Progreso*, 'Relatos da Xeración Knows', 1 agosto 2004, p. 72.

Relato de ficción no que un novo membro dun partido político agarda por unha das figuras míticas deste e co cal vai pegar carteis para a campaña das próximas eleccións. Cando chega o vello militante mándalle tirar co balde e a vasoira e van á saída da igrexa a repartir papeletas e convencer os votantes. O modo de proceder sorprende o mozo.

López López, Xabier, 'Carta dende o fondo do mar', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 2 agosto 2004, p. 6.

Trátase dunha carta que un náufrago escribe dende o fondo do mar, onde xace a Mariquiña, a muller que ama. Cóntalle que está só, que ten sono, que veu á Maruxaina e algunha cousiña máis.

López, A. R. e Noia, Soedade (coord.), 'Memoria e literatura', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 499, 22 xaneiro 2004, pp. 1-8.

Este número da revista está dedicado ao exercicio da memoria por parte dos escritores, a cal ten dúas grandes manifestacións literarias: por unha banda, as escolmas e as recompilacións de todas as obras escritas ao longo das carreiras literarias de cada poeta, e por outra, a escritura das memorias por parte destes. A literatura galega vive un momento de especial auxe tanto nun eido coma noutro e a cada un se lle dedica un amplo apartado.

López, A. R. e Noia, Soedade (coord.), 'Thing tank', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 500, 29 xaneiro 2004, pp. 1-24.

Con motivo dos cincocentos números do suplemento semanal *rdl* (revista das letras) que se entrega co xornal *Galicia Hoxe*, edítase un exemplar extraordinario no que se fai balance do camiño percorrido a través de diferentes seccións que compoñen o monográfico. En primeiro lugar, está a portada, na que se fai un reconto numérico: eses cincocentos números saíron á luz ao longo de doce anos, encheron unhas oito mil páxinas nas que unhas catrocentas sinaturas trataron, cando menos, mil temas diferentes. Destácase o labor de Helena González e Vicente Araguas como colaboradores constantes no proxecto. Logo vén unha escolma de poemas pertencentes a trinta e seis poetas seleccionados por teren unha especial vinculación coa revista. Tras facer unha síntese biográfica de cada un deles e explicar as súas achegas a *rdl*, reprodúcense un ou dous dos seus poemas. Uxío Novoneyra, Manuel Rivas e Miguel Anxo Fernán-Vello son algúns dos protagonistas máis reputados dunha selección na que tamén hai representantes do mundo académico, como Manuel Outeiriño, Arturo Casas ou Margarita Ledo. A dimensión mediática de Antón Reixa

compaxínase co espazo dedicado aos máis novos, como María do Cebreiro ou Yolanda Castaño. Finalmente, a sección "Papilosear" abrangue unha serie de reflexións sobre o devalar da poesía galega durante eses doce anos, cheos de debates, polémicas e novidades que serviron para cambiar a posición dos versos no sistema literario.

López, A.R. e Soedade Noia (coord.), 'Rapazza', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 524, 2004, pp. 1-8.

Suplemento titulado *Revista das Letras* e dedicado á poeta lucense María Yáñez (Lugo, 1978) da que se recolle un breve comentario sobre os seus poemas e os medios que ten para editar: Internet. Indícase que é unha poeta moi próxima ao cotiá e que foi a directora de Brabú.net e está a traballar na produción cinematográfica. Neste monográfico recóllese o seu traballo "Rapazza. Achegas para unha (im)posible revista feminina galega". O texto proposto por María Yáñez comeza coa "Editorial", na que se dirixe a todas as mulleres do século XXI para que sexan capaces de evolucionar e agradece o labor feito polas precursoras feministas. No seguinte apartado, "Muller galega: a carne con carné" describe o prototipo da muller galega. Baixo o subtítulo de "Xeración Bershka", María Yáñez comenta cómo cambiou a moda no vestir neste século. Outros apartados que dividirían esta revista feminista son "Triunfar no amor (ou polo menos no after)", "Haberá un número un?" e "Contraportada", no que se inclúen catro poemas.

López, A.R. e Soedade Noia (coord.), 'Feira do teatro', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 510, 15 abril 2004, pp. 1-13.

Suplemento denominado *Revista das Letras* que nesta ocasión dedica as súas páxinas ao teatro. Preséntanse tres artigos sobre o mundo teatral e nas últimas páxinas descríbense as obras que levarán a escena as compañías galegas. O primeiro artigo, asinado por A. Lopo e S. Noia e titulado "Cando conta o talento", recolle a consideración de que o teatro galego actual, despois de cumprir vintecinco anos, non alcanzou todos os seus obxectivos. Saliéntase a creación do Centro Dramático Galego e a próxima inauguración da Escola de Arte Dramática de Galiza, así como a opinión de Euloxio Rubial sobre o tema de Camilo Franco. Ambos consideran que o teatro ten que chegar á xente e que nos anos de existencia do CDG, este non acadou a xestión máis propicia nin un número de espectadores elevado. Outras opinións recollidas no artigo son as de Ana Vallés, responsábel da Sala Galán de Compostela, e as de Cándido Pazó, presidente da AADTC, que consideran que se debería apoiar máis ás compañías estábeis. Por último, atópanse os comentarios de Manuel Guede, director do CDG, quen ve de xeito positivo a evolución do teatro, e de Imma López Silva, que considera que se debe seguir loitando pola mellora e o recoñecemento das institucións. Lupe Gómez asina o segundo artigo que aparece neste suplemento baixo o título "A alegría do teatro"; nel refírese á celebración da Feira do Teatro de Galicia, que presentará este ano como novidade o debate e mais a danza. Considera que o teatro galego está en crise e que debería encherse de alegría e esperanza e non basearse tanto na melancolía. Por último, Lois Sandoval informa en "Unha panorámica de catro días" da celebración da duodécima edición da Feira de Teatro que incluirá debates e espectáculos de danza, e que se celebrará entre o 20 e 24 de abril coa participación de vintesete compañías. As representacións das

compañías galegas que se levarán a cabo son: *O porqué das cousas* de Novo dous, *Os cárceres do olvido* de Librescena, *Se normal. Vota substancia bucanera* de Bucanero, *Nadarín* de Trompicallo, *Molière Final* de Talía Teatro, *Acto seguido* de Matarile, *Fobias* de Lagarta lagarta, *Radio Universo* de Chévere, *O caso da rúa Lourcine* de Teatro do Morcego, *O canto do Dime-Dime* de Factoría Teatro, *Ensaio* de Teatro do Noroeste, *Así que pasen cinco anos* de Sarabela, *A pedra que arde* de Cachirulo, *Hotel Run* de Spristi, *Contos do vento acatarrado* de Monicreques de Kukas, *Camiño longo* de Teatro do Aquí, *Indignos* de María a Parva e *Troianas* de Teatro de Ningures. O espectáculo de danza correrá a cargo de Nova Galega de Danza e serán oito as montaxes que chegan desde fóra de Galiza.

López, A.R. e Soedade Noia (coord.), 'Catro narracións recuperadas', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 523, 15 xullo 2004, pp. 1-8.

Suplemento titulado *Revista das Letras*, que nesta ocasión está dedicado á lembranza de catro escritores galegos que polo ano 1991 mostraban unha nova aposta narrativa. Os relatos incluídos e os seus autores son: "O home da bici", de Margarita Ledo, que conta a historia dunha muller policía que detén e leva a prisión un neno negro por roubar unha bicicleta; "Sounion Hotel" de Manuel Outeiriño, no que dous mozos viaxan a Atenas para coñecer a cidade e unha vez alí, o rapaz non quere visitar o litoral de Sounion e ao final ofrécelle á rapaza ir a un hotel para deitarse xuntos e, casualmente, o hotel chámase Sounion; "O visitante", de Margarita Fernández, no que unha muller soña cun home ao que ama e, cando esperta pola mañá, o home saíu do seu soño e está fronte a ela; por último, "Un incendio", de Darío Xohán Cabana, onde o protagonista do relato está a realizar unha fuga do enorme incendio que deixa tras de si, até que despois de varios días de camiño, chega ao mar.

López, A.R. e Soedade Noia (coord.), 'A Chewbacca baixou á terra', *Galicia en el mundo*, 19 agosto 2004, pp. 1-8.

Suplemento monográfico centrado na escritora galega Anxos Sumai (Catoira, 1960), quen publicou a obra *Anxos da garda*, gañadora do Premio da Crítica de Galiza. Ademais de ser escritora, Sumai é letrista de grupos de rock e guionista de banda deseñada. Actualmente, difunde moitos dos seus escritos a través de Internet; neles reflicte dous mundos: o rural e o urbano. Inclúese un relato da autora titulado "E Chewbacca baixou á terra".

López, A.R. e Soedade Noia (coord.), 'Segredos do mar presentidos tras dos ollos', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 529, 26 agosto 2004, pp. 1-12.

Suplemento titulado *Revista das Letras*, dedicado ao escritor Xavier Queipo (Santiago, 1957), quen actualmente reside en Bruxelas. Indícase que presentará tres novos títulos: *Glosarios*, libro de poesía editado por Espiral Maior; *Os ciclos do bambú*, un libro de contos tirado por Galaxia; e *O espello e o dragón*, dedicado á literatura infantil, que sacará á luz Edicións Xerais. O autor afirma que, en canto á cultura galega, o país está moi

retrasado e que existen dúas sociedades, a castelá e a galega, que non gardan relación entre si. No monográfico inclúese un ensaio de Xavier Queipo titulado "Segredos do mar prendidos tras dos ollos"; este estrutúrase en nove apartados: "I: Os puntos cardinais", "II: Ártico", "III: Antártico", "IV: Océano Pacífico", "V: Océano Índico", "VI: Atlántico", "VII: Mar Vermello", "VIII: Mar Mediterráneo" e "IX: Epílogo". Nel descríbese a existencia de sete puntos cardinais que son os sete mares que toman como referencia os navegantes; coa súa descrición preténdese amosar un novo espazo de liberdade e unha nova percepción.

López, A.R. e Soedade Noia (coord.), 'Combustible fósil', *Galicia en el mundo*, *'Revista das Letras'*, nº 530, 2 setembro 2004, pp. 1-8.

Suplemento titulado *Revista das Letras*, dedicado á figura de Xabier Cordal (A Coruña, 1965), de quen se salienta a súa faceta de renovador da poesía galega nos anos oitenta coa participación no colectivo Ronseltz, ademais da súa colaboración no ámbito do xornalismo ou as súas incursións na narrativa e no teatro. Aquí recóllese un relato titulado "Combustible fósil", no que dous homes matan á muller dominicana que lles serve na casa para tomarlle o sangue.

López, A.R. e Soedade Noia (coord.), 'Lecturas de outono', *Galicia Hoxe*, *'Revista das Letras'*, nº 533, 3 setembro 2004, pp. 1-8.

Suplemento titulado *Revista das Letras*, dedicado ás lecturas do outono, no que se salienta a abundancia de títulos que presentan as editoriais, principalmente en poesía e traducións de obras. No corpo do suplemento Lupe Gómez, baixo o título "A ilusión da beleza", comenta a obra de Xavier Seoane, *Dársenas do ocaso*, relatando o modo como chegou ás súas mans e a impresión que lle causou. De seguido dáse conta de todos os títulos publicados cun breve comentario e acompañados dunha fotografía do autor. As obras editadas son: *As humanas proporcións*, de Xesús Constenla; *O exiliado e a primavera*, de Manolo Veiga; *Soberano*, de Adolfo Caamaño; *O mes de abril*, de Pablo Vaamonde; a reedición d'*As rulas de Bakunin*, de Antón Riveiro Coello; a tradución de *O fillo do acordeonista* de Bernardo Atxaga; *Ollos negros*, de Enrique Rabuñal; a tradución d'*As Ondas*, de Virginia Wolf; a colección de relatos de Ray Brádbury, *Crónicas marcianas*; *Fausta*, de Xeraro García Suárez; *Occidencia*, de Xoán Carlos Rodríguez; *Tristemil*, de Alberto Fortes (estes tres últimos libros saen na Colección Literaria de Sotelo Blanco); *Contrato temporal*, de Beatriz Dacosta; as traducións d'*Un cuarto propio*, de Virginia Wolf e *Orgullo e prexuízo*, de Jane Austen; *En Concreto*, de Luísa Villalta; *Charenton*, de Chus Pato; *A cousa vermella*, de Olga Novo; *Sucede*, de Daniel Salgado; a reedición da obra de Manuel Antonio *Foulas*; a *Antoloxía da literatura brasileira* elaborada por Alexei Bueno; a biografía do pintor Urbano Lugrís; o ensaio de López Veiga, *Desde el centro de Galicia*; e as próximas publicacións que realizará *A Nosa Terra* sobre a figura de Manuel María. En canto á lingua, Carme Hermida publicará *Gramática práctica* e Eliseo Fernández e Dionisio Pereira redactaron *O anarquismo na Galiza*. Finalmente, Antón Capelán entregará *Diatribas Manuelinas*.

López, Belén, 'Freixanes entra na Academia', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 27 febreiro 2004, p. 85.

Sinálase que o acto de entrada de Víctor Freixanes na Real Academia Galega terá lugar ás oito da tarde no instituto pontevedrés Valle-Inclán. Coméntase que nese centro, o intelectual lerá un discurso sobre as repercusións que a nova modernidade globalizada terá na sociedade galega. Tamén se repasan as diferentes facetas do labor de Freixanes como docente, xornalista e escritor literario.

López, Belén, 'Víctor Freixanes entra na Academia cunha reflexión sobre os retos da Galicia do futuro', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 28 febreiro 2004, p. 83.

Infórmase de que o intelectual pontevedrés accede ao seu posto na Real Academia Galega nun acto celebrado no instituto Valle Inclán da cidade do Lérez. Sinálase que Freixanes, que ocupa o posto que deixou vacante Carlos Casares, pronunciou un discurso titulado "Desafíos para un novo século. Entre a Trabe de Ouro e a Paxariña de Armenteira", no que subliñou a situación de encrucillada na que se atopa a cultura galega coa entrada na nova modernidade, que supón a sociedade da información. Tamén se indica que foi contestado por Antón Santamarina.

López, Belén, 'Freixanes entra na Academia cunha reflexión sobre a Galicia do futuro', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 28 febreiro 2004, p. 105.

Víctor Freixanes é nomeado membro da Real Academia Galega nun acto celebrado no instituto pontevedrés Valle Inclán. Tras lamentar que a súa entrada na institución se deba á morte de Carlos Casares, le un discurso acerca do futuro de Galicia coa chegada da sociedade da información e a globalización.

López, Belén, 'Os poetas de Redes Escarlata reclaman liberdade con esparadrapo na boca', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 6 marzo 2004, p. 86.

Sinálase que para facer un chamamento público á libertade de expresión que resultase impactante, os integrantes de Redes Escarlata escolleron colocarse esparadrapo nos beizos. Coméntase que Elvira Riveiro, coordinadora das Redes en Pontevedra, destacou que esta se trata dunha asociación cultural de esquerdas, que conta con membros como Méndez Ferrín e que posúe un firme compromiso político.

López, Belén, 'Un taller para merendar', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 1 abril 2004, p. 83.

Dá conta da existencia dunha editorial en Pontevedra creada e dirixida por Fernando Luís Pérez Poza co obxectivo de publicar poemarios e dar a coñecer novos poetas que non chegan ás grandes editoriais. Sinala que a editorial se denomina "El Taller del Poeta" e

salienta o propio director que está a ter moito éxito coa publicación das obras de autores de todo o mundo. Informa tamén de que as publicación só se distribúen por internet ou a través dos recitais que organizan os poetas.

López, Belén, 'Homenaxe a don Paco', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 20 abril 2004, p. 83.

Dá conta de que Caixanova resolveu este ano o primeiro premio de xornalismo para artigos en lingua galega "Francisco Fernández del Riego" e que recaeu na escritora pontevedresa Fina Casalderrey, co artigo titulado "Camiños brancos" publicado no *Diario de Pontevedra*. Sinala que para os artigos en lingua castelá se entregou o premio "Julio Camba", que foi a parar a Marino Gómez-Santos por "Sobre la intimida de Julio Camba", publicado no *Diario de León*.

López, Belén, 'A lenda dun apelido pontevedrés... ao revés', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 19 agosto 2004, p. 78.

Fálase da última obra de José Antonio Durán, un historiador que decidíu facer un estudo sobre os irmáns Muruáis, Andres e Jesús, por seren dous dos personaxes máis interesantes do século XIX en Pontevedra. Sinálase que o traballo de Durán sobre estes dous intelectuais deu como resultado un libro e unha exposición audiovisual que xoga co espectador mediante uns reflexos en espellos. Danse tamén unhas breves pinceladas biográficas dos homenaxeados na obra.

López, Belén, 'Pontevedra lembrará a figura de Losada Diéguez xunto á Estrada e Boborás', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 9 outubro 2004, p. 68.

Coméntanse os actos que, con motivo do setenta e cinco aniversario da morte de Antón Losada Diéguez a Fundación Bóveda organiza na Estrada, en Pontevedra e en Boborás. Fala dunha serie de conferencias que van ter lugar e cítanse os nomes dalgúns dos participantes ao tempo que se louva aos promotores desta iniciativa Xosé Luís Bóveda, Avelino Pousa Antelo e David Otero como membros da Fundación Bóveda. En cado á marxe faise unha breve referencia biográfica do homenaxeado.

López, Belén, 'Luís Bará reclama en Pontevedra 'unha plena recuperación da obra de Losada', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 16 outubro 2004, p. 85.

Faise eco do parecer do concelleiro de cultura da cidade de Pontevedra, quen fala da necesidade de lembrar a figura de Antón Losada Diéguez con motivo do seu setenta e cinco cabodano. Sinálase que neste de Pontevedra interviñeron tamén Uxío Breogán Diéguez, David Otero e Xosé Luís Bóveda. Cítanse algúns datos da vida do galeguista e anúnciase que, tras un primeiro acto que tivo lugar na Estrada e este segundo, haberá un terceiro na localidade ourensá de Boborás.

López, Belén, 'Máis libros' faralle unha homenaxe a Manuel María', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 20 outubro 2004, p. 86.

Anúnciase o nacemento da asociación Máis libros que terá pública presentación na Galería Sargadelos de Pontevedra e que contará cun espectáculo a cargo do grupo "Pavís Pavós". Tamén recolle o parecer de Mercedes García, unha das compoñentes da asociación, quen fala das súas expectativas, ilusións e planos de traballo, así como da pretensión de organizar actividades culturais.

López, Carmela, 'Cien relatores cubrieron las 11 horas del maratón de lectura de 'Areosa', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 19 abril 2004, p. 7.

Refírese á xornada de lectura de Areosa, na que participaron preto dun centenar de lectores que recitaron pasaxes de obras galegas.

López, Delio, 'Fume no peito', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 24 agosto 2004, p. 7.

Relato de verán no que se conta a historia dun home que está a agardar fumando pola chamada dunha muller á que quere. Despois de estar todo o día esperando a chamada sen resultado e fumando compulsivamente, ás doce da noite soa o teléfono pero é por outra cousa, por unha mala nova relacionada cun amigo enfermo. Nese intre, dáse conta de que a perdeu.

López, Domingo, 'Get it while you can', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 agosto 2004, p. 56.

Brevísima composición poética que aparece agora publicada baixo este título en inglés que parece remitir a unha imaxe moi visual e clara dalguén que sofre na madrugada chuviosa os efectos da noite de excesos. Publicado no mesmo xornal con data 14 de setembro de 2004.

López, Domingo, 'Get it while you can', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 setembro 2004, p. 46.

Brevísima composición poética que aparece agora publicada baixo este título en inglés que parece remitir a unha imaxe moi visual e clara dalguén que sofre na madrugada chuviosa os efectos da noite de excesos. Este poema foi publicado no mesmo xornal o 21 de agosto de 2004.

López, Dulce Mª, 'Bágoa', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 20 agosto 2004, p. 7.

Breve relato no que se conta a situación e os sentimentos dunha muller en Lisboa que se atopa cun cantante de fados. Ela é bailarina, etérea e cun amor sen esperanza e nel permanece viva a imaxe dunha morta. Nárrase o intenso e breve encontro de dous seres que comparten tristeza.

López, José Miguel, 'El pintor y dibujante vilalbés Eduardo Baamonde ilustra libros del escritor Ramón Caride', *La Voz de Galicia*, 'Provincia', 24 febreiro 2004, p. L9.

Información sobre as ilustracións e textos que Eduardo Baamonde e Ramón Caride, respectivamente, presentaron n'*O cabo da serpe* e *Boca da noite*, que vén de publicar a Editorial Everest e que se presentarán o día 11 de marzo na Casa do Libro de Vigo. Do primeiro, que é un libro infantil, dise que se trata o tema das catástrofes ecolóxicas e que ben se podería aplicar ao caso do Prestige, pero que os autores quixeron presentalo dunha forma máis xenérica. Do segundo, dise que está centrado na intriga e o misterio, preto da temática propia da novela negra.

López, José Miguel, 'A brutal agresión terrorista motivará o que vou pintar', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 12 marzo 2004, p. L2.

Comenta que o ilustrador vilalbés Eduardo Baamonde ía presentar en Vigo, xunto con Ramón Caride, os dous libros da autoría deste último -*Boca da noite* e *O Cabo da serpe*- que el ilustrou, acto que foi suspendido por mor do atentado terrorista acontecido en Madrid. Realízalle unha pequena entrevista onde falan sobre este acontecemento e do cal di o pintor e debuxante que lle influirá nos próximos traballos. Así mesmo, Pérez Baamonde declara que está na súa madurez expresiva e que sente un maior gusto pola expresión dos medios plásticos en si mesmos, como a textura, as cores e a luz que emprega a miúdo. Tamén comenta que vén de escribir un conto para nenos ilustrado por el mesmo e fala doutros proxectos que ten entre as mans.

López, José Miguel, 'Cultura Galega con maiúsculas', *La Voz de Galicia*, 'Terra Chá', 27 marzo 2004, p. L11.

Dáse conta da inauguración da Casa das Palabras na vila lucense de Guitiriz e a participación no acto de personalidades de distintos eidos da vida cultural e política galega. Trasládanse as palabras de Alfonso Blanco, o seu impulsor principal, e relaciónanse as entidades que participaron no seu financiamento. Así mesmo, recóllense as impresións da escritora Marica do Campo que rematou a súa intervención coa lectura do poema "Palabras como brasas" de Xosé María Díaz Castro.

López, José Miguel, 'El Muíño do Rañego será sede de la Fundación Manuel María', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 16 xuño 2004, p. L12.

Indícase que a Fundación Manuel María terá a súa sede no Muíño do Rañego (Vilalba), recentemente restaurado, e que a primeira actividade que acollerá será a decimoterceira edición dos Encontros na Terra Chá, nos que se homenaxeará ao catedrático de Xeografía e Historia Francisco Javier Río Barja. Tamén se recollen as intencións expostas por Alfonso Blanco, presidente da asociación cultural Xermolos, a cerca da actividade que albergará este novo espazo: faladoiros, muiñadas (recompilación de información sobre muíños, música popular, lendas, tradicións…) e toda a bibliografía posíbel relacionada coa comarca chairega e, en especial, con Manuel María.

López, José Miguel, 'Cincuenta personas asistieron a los Encontros na Terra Chá', *La Voz de Galicia*, 'Provincia', 27 xuño 2004, p. L9.

Información sobre o contexto no que se desenvolveu a décimo terceira edición dos Encontros na Terra Chá organizados pola Fundación Manuel María e pola asociación cultural Xermolos, que cambiaron de escenario físico, xa que este ano se realizaron no recentemente habilitado Muíño do Rañego. Nesta ocasión o homenaxeado foi Francisco Río Barja.

López, Lara, 'Óxido', *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 27 decembro 2004, p. 32.

O eu lírico fala da situación dun emigrante en Londres na primeira parte do poema. Na segunda estrofa reflexiona sobre as diferentes cores.

López, Rafa, 'Miguel Anxo Fernán-Vello', *Faro de Vigo*, 'La escapada', 22 outubro 2004, p. 8.

Breve test no que o escitor Miguel Anxo Fernán Vello comenta as súas filias e as súas fobias en diversos eidos. Así fala de libros, películas, actores, escritores, pratos ou cores preferidas entre outras cousas e parellamente cita as equivalentes repudiadas.

López, Siro, 'Chegou da Arxentina hai varios anos', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 28 agosto 2004, p. 6.

Relato de verán no que se elabora unha fluída descrición dunha muller. É de procedencia arxentina e adícase a protestar contra as accións de todo o mundo, a criticar a quen erra e a censurar aos demais. Ela tamén se equivoca pero non lle vale para aprender e segue coa súa teima.

López, Uxía, 'A Casa-Museo de Rosalía tivo o ano pasado máis de 37.000 visitantes', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 25 xaneiro 2004, p. L13.

Sinálase que tras unha reunión plenaria celebrada polo Padroado da Fundación Rosalía de Castro, os seus integrantes valoran moi positivamente que o número de visitas supere os trinta e sete mil. Coméntase que, ademáis de presentar unha memoria sobre as actividades realizadas e os proxectos previstos, quéixanse da deficitaria situación económica que padecen.

López, Uxía, 'O Museo de Rosalía precisa dunha urxente remodelación e mellora', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 1 febreiro 2004, p. L11.

Recolle as palabras de Xesús Alonso Montero, director do Centro de Estudios Rosalianos, quen fai unha serie de propostas dirixidas a mellorar as instalacións e servizos da Casa Museo situada en Padrón. Entre elas, subliña a necesidade de remodelar a antiga vivenda da Matanza e de ordenar os arquivos bibliográficos.

López, Uxía, 'La Pascua renueva los vínculos históricos entre Santiago y Padrón', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 13 abril 2004, p. L7.

Aproveitando unha visita da corporación política de Santiago de Compostela a Padrón, fálase, entre outras cuestións, do éxito de público das fundacións Rosalía de Castro e Camilo José Cela. Ambas están situadas na mesma área xeográfica pero, segundo se afirma, mentres a de Rosalía está "recoñecida a nivel galego", a de Cela recibe menos visitas.

López, Uxía, 'A Fundación Rosalía fará unha mostra con ilustracións de poemas da autora', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 15 abril 2004, p. L13.

Sinala que para celebrar a conmemoración do pasamento da poeta de Padrón, a Fundación Rosalía prepara unha exposición na que os seus poemas irán acompañados por ilustracións, unha publicación dunha edición bilingüe de *Follas Novas* e dunha nova edición da *Obra completa* rosaliana. Tamén apunta que o centro continúa co seu labor de divulgación da obra de Rosalía e que vén de recibir aos alumnos do Instituto Leliadoura de Riveira.

López, Uxía, 'Los autobuses que aparquen junto a la Fundación Rosalía serán multados', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 5 maio 2004, p. L12.

Falando a respecto dos transtornos que provocan as visitas á Casa-Museo de Rosalía de Castro en Padrón e da próxima orde da Policía Local prohibindo o aparcamento dos autobuses á porta do lugar, a xornalista ofrece algúns datos de interese que esta Casa esperta. Por exemplo, indica que o "templo rosaliano" contabilizou o ano pasado 9.000 visitantes, sen contar os menores de doce anos, e que na maioría se trataba de estudantes. Tamén informa de que nestes momentos se está a exhibir a mostra "Rosalía Ilustrada".

López, Uxía, 'Juan Manuel de Prada participa en los actos previos a la muestra 'Padrón, cuna de escritores'', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 1 xullo 2004, p. L8.

Sinala que o acto literario que precedeu á apertura da exposición sobre os autores de Padrón contou coas intervencións de Juan Manuel de Prada, que falou sobre Cela e Nicasio Pajares, de Gonzalo Rey Lama, que dedicou unhas verbas a Rosalía e a Manuel Barros, e, por último, de David Mackenzie, que abordou as figuras dos poetas medievais.

López, Uxía, 'Un acto literario glosa la figura y obra de seis autores padroneses', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 3 xullo 2004, p. L7.

Comenta que a xornada literaria previa á inauguración da exposición "Padrón, berce de escritores" contou con tres conferencias de destacados persoeiros que percorreron o camiño das letras padronesas dende os trobadores até Cela. Tamén alude á próxima dedicación de dúas rúas da vila a Nicasio Pajares e a Manuel Barros, respectivamente.

López, Uxía, 'Rosalía y Cela, unidos en la muestra 'Padrón, berce de escritores', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 xullo 2004, p. 43.

Alude á inauguración da exposición "Padrón, berce de escritores" que, repartida entre a Fundación Cela e a Fundación Rosalía de Castro, ofrece datos sobre as distintas facetas dos devanditos autores, así como de Nicasio Pajares e Manuel Barros.

Lopo, Antón, 'Play-back', *El Progreso*, 'Relatos da Xeración Knows', 22 agosto 2004, p. 80.

Relato no que unha muller reflexiona sobre a súa situación actual afogada pola economía e tenta lembrar os seus tempos pasados. Non é capaz porque todo acaba remitíndoa de novo aos cartos. Incluso cando vai descansar e distraerse á praia con súa nai, unha señora que se lles achega non fai máis que falar de diñeiro, polo que a protagonista está un pouco tensa.

Lorenzo Gil, César, 'As bibliotecas mobilízanse contra o pago de dereitos de autor', *A Nosa Terra*, nº 1.119, 'Cultura', 4 marzo 2004, p. 24.

Informa das reaccións do sector do libro ante a decisión da directiva europea que obriga ás bibliotecas a pagar dereitos de autor aos escritores por prestar gratuitamente as súas obras. Sinala que a directora da Biblioteca Central de Vigo considera que iso suporá reducir en case a metade o seu presuposto e que dende as editoriais se opina que esas medidas só se entenden en países nos que as bibliotecas mercan case o cincuenta por cento de cada edición. Tamén apunta que Suso de Toro critica a medida por ser neste intre inasumíbel, aínda que está de acordo co espírito de respecto á creación que esta supón.

Lorenzo Gil, César, 'Os outros editores', *A Nosa Terra*, nº 1.131, 'Cultura', 3 xuño 2004, p. 24.

Fala do paradoxo que representa o feito de que, malia a escaseza de lectores en galego, siga crecendo o número de pequenas editoriais, nas que se leva a cabo un esforzado traballo. Ofrece os casos de Toxosoutos e 3C3 como exemplos, e declaracións do director da primeira, nas que opina que se publican demasiados libros.

Lorenzo Gil, César, 'Cumpre un ano o primeiro club de lectores galego', *A Nosa Terra*, nº 1.134, 'Cultura', 24 xuño 2004, p. 25.

Aproveitando o primeiro aniversario da creación de Biblos, o primeiro clube de lectores galego, fala co seu director sobre a intención de achegar libros ata onde non hai acceso, as complicacións de tal empresa e a difusión da iniciativa alén das fronteiras galegas.

Lorenzo, Ana, 'Un nuevo caso de meningitis obliga a vacunar a docentes y alumnos de Sada', *La Voz de Galicia*, 'Galicia', 13 marzo 2004, p. 36.

Tras a morte de Luísa Villalta, poeta e docente do instituto de Sada, por mor dunha meninxite, as autoridades deciden tomar precaucións e vacinar masivamente aos alumnos ao detectarse un novo caso da enfermidade nun alumno de Villalta.

Lorenzo, Fran P., 'Intelectual galego, a verdade ou a gloria', *Galicia Hoxe*, 'Vai de blog', 21 outubro 2004, p. 63.

A partir dunha breve e locuaz análise de certos problemas creativos e actitudinais dos escritores galegos e do tema do Premio Nacional de Literatura, comenta as actitudes de dous autores como son Suso de Toro e Camilo José Cela. Louva a figura do último polas súas actitudes vitais e de compromiso ausente de inxenuidade.

Lorenzo, Maxi, 'El segundo hogar de los eumeses es la biblioteca ', *La Opinión*, 'Eume', 2 marzo 2004, p. 19.

Recolle o parecer de Alejandro Caínzos, bibliotecario de Pontedeume, para quen o feito de que máis da metade dos cidadáns de Pontedeume posúan o carné da biblioteca municipal se debe ás campañas de promoción da lectura entre os nenos pequenos que veñen desenvolvendo con regularidade. Sinala que estas permiten que a literatura poida facerse un oco entre a ampla oferta de ocio existente na actualidade.

Loureiro, R., 'César Antonio Molina: "Cunqueiro abrió mis ojos a la literatura"', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 27 novembro 2004, p. 46.

Dá conta das declaracións realizadas polo director do Instituto Cervantes con motivo da súa conferencia no acto de irmanamento entre as vilas de Ferrol e Mondoñedo, e organizada pola Fundación Carlos Casares. Destaca a influencia que, no seu amor pola arte literaria, tiveron Torrente Ballester e Álvaro Cunqueiro, autores aos que cualifica de "alta literatura".

Loureiro, R., 'Filólogos, historiadores y lingüistas reivindican el legado de Guerra da Cal', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 23 decembro 2004, p. 75.

Dá conta do encontro que, a instancias do Concello de Ferrol e a Fundación Carlos Casares, reuniu na cidade departamental a varios especialistas de Galicia e Portugal, de distintos campos, para reinvidicar a figura de Ernesto Guerra da Cal como un dos "grandes intelectuais do século XX." Sinala que entre os presentes estaban Joel Gómez, que definiu a Guerra da Cal como "a máis importante personalidade científica que deu Galicia en todo o século XX", Martinho Monteiro Santalha, que lamentou o esquecemento no que se atopa a súa poesía, ou Xosé María do Barro Paz, que salientou a súa obra como elemento proxector da cultura e a literatura galegas, entre outros.

Loureiro, Ramón, 'Visor publica en edición bilingüe toda la poesía gallega de Álvaro Cunqueiro', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 7 febreiro 2004, p. 40.

Sinala que Vicente Araguas realiza a introdución e traduce algúns dos poemas que integrarán a edición bilingüe da poesía galega de Cunqueiro. Tamén apunta que Araguas lamenta a escasa atención prestada pola súa xeración, embebida no realismo, a un autor no que hai "unha literatura enteira".

Loureiro, Ramón, 'A cultura galega lembra a Carlos Casares no seu segundo cabodano', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 8 marzo 2004, p. 56.

Fala do segundo aniversario da morte de Carlos Casares, que vai ser un día de intimidade para a familia, como decidiu a súa viúva, Kristina Berg, que é a presidencia da fundación que leva o seu nome, quen di que se sorprendeu durante este tempo da cantidade de amigos que tiña Casares, e do respecto que mostraron pola súa figura. Tamén dá información sobre os proxectos nos que traballa a fundación que leva o nome do escritor, entre os que se encontra un libro que se vai titular *Carlos Casares: as palabras, as imaxes, os amigos* e que vai estar a medio camiño entre a homenaxe e a fotobiografía.

Loureiro, Ramón, 'A Enciclopedia Británica deixará de chamarlle 'dialecto' ao galego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 marzo 2004, p. 48.

A raíz das queixas que tres expertos na lingua galega do eido cultural británico teñen elevado aos editores da Enciclopedia Británica, estes acceden a conceder ao galego o estatuto de lingua en lugar de dialecto. John Rutterford, Craig Patterson e Gabriel Rei-Doval aclararon tamén aos responsables de publicación que non deben falar da Junta, senón

da Xunta de Galicia, e que as únicas denominacións correctas son A Coruña e Ourense. Noutra orde de cousas, infórmase de que John Rutterford vén de rematar unha novela sobre o Camiño de Santiago, titulada *As frechas de ouro*.

Loureiro, Ramón, 'Saramago desvelará en Ferrol las claves de su universo literario', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 28 setembro 2004, p. 48.

Con motivo da celebración en Ferrol dun simposio que terá como eixo temático das ponencias a figura de Gonzalo Torrente Ballester e no que participarán autores como Rosa Montero, Juan José Millás ou Luís Mateo Díez entre outros, anúnciase unha conferencia do escritor portugués José Saramago. Será este quen inaugure o curso falando dalgunhas claves da súa obra. Como anuncia o director destas xornadas, José Antonio Ponte Far, tódolos autores falarán en Ferrol do que eles escriben "pero tamén de Torrente".

Loureiro, Ramón, 'Saramago: 'No sé dónde, pero sé que Torrente está con Cervantes', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 30 setembro 2004, p. 54.

Recóllense as palabras verquidas por José Saramago no acto inaugural no curso literario que leva o nome de Gonzalo Torrente Ballester e que ten lugar na cidade de Ferrol. Saramago aproveitou a ocasión para ensalzar a obra de Torrente e situar *La saga/fuga de J. B.* entre as obras máis importantes da literatura universal. Tivo palabras de lembranza da figura do autor ferrolán e ata fixo unha referencia aos traballadores dos asteleiros.

Loureiro, Ramón, 'Flores de nadal para Cunqueiro', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 24 decembro 2004, p. 55.

Dáse conta do acto co que os concellos de Ferrol e Mondoñedo celebraron converterse en cidades irmáns, un acto que se aproveitou para renderlle cumprida homenaxe ao escritor mindoniense Álvaro Cunqueiro.

Loureiro, Ramón, 'Galicia reivindica a maxia de Cunqueiro da man do seu 'Merlín", *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 27 decembro 2004, p. 33.

Saliéntase a celebración do medio século de vida, no ano 2005, da obra de Álvaro Cunqueiro, *Merlín e familia*. Para celebrar o feito, Víctor Freixanes, director da Editorial Galaxia, anunciou que se realizará unha reedición da obra e que se levará a cabo unha exposición itinerante sobre o libro e, en xeral, sobre a vida de Cunqueiro. Pola súa parte, indícase que as cidades de Mondoñedo e Ferrol, xunto coa Fundación Carlos Casares, realizarán toda unha serie de actividades culturais ao longo do ano para celebrar o cincuenta aniversario do libro.

Louzao, Míriam F., 'Sorprendidas por la lluvia', *La Voz de Galicia*, 'El mirador', 10 xullo 2004, p. L6.

Infórmase da exposición titulada "Camiño de Santiago. Luz e Vida" que se presentará no Museo Nacional de Cracovia e que recolle o traballo de cinco fotógrafos galegos. Ademais indícase que dita exposición será recollida nun catálogo editado con textos, entre outras, de Luísa Villalta.

LR, 'Libertad para los libros', *La Región*, 'Ciudad', 5 xaneiro 2004, p. 9.

O chamado "book-crossing" ou cruce de libros é unha iniciativa xordida en Estados Unidos para intercambiar libros e fomentar a lectura. Dirixida a través de internet, chega a Ourense, onde xa hai dezasete membros que deixaron cinco libros en espera de que outros os lean e os volven liberar.

LR, 'Un tesouro de 7.000 libros', *La Región*, 'Valdeorras', 12 xaneiro 2004, p. 11.

A biblioteca do barquense Francisco Vidal posúe un dos catálogos privados máis ricos de Galicia. Nela pódense atopar numerosos volumes do século XVI e outros moitos impresos en pel de cabra. Vidal profesa especial preferencia pola historia aínda que a colección conta con un amplo repertorio temático, e revela que a maioría das obras foron adquiridas en subhastas madrileñas.

LR, 'Poio abre hoxe a Semana Bóveda cunha exposición', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 xaneiro 2004, p. 49.

A Casa de Ferreirós de Poio acollerá unha mostra fotográfica adicada á figura de Alexandre Bóveda, dentro da Semana Bóveda. O seu fillo Xosé Luis pronunciará unha charla na que consignará a contribución do seu pai ao Estatuto de Autonomía galego.

LR, 'Los hijos del poeta Florencio Delgado ceden su casa al pueblo de Córgomo', *La Región*, 'Valdeorras', 24 febreiro 2004, p. 16.

Os fillos do poeta Florencio Delgado, afincados en México, manifestan a súa intención de ceder a casa familiar de Vilamartín aos veciños de Córgomo, tras coñecer as abundantes actividades de reivindicación da obra do seu pai que estes levan a cabo. A familia legará a vivenda sempre que se certifique que se destinará a albergar un museo dedicado ao seu pai.

LR, 'Las bibliotecas, libres de impuestos', *La Región*, 'Ourense', 13 marzo 2004, p. 7.

Os bibliotecarios de Ourense manifestan o seu rexeitamento á proposta de pagar un canon aos escritores polo empréstimo de libros. A posibilidade de que este recaia no Estado ou

mesmo no usuario é percibida como nociva pese a que é probábel que se adopte esta medida como consecuencia da implantación dunha polémica directiva europea.

LR, 'La 'zanfona' de Faustino Santalices sonó medio siglo después en la casa de Curros', *La Región*, 'Celanova', 24 abril 2004, p. 18.

A casa de Curros Enríquez serve como marco para o concerto ofrecido polo fillo de Faustino Santalices aproveitando a saída ao mercado das gravacións do seu pai, músico e investigador do son galego. A audición formou parte da homenaxe rendida polo Concello de Celanova a Santalices.

LR, 'En busca del ejemplar soñado', *La Región*, 'Ourense', 24 abril 2004, p. 8.

A Feria do Libro de Ourense achega o mundo literario aos máis afastados do mesmo e aumenta de xeito importante os beneficios dos libreiros ao levar os postos á rúa e permitir que a xente rebusque o volume máis axeitado. Os exemplares máis vendidos corresponden a *El Código da Vinci*, do americano Dan Brown, e a *Ensayo sobre la lucidez*, do portugués Saramago.

LR, 'Una fundación transformará la casa natal de Curros Enríquez en el futuro 'museo dos poetas', *La Región*, 'Provincia', 25 abril 2004, p. 16.

Nos actos de homenaxe ao músico Faustino Santalices, o alcalde de Celanova Antonio Mouriño explica que a casa natal de Curros Enríquez, rehabilitada recentemente, será a sé dun museo dedicado a todos os poetas e artistas galegos que será xestionado por unha fundación aínda non creada, pero na que haberá representantes de importantes institucións. Santalices terá o seu lugar na mesma.

LR, 'Dieciséis nuevas asociaciones se incorporan a un renovado Consello Municipal de Cultura', *La Región*, 'Ourense', 27 abril 2004, p. 9.

Ademais de facer un breve percorrido pola historia do Consello Municipal de Cultura ourensán desde a súa creación en 1996, explícanse as modificacións que se levarán a cabo no mesmo para acadar unha maior eficacia do organismo. Diversos representantes da arte e da literatura, así como a Universidade, únense a esta iniciativa do Concello de Ourense.

LR, 'Bóveda xa está entre os predilectos', *La Región*, 19 maio 2004, p. 10.

O nomeamento de Alexandre Bóveda como fillo predilecto de Ourense ten lugar no salón de plenos do Concello e responde a unha iniciativa apoiada polos tres grupos políticos que conforman a corporación municipal. O fillo do homenaxeado expresa a súa gratitude aínda que lamenta a tardanza na decisión. O descubrimento dunha escultura de Bóveda, de quen

se destaca o seu papel na elaboración do Estatuto de Autonomía que lle supuxo o fusilamento, culmina o acto.

LR, 'Escritores cataláns, galegos e vascos analizan as cidades como escearios para unha novela', *La Región*, 'Ourense', 31 outubro 2004, p. 9.

Coméntase a segunda xornada do encontro Galeusca, reunión de escitores cataláns, galegos e vascos que tivo lugar en Allariz. Destácase a intervención matutina de Fran Alonso, Isidre Grau e Urtzi Urrutikoetxea e o percorrido histórico-literario polas rúas de Allariz que pola tarde realizaron os sesenta congresistas participantes. Tamén presenciaron un concerto de música clásica e a intervención especial do artista Antón Lopo.

Lueiro Rey, Manuel, 'De 'Derradeira escolma ferida', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 outubro 2004, p. 54.

Breve composición poética de corte existencial na que Manuel Lueiro Rey tenta buscar unha resposta aos sucesos da vida. O traballo e a búsqueda da liberdade que morren na frustración, a negación da luz, a opresión e a repetida pregunta "¿Que pasou na vida?" como unha retórica pregunta na búsqueda dunha resposta imposíbel.

Lueiro Rey, Manuel, 'Dentro e fóra', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 26 novembro 2004, p. 54.

Breve poema composto de varias interrogacións continuadas e estructura circular ao comezar e rematar coa mesma cuestión, unha apelación ao interlocutor: "¿Ti ollas?". As dúbidas do eu que non ten segura a súa existencia e as apelacións a alguén que non se coñece, un interlocutor externo ou quizais un espello no que se reflicte o descoñecemento dun mesmo.

Lueiro Rey, Manuel, "O río", *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 20 decembro 2004, p. 32.

Unha voz anónima fala no poema sobre a loita na vida; o tempo sempre nos empurra cara adiante, igual que un río.

Lueiro, José, 'Onde o verso se chama Celanova', *El Correo Gallego*, 'Ourense', 1 setembro 2004, p. 17.

Coméntanse algúns dos actos de homenaxe que a vila de Celanova dedica ao seu poeta Celso Emilio Ferreiro no vintecinco aniversario do seu falecemento. Entre eles estivo colgar unha ducia de poemas da fachada do mosteiro de San Rosendo, unha ofrenda floral, unha comida literaria e un recital poético.

Lueiro, Xosé, '¿Que opina do CDG?', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe venres', 17 setembro 2004, p. 04.

Con motivo do vixésimo aniversario do CDG (Centro Dramático Galego) recóllense as opinións de políticos, autores, actores e directores de escena sobre esta institución. Falan Xulio Lago, Cándido Pazó, Pérez Varela, Antonio Durán "Morris", Laura Seara, Eduardo Gutiérrez, Luma Gómez, Quico Cadaval, Valentín García, Dorotea Bárcena e Manuel Millán.

Lueiro, Xosé, 'Central de Teatro, a unión pola forza', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 7 novembro 2004, p. 9.

Informa da creación dunha nova asociación de teatro denominada "Central de Teatro" que sen ánimo de lucro pretende difundir a arte teatral en diversos ámbitos. O promotor da iniciativa é Francisco Peleteiro, quen convocou ás asociacións teatrais de Pontevedra para que se unisen ao proxecto. Peleteiro salienta que o principal obxectivo é potenciar diferentes actividades (cursos, festivais) e finaliza comentando a organización da Central a través de comisións de traballo.

Lueiro, Xosé, 'Alguén esqueceu o café', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 28 novembro 2004, p. 9.

Anúnciase a celebración dun foro organizado pola revista *Tempos Novos* sobre o Centro Dramático Galego no seu vixésimo aniversario. Nel participaron unha ducia de personaxes relacionados coa cultura teatral e partiu o debate da proposta feita por Inma López, que actuaba como moderadora do acto, sobre a importancia do CDG para contribuír a "profesionalizar un sector aínda en fase de normalización".

Lueiro, Xosé, 'A rede, a debate', *Galicia Hoxe*, *'Hoxe Venres'*, 31 decembro 2004, p. 3.

Dáse conta da xornada de debate organizada polo Foro Teatral de Sada para reflexionar sobre a 'precaria realidade da Rede Galega de Teatros e Auditorios'; neste contexto, Xosé Lueiro recolle as opinións de José Manuel Soto, Agustín Lorenzo, Jorge Armesto, Cándido Pazó, Ánxeles Acuña, Xulio Lago, Eduardo Alonso, Pedro Rubín e Antonio Simón. Todos eles falaron da escaseza de recursos e da febleza do sector empresarial; lamentaron que os programadores carecen de capacitación profesional e fixeron fincapé no problema da superprodución e da falta de medios para facer un teatro de calidade. Finalmente, consideran que a solución para que a Rede mellore ten que pasar pola mellora de todo o sistema e a adecuación da oferta ás circunstancias, para converter desta maneira o teatro nun servizo social.

M. Barba, 'El Centro Galego de Buenos Aires prohíbe a un grupo actuar en su local ', *La Opinión*, 'Cultura', 15 xaneiro 2004, p. 51.

Dáse a noticia da prohibición, por parte do Centro Galego de Buenos Aires, de que a banda de folk "Xeito novo" actúe no Teatro Castelao, que pertence a dito Centro. As causas, expostas polo presidente do Centro, Rogelio Ucha, son os acontecementos producidos con motivo da visita do presidente da Xunta, Manuel Fraga, durante a cal algúns manifestantes, entre os cales estaba Carlos Fernández, un membro do grupo, lembráronlle unha lista de vítimas da guerra civil española. Fontes achegadas ao membro do grupo afirman que había de fondo razóns políticas no conflito por ambas partes.

M. Barba, 'Las bibliotecas coruñesas, incapaces de asumir el canon por préstamo', *La Opinión*, 'Cultura', 7 marzo 2004, p. 69.

Infórmase do desacordo por parte de usuarios e encargados de bibliotecas, xestores culturais e até escritores, que están a realizar protestas en contra da medida proposta pola U.E. de impor un canon por préstamo de libros en calidade de dereitos de autor. Argumentan que as bibliotecas públicas xa pagan os dereitos de autor cando adquiren novos exemplares e que os presupostos anuais dos que dispoñen non permitirían asumir ese custo. Ademais, engádese, tanto se o custo correse por conta dos usuarios como das institucións, a consecuencia sería unha perda de lectores.

M. V., 'Xosé Mª Álvarez Cáccamo', *A Nosa Terra*, nº 1.111, 'Cultura', 9 xaneiro 2004, p. 29.

Refírese a *Ancoradoiro* (Espiral Maior), unha recompilación da poesía de Xosé María Álvarez Cáccamo que leva a portada de Ánxel Huete. Repasa algúns dos títulos da súa traxectoria poética acompañados das palabras do propio autor. Anuncia que Cáccamo está comezando unha nova obra que se titulará *Memoria de poeta*.

M. V., 'Cáccamo', *A Nosa Terra*, nº 1.119, 'Fin de semana', 4 marzo 2004, p. 32.

Comézase falando da relación que manteñen certos poetas galegos coa escultura para centrarse na figura de Xosé María Álvarez Cáccamo. Destácase o seu traballo como escultor e amósanse catro das súas obras nas que aproxima o mundo da palabra literaria galega ao da creación escultórica.

M. V., 'Un feirón muy literario', *La Opinión*, 'Arteixo', 18 abril 2004, p. 18.

Dáse a nova do "feirón" de libros que organizou a biblioteca de Arteixo onde se venderon a prezos módicos volumes obsoletos ou deteriorados. Destácase a cifra de libros vendidos e coméntase que os libros de xeografía e os dicionarios foron os que antes se esgotaron. Chegaron a entregarse en pouco máis de tres horas 190 libros dos que o máis caro custaba dous euros.

M.A.C, 'Xan Leira presenta el filme sobre la vida de Alexandre Bóveda en el Casal de Ferreirós', *Diario de Pontevedra*, 'Comarca/Poio', 22 maio 2004, p. 16.

Coméntase a presentación no Concello de Poio do filme *Alexandre Bóveda, unha crónica da Galiza mártir*. O documental pretende recoller as figuras senlleiras dunha época e recrear a Galicia daqueles anos. Fálase brevemente tamén das expectativas de distribución, do custo da obra e da súa gravación.

M.A.C, 'Virxen de Fátima' organiza el 'I Certame de Narracións Breves', *Diario de Pontevedra*, 'Poio', 28 agosto 2004, p. 11.

Anuncio da organización do I Certame de Narracións Breves - Premio Virxen de Fátima para promover o uso da lingua galega por parte do Coro Virxen de Fátima. Os colaboradores son a Consellería de Educación e o Concello de Poio. Expóñense brevemente os requisitos para presentarse ao premio.

M.A.C, 'La tercera edición de 'Poetas na rúa' contará con diez participantes', *Diario de Ferrol*, 'Pontevedra/Comarca/Poio', 16 setembro 2004, p. 13.

Anúnciase a celebración da terceira edición de "Poetas na rúa" en Combarro, na que participarán dez poetas que darán a coñecer a súa obra: Alberte Momán, Brais González, Carlos Fuentes, Claudia Castro, Cruz Martínez, Diego Taboada, Fernando Rodríguez, Iago Castro, Nana Coromot e Ramiro Vidal. O obxectivo desta proposta, segundo se indica, é achegar a poesía á cidadanía e ademais, mediante a actividade, renderlle unha homenaxe a Xela Arias, Luísa Villalta e Manuel María.

M.A.C, 'Cultura propone actividades para animar a los niños a la lectura', *Diario de Ferrol*, 'Poio', 8 outubro 2004, p. 17.

Infórmase das actividades que a Biblioteca Municipal de Poio organiza para fomentar a lectura na mocidade entre os 2 e 14 anos. Destácase de entre elas a 'Bebeteca', dirixida para os cativos de entre 2 e 5 anos, con actividades e libros especialmente adaptados.

M.A.G., 'Familia y Sotelo Blanco sacan a la luz 'As letras das mulleres', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 7 xullo 2004, p. 75.

Faise eco do acto de presentación oficial dunha nova colección literaria en lingua galega baixo o nome de *As letras das mulleres*, de marcado carácter feminista, froito da colaboración entre a Consellería de Familia e a editorial Sotelo Blanco. Preséntanse editados dous títulos: *A cidade das mulleres*, de Cristina de Pizán (1364) e *Vindicación dos dereitos da muller*, de Mary Wollstontecraft (1759). Durante o acto Pilar Rojo salientou, na

liña de libros adicados exclusivamente á producción fiminina, a importancia da búsqueda de igualdade e da afirmación dos dereitos da muller.

M.B., 'Protestas en medio de un 'cruce de libros', *La Opinión*, 'Cultura', 24 abril 2004, p. 61.

Recóllense unhas declaracións da coordinadora do Servizo Municipal de Bibliotecas da Coruña Cristina Ameijeiras. Nelas toca temas como a necesidade das bibliotecas de non pagar dereitos de autor, do baixo presuposto que se manexa e da iniciativa popular de "cruce de libros" pola que unha xente cede os libros que xa leu para que outros poidan facelo.

M.B., 'Galicia tendrá un plan estratégico para el libro antes del verano', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 2 maio 2004, p. 48.

Con motivo da inauguración da Feira do Libro en Santiago recóllense as palabras do conselleiro de cultura Xesús Pérez Varela con respecto á situación do mercado lo libro en Galicia. O conselleiro fala da intención de elaborar un plan estratéxico para activar o sector. En cadro á marxe recóllense datos de publicación e vendas de libros en Galicia.

M.B., 'Las salas renuevan su directiva en busca de más operatividad', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 16 xuño 2004, p. L10.

Dá conta da pasada celebración en Madrid do décimo congreso da "Red de Teatros Alternativos", no que participaron unha trintena de salas alternativas de toda España, entre elas os tres espazos compostelanos. Segundo se nos di, estes novos espazos ábrense paso na coordinadora criticando a intitucionalización. Menciona tamén a renovación da directiva durante este congreso da que se espera unha maior operatividade e sensibilidade cara a periferia.

M.B., 'Otero Pedraio, primero en emplear el monólogo interior en 'Devalar', *La Opinión*, 'Cultura', 4 xullo 2004, p. 68.

Dentro do ámbito da relación de Joyce con Galicia, recóllense as opinións de Antonio Raúl de Toro Santos sobre a influenza Joyceana nas letras galegas. Salienta o vangardismo de Otero Pedrayo, sendo *Devalar* (1939) a primeira obra en empregar o monólogo interior en España, influenciada polas técnicas do escritor irlandés.

M.B. / **M.M.**, 'El PSOE impide un debate para dar una distinción a Manuel María', *La Opinión*, 'A Coruña', 6 outubro 2004, p. 8.

Infórmase sobre a negativa do grupo municipal coruñés a cualificar como urxente unha moción do grupo do BNG que pedía unha homenaxe para o poeta chairego Manuel María. Dáse conta igualmente da xeira de declaracións xurdidas a raíz deste debate.

M.B., 'El Premio Novela Europa Casino de Santiago se consolida', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 24 decembro 2004, p. L7.

Crónica do acto de presentación das obras finalistas no Premio Novela Europea Casino de Santiago para a edición 2005: catro novelas europeas, *La historia de Lucy Gault*, de William Trevor, *Tristano muere*, de Antonio Tabucchi, *La expulsión del infierno*, de Robert Menasse, e *Juntos nada más*, de Anna Gavalda, e unha española, *Era por setembro*, do galego Xavier Quiroga. Ademais de salientar a formación do xurado que emitirá unha resolución o vindeiro maio de 2005, o concelleiro de Cultura salientou a consolidación do premio a través da dotación e mais da publicación da obra gañadora en galego. Remata ofrecndo algunhas notas temáticas sobre as obras finalistas.

M.C., 'Miragaia presenta una novela sobre relaciones humanas en una aldea', *El Progreso*, 'Comarcas', 10 marzo 2004, p. 16.

Anticipa a presentación en Vilalba da obra Diario Comboio de Raquel Miragaia. Esta obra xa fora publicada o ano anterior pero agora a súa autora realiza este acto na súa vila. Dase tamén unha pequena recensión biográfica desta vilalbesa.

M.C., 'El ayuntamiento organiza mañana un homenaje a Manuel María', *El Progreso*, 'Terra chá', 22 decembro 2004, p. 14.

Infórmase de que o Concello de Guitiriz vai renderlle unha homenaxe póstuma ao poeta Manuel María con motivo do seu pasamento e que incluirá dentro do proxecto Entre Nós que está a levar a cabo dito concello para dar a coñecer as habilidades dos xoves e maiores do municipio. A homenaxe contará coa música do gaiteiro local Sito Carracedo e realizarase unha lectura de poemas por persoas da vida cultural de Guitiriz como, Marica Campo.

M.C.S., 'Manuel Rivas ofrecerá un recital poético en el X Simposio Pondaliano', *La Opinión*, 'Costa da Morte/Carballo', 8 setembro 2004, p. 21.

Fai mención do Simposio Pondaliano que se celebrou entre o 5 de outubro e o 2 de novembro en Ponteceso, vila natal do poeta. Das actividades que forman este Simposio destácanse os recitais que os poetas Manuel Rivas e César Morán Fraga ofreceron os xoves, e a presenza de especialistas en distintos ámbitos pondalianos. Enuméranse aquí a Miguel Mato Fondo ou Xusto González Beramendi, entre outros. Tódolos actos se celebraron na Casa dos Veciños da localidade.

M.C.S., 'Manuel Rivas y César Morán leerán poemas en el Simposio Pondaliano', *La Opinión*, 'Costa da Morte/Carballo', 14 outubro 2004, p. 20.

Dáse conta do recital que darán os poetas Manuel Rivas e César e Morán con motivo da celebración, organizado pola Asociación Cultural Monte Branco de O Couto (Ponteceso), do Simposio Pondaliano. Anúnciase tamén a próxima constitución da Fundación Eduardo Pondal, logo de que os titulares de Concello e Arcebispado chegasen a un acordo ao respecto.

M.G., 'Títeres, cine, música y charlas animan desde mañana el verano', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 1 xullo 2004, p. 46.

Faise eco da presentación do programa de actividades culturais que o Concello de Porto do Son organizou para o verán: títeres, cine, exposicións, rutas polos petroglifos, un festival de música tradicional e outro de danza. Inclúe tamén as III xornadas de Historia e Cultura baixo o título de "A II República e a Guerra Civil na bisbarra do Barbanza", xunto co simposio de catrocentos acuarelistas españois.

M.J.F., 'Un 'serán de contos' será la novedad de este año en la feria', *La Región*, 5 novembro 2004, p. 20.

Dáse conta da celebración da Feira de Outono do Concello de Allariz, que este ano propón como novidade a celebración dun "Serán de contos" no que participarán artistas relacionados coa palabra e a música. Entre os narradores máis salientábeis atoparanse Cándido Pazó, Avelino González ou Juanjo Rodicio. De seguido, pásase a informar sobre o fallo do primeiro certame de narración oral nas dúas modalidades existentes: textos para ser lidos e contos para ser contados.

M.J.R., 'O libro é un percorrido do mundo rural de onte ata o urbano de hoxe', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 10 marzo 2004, p. 17.

Fala da presentación da obra *O trevo da sorte*, a última da escritora pontesa Medos Romero. Recóllense palabras da propia autora nas que indica que o que lle interesa é contar historias con "moita vida, que non deixen indiferente". Cítase a Antón Cortizas e Ramón Loureiro por acompañaren á escritora no acto e facer os comentarios pertinentes sobre a obra.

M.J.R., '"Non hai escritor sen antes un esixente crítico e voraz lector"', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 5 novembro 2004, p. 15.

Dá conta da intervención de Víctor Freixanes no curso de narrativa 'Torrente Ballester', na que falou das súas experiencias como escritor e, sobre todo, a súa descuberta da literatura.

Anuncia, asemade, que o relator do próximo 25 de novembro será Darío Villanueva e que a conferencia prevista para hoxe, na que ía intervir Manuel Rivas, foi suspendida ata o próximo 3 de decembro.

M.J.R., 'Xesús Constela achegou a Ferrol a súa primeira obra literaria', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 6 novembro 2004, p. 13.

Sinala que Xesús Constela vén de presentar, na cidade de Ferrol, a súa novela, *As humanas proporcións*, pola que en 2003 obtivo o premio 'Gonzalo Torrente Ballester'. Indica que no acto de presentación participou a creadora e crítica Inma López Silva, recolle as súas palabras e mais as do autor, que define a súa obra como un texto fresco e sorprendente.

M.J.R., 'Rosa Montero: "Escribir narrativa es una cosa verdaderamente absurda"', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 11 decembro 2004, p. 13.

Fai referencia ao relatorio que a escritora Rosa Montero ofreceu no marco do I Curso de Narrativa 'Torrente Ballester', que se está a desenvolver na cidade de Ferrol; sinala que, ao longo da súa invención, Rosa Montero explicou os pasos que seguiu a súa vocación literaria, os motivos que a levaron a escoller os título das súas obras e a súa irrupción do mercado no mundo literario, entre outras cuestións. Lembra, finalmente, que o curso continuará o xoves coa conferencia de Sagrario López Poza.

M.L., 'La Diputación editará un libro sobre Couceiro Freijomil', *La Opinión*, 'Eume', 14 maio 2004, p. 17.

Refírese á aceptación da Deputación de A Coruña para que se edite un libro sobre Antonio Couceiro Freijomil, iniciativa promovida polo clube Filatélico de Pontedeume. De seguido, recóllense as palabras do secretario do devandito clube, Jesús Andrés López, referidas á boa nova, salientando que o obxectivo desta publicación é o de reivindicar a polifacética figura do escritor nun intento de que a Real Academia Galega lle adique unha edición do Día das Letras Galegas.

M.M., 'TresCtres ultima un lote de 20 libros', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 xaneiro 2004, p. 46.

Anuncia que a editorial TresCtres de Santa Comba publicará vinte novos libros integrados na colección de poesía, infantil, narración, ensaio, agraria, política, medicina e saúde. Destaca a edición de tres obras centradas na capital de Galicia e no Ano Santo, que son *As peregrinacións xacobeas* de Francisco Fernández del Riego, *Compostela, vella memoria*, de Ricardo Gómez-Conde e *40 aventuras al final del Camino* de Andrés Villar Murillo e Rubén Suárez Carballo. Outros títulos que en breve sairán a luz son *Margarita y la sombra de Atenea* de Javier Pérez Carrasco e *O mes de abril* de Pablo Vaamonde.

M.M., 'La piscina de Sar dispondrá de un servicio de biblioteca', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 30 xuño 2004, p. L8.

Refírese á oferta dun servicio de biblioteca e ludoteca para os usuarios das piscinas de Sar, en colaboración cos centros socioculturais de Santiago, que contará con monitores do programa de voluntarios dinamizadores. A biblioteca contará con títulos clásicos e algunhas novidades dirixidas fundamentalmente a promover a lectura entre o público infantil e xuvenil. Para Mercedes Rosón, concelleira de Centros Socioculturais, preténdese conxugar unha activade formativa coa práctica dun deporte ou xogos ao aire libre coa finalidade de que a literatura sexa entendida como unha alternativa no tempo de lecer.

M.O., 'La Programación semestral del Teatro incluye meses de humor y de 'Pop', *Diario de Pontevedra*, 'Tabeirós/A Estrada', 11 xaneiro 2004, p. 24.

Dáse conta da programación teatral que aprobou o Concello da Estrada e que inclúe vintecatro espectáculos. Entre as compañías galegas atópanse Talía Teatro coa obra *Eu así non xogo* e Miro Magariños con *Os Xigantes* no mes de febreiro. En abril actuará Teatro do Morcego con *O caso da rúa Lourcine*, en maio, o Centro Dramático Galego interpretará *O ano da Cometa* e repetirá Teatro do Morcego con *A gran ilusión*. En xuño haberá dúas representacións a cargo de Talía Teatro, *A Paz do Crepúsculo* e *Moliere final*.

M.P., 'El museo de Emilia Pardo Bazán editará varios textos inéditos de la escritora', *La Opinión*, 'Cultura', 3 xuño 2004, p. 63.

Dentro da celebración do Simposio sobre Emilia Pardo Bazán que se está a celebrar na súa Casa Museo en A Coruña, dáse a coñecer a próxima publicación de varias das súas obras inéditas, a primeira delas, *Apuntes de un viaje: de España a Ginebra*. Salienta a intención de que estas xornadas se celebren tódolos anos co propósito de convertir a Casa Museo en punto de encontro de expertos que traballan na obra da escritora. Remata aludindo aos esforzos do presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, para que parte da colección privada da escritora, que aínda se atopa no pazo de Meirás, sexa transladada á Coruña para que toda a Biblioteca permaneza nun mesmo lugar.

M.P., 'Un simposio en A Coruña actualiza la visión sobre Emilia Pardo Bazán', *El Correo Gallego*, 'Hoy/Literatura', 3 xuño 2004, p. 76.

Dáse conta da celebración dun simposio sobre Emilia Pardo Bazán na súa Casa Museo. Dirixido por José Manuel González Herrán, o encontro pretende iluminar distintas facetas da escritora coruñesa. Na súa presentación aos medios, o director do simposio salientou o esforzo da Real Academia Galega e do seu presidente, Xosé Ramón Barreiro, no fomento dos estudos arredor de Emilia Pardo Bazán.

M.P., 'El Código da Vinci' y 'El enigma del cuatro', grandes éxitos de ventas', *La Opinión*, 'Cultura', 11 agosto 2004, p. 46.

Entre outras novas alleas á literatura galega, saliéntase que a obra de Manuel Rivas, *Unha espía no reino de Galicia* foi a máis vendida entre os libros escritos en lingua galega, na Feira do Libro da Coruña, onde tamén tivo moito éxito a tradución ao galego de *O Código da Vinci*.

M.P., 'Rivas, Juaristi y Pont, en un foro poético de la universidad coruñesa', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 10 novembro 2004, p. 68.

Infórmase da celebración do primeiro encontro de poesía organizado pola Universidade da Coruña no que participarán diferentes poetas entre os que salienta a Manuel Rivas, Jaime Pont, Felipe Juarista, Xulio Valcárcel e Olvido García. Así mesmo, infórmase da creación da Aula de Teatro, coordinada por Pablo Rodríguez e que ten como obxectivo a creación dunha compañía de teatro da Universidade da Coruña que chegue a realizar representacións incluso fóra do país.

M.P., 'Luís Seoane firmó 'las dos portadas más importantes' de Ruedo Ibérico', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 24 novembro 2004, p. 76.

Dá conta da presentación, na Fundación Luís Seoane da Coruña, de dúas exposicións sobre as editoriais 'Ruedo Ibérico' e 'Media Vaca'. A primeira delas, na que participaron Tapies, Miralles e o propio Seoane, xurdiu como un proxecto ético de compromiso social e cunha nova estética; destaca, ademais, que Luís Seoane foi o autor das dúas portadas máis importantes desta editorial, que funcionou entre 1962 e 1982. Pola súa parte, a editorial valenciana 'Media Vaca', ergueuse como un referente internacional na literatura infantil e xuvenil, a pesar da súa curta traxectoria. Remata dicindo que as dúas exposicións, das que describe o seu contido, estarán abertas ao público ata o día 6 de marzo de 2005.

M.P., 'o público do Rosalía medra un 20% respecto ao ano anterior', *La Opinión*, 'Cultura', 21 decembro 2004, p. 55.

Dáse conta do balance sobre o público que acudiu aos espectáculos de teatro profesional que se levaron a cabo no teatro Rosalía de Castro da Coruña. Indícase, segundo o seu director, Agustín Lorenzo, que a cifra aumentou nun vinte por cento tras ter realizado máis de setenta e oito funcións de trinta e catro espectáculos diferentes, repartidos en dous ciclos: o ciclo organizado por Caixanova e o *Ciclo sen numerar*, que acolle as propostas máis arriscadas.

M.P.L., 'Por unha escena con táboas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 febreiro 2004, p. 50.

Dá conta do acto de presentación do quinto número da revista, centrado na exploración das "paisaxes do drama", e da obra *A memoria da esfinxe*, de Xesús Pisón. Recolle as declaracións do dramaturgo Manuel Lourenzo, quen esixiu a constitución dun centro de estudos de arte dramático en Galicia, ademais das manifestacións de Celestino Poza, responsábel provincial da área de Cultura, o cal anunciou que a Deputación de Coruña manterá o seu apoio ao teatro galego.

M.P.L., 'A arte cotiza á baixa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 abril 2004, p. 50.

A SGAE (Sociedad General de Autores y Editores) e en concreto o seu responsábel en Galicia Javier Vidal ofrecen os datos de recadación do ano 2003 nos cales se aprecia unha baixada do 18'7 % con respecto ao ano anterior. Danse as cifras dos distintos xéneros dependentes deste organismo e fanse pequenos comentarios sobre a evolución en cada un deles.

M.V., 'Cúmprense 25 anos do pasamento de Seoane, Blanco Amor e Celso Emilio Ferreiro', *A Nosa Terra*, nº 1.130, 'Cultura', 27 maio 2004, p. 24.

Artigo conmemorativo dos vintecinco anos da morte de tres grandes intelectuais galegos do século XX. Ao longo desta pequeña, pero emotiva, homenaxe o autor afonda no feito de seren figuras do exilio que apenas disfrutaron da chegada das liberdades, da oficialización do galego ou do rexurdimento do noso sistema literario e cultural. Refírese, finalmente, ás publicacións, por parte de Edicións do Castro, a editorial Galaxia ou Xerais, que durante estes anos se fixeron de cartas de Luís Seoane, así como novas edicións das obras de Blanco Amor e Celso Emilio Ferreiro. Deste último, menciona que aínda queda sen publicar unha parte significativa da súa obra.

Macho, Álvaro, 'El curso de verano 'Amor y Literatura' finalizó con un análisis sobre canciones', *El Progreso*, 'Lugo', 17 xullo 2004, p. 9.

Dáse conta dos actos cos que se deu por rematada unha nova edición do curso 'Amor y Literatura', dirixido por Claudio Rodríguez Fer. Estes consistiron nunha conferencia baseada na análise das letras das cancións do cantautor Luís Eduardo Aute, e nun recital poético do mesmo Rodíguez Fer e da poeta Olga Novo. Saliéntase o grande éxito do curso e o feito de que se superara a matrícula con respecto a outras edicións anteriores.

Mallo, A., 'Un Nadal namorado dos poetas galegos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 marzo 2004, p. 52.

Fai referencia á participación de Andrés Trapiello nos faladoiros do Museo de Arte Contemporáneo de Unión Fenosa, onde foi presentado polo director do centro Luis Caruncho e polos escritores Xavier Seoane e Manuel Rivas. Trapiello confésase admirador de Luis Pimentel, de quen fixo unha edición da súa poesía en galego e en castelán, de

Vicente Risco, de Cunqueiro, de Castroviejo ou de Luis Seoane -sobre este último falará no seu vindeiro libro que se vai titular *La imprenta Moderna. 100 años de imprenta y literatura en España*- e declara a mesura coa que se deben tomar os galardóns recibidos. Finalmente, recolle algunhas das obras máis importantes de Trapiello.

Mallo, A., 'Profesor Manquiña, en clave de teatro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 marzo 2004, p. 47.

Fala dun obradoiro de teatro impartido por Manuel Manquiña en Sada. Trátase do primeiro dos programados pola Consellería de Familia, Xuventude e Deporte baixo o título de 'En clave de teatro'. Antonio Durán "Morris" e Xavier Veiga serán os seguintes en participar nestes eventos. Recóllense palabras do propio Manquiña sobre a súa profesión e a situación dos seus compañeiros de traballo.

Mallo, A., 'A escrita de Galicia ante a creación e a súa crítica', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 decembro 2004, p. 52.

Dáse conta da celebración do "II Encontro de escritores galegos" patrocinado pola Deputación da Coruña e que terá lugar os días 19, 20 e 21 de novembro no Pazo Mariñán. As xornadas divídanse en tres bloques de relatorios en torno á "Creación e crítica literaria" e contarán coa difusión da editorial Galaxia por medio da revista *Grial*. O evento iniciarase co monólogo "Liturgia de Tebas" representado por Manuel Lourenzo. No primeiro relatorio, sobre teatro, participarán Camilo Franco e Xesús Pisón; no segundo, sobre narrativa, intervirán Bieito Iglesias e Armando Requeixo e, no relatorio sobre a poesía, estarán Carlos L. Bernárdez e Manuel Forcadela. A coordinación do encontro será levada por Luciano Rodríguez, Enrique Rabuñal e Dolores Vilavedra.

Mallo, Albino, 'A cultura e o nacionalismo galegos despiden a Luísa Villalta na Coruña', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 9 marzo 2004, p. 75.

Fai referencia ao soterramento de Luísa Villalta, ao que acudiron numerosos persoeiros da cultura galega para darlle o último adeus á escritora. O momento máis emotivo do acto viviuse cando Manuel María pronunciou unhas palabras para subliñar a personalidade de Villalta, o violoncellista da Orquestra Sinfónica de Galicia, Florjan Bashi, interpretou unha peza de Bach e Fernán-Vello recitou o "Poema da cidade alta" pertencente ao libro *En concreto*, co que Luísa Villalta gañara o premio de poesía Espiral Maior e que sairá á luz no mes de agosto.

Mallo, Albino, 'Diario do Gran Sol', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 marzo 2004, p. 51.

Fala da exposición fotográfica *Plein meu* e unha proxección en DVD realizadas polo xornalista gráfico francés Jean Gaumy e que pode verse na Coruña. Trátase dunha mostra na que se amosa a dureza da vida no mar e o traballo cotiá nos buques pesqueiros.

Anúnciase tamén algún outro acto parello á mostra como a presentación dun libro de fotografías do mesmo autor e dáse unha pequena semblanza biográfica.

Mallo, Albino, 'Lema: aprender, sempre', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 abril 2004, p. 50.

Coméntase a participación do galego Víctor Mosqueira no último filme de Patricia Ferreira *Para que non me esquezas* e con este pretexto recóllense algunhas opinións do propio actor sobre o seu momento profesional. Entre outras cousas comenta que pretende seguir traballando con Evaristo Calvo no grupo Mofa e Befa aínda que estea moito tempo en Madrid.

Mallo, Albino, 'O legado de García-Sabell', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 maio 2004, p. 47.

Fala da apertura ao público da biblioteca legada por Domingo García Sabell dentro dos fondos da Fundación Pedro Barrié de la Maza. Cítanse algunhas das obras que a compoñen e recóllense as palabras vertidas, nunha homenaxe ao falecido, polo profesor Darío Villanueva e por José María Arias Mosquera, vicepresidente da Fundación.

Mallo, Albino, 'Os encontros literarios de Mariñán', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 maio 2004, p. 49.

Coméntase a realización dos I Diálogos Literarios de Mariñán, encontros organizados pola Fundación Carlos Casares e nos que participarán escritores de diversas procedencias. Recóllense palabras do director da fundación, Damián Villalaín, e cítanse brevemente algúns dos autores que estarán presentes nestas xuntanzas.

Mallo, Albino, 'Comezan os I Diálogos Literarios de Mariñán', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 28 maio 2004, p. 75.

Dáse a nova da realización do encontro de escritores organizado pola Fundación Carlos Casares baixo o lema I Diálogos Literarios de Mariñán.

Mallo, Albino, 'Comezan os diálogos literarios de Mariñán', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 xuño 2004, p. 50.

Anuncia a celebración dende onte no Pazo de Mariñán dos "I Diálogos Literarios", organizados pola Fundación Carlos Casares. Alude ás dúas sesións que xa tiveron lugar. A primeira sobre localismo e cosmopolitanismo na literatura, na que falaron Javier Alfaya e Bieito Iglesias; a segunda, "os escritores e as súas meditacións", na que interviron Lola Beccaría e Marilar Aleixandre.

Mallo, Albino, 'Coa lembranza de Casares rematan os I Diálogos Literarios de Mariñán', *El Correo Gallego*, 'Debate', 6 xuño 2004, p. 75.

Fala do remate dos tres días de exposicións e debates "I Diálogos Literarios", organizados pola Fundación Casares no Pazo de Mariñán. Neles participaron tanto escritores galegos que escriben en lingua galego como en castelán, xunto con outros escritores foráneos como a brasileira Nélida Piñón, o vasco Bernardo Atxaga ou o madrileño Luís Suñén. Leváronse a cabo debates baixo o título de "De Guttenberg a Internet: Qué vai ser da literatura?", "Localismo e cosmopolitanismo na literatura", "Os escritores e as súas meditacións", "Raíz e desarraigo, os escritores e as patrias", finalizando cunha tertulia adicada a "Carlos Casares: o escritor, o amigo" . Remataron estes encontros cunha proposta de continuidade nos vindeiros anos e no mesmo escenario.

Mallo, Albino, 'A patria dos recordos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 xuño 2004, p. 61.

Refírese ao remate dos "I Diálogos Literarios" celebrados no Pazo de Mariñán e organizados pola Fundación Carlos Casares coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Cultura. Dá conta dalgúns dos participantes: Nélida Piñón, Javier Alfaya, Antón Baamonde, Luís González Tosar, Lola Beccaría, Bieito Iglesias, Marilar Aleixandre, Xavier Alcalá, entre outros. Destaca a intervención da escritora brasileira Nélida Piñón, que rememorou "a memoria vital" da súa infancia en Galicia.

Mallo, Albino, 'Homenaxe á poeta Luisa Villalta na Feira do Libro inaugurada na Coruña', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 2 agosto 2004, p. 61.

Dáse conta da inauguración da trixésima edición da Feira do Libro da Coruña, presentada por Méndez Romeu e á que asistiron escritores e editores do mundo galego. Así mesmo, infórmase de que a feira contará cun pavillón no que se realizarán actividades, entre elas, un recital de poesía en homenaxe a Luísa Villalta, e a presentación do seu derradeiro libro *En concreto*, xunto coa presentación de novas obras de escritores galegos e estranxeiros. Outra das actividades salientadas é o obradoiro dedicado aos nenos "Árbores para nenos" organizado pola editorial Galaxia.

Mallo, Albino, 'Lembrar a Villalta', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 agosto 2004, p. 43.

Dá conta da celebración da trixésima edición da Feira do Libro da Coruña e dos acontecementos máis senlleiros que nela teñen acontecido. De entre eles destácase a homenaxe que se lle rendeu á poetisa Luísa Villalta mediante a celebración dun recital, así como coa presentación no seu derradeiro libro. Por outra banda, remárcase o feito de se teren presentado dezaseis obras de distintos autores, así como das distintas actividades realizadas para o fomento da lectura.

Mallo, Albino, 'Rivas sobe ó escenario en adaptación italiana', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 outubro 2004, p. 47.

Relátase o conxunto de circunstancias que levaron a que, tralo seu paso por Galicia en 2003, a compañía italiana La Baracca volvese en 2004 coa obra *Iris*, unha adaptación do conto de Manuel Rivas 'A lingua das bolboretas', contido no seu libro *¿Que me queres amor?* (1996).

Mallo, Albino, 'O II Encontro de Escritores Galegos vaise celebrar no pazo de Mariñán', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 13 novembro 2004, p. 76.

Dáse conta da celebración do "II Encontro de escritores galegos" patrocinado pola Deputación da Coruña e que terá lugar os días 19, 20 e 21 de novembro no Pazo Mariñán. As xornadas divídense en tres bloques de relatorios en torno á "Creación e crítica literaria" e contarán coa difusión da editorial Galaxia por medio da revista *Grial*. O evento iniciarase co monólogo "Liturgia de Tebas" representado por Manuel Lourenzo. No primeiro relatorio, sobre teatro, participarán Camilo Franco e Xesús Pisón; no segundo, sobre narrativa, intervirán Bieito Iglesias e Armando Requeixo e, no relatorio sobre a poesía, estarán Carlos L. Bernárdez e Manuel Forcadela. A coordinación do encontro será levada por Luciano Rodríguez, Enrique Rabuñal e Dolores Vilavedra.

Mallo, Albino, 'Teatro, enfermo crónico', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 novembro 2004, p. 59.

Dá conta dos temas que se trataron no primeiro relatorio dos II Encontros de Escritores Galegos, celebrado no Pazo de Mariñán. Destácanse, de entre os temas tratados, a preocupación pola pouca resposta do público cara ao teatro galego e a edición dos textos teatrais. Sublíñase a presenza, entre os interviñentes, do autor Xesús Pisón e o crítico literario, Camilo Franco, así como do actor e produtor teatral Manuel Lourenzo, que acudía como oínte.

Mallo, Albino, 'O teatro galego ten pouca resposta dos espectadores', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 21 novembro 2004, p. 75.

Dáse conta das opinións vertidas por conferenciantes e intervenientes no II Encontro de Escritores Galegos, que tivo lugar no Pazo de Mariñán, así como da súa coincidencia no feito de que o público galego non dá unha sentida resposta ao fenómeno teatral en galego. Entre as causas disto apúntase o feito de que o público, ao non estar instalado no galego, ten un maior custo que non é capaz de asumir pola súa falta de militancia con respecto á lingua, así como o feito de que, en última instancia, son os programadores os que deciden qué teatro se fai e cal non. Entre os asistentes destácase a Enrique Rabuñal, Xesús Pisón, Camilo Franco e Manuel Lorenzo.

Mallo, Albino, 'Medio millar de fieis', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 novembro 2004, p. 45.

Infórmase da finalización do II Encontro de Escritores Galegos de Mariñán no que o último relatorio estivo dedicado á poesía e no que participaron Manuel Forcadela, Carlos L. Bernárdez, Miguel Anxo Fernán-Vello, moderados por Luciano Rodríguez. Coméntase que en Galiza len poesía arredor de cincocentas persoas e falaron sobre a función da crítica na sociedade, así como da influenza que exercen os medios e as editoriais sobre os escritores.

Mallo, Albino, 'Así foi edicións Ruedo Ibérico', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Dende a miña fiestra', 12 decembro 2004, p. 4.

Fálase da exposición que a Residencia de Estudantes organizou na Fundación Luís Seoane para dar a coñecer o traballo da editorial Ruedo Ibérico, que naceu en Francia en 1979 e que, posteriormente, se trasladou a Barcelona. Sinala que a exposición amosa a colección completa de publicacións da editorial, na que participaron Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, e dá conta dende o nacemento desta iniciativa empresarial ata a súa paralización en 1981.

Mallo, Albino, 'Vinte anos de 'Amor e desamor'', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 17 decembro 2004, p. 38.

Dáse conta da celebración dun recital en lembranza do grupo formado en 1984 "De amor e desamor" constituído por Lino Braxe, Miguel Anxo Fernán-Vello, Miguel Mato Fondo, Manuel Rivas, Xavier Seoane e Xulio Valcárcel. No acto os poetas lembraron a amizade que os uniu e a súa creación poética aínda que hoxe, cada un tomase o seu camiño.

Mallo, Albino, 'Trazos da Coruña soñada', *Galicia Hoxe*, 'maré', 22 decembro 2004, p. 37.

Dáse conta da publicación que realizou Luis Seoane baixo o título *Homenaxe á Torre de Hércules* no que se recollen corenta e nove debuxos e que se poden ver na exposición aberta na Fundación Luis Seoane na Coruña. Tamén se indica que xunto ao libro de Seoane se expoñen outros catorce libros que acompañaron a este na exposición realizada en Nova Iorque en 1946 e que se realiza unha proxección baseada nun libro de Seoane.

Mallo, Albino, 'A Coruña acolle a serie de debuxos de Luís Seoane sobre a Torre de Hercules', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 22 decembro 2004, p. 67.

Dáse conta da exposición organizada pola fundación coruñesa Luís Seoane, na que se poden ver os orixinais de trinta e nove dos corenta e nove debuxos que Seoane publicou no libro *Homenaje a la Torre de Hércules*; a exposición inclúe, tamén, a mostra de quince libros editados entre 1935 e 1945, que conteñen as mellores ilustracións do mundo e entre os que destaca *Historia natural* de Bufon, ilustrado por Pablo Picasso, e a proxección dunha vídeo de Juan Lesta e Belén Montero, no que se recrea unha historia baseada no libro de Seoane. Explícase, finalmente, a distribución da exposición dentro do edificio da fundación e recóllense as palabras da súa directora e do concelleiro de cultura da Coruña.

Mallo, Albino, 'Finados de sona durante o 2004', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Dende a miña fiestra', 26 decembro 2004, p. 4.

Cita a distintos persoeiros, galegos e de fóra, pertencentes ao ámbito da cultura, da arte, da política, da música, etc., que finaron ao longo do ano 2003; con respecto á literatura galega, lembra o falecemento de Antón Tovar, Manuel María, Luísa Villalta e Enrique Alvarellos.

Manteiga, Lucas, 'Galiza é libre', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 xullo 2004, p. 46.

Reflexión sobre a liberdade de Galiza a través dunha visión persoal da natureza galega.

Manteiga, Lucas, 'A Celso Emilio Ferreiro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 agosto 2004, p. 54.

Poema dedicado á memoria de Celso Emilio Ferreiro como vate-guía dos galegos. O eu lírico lembra a figura do poeta de Celanova.

Manteiga, Marcos, 'TresCtres publicará veinte obras este año', *El Correo Gallego*, 'Area de Compostela', 3 xaneiro 2004, p. 31.

Anuncia que a editorial TresCtres de Santa Comba publicará vinte novos libros integrados na colección de poesía, infantil, narración, ensaio, agraria, política, medicina e saúde. Destaca a edición de tres obras centradas na capital de Galicia e no Ano Santo, que son *As peregrinacións xacobeas* de Francisco Fernández del Riego, *Compostela, vella memoria*, de Ricardo Gómez-Conde e *40 aventuras al final del Camino* de Andrés Villar Murillo e Rubén Suárez Carballo. Outros títulos que en breve sairán a luz son *Margarita y la sombra de Atenea* de Javier Pérez Carrasco e *O mes de abril* de Pablo Vaamonde.

Manteiga, Marcos, 'Torneos de básquet, fútbol, un congreso y dos placas en memoria de Magariños', *El Correo Gallego*, 'Area de Compostela', 29 abril 2004, p. 39.

Fala da presentación do programa oficial dos actos organizados polo concello de Negreira para conmemorar o centenario do nacemento do escritor Xulián Magariños. Cítanse brevemente algúns dos eventos que van ter lugar e recóllense as palabras de Amancio Liñares, comisario do centenario, e de Jorge Couso, concelleiro de cultura.

Manuel María, 'De 'Poemas de Compostela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 setembro 2004, p. 54.

Apóstrofe do poeta a cidade de Compostela.

Manuel María, 'Poemas a Compostela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 setembro 2004, p. 54.

O poeta cavila sobre a vida na cidade de Compostela: as súas rúas, os seus monumentos, os romeiros...

Marcos, Xesús Manuel, 'O ameneiro', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 19 agosto 2004, p. 6.

Historia na que o narrador conta que todas as tardes despois de botar a sesta, dá un paseo polo campo ata chegar ao río e describe a paisaxe e os pensamentos que transcorren nese traxecto.

MARÉ, 'Un adeus á poeta Luisa Villalta na Coruña', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 2004, p. 45.

Fala da cerimonia de despedida da poeta Luísa Villalta. O acto terá lugar na Coruña, no cemiterio de Santo Amaro

MARÉ, 'Anacos de eternidade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 xaneiro 2004, p. 51.

Refírese á ofrenda floral que diversos persoeiros da cultura galega fixeron ante o sepulcro de Castelao como conmemoración do cincuenta e sete aniversario do pasamento do escritor rianxeiro. Xosé Luís Bóveda e Avelino Pousada Antela tiveron palabras emotivas para o escritor. Informa tamén da iniciativa do Bloque Nacionalista Galego de crear un Instituto Internacional Castelao para impulsar o idioma e a cultura galega no mundo.

MARÉ, 'Saldando débedas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xaneiro 2004, p. 51.

Anuncia a publicación da obra *Os meus ollos* de Ramiro Fonte, na que relata a súa vida nos anos sesenta na vila de Pontedeume. *Os meus ollos* forma parte dun ambicioso proxecto que contará con outras obras nas que complete a súa traxectoria vital. Recolle as palabras de Fonte, quen se mostra moi cómodo no xénero das memorias e apunta a escaseza deste xénero nas nosas letras. Anuncia que Xosé María Álvarez Cáccamo traballa tamén nas súas memorias e, ademais, acaba de publicar a súa poesía completa na editorial Espiral Maior. Finalmente, dá conta da edición de recompilacións de poesía por parte de escritores da denominada xeración dos oitenta coma Manuel Rivas, Vítor Vaqueiro, Xabier Seoane ou o propio Ramiro Fonte. Así mesmo, recorda a publicación de *Voces ceibes*, autobiografía de Vicente Araguas.

MARÉ, 'Cambios no Centro Galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 xaneiro 2004, p. 50.

Informa que Olegario Sotelo Blanco anunciou a súa renuncia como presidente do Centro Galego de Barcelona e convoca aos socios ao proceso de elección. Inclúe as palabras de Sotelo Blanco, quen recalca a necesidade dunha renovación da institución. Finalmente, apunta que Olegario posúe, ademais da editorial que leva o seu nome en Galicia, unha editorial en Cataluña que se dedica a traducción ao castelán de autores galegos.

MARÉ, 'Un canto a toda revolución', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 xaneiro 2004, p. 60.

Informa da estrea en Santiago de Compostela do espectáculo *Cantiga para Já* coproducida polo Centro Dramático Galego, a Companhia de Teatro de Braga e Coímbra, Capital Nacional da Cultura 2003. Jean-Pierre Sarrazac é o creador e director desta proposta escénica que parte da imaxe da Revolución dos caraveis para, a través da mestura de varias historias individuais, retratar os grandes movementos de transformación social do século XX. A obra será publicada proximamente na colección "Os libros do Centro Dramático Galego", que coeditan o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e Edicións Xerais de Galicia.

MARÉ, 'A Universidade de Vigo quere Arte Dramática', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 xaneiro 2004, p. 52.

Notifica que a Universidade de Vigo está interesada en acoller a Escola Superior de Arte Dramático. Segundo manifestou Iscar Rubiños, a universidade conta coas instalacións necesarias para a nova escola. Dá conta tamén do "I Foro Internacional de Teatro Universitario" que se está a celebrar na cidade olívica e no que participan entre outros, Fernado Dacosta, Antonio Fernández Castillo, Casilda García, Roberto Salgueiro ou Jorge Listopad.

MARÉ, 'Para corazóns quentes', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 xaneiro 2004, p. 50.

Informa sobre o acto de entrega aos galardoados da presente edición do Premio San Clemente 2003. Sinala que na rolda de prensa previa ao acto os gañadores amosaron a súa satisfacción pola concesión do premio "por un xurado tan particular". Recolle palabras de Almudena Grandes referíndose ao estado da literatura na actualidade.

MARÉ, 'Santiago versus Vigo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 xaneiro 2004, p. 52.

Informa das reivindicacións do BNG de Santiago para que o Centro Superior de Arte Dramático se sitúe en Santiago. Segundo Néstor Gago a capital de Galicia posúe as condicións idóneas para que o Centro se instale nesta cidade.

MARÉ, 'Do terrorismo doméstico', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 xaneiro 2004, p. 51.

Dá conta da presentación en Santiago de Compostela da última novela de Xavier López titulada *Destrucción* (2003). A novela relata a historia dunha vinganza por malos tratos na que as razóns e a paixón se ensarillan para o triunfo final desta última. Recolle as palabras do escritor quen manifesta que a súa novela pode servir para reflexionar sobre o tema da violencia doméstica.

MARÉ, 'Teatro, música e danza en Galicia con 279 funcións', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 xaneiro 2004, p. 48.

Infórmase da programación de espectáculos que levará a cabo a Rede Galega de Teatros cun total de duascentas setenta e nove funcións. Indícase que haberá duascentas setenta funcións de teatro a cargo de cincuenta e tres compañías galegas das que dá conta, e seis compañías procedentes de Andalucía, Estremadura, País Vasco e Madrid. Tamén contarán con seis concertos de música tradicional e folk, dúas funcións de maxia e unha representación de danza.

MARÉ, 'A mesma 'gaita gallega', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 xaneiro 2004, p. 50.

Refírese á publicación polo concello de Pontevedra dun tríptico en homenaxe a Xoan Manuel Pintos pola conmemoración do cento cincuenta aniversario da publicación de *A gaita gallega*. O tríptico contén varios retratos do escritor, poemas, a capa da primeira edición de *A gaita gallega* (1853) e unha breve biografía do escritor. Comenta a temática da obra, a cabalo entre un manual de iniciación á lingua galega e a apoloxía xeral de Galicia. Finalmente, apunta a celebración na cidade do Lérez da "V Edición do Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil".

MARÉ, '500 números con vós', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 xaneiro 2004, p. 53.

Anuncia que o suplemento *Revistas das Letras*, que aparece todos os xoves no diario *Galicia Hoxe*, chega o número cincocentos e con este motivo publicará un monográfico especial que recolle a algúns dos poetas que protagonizaron as súas páxinas nos seus máis de doce anos de existencia. O monográfico levará por título "Thing Tank" e nel aparecerán reflectidos textos de trinta e seis poetas, entre outros, Manuel Rivas, Chus Pato, Antón Reixa, etc. tamén incluirá un percorrido polas diferentes etapas do suplemento. Recorda a labor da *Revista das letras*, portavoz de temas actuais e interesantes con colaboradores da talla de Xosé María Álvarez Cáccamo, Germán Sierra, Vicente Araguas, Dolores Vilavedra ou Helena González.

MARÉ, 'Del Riego recupérase dunha operación médica', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 xaneiro 2004, p. 66.

Informa que Francisco Fernández del Riego evoluciona favorabelmente dunha operación á que foi sometido no Hospital Xeral de Vigo. Dá conta tamén dos diferentes cargos e das variadas actividades que realizou o galeguista.

MARÉ, 'Todo é unha máscara', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 xaneiro 2004, p. 51.

Refírese á presentación na libraría Couceiro do libro *Heleris* de Carlos Negro, unha reactualización do mito de Helena e Paris que o poeta traslada ao momento da posguerra española. Recolle as palabras do autor sobre o poemario, sobre a súa linguaxe poética e sobre as diversas tendencias da poesía galega actual.

MARÉ, 'Homenaxe ó poeta Prado Nogueira en Ferrol', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 xaneiro 2004, p. 49.

Anuncia que o concello de Ferrol descubriu unha placa en homenaxe ao poeta José Luis Prado Nogueira, que foi Premio Nacional de Literatura no ano 1960 por *Miserere na tumba de R. N.* O acto contou ademais cunha conferencia de Vicente Araguas, na que glosou a obra do poeta.

MARÉ, 'Premio ós gardas da creación', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 febreiro 2004, p. 52.

Noticia do premio que a revista *Artez* do País Vasco concede ao Centro de Documentación das Artes Escénicas e Musicais, que dirixe Mar Nogueira. Saliéntase que esta revista se creou en 1997, que é mensual e que concede o seu premio "Zapatilla" anualmente. Cita aos premiados ata o de agora e xustifícase a concesión do galardón polo labor editorial do Centro de Documentación dependente do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Dise que a entrega será no marco da XII Feira do Teatro de Galicia.

MARÉ, 'Escuridade de creación', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 febreiro 2004, p. 49.

Con motivo da reedición de *Deserto de Nabalpam* (2003), Alfonso Pexegueiro fala sobre a poesía e apunta a finalidade en certa medida catárquica deste xénero literario, que pode axudar a inverter o mundo. Segundo o articulista, Pexegueiro non buscou a literatura, senón que esta buscouno a el e defíneo como un poeta do inconsciente. Subliña, por último, que o feminino e a infancia están moi presentes na súa traxectoria poética.

MARÉ, 'O home e a súa obra', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 febreiro 2004, p. 53.

Fálase do compromiso, por parte da editorial Galaxia, da edición da obra completa de Domingo García- Sabell no acto de homenaxe celebrado en Compostela pola Universidade de Santiago (USC) e esta editorial. Ademais no transcurso do acto presentouse o libro *Medicina e Humanismo* dirixido por Marcelino Agís Villaverde, profesor titular de

Filosofía da USC e Darío Villanueva, editado grazas ás duás institucións e onde se recollen moitos artigos adicados ao escritor realizados por diferentes persoeiros da cultura. No acto deixouse constancia por parte de Victor F. Freixanes da contribución e achegas á cultura galega de García-Sabell que non foron suficientemente valoradas.

MARÉ, 'Autores independentes', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 febreiro 2004, p. 61.

Dá conta da celebración na Fundación Gonzalo Torrente Ballester de Santiago de Compostela do "Primeiro Encontro de Novos Narradores", organizado por Germán Sierra. Participarán no foro Javier Calvo, Lucía Etxebarría, Eloy Fernández Porta, Marcos Giralt ou Julián Ríos, a quen se lle renderá unha homenaxe especial por ser o autor de *Larva*, unha das novelas máis influentes das últimas décadas da literatura española. Entre os escritores galegos, acudirán ao mencionado encontro Santiago Jaureguizar e Luísa Castro. Recolle as palabras de Germán Sierra quen recalca que ao encontro asisten escritores que están interesados en facer un tipo de narrativa afastada dos camiños trillados e que se trata de reflexionar sobre cómo se ve a sociedade contemporánea na narrativa.

MARÉ, 'Rosa Aneiros nos encontros de Povoa de Varzim', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 febreiro 2004, p. 45.

Informa que a escritora Rosa Aneiros será a única representante galega na quinta edición de "Correntes d´Escritas", un encontro de escritores que se celebra en Povoa de Varzim. Asistirán tamén escritores casteláns -Rosa Montero, Arturo Pérez Reverte- portugueses -Lida Jorge, Baptista Bastos- e doutras nacionalidades. Por primeira vez entregarase un galardón para o que están nomeados os portugueses Lida Jorge, Baptista Bastos e Fátima Pombo, xunto ao mexicano Antonio Sarabia, á chilena Marcela Serrano, ao angolano Manuel Rui e aos españois Arturo Pérez Reverte e Juan José Millás.

MARÉ, 'Máis cerca do mundo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 febreiro 2004, p. 48.

Refírese á primeira mesa redonda sobre narrativa galega contemporánea que organizaron en Toulouse a casa de Galiza e o Instituto Cervantes, nesta mesa Ramón Chao adiantou a nova de que *Le monde Diplomatique* publicarase tamén en galego. Na mencionada xuntanza participaron, entre outros, Francisco Castiñeira Romar e Xosé Luís Méndez Ferrín. O encontro inscríbese no programa de actividades dedicadas a Galicia e no que se inclúe tamén a presentación do filme *O lapis do carpinteiro* dirixido por Antón Reixa e baseado na novela homónima de Manuel Rivas.

MARÉ, 'Acción de amor', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 febreiro 2004, p. 52.

Anuncia que varios poetas das Redes Escarlata desenvolverán un espectáculo en Compostela -que máis adiante se levará a outras cidades galegas- baixo o título xenérico de "Acción de amor". O espectáculo trata de fundir ámbitos expresivos tan dispares como a

música da rúa, a poética das conversas, a rabia do berro dos solitarios ou o combate da reivindicación directa, ademais de tratar de conxugar áreas plásticas, como a performance, co recital poético. Participarán Alberte Momán, Paulo Falcón, Antón Dobao, Antón Lopo, Claudio Pato, Raúl Gómez Pato e Elvira Riveiro. O resultado deste programa será unha publicación que recolla estas experiencias.

MARÉ, 'Acto literario a prol dos sindicalistas de Lugo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 febreiro 2004, p. 55.

Informa que distintos persoeiros do mundo da cultura, entre os que destaca a Darío Xoán Cabana, Marica Campo, Miguel Anxo Fernán Vello e Manuel María, solidarízanse cos traballadores condenados por formar parte dun piquete na folga xeral do pasado vinte de xuño en Lugo e cos sindicalistas da CIG que permanecen en folga de fame, participando na caravana de protesta fronte aos xulgados da capital lucense.

MARÉ, 'Nélida Piñón fala de 'Galicia na miña obra' no Consello', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 febreiro 2004, p. 52.

Anuncia a intervención de Nélida Piñón nunha parola-coloquio sobre "Galicia na miña obra" no Consello da Cultura Galega; ademais informa que o P.E.N. Club ofreceralle unha cea-homenaxe. Recolle algunhas das obras da autora.

MARÉ, 'Recital 'Do descoñecido ao descoñecido' de Manuel Rivas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 febreiro 2004, p. 50.

Dá conta da presentación-recital do último poemario de Manuel Rivas titulado *Do descoñecido ao descoñecido* (Espiral Maior), que se celebrou na galería Sargadelos de Santiago de Compostela e na que participaron, ademais do propio escritor, o editor Fernán Vello e o músico César Carlos Morán Fraga. Trátase dunha obra completa que percorre toda a traxectoria poética do escritor desde a década dos oitenta ata a actualidade e que tamén inclúe poemas inéditos

MARÉ, 'Galicia para ver o mundo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 febreiro 2004, p. 51.

Apunta que a escritora brasileira Nélida Piñón inaugurou onte coa súa charla-coloquio baixo o título "Galicia na miña obra" unha serie de encontros entre literaturas de ultramar, que se desenvolverán nos próximos meses. Recolle os puntos máis salientábeis da conferencia da escritora, que se referiu aos anos que pasou en Galicia durante a súa infancia. Dá conta tamén dun seminario dedicado ao estudo das relacións de Alejo Carpentier coa cultura española, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, como conmemoración do primeiro centenario do nacemento do autor.

MARÉ, 'Os poetas galegos recitan a súa Intifada', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 febreiro 2004, p. 53.

Anuncia a presentación de *Intifada. Ofrenda dos poetas galegos a Palestina*, un volume colectivo que representa a solidariedade das letras galegas coa causa de Oriente e que edita a Fundación Araguaney. Neste libro participaron cincuenta e seis autores que falan sobre Palestina, entre os que se destaca a Bernardino Graña, Uxío Novoneyra, Marilar Alexandre, Yolanda Castaño, etc. O acto será presentado por Luís González Tosar e Ghaleb Jaber Ibrahim, quen irá dando paso aos poetas que recitarán algúns dos versos contidos no libro.

MARÉ, 'Discurso de ingreso na RAG de Freixanes', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 febreiro 2004, p. 52.

Anticipa o título do discurso de ingreso de Freixanes na RAG: "Desafíos para un novo século. Entre a trabe de Ouro e a Paxariña de Armenteira". Responderalle o académico Antón Santamarina. Na conferencia analiza a cultura como espazo de comunicación e reflexiona sobre a modernidade, a globalización ou o futuro da lingua galega neste novo contexto. O discurso remata con dous relatos: *A trabe de ouro e a trabe de alcatrán* e *A Paxariña de Armenteira*.

MARÉ, 'Ofrenda a Palestina', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 febreiro 2004, p. 48.

Refírese á publicación de *Intifada. Ofrenda dos poetas galegos a Palestina*, un volume que recolle os poemas de distintos poetas galegos que se solidarizaron coa causa Palestina. O acto de presentación deste libro estivo presidido por Luís González Tosar e Yolando Castaño, acompañados por Claudio Pato, Marilar Alexandre e Luísa Villalta, entre outros. Tamén recolle as palabras de apoio e reivindicación dos dereitos de Palestina de Tosar, Castaño e Jaber Ibrahim e inclúe os poemas de Uxío Noveneyra e Antón Reixa.

MARÉ, 'A cadeira libre', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 febreiro 2004, p. 58.

Informa que Darío Xohan Cabana e Xosé Luís Axeitos son os candidatos para cubrir a vacante que Domingo García-Sabell deixa na Real Academia Galega. Recolle os traballos de cada un deles e apunta que na próxima reunión da RAG decidirase quen ocupará a cadeira libre.

MARÉ, 'A prol da 'cultura do risco', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 febreiro 2004, p. 59.

Refírese ao discurso de ingreso na Real Academia Galega de Víctor Freixanes titulado "Desafíos para un novo século. Entre a trabe de Ouro e a Paxariña de Armenteira", pronunciado na sede do instituto Valle-Inclán da súa Pontevedra natal. Rematou o discurso con dúas lendas galegas *A trabe de ouro* e a *Paxariña de Armenteira* que simbolizan, segundo Freixanes, a riqueza do coñecemento e da cultura do risco e a actividade

conservadora de obediencia ao poder de Madrid respectivamente. O acto estivo presidido por Xosé Ramón Barreiro e o seu discurso foi respondido por Antón Santamarina.

MARÉ, 'Exercicio de camiñante solitario', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 marzo 2004, p. 50.

Anuncia a presentación na libraría Couceiro do último poemario de Ricardo Martínez Conde titulado *Compostela, vella memoria*, a que tamén asistirán o crítico Armando Requeixo e o xefe de deseño de *El correo gallego*, Xurxo Fernández. A obra inclúe dúas ilustracións de Javier Mourón. Comenta brevemente o tema e a estructura do libro e recolle un listado da obra poética do escritor. Finalmente, apunta que Conde está traballando nun ensaio en castelán que leva por título *El hombre que camina lentamente*.

MARÉ, 'Baixo un mesmo temón', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 marzo 2004, p. 48.

Refírese á celebración da próxima asemblea da Asociación de Escritores en Lingua Galega na que se anunciarán algúns cambios; en efecto, destaca a marcha da secretaría da Asociación de Yolanda Castaño, que será substituída polo poeta e ensaísta Carlos Negro e a creación dun posto de tesoureiro. Finalmente, comenta o aumento do número de socios, que xa son máis de douscentos trinta, e recalca a finalidade da asociación, que non é outra que traballar a prol da dignificación do oficio de escritor e da promoción dos autores e das súas obras, do fomento da interconexión entre eles e da interrelación con outros profesionais.

MARÉ, 'Un Macondo particular', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 marzo 2004, p. 50.

Anuncia a presentación da novela *A esfinxe de amaranto* de Antón Riveiro Coello na Casa da Cultura Avilés de Taramancos de Noia. O escritor estará acompañado por Víctor Freixanes, Suso Laíño, Xerardo Agrafoxo e Lola Arxóns. A obra narra a historia dunha saga familiar desde a avoa á neta. Finalmente, refírese o feito de que o escritor limiao forma parte da Biblioteca do Museo de Xinzo da Limia que abrirá en breve en Vilar de Santos e da que tamén forman parte Carlos Casares, Antón Tovar, Chus Pato, María Ruido, etc.

MARÉ, 'Facer do poema unha biografía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 marzo 2004, p. 60.

Refírese ao pasamento repentino de Luísa Villalta no seu domicilio da Coruña. A escritora deixa unha ampla traxectoria no ámbito da literatura galega. Numerosos persoeiros da cultura galega recibiron con estupor e consternación esta triste nova.

MARÉ, 'Un valor galego en pleno desenvolvemento intelectual', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 marzo 2004, p. 61.

Dá conta da consternación e dor dos escritores que acudiron a reunión prevista pola Asociación de Escritores en Lingua Galega por mor do pasamento de Luísa Villalta, quen

durante moitos anos foi membro do consello directivo da asociación. Recolle as palabras de Yolanda Castaño que manifestou o seu pesar e conmoción pola morte de Luísa Villalta. Castaño anunciou tamén a súa baixa como secretaria da asociación e o traspaso do seu cargo ao escritor Carlos Negro.

MARÉ, 'Un Congreso na Coruña analizará a vida e obra de Luís Seoane', *Galicia Hoxe*, 'Foro', 7 marzo 2004, p. 63.

Divulga a celebración dunhas xornadas dedicadas a Luís Seoane na sede da fundación do artista na Coruña, organizadas pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Nestas xornadas, que inclúen a visita á Fundación Luís Seoane, participarán expertos na súa vida e obra, entre os que destaca a Isaac Díaz Pardo, Xosé Díaz, Antón Patiño e Manuel F. Vieites.

MARÉ, 'Reedítase o 'Libro da egoísta', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 marzo 2004, p. 59.

Anuncia que a editorial Galaxia vén de publicar unha nova edición de *O libro da egoísta* de Yolanda Castaño cunha tirada de dez mil exemplares, algo inusitado en poesía. A poeta manifesta o carácter atípico e pouco amable da obra.

MARÉ, 'Dous anos sen Casares', *Galicia Hoxe*, 'Maré Hoxe', 10 marzo 2004, p. 55.

Fálase aquí do segundo cabodano da morte de Carlos Casares e do libro que con motivo deste se prepara. O libro vai ser unha homenaxe, pero tamén unha fotobiografía, que prepara a Fundación Carlos Casares en colaboración con Edicións A Nosa Terra e na que participan corenta persoeiros amigos do escritor. Tamén se nos informa de que por petición expresa da familia non vai haber ningún acto de homenaxe este día. Por último faise un pequeno resumo do que foi a vida e a obra deste ourensán nacido en Xinzo de Limia. Destácase del o seu interese xa prematuro pola cultura galega, traduciu, xa nos anos sesenta, cancións ao galego, foi presidente do Consello da Cultura Galega e membro da Real Academia Galega, e sobre todo o interese pola literatura galega, da que foi un dos seus mais grandes representantes con libros coma *Xoguetes para un tempo prohibido*.

MARÉ, 'Convócanse subvencións en prol da edición en galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 marzo 2004, p. 51.

Informa dunha orde da Consellería de Cultura publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) pola que se convocan subvencións á producción editorial para apoiar a edición de obras en galego. Tamén anuncia que se publicou unha orde que regula as seccións de feiras do libro en Galicia para o ano 2004.

MARÉ, 'Debuxos sobre a dobre cara do 'Prestige', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 marzo 2004, p. 53.

Comenta a serie de debuxos "...na súa tinta" do caricaturista de *El País*, Agustín Sciammarella e do redactor xefe de Infografía do mesmo xornal, Tomás Ondarra. Estes debuxos reflicten por un lado aos galegos e a Galicia como víctimas que loitan contra a marea negra e por outro lado, aos políticos que xestionaron a crise e irán acompañados por textos de Manuel Rivas, Antonio Alonso, Xosé Santos Otero e Xurxo Lobato, entre outros. A exposición está organizada polo Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG) e pódese visitar na Casa da Conga de Santiago de Compostela.

MARÉ, 'A luz de Seoane', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 marzo 2004, p. 61.

Dá conta da celebración dunas xornadas dedicadas a figura e a obra de Luís Seoane organizadas pola Consellería de Cultura os días vinte e seis e vinte e sete de marzo na sede da fundación do artista na Coruña. Entre outros, participarán nestas xornadas Xosé Luís Axeitos, Xesús Alonso Montero, Isaac Díaz Pardo, Pepe Barro, Euloxio Ruibal ou Manuel F. Vieites. As xornadas inclúen unha visita ás instalacións da fundación e as distintas exposicións preparadas na memoria de Luís Seoane.

MARÉ, 'Pazó reflexiona sobre a unión co público', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 marzo 2004, p. 45.

Anuncia a conferencia de Cándido Pazó na Fundación Carlos Casares, que versará sobre os elementos que inflúen no logro dunha boa comunicación co público. Esta charla inscríbese no programa Seminario Permanente de Animación á Lectura da mencionada fundación que coordina Adolfo Gálvez.

MARÉ, 'Con Carvalho Calero', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 marzo 2004, p. 60.

Coméntase a demanda da Fundaçom Artábria ao Concello de Ferrol para que se organice unha homenaxe institucional cando se cumpren catorce anos da morte do poeta, filólogo e académico Ricardo Carvalho Calero. Destácanse algúns datos biográficos do autor falecido, coméntase que a súa figura está á espera dun 17 de maio e recóllense esas solicitudes de organizar actos e homenaxes durante o ano 2005 coincidindo co décimo quinto aniversario da súa morte.

MARÉ, 'A AELG aprobará hoxe os seus novos estatutos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 marzo 2004, p. 58.

Nova da reunión que vai ter a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) para a aprobación dos seus novos estatutos con motivo da entrada en vigor da nova lei de asociacións. Esta reunión ía ter lugar en datas anteriores pero aprazouse por causa da morte

da escritora Luísa Villalta. Cítanse tamén algúns dos outros puntos que se van abordar na reunión.

MARÉ, 'Porta aberta á memoria', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 marzo 2004, p. 69.

Xosé Luís Axeitos Agrelo é elixido para formar parte da Real Academia Galega impoñéndose a súa candidatura á de Darío Xohán Cabana. Dise que con el entra un perfil máis próximo á investigación que á creación literaria. Enúncianse algúns datos biográficos e campos de estudo do novo académico así como os títulos dalgunhas das súas obras.

MARÉ, 'As novas narradoras debaten no Consello', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 abril 2004, p. 50.

Anúnciase un coloquio convocado polo Consello da Cultura Galega no que participarán as escritoras Anxos Sumai, Rosa Aneiros e Inma López Silva nun acto presentado por Ana Romaní e no que intervirán tamén Dolores Vilavedra e Víctor F. Freixanes.

MARÉ, 'O difícil que é ler', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 abril 2004, p. 48.

Recóllense uns datos ofrecidos polo anuario social de La Caixa segundo o cal Ourense e Lugo copan as listas de analfabetismo e menor índice de estudos do estado español. Recóllense os datos doutras comunidades e provincias e contrástase co caso galego atendendo a aspectos como o da educación universitaria ou secundaria.

MARÉ, 'Galicia e Irlanda, dúas nacións en paralelo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 abril 2004, p. 50.

Anúnciase a organización, por parte do Departamento de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela e o Consello da Cultura Galego, do Congreso 'Galicia-Irlanda: dúas Fisterras europeas'. Cítase algún dos oradores que participarán nas xornadas e destácase que os obxectivos son alentar as relacións entre os investigadores e as súas institucións e propiciar estudos comparativos e recíprocos sobre bases sólidas entre dúas culturas con moitos elementos comúns.

MARÉ, 'Liberdade e acción', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 abril 2004, p. 51.

Fálase da próxima reunión de quince escritores españois entre os días 20 e 23 de abril en Santiago de Compostela co obxectivo de discutir a posíbel existencia dunha nova narrativa española. O anuncio foi feito por Germán Sierra e Carmen Becerra, directora cultural da Fundación Gonzalo Torrente Ballester. Recóllense unhas palabras destas dúas cabezas visíbeis dos encontros e anúnciase a homenaxe que se vai render ao escritor galego Julián Ríos, autor de *Larva*.

MARÉ, 'Ante a interculturalidade e a forza das mobilizacións', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 abril 2004, p. 50.

Anúnciase a proximidade da celebración da Semana Galega de Filosofía convocada pola Aula Castelao e que terá lugar en Pontevedra co título 'Filosofía e cidadanía'. Carme Adán, coordinadora da Aula Castelao, comenta brevemente por que se escolleu este tema. Cítanse os nomes dalgúns participantes así como dos temas sobre os que van falar.

MARÉ, 'Man a Man', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 abril 2004, p. 48.

Informa do nacemento do Colectivo Aberto Man por Man, coincidindo co cabodano da morte de Man de Camelle. A súa primeira actividade (Acción Man) consiste en facer circular varias carpetas de man en man para recoller as palabras da xente. O obxectivo é xuntar tódalas manifestacións nun caderno final. Burla Negra convoca aos que queiran participar nesta proposta na Casa das Crechas en Compostela dentro dos seus actos reivindicativos en favor dunha costa limpa.

MARÉ, 'Cidadanía, mito ou realidade?', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 abril 2004, p. 45.

Fala da XXI semana Galega de Filosofía que organiza en Pontevedra a Aula Castelao. Anticípanse unhas cifras de asistencia dunhas mil oitocentas persoas durante os cinco días que dura o encontro. Coméntase que o tema sobre o que xirarán os relatorios é o de 'Filosofía e cidadanía'. O primeiro en participar será o filósofo George Labica cunha conferencia titulada "Cidadanía, mito ou realidade?". Cítanse ademais algunhas das persoas que falarán durante este encontro.

MARÉ, 'O legado de Man chega mañá a Santiago', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 abril 2004, p. 51.

Burla Negra organiza no pub As Crechas de Compostela un acto dedicado a Man de Camelle. Nel cederanse uns cadernos nos que calquera poderá incluír o que queira e eses cadernos irán parar ao Museo de Man.

MARÉ, 'Os lodos do Imperio', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 abril 2004, p. 48.

Infórmase dalgúns aspectos sinalabeis do acontecido na Semana Galega de Filosofía e céntrase na figura de Evo Morales, líder do Movemento ao Socialismo boliviano, que encabeza o movemento indíxena do seu país. Recóllense declaracións súas de entre as que destaca unha acusación aos Estados Unidos de querer derrubar a democracia en Bolivia. Nun cadro recóllense as participacións de Carlos Santiago (por Burla Negra) de Lupe Ces

(pola Marcha Mundial das Mulleres) e Iván Prado (polas Redes Escarlata) e explícase brevemente en que consistiron as súas participacións.

MARÉ, 'Por obra de Graña', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 abril 2004, p. 53.

Infórmase de que a obra de Bernardino Graña será un dos temas que se tratará nas XIV Xornadas de Lingua e Literatura organizadas en Santiago pola CIG-Ensino e pola Asociación Sociopedagóxica Galega (AS-PG). Ademais desta nova Anxo Louzao, secretario nacional de CIG-Ensino, informa de que tamén se abordará "unha visión xeral das literaturas catalá e vasca". Louzao afirma tamén que esta iniciativa pretende ofrecer perspectivas sobre outras literaturas e sobre a investigación das nosas letras.

MARÉ, 'Nunha clave de sol', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 abril 2004, p. 44.

Anúnciase o proxecto dos arquitectos Alfredo Freixedo e Pedro Diéguez de levantar un monumento, que eles deseñaron, baseado nunha melodía musical e que se situará no lugar que ocupaba a fosa común dos republicanos fusilados no franquismo no cemiterio ourensán de San Francisco. Este anuncio fíxose durante unha homenaxe que tivo lugar en Ourense e que contou coa presenza de membros do grupo teatral Sarabela Teatro, que leron un poema de Méndez Ferrín, ou do escritor Francisco Fernández Naval "Chisco" entre outros. Un dúo de violín e violonchelo interpretaron o himno del Riego e o himno galego.

MARÉ, 'Visitar Poe prendido de Verne', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 abril 2004, p. 53.

Dáse a nova da presentación en Vigo dos novos títulos que Ir Indo vai publicar dentro da súa colección Clásicos Universais. Na presentación estiveron presentes Bieito Ledo, editor de Ir Indo, Anxos Vázquez, directora da colección e Damián Villalaín, secretario da Fundación Carlos Casares. Destácase a tradución de obras de Poe, Kipling, Verne ou Scott Fitzgerald entre outros.

MARÉ, 'Experimentar a literatura', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 abril 2004, p. 51.

Fala da inauguración do I Encontro de Novos Narradores que se celebra na Fundación Torrente Ballester en Santiago. Coméntase que autores novos, profesores, xornalistas e editores van debater sobre as novas tendencias literarias do século XXI. Cítanse algúns dos participantes como Lucía Etxeberría, Santiago Jaureguízar, Luísa Castro ou Germán Sierra, coordinador do evento. Anúncianse tamén algúns dos temas que serán tratados nas mesas redondas.

MARÉ, 'Visto e prace á Biblioteca da Cidade da Cultura', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 abril 2004, p. 49.

Breve información sobre a futura Biblioteca da Cidade da Cultura que foi deseñada polo arquitecto norteamericano Peter Eisenman e que xa ten a aprobación do Concello de Santiago para a súa edificación.

MARÉ, 'Unha zapatilla de ouro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 abril 2004, p. 52.

Coméntase a concesión do Premio Zapatilla que outorga a Revista de las Artes Escénicas ao Centro de Documentación das Artes Escénicas e Musicais de Galicia, dependente do IGAEM e que dirixe Mar Nogueira. Carlos Gil, director da citada revista, entregou en Santiago o galardón á directora do proxecto. Cítanse tamén algúns dos outros doce gañadores deste premio.

MARÉ, 'As contas pendentes', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 abril 2004, p. 51.

Coincidindo coa data sinalada do Día do Libro recóllense datos sobre a edición de obras en Galicia así como dúas das queixas fundamentais das que presenta a Federación de Libreiros de Galicia: a creación dun "observatorio permanente" do sector en Galicia e a necesidade de revitalizar a data do 23 de abril. Destácanse tamén datos como cales son os xéneros máis publicados e algún acto que terá lugar coincidindo coa efeméride sinalada.

MARÉ, 'Por unha realidade visible', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 abril 2004, p. 50.

Atendendo á celebración dun encontro de escritores novos organizado pola Fundación Torrente Ballester recóllense algunhas das cuestións sobre as que falaron autores como Luísa Castro, Santiago Jaureguízar, Antón Lopo ou Anxo Angueira. O artigo fala principalmente das opinións vertidas por este último sobre a situación da narrativa, a vangarda ou a proximidade entre prosa e poesía.

MARÉ, 'Baixo o ollo de deus', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 abril 2004, p. 57.

Coméntase a nova da homenaxe que se brindou ao escritor vigués Julián Ríos en Compostela dentro dos Encontros de Novos Narradores e coincidindo co trinta aniversario da publicación da súa obra *Larva*. Recóllense as palabras pronunciadas polo autor neste acto e destácanse comentarios sobre a escolla da lingua galega para facer literatura ou sobre a obra citada que foi a súa creación de maior éxito.

MARÉ, 'Publicar nun novo século', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 abril 2004, p. 51.

Anúncianse algunhas das cuestións que serán tratadas no V Congreso Nacional de Editores. Entre elas falarase da necesidade de incrementar as campañas de fomento da lectura, das deficiencias nas redes de distribución de libros e nas bibliotecas, etc. Engádese que o lema do congreso será 'Palabras no camiño' e que haberá unha homenaxe a Francisco Fernández

del Riego, Xaime Illa Couto e Isaac Díaz Pardo. Antonio María de Ávila, responsábel do congreso, avanza algunha das actividades e temas a tratar.

MARÉ, 'Faltará o pregoeiro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 maio 2004, p. 49.

Anúnciase a inauguración da Feira do Libro de Santiago e coméntase que unha indisposición impediu a José Saramago ser o pregoeiro da mesma. A presentación da última obra do escritor portugués que ía ter lugar en Vigo organizada pola Fundación Carlos Casares tamén foi suspendida. Cítanse algunhas das obras máis rechamantes da Feira do Libro e en cadro á marxe recóllense algúns actos da mesma.

MARÉ, 'Cangas homenaxea a Carlos Casares cunha exposición', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 maio 2004, p. 45.

Anúnciase a inauguración da exposición 'Os mundos de Carlos Casares' na que se amosa a vida e obra do autor. Cítanse brevemente algunhas das características da mostra e confírmase a asistencia da presidenta da Fundación Carlos Casares Kristina Berg.

MARÉ, 'Para saír da crise', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 maio 2004, p. 45.

Recóllense opinións dalgúns responsábeis de editoriais galegas ao respecto das declaracións do conselleiro de cultura Xesús Pérez Varela sobre a conversión do libro nun valor estratéxico. Falan Fabiola Sotelo, presidenta da Asociación de Editores Galegos, Manolo Bragado, director de Edicións Xerais e Víctor F. Freixanes, director de Galaxia. Entre outras cousas comentan aspectos como a crise que atravesa o sector ou as súas perspectivas sobre o futuro do libro en Galicia.

MARÉ, 'A todo tren editorial', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 maio 2004, p. 49.

Coméntanse datos editoriais do estado español, no que ascendeu o número de libros publicados ata os 72.048 títulos dos que 2.373 foron editados en Galicia, sétima comunidade de maior produción. Danse datos sobre os xéneros publicados, as comunidades autónomas que máis editan, etc.

MARÉ, 'O lapis do carpinteiro' e 'Blanca Madison', favoritos ós Mestre Mateo', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 5 maio 2004, p. 76.

Enumeración rápida das candidaturas que optan aos premios Mestre Mateo, galardóns outorgados pola Academia Galega do Audiovisual aos mellores traballos do ano. Coméntase ademais que a cerimonia terá lugar o 14 de maio en Santiago.

MARÉ, 'Festa ou coartada?', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 maio 2004, p. 51.

Recóllense as opinións de escritores, libreiros, editores e pedagogos con respecto á celebración do Día das Letras Galegas. Estímase esta data como necesaria pero coméntase que o efecto en canto a participación nos festexos e cifra de vendas non é moi bo. Recóllense tamén algunhas propostas como a de que non sexa preciso que o homenaxeado leve dez anos morto

MARÉ, 'O monopolio oculto', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 maio 2004, p. 51.

Fálase da próxima realización do Congreso de Editores que terá lugar en Santiago de Compostela. Coméntase a presenza de figuras como Ignacio Ramonet, Xosé Ramón Barreiro ou Víctor Fernández Freixanes. Recóllense as palabras de Antonio María de Ávila acerca da situación editorial en España. Nun cadro menor anúnciase a homenaxe que vai ter lugar dentro deste congreso á edición histórica de Galicia así como a entrega de placas a Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa Couto e Isaac Díaz Pardo. Cítanse tamén algúns talleres que se van realizar con motivo deste Congreso.

MARÉ, 'A máis prezada peza de Lorca', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 maio 2004, p. 55.

Anúnciase a saída a poxa en París dun manuscrito dos *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca. Recóllense palabras de Víctor Aizenman, libreiro anticuario que valorou a obra nuns 215.000 euros. Fálase brevemente das características do manuscrito que era descoñecido ata hai ben pouco pois críase que só existía o exemplar que Eduardo Blanco Amor doou á cidade de Ourense.

MARÉ, 'Unha mostra homenaxea a Luís Seoane en Vigo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 maio 2004, p. 50.

Con motivo do vintecinco aniversario do falecemento de Luís Seoane, anuncia que o día 30 de xuño terá lugar na sede de Vigo da Fundación Caixa Galicia a mostra de acuarelas do artista, realizadas dende a década dos 50 ata a súa morte. Remata dicíndonos que tanto a Fundación Caixa Galicia como a Fundación Luís Seoane queren con esta exposición renderlle tamén homenaxe á viúva de Seoane pola súa "xenerosidade, dedicación e perseverancia".

MARÉ, 'Unha ponte de letras', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 maio 2004, p. 48.

Aproximación á charla que Inés Pedrosa, unha das máis importantes figuras das letras portuguesas, ofreceu no Consello da Cultura Galega sobre "Escrever ficçao". Salienta algunhas das súas reflexións, fundamentalmente o seu desexo de fomentar un intercambio cultural-dialóxico constante entre Galicia e Portugal, idea sobre a que xa traballou con Carlos Casares.

MARÉ, 'Descordo de amor', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 maio 2004, p. 49.

Anuncia o encontro das letras galegas e occitanas baixo o lema "Descordo de amor. Occitania en Galicia", nunha proposta de interrelación de ámbalas dúas culturas organizado polo PEN clube de Galicia. De seguido, dá conta dos diferentes actos que terán lugar ao longo de tres días dende o 29 de maio no Mosteiro de Samos de Lugo. Salienta, entre outros, a homenaxe a Ramón Cabanillas, Fiz Vergara Vilariño e ao dramaturgo occitano Carles Galtier. Refírese tamén ao recital do poeta occitano Max Roqueta ou á intervención no recital de clausura de Xosé Luís Méndez Ferrín, Darío Xohan Cabana, Jean Claude Forêt, Xesús Rábade, Bernardino Graña, Joan Pau Creissac, Joan Yves Casanova e Aurelia La Saca.

MARÉ, 'Palabras que nunca morren', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 maio 2004, p. 50.

Faise eco da homenaxe que o mundo editorial ten previsto facerlle, o día 29 de maio na Fundación Caixa Galicia de Vigo, á escritora Xela Arias, recentemente falecida. Dá conta do programa de actos que contará coas intervencións de representantes das asociacións convocantes xunto coa estrea, por parte do Grupo Dous, dunha partitura musical para a poesía da autora *Vencerse é cousa de se tratar*, e que contará coa voz en off da escritora. Remata exponndo unha breve biografía artística de Xela Arias.

MARÉ, 'Wounded wind', por Casares', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 maio 2004, p. 52.

Faise eco da publicación en inglés, da man da editorial Planet, da primeira obra de Carlos Casares, *Vento Ferido*, baixo o título de *Wounded Wind*. Logo de mencionar que este libro ven a sumarse ao catálogo doutras obras de autores galegos como *Cousas* (*Things*) de Castelao, *Crónica de nós* (*Them*) de Xosé L. Méndez Ferrín, refírese brevemente á traxectoria profesional da encargada da tradución, Rosa Rutherford. Remata facéndonos unha panorámica conxunta da obra de Casares.

MARÉ, 'En galego, en todo momento', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 maio 2004, p. 50.

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, da que é fundador Xosé González e que xa anteriormente publicara *Contos da policía*, organiza agora en Santiago unha reunión de membros do Corpo Nacional de Policía que concretará o seu apoio á normalización do idioma. No acto estarán presentes tamén varios representantes políticos.

MARÉ, 'Irmandade da palabra poética', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 maio 2004, p. 45.

Fálase do encontro 'Desacordo de amor: Occitania en Galicia', organizado polo PEN Clube galego e que reúne a escritores e profesores das dúas literaturas. Coméntase que a razón das

xornadas é trazar novos vínculos entre dúas tradicións literarias que estiveron moi vinculadas na época medieval e que hoxe pertencen a cadansúa lingua minorizada. Cítanse algúns dos participantes.

MARÉ, 'Verines revive desde o xoves en Mariñán', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 maio 2004, p. 47.

Dase brevemente a nova dos próximos I Diálogos Literarios de Mariñán que organiza a Fundación Carlos Casares e que contará entre outros con Javier Alfaya, Bernardo Atxaga, Marilar Aleixandre, etc.

MARÉ, 'A unión de Occitania e Galicia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 xuño 2004, p. 50.

Coméntase o encontro "Desacordo de amor: Occitania en Galicia" organizado polo PEN Club Galego e que se celebrou no mosteiro de Samos. Luís G. Tosar, presidente do PEN Club manifestou a vinculación entre Galicia e Occitania dende a época das cantigas medievais e cítanse algúns autores galegos que se preocuparon nas súas obras polo territorio occitano e á inversa: escritores occitanos que escribiron sobre Galicia. Recóllese o nome dalgúns dos participantes no acto.

MARÉ, 'A unión miñota', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 xuño 2004, p. 49.

Anuncia que durante a celebración das "V Xornadas Internacionais da Cultura Tradicional", presentadas onte en Santiago e que terán lugar o 18, 19 e 20 de xuño, farase pública a proposta para que a UNESCO considere a cultura galego-portuguesa como "patrimonio inmaterial de Humanidade". Logo céntrase no desenvolvemento das propias xornadas, dedicadas á literatura de tradición oral como recoñecemento a Xaquín Lorenzo, e organizadas pola Asociación Cultural Canle de Lira.

MARÉ, 'Os pazos da Coruña', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 xuño 2004, p. 49.

Faise eco da intención da Real Academia Galega de transladar á Casa Museo de Emilia Pardo Bazán, na Coruña, a colección privada da escritora que se atopa agora no seu Pazo de Meirás, co obxectivo de amosar conxuntamente a Biblioteca desta autora. Segundo se nos dí, esta noticia deuse a coñecer no acto de presentación dun Simposio sobre Pardo Bazán, dirixido por Xosé Manuel González Herrán e patrocinado por Caixa Galicia.

MARÉ, 'Contra a indiferencia absoluta', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 xuño 2004, p. 50.

Recolle algúnhas reflexións da intervención do escritor vasco Bernardo Atxaga na primeira edición dos "Diálogos Literarios" , en donde disertou, xunto co escritor galego Manuel Rivas, sobre "a raíz e o desarraigo: os escritores e as patrias". Comenza por resumir

palabras de Atxaga en canto ao ámbito político, restándolle importancia a que algúns escritores aparezan en listas electorais. Continúa referíndose á importancia da idea de patria para un creador, aínda que recomenda que se debe reflexionar sobre o positivo e negativo de cando esta adquire unha dimensión política baseada na "idea errónea, perturbadora e perigosa" da "indiferencia absoluta".

MARÉ, 'Galaxia presenta a biblioteca 'Casares', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 xuño 2004, p. 44.

Faise eco da presentación no día de hoxe da biblioteca 'Casares', patrocinada pola Fundación Caixa Galicia, e que supón a continuación dunha serie de bibliotecas que a editorial Galaxia adica tamén a outros escritores como Otero Predrayo, Vicente Risco, Blanco Amor ou Álvaro Cunqueiro.

MARÉ, 'Versos contra a crise', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 xuño 2004, p. 48.

Dá conta da publicación de cinco títulos da colección de poesía da editoral coruñesa Espiral Maior e que supón un "envite á crise do sector libreiro". Tal e como se nos dí, agás Olga Novo con *A Cousa Vermella*, os restantes traballos foron gañadores de catro diferentes premios literarios do país: Miguel Mato Fondo con *O whiskey na barrica*, as *Derrotas* de Eduardo Estévez, Estíbaliz Espinosa con *O número e co*, e finalemente X. G. Gómez Alfaro con *O clamor da elipse*.

MARÉ, 'Un sector estratéxico', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xuño 2004, p. 48.

Recolle a noticia da creación en Santiago da chamada "Mesa polo libro" que se propón atopar solucións aos problemas dos diversos sectores vinculados á industria do libro. Refírese á formación de tres comisións de traballo e salienta entre os seus obxectivos primordiais o especial interese pola promoción da Lei de bibliotecas, así como a redefinición da industria editorial como "sector estratéxico".

MARÉ, 'Poesía contra a nada', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 xuño 2004, p. 53.

Anuncia que os poetas das Redes Escarlata intervirán, dentro do *Proxecto Reacción*, nun recital poético sobre a memoria que se celebrará nunha aldea abandonada no Val do Lóuzara, xa que trata de reivindicar o abandono progresivo das terras do interior de Galicia. Remata anunciando a publicación dun volume que recompila os diferentes recitais que se celebrarán en distintos lugares da nosa comunidade.

MARÉ, 'Conservar a memoria', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 xuño 2004, p. 49.

Faise eco da apertura do Centro de Estudos Carlos Casares que tivo lugar o pasado 9 de xuño en Ourense e que ten como obxectivo velar pola difusión do legado do escritor e xornalista. Remata referíndose ás actividades que ten previsto organizar nos vindeiros meses: cursos de literatura e cine e diversas xornadas.

MARÉ, 'Os tres grandes', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 xuño 2004, p. 50.

Coménzase por dar conta dos nomes da nova directiva da Asociación Galega de Editores (AGE) formada por Miguel Anxo Fernán-Vello de Espiral Maior, Víctor Freixanes de Galaxia e Manuel Bragado de Xerais e que, en opinión do primeiro, acolle as diferentes realidades editoriais. Isto ven a conto da intención da Asociación de presentar unha solicitude de entrevista con Fraga na que se debatirá a Lei do libro e de bibliotecas.

MARÉ, 'Tovar, o home da dor', *Galicia Hoxe*, 'Maré Hoxe', 17 xuño 2004, p. 48.

Anuncia a morte en Ourense do escritor Antón Tovar, un home clave na chamada Promoción de Enlace, uns días despois de presentar a reedición de *El tren y las cosas*, un dos seus máis coñecidos poemarios en castelán. De seguido, fai unha análise da visión poética deste escritor a través das palabras de Delfín Caseiro, coñecedor da súa obra, que o cualifica como un poeta cunha "ideoloxía de rebeldía que o facía sentirse insatisfeito con el mesmo e coa vida que lle tocou."

MARÉ, 'Por fin 'o Arxentino'', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 xuño 2004, p. 49.

Faise eco da posible elección de Lorenzo Varela como próximo homenaxeado no Día das Letras Galegas do ano 2005 ao ser o único candidato. Refírese ao reclamo que varios académicos e asociacións da Ulloa están a facer para que se lle dedique o 17 de maio a este escritor do exilio. Para rematar, recolle algúns datos biográficos de interese que axuda a coñecer un pouco mellor a este intelectual galeguista.

MARÉ, 'Euforia na Ulloa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 xuño 2004, p. 49.

Nesta ocasión, Maré centra o seu artigo nas reaccións producidas na comarca da Ulloa ante a posibilidade de que Lorenzo Varela sexa o homenaxeado no Día das Letras Galegas do vindeiro ano e que numerosas asociacións culturais da zona levan reclamando dende hai tempo. Recolle principalmente as opinións do alcalde de Monterroso, Antonio Gato, que considera como un recoñecemento "xusto, debido e merecido." Refírese tamén ás boas infraestructuras da comarca para acoller tal acontecemento cultural.

MARÉ, 'Por fin Lorenzo Varela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 xuño 2004, p. 61.

Faise eco da elección por parte da Real Academia Galega (RAG) de Lorenzo Varela como protagonista do Día das Letras Galegas 2005. Sinálase que o acordo non foi unánime pola insuficiencia da súa obra, aínda que se salientou o compromiso coa lingua e coa loita pola liberdade deste intelectual galeguista. Para rematar, refírese ao nomeamento de Marcos Valcárcel, como académico correspondente da RAG.

MARÉ, 'O fillo dos mitos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 xuño 2004, p. 49.

Refírese á publicación pola Consellería da Cultura do libro *Ovidio Murguía*, do xornalista Pedro Rielo. Éste recupera a singular biografía de Ovidio Murguía de Castro, pondo de manifesto a contradictoria relación cos seus proxenitores, o retrato da realidade galega do século XIX unido á contribución ao Rexurdimento da chamada Xeración Doente.

MARÉ, 'Recuperan o legado do xornal 'Galicia'', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 xuño 2004, p. 50.

Alude á presentación dun amplo estudo sobre o periódico Galicia titulado *O xornal Galicia (1922-1926). O alento da modernidade*, publicado polo Consello de Cultura Galega. Fai unha achega ao seu contido: unha primeira parte presenta a contextualización da Galicia dos anos vinte; unha segunda ofrece a descrición e análise crítico do xornal. Remata referíndose á intención do Consello de Cultura Galega de traballar na recuperación da memoria xornalística dos primeiros anos do século XX.

MARÉ, 'Celanova acolle un ciclo de cine e literatura', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 xuño 2004, p. 52.

Anuncia a celebración en Celanova do curso de verán sobre "Literatura e cine. Casares e o Cine", organizado pola Fundación de Carlos Casares en colaboración co Concello e a Cátedra *Carlos Casares* da Universidade de Vigo. Menciona a duración do curso, do 13 ao 15 de xullo, así como algúns dos participantes no mesmo, entre os que salientan Alfredo Conde, Manuel Rivas, Margarida Ledo e José Luís Cuerda.

MARÉ, 'Ergueitos realiza hoxe a súa viaxe literaria a Lóuzara', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 xuño 2004, p. 49.

Faise eco da viaxe literaria a Lóuzara, organizada pola agrupación Cultural *Ergueitos*. Sinala diversos pasos deste camiño cultural, entre outros, destaca a celebración dun recital poético a mans de poetas e calquera persoa que o desexe. Contará tamén cunha nutrida representación dos organizadores do Festival de Poesía de Salvaterra do Miño.

MARÉ, 'Un 'sorriso' galego no Forum', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 xuño 2004, p. 42.

Trata sobre a exposición "O sorriso de Daniel", organizada polo Consello de Cultura Galega, que presenta a realidade cultural galega no Forum Universal das Culturas (Barcelona 2004). Reúne un cento de imaxes estruturadas en bloques temáticos: ¿quén somos?, ¿onde estamos?, ¿cómo somos?, ¿qué facemos?, que teñen como punto de partida a figura do profeta Daniel do Pórtico da Gloria e como punto de chegada a de Daniel Rodríguez Castelao. Preténdese con esta mostra fomentar o diálogo intercultural.

MARÉ, 'Firmas colexiadas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 xuño 2004, p. 58.

Dá conta da exposición "Compostela e o Colexio de San Clemente de Pasantes", programada dentro do Xacobeo 2004, que conmemora o catrocentos aniversario do Colexio San Clemente en Compostela (hoxe o actual Instituto Rosalía de Castro). A mostra abrangue diferentes manifestacións artísticas- pintura, escultura, videoexposición ou fotocolaxe- e está dividida en catro apartados introducidos por cadanseu poema de Aquilino Iglesias Alvariño, Ricardo Carballo Calero, Xesús Rábade Paredes e María do Cebreiro.

MARÉ, 'Radiografía dunha crise', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 xullo 2004, p. 49.

Recóllense algunhas das reflexións de Miguel Anxo Ferrán-Vello tras o encontro que tivo lugar entre a executiva da Asociación Galega de Editores e Manuel Fraga, onde se lle presentou ao presidente da Xunta unha alarmante "radiografía do sector". Segundo Fernán-Vello, ante a precaria situación das bibliotecas e a perda do cincuenta por cento dos seus beneficios por mor da gratuidade dos libros de texto, solicítase un plan de choque urxente para acadar un modelo de consenso que normalice a lectura pública e a cadea que crea cultura a partir do libro.

MARÉ, 'Boiro rende outra homenaxe a Borobó', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 xullo 2004, p. 49.

Anuncia a celebración da homenaxe que o Concello de Boiro lle quere render a Raimundo García, coñecido como Borobó, o día 10 de xullo. Menciona as propostas máis significativas, destacando a instalación dunha placa na casa da Fiada, un busto na Casa da Cultura, unha mesa redonda, unha conferencia, máis un necesario apuntamento biográfico.

MARÉ, 'Posta en común', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 xullo 2004, p. 51.

Faise eco da próxima celebración de encontro "Galicia e Iberoamérica: un mundo literario", que terá lugar entre o 12 e o 15 de xullo no A. C. Palacio do Carme de Compostela. De seguido, recolle o programa deste encontro que inclúe conferencias, recitais, presentación de libros e homenaxe a grandes figuras da intelectualidade galega como Manuel Antonio, Blanco Amor, Francisco Luís Bernárdez, Cunqueiro e Rosalía de Castro. Contará coa destacada presenza da escritora arxentina María Esther Vázquez e da brasileira Nélida Piñón, xunto co escritor uruguaio Ponce de León.

MARÉ, 'Recuperar a Casares', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 xullo 2004, p. 51.

Refírese á próxima publicación pola editorial Galaxia de diversos ensaios, traballos científicos, primeiros artigos xornalísticos e novelas que formarán parte da Biblioteca Carlos Casares coa intención de promover o traballo deste escritor ourensán. Salienta a edición para finais de ano dunha recompilación xornalística, *Á marxe*, máis a publicación de títulos como *Deus sentado nun sillón azul*, *Os escuros soños de Clío*, *Un país de palabras*, *Vento ferido* ou *A ledecia de ler*.

MARÉ, 'Páxinas de Rosalía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 xullo 2004, p. 51.

Recolle os diferentes actos que conmemoran, dende o 15 ata o 25 de xullo, o cento dezanove aniversario do pasamento desta poetisa galega. Comezarán co acto de inauguración na Casa-Museo da Matanza, onde terá lugar a presentación da recuperación do primeiro premio 'Rosalía de Castro' para experiencias pedagóxicas, así como a presentación da tradución de *Follas novas*, de Helena Villar e Xesús Rábade, e do libro de Xesús Montero *Páxinas sobre Rosalía de Castro 1957-2004*. Unha misa na igrexa de Santo Domingo de Bonaval e unha ofrenda floral no Panteón de Galegos Ilustres pecharán os eventos en memoria da escritora padronesa.

MARÉ, 'Escritores no camiño', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 xullo 2004, p. 43.

Faise eco do comezo en Compostela dun novo ciclo literario, organizado polo Pen Club, coa finalidade de "achegar a realidade da literatura galega actual ao mundo hispanoamericano e brasileiro". Ademais de enumerar aqueles escritores aos que se lles renderá homenaxe durante o transcurso do ciclo- Manuel Antonio, Blanco Amor, o poeta galego-arxentino Francisco Luís Bernárdez, Álvaro Cunqueiro ou Rosalía de Castro, entre outros- menciona a escritores brasileiros como Nélida Piñón, María Esther Vázquez ou Iván Junqueira, xunto co escritor arxentino Vázquez Rial, que participarán en coloquios con outros escritores das letras galegas actuais.

MARÉ, 'España no corazón', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 xullo 2004, p. 47.

Homenaxe polo centenario do escritor chileno Pablo Neruda. Despois de facer un breve percorrido pola súa biografía, artística e persoal, marcada pola axitada vida política do momento, comenta a estreita relación de Neruda con España, ben pola súa carreira diplomática ou ben polo fondo contacto que tivo con boa parte do exilio español na Arxentina ou en Chile. Remata o autor facendo referencia aos amores do escritor, inspiración dalgúns dos seus máis belos poemas. Na páxina anterior, nunha pequena ventana, aparece recollido o "Poema 15" de Pablo Neruda en lingua galega.

MARÉ, 'Borges na terra mítica', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 xullo 2004, p. 39.

Amplo comentario sobre a intervención de María Esther Vázquez, amiga, biógrafa e axudante de Borges durante 30 anos, nos encontros "Galicia e Iberoamérica: un mundo literario". Anxo Tarrío, na súa presentación, salientou a fidelidade desta muller por Galicia e definiuna como "unha eficaz contista". Pola súa parte, a escritora lembrou anécdotas da súa viaxe con Borges a Galicia, viaxe na que quedou 'namorado' das ideas, opinións e cualidades de Ramón Piñeiro.

MARÉ, 'Casares, nexo para un ciclo sobre literatura e cine', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 xullo 2004, p. 44.

Anuncia a celebración do curso de verán sobre a análise da relación entre literatura e cine a través da figura de Carlos Casares. O curso, que terá lugar en Celanova (Ourense), inclúese dentro da colaboración da Fundación Carlos Casares, a Fundación Curros Enríquez, o Concello de Celanova e a Universidade de Vigo. Recolle algúns dos nomes da literatura galega actual que participarán coas súas achegas. Ademais de conferencias e mesas redondas, salienta a proxección de filmes galegos dos últimos tempos.

MARÉ, 'Polo Camiño Atlántico', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 xullo 2004, p. 48.

Dá conta dos encontros "Galicia e Iberoamérica" que tiveron onte como convidados á escritora brasileira Nélida Piñón e ao uruguaio, Ponce de León. Falaron da presenza da mitoloxía galega do outro lado do Atlántico como algo ineludíbel e imperecedoiro. Segundo eles mesmos, moitas das súas obras son "froitos da incorporación de Galicia á propia biografía."

MARÉ, 'Cuerda prepara dous novos filmes sobre autores galegos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 xullo 2004, p. 49.

Refírese á celebración do curso de verán sobre *Cine e literatura: Casares e o cine*, organizado en Celanova pola Fundación Carlos Casares. Faise eco das intencións do cineasta José Luís Cuerda de preparar dous guións cinematográficos baseados en obras de escritores galegos, un deles Manuel Rivas. Recolle tamén as palabras de Antón Reixa e o mesmo Rivas sobre o seu traballo xuntos na rodaxe de "O lapis do carpinteiro", salientando a riqueza xeográfica e cultural de Galicia para ser "un punto de encontro" universal entre a literatura e o cine. Remátase por dar conta da programación do curso para o vindeiro día.

MARÉ, 'Blanco Amor move ó PEN contra a homofobia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 xullo 2004, p. 50.

Fala da homenaxe a Blanco Amor co que o PEN club abriu a xornada do encontro "Galicia e Iberoamérica: un mundo de literatura". Nela, o profesor Marcos Valcárcel lembrou a este

escritor coma un dos primeiros galegos en condenar a homofobia e defender a liberdade sexual, non só a través da súa obra, senón tamén nas súas intervencións públicas. Por outra parte, falou tamén do Blanco Amor da emigración, pondo énfase nos seu vencellos con América latina, na que pasou boa parte da súa vida.

MARÉ, 'Xesús Ferrero nos talleres da Fundación Seoane', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 xullo 2004, p. 52.

Dá conta do taller que, co título de 'O oficio de escribir' e organizado pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo e a Fundación Seoane, desenvolverá o escritor español Xesús Ferrero. Salienta ademais a obra deste autor, cualificándoo como "un dos escritores máis relevantes da nova literatura española que xorde a finais da década dos anos setenta."

MARÉ, 'Cando Euxenio Granell lle concede á muller a palabra', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 xullo 2004, p. 50.

Saliéntase a inauguración na Fundación Granell, da exposición titulada "A imaxe da muller na obra de Granell" que pretende mostrar o papel da muller na obra literaria do pintor. Recóllense as palabras da comisaria da mostra, Lucía García de Carpi, quen salienta a defensa que fixo o pintor superrealista pola igualdade de sexos nun ambiente bastante misóxino.

MARÉ, 'Cara ás raíces', *Galicia en el mundo*, 'MARÉ', 25 xullo 2004, p. 69.

Destácase a nova colección de libros coa que a editorial Sotelo Blanco e o Servizo Galego de Igualdade, pretenden rescatar textos de mulleres doutros tempos. O primeiro volume desta colección é *A cidade das mulleres*, publicado no 1399 por Cristina de Pizán.

MARÉ, 'A Feira do Libro da Coruña coas novidades galegas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 xullo 2004, p. 50.

Informa de cáles son os escritores que presentarán os seus libros entre o 1 e o 10 de agosto na Feira do Libro da Coruña, así como tamén, das editoriais que publican tales obras e as actividades que se levarán a cabo: *Cuarteto con piano* de Xosé Manuel Villanueva, a editorial Xerais contará con Jaureguizar coa obra *Casa Skylab*, Suso de Toro presentará a novela *Ten que doer* e Ramiro Fonte, *Os meus ollos*. Fernán Vello asinará o seu poemario *Territorio da desaparición* da editorial Galaxia e Fernando Patricio, *Historia da Costa Galega e os seus naufraxios*. Manuel Rivas aparecerá con *Un espía no reino de Galicia*, Carlos G. Reigosa con *O regreso dos maquis*, Xesús Fraga con *Solimán*, Bieito Iglesias presentará *Amor e música lixeira* e finalmente, Marina Mayoral asinará exemplares de *Ao pé do magnolio*. Xunto ás presentacións tamén se anuncia a realización do obradoiro "Árbore para nenos" organizado pola editorial Galaxia e unha mesa redonda titulada "Ideas arredor de Galicia" con Victor Freixanes, Ramón Villares e Barreiro Rivas.

MARÉ, 'Comeza na Coruña a feira do libro máis grande de Galicia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 xullo 2004, p. 51.

Anúnciase o comezo da XXXIII Feira do libro da Coruña, que se celebraría nos Xardíns de Méndez Núñez. Entre os acontecementos vinculados a este evento destácase a participación de 51 casetas, a presentación de 16 obras e a presenza de autores coñecidos como Manuel Rivas, que presentaría o seu libro de crónica *Unha espía no reino de Galicia*, Suso de Toro, Carlos Reigosa, Marina Mayoral, Fernán-Vello ou Xosé Neira Vilas, entre outros.

MARÉ, 'O cabaleiro das letras', *Galicia en el mundo*, 'MARÉ', 4 agosto 2004, p. 51.

Coméntase a evolución que tivo o ciclo artúrico desde o seu nacemento ata chegar á gran pantalla e dáse conta do proceso evolutivo na literatura galega onde se ten noticia xa nos *lais* de Bretaña, composicións poéticas escritas en galego-portugués, así mesmo, as primeiras obras en prosa da literatura galega, segundo se indica, eran relatos da materia de Bretaña e, durante toda a Idade Media seguiuse cultivando este tema. Xa no século XX vólvese dar un trunfo do ciclo artúrico e saliéntanse catro autores que escribiron sobre el: Ramón Cabanillas con *Na noite estrelecida*, Álvaro Cunqueiro con *Merlín e familia*, Xosé Luís Méndez Ferrín publicou varias obras: *Percival e outras historias*, *Amor de Artur* e *Bretaña, Esmeraldina*. Por último, Darío Xohán Cabana coa obra *Galván en Saor* é outro dos autores mencionado.

MARÉ, 'A gran tarta do teatro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 agosto 2004, p. 48.

Dáse conta das contías que ofrecerá o Igaem para a produción e difusión de espectáculos no 2004. As axudas serán para vinteúnha compañías teatrais galegas de carácter profesional (doce de teatro de autor e nove de marionetas). Así mesmo, indícase que o Igaem reserva un importe de trinta mil euros para subvencionar a posta en escena das obras que gañen o XII Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais e o I Premio Internacional Barriga Verde de textos para teatro de marionetas. Finalmente, apúntase o nome das compañías subvencionadas.

MARÉ, 'O Igaem destina 75.000 euros ás salas alternativas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 agosto 2004, p. 64.

Faise mención da cantidade que recibirán as tres salas alternativas compostelás de titularidade privada en cuestión de axudas. A contía dise que subiu un 5% con respecto ao 2003. Como criterios para axusta-las contías se enumeran a traxectoria de cada un dos locais, a empresa que os xestiona, as características do local ou a programación da temporada do ano 2004. En canto ó uso dos cartos especifícase que o 20% poderá ser destinado para gastos varios, mentres o monto restante deberá ir destinado a actividades de exhibición. Entre estas actividades destácase o convenio que deberán subscribir estas salas

co propio Igaem de cara a garantir unha programación mínima de 65 días de teatro galego, así como a prestación dun servizo á cidadanía e a realización de actividades complementares.

MARÉ, 'O ritmo das pedras', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 agosto 2004, p. 44.

Infórmase da celebración durante o mes de agosto, do ciclo "Feitoamán", organizado pola Asociación Cultural Cidade Vella e patrocinado polo Concello de Santiago de Compostela. Entre todas as actividades, saliéntase o recital que Carlos Santiago levará a cabo e que consiste nunha hora de palabra ininterrompida.

MARÉ, 'A conmoción do exilio', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 agosto 2004, p. 41.

Co motivo da celebración do sesenta aniversario da liberación das tropas aliadas en París fronte a Hitler, saliéntase o escrito de Lorenzo Varela titulado *Ofrenda a los franceses* que en 1944 foi publicado na revista *Correo Literario* de Bos Aires. Segundo se comenta, esta *Ofrenda* conta con vintesete versos e xunto a ela aparecen tamén un texto de José Luis Romero, poemas de Juan Gilt Albert e de Arturo Serrano Plaja e unha ilustración de Luís Seoane. Así mesmo, tamén se indica que Alonso Montero realizou unha reedición en Ediciós do Castro con versións en catorce linguas a partir do orixinal en castelán. A versión galega foi redactada por Miro Villar.

MARÉ, 'Cita con Celso Emilio', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 agosto 2004, p. 49.

Informa dos actos cos que o vindeiro martes de vai conmemorar, en Vigo, o vinte e cinco cabodano do pasamento de Celso Emilio Ferreiro. A xornada iniciarase coa colocación dunha coroa de loureiro ante o seu busto nos xardíns que levan o seu nome; de seguido, descubrirase un baixorrelevo na casa onde finou, o número 28 da rúa Urzáiz; finalmente, celebrarase un festival-homenaxe no Teatro García Barbón, no que participarán Alfonso Paz Andrade, Víctor Freixanes, Isaac Díaz Pardo, Manuel Bragado, Sergio Pazos e Miro Casavella, entre moitos outros. Este festival, no que se inclúe un recital poético e distintas actuacións musicais nas que se interpretarán os poemas de Celso Emilio, pecharase coa estrea dun documental sobre a vida e a obra do poeta.

MARÉ, 'Celso Emilio eternizado', *Galicia Hoxe*, 'Maré Hoxe', 31 agosto 2004, p. 40.

Dáse conta dos diversos actos que o Concello de Vigo puxo en marcha para renderlle unha homenaxe a Celso Emilio Ferreiro. Realizouse un recital dos seus poemas, varios concursos de redacción sobre a súa obra e uns murais titulados "Celso Emilio. 25 anos na memoria" no que se incluíron poemas tirados do libro *Onde o mundo se chama Celanova*. Finalmente, resúmese a súa traxectoria vital e literaria.

MARÉ, 'Letras nas tardes chuviosas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 setembro 2004, p. 50.

Dáse conta dos últimos títulos de diferentes escritoras galegas para a súa lectura no mes de setembro. Preséntase a Carmen Blanco con *Vermella con lobos*, Marina Mayoral publica *Ao pé do magnolio*, a editorial Espiral Maior presenta dous libros: *A cousa vermella* de Olga Novo e *En concreto* de Luísa Villalta. Por último, saliéntase a Pilar Buela con *Ácaros verdes*.

MARÉ, 'Letras nas tardes chuviosas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 setembro 2004, p. 50.

Repaso ás últimas entregas por parte dalgunhas autoras galegas de cara á tempada de outono nas que se recomenda a súa lectura. Comeza referíndose a *Vermella con lobos*, de Carme Blanco, do que destaca a recreación de contos de fadas clásicos nos que se combate a misoxinia das versións orixinais. Séguese con *Ao pé do magnolio*, de Marina Mayoral, no que se retoma a historia de *Unha árbore, un adeus* e nas que a autora pon de manifesto as complicacións das lembranzas e ilusións ao escoller unha senda renunciando a outra. Tamén se sinalan as entregas de Espiral Maior, *A cousa vermella*, de Olga Novo e *En concreto*, de Luísa Villalta, do que se destacan as palabras do editor na presentación da Feira da Coruña, nas que cualificaba este poemario póstumo como de "carácter expresionista, entre a emotividade e a reflexión". Remátase aludindo a *Non o abras como unha flor*, un compendio da creación poética de María Xosé Queizán e *Ácaros verdes*, de Pilar Buela. En columna á parte tamén se alude á publicación da colección "As letras das mulleres" de Sotelo Blanco Edicións e o Servizo Galego de Igualdade, na que ven a luz obras clásicas do pensamento feminino.

MARÉ, 'En enerxía colectiva', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 setembro 2004, p. 49.

Dáse conta da homenaxe ofrecida a Manuel María no Panteón de Galegos Ilustres en Bonaval, onde varios escritores, organizados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, recitaron versos do poeta falecido, tirados das súas obras. Así mesmo, apúntanse os nomes das persoas importantes que acudiron ao acto.

MARÉ, 'Muiñeiro de brétemas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 setembro 2004, p. 48.

Realízase unha descrición do funeral que se levou a cabo en Outeiro de Rei onde foi soterrado o poeta Manuel María, así como tamén se dá conta das persoas que asistiron a dita despedida.

MARÉ, 'Presente e futuro do Estado', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 setembro 2004, p. 44.

Dáse conta da organización dos II Encontros de Mondariz Balneario pola Fundación Carlos Casares, baixo o título "O Goberno do Mundo. Presente e perspectivas do Estado Nacional".

MARÉ, 'Un deber coa terra', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 setembro 2004, p. 59.

Dáse conta da homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle rendeu a Avelino Pousa Antelo no Museo do Pobo Galego pola súa traxectoria e defensa do galeguismo. No acto entregáronlle unha placa conmemorativa e celebraron unha mesa redonda sobre o homenaxeado.

MARÉ, 'A fonte das ideas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 setembro 2004, p. 45.

Coa celebración do sesenta aniversario da publicación da obra de Castelao *Sempre en Galiza*, saliéntase a importancia da mesma como referencia básica do pensamento político do nacionalismo galego e indícase que a Editorial Galaxia vai publicar unha edición conmemorativa incluída no proxecto "Biblioteca Castelao". Así mesmo, tamén se dá conta do acto realizado en Vigo onde se fixo unha lectura ininterrompida de doce horas.

MARÉ, 'Pequeno oco de papel', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 setembro 2004, p. 48.

Dáse conta do balance sobre a produción editorial no ano 2004 no que a lingua galega chega apenas a un dous con cinco por cento da produción editorial nas linguas do Estado. En columna á parte, infórmase da inauguración da vixésimo segunda edición da Feira Internacional do Libro no que Galiza estará representada por trinta editoriais que expoñen as súas novidades.

MARÉ, 'O outro lado da música', *Galicia Hoxe*, 3 outubro 2004, p. 61.

Faise mención dos distintos actos cos que a Asociación de Escritores en Lingua Galega homenaxeou á poeta Luísa Villalta. De entre eles destácanse a representación dunha obra escrita a partir de textos da autora, *Música desvelada*, a lectura dun texto homenaxe de distintos amigos, a representación dunha peza clásica e un recital dispensado por distintos poetas do xénero. Estes actos tiveron lugar no Teatro Rosalía da cidade herculina.

MARÉ, 'Nas terras alleadas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 outubro 2004, p. 51.

Tras o recente falecemento do poeta Manuel María, o Bloque Nacionalista Galego e a Asociación Socio-pedagóxica galega critican á corporación do Partido Socialista Galego do Concello da Coruña por non querer nomear ao poeta fillo adoptivo da cidade, así como o feito de non ceder o teatro Rosalía de Castro para renderlle unha homenaxe.

MARÉ, 'Cosmoloxía da cidade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 outubro 2004, p. 49.

Dáse conta da celebración do Congreso Galeusca 2004 organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e que se trata dun encontro entre as linguas nacionais: galega, catalá e vasca. O congreso céntrase na cidade como realidade social ou espazo cívico.

MARÉ, 'Dilemas identitarios', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 outubro 2004, p. 65.

Anúnciase a celebración do congreso "Literatura e procesos identitarios en Europa" no que se salienta a importancia da literatura na formación da realidade dos pobos.

MARÉ, 'Curros, o poeta coroado', *Galicia Hoxe*, 'Maré hoxe', 22 outubro 2004, p. 63.

Relátase a chegada de Curros Enríquez a Galiza no ano 1904 para recibir unha homenaxe por segunda vez ante tres mil persoas. Indícase que o impulsor do acto foi Manuel Murguía e dáse conta de cómo aconteceu o evento.

MARÉ, 'Un poeta galego para a Cultura de Venezuela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 outubro 2004, p. 49.

Dáse conta da visita do poeta galego Francisco Sesto Novas tras o seu nomeamento como titular do Ministerio de Cultura de Venezuela. Faise un rápido repaso sobre a súa vida poética e política para, finalmente, lembrar o pasado do seu pai, Xosé Sesto, como cofundador do Partido Galeguista, no 1931, e prologuista da obra *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, de Xenaro Álvarez Gallego.

MARÉ, 'Galeusca analiza mañá o eixo entre cidade e literatura', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 outubro 2004, p. 48.

Fai referencia ao Congreso Galeusca que reunirá en Ourense e Allariz a escritores de Galicia, Euskadi e Cataluña, que traballarán sobre a relación entre cidade e literatura. Sinala que a conferencia inaugural correrá a cargo de Marcos Valcárcel, que vai falar da cidade de Ourense como universo literario; o congreso acollerá, asemade, relatorios sobre a presenza das cidades galegas, vascas e catalás na literatura, unha homenaxe ao poeta ourensán Antón Tovar e unha exposición fotográfica, situada no museo municipal de Allariz, na que se fai un percorrido histórico por esta vila.

MARÉ, 'O Galeusca, 'célula da universalidade' en Ourense', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 outubro 2004, p. 48.

Dá conta do comezo e duración do Congreso Galeusca que terá lugar en Ourense, no que participarán sesenta escritores galegos vascos, cataláns e galegos e que terá como finalidade analizar a relación existente entre cidade e literatura. Fai referencia aos actos previstos, entre os que destaca, as mesas de debate, un recital poético, un concerto de jazz e unha

homenaxe ao poeta Antón Tovar. Anuncia, finalmente, que o congreso que anualmente celebra Galeusca terá lugar, o vindeiro ano, en Cataluña.

MARÉ, 'A voz do exilio na Academia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 outubro 2004, p. 48.

Dá conta do acto que celebra a Real Academia Galega, co gallo da entrada nesta institución do filólogo Xosé Luís Axeitos (Rianxo, 1945) no rianxeiro Pazo dos Viturro. Fai mención a que o discurso de ingreso, que leva como título 'A academia no discurso exílico de Luís Seoane', está dedicado ademais de ao egrexio galeguista, a todas aquelas persoas que fixeron o esforzo de marchar ao exilio para continuar coa súa carreira literaria. Fai logo unha breve semblanza sobre a vida e obra deste investigador coruñés.

MARÉ, 'A cidade soñada' pecha hoxe o Congreso do Galeusca', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 novembro 2004, p. 45.

Informa da clausura do congreso Galeusca que tivo como tema central a relación entre cidade e literatura. Os últimos actos que se levaron a cabo foron unha mesa redonda titulada "As cidades do mundo" e a representación-recital da antoloxía trilingüe *Con quince representantes por cada país*, onde se recolle a produción de escritores galegos, vascos e cataláns desde 1990 ata 2003.

MARÉ, 'O reclamo das letras', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 novembro 2004, p. 49.

Faise noticia da celebración do Congreso Galeusca que, co tema de Cidade e Literatura, fixo un repaso por distintos temas relacionados coa cultura galega. No relacionado coa literatura faise mención á proposta dunha mellor e maior promoción cultural nos contornos urbanos mediante a incorporación dos escritores vivos, e as súas obras, ó entorno.

MARÉ, 'Galicia mira a Irlanda', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 novembro 2004, p. 51.

Dá conta da exposición 'Joyce e España', organizada con motivo do centenario do Bloomsday e que estes días se pode visitar na Fundación Torrente Ballester de Compostela. Destaca que o *Ulises*, de James Joyce, fose traducido antes ao galego que ao castelán e indica que esta tradución, publicada en 1926 na revista Nós, pertence a Ramón Otero Pedrayo; subliña a admiración que James Joyce despertou en Vicente Risco e Otero Pedrayo, tanto no aspecto literario como no político, e fai referencia á presenza deste autor irlandés na literatura española.

MARÉ, 'Ciclo sobre xornalismo literario en Ourense', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 novembro 2004, p. 51.

Dáse conta da celebración no Liceo de Ourense das xornadas "Carlos Casares e o xornalismo literario" que terán lugar entre os días 16 e 19 de novembro, coa organización da Fundación Casares e coordinadas por Marcos Valcárcel.

MARÉ, 'Un home bo e xeneroso', *Galicia Hoxe*, 18 novembro 2004, p. 50.

Resáltase a figura de Avelino Pousa Antelo, integrante do Partido Galeguista e presidente da Fundación Castelao, que pola súa traxectoria ensaística será homenaxeado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega coa homenaxe "Os bos e xenerosos". Así mesmo, dáse conta das persoas que participarán no acto e cómo se desenvolverá este.

MARÉ, 'De linguas e augas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 novembro 2004, p. 48.

Informa da celebración en Tolosa do primeiro Encontro de Poesía e Poéticas Galega, Occitana e Catalá, durante os días 3 ao 5 de decembro. O obxectivo do evento, segundo se indica, é o de amosar as afinidades poéticas e musicais entre as tres linguas. Entre os escritores galegos participan Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Chus Pato, Helena Villar, etc.

MARÉ, 'Voces da cidade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 novembro 2004, p. 51.

Dáse conta da homenaxe ofrecida a Celso Emilio Ferreiro polo vintecinco aniversario da súa morte. Os actos terán lugar no centro cultural Caixanova de Vigo onde se fará un recital dos seus poemas, a proxección de varios documentais e unha interpretación musical de certos poemas. Apúntase que as actividades se realizarán baixo o título "Voces da cidade para Celso Emilio". Así mesmo, indícanse outros actos para completar a homenaxe.

MARÉ, 'A voz trasterrada', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 novembro 2004, p. 49.

Sinala que mañá se cumpre o aniversario da morte do poeta Lorenzo Varela, ao que se lle dedicará o Día das Letras Galegas 2005; achega, asemade, unha pequena biografía deste autor que sufriu o esquecemento dos exiliados pola Guerra civil.

MARÉ, 'As bolboretas queren voar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 novembro 2004, p. 48.

Dá conta da exposición fotográfica organizada pola Consellería da Muller de Compostela baixo o título 'A vida', na que se inclúen imaxes de Javier Iglesias e versos de Lupe Gómez. Transcribe algúns dos versos da poetisa, recolle as palabras que os cargos institucionais pronunciaron no acto de presentación e explica que a exposición pretende ser unha chamada contra a violencia sexista.

MARÉ, 'Lopo leva á Universidade de barcelona 'Proxecto BCN'', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 26 novembro 2004, p. 48.

Infórmase da presentación do último traballo de Antón Lopo que presentará na Universidade de Barcelona baixo o título de *Proxecto bcn*. Trátase dun poemario oral de composicións que, segundo se indica, foron feitas para reproducirse unicamente mediante a fala. Na parte final da nova, dáse conta doutras obras publicadas por Lopo e das súas colaboración no xornal *Galicia Hoxe*.

MARÉ, 'Blanco Amor, profeta en Ourense', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 27 novembro 2004, p. 48.

Anuncia o acordo da Deputación Provincial de Ourense de nomear a Eduardo Blanco Amor como fillo predilecto da provincia e a súa asistencia aos actos conmemorativos do vinte e cinco cabodano do autor d'*A Esmorga*, que se van celebrar o 1 de decembro na cidade de Ourense. Sinala que estes actos, organizados polo Pen Clube Galego, inclúen unha ofrenda floral, un recital poético, unha conferencia na que Marcos Valcárcel falará das afinidades literarias de Blanco Amor e a proxección dun audiovisual con fotos do autor. Acolle, finalmente, unha pequena biografía do autor homenaxeado.

MARÉ, 'Na voz de Bóveda', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 27 novembro 2004, p. 51.

Dá conta de que, co gallo da recuperación das primeiras gravacións comerciais galegas, ven a luz as pezas que gravou a Coral Polifónica de Pontevedra, da que era cantor Alexandre Bóveda. Xa que logo, o único rexistro fonográfico dun dos ideólogos do primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia se recolle nun libro-disco no que se reúnen vinte e cinco temas populares e relixiosos. Relata, por outra banda, os problemas xurdidos a raíz de ser unha Coral composta maioritariamente por mulleres.

MARÉ, 'Na galería dos activos', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 28 novembro 2004, p. 63.

Dáse conta da homenaxe que lle renderon a Avelino Pousa Antelo co nomeamento de presidente de honra da Fundación Pedrón de Ouro. No acto o escritor David Otero dedicoulle unhas palabras, realizaron unha ofrenda floral na tumba da súa muller e descubriron unha placa conmemorativa na súa casa natal.

MARÉ, 'Autor de culto ás letras', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 29 novembro 2004, p. 44.

Dá conta do inicio, no día de hoxe, dun congreso nacional que leva por título 'A Galicia de Valle-Inclán' e que se celebrará na Pobra do Caramiñal, onde se estudarán as relacións do escritor con Galicia. Sinala que a conferencia inaugural, titulada 'Valle-Inclán visto por Castelao e Luís Seoane, será ofrecida polo profesor Xesús Alonso Montero; informa dos

asistentes previstos ao acto e dos relatorios organizados para a tarde de hoxe. A noticia complétase cunha breve biografía do autor estudado.

MARÉ, 'Un país entre as veas', *Galicia Hoxe*, 30 novembro 2004, p. 56.

Dáse conta da celebración do vintecinco cabodano da morte de Blanco Amor ofrecida polo Pen Club de Galiza cunha xornada de homenaxe na que se lerán textos do autor e realizarase unha ofrenda floral. No acto participan Luis González Tosar, Alonso Montero, Carlos Laíño e Helena Villar Janeiro. Tamén realizará outra homenaxe a Fundación Caixa Galicia cun recital poético e a proxección dun audiovisual con fotos de Blanco Amor.

MARÉ, 'Un mestre das letras universais', *Galicia Hoxe*, 30 novembro 2004, p. 58.

Fai referencia ao acto inaugural do Congreso Nacional 'A Galicia de Valle-Inclán', que se está a celebrar na Pobra do Caramiñal; transcribe parte das ideas que o conselleiro de cultura transmitiu na inauguración, entre as que destaca o seu desexo de que o congreso sirva para avanzar 'na galeguidade dunha figura verdadeiramente universal'. Explica que no congreso, que durará cinco días, van intervir quince relatores e un cento de asistentes. En texto á parte, baixo o epígrafe 'A cerna', sinala que entre os relatores figuran Alfonso Zulueta, Francisco Singul, Euloxio Ruibal, Joaquín del Valle-Inclán, Margarida Santos, Rosario Mascato, Mario Gas, Manuel Guede ou Xesús Alonso Montero.

MARÉ, 'Libros para o Bierzo', *Galicia Hoxe*, 1 decembro 2004, p. 48.

Dá conta das distintas campañas organizadas pola Mesa pola Normalización Lingüística para a defensa e promoción da nosa lingua; entre estas iniciativas, destaca a doazón de libros que A Mesa e a Fundación Vía Galego realizaron á asociación cultural Fala Ceibe, que dende hai anos recolle libros na nosa lingua para posteriormente entregar ás bibliotecas públicas e centros de ensino desta zona leonesa nos que se imparte a lingua galega.

MARÉ, 'Príncipe das palabras', *Galicia Hoxe*, 2 decembro 2004, p. 51.

Dáse conta do acto organizado, a instancias da Deputación Provincial de Ourense, para declarar a Eduardo Blanco Amor fillo predilecto da provincia. Destácanse as palabras do presidente do PEN Clube, Luís González Tosar, que cualificou ao escritor ourensán de "príncipe da palabra", así como as verbas do representante da Real Academia Galega no acto, o catedrático Xesús Alonso Montero, que salientou a relación do autor coa Academia como chea de "amargura e humor". O evento tivo lugar durante a ofrenda floral, diante da tomba de Blanco Amor, no cimiterio de San Francisco.

MARÉ, 'Variedade literaria', *Galicia Hoxe*, 'Letras', 6 decembro 2004, p. 45.

Dáse conta, de forma sucinta, dos novos lanzamentos editoriais de Xerais de Galicia de cara ao Nadal. Infórmase sobre a publicación de tres títulos de narrativa, *Era por setembro* de Xabier Quiroga, *Os ollos na ponte* de Ramiro Fonte e *Os últimos fuxidos* de Xosé Fernández Ferreiro. No xénero da poesía destácanse os obras *Charenton* de Chus Pato e *Contra Róchester* de Miriam Sánchez Moreira. Finalmente, en ensaio, preséntase como novidade o manual de Antón Costa Rico *Historia da Educación e da Cultura e Galicia (séculos IV-XX)*.

MARÉ, 'Catro viaxes de nadal', *Galicia Hoxe*, 'Letras', 10 decembro 2004, p. 39.

Dáse conta das publicacións que prepara a Editorial Galaxia para a campaña de Nadal e todas, segundo indica Carlos Lema, responsábel de edicións da editorial, coinciden no seu tema sobre a literatura como viaxe. Os catro títulos son: *Unha viaxe no Ford T* de Xerardo Agrafoxo, *Capitol, última sesión* de Miguel Anxo Fernán-Vello, *Diario de comidas* de Xavier Rodríguez Baixeras e *As frechas de ouro* de John Rutherford.

MARÉ, 'A liña sostida e curva', *Galicia Hoxe*, 11 decembro 2004, p. 37.

Con motivo da homenaxe do vintecinco cabodano de Luís Seoane, infórmase da exposición que se realiza na Fundación Luís Seoane da Coruña onde se expón o libro titulado *Homenaxe á Torre de Hércules* e no que se recollen corenta e nove debuxos nos que o autor recrea a personaxes femininos na beiramar cuns trazos semellantes aos de Picasso. O libro presenta unha introdución asinada por Rafael Dieste e finalmente, recóllese a importancia do libro no momento da publicación.

MARÉ, 'Historia e futuro da edición en Galiza', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 decembro 2004, p. 51.

Dá conta do simposio *O libro e a lectura,* que, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, busca facer unha prospección polo mercado editorial e a lectura en Galicia no século XXI. Os conferenciantes de cada unha das distintas actividades serían, entre outros, Ánxel Casal, Xosé Neira Vilas, Juan Mollá, Xosé Luís Axeitos, Antón Costa, ou a experta en literatura infantil, Blanca-Ana Roig Rechou.

MARÉ, 'Tamén na outra beira', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 20 decembro 2004, p. 30.

Sinala que a comunidade galega en Bos Aires se sumou ás homenaxes polo vinte e cinco cabodano do pasamento de Eduardo Blanco Amor cun acto organizado pola Consellaría de Emigración, no que se rememorou o pasado e o presente sociocultural do escritor; indica que no acto interviñeron Antonio Montero, Víctor Freixanes, Alfonso Vázquez Monxardín e Aurelio Miras Portugal e fai referencia, brevemente, ao contido das súas intervencións.

MARÉ, 'Un ano para Cunqueiro', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 28 decembro 2004, p. 43.

Sinala que tanto os concellos de Mondoñedo e Ferrol, como a editorial Galaxia están a preparar os actos e iniciativas coas que van celebrar o cincuenta aniversario da publicación de *Merlín e familia* de Álvaro Cunqueiro. Explica que os dous concello preparan, xunta coa Fundación Casares, un congreso no que se analizará en profundidade esta obra e que se celebrará o próximo ano. Mentres, a editorial vai publicar esta obra dentro da colección 'Bibliotecas de autor' e está a organizar unha exposición itinerante; ademais, Galaxia está estudando a posibilidade de imprimir un libro conmemorativo. Indica, asemade, que *Merlín e familia* é unha das obras máis orixinais e transcendentes das Letras Galegas do século XX e lembra que inclúe ilustración e o deseño de Urbano Lugrís.

MARÉ, 'Fernán Vello evoca os poetas que se alimentan de néboa', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 29 decembro 2004, p. 36.

Anúnciase a mostra que acolle a Galería C5 de Compostela titulada *¿Por que os poetas se alimentan de néboa?* na que se inclúen as pezas de autores como Carmen Hermo, Miguel Pereira, Antón Sobral e Enrique Velasco. Na inauguración Fernán-Vello lerá o poema "Os poetas aliméntanse da néboa" e Davide Salgado participará coa peza "O meu nome fundará dinastías".

MARÉ, 'Co futuro do galego', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 31 decembro 2004, p. 39.

Resúmese o acontecer do ano 2004 con respecto á situación da lingua galega e da literatura. En canto á lingua, indícase que segue a perder falantes sobre todo entre a mocidade e que a Xunta de Galicia propón unha reforma da Lei de Normalización Lingüística nada positiva. Entre as organizacións pola defensa da cultura galega, saliéntase a creación da Mesa do Libro e da Lei do Libro coa que os editores ven unha saída para a crise editorial. Ademais o ano rematou coa despedida aos poetas Antón Tovar, Manuel María e Luísa Villalta.

Mariño, Isabel, 'Cela utilizó parte de su discurso en la RAG para el Premio Nobel', *La Opinión*, 'Cultura', 19 marzo 2004, p. 69.

Recóllense as palabras do profesor Xesús Alonso Montero nas que verte a súa opinión sobre o "autoplaxio" que parece marcar a obra de Camilo José Cela. Alonso Montero fala da proximidade que existe entre o discurso de ingreso como membro de honor da Academia Galega con respecto ao que leu con motivo da recollida do Premio Nóbel. Ao mesmo tempo relaciona estes dous textos co prólogo do *Dicionario secreto* que escribira en 1968. A partir disto recóllense as opinións do profesor sobre o tema.

Mariño, Isabel, 'A Barrié abre aos investigadores os fondos da biblioteca de García-Sabell', *La Opinión*, 'Cultura', 12 maio 2004, p. 54.

Coméntase a celebración pola incorporación á biblioteca e arquivo da Fundación Barrié de la Maza de máis de 25.000 volumes cedidos por Domingo García-Sabell (algúns comprados). Recóllense as palabras do profesor Darío Villanueva, da filla do homenaxeado Teresa García-Sabell Tormo e do vicepresidente da Fundación Barrié José María Arias Mosquera. Cítanse tamén algunhas das obras máis rechamantes da colección.

Mariño, Isabel, 'O Día das Letras Galegas estará adicado ao poeta Lorenzo Varela', *La Opinión*, 'Cultura', 20 xuño 2004, p. 69.

Anuncia que o vindeiro 17 de maio, Día das Letras Galegas do 2005, estará dedicado a Lorenzo Varela, por acordo dos membros da Real Academia Galega. Remata a noticia cunha breve referencia á traxectoria vital e artística deste intelectual e poeta, pertencente á xeración de Luís Seoane, e que destaca polo seu compromiso coa lingua e a súa loita polas liberdades democráticas.

Mariño, Isabel, 'Un poeta chairego nos Cantóns', *La Opinión*, 'Cultura', 10 setembro 2004, p. 54.

Lembra, con motivo do falecemento de Manuel María, que este poeta lucense pasou os últimos anos da súa vida na cidade herculina, onde se instalou tras a súa xubilación; explica que nestes anos compaxinou o seu traballo como escritor e membro da Real Academia Galega co faladoiro literario ao que asistía todos os días e cos múltiples actos organizados na cidade en defensa da cultura galega. Recolle, finalmente, as declaracións dos seus amigos Francisco Pillado e Miguel Anxo Fernán Vello ao saber do seu falecemento.

Mariño, M., 'Personalidades de la literatura y la política despiden al poeta Manuel María', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 10 setembro 2004, p. 43.

Infórmase do falecemento do poeta Manuel María e do seu traslado ao Panteón dos Galegos Ilustres por Alberte Ansede, secretario da Asociación de Escritores en Lingua Galega, por Carlos Negro, presidente da Asociación Sociopedagóxica, por Xoán Costa e Cándido Pazó. Indícase tamén que lle dedicaron unhas palabras de lembranza e coas que salientaron todo o seu traballo por Galiza.

Mariño, M., 'Versos para una nación libre', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 10 setembro 2004, p. 43.

Saliéntase o labor literario da obra de Manuel María que sufriu unha evolución constante desde os seus primeiros versos intimistas e existenciais, ata o compromiso coa Galiza libre e culta. Ademais resáltase o seu traballo como articulista de prensa ou editor da revista *Xistral* e indícase que o seu traballo foi recoñecido cando no 2003 ingresou na Real Academia Galega.

Martín, Paco, 'Santa Isabel', *Diario de Pontevedra*, 'Auga lizgaira', 4 xullo 2004, p. 30.

Faise eco da celebración en Outeiro de Rei da romaría de Santa Isabel, da que, segundo o autor, fixo "amoroso empeño e promoción poética" Manuel María co novenario que escribiu na honra e veneración da Santa.

Martínez Conde, Ricardo, 'Compostela, vella memoria', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 agosto 2004, p. 56.

Reflexión metafísica do autor en torno a memoria, a vontade e a harmonía.

Martínez Conde, Ricardo, 'De 'Compostela, vella memoria', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 agosto 2004, p. 48.

A cidade de Compostela, coas súas pedras, é o reflexo do tempo, a viva memoria da historia que foi e que virá.

Martínez Couselo, Xosé, 'El Camino de Cunqueiro y Sánchez-Puga', *El Correo Gallego*, 7 abril 2004, p. 2.

Informa da saída do prelo de *Por el camino de las peregrinaciones* por parte de Alba Editorial e explica a orixe das crónicas cunqueirianas que alí se xuntan. Sinala que en 1962 Cunqueiro xunto co fotógrafo Magar percorreron nun Seat 600 o Camiño dende O Cebreiro a Santiago e, a seguir, o autor de *Os Outros feirantes* puxo por escrito a experiencia para *Faro de Vigo.* Ademais recorda outra viaxe destas características, da que tamén dá conta que deixou por escrito, reivindicando a súa reedición.

Martínez Crespo, Xurxo, 'Cando Celso Emilio tocou o pandeiro', *A Nosa Terra*, nº 1.112, 'Fin de semana', 15 xaneiro 2004, p. 32.

Apunta que o primeiro disco de música e poesía galega foi editado en Caracas no ano 1970 baixo o título "Galicia canta". Neste disco participaron Xulio Formoso, Farruco Sesto Novás, J.J. Sesto Novás e Celso Emilio Ferreiro. Subliña que Celso Emilio Ferreiro non só é o autor dalgunhas das doce pezas que compón o disco senón que nunha delas titulada "Pandeirada do Che" participa tocando o pandeiro. Recolle tamén seis pezas do disco "Galicia canta".

Martínez, Cecilia, 'La 'V Feira do Libro de Cangas' fomentará la relación entre los escritores y el público', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Cangas/Moaña', 20 xullo 2004, p. 20.

Infórmase da inauguración da V Feira do Libro de Cangas que ten como obxectivo achegar a literatura á cidadanía e sobre todo, aos xoves. A feira, segundo se indica, contará con diversas actividades como: coloquios, presentacións de libros que asinarán os autores, concertos, lecturas, etc. Na parte final da nova, dáse conta de xeito pormenorizado, do programa da feira.

Martínez, Cecilia, 'Manuel Uhía lee el pregón inaugural en la 'V Feira do libro', *Diario de Ferrol*, 'Vivir verán', 22 xullo 2004, p. 84.

Dáse conta do acto inaugural da V Feira do Libro de Cangas.

Martinón-Torres, Marcos, 'Plumas sin mecenas', *La Región*, 'Ourense', 22 agosto 2004, p. 8.

Ofrécense distintos datos cuantitativos e información relacionada cos índices de publicación de Galicia e, sobre todo, Ourense, que son comparados cos datos doutras comunidades ou provincias de España. Sinálase, por exemplo, que só o 6,7% dos libros editados neste ano en Galicia son ourensáns ou que Ourense é a cuarta provincia española que menos libros editou en España dende 1972.

Maseda, Martiño, 'A lei da pedra', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 27 agosto 2004, p. 6.

Conto no que se relata a pelexa que manteñen dous homes cando un deles lanza unha pedra ao tractor do outro. Este dálle cunha chave inglesa na testa e mátao. Manuel, que é o nome do dono do tractor, sinte remordementos.

Matamoros, Jose, 'Caneiro y la melancolía rebelde', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 21 xaneiro 2004, p. L15.

Faise eco, por unha banda, do acto de presentación que tivo lugar en Compostela do novo libro do escritor ourensán Xosé Carlos Caneiro, *Ámote*, recitando fragmentos do mesmo libro con acompañamento musical; por outra, da cena ofrecida polos organizadores do Premio San Clemente na que ademais de alumnos e profesores estiveron presentes os tres gañadores da edición de 2003: Rosa Aneiros, Almudena Grandes e Jonathan Coe.

Matamoros, Jose, 'A vueltas con el chapapote', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 9 marzo 2004, p. L15.

Breve comentario sobre as actividades do gañador do primeiro premio Casino de Santiago, na edición de 2003, Ian McEwan, acompañado polo vicepresidente do Casino, Ubaldo

Rueda, como a visita á Catedral ou a pronuncia dunha conferencia onde falou sobre a novela que lle deu o premio.

Matamoros, Jose, 'Viejos recuerdos de Fonseca', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 25 abril 2004, p. L15.

Dentro dunha sección que enumera actos e sucesos que tiveron lugar en Compostela inclúese unha pequena referencia á IV Campaña de Animación á Lectura 'O Son dos Soños' que tivo como local a Fundación Eugenio Granell (no Pazo de Bendaña). Destácase un acto de lectura de contos organizado por Kalandraka e anúnciase a clausura doutra sesión de conta contos de tema ecolóxico que se desenvolveu na alameda baixo o títulos 'Abril dos libros para coidar a terra'.

Matamoros, Jose, 'Actos con mucho ambiente', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 8 xuño 2004, p. L15.

Infórmase de que a Fundación Carlos Casares, a Fundación Caixa Galicia e a Editorial Galaxia presentaron en Santiago novos exemplares da "Biblioteca Carlos Casares" baixo as súas coleccións dedicadas a autores. Os novos catro títulos son: *Cambio en tres*, *Conciencia de Galicia*, *Os mortos daquel verán* e *O sol do verán*.

Matamoros, Jose, 'El Ensanche está de moda', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 14 xullo 2004, p. L11.

Entre outras cuestións alleas á literatura, fai referencia ao encontro 'Galicia e Iberoamérica, un mundo literario'; sinala que na segunda xornada tivo lugar un coloquio no que, baixo o lema 'Poetas e poesía no novo milenio', participaron Xosé Luís Méndez Ferrín e Iván Junqueira; sinala, asemade, que a xornada concluíu co recital 'A voz dos poetas en Compostela' a cargo de David Castillo e Ruy Espinheira entre outros.

Matamoros, Jose, 'Luz al final del túnel', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 26 agosto 2004, p. L11.

Infórmase da inauguración da Feira do Libro do Concello de Oroso na que participarán oito librerías galegas ademais de contar con diferentes actividades. O pregón correrá a cargo da escritora María do Cebreiro.

Matamoros, Jose, 'Homenaje a toda una vida', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 19 setembro 2004, p. L15.

Infórmase da homenaxe ofrecida a Avelino Pousa Antelo pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e a quen nomearon socio de honra do Museo do Pobo Galego. Ademais

indícase que este acto é a primeira edición dun novo programa "Os bos e xenerosos" co que se pretende recoñecer cada ano a figura dun escritor ou colectivo galego.

Matamoros, Jose, 'Terapia familiar y violencia', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 27 outubro 2004, p. L15.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, saliéntase a realización de varias mesas redondas organizadas pola Fundación Casares para debater sobre o papel do escritor no xénero infantil e dar a coñecer a súa obra *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* que será posta en escena polo Centro Dramático Galego. Así mesmo, indícase que a profesora da Universidade de Santiago de Compostela, Aurora Marco, acaba de coordinar un libro editado polo Consello da Xuventude en homenaxe a Avilés de Taramancos baixo o título *Avilés de Taramancos: A paixón pola terra*, no que se inclúen os traballos de José Manuel Lage, Mar Lorenzo Moledo, María do Cebreiro Rábade Villar, Pilar Sampedro, María Xosé Canitrot, Manolo Barreiro, Xoán Manuel Rama Trillo, Socorro Santos Lorenzo, Xosé Manuel Beiras e o colectivo Sacou.

Matta, Luis de la, 'O Centro Ramón Piñeiro, duro traballo investigador sobre a cultura galega', *ABC*, *'Letras Gallegas'*, 17 maio 2004, p. 22.

Artigo dedicado ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Coméntanse as orixes (causas, motivacións, etc.) do centro e pouco a pouco vaise falando doutros aspectos do mesmo. Defínense brevemente cada un dos proxectos actuais e lóase esta institución pola súa validez á hora de formar investigadores. Engádese unha lista coas publicacións que produciu ata o momento este centro. O artigo está en galego e en castelán.

Mauleón, Amaia, 'Xela, la 'artista de la palabra', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 30 maio 2004, p. 44.

Crónica dunha homenaxe á falecida escritora Xela Arias que tivo lugar en Vigo. Estaba organizada pola Asociación Galega de Editores, a Asociación de Tradutores Galegos e a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Cítanse algúns dos que interviñeron no acto así como a varios dos asistentes e os temas sobre os que falaron os oradores.

Mauleón, Amaia, 'Los libros se 'cuelan' en la hora del paseo', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 29 xuño 2004, p. 37.

Faise eco da celebración da trixésima edición en Vigo da Feira do libro, que pretende acercar máis os libros á variedade de público lector e dar a coñecer as distintas opcións que ofrece a cidade. Recolle ademais as opinións de varios libreiros que salientan, por un lado, a maior compra de libros polo desconto do dez por cento; por outro, a necesidade de trasladala a un lugar máis transitado. Remata mencionando a presenza de diversos escritores como un dos atractivos da feira.

Mauleón, Amaia, 'Alvite y sus lectores; un mundo de historias', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 1 xullo 2004, p. 44.

Despois de mencionar a celebración da Feira do libro en Vigo,onde o escritor José Luís Alvite acudiu a asinar varios exemplares do seu libro, *Historias del Savoi*, recóllense palabras do propio autor sinalando a súa sorpresa pola boa acollida do libro, xa que, segundo el mesmo, a xente sente atracción polo mundo marxinal e bohemio das súas personaxes. Insiste tamén na variedade do seu público lector: "punkis, carcas y progres, abuelos y chavales."

Mauleón, Amaia, 'La sociedad viguesa rinde un emotivo homenaje a Celso Emilio Ferreiro', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 25 novembro 2004, p. 45.

Dáse conta da homenaxe que lle renderon en Vigo ao poeta Celso Emilio Ferreiro para conmemorar o vintecinco aniversario da súa morte. No acto recitáronse varios poemas e a algúns puxéronlles música da man de Miro Casabella e Luis Emilio Batallán. Tamén realizaron unha montaxe audiovisual que mostrou fotos dos momentos máis importantes da vida de Celso Emilio.

Mayoral, M., 'Con la poesía por delante', *Diario de Ferrol*, 23 agosto 2004, p. 48.

Fálase do libro de poemas *Muller* (1998) de Diego Rodríguez Piñón e que está ilustrado por Andrés Urrutia. Sinálase que estes poemas, escritos en galego e español, falan de mulleres que o seu autor coñeceu como traballador social do concello de Cerdido e asemade indícase que son o comezo de seis novas publicacións dado que o traballo para estas novas publicacións está rematado e só espera a posibilidade da súa publicación.

Mayoral, Marina, 'Lecturas para a historia', *Diario de Ferrol*, 3 decembro 2004, p. 72.

Dá conta da exposición organizada polo IES de Canido (Ferrol), na que se mostran cento cincuenta e cinco libros antigos que foron cedidos por alumnos e profesores, e explica que, visto o éxito da exposición, o instituto está estudando a posibilidade de realizar unha nova mostra con diferentes edicións do *Quixote*. Sinala que o libro máis antigo de todos os expostos é unha obra relixiosa de 1776, fai referencia a outros volumes curiosos e explica cál é a organización da exposición. Finalmente, indica que o centro organizou un certame de marcapáxinas, que deberán incluír mensaxes de animación á lectura.

Meyer, Franck, 'Periférica, unha revista portuguesa independente preocupada pola Galiza', *A Nosa Terra*, nº 1.138, 'Cultura', 22 xullo 2004, p. 26.

Infórmase sobre a publicación dunha nova revista portuguesa titulada *Periférica*, na que apareceron tres colaboracións de autores galegos: relatos de Beatriz Dacosta, unha entrevista con Franck Meyer e varios textos de Suso de Toro.

Miranda, Xosé, 'Un conto de Reis', *El Progreso*, 'Contos da Invernía', 28 decembro 2004, p. 96.

Narra a historia de dous rapaces, o Suso e mais o narrador, que o día de Reis pola noite saen da casa para xogar un anaco e ven a tres homes que entran na casa do Suso cunha caixa. Cando marchan, os rapaces van ver o que deixaron os Reis: a pistola que Suso pedira e cartos. Saen xogar con ela e cando Suso dispara mata ao seu amigo pois a pistola era de verdade xa que o seu pai andaba metido en malos asuntos e os tres homes que viran non eran os Reis.

Monje, Natalia, 'Una fundación rescata la Biblioteca de Autor de Emilia Pardo Bazán', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 3 xuño 2004, p. 56.

Faise eco da inauguración do I Simposio sobre Emilia Pardo Bazán que se celebra na Casa Museo Emilia Pardo Bazán. A Fundación Caixa Galicia colabora co museo na organización do encontro que pretende difundir o recordo dunha importante figura da literatura contemporánea. Logo de referisrse á calidade dos especialistas que abordarán diversos aspectos da súa obra, alúdese á presentación da Biblioteca de Autor de Emilia Pardo Bazán na Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, que ofrecerá aos internautas información e estudos sobre a autora coruñesa.

Montero, Carlos, 'Simpatía polo demo', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 10 agosto 2004, p. 7.

Conto que trata dunha carta que o demo lle envía a un rapaz na que relata como vén polo seu espírito debido ao pacto que fixera con el: concederlle unha noite coa moza que quere. Ao final, o diaño castiga ao rapaz non coa morte, senón quitándolle á rapaza que ama para que saiba o doloroso que é perder o amor cando xa o tes.

Mora, Ricardo C., 'Telepatías', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 30 agosto 2004, p. 6.

Conto no que unha rapaza, tras saír pola noite de troula, cando á mañá se dirixe á súa casa, de súpeto decide entrar nunha capela e confesarse. Días despois aparece no xornal a nova de que aquel día de festa á mesma hora que ela se confesaba, morrera un crego igual que sucedera nunha obra de Bataille.

Moreno, M. Victoria, 'Nocturno en tres tempos', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 25 agosto 2004, p. 7.

Historia na que a protagonista lembra e describe ao amor do que fuxiu un día e que agora o recordo daquel bico que lle dera, quedoulle gravado na mente.

Mosquera Camba, Xosé Luís, 'De 'A tensa calma da catapulta'', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 xuño 2004, p. 46.

Recolle un poema de José Luis Mosquera Camba, pertencente a *A tensa calma da catapulta*. Fálanos dun tema de actualidade: o medo na sociedade actual, unha sociedade violenta e cruel que nos envolve e que ocultamos trala nosa vida cotiá.

Mosquera Camba, Xosé Luís, 'A tensa calma da catapulta', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 setembro 2004, p. 64.

Reflexión íntima do eu lírico sobre a súa situación vital, sobre o fin de ciclo ao que chega a súa vida.

Mosquera Camba, Xosé Luís, 'A tensa calma da catapulta', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 outubro 2004, p. 56.

O poeta reflexiona sobre o final dunha película vista por homes que ansían o mundo que aparece no filme.

Mosquera, Javier, 'Cultura prepara un plan de mejora de las bilbiotecas locales', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 14 marzo 2004, p. 6.

Coméntase o interese do titular de cultura do concello de Vigo Ignacio López Chaves polo estado das bibliotecas municipais. Nun informe do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte infórmase que o caso de Vigo é extremo por ter unha única biblioteca pública para case 300.000 habitantes.

Mosquera, Javier, 'Ocho becarios catalogarán los fondos de la Biblioteca Penzol', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 14 xullo 2004, p. 9.

Faise eco do acordo ao que chegou o Padroado da Fundación Penzol para cubrir unha das cinco vacantes que se produciron nos últimos meses. Do mesmo xeito, menciona tamén a necesidade de clasificar, catalogar e informatizar a totalidade dos fondos da Biblioteca Penzol, sobre todo aqueles arquivos doados por Otero Pedrayo e Fernández del Riego á Fundación, tarefa que levarán a cabo oito bolseiros. Alude tamén á iniciación do proceso de elección dun novo director para a devandita Biblioteca que compartirá o posto con Fernández del Riego.

Mouriño, Begoña, '¿Como valora a oferta cultural?', *El Progreso*, 'A Ulloa/ Terras de Melide', 10 maio 2004, p. 17.

Recóllense unhas breves reflexións de varios veciños da comarca da Ulloa sobre as actividades culturais da zona. Seis veciños de Antas de Ulla e Monterroso opinan sobre este feito.

Mouriño, Begoña, 'Días das Letras para Lorenzo Varela', *El Progreso*, 'A Ulloa/Terras de Melide', 5 xullo 2004, p. 12.

Anuncia a decisión da Real Academia Galega de dedicar o Día das Letras Galegas 2005 ao poeta e escritor monterrosino Lorenzo Varela (1916-1978). Logo pasa a recoller algunhas das opinións dos veciños de Monterroso sobre esta decisión, salientando sobre todo o feito de que a vila será o eixo da cultura durante ese período.

Mouriño, Iago, 'Mosca', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 16 agosto 2004, p. 8.

Conto no que se narra ao principio a acción dun home que sae de traballar e vai tomar unha tapa de tortilla. Nese intre unha mosca pousase na comida e o home espántaa coa man. A partir de aquí, o narrador conta cómo esa mosca estivera anteriormente pousada no corpo dun cadáver, que el matara media hora antes, chupándolle o sangue.

Muñiz, Ramón, 'Amigo Manuel', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Cultura', 16 setembro 2004, p. 27.

Lembranza que fai Ramón Muñiz ao poeta falecido Manuel María con quen mantivo amizade nos anos en que militaban na UPG. Comenta que intentaron crear unha asociación cultural pero esta non chegou a ver a luz e, tamén apunta que lle foi outorgado o Premio "Moncho Valcarce". Finalmente, Muñiz salienta que a sinxeleza e a humildade foron as virtudes principais de Manuel María.

Murado, Miguel-Anxo, 'Su Che', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 xullo 2004, p. 46.

O autor fala en boca de Su Che, poeta de Song famoso antano que agora caeu en desgraza.

Murado, Miguel-Anxo, 'De Lapidario', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 xullo 2004, p. 54.

O poeta fala en boca do célebre dramaturgo inglés Christopher Marlowe; lembrando a súa dobre existencia de espía e escritor.

Murado, Miguel-Anxo, 'Primrose Hill', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 31 agosto 2004, p. 6.

Conta a historia dun rapaz que na súa visita a Londres pídelle a súa amiga Joy que o leve a Primrose Hill, lugar onde se gravaron varias películas de H. G. Wells como *A guerra das galaxias* ou *O home invisible*. Con isto, resáltase a idea de que lugares que na realidade non teñen gran importancia si a poden ter na ficción e ás veces incluso, realidade e ficción mestúranse, tal como acontece ao final do conto.

Murillo Leal, Cláudio, 'Ourense', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 outubro 2004, p. 64.

Poema escrito en portugués "padrom" no que a voz poética describe as súas sensacións diante da cidade de Ourense. Das tres estrofas que consta, o poema refírese, concretamente, á zona vella, na que só "o silencio fala" -a través da voz petrificada, á falla de esperanzas e saudades, simbolizadas no verde dos seus montes, e ao eterno paso do tempo, situado "entre céu e inferno".

N.M., 'A Xeración Nós e a prensa, vehículos da identidade galega', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 setembro 2004, p. 50.

Dáse conta da celebración do primeiro Congreso Xulián Magariños e das opinións alí vertidas polos participantes. Nas mesas redondas destácase a asistencia de especialistas como Ramón Villares, que falou do Seminario de Estudos Galegos e da súa importancia, Antonio Puentes Chao, cunha disertación sobre a intensa presenza do autor homenaxeado na prensa da época, Marcos Valcárcel, que falou sobre a importancia da Xeración Nós para a ancoraxe da identidade de Galicia ou Carme Hermida, que interveu para falar sobre a lingua galega entre dous séculos. O acto foi coordinado por Amancio Liñares, xunto coa colaboración do Concello de Negreira, a Xunta de Galicia e o Xacobeo.

N.M.O., 'Conciertos y congreso de Xulián Magariños', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 14 setembro 2004, p. 36.

Dáse conta dos actos celebrados en homenaxe de Xulián Magariños co gallo do seu cen aniversario. De entre eles destácase o concerto do guitarrista Xosé Guzman, así como o comezo das conferencias que, en honor do autor, patrocina o Consello da Cultura Galega. Enumérase a lista de conferenciantes, entre os que se atopan Amancio Liñares, Ramón Mariño, Avelino Pousa Antelo, Isaac Díaz Pardo, Ramón Villares, Carme Hermida ou Damián Suárez, entre outros.

N.M.O., 'José Blanco Pazos y Carmen García rinden tributo al literato Magariños', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 17 setembro 2004, p. 36.

Dáse conta da celebración do centenario do nacemento de Xulián Magariños en Negreira e, entre os diferentes actos da homenaxe, saliéntase a realización do I Congreso Magariños, no que participaron con relatorios os seguintes estudosos: Amancio Liñares, Ramón Mariño, Ramón Villares, Carme Hermida, Marcos Valcárcel e Antonio Puentes. As dúas mesas redondas organizadas, contaron coa presenza de Avelino Pousa Antelo, Isaac Díaz Pardo, María Xosé Rodríguez Valcárcel, Damián Suárez, Xosé María Dobarro e Alfonso Mato.

N.M.O., 'Ramón Villares destaca el papel del Seminario de Estudos en España', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 18 setembro 2004, p. 37.

Dáse conta da celebración do primeiro Congreso Xulián Magariños e das opinións alí vertidas polos participantes. Nas mesas redondas destácase a asistencia de especialistas como Ramón Villares, que falou do Seminario de Estudos Galegos e da súa importancia, Antonio Puentes Chao, cunha disertación sobre a intensa presenza do autor homenaxeado na presa da época, Marcos Valcárcel, que falou sobre a importancia da Xeración Nós para a ancoraxe da identidade de Galicia ou Carme Hermida, que interveu para falar sobre a lingua galega entre dous séculos. O acto foi coordinado por Amancio Liñares, xunto coa colaboración do Concello de Negreira, a Xunta de Galicia e o Xacobeo.

N.V., 'Medos Romero: 'A razón iguala e as emocións nos diferencian', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 11 xaneiro 2004, p. 13.

Anuncia que Medos Romero presentará en breve *O trevo da sorte* (Baía edicións), unha colección de vinte e sete relatos, que tratan temas tan actuais coma o maltrato de mulleres, os abusos sexuais, a anorexia, o aborto, a homosexualidade ou a prostitución.

N.V., 'Cultura logra cuatro valiosas caricaturas de Castelao', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 7 febreiro 2004, p. 13.

Anuncia que o Concello de Ferrol conseguiu catro valiosas caricaturas de Castelao datadas entre 1911 e 1912. Dúas caricaturas corresponden a Felipe Bello Piñeiro, outra é de Basilio Álvarez e a cuarta aínda está sen identificar. Estas caricaturas poderían pasar o futuro museo Bello Piñeiro.

N.V., 'Un irlandés pasea por Ferrolterra', *Diario de Ferrol*, 21 marzo 2004, p. 72.

Fálase da organización por parte do concello de Neda dun congreso en torno á figura do escritor irlandés James Joyce. Esta iniciativa continúa unha liña iniciada o ano anterior cando se dedicaron unhas xornadas a Julio Cortázar e que ten como intención realizar unha serie de actos cada ano en honor a un gran escritor internacional. Coméntanse algúns dos actos e destácase que as actividades están primeiramente enfocadas aos estudantes.

Nausicaa, 'De 'Poemario da liquidez', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 xullo 2004, p. 64.

Reprodúcese o poema "Nausicaa", correspondente á obra de Amparo Fernández *Poemario da liquidez*. Co soño como fondo, representa o paso do tempo. Poema de tres estrofas, de número de versos irregular e rima libre.

Navaza, Xavier, 'De caciques, bandos e ideologías', *El Ideal Gallego*, 'Crónica', 3 xullo 2004, p. 11.

Dá conta da celebración do sexaxésimo aniversario da publicación do libro de Castelao *Sempre en Galicia* cunha audición por parte da Fundación Galiza Sempre. Recolle, a modo crítico, as opinións vertidas por Xabier Marías e Olaia Fernández Dávila, ente outros, durante o acto ininterrompido de lectura. Asemade, lamenta o discurso demagóxico e manipulado nun enfoque actualizado que algúns tentan dar á obra de Castelao.

Naz, Xosé Alfredo, 'O fillo', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 3 agosto 2004, p. 7.

Conta a historia dunha familia cuxo fillo marchou emigrado a Cuba porque non quería traballar no campo. Desde alí enviaba cartas a seu pai falando dun xeito estraño sobre a revolución, antiimperialismo, etc. Con todas estas novas, o pai, chamado Ubaldo, toleou e actuaba do xeito que o seu fillo lle indicaba nas cartas.

Negro, Carlos, 'De 'Héleris', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 xullo 2004, p. 54.

Cavilación do poeta, que aparece no poema como unha moza que escribe unhas palabras a un dos candidatos seus a marido.

Negro, Carlos, 'De 'Héleris', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 xullo 2004, p. 54.

Lembranza da nenez do poeta, cando era un cativo que pasaba fame e xogaba con xoguetes inventados por el mesmo.

Negro, Carlos, 'De 'Héleris', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 agosto 2004, p. 46.

Visión sarcástica e irónica das mulleres puritanas que tras a súa máscara de castidade e inxenuidade esconden numerosos segredos.

Negro, Carlos, 'De 'Héleris'', *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 16 decembro 2004, p. 40.

Visión particular do eu lírico respecto dos noivos e dos actos destes cando están namorados.

Neira Vilas, Xosé, 'Desandar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 outubro 2004, p. 62.

Cavilación íntima do poeta sobre o pasado. A través do tempo regresa o inicio do universo para voltar a unha nova alborada.

Neira Vilas, Xosé, 'De 'Dende Gres', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 outubro 2004, p. 54.

O poeta volta a súa infancia, o seu "recanto orixinario". Lémbrase dos seus actos de nenez, cando era un sancristán sen barba.

Neira Vilas, Xosé, 'De 'Dende Gres', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 outubro 2004, p. 56.

Cavilación íntima do poeta sobre o pasado. A través do tempo regresa o inicio do universo para voltar a unha nova alborada.

Neira Vilas, Xosé, 'A coroa de Curros', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 4 decembro 2004, p. 51.

Co gallo do centenario da coroación de Manuel Curros Enríquez faise un repaso sobre o tránsito circunstancial da coroa que se lle entregou ó poeta. Comeza lembrando o acto, presidido por Manuel Murguía, e as dúbidas iniciais de Curros sobre qué facer con ela. Logo decidiu depositala na xoiería do seu amigo Manuel Hierro, agasallo do que fixo gran difusión, ata o seu pasamento. Foron as fillas deste as que decidiron doalas ao Centro Galego para que este, máis tarde, e incapaz de atoparlle un bo emprazamento, lla cedera á súa vez á Real Academia Galega, en cuxa sede descansa o prezado obxecto.

Neira, H., 'Universidade e sector editorial necesitan adaptarse ós tempos', *El Correo Gallego*, 'Universidade', 9 marzo 2004, p. 2.

Refírese á actividade de Juan Luís Blanco, subdirector do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. Manifesta que se editan uns sesenta títulos e números de revista por ano na Universidade. Tamén fala da faceta de escritor de Blanco, que publicou un *Léxico Editorial Castelán-Galego*, tres ensaios sobre a figura de Roberto Blanco Torres, homenaxeado no Día das Letras Galegas do ano 1999, e dous poemarios, cuxos títulos son *Os signos, as mudanzas* (2000) e *Ruínas* (2003).

Neira, Henrique, 'Libros sen fronteiras', *Galicia Hoxe*, *'Océano Internet'*, 5 xullo 2004, pp. 2-3.

Alude as novas tecnoloxías que nos dan a oportunidade de ter aceso a bibliotecas virtuais dende as cales poder descargar volumes dixitalizados para poder logo lelos nos nosos equipos ou podelos imprimir. Entre as bibliotecas virtuais destaca a Biblioteca Virtual Galega, a Mediateca do Consello da Cultura, o Dicionario da RAG, o Centro Ramón Piñeiro, a Enciclopedia da Emigración, etc.

Nerium, Alexandre, 'De 'Vogar de Couse', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 outubro 2004, p. 56.

O mar aparece no poema como recordo íntimo do eu lírico; é un mar que calma, un mar de cristal e cinza.

Neruda, Pablo, 'Poema 15', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 xullo 2004, p. 46.

Reprodúcese, traducido ao galego, o poema 15 da obra *Veinte poemas de amor y una canción desesperada*, do poeta chileno Pablo Neruda.

Neves, Kiko, 'De 'Taquicardia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 agosto 2004, p. 54.

O poeta fálanos dun vello que agarda todas as tardes sentado nunha pedra nun outeiro.

Nicolás, R., 'Vogar de couse', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 44, 24 xaneiro 2004, p. 9.

Dá conta do primeiro libro poético de Alexandre Nerium -pseudónimo de Francisco Manuel López Martínez- titulado *Vogar de couse*, co que acadou no ao 2002, *ex aequo* xunto co poemario *Héleris* de Carlos Negro, o VII Premio de Poesía Johán Carballeira que organiza o concello de Bueu. Destaca a profundidade e a evocación que brota dos poemas de *Vogar de couse* sobre a presenza do mar nas nosas vidas.

Nicolás, R., 'Unha revisión necesaria', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 48, 'Letras en galego', 14 febreiro 2004, p. 9.

Refírese ao libro *O primeiro Antón Villar Ponte* de E. Insúa e C. Nuevo, polo que recibiron o Premio Ánxel Fole. Celebra a recuperación desta figura capital da cultura galega e apunta a necesidade de publicar un segundo volume que complete a súa verdadeira significación e traxectoria.

Nicolás, Ramón, 'Sempre Rosalía', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 67, 'Libros', 22 xaneiro 2004, p. IV.

Celebra a publicación do segundo número da *Revista de Estudios Rosalianos*, proxecto que, na opinión do crítico, "lembra a aínda hoxe sempre necesaria revisión que a faceta humana e a dimensión literaria e cultural que Rosalía de Castro aínda suscita e suscitará entre os investigadores e lectores galegos e non galegos". Así mesmo, entre os contidos da revista destaca os diferentes traballos de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda e as contribucións de Xesús Alonso Montero e Lucía García Vega.

Nicolás, Ramón, 'Vixencia perdurábel', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 45, 'Letras en galego', 31 xaneiro 2004, p. 8.

Dá conta da publicación dunha *Antoloxía* de poemas de Rosalía de Castro pola editorial Xerais. A edición é de Anxo Angueira, responsábel tamén da recitación de catorce poemas que se inclúen nun CD que acompaña ao libro, e o autor do limiar é Xosé L. Méndez Ferrín. O volume está enriquecido coa reproducción dun bo número de obras pictóricas de Villaamil, Serafín Avendaño, Ovidio Murguía de Castro ou Jenaro Carrero. O articulista celebra a volta a un dos tesouros da nosa literatura.

Nicolás, Ramón, 'Actualidade do Val Miñor', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 69, 'Libros', 5 febreiro 2004, p. IV.

Dá noticia da aparición do terceiro número da *Revista de Estudios Miñoranos*, presentada como un exemplo da importancia da existencia de publicacións que "aborden con dignidade a análise das moi distintas dimensións que suscita a especifidade dun territorio concreto dende unha perspectiva local pero con vocación universal". En canto aos elementos que compoñen a última entrega da revista, subliña o carácter variado que os distingue e critica a ausencia dunha organización, a cal repercute, así mesmo, na existencia de múltiples erros na presentación da publicación.

Nicolás, Ramón, 'Reclaman a vixencia da obra de Celso Emilio Ferreiro', *A Nosa Terra*, nº 1149, 'Culturas', 4 novembro 2004, p. 25.

Fai mención da celebración das Xornadas dedicadas en Vigo ó poeta Celso Emilio Ferreiro polo vintecinco aniversario do seu pasamento. A este evento acudiron personaxes senlleiros da cultura galega coma Xosé Luís Méndez Ferrín, que inaugurou as Xornadas coa súa disertación pola vida política do escritor celanovés, Xesús Alonso Montero, que falou sobre a presenza da censura na súa obra, Núñez Seixas, que falou sobre a súa vida na emigración, ou Arcadio López-Casanova e Miro Villar, que analizaron de forma crítica algún dos poemas do autor, entre outros. Este evento tivo lugar os días 28, 29 e 30 de outubro.

Noguerol, J., 'Un verso para Blanco Amor', *La Región*, 'Ourense', 9 xaneiro 2004, p. 11.

Con gallo da presentación en Ourense dun documental sobre o poeta Rafael Alberti, Noguerol recorda, entre outros feitos, os emotivos versos que Alberti lle dedicou a Eduardo Blanco Amor con motivo do pasamento do escritor.

Noia, S. e López, A. R., 'UE: A POESÍA DOS DEZ NOVOS', *Galicia Hoxe*, 'Revista das letras', 29 abril 2004, pp. 1-8.

Co gallo da entrada de dez novos países na Unión Europea a partir do un de maio de 2004, dedícase un monográfico ao labor poético desenvolvido neles. Tras facer un resumo da historia recente de cada un dos estados, se segue cunha escolma de composicións dos seus poetas máis senlleiros, traducidas ao galego. Andre Ehin representa a Estonia, Edvins Raups a Letonia e Lubicz Milosz a Lituania. Dende Polonia se nos achega a Wislawa Szymborska e dos países integrantes da extinta Checoslovaquia, a actual República Checa e Eslovaquia, proceden Valdimir Holan e Eric Groch. Finalmente, Tomaz Salamun e Hugo Muncaci personifican a Eslovenia e Hungría respectivamente.

Noia, S./Lorenzo, F.P., 'Apágase a voz limpa e sonora da escritora coruñesa Luisa Villalta', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 7 marzo 2004, p. 75.

Fai referencia ao repentino pasamento de Luísa Villalta, triste nova que causou estupor e consternación no mundo da cultura galega. Repasa a obra desta escritora, que abrangue a poesía, o teatro, a narrativa e o ensaio, ademais, colaboraba habitualmente en diversas revistas e xornais.

Novio, Divina, 'Os Reis de Loliña', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 19 agosto 2004, p. 6.

Conto no que se narra a historia de dúas nenas que polo día de Reis, unha recibía agasallos e outra non. Entón, decidiron pedirlles contas aos Reis e subiron ao campanario da igrexa xa que contaban que desde alí as oirían mellor en Oriente. Atopounas o cura e as nenas relataron a súa historia, así o crego a partir de entón, díxolles que os regalos de Loliña sempre quedaban na reitoral.

Novo, Olga, 'De 'A cousa vermella'', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 xuño 2004, p. 54.

Recolle un breve poema de Olga Novo, "Indíxena", pertencente a *A Cousa Vermella*, publicada pola editorial coruñesa Espiral Maior dentro da súa colección de poesía.

Novo, Olga, 'De 'A cousa vermella', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 xullo 2004, p. 56.

Recolle un pequeno poema de Olga Novo, pertencente ao libro *A Cousa Vermella*, con temática da vivencia da soidade no amor, cargado de añorantes suxestións eróticas.

Núñez, A., 'Poetisa anónima', *El Progreso*, 'A Ulloa/Terra de Melide', 6 setembro 2004, p. 16.

Dáse conta da descuberta como poetisa de Ángela Ferreiro e a súa construción como autora dende a conservación da tradición oral galega. Destácase a súa vontade de ver publicados os seus versos para deixarllos en herdanza ao seu neto, aínda que cre que a súa poesía "é moi pobre".

Núñez, María, 'El 'V Congreso de Editores del Estado' visitará Pontevedra', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 28 xaneiro 2004, p. 84.

Anuncia a celebración do "V Congreso de Editores del Estado" en Santiago os días trece, catorce e quince de maio. No programa do mencionado evento inclúese unha visita a cidade de Pontevedra. Recolle as palabras de Fabiola Sotelo, quen destaca os encantos da cidade do Lérez, ademais de referirse a importante actividade editorial e o gran número de lectores da provincia pontevedresa.

Núñez, Toño, 'A gata', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 22 agosto 2004, p. 10.

Narra a historia dun mozo que se namora dunha rapaza e lle pon o alcume de "a gata" debido ás súas miradas penetrantes. Mais o rapaz non se atreve a ir máis alá das miradas e perde a oportunidade nunha tarde que ela o reclama cos ollos. A partir de entón non se volveron ver e o protagonista considera que alí marchou a súa xuventude. Anos despois vólvense atopar e ela, tras coñecelo, non o volve mirar así que novamente, esa etapa da madurez pasa sen máis. Só lle queda a vellez.

Oliveira, V., 'Galicia, mulleres poetas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 agosto 2004, p. 49.

Anuncia que a revista multilingüe da rede *The Barcelona Review* abre unha serie dedicada ás poetas galegas, polo de agora as homenaxeadas foron a ourensá Chus Pato e a compostelá María do Cebreiro. Notifica tamén que o colectivo Redes Escarlata inclúe na súa páxina web poemas de escritoras galegas. Así mesmo, celebra que a web andar21.org tamén colga na rede poemas de Claudia Castro, Iria Lago, Nana Coromoto ou Luz Fandiño.

Oliveira, V., 'O estudoso Jaime López consegue que Fontela regrese á súa terra', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 26 agosto 2004, p. 77.

Dá conta das pescudas do investigador Jaime López que atopou os restos de Xosé Fontenla Leal en Cuba e cuxo desexo agora consiste en conseguir que o corpo do galeguista ferrolán descanse no Panteón de Galegos Ilustres na igrexa de San Domingos de Bonaval de Santiago. Para acadar isto, conta co apoio da Real Academia Galega, institución que fará a

correspondente petición ao concello de Santiago. Recorda que Fontenla Leal foi un dos principais impulsores da creación da Real Academia Galega e da creación do himno galego. Apunta tamén que a primeira gravación do himno galego, xunto con outras xoias da música galega, feita polo coro ferrolán Toxos e Froles está recollida nun novo disco titulado "Coro Toxos e Froles. Romaxe galega 1922".

Oliveira, V., 'Traer a Fontenla Leal', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 agosto 2004, p. 53.

Apunta que o estudoso Jaime López atopou a tumba de Xosé Fontenla Leal en Cuba e conseguiu que o goberno da illa lle permitise repatriar o corpo do galeguista ferrolán. Agora o desexo do investigador é acadar que o concello de Santiago permita que os restos de Fontenla Leal descansen no Panteón de Galegos Ilustres na igrexa de San Domingos de Bonaval. Recorda que Fontenla Leal foi un dos principais impulsores da creación da Real Academia Galega e da composición do himno galego.

Oliveira, V., 'A comarca do Condado celebrará o seu Festival Poético en setembro', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 27 agosto 2004, p. 76.

Anuncia a celebración na comarca do Condado dun Festival Poético cuxo eixe central será a defensa das liberdades. O mencionado evento estará presentado por Carlos Blanco e María Castro e nel participarán entre outros os poetas Xosé María Álvarez Cáccamo, Marica Campo ou Ana Belén Fernández e as cantantes Uxía Senlle e Mercedes Peón. Por outro lado, anuncia a publicación do volume *La experiencia abisal*, que recolle os textos sobre literatura de José Ángel Valente escritos desde 1978 e que non foran publicados.

Oliveira, V., 'Un congreso para os 100 anos de Xulián Magariños', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 setembro 2004, p. 47.

Anuncia que co gallo do centenario do nacemento de Xulián Magariños celebraranse en Negreira diversas actividades para dar a coñecer a figura do galeguista e un congreso no que participaran o escritor e director da editorial 3C3 Amancio Liñares, o antropólogo Ramón Mariño Paz, Isaac Díaz Pardo, Avelino Pousa Antelo, Ramón Villares ou Marcos Valcárcel.

Oliveira, V., 'Os poetas toman a rúa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 setembro 2004, p. 50.

Anuncia a celebración o día 19 de setembro en Combarro do Festival Popular de Poesía "Poetas na Rúa 2004", promovido polo concello de Poio. Apunta que este ano o evento -presentado por Marica Campos- está dedicado a memoria das poetas Xela Arias e Luísa Villalta recentemente falecidas. Sinala que o acto principal da xornada será a elaboración dun poema colectivo e que haberá un recital poético no que participarán entre outros Alberte Momán, Brais González, Iago Castro e que se editará un libro co título de *Poetas na rúa*, que contará con recensións, fotos, etc.

Oliveira, V., 'Poesía na Casona de Verines', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 setembro 2004, p. 49.

Dá conta do encontro anual de escritores e críticos que se celebra na casona de Verines en Llanes co título "Baixo o signo da pluralidade: a poesía actual" e organizado pola Dirección General del Libro, a Universidade de Salamanca e o Principado de Asturias. Apunta que Luísa Castro, Yolanda Castaño, Estíbaliz Espinosa e Julia Uceda son as representantes das letras galegas no mencionado evento.

Oliveira, V., 'Piratas á palestra', *Galicia en el mundo*, 'MARÉ', 28 setembro 2004, p. 42.

Anuncia que os debuxantes galegos Tirso Cons e Javi Montes, dos que se dá conta brevemente da súa traxectoria profesional, publicarán a serie *O ollo do diabro* na editorial francesa Paquet, gracias ás negociacións de Cons co director da editorial francesa iniciadas no Salón do Cómic de Barcelona. Os guións correrán ao cargo do brasileiro Wander Antunes. Lembra que os salóns do cómic estanse a converter nunha plataforma de despegue para os ilustradores galegos. Recorda o caso de Carlos Portela. Sinala tamén que os contadores de historias Mordillo e Bruce Jones participarán no oitavo Salón Internacional do Cómic do Principado de Asturias.

Oliveira, V., 'Para quen imos escribir?/Autores e editores alertan do grave fracaso da política lingüística', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Hoy', 20 outubro 2004, p. 48/74.

Informa que as Asociacións Galegas de Escritores e de Editores denuncian as políticas lingüísticas e de educación da Xunta, constatan o descenso do número de falantes do galego e reclaman un compromiso político co idioma de Galicia. Apunta tamén que a lexislación non rexe a presenza do galego nas universidades, polo que depende de cada institución o uso da lingua galega. Neste sentido sinala que a Universidade de Santiago de Compostela está a cabeza das universidades galegas no uso do galego.

Oliveira, V., 'Xosé Luís Axeitos sitúa o exilio no corazón da Real Academia galega', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 31 outubro 2004, p. 74.

Dá conta do discurso de ingreso na Real Academia Galega de Xosé Luís Axeitos, que versou sobre o exilio galego, centrándose sobre todo na figura de Luís Seoane. O catedrático de Literatura galega ocupará a cadeira que deixou vacante García Sabell. Centos de persoas acompañaron a Axeitos neste emotivo acto, entre as que se destaca a Víctor Freixanes e Rosario Álvarez.

Oliveira, V., 'Gamoneda ispe, de poeta a poeta, o pensamento e a verba de Valente', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 16 novembro 2004, p. 76.

Refírese á conferencia de Antonio Gamoneda sobre o escritor José Angel Valente que tivo lugar no salón de graos da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago. Gamoneda centrouse na poesía de Valente, pero tamén recordou o seu traballo como tradutor, ensaísta, crítico literario ou colaborador da prensa diaria. Segundo el, todo isto fai de José Ángel Valente un dos escritores máis importantes das letras españolas e da cultura europea do século XX.

Oliveira, V., 'A inmóbil luz alén da eternidade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 novembro 2004, p. 50.

Dá conta da conferencia que pronunciou Antonio Gamoneda no salón de graos da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela sobre o poeta ourensán José Ángel Valente. Gamoneda falou sobre todo da poesía de Valente e destacou a súa capacidade para interiorizar o pensamento filosófico e convertelo en poético. Tamén se referiu ás facetas de Valente como tradutor, ensaísta, crítico literario e colaborador de prensa.

Oliveira, V., 'Os versos con papas de arroz', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 novembro 2004, p. 50.

Dáse conta da publicación do número corenta e cinco da revista catalá *The Barcelona Review*, na que se recollen varios poemas das poetas galegas Marta Dacosta e Estíbaliz Espinosa. Tres dos poemas que aparecen no exemplar son inéditos, trátase de "Papas de arroz" de Dacosta e "Lista de datos contemplables" e "Intemperanza" de Espinosa. En columna á parte, saliéntase que na páxina web do Consello da Cultura Galega aparece a edición da obra *Seis poemas galegos* de García Lorca, realizada por Luís Pérez Rodríguez, e coméntase brevemente cómo está composta.

Oliveira, V., 'Un militar bibliófilo', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 27 novembro 2004, p. 50.

Refírese ao congreso sobre o Conde de Gondomar que se está a celebrar en Baiona e no que participan historiadores da talla de Ramón Villares, Mª Carme Saavedra ou José María Pérez García. O evento está organizado pola sección de Patrimonio Histórico do Consello da Cultura e coordinado por Pegerto Saavedra e Eduardo Pardo de Guevara. No congreso destacarase a influencia política e a defensa do galego levada a cabo polo Conde de Gondomar e ademais analizaranse dous poemas seus en galego atopados recentemente.

Oliveira, V., 'O libro perde azos', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 3 decembro 2004, p. 48.

Dáse conta da celebración dunha mesa redonda organizada pola Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega (AELG) e que tivo lugar no Consello da Cultura, dentro do I Simposio dedicado ao libro e a lectura en Galicia. Faise referencia á intervención de Manuel Bragado, que falou da baixa porcentaxe de lectores, da deficiente promoción da lectura e da importancia da edición da Literatura infantil; fixo fincapé, asemade, no descenso das vendas nos últimos anos, na baixada dos beneficios e na crise da profesionalización do sector por considerarse un subsector cultural. Nunha columna á parte, recóllense as declaracións de Bragado sobre a 'diminución da valoración social do uso da lingua para a creación cultural', do cansazo do profesorado na promoción do idioma e da competencia que para o sector editorial supón a Internet; critica a insuficiente presenza da literatura galega en feiras e concursos e mais cita as medidas que, como editor, propuxo á AELG para solucionar esta situación.

Oliveira, V., 'Espellismos do prelo/Un estudo de Freixanes alerta da gran caída da facturación editorial', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Hoy', 4 decembro 2004, p. 49/76.

Saliéntanse os resultados obtidos polo estudo sobre a edición galega, presentado por María Dolores Cabrera e Víctor Freixanes no Consello da Cultura Galega. Indícase que houbo un incremento na produción de libros escritos en galego, sobre todo de novos autores pero os ingresos polas vendas redúcense cada ano máis. Freixanes comenta que este aumento de publicacións débese principalmente ás reedicións que as editoriais están levando a cabo e pola relación do libro co sector escolar. En columna á parte infórmase da celebración do Simposio sobre o libro no que realizaron unha mesa redonda para abordar o tema da lectura.

Oliveira, V., 'Yolanda castaño leva hoxe a Donostia os versos da egoísta', *Galicia Hoxe*, 10 decembro 2004, p. 40.

Anúnciase o espectáculo poético que a poeta Yolanda Castaño ofrece no Centro Cultural de Amara en Donostia, xunto cunha proxección de "O vídeo da egoísta", gañador do premio de Videocreación no Festival Compostela Curtocircuíto 2004. Tamén se informa da conferencia que a profesora Dolores Vilavedra ofrecerá na Facultade de Filoloxía de Barcelona sobre as narradoras galegas na literatura actual.

Oliveira, Vanesa, 'Compromiso creativo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 xullo 2004, p. 49.

Anuncia que o director arxentino afincado en Galicia Xan Leira está a piques de rematar a rodaxe do documental *De mar a mar. Lorenzo Varela* sobre a vida, a obra e o tempo no que viviu este poeta galego elixido pola Real Academia Galega para conmemorar o día das Letras Galegas do ano 2005. O documental, filmado en Galicia, Madrid, Bos Aires, Montevideo e México e no que participan amigos e investigadores sobre Lorenzo Varela da talla de Isaac Díaz Pardo, Xosé Neira Vilas ou Xaime Illa Couto, forma parte dun proxecto

xeral que tamén comprende a realización dun vídeo didáctico, unha exposición de fotografías e pinturas ou un libro de fotos.

Oliveira, Vanesa, 'Facendo memoria viva', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 outubro 2004, p. 67.

Refírese ao discurso de ingreso na Real Academia Galega de Xosé Luís Axeitos, que versou sobre o exilio galego, exemplificado na figura de Luís Seoane. A resposta o seu discurso correu a cargo de Alonso Montero. Moitas persoas, entre as que destaca a Víctor Freixanes e Rosario Álvarez, arrouparon a Axeitos neste emotivo acto celebrado en Rianxo.

Oliveira, Vanesa, 'O teatro non fai teatro', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 16 decembro 2004, p. 37.

Dá conta da presentación do informe elaborado polo Foro Teatral de Sada, onde se analiza e valora a situación do teatro galego como de 'grave degradación'. Como argumentos esgrime este informe a presenza de 'espectáculos cada vez máis pequenos e menos frecuentes, público e representacións cada vez máis reducidas e un número excesivo de compañías' xunto cunha 'escenografía' e unha música 'que se atopan en permanente perigo de extinción'. Para analizar a situación o mesmo Foro xuntou a promotores, coordinadores e compañías.

Oliveira, Vanesa, 'Todo un nadal de letras', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 24 decembro 2004, p. 35.

Dáse conta da produción literaria do Nadal mediante unha listaxe que elaborou a Asociación Galega de Editores con máis de cen obras das trinta e dúas editoriais que pertencen á AGE. Infórmase de que o xénero máis abundante é o infantil, seguido da narrativa. Así mesmo, en columna á marxe, saliéntase que as obras de consulta, dicionarios e manuais, tamén se atopan nas publicacións das editoriais para esas datas.

Ortega Bargueño, Pilar, 'Los editores españoles piden una Ley del Libro y la Lectura', *El Mundo*, 'Cultura', 16 maio 2004, p. 54.

Dá conta do acto de clausura do V Congreso de Editores, celebrado en Santiago de Compostela, destacando que os editores solicitan que as administracións públicas leven a cabo medidas que permitan a modernización das librerías.

Otero Ricart, J.A., 'El barco de los poetas', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 373, 24 xullo 2004, p. 1.

Co gallo do cincuenta aniversario do III Congreso Internacional de Poesía que rendeu homenaxe aos poetas galegos do mar e que se celebrou en Santiago de Compostela , lembra a viaxe que os poetas asistentes ao evento fixeron ás Illas Cíes. Todos os asistentes á

mencionada viaxe, entre os que figuran Gabriel Celaya, Luis Rosales, Pilar Nervión, Pura Vázquez ou Gerardo Diego eloxiaron o entorno e a ría de Vigo.

Outeiriño, Maribel, 'Historia en 4 tiempos', *La Región*, 'Sociedad', 15 abril 2004, p. 69.

Lembra o 25 aniversario da morte do pintor e escritor Luis Seoane. Inclúe unha breve biografía do intelectual e diversos textos e debuxos.

Outeiriño, Maribel, 'Recordando a Celso Emilio Ferreiro', *La Región*, 'Historia en 4 tempos', 1 setembro 2004, p. 61.

Recóllense dous poemas de Celso Emilio titulados "O Reino" e "Ti e mais eu".

Outeiriño, Maribel, 'Nueva revista en Ourense', *La Región*, 'Historia en 4 tiempos', 5 setembro 2004, p. 69.

Rememórase a revista ourensá *Tierra Gallega* mediante unha breve referencia tanto á súa historia, dende que Ricardo Cid a fundara no 1929, ata a súa conservación, na actualidade, na Biblioteca da Deputación de Ourense. Descríbese a publicación, salientando a preeminencia da información sobre a emigración galega en América, sobre a muller, sobre os temas agrarios e a fotografía. Considérase importante o feito de que máis da metade da revista estivese dedicado á publicidade.

Outeiriño, Maribel, 'Historia en 4 tiempos', *La Opinión/Faro de Vigo*, 'Sociedad', 5 setembro 2004, p. 69.

Informa que hai setenta e cinco anos comezaba a publicarse en Ourense a revista *Tierra Gallega* co subtítulo "Revista gráfica de la ciudad y el campo gallego". Fundada por Ricardo Cid Martínez en 1929, *Tierra gallega* incluía unha páxina dedicada á muller, información sobre a colonia galega en Hispanoamérica, a carteleira cos principais espectáculos das cidades galegas, etc.

P.A., 'Edítase en inglés 'Vento ferido', primeiro volume de contos de Casares', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 26 maio 2004, p. 76.

Informa da publicación en inglés do libro de Carlos Casares. A tradutora, Rosa Rutherford, destaca a "significación universal" que adquiren as historias contidas no libro e a loita dos seus personaxes cos lados máis escuros da existencia.

P.A.M., 'Outra débeda histórica', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 1 decembro 2004, p. 49.

Anuncia a celebración do I Simposio "O libro e a lectura" presentado en rolda de prensa por Manuel Bragado e Miguel Anxo Fernán Vello, presidente e secretario respectivamente da Asociación Galega de Editores, organización responsábel da celebración do evento. Apunta os temas que se tratarán no mencionado simposio, entre os que figuran a historia da edición en Galicia, o mercado e a globalización, o libro infantil, a reprografía ilegal, etc. Dá conta tamén das queixas da Asociación Galega de Editores polo déficit de libros -especialmente novidades bibliográficas- en galego nas bibliotecas públicas. Finalmente, sinala que esta asociación presentará o Anuario da Asociación Galega de Editores, tarxeta de presentación das editoriais galegas cara o exterior.

P.C.C., 'La biblioteca eumesa se conecta a la red para universalizar a Gurméndez', *Diario de Ferrol*, 'Ferrolterra', 25 marzo 2004, p. 28.

Anuncia que o concello de Pontedeume incorporarase ao programa "Internet nas Bibliotecas" co obxectivo de transmitir ao maior número de persoas posible os contidos dos seus fondos bibliográficos, entre os que se conta o legado do filósofo Carlos Gurméndez.

P.G., 'Saldada la deuda con Celso Emilio', *La Región*, 'Ourense', 30 outubro 2004, p. 7.

Dá conta do pleno extraordinario da Deputación ourensá no que, a instancia do deputado provincial Gonzalo Iglesias, se nomeou a Celso Emilio Ferreiro fillo predilecto da provincia. O pleno estivo presidido por José Luís Baltar Puma e asistiron, entre outros, os fillos do autor, Luís e Fernando, a súa neta e o presidente da Fundación do seu nome, Antonio Rodríguez, xunto a outros persoeiros da vida institucional e cultura da provincia. Describe tamén en qué consistiu o acto, que foi a lectura da acta do acordo plenario, a entrega dun diploma acreditativo aos seus familiares e a lectura, logo dos discursos de agradecemento, dun poema do autor ourensán.

P.R.C., 'Un convenio cultural por cerca de 400.000 euros', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 10 xullo 2004, p. 4.

Dá noticia da firma dun novo convenio de colaboración en materia cultural entre Caixa Galicia e o concello de Ferrol, o cal permitirá a organización de ciclos teatrais e de música clásica, así como a adquisición de obras para o museo Torrente Ballester e a restauración de varios monumentos emblemáticos da cidade.

P.S., 'La Casa de la Cultura acoge el 31 la entrega del 'Lueiro Rey', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 20 xaneiro 2004, p. 18.

Sinala que o vindeiro día 31 de xaneiro se vai entregar o XI premio Manuel Lueiro Rey, correspondente á edición de 2003. O acto terá lugar na casa da cultura do Grove e nel, a gañadora do certame, Pilar Buela por *Ácaros Verdes*, recibirá o seu galardón. Tamén se dá

noticia da próxima entrega do Premio Blanco Amor, ao que se presentaron trinta e tres obras.

P.S., 'La XIV Feira do Libro abre los actos del Día das Letras Galegas', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 30 abril 2004, p. 14.

Sinala que os actos do Día das Letras Galegas iniciaranse en O Grove coa XIV Feira do Libro, continuando nos días seguintes con diversas actuacións teatrais e musicais.

Palacios, Xosé María, 'La Fundación Manuel María busca fórmulas que impulsan la comarca', *La Voz de Galicia*, 'Terra Chá', 24 outubro 2004, p. L11.

Dise que o recordo de Manuel María estará de novo latente nun acto que preparou a Fundación que leva o seu nome da Terra Chá, xa que organizou o cuarto congreso cultural chairego, que este ano leva por título "A identidade rural da Terra Chá: presente e futuro". Tamén se comunica que no campo de Santa Isabel en Outeiro de Rei terá lugar un recital poético en homenaxe ao poeta recentemente falecido.

Palacios, Xosé María, 'Vilalba pretende ser un foro cultural de ámbito comarcal', *La Voz de Galicia*, 'Vilalba', 28 outubro 2004, p. L11.

Dise que na presentación do cuarto congreso cultural chairego, "A identidade rural da Terra Chá: presente e futuro", que organizan a Fundación Manuel María e a Asociación Cultural Xermolos se falou da actividade cultural a desenvolver nas terras chairegas e que, de novo, Manuel María foi o referente en todo momento. Tamén se comunica que este congreso concluirá no campo de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, cun recital poético en homenaxe ao poeta recentemente falecido.

Palacios, Xosé María, 'Xermolos dá calor con palabras', *La Voz de Galicia*, 'Terra Chá', 21 novembro 2004, p. L9.

De entre as numerosas e variadas actividades que desenvolve a asociación guitiricense e de carácter cultural Xermolos que se recollen nesta noticia, interesan, pola súa relación coa literatura galega, a presentación dos libros *Las cuatro estaciones*, de Pablo Barral Miragaya, e *Os xogos serodios*, de Manuel Anxo Laxe; ademais do recital que ofrecerá Marta López de poemas seus que ten publicado en numerosas revistas da comarca. Así mesmo, dise que a devandita asociación ten pensado realizar uns obradoiros "da memoria", nos que persoas maiores explicarán como se realizaban traballos e tradicións que na actualidade xa non se desenvolven.

Palacios, Xosé María, 'El Museo llama a las musas', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 24 decembro 2004, p. L2.

Dáse conta do acto celebrado no Museo Provincial co gallo da primeira sesión da revista oral *O Pazo das Musas*. O xornalista vai describindo as distintas partes das que constou o evento, comezando polas palabras da xerente do centro Encarna Lago, seguindo coa interpretación dunha composición musical e chegando á lectura que Isidro Novo fixo dalgúns poemas ou á lectura dramatizada dun entremés de Cervantes, entre outras.

Palmou, Ángel, 'Francisco Pillado', *La Voz de Galicia*, 'O Saqueo', 17 2004, p. 18.

Semblanza da figura do escritor e investigador Francisco Pillado, presentado como un dos principais defensores e impulsores do patrimonio literario galego, tanto na súa faceta de creador e editor como na de filántropo.

Palmou, Ángel, 'Chus Pato', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 43, 'O Saqueo', 10 xaneiro 2004, p. 13.

Breve reportaxe centrada na poetisa ourensá, no cal se desvelan algúns dos aspectos do universo simbólico que rodea a súa vida e a súa obra a través da explicación do significado de diversos obxectos que adornan o lar lalinense da escritora.

Palmou, Ángel, 'Marica Campo', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 44, 'O Saqueo', 24 xaneiro 2004, p. 13.

Páxina dedicada á escritora lucense, quen, ademais de falar das claves da súa vida e os seus textos, anuncia que prepara o seu regreso ás letras cun poemario e un libro de relatos.

Palmou, Ángel, 'Xaime Illa Couto', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 45, 'O Saqueo', 31 xaneiro 2004, p. 18.

Reportaxe sobre o actual presidente de honra da Editorial Galaxia, o cal, ao tempo que mostra algúns dos obxectos que decoran a súa casa, lembra o seu labor como impulsor da cultura galega.

Pantín, Chicha, 'El BNG reestructura su grupo con la incorporación de dos nuevos concejales', *El Correo Gallego*, 'Ferrol', 15 setembro 2004, p. 20.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, anuncia a celebración un ano máis dun taller literario na Casa de Cultura de Fene. O taller estará dirixido por Eduardo Estévez e Rosa Aneiros e contará ademais coa presenza de diferentes escritores ao longo do curso.

Patiño, Olga , 'Orla', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 27 agosto 2004, p. 6.

Olga Patiño conta neste relato os pensamentos e a soidade que asolagan a Orla, igual ca choiva que cae sobre ela. O feito de que un canciño despistado estivese a piques de ser atropelado na rúa, esperta a Orla da súa abstracción e corre a agarimar a aquel canciño, pois ambos precisábanse para saír adiante.

Pavón, Lalo, 'Contos da Policía', *La Región*, 'De paso', 6 xaneiro 2004, p. 16.

Recensión dun libro de contos ambientados no mundo policial e escritos tanto por membros dos corpos policiais como por recoñecidas firmas do panorama literario galego. Destaca a importancia da obra na normalización do galego na policía, un sector con altos índices de resistencia ao idioma galego.

Paz, Begoña, 'Data de caducidade', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 3 agosto 2004, p. 6.

Begoña Paz (A Coruña, 1965) relata en "Data de caducidade" os pensamentos dun home ante o corpo case sen vida da súa muller, reprochándose sobre todo, non terlle prestado máis atención.

Paz, Xabier, 'De 'Sedimentos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 setembro 2004, p. 64.

Poema de Xavier Paz do poemario *Sedimentos* que cavila sobre a filoxénese e a posibilidade, só ficticia, de mudala.

Paz, Xabier, 'De 'Sedimentos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 outubro 2004, p. 46.

Neste poema de *Sedimentos* Xabier Paz reflexiona sobre o tempo, céntrase sobre todo no tempo pretérito.

Paz, Xabier, 'Sedimentos', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 27 novembro 2004, p. 56.

Poema de Xavier Paz do poemario *Sedimentos* que cavila sobre a filoxénese e a posibilidade, só ficticia, de mudala.

Peaguda Pérez, Gustavo, 'O Flaneur suicida', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 setembro 2004, p. 62.

No poema "O Flaneur suicida", Gustavo Peaguda Pérez refírese as intencións suicidas do eu lírico, que na súa condición de poeta será unha "morte poética".

Peaguda Pérez, Gustavo, 'Medo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 novembro 2004, p. 54.

O poema "Medo" de Gustavo Peaguda Pérez reflexiona sobre o temor que esperta a contemplación dun corpo nú. Esta precedido do verso "É o medo, e o medo" de Claudio Rodríguez .

Peña, Abel, 'El teatro es mejor sin máscaras', *El Ideal Gallego*, 10 novembro 2004, p. 72.

Informa que Fernando López, actor vocacional, imparte clases de teatro a diminuídos psíquicos e físicos. Recolle as palabras de Fernando López, quen declara a facilidade e o alto grado de implicación co que actúan estes alumnos con Síndrome de Down e a debilidade que senten polas historias de amor. Sinala tamén que representan escenas de obras universais e de películas coñecidas.

Peña, Abel, 'Los que 'tramoyan' tras el telón', *El Ideal Gallego*, 18 novembro 2004, p. 72.

Reivindica o duro traballo dos escenógrafos que pon a punto os decorados, a iluminación e todo o que precise cada espectáculo en particular. Apunta que un total de vinte persoas traballaron detrás do pano no teatro Rosalía de Castro para que a compañía Ballet Galego Rey de Viana puidera representar o seu espectáculo na Coruña.

Peña, Susi, 'Ladridos de amor', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 8 agosto 2004, p. 7.

Susi Peña (O Grove) relata a fermosa historia de amor entre un can e unha cadeliña, que se conforman con mirarse desde a distancia nos paseos matutinos e vespertinos de cada día, pero, temerosos das ausencias que lles suporían as vacacións do verán, deciden confesar o un ao outro o amor que senten.

Pena, Xosé Ramón, 'Pensamento crítico', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 65, 'Libros', 8 xaneiro 2004, p. IV.

Dá conta dos contidos do número 55 d´A trabe de ouro, resaltando os artigos sobre Salvador Allende e o da autoría de Antón Figueroa sobre "a clara inserción do feito literario na realidade social".

Pena, Xosé Ramón, 'Retorno a Paul Celan', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, 'Libros', 26 febreiro 2004, p. IV.

O autor fai unha reseña do número 4 (inverno 2003-2004) da revista Amastra-N-gallar, dedicada ao poeta austríaco Paul Celan. Despois de achegar algúns datos biobibliográficos sobre o homenaxeado, repasa os artigos recollidos no número especial, destaca o feito de

que fosen publicados na súa lingua orixinal, ademais de en galego, e saúda a iniciativa editorial de Emilio Araúxo.

Penoucos, X.R., 'Los literatos gallegos homenajean en Samos a sus compañeros de Occitania', *La Voz de Galicia*, 'Provincia', 27 maio 2004, p. L12.

Infórmase de que en Samos terá lugar unha homenaxe dos literatos galegos aos seus homónimos da zona sur de Francia. Estes actos, que se desenvolverán baixo o título "Desacordo de amor: Occitania en Galicia", contan co patrocinio da Consellería de Cultura e estarán organizadas polo Pen Club de Galicia. Relaciónanse algúns dos participantes, como o medievalista Guiseppe Tavani, Xosé Luís Méndez Ferrín, Darío Xoán Cabana, Xesús Rábade Paredes ou Bernardino Graña, entre outros. Coméntase que foi elixida a vila de Samos polos referentes literarios que posúe, na que estivo Ramón Cabanillas, o padre Feixoo ou Fiz Vergara Vilariño.

Pereira, Jose, 'Os Escritores do PEN Club ríndense ante a cultura literaria do mar de Arousa', *Diario de Arousa*, 18 xullo 2004, p. 27.

Co gallo da celebración en Compostela dun Encontro do PEN Clube, un grupo de escritores pertencentes a mencionada asociación visitou Cambados e a Pobra do Caramiñal para render unha homenaxe ás figuras de Ramón Cabanillas e Valle Inclán. Apunta que durante as xornadas do Encontro os participantes expuxeron e debateron diferentes temas coma a visión de Compostela na literatura, os novos camiños narrativos, a poesía do novo milenio, etc. Entre os conferenciantes destaca a Helena Villar Janeiro, Anxo Tarrío, Chus Pato, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Xosé Luís Axeitos.

Pereiras, Xesús, 'Cantos da Seiva', *Galicia en el mundo*, 'MARÉ', 23 agosto 2004, p. 48.

O poema "Cantos da Seiva" de Xesús Pereiras reflexiona sobre a inocencia e o soño de liberdade que embargan unha época do ser humano.

Pereiras, Xesús, 'De 'cantos da seiva", *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 8 decembro 2004, p. 48.

Cavilación do autor sobre a vida e as consecuencias de soñar unha liberdade.

Pereiro, Xosé Manuel, 'Replacement', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 15 agosto 2004, p. 10.

Xosé Manuel Pereiro (Monforte de Lemos, 1956) narra a vida dun mozo aburrido do seu traballo e sen vida social, que só se entretén imaxinándose capataz, armador ou tripulante dun dos moitos navíos que divisaba no porto desde a galería da súa casa, por iso decide

enrolarse como engraxador nun barco que facía a ruta do Báltico. O relato está acompañado dunha ilustración de José Tomás.

Pereiro, Xosé Manuel, 'Manuel María Fernández Teixeiro, poeta', *El País*, 'Necrológicas', 11 setembro 2004, p. 38.

Refírese ao pasamento do Manuel María. Destaca a producción literaria do escritor, que abrangue todos os xéneros literarios, aínda que cultivou sobre todo a poesía. apunta a multitude de persoas que o acompañaron durante o velorio na igrexa de San Domingos de Bonaval en Santiago e no enterro na igrexa de Santa Isabel en Outeiro de Rei (Lugo). Non só persoeiros do mundo cultural, senón tamén múltiples lectores déronlle o último adeus o poeta chairego. Subliña que ademais da súa labor como escritor, Manuel María tamén foi un gran activista político e cultural. Por último, lembra as súas dotes como narrador oral.

Pérez Pena, José Manuel, 'Estraños na alcoba', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verásn', 8 agosto 2004, p. 8.

En "Estraños na alcoba", José Manuel Pérez Pena relata as últimas horas do día dunha parella: cine, conversa diante do televisor e sexo antes de durmir. Refírese, pois, a rutina que, ás veces, asolaga a vida de calquera parella, pero tamén dá conta da complicidade e harmonía entre ambos.

Pérez Prieto, Victorino, 'Dunha caste rexa de labregos fideles á súa terra i ó seu Deus', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Cultura', 16 setembro 2004, p. 26.

Este texto é unha sentida homenaxe de Victorino Pérez Prieto ao recentemente falecido Manuel María. Pérez Prieto subliña a inxente producción literaria do escritor e destaca para esta ocasión o *Libro de Pregos* (1962). Lembra que *Libro de Pregos* foi escrito por Manuel María con motivo do pasamento do seu irmán, afirma que se trata dunha obra pouco coñecida pola gran público porque non se reeditou ata a publicación da súa *Obra completa*. Para finalizar o artigo recolle algúns dos versos deste poemario.

Pérez, Cristina, 'Marica Campo pide paz al abrir en San Xoán de Guitiriz', *El Progreso*, 'Terra Chá', 25 xuño 2004, p. 24.

Informa do inicio das festas de San Xoán en Guitiriz, cuxo pregón, realizado por Marica Campos, centrouse na defensa dos valores da paz e a solidariedade.

Pérez, Cristina, 'A comisión encargada do novo rueiro adícalle unha vía ó poeta Manuel María', *El Progreso*, 'Terra Chá', 5 outubro 2004, p. 22.

Informa que a comisión responsábel da elaboración do novo rueiro de Guitiriz decidiu dedicarlle unha rúa ao poeta Manuel María. Recorda que o poeta chairego mantiña unha boa e constante relación coa vila a través da asociación *Xermolos*, presidida por Alfonso Blanco Torrado, un dos mellores amigos e seguidor da obra do escritor.

Pérez, Helena, 'Unha aposta por un sistema de excelencia educativa/Una apuesta por un sistema de excelencia educativa', *ABC*, *'Letras Gallegas'*, 17 maio 2004, pp. 4-6/5-7.

Anuncia as novidades que caracterizarán o próximo curso escolar, entre as que sobresaen a posta en práctica do programa de gratuidade dos libros de texto e a supresión da promoción automática. Ademais, dá noticia dos convenios de cooperación subscritos pola Consellería para mellorar o transporte e da creación dun novo espazo electrónico que, baixo o título " A educación sen límites", permitirá o acceso a multitude de recursos e contidos educativos.

Pérez, L., 'Cultura ultima un libro dedicado a la obra y vinculación de Urbano Lugrís con el municipio', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Bueu', 6 xullo 2004, p. 20.

Dá conta da publicación en breve dun libro realizado por Antón Patiño sobre a biografía do pintor e a súa especial vinculación co concello de Bueu.

Pérez, Manuel, 'A raiola', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literaris', 21 agosto 2004, p. 7.

"A raiola" de Manuel Pérez (Silleda) relata os pensamentos dun prisioneiro antes do momento da súa execución. O acusado lembra emocionado a súa terra natal, da que ao mellor nunca debera saír, e os seus pais.

Pérez, María Vanessa, '¡Rediós! ¡Qué cousas!', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 27 agosto 2004, p. 7.

María Vanessa Pérez advirte dos perigos das plantas transxénicas mediante este relato, titulado "¡Rediós! ¡Qué cousas!", no que un granxeiro fai uso das sementes "milagreiras" obtendo excelentes colleitas, pero os seus animais sufrirán estrañas mutacións ao comer as plantas mencionadas.

Pérez, Patricia, 'Un hombre que recupera la tradición', *La Opinión*, 'A Coruña', 4 febreiro 2004, p. 16.

Destaca a reedición dun libro sobre a vida e a obra de Victoriano García Martí, escrito polo historiador Fernando Casanova. A obra, publicada orixinalmente o ano pasado, tivo unha gran acollida por parte dos lectores e xa vendeu numerosos exemplares.

Pérez, Patricia, 'Un iniciador al teatro para niños y adultos', *La Opinión*, 'A Coruña', 17 marzo 2004, p. 12.

Noticia centrada na figura de Juan Rodríguez como coordinador dos cursos de teatro da compañía Caramuxo. A Compañía ofrece dous obradoiros para adultos e mozos e un curso de monicreques.

Pérez, Patricia, 'Las fundaciones, mecenas del siglo XXI', *La Opinión*, 'A Coruña', 25 abril 2004, p. 20.

Reportaxe dedicada ao papel das fundacións no financiamento das actividades culturais que teñen lugar na comarca de A Coruña. Cita, como institucións principais, o Centro da Estampa Contemporánea (Betanzos), a Fundación Wenceslao Fernández Flórez (Cambre), a Fundación Juana de Vega (Oleiros), a Fundación Amancio Ortega (Arteixo) e a Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Pérez, Patricia, 'Un experto en el mundo del cómic', *La Opinión*, 'El personaje', 28 abril 2004, p. 20.

Explica o traballo de Manel Cráneo como impulsor do mundo do cómic a través dos obradoiros que imparte en bibliotecas e centros sociais da Coruña.

Pérez, Patricia, 'Biblioteca: aprendizaje y diversión asegurados', *La Opinión*, 'La Gran Coruña', 27 xuño 2004, p. 15.

Reportaxe sobre a situación das bibliotecas da comarca coruñesa, nas que destaca a preocupación polo pago dun canon por préstamo que podería supoñer unha caída do número de lectores.

Pérez, Rubén, 'O maior tesouro da humanidade', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 15 agosto 2004, p. 10.

Rubén Pérez (Pamplona, 1985) fala sobre as Terras de Tévellun, un lugar no que destaca por encima de todo as figuras dos seus pais. "O maior tesouro da humanidade" parece subliñar que por encima dos monumentos históricos e artísticos de calquera pobo están as xentes que o habitan.

Pérez, Susana, 'Dieciocho años de libros', *La Opinión*, 'Narón', 1 febreiro 2004, p. 22.

Artigo que celebra os dezaoito anos da primeira biblioteca de Narón. Actualmente, a biblioteca acumula 37.000 libros e 10.000 asociados.

Pérez, Susana, 'Las bibliotecas municipales ganaron 892 socios en 2003', *La Opinión*, 'Narón', 10 marzo 2004, p. 23.

Informa do aumento de socios das bibliotecas municipais nun 10%. A maior parte dos novos socios forma parte da sede central, que conta con un novo edificio.

Pérez, Susana, 'La escuela de teatro ocupará una parte de la Casa da Cultura', *La Opinión*, 'Narón', 28 xullo 2004, p. 19.

Informa que a Casa de Cultura de Narón albergará no seu interior a escola de teatro, que conta cun total de trinta e un alumnos, cifra que se incrementará tendo en conta que este ano se impartirá un curso máis, en concreto o segundo ano do segundo ciclo. Non se descarta que o edificio se destine tamén a outros usos dado o seu amplo espazo.

Pérez, Xoán Antón, 'Elle McPherson cumple 40', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 3 agosto 2004, p. 6.

Relato de Xoan Antón Pérez (A Coruña) que presenta a un home ante un espello que lle devolve a imaxe do seu rostro marcada polos corenta anos que acaba de cumprir. Fai referencia, pois, o inexorábel paso do tempo, que ademais das engurras tamén deixa experiencias e sabedoría.

Picallo Fuentes, Héitor, 'Buleiras do mar', *Diario de Arousa*, 'Colaboración', 14 novembro 2004, p. 25.

O poema "Buleiras do mar" de Héitor Picallo Fuentes ten como eixe central o desastre do Prestige. O poeta denuncia a lamentábel catástrofe e berra "Pola dignidade de Galiza.../ NUNCA MÁIS!!!!!"

Picallo Fuentes, Martiño, 'Poemas', *Diario de Arousa*, 12 setembro 2004, p. 25.

Anuncia que Martiño Picallo Fuentes converterase en colaborador habitual do "Suplemento Cultural" do *Diario de Arousa*. Repasa a traxectoria profesional de Picallo salientando a súa investigación no eido da literatura popular e o seu estudo da toponimia actual. Finalmente, sinala a súa producción literaria, centrada sobre todo na poesía, na que predomina unha temática intimista, amorosa e de denuncia social. Inclúe os poemas "lucernas" do álbum *Luminarias*, "outono" da obra *Apaga a luz* (2003) e "o sino" do homenaxe a Xoán Xesús González.

Picallo Fuentes, Martiño, 'Poemas', *Diario de Arousa*, 10 outubro 2004, p. 25.

Ofrécense tres poemas de Martiño Picallo Fuentes titulados "hipotenusa", "contraportada" e "náufragos". "hipotenusa" e "náufragos" pertencen o poemario *Náufragos* (2002), o primeiro alude o encontro dos amantes e o segundo presenta unha temática metapoética.

Picallo Fuentes, Martiño, 'Poemas', *Diario de Arousa*, 'Colaboracións', 31 outubro 2004, p. 22.

Preséntanse os poemas "censura", "pechado por defunción" -incluídos no poemario *Pedras. De utopías e angazos* (2004)- e "cobre" -pertencente ao libro *Náufragos* (2002)- de Martiño Picallo Fuentes. "cobre" é sobre todo un poema metapoético, pois o poeta xoga coas palabras que van construíndo o poema. En "censura" e "pechado por defunción", Picallo denuncia a censura e reflexiona sobre o desastre do Prestige.

Piñeiro, A., 'Una tataranieta de Curros homenajeó al poeta junto al coro de la Complutense', *La Región*, 'Celanova', 10 maio 2004, p. 10.

Dá noticia da celebración dunha homenaxe musical a Curros Enríquez, na que participou, xunto co Coro Microcosmos da Universidade Complutense, Paz
Viveros Hernando, tataraneta do poeta. O concerto prodúcese dous días despois da constitución da Fundación Curros Enríquez.

Piñeiro, Antonio, 'Palabra de poeta' en homenaxe a Carlos Casares en Xinzo', *La Región*, 'Cultura', 28 marzo 2004, p. 91.

Informa da realización dunha representación poética en homenaxe ao escritor Carlos Casares. O acto, organizado por Luís González Tosar, supón a continuación dunha serie da recitais que, baixo o título de "Palabra de poeta", intentan achegar a poesía aos cidadáns.

Piñeiro, Antonio, 'Mentres te alonxas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 xullo 2004, p. 54.

Poema de tono sentimental e estilo coloquial, tirado do libro homónimo que Antonio Piñeiro publicou este ano e que é descrito no apartado correspondente deste *Informe*.

Piñeiro, Antonio, 'De 'Baleiro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 agosto 2004, p. 54.

Poema de Antonio Piñeiro incluído en *Baleiro* no que a voz poética alude a imposibilidade de esquecer un amor que o abandonou hai xa tempo. Así contra o principio de que "todo flúe" -verso que estrutura o poema- aquel amor aínda permanece.

Piñeiro, Antonio, 'Levidade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 novembro 2004, p. 56.

Poema de Antonio Piñeiro no que reflexiona en certo modo sobre a incomunicación e o nihilismo.

Piñeiro, Antonio, 'De "Mentres te alonxas"', *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 15 decembro 2004, p. 40.

O poeta retoma o tema clásico de "*Omnis fluens"* para reflexionar sobre os seus sentimentos amorosos.

Piñeiro, Nuria, 'Tempos aqueles', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 14 agosto 2004, p. 6.

No relato "Tempos aqueles" de Nuria Piñeiro (Meirás, A Coruña), o protagonista fai referencia á dura época da ditadura en Galicia e intercala as palabras da súa avoa que remiten a crueza da guerra civil.

Piñeiro, P., 'La Universidad se ofrece para albergar la Escuela Superior de Arte Dramático', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 20 xaneiro 2004, p. 11.

Dá conta do interese da institución académica viguesa por acoller a Escola Superior de Arte Dramático. Ademais, anuncia o inicio do I Foro Internacional de Teatro Universitario, composto por catro xornadas de conferencias e mesas redondas.

Pinho, Márcio, 'Poetas galegos e estudiantes estranxeiros homenaxearon a Luísa Villalta no 'Día da Poesía', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 22 marzo 2004, p. 71.

Alude a un recital poético levado a cabo co obxectivo de celebrar o Día Internacional da Poesía e homenaxear á escritora falecida Luísa Villalta. Sobresaen, entre os participantes, Celso Fernández Sanmartín, Sechu Sende, Carme Blanco e Antonio Fernández Seoane.

Pinho, Márcio/AGN, 'Poetas e artistas homenaxean a Man cunha libreta de creación colectiva', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 14 abril 2004, p. 74.

Anuncia a realización da acción poética "Libreta a Man", proxecto que conmemora o primeiro aniversario da morte deste personaxe que se fixo coñecido debido á súa forma de vida na Costa da Morte.

Pino, Concha, 'A Universidade valora a creación dun Instituto de Estudios Teatrais', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 9 xaneiro 2004, p. L9.

Informa da presentación do cuarto curso de especialización de posgrao en Arte Dramática, durante a cal reivindicouse a creación da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Pino, Concha, 'A enerxía da utopía de José Afonso renace na escea teatral', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 18 xaneiro 2004, p. L6.

Dá conta da representación no Auditorio de Galicia do espectáculo teatral "Cantiga para Já", creado e dirixido polo autor francés Jean-Pierre Sarrazac. A obra, inspirada na música de José Afonso, pretende ser "un canto á esperanza, á enerxía soterrada que sempre sae á superficie".

Pino, Concha, 'Los premiados en San Clemente dicen que son un impulso contra la desilusión', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 xaneiro 2004, p. 45.

Faise eco do acto de entrega da IX edición do Premio San Clemente 2003 que recaeu en Rosa Aneiros, Almudena Grandes e Jonathan Coe. Recolle as palabras de agradecemento, por parte de Ubaldo Rueda, pola presenza dos galardoados na recollida do premio, así como as dos gañadores, salientando o valor do premio polo recoñecemento da xente nova ás súas obras. De seguido, menciona tamén a entrega da Medalla de Ouro ao editor Jorge Herralde, con motivo do catrocentos aniversario do fundador do Colexio Maior. Aparece tamén unha breve entrevista a Almudena Grandes na que fala, entre outros temas, das súas anteriores novelas, da crítica ao concepto de "literatura feminina" e da opinión que lle merecen as adaptacións das súas novelas ao cine.

Pino, Concha, 'Saramago abre o ciclo de Feiras do Libro pregoando', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 29 abril 2004, p. 46.

Noticia da apertura do ciclo de Feiras do Libro, programado pola Federación de Libreiros e a Consellería de Cultura. O escritor portugués José Saramago inaugura a Feira do Libro de Santiago de Compostela como pregoeiro. Ademais, a agrupación de libreiros compostelá convoca o premio de poesía Luísa Villalta, sen dotación económica e coa publicación da obra premiada pola editorial Espiral Maior.

Pino, Concha, 'A Feira do Libro abre na Alameda dez días de encontro coa cultura', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 30 abril 2004, p. L8.

Anuncia o comezo da XXIII Feira do libro en Santiago, en cuxo programa destaca o pregón inaugural de José Saramago e as charlas e encontros con escritores como Xavier Alcalá, Suso de Toro, Luísa Castro e Cristina Sánchez Andrade.

Pino, Concha, 'O legado de Torrente é unha razón para afrontar este reto', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 4 maio 2004, p. L2.

Noticia sobre o xornalista Xosé María García Palmeiro, quen, tras deixar a presidencia do Colexio de Xornalistas de Galicia, converterase n o xerente da Fundación Torrente Ballester.

Pino, Concha, 'Unha exposición percorre as orixes e a creatividade do instituto Rosalía', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 30 xuño 2004, p. L7.

Destaca a celebración dos actos relacionados cos 400 anos do edificio compostelán, entre os que sobresae unha exposición que reúne obras de profesores e alumnos de varias épocas.

Pino, Concha, 'Santiago queda definitivamente sen a Escola Superior de Arte Dramática', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 6 outubro 2004, p. L7.

Informa que o presidente da Xunta de Galicia anunciou a creación da Escola Superior de Arte Dramático na cidade de Vigo. Apunta que esta decisión non foi ben acollida polo equipo de goberno do concello de Santiago, que pretendía situar a mencionada escola na capital de Galicia, dado que Compostela é a cidade galega na que o feito teatral cobra máis relevancia, tanto por iniciativa pública como por iniciativa privada. Sinala tamén que os estudos de Arte Dramático, xunto coa aprendizaxe do resto de actividades artísticas, musicais e de idiomas, forman parte das ensinanzas de réxime especial contempladas na Loxse.

Pino, Concha, 'O comercio do casco vello abre portas e ventás ao teatro', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 10 outubro 2004, p. L2.

Polo vixésimo aniversario do Centro Dramático Galego, ademais dunha exposición aberta na Fundación Torrente Ballester, os organizadores están a expoñer nas tendas e comercios do casco antigo da cidade de Compostela, elementos representativos das montaxes que levou a cabo o Centro e, ao final da nova, noméanse as rúas nas que se poden atopar ditos elementos.

Pino, Concha, 'O Salón Teatro convértese na sede definitiva do Centro Dramático Galego', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 28 decembro 2004, p. L7.

Sinala que o Salón Teatro, que fora remodelado en 1999, se converteu na sede definitiva do Centro Dramático Galego; indica, ademais, que será a propia compañía a encargada de xestionar a sala e, facendo referencia ás declaración de Manuel Guede, director do CDG, explica que a xestión que a compañía faga do Salón Teatro primará a profesionalización do teatro galego.

Pino, Concha, 'Un cedé compila a produción do libro galego dende o século XIII', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 31 decembro 2004, p. 46.

Dá conta da edición, por parte da Federación de Libreiros de Galicia, dun CD onde se recolle toda a produción bibliográfica en galego dende as Cantigas de Santa María ata finais do ano 2000. Anota que este é o primeiro material deste tipo que se edita en España, sendo un legado histórico fundamental da Federación de Libreiros á lingua e cultura galegas. Salienta o seu sinxelo uso e o seu potente motor de busca, capaz de aforrar moito tempo e molestias. Di que a presentación desta obra terá lugar en tódalas bibliotecas públicas de Galicia.

Pita Parada, Rocío, 'Libros maiores de idade', *Diario de Ferrol*, 2004, p. 64.

Breve reportaxe sobre o décimo oitavo aniversario da biblioteca municipal de Narón. Lembra a historia da institución e os cambios que se produciron no seu funcionamento dende a fundación.

Plath, Sylvia, 'Neno', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 setembro 2004, p. 46.

Poema de Silvia Plath titulado "Neno", no que alaba a mirada inocente e entusiasta dun neno: "O teu ollo claro é a única beleza absoluta […] Órbita sen enruga,/ Chea de imaxes". A tradución do poema débese a Claudia Castro.

Plath, Sylvia, 'Neno', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 setembro 2004, p. 54.

Poema de Silvia Plath titulado "Neno", no que alaba a mirada inocente e entusiasta dun neno: "O teu ollo claro é a única beleza absoluta […] Órbita sen enruga,/ Chea de imaxes".

Portas, José, 'Aprender a escribir', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 28 agosto 2004, p. 7.

Este relato de José Portas (Ferrol, 1951) versa sobre os desexos dun pai analfabeto de que o seu fillo aprenda a ler e a escribir. O mestre do neno infórmao de que o seu fillo non consegue aprender a ler, entón o pai pídelle, contra toda lóxica, que o aprenda a escribir.

Porto, Gabino, 'A Cultura rinde homenaxe a Peinador Lines, impulsor de Mondariz Balneario', *Faro de Vigo*, 'Área metropolitana/Condado-Paradanta', 27 marzo 2004, p. 17.

Dá noticia da petición realizada pola Fundación Premios da Crítica para a consideración de don Ramón Peinador Lines como fillo predilecto do concello de Mondariz Balneario. O empresario, finado en 1940, impulsou o proxecto do balneario iniciado pola súa familia e foi un precursor do galeguismo.

Pose, Xoán, 'Cuarto insalubre', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 11 agosto 2004, p. 7.

Xoan Pose (A Coruña, 1959) relata en "Cuarto insalubre" as precarias condicións de hixiene nas que vive o protagonista, que dan conta da miseria que o rodea.

Pousa, Luis, 'Relatos para esquecer', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 53, 'Letras en galego', 20 marzo 2004, p. 6.

Recensión do libro de relatos *O lobo da xente*, de Alberto Momán. O xornalista critica o estilo rudimentario da escrita e o ton pornográfico dalgunhas pasaxes.

Pousa, Luis, 'Seoane, el artista total', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 55, 'La figura', 3 abril 2004, p. 7.

Páxina centrada na conmemoración do 25 aniversario da morte de Luís Seoane. Subliña o papel do creador na renovación das artes plásticas galegas e o carácter multidisciplinar da súa obra, que se estende pola pintura, a escultura, a poesía e a publicidade.

Pousa, Luis, 'La Grecia fabulosa de Álvaro Cunqueiro', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 91, 'Libros 2004', 18 decembro 2004, p. 4.

Informa da reedición que a editorial Destino fixo recentemente da obra *Un hombre que se parecía a Orestes*, de Álvaro Cunqueiro; destaca a calidade literaria deste volume e define a Cunqueiro como un dos grandes das letras galegas.

Pozo Garza, Luz, "Noite de bodas", *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 18 decembro 2004, p. 40.

Apóstrofe do eu lírico a alguén para que non vaia ao mar, xa que alí o espera a morte.

Pozo Garza, Luz, 'De 'Memoria Solar'', *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 22 decembro 2004, p. 40.

Apóstrofe do eu lírico a alguén para que non vai ao mar, xa que alí o espera a morte.

Prieto, José, 'Champions League', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 11 agosto 2004, p. 6.

José Prieto céntrase neste relato na ansia de Lisardo por triunfar nun partido da *Champions League* non só por razóns deportivas ou por razóns económicas, senón tamén por razóns

íntimas, por iso sae o campo con tódalas gañas. No último minuto e cun resultado de cero a cero, Lisardo marca un gol, pero o autor reserva unha sorpresa: Lisardo é o árbitro. Conta cunha ilustración de Carmela.

Punzano, Israel, 'Escritores de novela negra reivindican el carácter social y realista del género policiaco', *El País*, 'La cultura', 20 setembro 2004, p. 52.

Refírese ao Kosmopolis, o festival literario do Centro de Cultura Contemporánea de Barcelona (CCCB) que contou cun notábel éxito de público, máis de dez mil visitantes. Entre moitos outros asuntos, destaca o coloquio sobre o xénero policial no que participou o escritor Suso de Toro, quen destacou a importancia deste xénero novelístico e destacou que os seus autores se preocupaban polos conflitos sociais e pola alma humana. Ademais de Suso de Toro o coloquio contou coa participación de Andreu Martín, Mariano Sánchez, e Juan Madrid.

Queipo, Xavier, 'Escaravellos cegos', *El Progreso*, 'Relatos da Xeración Knows', 15 agosto 2004, p. 80.

Xavier Queipo conta neste relato, situado voluntariamente entre a realidade e a ficción, o achado dun escaravello cego nunha cova da serra do Courel que ten moito parecido con outros escaravellos encontrados en América Central, descubrimento que lle dá pé para defender a teoría da deriva dos continentes.

Queizán, Mª Xosé, 'O galego non é unha lingua minoritaria', *La Voz de Galicia*, 'Opinión', 18 maio 2004, p. 7.

Artigo de opinión no que se defende, a través das conexións entre a lingua galega e o portugués, a importancia do galego no mundo e a súa influencia na cultura actual.

Queizán, Mª Xosé, 'De 'Metáfora da morte', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 setembro 2004, p. 46.

O núcleo deste poema de *Metáfora da morte* de María Xosé Queizán constitúeo o episodio bíblico protagonizado por Caín e Abel do que a autora fai a súa propia lectura.

Queizán, Mª Xosé, 'Despertar as amantes', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 setembro 2004, p. 54.

No poema "Despertar das amantes" de María Xosé Queizán, a poeta celebra a presencia do ser amado e a posibilidade de espremer a paixón ata as "últimas labaradas".

Queizán, Mª Xosé, 'Non o abras como unha flor', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 outubro 2004, p. 52.

"Non o abras como unha flor" é un poema erótico de María Xose Queizán no que se fai referencia ao encontro sexual.

Quian, A., 'La Feria del Libro de Vigo abre el próximo lunes con 38 expositores', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 26 xuño 2004, p. 42.

Informa da apertura da XXX Feira do libro, na que participarán vintedúas casetas de libreiros galegos e doce de editores galegos e foráneos. A de Vigo será a quinta das doce feiras que ten programadas por toda Galicia a Federación de Libreiros.

Quian, A./Mauleón, A., 'Vigo, entre libros, rosas y Cervantes', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 24 abril 2004, p. 44.

Dá conta da celebración do Día Mundial do Libro en Vigo, referindo as opinións de varios lectores sobre as súas costumes de lectura e a situación da literatura na actualidade.

Quian, Alberto, 'Los gallegos, los que menos leen después de andaluces y extremeños', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 23 2004, p. 47.

Sinala a baixa posición que ocupa Galicia no ránking establecido polo índice de poboación lectora. A porcentaxe de galegos que teñen o hábito da lectura é do 50%, situándose a tres puntos da media nacional e a doce de Madrid, primeira no ránking.

Quian, Alberto, 'Aquellos maravillosos Reyes de Oriente', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 5 xaneiro 2004, pp. 46-47.

Reportaxe na que varios artistas galegos (Julián Hernández, Marta Larralde, Carlos Blanco, Yolanda Castaño, etc.) lembran cómo vivían na súa infancia a noite e o día do 6 de xaneiro.

Quian, Alberto, 'Asimov, Wolfe e Maupassant, entran nos Clásicos de Ir Indo/Asimov, Bradbury e Maupassant entran nos 'Clásicos' de Ir Indo', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Sociedad y cultura/Cultura', 21 abril 2004, p. 49.

Anuncia a inclusión de Isaac Asimov, Guy de Maupassant, Ray Bradbury, Virginia Woolf e Agatha Christie na "Colección Clásicos Ir Indo". Así mesmo, Ir Indo publicará a cuarta edición de "Relatos fantásticos" e a terceira de "Relatos policiais".

Quian, Alberto, 'Los libreros de Vigo no celebrarán conjuntamente el Día del Libro', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 22 abril 2004, p. 46.

Destaca o feito de que, por segundo ano consecutivo, as librerías de Vigo non sacarán os seus exemplares ás rúas no Día do Libro e só realizarán accións particulares de portas cara dentro.

Quian, Alberto, 'Rivas coñece aos seus lectores', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 7 xullo 2004, p. 43.

Fai referencia á sinatura de libros realizada por Manuel Rivas en Vigo para promover a súa última compilación poética. O escrito define os encontros cos lectores como "un momento de artesanía á marxe do proceso industrial e mercantil".

Quintiá, Xerardo, 'O quinto nivel', *El Progreso*, 'Relatos da Xeración Knows', 4 xullo 2004, p. 96.

Relato no que se narra a fascinación que senten tres nenos por un sostén exposto nunha mercería.

Quiroga, Miriam, 'Una casa es un libro, con puertas como páginas', *El Progreso*, 'El rincón de...', 24 outubro 2004, p. 4.

O escritor e empresario Carlos Casanova refírese, entre outros temas, á súa hora predilecta para escribir, a partir das doce da noite. Apunta que os seus autores favoritos son Shakespeare, Esquilo e Chejov.

Quiroga, Xabier, 'O paso', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 6 agosto 2004, p. 6.

Relato de Xavier Quiroga que versa sobre as terribles consecuencias que nun rapaz provoca a ruptura coa súa parella e que o leva fatidicamente ao suicidio.

R.D, 'Poesía, traducción ou relato dende Vigo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 febreiro 2004, p. 55.

Breve nota de prensa que fai referencia a publicación do volume *Premio 2003 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, no que se recollen os textos gañadores dos galardóns de poesía, relato curto e tradución do ano pasado.

R.G., 'As outras artes de Siro López', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 49, 'Letras en galego', 21 febreiro 2004, p. 9.

Anuncia que o gañador da XII edición do Premio Álvaro Cunqueiro 2003 de teatro foi Siro López. Refírese a condición polifacética deste persoeiro, quen escribe ensaios, libros de literatura infantil, guións de radio e tamén pinta e debuxa. Destaca o seu labor como investigador do mundo do humor. En efecto, foi el mesmo o que promoveu a praza do Humor da Coruña.

R.L., 'Falleció ayer a los 73 años el profesor Enrique Alvarellos', *El Progreso*, 'Lugo', 3 xuño 2004, p. 11.

Fai un repaso pola biografía de Enrique Alvarellos profesor de linguas clásicas, escritor, editor, e músico, que faleceu onte a consecuencia dunha enfermidade irreversible. Alvarellos é membro da Academia Tiberina de Artes e Ciencias de Roma e posúe a Gran Cruz da Orden de San Jorge de Carintia. Home polifacético e profundamente galeguista, en 1963 fundou xunto coa súa esposa a Academia Alvarellos, e en 1977 fundou a Editorial Alvarellos. Ademais como escritor, é autor da novela *Botei corenta anos* (1977), o poemario *Cen anacos* (1977), *Mulleres destacadas de Galicia* (1993) e un tomo das súas memorias: *70 anos en clave de fa* (2001).

R.T, 'Un fondo de obra', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 xaneiro 2004, p. 39.

Ao longo deste artigo fálasenos da creación, co apoio da Xunta, dun fondo composto inicialmente por obras literarias galegas, que se consideran viábeis para a súa posterior produción audiovisual.

R.T, 'A axuda cultural para os concellos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 xaneiro 2004, p. 54.

Dá conta das axudas económicas que a Deputación Provincial da Coruña facilitará aos concellos que participen nos programas culturais de música folk, teatro, marionetas e música clásica; informa dos prazos que os municipios teñen para solicitar ditas axudas, da porcentaxe do custe de cada actuación que correrá a cargo da institución e do número de espectáculos subvencionados que pode solicitar cada tipo de concello.

R.T, 'En Son Armadans', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 maio 2004, p. 53.

Dá conta da presentación que fixo onte a Fundación Camilo José Cela, dentro dos actos que organiza con motivo do Día das Letras Galegas, a exposición *Presenza de Galicia en Papeles de Son Armadans,* revista que o Nobel fundou e dirixiu de 1956 a 1979.

R.V.A., 'O PSOE coruñés impide a homenaxe ao poeta chairego', *A Nosa Terra*, nº 1.145, 'Sociedade', 7 outubro 2004, p. 14.

Dá conta do voto en contra do grupo socialista coruñés da moción do Bloque Nacionalista Galego para declarar ao poeta Manuel María fillo adoptivo da cidade e darlle o seu nome a unha rúa, por pasar os anos máis frutíferos da súa vida nela. Tamén destaca que o portavoz do BNG, Henrique Tello, manifestou o labor intelectual e político do escritor e recriminoulle a súa actitude ao PSOE.

R.V.A., 'O PP de Betanzaos mófase de Manuel María e dos escritores', *A Nosa Terra*, nº 1.145, 'Sociedade', 7 outubro 2004, p. 14.

Centra esta pequena recensión no debate entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular no Pleno do Concello de Betanzos por dedicarlle unha rúa da vila a Manuel María. Destaca que despois da intervención favorábel de Xabier López (BNG), salientando o seu compromiso cívico e tras a lectura do poema "Acuso á clase media", na quenda de explicacións do voto favorábel do PP, estes sinalaron, non obstante, que non entendían o recoñecemento a unha vida dedicada á poesía e dubidaron do valor literario da súa obra.

R.Z., 'Rivas conquista USA', *Galicia Hoxe*, 'MARé', 9 outubro 2004, p. 54.

Comeza salientando o acordo asinado na Feira do Libro de Frankfurt para ceder os dereitos de autor d'*As chamadas perdidas* de Manuel Rivas por parte de Alfaguara –que publica a obra en español– a unha editora americana. Sinala tamén que esta tradución súmase a outras do autor, como é o caso d'*O lapis do carpinteiro*. Afirma que este constitúe un fito de vendas e o libro máis traducido da literatura galega e que foi levado ao cine por Antón Reixa. O contido restante do artigo dedícao aos acordos de tradución doutras obras publicadas por editoriais españolas.

Ramil, Ana, 'Doña Emilia, reportera en Europa', *La Opinión*, 'Cultura', 12 xullo 2004, p. 47.

Recóllese neste artigo a faceta menos coñecida de Emilia Pardo Bazán como periodista e cronista de viaxes , as crónicas foron escritas a finais do século XIX, agora son recollidas nun único volume *Viajes por Europa* publicado pola editorial Bercimuel. Tratase dunha recompilación de artigos e reportaxes que Emilia Pardo Bazán escribiu entre 1887 e 1889 para os diarios *La Nación*, *El Imparcial* e *La España Moderna*.

Recouso, Luísa, 'Tendida', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 agosto 2004, p. 64.

Poema dunha única estrofa de nove versos que expón o desexo dunha muller por outra.

Redondo Abuín, Xesús, 'Laio laico por Manuel María', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Cartas', 16 setembro 2004, pp. 4-5.

Nesta carta ao director o lector expresa mediante prosa versificada a perda de Manuel María, poeta unido á palabra e á patria, e o enterro en Outeiro de Rei.

Regueira, S., 'Víctor Freixanes pide un gran pacto social pola cultura galega ó ingresar na Academia', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Sociedad y cultura/Cultura', 28 febreiro 2004, p. 50/62.

Nota de prensa na que se nos informa do ingreso na Real Academia Galega de Víctor Fernández Freixanes

Rei Fernández, Sole, 'Relatos de verán: recuperando a relación entre prensa e literatura', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 agosto 2004, p. 55.

Céntrase na relación entre o xornalismo e a literatura. Sinala que na época estival na que se encadra o artigo, algúns xornais reservan espazos para textos literarios e autores. Cita algúns deles como *La Voz de Galicia* coas "Páxinas literarias", o *Galicia Hoxe* coa "Revista das Letras", *El Progreso*, *Diario de Pontevedra*, etc. Lembra distintos xornalistas escritores, entre eles a Lorenzo Varela, facendo un pequeno repaso pola historia da literatura e do xornalismo. Remata expresando o desexo necesario dunha maior promoción literaria nos xornais durante todo o ano.

Rei Fernández, Sole, 'Galiza: en camiño cara aos fondos editoriais públicos mínimos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 agosto 2004, p. 47.

Analiza a crise pola que está a pasar o libro en toda Europa e especialmente en Galiza. Apunta que durante o 2002 a facturación diminuíu 14,3 puntos respecto ao ano anterior, segundo un documento realizado pola Asociación Galega de Editores (AEG) no 2004, presentado á Xunta para solicitar medidas institucionais que melloren a situación. Destaca da mesma fonte a baixada da tiraxe media da edición literaria por título e que as novidades editoriais anuais tocan a un libro por cada 1.394 habitantes, cifra de habitantes moi superior á catalá, vasca e a da media do Estado español. Así mesmo, observa que os datos resultan tamén alarmantes no tocante aos fondos públicos das bibliotecas, xa que a media do 1,1 libros por habitante fica moi afastado do mínimo de 1,5 estabelecido pola UNESCO. Para remediar isto a AEG presentou un proxecto de investimento á Xunta que tamén pretende a revisión do modelo de gratuidade dos libros de texto.

Rei Núñez, Luís, 'De 'Alma mareira", *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 xuño 2004, p. 54.

Reprodúcese o poema "Terra", de Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958), correspondente á súa obra *Alma mareira* (2003). A voz poética sitúase na aba do Monte Louro, centro vital do seu ser, sobre o que crecen os 'xuncos', xuncos que representan as súas distintas experiencias.

Rei Núñez, Luís, 'De 'Alma mareira', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 agosto 2004, p. 46.

Reprodúcese un poema de Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958) correspondente á súa obra *Alma mareira* (2003). A voz poética refírese, nunha noite luada -sendo a "lúa" o principal elemento simbólico- aos seus sentimentos amorosos. O poema constitúese ed catro estrofas con tres versos cada unha e rima consoante.

Rei Núñez, Luís, 'De 'Alma mareira', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 novembro 2004, p. 56.

Reprodúcese un poema de Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958) correspondente á súa obra *Alma mareira* (2003). En dúas estrofas, de seis versos cada unha e rima libre, a voz poética reflexiona sobre a natureza dun sentimento amoroso que esmorece. O tema do amor reflíctese claramente xa no primeiro verso: "É hora da escolla: amor ou apego".

Rei, Sole, 'En loita polos ríos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 xullo 2004, p. 50.

Apunta diversos actos culturais enmarcados dentro das formas de protesta cidadá contra os encoros do Plan Hidrolóxico da Xunta de Galicia: a realización dun recital en Compostela co apoio de Mar de Tinta, a denuncia feita dentro do Festival de Poesía de Salvaterra de Miño deste ano 2004 (realizado entre os días 1 e 4 de setembro), o documental *O río é noso* ou o cómic reivindicativo de Quinín. Salienta tamén outra unión entre denuncia e poesía: o cedepoema de Batiscafo contra a autovía da Ulloa, que conta coa colaboración de poetas como Méndez Ferrín ou Daniel Salgado.

Reigosa, Antonio, 'A sorte do paxariño', *El Progreso*, 'Contos da Invernía', 29 decembro 2004, p. 80.

Conto no que unha avoa relata unha historia que lle aconteceu de nena cando o día anterior a Reis fora con súa nai á casa onde esta traballaba e mentres ela xogaba coa rapaza da casa. Pero ese día un pintor estáballe a facer un retrato á nena cun paxaro de cores na man, e a narradora desexaba ter tamén ese paxaro. O día de Reis, ese ano, si tivo agasallos porque cando se ergueu, entrou pola ventá o paxaro que vira o día anterior que lle viña anunciar que soltaran a seu pai da cadea.

Requeixo, Armando, 'Uns estudios sobre as letras rosalianas', *El Correo Gallego*, 'Revista', 11 xaneiro 2004, p. 4.

Informa da presentación na Fundación Rosalía de Castro da último achega sobre as letras rosalianas e, ademais de expoñer os elementos que compoñen dita entrega, exalta o labor emprendido por Xesús Alonso Montero, director da publicación, e o seu grupo de colaboradores para a ampliación da bibliografía da escritora galega.

Requeixo, Armando, 'Cunqueiro e a súa relación con Cataluña', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Actas', 18 xaneiro 2004, p. 4.

Recolle neste artigo a celebración dun Congreso Internacional Álvaro Cunqueiro e Cataluña, que se celebrou hai un par de anos. Agora, hai uns meses Edicións do Castro publicou as actas daquela xornada baixo o título *Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas*.

Rico, M.J., 'O que sabemos da casa dos Andrade está moi mitificado', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 24 abril 2004, p. 17.

Esta breve nota de prensa dá conta dos actos para festexar o Día do libro en Pontedeume. Entre os actos que destaca sinala que no día de hoxe hai un Feirón especial. E será Xaquín Marín quen lerá o pregón.

Rico, M.J., 'Saramago proclama que el mejor homenaje a Torrente es su lectura', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 30 setembro 2004, p. 3.

Dá conta da presenza en Ferrol de José Saramago co gallo da inauguración do primeiro curso de narrativa que se celebra en honor ao escritor Gonzalo Torrente Ballester. Saramago apunta que a máis importante homenaxe que se lle pode render ao escritor ferrolán é a lectura das súas obras, que gaba enormemente, aínda que dentro da obra torrentina destaca *La saga/fuga de J.B.* O premio nobel tivo tamén palabras agarimosas para o fillo e a viúva do escritor, Juan Pablo Torrente e Fernanda Sánchez-Guisande, que faleceu recentemente. O escritor portugués estivo acompañado polo coordinador do curso, José Antonio Ponte Far e por diversas autoridades locais.

Rico, M.J., 'El curso Torrente Ballester trae a la ciudad a Antonio Pereira', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 5 outubro 2004, p. 21.

Anota que continúa a actividade do curso de narrativa "Torrente Ballester" coas próximas intervencións de Carmen Becerra e Antonio Pereira. De Becerra, directora cultural da Fundación Torrente Ballester e destacada investigadora e impulsora da obra de Torrente, observa que xa estivo en Ferrol nos dous congresos que serviron de precedente deste curso de narrativa. De Pereira salienta que é un dos mellores contistas en lingua castelá, gañador do premio Torrente e moi vinculado a Galiza, o que se pode ver en *Cuentos de la cábila*, recente traballo publicado en galego por Galaxia. Tamén expón que o premio de narrativa Torrente Ballester 2003 recaeu en *As humanas proporcións* de Xesús Constenla. Nun á parte dá uns apuntes breves sobre as próximas figuras que intervirán no curso.

Riva, Antonio, 'El primer periódico del poeta', *El Progreso*, 'Susurros', 12 setembro 2004, p. 12.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, fai referencia ao falecemento de Manuel María e a perda que supón para a as letras galegas.

Rivas, Antonio, 'Rei mago de capa caída', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 28 agosto 2004, p. 6.

Narración de estilo realista que describe a infancia sen xoguetes que pasou o narrador, nunha época na que se xogaba coas espigas de millo e cos amigos ao fútbol. O narrador conta que nunca tivo uns Reis que pasasen duns figos ou dun anaco de turrón. Por iso observa a felicidade dos nenos de agora, dos seus fillos, que teñen uns Reis espléndidos que lles traen regalos en abundancia.

Riveiro Tobío, Elvira, 'Pan', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 xuño 2004, p. 62.

Reprodúcese un poema de Elvira Ribeiro Tobío (Pontevedra, 1971), poeta membro das Redes Escarlata. O olor do pan, que escapa pola cheminea, é o símbolo elixido para representar o amor que marcha. Este olor convertido en nube e a choiva que esta nube desprenderá no futuro e que enchoupará á voz poética, son as imaxes coas que se representa a ansiedade polo retorno do amor perdido.

Riveiro Tobío, Elvira, 'Ausencia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 novembro 2004, p. 54.

Pequeno poema de once versos dunha única estrofa e rima libre, onde se describe, como declara o título, a ausencia que provoca no eu lírico o ti ao que se dirixe, constatándoa na falta do seu recendo.

Roca, María, 'Xermolos' presentará el 17 una novela de Laxe Freire sobre sus raíces chairegas', *El Progreso*, 'Guitiriz', 9 decembro 2004, p. 14.

Infórmase da presentación do libro *Xogos serodios* de Manuel Anxo Laxe Freire, pola asociación cultural Xermolos de Guitiriz. Ademais anúnciase que a asociación realizará un certame de Nadal sobre poesía para mozos de ata dezaseis anos.

Rodríguez Fer, Claudio, 'De 'A loita continúa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 xullo 2004, p. 46.

Poema titulado "Poesía é acción" do autor Claudio Rodríguez Fer, que pertence a obra *A loita continúa*.

Rodríguez Fer, Claudio, 'De 'A loita continúa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 xullo 2004, p. 64.

Mediante catro estrofas de desigual número de versos, o autor reivindica a poesía como algo que está nos feitos, non nas palabras. Observa que o sentido da poesía reside radicalmente na acción, ou, do contrario, non é nada.

Rodríguez Fer, Claudio, 'De 'A loita continúa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 xullo 2004, p. 54.

Versos optimistas sobre o presente galego, estruturados en catro estrofas de rima consonante, que reviven o clásico poema de Xosé María Díaz Castro: "Penélope", volvendo a temática pesimista deste noutra esperanzadora, onde se reflicte a posibilidade de cambio e se anima ao avance do país.

Rodríguez, Adriana, 'Bieito Iglesias, premiado co Blanco Torres, en Cuntis', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 2004.

Artigo no que se nos informa da entrega do "Premio Blanco Torres de Xornalismo Literario e de Opinión" ao escritor e xornalista Bieito Iglesias. Infórmasenos da traxectoria do gañador, das súas primeiras publicacións e colaboracións en diversos medios de comunicación. Nesta quinta edición do premio fíxose unha lembranza a figura de Roberto Blanco Torres e o seu labor como loitador polos seus ideais e contra as inxustizas.

Rodríguez, Adriana, 'Rey entrega o Blanco Torres a Bieito Iglesias ante Freixanes', *Diario de Arousa*, 'Ulla/Umia', 16 abril 2004, p. 22.

Sinala que o Concello de Cuntis celebrou a quinta edición do"Premio Blanco Torres" que recaeu no escritor e xornalista Bieito Iglesias Araújo. O acto tivo lugar na Casa da Cultura de Cuntis onde se deron cita numerosas personalidades do mundo da cultura e intelectuais. Na entrega do premio fíxose un recordo aos anteriores gañadores e presentouse o libro *Á marxe, palabra de escritor* volume cos artigos do gañador da anterior edición Carlos Casares.

Rodríguez, Adriana, 'Boiro réndese ante a homenaxe a Borobó', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'Homenaxe', 11 xullo 2004, p. 21.

Da conta do homenaxe que ofreceu o Concello de Boiro nas xornadas dedicadas a Raimundo García Domínguez, "Borobó", as cales contaron coa presenza de estudosos da vida e obra deste artista. Boiro fixo este homenaxe coincidindo co oitenta e oito aniversario do nacemento de Borobó e pola especial vinculación que o artista tivo con esta localidade.

Rodríguez, Adriana, 'Os nenos da Ría de Arousa, protagonistas da homenaxe do escritor arousán', *Diario de Arousa*, 31 outubro 2004, p. 21.

Analiza os actos e actividades realizados na comarca de Arousa con motivo do cento trinta e oito aniversario do nacemento do escritor Ramón María del Valle-Inclán. Salienta que no concello de Vilanova os rapaces e rapazas elaboraron unha exposición cos seus traballos e leron publicamente anacos de *Sonatas de Primavera*. Así mesmo, sinala que o Concello mercou quince primeiras edicións de libros do autor e que se fixo unha ofrenda floral. Pola súa banda, o Concello da Pobra fixo unha exposición do pintor Román Padín. Ademais, destaca que a compañía Produccióǹs de Dentro presentou *O laberinto dos soños* para o alumnado de primaria e que Leilía encheu o Teatro Elma co seu espectáculo. Apunta que remataron os actos cunha ofrenda floral e unha dramatización dos textos do escritor a cargo da compañía Brandomín.

Rodríguez, Álex, 'Entre lusco e fusco', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 13 agosto 2004, p. 9.

Relato que describe o encontro entre dúas persoas que só se coñecen de vista nunha praia nunha noite de verán. A circunstancia de acháreǹse nus nadando, despois da desconfianza inicial, fai que xurdan entre eles sentimentos de paixón que non coñecían.

Rodríguez, Alfonso, 'Vivo nun lugar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 novembro 2004, p. 46.

Recreación do eu lírico evocadora do mar, dos acantilados e da praia, nun lugar afastado destes, onde compara a forza da marea coa da súa alma, que arela a maxia compartida. Trátase dun verso libre composto por trece versos.

Rodríguez, Ana, 'La Feria del Libro reúne en A Coruña 90.000 volúmenes', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 3 agosto 2004, p. 47.

Describe a XXXIIIª Feira do Libro na Coruña como unha das máis importantes de Galicia e do norte de España, en palabras do presidente da agrupación de libreiros da Coruña. Sinala que conta con 90.000 volumes e que os organizadores esperan superar os 150.000 visitantes e as 330.000 vendas do ano 2003. Apunta a grande cantidade de solicitudes recibidas para montar expositores, dos que a organización tivo que facer unha selección para intentar conseguir unha variada oferta, pero que non superase a capacidade da feira.

Rodríguez, Ana, 'A outra loita de Blanco Amor', *La Opinión*, 'Cultura', 2 decembro 2004, p. 61.

Na homenaxe a Eduardo Blanco Amor organizada polo Pen Clube de Galicia en Ourense con motivo do vinte e cinco aniversario da súa morte, á que asistiron numerosos persoeiros da cultura galega, destaca as palabras do voceiro do grupo de Gais, Lesbianas, Transexuais e Bisexuais da Coruña Milhomes, que apuntou que Blanco Amor tiña tres faltas, era republicano, galeguista e homosexual. Observa que esta última foi ocultada en certa medida por el debido ao rexeitamento social, non só dos franquistas, senón dos propios compañeiros da esquerda galega, que sinalou como aínda máis miserábel.

Rodríguez, Emma, 'Suso de Toro toma el pulso al presente en 'El príncipe manco', *El Mundo*, 'Cultura', 25 novembro 2004, p. 54.

Analiza a nova publicación de Suso de Toro, *El príncipe manco*, editado por Lumen, que reúne os libros *Tic-Tac* e *Círculo* en castelán e unha terceira parte inédita co personaxe protagonista das anteriores, Nano, apuntando que as súas reflexións xa foron levadas ao teatro con éxito. Destaca que a novela está a medio camiño entre a ficción, a reflexión e a filosofía cotiá e que a forma fragmentada e con materiais diversos faina inclasificábel. Salienta as palabras do escritor nas que apunta que no libro aparece a memoria e a imaxinación, o cosmopolitismo e a pertenza a un lugar, a identidade, a inacción, o paso do tempo, a condición do escritor... Tamén anota a evolución de Nano cara á tranquilidade.

Rodríguez, Loli, 'Na praia', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 9 agosto 2004, p. 6.

Relato que narra a aventura amorosa entre unha muller e un home de menor idade nunha tarde de verán. A narración aparece contada de maneira idílica e con vontade de reivindicar esta diferenza de idade.

Rodríguez, M., 'El alma del Igaem', *El Correo Gallego*, 'Fin de Semana', 2 maio 2004, p. 5.

Fai unha gabanza de Mar Nogueira, do Centro de Documentación das Artes Escénicas de Galicia, que recibiu o Premio Zapatilla outorgado pola revista *Artez* pola súa gran labor de promoción editorial. Un recoñecemento máis para a gran xestión desta muller ao fronte deste departamento a favor da difusión do teatro e da danza en Galicia.

Rodríguez, María Francisca, 'Recordos da nenez', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 13 agosto 2004, p. 8.

Relato realista do pasado vivido por unha persoa maior centrado nas excelentes cereixas que había na súa nenez e nos traballos do campo que estaban obrigados a realizar, como a recollida das castañas. Remata laiándose dos tempos actuais, porque as novas xeracións perden ese contacto coa natureza, e deshumanízanse.

Rodríguez, Nuria, 'Con avoengo', *La Opinión*, 24 agosto 2004, pp. III-V.

Describe a XIII Feira do Libro Antigo e de Ocasión que ocupa os xardíns de Méndez Núñez da Coruña, expoñendo a ampla variedade da oferta, tanto nos prezos, que van dos 80 céntimos aos 2.000 euros, coma nos artigos, entre os que atopamos, ademais de literatura, cromos, partituras, postais, lotaría, revistas, fotos, carteis, etc. Observa que as dezaoito casetas poden visitarse até o 29 de agosto. Na reportaxe a dúas páxinas expóñense fotos de distintas librarías cos comentarios dos libreiros e a descrición das obras que venden.

Rodríguez, Raquel, 'La Festa Balura de Castro comenzó con el pregón de Margarita Ledo', *La Voz de Galicia*, 'Provincia', 18 xullo 2004, p. L9.

De toda a información que se relaciona sobre a quinta Festa Balura de Castro de Rei, cómpre destacar o feito de que foi a xornalista Margarita Ledo a encargada de ler o pregón e que aproveitou o acto para renderlle unha homenaxe ao poeta Manuel María lendo uns poemas seus.

Rodríguez, Raquel, 'Cultura gallega venida de Brasil', *La Voz de Galicia*, 'Las seis', 11 agosto 2004, p. L6.

Dáse conta da chegada á capital lucense da asociación Lembranzas e Agarimos, que crearon galegos emigrantes en São Paulo. Dise que a finalidade da súa viaxe é a de participar na xuntanza de Jóvenes de Galicia Exterior que terá lugar na praza do Obradoiro en Santiago de Compostela, pero ao seu paso por Lugo realizáronlle unha homenaxe á estatua de Ánxel Fole, quen, segundo eles, lles permitiu aprender a cultura das súas raíces galegas a través dos seus escritos.

Rodríguez, Raquel, 'Una lectura muy refrescante', *La Voz de Galicia*, 'Las seis', 17 agosto 2004, p. L6.

Infórmase de que o concello lucense de Cospeito puxo en funcionamento para todo o verán un servizo de biblioteca nas piscinas municipais, pioneiro na provincia de Lugo.
Dise que o proxecto está a ter moito éxito e que os libros cos que conta a biblioteca da piscina forman parte do programa Maletas Viaxeiras da Consellería de Cultura. Así mesmo, especifícase que hai unha ampla variedade de temas (natureza, poesía, narrativa, música, cine…) e para todas as idades.

Rodríguez, Raquel, 'Veinte grupos de música y de teatro participan este mes en la séptima 'Recolleita' del Clavicémbalo', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 7 setembro 2004, p. L14.

Dáse conta do comezo da sétima edición de Recolleita, que acollerá diferentes actuacións musicais e teatrais no pub Clavicémbalo de Lugo. Polo que respecta a estas últimas, infórmase de que o grupo Palimoco de Lugo porá en escena unha serie de monólogos sacados de textos de Xoán Laxe.

Rodríguez, Raquel, 'Nunca foran reunidos tantos traballos xornalísticos de Fole', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 11 setembro 2004, p. L2.

Infórmase que unha alumna de Humanidades, Ruth Fernández Fernández, vén de presentar a memoria de licenciatura na que reuniu e analizou a obra xornalística en castelán de Ánxel Fole. A autora destaca destes textos xornalísticos a enorme presenza que ten a paisaxe, a fauna e a flora, os edificios e os monumentos, os retratos da xente e as descricións detalladas dos costumes lucenses, entre outros. Finalmente dise que Ruth recibirá ao día seguinte no concello da Estrada o noveno premio periodístico Manuel Reimóndez Portela por dous traballos relacionados co fomento da lectura.

Rodríguez, Salvador, 'Alexandre Bóveda, na pantalla', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 357, 27 marzo 2004, p. 1.

Informa da estrea o vindeiro 15 de abril en Bos Aires, da segunda parte da triloxía *Atila en Galiza.* Esta segunda parte estará dedicada a Alexandre Bóveda como principal protagonista. O primeiro dos seus capítulos, á metade de camiño da reportaxe e do documental cinematográfico, xirou entorno á figura do líder galego Daniel Castelao. O obxectivo é a recuperación da memoria histórica da Guerra Civil en Galiza. Posteriormente este filme será proxectado por primeira vez en Galicia no concello de Poio.

Rodríguez, Salvador, 'Atila en Galiza', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 53, 'Pantallas', 17 abril 2004, p. 14.

Alude a estrea da segunda parte da triloxía *Atila en Galiza,* o filme irá dedicado a Alexandre Bóveda. O primeiro dos seus capítulos, á metade de camiño da reportaxe e do documental cinematográfico, xirou entorno á figura do líder galego Daniel Castelao. A segunda parte ten a Alexandre Bóveda como principal protagonista. O obxectivo é a recuperación da memoria histórica da Guerra Civil en Galiza.

Rodríguez, Xosé Carlos, 'Azul + verde = amarelo', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 31 agosto 2004, p. 7.

Narración dunha prosa inzada de metáforas e imaxes, que describe os estados anímicos e vitais do eu lírico do texto, a través do xogo coas cores e os significados que popularmente se lles vinculan, nacendo nun branco-alegría e rematando nun gris-desesperanza, que asocia á imposibilidade de soñar na súa terra.

Rodríguez, Xosé Manoel, 'El PEN Clube recordará anualmente la figura de Eduardo Blanco Amor', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 2 decembro 2004, p. 46.

Apunta o acto realizado con motivo do vinte e cinco aniversario da morte de Eduardo Blanco Amor no cemiterio ourensán de San Francisco e a intención do Pen Clube de organizar todos os anos ao redor do 1 de decembro unha homenaxe ao autor. Anota que o seu presidente, Luís González Tosar, recordou a transcendencia da súa obra e o deber dos escritores de perpetuar a súa memoria. Tamén Xesús Alonso Montero destacou as dificultades da vida e o compromiso do autor d'*A Esmorga*, a novela máis importante da literatura galega dende a *Crónica Troiana*.

Roel, Antonio, 'A festa do río', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Cartas', 16 setembro 2004, p. 4.

Evocación bucólica da morte de Manuel María nesta carta ao director que destaca o amor do escritor pola natureza e a perda dun poeta bo e xeneroso, que se suma á doutros como Uxío Novoneyra ou Alexandre Cribeiro.

Rolland, Eduardo, 'Don Álvaro en el Camino', *Faro de Vigo*, 'Estela', 7 marzo 2004, pp. 1-4.

Recóllese neste artigo a viaxe que fixo Álvaro Cunqueiro no outono de 1962, dende o Cebreiro a Compostela. Nesta viaxe escribiu unha inesquecíbel reportaxe sobre unha Galicia perdida e unha ruta xacobea do 62 sen peregrinos. Este libro de viaxes e periodismo, *Por el camino de las peregrinaciones* foi publicado como reportaxe por entregas en FARO DE VIGO en outubro de 1962. Hoxe, Alba Editorial acaba de reeditar a obra acompañada das fotografías orixinais feitas por Magar.

Rolland, Eduardo, 'Don Álvaro en el camino', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 48, 13 marzo 2004, pp. 2-5.

Fai referencia á publicación de *Por el camino de las peregrinaciones* de Alba Editorial. Subliña que o libro procede dunha reportaxe xornalística de Álvaro Cunqueiro sobre a viaxe que realizou polo camiño xacobeo dende O Cebreiro a Compostela en 1962. Describe coa axuda do fotógrafo que acompañou ao mindoniense, Manuel García, os pormenores do percorrido, lembrando anécdotas e a actitude coa que o escritor afrontou a aventura. Asemade, salienta que esta reedición é "unha gloria de literatura e xornalismo".

Rolland, Eduardo, 'La gran biblioteca de las calles', *Faro de Vigo*, 'Galicia', 11 abril 2004, p. 21.

Fala da rede mundial "Bookcrossing" dedicada a compartir libros e seguir as súas pegadas a través de Internet. O seu lema é "Faremos do mundo a maior biblioteca" e o seu obxectivo animar a lectura e crear unha comunidade internacional de afeccionados aos libros.

Rolland, Eduardo, 'El otoño de los patriarcas', 17 outubro 2004, pp. 1-4.

Reportaxe que analiza a capacidade de traballo dalgúns persoeiros da sociedade galega de idade avanzada, que tamén comentan a idoneidade segundo eles de que Manuel Fraga continúe na política dada a súa idade. De entre os entrevistados só Francisco Fernández del Riego e Isaac Díaz Pardo pertencen ao mundo da literatura. Do primeiro obsérvase que cumpre como director da Biblioteca Penzol de Vigo todos os días, entidade que xestiona, e onde escribe, le e incluso navega por internet, a pesar de que recoñece que non ten a capacidade que tiña con cincuenta anos. Isaac Díaz Pardo tamén segue pintando, escribindo e levando Sargadelos pero tamén concorda que o corpo non responde do mesmo xeito.

Romero, Lorena, 'La biblioteca del Alto registró el año pasado 866 nuevos socios', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 10 marzo 2004, p. 26.

Sinala como na biblioteca do Alto aumentou o número de socios das instalacións, durante o ano pasado, e de cómo tamén aumentaron os volumes das bibliotecas do municipio de Narón. Apunta que o Concello está organizando unha serie de actividades de animación a lectura nos centros escolares do municipio.

Romero, Lorena, 'Semana de entrevistas con los alumnos de las Escolas de Teatro', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 19 outubro 2004, p. 23.

Destaca o comezo das entrevistas persoais para a matrícula nas Escolas de Teatro Profesional do Padroado da Cultura de Narón e que os cursos comezarán o luns seguinte da man da actriz Mabel Rivera. Sinálase que o total é de sesenta prazas, quince por nivel, das cales están xa cubertas as do primeiro e segundo nivel. Así mesmo, apunta o investimento anual de 120.000 euros polo Padroado nas diferentes escolas culturais do municipio, que contan con ao redor de seiscentos matriculados/as e vinte docentes.

Romero, Lorena, 'Mabel Rivera reivindicó la necesidad de crear canales educativos para la escena', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 26 outubro 2004, p. 25.

Describe a xornada de inicio da Escola de Teatro de Narón que inaugurou Mabel Rivera na Casa da Cultura, quen salientou a necesidade deste tipo de iniciativas dignas de admiración. Destaca que a docente Flor Maceira sinalou que o Padroado leva anos organizando actividades relacionadas co teatro e que na escola, que conta con 37 alumnas/os nos seus cinco niveis, pódese aprender interpretación, teoría e técnica do teatro, voz e dicción, etc., ademais de poder ter contacto cos profesionais da escena e con outros grupos teatrais nas sesións complementarias. Tras o acto algúns estudantes da escola representaron *A Cigoña*.

Romero, Marga, 'Cando Lóuzara é Xabreira', *A Nosa Terra*, nº 1.135, 'Cultura', 1 xullo 2004, p. 28.

Fala de como a Asociación Cultural Ergueitos de Sarria organiza desde hai catro anos, unha ruta literaria polas terras de Lóuzara, amadas por Fiz Vergara Vilariño. Moitos dos que fan esta ruta son escritores que pretenden seguir os pasos de Fiz Vergara para entender a materia prima dos seus versos, de onde recolle os cantos e como reinventou o seu paraíso. Fala tamén do gañador do IV Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, que recaeu en Miguel Mato Fondo pola obra *O whisky na barrica*, publicada en Espiral Maior.

Romero, Marga, 'Emoción no enterro do poeta nacional', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Cultura', 16 setembro 2004, pp. 22-23.

O falecemento de Manuel María, ocorrido o 8 de setembro na Coruña, centra este artigo. Comeza relatando os derradeiros momentos do poeta, nos que mantivo a lectura constante de Rosalía de Castro. Logo, a instalación da capela ardente en Compostela no Panteón dos Galegos Ilustres, a noticia nos medios de comunicación e a reacción da sociedade galega, nun primeiro momento cunha rolda de prensa no Museo do Pobo Galego con representantes da cultura, do ensino, da normalización lingüística, do teatro, da literatura, etc., que falan da súa defensa do idioma e da súa vinculación co renacemento da literatura galega. Tamén salienta cómo rapidamente acudiron moitos políticos e cargos públicos. Néstor Rego destaca a obra *Poemas a Compostela*, que se volverá publicar en outubro. Marga Romero observa o símbolo da bandeira galega coa estrela que cobre o féretro xunto ao poema "A Rosa" e doce rosas brancas. Tamén alude a todas as condoenzas recibidas por parte de numerosos organismos, asociacións e amigos do poeta, dos que cita os nomes de moitos deles. Describe a realización pola tarde dunha lectura pública da súa obra a cargo de profesores/as e alumnos/as e a homenaxe do teatro coa representación da obra *Barriga Verde*. Así mesmo, á mañá, a música cantada para as súas letras e a homenaxe literaria da asociación de escritores. Finalmente, á tarde, a saída do féretro de Bonaval.

Romero, Marga, 'Adeus multitudinario na carballeira de santa Sabela', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Cultura', 16 setembro 2004, pp. 24-25.

Describe o enterro de Manuel María en Outeiro de Rei, do que salienta o gran respecto amosado pola xente. Apunta que a Banda de Música de Sober tocou a Marcha do Antigo Reino de Galiza no cortexo e cita o nome de moitos escritores, políticos, xornalistas, editores, sindicalistas, humoristas, etc., alí presentes. Ao remate da cerimonia, por desexo expreso do poeta, tocouse a *Alborada* de Pascual Veiga e Miguel Anxo Fernán Vello recitou o poema "A terra faise en ti", logo interpretouse o *Negra Sombra* e finalmente o Himno, tras o que salienta os aplausos das persoas alí congregadas. Apunta que as últimas palabras son para Manuel María co poema "Rosa" que le Xan Fraga antes de enterralo.

Romero, Marga, 'Cidades propias, alleas e soñadas', *A Nosa Terra*, nº 1149, 'Cultura', 4 novembro 2004, p. 24.

Saliéntase a celebración da vixésimo primeira edición do congreso Galeusca que reuniu aproximadamente a setenta escritores galegos, cataláns e vascos. O encontro celebrouse

entre o 29 de outubro e o 1 de novembro en Ourense e Allariz. Así mesmo, noméanse as persoas que participaron no momento da inauguración e faise un recorrido polos diferentes actos que tiveron lugar ao longo dos catro días, como a conferencia dada por Marcos Valcárcel, a exposición fotográfica-poética de Maribel Longueira, os relatorios de Fran Alonso ou Isidro Grau, etc. En columna á parte infórmase da presentación da obra *Antología poética (1990-2003)* que levaron a cabo conxuntamente a AELG (Asociación de Escritores de Lingua Galega), EIE e AELC.

Romero, Medos, 'A tristeza da tarde serena', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Cultura', 16 setembro 2004, p. 29.

Descrición melancólica e lírica do enterro do poeta Manuel María na que a articulista narra sentida e fondamente o seu pasamento, cun certo ton optimista ao final debido ao respecto e dignidade da despedida. Transcribe tamén parte do poema "Labregos".

Rosales, Manuel, 'Pensamento crítico', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 79, 'Libros', 15 abril 2004, p. IV.

Breve resumo dos diferentes artigos aparecidos no número 56 d´*A trabe de ouro*, tras definir as beses que animan á publicación da revista.

Rozados Lorenzo, Lara, '25 anos sen Celso Emilio', *A Nosa Terra*, nº 1.140, 'Cultura', 2 setembro 2004, p. 24.

Describe a homenaxe feita en Vigo o 31 de agosto de 2004 como conmemoración do 25 cabodano do poeta Celso Emilio Ferreiro. Salienta a presenza de estudosos e biógrafos do escritor, persoeiros da cultura, representantes da corporación municipal e os propios fillos do autor, conformando un total de preto de cincuenta persoas. Paralelamente destaca que unha ducia de poemas de *Onde o mundo se chama Celanova*, eran pendurados da fachada do Mosteiro de San Rosendo, na vila natal do poeta. Tamén se apuntan outros actos que se realizarán: un festival no Teatro García Barbón, a estrea dun documental sobre a vida e obra do escritor, un congreso ao redor da súa figura, e o lanzamento por parte de Xerais dunha recompilación de artigos xornalísticos e unha tradución ao francés de *Longa noite de pedra*. Nun á parte faise unha recensión dos seus libros publicados, salientando o carácter social e comprometido da súa obra. Tamén se fai unha pequena entrevista ao fillo do escritor onde reivindica a figura do pai e a vixencia da súa obra e sinala os actos que se levarán a cabo como homenaxe.

Rozados Lorenzo, Lara, 'A poesía nova toma as rúas de Combarro', *A Nosa Terra*, nº 1.143, 'Cultura', 23 setembro 2004, p. 29.

Dá conta da III edición de Poetas na Rúa, organizada polo Concello de Poio, que tivo lugar o 19 de setembro de 2004. Sinala que a mestra de cerimonias foi Marica Campo, quen

introduciu os dez poetas aos preto de cincuenta asistentes e salientou a importancia da lírica nesta sociedade de mercadorías, lembrando aos poetas mortos (Xela Arias, Luísa Villalta...). A continuación anota os nomes dos participantes, resume cada unha das introducións aos poetas e realiza uns breves apuntes sobre a temática e estilo dos poemas lidos. Tamén apunta os intermedios musicais que se levaron a cabo.

Rozas García, Silvia, 'As cidades, protagonistas do XXI congreso Galeusca de escritores', *A Nosa Terra*, nº 1148, 'Cultura', 28 2004, p. 25.

Informa da celebración do XXI Congreso Galeusca, que terá lugar en Ourense e Allariz entre os días 29 de outubro e 1 de novembro; neste marco, escritores galegos, cataláns e vascos traballarán baixo o epígrafe 'A cidade e a palabra'. Tras dar coidada conta das actividades contidas no congreso, que inclúen conferencias, mesas redondas, recitais, exposicións e paseos literarios, indica que a organización de Galeusca vai rotando anualmente entre as tres asociacións que conflúen nesta iniciativa: a Associació d'Escritors en Llengua Catalana (AELC), a Eskal Idazleen Elkartea (EIE) e a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Rozas García, Silvia, 'Kafka, Verne, Shakespeare e Virginia Wolf en galego', *A Nosa Terra*, nº 1.144, 'Cultura', 30 setembro 2004, p. 24.

Centra o artigo na análise das novas publicacións de clásicos universais en lingua galega das editoriais Galaxia e, en menor medida, Ir Indo. Destaca que Galaxia publicará *As ondas* de Virginia Wolf, traducida por María Cuquejo, e tamén o primeiro tomo das narracións completas de Franz Kafka, tradución de Luís Fernández Rodríguez, apuntando que con anterioridade xa saíron do prelo *Crime e castigo* de Fiódor Dostoievski e catro obras de William Shakespeare. Para fin de ano anota que están previstas dúas escolmas de poesía, *O doce estilo novo*, antoloxía de Darío Xohán Cabana, e unha antoloxía de poesía francesa e inglesa de Plácido Castro, Florencio Delgado e Lois Tobío. Así mesmo, cita as catro obras previstas para o ano seguinte de Kafka, Gertrude Stein, Shakespeare e Giuseppe Tomasi di Lampedusa. Finalmente observa a boa acollida destes clásicos por parte dos lectores. Nun á parte, reflicte a colección de Ir Indo, iniciada con *Berenice e outros relatos* de Edgar Allan Poe, e que continúa coas novidades: *Vinte mil leguas de viaxe submarina* de Xulio Verne, *O Gran Gatsby* de Scott Fitzgerald e *Novela de xadrez* de Stefan Zweig.

Rozas García, Silvia, 'O ensino homenaxea a Manuel María', *A Nosa Terra*, nº 1.146, 'Cultura', 14 outubro 2004, p. 25.

Comenta a organización dun recital poético pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega e a CIG-Ensino en memoria de Manuel María o día 8 de outubro no Paraninfo da Universidade da Coruña. Destaca que o acto foi levado a cabo por Xulio López Valcárcel, Luz Pozo Garza e Xavier Seoane, entre outros, e representantes de centros escolares de toda Galiza. Ademais contou cunha proxección audiovisual e unha actuación musical. Salienta que o ensino pretende deste xeito mostrar admiración e respecto polo autor.

Rozas, Mercedes, 'El universo femenino toma Santiago', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 53, 'Arte', 20 marzo 2004, p. 11.

Dá conta da mostra que leva por título *Alfombra voladora*. Nesta exposición interveñen poetas e artistas coa idea de unir a palabra e a imaxe. Coa finalidade de reflexionar sobre a vida, sobre a súa propia creación, para así poder ofrecer a súa visión sobre o mundo.

Ruibal, Arturo, 'Luchando por Galicia/Un luchador de la cultura', *El Progreso/El Ideal Gallego*, 'El perfil', 4 xaneiro 2004, p. 8/9.

Arturo Ruibal reflexiona sobre a vida e obra de Francisco Fernández del Riego. Toda unha vida dedicada a unha causa, e esa causa é Galicia. Hoxe Fernández del Riego é de novo noticia porque nesta semana presentou un novo libro *Camiño andado*, no que conta os episodios da súa vida.

Ruibal, Arturo, 'El soñador de realidades', *Diario de Pontevedra/El Progreso*, 'Revista!/Cantón', 30 maio 2004, p. 23/11.

Dá conta dun home, Isaac Díaz Pardo, home batallador tanto por Galicia como polo galego. Define a Isaac como un home soñador dunha Galicia dona do seus destinos e próspera. O longo do artigo introdúcesenos na vida deste home, dende a morte do seu pai, cando Isaac estaba rematando o bacharelato, até a creación dunha pequena fabrica que daría orixe ao nacemento de Sargadelos e O Castro, máis o Museo Maside, as Edicións do Castro, o Seminario de Sargadelos, O Instituto Galego de Información e o apoio ao Seminario de Estudos Galegos.

Ruibal, Arturo, 'María do Pilar Buela. A novelista', *El Progreso*, *'Suplemento especial Día de Galicia'*, 25 xullo 2004, p. XXIX.

Faise unha semblanza do acto de presentación do libro de María do Pilar Buela Pedra (Calo, Teo, 1966), *Ácaros verdes* (Sotelo Blanco, 2003). Céntrase o enfoque sobre o sentimento especial que a autora, ama de casa, debe abranguer dentro súa ante a publicación da súa primeira obra, gañadora, ademais, dos premios Lueiro Rei 2003 e San Clemente. Faise unha breve referencia á posibilidade que teñen os novos autores de agromar grazas ás axudas oficiais e o, non obstante, difícil panorama editorial: pois son moitas as obras publicadas e escaso o número de lectores. Finalmente, especúlase sobre o especial que debe ser o acto para a autora teense.

Ruibal, Arturo, 'Francisco Fernández del Riego. O vello galeguista', *El Progreso*, *'Suplemento especial Día de Galicia'*, 25 xullo 2004, p. XXVI.

Destaca a importancia de Francisco Fenández del Riego, supervivente do galeguismo, e recrea dende unha visión melancólica as súas posíbeis lembranzas da loita por espertar o país. Debuxa a escena do seu noventa e cinco aniversario, recordando as súas vivencias políticas e confrontándoas ao presente.

Ruibal, Arturo, 'Cultura de libro', *El Progreso*, 25 xullo 2004, p. XI.

Fai un percorrido pola historia da editorial Sotelo Blanco, centrándose na figura da filla do editor, Fabiola Sotelo Blanco, quen a dirixe dende hai dez anos, ademais de ser secretaria da Fundación Sotelo Blanco, que conta cun museo etnográfico e edita *A Trabe de Ouro*, revista dirixida por Xosé Luís Méndez Ferrín. Da empresa salienta os difíciles inicios en Barcelona e o cambio para Compostela, onde se puxeron en marcha as coleccións e os sistemas de produción, promoción e distribución, o que os levou a publicar máis de trescentos títulos. Finalmente, sinala que a súa singularidade vén dada por intentar recuperar a cultura galega, pola independencia e polo criterio de calidade literaria.

Ruibal, Tomás, 'A literatura catalana en México', *Diario de Pontevedra*, *'Revista!'*, 'Lecturas', 5 decembro 2004, p. 8.

Dáse conta da presenza de libros de literatura catalá nunha feira do libro celebrada na cidade mexicana de Guadalaxara; aproveitando este acontecemento, reflexiona sobre o estado da lingua e a literatura galega; pregúntase por qué a literatura galega non foi convidada a esta feira e considera que as razóns son evidentes, pois a literatura catalá é lida e traducida, e a galega non, ademais de estar normalizada, ao contrario que a nosa.

S.A, 'Tolkien e Follet, os máis lidos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 abril 2004, p. 54.

Breve nota de prensa que dá conta dos libros máis lidos e máis mercados en España durante o 2003, segundo os datos da enquisa realizada pola Federación de Gremios de Editores de España.

S.A., 'Briga presenta en O Burgo un libro de Carlos Pereira y Ana Romero', *La Opinión*, 'Cambre/Culleredo', 17 marzo 2004, p. 14.

Breve nota de prensa na que se alude á presentación en O Burgo, do libro *Germinal. Centro de Estudios Sociais (Cultura Obreira na Coruña 1902-1906)*, dos historiadores Carlos Pereira Martínez e Ana Romero Masía.

S.F., 'Nace a colección 'As letras das mulleres', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 xullo 2004, p. 50.

Breve nota de prensa na que se informa da nova colección *As letras das mulleres*, constituída por obras escritas unicamente por mulleres. Esta nova colección do Servizo Galego de Igualdade ábrese coas obras *A cidade das mulleres*, de Cristina de Pizán e *Vindicación dos dereitos da muller* de Mary Wollstonecraft, ambas obras publicadas en lingua galega.

S.F., 'Ourense nomea fillo predilecto a Celso Emilio Ferreiro', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 30 outubro 2004, p. 42.

Dá conta do nomeamento de Celso Emilio Ferreiro como Fillo Predilecto da Provincia de Ourense, acordado pola Deputación por unanimidade. Salienta as verbas do fillo do escritor, nas que apunta que é un feito histórico que un organismo público recoñeza sen fendas a figura dunha persoa coma o seu pai, polo que se responde deste xeito a unha vella demanda da galeguidade.

S.J., 'Tris Tram traduce poesía de Papasseit para o galego', *El Progreso*, 'Verano', 20 xullo 2004, p. 63.

Noticia da publicación na "Poesía de peto" da editora Tris Tram dun volume en que se recollen vinte e cinco poemas da autoría do máximo representante da vanguarda a comezos do S. XX en Cataluña, Joan Salvat Papasseit.

S.L., 'Legado dun descoñecido', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 xaneiro 2004, p. 37.

Fai referencia á mostra itinerante, elaborada pola Fundación Alexandre Bóveda e comisariada por Enrique Acuña, que sobre Alexandre Bóveda se pode visitar estes días na cidade de Ourense; nela reúnense documentos, fotografías, discursos manuscritos, cartas e outro tipo de material, co que se pretende dar a coñecer a súa actividade intelectual. Por outra banda, tamén recolle as palabras do fillo deste, Xosé Luís Bóveda, que pide a creación dun centro de estudos sobre o seu pai.

S.L., 'Dez anos para ver 350 pezas de arte', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 outubro 2004, p. 50.

Describe o acordo ao que chegaron a viúva de Eugenio Granell, Amparo Segarra, e a Fundación Granell polo que esta lle cede en depósito á fundación trescentas cincuenta creacións, valoradas en máis de dous millóns de euros, durante un período de dez anos. Apunta que a colección contén obras de autores surrealistas e do propio Granell e que serán postas a disposición do museo e das actividades que leve a cabo.

S.P., 'Na protección do Patrimonio', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 marzo 2004, p. 52.

Breve nota de prensa na que se nos informa dunhas xornadas centradas na figura e obra do artista galego Luís Seoane. As devanditas xornadas terán lugar na cidade da Coruña o próximo venres e sábado.

S.P., 'Aniversario con mil socios más', *La Opinión*, 'Narón', 23 abril 2004, p. 22.

Dá conta de que un Día do Libro coma hoxe, pero hai un ano, a biblioteca municipal do O Alto estreaba sede nova. E con esta nova biblioteca aumentou o número de socios. Infórmanos dos actos previstos este ano con motivo do Día do Libro.

S.P., 'Escritores e libreiros debaten sobre o 17 de maio', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 maio 2004, p. 59.

Breve nota de prensa que fai alusión ao debate sobre *O significado do Día das Letras Galegas*, que se celebrará o 17 de maio e que este ano está dedicado a Xaquín Lorenzo "Xocas". Neste faladoiro convidados pola Sección de Literatura e Industria da Edición do Consello da Cultura Galega participaran varios escritores e libreiros.

S.P., 'Os intres numéricos de Marta Olivares', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 xullo 2004, p. 51.

Breve nota de prensa na que se nos informa da exposición de pintura, fotografía e poesía de Marta Olivares *Intres numéricos*, na Casa Galega da Cultura en Vigo, dende hoxe até o vindeiro día 29 de agosto.

S.P., 'Inxección económica á Fundación Valle-Inclán', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 xullo 2004, p. 50.

Apunta o acordo asinado pola Deputación da Coruña e a Fundación Valle-Inclán, no que a primeira achega máis de 60.000 euros e onde se estabelece a colaboración para o desenvolvemento de actividades culturais que promovan o coñecemento da obra literaria de Valle-Inclán, como un congreso internacional sobre o autor, un concurso escolar de narrativa, teatro e poesía e a edición da revista *Brandomín*.

S.P., 'Máis de 200 funcións de teatro, maxia, música e danza', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 xullo 2004, p. 52.

Destaca as funcións programadas pola Rede Galega de Teatros e Auditorios para o segundo semestre do ano 2004, e salienta que o xénero protagonista será o teatro, o orzamento será de 650.000 euros e que cincuenta e nove das sesenta e seis compañías participantes son galegas.

S.P., 'A literatura e o Camiño de Santiago', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 agosto 2004, p. 46.

Sinala o comezo do primeiro congreso sobre "O Camiño de Santiago e os libros de viaxes na literatura española" en Ponferrada, que segundo a organización nace con vontade de unir os escritores de Castela, León e Galicia e reflexionar sobre a literatura de viaxes, aproveitando o Camiño de Santiago. Apunta tamén a conferencia que dará o catedrático galego Víctor Freixanes, titulada "O Camiño de Santiago na literatura galega".

S.P., 'Música desvelada' para honrar a poeta Luisa Villalta', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 outubro 2004, p. 45.

Dáse conta da homenaxe que a AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) lle rendeu á poeta Luísa Villalta. O acto constou dun espectáculo teatral titulado "Música desvelada" dirixido por Lino Braxe e baseado en textos da escritora, ademais das palabras que lle dedicaron distintos escritores e profesores galegos como Álvarez Cáccamo, Yolanda Castaño, Fernán Vello, etc.

S.P., 'La actriz Mabel Rivera inaugurará mañana el curso de la escuela de teatro', *La Opinión*, 'Narón', 24 outubro 2004, p. 27.

Sinala a inauguración do curso da Escola Profesional de Teatro de Narón coa clase maxistral que imparte Mabel Rivera, unha vez seleccionados os alumnos/as para os distintos niveis existentes. Salienta que a escola foi posta en marcha o ano pasado para formar actores e actrices de maneira profesional e que este ano contan con sede propia, que será a Casa da Cultura.

S.P., 'A experiencia de Millás', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 1 decembro 2004, p. 48.

Dá conta da conferencia que Juan José Millás impartiu no día anterior no Centro Cultural Torrente Ballester de Ferrol dentro do curso de narrativa Torrente Ballester, quen disertou sobre a súa experiencia como escritor. Tamén sinala que o curso xa recibiu autores do prestixio do Premio Nobel José Saramago e que o día 3 de decembro de 2004 asistirá Manuel Rivas.

S.P., 'Nos dez anos da morte do escritor Guerra da cal', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 22 decembro 2004, p. 38.

Seoane expón a súa opinión con respecto á función social que está a cumprir a arte e a ciencia pois considera que as obras de maior relevancia son aquelas que se crean ao servizo dunha orientación ética.

S.R., 'Un home chamado Peinador', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 356, 20 marzo 2004, p. 1.

Centra este artigo na solicitude de que sexa declarado Fillo Adoptivo Predilecto da vila de Mondariz-Balnearios Enrique Peinador Lines. Este é só un dos primeiros pasos que a Fundación da Crítica dará encol da recuperación e recoñecemento dos méritos do labor filantrópico e de mecenado do galeguismo desenvoltos por este home, o cal fora propietario do Gran Hotel de Mondariz-Balneario.

S.R., 'El curso de teatro impartido por 'Morris' se clausura esta tarde', *El Progreso*, 'Comarcas', 28 marzo 2004, p. 16.

Alude a clausura do curso de teatro en Portomarín baixo a dirección do popular actor galego Antonio Durán (Morris). Infórmasenos de canto durou o curso, en que consistía, que actividades fixeron e como van rematar a última xornada antes da clausura.

S.R., 'La Feira do Libro de Lugo empieza hoy con la lectura del pregón de Jaureguizar', *El Progreso*, 'Cultura', 12 xuño 2004, p. 82.

Breve nota de prensa sobre o inicio da XXII Feira do Libro de Lugo, que comezará coa lectura do pregón, a cargo do escritor e periodista de *El Progreso* Santiago Jaureguizar. Entre os actos previstos destaca unha actividade de animación a lectura.

S.T., 'El proyecto de la Escuela de Teatro debe estar concretado en un plazo máximo de tres meses', *La Región*, 'Ciudad', 13 decembro 2004, p. 9.

Sinala que, dende setembro, se está a traballar na execución da Escola de Teatro do Eixo Atlántico e que os técnicos municipais teñen ata marzo deste ano para adaptar o proxecto a unha nova localización. Explica que está previsto que a obra se inicie en abril de 2005, que se remate en xuño de 2006 e que se inaugure a principios do ano 2007, para o que se constituirá o órgano de xestión, se aprobará a programación e se contratará ao persoal necesario. Indica cales son os obxectivos desta escola, que para a súa creación ten un orzamento superior aos catro millóns de euros. Sinala que a compañía Sarabela Teatro está barallando a posibilidade de crear unha compañía estábel de teatro na cidade, aínda que non necesariamente dentro desta escola, nin vinculada a ela.

Sada Sueiro, Xosé María, 'Soñar', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 2 agosto 2004, p. 6.

Relátase a escena dun rapaz que le un libro nun tren camiño das súas vacacións de verán. Parte da historia que está a ler tamén se lle expón ao lector. Trátase dunha narración de aventuras da que só se apunta a pelexa do guerreiro contra o antiheroe, nunha sala cun tesouro e a amada que durme. O conto remata co rapaz lector durmido, destacándose a duplicidade de soñar esperto e durmido.

Sáenz-Díez, María, 'A venda nos ollos', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 26 agosto 2004, p. 6.

Narración que relata o momento no que un xornalista dun diario local recibe unha chamada non esperada, sorprendente e desacougante. Nese momento rememora a historia para o lector. Conta que ao chegar a Londres con vinte anos, canso de todo, atopa a Berta, a persoa da chamada, e namóranse. Un día, sen dar explicacións, déixaa soa nun bar e non a volve ver. Os sentimentos de dor e culpabilidade afloran no interior do protagonista pola ausencia que amargou a súa vida.

Salgado, Daniel, 'Sucede', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 setembro 2004, p. 54.

Poema dunha única estrofa composta por dez versos de extensión moi breve e rima libre. Nestes versos un eu lírico expón un panorama triste e sen esperanza mediante adxectivos de forte carga negativa (ceo que "sangra", "Bagdad de nenos idos", "lugar negado"). Este mesmo poema foi publicado os días 6 e 25 de outubro, neste mesmo xornal.

Salgado, Daniel, 'De 'Sucede', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 outubro 2004, p. 54.

Poema dunha única estrofa composta por dez versos de extensión moi breve e rima libre. Nestes versos un eu lírico expón un panorama triste e sen esperanza mediante adxectivos de forte carga negativa (ceo que "sangra", "Bagdad de nenos idos", "lugar negado"). Este mesmo poema foi publicado os días 24 de setembro e 6 de outubro, neste mesmo xornal.

Salgado, Daniel, 'De 'Sucede', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 outubro 2004, p. 46.

Poema dunha única estrofa composta por dez versos de extensión moi breve e rima libre. Nestes versos un eu lírico expón un panorama triste e sen esperanza mediante adxectivos de forte carga negativa (ceo que "sangra", "Bagdad de nenos idos", "lugar negado"). Este mesmo poema foi publicado nos días 24 de setembro e 6 de outubro, neste mesmo xornal.

Salgado, Daniel, 'De 'Sucede', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 novembro 2004, p. 54.

Once versos nunha estrofa compoñen este poema que trata a viaxe de volta, probabelmente dun estudante, facendo referencia ao regreso tras sete días dende a cidade á aldea, describindo a paisaxe apagada da noite cun ton melancólico.

Salgado, Daniel, 'Sucede', *Galicia Hoxe*, 'Contrastes', 10 decembro 2004, p. 44.

Reflexión íntima do eu lírico sobre as desgrazas no terceiro mundo, tan lonxe da abundancia do mundo occidental no que el habita.

Sánchez Agustino, José Luis, 'Por una senda marinera orlada de estrellas', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 14 marzo 2004, p. 24.

Comeza sinalando de que forma paralela ao seu discorrer marítimo-fluvial, temos a chamada Ruta Literaria do Mar de Arousa, propugnada ao mesmo tempo que a Xacobea. A continuación centra o artigo no eximio poeta García Lago, na súa obra e na súa vida dende que nacera en Porto Rico en 1893.

Sánchez Agustino, José Luis, 'Por una senda marinera orlada de estrellas', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 21 marzo 2004, p. 25.

Artigo centrado no estudo de autores que configuran a Ruta Literaria do Mar de Arousa e Ulla. Neste traballo introdúcesenos na vida e obra de Ramón García Lago.

Sánchez Calveiro, Marcos, 'Nós', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 12 agosto 2004, p. 7.

Relato no que se contan diversos episodios da historia da humanidade relacionados coa destrución de libros e de bibliotecas na voz dun rato, especie sempre presente neles. Remata coa espera do fin da súa liñaxe no soto dunha oficina, roendo os folios desta, situación da que se pode extraer un paralelismo entre a perda desta raza milenaria e a dos lectores/as.

Sánchez Iglesias, Cesáreo, 'Variacións Nube', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 novembro 2004, p. 54.

Poema de dez versos en catro estrofas no que aparecen os temas do paso do tempo, da iniciación á escrita e á lectura e da imaxinación.

Sánchez Sánchez, Xosé M. , 'Anotacións rimadas do século XVII (II)', *El Correo Gallego*, 'Fin de semana', 1 2004, p. 4.

Recóllese neste artigo a aparición de anotacións rimadas do século XVI e XVII. E dásenos conta da gran novidade que vén dada pola súa procedencia, tratase de prosa poética escrita por membros do estamento notarial. Iso fornece a idea de que o galego non era unicamente a lingua do vulgo, senón que o seu dominio era máis cotián do que se puidese pensar.

Sánchez, Alba, 'Unha noite no cine', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 30 agosto 2004, p. 6.

Pequena historia na que a protagonista relata cómo unha noite entra un ladrón na súa casa a roubar. Ela ségueo sen que o ladrón se decate e ve cómo comeza a meter nun saco as súas pertenzas. Decide pórse detrás dunha porta para darlle un golpe e chamar á Policía, pero no intre de facelo esperta e decátase de que estaba a soñar nunha sala de cine.

Sande, Miguel, 'Non imaxino a miña vida sen poesía', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 78, 'En portada', 18 setembro 2004, p. 5.

Entrevista a Manuel María publicada no 2002, que agora se revisa e actualiza con motivo do seu falecemento. Comeza cun prólogo demorado do encontro co escritor na Coruña, destacando os corenta e sete libros de poemas publicados aos setenta e dous anos e o privilexio de ser o primeiro poeta en ver publicada a súa obra completa, grazas a Miguel Anxo Fernán-Vello e Espiral Maior. Apunta a conversa sobre a obra *Terra Cha*, que son poemas do ano 1953, ao saír o volume na colección da "Biblioteca 120", e a ilusión que sempre tivo por comunicarse cos versos e que agora dá por rematada.

Sanjurjo, C., 'Éxito do XVIII Festival de Poesía a pesares da tormenta', *Faro de Vigo*, 'Área metropolitana/Condado-Paradanta', 5 setembro 2004, p. 17.

Salienta a numerosa asistencia de público acadada no Festival de Poesía de Salvaterra de Miño e o seu lema: "En defensa das liberdades" e apunta a intención dos organizadores, a SCD do Condado, de levar a cabo actividades dirixidas a distintas idades co obxectivo de reunir diferentes xeracións. Destaca o longo cartel que incluíu música, baile, conferencias, exposicións e poesía, a cargo de numerosos profesionais de varias nacionalidades, dos que enumera os poetas e músicos participantes.

Sanmartín, Xesús, 'Alí o vén', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 29 agosto 2004, p. 10.

Este relato trata da vida dun traballador da construción, casado e con fillos que tras un despido, a vida fáiselle dura e difícil ao ter que traballar en pequenas cousas, até que cansa e marcha na noite, procurando a fuxida en barca xunto a outros compañeiros. Non obstante, cando están a punto de alcanzar a liberdade, son descubertos e finalmente tirados ao mar polos mesmos homes de traxe que os despediran.

Santos, Agatha de, 'Los discípulos gallegos de Shakespeare', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 18 xuño 2004, p. 43.

Neste artigo dan a súa opinión persoas como Eduardo Alonso, Cándido Pazó, José Luis Prieto Roca e Gustavo Pernas sobre a dificultade de poder estrear unha obra se non estás

vinculado a un grupo teatral. A falta de apoio ao teatro e a escasa comunicación entre as distintas comunidades, fan que as obras contemporáneas non saian da súa rexión de orixen. Ven como unha boa medida introducir o teatro no sistema educativo.

Santos, Agatha de, 'La Feria del Libro de Vigo se cierra con un incremento de ventas próximo al 15%', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 9 xullo 2004, p. 41.

Céntrase na XXX Feira do Libro de Vigo. Apuntase que foi positiva a participación de visitantes este ano e que as ventas se incrementaron. Destaca o interese que tiveron actividades como os debates. A XXX Feira do Libro de Vigo despediuse antonte dos seus visitantes con varias actividades entre elas cunha sesión de contacontos para adultos a cargo de Cándido Pazó.

Santos, Agatha de, 'Pancho', de Kalandraka, segundo Premio Nacional de Ilustración', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 22 setembro 2004, p. 43.

Despois de anotar o primeiro Premio Nacional á mellor Ilustración do Libro Infantil e Xuvenil, que levou Pablo Díaz Tamargo polas ilustracións de *El monstruo de la lluvia*, de Marilar Aleixandre, centra o artigo ao redor da editorial Kalandraka que publicou o segundo premio: *Pancho*, de Julián Antonio Lloro (Antonio Santos), que tamén fixo as ilustracións. Apunta as declaracións do director da editorial pontevedresa , Xosé Ballesteros, nas que destaca que esta distinción sumada ao Premio Nacional de Edición recibida no mesmo mes, confirman que a liña de traballo da editorial é boa. Salienta que a aposta de Kalandraka é por ilustradores nativos e obras orixinais, para conformar algo parecido a unha obra de arte para os nenos e nenas, e espera que saia máis adiante unha segunda parte do libro.

Santos, C. , 'Mujer en el baño', *El Mundo*, *'El Cultural'*, 'Letras. Bolsillo', 13 maio 2004, p. 18.

Sección na que se dá conta dalgunhas obras de peto, entre as que se atopa a tradución ao castelán de *Muller no baño* (2002), de Manuel Rivas. Saliéntase nesta obra a profundidade que o autor lle vai imprimindo co paso do tempo ao tratamento dos seus temas recorrentes como o mar, a pintura ou o feminino, entre outros. Salienta que nesta obra Rivas incorpora figuras novas á súa paisaxe e afía a mirada sen restarlle lirismo, crítica nin intelixencia ao seu traballo.

Sar, Máximo, 'Cartas de Borobó', *Diario de Arousa*, 29 agosto 2004, p. 23.

Máximo Sar expón, como conmemoración do primeiro cabodano do escritor, parte do contido dalgunhas epístolas que Raimundo García Domínguez, "Borobó", lle enviou co ánimo de rescatar algún dato curioso ou interesante para o lector. Os contidos destas amosan aspectos persoais do autor e en todas existen referencias literarias, como os

problemas da creación da revista *Chan*, libros que está lendo, recensións literarias feitas por el no suplemento "La Noche" ou unha conferencia sobre Valle-Inclán baseada nas súas cartas. Remata coa última carta enviada, que recolle uns versos de Borobó, xa preto do seu falecemento.

Sarille, Xosé Manuel, 'Aragonta e o amor', *A Nosa Terra*, nº 1.138, 'Galiza', 22 xullo 2004, p. 8.

Bota aquí unha ollada ao pasado Xosé Manuel Sarille, ata o ano 1976, cando estaba en Compostela e oía nun disco de vinilo un poema de José Martí xunto con Xosé Miranda, un poema ao que, sen sabelo, lle cambiaban a letra. E recorda todo isto por un fragmento de texto que saca do libro *As cidades mergulladas* que acaba de publicar Miranda e que lle recorda a ese poema modificado. Por outro lado recorda cando, por aquel tempo, lle chegou as mans a obra de Víctor Vaqueiro, que pasou a ser o poeta novo preferido, lembra que sobre todo había un poema que falaba de Aragonta, unha aldea de Sicilia. Di Sarille que non volveu ler versos de Vaqueiro ata agora con *Traxectorias*, libro no que edita toda a obra poética, un volume que cualifica de "delicioso e imprescindíbel".

Sende, Sechu, 'Protexédevos dos medios de comunicación', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 20 agosto 2004, p. 6.

Relato en clave de ciencia ficción e estilo futurista. Dirixíndose ao lector, conta que as palabras que está a ler no xornal foron escritas e enviadas dende o ano 2026, no futuro, onde os monopolios económicos se apoderaron totalmente da creación e difusión da información, despois da I Guerra da Información. A mensaxe difúndese para combater ao Fascismo e advertir á sociedade do 2004 da mentira, manipulación e pensamento único dos medios de comunicación, que se farán donos da liberdade da civilización.

Seoane, Luís, 'Orientación ética da arte', *A Nosa Terra*, nº 1154, 'Cultura', 9 decembro 2004, p. 25.

Seoane expón a súa opinión con respecto á función social que está a cumprir a arte e a ciencia pois considera que as obras de maior relevancia son aquelas que se crean ao servizo dunha orientación ética.

Silva, Carolina, 'Homenaje a Celso Emilio', *El Correo Gallego*, 'Vigo', 1 setembro 2004, p. 18.

Pequena recensión que apunta a homenaxe feita a Celso Emilio Ferreiro en Vigo, con ocasión do seu vinte e cinco cabodano. Organizada pola a familia e polo Concello, o acto consistiu nunha ofrenda floral nos xardíns que levan o seu nome.

Souto Méndez, Lula, 'Na boca de Cupido', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 xullo 2004, p. 53.

A voz poética amosa o seu sufrimento e a súa inquedanza ante un sentimento amoroso correspondido, pero non culminado.

Souto Méndez, Lula, 'Vixía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 agosto 2004, p. 56.

Poema de curta extensión, dunha única estrofa, verso libre e sen puntuación, no que un eu lírico en primeira persoa observa o baleiro intelectual ao seu redor e manifesta a súa oposta actitude vital, observadora e despreocupada. Este mesmo poema foi publicado os días 19 e 30 de novembro, neste mesmo xornal.

Souto Méndez, Lula, 'Setembro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 outubro 2004, p. 70.

Dezasete versos compoñen este poema de estrofa única, coa repetición dun verso que encadea o contido e o ritmo, que trata da espera do eu lírico polas choivas do outono namentres afoga no tedio e pasa o tempo.

Souto Méndez, Lula, 'De 'Vixía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 novembro 2004, p. 54.

Poema de curta extensión, dunha única estrofa, verso libre e sen puntuación, no que un eu lírico en primeira persoa observa o baleiro intelectual ao seu redor e manifesta a súa oposta actitude vital, observadora e despreocupada. Este mesmo poema foi publicado os días 19 de agosto e 30 de novembro, neste mesmo xornal.

Souto Méndez, Lula, 'Vixía', *Galicia Hoxe*, 30 novembro 2004, p. 62.

Poema de curta extensión, dunha única estrofa, verso libre e sen puntuación, no que un eu lírico en primeira persoa observa o baleiro intelectual ao seu redor e manifesta a súa oposta actitude vital, observadora e despreocupada. Este mesmo poema foi publicado o día 19 de agosto e o 19 do outubro, neste mesmo xornal.

Souto Vilanova, César, 'De 'Sucesos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 xullo 2004, p. 56.

Reprodúcese un poema de César Souto Vilanova (Noia, 1975) correspondente á súa obra *Sucesos* (Deputación provincial de Pontevedra, 2004). A voz poética fai referencia á deconstrución do vivido como proceso da memoria.

Souto Vilanova, César, 'De 'Sucesos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 xullo 2004, p. 46.

Pequeno poema constituído por once versos e unha única estrofa, no que salienta a existencia do poema independentemente do nome dun alguén ou dun algo sen identificar, que compara a elementos da natureza.

Souto Vilanova, César, 'De 'Sucesos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 agosto 2004, p. 62.

Reprodúcese un poema de César Souto Vilanova (Noia, 1975) correspondente á súa obra *Sucesos* (Deputación provincial de Pontevedra, 2004). A voz poética fala do regreso ás orixes, representado no retorno á "codia" da realidade, como o proceso polo que deixar atrás o "amargo" e "comezar".

Souto Vilanova, César, 'En 'Sucesos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 agosto 2004, p. 64.

Reprodúcese un poema de César Souto Vilanova (Noia, 1975) correspondente á súa obra *Sucesos* (Deputación provincial de Pontevedra, 2004). Poema de sensacións que recolle o desconcerto da voz poética ante unha realidade inaprensíbel, "que non vemos".

Souto Vilanova, César, 'De 'Sucesos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 outubro 2004, p. 56.

Poema breve de dez versos, divididos en dúas estrofas, no que aparecen conceptos como a escuridade, a noite e a creba do sosego.

Souto, Juan, 'Alvarellos', *El Progreso*, 'de re varia', 3 xuño 2004, p. 88.

Breve nota de prensa na que se fai unha loanza a Enrique Alvarellos, a súa persoa, a súa vida e a súa paixón pola música.

Souto, Suso, 'Quintana rendirá un homenaje a Castelao e impartirá una conferencia', *El Correo Gallego*, 'Area de Compostela', 6 2004, p. 37.

Fala de cómo o candidato do BNG a presidencia da Xunta, Anxo Quintana, desprazarase a localidade de Rianxo para renderlle unha homenaxe a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, para conmemorar o aniversario da morte deste insigne escritor. E finalmente, Quintana intervirá nunha conferencia baixo o título *Un 2004 de futuro para Galicia*.

Souto, Suso, 'Congreso de Valle-Inclán na Pobra/Un congreso dedicado a Valle-Inclán reunirá a expertos a nivel nacional', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Área de Compostela', 12 agosto 2004, p. 52/38.

Destaca a realización do Congreso "A Galicia de Valle-Inclán" na primeira quincena de decembro, organizado pola Concellaría de Cultura do Concello da Pobra, para o que a Sociedade de Xestión do Xacobeo achegará 18.000 euros. Salienta que terá un cento de prazas e durará corenta horas en xornadas de mañá e tarde, ademais de contar con especialistas, xente do teatro, escritores/as, cineastas, profesores/as, etc., de Galicia e de fóra dela.

Souto, Suso, 'O Reimóndez Portela é para Ruth Fernández', *Galicia Hoxe*, 'Comunicación Hoxe', 13 setembro 2004, p. 53.

Dá conta do acto de entrega do tradicional "IX Premio Xornalístico Reimóndez Portela", que recaeu na lucense Ruth Férnández por dous traballos titulados *Como cabeceira* e *Un libro para o verán,* os cales foron publicados no diario *Galicia Hoxe*. Sinala que o diario *Galicia Hoxe* é o único periódico que na actualidade se escribe integramente en galego. E por último informa de que xa quedou convocada para o ano que vén a décima edición deste certame xornalístico.

Souto, Suso, 'Alonso Montero pide coordinación en la difusión de la obra de Valle-Inclán', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 30 novembro 2004, p. 38.

Céntrase na conferencia de Xesús Alonso Montero como primeira intervención do congreso realizado na Pobra do Caramiñal sobre Valle-Inclán. Dela salienta o reclamo para facer un proxecto común, para sumar esforzos e desbotar a descoordinación existente. Tamén sinala, citando as palabras do investigador, a súa desmitificación do antigaleguismo de Valle, apuntando que o uso do castelán debeuse a razóns literarias, e usa, ademais, o argumento do recoñecemento de Castelao ou Seoane cara ao autor. Nun á parte expóñense outros actos do congreso.

Souto, Suso, 'A familia de Valle non o quere no Panteón galego', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 1 decembro 2004, p. 50.

No marco do simposio sobre Valle-Inclán na Pobra, ademais da proposta do conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela, á familia do escritor sobre a posibilidade de trasladar os restos ao Panteón dos Galegos Ilustres, ao que xa se teñen negado noutras ocasións, destaca a mesa redonda sobre a recepción dos seus textos nos escenarios. Por outra banda, sinálase a idea de Manuel Guede de que o galeguismo inculca odio ao dramaturgo e cita as palabras de Manuel Antonio sobre Valle: "o mestre da xuventude imbécil de Galicia".

Souto, Xurxo, '20 anos de poesía de Manuel Rivas', *La Opinión*, 'El Domingo', 4 xaneiro 2004, p. 16.

Faise referencia a que, dúas décadas despois do *Libro do Entroido*, Espiral Maior presenta nun só volume o conxunto dos versos de Manuel Rivas.

Souto, Xurxo, 'A cantiga de Celso Emilio', *La Opinión*, 29 agosto 2004.

Recorda neste artigo a traxectoria poética de Celso Emilio Ferreiro, co gallo do vinte e cinco aniversario do seu pasamento, intercalando poemas para amosar que a súa mensaxe é universal e segue a latexar viva contra a inxustiza e coa esperanza de transformar o mundo. Observa a actualidade dos seus poemas, xa enraizados na xente en grande medida polas versións musicais que dos seus poemas fixeron os Tamara, Fuxan os Ventos, etc. Apunta diversos capítulos da súa biografía para conectalos cos libros aos que deron lugar. Nun á parte retoma a exposición dos libros que Celso Emilio publicou en vida, dando breves apuntes sobre eles e destacando as edicións de Xerais onde se atopan, *Poesía galega completa* e *Obra narrativa*, recentemente publicadas.

Souto, Xurxo, 'A palabra de Manuel María', *La Opinión*, 12 setembro 2004, p. 16.

Achega a través do sentimento da amizade, do respecto e da gratitude a figura do falecido Manuel María. Describe o último encontro co poeta no hospital, onde destaca a conversa literaria mantida, sobre a facilidade versificadora de Celso Emilio Ferreiro, o encontro con Miguel Torga en Coimbra e o último libro de Miguel Anxo Fernán-Vello, *Territorio da desaparición*, do que o autor sinalaba que constituía o reencontro coa palabra social na poesía galega. Xurxo Souto apunta esta vontade conversadora do autor e amosa o respecto e cariño co que se lle despediu o día do seu enterro. Por último, e antes de transcribir nun á parte e como homenaxe un dos poemas d'*A luz ciscada*, salienta o seu compromiso co país e coa lingua, a súa palabra firme, constante e militante.

Souto, Xurxo, 'Unha coroa para un poeta', *La Opinión*, 24 outubro 2004.

Salienta o acto de coroación do poeta Manuel Curros Enríquez na Coruña en 1904, primeira coroación dun poeta galego. Destaca que o conxunto das Sociedades de Recreo da Coruña quixeron homenaxear a Curros no teatro que hoxe se chama Rosalía de Castro, como expresión de admiración, que era mutua, xa que para Curros a cidade era símbolo de liberdade e progreso. Observa que na celebración se leron vinte e cinco poemas na súa honra e un discurso de Manuel Murguía, e que no acto estiveron os persoeiros máis eximios do momento. Tamén intercala unha pequena biografía e apunta os problemas que tivo sempre co clero e co poder a causa dos seus poemas, anotando as circunstancias que rodearon a publicación de *Aires d'a Terra*, que estivo a piques de levalo preso.

Souto, Xurxo, 'Monte Alto, libro aberto', *La Opinión*, *'El Domingo'*, nº 216, 28 novembro 2004, p. 1.

Afirma que o barrio de Monte Alto, da Coruña, concentra o maior número de escritores de toda Galicia e explica que, mesmo unha xornalista de *A Nosa Terra*, se achegou ao barrio para investigar tan alta densidade de literatos. Como mostra, cita algúns dos escritores que

residen no barrio, como Xosé Fernández Ferreiro, Miguel Anxo Fernán Vello, Xosé Manuel Martínez Oca, Ribadulla Corcón, Francisco Fernández Naval, Felipe Senén, Xoán Abeleira, Enma Pedreira, Henrique Rabuñal, Olga Novo, Xavier Iglesias ou Luís e Carlos Paulo Martínez Pereiro, ou outros que pasaron aquí algunhas tempadas da súa vida, como Uxío Novoneyra ou Manuel María. Transcribe, tamén, algúns fragmentos das obras de Manuel Rivas ou Ribadulla Corcón, que falan do barrio e sinala, finalmente, que incluso no seu cemiterio hai unha gran lección de literatura, pois nel descansan Manuel Murguía, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal e Luísa Villalta.

Suárez, Alba, 'Díaz Pardo hará una propuesta formal para ceder Sargadelos', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 1 abril 2004, p. 7.

Nota sobre a proposta que presentará Isaac Díaz Pardo ao Padroado de Sargadelos, entidade dependente da Consellería de Cultura, para que sexa esta a que xestione a empresa Fábrica de Cerámica de Sargadelos S.L. Díaz Pardo está decidido a levar a cabo a cesión da xestión da empresa ao Padroado.

Suárez, Alba, 'Isaac Díaz Pardo califica a García de 'cínico espantoso', *Diario de Arousa*, 'Galicia', 8 abril 2004, p. 35.

Centra este comentario na polémica que se iniciou a primeiros de marzo, cando Isaac Díaz Pardo comentaba durante as xornadas de homenaxe a Luís Seoane a súa preocupación polo futuro de Sargadelos debido a un socio que quere facer de Sargadelos un negocio inmoral.

Suárez, Chelo, 'Calor de agosto', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 14 agosto 2004, p. 6.

Relato que narra unha escena nunha noite calorosa de verán onde un home mata as crías dunha gaivota no seu niño. A voz narradora que observa o lance apunta a dor da perda dos fillos, común a todas as especies. Finaliza coa estampa lírica e tráxica da nai gaivota fascinada polo resplandor da lúa e pensando en como criar o estraño ovo da súa sombra de nácara.

Suárez, Manuel, 'Callejero de Vilagarcía: O Castro y la calle Alexandre Bóveda', *Diario de Arousa*, 'Colaboración', 17 xaneiro 2004, p. 23.

Comenta neste espazo os nomes das rúas de todo o concello de Vilagarcía, nesta entrega centrase nas rúas de O Castro e a rúa de Alexandre Bóveda. E ao mesmo tempo destacando os personaxes destas rúas. Unha das rúas que comenta é a que hoxe leva o nome dun personaxe relevante da historia de Galicia: Alexandre Bóveda. Dando conta da vida deste escritor.

Suárez, Manuel, 'Xosé Núñez Búa', *Diario de Arousa*, 'Colaboración', 5 setembro 2004, p. 22.

Despois dalgunhas anécdotas históricas, narra a historia da rúa que leva o nome de Xosé Núñez Búa, o que serve de introdución a unha pequena recensión da vida e obra do escritor. Destaca, entre outras referencias biográficas, o seu labor político, as colaboracións xornalísticas en revistas como *Céltiga*, *El Pueblo Gallego*, *A Nosa Terra*, *Nós*, etc., e a súa pertenza á Sección de Etnografía do Seminario de Estudos Galegos. Despois da guerra apunta o seu labor no exilio a prol da cultura galega, recoñecido, entre outros, por Eduardo Blanco Amor, onde segue elaborando artigos para distintos xornais e revistas (*Galicia Emigrante*, *Galeusca*, *Galicia Libre*…) e traballa en edicións radiofónicas da BBC.

Sucasas, José Luis, 'Cibrán de Quadron', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 22 agosto 2004, p. 10.

Relato que narra a historia de Cibrán de Quadrom na busca de muller para casar tras a morte do seu pai. Aos vinte e nove anos e ao ter que facerse cargo do castelo, proponse atopar unha moza virxe e de beleza normal, pero non o consegue, en grande parte debido ás súas propias festas nocturnas coas mozas do lugar. Por orgullo, finalmente decide saír a cabalo na busca da súa futura muller fóra da comarca.

T.A.S., 'A sociedade cultural Medulio cumpre 25 anos de existencia', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 22 setembro 2004, p. 19.

A inauguración do novo local en Ferrol da sociedade Medulio, que coincide co 25 aniversario da fundación da asociación (constituída en 1979), centra este artigo. Destaca que para a celebración contan coa presenza do primeiro presidente, Xaquín Marín, e aproveitarán o evento para homenaxear a Manuel María, a través dun recital poético. Ademais, a presidenta actual, Laura Tato, salienta os proxectos que continuarán, como as excursións guiadas ou o certame de investigación literaria Carvalho Calero, e outros novos: un ciclo de conferencias sobre historia, clases de gaita e un curso de escrita creativa para rapaces/as.

T.A.S., 'Sé que en Ferrol interesa a mucha gente el mundo de la literatura', *Diario de Arousa/El Ideal Gallego/El Progreso*, 'Ferrol', 28 setembro 2004, p. 15.

Entrevista a José Antonio Ponte Far con motivo do comezo do primeiro curso de narrativa "Torrente Ballester". Afirma que debido ao interese que existe na cidade de Ferrol pola lectura e escritura quixeron facer este curso mesturando a visión dos teóricos coa de escritores de prestixio como José Saramago ou Rosa Montero. Destaca que se buscou que tivese cabida un público amplo e non especializado necesariamente e que, pola importancia deste tipo de actividades para a cidade e a elevada matrícula (cen persoas inscritas), espera que se realicen máis edicións no futuro.

T.P., 'La Feria del Libro coincide con la celebración de la fiesta medieval', *El Ideal Gallego*, 'Betanzos', 1 xullo 2004, p. 25.

Alúdese á Feira do Libro de Betanzos a cal coincide coa celebración da festa medieval. No día da inauguración da festa medieval haberá un recital poético a cargo dos membros da escola municipal Casahamlet.

T.P., 'La Feira del Libro busca plaza fija en el calendario festivo del verano', *El Ideal Gallego*, 'Betanzos', 7 xullo 2004, p. 23.

Dá conta da Feira do Libro de Betanzos, na que se atopan as últimas novidades bibliográficas, tanto de literatura española e galega así como publicacións infantís.
No programa da Feira do Libro inclúense tamén a representación de obras de teatro e talleres de encadernación de libros.

Tabarés, F., 'César Antonio Molina sustituye a Jon Juaristi al frente del Instituto Cervantes', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 14 maio 2004, p. 56.

Nota sobre o nomeamento do escritor, poeta e periodista coruñés César Antonio Molina, para dirixir o Instituto Cervantes en substitución do tamén poeta Jon Juarista. Dende hai oito anos César Antonio Molina traballaba como director do Círculo de Bellas Artes de Madrid. Inicia a súa actividade periodística en *La Voz de Galicia*, onde continua colaborando na actualidade nas páxinas de *Opinión*. Ademais, publica regularmente artigos de corte literario nas páxinas do suplemento *Culturas.*

Taramancos, Avilés de, 'Última fuxida a Harar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 novembro 2004, p. 56.

Recóllese un poema de Avilés de Taramancos pertencente á súa obra *Última fuxida a Harar*, sobre o paso do tempo.

Tenreiro, Lucía, 'Arteixo vende literatura a un euro', *El Ideal Gallego*, 'Área metropolitana', 18 abril 2004, p. 21.

Comenta a decisión do Concello de Arteixo de instalar un posto no feirón da localidade para vender libros a un euro. Os volumes proceden do expurgo de todas as salas de lectura do municipio e faise pola necesidade de renovación da biblioteca.

Torre, C. de la, 'Lápices aptos para uso infantil', *El Ideal Gallego*, 29 xuño 2004, p. 72.

Nota de prensa sobre o curso de cómic impartido por Manuel Cráneo, que comezou onte no Circo de Artesáns. Nestes cursos os rapaces debuxan dende a primeira clase, elaboran historias e fan a presentación dos personaxes. As tiras cómicas que sexan seleccionadas pasarán ao curso intensivo programado en *Viñetas dende o Atlántico*, e neste novo curso recibirán leccións de ilustradores internacionais.

Torre, Lorena de la, 'Héroes de ficción, sobre papel', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 383, 'Cómic', 2 outubro 2004, p. 4.

Anuncia o comezo das XVI Xornadas de Banda Deseñada de Ourense e as novidades que presenta este ano, entre elas, a presentación da nova revista semanal de *El Jueves*, *Mister K*, na que colaboran sete autores galegos: Leandro, Alberto Guitián, Santy Gutiérrez, Javi Montes, Victor Rivas, Miguel Robledo e Kiko da Silva. Menciónanse tamén as exposicións que se poderán contemplar nestas xornadas: unha eslovena titulada *Wartime*; *Ubu Rei*, unha mostra de Jaime Asensi na que se adapta a obra de Alfred Jarry ao cómic; os traballos de Miguelanxo Prado, que presenta *A mansión dos Pampín*; *Os Heresiarcas*, de Portela e Das Pastoras; *La vida en una cuchara*, do portugués Miguel Rocha; e *Campos de Cuba*, de Fran Jaraba. O artigo dá conta ademais do dictame do Premio Ourense 2004 de Banda Deseñada ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia polo *Proxectoterra*, cuxo obxectivo é achegar dunha forma divulgativa o mundo da arquitectura e o feísmo arquitectónico ao público máis novo. Unha das primeiras iniciativas deste proxecto é a publicación do álbum *A mansión dos Pampín*, de Miguelanxo Prado.

Torre, Sonia, 'Luis Seoane descubre el color', *La Región*, 'Cultura', 15 xaneiro 2004, p. 67.

Comeza sinalando que coincidindo co 25 aniversario do falecemento de Luís Seoane, pódense ver dende hoxe no Museo Municipal de Ourense a exposición "Luís Seoane. Acuarelas", un total de 51 acuarelas coa firma deste ilustre galego.

Torre, Sonia, 'Todos a escena en la Casa da Xuventude', *La Región*, 'Cultura', 25 marzo 2004, p. 75.

A articulista fai un repaso pola historia da creación da semana do teatro, como acto para recordar a festa do Día Mundial do Teatro. Estes cursos supoñen unha das actividades máis importantes. E sinala como responsable desta idea a Mónica Sueiro.

Torre, Sonia, 'Un centro de estudios recuerda a Casares', *La Región*, 'Cultura', 10 xuño 2004, p. 75.

Fai referencia a que Ourense será a sede do Centro de Estudos "Carlos Casares", extensión da Fundación Carlos Casares, o coordinador será Marcos Valcárcel e a sede simbólica o Liceo de Ourense. O Centro de Estudos velará polo estudo e a difusión da obra literaria de

Casares así como pola promoción do seu legado cívico-cultural, potenciando a lingua e a cultura de Galicia.

Torre, Sonia, 'El universo literario, en femenino', *La Región*, 'Literatura', 20 xullo 2004, p. 51.

Apúntase a aparición da colección "As letras das mulleres" da editorial Sotelo Branco, en coedición co Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia. Comenta os primeiros volumes que son *A cidade das mulleres* de Cristina de Pizán e *Vindicación dos dereitos da muller* de Mary Wollstonecraft. Afírmase que a responsábel da editorial, Fabiola Sotelo, asegura que a constatación da vixencia da literatura de mulleres, o interese especial por esta e a carencia de títulos en galego da literatura universal escrita por mulleres, foron os motivos que impulsaron esta iniciativa. Pretende ser unha colección aberta a todo tipo de público, con introducións sinxelas e nada académicas. A continuación faise unha breve descrición biográfica das dúas autoras e do seu libro, así como a referencia das tradutoras e das prologuistas.

Torre, Sonia, 'Galeusca se estrena en Ourense', *La Región*, 'Literatura', 26 outubro 2004, p. 67.

Analiza a nova edición do Congreso Galeusca, organizado este ano pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, que escolleu o tema monográfico "A cidade e a palabra", que pretende coñecer as distintas realidades literarias e compartir problemáticas comúns no proceso de creación e divulgación, para encamiñar solucións compartidas. Apunta tamén que a conferencia inaugural correrá a cargo de Marcos Valcárcel. Posteriormente terán lugar mesas redondas que tratarán da elaboración do imaxinario urbano e das cidades alleas e clausurarase cun debate sobre cidades utópicas. Contarase con actuacións de jazz durante o congreso e presentarase como homenaxe a Antón Tovar o libro *Galeusca: antología poética (1990-2003)*.

Torre, Sonia, 'Chequeo al periodismo literario', *La Región*, 'Cultura', 17 novembro 2004, p. 67.

Analiza o contido das xornadas patrocinadas pola Deputación de Ourense e o Vicerreitorado dedicadas ao xornalismo literario na prensa galega centradas na figura do falecido Carlos Casares. Durante as tres xornadas realizadas no Liceo ourensán participaron persoas do mundo literario como Marcos Valcárcel, Bieito Iglesias, Anxo Angueira e Damián Villalaín. Tamén sinala que Xosé Carlos Caneiro e Alfredo Conde, entre outros, formarán parte dunha mesa redonda dedicada a estudar e valorar a presenza dos grandes escritores na historia da prensa.

Torres Regueiro, Xesús, 'Cando os nenos recitaron e Manuel escoitou', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 'Cultura', 16 setembro 2004, p. 28.

Narra unha visita que o poeta Manuel María realizou no ano 2000 ao Colexio de Présaras para dar unha charla ao alumnado. Nesa ocasión, o poeta foi sorprendido polos escolares, quen recitaron os seus versos no marco dunha experiencia de animación á lectura que desenvolve o centro dende hai anos. Destaca que esta iniciativa foi recoñecida publicamente e mesmo premiada. As actividades que se levan a cabo teñen como escenario un salón que conta cunha biblioteca, un obradoiro do libro, vídeo, música, etc. Nese lugar os rapaces/as traballan durante tres meses sobre un tema e logo organizan un festival.

Torres Regueiro, Xesús, 'Desagravio a Manuel María en Betanzos', *A Nosa Terra*, nº 1148, 'Cultura', 28 outubro 2004, p. 29.

Recóllense as palabras que Xesús Torres Regueiro lle ofreceu ao poeta Manuel María na presentación do seu libro *A II República nunha vila galega*. *Betanzos, 1931-1936*. Torres salientou a relación do poeta finado con Betanzos e presenta, na nova, un poema de Manuel María titulado "Obreiros", tirado do libro *Versos para cantar en feiras e romaxes*.

Trigo, Xosé Manuel G., 'A misa do peregrino', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 7 agosto 2004, p. 6.

Nárrase nesta historia a peregrinación a Compostela dunha parella. Ao pasar por un edificio o home le nun cartel o nome dunha muller coa que tivera unha aventura na súa época de estudante. O recordo dura un instante no que constata o aburrimento actual coa súa muller, pero finalmente continua o camiño coa súa dona.

U.L., 'Unha mostra reflexa a presencia do viño na obra de Rosalía de Castro e Cabanillas', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 22 xaneiro 2004, p. L15.

A exposición "Rosalía e Cabanillas a través do viño", organizada pola Fundación Rosalía de Castro e a Rede de Museos do concello de Cambados e composta de dez paneis informativos e tres vitrinas con material recollido a partir do baleirado da obra de ambos os dous autores das referencias ao mundo do viño, pretende achegar as súas figuras a aqueles que aínda non os coñecen.

U.L., 'A Casa-Museo da poetisa abre a mostra 'Rosalía Ilustrada', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 24 abril 2004, p. L12.

A Fundación Rosalía de Castro convidou a vinte e cinco artistas galegos a que "puxesen a súa arte, imaxinación e sensibilidade a disposición das palabras da autora", e o resultado foi esta exposición itinerante cuxo obxectivo é achegar a poesía rosaliana ao ámbito estudiantil.

U.L., 'Entregan en Padrón los premios en honor a Cela y a Maruxa Villanueva', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 7 maio 2004, p. L10.

Noticia da entrega do Premio de narrativa Camilo José Cela 2003 e do de interpretación teatral Maruxa Villanueva convocados polo concello de Padrón. David Couto resultou gañador da decimocuarta edición do certame de narrativa coa obra *La vereda de los justos* e Rosa Álvarez, actriz, gañadora do galardón de interpretación teatral. Recolle as palabras dos gañadores no acto de entrega e remata referíndose ás restantes actividades celebradas con motivo do día do patrono.

U.L., 'Alonso Montero dona un manuscrito a la Fundación Cela', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 12 maio 2004, p. L10.

Xesús Alonso Montero cedeu á Fundación Camilo José Cela de Padrón o manuscrito dun artigo seu sobre este escritor publicado no *Boletín da RAG* o ano pasado.

U.L., 'Recollen libros en galego en Rois para nenos de Arxentina', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 2 xuño 2004, p. L12.

Dentro dos actos de celebración das Letras Galegas, o concello de Rois organizou a recollida de libros en galego para nenos de Arxentina.

U.L., 'As fundacións Rosalía de Castro e Camilo José Cela reciben aos escritores iberoamericanos', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 14 xullo 2004, p. L8.

A Casa-Museo de Rosalía de Castro e a Fundación Camilo José Cela reciben a visita dos escritores que participan no encontro *Galicia e Iberoamérica, un mundo literario*, organizado polo PEN Club.

Uriarte, Carolina, 'O segredo das buguinas', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 20 agosto 2004, p. 6.

É a historia dunha nena de once anos chamada Branca. Ela prognosticaba un verán aburrido na casa dos seus avós, lugar a onde a mandaron seus pais, porque era no rural e nin sequera había nenos. O único que había era unha praia pequena e resulta que estaba ateigada de chapapote. Porén, ao final pasouno moi ben porque chamou ao seu tío, limparon a praia e púidose bañar. Pero o que máis lle gustou foi o son das buguinas.

V.O., 'Padrón, un berce para escritores', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 xullo 2004, p. 54.

Noticia da realización dunha xornada literaria que como anticipo da exposición *Padrón, berce de escritores* había inaugurarse o 9 de xullo. Nela participaron o escritor Juan Manuel

de Prada, o profesor David Mackenzie e o secretario da Fundación Rosalía de Castro Gonzalo Rey Lama.

Val, Esther, 'Espertar', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 10 agosto 2004, p. 6.

É unha historia moi poética na que a protagonista nos conta unha experiencia erótica que xira en torno a un bico. Ao parecer na súa cama había moitos que rían... eran de cores... pero só un foi o que a chamou Maresía e que a bicou corpo arriba até chegar aos beizos. Logo quedou durmida e non quería espertar.

Valado, Liliana, 'As mascotas', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 19 agosto 2004, p. 7.

A protagonista fala dunha amiga súa que nunca lle conta nada da súa vida da que ten que deducir as cousas. Neste relato, a rapaza chega á conclusión de que esta compañeira "procura a sensación de pracer mediante o coñecemento adquirido coa experiencia, fixándose no que ve e dicindo o que quere", comprobouno co que a Bela lle gusta, co viño e co café, e por iso agora usa aos homes como mascotas, porque "se cadra xa lle gustan os homes".

Valcárcel L., Xulio, 'Adeus a Antón Tovar', *El Ideal Gallego*, *'La Galería'*, nº 316, 'Páxina literaria', 27 xuño 2004, p. 4.

Unhas poucas palabras de lembranza e loanza para Antón Tovar, un poeta "incómodo polo seu carácter pouco acomodaticio e en ocasións áspero", en palabras de Xulio Valcárcel.

Valcárcel, Marcos, 'O primeiro Blanco Amor', *Galicia Hoxe*, 'Ourense, universo literario', 30 maio 2004, p. 6.

Repaso por toda a traxectoria vital e literaria de Eduardo Blanco Amor, centrada no treito que vai da época anterior á guerra civil ata a publicación de *A esmorga*, que se destaca como "a obra que revolucionou a narrativa galega do seu tempo" e da que se reproduce algún fragmento; reivindícase ademais a faceta poética de Blanco Amor, cos seus poemarios *Romances galegos* (1928), *Poema en catro tempos* (1931) e *Cancioneiro* (1956).

Valcárcel, Marcos, 'Bóveda e Buciños', *La Región*, 'Ciudad/A Tribuna', 3 xuño 2004, p. 11.

O concello de Ourense declara a Alexandre Bóveda fillo predilecto da cidade e inaugura una estatua da autoría de Buciños na súa honra, que representa o tronco dunha árbore erguida cara ao ceo á que abrazan por cadanseu lado dous nenos espidos que parece que quixesen subir ata o seu curuto.

Valcárcel, Marcos, 'Antón Faílde, raíces e autenticidade', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 3 xuño 2004, p. 64.

O Liceo ourensán conmemora o vixésimo quinto aniversario da morte do escultor Antón Faílde, que tivera como maior valedor da súa obra a Valentín Paz Andrade.

Valcárcel, Marcos, 'O fillo de Don Vicente', *Galicia Hoxe*, 'Ourense, universo literario', 19 setembro 2004, p. 06.

É un microestudo sobre Antón Risco, fillo de Vicente Risco. Na parte máis extensa Marcos Valcárcel fala da traxectoria vital do escritor con respecto á súa obra e, en todo momento vai buscando a relación que ten coa obra e coa educación que lle inculcou seu pai. Na segunda, titulada "Paixón polo xénero fantástico" fala da querencia do escritor ourensán por esta modalidade de literatura, que demostrou en moitos dos seus artigos. Na derradeira parte, "Vida de Antón Risco", faise un repaso da súa vida e do seu labor como estudoso e crítico literario.

Valde, Eloisa, 'Namur', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 agosto 2004, p. 56.

O poema fala da busca dun imposíbel. De algo ou de alguén do que vai pensar que sempre estará noutro sitio, nun lugar que non recorda, e que seguirá buscando.

Valle-Inclán Alsina, Xavier del, 'Retrato de Raimundo García con 'Borobó' ao fondo', *Diario de Arousa*, 29 agosto 2004, p. 23.

Conta, anécdota a anécdota, a relación que o escritor mantivo con Raimundo García Domínguez. Resalta o que lle gustaba da súa personalidade e expresa o baleiro que padece pola súa morte.

Vaqueiro, A., 'Numerosos nombres ilustres yacen en tumbas de Lugo', *El Progreso*, 'Comarcas', 31 outubro 2004, p. 30.

Fai un repaso á manchea de personaxes ilustres que hai enterrados en Lugo. Entre eles atópanse escritores galegos importantísimos (Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, etc.). Despois fala da rehabilitación do cemiterio de Mondoñedo para convertelo en parque turístico. A seguir, como curiosidade, menciona o protagonismo que a tumba de Lorenzo Varela vai ter neste ano, no que se lle dedicará o Día das Letras Galegas. Para rematar, conta que hai cadáveres de persoas ilustres que poderán ser repatriados.

Varela, Froilán, 'O Día das Letras Chairegas periga na súa quinta edición', *El Progreso*, 'Comarcas', 17 xaneiro 2004, p. 22.

Informa de que ningún centro asumiu até o momento a organización do Día das Letras Chairegas, nin está confirmada a colaboración de ningunha administración local, polo que se teme que esta festa da lingua non chegue a celebrarse.

Varela, Froilán, 'Varios colectivos bríndanse para face-lo Días das Letras Chairegas', *El Progreso*, 'Comarcas', 30 xaneiro 2004, p. 17.

Informa de que varios colectivos culturais da Terra Chá se ofreceron para organizar o Día das Letras Chairegas, que tería lugar o 21 de marzo. A este respecto, profesores que participaron na organización das anteriores edicións como Xabier Cordal, subliñan que "debe estar dirixido ao alumnado e quen pode mobilizar os estudantes somos os mestres" e agardan que os concellos e as institucións chairegas se comprometan para garantir cada ano a continuidade desta iniciativa.

Varela, Froilán, 'El Muíño do Rañego de Vilalba será sede de la fundación 'Manuel María', *El Progreso*, 'Terra Chá', 16 xuño 2004, p. 22.

Infórmase da localización da Fundación Manuel María no Muíño do Rañego. A situación da nova sé foi anunciada polo presidente da Asociación Cultural "Xermolos", Alfonso Blanco, o xornalista vilalbés Xulio Xiz e o alcalde de Vilalba, Agustín Baamonde, durante a presentación dos XIII Encontros na Terra Chá.

Varela, L., 'La entrega del 'Lueiro Rey' se convirtió en una jornada literaria', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 1 febreiro 2004, p. 18.

Crónica do acto de entrega do Premio Lueiro Rey, correspondente á edición de 2003, a Pilar Buela por *Ácaros Verdes* no que se leu a obra *Non debían medrar* do escritor xa desaparecido. A escritora expresou o seu desexo de que os lectores escoiten a mesma melodía ca ela cando compuxo a obra. Faise unha relación dos actos que encheron toda a xornada na que destaca a homenaxe a Lueiro Rey a través da entrega dun ramo á súa viuva.

Varela, Lorenzo, 'Lonxe', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 xullo 2004, p. 56.

Poema que ten como tema a emigración. É unha persoa que se fai preguntas sobre a súa identidade e situación, e que bota de menos o seu lar.

Varela, Lorenzo, 'Debaixo do limoeiro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 decembro 2004, p. 48.

Poema no que aparece un limón debaixo do limoeiro e ao que o poeta confunde cunha flor ou co niño dun paxaro.

Varela, Lorenzo, 'Seoane, o debuxo estrito', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 22 decembro 2004, p. 37.

Lorenzo Varela fala, neste escrito, dun volume de Luís Seoane que inclúe corenta e oito debuxos de dolmens, labregos, mariñeiros, etc. Destaca a pureza dos debuxos, que só pode explicarse pola vocación do autor, e sinala que todo o conxunto posúe a grandeza e servidume do debuxo. Sinala, asemade, que estes debuxos se caracterizan pola importancia do espazo, no que se combina antigüidade e modernidade, e indica, para finalizar, que Atillio Rossi foi o encargado da perfección tipográfica do álbum.

Varela, Suso, 'Galaxia edita unha guía do Courel e outra sobre faros', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 4 xaneiro 2004, p. L2.

O xornalista achega información sobre os dous primeiros volumes que conforman a colección de guías que inicia a editorial Galaxia, xa que os dous teñen referencias lucenses, pois o primeiro, de Mercedes Vázquez Saavedra, describe o Courel e o segundo, a *Guía dos faros de Galicia*, é de Lino Pazos. Suso Varela destaca que ao longo das máis de duascentas páxinas que compoñen a *Guía do Courel* se recollen fotografías, mapas, rutas e teléfonos para o visitante desta zona lucense; así mesmo, destaca as lembranzas que a autora realizou sobre Uxío Novoneyra e Ánxel Fole.

Varela, Suso, 'Queremos llegar a prestar cuatro libros a los adultos', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 9 xaneiro 2004, p. L2.

Conversa con Consuelo Meiriño, a directora da Biblioteca Provincial de Lugo, que leva un ano a cargo desta entidade pública. A bibliotecaria salienta que a informática veu a mellorar moito o traballo e os servizos nas bibliotecas; así mesmo, informa que hai un proxecto para centralizar os xornais na hemeroteca de Galicia e colgalos en Internet. Por último, comenta que, en ocasións, non poden acoller todos os libros que lles achegan moitos particulares e que como proxectos para o futuro barallan a creación dun club de lectores e que o préstamo de libros aos adultos sexa de catro libros.

Varela, Suso, '¡Ay Carmela! e 'Cara de plata' representaranse en Lugo', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 21 xaneiro 2004, p. L2.

Información a cerca da programación da Rede Galega de Teatro que promove a Consellería de Cultura e que se desenvolverá ao longo do primeiro semestre do ano 2004 no auditorio Gustavo Freire da capital lucense. O xornalista comenta que xa se puxo en escena *Animaliños* de Roberto Vidal Bolaño e que as próximas, que se centran no público infantil, serán *Lazarillo* de Caramuxo Teatro e *Amadís de Algures* de Artello Teatro Alla Scala. As seguintes son: a dirixida por Carlos Blanco, *Dillei*, coa compañía Nordesia Producción; *Un tranvía de nome desexo*, a cargo de Balea Branca; e *Cara de Plata*, que porá en escena o grupo Al Noroeste. Na mesma noticia dáse conta que no auditorio de Vilalba a compañía

Balea Branca tamén representará *Un tranvía de nome desexo* e *¡Ay, Carmela!* e o Teatro Galileo achegará aos espectadores *O médico á forza*. Por outra banda, segundo Suso Varela, os monfortinos poderán ver *As obras completas de Wiliam Shaskepeare* e *Os cárceres do olvido*, que chegarán da man de Librescena; *O porqué das cousas*, a cargo de Nove Dous; e *A gran ilusión* mais *O caso da rúa Lourcine*, que representará Teatro do Morcego. Xa para finalizar, informa que Burela, Foz e Ribadeo tamén acollerán obras da Rede Galega de Teatro, aínda que non as cita.

Varela, Suso, 'Os irmáns Chao Rego veñen de editar senllos libros en Xerais', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 2 marzo 2004, p. L13.

O xornalista informa que Edicións Xerais vén de presentar tres libros doutros tantos escritores lucenses: Xosé e Ramón Chao Rego e Carlos Reigosa. Os irmáns chairegos escribiron *O demo meridiano. Lembranzas dun transgresor*, que son as memorias de Xosé Chao, relacionadas co mundo eclesiástico que viviu; e *O lago de Como*, unha historia de aprendizaxe na atmosfera da primeira década da ditadura, coa que Ramón Chao expón un ambiente de violencias familiares situadas na Galicia dos anos corenta. Polo que respecta a Carlos Reigosa, en *O regreso dos maquis*, presenta as peripecias de tres dirixentes das guerrillas antifranquistas de Asturias, León e Galicia.

Varela, Suso, 'Ocho compañías acudirán al décimo Festival de Teatro Universitario', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 5 marzo 2004, p. L13.

O xornalista informa das vindeiras xornadas de teatro que terán lugar no auditorio Gustavo Freire de Lugo e na galería de arte Esmelgar, dentro do programa Lugo Cultural que dá acollida ao Festival de Teatro Universitario que promove a Universidade de Santiago de Compostela. Así pois, escribe que se desenvolverán do 23 ao 30 de marzo e que a apertura correrá a cargo do grupo da Universidade de San Paulo coa peza *Voo solo*, de Mauricio Velosos e Gabriela Schawb; continuará con *Morgue sin pena*, de Eyerí Cruz, que porá en escena o conxunto teatral da Universidade de Porto Rico; ao día seguinte, serán actores da Universidade de Rennes os que representen *Eye in you*; o día 26, poderase ver a obra *Retablo de avaricia, lujuria y muerte*, de Valle-Inclán, que expoñerán alumnos da Universidade de Xaén; o día 27 protagonizarán *Gracias, querida*, de Ángel Norzagaray, os mexicanos da Universidade de Baixa California; o día 28 os alemáns da Universidade de Konstanza, escenificarán *Far familiar shore*, de Connie Haag; o penúltimo e o último día serán os alumnos da Aula de Teatro da USC os que presenten *Un tronco truncado*, de Joan Jar e *Hamlet*, de Shakespeare, respectivamente.

Varela, Suso, 'Galaxia crea unha biblioteca dedicada a Álvaro Cunqueiro', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 13 marzo 2004, p. L13.

O xornalista faise eco do novo proxecto da Editorial Galaxia, a creación da Biblioteca Álvaro Cunqueiro, que vén de inaugurar co libro *Merlín e familia* e que estaría na mesma liña das xa encetadas con Otero Pedrayo e Vicente Risco. Ademais de informar do prezo

do volume e das páxinas coas que conta, di que o debuxo da portada é o cadro do pintor Urbano Lugrís, *Lembrando mellores tempos* e que seguirán a ser as súas obras as que ilustren todos os libros que saian nesta colección. A seguir, informa que as próximas entregas constituiranas a novela *Crónicas de Sochantre* e os poemarios *Mar ao norde*, *Cantiga nova que se chama Riveira* e *Poemas do si e do non*. Xa para finalizar Suso Varela engade que, tamén dende Galaxia, se está a preparar a edición dun libro no que a súa autora, María Antonia Pérez Rodríguez, recompilou os artigos que o escritor mindoniense publicou en diferentes xornais e revistas.

Varela, Suso, 'Caleac Teatro representa hoy en el auditorio la obra 'Juguem, tanoques', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 23 marzo 2004, p. L12.

Achégase información sobre a representación teatral da obra de María Teresa Manero, *Juguem, tanoques*, a cargo da compañía Caleac Teatro, que dirixe Alberte Alonso, no auditorio municipal de Lugo. Dise que esta peza, representativa do teatro do absurdo, será posta en escena polos actores Tamara Martínez Balsa e Rafael L. Pidre e que presentarán a historia de dous personaxes que se enfrontan a un aburrimento opresivo. Así mesmo, engádese que esta obra será representada nas principais cidades galegas ao longo dos meses de abril e maio e nas mostras de teatro que se levarán a cabo nas universidades de Madrid e Sevilla. Dentro da mesma noticia, o xornalista informa que na sala Esmelgar da capital lucense dá comezo o Festival de Teatro Universitario, coa actuación do grupo La Vuelta, da cidade mexicana de Querétaro.

Varela, Suso, 'Lugo Cultural apuesta por el teatro de vanguardia en el festival universitario', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 24 marzo 2004, p. L12.

O xornalista achega información sobre a primeira xornada do Festival de Teatro Universitario, inserido dentro do programa Lugo Cultura e ao abeiro do Concello, da Universidade de Santiago de Compostela, Caixa Galicia e a Deputación, que deu comezo na sala Esmelgar da cidade de Lugo. Así mesmo, repasa brevemente as oito representacións que as sete universidades (europeas, iberoamericanas e españolas) se encargarán da posta en escena ao longo dos oito días que dura o devandito festival.

Varela, Suso, 'El campus de Lugo acogerá en julio cinco cursos de verano de la USC', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 13 abril 2004, p. L9.

Tal e como recolle o titular, o xornalista informa dos cursos de verán que se levarán a cabo no campus lucense. Polo que respecta ao eido literario celebrarase *Amor e literatura* que dirixe o profesor Claudio Rodríguez Fer, que se realizará entre o 12 e o 16 de xullo. Outro relacionado co mundo da cultura galega é o que presentarán as profesoras Julia Estévez Mengotti e María Ángeles López de la Calle titulado *Música e movemento en educación artística 2004*, que se desenvolverá entre o 21 e o 23 de xullo.

Varela, Suso, 'La cantera literaria pide paso', *La Voz de Galicia*, 'Las seis', 6 maio 2004, p. L6.

Explícase o proxecto que levaron a cabo dous profesores -Jorge de Vivero e Primitivo Iglesias- e sete alumnos do instituto lucense Nosa Señora dos Ollos Grandes, que consistiu nunha reunión semanal ao longo do ano académico, no que desenvolveron un taller sobre a arte de escribir. O resultado final foi un libro titulado *Tentativas*, que recolle contos, poesía, comedias… creados polos devanditos alumnos e que veñen de presentar.

Varela, Suso, 'Rodríguez Fer e Murado publican senllos poemarios en Xerais', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 1 xuño 2004, p. L13.

O xornalista informa de que o poeta, investigador e profesor lucense Claudio Rodríguez Fer vén de publicar un novo poemario, *A loita continúa. Dores, amores e clamores*, e defíneo como un compendio dos medos, das pegadas históricas e dos amores. Así mesmo, tamén apunta que Miguel Anxo Murado presentou o seu último libro, *Lapidario*. Comenta que nel o poeta e xornalista lucense botou man do xénero do epitafio, onde os personaxes dialogan entre si coma se participasen dun pequeno teatriño infantil. Remata achegando o prezo de cada un dos devanditos libros, que forman parte da colección Edición Literaria-Poesía de Xerais. Tamén informa de que en maio saíu ao mercado o libro *Solimán* do periodista Xesús Fraga, co que gañou o premio de narrativa Rubia Barcia-Cidade de Ferrol 2003.

Varela, Suso, 'A Feira do libro que comeza mañá contará con dezaseis casetas', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 11 xuño 2004, p. L12.

Información sobre o comezo da vixésimo segunda edición da Feira do Libro na capital lucense. Dise que concorrerán dezaseis casetas, das cales oito son librerías, seis, editoriais e dúas, institucionais. O pregón de inauguración correrá a cargo do xornalista Jaureguizar e que ao longo dos nove días que permanecerá aberta desenvolveranse obradoiros e funcións teatrais para os nenos, amais de diversas presentacións de libros, nas que participarán escritores como Xulio López Valcárcel, Claudio Rodríguez Fer, Xesús Fraga, Alfredo Conde ou Carlos Portela, entre outros. Por último engádese que o marco desta feira do libro será aproveitado para renderlle unha homenaxe ao músico, escritor e editor Henrique Alvarellos.

Varela, Suso, 'Esmelgar celebrará un festival de arte y cultura erótica con 69 creadores', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 15 xuño 2004, p. L12.

Achega información sobre a primeira edición do Festival de Arte e Cultura Erótica. Erotizarte, que organiza a galería Esmelgar, con Neves Núñez e Luz de Arriba á cabeza, as cales conseguiron reunir a sesenta e nove creadores, entre pintores, escultores, poetas, músicos, actores... De entre todos os actos que teñen previstos e dos que atinxen á literatura, destaca a lectura do *Decamerón*, coa que se iniciarán todas as sesións, e as

declamacións que ofrecerán das súas creacións autores como Claudio Rodríguez Fer, Carmen Blanco, Lois Diéguez ou Darío Xohán Cabana, entre outros.

Varela, Suso, 'No San Froilán estrearase a obra 'Valle rosa', homenaxe a Rosalía', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 3 xullo 2004, p. L9.

Pequena noticia na que se dá conta de que a Compañía Galega de Danza Contemporánea dirixida por Jesús Quiroga representará no auditorio Gustavo Freire a obra *Valle rosa*, baseada, principalmente, en versos de Rosalía de Castro, pero tamén en poemas de Luz Pozo Garza, Marina Mayoral e Eva Veiga. Dise que con este traballo se pretende reflectir a alma feminina, cunha música que vai dende a medieval até a contemporánea.

Varela, Suso, 'A Milagrosa é o barrio do traballo', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 3 setembro 2004, p. L2.

Dáse conta do inicio das festas do barrio lucense da Milagrosa, ao que asistiu o novelista e poeta Darío Xohán Cabana, que foi o encargado de ler o pregón.

Varela, Suso, 'Falece en Bos Aires o mecenas cultural Eduardo Parajuá, con raíces no Corgo', *La Voz de Galicia*, 'Provincia', 15 setembro 2004, p. L9.

Tal e como reza o titular dáse conta do falecemento en Bos Aires do mecenas cultural Eduardo Parajuá, quen está considerado impulsor de numerosas iniciativas de carácter cultural na capital arxentina; entre elas destácase a levada a cabo en compañía de Xosé Bieito Abraira en 1985, cando organizaron un congreso en homenaxe a Rosalía de Castro. Así mesmo relaciónano coas actividades da asociación Amigos do Idioma e co boletín *Adigal* e dise que foi autor de varios relatos e artigos xornalísticos, ademais de colaborar, xunto cos profesores Manuel Iglesias e Higinio Martinss nun dicionario informático do galego de máis de 560.000 *bits*.

Varela, Suso, '¿Cómo explicar Galicia a las danesas?', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 8 outubro 2004, p. L2.

O xornalista fai unha síntese da conversa que mantiveron os escritores Manuel Rivas e Xurxo Souto no colexio lucense Galén cun grupo de alumnas danesas que están de intercambio. Comenta que os dous escritores lles estiveron explicando a maneira de ser dos galegos, a historia e mais a cultura de Galicia. Engade que o encontro deu para moito, xa que houbo reflexións sobre literatura e cine, narracións de contos, interpretación de cancións e, mesmo, un recital de poemas. Así mesmo, falaron do Prestixe, do movemento Nunca Máis e, sobre todo, da obra de Rivas *A lingua das bolboretas*, que segundo parece as danesas coñecían moi ben.

Varela, Suso, 'El Aula de Teatro de la USC programa cinco cursos en Lugo', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 13 outubro 2004, p. L6.

Tal e como se anuncia no titular, infórmase a cerca dos cursos que ten programados a Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela no campus lucense. Achégase o lugar e prazo de matrícula e os horarios nos que se desenvolverán e detállanse cada un deles: o que estará dirixido por Paloma Lugilde e no que se practicará Cecilia Carballido, que será un curso de iniciación teatral; o que coordinará Ana Carreira, de introdución ás técnicas teatrais; outro de construción e manipulación de monicreques, que desenvolverán Macelino Santiago (*Kukas*) e Isabel Rey; e, por último, outro sobre monicreques, que estará a cargo de Marga Portomeñe.

Varela, Suso, 'Seis autores lucenses presentan novidades de outono en Xerais', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 7 novembro 2004, p. L13.

Achégase información sobre os últimos libros de autores lucenses que vén de publicar a editorial Xerais. Dise que o monfortino Manuel Veiga gañou coa obra *O exiliado e a primavera* o Premio Xerais de Novela 2004, un libro no que se recollen temas como o exilio e as esperanzas postas na última etapa do franquismo, xa que a acción da novela transcorre en tres meses do 1974. Por outra banda, recóllese que o escritor do Courel Xesús Manuel Marcos acadou, coa obra *O Brindo de Ouro I. A chamada do Brindo*, o Premio Merlín 2004, que promove a citada editorial, e realízase un breve percorrido pola produción literaria de Marcos e por outros premios obtidos. Outro libro referenciado nesta noticia é o de Xosé Chao Rego, *Biblia popular galega*; coméntase que se publicou dentro da colección Grandes Obras-Edicións singulares e que recolle a maneira que tiveron os fieis galegos de interpretar e vivir os textos sagrados. Engádese que nesta mesma colección tamén se vén de editar *Galicia en cen prodixios* de Henrique Alvarellos. En columna á parte trátanse as dúas últimas publicacións de literatura infantil de Antonio Reigosa e Xosé Miranda, *Bacoriño* -con ilustracións de Andrés Meixide- e *Álvaro e Álvaro* -con debuxos de Patricia Castelao-, respectivamente.

Varela, Suso, 'Hai posibilidades de que volva a saír en 'El Comisario', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 21 novembro 2004, p. L2.

Pequena conversa con Guillermo Cancedo, actor e director do obradoiro de teatro do Concello de Lugo, que comezará o 1 de decembro e que organiza a Concellería de Xuventude. Falan a cerca da súa participación na serie televisiva *El comisario* de Tele 5 na que traballa e sobre o devandito obradoiro di que traballará cos alumnos técnicas corporais, improvisacións e escoitas. Achégase o horario e lugar no que se desenvolverá e infórmase de que farán unha representación na festa lucense Arde Lucus.

Vásquez Freire, Xavier, 'A anémona expedicionária de Yolanda Castaño', *A Nosa Terra*, nº 1.114, 'Poesía', 29 xaneiro 2004, p. 28.

Coloca a clave da interpretación do poema *Arte da anémona* de Yolanda Castaño na autoexploración da voz poética Yolanda, na súa soidade de cantora que sabe o que é fuxir dun soño cunha boneca morta e gritar o seu nome.

Vázquez Chantada, Francisco, 'Versos sin fama con acento popular', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 5 xullo 2004, p. 5.

Celébrase no Calvario, en Vigo, a primeira edición do Festival de Poesía "Zona Calvario", organizado polo grupo poético Brétema en colaboración coas asociacións de veciños e os comerciantes do barrio.

Vázquez Guliás, Víctor, 'O terrorista', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 4 xullo 2004, p. 7.

Relato que fai referencia ao paso da vida. Desde a fermosura da infancia, pasando pola loita da mocidade e pola ruptura das amizades na madurez, até a agonía da vellez.

Vázquez, Carlos, 'Os avisos', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 10 agosto 2004, p. 6.

É a historia dun home que sentía cousas estrañas mentres durmía. Xusto o día que ía tratar de darlles resposta non sentiu nada. Esas cousas eran os avisos que a morte lle mandaba.

Vázquez, Doda, 'Pasaje a la India', *La Opinión*, 'Cascarilla fina', 27 xaneiro 2004, p. 12.

Pequenos artigos de rexouba entre os que se comenta a participación do actor Tuto Vázquez no foro teatral de Casahamlet.

Vázquez, Doda, 'El Círculo fue imprescindible en la vida cultural coruñesa', *La Opinión*, 'A Coruña', 17 marzo 2004, p. 9.

Despois da comparación das sociedades do século XIX coa actual sociedade das novas tecnoloxías, dáse conta da publicación e presentación do libro *El Círculo de Artesanos en la vida literaria y cultural de A Coruña 1884-1912*, de Pilar Yagüe. A seguir, reprodúcese a entrevista realizada á autora na que Pilar Yagüe, entre outras informacións, sinala as fontes que consultou para a realización do volume, comenta a importancia da institución na vida cultural coruñesa e o seu momento máis brillante ou cita algún dos personaxes máis salientábeis.

Vázquez, Doda, 'Música de meigas', *La Opinión*, 'Cascarilla fina', 24 xuño 2004, p. 13.

Pequenos artigos de rexouba entre os que se comenta que os membros da Asociación de Amigos de los Museos visitaron a Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán na Coruña.

Vázquez, Natasha, 'Hallado en Cuba el libro inédito de un poeta gallego del siglo XIX', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 26 xullo 2004, p. 49.

Nesta noticia conta o achado que fixo Xosé Lois García dun libro que contiña poemas en galego e en castelán dun tal Domingo Campio Devesa Naveiro. Cóntasenos o propio achado na Praza de Armas de La Habana, e toda a investigación que Xosé Lois fixo tanto do libro como do escritor. Destacan as cousas que Neira Vilas lle puido contar. E, nun segundo apartado (titulado "Topónimos de Santiago"), fálase da aparición de referencias no libro a lugares e a escritores que teñen relación con Santiago. Remata informando de que Xosé Lois García lle entregou o libro á directora do Instituto de Literatura e Lingüística da Habana.

Vázquez, Uxía, 'Ruta do desempleo', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 4 agosto 2004, p. 6.

É a historia dunha rapaza que remata a súa carreira e comeza a buscar traballo. Vai describindo, paso a paso, un camiño de busca de emprego no que se sente "desorientada, marxinada, desconcertada e infravalorada".

Veiga, Manuel, 'Morre Manuel María, referencia fundamental da cultura galega na segunda metade do século XX', *A Nosa Terra*, nº 1.141, 'Galiza', 9 setembro 2004, p. 13.

Este artigo foi escrito pola morte de Manuel María. Fai un repaso á súa persoa, ao papel que xogou e xoga para o seu país, á súa oratoria e á súa obra. Non deixa tampouco de recordar a perda que supón á súa morte para a nosa cultura. Di tamén, que soubo, como bo comunicador que era, transmitir a súa mensaxe e que agora somos nós os que temos que transmitila.

Veiga, Martín, 'Terra', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 31 agosto 2004, p. 6.

O protagonista da historia é un labrego que gaña a vida honradamente. Un día un veciño seu, o pasteiro, moveu os marcos das leiras sen pedirlle permiso para roubarlle terreo e matouno porque non lle gusta que "xoguen ao abellón" con el.

Vellés, Leo, 'La colectividad gallega en Buenos Aires homenajea la figura del escritor Eduardo Blanco Amor', *España Exterior*, 'Emigración', 21 decembro 2004, p. 8.

Informa dos actos que tivo lugar no Teatro Castelao del Centro Gallego de Buenos Aires, que estivo presidido polo conselleiro de emigración e que pretendía conmemorar o vinte e

cinco aniversario do falecemento de Eduardo Blanco Amor e recoñecer o seu labor literario e cultural, especialmente a favor das comunidades galegas no exterior. Dá conta, asemade, dos actos incluídos nesta homenaxe, entre os que destacan o descubrimento dunha placa no vestíbulo do teatro ou as conferencias ofrecidas por Antonio Montero Carro, Alfonso Vázquez Monxardín e Víctor Freixanes.

Veloso, Estela, 'La Biblioteca de Cangas contó con 29.000 usuarios en el último año', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 20 setembro 2004, p. 17.

Nestas noticia a xornalista fala da Biblioteca de Cangas. Primeiro di que segue batendo *récords* xa que o número de usuarios medrou considerabelmente. Logo, analiza as posíbeis causas deste incremento para recordarnos, ao final, que non deixa de actualizarse (sobre todo, na mediateca e no que se refire a literatura infantil). Nun segundo apartado, titulado "Centro de Documentación Local", Estela Veloso conta que o Centro de Documentación Local de Cangas xa se puxo en marcha, despois de moitos meses de traballo (catalogación, clasificación de todo tipo de documentos, etc.).

Ventura, Joaquim, 'Best-Seller en galego', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 83, 'Tribuna de opinión', 13 maio 2004, p. II.

Pártese do suposto de que a crítica literaria adoita desprezar as obras cun éxito previsíbel e case confirmado, mentres que as editoras e lectores ignoran o seu criterio. Segundo o autor, un best-seller non ten por que ser un produto de consumo necesariamente e algúns libros teñen un éxito que ninguén podería predicir desde un despacho da área de promoción; iso non quita que haxa autores que fan ouro de todo canto escriben e que haxa editores converten vendedores de best-sellers a autores sen obra que polas súas condicións poden ter boa acollida entre o público lector. Canto ao sistema literario galego, menciónase a Suso de Toro e Manuel Rivas como autores de libros de éxito e posible punta do iceberg que vén por baixo.

Viana, Xabier, 'Última viaxe', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 6 agosto 2004, p. 6.

Trátase dun mozo, chamado Toñito, que no día festa avistou un tren que viña por unha vía suspendida do aire. El contáballe á xente o que estaba vendo e todos pensaban que estaba tolo. Pois as dez persoas que viu chegar na máquina, que entraron na igrexa e que desapareceron diante da imaxe "da virxe chalana" resultaron ser as vítimas dun naufraxio.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Trabe de Ouro', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 18 xaneiro 2004, p. 51.

Breve achega á revista *A trabe de ouro*, na que dá conta dos colaboradores do seu número 55.

Vidal, Carme, 'Erin Moure 'Quero que a literatura galega se coñeza no Canadá', *A Nosa Terra*, nº 1.116, 'Cultura', 12 febreiro 2004, p. 29.

Informa de que Erin Moure, poeta canadiana de ascendencia galega, é a tradutora para o inglés do poemario de Chus Pato *M-Talá*, de recente aparición no Canadá, que ela espera que sexa o primeiro dunha longa lista.

Vidal, Nicolás, 'A poesía é máis que un xénero; é un xeito de mirar as cousas', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 2 xaneiro 2004, p. 9.

Noticia do acto de presentación na Galería Sargadelos de Ferrol de *Do coñecido ao descoñecido (1980-2003)*, recompilación da obra poética completa da Manuel Rivas editada por Espiral Maior.

Vieites, Manuel F., 'Aprender arte dramática', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, 22 xaneiro 2004, p. VIII.

Manuel Vieites felicítase neste artigo pola futura creación dunha Escola Superior de Arte Dramática, que estará situada en Vigo e cuxas actividades comezarán no curso académico 2005-2006, nun momento en que a sociedade galega en xeral o sistema teatral galego en particular o demandan con especial insistencia. Lembra tamén a importancia das xestións do finado Carlos Casares para que isto fose posíbel e dá conta dos pormenores da organización e do funcionamento desta escola.

Vieites, Manuel F., 'O intre xusto para un teatro en galego', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 46, 'Escenarios', 28 febreiro 2004, p. 14.

Para Manuel Vieites coa próxima creación da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia este é o momento ideal para que as editoriais galegas renoven a súa oferta de textos teatrais, tendo en conta que o seu alumnado constituirá un volume de público lector específico fixo.

Vieites, Manuel F., 'Unha ponte entre dous palcos', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 85, 'Teatro', 27 maio 2004, p. VIII.

A Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e a Delegación do Norte do Ministerio de Cultura do Goberno luso organizaron un congreso dentro da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal que baixo o lema "Teatro de onte e hoxe" se celebrou os días 15, 16 e 17 de abril en Vila Real e en que se analizou o pasado, o presente e o futuro das relacións escénicas entre dúas comunidades que configuran un espazo sociocultural que permitiría desenvolver proxectos en común. Representando a Galicia estiveron Roberto Salgueiro, Euloxio Ruibal, Agustín Lourenzo, José Mª Paz Gago, Marcelino de Santiago, Isabel Rey, Manuel Guede, Víctor López Carbajales, Xesús Ron e Xulio Lago.

Vila, Manuel, 'O trasno do carballo', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarios', 17 agosto 2004, p. 6.

O autor conta que tivo un soño. Nel atópase cun enorme carballo no que lle apareceu un trasno. O anano contoulle que cada carballo tiña un trasno e que sufrían os danos que se lles facía a estas árbores. Tamén lle dixo que hai moi poucos carballos e, por isto, moitos compañeiros seus estaban nun triste e maldito lugar. Ademais, só podían contactar cos humanos a través dos soños e das fantasías. Ao espertar, o protagonista foise a un monte, onde atopou o carballo do seu soño, e no que puido comprobar que non tiña dano ningún. Deulle un bico e o carballo agradeceullo.

Vilariño, Paula, 'Un reducto de cultura', *El Progreso*, 'Lugo', 5 setembro 2004, p. 8.

Esta nova é unha descrición do qué é, cómo funciona, qué servizos ten e qué usuarios fan uso da biblioteca pública municipal de Lugo. No seu fondo conta cun total de 94.000 exemplares (59.000 de préstamo a domicilio, 21.000 á sección infantil e máis de 10.000 pertencen aos incunábeis), cunha hemeroteca, cunha sala de audiovisuais, cun sistema de información administrativa, etc.. A continuación, hai dous apartados que complementan a noticia. O primeiro, informa de que o centro conta cun total de quince equipos informáticos con acceso a internet de balde para os usuarios. E, o segundo, di que se organizan para os usuarios infantís, concursos e xogos, tanto de teatro como de utilización dos servizos da biblioteca.

Villalaín, Damián, 'Otero e o cine', *A Nosa Terra*, nº 1.137, 'Seguro azar', 15 xullo 2004, p. 30.

Neste artigo, o escritor expón as ideas que Ramón Otero Pedrayo tiña sobre o cinema. Pono en relación con Antonio Fraguas e con Vicente Risco, e, finalmente, menciona o capítulo que Otero lle dedica ao cine na súa *Historia del Arte Universal* para describir o que era a 7ª arte para el. Despois de expoñer esta concepción oteriana faille unha crítica.

Villalta, Luísa, 'Cultura, cultureta, culturismo', *A Nosa Terra*, nº 1.119, 'Fin de semana', 4 marzo 2004, p. 34.

Afirma que durante a posguerra a cultura chegou a ser a maior arma contra a ditadura en favor da liberdade de pensamento, de información e de opinión; coa chegada da democracia, pasou de moda e foi substituída pola "movida" subvencionada e protoindustrial cultureta; hoxe en día, o monstro da dereita que torna dedícase ao culturismo opiáceo.

Villalta, Luísa, 'Cousas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 setembro 2004, p. 54.

Poema marcadamente existencialista no que a poeta reflexiona sobre o paso do tempo. En concreto, fala das cousas que van pasando na súa vida.

Villalta, Luísa, 'En concreto', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 outubro 2004, p. 52.

Este poema de Luísa Villalta fai unha gradación: primeiro está ela, que vive na cidade (da que di que ten unha orografía moi irregular e un clima frío), por riba da cal está o país. O libro que inclúe este poema é unha homenaxe poética á cidade da Coruña.

Villalta, Luísa, 'Torre', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 novembro 2004, p. 54.

Poema de reflexión metaliteraria. É todo unha metáfora que compara a composición dun poema co ascenso ao cume dunha torre, no que hai que facer as paradas necesarias cando non sabe ben como seguir.

Villalta, Luísa, 'De 'En concreto'', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 decembro 2004, p. 48.

Poema de Luísa Villalta tirado da súa obra *En concreto*. A poeta describe un mundo imaxinado por ela.

Villalta, Luísa, 'En concreto', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 decembro 2004, p. 48.

Poema de Luísa Villalta tomado da súa obra *En concreto* coa temática do devir do tempo.

Villangómez, María, 'Prontos a un clamor', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 29 novembro 2004, p. 46.

Poema de temática amorosa. Reflexiona sobre o esquecemento definitivo dun amor pasado e a posíbel chegada doutro novo.

Villar Janeiro, Helena, 'Un clásico para as aulas', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 23 xullo 2004, p. 3.

Informa da creación dun novo premio o "I Premio Rosalía de Castro", que nace co obxectivo de estimular ao profesorado para que acolla os textos rosalianos como parte dos recursos educativos dentro da innovación da escola galega.

Villar, Carmen, 'No puedo escribir sobre el futuro porque me siento muy inseguro', *La Opinión/Faro de Vigo*, 'Cultura/Sociedad y Cultura', 20 xaneiro 2004, p. 51/40.

Entrevista ao escritor británico Jonathan Coe, un dos gañadores da IX edición do premio San Clemente 2003, en onde ofrece a súa opinión sobre a situación social e política do seu país. Fala ademais sobre a novela gañadora, os personaxes e a ambientación da mesma. Salienta que prefire escribir sobre o pasado pola inseguridade do futuro. A noticia ofrece ademais a valoración das outras dúas gañadoras, que amosaron a súa satisfacción por un premio concedido por un público lector adolescente.

Villar, Carmen, 'Las películas que hacen sobre mis novelas no me gustan', *La Opinión/Faro de Vigo*, 'Cultura/Sociedad y Cultura', 21 xaneiro 2004, p. 60/44.

Conversa con Almudena Grandes, unha das gañadoras da IX Premio San Clemente de narrativa 2003, na que deixa constancia do seu pesimismo no que atinxe á situación da literatura actual. Fala sobre as adaptacións ao cine das súas películas, coas que non está de acordo pero deixa que se sigan facendo, xa que lle ofrecen ao libro "unha segunda oportunidade". Así mesmo, ademais de expresar a súa emoción por recibir este premio concedido por alumnos de bacharelato, expresa o seu convencemento da comerciabilidade dos grande premios literarios.

Villar, Carmen, 'Ian McEwan. 'La literatura de este siglo estará marcada por el pesimismo/Dentro de cien años dirán que la literatura del siglo XXI fue la gran derrota del amor', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Sociedad y cultura/Cultura', 6 marzo 2004, p. 44/62.

Entrevista realizada a Ian McEwan con motivo do premio Novela Europea Casino de Santiago. Comenta algúns aspectos arredor da temática en torno á cal xira a literatura do século XXI, a maldade e o pesimismo, coa gran derrota do amor son os temas dominanates. Reflexiona tamén sobre a súa obra, un intento de "re-contar, de rescatar, la historia de amor" e remata aludindo á función da literatura como instrumento para explorar a natureza humana.

Villar, Carmen, 'Os ilustradores galegos póñenlle cara ós poemas de Rosalía de Castro', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Sociedad y cultura/Cultura', 24 abril 2004, p. 46/59.

A Fundación Rosalía de Castro convidou a vinte e cinco artistas galegos, escollidos por Fausto C. Isorna, a ilustrar outros tantos textos da autora seleccionados por Ana Blanco, membro do Padroado da Casa-Museo. O resultado foi unha exposición que se pretende itinerante e cuxo obxectivo é achegar a poesía rosaliana ao ámbito estudiantil.

Villar, Carmen, 'O facedor de obxectos', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 10 maio 2004, p. 14.

Carmen Villar fala con Isaac Díaz Pardo a raíz que da exposición que o MARCO lle está a dedicar ao deseño do século XX en Galicia sobre o seu traballo con Luís Seoane e o arquitecto Andrés F. Albalat, e tamén sobre a directriz dos deseños de Sargadelos, o feito

de que "as formas son unha linguaxe e, coma todas as linguaxes ten un eido, unha terra ou unhas circunstancias polas que pasaron e se desenvolveron".

Villar, Carmen, 'Cada día publícanse catro libros en lingua galega, pero as vendas seguen en descenso', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 4 decembro 2004, p. 45.

Saliéntase o aumento de obras publicadas en lingua galega con respecto a anos anteriores, segundo os datos obtidos polo estudo realizado pola Real Academia Galega, a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Sánchez Ruipérez; pero este aumento non se produciu con respecto ás ventas e indícase que a causa é a dependencia que o sector editorial galego mantén cos centros de ensino e pola abundante produción de títulos en castelán.

Villar, Marta, 'El concejal de Casco Histórico firmará libros en la feria', *La Opinión*, 'Betanzos', 7 xullo 2004, p. 17.

O concelleiro do Casco Histórico de Betanzos asinará exemplares da súa última novela, *A vida que nos mata*, Premio Nacional da Crítica, na segunda edición da feira do libro desta vila.

Villarabid, Víctor L., 'Leer a la orilla de la piscina', *El Progreso*, 'Sarria', 28 xullo 2004, p. 16.

Nos dous primeiros parágrafos, esta noticia informa da novidosa iniciativa que se levou a cabo en Sarria. Pois fíxose á apertura dunha biblioteca ao aire libre na área recreativa, na que tamén está a piscina, para achegarlles ás persoas a lectura nestes intres do ocio. Ao parecer, tivo unha boa acollida.

Villarabid, Víctor L., 'Cultura para el pueblo', *El Progreso*, 'Sarria', 22 outubro 2004, p. 21.

Esta nova fala da iniciativa tomada polo director da biblioteca do IES *Gregorio Fernández* para que a cidadanía poida acceder ao seu fondo a partir do presente ano académico, despois da rigorosa e fonda reestruturación e catalogación que se levou no curso pasado. Ademais, a sociedade de Sarria vai poder recibir, neste centro, cursos de animación á lectura, de teatro, de inglés, etc.. Para isto, o centro contará coa colaboración da asociación cultural *Arcas* e de *Teatro Tres*.

Vixande, H., 'Lupe Gómez. Non escribo de sexo para escandalizar', *A Nosa Terra*, nº 1.111, 9 xaneiro 2004, p. 40.

Entrevista á poeta Lupe Gómez, gañadora do premio de poesía Johán Carballeira 2003 pola obra *O útero dos cabalos*, "un libro que fai referencia ao sexo, que xunto coa aldea centra o

seu traballo literario". Na entrevista, a poeta reflexiona sobre a escrita, o oficio da poesía e as relacións entre aldea e cidade.

Vizcaíno, Rubén, 'Nocturno', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 7 agosto 2004, p. 6.

Relato existencialista caracterizado por ter un humor que semella irónico. É a historia dun home que non era quen de durmir. Había algo que o preocupaba. Paseaba pola casa ás escuras para relaxarse, até que chegou á cociña e leu no xornal que tiña enriba da mesa o que tanto o desacougaba: a necrolóxica da súa morte. Despois de darlle moitas voltas ao asunto, decide deitarse a durmir porque non fora a ser que chegase tarde ao enterro.

Wonenburger, César, 'Una sonata para titiriteiros', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 23 decembro 2004, p. 76.

Fai mención aos actos organizados pola compañía de monicreques De Kukas co gallo das súas vodas de prata. Estes acontecementos son a representación da obra *Galicia máxica*, encargado pola organización do Xacobeo, unha exposición sobre o seu devir por terras galegas e o espectáculo *Cantata de San Nicolás*, onde se fai acompañar pola Real Filharmonía de Galicia. Lembra tamén, de forma breve, a traxectoria da compañía, facendo especial mención da súa primeira representación, o 4 de marzo de 1979, nas festas do Queixo de Arzúa, da obra *Fanabola e Televexo*.

X.C., 'A Xunta anuncia o recoñecemento do sector editorial como estratéxico', *A Nosa Terra*, nº 1.127, 'Cultura', 6 maio 2004, p. 24.

O conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela, aproveitou a inauguración da Feira do Libro de Santiago para anunciar que o goberno da Xunta de Galicia, facendo súa unha reivindicación permanente do sector editorial, había consideralo estratéxico para que puidese acceder ás axudas do IGAPE e da Consellería de Industria. A presidenta da Asociación de Editores, Fabiola Sotelo, saúda con optimismo esta iniciativa.

X.C., 'O día das Letras Galegas, unha data en crise', *A Nosa Terra*, nº 1.134, 'Cultura', 24 xuño 2004, p. 24.

Esta noticia consta de dous apartados. Un titulado "Despois de corenta e un anos hai coincidencia na necesidade de renovar a celebración", no que se informa do que se discutiu na sesión plenaria da Real Academia que decidiu o personaxe a ser homenaxeado o 17 de maio. Falouse de facer "menos festividade e máis actividade", é dicir, que o día non fose festivo e que a sociedade se involucrase máis na reivindicación que simboliza, para evitar tamén caer na rutina e na liturxia. Criticouse a necesidade/non necesidade de que pasasen dez anos da morte dun escritor para que este fose homenaxeado. No segundo apartado, titulado "A visión dunha mestra escritora", Fina Casalderrey dá a súa opinión sobre o

evento, contando a súas experiencias como ensinante e como escritora, dicindo que ten que manterse o festivo, e recomendando que cada quen tome as súas propias decisións para manter a nosa dignidade.

X.F., 'Reflexións encol da habitación', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 44, 'Letras en galego', 2004, p. 8.

Expón os contidos do terceiro número da revista *0 monografías*, dedicado nesta ocasión á reflexión sobre a habitación. Destaca a participación de escritores galegos como Chus Pato, Anxos Romeo, Estevo Creus e Yolanda Castaño, cuxos textos repasan as diversas posibilidades que crea o home para delimitar e definir o seu espazo como unha expresión e refuxio da súa intimidade.

X.F., 'En memoria da legalidade', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 43, 'Letras en galego', 10 xaneiro 2004, p. L9.

Ediciós do Castro vén de publicar *As últimas horas de José Gómez Gayoso e Antonio Seoane* por man de Xesús A. Montero e Xosé R. Fandiño, executados garrote vil mediante en 1948.

X.F., 'O exilio galego. Un mapa de cicatrices', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 45, 'Ensaio', 31 xaneiro 2004, p. 9.

Xosé Luís Axeitos repasa os epistolarios e autobiografías de personaxes destacados do exilio, o mundo da edición e das revistas e as artes gráficas no seu ensaio *O exilio galego. Un mapa de cicatrices*.

X.F., 'Os diálogos de Mariñán pecháronse cun debate sobre o futuro da literatura', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 6 xuño 2004, p. 54.

Os Diálogos de Mariñán, organizados pola Fundación Carlos Casares, rematou coas intervencións do catedrático Darío Villanueva e do editor Luis Suñén, que negaron a morte do libro, posto que a pesar de todo os libros electrónicos non acadaron o éxito que se lles vaticinaba. A última mesa redonda reservouse para lembrar a Carlos Casares.

X.F., 'As memorias do vello Sinbad', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 67, 3 xullo 2004, p. 7.

Darío Xohán Cabana recomenda como lectura para o verán *Se o vello Sinbad volvese ás illas*, de Álvaro Cunqueiro, obra en que se recoñece a influencia das *Mil e unha noites* e que gustará a todos aqueles que gocen contando e escoitando historias.

X.F., 'Unha vintena de títulos de poesía en galego chegan agora ás librerías', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 xullo 2004, p. 45.

A nova informa da publicación en agosto de máis de vinte libros de poesía, promovidas pola editorial Espiral Maior. Títulos como *Número*, *Inventos*, *En concreto*, *Territorio da desaparición*, etc. escritores como Estíbaliz Espinosa, Xoán Xosé García, Luísa Villalta, Fernán-Vello, etc. son os responsábeis deste acontecemento. Algunhas das obras foron premiadas, outras son reedicións e dúas teñen a peculiaridade de dedicarse á indagación crítica. Nunha columna fálase de Manuel Álvarez Torneiro como finalista do Premio Nacional de Literatura. A colección Tambo será a encargada de publicar o libro, a cal tamén se decanta por editar libros de novas promesas.

Xestoso, Manuel, 'O Bloomsday, unha cidade e un país detrás dun personaxe literario', *A Nosa Terra*, nº 1.135, 'Cultura', 1 xullo 2004, p. 30.

Manuel Xestoso dá conta dos actos con que se celebra en Dublín o *Bloomsday*, que é día laborábel en Irlanda, e considera que os galegos deberiamos tomar nota e exemplo para ver de revitalizar a conmemoración do Día das Letras Galegas.

Z.I., 'Profe, quiero ser artista', *La Región*, 'Ourense', 26 xaneiro 2004, p. 8.

Conta como un grupo de catro mestras chamado Algar trata de ensinar valores, etc. aos nenos a través do teatro. Constancia disto deixa o seu primeiro libro *Teatro para nenos* de Edicións do Castro, que recolle unha selección de sete das obras de teatro que crearon estas catro mulleres e que levaron á escena con nenos de Educación Infantil.

Zucca, Clelia, 'Dúas e dúas', *La Voz de Galicia*, 'Páxinas Literarias', 5 agosto 2004, p. 6.

É un diálogo no que unha persoa lle quere facer ver á outra que primeiro hai que solucionar os problemas máis pequenos para despois poder afrontar ou evitar os grandes. A cousa comeza por dar un resultado á suma dúas e dúas e remata case nunha pelexa ("un enfrontamento bélico") por mor do resultado.

Zulueta de Haz, Alfonso, 'O Consello da Cultura Galega', *ABC*, *'Letras Gallegas'*, 17 maio 2004, p. 20.

Alfonso Zulueta de Haz, presidente do Consello da Cultura Galega, sintetiza neste artigo a configuración e as realizacións da primeira institución cultural do país, coas súas doce seccións (Antropoloxía Cultural, Arquitectura, Artes Plásticas, Ciencia-Técnica e Sociedade, Comunicación, Cultura Galega no Exterior, Dereito Galego, Lingua, Música e Artes Escénicas, Patrimonio Histórico, Patrimonio Natural, Literatura e Industrias da Edición) e catro arquivos (da Emigración Galega, de Planificación e Normalización

Lingüística, Sonoro de Galicia e de Comunicación), as conferencias e congresos organizados, o portal institucional (www.culturagalega.org, que recibe unhas 1.400 visitas diarias), e o desafío do Proxecto Sarmiento, da publicación de toda a obra deste autor que foi un dos máis decididos e coherentes impulsores do estudo da lingua e da cultura galegas.

Zulueta, Rodrigo, 'La feria del libro de Fráncfort abrió ayer buscando afirmar su liderazgo', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 6 outubro 2004, p. 73.

Sinala que na feira do libro de Fráncfort deste ano houbo representación galega. Estivo encabezada pola Asociación Galega de Editores, con Miguel Anxo Fernán-Vello á fronte, e completada por sinaturas como A Nosa Terra ou Cumio.

VI. CLÁSICOS GRECO-LATINOS TRADUCIDOS

VI.1. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES

Bernárdez Vilar, Xoán, *Cadernos Ramón Piñeiro (VI). Idacio Lémico: Chronica (379-469)*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia □♦, 3 decembro 2004, 183 pp. (ISBN: 84-453-3922-2).

Estudo sobre a *Chronica* (379-469) que no século V redactou Idacio Lémico e que resulta vital para cubrir os baleiros da nosa historia durante o período no que Gallaecia pasou de ser unha provincia galega a converterse en Reino. O traballo pretendeu ofrecer unha tradución ao galego a carón da versión en latín tomada do *Codex Berolinensis* do século IX que se considerou a máis fiábel dos que de Idacio de conservan. Amais de recoller o texto inclúense apartados relativos á obra, ao autor e para rematar unha serie de consideracións finais xunto cun glosario no que se recollen os termos que poden resultar máis escuros para o lector e dos que encontra unha aclaración. O autor preséntase como defensor da ortodoxia católica, xa que era bispo da Gallaecia, pero ademais na súa obra Idacio achega información do Imperio Romano, da Igrexa, dos pobos Visigodo, Suevo, Vándalo e Alano, da Gallaecia e dos acontecementos pouco habituais daquel momento da historia.

González Marrero, José Antonio, **Lillo Redonet**, Fernando, *A viaxe de San Brandán*, Noia: Toxosoutos, 2004, Serie Keltia, 154 pp. (ISBN: 84-96259-24-2).

Versión galega do texto latino *Nauigatio Sancti Brendani* no que, ao longo dos seus vinte e cinco capítulos, se narran as marabillosas navegacións de San Brandán, quen tras ser visitado por un monxe que estivera en Terra Prometida, constrúe unha nave de coiro e se embarca xunto con dezasete monxes nunha travesía polo Atlántico Norte durante sete anos; xuntos viven innumerábeis perigos e aventuras fantásticas das que saen vitoriosos grazas á súa confianza en Deus. A edición contén o texto orixinal latino, a tradución galega e un

estudo introdutorio no que sobresaen informacións acaídas sobre o personaxe de San Brandán de Conflert, sobre o contido da obra, as fontes, diversos aspectos lingüísticos, etc.

Recensións:

- Xavier Castro R., 'San Brandán na procura da Terra de Promisión', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Odisea', 11 xullo 2004, p. 4.

Informa da publicación d´*A viaxe de San Brandán* realizada polos profesores J. A. González e F. Lillo Redonet, que foi incluída na serie Keltia da noiesa Editorial Toxosoutos.

- Clodio González Pérez, 'A lendaria viaxe de Brandán', *Galicia Hoxe*, 'O rodicio do tempo', 14 agosto 2004, p. 5.

Céntrase na obra *A viaxe de San Brandán*, cun estudo de J. A. González Marrero e F. Lillo Redonet e traducida Ramón Blanco Fernández. Comeza salientando a importancia desta edición en galego e continúa facendo unha pequena presentación do personaxe e unha recensión do contido da obra coas súas aventuras máis destacadas. Finaliza facendo referencia ás fontes do texto latino orixinal e á popularidade que este acadou na Idade Media.

- Armando Requeixo, 'Na procura das illas', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 5 setembro 2004, p. 21.

Considérase que é un acerto dar a coñecer ao lector actual a historia lendaria medieval d´*A viaxe de San Brandán*; elóxiase tamén a competencia coa que os dous profesores, J. A. González Marrero e F. Lillo Redonet, dispuxeron a aproximación limiar da obra; conclúese manifestando o seu desacordo pola non inclusión na rotulación das tapas e da portada do nome de Ramón Blanco Fernández, autor da versión galega do texto.

- Xosé Abilleira Sanmartín, 'A viaxe polo Atlántico de San Brandán', *A Nosa Terra*, nº 1.141, 'Narrativa', 9 setembro 2004, p. 28.

Comenta diversos aspectos sobre a edición d´*A viaxe de San Brandán* dos profesores J. A. González Marrero e F. Lillo Redonet; considera acertado os títulos que se lle engadiron a cada capítulo do orixinal latino, entre outras cousas; pero tamén repara en tres eivas fundamentais: que o texto fonte da tradución sexa castelán, que non haxa referencias na introdución á peza autobiográfica do século XI composta en Galicia por un ficticio Trezenzonio e que falten indicacións que relacionen a obra con certos aspectos da mitoloxía popular galega.

- Alfredo Iglesias, 'Bestseller medieval', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 95, 'Libros', 14

outubro 2004, p. IV.

Comézase cunha presentación da figura histórica de San Brandán de Clofert, con motivo da publicación do libro *A viaxe de San Brandán*. Nel, os dous profesores J. A. González Marrero e F. Lillo Redonet ofrecen ao público o texto latino *Nauigatio Sancti Brendani Abbatis* e a súa tradución ao galego. Dise ao seu favor que é un libro con interese histórico e relatado con moita sinxeleza. Este mesmo artigo foi publicado no suplemento 'Saberes' do xornal *La Opinión*, o 30 de outubro.

- Alfredo Iglesias, 'Bestseller' medieval', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 76, 30 outubro 2004, p. 4.

Comézase cunha presentación da figura histórica de San Brandán de Clofert, con motivo da publicación do libro *A viaxe de San Brandán*. Nel, os dous profesores J. A. González Marrero e F. Lillo Redonet ofrecen ao público o texto latino *Nauigatio Sancti Brendani Abbatis* e a súa tradución ao galego. Dise ao seu favor que é un libro con interese histórico e relatado con moita sinxeleza. Este mesmo artigo foi publicado no suplemento 'Faro da Cultura' do xornal *Faro de Vigo*, o 14 de outubro.

Referencias varias:

- Tere Gradín, 'El viaje de San Brandán fue todo un bestseller medieval', *Faro de Vigo*, *'Saberes'*, nº 375, 'Entrevista', 7 agosto 2004, p. 4.

Entrevista ao profesor F. Lillo Redonet na que se abordan cuestións relacionadas co libro *A viaxe de San Brandán*, coa novela *Teucro. O arqueiro de Troia*, e tamén coa súa *Guía didáctica de Gladiador* e *El latín y el griego de tu vida*.

López Silva, José Antonio, *A Crónica de Idacio de Limia. Bispo de Chaves*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense □♦, febreiro 2004, 334 pp. (ISBN: 84-96011-32-1).

Obra que é presentada como un gran achegamento ás orixes do noso pobo, presentado da man de José Antonio López Silva, publicado pola deputación de Ourense e o Consello da Cultura Galega e promovido pola asociación Cultural Civitas Limicorum. Esta crónica ofrece información sobre a Gallaecia durante a primeira metade do século V. A obra está acompañada de numerosas notas que non pretenden ser parte dunha edición crítica senón de contextualizar as informacións ofrecidas por Idacio. A introdución empeza por situar a Idacio entre terras de Sarreaus e a Limia, e sitúa ao lectorado no contexto social e histórico no que Idacio empeza a súa crónica, na que xogaron papeis especiais a estrutura imperial e a eclesiástica. O autor rescata datos da vida de Idacio a través da súa propia crónica, como unha viaxe a Palestina de neno, a súa ordenación, as loitas cos suevos, ... até o ano 468 ao que chega a crónica. O autor tamén ofrece un estudo sobre o xénero cronístico no que engloba esta obra, e da historia deste xénero, no que fai especial fincapé na obra cronística

de Eusebio. Para a compresión da obra de Idacio resalta o carácter periférico da mesma; destaca, tamén, que a obra de Idacio é unha continuación da crónica de Xerome, marcada pola innovación dentro dos marcos xenéricos, ou mesmo pola capacidade de afondamento no estilo literario. Hai que resaltar as mencións laudatorias a vitorias sobre bárbaros ou os personaxes da crónica nos que Idacio fai fincapé, chegando a incluírse a si mesmo nas crónicas. A temática e técnicas case que literarias de Idacio son tamén analizadas. Non deixa de lado tampouco o autor un estudo da transmisión textual e edicións que presenta como principal manuscrito o actual Berlinense 127 (B), datado no século IX. Na crónica Idacio sitúase como continuador da *Historia Eclesiástica* de Eusebio e continuada por Xerome. Céntrase no trixésimo noveno dos emperadores romanos, Teodosio, e na herexía de Prisciliano. A partir de aquí fai relación de feitos e as loitas cos bárbaros: suevos, godos, alanos,... que levan a triunfos e derrotas de bárbaros e imperio e ás diversas paces polo control do territorio. Son narrados con especial detalle as loitas de Teodorico, rei dos godos, cos suevos e como se foran conseguindo as paces. A continuación reprodúcense o texto íntegro en latín e a tradución ao castelán que presentara o Dr. Marcelo Macías en 1906: *Cronicón de Idacio*.

Referencias varias:

- S.P., 'A orixe galega na crónicas do século V', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 xuño 2004, p. 50.

Dá conta da presentación d´*A crónica de Idacio de Limia, Bispo de Chaves* publicada polo CCG (Consello da Cultura Galega) e a Deputación de Ourense, de autoría de José Antonio López Silva. Destácase a importancia de ser a primeira obra traducida do latín ao galego das crónicas deste bispo. Reprodúcense algunhas palabras de Zulueta de Haz e de Torres Queiruga no acto de presentación no Consello da Cultura Galega.

VI.2. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

VI.3. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

VI.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 8 xullo 2004, p. 5.

Fala sobre a figura do *aedo*, descrita por Homero na *Ilíada* e sobre a dubidosa existencia do devandito autor.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 10 xullo 2004, p. 5.

Traza con brevidade a historia de Homero dende que quedou definitivamente cego na cidade de Colofón até a súa morte na illa de Ios, onde supostamente foi enterrado.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 22 xullo 2004, p. 5.

Comeza citando as conclusións que o catedrático José Alsina tiraba no 1972 sobre a *Ilíada* de Homero; remata dicindo que historicamente se comprobou a existencia de máis guerras de Troia que a inmortalizada no gran poema.

VI.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

VI.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

VII. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

VII.1. NARRATIVA

VII.1.1. NARRADORES GALEGOS

Abad, José Antonio, *O oso fabuloso*, ilust. Rosa Osuna, música de Fernando Severo Altube, narración de Xosé Ramón Gayoso , Pontevedra: Kalandraka Editora, novembro 2004, col. Sondeconto, nº 4, idade recomendada [lectorado autónomo], Libro e CD, [34] pp. (ISBN: 84-8464-511-8).

Relato de José Antonio Abad, baseado nunha idea orixinal de Anisia Miranda, no que por medio dun narrador en terceira persoa e do diálogo dos personaxes se ofrece a historia de Chispa, un pequeno oso que un día decide deixar a escola para traballar porque xa se considera un oso grande. Ante a decisión de Chispa, a súa sabia e paciente nai encoméndalle diferentes tarefas que o osiño non é quen de realizar, polo que acode a visitar ao señor Moucho para que este lle dea outro traballo mellor. Unha vez máis o protagonista é incapaz de facer os traballos que lle ofrecen e desesperado bótase a chorar. Grazas ás palabras de consolo do señor Moucho e da nai, o osiño Chispa regresa contento á escola para aprender cousas que lle sexan útiles no futuro. Trátase dun libro de imaxes, ilustrado por Rosa Osuna, quen dende a cuberta mostra a súa experiencia estética e consegue o pracer visual que leva a seleccionar a información, a asociacións, a interpretar ou ler o que vemos, de atoparlle sentido, etc., e todo isto a través de códigos visuais moi traballados: cores, formas, composicións… Unhas composicións deseñadas a dobre páxina nas que se ofrecen as peripecias do protagonista por medio de ilustracións que resaltan o carácter esquemático e infantil e o xogo da desproporción, ao agrandar as cabezas con relación os

corpos. As imaxes están realizadas con formas redondeadas amplas dibuxadas en tinta negra que acompañadas dunha gama de cores acuarelados alegres e cálidas, con grandes planos de cores claros e matizados con trazos a lápis, lles confire un sentimento de cercanía e tenrura. Xeneran información que non é dada polo texto narrativo, mostran como son os protagonistas e o contorno no que se moven, polo tanto complementan o contido da obra que non se le de forma completa se non se conxuga a lectura textual coa visual.

Recensións:

- Noelia Muíños, 'O oso fabuloso', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 6 a 9 anos', 2004, p. 70.

Nun primeiro momento descríbense as características da colección "Sondeoconto" e cualifícase de "boa maneira de animar aos máis novos a experimentar coas artes, a dialogar con elas e a empezar a comprender a poderosísima maxia da linguaxe musical". Considérase que tanto as ilustracións como a música de *O oso fabuloso*, de José Antonio Abad, dotan de forza á historia mentres que na parte textual isto non se consegue dado que o emprego de paralelismos, rimas forzadas e claves do conto acumulativo non callan no texto. Critícase o feito de acudir a un presentador da televisión para narrala como reclamo comercial.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, 'Música para ler', *La Opinión*, 'Cultura', 24 decembro 2004, p. 60.

Ana Rodríguez acode ás palabras pronunciadas na presentación d'*O oso fabuloso* na Coruña polo seu autor José Antonio Abad, polo responsábel da editora que o publica, Xosé Ballesteros, e polo concelleiro de Cultura do Concello da Coruña, Carlos González-Garcés, para explicar as características deste novo volume, os obxectivos buscados coa colección na que se insire, a tirada editorial, etc. Finalmente, cita os outros volumes que até o momento se publicaron en "Sondeconto".

- M.P.L, 'A Sinfónica publica un novo libro-cd con Kalandraka', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 decembro 2004, p. 34.

Dáse conta da publicación do novo libro-cd de Kalandraka, *O oso fabuloso*, no que colabora a Orquestra Sinfónica de Galicia, e cítanse as palabras do seu autor, José Antonio Abad, na presentación do volume, relacionadas cos obxectivos desta nova publicación.

- R.E., 'Kalandraka edita un nuevo libro Cd para introducir a los menores en la música', *El Progreso*, 'Cultura', 24 decembro 2004, p. 88.

Infórmase da publicación d'*O oso fabuloso* na colección "Sondeconto", de Kalandraka, e tómanse as palabras de José Antonio Abad, autor do volume, para explicar os obxectivos buscados con esta publicación. Tamén se ofrece o argumento do conto e indícanse os encargados da ilustración, da composición musical, da narración, etc

- Francisco Espiñeira, 'Kalandraka edita su cuarto cuento musical con la Sinfónica', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 24 decembro 2004, p. 58.

Francisco Espiñeira informa da cerimonia de presentación d'*O oso fabuloso*, cuarta entrega dunha colección de libros-disco. Indica o lectorado ao que vai dirixido o volume e faise eco das palabras pronunciadas por Xosé Ballesteros, responsábel da empresa editora do volume, e por José Antonio Abad, autor da obra, na cerimonia de presentación. Finalmente, menciónanse os responsábeis de ilustración, da composición musical e da narración.

Abeleira, Xoán, *O caribú namorado*, ilust. Jacobo Fernández Serrano, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, febreiro 2004, col. As aventuras de Nunavut, nº 3, idade recomendada [lectorado autónomo], 57 pp. (ISBN: 84-9782-093-2).

Terceira entrega das aventuras de Nunavut, a nena esquimó protagonista desta serie de Xoán Abeleira (Venezuela, 1963). Na aldea de Nunavut chegou o verán e toda a tribo reúnese na cabana das cerimonias porque o xamán Ainuk vai realizar o seu rito sagrado no que visualiza a rota dos caribús na busca dos pastos. As familias póñense moi ledas porque para elas, xentes cazadoras, coñecer as rotas migratorias dos grandes cervos, animais moi prezados polas súas carnes e polas súas pelicas, é cuestión de vida ou morte. Deseguido póñense en camiño cara ao Val dos Tarauxolos onde, consonte coa tradición, os homes levantan as tendas e as mulleres e os nenos examinan os *inuksut*, unhas figuras de pedra e de aspecto humano que serven para enganar as presas. Unha semana despois comeza a proveitosa cacería mais un dos caribús, no canto de fuxir, parece pedir a morte e Nunavut decide falar con el e coñecer a súa historia, xa que os animais poden falar cos *inuit*. Sabe así que o caribú está namorado dunha femia que non lle corresponde e non quere loitar por ela na época de cío porque detesta a violencia. Aínda que Nunavut ao principio non entende este comportamento, decide axudarlle e adéstrao para que loite. Despois de pelexar e vencer o macho da manda, a femia rexéitao e o caribú namorado foxe a agocharse no bosque. Nunavut, moi angustiada e triste, atópao despois de tres días e o caribú cóntalle que decidiu marchar na procura doutra compañeira, ao comprender que o amor non pode ser forzado senón que ten que nacer de xeito natural. O volume remata cun glosario coa explicación das palabras difíciles do texto. As ilustracións a tinta coloreada con augadas, gamas suaves, frías ou cálidas de Jacobo Fernández Serrano (Pontevedra, 1971) por medio da liña curva remarcan unha situación concreta relacionada con Nunavut e os caribús.

Recensións:

- María Navarro, 'Un texto ameno', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, 'Infantil/Xuvenil', xuño 2004, p. VII.

Presenta esta terceira entrega de "As aventuras de Nunavut" e destaca que o obxectivo de Xoán Abeleira é dar a coñecer un xeito diferente de entender o mundo que integra o home na natureza. Tras resumir o argumento do relato comenta que os eixos que vertebran a historia son as relacións entre os membros da tribo, o sentido da amizade e o respecto polos sentimentos alleos, todo reflectido a través dos ollos da protagonista. Alude tamén á mestura do real co suprarreal, un aspecto intimamente vinculado coa cultura dos *inuit*, e ás conversas da nena co animal, "unha auténtica lección para os adultos que se empeñan unha vez si e outra tamén en tratar de impoñer a súa vontade só porque ocupan un plano superior". Remata destacando a linguaxe intencionadamente inxenua do texto.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 81, 29 abril 2004, p. VII.

Sección fixa na que se inclúen as recensións de catro obras: *Tres pasos polo misterio* (2004), de Agustín Fernández Paz; *Libro dos exemplos* (2004), de Borobó; *O caribú namorado*, de Xoán Abeleira; e *Xoaquín Lorenzo* (2004), de Marcos Valcárcel. Explica que *O caribú namorado* é a terceira entrega de 'As aventuras de Nunavut', protagonizadas por Nunavut, unha nena esquimá; conta que, nesta ocasión, o libro describe a rota que os caribús seguen para subir á costa na procura de pasteiros e cómo, desa rota, depende a vida de toda a aldea.

Aleixandre, Marilar, **Docampo**, Xabier P., **Fernández Paz**, Agustín, **Martín**, Paco, *Contos de máscaras, rúas, perdicións e caníbales*, ilust. Xosé Cobas, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2004, col. Lagarto pintado, idade recomendada [mocidade], 85 pp. (DL: C-2880-2004).

Volume que forma parte da Campaña de Fomento da Lectura da Xunta de Galicia e que contén catro relatos de autores avezados da LIX galega: Paco Martín, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz e Marilar Aleixandre. Contan coas ilustracións de Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953).

- Paco Martín (Recatelo, Lugo, 1940), "Perdición", pp. 7-31.

Relátase a decisión que tomou un día Clementina Celia da Misericordia López de Vídalo e Rodríguez-Veiga, unha muller de trinta e nove anos que malia o seu longo nome era sinxela e de bo contentar. Por mor da súa soidade, xa que non tivera fillos e o seu home sempre estaba de viaxe, pasaba o tempo lendo os contos clásicos que amontoara para a chegada da súa descendencia. Foi así como descubriu a importancia dos bosques neses relatos e tras estudar o tema chegou á conclusión de que as súas frustracións podían deberse a non se extraviar nun bosque cando nena, así que decidiu viaxar ao pazo da aldea da súa familia e internarse nun bosque. Ao chegar alí descobre que é imposible estar soa.

- Xabier P. Docampo (Rábade, 1946), "A máscara", pp. 33-43.

Trata a relación que mantiveron dende nenos un rapaz e unha rapaza. Cando comezaron a medrar e a se ollar doutro xeito. Un día despois de se bañar no río, o rapaz descubriu que ela tiña nas costas unha penca coa forma dunha estrela de cinco puntas. Pouco despois acordaron regresar a casa por camiños distintos mais ela nunca chegou e os veciños atoparon a súa roupa manchada de sangue nunha carballeira. Seguindo a luz daquela estrela, o rapaz púxose a buscala ata que chegou a unha vila onde nunha gran casa coñeceu a unha muller que aceptou conversar con el coa condición de que permanecese de costas mentres estivesen xuntos. Contoulle que a casa ardera e que como queimara toda a pel debía levar unha máscara na que tamén había unha estrela de cinco puntas na meixela dereita.

- Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), "Unha foto na rúa", pp. 45-70.

Cóntase o que lle sucedeu a Daniel a partir do día no que atopou unha foto de carné dunha rapaza tirada nunha rúa de Vigo. Deseguido quedou fascinado por aquel rostro e por aquel nome, Diana, escrito por detrás, e como seguiu atopando fotos por outras rúas convenceuse de que aquilo non podía ser unha casualidade e púxose a buscala desesperadamente. Cando xa levaba máis dun mes naquela procura obsesiva acabou recoñecendo que o azar pode ser cruel e arrebatarnos a ilusión. Remata o relato contando como Diana tomara a decisión, dende que lle tocara a lotaría e viaxaba por todo o mundo, de deixar abandonadas oito fotos dela en distintos lugares de cada cidade que visitaba. Gustáballe imaxinar que outras persoas ao atopalas poderían xogar, coma ela facía tantas veces, a tecer historias a partir dunha cara.

- Marilar Aleixandre (Madrid, 1947), "Monólogo da vaca caníbal", pp. 71-85.

Neste relato a vaca Brensa confesa, desesperada, que non é caníbal nin unha vaca tola e que acabou por fuxir da casa porque non estaba disposta a comer aquelas fariñas feitas de animais. Marta, a nena da casa que nacera o mesmo día que Brensa, e o seu mozo Henrique axudáronlle a escapar e agora vive ceiba no monte comendo o que lle peta.

Estes relatos contan coas ilustracións en branco e negro, de estilo figurativo, de Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953). Composicións nas que utiliza puntos de vista moi extremos: primeiros planos ou liñas de horizonte moi elevadas. Na técnica empregada contrasta a sutileza das pinceladas de acuarela co tratamento matérico dalgunhas manchas que configuran o fondo das imaxes. As figuras son transparentes e están delimitadas por unha liña negra de contorno.

Aleixandre, Marilar, **Alfaya**, An, **Babarro**, Xoán, **Carballeira**, Paula, **Casalderrey**, Fina, **Fernández Paz**, Agustín, **Fernández**, Ana María, **García Teijeiro**, Antonio, **Martín**, Paco, **Villar Janeiro**, Helena, *Postais do camiño*, ilust. Lázaro Enríquez, Vigo: Galaxia, novembro 2004, col. árbore/galaxia, serie Verde, nº 131, a partir de 12, 225 pp. (ISBN: 84-8288-761-0).

Volume no que algúns dos autores máis representativos da Literatura infantil e xuvenil galega tratan aventuras e reflexións que teñen como escenario o Camiño de Santiago. Iníciase a obra precisamente cun mapa de situación dos lugares e cidades polos que discorre este camiño, que enlaza Francia con Santiago de Compostela. Cada relato vai acompañado dunha ilustración de Lázaro Enríquez (La Habana, 1950) realizada con tinta e augadas dunha soa cor. Están compostas con algúns elementos da narración e na que o autor adoita mesturar, nun estilo moi libre, distintos personaxes ou obxectos da actualidade con imaxes que conectan co pasado do Camiño: grafías antigas, personaxes medievais, debuxos de catedrais, notacións musicais, etc. Os autores participantes son:

- Marilar Aleixandre (Madrid, 1947), "A canción de Roldán", pp. 9-26.

Relato no que unha moza, que fai o camiño en bicicleta cos seus curmáns e un amigo destes, Roldán, narra en primeira persoa a súa experiencia. Lembra como neste traxecto ían evocando personaxes históricos vinculados aos diferentes lugares polos que pasaban e cómo a súa relación con Roldán vai adquirindo un carácter máis íntimo, aínda que se ve rota por un accidente que lle custa a vida ao mozo.

- Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), "Unha historia de fantasmas", pp. 27-48.

Presenta un relato estruturado en tres episodios, ao longo dos que unha muller narra en primeira persoa a súa experiencia no Camiño de Santiago mentres descansaba dunha xornada en terras navarras. Alí, despois da cea reúnense un grupo de peregrinos no que aparece un enigmático home que lles conta a desgrazada historia de amor de dous mozos de Puente la Reina, unha vila situada no Camiño. Relátalles que despois da morte del nun accidente de tráfico, a moza sente unha presenza constante na súa casa, o que lle fai ter esperanzas de atopalo algún día, á vez que busca obsesionada o poemario *Punto cero*, de José Ángel Valente, que el lle regalara. A narradora, sorprendida pola historia, quere saber máis e na súa busca do enigmático home que lla contara descobre que fora o propio protagonista, morto catro anos antes.

- Paco Martín (Lugo, 1940), "A fita vermella", pp. 49-65.

Recorre neste relato á lenda da galiña asada de San Domingos da Calzada, que cantou despois de asada para salvar a un rapaz dunha inxustiza. Nárrase a través dunha terceira persoa omnisciente cómo viven o percorrido un grupo de adolescentes guiados polos seus profesores, descríbense as súas actitudes e achéganse os coñecementos que van adquirindo sobre a historia da Ruta Xacobea, entre eles que segue viva a tradición de que os descendentes do xuíz que quixo condenar ao rapaz inocente da lenda leven unha fita vermella e conviden cada noite a un peregrino a cear.

- An Alfaya (Vigo, 1964), "Búscase psiquiatra de polos", pp. 67-83.

Achégase neste relato á lenda da galiña que cantou despois de asada en Santo Domingo de la Calzada. A narradora explica a orixe dun cartel colgado no galiñeiro desta catedral no que se pide un psiquiatra de polos e dálle paso á narración do galo Capón e da galiña

Capoa, que narran cómo os humanos en lugar de falar chegan todos a cacarexar, mentres eles adquiren a calidade humana de vocalizar.

- Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947), "Vintedous milagres do Camiño", pp. 85-99.

Sitúa o seu relato nos anos corenta, momento no que un matrimonio galego merca unhas terras a un emigrante e teñen que viaxar a Palencia para entregar o diñeiro. No traxecto, e temerosos de que os rouben, fan a promesa de que se todo sae con ben percorrerán vinte e dous milagres do Camiño. Entregado o pagamento, inician a súa peregrinación na que van lembrando detalles dos monumentos, da vida dos personaxes ou dos lugares vinculados co culto ao Apóstolo.

- Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951), "Perigo na catedral", pp. 101-123.

Presenta un narrador en primeira persoa, David, que decide acompañar a seu tío Miguel na peregrinación de Roncesvalles a Santiago. Ao longo das diferentes etapas acompáñaos un personaxe moi estraño que lle vai narrando as máis diversas lendas asociadas co Camiño e que o guiará no suceso máis misterioso que vive: loitar contra as toupas que están a provocar o derrubamento da catedral gótica de León.

- Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949), "Tres tempos", pp. 125-141.

Achéganos á experiencia dun mozo que nos montes de León perde a seu irmán, co que viña percorrendo o Camiño de Santiago. Alí atopa a un xograr e a un arrieiro aos que, despois de coñecer as súas desgraciadas historias, axuda a abandonar a súa penitencia por non teren cumprido a promesa de peregrinar á tumba do Apóstolo en Santiago.

- Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), "As lentes de Jonh Lennon", pp. 143-168.

Presenta un relato estruturado en cinco capítulos titulados que ten como protagonista a Xurxo, un mozo que fai o Camiño de Santiago dende Vilafranca en compañía do seu tío Roque e da súa curmá Anabel. Neste percorrido Xurxo busca darlle outro sentido á súa vida, mudar a súa existencia marcada pola tristeza por un horizonte no que ver a cor. A figura de Jonh Lennon convértese no seu guieiro e punto de referencia, pois moitos aspectos da infancia do músico inglés son semellantes á del mesmo, en especial no feito de que o fogar se desintegrou polo abandono paterno. A súa busca ten como obxectivo simbólico atopar as gafas redondas que caracterizan o rostro de Lennon, coas que quere mudar a súa visión das cousas e que atopará nunha moza do Cebreiro.

- Helena Villar Janeiro (Becerreá-Lugo, 1940), "Os ollos de Galahaz", pp. 169-193.

Achega ao lectorado a experiencia dunha adolescente que fai o Camiño de Santiago en compaña dun grupo de amigos como reafirmación e busca de independencia ante seus pais, que inicialmente se opoñen. Durante este percorrido tomará conciencia de cánto quere á súa nai e de que o rapaz que lle gustaba e polo que desexaba estar fóra da casa, unha vez que o coñece mellor, xa non lle gusta. Sen embargo, atopa outro mozo de orixe francesa que se

converte no seu confidente e ao que pon o nome de Galahaz, porque lle lembra a este personaxe histórico.

- Paula Carballeira (Fene-Ferrol, 1972), "Prata lavada", pp. 195-207.

Ofrece un relato de misterio no que un narrador en terceira persoa narra cómo Xocas ten que enfrontarse aos mouros do castelo de Pambre, dos que cae escravo e dos que se libera ao atopar un colar de prata lavada no río. Logo diríxese a Compostela, onde ten que entregar un mapa a dona Soledad, quen lle descobre que no mapa está a situación das trabes de ouro, prata e alquitrán, e que ela gardará como moura que é, perdoándolle a vida pero quitándolle a voz para que non desvele o segredo.

Ameixeiro, Daniel, *A tenda de antigüidades*, ilust. Irene Fra Gálvez, A Coruña: Rodeira, 2004, col. Tucán, nº 37, serie Verde, a partir de 9 anos, 181 pp. (ISBN: 84-96352-04-8).

Relato de Daniel Ameixeiro (O Grove, 1962), no que Xana conta en primeira persoa os seus problemas. Como no conto de Xanciño Papaventos, que lle contaba seu pai cuando vivía e que ela lle repite a Antía, a súa irmá pequena, soña con atopar unha pedra máxica. Xana acaba de cambiar de barrio e no novo colexio intenta facer amigas. Ao principio lévase ben con Paula, unha rapaza maior ca ela e afeccionada ao teatro, pero axiña sofre unha decepción. Na clase, as compañeiras critícana, sobre todo a líder do grupo, Ana, á que só lle importan a roupa, os rapaces e as festas. Ao tempo, Xana distánciase da nai que se decata do seu cambio de actitude -comeza a comer pouco, saca malas notas e píntase demasiado- e sospeita que está a recibir malas influencias da súa nova amiga Ánxela. Xana sofre unha nova decepción e acaba sentíndose soa. Só sae desta situación coa axuda da súa profesora de Ciencias Naturais, que lle regala un diario para que escriba os seus sentimentos, e ao se decatar de que xa non xoga a inventar historias con Antía. A descuberta dunha tenda de antigüidades e da súa dona, que lle explica o importante que é contar cunha nai, esperta de novo a Xana e axúdalle a descubrir que a verdadeira pedra máxica é vivir as tres unidas. As ilustracións figurativas de Irene Fra Gálvez (Mataró, 1971) están debuxadas a lapis en branco e negro e con algúns toques de azul, só na ilustración da cuberta emprega tons máis cálidos como o encarnado. Dende a cuberta presenta as protagonistas do relato caracterizadas visualmente. As dúas primeiras ilustracións refírense ao contorno (casas, arbores, muros,...) no que se desenvolve a narración, mentras que nas demais as referencias espaciais corresponden a escenas de interiores e son menos. As composicións narran situacións que se dan no relato pero non son significativas á hora de seguir a narración.

Arca Caldas, Olimpio, *O Grilo Grileiro*, A Estrada: Edicións Fervenza, xuño 2004, col. Fontenla, idade recomendada [lectorado autónomo], [24] pp. (ISBN: 84-96368-06-8).

Conto de Olimpio Arca Caldas (Cuntis, 1928) no que se relata a través dun narrador en primeira persoa cómo xorde a amizade entre o Grilo Grileiro, o neno e o seu año Brito, ao que coida todos os días na horta despois do colexio. Con abondosas onomatopeas, os dous

animais e o neno estabelecen un diálogo no que se pon de manifesto a importancia de valores como o respecto ao fogar de cada un, aos animais ou á beleza da paisaxe. No texto insírense abondosos ocos e convídase ao lectorado agardado a completalos, primeiro cos seus datos persoais e logo cunha serie de palabras que se deberán ir inserindo no lugar apropiado do texto que se ofrece. Ademais tamén se reservan unhas páxinas finais para que cada un escriba un conto, estimulando así a creatividade dos máis novos. Os debuxos en branco e negro ambientan o narrado e serven de complemento ao texto, favorecendo unha lectura visual das situacións que se van desenvolvento na historia.

Babarro, Xoán, *Sempre Hausa*, ilust. Cruz Lago, Vigo: Galaxia, 2004, col. árbore/galaxia, nº 123, serie Azul, a partir de 10 anos, 118 pp. (ISBN: 84-8288-688-6).

Nárrase neste relato de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947) a historia en primeira persoa de Abdulahi, un rapaz africano que pertence ao pobo dos Hausa. A vida familiar rómpese cando o irmán maior de Abdulahi emigra para encontrar traballo e tras moito tempo a familia non recibe novas do seu paradoiro, feito que os leva a pensar que, como tantos outros da aldea que marcharon, morreu. As difíciles condicións de vida fan que Abdulahi se vexa na obriga de marchar da casa e a partir de entón, enganado polos tratantes de nenos, coñecerá a explotación infantil nun oasis no medio do deserto de Al-Kebir no que se fabrican alfombras e no que os cartos aforrados nunca chegan ao seu destino. O único refuxio para esquecer o sufrimento son os partidos de fútbol. Grazas á axuda duns caravaneiros, Abdulahi consegue fuxir daquel lugar e decidido a atopar o seu irmán emprende un novo camiño que o levará a aceptar diversos traballos para aforrar cartos que lle permitan chegar a Europa. Mais un día crúzase cuns participantes do rally París-Dakar e tras axudarlles a gañar a carreira vese recompensado coa aparición da súa fotografía nos xornais de todo o mundo, o que serve para que a súa familia saiba que está ben. En agradecemento, os pilotos lévano a Francia onde Abdulahi contacta coa ONG "Ilegais sen fronteiras" para denunciar a explotación do oasis. Os estudos, o amor e o fútbol fan que o rapaz comece unha nova vida na que chega a se converter en figura do fútbol e contacta co seu irmán. Finalmente, viaxará á súa terra para se despedir do seu avó enfermo e retomará o contacto coas súas raíces e o seu pobo. As ilustracións de Cruz Lago amosan corpos estilizados e cabezas desproporcionadas nas que destacan os ollos, o nariz e os labios como trazos da raza dos protagonistas. Están realizadas a lapis a través de figuras recortadas e dispostas sobre unha composición de diferentes planos grises e brancos sobre un ceo vermello.

Recensións:

- Silvia Gaspar, 'Sempre Hausa', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 12 a 14 anos', 2004, p. 72.

Ponse de relevo a tendencia nas producións galegas da literatura de compromiso cara á "solidariedade cos pobos e colectivos que o sistema social desfavorece" para encadrar *Sempre Hausa*, de Xoán Babarro, nesta corrente. Faise un resumo argumental e sinálase a inclusión de rimas e breves textos líricos, característico da escrita do autor, e que as lembranzas do continente africano no que perdura a cultura natural serve como "colorido

telón de fondo" a esta historia amarga. Finalízase, resaltando varios aspectos negativos: a mala asignación da idade do destinatario por parte da editorial, a caída da tensión narrativa por mor do mantemento do estilo indirecto e o factor de estrañamento que arreda da historia ao lectorado por mor do uso do imperfecto.

- Paula Fernández, 'Sempre Hausa', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 82, 'Infantil/Xuvenil', 6 maio 2004, p. VII.

Considera que a publicación de *Sempre Hausa*, de Xoán Babarro debe encadrarse na liña da reflexión sobre o que se ten denominado a aldea global e no agromar de sentimentos xenófobos nalgúns sectores da sociedade. Sinala que se trata dunha historia cargada de solidariedade, representada na figura dun rapaz que é obrigado a abandonar a súa aldea en África rompendo a súa evolución lóxica como adolescente e coñecendo as redes de explotación infantil. Cualifica de impactante para o lectorado o percorrido retrospectivo que fai o protagonista sobre esta etapa da súa vida e valora o tratamento de temas relacionados coa inmigración, feito que converte o texto nunha boa axuda para o profesorado á hora de organizar conversas arredor das condutas racistas e promover actitudes solidarias coas persoas e as culturas.

Babarro, Xoán, **Blanco**, Concha, **Heras**, Chema, **Rojas**, Magdalena de, *Contos de barcos, paxaros, infancias e pesadelos*, ilust. Óscar Villán, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2004, col. Lagarto pintado, idade recomendada [lectorado autónomo], 68 pp. (DL: C-2975-2004).

Volume que forma parte da Campaña de Fomento da Lectura da Xunta de Galicia e que contén catro relatos ilustrados por Óscar Villán (Ourense, 1972). Nel participaron Xoán Babarro, Magdalena de Rojas, Concha Blanco e Chema Heras cos seguintes relatos:

- Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947), "Páxinas da miña infancia santiagueña", pp. 5-20.

No que un neno relata unha anécdota arredor das diferenzas entre o quechua e o galego que viviu cando se trasladou coa súa familia dende Avellaneda, na provincia de Santiago del Estero, en Arxentina, a Galicia. A confusión que provoca unha pancarta na que reza "Salvemos as chulillas", ocasiona o desconcerto na vila galega.

- Magdalena de Rojas, "Rosalina e Resplandece", pp. 21-37.

Relátanse os xogos de Lola e Salva, unha nena de dez anos e un neno de doce, que xogan a inventar contos no peirao de Setefogas, ollando o movemento dos barcos Rosalinda e Resplandece. Lola imaxina que é unha serea e Salva cóntalle que é un home peixe.

- Concha Blanco (Lires, Cee, 1950), "O voo do paxaro", pp. 39-54.

Cóntase o que lles sucedeu a Tirso e a Mauro cando decidiron investigar a orixe dunha estraña coincidencia que lle sucedía a Tirso ás veces, cando sentía unha punzada aguda no entrecello que ía sempre acompañada da presenza dun paxaro que botaba a voar. Xuntos logran descubrir que se trata da visita da avoa Áurea, que morreu antes de que nacese Tirso.

- Chema Heras (Ávila, 1958), "O pesadelo", pp. 55-68.

Relátase o que sucedeu nunha vila cando construíron unha fábrica a carón do bosque e fuxiron os animais na busca de lugares limpos nos que vivir. Un rapaz da vila sufriu daquela a ausencia dos seus amigos o coello e o polbo cos que xogaba sempre. Finalmente descóbrese que todo fora un pesadelo e o rapaz afirma que nunca deixará cortar o bosque nin manchar o mar.

As ilustracións de Óscar Villán (Ourense, 1972) son de tipo figurativo, pero con alto grao de esquematismo nas formas. Esta simplificación vese reforzada cunha utilización de tintas planas nunha gama de grises contrastando con planos negros. A disposición das formas dá como resultado unhas composicións creativas e interesantes. A ilustración da cuberta, aínda que é en cor, mantén o estilo esquemático.

Babarro, Xoán, **Fernández**, Ana María, *Na barriga do dragón*, ilust. Víctor Rivas, Santiago de Compostela: Alfaguara/Obradoiro, 2004, col. Infantil/Xuvenil, idade recomendada a partir de 8 anos, 126 pp. (ISBN: 84-8224-434-5).

Un narrador heterodiexético en terceira persoa, con certas alusións ao lector, é o encargado de transmitirnos as aventuras de Marcela, unha nena moi espelida e audaz, que, xunto cun grupo de rapaces e o seu gato Piñón, entran nas entrañas do dragón máxico da fada Lupa Lupina. Alí a fada transfórmase nunha muller feísima por lle ter alerxia ao gato Piñón e os rapaces son atacados por uns morcegos, polo que desexan saír canto antes da cova dragonina. Queda Marcela en representación de todos e, acompañada do seu gato, vai coñecer e enfrontarse a unha serie de situacións e personaxes perigosos e estraños coma o home das tesoiras, a xiganta do espello, un homiño chinés saxofonista, uns dragóns de lume, un mundo de plastilina, un terríbel crocodilo ou o comellón de Jim. Finalmente, atópase con Lupa Lupina, quen a leva a un salón dende onde pode viaxar ao lugar desexado e lle outorga diversos agasallos por ter superado satisfactoriamente as difíciles probas: entrar no seu xardín, facela membro do Club das Aventuras, ler no diario que recolle as andanzas dos que pasan polos corredizos do dragón e ser aprendiz de fada. Antes de regresar xunto aos seus, ten que superar unha última proba, escoller o zapato que lle abra a porta de saída. Xoán Babarro (Calvelo de Maceda-Ourense, 1947) e Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) volven xuntar as súas plumas para somerxer ao lectorado de máis de 8 anos nun mundo fantástico, a través dun texto, no que sobresaen os xogos de palabras, as onomatopeas ou as breves mostras poéticas. Os debuxos de Víctor Rivas (Vigo, 1965) complementan unha narración fantástica, que se presta á utilización de debuxos imaxinativos; as composicións son libres e predominan as liñas curvas (coletas de Marcela, cola do dragón, fogo, etc.) o que achega movemento ás imaxes. Son debuxos a tinta sen cor, agás na cuberta.

Babarro, Xoán, *Chalchihuites*, ilust. Cruz Lago, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2004, col. Ala Delta, nº 6, serie Verde, a partir de 10 anos, 80 pp. (ISBN: 84-263-5163-8).

Este conxunto de relatos de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947) configura un exercicio de harmonía cultural no que dous contadores de contos, un do País da Verde Lagoa e outro do País da Verde Montaña, dous territorios moi arredados, decidiron facerse amigos e intercambiar historias ou *chalchihuites* que proceden das súas respectivas culturas e linguas, co fin de poñer de relevo a importancia da linguaxe como valor cultural e patrimonial dos pobos e os trazos compartidos. O libro artéllase a través de vinte e cinco contos breves e poemas narrativos agrupados por parellas que se caracterizan por tratar temas similares, variando en cada caso o estilo e a linguaxe no que son narrados, galego e castelán de Latinoamérica. Confórmase deste xeito unha especie de diálogo literario integrado por historias que se van encadeando tematicamente e nas que están presentes personaxes e tradicións que comparten as dúas culturas, centrados fundamentalmente en elementos da natureza, a transmisión de memorias e lendas dos avós e relatos fantásticos. Completan o volume un apartado titulado "¿Quen é quen?", no que se explica a procedencia de personaxes dos contos latinoamericanos, e un "Glosario" coa explicación das palabras difíciles dos textos escritos no español de Latinoamérica. As ilustracións de Cruz Lago acompañan algúns fragmentos do texto caracterizando os personaxes e describindo visualmente algunhas escenas. Inícianse dende a cuberta con debuxos feitos a lapis e con pretensión volumétrica, con formas redondeadas e moi desproporcionadas coa intención de conferirlle maior expresividade ao conxunto. Soamente a ilustración da capa está resolta con cores, as demais en gama de grises. As imaxes nalgúns casos ocupan a páxina enteira e noutros comparten a páxina co texto.

Blanco, Concha, *Boris*, ilust. Orballo, Vigo: Galaxia, febreiro 2004, col. árbore/galaxia, nº 124, serie Laranxa, mais de 8 anos, 62 pp. (ISBN: 84-8288-689-4).

Concha Blanco (Cee, 1950) presenta neste relato a historia da gata Boris, dividida en catorce capítulos titulados e narrada en primeira persoa pola súa protagonista infantil, unha nena chamada Laura. Dende a súa inxenuidade, Laura vai contando cousas de si mesma, dos seus amigos e da súa familia, ao tempo que presenta a gata que chegou á súa casa grazas a Lula, unha amiga de súa nai, un domingo pola tarde. Laura decidiu bautizala co nome de Boris, aínda que cause certa estrañeza ao se tratar dunha femia, porque así se chamaba o grilo protagonista dun libro de contos que lera. A partir de entón vai coñecer moitas cousas dos gatos, sobre todo a través da súa nai, como que non lles gusta lavar roupa e como aprenden a comer no seu prato e a mexar nunha caixa con area. Laura ensínalle a dar a pata e comparte xogos con ela; de feito, di preferila a calquera xoguete. Tamén aprende que cando se vai de viaxe, como á voda do seu tío Andrés en Burgos, os animais non poden durmir nos hoteis, por iso Boris tivo que quedar co seu amigo Artur. Todo muda cando o médico descobre que Laura ten alerxia aos gatos, así que teñen que regalala. A pesar da tristura que sente Laura todo se arranxa cando aparecen Artur e a súa nai para dicir que quedan con Boris e como son veciños a rapaza poderá ver a gata sempre que queira. As

ilustracións de Orballo caracterizan dende a cuberta a protagonista e acompañan algunhas das páxinas do libro describindo visualmente accións do relato. Son pequenas ilustracións de grande expresividade, carácter esquemático nas que xoga coa desproporción e esaxeración de formas redondeadas e alongadas. Soamente a cuberta está tratada con cores cálidas - laranxas, amarelos, encarnados e o azul da gata-, as demais son de cor sepia e conectan visualmente con títulos dos diferentes apartados do relato e o número de páxina. A situación das ilustracións dentro do texto parece que está pensada para romper o seu deseño, concedéndolle un grande atractivo.

Recensións:

- Noelia Muíños, 'Boris', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 6 a 9 anos', 2004, p. 71.

Considérase que *Boris*, de Concha Blanco, pertence á "literatatura medida con cartabón e escuadra na que non parece sobrar de nada e, en cambio, falta algo imprescindible: unha boa historia". A seguir, saliéntase a boa intencionalidade da narración, a traxectoria da autora, o seu coñecemento do lectorado e as tres características necesarias nunha boa novela e ausentes nesta historia: forza narrativa, doses de orixinalidade e gañas de sorprender.

- María Navarro, 'Boris', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 80, 'Infantil/Xuvenil', 22 abril 2004, p. VII.

Alude primeiramente á traxectoria de Concha Blanco na literatura infantil e xuvenil galega dende 1981, ano da publicación de *Contos prá escola*. Valora en *Boris* a presenza dunha realidade próxima e atractiva para o lectorado, reflectida no relato a través das aprendizaxes de Laura sobre cómo coidar dun gato nun piso e os problemas que implica. Salienta ademais a ollada tenra da nena protagonista e a utilización dunha linguaxe sinxela.

Blanco, Concha, *Sara*, A Coruña: Casals, maio 2004, col. O Trolebús, nº 21, a partir de 13 anos, 77 pp. (ISBN: 84-218-3171-2).

Este relato de Concha Blanco (Lires, Cee, 1950) está dividido en catro partes ("El", "Ela", "Nós" e "El") nas que, principalmente por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa, se conta a vida de Sara, unha vida marcada pola ausencia paterna dende a nenez á idade adulta. Así, dáse a coñecer cómo o pai de Sara emigrou para Venezuela cando ela tiña catro anos e cómo ela se criou en Lires coa súa nai Lola, a dona da taberna, sen saber a penas nada do seu proxenitor até que, xa casada e con fillos, recibiu unha carta na que se lle invitaba a facerse cargo dos seus restos mortais repatriados. A fotografía monocroma da cuberta, de María Canosa (Cee, 1978), mostra a aldea e ría de Lires, xoga coa manipulación da mesma a través de dous filtros de cor -amarelo e azul- que a dividen en dúas partes, aínda que todo o conxunto fala dun curso do río, de que a auga pasa pero o río permanece, e tamén de tempos pasados polo propio tratamento da imaxe: tempos diferentes nun mesmo espazo.

Recensións:

- R. G, 'Sara', *La Voz de Galicia, 'Culturas'*, nº 77, 'Novela', 11 setembro 2004, p. 14.

Despois de describir o argumento desta obra, saliéntanse algúns dos temas máis recorrentes nesta novela de Concha Blanco.

- María Navarro, 'Sara', *Faro de Vigo*, 'Infantil/Xuvenil', 14 outubro 2004, p. VII.

Defínese esta nova novela de Concha Blanco, *Sara*, como unha "historia de presente e pasado" e explica as razóns desta definición. Ofrece o argumento e sinala que, pese a ser unha ficción literaria, "podería perfectamente ser a historia de centos e centos de familias que sufriron e sofren as consecuencias do fenómeno da emigración". Finalmente, dá a súa opinión sobre este texto novelístico.

Blanco, Concha, **Carballude**, Pepe, **López Rodríguez**, Xavier, **Villar Janeiro**, Helena, *Catro contos para unha data*, ilust. Xosé Cobas, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Federación de Libreiros de Galicia ♦, abril 2004, idade recomendada lectorado mozo, 76 pp. (DL: VG-284-2004).

Edición non venal que constitúe unha iniciativa conxunta da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Federación de Libreiros de Galicia para celebrar o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil (2 de abril). Contén catro contos que van acompañados das ilustracións de Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953). Son ilustracións de carácter figurativo e alegórico tanto a da cuberta coma as do interior. Sorprende a ilustración da cuberta por achegar unha gata sen que se lle atope relación co conxunto dos relatos, mentras que no interior cada relato vai precedido dunha ilustración que alude ao tema central de cada narración. A técnica empregada é a augada na que a través dunha gran soltura vai definindo formas en diferentes tonalidades de grises. Este volume acolle relatos de Concha Blanco, Pepe Carballude, Xabier López Rodríguez e Helena Villar Janeiro.

- Concha Blanco (Lires, Cee, 1950), "A fonte das ras", pp. 9-32.

Conta como Elisa, remexendo entre os xoguetes vellos do faiado, atopa o seu cabalo verde de cartón e lembra a visita que tiña pendente á fonte das ras, onde terá que aceptar un desafío.

- Pepe Carballude (Rubín, A Estrada, 1956), "A amiga Inés", pp. 33-42.

Comeza cun correo electrónico que Marta lle envía á súa amiga Silvia e no que lle adxunta os seus relatos. A seguir reprodúcese un deles no que relata o finximento que tivo que

manter longo tempo ante as súas compañeiras de clase sobre o feito de ter a regra ou a visita da amiga Inés.

- Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, Zamora, 1956), "Quente como a neve", pp. 43-54.

Relato que se localiza no val de Brumoso e nel unha rapaza lembra como cando tiña catorce anos viaxou a lombos da súa burra até Lubicán onde tivo que quedar varias noites por mor da nevada. Ao regresar descubriu as sensacións que rodean ao namoramento, xa que o rapaz que lle gustaba comezou a se interesar por ela.

- Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940), "Historias de Anahí", pp. 55-76.

Cóntase o que aconteceu o día que a Anahí lle morreu a súa avoa, aínda que en realidade non era a súa avoa porque ela procedía dun país máis afastado que abandonou para se instalar no mar de Arousa. Lembra que foi ela a que lle mercou a primeira boneca, como lle facía as restras do pelo e a preparaba para ir ao colexio e como lle ensinou a lingua nova cando chegou. O bo daquel día tan triste no que decidiu pasear pola praia foi que coñeceu a Xosé e fixéronse amigos.

Boullosa, Palmira G., *¡Cuac!, Quac!, Kuak!, ¡Cuac!*, ilust. Ángeles Maldonado, Madrid: OEPLI □, 2004, idade recomendada [lectorado autónomo], 103 pp. (DL: M-13707-2004).

Co gallo da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil no que se conmemora o nacemento do escritor Hans Christian Andersen, a OEPLI (Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil) presenta esta obra coas catro versións que partindo de *O patiño feo* fixeron catro escritores/as e catro ilustradores/as. A galega realizouna Palmira G. Boullosa (Vigo, 1941) coas ilustracións de corte realista e a toda cor de Ánxeles Maldonado (Madrid, 1961). Nela unha avoa accede á petición da neta e relata unha nova historia do conto de Andersen na que o príncipe Hans é convertido, nun ovo, por unha bruxa, do que sae un parrulo que, grazas á intervención da súa madriña, volve a ser humano se unha muller lle di "ámote". Cóntase os avatares da súa viaxe na que leva unha pedra furada e unha campaíña, agasallos máxicos da súa fada madriña, cos que logra ser aceptado por aqueles que o rexeitan polo seu aspecto e coñece de preto o mundo das fadas. Camiñando Hans chega a Ingeborg, un reino no que a súa princesa goberna en vez de facer festas e bordar como quería impoñer o pai e a época na que vivía. Ao final esta princesa, posuidora tamén dunha pedra furada, namórase do cisne no que se transformara Hans e pronuncia a palabra que lle devolve o seu aspecto humano. Péchase a obra coas biografías dos autores/as das versións. As ilustracións de Ángeles Maldonado de estilo figurativo, están realizadas con acuarelas con tonalidades suaves. O tratamento empregado, tanto nas formas coma na cor, é de corte clásico.

Referencias varias:

- Jose Matamoros, 'Literatura para crecer y aprender', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 3 abril 2004, p. L15.

Dáse conta de diversas actividades realizadas pola Asociación Gálix con motivo do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil: entrega de libros no Hospital Clínico por creadores e creadoras galegas; presentación de *¡Cuac!, ¡Qua!, Cuac!* por membros da directiva de Gálix, pola ilustradora Ánxeles Maldonado diante de alumnos de colexios composteláns nos locais de Ámbito Cultural de El Corte Inglés, e do maratón de lectura na Fundación Granell.

- MARÉ, 'Os libros van ó hospital', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ ', 3 abril 2004, p. 52.

Dáse conta da presentación deste libro no Ámbito Cultural do Centro Comercial Compostela por parte de GÁLIX (Asociación Galega para o Libro Infantil e Xuvenil) realizada por Blanca-Ana Roig Rechou, Amparo Raviña e a ilustrador Ánxeles Maldonado. A este acto asistiu o alumnado do Colexio Pío XII e da Colexiata de Sar. Explicouse que o libro recolle versións do *Patiño feo* realizadas por Inmaculada Díaz e Juan Ramón Alonso (ámbito castelán), Albert Figueras e Marcos Ferré (ámbito catalán), Yolanda Rieta e Jon Zabaleta (ámbito vasco), Palmira G. Boullosa e Ánxeles Maldonado (ámbito galego). Tamén se dá conta do reparto de libros que con motivo do Día 2 de Abril creadores galegos e membros da xunta directiva de GÁLIX realizaron no Hospital Clínico de Compostela e no Hospital Xeral-Cíes de Vigo.

- Ana Iglesias, 'Semana del Día Internacional del Libro Infantil en El Corte Inglés', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 8 abril 2004, p. 30.

Repaso á programación da Semana do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, organizada pola Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX) e El Corte Inglés. Despois de sinalar que diferentes membros de GALIX visitaron a escola Camilo José Cela do Hospital Clínico, repasa cada unha das actividades programadas, entre elas sesións de contacontos, postas en escena, maratóns de lectura ou a presentación do volume *¡Cuac!, ¡Quac!, ¡Kuac!, ¡Cuac!*.

- Jose Matamoros, 'Aguardiente para 'gourmets', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 14 abril 2004, p. L15.

Despois se referir a varios actos culturais galegos, infórmase da presentación en Hipercor deste libro que recolle versións do *Patiño feo*, de Andersen, elaboradas por creadores casteláns, cataláns, galegos e vascos.

Carballeira, Paula, **Fernández**, Ana María, **García Teijeiro**, Antonio, **Sánchez**, Gloria, *Contos de cabuxas, ratos, libros e casas*, ilust. Manuel Uhía, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2004, col. Lagarto pintado, idade recomendada [prelectorado], 76 pp. (DL: C-2892-2004).

Volume que forma parte da Campaña de Fomento da Lectura da Xunta de Galicia e que contén catro relatos que contan coas ilustracións de Manuel Uhía (Portonovo, 1944). Os autores presentes son: Gloria Sánchez, Antonio García Teijeiro, Ana Mª Fernández e Paula Carballeira.

- Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958), "A cabuxa pequeniña está aquí agochadiña", pp. 7-24.

Recorre ao xogo caligramático para ofrecer poemas narrativos que teñen como protagonistas diferentes personaxes que o lectorado debe descubrir atendendo á descrición poética que deles se achega.

- Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), "Honorato, o rato namorado", pp. 25-44.

Presenta a Honorato, un rato que anda namorado da Lúa e que se entretén dedicándolle poemas. Como a Lúa o rexeita, marcha a vivir nun calcetín no medio da rúa até que un día desaparece para sempre sen deixar rastro.

- Ana Mª Fernández (Palma de Mallorca, 1949), "Unha casa de risa", pp. 45-60.

Céntrase nos habitantes dunha casa de tres plantas, na que vivían o ogro Brutón, o cociñeiro Caldoquente e o pallaso Risoto que dicutían sen parar e molestaban os seus conveciños. As autoridades obrigáronos a amañar os seus problemas e daquela decidiron facer unha aposta. Viaxaron ao mundo das persoas coa intención de xuntar o maior número posíbel de xente e, finalmente, Risoto proclamouse vencedor.

- Paula Carballeira (Ferrol, 1972), "Instrucións para curar un libro doente", pp. 61-76.

Achega un conxunto de recomendacións para conseguir tirarlle o mal aos libros doentes, que sofren de soidade e abandono e adoitan estar cheos de porcalladas por falta de uso.

Os debuxos de Manuel Uhía (Portonovo, 1944) están realizados cun estilo figurativo e realista, aínda que algúns personaxes inanimados (como o libro ou a lúa) presenten calidades antropomórficas. A técnica empregada, a través do uso do claroscuro, consegue ilusión de volume. Só a ilustración da cuberta emprega a cor cunha gama de fríos; este debuxo continúa na solapa, de forma que para velo completo hai que despregala.

Carballeira, Paula, *A era de Lázaro*, Vigo: Galaxia, xuño 2004, col. Costa Oeste, idade recomendada [mocidade], 144 pp. (ISBN: 84-8288-713-0).

Segunda incursión de Paula Carballeira (Fene, 1972) na novelística xuvenil. A través do relato dos protagonistas, fundamentalmente de Alexandre Doval, condutor da trama, de Noelia Samesugo, e tamén de cartas, informes, correos electrónicos, notas de prensa, entrevistas ou circulares informativas, desenvólvese unha trama de medo e misterio. O empeño de Noelia en resucitar a Lois tras ser vítima dun accidente, utilizando o ritual que

atopa no Libro dos Mortos das sagas islandesas, ocasiona sen ela o querer a chegada dunha nova era que ameaza o mundo. O contacto co resucitado non trae o resultado agardado e acaba converténdose nunha cadea de mortes que estende a desorde, o pánico e alteracións espazo-temporais nos que reciben a visita de Lois. Por riba dos feitos planea a presenza da Empresa, un ente poderoso que vixía a sociedade e lle garante a resolución de calquera problema, coa que contacta Noelia. Alexandre Noval é o encargado do caso pero a súa implicación nos acontecementos fai que perda o control e renuncie aos procedementos empregados até o daquela. Ao final, a Empresa manipula os feitos e converte a Doval en responsábel directo do acontecido. A composición da cuberta, realizada por Fausto C. Isorna (Santiago de Compostela, 1961) presenta elementos que remiten á morte e á resurrección, temas arredor dos que se constrúe o texto.

Recensións:

- Armando Requeixo, 'O libro dos mortos', *Tempos Novos*, nº 89, 'Libros', outubro 2004, p. 74.

Comeza Requeixo informando que a actriz, contacontos, filóloga e narradora Paula Carballeira volve á actualidade con *A era de Lázaro*. Indica que a novela está paratextualmente dirixida a un público xuvenil, amosando o crítico as súas dúbidas a respecto da pertinencia literaria desta adscrición, independentemente das apostas económico editoriais que esta supoña, e sinala que está aberta a múltiples lecturas que a converten en literatura descodificábel proveitosa para todas as idades. Sinala que a obra se interna no territorio da narrativa fantástica, concretamente no do terror que sobrevén pola existencia de seres do ultramundo. Sintetiza a seguir a trama principal, apuntando que está constituída pola historia dun morto vivinte, a quen a súa moza resucitou seguindo as indicacións do "Libro dos mortos" da vella tradición islandesa. Así, a obra explora a problemática presenza desta personaxe entre os vivos, creando unha enigmática atmosfera que envolve personaxes e situacións. Sinala que o libro subxuga pola súa intriga e convence pola hábil inserción de diferentes mostras tipolóxico-textuais no corpo central da novela. Conclúe indicando que malia resolverse argumentalmente de xeito discutíbel, a historia ten de seu atractivos máis que suficientes para ser visitada.

Caride Ogando, Ramón, *O cabo da Serpe*, ilust. Eduardo Baamonde , A Coruña: Everest Galicia, 2004, col. Montaña Encantada, idade recomendada Primeiros lectores, [44] pp. (ISBN: 84-403-0520-6).

Ramón Caride (Cea-Ourense, 1957) a través da terceira persoa conta cómo Elsira, a nena protagonista, salva a illa Ínismar onde diminúen os habitantes ao faltar comida e traballo polo descenso do peixe. A tristura do pai, ao volver coas redes baleiras, fai soñar a Elsira cunha balea azul que sinala o Cabo da Serpe, un lugar prohibido onde vive unha serpe aterrecedora con alento de lume e vista que xea o sangue e a fala, segundo conta o seu avó. Este coñecemento lévaa alí e descobre as consecuencias da catástrofe medioambiental e á serpe que representa a vida da illa, que desaparecerá ao perder o derradeiro anel. Alí atopa os restos dun naufraxio, comproba que un debe enfrontarse aos problemas e que a cobiza do

home destrúe o ciclo da vida e volve ao pobo para dar a posíbel solución ao problema. As ilustracións en papel texturado de Eduardo Baamonde (Vilalba-Lugo, 1962) de carácter figurativo e narrativo ocupan a totalidade das páxinas. Nelas insírense fragmentos de textos con letra seguida. Achegan gran cantidade de detalles ao narrado e tamén formas, que ao estar tratadas con acuarela, sen grandes contrastes de cor nin planos diferenciados, dificultan a distinción entre o principal e o secundario. Están traballadas con pinceladas amplas nos fondos e con máis detalle nas figuras e noutros elementos das ilustracións. Rematan os autores co motivo do conto: a permanencia das verdades certas nos contos e na nenez.

Recensións:

- Adriana Rodríguez/Gonzalo Bouza-Brey, 'Caride volve á actualidade literaria con dous novos libros', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', abril 2004, p. 30.

Comeza dando uns datos biobibliográficos de Ramón Caride e coméntase esta obra ademais de facerse eco da presentación na que participaron o ilustrador e o escritor cambadés Domingo Tabuyo, quen considera a Caride un "narrador maxistral".

- Rodri García, 'Silencios de medo e misterio', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 55, 'Letras en galego', 3 abril 2004, p. 6.

Dá notas argumentais sobre varios relatos publicados por Ramón Caride e remata referíndose a "Serpe do Cabo", unha historia que a diferenza dos anteriores relatos vai dirixida ao lectorado máis novo. Salienta nela que os soños, a fantasía do autor "móvense arredor" de Ínismar e a da nena Elsira. Unha obra caracterizada polo espírito de aventura e polo desexo de axudar aos maiores.

- Natalia Álvarez , 'As culturas periféricas teñen que construír pontes entre elas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 85, 'Entrevista', 27 maio 2004, p. III.

Natalia Álvarez fala con Ramón Caride sobre *O cabo da serpe*, *Boca da noite* e *Tempo de fuga*, esta última en portugués, unha mostra de preocupación do autor "porque as súas historias trascendan máis aló do estrictamente literario". Caride dá o seu parecer sobre as obras, sobre a dificultade que atopa un escritor cando se dirixe a un público infantil, da relación escritor-ilustrador e dos seus proxectos futuros.

Referencias varias:

- Santiago Prol, 'Noticia de Ramón Caride', *A Nosa Terra*, nº 1.123, 'Cultura', 1 abril 2004, p. 28.

Explica cando coñeceu a Ramón Caride e dá datos biobibliográficos do escritor. Comenta moi brevemente as súas obras, tanto infantís como da literatura de adultos, e entre elas refírese a *O cabalo da serpe*.

- Maite Gimeno, 'Caride, en la casa del libro', *El Correo Gallego*, 'Vigo', 15 abril 2004, p. 22.

Entre outras noticias de variada temática refírese a esta obra que cualifica como libros de relatos inquietantes, "un relato infantil construído como fábula ecolóxica sobre a necesidade de coidar o planeta". Cita as persoas que participaron na presentación e os premios conseguidos polo autor.

Caride Ogando, Ramón, *A negrura do mar*, ilust. Miguelanxo Prado, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2004, col. Merlín, nº 143, idade recomendada de 11 anos en diante, 162 pp. (ISBN: 84-9782-213-7).

Cuarta entrega da serie protagonizada polos irmáns adolescentes Sheila e Said, na que Ramón Caride (Cea-Ourense, 1957) presenta tres relatos independentes que abordan tanto cuestións da actualidade coma referidas á orixe dos protagonistas. En "A negrura do mar", relato estruturado en nove capítulos e que lle dá título ao volume, Sheila narra esta aventura que viviran antes mesmo da de *A ameaza da Antártida* (1997) e xusto despois da que se narra en *Perigo vexetal* (1995). Sitúase no ano 2076 e nela relata cómo se enfrontan a unha alarma por vertidos nas Rías Altas, na que os irmáns descobren que foron provocados por un petroleiro ilegal fretado por un empresario que vive no Caribe. As súas pescudas lévaos á vila mariñeira de Covelo, onde coñecen a Lela, unha anciá que lles entrega as cartas de seu irmán, nas que este lle relataba como viviran as xentes mariñeiras de Galicia a catástrofe do ano 2002. A descrición daquela traxedia vaise intercalando coa que os protagonistas están a vivir. En "A primeira aventura", un relato publicado xa en *Historias para calquera lugar* (2001), un narrador en terceira persoa trasládalle ao lectorado a historia da familia dos protagonistas e cómo dende un lugar desértico do Oriente Medio chegan ao vello muíño de Loreda en compaña do avó Xan, despois de perder a seus pais nos enfrontamentos bélicos que destrúen o oasis artificial no que naceran. Finalmente, en "O misterio do prión" Said relata os problemas na granxa de avestruces do seu amigo Brais, que é cancelada polas autoridades. Os irmáns pescudan as causas e descobren que todo deriva do emprego de pensos prohibidos de orixe cárnica, os mesmos que a finais do século XX provocaran o chamado "mal das vacas tolas". Os debuxos de tipo figurativo e gran realismo de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) ocupan a páxina completa e presentan cor só na portada. As escenas recreadas complementan a información do texto e sitúannos no futuro ao descubrirnos unha tecnoloxía superior á actual.

Recensións:

- Adriana Rodríguez, 'Caride publica o cuarto libre das 'Aventuras de Said e Sheila', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 2004.

Achega á obra *A negrura do mar*, de Ramón Caride, que é a cuarta entrega da serie As aventuras de Said e Sheila, da que se cumpren dez anos. Explica que Caride estaba escribindo este volume cando se produciu a catástrofe do Prestige, polo que o autor interrompeu a obra para dar conta deste suceso ao que se fai referencia no propio título. Sinala que o libro se divide en tres partes: 'A negrura do mar', 'A primeira aventura' e 'O misterio de Prión'. Tamén fai referencia ás obras nas que Caride está traballando: *Dedre*, que é un libro de relatos para adultos, e *As máscaras de Crones*, que recollerá toda a súa produción poética dende 1994 a 2002. Fala, finalmente, dos seus primeiros anos como escritor e dá un consello a todos aqueles que se queiran dedicar a este labor: ter paciencia.

- Rodri García, 'Aventuras biolóxicas', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, 27 novembro 2004, p. 9.

Dá conta da publicación de *A negrura do mar*, de Ramón Caride Ogando, obra na que se denuncian as desfeitas ecolóxicas da nosa sociedade e na que se mestura con mestría a literatura e a bioloxía na busca dunha concienciación da xente máis nova. Considera que as ilustracións de Miguelanxo Prado xunto co título mergullan ao lectorado agardado nas diferentes aventuras que se narran. Destaca o achegamento a un feito actual como a catástrofe do Prestige, no primeiro relato e que o autor en lugar de empregar recursos como as novas tecnoloxías bota man dunhas cartas datadas en 2002. Tamén repasa a temática dos outros dous relatos, un no que dá a coñecer a orixe dos protagonistas, Said e Sheila, e o outro no que os protagonistas se enfrontan a consecuencias semellantes ao mal das vacas tolas, agora en avestruces.

- Mª Jesús Fernández, 'A negrura do mar', *CLIJ*, nº 177, 'Libros/Novedades', decembro 2004, p. 67.

Salienta o subtítulo da obra "Os arquivos de Sheila e Said" e que o autor volve nela a presentar aos irmáns Sheila e Said, protagonistas de relatos anteriores, que alternan as súas voces (un precavido e reflexivo, e a outra ousada e determinada) para contarnos dende o futuro as súas aventuras que tratan temas sobre os perigos aos que está sometida a humanidade e que teñen a súa orixe no enriquecemento. Para finalizar describe a historia dos tres relatos de que consta a obra.

- Xosé M. Eyré, 'Tres aventuras máis de Said e Sheila', *A Nosa Terra*, nº 1.154, 'Narrativa', 9 decembro 2004, p. 26.

Sinala que Ramón Caride acaba de publicar *A negrura do mar*, unha obra na que os protagonistas son Said e Sheila, dous irmáns recorrentes na súa obra, que apareceron por primeira vez en 1995 coa obra *Perigo Vexetal*. Explica que este volume está composto por tres aventuras: 'A negrura do mar', 'A primeira aventura' e 'O misterio de Prión'; nunha delas -A primeira aventura- conta a súa propia historia e nela o protagonista é Xan, o seu avó; nas outras dúas, os irmáns resolven dous graves problemas ecolóxicos: a catástrofe do

Prestige e o mal das vacas tolas. En canto ao estilo, sinala que Caride emprega unha escrita sinxela, con estruturas simples, que procuran a proximidade ao lector e a emoción.

- Paula Fernández, 'A negrura do mar', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 105, 'Infantil/Xuvenil', 24 decembro 2004, p. VII.

Tras achegar algúns datos biográficos de Ramón Caride, dá conta da publicación dunha nova obra na que os protagonistas volven ser Said e Sheila, dous irmáns que en 2075 viven distintas aventuras entre Galicia, Arxentina e Suíza. Explica que estes personaxes naceron en 1995 e que dende aquela foron os protagonistas de distintas obras dirixidas ao lectorado de once anos en diante e de temática ecoloxista. Sinala que *A negrura do mar* está composta por tres aventuras distintas nas que os protagonistas sofren unha marea negra, explican os seus primeiros anos de vida e contan como foi a súa primeira intervención en asuntos biotecnolóxicos. Destaca a intertextualidade presente en todos os volumes desta serie, que crean unha complicidade entre o autor e o lector, quen queda á espera dunha nova publicación. Finalmente, fai referencia ás ilustracións de Miguelanxo Prado, que define como escuras e reflexivas.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 99, 11 novembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *A negrura do mar* (2004), de Ramón Caride; *Gasumelo* (2004), de Xulio Cid Neira; *Bacoriño* (2004), de Antón Reigosa; e *Casa última* (2003), de Xulio L. Valcárcel. Da obra de Ramón Caride dise que é a volta dos irmáns ecoloxistas Said e Sheila en novas aventuras que se recollen nunha novela máis en dous relatos longos, que sons os que contén o libro.

Caride Ogando, Ramón, *Boca da noite*, ilust. Eduardo Baamonde, A Coruña: Everest Galicia, 2004, col. Punto de encontro, idade recomendada [mocidade], 69 pp. (ISBN: 84-403-0437-4).

Volume que recolle nove contos de Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) titulados "South Star", "Emerxencias", "Elipse", "I de Ibrahim", "Seguridade", "Congostras", "Cadeas", "Siberia nuclear" e "O final da final", dos cales, o primeiro foi premiado no certame Roberto Blanco Torres 1999, convocado pola Asociación Cultural "O Meigallo" de Cuntis, e os tres últimos recollidos anteriormente noutras recompilacións de relatos do autor. En "South Star" nárrase a historia do estafador Virxilio Barco que na súa fuxida pola Pampa cara a unha nova vida é enganado e roubado por Clara, unha moza herdeira que por ser filla ilexítima está obrigada por testamento a socorrer até a morte á súa madrastra, situación vital que aborrece e pola que emprega as súas armas de sedución co estafador. En "Emerxencias" cóntanse os acontecementos sucedidos nunha cidade dende o momento en

que un ser estraño de cor verde engule a diferentes persoas sen deixar rastro delas. "Elipse" céntrase en Elier e no seu regreso, despois de pasados os anos, á cidade na que se criou, da que garda bos recordos e na que fará denotar na esquina dunha rúa unha furgoneta cargada de amosal e metralla. No relato "I de Ibrahim" o autor achégase á problemática da inmigración e presenta un guineano ao que un funcionario lle nega o permiso de residencia por faltarlle vinte días de permanencia en situación de alta laboral, pese a ser a ese inmigrante ao que o funcionario sempre lle compra flores á entrada do teatro. En "Seguridade", o protagonista Xesús Carro Souto contrata como vixía do seu negocio, un almacén de materiais de oficina, a Lucho, personaxe que finalmente o acurrala. No relato "Congostras", Xoán e Xulia son veciños e teñen cada día idéntico soño e no titulado "Cadeas", o doutor Pedro Fernández de la Gavia morre despois de recibir unhas cartas anónimas e con faltas de ortografía que formaban parte dunha cadea que o avisaba de que se non a seguía, morrería. En "Siberia nuclear", ambientado na provincia de Badaxoz, o narrador achégase á vida da prostituta dominicana Elpidia R. que chega ao lugar con motivo da creación dunha central atómica e casa con Aniceto. Finalmente, no relato "O final da final", o aboado ao programa Sim-Estim, M., xoga e sente a final de fútbol como se fose Xutinho o mellor xogador de fútbol do universo. Esta recompilación preséntase cunha ilustración de cuberta na que fai evidente a través das formas e cores que imos atopar un relato de algo descoñecido e misterioso. As ilustracións figurativas de Eduardo Baamonde (Vilalba, Lugo, 1962) caracterizan tanto aos personaxes coma a determinadas escenas dos relatos e presentan dous tipos de imaxes con técnicas moi diferentes. Nunhas a técnica empregada céntrase no uso da liña con trazos de tinta que van creando formas angulosas e cortantes. Noutras, predomina a pintura con tintas planas e fortes contraste de luz que confiren unha atmosfera perigosa moi acorde coa temática dos relatos.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Cando a ficción consegue achegarnos ós contraluces', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Relatos', 18 xaneiro 2004, p. 3.

Préstalle a súa atención ao novo volume de Ramón Caride Ogando, *Boca da noite*, conformado dunha "temática e duns textos moi narrativos e fondamente reflexivos, crus e acedos a miúdo", dos que "agroma de xeito espontáneo a denuncia, o compromiso ou a ollada humorística coa que o autor escava igualmente tanto nos misterios da alma humana como nas traxedias e pesadelos do noso presente". A seguir, describe o contido dos nove contos que conforman o volume: "South Star", "Emerxencias", "Elipse", "I de Ibrahim", "O mercader de Venecia", "Seguridade", "Cadeas", "Siberia nuclear" e "O final do final". Remata sinalando que a evocación xoga un papel importante nos relatos do autor de Cea e que os seus remates sorpresivos, e o sobresalto inesperado das súas conclusións demostran "que o desenvolvemento non é unha preparación para o final e que este chouta precisamente con ese carimbo abraiante e inesperado porque non atopa na intensidade as raíces do seu imprevisto e paradoxal aflorar".

- María Navarro, 'Unha prosa fluída', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 67, 'Infantil/Xuvenil', 22 xaneiro 2004, p. VII.

Préstalle atención ao volume de Ramón Caride, *Boca da noite* (2003), que acolle nove relatos curtos, que presentan dalgunha maneira o lado máis escuro da condición humana e dalgúns dos cales ofrece un breve resumo. Comenta que ao longo das páxinas da obra advertimos como "o imprevisible comportamento do home crea, a miúdo situacións grotescas que, lonxe de parecer ilóxicas, atopan o seu porqué no proceso de xestacións da personalidade de cada individuo e afloran no momento máis inesperado". Por último, sinala que "A prosa fluída e coidada, o modo de abordar a temática elixida, a dose de intriga e / ou desconcerto presente nas historias e o final aberto e inacabado fan dos relatos de *Boca da noite* un bo exercicio literario".

Referencias varias:

- A.R., 'Boca de noite, para ver a luz', *Tempos Novos*, nº 86, 'Libros', xullo 2004, p. 70.

O autor conclúe que *Boca da noite* presenta as principais características da prosa de Ramón Caride Ogando, destacando tamén a presenza da realidade nestes relatos.

Carredano Cobas, Ramón, *A unlla da aguia*, III Certame Literario de Relato de Aventuras "Antón Avilés de Taramancos", ilust. Nacho C. Beiro, Noia-A Coruña: Toxosoutos, maio 2004, col. Nume, nº 60, idade recomendada [mocidade], 60 pp. (ISBN: 84-96259-20-X).

A *Unlla da aguia* é a novela coa que Ramón Carredano Cobas gañou o III Certame literario de relato de aventuras "Antón Avilés de Taramancos". A acción sitúase no século XIX durante a invasión de Galicia polas tropas francesas ao mando dos xenerais Ney e Soult. Logo da derrota de Elviña, o xeneral Cachamuíña, acantonado en Vigo, organiza a defensa de Noia. Para iso precisa coñecer a situación nesta vila e decide enviar até alí unha lancha con seis mozos co obxectivo de coñecer o número das tropas francesas instaladas en Noia, así como a existencia de guerrilleiros no lugar. A expedición está formada por seis voluntarios: Tomás (de Noia), Lucas (de Viveiro), Santiago (de Muros), Anxo (de Aguiño) e os irmáns xemelgos Pedriño e Manolón (da Illa de Arousa). Os seis experimentados mariñeiros inician unha difícil travesía por mar nunha lancha, de nome "Rabecha", confiscada a un armador catalán. Logo dunha accidentada viaxe chegan a Noia e van á casa de Tomás, onde son informados pola irmá das humillacións e aldraxes que sofre a poboación. Diríxense logo á Taberna do Padronés, á fronte da cal están as irmás Cipriana, noiva de Tomás, e Mauricia. O seu irmán Roque, malia os seus dezaseis anos, desexa implicarse na loita contra os gavachos. Eles infórmannos do número de franceses, da situación do seu campamento e tamén da existencia de alarmas e guerrillas, cuxos compoñentes teñen a taberna como centro de reunión. Á taberna acoden tamén cada día os franceses, especialmente o húsar Salseur, que pretende sen éxito a Cipriana. Tomás pon en ridículo ao húsar e obrígao a abandonar a taberna e este provoca pouco despois un encontro na rúa para vingar a afrenta recibida. O húsar resulta ferido de morte e Roque salva a vida de Tomás, pero é capturado polos soldados. Para rescatalo, Tomás e os seus amigos entran no campamento francés, pero son descubertos e encadeados á espera de seren trasladados a Santiago onde se decidirá a súa sorte. Por fortuna, Cipriana e Mauricia acoden a salvalos e

os mariñeiros, acompañados por Roque, embarcan de novo no "Rabecha", mentres a vila queda en mans dos soldados bébedos que queiman as casas e violan as mozas. Os rapaces, unha vez cumprida a misión, foxen daquel inferno sabendo que regresarán para darlle o seu merecido aos gavachos e arrincar a unlla da aguia napoleónica cravada en Galicia. A ilustración da cuberta deste libro, de Nacho C. Beiro, sitúa ao lectorado nunha temática de aventura, cunha lancha e uns mariñeiros como protagonistas. O uso dunhas tonalidades "rojizas", aplicadas con brochazos soltos e expresivos, anticipa inquietude, perigo ou misterio. No interior, hai unha ilustración moi similar á lancha da cuberta, pero resolta con tintas plans e en tonalidades grises.

Recensións:

- Xosé Freire, 'Ao servizo de Cachamuíña', *A Nosa Terra*, nº 1.135, 'Cultura', 1 xullo 2004, p. 27.

Comeza comparando *A unlla da aguia* coa súa antecesora neste premio, *Rumbo ao Maluco*, de Xosé Agrelo, pois trátase dunha novela "de xénero, mareira e histórica". Resume algúns aspectos argumentais e sinala que, aínda que a arenga inicial de Cachamuíña ás tropas desafía toda a lóxica histórica, esta obra pode tomarse todas as licenzas que queira para acadar o que é o seu obxectivo principal: a aventura e o entretemento. Sinala que a obra está narrada con axilidade e ben dosificada para non aburrir ao lectorado. Considera que, aínda que o final é previsíbel, a novela divirte e satisfai a quen a le.

- Xavier Castro R., 'A unlla da águia': Noia en tempos de guerra', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 8 agosto 2004, p. 3.

Sinala que o xurado recoñeceu nesta obra o espírito aventureiro dunha narración imbricada fundamentalmente no espazo noiés e encaixada no tempo da invasión francesa. Fai notar que a Guerra da Independencia leva atraído a atención de numerosos estudosos e ensaístas, e cita algunhas obras de referencia. Salienta o ritmo rápido e áxil da historia e o seu discorrer cinematográfico á hora de presentar episodios transcendentais do século XIX. Apunta que a obra incorpora os aspectos básicos deste tipo de narración: traizóns, alarmas, guerrillas, patrullas... E remata cun breve resumo argumental, destacando que o relato mantén a tensión até o final, un clímax que lonxe de pechar a aventura, semella deixala aberta na imaxinación.

- Xosé Feixó, 'A unlla da aguia', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 90, 'Libros', 9 setembro 2004, p. IV.

Logo da presentación da historia do premio literario Avilés de Taramancos e da indicación dos exemplares presentados á última edición do mesmo e da identidade dos membros do xurado, comeza a análise da obra gañadora facendo constar a colaboración na elaboración da mesma do historiador Xerardo Agrafoxo e do xeógrafo Pedro Vidal. Segue un resumo argumental dos principais acontecementos e episodios e remata sinalando que non sería de

estrañar que esta guerra servise no futuro para novas e máis contundentes narracións, pois aínda non foi suficientemente aproveitada literariamente.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'A unlla da aguia', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 4 xullo 2004, p. 51.

Presenta a novela como "un bonito relatorio ambientado na invasión de Galicia polas tropas napoléonicas" e considérao un libro entretido e de lectura para calquera idade, a partir dos doce anos. Tamén fai notar as poucas pero acertadas ilustracións de Nacho C. Beiro. E remata sinalando o galego fino, comprensíbel e sen requintes no que está escrito.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 101, 25 novembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *Galicia en cen prodixios* (2004), de Henrique Alvarellos; *A unlla da aguia* (2004), de Ramón Carredano Cobas; *Hai que confiar na esperanza* (2004), de Siro López; e *Raquel ten medo* (2004), de Agustín Fernández Paz e Marina Seoane. Sobre a obra de Carredano Cobas dise que gañou o Premio Áviles de Taramancos de relato de aventuras 2004 e se resume a súa historia.

Carreiro, Abraham, **Carreiro**, Pepe, **Villar**, Emilio, *Lepi devoradora de libros/Lepi e os seus amigos devoran os libros*, Noia/Ames-A Coruña: Toxosoutos/Concello de Ames □, decembro 2004, idade recomendada [Prelectorado/Lectorado autónomo], 20/40 pp. (ISBN: 84-96259-42-0/ISBN: 84-96259-43-9).

Serie editada pola Concellería de Educación, Comunicación Social e Patrimonio Histórico do Concello de Ames, en colaboración coa Editorial Toxosoutos, coa que se queren dar a coñecer as bibliotecas deste municipio, situadas en Bertamiráns e no Milladoiro, á vez que fomentar a lectura entre o lectorado máis novo. Trátase de dous volumes, nos que se ofrecen dúas versións do mesmo conto, pero dirixidas a lectorados diferentes: no primeiro caso, o conto é máis sinxelo e presenta ilustracións en todas as páxinas debaixo das que se insire o texto, o que favorece o seguimento da lectura a través das imaxes; no segundo, amplíase o texto, enriquécese a linguaxe e complícase a trama, á vez que as ilustracións pasan a ocupar só as páxinas impares. En ambos casos, a protagonista é Lepi, un insecto devorador de libros que vive na biblioteca e que, xunto cos seus amigos Sacarina e Peixiño, se alimenta todas as noites de papel. A Lepi gústanlle os libros de maxia, a Sacarina os de cociña e a Peixiño os de animais. Cada un deles devora os seus libros favoritos, o que provoca o enfado dos bibliotecarios e dos nenos que acoden á biblioteca. No entanto, un día todo muda, cando os tres peixiños de prata descobren o divertido que é ler os seus libros preferidos e deciden non volver comer papel para non estragalos, guiados polas advertencias que lles fan os nenos. A alternativa á súa comida habitual aparece no primeiro caso cando atopan un almacén de azucre, lugar que se converte na súa casa, e no segundo proporcionada polos propios nenos, que lles dan papel vello para que se alimenten. Deste xeito, cubertas as necesidades vitais, os tres amigos acoden cada noite a ler os seus libros favoritos, ver películas e consultar no ordenador. As ilustracións destes libros son de estilo figurativo e nelas os insectos protagonistas adoptan actitudes humanas. O tratamento das imaxes é de estilo clásico e hai un predominio das tonalidades cálidas.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas van de viaxe: carreiras en Poio*, ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas van de viaxe, idade recomendada [prelectorado], 27 pp. (ISBN: 84-96203-66-2).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) nesta serie de viaxes e visitas que realizan Os Bolechas por terras galegas quere dar a coñecer ao lectorado o máis salientábel de cada concello galego. Nesta ocasión, os Bolechas conforman co seu amigo Samuel un equipo chamado "O equipo laranxa" e participan nas carreiras das festas de verán de Poio. Coa carreira de lanchas, sacos e resistencia á hora de beber auga faise un percorrido pola vila e os arredores. Despois de vencer ao equipo verde nunha das tres probas, olvídanse dos piques da competición e ambos equipos gozan do baile co que se pon fin ás festas. As ilustracións teñen dúas partes diferenciadas, unha que completa o relato e outra que informa do lugar no que está baseado o debuxo, ademais de que nas dúas gardas veñen unhas pequenas etiquetas que presentan os Bolechas. Son ilustracións figurativas e están realizadas a toda cor, con tintas planas e coas formas remarcadas por unha liña grosa. As escenas, de páxina completa, correspóndense totalmente co texto. A narración pódese seguir perfectamente só coas imaxes ou apoiarse no texto ou seguir o texto e apoiarse nas ilustracións que ofrecen máis información sobre os personaxes e contornos.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas descubren a natureza. A lagoa*, ilust. do autor, documentación de Víctor López Román, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas descubren a natureza, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-96203-75-1).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) neste número da serie achega aos irmáns Bolechas ás lagoas e amósanse as diferenzas entre os alavamos femias e os machos, entre os somorgullos e os patos, ademais das existentes entre as pitas de auga e as galiñas. Nesta viaxe tamén se dá a coñecer cómo se guían os patos para non perderse ao voar en bandadas, porqué poden camiñar as garzas reais pola auga, porqué poden gabear polas herbas as ras de Santo Antón e cal é a ave que provoca alarma entre o resto dos animais. As ilustracións moi expresivas, de tipo cómic e de marcado carácter infantil achegan unha novidade nas imaxes, pois están resoltas mediante a fotomontaxe. Os personaxes protagonistas están debuxados e superpostos a un contorno real fotografado. Nestas escenas os animais propios de cada ambiente tamén están debuxados seguindo o estilo das demais ilustracións: formas redondeadas e amplas nas que co uso de cores fortes sen pretensión volumétrica achegan, xunto coas fotografías de base, moita información visual (hábitat no que viven e se desenvolven, cores, formas, etc.) que o biólogo Silvestre vai subministrando aos protagonistas.

Carreiro, Pepe, *Os Formigón no Comité Ambiental. Escola, ruído e transporte* , ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Formigón, nº 1, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-96403-04-1).

Primeiro número desta serie con textos e debuxos de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) que ten como protagonistas a un grupo de mozas e mozos, denominados Formigón, que foron elixidos polos seus compañeiros da escola para formaren o Comité Ambiental. Este colectivo ten como función velar polo benestar na escola, na que mudan móbeis de lugar para favorecer a entrada de luz e aforrar enerxía, poñen plantas para alegrar as aulas e facer máis agradábel o patio do recreo, onde tamén plantan árbores e mesmo colocan unha fonte, convencen ao director de que poña dobre ventá para evitar que entre o ruído e poder estudar mellor e, finalmente, logran convencer a toda a comunidade de que empregue máis o autobús e evitar así a contaminación dos coches, que cada día traían os familiares dos alumnos para achegalos á escola. As ilustracións ocupan case toda a páxina; as escenas seguen o texto situado nunha banda ao pé. Os protagonistas están deseñados cunha liña de contorno e as formas recheas de cor saturada e plana. As distintas situacións non alteran a expresividade dos protagonistas, que adoptan unha configuración ríxida.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas descubren a natureza. O río*, ilust. do autor, documentación de Víctor López Román, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas descubren a natureza, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-96203-76-X).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) relata as aventuras dos Bolechas cando pasan un día nas beiras do río salientando o que lles chama a atención no seu percorrido: o tipo de árbores propias que bordean estas zonas, a procedencia daquelas que non son autóctonas e cómo diferenciar

algunha delas polo seu tronco. A maiores tamén descobren a fauna destas paisaxes como o merlo rieiro, o aguaneiro, a anguía, a cobra de auga, as troitas, as londras, as ras verdexadas e outros animais diminutos como o zapateiro, a nespra acuática e o escorpión acuático. As ilustracións moi expresivas, de tipo cómic e de marcado carácter infantil achegan unha novidade nas imaxes, pois están resoltas mediante a fotomontaxe. Os personaxes protagonistas están debuxados e superpostos a un contorno real fotografado. Nestas escenas os animais propios de cada ambiente tamén están debuxados seguindo o estilo das demais ilustracións: formas redondeadas e amplas, nas que co uso de cores fortes sen pretensión volumétrica achegan, xunto coas fotografías de base, moita información visual (hábitat no que viven e se desenvolven, cores, formas, etc.) que o biólogo Silvestre vai subministrando aos protagonistas.

Carreiro, Pepe, *Os Formigón no Comité Ambiental. Residuos e reciclaxe*, ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Formigón, nº 2, idade recomendada [prelectorado], [20[] pp. (ISBN: 84-96403-05-X).

Segunda entrega desta serie con textos e debuxos de Pepe Carreiro (Vigo, 1954), que ten como protagonistas a un grupo de mozas e mozos, denominados Formigón, que foron elixidos polos seus compañeiros da escola para formaren o Comité Ambiental. Este colectivo integrado por Bea, Herculina, Metal e Pucho informa aos seus compañeiros da importancia de reciclar o papel empregado, co que mesmo poden elaborar carautas, despois de convertelo en pasta. Tamén asisten a un documental no que se trata a problemática da desertización pola tala de bosques no mundo e sorpréndense pola boa disposición que mostran tanto o o encargado do lixo, que lles explica a improtancia de separar os resíduos segundo a súa natureza, coma os encargados da limpeza, que non empregan no seu traballo produtos contaminantes. Finalmente, despois de comer reflexionan sobre a importancia dunha boa dieta alimentaria. As ilustracións ocupan case toda a páxina; as escenas seguen o texto situado nunha banda ao pé. Os protagonistas están deseñados cunha liña de contorno e as formas recheas de cor saturada e plana. As distintas situacións non alteran a expresividade dos protagonistas, que adoptan unha configuración ríxida.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas queren saber cómo é un acuario*, ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas queren saber, nº 9, idade recomendada [prelectorado], 29 pp. (ISBN: 84-96203-81-6).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) nesta serie, de formato rectangular, protagonizada polos Bolechas, pretende achegar ao lectorado esperado a diferentes espazos para aprender a que se desenvolvan socialmente e coñezan a fauna e cultura galega. Neste volume amósanse os animais acuáticos (peixes, cetáceos, mariscos, lontras, etc.) que ven durante a súa visita a un acuario. Alí coñecen as especies que viven na ría de Muros e Noia, na de Ortigueira, nas Illas Cíes, no Grove e A Lanzada, na Costa da Morte, en Corrubedo e nalgunhas terras foráneas. Ademais dos nomes destácase o máis salientábel dalgún deles, así como aspectos da forma de vida ou o cultivo coma o mexilón. Na visita Os Bolechas distinguen os animais mariños polo tacto, ven como é por dentro un peixe e cómo e de qué se alimentan, ademais das diferentes instalacións e utensilios cos que analizan as augas e curan os animais.

Complétase a visita no peirao onde coñecen as diferentes embarcacións, fan unha viaxe nun barco con xanelas no fondo para ver os peixes no seu propio hábitat e achéganse á sala de historia natural onde observan esqueletes de cetáceos, mandíbulas de quenlla e fichas sobre o mundo mariño. As ilustracións descorren en composicións que ocupan toda a páxina, deixando unha franxa inferior para o texto. Nalgunhas delas os personaxes protagonistas completan o texto participando na escena que se narra e noutras as ilustracións son de divulgación con obxectos ou con escenas de cómo funcionan os acuarios.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas queren saber cómo é un día de escola*, ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas queren saber, nº 11, idade recomendada [prelectorado], 29 pp. (ISBN: 84-96403-10-6).

Nesta colección protagonizada polos Bolechas cun formato rectangular, Pepe Carreiro (Vigo, 1954), por medio do relato e as imaxes pretende achegar ao lectorado esperado os diferentes espazos para aprender a se desenvolver socialmente e coñecer a fauna e cultura galega. Neste volume cóntase qué fan os Bolechas antes de chegar ao centro de ensino e namentres están alí. Relátanse os hábitos dos irmáns antes de se deitar e os preparativos que fan cando se erguen para ir á escola. A través das condutas destes irmáns na escola e á hora de xogar, indícanse as conductas correctas coas que se potencia a convivencia, tolerancia, xenerosidade e o respeto ás cousas. Ao longo da historia proporciónanse diferentes consellos vinculados á educación viaria e á saúde que se recompilan ao final. As ilustracións a través dos personaxes debuxados con gran soltura e expresividade afondan visualmente nos temas tratados. A diferenza das ilustracións dos outros dous volumes desta serie, presentan as páxinas impares subdivididas en bandas debuxadas (viñetas) que fan romper a narración visual e textual pero que amplian o tema que se está a tratar na páxina contigua.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas van de viaxe: o castelo encantado de Porriño*, ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas van de viaxe, idade recomendada [prelectorado], 27 pp. (ISBN: 84-96203-62-X).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) relata neste volume unha fin de semana dos irmáns Bolechas en Porriño. Fálase do marroquí Alí, das canteiras de granito, das aventuras provocadas polo castelo encantado e dos seus amigos que viven no Porriño, sobre todo, dunha nena rumanesa que vive no circo e da súa familia. Esta nena relátalles contos das súas terras e tamén as súas experiencias ao chegar ao Porriño por non coñecer a lingua galega. Os irmáns protagonistas recuperan un mono que escapou do circo e rematan a fin de semana vendo un espectáculo no circo de Bucovina, a nena rumanesa e a súa familia. As ilustracións teñen dúas partes diferenciadas, unha que completa o relato e outra que informa do lugar no que está baseado o debuxo, ademais de que nas dúas gardas veñen unhas pequenas etiquetas que presentan os Bolechas. Son ilustracións figurativas e están realizadas a toda cor, con tintas planas e coas formas remarcadas por unha liña grosa. As escenas, de páxina completa, correspóndense totalmente co texto. A narración pódese seguir perfectamente só coas imaxes ou apoiarse no texto ou seguir o texto e apoiarse nas ilustracións que ofrecen máis información sobre os personaxes e contornos.

Referencias varias:

- A.B., 'O Porriño se convierte en un municipio de cuento en la última aventura de 'Os bolechas', *Atlántico Diario*, 'Área metropolitana', 1 abril 2004, p. 28.

Carreiro, Pepe, *Os Formigón no Comité Ambiental. Auga e enerxía*, ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Formigón, nº 3, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-96403-06-8).

Nova entrega desta serie escrita e ilustrada por Pepe Carreiro (Vigo, 1954), na que os Formigón (Pucho, Bea, Herculina e Metal) son elixidos como integrantes do Comité Ambiental que se crea na escola para traballar no aforro de enerxía e auga. Os protagonistas, baixo o lema "Coidamos a escola, coidamos o planeta", percorren o seu contorno no que apagan as luces innecesarias, poñen lámpadas de baixo consumo, illan as ventás para que non fuxa a calor e revisan as billas e cisternas dos baños para reparar aquelas que perden auga. Péchase o volume coas recomendacións deste colectivo para o aforro enerxético que o lectorado agardado pode poñer en práctica no seu contorno. As ilustracións ocupan case toda a páxina; as escenas seguen o texto situado nunha banda ao pé. Os protagonistas están deseñados cunha liña de contorno e as formas recheas de cor saturada e plana. As distintas situacións non alteran a expresividade dos protagonistas, que adoptan unha configuración ríxida.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas van de viaxe: a coca de Redondela*, ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas van de viaxe, idade recomendada [prelectorado], 27 pp. (ISBN: 84-96203-26-2).

Neste volume de Pepe Carreiro (Vigo, 1954), Redondela é o destino que os irmáns Bolechas deciden escoller para pasar a fin de semana co seu can Chispa, a quen levan nunha maleta ao estar prohibido viaxar con animais soltos no tren. Nesta viaxe ademais de comprobar que as vías do tren pasan por riba desta vila fan un percorrido polas súas rúas coa axuda da súa amiga Leonor e a súa avoa. Esta muller convídaos a probar a empanada de chocos, típica desa zona, e cóntalles a lenda do monstro que habitaba nesa ría e vense envoltos nunha aventura. Esta comeza coa desaparición de Pili, prosegue co enfrontamento cunha reprodución en madeira do monstro e finaliza cunha enchente de rosquiñas no bandullo deste monstro ao que chamaban a Coca de Redondela. As ilustracións do propio autor teñen dúas partes diferenciadas, unha que completa o relato e outra que informa do lugar no que está baseado o debuxo, ademais de que nas dúas gardas veñen unhas pequenas etiquetas que presentan os Bolechas. Son ilustracións figurativas e están realizadas a toda cor, con tintas planas e coas formas remarcadas por unha liña grosa. As escenas, de páxina completa, correspóndense totalmente co texto. A narración pódese seguir perfectamente só coas imaxes ou apoiarse no texto ou seguir o texto e apoiarse nas ilustracións que ofrecen máis información sobre os personaxes e contornos.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas descubren a natureza. A marisma*, ilust. do autor, documentación de Víctor López Román, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas descubren a natureza, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-96203-79-4).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) neste número da serie relata as aventuras e aprendizaxes dos sete irmáns nunha marisma. Aprenden cómo se forma un esteiro e que animais viven nas marismas todo o ano e cáles só están alí pequenas tempadas, así como o ciclo alimenticio que existe nese hábitat. Ademais observan as gaivotas patiamarelas propias de Galiza, o longo peteiro das garzotas, os muxos capaces de vivir entre augas contaminadas, os imparábeis picaxuncos e cómo se diferencian as garzas reais das cigoñas e a acumulación de sal nas marismas. As ilustracións moi expresivas, de tipo cómic e de marcado carácter infantil achegan unha novidade nas imaxes, pois están resoltas mediante a fotomontaxe. Os personaxes protagonistas están debuxados e superpostos a un contorno real fotografado. Nestas escenas os animais propios de cada ambiente tamén están debuxados seguindo o estilo das demais ilustracións: formas redondeadas e amplas, nas que co uso de cores fortes sen pretensión volumétrica achegan, xunto coas fotografías de base, moita información visual (hábitat no que viven e se desenvolven, cores, formas, etc.) que o biólogo Silvestre vai subministrando aos protagonistas.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas descubren a natureza. A praia*, ilust. do autor, documentación de Víctor López Román, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas descubren a natureza, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-96203-80-8).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) por medio do texto e da ilustración neste relato conta cómo os incansábeis irmáns Bolechas observan a presenza das aves que viven na praia e aquelas que só están de paso. Así ven ao carrán cristado, aos diferentes tipos de corvos mariños, á gabita e aos araos romero. Non só coñecen características coma a cor, a plumaxe, o tamaño e a alimentación destas aves senón tamén doutros animais como as lapas, os caramuxos, os lorchos, os cangrexos, os ourizos, os sargos, os cagalos ademais das plantas capaces de medrar nas dunas. As ilustracións moi expresivas, de tipo cómic e de marcado carácter infantil achegan nesta serie unha novidade nas imaxes en relación ás outras series de aventuras dos Bolechas, pois están resoltas mediante a fotomontaxe. Os personaxes protagonistas están debuxados e superpostos a un contorno real fotografado. Nestas escenas os animais propios de cada ambiente tamén están debuxados seguindo o estilo das demais ilustracións: formas redondeadas e amplas, nas que co uso de cores fortes sen pretensión volumétrica achegan, xunto coas fotografías de base, moita información visual (hábitat no que viven e se desenvolven, cores, formas, etc.) que o biólogo Silvestre vai subministrando aos protagonistas no texto.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas descubren a natureza. A montaña*, ilust. do autor, documentación de Víctor López Román, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas descubren a natureza, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-96203-78-6).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) por medio do relato e das imaxes que o ilustran achega unha nova aventura-aprendizaxe dos irmáns Bolechas, agora, grazas ás ensinanzas do biólogo Silvestre, coñecen as diferentes aves, reptís e mamíferos que viven na montaña e as características e hábitos de cada un. Neste paseo pola montaña relátanse aspectos sorprendentes e chamativos dalgúns animais coma a case inexistencia de osos pardos e lobos en Galiza, a tendencia do picanzo vermello a espetar nos toxos as súas presas, a elección dalgunha ave para facer o seu niño entre toxos e queirugas ou cómo se diferencia un esgonzo dunha víbora. As ilustracións moi expresivas, de tipo cómic e de marcado carácter infantil achegan nesta serie unha novidade nas imaxes, en comparación con outras das series protagonizadas por estes personaxes, xa que están resoltas mediante a fotomontaxe. Os personaxes protagonistas están debuxados e superpostos a un contorno real fotografado. Nestas escenas os animais propios de cada ambiente tamén están debuxados seguindo o estilo das demais ilustracións: formas redondeadas e amplas, nas que o uso de cores fortes sen pretensión volumétrica achega, xunto coas fotografías de base, moita información visual (hábitat no que viven e se desenvolven, cores, formas, etc.) que o biólogo Silvestre vai subministrando aos protagonistas no texto.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas coidamos a escola, coidamos o Planeta*, ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas, nº 3, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-96403-09-2).

Neste terceiro número desta serie de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) a importancia do aforro de luz e de auga é a temática arredor da que xira a ensinanza dos Bolechas. Chámase a atención sobre o desperdicio de enerxía en calefacción se non están ben cubertas as fendas das ventás, ademais do aproveitamento da luz solar para diminuír o uso da eléctrica. Esta vez os Bolechas aprenden da man dunha fontaneira e de don Eustaquio a non desaproveitar a auga e coñecen a existencia de coches ecolóxicos que funcionan coa luz solar. Na contracuberta, como en cada volume desta serie, reprodúcense unha listaxe de obxectivos a lograr con este proxecto. As ilustracións do autor discorren en composicións que ocupan toda a páxina, deixando una franxa inferior para o texto. O estilo é figurativo. O personaxes están debuxados cunha liña de contorno negra e as formas están recheas con tintas planas en cores vivas e moi alegres.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas coidamos a escola, coidamos o Planeta*, ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas, nº 1, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-96403-07-6).

Nova serie de Pepe Carreiro (Vigo, 1954), que conta cos irmáns Bolechas como protagonistas e na que se lle transmite ao lectorado contidos transversais relacionados cos hábitos que favorecen o coidado do planeta e da escola. Neste volume céntranse nos beneficios á hora de empregar o transporte público e non os coches particulares e critícase o comportamento daqueles condutores que ocupan as paradas dos autobuses. Dáse conta da colocación idónea do alumnado para non obstaculizar o refacho de luz que entra polas xanelas, de cómo a carpinteira diminúe o exceso de ruído do tránsito da estrada na escola e remátase sinalando porqué son bos para o noso organismo os froitos a raíz de que os

escolares os planten na escola. Na contracuberta de cada volume desta serie reprodúcense unha listaxe de obxectivos a lograr con este proxecto como a sensibilización da escola cos problemas socioambientais ou a participación de toda a sociedade na mellora do medio. As ilustracións do autor discorren en composicións que ocupan toda a páxina, deixando una franxa inferior para o texto. O estilo é figurativo. O personaxes están debuxados cunha liña de contorno negra e as formas están recheas con tintas planas en cores vivas e moi alegres.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas coidamos a escola, coidamos o Planeta*, ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas, nº 2, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-96403-08-4).

Segundo número desta serie de Pepe Carreiro (Vigo, 1954), no que nesta ocasión se salienta a necesidade e o beneficio da reciclaxe namentres os irmáns Bolechas constrúen carautas con pasta de follas vellas e separan o lixo orgánico do plástico, do papel e do vidro. Indícase a procedencia do papel e a posíbel deforestación dos bosques por mor do estrago deste. Así mesmo, os Bolechas coñecen, grazas ás explicacións da encargada de limpeza, o funcionamento dos sumidoiros e a importancia de non empregar produtos contaminantes para non lixar as augas e envelenar os peixes. Finaliza cun consello sobre as comidas que en troques de alimentar producen graxas e na contracuberta, como en cada volume desta serie, reprodúcense unha listaxe de obxectivos a lograr con este proxecto. As ilustracións discorren en composicións que ocupan toda a páxina, deixando una franxa inferior para o texto. O estilo é figurativo. O personaxes están debuxados cunha liña de contorno negra e as formas están recheas con tintas planas en cores vivas e moi alegres.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas van de viaxe: o tesouro de Baiona*, ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas van de viaxe, idade recomendada [prelectorado], 27 pp. (ISBN: 84-96403-00-9).

Novo volume da serie de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) "Os Bolechas van de viaxe", nesta ocasión subtitulado "O tesouro de Baiona". Nel preséntase o percorrido pola vila dende unha praia na que os irmáns Bolechas atopan unha botella cunha mensaxe que os avisa que debaixo dunha lousa entre un pazo e unha capela, atoparán un tesoruo. Nesta busca percorren a vila e en varios lugares conseguen novas pistas que os levan logo de varias aventuras, mesmo por mar, a atopar o tesouro. As ilustracións teñen dúas partes diferenzadas, unha que completa o relato e outra que informa do lugar no que está baseado o debuxo, ademais de que nas dúas gardas veñen unhas pequenas etiquetas que presentan os Bolechas. Son ilustracións figurativas e están realizadas a toda cor, con tintas planas e coas formas remarcadas por unha liña grosa. As escenas, de páxina completa, correspóndense totalmente co texto. A narración pódese seguir perfectamente só coas imaxes ou apoiarse no texto ou seguir o texto e apoiarse nas ilustracións que ofrecen máis información sobre os personaxes e contornos.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas descubren a natureza. A carballeira*, ilust. do autor, documentación de Víctor López Román, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas descubren a natureza, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-96203-77-8).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954), neste número da serie por medio do biólogo Silvestre achega aos irmáns Bolechas á natureza, levándoos a coñecer *in situ* o bosque típico de Galiza que dá título a este volume. Nesta visita explícase o porqué da deforestación dos bosques, qué animais viven de forma exclusiva entre os carballos e cal é a característica máis representativa de cada un. Así, os Bolechas e o seu can Chispa a maiores de escoitar os golpes do peto real, ven o gordecho e rechamante que é o ferreiriño, as poutas e plumaxe do gabián, a rapidez ao gabear dos esquíos, o fuciño de porco do teixugo, os chimpos das martas e os animais da noite como a avelaiona e o lirón rilón. As ilustracións moi expresivas, de tipo cómic e de marcado carácter infantil achegan novidades xa que están resoltas mediante a fotomontaxe. Os personaxes protagonistas están debuxados e superpostos a un contorno real fotografado. Nestas escenas os animais propios de cada ambiente tamén están debuxados seguindo o estilo das demais ilustracións: formas redondeadas e amplas nas que co uso de cores fortes sen pretensión volumétrica achegan, xunto coas fotografías de base, moita información visual (hábitat no que viven e se desenvolven, cores, formas, etc.) que o biólogo Silvestre vai subministrando aos protagonistas no texto.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas queren saber cómo é un castro*, ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Os Bolechas queren saber, nº 10, idade recomendada [prelectorado], 29 pp. (ISBN: 84-96403-82-4).

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) nesta serie que presenta un formato rectangular pretende achegar ao lectorado esperado os diferentes espazos para aprender a se desenvolver socialmente e coñecer a fauna e cultura galegas. Neste número dáse a coñecer a situación e estrutura dos castros, ademais de cómo vivían os seus habitantes. Comézase explicando o labor dos arqueólogos para descubriren cómo eran os castros e, a seguir, defínense estes asentamentos e especifícanse os lugares onde se construían, destacando o de Baroña ao estar ao pé do mar. Neste percorrido resáltase a situación no interior dos muros das casas, cortes e alxibes, deixando fóra o obradoiro de metalurxia por medo aos incendios. Infórmase da infraestrutura das casas castrexas e dos alimentos que comían, así como da vestimenta, das alfaias e do tipo, confección e material das armas e utensilios da vida castrexa. Infórmase tamén da fauna e flora dos bosques galegos nesa era, dos seus oficios e das técnicas de navegación que favorecían o contacto con outras civilizacións. No texto os nomes dos obxectos de cada área acompáñanse dun número que se corresponde cunha imaxe na que se representan visualmente e remátase cunha serie de consellos para poder coñecer os castros. As ilustracións discorren en composicións que ocupan toda a páxina, deixando una franxa inferior para o texto. Nalgunhas delas os personaxes protagonistas completan o texto participando na escena que se narra e noutras as ilustracións son de divulgación con obxectos propios do mundo castrexo.

Casalderrey, Fina, **Moreno**, M. Victoria, **Neira Cruz**, Xosé A., **Villar Janeiro**, Helena, *Contos de charlatáns, grumetes, botas e fendas*, ilust. Federico Fernández, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2004, idade recomendada [lectorado mozo], 79 pp. (DL: C-2941-2004).

Volume que forma parte da Campaña de Fomento da Lectura da Xunta de Galicia e que contén catro relatos que contan coas ilustracións de Federico Fernández (Vigo, 1972). Os contos débense a Fina Casalderrey, Mª Victoria Moreno, Xosé Antonio Neira Cruz e Helena Villar Janeiro.

- Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951), "O charlatán de feira", pp. 7-25.

Un narrador omnisciente relata a historia de Israel, un rapaz que comezou traballando de reclamo para un feirante, tratando de atraer a xente comprando compulsivamente todo o que o vendedor ofrecía, e que acabou por substituír o seu patrón no labor de charlatán. A súa habelencia chegou a ser sonada en todas as festas até que un día se converteu en ladrón. Cun sistema informático localizaba as casas nas que había obxectos que el vendera e, tras entrar nelas, aproveitaba para roubar.

- Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968), "Unha fenda na parede", pp. 27-43.

Cóntase a vida dunha avoa que tivo que se trasladar a vivir á cidade, á casa do seu fillo, porque xa non podía vivir soa. Ao chegar metérona nun cuarto e ninguén se volveu lembrar dela. Un día escoita da outra banda do tabique a voz da súa neta Mara e dende aquela dedicouse a agarimala polo buraco da parede con cantigas, poemas e contos.

- Mª Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1941), "O grumete", pp. 45-61.

Preséntanos a Olimpia Casal, coñecida na súa bisbarra como Pimpa das Gaivotas, que se namorou dun grumete que morrera ao seu afundir un barco despois de recortar a súa foto do xornal e poñela nun marco xunto á súa cama.

- Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940), "Tresky e as botas", pp. 63-79.

Céntrase no que aconteceu cando o can Tresky chegou á vila coa súa ama preguntando ónde quedaba a casa que se vendía. Tras comprobar o estado ruinoso da casa e a reacción do can, máis acostumado á cidade, a señora rica prometeu comprala e adecentala cun xardín de sebes en labirinto. A narradora protagonista manifesta o seu abraio ao comprobar que Tresky fala unha linguaxe especial e que a súa ama sabe interpretar todo o que di.

As ilustracións de Federico Fernández (Vigo, 1972) recordan o estilo dos gravados ao linóleo, cun alto contraste entre o branco e o negro como únicos tonos. As formas son de estilo figurativo e presentan o esquematismo propio desta téncia. O contraste entre algúns planos está suavizado con raiados ou entramados de texturas visuais. O debuxo da cuberta é negro sobre un fondo de cor e a imaxe completa percíbese levantando a solapa.

Casalderrey, Fina, *Eu son eu*, ilust. Josep Vicó, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 2, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-141-6).

Narración de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) no que un narrador en primeira persoa conta as cousas que fai a súa bisavoa, unha velliña que perde a memoria e que por culpa diso viste os pantalóns pola cabeza; pregunta cando se mira ao espello quén é a anciá que nel está reflectida; fai sopa con xabrón e lava os pratos con chourizo; pérdese na cociña ou incluso non recoñece os seus netos. Esta anciá non recorda moitas cousas, mais nunca se esquece de que quen a bica é a protagonista, porque como esta di: "a bisavoa sabe que eu son eu". Os debuxos iluminados á acuarela de Josep Vicó móstrannos escenas graciosas e divertidas a través de formas redondeadas e de carácter cómico, facendo do relato unha narración entrañábel. Son ilustracións que ocupan toda a páxina, de carácter figurativo e formas delimitadas con trazos escuros de gran soltura. Predominan as tonalidades cálidas (amarelas, laranxas, vermellas, ocres) o que conecta co tema e os sentimentos cálidos que transmite o relato, acentuado polo tratamento das formas que ao xogar co redondeado e curvilíneo sempre nos produce a sensación de algo agradábel, amábel. Con gran simplicidade amósanos moitos detalles dos personaxes -idade, vestimenta, expresións, etc.- e de obxectos do contorno no que se desenvolven as accións -obxectos da casa, mascotas… O texto e a ilustración completan o contido da obra. A cuberta, como elemento peritextual, créanos a través da ilustración o ambiente e a atmosfera adecuadas para situarnos na narración.

Castro, Francisco, *Un bosque cheo de faias*, ilust. Manel Cráneo, A Coruña: Everest Galicia, 2004, col. Punto de encontro, idade recomendada [mocidade], 154 pp. (ISBN: 84-403-0516-8).

Novela de Francisco Castro (Vigo, 1966) na que principalmente por medio dun narrador en terceira persoa, que en ocasións cede a palabra a outras voces, se presenta a un grupo de adolescentes que se ven envoltos nunha perigosa aventura relacionada coa violencia neonazi. Nelson, un rapaz senegalés, e o seu pai son agredidos por un grupo de violentos que nos últimos tempos veñen cometendo falcatruadas na cidade. Alexandre, un dos amigos de Nelson, cavila no acontecido despois do que este lles relata e comeza a sospeitar de Caride, o dono do bar Grapas no que os dous rapaces xunto con Antón e Manuel sempre paran a tomar algo. Alexandre coméntalle as súas sospeitas a Manuel e xuntos comezan a investigar. Nas pescudas descobren que foron Caride e os seus amigos os agresores e tentan pola súa conta asustalo, mentres Antón e Nelson, que non saben nada das investigacións dos compañeiros, comezan a sospeitar de Manuel como un dos agresores. Caride e a súa banda raptan a este rapaz e obrígano a conducilos á casa de Alexandre que esa noite está só. Alí atan de pés e mans aos dous adolescentes e teñen intención de golpealos, mais a intervención da policía chamada pola nai de Alexandre e o seu mozo, que foran alarmados por Nelson, impide que os maltraten. O deseño da cuberta está realizado por José Cruz; baseándose nos debuxos do interior, suxire un relato inquietante. Os debuxos de Manel Cráneo (A Coruña, 1973) ocupan unha páxina enteira e cando un pequeno obxecto cobra importancia especial no relato, aparece destacado entre o texto (móbil, mochila, etc.). O

estilo das ilustracións recorda o dos cómics, porque os personaxes e os ambientes están configurados cunha liña grosa e a cor aplicada en tintas planas; parecen viñetas ampliadas.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Intriga e amenidade', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 91, 'Infantil/Xuvenil', 16 setembro 2004, p. VII.

Dáse conta da publicación da primeira novela de literatura xuvenil de Francisco Castro. Paula Fernández sinala que o autor vigués cae nos mesmos tópicos nos que, antes ca el, xa caeron outros escritores. A articulista dá conta do argumento e sinala que é unha obra necesaria da que se pode sacar moito proveito na aula polas cuestións que presenta.

Cueto-Felgueroso, Paloma, *A raniña voadora*, ilust. Montse Arbelo e Joseba Franco, Vigo: Gárgola, maio 2004, col. A biblioteca de Carolo, nº 2, a partir de 6 anos, 54 pp. (ISBN: 84-933258-7-2).

A protagonista central desta historia de Paloma Cueto-Felgueroso é unha pequena ra de cor verde brillante, aburrida, inconformista, soñadora e amiga de pegar grandes chimpos no aire. Un día ía mergullarse e, en vez de caer á auga, elevouse no aire coma se flotara. Alí atopouse cunha serie de animais, aos que lle preguntou cómo podería voar para os lados, como foi o caso dun papagaio, que repetía constantemente o mesmo; dun mono, que desexaba atrapala; e dunha aguia, que degoiraba por comela. Tamén conseguiu descansar nunha nube, que tivo que irse logo, e falar co arco da vella, que desapareceu sen deixar rastro. Finalmente, foi capaz de chegar á lúa, quen lle recriminou a súa inconformidade, pois se antes desexaba estar ao seu carón, agora que o conseguira non estaba contenta. A verdade foi que a ra non se imaxinaba que estar na lúa fora iso: alí non había ninguén, non se podía xogar, non había un río tan bonito, etc. Regresou á súa pedra, pero sempre quedou coa incertidume de se o que lle acontecera pertencía ao mundo dos seus soños ou á realidade. As ilustracións de Montse Arbelo e Joseba Franco están realizadas por odenador; nalgunhas imaxes aprécianse os pixeles. A cor utilizada é moi saturada co que se achega ao relato un ambiente optimista. O tratamento das formas é figurativo.

Cueto-Felgueroso, Paloma, *O trasno velliño*, ilust. Paula Paradela, Vigo: Gárgola, maio 2004, col. A biblioteca de Carolo, nº 1, a partir de 6 anos, 54 pp. (ISBN: 84-933258-6-4).

Ábrese o volume coa dedicatoria "Para tódolos nenos, e en especial para os de Gárgola: Humberto, Alberto e Eva", algún dos cales comparte nome cos protagonistas desta historia escrita por Paloma Cueto-Fegueroso. Tras a clásica introdución de "Érase unha vez...", nárrase que, preto dun bosque de aspecto máxico e moi fermoso habitado por trasnos e ananos, estaba a casa de Humber, un neno un tanto desordenado ao que lle gustaba moito enredar. Un día de choiva Humber púxose a xogar na casa con todo o que atopaba e provocou un auténtico caos, polo que a súa nai toda enfadada lle esixiu que o recollera todo. Cando o neno estaba na súa habitación, decatouse de que alguén o estaba axexando a

través do cristal da fiestra. Era o trasno máis vello do bosque, que saíra na procura de plantas medicinais e agora non era quen de atopar o camiño de regreso. O trasno ofreceuse a axudarlle a Humber coa condición de que este o levase ao seu fogar, polo que comezou a dicir unha serie de palabras máxicas. Pero todo se complicou: a billa de auga botaba espaguete, a bañeira estaba chea de laranxas... Finalmente, conseguiu dar coa palabra correcta e todo volveu á súa normalidade, polo que Humber levou o trasno ao bosque, onde se celebrou unha gran festa. Conclúe esta historia co desexo de Humber de recoller cada día as súas cousas e tamén co tradicional peche de "E colorín colorado este conto está rematado". Paula Paradela realiza para este conto unhas ilustracións á acuarela de cores moi vivas con predominio do vermello e do amarelo. As figuras están pouco definidas. As ilustracións van acompañando ao texto ao longo da narración.

Dasilva, Kiko, *¿Que contan as ovellas para durmir?*, ilust. do autor, Vigo: Galaxia, 2004, col. árbore/galaxia, idade recomendada [lectorado autónomo], [26] pp. (ISBN: 84-8288-723-8).

Tomando como punto de partida a fórmula "contar ovellas" que tradicionalmente se recomenda para durmir Bee, unha ovella branca dentro dun rabaño de ovellas negras, pescuda qué contan elas ao non conciliar o sono. O enigma resólvese de forma inesperada logo de non conseguir durmir contando exemplares dos animais aos que lle pregunta. O relato composto de estruturas paralelísticas e acumulativas, que fan áxil e amena a lectura, compleméntase coa lectura visual presente xa dende a cuberta ao desenvolver en imaxes o título así como, no cambio de técnica ilustrativa ao final da historia e na situación nas pequenas ilustracións da parte inferior do texto dos animais que se contan. Kiko Dasilva (Vigo, 1979) bota man de novo da persoal técnica mixta e da fotomontaxe con materiais diversos e formas modeladas de animais. Técnica que cambia ao reflectir a conclusión inesperada do dilema: do ambiente nocturno e escuro pásase á luz branca do día e da tridimensionalidade das fotomontaxes aos debuxos coloreados de persoas esquemáticas e planas.

Recensións:

- Noelia Muíños, 'Que contan as ovellas para durmir', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 6 a 9 anos', 2004, p. 71.

Logo dun resumo argumental, infórmase do emprego na confección de *Que contan as ovellas para durmir?*, de Kiko da Silva, da técnica dos contos acumulativos, grandes doses de humor e imaxinación coas que capta a atención do lectorado, ademais das trusgadas. Remátase poñendo en envidencia a acumulación excesiva de texto nalgunhas páxinas.

Díaz Dopico, Xosé, *As travesuras de Antón*, ilust. de Jorge Tenreiro Alías, edición non venal, Gadis, maio 2004, idade recomendada [lectorado autónomo], 63 pp. (DL: C-932/2004).

Relato de Xosé Díaz Dopico (Ferrol) publicado en edición non venal por Gadis con motivo do Día das Letras Galegas de 2004. Conta cunha introdución, na que o autor presenta ao protagonista, e catro capítulos intitulados, ademais dun "Final" que funciona a xeito de epílogo. A través dun narrador en terceira persoa o lectorado agardado coñece a vida de Antón, un neno de oito anos que vive cos avós maternos porque seus pais están emigrados. Ao longo dos diferentes capítulos vanse narrando anécdotas da vida diaria do protagonista, os seus xogos cos amigos, as conversas que mantén co avó sobre os anos da súa infancia ou a relación cos veciños, moitas veces marcadas polas trasnadas do cativo. Ponse de manifesto a ansia de aprender do neno, o seu proceso de socialización a través da relación que mantén cos outros e os soños e fantasías que nese momento dominan a súa vida. A estreita relación cos avós e a sorpresa final que lle dan seus pais cando deciden regresar definitivamente son os elementos centrais da obra. Os debuxos de Jorge Tenreiro Alías son en branco e negro, con estilo figurativo.

Díaz Núñez, Celia, *Adeliña*, I Premio de Literatura infantil e xuvenil "Pura e Dora Vázquez", ilust. Luís Sendón, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, maio 2004, idade recomendada lectorado autónomo, 113 pp. (ISBN: 84-96011-62-3).

Celia Díaz Núñez (O Páramo, Lugo, 1961) mereceu o primeiro galardón do Iº Premio "Pura e Dora Vázquez" con esta novela de misterio, primeira obra da autora, dividida estruturalmente en dúas partes. Na primeira, en seis breves apartados, Alba conta nun caderno o que lle ocorreu unha fin de semana que coa súa irmá pequena e os seus avós fora á casa de Pacios, aldea do avó, para preparar a súa rehabilitación. A casa fora abandonada cando por mor dun misterio a familia marchara vivir á cidade. Nesa fin de semana, Alba entérase que o abandono da casa foi debido á desaparición de Adeliña, a irmá pequena do avó, feito que a leva a intentar investigar qué lle ocorreu a esa nena que só coñece por unha foto. Consegue ver a Adeliña despois de atravesar por azar unha porta bastante estraña da propia casa e penetrar nunha paraxe idílica, aínda que ela non traspasa. A segunda parte consta de dezaseis capítulos e neles, despois dunha explicación realizada por un narrador, a protagonista é Mariña, a irmá de Alba, que xunto co seu amigo Fiz, despois de ler o caderno de Alba, van na busca de Adeliña. Capítulo a capítulo vanse describindo as vivencias e peripecias da parella nese mundo subterráneo, cheo de nenos e nenas que están felices pero que non teñen nin presente, nin pasado nin futuro. Conseguen escapar dese mundo e salvarse grazas á axuda final de Alba que fora avisada do lugar a onde ían por medio dunha nota da irmá. Remata a novela, que mantén o misterio sen inxenuidades, cun "Epílogo" no que se reproduce un recorte dun xornal que dá noticia do derrube dunha casa en Pacios e das especulacións do feito pola xente do lugar. Dende un coche Mariña, que traballa agora de arqueóloga, recorda a Fiz, que casou, é médico e ten fillos. Un deles pode ser o que observa Mariña dende o seu coche diante das ruínas da casa dos seus avós. As ilustracións a toda páxina de Luís Sendón (A Coruña, 1981) mereceron o premio de ilustración que convoca a Deputación de Ourense para ilustrar a obra gañadora do Premio "Pura e Dora Vázquez". Son ilustracións de tipo narrativo e nelas descríbense as situacións que relata o texto. Están resoltas con figuras estilizadas e con cabezas redondeadas, desproporcionadas con relación aos corpos, o que lle confire grande expresividade aos personaxes. A técnica empregada é a acuarela, con grandes planos de cor nas que predominan as tonalidades cálidas - amarelos, laranxas, ocres- ademais do uso de

tonalidades escuras para transmitir a sensación de oscuridade, de segredos… Xeneran información que non é achegada polo texto, como son os protagonistas, o interior da vivenda, o contorno no que se moven, etc. Tamén a cuberta acena un ambiente e unha atmosfera adecuadas á narración.

Referencias varias:

- S.L., 'Toda a historia da escritura na Feira do Libro de Ourense', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 maio 2004, p. 49.

Recorda primeiro as actividades que se inclúen na Feira do Libro de Ourense que se celebrará a próxima semana. Remata referíndose a unha presentación da obra *Adeliña*, que terá lugar na feira.

- Julia Rey Rodríguez, 'Creación artística', *La Región*, 'Opinión', 16 xuño 2004, p. 20.

Dá os parabéns á Deputación de Ourense polos últimos libros publicados e por ter convocado un premio en homenaxe ás escritoras Pura e Dora Vázquez. Logo refírese a *Adeliña*, obra galardoada co "Iº Premio de LIX Pura e Dora Vázquez".

- Armando Requeixo, 'Desvelando misterios', *Tempos Novos*, nº 88, 'Voces e culturas. Crítica.Libros', setembro 2004, p. 72.

Referencia ao relato de aventuras e misterio *Adeliña*, I Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez, co que Celia Díaz Núñez se estre como escritora. Coméntase o argumento apuntando que os protagonistas teñen que desvelar un enigma, para o que terán que pasar por diversas situacións.

Docampo, Xabier P., *Bolboretas*, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Everest Galicia, 2004, col. Rañaceos, a partir de 10 anos, [45] pp. (ISBN: 84-403-0513-3).

Despois da cita de Sakhr Ben-Ghasem (s. XII) o protagonista deste breve relato de Xabier P. Docampo (Rábade, 1946), un neno de doce anos, conta as súas sensacións despois de idear un xogo que consistía en pillar a unha bolboreta, unha ilusión cumprida. Fala de cómo a mete na boca e o que fai para non mancala, de cómo a deixa ceibe e sente o seu revoar, lembra as súas cores, o trazado do seu vo, e fala tamén da reacción da súa namorada que nun principio non consegue facer o que el fai pero que logo o consegue coa axuda do amado e a través dos bicos namorados. Un relato de sentimentos e emocións ben dosificadas que está escrito sobre a páxina pintada con cores por Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953) con ilustracións figurativas e abstractas que reflicten eses sentimentos e tamén as accións do relato. As imaxes, en xeral, teñen unha grande importancia; o lirismo do texto complétase por medio das ilustracións onde a harmonía das cores, a sutileza dos matices, o simbolismo cromático (cálidos para as páxinas onde están os rapaces e escuros

para sinalar a inquietude do protagonista) teñen tanto protagonismo coma as formas que emprega (trazos curvos para representar o voo da bolboreta, formas suaves para describir o aleteo, curvas dinámicas para plasmar as sensacións finais do protagonista).

Recensións:

- Mª Jesús Fernández, 'Bolboretas', *CLIJ*, nº 171, 'Libros/Novedades', maio 2004, p. 62.

Comeza dicindo que é este un libro singular, que chama a atención pola fermosa edición e pola expectativa ante unha nova obra de Xabier Docampo e polo reencontro coas propostas gráficas de Xosé Cobas. En canto ao texto salienta que se atopa co "lado máis íntimo e infrecuente del autor, el que utiliza la primera persona para hacer confidencias y hablar de sentimientos" e que narra con pulcritude e concisión o mundo interior de sensacións que "embriagan y sorprenden". Cualifícaa de "bella historia de iniciación", de xogo de inocencia e sensualidade que se potencia coas "magníficas" ilustracións, mestura de figuración y abstración, que se distribúen coidadosamente polo texto.

- Rodri García, 'Os bicos das bolboretas', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 69, 17 xullo 2004, p. 7.

Despois de se referir a que é a historia dun bico, ou talvez de dous, e a recordar o argumento e cómo o ilustrador o entendeu e o plasmou, cómo se bican as palabras e os debuxos dos dous creadores, ilustracións cargadas de sensualidade e palabras inzadas de lirismo, un bo traballo conxunto. Fai Rodri García un relato deste facer en conxunto.

- Armando Requeixo, 'Sobre a literatura infantoxuvenil galega: a propósito das 'Bolboretas' de Xabier P. Docampo', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 8 agosto 2004, p. 20.

Comeza salientando que a LIX non é valorada en igualdade de condicións respecto á denominada "literatura de adultos" polos medios que determinan o canon no noso país (crítica, medios de comunicación, institucións...), provocando que se sitúe na marxe do sistema. Situación que considera inxusta porque: 1) Os nosos creadores de LIX foron xa recoñecidos reiteradamente en importantes galardóns galegos, do estado español e internacionais, feito que fala de calidade. 2) A produción infantoxuvenil é cuantitativamente a máis importante do panorama galego e ademais ten unha demanda entre os receptores importante. Logo analiza *Bolboretas*, segundo o comentarista, unha obra de lectura obrigada para todos os seguidores das nosas letras, unha obra que, como todas as obras boas, resiste múltiples lecturas. Salienta tamén as ilustracións que considera que enriquecen o texto do autor, que fala dunha historia de amor incipiente, ou do descubrimento amoroso duns rapaces. Un tema tratado con "finura na prospección sentimental dos personaxes, mestría na depuración verbal e na densificación significante e harmoniosa musicalidade do conxunto".

- Paula Fernández, 'Bolboretas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 90, 'Infantil/Xuvenil', 9 setembro 2004, p. VII.

Salienta en primeiro lugar a aposta do autor por unha lectura compartida pola nenez e os adultos e por iso considera que Docampo presenta nesta obra "dificultade da lectura confiando en que os pais e educadores resolverán todas as dúbidas", aínda que se di que o texto require atención, mais no fondo tamén é facilmente asimilábel. Logo fala do argumento, de que está contado en primeira persoa, nun ton infantil e que incide no individualismo e materialismo. Remata referíndose ás ilustracións e insiste en que baixo unha aparencia formal infantil se agocha un discurso profundo que fai o texto "óptimo para os lectores e lectoras de máis de dez anos".

Referencias varias:

- R.G., 'Bolboretas', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 91, 'Letras 2004', 18 decembro 2004, p. 7.

Sinálase que nesta obra de Xabier P. Docampo, que conta coas ilustracións de Xosé Cobas, se narra a historia dun primeiro bico contada dun xeito cheo de lirismo e de imaxinación.

Fariña, Anxo, *Xabi non pode durmir*, ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Contos do Miño, idade recomendada [prelectorado], [26] pp. (ISBN: 84-96403-22-X).

Como adoita acontecer nas primeiras idades, a Xabi non o deixan durmir os seus pesadelos. Segue o consello do seu curmán maior, Antón, e chama polo Señor dos Soños, co que se atopa nun cuarto estraño e lle indica que debe ir pola porta vermella ao País dos Soños, onde dará coa solución se é valente e permanece atento. Cruza a porta e ve unha paisaxe confeccionada por cachos de tecidos diferentes, pasa o Bosque das Árbores Dormentes e entra no Campo das Herbas Cantantes, para logo encontrarse cun temíbel fantasma, un polbo xigante e unha gran man. Retorna ao punto inicial ao pasar unha porta vermella e reencóntrase co Señor dos Soños, quen convence a un derrotado Xabi da súa vitoria, por ser capaz de enfrontarse a todos eses monstros, que non eran outros que os seus pesadelos. Anxo Fariña (Vigo, 1977) é o autor deste texto, que tenta convencer aos nenos da importancia de facerlle fronte aos seus temores e faino a través da conxugación de elementos propios do mundo real e onírico, un recurso exitoso entre o lectorado infantil. As ilustracións de Anxo Fariña seguen un tratamento distinto segundo se trate das figuras dos personaxes ou da dos obxectos do contorno ou os ambientes. Os protagonistas están debuxados cunha liña negra fina e solta e os fondos están traballados con témpera aplicada en planos xustapostos e sen liñas de contorno. A maior parte do relato transcorre durante o soño; o ilustrador pretende reflectir esta circunstancia a través dunhas composicións moi dinámicas, libres e creativas, onde predominan as curvas sobre as rectas e as formas redondeadas sobre os ángulos.

Fariña, Anxo, *Os magos das formas*, ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Contos do Miño, idade recomendada [prelectorado], [26] pp. (ISBN: 84-96403-23-8).

Unha voz narrativa en terceira persoa achégalle ao lectorado máis miúdo a historia de tres grandes magos e dunha pequena cidade. Os magos vivían apartados nunha vella torre e pasaban as noites discutindo de maxia e de conxuros, aínda que do que máis falaban era das formas xeométricas, pois para cada un deles había unha que imperaba sobre o resto. Como non se puñan de acordo sobre se era mellor o círculo, o rectángulo ou o triángulo, decidiron empregar os seus poderes para que cada día desaparecera unha forma e os veciños elixiran aquela que considerasen máis perfecta. Finalmente, o que conseguen é crear unha serie de situacións caóticas e só a través da resposta dunha nena, que gusta especialmente da forma das estrelas, comprenden que non hai unha forma que sexa mellor, senón que "cada unha é importante e temos dereito a elixir". Cómpre destacar a interacción do propio texto, que suscita a participación do lector a través da súa imaxinación. Esta narración de Anxo Fariña (Vigo, 1977) tamén se pode seguir a través das súas ilustracións, que, ademais de ampliar certos aspectos da historia, recollen esa mensaxe da existencia e respecto cara ás diferenzas, ao mostrarnos tres magos que pouco teñen en común ou ao retratar diante dunha escola rapaces de diferentes cores. Están realizadas con técnica mixta, que conxuga o debuxo coas cores planas e distintas texturas (algunhas conseguidas por ordenador). As formas son figurativas e o colorido alegre e variado. A liña de contorno nas figuras está concibida cun estilo solto e dinámico. A maneira de aplicar a cor plana non coincide exactamente coas formas debuxadas. As composicións son de dobre páxina, enchendo todo o plano e están concibidas como panorámicas onde ocorren moitas cousas á vez, todas en correlación co pequeno texto que as acompaña.

Fernández Paz, Agustín, *Raquel ten medo*, ilust. Marina Seoane, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 17, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-156-4).

Conto de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) no que se narran os medos que asaltan a Raquel durante unha noite na que non pode durmir. Primeiro cre ver un monstro, logo un fantasma, un esquelete e mesmo os ollos duns vampiros, que resultan ser a sombra da maceira, as cortinas do cuarto que move o vento, a porta do armario que está mal pechada e os bonecos do andel. É a súa irmá Tina a que a vai convencendo de que non debe ter medo e para que non se sinta soa dalle o seu osiño favorito, Boliña, co que dorme pracidamente. Os debuxos de carácter figurativo que acompañan o texto manuscrito e en maiúsculas son de Marina Seoane (Madrid, 1957). Complementan a información do texto e ocupan as páxinas impares do volume, xogando con distintos tipos de planos, estratexia moi empregada no cine e con grandes posibilidades expresivas na ilustración infantil: o picado, a visión dende arriba, para lograr a sensación de medo, de pequenez e inseguridade, acentuada coas cores escuras e frías (azuis, grises, negros, brancos, etc.) e os trazos das formas fantasmagóricas con liñas oblicuas e punzantes. Cando o medo desaparece utiliza outro tipo de plano, o frontal, para facernos crer que vemos o que a protagonista ve. Son figuras estilizadas cunha cabeza redonda desproporcionada, en relación aos corpos, pero con moita forza expresiva. A técnica empregada é a acuarela tratada con gran delicadeza. Móvense en tonalidades cromáticas cálidas sen grandes contraste, pero xogan coa harmonía

de tons e a riqueza de matices. Os fondos teñen un tratamento diferente, ao estar realizados con pintura densa e con raspados enriba, o que lles confiere un aspecto texturado en contraste co resto da imaxe. Achega moita máis información que o texto.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 101, 25 novembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *Galicia en cen prodixios* (2004), de Henrique Alvarellos; *A unlla da aguia* (2004), de Ramón Carredano Cobas; *Hai que confiar na esperanza* (2004), de Siro López; e *Raquel ten medo* (2004), de Agustín Fernández Paz e Marina Seoane. Sobre *Raquel ten medo* dise que o relato está dirixido aos máis cativos para desdramatizar, fermosas ilustracións mediante, os seus medos nocturnos.

Fernández Paz, Agustín, *Laura e os ratos*, ilust. Rocío del Moral, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 4, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-143-2).

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) neste conto acompañado de ilustracións figurativas en gouache de Rocío del Moral, que xa achegan unha narración visual por elas mesmas, narran cómo Laura defende un rato que aparece na súa casa e ao que seus pais queren matar. A protagonista, familiarizada co ruído que os ratos fan no faiado da súa casa, decide darlle de comer a un que entrou na cociña e desfacer as trampas que seus pais poñen para cazalo, co fin de facerse amiga del. Son ilustracións a toda páxina que nos sitúan no punto de vista da nenez por xogar con planos contrapicados, dende abaixo, e ter as liñas de base moi altas, ademais de crear fascinación por descubrir cómo o rato usaría os obxectos do contorno infantil. A tipografía usa dous tipos de letra diferentes: uns pequenos fragmentos de texto en letra seguida e o mesmo texto en maiúsculas. Os personaxes xogan coa fragmentación e desproporción para dar maior expresividade visual ao relato. Son ilustracións realizadas con pintura densa e na busca de volume e sombreado. Xoga cunha tonalidade cromática cálida de cores contrastadas, pero sen disonancias. Destaca tamén o uso discreto da colaxe (roupas, obxectos, cadros, etc.) dentro das composicións, proporcionándolle gran coherencia e harmonía ao conxunto de imaxes.

Fernández Paz, Agustín, *Tres pasos polo misterio*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, febreiro 2004, col. Fóra de xogo, nº 74, idade recomendada [Mocidade], 203 pp. (ISBN: 84-9782-105-X).

Volume no que se recollen tres relatos de Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947), que abalan entre o terror e o misterio e que parten de tramas e reflexións publicadas en traballos colectivos publicados con anterioridade e que agora aparecen fondamente refeitos e ampliados. Trátase de "A serpe de pedra", incluído en *Contos do museo. Relatos do Museo Provincial de Lugo* (2003), no que se narran as últimas horas de vida do responsábel

das salas de arqueoloxía do Museo de Lugo e as causas da súa morte, provocadas por estraños sucesos. Descríbese unha atmosfera afogante na que se dá a resurrección da Deusa serpe, que quixo devolver o dominio do mundo aos réptiles e que escolleu como primeira vítima ao seu propio descubridor. "A vella foto das estrelas", publicado en *Imos xuntos camiñar* (1999), un relato narrado en primeira persoa por unha moza de Vigo, que obrigada por seus pais a facer o Camiño de Santiago con eles, coñece nos días que pasa no Cebreiro a un mozo que se converte no seu confidente, pero do que remata descubrindo que está morto dende fai un ano, por ter afogado nun río próximo. Finalmente, "As sombras do faro", incluído inicialmente en *Historias para calquera lugar* (2001), é un longo relato no que un home evoca dende o presente a súa adolescencia en Pontebranca, onde vive o seu primeiro amor e os estraños sucesos que lle ocorren cando se achega ao faro, un lugar maldito para a xente dos arredores. A ilustración da cuberta de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) sérvenos como un elemento conectivo. Colócanos na trama do libro ao crearnos unha atmosfera chea de connotacións misteriosas e estrañas, na que xunto co título e a composición realista en tons fríos e escuros nos mostra unha paisaxe con diferentes termos ou pasos para percorrer.

Recensións:

- Silvia Gaspar, 'Tres pasos polo misterio', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 12 a 14 anos', 2004, p. 72.

Logo de salientarse a Agustín Fernández Paz coma un dos poucos autores que aborda a literatura de terror na literatura infantil e xuvenil galega, enuméranse, analizando *Tres pasos polo misterio*, as cualidades que amosan o seu bo facer nesa literatura coma a "corrección formal na creación do clímax, no trazo dun estado psíquico ambivalente para ese clásico narrador protagonista" sobre todo en "A serpe de pedra" e en "As sombras do faro", ou na consecución do propio relato. Destácase, por último, a selección de temáticas dúas delas moi características do autor (o megalitismo e as fuxidas das anónimas vítimas da represión) e outra de actualidade coma é o fenómeno do Xacobeo.

- María Jesús Fernández, 'Tres pasos polo misterio', *CLIJ*, nº 173, 'Libros/Novedades', 2004, dende xullo 2004 ata agosto 2004, p. 68.

Avisa de que estamos diante de tres contos que foron publicados con anterioridade en libros colectivos e que agora reescritos e ampliados saen á luz todos xuntos. Xustifica esta edición polo interese de cada unha das pezas, polo seu carácter unitario. Salienta que o tema base é a presenza do extraordinario e inexplicábel na vida cotiá que producen cambios nos protagonistas que xa non os abandonarán; que sexan relatados por unha primeira persoa e afirma que os elementos citados son empregados con eficacia, así como a coidada linguaxe e a equilibrada progresión dos textos, señas de identidade de Agustín Fernández Paz. Remata recordando que "A serpe de pedra" fai revivir unha antiga maldición; "A vella foto das estrelas" sitúa a acción nun punto do Camiño de Santiago e "As sombras do faro" enfronta ao protagonista cun mundo pechado, hostil, unha colectividade que quere enterrar o pasado e teme ás sombras delatoras.

- Paula Fernández, 'Relatos educativos', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 80, 'Infantil/Xuvenil', 22 abril 2004, p. VII.

Faise eco da publicación de *Tres pasos polo misterio*, caracterizado por conter tres relatos de misterio e intriga, narrados polos protagonistas en primeira persoa. Considera que estas historias poderían ser consideradas como relatos de iniciación ou aprendizaxe, aos que Fernández Paz consegue impregnar de actualidade e verosimilitude, achegándolle ao lectorado historias na liña de Fole. Do primeiro relato, despois de explicar o argumento, sinala que se diferenza dos outros no feito de rematar botando man do recurso de sementar a dúbida sobre se foi real o narrado ou unha perturbación mental do protagonista; do segundo salienta a atmosfera creada para favorecer o misterio; e do terceiro o recurso como elemento de medo do faro, presente noutros contos deste estilo galegos. Remata chamando a atención sobre o beneficio que os docentes lle poden sacar a este material cos seus alumnos.

- Xosé M. Eyré, 'Tres historias de misterio e unha aventura no Irak', *A Nosa Terra*, nº 1.128, 'Cultura', 13 maio 2004, p. 26.

Comentario de dúas obras dirixidas á mocidade que son *Tres pasos polo misterio*, de Agustín Fernández Paz, e *Irmán do vento* (2002), de Manuel Lourenzo González. Da primeira destaca que os relatos que conforman esta obra pertencen ao xénero do terror, ao que o autor xa se ten achegado con éxito en numerosas ocasións. Ofrece o argumento de cada un dos tres relatos, destacando do primeiro a boa estratexia empregada polo autor na súa construción, o emprego do resumo para que o ritmo avance absorvendo ao lector e dominando por completo os sentidos; do segundo salienta a importancia das atmosferas interiores e exteriores creadas, coa sorpresa final que obriga a volver a vista atrás recreando o que Manuel Rivas chama "realidade intelixente"; finalmente do terceiro destaca as descubertas parellas do misterio e do amor, así como as pegadas que se poden atopar nel de autores como Lovecraft e as referencias a Kafka, Camus, Celso Emilio Ferreiro, Bradbury e Joyce, que buscan guiar ao lectorado agardado en lecturas do seu interese. Da obra de Lourenzo, ademais de explicar o argumento, sinala que mereceu o Premio Merlín e que nesta obra hai un importante labor de documentación, que está escrita con axilidade e destreza e que na novela contrastan a crueza da guerra e a tenrura do amor.

- Francisco Martínez Bouzas, 'A escrita como unha forma de salvación fronte ao misterio', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 13 xuño 2004, p. 3.

Comeza sinalando que Agustín Fernández Paz é un referente da literatura infantil e xuvenil galega tanto para o lectorado coma para a crítica. Destaca da súa escrita a busca de tramas novidosas e renovadas, como ocorre en *Tres pasos polo misterio*, no que domina o misterio e a intriga e lembra a súa novela *Aire negro* (2002). Sinala que os tres contos que recolle este volume foron publicados en obras colectivas, pero que agora permiten así unha nova lectura na que se pode apreciar a cohesión temática e estilística, dada a presenza do misterio e a vinculación co imaxinario da cultura popular, así como as voces narrativas en primeira

persoa. Explica o argumento de cada un dos relatos e destaca do primeiro a forte influencia de Lovecraft, mentres que do terceiro salienta a lectura política actual dos asasinatos anónimos da guerra civil. Remata referíndose á preocupación formal do autor, da que salienta cuestións como a frase requintada, a naturalidade, a claridade e a atmosfera de gran verosimilitude creada.

- Vicente Araguas, 'Pasando (un pouco) de medo', *Diario de Ferrol*, 'Nordesía', 7 decembro 2004, p. 20.

Comentario de *Tres pasos polo misterio*, de Agustín Fernández Paz, unha obra á que admite que se achegou estimulado polo comentario da contracuberta que lle anunciaba misterio e terror. Valora a traxectoria do autor e do primeiro dos tres relatos que conforman a obra sinala como eivas as alusións a Lovecraft e as connotacións políticas por deturpar unha historia que considera "levada con moita pericia". Considera que o relato "A serpe de pedra" é no que máis sentiu os trazos propios da literatura de misterio, aínda que considera que o final é demasiado previsíbel. Finalmente de "A vella foto das estrelas" considera que é o máis poético e melancólico e compárao con *O malentendido*, de Camus, en canto a que está baseado en material lendario derivado do Camiño de Santiago. En conxunto conclúe que é unha obra que "sen arrepiar conmove. O que non deixa de ser moito".

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Fernández Paz escribe acerca de persoas que contactaron co alén', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 7 marzo 2004, p. 89.

Anuncia a próxima publicación da obra, da que adianta que estará composta por tres relatos modificados e ampliados que o autor publicara anteriormente en volumes colectivos. Explica a liña argumental de "A serpe de pedra" e recolle as palabras do autor nas que sinala cáles foron as fontes empregadas para elaborar este conto, considerado o máis fantástico dos tres e no que se perciben as pegadas dos relatos de terror de Lovecraft. De "A vella foto das estrelas" sinala que colleu o título dun cómic de Allan Moore e o resultado é un conto de fantasmas, no que unha moza descobre a soidade, a natureza e entra en contacto co alén. Finalmente, de "As sombras do faro" salienta que é un conto publicado inicialmente en *Historias para calquera lugar* (2001) que desenvolveu con situacións e personaxes novos, no que o protagonista rememora a súa adolescencia nos anos 60, nunha novela curta na que se mesturan elementos de misterio, da descuberta do primeiro amor ou as reflexións sobre cuestións de importancia. Sinálase como característica común o feito de que os tres protagonistas escriban as súas historias para transmitir as súas experiencias a outros e que lles sirvan de ensinanza. En columna á parte recóllense as palabras de Fernández Paz nas que explica a súa teima en publicar en colección xuvenís, malia ser consciente de que as súas obras son lidas polo público adulto.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 81, 29 abril 2004, p. VII.

Sección fixa na que se inclúen as recensións de catro obras: *Tres pasos polo misterio*, de Agustín Fernández Paz; *Libro dos exemplos* (2004), de Borobó; *O caribú namorado* (2004), de Xoán Abeleira; e *Xoaquín Lorenzo* (2004), de Marcos Valcárcel. Explica que *Tres pasos polo misterio* está composto por tres relatos, dos que achega o título e o argumento, nos que a presenza do misterio ocupa un lugar central, pois en cada un deles unha persoa narra un suceso inquedante que acabou por mudar de xeito profundo a súa vida.

- M.O., 'Porta aberta ao misterio', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 63, 5 xuño 2004, p. 7.

Comeza sinalando que o misterio e a intriga ten un espazo na tradición galega, na que se insire esta obra de Agustín Fernández Paz. Salienta que cada un dos tres relatos que a conforman é a narración dun suceso por parte do protagonista, que lle mudou a vida. Destaca a habelencia do autor para meter ao lector "no lado máis escuro das tradicións" que se agochan tras cousas normais como un monumento megalítico, unha noite estrelada ou un faro derruído.

- Manuel Vidal Villaverde, 'Tres pasos polo misterio', *Atlántico Diario*, 'Musas', 6 xuño 2004, p. 51.

Dá conta da publicación desta obra, da que sinala que son tres relatos que teñen en común a voz narrativa en primeira persoa. Lembra o éxito doutras obras do autor como *Cartas de inverno*, que xa vai pola décimo quinta edición, e reproduce o inicio do primeiro relato, do que sinala que comeza cunha cita de Méndez Ferrín. Remata destacando do estilo a prosa meticulosa e fluída polo que felicita ao autor.

Fernández, Miguel Anxo, *O sangue dos Cortiña*, Vigo: A Nosa Terra, 2004, col. Relatos históricos, idade recomendada [mocidade], 67 pp. (ISBN: 84-96203-72-7).

Relato breve de Miguel Anxo Fernández (O Carballiño, 1955) ambientado nas Terras do Ribeiro durante as invasións napoleónicas. O narrador, valéndose tanto de fontes orais coma documentais, achégalle ao lectorado agardado diferentes episodios da loita entre as tropas napoleónicas e os habitantes de Ribadavia, representados fundamentalmente pola familia Cortiña. O ambiente de temor entre os paisanos galegos pola chegada de novas doutras zonas arrasadas materialízase cando as tropas entran na vila e saquean casas e negocios. Pedro Cortiña, un dos comerciantes máis prósperos da vila é vítima tamén destes ataques, nos que perde o negocio e se enfronta ao feito de que a súa dona e a única filla do matrimonio son forzadas polos gavachos. A sede de vinganza lévao a enrolarse con afán nas partidas que tentan frear os ataques franceses. É na batalla de Mourentán, unha das máis sanguinarias, onde Pedro Cortiña perde a vida, sorte que correrán pouco despois a súa dona e filla no asalto á vila de Ribadavia. Os tres protagonistas destacan pola afouteza e valor demostrado ante os atacantes, que se converten en símbolo da resistencia a un

exército moi superior en efectivos e dotación, que malia as baixas continuará a súa desfeita por outras terras de Galicia. Os debuxos figurativos de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) están realizados cun trazo expresivo e manchóns de tinta vermella. As manchas confírenlles un efecto dramático xa que se asocian dende a primeira páxina coa sangue. Os escorzos empregados nas composicións transmiten sensacións de violencia. Ademais das manchas nos debuxos hai salpicaduras de tinta vermella en todas as páxinas.

Ferrer, Ánxeles, *A pequena árbore*, ilust. da autora, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2004, col. Merliño, idade recomendada [prelectorado], [32] pp. (ISBN: 84-9782-199-8).

Conto de Ánxeles Ferrer (Valdeorras, Ourense, 1957) no que se presenta a vida dunha árbore que naceu nun souto moi antigo. Por medio dun narrador en terceira persoa relátase como a arboriña foi medrando e cambiando de aspecto segundo a estación. A pequena árbore deu acubillo e serviu de fogar a moitos merlos, que igual ca ela, avellentaron co paso dos anos grazas á intervención da nena Baia, coñecida dun dos merlos, e sobre todo de dous lobos que un día impediron que un prendelumes queimara o souto. Desta maneira, na fraga seguiron nacendo moitas árbores cada primavera e reproducíndose os animais. Na cuberta do libro, e de maneira inmediata, preséntanos ao protagonista e algúns dos personaxes do conto ademais do contorno no que se vai desenvolver a historia. O resto das ilustracións teñen unha composición a dobre páxina nas que se insiren pequenos fragmentos de texto en letra de pau, pensada para a nenez que se inicia na lectura. A unión das ilustracións cos textos fan que o goce da lectura se inicie por un gusto visual. Os debuxos achegan moita información visual e axudan a comprender mellor o texto polo que o fai un complemento imprescindíbel para o libro. A técnica empregada é a acuarela resolta con gran soltura con grandes pinceladas de cores planas e quentes -amarelas, laranxas, carmíns, verdes…- sen pretensión volumétrica. No deseño das figuras dos personaxes apréciase un marcado estilo infantil, xa que nelas existen grafías e recursos infantís, estilizando os seus membros e simplificando as súas faccións. As formas esquemáticas presentan desproporcións en función de lograr unha maior expresividade e achegamento ao texto.

Recensións:

- Noelia Muíños, 'O grilo Gastón. A pequena árbore', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 6 a 9 anos', 2004, p. 71.

Resáltase a linguaxe propia de Ánxeles Ferrer nas súas ilustracións coa presenza en *O grilo Gastón* e en *A pequena árbore* da tenrura no ton e a capacidade de observación e consideración dos detalles. Recóllense exemplos de ambas as dúas obras nas que se aprecia "o mundo iconográfico propio da autora" para a seguir, criticarse a falta de evolución da súa linguaxe. Finalízase, salientado da primeira obra a tenrura da historia e a eficacia da súa sinxeleza e da segunda a axeitada simplificación de contidos textuais aínda que difíciles para o lectorado agardado.

- M. O, 'A pequena árbore', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 90, 'Letras en galego', 11 decembro 2004, p. 8.

Defínese a historia de *A pequena árbore* como "unha sinxela lección de ecoloxía". Destácase o protagonismo das ilustracións sobre o texto que "está á altura dos máis pequenos". Ofrécese a definición que a autora deu do libro e saliéntase a porta aberta á esperanza que se presenta neste quinto libro de Ánxeles Ferrer.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 98, 4 novembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *O exiliado e a primavera* (2004), de Manuel Veiga; *O brindo de ouro* (2004), de Xesús Manuel Marcos; *A cousa vermella* (2004), de Olga Novo; e *A pequena árbore* (2004), de Ánxeles Ferrer. Sobre *A pequena arbore* destácase o tema do ecoloxismo e o amor da natureza, así como a súa proxección a través dun coidado texto e unhas fermosas ilustracións.

Ferrer, Ánxeles, *O grilo Gastón*, ilust. da autora, A Coruña: Everest Galicia, 2004, col. Montaña encantada, idade recomendada [prelectorado], [48] pp. (ISBN: 84-403-0446-3).

Relato de Ánxeles Ferrer (Valdeorras, Ourense, 1957) no que un narrador en terceira persoa relata a historia de Gastón, un grilo que abandona o seu afastado país "de estrelas e area" porque nel pasaba moita fame. Gastón chega navegando nunha tarde de outono ao lugar no que vive o trasniño Nicolás quen o acolle gustosamente. Todos os veciños, a excepción do escarabello Darío, axudan a Gastón a facer unha casa, mais a felicidade do grilo non é total porque el quere ser amigo de todos e Darío non o quere como tal. O músico Gastón queda aínda máis apesarado cando Darío o acusa de ladrón e é apreixado por dous gardas sen o escarabello sequera querer escoitar as súas explicacións. Grazas a un pequeno paxaro que lle descobre a Darío que o autor do roubo da súa chave é a carriza Feliciana, o escarabello dáse conta de que se trabucou, dillo aos seus conveciños e todos acoden a liberar a Gastón da prisión. O grilo Gastón unha vez liberado invita ao escarabello Darío á súa casa para escoitar, xunto cos demais amigos, a súa harpa. As ilustracións da propia autora dende a cuberta preséntannos ao personaxe do conto e parte do contorno no que se vai desenvolver a historia. O resto teñen unha composición a dobre páxina nas que se insiren os pequenos fragmentos de texto e letra seguida, pensada para os nenos e nenas que se inician na lectura. A técnica empregada é a acuarela resolta con gran soltura e con grandes pinceladas de cores planas e cálidas -amarelas, laranxas, vermellas, verdes...- sen pretensión volumétrica. Apréciase un marcado estilo infantil no deseño das figuras dos personaxes, estilizando os seus membros e simplificando as súas faccións e usando o animismo. As formas esquemáticas presentan desproporcións co fin de acadar unha maior expresividade e achegamento ao texto. As lecturas visuais e textuais compleméntanse.

Recensións:

- Noelia Muíños, 'O grilo Gastón. A pequena árbore', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 6 a 9 anos', 2004, p. 71.

Resáltase a linguaxe propia de Ánxeles Ferrer nas súas ilustracións coa presenza en *O grilo Gastón* e en *A pequena árbore* da tenrura no ton e a capacidade de observación e consideración dos detalles. Recóllense exemplos de ambas as dúas obras nas que se aprecia "o mundo iconográfico propio da autora" para a seguir, criticarse a falta de evolución da súa linguaxe. Finalízase, salientado da primeira obra a tenrura da historia e a eficacia da súa sinxeleza e da segunda a axeitada simplificación de contidos textuais aínda que difíciles para o lectorado agardado.

- María Navarro, 'O grilo Gastón', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 71, 'Infantil/Xuvenil', 19 febreiro 2004, p. VII.

Faise fincapé nos valores que están implícitos na historia que se presenta en *O Grilo Gastón*. Resume o argumento e destaca o transfondo didáctico que tenta encher as páxinas deste volume.

- Mª Jesús Fernández, 'O grilo Gastón', *CLIJ*, nº 177, 'Libros/Novedades', decembro 2004, p. 60.

Cualifícase o conto de enxeñoso e fermoso. Descríbese a historia que se trata e que se centra na inmigración, a amizade, o dereito de todos a vivir mellor, protagonizada por un trasno e animais humanizados. Remata referíndose ás ilustracións que cualifica de divertidas e tenras, nas que se usan as cores para facer referencia a estados de ánimo e moitos elementos que levan á cultura de procedencia de Gastón. "Un album para leer con la ayuda de un mediador o en clase, para hablar del tema de fondo".

Ferrín, Chus, *¿Onde está o sol?*, ilust. da autora, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2004, col. Bolboreta, idade recomendada Prelectorado, [26] pp. (ISBN: 84-7824-445-X).

Chus Ferrín (Vigo, 1968) por medio dunha lectura visual e textual ofrécenos a historia dunha aldea que sufriu as inclemencias temporais máis duras. Un ano non parou de chover e toda a aldea converteuse nunha lameira sen esperanza de que o tempo cambiara. Na casa da estrela vivía a nena Xoana coa súa avoa que era a menciñeira. A nena que quería ter vacacións, pois co mal tempo era imposíbel xogar, pediulle á avoa que fosen buscar o sol. Así o fixeron e conseguiron dar cun sol pequeno, que estaba moi débil. Decidiron levalo para a aldea e alimentalo, coidalo para que os axudase. O sol que era unha sola medrou e cando puido marchou para o firmamento e deixou a aldea con luz. Unha historia na que se coida a linguaxe non sexista valorando que a solución para a aldea viñese dunha Sola, pois

como dixeron a Adiviña do tempo e a Menciñeira "é ben sabido que unha Sola alumea máis forte e a calor que desprende acariña mainamente". As imaxes en acuarela con predominio de tonalidades cálidas ocupan nas páxinas máis espazo có texto, ademais existe unha grande interrelación entre as ilustracións e a narración, formando unha unidade con significado. Con este tipo de libros aseguramos que o lectado goce dunha experiencia estética, ademais doutras accións intelixentes como a busca da información e o sentido das ilustracións, facer todo tipo de asociacións, etc. A cuberta sitúanos no relato por medio da pregunta que aparece sobre un fondo chuvioso, as outras páxinas configúranse con grandes imaxes e co texto en letra unida sobre fondos de cor plana que gardan relación cromática coa ilustración. Estas imaxes son de gran simbolismo e carácter fantástico, de formas moi estilizadas nas que utiliza xogos de fragmentación e desproporción.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 100, 18 novembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *Crónicas marcianas* (2004), de Ray Bradbury; *¿Onde está o sol?* (2004), de Chus Ferrín; *O vento de Antón* (2004), de Xosé A. Perozo e María Lires; e *Mar de cores* (2004), de Begoña Martín e Paloma García. Da obra de Chus Ferrín saliéntase que se trata da historia dos cidadáns dunha vila na que non paraba de chover e de cómo foron capaces de facer fronte á tristura que tal situación lles producía.

Gracián, Ánxela, *Chis Chisgarabís*, ilust. Xulia Barros, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2004, col. Ala Delta, nº 7, serie Azul, a partir de 8 anos, 123 pp. (ISBN: 84-263-5185-9).

Ánxela Gracián (Castroverde, Lugo, 1968) por medio dun narrador omnisciente conta as aventuras de Chis Chisgarabís. Ambiéntanse as historias que se contan na Fraga da Costa Verdescente. Descríbese a fraga con moita cor a través da linguaxe e das percepcións dos animais e tamén se fai oír a música que se produce nela. Neste ambiente colorista e musical desenvólvese sobre todo a historia do trasno, o personaxe mitolóxico, Chis Chisgarabís, un trasno azul que cre ser diferente a todos os demais trasnos e por iso se cobre cunha túnica para que non vexan a súa cor pois cre que todos os demais son grises. Esta característica do trasno entre outras moitas, lévano a intentar marchar co sol e cómo non sabe ónde sacar o billete pregúntalle á curuxa Madalena "a que lugar ía o sol ao se marchar e de que lugar se regresaba ao volver". Como a curuxa non soubo contestar armouse unha boa lea, lea que levou ao moucho Chorón a dubidar de seguir ao mando da fraga e á necesidade de substituír á Curuxa, para iso resolveu que quen dese contestación á pregunta de Chis sería o sucesor. Debido ao gran rebumbio que isto armou, Madalena quixo facer desaparecer a Chis e levouno a xunto as bruxas, pero alí Chis consegue escapar e desenmeigar a Blancaflor, unha fermosa rapaza convertida en bruxa. Blancaflor forma a Chis e consegue respostar á súa pregunta pero ao final non quere o mando da fraga e saca dous billetes para marchar con Blancaflor e co sol. As ilustracións monocromáticas de Xulia Barros (Lomas de Zamora-Bos Aires, Arxentina, 1968) están realizadas con debuxos de tinta chinesa e

augadas en grises. A característica principal do personaxe, que é ser de cor azul, non se ve reflectida agás na cuberta, que si ten cor.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, 'Entrega de premios de El Corte Inglés', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 13 maio 2004, p. 34.

Ademais de dar conta da entrega de premios do concurso de carteis organizado dentro da Semana das Letras Galegas polo Centro Comercial Compostela, tamén se fai eco da presentación do volume *Chis Chisgarabís*, de Ánxela Gracián.

- Jose Matamoros, 'Santiago responde a la llamada', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 14 maio 2004, p. L15.

Dáse conta, entre outros actos da xornada, da presentación de *Chis Chisgarabís*, de Ánxela Gracián no Centro Cultural Compostela. Sinálase que durante o acto tivo lugar tamén unha escenificación do conto realizada polo actor Mario Tomás.

- Ana Iglesias, 'Escenificación del libro 'Chis Chisgarabís', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 14 maio 2004, p. 36.

Nesta sección fixa na que se dá conta de feitos de actualidade que teñen lugar na cidade de Santiago de Compostela, nesta ocasión refírese, entre outros aspectos, á presentación dentro dos actos celebrados con motivo do Día das Letras Galegas de *Chis Chisgarabís*, de Ánxela Gracián. Sinálase que para achegarlle aos rapaces presentes este libro levouse a cabo unha escenificación a cargo do actor Mario Tomás, á que tamén asistiu a propia autora e a profesora Blanca-Ana Roig Rechou, en representación de Galix, organizadora do acto, que presentou o libro.

Loriga, Lupe, *Kofu: o neno de chocolate*, ilust. Ana García Martínez, Vigo: Nova Galicia Edicións, 2004, col. Contos de mamá, idade recomendada [lectorado autónomo], [23] pp. (ISBN: 84-96293-36-X).

Lupe Loriga neste relato de corte realista reflicte o tema da discriminación racial. Nel cóntase cómo unha nai lle explica ao seu fillo, a través dun conto, a importancia da amizade sen discriminacións raciais e da igualdade entre as persoas independentemente da súa procedencia, sexo ou cor da pel. Neste conto nárrase cómo un rapaz é discriminado polos nenos da súa idade por xogar e ser amigo dun neno de cor chamado Kofú. Esta situación solvéntase coa axuda da nai do neno discriminado quen consegue que ao final todos os nenos se fagan amigos de Kofú ao demostrarlles que ao igual que o chocolate segue sendo chocolate tanto se é branco coma se é negro tamén hai persoas de diferente cor. As ilustracións de Ana García Martínez están realizadas con pintura. As cores son saturadas e

predomina a gama cálida; están aplicadas en forma de tintas planas. As figuras dos personaxes están desproporcionadas e a sensación que producen é de mutilación.

Loriga, Lupe, *O zapateiro máxico*, ilust. Ana García Martínez, Vigo: Nova Galicia Edicións, 2004, col. Contos de mamá, idade recomendada [lectorado autónomo], [23] pp. (ISBN: 84-96293-23-8).

Neste relato de Lupe Loriga, con ilustracións de Ana García Martínez, cóntase que unha nai lle narra un conto ao seu fillo para que entenda o valor de sentimentos como a amizade. Trátase da historia dun zapateiro que vivía nun bosque e que se dedicaba a confeccionar zapatos máxicos, pois facían camiñar de novo aos nenos coxos. Chamado polo rei para que lle fixera uns zapatos á princesa, que tampouco podía camiñar, o zapateiro instalouse en palacio e fixo uns zapatos moi fermosos e cos mellores materiais, pero non conseguiu que a princesa puidera camiñar de novo. De volta na súa casa, confeccionou outros cos materiais que os seus amigos os animais lle trouxeran, cos que agora si puido camiñar a princesa, o que viña demostrar que os zapatos só eran máxicos se estaban feitos con amor e bondade. As ilustracións, realizadas con pintura, teñen cores saturadas e predomina a gama cálida; están aplicadas en forma de tintas planas. As figuras das persoas están desproporcionadas e a sensación que producen é de mutilación.

Lourenzo González, M., *Piñeco*, ilust. Manolo Uhía, A Coruña: Everest Galicia, 2004, col. Montaña encantada, idade recomendada primeiros lectores, [46] pp. (ISBN: 84-403-0523-0).

Manuel Lourenzo (Vilaboa, 1955) por medio dun narrador omnisciente conta a historia de Piñeco, un esquío bulideiro que vive no País do Verde Perenne e que presume de ser moi áxil e de non temer perigo ningún. Para demostralo, sempre que ten público, dedícase a dar arriscados chimpos de póla en póla. Gusta de facer as súas demostracións cando o vello Grandarume lles conta as historias da súa mocidade aos esquíos máis novos, porque é nese momento cando ten máis público. Con todo, algúns esquíos non crían unha palabra de canto o vello contaba, pois dicían que era un enredante e que as súas lembranzas só eran as fantasías dunha mente desgastada polos anos. Entre os máis desconfiados atopábase Piñeco. O anuncio do avó esquío de contar a aventura máis sorprendente e orixinal de todas cantas lle ocorreron concentra a atención de todos, mesmo de Piñeco, que, ao final, resulta ser o máis sorprendido. Nas ilustracións Manolo Uhía (Portonovo, 1944) emprega a técnica da acuarela. Son de corte figurativo e ocupan todas as páxinas do libro. As formas, con pinceladas cada vez máis secas, vanse construíndo sobre uns fondos de tintas húmedas. As tonalidades teñen cores moi matizadas e cromaticamente moi ricas, sen que predominen as cores frías sobre as cálidas ou viceversa. A composición é variada e xira arredor do protagonista.

Marcos Ta, *Os xemelgos*, ilust. Simon Espinosa Faci, Vigo: Nova Galicia Edicións, 2004, col. Contos de mamá, idade recomendada [prelectorado], [22] pp. (ISBN: 84-9782-152-1).

Baixo o pseudónimo de Marcos Ta, a poeta María del Mar Costa Alfonso (Santiago de Compostela) saca á luz este álbum co que se estrea como autora de literatura infantil. Neste relato Xabier e Pedro, dous xemelgos moi ben levados, serán vítimas dos continuos ataques e ensarillados do seu veciño don Perfecto quen, por mor da súa cobiza, intenta enfrontar aos irmáns co fin de conseguir as terras que herdan. Os irmáns pola contra, no lugar de ser cobizosos e loitar por obter a maior cantidade de propiedade seguen os consellos da súa nai, facelo ben porque só se pasa pola vida unha vez, axúdanse mutuamente e dialogando conseguen un reparto equitativo da herdanza dos seus pais. As ilustracións de Simón Espinosa preséntannos e caracterizan xa dende a cuberta aos protagonistas. Están deseñadas por medio de composicións a dobre páxina nas que o texto se integra e dota de significado ás imaxes, conformando así un todo, creando unha dialéctica visual e textual que se complementan. As imaxes están realizadas con pinturas de cores moi contrastadas e formas onduladas sobre unha base con moita textura, nas que algunhas veces se emprega a colaxe.

Marcos, Xesús Manuel, *O brindo de ouro. I. A chamada do Brindo*, Premio Merlín 2004, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, setembro 2004, col. Fóra de xogo, nº 80, idade recomendada [mocidade], 233 pp. (ISBN: 84-9782-206-4).

Novela épica na que se narran as loitas de diferentes tribos por liberarse do poder de Seara, a Bruxa dos Broncedos, que as someteu e destruíu as súas aldeas. Xesús Manuel Marcos (Seoane do Caurel, 1967) gañou con esta obra o Premio Merlín 2004. Está estruturada en dezasete capítulos titulados e ten como protagonista a Selmo, fillo do gardián do Brindo de Ouro da tribo dos arxinas, un mozo impetuoso que mantén unha forte amizade co seu lobo albino. Selmo asiste impotente á destrución e cativerio do seu pobo, feito do que el logra poñerse a salvo. Na súa fuxida atopa a Toimil, un guerreiro alobri que vivía illado nas Campuliñas e que decide acompañalo para loitar pola liberdade dos seus. A eles unirase Oulego, un sabio bardo que fora abandonado pola súa tribo para que morrera e que co seu coñecemento da maxia lles resultará de grande axuda. Na busca de respostas ás causas da destrución atopan con algúns arxinas desorientados e con eles a Xida de Mogoche, quen lles explica cál é a maldición do Brindo. Esta anciá sabia revélalles que o corno máxico de ouro fora construído por un discípulo de Seara, unha ourive coñecedora da adiviñación e con grandes poderes, que se sentiu desprezada e que botou sobre el o maleficio de que sempre tería que estar vixiando, por que no caso de ser atacados os guerreiros non poderían defenderse sen ter escoitado antes o son do Brindo. Isto propiciou que o pai de Selmo se sacrificara converténdose no vixía, unha entrega que recompensou á súa caste coa liberación da maldición, o que converte a Selmo no único capaz de loitar por liberalos do cativerio. No seu periplo atopan en Abellonenia con Oribio, o coidador das colmeas, que os salva do ataque dun oso e os acolle na súa casa, onde coñecen as tres fillas deste, e onde Selmo se namora de Candea; e na devesa da Rogueira, Toimil coñece a sorte da súa tribo e que o Brindo de Ouro fora roubado por Martul, o seu maior opoñente e rival nos amores da princesa Ildara, que permanece cativa. Dende este momento comeza a loita por recuperar o Brindo e liberar á moza, que se resolve coa substitución do verdadeiro corno de ouro por unha imitación, deixando libres para defenderse aos arxinas, que somenten así ao inimigo. Este libro soamente ten ilustrada a cuberta cun traballo de Juan Carlos Abraldes (Barcelona, 1971); está realizada a cor, é de tipo figurativo e nela aparecen os protagonistas do libro en

actitude desafiante. O estilo empregado anticipa o tema épico da obra, a vestimenta e os detalles que adornan o protagonista (arracadas, torques, etc.) evocan a antigüidade galaica. A iluminación empregada avanza o contorno misterioso e mítico no que se desenvolve toda a narración.

Recensións:

- Rodri García, 'Liortas nas terras do Courel', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 81, 9 outubro 2004, p. 9.

Achégase á obra gañadora do Premio Merlín, *O Brindo de ouro*, de Xesús Manuel Marcos, da que destaca a recuperación da toponimia da Serra do Caurel, lugar orixinario do autor. Sinala que o argumento xira arredor da loita de Selmo, un mozo da tribo dos arxinas; Toimil, un guerreiro solitario, e Oulego por recuperar o brindo de ouro e liberar ao seu pobo da escravitude. Sinala que o mundo propio no que se desenvolven os protagonistas ten concomitancias co creado por Tolkien e que nel se combinan as referencias á xeografía real coas de carácter máxico. Remátase salientando a mestría do autor para mesturar todos estes elementos e a calidade desta novela coa que "gozará calquera lector, e non só os máis novos".

- María Navarro, 'O Brindo de ouro', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 102, 'Infantil/Xuvenil', 2 decembro 2004, p. VII.

Comeza cunha reflexión sobre a cobiza dos homes, presente na temática de *O Brindo de ouro*, de Xesús Manuel Marcos, novela gañadora do Premio Merlín 2004. Unha novela da que destaca a historia de amizade, valor e axuda que ten como protagonistas a uns personaxes que viven grandes aventuras. Salienta a recreación que se fai dun mundo mítico, no que o protagonista é o mozo Selmo e os guerreiros Toimil e Oulego. Tamén destaca a importancia da maxia, a recreación da paisaxe, das accións ou a descrición dos personaxes, así como a riqueza da lingua empregada.

Referencias varias:

- César Lorenzo Gil, 'Xesús Manuel Marcos. Hai editores que non saben vender os seus libros', *A Nosa Terra*, nº 1.147, 'Cultura', 2004, dende 21 outubro 2004 ata 27 outubro 2004, p. 29.

Conversa con Xesús Manuel Marcos con motivo da publicación da súa novela *O Brindo de ouro*, na que comeza sinalando que está a escribir unha nova entrega cos mesmos personaxes. Refírese ao desafío persoal que lle supuxo a creación desta obra e á influencia de autores como Lovecraft, Tolkien ou Ende. Da riqueza léxica que caracteriza a obra, sinala que considera que é fundamental malia a dificultade que poida entrañar para algún lectorado, do mesmo xeito que destaca o emprego de topónimos reais da Serra do Caurel, da Ribeira Sacra ou dos Ancares. Admite certas concomitancias con feitos históricos, aínda

que é unha historia fantástica. Considera que o ensino non está sendo unha ferramenta de normalización de lectura, por iso descende cada vez máis o lectorado infantil e xuvenil, malia que segundo el a literatura galega está a vivir un momento excepcional. Critica a falta de difusión real da literatura galega nos medios de comunicación e de formación dos mediadores, especialmente no referido ao mundo editorial. Finalmente, alude á satisfacción que lle deu gañar o Premio Merlín, a que non escribirá en castelán por ser o galego a lingua na que expresa o que sente e á problemática da perda do sistema tradicional galego, especialmente pola despoboación que sofre o interior.

- Camilo Franco, 'Manuel Veiga gaña o Xerais cunha novela sobre o retorno do exilio', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 xuño 2004, p. 57.

Dáse conta do acto de entrega dos premios Xerais e Merlín a Manuel Veiga por *O exiliado e a primavera* e a Xesús Manuel Marcos por *O Brindo de ouro*, respectivamente. Ademais de facer referencia ao cambio de lugar na entrega dos premios como sinal de do e solidariedade coas familias dos mariñeiros mortos no naufraxio do barco O Bahía, tamén se repasa brevemente o argumento de cada unha das obras gañadoras. En cadro á parte ofrécese unha breve entrevista con cada un dos gañadores. Manuel Veiga fala do punto de vista dos exiliados, presente xa en obras de autores como Luís Seoane, Celso Emilio Ferreiro ou Eduardo Blanco Amor, do recoñecemento que agardan estes intelectuais no seu afán por facer país ou o pouco tratada que está aínda a transición na literatura galega. Xesús Manuel Marcos refírese ao carácter mítico do espazo do Caurel, a falta dunha intencionalidade inicial de dirixir a obra ao lectorado mozo e a importancia da fantasía como ferramenta literaria.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 98, 4 novembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *O exiliado e a primavera* (2004), de Manuel Veiga; *O brindo de ouro* (2004), de Xesús Manuel Marcos; *A cousa vermella* (2004), de Olga Novo; e *A pequena árbore* (2004), de Ánxeles Ferrer. Da obra de Xesús Manuel Marcos destácase o seu triunfo na edición 2004 do Premio Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil e faise un somero resume dela.

- Natalia Álvarez, 'Unha boa literatura de xénero, en Galicia, axudará á lingua', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 101, 'Entrevista', 25 novembro 2004, p. III.

Entrevista a Xesús Manuel Marcos, autor da novela gañadora do Premio Merlín, *O Brindo de ouro*. Comeza sinalando a ambivalencia do texto para o lectorado adolescente e o adulto, o gusto da mocidade polo xénero fantástico ou a influencia que exercen nel autores como Tolkien, Ende, Cunqueiro ou mesmo Fole. Despois de sinalar que escribiu a obra porque desexaba facer unha novela fantástica ambientada na súa terra natal, considera que este xénero está pouco desenvolvido na literatura galega e aponllo a certo medo á "novela de xénero", feito que considera un erro para a normalización do idioma. Tamén alude á

influencia da tradición oral, ao recurso á lingua galega como fonte da toponimia, á posibilidade de continuar con esta saga e á importancia de ter acadado o Premio Merlín. Este artigo foi publicado en *La Opinión* o día 11 de decembro de 2004.

- Natalia Álvarez, 'Unha boa literatura de xénero axudaría á lingua galega', *La Opinión*, *'Saberes'*, 'Entrevista', 11 decembro 2004, p. 13.

Entrevista a Xesús Manuel Marcos, gañador do Premio Merlín 2004 por *O brindo de ouro*, na que explica o seu gusto pola literatura fantástica e reflexiona sobre a carencia deste xénero na literatura galega. Marcos sinala, en primeiro lugar, que a súa obra non está unicamente destinada ao público infantil e indica que o seu gusto pola literatura fantástica vén dende a súa xuventude, cando comezou a ler a Tolkien ou Michael Ende; explica que a súa obra ten influencias de Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole e considera que a literatura fantástica está pouco desenvolvida en galego; pensa que hai unha especie de rexeitamento pola literatura de xénero e considera que isto é necesario para afianzar unha literatura e normalizar unha lingua. Finalmente, fala desta novela e indica que está ambientada no Courel e inspirada en lendas e historias que escoitou de rapaz. Este artigo foi publicado tamén no *Faro de Vigo* o 25 de novembro de 2004.

Meixide, Carlos, *A Miragaia*, ilust. Xeno, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2004, col. Infantil, nº 50, Máquina de escribir, a partir de 8 anos, 57 pp. (ISBN: 84-7824-451-4).

Carlos G. Meixide (Vilagarcía de Arousa, 1977) presenta neste relato, estruturado en catro capítulos titulados, as vivencias dos nenos da aldea mariñeira de Miragaia. Un narrador omnisciente en terceira persoa describe que este lugar está formado por cinco casas pintadas de vivas cores, nas que os nenos e nenas se chaman entre eles polo nome e a cor da súa casa. Este grupo, formado por Sabela da Amarela, Antía da Verde, Ramón da Azul, Lucía da Rosa e Diego da Vermella, fai fronte a problemas como a chegada dunha treboada que ameaza con descolorar as súas casas, coñece de primeira man a problemática dos refuxiados políticos a través dun neno moi triste que chega á aldea e que non logran que xogue con eles, disputa con toda a aldea a partida anual de parchís e coñece a beleza da poesía, axudados todos eles sempre polo vello da Casoupa da Toupa. O texto conta con algunhas ilustracións de tipo figurativo de Xeno (Porto do Son, A Coruña, 1975), nas que se representan escenas do narrado. Están realizadas en branco e negro, cunha certa busca de claroscuro e predominio das liñas curvas. Os personaxes aparecen debuxados en actitudes que subministran información e detalles do contorno onde se desenvolve a narración.

Miloro Costas, Rosario, *¡Cóntame un conto, Alfonsiño!*, ilust. Erea Ledo Vázquez, Vigo: Ir Indo Edicións, 2004, col. Elefante Contacontos, nº 32, serie Rosa, mais de 5 anos, 31 pp. (ISBN: 84-7680-503-9).

Conto de Rosario Miloro Costas (Francia, 1965) no que un narrador en terceira persoa presenta as características espazo-temporais nas que se desenvolve a historia e os personaxes que a protagonizan. Así, sabemos como Soidade se achega á pequena cachoupiña do trasno Alfonsiño para que este lle conte fermosas historias. De seguido, reprodúcese a historia que Alfonsiño lle conta á rapaza ao pé da lareira: a historia dos amores do Sol Lourenzo e a Lúa Catuxa e cómo estas dúas estreliñas, que alumeaban a Terra namoradas e libres, tiveron que separarse para deixar que nacese a Vida, grazas ás directrices dun vello e sabio Druída. Ao remate do conto recóllense, baixo o epígrafre "O conto como recurso didáctico", unha serie de utilidades que deste xénero os nenos e nenas poden aprender e uns eixes temáticos, suxeridos pola autora do relato, cos que os mestres e mestras poden traballar. As ilustracións de Erea Ledo Vázquez (Vigo, 1994), debuxos que o texto lle suxeriu despois da lectura, están realizadas con lapis de cores e amosan escenas do narrado. Erea Ledo, unha nena que cursa 4º de primaria e a quen lle gusta debuxar, é a autora das ilustracións deste volume no que xa dende a cuberta van iluminando fragmentos do texto complementando ambas informacións: a visual e a textual. Están realizadas con lapis de cores con formas delimitadas por trazos de lapis negro e coloreadas con tons básicos, aínda que algunhas veces están matizados por outros máis escuros: mar, ceo, campo, etc. Ocupan sempre unha páxina e na contigua vai colocado o texto con letra seguida, pensada para os que se inician na lectura.

Miranda, Xosé, **Reigosa**, Antonio, *Arrepíos e outros medos. Historias galegas de fantasmas e de terror*, ilustr. Álvaro García Lema, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, setembro 2004, col. Contos de lendas, nº 1, 164 pp. (ISBN: 84-9782-194-7).

O volume ábrese cun "Limiar" no que Xosé Miranda (Lugo, 1955) e Antonio Reigosa (Zoñán, Mondoñedo, 1958) expoñen os contidos ou aclaran determinados aspectos da súa obra. Xa na primeira frase sublíñase que se trata de "cen historias de terror e pantasmas tiradas da tradición oral galega". Explícanse ao lector conceptos moi relacionados con estes contidos, como son os de "lenda" ou "medo". Os autores defenden o uso da tradición oral e consideran que o medo debe formar parte do repertorio de coñecementos teóricos dos nenos. En consecuencia, defenden a existencia do medo na literatura. Rematan por expoñer a súa intención á hora de recompilar as historias desta obra: "facerlle pasar ao lector un chisco de medo, ou sexa, un momento agradábel". Unha vez rematado o limiar, recóllense as cen historias de medo ás que se alude neste, cincuenta e seis de Antonio Reigosa e corenta e catro de Xosé Miranda. A maioría dos relatos escollidos pertencen ao que os propios autores denominan "lendas tradicionais". Son historias de tradición oral, fantasiosas e nas que aparecen criaturas saídas da máis pura imaxinación (demos, meigas, a Compaña…), pero que ao mesmo tempo inclúen certas referencias concretas e motivos que as chegan a facer nalgunha medida verosímiles para o lector (a figura do narrador en primeira persoa, escenarios coñecidos da xeografía galega). Outro dos tipos de lendas máis salientábeis contidos na obra é o das "lendas urbanas", moito máis próximas no tempo e moi escasamente tratadas na bibliografía galega. Entre este tipo de lendas poderiamos citar "O neno na lavadora", "O furor da panca de cambios" ou "No hospital". Todas as historias foron recollidas en Galicia e resultan dunha grande heteroxeneidade, de xeito que un dos poucos fíos que verdadeiramente as une é o feito de que, nelas, o medo é o elemento condutor. Trátase na inmensa maioría dos casos de relatos moi breves e cunha escrita moi

sinxela, na que se obvian os alardes estéticos para concentrar fortemente a acción e buscar atraer a atención do espectador. Ao final do volume inclúense unhas notas nas que se detalla a procedencia de cada unha das lendas recollidas nas páxinas precedentes. As ilustracións de Álvaro García Lema están feitas cuns debuxos a tinta en estilo figurativo. A técnica empregada é moi coidada e vai creando as formas por acumulación de trazos e tramas que conseguen un efecto volumétrico. As imaxes ocupan unha páxina completa onde a composición acumula personaxes e datos da paisaxe e do contorno cun espíritu onírico.

Recensións:

- María Navarro, 'Arrepíos e outros medos', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 100, 'Infantil/Xuvenil', 18 novembro 2004, p. VII.

Enmárcase a obra dentro do labor máis amplo dos autores de recuperación da literatura galega popular de tradición oral. Explícase porqué as lendas recollidas se cualifican de "galegas", así como a súa organización dentro da obra e os recursos que empregan para que os lectores as vexan como verosímiles. Neste senso, sublíñase que en todas as historias o feito comeza por presentarse como sobrenatural para logo pasar a converterse en algo case críbel.

- Francisco Martínez Bouzas, 'Convivencia de arrepíos antigos e medos modernos', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Escolma', 21 novembro 2004, p. 3.

Despois dunha serie de consideracións iniciais sobre a rica literatura de medo galega, alúdese ao labor de recolleita que dos relatos orais desta temática teñen levado a cabo ao longo de varios anos os autores do volume que se está a comentar, tamén inscrito nesa tarefa de recolección do imaxinario popular da nosa terra. Alúdese ás cen historias de terror escolmadas e aos contidos das mesmas, subliñando a división existente entre elas, entre relatos breves de tradición oral e lendas urbanas, máis modernas. Todas elas estarían unidas polo sentimento de medo e por unha escrita sinxela e lineal, en relatos que concentran fortemente a acción.

- Armando Requeixo, 'Arreguizos de lenda', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 26 decembro 2004, p. 21.

Inscríbese a obra comentada dentro do labor dos autores de recuperación e recreación da literatura galega de tradición oral. Enuméranse os diferentes tipos de lenda recollidos no volume e os personaxes que nelas "habitan", así coma as orixes orais da maior parte das cen lendas recollidas. No que se refire propiamente ao labor de Xosé Miranda e Antonio Reigosa, descríbese o estilo de cada un deles e valórase positivamente a súa decisión de incluír as fontes das distintas narracións base. Faise referencia ás ilustracións da obra e vólvese incidir nos valores da mesma.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Namorado dos contos', *Galicia Hoxe*, 7 2004, p. 52.

A alusión á obra enmárcase aquí dentro da importancia que esta presenta para a recuperación da narrativa galega oral. Así, nun primeiro momento faise referencia ás posibéis causas que, segundo Reigosa, puideron ter motivado o decaemento desta clase de literatura. A continuación, incídese na loita do autor mindoniense por conservar os mitos populares da nosa terra en perigo de desaparición, e sublíñase a súa intensa traxectoria de cara á consecución deste obxectivo. A colección *Cabalo Buligán*, consistente nunha serie de contos galegos orais, centra a seguinte parte do texto, enlazando cos recoñecementos que Reigosa ten obtido polo seu labor literario e coa especial atención que lle ten dedicado á narrativa infantil e xuvenil dentro da súa propia obra: Reigosa oponse á consideración dos contos como xénero menor e defende a adecuación dos seus libros a todas as idades. O texto remata co anuncio da próxima publicación de *Bacoriño* e da propia obra que agora nos ocupa, ambos volumes nos que o autor toma de novo como inspiración a narrativa popular.

- Xesús Fraga, 'As narracións de medo abren unha nova colección de lendas galegas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 outubro 2004, p. 52.

Na primeira parte do texto faise referencia ao obxectivo central da obra, a recolleita de lendas galegas orais para espertar no lector sensacións de medo e temor. Os personaxes fundamentais das cen historias e os lugares de procedencia das mesmas centran este apartado inicial de introdución. Nunha segunda parte, explícanse as diferencias entre lendas e contos e as semellanzas que estas últimas presentan en puntos moi dispares do planeta. Sinálase, así mesmo, que as diferenzas e similitudes xenéricas son obxecto de referencia nunhas notas que se inclúen dentro do propio volume. Nun despece complementario, alúdese á opinión dun dos recompiladores, Xosé Miranda, sobre o éxito do medo na literatura, e faise referencia á inclusión de lendas urbanas no repertorio da obra. O artigo péchase aludindo ao obxectivo de todo relato de medo por parte de quen o conta: lograr que o oínte non caia en certos comportamentos considerados inadecuados polo relator. Dúas das dez ilustracións de ´lavaro García Lema para o libro serven de acompañamento ao texto.

- Marcos Valcárcel, 'Estes son os nosos arrepíos', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 18 outubro 2004, p. 56.

Saúda a iniciativa de dignificar o conto popular galego de tradición oral, grazas ao labor levado a cabo por Xosé Miranda e Antonio Reigosa en Edicións Xerais de Galicia. A este respecto, menciona publicacións como o *Diccionario dos seres míticos galegos*, os vinte volumes da colección 'Cabalo Buligán' e novos títulos como *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral galega*, *Cando os animais falaban*, *Pequena mitoloxía de Galicia* e *Antoloxía do conto galego de tradición oral*. Neste sentido, fai unha valoración moi positiva da escolma de lendas *Arrepíos e outros medos*. Historias galegas de fantasmas e de terror, elaborada por Xosé Miranda e Antonio Reigosa.

- Marcos Valcárcel, 'Esculcas na cultura inmaterial', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 19 outubro 2004, p. 72.

Sublíñase a importancia das historias contidas no libro para introducirse no estudo da cultura popular, e en concreto nos seus aspectos máis inmateriais e simbólicos. Sinálanse as fontes empregadas polos autores para a construción do volume, cunha atención especial ás de carácter local. O texto remata cunha reflexión acerca de moitas destas obras, modestas pero de grande interese á hora de ir creando os alicerces dun país.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 19 outubro 2004, p. 59.

Faise referencia ao tipo de historias que se inclúen no libro, á semellanza entre os contos e lendas populares en todas as culturas do planeta e ás inclusións na obra das lendas urbanas.

- Marcos Valcárcel, 'Meigallos, avisos, dentes do diaño', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 20 outubro 2004, p. 64.

A referencia á obra inscríbese neste caso dentro dunha reflexión xeral acerca das adaptacións literarias de moitas lendas populares galegas dende o Rexurdimento. Se nun primeiro momento se citan diferentes autores, no segundo parágrafo concédese unha atención especial a Ánxel Fole. A recompilación de Miranda e Reigosa non se cita até a última parte do texto, xunto á historia de Marina Mayoral "Los dientes del Maligno". A razón para relacionar un e outro texto é que ambos recollen lendas relativas aos dentes do diaño.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 20 outubro 2004, p. 76.

Faise referencia ás fontes documentais na que os autores da obra se inspiraron á hora de dar forma á mesma: autores clásicos e estudos locais sobre cultura inmaterial.

- Marcos Valcárcel, 'Lobos, lobishomes, lubicáns', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 21 outubro 2004, p. 63.

A partir das cinco lendas vencelladas a estas criaturas fantásticas que se inclúen na recompilación, faise un percorrido polas distintas obras e autores da nosa literatura que nun momento ou noutro dedicaron a súa atención a estes temas. A nómina é moi variada, tanto en estilos como en épocas. Así, cítanse autores como Vicente Risco, Carlos Martínez Barbeito ou Ánxel Fole xunto a grandes éxitos da literatura xuvenil galega como *Pel de lobo* ou *Morgún (Lobo máxio)*.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 22 outubro 2004, p. 83.

En medio dunha serie de enumeracións acerca de diferentes lendas populares inclúese unha referencia á recompilación. En concreto, esta céntrase nas historias máxicas sobre os dentes do diaño que o libro inclúe. Dalgunhas das máis destacadas cítase o título: "O home das sete dentaduras" ou "O comeaños".

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 23 outubro 2004, p. 75.

Resúmense as aparicións e lendas recollidas na obra, centrándose e relatando por extenso unha delas: a historia da enloitada que avisa das mortes, unha das moitas historias que se recollen na recompilación.

- Marcos Valcárcel, 'Unha muller altísima de negro', *Galicia Hoxe*, 'andoliña', 26 outubro 2004, p. 72.

Fai referencia á obra de Xosé Miranda, *Arrepíos e outros medos*, e destaca as lendas que neste volume falan dunha muller altísima, vestida de negro, que adoita aparecer para anunciar as mortes. A seguir, sinala que esta iconografía lle lembrou un relato de Antonio de la Iglesia, publicado en *A Monteira* e escolmado por Silvia Gaspar en *Antoloxía do conto galego de medo*, no que un rapaz persegue durante unha noite, por toda Compostela, a unha moza xentil e fermosa, até que, de día, descobre que por debaixo do vestido asoman unhas poutas de lobo, de unllas negras, longas e curvadas.

- S.J., 'Miranda e Reigosa principiaron o estudo das lendas urbanas galegas', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 28 outubro 2004, p. 89.

Alúdese á presentación do libro no Museo Provincial de Lugo e á súa importancia como volume no que por primeira vez en Galicia se recollen lendas urbanas. Na segunda parte da noticia faise referencia a unhas declaracións de Manuel Bragado, director de Xerais, centradas na gabanza da obra dos dous autores e da colección "Lendas de Galicia", na que esta se inscribe.

- Cristina López, 'Arrepíos e outro medos' abre unha colección sobre lendas de Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 28 outubro 2004, p. L14.

Dá conta da presentación no Museo Provincial de Lugo da obra *Arrepíos e outros medos. Historias galegas de fantasmas e terror*, da cal son autores Xosé Miranda e Antonio Reigosa. Dise que este volume, co cal se inicia a colección de Xerais "Lendas de Galicia", recolle cen historias de terror e fantasmas, tiradas da tradición oral galega. Achéganse as palabras dos autores e do director de Xerais; aqueles xustificaron que foran as lendas de medo as que iniciasen a nova colección por ser este a primeira emoción do ser humano e

que se lese o libro coma se fose unha guía para recorrer os lugares de medo de Galicia; o editor destacou o labor dos autores a prol da recuperación da tradición oral de Galicia.

- Marcos Valcárcel, 'De lobos e lobishomes', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 3 novembro 2004, p. 69.

A referencia á obra de Miranda e Reigosa encádrase nesta columna dentro dun percorrido polas historias populares vencelladas a lobos, lobishomes e lubicáns. Das cinco lendas do xénero que no libro se inclúen, faise unha breve referencia á figura do "lobo da xente", que aparece en dúas delas.

Miranda, Xosé, *Álvaro e Álvaro*, ilust. Patricia Castelao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2004, col. Merlín, nº 144, serie Verde, idade recomendada (De 9 anos en diante), 56 pp. (ISBN: 84-9782-214-5).

Un dos personaxes dos contos da transmisión oral, o Diaño Bulreiro, é o antagonista deste conto da autoría de Xosé Miranda (Lugo, 1955). Nel un trasno narra, en primeira persoa, cómo un preadolescente de doce anos consegue botar fóra da súa vida ao Diaño Bulreiro que o suplantara coa mesma imaxe na súa vida. No momento en que este rapaz fraco e con gafas cae no interior das galerías da Cova do Rei Cintolo, por mor dun dos seus continuos despistes, observa asombrado como un ser igual ca el sae do seu corpo e foxe da cova. Cando sae da cova descobre que o seu dobre o suplantara na vida real e ninguén se decatara do cambio agás a súa irmá maior. Intenta de diferentes maneiras recuperar o seu posto, facer desaparecer ao intruso e conseguir infructuosamente que a familia, o profesorado e as súas amizades o recoñezan. Será o narrador da historia, un trasno que abandona a cova xunto ao rapaz, quen decida presentarse ante o neno e axudalo na procura da solución ao problema. Grazas ao sabio Amancio Amigo, que lle presenta o trasno, descobre que tras o seu dobre se oculta o Diaño Bulreiro. Explícalle cómo se desdobrou, se apropiou da súa imaxe e cómo vencelo cunhas gafas dobraesquinas. Ao final, o trasno permanece definitivamente ao lado do neno que consegue vencer ao diaño cos lentes emprestados. As ilustracións de Patricia Castelao son de estilo figurativo, moi coidadas, con gran detalle e información do ambiente. A gama cálida tingue as ilustracións con cores moi mesturadas, case neutras. O uso da iluminación ten unha grande importancia, ás veces rodea aos personaxes dun halo dourado, outras fíltrase polo ocos creando luces e sombras, nalgunhas escenas é unha única fonte de luz tremente a que irradia cara as persoas, todo isto axuda a crear un clima de misterio á narración.

Recensións:

- Mª Jesús Fernández, 'Álvaro e Álvaro', *CLIJ*, nº 177, 'Libros/Novidades', decembro 2004, p. 65.

Salienta que Xosé Miranda construíu a historia deste conto a partir de fórmulas modernizadas dos de transmisión oral. Ademais de describir a historia refírese ao trasno das

"Covas do Rei Cintolo" que é o narrador-testemuña de todo o que acontece, un narrador que emprega o humor e o desenfado "que caracterizan a estos pequeños seres míticos".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 96, 21 outubro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *Gramática da lingua galega* (2004), de Xosé Feixó Cid; *Páxinas sobre Rosalía de Castro* (2004), de Xesús Alonso Montero; *A industria* (2004), de Adela Leiro e Mon Daporta Padín; e *Álvaro e Álvaro* (2004), de Xosé Miranda. Sobre *Álvaro e Álvaro* detense en facer un resumo da obra, baseada na duplicidade de dous personaxes e nos problemas que tal situación crea.

Mouriño, Miguel Anxo, *Os Arriscados*, ilust. Andrés Meixide, Vigo: Galaxia, xullo 2004, col. árbore/galaxia, nº 129, serie Verde, idade recomendada a partir dos 12 anos, 142 pp. (ISBN: 84-8288-736-X).

Primeira incursión na literatura infantil e xuvenil de Miguel Anxo Mouriño (Gondomar, 1943), que por medio dun narrador en primeria persoa relata as aventuras no colexio de Cobres e fóra del dun grupo de seis rapaces: Lelo, o protagonista, Pisco, Xolas, Antón, Noa e Chuco. Tratáse dun club de amigos mozos, "Os arriscados", do que se pode formar parte sempre que se superen algunhas probas, se demostre un pouco de valor e intelixencia e mesmo se aprenda un novo idioma inventado, o Galinglo, estrutura do inglés con palabras do galego. Segundo os aventureiros todo merecerá a pena para compartir as aventuras cos seus amigos. A novela ten unha estrutura clásica, unha supraaventura que lle dá unión e cohesión e varias aventuras ou anécdotas que se desenvolven en cada capítulo e baséase en valores como o amor, a amizade e a vida mesma. As ilustracións de Andrés Meixide (Vigo, 1970) son de estilo figurativo e achegan información do que ocorre no relato completando ao texto coas imaxes.O ilustrador aplica pinceladas en brancos e negros sobre unha base neutra, con estes contrastes crea unha atmosfera de misterio e de ambiente nocturno que define as distintas situacións da narración.

Recensións:

- Víctor Seoane, 'Arriscados', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novedades de 12 a 14 anos', 2004, p. 76.

Logo de celebrarse a chegada a LIX do escritor Miguel Anxo Mouriño con esta obra resáltase o bo coñecemento da psicoloxía preadolescente e do lectorado ao que se dirixe o autor, a temática e a súa ubicación nas novelas de pandas, a axilidade narrativa e tan só se lle recrimina un afastamento do lectorado por mor do emprego dun narrador desde a idade adulta.

Neira Cruz, Xosé A., *Eu son adoptada, ¿e que?*, ilust. Jokin Mitxelena, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, xuño 2004, col. ¿E que?, nº 11, idade recomendada [lectorado autónomo], 30 pp. (ISBN: 84-8288-718-1).

Conto infantil de X. A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) no que se relata cómo afronta unha nena adoptada con total normalidade as situacións cotiás que viven o resto dos nenos e nenas. Lu, unha nena chinesa adoptada por unha familia galega, sente unha gran preocupación por mor dunha das tarefas escolares. Na escola explícanlle que é unha árbore xenealóxica e mándanlle realizar o da súa familia, especificando os nomes dos pais e avós. A rapaza non sabe qué facer dada a súa situación familiar, ten catro pais e catro avós, e será a familia galega quen lle brinde unha solución cunha bafanada de normalidade e naturalidade: situar na árbore o nome tanto dos pais e avós chineses coma dos galegos. Remata a historia con certo grao de sensibilidade ao ser a nai galega, ante o desconsolo da rapaza por descoñecer o nome dos avós chineses, quen lle saliente a importancia de saber da existencia das persoas e non tanto o seu nome.Os debuxos iluminados a acuarela de Jokin Mitxelena (Donostia, Guipúscoa, 1962) amosan escenas graciosas e divertidas a través de formas con grande expresividade e carácter cómico, facendo do relato unha narración entrañábel, na que texto e ilustración completan o contido da obra. Son imaxes que ocupan toda a páxina, de carácter figurativo e formas delimitadas con trazos escuros de gran soltura. Predominan as tonalidades cálidas -amarelas, laranxas, vermellas, ocres- o que conecta co tema e os sentimentos cálidos que transmite o relato. Con gran simplicidade amosan moitos detalles dos personaxes -idade, vestimenta, expresións, etc.- e de obxectos do contorno no que se desenvolven as accións -obxextos da casa, do colexio, etc. A cuberta, como elemento peritextual, xunto coa contracuberta créanos a través da ilustración o ambiente e a atmosfera axeitadas para situarnos na narración.

Neira Cruz, Xosé A., *A viaxe a Compostela de Renato Ratoni, rato de compañía de Cosme III de Médicis*, ilust. Noemí López, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia ♦, outubro 2004, idade recomendada [lectorado autónomo], 54 pp. (ISBN: 84-453-3902-8).

Relato publicado con motivo da exposición do mesmo título celebrada en Santiago de Compostela e que coñeceu unha edición en galego, castelán e italiano. O rato narrador, que fai de guía por esta mostra, achégalle ao lectorado agardado a historia da viaxe realizada por Cosme III de Médicis en 1669 á Cidade do Apóstolo. Explica que el é un tataraneto do rato de compañía deste príncipe italiano, Renato Ratoni, que decidiu quedar en Galicia ao namorarse de Rata Linda de Compostela. Ao longo desta exposición, o guía, ademais de explicar os tesouros dos Médicis, tamén dá lectura a fragmentos do diario que o seu ascendente escribiu ao longo desta viaxe, no que explica o itinerario seguido, dende a súa chegada a Barcelona, o paso por cidades como Zaragoza, Madrid, Córdoba ou Lisboa até a entrada en Galicia por Tui, pasando logo por Pontevedra e, finalmente, a estadía dos viaxeiros en Compostela dende o 4 de marzo de 1669. A lectura textual deste conto vai acompañada da lectura visual a través dunhas ilustracións figurativas de Noemí López (Xixón, 1974) e de marcado ton infantil e cómico. Dende a cuberta, de tapas duras e gran formato, preséntanos unha colaxe na que se mestura a caracterización do propio personaxe

con outros elementos coma fragmentos fotográficos e textos manuscritos, que axudan ao lector a situarse no contexto histórico do relato. Ao longo do texto o propio protagonista vainos narrando secuencias e fragmentos que se mesturan coas ilustracións, reproducións de imaxes e textos que funcionan como testemuñas da época narrada. As ilustracións están realizadas en *gouache* con tons cálidos -amarelos, laranxas…- e con formas moi curvas e onduladas, buscando a través dos matices a sensación de volume.

Recensións:

- H. Neira, 'Neira Cruz achega outra visión da viaxe de Cosme de Médicis cun protagonista peculiar', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 26 decembro 2004, p. 4.

Comézase destacando a importancia que adquiren instrumentos como o volume *A viaxe a Compostela de Renato Ratoni, rato de compañía de Cosme III de Médicis*, con textos de Xosé Antonio Neira Cruz e ilustracións de Noemí López, como complemento dirixido á infancia da exposición sobre un dos últimos Médicis que se está a celebrar en Compostela. Sinálase que no volume o narrador é un rato que conta as peripecias vividas durante unha viaxe a Compostela por Cosme de Médicis e un seu antepasado que formaba parte do séquito deste nobre, ademais de que explica de xeito ameno e rigoroso as características das obras de arte que forman parte da mostra. Saliéntase a orixinalidade da iniciativa e a importante función didáctica que se leva a cabo dun xeito moi ameno para a infancia.

Referencias varias:

- Nacho Mirás, 'Renato Ratoni estréase como guía na mostra sobre Cosme de Médicis', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 3 novembro 2004, p. L8.

Dá conta da apertura da mostra "A viaxe a Compostela de Cosme III de Médicis", dirixida aos máis pequenos e que se pode visitar no Museo Diocesano da capital galega até o 17 de xaneiro de 2005. Explica que para achegar o contido desta obra aos nenos se creou o libro *A viaxe a Compostela de Renato Ratoni, rato de compañía de Cosme III de Médicis*, de Xosé Antonio Neira Cruz, que funciona como guía da exposición ou como libro de lectura. Sinálase tamén que se creou o personaxe de Renato Ratoni, un rato que acompañará aos rapaces durante a visita a esta exposición, como resposta ao entusiasmo que demostran os rapaces ante os ratos falantes (Mickey Mouse ou Stuart Little) e á intención de darlle á obra unha dimensión didáctica. Indica finalmente, que este libro pode mercarse nas librarías e no Museo Diocesano, e que foi traducido ao castelán e ao italiano.

Otero, Renata, *Mola que chova*, Vigo: Galaxia, xullo 2004, col. árbore/galaxia, idade recomendada [prelectorado], [24] pp. (ISBN: 84-8288-726-2).

Ao longo deste relato infantil co que a pintora Renata Otero (Lugo) dá os seus primeiros pasos na Literatura Infantil e Xuvenil, Sabela, a protagonista, explícalle a Rufo, un gato que odia a choiva ao non deixalo xogar, os diferentes xogos que se poden realizar baixo ela

como: bater o record de salto de lama coma unha rá, imaxinar aos donos dos paraugas rotos que se atopan pola rúa, organizar carreiras de caracois, un concurso no que gaña o que atope a píntega que teña máis manchas, observar o arco da vella e as diferentes cores que provoca a auga nas flores ou incluso quedar durmido cun sorriso namentres chove fóra do teu lar. Este relato xa dende a cuberta sitúanos no contorno do tempo atmosférico no que se desenvolve a lectura visual, que vén dada por medio dunhas ilustracións figurativas e realizadas coa técnica da colaxe. Nelas as formas xorden ao recortar papeis de cores e fotos, creando composicións nas que se empregan tanto as panorámicas coma os planos de detalle. Destaca o uso da cor saturada e moi contrastada.

Perozo, Xosé A., *Vanesa non quere ser princesa*, ilust. Xaime Asensi, Santiago: Sotelo Blanco Edicións, 2004, col. Bolboreta, idade recomendada Prelectorado, [32] pp. (ISBN: 84-7824-444-1).

Neste breve conto de Xosé A. Perozo (Llerena, Extremadura, 1951), homenaxe ao nacemento de Vanesa, un narrador omnisciente conta con letra manuscrita que no berce da nena lle puxeron unha estrela de princesa, pois a súa nai soñaba cos personaxes dos contos de fadas, por iso os chamou para pedirlles que Vanesa fose princesa. As fadas asistiron ao convite e decidiron concederlle o desexo, pero de repente apareceu unha fada vella, que non fora convidada, e decidiu que Vanesa sería o que ela desexase. As outras fadas comeron e calaron pois a vella era moi mandona. A nai de Vanesa molestouse pois consideraba que os fillos tiñan que facer o que quixesen os pais, pola contra o pai estaba contento por Vanesa. Pouco e pouco a nai tivo que resignarse máis cando viu que non había colexio para princesas e que ademais Vanesa decidía cada día da semana estudar unha cousa distinta: mestra, doutora, arquitecta, xuíza, actriz de teatro, astronauta; na primavera desexaba ser escritora e no verán decidiu que debía namorarse dun mozo, ser feliz e traballar. Vanesa é libre e o autor decide así dar fin ao relato. Nesta narración as imaxes de Xaime Asensi (Vilagarcía de Arousa, 1957) enchen toda a páxina cunha grande interrelación co texto, formando unha unidade con significado. As imaxes son de grande expresividade, lograda con formas grandes, redondeadas e con trazos moi acentuados, próximos ao mundo do cómic. Están realizadas con pintura densa, cores moi saturadas e alegres, que ocupan formas planas, con pouca pretensión volumétrica, delimitadas por unha liña negra.

Perozo, Xosé Antonio, *O vento de Antón*, ilust. María Lires, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2004, col. Merliño, idade recomendada [prelectorado], [30] pp. (ISBN: 84-9782-216-1).

Relato de Xosé Antonio Perozo (Llerena, Cáceres, 1951) que sitúa ao lectorado na estación do outono, exactamente, na festa do magosto da vila na que vive o protagonista, un neno chamado Antón, que cumpre cinco anos e para celebralo énchese de comer castañas asadas máis chocolate quente ata fartarse. Malia que a súa avoa Salomé o advirte do perigo que conleva comer moitas castañas, Antón non lle fai caso e a súa barriga énchese de gases e medra desmesuradamente ate semellar a cúpula dunha catedral. Despois de deitarse comeza a pensar nos diferentes obxectos nos que se pode converter coa barriga chea de aire como por exemplo, nun globo aerostástico ou nun veleiro de fantasía. Mentres dubida se ir ao

baño, como lle recomendara a súa avoa, para expulsar o aire ou permanecer na cama e deixalo saír comeza a argallar unha broma soltándoo dentro da escola ou provocando un diluvio. Finalmente, e despois de preguntarse que fan os maiores co peido cando non hai váter, solta o aire pouco a pouco conseguindo unha melodía con aroma a castaña e chocolate coa que ademais de calmar a dor fai que se durma. Esta anécdota acompáñase coas ilustracións de María Lires (A Coruña, 1973) de estilo figurativo, nas que emprega unha técnica mixta, que mestura recortes de fotografías con pintura. As distintas situacións ou estados polos que pasa o protagonista complétanse cunhas imaxes moi suxestivas que a ilustradora resolve cun estilo creativo e moi próximo ao neno, e que ocupan dúas páxinas.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 100, 18 novembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *Crónicas marcianas* (2004), de Ray Bradbury; *¿Onde está o sol?* (2004), de Chus Ferrín; *O vento de Antón* (2004), de Xosé A. Perozo e María Lires; e *Mar de cores* (2004), de Begoña Martín e Paloma García. Do libro de Perozo e Lires destácase a historia do rapaz que, logo de desobedecer á súa avoa, paga as consecuencias.

Peteiro, Jesús, *A aventura de Roque no mar*, ilus. Beatriz García Trillo, A Couña: Everest Galicia, 2004, col. Montaña Encantada, idade recomendada Primeiros lectores, [45] pp. (ISBN: 84-403-0519-2).

A través da dedicatoria autorial, coñecemos o xerme deste texto que Jesús Peteiro escribiu "Para Juan Roque, que pediu este conto todos os días de todas as sestas dun verán". O protagonista, tamén Roque de nome, decide un día navegar até as illas Pixotas para pescar. Alí captura un polbo pequeniño, tras o que aparece o seu pai, un arrepiante polbo xigante, que lle esnaquiza a barca e os remos. Morto de frío, Roque nada até á costa, onde chega desfalecido. Grazas á axuda dos veciños volve ter unha barca nova, agora con cabina, coa que sae todo contento a navegar. Esta sinxela e lineal historia, que se pecha coa clásica fórmula de "¡Fin!", recóllese de forma simultánea no breve texto e nas ilustracións a toda páxina e de cores vivas de Beatriz García Trillo. Nas últimas páxinas do volume, móstranse conxuntamente os outros veciños de Roque -o chasco, o golfiño, o gato, o can, o ostreiro, o cangrexo e a gaivota-, que xa foran aparecendo nas ilustracións, ademais de reproducirse cadanseu texto do escritor e da ilustradora, que falan dos seus oficios e da relevancia do mar.

Regueiro, Conchi, *Un marciano neste mundo*, Finalista do I Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Meiga Moira, A Coruña: Baía Edicións, novembro 2004, col. Meiga Moira, nº 2, idade recomendada a partir de 12 anos, 222 pp. (ISBN: 84-96128-76-8).

Novela de Conchi Regueiro (Lugo, 1968) que foi finalista do I Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Meiga Moira. Dedicada á súa familia e amizades, conta coas ilustracións figurativas en gamas de grises de José Tomás (Betanzos, 1971), nas que se recrean escenas do narrado e nas que as figuras están recheas con tramas de grises en distintas intensidades. Trátase dunha novela realista con trazos de ficción científica, na que a protagonista é unha moza de catorce anos chamada Nerea. Dotada dun gran coeficiente intelectual, ademais de asistir ás súas clases no instituto, colabora en experimentos que se levan a cabo na Facultade de Físicas. Todo muda no momento no que descobre que o seu avó paterno está vivo e chega a pasar uns días á súa casa. A través do ancián irá descubrindo feitos da nosa historia recente que mudaron a vida de moita xente, como a Guerra Civil española, así como a morte naquel momento do seu tío-avó Agustín, do que descoñecía a existencia. Os problemas propios da súa idade, como o primeiro namoramento e desengano, provocan que tome a decisión de facer algo que mude as cousas. Aproveita que descubriu a forma de viaxar no tempo a través dunha máquina coa que están a experimentar na Facultade e emprégaa ás agochadas, desprazándose até uns intres antes de que o seu tío-avó Agustín morrera nun incendio provocado e traéndoo con ela até o seu tempo. O desconcerto do mozo polo mundo que atopa e a axuda das súas amigas máis íntimas e do seu avó fará que sexa un segredo que non se descubra, co que a vida de todos segue o seu curso normal.

Reigosa, Antonio, *Bacoriño*, ilust. Andrés Meixide, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2004, col. Merlín, nº 147, serie Laranxa, idade recomendada [De 11 anos en diante], 129 pp. (ISBN: 84-9782-215-3).

Novela de humor de Antonio Reigosa (Zoñán, Mondoñedo, 1958) na que se achega por medio dun narrador omnisciente a historia do porco Bacoriño que vive sentado no cumio da Croa do Medulio. Bacoriño, que sempre foi un porco rebuldeiro e infatigábel, está canso e moi sufocado, porque acaba de correr sete parroquias escapando dos seus verdugos que o tiñan setenciado a morte sen xulgalo, o que o levará a ter que sortear impensábeis obstáculos, vivir estrañas experiencias ou tomar arriscadas decisións. Mais, Bacoriño sabe que ten o seu destino escrito: os matachíns deben cumprir co rito e sacrificalo o día do seu patrón, o dezasete de xaneiro, Santo Antón Lacoeiro. Bacoriño non é un porco normal: fala, discorre, cavila como calquera persoa e sérvese das novas tecnoloxías para intentar solucionar situacións difíciles, razóns polas que non acepta conformarse co seu destino e emprende unha divertida aventura. Un relato no que destaca a coidada linguaxe e a excelente integración da historia coa pervivencia da cultura tradicional. A obra está ilustrada por Andrés Meixide (Vigo, 1970) con debuxos figurativos en branco e negro, nos que os animais adoptan actitudes moi humanas. Os debuxos teñen xogos de luces moi acusados que reforzan as expresións do porco e que van variando ao longo do relato e mostrando temor, fastidio, pánico, aburrimento, etc. As composicións presentan uns puntos de vista moi diversos para representar os distintos escenarios do relato.

Recensións:

- X. Fraga, 'O peso da tradición', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 83, 'Letras en galego', 23 outubro 2004, p. 9.

Refírese á tradición sobre que o porco de santo Antón Lacoeiro debe entregarse ao matachín cada 17 de xaneiro e sortearse nas parroquias. A continuación, sinálase un breve argumento da obra, para pasar de seguido a un apartado denominado 'Xogos de palabras', onde se di, segundo Antonio Reigosa, que hoxe en día vivimos a festa do Porco conxelado en troques do Porco cebado, o que inza de xogos de palabras e anacronismos non sen lóxica as páxinas deste libro. A continuación, faise gala que dende o inicio desta novela, Bacoriño e as súas desventuras conquistan as simpatías do lector. Subliña o particular xeito de contar a historia por parte de Reigosa, a medias entre o relato oral e a crónica excéptica, e os debuxos de Andrés Meixide, cun traballo que contribúe a reforzar o corazón humano que latexa baixo o porco. Remátase sinalando que a linguaxe deste libro pescuda tanto na tradición oral coma no eido rural.

- María Navarro, 'Bacoriño', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 104, 'Infantil/Xuvenil', 16 decembro 2004, p. VII.

Dáse conta do argumento da obra onde se presenta a situación que vive un porco chamado Bacoriño, que tras coñecer o día e a hora na que vai morrer emprende unha fuxida que o levará a ter que sortear impensábeis obstáculos, vivir estrañas experiencias ou tomar decisións arriscadas. Sinálase que convén achegarse a este libro co convencemento de que a ficción permite superar a realidade e a realidade pode manifestarse da forma máis absurda. Finalmente, dise que a aparición de diferentes personaxes, a Voz da Tradición ou o propio autor, favorecen movementos, posibilitan a introdución de observacións e/ou permiten que entren en escena elementos marabillosos convertendo o texto nun relato fantástico e divertido.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Namorado dos contos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 agosto 2004, p. 52.

A alusión á obra enmárcase aquí dentro da importancia que esta presenta para a recuperación da narrativa galega oral. Así, nun primeiro momento faise referencia ás posíbeis causas que, segundo Reigosa, puideron ter motivado o decaemento desta clase de literatura. A continuación, incídese na loita do autor mindoniense por conservar os mitos populares da nosa terra en perigo de desaparición e sublíñase a súa intensa traxectoria de cara á consecución deste obxectivo. A colección "Cabalo Buligán", consistente nunha serie de contos galegos orais, centra a seguinte parte do texto, enlazando cos recoñecementos que Reigosa ten obtido polo seu labor literario e coa especial atención que lle ten dedicado á narrativa infantil e xuvenil dentro da súa propia obra: Reigosa oponse á consideración dos contos como xénero menor e defende a adecuación dos seus libros a todas as idades. O

texto remata co anuncio da próxima publicación de *Bacoriño* e *Arrepíos e outros medos*, ambos volumes nos que o autor toma de novo como inspiración a narrativa popular.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 99, 11 novembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *A negrura do mar* (2004), de Ramón Caride; *Gasumelo* (2004), de Xulio Cid Neira; *Bacoriño* (2004), de Antón Reigosa; e *Casa última* (2003), de Xulio L. Valcárcel. De *Bacoriño* dise que é a historia dun personaxe, un porco, que dende a súa intelixencia se resiste a cumprir cun tráxico destino que parece escrito.

Rigueira Rodríguez, Luísa e Delio García Represas (coord.), *Vagalume literario III*, limiar de Suso de Toro, Valdeorras-Ourense: Vagalume Valdeorras , 2004, 225 pp. (ISBN: 84-609-0411-3).

Ábrese o volume cunha "Presentación" de José Fernández López, quen presenta un "vagalume de loito" tras os atentados acontecidos o 11 de marzo en Madrid, que espera ilumine o entendemento das xentes que estiman a violencia como a mellor forma de comunicación. Tamén mostra o desexo de que os valores positivos afloren no decorrer cotián e agradece a participación de todas aquelas persoas e entidades colaboradoras coa Asociación Vagalume ou coa presente publicación. Por outra parte, Suso de Toro asina un breve limiar no que reflexiona sobre a razón pola que se escribe e valora o feito da escrita. A seguir, refírense os textos en galego presentados a esta terceira convocatoria en cada unha das modalidades. No apartado de "Infantil", recóllese o relato "Benitiño", de Mª Carmen Carballo (Preescolar na casa), que está seguido dun grupo de debuxos feitos por nenos e nenas. No apartado de "Primaria", ademais de debuxos con texto, acóllense os relatos "A cor da amizade", de Catarina Alonso de Oliveira; "A historia de Quico e Lorena", dos Alumnos de 1º e 2º de Primaria do CEIP Virxe do Camiño; "Un bo amigo", de Rebeca López; "O traballo de Adela", de Alba Rodríguez Prada; "Mensaxe nunha parede", de Duarte Delgado García; "A conquista do Barco", de Manuel Enrique Rodríguez Fernández; "Pensando na felicidade", de Lara Prada Aira; e "Carta ó mar", de Marta Blanco Ramos. No apartado de "Secundaria", preséntanse os textos narrativos "De cegoñas e pobos", de Miguel Garrido de Vega; "En el pasadizo secreto", de *@L3X* (3º ESO) do IES Laura Olmo; "Valorón 1 Kg", de Xisela López Lozano; "Comezando a voar", de Marta Fernández Lamela; "Carta a ningúen", de Víctor Rodríguez Neira; "Brisa de liberdade", de Almudena González-Cotorruelo; "Unha estrela diferente", de Laura Fernández Rodríguez; "O tempo pasa...", de Rocío Méndez Vázquez; "O mundo de Alisa", de Cristina Canedo Dacal; "Un neno de Iraq", de David Fariñas Enríquez; "Reflexións sobre a amizade", de Rebeca Fernández González; "Todo polo amor dunha familia", de Josue Fernández Guerra; "A vella árbore", de Azael Becerro Caperán; "Sara e Isa a nena nova", de Sonia García García; "O regalo máis importante", de Paula González Seguín; "O mundo real", de Isaac González de Guevara; "Cando o mundo se mira ao espello", de Ana Pérez Varela; "Unha confusión", de Rebeca Teixeira López; "A amizade", de Eva Sampedro Núñez; "O que ti

me facías sentir", de Elena Vidal Álvarez; "A alegría de vivir", de Alba Álvarez Franco; "Reflexións modernas", de Breogán Sousa Rodríguez; "Unha amiga para sempre", de Silda Ruano Pereira; "O misterio da Ponte Vella", de Plácido Pablo Blanco Pérez; "As musas do poeta", de Noa Feás Rodríguez; "No principio dos tempos", de Silvia Rodríguez López; "Diario dun axudante na recollida do chapapote", de Pablo Siso García; "Lémbrame", de Nazaret Calvo Otero; e "Os falanxistas", de Estela Paradelo Fernández. No apartado de "Bacharelato", inclúense os textos "¿Que significa alegría?", de Noelia Fernández Paradelo; "¿Humanización forzosa?, de Vanesa Bruña Fernández;e "Aminah", de Antía Fernández Gómez. Tamén se mostran as "Colaboracións especiais": "O conto de Xan do Val", de Mª Soledad Figueroa Rodríguez; e "O barco máis grande do mundo", de María Fernández. Por último, indícanse os centros participantes neste volume.

Ripalda, Xosé Lois, *O cabalo ceibe*, ilust. Delio Rodríguez Ces, Vigo: Ir Indo Edicións, 2004, col. Elefante Contacontos, nº 33, serie Azul, idade recomendada máis de 12 anos, 104 pp. (ISBN: 84-7680-501-2).

Ábrese este volume de Xosé Lois Ripalda (Erbedeiro-Carballedo, 1940) cunha introdución dirixida ao "lector amigo", na que se lle anuncia que se un día se achega ao reino dos Gerecus poderá atopar nos seus cumes a Bullacán e a Albea, os que lle lembrarán que "a liberdade e o amor á Natureza son sentimentos que non se poden esquecer nunca". A seguir, o discurso narrativo estrutúrase en doce capítulos titulados, nos que a voz dun narrador heterodiexético é o transmisor da historia de Bullacán, un poldro rebuldeiro que no seu espertar á vida se mostra ávido por coñecer os diferentes elementos que conforman a natureza e o pasado do seu propio pobo. Así, mediante as explicacións do seu pai, descobre como os Geromos, os homes, se fixeron co dominio dos Gerecus, os cabalos, para o seu uso e goce. Convencido de que esta relación de supeditación debe cesar, consegue liberarse con parte dos seus compañeiros cando se lles ía cortar a crina e ser marcados, para poder vivir ceibes coma os seus devanceiros. Nesta nova etapa, Bullacán faille sentir á manda as ansias de liberdade e a chamada da raza polo que se adestran para defenderse ante posíbeis ataques, ademais de verse na obriga de mostrar o seu liderado ante o cobizoso Badua e de namorarse de Albea, unha fermosa égua branca. Mentres na vila están preparando outro encurrelamento que os cabalos desbaratan, polo que os homes deciden apresar a Albea para facerse con Bullacán. Pese a que son capturados, conseguen fuxir, o que provoca que se organice unha nova batida, na que os homes van ser os acurralados e o cabalo protagonista salve a un dos seus maiores inimigos, un home de nome Cepa. Esta revolta dos Gerecus está ilustrada por Delio Rodríguez Ces (Vigo, 1979), na que as historias se presentan dende a perspectivas dos cabalos; isto nas ilustracións tradúcese nas expresións coidadas dos animais, que transmiten sentimentos como ira, preocupación, serenidade e enfado. Os protagonistas están debuxados cun estilo solto, dinámico, con predominio da liña, cun trazo enérxico que reflicte a tensión das distintas situacións. As ilustracións ocupan dúas páxinas e a encadernación dificulta o goce da zona central dos debuxos.

Recensións:

- Ramón Rodríguez Porto, 'O cabalo ceibe de Ripalda', *El Progreso*, 'Tribuna Pública', 13 setembro 2004, p. 13.

Despois de loar a Xosé Lois Ripalda, que define como "home de palabra nobre e xenerosa", destaca a satisfacción coa que se recibe o seu libro *O cabalo ceibe*, co que se pretende render unha homenaxe á liberdade simbolizada no protagonista da historia, que, igual que os seus compañeiros, se ve sometido ao home. Comenta que na actualidade o cabalo segue a ser explotado, aínda que tamén apunta que o home sabe da nobreza deste formidábel ser. Conclúe referíndose ao argumento desta historia protagonizada por Bullacán, que lle quere devolver ao seu pobo a dignidade que tivo como raza.

- María Navarro, 'O cabalo ceibe', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 94, 'Infantil/Xuvenil', 7 outubro 2004, p. VII.

Faise eco da publicación de *O cabalo ceibe*, pola editorial Ir Indo con "algunha que outra imperfección" na súa colección "Contacontos". Comenta que a temática elixida semella responder "á querenza-coñecemento" de Xosé Lois Ripalda polo mundo equino, até o punto de dotar aos cabalos de calidades humanas e que "pouco ou nada" teñen que ver coa realidade. Resume a trama argumental desta novela, que, na súa opinión, está ateigada de termos seguramente non moi coñecidos polo público ao que vai destinada. Así mesmo, apunta que contén moitos típicos tópicos "que, se perseguen crear un ambiente idílico non resulta real e se o que pretende é amosar a harmonía que rexe na natureza fronte á agresividade do home para co que o rodea tampouco é xusto, porque presenta unha visión moi parcial do comportamento humano e un máis que irreal do proceder animal".

Referencias varias:

- A.N.T, 'Xosé Lois Ripalda 'Non quedan cabalos libres', *A Nosa Terra*, nº 1.124, 'Fin de semana', 15 abril 2004, p. 33.

Xosé Lois Ripalda comenta nesta entrevista que *O cabalo ceibe* xurdiu como unha resposta ao ver o maltrato que recibían os cabalos durante a súa nenez e refírese ás dificultades que tivo ao longo de vinte anos para conseguir a publicación deste volume. Tamén explica que ao redor da loita de Bullacán por manter a liberdade vaise artellar toda a trama, "un trasfundo que dá conta dunha filosofía de vida na que impera a nobreza e o respecto ao medio que nos rodea". Por último, comenta que escribe tanto obras para adultos coma para mozos, sendo as conclusións o que variará nas súas lecturas.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, 'Infantil/Xuvenil', 13 maio 2004, p. VII.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Xosé Otero Espasandín*, de Dionisio Pereira; *Xan e Pericán* (2004), de Daniel Ameixeiro e Andrés Meixide; *O cabalo ceibe* (2004), de Xosé Lois Ripalda; e *Santiago e Rosalía de Castro* (2004), de Federico

Pomar de la Iglesia. A respecto da obra de Xosé Lois Ripalda sinálase que o seu tema principal é a recuperación da liberdade e a dignidade. Un tema que se proxecta na loita do cabalo Bullacán e os seus amigos por evitar coñecer o sufrimento do ferro ardente como marca de propiedade.

- E.P., 'Ripalda estréase na literatura xuvenil con 'O cabo ceibe', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 maio 2004, p. 51.

Fai un resumo de *O cabalo ceibe*, coa que Xosé Lois Ripalda fai a súa primeira incursión na literatura para mozos. Apunta que con esta novela se destacan valores como a liberdade, a nobreza, a amizade e o respecto pola natureza, ademais de citar as obras que ten publicado o autor de Carballedo, entre as que está *As bolboretas brancas* (Barco de Vapor, 1989).

- Benigno Lázare, 'Este libro pretende ser un canto á liberdade', *La Voz de Galicia*, 'Al día', 1 xuño 2004, p. L2.

Entrevista ao mestre Xosé Lois Ripalda, que vén de publicar *O cabalo ceibe*. Nela di que tivo moitas negativas por parte das editoriais que se negaban a publicarllo porque insistían en que contaba cun vocabulario, que na súa opinión era demasiado difícil para ser un libro de literatura infantil, feito co que discrepa o autor xa que di que, en realidade, non se trata dunha obra só para nenos e que escribir un galego con palabras doadas é empobrecelo. Canto ao seu contido explica que se trata dun canto á liberdade a prol do cabalo, un individuo -na súa opinión- de sempre sometido ao sufrimento. Remata adiantando que está a traballar noutro libro que versa sobre as fontes galegas.

- R. García, 'Un canto a liberdade', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, 12 xuño 2004, p. 7.

Detalla algúns dos fíos que conforman a trama de *O cabalo ceibe*, que recolle a historia do cabalo Bullacán, a través da cal Xosé Lois Ripalda fai un canto á liberdade e á ecoloxía. Sinala que o seu autor traballou vinte anos nesta historia, que Delio Rodríguez ilustrou con sensibilidade.

Rivadulla Corcón, X.H., *O elefante dunha soa orella*, ilust. Juan Sanmiguel, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2004, col. Sotelo Blanco Infantil, nº 51, Máquina de escribir, idade recomendada dos 8 anos en diante, 103 pp. (ISBN: 84-7824-452-2).

Neste conto de Xosé Henrique Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962) preséntase no primeiro capítulo a un elefantiño de peluche que en primeira persoa narra cómo o fixeron en Beade nun taller de artesáns xogueteiros cunha soa orella, defecto polo que permaneceu algún tempo só no escuro almacén dunha xoguetería da Coruña. Este narrador, que en ocasións se dirixe ao lectorado, cede a voz a un grupo de amigos para dar a coñecer a historia da súa

vida até que chegou a mans de Dulce, unha nena orfa de nai que vive soa co seu pai Luís Suárez. Grazas a personaxes como Pipo, o peixe de goma, coñécese a causa da morte da nai de Dulce, Claudia, cando a nena tiña un ano e cómo Pipo consegue que a nena se bañe con alegría. A pequena flor de metal que Dulce leva na solapa do abrigo narra o encontro no parque de Luís e a nena cunha misteriosa cadela abandonada á que lle poñen por nome Bambán e cómo Dulce lle pide a seu pai e, logo nunha carta á súa defunta nai, un elefante de peluche como agasallo de aniversario. Time, o reloxo de man de Luís, indica que foi el o encargado de lle lembrar a Luís que era hora de erguerse para ir comprar o regalo da filla. A Lámpada do Almacén da tenda de xoguetes narra cómo foi amiga do elefantiño triste, así como tamén o era Marina, unha das dependentas da tenda. O Zapato Dereito de Luís é testemuña de que este ía comprarlle o elefantiño á filla, que llo cedeu a outro neno que choraba por el, polo que comprou un delfín, e que coñeceu a Marina. O Xenio de Aladino comenta como coñeceu ao elefantiño no almacén e cómo lle brindou a posibilidade de formularlle tres desexos. O Zapato Esquerdo informa da reacción de Dulce ao ver o seu regalo de cumpreanos e o coche rosa de Luís cómo o levou á Coruña cambiar o regalo de Dulce sen poder conseguilo, pois xa Marina levara o elefantiño. A Nube narra cómo viu a Bambán roubarlle este a Marina e a tarxeta co número de teléfono de Luís ao dono da tenda e cómo a cadela guiou á dependenta á casa do seu xefe onde recuperou o peluche. O anel de voda de Luís comenta a razón de que Dulce non se enfadara ao ver que se pai non conseguira traerlle o elefantiño, pois pedírallo á súa nai. O Delfín indica como gozou Dulce coa súa compaña na casa dos avós en Muxía e a desilusión que levou ao chegar á Coruña e non atopar o elefante, quen de repente chama ao interfono da porta. Cómo lle trouxeron o elefante dunha soa orella a Dulce de regalo e cómo actuaron para ela Marina e o nariz de pallaso, cóntao este último. Un dos pendentes de Marina explica cómo indo para o traballo no coche a moza atropelou a Bambán e chamou a Luís para que a axudara. No capítulo final, o elefantiño retoma a palabra e conta cómo Bambán foi operada con éxito e desapareceu misteriosamente da clínica veterinaria e cómo formulou o terceiro desexo que lle tiña prometido o xenio e conseguiu falar coa voz de Luís para pedirlle unha primeira cita a Marina, despois da cal viñeron outras moitas. As ilustracións de Juan Sanmiguel están realizadas con debuxos en branco e negro. O seu estilo é figurativo e o tratamento das figuras é clásico no deseño das formas e no emprego do claroscuro a través de tonalidades suaves e difuminadas de grises.

Ruíz, Dolores, *Historia invisible do bico Simón*, ilust. Belén Padrón, Vigo: Galaxia, marzo 2004, col. árbore/galaxia, nº 126, serie Azul, a partir de 10 anos, 81 pp. (ISBN: 84-8288-692-4).

Simón é un bico moi pouco común que un día decide buscar uns beizos nos que pousar. Nesta súa peregrinaxe, que se desenvolve ao longo de nove capítulos titulados, perde un dos catro desexos que lle servían como ás e vai vivir unha serie de aventuras xunto cuns personaxes un tanto peculiares: un pensamento, o segundo Xusto, a pena Macarena, as catro dúbidas La, Lalá, Lalalá e Lalalalá, o peido Beatriz, a trola Eunonfún, a desculpa Sinto, a ofensa Tica, e os dous celos Toñín e Toñón. Finalmente, Simón choca coa pena Macarena e esta desínchase para converterse nunha tolería, que lle sorrí cando aquel chega aos beizos que tiña como destino. Nese mesmo intre, o bico de amor sente como lle medra o seu desexo perdido e esquécese da súa ferida, así como comprende o fácil que era chegar

e o sinxelo que era voar. A veracidade desta historia pode ser cuestionada nas derradeiras páxinas do volume, ao coñecer que a encargada de transmitila non é outra que a trola Eunonfún, que se fai chamar Vanesa. Destacan nesta obra de Dolores Ruiz (Vigo, 1968) os xogos realizados coa lingua, por medio das repeticións, as rimas ou a identificación de personaxe cuns determinados sons. Así mesmo, xógase coa disposición do texto no papel, que é grafado coas mesmas cores que Belén Padrón (Oviedo, 1976) emprega para as ilustracións a toda páxina ou que, por veces, se mesturan co propio texto. Son ilustracións de corte surrealista, característica que conecta moi ben co estilo da narración. A técnica empregada é a tinta de cor violeta, na que predomina a liña que se completa con augadas, aínda que sen coincidir forma e mancha.

Recensións:

- Noelia Muíños, 'Historia invisible do bico Simón', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 12 a 14 anos', 2004, p. 72.

Cualifícase de historia estraña e rareza literaria a obra *Historia invisible do bico Simón*, de Dolores Ruíz. Considérase que as ilusións nadas ao comezo da historia se evaporan rapidamente e tan só queda unha historia "que se cae das mans, non se sostén, enléase innecesariamente e, o peor de todo, chega a aburrir". Remátase sinalando que as ilustracións interiores son tristísimas e "convidan ao pranto".

- María Navarro, 'O universo dos desexos', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 85, 'Infantil/Xuvenil', 27 maio 2004, p. VII.

Comenta que Dolores Ruíz, en *Historia do bico Simón*, presenta uns personaxes pouco convencionais e habituais, que forman parte do universo dos sentimentos, dos pensamentos e dos desexos, e que por ser abstractos poden "portarse-comportarse" seguindo regras propias que conducen a unha relación positiva. Achega o resumo argumental desta historia protagonizada polo bico Simón e considera que o texto, dotado de certa musicalidade, se sustenta na repetición de determinados termos e expresións e na interesante asociación de sons, que resultará curioso para os lectores, "mais quizais cando menos empalagoso e/ou pouco claro para os máis novos, debido á cantidade de personaxes que aparecen na historia e á escasa precisión das súas características, máis fantásticas que reais e, por iso, pouco imaxinables".

Sánchez, Gloria, *Rato Pincho (Ou a verdadeira historia dos ourizos)*, ilust. Pablo Otero "Peixe", Vigo: Galaxia, xullo 2004, col. árbore/galaxia, idade recomendada [prelectorado], [28] pp. (ISBN: 84-8288-725-4).

Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958) por medio dun narrador en terceira persoa relata cómo o rato protagonista deste conto fantástico se converte nun heroe o día que se enfronta a un gato para ir á festa escolar do magosto. O rato, ao que lle gusta ir á escola polas festas, os recreos e pola mestra de Educación Física, decátase que fóra do seu burato

un gato grandísimo adurmiña á espera de atrapalo. No seu afán por ir á enchenta de castañas e ver á bela profesora, disfrázase en dúas ocasións para enganar ao gato. No entanto, só cando decide enfrontarse a el, cunha armadura de lata de pementos morróns e un dedal coma casco, inventa un novo traxe de camuflaxe, o pelello de ourizo, co que vence ao gato e vai á escola sen perigo. A pesar de ser un heroe por inventar os ourizos cachos Rato sofre unha decepción ao chegar ao final da festa e quedar sen castañas, mais tamén experimenta unha ledicia ao pousarse os beizos da mestra no bico do seu fociño. As ilustracións de Pablo Otero "Peixe" caracterizan dende a cuberta o protagonista do conto: o rato Pincho, e acompañan as páxinas do libro describindo visualmente algunhas accións do relato. Son ilustracións con referencias cercanas ao surrealismo, nas que xoga coa desproporción, fragmentación e esaxeración de formas redondeadas e alargadas, proporcionándolles grande expresividade e contemporaneidade. A situación das ilustracións dentro do texto, e o mesmo texto, parece que están pensadas para romper o deseño deste, o que o fai máis atractivo para a nenez. Destacan na realización das imaxes os planos curvos que xorden a traves de liñas oscilantes e negras sobre fondos brancos con formas redondeadas e alongadas de cores cálidas e que, usando gouache, buscan o volume xogando co claroscuro.

Toro, Xelís de, *A máquina contacontos*, ilust. Xavier Salomó, A Coruña: Rodeira, outubro 2004, col. Tucán, nº 38, serie Azul, a partir de 6 anos, 76 pp. (ISBN: 84-96352-03-X).

Relato de Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1962) de estrutura circular ambientado nun mercado londinense chamado Walthamtow no que cada sábado, sen excepción, un estrafalario home cunha estraña máquina contadora de contos acode a entreter a grandes e pequenos. Un narrador en primeira persoa ofrece as características deste curioso personaxe e da súa máquina para a seguir dar conta do acontecido despois do enterro dese contista, ao que acode, entre outros moitos asistentes, Samuel, un rapaz que ao ver que ninguén se fai cargo da estraña máquina, decide levala para a súa casa. No traslado do aparello os rapaces primeiro e máis tarde os maiores comezan a dicir que Samuel é o novo contista, motivo polo que decide intentar selo. Despois de varias tentativas ante o público Samuel non consegue poñer en funcionamento a máquina e decide cederlla a alguén, mais grazas á axuda de diferentes personaxes do mercado, nomeadamente, un cego, un peixeiro, un afiador e Aciencia Berta, descobre o segredo da máquina e convértese no novo contista. As ilustracións de Xavier Salomó (Sabadell, 1976) complementan o texto. Son de estilo figurativo e atéñense ás descricións que aparecen no texto sobre os personaxes protagonistas, así como ás diversas situacións nas que estes se atopan ao longo do relato.

Toro, Xelís de, *The Corunna boats*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, febreiro 2004, col. Fóra de xogo, nº 73, idade recomendada [mocidade], 128 pp. (ISBN: 84-9782-104-1).

Nesta novela de iniciación de Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1962) trátanse as vivencias dun neno inglés chamado Robin durante a retirada das tropas inglesas en 1808, dende as terras leonesas á Coruña. Esta temática xa se nos presenta dende a cuberta, que nos sitúa na época na que se desenvolve o relato e nos introduce nos acontecementos que

serven de punto de partida para a narración. Tamén se presenta nos primeiros elementos paratextuais: dedicatoria e citas. Logo, en oito capítulos, por medio dunha terceira persoa e polos diálogos dos personaxes cóntanse as vivencias e evolución de Robin dende que seu pai o deixa abandonado cunha carta na cantimplora que lle colga ao pescozo e na que se anuncia a evolución do neno e tamén as razóns polas que o abandona, carta á que non se volve facer referencia. Robin, no seu periplo será axudado primeiro por dous nenos leoneses e logo viaxará co xitano Marcial e a súa familia até Lugo. Finalmente, seguirá a membros do exercito inglés até chegar á Coruña, nun período que vai dende mediados de novembro a mediados de xaneiro, coñecerá os problemas que unha guerra traen aos países e ás persoas que deixan de ser para sobrevivir, a atracción física por unha muller, o amor, o odio, a miseria, a tristeza, o patriotismo, a busca de acubillo e tamén o sentido de loita que o fai quedar en Galicia para se defender dos franceses e defender aos seus, elixindo así o camiño máis valente, como lle recomendara Diego Andrade, pois coa retirada do exército inglés non ía acabar a xenreira entre Francia e Inglaterra. A ilustración da cuberta, que non se corresponde coa figura de ningún protagonista do relato, sitúa ao lector na época na que este se desenvolve e introdúceo nos acontecementos que serven de punto de partida para a narración.

Recensións:

- María Jesús Fernández, 'The Corunna Boats', *CLIJ*, nº 171, 'Libros/Novedades', maio 2004, p. 66.

Despois de se referir ao contexto da obra: retirada desde Portugal das tropas inglesas hostigadas polo exército de Napoleón cara ao porto da Coruña para embarcar e regresar a Inglaterra a as aventuras do protagonista, salienta a crúa descrición que se fai da guerra, da fame, frío e desconcerto que sofren os soldados na retirada e dos horrores de que son testemuña Robin e a familia do xitano Marcial que o acompañan na súa viaxe á Coruña.

- María Navarro, 'The Corunna boats', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 83, 'Infantil/Xuvenil', 13 maio 2004, p. VII.

Comeza recordando outras obras do autor e sinalando que esta novela se ambienta no século XIX e que toma como marco de actuación a guerra da francesada na que "ingleses e galos libran batallas en territorio español". A seguir, informa do contido e salienta que a novela se vai facendo a si mesma. Di que a ficción se encarga de crear unhas personaxes que actúan seguindo unhas coordenadas trazadas pola época e finalmente o lector pon a súa imaxinación ao servizo da historia, e que o final é aberto a múltiples interpretacións e mesmo a unha continuación, segunda entrega. Cualifica a novela de entretida non só polo tempo e ambiente elixidos, senón tamén pola clase de misterio e enigma; salienta tamén a linguaxe sinxela e coidada.

- Xosé M. Eyré, 'Dúas lecturas de guerra e amor', *A Nosa Terra*, nº 1.135, 'Cultura', 1 xullo 2004, p. 26.

Comeza salientando que esta obra está situada nos tempos da Guerra da Independencia nun inverno cru. Describe o argumento. Salienta o carácter galego que describe, "desde tópicos que, aínda que inexplicábeis, non deixan de ser frustrantes"; o uso do vocabulario xitano e as personaxes configuradas rexamente. Considera, finalmente, que a novela daba para bastante máis se o autor quixera tirar do fío, aproveitando as personaxes así como algunhas situacións.

- Vicente Araguas, 'Batalla de Elviña', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 15 agosto 2004, p. 20.

Comeza referíndose a Sir John Moore e a que está soterrado na Coruña por vontade propia, algo máis que un heroe romántico. Refírese a cómo foi tratado no seu país, á bibliografía histórica que ten producido, á pouca literaria (un poema de Rosalía, unha novela de Xosé Ramón Pena) á que se une esta novela de Xelís de Toro, "emparentada xa desde o título coa caótica marcha das tropas de Sir John Moore por terras leonesas e galaicas". Pasa logo a falar de Xelís de Toro, do seu pouco recoñecemento, do seu pseudónimo Roque Morteiro e das obras que escribiu con el. Desta obra di que é unha mostra da ambición literaria de Xelís de Toro que "non se limita a ilustrar literariamente un asunto histórico" senón que introduce nel a un neno na procura de seu pai (novela de iniciación) e a persoas que o van axudando, fala da decisión que ten que tomar o neno ao final e de que este final é aberto, aínda que a obra ten unha estrutura pechada. Non faltan apuntes costumistas. Unha obra que cualifica de meritoria e que di que se dirixe non só ao público infantil e xuvenil.

Referencias varias:

- X.F., 'Novela da francesada', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, 'Letras en galego', 29 maio 2004, p. 7.

Recorda que De Toro gañou o premio Arcebispo de San Clemente coa obra *Os saltimbanquis do paraíso*. Logo salienta que na obra se recrean episodios da francesada que di tamén tratou Rosalía no poema a Sir John Moore e recentemente Pepe Carreiro nun cómic. Remata falando do periplo do personaxe protagonista e salienta a linguaxe áxil e clara coa que está escrita.

Ulloa, Cibrán, *O lume dos soños*, I Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Meiga Moira, ilust. José Tomás, A Coruña: Baía Edicións, novembro 2004, col. Meiga Moira, nº 1, idade recomendada a partir de 8 anos, 214 pp. (ISBN: 84-96128-75-X).

Primeira obra de Cibrán Ulloa, nome literario de Xosé García Rodríguez (Barcelona, 1970), na que se conta como Catuxa deixa a súa aldea coa misión de atopar nun mundo descoñecido o remedio eficaz para acabar co lume inextinguíbel da Fraga de Umbría e salvar o país de Comendelo. Recibe axuda dos coñecementos da avoa Micaela, quen lle ensina a confiar no que lle dite o seu corazón e lle outorga o don da invisibilidade perante quen perdese a capacidade de soñar. Na outra banda do espello, Catuxa descobre a Catarina

e ambas asómbranse diante da materialización dos seus soños, sen saber quen é a real e quen a soñada. Catuxa e o avó Cucufate; o padriño Indalecio, intrépido comandante do galeón aerostático Escornabois; o moucho Caetano e o camaleón Leonardo, que aparecen tamén nese outro mundo, liberan a Catarina do encerro no que vive, xa que non pode saír nunca do seu cuarto. Axiña descobren que existen máis nenos e nenas secuestrados no Paraíso Infantil, que pasan o tempo diante de modernos ordenadores e xogos electrónicos, sometidos á televisión e, o que é máis terríbel, sen vida familiar, xa que a súa educación esixe o afastamento dos pais, mergullados no traballo. Despois de liberalos, todos viaxan ao Polo Norte, onde terán que desartellar os planos do Señor Tenebroso. As ilustraciós de con ilustracións de Xosé Tomás (Betanzos, 1971) acompañan fragmentos do texto, caracterizando algúns dos personaxes e describindo visualmente escenas deste. Inícianse dende a cuberta con imaxes de carácter cómico, feitas en *gouache* e con pretensión volumétrica, con formas redondeadas e moi desproporcionadas coa intención de conferirlle maior expresividade ao conxunto. Soamente a ilustración da capa está resolta con cores cálidas, mentres que as demais están en gama de grises. As imaxes comparten a páxina co texto.

Referencias varias:

- A.N.T., 'Xosé García. A cultura de masas non deixa soñar', *A Nosa Terra*, 2004, dende 30 setembro 2004 ata 6 outubro 2004, p. 33.

Breve conversa con Xosé García con motivo da consecución da primeira edición do premio Meiga Moira convocado por Baía Edicións co relato *O lume dos soños*. O autor destaca que recibir este galardón supuxo o recoñecemento a moitos anos de traballo na práctica da escritura. A respecto da trama comenta que se trata dunha especie de *Historia interminable* pero ao revés, xa que son os personaxes dun país fantástico, Comedelo, os que acoden ao mundo real para salvar o espazo dos soños da agresiva cultura de masas que ameaza a capacidade de soñar. Ademais de Michael Ende menciona a influencia de Álvaro Cunqueiro. Refírese tamén aos seus inicios no mundo da literatura, no que se estreou co poemario *Presencia da fenda*, premio Letras de Cal, e sinala que *O lume dos soños* é a súa primeira incursión na literatura infantil e xuvenil, na que, con todo, non se considera un intruso porque foi un fervente lector deste xénero dende a infancia.

Varela Ferreiro, Alberto, *Brrumm-Brrumm (Un conto con rodas)*, ilustr. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2004, col. Merliño, idade recomendada [Prelectorado], (32) pp. (ISBN: 84-9782-200-5).

Encontrámonos diante dun libro de imaxes no que Alberto Varela Ferreiro (Carballo, A Coruña, 1963) presenta unha alternativa ao desastre que supón o uso e abuso dos coches hoxe en día. As imaxes ocupan a totalidade do espazo, nas que se insiren pequenos fragmentos de texto, dándolle significado ás ilustracións e creando unha unidade visual e textual. As ilustracións xa dende a cuberta sitúannos no relato, pois xunto co título, móstrannos claramente cál é o personaxe principal e o contorno no que se move e discorre o relato. As demáis páxinas configúranse con grandes imaxes nas que aparecen os textos,

cun tipo de letra semellando á manuscrita, inscritos nunhas viñetas con formas de nubes de fume. Teñen un marcado carácter esquemático e figurativo, aínda que xogan coa idea do fantástico. Nelas utilízanse xogos de fragmentación, desproporción, esaxeración, así como puntos de vista moi diferentes para enfatizar a expresividade da escena. As formas empregadas a través do uso do ordenador son de cores planas e de gran colorido.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 97, 28 outubro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *Teoría de Lugo* (2004), de Henrique Alvarellos e Paco Vilabarros; *Chove nos versos* (2004), de Antonio García Teijeiro; *A música teatral* (2003), de Paulino Pereiro; e *Brrumm-Brrumm* (2004), de Alberto Varela Ferreiro. Sobre *Brrumm-Brrumm* dise que conta a historia dun automóvil que malvive nun mundo dominado por coches, deformado para darlles benestar e calidade de vida, e da súa loita por cambiar esta situación ao lado da Meiga de Uz.

Vázquez Pita, Enrique, *O ouro de Agrícola*, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2004, col. Catavento, nº 7, idade recomendada [Mocidade], 253 pp. (ISBN: 84-263-5209-X).

Primeria novela xuvenil do xornalista Enrique Vázquez Pita (A Coruña, 1970) que nos presenta un relato histórico detectivesco con transfondo aventureiro e doses de acción no marco da Galicia romana. O autor artella unha multiplicidade de historias, cunha trama máis ficticia ca real, arredor da personaxe de Severo Cecilio Segundo, un liberto que traballa como escriba ao servizo do senador Caio Plinio Segundo, e que podería ser caracterizado coma un antiheroe. Este chega ao Porto do Ártabros cun encargo moi importante, entregar un papiro a unha misteriosa dama, Fannia Calvina, e conseguir avisar ao gobernador Agrícola, quen se atopa no Porto preparando a invasión de Caledonia, de que coide o ouro que se atopa nas montañas de Medulium, imprescindíbel para pagarlle ás tropas. Mentres cumpre esta empresa, descobre unha suposta trama de corrupción na que estarían involucrados altos cargos romanos e, Severo, sempre fiel ao seu traballo, sufrirá accidentes que o levarán a un final tráxico. Para descubrir aos responsábeis, recorrerá aos procedementos da lóxica, aprendidos dun filósofo grego exiliado. A súa cultura, reflexións e maneria de pensar chocan coa súa antiga condición, e así son moitas as alusións a filósofos, poetas ou deuses. As intrigas, a crítica social e o amor alternan entretecendo un pano de fondo no que quedan ao descuberto as grandezas e as miserias da Roma imperial nos tempos de Domiciano. Cando vemos unha imaxe como a da cuberta do libro, fotografía de AGE, a práctica de observar, descifrar, entrever, adiviñar… ponse en xogo. É unha imaxe de carácter conectivo coa trama, ao situarnos diante dunhas moedas de ouro, que nos levan a pensar nun momento histórico determinado: o imperio romano, o que nos sitúa no escenario antes de empezar a ler o texto.

Recensións:

- A.M., 'Intriga na Gallaecia', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 62, 'Letras en galego', 29 maio 2004, p. 7.

Dá unha boa acollida a *O ouro do agrícola*, de Enrique Vázquez Pita. Subliña que o argumento xira arredor dunha etapa da romanización galega, o cal lle parece unha interesante forma de achegarse a determinados episodios da nosa historia. Así mesmo, presenta ao protagonista, un escriba dun senador romano, e apunta que, en xeral, a descrición dos personaxes achega verosimilitude, aínda que, ao seu ver, faga lento o avance da trama ao principio. Logo, pon de relevo que se trata dunha historia chea de suspense e acción, a cal, afirma, lle dá "viveza" ao relato. Ademais, tamén salienta as tramas secundarias, facendo referencia a uns diálogos filosóficos.

- Armando Requeixo, 'A aventura de Aurífero Medulium e a trabe de ouro do Imperium romano', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 12 setembro 2004, p. 4.

Subliña a escaseza na literatura galega de creacións narrativas que teñan a Roma e a Grecia clásicas como escenario das súas tramas. Dáse conta de que esta obra chega ás librarías galegas para sumarse á ondada de novelas histórico-detectivescas con transfondo aventureiro e ambientación grecolatinas. De seguido, preséntase o argumento da obra onde as intrigas palatinas, a crítica social e o amor alternan entretecendo un pano de fondo no que quedan ao descuberto as grandezas e as miserias da Roma imperial nos tempos de Domiciano.

- Paula Fernández, 'O ouro de Agrícola', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 94, 'Infantil/Xuvenil', 7 outubro 2004, p. VII.

Dáse conta das preferencias que dentro da literatura ten o escritor Enrique Vázquez Pita: as viaxes, o fútbol ou o cómic. Sinálase que esta é a primeira novela xuvenil do autor e nela pon de manifesto outra das súas paixóns, a historia. Sublíñase o argumento da novela ambientada no imperio romano, onde se amosa un exhaustivo coñecemento da Roma clásica no medio dunha trama máis ficticia ca real que introduce datos históricos sobre conquistas e reflexións morais sobre feitos cometidos polos romanos. Sinálase que a cultura, reflexións e maneira de pensar do protagonista, Severo, liberto dun senador romano, chocan coa súa antiga condición, e así son moitas as alusións a filósofos, poetas ou deuses. Finalmente, dise que esta obra é moi axeitada para o alumnado de ESO e Bacharelato.

VV. AA., *Contos en galego, 2004*, Pontevedra: Centro de Recursos Educativos "Santiago Apóstolo" da ONCE, 2004, 35 pp. (DL: VG 976-2004).

Volume que recolle os contos premiados en primeiro, segundo e terceiro lugar para cada ciclo de Educación Primaria no Concurso "Contos en galego 2004" que organiza o Centro

de Recursos Educativos "Santiago Apóstolo" da Once en Pontevedra. Son contos breves, concisos e cunha grande riqueza expresiva e a maioría veñen acompañados de ilustracións dos propios autores. De temática variada en todos eles atopamos algo en común: o anceio dunha maior comprensión e entendemento entre os seres, onde os problemas que xorden tenden a resolverse a través do diálogo. En cada relato inclúense algúns datos sobre os seus creadores e creadoras como o nome, apelido e colexio ao que pertencen o que nos permite comprobar a diversidade de colexios aos que lles foi entregado o premio. Ademais, acompañando a cada un destes relatos hai unha pequena fotografía dos autores seleccionados.

VV. AA., *Premio de relato curto 'Varela Buxán*, Lalín: Concello de Lalín ♦, 2004, Seminario de Estudos do Deza, 2004, 83 pp. (DL: PO 162-2004).

Volume que recolle os relatos premiados no certame "Relato Curto Varela Buxán"que organiza o Concello de Lalín. Na categoría: A) de doce a catorce anos,mereceu o primeiro premio Alba Taboada Baliño co relato "Cando o corazón se tingue de negro" no que se achega á relación que se estabelece entre un xubilado mariñeiro e unha moza voluntaria na limpeza das praias galegas despois da catástrofe do Prestige. Os finalistas nesta categoría foron Alba Cid Fernández, con "O debuxante de sorrisos", no que se presenta a relación entre dúas rapazas e o pallaso do circo Dampín, e Luís Jar Santorum, co relato "Un xogo nada doado", no que o narrador se achega á vida dun mozo que traballa en asuntos ilegais. Mereceron mención os relatos "Reporteiro por un intre", de Iván Rodríguez Vázquez, e "A máquina de escribir", de Néstor Areán Varela. O primeiro céntrase na vida dun reporteiro en Iraq, mentres que o segundo narra a historia dun mineiro que atopa unha máquina de escribir coa que, sen querer, comete diversos asasinatos. Na categoría B)de quince a dezaoito anos, o primeiro premio recaeu no relato "O cáliz do maligno", de Simón Facal Agulló, no que os protagonistas se enfrontan ao maligno e tentan destruílo. A primeira finalista foi Tamara Ferrer Basantas, co relato "Espectros", centrado na vida dun autor que ten de todo menos remorsos, e o segundo foi José Luís Peña García co relato titulado "Acontenceu na aldea", no que se narran diversas historias ambientadas neste lugar. Finalmente mereceron unha mención especial os relatos "Nuntium", de María Teresa del Rocío Rial, "O do piso de arriba", de Nerea Rey Fernández, e "No corredor da morte", de Raquel González Borrajo. No primeiro deles, a escritora achégase ao mundo da fantasía no que un druída quere coñecer o segredo dun ser considerado dono do tempo. No segundo, cóntanse algunhas das molestias que á narradora lle provoca a veciña do piso superior. Finalmente, o último relato achégase á vida dunha moza que nun accidente de coche quedou inválida e quere que a axuden a morrer. No inicio de cada relato aparece a fotografía do seu autor ou autora.

VV. AA., *1º Premio de narración I.E.S. Gregorio Fernández*, Sarria: IES Gregorio Fernández, 2004 (DL: LU327-2004).

Volume que recolle os textos gañadores no Iº Premio de narración, convocado polo Instituto de Educación Secundaria Gregorio Fernández, de Sarria. Tras o prólogo institucional, o xurado do certame destaca a gran calidade literaria dos oito traballos

presentados por rapaces e rapazas de Láncara, Paradela, Samos, Sarria e Triacastela e sinala que se viron obrigados a conceder dous accésits e a pensar na posibilidade de ampliar o número de premios para futuras edicións. Repasan as temáticas tratadas que van dende os relatos de humor ás reflexións máis fondas sobre a condición humana ou os sentimentos e a defensa dos valores ecolóxicos. Os textos en galego son tres:"As viaxes do teixo", de Gloria López Castro, é un relato no que se narran os primeiros días de vida dun teixo que vai coñecendo a todos os animais do bosque, cos que vive unha aventura. "O reloxo perdido", de Samuel Mao Gallego, no que o protagonista é un neno que perde o seu reloxo e que, tras buscalo insistentemente e dalo por perdido, o atopa onde non esperaba. Finalmente, péchase o volume cun texto sen asinar baixo o título de "¿Quen son?" no que se elabora unha longa reflexión sobre a natureza humana, as sensacións, os desconcertos, incomprensións, etc. cunha gran presenza da música. Acompáñanse os relatos das fotografías dos nenos e nenas premiados, así como tamén dalgúns debuxos feitos polos mesmos.

VV. AA., *Concurso Batalla de Cacheiras. Contos e debuxos premiados ano 2004*, ilust. do alumnado, A Estrada: Asociación de Veciños San Simón de Ons de Cacheiras, 2004, idade recomendada [Lectorado autónomo], 30 pp. .

Volume no que se recollen os contos e debuxos premiados no III Concurso "Batalla de Cacheiras" convocado pola Asociación de Veciños San Simón de Ons de Cacheiras, na súa edición do ano 2004. Os traballos aparecen estruturados segundo as catro modalidades coas que conta o concurso. Así, na modalidade de Primeiro Ciclo de Educación Primaria foron premiados Noelia Mella Perol con "O coche orgulloso" (Primeiro Premio), Airas Fernández Hermida con "Diguimóns e Diguimón emperador" (Segundo Premio) e Isabel Elvira Otero con "Dous nenos no parque" (Terceiro Premio), mentres que os accésits foron para Rubén García Durán con "Os cabalos", Miguel Gómez Muniz con "O albanel perdido" e Manuel Mallo Magariños con "A explosión na cidade". Na modalidade de Segundo Ciclo de Primaria os galardoados foron Laura Rial Bouzas con "O misterio de 6º B" (Primeiro Premio), Clara Asperilla Arias con "A estrela sen puntas" (Segundo Premio) e Tania Munín Segade con "A teteira" (Terceiro Premio) e os accésits concedéronselle a Ánxela García Pérez con "A bruxa namorada", Sonia Iglesias Cimadevila con "A pluma máxica", Ana Gómez Iglesias con "O boneco de neve máxico", María Salgueiro Lorenzo con "O desengaño", Carmen Martínez Gómez con "A gran batalla" e Alexandre Rey Lamas con "Vida en Marte". Na modalidade de debuxo para escolares de Educación Infantil os gañadores foron: Alejandro Amado Vila (Primeiro Premio), Adrián Rey Gasamanes (Segundo Premio) e Andrea Carbia Vázquez (Terceiro Premio), concedéndoselles accésits a Manuel Suárez Terrón, Antía Parajó Cea, Borja Blanco Guzmán, Simón García Rosende, Noelia Villar Sánchez, Chloe Hanlon e Nadia Solovey Neira. Finalmente, na modalidade de Educación Secundaria os galardoados foron Carlos Calvo Varela con "O ventre de Babilonia" (Primeiro Premio", Olga Romasanta Iglesias con "... Título" (Segundo Premio) e José Antonio Vigo Varela con "A calculadora máxica" (Terceiro Premio). O volume está ilustrado cunha recompilación dos debuxos que levaron algún premio no concurso e que tamén achegan diferentes técnicas, dende as máis realistas ás impresionistas, abstractas, etc. Trátase dunha iniciativa que pode animar aos máis novos a introducirse tanto na expresión artítica textual como na visual.

VV. AA., *Fardel*, ilust. de Juan Cantorna Berdullas, Oleiros - A Coruña: IES Miraflores ♦, 2004, 162 pp. (DL: C 1061-2004).

Volume editado polo IES Miraflores de Oleiros, no que se recollen textos escritos polo alumnado do centro e coordinados polo Equipo de Normalización Lingüística do centro. Os relatos incluídos son o de Iván Froiz Míguez, "O libro das infinitas historias", no que un narrador en primeira persoa conta cómo tivo coñecemento da existencia dun libro marabilloso e da busca constante que mantivo dende entón para conseguilo; o de Ángeles Díaz Seoane, "O rapaz dos ollos azuis", no que se desenvolven os pensamentos e conversas entre dous adolescentes, Deivid e Ania, el asasino dos padrastos dela, crime no que tamén é cómplice, e que remata coa vida de Deivid; o de Marta Mariñas Llorente, "Mareatúpolus", no que se explica cómo se configurou o planeta en continentes e océanos; o de Alba García Ulloa, "A vida en solitario", no que unha adolescente lembra a difícil etapa que viviu no fogar familiar até a súa fuxida á casa da irmá e logo a Barcelona, onde tenta loitar contra a desconfianza e soidade que sempre dominou a súa vida; o de Elena Canido Muíño, "Interrogante milenario", un relato estruturado en trece capítulos breves e un epílogo, no que se narra a aventura que vive unha adolescente o día que se achega a un pazo abandonado, lugar que a atrae polo misterio que o rodea e no que descobre secretos milenarios, aínda que coa dúbida de se foi verdade ou non o que viu; o de Sonia Fernández Gandasegui, "Nun bus", no que un narrador conta como a súa principal afección, a de andar en autobús, o leva a perder a súa familia; o de Ana Bugueiro Domingo, "Nunca coma na casa", no que se narra a peripecia de Pipo, un mozo dunha aldea galega que ten un gran talento para a pintura e marcha a Barcelona co seu tío para perfeccionar a súa técnica; o de Marta Iglesias Reina, "Na habitación do lado", no que se relata cómo nun hotel de Suecia, no que se aloxa un empresario español, se producen catro asasinatos e cómo se descobre que a culpábel é a filla dos donos do hotel; o de Fernando Varela Rodríguez, "O misterio do outeiro", no que un grupo de adolescentes descobre que un extraño veciño é o autor do roubo dun xacemento arqueolóxico da zona; o de Celia Espona Pernas, "Álvaro", no que se narra como un cativo axuda a unha nena que está chorando porque se perdeu da súa casa, lugar á que a acompaña e onde coñece á súa irma, da que se namora; o de Alba García Ulloa, "Historia dun pesadelo", no que se conta o soño dunha nena de seis anos, que oito anos máis tarde se converte en realidade e que pon en apretos ao grupo de adolescentes que viven a aventura; o de Raquel Espada Ares, "Un verán inesquecible", no que unha adolescente evoca o verán no que coñeceu o seu primeiro amor; o de Katia Dubra Amenedo, "Diario", no que unha moza vai describindo o seu día a día durante a súa estadía en Alemaña, dende a chegada, o seu namoramento dun mozo francés e a depresión que isto lle provoca, até que finalmente se suicida; o de Teresa López de Castro, "Historia dunha vida", no que se narra a historia dunha muller que sendo xa madura coñece o paradoiro de súa nai, quen a deixara sendo nena na casa duns veciños; Iago Vidal Luna, "O trivial do tempo", un relato de ficción científica situado no ano 3004, no que un grupo de adolescentes descobren feitos do século XX como os totalitarismos; Lourdes López Vázquez, "Relacións familiares", no que se narra como un neno con problemas de actitude se desfai do diñeiro que súa irmá está xuntando para internalo nun psiquiátrico; e finalmente, o de Ana Seoane Cancelo, "Paula", no que se narra como evoluciona a vida dunha nena dende os primeiros anos até a adolescencia, e como van mudando as cousas no

seu contorno familiar, especialmente a súa relación co avó. A cuberta deste volume está realizada cunha acuarela de María José Domingo Pérez-Ugena. O estilo é figurativo e as manchas están aplicadas de forma húmeda con cores vivas. O interior está ilustrado con debuxos realizados a tinta polo alumnado de terceiro Juan Cantorna Berdullas.

VV. AA., *VI Certame de contos e narración curta*, Ourense: Concello de Ourense ♦, 2004, 120 pp. (DL: OU 86-2004).

Neste VI certame de contos e narración curta convocado pola Concellería de Educación, Universidade, Xuventude, Bibliotecas, Voluntariado e Consumo co gallo do "Día das Letras Galegas 2003", os nenos e nenas de Ourense obséquiannos con dez relatos, dos cales catro deles participan na modalidade de contos e seis na modalidade de narración curta. Tamara Urbano Barja de 6º de primaria do C.E.I.P. Inmaculada obtivo o 1º premio na modalidade de contos con "Antón o caracol". Antón é un caracol non contento coa súa natureza e que vive aborrecendo polos recunchos e devecendo por ser calquera outra cousa agás un caracol. Un día atópase coa ra Cleo, que vendo a mágoa de Antón, comprometeuse a axudalo e confesoulle que no alto da ladeira vivía un trasno que o podería axudar; así que con moito esforzo Antón chegou onda el e presentoulle o seu problema. O trasno Ilusión, que así se chamaba, deulle unha única oportunidade para elexir o que lle gustaría ser. Antón cabilou detidamente, e logo de reparar nos pros e contras que se lle presentaba con outras identidade (peixe, abella e home), decidiu ficar coa súa, pois ser un caracol non entrañaba tantos perigos, nin correría tantos riscos de ser aniquilado. En "A lúa que non quixo saír de noite", Laura Outomuro Cid de 6º de primaria do C. San José, cóntanos a historia dunha lúa moi fermosa e brillante que cada noite saía a contar un conto os nenos e nenas pequenos/as para que se durmiran; pero un día non saíu. Unha cuadrilla de rapaces decidiu ir falar con ela para ver o que lle pasaba. A lúa explicou que non saía porque os nenos comezaran a tirar lixo no chan e os mozos borrachos montaban grandes festas polas noites e tiraban as papeleiras; motivos polos cales as rúas estaban todas estragadas. E mentres esto non se solucionase, non voltaría saír. A cuadrilla fixo unha reunión con tódolos rapaces e mozos do pobo, e entre todos comprometeronse a comportarse dun modo mais civilizado e a arrancar todo o estragado. Así, a lúa voltou saír, para deleitar cos seus contos os nenos e nenas mais pequenos/as. En "Nico e o seu amigo o vento", Jorge Álvarez Gonzáles de 5º de primaria do colexio San José; relátanos a historia dun neno chamado Nico apaixonado con ir dun lado para outro, mirar e escoitar. Un día ben cediño, saíu o xardín e quedouse pampo o oír unha voz que non sabía de onde proviña: era o vento. Logo da presentación o vento convidou a Nico a levalo de viaxe polo mundo adiante; proposta que o rapaz aceptou sen dilación. Levado polo seu amigo o vento, Nico viu cousas fermosísimas, pero tamén outras non tan agradables como países en guerras, nenos con fame, atentados,… Nico propúxolle o seu amigo que cun forte soprido borrara todas aquelas cousas horribles; e o vento así o fixo. Dende aquela o mundo ía ser un oasis de paz, amor e igualdade entre os homes. En "Rufa e as súas vasoiras", Ana Blanco Saa de 4º de E.S.O. , C. A Purísima conta a historia da bruxa Rufa que ten unha colección de vasoiras que herdou das súas antepasadas que eran meigas coma ela. A todas lles ten un especial cariño; agás a de cor amarelo, xa que é unha clásica vasoira de palla e cana. Unha noite decide tirar con ela o lixo, pero a vasoira fálalle e dille que ela é a única vasoira máxica que posúe e que pode liberala dos ratos, evitarlle visitas inoportunas e mesmo servirlle de mando a distancia. E aínda que nun principio a

Rufa non lle interesaba demasiado, unha vez que comprobou que todo esto era certo quedou encantada con ela. En "Un anxo no bambán" de Alejandra Rodríguez González de 4º E.S.O., I.E.S. Eduardo Blanco Amor; a protagonista en primeira persoa cóntanos como a súa desvordante imaxinación a leva a vivir situacións como converterse nun anxo celestial sentada nun bambán dende o cal contempla as areas convertidas en enormes edificios titánicos, formigas en persoas fuxitivas, etc… A protagonista conta a súa estancia nun parque con todos os nenos/as e as súas nais o seu redor; a viaxe que a leva dende Monforte ata Ourense, e a situación familiar na súa casa en relación coa súa irmá maior e os seus pais; todo esto plantexado dende as situacións inverosímiles as que a súa imaxinación a leva. Daniel Calles de 1º de E.S.O do I.E.S. O Couto, obtivo o 1º premio na modalidade de narración curta con "A importancia dos peóns". Aquí contáse a historia de Andrés, un rapaz de dez anos, fillo dunha parella de mediana idade que rexentaba unha tenda de ultramarinos. Andrés ten un gran interese cara o xadrez que lle ven de familia, pois o seu defunto avó fora un gran xogador. Un día levando un encargo da tenda, coñece o Sr. Elías, un gran campión de xadrez, que se ofrece para ensinarlle todo o relacionado co xogo. O rapaz entusiasmado acode tódalas tardes onda el para aprender as técnicas do xogo e converterse nun verdadeiro profesional. E así foi, Andrés comezou a xogar campionatos, e a gañar torneos e prestixio. Un día, mentres se atopaba en Suecia xogando un campionato, recibiu unha chamada que lle anunciaba a morte do Sr. Elías. A Andrés costoulle moito gañar aquel torneo, pero fixoo polo seu mestre e a el llo adicou por todo o que lle ensinara. En "Néboa", Noelia García Gómez de 4º de E.S.O. do I.E.S. Eduardo Blanco Amor, narra a historia dunha rapaza que en primeira persoa nos conta como coñece o seu verdadeiro amor. Un día de néboa, cando se dirixía á casa de Iria para ver como pintaba cadros , nun parque atopou cunha mirada que a deixou paralizada; e entre os dous non se estableceu máis comunicación que unha conversa coa mirada rexida polo vento. Pero o vento que envolvía aquel momento quixo facer que aquel rapaz desaparecera, e non foi ata que o destino os voltou a unir, un día que a protagonista axudou a regresar á casa a unha nena pequena que se perdera, e que viña sendo a irmá do seu amado. Naquel encontro houbo outra vez moita complicidade na mirada e tan só un "grazas", pois a covardía apoderouse da rapaza. Pero a casualidade tivo de novo que interceder, e unha tarde ás portas do veterinario voltáronse a atopar aquelas dúas miradas namoradas. Nesta ocasión sí que houbo conversa, e o rapaz comunicoulle que se ía do país e probablemente non regresaría. Así o que comezou estraño, misterioso,.. como a néboa; como esta tamén se esvaeceu. En "Historia dunha espiral", Elena López Alvar de 2º de Bacharelato do I.E.S. Eduardo Blanco Amor preséntanos a un personaxe varón que en primeira persoa nos conta o accidente sufrido por un amigo seu e a súa moza. O seu amigo, chamado Anxo, faleceu no accidente; e a súa moza, Uxía, tras meses de recuperación voltou ver a luz. O protagonista visita a Uxía coa finalidade de coñecela, e entre os dous establécese unha unión que os leva a vivir xuntos. Uxía atopa na pintura o modo de expresión dos sentimentos producidos polas desgrazas as que se vía sometida na súa casa: maltrato por parte do pai adicto as drogas e unha nai que precisaba de axuda médica. Así, Uxía retrataba a súa vida como unha espiral; algo profundo, escuro,… o que nunca soubo poñer fin. En "As bolboretas e o arco da vella" de Andrea López Rodríguez de 1º de E.S.O. do C. A Purísima contásenos a historia de dúas bolboretas chamadas Carapuchiña e Crispina. A primeira delas era moi presumida, vaidosa,non atendía no colexio, non axudaba nada na casa e tan só pensaba en sí mesma, polo cal non tiña ningún amigo. Pola contra, Crispina vivía comprometida con axudar os demais e non prestaba tanta atención a enfeitarse.Un día de choiva no cal por un momento

pareceu saír un raio de sol, apareceu no ceo o arco da vella cheo de fermosas cores. Ó velo, Carapuchiña púxose a voar cara el para facerse con aquelas fermosas cores para as súas ás, pero o chegar a el como levaba as ás molladas quedou pegada. Chorou e chorou pensando que aquel ía ser o seu fin e arrepentiuse de todo o mal que fixera co seu comportamento o longo da súa vida. Crispina que voara tras ela o vela marchar, ó chegar o seu carón fíxoa recapacitar sobre a importancia de ter amigos e de ser unha boa persoa; e axudouna a liberarse. Voaron xuntas de volta o colexio e Carapuchiña xa non voltou mais a ser a que era. En "Ana", Rebeca López Ferrero de 4º de E.S.O. de A Purísima, cóntanos a historia dunha rapaza que abandoada polo seu pai cando a súa nai quedou en estado; tivo que someterse aos abusos e maltratos dun padrastro, o cal desencadeou que a súa nai se fixera adicta o alcohol, e Ana se adicara as drogas para solventar os problemas económicos do fogar con tan só once anos. O desamor polo traficante que lle suministraba a droga e os constantes problemas na casa, concluíron coa morte de Ana por mor dunha sobredose. Todos os relatos se inician cunha ilustración de páxina completa de J. Carlos Vázquez Fernández. O estio é figurativo e as imaxes veñen dadas polo contido de cada relato. A técnica empregada é a pintura, aplicada con pinceladas soltas e as cores son alegres e variadas.

VV. AA., *O conto viaxeiro*, Oleiros: Concello de Oleiros ♦, 2004 (DL: C-1179-2004).

Nova entrega desta iniciativa coordinada polo Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros, "Biblioleiros", na que se recollen diferentes contos que percorreron as aulas de Educación Infantil e de Primeiro e Segundo curso de Primaria das Escolas Públicas do Concello de Oleiros. Nestas composicións o alumnado elabora de xeito colectivo os textos e tamén os debuxos que ilustran cada un dos pequenos volumes que conforman o estoxo. Os contos recompilados nesta edición son: "A estrela constipada", narrado e ilustrado polo alumnado de Educación Infantil de Vilar (Nós), que é un conto rimado no que se explica como unha estrela caeu a un xardín ao espirrar e alí atopou a princesa Violeta e a María a Bolboreta. "Abril... augas mil", da autoría do alumnado das Escolas de Educación Infantil do Corgo (Dexo) e Esquío de Arillo (Dorneda), no que se narra a amizade que xorde entre o Gato Paco, o Pico Tito e un verme moi gordo que estaba metido nun amorodo. "Mariña vai de cumpreanos", do alumnado de Educación Infantil e Primeiro Ciclo de Ensinanza Primaria do CEIP Isidro Parga Pondal de Santa Cruz, no que se narra como a golfiña Mariña, o seu noivo o golfiño Saltimbanqui e os seus amigos do mar preparan o aniversario do rodaballo Xallo. "Nemo, o meu amigo", da Escola de Educación Infantil de Cividáns, Mera-"Casa da Braña", no que se reproducen diferentes escenas que teñen como protagonista ao peixe Nemo. "O pitiño e a xirafa", do alumnado de Educación Infantil do CEIP Rabadeira de Oleiros, no que se narran as aventuras do pitiño e a xirafa, que foron atrapados por unha loba moi mala, pero da que conseguen liberarse ao axudarse mutuamente. "O tren", do alumnado de Primeiro e Segundo de Ensinanza Primaria do CEIP Luís Seoane de Mera, no que se contan as aventuras que vive un grupo de nenos que van de excursión a Betanzos cando atopan unha gorra máxica que se perdera do seu dono. "Os guerreiros e a lúa", do alumnado de Educación Infantil do CEIP Valle-Inclán de Perillo, no que se conta como uns guerreiros subiron á lúa para traela á Terra. Logo de atala e traela a lúa rompeu en anaquiños, aínda que entre todos conseguen arranxala e son uns paxaros os

que a soben chea de globos ao ceo. Finalmente, "Un contiño para a paz", do alumnado da Escola Infantil Municipal "A Pardela" de Oleiros, unha narración visual na que a través de ilustracións se expresan diferentes estados de ánimo. Péchase este volume co poema "A terra durmida" de Antonio García Teijeiro. Os relatos preséntanse nun estoxo que contén oito libriños pequenos. Cada un deles vai ilustrado en tintas de distintas cores. No interior de cada libriño as ilustracións están feitas por debuxos realizados por nenos pequenos.

VV. AA., *Concurso de contos solidarios (nenos e nenas de 6 a 16 anos)* , Vigo: Ediciones Cardeñoso □, abril 2004, idade recomendada [Lectorado autónomo], 87 pp. (ISBN: 84-8190-341-8).

Volume no que se recollen os traballos galardoados no "Concurso de Contos Solidarios" celebrado en 2004, organizado e patrocinado pola Concellería de Xuventude do Concello de Vilagarcía. Ábrese cun limiar no que se lembra que o 20 de novembro ten lugar a celebración do Día Internacional dos Dereitos do Neno, proclamados na Carta das Nacións Unidas, unha institución dende a que se defende que a infancia ten dereito a coidados e asistencia especiais e a importancia da familia como núcleo de desenvolvemento integral desta. Finalmente, sinálase que con esta obra se quere concienciar sobre a importancia deste tema e que o volume será doado a Aldeas Infantís. Os traballos premiados estrutúranse en dúas categorías: unha denominada "A" e outra "B". Na primeira inclúense os traballos de Mª Paula Castiñeiras Touriño "Vivindo un soño" (Primeiro Premio) e Esperanza Fajín Nieto "A historia de Xoán sen rostro" (Segundo Premio), así como as mencións especiais a Óscar Martínez Rey con "A aldea dos Tukitaka", Jennifer Juegen Doval con "O neno solidario", Zaida Martínez Cores con "Os náufragos", Macarena González Llovo con "¿Quen empuxa a miña cadeira?" e Javier Millos Castro con "Os salvadores". Na categoría B inclúense os traballos de Andrea Comojo Ozores "Os nenos na praia" (Primeiro Premio) e de Carlos Díaz Torres "A tormenta de area" (Segundo Premio), mentres que as mencións especiais foron para Alba Barreiro Lorenzo con "Salca axuda a Sidagme" e Borja Santamaría González con "Xosé remata coa fame". Algúns dos traballos van acompañados de pequenos debuxos en branco e negro dos propios autores, que teñen reproducida a súa fotografía na contracuberta do volume.

VV. AA., *Zap. Um livro de histórias e poemas pela Paz*, ilust. Acácio de Carvalho e Manuela Bronze, Porto: Junta da Freguesia de Santo Ildefonso □, 2004, col. Instante inicial, idade recomendada [Lectorado autónomo e mozo], 30 pp. (DL: 218075/04).

Volume editado con motivo da celebración dos 10os Encontros Luso-Galaicos do Livro Infantil e Juvenil celebrados no Porto en novembro de 2004 e que tiñan como temática o tratamento da guerra na Literatura infantil e xuvenil. Recóllense textos poéticos e narrativos de autores tanto portugueses coma galegos nos que se aborda esta temática. Así, en narrativa, no que á literatura galega se refire, reprodúcese o relato titulado "¡Xoguemos á guerra!, de Manuel Lourenzo González (Vilaboa, Pontevedra, 1955), no que un narrador en primeira persoa relata como el e o seu grupo de amigos non se poñen de acordo á hora de

elixir o xogo co que entreterse. O narrador protagonista é partidario de ir á rebusca, pero finalmente Martiño convence a todos para que xoguen á guerra, distribuíndose en diferentes exércitos. O relato do xogo transcorre coma se dunha batalla real se tratara, na que mesmo os protagonistas se senten identificados co papel que lles toca desenvolver. Finalmente é Laura, unha das nenas participantes a que mostra o seu desgusto por este xogo. As ilustracións en gama de grises que aparecen espalladas polo volume son de Acácio de Carvalho (Vila Nova de Gaia, 1952) e Manuela Bronze (Moçambique, 1955).

Yáñez Casal, Antonio, *Don Cosme e o telegrama amarelo*, Finalista Premio Raíña Lupa 2000, ilust. Xulia Barros, A Coruña: Casals, marzo 2004, col. O Trolebús, nº 20, a partir de 8 anos, 115 pp. (ISBN: 84-218-3155-0).

Nesta historia de Antonio Yáñez Casal (Ferrol) cóntase o que sucedeu na tranquila Vilalonga cando don Cosme, o alcalde, recibe un telegrama anónimo de cor amarela no que se informaba de que en calquera momento poderían empezar os problemas na vila. O escrito, igual ao que recibiran os anteriores alcaldes, contén un estraño meigallo que provoca que toda a vila, até o propio don Cosme, fale do revés. Na busca dalgunha solución ao problema, fai caso da idea de dona Rosa, a panadeira, quen lle suxire que contrate os servizos dun detective. É así como chega á vila Bibiano Piñeiro, quen despois de quince días marcha ao non conseguir dar coa solución. Daquela, Santiago, un mariñeiro, propón mercar unha máquina cazapantasmas, mais todo resulta inútil. Finalmente, don Cosme non terá máis remedio que pactar cunha bruxa e coa pantasma responsábel do envío do telegrama e deixar que os dous sexan alcaldes durante unha semana. Ambos tolearán a vila e comezarán unha guerra entre eles para conseguir ser o mellor alcalde. Don Cosme non terá máis remedio que facerse pasar por unha bruxa e aprender a elaborar beberaxes para devolver a normalidade á súa vila. As ilustracións figurativas e de ton cómico e caricaturesco de Xulia Barros (Lomas de Zamora, Bos Aires, 1968) inician cada unha das diferentes partes de libro, mostrándonos algún obxecto ou personaxe desa parte do relato. Son debuxos feitos en gama de grises, só o da cuberta está en cores de gama cálida, que xogan co claroscuro e buscan o volume das formas.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Organización fílmica', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 85, 'Infantil/Xuvenil', 27 maio 2004, p. VII.

Cualifica a novela de Antonio Yáñez Casal, *Don Cosme e o telegrama amarelo*, como un texto que marca un punto de inflexión á hora de procurar o achegamento á lectura dos nenos e nenas, en tanto se trata dunha obra que ademais de tratar un tema interesante atende á súa demanda dunha complexidade parella aos seus coñecementos. Salienta a estrutura lineal do relato, que segue o esquema clásico de presentación, nó e desenlace a través de vinte e seis capítulos nos que se percibe a división en escenas ou secuencias cinematográficas. Inclúe tamén un breve resumo da trama da novela.

- R.G., 'Liorta de bruxas e pantasmas', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 85, 6 novembro 2004, p. 9.

Ofrécese un breve resumo do argumento de *Don Cosme e o telegrama amarelo*, de Antonio Yáñez Casal, do que se apunta que se trata do texto finalista do Premio Raíña Lupa 2000. Sinala que a historia está chea de imaxinación e bo humor e que vai acompañada das ilustracións de Xulia Barros. Ademais, informa de que Antonio Yáñez volveu quedar finalista do mesmo premio en 2004 coa obra *Don Crisóstomo, o alifáfaro.*

VII.1.2. REEDICIÓNS E ADAPTACIÓNS

Alcalá, Xavier, *Fumes de papel*, Vigo: Galaxia, marzo 2004, col. Costa Oeste, idade recomendada [mocidade], 162 pp. (ISBN: 84-8288-679-7).

Novela de Xavier Alcalá (Miguelturra, Ciudad Real, 1947) que fora publicada por primeira vez en 1988 na colección "Vía Láctea Textos", da Editorial Vía Láctea, e que, despois de coñecer tres edicións en "Árbore", sae de novo cun deseño renovado e a lingua actualizada segundo as novas normas ortográficas en vigor en "Costa Oeste" de Galaxia. Trátase dun relato realista, que comeza *in extremas res*, estruturado en trece capítulos sen título e numerados en romano, no que se narra a xeito de *flash-back* a vida de Pedro Teixo, un rapaz dunha vila galega, fillo dun confeiteiro, que logo de facer a carreira de Química en Santiago, ampliar estudos e traballar nos Estados Unidos, ademais de dirixir unha empresa en Madrid, se traslada á súa vila natal para encargarse da dirección dunha planta de celulosa. A instalación provoca, dende o inicio, grandes enfrontamentos entre os veciños, que tentan en cada caso sacar o maior partido. Convencido do progreso que supón para a bisbarra esta nova industria, Pedro ten que enfrontarse aos Figueroa, unha familia de fidalgos arruinada que busca sacar grandes beneficios cos terreos próximos á fábrica e que non ven con bos ollos o seu novo estatus. A inimizade entre Pedro Teixo, que representa ao pobo, e Alberto Figueroa, fidalgo arruinado, dependente do pai e que non acepta a súa situación, adquire cada vez máis dramatismo a medida que entre ambos se estabelece un pulso por causa dun terreo que Pedro sempre ambicionara e que os levará á traxedia final. A práctica de observar, descifrar, entrever, etc. ponse en xogo cando vemos unha imaxe como a da cuberta do libro, fotografía de Fausto Isorna (Catoira, 1961). Trátase dunha imaxe de carácter conectivo coa trama, ao situarnos diante dunha cadea dun can, Ton, o can que acompaña ao protagonista do relato.

Aneiros, Rosa, *O xardín da media lúa*, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, outubro 2004, col. árbore/galaxia, nº 4, idade recomendada [mocidade], 46 pp. (ISBN: 84-8288-711-4).

Volume no que se recollen cinco versións de lendas árabes realizadas por Rosa Aneiros (Taraza, Meirás, 1976) e que se presentan precedidas dun mapa e unha introdución con informacións relativas á situación e ao contexto da sociedade árabe co fin de facilitar a súa comprensión. En "O home que saíu na procura do seu destino", adaptada a partir da versión

facilitada por Ghaleb Jaber Ibrahim, o protagonista é un home que decide realizar un cambio na súa vida, para o cal emprende unha viaxe na procura do seu destino. No camiño atopa un home sabio que resulta ser o seu destino e que até en tres ocasións intenta amosarlle, sen éxito, as posibilidades de acadar fortuna. A segunda lenda, "O xenio do reino noitébrego", céntrase no que aconteceu en Damasco na casa dun ourive que recibiu a visita dun xenio malvado que desexaba levar canda si á súa filla. O ourive consegue burlalo construíndo unha boneca de cera que se derrete nas rexións noitébregas do xenio. En "Yoha e os burros cheos de sede", adaptada a partir da versión facilitada por Hassam e Yustafá Abdulkadir, o protagonista é Yoha, a quen súa nai pon a proba coa encarga de levar dez burros a beber a unha fonte preto do campamento. No camiño Yoha conta os burros en varias ocasións esquecendo sempre o que monta, o que ocasiona o seu desconcerto ante a variación reiterada do resultado. En "A inocencia de Mohamed", un fiel relixioso decide ir á Meca e a muller, coñecedora da súa inocencia, advírtelle que teña coidado non o estafen. Grazas á axuda dunha vella consegue recuperar os cartos e burlar con enxeño a un grande estafador. "A lagosta" recolle a historia dun emir en cuxa casa traballaban dous servos moi pobres que conseguen gañar unha gran fortuna facéndose pasar por adiviños. Estas lendas acompáñanse de fotografías en branco e negro tinguidas de avermellado e nelas achéganse elementos da cultura árabe, finalizando cun debuxo esquemático sobre o tema. A cor das letras acentúa o ambiente mítico.

Avendaño, Alberto, *Aventuras de Sol*, ilust. Carmela González Pintos, Vigo: Galaxia, marzo 2004, col. árbore/galaxia, nº 35, serie Azul, a partir de 10 anos, 149 pp. (ISBN: 84-8288-690-8).

Nova edición deste relato de Alberto Avendaño (Vigo, 1957) publicado por primeira vez en 1986 na colección "Barco de Vapor", como gañador do premio homónimo e editado pola editorial Galaxia en colaboración con SM. Foi en 1991 cando coñeceu a primeira edición na colección "Árbore", mantendo as ilustracións orixinais de Marifé Quesada. Nesta nova entrega, cun paratexto renovado e con ilustracións moi contrastadas, próximas ao cómic, de Carmela González Pintos (Cangas do Morrazo, 1971), que representan escenas por medio de debuxos en tres tintas planas e con formas e recursos moi expresivos, ofrécese este relato que mantén a mesma estrutura en capítulos numerados e intitulados, revisados segundo a normativa ortográfica vixente. Está protagonizado por Coxi, un neno que vive nunha cidade á beira do mar, e o seu can Sol, que saen de excursión ao monte. Neste novo espazo, Coxi e Sol vivirán diferentes aventuras nas que coñecen a animais como o esquío Pin, o peixe Augabonita ou o Lobo Bolo. Durante a súa peripecia teñen que desvelar un misterio no que lles van axudar estes novos amigos e que o propio lectorado pode seguir coas pistas que se lle ofrecen nos diferentes episodios. Na resolución deste enigma vanse intercalando lendas que contan os animais, encamiñadas a vencer ao terrorífico Lobo Bolo, que finalmente non é senón vítima dunha lenda máis, da que o liberan Coxi e Sol.

Bruno, Pep, **Figueras**, Nuria, **Gil**, Carmen, **Heras**, Chema, **Mejuto**, Eva, **Méndez**, Raquel, **Rubio**, Antonio, *A merliña/As trenzas do avó/Conto para contar mentres se come un ovo frito/Unha pantasma con asma/Avós/A casa da mosca chosca/Homiño de mazapán*, ilust. Isidro Ferrer/ ilust. Roger Olmos/ilust. Mariona Cabassa/ ilust. Sarah Webster/ ilust. Rosa

Osuna/ilust. Sergio Mora/ilust. Elia Manero, Pontevedra: Kalandraka Editora, 2004, col. Minilibros para soñar, nº 5, idade recomendada [Lectorado autónomo] (ISBN: 84-8464-510-X).

Nova entrega en estoxo de sete contos editados no ano 2002 pola Editorial Kalandraka, que nesta ocasión reedita en pequeno formato *A merliña*, de Antonio Rubio, no que se recrea o conto clásico da merla que, ameazada pola raposa con contarlle a árbore na que ten o niño, lle vai dando os seus fillos a comer até que a advirten do engano e logra salvar un deles. As ilustracións son de Isidro Ferrer. *As trenzas do avó*, de Nuria Figueras, no que se describe o aspecto do avó Serafín, caracterizado polo seu longo bigote branco e dúas trenzas moi longas, que sempre di que cortará cando cheguen ao chan. Sen embargo, nin el nin os veciños queren que as corte, por iso a complicidade de todos fai que as conserve aínda cando chegan ao chan. Este relato conta coas ilustracións de Roger Olmos. *Conto para contar mentres se come un ovo frito*, de Pep Bruno (Barcelona, 1971), baseado en estruturas acumulativas, relata como diferentes personaxes dende a galiña Anselma, pasando pola avoa ou o rei, van transmitíndose o recado de darlle o ovo a Xan para que o coma e logo cada un destes personaxes pedirán compartir este ovo, para animar ao neno a comer. As ilustracións son de Mariona Cabassa. *Unha pantasma con asma*, de Carmen Gil e ilustracións de Sarah Webster é un conto rimado no que se relata como unha pantasma enferma de soidade no seu castelo, problema que se soluciona cando aplica a receita do médico de ir vivir con outras pantasmas das que recibe cariño. *Avós*, de Chema Heras (Ávila, 1958), un conto de estruturas acumulativas no que, cunha gran tenrura e sensibilidade, se describe o amor entre dous anciáns. As ilustracións de Rosa Osuna. *A casa da mosca chosca*, unha adaptación de Eva Mejuto (Sanxenxo-Pontevedra, 1975), na que a través de estruturas acumulativas se favorece o coñecemento do lectorado agardado cos números. Nel relátase cómo a mosca chosca celebra unha merenda con diferentes animais do bosque para inaugurar a súa nova casa. As ilustracións son de Sergio Mora (Barcelona, 1975). *Homiño de mazapán*, de Raquel Méndez e ilustracións de Helia Manero, un conto no que se narra cómo o homiño de mazapán que coce a avoa foxe até que é comido pola raposa. Nos libros que deron orixe á presente edición destes minilibros, as ilustracións tiñan unha grande importancia. Moitas veces dita importancia iba por riba do texto ou completándoo, non obstante ao reducir tanto o tamaño moita daquela riqueza visual pérdese xa que custa apreciar aspectos coma o tratamento matérico, a frescura do trazo, o deseño dos personaxes, a composición, etc. Fronte a esta perda, co deseño en miniatura gáñanse outras avantaxes.

Cabana, Darío Xohán, *Dende o Himalaia a Ceilán*, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, outubro 2004, col. árbore/galaxia, nº 3, idade recomendada [lectorado autónomo], 46 pp. (ISBN: 84-8288-747-5).

Conxunto de seis lendas da India recreadas por Darío Xohán Cabana (Terra Cha, 1952) que aparecen precedidas paratextualmente por un mapa de situación e unha introdución ao contexto do país de orixe, na que se ofrecen algúns trazos da sociedade, da relixión, das linguas e da súa situación actual, aspectos sobre os que versan as propias lendas. Os títulos destas son "Manu Vaivasvata", na que se desenvolve a idea do "diluvio universal" e da creación da humanidade, protagonizada por un home, Manu Vaivasvata, coñecido como o

Fillo do Sol, e un peixe. "O deus da cabeza de elefante", na que se narra a orixe da cabeza de elefante do deus Ganexa, que a perdera polo enfado de seu pai, o deus Xiva, e por non atopar ningún neno ao que logo cortarlla. Tamén se explica que este deus é o patrón dos escritores porque el foi o amanuense do *Mahabharata*, ditado polo sabio Viasa. "A estrada no mar" na que se narra cómo o deus Rama, axudado dun exército de monos e osos, constrúe unha estrada entre as illas de Mannar e Ceilán, para rescatar a súa esposa Sita, raptada por Ravana, rei dos demos rakxasa. "Sakuntala" é a lenda que recolle as distintas peripecias ás que se enfrontan o rei Duxianta e Sakuntala, filla dun asceta e dunha ninfa, para poder gozar do seu amor. "O casamento de Damaianti", na que se describe a habelencia da princesa Damaianti para casar co seu namorado, o rei Nala, sen que os deuses se enfaden. Finalmente, en "O príncipe Siddhartha" vanse referindo os distintos signos que acompañaron os primeiros días de vida do príncipe Siddhartha e que indicaban que ía ser un Buda, malia a oposición de seu pai. A ilustración que acompaña aos textos é de tipo fotográfico. Cada lenda comenza cunha fotografía en blanco e negro tinguida cun filtro azulado e remata cun pequeno debuxo. As fotografías son fragmentos de arte hindú, esculturas e relevos dos deuses que protagonizan as lendas.

Casal, Uxía, *As ás de Xenoveva*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Galaxia, 2004, col. árbore/galaxia, nº 86, serie Azul, a partir de 10 anos, 123 pp. (ISBN: 84-8288-759-9).

Nova edición deste relato de Uxía Casal (Santiago de Compostela, 1957), publicado por primeira vez en 1996 e no que presenta a galiña Xenoveva, unha ave inconformista que non entende cómo se poden adaptar as súas compañeiras de galiñeiro ás circunstancias que lles toca vivir, aceptándoas como ineludíbeis e sen loitar contra o estabelecido. A través dos dez capítulos intitulados, o lectorado agardado coñece cómo Xenoveva se prepara para conseguir ser libre e as aventuras que vive até que atopa o seu lugar no mundo. Esta galiña nova, que consegue voar e escapar do galiñeiro, enfróntase ao mundo exterior no que coñece a seres que contribúen, dende unha actitude positiva ou negativa, para a súa formación. No seu percorrido por diferentes lugares, Xenoveva coñece a esquío Rosalinda, que lle presenta a súa familia e comparte con ela o feito máis transcendental da súa vida, que é poñerlle nome aos seus fillos; o raposo Rodolfo, do que foxe ao descubrir as súas intencións; unha colonia de gaivotas, que lle demostran o importante que é aceptar aos demais aínda cando son diferentes; o quincalleiro Venancio, que a engaiola coa súa palabrería; a colonia de ratas do vertedoiro da cidade, coas que descobre a cobiza dos homes e a sociedade disciplinada e organizada que manteñen para sobrevivir; e Fidel e Filomena, dúas pitas montesas. Neste novo contorno lonxe dos homes e na compaña doutros membros da súa mesma especie atopa o lugar que estaba buscando e que sente como o seu verdadeiro fogar. A técnica empregada por Manuel Uhía (Sanxenxo, 1944) nas ilustracións, que corresponden a escenas do relato moi concretas, é a aguada en tons sepia; a tinta está depositada sobre o papel húmedo. A galiña protagonista e os personaxes que a acompañan están descritos de forma figurativa.

Casares, Carlos, *Lolo anda en bicicleta*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Galaxia, 2004, col. árbore/galaxia, idade recomendada [lectorado autónomo], 26 pp. (ISBN: 84-8288-724-6).

Cun deseño renovado e en formato de capa dura saca á luz a Editorial Galaxia unha nova edición desta obra de Carlos Casares (Xinzo da Limia, 1941-Vigo, 2002), publicada por primeira ven en 1996 da man desta mesma editorial e Editores Asociados na colección "Bambán". O protagonista deste relato é Lolo, un neno de seis anos que ten moita ilusión por unha bicicleta. Como seus pais non lla mercan debido ás trasnadas que comete, Lolo comeza a practicar dentro do garaxe na bicicleta de seu pai. Despois dalgunha caída comeza a coller confianza até dominar con grande habelencia a bicicleta. Para evitar ser visto e castigado por seus pais, practica as súas cabriolas enriba do muro do xardín, pero é descuberto. A estupefacción inicial dos seus pais pasa a ser admiración ante a destreza que demostra e que levará a que lle merquen por fin a bicicleta tan ansiada. As ilustracións de Manuel Uhía (Portonovo, 1944) están realizadas á acuarela, o que lle achega as calidades delicadas propias desta técnica. O estilo é figurativo e vai completando con imaxes as descricións ou enumeracións do texto; este ocupa as páxinas pares. Composicións con puntos de vista moi variados (hai primeiros planos, contrapicados, planos xerais,...) As cores suaves son tonalidades frías, predominando os grises e os violetas.

Recensións:

- Ramón Loureiro, 'Carlos casares, cos ollos dun neno', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 81, 'Letras en galego', 9 outubro 2004, p. 8.

Con motivo da nova edición de *Lolo anda en bicicleta*, Ramón Loureiro fai unha lembranza emocionada da figura de Carlos Casares. Comeza destacando deste autor a súa sensibilidade cara a todo o que o rodeaba e como unha das súas principais virtudes o ser "un home bo". Ademais das súas obras para nenos, destaca os artigos xornalísticos que publicou na columna "Á marxe", de *La Voz de Galicia* e a súa capacidade para plasmar a súa concepción da vida nas obras literarias que deu ao prelo. Deste relato para nenos sinala que "non ten límite de idade", repasa brevemente o seu argumento e remata recomendando que se teñan varios exemplares del porque sempre haberá a quen regalarllo.

Castelao, *Cousas dos nenos*, ilust. do autor, Vigo: Galaxia, maio 2004, col. árbore/galaxia, nº 127, serie Azul, a partir de 10 anos, 91 pp. (ISBN: 84-8288-716-5).

Conxunto de estampas, que o propio autor, Castelao (Daniel Manuel Rodríguez Castelao, Rianxo 1886-Bos Aires, 1950), denominou "cousas" e que foron publicadas en diferentes xornais e revistas do seu momento. Caracterízanse todas elas por teren como protagonistas ben a nenas e nenos ben a animais domésticos, nunha disposición de lámina acompañada dun pé cun texto breve, no que se condensa un pensamento que está intimamente relacionado coa escena que se presenta a través do debuxo. Ábrese o volume cunha breve introdución na que se fai referencia ao interese de Castelao pola infancia, á que fixo obxecto da súa atención en numerosos debuxos, e coa que se identifica no xeito de enfocar a visión dos feitos que non entende. Destácase que moitas veces non hai resposta a estas cuestións e outras veñen dadas por animais como o burro, o can ou o gato, que representan unha racionalidade que o home non sempre demostra empregar. A seguir, aparece unha primeira estampa na que o propio autor, vestido cunha coroza se presenta ao público de

xeito irónico, e que dá paso ás corenta e unha "cousas" que compoñen a obra, entre as que destacan as referidas á relación da infancia coa escola, cos demais nenos e nenas e mesmo cos maiores. As ilustracións de Castelao son debuxos cun estilo esquemático e sinxelo, onde predomina a liña simple, mediante a cal se consegue caricaturizar distintas situacións de forma moi expresiva.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Cousas de nenos', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 100, 'Infantil/Xuvenil', 18 novembro 2004, p. VII.

Dá conta da publicación de *Cousas dos nenos*, de Castelao, estampas que comezaran a ver a luz en 1926 de temáticas mariñeiras e rurais tratadas con ironía pero cun fondo lírico e emotivo. Sinala que agora se recollen neste volume dirixido á infancia para facela consciente das desigualdades sociais. Saliéntase a identificación do rianxeiro coa infancia, especialmente pola súa ollada de inocencia e tenrura ao non estar contaminada pola maldade e egoísmo da sociedade. Destácase a atemporalidade dos temas e recoméndase a lectura da infancia da man dun adulto que encha as lagoas que poidan xurdir e favoreza así unha conciencia crítica no pequeno lector. Remata sinalando que é unha boa forma de coñecer unha parte importante da historia da literatura galega e a crear personalidades comprometidas, libres e tolerantes.

Cortizas, Antón, *Historias e algún percance todas ditas en romance*, ilust. Irene Fra, Vigo: Galaxia, novembro 2004, col. árbore/galaxia, nº 85, serie Azul, a partir de 10 anos, 130 pp. (ISBN: 84-8288-762-9).

Nova edición desta obra publicada por primeira vez en 1996 dentro da serie Verde desta mesma colección, agora cun formato renovado e incluída na serie Azul, dirixida a un lectorado de máis idade. Recolle dezasete composicións poéticas recreadas por Antón Cortizas (Ferrol, 1954) baixo a forma tradicional do romance. Nelas preséntase unha variada temática, especialmente arredor de motivos e personaxes típicos dos contos tradicionais e marabillosos como reis, princesas, fadas, animais ou diferentes elementos da natureza. Con estas achegas na liña da tradición, o autor ofrece outras máis innovadoras, nas que os protagonistas son personaxes máis próximos á nenez actual. Todas as composicións teñen unha forte dimensión lúdica, coa que se pon de relevo as diversas posibilidades desta forma poética e nas que se xoga mesmo coa tipografía. As ilustracións de Irene Fra (Mataró, 1971) para este volume están realizada en estilo figurativo. As inspiración medieval da maioría dos relatos apréciase nos detalles da vestimenta dos personaxes e nalgún detalle arquitectónico. A técnica empregada presenta unha gama variada de violetas, con alternancia de claros e escuros creando contraste importantes.

Cortizas, Antón, *Este é o maimiño/A pega rebuldía / Dedín, dedín... / Imos de paseo/ Reirrei/ Pedro Chosco/ Este queixo, queixolán/Esta era unha vella*, ilust. Juan Ramón Alonso, Vigo: Tambre, 2004, col. Dediños, nº 1-8, idade recomendada [prelectorado], [10]

pp. (ISBN: 84-263-5506-4/84-263-5507-2/84-263-5513-7/84-263-5512-9/84-263-5510-2/84-263-5511-0/84-263-5508-4/84-263-5509-9).

Colección de oito volumes nos que Antón Cortizas (Ferrol, 1954) é o encargado da selección e recreación de formas poéticas da tradición oral. Trátase de pequenos volumes de cantos redondeados que presentan furados para que o lectorado agardado aprenda estas fórmulas poéticas axudado cos dedos das mans, o que lle dá título á colección, e para favorecer así o coñecemento do seu propio corpo. O breve texto, conformado por unha frase en cada páxina de cada un dos volumes, aparece complementado coas ilustracións a través das que o lectorado agardado pode seguir a historia que se lle está a contar e mesmo identificar aos personaxes protagonistas. Así, en *Este é o maimiño* percórrese cada un dos dedos da man sinalando a súa principal característica; en *A pega rebuldía*, trabállase o concepto dos números a través dos ovos que a pega vai poñendo na campá; en *Dedín, dedín...* estabelécese un xogo manual no que interveñen figuras como o rei ou os paxaros; en *Imos de paseo* aparece como protagonista un gato e a localización de dous puntos xeográficos de Galicia; en *Reirrei* a protagonista para xogar cos dedos é a xoaniña, á que se lle canta; en *Pedro Chosco* sitúase ao protagonista, Pedro Chosco, mentres dorme a sesta e descríbense as sensacións que experimenta; en *Esta era unha vella*, aproveitando as fórmulas de reiteración, descríbense as características, un tanto absurdas, do gato dunha anciá; e, finalmente, en *Este queixo, queixolán* trabállase coa primeira infancia cada un dos membros que forman parte da cara, dende o queixo, pasando polo nariz ou os ollos até a testa. Nalgúns dos números, para favorecer a comprensión dos conceptos e a complementariedade da lectura textual coa visual, achéganse conceptos a través de elementos do contorno máis inmediato da infancia (por exemplo cos dedos fálase do pai deles e debúxase a un pai cun bebé).

Graña, Bernardino, *Planeta de ratos tolos*, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Everest Galicia, 2004, col. Montaña encantada, a partir de 8 anos, 117 pp. (ISBN: 84-403-0440-4).

Nova edición desta obra de Bernardino Graña (Cangas, 1932), editada por primeira vez en 1990 na colección "O barco de vapor" da Editorial SM, e que agora ve a luz na "Montaña encantada" de Everest Galicia. Está estruturada en sete capítulos titulados, nos que se desenvolven os contos que os xenros do rei Carolo XIII de Donalbe van relatando en presenza da familia real, moi afeccionada á arte de contar. Os narradores son Paramés, un labrego, e Arandel, un mariñeiro, que casaron coas princesas e gobernan, xunto co rei, baseándose na sabiduría tirada das vellas historias. Estes contos, algúns deles baseados na tradición oral, teñen como protagonistas a animais como os ratos, o Galo Quirico, o cervo Melado ou o lobo Agrisado, entre outros, ademais de protagonistas rexios, dos que sempre sacan unha ensinanza que lles serve para aplicar nas súas vidas diarias. As ilustracións de Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953) están realizadas cunha técnica de pintura transparente sobre unha base moi traballada con distintas texturas. A tonalidade predominante é cálida. Os personaxes dos relatos teñen un estilo figurativo moi persoal.

Recensións:

- Héitor Mera, 'Un clásico de Bernardino Graña', *A Nosa Terra*, nº 1.122, 'Narrativa', 25 2004, p. 27.

Comunícase que é esta una reedición da obra publicada no ano 1990 na colección "Barco de Vapor" de SM. Dáse conta do argumento e saliéntase que o actor foxe da organización clásica da fábula na estrutura máis simple para "mergullar ao lector nun ensarillamento de historias, todas elas conectadas entre si pola historia principal". Fálase do didactismo, do uso e gusto do autor polas formas e temas da "literatura tradicional", da defensa da natureza, da crítica que sempre enchen a obra do autor. Fai fincapé na habilidade do autor no eixo estilístico na prosa coidada.

Miranda, Xosé, **Reigosa**, Antonio, *Contos prodixiosos, I*, ilust. Patricia Castelao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2004, col. Cabalo buligán, nº 19, idade recomendada [Lectorado mozo], 61 pp. (ISBN: 84-9782-114-9).

Nova entrega de contos da tradición oral galega na que Xosé Miranda (Lugo, 1955) e Antonio Reigosa (A Pastoriza, Lugo, 1948) versionan once novos relatos nos que algo ou alguén extraordinario intervén na historia que refiren, ben porque o prodixio é obra dun ser sobrenatural, ben porque é froito da habilidade e capacidade dun personaxe que con intelixencia supera a situación á que se enfronta. Concretamente Miranda escribiu o conto titulado "Papas" e Reigosa os titulados "O sabor dos sabores", "Os tres irmáns sabios", "A moza vestida de home e a cerva", "Martuxiña", "A fera domada", "Tres bos consellos", "O tesouro do home na forca", "O demo na botella" e "A moza mataladróns". Así, en "Papas" compróbase a debilidade da muller ante os bens terreais e o destino prefixado das persoas; en "O sabor dos sabores", a filla máis nova dun rei viúvo demóstralle a este cál é o verdadeiro amor paterno-filial, despois de ser desprezada polo seu proxenitor; en "Os tres irmáns sabios", un xuíz resolve o conflito dunha herdanza de tres dedutivos e intelixentes irmáns a favor do máis pequeno por amosar máis respecto polo corpo do defunto pai; en "A moza vestida de home e a cerva", unha rapaza pobre vestida de home captura a unha cerva e fai que fale e diga diante do rei tres verdades para non casar coa princesa; en "Martuxiña", a filla máis vella dun matrimonio decide ir ao servizo de El-Rei no lugar de seu pai, período de tempo no que o mozo que lle tocou ao lado se namora dela; en "A fera domada", un príncipe dun reino afastado consegue domar a soberbia dunha guapa e intelixente princesa casadeira; en "Tres bos consellos", un pobre home acepta os tres consellos que o seu amo lle dá en lugar do diñeiro que lle debía despois de moitos anos de traballo, feito que lle axuda a chegar con ben á casa e rico; en "O tesouro do home na forca", un fillo esmorguista recapacita e cambia de vida despois do último consello paterno; en "O demo na botella", a nai de Petronila pecha o demo nunha botella até que este consegue liberarse e segue facendo das súas polo mundo; finalmente, en "A moza mataladróns", grazas á moza protagonista, os gardas prenden a unha tropa de ladróns que a quixeran roubar e mesmo matar por en anos anteriores torarlle os dedos das mans cunha machada ao seu xefe. As ilustracións moi realistas, mais de carácter fantástico de Patricia Castelao (Santiago de Compostela, 1974) sitúanos xa dende a cuberta no terreo do extraordinario, información que se plasma tamén no propio título. O tratamento das ilustracións, tanto nas cores esvaidas, que recordan as fotografías coloreadas, coma as composicións deseñadas en

páxinas enteiras nas que aparecen fotografías pegadas sobre papeis que amosan o paso do tempo, fainos pensar en historias pasadas e en feitos fantásticos e prodixiosos. Cada unha delas ilustra un fragmento do conto que está a describir textualmente. O volume péchase cun conxunto de notas nas que se dá conta, entre outros datos, das diferentes fontes que se tiveron en conta para a reelaboración de cada relato ou dos motivos que este presenta.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 80, 22 abril 2004, p. VII.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle as recensións de *Contos prodixiosos, I* e *Contos prodixiosos, II* (2004), de Xosé Miranda e Antonio Reigosa; *Novela de xadrez* (2004), de Sefan Zweif; *Cociña vexetariana* (2004), de Miguel Burros e *Xoaquín Lorenzo. Vida e obra* (2004), de Marcos Valcárcel. Sinala que *Contos prodixiosos, I* e *Contos prodixiosos, II* completan a colección 'Cabalo buligán', que naceu hai cinco anos para recuperar e actualizar o conto popular de tradición oral galego; indica que todos os contos, a partir de versións orais existentes na actualidade, 'dan conta de algo ou alguén extraordinario que intervén na breve historia que refiren' e que as ilustracións pertencen, no primeiro volume, a Patricia Castelao e, no segundo, a Chus Ferrín.

- X.F., 'Contos prodixiosos', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 57, 24 abril 2004, p. 7.

Dá conta desta publicación na colección "Cabalo Buligán" coa que Xerais reformula a narrativa oral de tradición galega para o público contemporáneo. Indícase que foron dúas as últimas entregas, ademais da comentada *Contos prodixiosos II* obras realizadas por os autores lucense Xosé Miranda e Antonio Reigosa. Salienta da colección a súas sinxeleza e o servir de "catálogo da obra dalgúns dos mellores ilustradores galegos", catálogo ao que agora se engaden dúas mulleres: Patricia Castelao e Chus Ferrín.

- Armando Requeixo, 'Contos extraordinarios', *Tempos Novos*, nº 88, 'Voces e culturas. Crítica.Libros', setembro 2004, p. 72.

Dáse conta da publicación das obras *Contos prodixiosos (I)* e *Contos prodixiosos (II)* nas que Antón Reigosa e Xosé Miranda recolleron e refixeron diverso material da literatura galega de transmisión oral.

Miranda, Xosé, **Reigosa**, Antonio, *Contos prodixiosos, II*, ilust. Chus Ferrín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2004, col. Cabalo buligán, nº 20, idade recomendada [Lectorado mozo], 79 pp. (ISBN: 84-9782-115-7).

Volume da colección "Cabalo buligán" no que Xosé Miranda (Lugo, 1955) e Antonio Reigosa (A Pastoriza, Lugo, 1948) poñen a disposición do lectorado unha serie de "fieis

recreacións dos contos orais galegos" protagonizados por Deus, Xesús, os santos ou o demo. Dividido en catro partes: "Cristo e San Pedro en Galicia", "O devoto de Santo Antonio", "A fuxida a Exipto" e "O vello e as lampadiñas da vida", Miranda realizou o texto dos contos das tres primeiras partes e Reigosa do conto que compón a última. En "Cristo e San Pedro en Galicia" inclúense dezaseis relatos nos que Cristo, ben só ben acompañado de San Pedro, realiza diferentes milagres nos lugares nos que se atopan, por poñer algún exemplo, converte á vella muller dun ferreiro nunha moza; concédelle tres desexos a un pobre matrimonio e outros tres a un matrimonio que non os sabe aproveitar; multiplícalle o gando a unha vella despois de que lle fixera matar o único xato que tiña; fai que San Pedro beba auga procedente do cu dun lobo cheo de merda; transforma a un home en asno por tentar roubalos ou concédelle tres desexos a Xan Soldado grazas aos que se libra, en varias ocasións, da Morte e do inferno. En "O devoto de Santo Antonio" nárranse as situacións previas á morte dun devoto de Santo Antonio e o acontecido despois desta, momento no que a alma do devoto, en forma de lebre, foxe do demo, que ten forma de galgo, e o Santo lle disputa a alma. En "A fuxida a Exipto" cóntanse os milagres realizados por San Xosé para enganar aos soldados de Herodes que perseguían á Sagrada Familia cando esta se dirixía a Exipto. Finalmente, en "O vello e as lampadiñas da vida", nárrase como un vello recibe a visita de San Pedro e este lle ensina o lugar onde se gardan as lampadiñas da vida que, unha vez queden sen aceite, levan á morte. Neste lugar, o vello aproveita a saída do apóstolo para sacar cos dedos o aceite da lampadiña da súa muller para a del, pois na súa apenas queda. Pasa o líquido dun recipiente a outro, cada vez máis rápido, até que a labazada e a voz da súa muller o sorprenden. As ilustracións de Chus Ferrín (Vigo, 1968) para este libro están realizadas a toda cor con acuarela e lapis. A temática fantástica dos relatos e as distintas escenas están complementadas por uns debuxos moi personais; utiliza unha gran liberdade de composición, uns escorzos pronunciados, estilizacións acusadas das figuras, e unha soltura á hora de utilizar a cor que conectan co carácter fantástico do libro.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Contos prodixiosos', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 88, 'Infantil/Xuvenil', 17 xuño 2004, p. VII.

Dáse conta da publicación dun novo volume, *Contos prodixiosos II*, dentro da colección "Cabalo Buligán". Saliéntase que grazas ao traballlo de moitos estudosos e escritores moitos contos da tradición "están sendo dalgún xeito inmortalizados fronte á efemeridade que antes os caracterizaba e que os facía tan susceptíbeis de cambios provocados principalmente pola súa oralidade". Indícase que neste novo volume Xosé Miranda e Antonio Reigosa se centran en dezanove contos prodixiosos protagonizados por Deus, Xesús, os santos e o demo que presenta un esquema semellante e unha estrutura idónea para o didactismo. Finalmente, destácase o interese deste volume para o seu emprego nas aulas.

- Armando Requeixo, 'Contos extraordinarios', *Tempos Novos*, 'Voces e culturas. Crítica.Libros', setembro 2004, p. 72.

Dáse conta da publicación das obras *Contos prodixiosos (I)* e *Contos prodixiosos (II)* nas que Antón Reigosa e Xosé Miranda recolleron e refixeron diverso material da literatura galega de transmisión oral.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 80, 22 abril 2004, p. VII.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle as recensións de *Contos prodixiosos, I* (2004) e *Contos prodixiosos, II*, de Xosé Miranda e Antonio Reigosa; *Novela de xadrez* (2004), de Sefan Zweif; *Cociña vexetariana* (2004), de Miguel Burros e *Xoaquín Lorenzo. Vida e obra* (2004), de Marcos Valcárcel. Sinala que *Contos prodixiosos, I* e *Contos prodixiosos, II* completan a colección 'Cabalo buligán', que naceu hai cinco anos para recuperar e actualizar o conto popular de tradición oral galego; indica que todos os contos, a partir de versións orais existentes na actualidade, 'dan conta de algo ou alguén extraordinario que intervén na breve historia que refiren' e que as ilustracións pertencen, no primeiro volume, a Patricia Castelao e, no segundo, a Chus Ferrín.

Neira Vilas, Xosé, *A marela Tarabela*, ilust. Xaquín Marín, Vigo: Galaxia, novembro 2004, col. árbore/galaxia, nº 11, serie Azul, a partir de 10 anos, 64 pp. (ISBN: 84-8288-760-2).

Nova edición deste relato de Xosé Neira Vilas (Gres-Vila de Cruces, 1928), publicado por primeira vez en 1976 en Edicións Celta e incluído en 1989 na colección "Árbore" de Galaxia. Cun formato renovado e adaptado ás novas características propias da colección de acollida, presenta as ilustracións de Xaquín Marín (Ferrol, 1943), que adquiren cor a través da inclusión de fondos de ton laranxa. O relato está estruturado en nove capítulos intitulados, nos que se narra a vida da vaca Marela dende que chega á casa de Xurxo, un rapaz moi espilido de nove anos que lle pon o alcume de Tarabela. A través da relación da vaca co neno, un narrador omnisciente en terceira persoa achégalle ao lectorado agardado os pensamentos, lembranzas e a visión particular que das persoas e do contorno ten o animal, caracterizado con trazos humanizados. A estreita relación de amizade e cariño que se estabelece entre os dous protagonistas serve de fío condutor da narración, na que se achegan as actividades propias da vida diaria da aldea, se denuncia a escaseza de medios que domina o contorno, só mitigado pola satisfacción de feitos como o nacemento dun cuxo, ou a supeditación que viven os labregos aos caseiros, como demostra a venda da Marela Tarabela por decisión do señor Leandro, verdadeiro dono de todo.

Perica Patacrúa, *O gato lambón*, Pontevedra: Kalandraka Editora, xuño 2004, col. Os contos do trasno, idade recomendada [lectorado autónomo], [25] pp. (ISBN: 84-8464-237-2).

Adaptación dun conto popular realizada por Perica Patacrúa na que se conta cómo un gato lambón, que sempre anda a ver que pode raspañar, come as papas que a súa vella dona fai para o almorzo, así como tamén a pota e a vella. De paseo polo bosque o gato papa a todo aquel que lle pregunta pola causa da súa gordura: a un anano, a un home e ao burro no que vai montado, a uns paxariños, a sete cativas, a unha dama de mantón branco e a un cura. Despois de engulir a este último tenta comer a un leñador, mais este moi intelixente vira a machada que leva ao lombo no momento en que quere tragalo partindo en dous ao gato e saíndo do seu ventre todos os personaxes que comera. A vella corre lixeira para a casa para almorzar as súas papas, pero cando xa puxo o prato na mesa aparece de novo o gato maltés "que coseu a barriga e naceu outra vez". As ilustracións de Oliveiro Dumas (Valencia, 1964) son de grande expresividade e forza visual, moi cercanas ás grafías dos máis pequenos, usando estratexias que recordan á obra de Picasso. As imaxes, sempre a dobre páxina, ocupan máis espazo que o texto, co propósito de incrementar esa experiencia estética e visual para chegar á lectura dunha maneira máis estimulante e fan que as ilustracións co texto formen un todo. Xa dende a cuberta e xogando co animismo infantil preséntase ao personaxe da narración e as demais páxinas configúranse con grandes imaxes, nas que xoga coa fragmentación e a desproporción para acentuar a carga expresiva e comunicativa do relato. Son ilustracións moi traballadas, de grandes formas e cores moi saturadas e planas, nas que se completan coa colaxe e impresión de textos sobre os planos. As formas dos personaxes están delimitadas por unha liña negra e desigual, recordándonos ao trazo dunha barra de cera. A tipografía dos textos é de letra *script* pero, ás veces xoga para dar maior énfase a poñela en negriña e a aumentala de tamaño ou en maiúsculas, tamén se inclinan algunhas liñas de texto para reforzar a carga expresiva.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Innovar desde a tradición', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 101, 'Infantil/Xuvenil', 25 novembro 2004, p. VII.

Despois de lembrar a importancia da literatura oral para os creadores de literatura infantil e as características inherentes daquela literatura, atractivas para quen le, Paula Fernández dá conta da publicación d'*O gato lambón* na editorial Kalandraka e ofrece o argumento. A continuación sinala as características positivas do relato tanto a nivel textual coma ilustrativo que provocan que d' *O gato lambón* o lectorado saque "moito máis proveito do que nun principio podería semellar".

Perozo, Xosé Antonio, *Caderno de Riparia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xuño 2004, col. Fóra de xogo, nº 77, idade recomendada [mocidade], 136 pp. (ISBN: 84-9782-177-7).

Edición en formato libro da novela de Xosé Antonio Perozo (Llerena, Estremadura, 1951) que foi gañadora do Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia 2003 e editada ao longo do mes de agosto neste xornal. Estruturada en trinta e un capítulos, como cada un dos días do mes no que saíra publicada, nárranse as vacacións que o escritor Simón Carrera pasa na Illa de Riparia, un lugar ao que chega para tentar solucionar os seus problemas conxugais e onde atopa un ambiente dominado polos segredos, o misterio e o medo. As

aparicións espectrais que presenza durante a noite levan aos que o rodean a crer que padece esquizofrenia e as súas pescudas convérteno nun elemento molesto para os Cacabi, familia que posúe a maior parte dos terreos da illa e que teñen o poder político dende hai moitos anos. O seu desexo de descubrir o segredo das pantasmas que lle aparecen de noite provoca a ruptura definitiva da súa relación matrimonial e o abandono da súa dona, polo que centra todos os seus esforzos en desentrañar o misterio que domina este lugar. No seu labor de investigación só atopa a axuda dun mestre e dunha enigmática muller da que se namora loucamente. Finalmente, descobre que os espectros son os de dúas familias enfrontadas polo poder na illa, que viviron nos anos trinta e que uns morreron por suicidio mentres que outros foron asasinados por celos, debido a un amor imposíbel. Simón Carrera decátase que foi elixido para dar a coñecer a súa historia e axudarlles así a descansar en paz. A ilustración da cuberta, de Matalobos, desexa evidenciar fragmentos de imaxes e textos coma se dun caderno de notas se tratase. Móstranos unha colaxe de imaxes, nas que aparecen fragmentos dunha face, de lugares diferentes, dun personaxe en sombra, de textos manuscritos, etc. Isto provoca unha sensación de inquietude que é apoiada pola cor verde e violeta da tipografía do título.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, 'Aventura, amor, morte e catarse en Riparia', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 19 setembro 2004, p. 3.

Comeza referíndose á fusión que Xosé Antonio Perozo fai en *Caderno de Riparia*, unha novela de intriga e aventuras, na que aparecen as feridas da Guerra Civil e elementos como os pesadelos, segredos, misterios e pantasmas, que a aproximan á novela gótica. Considera que unha das características especiais é o ter sido concibida como folletín, posto que foi a gañadora do Premio de Novela por Entregas, unha condición que o autor soubo imprimirlle a dose necesaria de intriga para atraer ao lector. Repasa o argumento da obra, da que destaca a sinxeleza e o bo encadeamento das historias, así como a súa adecuación ao ritmo que esixe a literatura serial.

- María Navarro, 'Caderno de Riparia', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 97, 'Infantil/Xuvenil', 28 outubro 2004, p. VII.

Comeza dando conta da concesión do Premio de Novela por Entregas a *Caderno de Riparia*, de Xosé Antonio Perozo, obra publicada por Edicións Xerais na colección "Fóra de xogo". Repasa outros títulos do autor e sinala que nesta última entrega desvela que a liña entre ficción e realidade é moi estreita. Explícase brevemente o argumento da novela, que ten como protagonista a Simón Carrera e destácase a dose de intriga e algúns dos elementos que contribúen a favorecer ese ambiente de misterio, así como os xogos de luces e sombras arredor dos individuos e da realidade do universo literario creado.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, 'Perozo o un clónico saca del horno', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 1 xullo 2004, p. 80.

Nesta sección na que se dá conta de cuestións varias de actualidade, inclúese unha nota na que se anuncia a publicación de *Caderno de Riparia*, de X. A. Perozo. Sinala que nesta novela se narra a historia do escritor chamado Simón Carrera durante as súas vacacións nunha illa na que hai fantasmas.

- Margarito Flowers, 'Lecturas y desventuras en la vuelta al trabajo tras un agosto 'impertinente', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 1 setembro 2004, p. 72.

Infórmase da presentación do libro *Caderno de Riparia* de Xosé Antonio Perozo na Casa do Libro de Vigo. Relaciónanse asistentes e participantes e reprodúcense breves reflexións dalgún deles.

- Maite Gimeno, 'Nuevo libro de Xosé Antonio Perozo', *El Correo Gallego*, 'Vigo', 16 setembro 2004, p. 22.

Infórmase da nova publicación do xornalista Perozo, na colección Fóra de Xogo. Unha obra na que predomina a intriga e máis a traxedia, e que será presentada na Casa do libro de Vigo coa presenza de Tucho Calvo, Agustín Fernández Paz e Manuel Bragado.

- Maite Gimeno, 'Guerra política por los accesos al puerto seco de Salvaterra-As Neves', *El Correo Gallego*, 'Vigo', 17 setembro 2004, p. 24.

Dá conta da presentación do último libro de Xosé Antonio Perozo por Manuel Bragado e Agustín Fernández Paz, na Casa do Libro de Vigo. Recóllense reflexións de cada un dos participantes.

- J.L., 'Xosé Antonio Perozo presenta a obra que gañou o premio de novela por entregas de La Voz de Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 setembro 2004, p. 45.

Dáse conta da presentación de *Caderno de Riparia*, de Xosé Antonio Perozo, na Casa do Libro de Vigo. Sinálase que ademais do autor asistiron á presentación Agustín Fernández Paz, Tucho Calvo e Manuel Bragado. Ofrécense algúns trazos do argumento e recóllense as palabras de Perozo, nas que sinala que o texto é o mesmo que o publicado por entregas, que a temática e o estilo está na liña da súa produción e que o reto foi adaptarse á estrutura por entregas que esixían as normas do premio.

Reigosa, Antonio, *A raposa no galiñeiro*, ilust. Noemí López, Lugo: Deputación Provincial de Lugo/Museo Provincial de Lugo ♦, setembro 2004, col. Un museo para ver e para ler, idade recomendada [lectorado autónomo], [32] pp. (ISBN: 84-8192-275-7).

Conto de Antonio Reigosa (A Pastoriza, Lugo, 1948) baseado en *Zorro en el gallinero*, de F. Jiménez Fernández, depósito da Fundación N. Zumel no Museo Provincial de Lugo, e que forma parte dos materiais didácticos para a actividade denominada "Pintar un conto", que se desenvolveu nesta institución. A través dun narrador en terceira persoa e con recursos propios da oralidade, relátase como a Raposa Afonsa da Golpilleira, movida pola fame, entra no galiñeiro no que viven o galo Quirico, a Pitachoca, a Pitacoxa e a Pitalercha. Cando atopa ocasión bótalle a boca ao galo, mentres as galiñas berran e tentan fuxir espavorecidas. Como era tanto o boureo que se estaba a provocar no galiñeiro, un pintor que pasaba por alí achegouse e ordenoulles aos protagonistas que non se moveran, pois quería pintar un cadro no que se reproducira a escena, o que fixo que cada un quedara quieto na súa posición. As ilustracións de Noemí López (Xixón, 1974), coas que se pode seguir o curso da narración textual, son de estilo figurativo cunha grande expresividade nos xestos dos animais e nos movementos. A técnica empregada é a pintura aplicada cunha gran riqueza de matices entre os que predomina a gama cálida (amarelos, ocres, tostados, vermellos, etc.). A liña curva crea unhas composicións dinámicas, cuns escorzos e uns cambios de planos que achegan un ritmo acelerado á narración.

Risco, Vicente, *Tres contos marabillosos*, ilust. Jacobo Fernández, Vigo: Galaxia, marzo 2004, col. árbore/galaxia, nº 125, serie Laranxa, a partir de 8 anos, 47 pp. (ISBN: 84-8288-691-6).

Dedícanse as primeiras páxinas deste volume a fornecer unha explicación sobre a xénese dos tres relatos de Vicente Risco (Ourense, 1884-1963), que se publican agora, baixo o título de *Tres contos marabillosos* e adaptados ás normas lingüísticas vixentes, co mesmo afán co que naceron: "chegar a mans dos nenos e nenas de Galicia". O primeiro dos relatos, "O rei avarento", foi publicado na Coruña en marzo de 1921 grazas á intermediación de Bernardino Varela do Campo e o empurre da Irmandade da Fala coruñesa. O seu protagonista central é un neno nacido con moi boa estrela que, segundo as predicións dunha naipeira, chegará a acubillar unha gran fortuna e a casar coa filla dun monarca. Pese ás tentativas de El-Rei para desfacerse do rapaz, este consegue a man da Princesa, coa que poderá vivir se obtén tres cabelos do demo. Camiño do inferno, o rapaz atópase cos gardiáns de dúas vilas, que lle preguntan por qué a fonte do mercado deixara de dar viño e por qué a árbore das mazás de ouro secara, así como cun bateleiro, que lle pregunta cánto tempo terá que estar pasando xente á outra beira do río. Faise cos favores da ama de chaves do demo e conta coa súa axuda para arrincarlle os tres pelos e as tres respostas, polas que é recompensado. O rei, ao ver as riquezas do mozo, decide facer o mesmo camiño, aínda que a súa avaricia o vai converter no novo bateleiro. A seguir, reprodúcense os outros dous contos, que tamén foron escritos na mesma época, pero que se gardaron inéditos no arquivo da familia Varela do Campo. No primeiro deles, "O labrego e mais o Rei", o monarca Henrique IV sae un día de caza coa súa corte e pérdese. Ao non coñecer o camiño de regreso, proponlle a un labrego, que estaba subido nun peto de ánimas para poder ver o rei, que, se o leva até Jury-le Champenois, llo ensinará. Realizan o traxecto animadamente e ao

chegar ao seu destino, desvélaselle dun modo humorístico ao labrego a identidade do seu compañeiro de camiño, que o senta á súa mesa, no medio de todos os duques e príncipes de Francia, e lle concede carta de fidalguía e moitos favores e mercés. Xa por último, en "A dona encantada", un home da vila de Maceda préstalle a súa axuda a unha rapaza levándoa á súa casa, que se agochaba dentro dun penedo máxico. Alí coñece aos seus pais polos que é agasallado con ouro. Pasado un tempo, a cobizosa da súa muller dille que tente procurar maiores riquezas, polo que o home vai na procura do penedo que non atopa, aínda que si se encontra co pai da rapaza, quen lle conta que é vítima dun encantamento e lle recomenda que non se deixe arrastrar polo ouro. Tamén se ofrece unha pequena biobibliografía de Vicente Risco, que con estes tres textos trazados baixo as liñas dos contos marabillosos e ilustrados nesta edición por Jacobo Fernández (Vigo, 1971), sitúa o nacemento da literatura infantil galega de autor en 1921, deixando en segundo lugar á que até agora fora considerada a peza inaugural, *Margarida a da sorriso d´aurora* (1927), de Evaristo Correa Calderón. As ilustracións de Jacobo Fernández son de tipo figurativo. Os debuxos están realizados a tinta, en branco e negro e algún plano en gris ou violeta. Predomina o uso da liña cun estilo decorativo que crea tramas e planos diferenciados. Os personaxes dos contos aparecen en actitudes que completan a narración.

Recensións:

- Victor Seoane, 'Tres contos marabillosos', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 6 a 9 anos', 2004, p. 68.

Saliéntase o feito de que coa publicación deste inédito de Vicente Risco se remite ao lectorado aos albores da literatura e se destaca a "interesante proposta iconográfica" que acompaña os textos.

- Paula Fernández, 'Un mestre para os máis novos', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 86, 3 xuño 2004, p. VII.

Apunta que Vicente Risco escribiu os textos que se recollen nos *Tres contos marabillosos*, co obxectivo de conseguir achegar a literatura ás mans dos nenos e nenas de Galicia nun tempo no que a lectura en galego non estaba promovida. A seguir, recolle o argumento dos tres contos, "O rei avarento", publicado en 1921 grazas á Irmandade da Fala coruñesa, "O labrego e mais o rei" e "A dona encantada", que permaneceron inéditos, aínda que non perderon vixencia. Comenta que estes textos conteñen os ingredientes para seren do gusto dos rapaces -diversión, enxeño e recreación de ambientes fantásticos-, aos que lle hai que engadir a mestría do autor ourensán e o didactismo, que non cae no tendencioso. Considera que se trata dunha boa ocasión para introducir no acervo literario dos lectores de entre 7 e 10 anos a un grande da literatura galega.

Referencias varias:

- Chelo Lago, 'Galaxia presenta tres contos de Vicente Risco, incluído o primeiro libro de literatura infantil galega', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 marzo 2004, p. 47.

Alúdese á presentación en Pontevedra da colección "Árbore", que está formada por nove libros, entre os que se atopa *Tres contos marabillosos*, de Vicente Risco. Tamén se apunta que a colección está organizada en distintas cores en función das idades dos nenos e que inclúe a primeira tradución a outro idioma da obra galardoada co premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2003, *Un crocodilo debaixo da cama*, de Mariasum Landa. Por último, indícase que a colección aposta pola convivencia de autores consagrados e novos e lle presta coidado ás ilustracións.

- Camilo Franco, 'Galaxia recupera o primeiro libro infantil da literatura galega ', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 29 marzo 2004, p. 55.

Coméntase que en 1921 Vicente Risco recibiu o encargo de Bernardino Varela do Campo de escribir uns contos para nenos, o primeiro dos cales, "O Rei avarento", foi editado en marzo do citado ano pola Irmandade da Fala e que os outros dous textos quedaron gardados nos arquivos da familia Varela do Campo. A seguir, sinálase que agora veñen de presentarse por primeira vez en libro co título de *Tres contos marabillosos* na colección "Árbore", con ilustracións de Jacobo Fernández Moreda, normativizado e clasificado para lectores de máis de oito anos. Tamén se explica que estas historias marabillosas de Risco teñen a feitura dos contos clásicos, recollen o ambiente das lendas populares e deixan algo para aprender, ademais de estar poboadas por personaxes habituais dos libros clásicos da literatura infantil e do gusto do autor ourensán. Por outra parte, apúntase que a colección "Árbore", que se vén de renovar baixo a dirección de Xosé A. Neira Cruz e cun deseño de Fausto C. Isorna, recupera nomes como o de Xohana Torres e pretende ofrecer uns libros máis manexábeis e atractivos

- A.N.T., 'Contos inéditos de Risco', *A Nosa Terra*, nº 1.126, 'Cultura', 29 abril 2004, p. 25.

Anuncia que baixo o título de *Tres contos marabillosos*, a editorial Galaxia vén de publicar tres contos de Vicente Risco, escritos ao redor da década dos vinte, a instancias de Bernardino Varela do Campo. Explica que "O rei avarento" xa fora publicado pola Irmandade da Fala da Coruña en 1921 e que "O labrego e mais o rei" e "A dona encantada", estaban gardados no arquivo da familia Varela do Campo. Tamén comenta que esta edición, adaptada á normativa galega e ilustrada por Jacobo Fernández Serrano, foi realizada co obxectivo que viu nacer estes contos: "poñer en mans dos máis cativos textos de calidade escritos en galego".

Torres, Xohana, *Polo mar van as sardiñas*, ilust. Federico Fernández, Vigo: Galaxia, febreiro 2004, col. árbore/galaxia, nº 122, a partir de 8 anos, 27 pp. (ISBN: 84-8288-677-0).

Nova edición deste conto de Xohana Torres (Santiago de Compostela, 1931), editado por primeira vez en 1968, froito da coedición de La Galera e Editorial Galaxia. Cun deseño renovado e adaptándose ás características propias da colección de acollida, presenta un narrador omnisciente en terceira persoa que lle explica a Pequeno Antón, e con el ao lectorado agardado, cómo se pesca a sardiña coa técnica do cerco. Este neno dunha aldea galega do interior non coñece a vida do mar, por iso seu pai o leva a visitar ao tío Manoel, que ten un barco e ao que acompaña nunha faena. Téntase así poñer de manifesto a dureza da vida dos mariñeiros e os perigos aos que se teñen que enfrontar para levar a cabo o seu traballo. As ilustracións de Federico Fernández (Vigo, 1972) están realizadas na gama do verde. Presentan predominio das tintas planas, aínda que nas figuras hai un pequeno tratamento de claroscuro, e a descrición do mar está lograda polo uso da liña curva que predomina en todas as imaxes.

Recensións:

- María Navarro, 'Ritmo poético ', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 79, 'Revistas/Infantil', 15 abril 2004, p. VII.

Explica que Xohana Torres acaba de publicar *Polo mar van as sardiñas*, unha obra de narrativa dirixida aos máis pequenos e publicada na colección 'Árbore' de Galaxia; sinala que o seu protagonista é Antón, un neno do interior que sente gran curiosidade polo mundo do mar e que, co paso do tempo, pode cumprir o seu soño: subir á barca do seu tío Manuel e escoitar o que lle explican os profesionais do mar. Indica que as descricións paisaxísticas e as reflexións do neno ocupan un lugar destacado dentro da obra, así como a contraposición existente entre o mundo dos adultos e o dos nenos. Lembra que o autor das ilustracións é Federico Fernández e destaca o 'marcado ritmo poético' da obra.

VII.1.3. NARRADORES TRADUCIDOS OU VERSIONADOS

Alapont, Pasqual, *Vítor vai de excursión*, ilust. Armand González, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 1, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-140-8).

Conto de textos breves de Pasqual Alapont (Catarroja, 1963) no que se relata en letra manuscrita e maiúscula as peripecias que vive Vítor, un neno pequeno que vai de excursión ao campo con seus pais e que ignoran as sorpresas que han atopar alí. Neste contorno, o protagonista e os acompañantes coñecen a diversos animaliños, paxaros, grilos, ras e para rematar unha abella que quere picalos. A reacción dos pais ante o ataque da abella é que o pai sobe a unha árbore, da que cae por romperlle a póla na que se coloca, e que a nai remata caendo ao río na súa fuxida. Pasado o susto, póñense a comer e máis tarde cando comeza a

chover marchan para a casa. Finalmente, Vitor chega á casa tan canso que se deita. Neste relato combínase un dobre nivel de lectura, textual e gráfico, onde as páxinas impares teñen unha ilustración a toda cor, e nas páxinas pares, ademais do texto, hai tamén un debuxo que cobra animación se pasamos as páxinas de corrido. As ilustracións figurativas e de gran esquematismo de Armand revélanos dende a cuberta o protagonista e o contorno, creándonos a través da ilustración o ambiente e a atmosfera adecuadas para situarnos no relato. Son imaxes que ocupan toda a páxina, de cores planas, nas que predominan as tonalidades cálidas e alegres. As formas están delimitadas con trazos escuros de gran soltura. Con gran simplicidade móstranse moitos detalles dos personaxes -idade, vestimenta, expresions…- e de obxectos do contorno no que se desenvolven as accións -animais, árbores, situacións, etc. Na páxina contigua á da ilustración están os pequenos textos usando dúas tipografías diferentes: unha de letra seguida e a outra en maiúsculas para facilitar e reforzar o mecanismo da lectura na nenez.

Alapont, Pasqual, *O inferno de Marta (L'infern de Marta)*, trad. Ignacio Chao Castro, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2004, col. Fóra de xogo, nº 75, idade recomendada [mocidade], 195 pp. (ISBN: 84-9782-160-2).

Novela de Pascual Alapont (Catarroja, 1963), emocionante e chea de suspense, escrita ao xeito dun thriller, que relata a tráxica historia de amor dunha moza chamada Marta, unha estudante do último curso de Dereito que se ve alterada pola chegada ao seu corazón de Héctor, un compañeiro da Facultade que prepara o doutoramento sobre dereito internacional e que como cousa de encantamento se fai cos favores da protagonista á que mente, maltrata, extorsiona, etc. e mesmo lle arrebata un dos tesouros máis prezados da súa vida: a súa dignidade como persoa e como muller. Neste relato ponse de manifesto un máis que recriminábel comportamento persoal de maltrato, a aceptación de determinadas condutas alimentadas pola cegueira que produce o amor ou a imposibilidade de reconducir unha relación que dende o comezo nace viciada. Finalmente, nun intento de servir ou de axudar a posíbeis vítimas de maltrato o libro inclúe "A máscara do amor", de Vicente Garrido onde se analizan unha serie de comportamentos e actitudes que se deberían ter en conta para non caer no maltrato físico e/ou psicolóxico. Mediante o esquema pregunta-resposta e tomando como exemplos parágrafos da novela, o autor vai sinalando detalle tras detalle cales son os aspectos que a muller debería considerar nunha relación. A cuberta deste volumes ten unha fotografía de Manuel G. Vicente cun rostro de muller, en branco e negro, en primeiro plano e un fondo desenfocado de cor. A serenidade do rostro e o pelo revolto combinan co título e anticipan unha narración de corte dramático.

Recensións:

- M.O., 'Fuxir do maltrato', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 68, 'Letras en galego', 10 xullo 2004, p. 7.

Comézase agradecendo ao autor a temática da novela: os malos tratos. A continuación, sinala que o argumento cobra vida no personaxe de Marta, unha moza estudante que se ve atrapada nunha perigosa relación sentimental e que indaga na psicoloxía do maltratador no

personaxe de Hector, o mozo que atrapa a Marta nas súas "redes". Finalmente, faise referencia a un texto de Vicente Garrido que aparece ao final do libro que analiza os comportamentos de risco que calquera muller debería ter en conta para evitar caer no maltrato físico ou psicolóxico.

- María Navarro, 'O inferno de Marta', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 90, 'Infantil/Xuvenil', 9 setembro 2004, p. VII.

Refírese ao argumento do libro no que se pon de manifesto un máis que recriminábel comportamento persoal de maltrato, a aceptación de determinadas condutas alimentadas pola cegueira que produce o amor ou a imposibilidade de reconducir unha relación que dende o comezo nace viciada. Tamén se sinala que esta novela tenta ser unha obra literaria e un libro de autoaxuda. Remátase dando conta do texto que aparece ao final do libro titulado "A máscara do amor", de Vicente Garrido, onde mediante o esquema de pregunta-resposta e tomando como exemplos parágrafos da novela, o autor vai sinalando detalle tras detalle cáles son os aspectos que a muller debería considerar nunha relación.

- Xosé M. Eyré, 'Visita guiada ao inferno', *A Nosa Terra*, nº 1.153, 'Narrativa', 2 decembro 2004, p. 26.

Dáse conta da publicación d'*O inferno de Marta*, de Pasqual Alapont, na colección "Fóra de Xogo" da editorial Xerais, que comparte temática con outras da mesma colección como *Millo verde* (2002), de Xosé Fernández Ferreiro ou *Destrucción* (2003), de Xavier López Rodríguez. Exponse o argumento da obra que 'con sinxeleza e cun vocabulario accesíbel' ten como protagonista a Marta, unha rapaza vítima dun maltrato psicolóxico que vai medrando segundo as ansias de Héctor, o seu mozo e maltratador. Sinálase que "A máscara do amor", de Vicente Garrido, completa esta obra ofrecendo un manual de autoaxuda no que se trata a psicoloxía do maltratador, as condutas habituais de agresión psicolóxica, etc. Remátase informando da existencia dunha Guía Pedagóxica Virtual, que pode ser de grande axuda á hora de tratar este tipo de conceptos na aula.

Almodóvar, A.R., *A verdadeira historia de Carrapuchiña (La verdadera historia de Caperucita)*, ilust. Marc Taeger, trad. Vitoria Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, 2004, col. Os contos do trasno, idade recomendada [Lectorado autónomo], [36] pp. (ISBN: 84-8464-512-6).

Versión de *Carapuchiña* baseada en textos de tradición oral francesa estudados polo folclorista Paul Delarue, na que A. R. Almodóvar (Alcalá de Guadaira, Sevilla, 1941) tamén ten en conta as discusións teóricas doutros estudosos de diferentes campos (antropoloxía, semioloxía, psicoanálise, etc.), como por exemplo Bruno Bettelheim e Erich Fromm, arredor das diferentes adaptacións posteriores do conto. Nesta versión, traducida por Vitoria Ballesteros, a nai de Carapuchiña mándalle que lle leve á avoa, que está un pouco enferma, uns bolos e unha botella de leite. Vestida coa carapucha vermella que lle

regalara a anciá e que súa nai só lle deixa poñer para saír da casa, a nena emprende o camiño non sen antes escoitar os consellos maternos. Cando leva un anaco do bosque cruzado, atópase co lobo que, desexando comela, a entretén e engana para deste xeito el poder chegar antes á casa da avoa mentres que Carapuchiña recolle unhas flores no bosque e continúa para a casa desta polo camiño máis longo. Na casa da anciá o lobo consegue enganar e comer á velliña e faise pasar por ela cando Carapuchiña chega. Pese aos avisos do gato, a rapariga non se decata do engano e mesmo se mete en varias ocasións co lobo na cama, mais finalmente descobre a mentira e coa excusa de que quere facer as súas necesidades consegue escapar. Carapuchiña chega san e salva á súa casa, pero sen a carapucha que deixou aos pés da cama e que "non volvería por ela aínda que de frío morrera". As ilustracións de Marc Taeger (Bern, Suiza, 1963) son de estilo simple e lembran os debuxos dos nenos. O ilustrador utiliza, fundamentalmente, as cores branca, negra, verde, vermello e azul. Cada Carrapuchiña e cada lobo están debuxados dunha forma distinta, como se estiveran feitos por distintos nenos. Convén resaltar a maneira de deseñar o bosque, cuns xogos decorativos de liñas curvas e puntos. As páxinas alternan pequenos debuxos intercalados entre o texto con composicións grandes que ocupan toda a páxina.

Álvarez, Blanca, *Búscase mozo principesco (Se busca novio principesco)*, ilust. Avi, trad. Ricardo Fernández Sabín, A Coruña: Rodeira, abril 2004, col. Tucán, nº 35, a partir de 8 anos, 114 pp. (ISBN: 84-8116-967-6).

Localízase esta historia de Blanca Álvarez (Cartavio, Coaña, Asturias, 1957) nuns tempos moi antigos nun reino situado máis alá de Constantinopla onde vivían un rei, unha raíña e unha princesa e onde as regras e os comportamentos non se cuestionaban porque ninguén imaxinaba que as cousas puidesen ser doutro xeito. O problema do reino comezou coa busca dun mozo para casar coa princesa Melibea, quen fora agasallada pola súa fada madriña Torcualina cunha fermosura case excepcional e unha intelixencia sobresaliente, talvez excesiva para os patróns ao uso, un extraordinario oído para a música e moito talento para a danza. Mais Torcualina, unha fada nova e carente de experiencia, esqueceu darlle un corazón tranquilo e unha vontade submisa ao seu estado e condición de princesa de conto. Dende que era bebé Melibea demostrou o seu carácter decidido e bastante caprichoso e nunca foi unha nena tranquila, xa que se comportaba coa ousadía típica dun rapaz e prefería xogar co gato Félix antes que coas bonecas. Aos tres anos quixo un cabalo antes que un vestido bordado, uns pendentes, un colar ou uns zapatos de raso, cousas que consideraba quincalla aburrida e incómoda. O seu preceptor recibe instrucións de lle ensinar só o imprescindíbel, considerando que unha excesiva curiosidade pode resultar nociva para as rapazas casadeiras, pero ela non deixa de facer preguntas e de estudar até que consegue ter novos mestres expertos en química, física, xeografía, historia, literatura, arte, arqueoloxía e astronomía. Nas festas no seu honor amósase crítica e resabida ante os retratos dos príncipes e rexéitaos a todos, xa que pensa que ningún ten nada interesante que contar e ademais non lles gustan os libros. A fada madriña convértea daquela nunha estatua do xardín para que aprenda a ter paciencia e a ser calmada. Tras buscala durante meses, o rei elixe sucesor e escolle a Xan Ganduxo, o fillo dun xastre, e así pouco a pouco todos esquecen a princesa. Un día, grazas a un merlo que lle abre un buraco no ollo dereito, Melibea consegue liberarse do seu castigo eterno e escapa para vivir dende entón cos

saltimbanquis e dedicarse a narrar historias polo mundo. Destacan no relato as constantes apelacións ao lectorado, facéndoo partícipe da historia, así como a intertextualidade cos contos clásicos e a tradición literaria. As ilustracións de Avi (Pilar Jiménez Avilés, Madrid, 1962) diríxense ao lectorado esperado polas estratexias empregadas nas composicións. Dende a cuberta e por medio dunha gama de cores moi saturadas achegan luminosidade e alegría ao conxunto. Están realizadas con témpera, de forma plana, sen busca de volume e con formas pechadas.

Álvarez, Blanca, *As fontes do destino*, trad. Ánxela Gracián, Zaragoza: Tambre, 2004, col. Catavento, nº 8, idade recomendada [mocidade], 104 pp. (ISBN: 84-263-5280-4).

Novela de amor de Blanca Álvarez (Cartavio, Coaña, Asturias, 1957) na que, a través dun narrador omnisciente en terceira persoa, se narra a vida de Gabriela e Gabriel, dous seres unidos polo nome dende o nacemento na aldea mariñeira galega de Cova das Fontes. O marco espazo-temporal sitúanos na Galicia do primeiro terzo do século XX, momento do que se ofrece un retrato marcado pola escaseza e as dificultades coas que se teñen que enfrontar os personaxes na súa vida cotiá. Esta situación vese acentuada coa chegada da Guerra Civil, que malia comezar como un desasosego na poboación, entra de cheo nas súas vidas e provoca a fuxida daqueles que temen pola súa integridade física. A historia de amor dos adolescentes mestúrase e enriquécese coa das vidas doutros personaxes circundantes como a marquesa dona Remixia, unha muller de gran carácter, apaixonada e loitadora, que se converte nun ser salvador e afouto que defende sen reservas a aqueles que ama; o cura don Román, marcado polo seu escuro pasado e a sombra da culpabilidade; Antona, a curandeira coñecedora de herbas e esconxuros; a boticaria Hilaria, que vive feliz aferrada ao segredo do seu amor oculto cun descoñecido; ou o emigrante retornado, don Mariano, que acaba só e coa alma atormentada polos remorsos. Este ambiente está fondamente marcado pola presenza de forzas ocultas máxicas, moi vinculadas co telúrico, das que é coñecedora Gabriela, quen dende idade moi temperá adquire a capacidade de percibilas e que se manifestan a través da música, unha calidade que lle traspasará a Gabriel antes de morrer. Son de destacar nesta novela de iniciación os xogos de intertextualidade e metanarrativos, a través de historias intercaladas na principal por distintos personaxes. A fotografía da cuberta, de A.G.E. actúa como antesala do texto. Cun fragmento fotográfico fala dun punto de vista lateral, situándo ao lectorado a carón da persoa que toca o piano dende un punto de vista que lle corresponde a un dos protagonistas e prepara animicamente para iniciar a lectura.

Baía Edicións, *Aladino/A sereíña/Peter Pan/O libro da selva*, conteñen seis quebracabezas, A Coruña: Baía Edicións, 2004, col. Monta-contos, idade recomendada [lectorado autónomo], [12] pp. (DL: C-2522-2004/C-2523-2004/C-2524-2004/C-2525-2004).

En pequenos volumes de formato cadrado e follas duras, recóllense historias clásicas dirixidas ao lectorado máis miúdo. O breve e sinxelo texto insírese na páxina esquerda, que está dedicada á ilustración, mentres que a da dereita recolle un crebacabezas. As ilustracións destas obras, nas que os protagonistas están concibidos ao estilo dos personaxes

das películas Disney, están realizadas a toda cor. A técnica empregada son as tintas planas rodeadas de liñas que delimitan as formas. Cada páxina está troquelada para conseguir un quebracabezas. Os relatos de final feliz que conteñen estes libro-xogos son os seguintes:

O libro da selva, onde se narra cómo hai moito tempo a pantera negra, Baghera, encontrou un bebé, que lle entregou á loba Rama para que o aleitara xunto ás súas crías. Este neno chamado Mowgli medrou e Baghera, pensando nos perigos que podía correr na selva, decidiu devolvelo á civilización. Mowgli non quixo abandonar a selva e quedou co simpático e preguiceiro oso Baloo. Foi raptado polo rei dos monos, Louie, pero conseguiu escapar, aínda que un novo perigo o acosaría, o malvado tigre Shere Kan. O enxeño e habilidade de Mowgli fano saír vencedor e, por medio de Baloo e Baghera, regresa á aldea, onde logra a felicidade cos seus.

Peter Pan é o nome do heroe das historias que Wendy lles contaba aos seus irmáns. Unha noite Peter Pan apareceulles con Campaíña, que bateu as súas pequenas ás de fada e soltou un po máxico, que transportou os nenos ao país de Nunca Xamais. Alí vivía o malvado capitán Garfo, que raptara a filla do xefe dos indios siux, á que conseguiu liberar Peter Pan e polo que o capitán lle xurou vinganza. Así, Garfo conseguiu secuestrar a Wendy e os seus irmáns, que, finalmente, foron rescatados polo pequeno heroe voador e regresaron á súa casa.

Aladino era un mozo despreocupado e alegre que vivía no afastado oriente. Un perverso ancián convenceuno para que entrara nun pasadizo e collese unha lámpada, que decidiu non entregarlle para que non fixese mal uso dos seus poderes. Un día a súa nai refregou a lámpada para limpala e xurdiu dela un xenio, que lles concedeu todas as riquezas do mundo. O ancián, sedento de vinganza, fíxose pasar por un comerciante e tentou enganar a princesa coa que casara Aladino para que lle vendese a lámpada, aínda que foi descuberto. Aladino viviu moi feliz xunto á súa amada esposa e axudando os máis necesitados.

A sereíña recolle a historia protagonizada pola filla máis pequena do rei das augas, que gustaba de coleccionar obxectos dos humanos caídos ao mar. Nunha ocasión, Sereíña saíu á superficie e viu un guapo mariñeiro do que se namorou e que salvaría, posteriormente, nunha tempestade. A atracción que sente polo humano é tan forte, que tomou a apócema dunha meiga, para que a súa cola se convertera nunhas pernas, aínda que isto provocaría a perda da súa voz. Ao pouco, o corpo de Sereíña apareceu nunha praia e o mariñeiro recolleuno. Viviron moi felices e a fortaleza do seu amor fixo que Sereíña recuperara a súa fermosa fala.

Bichonnier, Henriette, *O monstro peludo (Le monstre poilu)*, ilust. Pef, trad. Antón Cortizas, Zaragoza: Tambre, 2004, col. Ala Delta, nº 9, serie Vermella, a partir de 5 anos, 38 pp. (ISBN: 84-263-5276-6).

Volume de Henriette Bichonier (Clermont Ferrad, Francia, 1943), no que se narra a historia dun mostro moi peludo, cunha cabeza moi grande e uns pés moi pequenos, que vivía nunha cova escura e húmida. Estaba canso de comer sempre o mesmo e desexaba con ansiedade

poder saborear carne humana, polo que un día, ao atoparse na fraga cun rei que se perdera durante unha cacería, decidiuse a devoralo. Co compromiso de que lle proporcionaría carne tenra de neno, o rei saíu na procura dalgún cativo, pero o único que atopou foi á súa filla Saleta, que lle pediu ser entregada no seu lugar. Cando o monstro a levou á cova para comela, toda a súa ledicia se converteu en desesperación, porque a cativa respondía de forma rimada a todo o que o monstro dicía. O becho peludo estaba tan enrebechado que comezou a inchar e a inchar até que estoupou de xenreira. Ao rebentar todos os anacos se transformaron en perfumadas flores e en bolboretas multicolores, aínda que o mellor foi que baixo a pel do horroroso mostro apareceu un guapo mozo, que lle pediu cunha rima casamento A Saleta. Esta historia de solidariedade e amor, as imaxes de Pef (Saint-Jean-des-Vigne, Francia, 1939) ocupan maior espazo que o texto nas páxinas, ademais existe unha grande interrelación entre as ilustracións e o texto formando unha unidade con significado. As imaxes son de grande expresividade, lograda con formas de marcado carácter narrativo, cómico e con trazos moi acentuados, próximos ao mundo do cómic. Dende a cuberta amosa os personaxes da narración, unha nena pequena e divertida rompendo cos esquemas do rol das princesas e unhas mans monstruosas do outro protagonista, o monstro, que salientan unha clara intención de romper cos estereotipos. Están feitas con pintura densa e trazos negros, de cores fortes e contrastadas.

Bordóns, Paloma, *Meu avó o Presunto (Mi abuelo el Presunto)*, Premio Edebé de Literatura Infantil, ilust. Francesc Rovira, trad. Pilar Saborido Otero, A Coruña: Rodeira, 2004, col. Tucán, nº 36, a partir de 9 anos, 118 pp. (ISBN: 84-8116-412-7).

Este texto de Paloma Bordóns (Madrid, 1964), mereceu o Premio Edebé de Literatura Infantil 2004. Trátase dun relato realista narrado en primeira persoa e protagonizado por Lola, unha nena de nove anos que non ten máis familia que súa nai até que coñece a seu avó. Un día, á hora da cea, un home maior chama á porta da súa casa e di ser o seu avó. Lola, estrañada, non fai máis que preguntarlle á súa nai quén é ese home e por qué tardou tanto en coñecelo. A nai explícalle que estaban algo distanciados dende hai anos. Lola ve cómo "o seu presunto avó" ten que durmir no seu cuarto e por riba ronca, fala cun acento raro, rosma deseguido, confúndelles os nomes e non lle trouxo ningún regalo como se supón que fan os avós segundo os seus amigos e amigas da escola. A nai explícalle que está vello e triste e por iso ten un comportamento raro e que fala así porque viviu moitos anos en Arxentina. Unha vella maleta que agocha alguén que seu avó chama Petra e un atraco que se comete no barrio, fan que Lola pense que é un atracador, até que el lle conta que se trata dunha trompeta e que en realidade saca cartos tocando polas rúas. Pouco a pouco vanse coñecendo mellor e pasan máis tempo xuntos porque a nai, que comeza a súa carreira como actriz, anda facendo traballos para a tele e o teatro. Do medo inicial, Lola pasa a sentir certa pena e logo moito cariño. As aventuras de Mariquiña Trotamundos, que sempre lle contaba a nai antes de se durmir, van sendo reemprazadas por novas historias inventadas polo avó e situadas nos países de América que el coñeceu e Lola acaba sentíndose contenta de ter avó. As ilustracións de Francesc Rovira (Barcelona, 1958) están realizadas con debuxos a tinta con predominio da liña para configurar os espazos e aos protagonistas. Os debuxos complétanse con augadas de grises e verdes de diferente intensidade. A ilustración da cuberta xa anticipa o tema do libro, aparecen os protagonistas: a nena e a sombra do avó. As escenas que recrean as ilustracións corresponden á páxina anterior ou seguinte e están

centradas en caracterizar as persoas e as súas actitudes máis que en recrear o contorno que normalmente é moi sinxelo.

Bradbury, Ray, *Crónicas marcianas (The Martian Chronicles, 1950)*, trad. María Magdalena Fernández Pérez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, setembro 2004, col. Fóra de xogo, nº 79, idade recomendada [mocidade], 304 pp. (ISBN: 84-9782-197-7).

Grazas a esta tradución da colección "Fóra de xogo", o lectorado xuvenil galego xa pode achegarse á escrita de Ray Bradbury (Waukegan-Illinois, 1920), un dos máis importantes autores de ciencia ficción do século XX. Ao longo de vinte e seis capítulos, un narrador en terceira persoa ofrece un conxunto de crónicas, que orbitan ao redor dos intentos dos habitantes da Terra por colonizar o planeta Marte, nos anos comprendidos entre 1999 e 2026. Despois dos fracasos obtidos polas tripulacións espaciais dirixidas por York, Williams e Black, a capitaneada por Wilder consegue estabelecerse no planeta vermello, a pesares da postura de resistencia asumida por Spender, que era consciente da capacidade destrutiva do ser humano. A partir desta primeira conquista, os colonos viaxan en foguetes prateados coa finalidade de fuxir da política, das guerras, dos prexuízos... e poder reproducir en Marte a súa forma de vida convencional, aínda que van amosar moi pouco respecto pola cultura planetaria, que os marcianos tentarán protexer. Así sabemos do que lle acontece ao sementador Benjamin Driscoll, a uns representantes da igrexa ou a unhas figuras un tanto estrañas que adoptan a forma das persoas xa falecidas. Estas e outras historias ocorridas en Marte, tamén alternan coa desesperación e os sucesos pouco agradábeis, que se viven na Terra. Finalmente, a destrución asolaba os dous núcleos espaciais da obra: a Terra desaparece por medio dos instrumentos maléficos creados polo home e Marte, por medio dunha enfermidade transmitida polos propios colonos. O ofrecemento dunha nova oportunidade parece darlle un final feliz á obra, que nos advirte do poder de destrución do home e nos fai reflexionar sobre os tempos futuros. Este libro de relatos non ten ilustracións no interior. O deseño da cuberta de Miguel A. Vigo anuncia ao lectorado o contido das historias cunha ilustración figurativa realizada con fotomontaxes dunha imaxe real de Marte.

Recensións:

- Montse Pena Presas, 'Bradbury en galego', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 164, 'O espello das letras', 2004, pp. 79-80.

Dáse unha nova lectura sobre a espléndida tradución que María Magdalena Fernández Pérez fixo do libro de Ray Bradbury. Esta nova interpretación, indo máis alá da ficción científica, trátase de tomar o contido como unha "metáfora da cultura desenvolvida que quere acabar coa pequena desprezando as súas características", dos actos do xénero humano no mundo actual.

- Xosé Freire, 'Os perigos de invadir Marte', *A Nosa Terra*, nº 1151, 'Cultura', 18 novembro 2004, dende 18 novembro 2004 ata 24 novembro 2004, p. 27.

Comenta que os capítulos de *Crónicas marcianas* non teñen un fío argumental lineal e que poden ser lidos como historias, que van dende a ciencia ficción ao horror ou á introspección, "onde o dominio da linguaxe do autor, mediante o uso da prosa poética nalgúns casos, do surrealismo noutros, e da fértil imaxinación, converten a Ray Bradbury no 'poeta da ciencia ficción". Sinala que ao autor estadounidense non lle preocupa o rigor científico e busca crear ambientes, o que nos leva cara a Edgar A. Poe ou H. G. Wells. Así mesmo, apunta que "converte o fantástico en cotián, onde o home segue a ser o centro de todo" e explica que a visión negativa que ofrece do home é froito da súa época, marcada polo pesimismo da Segunda Guerra Mundial.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 100, 18 novembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *Crónicas marcianas* (2004), de Ray Bradbury; *¿Onde está o sol?* (2004), de Chus Ferrín; *O vento de Antón* (2004), de Xosé A. Perozo e María Lires; e *Mar de cores* (2004), de Begoña Martín e Paloma García. Sobre a obra de Bradbury faise un breve resume e destácase que, tras a súa aparente sinxeleza, se atopa a análise dos misterios da alma humana.

Calleja, Seve, *Naiyakay*, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, marzo 2004, col. árbore/galaxia, nº 6, idade recomendada [Mocidade], 46 pp. (ISBN: 84-8288-745-9).

Nesta edición preparada por Seve Calleja ofrécense cinco lendas africanas nas que se recrean mitos e crenzas das sociedades de diferentes países deste continente. Están precedidas, como é habitual nesta colección, por un mapa de situación do continente africano e algúns datos referidos á sociedade, á relixión, á lingua e a cuestións da actualidade. As narracións recompiladas son: "Dan-Auta", unha lenda de Malí na que se conta a historia de dous nenos orfos. Sarra, a irmá maior, promete a seus pais antes de morrer que coidará do seu irmán Dan-Auta e que non deixará que nunca chore. Logo de perder todo o que tiñan nun incendio provocado polo cativo, teñen que abandonar a casa e son acollidos na corte do rei. Malia a constante atención de Sarra con Dan-Auta, este é tan fedello que xogando sácalle un ollo ao fillo de rei e teñen que fuxir para salvar a vida. Na busca dun lugar seguro, atopan un reino no que os seus habitantes viven atemorizados pola ameaza constante dun dragón chamado Dodo, ao que Dan-Auta logra matar e polo que será recompensado. "O bastón feito dun rabo de vaca" é unha lenda de Liberia na que se conta cómo un cazador que desaparece devorado por un leopardo é rescatado polos seus sete fillos. Pouco despois da desaparición do pai, o fillo máis novo que vén de nacer comeza a falar e o primeiro que pregunta é ónde está seu pai, feito que provoca a reacción dos demais fillos, que saen na súa busca. Cando atopan os seus restos no bosque, cada un deles compón unha parte e devólvelle un don até que conseguen recuperar a seu pai. Como

recoñecemento á contribución e ao valor mostrado, o pai constrúe un bastón que regala ao máis pequeno. "O escravo que era máis sabio có rei" é unha lenda de Nixeria na que se conta cómo un rei somete aos seus tres escravos, Ausente, Vidente e Intelixente, a diferentes probas. Como Intelixente sempre sorprende ao rei coas súas respostas, este decide matalo por considerar que lle faltou ao respecto. Para desfacerse del, argalla envialo ao bosque xunto co seu fillo, o príncipe, para que uns ladróns maten a Intelixente, pero este demostra unha vez máis que é máis habelencioso que o rei. Despois de salvar a vida, para escapar da furia do rei ten que converterse en diferentes seres, até que remata na meniña do ollo e o rei en sobrecella, agardando a oportunidade de vingarse. "A lenda de Ikú", na que se conta a tradición afrocubana de cómo chegou a morte ao mundo. Dise que ao principio ninguén podía morrer, polo que os anciáns eran unha gran carga para a sociedade. Entón, os máis novos imploraron á deusa da morte, Ikú, que fixera algo. Esta mandou chover durante varios días para desfacerse de todos os que non puideran subir ás árbores e dende entón estabeleceu a morte para todos os anciáns. Finalmente, en "O sol e mais a lúa", unha lenda popular de Dahomé, explícase porqué o sol e a lúa nunca están xuntos no ceo. Cóntase cómo a Lúa enganou ao Sol para que tirara aos seus fillos a un río, que se converteron en peixes de cores, mentres ela resgardaba aos seus no ceo. As ilustracións destas lendas están realizadas con fotografías ao comezo de cada relato e finalizan cun pequeno debuxo. As fotografías, en branco e negro, están tinguidas cun filtro de cor bistre; a impresión dos debuxos e das letras do libro tamén está realizada coa mesma cor sobre un papel amarelento.

Castillo, Blanca, *A maxia dos trasnos*, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, 2004, col. O bosque encantado, idade recomendada [lectorado autónomo], 44 pp. (ISBN: 84-96128-42-3).

Reúnense neste volume seis contos de Blanca Castillo ilustrados por José Luis Tellería nos que se recrea o mundo dos trasnos. En "O sabugueiro", Lula recupera a fala que perdera por mor dun maleficio da bruxa Raquelia grazas á intervención do trasno Flip, ao que coñece ao abrazar no bosque un sabugueiro máxico. En "Lolasabichona e o trasno", a protagonista é unha nena perfecta a quen chamaban Lolasabichona pola súa gran memoria e por ser a primeira na escola. O seu único defecto era sentirse superior aos seus compañeiros e compañeiras. Un día, no recreo, o trasno Puck ensínalle o importante que é a imaxinación e o feito de compartir xogos cos demais. En "O fogo fatuo", Lampadiña consegue regresar á casa, tras se perder no bosque, coa axuda dun fogo fatuo que vive co trasno Babeco. "Tomás o borrachuzas" era o alcume do taberneiro da vila, un home gordo, corpulento e bastante preguiceiro. A muller decide poñer fin ao comportamento do home e fai caso a un consello dunha veciña para acabar cos trasnos que viven na súa adega. En "Sabela e as bolboretas", Sabela sofre a morte da súa nai, coa que compartía o amor polas bolboretas. Un trasno é o encargado de explicarlle que súa nai marchou ao mundo da fantasía e que en diante el será o seu cómplice. En "Samuel o das pencas" cóntase o que lle sucedeu a dona Pepiña cando o trasno Samuel lle roubou os traxes para a festa da vila que cosera para os seus oito fillos. As imaxes realizadas por José Luis Tellería seguen dúas pautas: por unha banda, todas as páxinas levan unha orla arredor do texto con obxectos, símbolos e personaxes do mundo dos trasnos e, por outra, hai ilustracións máis grandes que se refiren aos distintos relatos. Nestas últimas, as representacións están relacionadas co texto. Os

personaxes están deseñados cunhas tintas case planas e unha liña de contorno que contrasta co fondo, concibido nun estilo máis pictórico e con formas matizadas. O estilo é figurativo, moi coidado e a toda cor.

Castillo, Blanca, *Marabillas das fadas*, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, 2004, col. O bosque encantado, idade recomendada [lectorado autónomo], 44 pp. (ISBN: 84-96128-43-1).

Reúnense neste volume seis contos de Blanca Castillo protagonizados por fadas. En "O vestido de seda de araña", Malena, unha nena de nove anos, vai pasar unha tempada cos seus tíos á montaña e aínda que ao principio isto non lle gusta nada porque bota de menos a cidade e ademais pensa que as fadas son inventos dos maiores, acaba coñecendo unha fada que lle pide axuda para amañar o seu vestido roto. En "Xulia e a fada Magnolia", Xulia, unha nena moi traste que vive na cidade e que como é filla única só xoga coa súa boneca de trapo, recibe a visita da fada Magnolia que consegue darlle o don da fala á boneca. En "Florescencia", un cachorro de fada moi traste recibe un castigo para aprender o importante que é axudar aos demais coa súa maxia e non utilizala só en beneficio propio. En "Musa e Campánula" cóntase a amizade que xorde entre Campánula e Musa, a fada nova que se acaba de instalar no bosque o primeiro día da primavera. "Nena Candea" é unha rapaza asturiana que descobre un unicornio e como seu avó non a cre é a súa avoa a encargada de explicarlle que cada unicornio vai sempre acompañado dunha xana, as fadas de Asturias. En "A tarta de framboesa", Manuela, unha famosa pasteleira, é castigada polas fadas, que lle traían as froitas do bosque para facer os seus pasteis, pola súa grande ambición. As ilustracións de Jose Luis Tellería seguen dúas pautas: por un lado, todas as páxinas escritas levan unha orla arredor do texto con obxectos, símbolos e personaxes do mundo das fadas e, polo outro, hai ilustracións máis grandes que se refiren aos distintos relatos. Nestas últimas, as representacións están relacionadas co texto. Os personaxes están deseñados cunhas tintas case planas e unha liña de contorno que contrasta co fondo concibido nun estilo máis pictórico e con formas matizadas. O estilo é figurativo, moi coidado e a toda cor.

Conan Doyle, A., *O mundo perdido*, trad. Luís Iglesias Rábada, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, xaneiro 2004, col. Narrativas, idade recomendada [mocidade], 287 pp. (ISBN: 84-87783-78-3).

Comeza esta novela de aventuras de Artur Conan Doyle (Edimburgo, 1859-Crowborough de Sussex, 1930) cando o profesor Challenger propicia unha expedición á Amazonía brasileira por ver da existencia de seres prehistóricos para convencer aos intelectuais londinienses, que o tiñan por tolo, dos achados que xa vira nunha anterior viaxe, dous anos atrás. Foi acompañado nesta viaxe doutro profesor, Sumerlee, co que sempre estaba a rifar, polo experimentado Lor John Roxton e o periodista Malone, que precisamente é o que narra a historia por medio dos seus escritos. Estes personaxes veranse envoltos nunha serie de situacións alucinantes e dramáticas debidas á natureza na que se desenvolven para conseguir os seus descubrimentos. Comeza e remata en Londres de onde saen os expedicionarios e volven despois do seu percorrido pola Amazonía brasileira. Saliéntase do

carácter de Challenger, o maior e guieiro da expedición, o seu cinismo, grosería e mal xenio. Do periodista, sen dúbida o protagonista principal da obra, a súa timidez e as razóns de amor que o levan a apuntarse a esta expedición, xa que Gladys, a súa moza, buscaba momentos de "gloria". De Sumerlee a súa incredulidade cara a existencia dos seres prehistóricos, de Roxton, o máis experimentado do grupo, a súa valentía e coraxe. Dos outros personaxes secundarios como Gladys, o seu pai, o redactor xefe do xornal para o que traballa Malone, ou do indio Zambo só se dan unhas breves notas referidas ao seu carácter.

Dahl, Roald, *A marabillosa medicina de George (George's marvellous medicine, 1981)*, ilust. Quentin Blake, trad. Moisés R. Barcia, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2004, col. Merlín, nº 142, serie Verde, idade recomendada De 9 anos en diante, 138 pp. (ISBN: 84-9782-125-4).

Este relato de Roald Dahl (Gales, 1916-1990) está protagonizado por George, un rapaz de oito anos que un sábado pola mañá, mentres súa nai vai de compras, queda ao coidado da súa avoa, á que lle ten que dar a medicina a unha hora concreta. O problema xorde porque non se trata dunha avoa encantadora e amábel como a maioría, senón que a de George está todo o día queixándose, rosmando e sempre con malas palabras para o seu neto. Así que George non pode máis que sentir unha fonda antipatía pola avoa e decide vingarse dela preparándolle unha medicina especial. Deseguido comeza a elaborar unha beberaxe chea de produtos que vai incorporando no seu paseo pola cociña, o cuarto de baño, o tocador do cuarto da súa nai, o cuarto da lavadora, o alboio dos animais... O resultado da mestura, tras remexelo e cocelo ao lume, é unha apócema que ten poderes máxicos xa que primeiro fai medrar a avoa desmesuradamente e despois faina encoller. O pai de George, ao ver os sorprendentes efectos da medicina na avoa e nunha galiña, decide dárllela a todos os animais da granxa e fabricar máis. Pero os efectos non son os agardados porque George non lembra qué botou exactamente. Ao cuarto intento a avoa empéñase en probar a medicina e o único que conseguen é que diminúa de tamaño ata desaparecer de todo polo que todo volve á normalidade aínda que sen a presenza da anciá. As ilustracións de Quentin Blake (Sidcup-Inglaterra, 1932) son monocromáticas e moi abundantes ao longo de todo o relato. A técnica empregada é o debuxo con tinta. Os debuxos están realizados cun trazo solto e cunhas composicións moi dinámicas, que conectan coas situacións nas que se ve implicado o protagonista, completando así a información do texto.

Recensións:

- María Navarro, 'Narrar con dinanismo', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 81, 'Infantil/Xuvenil', 29 abril 2004, p. VII.

Saúda a aparición en galego, da man de Moisés R. Barcia, de *A marabillosa medicina de George*, do coñecido escritor Roald Dahl. Salienta como trazos definitorios do relato a mestura de realidade e fantasía, do posíbel co improbábel, o sarcasmo e a transgresión de normas. A seguir fai un breve resumo do argumento e sinala que quizais as claves do éxito do texto radiquen na insinuación de acontecementos e sucesos, na presenza de personaxes nada estereotipados e con características que os particularizan, na linguaxe intencionamente inxenua e na comicidade continuada. Finaliza facendo referencia ás ilustracións de Quentin

Blake, realizadas con trazos aparentemente descoidados e que permiten visualizar o aspecto cambiante dos personaxes ao longo da historia.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 82, 6 maio 2004, p. VII.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle as recensións de *O anarquismo na Galiza* (2004), de Eliseo Fernández e Dionísio Pereira; *Portugal e Galiza: Encantos e encontros* (2004), de José David Santos Araújo; *A marabillosa medicina de George*, de Roald Dahl; e *As novas tecnoloxías e a conducta dos nenos*, de Xosé Durán. Indica, con respecto á obra de Roald Dahl, que as ilustracións son de Quentin Blake e que foi traducido ao galego por Moisés R. Barcia; sinala, asemade, que é unha obra desbordante de fantasía na que o protagonista é un neno chamado George e mais a súa avoa, á que George prepara unha beberaxe máxica que lle fai medrar desmesuradamente, empequenecela e, finalmente, desaparecer.

Dautremer, Rébecca, *Babaiaga (Babayaga)*, ilust. Taï-Marc Le Thanh, trad. Marilar Aleixandre, Zaragoza: Tambre, 2004, idade recomendada [lectorado autónomo], [36] pp. (ISBN: 84-263-5514-5).

Volume de gran formato da autoría de Rébecca Dautremer, no que un narrador en terceira persoa conta cómo unha nena que tiña un só dente de pequena, Babaiaga, sufría desprezos e era centro de burla dos outros rapaces. Cando se fixo maior, todo continuou igual, pero agora tíñanlle medo os nenos pois converteuse nunha ogresa. Un día a súa irmá, que era o único membro da súa familia que se relacionaba con ela, mandoulle á súa fillastra para que se desfixese dela, pero esta, despois de ser aconsellada por un sapo que encontrou no camiño do bosque onde vivían, puido saír con vida da casa de Babaiaga. Finaliza coa reacción do pai da nena que ao se enterar que a súa madrastra a quería matar, botou á muller da casa. As ilustracións de Rebecca Dautremer ocupan unha páxina completa e por veces dúas. Son unhas pinturas moi coidadas con detalles que enriquecen os ambientes e as figuras. Os protagonistas, de forma redondeada, lembran as bonecas rusas que se encaixan e que aparecen no peitoril da ventá da última ilustración. Predominan os tons rubios, que se volven grises nos momentos de perigo, creando un ambiente misterioso e tétrico. As pinturas están rascadas, raiadas ou rabuñadas, transmitindo unha sensación de antigüidade que conecta coa lenda narrada.

Delgado, Josep-Francesc, **Durán**, Teresa, **Jordá**, Lourdes, *Popocatépetl*, trad. Xesús Carballo Soliño, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, marzo 2004, col. árbore/galaxia, nº 5, idade recomendada [Mocidade], 46 pp. (ISBN: 84-8288-744-0).

Ábrese o volume cunha presentación xeográfica de América e cunha aproximación á súa sociedade, relixión, lingua e actualidade, para, a seguir, recollerse un conxunto de lendas

procedentes do seu acervo cultural, que permiten que non perdamos o fío do manancial da sabedoría. A primeira delas, que leva por título "A lenda azteca de Ixtlaccihuatl e Popocatépetl", é versionada por Josep-Francesc Delgado (Barcelona, 1960). Nela nárrase a historia dun emperador azteca, que decide entregarlle a man da súa filla ao mellor guerreiro. Popocatépetl, un mozo que amaba con sinceridade a Ixtlaccihuatl, sae vencedor da guerra, aínda que as envexas e celos fan que se estenda a noticia da súa morte. Ixtlaccihuatl morre de pena e Popocatépetl, ao regresar á cidade mexicana, rexeita o trono. É coroado e manda facer unha primeira pirámide, onde no seu cume enterra a súa amada, e unha segunda, dende onde el vela por ela. Négase a comer e, cando está a piques de morrer, aparece o quetzal, quen lle anuncia que, como os deuses non queren que o seu amor morra con eles, as dúas pirámides se transformarán en dúas montañas para que poidan permanecer abrazados para sempre entre as nubes e o ceo. A segunda das historias, "De como os homes coñeceron o lume", tamén é versionada por Josep-Francesc Delgado e nela recóllese un mito opaié do descubrimento do lume. Un día o xaguar atópase cun neno ferido, que lle conta como foi abandonado polo seu irmán e lle dá uns paxaros mortos para saciar a súa fame, polo que en agradecemento lle desvela o segredo do lume, até daquela descoñecido polos humanos. Así mesmo, aconséllalle que se atopa un croio de seixo o colla e se o chama unha árbore podre ou morta non conteste, advertencia última que desatende e que provoca que os humanos vivan dende ese intre os mesmos anos ca algunhas árbores. De regreso na súa cabana, descobre o corpo do seu irmán máis vello devorado polo xaguar e o croio de seixo transfórmase nunha fermosa rapariga. A terceira das historias, "Inriri, o paxaro do albor", é unha versión de Teresa Durán dunha lenda dos indios taínos de Porto Rico. Os catrocaracol querían coller os peixes da cabaza de Yayo, aínda que o único que conseguen é que saia tanta auga que se produce un dioivo, do que non sobrevive ningunha muller. Os catrocaracol conseguen atrapar unhas figuras de muller, pero non teñen sexo, polo que alguén se lembra das palabras de Yayo o vello: "Inriri voará o día que atope unha tarefa digna del". Atopan a Inriri e indícanlle onde a muller ten o sexo. Algo estraño acontece, pois o paxaro canto máis peteira, máis se lle encolle o peteiro e máis desaparecen os catrocaracol, e as mulleres gañan corpo. Así foi como volveu haber mulleres de verdade na terra e como Inriri puido voar, polo que os seus descendentes pasan a vida peteirando nas árbores para lembrarlles aos homes todo o que lles deben. A cuarta lenda é dos indios de América do Sur e adáptaa Lourdes Jordá co título de "As rechamantes plumas dos paxaros". Despois de repartir as cores, o sol decátase de que se esqueceu dos paxaros, polo que deciden ir visitalo, a excepción da noitarega, a andoriña e o colibrí. O astro rei ofrécelles un arco de cores, onde cada un se mergulla na cor que máis lle gusta. O colibrí, pese a non estar presente, ten esas preciosas cores, porque cando foi bicar as súas flores máis apreciadas na súa corola había dúas gotas, que escorregaron pola súa plumaxe de metal irisado e o encheron de cor. Cada lenda comeza cunha fotografía en branco e negro tinguida da cor violeta. As fotografías seleccionadas están intimamente relacionadas cun relato, que finaliza cun pequeno debuxo esquemático entresacado das mitoloxías precolombinas. A impresión das letras está realizada en tinta violeta sobre un papel amarelento, o que acentúa o ambiente mítico.

Ende, Michael, *Tranquila Tragaleguas e outros contos*, ilust. Ana Juan, Santiago de Compostela: Alfaguara/Obradoiro, 2004, idade recomendada [Lectorado autónomo], 78 pp. (ISBN: 84-8224-376-4).

Nova edición deste conto de Michael Ende (Alemaña, 1929), publicado por primeira vez en 1990, agora acompañado de dous contos máis: "Filemón o Engurrado" e "Norberto Calugagorda", todos eles protagonizados por animais. En "Filemón o Engurrado" cóntase cómo un elefante chamado Filemón vive pracidamente na selva ocupado só dos seus pensamentos. Un día, unha colonia de moscas instaladas nunha morea de algas podres, créndose moi poderosas, deciden buscar contra quen loitar. Durante un consello deciden que para demostrar o seu poder van xogar un partido de futbol, pois con seis patas serían imbatíbeis. Tamén valoran os posíbeis candidatos que lles poidan facer fronte e das deliberacións xorde a idea de enfrontarse ao elefante Filemón Engurrado. Este partido ten lugar e malia que o elefante non se decatou do que estaba pasando, para a colonia de moscas foi todo un triunfo. Pouco despois, comezou a chover e a colonia foi arrastrada pola corrente, polo que non se volveu saber nada delas. En "Tranquila Tragaleguas. A tartaruga teimuda" nárrase como unha tartaruga lle escoita dicir a dúas pombas que vai casar o Gran Sultán dos animais, Leo Vixésimo-Oitavo e que a esta voda están convidados todos. Entón, Tranquila Tragaleguas decide poñerse en camiño para chegar ao evento. No percorrido vai atopando a diferentes animais dende a araña Fátima Fabricateas, o caracol Bassan Baboso, pasando polo lagarto Florián Folgazán até o corvo Haxís Halef Habacuc, que ademais de indicarlle o camiño tentan convencela de que non chegará a tempo á celebración da voda. Tranquila Tragaleguas, convencida de que vai conseguir o seu obxectivo, segue paseniño o seu percorrido, e malia chegar cando o Gran Sultán xa morrera, asiste á voda do seu sucesor. Finalmente, en "Norberto Calugagorda" nárrase como o rinoceronte deste nome se enfronta constantemente aos animais da selva que viven nos arredores da súa gorida. Fartos de pasar medo, deciden reunirse para ver cómo loitar contra as constantes ameazas. Malia as diversas alternativas, todos teñen que fuxir cando Norberto Calugagorda se presenta todo enfadado para atacalos. Será Carliños Cazabichocos, un paxariño moi miúdo o que lle faga ver ao rinoceronte a súa verdadeira personalidade, a súa soidade e a súa soberbia, converténdoo en monumento de si mesmo e símbolo do orgullo. As ilustracións de Ana Juan (Valencia, 1961) ocupan a totalidade da páxina. O estilo é figurativo e a técnica empregada é a pintura con cores vivas moi saturadas e contrastes alegres. A narración complétase coa narración visual que achegan os debuxos.

Floury, Marie-France, *Coelliño branco bota de menos á súa mamá (Petit Lapin Blanc veut sa maman)*, ilust. Fabienne Boisnard, trad. Susana Lamela, Zaragoza: Tambre, 2004, col. Coelliño branco, nº 4, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-263-5532-3).

Conto de Marie-France Floury e Fabienne Boisnard no que se narra cómo Coelliño Branco queda moi triste cando a súa mamá ten que marchar de viaxe. O pai de Coelliño tenta por todos os medios conseguir que non estea desgustado, para o que lle conta contos, xoga con el aos trens ou prepáralle unha pizza. Ao día seguinte de marchar, a nai chama o fillo para tranquilizalo e regresa cun agasallo. As imaxes gardan relación estreita co texto, teñen cores moi saturadas e ocupan formas planas delimitadas por unha liña negra. As páxinas impares teñen un fondo de cor plana cunha mínima referencia espacial que separa o chan da

parede. O texto está disposto nas páxinas pares acompañado dun deseño de cadrados de cores e dunha pequena imaxe. Resultan unhas ilustracións moi ledas por mor do contraste cromático.

Floury, Marie-France, *Coelliño branco está enfermo (Petit Lapin Blanc est malade)*, ilust. Fabienne Boisnard, trad. Susana Lamela, Zaragoza: Tambre, 2004, col. Coelliño branco, nº 3, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-263-5531-5).

Conto de Marie-France Floury e Fabienne Boisnard no que se narra cómo Coelliño Branco despois de ir xogar ao parque chega á casa e empeza a esbirrar, a poñerse colorado e a doerlle os oídos e ter febre. A nai chama ao médico e mentres agardan por el cóntalle un conto ao fillo para tranquilizalo. Cando chega o doutor Grosella examina a Coelliño e dille que ten gripe, para o que lle dá unhas medicinas e ponlle unhas gotas nos oídos. Cando o doutor busca as gotas no maletín este péchase e máncao nun dedo, que comeza a poñerse colorado. Tanto Coelliño como súa nai axúdanlle ao médico a curarse e déixalle escoitar o corazón cos seus aparatos. Finalmente, o médico lelle un conto para durmir e ao día seguinte xa se atopa mellor. As imaxes gardan relación estreita co texto, teñen cores moi saturadas e ocupan formas planas delimitadas por unha liña negra. As páxinas impares teñen un fondo de cor plana cunha mínima referencia espacial que separa o chan da parede. O texto está disposto nas páxinas pares acompañado dun deseño de cadrados de cores e dunha pequena imaxe. Resultan unhas ilustracións moi ledas por mor do contraste cromático.

Floury, Marie-France, *Coelliño branco pérdese (Petit Lapin Blanc se perd)*, ilust. Fabienne Boisnard, trad. Susana Lamela, Zaragoza: Tambre, 2004, col. Coelliño branco, nº 1, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-263-5529-3).

Primeiro conto da colección de Marie-France Floury e Fabienne Boisnard protagonizada por Coelliño Branco no que se narra cómo o pequeno coello vai ao parque en compañía de seus pais. Alí comeza a xogar ás agachadas co seu amigo Pedro, pero cando lle toca a el esconderse, despístase e pérdese. Ante o desconcerto e o medo que sente por non atopar aos seus, Coelliño Branco é axudado por unha señora, coa que busca a seus pais polo parque. Finalmente atópannos e, rematado o perigo e o susto, Coelliño Branco merenda unhas ricas galletas. As imaxes gardan relación estreita co texto, teñen cores moi saturadas e ocupan formas planas delimitadas por unha liña negra. As páxinas impares teñen un fondo de cor plana cunha mínima referencia espacial que separa o chan da parede. O texto está disposto nas páxinas pares acompañado dun deseño de cadrados de cores e dunha pequena imaxe. Resultan unhas ilustracións moi ledas por mor do contraste cromático.

Floury, Marie-France, *Coelliño branco celebra o seu aniversario (Petit Lapin Blanc Fête son anniversaire)*, ilust. Fabienne Boisnard, trad. Susana Lamela, Zaragoza: Tambre, 2004, col. Coelliño branco, nº 2, idade recomendada [prelectorado], [20] pp. (ISBN: 84-263-5530-7).

Novo volume da colección de Marie-France Floury e Fabienne Boisnard protagonizada por Coelliño Branco no que se narra cómo o pequeno coello está de aniversario e convida a unha festa aos seus amigos. No seu terceiro aniversario o Coelliño Branco é obsequiado cunhas buxainas, cun CD e cun crebacabezas que lle traen César, Íria e Paulo, ademais de cun disfrace de cabaleiro que lle agasallan seus pais. Na festa de celebración o Coelliño e os seus amigos xogan á pesca e aos cabaleiros que rescatan á princesa, collen mazás cos dentes nunha cunca grande chea de fariña e toman un anaco da torta á que o pequeno coello lle sopra as candeas ao son do "Parabéns para ti". As imaxes gardan relación estreita co texto, teñen cores moi saturadas e ocupan formas planas delimitadas por unha liña negra. As páxinas impares teñen un fondo de cor plana cunha mínima referencia espacial que separa o chan da parede. O texto está disposto nas páxinas pares acompañado dun deseño de cadrados de cores e dunha pequena imaxe. Resultan unhas ilustracións moi ledas por mor do contraste cromático.

Fluixa, Josep Antoni, *A cabeza máxica*, ilust. Francesc Santana, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 5, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], [23] pp. (ISBN: 84-9782-144-0).

Sara é unha nena á que lle gusta moito debuxar e que protagoniza esta historia de Josep Antoni Fluixà. Un día ocórreselle debuxar unha cabeza redonda, á que paseniñamente lle van aumentando máis partes do corpo até formar un corpo similar ao seu. As situacións que vive a continuación serán froito da súa imaxinación. O ilustrador Francesc Santana debuxa, sobre un fondo traballado con técnica mixta (papeis e cartonés engurrados, esgazados, raiados, con pintura, etc.) á protagonista do conto debuxando cun gran lápis. A nena destaca contra a colaxe do fondo, con predominio de tons neutros, polo seu colorido cálido. Non hai referencias espaciais e as distintas posicións que adopta a nena ao debuxar, trasmiten enerxía e dinamismo. En todas as páxinas pares hai unha pequena cabeza que vai mudando e logrando ilusión de movemento.

Frank, Anne, *O diario de Ana Frank (Her achterhuis by Anne Frank, 1982)*, trad. Tomás Ruibal, Pontevedra: Kalandraka Editora, xullo 2004, idade recomendada [mocidade], 311 pp. (ISBN: 84-8464-223-2).

Aparece por primeira vez en galego esta obra na que se recollen, a xeito de diario, as vivencias de Anneliese Marie Frank (Frankfurt am Main, 1929-Bergen Belsen, 1945). Coñecida familiarmente como Anne Frank, esta adolescente era membro dunha acomodada familia de comerciantes xudeos, que se trasladaron de Alemaña a Amsterdan (Holanda) en 1933, momento no que comezan as persecucións nazis. Con trece anos, concretamente o 12 de xuño de 1942, Anne comeza a escribir un diario no que vai describindo a vida da súa familia. Cando Alemaña invade Francia e os Paises Baixos, a familia vese obrigada a someterse ás restricións impostas polos nazis e sospeitando as posíbeis consecuencias, o seu pai constrúe unhas dependencias secretas na parte posterior das oficinas da fábrica. Neste lugar permanece agochada a familia dende xuño de 1942 até agosto de 1944, momento no que son delatados e detidos polo exército nazi. Trasladados a diferentes

campos de concentración, Anne Frank morre, xunto coa súa irmá, de tifo no campo de concentración de Bergen Belsen en marzo de 1945. Nas súas memorias, ademais de facer un autorretrato, tamén ofrece o doutros personaxes que aparecen na súa vida, deténdose en detalles tanto do seu aspecto físico coma sicolóxico. De toda a familia só sobrevive o pai, que despois da liberación do exército ruso do campo de concentración de Auschwitz, volve a Amsterdan, onde lle é entregado o diario de Anne, atopado no agochadoiro da fábrica. Nas páxinas finais deste volume aparece unha relación de fotografías artísticas en branco e negro de Andrés Pinal, unha das cales figura na cuberta destacando sobre un plano negro.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Anna Frank en galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 xullo 2004, p. 49.

Anúnciase a publicación do *Diario de Ana Frank* por primeira vez en lingua galega da man da Editorial Kalandraka. Destácase do volume as fotografías de Andrés Pinal, que ofrecen diversas lecturas emocionais do narrado. Reprodúcense as palabras iniciais da obra, explícase o seu argumento e o marco cronolóxico no que se insire. Saliéntase que é un texto que forma parte da memoria colectiva, convertido en símbolo e testemuño das voces acaladas durante o Holocausto. Remátase cunha breve achega á traxectoria do fotógrafo Andrés Pinal, autor das fotografías que acompañan o texto, na que se destaca que é doutor en Belas Artes e que a súa obra gráfica ten sido exposta en diferentes mostras tanto en Galicia coma no estranxeiro.

- M. Blanco Rivas, 'A voz das víctimas do Holocausto', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 374, 'Libros', 31 xullo 2004, p. 2.

Comézanse reproducindo as palabras iniciais do diario de Ana Frank e explicando amplamente o argumento da obra. Tamén se detén na historia editorial deste diario, texto de referencia na denuncia do xenocidio xudeu, que foi publicado en 1947 e traducido a máis de sesenta linguas, así como versionado en diferentes filme e pezas de teatro. Sinálase que coincidindo co setenta e cinco aniversario do nacemento da autora ve por primeira vez a luz en lingua galega da man de Tomás Ruibal, coa característica de incluír algunhas páxinas inéditas até hai dous anos. Sinálase que o texto aparece acompañado das fotografías de Andrés Pinal, nas que ademais de diversas lecturas reflexivas se ofrece "unha ollada emocional, poética e literaria", que veñen sendo o reflexo da anguria, da esperanza ou do desexo de superar a adversidade da autora, dos que se fai partícipe ao propio lectorado.

Franz Rosell, Joel, *Paxaros na cabeza (Pájaros en la cabeza)*, ilust. Marta Torrao, trad. Vitoria Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, outubro 2004, col. Seteleguas, idade recomendada [lectorado autónomo], [42] pp. (ISBN: 84-8464-236-4).

Conto de Joel Franz Rosell (Cruces, Cuba, 1954) no que un narrador omnisciente en terceira persoa narra a historia dun ancián e bo rei, dun lugar pequeno e non demasiado rico, ao que os tres ministros que o rodean, o de Defensa, o de Economía e o de Todo o

demais, o queren enganar para conseguir os seus soños. O Ministro de Defensa, que é coronel, quere que o rei acceda a ir á guerra para ascender a xeneral. O Ministro de Economía soña con crear un imposto orixinal e deste xeito pasar á historia. O Ministro de Todo o demais quere secar unha lagoa que hai no medio do reino para construír unha estrada que o atravese de punta a cabo. Como o rei non accede a ningún dos pedimentos dos Ministros e sempre se rodea, despois da audiencia con eles, de paxaros que lle comen na man o alpiste, lle xogan coa barba e lle cantan e lle rodean a cabeza mesmo á hora de durmir, os tres Ministros deciden atacalo onde máis lle doe. Así, axudados polo mordomo real, quítanlle ao rei o trono de palla onde se senta na compaña dos paxaros, o alpiste e poñen espantallos en todo o reino. Alertado por un morcego do engano do que está sendo vítima xusto a noite antes de acceder aos pedimentos dos seus mandados, o vello e sabio rei dálle unha boa lección aos seus Ministros. As ilustracións son de Marta Torrâo nas que emprega unha técnica mixta que mestura pintura, papeis e teas. Predominan os aspectos pictóricos sobre a colaxe, xa que papeis e teas están integrados totalmente nas pinturas. Os personaxes protagonistas están deseñados cun estilo figurativo moi persoal onde caben desproporcións e esquematismos, aínda que non por iso se lle resta expresividade ás figuras. Predomina a gama de verdes e granas.

Recensións:

- O.T., 'Paxaros na cabeza', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 90, 'Letras en galego', 11 decembro 2004, p. 8.

Ofrécese o argumento do conto e indícase a tradutora, a ilustradora e a colección na que o volume *Paxaros na cabeza* se insire.

Gil, María José, *O valor da amizade (El valor de la amistad)*, ilust. Carmina del Río, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, marzo 2004, col. Laura e compañía, nº 9, idade recomendada [prelectorado e autónomo], 31 pp. (ISBN: 84-96128-64-4).

Ábrese o volume cunha presentación na que se explica a etapa etaria á que vai dirixida este proxecto, Educación Infantil e 1º ciclo de Primaria, e os obxectivos dos contos incluidos nesta colección, motivar á lectura, fomentar valores para a conciencia e solidaridade. Asemade informa do emprego nesta obras dos eixos transversais da Educación Infantil e Primaria e da finalidade destas: "ferramentas de aula para reforzar e ampliar estes contidos". A pesar de que se sinala a combinación nos volumes da colección da letra seguida coa de pau, para facilitar a lectura ao prelectorado e ao lectorado autónomo, nesta ocasión non se respeta e tan só aparece o texto en letra seguida. Por último saliéntase a existencia na colección de libros en rima e en prosa que se centran en vivencias propias da idade dos nenos e nenas. Ponse fin a cada volume cun cuestionario para despois da lectura co que se intenta reafirma a comprensión e potenciar a expresión oral. Nesta novena entrega Laura organizará aos da panda para rescatar a un dos seus amigos perdido no medio

dun bosque. Despois de debater que facer na fin de semana e rexeitar a oferta de Uxío para visitar o bosque máxico, os rapaces deciden facer carreiras de sacos como propuxera Laura. Ante a negativa dos seus compañeiros, Uxío cree que non lle importa aos demais e decide emprender el só a viaxe ao bosque. Finalmente, terán que ser Laura e o resto os que vaían na súa procura ao saber que se perdera e comprobar que non voltara a súa casa. Cando é rescatado pola panda o rapaz perdido confésalles o equivocado que estaba e explícalles cal é o verdadeiro valor da amizade. As ilustracións de tipo figurativo de Carmina del Río ocupan as páxinas impares e acompañan ao texto das páxinas pares. Nelas non hai busca do volume e o tratamento da cor é a base de tintas planas ou tramas de ordenador. Os fondos están resoltos con lavados de acuarela, así como algún rostro en primeiro plano, e as figuras, rodeadas dunha liña negra que as illa do fondo, seguen un patrón bastante ríxido nas faccións dos rostros (empréganse tres expresións para solucionar as distintas situacións).

.

Gil, María José, *Mellor falar que pelexar (Mejor hablar que pelearse)*, ilust. Carmina del Río, trad. Bahía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, marzo 2004, col. Laura e compañía, nº 8, idade recomendada [prelectorado e autónomo], 31 pp. (ISBN: 84-96128-63-6).

Ábrese o volume cunha presentación na que se explica a etapa etaria á que vai dirixida este proxecto, Educación Infantil e 1º ciclo de Primaria, e os obxectivos dos contos incluidos nesta colección, motivar á lectura, fomentar valores para a conciencia e solidaridade. Asemade informa do emprego nesta obras dos eixos transversais da Educación Infantil e Primaria e da finalidade destas: "ferramentas de aula para reforzar e ampliar estes contidos". A pesar de que se sinala a combinación nos volumes da colección da letra seguida coa de pau, para facilitar a lectura ao prelectorado e ao lectorado autónomo, nesta ocasión non se respeta e tan só aparece o texto en letra seguida. Por último saliéntase a existencia na colección de libros en rima e en prosa que se centran en vivencias propias da idade dos nenos e nenas. Pónse fin a cada volume cun cuestionario para despois da lectura co que se intenta reafirma a comprensión e potenciar a expresión oral. Esta vez Laura e o seu irmá Pedro deciden visitar a granxa da súa amiga Sabela xunto a dous animais amigos seus: Mole-Mole e Panocha. Uns minutos antes de emprender a viaxe e a raiz dunha noticia retransmitida pola televisión Laura coñecerá o significado de guerra e os motivos máis usuais que a orixinan: ao non compartir a mesma opinión ou ao desexar apoderarse do que posúe outro país. Polo camiño consideran unha inxustiza e unha crueldade que se produzan esas situacións tan só por non respetarse e intentar arranxar os problemas co diálogo. Durante a súa estancia na granxa da gandeira Sabela os rapaces realizan varios traballos da granxa e coñecen a diversos animais. Remata a tarde cunha pelexa por mor da elección do nome co que bautizar a un burro que tan só cesa e buscan unha solución menos violenta grazas a Mole-Mole que lles lembra a conversa mantida no camiño. As ilustracións de tipo figurativo de Carmina del Río ocupan as páxinas impares e acompañan ao texto das páxinas pares. Nelas non hai busca do volume e o tratamento da cor é a base de tintas planas ou tramas de ordenador. Os fondos están resoltos con lavados de acuarela, así como algún rostro en primeiro plano, e as figuras, rodeadas dunha liña negra que as illa do fondo,

seguen un patrón bastante ríxido nas faccións dos rostros (empréganse tres expresións para solucionar as distintas situacións).

Girin, Michel, *A praia das tartarugas*, trad. Ignacio Chao, Zaragoza: Tambre, 2004, col. Catavento, nº 10, idade recomendada [mocidade], 123 pp. (ISBN: 84-263-5409-2).

Novela de Michel Girin (París, 1947) dividida en trece capítulos titulados, na que por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa se narra a historia ambientanda en Sri Lanka dunha nena de doce anos chamada Arundi e do seu pequeno irmán Sirik. Estes rapaces, fillos dun capitán de transbordador cingalés en paro e dunha támil dedicada ao ensino de literatura inglesa, quedan orfos por mor da guerra civil existente no país e que agudizou a distancia entre as comunidades támil e cingalesa. Ningunha das comunidades se fai cargo dos rapaces, polo que Arundi e Sirik quedan baixo a titoría dunha institución de caridade á espera de que unha pescuda administrativa revele o enderezo do familiar máis achegado que teñen en Colombo. No traslado a esta cidade con outros orfos da guerra nun microbús da Cruz Vermella este é tiroteado, pero os dous rapaces conseguen fuxir e inician o camiño a Colombo eles sós. Na súa odisea coñecen a Seamus O'Brien, un mozo irlandés que se dedica á cria de tartarugas mariñas, que os axuda e mesmo se ofrece a deixalos na casa de seu tío. A imposibilidade de localizar a este fai que O'Brien os acolla na súa casa e lles colla cariño ao igual que os rapaces a el e ao seu traballo. Pasado o tempo Seamus cóntalle a Arundi un segredo que provoca o distanciamento da rapaza, mais a nova da morte da súa familia de Colombo e a reacción de Seamus ante unha granada lanzada no medio da actuación dun cego que narraba historias á que acudiran, fai que todo volva a normalidade e a pequena Arundi teña novamente esperanzas no futuro. A cuberta está deseñada utilizando unha fotografía de A.G. E. O punto de vista empregado para realizar a fotografía é un contrapicado dunhas palmeiras e a imaxe está manipulada con filtros.O tema evoca unha localización tropical confirmada polo título do libro.

Gómez, Ricardo, *O cazador de estrelas (El cazador de estrellas)*, III Premio Alandar de Literatura Xuvenil, trad. Ignacio Chao, Zaragoza: Tambre, 2004, col. Catavento, nº 9, idade recomendada [mocidade], 166 pp. (ISBN: 84-263-5470-X).

Co pano de fondo da situación do pobo saharauí refuxiado no deserto, cóntase nesta novela realista de Ricardo Gómez (1954), a historia de Bachir, un rapaz de doce anos que por mor dunha doenza pulmonar ten que gardar repouso na súa jaima durante longos períodos de tempo. Pola súa inmobilidade aprende a interpretar os sons que chegan até el desde o exterior e a imaxinar o que acontece ao seu redor utilizando o oído. A pesar de que non sabe ler, os libros conseguen abrirlle as portas de mundos distintos ao seu. Mais a enfermidade, por veces, convérteo nun tirano, pois sérvelle de escusa para reclamar a atención constante da súa nai e das súas irmás e autocompadecerse por non poder aprender no colexio, xogar cos seus amigos e amigas ou pasar máis tempo coa súa veciña Dajba, que lle gusta dende hai moito tempo. Unha noite coñece a Jamida, un vello que comeza a falar con el e quen co paso das noites ensinaralle o nome das estrelas, explicaralle moitos detalles da súa enfermidade co fin de que aprenda a amar a vida e refiriralle episodios relacionados coa historia do seu pobo que lle axudarán a comprender as duras condicións

de vida polas que pasaron os seus avós e os seus pais, resistindo no medio do deserto sen auga nin comida e vendo arrebatadas as súas terras. Ambos manterán unha intensa amizade que axudará a Bachir a intentar superar a enfermidade, a non ter medo e a aprender a convivir con ela sen autocompaixón. O volume péchase cos agradecementos do autor ao pobo saharauí pola súa cariñosa acollida e con tres fotografías que amosan persoas que viven nos campos de refuxiados. A imaxe fotográfica da cuberta, como elemento peritextual, funciona para mostrar ou evidenciar algo do que vai suceder, actúa como antesala do texto que se narra ao visualizar un planisferio con todas as constelacións e os nomes das estrelas.

Goscinny, *As vacacións de Nicolasiño (Les vacances de petit Nicolas, 1962)*, trad. María Luísa Álvarez Santamarina, ilust. Sempé, Santiago de Compostela: Alfaguara/Obradoiro, xaneiro 2004, col. Alfaguara Infantil, serie Laranxa, a partir de 10 anos, 150 pp. (ISBN: 84-8224-526-0).

Neste relato de Goscinny (París, 1926-1977), estruturado en dúas partes, o protagonista é un neno chamado Nicolasiño, quen narra as súas vacacións tanto na Bretaña coma logo ao ano seguinte no campamento Azul da Praia das Furnas. Na primeira, a familia trasládase a un chalet alugado na praia Piñeiros, onde o protagonista fai amigos como Brais, Mamerto, Froitoso, Ireneo ou Fabricio, cos que xoga os días de sol na praia. Alí coñece a personaxes como o señor Lantenau, co que realizan algunha excursión e que tenta entreter aos rapaces nos día de choiva, pero sen moito éxito. Na segunda parte, Nicolasiño narra as vivencias do seu verán no campamento, lugar ao que acode só por primeira vez e motivo de que seus pais estean un pouco nerviosos. A experiencia resulta do máis gratificante para o protagonista, malia os problemas derivados de esquecer a maleta antes de subir ao tren. A amizade doutros nenos favorece que se integre con facilidade e cando volve á casa bote de menos aos novos amigos. As ilustracións de Sempé (Burdeos, 1932) son debuxos a tinta con predominio da liña e están intercaladas entre o texto. O estilo é figurativo pero cun aire caricaturesco. Nas panorámicas emprega un punto de vista moi amplo cun manexo das multitudes moi acertado.

Recensións:

- M. Rodríguez, 'O selo inconfundible de Goscinny', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 52, 13 marzo 2004, p. 7.

Comeza salientando que Nicolasiño é un personaxe xa clásico de Goscinny que agora conta as súas aventuras en galego. Despois de recordarnos o argumento salienta a frescura dos textos "sementados de chiscadelas en forma de debuxos e nos que non só se pode ver a axilidade co que o autor conta as situacións e describe os acontecementos senón que tamén recolle outros xéneros como é o epistolar" e o resumo final de cada capítulo que axuda a comprender mellor ao lectorado máis novo.

Gregori, Josep, *A bruxa tola*, ilust. Avi (Pilar Giménez Avilés), trad. Ignacio Chao , Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 15, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-154-8).

Volume de Josep Gregori que se presenta en letra manuscrita e maiúscula para favorecer distintos niveis de lectura, no que se narra cómo a bruxa Piruxa, despois de erguerse de mal humor busca alguén para amargarlle o día coas súas falcatruadas. Na busca dunha vítima, Piruxa chega ao cuarto dunha nena que está cantándolle unha canción á súa boneca e que abranda o corazón de Piruxa coa súa dozura. As ilustracións de carácter figurativo que acompañan e complementan o texto son da autoría de Avi (Pilar Jiménez Avilés, Madrid, 1962), que xa dende a cuberta nos mostra o personaxe da narración, unha bruxa pequena e divertida rompendo co esquema de bruxa malvada e nariz puntiaguda, aínda que conservando elementos como o sombreiro e a vasoira voadora. A través das diferentes ilustracións, que ocupan sempre unha páxina enteira vainos contando visualmente a trama do conto. Conteñen moita máis información que o texto polo que se completan, formando unha unidade. Están feitas con pintura densa, cores matizadas e suaves que ocupan formas planas -con pouca pretensión volumétrica- delimitadas por unha liña negra. Soamente nalgúns fondos se aprecia un carácter máis xestual conseguido por medio de pinceladas con pintura máis augada. Na páxina contigua á da ilustración están os pequenos textos, nos que se empregan dúas tipografías diferentes: unha de letra seguida e outra en maiúsculas.

Gregori, Teresa, *O osiño de Tania*, ilust. Anna Clariana, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 6, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-145-9).

Relato en letra manuscrita e maiúscula de Teresa Gregori no que se lle presenta ao lectorado agardado a historia das irmás protagonistas Tania e Ana e a importancia do cariño entre ambas. Descríbese o aprezo que Tania ten polo seu oso de peluche, ao que lle conta contos, co que comparte xogos e mesmo dorme con el, pero que sen embargo non dubida en regalarlle a Ana para que se poña ben o día en que está triste. Os debuxos figurativos son de Anna Clariana. A cuberta serve como elemento que conecta co resto da narración: presenta a unha nena que está durmida agarrada a un pequeno osiño de peluche. Nas ilustracións é de salientar o carácter esquemático e infantil e o xogo da desproporción, conseguido ao agrandar as cabezas con relación aos corpos e colocarnos nun punto de vista frontal como se coincidise co noso, para así achegarnos a ver o que o neno e a nena ven. As imaxes están realizadas con formas redondeadas amplas e rotundas, debuxadas en tinta negra e acompañadas dunha gama cromática alegre e cálida. Os grandes planos de cores claras e matizadas buscan deliberadamente o xogo constante de luces para crear profundidade de campo e dar sensación e sentimento de alegría e benestar. Son ilustracións que achegan moita información ao texto, aínda que elas soas permiten tamén unha lectura visual, por iso son moi axeitadas para o prelectorado.

Härtling, Peter, *Muletas (Krücke, 1986)*, trad. Xosé Martínez, ilust. Iván Suárez, Pontevedra: Kalandraka Editora, abril 2004, col. Tiramillas, nº 5, idade recomendada [lectorado mozo], 220 pp. (ISBN: 84-8464-221-6).

Novela de Peter Hartling (Chemnitz, 1933) publicada orixinalmente en alemán en 1986, que se abre cunha nota autorial na que se sitúa o tempo da narración, se alude á desolación provocada pola guerra e se especifica que esta obra quere ser un manifesto contra calquera feito bélico. Dedicada aos protagonistas por seren testemuñas de que malia a maldade humana "o home tamén é amigo do home", está estruturada en quince capítulos titulados, ao longo dos que se narran as peripecias vividas por Thomas Schramm, un adolescente orfo de trece anos que loita por sobrevivir na Viena desolada do remate da Segunda Guerra Mundial. Neste escenario de caos e seres humanos desnortados atopa co tollido Eberhard Wimmer, máis coñecido como Muletas, que se converte no seu protector e mentor. Con el coñecerá a outros personaxes nos que o principal obxectivo da súa vida é saír adiante nunha cidade que vén de ser tomada polas tropas aliadas e na que escasea o máis básico. Á vez que Thomas madura e se fai consciente da importancia da amizade e o amor, tamén experimenta a necesidade cada vez maior de atopar a súa nai desaparecida, obxectivo que consegue coa axuda de Muletas cando xa se atopan de volta en Alemaña. As ilustracións de Iván Suárez (Santiago de Compostela, 1973) son de carácter simbólico e nelas, a través de estratexias visuais, xógase a buscar asociacións co relato. Son creacións libres e as técnicas empregadas para a elaboración son moi variadas: colaxe con distintos materiais, traballo de pintura, recortes de planos, etc. Dáselle especial importancia ás texturas ao incluír distintos materiais con superficies moi variadas... O tratamento insiste no aspecto táctil e predominan as cores cálidas con tonalidades moi traballadas ademais dos contrastes das formas escuras sobre fondos claros ou viceversa.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Muletas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, 'Infantil/Xuvenil', 10 maio 2004, p. VII.

Despois de sinalar que esta novela de Peter Härtling se publicou en 1986 baixo o título de *Krücke* e que está protagonizada por un home eivado que se dedica ao contrabando e un rapaz que busca a súa nai, dáse conta dalgunhas das peripecias que viven estes dous personaxes antagónicos. Destácase da obra que malia a ambientación escollida, os últimos anos da Segunda Guerra Mundial, o autor prefire centrarse nos sentimentos e nas traxedias das persoas que aparecen neste universo literario en lugar das referencias históricas. Do estilo destaca o emprego dunha prosa lírica, un axeitado emprego do diálogo e o estilo directo, nunha obra caracterizada como sensíbel. Remata recomendando a súa lectura para o alumnado do último ciclo de primaria polo aproveitamento histórico e a relación con temas transversais.

- Rodri García, 'Historias de paz no medio da guerra', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 77, 'Letras en galego', 11 setembro 2004, p. 14.

Comeza situando o marco temporal no que se desenvolve a historia de Peter Härtling, *Muletas*, traducida ao galego por Xosé Martínez. Explícase que o autor escribiu esta obra como manifesto contra a idea de que o "home é un inimigo implacable do home", un feito que se constata na estreita relación de amizade entre Muletas e Thomas, os protagonistas. Explícase brevemente o argumento desta novela na que aparecen en primeiro plano as consecuencias da Segunda Guerra Mundial, destácanse como valores fundamentais a amizade e solidariedade e remátase indicando que está ilustrada por Iván Suárez.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 86, 3 xullo 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Solimán* (2004), de Xesús Fraga; *Muletas* (2004), de Peter Härtling; *Un digno herdeiro* (2004), de Keith Dixon; e *Xaquín Lorenzo "Xocas"*, de Marcos Martinón-Torres. En canto á obra de Härtling, sinálase como destacado o seu tema central: vinculado á superación das adversidades e a comprensión do sentimento de desarraigo mediante a aprendizaxe en tempos de guerra.

Hernández, Pau Joan, *A tripulación do Pánico (La Tripulació del Pánic)*, Premio Edebé de Novela Xuvenil, ilust. Pedro Espinosa, trad. Diego Dopico Silva, A Coruña: Rodeira, abril 2004, col. Periscopio, nº 21, idade recomendada [Mocidade], 215 pp. (ISBN: 84-8116-413-5).

Novela de piratas de Pau Joan Hernández (Barcelona, 1967) que ten como protagonista a Edgar Nau, un mozo de dezasete anos descendente directo do pirata coñecido como "O Olonés". Este mozo, de orixe dominicana, chegara a España con súa nai cando era aínda un bebé para reunirse co pai, que logo dun tempo os abandona. Nai e fillo aséntanse en Cornellá, onde recibe unha carta certificada que o cita nunha notaría de Barcelona, na que lle ofrecen un traballo cunha empresa americana, a sociedade Clairbone, que se dedica á reconstrución de árbores xenealóxicas. Malia o misterio que parece rodear todo e do que desconfía fondamente o seu amigo Ferrán, Edgar acepta o traballo e viaxa a Francia, onde a empresa reúne a catro persoas: Edgar, Iolanda, Warren Teach e Donnatier, todos eles descentes directos de famosos piratas. A situación de desconcerto entre todos é patente, pero malia iso aceptan embarcar nunha goleta que os leva a alta mar, onde son abandonados sen posibilidade de guiar o barco por falta de aparellos de navegación. Despois de superar un temporal son abordados e pechados nunha embarcación de piratas, onde descobren que queren convertelos en zombis para revivir os espíritos dos seus antepasados e descubrir o lugar dos tesouros enterrados. Mentres Edgar vive estas perigosas aventuras, o seu amigo Ferrán loita por descubrir qué se agocha detrás da sociedade que contratou a Edgar, clave que descobre a través de Internet. Finalmente, coa axuda deste os protagonistas son rescatados polas forzas armadas portuguesas preto das illas Azores.Na cuberta aparece unha fotografía de STOCKPHOTO feita dende un barco de vela cun mar bravo ao fondo que avanza o tema da narración. No interior as ilustracións de Pedro Espinosa son debuxos a

tinta en branco e negro feitos cun trazo firme e con augadas en grises que completan a composición. O estilo figurativo achega información sobre algunhas escenas da narración describindo os personaxes protagonistas.

Recensións:

- Héitor Mera, 'O bocexo do pirata', *A Nosa Terra*, nº 1.134, 'Cultura', 24 xuño 2004, p. 27.

Achégase á novela *A tripulación do pánico*, de Pau Joan Hernández, da que comeza explicando amplamente o seu argumento, que xira arredor das aventuras que un adolescente, Edgar Nau, vive da man dunha axencia que di traballar nas árbores xenealóxicas dos piratas máis famosos. Explica que a novela crea unhas expectativas que logo non cumpre, pois considera que o desenlace é desastroso, moi decepcionante e mediocre.

Hidalgo, Manolo, *Renato (Renato)*, ilust. do autor, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: Kalandraka Editora, xuño 2004, col. demademora, idade recomendada [lectorado autónomo], [25] pp. (ISBN: 84-8464-238-0).

Álbum publicado orixinalmente en castelán de Manolo Hidalgo (Madrid, 1967), no que se narra, máis a través das ilustracións que do texto, a historia de Renato, un reno ao que lle gustaba moito o inverno pero que tiña problemas para ir na súa zorra porque os cornos lle petaban coas árbores. Canso das burlas dos seus amigos, Renato marchou á cidade e mercou un serrón co que cortar os cornos, pero de volta á casa o que cortou foron as árbores coas que se atopa no camiño. Despois de darse conta da desfeita que deixaba ao seu paso, decidiu gardar os niños dos seus amigos paxaros nos seus propios cornos, mentres non medraban as árbores cortadas. Unha historia de esperanza, solidariedade e defensa do medio natural no que viven os animais. Con este tipo de libros asegúrase que o lectorado goce dunha experiencia estética, ademais doutras accións intelixentes como buscar a información e o sentido das ilustracións, facer todo tipo de asociacións, etc. As ilustracións do propio autor son de gran contraste e de gran forza narrativa, nelas descríbense as situacións que relata o texto e polo tanto compleméntano. Están resoltas con figuras moi esquemáticas de liñas claras e firmes con trazos rotundos e sinxelos, o que lle confire grande expresividade ao relato. A técnica empregada é o *gouache*, con grandes planos de cor nos que sempre se xoga co branco, co negro e co vermello. No tratamento da pintura apréciase gran soltura e dominio da técnica. As ilustracións, que ocupan sempre unha páxina ao igual que a cuberta, xeneran información que non é achegada polo texto e amosan como son os protagonistas e o contorno no que se moven.

Recensións:

- Mª Jesús Fernández, 'Renato', *CLIJ*, nº 174, 'Libros', setembro 2004, p. 60.

Despois de recordar a historia de *Renato* (2004) dise que este conto emprega a esaxeración até o absurdo, que está contado con poucas palabras pero con imaxes de impacto, de gran

forza plástica. Saliéntase que é o primeiro libro infantil ilustrado e escrito polo autor, un asiduo debuxante e guionista de cómics. Cualificase a obra como "un ingenioso y logrado ejercicio de estilo que sorprende por su humor, y por su idea argumental".

- María Navarro, 'Con Renato', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 97, 'Infantil/Xuvenil', 28 outubro 2004, p. VII.

Dá conta da publicación de *Renato*, de Manolo Hidalgo, unha obra que ten como protagonista ao reno Renato. Explícase o argumento e sinálase que presenta unha estrutura tripartita, na que destaca a semellanza coa técnica cinematográfica especialmente pola escaseza de texto. Destaca a interdependencia entre o texto e as ilustracións, das que sinala que son imaxes figurativas con formas que por veces presentan só liñas. Remata destacando que esta obra dirixida a un lectorado de entre cinco e sete anos transmite unha ensinanza moralizante que consiste en facer ver que o máis torpe ou feble pode converterse nun momento dado nun heroe.

Janer Manila, Gabriel, *O cabalo*, ilust. Gloria Celma, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 7, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-146-7).

Neste conto de Gabriel Janer Manila (Algaida, Mallorca, 1940) relátase cómo o pai de Miguel, un mercador que navega en barcos de vela e que trae das súas viaxes diferentes mercadorías que vende ao chegar á casa, lle trae de cada viaxe, ao seu fillo, un cabalo de madeira ou de cartón procedente dos diferentes lugares que visita e de diferentes características. Do deserto tráelle a Miguel un cabalo alado e como o cativo descoñece a existencia destes animais monta nel e imaxina, cos ollos pechados, que empeza a voar. As ilustracións de tipo figurativo de Gloria Celma están realizadas con pintura e ocupan todas as páxinas impares. Hai un tratamento volumétrico das formas que están rodeadas dunha liña negra. As cores que emprega son saturadas, sobre todo nos debuxos, que conseguen evocar países exóticos.

Jennings, Paul, *¡Vaiche boa! (Unreal!)*, ilust. Kiko da Silva, trad. Dolores Martínez Torres, Vigo: Galaxia, maio 2004, col. árbore/galaxia, nº 128, serie Verde, a partir de 12 anos, 173 pp. (ISBN: 84-8288-717-3).

Volume que recolle un conxunto de oito relatos escritos por Paul Jennings (Inglaterra, 1943) e editados por primeira vez en galego en 1999 dentro da colección "Setemares" da editorial Galaxia. Narrados maioritariamente en primeira persoa, entre estes relatos atopamos algúns nos que predomina a intriga, como é o caso de "Sen camisa", no que un neno atopa os ósos dun esqueleto enterrado na praia que resultan ser dun tío seu; en "O esqueleto no retrete", unha pantasma aparéceselle ao protagonista para indicarlle onde está un cadro que roubara e poder así descansar en paz; en "O blues do faro" un fareiro descobre que os sons que se escoitan dende o faro os venres á noite proceden das pantasmas que

pretenden asustar a xente cos seus instrumentos; noutros predomina o carácter fantástico, como é o caso de "A caixa voadora de pulseira", no que se narran as peripecias dun estafador que vende pegamento que só ten efecto durante unhas horas; en "Superfociños", un rapaz logra que o biquen as femias, incluída unha porca, cun lapis de bicos especial; en "Crema de bosta de vaca", o pai do protagonista inventa unha crema depilatoria grazas á bosta de vaca; en "Xeado da intelixencia", un xeado volve ignorante a un rapaz que se cría moi listo; e en "Os calzóns máxicos", cóntase como uns calzóns máxicos axudan a que o rato do protagonista lle gañe unha carreira a unha rata. As ilustracións son de Kiko Dasilva (Vigo, 1979), quen soluciona a cuberta cunha fotocomposición de elementos tridimensionais modelados especificamente para ela e que suxire uns relatos de tipo cómico ou grotescos. Nas ilustracións do interior utiliza a técnica da augada en cor sepia. Os personaxes dos distintos relatos están concibidos de forma figurativa; a execución, cunhas pinceladas soltas e predominio da mancha, acentúa a expresividade e o dinamismo das formas. Os debuxos completan a información do texto ao recrear as situacións chocantes dos diferentes contos e están colocados nas páxinas xogando coa composición do texto, que se amolda a eles.

Recensións:

- María Navarro, 'Unreal!', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 101, 'Infantil/Xuvenil ', 25 novembro 2004, p. VII.

En primeiro lugar indícase o título en galego da obra *Unreal!*, de Paul Jennings (de quen se menciona algún dato biográfico), así como a persoa encargada da tradución a esta lingua. A seguir, María Navarro sinala os ingredientes presentes nas oito historias que configuran o volume que, na súa opinión, "son quen de transformar o imaxinario en real". Finalmente, faise un breve repaso argumental de tópicos típicos do humor inglés, así como as consecuencias do seu emprego.

Juanes Palacios, Manuel, *O frade dos carros: beato Sebastán Aparicio*, trad. de Dolores Morales Pérez, ilust. de Catalina Lavandeira Villar, Santiago de Compostela: El Eco Franciscano, 2004, [31] pp. (ISBN: 84-923580-9-2).

Neste relato de Fray Manuel Juanes Palacios nárrase a vida de Sebastián Aparicio que o 17 de maio de 1789 foi declarado Beato polo Papa Pío VI. Trátase dunha viaxe vital e espiritual pola traxectoria deste home que nos leva dende o seu nacemento en A Gudiña no 1502, até o seu pasamento en México no 1600, pasando polas múltiples vicisitudes dunha existencia marcada pola entrega e o traballo. Así no libro aparecen reflectidos os momentos máis importantes da vida deste home e que marcarían un punto de inflexión, como pode ser a emigración, primeiro a terras de Castela e despois a terras americanas, en concreto a México e que acontece en 1533. Na súa aventura americana descríbesenos como un home emprendedor e traballador que se convertiría co tempo nun rico e destacado labrego, "humano cos obreiros, caritativo cos pobres e amigo dos indios". Tras sufrir dous matrimonios desgraciados- ambas as dúas esposas morreron prematuramente- e despois

dunha grave enfermidade que o levou a desfacerse de todos os seus bens, Sebastián Aparicio decide abrazar a vida relixiosa das mans dos franciscanos en 1574 e como ben describe a contraportada "a partir dos 75 viviu unha vida de ceo no medio da moi humilde condición de frade menor, de arrieiro e esmoleiro, e sempre dentro do maior espírito relixioso franciscano". Catalina Lavandeira Villar ilustra este relato con imaxes da vida do fraile nun estilo clásico e figurativo. A técnica empregada é a acuarela. As ilustracións sucéndense páxina a páxina ocupando todo o espazo, co texto sobreposto e cun borde decorada ao redor.

Landa, Mariasun, *Unha formiga orixinal*, ilust. Pepe Marc Brocal, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 8, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-147-5).

Relato de Mariasun Landa (Renería, Guipúscoa, 1949) protagonizado por unha formiga que inconforme consigo mesma e co seu físico decide realizar a cirurxía estética. Na operación quítanlle unha pata, agrándanlle a cabeza, póñenlle unha antena parabólica e píntana de azul do ceo, cambios grazas aos que a formiga se sente guapa. Pese a que o resto das compañeiras a atopan tan rara que pensan que é unha extraterrestre e a expulsan do formigueiro, ela é moi feliz e séntese orixinal. Os debuxos de Pep e Marc Brocal ocupan as páxinas impares do volume e amosan o cambio e a felicidade da protagonista. A reprodución do texto en diferentes tipos de letra serve para que o lectorado ao que o volume vai dirixido aprenda as letras maiúsculas e minúsculas. As ilustracións das páxinas pares conforman unha pequena animación por medio da secuencia de debuxos da protagonista, concibida para ser vista en movemento. As ilustracións das páxinas impares ocupan toda a páxina e van seguindo o que lle ocorre no relato á formiga protagonista, que adopta actitudes antropomorfas. A cor, moi variada, está aplicada con tintas planas e as formas están pechadas por unha liña negra.

Landa, Mariasun, *Un crocodilo debaixo da cama (Krokodiloa ohe azpian)*, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2003, ilust. Luís Castro Enjamio, trad. María Dolores Torres París, Vigo: Galaxia □, febreiro 2004, col. árbore/galaxia, idade recomendada [lectorado autónomo], 64 pp. (ISBN: 84-8288-652-5).

Relato de Mariasun Landa (Rentería-Guipúscoa, 1949) que foi merecedor do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2003. Ten como protagonista a un administrativo chamado Juan José, aínda que coñecido como J.J., quen un día descobre que ten un crocodilo debaixo da cama. O primeiro que se lle ocorre é chamar ao zoolóxico para saber se o animal escapara, onde pensan que lles está a tomar o pelo, logo pídelle axuda ao seu amigo Cefe, o carniceiro, pero este non logra ver nada, e finalmente, acode ao médico. O facultativo recoméndalle un medicamento que é para combater os síntomas de angustia, de soidade ou o abandono. Esta nova situación provoca no protagonista comportamentos estraños, como o de darlle de comer zapatos ao seu crocodilo. Ante as raras reaccións que manifesta na oficina, a súa compañeira Helena acode á súa casa, interesándose pola súa saúde, e confésalle que ela tamén ten un réptil debaixo da súa cama, pero que se alimenta de reloxos. Entre os dous descobren que os animais que cren ter nas súas casas non son senón medos que dominan as súas vidas, unhas angurias que desaparecen cando se fan compaña. As ilustracións de Luís Castro Enjamio (La Habana, 1962) que presenta este libro son algunhas a cor e outras en branco e negro. A técnica empregada é os lapis de cores ou lapis de distinta dureza aplicados con trazos soltos. O estilo figurativo deseña uns personaxes moi persoais debido ás deformacións que presentan as figuras; estas deformacións fannos máis expresivos.

Recensións:

- Mari Jose Olaziregi, 'Ese crocodilo que todos levamos dentro...', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 162, 'O espello das letras', 2004, pp. 89-90.

Análise da novela *Un crocodilo debaixo da cama,* de Mariasun Landa. Explica que a obra recibiu o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2003 e fai notar que se trata da primeira ocasión na que tal galardón recae nun libro escrito en éuscaro. Repasa a continuación a traxectoria literaria da escritora. Considera que esta obra formula en clave de literatura do absurdo o tema da soidade e a angustia que latexa en todo ser humano. Considera que a concisión e intensidade do estilo, o ritmo narrativo e o esforzo por arredarse de todo artificio innecesario converten esta obra nunha proposta atractiva para calquera lector. Sinala que o narrador parodia os tratamentos psiquiátricos e os prospectos dos medicamentos antidepresivos. E valora o final aberto e esperanzador do conto.

Landa, Mariasun, *A miña bicicleta testalana (Kleta bizikleta)*, ilust. Asun Balzola, trad. Ingnacio Chao, Zaragoza: Tambre, outubro 2004, col. Ala Delta, nº 8, serie Azul, a partir de 8 anos, 62 pp. (ISBN: 84-263-5277-4).

Relato humorístico de Mariasun Landa (Rentería, Guipúscoa, 1949) no que a través da narración en primeira persoa do protagonista coñecemos a relación que mantén coa súa bicicleta Kleta. Ambos forman unha parella case perfecta xa que Kleta resúltalle de grande axuda ao seu dono para transportar a aspiradora antixuramentos coa que realiza o seu traballo: limpar as rúas dos xuramentos e insultos que se dirixen os enfadados automobilistas. Pero Kleta ten un desexo para o que reclama a axuda do seu dono: visitar o zoolóxico. El tenta compracela pero no zoo non deixan entrar as bicicletas. Kleta, unha

bicicleta ben testalana, insiste e ponse en folga coa intención de reivindicar os seus dereitos. En vista dos atrancos que supón non dispoñer de Kleta para realizar o seu traballo, pois ten que cargar ás costas co seu aspirador, o protagonista decide facer todo o posíbel para levala ao zoo. Un amencer ambos saltan o muro do zoo ás agachadas e daquela Kleta recibe os saúdos e as palabras de admiración de todos os animais e agradece con timbradas aquelas mostras de afecto, como se fose unha artista. Xa de volta á casa, Kleta comprende que os animais a admiran porque ela dispón da súa liberdade e que o seu dono é un home bo e valente ao que anima a escribir as súas memorias. As ilustracións de Asun Balzola (Bilbao, 1942), nas que os protagonistas do relato, a bici e o seu propietario aparecen como tema central en todas elas, están realizadas cun trazo negro groso que delimita unhas formas simples de estilo figurativo. É de salientar o emprego do ordenador para encher as figuras con tramas, tintas planas ou degradados. As composicións están centradas nos protagonistas, son dunha páxina ou de dobre páxina e eliminan detalles accesorios ou descritivos pois só aparece o esencial para comprender a escena.

Landa, Mariasun, *O carpín suicida (Galtzerdi suizida)*, ilust. Federico Delicado, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2004, col. Sopa de libros, nº 28, serie Verde, a partir de de 10 anos, 92 pp. (ISBN: 84-9782-137-8).

Novela de Mariasun Landa (Rentería, Guipúscoa, 1949) dividida en sete capítulos e protagonizada por un vello carpín chamado Augusto que narra as cousas extraordinarias que lle aconteceron dende que, canso da tranquila vida que levaba nun dos rugosos pés do carteiro Plinio e decidido a mudala, guíndase dende un cuarto piso cando o seu dono o ía enganchar cunha pinza no tendal do balcón. Augusto conta cómo nun primeiro momento quedou pendurado no balcón do piso inferior no que uns xeranios vermellos protestaban porque lles incomodaba a súa presenza; cómo un ventiño inesperado que se levantou o deixou caer na rúa, onde unha rata o empregou como acubillo; cómo foi recollido do chan por Clotilde, unha vagabunda que o zurciu e o empregou no seu espectáculo de monicreques; cómo foi roubado das mans desta vagabunda por uns rapaces que o utilizaron nos seus xogos de loita e cómo, posteriormente, foi rescatado destes por un mozo mestre que o uniu a Poucacousa, unha carpín da que se namorou e que pasou a ser a súa Raíña. As ilustracións de Federico Delicado deste calcetín humanizado, que adopta expresións de felicidade ou tristeza segundo vai avanzando o relato, son nalgunhas ocasións figurativas e presentan fondos con diferentes gamas de cor laranxa sobre os que destaca a negrura do personaxe no que se quere centrar a atención. A técnica empregada é o debuxo, no que utiliza unha liña simple e tintas de augadas en grises e laranxas. As escenas ilustradas correspóndense cos momentos cruciais do relato. No final do volume, baixo o epígrafe "Escribiron e debuxaron...", recóllense dúas entrevistas realizadas respectivamente á autora e ao ilustrador.

Recensións:

- María Navarro, 'O carpín suicida', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 91, 'Infantil/Xuenil', 16 setembro 2004, p. VII.

Dáse conta da publicación na colección "Sopa de Libros" da editorial Xerais de Galicia da obra de Mariasun Landa, ilustrada por Federico Delicado, *O carpín suicida*. Faise un resumo do argumento e indícanse os atractivos desta novela, como por exemplo a antropomorfización de seres inanimados.

Lindo, Elvira, *Manolito ten un segredo*, ilust. Emilio Urberuaga, trad. Xosé Antón Palacio, Santiago de Compostela: Alfaguara/Obradoiro, abril 2004, idade recomendada [lectorado autónomo], 123 pp. (ISBN: 84-8224-528-7).

Elvira Lindo (Cádiz, 1962) ofrece unha nova entrega das aventuras de Manolito, un neno que vive no barrio madrileño de Carabanchel, na que se recollen as reflexións do protagonista ante os preparativos da recepción da visita do Señor alcalde de Madrid ao seu colexio, ao cal identifica como o home da capa negra, e a visión coherente e realista sobre as reaccións e condutas dos adultos ante un feito deste tipo e importancia. Todo se leva a cabo con total normalidade, a preparación dun Belén vivinte organizado polos mestres para a ocasión, até que nun momento determinado da historia, e xa en presenza do devandito Alcalde, xorde algo inesperado que provoca que todo remate dun xeito totalmente distinto as previsións dos organizadores. A narración vese salpicada polos celos e envexas constantes que Manolito expresa fronte ao seu irmán pequeno, ao que chama o "Imbécil". As ilustracións do interior, a dobre páxina, de Emilio Urberuaga, empregan a tinta negra para as liñas e as augadas en grises, de distinta intensidade, para o recheo dalgúns planos. O estilo é figurativo, cunhas formas esquemáticas tipo caricatura xeradas por unhas liñas de trazo solto. A composición complétase cunhas manchas que non perseguen buscar sensacións volumétricas. Malia a sinxeleza das figuras, as expresións das caras dos protagonistas reflicten distintas emocións. A cuberta está deseñada empregando imaxes dos protagonistas cunha mesma técnica pero, esta vez, en cor.

Recensións:

- María Navarro, 'Con Manolito', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 103, 'Infantil/Xuvenil', 9 decembro 2004, p. VII.

Dá conta da publicación de *Manolito ten un segredo*, de Elvira Lindo, traducido ao galego por X. Antón Palacio e publicado por Alfaguara-Obradoiro. Sinala que o libro recolle as reflexións de Manolito, un neno que vive no barrio madrileño de Carabanchel, ante a visita do alcalde de Madrid ao seu colexio e as reaccións e condutas dos adultos ante este feito. Destaca a visión coherente e realista que o neno realiza do mundo dos adultos e define a linguaxe como 'sinxela e repetitiva', para representar o pensamento do neno protagonista.

Lionni, Leo, *Frederick (Frederick, 1963)*, ilust. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, novembro 2004, col. Tras os Montes, idade recomendada [prelectorado], [30] pp. (ISBN: 84-8464-502-9).

Edición en galego dunha obra clásica de Leo Lionni (Ámsterdam, Holanda, 1910) no eido do álbum. Apoiándose nas ilustracións, preséntase a unha familia moi paroleira de ratos do campo. Ante a próxima chegada do inverno, os ratiños comezaron a recoller provisións: millo, noces, trigo e palla. Todos traballan xuntos noite e día, agás Frederick que aparentemente non fai nada. Dedícase a contemplar a paisaxe, causando co seu comportamento grande estrañeza nos seus compañeiros. Frederick afirma que dedicará o tempo a aprovisionarse doutro tipo de recursos: apañar raios de sol, cores e palabras para as frías noites do inverno. Cando chega a neve, a familia de ratos resiste no seu agocho botando man da comida almacenada. Mais no momento que se esgotan as enerxías todos recorren a Frederick para que lles transmita a calor do sol, as imaxes coloreadas da paisaxe do exterior e as palabras que o converten nun verdadeiro poeta, descubrindo así que o seu traballo tamén resultara imprescindíbel. Conta este volume dunhas ilustracións, a dobre páxina, moi coidadas que posúen un peso superior ao do texto, malia precisar deste para a comprensión do relato. Están realizadas coa técnica da colaxe e nelas empréganse papeis de distintas cores e de texturas moi diversas, ás veces pintados previamente, tanto para os personaxes como para recrear o ambiente. A simplicidade da forma dos ratos protagonistas non lle resta eficacia representativa, pois achega información sobre as accións que realizan dos sentimentos que queren transmitir.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 103, 9 decembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *A vestimenta tradicional no surleste de Ourense* (2004), de José Rodríguez Cruz; *Cantiga para JA* (2004), de Jean-Pierre Sarrazac e Christina Mirjol; *Frederick* (2004), de Leo Lonni; e *No parque* (2004), de Patxi Zubizarreta e Rebeca Luciani. De *Frederick* faise un breve resume da historia. O protagonista é un rato que, inicialmente incomprendido, é aceptado logo de facer valer o seu labor.

Lluch, Enric, *A avoa de Rosa*, ilust. Cristina Durán, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 18, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-157-2).

Narración de Enric Lluch (Algemesí, 1949) na que un narrador en terceira persoa conta a conversa mantida entre Rosa e a súa avoa, anciá que di que ten máis anos que a tose. Nesta conversa ponse de manifesto o contraste que existe entre a vida que levaba a avoa cando era unha nena e a propia Rosa, onde non había televisión e o seu pai contáballe contos. Isto leva á protagonista a pensar a cantidade de tempo que ela está diante da televisión e cómo o seu pai non lle conta contos e sempre está inmerso no seu traballo. Finalmente, Rosa

consegue que a súa avoa lle conte un conto, o que provoca que a nena durma pracidamente. Neste relato combínase un dobre nivel de lectura, textual e gráfico, onde as páxinas impares teñen unha ilustración a toda cor, e nas páxinas pares, ademais do texto, hai tamén un debuxo que cobra animación se pasamos as páxinas de corrido.

Lluch, Enric, *A ra*, ilust. Gerard Miquel, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 9, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-148-3).

Conto de Enric Lluch (Algemesí, 1949) no que se narra un día de excursión ás brañas de María, a protagonista, e os seus pais. Como fío condutor da historia partimos do conto do príncipe e a ra. Os pais de María aproveitando esa visita ao campo e que a súa filla coñece de memoria o conto do príncipe e a ra, trasladan a María a unha situación na que a nena debe solucionar o dilema de cómo distinguir a realidade da ficción, se a ra que atopan nun rego podería converterse nun príncipe se unha princesa a bicase. María tras analizar a situación chega á conclusión de que esa é unha ra normal, porque se fose realmente un príncipe nunca se guindaría á auga de cabeza nin se enlamaría. Finalmente, a protagonista e os seus pais seguen o seu camiño mentres a ra se sente moi triste por perder a oportunidade de se converter en príncipe. Neste relato combínase un dobre nivel de lectura, textual e gráfico, onde as páxinas impares teñen unha ilustración a toda cor, e nas páxinas pares, ademais do texto, hai tamén un debuxo que cobra animación se pasamos as páxinas de corrido.

Lobel, Arnold, *Sopa de rato (Mouse soup)*, ilust. do autor, trad. Xosé M. González "Oli", Pontevedra: Kalandraka Editora, 2004, col. Trasmontes, idade recomendada [lectorado autónomo], 63 pp. (ISBN: 84-8464-208-9).

Colectánea de historias de Arnold Lobel (Los Ángeles, 1933-Nova Cork, 1987) cun claro fío condutor que serve de pretexto para o relato dos contos. Un ratiño que cae nas redes dunha donicela que quere facer con el unha sopa de rato, mais el convéncea para pospoñer esa empresa ofrecéndolle uns contos que despois poderá botar á sopa. Os contos con que o ratiño deleita á donicela son catro "As abellas e a lama", "Dúas pedras grandes", "Os grilos" e "A Roseira", e todos eles conteñen unha serie de trazos definitorios: animais entrañábeis que falan, linguaxe doada e doce e rimas. Cando chega o momento de meter os estraños condimentos na pota non sabe cómo facelo e o rato aquí é onde aproveitará para escapar da donicela, amosando como adoita acontecer nestas fábulas que non sempre o forte é o máis listo e enxeñoso. As ilustracións á acuarela do autor están moi coidadas. Teñen un acabado de estética antiga, conseguida coas imaxes e os textos enmarcados cunha liña laranxa, a temática de animais e a cor amarelenta do papel satinado. Os debuxos son de estilo figurativo; os animais protagonistas presentan actitudes antropomorfas e os ambientes reflicten unha realidade humana. Hai sensación de volume simulada polo entramado de liña e augadas de tinta. Os debuxos están iluminados con dúas cores á acuarela, o laranxa e o azul, que, ao ser complementarios, crean unha tensión equilibrada.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Sopa de rato', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 93, 'Infantil/Xuvenil', 30 setembro 2004, p. VII.

Dá conta da importancia da obra de Arnold Lobel no eido da literatura infantil contemporánea. Sinala que cunha clara finalidade didáctica o autor deseña fábulas destinadas a facer que os nenos aprendan a ler dunha maneira divertida. Presenta o argumento da obra como un texto inocente, máis non idiotizante, no que se recrea un universo común á meirande parte das literaturas infantís do planeta: animais que falan, e aos que se lles presenta un problema no que o ser máis feble, facendo gala do seu enxeño, é quen de vencer ao máis forte.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 89, 24 xuño 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Galego do século XXI*, de Xosé Feixó, Xosé Ramón Pena e Manuel Rosales; *Cociña Básica*, de Gloria Gallego; *Benvida maldita vellez*, de Ramón Muñiz de las Cuevas; e *Sopa de rato*, de Arnold Lobel. Sobre a obra de Lobel faise un breve resume que culmina na reivindicación do seu autor como unha referencia na literatura infantil norteamericana.

López Narváez, Concha, *Endrina e o segredo do peregrino*, ilust. Noemí López, trad. Silvia Gaspar e Mercedes Doallo, Vigo: Galaxia, xullo 2004, col. árbore/galaxia, nº 130, serie Verde, a partir de 12 anos, 256 pp. (ISBN: 84-8288-743-2).

Novela de Concha López Narváez (Sevilla, 1939) publicada en galego por primeira vez en 1992 e que agora ve de novo a luz acompañada das ilustracións de Noemí López (Xixón, 1974). Ten como escenario o Camiño de Santiago a finais do século XII. A protagonista é unha moza chamada Endrina, orixinaria de Navarra, que se dedicaba ao pastoreo, pero que un día coñece a dous peregrinos que viaxan a Compostela: don Guillaume e Herni Bernat. O seu encontro prodúcese cando ela os axuda a se defenderen duns ladróns que os asaltan e decide logo acompañalos até a súa meta. Ao longo deste percorrido descobre que a viaxe está presidida por un misterioso enigma que se desvelará no Camiño. No seu traxecto cara a Compostela, os tres personaxes viven innumerábeis aventuras e episodios que os levarán finalmente á cidade do Apóstolo. A narración avanza a medida que o fai o propio Camiño, que aparece reflectido a través das súas paisaxes e no ambiente humano e cultural que o dominaba naquela altura. A diferenza da primeira edición, na que o texto ía acompañado de pequenas e sinxelas ilustracións que caracterizaban e describían algunhas das personaxes e situacións a través de debuxos realistas con contornos en liña negra e coloreados, aínda que coa impresión do texto aparecen en gama de grises.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Viaxe á Idade Media', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 104, 'Infantil/Xuvenil', 16 novembro 2004, p. VII.

Anuncia a aparición en galego de *Endrina e o segredo do peregrino*, novela publicada por Concha López Narváez en 1997 en castelán. Comeza destacando a traxectoria da autora, con máis de corenta títulos publicados e con galardóns como o premio Hans Christian Andersen. Sinala que esta novela de ficción se centra no Camiño de Santiago durante o século XII e que nela se combina a aventura cos datos históricos e sociais da época na que se ambienta. Desenvólvese o argumento, que ten como protagonista a unha pastora das terras de Navarra, Endrina, e dous peregrinos, Henri e o ancián. Remata destacando a calidade literaria da novela e a importancia desta para achegar ao lectorado agardado o estudo da Idade Media e das peregrinacións.

López, Laura, *Non está ben dicir mentiras (No está bien decir mentiras)*, ilust. Carmina del Río, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, marzo 2004, col. Laura e compañía, nº 7, idade recomendada [prelectorado e autónomo], 31 pp. (ISBN: 84-96128-62-8).

Cada un dos volumes desta serie de Laura López iníciase cunha "Presentación" na que se informa que se trata dun proxecto dirixido ao alumnado de Educación Infantil e Primaria que pretende fomentar a lectura a través do seu formato e fomentar valores para a convivencia, a sociabilidade e a paridade de sexos, así como servir de ferramenta nas aulas para traballar temas dos eixos transversais. Conteñen un cuestionario para despois da lectura, co obxectivo de reafirmar a observación e a comprensión e potenciar a expresión oral. En *Non está ben dicir mentiras*, cóntase con letra seguida o que sucedeu un mércores que Claudia levou ao colexio a pelota nova que lle regalaran no seu aniversario. Na hora do recreo todos xogan ao fútbol e Brais chutou con tal forza que escachou o cristal da aula de música. Laura é partidaria de contarlle o acontecido a Margarita, a profesora, pero Brais ten medo do castigo e acusa a Alexandre, un rapaz da outra clase. Ao descubrir a mentira, Margarita enfádase moito e Brais, Laura e Claudia deciden confesar a verdade. A profesora failles ver que as mentiras non conducen a nada e só serven para complicar as cousas. Os nenos e nenas aprenden que hai que xogar con tino para non romper nada e que as mentiras só traen desgustos. As ilustracións de tipo figurativo de Carmina del Río ocupan as páxinas impares e acompañan ao texto das páxinas pares. Nelas non hai busca do volume e o tratamento da cor é a base de tintas planas ou tramas de ordenador. Os fondos están resoltos con lavados de acuarela, así como algún rostro en primeiro plano, e as figuras, rodeadas dunha liña negra que as illa do fondo, seguen un patrón bastante ríxido nas faccións dos rostros (empréganse tres expresións para solucionar as distintas situacións).

Martínez, Fernando, *A lenda dos gnomos*, ilust. José Luís Tellería, A Coruña: Baía Edicións, 2004, col. O bosque encantado, idade recomendada [lectorado autónomo], 44 pp. (ISBN: 84-96128-44-X).

Reúnense neste volume seis contos de Fernando Martínez, ilustrados por José Luís Tellería, todos eles protagonizados por gnomos. En "O anel de Gluck" cóntanse os esforzos inútiles do gnomo Gluck por se converter en cogomelo e superar as probas que lle outorgan a maioría de idade. Grazas á axuda de Inés, unha nena que lle ofrece un talismán que ten a maxia dos humanos, a ilusión, fai que supere a proba ante todos os membros do seu pobo. En "A capa da invisibilidade", Brais, o príncipe mozo do reino de Ardoria, emprende a busca da moza coa que quere casar e coa axuda dun gnomo, que lle regala unha capa que o fai invisíbel, consegue rescatala das gadoupas do ogro Ruxio. En "A fonte da saúde", Claudia consegue, grazas aos gnomos, que a súa nai sande dunha estraña doenza despois de se enfrontar aos trolos malvados. En "O ouro dos gnomos", Uxío, un neno pobre, consegue facerse cunha ola chea de ouro custodiada polos gnomos para pagar o rescate de seu pai, raptado por uns piratas. En "O gnomo namorado", o protagonista é Engumión, que se namora da fermosa gnoma Sabinia, á que ten que rescatar dos malvados trols. Finalmente, en "O rei dos gnomos", Alina, disfrazada de rapaz, consegue superar as probas do rei Dorcas, e converterse na raíña dos gnomos. A ilustracións figurativas e a cor de José Luís Tellería seguen dúas pautas: por unha banda, todas as páxinas levan unha orla arredor do texto con obxectos, símbolos e personaxes do mundo dos elfos e, por outra, hai ilustracións máis grandes que se refiren aos distintos relatos. Nestas os personaxes están deseñados cunhas tintas case planas e unha liña de contorno que contrasta co fondo, concibido nun estilo máis pictórico e con formas matizadas.

Martínez, Fernando, *O legado dos elfos*, ilust. José Luís Tellería, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, 2004, idade recomendada [lectorado autónomo], 44 pp. (ISBN: 84-96128-41-5).

Conxunto de seis lendas de Fernando Martínez acompañadas polas ilustracións de José Luís Tellería, nas que se recrea o universo dos elfos, uns seres fantásticos e moi sabios que lles proporcionan aos humanos todos os seus coñecementos e dons. Así, en "O bardo" nárrase cómo os humanos aprenden a arte da música; en "Urdiel e o dragón Fganir", descríbense as habelencias que a dama dos elfos, Urdiel, emprega para levar ao dragón Fganir máis alá do mar Gris e poder así cumprir coa súa misión: manter acesa a luz da bóla de cristal coa que fai o ben no mundo. En "Iergand, o mago branco" nárrase a historia do pastor Iergand, dende que se prepara para enfrontarse ás máis duras probas de maxia, pasando pola súa viaxe até a illa dos Magos até que foi elixido arquimago no gran conclave. En "A feira do bosque de Ilerot"cóntase a historia de Xoán, un leñador que padece as consecuencias de non obedecer as advertencias da súa avoa sobre os riscos de durmir no bosque. En "O esquío" nárrase como un rapaz chega a se converter nun dos máis grandes sanadores no mundo dos elfos, dende a chamada que sentiu para axudar a un esquío enfermo, e que lle deu nome dende entón. Finalmente, en "Salgueiro" nárrase a lenda de cómo un home queda enfeitizado pola música da dama elfa Pixie, da que se namora e chega a botar raíces no lugar onde a atopa.

A ilustracións figurativas e a cor de José Luís Tellería seguen dúas pautas: por unha banda, todas as páxinas levan unha orla arredor do texto con obxectos, símbolos e personaxes do mundo dos elfos e, por outra, hai ilustracións máis grandes que se refiren aos distintos relatos. Nestas os personaxes están deseñados cunhas tintas case planas e unha liña de

contorno que contrasta co fondo, concibido nun estilo máis pictórico e con formas matizadas.

Moka, *O mundo de papá (Vive la révolution!)*, ilust. Federico Fernández, trad. Ánxela Gracián, Zaragoza: Tambre, 2004, col. Ala Delta, nº 9, serie Azul, a partir de 8 anos, 76 pp. (ISBN: 84-263-5278-2).

Nesta novela, Moka fai un canto á vida, analiza a importante relación entre un pai e un fillo e estimula o respecto que se debe ter polo contorno no que se vive. Un narrador omnisciente relátanos como Orión, o neno protagonista, está un pouco farto da pouca atención que lle presta o seu reivindicativo pai, un home preocupado polos grandes problemas do mundo e máis atento ás manifestacións que á familia, a quen non lle dedica todo o tempo ou o cariño que o rapaz desexa. Seu pai nunca para na casa porque non perde unha manifestación: contra os pesticidas, a enerxía nuclear ou a deforestación. Todo isto cambia a raíz dunha iniciativa que leva a cabo a nai do rapaz, e que provoca que pai e fillo teñan que compartir a dura experiencia da loita contra a marea negra. Unha vez nese mundo que Orión non comprendía, o rapaz dáse conta da importancia do labor que realiza o seu pai e comparte con el a loita contra a marea negra, ao mesmo tempo, para a súa sorpresa, tamén se dá conta do importante que é para o seu pai e do cariño que este sente por el. Todo isto leva ao rapaz a cambiar a visión que tiña do que o seu pai facía e da súa relación con el. As ilustracións de Federico Fernández son de estilo figurativo e están feitas sobre unha base de cor negra onde as formas se traballan con pintura branca e gris moi densa, que, ás veces, está raiada por enriba. No tratamento das formas, cun trazo solto e moi expresivo, conséguese conectar co tema dos sentimentos do neno e dos pais.

Mota, António, *Se eu fose moi alto (Se eu fosse muito alto, 2002)*, trad. Marisa Núñez, ilust. André Letria, Pontevedra: Kalandraka Editora, xaneiro 2004, col. demademora, idade recomendada [prelectorado], [40] pp. (ISBN: 84-8464-058-2).

Narración en primeira persoa na que Antonio Mota (Vilarelho, Baião, 1957) enumera as cousas que faría un neno se fose moi alto: andar polo medio das ondas, topar un barco grande que o levase ao país dos seus soños, agachar a cara dentro dunha nube e, desde alá arriba, ver a chuvia mollar os tellados, arranxar as antenas de televisión, limpar as chemineas, falar cos nenos que quedan só nos pisos máis altos, ver os avións máis preto del, dar badaladas nas campás xigantes, soltar os globos que quedan presos enriba das torres, cambiar as lámpadas fundidas dos farois, poñer bandeiras enriba dos guindastres, calmar os cativos que se perden entre a multitude, coller con coidado os cabritos perdidos e levalos onda as nais, lavarlle as orellas ás xirafas, coller coa man froitas das árbores, facer o pino no xardín para que os paxaros descansasen enriba dos seus pés, axudar as cegoñas a facer os niños e dicirlle adeus cando estas parten. As ilustracións de André Letría están realizadas con pintura densa, empregando cores moi mesturadas en tonalidades cálidas. A composición ten puntos de vista moi diversos. Con isto descríbense, visualmente, as sensacións que se terían se se fora moi alto. Os obxectos están recortados sobre o fondo branco e o texto xoga coa composición pero a narración lévaa a sucesión de imaxes.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Obxecto de divertimento', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 72, 'Infantil/Xuvenil', 26 febreiro 2004, p. VII.

Anúnciase a publicación de *Se eu fose moi alto*, de António Mota, un conto dirixido ao lectorado máis novo no que se destaca a súa dimensión lúdica para un primeiro achegamento ás letras e, polo tanto, tamén á lectura. Despois de sinalar a liña argumental, Paula Fernández destaca o amplo coñecemento que demostra o autor da psicoloxía infantil e a boa disposición do conto para interesar ao lectorado dende as páxinas iniciais. Salienta tamén a complementariedade do texto coas ilustracións, a través das que pode seguir o argumento aquel lectorado que aínda non saiba ler. Remata referíndose de novo á dimensión lúdica do texto e á posibilidade que lle brinda ao lectorado agardado de involucrarse na lectura.

Moure, Gonzalo, *Eu, que matei de melancolía ao pirata Francis Drake*, trad. Ignacio Chao Castro, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2004, col. Fóra de xogo, idade recomendada [mocidade], 192 pp. (ISBN: 84-9782-161-0).

Novela histórica de Gonzalo Moure ambientada a finais do século XVI nun clima de rivalidade entre as potencias española e a inglesa, na que se combina a presenza de personaxes históricos, como Francis Drake, con outros ficticios. O protagonista é Jovino, un rapaz que aos sete anos foi enclaustrado nun mosteiro ao coidado dos monxes, que o tiñan por santo debido ás suas visións, devoción e humildade. No entanto, aos dez anos sente a necesidade de abandonar a vida monacal e descubrir o mundo, polo que o seu obxectivo é chegar ao mar e logo ao Novo Mundo. O seu periplo lévao primeiro a Fisterra e logo continúa á Coruña, onde quere enrolarse nalgunha tripulación ás Indias. Cando chega á cidade herculina, coñece a Mariquiña, sobriña de María Pita, da que se namora e á que perde na loita que o pobo coruñés libra contra as forzas de Francis Drake. Malia o longo asedio, Jovino logra embarcarse nunha nave de pescadores co obxectivo de chegar ao sur e conseguir reforzos, pero na súa viaxe é capturado por unha nave inglesa e feito prisioneiro de Francis Drake, co que estabelece unha gran relación de amizade. Unha vez que o mariño inglés é derrotado na Coruña, Jovino acompáñao até a súa terra, onde éste perdera todo o crédito. Consciente da súa situación e como recoñecemento á amizade que xurdira entre eles, Drake concédelle a Jovino un salvoconducto para regresar a España. Unha vez de volta, a sona da súa amizade con Drake precede ao mozo, que é requerido en España para loitar contra el por Sancho Pardo de Donlebún, xeneral español. Ao servizo deste novo mariño, consegue o seu soño de chegar ás Indias e recibe instrucións de piloto da nave. Son moitas as peripecias que Jovino vive na súa viaxe ao Novo Mundo, e finalmente ten a oportunidade de axudar á armanda española para derrotar definitivamente ao mariño inglés.O deseño da cuberta de Miguel A. Vigo está realizado cunha fotocomposición onde aparecen os protagonistas e un barco incendiado sobre un fondo de cartas mariñas, que informa de xeito puramente visual dunha narración de aventuras e piratas.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Tempo de piratas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 89, 'Infantil/Xuvenil', 24 xuño 2004, p. VII.

Con motivo da publicación de *Eu, que matei de melancolía ao pirata Francis Drake*, de Gonzalo Moure, lémbrase a ampla produción que existe de novelas de aventuras e concretamente das que teñen como protagonistas a piratas, dende autores clásicos como Salgari ou Stevenson, até os autores máis contemporáneos, que adoptan novas perspectivas. Compara *A rutina corsaria* (1998), de Jaureguizar con esta novela de Gonzalo Moure, sinalando como principais diferenzas a modernidade e surrealismo da primeira fronte ao clasicismo desta segunda. Do argumento salienta a verosimilitude que lle imprime a compoñente histórica que emprega cando describe a Galicia do século XVI, na que se desenvolve a novela, e que converten a obra nun "instrumento de lecer que se torna documento importante para coñecer a historia lendo ao tempo que se contenta aos vellos nostálxicos amantes dos libros de piratería".

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Badía de Chupa Chups', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 23 maio 2004, p. 90.

Depois de referirse á temática da última obra de Gonzalo Moure, dá conta da publicación en galego de *Eu, que matei de melancolía ao pirata Francis Drake*, novela da que sinala que xira arredor da vida do almirante figueirense Sancho Pardo de Donlebún, ascendente do autor e vencedor do famoso pirata inglés. Destaca desta obra a ambientación inicial na Coruña do século XVI. Finalmente, tamén alude á publicación da obra narrativa *Vermella con lobos*, de Carmen Blanco, na que se sinala que reúne dez relatos protagonizados por personaxes dos contos tradicionais infantís.

- M.O., 'Unha de piratas', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, 'Letras en galego', 26 xuño 2004, p. 7.

Nova da publicación de *Eu, que matei de melancolía ao pirata Francis Drake*, de Gonzalo Moure, na colección "Fóra de xogo". Repásase brevemente o argumento desta novela cualificada como entretida e lémbrase que o seu autor ten publicadas en galego tamén as obras *O bocexo do puma* (2000) e *Palabras de caramelo* (2003).

Moure, Gonzalo, *Maíto Panduro (Maíto Panduro)*, XII Premio Ala Delta, ilust. Fernando Martín Godoy, Ignacio Chao, Zaragoza: Tambre, 2004, col. Ala Delta, nº 8, serie Verde, a partir de 10 anos, 121 pp. (ISBN: 84-263-5279-0).

Gonzalo Moure (Valencia, 1951) cóntanos de forma lineal por medio dun narrador omnisciente, en terceira persoa, un retallo da vida de Maíto, un neno xitano de dez anos

nacido en Bilbao e que no tempo do relato vive en Seseña la Cueva. Relátase cómo era o neno, cómo era atendido pola mestra e sobre todo un feito que marcou a vida escolar de Maíto e que tén que ver con que seu pai foi levado ao cárcere, non se sabe ben a causa aínda que no seu medio non chama a atención. Esta incógnita axuda a constatar a forte diferenza cultural entre o mundo "payo" e xitano. Maíto, axudado pola súa mestra comunícase co seu pai analfabeto por medio de debuxos nos que se transmiten as súas vivencias, soños e esperanzas, entre as que está o reencontro coas raíces paterno-familiares, pero este tipo de comunicación foi substituída un bo día polo seu pai que decidiu enviarlle unha carta de "puño e letra". O fillo no canto de se poñer ledo pola alfabetización do pai, entristece e aínda que o narrador intenta xustificar que se debe a que a escritura incipiente da carta entorpece o poder evocador dos debuxos non queda claro. As ilustracións de Fernando Martín Godoy (Zaragoza, 1975) son en branco e negro. A técnica empregada é a colaxe, realizada a base de fotografías e a tinta negra para debuxar ás persoas. As composicións que se empregan para describir os distintos ambientes son moi dinámicas e contrastadas. Os personaxes non teñen sensación de volume, pero intégranse na composición por medio dunhas sombras avermelladas moi acusadas.

Muñoz Puelles, Vicente, *O soño do libro*, ilust. Noemí Villamuza, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 10, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-149-1).

Vicente Muñoz Púelles (Valencia, 1948) achégalle neste volume ao lectorado máis novo un texto enfocado a resaltar a importancia dos libros para os nenos. Ten como protagonista a Vicente, un neno que quedou durmido cun libro nas mans e que cando espertou se convertera nun libro que estaba no andel e dende onde vía que na súa cama había un neno durmido que se lle imitaba. Nun intento de moverse para poder falar co neno da cama atópase con problemas porque naquel andel os libros estaban moi xuntos e non o deixaban saír. Cando por fin o conseguiu achegouse ao bordo do andel e caeu ao chan, nese momento Vicente espertou totalmente. Neste relato combínase un dobre nivel de lectura, textual e visual, onde as páxinas impares teñen unha ilustración a toda cor, e nas páxinas pares, ademais do texto, hai tamén un debuxo que cobra animación se pasamos as páxinas de corrido.

Nado, Víctor, *A bufanda verde*, ilust. Margarita Menéndez, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 11, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-150-5).

Conto de Víctor Nado no que se narra, en letra manuscrita e maiúscula, como Pedro, o neno protagonista da historia, pon patas arriba o seu cuarto na busca da súa bufanda verde. Malia Pedro comezar a buscar todo contento no seu armario esta peza de roupa, só atopa que alí está colgado o abrigo azul con carapucha e que nos diferentes caixóns aparece a pucha vermella e a roupa branca, pero o que el busca non aparece. Despois de revisar todo o cuarto o neno nota un vulto no medio da cama, aparta a colcha e por fin atopa a bufanda verde. Finaliza o relato co enfado da súa nai cando ve o desastre que Pedro montou no cuarto. As ilustracións de Margarita Menéndez están realizadas con tinta negra e acuarela

de cores saturadas. Nas páxinas pares hai un pequeno obxecto acompañando ao texto, mentres que nas páxinas impares son ilustracións máis elaboradas que van discorrendo ao mesmo tempo que a narración textual, completándoa de forma visual. Os sentimentos do protagonista reflíctense no rostro, que aínda que esquemático, é moi expresivo.

Pellicer, M. Dollors, *Como soa*, ilust. Marie Nigot, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 19, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-158-0).

M. Dollors Pellicer achégalle neste volume ao lectorado máis novo un texto enfocado a traballar na comprensión da diferenza de intensidade entre os sons. Ten como protagonista a Pepa, unha nena que durante o inverno sofre as consecuencias dunha catarreira, enfermidade que padecen tamén o resto dos compañeiros da súa escola e mesmo seu pai. Este, malia a chegada da primavera, non consegue superar os problemas de oído que lle provocou o catarro. Así, explícanse os efectos que padece, entre eles o non poder escoitar os ruídos máis febles, polo que acode ao otorrinolaringólogo para atallar este problema. Seguindo a disposición da colección, na que o texto ocupa as páxinas pares e as ilustracións as impares, nesta obra os debuxos figurativos son de Marie Nigot, nos que ademais de representar escenas do narrado se amplía a información do texto coa exemplificación visual do que se narra. Nelas resalta o carácter esquemático e infantil e apréciase o xogo da desproporción ao agrandar as cabezas con relación aos corpos. As imaxes están realizadas con formas redondeadas amplas e rotundas debuxadas con liñas claras e firmes e trazos moi sinxelos dunha gama cromática alegre e cálida, con grandes planos de cores claros e matizados, nos que busca deliberadamente o contraste constante creando asi profundidade de campo. Achegan moita información ao texto e tamén se pode facer facilmente unha lectura visual independente, polo que son moi adecuadas para o prelectorado. Na páxina contigua á da ilustración hai pequenos textos nos que se usan dúas tipografías diferentes: unha de letra seguida e a outra en maiúsculas para facilitar e reforzar o mecanismo da comprensión lectora.

Pellicer, M. Dollors, *O que vexo*, ilust. Olga Pérez, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 12, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, a partir de [preletorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-151-3).

Conto de Mª Dolor Pellicer no que a voz narradora e un eu protagonista que relata cómo dende que cumpriu os cinco anos xa pode ver moitas cousas que antes non podía, pois a idade e altura que ten xa llo permiten. Así, ve o vaso con flores vermellas e violetas que hai riba do móbel da entrada da súa casa, o teléfono na mesiña de seu pai, a billa do lavado, a mesa do seu mestre Pepe coas cousas que ten enriba dela e mesmo pode arquivar os traballos sen se poñer de puntas nos pés. Con tantas cousas que a protragonista ve todos os días á noite gústalle deitarse cedo, pechar os ollos e soñar. Nos debuxos de Olga Pérez a protagonista é unha nena que está representada cunhas formas moi estilizadas. Acompáñana obxectos, persoas e animais que conforman o seu mundo e que están dispostos ao seu redor cunha composición libre, na que non sempre coinciden forma e cor. As tonalidades están

aplicadas con tintas planas e son suaves e matizadas. En todas as páxinas pares, hai un pequeno debuxo que vai mudando e logrando ilusión de movemento.

Portillo, José Antonio, *Artefactes ou paseante anónimo atopa un libro*, ilust. Carmen Puchol, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, 2004, idade recomendada [lectorado autónomo], [28] pp. (ISBN: 84-8464-504-5).

Nun estoxo de gran formato inclúese unha bóla de papel de periódico, un cartón con instrucións para o lectorado e este conto de José Antonio Portillo. Trátase dunha presentación novidosa na que cada un dos elementos mantén unha estreita relación entre si e coa historia contida no volume. Nel, un narrador en terceira persoa trasládalle ao lectorado agardado a historia de cómo un día atopa un cofre nunha praia, que contén un misterioso libro acompañado dunha carta. A misiva é dun neno de oito anos que anuncia que a súa aldea vai ser destruída de xeito inminente e que non pode salvar o que máis ama: os seus libros. Ante esta situación toma a decisión de arrincarlle unhas páxinas aos libros favoritos e metelas en forma de bola nun vello libro, que tira ao mar para darlle a posibilidade a quen o atope no futuro de tentar reconstruír as historias que contiñan eses libros. Ante este estremecedor testemuño, o narrador envía cada unha das bólas a un amigo escritor para que lle escriban a historia, agasallos que garda dende entón na memoria. No cartón con instrucións que acompaña ao volume e á bóla correspondente, convídase ao lectorado a que reconstrúa a historia que atopa na súa bóla, ofrecéndolle ademais diversas posibilidades para facelo. É esta unha historia que leva á reflexión sobre a importancia dos libros e da lectura, á vez que estimula a creatividade dos máis novos. As ilustracións de Carmen Puchol sumérxennos nun mundo onírico e de gran carga poética e pictórica. As composicións, sempre a dobre páxina, xogan con fotografías pintadas sobre grandes fondos tratados con calidade pictórica e tons pálidos: ocres, branco roto, terras... . Achegan unha narrativa visual moi coidada e amplían o texto con sensacións visuais na creación do contorno. A tipografía axuda a entender o pensamento que transcorre nunha praia por estar o texto en liña onduladas como se de ondas se tratase.

Ramírez Lozano, José Antonio, *Sopa de soño e outras receitas de cocociña (Sopa de sueño y otras recetas de cococina)*, ilust. Riki Blanco, Pontevedra: Kalandraka Editora, outubro 2004, col. Seteleguas, idade recomendada [lectorado autónomo], [77] pp. (ISBN: 84-8464-237-2).

Este recetario de José Antonio Ramírez Lozano (Nogales, Badaxoz, 1950) contén instrucións para elaborar trinta pratos cuxos ingredientes son as palabras e os obxectos cotiáns combinados con imaxinación. En "Entrantes" recórrese ao xogo coas pinzas da roupa, coas liñas dun caderno ou cos ollos das pechaduras. En "Primeiros pratos" preséntanse as posibilidades das agullas de reloxo con verduras, o cocido de palabras que conteñen as sílaba *cero*, a paxarela de papel á cazola con rustrido de palabras esdrúxulas, o guiso de botóns, a sopa de sobres de cartas de amor, recomendada para as solitarias noites de inverno, a zarzuela de mariscos con teclas de piano, cordas de guitarra e toros de maracas axitadas cunha batuta, ou a sopa de soño, que se debe realizar fervendo un pesadelo con valeriana. Os "Segundos pratos" consisten en gravatas á prancha, filetes de

capricornio, ovos de almofadón, chuletas de matemáticas, sorbete de xampú, xeado de bágoas caseiras, sorbete de corcheas, ovos sorpresa, mousse de betume ou infusión de escamas de vagalume, que aclara a voz e ilumina a memoria. O volume vai precedido dunha introdución en verso na que se propón cociñar coas palabras. As ilustracións de Riki Blanco remarcan o talante humorístico do texto. Son de estilo figurativo, con imaxes un tanto surrealistas que casan co espírito do texto. A técnica empregada para a elaboración destas ilustracións é a pintura, aplicada con empastes matéricos. As cores utilizadas son neutras, moi mesturadas, se ben cunha tendencia cara ás tonalidades cálidas. Na composición xógase coa disposición e o tamaño das letras que conteñen o texto como un elemento visual máis.

Referencias varias:

- A.S., 'Sopa de soño', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 88, 27 novembro 2004, p. 8.

Saliéntase que *Sopa de soño*, de José Antonio Ramírez Lozano e Riki Blanco propón unha ollada imaxinativa e surrealista dirixida aos obxectos da vida cotiá para integralos en receitas de cociña. Sinálase tamén que se trata dun volume especialmente dirixido ao lectorado de entre 8 e 12 anos "que precisa dun texto estimulante para continuar coa aprendizaxe da marabilla que é ler".

Rivera Ferner, Marta, *A bufanda de dona Melosa*, [trad. Irene Penas], A Coruña: Everest Galicia, 2004, col. Montaña encantada, idade recomendada [prelectorado], [48] pp. (ISBN: 84-403-0439-0).

Conto de Marta Rivera Ferner no que se narra cómo Dona Melosa, a abella máis anciá de toda a colmea, xa non pode traballar como cando era nova. Agora está moi aburrida e anda na procura dunha ocupación coa que encher as horas do día mentres as abellas máis novas saen a traballar e ela ten que quedar na colmea. Por iso decide mercar lá de diversas cores para tecer con ela unha bufanda longa, longuísima, que acaba por se converter nun gran problema para o bo funcionamento da colmea. De tanto tecer día e noite, a bufanda medraba tanto que cubría os campos de flores, o que dificultaba o traballo das demais abellas. Como solución, deciden entre todas darlle a bufanda á lúa como agasallo para así poder recoller o pole para facer mel. Unha historia doce e colorida, que potencia a imaxinación dos máis cativos e lles ensina a gozar do tempo cos maiores. As ilustracións da propia autora caracterizan dende a cuberta a protagonista do conto: unha abella moi velliña, dona Melosa, e algúns dos obxectos do conto, ademais do contorno no que se vai desenvolver a historia. O resto das ilustracións teñen unha composición a dobre páxina nas que se insiren pequenos fragmentos de texto en letra de pau, pensada para a nenez que se inicia na lectura. As ilustracións son de marcado estilo infantil, achegan moita información visual e axudan a comprender mellor o texto, polo que o fai un complemento imprescindíbel para o libro. A técnica empregada é a mestura de trazos fretados de cera sobre papel texturado con fotomontaxes de imaxes reais de froitas, flores, árbores, cestas, et., colaxes resoltas con gran soltura e de cores planas e quentes -amarelas, laranxas,

carmíns, verdes…- sen pretensión volumétrica. As formas esquemáticas presentan desproporcións en función de lograr unha maior expresividade e achegamento ao texto.

Recensións:

- María Navarro, 'Un conto divertido ', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 72, 'Infantil/Xuvenil', 26 febreiro 2004, p. VII.

Anúnciase a publicación d'*A bufanda de dona Melosa*, editada por Everest-Galicia na colección "Montaña encantada". A continuación, preséntase o argumento da obra, que trata dunha abella que tece unha bufanda. A autora do conto, Marta Rivera Ferner di que é un conto que presenta unha sinxeleza plástica que se complementa co texto e co público ao que vai dirixido. Remátase dicindo que é un relato que divertirá aos máis pequenos e que fará reflexionar aos maiores.

Rodari, Gianni, *Confundindo historias (A Sbagliare le Storie)*, ilust. Alessandro Sanna, Pontevedra: Kalandraka Editora, novembro 2004, col. Tras os Montes, idade recomendada [lectorado autónomo], [32] pp. (ISBN: 84-8464-503-7).

Gianni Rodari (Omegna, Piamonte, Italia, 1920-Roma, 1980) e Alessandro Sanna ofrecen unha nova versión do conto clásico da Carapuchiña Vermella. Agora é un avó quen lle conta á súa neta este conto, pero como non o sabe moi ben a Carapuchiña en vez de vermella é amarela e no canto de atoparse cun lobo atópase cunha xirafa. A neta vai corrixindo ao avó a medida que avanza o conto até que o avó canso de tanta interrupción dille á rapaza que vaia comprar unhas lambetadas para poder el continuar lendo o xornal. As ilustracións deste libro ocupan toda a páxina, conseguindo máis importancia que o texto. A técnica empregada é a colaxe mesturada con trazos de pintura. As formas conséguense recortando ou esgazando papeis de cores moi saturadas, unhas veces planas e outras con restregóns de pintura, que destacan contra o fondo branco. Hai un contraste moi violento de complementarios entre o vermello e o verde e unha presenza do vermello moi acusada cando interesa afirmar a identidade de Carapuchiña.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 104, 16 decembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *Confundindo historias* (2004), de Gianni Rodari; *Os cárceres do esquenzo* (2004), de Inma António; *Artefactes* (2004), de José Antonio Portillo e Carmen Puchol; e a *Revista Galega de Teatro* (2004). Sobre a obra de Rodari destaca que esta é unha lectura para ser contada, isto é, que emprega estratexias de lectura inductiva a base de corrixir e reproducir unha historia coñecida como a de carrapuchiña vermella.

Rodríguez Cueto, Milio, *A pedra da serpe (La piedra de la culebra)*, ilust. Carlos Velázquez, trad. Pilar Saborido Otero, A Coruña: Rodeira, 2004, col. Periscopio, nº 22, idade recomendada [lectorado mozo], 147 pp. (ISBN: 84-96352-01-3).

Novela de Milio Rodríguez Cueto (Xixón, 1962) ambientada a principios do século XIX e que ten como pano de fondo as invasións napoleónicas en terras de Asturias. Estruturada en trinta e dous capítulos intitulados, o protagonista é Estevo, un adolescente pobre dunha aldea asturiana, que se enfronta á inminente morte da súa irmá Tareixa, vítima da mordedela dunha serpe. Seguindo as indicacións da bruxa que visita a cabana familiar, sae en busca da pedra da serpe, un poderoso talismán que posúe o señor de Ruedes, único remedio que poderá salvarlle a vida á nena. Estevo, marcado pola morte doutras dúas irmás, arríncalle a promesa a don Manuel de Ruedes de que lle entregará a pedra da serpe, aínda que para acadar tal prenda antes ten que levar a cabo unha misión: matar a Pierre de Saint-Martin, cónsul francés en Xixón. O rapaz guiado polo amor á irmá dispara sobre o francés causándolle a morte e de volta na casa coa suposta pedra da serpe, Estevo descobre que súa irmá está mellorando grazas a un remedio que o cónsul francés lle aplicara no seu paso pola aldea. A partir deste momento o adolescente inicia unha nova busca: a do señor de Ruedes, que fuxiu a Inglaterra, para rematar coa súa vida en vinganza do engano a que o sometera. Embarcado como grumete, chega a Inglaterra onde localiza a súa vítima e vive diversas peripecias encamiñadas a consumar a súa vinganza. No entanto, Estevo descobre a un home honesto polo que entrega a vida. A novela remata na actualidade, momento no que se descobre un enterramento con tres corpos de nenos e nun deles un amuleto con forma de canto. As ilustracións de Carlos Velázquez están realizadas cunha técnica figurativa moi realista, recreando algúns momentos da narración. O material empregado é o lapis de grafito cunha utilización tradicional de claroscuros, tramas, degradados, etc. A cuberta presenta como ilustración unha fotografía dunha serpe que fai pensar nun libro de natureza; conecta co título pero non co estilo do relato.

Rovira Celma, Álex, **Trias de Bes**, Fernando, *A boa sorte*, A Estrada: Xixirín, 2004, col. Os libros do Xixirín, 125 pp. (ISBN: 84-934116-0-4).

Parábola na que Fernando Trías de Bes e Alex Rovira explican cal é a diferenza entre sorte e boa sorte. A historia comeza co encontro entre dous vellos amigos, David e Víctor, xa maiores, que non se vían dende a infancia; ao facer balance das súas vidas, descobren que David, o que tiña unha situación familiar máis modesta, alcanzou o éxito profesional, mentres que Víctor, que de mozo herdara unha gran fortuna, acabou arruinado; Víctor pregúntalle ao seu amigo cómo tivo tan boa sorte e David explícalle que, ao longo da súa vida, sempre tivo como referencia unha historia que lle contara seu avó. Así, no volume, inclúese a historia de dous cabaleiros, Sid e Non, un vestido de branco e outro de negro, que seguindo as indicacións dun mago se adentran no bosque para buscar o trevo que ha de nacer en sete días e que traerá a quen o atope boa sorte; a través da conduta destes dous cabaleiros explícanse as regras básicas para acadar a boa sorte. O libro complétase con diferentes citas de escritores, filósofos e actores que, igual que os autores da obra, consideran que para conseguir boa sorte hai que buscala e traballala, pois nunca chega por

casualidade. O libro inclúe, ademais, ilustracións que fan referencia aos dous cabaleiros e múltiples trevos, símbolo da boa sorte.

Referencias varias:

- Concha Pino, 'Unha nova editorial lanza a versión en galego de 'La buena suerte', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 12 setembro 2004, p. 57.

Anuncia que no Nadal a nova editorial Xixirín vai publicar a tradución ao galego da obra castelán *A boa sorte*, de Fernando Trias e Álex Rovira. Explica que os autores deste libro son dous executivos cataláns que crearon esta obra como un manual de autoaxuda para adultos, aínda que tamén ten grande acollida entre os nenos. Indica que *A boa sorte* sairá nunha primeira edición non venal e limitada a cincocentos exemplares numerados, como carta de presentación desta nova editorial, para despois lanzar ao mercado o libro na súa versión comercial. Indica que a editorial pretende publicar en galego, antes de que saían en castelán, novidades internacionais e obras para coleccionistas e temas máis específicos. Sinala, finalmente, que Xixirín está a traballar nunha edición comentada de *Maxina, ou a filla espúrea*, de Marcial Valladares.

- Mónica González, 'Xixirín, ao rescate/Editorial Xixirín inicia su andadura con el exitoso libro 'La buena suerte', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Área de Compostela', 27 decembro 2004, p. 31/25.

Dá conta do nacemento da editorial Xixirín, con sede en Souto de Vea (A Estrada) e promovida por Daniel Rozados. Explícase que Rozados tiña en mente montar unha editorial dende había tempo e que se decidiu cando viu na televisión unha entrevista a Álex Rovira, autor d'*A Boa Sorte*. A partir de aí iniciou unha serie de contactos que fixeron que o primeiro libro editado pola súa empresa fose este, que xa conta con traducións a trinta e oito idiomas. Faise referencia aos libros que Xixirín publicará proximamente, entre eles unha edición de Xosé Antón Fernández Salgado de *Maxina, ou a filla espúrea*, e explícase que o nome da editorial procede dun topónimo da zona de Souto de Vea, de onde é o seu promotor.

Rowling, J.K., *Harry Potter e o preso de Azkaban (Harry Potter and the prisoner of Azkaban)*, trad. Eva M. Almazán García, Vigo/Barcelona: Galaxia/Salamandra, xuño 2004, idade recomendada [lectorado mozo], 378 pp. (ISBN: 84-8288-696-7).

Terceira entrega en galego da serie de J. K. Rowling (Inglaterra, 1965) protagonizada polo meigo Harry Potter e os seus amigos. Dividida en vintedous capítulos titulados, a novela sitúanos pouco antes do inicio do novo curso na escola de meigos Hogwarts, momento no que Harry está na casa dos Dursley e se produce a fuxida dun perigoso asasino do cárcere de Azkaban, prisión de máxima seguridade para meigos. A Harry a estancia na casa dos seus tíos resúltalle cada vez máis insoportábel e mais coa chegada da tía Marge, que desencadea a fuxida do rapaz da casa dos muggles. Recollido polo Salvabús Nocturno para

meigos, Harry é levado á porta do Caldeiro Pingón, pousada na que o Ministro de Maxia Cornelius Fudge o está agardando sen Potter sabelo e na que vai pasar as dúas semanas que lle restan de vacacións até a chegada dos seus amigos Ron e Hermione para o comezo do curso. Harry Potter que nun principio non lle dá importancia á fuxida dun perigoso asasino de Azkaban, vaise dando conta de que algo raro pasa e descobre que o preso fuxido é Sirious Black, personaxe que supostamente entregou aos seus pais ao meigo que os asasinou, Lord Valdemort, e que agora se cre que o quere matar a el. Ante esta posibilidade e para protexer a Harry a escola Hogwarts está fortemente protexida e conta coa axuda dos dementores, vixiantes de Azkaban que sobreviven absorbendo os momentos felices dos seres. Pese ao perigo e as restriccións do profesorado para protexelo, o protagonista trata de seguir coa súa vida normal: asiste ás clases, adestra e xoga quidditch, fai escapadas á cabana do profesor Hagrid xunto con Ron e Herminone e mesmo, grazas a un mapa máxico, foxe a Hogsmeade onde non o deixan ir cos demais rapaces de excursión. Debido ás reaccións físicas e mentais que a presenza dos dementores producen en Harry, este é axudado polo profesor Lupin que lle ensina un conxuro de maxia de "alta escola" denominado "patronus". Ao mesmo tempo, prodúcense diversas incursións de Sirious Black á escola Hogwarts, Harry sente a presenza supostamente do Urco que lle presaxia a súa morte próxima e Ron e Hermione anóxanse polas reaccións e pelexas entre as respectivas mascotas: a rata Scabbers e o gato Carrancholas. Despois dunha das visitas de Harry, Ron e Hermione á casa de Hagrid para animalo nos momentos previos á execución do seu Buckbeak, os tres rapaces vense envoltos nunha aventura na que o Scabbers, Carrancholas e o negro can que Harry vira en varias ocasións xogan un importante papel, así como tamén o profesor Lupin e en menor medida o profesor Snape. Nesta aventura descubrirán a verdadeira historia de Remus Lupin, Sirius Black, Peter Pettigrew e James Potter e Harry e Hermione, grazas ao "patronus" do primeiro e ao "viratempo" da segunda, salvarán da morte ao Buckbeak de Hagrid e a Sirius Black, o padriño de Harry e o mellor amigo de seu pai James Potter. A ilustración da cuberta representa nun recadro a imaxe duns nenos voando enriba dunha animal mítico sobre un ceo nocturno, o que achega información sobre a temática de aventuras e misterio do interior. A técnica empregada é a pintura, aplicada cun estilo naturalista, buscando ilusión de volume e descrición do ambiente.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Sempre Harry', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 99, 'Infantil/Xuvenil', 11 novembro 2004, p. VII.

En primeiro lugar indícase o título en galego da obra *Harry Potter and the prisioner of Azkaban*, de J. K. Rowling, a editorial na que esta se publica en lingua galega e a encargada da tradución a este idioma. A seguir, Paula Fernández dá conta do argumento e dalgunhas das claves do éxito dos libros protagonizados polo meigo adolescente que nos diferentes volumes se repiten. Finalmente, sinálase a necesidade da lingua galega en traducións de éxito como esta, nun momento no que a porcentaxe de lectores "comeza a deixar de ser esperanzadora".

Referencias varias:

- J.F., 'El nuevo Harry Potter en español tendrá una tirada de 950.000 ejemplares', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 febreiro 2004, p. 47.

Despois de informar sobre a próxima publicación en castelán de *Harry Potter y la Orden del Fénix* e de todo o que esta implica no mercado editorial, o autor do artigo céntrase nas traducións ao galego das historias protagonizadas polo meigo adolescente e anúncialle aos seus seguidores a publicación, grazas á editorial Galaxia e a Eva Almazán, de *Harry Potter e o preso de Azkaban* e de *Harry Potter e o cáliz de fogo*. Coméntase que a editorial non ten previsto publicar *Harry Potter y la Orden del Fénix* até o próximo ano e faise algún comentario ao respecto da adaptación cinematográfica de *Harry Potter e o preso de Azkaban*.

Salas, Carlos, *Tito o Mago (Tito el Mago)*, ilust. Isabel Caruncho, A Coruña: Rodeira, 2004, col. Tren Azul, nº 8, idade recomendada primeiros lectores, [32] pp. (ISBN: 84-8116-966-8).

Conto de Carlos Salas no que se relata a historia de Tito, un mago que vive nunha árbore encantada da que en primavera nacen mazás de ouro. Unha mañá descobre que lle falta o seu bastón máxico, indispensábel para facer os seus feitizos. Quimo, o trasgo, ao ver a súa tristura, axúdalle a buscalo. Ambos percorren toda a vila na procura do bastón: a panadaría do señor Ramón, o taller de costura de Belinda, a casa do señor Godón, o ferreiro, a pastalaría da señora Pandora e a taberna do señor Calín. Desesperados ao non atopalo en ningures, decídense a buscalo no bosque sen obter resultado ningún. Quimo decide propoñerlles a todos os veciños da vila que entre todos lle fagan un novo bastón a Tito. Unindo os materiais e as habelencias de cada un dos veciños, conseguen acabar o novo bastón e para celebralo Tito converte, cunha palabra máxica, un campo nun xardín de margaridas e a seguir celebran unha gran festa. Isabel Caruncho ilustra este conto cunhas pinturas de tipo figurativo que completan con cantidade de detalles a información que achega o texto, sobre todo na descrición de lugares, enriquecendo as escenas con múltiples obxectos que crean unhas ilustracións atractivas. A técnica empregada é a acuarela e o colorido é rico e variado.

Sánchez, Enrique, *Asasinato dun seareiro*, ilust. Siro López, trad. Diego Dopico Silva, A Coruña: Rodeira, febreiro 2004, col. Periscopio, nº 20, idade recomendada [Lectorado mozo], 201 pp. (ISBN: 84-8116-968-4).

Novela de suspense de Enrique Sánchez (Coruña, 1955), ambientada nun tempo contemporáneo e na que se trata a violencia que rodea o mundo do fútbol. O autor idea unha historia de ficción baseada nas contradicións entre as propias elucubracións da personalidade do protagonista e máis as derivadas da súa actividade profesional. Comeza co asasinato dun seguidor do Celta no casco vello da Coruña. Describe unha investigación que se leva de maneira paralela entre a policía e un par de xornalistas, un de *La Voz de*

Galicia e outro de *Faro de Vigo*. Toda a investigación policial está fundamentada en razóns de rivalidade entre dúas afeccións futbolísticas, posto que o asasinato se produce o mesmo día do partido entre dous equipos de dúas cidades, Vigo e Coruña, enconadamente enfrontadas e próximas, e co agravante de que a vítima de dito asasinato portaba o emblema dun deses equipos. Por outra banda, aparece unha presunta convidada de pedra, a cal con moito estilo, tino, e sen coller en ningún momento a iniciativa de maneira definitiva, acaba por dar un xiro non esperado e solucionar a investigación que se estaba a realizar dunha maneira definitiva. A fotografía da cuberta, de COVER, é un primeiro plano de balóns de fútbol que, xunto co título, anuncian parte da temática do libro. As ilustracións do interior, de Siro López, son debuxos realizados a pluma cunha liña sinxela, que axudan ao lector a caracterizar os distintos personaxes da trama.

Recensións:

- María Navarro, 'Artificialidades narrativas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, 'Infantil/Xuvenil', 4 novembro 2004, p. VII.

Comeza explicando o argumento da última novela de Enrique Sánchez, *Asasinato dun seareiro*, publicada polo grupo Edebé-Rodeira; neste libro o autor introduce ao lector na vida duns personaxes que actúan segundo as súas convicións morais, nunha trama na que se mestura o presente e o pasado. Debido a isto considera que é moi difícil manter a atención do lector ao longo de toda a obra. Saliéntase a forma de relacionar o final da novela con determinados comportamentos desenvoltos ao longo da historia.

Slegers, Liesbet, *Uxía queda na casa con Iria (Kaatje en de oppas)*, ilust. Liesbet Sleger, trad. Mercedes Pérez Gómez, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2004, col. Libros especiais para os máis pequenos, nº 3, [28] pp. (ISBN: 84-263-5478-5).

Terceira entrega desta colección de Liesbet Slegers (Bélxica, 1975), que ten como protagonista a Uxía, unha cativa que lle explica ao lectorado agardado as actividades que leva a cabo ou feitos máis relevantes da súa vida. En *Uxía queda na casa con Iria* a nena protagonista enfróntase á situación de quedar cunha coidadora, Iria, a noite que seus pais saen cear cos tíos. Uxía explica que Iria lle le un conto de princesas antes de deitala e que lle gusta que lle faga compaña, por iso para facela ir ao seu cuarto lle pide diferentes cousas como auga, unha galleta, etc. antes de durmir. Este volume está ilustrado pola autora do texto quen ofrece unha composición centrada na figura da nena protagonista. As ilustracións de tipo figurativo, pero cun estilo infantil nas formas dos personaxes, presentan cores, moi saturadas, que están aplicadas con pintura espesa sen rematar de mesturar. As formas están delimitadas por unha liña grosa de pintura negra e recheas de forma imprecisa con pintura de cores. As páxinas pares están cubertas por un recadro de pintura sen mesturar, que contén o texto do conto e cunha cor distinta para cada páxina.

Slegers, Liesbet, *Uxía ten un irmanciño (Kaatje en haar broertje)*, ilust. da autora, trad. Mercedes Pérez Gómez, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2004, col. Libros especiais para os máis pequenos, nº 2, idade recomendada [prelectorado e autónomo], [28] pp. (ISBN: 84-263-5491-2).

Segunda entrega desta colección de Liesbet Slegers (Bélxica, 1975), que ten como protagonista a Uxía, unha cativa que lle explica ao lectorado agardado as actividades que leva a cabo ou feitos moi relevantes da súa vida, como as consecuencias da chegada dun novo irmán. Nesta entrega asistimos ao período de adaptación da protagonista á nova situación que provoca a chegada do bebé. A ledicia coa que recibe ao principio a Lois vaise tornando anguria cando sente que os seus pais lle prestan máis atención ao cativo que a ela. A colaboración cos proxenitores nas tarefas de coidado do bebé e a atención que lle prestan cando esta durme mitiga a angustia de Uxía. O volume está ilustrado pola autora do texto quen ofrece unha composición centrada na figura da nena protagonista. As ilustracións de tipo figurativo, pero cun estilo infantil nas formas dos personaxes, presentan cores, moi saturadas, que están aplicadas con pintura espesa sen rematar de mesturar. As formas están delimitadas por unha liña grosa de pintura negra e recheas de forma imprecisa con pintura de cores. As páxinas pares están cubertas por un recadro de pintura sen mesturar, que contén o texto do conto e cunha cor distinta para cada páxina.

Slegers, Liesbet, *Uxía e a barriguiña de mamá (Kaatje en mama´s brik)*, ilust. da autora, trad. Mercedes Pérez Gómez, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2004, col. Libros especiais para os máis pequenos, nº 4, idade recomendada [prelectorado e autónomo], [28] pp. (ISBN: 84-263-5492-0).

Cuarta entrega desta colección de Liesbet Slegers (Bélxica, 1975), que ten como protagonista a Uxía, unha cativa que lle explica ao lectorado agardado as actividades que leva a cabo na súa vida cotiá. En *Uxía e a barriguiña de mamá* ofrécese a visión de Uxía sobre a evolución do embarazo de súa nai, dende o momento inicial de alegría ao coñecer a noticia, pasando pola ansiedade de non saber se vai ser neno ou nena até a anguria final que lle provoca o feito de que súa nai non poida erguerse ou que a leven á casa da avoa cando vai nacer o bebé. Este volume está ilustrado pola autora do texto quen ofrece unha composición centrada na figura da nena protagonista. As ilustracións de tipo figurativo, pero cun estilo infantil nas formas dos personaxes, presentan cores, moi saturadas, que están aplicadas con pintura espesa sen rematar de mesturar. As formas están delimitadas por unha liña grosa de pintura negra e recheas de forma imprecisa con pintura de cores. As páxinas pares están cubertas por un recadro de pintura sen mesturar, que contén o texto do conto e cunha cor distinta para cada páxina.

Slegers, Liesbet, *Uxía vai facer a compra (Kaatje gaat winkelen)*, ilust. da autora, trad. Mercedes Pérez Gómez , Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2004, col. Libros especiais para os máis pequenos, nº 1, idade recomendada [prelectorado e autónomo], [28] pp. (ISBN: 84-263-5490-4).

Primeira entrega desta colección de Liesbet Slegers (Bélxica, 1975), que ten como protagonista a Uxía, unha cativa que lle explica ao lectorado agardado as actividades que leva a cabo ou os feitos máis relevantes da súa vida, como as consecuencias da chegada dun novo irmán. En *Uxía vai facer a compra* a protagonista preséntase e narra cómo vai con súa nai a facer a compra nun supermercado. Explica cada un dos pasos que dan nesta tarefa, dende elixir os produtos que queren mercar e colocalos nas bolsas até agardar na caixa para pagar, onde aproveita para falar cunha nena que tamén agarda con súa nai. Rematada a compra volven á casa, onde as agarda seu pai. Este volume está ilustrado pola autora do texto quen ofrece unha composición centrada na figura da nena protagonista. As ilustracións de tipo figurativo, pero cun estilo infantil nas formas dos personaxes, presentan cores, moi saturadas, que están aplicadas con pintura espesa sen rematar de mesturar. As formas están delimitadas por unha liña grosa de pintura negra e recheas de forma imprecisa con pintura de cores. As páxinas pares están cubertas por un recadro de pintura sen mesturar, que contén o texto do conto e cunha cor distinta para cada páxina.

Soler, Teresa, *Pirata*, ilust. Esperança Martínez, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 13, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-152-1).

Conto de Teresa Soler no que se narra como Laura, unha nena á que lle gusta moito xogar coa súa gata chamada Pirata non entende que súa nai lle advirta que teña coidado cos xogos que fai coa gata. Laura non sabe que Pirata vai ter gatiños e será súa nai a que lle explique que cos seus xogos pode facerlle dano. Chámase a atención sobre o coidado que se debe fomentar nos cativos nos seus xogos coas mascotas, ás que por veces esquecen que son seres vivos e non xoguetes. Este conto está ilustrado por Esperanza Martínez, que presenta nas páxinas pares un pequeno debuxo da gata protagonista que funciona como unha animación ao pasar as páxinas. As páxinas pares teñen ilustracións dos personaxes centrais que ocupan todo o espazo. A técnica empregada é a témpera e o estilo é figurativo. A ilustradora presta moita atención ás distintas expresións do rostro, que reflicten os sentimentos da nena pola súa gata.

Urcaray, Alberto, *Dende abaixo*, ilust. do autor, A Coruña: Everest Galicia, 2004, col. Montaña encantada, serie Vermella, a partir de 6 anos, [60] pp. (ISBN: 84-403-0444-7).

Relato de Alberto Urcaray (Bos Aires) nos que un narrador en primeira persoa relata as reflexións dun neno sobre a súa visión de dous mundos moi diferenciados, o mundo dos de arriba, onde están os seus pais, os seus avós, os paxaros, etc, e o mundo dos de abaixo, onde se sitúan os bechos, as alfombras, os gatos e os nenos. O protagonista grazas ao encadeamento de situacións divertidas apoiadas en ilustracións xenerosas en cores, compara e contrapón eses dous mundos para amosar o seu xeito de rebelarse ante o que el considera unha situación inxusta, xa que os habitantes do mundo de arriba gozan dunhas vantaxes que el non posúe. Nas ilustracións do autor deste libro predominan as manchas de acuarela; están realizadas cunha técnica húmida e presentan cores variadas que cobren todas as páxinas. Os personaxes están debuxados enriba das manchas con lapis de cores. O estilo é figurativo e a composición trata de representar o punto de vista do neno.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Dende abaixo', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 69, 'Infantil/Xuvenil', 5 febreiro 2004, p. VII.

Dáse conta do argumento da obra sinalando a dicotomía que existe entre o mundo dos de arriba e o mundo dos de abaixo, o mundo dos maiores e o mundo dos nenos, respectivamente, dende a óptica dun neno de aproximadamente seis ou sete anos. Sinálase que este libro presenta as reflexións dun neno que, debido aos seus temas, ao seu ton e á súa impersonalidade poderiamos colocar na mente de calquera rapaz ou rapaza desa idade e de calquera lugar do primeiro mundo. Refírese a esta obra como un conto de perspectivas onde o protagonista compara e contrapón eses dous mundos para amosar a súa inconformidade ante o que el considera unha situación inxusta. Finalmente, dise que estamos diante dun conto simpático e ocorrente que, grazas ao encadeamento de situacións divertidas apoiadas en ilustracións xenerosas en cores, fará gozar dun bo anaco a quen le.

- Mª Jesús Fernández, 'Dende abaixo', *CLIJ*, nº 176, 'Libros/Novedades', novembro 2004, p. 59.

Comeza cualificando o libro de delicioso e cheo de humor e tenrura. Salienta que o autor ofrece unha visión do mundo dende a mirada dun neno pequeno, é dicir, "dende abaixo". Describe a historia que se conta e remata referíndose ás moitas ilustracións que realizou o mesmo autor, ás que cualifica de graciosas.

Urcaray, Alberto, *Contando estrelas (Contando estrellas)*, ilust. do autor, trad. Irene Penas, A Coruña: Everest Galicia, 2004, col. Montaña encantada, idade recomendada [prelectorado], [46] pp. (ISBN: 84-403-0443-9).

Romualdo é o león protagonista deste conto escrito e ilustrado por Alberto Urcaray, no que se narra a vida deste felino nun circo. Os seus compañeiros de traballo acaban cansos de que Romualdo en lugar de actuar pase o día durmindo, o que eles atribúen á súa condición de preguiceiro. Un día, mentres el dorme, deciden marchar co circo e abandonalo á súa sorte. Nesta nova situación ten que enfrontarse a problemas como a soidade ou conseguir comida, o que lle provoca unha gran tristeza. No seu deambular atopa cun cempés, que lle recomenda a axuda da formiga carteira, para que busque aos seus amigos do circo. Esta, mentres pensa en cómo localizalos, descobre que a causa de que Romualdo pasara o día a durmir era porque de noite se dedicaba a contar estrelas, condición que o converte no protagonista do espectáculo e propicia que sexa querido e respectado por todos. Péchase o volume cunha autobiografía do autor, na que explica que a súa afección a debuxar e escribir vén dende que era neno e atopou un lapis máxico. A ilustración da cuberta do libro ten fragmento dun planisferio con distintas constelacións, imaxe que introduce o tema do que se trata na narración.

Uribe, Kirmen, *Eu non son loira (Ez naiz ilehoria, eta zer?)*, ilust. Mikel Valverde, Vigo: Galaxia, xuño 2004, col. ¿E que?, nº 12, idade recomendada [lectorado autónomo], 30 pp. (ISBN: 84-8288-715-7).

Relato de Kirmen Uribe (Ondarroa, Biscaia, 1970) no que se presenta a Amira, unha rapaza árabe que vive na cidade da Coruña e que ten problemas de integración na escola. Ela quere ser loira coma as actrices de cine e como Iria, a rapaza máis popular da clase e que ten amigos a moreas. Igual ca ela, seu irmán tamén quere ser loiro como xeito de parecerse a David Beckham. A tristura de Amira mitígase en parte coas cartas que lle escribe á súa tía Mesad, porque lle fai sentir que están moi próximas e ela transmítelle as súas ensinanzas á sobriña a través de contos, nos que se pon de manifesto que para conseguir o que se desexa hai que esforzarse. Todo muda na vida de Amira o día que na escola lle responde de xeito gracioso ao profesor e dous compañeiros, Marica e Duarte, se comezan a interesar pola súa cultura. As ilustracións de Mikel Valverde (Gasteiz, 1966) empregan a técnica do debuxo con formas realizadas a tinta, enchendo os planos con cores á acuarela. As escenas describen as distintas situacións que transcorren ao longo do relato.

Westera, Bette, *Avoa, xa non estás soa (Welterusten, Beer Baboen)*, ilust. Suzanne Diederen, versión de Antón Cortizas, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2004, idade recomendada [prelectorado], [18] pp. (ISBN: 84-263-5265-0).

Narración en terceira persoa de Bette Westera (Amersfoort, 1958) na que se conta a historia dun neno chamado Antón que por primeira vez sae da súa casa co seu osiño Babú, do que nunca se separa, para pasar uns días coa súa avoa, unha anciá que vive soa na vila. Nun principio os dous van contentos e moi ilusionados pero coa chegada á casa da avoa Babú entristécese e Antón comeza a preocuparse polo seu amigo. A pesar de que a casa é grande e fermosa, ten un xardín a onde van as pombas e que a avoa lles preparara pescada para cear, Babú segue con mala cara, estraña esa casa e non quere estar aí. Cando van para a cama o osiño tampouco está conforme, non é do seu gusto e está asustado, ve sombras estrañas moi cerca do leito e enormes arañas subindo pola parede. Babú ten sede e Antón acompáñao ata a cociña para beber un pouco de auga e cando chegan a sala dinlle á avoa que non poden durmir e que o osiño quere marchar. Finalmente, para solucionar esta situación a avoa dille a Antón e a Babú que hoxe durmirían con ela e así non terían medo. Xa na cama, a avoa contoulles un conto e os dous quedaron moi tranquilos e felices. Remata a historia cando Antón lle di á súa avoa que tiña que estar contenta porque xa non estaba soa. As ilustracións de Suzanne Diederen (Valkenburg, 1974) son de tipo narrativo. Nelas descríbense as situacións que relata o texto. Están resoltas con figuras redondeadas, o que lle confire grande expresividade e tenrura aos personaxes. A técnica empregada é a acuarela, con grandes planos de cor, nas que predominan as tonalidades cálidas - amarelos, laranxas, ocres- ademais do uso de tonalidades escuras para transmitir a sensación de escuridade, de medos… No tratamento da acuarela apréciase gran soltura e dominio da técnica. As ilustracións que ocupan sempre a dobre páxina, ao igual que as da cuberta, xeneran información que non se achega no texto. Tamén amosan como son os protagonistas, o interior da vivenda, o contorno no que se moven, etc. Texto e ilustración compleméntanse para a comprensión da obra. A cuberta, como elemento peritextual,

créanos a través da ilustración o ambiente e a atmosfera adecuadas para situarnos na narración.

Zimnik, Reiner, *O guindastre (Der Kran, 1956)*, ilust. do autor, trad. Dolores Romay, Pontevedra: Kalandraka Editora, abril 2004, col. Tiramillas, nº 6, idade recomendada [lectorado mozo], 105 pp. (ISBN: 84-8464-222-4).

Nesta historia cargada de lirismo escrita e ilustrada por Reiner Zimnik (Silesia, Polonia, 1930) cóntase o que aconteceu nunha cidade cando os responsábeis do poder construíron un guindastre no peirao para solucionar os problemas de espazo que ocasiona a expansión da cidade. Tras os labores de construción, un home novo cun gorro azul, que participara na tarefa con moita ilusión, é nomeado polos concelleiros operador do guindastre. Así foi pasando o tempo e o home do gorro azul entregouse ao seu traballo sen baixar nunca do guindastre, ollando desde arriba como o visitaban o sereno e o seu amigo Lektro, aos que adoitaba tirarlles caramelos de eucalipto. Un día tivo que descargar un circo e enfrontarse ás feras e noutra ocasión acabou cos piratas do río e recibiu unha condecoración dourada. De súpeto chegou a guerra e o home do guindastre quedou só. O mar invadiuno todo e daquela pasou o tempo cunha aguia e respondendo as mensaxes que chegaban en botellas de cristal. Ao rematar a guerra, a xente reconstruíu a cidade e axiña os candidatos a alcalde comezaron a facerlle promesas para que os votase nas eleccións. O home do gorro azul só confiou no que lle prometeu construír unha ponte para que de novo chegasen barcos á cidade. Pasaron os anos e o home do guindastre seguía sendo o mellor no seu traballo. Até que o tempo envelleceu os mecanismos e o home do gorro azul baixou por fin do guindastre e desapareceu tras a montaña do horizonte cantando a súa canción favorita. O relato está ilustrado polo autor cuns debuxos figurativos realizados a "plumilla" con tinta negra. As ilustracións intercálanse entre o texto cun estilo caricaturesco. Non hai busca de claroscuro, pero a expresividade con que emprega a liña consegue contrastes ao acumular trazos e texturas.

Recensións:

- María Navarro, 'O guindastre', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 88, 'Infantil/Xuvenil', 17 xuño 2004, p. VII.

Tras presentar *O guindastre*, de Reiner Zimnik e o argumento da historia, María Navarro destaca o papel do personaxe protagonista, o home do gorro azul, que vai forxando a súa personalidade ao longo do relato. Comenta que a través das súas palabras o lectorado coñece os intereses, os favoritismos e os abusos de poder que se producen na sociedade na que vive e tamén as mostras de solidariedade, a amizade e o orgullo que posibilitan a súa subsistencia dentro do illamento no que se ve inmerso. Conclúe mencionando a frase curta e o ton entrecortado que predominan nesta narración e que favorecen a transmisión dunha mestura de sensacións que van dende o escepticismo ao recoñecemento no mundo actual do que se conta.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 87, 10 xuño 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Os celtas da antiga Gallaecia* (2004), de Manuel Alberro; *Segunda convocatoria* (2004), de Xosé Antonio Perozo; e *O guindastre* (2004), de Reiner Zimnik. Desta obra faise un somero resume e refírese á vida do autor.

Zubizarreta, Patxi, *No parque*, ilust. Rebeca Luciani, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 20, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-159-9).

Recorrendo á presentación dos textos en letra manuscrita e en maiúscula, Patxi Zubizarreta (Ordizia, Guipúscoa, 1964), coa axuda das ilustracións de Rebeca Luciani, narra cun estilo sinxelo e directo o que lle aconteceu a Aquiles nunha visita ao parque. Aquiles e a súa irmá Raquel dirixíronse decontado ás randeeiras, onde os nenos e nenas gozan coa sensación de poder tocar o ceo cos pés, aínda que ás veces tamén se marean. Como Aquiles non sabe arrandearse só, senta ao seu oso de peluche Popi para empuxalo suavemente pero unha nena que agarda a súa quenda impaciéntase e Raquel ten que intervir para defender a seu irmán. Na páxina contigua á da ilustración están os pequenos textos usando dúas tipografías diferentes: unha de letra seguida e a outra en mayúsculas para facilitar e reforzar o mecanismo da leitura na nenez. As imaxes de Rebeca Luciani ocupan maior espazo que o texto nas páxinas, ademais existe una grande interrelación entre as ilustracións e o texto formando unha unidade con significado. Na páxina contigua á da ilustración están os pequenos textos usando dúas tipografías diferentes: unha de letra seguida e a outra en maiúsculas para facilitar e reforzar o mecanismo da lectura na nenez. As imaxes son de grande esquematismo, logrado con formas básicas, redondeadas e con trazos moi acentuados, próximos ao mundo do cómic e con acenos á grafía infantil. Son ilustracións feitas con pintura densa, cores moi saturadas e alegres, que ocupan formas planas, con pouca pretensión volumétrica.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 103, 9 decembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *A vestimenta tradicional no surleste de Ourense* (2004), de José Rodríguez Cruz; *Cantiga para JA* (2004), de Jean-Pierre Sarrazac e Christina Mirjol; *Frederick* (2004), de Leo Lonni; e *No parque* (2004), de Patxi Zubizarreta e Rebeca Luciani. De *No parque* destácase o feito de estar dirixido a un público que se inicia na lectura.

VII.1.4. ANTOLOXÍAS

Agra Pardiñas, Mª Jesús e Blanca-Ana Roig Rechou (coord.), *A memoria das guerras na literatura infantil e xuvenil en lingua galega. As súas repercusións na infancia e adolescencia*, Vigo/Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia/GALIX □, 2004, 141 pp. (ISBN: 84-9782-248-X).

Consta este volume dunha "introducción" na que as autoras reflexionan sobre o papel que xoga a literatura na interpretación de "boa parte das experiencias que a nenez e mocidade ven e experimentan", pois consideran que "a ficción ten a capacidade de reflectir historias persoais e colectivas", para logo analizar un conxunto de obras que reflicten as traumáticas consecuencias dos conflictos bélicos. O corpus seleccionado polas antólogas ten como elo de unión, ademais da temática, a lingua galega, así acollen tanto obras autóctonas coma traducidas, e divídeno nos seguintes apartados: Campos de concentración e de refuxiados; Consecuencias directas e indirectas das guerras e posguerras sobre a infancia e a mocidade; Episodios bélicos do pasado descubertos por adolescentes; Actuación da infancia e adolescencia nos conflictos bélicos; Os conflictos bélicos e posbélicos como pano de fondo. En cada un destes apartados analízanse as obras que teñen como elemento unificador o que se salienta no título, coméntase a historia que se narra e cómo se narra, fálase dos paratextos e dáse a ficha e breve argumento de cada unha das obras tratadas, primeiramente analízanse as obras galegas e logo as traducidas ao galego. Nas "Conclusións" salientanse oitos aspectos que se consideran fundamentais na análise comparativa do *corpus* elixido. Finalmente ofrécese unha antoloxía que acolle fragmentos de obras de Ana Expósito, Fran Alonso, Manuel Lourenzo, Manuel María, Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro, Milagros Oya, Neira Vilas, Francisco Fernández Naval, como mostras de cada un dos apartados sinalados. Remátase o volume cunha bibliografías e referencias curriculares das autoras do traballo.

Barrio, Maruxa, **González Pérez**, Clodio, **González Reboredo**, Xosé Manuel, **Harguindey**, Henrique, **Manuel María**, *Contos de trabes, animais, parvos e un ensaio*, ilust. Xaime Asensi, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2004, col. Lagarto pintado, 77 pp. (DL: VG-1260-2004).

Volume que forma parte da Campaña de Fomento da Lectura da Xunta de Galicia dirixida ás persoas maiores e que conta coas ilustracións de Xaime Asensi (Vilagarcía de Arousa, 1957). Nel reúnense catro relatos cunha grande influencia da literatura popular.

- Manuel María (Outeiro de Rei, Lugo, 1929-A Coruña, 2004), "Ensaio histórico, biográfico e filosófico que parece un conto", pp. 5-20.

O narrador, ao xeito dun cronista, cóntanos unha anécdota protagonizada por un laureado escritor de nome F.R.I. descoñecida para os seus biógrafos, e máis propia dun paspán que dun home culto. O caso foi que un día o escritor viaxou a Outeiro de Rei da Terra Chá para contemplar a paisaxe e coñecer o famoso Regato do Cepelo. Cando chegou á vila preguntoulle ao alcalde, que o despediu moi enfadado; logo dirixiuse a uns paisanos, que lle

indicaron que o río estaba "en certo lugar". Cando chegou ao Trollo da Agüela, onde nace o Regato, tirou de anteollo e púxose a mirar ao lonxe e caeu nunha lameira da que o tiveron que sacar os bombeiros.

- Henrique Harguindey (Lugo, 1946) e Maruxa Barrio, "Un parvo e mais tres curas", pp. 21-41.

Versión dun conto popular na que se relata como tres curas comezan a visitar a moza máis guapa da contorna para que confese con eles. Molesta pola situación, a rapaza cóntallo ao seu home quen argalla a maneira de burlalos meténdoos no forno e queimándoos. Para se desfacer dos corpos, o home recorre a Xelo, o parvo da vila, a quen engana e que acaba internado nunha casa de saúde.

- Clodio González Pérez (Cenlle, 1947), "A procesión das ánimas", pp. 43-59.

Cóntase o que lle sucedeu ao seu veciño, o señor Camilo, cando mozo. Grazas aos relatos da señora Dosinda soubo das historias dos defuntos, que non deixan este mundo ata que non cumpran as promesas que fagan de vivos. Un día que volvía do traballo pola Corredoira, un lugar no que mataran un tratante de gando, colleu medo e creu ver a procesión das ánimas. En realidade eran os homes e mulleres que viñan da casa do afamado meigo de San Fiz con velas acesas para cruzar o monte.

- X. M. González Reboredo (Lugo, 1946), "A trabe de ouro e a trabe de alcatrán", pp. 61-77.

Recuperación desta lenda recollida por Leandro Carré Alvarellos, un relato no que un vello cego fala da existencia no monte dos Castros nunha cova moi grande custodiada por unha fada na que se agachan unha trabe de ouro cos tesouros dun mouro e outra de alcatrán que se derruba ao intentar roubar. Conta que quedou cego de mozo cando tentaba buscar o tesouro.

VII.2. POESÍA

VII.2.1. POETAS GALEGOS

Ameixeiro, Daniel, *Xan e Pericán*, Finalista do Premio Merlín 2003, ilust. Andrés Meixide, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2004, col. Merlín, nº 141, serie Azul, idade recomendada de 7 anos en diante, 70 pp. (ISBN: 84-9782-124-6).

Comeza este conto rimado de Daniel Ameixeiro (O Grove, Pontevedra, 1962) cunha dedicatoria "Para Almudena e Gonzalo" para a seguir en nove breves capítulos numerados contar o que lles ocorreu a Xan e Pericán dende que entran nun buraco até que conseguen saír del. Cóntanse que na cova onde entran hai tres portas de cores, cada unha cunha lenda, e o que lles ocorre nelas: o encontro coa nena Anacleta, vestida de "rosa cun laziño na

cabeza" que os convida á festa que vai celebrar na súa casa, unha casa con sete portas, para festexar o seu aniversario; o que comeron coa panadeira e os problemas que tiveron por ter comido tres e vinte e tres cornechos; o que lles pasou con don Torquato, co señor Comendador e co médico de bruxas, xigantes e ananos, don Claudio, a quen recorreron para poder saír do mundo subterráneo. Xógase cos números, sobre todo co tres e co sete, cos diminutivos para caracterizar personaxes e accións e coas cores. Compleméntase a narración textual coas ilustracións figurativas de Andrés Meixide (Vigo, 1971) que reflicten o contorno e os lugares onde se desenvolven as escenas seguindo a descrición do texto. Os motivos decorativos que se repiten en cada páxina remarcan características dos dous amigos e do paso ao mundo subterráneo. Na cuberta aparecen os nenos protagonistas tal como se describen: un é alto e delgado e outro baixo e gordecho. A técnica empregada é a pintura densa con colorido de fortes contrastes na que xoga sempre con fondos moi escuros e dos que xorden as imaxes de grande expresividade e con tonalidades cálidas.

Recensións:

- María Navarro, 'Xan e Pericán', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 84, 'Infantil/Xuvenil', 20 maio 2004, p. VII.

Comeza falando da fantasía desbordante deste libro do que salienta aos protagonistas, as súas características e as súas ansias de examinalo todo. Conta a historia que se relata, fala das aventuras dos personaxes nun mundo irreal, fantástico no que sobrancea que reina a cordialidade, a tolerancia e o respecto mutuo, valores que "seguramente non pasarán desapercibidos". Salienta o gusto polo misterio e o uso dunha linguaxe sinxela, musical buscando certa rima ao remate das frases, así como a intertextualidade con outros contos, como *Alicia no país das marabillas*.

- Mª Jesús Fernández, 'Xan e Pericán', *CLIJ*, nº 172, 'Libros/Novedades', xuño 2004, p. 66.

Cualifica esta obra de "agilísima historia versificada", protagonizada por dous personaxes que proveñen da tradición oral galega. Descríbese o argumento e logo saliéntase o humor absurdo fundamentalmente nas partes dialogadas e en breves descricións. Considera as ilustracións "notables" capaces de "aunar en sus personajes trazos definidos de personalidad, humor y ternura".

Referencias varias:

- M. O, 'Amigos pequenos', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 58, 'Letras en galego', 1 maio 2004, p. 4.

Dáse noticia desta obra, do seu argumento e dise que é unha historia de nenos na que a fantasía desborda por todos os lados.

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 83, 13 maio 2004, p. 7.

Sección fixa deste xornal que nesta ocasión recolle as obras *Xosé Otero Espasandín*, de Dionisio Pereira; *Xán e Pericán* (2004), de Daniel Ameixeiro e Andrés Meixide; *O cabalo ceibe* (2004), de Xosé Lois Ripalda; e *Santiago e Rosalía de Castro* (2004), de Federico Pomar de la Iglesia. Nesta ocasión, en canto a esta obra, destácase cómo a estrutura acumulativa deste conto lle serve ao autor para presentarnos tres historias. Cada unha das historias ten como protagonistas a Xan e Pericán, e a elas acceden por tres portas situadas nunha cova á que chegaron tras meterse por un buraco que atoparon no solo.

Babarro, Xoán, *Deseñadora de hora en hora*, ilust. Pablo Otero "Peixe", Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2004, col. Ala Delta, nº 7, serie Vermella, a partir de 5 anos, 54 pp. (ISBN: 84-263-5183-2).

No tempo das cousas que parecían couselos, naceu dentro da carabuña dun pexego unha cadela de frade, que, ao ver as tesoiras que tiña por rabo, quixo converterse en deseñadora para cortar vestidos de hora en hora. Visitou algunhas casas e ofreceulles os seus servizos aos escaravellos, bubelas, curuxas, ratos e sapoconchos, pero non tivo éxito na terra dos animais por estaren mal influenciados polas faladurías dunha avespa rexoubadora. Tamén visitou a terra dos nenos e nenas sen fortuna, até que conseguiu confeccionarlle un traxe de cor verniz á castaña e, a partir de aí, atendeu as cerdeiras, maceiras e ameixeiras, entre outros habitantes do país das plantas. Pese a que a avespa rexoubadora andara arrabeada facéndolle burla, a forcadela ignorouna e estaba moi contenta de encontrar tantos amigos no país das árbores e das plantas. Esta historia é presentada por Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947) nun texto con resonancias da literatura popular e de marcado carácter poético, destáquense as intervencións en verso dos protagonistas, que lles ofrece aos máis miúdos a posibilidade de coñecer algúns dos compoñentes que integran o medio natural, por medio da lectura, o xogo e o labor ilustrativo de Pablo Otero "Peixe" (Ourense, 1970), que sorprende dende a cuberta cunhas ilustracións realizadas con técnicas moi actuais, xogos tridimensionais nos personaxes e bo uso da colaxe -fotomontaxes, fíos, cartóns, metais...- nas composicións das imaxes. Son ilustracións de carácter fantástico e de gran colorido, ocupan toda a páxina, relatan visualmente as escenas do texto, complementando o relato, xa que amplían a información e introducen o neno/a nunha simboloxía visual moi diferente á súa propia e pola contra moi próxima á arte contemporánea.

Recensións:

- Mª Jesús Fernández, 'Deseñadora de hora en hora', *CLIJ*, nº 174, 'Libros', setembro 2004, p. 60.

Comeza referíndose a que o conto de Xoán Babarro ten como protagonista a un insecto que en Galicia se coñece polo nome de "forcadela". A seguir descríbese a historia e saliéntase que o conto progresa con breves intervencións da voz narradora que se apoia nos diálogos

versificados entre a protagonista e os seres cos que se atopa; o uso de fórmulas repetitivas moi na liña da "literatura popular". Remata referíndose ao ilustrador que achega, o que considera, imaxes moi persoais.

Fernández, Ana María, *¿Quen vive aquí?*, ilust. Irene Fra, Vigo: Galaxia, 2004, col. árbore/galaxia, nº 121, serie Azul, a partir de 10 anos, 45 pp. (ISBN: 84-8288-678-9).

Poemario de Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) no que, respondendo á pregunta que lle dá título, se cantan os diferentes elementos que integran espazos naturais como o mar, o monte, a granxa, a selva, a aldea ou a cidade. Pártese da descrición de cada unha destas "casas" e poetízase a actitude e actividades que desenvolven os seres que viven nestes contornos. Así, no mar descríbese os elementos que están debaixo da auga e logo aténdese aos que se sitúan na súa superficie, especialmente os barcos; na casa do monte a voz poética achéganos a animais como o saltón, as formigas, a araña, o caracol, a xoaniña ou a presenza ameazante do lobo pola noite, na que tamén aparece a lúa, ademais do cambio das estacións; na casa da granxa simbolízase a chegada do día coa presenza do galo; na casa da selva, cántase o ambiente a través daqueles sons máis característicos e da presenza de animais como o elefante, a garza, a guacamaia, a avestruz ou o crocodilo, para rematar coa casa da aldea e a da cidade, pois mentres na primeira aparecen os animais domésticos e os que viven a carón do río, na cidade predomina a vida axitada, os edificios acugulados e a maxia que adquire pola noite con todas as súas luces. Dende o punto de vista formal, estabelécese un gran xogo coa disposición dos versos, normalmente curtos, que interactúan coas ilustracións, e nos que predomina a rima consonante. Presenta unha linguaxe moi sinxela, con abondosos recursos fónicos como as repeticións, os xogos paralelísticos e reiterativos, o que favorece a cadencia dos versos e acentúa o ritmo. As ilustracións de Irene Fra están realizadas cun estilo figurativo moi coidado. A técnica que emprega é o lapis de acuarela en cor azul. As composicións son moi variadas e xogan coa colocación do texto.

Recensións:

- Víctor Seoane, '¿Quen vive aquí?', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novedades de 12 a 14 anos', 2004, p. 76.

Despois de lembrar que anos atrás Ana María Fernández conseguiu o Premio Lazarillo co poemario *Amar e outros verbos* resáltase neste a lograda "factura formal" e selección temática. Remátase coa enumeración de temas e coa súa ledicia ao comprobar que a poesía aínda "segue a ter qeu dicir nas coleccións de LIX galega".

- Paula Fernández, 'Imaxes fermosas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 81, 'Infantil/Xuvenil', 29 abril 2004, p. VII.

Explica que Ana María Fernández, autora de *¿Quen vive aquí?*, é de Palma de Mallorca, aínda que vive dende hai anos en Galicia, e que adoita empregar a lingua galega para as

súas obras, pois é na que se sente máis cómoda; sinala que cultivou os xéneros narrativo, teatral e, sobre todo, poético, pois segundo a autora é co que máis se chega aos nenos; indica, ademais, que foi gañadora dos premios Merlín e Lazarillo. Polo que respecta á obra, analiza a súa estrutura, o estilo, a lingua, a temática, ... e recomenda aos nenos a súa lectura, pois asegura que será do seu agrado.

Fernández, Ana María, *O país de amarnos*, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Everest Galicia, 2004, col. Punto de encontro, idade recomendada [lectorado mozo], 62 pp. (ISBN: 84-403-0445-5).

Poemario de Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) que se abre cuns versos dunha cantiga de amigo de Pedro Eanes Solaz, que adiantan a voz poética feminina presente nos versos da autora que canta ao seu namorado. Son vinte e nove poemas sen título, que ocupan as páxinas pares, estendéndose en ocasións ás impares, nunha gran sintonía coas ilustracións abstractas de Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953). A temática amorosa está presente xa dende o título, que se desenvolve no derradeiro poema. A voz poética é un eu feminino que confesa dende o inicio o amor que sente por ese outro ser, inicialmente nunha comuñón coa terra que preludia a entrega a ambos, ao ser amado e á propia terra de acollida. Evócanse encontros co amante e a sintonía que se dá entre ambos, que sempre se fai extensiva a distintos elementos da natureza, especialmente ao mar, na que se busca a entrega final para acadar a eternidade, ao xeito dunha terra útero que acolla o corpo como un refuxio, que por veces representa tamén o ser amado. Simbolízase ao amado con todo o positivo, convertido mesmo en táboa de salvación dun ambiente de podremia e miseria que a rodea. Tamén o propio feito poético é asunto dalgún dos poemas, no que se ve a permanencia da voz poética non na palabra escrita, senón a través dos seres que coñeceron aos amantes, que serán os que os lembren. O amor encarna a esperanza, é unha protección ante calquera ameaza da vida ou da morte, evócase o primeiro encontro, a descuberta do amor nela mesma e como busca do outro, o encontro no solpor ante o mar e os barcos que regresan a terra ou como un todo, no que só existen eles e nada de si mesmos queda fóra. Este "país de amarnos" é o infinito representado polo máis forte e o máis tenro, polos propios namorados que conforman o mundo á súa medida, en comuñón co medio natural que os rodea. Dende a cuberta as ilustracións moi próximas á abstracción de Xosé Cobas (Logrosa-Negreira, 1953) deleitan visualmente por mostrar unha serie de debuxos cunha concepción poética e de gran lirismo, creando xunto coas poesías do texto un diálogo moi harmónico - poética textual e visual. Están realizadas con trazos de ceras frotadas para suavizalos e pinceladas de cores acuareladas con predominio de tons quentes, transmitindo unha sensación cálida reforzada pola propia cor do fondo do papel que, aínda que ten unha presenza satinada, os debuxos foron feitos cun papel texturado.

Recensións:

- M. Rodríguez, 'Un país de sensacións', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 77, 'Letras en galego', 11 setembro 2004, p. 14.

Coméntase a publicación de *O país de amarnos*, de Ana Mª Fernández, un poemario do que se destaca a gran sensibilidade mostrada cara a sentimentos e sensacións das persoas. Indícase que o tema principal é o amor que asoma por todos os "poros" e que lle dá forza. Repásanse algúns dos galardóns dos que foi merecedora esta escritora como o Facho, o Barco de Vapor e o Lazarillo, entre outros. Detense no labor de Xosé Cobas como ilustrador, do que destaca a gran capacidade de reflectir os sentimentos presentes na temática da obra. Sobrancéase, finalmente, a atmosfera creada pola perfecta conxugación da poesía e a ilustración.

García Teijeiro, Antonio, *Chove nos versos*, ilustr. Lázaro Enríquez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2004, idade recomendada (Lectorado autónomo), [72] pp. (ISBN: 84-9782-201-7).

Poemario de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), que se abre cun poema introdutorio que adianta a temática arredor da cal xiran todas as composicións, a chuvia, que chega a vilas e cidades e tamén aos corazóns, aos sentimentos e ás palabras que compoñen os versos. A seguir, os poemas aparecen estruturados en catro apartados: "As choivas no calendario", "Chovendo miudiño", "Chovendo a mares" e "Longa noite de chuvia". No primeiro, a choiva, sempre cambiante, é a protagonista de cada unha das estacións do ano; na segunda, a choiva inunda a natureza e mesmo chega a humanizarse percorrendo o País da Fantasía; en "Chovendo a mares", a choiva volve inundar a natureza e mesmo hai espazo para a choiva de balas dunha guerra preventiva que esnaquizou con crueldade os soños do neno iraquí Alí Samaín. Pecha o poemario a sección "Longa noite de chuvia", que supón unha homenaxe explícita a Celso Emilio Ferreiro e na que algúns dos seus versos sofren unha ampliación na que segue a estar presente a choiva. En todas as composicións destaca o uso de aliteracións e imaxes de gran riqueza expresiva, xunto á intertextualidade recorrente na obra de García Teijeiro, na que resoan poetas como Rosalía de Castro, Aquilino Iglesia Alvariño ou Nicolás Guillén. Encontrámonos diante dun libro que desde a cuberta tanto as imaxes coma o propio deseño do título falan da chuvia (mergullando ao lectorado na auga). As ilustracións moi cercanas á abstracción de Lázaro Enríquez (A Habana, 1950) deleitan visualmente por mostrar unha serie de composicións cunha concepción poética e de gran lirismo, creando xunto coas poesías do texto un diálogo moi harmónico entre a poética textual e a visual. Están realizadas empregando diferentes técnicas e variacións sobre un mesmo tema: a chuvia. Nas variacións xógase co estarcido, con frotados de cores, con salpicaduras de pintura, con xestos e liñas rectas e curvas sobre fondos augados, con trazos de tons azuis e brancos que lembran as ondas do vento e da auga, con xogos de simetría ou reflexos e pinceladas de cores acuareladas con predominio de tons fríos, transmitindo unha sensación líquida.

Recensións:

- Paula Fernández, 'Chove nos versos', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 103, 'Infantil/Xuvenil', 9 decembro 2004, p. VII.

Tras presentar a Antonio García Teijeiro como un autor especializado en poesía infantil, refírese ao álbum *Chove nos versos*, un conxunto de textos que teñen a choiva como protagonista, tanto o fenómeno atmosférico coma a choiva psíquica que está presente nos corazóns e nos sentimentos de todas as persoas. Repara na estruturación en catro apartados da obra, nos pés clásicos e na rima consonante dos versos, nas continuas aliteracións e paralelismos, na presenza dalgúns caligramas e nas imaxes e metáforas de alto valor poético. Salienta tamén o exercicio metaliterario que leva a cabo o autor cos versos de Rosalía, Celso Emilio Ferreiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Pimentel ou Nicolás Guillén. Finalmente menciona o traballo de Lázaro Enríquez que coas caligrafías e os trazos, contribúe a expresar os diferentes matices da choiva e que consegue un resultado no que poesía e arte plástica se conxugan "dunha maneira soberbia".

- M.M., 'Chove nos versos', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 90, 11 decembro 2004, p. 9.

Defínese *Chove nos versos*, de Antonio García Teijeiro como "lírica cuberta de rocío, pingas de auga nos sonetos, unha longa noite de choiva lembrando a pedra de Celso Emilio, un trebón de dor diante da agresión dun pobo". Reprodúcense os versos de Aquilino Iglesia Alvariño que encabezan un dos poemas e saliéntase que o poeta percorre as choivas que sinala o calendario e que marcan o devalar das estacións. Refírese tamén ás ilustracións de Lázaro Enríquez convertido en "señor das augas azuis que caen a trebón ou brancas que choven sobre un teito de estrelas".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 97, 28 outubro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen comentarios das seguintes obras *Teoría de Lugo* (2004), de Henrique Alvarellos e Paco Vilabarros; *Chove nos versos* (2004), de Antonio García Teijeiro; *A música teatral* (2003), de Paulino Pereiro; e *Brrumm-Brrumm* (2004), de Alberto Varela Ferreiro. De *Chove nos versos* faise un resumo do tema e estrutura, con especial fincapé no uso de versos asonantes sobre pés clásicos e as aliteracións e as metáforas.

- Alberto Quian, 'Cando a choiva cae nos versos é marabillosa', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 4 decembro 2004, p. 46.

Entrevista con Antonio García Teijeiro con motivo da presentación do álbum *Chove nos versos* na Casa do Libro de Vigo. García Teijeiro sinala que se trata dun libro distinto aos que leva publicado até o de agora pola súa concepción de obxecto e refírese ás imaxes rompedoras e rupturistas de Lázaro Enríquez que contén. Comenta que lle gusta facer referencia a outros poetas e que neste caso hai unha homenaxe explícita a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, cualifica a choiva como unha metáfora que dá moito xogo: a miúda representa a intimidade e a forte a voz que denuncia as inxustizas. Finalmente, anuncia que

está a traballar nun libro de relatos e nun poemario para adultos que se titulará *Polo camiño do incerto*.

- Valentín Arias, 'Noites de inverno', *El Progreso*, 'Eido rural', 22 decembro 2004, p. 27.

Tras recuperar as noites do inverno que se vivían no rural galego, marcadas pola presenza dos veciños nas cociñas aldeás nas que se falaba da xente e dos aconteceres, se contaban contos e se desenvolvían xogos, recomenda o libro *Chove nos versos*, de Antonio García Teijeiro, salientando a calidade dos textos e das ilustracións de Lázaro Enríquez. Manifféstase partidario de facer uso do tempo de lecer para reparar na dimensión estética da chuvia entre nós contra a manipulación enmascarada da televisión.

García Teijeiro, Antonio, *Bicos na voz. Besos en la voz*, ilustracións de Cristina Minguillón e prólogo de Yolanda Domínguez Trujillo; edición bilingüe galego-castelán, Málaga: Centro de Ediciones de la Diputación Provincial de Málaga ♦, 2004, col. Caracol, nº 21, idade recomendada [prelectorado e autónomo], 58 pp. (ISBN: 84-7785-605-2).

Antonio García Teijeiro (Vigo, 1947), de novo volve a ofrecernos un poemario, agora bilingüe galego-castelán, no que, seguindo as características da súa poética e o seu modo de presentación, comeza reproducindo un dos poemas do seu poemario *Na fogueira dos versos*: "Déchesme un bico na voz/e creáchesme un poema", ao que lle segue un "Prólogo", de Yolanda Domínguez Trujillo no que dá a súa visión do poemario que a seguir se presenta en dezaseis poemas galegos e traducidos ao castelán. No primeiro deles por medio dun acróstico e unha ilustración saliéntase cómo as letras compoñen unha palabra que dá ledicia para a seguir usar un sinónimo galego "beixos" de cores, logo, como en obras anteriores recorre o poeta a versos de poetas clásicos galegos, neste caso a Rosalía: "No bico unha estrela/na estrela, un cantar...", para a partir disto realizar outro poema no que con outro sinónimo "beizos" nos leva á paz, sen deixar de se referir ás brincadeiras ás que nos levan os bicos, mesmo xogando coa súa dobreza semántica (bico do paxaro) e percorrendo palabras e ambientes moi familiares ao lectorado autónomo e de posíbel recoñecemento para o prelectorado, para rematar cunha referencia clara á relación do bico coa música, relación que gradualmente acompaña case todos os poemas e mesmo se explicita no dedicado ao cantautor Luís Eduardo Aute. As ilustracións de tipo figurativo de Cristina Minguillón (Madrid, 1926) para cada unha das poesías presentan formas rodeadas por unha liña negra que as pecha. A cor achégana tintas planas ou fotos que serven de fondo. As figuras están estilizadas e o motivo das ilustracións garda unha correlación co tema dos poemas.

Recensións:

- María Jesús Fernández, 'Bicos na Voz/Besos en la Voz', *CLIJ*, nº 173, 'Libros/Novedades', 2004, dende xullo 2004 ata agosto 2004, p. 62.

Recorda que é este un poemario bilingüe que ten aos bicos como obxecto poético principal, que usa composicións diversas, que se apoia en imaxes plásticas, fermosas sinestesias e metáforas, comparacións e adxectivos para conseguir riqueza sensorial. Salienta que algunhas das composicións están suxeridas por letras do cantautor Luis Eduardo Aute e que as suxestivas ilustracións de Cristina Minguillón están realizadas a colaxe con fotografías do mar.

- Román Raña, 'Bicos na voz', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 88, 'Libros', 17 xuño 2004, p. IV.

Salienta do poemario Bicos na voz/Besos en la voz, novidades en relación á obra do autor. Primeiro a súa aparición nunha colección da Deputación Provincial de Málaga, na que salienta a sensibilidade desta institución para coa lingua galega. Segundo que os poemas non son meras traducións senón máis ben recreacións que considera moi importante, dado que a musicalidade e a rima son dous dos recursos principais das composicións, recursos que o poeta domina con acerto nesta peza popular ou neopopular emparentada coa poética de Amado Carballo, mesmo Federico García Lorca. Salienta que os temas tratados oscilan entre o candor e a tenrura polas pequenas cousas, os insectos multicolores, etc. Refírese ao poema dedicado a Luís Eduardo Aute polo cambio de ritmo que presenta. Remata salientando as ilustracións de Cristina Minguillón.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'Vivir na ánima da poesía', *Atlántico Diario*, 'Musas', 25 abril 2004, p. 57.

Unha breve entrevista na que Antonio García Teijeiro dá conta das súas próximas publicacións: *Bicos na voz*, un poemario bilingüe, publicado nunha colección da Deputación de Málaga, e *Polo camiño do incerto*. Defínese como escritor de LIX e sobre todo como poeta. Considera que "A poesía entre outras definicións que por suposto non descualifico, é a forma de se amosar un tal cal é, un diálogo cos demais, a sublimación da palabra como elemento de comunicación, a constatación e polo tanto a definición da escrita". O entrevistador salienta que é un escritor dunha ampla obra e merecedor de premios como o "Merlín" e "Pier Paolo Vergerio".

Neira, Xoán, *Xiz de cor*, ilust. Marina Riestra, A Coruña: Baía Edicións, 2004, idade recomendada [lectorado autónomo], 29 pp. (ISBN: 84-96128-68-7).

Poemario de Xoán Neira (Meilán, Lugo, 1953) composto de trece poemas nos que a través de versos curtos e linguaxe sinxela poetízase sobre: os astros e os soños, os xogos e xoguetes de nenos e nenas de diferentes xeracións, os obxectos e lugares relacionados coa escola, os diferentes medios de transporte e o mundo máxico dos trasnos e as fadas. Así, o eu poético pregúntase ónde durme e ten a súa casa a Lúa, quén sementa cada noite as

estrelas e as rouba ao mencer, ou comenta, por exemplo, a formación do Arco da Vella, que compara cun soño de cores; o que acontece co Papaventos cando non sente o vento na súa pel, o continuo xirar dun carrusel, o rostro do mundo pintado por un xiz de cor, o deambular dun barco fantasma entre a néboa, as falcatruadas dos trasnos e fadas da fraga ou o qué se pode chegar a alcanzar cos soños. Marian Riestra ilustra este libro de poesías cuns debuxos a dobre páxina, de estilo figurativo. As páxinas teñen distintas cores de fondo e os temas e os personaxes varían en función de cada poema. O emprego dunha base con textura permite o emprego de trazos que evocan o acabado dun xiz sobre o encerado.

Núñez, Toño, *Amores de gato e rato*, ilust. Susanna Widmann, Pontevedra: Kalandraka Editora, maio 2004, col. demademora, idade recomendada [prelectorado], [24] pp. (ISBN: 84-8464-236-4).

Toño Núñez é o artífice desta historia protagonizada por uns animais domésticos, coa que actualiza o dito popular de "o cazador cazado". Despois da fórmula introdutoria característica das narracións infantís, "Había unha vez...", preséntase a un grupo de animais celebrando un baile nun pazo afastado. Todos están animados, a excepción do Gato Gota, a quen non lle gusta o baile e anda a cavilar no xeito de atrapar un rato. Nese intre, convídao a bailar o rato máis pillabán de todos, Donato, que se deixa acariñar con moito teatro para darlle confianza ao paspán do gato. Soben ao tellado por ser "un sitio apropiado para iso do amor" e alí cúmprese o trato estabelecido entre Donato e o can Pirillán, polo que o gato se esfarela igual que un fardelo dende as tellas. Sálvase por ser posuidor de sete vidas, aínda que non volverá cazar un rato finxíndolle amor. Esta historia está narrada a través dun texto rimado, que acostuma a ocupar as páxinas da esquerda e no que sobresaen os nomes dos protagonistas e algunhas das súas intervencións, por estaren grafadas dun xeito máis marcado ou diferencial. Susana Widmann é a encargada de visualizar o texto a través de imaxes, nas que recolle con cores de tons pastel os principais elementos que configuran a diéxese. Trátase dun libro de imaxes pensado para a nenez, no que as imaxes ocupan a totalidade do espazo no que se insiren os pequenos fragmentos de texto facendo unha unidade visual e textual. As ilustracións dende a cuberta sitúan no relato, pois xunto co título mostran os dous protagonistas o gato e o rato. As demais páxinas configúranse con grandes imaxes nas que aparecen os textos rimados sobre grandes fondos de cores xestuais e deseños que gardan relación cromática coa ilustración. Os personaxes son de gran simbolismo e carácter fantástico, de formas moi estilizadas, nas que utiliza xogos de fragmentación e desproporción, así como puntos de vista moi diferentes para enfatizar a expresividade da escena. As técnicas empregadas son diversas: os personaxes están traballados a lápis buscando o volume a través do claroscuro e recortados sobre fondos de gouache, que por veces inclúen fragmentos de papeis diferentes.

Recensións:

- M. Rodríguez, 'O rato caza un gato', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 78, 'Letras en galego', 18 setembro 2004, p. 8.

Achega o argumento da última entrega de Toño Núñez, *Amores de gato e rato*, na que se presenta o mundo dos animais un pouco ao revés e que ten como principal ensinanza a

caída dos fortes ante os débiles. Refírese ao labor ilustrativo de Susana Widmann, que destaca pola súa expresividade e o proveito que tira do contraste entre o branco e negro e a cor.

- María Navarro, 'Amenidade e diversión', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 92, 'Infantil/Xuvenil', 23 setembro 2004, p. VII.

Centra a súa atención no conto en verso que Toño Núñez presenta co título de *Amores de gato e rato* e coas ilustracións de Susana Widmann. Refírese á trama argumental desta historia e considera que varios son os ingredientes para confeccionar un "ameno e divertido texto cun interesante transfondo didáctico que basea na ironía e/ou no enxeño o atractivo fundamental do relato": a escolla de personaxes animais coñecidos e quizais próximos ao lectorado, o eterno enfrontamento entre gatos-ratos, cans-gatos ou a procura de estratexias dos máis febles para deixar en ridículo aos seus opresores. Por último, apunta que a brevidade e concisión das frases e intervencións, os saltos ou silencios temporais-espaciais e o substancioso que resulta a temática, xunto á coidada edición, achegan unha doce e particular recepción do texto.

Referencias varias:

- Benigno Lázare, 'Medrei nela e agora traballo con nenos da zona rural', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 9 xuño 2004, p. L2.

Entrevista a Toño Núñez, mestre e autor de contos infantís, que vén de publicar *Amores de gato e rato*. Conversan acerca da dificultade de publicar literatura, máxime se se trata da dirixida aos máis pequenos. O entrevistado asegura que os contos clásicos son os que máis lles seguen gustando aos nenos e dos autores actuais que escriben contos infantís destaca a Marisa Núñez e Antón Cortizas.

Núñez, Toño, *As cores da vida*, ilust. Laura Comesaña Viéitez, Vigo: Ir Indo Edicións, 2004, col. O parrulo, nº 27, idade recomendada [prelectorado], 25 pp. (ISBN: 84-7680-041-X).

As ilustracións de carácter figurativo de Laura Comesaña ofrécennos unha lectura complementaria dos textos rimados de Toño Núñez. Trátase duns deseños a través dos que coñecemos aos protagonistas, un neno e unha nena, que van mostrando a través de diferentes obxectos ónde están as cores e cáles delas son as máis significativas na natureza. Parten das cores puras (amarelo, azul, vermello, branco), que identifican con diferentes situacións, seres ou lugares, e logo explican como a combinación entre elas dá lugar a novas cores que tamén exemplifican con outras situacións, obxectos, espazos, etc. O

elemento que serve de fío de unión é unha caixiña, que inicia e remata a narración versificada en estrofas de catro versos. Estas composicións queren identificarse coas fórmulas da transmisión oral sen seguir as técnicas apropiadas, xa que se inicia cunha adiviña que non ten correlato nas estrofas seguintes.

Núñez, Toño, *Macedonia de frutas*, ilust. Mingos Teixeira, Vigo: Ir Indo Edicións, 2004, col. O parrulo, nº 28, idade recomendada [prelectorado], 25 pp. (ISBN: 84-7680-041-X).

Toño Núñez presenta unha serie de adiviñas que teñen como protagonistas a diferentes froitas. Están estruturadas seguindo unha disposición de dúas adiviñas por cada un dos elementos tratados que o lectorado agardado ten que descubrir e que ocupan a páxina par e impar, nun xogo de complementariedade que se enriquece cos propios debuxos de Mingos Teixeira, un importante apoio visual para a identificación de cada unha destas froitas. Son textos breves en letra caligráfica ao xeito de coplas populares, que presentan rima asonante nos versos pares e deixa libres os impares.

Rábade Paredes, Xesús, **Villar Janeiro**, Helena, *Dona e Don*, ilust. María Lires, Vigo: Galaxia, 2004, col. árbore/galaxia, nº 120, serie Laranxa, a partir de 8 anos, 57 pp. (ISBN: 84-8288-676-2).

Despois de que iniciaran a súa colaboración conxunta no terreo da poesía infantil no ano 1983 coa publicación de *Cantan os nenos (O primeiro libro de María)*, Helena Villar Janeiro (Becerreá-Lugo, 1940) e Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1949) presentan un conxunto de vinte e sete poemas para nenos "escritos ao longo dunha década de convivencia, amor e paixón pola literatura e a arte". Como o propio título anuncia, todos os poemas xiran ao redor dun Don ou dunha Dona, que na súa maior parte son animais ("Dona Ra da boca oca" ou "Don Moucho organizador"), aínda que tamén aparecen fenómenos atmosféricos ("Don Vento" ou "Dona Chuvia"), elementos da natureza ("Señora dona Lúa", "Don Sol anda atravesado") ou formas numéricas ("Don Anel e Donas Cifras" ou "Dona Ducia"). A estrutura das composición non se rexe por un esquema fixo, abundando as estrofas de catro versos, de medida silábica irregular e sen rima marcada, o que ofrece unha maior liberdade á hora de poetizar. Cómpre referirse ao valor didáctico destas mostras poéticas, pois, a través dunha linguaxe coidada e musical, os nenos de máis de oito anos poden coñecer os trazos máis destacados de moitos dos elementos próximos ao seu mundo. A liña imaxinativa e lúdica dos textos ten continuidade nas ilustracións de María Lires (A Coruña, 1973), que mestura o debuxo coa fotografía cun estilo solto e divertido. A utilización da liña xira arredor de trazos dinámicos e expresivos e, ás veces, complétase con recortes de fotografías. A disposición dos debuxos entre o texto consegue unhas composicións coidadas no aspecto visual.

Recensións:

- Mª Jesús Fenández, 'Dona e Don', *CLIJ*, nº 171, 'Libros/Novedades', maio 2004, p. 60.

Despois de darlle a benvida á remodelación da colección "Árbore" da Editorial Galaxia, pasa a analizar este poemario que acolle un conxunto de poemas que a parella Helena Villar e Xesús Rábade escribiron nos últimos dez anos. Considera que nas composicións se empregan con "gracia y acierto los recursos del ritmo y la rima", se personalizan animales y seres inanimados que conforman o mundo da infancia; se ofrecen numerosas imaxes sensoriais, se empreñan variedade de recursos fónicos, se propicia a oralidade e a memorización por medio de esquemas reiterativos, pequenos diálogos, enumeracións, etc. Remata salientando as innovadoras ilustracións de María Lires nas que se usa a técnica mixta e o colaxe.

- Paula Fernández, 'Dona e Don', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 83, 'Infantil/Xuvenil', 13 maio 2004, p. VII.

Considera que ante este volume podemos falar "máis que dun libro de poesía", "dun conxunto de pequenas cancións", xa que todas elas se prestan para ser musicadas, grazas á súa extensión e á facilidade para ser memorizadas. Pese a que bote de menos un CD, opina que non lle resultará difícil ao seu pequeno lectorado atopar o ritmo dos poemas, pois a súa división en pequenas estrofas normalmente rimadas e a sucesión de aliteracións procuran esa amalgama entre a poesía e a música. Repara nos protagonistas de *Dona e Don* e aprecia o enxeño dos seus autores, Helena Villar e Xesús Rábade, que "malia non anovar, conseguen devolver o gusto pola sinxeleza, e pola beleza afastada de grandes artificios".

Rigueira Rodríguez, Luísa e Delio García Represas (coord.), *Vagalume literario III*, limiar de Suso de Toro, Valdeorras-Ourense: Vagalume Valdeorras , 2004, 225 pp. (ISBN: 84-609-0411-3).

Ábrese o volume cunha "Presentación" de José Fernández López, quen presenta un "vagalume de loito" tras os atentados acontecidos o 11 de marzo en Madrid, que espera ilumine o entendemento das xentes que estiman a violencia como a mellor forma de comunicación. Tamén mostra o desexo de que os valores positivos afloren no decorrer cotián e agradece a participación de todas aquelas persoas e entidades colaboradoras coa Asociación Vagalume ou coa presente publicación. Por outra parte, Suso de Toro asina un breve limiar no que reflexiona sobre a razón pola que se escribe e valora o feito da escrita. A seguir, reprodúcense os textos en galego, que no que se refire á poesía recolle os poemas "Pensémolo ben", de Borja Antonio Rodríguez Fernández; "A Paz", de Diego Cao Vallarino; "Unha espiña cravada no corazón", de Beatriz García Méndez; "O cambio mundial", de Sara Ramos Romero; "Solidariedade", de Sheila Álvarez Hijosa; e "Ven comigo", de Tamara Álvarez Vázquez, todos eles de alumnado de Secundaria. No apartado de "Bacharelato", inclúense os textos "¿Que significa alegría?", de Noelia Fernández Paradelo; "¿Humanización forzosa?, de Vanesa Bruña Fernández;e "Aminah", de Antía Fernández Gómez. Tamén se mostran as "Colaboracións especiais": "O conto de Xan do Val", de Mª Soledad Figueroa Rodríguez; e "O barco máis grande do mundo", de María Fernández. Por último, indícanse os centros participantes neste volume.

Sánchez, Gloria, *Adiviñas de animais*, ilust. Óscar Villán, Santiago de Compostela: Alfaguara/Obradoiro, abril 2004, col. Alfaguara Infantil, idade recomendada primeiros lectores, 21 pp. (ISBN: 84-8224-527-9).

Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958) volve recorrer ás adiviñas para conxugar recursos poéticos procedentes da literatura de tradición oral con trazos como a sorpresa e o humor. O volume consta de vinte e cinco adiviñas nas que o texto está reforzado co uso de caligramas que axudan a descubrir o que se agocha detrás delas. A forma e a disposición das letras e das palabras dotan as grafías de capacidade plástica e expresiva. Os animais do mar, da terra, dos contos, os domésticos e os da granxa son os protagonistas destas adiviñas nas que se xoga cos trazos e características que os definen. As composicións, a través de versos sinxelos e sonoros, combinan as rimas asonantes e consonantes e buscan unha doada memorización. A concepción lúdica da edición, con creativas ilustracións realizadas por Óscar Villán (Ourense, 1972), permite unha segunda lectura e revela en moitos casos o resultado do enigma que presenta a adiviña. As ilustracións dende a cuberta ofrecen algunhas pistas que funcionan como indicio de algo que vai tratar, adiviñar o que ten baixo o sombreiro, que unido ao deseño da contraportada de fondo verde con pequenas follas de arbores, nos sitúa nunha atmósfera na que os protagonistas son os animais. As solucions ás adiviñas veñen dadas polas ilustracións, o que fan un complemento moi útil do texto por servir de referencia, por estabelecer unha relación entre a imaxe e a adiviña. Teñan unha composición a dobre páxina, na que se insiren os pequenos fragmentos de texto en letra de pau, nos que xoga con pictogramas para servir de pistas. As formas son moi esquemáticas e traballadas con cores planas e tons verdes e marróns ambientando o contorno dos animais. Ao final da obra preséntase a listaxe das solucións.

Villar Janeiro, Helena, *Na praia dos lagartos*, Premio Arume 2003, soleira de Xosé Neira Vilas, ilust. Xosé Vizoso, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, xullo 2004, col. Arume de poesía para nenos, idade recomendada [lectorado autónomo], 79 pp. (ISBN: 84-8485-146-X).

Poemario de Helena Villar Janeiro (Becerreá-Lugo, 1940) que conta cun limiar de Xosé Neira Vilas, no que se salienta a tenrura e o axeitado tratamento dos temas para o lectorado infantil que se dá nesta obra, ademais de explicar que con este premio a Fundación que leva o seu nome quere familiarizar ao lectorado máis novo coa poesía e, en última instancia, co amor á lingua galega. Ilustrado con debuxos de Xosé Vizoso (Mondoñedo, 1950) e dedicado aos seus sobriños Miguel e Martín, está composto por trinta e catro poemas nos que se canta á natureza galega representada pola praia dos lagartos, lugar común de todos eles. A través de versos curtos e unha linguaxe sinxela, a autora poetiza principalmente os animais (cuco, serpe, abellas, bolboretas, xabaril, corvo, curuxa, etc.) que se achegan a este lugar tanto durante o día coma pola noite, as plantas que medran nos seus arredores e fenómenos como as estacións. Cada poesía vén acompañada na páxina anterior dunha ilustración que está directamente relacionada co texto. O estilo empregado é figurativo, aínda que un tanto esquematizado, e os debuxos están realizados con tinta plana de cor marrón, que lembra as estampacións en linóleo.

VV. AA., *Zap. Um livro de histórias e poemas pela Paz*, ilust. Acácio de Carvalho e Manuela Bronze, Porto: Junta da Freguesia de Santo Ildefonso □, 2004, col. Instante inicial, idade recomendada [lectorado autónomo e mozo], 30 pp. (DL: 218075/04).

Volume editado con motivo da celebración dos 10os Encontros Luso-Galaicos do Livro Infantil e Juvenil celebrados no Porto en novembro de 2004 e que tiñan como temática o tratamento da guerra na Literatura infantil e xuvenil. Recóllense textos poéticos e narrativos de autores tanto portugueses coma galegos nos que se aborda esta temática. Así, en poesía, no que á literatura galega se refire, reprodúcense poemas de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), que teñen a temática bélica como motivo central. Trátase de "Pombiña que escribes...", de *¡Ai, canto falan as pombas que falan!* (2002), "Cansa de guerras...." do poemario *O que ven os ollos dos nenos* (2000) e "Palabras contra unha agresión a un pobo]", de *Chove nos versos* (2004). As ilustracións en gama de grises que aparecen espalladas polo volume son de Acácio de Carvalho (Vila Nova de Gaia, 1952) e Manuela Bronze (Moçambique, 1955).

VV. AA., *VII Certame Francisco Añón de Poesía*, limiar de Óscar Sendón e epílogo de María Lado, Outes: Concello de Outes ♦, 17 2004, 166 pp. (DL: C-989/2004).

Este volume recolle os galardóns do Premio Francisco Añón de Poesía, convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste Concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor Francisco Añón nas súas catro categorías: A) para nenos de seis a dez anos, B) para os de once a catorce anos, C) para os mozos de quince a dezasete anos e D) para os maiores de dezaoito anos. Na sétima edición, que é a que se recolle, o xurado estivo integrado por Manuela Campos Agrafojo, Oscar Sendón Olveira, María Lado Lariño, Paulino Vázquez Vázquez, Manuel García Fiuza e Santiago Nieto Romarís, que actuou como secretario, deu a coñecer o nome dos galardoados o 16 de maio de 2003. Iníciase o volume cun limiar de Óscar Sendón. A seguir, reprodúcense as bases e as actas do xurado, cunha análise e valoración dos textos premiados e séguelle a reprodución das obras premiadas. Na categoría A, dous premios compartidos "O sol e a lúa" de Lidia Caamaño Caamaño e "Teño" de Pilar Campos Campos e un Accesit a "O ourizo" de Jessica Amado Dosil. Na categoría B, un accésit a "Por ti mar", de Alaba Cid Fernández. Na categoría C, primeiro premio a "Rúlame ruralmente", de Alicia Fernández Rodríguez,. accesit a "20 poemas" de Santiago Sanjurjo Díaz. Na categoría D, primeiro premio a "De porta un horizonte", de Fátima Antía Otero Rodríguez e accésit a "Excrementos", de Fernando Castro Paredes. Remata cun epílogo de María Lado.O volume presenta unha cuberta troquelada que deixa ver un retrato do poeta realizado cunha técnica de gravado que aparecerá sobreimpresionado en todas as páxinas como fondo das poesías. No interior presenta unha colección de vellas fotografías de Outes.

VII.2.2. REEDICIÓNS E ADAPTACIÓNS

García Teijeiro, Antonio, *Cacarabín, cacarabón*, ilust. Teo Puebla, trad. Xulio Cobas, Zaragoza: Tambre, 2004, col. Ala Delta, nº 8, serie Vermella, idade recomendada a partir dos 5 anos, 50 pp. (ISBN: 84-263-5274-X).

Poemario de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) publicado por primeira vez en 1991 en galego e traducido do castelán *Versos de agua* (1989) por Xulio Cobas Brenlla, que ve agora de novo a luz nunha versión revisada polo autor e adaptada ás normas ortográficas en vigor. Trátase dun conxunto de catorce composicións recollidas na súa maioría do folclore infantil, nas que predominan os versos curtos, os xogos de palabras e as imaxes sonoras, que invitan a acompañalas con sons musicais. Son coplas que dende o punto de vista estilístico están formadas por pareados, nos que os xogos divertidos de sons, as onomatopeas, reiteracións ou repeticións facilitan o ritmo e a memorización por parte do lectorado agardado. Adaptado ao novo formato da colección, dende o punto de vista paratextual presenta diferenzas coa edición anterior, posto que agora as ilustracións de Teo Puebla (Puebla de Montalbán, Toledo, 1943), ocupan toda a páxina, adquiren maior intensidade e perden o marco que as reducía a un cadro central.

VII.2.3. POETAS TRADUCIDOS OU VERSIONADOS

Alapont, Pasqual, *O segredo de Cristina*, ilust. Alberto Botella, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 16, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-155-6).

Conto de Pasqual Alapont (Catarroja, 1963) no que se narran, en letra manuscrita e maiúscula, as actividades que desenvolve Cristina cada día da semana. O luns debuxa, os martes inventa e modela figuras de plastilina, o mércores corre polo parque, xoga á pelota e patina, o xoves cociña pizza, o venres xoga aos piratas co seu curmán Xoán e coa súa curmá Mariña, o sábado merenda coa súa boneca e, finalmente, o domingo dedícao a bailar e a ler un pouco para non aburrirse con tanta rutina. Neste relato combínase un dobre nivel de lectura, textual e gráfico, onde as páxinas impares teñen unha ilustración a toda cor e nas páxinas pares, ademais do texto, hai tamén un debuxo que cobra animación se pasamos as páxinas de corrido.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 102, 2 decembro 2004, p. 7.

Sección fixa na que se recollen as recensións das seguintes obras *A biblia popular galega* (2004), de Xosé Chao Rego; o *Diccionario de escritores de Tabeirós-Montes* (2004), de Carlos Loureiro Rodríguez; *As bioinvasións na Galiza* (2004), de Xurxo Pérez Pintos e Xosé Bouzó Fernández; e *O segredo de Cristina* (2004), de Pasqual Alapont e Alberto Botella. Desta obra dise que ten como obxectivo, acorde coa novidosa colección na que se insire, que os nenos e as nenas melloren o proceso de aprendizaxe da lectura.

Desclot, Miquel, *Amor de mar*, ilust. Marta Balaguer, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 3, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-142-4).

Conto rimado de Miquel Desclot no que se narra o que lle acontece a unha muller empoleirada e a súa cadela dende o momento en que saen a pasear polo carreiro que chega ao mar e se atopan cun home groso co seu can. Un narrador en terceira persoa informa ao lectorado do galanteo e namoramento de ambas parellas, humana e animal, nese contorno natural e de cal é o froito das respectivas relacións: un meniño e cinco cadeliños. O texto manuscrito e en maiúscula acompáñase dos debuxos de Marta Balaguer (Barcelona, 1953). Nas páxinas pares aparece un pequeno debuxo dunha estrela que se move ao pasar rápido as follas. Nas impares, os debuxos están realizados cunha liña de contorno que delimita as formas dos personaxes. Tanto os fondos como as figuras teñen cores suaves, aplicadas con tintas planas.

Viana, Mercé, *Os tres amigos*, ilust. Xan López Domínguez, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2004, col. Paseniño, nº 14, TEXTOS manuscritos E EN MAIÚSCULA, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-153-X).

Recorrendo á presentación dos textos en letra manuscrita e en maiúscula, Mercé Viana (Alfafar, Valencia, 1946) achégase ao prelectorado cunha historia sinxela. Nela preséntase a unha fada e unha anguía que vivían nunha costa tranquila e que gustaban de iren ao mar para poderen xogar e nadar. Nunha destas excursións descubriron un golfiño tricolor que coa súa voz cantareira lles propón amosarlles o mar. No seu lombo, a fada e a anguía descubriron polbos xigantes, catro barcos mercantes, un peixe barbudo, unha balea miúda e centos de cousas que están no interior do mar. As ilustracións deste volume son de Xan López Domínguez (Lugo, 1958) quen presenta nas páxinas pares un pequeno debuxo dun peixe que se move ao pasar as páxinas do libro, mentres que nas impares, ocupando todo o espazo, mostra as figuras dos protagonistas moi estilizadas, creando unhas formas moi persoais que se organizan en composicións nada convencionais, pero moi efectivas, que invitan ao lectorado a seguir ese paseo polo mar. Nestas ilustracións hai un predominio de cores frías aplicadas con tintas planas.

VII.2.4. ANTOLOXÍAS

VII.3. TEATRO

VII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Aleixandre, Marilar, **Alfaya**, An, **Babarro**, Xoán, **Carballeira**, Paula, **Casalderrey**, Fina, **Fernández Paz**, Agustín, **Fernández**, Ana María, **García Teijeiro**, Antonio, **Martín**,

Paco, **Villar Janeiro**, Helena, *Postais do camiño*, ilust. Lázaro Enríquez, Vigo: Galaxia, novembro 2004, col. árbore/galaxia, serie Verde, nº 131, a partir de 12, 225 pp. (ISBN: 84-8288-761-0).

Volume no que algúns dos autores máis representativos da Literatura infantil e xuvenil galega tratan aventuras e reflexións que teñen como escenario o Camiño de Santiago. Iníciase a obra precisamente cun mapa de situación dos lugares e cidades polos que discorre este camiño, que enlaza Francia con Santiago de Compostela. Cada relato vai acompañado dunha ilustración de Lázaro Enríquez (La Habana, 1950) realizada con tinta e augadas dunha soa cor. Están compostas con algúns elementos da narración e na que o autor adoita mesturar, nun estilo moi libre, distintos personaxes ou obxectos da actualidade con imaxes que conectan co pasado do Camiño: grafías antigas, personaxes medievais, debuxos de catedrais, notacións musicais, etc. No que se refire ao teatro a peza incluída é a de Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958) , "Sainete no Camiño. Obra mixta para monicreques e actores". Nela fai unha homenaxe ao titiriteiro Xosé Silvent, máis coñecido como Barrigaverde. Nesta peza aparecen personaxes característicos da cidade de Santiago de Compostela como o Tuno, as Marías e o Cabaleiro de Santiago, cos que os monicreques conversan e dos que mesmo se mofan. O enfrontamento dáse tamén con Xosé, que tenta obrigar aos seus monicreques a que se laven, pero finalmente será el o que remate no río por ter sido vítima dun accidente.

Arca Caldas, Olimpio, *Soprar a tempo*, ilust. dos alumnos/as de 2º B do CEIP "Xesús Golmar" de Lalín , A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza □, 2004, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 21, idade recomendada [lectorado autónomo], 16 pp. (ISBN: 84-96368-05-X).

Peza de Olimpio Arca Caldas (Cuntis, 1928) que ten como personaxes a unha nena e o seu can, ao público, aos señores Filósofo e Autoritas, ao Patrón e a Mari-Pepa. Nela, a nena preséntalle ao público, do que require a súa participación, un a un os personaxes que forman parte da historia para, despois da presentación da súa amiga Mari-Pepa, esta dar paso á peza na que Autoritas atopa ao Patrón tirado no chan e o acusa de borracho, mentres que a nena defende que está enfermo. A chegada de Mari-Pepa e posteriormente do Filósofo serve para que se descubra a verdade. As ilustracións, referidas ao tema da obra, están realizadas polo alumnado de 2º B do CEIP "Xesús Golmar" de Lalín e limítanse á cuberta e á portada. O debuxo do interior ten como finalidade identificar aos personaxes da obra.

Arca Caldas, Olimpio, *Mágoas de campesiños e señoritos (Castelao no recordo)*, ilust. Héitor Picallo "O Carrapucho", A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza □, 2004, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 15, idade recomendada [lectorado mozo], 30 pp. (ISBN: 84-96368-00-9).

Peza de teatro de Olimpio Arca Caldas (Cuntis, 1928) na que se lle rende unha homenaxe a Castelao, autor presente xa no subtítulo e nun elemento paratextual incluído na portada:

unha cita de *Cousas* na que se refire á súa concepción do teatro. Estruturada en dúas partes, que á súa vez presentan dous lances cada unha, está baseada nas estampas que o propio rianxeiro deixou na súa obra *Cousas*, nas que se reflectía a diferente concepción da vida e valores que tiñan as dúas clases sociais a través da oposición de dúas escenas: unha que reproducía a anguria que lle provoca aos pobres a perda dunha vaca, outra a que padecían os membros da burguesía pola morte dun can. Así, na primeira parte recréase a anguria de Carme e a súa filla cando lles morre a súa única vaca, mercada cos cartos que o fillo máis vello mandara dende a emigración, e que era o sustento da familia. A crítica social esténdese nestas escenas non só á necesidade de ter que marchar para gañar a vida, senón tamén á situación da escola en Galicia, cunha educación en castelán que non motivaba ao alumnado. Na segunda parte, recréase o sufrimento daqueles burgueses que tratan a morte dun can como un asunto de gran transcendencia. As personaxes son varias mozas frívolas e superficiais que representan os valores da súa clase, en clara oposición coa criada que as atende na casa e que lles vai retrucando con moita sorna. As ilustracións en tinta, en branco e negro, moi contrastadas de Héitor Picallo "O Carrapucho" acentúan o dramatismo do narrado. Este libro está ilustrado con tres debuxos realizados a tinta e teñen un contraste forte entre o branco e o negro, o que acentúa o dramatismo da morte dos animais. O primeiro e o último debuxo teñen composicións paralelas. Emprega o mesmo recurso visual (a alma escapando do corpo) para reflectir a morte da vaca e do can; tamén hai un paralelismo das dúas escenas no tratamento da luz e na disposición do trío de mulleres. O primeiro debuxo e o terceiro correspóndense co escenario descrito no texto; o segundo non se corresponde, aínda que se refire á situación inmediatamente anterior á entrada en escena.

Durán, Xosé, *A lección máis solidaria*, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza , 2004, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 17, idade recomendada [lectorado autónomo e mozo], 16 pp. (ISBN: 84-96368-02-5).

Peza de teatro de Xosé Durán, dividida en dúas escenas, na que o autor se achega á escola, aos problemas que os invidentes e parapléxicos teñen tanto nela coma na actual sociedade e ao que poden aprender destes as persoas non discapacitadas. Na primeira escena unha profesora reflexiona cos seus alumnos sobre a convivencia nas aulas con Pepiño, un neno cego, que remata a súa convivencia con eles. Na segunda, a mesma profesora e alumnos da anterior escena, preparan e danlle a benvida a Uxía, unha nova compañeira que vai nunha cadeira de rodas e da que todos van aprender cousas. A ilustración da cuberta, de Cristina Gómez Silva, repítese na primeira páxina. É un debuxo realizado a tinta de liñas angulosas, quebradas; sen busca do volume, só son liñas de contorno que representan a unha fila de persoas.

Freire, Carlos, *A boca do inferno*, ilust. Xulio Cuba, A Coruña: Everest Galicia, 2004, col. Punto de encontro, idade recomendada mocidade, 76 pp. (ISBN: 84-403-0447-1).

Peza de teatro de Carlos Freire que ten como protagonista a un cego que está a facer a peregrinación a Compostela. Ao longo da súa camiñada detense na aldea de Fontao, onde pretende cantar as súas coplas para recadar cartos e seguir camiño. A súa promesa de desvelar nos seus romances o misterio da desaparición de tres persoas na vila de Croques

atopa o rexeite das autoridades locais, dende o párroco até o alcalde, pasando polo gobernador e os representantes da fidalguía, que ven ameazadas as súas posicións privilexiadas ante esta revelación. As manobras destes personaxes centrais da peza (cego, crego, sancristán, alcalde ou gobernador) para sacar tallada da situación creada pon de manifesto a loita de intereses, xa sexan de carácter económico ou sexual. Todos eles despregan unha gran dose de picardía, demostran as habelencias para acadar os seus obxectivos e non dubidan en mudar de opinión ou contradicir as súas accións segundo máis lles conveña en cada momento. As ilustracións de Xulio Cuba caracterizan dende a portada ao personaxe da peza de teatro -o cego- e móstranos ao longo ao longo da obra algunhas outras descricións de escenas e personaxes, nas que hai que salientar no seu tratamento un achegamento á obra de Luís Seoane, especialmente pola utilización de debuxos de liñas grosas e rotundas, feitas en rotulador e con grandes manchas de cores planas e cálidas.

Referencias varias:

- Ezequiel, 'A boca do inferno', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 22 outubro 2004, p. 29.

Explica que hoxe se vai presentar o libro de Carlos Freire, *A boca do inferno*, e que no acto van estar presentes o autor, representantes da editorial, o ilustrador da obra e outras persoas vinculadas ao xénero teatral. Sinala, ademais, que no acto vai ter lugar unha actuación musical e unha representación teatral a cargo do grupo Trotaconventos. Finalmente, dá conta do argumento da obra, na que o protagonista é un cego que chega á vila de Fontao, onde atemoriza aos seus veciños polas súas coplas.

- Xosé Lueiro, 'Carlos Freire actualiza o xénero da picaresca coa peza 'A boca do inferno', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 24 decembro 2004, p. 74.

Entrevista a Carlos Freire, que vén de publicar *A boca do inferno*. Explica que esta obra está inspirada nunha lenda popular e que algúns dos seus personaxes lembran aos do *Lazarillo* ou o *Buscón*. Sinala, asemade, que esta peza teatral xa foi representada en marzo de 2003 no Festival Internacional de Teatro de Toulousse. Ademais, fala da importancia de introducir o teatro no ámbito escolar e de empregalo como ferramenta educativa, pois ten grandes valores dentro no proceso formativo do neno.

Garrido Couceiro, Xoán Carlos, *Falando con balas*, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza □, 2004, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 23, idade recomendada [lectorado mozo], 32 pp. (ISBN: 84-933317-8-3).

Ábrese este volume cunha introdución titulada "Un diálogo tan imposíbel como necesario", no que se fan certos comentarios sobre a filosofía e se salienta o contido destes "densos e breves" diálogos, dos que se pode tirar proveito no terreo educativo e que posúen un gran valor, porque "onde habita o diálogo non hai xeito de que entre a violencia". A seguir, recóllense os diálogos que Alexandre Bóveda mantivo no cárcere os días anteriores ao seu fusilamento, que se produciu o 17 de agosto de 1936, por ter defendido os seus ideais ata as

últimas consecuencias. Os seus interlocutores son un militar alzado, Sócrates, Séneca e Xesucristo, os tres últimos finados a mans dos seus coetáneos en circunstancias comparábeis ás do galeguista asasinado durante a Guerra Civil española. Os temas de conversa xiran ao redor dos principais problemas filosóficos no eido da ética, da estética, do dereito, da teoría do coñecemento e da metafísica, vinculados sempre de forma estreita con cada un dos interlocutores. Na derradeira escena, presenciamos o cruel fusilamento, no que Bóveda, atado de mans, se encara ás tres balas que lle dan morte e que teñen pintada cadansúa palabra: ben, verdade e beleza. O filósofo Xoán Carlos Garrido Couceiro (A Estrada, 1965) acompaña cunha serie de retratos de Bóveda o seu texto, que toma a ficción "para recrear unha realidade que a narración propiamente histórica ou descritiva non permitiría alcanzar". A ilustración da cuberta é unha fotomontaxe realizada con retratos dos personaxes históricos que interveñen na obra: a foto de Alexandre Bóveda, os bustos clásicos de Sócrates e Séneca e unha imaxe barroca de Xesús. A única ilustración do interior é unha composición de retratos de Bóveda, manipulados cun procesador de imaxes.

González Graña, Fernando, *Sálvese quen poida*, prólogo de Héitor Picallo, ilust. Héitor Picallo "O Carrapuco", A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza □, 2004, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 18, idade recomendada [lectorado mozo], 49 pp. (ISBN: 84-96368-03-3).

Peza de teatro de Fernando González Graña (Cuntis, 1962) que se abre cun prólogo de Héitor Picallo Fuentes, "O Carrapucho", autor tamén das ilustracións que acompañan a obra. Nel repasa a traxectoria de Graña e céntrase na análise da peza, que define como "un cúmulo de distintas impresións vitais do autor" nas que inflúe o ambiente familia e do seu Cuntis natal. Tamén se detén en aspectos como o tratamento temático da morte ou do pecado, nunha peza que destaca polo emprego da alegoría, os símbolos e as metáforas, todo isto marcado pola gran carga humorística. Remata deténdose na obra anterior do autor, *Clave rosa* (2003), e no feito de que fora incluída no catálogo da Feira Internacional de Boloña, *Children books from Galicia 2004* (2004), o que para el demostra a calidade da peza e que significa un paso importante cara ao "(inter)nacionalismo literario" na liña apuntada no seu momento por persoeiros como Vicente Risco ou Castelao. A seguir, ofrécese a relación de personaxes que interveñen na obra, que aparece estruturada en catro partes e diferentes escenas. Ten como protagonistas principais a Xanlorcias, Ferrecho, Touxín, Xaquín e o Crego, todos eles homes que acaban de morrer e son xulgados por un tribunal para decidir se seguen no mundo dos mortos e se van ao ceo ou ao inferno. O tribunal está presidido por unha xuíz, á que acompañan a Morte, representada por unha muller vella cun traxe negro e unha gadaña na man, e unha ducia de personaxes sen rostro que son o xurado. Despois de recrear os instantes previos ao seu falecemento e a reacción que tiveron ante a presenza da Morte, todos son declarados mortos, e asisten ás discusións entre o avogado defensor do Ceo e o do Inferno, que valoran as súas traxectorias para decidir a onde lles corresponde ser destinados. Finalmente, todos son absoltos e enviados ao Ceo, onde os leva San Pedro, que traballa de ascensorista e porteiro. As iluminacións de Picallo para esta obra son de tipo figurativo. Os debuxos acentúan o carácter dramático das escenas; a morte, representada por unha caveira que sobrevoa o pobo, as ánimas e o mazo da lei que cae sobre os personaxes son símbolos que emprega o autor para ilustrar esta obra.

A técnica empregada acentúa os trazos dramáticos ao empregar trazos soltos e expresivos, así como fortes contrastes de branco e negro.

Rigueira Rodríguez, Luísa e Delio García Represas (coord.), *Vagalume literario III*, limiar de Suso de Toro, Valdeorras-Ourense: Vagalume Valdeorras □, 2004, 225 pp. (ISBN: 84-609-0411-3).

Ábrese o volume cunha "Presentación" de José Fernández López, quen presenta un "vagalume de loito" tras os atentados acontecidos o 11 de marzo en Madrid, que espera ilumine o entendemento das xentes que estiman a violencia como a mellor forma de comunicación. Tamén mostra o desexo de que os valores positivos afloren no decorrer cotián e agradece a participación de todas aquelas persoas e entidades colaboradoras coa Asociación Vagalume ou coa presente publicación. Por outra parte, Suso de Toro asina un breve limiar no que reflexiona sobre a razón pola que se escribe e valora o feito da escrita. A seguir, reprodúcense os textos gañadores, que no referido ao teatro é "Unha vida adicada á solidariedade", de Noelia Díaz Martínez.

Vázquez Pintor, Xosé, *A sombra da memoria*, ilust. Héitor Picallo "O Carrapucho", peza finalista do Premio Rafael Dieste 1999, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza □, 2004, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 22, idade recomendada [lectorado mozo], 20 pp. (ISBN: 84-933317-5-9).

Peza de teatro de Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) estruturada en dous actos, que conta unicamente con dous actores, El e Ela. No primeiro acto El, nun monólogo, achégalle ao lectorado a satisfacción que sente representando un papel no que encarna a un home que se enfronta ao abandono da muller amada, personaxe que en todo momento compara coa súa propia vida, pois el tamén foi abandonado por Sonia, á que se dirixe durante toda a representación, recriminándolle a súa traizón. No segundo acto, El fai unha presentación de Ela, na que explica que segue a xogar coma na infancia, na que xa os pais detectaban algún problema psicolóxico, pois era unha nena que sempre estaba soa. A seguir, reprodúcese o diálogo que Ela estabelece cos seus dous monecos favoritos, Nada e Milo, que adquiren personalidade propia e evocan os tres a infancia compartida dende a chegada de cada un deles, situacións vividas ou a ameaza de volver ao psiquiátrico. Ela evoca para eles diferentes espazos e seres reais ou ficticios que parece asociar coa súa vida pasada, nun xogo de recoñecementos e ignorancias que se pechan arredor do mundo creado para eles os tres. Son seres que asumen diversas personalidades, nun xogo esquizofrénico, no que a alusión aos espellos parece reflectir unha realidade filtrada pola mente confusa de El e Ela. As ilustracións de Héitor Picallo "O Carrapucho", aluden ao ao xogo metateatral que se estabelece na obra. Emprega tinta e colaxe a base de recortes de periódicos. O estilo é solto e expresivo.

VII.3.2. REEDICIÓNS E ADAPTACIÓNS

García Barros, Manuel, *O ciridonio*, adaptación teatral de David Otero, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza □, 2004, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 14, idade recomendada [lectorado mozo], 19 pp. (ISBN: 84-933317-9-1).

Con motivo da celebración en 1997 do ano de D. Manuel García Barros (Berres, 1876-Callobre, 1972), David Otero (Compostela, 1946) realizou esta adaptación teatral de *O Ciridonio*, que parte dun texto do escritor estradense publicado baixo o mesmo título no seu volume de *Contiños da Terra*. Ábrese este volume da colección "Pinguela" cunhas "Notas aclaratorias", nas que o adaptador ofrece unhas pequenas orientacións sobre a configuración do escenario, os personaxes e a súa contextualización nun medio rural ou nunha vila do interior de Galicia. A seguir, dáselle paso á breve peza teatral que no seu primeiro acto nos presenta á Narradora, que deixa en suspense a Casimiro e ao público sobre o qué lle aconteceu a Ciridonio. Este taberneiro presumido, fachendoso e patulante aparece en acción xa no inicio do segundo acto, que se centra na escenificación da burla á que un forasteiro o somete, por crerlle que a través da extracción do espírito do viño se podería elaborar esta bebida con auga. Ciridonio queda en ridículo diante da súa muller e dos seus veciños e a obra queda pechada pola Narradora e Casimiro que, solicitando a complicidade do público, sentencian "Que el por ser tan presumido... pasoulles a perdedor...". A única ilustración que contén o volume coincide coa da cuberta e correspóndese cun debuxo de Manuel Fragoso, realizado no estilo figurativo, con ilusión de volume nas figuras e planos con tramas grises no fondo.

Negreira Blanco, Xesús, *Santo Domingo de la Calzada, onde cantou a galiña despois de asada*, prólogo de Xoán Xosé Fernández Abella, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza □, 2004, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 13, idade recomendada [lectorado autónomo], 16 pp. (ISBN: 84-933317-7-5).

Peza de teatro de Xesús Negreira Blanco, que se abre cunha presentación de Xoán Xosé Fernández Abella na que presenta a obra e sinala que con ela se lle quere render unha homenaxe ao Camiño de Santiago e á Rioxa, unha das rexións polas que transcorre. Sinala tamén que, en recordo desta lenda, aínda hoxe se manteñen vivos dentro da Catedral de San Domingos da Calzada un galo e unha galiña nunha gaiola. A peza, estruturada en dúas escenas, ten como escenario unha pousada do Camiño de Santiago á que chega unha familia de peregrinos franceses procedentes de Poitiers e que se dirixen a Compostela para agradecerlle ao Apóstolo que curara ao fillo enfermo. Na pousada coñecen a outros personaxes cos que entran en contacto e aos que lle contan as súas vivencias. Durante a noite dous pillos que se hospedaban alí deciden roubar os cartos do pousadeiro e involucran ao fillo da familia de peregrinos deixando a bolsa baleira ao seu carón. A xustiza decide castigalo a morrer aforcado malia a falta de probas, feito que non ocorre pola intercesión milagreira do Apóstolo, que evita que se cometa unha inxustiza. Esta peza presenta unha única ilustración no interior, realizada en branco e negro, que coincide coa da cuberta. A composición é o resultado de entrecruzar distintos planos de texturas diversas con elementos representativos da obra, como o galo, os soldados, a cuncha do peregrino, etc.

Valladares, Marcial, *Conversa entre arrieiros*, edición crítica e cronoloxía de Xosé Luna, prólogo e ilustracións de Héitor Picallo, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza □, 2004, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 19, idade recomendada [lectorado mozo], 29 pp. (ISBN: 84-933317-6-7).

Volume que se abre co prólogo titulado "Arrieiros da cultura", de Héitor Picallo Fuentes "O Carrapucho", no que se destaca a importancia das reedicións das obras literarias e concretamente da peza *Conversa entre arrieros*. A continuación reedítase a peza que chegou ás mans de Marcial Valladares Núñez (Vilancosta, A Estrada, 1821-1903) grazas ao cura de Santa María de Cortegada, Andrés Rodríguez López, quen á súa vez a recolleu de Ramón Varela Vahamonde, poeta popular satírico do Deza. Trátase dun sucinto diálogo rimado entre os personaxes Cosme, Rielo e o arrieiro Arán, quen lle conta aos primeiros a causa pola que leva tanto viño nas bestas e comenta a actitude dos borrachos de Santiso (Forneiro, Serafín e a súa muller e Pereirolo, entre outros) para os que a bebida está destinada. A peza preséntase incompleta respecto á reprodución do texto que se recolle no libro *Marcial Valladares Núñez. Cantigueiro Popular* (2004), de Xosé Luna Sanmartín. Remata o volume cun apartado dedicado á caracterización da lingua da peza, no que tamén se sinalan as actualizacións gráficas realizadas nesta edición, e cun apartado titulado "Cronoloxía", elaborada a partir do mencionado libro de Luna Sanmartín, no que se destacan algúns dos momentos máis importantes de vida de Marcial Valladares. As ilustracións, tanto da cuberta coma do interior, de Héitor Picallo están realizadas a tinta negra con contrastes acusados entre os debuxos das figuras e os planos negros do fondo. O estilo é figurativo e céntrase en imaxes e obxectos relacionados co tema central da obra: os arrieiros, os seus aparellos, as mulas, a taberna e o viño.

Varela Buxán, Manuel Daniel, *O cego de Fornelos*, edición de Carlos Loureiro, prólogo de Xosé Vázquez Pintor, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza □, 2004, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 20, idade recomendada [lectorado mozo], 25 pp. (ISBN: 84-96368-04-1).

Nova edición desta peza de Manuel Daniel Varela Buxán (Lamas-A Estrada, 1909-Cercio-Lalín, 1986), que se abre cun prólogo de Xosé Vázquez Pintor titulado "O meu amigo levado". Nel evoca a relación de amizade que os uniu, lembra a importancia das ensinanzas do dramaturgo estradense na súa carreira literaria e céntrase na súa traxectoria vital sempre ligada á actividade teatral, tanto en Galicia coma na emigración. A peza, de ambiente aldeán, está estruturada nunha xornada con tres escenas. Os personaxes principais son o matrimonio formado por Pepa e Farruco, pais de Xuana, casada con Xulián, un emigrante que está de vacacións en Galicia e que despreza todo o que representa a súa terra. Os petrucios Pepa e Farruco recrimínanlle a seu xenro que teña soa na aldea a súa muller, Xuana, mentres el está na Arxentina traballando. A propia Xuana tenta facerlle ver ao seu home que cambiou tanto a súa actitude que xa non o coñece, á vez que defende a terra e a necesidade de loitar por mellorala sen ter que marchar fóra. Rebélase contra a situación de enfrontarse á vida e ao traballo soa, sen a axuda e o cariño do seu home, ao que lle propón a loita por mellorar dende a propia terra. Durante a noite chega á casa un cego e o seu criado, que en conversa con Xulián lle recriminan a súa actitude, non entenden como pode

defender a emigración, desprezar a terra e a súa fala, e todo o que representa Galicia. Cando o cego e o criado marchan Xulián comeza a reaccionar e decatarse da súa propia cegueira. A cuberta do volume ten un debuxo sinxelo, dun rostro cun parche no ollo, que introduce ao lector no tema directamente. No interior aparece unha caricatura dos autores do texto.

Vázquez Pintor, Xosé, *A fraga encantada*, finalista do Premio O Facho 1983, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza □, 2004, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 16, idade recomendada [lectorado autónomo], 16 pp. (ISBN: 84-96368-01-7).

Peza de teatro en prosa rimada de Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946), finalista do Premio O Facho 1983, que ten como protagonistas a Curuxa, o Sapoconcho, o Xigantón, a Lúa, a Árbore, o Sol e o Vento. Ambientada no bosque, está estruturada en dous lances e diferentes escenas, nas que se a Curuxa decide organizar unha festa na que van participar todos os animais da fraga. O Xigantón é o encargado de botar un foguetón para avisalos, pero namorado da Árbore como consecuencia do desexo que lle pide á Lúa, queda estantío e non atende á encomenda. Os seus compañeiros pídenlle axuda ao Vento e ao Sol para espertalo, pero este último tenta sometelos á súa vontade, contra o que se rebelan todos os animais. Finalmente, o Xigantón esperta por si mesmo e a alegría reina de novo na fraga. Na cuberta preséntase unha fotografía en branco e negro dunha fervenza que acena cara ao contorno no que se desenvolve a narración.

VII.3.3. DRAMATURGOS TRADUCIDOS OU VERSIONADOS

Núñez, Teresa, *A fada do abano verde*, I Premio Nacional Mª José Jove de Escritura Teatral Infantil, ilust. Mª Fe Quesada, trad. Rosa Moreiras Cuñarro, A Coruña: Everest Galicia, 2004, col. Montaña Encantada, serie Laranxa, a partir de 10 anos, 95 pp. (ISBN: 84-403-0521-4).

Ábrese o volume coa presentación da escenografía, a Casa do Conde Alegre e o Pazo dos Carambelos, e os personaxes, Prima-Vera, o Trasno Marzo, o Trasno Agosto, o Conde Alegre, Frío de Neve, a Raíña Xélida e as Doncelas da Raíña. A seguir a peza de Teresa Núñez estrutúrase en dous actos nos que se proxecta a contraposición entre dous mundos e personaxes, o contorno alegre e cálido ao que pertence Vera, os trasnos e o seu pai o Conde e o mundo triste e frío da Raíña e os seus serventes. A historia comeza uns días antes de que Prima-Vera cumprise quince anos cando esta é convidada ao Pazo dos Carambelos pola Raíña Xélida, a súa curmá. Alí todo está cheo de carambelos, estalactitas, neve e xeo; todo, mesmo os corazóns dos seus habitantes. A Raíña proxecta gobernar para sempre o mundo e que o inverno durase o ano enteiro, pero Prima-Vera, coa axuda da sabedoría dos trasnos e do don que a súa madriña, a Fada das Flores, lle concedera cando naceu, enfrontarase á Raíña Xélida con valentía e enxeño. No aniversario de Verán a Raíña regálalle o abano do Rei Verán descoñecendo os poderes que Vera posuía, cando esta sopraba o abano co seu alento de fada todo comezaba a derreterse e así Prima-Vera conseguiu gañarlle a batalla á

Raíña Xélida, chegando a un acordo entre elas e distribuíndo o ano nas diversas estacións. Ao longo da historia faise unha defensa da importancia de cada unha das estacións do ano para o mantemento dun equilibrio no ecosistema mundial, todas as estacións son necesarias e non se pode prescindir de ningunha. As ilustracións de María Fe Quessada están solucionadas con debuxos a tinta coloreados con acuarela de cor. A descrición dos personaxes e do escenario dos dous actos, vén esbozada no texto da obra pero os debuxos completan a información con detalles na vestimenta e na escenografía. As caras dos personaxes teñen unhas faccións moi expresivas e para diferenciar se se está no acto primeiro ou no segundo hai unha franxa de flores ou de cristais de neve no borde inferior das páxinas.

Recensións:

- Marta Otero, 'Teatro máxico', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 56, 'Letras en galego', 17 abril 2004, p. 7.

Achega á obra *A fada do abano verde*, de Teresa Núñez, que foi gañadora do I Premio Nacional María José Jove de Escritura Teatral Infantil. Explica que os personaxes desta peza dramática son Prima Vera, Trasno Marzo e Trasno Agosto, que se enfrontan á Raíña Xélida para que o inverno non dure un ano enteiro; e dá conta do espazo no que se desenvolve a aventura. Sinala, finalmente, que os nenos terán a posibilidade de achegarse ao teatro da man desta peza, grazas á promoción que do teatro fai a Fundación Mª José Jove.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 79, 15 abril 2004, p. VII.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle as referencias de *Lois Tobío* (2004), de Xulio Ríos; *O porco centelludo* (2003), de Irene Pérez Pintos e Lázaro Enríquez; *Espazos naturais da provincia de Ourense* (2004); e *A fada do abano verde* (2004), de Teresa Núñez e Mª Fe Quesada. Sinala, con respecto a *A fada do abano verde*, que se trata dunha peza teatral para rapaces a partir de dez anos, editada na colección "Montaña encantada" e gañadora do I Premio Nacional Mª José Jove de Escritura Teatral Infantil. Indica, ademais, que os seus protagonistas son a Raíña Xélida, Primavera, o Trasno Marzo e o Trasno Agosto e dá conta do seu argumento.

VII.3.4. ANTOLOXÍAS

VII.3.5. POSTAS EN ESCENA

VII.3.5.1. CICLOS, ENCONTROS, MOSTRAS E SEMANAS E SALAS ALTERNATIVAS

IXº Festival de teatro infantil de Pontevedra

Este evento está promovido polo Grupo Expresión, formado por profesionais do maxisterio, que pertence á Sociedade Cultural Os Carballiños. O seu obxectivo é levar o mundo da expresión dramática ao proceso educativo. Na edición de 2004 celebrouse entre os días 24 e 27 de maio e participaron catorce grupos de colexios de toda a comarca e a única condición para poder participar foi que non levaran texto, posto que son obras baseadas na improvisación. As sesións, abertas até completar aforo, celebráronse a partir das seis e media da tarde no Teatro Principal de Pontevedra. Os centros participantes foron: Colexio Froébel, Colexio Villaverde, Colexio Salcedo, Colexio Sagrado Corazón, Colexio San José, Colexio Barcelos, Colexio Manuel Vidal Portela, BATA, Doroteas, A Xunqueira II, Magariños, Casa Rosada, O Castro (Baión), Colexio Sagrado Corazón (Praceres) e Colexio San Tomé (Cambados).

Festival de Reis

Festival de títeres que organiza a Sala Yago e que sempre se desenvolve no Nadal. Nesta edición o festival tivo lugar entre os días 2 e 5 de xaneiro e nel representáronse catro obras a cargo de tres compañías diferentes. A única obra galega representada foi *A pedra que arde*, de Títeres Cachirulo, que foron os encargados de pechar o festival.

Circuítos Culturais Infantís de Arteixo

□♦.Ciclo destinado ao público infantil que foi organizado pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia, en colaboración co Concello de Arteixo. As representacións, que tiveron lugar no centro cívico da localidade, prolongáronse ao longo de todo o mes de setembro e a entrada ao evento foi gratuíta. Entre outras compañías, participaron no circuíto Berrobambán con *Movementos para trasnos e trastes* e Caramuxo Teatro con *Historia dunha semente*.

XXIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas

♦.Organizada polo colectivo formado polo Centro Recreativo Cultural Xiria, o Concello de Cangas e a compañía Teatro de Ningures, baixo a dirección de María Xosé Mariño; tivo lugar entre os días 5 e 12 de setembro. Celebrouse nas rúas, discotecas, pubs, a Casa da Cultura e o Auditorio Municipal. Participaron compañías foráneas como a uruguaia Mote-Video Teatro, a belga Elliot ou a venezolana, Taller del Método. A representación galega correu a cargo de Tanxarina Títeres, que representou a súa obra *Os narigudos*; Catroemedio Teatro, que escenificou a obra *Cebrados*; Fulano, Mengano e Citano, con *¡Shsss... calma!*; Volta e Dalle, con *Rodesindo de Barrosa*; e B.B. Producións, coa súa montaxe *Lili Berlín*.

Na última xornada da mostra entregouse o Premio Xiria ao labor teatral, que recaeu no centro da Universidade da Coruña responsábel da Diplomatura de Pedagoxía Teatral. A mostra contou co patrocinio do IGAEM, o Concello de Cangas, a Deputación Provincial de Pontevedra, Frigoríficos do Morrazo e o Cupón do Minusválido.

XIIª Feira do Teatro de Galicia

♦.Celebrada con regularidade dende o 1997 en Santiago de Compostela (a que foi a quinta edición despois de tres anos sen convocar), está organizada polo IGAEM. No 2001 incluíse na Coordinadora de Feiras de Teatro do Estado Español. Esta duodécima edición contou coa participación dun total de vinte e sete compañías, dezanove delas galegas. Como novidades celebráronse distintas sesións de debate sobre o estado do sector, ademais dunha reunión da Xunta Ordinaria da Rede Nacional de Teatros, Auditorios e Circuítos de Titularidade Pública. Tamén destacamos a chegada á dirección de Víctor López Carbajales como substituto de Rubén García, anterior responsábel. A Feira celebrouse entre os días 20 e 24 de abril. Os escenarios foron o Salón Teatro, o Teatro Principal, o Teatro Galán, a Sala Nasa, a Sala Sant-Yago e a Aula de Cultura de Caixa Galicia. As estreas absolutas foron as de Chévere, co seu espectáculo *Radio Universo*, e a compañía para público infantil Títeres Trompicallo, con *Nadarín*. O resto das compañías galegas participantes foron Nove-Dous, con *O porqué das cousas*; Librescena producións, que levou a obra *Os cárceres do olvido*; Bucanero Teatro, con *Se normal... vota Substancia Bucanera*; Talía Teatro con *Molière final*; Matarile Teatro, que escenificou a obra *Acto seguido*; Lagarta, Lagarta, con *Fobias*; Teatro do Morcego, con *O caso da rúa Lourcine*; Factoría Teatro, con *O canto do Dime-Dime*; Teatro do Noroeste, que escenificou a peza *Ensaio*; a compañía Sarabela Teatro, que chegou con *Así que pasen cinco anos*; Títeres Cachirulo, con *A pedra que arde*; Sapristi, con *Hotel Run*; Monicreques de Kukas, coa peza para público infantil *Contos do vento acatarrado*; Teatro do Aquí, con *Camiño longo*; María a Parva, que levou *Indignos*; e Teatro de Ningures, que escenificou a obra *Troianas*, versión do texto clásico de Eurípides.

Ciclo de Teatro Infantil de Cambados

Organizado pola Sociedade Cultural de Cambados, tivo lugar entre os días 18 de xaneiro e 15 de febreiro e contou con espectáculos de títeres, ballet, musicais, audiovisuais e representacións de actores. O programa, que se desenvolveu durante as tardes dos domingos no salón de actos da sociedade organizadora, incluíu as representacións de *Contos do vento acatarrado*, de Monicreques de Kukas; *Eu así non xogo!*, de Talía Teatro; *O demo Rapatú*, de Títeres Tanxarina; *Muñekitous*, de San&San; e *O parrulo feo*, de Tres Globos.

Mostra de Teatro Escolar da Coruña

♦.Organizada polo Concello da Coruña, esta mostra ten como peculiaridade o feito de que os nenos son a un tempo actores e público. Nesta edición desenvolveuse entre os días 22 e

28 de abril; neste tempo, máis de cincocentos nenos de educación Primaria e Secundaria, dirixidos por un coordinador, representaron diferentes pezas, como *A formiguiña*.

Teatro para o Ensino Medio

Este ciclo, que até 2002 se coñeceu como 'Teatro escolar', está organizado pola Sala Yago e dirixido ao público escolar; nel póñense en escena obras para colexios de xeito concertado. Na edición de 2004 participaron vinte e oito centros de toda Galicia e asistiron ás representacións, que tiveron lugar entre os meses de febreiro e marzo, un total de catro mil douscentos alumnos de ensino secundario e bacharelato. As pezas representadas nesta ocasión foron *Bicos con lingua* e *Supermais*, de Talía Teatro, e mais *Feirantes*, de Teatro do Noroeste.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Alternativa ó lecer dos novos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 xaneiro 2004, p. 52.

Faise eco do programa "Teatro para o Ensino Medio" da Sala Yago para achegar o teatro aos estudantes, dentro do que se van levar a cabo representacións como *Supermais* ou *Bicos con lingua*, ambas de Talía Teatro, e *Feirantes*, de Teatro do Noroeste. Tamén se dá conta da programación da Sala Galán, na que se levará a cabo a representación de Teatro do Norte.

Vigocreque

♦.Ciclo que anualmente organiza o Concello de Vigo e que ten lugar no Nadal, entre a última semana de decembro e a primeira de xaneiro. Deste xeito, no 2004 debemos dar conta do Vigocreque 2004, que foi clausurado o 10 de xaneiro de 2004 coa posta en escena de *Un día sen coches* de Pablo Nojes, e do Vigocreque 2005, que se desenvolveu entre os días 22 de decembro de 2004 e 5 de xaneiro de 2005; as compañías participantes nesta última edición son: Pablo Nojes e Paprica, con *Que pasa na praza* e *Os cómicos ambulantes*, e Spaguetti, con *Chímpate Chímpate*.

Referencias varias:

- P. C. G., 'Vigocreque 2005 está en marcha', *Atlántico Diario*, 'Navidad en Vigo', 24 decembro 2004, p. 61.

Infórmase que do 22 de decembro ao 5 de xaneiro o Concello pon en marcha Vigocreque 2005, unha especie de xira de compañías teatrais, que percorrerá a cidade. Achéganse os lugares e horarios das representacións, que correrán a cargo de compañías como a Pablo Nojes e Paprica, coas pezas *Que pasa na praza* e *Os cómicos ambulantes*, ou Spaguetti con *Chímpate Chímpate*.

Iª Mostra de Teatro de Malpica

♦.Organizada conxuntamente polo Concello de Malpica de Bergantiños, a Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia e a obra social de Caixa Galicia; esta é a súa primeira edición. Celebrada entre os días 19 de novembro de 18 de decembro contivo a representación da obra *Pallasos,* de UVEGA Teatro; *Concerto Bífido,* de San&San; *Choiva de Estrelas,* de Fulano, Mengano e Citano; *As Damas de Ferrol,* de Teatro do Noroeste; *O Labirinto dos Soños,* interpretada por Os Trabalinguas Producións de Dentro; e *Contos de Sempre,* interpretada polo Obradoiro de Animación Teatral do Concello de Malpica, que dirixe Silvia Losada Crende.

Mostra de Teatro Infantil para Centros de Ensino de Monforte

♦.Organizada pola delegación de cultura do Concello de Monforte, a Consellaría de Cultura e o IGAEM, esta mostra supuxo unha achega do teatro a un total de seiscentos nenos monfortinos de entre cinco e oito anos. A mostra, que se desenvolveu entre os días 18 e 21 na casa da cultura, incluíu unha representación destinada a cada un dos ciclos educativos. Deste xeito, os nenos do primeiro curso de Primaria gozaron coa obra *Iesi Cebola e a doutora Rabia Rabiña* de Factoría Teatro, os nenos de cinco anos viron *Contos do vento acatarrado* de Monicreques de Kukas, para os nenos de segundo de primaria representouse *O tendedeiro* de Tarabuleque Teatro e, finalmente, os nenos de terceiro de primaria asistiron á representación de *O candil marabilloso* de Viravolta Teatro.

Xoves Teatrais de Ferrol 2004

♦.Organizados polo Concello de Ferrol, coa colaboración do IGAEM e a Fundación Caixa Galicia e coordinado polo Ateneo Ferrolán, abranguen un conxunto de representacións teatrais e grupos galegos e non galegos. O programa celébrase ao longo de todo o ano durante os xoves, primeiro nos meses de febreiro, marzo, abril, maio e xuño, e logo os xoves dos meses de outubro, novembro e decembro. No que respecta ás compañías galegas que pasaron por este ciclo foron Sarabela Teatro, que representou *Así que pasen cinco anos*; Nove Dous Teatro, que escenificou *O porqué das cousas*; Balea Branca, que levou a obra *Un tranvía de nome desexo*; Lagarta, Lagarta, con *Fobias*; Teatro de Ningures, con *Círculo*; Bucanero Teatro, con *Se normal... vota substancia bucanera*; Teatro do Noroeste, que representou a obra *Ensaio*; Teatro do Atlántico, con *O Encoro*; Librescena Producións, que escenificou *Os cárceres do olvido*; Talía Teatro, coa obra *Eu así non xogo*; e Áncora Producións, con *Paso de cebra*. Cada representación contou con dous pases, o de mediodía para os estudantes e o das oito e media da tarde para todo o público. O escenario de todas as representacións foi o auditorio do Centro Torrente Ballester.

Vº Ciclo de teatro infantil Domingos do Principal de Pontevedra

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar, que se vén organizando dende o ano 2000 como campaña teatral que parte da iniciativa do Concello de Pontevedra e do grupo Teatro Akatro, que é o encargado, como especialista en teatro para a nenez, de seleccionar os espectáculos que cobren esta programación. Nas dúas primeiras edicións celebrouse durante os meses da primavera, pero a partir da de 2002 pasou a celebrarse no inverno. En 2004 tivo lugar entre o 25 de xaneiro e o 6 de abril. Contou coa participación de once compañías que puxeron en escena once montaxes, as sesións tiveron lugar no Teatro Principal de Pontevedra ás seis e media da tarde, ademais doutras sesións matutinas concertadas con centros escolares, e o prezo das entradas foi de un euro e medio. Entre as compañías participantes de diferentes comunidades autónomas estiveron presentes as galegas: Berrobambán con *Movementos para trasnos e trastes*, Os Quinquilláns con *O circo das máscaras*, Talía Teatro con *Eu así non xogo!* e Factoría Teatro con *Pinocho*.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Os Domingos do Principal coa música', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 xaneiro 2004, p. 52.

Anúnciase a programación do ciclo "Domingos do Principal", promovido polo Concello pontevedrés e coordinado por Teatro Akatro. Dise que na súa quinta edición participan once compañías de diferentes lugares da Península, das que algunhas ofrecerán representacións para os colexios que o soliciten. Saliéntase que nesta edición se lle prestou especial atención á música, que as temáticas das pezas é do máis variada e que ten como novidade a venda anticipada de billetes. Remátase repasando as compañías e pezas que van participar neste ciclo.

- MARÉ, 'A fin teatral dos Domingos do Principal', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 31 marzo 2004, p. 50.

Nota na que se anuncia o remate do ciclo de teatro familiar organizado polo Concello de Pontevedra, Domingos do Principal, que correrá a cargo das compañías Factoría Teatro de Madrid e da valenciana Combinats.

- Belén López, 'Domingos do Principal... 'foi diver', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 6 abril 2004, p. 85.

Balance desta edición de "Domingos do Principal" no que se recollen as palabras de Xurxo Cortázar, quen repasa aqueles comentarios máis graciosos e as suxestións máis repetidas polo público asistente. Destácase o aumento de espectadores e que estes valoraron cuestións como a venda anticipada e pezas como *Pinocho*.

VIII[a] Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo

□♦.Conta co patrocinio da Deputación de Pontevedra, dos Concellos de Marín, Bueu, Cangas e Moaña, así como de Caixanova. Colaboran tamén a APA do Colexio de San Narciso de Marín, Kalandraka Editora, Editorial Anaya, Edicións Xerais de Galicia e o Centro de Recursos de Bueu. Nela participan grupos de teatro de colexios e centros de bacharelato desta comarca e ao seu redor organízanse outro tipo de actividades como conferencias e actuacións teatrais fóra de concurso. No ano 2004 a actividade foi organizada polo colexio Eduardo Pondal e celebrouse no Auditorio de Cangas entre os días 11 e 29 de abril. Contou coas actuacións, entre outras, do Grupo de Teatro do Colexio Eduardo Pondal, con *¿Calderón... namorado?*; de Comediantes Anónimos, do IES Johán Carballeira, que representou *Os tres mosqueteiros e... D´Artagnant?*; de Tróquele, do IES Salvador Moreno, que puxeron en escena unha obra titulada *Carne de Estatua*; da Aula de Teatro do Colexio San Narciso, coa peza *Palabras para Antígona*; ou do Obradoiro de Teatro María Soliño, con *O soño dunha noite de verán*.

Referencias varias:

- A. Agulla, 'El Instituto Salvador Moreno prepara la 'I Semana Cultural de Animación á Lectura', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Marín', 16 abril 2004, p. 28.

Dáse conta da iniciativa que o Instituto Salvador Moreno porá en marcha para fomentar a lectura entre o seu alumnado e na que ademais de charlas, conferencias, concertos e xornadas de lectura tamén se anuncia a participación do grupo de teatro Tróquele dentro da Mostra de Teatro do Ensino Secundario coa peza *Carne de estatua*.

- E.V.R., 'Cien jóvenes actuarán en la octava Mostra de Teatro do Ensino Secundario', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 24 abril 2004, p. 22.

Faise eco da presentación da oitava edición da Mostra do Ensino Secundario do Morrazo, na que se sinala que participarán cinco colexios e que as pezas a representar son, predominantemente, comedias. Anúncianse os títulos dalgunhas das pezas, así como as datas e lugares de celebración e aquelas actividades paralelas como algunhas exposicións.

- C. Martínez, 'Los alumnos del 'Eduardo Pondal' inauguran hoy la muestra de teatro', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Cangas/Moaña', 27 abril 2004, p. 18.

Anúnciase a inauguración da Mostra de Teatro do Ensino Secundario do Morrazo por parte do grupo de teatro do Colexio Eduardo Pondal. Sinálase que a peza a interpretar é *¿Calderón... namorado?*, da que se sinala o número de actores e a temática que trata. Remátase adiantando outras actuacións previstas dentro da mostra.

- Cecilia Martínez, '¿Calderón... namorado?', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 28 abril 2004, p. 86.

Dáse conta da estrea da peza *¿Calderón... namorado?*, do Colexio Eduardo Pondal, no marco da Mostra de Teatro do Ensino Secundario do Morrazo. Sinálase que a temática xira arredor dos supostos amores de xuventude de Calderón de la Barca, nunha peza da que se destaca o vestiario. En columna á parte, dáse conta doutras actuacións previstas como a de Comediantes Anónimos do IES Johan Carballeira coa peza *Os tres mosqueteiros e... D'Artagnant?*.

- Cecilia Martínez, 'Os tres mosqueteiros e... D´Artangant', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 29 abril 2004, p. 86.

Saliéntase o éxito acadado por Comediantes Anónimos con *Os tres mosqueteiros e... D'Artagnant*, dentro da Mostra de Teatro do Ensino Secundario do Morrazo. Tamén se refire á peza *Carne de estatua*, que puxo en escena o grupo Tróquele do IES Salvador Moreno de Marín. Finalmente engádese que a mostra teatral se prolongará durante dous días máis.

Vª Mostra e campamento de teatro infantil e xuvenil de Antas de Ulla

♦.A biblioteca municipal do Concello de Antas de Ulla organiza este campamento teatral que se celebrou entre os días 27 e 30 de xuño e que inclúe representacións, visitas culturais e cursos de mimo, maquillaxe e coreografía musical. O obxectivo deste campamento temático, no que participaron un centenar de mozos, é facilitar a aprendizaxe dos participantes e fomentar un intercambio de experiencias entre grupos teatrais con distintas bagaxes. As compañías participantes nesta mostra son: a Escola de Teatro Municipal de Lalín, con *Sen querer, querendo*; Falcatrueiros, con *Farsas marabillosas*; Sardiña, con *Miles gloriosos*; o Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla, con *Lisístrata* e *Os dereitos dos nenos*; e o Grupo de Teatro do Colexio Fingoi con *Lisístrata* e *No oeste hai indios*. A entrada a todas estas representacións, que tiveron lugar na casa da cultura ás nove da noite, foi gratuíta.

Referencias varias:

- Begoña Mouriño, 'El campamento de teatro de Antas incluye cursos de mimo', *El Progreso*, 'El Progreso', 25 xuño 2004, p. 15.

Repásase o programa do campamento temático de interpretación de Antas de Ulla, no que se levan a cabo as obras *Sen querer querendo* e *Farsas marabillosas*, de Falcatrueiros ou *Miles gloriosos*, de Sardiña, entre outras.

- Hortensia Acuña, 'Comienza la quinta Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de Antas de Ulla', *La Voz de Galicia*, 'Provincia', 27 xuño 2004, p. L8.

Achéganse todos os datos relevantes (horario, lugar, prezo…) que atinxen ao desenvolvemento da quinta Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de Antas de Ulla. Así mesmo, infórmase de que xa actuaron a Escola de teatro municipal de Lalín, que representou *Sen querer, querendo*, e os Falcatrueiros de Monterroso, *Farsas marabillosas*, e que a próxima actuación corresponde ao grupo de marionetas da Biblioteca de Antas de Ulla, con *O concurso*.

- Begoña Mouriño, 'Universo de teatro', *El Progreso*, 'A Ulloa', 30 xuño 2004, p. 16.

Con motivo da clausura do campamento temático de interpretación de Antas de Ulla, dáse conta das diferentes actividades que se levaron a cabo, entre elas as representacións dos grupos Sardiña, Falcatrueiros ou do grupo de teatro do colexio Fingoi de Lugo.

- Begoña Mouriño, 'O presuposto para efectos especiais asusta ós productores', *El Progreso*, 'A Ulloa/Terras de Melide', 9 xullo 2004, p. 11.

Entrevista a Ricardo Spencer Hartmann, técnico de efectos especiais que impartiu un taller de maquillaxe dentro do Encontro Teatral de Antas de Ulla. Refírese, entre outras cuestións, ás dificultades que presenta o mercado polos altos presupostos cos que teñen que traballar. Sinala que a nivel educativo traballa con diferentes Universidades de audiovisuais e que a maquillaxe é fundamental no teatro para caracterizar aos personaxes, acentuando a expresividade da cara.

XIª Semana de Teatro para Nen@s de Vigo

♦.Organizada pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo como actividade final das festas do Cristo de Vigo no mes de agosto, celébrase na Praza da Estrela da cidade viguesa na que se desenvolven diferentes espectáculos teatrais dirixidos ao público máis pequeno. No ano 2004 desenvolveuse entre os días 3 e 8 de agosto, os espectáculos tiveron lugar ás oito da tarde e a entrada foi gratuíta; no marco deste festival ofrecéronse sete espectáculos teatrais a cargo de compañías de diferentes lugares da Península, entre as que se atopaba a galega Monicreques de Kukas.

Referencias varias:

- Tania Suárez, 'Colores y formas asombran a los más pequeños', *Faro de Vigo*, 'Faroverano', 3 agosto 2004, p. 24.

Dáse conta da representación por parte dos actores Juan Monedero e Marta Hurtado, que tivo lugar na Praza da Estrela dentro da Semana de Teatro para Nenos de Vigo. Recóllense

as impresións dalgúns dos nenos asistentes e dos propios actores que se refiren ao seu xeito de facer teatro.

- Noa García, 'El pequeño gran teatro', *Atlántico Diario*, 'Verano', 3 agosto 2004, p. 29.

Dáse conta da actuación do grupo de teatro de Guadalajara, Ultramarinos de Lucas, na inauguración da Semana de Teatro para os nenos de Vigo. Céntrase na peza representada, da que salienta que está dirixida ao público máis novo, na que se xoga con formas xeométricas e elementos básicos como as cores, o espazo ou o ritmo. Remata adiantando outras actuacións previstas dentro da Semana do Teatro.

XIVª Mostra de teatro infantil de Lugo

□♦.Con obras dirixidas a escolares de entre os tres e os trece anos, está organizada polo Concello de Lugo en colaboración con Caixa Galicia. Ten como obxectivo achegar á infancia e adolescencia o teatro e tamén estimular a creación de grupos nos colexios. Nesta edición non participou ningunha compañía galega.

Referencias varias:

- Marta Becerra, 'Cura de carcajadas', *El Progreso*, 'El despertador', 17 novembro 2004, p. 12.

Dentro da XIV Mostra de Teatro Infantil de Lugo, infórmase da actuación da compañía española La Machina Teatro, que vai levar a escena *Pinocho Circus*, e de La Baraccca, que ten previsto representar *Elefantiño*, que serán presenciadas por alumnos de segundo de Primaria e Infantil, respectivamente.

- Marta Becerra, 'Puesta a punto', *El Progreso*, 'El despertador', 24 novembro 2004, p. 12.

Entre outra información que ofrece sobre a XIV Mostra de Teatro Infantil de Lugo, cita algunha das obras presentes como son *O medio poliño* da compañía El Calambuco Teatro, que será presenciada por máis de setecentos escolares de máis de vinte centros educativos.

Vº Festival de Nadal de teatro infantil de Santiago de Compostela

□♦.Organizado polo Concello de Santiago de Compostela en colaboración coa Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo e o IGAEM. En 2004 celebrouse entre o 26 e o 30 de decembro con funcións ás seis da tarde no Salón Teatro e cun prezo das entradas para

cada espectáculo de cinco euros, aínda que se podía adquirir un bono para todas as funcións por quince euros. Nesta edición, ademais de compañías de País Vasco, Valencia, Cataluña e Castela León, tamén participou a galega Sarabela Teatro con *A gata con botas*.

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, 'Como un agasallo de Nadal', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 19 decembro 2004, p. 9.

Sinálase que, coa finalidade de introducir os máis pequenos na escena, o Salón Teatro compostelán acolle dende o ano 2000 un festival infantil de Nadal, no que se dan cita compañías de todos o puntos de España. Coméntase que unha vez que o teatro institucional abriu a porta do xénero infantil coa montaxe de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* e se comprometeu a revisitar esta proposta, así como co traballo de formacións como Talía Teatro ou Sarabela, cabe pensar que a lexitimación social do feito escénico e a correspondente captación de público potencial entre os máis novos deixará de ser unha utopía a medio prazo. Recóllense comentarios da coordinadora de actividades externas do IGAEM, María Paredes, quen sinala que "este festival pretende cubrir o espazo baleiro que deixa o teatro infantil de actor" e ten como finalidade "conquistar a atención do neno adaptando coidadosamente cada espectáculo á franxa de idade que lle corresponde e evitando caer no insubstancial". Finalmente, anúnciase a programación do festival.

- MARÉ, 'O Salón Teatro pecha cun Festival de Nadal', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 decembro 2004, p. 37.

Coméntase que por quinto ano consecutivo o Salón Teatro de Santiago pecha a súa programación anual coa celebración do Festival de Nadal, que conta coa participación de cinco compañías procedentes de diferentes comunidades autónomas. Tamén se apunta que os grupos representan espectáculos de actor, que, por veces, recorren a monicreques, bonecos e ao xogo con diferentes obxectos. Anúnciase que a programación se inicia con *A gata con botas*, por parte da compañía Sarabela Teatro.

- MARÉ, 'Hansel e Gretel' para a imaxinación', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 decembro 2004, p. 31.

Anúnciase a actuación do grupo Catalán Sim Salabim co espectáculo *Hansel e Gretel* no marco do Festival de Nadal do Salón Teatro de Santiago, ao que concorren algún dos espectáculos presentes nos principais festivais de teatro infantil de toda España.

- , 'Markeliñe estrea 'Os domingos non hai piratas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 decembro 2004, p. 42.

Atende á actuación da compañía vasca Markeliñe Teatro na terceira xornada do V Festival de Nadal do Salón Teatro de Santiago, coa representación infantil de *Os domingos non hai piratas*.

- A. I. S., 'Aprender sin dejar de jugar', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 29 decembro 2004, p. 29.

Achega a ampla oferta de actividades de Nadal de Santiago de Compostela como é un taller de animación da lectura na carpa da Praza Roxa e a actuación do grupo Tres Trebóns para un público adulto. Tamén cita o V Festival de Nadal, que celebra o IGAEM no Salón Teatro e ten entre as súas representacións *De viaje por Gloria Fuertes*, de Marta Torres e realizada a partir de contos e poemas da poeta madrileña.

- F. A., 'De viaxe con Gloria Fuertes' en Santiago', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 decembro 2004, p. 37.

Refírese á actuación da compañía de Albacete Teatro de Malta, que vai representar *De viaje por Gloria Fuertes*, incluída no cartel da V edición do Festival de Nadal do Salón Teatro, organizado polo Igaem. Coméntase que este actuación, coa que se pecha a programación anual deste escenario compostelán, está realizada a partir de contos e poemas de Gloria Fuertes.

- A. I., 'Talleres y teatro centraron la oferta lúdica para los niños', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 30 decembro 2004, p. 32.

Alúdese a diversas actividades levadas a cabo en Santiago de Compostela como son o V Festival de Nadal organizado polo IGAEM no Salón Teatro, onde se recordou a figura de Gloria Fuertes a través dos seus contos e poemas; os talleres lúdicos a cargo de Mamá Cabra na carpa da Praza Roxa; ou a representación da obra de teatro *La Nochebuena*, a cargo do grupo Xestal no Centro Comercial Compostela.

Iª Mostra de Teatro Infantil (MOTI)

♦.Organizada polo Teatro Principal e a Universidade de Vigo, esta mostra nace co obxectivo de converterse nunha oferta cultural máis da cidade de Ourense para o público infantil nestas datas de Nadal. Esta edición, dirixida por Fernando Dacosta, tivo lugar entre os días 27 e 30 de decembro e incluíu desfiles, animación polas rúas, xogos e sete representacións que se realizaron en diferentes escenarios da cidade, o Teatro Principal, o Liceo, o Campus universitario e as rúas de Ourense. As compañías participantes foron Markeliñe (País Vasco), Títeres Pepe Luna (Madrid), Sim Salabín (Cataluña), Teatro Che

y Moche (Aragón), Alberna teatre (Comunidade Valencia), Migallas Teatro con *Canta Connosco* e a Aula Universitaria de Teatro Infantil de Ourense, con *O merlo branco*.

Referencias varias:

- Sonia Torre, 'Los niños protagonizan el teatro', *La Región*, 'Cultura', 22 decembro 2004, p. 99.

Achégase o programa da primeira Mostra de Teatro Infantil (MOTI), que terá lugar do 26 ao 30 de decembro en diferentes escenarios da cidade, e a relación de compañías participantes.

XVIIª Mostra de Teatro de Cee

□♦.Organizada pola Concellaría de cultura de Cee, a Asociación Cultural Domingo Antonio de Andrade e a compañía local Talía Teatro, celebrouse entre os días 22 e 29 de agosto. Contou coa presenza de quince compañías divididas en dous itinerarios, matutino e vespertino, segundo o seu público fose infantil ou adulto, respectivamente. No que atinxe ás representacións destinadas ao público infantil, estas correron a cargo dos Títeres Cachirulo, que puxeron en escena a obra *A pedra que arde*; o grupo Alivibonvai, que representou *O inventor de sons*; Rocamadour, que escenificou a obra *Historia de cronopios e famas*; o grupo O Chon Chon, coa súa obra *Os bufos da matiné*; o grupo de Teatro da Estrada coa súa montaxe *Edelmiro II e o dragón Gutiérrez*; Paula Carballeira con *Os contos de Pedro o Chosco*; e Patatín&Patatán, que escenificaron *Trafic*. Todas as representacións tiveron lugar no salón de actos da Casa do Concello de Cee. As representacións destinadas ao público adulto recóllense no apartado de "Teatro" deste mesmo Informe.

Iº Titirideza

□♦.Festival de títeres organizado polo Concello de Lalín e o Museo da Marioneta co que se pretende impulsar este xénero dentro do municipio e ofrecer aos máis pequenos un maior abano de ofertas lúdicas durante as vacacións estivais. No festival, que tivo lugar entre os días 9 e 27 de agosto, participaron dez compañías (Spaguetti, Malabaranda, Monicreques de Kukas, Viravolta Títeres, Títeres Cascanueces, Títeres Cachirulo, Títeres Trompicallo, Tres Globos, Artello T. Alla Scala e Miro Magariños) que representaron as súas obras en distintas vilas e prazas do municipio. Como actividades complementarias a este festival cómpre destacar as exposicións de marionetas artesanais e de diferentes compañías galegas, que foron expostas no Museo da Marioneta, así como a organización de cursos e obradoiros sobre o mundo dos títeres.

XXª Mostra Internacional (MIT) de Ribadavia

□♦.Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ribadavia e dirixida por Rubén García, contou neste ano coa colaboración e o apoio, ademais, da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense, o Ministerio de Cultura, sete empresas vitivinícolas da comarca do Ribeiro, varias outras empresas da zona e unha empresa vasca de conxelados. Celebrado entre os días 17 e 24 de xullo, contou con vinte compañías de Galicia, de varias rexións do Estado Español e de Uruguai, Italia, Dinamarca e Francia; vinte e catro representacións e catorce estreas en Galicia, unha delas tamén estrea a nivel estatal. O tema monográfico deste ano foi o rexeitamento contra a violencia de xénero, posto de manifesto no pregón lido por Suso de Toro. No tocante á representación teatral galega, esta correu a cargo de Matarile Teatro, que representou *Acto Seguido*, Títeres Tanxarina con *Contaloucos* e Lagarta, Lagarta, con *Fobias*. Ao final da mostra concedéronse os premios do público, asignados tras o reconto dos votos diarios do público asistentes e o do xurado, outorgado polos colectivos culturais do Concello anfitrión; e o Premio da Honra Abrente, que na edición de 2004 recaeu en Inma López Silva e Dolores Vilavedra polo seu ensaio *Un abrente teatral* (Galaxia, 2002), no que investigaron sobre os anos do grupo Abrente. Os escenarios principais das representacións foron as rúas da vila ourensá e o auditorio do Castelo de Ribadavia. O presuposto deste ano da mostra ascendeu a 100000 euros.

Iº Festival de Títeres Titiririúa

♦.Organizado polo concello de Vigo, este festival naceu no 2004 para reforzar a IXª Semana de Teatro para nenos/as, que se clausurou un día antes da inauguración destoutro festival; celebrouse entre os días 9 e 13 agosto na Praza da Estrela, aínda que algunhas actuacións tiveron que transladarse ao auditorio municipal por causas meteorolóxicas. As compañías que participaron neste evento son: Marimba Marionetas (Madrid) con *Colorín Colorado*, Galiot (Barcelona) con *Animalitos*, La Carreta (Alicante) con *Isla del Tesoro*, Telón de azúcar (Valladolid) con *Balapa*, Hilando Títeres (Madrid) con *El sastrecillo valiente*, Arte Fusión Títeres (Albacete) con *Cuentos sonantes y títeres*, e a galega Falcatrúa con *A sorprendente historia do benfadado Mourellas*.

Referencias varias:

- P.C.G., 'Los títeres se echan a la calle', *Atlántico Diario*, 'Fiestas del Cristo de la Victoria', 30 xullo 2004, p. 42.

Anúnciase a inauguración do I Festival de Monicreques "Titiririúa" na Praza da Estrela de Vigo. Sinálanse as diferentes procedencias das compañías que levarán a cabo as representacións e dáse conta doutras actividades culturais que se están desenvolvendo na cidade.

- Bettina Pereiro, 'Títeres defensores de los derechos infantiles', *Faro de Vigo*, 'Faro Verano', 10 agosto 2004, p. 29.

Dáse conta da participación da compañía Arte Fusión no I Festival de Monicreques "Titiririúa" do Concello de Vigo.

- Noa García, 'Titiririúa' arranca las sonrisas de los más pequeños', *Atlántico Diario*, 'Atlántico Verano', 10 agosto 2004, p. 31.

Dáse conta do traslado, por motivos metereolóxicos, do I Festival de Monicreques "Titiririúa" da Praza da Estrela ao Auditorio do Concello de Vigo. A seguir, céntrase na peza da compañía Arte Fusión e remátase anunciando outras actuacións previstas.

- Noa García, 'Todos a cubierto', *Atlántico Diario*, 'Verano', 11 agosto 2004, p. 25.

Anúnciase o cambio de escenario do festival de monicreques Titiririúa que se celebra en Vigo por causas meteorolóxicas.

- Noa García, 'Títeres buenos y malos', *Atlántico Diario*, 'Verano', 14 agosto 2004, p. 38.

Dáse conta da representación de *A sorprendente historia do benfadado Mourellas*, a cargo de Falcatrúa. Dise que esta peza de Esteban Losada conta a historia dun grupo de nenos que representan comportamentos extremos e que combina monicreques con actores. Tamén se anuncia a posta en escena da compañía barcelonesa Galiot.

Semana de Teatro Infantil de Cee

♦.Organizada polo Concello de Cee, desenvolveuse entre os días 27 e 31 de decembro e contou, entre outras, coa participación da compañía Títeres Falcatrúa, que representou a obra *As aventuras de Pepín o Pelegrín*.

Referencias varias:

- M. C. S., 'El teatro y la música centran los programas de Navidad en Carballo y Cee', *La Opinión*, 'Costa da Morte/Carballo', 16 decembro 2004, p. 24.

Refírese ás actividades de Nadal organizadas polo Concello de Cee, entre as que se destacan o espectáculo *Fobias*, da compañía Lagarta Lagarta, a Semana de Teatro Infantil, que contará coa obra *As aventuras de Pepín o Pelegrín* de Títeres Falcatrúa, e obras infantís. Por outra parte, o Concello de Carballo ten previsto un ciclo de Teatro de Nadal e un Festival Infantil de Teatro.

IIº Festival de Teatro e Cine Infantil e Xuvenil

Organizado pola Fundación María José Jove da Coruña, ten como finalidade potenciar o espírito creativo infantil no ámbito teatral e cinematográfico. O programa desta edición inclúe a representación de catro obras a cargo de tres compañías de títeres, dúas galegas e unha arxentina, e a proxección de cinco películas. A entrada a todas as actividades, que teñen lugar no auditorio da fundación, é gratuíta, aínda que é necesaria unha prescrición previa. As compañías participantes neste festival son: Títeres Cachirulo con *Catro contos da China*; Pizzicato. Teatro y Títeres de Argentina con *A todo trapo!!!* e *Historia de formas*; e Os monicreques de Kukas con *Contos do vento acatarrado*.

Referencias varias:

- R. E., 'La Fundación María José Jove inicia un ciclo de cine y teatro infantil el domingo', *El Progreso*, *'Culturas'*, 'Cultura', 24 decembro 2004, p. 87.

Faise eco da celebración do II Festival de Teatro e Cine Infantil e Xuvenil da Fundación María José Jove da Coruña, organizado coa finalidade de potenciar o espírito creativo infantil no ámbito teatral e cinematográfico. Entre as compañías galegas, están Títeres Cachirulo coa representación de *Cuatro cuentos de China* e os Monicreques de Kukas con *Contos do vento acatarrado*.

Mostra de teatro para nenas e nenos

♦.Organizada pola Concellaría de Cultura de Cangas, esta mostra tivo lugar entre o 28 de decembro de 2004 e 4 de xaneiro de 2005 e celebrouse no Auditorio Municipal, onde o telón subíu cada día ás seis da tarde. As compañías participantes nesta mostra foron: Berrobambán con *Diariamente*, Monicreques de Kukas con *Contos do vento acatarrado*, Caramuxo Teatro con *Historia dunha semente* e o Centro Dramático Galego con *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*.

Titerenadal

♦.Organizado pola Concellaría de Cultura de Gondomar, este ciclo desenvolveuse entre os días 22 e 29 de decembro no auditorio municipal Lois Tobío; as representacións tiveron lugar ás catro e media da tarde e o prezo das entradas foi de un euro. As obras incluídas neste ciclo de nadal foron: *Sentits*, de Gomis i Gomis Teatre; *Nadarín*, de Títeres Trompicallo; *A pedra que arde*, de Títeres Cachirulo; *Las aventuras de siete*, de Pablo Nojes; *Palabras de caramelo*, de Teatro Buratini; e *Os Narigudos*, de Tanxarina.

Referencias varias:

- P.C.G., 'Mañana arranca Titerenadal', *Atlántico Diario*, 'Navidad/Val Miñor', 21 decembro 2004, p. 54.

Anúnciase o remate da Mostra de teatro Roberto Vidal, que incluíu un ciclo de oito obras representadas os sábados dende o 6 de novembro ao 18 de decembro. Tamén se comenta que o Concello de Gondomar despide o ano con títeres, entre os que están o grupo tudense Gomes i Gomis coa obra *Sentits*, Trompicallo con *Nadarín*, Cachirulo con *A pedra que arde*, Pablo Nojes e Paprika con *Las aventuras de Siete*, Buratini con *Palabras de caramelo* e Tanxarina con *Narigudos*.

VIIIª Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de Narón

□♦.Organizada por primeira vez en 1998 quere achegar o teatro a miles de escolares do Concello de Narón durante o mes de novembro, á vez que recuperar a vella mostra infantil "Xeración Nós", que se celebraba dende 1984 polos sete concellos da Mancomunidade. Nos anos 2001 e 2002 celebrouse conxuntamente polo Padroado da Cultura do Concello de Narón e o de Ferrol e contou coa colaboración do IGAEM e da Deputación da Coruña. Nestes dous anos tivo como sedes o Auditorio de Narón e o Centro Torrente Ballester de Ferrol. Na edición de 2003 deixou de participar o Concello de Ferrol e, dende aquela, o Padroado conta coa colaboración económica do IGAEM. Está dirixida a escolares de entre tres e dezasete anos e, nesta edición, desenvolveuse entre os días 8 e 30 de novembro; nela participaron compañías procedentes de diferentes comunidades da Península. Entre as galegas estiveron presentes Teatro do Morcego con *Lazarillo de Tormes* e Monicreques de Kukas. A mostra completouse cunha exposición de títeres pertencentes a Monicreques de Kukas que, deste xeito, quixo celebrar o seu vinte e cinco aniversario.

Referencias varias:

- Lorena Romero, 'Teatro do Morcego iniciará las sesiones de la Mostra infantil', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 6 novembro 2004, p. 24.

Anúnciase que uns catro mil cincocentos escolares do Municipio de Narón presenciarán nos próximos meses as sesións da oitava edición da Mostra de Teatro Infantil, organizada polo Concello e o Padroado da Cultura, dos que os seus representantes fan certos comentarios sobre este evento. Tamén se informa que a primeira sesión correrá a cargo de Teatro do Mocergo, que representará *O lazariño de Tormes*, á que lle seguirán Mimán Teatro, Gorakada, Teloncillo, Monicreques de Kukas e Teatro Paraíso. Por outra parte, indícase que os Monicreques de Kukas exporán no auditorio de Narón varios monecos utilizados durante os seus vinte e cinco anos de traballo.

- Susana Pérez, 'A programación teatral de Narón é das mellores', *La Opinión*, 'Narón', 26 novembro 2004, p. 20.

Entrevista ao director da compañía Monicreques de Kukas, Marcelino de Santiago, con motivo da súa participación na Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de Narón. Comeza referíndose á importancia da creatividade nos monicreques que emprega nos seus espectáculos e a súa preferencia por estas figuras fronte ao teatro de actores. Dáse conta da exposición que se levou a cabo durante esta mostra, na que se recolle unha boa parte dos bonecos que empregou a compañía ao longo da súa traxectoria, e do gusto do seu director pola fabricación de cada un deles para un espectáculo concreto. Marcelino de Kukas destaca a calidade da programación do Concello de Narón, refírese á crise do teatro e da cultura galega en xeral, así como a competencia que esta actividade ten cos medios audiovisuais. Finalmente, alúdese á traxectoria desta compañía dende a súa fundación fai vinte e cinco anos.

- S. P., 'Teatro Paraíso cierra la Mostra de Teatro infantil con 'Historia de Juguetes', *La Opinión*, 'Ferrolterra', 28 novembro 2004, p. 24.

Refírese á oitava edición da Mostra de Teatro Infantil, que se pechará coa representación de *Historia de Juguetes*, da Compañía Teatro Paraíso. Comenta que máis de catro mil escolares de Narón presenciaron algunha das seis funcións desta edición, que contou coas compañías Teatro do Morcego, Mimán Teatro, Gorakada, Teloncillo, Os Monicreques e Teatro Paraíso. Tamén sinala que se realizou unha exposición de títeres e que a Mostra ten como fin acostumar aos máis novos a asistir a unha función de teatro, á vez que se explica que este certame se creou no seo da Mancomunidade de Municipios de Ferrolterra e que durante trece anos as representacións tiñan lugar de forma simultánea nos distintos concellos da comarca.

IXº Festival Internacional de Títeres 'Galicreques'

□♦.Organizado dende o ano 1995 en Santiago de Compostela pola Asociación Barriga Verde baixo a dirección de Xurxo Rey, dende o ano 1998 conta tamén con representacións en Lugo, Betanzos e Pontevedra. A asociación organizadora contou co patrocinio de cada un dos Concellos nos que se celebrou e, dende a edición de 2000, co apoio do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) e o INAEM (Instituto Nacional de Artes Escénicas y Musicales). O nome de "Galicreques" adoptouno no ano 2002. As representacións están divididas en dous apartados: Títeres nos Teatros, que teñen lugar nas diferentes salas, e Títeres na Rúa, que se desenvolven nas prazas e barrios dos concellos participantes. Na edición de 2004, igual que pasara no 2003, non participou o Concello de Pontevedra, polo que os escenarios foron os de Santiago de Compostela, Lugo e Betanzos, que acolleron representacións entre o 5 e o 12 de outubro. Na cidade do Apóstolo (que acolle a novena edición), como vén sendo habitual neste evento, os escenarios foron: o Teatro Principal, a Sala Yago e diferentes rúas e prazas da cidade, mentres que en Lugo (sétima edición) celebrouse na praza Campo Castelo e en Betanzos (terceira edición) no edificio do Liceo. Contouse nesta edición con compañías procedentes de Alemaña, Bélxica,

Brasil, Bulgaria, Chile, Madrid e Portugal, ademais das galegas Viravolta Títeres con *Titiriteiros*, Cachirulo con *A pedra que arde*, Os Quinquilláns con *Moby Dick*, Títeres Cascanueces con *O astrólogo, a nena e o invento marabilloso*, Falcatrúa con *O espíritu do bosque* e Tanxarina con *Os narigudos*. Como actividades paralelas celebráronse tres exposicións: 'O marabilloso mundo das marionetas', sobre a obra da compañía Cachirulo; 'Títeres de Asia', colección privada que amosa a historia, as técnicas, os materiais e as personaxes dos títeres de Asia, e 'Libros máxicos', creacións de Carmen Domench; e impartíronse dous cursos, un sobre dramaturxia e un obradoiro de talla en madeira.

Recensións:

- T.P., 'El festival de títeres reúne a siete compañías de arte internacionales', *El Ideal Gallego*, 'Betanzos', 6 outubro 2004, p. 26.

Dáse conta do acto de presentación do Festival Galicreques en Betanzos, do que se sinala que contará coa presenza de sete compañías de diversas procedencias, que os espectáculos van dirixidos principalmente aos escolares e que, dentro do programa, se celebran outras actividades paralelas como talleres ou exposicións.

Referencias varias:

- I.G.A., 'El festival 'Galicreques 2004' incluye 13 representaciones', *El Progreso*, 'Lugo', 2 outubro 2004, p. 12.

Anúnciase a celebración do festival "Galicreques" en Lugo, no que se adianta que participarán cinco compañías galegas e sete foráneas. Repásase o programa, no que se inclúen pezas como *O astrólogo, a nena e o invento marabilloso*, de Títeres Cascanueces ou *O espírito do bosque*, de Falcatrúa, entre outras.

- Jesús Durán Estévez, 'Marionetas', *El Progreso*, 'Especial', 5 outubro 2004, p. 20.

Anúncianse as representacións, dentro das actividades culturais do San Froilán 2004, do Festival Internacional "Galicreques". Repásanse as actuacións previstas, das que se sinala a compañía, a peza a representar, o lugar, data e horario. En diferentes columnas distribuídas pola páxina destácanse aspectos como a presenza de espectáculos que recuperan as formas tradicionais, que van dirixidos a todos os públicos ou a diversa procedencia das compañías participantes.

- M.B., 'Los títeres toman hasta el domindo el casco monumental y el Ensanche', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 5 outubro 2004, p. L8.

Dáse conta do acto de presentación da novena edición do Festival "Galicreques" en Santiago de Compostela. Recóllense as palabras dos organizadores que destacaron a

importancia deste evento para achegar o teatro aos espectadores máis novos. Tamén se refire á procedencia das compañías participantes e aos cambios que presenta con respecto a outras edicións como o programa para adultos ou os talleres para nenos e profesionais. Remata lembrando outras actividades paralelas como o Premio Barriga Verde ou as charlas e debates sobre o feito teatral que todos os anos teñen lugar no marco deste Festival.

- Ana Iglesias, 'El tesoro de Fulkien', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 6 outubro 2004, p. 35.

Anúnciase que a Aula de Cultura de Caixa Galicia acolle esta semana unha mostra de monicreques chineses, dentro do Festival Internacional Galicreques. Saliéntase que se reuniron case cincuenta bonecos entre monicreques, marionetas e sombras chinesas, que ilustran diferentes técnicas e xéneros do teatro oriental.

- Marta Becerra, 'Contra viento y marea', *El Progreso*, 'Lugo', 6 outubro 2004, p. 4.

Entre outras actividades relacionadas coa cidade de Lugo, dáse conta da primeira xornada do Festival Galicreques, celebrada na Praza do Campo Castelo. Fálase das diferentes compañías participantes e das obras que se levaron a escena.

- M.B., 'Presentamos un circo pequeño en un gran teatro', *La Voz de Galicia*, 'En dos minutos', 6 outubro 2004, p. L2.

Entrevista cos actores da compañía alemá Fundus das Museum, que participan no Festival Galicreques cun espectáculo de marionetas. Refírense ao significado do seu nome, á relación da súa peza co mundo do circo e aos premios que teñen acadado con ela.

- Maré, 'Fundus trae a Galicia 'Circo Gockelini' dentro de Galicreques', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 outubro 2004, p. 48.

Nota de prensa na que se recollen algunhas das actuacións que se están a levar a cabo en Santiago de Compostela con motivo da celebración do festival Galicreques.

- Lara R. Lorenzo, 'Monicreques en Compostela', *A Nosa Terra*, nº 1.145, 'Fin de Semana', 7 outubro 2004, p. 33.

A través das declaracións de Xurxo Rei, director de Cachirulo e de Galicreques, dáse conta das diversas compañías presentes nesta novena edición deste festival. A seguir, alúdese á participación galega, que consta de dúas compañías que empregan as sombras - Trompicallo, que se somerxe no fondo do mar con *Nadarín*, e Viravolta, que conta a *Historia do soldado*-, así como de Cachirulo, que fai unha versión do conto de Galeano en *A pedra que arde*. Tamén se citan outras actividades que parte de Galicreques, como son as exposicións "O mundo das marionetas", "Títeres de Asia" e "Libros máxicos"; a entrega do

II Premio Internacional Barriga Verde de texto teatral para monicreques; e os obradoiros, charlas ou coloquios.

- M. B., 'Los búlgaros Kalina traen a Galicreques sus títeres para un público familiar', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 8 outubro 2004, p. L8.

Céntrase na actuación do grupo búlgaro Kalina, que presenta no festival de Títeres Galicreques o espectáculo *Molino de cuentos*, que ofrecen unha proposta, na que a manipulación dos monecos se fai a través da técnica da mesa, coa que se persegue que os rapaces se acheguen máis ao mundo do teatro de títeres. Alúdese á traxectoria deste grupo e recóllense comentarios dos seus integrantes.

- M. Beceiro, 'El dueto Anima Sonho atacará la partitura de 'Bonecrónicas', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 9 outubro 2004, p. L9.

Recóllense os comentarios de Tirajú e Uribatan sobre o seu labor no dueto de marionetas, que crearon hai vinte anos co nome de Ánima Sonho. Así mesmo, infórmase da súa actuación no Teatro Principal, dentro do festival Galicreques, co seu espectáculo *Bonecrónicas*.

- MARÉ, 'O Festival de Títeres en Compostela, Galicreques, remata hoxe', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 outubro 2004, p. 60.

Coméntase que a IX edición do Festival Internacional de Títeres Galicreques se pecha cun balance moi positivo en canto a público e actividades, ofrecendo as seguintes representacións: *Circo Gockelini*, dos alemáns Fundus das Museum; *Bonecuentos*, de Anima Sonho, *El soldadito de plomo*, de Teatre Plus e *No te asuste mi nombre*, dos Títeres de María Parrato.

- Xosé Lueiro, 'Galicia no país dos títeres', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 17 outubro 2004, p. 9.

Dáse conta da clausura da novena edición do Festival Internacional de Títeres "Galicreques", no que participaron compañías de todo o mundo. Cóntase que os monicreques forman parte imprescindíbel da nosa cultura e da memoria teatral dun pobo. Explícase cómo xurdiu a idea deste evento en 1996, xestionado por Jorge López e a Sala Yago de Santiago de Compostela. Recóllense as palabras deste nas que sinala os obxectivos fundamentais deste evento, como a creación dun público, a posibilidade de ver espectáculos doutros países ou as producións propias. Destaca tamén a promoción da formación e os cambios que se deron nesta edición encamiñados cara a un maior número de representacións, a introdución de monicreques de adultos ou os obradoiros, exposicións e

mesas redondas. Sinálanse os nomes das compañías participantes e saliéntase a ampla participación do público, ademais de dar conta das actividades realizadas. Finalmente, dáse conta da entrega do "II Premio Internacional Barriga Verde de textos para teatro de títeres" que gañou a ourensá Celia Díaz.

Vº Festival Internacional de Títeres de Redondela, 'Memorial Juanjo Amoedo'

.Organizado por primeira vez no ano 2000 polo grupo Tanxarina e o colectivo Erre que erre, coa colaboración do Concello de Redondela e a Consellaría de Cultura, ten como obxectivo fundamental o achegamento dos monicreques ao público infantil e mostrar as distintas técnicas de manipulación que se empregan actualmente no teatro de marionetas, así como servir de homenaxe a Juanjo Amoedo, falecido en 1999 e promotor desta iniciativa. A programación divídese en catro áreas: a escolar, a da rúa, a das salas e os monicreques para adultos. En 2004 celebrouse entre o 19 e o 26 de maio e nel tiveron lugar as representacións de trece compañías de países como Arxentina, Australia e Reino Unido, ademais da participación de compañías españolas procedentes de Andalucía, Cataluña, Madrid e Valencia. As actuacións celebráronse no Multiusos da Xunqueira, no auditorio José Figueroa e no pub Solera, ademais das rúas e prazas desta vila. A única compañía galega participante foi Tanxarina coa obra *Rapatú*.

Referencias varias:

- Iglesias Viqueira, 'El Festival de Títeres reúne a quince grupos desde el lunes en Redondela', *Faro de Vigo*, 'Redondela', 15 maio 2004, p. 19.

Faise eco da presentación oficial do Festival de Títeres de Redondela, que tivo lugar no propio Concello. Dá conta do presuposto desta edición e adianta o programa previsto, no que, entre outras moitas compañías foráneas, está a galega Tanxarina.

- Mar Barros, 'Nenos e nenas, chegaron os titiriteiros!', *A Nosa Terra*, nº 1.130, 'Fin de semana', 27 maio 2004, p. 32.

Anúnciase a participación de trece compañías de títeres no Festival Internacional de Monicreques de Redondela. Despois de repasar a traxectoria deste evento, céntrase na presente edición, da que salienta a redución do orzamento, pero na que se preparou un amplo programa. Repasa cada unha das actuacións e ofrece unha breve historia da compañía responsábel. En columna á parte destaca a importancia deste festival xunto co Galicreques e o de Lalín.

Programa 'O Teatro á Escola'

♦.Este programa, organizado pola Deputación de Ourense, pretende achegar o teatro aos nenos de Educación Primaria escolares ourensáns; con este fin, levou a peza *Telecóxega*s, de Manazas Teatro, a un total de trinta e catro centros da provincia.

Referencias varias:

- Víctor Furelos, 'Los escolares irán al teatro', *El Correo Gallego*, 'Ourense', 13 abril 2004, p. 26.

Dá conta do programa posto en marcha pola Deputación de Ourense, mediante o cal a obra *Telecóxegas* será representada en trinta e catro centros de Eduación Primaria da provincia.

Ciclo 'Teatro na Escola' de Carballo

♦.Organizado polo Concello de Carballo, este ciclo pretende achegar o teatro ao alumnado de Ensino Infantil e Primaria do municipio; desenvolveuse entre os días 29 de marzo e 2 de abril e incluíu, entre outras, a representación de *Lazarillo*, da compañía Caramuxo Teatro.

Referencias varias:

- M.C.S., 'Teatro do Morcego celebra su aniversario en Carballo', *La Opinión*, 'Costa da Morte/Carballo', 4 marzo 2004, p. 22.

Indica que a compañía Teatro do Morcego vai abrir o ciclo 'Teatro na Escola' de Carballo coa peza *Os Piratas-A Branca Rosa* e que, na segunda xornada, escenificará *A gran ilusión*.

- M.C.S., 'Más de mil escolares asistirán esta semana al ciclo de teatro', *La Opinión*, 'Costa da Morte/Carballo', 30 marzo 2004, p. 21.

Nota na que se anuncia a continuación do programa de Teatro do Concello de Carballo, no que participará a compañía Caramuxo Teatro coa peza *Lazarillo*. Destácase o numeroso público que se prevé que asista e dáse conta tamén doutras actuacións.

VII.3.5.2. ESTREAS

VII.3.5.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Caramuxo Teatro: *Lazarillo*.

Adaptación do clásico da literatura española no que se mestura teatro, música en directo, danza contemporánea e acrobacias; esta versión caracterízase pola clave de comedia e pola caricaturización dos personaxes.

Autor: Anónimo.
Dirección: Juan Rodríguez.
Interpretación: Juan Rodríguez, David Loira, Alberto 'Jandri' e Germán Gundín.

Ver Ciclo 'Teatro na Escola' de Carballo.

Caramuxo Teatro: *Historia dunha semente*.

Espectáculo cómico de títeres de mesa e actores no que se reflexiona sobre a natureza e os cambios que se producen nela.

Autor: Juan Rodríguez.
Dirección: Juan Rodríguez.
Interpretación: Juan Rodríguez e David Loira.
Xénero: Títeres-comedia.

Ver Mostra de Teatro para Nenas e Nenos.
Ver Circuítos Culturais Infantís de Arteixo.

Referencias varias:

- X.M., 'Caramuxo representa mañá 'Historia dunha semente', *La Opinión*, 'Arteixo', 30 setembro 2004, p. 18.

Sinala que a representación desta peza, no Auditorio Municipal, pon fin a un mes de espectáculos para o público infantil organizados ao abeiro dun convenio entre o concello e a Rede Galega de Teatro do Instituto Galego de Artes Escénicas. Describe o argumento da obra e indica que está destinada aos nenos maiores de tres anos.

Caramuxo Teatro: *Pío*.

Montaxe chea de humor e inxenuidade, na que o protagonista é un personaxe que nace dun ovo perdido nun camiño, preto dunha fraga; este personaxe coñecerá, pouco a pouco, o novo mundo e aprenderá a vivir e sobrevivir.

Dirección: Juan Rodríguez.
Interpretación: Juan Rodríguez.
Iluminación e vestiario: Marcos López.
Escenografía: Juan Rodríguez.
Xénero: Comedia.

Centro Dramático Galego: *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*.

Autor: Carlos Casares.
Versión e dirección: José Caldas.
Interpretación: Avelino González, Xan Casas, Nuria Sanz, Lois Soaxe, Carlos Sante e Rocío González.
Escenografía e vestiario: Marta Sofía da Silva.
Composición musical: Bernardo Martínez.
Iluminación: Eduardo Alonso.
Axudante de dirección: Santi Mañasco.
Estudo crítico: Blanca-Ana Roig Rechou.
Xastras: Concha Abad e Mª Negreira Fernández.
Maquillaxe: Dolores Centeno.
Fotografía: Miguel A. Fernández.
Produción: Francisco Oti Ríos.
Perrucas: Damaret.

Ver Mostra de Teatro para Nenas e Nenos.

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, 'Talento luso brasileiro para o CDG', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 10 outubro 2004, p. 9.

Anuncia que o 22 de outubro o CDG estrea por vez primeira unha obra de teatro infantil, que parte da obra de Carlos Casares, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Recolle unha serie de declaracións do director da peza, José Caldas, que comezou a súa formación no Conservatórico Nacional de Teatro do Brasil e se exiliou a Europa no ano 1972, onde consolidou a súa aprendizaxe e desenvolveu as súas primeiras iniciativas profesionais. O director luso-brasileiro considera que o seu teatro está dirixido á infancia, aínda que ofrece varias lecturas orientadas a públicos diversos, e opina que o público infantil é "moi esixente". A súa procedencia foránea levouno a somerxerse na poética de Casares a marchas forzadas e sinala que o conto, *A galiña azul*, é o que estrutura a proposta escénica por carecer de soporte escénico *As laranxas...* debido ao seu carácter atípico. Afirma que na súa adaptación os personaxes gañaron "espesura psicolóxica e social" e expresa o seu parecer sobre o traballo da portuguesa Marta Sofía Silva na escenografía, pouco evidente e inzada de suxestións. Por outra parte, achégase a ficha técnica da obra teatral, a opinión de Caldas sobre o teatro infantil, que non ten calidade e se centra demasiado no aspecto formativo, e sobre as relación que deberían manter os teatros galego e luso.

- V. Oliveira , 'Laranxas e laranxas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 outubro 2004, p. 48.

Informa que a situación da literatura infantil é o tema de debate do II Ciclo de Tertulias e Debates Carlos Casares, que coordina a profesora Dolores Vilavedra e que están organizadas pola Fundación, que leva o nome do escritor falecido. Anuncia que este ciclo se desenvolverá os días 19, 20, 26 e 27 no auditorio da Fundación Caixa Galicia e que se abrirá cunha exposición da produción de Casares para nenos, á que lle seguirán unha xuntanza entre editores e a presentación da adaptación, que Manuel Guede, José Caldas, Xosé Manuel Rabón e Blanca Ana Roig fixeron da obra *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Apunta que os actos concluirán cunha mesa redonda, na que Pilar Sampedro e Helena Villar Janeiro farán unha achega práctica sobre a literatura infantil e xuvenil en Galicia. Por outra parte, cita a representación para o día 22 de outubro de *As laranxas...* no Salón Teatro de Compostela, a cargo do Centro Dramático Galego, que nesta ocasión está dirixido por José Caldas. Tamén acolle algúns comentarios de Dolores Vilavedra, quen cre que existen dúas tendencias contraditorias na literatura galega: a primeira delas é a que se dedica a "catalogar todo en xéneros para facilitarlle a escolla ó público", mentres que a outra, máis vinculada ao desenvolvemento da literatura, aspira a que "os textos borren as fronteiras entre os xéneros de novela e poesía".

- C. P., 'O CDG ensinará trucos de produción nuns talleres para nenos', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 13 outubro 2004, p. L10.

Con motivo da celebración do vinte aniversario da creación do Centro Dramático Galego, cita as activades previstas, entre as que están unhas xornadas de portas abertas e uns obradoiros dedicados aos efectos especiais, á maquillaxe e ao vestiario. Por outra parte, apunta os lugares e datas de representación da obra *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, por parte do CDG.

- E. P., 'O CDG estréase no teatro infantil ', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 outubro 2004, p. 54.

Faise eco da estrea da obra de Carlos Casares, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, polo Centro Dramático Galego o 22 de outubro no Salón Teatro baixo a dirección de José Caldas. Coméntase que a representación está acompañada dunha guía didáctica, que se distribuirá entre os escolares de máis de sesenta centros de ensino de toda Galicia, que asistirán á montaxe. Sinala que a guía está elaborada polas pedagogas Magdalena de Rojas, Cristina Novoa e Pilar Sampedro e o ilustrador Óscar Villán, que ofrecen xogos pedagóxicos e actividades formativas dirixidas a nenos de entre catro e doce anos, que tentan interrelacionar o traballo nas aulas sobre a montaxe escénica. Tamén se recolle a opinión das autoras, para as que "estamos ante unha proposta globalizada coa intención de percorrer os mundos do teatro -como escenografía, iluminación ou personaxes- e aqueles que van saíndo ó paso a partir da montaxe, como o circo, o entroido ou a Commedia dell´Arte".

- C. D. C., 'Redescubrindo a escrita máis infantil de Carlos Casares', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 17 outubro 2004, p. 2.

Comenta que a literatura para os máis novos é o tema abordado no segundo ciclo de faladoiros e debates que organiza a Fundación Carlos Casares, que inaugurará Silvia Gaspar e Xavier P. Docampo. Así mesmo, anuncia que o Centro Dramático Galego porá en escena a peza teatral do escritor ourensán, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, baixo a dirección de José Caldas. Apunta que con esta obra o CDG incorpora por vez primeira ao seu repertorio o teatro infantil e unha figura excepcional en todos os ámbitos da cultura galega. Alude á campaña escolar da obra que fará a compañía pública, ademais de apuntar que se complementa cunha "ampla e coidada" unidade didáctica e un volume da colección "Libros do espectáculo", que inclúe un estudo de Blanca Roig.

- MARÉ, 'Casares con ollos de neno', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 outubro 2004, p. 61.

Recolle fragmentos das declaracións de Xabier P. Docampo e Silvia Gaspar con respecto á súa intervención no II Ciclo de Tertulias, sobre a literatura para nenos de Carlos Casares, que xiran ao redor da súa implicación social, o seu respecto polos diferentes, o seu particular humor ou a presenza da narración oral. Tamén se alude á escenificación de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* por parte do Centro Dramático Galego, baixo a dirección do portugués José Caldas, e anúncianse as restantes actividades previstas dentro deste Ciclo como son unha reunión de editores, un debate sobre "Carlos Casares e o teatro infantil en Galicia" e un diálogo entre Pilar Sampedro e Helena Villar Janeiro.

- MARÉ, 'Casares sobe ó escenario', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 outubro 2004, p. 68.

Céntrase na representación do espectáculo dirixido por José Caldas, quen se responsabilizou tamén da adaptación ao formato teatral dun libro que no ano 1973 lle valeu a Carlos Casares o premio do Facho. Achega o resumo argumental de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, que no seu formato para teatro incorpora diferentes elementos, entre os que destaca a música. Na opinión do director, a historia do escritor ourensán está baseada "no nonsenso e no surrealismo", achegándose na súa proposta en certo sentido ao "teatro do absurdo". Tamén informa que a montaxe se acompaña dunha guía didáctica con xogos e actividades pedagóxicas e anuncia os lugares e horarios de representación desta peza.

- EP, 'O CDG entra con Casares no teatro para os cativos', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 22 outubro 2004, p. 76.

Apunta que o Centro Dramático Galego cumpre o seu vinte aniversario e abre a temporada teatral 2004-2005 coa montaxe de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, que supón a súa primeira incursión nunha nova liña de programación que terá en conta o teatro especialmente dirixido aos nenos. Informa dos lugares e horarios de representación desta montaxe feita por José Caldas, quen tamén asumiu a dirección artística desta peza de teatro de Carlos Casares. Destaca que a peza está acompañada dunha guía elaborada polas pedagogas Magdalena de Rojas, Cristina Novoa e Pilar Sampedro, así como o ilustrador Óscar Villán, que recolle actividades e xogos formativos dirixidos a nenos de entre catro e doce anos e que ten como finalidade interrelacionar o traballo nas aulas sobre a montaxe e a asistencia ao espectáculo. Comenta que o CDG publicou un novo volume da súa colección "Os libros do espectáculo", que fai o número 32 da serie e que recolle o texto da montaxe e o estudo crítico de Blanca Roig. Conclúe anotando os nomes dos actores e dos responsábeis da escenografía, vestiario, composición musical, iluminación ou maquillaxe.

- Camilo Franco, 'O CDG producirá unha peza de teatro infantil cada dous anos', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 22 outubro 2004, p. 54.

Sinálase que a estrea de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* por parte do Centro Dramático Galego será a porta que sirva para que o teatro institucional galego "visite regularmente" o xénero, pois, na opinión de Manuel Guede, "o centro ten previsto montar unha peza infantil cada dúas temporadas". O director do citado centro tamén indica que a tardanza en montar unha peza infantil está xustificada polo momento de madurez que está a vivir o teatro galego. Considérase que unha das garantías para esta montaxe está na dirección do brasileiro José Caldas, especializado en montaxes infantís, quen estima que a obra ten un intenso carácter musical e varios niveis de lectura, así como destaca a mestura que se produce entre o texto que dá título á obra con outro "cheo de significación", *A galiña azul*. Así mesmo, apúntase que para este director os textos para nenos de Casares "tiran cara ao teatro popular", polo que afondou "nesa forma de expresión utilizando elementos que teñen moito que ver coas representacións populares", entre as que salienta a música. Conclúe facendo fincapé na falla de preparación para dirixirse aos nenos.

- HV , 'Laranxas das laranxas', *Galicia Hoxe*, 'Hoxe Venres', 22 outubro 2004, p. 04.

Faise eco da estrea de *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* polo Centro Dramático Galego no Salón Teatro de Santiago de Compostela, baixo a tutela de José Caldas, quen realizou a adaptación e se encargou da dirección artística. Indica que esta representación se complementa cunha guía didáctica, que se distribuíu entre os escolares de máis de sesenta centros de ensino de Galicia, que asistirán á representación. Sinala que as súas autoras, Madgalena de Rojas, Cristina Novoa e Pilar Sampedro, xunto co traballo ilustrativo de Óscar Villán, propoñen xogos pedagóxicos e actividades formativas dirixidas a nenos de entre catro e doce anos, tanto para realizar antes coma despois de presenciar a montaxe. Por outra parte, acolle as declaracións do Conselleiro de Educación, Celso Currás, na inauguración do II Ciclo Carlos Casares de Tertulias e Debates, que analiza a creación

literaria do escritor ourensán no campo infantil e xuvenil, así como a actividade xeral que se está a desenvolver neste ámbito na comunidade galega.

- M. B., ' Creo que a atención ao público infantil chega tarde', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 14 novembro 2004, p. L2.

Nesta entrevista a Avelino González, un dos actores participantes na representación de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, comenta a reacción que cada un dos seus personaxes ten ante os feitos marabillosos acontecidos. Considera que a obra é "un xogo sobre as convencións sociais, que se poden romper pero que hai xente que non lle gusta que se rompan". Así mesmo, estima que se trata dunha proposta axeitada, que lle chega tarde ao público infantil, aínda que é un espectáculo para todos os públicos. Refírese ás esixencias do espectador infantil, ao que "non lle podes ir con tonterías", "porque teñen menos prexuízos e entón quédanse coas cousas máis inopinadas", e avoga por unha renovación no Centro Dramático Galego.

- Lupe Gómez, 'Laranxas, vida, imaxinación, cores e liberdade', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 28 novembro 2004, p. 5.

Considera que coa obra *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, dirixida por José Caldas e representada polo Centro Dramático Galego, o público infantil "aprende a soñar e voar, e séntese inmerso nun mundo moi divertido, alegre". Apunta que nesta obra "todo é música, imaxinación, vida, cores, liberdade" e que nela se xoga moito co absurdo e co surrealismo. Comenta que se sustenta no enlace de pequenas historias e refírese aos seus personaxes "caracterizados de forma esaxerada" e á súa música "feita de cancións que parecen improvisadas e inventadas". Tamén destaca a sinxeleza e a recorrencia ás repeticións e á ironía desta obra, que ten moito de clown.

Factoría Teatro: *Iesi Cebola contra a doutora Rabia Rabiña*.

Espectáculo protagonizado por Iesi Cebola, que é un can de palleiro que traballa como detective, e Rato Pérez, que é o seu axudante; ambos os dous personaxes deben investigar, por encargo da doutora Rabia Rabiña, que é unha gata siamesa e dentista de afamada reputación, cal é a razón pola que os nenos falan mal e sofren caries, onde ten moito que ver as accións do terríbel Kari Acontecido.

Autor: Xabier Picallo.
Dirección: Alfredo Rodríguez.
Interpretación: Toni Salgado, Rocío González, Cristina Domínguez e Alfredo Rodríguez.

Ver Mostra de Teatro Infantil para Centros de Ensino de Monforte.

Falcatrúa: *O atraco ó banco*.

Referencias varias:

- C.B., 'La capital del Sar dedica este mes a la figura de Maruxa Villanueva', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 3 novembro 2004, p. 38.

Anuncia que a representación desta peza forma parte das actividades culturais organizadas polo Concello de Padrón para promover o teatro e render homenaxe a Maruxa Villanueva, gardiá da Casa-Museo de Rosalía de Castro e actriz na emigración, falecida en 1998.

Monicreques de Kukas: *Galicia máxica*.

Montaxe de marionetas de gran formato no que se realiza un percorrido polas diferentes lendas de tradición popular galega, tomando como fío condutor do espectáculo a un peregrino que remata o Camiño de Santiago.

Dirección: Kukas.
Animadores: Mayra Fernández, Gonzalo Mateos, Noé Ourosa, Nacho Ortega, Isabel Rei e Marcelino Santiago.
Voces: Maxo Barjas, Camila Bossa, Evaristo Calvo, Xan Cejudo, Susana Dans, Xabier Estévez, Vítor Mosqueira, Xosé Oliva, Isabel Rei e Kukas.

Referencias varias:

- Sole Rei, 'Marcelino de Santiago, Kukas. 'As marionetas, tamén para adultos', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 2 xullo 2004, p. 64.

Conversa con Marcelino de Santiago, Kukas, arredor da peza *Galicia máxica*, da que indica que recrea sete lendas galegas. Refírese ao feito de que esta peza non sexa representada en Compostela senón en diferentes vilas do Camiño, do perigo de que as novas xeracións non coñezan a cultura propia e si producións culturais alleas, introducidas por cuestións económicas, e remata salientando a importancia dos monicreques como un xeito diferente de facer cultura.

- I.C., 'Gran acogida redondelana a los monicreques de Kukas', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 11 agosto 2004, p. 21.

Dáse conta da actuación de Monicreques de Kukas coa peza *Galicia Máxica* en Redondela. Destácase a boa acollida de público que tivo esta montaxe, na que se empregan monicreques de gran formato e da que se sinala que está baseada na tradición fantástica galega. Remátase indicando que no espectáculo interveñen seis manipuladores e que está dirixido por Marcelino de Santiago, que o levará por diferentes escenarios de Galicia.

- E.P., 'Galiza máxica' con las marionetas de Kukas', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 17 agosto 2004, p. 29.

Dáse conta da presentación en Viveiro do espectáculo *Galiza máxica*, de Monicreques de Kukas. Brevemente, ofrécense algúns dos trazos desta peza, como o tipo de monicreques, as características da montaxe e quén son os animadores.

- C.F., 'Peregrinos y meigas en Tui con un espectáculo de marionetas', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Vigo', 22 agosto 2004, p. 23.

Anúnciase a actuación de Monicreques de Kukas coa peza *Galicia Máxica* na praza de San Fernando de Vigo. Sinálanse os protagonistas da peza e que o argumento xira arredor do mundo mítico e lendario do noroeste ibérico, ademais de que está baseada nunha obra escrita e dirixida por Marcelino de Santiago.

- María Díaz, 'Galicia Máxica' de Monicreques de Kukas estará en Tui toda la semana', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 24 agosto 2004, p. 20.

Anúnciase a estrea de *Galicia máxica*, de Monicreques de Kukas en Tui dentro da programación de verán desta vila. Lémbrase os lugares polos que xa pasaron e adiántase o argumento da peza, que ten como protagonistas a un peregrino, un trasno e unha bruxa. Tamén se sinala que é unha recreación do mundo mítico e lendario galego e que foi escrita e dirixida por Marcelino de Santiago.

- E.P, 'Los niños de Tui disfrutan con las marionetas', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 25 agosto 2004, p. 29.

Informa da representación realizada en Tui pola compañía de títeres "Os Monicreques de Kukas" da obra *Galicia Máxica*, enmarcada dentro do programa de espectáculos organizados polo Xacobeo 2004.

Monicreques de Kukas: *O entroido dos animais*.

Espectáculo no que o teatro e a música se mesturan cunha clara intención didáctica; da parte teatral encárgase Monicreques de Kukas e da interpretación musical Camerata Quiodi, que están acompañados en escena por Paula Carballeira, que fai unha introdución da peza e de cada un dos instrumentos.

Autor: Camille Saint Saëns.
Dirección: Kukas e Isabel Rey.
Interpretación: Kukas, Isabel Rey, Javier M. Oro, Gena Baamonde, Paula Carballeira e Camerata Quiodi (violíns, viola, contrabaixo, chelo, pianos, frauta, clarinete e percusión).
Xénero: Musical.

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, 'De aniversario', *Galicia Hoxe*, 'A contrabutaca', 2 xaneiro 2004, p. 4.

Entrevista con Marcelino de Santiago, Kukas, con motivo do vinte e cinco aniversario da compañía que fundou e dirixe. Lembra que cando comezaron como compañía a penas existía teatro de monicreques en galego e que un dos primeiros alumnos que tiveron foi Roberto Vidal Bolaño. Repasa as obras que manteñen en carteleira agrupándoas en apartados: aquelas nas que intervén a Real Filharmonía de Galicia, *O antroido dos animais* e *O retrablo do Maese Perdro*; as dirixidas ao público adulto como *Anxélica no ombral do ceo* e as do público infantil como *Xan Trapallas* ou *Contos do vento acatarrado*. A seguir, céntrase en *O antroido dos animais*, da que sinala o éxito da estrea en Santiago, que é unha adaptación na que foi complicado construír case trinta bonecos e a coreografía para cada un, pasando logo a falar da técnica da manipulación, da falta dun público formado en Galicia, do comportamento agardado do público infantil e das diversas relacións que este estabelece co monicreque. Finalmente, refírese aos prexuízos da sociedade cara ao teatro infantil e a falta de implicación das institucións, que favorece este menosprezo.

Monicreques de Kukas: *O retablo das marabillas*.

Referencias varias:

- José Matamoros, 'Monicreques al son de Falla', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 31 xaneiro 2004, p. L15.

Entre outras novas da cidade de Santiago, dáse conta da posta en escena de *O retablo das marabillas*, de Monicreques de Kukas, baseada na obra de Manuel de Falla, coa que se achega aos escolares o teatro e a música.

Os Quinquilláns: *Moby Dick*.

Espectáculo no que o capitán e a súa tripulación parten do porto co convencemento de que nesta ocasión sairán vitoriosos do enfrontamento contra a gran balea Moby Dick, pero nin el puido vencer á balea nin a balea o venceu a el.

Autor: Hernán Melville.
Dirección: Kevin Shon Stewart.
Interpretación: Xoan Curiel, Xurxo Vázquez, Eva Vila, Cecilia Menéndez e Nazaré da Vila.
Xénero: Teatro de rúa.

Ver IXº Festival Internacional de Títeres 'Galicreques'.

Pablo Nojes e Páprika: *Os cómicos ambulantes*.

Ver Vigocreques

Sarabela Teatro: *A gata con botas*.

Versión do coñecido conto de Perrault que nesta ocasión ten como protagonistas a unha marquesa inventada e a unha gata espilida, que traballaran para liberar ao pobo da tiranía do Coco. Sarabela Teatro leva a escena este conto a partir da adaptación que para o teatro fixo Luwig Tieck, xa no século XVIII.

Autor: Ludwing Tieck.
Adaptación: Ánxeles Acuña.
Dirección: Ánxeles Acuña Bóveda.
Interpretación: Nate Borrajo, Fina Calleja, Fernando Dacosta, Suso Díaz, Sabela Gago e Elena Seijo.
Vestiario: Teté Seoane.
Escenografía: La faust and Volk.
Xénero: Comedia.

V Festival de Nadal de teatro infantil de Santiago de Compostela.

Referencias varias:

- M.J.R., 'Sarabela Teatro estrea en San Sadurniño', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 23 novembro 2004, p. 15.

Ademais de anunciar a estrea da obra, comenta algunhas das características de *A gata con botas*. A noticia recolle diversas consideracións da directora, Ánxeles Cuña, que fai fincapé na esixencia do público infantil. O despece informa sobre a evolución da compañía e contén un apartado referido á reserva das localidades.

- María Caravel, 'Otro día más de espectáculo', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 30 decembro 2004, p. L11.

Desta sección miscelánea interesa aquí a noticia que fai referencia á representación teatral que levou a cabo o grupo Sarabela no auditorio Gustavo Freire. Dise que a obra levada a escena foi *A gata con botas* e que o acto formou parte do programa do Nadal e tamén do convenio cultural que asinou o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais e o Concello de Lugo. Noutras novas breves fálase das actividades culturais e de promoción da lectura que se están a desenvolver na Biblioteca Pública Provincial.

Tarabuleque Teatro: *O tendedeiro*.

Ver Mostra de Teatro Infantil para Centros de Ensino de Monforte.

Títeres Cascanueces: *O astrólogo, a nena e o invento marabilloso*.

Obra na que se conta a historia dun astrólogo cheo de sabedoría e na que están presentes temas como a poesía, o amor e a eterna xuventude.

Autor: A. César, L. Ocón e J. Villafañe.
Dirección: Lázaro Duyos.
Manipuladores: Lázaro Duyos, Borja Lema e Manuel Lousas.
Xénero: Bocones mimados.

Ver IXº Festival Internacional de Títeres 'Galicreques'.

Títeres Falcatrúa: *O espírito do bosque*.

Comedia na que Maldrás, un ruín especulador, captura a Celes para obrigalo a que traslade ao bosque uns bocois cargados con material radioactivo; Celes, que é advertido polos habitantes da fraga da gravidade da situación, tenta desbaratar os plans do malvado Maldrás.

Autor: Esteban Losada.
Dirección: Esteban Losada.
Interpretación: Isabel Amado Rojo e Esteban Losada.
Xénero: Comedia.

Ver IXº Festival Internacional de Títeres 'Galicreques'.

Referencias varias:

- Patricia Costa, 'Falcatrúa interpretará su 'Espírito do Bosque'', *Atlántico Diario*, 'Virxe de As Neves', 5 agosto 2004, p. 24.

Entre diversas informacións, dáse conta da representación que levará a cabo o grupo de títeres Falcatrúa, dirixida aos máis pequenos.

Títeres Falcatrúa: *As aventuras de Pepín o Pelegrín*.

Peza na que se dá conta da peregrinaxe a Santiago do marqués de Donalbi e o seu neto Pepín.

Autor: Esteban Losada.
Dirección: Esteban Losada.
Interpretación: Isabel Amado Rojo e Esteban Losada.

Ver Semana de Teatro Infantil de Cee.

Títeres Falcatrúa: *A fantástica transformación de Maurocaracol*.

Espectáculo no que se mostran as disparatadas situacións e reaccións que a chegada da doutora Furaespellos produce na rúa do Cobotelo e os seus veciños.

Autor: Esteban Losada.
Dirección: Esteban Losada.
Interpretación: Isabel Amado Rojo e Esteban Losada.
Xénero: Comedia.

Títeres Tanxarina: *Os Narigudos*.

A acción desta peza transcorre na illa dos narigudos, onde os bailes e namoros son terribelmente complicados por culpa do seu enorme nariz; ante este situación, Bartolo é escollido para procurar unha solución na casa do Chan Tonda, o home máis sabio do mundo. O problema xorde cando Bartolo atopa a posibilidade de mudar o seu nariz por outro máis pequeno, pero só o seu.

Dirección: Cándido Pazó.
Interpretación: Eduardo R. Cunha 'Tatán', Miguel Borines e Andrés Giráldez.
Xénero: Títeres.

Ver XXIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo (Cangas)
Ver Títerenadal.

Ver IXº Festival Internacional de Títeres 'Galicreques'.

Referencias varias:

- Adriana Rodríguez, 'Títeres Tanxarina presenta a obra 'Os Narigudos' na Casa da Cultura de Boiro', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 28 novembro 2004, p. 23.

Atende á representación na Casa da Cultura de Boiro de *Os Narigudos*, unha obra para todos os públicos, que achega os problemas que xorden na Illa dos Narigudos. Sinala que a súa compañía de representación, Títeres Tanxarina, está formada por Eduardo Rodríguez, Andrés Giráldez e Miguel Borines, quen considera que a obra "fai reflexionar sobre a aceptación persoal, e se un se divirte consigo mesmo". Apunta que esta compañía é un dos grupos máis consolidados dentro do mundo dos títeres en Galicia e que, segundo Borines, "somos títeres tradicionais que facemos as nosas propias adaptacións, sempre tentando emitir unha mensaxe". Conclúe sinalando que os espectáculos de Tanxarina "son elaborados con seriedade e o sentimento preciso para facer dos seus personaxes compañeiros de festa e vida tendo presentes ós nenos, ós soños, á fantasía e á imaxinación".

Títeres Tanxarina: *Cantaloucos*.

Ver XX Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Referencias varias:

- Uxía Martínez, 'Ahora los niños son más maduros', *Faro de Vigo*, 'Faroverano', 5 agosto 2004, p. 25.

Conversa cos integrantes da compañía Tanxarina, na que se refiren á concepción do humor que existe nos distintos países polos que teñen levado as súas pezas, refírense ao laborioso que resulta a construción dos bonecos que empregan nos seus espectáculos, ao seu gusto por variar as formas e materiais empregados ou a boa aceptación do público adulto dos espectáculos de monicreques. Da súa peza *Contaloucos* sinalan que buscaba transmitir a alegría de vivir malia os conflitos bélicos de fondo que aparecían e que sempre están de actualidade. A seguir sinalan as diferenzas que perciben nos nenos de agora con respecto aos de hai vinte anos, como o tratamento dos temas, o maior coñecemento destes ou a concepción da inmediatez que lles transmite a televisión. Rematan anunciando o seu próximo proxecto: *Os narigudos*, de Terry Jones.

Títeres Trompicallo: *Nadarín*.

Peza na que Nadarín e o seu amigo se submerxen nas profundidades do mar, onde coñecen todos os seus habitantes. Neste contexto, extraen a perla dunha ostra e provocan a aparición

do Peixe Enorme, un personaxe destrutivo que persegue constantemente a Nadarín e que devora a todos os peixes pequenos. Nadarín e o seu amigo deben buscar unha solución.

Autor: Cristina Ferrirós.
Dirección: Plamen Dipchikov.
Interpretación: Marian González e Luís Gonzalez.
Xénero: Títeres.

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver Titerenadal.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Na Sala Yago todos somos Hamlet', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 abril 2004, p. 52.

Con motivo da presenza da compañía servillana Cámara Negra na Sala Yago faise un comentario sobre esta posta en escena, á vez que se anuncia a actuación dos monicreques da compañía Trompicallo coa peza *Nadarín*, da que se sinala que é unha historia sobre o mar que ten como protagonista a Peixe Grande.

Títeres Trompicallo: *Manolito Camaleón*.

O protagonista deste espectáculo é Manolito, un boneco que só ten cabeza e mans e que, ademais, non fala; a pesar disto, Manolito chama a atención do público dende o primeiro momento da actuación e comparte con el a súa fantasía e o seu humor.

Autor: Trompicallo/Xron.
Dirección: Xron.
Interpretación: Marián González, Luís González e Beatriz Sánchez.
Xénero: Títeres.

Ver Iº Titirideza.

Trinke Trinke: *O pequeno raposo*.

Viravolta Títeres: *Titiriteiros*.

Espectáculo que recolle diversos sketchs que son representados na rúa empregando distintas técnicas do espectáculo tradicional: títeres, bululú, aleluias, xigantes, cabezudos, cantares de cego...

Autor: Viravolta.
Dirección: Anxo García.
Interpretación: Pilar Álvarez, Xulio Balado, Anxo García e Ignacio Vilariño.
Xénero: Títeres de rúa.

Ver IXº Festival Internacional de Títeres 'Galicreques'.

VII.3.5.2.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS

Agarimo: *O menciñeiro á forza*.

Autor: Moliére.
Dirección: Eva Vila.
Versión e adaptación: Xosé Manuel Carballo.

Altega Teatro Infantil: *A bruxiña sen vasoira*.

Arrefríos: *Os tres desexos*.

Espectáculo de monicreques a cargo da compañía Arrefríos, da Asociación de veciños de Freixo, e dirixida ao público infantil.

Referencias varias:

- A. G., 'Chandebrito acoge hoy títeres y música dentro de su Semana Cultural', *Atlántico Diario*, 'Metropolitana', 5 decembro 2004, p. 23.

Entre outras actividades organizadas pola Asociación de Veciños Cultural e Deportiva "O Castro" de Chandebrito, cita a representación da obra de títeres *Os tres desexos*, por parte do grupo Arreifos da Asociación de Veciños de Freixo e da peza *¿E agora que facemos?*, polo grupo teatral Avento.

Aula de Teatro do Colexio San Narciso: *Palabras para Antígona*.

Representación na que participan vinte actores recreando textos de Sófocles, Neruda e Cortázar.

Ver VIIIª Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo.

Aula Universitaria de Teatro Infantil de Ourense: *O merlo branco*.

Peza baseada no coñecido texto de Cándido Pazó, no que o protagonista é un merlo de cor branco que se ve obrigado a marchar do niño familiar ao ser rexeitado polo seu pai por causa da súa cor.

Autor: Cándido Pazó.
Dirección: Sabela Gago e Fina Calleja.
Interpretación: Mónica Sueiro, Vanessa Merelles, David Varela, Héctor Casas, Brais Moreno e Cristina Campos.

Ver I Mostra de Teatro Infantil (MOTI)

Referencias varias:

- C.M., 'Canto coral, teatro y obradoiros', *La Región*, 'Navidad 2004 en Ourense', 24 decembro 2004, p. IV.

Infórmasenos do día, hora e lugar da representación da obra *O merlo branco* de Cándido Pazó, dentro da programación de teatro infantil inserido na programación cultural do Concello de Ourense no Nadal de 2004.

CEIP Tino Grandío: *As ratiñas presumidas*.

Referencias varias:

- Eduardo Fernández, 'El colegio Tino Grandío celebrará hoy el Maio Cultural con varios actos', *El Progreso*, 'Comarcas', 21 maio 2004, p. 27.

Refírese á celebración da xornada do Maio Cultural, organizada polo CPI *Tino Grañido*, na que participarán activamente os escolares do centro, tanto de Primaria como de Infantil, realizando representacións teatrais como *As ratiñas presumidas* e *Algunha vez foi unha fraga*. Entre os actos tamén se atopa un recital de poemas que lerán nenos de Primaria. Remata aludindo á entrega dos galardóns aos alumnos premiados no certame escolar *Entre nós, en galego*.

CEIP Tino Grandío: *Algunha vez foi unha fraga*.

Referencias varias:

- Eduardo Fernández, 'El colegio Tino Grandío celebrará hoy el Maio Cultural con varios actos', *El Progreso*, 'Comarcas', 21 maio 2004, p. 27.

Refírese á celebración da xornada do Maio Cultural, organizada polo CPI *Tino Grañido*, na que participarán activamente os escolares do centro, tanto de Primaria como de Infantil, realizando representacións teatrais como *As ratiñas presumidas* e *Algunha vez foi unha fraga*. Entre os actos tamén se atopa un recital de poemas que lerán nenos de Primaria. Remata aludindo á entrega dos galardóns aos alumnos premiados no certame escolar *Entre nós, en galego*.

CEIP Virxe de Guadalupe: *O anxo e os pastores*.

Referencias varias:

- Lorena Crespo, 'Música y teatro escolar', *La Región*, 'Navidad en Avión 2004', 17 decembro 2004, p. 46.

Dáse conta da representación da obra de teatro *O anxo e os pastores* na que participan nove mozos do ciclo de primaria do colexio Virxe de Guadalupe.

Centros Educativos de Ledoño, Vinseira, Sésamo, O Curro e Almeiras: *O príncipe que todo o aprendeu*.

Comediantes anónimos: *Os tres mosqueteiros e... D´Artagnant?*.

Peza que amosa os cambios que se produciron na vida dos coñecidos cabaleiros tras servir ao rei Luís XIII e que plantexa certas dúbidas sobre a sexualidade do cuarto compañeiro de aventuras; este enigma é resolto, en clave de humor, ao final da representación.

Autor: María Xosé Medraño Ruibal.

Ver VIII[a] Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo.

Escola de Teatro Municipal de Lalín: *Sen querer, querendo*.

Ver Vª Mostra e campamento de teatro infantil e xuvenil de Antas de Ulla.

Escola Infantil Zalaeta: *A nosa romaría*.

Espectáculo realizado polos nenos de dous anos de idade desta escola infantil para celebrar o fin de curso.

Grupo de Teatro da Asociación Ánxel Casal: *Brancaneves e os sete ananiños no escuro camiño*.

Referencias varias:

- Natalia Noguerol, 'El presidente de la Fundación Castelao será el pregonero de la Festa do Queixo', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 12 febreiro 2004, p. L17.

Dá conta do programa previsto para celebrar, entre os días 6 e 7 de marzo, a Festa do Queixo no Concello de Arzúa; entre os actos organizados está a representación da obra *Brancaneves e os sete ananiños no escuro camiño*, a cargo dos alumnos da aula de teatro da Asociación Ánxel Casal.

Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla: *No oeste hai indios*.

Ver Vª Mostra e campamento de teatro infantil e xuvenil de Antas de Ulla.

Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla: *Lisístrata*.

Ver Vª Mostra e campamento de teatro infantil e xuvenil de Antas de Ulla.

Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla: *¡Mamasiña, que medo!*.

Referencias varias:

- Marta Becerra, 'Hijos de un dios menor', *El Progreso*, 'El despertador', 17 xaneiro 2004, p. 8.

Nesta sección fixa na que se dá noticia de cuestións culturais relacionadas coa cidade de Lugo, Marta Becerra faise eco da posta en escena na biblioteca provincial de *¡Mamasiña,, que medo!*, do Grupo de teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla.

Grupo de Teatro de Laxas: *Tres no paraíso*.

Grupo de teatro do CEIP Antonio Vázquez: *Os cravos de prata*.

Autor: Nicolás Bela

Grupo de Teatro do CEIP Frian: *A promesa da cigoña*.

Grupo de Teatro do CEIP Illa Verde: *A sireniña, a historia xamais contada*.

Peza coa que o grupo de teatro xuvenil do colexio Illa Verde de Lugo gañou o primeiro premio de teatro infantil de Galicia.

Grupo de Teatro do Colexio Eduardo Pondal: *¿Calderón... namorado?*.

Espectáculo en verso cuxo escenario recrea unha biblioteca e que está protagonizado por un grupo de ratos que, a través dos seus relatos, reconstrúen en distintas escenas os amores de xuventude de Calderón de la Barca.

Dirección: Guiomar López.

Ver VIIIª Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo.

Grupo de Teatro do Colexio Fingoi: *Lisístrata*.

Ver Vª Mostra e campamento de teatro infantil e xuvenil de Antas de Ulla.

Grupo de Teatro do IES Francisco Aguiar: *A farsa do avogado*.

Grupo de Teatro do IES Virxe do Carme de Sober: *O merlo branco*.

Autor: Cándido Pazó.

Grupo de teatro infantil do Concello de Sada: *Pilleite, Carapuchiña*.

Dirección: Oswaldo Digón

Manazas Teatro: *Telecóxegas*.

Director: Pablo Silva

Ver Programa 'O Teatro á Escola'

N+1: *A lenda do pirata*.

Obradoiro de teatro María Soliña: *O soño dunha noite de verán*.

Adaptación da obra de Shakespeare.

Ver VIIIª Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo.

Os Garabatos: *Isto é Troya*.

Pirilampo Teatro: *Os antollos da Margarida*.

Autor: Fina Casalderrey

Sardiña: *Miles gloriosos*.

Ver Vª Mostra e campamento de teatro infantil e xuvenil de Antas de Ulla.

Seisdedos: *Dueto de fío*.

Seisdedos: *Mantas non son cobertores*.

Referencias varias:

- C.B., 'El libro gallego centra el primer salón cultural en el colegio público de Dices', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 9 novembro 2004, p. 35.

Infórmase da celebración dun salón do libro no Colexio de Dices (Rois), integrado dentro da iniciativa que leva por lema "Engánchate á lectura", organizada en colaboración con GALIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil). Sinálase que este evento ten como obxectivo favorecer a difusión da literatura infantil e xuvenil e que nel participarán autores como Fina Casalderrey, Marilar Aleixandre e Cándido Pazó, entre outros, con disertacións sobre a súa obra e a importancia da lectura. Repásanse outras actividades como a sesión de monicreques a cargo de Seisdedos con *Mantas non son cobertores* ou de Buratini con *Contos para todo o ano*.

Teatro Buratini: *Contos para todo o ano*.

Referencias varias:

- C.B., 'El libro gallego centra el primer salón cultural en el colegio público de Dices', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 9 novembro 2004, p. 35.

Infórmase da celebración dun salón do libro no Colexio de Dices (Rois), integrado dentro da iniciativa que leva por lema "Engánchate á lectura", organizada en colaboración con GALIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil). Sinálase que este evento ten como obxectivo favorecer a difusión da literatura infantil e xuvenil e que nel participarán autores como Fina Casalderrey, Marilar Aleixandre e Cándido Pazó, entre outros, con disertacións sobre a súa obra e a importancia da lectura. Repásanse outras actividades como a sesión de monicreques a cargo de Seisdedos con *Mantas non son cobertores* ou de Buratini con *Contos para todo o ano*.

Teatro Caracol: *O Tesouro*.

Espectáculo que comeza co roubo dun botín que é agochado nunha casa abandonada e custodiado por dous piratas que, co paso do tempo, se converten en fantasmas que espantan

a todo aquel que queira achegarse ao tesouro. Xunto cos piratas, aparecen en escena uns gánsters que dan lugar a divertidas situacións.

Dirección: Olga González Vilas

Referencias varias:

- Adriana Rodríguez, 'A Agrupación Caracol, un mundo de teatro de pais para fillos', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 25 abril 2004, p. 24.

Achega ao labor do Grupo Teatro Caracol durante o período que levan a cabo as súas representacións no Instituto Francisco Asorey de Cambados. Sinálase que esta agrupación, dirixida por Olga González Vilas, leva a cabo a posta en escena de adaptacións de contos clásicos e ten como espectadores ao alumnado do centro, moito del fillos dos propios actores.

- Adriana Rodríguez, 'O Grupo Caracol estréase en Vilagarcía coa obra 'O Tesouro', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 31 outubro 2004, p. 23.

Centra o seu comentario no grupo teatral Caracol de Cambados, que acompaña da opinión da súa directora, Olga González, encargada dalgunha das adaptacións dos textos e composicións das cancións que amenizan as representacións. Sinala que esta agrupación está conformada polos pais dos rapaces do colexio Asorei e que se caracteriza por estar creada para os nenos. Destaca que os rapaces son os máis beneficiados desta iniciativa, porque detrás da diversión se agocha unha tarefa educativa, que fai poñer en contacto aos nenos con diferentes obras, que conteñen unha mensaxe e enriquecen a súa educación. Así mesmo, segundo a directora, tentan "ante todo facelo divertido e nada aburrido pero pensando tamén nos maiores que acompañan ós nenos" e que "co paso dos anos foron collendo experiencia, enriquecéndose e aprendendo dos erros do contacto co público". Por último, achega o argumento da próxima peza que van representar no Liceo Casino de Vilagarcía, *O Tesouro*.

Teatro Mutante: *¡Pilleite Carrapuchiña!*.

Versión do coñecido conto coa que se pretende amosar ao público infantil unha visión crítica da publicidade nos medios de comuninación e nos contos clásicos; neste espectáculo, ademais de Carrapuchiña, aparecen outros personaxes, como Os Tres Porquiños, Brancaneves ou Cincenta.

Referencias varias:

- Víctor Furelos, 'Y de la música damos paso', *El Correo Gallego*, 'Ourense', 27 maio 2004, p. 25.

Entre outras cuestións relacionadas coa cidade de Ourense, dá conta da presenza do grupo Teatro Mutante no colexio dos Maristas coa peza *Pilleite Carrapuchiña*, da que se sobrancea que busca darlle unha visión crítica ao público do fenómeno da publicidade.

Teatro Trabalinguas-Producións Dedentro: *O labirinto dos soños*.

Peza na que se contan as aventuras de Ventura, un neno que non sabía soñar pero que, despois de ler un libro de contos, entra no labirinto dos soños e non sabe saír del.

Autor: Pepe Sendón

Ver I Mostra de Teatro de Malpica

Tranghalladas: *O principiño viaxa polo espacio*.

Representación realizada polo grupo de teatro do IES Val Miñor.

Referencias varias:

- Carolina Silva, 'Velas e exvotos en la romería rural de la urbe', *El Correo Gallego*, 'Vigo', 17 agosto 2004, p. 16.

Infórmase da representación da obra *O Principiño viaxa polo espacio*, realizada polo grupo de teatro do instituto de ensinanza secundaria Val Miñor na Foz da Ramallosa.

Tróquele: *Carne de estatua*.

Peza na que se presenta unha visión crítica e pesimista da sociedade, que é mostrada como un mundo adormecido poboado por estatuas.

Autor: Xosé Luís Martínez Pereiro.
Dirección e adaptación: Rosa Figueroa.

Ver VIII[a] Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo.

Referencias varias:

- A. Agulla, 'El Instituto Salvador Moreno prepara la 'I Semana Cultural de Animación á Lectura'', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Marín', 16 abril 2004, p. 28.

Explica que este centro de ensino secundario está a preparar a súa I Semana de Animación á Lectura, que se vai celebrar entre os días 19 e 23 deste mes e en cuxo programa se inclúen as visitas de contacontos, profesores, escritores e, mesmo, unha exposición de libros. Dá conta, así mesmo, da nómina de persoeiros da literatura galega que intervirán nos actos. Sinala, finalmente, que o grupo de teatro do instituto, coñecido co nome de Tróquele, está a ultimar os preparativos da peza de teatro coa que participarán na Mostra de Teatro do Ensino Secundario do Morrazo.

VII.3.5.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

VII.3.5.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Berrobambán: *Movementos para trasnos e trastes*.

Representación na que o protagonista é Compás, un trasno que convoca en asemblea a todos os trasnos e nenos trastes de entre tres e oito anos de Galicia co fin de mostrarlles cáles son as novas tendencias en música para trasnadas.

Autor: Paula Carballeira.
Dirección: Paula Carballeira.
Interpretación: Roberto Ferreiro, Anatoli Kadachinov, Amador González, Chiqui Pereira, Noa Díaz, Catuxa Cela, Filipa Faba, Pepa Yáñez, Branca Villares, Carolina Torrijos, Carmen Méndez, Juan Parga e Hilario.
Xénero: Concerto-Teatro.

Ver Circuítos Culturais Infantís de Arteixo.
Ver Vª Ciclo de teatro infantil Domingos do Principal de Pontevedra.

Caramuxo Teatro: *A festa do dragón*.

Espectáculo que conxuga música en directo, comedia bufa, situacións absurdas e clown; a acción desenvólvese no afastado mundo de Galiux, onde o dragón Zárdigot, ao que todos os habitantes temen, se enfronta aos Cabaleiros de Galiux.

Autor: Juan Rodríguez.
Dirección: Juan Rodríguez.
Manipuladores: Pablo Nistal, Alberto 'Jandri', Juan Rodríguez, Germán Gundín, David Loira, Humberto Pailos e Jesús Fernández.
Xénero: Teatro de rúa.

Compañía de Miro Magariños: *Os xigantes*.

Espectáculo baseado na obra *Os xigantes de nunca acabar*, de Xoán Babarro e Ana Mª Fernández que fora publicada por SM na súa colección "O barco de vapor". Protagonizada por un carpinteiro e o seu axudante Pucho, o carpinteiro, tras escoitar o parte radiofónico, lembrará unha historia que xa lle contaba o seu avó.

Dirección: Eduardo R. Cunha "Tatán".
Interpretación: Miro Magariños, Mundo Villalustre.
Música: Pablo Costas.
Escenografía: P. Pastor.
Narración e percusión: Eva del Campo.
Vestiario: Belén Puentes.

Migallas Teatro: *Canta connosco*.

Espectáculo no que o grupo Migallas interpreta as cancións do seu disco '¡Canta connosco! acompañándoas cunha acción dramática que enfatiza o cantado; cada canción é presentada polos personaxes cun diálogo onde se tratan temas como os xogos tradicionais fronte á televisión ou os videoxogos, a importancia de usar a lingua galega, a ecoloxía, a lectura, etc.

Autor: María Campos e Carlos Yus.
Dirección: María Campos e Carlos Yus.
Interpretación: María Campos e Carlos Yus.
Música: María Campos e Carlos Yus.
Escenografía: María Campos.
Técnico de son: Xurxo Cortazas.
Técnico de luz: Rubén Rey.
Vestiario: Celsa Cabaleiro.
Fotografía: Mari Print.

Ver Iº Mostra de Teatro Infantil (MOTI)

Monicreques de Kukas: *Contos do vento acatarrado*.

Espectáculo de monicreques no que un día de moita calor o señor Don e a señora Dona se dispoñían a xantar debaixo dun limoeiro, para aproveitar a sombra desta árbore, pero nese momento sentiron un xemido do vento, que laiaba de dor.

Autor: Kukas.
Dirección: Kukas, Isabel Rey e Gena Baamonde.
Interpretación: Isabel Rey e Kukas.

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia
Ver Mostra de Teatro para Nenas e Nenos.

Ver IIº Festival de Teatro e Cine Infantil e Xuvenil.
Ver Mostra de Teatro Infantil para Centros de Ensino de Monforte.
Ver Ciclo de Teatro Infantil de Cambados.

Referencias varias:

- M.D., 'El teatro de Área Panorámica acoge hoy un espectáculo de marionetas', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 30 xaneiro 2004, p. 24.

Dáse conta da actuación de Monicreques de Kukas no Teatro Área Panorámica de Tui coa peza *Contos do vento acatarrado*. Sinálase que a trama xira arredor das historis que conta o vento triste e acatarrado.

Os Quinquilláns-Teatro de Rúa: *A Noite*.

Espectáculo pertencente ao xénero do teatro de rúa no que se realiza unha viaxe a través da fantasía.

Autor: Gabriel Penabade.
Dirección: Gabriel Penabade.
Interpretación: Ignacio Vilariño, Anxo García, Mercé Pérez, Olga Cameselle, Nazaré Dávila e Xurxo Vázquez.

Referencias varias:

- Leticia Castro, 'La programación veraniega del Concelllo llega a su fin con un espectáculo teatral', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'O Grove', 27 agosto 2004, p. 12.

Entre as diversas actividades promovidas pola Concellaría de Cultura do Grove, cita a actuación da compañía de teatro Os Quinquilláns, que presentará o espectáculo *A Noite* o 27 de agosto.

Os Quinquilláns-Teatro de Rúa: *O circo das máscaras*.

Espectáculo que amosa as historias que se suceden dentro dun circo que intenta recuperarse; así, coñecemos pallasos, máscaras, trapecistas, domadores, ... e a Xoan e mais a súa filla, Sabela, que buscan o entendemento entre eles.

Autor: Carolina Ramos.
Dirección: Kevin Stewart.
Interpretación: Xoán Curiel, Nazaré Davila, Cecilia Menéndez, Xurxo Vázquez e Eva Vila.
Xénero: Teatro infantil.

Ver Vª Ciclo de teatro infantil Domingos do Principal de Pontevedra.

Referencias varias:

- N. Rodríguez, 'Ata África coa fantasía como combustible', *La Opinión*, 'De verano', 11 agosto 2004, p. VII.

Refírese á actuación de Eva e Zezilia, dúas integrantes da compañía de teatro Os Quinquilláns, que levaron aos máis pequenos de viaxe por África na Feira do Libro da Coruña. A través dos comentarios destas actrices, sinálase que coas súas montaxes "de pequeno formato" se pretende cubrir "o baleiro" que hai entre os contacontos e os grupos de teatro profesionais, que non poden chegar aos colexios por razóns orzamentarias. Apúntase que teñen como aliciente encargarse de todos os procesos da representación e alúdese á diversidades das súas actuacións en función do público, á vez que se estima que estas montaxes volven á "sinxeleza das cousas pequenas, pero que enchen de ilusión".

- L.P., 'Teatro, deporte y moda centran las actividades programadas por el Concello para el fin de semana', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Marín', 19 agosto 2004, p. 15.

Dáse conta da representación que levará a cabo a compañía teatral Os Quinquilláns da obra *O circo das máscaras* que realizará na praza do concello de Bueu.

- L. Pérez, 'Os Quinquilláns' ofrecen na praza do Concello a obra 'O Circo das Máscaras', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo / Bueu', 22 agosto 2004, p. 19.

Informa da actuación da compañía Os Quinquilláns na praza do Concello de Bueu, que representará ao aire libre *O circo das máscaras*. Comenta que se trata dunha montaxe teatral, na que se combina a música en directo, o baile e as máscaras. Detense no seu argumento, centrado na vida das xentes do circo e os seus esforzos para saír adiante. Tamén sinala que os vinte e catro personaxes están caracterizados por varios tipos de máscaras procedentes de diversas partes do mundo. Por último, achega uns breves datos biográficos desta compañía compostelá creada no ano 1998 e que representou once montaxe, entre as que cita, *As voces do mar*, *Irmandiños*, *Gulliver* e *Feira de lixos*.

Pablo Nojes e Paprika: *Qué pasa na praza*.

Espectáculo no que o protagonista é un xograr que chega á praza e que lle conta ao público todo o que ve e o que imaxina: un pallaso que non pode poñer o seu nariz, un vendedor de mel que caza sons, o concerto dun frautista, etc.

Autor: Pablo Nojes.
Dirección: Pablo Nojes.

Interpretación: Pablo Nojes.
Xénero: Comedia musical.

Ver Vigocreque.

Seisdedos: *O cego dos monifates*.

A compañía de Maese Seisdedos, cego e titiriteiro ambulante, representa contos medievais, romances históricos, romances de cego e cancións tradicionais reflectindo a dinámica clásica de picaresca e enganos entre o cego e o guía.

Spaguetti Teatro de Títeres: *Chímpate chámpate*.

Autor: Javier Villafañe.

Ver Vigocreques.

Referencias varias:

- A. P, 'Titerescola' llega a Ponte Caldelas para divertir a los niños de la ludoteca', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/Comarcas', 19 novembro 2004, p. 14.

Alude á actuación da compañía Spaguetti de títeres, dentro da programación provincial Titerescola, que levará a Ponte Caldelas a representación da súa obra *Chímpate chámpate*, de Javier Villafañe. Sinala que se trata dunha das propostas máis repetidas polos membros da citada compañía, que leva unha vintena de anos movendo os seus títeres ante todo tipo de público infantil. Considera que a obra adoita ser un "éxito tanto por su dinamismo y acción como por el carácter participativo que lleva a los niños a compartir las vivencias de las protagonistas".

Talía Teatro: *Menos lobos*.

Peza na que os protagonistas son tres nenos que van á casa dunha amiga para celebrar o seu aniversario, pero ao chegar descobren que a celebración non é até o día seguinte; ante este contratempo deciden xogar representando un conto onde hai lobos.

Autor: Artur Trillo.
Dirección: Artur Trillo.
Interpretación: Rosi Barcala, Marta Ríos, Gustavo G. Dieste e Xurxo Barcala.

Talía Teatro: *Eu así non xogo!*.

Eu así non xogo! é a segunda parte de *Menos lobos*; o espazo escénico desta peza é un parque no que os dez personaxes representan unha pandilla de nenos de sete anos, cos seus xogos, enfados e conflitos.

Autor: Artur Trillo.
Dirección: Artur Trillo.
Xénero: Comedia.

Ver Xoves Teatrais de Ferrol 2004.
Ver Vª Ciclo de teatro infantil Domingos do Principal de Pontevedra.
Ver Ciclo de Teatro Infantil de Cambados.

Referencias varias:

- M.D, 'Tui enseña a sus estudiantes a disfrutar en el Teatro Municipal', *Atlántico Diario*, 'Metropolitana', 21 outubro 2004, p. 27.

Entre as actividades ofertadas aos escolares de Tui, cítanse unha iniciativa que ten como obxectivo achegar os máis pequenos aos espectáculos que se ofertan no Teatro Municipal, ao mesmo tempo que se introducen no uso deste servizo, e a representación de *Eu así non xogo!*, da man de Talía Teatro

- E. G, 'Una mañana de teatro reúne a medio millar de escolares de Tui', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño/Área Metropolitana', 11 novembro 2004, p. 16.

Refírese á actuación do grupo Talía Teatro, *Eu así non xogo!*, dirixida por Artur Trillo e vista por máis de cincocentos vinte escolares de oito centros de Tui. Sinala que a trama da obra se centra nos xogos e travesuras duns nenos dun parque e acolle o parecer dispar do profesorado sobre a implicación do auditorio na acción, a quen se lle ensinou o correcto proceder no teatro.

Tanxarina Títeres: *Titiricircus*.

Espectáculo arredor do mundo do circo de rúa, dos seus personaxes e as historias que estes viven. É unha lembranza ensoñadora e festiva do gran circo de carpa na que dous vellos traballadores lembran con marionetas de fíos as glorias do seu pasado na pista.

Autor: Tanxarina.
Dirección: Tanxarina.
Interpretación: Eduardo A. Rodríguez 'Tantán' e Miguel Borines.
Xénero: Comedia con títeres

Teatro Buratini: *A gaita que facía a todas bailar*.

Espectáculo de contacontos baseado en dous relatos populares galegos e nun texto de Ánxel Fole.

Teatro Buratini: *Palabras de caramelo*.

Peza baseada no libro homónimo que Gonzalo Moure publicou en 2003. A obra desenvólvese a través da linguaxe dos signos e aborda a situación dos refuxiados saharauis.

Autor: Gonzalo Moure.

Ver Títerenadal.

Teatro de Ningures: *O Principiño*.

Espectáculo baseado no coñecido texto de Saint-Exupery, no que o protagonista é un neno que emprende unha viaxe a través do universo e vai descubrindo o mundo co seu corazón.

Autor: Antoine de Saint-Exupery.
Dirección: Salvador del Río.
Interpretación: Fran Paredes, Gabriel Lezcano, A. Barreiro 'Warren', Fran Paredes e Santiago Cortegoso.
Xénero: Aventura.

Títeres Cachirulo: *Santiago, historia dunha viaxe*.

Espectáculo baseado no Códice Calixtino e na obra de Gonzalo Torrente Ballester, *Compostela y su ángel*, que narra as aventuras, paixón e milagres do Apóstolo Santiago en terras de Xerusalén dende que Herodes o mandou decapitar até que os seus discípulos roubaron o seu corpo para traelo até a fin da terra.

Autor: Xurxo Rei.
Dirección: Luís González e Xurxo Rei.
Manipuladores: Carmen Domech, Luís González e Xurxo Rei.

Títeres Cachirulo: *Catro contos da China*.

Catro aventuras nas que descobren un cómico e divertido mundo agachado moi preto de nós e cheo de inquedantes situacións: a amizade, os disparates humanos, aprendizaxes humanos e xogos realizados con monicreques chineses.

Autor: Xurxo Rei
Dirección: Yang-Feng.
Manipuladores: Carmen Domech e Xurxo Rei.

Ver IIº Festival de Teatro e Cine Infantil e Xuvenil.

Títeres Cachirulo: *A pedra que arde*.

Espectáculo baseado en tres textos de escritores latinoamericanos: nun conto de Eduardo Galermo, nun poema de Pablo Neruda e nun relato de Mario Benedetti; a partir destes textos créase unha peza na que se fala dos valores humanos e na que se tratan as relacións interxeracionais.

Autor: Xurxo Rei.
Dirección: Xurxo Rei.
Manipuladores: Carmen Domech, Borja I e Xurxo Rei.

Ver XIIª Feira do Teatro de Galicia
Ver Festival de Reis.
Ver Títerenadal.
Ver IXº Festival Internacional de Títeres 'Galicreques'.

Referencias varias:

- José Matamoros, 'Avalancha de adolescentes', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 10 febreiro 2004, p. L14.

Entre outros actos culturais que teñen lugar na cidade de Santiago de Compostela, dá conta da actuación da compañía Cachirulo dentro do programa "Títeres para a escola" da Sala Yago. Sinala que a peza representada foi *A pedra que arde*.

Títeres Cachirulo: *Cousas de Castelao*.

Espectáculo de sombras baseado nos textos de Alfonso Daniel R. Castelao. A peza comeza cando Antonio, que busca motivos para non asistir á escola, presencia diferentes situacións sociais que se producen na vila, entre outros, o anuncio na taberna dunha viaxe para Bos Aires.

Autor: Alfonso Daniel R. Castelao.
Dirección: Xurxo Rei.
Manipuladores: Carmen Domech e Xurxo Rei.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, 'Área Central celebró con una fiesta la llegada de la primavera', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 21 marzo 2004, p. 29.

Nota de prensa na que se anuncian, entre outros actos, a representación do espectáculo *Cousas*, de Castelao a cargo de Títeres Cachirulo. Tamén se dá conta da celebración das Curtas de Teatro na Sala Galán.

Títeres Cachirulo: *Pinochio*.

Peza baseada no conto *As aventuras de Pinocchio*, de Carlo Collodi, adecuada para públicos de todas as idades, na que o famoso monicreque feito por Geppetto vive as máis incríbeis aventuras para chegar a ser un neno de verdade e cun corazón cheo de felicidade. Cando o monicreque adquire vida ninguén é quen de suxeitalo.

Autor: Carlo Collodi
Dirección: Xurxo Rei e Luís González.
Manipuladores: Carmen Domech e Xurxo Rei.
Xénero: Aventuras

Títeres Cachirulo: *El-Rei Artur e a Abominable Dama*.

El-Rei Artur, tras un enfrontamento cun cabaleiro máxico ten que resolver un enigma para salvar a súa vida que consiste en responder a qué é o que máis desexan as mulleres. Artur terá que pasar por intrincadas aventuras que o van levando a unha revisión do seu posicionamento sobre o papel das mulleres no seu redor e o da dona Xenebra en particular. O seu compañeiro de aventuras é Sir Galvan.

Autor: Xurxo Rei.
Dirección: Carmen Domech.
Manipuladores: Carmen Domech, Xurxo Rei e Luís González.
Xénero: Aventuras.

Títeres Falcatrúa: *Linocho e a Lúa*.

Aventuras de Linocho e a súa amiga Chiruca, aos que un verme xigante lles papa o seu globo. O protagonista vai na busca deste verme para que lles dea un novo globo e, sen decatarse, entra no mundo da fantasía.

Autor: Esteban Losada.
Dirección: Esteban Losada.
Interpretación: Isabel Amado Rojo e Esteban Losada.
Xénero: Comedia.

Títeres Falcatrúa: *A sorprendente historia do benfadado Mourellas*.

Comedia na que un vello titiriteiro recibe a reprimenda dos seus monicreques para que comece a función, polo que accede aos seus desexos. A acción céntrase nunha escola na que os nenos xogan e estudan; alí están: Bisagra, un monicreque estudoso e brillante; Arroutos, unha nena necia e arroutada; e Peneque, egoísta e manipulador. A través dos anos as súas vidas crúzanse e vanse entrelazando, poñendo de manifesto as súas actitudes e comportamentos.

Autor: Esteban Losada.
Dirección: Esteban Losada.
Interpretación: Isabel Amado Rojo e Esteban Losada.
Xénero: Comedia.

Ver Iº Festival de Títeres Titirirúa.

Referencias varias:

- Tania Suárez, 'Títeres entre libros y pupitres', *Faro de Vigo*, 'Faroverano', 14 agosto 2004, p. 37.

Dá conta da representación de Falcatrúa en Vigo coa peza *A sorprendente historia do benfadado Mourellas*, da que repasa os personaxes principais. Recolle tamén a opinión dalgún dos actores na que salienta que a peza está pensada especialmente para o teatro de monicreques, e do público asistente, que valora a actuación convincente dalgún actor.

Títeres Tanxarina: *O demo Rapatú*.

Peza que está inspirada nun conto da tradición popular europea, cunha gran presenza na tradición oral portuguesa. Cóntase a historia do demo Rapat, que se alimenta das paixóns humanas e que se atopa cunha moza casadeira moi guapa, pero cun problema: ten unha tía de moito carácter.

Autor: anónimo.
Adaptación e dramaturxia: Quico Cadaval.
Dirección: Miguel Borines e Eduardo R. Cunha 'Tatán'.
Actores, manipuladores e músicos: Miguel Borines, Andrés Giráldez e Eduardo R. Cunha 'Tatán'.
Composición e dirección musical: Francisco Barreiro.
Deseño e construción dos bonecos: Pablo Giráldez 'O Pastor' e Tanxarina.
Vestiario: Belén Puentes.

Ver Ciclo de Teatro Infantil de Cambados.

Títeres Trompicallo: *Jiñol*.

Cóntase a historia do señor Bulú, que é tan rico e ten tanta fortuna que non ten onde gardala, polo que chama a Jiñol para que lle faga unha caixa forte, pero que á mañá seguinte descobre que lle roubaron o diñeiro. As súas vidas, xunto coas de Rosalía e a policía veranse alteradas pola chegada nun paquete dun crocodilo.

Autor: Trompicallo.
Dirección: Beatriz Sánchez Blanco.
Interpretación: Mariam González Rodríguez e Luís González Rodríguez.

Tres Globos: *O parrulo feo*.

Adaptación do conto clásico no que se resalta o valor da amizade.

Autor: Xoán Pérez.
Dirección: Xoán Pérez.
Interpretación: Xoán Pérez e Beatriz Sánchez.
Xénero: Títeres.

Ver Ciclo de Teatro Infantil de Cambados.

Viravolta Títeres: *¡Hip, hip, hurra!*.

Obra de Magdalena de Rojas na que os personaxes principais son Tanxerina e Pergamiño, unha princesa e un príncipe de dous países veciños. O que os caracteriza é o seu esforzo por botar abaixo a intención dos seus proxenitores de que casen e rematar así coa súa solteiría, ademais de darlles un escarmento aos seus pais por estaren sempre apostando. Despois de moitas aventuras e axudados polo cabalo Foguete, conseguen que todo se amañe, mesmo que desapareza o hipo e a tartamudez que atacaba aos seus pais.

Autor: Magdalena de Rojas Silva.
Dirección: Anxo García.
Escenografía: Anxo García e Ignacio Vilariño.
Interpretación: Pilar Álvarez, Xulio Balado, Anxo García e Ignacio Vilariño.
Iluminación: Xulio Balado.

Viravolta Títeres: *O candil marabilloso*.

Versión libre do conto das mil e unha noites na que o gran Sultán está moi enfermo e o único remedio está no sifón máxico. Aladino axudado polo candil intentará conseguilo a través das trampas que lle pon o mago Ali-Ol-i.

Dirección: Anxo García.
Interpretación: Xulio Balado, Pilar Álvarez, Anxo García e Ignacio Vilariño.

Ver Mostra de Teatro Infantil para Centros de Ensino de Monforte.

VII.3.5.3.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS

Compañía de Teatro Infantil Amigos de Marcial Suárez: *As novas aventuras de Pañolín Rompenubes*.

Autor: Marcial Suárea

Teatro Tarantela: *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*.

Interpretación que o grupo de teatro afeccionado do barrio da Valenzá fai da obra de Carlos Casares.

Autor: Carlos Casares.
Dirección: Eva Vila.

VII.4 CÓMIC

VII.4.1. GALEGOS

Carreiro, Pepe, *No solpor da prehistoria*, ilust. do autor, Noia-A Coruña: Toxosoutos, 2004, col. Os Barbanzóns, idade recomendada [lectorado mozo], 45 pp. (ISBN: 84-96259-25-0).

Segunda entrega deste cómic histórico e humorístico realizado por Pepe Carreiro (Vigo, 1954) no que os protagonistas son os habitantes do castro de Baroña que, nesta ocasión, están deprimidos ante a chegada do novo milenio. Para tirar partido da situación, Onassis ofrécelles aos seus convenciños unha viaxe en barco a Irlanda. Ao principio lévaos preto do castro pero os baroñeses danse conta da estafa e reclaman a súa viaxe. Así chegan a terras irlandesas, onde descobren que a familia dos Moloney, os seus admirados devanceiros celtas, sofren tamén o mal da fin do milenio. Os druídas, asombrados pola chegada de descoñecidos, deciden sacrificalos para ofrecerlles as súas vidas aos deuses. Pero ao decatarse de que algúns deles teñen sangue irlandesa perdóanlles a vida e celebran a súa visita cun xantar. Mentres tanto, Guinnes aproveita para visitar ao seu home e aos seus fillos irlandeses, aos que tivo abandonar cando foi raptada por Con e trasladada a Baroña. Os fillos galegos e os seus medio irmáns irlandeses conectan deseguido, xa que comparten

a mesma rebeldía xuvenil, e alíanse para convencer os "sen terra" da necesidade de emprender unha revolución que cambie as cousas. Son toma a palabra e co seu talento oratorio convence as masas e consegue que comece a revolución, polo que os baroñeses e algúns irlandeses foxen a Baroña. As ilustracións caracterízanse polo seu tratamento cómico e moi expresivo, conseguido a través de viñetas nas que desempeñan un papel importante tanto as situacións dos personaxes coma o tratamento da cor e a disposición dos textos en bocadillos que contrastan cos fondos.

Recensións:

- X.F., 'No solpor da Prehistoria', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 73, 14 agosto 2004, p. 7.

Saúda a publicación da segunda entrega da serie "Os Barbanzóns" de Pepe Carreiro, *No solpor da Prehistoria*. Ademais de se referir brevemente ao argumento deste cómic, repara na presenza do humor para relatar feitos da historia de Galicia. Recoñece influencias de Uderzo e Goscinny e da súa serie *Asterix* e apunta a colaboración de Eoin Barret, especialista en cultura celta, para a realización deste álbum. Sinala que este traballo conxunto se traduciu na aparición de "estrelas invitadas", a familia dos Moloney e de frases en gaélico. Remata anunciando a aparición dunha nova entrega que xirará arredor da visita que recibirán os habitantes do castro de Baroña.

Jaraba, Fran, *Campos de Cuba*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, 55 pp. (ISBN: 84-9782-183-1).

Fran Jaraba (Pontevedra, 1957) presenta a segunda entrega das aventuras do desertor galego Maxi Torres na guerra de Cuba, un personaxe que presentou en *Cita na Habana* (1999). Tras dunha introdución na que se ofrece unha contextualización histórica da guerra entre Cuba e España, comeza a aventura. Neste ocasión, a acción sitúase a mediados de febreiro de 1897, cando o goberno español envía á illa case douscentos mil soldados que caen derrotados vítimas da resistencia cubana e das enfermidades tropicais. Maxi Torres, agora cunha nova identidade grazas á documentación falsa que lle conseguiu o seu amigo Jerónimo, vive na Habana con Marina e subsiste dignamente traballando de tipógrafo. Un día reciben a noticia de que o pai de Marina, que está no poboado de Cañas Largas custodiado por españois, está enfermo e deciden partir na súa busca. Pero Maxi é capturado polos seus antigos compañeiros soldados e enfróntase a un máis que posíbel fusilamento por desertor. Coa axuda de Jerónimo consegue escapar e reunirse de novo con Marina e entrará en contacto con Chinito, un xefe mambí que planea facerse co control do poboado e estabelecer alí o primeiro territorio liberado de Cuba. Maxi ten unha idea para evitar a matanza e ofrece a súa colaboración, que se concretará no próximo episodio da serie. O volume conclúe cun glosario que recolle algunhas palabras que pertencen ao léxico cubano. Este cómic segue un estilo tradicional no deseño das viñetas. Na introdución as imaxes complétanse cunhas fotografías antigas que enriquecen a información.

Recensións:

- María Navarro, 'Campos de Cuba', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 99, 'Infantil/Xuvenil', 11 novembro 2004, p. VII.

Comentario arredor de *Campos de Cuba*, de Fran Jaraba, segunda entrega dunha serie iniciada en 2003 con *Cita na Habana*. Sinálase que a través de personaxes de ficción se dá a coñecer un feito histórico real como a perda das posesións españolas de ultramar. Despois de achegar a liña argumental do volume, sinálase que algunhas das peculiaridades do cómic veñen dadas polo feito de que se desenvolven en escenas caracterizadas pola brevidade das intervencións dos personaxes, o que supón un atranco para seguir a historia ou como motivación para a lectura. Bota en falta un pouco máis de aprofundamento na temática, aínda que considera que as pretensións de amosar unha realidade concreta se cobren perfectamente na obra.

Referencias varias:

- Mar Barros , 'O Vietnam español en cómic', *A Nosa Terra*, nº 1.150, 'Cultura', dende 11 novembro 2004 ata 17 novembro 2004, p. 30.

Dáse conta da publicación de *Campos de Cuba*, de Fran Jaraba e recóllense as declaracións do propio autor, nas que se refire á súa estadía na illa caribeña e ao seu desexo de levar a cabo un traballo no que abordar a época da independencia dos cubanos de España. Apunta Jaraba que non quere que os seus libros sexan material didáctico, aínda que si introducidos no ensino como contido transversal. Refírese á situación da época na que se basea para levar a cabo a recreación e lamenta a falta de fontes documentais e unha especie de vergoña histórica sobre os descubrimentos e a colonización. Caracterízase o estilo do autor como clásico, un aspecto no que el apunta que non é dado á experimentación porque sempre pasan de moda. Das novas tecnoloxías sinala que as emprega aínda que prefire o debuxo artesanal. Da temática alúdese á existencia dos campos de "reconcentración", cos que se tentaba que os campesiños non axudaran aos insurrectos, e ao feito de que moitos galegos foron obrigados a participar nesta guerra sobre a que existen moi poucas publicacións. En columna á parte e baixo o título de "Haberá terceira entrega" repásase brevemente a traxectoria de Fran Jaraba, faise referencia ás dificultades de publicación do cómic en Galicia e anúnciase unha terceira entrega sobre esta temática.

- Albino Mallo, 'Nun terreo esvaradío e delicado/O galego Fran Jaraba presenta o seu novo libro 'Campos de Cuba', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Hoy', 24 agosto 2004, p. 43/76.

Dáse conta da presentación en "Viñetas desde o Atlántico" do cómic *Campos de Cuba*, de Fran Jaraba. Indícase que é a continuación de *Cita na Habana* (2003) e que o autor ten intención de seguir con novas entregas protagonizadas por Maxi Torres. Recóllense as súas palabras, nas que reivindica unha axuda institucional para o cómic como para a literatura ou o cine, refírese ás dificultades para os creadores en Galicia e apunta que esta obra está dirixida a todos os públicos. En columna á parte baixo o título de "sobrevivir ilustrando"

recóllense unhas notas sobre a traxectoria de Fran Jaraba e as súas declaracións sobre as dificultades do mercado para este xénero en Galicia.

- Natalia Álvarez, 'O cómic é fascinante; dentro del, o autor pode crear todo un mundo', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 93, 30 setembro 2004, p. III.

Entrevista a Fran Jaraba na que comeza respondendo que decidiu levar un feito histórico ao cómic por falta de material sobre unha cuestión que noutros países si ten cultivo e por querer render unha pequena homenaxe aos galegos que foron a Cuba ou ás Filipinas. Do personaxe considera que nin sequera é un antiheroe, senón que polas súas características se lle pode dar máis contido intelectual ás súas reflexións e que en certo modo é un alter ego do autor. Admite a influencia de Hugo Pratt e o seu personaxe Corto Maltés neste cómic, que viu a luz catro anos despois de *Cita na Habana*. Jaraba refírese ao labor de documentación e á posibilidade dunha nova entrega e mesmo máis números que formen unha serie. Da súa traxectoria, lembra o traballo en *Xofre*, explica os cambios que percibe neste momento dentro do sector como as edicións en varias linguas e demanda unha maior implicación das administracións. Remata sinalando que a diferenza entre as ilustracións e o cómic é a satisfacción de poder crear o autor todo un mundo no segundo dos casos.

Meixide, Andrés, *Thom*, Pontevedra: Kalandraka Editora, decembro 2004, col. BD Banda, nº 2, idade recomendada [lectorado mozo], 66 pp. (ISBN: 84-8464-601-7).

Volume que reúne en formato álbum algunhas das colaboracións da serie "Thom" seleccionadas polo autor, Andrés Meixide (Vigo, 1970), que se deron a coñecer na segunda etapa da desaparecida revista de cómic *Golfiño* que editou *La Voz de Galicia*. O protagonista da serie é Thom, un americano estabelecido nunha aldea galega, onde rexenta unha granxa coa súa muller Carmiña, aínda que esta non aparece nunca e só se escoita a súa voz. Thom comparte aventuras, nas que sempre adoita saír malparado, coa vaca Carlota, a galiña Maruxa, o porco Cholo e o galo portugués João Afonso. Nalgunhas das historias, de carácter autoconclusivo, cobran un especial protagonismo as referencias ao cine e á televisión e en todas destaca o enfoque humorístico, trazo recorrente tamén no aspecto gráfico, que destaca ademais polo emprego de diferentes perspectivas. O volume complétase cunha entrevista co autor realizada por Germán Ermida na que se desvela como naceu a serie, os aspectos que teñen en común os personaxes e o seu creador e o proceso que segue este para realizar cada páxina. Ademais ensínaselle ao lectorado como debuxar a Thom e inclúense retratos dos personaxes da serie realizados por debuxantes que tamén participaron en *Golfiño,* como David Rubín, Miguel Robledo, Fran Bueno, Pinto e Chinto, Miguel Porto, Víctor Rivas e Fausto. Esta banda deseñada presenta unha distribución clásica das viñetas. Nela destaca a saturación das cores empregadas, o que lle engade un interese cromático aos debuxos. Os personaxes están concibidos cun estilo figurativo e os rostros, aínda que estilizados, teñen distintas expresións o que anima á ilustración.

Prado, Miguelanxo, *A mansión dos Pampín*, Santiago de Compostela: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia □♦, 2004, idade recomendada [lectorado mozo], 47 pp. (ISBN: 84-85665-61-9).

Neste cómic de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958), recorrendo á ambientación rural e á urbana, desenvólvense os avatares da familia Pampín, un matrimonio de clase humilde que ten dous fillos e vive nun barrio periférico da cidade, cando reciben a herdanza dunha casa na aldea. A súpeta morte da tía Isolina fai que reciban con alegría a súa nova posesión, coa esperanza de poder convertela na súa segunda residencia. Pero axiña descobren o seu estado próximo á ruína e as dificultades multiplícanse cando pretenden restaurala e mesmo vendela, xa que, aproveitándose do seu descoñecemento, o alcalde da vila e o construtor da localidade ofrécenlles un prezo moi baixo. A través do humor e do traballo visual dáse entrada ás diferentes tipoloxías arquitectónicas, desde a falta de espazos públicos nas cidades e a densidade do tráfico, até as malas actuacións urbanísticas que se poden atopar nas aldeas e pequenas vilas galegas. Ao longo do relato preséntanse as intencións do alcalde de emular a gran cidade en dotacións e equipamentos e atraer poboación promovendo urbanizacións en terreos recualificados gañados grazas a favores. Tamén se insiren na narración outros personaxes con comportamentos cuestionábeis, como o funcionario que aconsella calar o achado de restos dun castro e outro que non consegue defender ante o alcalde as vantaxes do turismo ecolóxico. Os debuxos están realizados con cores suaves e matizadas. O estilo é de banda deseñada, destacando a variedade de expresións que utiliza nos personaxes.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, 'La Casa da Conga exhíbe una serie de cómics de Miguelanxo Prado', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 15 xuño 2004, p. 32.

Infórmase da exposición dos corenta paneis que compoñen as distintas fases do proceso de elaboración do cómic de Miguelanxo Prado, *A mansión dos Pampín*.

- Maré, 'Construtores de mañá', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 15 xuño 2004, p. 51.

Dá conta da inauguración na sede do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, situada na Casa da Conga, dunha mostra que recolle o proceso de creación do cómic *A mansión dos Pampín*, de Miguelanxo Prado, a contribución deste debuxante ao Proxectoterra, unha iniciativa desta institución que pretende achegarlle aos escolares coñecementos sobre arquitectura e urbanismo. Menciónanse aos que participaron na presentación da mostra, Teresa Táboas, presidenta do COAG, Xosé Manuel Rosales, coordinador do Proxectoterra, e Alberto Núñez Feijóo, conselleiro de Política Territorial, e sinálase que está integrada por corenta paneis que amosan dende os bocetos até as viñetas a cor. Conclúese recollendo algunhas palabras de Prado, que sinalou a presenza dun "valor subterráneo" neste álbum, que aspira a promover o debate e a formación nas aulas, ao tempo que valora que sexan os máis novos "os encargados de harmonizar o territorio no futuro".

- C.P., 'Miguelanxo Prado expón as fases de creación dun cómic', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 15 xuño 2004, p. 8.

Informa da presenza na sede do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, na Casa da Conga, dunha mostra que recolle o proceso de creación do cómic *A mansión dos Pampín*, de Miguelanxo Prado, creado como material didáctico complementario do Proxectoterra, unha iniciativa que naceu hai cinco anos e que pretende achegarlle ao alumnado da ESO coñecementos sobre arquitectura e urbanismo e valores como o respecto á identidade do territorio e á paisaxe. Sinálase tamén que o equipo deste proxecto decidiu aproveitar o cómic como parte do material auxiliar para repasar as tipoloxías da arquitectura e que Miguelanxo Prado construíu unha historia secuenciada sobre o tema. Anúnciase a próxima aparición do volume en librarías no mes de xullo e a presenza da exposición até o 14 do mesmo mes, un conxunto de corenta paneis que amosan dende os bocetos até as viñetas a cor. Finalmente, sinálase que se repartirán vinte mil exemplares do álbum nos colexios e mil unidades didácticas para os docentes de Ciencias Sociais, materiais que irán acompañados dun DVD e un CD-rom.

- Concha Pino, 'Un cómic dende as entrañas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 xuño 2004, p. 55.

Refírese á presenza na sede compostelá do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia dunha mostra arredor do proceso de creación do cómic *A mansión dos Pampín*, de Miguelanxo Prado, un conxunto de corenta paneis que amosan dende os bocetos, o debuxo e as tintas e cores dixitais definitivas. Informa tamén de que este álbum forma parte do material didáctico complementario do Proxectoterra, unha iniciativa da COAG para proporcionarlles instrumentos de traballo ao profesorado de Ciencias Sociais para a análise e a reflexión sobre identidade do territorio, arquitectura e urbanismo. Anuncia a próxima aparición do volume en librarías no mes de xullo nun formato estándar de corenta e oito páxinas e apunta a clave humorística da historia.

- Mariola Riera, 'El cómic no tiene canales para darse a conocer en España', *La Opinión*, 'Entrevista', 16 setembro 2004, p. 65.

Entrevista con Miguelanxo Prado que presenta o seu álbum, *A mansión dos Pampín*, próximo a se editar. Defíneo como unha obra de humor que a diferenza doutras, que recompilaban historias curtas, é unha narración longa. Anuncia que está preparando un libro co guionista francés Pierre Christin que sairá a comezos de 2006 en España e Francia e aproveita para sinalar que non existe entre nós unha industria do cómic, mentres que a xaponesa do manga, a norteamericana dos superheroes e a francobelga, que respecta o autor por riba de todo, teñen un gran desenvolvemento. Apunta tamén algunhas recomendacións para futuros debuxantes, entre elas, a paciencia porque se trata dun traballo de lenta progresión, e a autocrítica. Valora a celebración de xornadas como as que teñen lugar en Avilés e na Coruña.

- Nicolás Navaza, 'Vivimos uno de los mejores momentos a nivel creativo', *El Correo Gallego*, 'Sobrevivir', 17 outubro 2004, p. 8.

Recóllense as declaracións de Miguelanxo Prado con motivo da publicación do seu último álbum, *A mansión dos Pampín*, integrado no Proxectoterra do Colexio Oficial de Arquitectos da Coruña, unha iniciativa que acadou un premio dentro das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense. Prado explica que este proxecto pretende achegarlles ao alumnado e ao profesorado de secundaria un conxunto de materiais didácticos que sirvan para traballar nas aulas contidos como a ordenación do territorio, o crecemento sostíbel ou a arquitectura. O debuxante considera que o cómic, ao ser un xénero do agrado dos rapaces e rapazas, pode servir para debater na clase sobre os escenarios ou as actitudes dos distintos personaxes. Aproveita tamén para sinalar que o cómic galego non está en crise, pois nunca conviviran tres xeracións traballando no xénero, aínda que recoñece a falta de vías para editar. Valora especialmente iniciativas como Viñetas desde o Atlántico e as Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, dúas citas importantes no mundo do cómic que se complementan.

Silva, Kiko da, *Fiz nos biosbardos*, Pontevedra: Kalandraka Editora, decembro 2004, col. BD Banda, nº 1, idade recomendada [lectorado autónomo], 69 pp. (ISBN: 84-8464-600-9).

Volume que reúne en formato álbum algunhas das colaboracións da serie "Fiz nos biosbardos" seleccionadas polo autor, Kiko da Silva (Vigo, 1979), que se deron a coñecer na segunda etapa da desaparecida revista de cómic *Golfiño* que editou *La Voz de Galicia*. O protagonista da serie é Fiz, un neno de tres anos que ten unha grande imaxinación e sente especial debilidade polas cacas e os mocos. Fiz vive nun mundo de fantasía e encántalle enredar cos mocos, falar coas cacas e darlle de comer ao seu retrete, ademais de compartir aventuras cos seus amigos o quiosqueiro Cano, a súa namorada Puri e o Biobardo, o seu amigo imaxinario. A serie destaca fundamentalmente polo humor e o tratamento do escatolóxico. O volume complétase cunha entrevista co autor realizada por Germán Ermida na que se desvelan como naceu a serie, se recupera a traxectoria de Kiko da Silva e os proxectos que ten en marcha. Infórmase tamén do proceso de realización de cada páxina e ofrécense uns trucos para debuxar a Fiz. Pechan o volume varios retratos de Fiz realizados por debuxantes que tamén participaron en *Golfiño,* como David Rubín, Víctor Rivas, Miguel Robledo, Miguel Porto, Fausto, Fernando Iglesias e Fran Bueno. Os debuxos nesta banda deseñada sucédense en viñetas de estilo clásico. As cores están aplicadas de forma solta con acuarelas que achegan unhas vibracións cromáticas ao deseño. As expresións dos protagonistas están moi traballadas a pesar da simplificación dos debuxos.

VII.4.2. REEDICIÓNS

VII.4.3. CÓMICS TRADUCIDOS OU VERSIONADOS

Parme, Fabrice, **Trondheim**, Lewis, *O Rei Catástrofe. A Adalberto non lle falta cara (Le Roi Catastrophe. Adalbert ne manque pas d'air, 2001)*, trad. Carlos Portela, Bilbao: Astiberri Ediciones, marzo 2004, col. Gugú, nº 1, idade recomendada [lectorado autónomo], 32 pp. (ISBN: 84-95825-61-9).

Cómic de Lewis Trondheim e Fabrice Parme protagonizado polo pequeno rei Adalberto e dividido en tres partes: "Nenos perfectos", "A chamada da Natureza" e "Unha vida moi chea". Na primeira delas, a Adalberto non lle gustan os cativos e decide metelos todos nun barco e expulsalos do reino. Suplanta aos pequenos por robots iguais ca el que axiña quererán ocupar o seu posto. O pequeno rei ante esta situación retira aos robots e fai volver aos nenos de verdade para que todo volva a funcionar con normalidade. En "A chamada da natureza", Adalberto ordena ir de picnic porque está canso de tantas reunións cos ministros e quere gozar da natureza. No lugar que escolle para descansar atopa diferentes animais e ruídos aos que non está afeito, así como distintas incomodidades que non ten no castelo e polas que comeza a dar ordes que rematan convertendo o campo nunha réplica máis dos salóns da súa morada. Finalmente, en "Unha vida moi chea", o pequeno Adalberto decide escribir a súa vida nun libro, pois descubriu que todos os seus antepasados teñen un volume centrados nas fazañas que realizaron. Ao principio quere escribila el, pero logo, grazas á intervención da institutriz, decide contratar a un biógrafo oficial. Despois de varios candidatos rexeitados quédase co que máis o adula, quen lle sinala que aínda é novo para ter que contar algo sobre a vida, xa que, entre outras cousas, aínda non descubriu cidades enterradas, nin participou en ningunha guerra. Polo dito, o pequeno rei comeza a facer grandes buratos por toda a cidade para descubrir antigas civilizacións, envíalle un bombardeiro con misís aos Estados Unidos e, para contribuír coa investigación médica, métese nun laboratorio. No laboratorio Adalberto crea ratos xigantes que se agochan nos buratos feitos na cidade, pero conséguenos matar, e salvar ao seu pobo dun seguro final, cos misís de cabeza intelixente, atraídos polo calor dos ratos xigantes, que trae na bodega o bombardeiro mandado a América e que regresa en chamas. Grazas a todo o acontecido Adalberto consegue o primeiro libro que narra as súas fazañas. Este cómic presenta unha característica pouco frecuente neste tipo de obras xa que as viñetas non están definidas, ás veces están recortadas sobre o fondo e outras hai un marco de distinta cor sobre o que aparecen os personaxes, tratados de forma clásica. O estilo achégase ás caricturas e os rostros dos protagonistas teñen riscos moi esaxerados pero moi expresivos.

Recensións:

- Albino Mallo, 'Cómic galego dende Córdoba a Bilbao', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 20 agosto 2004, p. 75.

Destácase a posta á venda nas casetas situadas a carón do Kiosko Alfonso con motivo do Salón do Cómic celebrado na Coruña do número monográfico dedicado a autores galegos da revista de Córdoba *Dos veces breve* e de *O rei catástrofe. A Adalberto non lle falta cara*, volume de orixe francés, traducido por Carlos Portela e publicado pola editorial vasca Astiberri en diferentes linguas.

- Óscar Losada, 'Catástrofe soberana', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 72, 'Tebeos', 2 outubro 2004, p. 16.

Dáse conta da tradución do primeiro tomo dunha serie de cómic para nenos centrado na figura do cativo Adalberto coa que a editorial vasca Astiberri desembarca no mercado galego. Indícase que este traballo, editado en tapa dura, consta de trinta e dúas páxinas, foi creado polo guionista Lewis Trondheim e ilustrado por Fabrice Parme. O encargado da tradución dos textos é Carlos Portela. Indícase tamén o argumento do álbum.

VII.4.4. ANTOLOXÍAS

VV. AA., *Na Vangarda 2004. Banda deseñada*, Ourense: Xunta de Galicia □♦, 2004, 101 pp. (ISBN: 84-453-3924-9).

Volume de gran formato no que se recollen os traballos galardoados na modalidade de Banda Deseñada do Certame Galego de Novos Creadores "Na Vangarda 2004", convocado pola Consellaría de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, a través da Dirección Xeral de Xuventude. Despois da presentación institucional achégase un breve currículo dos membros do xurado, no que tomaron parte Agustín Fernández Paz, Xaquín Marín, Carlos Portela, Kiko da Silva e Henrique Torreiro. A seguir, inclúese unha ilustración e un breve currículo de cada un dos galardoados, que nesta edición foron: Cosme Fernández (Ourense, 1976) con "Non penso responder a túa carta" (1º Premio), banda deseñada na que de xeito fragmentario se lle achega ao lectorado unha visión da soidade que padece unha muller; Alberto Vázquez Rico (A Coruña, 1980) con "Xilenios" (2º Premio), no que un neno de trece anos e que sempre viviu na cidade viaxa obrigado polos seus pais á casa duns parentes nun afastado lugar das montañas. Neste lugar vai descubrir outra forma de ver o mundo, en especial despois do seu encontro co extraño animal chamado xilenio; e Emma Ríos Maneiro (Vilagarcía de Arousa, 1976) e David Rubín Miguélez (Ourense, 1977) con "Corredora" (3º Premio), banda deseñada de ambientación futurista na que se presenta a un home que agarda nunha estación de tren a unha moza que corre cara a el cunha maleta. Cando xa está á súa beira é asasinada, aínda que lle dá tempo a entregarlle a maleta na que se garda un tesouro co que logrará cambiar o mundo. Resultaron finalistas Antonio Seijas (Ferrol, 1976) con "Gaivotas", un cómic no que se presentan de xeito paralelo dúas visións dunha mesma realidade: dous seres pechados nun mesmo espazo, no que o que chegou en segundo lugar non pode ver ao que estaba antes. Evócase como a través dun extraño suceso o personaxe chega a este lugar despois de atravesar unha porta que atopa no medio do monte; Lois Bernal González (A Coruña, 1979), con "Mutantes", banda deseñada sen texto na que se presentan uns seres de cor rosa que son sometidos a persecución para seren estudados nun laboratorio. Só cando chega un ser moito máis grande e de aspecto agresivo, son liberados do laboratorio; e Jano (Alejandro Viñuela Agra, A Coruña, 1979) con "Cubo", banda deseñada sen texto na que se xoga coas formas xeométricas coas que un protagonista masculino, que as manipula e estuda, adquire un beneficio económico. Cada un destes traballos ten un estilo distinto. O traballo de Cosme Fernández destaca polo trazo groso dos seus debuxos e por ser monocromático: só emprega unha tinta marrón. O traballo

de Alberto Vázquez tamén é monocromático e nel predominan as liñas curvas tanto nos debuxos coma na forma das viñetas. Emma Rios e David Rubín fan un relato de estilo máis clásico, tanto na distribución das viñetas coma no deseño dos personaxes e na distribución da cor. A secuencia de imaxes da banda deseñada de Antonio Seijas alterna debuxos nos que o negro está moi destacado formando contrastes fortes sobre fondos claros e deseños pintados con distintos matices de vermello e formas difuminadas. No traballo de Bernal Prieto destacan as cores moi saturadas que emprega, aplicadas aos debuxos con tintas planas. O traballo de Jano está artillado con grandes planos nunca gama de grises, brancos e negro.

VII.5. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA. BRIOGRAFÍAS. CRÓNICAS

Valcárcel, Marcos, *Xoaquín Lorenzo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, marzo 2004, col. Merlín, nº 139, serie Laranxa, a partir de 11 anos, 62 pp. (ISBN: 84-9782-123-8).

Incluído na colección Merlín e na súa serie Laranxa (para un lectorado a partir de once anos), con este volume de Marcos Valcárcel (Ourense, 1958) preténdese achegar a figura de Xaquín Lourenzo, homenaxeado co Día das Letras Galegas, ao lectorado infantil. A obra estrutúrase en oito capítulos: 'Unha longa vida dedicada a Galiza', 'Nace un etnógrafo', 'A nosa etnografía no cine: O carro e o home', 'As festas populares', 'O galeguista', 'O crente, o profesor', 'Outros campos de estudo de autor' e 'O Museo do Pobo Galego: un soño cumprido'; ao longo dos cales, o autor expón de xeito sinxelo e ameno a traxectoria vital e profesional deste persoeiro da cultura galega, facendo fincapé na súa labor como etnógrafo. O volume complétase con numerosas imaxes (fotografías do autor, caricaturas, debuxos dos seus traballos, portadas das súas obras, ...) que fan que o achegamento do lectorado infantil ao etnógrafo 'que tivo por oficio o soño de descubrir as raíces máis fondas e Galicia' sexa máis doado.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 81, 29 abril 2004, p. VII.

Sección fixa na que se inclúen as referencias de catro obras: *Tres pasos polo misterio*, de Agustín Fernández Paz; *Libro dos exemplos* (2004), de Borobó; *O caribú namorado* (2004), de Xoán Abeleira; e *Xoaquín Lorenzo* (2004), de Marcos Valcárcel. Sinala, con respecto a este último volume, que presenta de forma amena e con abundantes imaxes os principais acontecementos da biografía de Xoaquín Lorenzo 'Xocas'; fai referencia, asemade, ao labor como etnógrafo, arqueólogo, historiador, profesor, fotógrafo e debuxante do homenaxeado no Día das Letras Galegas 2004, dos que destaca os cento vinte e tres traballos monográficos que Xocas realizou sobre aspectos tecno-económicos da nosa cultura tradicional e da fala e literatura popular.

- Silvia Gaspar, 'De Rosalía a Xaquín Lorenzo', *La Voz de Galicia*, 'Semana das Letras Galegas', 10 maio 2004, pp. 4-5.

Infórmase do sentido do Día das Letras Galegas que dende o 17 de maio de 1863, data en que se publica *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, é motivo de lembranza de cada un dos que contribuíron a manter o galego vivo. Explícase que o 17 de maio de 2004 se dedica a Xaquín Lorenzo polo seu estudo da etnografía, dos costumes e das formas de vida tradicionais galegas. Tamén se propoñen actividades por medio de distintos libros para realizar na escola ao longo da semana en relación a este Día.

VII.5.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Agra Pardiñas, María Jesús e outras, *Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Servizo Galego de Igualdade ♦, 2004, 91 pp. (ISBN: 84-453-3878-1).

Esta guía acolle o descritor do contido dun conxunto de obras de temática non discriminatoria, acompañadas de suxestións didácticas dirixidas aos mediadores para traballar distintos aspectos sobre a temática e sobre a obra coa xente máis nova. Ofrece unha biografía de cada un dos escritores e ilustradores, autores da obra. Os criterios que guiaron a elección das obras desta temática foron os seguintes: atribucións de papeis ás nenas que non tiveron tradicionalmente nin na nosa sociedade nin noutras; manifestacións da especial sensibilidade das nenas como transmisoras e preservadoras da tradición; contribucións á prevención da violencia de xénero e á potenciación de actividades pacifistas; transmisión de feitos históricos nos que as mulleres reivindicaron roles e actividades que lles foron silenciados ou daqueloutros que non lles permitiron acceder en igualdade a postos sociais que estaban restrinxidos ao homes; autoconfianza e adopcións de posturas activas por parte das nenas; reflexión crítica da reprodución de roles tradicionais considerados hoxe como non exclusivos dun sexo determinado.

Referencias varias:

- E.P., 'Sae á rúa unha guía de libros xuvenís contra a discriminación', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 26 novembro 2004, p. 50.

Dáse conta da presentación da *Guía de Literatura infantil e xuvenil non discriminatoria* (2004), realizada pola Xunta (Servizo Galego de Igualdade) e Galix, no marco do Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller. Saliéntase desta publicación que está elaborada a modo de dossier, cunha ficha explicativa, e que ven promover o valor da igualdade a través da lectura, e a se converter nunha referencia na sociedade.

Agrelo Costas, Eulalia (coord.), *A nosa literatura infantil e xuvenil 2002*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Gálix. Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil ♦, febreiro 2004, col. Guías culturais, nº 31, 178 pp. (ISBN: 84-453-3709-2).

Guía que recolle os libros infantís e xuvenís publicados ao longo de 2002 e estruturada en dous grandes bloques, en función da súa autoría, é dicir, se son de autores galegos ou autores traducidos. En cada un destes bloques, aparecen ordenados alfabeticamente, contendo cada unha das páxinas a reprodución da capa do volume, a ficha de catalogación bibliográfica, unha sinopse argumental e a clasificación segundo a idade lectora preferente. A este respecto, empréganse catro categorías: prelectorado (de 0 a 7 anos), lectorado autónomo (de 8 a 10 anos), lectorado mozo (de 11 a 14 anos) e mocidade (a partir dos 14 anos). Coordinado por Eulalia Agrelo Costas, conta cun grupo de redactores composto pola propia coordinadora, Xabier Campos Villar, Adelina Guisande Couñago (aspectos psicolóxicos), Juan José Lago Leis, Isabel Mociño González, Alicia Munín Munín, Amparo Raviña Rosende, Blanca-Ana Roig Rechou e Mª Isabel Soto López. Na parte final inclúe uns índices de autores e autoras galegos e traducidos, ilustradores e ilustradoras, títulos galegos, títulos traducidos, coleccións, editoriais, idades e xéneros, para facilitar as buscas en cada un destes campos. Trátase, segundo se indica na nota introdutoria, dun catálogo que pretende ser un instrumento de consulta para todos aqueles interesados na literatura dirixida aos máis novos e para eles mesmos.

Caldas, José, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais/Centro Dramático Galego, outubro 2004, col. Centro Dramático Galego, nº 33, 141 pp. (ISBN: 84-453-3896-X) (DL: C-2389-2004).

O volume está composto ademais das presentacións institucionais polos seguintes apartados: unha presentación do Director do Centro dramático Galego:

- Manuel Guede, "Á luz dun lume chamado avó", pp. 13-14

Comenta que non lle habería de contrariar a Carlos Casares que lle chamen á súa obra *disparate dramático* pois ao parecer así o deixou constatado polo propio Casares nunha entrevista, aínda que disparate tiña para Carlos unha querencia polisémica. Explica o por qué desa denominación. Recorda que Casares foi un neno que viviu nas terras da Limia en tempos de fame e de posguerra e polo tanto non conformou o seu imaxinario con fadas curses e princesiñas senón con historias heroicas e aventuras asombrosas que lle contaba o seu avó. Por iso esa infancia impregna a obra literaria de Casares como tamén se ve nas *Laranxas* "propoñéndolle á literatura infantil galega unha paisaxe fundacional alonxada de tufos maniqueos". Recorda que Casares escribiu outras obras que se representaron pero non se publicaron. E explica por que o Centro Dramático pon esta obra en escena.

-"Reparto", pp.15-18 no que se indican todos os que participarán na obra.

- José Caldas, "A Montaxe", pp. 19-23.

Explica os seus estamos de ánimo diante da obra de Casares e cómo realizou a versión para a montaxe. Di que a primeira lectura da obra de Casares produciulle unha sensación de pánico polo seu atipismo, por tentar non romper coa poética do autor diante dun texto que cualifica de "canovaccio: indicios para a acción teatral". Despois de varias lecturas da peza e doutras obras do autor explica que se embarcou nunha viaxe onírica na que tivo que reflexionar sobre moitas cousas para chegar a aceptar como "normais" o absurdo e o "nonsense" implícitos nas situacións e salientalos co poder da teatralidade. Non tratou de usar o texto de Casares como pretexto para o espectáculo senón que tentou penetrar nel e acompañalo de música. Logo explica a escenografía cómo elixiu actores e personaxes e remata cunha reflexión sobre o que significa facer teatro para nenos, qué se quere comunicar dende as valencias artísticas.

- Marta Sofía da Silva en "A escenografía" e "Signos icónicos" , pp. 25-38.

Reproducen imaxes da posta en escena o mesmo que o vestiario.

- Blanca-Ana Roig Rechou; "Contexto. Carlos Casares e a configuración do teatro infantil e xuvenil galego", pp 39-105

Despois dunha "Introdución" na que fala da figura de Carlos Casares, en "Carlos Casares e o teatro infantil e xuvenil galego" fai unha historia do teatro infantil e xuvenil salientando o labor de Casares na súa constitución dado que *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* é unha obra pioneira, unha obra xa clásica, canonizada da literatura dramática galega, á que se refire fundamentalmente aínda que tamén acode para comprendela mellor ao espectáculo e ao teatro escolar, todos compoñentes do teatro. Fai un percorrido dende os inicios da literatura dramática até a época actual analizando tanto os axentes mediadores como a produción e a recepción. Divide este percorrido en tres apartados: "Inicios", "Consolidación" e "Innovacións". Como di nas conclusións unha crónica de carácter cronolóxica e descritiva fundamentalmente. Remata o traballo falando de Carlos Casares e a narrativa infantil e xuvenil para salientar que tamén neste xénero Casares foi pioneiro e que achegou obras hoxe clásicas. Remata cunha análise pormenorizada da obra *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas.*

- José Caldas, "O texto da representación", pp107-131.

Reprodúcese o texto que vai ser representado, unha mestura de obras de Casares e de elementos da transmisión oral que acompañan ao texto de Casares, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas.*

- Miguel A. Fernández, "Fotografías dos ensaios xerais", pp. 133-141.

Reproduce, como o nome do apartado indica, fotografías realizadas nos ensaios da obra.

Recensións:

- Manuel F. Vieites, 'Creación escénica, toromelos e teorías do caos. A propósito dun texto dramático de Carlos Casares', *Revista Galega de Teatro*, nº 37, 2004, pp. 34-42.

Analiza o texto *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, sinalando a presenza do azar, a incerteza, a sorpresa e o pensamento diverxente como notas dominantes na obra. Relaciona a escrita de Casares coa literatura fantástica de autores como Julio Cortázar ou Edgar Allan Poe, onde, segundo o crítico, o sorprendente e o misterioso nacen da realidade máis común. Vinculando a peza co universo do público infantil ao que vai dirixida, sinala a importancia do xogo na obra e subliña a validez do texto como unha apoloxía da desorde como estratexia cognitiva e creativa. No relativo á escenificación, destaca a complexidade do espazo da representación, reflexo dun caos constante no que as accións e os diálogos se superpoñen, os obxectos se transforman e o fío argumental se enlea sen solución de continuidade.

Mociño González, Isabel (coord.), *A nosa literatura infantil e xuvenil 2003*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Gálix. Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil □♦, novembro 2004, col. Guías culturais, nº 32, 159 pp. (ISBN: 84-453-3934-6).

Guía que recolle os libros infantís e xuvenís publicados ao longo de 2003 e estruturada en dous grandes bloques, as obras de autoría galega e as traducidas. En cada un destes bloques as obras aparecen organizadas por orde alfabetica de creador, contendo cada unha das páxinas a reprodución da capa do volume, a ficha de catalogación bibliográfica, unha sinopse argumental e a clasificación segundo a idade lectora preferente. A este respecto, empréganse catro categorías: prelectorado (de 0 a 7 anos), lectorado autónomo (de 8 a 10 anos), lectorado mozo (de 11 a 14 anos) e mocidade (a partir dos 14 anos). Coordinado por Isabel Mociño González, conta cun grupo de redactores composto pola propia coordinadora, Mª Jesús Agra Pardiñas, Eulalia Agrelos Costas, Carmen Franco Vázquez, Adelina Guisande Couñago (aspectos psicolóxicos), Marta Neira Rodríguez, Amparo Raviña Rosende, Blanca-Ana Roig Rechou e Mª Isabel Soto López. Na parte final inclúe uns índices de autores e autoras galegos e traducidos, ilustradores e ilustadoras, títulos galegos, títulos traducidos, coleccións, editoriais, idades e xéneros, para facilitar as buscas en cada un destes campos. Trátase, segundo se indica na nota introdutoria, dun catálogo que pretende ser un instrumento de consulta para todos aqueles interesados na literatura para os máis novos e para eles mesmos.

VII.5.2. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Barbarena, Tereixa / **Reboiras**, Óscar / **Rey Sastre**, Jacobo / **Villanueva**, José, 'Nenos, libros e televisión. Lendo entre 625 liñas', *Tempos Novos*, nº 80, 'A contratempo', xaneiro 2004, pp. 24-33.

Os autores fan unha análise da situación da programación televisiva infantil e da literatura para nenos. No tocante á literatura conclúen que, ante un sistema - o galego- no que falla o medio familiar como introdutor á lectura, as alternativas (bibliotecas escolares ou

municipais, recursos do goberno autonómico, programas de animación á lectura) son precarias.

Blanco, Carmen, 'Queridos clásicos, querido lobo, querido Peter Pan', *Fadamorgana*, nº 10, 2004, pp. 54-59.

Expresa o seu amor polos clásicos, aos que ama de dúas maneiras: "coa intelixencia racional, polas profundas verdades que encerran, e coa intelixencia máxica, polos múltiples soños que gardan". Fai referencia aos seus primeiros contactos con contos tradicionais e aos cambios aos que os someteu cando llos contou á súa filla, "seguindo unhas historias cada vez máis libres, libertadoras, libertarias e liberadoras". Considera que os contos clásicos naceron para cumprir unhas determinadas necesidades creativas e que sobreviviron porque seguían cumprindo algunhas desas mesmas necesidades vitais, aínda que só fosen as máxicas ou as estéticas. Alude ás diferentes transformacións ás que foron sometidos os contos clásicos e explica que con *Vermella con lobos* quixo facer sobre todo unha homenaxe a algúns dos contos clásicos que máis lle gustaran, aínda que "unha homenaxe todo o subversiva que son eu, unha homenaxe dinamitadora intelectual de todo o poder que contiñan". Así mesmo, sinala que os dez contos do citado volume foron feitos "para min e pensando en min, para liberarme dos poderes impostos" e, sobre todo, "foron feitos pensando na miña filla e en todas as mozas e os mozos merecedores dun mundo novo con contos novos no que os contos vellos se conten, lean e coñezan como as persoas ateas contamos, lemos e coñecemos a Biblia, como un marabilloso conto vello". A seguir, refírese a cada un dos dez contos de "amor e liberdade" de *Vermella con lobos* e conclúe sinalando que mirou os clásicos "cos meus ollos amorosos e escribinos de novo con verdades vivas de ficción preñadas dos meus soños".

Casalderrey, Fina, 'Trasnochando sueños', *CLIJ*, nº 174, '¿Por qué leer?', setembro 2004, p. 82.

Comeza facéndose varias preguntas por qué prefire ou lle gusta unha cousa e non a outra, e sobre as cousas que son prescindíbeis, para rematar as preguntas coa que é obxecto desta reflexión ¿"Por que la humanidad lee después de tantos siglos? ¿Acaso no se puede vivir sin leer?" e recorda a unha velliña próxima que non sabía ler os códigos escritos pero lía noutros soportes e aprendía de memoria o que lle lían e logo lía sen saber ler "en una libertad más íntima y a mi se me entojaba adivinar en sus gestos 'te espero aquí trasnochando mi sueño".

CLIJ, 'Índice 2003', *CLIJ*, nº 167, xaneiro 2004, pp. I-XII.

Traballo no que se recollen os libros recensionados no ano anterior, sinálanse os números de *CLIJ* que os acolleron, así como os artigos, opinións e entrevistas que se publicaron nas diferentes seccións da revista ao longo do ano.

CLIJ, 'Dominicus o dragón', *CLIJ*, nº 169, 'Libros/Novedades', marzo 2004, p. 66.

Comezan cualificando este libro de Antón Cortizas, publicado no ano 2003, como un "divertidísimo cuento rimado, desmitificador de uno de los seres típicos y tópicos de la literatura infantil fantástica, el dragón". Despois de describir o argumento, comentan que Cortizas elaborou a historia con humor, rimas sonoras, frescas, divertidas, expresivas e desenfadadas. Dise que as ilustracións de Antonio Castro están en perfecta sintonía co texto e cualifícanse de barrocas e preciosistas, capaces de por medio de imaxes suxestivas crear un dragón recoñecíbel e expresivo.

CLIJ, 'O armiño dorme', *CLIJ*, nº 169, 'Libros/Novedades', marzo 2004, p. 71.

Despois de contar o argumento desta novela histórica e de humor, "documentada hasta en los menores detalles", saliéntase que quen fala é a protagonista, Bia, a través dun diario, que as descricións da época, dos escenarios e persoas son minuciosas. Un todo, ben cohesionado, escrito nunca prosa de "regusto arcaico". "Una maravilla que obtuvo el premio Raíña Lupa 2002".

CLIJ, 'Lista de honor de CLIJ', *CLIJ*, nº 170, 'Lista de honor', abril 2004, pp. 7-10.

Como todos os anos por estas datas, *CLIJ* achega esta listaxe, coa finalidade de ofrecer ao profesorado e ao sector bibliotecario unha selección dos considerados os mellores libros do ano, segundo os encargados de realizar as recensións da revista en castelán, catalán, éuscaro e galego. As obras orixinais galegas que mereceron este galardón son as seguintes: *A merliña*, adaptación de Antonio Rubio; *O mostro da chuvia*, de Marilar Aleixandre; *Correo Urxente*, de Paula Carballeira; *Cando a terra esqueceu de xirar*, de Fina Casalderrey; *O meu nome é Skywalker*, de Agustín Fernández Paz; *Noite de voraces sombras*, de Agustín Fernández Paz; e *O centro do labirinto*, de Agustín Fernández Paz, ben a través do orixinal ben da tradución a outra lingua.

CLIJ, 'Los premios del 2003', *CLIJ*, nº 170, 'Informe', abril 2004, pp. 11-77.

Nas convocatorias de premios do 2003 que se recollen neste *Informe* faise referencia ao premio Merlín que foi gañado por Manuel Lourenzo González (Vilanova, Pontevedra, 1955). Como se fai con todos os galardoados recóllense declaracións do autor sobre algún aspecto da súa biografía. Relaciónanse os premios conseguidos. Ofrécese unha bibliografía, unha pequena recensión da obra gañadora, neste caso *Irmán do vento* e unha entrevista na que o escritor responde ao que supuxo para el o ter gañado o premio, a súa opinión sobre as características que debe ter a LIX e sobre o panorama da LIX en lingua castelá e/ou galega. Manuel Lourenzo considera que o premio lle deu a oportunidade de publicar unha novela con forte contido social, o recoñecemento a un traballo e un acto de xustiza. Cre que o obxectivo final da LIX é quedarse co lectorado pois de nada serven as lecturas anecdóticas dos *best-sellers* nin as escolares obrigadas se a lectura non se converte nun hábito permanente e para conseguilo só cre na calidade. Finalmente considera que a LIX está no

seu mellor momento pola abundancia de obras, pola existencia de libros fermosos e polo crecemento dun público que demanda libros, pero por outra banda ve como negativo a proliferación de obras que só buscan a cota de mercado e o dano dos *best-seller*, aínda que finaliza con certo optimismo.

CLIJ, 'Todavía nada', *CLIJ*, nº 171, 'Libros/Novedades', maio 2004, p. 56.

Nesta obra, publicada tamén en galego no ano 2003, a súa autora Christina Voltz, segundo afirman os comentaristas, deixa como moralina que o mundo é dos pacientes. Este deseñador francés é quen, din, de sacar o "máximo rendimiento expresivo de sus creaciones, sus collages a base de materiales de desecho como alambres, piezas metálicas y trozos de tela". Refírense ao seu anterior álbum *Yo no he sido*, reseñado en *CLIJ* 168, no que usaba os mesmos recursos coa mesma "eficacia narrativa" que nesta narración presentada ademais con humor, unha perfecta "metáfora da vida"

CLIJ, 'Suca', *CLIJ*, nº 173, 'Libros/Novidades', xullo 2004, , p. 65.

Salientan deste álbum de David Pintor (Pinto) e de Carlos López (Chinto), dous humoristas gráficos da prensa galega, o feito de que sexa moi fácil saber a profesión dos protagonistas xa que nacen cunha característica física que os delata. Cualifícano de texto ocorrente "lleno de sutiles hallazgos humorísticos fruto de una mirada nueva e imaginativa sobre el mundo, y de unas ilustraciones también desmedidas y caricaturescas que exploran todo un mundo de colores y matices", un "espléndido" exercicio de imaxinación, de humor *nonsense*.

Domínguez Pérez, Mónica, 'Veljka Ruzicka Kenfel e Lourdes Lorenzo García (coords.), Estudios críticos de traducción de literatura infantil y juvenil. Análisis de las traducciones de obras inglesas y alemanas a las cuatro lenguas oficiales de España', *Boletín Galego de Literatura*, nº 30, 'Libros', 2004, pp. 164-169.

Preséntase nesta recensión o volume, coordinado por Veljka Ruzicka Kenfel e Lourdes Lorenzo García, como a primeira entrega dunha serie que pretende abordar o estudo das traducións de literatura infantil e xuvenil ás linguas oficiais do estado español co fin de comparalas, atopar pautas do comportamento tradutor asociadas ao estatus da lingua meta e avaliar as solucións ofrecidas polos tradutores con vistas a mellorar a práctica habitual da tradución. Neste caso descríbense as traducións de *A Study in Scarlet*, de Sir Arthur Conan Doyle, e *Liebe Susi! Lieber Paul!*, de Christine Nöstlinger. Repárase na estrutura do volume, que presenta un "Preface" en inglés de Riitta Oittinen, unha "Introducción" das coordinadoras, e a análise das dúas obras, precedidas por un apartado biográfico do autor e un comentario literario da obra orixinal. A seguir, cita os responsábeis de cada un dos apartados do volume -os estudos referidos á tradución ao galego corresponden a Lourdes Lorenzo e Carmen Barreiro Díaz-, e sinala eivas como o emprego do castelán como lingua de expresión de todos os estudos, a escaseza de referencias á situación asimétrica das linguas estudadas e a ausencia dos criterios que se seguiron para a selección das traducións.

Conclúe que se trata dunha obra que nos introduce nun terreo pouco estudado no ámbito español e que supón a colocación da primeira pedra para a análise comparativa das traducións de literatura infantil e xuvenil nas distintas linguas do estado.

Fernández Paz, Agustín, 'Agua de beber', *CLIJ*, nº 171, 'Por qué leer', maio 2004, p. 82.

Primeiramente fai unha homenaxe ao libro de Verne, *La isla misteriosa*, un dos poucos libros da súa infancia pero que o fixo lector para sempre. Conta cómo ten ese exemplar de iniciación, cómo lle seguiron outros libros pero di "quien encontró las palabras exactas para explicar la intensidad del deseo que mi padre me contagiaba cada noche fue un hombre que vivía en Mondoñedo", referíndose a Álvaro Cunqueiro quen xa nos anos cincuenta dicía que o home precisaba en primeiro lugar, como quen bebe auga, vivir soños. Nesta frase atopa Agustín Fernández Paz a mellor forma de expresar a necesidade de ler e afirma que nesta época de globalización económica foi nos libros onde el atopou a máis auténtica globalización pois nos libros están todos os sentimentos e experiencias das persoas que viven ou desapareceron en calquera lugar do mundo.

Fernández, Mª Jesús, 'A casa da luz', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novedades de 12 a 14 anos', 2004, p. 75.

Cítanse varios trazos narrativos presentes nesta obra e moi característicos da escrita de Xabier P. Docampo como é o protagonismo colectivo da "panda". A seguir, céntrase na caracterización dos personaxes resaltando a un deles, o tolo Pumariño, por non se corresponder coa imaxe prototípica do adulto motivo que o fai encaixar ben coa panda de rapaces. Resáltase na construcción da historia a delgada liña divisoria do plano da realidade cotiá co da fantasía sen producir alteracións definitivas nin explicacións extraordinarias, e exemplifícase o contido de ambos planos así como o personaxe que favorece o paso dun ao outro. Coméntanse as diversas temáticas tratadas como o respeto pola natureza da obra artística ou falta de liberdade e ponse fin facendo referencia ao traballo do ilustrador.

Fernández, Mª Jesús, 'Auga para encher un cesto', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novedades de 12 a 14 anos', 2004, p. 74.

Comézase especificando os distintos ambientes nos que se desenvolven as historias dos estes oito contos de Paco Martín así como as diversas maneiras empregadas para narrar como o uso da memoria para recrear o pasado da súa xeración, o presente mesturado cos recordos ou o presente a través da ensoñación. A seguir, enuméranse os temas presentes nos contos e recurrentes na obra deste autor como o posicionamento a favor de valores como a solidariedade ou a bondade, a dura crítica á inxustiza, a prepotencia dos que cren que todo se merca con cartos ou a forza do amor. Apórtase un resumo argumental dos contos e resáltase a riqueza da linguaxe chegando a ser "lírica na descrición de paisaxes e sentimentos".

Fernández, Mª Jesús, 'Belidadona', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 6 a 9 anos', 2004, p. 69.

Saliéntase á escritora coma unha das pioneiras da LIX galega e unha das "voces líricas máis sensibles e rigorosas" e o enriquecemento que proporcionan ao libro as ilustracións de Enjamio. Enuméranse as características máis destacabeis do poema: conxugación de elementos tradicionais das historias clásicas con outros modernos, aproximación á realidade do lectorado agardado, a descrición poética da chegada da protagonista con imaxes sensoriais e plásticas e os seus avatares, a marcada musicalidade e o fondo lirismo dos recursos expresivos. Apórtase tamén un breve resumo argumental e recoméndase a lectura en voz alta como mellor expresión do poema.

Fernández, Mª Jesús, 'Dominicus, o dragón', nº 10, 'Novidades de 6 a 9 anos', 2004, p. 70.

Comézase cun breve resumo argumental deste "divertido conto rimado" de Antonio Castro no que, segundo a recensionista, o autor retoma este "mítico se da fantasía" converténdoo nunha "parodia chea de gracia". A seguir, enuméranse algúns dos trazos máis salientábeis da obra a nivel métrico, de recursos expresivos e estilísticos e de estilo como os xogos de palabras, esaxeracións, situacións ridículas, sinxelas rimas de estrofas de catro versos...

Fernández, Mª Jesús, 'Lúas de nácara', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 12 a 14 anos', 2004, p. 73.

Comézase resaltando a temática común, o sobrenatural, que serve de fío de unión aos cinco relatos de *Lúas de nácara* (2003), de Fina Casalderrey. Explicítase as voces narradoras dos relatos, en primeira persoa en tres deles e o resto en terceira persoa, e o punto de vista narrativo que se acada con cada voz. A seguir, resúmese brevemente cada un dos contos ou explícase polo miúdo a súa temática.

Fernández, Mª Jesús, 'Noite de voraces sombras', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 12 a 14 anos', 2004, p. 74.

Comézase desvelando a temática da novela *Noite de voraces sombras* de Agustín Fernández Paz: a iniciación, a entrada na vida adulta. Resáltase a voz narradora empregada, o inicio do relato "como un clásico tema de misterio" e cómo a través dos descubrimentos da protagonista o autor recrea a personalidade individual da figura dun mozo ilusionado cun proxecto idealista. Por último, sinálase a aposta de novo do escritor poque sexan as novas xeracións as portadoras do "que nunca debeu permanecer oculto".

Fernández, Mª Jesús, 'O ganso pardo', nº 10, 'Novedades de 12 a 14 anos', 2004, p. 75.

Logo de concretarse a presenza na novela de Paula Carballeira de elementos das historias de supersticións e da literatura universal, saliéntase a diversidade de voces narradoras coas

que se diferencian as partes da estrutura e a unión destas a través do "leit motiv" dun ganso pardo. Remátase co contido das tres partes da obra e diversas características da escrita da autora como a rigorosa recreación de ambientes e personaxes ou o mantemento da inquietude ante a maldade destrutiva.

Fernández, Mª Jesús, 'Belidadona', *CLIJ*, nº 167, 'Libros/Novidades', xaneiro 2004, p. 56.

Despois de recordar que Helena Villar Janeiro é unha autora pioneira da LIX galega, comeza o comentario de *Belidadona* (2003). Di que se trata dun "extenso poema, un cuento lírico que armoniza elementos modernos con otros procedentes de la tradición mítica y literaria". Fala da protagonista, da súa iniciación e aprendizaxe, da linguaxe empregada e das ilustracións de Enjamio. Cualifica o libro de notábel como proba do "alto nivel que tiene la poesía para niños que se escribe en Galicia".

Fernández, Mª Jesús, 'Irmán do vento', *CLIJ*, nº 167, 'Libros/Novedades', xaneiro 2004, p. 61.

Refírese a esta obra de Manuel Lourenzo González coa que mereceu o Premio Merlín 2003. Describe o argumento e finaliza dicindo que a novela ten o encanto e interese dos clásicos relatos de aventuras e unha aproximación vivencial á tráxica realidade de Iraq, un pobo do que oímos falar moito pero que nos resulta descoñecido. Un relato dun doloroso conflito aínda vixente.

Fernández, Mª Jesús, 'Paseniño, pasesiño', *CLIJ*, nº 167, 'Libros/Novedades', xaneiro 2004, p. 58.

Cualifica esta obra de Antonio García Teijeiro, publicada no ano 2003, de "bello álbum, cuidado al máximo" e ao autor de acreditado poeta, recoñecido e valorado. Salienta como característica do escritor a glosa de poemas de autores galegos que máis lle agradan, neste caso achégase aos de Rosalía de Castro que di lle serven para darlle ao poemario o valor dun traxecto, un camiño co que implica de encontros e sorpresas. Refírese ás formas estróficas empregadas e ás ilustracións de Xosé Cobas, que cualifica de delicadas, sutís, expresivas, cargadas de contido poético.

Fernández, Mª Jesús, 'O ganso pardo', *CLIJ*, nº 168, 'Libros/Novedades', febreiro 2004, p. 63.

Comeza salientando que Paula Carballeira se inicia con esta obra, *O ganso pardo* (2003), no relato para mozos. Cualifica a novela de interesante, complexa na súa estrutura dramática e con múltiples referencias culturais, tanto históricas como míticas e literarias. A seguir, considera que se está diante dun relato de terror, contado por medio de diversas voces, inspirado no mito do sangue inocente como fonte de xuventude e vida eterna.

Finaliza contando o argumento da obra e destacando que Carballeira crea un ambiente escuro e inquietante e que é rigorosa na presentación histórica e no tratamento dos mitos.

Fernández, Mª Jesús, 'O caracol Remoldiño', *CLIJ*, nº 172, 'Libros/Novedades', xuño 2004, p. 63.

Comeza o comentario desta obra de Xoán R. Cuba, publicada en 2003, referíndose a que está escrita en verso a base de rimas e ritmos sinxelos, e que está protagonizada por tres caracois, que parte dunha estrutura clásica. Salienta a graza e o humor que a impregna e describe o contido. Ao falar das ilustracións de Óscar Villán, salienta a graza e expresividade que se lle imprimen aos protagonistas, o estilo propio do ilustrador, a distribución dos volumes a dobre páxina e o uso dunha contrastada gama de cor de fondos brancos.

Fernández, Mª Jesús, 'A alfombra falsa', *CLIJ*, nº 174, 'Libros/Novedades', setembro 2004, p. 64.

Dise que na *Alfombra falsa* (2003), de Xavier Rodríguez se conta unha historia clásica de aventuras que transcorre no mundo da fantasía. Descríbese brevemente o argumento salientando o final da historia que deixa aos amigos de Mauro, o protagonista, e ao lectorado coa dúbida de si todo o narrado foi alucinación producida pola febre ou se realmente a alfombra de Mauro "le ha jugado al niño una mala pasada".

Fernández, Mª Jesús, 'Chamábase Luís', *CLIJ*, nº 174, 'Libros/Novedades', setembro 2004, p. 70.

Comezan recordando que Anaya recupera un título de Marina Mayoral, *Chamábase Luís*, merecedora del premio "Losada Diéguez", publicada por Edicións Xerais de Galicia en 1989 y traducida ao catalán en 1995 publicada por Grijalbo-Mondadori. Recórdase que se trata dun texto que está construído a base de testemuños de parentes e coñecidos da autora sobre un mozo drogadicto de 30 anos, un mozo condenado a morte. Saliéntase a actualidade da temática nun momento no que o problema segue a existir aínda que a mocidade prefira as drogas de deseño, as *pastis*. Remátase recordando a historia que se conta no volume.

Fernández, Mª Jesús, 'Camposanto', *CLIJ*, nº 175, 'Libros/Novedades', outubro 2004, p. 68.

Analiza a obra *Camposanto* (2003), ganadora do XIX concurso "Rúa Nova", obra de Fátima Peón Torres, unha escritora nova. Considera que se trata dunha novela de arriscada estrutura que se centra na relación entre dous adolescentes. A seguir describe o argumento deste relato que salienta está escrito *in medias res*, alternando capítulos referidos ao momento actual de ambos adolescentes con outros que nos dan a coñecer momentos importantes do seu pasado. Cualifica a obra de ambicioso relato, ben resolto en xeral.

Fernández, Mª Jesús, 'Galicia: más gozos que sombras/Galicia: máis gozos que sombras', *CLIJ*, nº 175, 'Panorama', outubro 2004, pp. 42-57.

Comeza esta panorámica afirmando que a pesar dos continuos rumores de crise da LIX en Galicia presenta características moi estábeis e poucas diferenzas respecto a períodos anteriores aínda que constata unha diminución non preocupante do número de primeiras edicións orixinais dado que as grandes liñas se manteñen con "notoria" presenza dos grupos editoriais que lideran o sector; regular crecemento das colección consolidadas e criterios de edición que non experimentaron cambios en canto a xéneros e destinatarios. Salienta tamén como característica de continuidade que a maioría dos títulos se deban a autores e autoras consolidados. A seguir refírese aos cambios nas colección de editoras consolidadas e ao retroceso na produción de editoras instaladas fóra do territorio galego. Lamenta a desaparición da revista de cómic *Golfiño* e logo comenta as novidades a través das seguintes agrupacións: "Novela xuvenil: historia, lendas, misterio..." salienta a variedade temática e entre os títulos publicados algún de gran interese e calidade, refírese a seguir a eses títulos. Outro apartado "Adolescencias, amor, temas y problemas actuales" segue o mesmo esquema do apartado anterior; en "Propostas variadas para os xoves lectores" opina que houbo unha variada e interesante produción e salienta o que considera de máis interese; en "Propostas atractivas para lectores autónomos" salienta que os personaxes son animais, e o tratamento lúdico da linguaxe, a fantasía e o humor. Cita as obras que considera máis representativas; en "Calidad en las obras para primeiros lectores" segue o mesmo esquema sen facer consideracións xerais.

Fernández, Mª Jesús, 'O cero escuro', *CLIJ*, nº 174, 'Libros/Novedades', outubro 2004, p. 69.

Descríbese primeiramente o argumento da obra publicada no ano 2003 para logo dicir que é unha novela que se desenvolve con harmonía entre dous centros de interese: o mundo de Nadia e os intentos do grupo de amigos por dar co paradoiro da moza desaparecida. Retrato psicolóxico e aventura nesta "interesante obra en la que una vez más, An Alfaya se preocupa por el lado humano de sus personajes".

Fernández, Mª Jesús, 'Adiviñas de animais', *CLIJ*, nº 176, 'Libros/Novedades', novembro 2004, p. 57.

Recorda que con este novo libro Gloria Sánchez volve no ano 2003 a ensaiar unha fórmula que lle permite empregar uns recursos que ela manexa con gran mestría combinando o humor, o lirismo e os xogos lingüísticos. Salienta o interese e importancia que teñen as adiviñas entre os receptores infantís, que a autora presenta vintecinco adiviñas que esconden outros tantos animais e que emprega as fórmulas tradicionais que introducen á infancia na linguaxe poética; finalmente que a autora reforzou o xogo con propostas gráficas. Remata referíndose ás ilustracións de Óscar Villán que cualifica de moi boas no persoal estilo que o caracteriza e identifica.

Fernández, Mª Jesús, 'Carmen e a súa amiga Barbi', *CLIJ*, nº 176, 'Libros/Novedades', novembro 2004, p. 64.

Comeza recordando que é este o segundo libro do autor destinado ao público infantil e xuvenil, que repite a fórmula do primeiro *Alba, unha aprendiza de meiga*, unha mestura entre realidade e fantasía. Describe o argumento salientando a parte realista e a parte fantástica que ten a forma dun soño. Finaliza cualificando o libro de divertido e no que "seguramente muchas niñas podrán sentirse identificadas".

Fernández, Mª Jesús, 'Rumbo ao Maluco', *CLIJ*, nº 176, 'Libros/Novedades', novembro 2004, p. 67.

Cualifica a obra como relato de carácter histórico, informa que resultou gañador *ex aequo* no II Certame literario de relatos de aventuras "Antón Avilés de Taramancos", convocado polo Concello de Noia. A seguir salienta que ten a forma dun diario escrito por un mozo de quince anos. Describe o argumento e finaliza comentando que se ofrece a "los lectores un relato interesante y ameno, la crónica de una de las mayores aventuras emprendidas por los seres humanos".

Gaspar, Silvia, 'A casa da Duna', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 6 a 9 anos', 2004, p. 68.

Comézase xustificando porqué responde á nomenclatura de álbum *A casa da Duna* de Fran Alonso e a seguir, saliéntase o "minimalismo conceptual con protagonismo dun soporte gráfico" e cómo invita á "intencionalidade sensorial do momento da lectura/contemplación". Faise referencia á temática da obra, aceptación da frustración e ás alusións literarias e científicas. Remátase dubidando se o lectorado máis cativo é un posíbel destinatario ao non ter claro o tipo de lectura que realizan.

Gaspar, Silvia, 'A encontadora', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 6 a 9 anos', 2004, p. 68.

Despois de cualificarse o contido de *A encontadora* (2003), de An Alfaya, coma un "cúmulo de historias non sempre interrelacionadas", coméntase algún expemplo da "mélée de rexistros" do enfoque da mesma. Ademais, saliéntanse os contínuos saltos no nó da historia "por capricho da evocación" provocando lagoas no seguimento do lectorado.

Gaspar, Silvia, 'Carlota e a bota perdida', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 6 a 9 anos', 2004, p. 68.

Explícase cál é o esquema clásico ao que responde o argumento de *Carlota e a bota perdida* (2003), de Miro Villar: "historia de animais e obxectos animados a

desenvolvérense entre aventuras nas que triunfan mercé á axuda mutua". A seguir, infórmase da súa estrutura e xénero, poema narrativo en estrofas de rima consonante, e saliéntase do texto o feito de ser unha "aposta arriscada", coa que estimular a lectura poética, e a localización do seu lectorado máis ben a partir de 9 anos ao esixir unha certa maduración no receptor.

Gaspar, Silvia, 'De como o Santo dos Croques se fai peregrino', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 12 a 14 anos', 2004, p. 73.

Cualifícase á obra *De como o Santo dos Croques se fai peregrino*, de Pepe Carballude, como "novela policial, fantástica, lexendaria e, sobre todo, humorística" e achégase un resumo argumental. Finalízase, sinalando as características que a fixeron merecedora do Premio Barvo de Vapor 2002 como a vontade humorística e o especial coidado aos detalles argumentais e compositivos.

Gaspar, Silvia, 'Farangulla', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 6 a 9 anos', 2004, p. 68.

Descóbrese quen é o protagonista de *Farangulla* (2003), de Gloria Sánchez, un oso polar non desexado, e o que se consegue co modo narrativo empregado, alixeirar crueza e impulsar sentimentos de solidariedade. Finaliza salientándose que aspecto novo irrompe na escrita desta autora: o asunto aínda que prosegue "dentro do compromiso" e o modo narrativo que se mantén nunha prosa directa sen "derivación adicional".

Gaspar, Silvia, 'O meu nome é Skywalker', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 6 a 9 anos', 2004, p. 70.

Coméntase o merecido que ten *O meu nome é Skywalker*, de Agustín Fernández Paz, o Premio Barco de Vapor e resáltase a esta como unha boa mostra da chamada literatura social infantil por combinar perfectamente: a elección do protagonista, a "visión inxel do mundo" e o compromiso social. Afírmase que o escritor "recupera a denuncia que enunciaba en *Cos pés no aire*". Considérase que un dos principais valores presentes na historia é a naturalidade co que se mostra a denuncia ao lectorado.

Gaspar, Silvia, 'Trala liña do horizonte', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novidades de 12 a 14 anos', 2004, p. 73.

Destácase a temática bélica, sobre todo, a irracionalidade de conflitos actuais como o núcleo da obra *Trala liña do horizonte,* de Antonio García Teijeiro. Explícase porqué é unha composición de carácter heteroxéneo e que a voz das vítimas favorécese ao estar localizada en calquera escenario de destrución así como pola perda de identidade dos detalles ambientais. Critícase o emprego "expresións demasiado estereotipadas e desesperanzadas" ao non adecuarse á voz de quen loita pola supervivencia.

González, Luís Daniel, 'Grandes e pequenos clásicos. Un camiño para a educación literaria', inverno 2004-2005, *Fadamorgana*, nº 10, 2004, pp. 30-33.

Considera que para adquirir coñecementos literarios, competencia lectora e valores son necesarios relatos de calidade contrastada como son os clásicos de literatura infantil e xuvenil (LIX). Achega as definicións de Chesterton, Borges e Italo Calvino, que se lles poden aplicar aos clásicos da LIX e engade que non será nunca clásico un libro circunstancial. Alude á publicación de Alison Lurie, *No se lo digas a los mayores*, na que se fixa en autores ingleses e norteamericanos de finais do século XIX e principios do XX e extrae como principal conclusión que a mellor LIX é sempre "subversiva" por rebordar as convencións educativas e sociais do momento. Estima que Lurie inverte a conclusión e sinala que "non son clásicos por ser subversivos senón que son subversivos por seren clásicos". Por outra parte, apunta que as claves da súa permanente novidade está en que naceron do afecto e foron, polo menos na súa orixe, confeccionados sen pensar nos receptores como público-consumidor e sen ter en conta as pautas do pensamento dominante, así como en que parten do talento dos autores para captar e expresar as máis fondas necesidades dos seus lectores. Afirma que o carácter rompedor de moitos dos libros ou cómics infantís se pode comprobar na súa oposición frontal a estereotipos e pon exemplos como os dos protagonistas de *Max y Moritz*, *Heidi*, *Charlie Brown* e *Corazón*, entre outros. Conclúe sinalando que os que gozaron destas obras de pequenos terán máis doado chegar a ser bos lectores cando medren e recoméndalles a súa lectura aos adultos.

Gracián, Ánxela, 'Intertextualidade e diálogo cos clásicos. Un xogo de espellos', inverno 2004-2005, *Fadamorgana*, nº 10, 2004, pp. 37-42.

A partir da definición ofrecida por Italo Calvino sobre a noción de clásico, reflexiona sobre a capacidade de permanencia no tempo dalgúns textos que acaban por mimetizarse no inconsciente colectivo mantendo ao longo dos séculos un diálogo aberto, susceptíbel de revisión e actualización, como se a primeira obra fose un punto de partida para lecturas sucesivas que espertan a tentación de abrir as portas á memoria. A seguir, dá conta de diferentes títulos que recuperaron, actualizaron ou versionaron pezas clásicas consideradas infantís como son *Carapuchiña vermella*, *Cincenta*, *A bela adormecida*, *Alicia no país das marabillas* ou *A vida e aventuras de Robinson Crusoe*. Por outra parte, alude a intertextualidade interdisciplinar dos clásicos e cita títulos que foron tratados no ámbito do cine ou da música, ademais de referirse a aqueloutros casos no que a intertextualidade se dá nun segundo nivel e os textos resultantes gardan xa menos relación con respecto aos referentes clásicos.

Grupo Andersen, 'Andersen na aula de infantil', inverno 2004-2005, *Fadamorgana*, nº 10, 2004, pp. 43-45.

Despois de aludir ás calidades dos contos de Andersen en canto ás súas propiedades textuais e aos seus recursos como fonte de diversión e fantasía intensa e doce, lánzase unha propostas para traballar a Hans Christian Andersen e os seus contos na aula de infantil.

Sinálase que se trata dun proxecto integral que recolle actividades enmarcadas dentro das tres áreas curriculares da Educación Infantil e recóllense as actividades propostas para os relatos *A sereíña*, *Polgariña*, *O soldadiño de chumbo* e *As flores da pequena Ida*.

Grupo Andersen, 'Andersen na pantalla. Os contos de Andersen no cine de animación', inverno 2004-2005, *Fadamorgana*, nº 10, 2004, pp. 46-51.

Sinálase que os contos de Andersen forman parten do acervo tradicional, ao igual que os contos marabillosos recollidos por Perrault, os Grimm, Afanasiev ou, máis recentemente, Rodríguez Almodóvar. Saliéntase que os guionistas do cine de animación atoparon nestes relatos unha fonte de inspiración e recóllese unha lista de películas, que forman parte da historia do cine de animación e que adoptaron como punto de partida unha historia directamente derivada dalgún dos contos de Andersen. A seguir, puntualízase que moitos dos nenos e nenas só coñecen a historia da *Sereíña*, de Andersen a través da versión fílmica de Disney e, a partir da alusión a traballos realizados por Maria Emília Traça ou recuperados de internet, esmiúzanse as desemellanzas entre a historia textual ofrecida polo autor de Odense e a fílmica da factoría Disney. Entre as anotacións realizadas, destácase que a *Sereíña* de Disney poida que en efecto represente a "modernidade" fronte ao maior "tradicionalismo" do conto de Andersen.

Mociño, Isabel, 'Tendencias en la narrativa juvenil gallega', *Lazarillo. Revista de la Asociación de Amigos del Libro Infantil y Juvenil*, nº 12, 'Historia, teoría y crítica', 2004, pp. 34-42.

Estudo de carácter historicista no que se percorren, de xeito sucinto, as principais tendencias da narrativa infantil e xuvenil galega, das que se poñen como exemplos as obras máis representativas. Despois de estabelecer as principais etapas que Blanca-Ana Roig Rechou ten diferenciado na evolución da Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) galega, percórrense as tendencias máis produtivas desta literatura atendendo ás clasificacións ao uso. Así, diférénciase como unha primeira tendencia a das novelas e narracións de aventuras, tanto as de tipo clásico, representadas por obras como *A expedición do pacífico* (1994), de Marilar Aleixandre, pasando polas de ficción científica coas catro entregas da serie protagonizada por Said e Sheila de Ramón Caride Ogando (1995-2004) até as denominadas "novelas de pandas", inauguradas por, entre outras, *O misterio das badaladas* (1986), de Xabier P. Docampo. A seguir, Isabel Mociño detense nas que denomina "novelas de iniciación", que caracteriza polo seu protagonismo individual fronte ao grupal de moitas das pertencentes á tendencia anterior, entre as que destaca títulos como *O segredo da pedra Figueira* (1985), de María Xosé Queizán, e nas "narrativas da vida actual", conformadas por aquelas novelas que abordan temas de plena actualidade e que preocupan á adolescencia como a sexualidade, os divorcios, a morte ou o desemprego, entre outras temáticas. Achégase brevemente a outras tendencias de menor cultivo como a novela policial, a de terror ou aquelas de carácter histórico, para logo sinalar algunhas das características paratextuais que presenta esta produción. Remata salientando a importancia de axentes como a crítica, unha incidencia que se pode observar a través dos *Informes de literatura*, e a determinación que supón, dende o punto de vista paratextual, a colección de

acollida de cada unha destas obras. Conclúe salientando aspectos como a grande heteroxeneidade de tendencias e temáticas, a proximidade da linguaxe e a fácil identificación dos protagonistas co lectorado agardado, o cambio de ambientación ou a riqueza de voces narrativas presentes nestas obras.

Muíños, Noelia, 'O cero escuro', *Fadamorgana*, nº 10, 'Novedades de 12 a 14 anos', 2004, p. 76.

Intégrase a nova obra de An Alfaya dentro dos libros-guión de teleserie da que se insiste en que a pesar de intentar dignificar este xénero e da credibilidade dalgúns retratos de personaxes, a "paisaxe tan típica-tópica" reflectida nela fan que sexa unha "de tantas lecturas de temporada".

Munín, Alicia, 'Avós', *Malasartes. Cadernos de Literatura para a infância e a juventude*, nº 13, 'Recensoes e notas críticas. Livros en galego', 2004, p. 33.

Neste número da revista portuguesa *Malasartes*, que se corresponde co período decembro 2003-xuño 2004, acóllese unha reseña da obra *Avós*, de Chema Heras, dirixida ao prelectorado e publicada en 2002 pola Editorial Kalandraka. Comézase destacando a boa adecuación das ilustracións de Rosa Osuna ao texto, coas que o lectorado agardado pode seguir a historia a través da lectura visual. Sitúase ao autor na liña da renovación pedagóxica, do que se lembran traballos xa publicados como *A fuxida dos nenos* e *Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis*, e repásase brevemente o argumento deste conto, no que se destaca o emprego de recursos da tradición oral como as repeticións ou as estruturas acumulativas, que lle imprimen un forte ritmo musical e favorecen a memorización por parte do destinatario. Remátase salientando o tratamento que se lle dá a un tema de carácter, no que se empregan recursos moi sinxelos e unha gran dose de imaxinación e humor, para sensibilizar a infancia cun tema que está lonxe das súas preocupacións pero que forma parte da súa socialización e toma de contacto coa realidade.

Neira Cruz, Xosé A., '105 anos de literatura infantil e xuvenil galega', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 107-113.

Xosé A. Neira Cruz leva a cabo nestas páxinas un amplo repaso pola historia da literatura infantil e xuvenil en galego que comeza polo rastrexo das súas orixes, vencelladas á literatura oral. De feito, como sinala, as primeiras manifestacións de literatura infantil galega de autor, por parte dos escritores unidos ao proxecto pedagóxico das Irmandades da Fala como Vicente Risco, Xosé Filgueira Valverde ou Evaristo Correa Calderón, están intimamente ligadas á oralidade. Estas primeiras achegas en formato libro, parécelle, constitúen unha tentativa meritoria pero máis simbólica que real. Haberá que agardar, segundo afirma, á década dos 60 para ver o que considera o rexurdimento da literatura infantil galega, nomeadamente a raíz das iniciativas editoriais desenvolvidas por Galaxia a partir de 1966, como a posta en marcha das coleccións "A Galea de Ouro" ou "Desplego Velas". Destaca tamén, nesta altura, o labor da Asociación Cultural "O Facho", da Coruña,

entre outros. Despois, da man do estudoso, atinximos o "tempo no que se abren as canles", coa chegada da Democracia, a aprobación do Estatuto de Autonomía e da Lei de Normalización Lingüística. Fáisenos ver que, máis aínda que na época anterior, a convocatoria de premios vai ser determinante. Chegamos, por fin, a época actual de consolidación e recoñecemento á que só lle pon un pero: o volume de publicacións neste ámbito en Galicia é o máis baixo de todo o Estado.

Pardo de Neyra, Xulio, 'Entre o vangardismo e a conciencia nacionalista. O nacemento da literatura infantil galega', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 161, xaneiro 2004, pp. 114-125.

Pescuda Xulio Pardo de Neyra neste traballo as orixes da literatura infantil galega como sistema, as cales se sitúan a comezos do século XX, como parte do proxecto político das Irmandades da Fala. En concreto, considera que as figuras máis relevantes, aínda que non as únicas, a este efecto foron Bernardino Varela do Campo, como editor (e a este respecto non esquece o influxo exercido pola súa muller, Elvira Bao), e Vicente Risco, como creador. Explícanos que o propósito destes homes consistía en fornecer aos máis pequenos dun corpus de lecturas en galego do que se carecía, e que conseguiron editar en 1921 o primeiro conto, escrito por Risco pero sen asinar, dunha colección de "Contos pra nenos" cedo interrompida: O rei avarento. Nunha segunda parte, o autor detense na análise, en boa parte baseada nas funcións de Propp, dese e de dous contos máis ('O labrego e mais o Rei' e 'A dona encantada') que non chegaron a ver a luz até a súa recente aparición na colección "Árbore" de Galaxia.

Raviña Rosende, Amparo, 'Adiantos', inverno 2004-2005, *Fadamorgana*, nº 10, 'Adiantos', 2004, pp. 86-88.

Infórmase da convocatoria de diversos premios literarios coma o III Premio "2" Día do Libro Infantil e Xuvenil, do 17º Premio Rúa Nova ou do Vº Premio "Lecturas". Faise un resumo das bases de cada un deles e remítese aos puntos de información oportunos. Anúnciase a celebración do III Congreso Ibérico de Literatura Infantil e Xuvenil "Lectura, identidades, globalización" organizado pola OEPLI (Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil) e as súas seccións. Ademais de informar sucintamente dos contidos proporciónanse as datas e os puntos de información. Remátase coas actividades a realizar na III Semana do Día do Libro Infantil e Xuvenil e na III Semana das Letras Galegas, organizadas por GÁLIX e Ámbito Cultural de El Corte Inglés, así como a temática e datas doutros eventos como congresos, encontros...

Raviña Rosende, Amparo, 'Despezas', inverno 2004-2005, *Fadamorgana*, nº 10, 'Despezas', 2004, pp. 6-10.

Dáse conta dos autores e autoras gañadores de diversos premios de literatura infantil e xuvenil a nivel autonómico e nacional como o Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, o Lazarillo, O Merlín, o Edebé... Ademais do título da obra co que acadaron o galardón

sinálase, ás veces, a temática da obra ou aquel aspecto máis salientabel para o xurado e a contía do premio. Asemade tamén se informa dos contidos, temática e destácase aos especialistas que participaron no I Curso de Formación Contínua "As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora".

Requeixo, Armando, 'Na mellor tradición', *Tempos Novos*, nº 81, 'Libros', febreiro 2004, p. 74.

A importancia hoxe en día da novela xuvenil e a loa da súa calidade serve para introducirnos na obra de Suso de Toro, *Morgún*. O recendo épico e a base mitolóxica son a base da análise desta obra.

T.S., 'Bela dona', *Tempos Novos*, nº 80, 'Libros', xaneiro 2004, p. 70.

O autor resume o argumento de *Belidadona* (2003), de Helena Villar Janeiro, obra que xulga adecuada para os primeiros lectores xa que permite que "se aproximen a poesía que é ritmo e música".

Trigo, Ramón, 'Ramón Trigo', *CLIJ*, nº 168, 'Autorretrato', febreiro 2004, p. 41.

Expón primeiramente os seus comezos como ilustrador nun estudo situado nun vello edificio do casco antigo da súa cidade natal. A seguir, describe unha anécdota cunha veciña que vivía soa a pesar dos ruídos que el oía. En cadro á parte ofrécese unha bibliografía deste ilustrador .

Vázquez Freire, Miguel, 'Ánxeles Ferrer', inverno 2004-2005, *Fadamorgana*, nº 10, 'A ilustradora', 2004, p. 4.

Percorrido polos trazos máis salientábeis da obra da ilustradora Ánxeles Ferrer salientándoa como unha das mulleres "que máis se ten dedicado á creación artística dirixida á infancia" e o chamativo dominio que ten da acuarela. Sinala a tendencia nas editoriais a considerar o seu traballo como "especialmente adecuado" para ilustrar poemarios e considera que a "extrema sinxeleza" dos seus debuxos fainos idóneos para a comunicación cos nenos e nenas. A seguir, inclúeo no "grupo dos ilustradores infantís que, sen renunciar á imprescindible habelencia técnica esixible ao artista, se comprace en case disimulala ata aproximar os seus traballos á espontaneidade do propio deseño infantil". Especifica as características das figuras humanas, animais e dos astros que representa nos seus debuxos, así como dos diferentes fondos nos que as sitúa, con exemplos das obras nas que se aprecian. Logo de especificar a preferencia da creadora polo uso da augada e os efectos que consegue con ela nas súas creacións lembra o traballo realizado para a exposición Galicia Solidariedade da Asociación GÁLIX.

VII.5.3. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Castro Soliño, Dorinda, 'Crónica de Ofiusa', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 71, 'Libros', 19 febreiro 2004, p. IV.

Achega os ingredientes que compoñen a trama argumental de *Crónica de Ofiusa*, de Francisco Vázquez Chantada e publicada no ano 2003 na colección "docexvintedous" da editorial Sotelo Blanco. Comenta que, despois da lenda coa que o libro se inicia e o mapa imaxinario de Ofiusa, entramos no reino da fantasía ao longo de dezasete capítulos, nos que o protagonista chamado Ando terá que liberar a súa terra do imperio. Sinala que os lugares que percorre e os personaxes cos que se vai atopando son nomeados con sonoros e simbólicos nomes, así como que a liberación da terra sometida conforma unha alegoría de Galiza. Considera que con sentido do humor, lirismo e imaxinación o libro ofrece a oportunidade de recordar tradicións populares e da literatura culta universal, dalgunha das cales se fai eco.

Fernández, Paula, 'Blobló', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 65, 'Infantil/Xuvenil', 8 xaneiro 2004, p. VII.

Centra o seu comentario no conto de Rai Bueno, *Blobó*, que a editorial Kalandraka presentou no ano 2003 "nunha edición inmellorable". Considera que se trata dunha "obra divertida para os nenos, cun argumento nada simple e cunhas ilustracións de Mariona Cabassa que fan presaxiar un bo futuro para o mundo do deseño de libros infantís". Achega o argumento desta historia protagonizada polo mono Blobó, que recorre ao emprego dos recursos do universo do onírico, "algo moi atractivo para os rapaces pola súa compoñente misteriosa". Así mesmo, apunta que se apoia constantemente nas ilustracións, que por veces semellan reflectir dúas dimensións: unha real e outra fantástica. Sinala que o texto, a través das repeticións, fragmentos rimados e estruturas fáciles de asumir, faise moi dinámico e consegue cun argumento simple en aparencia captar o interese dos nenos e facerlles pensar no verdadeiro xeito en que transcorren os acontecementos. Conclúe indicando que o texto sementa unha pequena dúbida que comeza no intre en que a lectura remata, polo que estima se podería falar dun pequeno compoñente interactivo no libro.

Fernández, Paula, 'Falar dos ecosistemas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 66, 'Infantil/Xuvenil', 15 xaneiro 2004, p. VII.

Considera que a tradución da obra de Reiner Zimmink, *Pequeno tigre brandante* (Kalandraka, 2003), posúe "un argumento tan sinxelo coma falto de orixinalidade que mesmo provoca unha importante falta de interese nas primeiras páxinas, que logo vai enmendando paulatinamente". Describe o seu argumento, que non considera malo, aínda que apunta que a tardanza coa que se presentan os acontecementos e a grafía da edición poden facer pouco lixeira a obra para o lectorado de entre 8 e 10 anos. Sinala que os ladróns, que se encargan de roubar o tigre, lembran os personaxes da novela de Anthony

Burgess levada ao cine co título de *A laranxa mecánica*. Estima que o mellor do conto é o léxico referido á fauna e a flora, así como o aproveitamento que del poderían tirar os educadores para poder falar do ecosistema ou para fomentar unha actitude crítica sobre os zoolóxicos.

Fernández, Paula, 'Un traballo ben cumprido', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 67, 'Infantil/Xuvenil', 22 xaneiro 2004, p. VII.

Comenta que a Editorial Kalandraka sérvese da música para completar o volume para primeiros lectores, *Soños de Xulieta* (2003), que está "cheo de romanticismo e inxenuidade". Sinala que a historia se sustenta no mundo onírico de Xulieta, que tingue as páxinas do libro "de cores subliminais que non se corresponden coas das ilustracións, austeras en colorido mais acordes coa música que escoitamos no cd". Destaca que o fundamental dos soños é o concepto do efémero e que o disco compacto contén o texto narrado por Mónica Argibay, ademais de composicións musicais interpretadas pola Orquestra Sinfónica de Galicia e compostas por Juan Vara, que conseguen dotar a lectura de meirandes sensacións. Considera que esta historia, escrita por María Rosa Mó e ilustrada por Federico Delicado, resulta "completísima", dende o punto de vista artístico e educativo.

Fernández, Paula, 'Lirismo e imaxinación', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 70, 'Infantil/Xuvenil', 12 febreiro 2004, p. VII.

Alude ao conxunto da produción e recoñecementos da autora sueca Astrid Lingren, á que Edicións Xerais lle traduciu á lingua galega o seu título *Os irmáns corazón de león* en Edicións no ano 2003. Ofrece o argumento desta historia que xira ao redor das aventuras que corren os irmáns Ionatán e Karlos para defender o val e salienta que o máis interesante da obra é o lugar no que se ambientan estes acontecementos, pois "Ao xeito de Tolkien e o seu universo imaxinario, mais se cadra nunha escala menor, crea todo un mundo de trazos medievais que nós percibimos grazas aos topónimos e aos mapas que nos sitúan en Naguillala, no Val das Cerdeiras ou no das Silveiras". Sinala que cunha simplicidade asombrosa consegue perfectamente ese paraíso sen perderse en detalles innecesarios que escurecerían a lectura, técnica que emprega acontece cos personaxes, xa que "sen afondar demasiado nas súas calidades coñecemos moitos trazos da súa psicoloxía que provocan que dende o comezo observemos perfectamente a contraposición feita entre bos e malos". Considera que esta novela, na que se combina o lirismo e a imaxinación, atraerá o interese da rapazada que aos once anos comeza a demandar obras de maior complexidade.

Fernández, Paula, 'Relatar con dozura', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 71, 'Infantil/Xuvenil', 19 febreiro 2004, p. VII.

Dá conta da publicción de *A mamá gansa e a lúa* (2000), de autoría colectiva e incluída na colección "Cabaliño alado". Cita aos seus autores: María Neira e Anna Venberg, á ilustradora: Irene Bordoy e finalmente ao adaptador: Xoán Babarro. Ofrece unhas notas

argumentais salientando que mamá gansa e o gato son grandes amigos e que teñen un desexo común: tocar a lúa.

Fernández, Paula, 'Baroña ou morte', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Xuvenil/Cómic', 8 abril 2004, p. VII.

Despois de referirse á proliferación de autores dedicados á banda deseñada nas últimas décadas, centra o seu comentario no cómic *Os Barbanzóns. Baroña ou morte*, de Pepe Carreiro e publicado por Tosoxoustos no ano 2003. Considera que se trata dun exemplar con demasiadas semellanzas cos ideados por Uderzo e Goscinny e protagonizados por Asterix e Obelix, aínda que ambientado en Galiza, concretamente, no Castro de Baroña. Apunta que introduce unha morea de trazos idiosincráticos que fan que a lectura se converta nun momento lúdico, no que gozamos coas súas divertidas ocorrencias, ao tempo que relacionamos os feitos que acontecen cos nosos coñecementos sobre os pobos que supostamente habitaron Galiza. Achega o argumento do citado cómic e salienta que o seu fondo semella unha crítica dos pobos celtas, sempre ocupados en loitar, así como agacha tamén unha forte dose de crítica antimilitarista e ás xestións de gobernos contemporáneos.

Fernández, Paula, 'Contos con letra', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 98, 'Infantil/Xuvenil', 4 novembro 2004, p. VII.

Céntrase no poemario *Contos con letra* (2003), de Gloria Sánchez, da que salienta a súa gran produción e algúns dos galardóns acadados por esta autora de Vilargarcía de Arousa. Paula Fernández relaciona esta obra cun poemario anterior, *Bichos con gaseosa* (1992), que salienta como punto de inflexión na poesía infantil galega. Estabelece como diferenzas entre ambos o maior protagonismo que acadan os animais no de 2003, aspecto no que o vincula cos contos clásicos. Remata referíndose a cuestións do estilo e destacando a importancia que a poesía ten na educación da infancia.

Freire, Xosé, 'Leccións de historia con rotulador', *A Nosa Terra*, nº 1.117, 'Cultura', 19 febreiro 2004, p. 27.

Faise eco da produción artística de Pepe Carreiro dende que no ano 1977 aparecera a súa primeira obra de importancia co título de *O fillo de Breogán*. Salienta a súa faceta como autor incansábel e imaxinativo de cómics e apunta que neles deixa a súa pegada máis fonda, como acontece no álbum *A retirada de Sir John Moore* (2002), co que inaugura o que podería ser unha serie de tres libros sobre as guerras napoleónicas con títulos como *A conquista de Vigo* ou *A batalla de Ponte Sampaio*. Sinala que neste vieiro de mesturar humor con feitos históricos está o seu novo proxecto, *Os Barbanzóns. Baroña ou morte*(2003), volume co que inaugura a serie "Galicia en cómic" da editorial Toxosoutos e que recolle as aventuras dunha familia de celtas, que vive no castro de Baroña e que "na súa fórmula vital e no convivir cotián transpórtannos á actualidade máis cercana cunha linguaxe directa e ese debuxo amábel de clara influencia europea sen perder o cerne do compromiso e da ideoloxía" presente tamén en *Compostela, historia dunha lenda* (Premio Ourense de

Banda Deseñada 2003). Afirma que nesta recreación da historia da cidade compostelá o artista vigués mostra "a versatilidade creativa, cunha estrutura máis complexa e arriscada, cun debuxo menos definido abeirado máis a outras artes plásticas onde cada viñeta adquire dimensión de cadro e, polo tanto, tan distinto dos dous libros anteriores".

Gaspar, Silvia, 'Amor dos quince anos', *La Voz de Galicia*, *'La Voz de la Escuela'*, 'O que le, é un león', 9 febreiro 2004, p. 7.

Co gallo da celebración do Día dos Namorados, aproxímase á literatura infantil para ofrecernos títulos que versan sobre asuntos amorosos e sobre os que fai certos comentarios. Para os máis cativos, cita os títulos *Gago por merenda*, de Xan López Domínguez e *Peter Pan*, mentres que, para os que van avanzando na primaria e xa están máis influenciados pola visión adulta da vida, destaca *A merla de trapo*, de Antón Cortizas e *Amigos en tempo real*, de Ramiro J. Álvarez. Entre os contos clásicos, refírese a aqueles da autoría de Perrault, Grimm ou Andersen, así como a outras pezas da literatura universal como *Paulo e Virxinia*, de Bernardin de St-Pierre; *O primeiro amor*, de Ivan Turguieñef; *O barón rampante*, de Italo Calvino; e *Ehrengard*, de Karen Blixen. Xa postos na adolescencia, repara no conto de Agustín Fernández Paz, *Amor dos 15 anos, Marilín*; *Galván en Saor*, de Darío Xohán Cabana; *Tristes armas*, de Marina Mayoral; e *Morning Star*, de Xosé Miranda. Por outra parte, alude ao labor dos trobadores na Idade Medieval nas súas cantigas de amor e de amigo.

Gaspar, Silvia, 'Animaliño', *La Voz de Galicia*, *'La Voz de la Escuela'*, 'O que le, é un león', 8 marzo 2004, p. 7.

Indica que o animismo da primeira infancia, que lle atribúe unha vida coma a propia a calquera tipo de seres, é o que produce un auténtico torrente de libros para prelectores e primeiros lectores protagonizados por animais, como son a serie "O ciclo da vida" de Galaxia ou o relato de Gloria Sánchez, *Farangulla*. Considera que, a partir do primeiro ciclo da primaria, triunfan as aventuras deste tipo de protagonistas, "ben sexa dende a exploración do mundo ou ben dende a exploración de sentimentos": a serie de Miro Villar, *Carlota, a marmota*; *O coello Federico*, de Xose Miranda; e *Rata linda en Compostela* e *Oso mimoso*, de Bernardino Graña. Sinala que, máis para diante, está a lectura de *A formiga coxa*, de Marilar Aleixandre e que as frustracións que impón a progresiva entrada no mundo adulto aparecen nas creacións de Fina Casalderrey, representada na convivencia cunha mascota: *O misterio dos fillos de Lúa* e *Dúas bágoas por Máquina*. As dúbidas da preadolescencia e a crecente demanda de autonomía dos rapaces poden vir plasmadas en argumentos centrados no mundo animal, como é o caso de *Anélidos*, de Bruno Bernardo e *Cando os gatos se senten tan sós*, así como cita dúas obras de literatura para adultos que mostran o lazo que nos mantén unidos ao mundo animal: *A revolta dos animais*, de George Orwel e *Contos de lobos*, de Ánxel Fole. Tamén se refire a outros animais non domésticos que poboan a literatura e ao papel que tiveron os animais nos textos populares, ademais de comentar brevemente *Un susto para Glub*, de Isabel Freire; *A tea de araña que todo o apaña*, de Xoán Babarro; e *A vaca de Fisterra e a trabe de alcatrán*, de Marilar Aleixandre.

Gaspar, Silvia, 'Noutras linguas', *La Voz de Galicia*, *'La Voz de la Escuela'*, 'O que le, é un león', 22 marzo 2004, p. 7.

Afirma que un dos principais labores da normalización literaria é a tradución e que os autores da Xeración Nós foron os primeiros en actuar neste sentido, por medio das versións de textos franceses e ingleses que editaron nas páxinas da revista *Nós*. A seguir, sinala que dende a década dos 80 se está a traballar na introdución na nosa lingua de pezas destacadas, especialmente no terreo infantil e xuvenil, como o testemuña a aparición en galego de *O principiño*, de Saint Exupéry ou de autores como Roald Dahl, Alice Vieira, Christine Nöstlinguer, Andreu Martín e Mariasum Landa, así como dos clásicos como os Grimm, Perrault, Andersen, Stevenson, Poe, London ou Dumas. Sinala que a colaboración actual entre editoriais das diversas comunidades facilita o tráfico de textos e detense nos dicionarios, vocabularios e cursos de aprendizaxe doutras linguas, que considera elementos fundamentais para a tradución. Ofrece unha serie de actividades relacionadas co tema das traducións e comenta sucintamente as obras *Sopitas con canela*, de María Victoria Moreno; *O señor dos aneis. III. O Regreso do Rei*, de J. R. R. Tolkien; e *O arquivo de Sherlock Holmes*, de Arthur Conan Doyle.

Gaspar, Silvia, 'Abril, augas mil', *La Voz de Galicia*, *'La Voz de la Escuela'*, 'O que le, é un león', 29 marzo 2004, p. 7.

Sinala que a auga é un elemento tan consubstancial en Galicia que pode abordarse dende case todas as bandas, como é a poética, e que ilustra co poema de Rosalía de Castro "Como chove miudiño". A seguir, apunta que no mesmo terreo poético infantil veñen de ser publicados os títulos *Ondas de verde e azul* (1994), de Ana María Fernández e *Buguina namorada* (2003), de An Alfaya. Dentro da narración para os ciclos de primaria, centra os seus comentarios en *Memorias dun río* (2002), de Antón Cortizas; *Expedición ó Pacífico* (1994), de Marilar Aleixandre¸ *Rumbo ao Maluco* (2003), de Xosé Agrelo, *A Serea da Illa Negra* (2003), de Agustín Fernández Paz; e *Eu voguei por mar de chocolate* (2003), de Xoán Babarro. A seguir, para secundaria cita as narracións *Alén das estrelamares* (2001), de Xoán X. Lago e *Blues da ría* (2001), de X. A. Xesteira, así como os clásicos *Se o vello Sinbad volvese ás illas* (1961), peza narrativa de Álvaro Cunqueiro, e *Profecía do Mar* (1995), un dos poemarios iniciais e máis celebrados de Bernardino Graña. Por outra parte, alude a títulos clásicos que se centran no afán viaxeiro dos Románticos no século XIX -*A illa do tesouro*, de Stevenson; *O Corsario Negro*, de Salgari; *Aventuras de Arthur Gordon Pym*, de Poe; e *A volta ó mundo en 80 días*, de Verne- e á novela galega de Xabier Queipo, *O paso do Noroeste* (1996), que homenaxea aquela prosa de aventura polo mundo descoñecido e interior. Tamén se refire a outro material didáctico e a gravacións relacionadas coa auga, ademais de tratar brevemente os volumes *A praia da esperanza*

(2003), de Agustín Fernández Paz; *A góndola fantasma* (2002), de Gianni Rodari; e *Chalchihuites* (2004), de Xoán Babarro.

Lamas, Jorge, 'Agardo que a xente opte pola tradución ao galego', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 78, 'Letras en galego', 18 setembro 2004, p. 9.

Faise eco da inclusión na lista de honra do IBBY da tradución ao galego, que Moisés Rodríguez fixo da triloxía *O señor dos aneis*, de J. R. R. Tolkien. O tradutor de Cangas comenta nesta entrevista que, fóra do amplo léxico empregado por Tolkien, o seu estilo é bastante accesíbel. Opina que en Galicia hai poucos tradutores consolidados, o que provoca que o noso sistema literario "estea recibindo continuamente traducións de novatos cunha serie de erros moi concretos". Refírese ao papel das editoriais no terreo das traducións e destaca a importancia da existencia de revistas e asociacións de tradutores. Valora positivamente a tradución ao galego de best sellers como *O código Da Vinci* e, con respecto ao futuro da tradución en Galicia, espera que "a cousa se vaia estabilizando e gañando". Conclúe falando dos seus proxectos futuros, entre os que está a tradución do *Decameron*, de Boccacio e unha novela xuvenil de Joaquín e Ariel Rodman.

Lorenzo, C., 'Roque 'Valente' no Reino de Galicia', *A Nosa Terra*, nº 1.116, 'Cultura', 12 febreiro 2004, p. 28.

Céntrase na adaptación que Roque Cameselle (Tui, 1981) fixo do seu guión cinematográfico e que deu lugar á súa primeira novela longa: *Bieito Dubidoso* (2003). Critícaselle a falta de madureza, de ritmo, de fluidez, a previsibilidade das escenas, o maniqueísmo no que cae ou o uso de estereotipos. Ao seu favor, destácase a fuxida dos temas habituais nos escritores noveis galegos, a luminosidade con que presenta a Idade Media e a súa curta idade.

Loureiro, R., 'Cando no mar hai sereas', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 61, 'Letras en galego', 22 maio 2004, p. 10.

Despois de loar a capacidade fabuladora de X. L. Martínez Pereiro, céntrase no comentario de *A muller mariña* (2003), que se publicou cunhas "magníficas" ilustracións de Ana Pillado e que se achega á literatura das sereas referíndose á mítica orixe da liñaxe dos Mariño nun xogo literario no que non faltan nin o humor nin a erudición. Comenta que estamos ante un "conto precioso, un libriño que medra abríndolle as súas portas a outros textos (...) e que está escrito, ben se nota, cun sorriso". Tamén considera que é grato encontrarse con historias "sanamente ambiciosas" e con libros ben editados que fan de Galicia un eixe para todas as culturas atlánticas.

Loureiro, Ramón, 'A difusa alma do mar', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 44, 'Letras en galego', 17 xaneiro 2004, p. 9.

Considera que a longa e sólida tradición galega do libro ilustrado segue a dar extraordinarios froitos tamén na literatura para adultos, como o mostra o "fermoso" volume que A Nosa Terra edita baixo o título de *A canción de Sálvora* (2002), no que Pepe Carreiro ilustra un "magnífico" relato de Antón Riveiro Coello. Destaca o ben que casa a sólida literatura do escritor ourensán, que é "un auténtico mestre do relato curto", coas cores do debuxante vigués, "que se fan a veces suxerentemente difusas para penetrar nas conciencias dos vivos e dos mortos".

Martí, Jorge, 'Harry Potter: ¿fenómeno literario o mediático?', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 45, 21 febreiro 2004, p. 5.

Coa saída en castelán de *Harry Potter y la orden del fénix*, refírese ao alcance social e mediático do fenómeno Harry Potter e pregúntase a razón pola que obras de maior peso literario non teñen o éxito das obras de J. K. Rowling. Recorda como a autora inglesa viu rexeitado nun principio o manuscrito da súa primeira novela, *Harry Potter y la cámara secreta* (1997), que non auguraba o extraordinario éxito que tivo un ano despois a segunda novela da serie, *Harry Potter y la piedra filosofal*, á que lles seguiron *Harry Potter y el prisionero de Azkaban* (2000) e *Harry Potter y el cáliz de fuego* (2001), que ampliaron o alcance social da serie e o volume de negocio xerado polo personaxe con numerosas traducións, versións fílmicas, xogos, cómics, etc. Opina que as dúas primeiras entregas conseguiron imporse entre os lectores de 10 e 14 anos sen o despregue publicitario e mediático que rodeou ás sucesivas, porque Rowling ofreceu un "refrito" das narracións infantís e xuvenís clásicas -o mundo gótico das narracións clásicas de fantasmas, as novelas para mozos de Kipling, a aventura segundo Stevenson, a maxia á maneira de Tolkien ou o misterio da campiña inglesa como o concibiu Dodie Smith-, que condimentou coa súa capacidade para contar ben unha historia.

Martínez Bouzas, Francisco, 'O señor de maxias, soños e todo tipo de ilusións ocultas', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 11 xaneiro 2004, p. 3.

Fálase da novela de Roque Cameselle, *Bieito Dubidoso* (2003), e coméntase que nesta novela publicada por Xerais, o autor mergulla ao lector na Galiza do século XII, nunha serie de guerras intermitentes entre as dióceses de Braga e Santiago de Compostela e os seus respectivos reis. Dise tamén que na novela a maxia e a realidade volven a estar presentes como recuperación ficcional do medievo. Así mesmo, afírmase que Cameselle é un autor precoz, pois recórdase que con dezaoito anos xa publicou *O Pausiñas* (2002).

Martínez Bouzas, Francisco, 'Unha viaxe iniciática arrolada entre un camiño de lendas', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 25 abril 2004, p. 3.

Comeza referíndose á literatura de inspiración lendaria e apunta que as simboloxías culturais chegan até nós transmitidas en pequenas historias e narracións de carácter popular, que se serven da oralidade, ou en pezas de ficción. Comenta que unha das máis recentes pezas ficcionais que se aleitan no imaxinario simbólico é *Crónica de Ofiusa* (2003), de Francisco Vázquez Chantada. Sinala que se trata dunha "noveliña de forte contido fantástico, tecida co fío dos soños, capaz de achegar boas doses de fantasía, ilusión se quimeras tanto ao mundo xuvenil como ao dos adultos". Recolle o argumento deste relato épico materializado na viaxe iniciática do protagonista, que para converterse en guerreiro terá que abandonar a infancia e liberar Ofiusa, metáfora dunha Galicia ceibe e con identidade de seu. Afirma que a novela é quen de soster o feitizo do máxico, do lendario e do misterioso, sen que o seu desenvolvemento argumental sexa escravo do simbolismo ou dunha maxia demasiado explícita. Así mesmo, afirma que presenta unha arquitectura narrativa sinxela, unha sólida narratividade, un riquísimo léxico ou uns inestimábeis planos descritivos, aínda que carece do altor dunha prosa esteticamente fulgurante e briosa. Tamén expón que un estilo bastante artificioso e unha escenografía demasiado truculenta fan que a novela teña un ritmo lento e sexa dificultosa a súa lectura.

Mera, Héitor, 'A Irlanda pasando por Euskadi', *A Nosa Terra*, nº 1.114, 'Narrativa', 29 xaneiro 2004, p. 27.

Despois de ter escrito días antes sobre a última entrega de Suso de Toro, *Morgún*, centra o seu comentario noutra novela de temática heroica e onde o mundo celta é tamén o eixo central, *O guerreiro branco* (2003), coa que Joanes Urkixo gañou o V Premio Abril. Describe o seu argumento, do que sinala que non se caracteriza por ser dunha grande innovación no que respecta a este tipo de narracións épicas. Considera que onde o autor bilbaíno amosa toda a súa erudición dos antigos habitantes de Irlanda é na recreación absolutamente incríbel de toda a simboloxía celta. Por último, reclama un maior coidado para a corrección das galeradas do libro, pois apunta que contén castelanismos.

Mera, Héitor, 'A Florencia dos Médici para os máis novos', *A Nosa Terra*, nº 1.120, 'Narrativa', 11 marzo 2004, p. 27.

Considera que X. A. Neira Cruz verte todos os seus coñecementos en *O armiño dorme* (2003), nunha sorte de didactismo que fai "atractivísima" a súa lectura. Explica que a historia está servida dende as fórmulas clásicas do drama do amor imposíbel entre membros de dúas familias inimizadas e que a musa inspiradora é a apreciación e goce dun retrato de Bianca de Médici na galería dos Uffizi en Florencia. Expón os condimentos que envolven a novela e considera que teñen como maior virtude levar o lector a un mundo e unha época fascinante. Salienta a grande habelencia das descricións de ambientes e lugares que nos introducen "no marabillamento de percibir a maxia de, quizais, a cidade con máis arte do mundo, punto este no que se recrea moi sabiamente Neira, pois é parte fundamental do didactismo ao que nos referiamos". Tamén considera que a arte e historiografía nun espazo e nun tempo quizais lle quitan algo de interese á historia narrada que, se de algo carece, é dunha pinga máis de tensión narrativa.

Navarro, María, 'Sinxeleza expresiva', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 65, 'Infantil/Xuvenil', 8 xaneiro 2004, p. VII.

Sinala que *A praia da esperanza* (2003), de Agustín Fernández Paz, é unha novela na que, entre realidade e fantasía, se lle amosa aos pequenos a percepción que unha nena pode ter das cousas que a rodean. Describe o argumento desta historia, que protagonizan Raquel e a serea Sunia e que toma como referente a catástrofe do Prestige. Considera que a ficción proporciónalle ao escritor a posibilidade de estabelecer un vínculo entre realidade e fantasía e presentar baixo unha aparencia de inocente anécdota unha auténtica crónica do contecido nun período de tempo concreto e real. Tamén sinala que a sinxeleza na expresión, a inclusión de seres fantásticos e a personalidade da protagonista feminina captan a atención do lectorado e lembran unha vez máis as constantes da obra agustiniana.

Navarro, María, 'Existencias paralelas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 66, 'Infantil/Xuvenil', 15 xaneiro 2004, p. VII.

Achégase á "sinxela novela" *Ota quere voar* (2003), na que "Cunha gran dozura e inxenuidade" Ánxela Loureiro vai mostrando o proceso de formación-aprendizaxe dunha gaivota dende o seu nacemento até que chega á súa madurez. Sinala que para isto, lle outorga a Ota calidades humanas, co que consegue presentar un mundo descoñecido para os nenos dende unha óptica particular e introducir o lector no coñecemento de determinados comportamentos animais, aínda que a historia teña moito de irreal. Así mesmo, consegue pór en relación as vidas paralelas que animais e humanos poden ter, onde a loita pola supervivencia, manter a alguén en cativerio ou a busca do benestar se converten en motivos fundamentais da nosa existencia. Conclúe apuntando que un certo didactismo se apodera das páxinas da novela e engade un certo atractivo ao texto.

Navarro, María, 'Fermosas metáforas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 68, 'Infantil/Xuvenil', 29 xaneiro 2004, p. VII.

Comentario sobre a obra escrita por Armando Quintero e ilustrada por Manuel Pizcueta, *Un lugar no bosque* (2003), que volve pór de manifesto que no reino animal rexen unhas leis sustentadas na tolerancia e convivencia, a diferenza dos homes. Achega o contido desta obra que presenta, case en cada páxina, como un breve conto con título propio, o que permite considerar cada intervención dos personaxes como unha historia que ten a estrutura clásica deste tipo de textos con presentación, nó e desenlace, así como invita a recordar-afianzar o contido: "a vida é coma un conto cuxas páxinas-días se van enchendo coas actuacións, pensamentos e emocións cotiás. Logo o paso do tempo dá ou quita razóns e nalgúns casos modifícanse conductas ou procederes, buscando sempre mellorar o futuro".

Navarro, María, 'Asociacións de metáforas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 69, 'Infantil/Xuvenil', 5 febreiro 2004, p. VII.

Considera que o texto de *Buguina namorada* (2003) está saturado de imaxes-metáforas que asolagan, ou cando menos solapan, un contido "carente quizais de atractivo que semella estar única e exclusivamente ao servicio da fermosa expresión". Describe o argumento desta historia, escrita por An Afaya e ilustrada por Chus Ferrín, e comenta que ao seu fin non se sabe se estamos ante un mundo máxico que pretende ser real, ao rexerse por certas regras propias da vida cotiá, ou ante unha realidade inexistente, onde todo é posíbel. Afirma que se trata dunha novela "pouco precisa, propia quizais do mundo dos soños, que se escapa a toda lóxica, mais rica en expresión polo que ten de asociación de metáforas e imaxes altamente suxerentes e aínda por algunha que outra reflexión vital interesante".

Navarro, María, 'A avoa ten unha menciña', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 70, 'Infantil/Xuvenil', 12 febreiro 2004, p. VII.

Comenta que Fina Casalderrey en *A avoa ten unha menciña* (2003) presenta un texto destinado aos primeiros lectores cuns personaxes aos que dota dunha extrema dozura, algo que xa se converteu nunha constante da súa obra. Achega o argumento desta historia protagonizada por Pedro e a súa avoa que coa súa actitude cariñosa e paciente semella ter a solución para o malestar do seu neto. Tamén apunta que "A brevidade do texto, a atractiva proposta plástica que realiza Xan López Domínguez, baseadas nas ilustracións de trazo sinxelo e na vistosa cor, unido á temática e a tenrura na expresión que fai de sinxelas imaxes, fermosas metáforas (...) proporcionan aos primeiros lectores a posibilidade de disfrutar dunha historia cotiá, real e amena".

Navarro, María, 'Un conto clásico popular', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 74, 'Infantil/Revistas', 11 marzo 2004, p. VII.

Centra a súa atención no coñecido conto dos tres porquiños recreado por Joseph Jacobs e que publica a editorial Xerais baixo o título de *A historia dos tres porquiños* (2003). Detalla o argumento desta historia e comenta que pon de manifesto unha vez máis o dito de "máis vale maña que forza". Así mesmo, apunta que contén os ingredientes básicos do conto clásico popular: as accións son presentadas dun xeito breve e concentrado, repítense fórmulas e estruturas que facilitan a memorización e mesmo a previsión da trama, os protagonistas son animais e contén un fondo moralizante. Tamén sinala que, pese a temática resultar atractiva e interesante, o tipo de letra empregada para esta edición non é a máis apropiada para os primeiros lectores, aínda que a recepción oral do conto os entusiasmará por serlle próximos os seus personaxes.

Navarro, María, 'Historia dunha lenda', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Xuvenil/Revistas', 18 marzo 2004, p. VII.

Preséntase a publicación *Compostela. A historia dunha lenda* (2003), volume de banda deseñada do ilustrador Pepe Carreiro publicado pola editorial Toxosoutos de Noia. Dise que amosa de forma desenfadada momentos e pasaxes dun tempo específico e incídese na

importancia desta obra como interesante proposta plástica que cun texto sinxelo, deita unha atractiva ollada sobre os acontecementos xurdidos na narración.

Navarro, María, 'Xeración tras xeración', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 'Infantil/Revista', 25 marzo 2004, p. VII.

Carmen Torres París é a encargada da tradución dun dos contos máis coñecidos dos irmáns Grimm, *A Carrapuchiña Vermella*, que Edicións Xerais de Galicia publicou no ano 2003 na colección "Sopa de Contos". Resume o seu argumento e comenta que a encargada da ilustración foi Carmen Segovia, quen escolleu o retrato dunha Carrapuchiña xa moza, de lánguido e triste aspecto que simula preludiar o nefasto acontecemento de atoparse xunto coa súa avoa na lóbrega barriga do lobo. Tamén apunta que se trata dun "texto máis que coñecido, instalado nun mundo irreal, imaxinario no que ao lado de elementos, situacións e personaxes que poderían sen reais, aparecen outros fantásticos (...) que fan 'verosímil' a historia e que non deixan de sorprender".

Navarro, María, 'Un conto clásico', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 77, 'Infantil/Xuvenil', 1 abril 2004, p. VII.

Dáse conta da tradución ao galego realizada por Carmen Torres París de *O lobo e os sete cabuxos* (2003), un conto de Jacob e Wilhem Grimm, publicado na colección "Sopa de contos". Céntrase no argumento e destaca a estrutura tripartita deste conto clásico, que presenta o conflito inicial, a resolución do problema e o final feliz. María Navarro remata destacando o aspecto paratextual, no que se pon de relevo a caracterización dos personaxes do conto.

Navarro, María, 'Chibos chibóns', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 89, 'Infantil/Xuvenil', 24 xuño 2004, p. VII.

Achégase á adaptación feita por Olalla González do conto popular *Chibos chibóns* (2003), que, baseándose nun intenso colorido, ilustra Federico Fernández. Describe o contido argumental e comenta que o texto está ateigado de fórmulas propias da oralidade sobre as que destacan a repetición e o uso de estruturas paralelísticas que aseguran a percepción de determinados aspectos interesantes para os receptores infantís e que actúan de fío condutor da historia. Tamén sinala que unha certa musicalidade e ritmo proporcionados pola asociación de certos sons avivan os sentidos.

Navarro, María, 'Xogar cos mundos', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 93, 'Infantil/Xuvenil', 30 setembro 2004, p. VII.

Comentario sobre a obra *A vaca de Fisterra e a trabe de alquitrán* (2003), que Marilar Aleixandre confiou á editorial Tambre, que publicou coidadosamente na súa colección "Ala Delta", para que o lectorado máis novo amante de mundos fantásticos e / ou irreais poidan

gozar das aventuras de Miro, do seu can Chisco, da súa amiga-namorada Morgana e doutros seres fantásticos que se encargarán de facilitar ou atrancar os movementos dos protagonistas en busca do Corgo de lume. Describe o argumento das tres partes que conforman a historia -"Fragmentos das Memorias de Dragón", "Verbas de ler e desler" e "O Corgo de lume"-, para concluír sinalando que unha vez máis Aleixandre xoga co cruce de dous mundos, un fantástico mundo do revés e o da realidade cotiá, vinculados neste caso por Miro, o can Chisco e un lagarto arnal, ao que fai descendente directo dos desaparecidos dragóns.

Puerta Leisse, Gustavo, 'El armiño duerme', *El Mundo*, *'El Cultural'*, 'Letras', 25 marzo 2004, p. 17.

Considera que quizais sexa indispensábel a ficción para poder ter unha idea do ambiente que existía nun determinado momento histórico e que, en todo caso, unha boa obra narrativa permítenos un tipo de experiencia que nos aproxima empaticamente a un personaxe, episodio ou lugar do pasado. Tamén apunta que a novela histórica foi empregada baixo a perspectiva épica, para un fin didáctico e moral ou cunha intención literaria. Neste último caso, sitúa *El armiño duerme* (2003), unha "extraordinaria" novela onde "el serio trabajo de documentación y la exhaustiva labor de escritura no obstaculizan una narración ágil, poética, en momentos descriptiva". Así mesmo, apunta que a trama argumental nos envolve baixo as notas, cores e intrigas da Florencia pacega ou popular que viviu Bianca Medici.

Quintáns, M., 'Unha teatralización poética dun ambiente concreto nun mundo doutro tempo', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Teatro', 18 xaneiro 2004, p. 4.

Reproduce fragmentos da introdución de *A natureza no reino da escuridade. Fírgoas de mocidade aló polo ano novecentos dezanove ou vinte* (2003), de Xoán Carlos Domínguez Alberte. Apunta que o que lle interesa ao autor é "poñer ó espectador en comunión cun escritor que, como fillo da terra, soubo expresar con enorme fondura o seu sentir, os seus medos e os soños". Sinala que as propias palabras do poeta alcanzan o máximo protagonismo nos dicires dos personaxes de ficción desta peza teatral, que se sitúa nun punto intermedio entre a tendencia innovadora do noso teatro e o tradicional teatro escolar, prioritariamente didáctico, no que a forma é só un instrumento ao servizo dunha ensinanza: a obra e o contexto sociocultural de Manuel Luís Acuña.

Requeixo, Armando, 'Aventuras de piratas no mar da Barbanza', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Novela', 11 abril 2004, p. 4.

Despois de citar os títulos publicados por Francisco Antonio Vidal, atende á súa última entrega *O botín da inmortalidade* (2003), co que gañou o II Certame Literario de Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos *ex aequo* con Xosé Agrelo Hermo. Sinala que se trata dunha "obra rebordante de tensión epopeica, historia de piratería galaica onde pairan os influxos dos mellores do xénero". Tamén comenta que é unha narración "na que o

fantástico e o histórico se dan a man e onde, sobre todo, son a mar e as súas xentes as verdadeiras protagonistas". Considera que esta obra non ha pasar á nómina dos clásicos modernos polos seus anacronismos léxicos, o abuso de certos tópicos narrativos ou o azucrado exceso romántico dalgunhas pasaxes, aínda que afirma que pode resultar amena e de agradábel lectura.

Vázquez, Paula, 'Gústame esconderme', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 68, 'Infantil/Xuvenil', 29 xaneiro 2004, p. VII.

Achégase ao volume *Gústame esconderme* (2003), un conto de Rosa Sardá que foi adaptado ao galego por Xoán Babarro. Explica que se trata dun contiño no que atopamos aspectos que amosan o gran coñecemento da autora do público infantil, "xa que dende unha linguaxe sinxela composta por frases curtas consegue a recreación de situacións divertidas e enxeñosas que adoitan entusiasmar a estes lectores e lectoras". Detalla o argumento desta historia dun neno e nena que se meten baixo a cama para agacharse da súa nai e que se inclúe dentro da colección "Cabaliño Alado" da Editorial Combel e dentro desta na serie "Paso", xunto a títulos como *Gústame ser princesa* ou *Gústame luxarme*. Finalmente, afirma que estamos ante unha "obriña divertida", para nenos que penetran na lectura ou que aínda non o fixeron, e que poderá ser moi axeitada para que pais e educadores pasen un anaco agradábel cos seus fillos e alumnos.

VII.5.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Alcalá, Xavier, 'O Zezé no Impaís', *La Voz de Galicia*, 'Caderno da vida', 13 xuño 2004, p. 6.

Relata a triste vivencia que orixina a obra *Meu pé de laranja lima*, que é un berro lírico contra a inxustiza das diferenzas entre os que nacen desexados e os que, como o Zezé, lles din á nai que non deberían ter nacido. Tamén se refire á edición galega desta novela de José Mauro de Vasconcelos, que foi publicada por Primerapersona e que "paga a pena gozar", así como fai algunhas consideracións sobre a aprendizaxe do portugués en Galicia.

Alonso Montero, Xesús, 'Rosalía nas aulas', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 58, 'Beatus qui legit', 1 maio 2004, p. 4.

Alude á romaxe literaria que escolares de Ribeira realizaron á Casa Museo de Rosalía, onde fixeron entrega dun Cancioneiro rosaliano que contén sesenta e cinco poemas de alumnos do Instituto Leliadoura, que recitaron poemas da escritora de Padrón e do álbum. Comenta que a Casa Museo acolle este agasallo con entusiasmo e que debería facerse unha mostra co material escolar ofrecido, o que se fará cando viva economicamente "de algo máis que de catro míseras esmolas públicas". Tamén apunta que está por facer un libro sobre a presenza dos textos de Rosalía nas aulas e que a primeira vez que se trataron nunha escola de Galicia

foi en Lestrove antes da morte da autora, segundo ten apuntado Fortunato Cruces nunha entrevista publicada en *Galicia Emigrante* en 1965.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 21 febreiro 2004, p. 5.

Anota que levan un tempo recordando a orixe, costumes ou textos relacionados co día da Candelaria, ademais de especificar que no ámbito literario se encontra algún exemplo de literatura xuvenil no que se fai referencia a unha personaxe chamada Candelaria e ao día de celebración desta festa, como é o caso de *Os contos de Xoaquín* (1995), de Maruxa Olavide ou de *Romaxe de desventuras* (1997), de Pepe Carballude, dos que se reproduce un breve fragmento. Este mesmo artigo foi publicado en Galicia Hoxe o 2 de marzo.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 2 marzo 2004, p. 5.

Anota que levan un tempo recordando a orixe, costumes ou textos relacionados co día da Candelaria, ademais de especificar que no ámbito literario se encontra algún exemplo de literatura xuvenil no que se fai referencia a unha personaxe chamada Candelaria e ao día de celebración desta festa, como é o caso de *Os contos de Xoaquín* (1995), de Maruxa Olavide ou de *Romaxe de desventuras* (1997), de Pepe Carballude, dos que se reproduce un breve fragmento. Este mesmo artigo foi publicado en Galicia Hoxe o 21 de febreiro.

Fernández, Ruth, 'Como cabeceira...', *Galicia Hoxe*, 'Opinión Hoxe', 23 abril 2004, p. 4.

Con motivo da celebración do Día do Libro, comenta que as estatísticas informan de que hai moi poucos lectores habituais e que incluso se pode falar de rapaces adolescentes que nunca leron un libro enteiro, aínda que o fenómeno de Harry Potter virou o rumbo no destino de moitos deses rapaces. Considera que todos os xéneros literarios son aptos para que cada ser humano se entregue ao universo dun libro na procura de novas sensacións e ofrece a súa definición persoal de libro. Tamén se refire á celebración do Día do Libro e do Día do Libro Infantil, que ten lugar o 2 de abril en memoria do nacemento de Hans Christian Andersen, autor de contos que mesturan fantasía e moral, que poden equipararse ás fábulas de Esopo e de La Fontaine e que teñen sabor nórdico. Estima que para que os nenos se convertan no futuro en lectores habituais convén que os libros que se lle dean a ler na infancia vaian de acordo cos seus gustos e preferencias e coa idade e madurez de cada neno. Por último, apela ao labor dos mediadores e das campañas de lectura.

Iglesias, Ana, 'Las bandas Treixadura y Leilía pusieron música a la reapertura del Principal', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 11 maio 2004, p. 34.

Nesta sección fixa na que se dá conta das novidades culturais que teñen lugar na capital galega, Ana Iglesias informa do inicio da celebración da Semana das Letras Galegas organizada por GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), que ten como punto de partida a lectura da mensaxe elaborada por Yolanda Castaño e Paula Carballeira,

ademais de adiantar outras actividades como a sesión de regueifas a cargo de Pinto de Herbón.

Lizancos Santos, Plácido, 'A prensa na escola é vital', *El Progreso*, 'Desde aquí', 4 maio 2004, p. 24.

Considera que xa é hora de non ser escravos só do libro de texto ou dos programas na escola e que debería dedicárselle máis dunha semana á prensa. Apunta que as clases máis tranquilas que ten dado foron aquelas nas que dedicaba un día á semana a traballar coa prensa na aula e explica que o xornal ben utilizado é un instrumento axeitado para o desenvolvemento intelectual, persoal e social dos nenos. Refírese ás diferentes partes do xornal e opina que todo nel é aproveitábel. Conclúe sinalando que os nosos alumnos len moi pouca prensa e incita ás autoridades políticas a premiar as escolas que traballan co xornal.

Matamoros, Jose, 'Una ciudad para los docentes', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 14 febreiro 2004, p. L15.

Entre outras noticias relacionadas con Santiago, apunta que nesta cidade a presentación de libros é unha das actividades máis habituais. Así, faise eco da presentación do volume *Cantos contos nun tris tras* (2003), escrito por Montse Varela e ilustrado por María Lires, que se deu a coñecer na Librería Couceiro na compaña de Xosé R. López Gómez.

Neira Vilas, Xosé, 'Libros para cegos', *El Correo Gallego*, 'Xentes e camiños', 4 abril 2004, p. 2.

Ademais de recordar unha anécdota persoal relacionada cunha nena cega e de referirse ao labor desempeñado pola ONCE, comenta que vén de recibir sete libros seus impresos no sistema braille: *O cabaliño de buxo*, *Cartas a Lelo*, *Espantallo amigo*, *A Marela Tarabela*, *Memorias dun neno labrego*, *Xente no rodicio* e *Galegos no golfo de México*. Tamén apunta que a citada Organización Nacional de Cegos fai en galego a súa promoción en Galicia e que xa ten publicado en braille obras de Rosalía de Castro, Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, X. L. Méndez Ferrín, Manuel Rivas ou Suso de Toro, entre outros.

Rielo, Pedro, 'Libros necesarios', *Galicia Hoxe*, 'Tempus fugit', 18 febreiro 2004, p. 5.

Céntrase no proxecto posto en marcha pola editorial pontevedresa Kalandraka e a asociación Bata, que leva quince anos traballando con nenos autistas para tentar conseguir a súa inserción laboral. A seguir, comenta que no centro de Baión (Vilanova) se puido comprobar como os nenos autistas tocaban con enorme curiosidade os libros que encetan unha colección pioneira a nivel estatal, con dous clásicos para os máis novos: *A ratiña presumida* e *O coello branco*. Faise eco do agradecemento por parte de certos sectores

destes libros baseados no sistema dos pictogramas, con cores e adxectivos que se asocian a substantivos e adxectivos. Tamén explica brevemente cómo se elaboraron estes libros e considera que ninguén debe quedar excluído da lectura.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 4 xaneiro 2004, p. 67.

Explica que as ilustracións sobre o *Pinocho* de Carlo Collodi, que estiveron acompañando esta tempada este "pequeno recuncho", constitúen a súa homenaxe persoal a esta obra mestra da literatura xuvenil publicada entre 1881 e 1883. Achega diversos datos biobibliográficos sobre o citado autor, realmente chamado Carlo Lorenzini, que ofrece Emilio Pascual nun recente monográfico da revista *CLIJ*.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 6 xaneiro 2004, p. 59.

Comenta que o Pinocho orixinal, a *Storia dun buratino* (1881-1883), tiña os riscos do horror e da crueldade que tanto nos asombran dos contos populares infantís, polo que Ramiro Cristóbal chegou a escribir en *Triunfo* que "aquel primeiro Pinocho é, en realidade un gran descoñecido, adulterado polas versións do cine ou as aventuras españolas de Bartolozzi". Tamén apunta que tras ese elemento macabro hai unha reivindicación do ideal roussoniano -"a inxustiza e a maldade do mundo en guerra contra o inocente cativo"- e que o libro era unha "historia popular no marco dunha literatura culta e elitista como a italiana".

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 7 xaneiro 2004, p. 59.

Sinala que o *Pinocho* de C. Collodi é unha historia macabra nacida da mesma matriz dos contos populares, que posúe outras múltiples lecturas. Explica que tivo un papel relevante no seu tempo en relación á reivindicación da escolarización obrigatoria, así como especifica que desta historia se fixeron interpretacións simbólicas, cristolóxicas, bíblicas, sociolóxicas e incluso houbo quen encontrou un Pinocho Masón.

Vázquez, Pura, 'Eu-ben Sey: o Platero galego', *Galicia Hoxe*, 'Verbas na edra do vento', 16 maio 2004, p. 4.

Refírese á obra de Juan Ramón Jiménez, *Platero*, que leu ao galego na tradución "feita polo grande amigo Eu-ben Sey" na súa segunda edición. Comenta que esta obra infantil parece que foi escrita, segundo deixou dito o autor da súa versión galega, na lembranza dun burriño galego, sobre o que fai certos comentarios. Conclúe sinalando que a versión de *Platero*, de Manuel Beiras García, "non ten nada que envexarlle ó Platero do grande mestre e poeta D. Juan Ramón e é perfectamente a versión do noso galego do noso xa morto paisano, a que se axusta ao orixinal castelán.

Vázquez, Pura, 'A literatura e os nenos', *La Región*, 4 agosto 2004, p. 19.

Fala da importancia da formación dos nenos por seren os homes do futuro e do importante papel que xoga a literatura infantil nese fin. Considera que é importante ter o máximo coidado co que se lle entrega ao neno para o seu recreo mental e imaxinativo e estima que é moi importante o canto, o xogo e a lectura, "tres cousas que sirven plenamente ó desenrolo integral da infancia". Afirma que canto máis coidado se teña nestes primeiros anos do neno, "millor estará capacitado para sentir, comprender e realizar a súa misión". Pide que se dignifique o libro e se semente na súa alma o amor para eses "libros fermosísimos que nos legaron os inesquecibles Grimm, Andersen, Selma Lagerlof, Ysabel Mulder, Tagore... E os poetas Juan Ramón Jiménez, Gabriela Mistral, Juana de Ybarbourou, Berdiales, e as maravillosas "Cancións e Poemas" para nenos de Lorca, e tantos autores máis".

Villar Janeiro, Helena, 'Árbore 'Xohana Torres', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 26 marzo 2004, p. 3.

Apunta que, dende o pasado 20 de marzo, unha árbore do parque da cidade do Lézez se chama "Xohana Torres", por iniciativa da editorial Galaxia. Sinala que no acto de plantación unha nena leu un texto *ad hoc* de Xohana Torres e que, segundo un responsábel da editorial, esta árbore foi plantada para animar a ler e homenaxear a unha autora pioneira no cultivo da literatura destinada á infancia, así como terá cada ano outra compañeira con nome de alguén que cultive a literatura infantil. Opina que esa árbore auroral do rexurdimento á vida é tamén unha metáfora da lectura, "hábito que semella a un acto primaveral". Conclúe sinalando que a lectura "fai dar un estirón aos máis pequenos e permítelle a quen medrou xa amosarse ao balcón desde o que se disfruta da frescura propia que en nós queda e se contempla, de xeito privilexiado, a exhuberancia da creación humana" e que non é casual que os nosos días do libro transcorran na primavera.

Villar Janeiro, Helena, 'O Principiño', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 16 abril 2004, p. 3.

Sinala que cando aínda resoan os ecos da celebración do Día do Libro Infantil, se veñen de encontrar os restos do avión que pilotaba Antoine de Saint-Exupéry ao desaparecer misteriosamente en 1944, un ano despois de que publicara *Le Petit Prince*, "tan primorosa e temperamente vertida ao galego por Carlos Casares". Comenta que se trata do terceiro libro máis vendido do mundo e que "é unha obra mestra pola súa carga de emoción moi ben dosificada por un escritor que soubo sementar moita tenrura no simbolismo da fábula". Finalmente, reflexiona sobre o feito de por que os estudosos inclúen a literatura infantil nun único xénero.

VII.5.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Álvarez, Natalia, 'O humor gráfico non pode estar baixo o ditado de ninguén', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 69, 'Entrevista', 5 febreiro 2004, p. III.

Pepe Carreiro fala d' *Os Barbanzóns* e doutras obras súas de carácter histórico. Tamén comenta cómo é o seu estilo, as razóns polas que as publicacións humorísticas no que a crítica social está presente son escasas ou a importancia do cómic e de diferentes medios para coñecer a debuxantes novos.

B.R.A., 'Queremos iniciar aos nenos de cero a seis anos na lectura', *El Progreso*, 'Nome propio', 10 marzo 2004, p. 8.

Anúnciase a visita á Biblioteca de Lugo de varios participantes no programa "Preescolar na casa-Educar en familia" para realizar diferentes actividades de iniciación á lectura con nenos de 0 a 6 anos. A continuación reprodúcese a entrevista a María José Blanco, unha das orientadoras que xestiona o programa, na que explica os obxectivos das actividades que se van realizar na biblioteca, comenta as previsións de asistencia e fala das actividades que levan a cabo no programa.

Blanco, Nacho, '10 preguntas a Xesús Manuel Marcos', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 88, 'Letras en galego', 27 novembro 2004, p. 8.

Entrevista a Xesús Manuel Marcos, gañador do Premio Merlín, na que este fala da dificultade de escribir para rapaces e a importancia que ten gañar algún premio como medio de chegar a máis lectorado. Das tendencias actuais opina que só están a crear situacións que aumentan a violencia, mentres que a lectura considera que ten que servir para voar a imaxinación. Sinala que soña con chegar a ser un bo escritor, afección que non abandonaría a non ser por algo moi grave. Finalmente, evoca a súa imaxe da infancia no Caurel e considera moi importante resistir para acadar os nosos anceios.

Carneiro, Montse, 'Queríamos cambiar o mundo desde as aulas, e algo fixemos', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 3 maio 2004, p. 80.

En primeiro lugar, Agustín Fernández Paz responde ás preguntas relacionadas coa renovación pedagóxica de hai vinte anos na que participou de maneira activa. A seguir o autor de Vilalba opina sobre o ensino na actualidade e dá o título de varios libros que poderían ser interesantes para ler os rapaces, público para quen Fernández Paz considera non é fácil escribir. Finalmente, o escritor comenta cál é o fío condutor da súa obra e sinala quén son os mellores contistas galegos.

García, Iago, 'Los nuevos autores gallegos son lo mejorcito', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir Verán', 19 agosto 2004, p. 81.

Na columna titulada "El perfil" preséntase ao debuxante Fernando Iglesias a quen se lle fai a entrevista . Nela, este debuxante comenta algún aspecto da súa vida, da amizade que o une a Carlos Portela, da desaparición da revista *El Víbora* ou dos nomes que emprega segundo realiza viñetas en prensa ou nos cómics. Ademais opina sobre a situación dos debuxantes galegos, sobre o Salón de Cómic "Viñetas desde o Atlántico" e sobre o traballo de debuxante de cómics.

Hidalgo, Juan Carlos, 'Buscamos trabajos con gran peso literario', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 39, 'Tebeos', 10 xaneiro 2004, p. 16.

Fernando Tarancón, director da editorial Astiberri, responde en primeiro lugar a cómo xurdiu a idea de crear unha editorial de cómics. A seguir, opina sobre a produción do cómic en España e a súa recepción. Comenta tamén características dos produtos que a editorial saca á luz e anuncia unha colección infantil, "Gu-gu", que se publicará simultaneamente en galego, éuscaro, catalán e castelán. Finalmente, recomenda algún título e dá unhas breve notas biobliográficas do suízo Fredrick Peeters.

L.G., 'Cada vez hay más mujeres que leen cómics', *La Opinión*, 'Salón del cómic', 20 agosto 2004, p. VI.

Tras unha sucinta presentación de Nicolás de Crecy, reprodúcese unha entrevista a este debuxante na que comenta aspectos da súa produción, loa o salón coruñés "Viñetas desde o Atlántico" e opina sobre o tipo de lectorado interesado nos cómics.

López, Belén, 'A era de Kalandraka', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 26 setembro 2004, pp. 86-87.

Recolle o parecer de Xosé Ballesteros, quen fala como voz representativa da editorial Kalandraka para comentar algúns aspectos deste proxecto editorial. Comenta a alegría que supuxeron os Premios Nacionais de Ilustración, que obtiveron con algunha das súas obras, ademais de falar da entrada de novos proxectos na empresa, do éxito dos libros de pictogramas para nenos autistas e outras inquedanzas culturais, educativas, empresariais ou mesmo de identidade ao reafirmar a esencia pontevedresa da entidade.

López, Rafa, 'Filias y fobias', *Faro de Vigo*, 'La escapada', 16 abril 2004, p. 8.

Fina Casalderrey declara, entre outros, os seus gustos musicais, fílmicos ou pictóricos. Ademais nesta entrevista Rafael López presenta unha breve achega biobibliográfica da escritora.

Mallo, Albino, 'Ana Miralles: Teño que publicar en Francia', *Galicia Hoxe*, 'A contra', 21 agosto 2004, p. 64.

Ana Miralles compara a situación da edición do cómic en Francia e España, comenta o papel da muller na súa profesión e fala dos seus últimos traballos.

Mato, Xandre, 'Me tuve que ir a Francia para poder publicar/El cómic erótico hecho por hombres toma posturas del porno', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Faroverano/De verano', 18 agosto 2004, p. 23/V.

Ana Miralles comenta a relación da muller co mundo do cómic e fala das características da obra coa súa condición de muller. Opina sobre a crise dos cómics, especialmente de *El Víbora*, e sobre as exposicións do Salón Viñetas desde o Atlántico no que é unha das invitadas. Tamén indica as diferenzas desde que ela comezou a publicar á actualidade e dá conta do orixe da súa dedicación a este traballo.

Mato, Xandre, 'Si no se lee es muy difícil ser guionista/Cine y tebeo comparten estructura', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Faroverano/De verano', 18 agosto 2004, p. 23/IV.

O portugués Joao lamiera comenta cómo se iniciou no mundo do cómic e ónde busca a inspiración como guionista. Explica as razóns polas que cre que o cómic portugués é descoñecido en Galicia e España e indica as influenzas que entran dende o estranxeiro en Portugal.

Mene, Álex, 'Francisco Vázquez Chantada. 'Na nosa historia hai moita materia para novelas épicas', *A Nosa Terra*, nº 1.115, 'Cultura', 5 febreiro 2004, p. 30.

Nesta entrevista a Francisco Vázquez con motivo da publicación de *Crónica de Ofiusa* (2003), o autor comeza aludindo á súa primeira novela, *A chazca* (Ediciós do Castro, 1982), unha novela experimental hoxe ilocalizábel que escribiu con vinte e seis anos e na que pretendeu render homenaxe ás vítimas da Guerra Civil e recuperar unha parte do noso pasado "máis dolorosamente silenciado". Sinala que o título fai referencia á ruptura cronolóxica do relato, xa que as chazcas "son os anacos que saltan cando cortas unha árbore cun machado". Cualifica *Crónica de Ofiusa* de crónica de Galicia en forma de viaxe iniciática e alude á incorporación no texto de elementos pertencentes á tradición galega, mitos clásicos ou doutras culturas, mencionando referentes como a cova de Alí Babá, Cunqueiro ou Borges. Fala tamén da simboloxía dos nomes empregados e explica que Ando se chama así porque ten que andar na procura dunha Galicia libre e con identidade propia e que os nomes das batallas son topónimos que existen na xeografía galega como A Elfe, A Cova ou Dragonte. Recoñece tamén ter inserido elementos propios da crise adolescente como a soidade, o sexo e a morte, estes últimos "evitados en case todas as novelas de corte épico" e fundamentais para a maduración do personaxe.

Otero, Paula, 'A banda deseñada é coma un cocido co que gozo', *El Progreso*, 'Verano', 22 agosto 2004, p. 73.

En primeiro lugar, Miguelanxo Prado comenta algún dos avatares que tivo que enfrontar como organizador do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico". A seguir, responde a preguntas máis persoais como poden ser o modo en qué se iniciou no cómic ou as actividades que máis o apaixonan e lle interesan. Finalmente, sinala que se basea en situacións reais para a elaboración das súas viñetas.

Otero, Paula, 'Síntome moi afortunado, ata teño vértigo', *El Progreso*, 'Vivir Verán', 23 agosto 2004, p. 59.

O organizador do Salón do cómic "Viñetas desde o Atlántico" comenta algúns aspectos da organización da VII edición deste e de edicións precedentes. De seguido, fai comentarios arredor do público que asiste ao Salón coruñés, céntrase nos participantes e novidades e opina sobre algunha exposición concreta desta edición. No remate da entrevista fala da situación da banda deseñada en Galicia que compara coa doutros países e sobre a opinión pública respecto ao cómic.

Otero, Paula, 'Sufro certo vértigo cando vexo a sorte que tiven a nivel profesional', *El Ideal Gallego*, 'En la galería', 29 agosto 2004, p. 6.

Miguelanxo Prado responde en primeiro lugar a diferentes cuestións relacionadas con varios aspectos da organización, celebración e asistencia ao Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" nas diferentes edicións. A seguir, opina sobre a situación do cómic en España en comparación con outros países. Finalmente fala do seu traballo, de influenzas nel, das características, etc.

Pancorbo, Cristina, 'En el mundo del cómic gallego todavía hay que luchar mucho', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 66, 'Tebeos', 17 xullo 2004, p. 16.

Manel Cráneo, ilustrador e presidente da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI), alude en primeiro lugar á mostra "Can de palleiro" para a continuación opinar sobre o panorama da ilustración en Galicia e destacar máis ou menos os aspectos deste. Cráneo comenta as vantaxes de debuxar "storyboard" para publicidade ou cinema no canto de cómic e responde ás preguntas respecto a traballar en animación cinematográfica ou deseño por ordenador. O ilustrador sinala que no mundo da ilustración existe censura e declara escapar da posibilidade de debuxar coches porque non é algo que lle guste facer. Finalmente, comenta o que lle supuxo a participación no Colectivo Chapapote e o que lle parece o Salón do Cómic da Coruña.

Pancorbo, Cristina, 'El cómic gallego nunca vivió un apogeo como el de ahora', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 66, 'Tebeos', 24 xullo 2004, p. 16.

Tras un breve repaso ao traballo de David Rubín desde os seus inicios na banda deseñada entrevístase a este mozo ourensán. Rubín comenta cómo cambiou a súa vida desde que gañou as Xornadas de Banda Deseñada de Ourense e opina sobre a situación do cómic en Galicia e dos ilustradores galegos. Tamén comenta algún aspecto dos seus últimos proxectos e declara que o que o fai sentir máis cómodo é colorear o que debuxa.

Pereiro, Bettina, 'El teatro es una forma de romper con la rutina', *Faro de Vigo*, 'Faroverano', 18 xullo 2004, p. 36.

Entrevista a Julio Balados, membro da compañía Seisdedos, na que se refire ao duro que é viaxar tanto para levar os seus espectáculos ao público, á planificación anual das súas representacións, ao traballo de fabricación de monicreques, de vestiario e elaboración de guións que levan a cabo os membros da compañía ou a súa preferencia polos espazos abertos para actuar. Remata sinalando que si se pode vivir exclusivamente deste traballo, aínda que resulta duro.

Pino, Concha, 'Moitos adultos descobren o pracer de ler cos libros infantís', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 27 xaneiro 2004, p. L2.

Dáse conta da ocupación por parte de Pilar Sampedro da presidencia de Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) e entrevístase a esta profesora. Sampedro sinala os obxectivos que seguirá durante o seu mandato na asociación, opina sobre a promoción da lectura e cómo debería realizarse. Tamén considera que a literatura infantil e xuvenil ten un valor que non se "recoñece en Galicia e que lle gustaría que non fose así".

Pino, Concha, 'Na nosa historia hai material abondo para moitas novelas', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 17 marzo 2004, p. L2.

Dáse conta da presentación na Libraría Couceiro de Santiago de Compostela da novela *Crónica de Ofiusa* (2003), de Francisco Vázquez Chantada, e a continuación reprodúcese a entrevista que Concha Pino lle realizou ao autor. Nela, Vázquez Chantada explica o significado do nome Ofiusa e a razón da súa escolla para denominar a Galicia; comenta as diferentes lecturas que pode ter a obra; declárase seguidor de Cunqueiro e, finalmente, fala da importancia do sentido universal na literatura.

Rodríguez, Nuria, 'En Galicia hai máis canteira que nunca, e de calidade', *La Opinión*, 'Salón do cómic', 19 agosto 2004, pp. IV-V.

Fernando Iglesias fala da súa experiencia no mundo do cómic (inicios, primeiros traballos, lecturas, proxectos, etc.) e ofrece algúns consellos para os futuros debuxantes. A seguir, ofrece o seu punto de vista sobre a situación do cómic en Galicia e en España. Para rematar opina sobre a edición de cómic e o seu funcionamento.

Rodríguez, Nuria, 'O fenómeno Xabarín', *La Opinión*, 'Salón do cómic', 19 agosto 2004, pp. IV-V.

Parafraséanse as palabras de Paco Carballés, produtor do programa da TVG *Xabarín Club*, e de Miguelanxo Prado, creador da mascota deste programa televisivo, nun acto celebrado no Salón do Cómic da Coruña, no que explicaron cómo xurdiu a idea de crear o Porco Bravo, cómo se lle foi dando personalidade ou cómo foi acadando éxito. Finalmente, fálase da actualidade do *Xabarín Club*.

Rodríguez, Nuria, 'O importante é narrar con imaxes, non o debuxo en si', *La Opinión*, 'Salón do cómic', 19 agosto 2004, p. V.

Javier Pulido fala da súa experiencia no mundo do cómic (cómo se decidiu a debuxar, cales foron os primeiros traballos, cales os traballos que máis o marcaron, obxectivos que ten, etc.) e de cómo conseguiu entrar no mercado norteamericano, así como da experiencia nel vivida.

Rodríguez, Salvador, 'Os nenos son o espello da máxima crueldade da guerra', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 39, 'Entrevista', 10 outubro 2004, p. 13.

Manuel Lourenzo González comenta cómo foi a realización da obra *Irmán do vento* (2003) coa que gañou o Premio Merlín. O escritor dá as razóns polas que escolleu un rapaz como protagonista e explica o que pretendeu coa introdución do personaxe de Luís Meira. Así mesmo, indica as barreiras que tratou de superar e os retos aos que se enfrontou no momento da redacción da obra. No remate da entrevista opina sobre a división entre literatura infantil e xuvenil para nenos e literatura para adultos e os posíbeis receptores da obra premiada. Comenta en qué se basea á hora de escribir unha historia e declara que non ten previsto continuar coas aventuras do protagonista de *Irmán do Vento* noutros volumes.

Suárez, Marta, 'Tras el Prestige nació una nueva edad del cómic', *Faro de Vigo*, 'Faro Verano', 27 agosto 2004, p. 24.

En primeiro lugar Enma Ríos dá conta de cómo comezou o seu interese polo cómic e pon en relación a carreira que estudou, Arquitectura, coa profesión de debuxante. A seguir, fala dalgún dos seus traballos e das características destes. Finalmente, opina sobre a situación do cómic en España e sobre a relación da muller co mundo do tebeo.

VII.5.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A.G., 'Fados y cuentos para los más pequeños en las playas de Nigrán', *Atlántico Diario*, 'Área metropolitana', 17 xullo 2004, p. 22.

Entre outras actividades culturais da programación de verán do concello de Nigrán anúnciase a denominada "Contos do Mar" para os máis pequenos.

A.N.T., 'O Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra duplica os visitantes', *A Nosa Terra*, nº 1.116, 'Cultura', 12 febreiro 2004, p. 30.

Faise eco do éxito acadado polo V Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que tivo como temática central a "Fauna máxica". Lémbrase que na pasada edición a temática foron as viaxes e destácase a gran participación de escolares neste evento, no que se converteron nos verdadeiros protagonistas. Saliéntase a satisfacción manifestada por pequenos e adultos con actividades como contacontos, exposicións, obradoiros de literatura, etc. Finalmente, repásanse os nomes dalgúns autores e ilustradores que participaron como Suso de Toro, Antonio Reigosa, Kiko Dasilva ou Óscar Villán.

A.N.T., 'Arranca a VII Bienal de Caricatura de Ourense ', *A Nosa Terra*, nº 1.118, 'Cultura', 26 febreiro 2004, p. 25.

Anúnciase a inauguración da VII Bienal de Caricatura de Ourense, organizada pola Casa da Xuventude, a Deputación e o Concello de Ourense. Repásanse os nomes dos autores convidados, entre os que figuran Abraldes, Pepe Carreiro ou Kiko da Silva, á vez que se repasan as actividades programadas, entre elas a mostra histórica, que nesta edición está dedicada a Eduardo Padín, debuxante da revista *Vida Gallega* e doutros xornais galegos dos anos vinte e trinta.

A.Q., 'A literatura infantil e xuvenil centra as propostas de lectura dos editores galegos', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 23 abril 2004, p. 48.

Dáse conta das propostas da Asociación de Editores para conmemorar o Día Mundial do Libro, nas que destaca a gran cantidade de títulos da literatura infantil e xuvenil. Repásanse algúns dos autores e títulos propostos, entre eles Agustín Fernández Paz, Xohana Torres e Antonio García Teijeiro, á vez que se lembra o éxito desta literatura acadado na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Remátase aludindo a outras posíbeis propostas tanto de autores xa consagrados coma noveis da literatura institucionalizada.

Agulla, A., 'Piticlina' acercó a los niños de Marín su cuentacuentos', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 2 abril 2004, p. 83.

Faise eco da actuación da contacontos Piticlina, que estivo presente na Biblioteca Pública Municipal de Marín, con motivo do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Sinálase que debido ao mal tempo a afluencia de nenos e nenas foi baixa pero que os que acudiron

se divertiron abondo coas fantásticas historias deste personaxe. Tamén se dá conta da exposición organizada pola Biblioteca para dar a coñecer as últimas adquisicións de libros dirixidos á infancia.

Agulla, A., 'El Instituto 'Salvador Moreno' inicia su Semana Cultural', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Marín', 19 abril 2004, p. 12.

Repaso das actividades programadas polo Instituto Salvardor Moreno dentro da I Semana Cultural de Animación á Lectura, na que se levarán a cabo conferencias como as de Xesús Ferro Ruibal, Fina Casalderrey ou Manuel Lourenzo, exposicións, visitas de escritores, concertos e contacontos, entre outros actos.

Agulla, A., 'El Ateneo inicia esta tarde las 'IX Xornadas de Literatura Infantil', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Marín', 5 novembro 2004, p. 14.

Anúnciase o comezo das actividades dedicadas aos máis pequenos, entre as que se sinala a actuación de Pavís-Pavós cunha sesión de contacontos e unha exposición cedida por Kiko Dasilva, na que se inclúen orixinais dos personaxes da banda deseñada *Fiz e os biosbardos*.

Agulla, A., 'Actividades de animación a la lectura en la Biblioteca Pública', *Diario de Pontevedra*, 'Marín/O Morrazo', 15 decembro 2004, p. 17.

Anúnciase unha campaña de animación á lectura co título de "O Nadal a través dos sentidos", realizada na Biblioteca Pública Municipal "Vidal Pazos" de Marín. Sinálase que está dirixida aos máis pequenos e que nela se quere traballar con sentidos como o gusto, o oído e o olfacto mediante actividades como a plástica, a cociña e a música.

Barba, M., 'El gallego Xan López ilustra dos libros para el mercado asiático', *La Opinión*, 'Cultura', 26 marzo 2004, p. 62.

Nova na que se dá conta da participación do ilustrador lugués Xan López Domínguez nun conto escrito por unha autora taiwanesa e publicado en chinés. Recóllense as palabras do lugués nas que sinala que entrou en contacto con esta editorial na Feira de Boloña, que a historia que ilustra é a dunha nena que lle ten medo aos cans e que quixo manter o seu estilo persoal nos debuxos. Ademais de anunciar que López Domínguez está a traballar nunha versión do clásico *O gato con botas*, tamén se fai unha aproximación á súa traxectoria, na que se destaca que actualmente reside en Madrid, onde ten unha mostra retrospectiva que visitará as bibliotecas desta comunidade.

Barcón, Carlos, 'De poemas, cuentos, sueños...', *Diario de Ferrol*, 'Entre nosotros', 5 abril 2004, p. 8.

Entre outras cuestións culturais, Carlos Barcón refírese a libros que vén de recibir e expresa o seu desexo de que cheguen ás súas mans outros como o da mestra Mercedes Zaera Pedreira, que leva por título *Un niño no piñeiral* e que se trata dun volume de contos para nenos con ilustracións de Corín Diego e prólogo de Ricardo Díaz-Casteleiro Romero. No referido á cultura galega expresa tamén o seu desexo de ver por Ferrol a Xohana Torres, da que sinala que lle veñen de dedicar un parque en Pontevedra, no que plantaron unha árbore como homenaxe á autora ferrolá.

Barros, Mar, 'Os Bolechas con carauta', *A Nosa Terra*, nº 1.117, 'Fin de semana', 19 febreiro 2004, p. 32.

Con motivo das festas do Entroido sinálase que nos Concellos de Ames e Brión van participar centos de nenos caracterizados como os membros da familia Bolechas, nunha iniciativa que parte da Concellería de Cultura e Educación. Destácase o éxito acadado por esta familia literaria e a identificación que os cativos senten con estes personaxes, especialmente co máis pequeno, Tatá. Tamén se sinala que esta iniciativa forma parte da campaña de animación á lectura iniciada por estes concellos xa no Nadal, e que levara a que un dos volumes, *A vaca da Mahía* (2003), se desenvolvera nestas terras.

Barros, Mar, 'Que cara!', *A Nosa Terra*, nº 1.119, 'Fin de semana', 4 marzo 2004, p. 31.

Anúnciase o inicio da celebración da VII Bienal de Caricatura de Ourense, na que se leva a cabo a recompilación dos traballos máis importantes nos dous últimos anos de autores gráficos galegos como Pepe Carreiro, Miguelanxo Prado ou Xaquín Marín. Adiántanse tamén outros actos previstos como a presentación de *Dez por dous*, de Pinto e Chinto ou unha homenaxe de Siro a personaxes populares de Ferrol baixo o título de *Xente na Brétema*. Finalmente, lémbrase que estarán presentes tamén autores estranxeiros como o italiano Achille Superbi ou os portugueses José Vilhena ou Paulo dos Santos, así como unha mostra do caricaturista tudense Eduardo Padín, debuxante da revista *Vida Gallega*.

Barros, Mar, 'Lugo-Taiwán', *A Nosa Terra*, nº 1.124, 'Fin de semana', 15 abril 2004, p. 31.

Repaso da traxectoria como debuxante de Xan López Domínguez con motivo da súa participación nun volume dunha editorial taiwanesa. Despois de lembrar as súas colaboracións con grandes editoras internacionais e de destacar a súa participación en máis de trescentos volumes editados, céntrase nas características deste produto para o mercado asiático, do que o ilustrador explica o argumento da historia e sinala que non tivo que modificar o seu estilo. En cadro á parte e baixo o título de "Exportar viñetas", alúdese á globalización que está a experimentar o sector, na que dá exemplos como a tradución ao coreano de *Neve, reneve, requeteneve*, de Xosé Cermeño, ou a versión de Xosé Ballesteros de *O traxe novo do rei*. Adianta tamén outros títulos que serán traducidos a esta lingua como *O coelliño branco*, unha adaptación de Xosé Ballesteros, ou *A cebra Camila*, de Marisa Núñez.

Barros, Mar, 'A Coruña muda en cómic', *A Nosa Terra*, nº 1.139, 'Fin de semana', 29 xullo 2004, p. 33.

Infórmase da celebración da sétima edición de "Viñetas desde o Atlántico" organizada polo Concello da Coruña. Saliéntase a participación de dez artistas de nivel internacional e entre eles, atópase o galego Fernando Iglesias que presenta os orixinais feitos para a revista *Eclipse* e as cubertas para os albúms *H2Ooil* e *Mnnh!!* Ademais indícase que contan cunha participación portuguesa coa mostra "30 anos de revolución portuguesa en cómics" e que se expoñen os debuxos do Xabarín creados por Miguelanxo Prado. En columna á parte, dáse conta da celebración en Cangas da VIII edición do Salón do Cómic que contará coa participación galega de Víctor Rivas e Xosé Alberto Taracido.

Barros, Mar, 'Cómic en GZ', *A Nosa Terra*, nº 1.140, 'Fin de semana', 2 setembro 2004, p. 33.

Sinálase a edición do Salón do Cómic coruñés "Viñetas desde o Atlántico" como a responsábel de que na mesma cidade se presentaran diferentes novidades galegas en banda deseñada, nomeadamente *No solpor da prehistoria* (2004), de Pepe Carreiro; *Campos de Cuba* (2004), de Fran Jaraba; a adaptación de Xaime Asensi de *Ubú Rey* (2004), de Alfred Jarry; *Que contan as ovellas para durmir?* (2004), De Kiko da Silva; o terceiro número da revista *Barsowia* e o novo número de *BD Banda*.

Barros, Mar, 'O labirinto dos soños', *A Nosa Terra*, nº 1.142, 16 setembro 2004, p. 31.

Sinala como a partir dun Premio Barco de Vapor, *O labirinto dos soños* (2002), de Pepe Sendón, Grándola Nova editou un CD iterativo co mesmo título, no que se presentaba a historia de Ventura cunha estrutura labiríntica e onde o labirinto era o concepto principal. Por extenso, comenta como a partir do éxito acadado a produtora se embarcou na creación dunha serie televisiva, *O labirinto dos Soños: Ventura na illa de Hypnos*, "unha produción da cabalo entre o clásico musical de animación, os debuxos animados e os vídeos musicais contemporáneos". Refírese á contribución dos seus diversos autores, dos que tamén se recollen as súas opinións, e anúnciase que este proxecto será presentado no Cartoon Forum de Galicia o 22 de setembro en Santiago de Compostela.

Barros, Mar, 'Monos en Ourense', *A Nosa Terra*, nº 1.144, 30 setembro 2004, p. 31.

Infórmase das XVI Xornadas de Banda Deseñada celebradas en Ourense e organizadas pola Casa da Xuventude, nas que se prevé a presentación dalgunhas publicacións. Despois de dar conta das diversas iniciativas que se levarán a cabo a cargo de convidados de fóra de Galicia, céntrase na participación galega con persoeiros como Pepe Carreiro, que presentará *No solpor da Prehistoria*, no que relata as peripecias da familia Barbanzóns; Fran Jaraba, con *Campos de Cuba*, do que se sinala que recupera ao personaxe de Maxi Torres, protagonista de *Cita na Habana* (1999); ou Xaime Asensi, con *Ubu Rei*, no que adapta a

obra de Alfred Jarry ao cómic. Recóllense as declaracións do director das xornadas, Bieito Losada, quen considera que a calidade dos traballos e dos autores melloraron moito. Remátase dando conta da data de entrega dos premios aparellados a este evento como o Premio Ourense de Banda Deseñada, outorgado ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia polo seu "Proxecto Terra".

Basterrechea, Susana, 'El Salón de A Coruña pide al Gobierno que apoye a las editoriales del cómic', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 agosto 2004, p. 45.

Comézase facendo mención á situación das publicacións de banda deseñada en España e ao chamamento ás autoridades competentes realizado por Francisco Vázquez e Miguelanxo Prado para que apoien o mercado do cómic. A continuación indícase os lugares que serán sede do VII edición do Salón do Cómic coruñés e os actos ou exposicións que neles se van levar a cabo.

Becerra, Marta, 'Vuelta al cole II', *El Progreso*, 'El despertador', 9 xaneiro 2004, p. 8.

Sección fixa na que Marta Becerra repasa algúns dos actos do día na cidade de Lugo, entre os que dá conta do curso de Monicreques e máscaras organizado pola aula de teatro do Campus de Lugo. Sinálase que está impartido por Marcelino de Santiago, Isabel Rey e Marga Portomeñe, membros de Monicreques de Kukas.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 65, 8 xaneiro 2004, p. VII.

Sección fixa que acolle referencias a *Gramática do texto* (2003) de Xosé Ramón Freixeiro Mato; *Obra narrativa* (2003) de Celso Emilio Ferreiro; *Vogar de Couse/Héleris* (2003) de Alexandre Nerium e Carlos Negro; e *A praia da esperanza* (2003) de Agustín Fernández Paz. Indica, con respecto á obra de Fernández Paz, que a protagonista é Raquel, quen atopa na praia unha buguina que agocha no seu interior un ser moi especial. Sinala, asemade, que o libro mestura fantasía e realidade evocando a catástrofe do Prestige e a resposta social derivada deste feito. Apunta, finalmente, que as ilustracións do libro son de Teresa Novoa.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, nº 66, 15 xaneiro 2004, p. VII.

Sección fixa que acolle referencias a *Guía dos castelos medievais de Galicia* (2003), de Ramón Boga Moscoso; *Blobló* (2003), de Rai Bueno e Mariona Cabassa; *Iraq: días de posguerra* (2003), de Javier Teniente, e *Alma de Beiramar* (2003). Sinala, con respecto á obra de Rai Bueno, que o protagonista é un neno que percorre o mundo dos soños da man do seu boneco, Blobló; destaca, asemade, as ilustracións de Mariona Cabassa polo seu estilo, suxestivo e expresivo.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 66, 22 xaneiro 2004, p. VII.

Sección fixa que inclúe referencias ás seguintes obras: *Espazos naturais* (2003), de Adela Leiro, Mon Daporta e Víctor M. Caamaño; *Ancoradoiro* (2003), de Xosé María Álvarez Cáccamo; *A illa do tesouro* (2003), de R.L. Stevenson; e *Xaquín Lorenzo* (2003), de Clodio González Pérez. Dá conta do argumento de *A illa do tesouro*, recolle unhas palabras do seu autor sobre a súa vida e indica que a obra foi traducida por Xavier Alcalá e ilustrada por Federico Fernández Alonso.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 69, 5 febreiro 2004, p. VII.

Sección fixa que acolle referencias a *Españois todos*, de Suso de Toro; *Os Barbanzós* (2003), de Pepe Carreiro; *O tempo en ningunha parte* (2003), de Xosé Manuel Martínez Oca; e *Os meus ollos* (2003), de Ramiro Fonte. Explica, con respecto aos protagonistas das obras de Pepe Carreiro, que os Barbanzóns habitaban a península do Barbanza antes da chegada dos romanos e que os máis deles gostaban da festa rachada; sinala que en moitas ocasións estes personaxes se botan ao mundo coñecido para vivir as máis grandes aventuras, posteriormente recollidas por Carreiro.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, nº 72, 26 febreiro 2004, p. VII.

Sección fixa na que se inclúen referencias ás seguintes obras: *La economía de los celtas de la Hispania atlántica I* (2003), de Jesús F. Torres Martínez; *Enredos* (2004), de Xaquín Lorenzo; *Os irmáns Corazón de León* (2002), de Astrid Lindgren; e *Traxectorias* (2003), de Vítor Vaqueiro. Sinala con respecto á obra de Astrid Lindgren que os seus protagonistas son Karlos e Ionatán, dous irmáns que morren e que se atopan en Nangoisllala, lugar no que viven diversas aventuras; destaca o tratamento que da morte e a sociedade se fai nesta obra, mesturando realidade e fantasía con absoluta naturalidade.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 75, 25 marzo 2004, p. VII.

Sección fixa que acolle referencias a *Rebelión no inverno* (2004), de Mario Regueira; *Cerdedo, in the Voyager I* (2004), de Carlos Solla; *Xabarín, xabarín...* (2004), de Víctor Iglesias Viqueira (2004); e *O galo avisado e o raposo trampulleiro* (2003), de Antonio Reigosa e Xosé Cobas. Sinala con respecto a esta última obra, destinada ao lectorado infantil, que nela se narra o acontecido entre un galo e un raposo; o raposo quixo enganar ao galo, dicíndolle que había unha nova lei pola que todos os animais debían ser amigos, pero o galo descubríu a trampa do raposo grazas a unha visita inesperada.

Blanco Rivas, M., 'Andel de novidades', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 79, 15 abril 2004, p. VII.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle referencias a *Lois Tobío* (2004), de Xulio Ríos; *O porco centelludo* (2003), de Irene Pérez Pintos e Lázaro Enríquez; *Espazos naturais da provincia de Ourense* (2004); e *A fada do abano verde* (2004), de Teresa Núñez e Mª Fe Quesada. Con respecto a *O porco centelludo*, sinala que os seus protagonistas son unha princesiña e un porco enfeitizado por unha bruxa que, tras o bico da princesiña, se converte nun fermoso príncipe; conta que os dous protagonista se namoran e que gozan do seu amor paseando pola praia o papaventos da princesiña.

C.B., 'El libro gallego centra el primer salón cultural en el colegio público de Dices', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 9 novembro 2004, p. 35.

Dá conta da celebración no Colexio de Dices, Rois Salón do Libro organizado coa axuda de GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil). Cítanse os obxectivos da actividade e saliéntase que durante toda a semana os nenos do colexio gozarán das representacións teatrais dos contacontos e das mostras sobre literatura infantil e xuvenil.

C.d.C., 'Encontro en Santiago de investigadores de literatura infantil ', *El Correo Gallego*, *'Correo da Universidade'*, 27 xaneiro 2004, p. 4.

Anúnciase a celebración no marco do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades do I Encontro de Investigadores de Literatura Infantil e Xuvenil do marco ibérico. Adiántase que neste foro se vai reflexionar sobre estas literaturas e a súa influencia na formación lectora, así como cuestións de delimitación do canon, a recepción e os estudos teóricos, a mediación ou as liñas de investigación necesarias neste ámbito. Repásase brevemente a traxectoria dos participantes, entre os que aparecen Pedro Cerrillo, Teresa Duran, Xavier Etxaniz, José António Gomes, Gemma Lluch ou Victoria Sotomayor, todos eles coordinados por Blanca-Ana Roig Rechou.

C.D.C., 'O reto de acadar que un libro poida máis ca un videoxogo', *El Correo Gallego*, 'Posta en común', 8 febreiro 2004, p. 2.

Dáse conta da celebración no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades do I Encontro de Investigadores de Literatura Infantil e Xuvenil do marco ibérico, que xirou arredor da reflexión sobre a importancia do hábito lector e dos mecanismos necesarios para facer da "materia impresa un elemento de atracción para os protagonistas da era audiovisual". Sinálase que, baixo a coordinación da profesora Blanca-Ana Roig Rechou, se reuniron profesores de diversas universidades da Península ibérica para analizar as fortalezas e debilidades da literatura infantil e xuvenil. Destácase que entre as conclusións está a necesidade de darlle a esta materia máis peso nos plans de estudo das carreiras relacionadas coa educación ou fomentar dende a administración os premios e programas de investigación neste campo. Dende o punto de vista da mediación saliéntase

que é necesario o estudo da recepción, ensinar o mecanismo da lectura e formar literariamente pero sen instrumentalizar a literatura, así como a importancia na mediación que ten a familia, as bibliotecas ou a administración. Remátase anunciando a intención dos investigadores participantes de formar unha rede temática de investigación e a elaboración dun Dicionario de literatura infantil e xuvenil.

Caravel, María, 'Día de arte y despedidas', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 25 xuño 2004, p. L15.

Nesta heteroxénea sección de noticias, das relacionadas co mundo literario, destaca a que informa sobre a entrega de premios 'Letras Galegas' no colexio de Xermade, nas que houbo cadansúa gañadora, na modalidade de narración e de debuxo infantil. Así mesmo, dise que Pablo González Moreiras destacou a relevante presenza feminina nos premios do certame de poesía e narración por Internet 'Temos un parlamento. Temos unha lingua', ao que se presentaron douscentos corenta traballos.

Caravel, María, 'Conferencias y concentraciones', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 26 novembro 2004, p. L15.

Nesta sección de breves noticias hai dúas relacionadas coa literatura galega; por unha banda, infórmase que a escritora Marina Mayoral participou en dúas conferencias: unha sobre temas literarios cos alumnos de BAC e de terceiro da ESO no Instituto Lucus Augusti e outra para os do Leiras Pulpeiro, onde falou sobre a violencia de xénero; noutra pequena noticia dáse conta da última representación teatral da Mostra de Teatro Infantil organizada polo Concello de Lugo, coa obra *O medio poliño*, que puxo en escena El Calambuco Teatro para máis de douscentos cincuenta nenos do primeiro curso de Primaria que asistiron ao acto.

Carballedo, Carolina, 'El cómic bajo la mirada femenina', *El Correo Gallego*, 'A Coruña', 10 agosto 2004, p. 18.

Infórmase da presentación da VII edición do Salón Internacional do Cómic Viñetas desde o Atlántico realizada por Francisco Vázquez e Miguelanxo Prado, na que adiantaron os contidos da mesma e os lugares nos que os actos e exposicións se van celebrar. Tamén se anuncia a presenza dun maior número de figuras de cartón pedra de diferentes protagonistas de cómics en diferentes sitios da cidade.

Carballedo, Carolina, 'Más tebeos', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 15 agosto 2004, p. 14.

Infórmase da próxima inauguración do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" a cargo de Miguelanxo Prado e Carlos González Garcés.

Carballedo, Carolina, 'Los superhéroes del mundo de los cómics toman de nuevo las calles', *El Correo Gallego*, 'A Coruña', 17 agosto 2004, p. 14.

Dá conta de cómo varias figuras de cartón pedra representantes de diferentes protagonistas de cómics emblemáticos, foron aparecendo na cidade da Coruña por causa da VII edición do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" inaugurada polo seu director Miguelanxo Prado e o concelleiro Carlos González Garcés.

Carballedo, Carolina, 'La Batalla de las Flores reunirá hoy a más de dos mil figurantes', *El Correo Gallego*, 'A Coruña', 22 agosto 2004, p. 19.

Infórmase da clausura do Salón do Cómic celebrado na Coruña e no que se atopaban autores invitados como Ana Miralles, Javier Pulido, Fernando Iglesias, etc.

Carbia, Susana, 'Labor altruista', *El Correo Gallego*, 'Fin de Semana', 8 febreiro 2004, p. 5.

Achega ao labor de sete mulleres de diferentes campos da cultura galega e ás iniciativas que teñen posto en marcha. Entre elas a Felipa Jove Santos, presidenta da Fundación Jove, institución que vai abrir unha escola infantil; Blanca-Ana Roig Rechou, que vén de coordinar o I Encontro de Investigadores de Literatura Infantil e Xuvenil do Marco Ibérico, celebrado no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e de deixar a Presidencia da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX); Mar Nogueira, directora do Centro de Documentación das Artes Escénicas e Musicais de Galicia, que vén de ser galardoado pola *Revista de las Artes Escénicas, Artez*, polo seu traballo de promoción editorial; ou Ana Vallés, responsábel do Teatro Galán, que está a organizar o V Festival Alternativo de Teatro, Música e Danza, ademais de comezar a xira de Matarile Teatro coa peza *A brazo partido*.

Carrera, Rosé, 'Papá, cuéntame un cuento', *Atlántico Diario*, 'En portada', 28 marzo 2004, p. 44.

Ampla reportaxe sobre o sector editorial en Galicia con motivo da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Comézase referindo a que malia a crise deste sector a literatura infantil e xuvenil está a vivir un dos seus mellores momentos e recóllense as declaracións de Fabiola Sotelo, presidenta da Asociación de Editores Galegos, quen destaca que no mercado se aprecia a calidade da edición porque o valor destas obras vai máis alá do económico. A seguir, céntrase no labor da Editorial Kalandraka, especializada na literatura para os máis pequenos, especialmente no álbum infantil, do que se fai un repaso polos principais títulos e dos galardóns cos que foron recoñecidos. Tamén se detén no labor de Edicións Xerais de Galicia, con coleccións dedicadas exclusivamente a este tipo de lectorado, e recóllense as declaracións de Manuel Bragado, director da editorial, nas que destaca o papel que xogan os mediadores e na calidade dos produtos, tanto literaria coma ilustrativamente. Destácase que un dos autores que máis vende na literatura galega é de literatura infantil e xuvenil, Agustín Fernández Paz, que as vendas desta literatura supoñen

un dezaoito por cento do total ou a importancia deste tipo de lectorado de cara ao futuro. En cadro á parte e baixo o título de "Así se hace un libro", repásase o complexo proceso de edición que sofren os orixinais dende que chegan á man dos editores até que saen ao mercado. Compleméntase a reportaxe cunha entrevista a Agustín Fernández Paz, na que se refire, entre outras cousas, ás necesidades dun tratamento formal específico da LIX, á importancia que ten na formación deste lectorado e á maior esixencia que teñen con estes produtos. Tamén se fai un repaso ao informe anual da edición en España, na que se compara a literatura institucionalizada coa infantil e xuvenil.

Crespo, Lorena, 'Música en vivo acompañada de tebeos', *La Región*, 'Verano de ocio', 17 agosto 2004, p. 15.

Entre outras noticias de interese cultural infórmase da apertura na Coruña da sétima edición do Salón Internacional do Cómic Viñetas desde o Atlántico.

Díaz-Rincón, María, 'Un cuentacuentos por signos', *La Opinión*, 'El personaje', 27 marzo 2004, p. 12.

Dáse conta das actividades dirixidas a nenos e nenas con problemas de audición levadas a cabo pola Federación de Xordos de Galicia. De entre estas actividades saliéntase a importancia dos contacontos que organiza Miguel A. Carredano, quen destaca o bonito que é malia a pouca participación que se está a producir.

E.D.G, 'Libros para coidar a Terra en Compostela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 abril 2004, p. 52.

Achega ao proxecto "Abril dos libros para coidar as terras" do Departamento do Concello de Santiago en colaboración coa Asociación Papaventos, no que se tenta achegar a lectura aos máis novos e a concienciación sobre a conservación do medio. Recóllense as declaracións da concelleira de Educación, Elvira Cienfuegos, nas que salienta a gran participación e a necesidade de transmitir a idea de conservación do contorno a través da lectura ou de sesións de contacontos.

E.P., 'Nacen os contos para os nenos con necesidades educativas especiais', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 12 febreiro 2004, p. 76.

Dáse conta da publicación da colección de contos "Makakiños" da editorial Kalandraka, dirixida a nenos e nenas con necesidades educativas especiais, e editada en colaboración coa Asociación de Tratamento do Autismo (BATA). Sinálanse as características destes volumes, nos que o texto e a ilustración se apoian tamén nun sistema de pictogramas baseado nos debuxos e nas cores. Destácase a sinxeleza das obras, ás que tamén pode acceder o lectorado de Educación Infantil para aprender a ler. En cadro á parte sinálase que os dous primeiros títulos desta colección son *O coelliño branco* e *A ratiña presumida*.

E.P., 'Santiago e Galaxia abren un curso de animación á lectura', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 marzo 2004, p. 49.

Breve nota de prensa na que se anuncia a iniciativa do Departamento de Educación do Concello de Santiago e a Editorial Galaxia de realizar un curso de animación á lectura dirixido a profesorado, educadores e bibliotecarios que terá lugar na Fundación Granell.

E.P., 'Kalandraka e Granell apoian a lectura dos máis cativos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 marzo 2004, p. 59.

Anúnciase a cuarta edición da campaña de animación á lectura denominada "O son dos soños", organizada polo Concello de Santiago, a Editorial Kalandraka e a Fundación Granell.

E.P., 'O son dos soños', outra forma de ler', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 marzo 2004, p. 70.

Dáse conta da próxima celebración da cuarta edición da campaña de animación á lectura denominada "O son dos soños", organizada polo Concello de Santiago, a Editorial Kalandraka e a Fundación Granell. Explícase que á inauguración acudirá o alcalde da cidade e relaciónanse os colexios participantes, ademais de actividades como un taller de escrita creativa.

E.P., 'Contacontos para 'O Son dos soños', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 marzo 2004, p. 49.

Faise eco do éxito da primeira xornada da campaña de animación á lectura "O son dos soños", organizada polo Concello de Santiago, a Editorial Kalandraka e a Fundación Granell. Dáse conta da presenza das autoridades municipais na inauguración e recóllense as declaracións da Concelleira de Educación, Elvira Cienfuegos, nas que resaltou a importancia de motivar a infancia no hábito da lectura e aos familiares para darlles instrumentos para fomentar a lectura entre os máis pequenos.

E.P., 'Ós 10 anos pechan o libro', *Galicia Hoxe*, 'Vivir>Aulas', 4 maio 2004, p. 13.

Achega a un informe da Fundación Bertelsmann sobre hábitos de lectura en centros educativos de España, no que se pon de manifesto que os máis pequenos len cada vez máis até os dez anos, momento no que comeza a descender esta tendencia. Compáranse a diferenza que se estabelece entre os hábitos lectores da infancia até os dez e os que teñen cando chegan aos dezaseis, momento no que a preferencia pasa á música ou a roupa. Da selección das obras a ler, sinálase que até os dez anos é a familia a que elixe, mentres que a partir dos dezaseis comezan a facelo de xeito persoal. En columnas á parte tamén se ofrecen outros datos estatísticos sobre o feito lector.

E.P., 'Na busca de máis lectores', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 agosto 2004, p. 52.

Recóllense e parafraséanse as palabras de diferentes debuxantes que expoñen na VII edición de "Viñetas desde o Atlántico", nomeadamente Fernando Iglesias e Javier Pulido, respecto á industria do cómic en España. Así mesmo tamén se comenta a intervención de Paco Carballés e Miguelanxo Prado relacionada co Club Xabarín e a súa mascota. Finalmente, anúncianse os actos do salón para o día seguinte.

E.P., 'Debate sobre a tradución e edición das letras infantís', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 17 novembro 2004, p. 77.

Anúnciase a participación de varios expertos no I Congreso Internacional sobre Tradución e Política Editorial da Literatura Infantil e Xuvenil que se vai celebrar na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo e no que se sinala que se falará sobre a tradución dende o punto de vista dos diferentes axentes que conflúen no proceso da tradución.

Espiñeira, Francisco, 'El Salón del Cómic apuesta por lo femenino en su séptima edición', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 agosto 2004, p. 45.

Destácase en primeiro lugar a presenza feminina de Ana Miralles na VII Edición do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" e de seguido a dos demais protagonistas desta edición: Vicente Segrelles, Fernando Iglseias, Bruce Jones ou Xabarín, entre outros. Tamén se destacan algunhas das exposicións, nomeadamente, a que homenaxea á Revolución dos Caraveis portuguesa e a dedicada ao cómic *El Víbora*. Asemade, recóllense algunhas palabras de Miguelanxo Prado, organizador do Salón, e de Carlos González Garcés, concelleiro de Cultura da Coruña, respecto á calidade dos debuxantes de Banda Deseñada e ao traballo da organización, respectivamente.

Estévez, José, 'El colegio Sagrado Corazón organiza la 'Olimpiada das Letras', *Diario de Pontevedra*, 'Ciudad', 27 abril 2004, p. 11.

Repaso das actividades organizadas polo Colexio Sagrado Corazón con motivo da "Olimpíada das Letras", entre as que se destaca a exposición "Primeira mostra de Xocas" ou a de xornais editados en Galicia, así como sesións de contacontos ou un rastro de libros usados.

F.E., 'As ilustracións do galego López Domínguez venderanse en Taiwan', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 marzo 2004, p. 61.

Nota de prensa na que se anuncia a participación do ilustrador Xan López Domínguez nun volume de luxo editado por unha editora taiwanesa, ao que seguirá tamén unha versión de *Rapunzel*.

F.V.M, 'Bibliotecas para presumir', *La Opinión*, 'Oleiros', 10 marzo 2004, p. 16.

Dáse conta do galardón concedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte á rede de Bibliotecas do Concello de Oleiros polo seu proxecto de animación á lectura. Destácase de entre estas actividades a chamada "A hora do conto", na que teñen participado contadores como Paula Carballeira, Leticia Dotras ou a compañía Trinke Trinke; o concurso de contos Concello de Oleiros, que leva trece edicións, e o certame "O conto viaxeiro".

Fariña, Pilar, 'Más competencias y menos ingresos', *El Correo Gallego*, 'Pontevedra', 20 xaneiro 2004, p. 25.

A xornalista refírese brevemente, entre outras cuestións alleas á literatura, á próxima celebración na cidade de Pontevedra do Vº Salón do Libro Infantil e Xuvenil. Indica, así mesmo, que a mostra estará centrada este ano na "Fauna Máxica".

Fariñas, Elena, 'La caricatura y el arte dibujan Galicia', *La Región*, 'Verano de ocio', 25 agosto 2004, p. 13.

Despois de aludir á recentemente finalizada edición do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico", dáse conta da celebración da VIII edición do Salón Luso-Galaico de Caricatura en Ourense e da Bienal de Cerveira en Vilanova de Arousa, entre outras exposicións e citas de ocio.

Fernández Paz, Agustín, 'Un río de palabras', *Faro de Vigo*, *'A Escola do Faro'*, nº 87, 20 abril 2004, p. 1.

Relato de Agustín Fernández Paz no que expón a súa concepción do que podería ser unha boa celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Relata como un día se lle ocorreu a idea de imitar os anuncios colocados nos lugares máis dispares con tiras nas que colga o número de teléfono para chamar e pedir o servizo que se ofrece. En lugar de anunciar nada, o que fixo foi reproducir as primeiras liñas das súas obras favoritas e nas tiras nas que se pon o teléfono indicar o título da obra e o autor. Día tras día vai descubrindo cómo os papeis van desaparecendo e mesmo asiste á imitación da súa propia iniciativa.

Fernández Paz, Agustín, 'Un caso de licantropía', *La Voz de Galicia*, 'Relatos de verán', 16 agosto 2004, p. 7.

Narra a historia dunha alumna que estando na clase se comportaba de xeito impertinente e lle facía desprezos ao profesor, incluso até acadar a atención de todos os compañeiros. Pero pouco a pouco, sen que se decataran, a rapaza mudou o seu aspecto e produciuse nela un caso de licantropía.

Fernández, Paula, 'A praia', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 95, 'Infantil/Xuvenil', 14 outubro 2004, p. VII.

Dá conta da publicación de *Praia*, de Cristina Losantos, que vén de aparecer na colección 'Árbore', de Galaxia; sinala que se trata dun libro acolchado e despregable para os máis pequenos, co que se pretende que os cativos se familiaricen co formato libro e tomen contacto coa lectura. Explica que nunha parte do despregable aparece unha gran panorámica dunha praia, na que acontecen divertidas situacións; mentres que polo outro lado se inclúe unha listaxe de palabras relacionadas con este campo semántico, que van acompañadas dun debuxo, para que o neno vaia relacionando pouco e pouco a forma da palabra e o seu referente.

Fraga, Jesús, 'Correos emite una serie dedicada a 'Trazo de tiza', de Miguelanxo Prado', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 10 febreiro 2004, p. 46.

Dáse conta da saída de catro selos nos que se reproducen viñetas do cómic de Miguelanxo Prado, *Trazo de tiza* (1993), unha das súas obras máis galardoadas. Explícanse as características destas estampas pertencentes á colección "Correspondencia Epistolar Escolar", que Correos publica froito da fusión desta mesma colección coa de "Cómics". Recóllense as palabras do ilustrador coruñés nas que explica a súa elección por viñetas nas que está presente o mar e en cadro á parte saliéntase o éxito acadado por esta obra de Prado, que sorprendeu mesmo ao seu propio autor.

Fraga, Jesús, 'Kalandraka publica los primeros libros de España escritos para niños autistas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 12 febreiro 2004, p. 42.

Anúnciase a publicación dunha nova colección de contos en castelán da editorial Kalandraka, titulada "Makakiños" e dirixida a nenos e nenas con necesidades educativas especiais, e editada en colaboración coa Asociación de Tratamento do Autismo (BATA). Sinálanse as características destes volumes, nos que o texto e a ilustración se apoia nun sistema de pictogramas baseado nos debuxos e nas cores e destácase a sinxeleza das obras, ás que tamén pode acceder o lectorado de Educación Infantil para aprender a ler, que polo momento editou *O coelliño branco* e *A ratiña presumida*.

Fraga, Jesús, 'El cómic gallego presenta estos días una docena de novedades', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 9 agosto 2004, p. 51.

Dá conta das obras de cómic galego que se van presentar no Salón do Cómic da Coruña, que se vai inaugurar o día 16 de agosto. Entre as obras que se van presentar destaca *Campos de Cuba*, a segunda obra de Fran Jaraba sobre Cuba que trata do alzamento independentista cubano de 1897; *Ubu Rei*, de Jaime Asensi, na que se fai unha adaptación ao cómic dun dos textos teatrais máis importantes do século XX; a obra de Kiko da Silva, *Que contan as ovellas para durmir*, na que usa unha técnica mixta para conseguir nos seus cómics o 'efecto Amelie'; *No solpor da Prehistoria*, de Pepe Carreiro, na que se narra unha viaxe dos Barbanzóns a Irlanda; e as tres novidades do colectivo Barsowia, que agrupa a autores galegos e foráneos: un novo número da revista *Polaqia*, *Feliz cumpleaños, May*, de Álvaro López, e *A prueba de bala*s, de Enma Ríos. Finaliza o artigo facendo referencia ao feito de que unha revista andaluza, *Dos veces*, ofreza unha selección do traballo dunha quincena de autores de cómic galegos como Miguelanxo Prado ou César Portela, entre outros, e sinala que o artigo desta revista tamén vai estar presente no Salón do Cómic.

Franco, Camilo, 'Pinto&Chinto resumen dez anos de viñetas nunha mostra e un libro', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 21 xaneiro 2004, p. 43.

Achega ao labor conxunto de Pinto e Chinto (David Pintor e Carlos López) como ilustradores dende fai dez anos. Sinálase que veñen de publicar un libro retrospectivo e inaugurar unha exposición en Santiago de Compostela. Recóllense as declaracións destes humoristas gráficos, aos que lle suxerira colaborar Siro López, nas que se refiren á súa concepción do humor e á situación deste sector, no que ven unha nova xeración de grandes humoristas gráficos, que alternan este labor co da ilustración.

Franco, Camilo, 'La animación gallega prepara su año de lanzamiento internacional', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 26 febreiro 2004, p. 51.

Achégase á situación da produción audiovisual en Galicia e sitúa este sector como entre os de maior produción da Península. Repasa algunhas das iniciativas que están en preparación como *O soño dunha noite de San Xoán* ou a segunda parte d'*O bosque animado*. Tamén se dá conta da celebración en Galicia do Cartoon Future, Mundos Dixitais e Cartoon Forum.

Franco, Camilo, 'Kiko da Silva amosa en Xapón as súas ilustracións para libros', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 8 marzo 2004, p. 56.

Anúnciase que dúas obras de Kiko da Silva estarán presentes nunha mostra organizada polo International Boards on Books for Young People (IBBY, Organización Internacional para o Libro Infantil e Xuvenil). Explícase que o ilustrador galego foi proposto por Yumiko Bando-Saito, un membro da sección xaponesa do IBBY, país no que se celebra a mostra.

Franco, Camilo, 'Kalandraka crea unha editorial para publicar en Andalucía', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 7 xuño 2004, p. 55.

Informa da creación dunha nova filial en Andalucía da editorial Kalandraka, que forma parte da súa expansión.

Franco, Camilo, 'Sinalan o carácter 'fundacional' da literatura infantil feita por Casares', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 20 outubro 2004, p. 54.

Faise eco dos argumentos defendidos por Xabier P. Docampo e Silvia Gaspar sobre o carácter fundacional da literatura infantil de Carlos Casares. Destácase a importancia d'*A galiña azul* (1968), unha obra na que aprecian a intencionalidade de Casares e a súa concepción da necesidade desta literatura. Recóllense as declaracións de Xabier P. Docampo, nas que chama a atención sobre a presenza de aspectos recorrentes do autor nesta obra como o humor, o interese por personaxes diferentes, a ridiculización do mundo dos adultos ou a nostalxia polo paraíso perdido da infancia.

Franco, Camilo, 'Os editores consideran excelente a creatividade do xénero infantil', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 21 outubro 2004, p. 55.

Fálase do acto convocado pola Fundación Carlos Casares no que participaron os editores galegos Manuel Bragado, Xosé Antonio Neira Cruz e Xosé Ballesteros, que fixeron un repaso dos quince últimos anos do sector e no que coincidiron en sinalar o bo momento que vive a produción, malia o estancamento das vendas. Sinálase que destacaron tamén a importancia das novas xeracións de escritores, como os que publican en Kalandraka, incluso nos mercados fóra do galego. Recóllense os puntos de vista de cada un deles, nos que salientan principalmente a importancia da literatura infantil e xuvenil dentro do sector.

Furelos, Víctor, 'Los cómics en el museo', *El Correo Gallego*, 'Ourense', 1 outubro 2004, p. 27.

Indícanse os organizadores das XVI Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, así como algún dos traballos eslovenos que nesta "Festa Galega do Cómic" se poden observar.

García, Leticia, 'Historietas na rúa', *La Opinión*, 'De verano', 16 agosto 2004, p. IV.

Infórmase do comezo na Coruña da VII edición do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" e sinálanse os diferentes actos que terán lugar, así como as novidades desta edición respecto ás anteriores.

García, Leticia, 'Para as institucións sería barato axudar ao cómic', *La Opinión*, 'De verano', 16 agosto 2004, p. V.

Entrevista a Miguelanxo Prado na que o director do Salón "Viñetas desde o Atlántico" comenta en primeiro lugar as novidades que o público asistente vai atopar na VII edición

do Salón. A seguir, indica cómo se podería axudar a que non desaparecesen cómics como *El víbora* e opina sobre a chegada das novas tecnoloxías ao mundo da historieta e o seu proceso de creación. Finalmente, fálase do éxito do Xabarín, da escolla deste animal e das dificultades que para Miguelanxo Prado presenta a creación de cómics dirixidos a nenos ou temas da drogodependencia.

García, Rodri, 'Lugo exporta cuentos chinos', *La Voz de Galicia*, 'El mundo a los cuatro vientos', 9 abril 2004, p. 56.

Faise eco da presenza dos debuxos de Xan López Domínguez nun conto escrito por unha autora chinesa e editado pola editorial taiwanesa Grimm Press, empresa que conta cos mellores ilustradores do mundo. Explícase que o argumento da historia xira arredor do medo aos cans que sofre unha nena. Da edición recóllense aspectos como as case oitenta páxinas, o seu orixinal deseño cadrado, a gran cantidade de debuxo fronte ao pouco texto ou as breves biografías dos autores, que no caso do galego alude ao grupo Xofre, creado por este en 1979 xunto con Fran Jaraba e Miguelanxo Prado. Tamén se sinala que se está a preparar a edición en inglés desta obra, que non está previsto polo momento trasladar ao castelán, e que xa entregou a esta mesma editorial as ilustracións para unha versión do conto *Rapunzel*.

Gaspar, Silvia, 'O que nos queda para o ano', *La Voz de Galicia*, *'La Voz de la Escuela'*, 'O que le, é un león', 12 xaneiro 2004, p. 7.

Ofrece un breve resume dos títulos publicados no ano 2003 para lectores de máis de quince anos: *O guerreiro branco* (Premio Abril), de Joanes Urkixo; *O armiño dorme*, de Xosé Antonio Neira Cruz; *Durmindo sobre os espellos* e *Nun lugar chamado guerra*, de Jordi Sierra i Fabra; *Trala liña do horizonte*, de Antonio García Teijeiro; *Irmán do vento* (Premio Merlín), de Manuel Lourenzo González; e *O meu nome é Skywalker* (Premio Barco de Vapor), de Agustín Fernández Paz. A seguir, cita outros volumes non premiados e dirixidos os máis cativos: as producións narrativo-didácticas de Sotelo Blanco, como *A auga*, de Xan Rodiño e María Lires; e os títulos da colección "Merliño", como *O coello Federico* e *O caracol Remoldiño*. Tamén se refire aos volumes *Contos do museo*, que acolle textos de autores chairegos, e *Onde o sol non adormece*, de Antón Cortizas, ademais de atender aos clásicos publicados en galego como *A illa do tesouro*, de R. L. Stevenson, *A pantasma de Canterville*, de Oscar Wilde ou *O regreso do rei*, de Tolkien e o libro de contos galegos, *Mago por correspondencia*, de Xan López Domínguez.

Gaspar, Silvia, 'Dossier de teatro', *La Voz de Galicia*, *'La Voz de la Escuela'*, 'O que le, é un león', 26 xaneiro 2004, p. 7.

Sinala que o xénero dramático, pese a ser un piar fundamental para a formación emocional, educativa e lectora dos rapaces, non é un dos textos privilexiados por autores e editores. Apunta que dende o ano 2000 se está a reproducir un "repunte esperanzador que nos permite acollernos a el para propoñer un achegamento á representación teatral ou, polo

menos, ós textos dramáticos. A seguir, comenta as obras teatrais de literatura infantil *A laranxa máis laranxa de tódalas laranxas*, de Carlos Casares; *Cinco pezas para pícaros*, de Socorro Tajes; *¡Grande invento para saír do aburrimento!*, de Xoán Babarro e Ana Fernández; *El-Rei Artur e a abominable dama*, de Domenech, Rey e Aleixandre; *Teatro Feroz*, de Gloria Sánchez; *A princesa Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos*, tamén de Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Feire; *Teatro ás tres pancadas*, de Antonio Torrado; *Os amigos de Martiño*, de Xesús Santos; *Olo-iepu-iepu*, de Paula Carbaleira; e *Brinquemos ó teatro*, de Euloxio Ruibal. Así mesmo, dá conta de certas publicacións que tratan e estudan o eido teatral dirixidos aos profesores: o numero 262 da revista *Primer acto*, *Ó galego polo teatro*, de Germán Torres de Aboal; *Facer teatro*, de Manuel F. Vieites; e o número 5 de *Fadamorgana*.

Gaspar, Silvia, 'De novo arredor da lareira', *La Voz de Galicia*, *'La Voz de la Escuela'*, 'O que le, é un león', 2 febreiro 2004, p. 7.

Comenta que nestes tempos de globalización e triunfo da tecnoloxía se está producindo un volta á recuperación do tradicional e, concretamente, da narración popular. Apunta que catro foron os momentos dourados do noso conto popular: os Séculos Escuros, nos que era a única manifestación narrativa dunha lingua que perdía forza; os últimos anos do século XIX, aínda que por erro no texto aparece o XX, nos que escritores e xornalistas elaboran relatos ao modo tradicional, que actualmente se están recuperando en coleccións específicas; ao redor do ano 1950, que é cando se crea a Editorial Galaxia co ánimo de continuar co labor iniciado a principios de século e Ánxel Fole que publica *A lus do candil*, que "pertencía á súa propia creación, se ben se esforzara coa expresión, que debía lembrar en todo momento a lingua popular"; e na actualidade, no que se dá a recuperación da tradición oral e dos contos infantís clásicos e populares nun intento de transmitirlles aos rapaces a memoria dos devanceiros. Ofrece unha serie de actividades sobre o conto popular e de comentarios sobre as obras *Lendas galegas de tradición oral*, de X. M. González Reboredo; *Resalgario*, de Antonio Reigosa; e *Contos de animais, I*, de Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba.

Gaspar, Silvia, 'Libros para a aula', *La Voz de Galicia*, 'O que le é un león', 6 outubro 2004, p. 6.

Noticia que se aproxima ao mundo educativo ante a necesidade de achegar a lectura aos máis pequenos adecuándoa á súa idade e gustos persoais, o cal se debería respectar. Para iso, fálase do interese dos educadores, tanto de primaria como de secundaria, de defender o uso da biblioteca de aula na que se poidan atopar unha oferta atractiva de xéneros, temas e estilos onde non poden faltar os clásicos.

Gimeno, Maite, 'Más de tres mil vigueses se van a beneficiar de la teleasistencia', *El Correo Gallego*, 'Galicia', 18 marzo 2004, p. 25.

Nesta sección de novas relacionadas coas grandes capitais de Galicia, Maite Gimeno anuncia, entre outras cousas, a presenza do debuxante Kiko Dasilva na Casa do Libro de Vigo. Indica que, con motivo da celebración do setenta e cinco aniversario da creación do personaxe Tintín, se van presentar orixinais do seu libro *Moncho e a mancha* (2002), que logo viaxarán a Tokio.

González, Eva, 'Los niños conocen a 'Os Bolechas', *Faro de Vigo*, 'Área metropolitana', 27 abril 2004, p. 17.

Dáse conta do encontro de Pepe Carreiro co alumnado de diferentes colexios do Porriño, durante o que lles explicou a elaboración dos personaxes dos Bolechas. Recóllense diferentes intervencións dos presentes, que demostraron unha gran preferencia polo personaxe de Tatá, e explícase como o autor vai executando as diferentes caras destes personaxes. Remátase sinalando que a gran beleza do edificio do Concello inspirou unha das últimas entregas protagonizadas por esta familia, traballo no que o autor e ilustrador Pepe Carreiro inviste arredor de quince días.

Gutiérrez, J.M., 'Literatura infantil: A demanda dos nenos e dos mozos fai medrar a calidade e as vendas', *La Opinión*, 'A Coruña', 22 febreiro 2004, pp. 12-13.

Con motivo da saída ao mercado dunha nova entrega de Harry Potter reprodúcese o debate e as reflexións sobre a literatura infantil e xuvenil do escritor Xabier P. Docampo, do ilustrador Xosé Cobas e do libreiro Enrique Molist. Comeza o libreiro explicando cómo xurdiu a necesidade dunha literatura infantil, a súa propia experiencia como lector e a falta de hábito entre os máis novos. Sobre o fenómeno da serie de Harry Potter, Docampo critica a campaña de mercadotecnia que rodea esta literatura e as características que ten que reunir unha obra dirixida á infancia, entre elas a de que sexa literatura e a especificidade do destinatario ao que vai dirixida. Xosé Cobas compara este fenómeno co que no seu momento protagonizara Disney e consideran que nas obras do mago inglés está contida boa parte da literatura infantil e xuvenil anglosaxona, ademais dos clásicos, cos que van estabelecendo comparacións. Tamén se refiren ao cambio experimentado por esta literatura nos últimos vinte anos, especialmente no aspecto ilustrativo, do que antes practicamente carecía, e á importancia desta literatura na formación do lector literario.

HV, 'Coruña cos cómics', *Galicia Hoxe*, 'Banda deseñada', 10 agosto 2004, p. 4.

En primeiro lugar, destácase a presenza feminina na VII edición do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico". A seguir, dáse conta dos debuxantes que participarán e dos actos e exposicións que terán lugar nos diferentes espazos que acollen este evento. Finalmente, fálase do cartel anunciador desta edición. En recadro á parte titulado "A desaparición dun mito" a información céntrase na revista *El Víbora*.

I.M., 'Os libros de contos son noticia', *La Opinión*, 'Televisión', 20 decembro 2004, p. 63.

Dá noticia de que coa chegada do Nadal a Televisión de Galicia, en colaboración coa Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX), pon en marcha unha iniciativa dirixida a fomentar a lectura entre os máis pequenos durante as vacacións. Sinala que dende o 20 de decembro e até o 5 de xaneiro o libro infantil gozará dun espazo propio nos informativos, do que salienta un maior protagonismo dos escritores, dos ilustradores e dos cativos, que recrearán diferentes contos en imaxes.

Iglesias, Ana, 'Curso de Monicreques', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 8 xaneiro 2004, p. 30.

Anúnciase a celebración dun curso de monicreques e máscaras a cargo de Marcelino de Santiago, Isabel Rey e Marga Portomeñe, membros da compañía Kukas. Adiántase que ao longo deste curso se traballarán aspectos como a construción de monicreques e máscaras, así como a fusión destes con outras artes. Remátase sinalando que entre os obxectivos da compañía está a difusión do galego e a creación de espectáculos didácticos participativos e sen violencia.

Iglesias, Ana, 'Campaña de animación a lectura', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 10 marzo 2004, p. 42.

Entre outras novas de Compostela dáse conta da celebración da campaña de animación á lectura do Concello de Santiago e a Editorial Kalandraka, denominada "O son dos soños". Sinálase que está dirixida a máis de dous mil escolares e que nela se tenta fomentar especialmente a escritura creativa.

Jaureguizar, 'Dygra prepara un filme de animación ambientado no Lugo da época romana', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 6 maio 2004, p. 72.

Faise eco da presenza do director da produtora coruñesa Dygra no instituto de Sanxillao de Lugo, onde impartiu unha charla na que anunciou que para o ano 2007 se fará a estrea d'*O asno de ouro*, iniciativa que segue a *O soño dunha noite de San Xoán*. Recóllense as súas palabras nas que explica a importancia do elemento local nas súas películas pero dende unha concepción universal. Remata aludindo ao argumento d'*O soño dunha noite de San Xoán*, película na que baseándose na obra de Shakespeare, *O soño dunha noite de verán*, os seus creadores se preguntan qué pasaría con iso mesmo catro centos anos despois.

L. C., 'Los escolares recuerdan a Manuel María', *La Opinión*, 'A Coruña', 9 outubro 2004, p. 12.

Dáse conta do acto organizado pola sección de Ensino da Confederación Intersindical Galega (CIG) e pola Asociación Sociopedagóxica Galega (ASPG) celebrado no paraninfo

da Universidade na Maestranza en homenaxe póstuma ao escritor Manuel María Fernández Teixeiro. Sinálase que neste acto participaron escolares recitando poesías.

Lamas, Jorge, 'La literatura recomendada en la ESO y el bachillerato está hecha por profesores', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 26 setembro 2004, p. 56.

Fálase das lecturas dos estudantes de secundaria e fanse comentarios sobre o tipo de literatura ou autores aos que se achegan. Cítanse os nomes dalgúns escritores galegos que crean obras orientadas ao público infantil e xuvenil e explícanse as preferencias dos alumnos e dos profesores nos distintos niveis de ensinanza secundaria.

Lazzarini, 'Estamos ante la cuna del arte', *La Voz de Galicia*, 'La ventana indiscreta', 20 xaneiro 2004, p. L15.

Achégase información sobre a entrega de premios do certame de poesía infantil convocado pola Biblioteca Provincial de Lugo con motivo das festas do Nadal. Ofrécese, así mesmo, a lista dos gañadores, que recibiron varios diplomas e lotes de libros.

Lazzarini, 'Buenas lecturas y mucha paz', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 31 xaneiro 2004, p. L15.

Infórmase que a Biblioteca Pública Provincial, dentro da súa campaña de promoción da lectura, celebrou para os máis novos unha sesión de contacontos que, baixo o título "Bailamos todos co noso conto", correu a cargo de Fátima Fernández.

Lazzarini, 'Un día dedicado a Andersen', *La Región/Atlántico Diario* , 'Mirada indiscreta', 3 abril 2004, p. L15.

Nesta sección miscelánea dedícanlle unha pequena columna a informar que co gallo do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, a Biblioteca Provincial de Lugo realizou unha sesión de contacontos e que os autores Noemí López, Xerardo Quintiá e Carlos Reigosa visitaron os nenos ingresados no hospital materno infantil. Todo estes actos leváronse a cabo por iniciativa da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX).

López, Belén, '¿Sabes que é a Constitución Europea?', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 6 decembro 2004, p. 69.

Dáse conta da publicación, con motivo da celebración do referendo á Constitución Europea, de *Pequenos europeos*, un volume que é distribuído por Kalandraka e no que se recolle información diversa sobre as culturas dos países comunitarios en clave infantil. Cóntase que este libro de Lambert non é "unha guía turística" senón que contén información e curiosidades sobre as outras comunidades europeas. Dise que nel se combinan textos con

ilustracións, cancións, poesías, etc. En columna á parte refírese ao éxito desta editorial na Feira Internacional do Libro de Guadalajara (México) e sinálanse algún dos novos títulos que vén de sacar do prelo como *Confundindo historias* ou *Frederick*.

López, Uxía, 'O colexio de Dices promove un salón de literatura galega', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 4 novembro 2004, p. L12.

Dá noticia da celebración dun Salón do Libro destinado a favorecer a difusión da literatura infantil e xuvenil, así como a fomentar hábitos lectores entre a poboación máis nova, que terá lugar no CPI de Dices, no Concello de Rois. Explica que nesa iniciativa participa GALIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), o Concello de Rois e algunha empresa patrocinadora. Co lema "Engánchate á lectura", sinala que o alumnado do centro participará en actividades como actuacións de monicreques, visitas de escritores, postas en escena, recitais de poesía ou exhibicións folclóricas, ademais de contar coa exposición *Cóntame un conto*. Finalmente, comenta que o evento ten como obxectivo mellorar o nivel de lectura no centro, unha cuestión que preocupa tanto a docentes como pais.

Losada, Óscar, 'Castros moi vivos', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 41, 'Tebeos', 24 xaneiro 2004, p. 16.

Preséntanse as características máis sobranceiras da serie de Pepe Carreiro protagonizada polos Barbanzóns. Recóllense as palabras do propio autor que explica cómo xurdiu a iniciativa a petición do Concello noiés que quería promocionar o castro de Baroña. Tamén explica Carreiro que a intención inicial é a de publicar dúas entregas anuais e que nesta obra con moito humor se ofrece unha ollada irónica á sociedade actual. Dos personaxes refírese a algúns trazos que fan lembrar a persoeiros da nosa sociedade, caracterizados ademais ironicamente a través da personalidade que se quere criticar.

Losada, Óscar, 'Miguelanxo Prado ilustra un álbum do guionista Pierre Christin', *La Opinión*, 'Cultura', 14 abril 2004, p. 54.

Anúnciase a colaboración do ilustrador coruñés Miguelanxo Prado con Pierre Christine, un dos máis reputados autores no mundo do cómic. Explícase que están a traballar nun álbum, que ten como protagonista a unha moza escandinava e no que aparece tamén o tema do Prestige. Ademais de aludir a outros traballos que o autor galego realizou en diferentes países do mundo, tamén se adiantan algúns dos nomes que van estar presentes no salón "Viñetas dende o Atlántico", que el dirixe.

M.A., 'A caricatura internacional na Bienal de Ourense', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 febreiro 2004, p. 54.

Anúnciase a programación da VII Bienal da Caricatura de Ourense, na que ademais de autores estranxeiros de gran proxección internacional tamén se levarán a cabo diferentes

exposicións de ilustradores galegos como Siro ou Eduardo Padín e a presentación do volume *Dez por dous*, de Pinto e Chinto.

M.A.C, 'Nace el primer Club de Lectura Juvenil', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Bueu', 25 febreiro 2004, p. 17.

Dáse conta da iniciativa de catro usuarias da Biblioteca Central Municipal de Bueu de crear un Club de Lectura Xuvenil, no que celebrar reunións semanais para comentar unha obra literaria.

M.L.P.H., 'Una apuesta seria por la cultura y la literatura infantil y juvenil', *La Opinión*, 'Profesionales del siglo XXI', 24 decembro 2004, p. 22.

Anúnciase a reapertura do estabelecemento Libros Girasol, unha libraría caracterizada pola posta á venda de produtos literarios destinados á infancia. Anúnciase que entre as actividades que se levan a cabo neste local están as sesións de contacontos. Saliéntase que é un estabelecemento coas condicións necesarias para que o neno se sinta máis cómodo na lectura. Resáltase a importancia da literatura infantil e xuvenil nas idades máis temperás, polo que se considera que tanto as editoriais coma os escritores deben dedicarlle moita atención a unha cuestión tan importante para a sociedade.

M.M., 'Los docentes se forman para animar a la lectura a sus alumnos', *La Voz de Galicia*, 'Santiago ', 2 marzo 2004, p. L9.

Anúnciase o inicio dun curso de animación á lectura dirixido a mediadores e organizado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago. Recóllense as declaracións da Conselleira de Educación, Elvira Cienfuegos, nas que salienta o obxectivo de facer dos mediadores "auténticos animadores á lectura", ofrecerlles unhas estratexias básicas para desenvolver ese labor e contribuír ao desenvolvemento e consolidación do hábito lector na infancia e en galego. Repásase a intervención de cada un dos ponentes como Xosé Luís Pico, Cristina Novoa, Paula Carballeira e Miguel Vázquez Freire, entre outros.

M.M., 'La campaña de animación a la lectura reunió a ochenta escolares', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 30 marzo 2004, p. L8.

Resúmese o desenvolvemento dunha nova xornada da campaña de lectura que baixo o lema "Os sons dos soños" leva a cabo na Fundación Granell o Departamento de Educación do Concello de Santiago. Faise eco da participación de numerosas escolas unitarias da comarca nunha sesión de contacontos.

M.M., 'Un cómic de Miguelanxo Prado ilustrará el museo del monte de San Pedro', *La Opinión*, 'A Coruña', 26 novembro 2004, p. 4.

Dáse conta da participación do debuxante Miguelanxo Prado no museo do Monte de San Pedro da Coruña cun cómic xigante que servirá de guieiro aos visitantes no seu percorrido por este novo edificio. A seguir, a noticia céntrase no proxecto arquitectónico e nos prazos previstos para a súa execución.

M.R., 'De cando Santiago era unha cidade rodeada de murallas', *El Correo Gallego*, 'Crónica de Compostela', 11 xaneiro 2004, p. 2.

Achega á obra *O castelo da Rocha Vella* (2003), de Luciano García Alén, con ilustracións de Uxía Torres. Sinálase que a obra está inspirada na vella fortaleza que rodeaba a cidade de Santiago, hoxe totalmente esquecida. Dise que esta obra está enmarcada nas iniciativas que a Asociación Cultural Rocha Forte levou a cabo co fin de obter fondos para actividades a prol deste castelo. Recóllense as declaracións do propio autor nas que explica cómo se documentou para elaborar os contos e desenvólvese brevemente o argumento desta historia protagonizada por un corvo, un can e unha toupa.

Mallo, Albino, 'Dez anos de Miguelanxo Prado', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 18 xaneiro 2004, p. 4.

Anúnciase a presenza no Kiosko Alfonso da Coruña dunha mostra na que se recollen trescentos setenta e cinco debuxos orixinais de viñetas e cómics de Miguelanxo Prado realizados na década de 1993 a 2003. Dise que esta mostra é continuadora da que xa abranguira a década 1982-1992 e que o autor ten anunciado a posibilidade de dar a coñecer tamén a súa obra pictórica destes anos. Sinálase que están incluídos orixinais da súa obra *Trazo de tiza*, inédita cando se celebrara a primeira exposición, e mostras do seu traballo en series televisivas como *Os vixiantes do camiño*. Segundo o propio autor ten unha clara preferencia polo cómic, onde sente unha maior liberdade, e que un dos seus anceios é poder chegar a facer unha obra de autor.

Mallo, Albino, 'O Salón do Cómic homenaxea a 'Xabarín Club', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 xullo 2004, p. 44.

Anúncianse as actividades que se levarán a cabo na próxima edición do Salón Internacional do Cómic Viñetas desde o Atlántico entre as que se destaca a homenaxe que se lle renderá ao Xabarín Club con motivo do seu décimo aniversario ou á Revolución Portuguesa dos caraveis no cómic, así como a presenza de diferentes debuxante internacionais.

Mallo, Albino, 'Cómic en feminino', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 agosto 2004, p. 41.

Infórmase da presentación a cargo do alcalde da Coruña e Miguelanxo Prado da sétima edición do Salón Internacional do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" na que se anunciou algúns dos actos máis importantes que se van realizar. Ademais disto, no recadro titulado

"Presente o galego Fernando Iglesias, alias "Kohell" infórmase dos debuxantes que participarán, entre os que figura o galego Fernando Iglesias, e no recadro titulado "Boa saúde da banda deseñada en Galicia" dáse conta das novas publicacións galegas de cómic ou relacionadas coa banda deseñada e da atención que desde fóra se lle presta aos debuxantes galegos e á súa creación.

Mallo, Albino, 'Hoxe ábrese na Coruña o Salón do Cómic 'Viñetas desde o Atlántico', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 16 agosto 2004, p. 68.

Dáse conta da apertura do salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico e dos actos que se van realizar nos diferentes locais nos que o Salón se levará a cabo, así como dalgúns dos autores que asistirán.

Mallo, Albino, 'Outro ano de Banda', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 agosto 2004, p. 45.

Anúnciase a inauguración da sétima edición do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico". Infórmase dos actos e exposicións que se van realizar nos diferentes locais que a acollen e dos debuxantes que van participar. En recadro á parte, fálase do panorama actual en Galicia respecto ao deseño de banda deseñada.

Mallo, Albino, 'Un cómic 'distinto', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 agosto 2004, p. 52.

Para comezar, dáse conta da inauguración na Coruña do Salón Internacional do Cómic Viñetas desde o Atlántico e destácase algunha das explicacións que o seu director deu no paseo inaugural respecto a esta nova edición. Deseguido, infórmase dos debuxantes, dos actos e das exposicións que terán lugar nos diferentes lugares que acollen o salón.

Mallo, Albino, 'A 'crise' do cómic', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 agosto 2004, p. 52.

Indícanse os debuxantes participantes na primeira rolda de prensa organizada por "Viñetas desde o Atlántico", sinálanse os puntos nos que coincidiron e parafraséanse as palabras de cada un deles: Ana Miralles, representante de España, Denis Deprez, de Bélxida, e Joan Lameiras, de Portugal.

Mallo, Albino, 'O Salón do Cómic rinde homenaxe ó Xabarín no seu décimo aniversario', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 19 agosto 2004, p. 68.

Infórmase da exposición dedicaba ao Xabarín Club, con motivo do seu décimo aniversario, no Salón "Viñetas desde o Atlántico". Tamén se recollen as palabras de Miguelanxo Prado e de Paco Carballés respecto ao éxito do Xabarín.

Mallo, Albino, 'O integrismo en USA', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 agosto 2004, p. 61.

Paráfrase das palabras do debuxante canario Javier Pulido respecto ao contacto profesional que ten con Estados Unidos e á súa forma de traballar. En recadro á parte, titulado "A Cerna" infórmase da posta á venda da revista *Noroeste*.

Mallo, Albino, 'Debuxos nacidos da literatura', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 agosto 2004, p. 46.

Explícase cómo se concibiu a edición dos cómic *Franrest* e *Otelo*, de Denis Deprez, e parafraséanse e recóllense as palabras deste debuxante respecto a estes cómics. Tamén se informa da permanencia na sede principal do Salón do Cómic dos seus orixinais.

MARÉ, 'Baroña en cómic', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 xaneiro 2004, p. 45.

Dáse conta da publicación de *Baroña ou morte* (2003), de Pepe Carreiro, a primeira entrega dunha serie de banda deseñada que ten como protagonistas aos habitantes do Castro de Baroña na época prerromana. Sinálase que con estas obras o concello de Porto do Son quere promocionar os restos castrexos da zona. Achéganse algúns trazos da familia protagonista, a través da que o autor di ofrecer unha parodia da actualidade para dar a coñecer a vida de entón.

MARÉ, 'En Baroña, a morte', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 xaneiro 2004, p. 61.

Achega á primeira entrega da serie de banda deseñada protagonizada pola familia dos Barbanzóns e da autoría de Pepe Carreiro, que leva por título *Baroña ou morte* (2003). Ademais de sinalar que esta obra conta co apoio do Concello do Porto do Son tamén repasa o argumento da historia situada no Castro de Baroña, coa que a editorial noiesa Toxosoutos contribúe de novo ao coñecemento da historia de Galicia. Remátase sinalando que nesta obra se lle ofrece ao lectorado unha personalísima visión das crónicas históricas do seu autor, nun estilo que ten como referente ineludíbel a Astérix.

MARÉ, 'Pola visibilidade das letras infantil e xuvenil', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 xaneiro 2004, p. 44.

Dáse conta da asemblea celebrada pola Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX), na que se aprobou por unanimidade a nova directiva, na que Pilar Sampedro substitúe na presidencia a Blanca-Ana Roig Rechou, que ocupa a vicepresidencia. Sinálase cada un dos membros entrantes, entre os que figura Agustín Fernández Paz como vicepresidente, Luz Corral como secretaria ou Isabel Mociño como tesoureira. Tamén se sinala que como vocais están Chus Agra Pardiñas, Irene Penas, Isabel Freire, Xosé Cobas e Pedro Lucas Domínguez. Remátase dicindo que nesta mesma asemblea se levou a cabo a

presentación de dúas publicacións da asociación, *A nosa literatura 2001* (2003) e o anuario das actividades que durante o ano 2002 levou a cabo a asociación.

MARÉ, 'Arredor da fauna máxica', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 febreiro 2004, p. 45.

Dáse conta da inauguración do V Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Dise que é unha iniciativa organizada polo Concello de Pontevedra, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega e o colectivo "Máis libros", na que a temática xira arredor dos seres imaxinarios presentes na Literatura infantil. Sinálase que neste salón se levan a cabo exposicións de libros e de ilustradores como Lázaro Enríquez ou Sergio Casás, así como dos propios traballos do alumnado de diferentes centros de Pontevedra. Adiántanse tamén diferentes actividades que se van levar a cabo como contacontos, talleres de escritura creativa ou ilustración.

MARÉ, 'Encontro de Literatura Infantil e Xuvenil en Compostela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 febreiro 2004, p. 51.

Nota na que se anuncia a celebración do I Encontro de Investigadores de Literatura Infantil e Xuvenil do marco ibérico, que ten lugar no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Sinálase que nel participan investigadores de recoñecida traxectoria e do propio centro de acollida e alúdese ao interese deste grupo na elaboración dun dicionario sistémico de literatura infantil.

MARÉ, 'Cara á investigación', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 febreiro 2004, p. 51.

Faise eco dalgunhas conclusións ás que chegaron os investigadores participantes no I Encontro de Investigadores de Literatura Infantil e Xuvenil do marco ibérico. Lémbrase que neste encontro participaron representantes dos diferentes ámbitos da Península Ibérica, que elaboraron un documento que recolle as conclusións das xornadas de reflexión que, segundo Blanca-Ana Roig Rechou, coordinadora do encontro, vai dirixido a minorar as debilidades da Literatura Infantil e Xuvenil. Anúnciase que ese documento será presentado hoxe e entregado ao Conselleiro de Educación. Tamén se sinala que o evento está enmarcado nos actos de celebración do décimo aniversario do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e que ten como obxectivo o estabelecer unha rede de investigadores, analizar e comparar as literaturas infantís e coñecer cómo se desenvolveron. Remata referíndose á presentación do proxecto "Dicionarios de literatura", dirixido polo profesor Anxo Tarrío, no que se encadra a elaboración do *Dicionario Sistémico da LIX*, e o último número da revista *Boletín Galego de Literatura*.

MARÉ, 'Buscar máis atención', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 febreiro 2004, p. 52.

Sinálase que a formación lectora e a escasa difusión dos estudos de Literatura Infantil e Xuvenil son as principais preocupacións dos especialistas participantes no I Encontro de

Investigadores de Literatura Infantil e Xuvenil do marco ibérico. Dáse conta de que a coordinadora do Encontro, Blanca-Ana Roig Rechou, presentou as conclusións durante un debate sobre as liñas de investigación propostas e sobre a importancia da mediación no fomento do hábito lector. Destácase o interese dos investigadores convidados en participar no *Dicionario sistémico da LIX*, previsto dentro do proxecto "Dicionarios de literatura", e sinálase que entre as conclusións deste grupo de investigadores está a necesidade de incluír a LIX como materia troncal ou obrigatoria de titulacións de humanidades ou en programas de investigación, así como fomentar a colaboración entre universidades ou a creación de premios e axudas oficiais á investigación.

MARÉ, 'Plan de animación á lectura en Santiago', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 febreiro 2004, p. 51.

Dáse conta da presentación dun curso de animación á lectura para mediadores organizado pola Editorial Galaxia e a Concellería de Educación do Concello de Santiago, enmarcado no programa de formación integral da institución municipal. Recóllense as palabras de Víctor Freixanes, quen destacou a importancia da lectura e a necesidade de fomentar ese hábito especialmente na infancia e adolescencia. Finalmente, sinálase que X. A. Neira Cruz, responsábel de publicacións infantís e xuvenís da editorial, explicou a estrutura e contidos do curso.

MARÉ, 'Historias de nenos especiais', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 febreiro 2004, p. 51.

Anúnciase a publicación por parte da Editorial Kalandraka, en colaboración coa Asociación do Tratamento do Autismo (BATA), da colección "Makakiños", composta por volumes dirixidos a nenos e nenas con necesidades especiais e cos que se pretende achegalos á lectura. Explícase que ademais da combinación de texto e debuxo tamén se emprega un sistema de pictogramas cos que a lectura é máis doada pola redución de palabras con carga simbólica ou as metáforas. Destácase a importancia deste material de apoio, que mesmo se pode empregar nas escolas de Infantil, e que vén dar resposta á carencia de material editorial dirixido a este sector con necesidades especiais.

MARÉ, 'Exportar o tesouro intanxible', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 abril 2004, p. 65.

Achégase á iniciativa do programa de radio interescolar "Ponte... nas ondas", co que se promociona a candidatura da cultura galego-portuguesa como Patrimonio Inmaterial da Unesco. Explícase que o proxecto parte da consideración de que as características antropolóxicas e históricas das dúas beiras do Miño son moi semellantes, especialmente en cuestións de oralidade, música ou formas de solidariedade colectiva. Explícanse os criterios nos que se basea a Unesco para elixir as candidaturas e adiántase que o programa realizará unha gravación dunha cantiga tradicional de Galicia e Portugal como mostra de apoio.

MARÉ, 'A madrasta e a mazá', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 agosto 2004, p. 49.

Fanse comentarios ás intervencións de Bárbara Canepa, Alessandro Barbucchi, Guido Silvestri e Vicente Segrelles realizados no Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico". Tamén se fai un repaso á obra do vilagarcián Fernando Iglesias do que se reproducen algunhas verbas.

MARÉ, 'Aposta segura de Xerais pola literatura infantil', *Galicia Hoxe*, 'Letras', 12 outubro 2004, p. 41.

Sinálase que a Editorial Xerais de Galicia presenta para o inicio da nova temporada sete títulos de literatura infantil e xuvenil dentro das coleccións "Merlín" e "Merliño". Os títulos, dos que se ofrece a autoría textual e de ilustración así como un resumo do argumento son: *Álvaro e Álvaro*, *A negrura do mar*, *Bacoriño*, *Chove nos versos*, *A pequena árbore*, *Brrumm-Brruumm* e *O vento de Antón*. De igual maneira indícase que a editorial publica unha *Gramática da lingua galega*, de Xosé Feixó Cid, e *Páxinas sobre Rosalía de Castro*, de Alonso Montero.

MARÉ, 'Agora o sector responde', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 outubro 2004, p. 52.

Dá noticia do desenvolvemento doutra das xornadas do II Ciclo da Fundación Casares arredor de "Os libros e os nenos: reconto de experiencias editoriais", na que se sinala que participaron Manuel Bragado, Xosé A. Neira Cruz e Xosé Ballesteros. Sinálase que todos coincidiron en sinalar o libro como o motor da literatura galega pola súa canalización a través dos escolares. Recóllense as opinións dos editores sobre a relación da infancia coa literatura, na que chaman a atención sobre o incumprimento da Lei de Normalización Lingüística por parte dos docentes. Segundo Bragado a calidade da produción é excelente xunto cunha oferta diversa que para Ballesteros está "á altura dunha literatura europea". Remata aludindo á inauguración do evento e á importancia da figura de Carlos Casares no labor de fomento da lectura.

MARÉ, 'Se queres, ti tamén', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 decembro 2004, p. 44.

Dáse noticia da distribución en Galicia de *Pequenos europeos*, un volume da editorial Kalandraka, no que se recollen múltiples curiosidades dos diferentes países que forman a Unión Europea. Sinálase que nel o autor, Nicole Lambert, pretende achegar ao público infantil as diferenzas e semellanzas culturais dos nenos europeos. Saliéntase tamén o éxito da editorial Kalandraka, da que se destacan iniciativas como a primeira colección de contos para nenos con necesidades educativas especiais, onde as ilustracións, debuxos e cores teñen un gran protagonismo. Remátase anunciando a participación desta editora na Feira Internacional do Libro en Guadalajara (México) e a próxima publicación de dez das súas obras.

Mariño, Isabel, 'Los niños y jóvenes coruñeses leen más que la media española', *La Opinión*, 'Cultura', 23 abril 2004, p. 61.

Comézase referindo á tradición literaria e libreira da cidade da Coruña para logo centrarse no informe da Fundación Beterlsmann sobre hábitos de lectura no ano 2003, no que se reflicte que os escolares coruñeses len máis que a media estatal. Analízanse os datos, incidindo en cuestións como o interese no agasallo dun libro, o número de obras que len ao ano os diferentes tramos de idade ou as temáticas destas obras. Tamén se destaca un maior hábito de acudir ás bibliotecas entre os escolares coruñeses ou o intercambio de libros entre os seus amigos.

Martínez, Cecilia, 'La cultura del cómic inunda Cangas', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir Verán', 21 xullo 2004, p. 66.

Infórmase da VIII edición do Salón do Cómic de Cangas na que destaca a presenza de catro ilustradores como son Taracido, Kano, Víctor Rivas e Monkeys dos que se fai un breve repaso ao seu traballo.

Matamoros, Jose, 'Clases para crear lectores', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 21 setembro 2004, p. L15.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, fai referencia ao curso de formación continua 'As Literaturas Infantís e Xuvenís', organizado pola Biblioteca Nova 33, Gálix e a USC, que onte celebrou a súa primeira xornada. Explica cáles son os obxectivos do curso, no que participan especialistas en literatura infantil e xuvenil de toda a Península, e sinala que, como todos os anos inclúe un tema específico relacionado coa literatura infantil; nesta ocasión, sinala, analizarase o modo de ensinar a ler literatura infantil dende o cine.

Mato, Xandre, '¿Que pinta o cómic?', *La Opinión*, 'Salón do cómic', 17 agosto 2004, p. IV.

Anúnciase a chegada á Coruña un ano máis do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico". Noméanse algúns dos debuxantes que asistirán á nova edición e destácanse algúns dos actos que se van realizar. Tamén se dá conta do percorrido, previo á inauguración, realizada polo director do Salón, Miguelanxo Prado, cos xornalistas e coméntase as súas palabras respecto ás pretensións desta sétima edición.

Mato, Xandre, 'La revolución en viñetas', *La Opinión*, 'Salón del cómic', 18 agosto 2004, p. IV.

Infórmase da presenza na VII edición do Salón Viñetas desde o Atlántico da exposición "La revolución de los claveles en el cómic". Valórase o que se mostra na exposición e fálase do descoñecemento dos galegos respecto aos traballos e autores de cómic portugués e viceversa.

Mato, Xandre, 'Vanse os debuxantes, seguen as viñetas', *La Opinión*, 'Salón do cómic', 22 agosto 2004, p. VI.

Sinálanse algúns dos autores que participaron na primeira semana de "Viñetas desde o Atlántico". Destácase a intervención de José María Berenguer e cítanse verbas deste autor e de Miguelanxo Prado respecto ao cómic *El Víbora* e a súa próxima desaparición. Finalmente, indícase que a primeira semana do salón rematou coa presentación da revista *Noroeste*.

Mauleón, Amaia, 'Los 'nietos' gallegos de Tintín', *La Opinión*, 'Cultura', 11 xaneiro 2004, p. 59.

Achega ás reflexións dalgúns ilustradores galegos sobre o personaxe de Tintín con motivo da celebración do setenta e cinco aniversario deste personaxe, creado polo ilustrador belga Hergé. Fausto Isorna destaca que este autor creou unha escola co seu estilo de liña clara e que o seu éxito radica na capacidade de adaptarse a todos os tempos. Segundo Ramón Lastres, un adolescente de dezaseis anos e moi afeccionado a estes cómics, non lle resulta doado conseguir obxectos do seu personaxe, e os que atopa son bastante caros, ademais de que non logra descifrar a través das viñetas se era homosexual ou nazi, acusacións que rexeita Fausto Isorna e Carlos Portela, que destacan do personaxe a súa defensa dos desfavorecidos. Do mesmo xeito, Miguelanxo Prado considera que non se pode criticar a ideoloxía do personaxe fóra do seu contexto e loa a vixencia destas creacións, presentes entre as lecturas dos máis novos. Finalmente, faise unha referencia á versión cinematográfica que está a levar a cabo o director norteamericano Steven Spielberg.

Montero, Tamara, 'Un novo xeito de entender o cine', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 23 agosto 2004, p. 58.

Faise un repaso á animación galega e aos produtos resultados desta. Detense en proxectos actuais como *Donkey xote*, *Nocturna* ou *Gisaku* e máis detidamente en *Bieito dubidoso*, filme baseado na novela homónima de Roque Cameselle que prepara Deboura Cultural.

Mozo Cajaraville, Alberto, 'O conto, unha excelente canle para fomentar a lectura', *Galicia Hoxe*, 'Lecer', 22 febreiro 2004, p. 8.

Comézase sinalando que o estudo das diferentes formas da literatura infantil e xuvenil son unha excelente forma de motivar ao alumnado na lectura, especialmente a través da expresividade e da creatividade. Destácase a importancia que neste proceso ten o exemplo que dá o adulto e detense no proceso descontinuo da evolución da linguaxe na infancia, froito dun traballo educativo. Considérase o conto un excelente estímulo para construír a personalidade e un bo recurso pedagóxico, ademais de salientar a importancia da lingua, lembrando os decretos que amparan o uso do galego. Tamén se ofrecen unhas suxestións

metodolóxicas para poñer en práctica co alumnado e favorecer a comprensión do texto, do que considera fundamental unha boa selección para adaptalo ás necesidades de cada tramo de idade.

Navarro Paya, Alfredo, 'Miguelanxo Prado en sellos', *Diario de Pontevedra*, 'Crónica de sociedad', 21 marzo 2004, p. 61.

Anúnciase a saída da serie "Correspondencia Epistolar Escolar" dedicada a cómics xuvenís e na que están incluídas algunhas viñetas da obra *Trazo de tiza*, de Miguelanxo Prado. Con este motivo faise unha breve achega biobibliográfica a este ilustrador coruñés de ampla traxectoria, recoñecida a nivel internacional. Sinálase que a historia que recolle a obra á que pertencen as viñetas que van aparecer como selos está ambientada nunha illa perdida do océano e que nela se reflicten sentimentos íntimos e de incomunicación.

Navaza, Nicolás, 'El víbora', la muerte de un clásico de los cómics', *El Correo Gallego*, '(Sobre)vivir', 29 agosto 2004, p. 6.

Dáse conta da presenza en "Viñetas desde o Atlántico" dunha mostra dedicada ao desaparecido cómic *El Víbora*. Sinálanse algunhas características desta publicación e coméntase algunhas das posíbeis causas da súa desaparición.

Novo, Paulino, 'Léxico: os xogos da literatura infantil', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Borboriño biográfico', 21 novembro 2004, p. 5.

Comeza referíndose á importancia dos xogos como elementos fundamentais de aprendizaxe dende a literatura de transmisión oral de todas as culturas. A seguir, céntrase na figura de Lewis Carroll, do que destaca o seu coñecemento dos poemas e cancións infantís, así como dos xogos de palabras, incluídos moitos deles nas súas obras *Alicia no país das marabillas* e *Alicia do outro lado do espello*. Dá exemplos dalgúns casos destes xogos de palabras e outros inventados polo autor e remata recomendando *Nogard* (1994), de Marilar Aleixandre, como exemplo rico en propostas de xogos no ámbito galego.

O. L., 'Coa traxedia do 'Prestige' de fondo', *La Opinión*, 'Cultura', 14 abril 2004, p. 54.

Céntrase na presenza do motivo da traxedia do Prestige no album *Soleil brilant, mer bleue, marée noire*, do francés Christin, e no que participa Miguelanxo Prado como debuxante. Sinálase que o accidente do petroleiro fronte ás costas galegas foi un motivo que veu completar o argumento desta obra e remátase aludindo á boa relación do guionista co ilustrador galego.

Oliveira, V., 'No cadro máis bonito do mundo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 novembro 2004, p. 48.

Anúnciase a presenza da editorial Kalandraka na XVIIIª Feira Internacional do Libro de Guadalajara (México), representada por Xosé Ballesteros e Olalla González. Sinálase que nesta feira, que nesta edición se centra na cultura catalá, o libro *O cadro máis bonito do mundo* (2001) será o fío condutor da feira e do que saíron as imaxes para decorar a sección infantil. Explícase que os dous representantes galegos levarán a cabo sesións de contacontos, lémbranse algúns dos títulos que teñen versionado como *Chibos chibóns* (2003) ou *O coelliño branco* (1998), adiántanse as previsións dos organizadores en canto á asistencia de público.

P.S., 'La Escuela Infantil de Rons acoge la 'Semana del Libro', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 17 abril 2004, p. 14.

Anúnciase que a partir do luns se vai celebrar a "Semana do Libro" na Escola Infantil de Rons, organizada en colaboración coa Biblioteca Municipal. Indícase que esta biblioteca vai ceder máis de cen libros e que con esta iniciativa se quere achegar aos máis pequenos á literatura, atendendo para a selección ás suxestións dos propios mestres.

P.S., 'La guardería acoge una charla sobre la lectura infantil', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 23 abril 2004, p. 14.

Dáse conta da celebración dunha charla na Escola Infantil de Rons sobre a lectura infantil, dentro das actividades para celebrar o Día do Libro, que leva por título "A importancia da lectura na educación dos nenos de educación infantil" e correrá a cargo de José María Portero López, educador familiar do municipio. Tamén se anuncian outras actividades como "Eu son lector", coa que se trata de fomentar a lectura na casa coa axuda da familia.

Pillado, N., 'Una excursión de cuento', *Faro de Vigo*, 'Val Miñor/Área Metropolitana', 10 novembro 2004, p. 16.

Dá noticia da campaña "Ven á biblioteca este mes. A ver que les", organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Nigrán, co fin de achegar o mundo da literatura aos máis pequenos. Sinálase que o descubrimento da biblioteca para moitos rapaces é unha fonte de novas sensacións, polo que queren facerse socios para poder levar libros. Recolle as declaracións de Cristina Aballe, encargada da biblioteca, que salienta o éxito que teñen as visitas, enfocadas como unha excursión na que se vai explicando cómo usar a biblioteca, ademais de contarlles contos e convidalos a falar sobre a igualdade. Por último, recóllese o testemuño de Salvador Navarrete, docente do Centro Priegue, que confirma o carácter positivo desta actividade.

Quian, A., 'Un mundo de cuentos para niños con Down', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 14 febreiro 2004, p. 42.

Anúncianse as primeiras entregas da colección de contos "Makakiños", publicada pola editorial Kalandraka e dirixida a nenos e nenas con necesidades educativas especiais. Editada en colaboración coa Asociación de Tratamento do Autismo (BATA), son volumes nos que o texto e a ilustración se apoian nun sistema de pictogramas baseado nos debuxos e nas cores. Destácase a sinxeleza das obras, ás que tamén pode acceder o lectorado de Educación Infantil para aprender a ler e adiántase que ademais dos dous títulos en castelán editados, tamén está previsto dar a luz na mesma colección unha versión de *Os tres porquiños*.

Quian, A., 'Kalandraka abre selo en Andalucía para canalizar as obras en castelán', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 23 abril 2004, p. 49.

Nova de que a Editorial Kalandraka ten previsto abrir un novo selo en Andalucía, que se vén sumar aos xa existentes en Cataluña, o País Vasco ou Portugal. Dise que nesta nova presentación se darán a coñecer tres títulos: *Un lugar en el bosque*, de Armando Quintero; *Jonás el pescador*, de Reiner Zimnik; e *Pancho*, de Antonio Santos, todos eles publicados xa en galego.

Raña, Patricia M., 'Los 'peques' se refrescan con los cuentos', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 8 xullo 2004, p. 12.

Nova do inicio do "Bibliocampamento", organizado pola Biblioteca Central de Vigo, unha actividade que xorde como alternativa para o tempo de lecer da tempada estival e coa que se quere fomentar o hábito da lectura entre os máis pequenos. Recóllense as palabras dalgúns nenos participantes nas que amosan a súa satisfacción e as da directora da biblioteca, que se refire ao éxito da iniciativa. Explícase que nas xornadas celebradas a temática das actividades xirou arredor da Cincenta.

Rei, Sole, 'Galegos en 'banda', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 xullo 2004, p. 51.

Analízase a industria do cómic en Galicia e ofrécense as razóns polas que, pese á súa aparencia próspera, non é tal. En recadro á parte, destácase o labor de *Polaquia* e *BD Banda*.

S.A, '400 niños dibujan al Ratón Pérez', *La Opinión*, 'Cambre/Culleredo', 27 abril 2004, p. 14.

Dáse conta da participación de numerosos escolares dos colexios de Cambre nos talleres de ilustración que teñen como tema central a exposición de setenta e cinco ilustracións sobre o Rato Pérez, realizadas por debuxantes españois. Anúnciase que o último taller correrá a cargo de Óscar Villán, Premio Nacional de Ilustración.

S.A., 'Paula Carballeira cuenta cuentos a los niños en las bibliotecas', *La Opinión*, 'Cambre/Culleredo', 27 xaneiro 2004, p. 15.

Adiántase a presenza de Paula Carballeira nas bibliotecas de Cambre para contar contos dentro do programa de animación á lectura, organizado pola Concellería de Cultura, sinalando os lugares e datas das súas actuacións.

S.A., 'El 'Ratón Pérez' en más de 70 poses', *La Opinión*, 'Culleredo/Cambre', 3 abril 2004, p. 13.

Sinálase que baixo o título de "O Rato Pérez e o dente dun Rei" se celebra unha exposición de setenta e cinco láminas nas que se recrean diferentes versións deste personaxe. Tamén se dá conta da presenza de Xabier P. Docampo para narrar este conto tradicional na Biblioteca Central de Cambre e anúnciase a celebración de talleres arredor deste protagonista da literatura infantil.

S.P., 'La biblioteca municipal centrará su actividad en la animación a la lectura ', *La Opinión*, 'Narón', 6 febreiro 2004, p. 23.

Adianto das actividades que terán lugar no Concello de Narón dentro das campañas de animación á lectura, nas que se desenvolven os programas "Almorzo con contos", "Contos con xogos" e "Recreacións teatrais de contos". Tamén se anuncia que coincidindo con efemérides como o Día do Libro ou das Letras Galegas se levarán a cabo maratóns de lectura e actividades diversas relacionadas co hábito lector.

Sabarís, Xan, 'Un filme de animación ten 400.000 debuxos', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir verán', 12 agosto 2004, p. 74.

Infórmase da xestación do filme producido por Deboura Cultura *Bieito Dubidoso*, que está baseado no libro homónimo de Roque Cameselle, escritor que tamén o dirixe e que comenta algúns aspectos da produción desta animación, así como o que implica.

Salgado, Fernando, 'Lectorín', al encuentro del futuro', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 22 abril 2004, p. 85.

Faise eco do inicio da sétima edición de "Lectorín", o salón do libro infantil de Vilagarcía de Arousa. Saliéntase que neste marco de animación á lectura se quere tamén que os participantes asimilen valores como a solidariedade, a conciencia crítica, o respecto ao medio ambiente ou a aceptación doutras culturas. Destácanse como novidades desta edición os monográficos sobre creación de viñetas e os talleres de manga e cómic, entre outras.

Sánchez Mediavilla, Emilio, 'La cantera del tebeo', *La Opinión*, 'De verano', 20 agosto 2004, p. VII.

Coméntase o traballo dos diferentes rapaces e rapazas participantes nun taller levado a cabo por Manuel Cráneo na Coruña.

Sánchez Mediavilla, Emilio, 'Tiranos y piratas', *La Opinión*, 'Salón del cómic', 20 agosto 2004, p. VI.

En primeiro lugar destácanse algúns aspectos da adaptación de *Ubú Rey*, de Alfred Jarry, realizada por Jaime Asensi. A continuación, coméntase a intervención no Salón Viñetas desde o Atlántico de Antonio Martín respecto ao tebeo de piratas. Para finalizar, dáse conta da presentación da Asociación Galega de Ilustración.

Sánchez Mediavilla, Emilio, 'Los dibujantes que descubrieron el cómic que querían las adolescentes', *La Opinión*, 'De verano', 21 agosto 2004, p. V.

Tómanse as palabras de Barbara Canepa e Alessandro Barbucci para explicar cómo estes dous creadores conseguiron achegarse co cómic ás adolescentes grazas a *Witch*, cómic de grande éxito que lles provocou o enfrontamento coa factoría Walt Disney.

Santamarta, Rubén / **Ventureira**, Rubén, 'Miguelanxo Prado y Das Pastoras dibujan para dos leyendas del cómic', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 abril 2004, p. 56.

Achega ao labor dos ilustradores galegos Miguelanxo Prado e Das Pastoras, que participan en senllos álbums con autores de renome internacional. Sinálase que Prado está a colaborar co francés Pierre Christin nunha historia que ten como protagonista a unha moza nórdica que viaxa de Escocia a Cádiz, pasando por Coruña e Oporto. Tamén se alude á publicación deste ilustrador dun álbum que ten como escenario a cidade brasileira de Belo Horizonte. En canto ao labor de Das Pastoras, nome artísticos de Julio Martínez Pérez, destácase que se trata do oitavo volume dunha serie creada por Jodorowski, na que até o de agora o debuxante era o arxentino Juan Giménez. Alúdese tamén ao recoñecemento que ilustradores como Kike Benlloch, Alberto Vázquez, Kiko da Silva ou Fran Bueno están acadando fóra de Galicia.

Santamarta, Rubén, 'Viñetas desde o Atlántico enfila su madurez', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 73, 'Cómic', 14 agosto 2004, pp. 8-9.

Anúnciase o inicio da sétima edición de "Viñetas dende o Atlántico" e repásase o cartel previsto na cita deste sector con máis público de toda Galicia. Destácase a presenza de ilustradores galos de gran prestixio, a de dúas mulleres por primeira vez e doutros autores tanto españois como doutros países. Tamén se reproduce unha entrevista con Miguelanxo Prado, director do certame, quen destaca do cartel desta edición o percorrido xeral polo

panorama do cómic. Considera que o público ademais de ir medrando tamén foi madurando e que non se trata de algo dirixido só á infancia. Salienta a importancia deste salón como plataforma para os creadores galegos e considera que non pode competir co que se celebra en Barcelona, senón que se complementan. Remata manifestando a súa idea negativa dos premios aínda que non descarta convocar algún como incentivo nas próximas edicións do salón.

Santos, Agatha de, 'Los cuentos como inspiración ', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 25 marzo 2004, p. 45.

Achega á exposición que a pintora Nuria Rivas ten na sala Ensalle de Vigo e na que toma como referencia os contos da literatura infantil e xuvenil. Sinálase que baixo o título de "Caracor" se representan obras con trazos infantís nunha mostra que "explora los colores más fuertes, aspecto por otra parte muy vinculado con los niños". Remátase cun breve repaso á traxectoria desta moza pintora e profesora de debuxo.

Silva, A., 'A hora do conto', con máis sabor', *Diario de Pontevedra*, *'Minidiario'*, 24 outubro 2004, p. 3.

Anúnciase que "A hora do conto" comeza a súa andaina o vindeiro 6 de novembro no Pazo de Cultura de Pontevedra, unha actividade dirixida por Pavís Pavós. Céntrase a seguir na organización do taller, onde cada sábado dous grupos de rapaces de tres a seis anos e de sete a doce poderán participar nesta iniciativa organizada polo concello. Destácase que este ano decidiron darlle como nome "Contos de sabores", xa que nunha sesión mensual se realizarán pratos que se identifiquen cos contos. Refírese tamén ás actividades nas que participan os cativos como a lectura en grupos ou de xeito individual, así como xogos de teatro ou sobre a temática dos libros. Remata aludindo ao repertorio de Pavís Pavós, no que teñen cabida todo tipo de contos, e ao interese deste grupo por recuperar xogos populares e da tradición oral.

Silva, Araceli, 'Un libro na maleta', *Diario de Pontevedra*, *'Minidiario'*, nº 71, 4 xullo 2004, p. 2.

Aconséllase que durante o verán os máis pequenos dediquen un pouco de tempo á lectura e escritura, polo que se recomenda que se acheguen á libraría e que alí lle boten unha ollada ás abondosas novidades que presentan as editoriais galegas para esta tempada. En columna á parte e baixo o título de "Na librería, un mundo de aventuras", achéganse as suxestións dunha libreira sobre algunhas novidades como *Xan e Pericán*, de Toño Núñez; *The Corunna Boats*, de Xelís de Toro; *Vanesa non quere ser princesa*, de Xosé Antonio Perozo; *Aventuras de Sol*, de Alberto Avendaño; e *Amores de gato e rato*, dos que ofrece o fío argumental e algúns trazos dos seus protagonistas. En columna á parte e baixo o título de "A lectura aumenta entre o público infantil na temporada estival", saliéntase que durante esta época do ano aumentan as vendas das librarías das zonas de veraneo e especialmente de obras dirixidas aos máis novos, posto que estes dedican máis tempo a ler. Tamén se

salienta que os máis afeccionados son os menores de catorce anos, entre os que as preferencias son a narrativa, a novela curta e o conto infantil, así como as obras apoiadas por grandes campañas publicitarias como *Harry Potter* ou *O Señor dos Aneis*, mentres que entre os autores galegos destacan a Suso de Toro e Manuel Rivas.

Souto, Enrique G., 'Más de 15.000 lectores usaron la biblioteca de Frigsa en seis meses', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 21 xullo 2004, p. L3.

Achéganse as cifras de lectores e de préstamos de libros (7.226) que tivo a Biblioteca Municipal de Lugo durante o seis primeiros meses do ano. Dise que os libros galegos máis solicitados foron *Vida e obra de Xaquín Lourenzo e Os bolechas xogan ao baloncesto* e mais *Asústate Merche*, estas dúas últimas no eido da literatura infantil. Tamén se facilitan os datos correpondentes á Biblioteca Provincial, que contou con 21.943 usuarios e 9.402 obras solicitadas.

Torre, Sonia, 'El cómic cobra vida en Ourense', *La Región*, 'Actividades', 2 outubro 2004, p. 67.

Danse a coñecer algunhas das actividades que se van levar a cabo nas decimosextas Xornadas de Banda Deseñada organizadas pola Casa da Xuventude de Ourense entre as que se destaca a promoción e entrega de dous premios e a presenza de varias exposicións en diferentes edificios ourensáns.

V. A., Ángel, 'Que no nos pille desprevenidos', *El Progreso*, 'De actualidad', 30 febreiro 2004, p. 88.

Entre outras novas relacionadas coa provincia de Lugo, anúnciase a celebración do Salón Internacional do Libro Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, na que estarán presentes os lugueses Xosé Miranda, Antonio Reigosa e o Mago Teto.

V.F., 'Piropos a la abuela', *El País*, *'Babelia'*, 'Infantil y juvenil', 3 abril 2004, p. 16.

Comentario de *Avós* (2003), de Chema Heras, do que se sinala que é un conto dirixido a nenos de máis de seis anos, no que a temática xira arredor dos anciáns e que, aínda que foi editado orixinalmente en galego, ten versións en todas as linguas do estado. Ofrécense algúns trazos do argumento e saliéntase que está escrito con moita delicadeza e humor, no que as ilustracións son moi acertadas e no que se ofrece un retrato moi amable da vellez a través dunha historia de gran tenrura.

V.L.V., 'El Concello de Triacastela organiza talleres infantiles', *El Progreso*, 'Sarria', 13 xullo 2004, p. 18.

Dáse conta do programa presentado polo Concello de Triacastela para celebrar unha serie de talleres infantiles entre os que se realizarán obradoiros de teatro.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 26 outubro 2004, p. 67.

Partindo da idea de Bruno Bettleheim de que os contos infantís tiñan como finalidade educativa a aprendizaxe de afrontar os medos e perigos da vida dende as claves dunha fábula, considera que na actualidade esta función a está a realizar o cine. Como exemplo explica o argumento da película *O bosque (The Village)*, na que o protagonista masculino encarna a un novo "Xan sen Medo" que acaba convertido en "Belo Durminte" e no que a protagonista feminina encarna unha nova Carrapuchiña Vermella, que loitará por espertalo.

Varela, Suso, 'Os escritores de 'Contos do Museo' visitan mañá Lugo', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 5 novembro 2004, p. L2.

Infórmase de que o Museo Provincial de Lugo recibirá a visita dos escritores Marilar Aleixandre, Xosé Antón Neira Cruz, Fina Casalderrey e Antonio Reigosa, xa que os catro participarán en *Contos do Museo II*. Explícase que este evento forma parte do proxecto Rutas Literarias polo Museo, unha iniciativa que combina a lecturas de textos inspirados no museo cunha visita dos alumnos de secundaria de toda a provincia de Lugo a el. Dise que na primeira edición participaron Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo, Paco Martín e Xosé Miranda e mais os ilustradores Paco Pestana, Alejandro Carro, Anxo Macía e X.M. Balboa. Tanto no primeiro libro como no segundo recolleranse textos nos que os autores reflitirán as súas impresións sobre unha obra exposta ou sobre o edificio do Museo Provincial. Engádense, finalmente, os premios que levan acadado ao longo da cadansúa traxectoria literaria os devanditos escritores que visitarán o museo.

Varela, Suso, 'Catro destacados escritores galegos visitaron o Museo Provincial para crear un libro de contos', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 7 novembro 2004, p. L4.

Dá conta do percorrido que realizaron polas distintas salas do Museo Provincial de Lugo os escritores Marilar Aleixandre, Xosé Antón Neira Cruz, Fina Casalderrey e Antonio Reigosa, coa finalidade de buscar algo no que basear a historia que integrará *Contos do Museo II*. Recolle impresións que a cada un deles lles mereceu o museo e traslada as palabras de Reigosa, quen asegura que o libro estará listo para o mes de maio de 2005, cando se celebre o Día Internacional dos Museos e que será empregado polos escolares de toda a provincia durante as visitas que realicen á devandita entidade. Finalmente engade que na primeira edición de *Contos do Museo I* participaron Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo, Paco Martín e Xosé Miranda mais os ilustradores Paco Pestana, Alejandro Carro, Anxo Macía e X.M. Balboa.

Varela, Suso, 'Seis autores lucenses presentan novidades de outono en Xerais', *La Voz de Galicia*, 'Lugo', 7 novembro 2004, p. L13.

Achégase información sobre os últimos libros de autores lucenses que vén de publicar a editorial Xerais. Dise que o monfortino Manuel Veiga gañou coa obra *O exiliado e a primavera* o Premio Xerais de Novela 2004, un libro no que se recollen temas como o exilio e as esperanzas postas na última etapa do franquismo, xa que a acción da novela transcorre en tres meses do 1974. Por outra banda, recóllese que o escritor do Courel Xesús Manuel Marcos acadou, coa obra *O Brindo de Ouro I. A chamada do Brindo*, o Premio Merlín 2004, que promove a citada editorial, e realízase un breve percorrido pola produción literaria de Marcos e por outros premios obtidos. Outro libro referenciado nesta noticia é o de Xosé Chao Rego, *Biblia popular galega*; coméntase que se publicou dentro da colección Grandes Obras-Edicións singulares e que recolle a maneira que tiveron os fieis galegos de interpretar e vivir os textos sagrados. Engádese que nesta mesma colección tamén se vén de editar *Galicia en cen prodixios* de Henrique Alvarellos. En columna á parte trátanse as dúas últimas publicacións de literatura infantil de Antonio Reigosa e Xosé Miranda, *Bacoriño* -con ilustracións de Andrés Meixide- e *Álvaro e Álvaro* -con debuxos de Patricia Castelao-, respectivamente.

Vázquez, Doda, 'Viernes de vigilia', *La Opinión*, 'Cascarilla fina', 7 febreiro 2004, p. 13.

Entre outros actos culturais que se levaron a cabo na cidade da Coruña dáse conta da presentación de *Historias do empardecer* (2003), de Manuel María, á que se sinala que asistiron Francisco Pillado, Xurxo Souto e Lino Braxe, entre outros. Achégase brevemente o contido da obra, da que se sinala que está composta por relatos escritos en diferentes momentos e de estilos moi diversos.

Villar, Carmen, 'A secuela de 'El bosque animado' chegará ó cinema a finais deste ano/A secuela de 'O bosque animado' chegará ao cinema a finais de ano', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Sociedad y cultura/Cultura', 26 febreiro 2004, p. 43/62.

Faise eco do grande éxito que está a acadar *O bosque animado*, a nivel internacional e achega outros proxectos desta empresa do audiovisual galego como a continuación con *O Club do Bosque*, ademais de *O soño dunha noite de San Xoán*, que ten prevista a súa estrea para o San Xoán de 2005. Adiántase tamén que entre os proxectos está o de levar a cabo *Compostellanum* ou *Os mortos van de présa*, así como *O asno de ouro*, na que aparece a Galicia da época dos romanos.

VIII. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

VIII.1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Carnero Vázquez, Mª Ofelia, **Cuba Rodríguez**, Xoán Ramiro, **Reigosa**, Antonio, **Salvador Castañer**, Mª Mercedes, *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín*, prol. de Armando Requeixo, Lugo: Museo provincial de Lugo/Deputación provincial de Lugo, maio 2004, 387 pp. (ISBN: 84-8192-262-5) .

Volume no que os autores, coñecidos como grupo 'Chaira', recollen a literatura oral do concello de Abadín (Lugo). O libro ábrese co prólogo de Armando Requeixo, no que dá conta do traballo deste grupo e no que fala doutros estudosos ou publicacións nas que se recompila a literatura oral no norte da provincia de Lugo, da chamada zona mindoniense. A seguir, inclúese a introdución dos autores, na que explican a súa metodoloxía de traballo, incluíndo unha descrición do concello de Abadín, no que realizaron o seu labor de recollida. Finalmente, preséntase o groso do volume, é dicir, a recompilación literaria; os textos recollidos estrutúranse en diferentes apartados, lendas, contos e poesía popular, que á súa vez se subdividen en diferentes categorías, dependendo da súa temática. En cada un destes apartados realízase unha explicación teórica do xénero e explícanse os criterios empregados na subdivisión. O volume péchase cun índice de informantes e lugares e mais cunha bibliografía.

Recensións:

- Xosé Miranda, 'Da fala dos brañegos', *A Nosa Terra*, nº 1.133, 'Enxeños e criaturas', 17 xuño 2004, p. 32.

Informa da publicación de *Da fala dos brañegos*, realizado polo Equipo Chaira, composto por Ofelia Carnero, Xoán Ramiro Cuba, Antonio Reigosa e Mercedes Salvador, que conta cun prólogo de Armando Requeixo. A obra recolle materiais recompilados nos concellos de Abadín, Vilalba, A Pontenova, Begonte, Chantada e A Fonsagrada. Segundo Xosé Miranda, debemos entender a publicación como "unha especie de continuación" de *Cómo falan os brañegos* de Noriega Varela (1928). Os autores da obra teñen como propósito recoller a literatura tradicional antes de que desapareza definitivamente. Miranda define o traballo deste equipo como "modélico, científico e meditado" xa que nos dan o nome de todos os informantes xunto cos datos relevantes (idade, lugar e data exacta da recolleita). Describe a seguir a obra e conclúe cun dos contos que alí aparecen, "O cocho funcionario".

- Ramón Nicolás, 'Literatura oral', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 99, 'Libros', 11 novembro 2004, p. IV.

Comeza falando da situación na que se atopa actualmente a literatura popular de tradición oral, no eido da cal xorde *Da fala dos brañegos*. Na descrición que realiza da obra comeza falando do limiar, autoría de Armando Requeixo, onde se dá unha breve panorámica das colleitas destas manifestacións na área mindoniense ao tempo que repara no necesarias que son este tipo de composicións para "preservar o seu coñecemento e legarllo ás vindeiras xeracións". A seguir, describe rapidamente a obra salientando entre outros trazos, o rigor filolóxico co que son transcritos os textos. Conclúe felicitando aos autores.

Referencias varias:

- Mayte Corbelle, 'Un libro de literatura oral recoge la aportación de 59 vecinos de Abadín', *El Progreso*, 'Terra Chá', 11 xullo 2004, p. 19.

Logo de facer unha breve descrición da obra *Da Fala dos Brañegos,* dá conta da presentación da obra, que recolle a meirande parte da literatura oral da zona e na cal participaron cincuenta e nove veciños do concello de Abadín. Salienta tamén que é unha pequena homenaxe a Noriega Varela.

- Valentín Arias, 'Da fala dos brañegos', *El Progreso*, 'Opinión', 20 outubro 2004, p. 31.

Congratúlase pola publicación do libro, realiza unha descrición del e salienta o feito de que algunha das composicións que aparecen recollidas tamén as escoitou na súa aldea, que dista bastante Abadín. Remata recomendando afervoadamente a lectura da obra.

Fidalgo Santamariña, X. Antón (coord.), *Patrimonio Etnográfico Galego*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2004, 281 pp. (ISBN: 84-96011-61-5) .

Volume no que se recollen as actas do Iº Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego, celebrado en Ourense os días 2, 3 e 4 de maio de 2003 e dedicado á memoria de Xaquín Lourenzo "Xocas". O volume ábrese cun Limiar do coordinador da obra e mais cun artigo de Francisco Miguel Castro Allegue sobre a Lei do Patrimonio cultural de Galicia; tras os que se presentan as catro partes nas que se estrutura a obra: 'O Patrimonio Etnográfico Inmobiliario', 'O Patrimonio Etnográfico Mobiliario', 'O Patrimonio Etnográfico Inmaterial' e 'O Patrimonio Etnográfico, Turismo e Identidade Cultural', nas que se recollen os relatorios de todos os participantes no congreso. Finalmente, o volume péchase coa conferencia de clausura, na que Carlos García Martínez falou de 'Xaquín Lourenzo e o patrimonio etnográfico de Galicia', e mais co currículo de cada un dos profesores que participaron no congreso coas súas ponencias. De seguida, dámos conta dos artigo que interesan neste apartado no *Informe*:

- Enrique Bande Rodríguez, 'O sexo no Cantigueiro Popular', pp. 185-192.
Recompilación de cantigas e ditos do noso cantigueiro popular relativos ao órgano sexual masculino e feminino, ao desexo e ao acto sexual, aos lugares de encontro habitual, etc.

- Marcos Valcárcel, 'Homes e mulleres, nenos, mozos e vellos: a Galicia tradicional no seu propio espello', pp. 193-212.
Tras unha cita de Manuel Rivas, Valcárcel reivindica a importancia da tradición e da historia galega, que foi expresada ao longo dos anos na literatura popular, e quéixase da excasa atención que se lle presta a esta literatura de tradición oral, afirmando que todo o que nela se recolle é froito dos acontecementos históricos da súa orixe. De seguido, realiza unha achega á literatura popular, ás Securos Escuros, á presenza do mundo popular nas letras contemporáneas e ao reflexo da Galicia tradicional nos distintos episodios que

marcaron a súa historia.

Paz, Xavier (coord.), *Levántate, Maio*, Ourense: Concello de Ourense, ♦, 28 abril 2004, col. Auria, nº 8, 165 pp. (ISBN: 84-933176-8-3) .

Libro de recompilación que recolle os resultados do Foro dos Maios de Ourense de marzo de 2004, con partes adicionais que achegan ao lectorado unha visión máis global do contido e as orixes da festa. Nunha primeira parte, ofrécese un relatorio dos intervenientes nas conferencias e na mesa redonda do foro, coas distintas posturas arredor da festa, as experiencias semellantes noutras vilas e cidades ou as solucións propostas polos participantes e estudosos do congreso para tentar reactivar a celebración. En concreto, inclúense as exposicións de Clodio González Pérez, sobre os Maios en Ourense, a de Héctor M. Silverio Fernández sobre as experiencias de revitalizar a festa en Vilafranca do Bierzo e unha mesa redonda final na que se debateu acerca da revitalización neste caso dos Maios ourensáns. Na segunda parte, preséntanse unha serie de estudos e opinións sobre o tema dos Maios. Esta parte componse dunha bibliografía sobre o "Ciclo de Maio", dunha entrevista inédita a Xoaquín Lourenzo sobre o tema dos Maios, dunha serie de artigos de prensa do período comprendido entre 1877 e 2000, entre eles varios de Ben-Cho-Sei e de Vicente Risco, e dunha escolma das coplas cantadas ao longo das diferentes edicións da festividade. Moitas destas cantigas aparecen impresas na súa versión orixinal. Así mesmo, o libro acompáñase de fotografías dos diferentes intervenientes e dunha boa mostra de imaxes da Festa dos Maios ao longo dos seus anos de existencia.

Referencias varias:

- Sonia Torre, 'Los maios se mudan a la Alameda', *La Región*, 'Cultura', 30 abril 2004, p. 59.

Dentro dunha noticia xeral sobre os preparativos para a Festa dos Maios, inclúese a presentación que con motivo da festividade se fixo da recompilación. Sinálase que o libro recolle as achegas do Foro dos Maios do mes anterior á elaboración da nova. Así mesmo, recóllense unhas declaracións de Henrique Torreiro, responsábel da edición editorial do volume, centradas de novo nos contidos máis xerais do mesmo.

- Marcos Valcárcel, 'Viva o maio, florido e festeiro', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 19 maio 2004, p. 64.

Faise referencia á temática básica do libro, a Festa dos Maios, e ao papel que esta celebración xoga á hora de estudar a historia de Galicia. Ademais, faise referencia á inclusión no volume dunha serie de coplas, hoxe entre os fondos da Deputación de Ourense, que anteriormente pertenceron á colección persoal de "Ben-Cho-Sei".

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 19 maio 2004, p. 67.

Sinálase a xénese do libro no Primeiro Foro dos Maios de Ourense e resúmense os contidos da obra. Tamén hai unha breve referencia ao pulo que para a festividade citada supuxo o esforzo dos rexionalistas.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 20 maio 2004, p. 83.

Incídese no tema central do libro, a Festa dos Maios de Ourense, e no importante papel que esta celebración desempeña á hora de estudar a nosa historia. Así mesmo, coméntase a inclusión na obra dunha serie de coplas da colección persoal de "Ben-Cho-Sei", pertencentes á Deputación de Ourense.

- Marcos Valcárcel, 'Un maio censurado da AN-PG', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 21 maio 2004, p. 64.

A referencia á recompilación céntrase aquí no papel que as coplas da Festa dos Maios tiveron como plataforma de crítica política e satírica, especialmente durante as épocas de censura. Así, recóllense exemplos do franquismo ou mesmo da etapa democrática que demostran esta afirmación, con especial fincapé no problema xurdido en 1981 coas coplas publicadas polo Frente cultural da Asemblea Nacional- Popular Galega ou AN-PG.

Poncelas Abella, Aquilino, *Contos e lendas do Bierzo/Cuentos y leyendas del Bierzo*, prólogo de Alfredo Rodríguez Rodríguez, Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos, □, novembro 2004, 338 pp. (ISBN: 84-88635-45-7) .

Volume no que Aquilino Poncellas Abella recompila os contos e lendas que recolleu na comarca do Bierzo. A obra ábrese cun prólogo, de Alfredo Rodríguez Rodríguez, e unha introdución do autor; nestes textos explícanse as razóns que levaron ao autor a realizar unha edición bilingüe e a clasificar os contos en función da súa temática: "Aparece en bilingüe coa voluntade de que poida chegar a canta máis xente millor, cunha división en secciois que a feito se vein utilizando pra millor facilita-la lectura e cun apéndice cos informantes e lugares de procedencia". A continuación, preséntanse os noventa e cinco contos ou lendas recollidos neste volume, se estruturan nas seguintes seccións: 'Estorias e contos da nosa xente', 'Contos de animais', 'Contos de encantamento', 'Contos exemplares e relixiosos', 'Lendas' e 'O fiandón'.

Riobó Sanluís, Benxamín e Miguel Anxo Sartal Lorenzo (coord.), *Fala e Cultura d´Os Tres Lugaris. Valverde do Fresno, As Ellas, San Martín de Trebello (Cáceres)*, Noia-A Coruña: Toxosoutos, □, 2004, col. Divulgación e ensaio, 186 pp. (ISBN: 84-96259-32-3) .

Este estudo é presentado polos seus coordinadores como "plasmación actualizada do traballo *Estudio lingüístico, etnográfico e antropolóxico del Val do Ríu Ellas (Cáceres)*",

gañador do "Certamen de Jóvenes Investigadores" do ano 1993. Na presentación exponse cómo entraron en contacto con esta illa lingüística e como se foi desenvolvendo o traballo. Unha introdución sobre linguas minorizadas tirada de *Estudios de sociolingüística románica*, de Francisco Fernández Rei, serve para centrar os aspectos sociolingüísticos do traballo. A continuación, este volume introdúcenos ao coñecemento do Val do Río Ellas, desde diferentes perspectivas, quedando o aspecto lingüístico limitado á comparación de certas formas, en especial léxico e características fonéticas. Hai que destacar o estudo histórico, contrastando con outras fontes, que intenta chegar a conclusións sobre a procedencia desta illa lingüística e cultural en plena Extremadura. O factor da migración e a repoboación é o máis analizado, aínda que non sexa presentado como razón única ou garante da súa conservación. É destacábel, tamén, o estudo etnográfico e antropolóxico que fai un percorrido desde as lendas sobre a orixe dos topónimos, festas tradicionais, a arquitectura, os traballos ou mesmo a cultura gastronómica presentando receitas propias e os pasos para a súa elaboración. Un apartado especial é o dedicado á nomativización e normalización da fala, onde se analizan os principias problemas para a escrita da fala pero, principalmente, para sistematizar o seu estudo, incluílo nos curriculos escolares e a loita contra a castelanización nas xeracións máis novas. Hai que destacar, tamén, un glosario final no que se presentan palabras diferenciadoras a peculiares respecto da lingua galega, lingua que os propios valverdianos toman como referencia de orixe da súa fala.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, 'Fala e cultura d´os tres lugaris', *El Ideal Gallego*, 17 outubro 2004, p. 4.

Nesta recensión faise historia do traballo de Xosé Henrique Costas, que deu orixe ao volume coordinado por Benxamín Riobó e Miguel Anxo Santal, *Fala e cultura d'os tres lugaris*. O volume é presentado como un amplo estudo lingüístico e antropolóxico do Val do Ellas. O feito da conservación da variedade lingüística é presentada como particular fronte á perda de falantes de galego de Galicia. O aspecto da orixe desta variedade e os movementos migratorios centran a recensión sobre este volume, dando especial importancia a que si é certo que foron galegos os que chegaron a ese lugar.

- Xavier Castro R., 'O galego presente nos 'tres lugaris' de Cáceres', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Estudo', 12 decembro 2004, p. 4.

Recensión e presentación da obra coordinada por Benxamín Riobó e Miguel Anxo Sartal *Fala e Cultura d'Os tres lugaris*, froito da investigación sobre o galego no Val do Ellas, Cáceres. Realízase unha exposición da situación do lugar e dalgún dato histórico no que destaca unha posíbel causa de repoboación nos séculos XII e XIII.

VV. AA., *Cadernos de fraseoloxía galega 6*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia, □♦, 2004, 294 pp. (ISBN: 84-453-3951-6) .

Nova entrega dos *Cadernos de Fraseoloxía Galega* que se abre cunha presentación á que seguen cinco bloques de estudos, unha recadádiva galega inédita, cinco recensións e unha breve "Noticia de traballos fraseolóxicos en curso en Galicia". Do punto de vista literario interésannos un artigo de X. Ferro Ruibal e outro de G. Conde Tarrío.

- Germán Conde Tarrío: *Hernán Núñez (1555) e Gonzalo Correas (1627): os primeiros refraneiros galego,* pp. 27-56.

Faise un percorrido pola historia das recompilacións de paremias en castelán na que se destacan os traballos de Hernán Núñez, *Refranes o Proverbios en Romance* (1555) con cento trinta e catro sentencias galegas, e Gonzalo Correas, *Vocabulario de refranes y frases proverbiales y otras fórmulas comunes en la lengua castellana* (1627) con cincuenta e catro. Anótase o feito de que nos Séculos Escuros paremiólogos non galegos inserisen nas súas obras refráns na nosa lingua e a continuación recóllese o corpus paremiolóxico galego dos dous traballos citados, clasificados segundo as formas que aparecen en ambos como galegas, as que aparecen só nun dos refraneiros (cun apartado específico para aquelas susceptíbeis de estaren en follas perdidas), as que se di que son castelás ou portuguesas (nun ou nos dous autores) e casos especiais. De seguido, preséntase un apartado de paremias alusivas á forma de ser dos galegos e outro á súa forma de falar. Péchase o artigo cunha relación de abreviaturas e bibliografía.

- Ferro Ruibal, Xesús: *Explicitación e implicitación fraseolóxica. Notas galegas*, pp. 57-80.

Aplicación ao caso galego dalgúns conceptos de Mokienko extraídos das súas obras *Fraseoloxía eslava* e *As imaxes da lingua rusa*. Préstase unha mínima atención ás limitacións da fraseoloxía diacrónica. Logo, exemplifícase a dialéctica estabilidade / inestabilidade, posibilitada porque a fixación na memoria colectiva permite introducir variacións que non cambian a mensaxe, con diversas variantes do refrán "Xente nova e leña verde, todo é fume". Canto á explicitación defínese como ampliación dunha *forma minor* a outra *plenior*, e para distinguila da implicitación manéxanse criterios como a frecuencia, a documentación ou a *lectio difficilior praeferenda*. Cítase o humor como un dos principais factores de explicitación e a continuación vencéllase este fenómeno ás locucións, ás fórmulas e ás cantigas. Canto á implicitación resáltase a súa maior frecuencia por razóns de economía lingüística e o feito de que co paso do tempo a parte do refrán omitida se perde facéndoo máis críptico e privándoo da súa literariedade. Péchase o artigo cunha bibliografía.

Recensións:

- M. Quintáns S., 'Un fermoso soño da lingüística galega feito xa realidade', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Estudo', 29 agosto 2004, p. 3.

A partir dunha cita de Xesús Ferro Ruibal, na que o autor alude ao carácter "nacional" e único do corpo fraseolóxico dunha lingua, introdúcese a presentación dos *Cadernos de fraseoloxía* elaborados polo Centro Ramón Piñeiro. Tamén se incide no labor constante que este organismo está a levar a cabo nese ámbito. No segundo parágrafo alúdese á variedade dos traballos incluídos na obra e á intención do seu creador, o propio Ferro Ruibal, de que

fora un proxecto aberto e dedicado á clasificación do rico corpo fraseolóxico galego. Ao fío deste carácter aperturista da iniciativa, faise referencia finalmente aos distintos traballos e contidos da obra dunha maneira moito máis extensa, mesmo incluíndo a cifra exacta dos materiais que nela se inclúen.

VV. AA., *Crónicas Chantadinas*, Lugo: Círculo Recreativo Cultural de Chantada, ♦, 2004, col. Historia, 240 pp. (ISBN: 84-8192-270-6) .

Volume que recolle diferentes artigos sobre a vida cultural da terra de Chantada, recompilados ao longo de dous anos polo Círculo Recreativo Cultural de Chantada. Dende o punto de vista literario interésanos, neste apartado do *Informe* o seguinte traballo:

- Ramón Rodríguez Porto, "A romaría da Virxe do Faro", pp. 165-176.

Despois de ofrecer a localización xeográfica do monte Faro e as características do seu contorno, dáse conta da presenza no cume dunha ermida e repásanse os textos e relatos que teñen como protagonistada á Virxe do Faro nela venerada. A continuación, Ramón Rodríguez Porto, que tamén informa de cómo é a ermida e a santa, deténse nos rituais que seguen os romeiros que visitan a imaxe sagrada e nos actos de celebración do día grande da festividade. Finalmente, alude á tradición de carácter literario existente ao redor da Virxe que, segundo o articulista, se pode levar ao século XIII grazas ás cantigas de Xohán de Requeixo. En tempos máis recentes, nomea, entre outros, a Avelino Gómez Ledo como chantadino que lle consagrou algún verso á Virxe do Faro.

VIII.2. REEDICIÓNS

VIII.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Forneiro, José Luis, 'A literatura oral da Galiza', *Tempos Novos*, nº 84, 'Opinión', maio 2004, pp. 49-51.

Estudo sobre a literatura oral de Galicia, que cobra especial relevancia este ano pola difusión da figura de Xaquín Lorenzo, que dedicou moitos esforzos en estudos sobre esta materia. Para Forneiro a literatura oral xogaba en toda Europa Occidental a fonte básica de transmisión de coñecemento literario até o século XVIII, cando empezou a ser despezada polos sectores letrados da cultura, manténdose unicamente nas clases populares rurais. Di Forneiro que este tipo de composicións populares, transmitidas pola literatura de cordel ou polos cantares de cego, mantiveron contacto co mundo da escrita antes da universalización do ensino, o que explica que en Galicia exista literatura relixiosa, de cordel ou de cego en castelán, algo que desmonta a idea creada no Rexurdimento de que as clases baixas galegas estaban illadas das clases altas e doutras culturas veciñas. Por isto, conta Forneiro, os románticos do século XIX e os etnógrafos de principios do século XX quedaron

decepcionados coa literatura popular galega, que non respondía as súas perspectivas, polo que a riquísima cultura oral foi pouco recollida e estudada pola intelectualidade do país. Con todos estes antecedentes, para Xosé Luís Forneiro hoxe hai uns estudos deficitarios deste tipo de literatura, aínda que haxa quen pense o contrario, e un Corpus mal estudado, polo que pensa que se debería crear un centro que reúna, catalogue e estude este tipo de manifestacións culturais para contribuír a unha mellor comprensión do fenómeno literario. Unha iniciativa que coincidiría coas últimas tendencias da Unesco, que desenvolve iniciativas para preservar o Patrimonio Inmaterial da Humanidade.

VIII.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Gradín, Tere, '¿Quién demonios anda ahí?', *Faro de Vigo*, *'El Sábado'*, nº 353, 28 febreiro 2004, p. 1.

Aproxímase á figura do trasno en Galicia mencionando o interese que esta figura duende/demo suscitou en escritores como Vicente Risco ou Álvaro Cunqueiro, e máis recentemente, en Antonio Reigosa, Agustín Fernández Paz ou Xavier Barreiro; así como ás numerosas crenzas xeradas en toda a xeografía galega, rural e urbana, arredor deses seres do noso universo mítico. De seguido, na sección "Apuntamentos", fai unha breve análise do ensaio *Satanás. Historia do demo*, de Vicente Risco, publicado por primeira vez en 1947 e que vén de ser novamente editado baixo a mirada de Xosé Ramón Mariño Ferro, na editorial NigraTrea. Gradín considérao fundamentalmente como un "bo reflexo do pensamento risquiano, antirracionalista", presentando un Risco "antimoderno" que se identificaba co mundo máis tradicional, polo que a súa visión do diabólico bebe da cultura popular occidental. Remátase valorando moi positivamente esta nova edición, que se complementa con pinturas e esculturas de demo na arte occidental. Este mesmo artigo foi publicado, con algunha modificación e baixo o título 'Trasnos que viven por aquí cerca', o día 27 de marzo de 2004, no xornal *La Opinión*.

Gradín, Tere, 'Trasnos que viven por aquí cerca', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 50, 'Lecturas', 27 marzo 2004, p. 2.

Aproxímase á figura do trasno en Galicia mencionando o interese que esta figura duende/demo suscitou en escritores como Vicente Risco ou Álvaro Cunqueiro, e máis recentemente, en Antonio Reigosa, Agustín Fernández Paz ou Xavier Barreiro; así como ás numerosas crenzas xeradas en toda a xeografía galega, rural e urbana, arredor deses seres do noso universo mítico. De seguido, na sección "Apuntamentos", fai unha breve análise do ensaio *Satanás. Historia do demo*, de Vicente Risco, publicado por primeira vez en 1947 e que vén de ser novamente editado baixo a mirada de Xosé Ramón Mariño Ferro, na editorial NigraTrea. Gradín considérao fundamentalmente como un "bo reflexo do pensamento risquiano, antirracionalista", presentando un Risco "antimoderno" que se identificaba co mundo máis tradicional, polo que a súa visión do diabólico bebe da cultura popular occidental. Remátase valorando moi positivamente esta nova edición, que se

complementa con pinturas e esculturas de demo na arte occidental. Este mesmo artigo foi publicado, con algunha modificación e baixo o título '¿Quién demonios anda ahí?', o día 28 de febreiro de 2004, no xornal *Faro de Vigo*.

López Boullón, Xosé Ramón, 'Cantos de nadal', *Galicia Hoxe*, 'Retallos dunha época', 29 decembro 2004, p. 5.

Repaso á historia das panxoliñas que empeza cunha reflexión sobre este tipo de cantos dende o punto de vista actual, cando priman os cantos de Nadal en castelán ou en inglés. Dentro das pequenas referencias históricas, destacan os compostos polo Marqués de Santillana ou aos escritos no medievo e no renacemento. Para analizar a tradición galega recorre ao estudo de Álvarez Blázquez que clasifica as panxoliñas en romances, aninovos, xaneiras e manoeles, entre os de reis e os propios da epifanía. Cita a outros autores que traballaron neste eido da literatura galega, por exemplo: as irmás Vázquez, Celso Emilio, Amado Carballo...

Miranda, Xosé, 'Mouros gaiteiros', *A Nosa Terra*, nº 1.127, 'Fin de semana', 6 maio 2004, p. 32.

Comentario sobre o traballo que Antonio Fraguas Fraguas publicou en 1962, *Castros de la comarca de Lugo*, mais o que Nicandro Ares publicou en 1967 baixo o título *Castros en torno a Santa Eulalia de Bóveda*, que vén a complementar o estudo citado anteriormente. Cita brevemente o que estes autores salientabas dos castros lugueses, prestando especial atención á presenza neles daqueles seres míticos galegos chamados mouros e mouras.

Nicolás, Ramón, 'Homenaxe poética', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 74, 'Libros', 11 marzo 2004, p. IV.

Refírese á aparición de *Homenaxe poética ao trobador Xohán de Requeixo* (2003) na colección "Poesía Frouseira" e sinálase que se enriquece a edición coa inclusión dun cd que contén a música das cinco cantigas do trobador conservadas, a cargo de César del Caño, xunto coas colaboracións poéticas e literarias de Marica Campo, Ramón Caride Ogando, Xesús Alonso Montero, Xosé Lois García, Gómez Álfaro, Xesús Rábade Paredes, Xosé Neira Vilas, Xulio L. Valcárcel, Emilio Ínsua, Vázquez Pintor, etc. Indícase que este volume xurdiu despois da homenaxe que se lle fixo ao xograr medieval en agosto de 2003 no Monte Faro, coa vontade de recuperar e manter ese espazo onírico e literario do Faro e de Chantada.

Requeixo, Armando, 'Un caderno fermoso da terra de Valdeorras', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poemario', 13 xuño 2004, p. 4.

Dá conta do breve poemario escrito por M. Outeiro Hortas, *Cancioneiriño de Valdeorras*

(2003), prologado por Manuel María e editado pola Agrupación Cultural Lumieira de Carballo de Bergantiños. Comenza referíndose ao "misterio de identidade" deste escritor. Logo fai unha breve achega aos versos deste cancioneiro, que percorre as personaxes, celebracións e mesmo a paisaxe desa zona en particular.

VIII.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Aneiros, Rosa, 'Nove ondas', *El Ideal Gallego/Diario de Arousa*, 'Opinión', 26 outubro 2004, p. 72/56.

Co gallo do cumprimento da primeira década de existencia da iniciativa interescolar "Ponte nas ondas", o artigo lembra a súa proposta de elaboración dunha candidatura do Patrimonio Oral e Inmaterial Galego-Portugués para a UNESCO e fai unha chamada á conservación de tal patrimonio.

Bouza-Brey, Gonzalo, 'Refraneiro e Cancioneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 3 xaneiro 2004, p. 23.

Conxunto de refráns sobre a muller, a vendima e o viño; inclúense, asemade, dous pareados que versan sobre os altos prezos do viño e o pan.

Bouza-Brey, Gonzalo, 'Refraneiro e Cancioneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 10 xaneiro 2004, p. 23.

Recolle varias sentenzas populares sobre as capacidades curativas do viño e uns versos nos que unha rapaza se defende das acusacións da xente de andar co crego.

Bouza-Brey, Gonzalo, 'Refraneiro e Cancioneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 24 xaneiro 2004, p. 24.

Selección de refráns referidos aos problemas económicos derivados do consumo de viño; acompáñanse cunha ilustración de Daniel Castelao e cun poema popular.

Bouza-Brey, Gonzalo, 'Refraneiro e Cancioneiro', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 31 xaneiro 2004, p. 25.

Reprodúcese unha composición de Ramón Cabanillas sobre o viño e mais cinco ditos populares sobre a mesma temática; inclúese, asemade, unha ilustración de Daniel R. Castelao.

Bouza-Brey, Gonzalo, 'Refraneiro/Poemario', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 6 marzo 2004, p. 23.

Gonzalo Bouza-Brey escolle tres refráns populares relacionados co viño, un debuxo de Castelao e un poema de Chicho de Cruces sobre o proceso de produción do Albariño para a sección dedicada a este caldo galego.

Bragado, Manuel, 'Benvido, Samaín', *Faro de Vigo*, 24 outubro 2004, p. 28.

A cada vez maior influencia da festividade de Halloween no noso contorno serve de punto de partida para analizar a onda de norteamericanización da mocidade galega, con especial fincapé no ámbito da cultura. Tamén se reflexiona sobre a orixe céltica da festividade, expoñendo de maneira detallada tales antecedentes. A concepción da festa como patrimonio da memoria mítica leva a sinalar o carácter galego da mesma, e, en consecuencia, a animar a recuperar á recuperación desta tradición.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 7 febreiro 2004, p. 5.

Achega á etimoloxía do nome Candelaria, coa variante Candeloria. Explícase que o nome procede do termo latino *candelorum*, xenitivo plural de candela "vela, candea"); sinálase que o antropónimo xorde a partir da forma Festum Candelorum, "festa das candeas" e que existe, asemade, a forma patrimonial Candea e tamén o cultismo Candela. Indica que na tradición popular hai múltiples referencias a esta festa e lembra que, tanto Eladio Rodríguez no seu *Dicionario gallego-castellano,* como e Antonio Fraguas en *Galicia insólita,* recollen algúns ritos e costumes desta festividade.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 12 febreiro 2004, p. 5.

Achega á tradición oral partindo do estudo dos antropónimos Martiño e Martiña. Recóllense adiviñas e cantigas nos que aparecen estes nomes e tamén cantares que fan referencia ás celebracións en honra destes santos.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 13 febreiro 2004, p. 5.

Continúase coa recolleita de textos da tradición oral sobre os antropónimos Martiño e Martiña, coa incorporación de novas adiviñas e cantigas. Este texto foi publicado novamente, con pequenas variacións, o día 24 de febreiro no mesmo xornal.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 14 febreiro 2004, p. 5.

Preséntanse varios textos populares referentes á festividade de San Martiño. Por unha parte,

refráns e cantigas que explican cómo é a climatoloxía por esa data e qué variacións se producen a partir dela, tamén cantares que aluden á sementeira do cereal en tempo de inverno ou aqueles referentes a que nesa altura aínda queda algún acio de uvas na uveira.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 17 febreiro 2004, p. 5.

O autor retoma neste artigo a festa da Candelaria, que xa foi tratada en entregas anteriores. Recóllense costumes e ritos relixiosos (levar as candeas á igrexa para bendicilas e gardalas para acendelas nun día de trono ou para un Viático). Tamén se incorporan refráns arredor da festa, de carácter temporal ("cando a Candeloria chora, medio inverno vai fóra; que chore, que deixe de chorar, medio inverno está por pasar") e sobre os labores que corresponden a esta época ("Polas Candeas, castra as abellas").

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 20 febreiro 2004, p. 5.

Engádense novos refráns, ditos, crenzas e costumes tradicionais relacionados co día da Candeloria. Dáse noticia dun traballo sobre o tema ("A Candeloria, a festa da luz", publicado nas páxinas de *Galicia Espallada*) e recoméndase a lectura de dúas obras de literatura infantil e xuvenil nas que aparece un personaxe chamado Candelaria: *Os contos de Xoaquín* (1994), de Maruxa Olavide e *Romaxe de desventuras* (1997) de Pepe Carballude.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 24 febreiro 2004, p. 5.

Repítese, con moi pequenas variacións, o texto publicado o día 13 de febreiro neste mesmo xornal, referido á tradición oral que rodea o nome Martiño. Volven aparecer os mesmos refráns, adiviñas e cantigas daquela data.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 25 febreiro 2004, p. 5.

Achéganse novos refráns e cantigas referentes ao día de San Martiño. Todos eles céntranse na climatoloxía e nos labores agrícolas desa época. Finaliza lembrando que moitos anos polo San Martiño hai uns días de sol -o veranciño de San Martiño-, o que pode ser considerado punto de partida da metáfora que denomina os amores dos vellos con mulleres novas.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 26 febreiro 2004, p. 5.

Desenvolve o punto encetado o día anterior verbo do veranciño de San Martiño. Inclúense cantigas sobre o tema nas que se sinala o bo tempo desa data ("o vrau de San Martiño, son tres días e un pouquiño") e a circunstancia de que despois entra o inverno con toda a súa forza ("Tras do veranciño de San Martiño chega Nadal co seu inverniño").

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 27 febreiro 2004, p. 5.

Trátase, novamente, a presenza do San Martiño nas cantigas e refráns da tradición oral e incorpóranse ditos sobre a proba do viño e a alimentación nesas datas.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 28 febreiro 2004, p. 5.

Nova entrega de textos da tradición popular, na súa maioría xa publicados en anteriores entregas, sobre o San Martiño, relativos á climatoloxía e aos labores agrícolas. Incorpora, como novidade, algúns outros sobre o veranciño de San Martiño. Este texto tamén foi publicado, neste mesmo xornal, o 9 de marzo.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 9 marzo 2004, p. 5.

Nova entrega de textos da tradición popular, na súa maioría xa publicados en anteriores entregas, sobre o San Martiño, relativos á climatoloxía e aos labores agrícolas. Incorpora, como novidade, algúns outros sobre o veranciño de San Martiño. Este texto tamén foi publicado, neste mesmo xornal, o 28 de febreiro.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 10 marzo 2004, p. 5.

Recolle refráns vinculados a tres das labores agrícolas que se realizan polas datas do San Martiño: o proba do viño novo, os magostos e a matanza do porco. Os refráns aquí recollidos publicáronse, novamente, o 23 de marzo nesta mesma sección.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 11 marzo 2004, p. 5.

Os dous primeiros parágrafos repiten o publicado o día anterior e engádense dous refráns: "Cada porco ten o seu san Martiño" e "A cada porco lle chega o seu san Martiño" mediante os cales se indica que a todos nos chega unha hora mala ou que todos acaban pagando polas que fixeron. Este artigo publicouse novamente, con pequenas modificacións, o 24 de marzo.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 23 marzo 2004, p. 5.

Recolle refráns vinculados a tres das labores agrícolas que se realizan polas datas do San Martiño: o proba do viño novo, os magostos e a matanza do porco. Os refráns aquí recollidos xa foran publicados o 10 de marzo nesta mesma sección.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 24 marzo 2004, p. 5.

Texto no que se recollen, novamente, os refráns publicados os días 10 e 11 de marzo sobre o San Martiño e os labores agrícolas que nestas datas se realizan.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 25 marzo 2004, p. 5.

Preséntanse, novamente, os refráns recollidos en datas anteriores sobre o veranciño de San Martiño e sobre a matanza do porco, que adoita realizarse por esas datas.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 26 marzo 2004, p. 5.

Recóllense ditos sobre as plantacións que se realizan polo San Martiño; así como sobre outros como a caída das piñas e a relación deste con outros santos.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 27 marzo 2004, p. 5.

Retómanse as explicacións e textos da tradición oral xa publicados en datas anteriores sobre o San Martiño, centrándose no tempo que vai durante o mes de novembro, na sementeira dos cereais de inverno e nos días de sol que adoitan vir nestas datas.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 13 agosto 2004, p. 5.

Céntrase na tradición oral que rodea aos antropónimos Martiño e Martiña, no plano dos cantares populares e as adiviñas.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 14 agosto 2004, p. 5.

Reúnense unha serie de ditos da tradición popular que toman como referencia a festividade de San Martiño. Establécese unha división entre o significado de tales ditos: referentes á lonxitude dos días, ao tempo, á invernía e á presenza de uvas na uveira.

Giadás, Luís, 'San Telmo, patrón de mareantes e de Tui', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'Tradicións: De meigas, trasnos e enfeitizos', 27 xuño 2004, p. 19.

Fala de San Telmo, tamén coñecido como Frei Pedro González, e indícase que, ademais de ser o patrón da cidade de Tui, e o patrón dos mareantes, entre os que xera gran devoción. Fala da traxectoria vital deste santo e das referencia que a el fai Bartolomé Sagrario de Molina na obra *Descrición do reino de Galicia* (1550), facendo fincapé no destacábel lugar que ocupa dentro da tradición popular galega.

Laya Reboredo, José, 'Un bo mozo: San Xián', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 10 xaneiro 2004, p. 18.

Sinala que o antropónimo San Xián está relacionado cun conxunto de variantes do mesmo nome, supostamente pertencentes á mesma personaxe. Fala das celebracións que en Tui e Pontecesures se fan desta festividade e indica que as connotacións qe rodean esta data son, principalmente, metereolóxicas. Indica, tamén, que ten parentescos con outros santos e que se lle atribúen habilidades para liberarse do mal de ollo.

Laya Reboredo, José, 'O porco de San Antón', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 17 xaneiro 2004, p. 20.

Antes de recompilar un conxunto de ditos populares sobre a relación entre San Antón e a cría do porco, José Laya Reboredo explica que o devandito santo é o patrón dos animais domésticos e consigna os principais fitos da súa vida no século III.

Laya Reboredo, José, 'San Brais', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 31 xaneiro 2004, p. 20.

San Brais é retratado como un santo moi querido en Galicia ao que se lle atribúen poderes curativos para os males da gorxa, de aí que exitan unha serie de costumes relacionados con estas doenzas. Achega refráns populares referentes a este santo, moi arraigados na zona do Morrazo.

Laya Reboredo, José, 'Corre-lo Entroido', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 21 febreiro 2004, p. 20.

Indágase nas posíbéis orixes do Entroido e alúdese aos ataques dos moralistas no século XIX e á impotencia da Igrexa que, ante a imposibilidade de combatir esta celebración, decidiu cristianizala. Reproduce refráns sobre esta festa e explica a perda de moitas das súas connotacións como froito da secularización social.

Laya Reboredo, José, 'San Xosé', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 21 marzo 2004, p. 20.

Considérase que o día de San Xosé supón un respiro nos labores diarios e sinálase que, tradicionalmente, esta é a época do ano a partir da que non hai perigo de forte mareas; esta data marca, así mesmo, o tempo para deixar que se reproduza o peixe e o comezo da primavera; todo isto fai que o San Xosé sexa un santo recorrente no refraneiro popular galego.

Laya Reboredo, José, 'Domingo de Ramos', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 4 abril 2004, p. 20.

A tradición que aconsellaba estrear roupa o Domingo de Ramos maniféstase en refráns que que se recollen neste artigo. Sinálase, ademais, que normalmente se desexaba que chovera tanto o Domingo de Ramos, como durante a Coresma, pois isto era considerado un bo presaxio.

Laya Reboredo, José, 'A Pascua de Resurrección', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 11 abril 2004, p. 20.

Fala da especial solemnidade desta festa en Padrón, subliña a crenza popular de que canto máis tarde cadrara esta celebración móbil, mellores consecuencias tería, e recolle ditos que amosan as gañas da xente de rematar os sacrificios da Coresma e dos labores do campo.

Laya Reboredo, José, 'A donicela... e a súa parentela', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 18 abril 2004, p. 20.

Examina as diferentes connotacións que a morte ten na actualidade, con respecto a tempos pasasdos. Fala, ademais, dos diferentes animais que, popularmente, se vincularon coa morte repentina, como a donicela, o alacrán, ou a forcadela.

Laya Reboredo, José, 'A festividade de San Marcos', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 25 abril 2004, p. 20.

Repasa as connotacións que a festividade de San Marcos ten na cultura popular galega, pois é a estas alturas do calendario cando as choivas remiten e, polo tanto, a terra seca e rebrota.

Laya Reboredo, José, 'A Santa Cruz de Maio', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 2 maio 2004, p. 20.

Esta festa, celebrada o día tres de maio, ten especial envergadura en Ribadulla e en Laza, segundo José Laya Reboredo, quen cre que sinala o principio dunha tempada de grande esforzo e de romarías. Remata pasando revista aos distintos significados da cruz.

Laya Reboredo, José, 'A festividade de Santa Rita', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 16 maio 2004, p. 20.

Co gallo da festividade de Santa Rita, José Laya Reboredo sinala que esta santa é moi milagreira e que por iso hai tanta variedade de refráns relacionados con ela. Recolle moitos deles que a amosan como avogada de cousas imposíbeis e alude tamén á crenza de que, ademais do milagre, a santa manda un sufrimento en compensación.

Martín, Paco, 'Non digas mal do ano...', *El Progreso/Diario de Pontevedra*, 'Auga lizgaira', 4 xaneiro 2004, p. 25/24.

Lembra as disputas que se produciron ao redor do ano dous mil sobre a pertenza deste ano ao século XX ou ao XXI e cita os *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, realizados por Francisco Vázquez Saco e publicados polo Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades. A eles acode para aconsellar ao lectorado que non fale mal do ano próximo.

Martín, Paco, 'Portas e chaves', *Diario de Pontevedra*, 'Auga lizgaira', 12 agosto 2004, p. 28.

Pártese da faceta das adiviñas como elementos definidores dos distintos modos sociais e culturais. A partir do maior número de adiviñas que en catalán se refiren a chaves e pechaduras con respecto ás do galego, desenvólvese unha reflexión sobre o papel que ditas chaves e ferraduras desempeñaban nos costumes das aldeas de antano. Estas consideracións serven de base para estabelecer unha comparanza co suceso do hipermercado paraguaio no que os propietarios pecharon as portas condenando á morte a centos de persoas. O autor remata por desexar que as portas das celas deses individuos tarden moito tempo en atopar as súas chaves.

Miranda Ruiz, Xosé, 'Grilos e demachiños', *A Nosa Terra*, nº 1153, 'Fin de semana', 2 decembro 2004, p. 32.

Este artigo céntrase na lenda dos demiños, demouchiños ou demachiños grazas á explicación que Antonio Reigosa e Xoán Cuba fan deste mito no *Diccionario dos seres míticos galegos*. Esta tradición relaciónase coa acumulación de riquezas que emparenta á súa vez coa dos grilos noutras culturas, e mesmo na galega.

Miranda, Xosé, 'Cre aínda alguén nos trasnos?', *A Nosa Terra*, nº 1.141, 'Enxeños e criaturas', 9 setembro 2004, p. 32.

A través de testemuños recollidos en diferentes obras literarias, téntase argumentar que grande número de persoas, pese ás afirmacións xerais, cren aínda nos trasnos e demais supersticións tradicionais galegas. O autor, por comparación coas crenzas norteamericanas, considérao algo normal e mesmo máis razoábel que outro tipo de supersticións hoxe moi estendidas: os horóscopos, a astroloxía e o tarot.

Miranda, Xosé, 'A galiña con pitos', *A Nosa Terra*, nº 1.145, 'Fin de semana', 7 outubro 2004, p. 32.

Fai un percorrido por algúns dos numerosos castros e fontes galegas e mais polos tesouros

que gardadores encantados con forma de galiña rodeada de pitos gardan nelas; menciónase tamén o libro *Contos populares da provincia de Lugo* e fala de Bernardino Graña e dos mestres que fixeron o labor de recompilación.

Neira Vilas, Xosé, 'O Pico Sacro', *El Correo Gallego*, 'Opinión', 20 xuño 2004, p. 2.

Recolle lendas relacionadas co Pico Sacro, como a que fala do traslado do corpo do Apóstolo Santiago, e contraponas aos recentes achados de investigadores que botan por terra estas tradicións. Malia manifestar respecto pola verdade científica, Neira Vilas confesa a súa preferencia polo valor poético desas historias sen probar.

Ripalda, Xosé Lois, 'Aqueles tempos dos arrieiros', *El Progreso*, 'Opinión', 5 marzo 2004, p. 58.

Lembra os costumes dos arrieiros, reflectidos en moitos refráns e cantigas, e explica a súa desaparición motivada pola modernización dos transportes, que fixo innecesario o seu traballo.

Souto, Xurxo, 'Dicionario antroideiro coruñés, edición 2004', *La Opinión*, 'El Domingo', 22 febreiro 2004, p. 1.

Dá conta dos distintos compoñentes do Carnaval coruñés explicando os seus nomes e as razóns dos mesmos.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 19 febreiro 2004, p. 91.

A partir das cantigas da tradición popular para amosa como no Entroido se satisfacían a un tempo as necesidades alimentarias e sexuais.

Valcárcel, Marcos, 'Memoria e identidade', *La Región*, 'Ronsel dos libros', 20 febreiro 2004, p. 69.

Fai referencia ao libro de Manuel Mandianes *O río do esquecemento. Identidade antropolóxica de Galicia* (2003), que define como un ensaio xeral de antropoloxía e sitúao na liña dos redactados por Risco, Taboada Chivite ou Fraguas. Malia lamentar o tratamento dado ao nacionalismo na obra, Valcárcel valora positivamente o seu conxunto.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 20 febreiro 2004, p. 67.

Reprodúcese unha cantiga de Entroido recompilada por González Reboredo e explícase cómo se desafiaban e coqueteaban os rapaces e as mozas nestas festas.

Valcárcel, Marcos, 'Lamas e os antroidos de doutrora', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 23 febreiro 2004, p. 56.

Acode ao primeiro xornal en galego, *O Tío Marcos da Portela*, de Valentín Lamas Carvajal, para recoller anécdotas do Carnaval ourensán, como a que fai referencia ás rapazas que tiraban colonia aos transeúntes.

Valcárcel, Marcos, 'Fartura, desmesura, desafíos', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 24 febreiro 2004, p. 64.

Fálase da estreita relación existente entre o Entroido e as comidas abundantes ou os encontros sexuais, como se que recolle no traballo do antropólogo Xosé Manuel González Reboredo.

Valcárcel, Marcos, 'Non come por darllo ó home...', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 25 maio 2004, p. 64.

A partir das cantigas recollidas por X.M. González Reboredo, Marcos Valcárcel fala da présa que os mozos de antano e do seu posterior arrepentimento. Asemade, amosa versos que, malia a misoxinia que se ten imputado ao cancioneiro galego, critican os comportamentos masculinos.

Valcárcel, Marcos, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 27 maio 2004, p. 83.

A imaxe que a tradición popular amosa das mulleres casadas e os privilexios dos homes son tratados por Marcos Valcárcel, quen ve, igual que Mariño Ferro, no arado dos romances unha metáfora do poder sexual dos homes.

Vázquez, Pura, 'Celtas e druídas, mundo alucinante', *Galicia Hoxe*, 'Verbas na hedra do vento', 30 agosto 2004, p. 5.

Todo o texto presenta unha pormenorizada exposición acerca do mundo dos druídas celtas; as posíbeis orixes, as funcións ou a mestura con outras civilizacións das tradicións druídicas son algúns dos aspectos que se tratan, mesturados con apuntes máis breves acerca do propio pobo celta.

Vázquez, Pura, 'O pintor das viñas', *Galicia Hoxe*, 'Verbas', 25 novembro 2004, p. 5.

Describe liricamente o ambiente de exaltación e xúbilo que inunda a festa da vendima, de destacábel importancia na tradición popular galega.

Vidal Villaverde, Manuel, 'Xa son días de Carnaval', *Galicia Hoxe*, 'Fai fume', 18 febreiro 2004, p. 4.

Recolle as principais tradicións que adornan o Entroido en diferentes puntos de Galicia e amosa a súa esperanza de que as coplas que se adoitan recitar nestas datas reflictan os duros acontecementos producidos este ano e a difícil situación pola que está a atravesar a sociedade actual.

VIII.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Crespo, C., 'Subvencionan a cultura que non é nosa', *La Región*, 'Vox populi', 8 maio 2004, p. 21.

Conversa con Celso Domínguez co gallo da iniciativa da asociación "Álvaro das Casas" para a celebración dos maios na bisbarra do Ribeiro. Refírese á intención de recuperar esta festa que non se celebraba nesa zona dende os anos 30, e que, segundo el opina, é unha tradición que se foi perdendo nas comarcas máis pequenas por falta de apoio institucional ou subvencións por parte dos concellos, que tenden a subvencionar "a cultura que non é nosa" ou apoiar as devanditas celebracións en cidades como Ourense e Pontevedra.

Grandal, Laura, 'Las nuevas ideas penetran poco en el pueblo', *La Región*, 'Cultura', 18 febreiro 2004, p. 67.

Entrevista realizada ao etnógrafo Manuel Mandianes pola publicación do seu libro *O río do esquecemento* (2003), unha análise da identidade antropolóxica en Galicia. Ademais de explicar o significado do título, reflexiona sobre a intencionalidade deste estudo que el mesmo define como "recuperación de memoria". A seguir, comenta algúns aspectos do mesmo como a violencia galega, o carácter independente ou o papel desempeñado pola xeración Nós en materia etnográfica e antropolóxica.

Quian, Alberto, 'O galego é un pobo celta, independente e viaxeiro', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 19 febreiro 2004, p. 54.

Entrevista con Manuel Mandianes Castro, autor de *O río do esquecemento* (2003), no que fai unha achega á identidade colectiva dos galegos a partir de diferentes estudos antropolóxicos e etnográficos dedicados a Galicia. Ao longo da entrevista, define ao pobo galego como un "pobo celta, independente e viaxeiro". Aborda, asemade, o tema da violencia no ser galego, o carácter viaxeiro das nosas xentes ou o apego que sentimos polo espiritual e máxico.

VIII.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A.B., 'Cuentos en Castrelos', *Atlántico Diario*, 'Navidad en Vigo', 24 decembro 2004, p. 4.

Noticia sobre as actividades culturais no parque de Castrelos en Nadal do 2004. Entre elas destacan as exposicións "Bouzas-Vigo, cen anos de unión. 1904 - 2004" e a actuación do contacontos Javier Veiga no Pazo Quiñones de León.

A.R., 'Poetas, raperos, narradores y regueifeiros, en un festival', *Faro de Vigo*, *'Vigo 4 costados'*, 14 setembro 2004, p. 5.

O programa da oitava edición do Certame Internacional de Regueifas, en detalle, é o tema central desta nova. Así, ofrécese unha pormenorizada exposición de datas e participantes. Incídese na heteroxeneidade existente entre os participantes, xa que xunto aos reguifeiros, tamén estarán presentes poetas, rapeiros ou narradores.

Abad, Sandra, 'Las II Xornadas Castrexas abordarán los mitos celtas', *La Opinión*, 'Cambre/Culleredo', 4 setembro 2004, p. 13.

Divulgar a existencia de castros en Cambre e analizar a relación entre as lendas galegas e as irlandesas son os principais obxectivos das II Xornadas Castrexas organizadas polo concello de Cambre. Partindo dos obxectivos das Xornadas e do patrimonio cultural da zona pásase logo a analizar os vínculos entre os mitos celtas e os galegos, para despois dedicar ampla atención aos aspectos máis puntuais das Xornadas: ponencias, data de celebración, visitas, puntos de información sobre as mesmas, etc.

C.F., 'As Xornadas de Cultura Tradicional reclaman atención para os xéneros de trasmisión oral', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 21 xuño 2004, p. 65.

Dáse conta das Xornadas de Cultura Tradicional que tiveron lugar entre Carnota e Lira. Comézase por facer unha panorámica dos diferentes debates que se centraron no cancioneiro tradicional galego, na literatura, mitos e tradicións que se foron transmitindo oralmente ao longo dos séculos. Para rematar, salienta a proposta dun plan de protección para que este tipo de "patrimonio inmaterial" sexa declarado "obra mestra" e evitar así a súa desaparición.

C.V./C.G.M., 'Cita con la tradición', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 10 maio 2004, p. 8.

Faise eco da celebración da "XXII Festa dos Maios" no casco vello ourensán. Comenta brevemente a representación teatral realizada, que se centrou na temática tradicional dos

'maios' que simboliza a chegada da Primaveira; sinala, asemade, que houbo cánticos da tradición popular e que a festa rematou cun baile arredor do maio central.

Cenlumes, Vitelio, 'Vocabulario do millo (II)', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 18 abril 2004, p. 27.

Artigo que recolle diferentes termos relacionados co millo. Aparecen en primeiro lugar algunhas palabras que fan referencia aos "tipos de millo"; séguelle un "glosario de cociña americana do millo", e remata cun pequeno "refraneiro" tipicamente galego centrado neste vocábulo.

Conde, María, 'Un congreso subraya la cultura popular común en ambos lados del Miño', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 2 decembro 2004, p. 47.

Fala sobre o congreso celebrado no Museo de Pontevedra sobre a tradición cultural popular de ambas as dúas beiras do Miño, conformadora dunha identidade propia desa zona.

Díaz, Antonio, 'Os Maios se marchitan', *El Progreso*, 'Terra de Lemos', 7 maio 2004, p. 15.

Informa da celebración da festividade dos Maios, organizada polo Concello de Monforte. Dentro dos actos tivo lugar un recital de coplas nas que se satirizaron diferentes aspectos da cidade de Monforte. Sinala, así mesmo, que esta celebración coincidiu co inicio dunha serie de actividades organizada con motivo do Día das Letras Galegas. Finalmente, dá conta dos gañadores do certame de coplas.

Franjo, F., 'A cova do Pico, única en el mundo', *El Correo Gallego*, 'Area de Compostela', 18 outubro 2004, p. 23.

A publicación da obra *A Cova do Pico* por parte do club de espeleoloxía Maúxo e do Concello de Boqueixón volveu levar á actualidade os mitos que rodean dende antigo ao Pico Sacro. As referencias históricas mestúranse aquí coas diversas lendas que se asocian a esta sima. A da moura e a da Raíña Lupa son quizais as máis coñecidas.

Franjo, F., 'Un carst único no mundo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 outubro 2004, p. 44.

O Pico Sacro, un dos lugares da maior misterio e engado da nosa xeografía, volveu estar de actualidade coa publicación do libro *A Cova do Pico* por parte do Concello de Boqueixón e o club de espeleoloxía Maúxo. Entre as historias fantásticas que se asocian a esta sima, probabelmente dúas das máis coñecidas sexan as da moura e a da Raíña Lupa, se ben no caso do Pico Sacro, a historia mestúrase en numerosas ocasións coa lenda.

Furelos, Víctor, 'Impulsan la prevención para frenar los incendios forestales', *El Correo Gallego*, 'Ourense', 30 abril 2004, p. 26.

Ademais de facer referencia a outras noticias na provincia de Ourense, tamén se dá conta da celebración da Festa dos Maios, da que destaca o tradicional concurso de coplas no que se fai referencia á vida social e política ourensán.

Giadás, Luís, 'Peneirando a lenda', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'De meigas, trasnos e feitizos', 29 agosto 2004, p. 19.

O mito da raíña Lupa e a súa considerabél extensión no territorio galaico teñen relación coa orixe do ciclo xacobeo. Partindo desta afirmación, faise referencia a unha serie de lendas recorrentes en tal ciclo: os bois, as serpes ou o Pico Sacro. Non obstante, a especial preeminencia que se lle concede á historia da raíña Lupa confírmase co despece, no que de xeito monográfico se fai referencia á crenza da súa transformación en serpe e ao intenso do seu vivir e morrer.

Giadás, Luís, 'O país da ofilatría', *Galicia Hoxe*, *'Lecer'*, 'De meigas, trasnos e feitizos', 19 setembro 2004, p. 15.

Continuando cunha serie semanal, vólvese incidir sobre as historias e lendas que relacionadas coas serpes existen en Galicia. Partindo da explicación dos actuais cultos ofilátricos, faise referencia a unha serie de serpes terrestres sonadas, como a do bosque de Cons. Así mesmo, tamén se sinala a relación destes animais con algúns dos máis famosos mitos do noso patrimonio lendario. É o caso de Roldán ou San Xurxo. O artigo complétase cuns apuntes que versan sobre a concepción das serpes como gardiáns de tesouros e sobre a que supostamente habita no castelo de Riocobo, na zona da Mariña.

LR, 'Unha ponte de musgo cara o novo milenio', *La Región*, 'A festa dos maios', 3 maio 2004, p. 8.

Refírese a cómo se desenvolve a tradicional Festa dos Maios en Ourense, que para o seu edil José Araujo "pretende recuperar os seus aspectos máis antigos". Segundo se indica, a afluencia de público, que contemplou distintos Maios artísticos e escoitou as coplas que cantaron os participantes, foi multitudinaria. Moitos seguiron tamén a elaboración dun "maio enxebre" en directo, entre eles os máis de cen fotógrafos que participaron no certame "Ourense en pé de foto".

M.S., 'Maios y coplas se citan en la Alameda', *La Región*, 'Concello Actualidad', 27 abril 2004, p. 14.

Dá conta da festividade de Os Maios no concello de Ourense. Con motivo desta festa convocouse un concurso para premiar aos mellores maios e ás mellores coplas. Informa das

bases do concurso, quen pode participar, cantas categorías haberá, a contía dos premios tanto para os maios como para as coplas e o prazo de inscrición.

MARÉ, 'Ourense acolle a oralidade galego portuguesa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 maio 2004, p. 58.

Informa da celebración do espectáculo "Do Miño?...Minhoteiro. Mostra da Oralidade Galego-Portuguesa", que terá lugar o día 9 de xuño no Teatro Principal de Ourense e que forma parte dunha proposta global de fomentar a cultura oral de Galicia e Portugal para que esta sexa recoñecida pola UNESCO como "Patrimonio da Humanidade". Dá conta dalgúns dos participantes, xunto co teléfono e lugar para adquirir entradas.

MARÉ, 'Coa literatura de tradición oral en Galicia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 12 xuño 2004, p. 50.

Faise eco da celebración das V Xornadas Internacionais da Cultura Tradicional, dedicadas este ano á *Literatura de Tradición Oral en Galicia*. Nelas deféndese a proposta de declarar esa cultura oral como 'Patrimonio da Humanidade'. Séguese por facer unha enumeración tanto das diferentes conferencias do seminario, que financia a Dirección Xeral de Política Lingüística, como das diversas actividades paralelas e actos lúdicos organizados pola Asociación cultural Canle (Lira).

MARÉ, 'Fálame e contesto', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 setembro 2004, p. 61.

Dá conta da celebración do Certame Internacional de Regueifas, celebrado en Vigo no mesmo día da publicación do artigo. Incídese no papel deste certame á hora de recuperar eses desafíos orais en verso, e noutras posíbeis iniciativas que tamén se poderían levar a cabo neste senso en combinación coa poesía escrita. Outras manifestacións orais tamén presentes no certame, como a propia poesía ou mesmo o hip- hop, así como as diferenzas entre este último e as regueifas, son outros dos aspectos que tamén se citan.

MARÉ, 'Nun futuro compartido', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 outubro 2004, p. 66.

Sinala que os indicios positivos por parte da UNESCO para a aceptación da candidatura do patrimonio oral e inmaterial galego- portugués supoñen un éxito para esta iniciativa transfronteiriza impulsada pola sociedade civil e apoiada polos gobernos de Portugal e de Galicia. Un dos aspectos que ten influído positivamente no pronunciamento da UNESCO é o feito de que no 2005 se celebre en Santiago o encontro anual das Escolas Asociadas deste organismo a nivel nacional. Remátase cunha nova alusión ao papel dinamizador que a Comisión Promotora da iniciativa está a desempeñar co fin de acadar a definitiva aprobación da mesma o vindeiro ano.

N.A., 'Pola revitalización da tradición', *Faro de Vigo*, 'Especial navidad y fin de año', 22 decembro 2004.

Dá conta do II Obradoiro de Cantos e Danzas de Reis organizado pola Asociación de Veciños Casco Vello e destaca, de entre todos os talleres programados para estes días, o obradoiro impartido por Elena Pérez sobre cantos e o de María Prego sobre danzas. Fai, así mesmo, unha relación das actividades que culminarán cun pasarrúas o 4 de xaneiro.

N.P., 'Redondela se viste de flores', *Faro de Vigo*, 'Área metropolitana/Redondela', 2 maio 2004, p. 13.

Fai referencia á Festa dos Maios, que un ano organiza o Concello de Redondela, e dá conta de que un dos momento máis esperados foi a lectura das coplas na cal se repasaron con ironía temas variados da actualidade social e política. Dentro da mellor interpretación da copla, o gañador foi "Xuventude de Samar", e o primeiro premio foi para "As de Sempre" seguido de "Arbusto" e "Maio de Oz".

Reboiro, X.A., 'Carballiño medita suspender los 'maios' mientras en O Ribeiro intentan recuperarlos', *La Región*, 'Carballiño', 25 abril 2004, p. 20.

Informa de que este ano non se celebrará o tradicional concurso de Maios no Carballiño como o viñan facendo dende hai moito tempo; sinala, por outro lado, que no Ribeiro se intenta recuperar esta tradición secular ofrecendo premios para os mellores traballos e coplas.

Rodríguez, Nuria, 'A memoria dos avós', *La Opinión*, 'A Coruña', 21 setembro 2004, p. 14.

A iniciativa da Asociación Cultural Conversas, do IES Urbano Lugrís da Coruña, para recoller tradicións orais dos maiores da nosa terra, é o tema central do texto. Na primeira parte do mesmo, indícanse as razóns que motivaron o proxecto, culturais e económicas, así como os resultados que del se obtiveron. Nun segundo intre, recóllense as liñas xerais das historias que os anciáns foron contando. Finalmente, ofrécese unha panorámica xeral das diferentes persoas que puxeron voz ao proxecto, e introdúcese unha nota crítica co feito da posibél paralización da iniciativa por falla de subvencións, un aspecto que tamén se recolle no despece complementario que acompaña ao artigo.

Rodríguez, Nuria, 'María Inés Cuadrado. 'Todo contacontos herda a palabra', *La Opinión*, 'El personaje', 30 novembro 2004, p. 14.

Presenta á actriz María Inés Cuadrado e informa sobre o curso de contacontos que impartirá no Campus de Elvira.

Souto, Xurxo, 'O cartafol do carnaval', *La Opinión*, 'El Domingo', 8 febreiro 2004, p. 16.

Recolle unha breve mostra do "tesouro" dalgunhas das letras de cancións antigas, de hai máis de cincuenta anos, que acompañaron a mocidade en tempos de posguerra dunha señora maior, Carmen Barbeito. Atópanse todas elas recompiladas nun cartafol que Luís Varela lle entregou a Xurxo Souto e do que dá conta neste texto.

V.O., 'As lendas galegas seméllanse ás hindús', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 setembro 2004, p. 50.

En relación co congreso "Antropoloxía do Mundo Indoeuropeo", celebrado no Instituto de Estudos Galegos "Pai Sarmiento", recóllense as declaracións do experto en mitoloxía Francois Delpech. O profesor francés sinala os puntos de confluencia entre o folclore galego e o británico, a semellanza das lendas da nosa terra coas francesas, italianas e hindús, e a riqueza do folclore galego, aínda sen explotar. Para Delpech, os parecidos da mitoloxía galega coa de puntos tan dispares como os citados débese a que todos eles pertencen á mesma área cultural, a indoeuropea. Finalmente, o profesor sinala a necesidade dun traballo de campo máis intenso sobre estes temas, mesmo co seu recoñecemento como ciencia nas universidades.

Valcárcel, Marcos, 'Sabe temperar o arado...', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 26 maio 2004, p. 64.

Analízanse os arquetipos presentes nas cantigas populares sobre os matrimonios. Así, subliña primeiro a diferenza de tratamento entre homes e mulleres, para logo interesarse nos matrimonios interesados e na presenza do sexo.

Vázquez, Miriam, 'Cuentos de hadas sin un final feliz', *El Progreso*, 'Al sol', 13 agosto 2004, p. 104.

Faise referencia á aura mítica e fantástica da fortaleza de San Paio de Narla, xustificada a continuación pola narración dos dous amores desgraciados que, segundo a lenda, tiveron lugar nela. Sinala que un deles, o existente entre a filla do señor e un servo daría lugar á existencia da Cova da Serpe, que hoxe en día é unha das atraccións que o municipio de Friol, onde se sitúa o castelo, promove para manter viva a lenda e potenciar o coñecemento da época histórica na que tivo a súa orixe.

IX. REVISTAS

A Caramuxa
(DL:C-348-2000).

Revista galega das artes, letras e pensamento editada por Toxosoutos. A súa periodicidade é variábel. Fundada no ano 2000, a publicación xorde vinculada ao Colectivo Sacou, un grupo de novos escritores e artistas que teñen como obxectivo a defensa da cultura galega. A partir do ano 2001 mudou de formato e adquiriu depósito legal, ampliando os seus contidos e o número de páxinas. Dende entón adoita tirar dous números anuais, con portada do pintor Alfonso Costa. No interior, a revista acolle as creacións plásticas de diferentes mozos. No ano 2004 viu a luz o número 12. Inclúe poemas de Manuel Lòpez Rodrigues ("Logo nom venhas deitando sonhos pola beirarrua..."), Ramón Blanco ("O rapto de Europa..."), Iria Lago ("Aínda coñecendo o meu odio hacia os cans..."), Elvira Riveiro ("Calmizo"), Mario Regueira ("Teño anacos de louza cravados nos ollos...") e Oriana Méndez ("A verdade de todos estes labirintos está fóra..."). No que atinxe á prosa ficcional, a revista presenta as pezas "A Maruxa do Tempo", de Enrique Picón, e "As anduriñas", de Ramón Carredano. Pecha o número un manifesto de Noel Blanco Mourelle titulado "Letras Sinistras".

Agália. (Revista de ciências sociais e humanidades)
(DL: C-250-1985) (ISSN:1130-3557).

Revista de estudos socio-culturais que se edita semestralmente. Foi fundada no ano 1985 e está vinculada á asociación AGAL. Nos seus primeiros dez anos, Agália estivo dirixida pola presidencia de AGAL, con Joám J. Costa Casas como coordinador. O consello de redacción estaba integrado por oito persoas, equipo que foi medrando até cegar aos trece componentes cos que conta na actualidade. Nunha segunda etapa, que comprende dende o número 41 (primavera de 1995) até o número 61 (primavera de 2000) tivo a Mª do Carmo Henríquez Salido como directora. Dende o número 62 (verán de 2000) o seu director é Carlos Quiroga. Nesta última etapa, a partir do número dobre 63-64 (correspondente ao segundo semestre do ano 2000) Agália presenta un novo deseño na capa, opta pola periodicidade semestral e engade o subítulo: "Revista de ciencias sociais e humanidades". No enderezo electrónico <http://agal-gz.org> están localizábeis os índices dos diferentes números desta revista dende o número 56 (inverno de 1998) até a actualidade. É posíbel, asemade, consultar en liña algúns destes traballos. En 2004 editáronse dous números dobres: o número 77/78, correspondente ao primeiro semestre do ano, e o número 78/80, correspondente ao segundo semestre. O primeiro número dobre consta das seccións "Memento", "Estudos", "Poesía italiana", "Crónica", "Entrevista", "Notas", "Recensons", Percurso" e "Livros e Revistas". Na sección dedicada á poesía ofrécense versións dos poetas italianos Adriana Sartor, Marina Stroili, Ludovica Cantarutti e Gianni Cadorin. O número correspondente ao segundo semestre estrutúrase, á súa vez, nos apartados "Estudos", "Poesía", "Entrevista", "Notas", "Recensons" e "Percurso". No apartado de poesía preséntanse textos de Roberto Samartim, Mário Herrero Valeiro e Ramiro Torres.

Referencias varias:

- M.B., 'Las marionetas de la mejor escuela del mundo se exhiben en Santiago', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 17 marzo 2004, p. L10.

Dáse noticia da apresentación das revistas *Agália* e *Mealibra* na Sala Nasa nun acto no que actuou o marionetista ruso Alexandre Vorontsov e mais a actriz turca Saabath Passos co espectáculo *Dança comigo*.

Alameda
(DL:C-888-2000).

Revista que se ocupa das manifestacións culturais da vila de Noia. Foi fundada no ano 2002 pola Sociedade Liceo de Noia. O coordinador é Cándido M. Prego Rajo. O consello de redacción está formado por Xosé Agrelo Hermo, Ramón Carredano Cobas, María Antonia Castro Patiño, Pedro García Vidal, A. Ventura González Arufe e Xosé Moas Pazos. A revista consta das seguintes seccións fixas: "Historia do Liceo", "Pinceladas Sanitarias", "O ensino en Noia", "Xeografía", "Personaxes", "Historia", "Cancións de Noia", "Visións de Noia" e "Os nosos libros". Ás veces tamén se inclúe a sección "Poesía". Durante o ano 2004, viron a luz os números 14 (marzo), 15 (xuño), 16 (outubro) e 17 (decembro). No que atinxe ás pezas de creación en lingua galega, o número 16 presenta un conto de Beatriz Dacosta Molanes titulado "Goodbye my friend", que resultou gañador do I Concurso de Contos Liceo de Noia.

Amastra-n-gallar
(DL:134-2002).

Revista de poesía e pensamento poético vinculada á editorial Amastra-n-gallar, que dá tamén ao prelo unha serie de cadernos poéticos de autores galegos e estranxeiros. A súa periodicidade é variábel. Foi fundada no ano 2001 co obxectivo de difundir a creación, o ensaio e a tradución de poesía. Da dimensión filosófica da revista dá testemuño xa o seu primeiro número, onde diferentes autores fan as súas achegas en torno ao concepto de "acto poético". O director da publicación é Emilio Araúxo. É norma na revista que os textos dos colaboradores estranxeiros se traduzan ao galego na primeira parte de cada volume, para ser reproducidos despois na súa lingua orixinal. Durante o ano 2004 publicáronse tres números de carácter monográfico. O número 6, dedicado a René Char, recolle obras de creación e de reflexión sobre o poeta francés. O número 7 está dedicado a Uxío Novoneyra. Inclúe poemas de Alfonso Becerra de Becerreá ("Pranto por Uxío Novoneyra"), Carmen Blanco ("A palabra que queda", "Chove para que soñes, Novoneyra en Lugo" e "Asturcón"), Maite Dono ("Un poeta"), Manuel María ("A Uxío Novoneyra"), Luísa Villalta ("Réquiem por Uxío Novoneyra") e Guennadi Aigni ("Aquí"), entre outros. Ademais, inclúense breves reflexións críticas de escritores como Daniel Salgado, Paulo Vázquez, Olga Novo, Xabier Cordal, Cesáreo Carballido, Arturo Casas, Xulio López Valcárcel ou Vicente Araguas. O número 8 (outono), está concibido como un monográfico arredor do poeta francés Claude Royet-Journoud, con achegas críticas e poéticas sobre o autor.

Recensións:

- F.M.B., 'De Uxío Novoneyra a Guennadi Aigui e Alain Badiou nas páxinas de Araúxo', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Olladas', 19 setembro 2004, p. 2.

A recensión fai un percorrido pola historia da revista, dende a súa aparición no ano 2001 até o número 7, monográfico dedicado a Uxío Novoneyra e Guennadi Aigui. Ademais de glosar as intervencións dalgúns dos críticos e poetas que participaron na homenaxe a Novoneyra, recolle tamén as achegas teóricas do número e salienta a capacidade da revista para vincular poesía e filosofía.

- Vicente Araguas, 'Unha nova exaltación xustísima de Novoneyra', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Poesía', 10 outubro 2004, p. 3.

Faise un repaso polo número dedicado a Uxío Novoneyra, onde se salienta a participación de Koldo Izaguirre, tradutor ao euskara d'*Os Eidos*, labor que fora supervisado polo poeta galego. Araguas valora asemade a traxectoria poética de Novoneyra, de quen destaca a súa independencia de modas e tendencias. A recensión remata valorando a iniciativa editorial de Araúxo, cualificado de "robinsón" e "resistente".

Referencias varias:

- Xosé Ramón Pena, 'Retorno a Paul Celan', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 72, 'Libros', 26 febreiro 2004, p. IV.

O autor fai unha reseña do número 4 (inverno de 2003-04) da revista Amastra-N-Gallar, dedicada ao poeta austríaco Paul Celan. Despois de achegar algúns datos biobibliográficos sobre o homenaxeado, repasa os artigos recollidos no número especial, destaca o feito de que fosen publicados na súa lingua orixinal, ademais de en galego, e saúda a iniciativa editorial de Emilio Araúxo.

- Manuel María, 'Os interesantes e orixinais cadernos de Araúxo', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Homes, feitos e palabras', 11 abril 2004, p. 8.

Manuel María dá noticia do labor de difusión da poesía galega e estranxeira levado a cabo por Emilio Araúxo nos seus cadernos Amastra-N-Gallar. Asemade, informa de que a revista homónima inclúe nas súas páxinas pezas de creación e artigos teóricos sobre a poesía. A seguir, o autor fai un repaso por outras iniciativas bibliófilas de ámbito galego e estatal e deixa constancia da necesidade de que as institucións lle dean recoñecemento económico a este tipo de iniciativas culturais.

- Vicente Araguas, 'Amastra-G-Gallar', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 9 outubro 2004, p. 72.

A columna de Vicente Araguas constitúe unha semblanza humana e literaria de Emilio Araúxo. Salienta o seu paciente esforzo como editor e a súa procura de referentes distantes,

tanto poéticos como filosóficos, para incorporar á cultura galega. Destaca que o último número da revista *Amastra-N-gallar* se dedicase a homenaxear a figura de Uxío Novoneyra.

Anacos para Borobó

Revista de homenaxe a Raimundo García, Borobó, vinculada ao Concello de Pontecesures. No número 0, que viu a luz no ano 2004, distintos escritores galegos participan con cadansúa semblanza do xornalista, nas que alternan a prosa e o verso. A revista recolle as colaboracións de Rafael Louzán Abal ("Raimundo García, un home comprometido"), M. Luis Álvarez Angueira ("Unha homenaxe ben merecida"), Avelino Pousa Antelo ("Lembranza de Borobó"), X. L. Franco Grande ("Borobó escribindo anacos"), Helena Villar Janeiro ("No meu xardín, 'Carlota' e 'Borobó'"), Xesús Alonso Montero ("Dúas datas na vida dun republicano singular: 1936, 1939"), Isaac Díaz Pardo ("O exemplo cordial de Borobó"), Xoán Guitián ("¡Borobó sempre!"), Bernardino Graña ("Contactos na noite"), Xabier del Valle-Inclán Alsina ("Retrato de Raimundo García Domínguez"), Perfecto Conde ("O soto de 'Chan'"), Xulio Maside ("Borobó"), Máximo Sar ("Os periplos de Borobó"), David Otero ("Crónica de tres a tres en trece anos"), X. L. Méndez Ferrín ("Proposta dunha homenaxe a Borobó"), Gonzalo Bouza-Brey ("Borobó, un exemplo arousán") e Raimundo García Paz ("Da súa man").

Recensións:

- Mercedes Sangueira, 'Anacos para Borobó' reúne a grandes firmas de Galicia arredor da figura do xornalista', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 24 outubro 2004, p. 25.

A autora describe o contido da revista *Anacos para Borobó* incidindo nas achegas dos distintos colaboradores que renden homenaxe ao xornalista. Salienta as intervencións de Xesús Alonso Montero e Xosé Luís Méndez Ferrín. Este último propón crear un grupo de investigación encargado de recompilar "a obra borobónica e preparar tal corpus para ser editado".

Referencias varias:

- C.B., 'Con Borobó', *Galicia Hoxe*, 15 agosto 2004, p. 60.

Saúdase a aparición da revista *Anacos para Borobó*, homenaxe do Concello de Pontecesures a Raimundo García Domínguez, e faise referencia á figura deste home de letras, e do seu papel de animador dos escritores mozos. Déixase constancia, ademais, da súa participación habitual no xornal *Galicia Hoxe*.

- C.B., 'Anacos para Borobó' se presentará en septiembre', *El Correo Gallego*, 'Cesures', 15

agosto 2004, p. 35.

Anúnciase a data de aparición da revista *Anacos para Borobó*, ideada a imitación do xénero dos "anacos" característicos da creación xornalística do escritor. Destácase a tiraxe (2.500 exemplares) e a participación de escritores como Isaac Díaz Pardo, Alonso Montero, Franco Grande ou Perfecto Conde.

- C.B., 'Homenaje a Raimundo García Domínguez', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 22 outubro 2004, p. 37.

Infórmase da celebración dunha homenaxe a Borobó con motivo do seu cabodano, onde asemade se presentará a revista *Anacos para Borobó.* Achégase a nómina de participantes da revista e os asistentes previstos ao acto.

- C.B., 'Compromiso, ética e avatar en 'Anacos para Borobó', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 outubro 2004, p. 50.

Reseña a actividade intelectual do xornalista vinculado ao grupo La Noche, ao fío da celebración da homenaxe do concello de Pontecesures, que cualifica ao tempo de concorrida e familiar. Ademais, descríbese o número da revista *Anacos de Borobó*, da que se destaca a presenza de "16 relatos curtos escritos por insignes plumas da literatura e cultura galega".

- C.B., 'Laudas para el creador de 'Anacos', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 23 outubro 2004, p. 37.

Faise referencia tanto ao acto de homenaxe a Borobó organizado polo concello de Pontecesures como á presentación da revista *Anacos para Borobó*. Participaron no acto Carlota Paz, vivúva do xornalista, Xoán Guitián, Alonso Montero e Álvarez Angueira, que cualificou ao homenaxeado de "auténtico cronista oficial do pobo".

- M. Angueira, 'Cesures homenajea a 'Borobó' un año después de su muerte', *Diario de Arousa*, 'Ulla/Umia', 23 outubro 2004, p. 22.

Informa do acto de presentación da revista *Anacos para Borobó*, na que participaron Manuel Luis Álvarez Angueira, Xesús Alonso Montero e Xoán Guitián, que puxeron de relevo a significación cultural e social de Manuel Luis Álvarez Angueira.

Anima + l
(DL:C-541-96) (ISSN:1137-599 X).

Revista cultural de periodicidade variábel vinculada a Edicións Positivas. Fundada en febreiro de 1991, na súa primeira etapa levaba como subtítulo *Revista cultural para todas as especies*. O seu primeiro director e coordinador foi Xelís de Toro. A partir dos números 8, 9 e 10, publicados no ano 2000, o consello de redacción estivo integrado por Francisco Macías, Xis Costa, Olalla Cociña e Comba Campoy. No número 13, publicado no ano 2003, constaban como redactores Xis Costa, Olalla Cociña, Comba Campoy, Xavier Campos e Moisés Álvarez. Actualmente, a revista non presenta seccións fixas. No ano 2004 publicáronse os números 14 (correspondente ao verán) e 15 (correspondente ao inverno-primavera). Houbo cambios no consello de redacción, agora integrado por Carlos Santiago, Comba Campoy, Xis Costa e o Colectivo Onofre Sabaté. O deseño e maquetación da revista, que experimentou cambios substancias con respecto á súa orixe, é responsabilidade de Roberto Novo. O número 14 é un especial sobre a retranca, que inclúe unha entrevista conxunta aos membros do colectivo Camisetas de Once Varas, Aduaneiros sen Fronteiras e Carlos Meixide, como representante de Burla Negra. No tocante á creación poética, reprodúcese a "Danza das vellas que beberan viño", poema incluído na *Seara de romances* (1952) de Eliseo Alonso. Antón Corsario asina o apartado de banda deseñada. O número 15, dedicado ao tema da contrainformación, é menos abondoso en achegas literarias. Na sección de debate, achégase un coloquio sobre Nunca Máis, coa participación de Sechu Sende, Xesús Ron, María Casal, Antón Dobao, Uxía Senlle e Gáspar Méndez. Pola súa banda, Branca Novoneyra presenta unhas reflexións de ton ensaístico sobre a danza entendida como "utopía do movemento".

Recensións:

- Xosé Ramón Pena, 'Animal, Animal', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 97, 'Libros', 28 outubro 2004, p. IV.

Explica os contidos do número catorce da revista, destacando as colaboracións de Miguel Rozados ("A contrainformación a debate"), Alberte Pagán ("Vanguardismos clandestinos: cinema underground"), e Pablo Seoane e Carlos Fernández Liria ("A sociedade capitalista segue a ser sociedade só de miragre").

Anuario Brigantino
(DL:C-1613/2000) (ISSN:1130-7625).

Revista anual de ámbito brigantino e interese histórico, artístico e antropolóxico. Está editada polo Concello de Betanzos co patrocinio da Deputación da Coruña, a Fundación Caixa Galicia e o Banco Etcheverría. Foi fundada en 1948 por Francisco Vales Villamarín. Dende entón, coñeceu dúas épocas. A primeira abrangue dende o ano de fundación até o ano 1951. A segunda etapa tivo lugar en 1981, despois de trinta anos de silencio, e continúa até o presente. Alfredo Erias Martínez dirixe o comité científico da publicación desde o pasamento de Vales Villamarín. Asemade, integran o comité científico Xosé María Veiga Ferreira (subdirector), Xulio Cuns Lousa (secretario), Fernando Alonso Romero, Manuel Ares Faraldo, Xosé Ramón Barreiro Fernández, José Antonio Fernández de Rota y Monter, José García Oro, Antonio Meijide Pardo, José Antonio Míguez Rodríguez e Luuis

Monteagudo García. A revista conta tamén cunha nómina da colaboradores técnicos. A publicación estrutúrase nas seccións "Historia", "Arte, Literatura, Antropoloxía", "Entidades culturais e deportivas" e "Acontecementos do ano". No ano 2004 viu a luz o número 26, correspondente ao ano 2003, que mantén as seccións habituais e lle dá seguemento á orientación multidisciplinar (histórica, artística, literaria e antropolóxica) da revista. Os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións:

- Xosé Ramón Pena, 'Historia, Arte, Antropoloxía', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 104, 'Libros', 16 decembro 2004, p. IV.

Faise un breve repaso por todas as achegas deste número do *Anuario Brigantino*, nos ámbitos da historia, arte, literatura e antropoloxía. Glósase brevemente a composición editorial da revista e ponse de relevo o carácter modélico do Concello de Betanzos no eido cultural, debido ao seu apoio institucional a esta iniciativa.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, 'Anuario Brigantino 2003', *Galicia Hoxe*, 'Caderno Aberto', 27 setembro 2004, p. 3.

O autor incide na importancia do *Anuario Brigantino* como fonte para o coñecemento das manifestacións culturais de Betanzos e de Galicia. Fundamenta a súa valoración no contido do número correspondente ao 2003. Dentro da dimensión literaria da publicación sobrancean, ao seu xuízo, os traballos de Jorge Guitián Castromil e Concepción Delgado Corral.

Anuario Grial de Estudos Literarios
(ISBN:84-8288-778-5) (DL:VG-1311-2004).

Publicación literaria de periodicidade anual que dá á luz a Editorial Galaxia e que conta co patrocinio da Fundación Caixa Galicia. Xorde da fusión das revistas *Anuario de estudos Literarios Galegos* e *Grial*. O *Anuario de Estudos Literarios galegos* fora fundado a iniciativa de Xoán González-Millán, que exerceu como director até o seu pasamento no ano 2003. O consello de redacción estaba integrado por Diana Conchado, Xosé M. Dobarro, Ramiro Fonte, Helena González, Kathleen March, Camino Noia, Xosé R. Pena, Claudio Rodríguez Fer, Joaquim Ventura e Damián Villalaín. A revista tiña, asemade, un consello asesor composto por Xesús Alonso Montero, Ivo Castro, Itamar Even-Zohar, Anna Ferrari, Claude H. Poullain, John Rutheford, Giuseppe Tavanni e Pilar Vázquez Cuesta. Na súa nova etapa, que veu acompañada dun cambio de nome e de deseño, a directora é Dolores Vilavedra. O consello de redacción está formado por Xosé M. Dobarro, Manuel Forcadela, Helena González, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Camino Noia e Xosé R. Pena. Compoñen

o consello asesor Xesús Alonso Montero, Arturo Casas Vales, Ivo Castro, Itamar Even-Zohar, Anna Ferrari, Derek W. Flitter, Javier Gómez-Montero, Kathleen Marck, Stphen Parkinson, Claudio Rodríguez Fer, John Rutheford, Giuseppe Tavani e Pilar Vázquez Cuesta. O deseño corre a cargo de Fausto C. Isorna. Dolores Vilavedra, na "Editorial", inclúe o artigo titulado "Unha nova andaina", onde explica a nova estrutura da revista comparándoa ca do *Anuario de Estudios Literarios Galegos*. Fusiónanse as antigas seccións "Estudios" e "Comunicacións", consérvanse "Panorámicas" e "Libros" e desaparece "Compendio bibliográfico". Sinala que, de xeito extraordinario, neste número recóllense as panorámicas e as reseñas referidas aos anos 2002 e 2003 debido a que o *Anuario 2002* incluíu só, a modo de homenaxe, os textos presentados no Simposio "Entre o nacionalismo literario e a literatura nacional" celebrado- en Nova York para honrar a memoria de Xoán González-Millán. Finaliza explicando os contidos deste número, indicando que se inclúe un artigo inédito de González-Millán, e agradecendo a Fundación Caixa Galicia a súa colaboración. Os artigos que fan referencia a literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Arraianos

Revista de ámbito limiá vinculada á Asociación Arraianos. Foi fundada no ano 2004 por Aser Álvarez, que exerce como coordinador. Tomando como inspiración a obra homónima de Xosé Luís Méndez Ferrín, a publicación pretende dar a coñecer os fenómenos culturais da Baixa Limia. Este primeiro número, correspondente a agosto de 2004, presenta dúas achegas no ámbito da prosa, na sección "Do Castro Laboreiro ao Castro Laboreiro": o treito final do capítulo "Minho" do libro *Portugal* de Miguel Torga e algunhas mostras do libro de relatos *Arraianos* de Xosé Luís Méndez Ferrín. De Méndez Ferrín inclúe, asemade, o poema "Despedida ao Crasto Laboreiro". No apartado "Onde o mundo se chama poesía" inclúese o poema "Sorga de camiño" de Baldo Ramos; "homeless", de Rafa Xaneiro e dous poemas sen título de Xan Codesido e "Anónimo da Vila". Pecha a sección un poema en cinco partes de César Souto. No apartado "Micro corre latos" distintos autores (Baldo Ramos, Paulo Guantanamera, Rafa Xaneiro, Felo Boitre, Cristina Palacios ou Patricia A. Janeiro) ensaian breves caracterizacións literarias da raia.

Recensións:

- Vicente Araguas, 'Arraianos': estirpe de descendentes coelernos', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Revista', 7 novembro 2004, p. 4.

O autor saúda a aparición desta revista, por considerar que as iniciativas alternativas, arredadas das grandes intervencións institucionais, deben ocupar un lugar no ámbito cultural galego. A seguir fai un percorrido polos contidos deste primeiro número, do que salienta as achegas de Miguel Torga, Xosé Luís Méndez Ferrín, Baldo Ramos, Rafa Xaneiro e Aser Álvarez, este último encargado da revista.

Auria (Revista mensual de Caixanova)

(DL:OU-46-97) (ISSN:1138-0837).

Revista cultural editada mensualmente por Caixanova. Conta, asemade, coa colaboración da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Foi fundada no ano 1997. Na súa primeira etapa, que abrangue desde os número 0 ao 27, titulábase *Auria (Revista mensual de Caixa Ourense)*. En agosto de 1999 (número 28), para reflectir a fusión das Caixas do sur de Galicia, a publicación subtitulouse *Revista mensual de Caixavigo e Ourense.* En xullo de 2000 (número 39), recibiu o seu nome actual: *Auria (Revista mensual de Caixanova)*. O director é Alfonso Sánchez Izquierdo. Os editores son José Luis Outeiriño Rodríguez, que ocupa o cargo desde a súa fundación, a Antonio Piñeiro Feijoo, desde agosto de 2000. A revista conta, ademais, cun amplo abano de colaboradores dos máis diversos campos culturais. Ao longo de 2004 publicáronse doce números (do 81 ao 93) nos que se mantén a estrutura editorial da publicación e a súa liña de información e divulgación culturais. Os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Barsowia
(DL:C-1324/2003).

Revista de banda deseñada editada polo colectivo Polaqia. A súa periodicidade é semestral-cuadrimestral. Fundada en 2003, está dirixida por Kike Benlloch. Son colaboradores habituais, ademais do director, Manel Cráneo, Diego Blanco, David Rubín, Brais Rodríguez, Hugo Covelo e Roque Romero. Ao longo de 2004, deu ao prelo tres números, correspondentes a febreiro (número 2), agosto (número 3) e decembro (número 4).

Referencias varias:

- R.S., 'La banda gallega se vende en 'Barsowia', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 52, 'Cómic', 13 marzo 2004, p. 14.

Coa cualificación de "boa" aparece esta crítica da revista de banda deseñada *Barsowia* e do seu segundo número máis coidado có anterior, con cubertas en cor plastificadas, máis barato para chegar a máis público e con artistas coma Alberto Guitián, Kike Benlloch, Bernal Prieto e outros. Destácase a valía deste proxecto no deserto terreo da banda deseñada galega.

Batiscafo

Revista multimedia de periodicidade anual, que acolle manifestacións literarias, plásticas e musicais galegas. Preséntase en formatos variábeis, desde o despregábel en papel (primeiro número) ao CD (segundo ano). Foi fundada no ano 2003 por Iris Cochón, Antón Lopo e Alfonso Pato, que exerceron como coordinadores dos números publicados até agora. Manuel Martínez é o responsábel do deseño. A publicación, xurdida inicialmente como resposta ao afundimento do petroleiro Prestige, tiña por obxectivo propiciar a "inmersión

dunha burbulla nas profundidades do real, unha viaxe periódica ao corazón do maremoto desde un espacio de intervención non contaminado". O número correspondente ao ano 2004 continúa a explorar a línea de intervención cultural iniciada no número anterior. Foi concibido como testemuño das accións de protesta levadas a cabo contra o deterioro ecolóxico da Ulloa. Acompañan o CD textos de Xosé Luís Méndez Ferrín, Xabier Cordal, María do Cebreiro, Daniel Salgado, Paulo Falcón, Anxo Quintela, Braulio Santalla, Carlos Blanco, Antón Dobao e o grupo Amnemesis baves.

Referencias varias:

- MARÉ, 'O son máxico da Ulloa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 abril 2004, p. 48.

Noticia da presentación da segunda edición de Batiscafo, que aparece en formato Revista-disco, e que conta coa participación de Méndez Ferrín, Xabier Cordal, Germán Sierra e Miriam Sánchez. Este volume, centrado nos proxectos que ameazan á Ulloa, será presentado no Camalea de Compostela polos seus coordinadores: Monolo Martínez, Alfonso Pato, Iris Cochón e Antón Lopo. Destacan tamén outros colaboradores como Daniel Salgado, María do Cebreiro, Paulo Falcón, Anxo Quintela, Braulio Santalla, Carlos Blanco López e Antón Dobao, así como a colaboración do grupo Amnemesis Baves.

BD Banda
(DL:PO-175-01).

Revista de banda deseñada para adultos. Conta co patrocinio do Concello de Pontevedra. A súa periodicidade é variábel. Foi fundada en 2001, a iniciativa do debuxante Kiko da Silva e do libreiro Cano, que financiaron integramente o primeiro número da publicación. A partir do segundo número, incorporáronse como coordinadores os dous membros do estudo de deseño gráfico ourensán O Clube da Esquina (Héitor e Carvalho). A partir do terceiro número, a revista conta cun consello de redacción no que, ademais dos mencionados creadores, se integran Germán Hermida, Miguel Porto, David Rubín e Miguel Anxo Robledo. A lingua da publicación é o galego. *BD Banda* acadou o premio ao mellor fanzine no Salón do Cómic de Barcelona do ano 2003, e volveu concorrer a este certame no ano 2004. Na páxina http://www.bdbanda.com/revista.htm poden consultarse algunhas novidades referidas á revista. No ano 2004 viu a luz o número 5 da revista. Ademais das seccións dedicadas á banda deseñada, o número presenta unha entrevista a José Carlos Fernández. Cómpre reseñar, tamén, o texto titulado 'Arredor do mundo' (subdividido nos epígrafes 'A linguaxe dos paxaros' e 'Enfermidades extravagantes'). En nota ao pé faise constar que *Alrededor del mundo* foi unha revista de divulgación científica editada en Madrid a principios do século pasado e aclárase que os artigos traducidos ao galego por Óscar Villán e ilustrados por el mesmo corresponden aos números publicados en xullo de 1900, decembro de 1900 e setembro de 1905.

Referencias varias:

- C.C., 'BD Banda', compite no Salón do Cómic de Barcelona', *La Opinión*, 'Cultura', 24

marzo 2004, p. 63.

Dá conta da participación da revista no Salón do Cómic de Barcelona, onde foi seleccionada como unha das publicacións non profesionais máis destacadas do ano. Resalta que a revista é a segunda publicación galega que resulta nomeada na categoría de mellor fanzine, despois que *Frente Comixario* o fora a comezos dos anos noventa.

- Mar Barros, 'Xenios sen mercado', *A Nosa Terra*, nº 1.122, 'Fin de semana', 25 marzo 2004, p. 33.

Repaso á situación de crise do sector do cómic en Galicia, representado especialmente por iniciativas como a revista *BD Banda*. Comézase destacando a calidade de autores como Miguelanxo Prado, Abraldes ou Kiko da Silva, que se ven obrigados a exportar os seus produtos por falta dun mercado forte en Galicia. Denúnciase a desaparición de revistas como *Golfiño* e a importancia de iniciativas como *H2Oil* (2003), do colectivo Chapapote; *Freda* ou o rexurdimento de *Barsowia*, do grupo Polaqia. Saliéntase o avance experimentado nos produtos que saen ao mercado como a revista *BD Banda*, dirixida por Kiko da Silva, que está a consolidar a súa traxectoria. Recóllense as palabras do ilustrador nas que destaca que comezara sendo unha revista de marcado carácter experimental e que agora se converteu nun produto máis comercial, que leva cinco anos publicándose e que nela ten cabida tamén a "xente da canteira". Denuncia a situación de crise do mercado e pide unha reformulación deste. Remátase aludindo á existencia de certames como o de Ourense e á necesidade de maior número de plataformas nas que dar a coñecer os traballos.

Boletín Galego de Literatura
(DL:C-641-1989) (ISSN:0214-9117).

Revista de literatura de periodicidade semestral editada pola Universidade de Santiago de Compostela. A publicación está subvencionada pola Xunta de Galicia e na edición colabora, asemade, Ámbito Cultural/El Corte Inglés. O *Boletín Galego de Literatura* fundouse no ano 1989. Dirixido por Anxo Tarrío Varela desde o seu primeiro número, consta de tres consellos: científico, redactor e corrector. No consello científico figuran catedráticos de universidades de todo o mundo. Cada un dos volumes vai ilustrado por un fotógrafo ou por un artista gráfico. A revista conta coas seguintes seccións: "Estudos", "Notas", "Documentos", "Encontros", "Libros" e "Creación". No ano 2004 viron a luz os números 29, 30 e 31. O número 29, correspondente ao primeiro semestre de 2003, inclúe obras de Ramón Caride ("Autopoética" e "Obradoiro Literario") e de Luísa Villalta ("Poética da concreción" e poemas de *En concreto*). No número 30, correspondente ao segundo semestre do devandito ano, figuran pezas de María do Cebreiro ("Da escrita como traizón. Autopoética" e a serie "E quíxenvos tan tristemente a todos") e de Luís González Tosar ("Poética" e a serie "Setestrelo de amor e odio"). No número 31, correspondente ao primeiro semestre de 2004, presenta, na sección de "Creación", as achegas de Juan L. Blanco Valdés ("Imago mundi. Autopoética" e os poemas "Outono en marzo", "Buscarnos", "Víctima dun espellismo", "Pasado un tempo", "Ritos de paso" e "Exercicio

de traducción sen diccionario") e Agustín Fernández Paz ("Autopoética" e "Os raros mecanismos da memoria", "Un caso de licantropía", "Vixencia dos presocráticos", "Un conflicto teolóxico", "Sobre a orixe das galaxias" e "Un río de palabras"). Os artigos referidos á literatura galega aparecen consignados nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Lembrar as líricas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 maio 2004, p. 52.

Dá noticia da presentación do vixésimo noveno número da revista, ideado como unha homenaxe ás poetas falecidas Xela Arias e Luísa Villalta. Subliña que durante este acto Yolanda Castaño e Miguel Anxo Fernán-Vello leron diversos textos procedentes da obra das dúas escritoras.

Caderno de Estudios Chairegos
(DL:LU-250-02).

Revista lucense editada polo Instituto de Estudios Chairegos de Vilalba. Aparece en formato de libro. Foi fundada no ano 2002 co obxectivo de aprofundar nos estudos históricos, culturais e literarios vinculados á Terra Chá. Conta con seguintes seccións estábeis: "Investigación", onde se aprofunda nos estudos históricos e culturais vinculados á Terra Chá, "Memoria histórica", centrada na recuperación de feitos relevantes, "Lembranza", onde son evocados determinados persoeiros locais, "Tal como eramos", que presenta fotografías históricas, e "Nova poesía", que ten por obxectivo dar a coñecer as novas voces poéticas do ámbito chairego. No ano 2004 editouse o número 2 da revista, que ademais das seccións habituais presenta un apartado de homenaxe ao poeta Manuel María, con textos de creación e reflexións sobre a traxectoria literaria e vital do autor. Hai poemas de Margarita Ledo ("Poema/Símbolos/Herencia"), Cipriano Jiménez ("¿Cantos Menuel María(s)...?), Jurjo Torres ("Manuel María"), Xesús Rábade Paredes ("Estaba todo alí, serenamente"), Marica Campo ("A Manuel María, *In Memoriam*"), Mª Xosé Lamas ("Da túa man", "Paisaxe interior" e "Adeus"), Carmen Cabaneiro ("Ó que o corazón inclina"), Francisco Xosé Roca ("Amigo Manuel"), Pilar Maseda ("Nas corredoiras"), Xabier Cordal ("Orixes do turismo rural"). Inclúense tamén notas de carácter memorialístico asinadas por autores como Xesús Alonso Montero, Paco Martín ou Darío Xohán Cabana. No apartado de "Nova poesía" preséntanse poemas de María Xosé Lamas, baixo o título xenérico de "Ao norte do camiño".

Casahamlet. Revista de teatro

(DL:C-1152-1999).

Revista de ámbito escénico. Conta co patrocinio da Deputación da Coruña. A súa periodicidade é anual. Foi fundada no ano 1999, e o seu director é Francisco Pillado Mayor.

Desde o comezo, o consello de redacción estivo integrado por Santiago Fernández, Manuel Lourenzo e Xesús Pisón, ao que se incorporou Isaac Ferreira no ano 2003. As seccións da revista son variábeis. No ano 2004, saíu ao prelo o número 6, monográfico dedicado ao monólogo teatral. Conta cos seguintes apartados: "Teoría", "Creación" e "Documentación". Na sección de creación achegan monólogos teatrais os seguintes autores: Xabier Abalo ("Monólogos impresionistas"), Raúl Dans ("O señor das tebras"), Lois Diéguez ("Solpores"), Isaac Ferreira ("In extremis"), Xosé Manuel Garcia ("Lieder de beleza e morte"), Joao Guisan Seixas ("Monólogo do homem invisível"), Xavier Lama ("Congreso clandestino contra a beleza comprada. Textos da extirpación"), Manuel Lourenzo ("Liturxia de Tebas"), Xoán Carlos Mexuto ("A boneca de trapo"), Chus Pato ("A miña confianza non é soluble"), Jacobo Paz ("Nai"), Gustavo Pernas Cora ("Mentres falo contigo. Monólogo para unha muller nun paso de cebra"), Xesús Pisón ("Fórmula para a criatura"), Henrique Rabuñal ("O vento da morte"), Euloxio R. Ruibal ("A escoita"), Roberto Salgueiro, Carme Sotelo ("Longa noite de agonía") e Natalia Sueiro ("Monólogos").

Recensións:

- X.F., 'Casahamlet', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 68, 'Letras en galego', 10 xullo 2004, p. 7.

Informa da aparición do sexto número da revista, dedicado á análise do monólogo como xénero teatral, e resume os seus contidos principais, entre os que cita a inclusión de tres achegas teóricas firmadas por Carlos Biscaínho, Anxo Abuín e Antonio Gil, e a incorporación de dezaoito monólogos creados por escritores do ámbito do teatro ou da poesía.

Referencias varias:

- M.B., 'Lourenzo: 'Sen escola dramática un país non ten referencia', *La Opinión*, 'Cultura', 4 febreiro 2004, p. 61.

Faise eco da petición levada acabo por Manuel Lourenzo en relación á creación dunha escola dramática superior galega, solicitude exposta durante a cerimonia na que se daba a coñecer o quinto número da publicación. Así mesmo, inclúe as opinións de Xesús Pisón, cuxo libro, publicado pola editorial Casahamlet, tamén foi presentado no mesmo acto.

- Juan Fernan, 'Apoyo a Lourenzo', *El Ideal Gallego*, *'La Galería'*, nº 296, 'Vivir en A Coruña', 8 febreiro 2004, p. 2.

Artigo no que o xornalista apoia a iniciativa defendida por Manuel Lourenzo sobre a constitución dunha escola superior de arte dramático en Galicia.

- E.P., 'Casahamlet' pide o monólogo como xénero', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 xullo 2004.

Salienta o feito de que o sexto número da revista escolla como tema principal o monólogo teatral. Ademais, sinala que esta edición pretende lembrar á recentemente finada poetisa galega Luísa Villalta.

Cuadrante
(DL:PO-4/2000) (ISSN:1698-3971).

Publicación semestral da Asociación Cultural Amigos de Valle-Inclán, dirixida por Gonzalo Allegue; o seu subdirector é Francisco X. Charlín Pérez e o secretario de redacción é Víctor Viana. O equipo de redacción está formado por Xosé Luís Axeitos, Ramón Martínez Paz, Xaquín Núñez Sabaris, Xosé Lois Vila Fariña e Ramón Torrado. No ano 2004 saíron dous números, o 8, correspondente ao mes de xaneiro, e o 9, correspondente ao mes de xullo; cómpre sinalar que no primeiro deles se recollen os artigos das xornadas que sobre Ramón María del Valle-Inclán se celebraron en Vilanova de Arouse no ano 2003.

Referencias varias:

- Gonzalo Bouza Brey, 'Cuadrante edita o seu número 8', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 4 abril 2004, p. 21.

Sinala que a Asociación de amigos de Valle-Inclán vén de sacar do prelo o número 8 da súa revista, que dirixe Gonzalo Allegue. Ademais de citar aos encargados da maquetación e da edición, dá conta dos amigos incluídos neste número e fai un breve comentario de cada un deles.

- Adriana Rodríguez, 'Xa está o número 9 da revista O Cuadrante, de Amigos de Valle', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'Colaboración', 10 outubro 2004, p. 22.

Dá conta da aparición do noveno número da revista, salientando, entre os seus contidos, os artigos de Xosé Luís Axeitos, "O valleinclanismo na literatura galega", de Xoán Guitián, "Valle-Inclán e a Sociedade de los amigos de Galicia", e de Jesús Blanco García, "El mar arosano en Valle-Inclán".

Dorna. Expresión Poética Galega
(DL: C-94-1982) (ISSN:0213-3806).

Revista de poesía editada polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. A súa periodicidade é anual, e adoita editarse co gallo das Letras Galegas. Foi fundada o 17 de maio de 1981 pola Asociación Dorna. Os seus primeiros coordinadores foron Luís González Tosar, Manolo Loxo e Suso Molanes. Na súa

etapa actual, o director da revista é Ramón Lourenzo. O consello de redacción estivo integrado por Henrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xosé Manuel Salgado, Miro Villar, María Xesús Nogueira e Iris Cochón. Desde o ano 2001, Inmaculada López Silva incorporouse ao consello no canto de Iris Cochón. No ano 2004 sacou do prelo o número 29, que presenta poemas de Helena Villar Janeiro, Baldo Ramos, Carlos Negro, Chus Pato e María do Cebreiro. Os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións:

- Xavier Castro R., 'Dorna': unha viaxe a través da mellor expresión poética galega', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Revista', 4 abril 2004, p. 4.

Sucinta aproximación ao número 29 da revista *Dorna,* dirixida polo profesor Ramón Lourenzo, aínda que primeiramente fai un percorrido pola andaina da mesma ata chegar ata hoxe cualificándoa como fundamental "dentro do amplo abano da creación galega". De seguido descríbenos o contido da revista, divido en dous apartados, un de Creación, con páxinas dedicadas á creación literaria de autores como Helena Villar, Baldo Ramos, Carlos Negro, Chus Pato, María do Cebreiro, entre outros. Nas derradeiras páxinas, a sección Cadernos de Crítica en onde atoparemos dous traballos dedicados ao estudo de dous poetas: "Dous poemas no exilio" de Xosé Anxo García López, que xira ao redor da figura do poeta Florencio Delgado Gurriarán e do seu poemario *O soño do guieiro*, e o estudo de Miro García sobre o poeta Antón Avilés de Taramanco e a obra *Última fuxida a Harar*. Miro García tamén investiga as conexións e afinidades deste poeta co poeta francés Arthur Rimbaud.

- Armando Requeixo, 'Das singraduras poéticas ou o rumbo certo da revista Dorna', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 25 abril 2004, p. 20.

Artigo que fai, nun primeiro momento, un percorrido pola traxectoria da revista *Dorna*, a "decana das revista de creación literaria do noso país". Salienta a inclusión da separata interna "Caderno da Crítica" que permitiu a aparición de diferentes traballos de investigación literaria que enriqueceron o contido da revista. O continuo cambio de membros do comité de redacción, a publicación de traballos non moi logrados ou a falla na periodicidade fixa son algunhas das críticas que Requeixo expón aquí. Seguidamente, refírese á publicación do número vinte e nove, que recolle o traballo de autores xa coñecidos da produción lírica das últimas décadas como Chus Pato, Carlos Negro ou Baldo Ramos. No "Caderno de Crítica" inclúense dúas achegas realizadas por Xosé Anxo García López, con "Dous poemas do exilio: sobre a prehistoria de O soño do guieiro de Florencio Delgado Gurriarán", e Miro García, con "Última fuxida a Harar, a palabra do poeta en herdanza". Finalmente, saúda agradecidamente a aparición deste novo número da revista.

El Liceo
(DL:OU-97-99).

Publicación miscelánea de ámbito local editada polo Liceo Recreo Ourensán. A súa periodicidade é bianual. A revista foi fundada en 1999 e está dirixida por Francisco G. Sarria. El Liceo xurdiu coa vontade de se constituír en herdeiro do efémero xornal *El eco del Liceo* (1870), publicado por esta mesma sociedade, da que é actualmente director José Carlos Martínez-Pedrayo García. No volume número cero, os redactores salientaban a súa vontade de recuperar unha parte da historia do Liceo, amosando tanto aos seus seus socios como ao conxunto da sociedade ourensá o seu labor cotián e os eventos máis sobranceiros que acolle e propicia como institución. Non se publicou ningún número no ano 2004.

Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián
(DL:80-1977) (ISSN:1131-6519).

Revista de pensamento cristián de periodicidade bimestral. Foi fundada en xaneiro de 1977 por Andrés Torres Queiruga. Inicialmente vinculada á editora viguesa SEPT, desde o número 61, correspondente a 1989, vén sendo promovida pola Asociación Irimia. Ademais de Andrés Torres, integran a mesa de redacción Xaime M. González Ortega (redactor-xefe), Engracia Vidal Estévez (secretaria), Agustín Díaz Blanco, Xavier R. Madriñán e Pilar Wirtz Molezún. Encárgase da administración Amalia Tomé Rocha. A revista conta, ademais, cun consello de redacción do que forman parte, entre outros, Xesús Acuña, Antón Vidal, Manuel Dourado ou Anxos Renieblas. Na actualidade, as seccións estábeis de *Encrucillada* son: "Guieiro", "Estudos", "Crónicas", "Achegas" e "Recensións", ademais de outras de aparición ocasional ("Entrevista", "In memoriam", "Libros chegados á redacción"). Como é habitual, ao longo do ano 2004 a revista deu ao prelo cinco números: 136 (xaneiro-febreiro), 137 (marzo-abril), 138 (maio-xuño), 139 (setembro-outubro) e 140 (novembro-decembro). De entre eles, unicamente o número 139 presenta unha achega de creación literaria. No apartado de "In memoriam", Lois Vázquez Fernández asina un poema de homenaxe a Manuel María. Os artigos referidos á literatura galega aparecen reseñados no apartado correspondente deste *Informe*.

Escaramuza
(DL:738-1997).

Revista de ámbito escénico, voceiro da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia. Está coeditada pola AISGE (Actores e Intérpretes, Sociedad de Gestión de España), o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e a Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. A súa periodicidade é trimestral. Foi fundada no ano 1997, baixo a coordinación de Celso Parada. Na actualidade, o presidente é Cándido Pazó e o secretario, Artur Trillo. Da secretaría de teatro encárganse Javier Deive e Mónica García; da secretaría de audiovisual, Belén Constenla e Dorotea Bárcena; da secretaría de ensino, Roberto Leal e Lucho Penabade e da secretaría de comunicación, Comba Campoy. Conta con seccións fixas como "Humor", "Laboral", "Eventos", "Teatranet" ou "Informes". Adoita incluír, ademais, artigos de opinión,

entrevistas e debates. En marzo de 2004 editouse o número 16, monográfico sobre a situación das mulleres na escena teatral, con artigos de opinión, estudos, debates e entrevistas sobre o tema.

Estudios mindonienses
(DL:S. 837-1986) (ISSN:0213-4357).

Revista de estudos histórico-teolóxicos da diócese de Mondoñedo-Ferrol, editada polo Centro de Estudos da Diócese de Mondoñedo-Ferrol e pola Fundación Caixa Galicia. A súa periodicidade é anual. Foi fundada no ano 1986. O consello directivo está formado por Segundo Leonardo Pérez López (director) e por Uxío García Amor, Enrique Cal Pardo, José María Fernández y Fernández, José Luis López Sangil, Fernando Monterroso Carril, José Luis Novo Cazón, Benito Méndez Fernández, José Martinho Montero Santalha, Fernando Porta de la Encina e Margarita Sánchez Yáñez. O anuario conta cun consello asesor e científico integrado, entre outros persoeiros, por Colin Smith, José María Díaz, Luis Asorey García, Richard Fletcher ou Peter A. Linehan. A revista adoita estruturarse nun apartado de estudos e nun apéndice final de recensións. No ano 2004 viu a luz o número 20 da publicación, con artigos sobre aspectos culturais, históricos e eclesiásticos da diócese.

Recensións:

- Xosé Luís Barreiro Rivas, 'Outra forma de facer Galicia', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 85, 'Letras no ficción', 6 novembro 2004, p. 8.

Aproveitando a celebración do vixésimo centenario da revista, coincidente coa aparición do seu número vinte, repasa a historia da publicación. Así, exalta a figura de Miguel Anxo Araujo Iglesias, un dos impulsores da revista e responsábel da presentación que resumía os obxectivos da publicación dentro da súa primeira edición. Destaca o propósito do creador da revista de buscar un achegamento e unha harmonización da fe e da cultura, reivindicando o valor de tal obxectivo dentro do contexto da sociedade galega contemporánea.

- Armando Requeixo, 'Vintenario de 'Estudios mindonienses', facho cultural das terras mindoferroláns', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Revista', 12 decembro 2004, p. 4.

Lembra o vinte aniversario da revista, ao tempo que resume algunhas das características que definiron a identidade cultural da publicación. Cita os nomes dos principais colaboradores que participaron na redacción da revista ao longo da súa historia, entre os cales destaca a escritores como Ramón Otero Pedrayo, Edelmiro Bascuas, Concepción Burgo, Francisco Mayán ou Carlos Villanueva.

Referencias varias:

- José Alonso, 'Veinte años de 'Estudios Mindonienses', *El Progreso*, 'Al paso', 25 outubro 2004, p. 80.

Informa dos actos programados para o desenvolvemento da xornada preparada para a celebración dos vinte anos da revista, resaltando a intervención do profesor Carlos García Cortés sobre a historia da publicación.

- Elena Castelao, 'Nuevo anuario de 'Estudios Mindonienses', *El Progreso*, 'A la última', 27 outubro 2004, p. 88.

Anuncia o acto de presentación do vixésimo número da revista e recolle os nomes dos principais persoeiros que participan na celebración do seu vinte aniversario.

Fadamorgana
(DL:DL- C-670-1999) (ISSN:1575-9520).

Revista de literatura infantil e xuvenil editada por Atlántica de Información e Comunicación de Galicia. O seu obxectivo é xerar un espazo para a crítica, estudo, reflexión e lexitimación da literatura infantil e xuvenil galega. A súa periodicidade é variábel. Foi fundada en 1999. Dirixida por Xosé Antonio Neira Cruz, conta na secretaría con Amparo Raviña Rosende e forman o Consello de Redacción Marilar Aleixandre, Xabier Cid, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Xosé Victorio Nogueira, Cristina Novoa, Magdalena de Rojas, Pilar Sampedro, Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire. No ano 2004 saíu do prelo o número 10 correspondente ao inverno de 2004-2005. Este único número levou por título "De volta aos clásicos" e a ilustradora encargada de achegar os deseños que acompañan os textos foi a ourensá Ánxeles Ferrer. Seguindo a estrutura de anteriores números, neste presenta as entrevistas a Mariasun Landa e Gustavo Martín Garzo, e os artigos son os de Luís Daniel González "Grandes e pequenos clásicos. Un camiño para a educación literaria", o de Marilar Aleixandre "A fogueira do Quixote", de Ánxela Gracián "Intertextualidade e diálogo cos clásicos. Un xogo de espellos", do Grupo Andersen os titulados "Andersen na aula de infantil" e "Andersen na pantalla", de Carmen Blanco "Queridos clásicos, querido lobo, querido Peter Pan", de Aicha Haroun El Yacobi "A herdanza das Mil e unha noites", de Silvia Gaspar "Clasicos, para que e para quen?" e de Sandra Comino "Un mundo perdurable escrito por mulleres. Algunhas clásicas da literatura infantil e xuvenil". Péchase o número cunha homenaxe a Xela Arias, recentemente falecida, da que se reproduce un poema que escribira para esta revista.

FerrolAnálisis
(DL:C-1106-1990).

Revista de ámbito ferrolá. Editada polo Clube de Prensa da cidade, recibe o patrocinio do Concello de Ferrol, Astano, Bazán, Fenosa, Fundación Caixa Galicia, Imenosa, Xunta de

Galicia, Cámara Oficial de Comercio e Deputación Provincial da Coruña. A súa periodicidade é variábel. Foi fundada no ano 1990. Entre os seus obxectivos iniciais estaba o de darlle á publicación unha periodicidade trimestral, fin que non chegou a atinxirse. Deste xeito, o número 2 saíu en xullo de 1991 e o número 3, en xuño de 1992. A partir dos números 4 e 5 (1993) comezan a aparecer as primeiras referencias á literatura galega. Até o ano 2000 o seu director foi Germán Castro Tomé, que actualmente ocupa a Presidencia de Honra. A actual directora é Xulia Díaz Sixto. O consello de redacción está integrado por Luís Mera Naveiras, Xosé A. Ponte Far, Xaime Quintanilla Ulla, Mario Couceiro Bescos, Enrique Sanfiz Raposo e María Ares Sanmartín. No ano 2004 saíu o número 19 onde, ademais dos estudos sobre aspectos históricos e culturais da cidade de Ferrol, se presenta un dossier crítico e literario sobre a obra de Julia Uceda.

Referencias varias:

- N.V., 'La revista 'FerrolAnálisis' y 'Galicia en foco' viajan a Madrid', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 20 febreiro 2004, p. 9.

Dá noticia da presentación desta publicación por parte do Club de Prensa de Ferrol na Casa de Galicia en Madrid. Cita os persoeiros que interviron no acto e subliña as palabras de Xulia Díaz, presidenta do devandito club. Sinala, así, que, entre outros aspectos, salientou que FerrolAnálisis é capaz de "unir o local, o galego e o universal". Ademais, apunta que tivo un recordo para un dos colaboradores, Jerónimo Gonzalo.

- Armando Requeixo, 'O rumbo certo de FerrolAnálisis', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 26 febreiro 2004, p. 13.

Achega os seus parabéns a esta revista e destaca a súa brillante traxectoria. Asemade, fai referencia ao contido do número décimo oitavo, centrándose sucintamente nos artigos literarios, ao seu ver "atractivos" , entre eles, o ensaio sobre literatura erótica de Jerónimo Gonzalo. Tamén subliña a presenza da poesía de Manuel Álvarez Torneiro, en concreto uns versos na horra de Avilés de Taramancos, e das dez estacións líricas de "A pedra insomne" de Eva Veiga.

Festa da palabra silenciada. Publicación Galega Feminista
(ISBN:1139-4854) (DL:VG-241-1983).

Revista feminista de pensamento e creación editada por FIGA (Feministas Independentes Galegas) e subvencionada pola Concellería da Muller do Concello de Vigo. Desde 1995 a súa periodicidade tende a ser anual. Foi fundada en 1983. Dirixida por María Xosé Queizán e deseñada por Margarita Ledo Andión, o consello de redacción está integrado por Mónica Bar Cendón e Marga R. Marcuño, ademais da directora. A revista ten unha nómina de colaboradores habituais entre os que se contan María Xesús Nogueira, Camiño Noia, Teresa Seara, Miro Villar, Euloxio R. Ruibal ou María do Carme Kruckenberg. A historia

da publicación coñeceu tres etapas. Desde 1983 até 1995 a súa periodicidade foi variábel. De 1995 a 1999 tirou un volume anual até chegar ao número 15. No ano 2000 non se publicou ningún exemplar. No ano 2001 (número 16) a revista reapareceu e seguiuse editando anualmente até a actualidade. Nesta terceira etapa, os apartados habituais "Monográfico", "'Temas Varios", "Crítica" e "Creación" foron substituídos por dúas únicas seccións estábeis: "Monográfico" e "Actualidade". En 2004, saíu do prelo o número 19, monográfico dedicado ao pobo xitano. Ademais dos artigos dedicados á historia, arte e situación actual desta comunidade cultural, con especial atención á experiencia das mulleres, a publicación acolle, como é costume, artigos e reseñas sobre literatura e arte, ao fío da actualidade. No que atinxe á creación, o número presenta o himno xitano "Gelem, gelem" traducido ao galego por María Xosé Queizán. Os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Garoza
(ISSN:1577-8932).

Revista literaria, órgano da Sociedad Española de Estudios Literarios de Cultura Popular e vinculada á Universidade da Coruña. A súa periocidade é anual. Fundada no ano 2001, o equipo directivo está integrado por Emilia Cortés Ibáñez (directora), Xosé María Dobarro Paz (vicedirector) e Francisco Linares Valcárcel (secretario). Conta, ademais, cun comité de honra, un comité editorial, un consello de redacción e un comité científico. Mantén, como seccións estábeis, os apartados de "Artigos" e "Reseñas". En setembro do ano 2004, saíu ao prelo o número 4 da revista. No que atinxe ao espectro de intereses da literatura galega, Manuel Cousillas Rodríguez, na sección de "Artigos", estuda a presenza de enclaves mítico-literarios na Costa da Morte e María Jesús Lorenzo Modía, na sección de "Reseñas", comenta a escolma de poesía irlandesa realizada por Manuela Palacios e Arturo Casas baixo o título *Pluriversos: seis poetas irlandesas de Hoxe* (2003).

Recensións:

- C.D.C., 'Sae á luz o cuarto número da revista cultural 'Garoza', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Investigación/publicacións periódicas', 14 novembro 2004, p. 2.

Informa da aparición do cuarto número da publicación, explicando os elementos que forman parte dos seus contidos. Así mesmo, dá conta dos vínculos da revista coa SELICUP e dos actos programados por dita sociedade, entre os cales resalta a celebración dun encontro internacional na Coruña en 2005.

Grial
(DL:C-94-1982) (ISSN:0213-3806).

Revista de cultura vinculada á Editorial Galaxia. A súa periodicidade é trimestral.
Foi fundada en 1951, pero a iniciativa non atopou continuidade até máis de dez anos

despois. Reapareceu en 1963, editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego. Desde entón, publícase de xeito ininterrompido, e até o momento coñeceu tres etapas. Nos cen números correspondentes ao primeiro período, *Grial* subtitulouse *Revista Galega de Cultura*. Na segunda etapa, Carlos Casares exerceu como director da revista, que a esa altura se editou sen o subítulo. No ano 2003 (número 157) deu comezo a terceira etapa da publicación, dirixida na actualidade por Víctor F. Freixanes e codirixida por Henrique Monteagudo. As modificacións levadas a cabo neste terceiro período atinxen tanto ao deseño da revista (cambio de formato, inclusión da cor na capa e nas súas páxinas interiores) coma aos contidos. A publicación incorpora de novo o subtítulo *Revista Galega de Cultura*. Ademais de acoller artigos relacionados coas disciplinas humanísticas, a revista dálles cabida a achegas procedentes do mundo das artes, das novas tecnoloxías, da creación plástica e dos xéneros xornalísticos. No ano 2004, editáronse os números 161 (xaneiro, febreiro, marzo), 162 (abril, maio, xuño), 163 (xullo, agosto, setembro) e 164 (outubro, novembro, decembro). Cada un deles vertébrase arredor de temas monográficos que son, respectivamente: "A invención de Santiago", "Demografía galega: un devalo imparable?", "A guerra contra a cultura, 1936" e "A España posible. O Estado e a pluraridade nacional". Ademais do espazo dedicado en cada un dos volumes ao tema monográfico, cada un deles mantén as seguintes seccións fixas: "Carta do editor", "O rego da cultura", "Documentos", "Creación", "O espello das letras", "Crónica", "Cine, teatro e artes escénicas" e "Arquitectura e artes plásticas". Outras seccións, de aparición eventual, son "Conversa", "Ciencia e tecnoloxía", "Temas do noso tempo" e "Comunicación". No que atinxe ao apartado de Creación, o número 161 inclúe o relato "Ouveade, turistas" de Xurxo Borrazás e unha selección de poemas de Paul Celan titulada "A rosa de ninguén", como anticipo do libro homónimo que sería editado por Galaxia no outono. A escolma e a tradución dos textos, precedidos dunha nota biobibliográfica, é de Catuxa López Pato. No número 162, a sección presenta tres poemas de Manuel Forcadela ("Variacións sobre un soneto de Shakespeare", "Lencería" e "Carta a Carme Fernández Pérez-Sanjulián"). No número 163, inclúense dúas pezas literarias, unha de Ramón Loureiro ("Nunca a túa sombra) e outra de Séchu Sende ("O raio transparente"). O número 164 dálles cabida ás creacións de Xoaquín Lameiro Tenreiro, co fragmento narrativo "Terrazas en tempos de crise (revisitadas)", e de Ramón Reboiras, cunha serie de poemas titulados xenericamente "Un Ronson de aceiro inoxidábel". Os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos no apartado correspondente deste *Informe*.

Recensións:

- Xosé Feixó, 'A batalla das linguas', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 80, 'Libros', 22 abril 2004, p. IV.

Coméntase o contido do último número da revista *Grial*, que Xosé Feixó considera unha das máis simbólicas da nosa cultura. Ponse de manifesto que o tema principal desta entrega é controvertido, para pasar despois a analizar cada un dos artigos relacionados: un, de carácter introdutorio, titulado "Babel, carta do editor"; outro da autoría de Teresa Moure e o último de Renate Bartsch. Explica, tamén, que esta sección vai coordinada por Henrique Monteagudo.

- Tomás Ruibal, 'Grial, a última entrega do ano', *Diario de Pontevedra*, 'Revista!', 12 decembro 2004, p. 8.

Salienta o esforzo de modernización que define a revista, a cal, na opinión do xornalista, sen esquecer cuestións esenciais relacionadas coa cultura galega, pon tamén énfase en atender as cuestións contemporáneas asociadas á globalización. En relación ao último número da publicación, salienta que o groso desta edición se centra na análise dos efectos da guerra civil sobre a cultura galega, chamando a atención especialmente sobre o artigo dos profesores Manuel Bermejo, Francisco Díaz Fierros e Ricardo Gurriarán sobre o impacto do conflito bélico nas facultades de ciencias da Universidade de Santiago de Compostela. Este artigo tamén foi publicado no xornal *El Progreso*, o día 18 de decembro.

- Tomás Ruibal, 'Grial', a última entrega do ano', *El Progreso*, 'Libros', 18 decembro 2004, p. 4.

Salienta o esforzo de modernización que define a revista, a cal, na opinión do xornalista, sen esquecer cuestións esenciais relacionadas coa cultura galega, pon tamén énfase en atender as cuestións contemporáneas asociadas á globalización. En relación ao último número da publicación, salienta que o groso desta edición se centra na análise dos efectos da guerra civil sobre a cultura galega, chamando a atención especialmente sobre o artigo dos profesores Manuel Bermejo, Francisco Díaz Fierros e Ricardo Gurriarán sobre o impacto do conflito bélico nas facultades de ciencias da Universidade de Santiago de Compostela. Este artigo tamén foi publicado no xornal *Diario de Pontevedra*, o día 12 de decembro.

Referencias varias:

- MARÉ, 'O desafío de Babel', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 marzo 2004, p. 51.

Fálasenos dos resultados do estudio que Víctor Freixanes e María Dolores Cabrera publican na revista *Grial* acerca da edición en Galicia. Chaman a atención para o feito de que, segundo este estudio, a media de habitantes por libro publicado no noso país é moito maior cá española.

- Juan Capeáns, 'La revista 'Grial' analiza el mito de Santiago como signo de identidad', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 25 maio 2004, p. 47.

Faise eco da presentación do último número da revista *Grial*, o 161, que tivo lugar en Santiago de Compostela. Coméntase que neste acto houbo un debate no que participaron Víctor Freixanes, Manuel Díaz, Xosé Luís Barreiro, entre outros, e que o tema principal da entrega é o mito de Santiago.

- Xesús Alonso Montero, 'Blanco-Amor ofrece su salario a Manuel Azaña', *La Voz de*

Galicia, 'Beatus qui legit', 27 novembro 2004, p. 19.

Con motivo do vinte e cinco aniversario da morte de Eduardo Blanco-Amor, Xesús Alonso Montero evoca o lado máis humano do escritor ourensán e repasa algúns dos actos que se van celebrar en tal efeméride. Despois de denunciar o pouco recoñecemento que tivo en vida e de congratularse pola boa acollida da crítica que ten actualmente dentro do sistema literario galego, achégase á figura de Blanco-Amor e lembra un episodio ocorrido no final da Guerra Civil, que xira arredor do ofrecemento que o aínda mozo escritor fixo do seu soldo como empregado dunha casa de móbeis en Buenos Aires ao presidente da República, Manuel Azaña, exiliado en Francia. Alonso Montero sinala que esta carta na que se dá conta de tal feito vén de ser exhumada por Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda no número monográfico de *Grial*.

La Tribuna
(DL:C-2657-2003) (ISSN:1697-0810).

Revista de estudos da Casa Museo Emilia Pardo Bazán. A súa periodicidade é anual. Foi fundada no ano 2003. O seu director é José María Paz Gago. Ademais, forman parte do consello de redacción Olivia Rodríguez González e Julia Santiso Rolán (subdirectoras), Patricia Carballal Miñán (secretaria), María Bonilla Agudo (secretaria adxunta) e un comité de redacción integrado por membros vinculados a distintas universidades e centros españois e estranxeiros. A revista conta, ademais, cun comité científico ao que pertencen, entre outros, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Carmen Bobes Naves, Anthony H. Clarke, César Antonio Molina, José Manuel González Herrán, Luz Pozo Garza, Rosa Navarro Durán, Germán Gullón, Gonzalo Sobejano, Xosé María Dobarro Paz e Benito Varela Jácome. A publicación estrutúrase nos seguintes apartados: "Estudos", "Notas", "Reseñas", "Documentación" e "Noticias da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán". No ano 2004, a revista deu a lume o número 2, correspondente ao segundo ano. Os artigos relativos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Lethes. Cadernos Culturais do Limia
(ISBN:84-607-1396-2).

Revista de ámbito local vinculada ao Centro de Cultura Popular do Limia, asociación que ten por obxectivo dinamizar a vida cultural desta comarca, ademais de traballar por preservar e divulgar valores propios tanto de carácter cultural como paisaxístico, etnográfico ou monumental. A súa periodicidade é variábel. Foi fundada en xaneiro de 1999 e o seu director é Xosé Badás Fernández. O equipo de tradución e asesoramento lingüístico está formado por Xosé Antón Corderí Rodríguez, Dorinda Penín Rodríguez e Asunción Caneda Cabrera. A revista acolle as colaboracións de diferentes estudosos sobre temas diversos: ecoloxía, natureza, identidade, xustiza, patrimonio artístico, lingua e literatura, historia... No 2004 saíu á luz o número 5, correspondente ao inverno de 2003-04, que inclúe os relatos, "Jack the Ripper en Antioquía", de Inma López Silva, e "Antioquía",

de Xosé Benito Reza. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- X.L. Méndez Ferrín, 'Os entroidos arcaicos', *Faro de Vigo*, 'Os camiños da vida', 20 febreiro 2004, p. 32.

Dá conta dos cultos ancestrais que permanecen nos entroidos de varias vilas galegas. Cita o ensaio de María Cándida Méndez incluído no número 5 de revista, onde a autora descobre o Antroido do concello de Baltar, coñecido como "A Madamaxe".

Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación
(DL:885-1990) (ISSN:1130-6381).

Revista editada pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo. A súa periodicidade é semestral. Foi fundada en 1990. O director é Gonzalo Fraga Vázquez e o consello de redacción está formado por Manuel Castro Gay, Amador López Valcárcel, Nicandro Ares Vázquez, Ángel Lorenzo Sánchez, Mª Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez e Argimiro López Rivas. A revista conta con catro seccións tituladas "Estudios", "Comentarios", "Textos", onde se recollen traballos dedicados a diversas materias como historia, toponimia, antropoloxía, en xeral relacionados coa historia de Lugo, e "Libros", que informa sobre as novidades editoriais. No ano 2004 saíron os números 28 e 29 (correspondentes ao volume XIV), nos que se manteñen os apartados estábeis da revista.

Referencias varias:

- Elena Castelao, 'La revista del Seminario cumple 28 ediciones', *El Progreso*, 'A la última', 12 maio 2004, p. 88.

Sinala que onte tivo lugar, na Aula de Caixa Galicia, a presentación do número 28 da revista *Lvcensia* e dá conta dos distintos persoeiros que participaron no acto.

- María Caravel, 'Casi siete millones de euros', *La Voz de Galicia*, 'Mirada indiscreta', 19 novembro 2004, p. L15.

Sección da que cómpre destacar a información ofrecida sobre a presentación dun novo número da revista *Lucensia* e a posta en escena de *Pinocho circus* por La Machina Teatro, dentro da Mostra de Teatro Infantil que organiza o Concello de Lugo, a través das concellerías de Educación e Cultura.

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos
(DL:M. 18.263-1999) (ISSN:1138-9664).

Revista de cultura vinculada á Universidade Complutense de Madrid e subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. A súa periodicidade é anual. Foi fundada en 1998. Até o ano 2003, o equipo directivo estaba integrado por un director honorífico (Alonso Zamora Vicente) e dúas directoras (Carmen Mejía Ruiz e Mª Josefa Postigo Aldeamil). A partir do ano 2002, Miguel Louzao figura como secretario. O consello de redacción está conformado por persoas relacionadas coa Universidade Complutense e outras Universidades de ámbito internacional, entre os que se contan: Denis Canellas de Castro Duarte, Mª Victoria Navas Sánchez-Élez, Eugenia Popeanga Chelaru, Juan Miguel Ribera Llopis, Ana Mª González Mafud, Adolfo Lozano Brao, Rosario Suárez Albán, Carlos Zubillaga ou Ana Acuña Trabazo. A revista está estruturada nas seguintes seccións: "Artigos", "Crónica", "Creación", "Tradución", "Entrevista" e "Recensións". No ano 2004 *Madrygal* deu ao prelo o seu volume número 7, onde consta como directora Carmen Mejía Ruiz. A revista mantén a súa estrutura habitual. O apartado de Creación está dividido nos epígrafes "Poesía" e "Narrativa". No primeiro, figuran os poemas "O vento" (Fermín Bouza Álvarez), "Libro oito da Eneida de Virxilio" (Helena de Carlos) e "4 poemas nunca antes vistos" (Estíbaliz Espinosa). Preséntanse, asemade, poemas de Mariana Guiadanes, Jesús V. Lora e Alba Pazos. Pechan a sección dous textos de Luísa Villalta, titulados "Fada Morgana" e "Soedade ou mercado". No epígrafe de Narrativa, recóllense relatos de Marilar Aleixandre ("A carne da serea"), Daniel Asorey Vidal ("O álbum da derrota"), Beatriz Dacosta ("Estampas atroces"), Manuel Pereira Valcárcel ("Unha semana despois"), Begoña Regueiro Salgado ("Saudades") e Luísa Villalta ("A idade das perguntas"). Ademais, no apartado de Tradución, Ricardo R. Eanes presenta, baixo o título "Tócame algo", unha versión galega do texto "Play Me Something" de John Berger. Os artigos relativos á literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Mealibra
(DL:161691/01) (ISSN:1645-0604).

Revista vinculada ao Centro Cultural do Alto Minho. A súa periodicidade é semestral. Fundada en 2001, o seu director é Fernando Canedo, a directora adxunta é Luísa Quintela e o consello editorial está integrado por Ana Bela Afonso, José Correia Tavares, José Viale Moutinho, Liberto Cruz e Teresa Rita Lopes. O número 13 (inverno 2003/2004), ademais, das seccións habituais da revista, presenta un especial sobre "Literatura Galega Hoje", coordinado por Carlos Quiroga. O apartado consta dun limiar introductorio con apuntes socio-históricos sobre a literatura galega contemporánea, titulado "al-khuarizmi (...de literatura galega)" e dunha escolma de escritores (narradores e poetas) na que participan, con cadansúa biobibliografía, Ana Romaní, Antón Lopo, Arturo Casas, Carlos Figueiras, Carlos Quiroga, Chus Pato, Helena de Carlos, Henrique Rabunhal, Joao Guisan Seixas, Joel R. Gómez, Lourenço Álvarez, Luísa Villalta, Manuel Lourenzo, Marcos Abalde, María do Cebreiro, Miro Villar, Oriana Méndez Fuentes, Paula San Vicente Pellicer, Pilar Pallarés, Rafa Villar, Raquel Miragaia, Román Raña, Suso de Toro, Xavier Queipo, Xosé María

Álvarez Cáccamo e Xulio Valcárcel.

Monfadal. Revista mindoniense de cultura
(DL:AS/4036-98) (ISSN:1139-7438).

Iniciou a súa andaina en decembro de 1998, coa finalidade de conmemorar os primeiros quince anos de funcionamento da Biblioteca Municipal Pena Trapero de Mondoñedo. Dirixida, sobre todo, ao mundo literario, pretende abranguer, en números posteriores, calquera aspecto relacionado coa historia e a cultura da terra do Masma. Está distribuída pola Biblioteca Municipal Pena Trapero de Mondoñedo, baixo a dirección de Antón X. Meilán e Alicia Tella-Villamarín Ferreiro. Na secretaría da revista figuran Isabel Morán Cabanas, Delia Polo Losada e Aurita Ramil Díaz, mentres que no Consello de Redacción aparecen Henrique Cal Pardo, Xabier Cordal, Alfonso Díaz, José Mª Eiros Bouza, Xe Freyre, Miguel Lustres, Francisco Mayán Fernández, Isabel Morán Cabanas, Delia Polo Losada, Aurita Ramil Díaz, Ramón Reimunde Noreña e Armando Requeixo. No ano 2001 sacou á luz o seu segundo número, correspondente ao 2000, no que presenta as seguintes seccións: "Recadieira [Limiar]", "Sasdónigas [Crítica]", "Argomoso [Creación]", "Zoñán [Textos ignorados]", "Estelo [Texto inéditos]", "Samordás [Discursos]", "Seivane [Notas]" e "Folgueirrasa [Ilustracións]",

Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares
(DL:OU-75/95) (ISSN:1136-3207).

Revista cultural editada pola Deputación de Ourense. A súa periodicidade é semestral. Foi fundada en decembro de 1995. Até o número 18 (novembro de 2003) coeditaban a Escola Provincial de Danzas e o Colectivo Castro Floxo. Desde o número 19 (maio de 2004), editan a Escola de Danza e o Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas". Os directores seguen a ser Mariló e Xulio Fernández Senra. A revista contén seccións de literatura, arquitectura popular, heráldica e tecnoloxía tradicional, entre outras. No ano 2004 deu ao prelo dous números: o 19 (maio) e o 20 (novembro). O 19 é unha homenaxe a Xaquín Lorenzo (Xocas) na que se acollen traballos de diversos autores, que se describen no apartado "Día das Letras Galegas: Publicacións en revistas". O número 20 é un especial sobre a "III.ª Romaría Etnográfica Raigame" e o concurso artístico que tivo lugar en Vilanova dos Infantes (Celanova) o 17 de maio de 2004, no que se reproducen os traballos premiados nos diferentes apartados deste concurso: Investigación etnográfica, Debuxo e pintura, Fotografía e Literatura (primeiro premio: "Ficarei en Lisboa", de Cristalina López Rodríguez; segundo premio: "Serán", de Xoán Xosé García e premio para menores de 16 anos: "Lembranza do ser", de Alba Cid Fernández).

Referencias varias:

- L.R., 'Xocas' da nombre al Centro de cultura popular que pretende divulgar los valores etnográficos', *La Región*, 'Ourense', 19 xaneiro 2004, p. 7.

Anúnciase que a Deputación de Ourense creou o Centro de cultura poular "Xaquín Lorenzo

Fernández" para substituír á Escola de Danza co fin de recuperar, conservar e divulgar a cultura ourensá. Indícase que, entre outras, tamén afecta á revista *Raigame*, da que se afirma que publicará varios monográficos sobre Xocas así como a reedicións de números esgotados desta revista.

- E.P., 'Raigame' centra dous números na vida e obra de 'Xocas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 maio 2004, p. 52.

Afírmase que a Deputación de Ourense vén de editar un novo número de revista *Raigame*, así como de reeditar un número xa esgotado. Tamén se sinala que ambos os números están integramente dedicados á vida e á obra de Xocas.

- Víctor Furelos, 'Estrenan la película que sobre Luar na Lubre fue rodada en la provincia', *El Correo Gallego*, 'Ourense', 5 maio 2004, p. 27.

Coméntanse unha serie de noticias relacionadas coa provincia de Ourense, entre as que se destaca que a Deputación de Ourense presentou os novos números da revista *Raigame* que estarán dedicados á figura de Xaquín Lorenzo.

- Xavier Castro R., 'Un especial de Raigame sobre Xaquín Lorenzo', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 27 xuño 2004, p. 4.

Dá conta do número especial que a revista *Raigame* publicou para enxalzara vida e obra de Xaquín Lorenzo, homenaxeado no Día das Letras Galegas. Valora positivamente o traballo do etnógrafo e dá conta dos traballos incluídos neste número, entre os que destaca, os asinados por Clodio González Pérez, Xulio Rodríguez e Tomás Veiga.

Revista de Estudos Miñoranos
(ISBN:84-8289-313-0) (DL:VG.-891-2004).

Revista de ámbito local vinculada ao Instituto de Estudos Miñoranos e publicada por Edicións do Cumio. Está subvencionada pola Deputación Provincial de Pontevedra e pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. A súa periodicidade é anual. Foi fundada no ano 2000. O seu director é Carlos Méixome Quinteiro e o consello de redacción está integrado, ademais, por Concha Costas, Bieito Legaspi, Alberte Valverde, Xosé Lois Vilar e Antón Mascato. A revista conta cun primeiro apartado de estudos xerais sobre o Val Miñor, no que predominan os contidos históricos, artísticos, musicais e ecolóxicos. Presenta, asemade, as seguintes seccións estábeis: "Especial Arte", "O que de nós dixeron", "O meu Val Miñor" e "As novas do IEM". No ano 2004 saíu do prelo o número 4. Na sección "O meu Val Miñor" achéganse catro evocacións de estilo literario sobre a comarca: Francisco Fernández del Riego ("Na procura das raíces"), David Reinero González ("Cando Praia América tiña mil nomes"), Antonio de

Bade ("Estampas gondomareñas III") e Clara María de Saá Quintas ("Gondomar. Crónicas dun pobo").

Revista Galega de Filoloxía
(DL:C-584-2000) (ISSN:1576-2661).

Revista de estudos filolóxicos editada pola Área de Filoloxía Galega e Portuguesa do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña. A súa periodicidade adoita ser anual. Foi fundada no ano 2000. O seu director é Manuel Ferreiro; o subdirector, Xosé Ramón Freixeiro Mato e o secretario, Xosé Manuel Sánchez Rei. A revista conta, ademais, cun consello de redacción integrado por profesores da Universidade da Coruña e da Universidade de Santiago de Compostela e cun comité científico do que forman parte membros de numerosas universidades de ámbito internacional. Esta publicación consta dos apartados "Artigos", "Notas" e "Recensións". No ano 2004 saíu do prelo o número 5, no que se manteñen as seccións fixas desta publicación. Os textos relacionados coa literatura galega son descritos no apartado correspondentes do *Informe*.

Revista Galega de Teatro
(DL:C-818-96) (ISSN:1133-911X).

Revista de ámbito escénico editada pola Asociación Cultural "Entre Bambalinas". A súa periodicidade, inicialmente variábel, na actualidade é trimestral. Foi fundada en 1985 e a partir do número 22 iniciou unha segunda etapa. As seccións fixas son "Editorial", "Es(cenas) Atlánticas", "En danza" e "Opinións desde a butaca". Todos os números inclúen un caderno central, co título de "Textos", no que a revista dá a coñecer distintas pezas teatrais, con frecuencia traducións ao galego. A sección é distinguíbel do corpo da revista por estar impresa en cor sepia. No ano 2004 editáronse os números 37, 38, 39, 40 e 41. O número 37 presenta o texto "Os vivos e os mortos" de Ignacio García May, precedido dunha nota de Manuel F. Vieites, e que constitúe o número XXXIV da serie. O número 38 inclúe a peza "Cibernautas" de Constantino Rábade (texto XXXV), cun breve limiar de Antón Lamapereira. No número 39 (texto XXXVI) dáse ao prelo a obra "Azotea" de Vanesa Martínez Sotelo, con introdución de Xosé Manuel Pazos Varela. No número 40 edítase a obra "Unha chea de anos e un día", de Benxamín Rocha Coladas, introducido por Xosé Manuel Pazos. No número 41, Xosé M. Pazos traduce un texto teatral de Ernesto Caballero co título de "Terra polo medio" (texto XXXVIII). A nota introductoria é de Manuel F. Vieites. Os artigos sobre literatura galega incluídos na revista aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- J.L.M., 'O belga Elliot chega hoxe á Mostra', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 9 setembro 2004, p. 21.

Anuncia a presentación na Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas do número trinta e nove da revista, acto que inclúe, así mesmo, a lectura do texto *Azotea*, de Vanesa Martínez Sotelo.

Revista Galega do Ensino
(ISSN:1133-911X).

Revista de ensino editada pola Xunta de Galicia. A súa periodicidade é trimestral. Foi creada en decembro de 1993. O comité de redacción está integrado por Ana María Platas Tasende (directora), Mª del Mar Lorenzo Moledo (subdirectora), María Natividad Rodríguez López (secretaria) e Javier Vilariño Pintos (ilustrador). O seu consello asesor e editorial está formado por docentes universitarios de todo o mundo. Presenta un carácter interdisciplinario e acolle nas súas páxinas traballos diversos sobre materias técnicas e tamén humanísticas desde un prisma didáctico e metodolóxico. Un dos obxectivos prioritarios da publicación é fornecer de material auxiliar aos docentes de todos os niveis. As súas seccións estábeis son: "Colaboracións especiais", "Estudos", "O pracer de ler", "Recensións", "Noticias", "Lexislación" e "Normas para os autores". No ano 2004 tirou os números 42 (febreiro), 43 (maio) e 44 (novembro). No número 44 desaparece o apartado "O pracer de ler", referido á literatura infantil e xuvenil.

Referencias varias:

- Chus Cebro, 'Nun ano sacaremos unha revista centrada na práctica docente', *Galicia Hoxe*, 'Vivir>aulas', 15 xaneiro 2004, p. 12.

Entrevista efectuada ao Conselleiro de Educación, Celso Currás, con motivo do décimo aniversario da *Revista Galega do Ensino*. Nela o entrevistado conta como xurdiu a idea, por que se viu esta necesidade, para que público está especialmente pensada, quen forma o equipo que a elabora e cales son as necesidades e proxectos de futuro que xurdiron ao longo da súa vida, da que se destaca a inminente edición dunha revista específica da prática docente na que se recollan todo tipo de creacións e experiencias didácticas que xurdan nos centros de ensino.

Seminario de Estudios Redondeláns
(DL:PO-362-03) (ISSN:1698-8051).

Boletín cultural de ámbito local vinculado á asociación SEREN (Seminario de Estudios Redondeláns) e subvencionado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. En 2004 deu ao prelo o seu primeiro número, precedido dun prólogo de Xaime Illa Couto no que fai referencia aos propósitos da publicación.

Referencias varias:

- Lalo Vázquez Gil, 'O Seminario de Estudios Redondeláns', *Atlántico Diario*, 'Opinión', 26 outubro 2004, p. 3.

Artigo no que o xornalista celebra o nacemento da revista e expón tanto os obxectivos da publicación, centrada no estudo do pasado e o presente de Redondela, como os nomes dos colaboradores que participan na primeira entrega.

Taboada, A. Revista das asociacións culturais A Cabana e O Meigallo
(DL:PO-109/00).

Revista cultural vinculada ás asociacións "A Cabana" e "O Meigallo" de Cuntis. A súa periodicidade comezou sendo semestral e actualmente é anual. Foi fundada en decembro de 1999. Integran o consello de redacción Xosé Casal Porto, Alfredo García Giménez, Avelino Garrido Monteagudo, Fernando González Graña, Baltasar Pena Abal, Pilar Pena Búa, Héitor Picallo Fuentes, Martiño Picallo Fuentes, Marcos Suárez Redondo e Rita Sueiro Campos. No ano 2004 publicouse o número 9 (xullo), correspondente ao ano 5 da publicación. Este mesmo ano, como se fai constar no editorial, saíu ao prelo un volume coa reedición dos números 0 e 1, que estaban esgotados. No número 9 inclúense dos textos narrativos: un conto histórico de Xosé Durán ("O mestre") e unha fábula satírica de Antonio Ruibal ("O primeiro ecoloxista da miña aldea").

Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate
(DL:C-588-97) (ISSN:1137-6945).

Revista editada polo Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A. A súa periodicidade é mensual. Foi fundada en abril de 1997. No primeiro editorial consignábanse os seguintes obxectivos: a creación dun medio de comunicación alternativo e de calidade que permitise artellar un movemento orixinal de desafío á mundialización tecnolóxica e a defensa e reforzo dunha identidade colectiva galega. O director da revista é Luís Álvarez Pousa. Actualmente, Ana Belén Puñal Rama exerce como coordinadora. Ivám Cozinha, que exercera como redactor e encargado de fotografía, non figura no actual consello de redacción. A revista presenta unha nómina de colaboradores habituais, entre os que se contan José Manuel Lens (Arte), Xurxo González (Cinema), Armando Requeixo e Teresa Seara (Libros), Xosé Bocixa (Música) e Inma López Silva (Teatro). Asemade, cada número achega unha nómina ampla de colaboradores eventuais. A revista consta das seccións estábeis "Opinión", "Cataventos", "A Contratempo", "Horizontes" e "Voces e culturas". En cada número de decembro, faise un balance crítico do ano nas áreas de política, sociedade, economía e cultura. No ano 2004, a revista sacou do prelo doce números, do 80 (xaneiro) ao 91 (decembro), no que se manteñen, como pauta xeral, os devanditos apartados. Todos os artigos nos que se atende a cuestións relacionadas coa literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, 'Galicia no espello exterior', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 22 decembro 2004, p. 47.

Reflexiona sobre o ensaio de Xosé M. Núñez Seixas editado no último número da revista, texto que explica o descoñecemento xeral que existe sobre Galicia como colectividade etnocultural e histórica. O xornalista apoia as teses defendidas no artigo aparecido na publicación e lamenta, ademais, os diversos tópicos e estereotipos xurdidos en torno aos galegos.

Trabe de Ouro, A. Publicación Galega de Pensamento Crítico
(DL:C-351-1994) (ISSN:1130-2674).

Revista de pensamento crítico, editada por Sotelo Blanco Edicións. A súa periodicidade é trimestral. Foi fundada en 1990. O seu director é Xosé Luís Méndez Ferrín. Conta cun consello de redacción formado por Miguel Anxo Seixas, Francisco Sampedro, Antón Figueroa, Marcial Gondar Portasany, Xavier Vence, Margarita Ledo Andión, Paco Martín, Darío Xohán Cabana, Xosé Cid Cabido, X. M. García Crego, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela, Manuel Outeiriño, X. M. Salgado, X. Antón L. Dobao, Antón Reixa, J. Viale Moutinho e Carlos García Martínez. Exercen como secretarios Rosa López Fernández e Francisco Fernández Rei. A revista estrutúrase en cinco apartados: "Cuestións", "Acoutacións", "Textos", "Publicacións" e "Crónica". Durante o ano 2004 viron a luz os números 57 (xaneiro-febreiro-marzo), 58 (abril-maio-xuño), 59 (xullo-agosto-setembro) e 60 (outubro-novembro-decembro). A continuación, damos noticia dos respectivos apartados de "Textos". No número 57, preséntase unha Escolma de poemas de Bertolt Brecht, seleccionados por Xaquín Silva e traducidos por Catuxa López Pato. No número 58, ofrécese unha antoloxía de Giuseppe Ungaretti titulada "*Os Ríos* e outros poemas". Traducen, escolman e introducen os poemas Lucia Simoncelli e M. L. Stiller. No número 59, publícase o relato "O cuspe dos poliquetos" de Francisco Castiñeira, que recibiu o Premio Cide Hamete Benengeli convocado pola Universidade Le Mirail de Tolosa do Languedoc. No número 60, o apartado presenta a entrega "Adrienn Rich: de dentes contra o imperio", onde Daniel Salgado traduce e prologa o poema en nove movementos "North American Time" ("Tempo Norteamericano").

Unión Libre
(DL:C-1668-1996) (ISSN:1137-1250).

Revista cultural publicada por Ediciós do Castro. A súa periodicidade é anual. Fundada en 1996, e coordinada por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco, o seu propósito é dar cabida a diversas manifestacións creativas, preferentemente literarias, desde unha perspectiva "radicalmente aberta, crítica, independente e libertaria". O comité de redacción está integrado por Xosé Luís Axeitos (documentación), Vsévolod Bagno (San Petesburgo,

culturas eslavas), Diana Conchado (Nova York, inglés e esperanto), María Lopo (Bretaña, francés e italiano), Carme Junyet (Barcelona, culturas africanas), Lily Litvak (Texas, culturas orientais), Katheleen N. March (Maine, culturas amerindias) e Olga Novo (Santiago de Compostela, culturas ibéricas). A ilustradora é Sara Lamas. No 2004 saíu do prelo o número 9, dedicado á memoria antifascista galega. Igual que nos números inmediatamente precedentes, a revista recolle artigos sobre o tema monográfico, achega un apartado de documentación e presenta pezas literarias. Neste caso, no apartado de creación ("Sempre con nós") participan Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer, con dúas achegas tituladas, respectivamente, "Mamaíña querida" e "A loita continúa".

Xanela, A. Revista Cultural das Mariñas
(DL:C-1696/96).

Revista editada pola Asociación Cultural "Eira Vella" de Betanzos. A súa periodicidade é variábel. Foi fundada en 1994. Na primavera de 1996 comezou unha nova xeira baixo a coordinación de Suso Torres. En 2004 viron a luz os números 17 e 18, correspondentes á primavera e ao outono, respectivamente. No número 17, a habitual sección de "Creación" acolle un relato de Paulo Martínez Lema titulado "Cándido de Candal, revolucionario" e varios poemas: "5 poemas para unha noite de sábado en Betanzos", de Maxi Rei, "Resposta", de Lino García Salgado, "Desertos" de Gabriela Rodríguez e "Profesión: equilibrista" de Diana Aradas. O volume inclúe tamén unha banda deseñada de Víctor Tizón. No número 18 a sección de "Creación" está composta polos relatos "Mariña Edrosa, caladiña" e "Os outros" de Paulo Martínez Lema e "Xan do Ente". Ademais aparecen creacións poéticas de Gabriela Rodríguez ("Os buscadores de tesouros"), de Medos Romero ("Poemas ao Porto"), de Samuel Solleiro ("/tannhäuser/") e de Luciano Maia ("Soneto da magia de amar"). Os artigos relativos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste Informe.

Xistral (Revista lucense de creación poética)

Revista de poesía editada pola Concellería de Cultura e Educación do Concello de Lugo. A súa periodicidade é anual. Foi fundada no ano 1998. O coordinador é Camilo Gómez Torres. O seu primeiro consello de redacción estaba integrado por Luz Pozo Garza, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo, Manuel María e Ignacio Rodríguez. Dende o ano 2003 (número 6) Concepción Burgo López figura no canto de Ignacio Rodríguez. No ano 2004 saíu o número 7, dedicado á memoria de Manuel María, que fora membro fundador da revista. Recolle poemas de Xulio César Álvarez Docampo, Ana Arias Saavedra, Lupe Bao, Carmen Blanco, José Blázquez, Anxo Boán Rodríguez, Miguel Bugallo, Eva Cabo, J. Luís Calvo, Marica Campo, Joaquín R. Carballido Parra, Cristina Corral Soilán, Xosé María Costa, Xavier Costa Clavell, Manuel Darriba, José Estévez López, Mª Sara Fernández, Xoán Xosé Fernández Abella, Luís Fernández Guitián, Alicia Fernández Rodríguez, Xosé Lois García, Antón Grande, María Xosé Lamas, María López Sández, Paulo Martínez Lema, Manuel C. Matalobos, Sara Méndez Palmeiro, Ana Navascués, Manuel Xosé Neira, Xoán Neira López, Isidro Novo, Toño Núñez, Xesús Pereiras, Ana Pillado Vega, Vicente Piñeiro González, Andrés Pociña, Pepe Pol, Luz Pozo

Garza, Xerardo Quintiá, Xesús Rábade Paredes, Francisco Javier Reija Melchor, Claudio Rodríguez Fer, Margarita Rodríguez Otero, Ramón Rodríguez Porto, Daniel Salgado, Milo Valdonedos, Saturnino Valladares, Carlos Vázquez, Lois Vázquez Fernández, Antonio Vázquez Tierra, Helena Villar Janeiro e Antonio Yebra de Ares. O volume inclúe ilustracións de Silvia Clara López López, Blázquez e R. Prados. Como é habitual na revista, despois dos poemas figura a nómina de participantes ordenada alfabeticamente, con breves indicacións biobibliográficas de cada un dos poetas.

Referencias varias:

- K.A., 'El PP pide que el Concello recupere la revista 'Xistral', *El Progreso*, 'Lugo', 21 abril 2004, p. 7.

Recolle as manifestacións de Xabier Rodríguez Barrio, concelleiro do PP en Lugo, quen reclama ao goberno local que continúe coa edición da revista, cuxo último número apareceu en 2002.

X. PREMIOS

X.1. NARRATIVA

Concurso de Relato Curto "Camiño de Vida"

Convocado pola empresa Azetanet Formación, en colaboración coa Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago (Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo) e o Xacobeo 2004, busca destacar algunha experiencia vivida polos peregrinos que fixeran o Camiño de Santiago.Os relatos, cunha extesión de entre tres e cinco follas en letra arial 10 a dobre espazo, enviáronse a Azetanet, CP 707 (A Coruña), antes do 14 de Agosto. O premio único foi de 200 euros, ademais da publicación dos vinte mellores relatos. A entrega de premios, segundo as súas bases, realizouse o 17 de setembro.

IIIº Certame literario de relato de aventuras "Antón Avilés de Taramancos"

Certame que convoca o Concello de Noia e organiza *A Casa Da Gramática* do IES Virxe do Mar, coa colaboración da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Poden concorrer a este certame todas as persoas de calquera nacionalidade, cun único traballo en galego de temática libre que sexa inédito, encadrado no relato de aventuras. Na segunda edición incrementouse a contía económica do premio en 1.200 €, pasando así a ser de 3.000 € e a publicación da obra gañadora na editorial Toxosoutos. A obra, cunha extensión entre setenta mil e cen mil caracteres, presentarase por cuadriplicado en exemplares separados, mecanografados por unha soa cara, debidamente grampados, cosidos ou encadernados, sen sinatura, cun lema e utilizando un sistema de plica no Concello de

Noia, Rosalía de Castro, 2, 15200 Noia (A Coruña). O prazo de admisión de traballos rematou o 5 de marzo de 2004 e o xurado, que estará composto por persoas de recoñecido prestixio no eido das letras galegas, emitirá publicamente o seu veredicto o 6 de abril de 2005, coincidindo coa data de nacemento de Antón Avilés de Taramancos. Así pois, no ano 2004 coñeceuse o gañador da terceira edición deste certame; o xurado, que estivo composto por Antonio Pérez Insua, Inma López Silva, Manuel Álvarez Torneiro, Armando Requeixo Cuba e Concepción Sabucedo Álvarez, concedeu o premio a Ramón Carredano por *A unlla da aguia*.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, 'A unlla da aguia', *Atlántico Diario*, *'La Revista'*, 'Musas', 4 xullo 2004, p. 51.

Infórmase do nome do gañador no III Premio "Avilés de Taramancos" de relatos de aventuras 2004: Ramón Carredano Cobas con *A unlla de aguia*. Dá os nomes dos membros do xurado e de seguido pasa a falar do libro gañador, unha obra ambientada na invasión de Galicia polas tropas napoleónicas. Remata animando ao público a ler a obra, escrita nun galego "limpo, asequible e sen requintamentos".

- Xulio Valcárcel, 'IV certame Avilés de Taramancos', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 26 decembro 2004, p. 4.

Infórmase da presentación do certame literario de relato de aventuras Avilés de Taramancos, prazo que estará aberto ata o día 4 de marzo de 2005. Recolle as bases do premio ademais da data na que o xurado emitirá o veredicto, 6 de abril de 2005, e o lugar de entrega dos traballos orixinais.

IIIº Concurso de Relato Curto Concello da Lama

Convocado por este Concello pontevedrés, foi dirixido a todas a persoas que, nunha extensión máxima de tres folios, redactaran unha narración breve, en galego ou castelán, de tema libre. O límite de participación era de tres relatos por persoa. A dirección para enviar os orixinais foi a das dependencias municipais. A data de remate para a presentación dos escritos correspondeu ao 7 de maio. Non temos constancia de máis datos relacionados con esta convocatoria.

IIIº Premio "Eixo Atlántico" de narrativa galega e portuguesa

Convocado pola institución internacional de cooperación Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular e os xornais galego e portugués *La Voz de Galicia* e *Público*, coa colaboración da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, o Ámbito Cultural do Corte Inglés e a Fundación Caixa Galicia, ten como obxectivo establecer na literatura un nexo de unión

entre ambas as zonas e as culturas. Así, puideron concorrer a esta convocatoria todas as persoas que, en galego ou en portugués, elaboraran unha narración orixinal de tema libre antes do 30 de outubro. Aínda que as bases especificaban que o ditame do xurado se faría público o 15 de decembro, nunha decisión divulgada o día antes adiouse esta data para o primeiro trimestre de 2005. A razón alegada para este cambio foi o elevado volume de obras presentadas e, por conseguinte, a superación da capacidade avaliadora do xurado. A contía do premio único que obterá o/a gañador/a ascende a 18000 euros brutos.

IIº Certame de microrrelatos "Lonxa Literaria"

Organizada pola Asociación Cultural Lonxa Literaria (Moaña), colabora o Concello de Moaña e subvenciona a Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Dirixiuse a todas as persoas que, en galego e nun máximo de 15 liñas, elaborasen unha pequena narración que contivera, como único requisito, a palabra "peaxe". A convocatoria do premio publicouse en agosto, o 15 de outubro foi o último día para enviar tres copias do relato e o 31 de outubro foi o día na que o xurado deliberou e decidiu. Nesta ocasión o xurado estivo composto pola escritora Anxos Sumai, o crítico literario Camilo Franco e a organizadora Asun Veloso. O gañador da única categoría existente, premiada con 150 € en metálico, foi o relato "Contrabando", de Serafín Parcero Pérez; tamén se lle concederon dous accésits aos relatos "Meniño da guerra (gusto)", de Xosé Manuel Pazos Varela, e "Defecto Bolboreta", de Suso Bahamonde Trillo. O acto de entrega de premios, celebrado no local social da organización, tivo lugar o 21 de novembro.

Referencias varias:

- C. Martínez, 'La Lonxa Literaria de Moaña convoca el 'II Certame de Microrrelatos', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Cangas/Moaña', 22 agosto 2004, p. 20.

Noticia sobre a convocatoria do Certame de Microrrelatos da "Lonxa literaria" de Moaña. Relación dos requisitos para poder presentarse ao premio e bases da convocatoria que será resolta o 31 de outubro.

- Estela Veloso, 'Paixón pola literatura', *Atlántico Diario*, 'Morrazo', 22 novembro 2004, p. 17.

Uns pequenos datos sobre os seus inicios serven para presentar a "Lonxa literaria" de Moaña. O sistema de funcionamento, que consiste en reunir a un grupo de lectores para falar sobre unha obra, constitúe o núcleo deste artigo. Destaca a creación dunha sección xuvenil que escollen entre eles as lecturas que van facer. De todas as actividades desenvolvidas pola asociación destaca un Concurso de Microrrelatos que tivo por gañadores nesta edición a Serafín Parcero, Xosé M. Pazos, e Suso Baamonde.

IIº Certame de Relato Curto Concello de Mugardos

Convocado polo Concello, dirixiuse a todas as persoas que, nun máximo de 20 folios a dobre espazo, elaboren unha narración de tema libre e en lingua galega; con límite de entrega ata o 30 de novembro. O xurado desta edición presidiuno o concelleiro Evaristo Creus xunto coa bibliotecaria Carmen Bar e os profesores Anxos García, Belén Castro e Juán Álvarez. A gañadora foi María Pilar Freire, cunha mención especial para Jaime Pereira Maroto. O premio consistiu nun lote de libros valorados en 250 euros para a gañadora. Xunto coa mención, entregouse outro lote de libros valorados, esta vez, en 150 euros.

IIº Premio "Cide Hamete Benengeli" para contos

Este premio é convocado pola Fonda de Chao, a Radio Francia Internacional e o Departamento de estudios hispánicos e hispanoamericanos da Universidade Toulouse-Le Mirail para render homenaxe ao patrimonio lingüístico e literario que representan as linguas vernáculas de España e de América que cohabitan co español (catalán, euskera, galego, guaraní, náhuatl e quechua). Os traballos, inéditos e escritos nunha das mencionadas linguas, poden ter unha extensión máxima de vinte páxinas mecanografadas a dobre espazo. Os contos deberán enviarse na súa versión orixinal acompañada dunha tradución ao castelán, ambas por duplicado, ao seguinte enderezo: UNIVERSITÉ DE TOULOUSE "LE MIRAIL", Département d'Etudes Hispaniques et Hispano-américaines, 5, allée Antonio Machado, 31150, Toulouse cedex 3, FRANCIA. No exemplar escrito na lingua orixinal deben constar o nome, enderezo, teléfono ou enderezo de correo electrónico do autor e os seus datos biográficos de forma breve. Se a tradución ao castelán é realizada por unha terceira persoa, tamén se indicarán o nome, enderezo e teléfono ou enderezo de correo electrónico do traductor. Un Comité formado por profesores, investigadores e estudiantes da Universidade de Toulouse-Le Mirail, e tamén por especialistas dos idiomas orixinais dos relatos, será o encargado de realizar unha primeira selección. O xurado será designado pola organización do concurso, e non poderá conceder premios *ex aequo*. O galardón consiste en 1.000 euros, así como a posibilidade de publicar o conto na revista universitaria 'Caravelle' se o conto está escrito nunha lingua amerindia. A data límite de entrega nesta convocatoria foi o 15 de setembro e a resolución fíxose pública no mes de decembro.

IIº Premio de Novela Europea "Casino de Santiago"

Creado no ano 2003 por vez primeira, este premio está convocado polo Casino de Santiago e o IES Rosalía de Castro, coa axuda de El Corte Inglés. Concorren a el novelas publicadas recentemente nalgún país da Unión Europea, previamente seleccionadas por unha comisión organizadora. O galardón pretende fomentar a lectura entre os composteláns, de maneira que un trinta por cento do voto da resolución do xurado corresponderá aos votos de residentes ou persoal traballador na cidade de Santiago. A tal efecto abriuse un prazo de votación no que os lectores puideron emitir o seu voto ben no Casino de Santiago, ben no Centro Comercial Compostela; ofrecéndoselles tamén as novelas finalistas en préstamo. A porcentaxe de voto restante corresponderalles aos socios do Casino (que contaron un vinte por cento) e ás votacións de dez representantes de varias institucións da cidade (cun peso

do cincuenta por cento). Nesta edición competían como finalistas as obras de Sarah Waters, Mario Vargas Llosa, Simoneta Agnello Hornby, Günter Grass e o galego Xavier López (*A vida que nos mata*, editada en 2003). O ditame deuse a coñecer o 12 de xullo, cando se soubo que a obra seleccionada de entre as seis candidatas era *La Mennulara* (Tusquets), de Simonetta Agnelo Hornby. O premio estivo dotado con 3000 euros.

Referencias varias:

- Jose Matamoros, 'El Casino premia a una italiana', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 13 xullo 2004, p. L11.

Faise eco brevemente do nome da gañadora da segunda edición do Premio de Novela Europea Casino de Santiago, a escritora italiana Simonetta Agnello Hornby coa obra *La Mennulara*, a súa primeira novela. Conclúe referindo os nomes dos outros finalistas: Günter Grass, Vargas Llosa, Sara Waters e Xavier López.

Iº Certame de Narracións Curtas Concello de Curtis

Convocado polo Concello de Curtis vai dirixido a calquera persoa que, en galego, redacte un relato breve de tema libre. Nesta primeira convocatoria concedéronse tres premios e tres accésits. Os premios corresponderon, en primeiro lugar a Xoán Xosé García, pola narración "Unha xornada convencional", o segundo premio foi para Raquel Boo Anderson, polo relato "Terceira e última", e o terceiro para Fernando González Graña, por "Carta de autodefensa do demo". No tocante aos accésits, estes foron para Olga Romasanta Iglesias, por "Ronsel", Vicente Javier García Gómez, por "A pontella de Portocastro" e Luz Pérez Pernas, por "Suicidas". O xurado desta edición estivo composto por Concha Blanco Blanco, escritora de literatura infantil en galego; Manuel Rico Verea, normalizador lingüístico; Carme López Taboada, mestra de instituto e Andrés Mariño Sanmartín, coñecedor da historia de Curtis e escritor. Os premios dotáronse cunha cantidade económica de 300, 120 e 60 euros para o primeiro, segundo e terceiro, respectivamente. Os accésits consistiron nun lote de libros para cada un dos agraciados. A cerimonia de entrega de galardóns tivo lugar o 30 de xullo, coincidindo coa celebración da semana da mocidade que organizou o Concello.

Iº Certame de Narrativa Curta Terra Chá

Convocado polo Concello de Guitiriz e a asociación cultural local Xermolos, dirixiuse ás persoas maiores de 16 anos que elaboraran unha breve narración baixo o tema "Vintecinco anos do Festival de Pardiñas: feira e festa da música e da arte". O relatos, non máis de un por participante, debían entregarse no rexistro do Concello antes do 25 de xuño, se ben unha decisión das entidades organizadoras ampliou este prazo até o 5 de xullo. O xurado estivo formado polo concelleiro de turismo, José Teijeiro, o presidente da asociación Xermolos, Alfonso Blanco, o estudante Brais García, a filóloga Carmen Losada e o responsábel do centro xuvenil municipal, Victoriano Vázquez. No seu ditame, publicado o

10 de xullo, declaran merecedor do primeiro premio ao relato "Fragmentos dunha festa", de José Antonio Cascudo, o segundo mereceuno "Amanecín nunha primaveira esquecida", escrito por José Manuel Reinosa Prado, e o terceiro correspondeulle a Fernando Vázquez Uriz polo seu relato "Gaitas de Alcacer". Os premios consistiron nunhas remuneracións económicas brutas de 300, 180 e 120 euros, respectivamente.

Referencias varias:

- C.P.R., 'Cascudo resultou gañador do premio de narrativa curta da Terra Chá', *El Progreso*, 'Terra Chá', 11 xullo 2004, p. 20.

Relación dos gañadores do I Certame de Narrativa Curta Terra Chá: José Antonio Cascudo, con *Fragmentos duna Festa*,; José Manuel Reinosa Prado, con *Amanecín nunha primavera esquecida*, e Fernando Vázquez Uriz.

Iº Concurso de contos Liceo de Noia

Certame convocado neste ano pola Sociedade Liceo de Noia co gallo da celebración do Día das Letras Galegas; neste premio, que está dotado con 1.000 euros, a temática dos contos é libre e nel poden participar todos as persoas de calquera nacionalidade que presenten a súa obra en lingua galega, cunha extensión mínima de tres folios, e máxima de seis, que sexan inéditos. Os textos presentaranse por cuadriplicado, mecanografados, por unha soa cara e a dobre espazo. Nos orixinais figurarán o título da obra e un lema que se repetirá no exterior dun sobre sen remite, no que se introducirán o nome, enderezo e teléfono do autor. Os orixinais enviaránse á Sociedade Liceo, indicando no sobre 'I Concurso de Contos Liceo de Noia', antes do día 17 de xullo de 2004. O xurado, formado por tres personalidades da literatura galega e un membro da directiva da Sociedade Liceo, que actuará como secretario, sen voz nin voto, dará a coñecer o seu fallo o día 28 de agosto de 2004, coincidindo co aniversario da fundación da Sociedade. A obra premiada será publicada na revista Alameda, que edita a Sociedade Liceo. Nesta primeira edición o xurado estivo integrado por Xosé Moas Pazos, Xavier Castro, Francisco Fernández e Bieito Iglesias, quen, entre os cincuenta e dous contos que se presentaron, premiou o conto titulado *Goodbye my friend*, de Beatriz Dacosta Molanes.

Referencias varias:

- Cándido M. Prego Rojo, 'Axenda', *Alameda*, nº 16, outubro 2004, pp. 2-6.

Dá conta dunha serie de actividades e eventos que tiveron lugar con anterioridade, a maioría relacionados coa Sociedade Liceo de Noia, tales como representacións teatrais, exposicións de pintura e manualidades, etc. Con respecto ás informacións que están relacionadas coa literatura galega, destaca a alusión ao fallo do "I Concurso de contos de Noia. Cita o nome dos membros do xurado deste galardón e subliña que a premiada foi Beatriz Dacosta co relato "Goodbye my friend". Por último, remata avisando do comezo das actividades do novo curso desta entidade cultural.

IVº Certame de "Contos e lendas do Concello de Mondariz Balneario"

Convocado polo Concello, posúe dúas categorías: escolares e adultos. As dúas categorías van dirixidas a persoas que, en castelán ou galego e nun máximo de 4 folios mecanografados a dobre espazo, elaboren unha narración de tema libre pero que, con estilo de lenda ou conto, se desenvolva, totalmente ou en parte, no entorno do Concello de Mondariz Balneario. O ditame leuse no acto de entrega de premios, o 17 de decembro, no transcurso dunha cea na que estiveron presentes o Concello, a Fundación Mondariz Balneario así como boa parte dos premiados. O resultado deste ditame na categoría de adultos deixou como gañadores a Miguel Ángel Benavente García, co seu relato "¿Qué haces Ramiro?", do primeiro premio, do segundo a Miguel Ángel Molina Jiménez, polo seu conto "El narciso que desengañó un sueño", e co terceiro a Manuel Terrín Benavides, polo seu relato "La meiga negra". No que respecta aos premios, estes consistiron nun diploma acreditativo e 500, 300 e 150 euros, respectivamente, para cada un dos agraciados.

Referencias varias:

- Maite Gimeno, 'Contratos temporales', *El Correo Gallego*, 'Vigo', 2 outubro 2004, p. 22.

Infórmase da convocatoria do premio organizado polo Concello de Mondariz no que poden participar traballos inéditos na categoría de adultos e infantil relacionados con algún aspecto municipal.

IVº Certame literario "Ramón del Valle-Inclán"

Convocado pola concellaría de cultura do Concello da Pobra do Caramiñal, dirixiuse a calquera persoa que presentara, nas instancias do Concello, un relato breve, de extensión non precisada, tema libre e en galego. O xurado desta edición formárono o escritor ferrolán Marcelino Sisto; o gañador da edición anterior, Xosé Plácido Betanzos; a concelleira de educación, Encarnación González; o concelleiro de cultura, Antonio González; e o presidente da asociación Amigos do Museo, Juan Muñiz. Os relatos gañadores foron, do primeiro premio "A certeza treme", de Xan Manuel Rodiño; do segundo "O anxelote", de Eva Castro; e do terceiro "Coitelas", de Francisco Castiñeira Romar. Son de destacar os problemas xurdidos logo da publicación do ditame xa que, comprobada a existencia dunha suplantación de personalidade na autoría do relato gañador do segundo premio, o xurado decidiu deixalo deserto. Os premios constaron de 500, 300 e 100 euros en metálico, respectivamente. O acto de entrega de galardóns foi no edificio do Concello o 12 de xaneiro.

Referencias varias:

- M.X. Blanco, 'Un premio esperpéntico', *La Voz de Galicia*, 'Crónica', 13 xaneiro 2004, p.

16.

A polémica no certame literario Valle Inclán centra este artigo, xa que o segundo premio quedou deserto por suplantación de identidade. A continuación dáse o desenvolvemento dos feitos e declaración dos afectados.

- Adriana Rodríguez, 'Estou seguro de que hai rapaces con moita capacidade e inquietude pola literatura', *Diario de Arousa*, 26 decembro 2004, p. 21.

Dáse a coñecer a posta en marcha o Premio Literario "Ramón del Valle-Inclán" de narrativa, poesía e teatro, organizado pola Fundación Valle-Inclán, e que substituiría aos premios que organiza o Ateneo Valle-Inclán, exclusivamente de narrativa, cuxa derradeira gañadora foi Noelia Bouzada Méndez. Recolle as palabras de Xoán Guitián, xerente da fundación, e Alejandro Allegue, coordinador, sobre a intención do premio de achegar os nenos á literatura e incentivalos para que lean e escriban, xa que só poderán participar aqueles menores de dezaoito anos. O premio fallarase en outubro de 2005.

IVº Premio de "Novela por entregas"

Convocado polo xornal La Voz de Galicia dende o 2001, coa colaboración do Ámbito Cultural do Corte Inglés, dirixiuse a todas as persoas que elaborasen, cunha estrutura necesariamente dividida en trinta e un capítulos de 3500 caracteres cada un, unha obra narrativa en castelán ou galego de tema libre. As obras enviáronse, dende a data de convocatoria do premio até o 16 de xullo, á sede do xornal no polígono industrial de Sabón (Arteixo) ben polo correo ordinario ben polo correo electrónico redac@lavoz.es. O xurado desta edición formárono Xosé Antonio Perozo, gañador da convocatoria anterior; Xosé Luís Vilela Conde, director adxunto de La Voz; Tucho Calvo, redactor xefe de Accións Especiais de La Voz; Ernesto Sánchez Pombo, director da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, e, como secretario, Luciano Rodríguez Gómez, profesor da Universidade da Coruña. O 21 de xullo, durante un acto celebrado no Museo de La Voz de Galicia, deuse a coñecer a resolución do certame, declarándose como gañadora a obra "O descenso do derradeiro ocaso", cuxa autoría corresponde a Ángel de la Cruz. O premio consta dunha cantidade económica de 6000 euros e a publicación diaria da novela, durante o mes de agosto e de forma paralela ós Relatos do Verán, tanto nas páxinas literarias do xornal impreso coma no xornal electrónico presente na rede.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Ángel de la Cruz. 'A literatura e o cine manteñen unhas relacións de parella', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 24 xullo 2004, p. 54.

Entrevista a Ángel de la Cruz, que foi gañador do premio de novela por entregas de *La Voz de Galicia*, coa obra *O descenso do derradeiro ocaso*. Na entrevista o autor destaca a realidade como metáfora sobre a vida e que os seus relatos beben das fontes de noticias dos

xornais. A seguir a entrevista xira sobre a técnica da novela, da que o escritor anota semellanzas coa escrita de guións e analiza as relacións entre cine e literatura, que teñen que manter un diálogo continuo.

Premio "Xulián Magariños" de novela curta

Convocado polo Concello de Negreira, co patrocinio da Fundación Feiraco, ten como obxectivos declarados os de render homenaxe á figura do avogado e galeguista Xulián Magariños e de contribuír ao fomento da creación literaria en Galicia. Dirixiuse a calquera persoa que entre 30 e 50 folios a dobre espazo, e en galego, elaborase unha novela curta de tema libre. Os orixinais e inéditos enviáronse por quintuplicado ao rexistro municipal de Negreira antes do 1 de setembro, última data para a recepción de obras. O xurado desta edición formárono Xesús García Calvo, presidente da Fundación patrocinadora; X. Amancio Liñares Giraut, comisario responsable da organización dos actos de celebración do nacemento de Xulián Magariños; os profesores Xosé A. Ponte Far, Antonio Puentes Chao e Manuel Quintáns; e, en papel de secretario, Jorge Couso García, concelleiro de cultura de Negreira. Reunido o 11 de decembro no Hotel Tamara ditaminou, por unanimidade, que a obra gañadora era a titulada *Matei un home*, de Ana Alfaya. O premio consistiu en 1500 euros en metálico cedidos pola Fundación Feiraco. O acto de entrega tivo lugar no salón de actos da Casa Consistorial o 18 de decembro, durante a celebración dun acto musical de homenaxe a Xulián Magariños co gallo do centenario do seu nacemento.

Referencias varias:

- Emilio Forján, 'O gañador do premio Xulián Magariños recibirá 1.500 euros', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 27 maio 2004, p. L11.

Noticia da Convocatoria do premio Xulián Magariños, promovido polo Concello de Negreira en colaboración coa Fundación Feiraco, en honra ao escritor negreirés Xulián Magariños Negreira na conmemoración do centenario do seu nacemento. Anótase que este premio non terá continuidade.

- Emilio Forján, 'O programa do congreso sobre Xulián Magariños xa está pechado', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 19 agosto 2004, p. L8.

Informa de que os actos de celebración da homenaxe a Xulián Magariños xa están pechados e serán entre o 13 e o 18 de setembro. Na "Semana Magariños" terá lugar un congreso no que participarán profesores da Universidade de Santiago de Compostela e da Coruña aos que nomea. Así mesmo, salienta que o prazo de presentación de traballos para o Premio de Novela Curta Xulián Magariños está a finalizar.

- E.F., 'Dezasete obras optarán ó premio de novela curta Xulián Magariños, de Negreira', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 16 outubro 2004, p. L11.

Dáse noticia da recepción de dezasete obras para o premio Xulián Magariños de novela curta e anótase que será fallado o 11 de decembro.

- N.M.O., 'El Premio de Novela Xulián de Magariños se fallará mañana en el hotel Tamara', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 10 decembro 2004, p. 41.

Informa da data, lugar e hora na que se coñecerá o nome do gañador do Premio de novela curta Xulián Magariños. Además recolle o número de obras presentadas, dezasete, e a composición dos membros do xurado.

- MARÉ, 'Ábrense as plicas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 decembro 2004, p. 38.

Noticia que anuncia as próximas resolucións de prestixiosos premios galegos: o Premio Blanco Amor, o Xulián Magariños e o premio Álvaro Cunqueiro de teatro. En canto ao primeiro, un dos principais certames de novela, fai un percorrido polos anteriores gañadores. De seguido, dá os nomes do xurado para o Premio de Novela Curta Xulián Magariños, además da data e lugar de celebración do acto de entrega do premio ao gañador de entre as dezasete propostas presentadas. Remata mencionando o día e lugar de entrega do Premio Álvaro Cunqueiro de teatro.

- E.F., 'A viguesa Ana Alfaya gaña o premio de novela curta Xulián Magariños', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 19 decembro 2004, p. L12.

Infórmase do ditame do Premio de novela curta Xulián Magariños, que recaeu na obra titulada *Matei un home*, da viguesa Ana Alfaya. Además de referirse ao argumento da novela, salienta a unanimidade na decisión do xurado.

Premio de relatos 'Boca de la Ría 2004'

Convocado pola Sociedad Artística Ferrolana (SAF) e patrocinado polo Concello de Ferrol, centra a súa convocatoria no relevo da Ría de Ferrol. Para iso todos os traballos recibidos, cunha extensión máxima de 3 folios, debían destacar a súa presenza. O premio consistiu nunha placa e na posibilidade de ver publicada a súa obra na revista *Poesía Galicia*.

Referencias varias:

- Rodríguez Maneiro, 'Premios de Narraciones', *El Ideal Gallego*, 'Opinión', 16 decembro 2004, p. 29.

Danse a coñecer as convocatorias dos distintos premios organizados pola Sociedade Artística Ferrolana (SAF) e patrocinados polo concello de Ferrol, entre eles o Premio "Boca

de la Ría" para a estimulación e fomento da cultura nos campos: portuario, pesqueiro, industrial, náutico, histórico, construcción naval, militar, tradicións, lendas, contos, faros e sinistros marítimos.

VIIIº Premio de Narración Curta Concello de Marín

Convocado polo Concello para celebrar o Día das Letras, foi dirixido a todas as persoas que, entre un mínimo de 5 e un máximo de 10 folios e a dobre espazo mecanografado, elaboren unha narración de tema libre. O prazo máximo de entrega rematou ás 13 horas do día 26 de abril, logo de que os orixinais fosen remitidos ás dependencias municipais e dirixidos á Concellaría de Cultura. O premio único foi unha remuneración económica de 1000 euros. O acto de entrega do premio coincidiu co Día das Letras Galegas, o 17 de maio, nun acto de homenaxe a Xaquín Lorenzo, "Xocas". Non temos constancia do resultado da convocatoria, así como da formación do xurado correspondente a esta edición.

VIIº Certame de Narración Curta "Ánxel Fole"

Convocado polo Concello de Lugo, recuperou nesta edición, non sen certa polémica, a categoría de relatos en castelán. Os traballos, de tema libre e extensión máxima de 10 folios a dobre espazo, puideron entregarse na casa consistorial até o 30 de novembro. As bases recollen para cada categoría, galego e castelán, un primeiro premio, valorado en 900 euros, e un segundo valorado en 450. Os gañadores da categoría dos relatos en galego, anunciados e entregados ao longo do mes de febreiro de 2005, foron, do primeiro premio, Xosé Alfredo Naz Fernández, polo seu relato *O fidalgo*, e Emma Pedreira, por *Madame Tussaud*.

VIº Certame de Contos 'Cultura Quente'

Convocado anualmente polo Concello de Caldas de Reis, ten dúas categorías, para maiores e menores de 18 anos. Os orixinais, con tema libre, son inéditos e escritos en galego e entregáronse nas instancias municipais antes do 30 de xuño. Os premios na categoría de adultos son tres, de 300, 150 e 80 euros, respectivamente. Nesta edición, e na categoría de maiores de 18, resultaron premiados en primeiro lugar Marcelino Sisto Deibe, coa obra "Nun breve solpor ferido", o segundo correspondeu a Brais Pérez González, que concorreu co relato "A corda de esparto", e o terceiro foi para María Concepción Regueiro Digón, co conto titulado "Salvoconducto para a tranquilidade". O xurado encargado da entrega dos premios presidiuno o concelleiro de cultura local, Manuel González. Respecto ao premio na categoría de menores de 18, toda a información se pode atopar no apartado de "Premios Escolares" deste Informe.

Vº Concurso "Relatos de Verán" de La Voz de Galicia

Convocado polo xornal galego *La Voz de Galicia*, en colaboración co Xacobeo 2004, a editorial Sotelo Blanco e o Ámbito Cultural do Corte Inglés, vai dirixido a calquera persoa que, en 25 liñas e cun corpo de letra 11, elaboren, en galego ou en castelán, un relato orixinal de tema libre. O tempo de recepción de traballos foi do 16 de xuño ao 15 de xullo, e o lugar de envío foi o domicilio social de *La Voz de Galicia*, sito no polígono industrial de Sabón. O xurado serán os lectores que, semanalmente, votarán, mediante os cupóns publicados a tal efecto polo xornal, ao mellor relato. Nesta edición os catro autores gañadores foron Víctor Vázquez Guliás, polo seu relato "O terrorista", Nuria Piñeiro, por "Tempos aqueles", Dulce María López, por "Bágoa" e Bárbara González Vilariño, por "¡Arriba el telón". O premio que se lle entregou a cada un dos catro agraciados foi un lote de trinta e un volumes editados por Sotelo Blanco.

Referencias varias:

- Pablo Pazos, 'Víctor Vázquez Gulías. 'Gustaríame que se escribise e se lese máis en galego', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 16 agosto 2004, p. 50.

Entrevista realizada ao primeiro gañador do certame de Relatos de Verán organizado por *La Voz de Galicia*, Víctor Vázquez Gulías, co relato *O terrorista*. Entre outros temas fálanos do seu relato como unha historia totalmente ficticia inspirada na realidade crúa, na vida mesma. Ante un tema tan delicado, di que non lle da medo abordalo xa que é parte da nosa experiencia vivida, o terror, o medo. Remata facendo unha valoración do premio. Considera que o máis importante é a publicación, pero tamén deixa constancia do desexo de que se escriba e se lea máis en galego.

- Pablo Pazos, 'Nuria Piñeiro Lamas. 'Terán que xulgarme polo relato, non pola idade', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 23 agosto 2004, p. 50.

Conversa coa segunda gañadora do certame de Relatos de Verán, Nuria Piñeiro, coa obra *Tempos aqueles*, na que reflexiona sobre o contido do relato, unha historia que lle ocorreu á súa avoa, polo que está baseada en feitos reais. Afirma que a súa afección pola escrita xa comezara no colexio e por agora considéraa un pasatempo, dada a súa curta idade, dezaseis anos. Comenta tamén os seus referentes literarios e a súa opinión favorábel do certame.

- Pablo Pazos, 'Dulce María López. 'Toquei a fibra sensible, a tenrura que levamos dentro', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 30 agosto 2004, p. 59.

Entrevista a Dulce María López, terceira gañadora do premio grazas á boa acollida de *Bágoa*. Comenza facendo referencia aos fados e a Lisboa, xa que o relato está inspirado nun fado de Dulce Pontes, "Lágrima". Ademais comenta a importancia da lectura e da escritura no seu labor como mestra. Considera importante motivar aos nenos para que sexan bos lectores.

- Pablo Pazos, 'Bárbara González. 'Se escribes es coma o becho raro da clase', *La Voz de*

Galicia, 'Entrevista', 8 setembro 2004, p. 48.

Conversa con Bárbara González, cuarta e derradeira gañadora do premio co relato titulado *¡Arriba el telón!* no que reflexiona sobre a existencia humana. Comenta a elección da temática do teatro, das máscaras que nos poñemos diariamente, así como da carga crítica e autocrítica que se atopa no mesmo. Fala tamén dos seus gustos literarios e remata aludindo á implicación dos xoves galegos coa literatura.

Vº Premio "Risco" de literatura fantástica

Organizado polo Concello de Ourense e a Fundación Vicente Risco dende 1999, ten o obxectivo declarado de renderlles homenaxe a Vicente Martínez-Risco e Antón Risco, pai e fillo, pola súa contribución á cidade e á fundación que lle dá nome. Estivo dirixido a todas as persoas que, en galego e cunha extensión aproximada de 30.000 palabras, elaboraran unha obra narrativa pertencente ao xénero literario do fantástico; entendendo este xénero no sentido máis lato da súa definición. Este ano foi cando se publicou a resolución correspondente á convocatoria de 2003, en concreto o 17 de abril. Mentres que a convocatoria do premio de 2004 se publicou no mes de novembro e se resolverá, segundo consta nas bases, en torno ao 30 de abril de 2005. No que atinxe á resolución de 2003, o xurado, formado nesta ocasión por Anxo Tarrío Varela, Arturo Lezcano Fernández, Ramón Caride Ogando, Armando Requeixo Cuba, Mª Camino Noia e José Araújo Fernández, decidiron, por maioría, declarar deserto o premio, por consideraren que as obras presentadas carecían da calidade requirida ou non tiñan o coidado no tratamento da lingua galega esixido. Así, deixou sen concederse o premio, que consta nunha remuneración económica de 6000 euros. En canto aos dereitos derivados da edición e publicación da obra, estes dependen por completo do Concello de Ourense, se ben o Concello se compromete, como figura nas bases, a facerlle entrega á persoa gañadora de 25 exemplares de xeito gratuíto.

Referencias varias:

- Sonia Torre, 'Vicente Risco': doce obras, ningún premio', *La Región*, 'Literatura', 18 abril 2004, p. 67.

Nesta noticia sobre o Premio Vicente Risco de literatura fantástica dise que quedou por primeira vez deserto, por unanimidade. Dáse unha relación do xurado así como das obras gañadoras en anteriores edicións.

- J.L., 'Convocan o Premio Risco de literatura fantástica', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 novembro 2004, p. 53.

Anuncia a convocatoria do VI edición do Premio Risco de Literatura Fantástica, organizado polo Concello de Ourense e a Fundación Vicente Risco. Trátase dun certame que non só pretende homenaxear a Vicente Risco, senón tamén ao seu fillo Antón, primeiro presidente

da fundación. Remata cunha aclaración por parte dos organizadores con respecto á temática "fantástica" do certame.

Vº Premio de novela "Mulleres Progresistas"

Organizado pola asociacion feminista que lle dá nome, está dirixido a todas as mulleres que, nunha extensión mínima de 150 páxinas, elaboren unha novela en galego de tema libre. As súas bases, publicadas o 20 de outubro, establecen un xurado formado por mulleres do mundo das letras e a cultura, das que unha será membro da asociación organizadora. O premio consiste nun único premio en metálico de 1500 euros. O nome da persoa gañadora darase a coñecer, sempre segundo as súas bases, o 8 de marzo do ano seguinte, Día internacional das Mulleres. Os beneficios derivados da publicación da obra na súa primiera edición recaerán exclusivamente na asociación.

XIIº Certame "Manuel Murguía" de narracións breves

Convocado dende 1991 polo Concello de Arteixo, ten como obxectivos os de honrar a figura de Manuel Martínez Murguía (Arteixo, 1833) e contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega. Convocado no mes de novembro, e até o 1 de marzo do ano seguinte, poden concorrer a el todas as persoas que, nunha extensión entre os 15 e os 30 folios, elaboren unha obra en galego e de temática libre. O xurado, composto por relevantes persoeiros da nosa literatura, dará a coñecer o gañador o 31 de maio do vindeiro ano. O premio, de maior contía ca en edicións anteriores, consiste en 3.665 euros en metálico. Na presente edición o galardón foi concedido, ex aequo, a Xaime Domínguez, por *A casa dos alicerces mariños* e a Xosé Luís Álvarez por *Detrás dos meus ollos*.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Hoxe resólvese o Premio 'Murguía' de narracións curtas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 maio 2004, p. 49.

Noticia sobre o acto que acollerá a resolución dos Premios Manuel Murgía 2004 no Concello de Arteixo. Anótase que hai oitenta relatos presentados e faise unha nómina de antigos galardóns entre os que destacan Xavier Alcalá, Rivero Coello, Marilar Aleixandre ou A. Álvarez Cácamo.

- Alberto Quian, 'Xaime Domínguez Toxo. 'Hai que retomar o valor da utopía', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 25 maio 2004, p. 40.

Noticia sobre a resolución do premio Manuel Murguía do Concello de Arteixo que recaeron en X. L. Álvarez e Xaime Domínguez por *Detrás dos meus ollos* e *A casa dos alicerces mariños*, respectivamente. Faise tamén unha relación do xurado e de anteriores gañadores do certame, así como de publicacións que recollen os premios: *Relatos, Airadas de*

palabras, *Tecendo panos*, *Pasases con palabras* ou *De soños e memorias.*

- A. Quian, 'Xosé Luís Álvarez. 'A lectura non é útil para a vida normal', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 25 maio 2004, p. 40.

Entrevista a Xosé Luís Álvarez que recibiu, *ex aequo*, o Premio Manuel Murguía con *Detrás dos meus ollos*. Destaca o regreso á escrita deste autor que resalta do seu relato a falla de comunicación nunha relación claustrofóbica. Na súa reflexión sobre literatura e escola di que é unha polémica que non leva a ningunha parte, xa que a literatura non é útil para a "vida normal".

- A.N.T., 'Xaime Domínguez e X.L. Álvarez premios Murguía de narración breve', *A Nosa Terra*, nº 1.130, 'Cultura', 27 maio 2004, p. 25.

Entrevista a Xaime Domínguez, que recibiu *ex aequo* o premio Manuel Murguía en Arteixo co relato *A casa dos alicerces mariños*. O autor autodefínese como amateur e polo tanto dálle unha especial importancia ao premio. Define tamén as liñas do relato, que di falar da súa xeración e do descubrimento da madurez. Para el é importante retomar o valor da utopía nun mundo cada vez máis conservador.

XIIº Premio certame literario de novela curta "Manuel Lueiro Rey"

Convocado pola concellaría de cultura do Concello do Grove, coa colaboración da editorial compostelá Sotelo Blanco, para honrar a memoria do escritor que lle dá nome e promover a literatura galega e aos seus autores, vai dirixido a calquera persoa que, antes do 15 de agosto e entre un mínimo de 60 páxinas e un máximo de 120, elabore unha narración de tema libre. O xurado estivo composto por cinco persoas das cales unha foi o gañador da edición anterior, dous foron nomeados polo Comité organizador (formado por persoas vinculadas ao Concello) e outras dúas entraron en representación de Sotelo Blanco edicións; os nomes destas cinco persoas foron: Xesús Alonso Montero, que actuou como presidente, Manuel Quintáns Suárez (gañador da edición anterior), Francisco Martínez Bouzas, Belén Fortes e María Pilar Buela Piedra, estas dúas últimas nomeadas pola editorial. O dictame, feito publico o 30 de outubro, deu como gañadora desta edición a novela curta *A xeira das árbores*, escrita por Teresa Moure. A obra gañadora obtivo un premio de 3000 euros en metálico.

Referencias varias:

- L. Varela, 'Abierto el plazo de presentación para el 'XII Premio Lueiro Rey', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 3 marzo 2004, p. 13.

Noticia da convocatoria do premio Lueiro Rey, na que se describe o premio e se expoñen os requisitos para poder participar, así como os prazos e os datos de contacto. A

responsábel de cultura resalta a importancia do premio dentro do ámbito literario galego.

- P.S.M., 'La novela 'A xeira das árbores' gana el premio Manuel Lueiro Rey', *Diario de Arousa*, 'O Grove', 31 outubro 2004, p. 14.

Anuncia que a novela curta *A xeira das árbores* de Teresa Moure gañou a XII edición do Premio Manuel Lueiro Rey convocado polo concello de O Grove. Así mesmo o xurado outorgou un accésit á obra *Sinfonía cíclica* de Paulino Martínez Pereiro. Apunta que o premio está dotado con tres mil euros e a publicación da obra, aínda que no caso do accésit só se publicará a obra. Sinala tamén que o xurado estivo composto por Xesús Alonso Montero, Manuel Quintáns, Francisco Martínez Bouzas, Belén Fortes e a gañadora da edición anterior, Pilar Buela. Recolle as palabras de Moure, quen manifesta a súa alegría pola consecución do galardón e explica o título da obra.

- Adriana Rodríguez, 'Escribo no que creo porque me gustaría implantar moitas das miñas ideas', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 7 novembro 2004, p. 23.

Informa de que o XII Premio Manuel Lueiro Rey organizado polo concello de O Grove recaeu na novela curta *A xeira das árbores* de Teresa Moure. Así mesmo tamén se lle concedeu un accésit á obra *Sinfonía cíclica* de Paulino Martínez Pereiro. Apunta que o xurado, que estivo formado por Xesús Alonso Montero, Manuel Quintáns, Francisco Martínez Bouzas, Belén Fortes e a gañadora da edición anterior, Pilar Buela, destacou o carácter optimista e reivindicativo da obra. Recolle as palabras da autora quen manifesta o seu desexo de que as súas obras axuden a cambiar "o curso das cousas".

XIVº Certame de contos 'Vila de Pontedeume'

Convocado polo Concello de Pontedeume, dirixiuse a calquera persoa que, en galego e nunha extensión de entre 4 e 6 folios a dobre espazo, elaborara un conto de tema libre. A entrega de orixinais fíxose no rexistro municipal antes do 23 de abril, Día do Libro. O 17 de maio, Día das Letras Galegas, o xurado fixo público o ditame polo que declaraba como gañadores do certame a Alberto Manuel Ramos, Ángeles Olalla Ferreira e Lidia López. Tamén se destacou a calidade de moitas das obras presentadas, polo que o xurado acordou outorgar mencións especiais a Noemí Rodríguez e Míriam Vázquez. O premio consistiu nunha cantidade económica en metálico e un diploma acreditativo.

Xº Premio literario "Arcebispo Juan de San Clemente"

Baixo o patrocinio de distintas entidades nas diferentes edicións, o IB Rosalía de Castro, creador no ano 1994 do Premio Literario "Arcebispo Juan de San Clemente", convocou de novo este premio dotado con 9.000 € a repartir en tres modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ao castelán. O xurado estivo formado por trinta

alumnos de cinco institutos de Galiza. Os gañadores nesta décima edición foron: Pilar Buela (Teo, 1966) con *Ácaros verdes*, galardoada con anterioridade polo Premio Lueiro Rey de Novela Curta; Carlos Fuentes na categoría de lingua castelá con *La silla del águila* (Alfaguara) e Jeffrey Eugenides por *Middlesex* (Anagrama), en lingua estranxeira traducida ao castelán. Autores galegos premiados en anteriores edicións foron: Manuel Rivas, Suso de Toro, Xurxo Borrazás, Xelís de Toro, Bento da Cruz, Marilar Aleixandre e Rosa Aneiros na pasada edición. Este certame inclúe, asemade, a concesión da Insignia de Ouro San Clemente, que nesta edición foi para Jorge Herralde, fundador e director da editorial Anagrama.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, 'Todo a punto para el acto de entrega de los Premios San Clemente', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 15 xaneiro 2004, p. 32.

Faise eco dos preparativos para a entrega dos IX Premios San Clemente o próximo día 19 deste mes en Santiago. Así mesmo, informa, entre outros, que estarán presentes os tres premiados, os alumnos participantes no xurado, así como o editor de Anagrama, Jordi Herralde, que recibirá a Insignia de Ouro San Clemente. Remata amosándonos os nomes dos finalistas do certame e anunciando xa a vindeira elección dos finalistas do X Premio San Clemente entre os mese de xaneiro e febreiro.

- Carmen Villar, 'Descubrir una nueva voz sigue siendo una experiencia excitante', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 27 xaneiro 2004, p. 40.

Dá conta da entrega da Insignia de Ouro San Clemente a Jorge Herralde, fundador e director da Editorial Anagrama. Engádese unha entrevista na que Herralde reflexiona sobre o seu labor editorial.

- C.P., 'Carlos Fuentes, entre os finalistas da décima edición dos premios San Clemente', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 marzo 2004, p. 47.

Noticia que centra a súa atención nun dos finalistas da décima edición dos premios literarios San Clemente, Carlos Fuentes, na sección de novela en castelán. Informa ademais dos nomes do restantes finalistas en cada un dos apartados: novela en castelán, novela en galego e novela estranxeira traducida ao castelán.

- Ana Iglesias, 'El Premio Literario San Clemente conmemora su décimo aniversario', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 19 marzo 2004, p. 35.

Faise eco da presentación por parte dos membros do comité organizador deste premio literario, o director do Instituto Rosalía de Castro, Ubaldo Rueda, e as profesoras Carmen Ríos e Margarita Prado, das novelas finalistas nas diferentes seccións das que consta o certame. Ao mesmo tempo, ofrece un breve referencia á temática de cada unha das obras.

Infoma que o fallo do xurado, que estará composto por alumnos de cinco centros de Galicia aínda sen decidir, se dará a coñecer entre maio e xuño.

- MARÉ, 'O debut do ano', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 xuño 2004, p. 49.

Noticia que dá a coñecer a resolución deste certame que cumpre os seus dez anos de existencia, no que os votantes foron alumnos de centros de educación galegos. Carlos Fuentes, na modalidade en castelán, Jeffrey Eugenides, na de lingua estranxeira, e a novel Pilar Buela (Calo, 1966), na sección de novela galega resultaron gañadores desta edicción. Dinos tamén que esta última resultou tamén gañadora do Premio "Lueiro Rey de Novela Curta" pola novidosa achega que fai ao nazismo dende a perspectiva das mulleres dos nazis. Remata recollendo os nomes dos finalistas así como os de anteriores gañadores deste certame.

- Camilo Franco, 'Pilar Buela, Eugenides e Carlos Fuentes gañan o San Clemente', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 23 xuño 2004, p. 47.

Anuncia aos tres gañadores do premio: Pilar Buela, na sección de novela galega con *Ácaros Verdes*, Carlos Fuentes no apartado de novela castelán coa obra *La silla del águila*, e Jeffrey Eugenides, gañador de novela estranxeira con *Middlesex*. Menciona tamén o nome dos outros autores que quedaron finalistas en cada sección. Informa que o xurado estivo composto por trinta alumnos de cinco centros de ensino de toda Galicia. Remata aludindo aos dez anos que cumpre a edición deste premio ademais de celebrarse o catrocentos aniversario da fundación do colexio maior San Clemente.

XVIª Premio de novela "Manuel García Barros" (Ken Keirades)

Convocado dende 1989 polo Concello da Estrada, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a editorial Galaxia, honra a figura do estrandense Manuel García Barros (Ken Keirades). Dende a duodécima convocatoria, a obra gañadora é publicada pola editorial Galaxia. Os orixinais, escritos en galego normativo, foron enviados baixo o sistema de plica e por sextuplicado antes do 19 de marzo á Casa do Concello da Estrada, que se reserva durante un ano os dereitos de publicar a obra premiada en todas as linguas do Estado. O xurado estivo composto por cinco membros escollidos entre recoñecidas figuras do mundo da cultura e contou, ademais, coa representación do Concello, da Xunta de Galicia e da editorial Galaxia. Nesta ocasión os encargados de escoller a obra premiada foron Bieito Iglesias, José Enrique Costas González, Luís Alonso Girgado, Carlos Agostiño de Lema e Valentín García Gómez. A súa resolución, feita pública o 18 de xuño, declarou gañadora a obra *Unha viaxe no Ford T*, de Xerardo Agrafoxo. O premio consiste nunha remuneración económica de 9000 euros brutos. O acto de entrega tivo lugar o 17 de decembro no Recreo Cultural estradense e fixo oficial a incorporación deste autor á lista de gañadores deste premio entre os que se atopan Manuel Forcadela, Álvarez Cáccamo, Bieito Iglesias, Xosé Carlos Caneiro, Antón Riveiro Coello,

Miguel Anxo Fernández ou o gañador da pasada edición, Xavier López López.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Unha viaxe no Ford T', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 xuño 2004, p. 49.

Dá noticia da entrega do Premio García Barros de novela ao escritor noiés Xerardo Agrafoxo coa novela que xira en torno á tríada literatura, amor e viaxes titulada *Unha viaxe no Ford T*, e que formará parte dunha triloxía a piques de se publicar. Seleccionada de entre vinte e sete orixinais, narra a historia dun viaxe que Ernest Heminway fixera a Galicia. Centra o resto do artigo na argumentación e temática da novela así como nas palabras de ledicia do autor por recibir o premio.

XVIº Premio de narrativa "Gonzalo Torrente Ballester"

Convocado pola Deputación Provincial da Coruña estivo dirixido a todas as persoas que, en castelán ou galego, elaboren unha obra narrativa de estilo, extensión e tema libres e a presentaran, a dobre espazo e por duplicado, nas dependencias da Deputación antes do 1 de xullo. O xurado, presidido polo titular do órgano provincial, nesta ocasión o Sr. Don Salvador Fernández Moreda, estará integrado, ademais, un representante da familia Torrente Ballester, o Sr. deputado titular da Comisión de Cultura do órgano provincial, un dos gañadores de edicións anteriores e, xunto eles, cinco persoas de recoñecido prestixio no campo literario nomeadas polo presidente da Deputación coruñesa. Nesta edición, trala recepción de cincocentos cincuenta e nove orixinais procedentes de vinte e oito países, resultou elixida como obra gañadora *Una patada en el culo y otros cuentos*, da escritora lucense Luisa Castro Legazpi (Foz, 1966). Este premio consiste nunha remuneración económica de 25000 euros brutos: a cantidade máis alta concecida a un premio literario en lingua galega.

Referencias varias:

- Albino Mallo, 'Ruta cultural de Torrente por Ferrol, A Coruña e Santiago', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 marzo 2004, p. 48.

Anuncia a vindeira celebración do premio de narrativa Torrente Ballester convocado pola Deputación provincial de A Coruña e, ademais, a organización dunha semana de actividades culturais ao redor do día da resolución do premio. No acto, Celestino Mallo, responsábel de actividades culturais, explicou os requisitos esixidos nas bases do premio para a presentación de orixinais. Tamén fai saber o prazo de entrega. Celestino Mallo anunicou a presenza de Claudio Guillén como membro do xurado e engadiu que as actividades culturais se descentralizarán polas tres cidades coas que Torrente tivo máis contacto: Ferrol, A Coruña e Santiago.

- Víctor Omgbá, 'El premio Torrente Ballester generará una semana cultural sobre el

escritor', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 marzo 2004, p. 47.

Centra a súa información na revitalización do prestixio deste premio, desfavorecido pola anterior política do PP, cun considerábel aumento na contía do mesmo así como unha semana cultural en torno á figura do escritor ferrolán coordinada polo escritor César Antonio Molina. Remata co anuncio do programa de actividades que inclúe conferencias, unha exposición, o fallo do premio en novembro e a publicación dun libro dunha conferencia lida por Saramago, Carmen Matín Gaite e Enrique Vila-Matas.

- Cristina Pancorbo, 'La Diputación relanza el premio de narrativa Torrente Ballester', *La Opinión*, 'Cultura', 19 marzo 2004, p. 70.

Faise eco da intención da Deputación da Coruña de relanzar o premio de narrativa Torrente Ballester e recuperar "o espíritu do premio" de tempos pasados cunha maior dotación económica, un xurado de prestixio e un ciclo cultural sobre a figura do escritor ferrolán cuxos actos terán lugar nas tres cidades galegas coas que Torrente tiña unha especial relación: A Coruña, Ferrol e Santiago. Na semana cultural, tal e como nos di César Antonio Molina, prestarase tamén atención á relación literaria que existía entre Torrente e James Joyce.

- Carmina Escrigas, 'Cruzar el Atlántico para disfrutar de un curso de inglés 'made in USA', *El Correo Gallego*, 'A Coruña', 19 marzo 2004, p. 23.

Faise eco do acto de presentación da XVI edición do premio de narrativa Gonzalo Torrente Ballester, realizado pola Deputación da Coruña, no que estiveron presentes o presidente, Salvador Fernández Moreda, o responsábel da área de cultura, Celestino Poza, e o comisario do certame, César Antonio Molina. Salientouse a necesidade e a intención de recuperar o prestixio do premio prestando atención non só ao aspecto cuantitativo senón tamén ao cualitativo, así como organizando xornadas, editando un libro con textos de Saramago, Carmen Martín Gaite e Enrique Vila-Matas. Tamén se pretende organizar unha exposición en torno á relación de Torrente con Joyce.

- E.P., 'Máis de cincocentas novelas optan ó 'Torrente', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 novembro 2004, p. 45.

Refírese á alta participación na décimo sexta edición do premio Torrente *Ballester* aludindo á procedencia variada dos orixinais. Infórmasenos de que o ditame final se dará a coñecer o día 10 na sede da Deputación da Coruña, institución que ademais de achegar a contía económica do premio publicará a obra gañadora a través dunha editorial de prestixio. Remata aludindo a outros gañadores deste premio e que agora son recoñecidos escritores.

- E.M., 'Luisa Castro. 'No vuelvo a escribir hasta que no me baje la autoestima', *La Voz de Galicia*, 'Entrevista', 11 novembro 2004, p. 52.

Entrevista feita á primeira muller que gaña o premio *Torrente Ballester*, Luísa Castro. Na conversa fálanos da obra gañadora *Una patada en el culo y otros cuentos* e da inspiración autobiográfica que atopa para as súas obras. Ademais de recoñecer que os premios de narrativa son aínda un couto privado para as mulleres, centra a conversa na acollida que a poesía galega tivo en Atlanta e remata adiantándonos a súa próxima publicación, un libro de poemas en galego e castelán.

- Eva Moreda, 'Una colección de cuentos de Luisa Castro, premio Torrente Ballester', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 novembro 2004, p. 52.

Infórmase do ditame do decimosexto premio de narrativa Torrente Ballester que recaeu nunha colección de contos de tintes autobiográficos titulada *Una patada en el culo y otros cuentos*, de Luísa Castro. Salienta a peculiaridade de que é a primeira muller e o primeiro autor galego que acada este galardón cunha obra en castelán. Recóllense as declaracións de Ángel Basanta Folgueira como membro do xurado, que manifestou a habilidade da autora por misturar a vida cotiá coa ficción poética. Outro membro do xurado, Claudio Guillén, salientou a singularidade da prosa poética galega. Remata centrándose nunha breve descripción da obra.

- Albino Mallo, 'Luisa Castro gaña o 'Torrente' cun volume de relatos en castelán', *El Correo Gallego*, 'Literatura', 11 novembro 2004, p. 74.

Refírese ao fallo favorábel a Luísa Castro no décimosexto premio Torrente Ballester. Salienta o feito de ser a primeira muller en gañar este prestigioso galardón e ademais cunha obra escrita en castelán, *Una patada en el culo y otros cuentos*. Recolle as palabras da autora, sabéndose xa coñecedora da noticia, aclarando as razóns da súa escrita en castelán. Alude á súa próxima obra, un libro de poemas que alternará galego e castelán. Conclúe coas palabras de afago para a escritora de Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación.

- Isabel Mariño, 'A escritora Luísa Castro gaña o Torrente Ballester de narrativa', *La Opinión*, 'Cultura', 11 novembro 2004, p. 53.

Noticia que se fai eco da resolución do xurado do premio Torrente Ballester a favor da obra presentada por Luísa Castro, *Una patada en el culo y otros cuentos*; unha obra que segundo o xurado salienta pola mestura de "vida, imaxinación, sinceridade e emoción". Menciónase tamén o feito de ser a primeira muller galega en recibir este premio. Recolle a opinión dalgúns membros do xurado destacando o peso que esta escritora xa ten dentro do panorama literario galego. Tamén aparece unha entrevista a Luísa Castro na que verte a súa propia visión sobre a obra.

- J.M. Plaza, 'Luisa Castro obtiene el Torrente Ballester con su mirada sobre lo cotidiano',

El Mundo, 'Cultura', 11 novembro 2004, p. 61.

Informa da concesión do premio Torrente Ballester a Luísa Castro, aínda que se centra máis nas opinións persoais da escritora así como nos contos que recolle o libro. Segundo a propia Luísa Castro son contos sobre a realidade cotidiana que está vivindo coa intención de "transmitir sensacións" e facer reflexionar sobre os momentos da vida, xa que os protagonistas son persoas de diferentes idades que aprenden a raíz dun revés da vida. Remata coa valoración do xurado sobre o libro.

- A./Jaureguizar, 'Un libro sobre el aprendizaje otorga el 'Torrente Ballester' a Luisa Castro', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 11 novembro 2004, p. 79.

Anuncia o nome da escritora premiada polo xurado do premio de narrativa Torrente Ballester, Luísa Castro, e recolle as palabras do portavoz do xurado, Ángel Basanta, sobre a calidade da obra. Ademais de salientar a calidade dos orixinais presentados, resaltou que era a primeira vez que se premiaba unha obra dun autor galego escrita en castelán. Informa tamén do ciclo de actos que se están a celebrar con motivo do fallo deste premio. Finalmente, recolle as opinións da propia escritora con respecto á temática e estilo do libro.

XVº Premio literario "Camilo José Cela"

Convocado polo Concello de Padrón co fin de homenaxear ao escritor premio Nobel que lle dá nome, nado nesta localidade, recolle orixinais inéditos escritos en castelán ou galego. Segundo as súas bases a data de entrega finalizou o 15 de setembro, e o ditame do xurado se fixo público co gallo do nacemento do autor padronés, o 19 de outubro. O único premio ascende a 1500 euros e un diploma acreditativo. O xurado desta edición estivo presidido polo edil de cultura, Manuel Baltar, e formado polos profesores Anxo Abuín, Antonio Gil, Juan Casas e Beatriz Lorenzo, sendo secretario o responsábel de comunicación do Concello, Masito Beiró. Nesta edición resultou gañadora Enma Pedreira Lombardía coa obra *Silencio polas sereas*; a primeira muller gañadora dende a súa convocatoria. Outros gañadores en pasadas edicións foron Manuel Rivero ou David Couto Mallou.

Referencias varias:

- C.B., 'Emma Pedreira gaña o Premio Cela de Narrativa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 outubro 2004, p. 56.

Conta que Emma Pedreira foi a gañadora da decimoquinta edición do Premio Literario Camilo José Cela. A escritora "non podía saír do seu asombro" que "rompeu a hexemonía viril do premio". Ademais para ela "era todo un reto profesional". Despois resume o tema e o contido do libro, e acaba mencionando os argumentos polos que o xurado a considerou gañadora.

- U.L., 'Emma Pedreira Lombardía es la primera mujer que gana el Premio Literario Camilo José Cela', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 26 outubro 2004, p. L13.

Esta noticia comeza dicindo que Emma Pedreira gañou a decimoquinta edición do Premio Literario Camilo José Cela, que convoca o Concello de Padrón, coa obra *Silencio polas sereas*. Despois repasa o currículo da escritora no que a premios se refire e conta o motivo polo que o xurado a considerou gañadora. Para rematar, fala da dotación do premio e recalca que foi a primeira muller que o acadou.

XXIIº Premio de novela longa "Blanco Amor"

Por iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 este premio promovido e financiado por un consorcio de concellos que achegaban 300 € cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso ata chegar á actual contía de 12.000 €. A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que é o encargado de correr con todos os actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra de Eduardo Blanco Amor. O galardón entrégase no mes de decembro e na festa do premio sortéase o concello encargado da seguinte edición. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de cento cincuenta folios mecanografados por unha cara e a dobre espacio. Os interesados deben enviar as súas obras por correo, sen remite e baixo lema ao concello encargado da edición. En sobre adxunto, pechado e baixo o mesmo lema, debe indicarse o nome e enderezo do autor. Neste ano 2005 o concello encargado foi o do Porto do Son. O manuscrito, cunha extensión mínima de 150 folios a dobre espazo, debía entregarse como data última o 30 de setembro. A contía do premio único, sostida integramente polo Concello, é de 12.020 €. En anteriores edicións este premio recaera en escritores como Xavier Lorenzo Tomé, Suso de Toro, Xavier Alcalá, Xosé Cid Cabido, Xosé Carlos Caneiro, Xosé Monteagudo ou Sechu Sende. O xurado desta edición compuxérono o propio Sende, gañador da pasada edición, Dolores Vilavedra, Rosa Aneiros, Xosé Carlos Caneiro, Xosé Carlos Mosteiro Fraga e Antón Riveiro Coelho. Nesta edición elixiuse como obra gañadora *A illa ignorada*, de Dolores Ruiz Gestoso.

Referencias varias:

- M.G., 'Pastor pide más apoyo al 'Blanco Amor' para que no desaparezca', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 27 xuño 2004, p. 45.

Faise eco da presentación da XXIII edición do certame literario de novela longa Blanco Amor que tivo lugar este ano no Concello de Porto do Son. O seu concelleiro de cultura, Xoán Pastor Rodríguez pide máis apoio a este certame por parte doutros municipios galegos para que non desapareza. Finalmente, remite brevemente as bases do premio.

- MARÉ, 'Ábrense as plicas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 decembro 2004, p. 38.

Noticia que anuncia as próximas resolucións de prestixiosos premios galegos, o Premio

Blanco Amor, o Xulián Magariños e o premio Álvaro Cunqueiro de teatro. En canto ao primeiro, un dos principias certamen de novela longa xunto co Xerais de novela ou o torrente Ballester, pola súa dotación económica , fai un percorrido polos anteriores gañadores do mesmo: Suso de Toro, Víctor Freixanes, Xavier Alcalá, Fran Alonso ou Xosé Caneio.

- Sara Ares, 'La autora de literatura infantil Dolores Ruíz conquista el premio Blanco Amor', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 decembro 2004, p. 57.

Anuncia a concesión do XXIII Premio de Novela Longa Blanco Amor á escritora viguesa, especializada en literatura infantil, Dolores Ruíz coa novela que presentou baixo o lema *Illa ignorada*, aínda que sen a tan desexada unanimidade do xurado. Tanto Dolores Vilavedra como o novelista Riveiro Coello desvelaron a temática e estilo da obra. Menciona tamén a crítica que Ramón Quintás Vila, mandatario sonense, fixo pola baixa participación dos concellos na financiación do certame. Remata aludindo ás mencións especiais que recaeron nas novelas *Toda a vida* e *A lei da rotonda*.

- MARÉ, 'Unha illa ignorada', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 19 decembro 2004, p. 33.

Noticia que anuncia que a escritora viguesa Dolores Ruíz se fai co Premio Blanco Amor coa súa primeira novela, *A illa ignorada*, unha homenaxe ao xénero gótico. Recolle palabras da autora sobre a temática da obra e menciona tamén as mencións especiais para os orixinais presentados baixo o lema *A lei da rotonda* e *Toda a vida*. Ofrece tamén a valoración do xurado en canto á obra premiada.

- María Villar, 'Sacar unhas oposicións é aínda máis difícil que gañar o Blanco Amor', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 28 decembro 2004, p. 38.

Entrevista coa gañadora do Premio de Literatura Blanco Amor pola súa novela presentado baixo o lema *Illa ignorada*. Reflexiona sobre a importancia do premio, sobre as súas vivencias como escritora e as diferenzas entre escribir para un adulto e escribir para un neno. Comenta, así mesmo, o difícil que é vivir da literatura nestes momentos.

XXIº Premio "Xerais" de novela

Convocado pola empresa editora Edicións Xerais de Galicia S.A., diríxese a todas as persoas que, cunha extensión e tema libres, elaboren unha obra en lingua galega e a remitan ao seu local social antes do 11 de abril. Nesta edición competiron trinta e seis obras, sobre cuxa calidade tivo que dar conta o xurado composto por Sonsoles López Pérez, profesora de Literatura Galega; Eduardo Rodríguez Cuña, actor teatral; Guillermo Fontán Feijoo, funcionario municipal de Redondela; Marta Vales Alonso, estudante de Enxeñería; José Ángel Xesteira, xornalista; e, actuando como secretario, e en representación da entidade

convocadora, Fran Alonso. Nunha primeira deliberación, celebrada o 4 de xuño, decidiuse declarar finalistas ás obras de títulos "Marrube", "Os pecados capitais" e "A boîte de Toulousse Lautrec". Durante a cea celebrada o 11 de xuño, como consta nas bases, deuse a coñecer o título da obra e do autor gañadores: "Marrube", escrita por Manuel Veiga Taboada (Monforte, 1960) e cuxo título era *O exiliado e a primavera*. O premio constou dunha remuneración en metálico de 15000 euros brutos e a publicación da obra, cuxos dereitos ten reservada a empresa convocante.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Noite de letras e mar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 xuño 2004, p. 48.

O cambio de sede dos premios é presentado como homenaxe ás vítimas do O' Bahía, pasando de San Simón a Vigo. Dáse noticia do número de obras presentadas, 36 para o de novela e 34 para o Merlín de literatura infantil. Nesta noticia de presentación da final tamén se dan os lemas das obras que foron seleccionadas para a final.

- Alberto Quian, 'Xerais traslada a entrega dos seus premios de San Simón a Vigo pola traxedia de 'O Bahía', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 8 xuño 2004, p. 44.

Noticia de traslado dos Premios Xerais de San Simón a Vigo en homenaxe ás víctimas de O' Bahía. Destácase que os premios coinciden co XXV aniversario da editorial. Faise unha relación das obras seleccionadas para a final a través dos seus lemas de concurso e anúnciase que o gañador darase na cerimonia literaria do sábado onde tamén se farán públicos os premios de cooperación no labor editorial.

- A.N.T., 'Os Premios Xerais non se celebrarán en San Simón', *A Nosa Terra*, nº 1.132, 'Cultura', 10 xuño 2004, p. 30.

Noticia sobre o cambio de sede de entrega dos premios Xerais de San Simón a Vigo en homenaxe ás víctimas de O' Bahía. Faise unha relación das obras seleccionadas para a final polo seu lema e tamén das seleccionadas para o Merlín.

- Camilo Franco, 'Manuel Veiga gaña o Xerais cunha novela sobre o retorno do exilio', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 xuño 2004, p. 57.

O exilio é o protagonista dos Premios Xerais que foi para Manuel Veiga (Monforte, 1960) coa novela titulada *O exiliado e a primavera*. Nesta ocasión téntase render homenaxe ás vítimas do barco O' Bahía celebrando o acto no auditorio Caixanova, de Vigo. O premio Merlín foi gañado pola novela *O Brindo de Ouro*, pasado mítico, maxia e heroísmo. Tamén se fai relación dos cinco críticos nos que recorren o premio á cooperación no labor editorial: X. M. Eire, M. X. Fernández, F. Martínez Bouzas, R. Nicolás e A. Requeixo.

- MARÉ, 'Esa parte que nos falta', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 xuño 2004, p. 63.

Noticia sobre a resolución dos Premios Xerais de Novela, para Manuel Veiga por *O exiliado e a primavera* e a Xesús Manuel Marcos por *O Brindo de Ouro* na sección Merlín para literatura infantil. Reflexiónase sobre a fenda aberta entre os que tiveron que marchan e os que naceron no tardofranquismo, que está de fondo na novela do monfortino. Tamén se describe a gañadora do Merlín, da que se di que recrea un mundo autónomo ao xeito de Tolkien, tomando como referencia as terras do Courel.

- Jaureguizar, 'Manuel Veiga Taboada. 'Houbo un abismo entre o exilio e os antifranquistas do interior', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 14 xuño 2004, p. 72.

Entrevista a Munuel Veiga Taboada, gañador do Premio Xerais de Novela. Nesta entrevista faise unha pequena presentación do escritor, do que se destaca que empezara a publicar con 38 anos, e despois céntrase na obra gañadora, *O exiliado e a primavera* da que aborda a súa temática, personaxes e estrutura. Na última pregunta o escritor reflexiona sobre o espazo da literatura galega e sobre a importancia dos premios.

- Natalia Álvarez, 'Manuel Veiga. 'En Galicia o franquismo non foi criticado nin analizado', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 80, 'Entrevista', 27 novembro 2004, p. 5.

Primero menciónase que Manuel Veiga gañou o Premio Xerais 2004 con O *exiliado e a primavera*. Logo móstrase unha entrevista con Manuel Veiga na que se comentan algúns datos relacionados coa novela. Esta entrevista tamén foi publicada no suplemento 'Faro da Cultural' do xornal *Faro de Vigo*, o día 18 de novembro, baixo o título 'Manuel Veiga: A literatura galega non se entendería sen a obra dos exiliados'.

XXXº Certame nacional galego de narracións breves Modesto R. Figueiredo

O decano dos nosos premios literarios está convocado pola Fundación Padroado Pedrón de Ouro, e coa axuda da Dirección Xeral de Promoción Cultural da Xunta de Galicia e o Concello de Lobeira, ten como obxectivos declarados os de promover a literatura en lingua galega e homenaxear a figura do ilustre patricio pontevedrés que foi o seu impulsor cando era vicepresidente desta institución. O gañador desta edición foi Agustín Agra Barreiro co relato titulado "Os límites do inimaxinable". O xurado do premiou estivo composto por Avelino Abuín de Tembra, presidente da Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro, Xosé María Dobarro Paz, por designación do Pedrón de Ouro, Iris Cochón, en representación da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Bieito Iglesias, en representación do Pen Club de Escritores de Galicia, don Alfonso Vázquez-Monxardín, en representación do Concello de Lobería, Xosé Ramón Fandiño Veiga, como secretario e Xoán López Rico, como moderador. Tamén acordou conceder dous accésits ás obras "A Ponte Cabalar", de Xosé Luís Vázquez Somoza e "Riarengas" de Dolores Fernández López. O premio consiste en

600 euros en metálico. O acto de entrega dos premios, como determinan as bases, tería lugar o 15 de xaneiro de 2005 en Lobería.

XXXVIIº Premio "Breogán" de contos en galego

Creado en 1968 polo Centro Galego de Bizkaia (Barakaldo) baixo o patrocinio do Banco de Biscaia, dende 1999 colaboran ademais a Consellaría de Emigración da Xunta de Galicia e o Concello de Barakaldo; a partir da trixésimo sexta edición faino tamén o Departamento de Cultura da Diputación Foral de Bizkaia. Establécense dous premios: un primeiro, dotado con 1.100 euros, e un segundo consistente en 400 euros. O xurado resérvase a posibilidade de os declarar desertos, pasando nese caso a contía á convocatoria do ano seguinte. Poden participar no certame todos os autores de calquera nacionalidade que presenten unha obra ou varias en galego. Os traballos, inéditos, non deben ter unha extensión inferior aos tres folios nin superior aos seis. Os manuscritos, en cinco copias mecanografadas a dobre espazo e por unha soa cara, teñen que enviarse ao Centro Galego de Bizkaia en Barakaldo (Galiza, 3, 48902 Barakaldo-Bizkaia; e-mail: CGBB.BARAKALDO@terra.es). En sobre adxunto, debe indicarse o lema escollido para a obra e o nome e enderezo do autor. O Centro Galego de Bizkaia resérvase o dereito de publicar as obras premiadas cando lle conveña, sen perxuízo de que o autor tamén as poida publicar. O prazo de admisión das obras rematou nesta ocasión o 31 de maio, resultando gañador o vilalbés Chema Felpeto Enríquez co relato "Catro lúas". O 16 de xaneiro deste ano 2004 déronse a coñecer tamén os contos que resultaron gañadores na anterior edición, a saber: primeiro premio para "Corazón de batalla", de Xan Rodiño García, autor que xa fora galardoado na vixésimo quinta convocatoria; e segundo premio para "Os contos da area", de Perfecto Pereiro Lázara.

Referencias varias:

- M. Corbelle, 'Chema Felpeto gana un premio de relato corto en Barakaldo', *El Progreso*, 'Vilalba', 27 xullo 2004, p. 19.

Ademais de anunciar a concesión do Premio de relato curto que organiza a Casa de Galicia en Barakaldo (Bilbao) ao vilalbés Chema Felpeto co conto *Catro lúas*, anticípasenos o argumento nas propias palabras do autor, que non pode ocultar a satisfacción por recibir este premio. O conto céntrase nun tema recorrente na literatura galega, a emigración, baixo a visión dun neno de doce anos que describe as súas vivencias.

X.2. POESÍA

IIIº Certame de Xogos Florais de Poesía 'Barrio de Caranza'

Organiza este evento a Asociación de Veciños de Caranza, que divide o certame en dúas categorías: infantil e adulto. Os participantes presentarán os seus poemas, cun mínimo de

catorce versos e un máximo de trinta, na asociación de veciños. Entre todas as composicións presentadas a concurso, con temática libre e escritas en lingua galega, o xurado escollera a doce finalistas, seis na modalidade de menores de dezaseis anos e outros tantos entre os maiores desa idade. Os seleccionados participarán na fase final, que se celebrará nas instalacións do Centro Cívico de Caranza, onde todos os poetas deberán recitar a súa obra persoalmente; unha vez concluído o recital, o xurado fará público o nome dos gañadores. En cada categoría haberá tres premiados e, ademais, o colexio que presente máis participantes ao certame recibirá un lote de libros para a súa biblioteca. O xurado desta terceira edición estivo composto por Rosa Méndez, Xosé Leira, María Ares, Francisco Rego, Xoán García e Raquel Ferrández.

IIIº Concurso de poesía "Uxío Novoneyra"

Certame bienal convocado polo Departamento de Cultura do Concello das Pontes para renderlle homenaxe a Uxío Novoneyra. Poden participar todos os escritores que o desexen independentemente da súa nacionalidade sempre e cando sexan maiores de idade. Os traballos deberán estar escritos en galego e ter unha extensión mínima de catrocentos versos. O gañador poderá optar a un premio de 3.000 € e a publicación da obra. Nesta convocatoria, o prazo para presentar os orixinais no Concello das Pontes (Parque Municipal s/n., 15320), rematou o 30 de setembro e o ditame do xurado deuse a coñecer en decembro. Nesta ocasión, o xurado, formado por Xulio López Valcárcel, Teresa Seara, Anabel Alonso e Daniel Salgado, gañador da segunda edición, outorgou o galardón a Jesús Pensado pola obra *A tarde*.

IIIº Premio de poesía "Afonso Eanes do Cotón"

Para celebrar o seu XXV aniversario a Asociación Cultural Afonso Eanes convocou este premio por primeira vez no ano 2002, co patrocinio do Concello de Negreira, TresCeTres Editores e euroGráficas, lembrando así a figura do trobador do Cotón e a importancia da nosa lírica medieval como alicerces para o cultivo e normalización do idioma neste século XXI. Poden concorrer ao premio autores de calquera nacionalidade que presenten poemas orixinais e inéditos, non premiados noutros concursos e escritos en lingua galega. O tema e forma dos poemas é libre e para participar a súa extensión será como mínimo de cincocentos versos. O prazo de presentación foi até o 25 de xuño e cada participante debe enviar cinco copias mediante o sistema de plica ao Apartado de correos nº 18 de Negreira, A Coruña. O premio consiste en 1.200 €, que achega o Concello de Negreira, e a publicación da obra galardoada na Colección Varilongo/Poesía de TresCes Editores, 3C3. O xurado está formado por cinco membros designados pola Sociedade Afonso Eanes e un membro do Concello de Negreira, ou no seu defecto unha persoa en representación da Asociación Cultural convocante, que actuará como secretario con voz, pero sen voto; os integrantes desta terceira edición foron Xoán Xosé Fernández Abella, Esperanza Mariño, Uxío Ferrás Sexto, Armando Requeixo e Miro Villar, así como o concelleiro de cultura de Negreira, Xurxo Cuso, que actuou como secretario. Este xurado outorgou o seu premio a Verónica Martínez Delgado e Antonio Fernández Seoane, que son coautores de *Caza a un*

solpor de gatos.

Referencias varias:

- M.M.O., 'Tercer galardón de poesía Afonso Eanes', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 31 marzo 2004, p. 40.

Recóllese a noticia da publicación das bases deste certame literario, das que se sinalan aspectos como o premio, a data límite de recepción de traballos ou as características que deben reunir as obras que opten ao galardón

- C.B., 'El Afonso Eanes se va para Ferrolterra', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 10 outubro 2004, p. 36.

Dá conta da obra gañadora da terceira edición do Premio de Poesía Afonso Eanes e da formación do xurado que fallou o premio.

- Emilio Forján, 'Unha obra escrita a dúo gaña o premio de poesía Afonso Eanes do Cotón', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 10 outubro 2004, p. L13.

Presenta a obra gañadora da terceira edición do Premio de Poesía Afonso Eanes e aos seus autores; ademais salienta o feito de atopar o xurado a dúas persoas baixo o pseudónimo de Marcia Baldovinetti, co que se presentou o libro.

- Silvia Rozas García, 'Sorpresa no premio de poesía Afonso Eanes do Cotón', *A Nosa Terra*, nº 1.146, 'Cultura', 14 outubro 2004, p. 25.

O artigo presenta o libro gañador da terceira edición do Premio de Poesía Afonso Eanes do Cotón: *Caza a un solpor de gatos*, obra escrita conxuntamente por Verónica Martínez Delgado e Antonio Fernández Seoane, que presentaron a obra co pseudónimo de Marcia Baldovinetti. Fala tamén sobre a composición do xurado e anuncia a edición da obra gañadora da pasada edición.

IIIº Premio de poesía "Caixanova" 2004

Premio que, ao igual que a colección de poesía "Arte de Trobar", nacía no ano 2002 co obxectivo de impulsar a edición de poesía en galego, froito dun convenio entre a entidade bancaria Caixanova e o PEN Clube de Galicia. A el poderán concorrer todos os poetas que o desexen presentando unha soa obra escrita en lingua galega segundo a normativa vixente. O premio é indivisíbel e está dotado con 10.000 euros e a publicación da obra gañadora na mencionada colección "Arte de Trobar", coeditada por Caixanova e o PEN Clube de Galicia. As obras aspirantes han ser inéditas, terán unha extensión mínima de seiscentos

versos e enviaranse por quintuplicado mecanografadas a dous espacios e baixo lema a CAIXANOVA, Obra Social. Avda. García Barbón 1-3, entrechán, 36201 Vigo. O prazo de admisión remata o 31 de outubro e o xurado cualificador, que estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura galega, emitirá o seu dictame a última semana de novembro. Nesta edición houbo setenta e seis participantes e o xurado, que estivo composto por Luís González Tosar, presidente do xurado e do PEN Club, María Camino Noia Campos, Miguel Anxo Fernán Vello, Damián Villalaín e María do Cebreiro, decidiu premiar a Román Raña por *As Metamorfoses do Túnel*.

Referencias varias:

- J.L., 'O túnel é unha saída á luz', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 14 decembro 2004, p. 53.

Entrevista con Román Raña Lama, gañador do III Premio de Poesía Caixanova. Nela, comenta o fío do poemario vencedor ou analiza os puntos en común e as diferenzas dos escritores da xeración dos oitenta, na que el mesmo se inscribe.

- J.D.C., 'O autor vigués Román Raña obtén o terceiro Premio de Poesía Caixanova', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 14 decembro 2004, p. 14.

Recóllese a nova da obtención do galardón por parte de Raña, unhas declaracións do presidente do xurado, Luís González Tosar, en relación á obra premiada, así como os nomes e ocupacións dos demais membros do xurado. Finalmente, destácase que o poemario vencedor, *As metamorfoses do túnel*, será publicada na colección *Arte do trobar*.

- J.D.C., 'O profesor e escritor vigués Román Raña foi galardoado co premio de Poesía Caixanova', *La Región*, 'Sociedad', 14 decembro 2004, p. 57.

Nova sobre a consecución por parte de Raña deste galardón, incidindo nos premios que obtivo anteriormente o poeta, recollendo as palabras de Luís González Tosar, membro do xurado, e os nomes e ocupacións dos demais compoñentes deste. A noticia compleméntase cun pequeno despece no que se recollen unhas declaracións do galardoado sobre a obra premiada e sobre o seu propio estilo literario.

- A. Quian, 'Hai tempo pequei de certo hermetismo', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 14 decembro 2004, p. 43.

Entrevista a Román Raña, gañador do III Premio de Poesía Caixanova. Ao longo do cuestionario, reflexiona sobre o *leit motiv* do poemario vencedor, sobre o aspecto formal das composicións que o compoñen ou sobre a nova etapa que este poemario inaugura dentro da súa produción poética.

- Alberto Quian, 'O vigués Román Raña obtén o III Premio de Poesía Caixanova', *Faro de*

Vigo, 'Sociedad y cultura', 14 decembro 2004, p. 43.

Recóllese a nova da obtención do galardón por parte de Raña, unhas declaracións do presidente do xurado, Luís González Tosar, en relación á obra premiada, así como os nomes e ocupacións dos demais membros do xurado. Finalmente, destácase que o poemario vencedor, *As metamorfoses do túnel*, será publicada na colección *Arte do trobar*.

- Jorge Lamas, 'Román Raña engade o Premio de Poesía Caixanova ao seu palmarés', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 14 decembro 2004, p. 53.

Recóllese a noticia da obtención deste galardón por parte do escritor e profesor vigués, incidindo nos distintos galardóns que obtivo anteriormente Raña, reflectindo as palabras de Luís González Tosar, membro do xurado, e os nomes e ocupacións dos demais compoñentes do mesmo.

- MARÉ, 'A metamorfose do túnel', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 decembro 2004, p. 40.

Noticia sobre a concesión ao vigués Román Raña do máximo galardón no III Premio de Poesía Caixanova con *A metamorfose do túnel*. Recóllense as declaracións do presidente do xurado, Xosé Luís González Tosar, en relación á obra gañadora e ao propio certame. Finalmente, enuméranse os nomes e cargos profesionais de todos os membros dese xurado.

IIº Premio "Duck Fin" de poesía

Creado pola empresa Duck Fin en 2002, este certame está aberto a calquera obra poética que se queira presentar, con independencia da lingua ou do tema da mesma, sempre que non supere os cincuenta versos. O gañador recibirá unha escultura conmemorativa e 1.500 euros, 500 euros máis do que na anterior convocatoria, á vez que ficará a formar parte do xurado da seguinte. Así mesmo, o traballo premiado será publicado na *Revista Corporativa* realizada por Duck Fin, de difusión nacional. En novembro de 2003, visto o éxito da primeira edición, o comité organizador decidiu convocar a segunda edición do premio. Os traballos deben enviarse por duplicado e con plica antes do 31 de decembro de 2004 ao apartado de correos 436 de Vigo. O ditame farase público, previsibelmente, na Casa del Libro de Vigo durante o primeiro trimestre de 2005.

Iº Certame de Poesía San Valentín

Certame convocado pola Asociación Noia Histórica, no que se establece unha categoría para maiores de dezaoito anos e outra para menores desa idade. O gañador do certame na modalidade de adultos recibirá unha viaxe a Madrid, mentres que os menores serán obsequiados con vales para a adquisición de libros. Nesta primeira edición, o gañador da categoría de adultos foi Maximino Carlos Álvarez Olariaga, co traballo *Ocarina*; mentres

que na modalidade de escolares se premiou a Maite Cambeiro Insua, por *Tuki*, e Noelia Alborés Vázquez, por *Só intentando toca-lo ceo cos pés podes chegar a coller uns farrapos de nubes coas mans*.

IV Certame de poesía "Anduriña Voandeira"

Certame que a Irmandade de Centros Galegos en Euskadi convoca dende o ano 2000; nel poden participar todos os autores de calquera nacionalidade que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega. Os traballos, que non poden ter unha extensión superior aos cen versos e que deben ser inéditos, presentaranse por triplicado e mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo; estes traballos, que se presentarán mediante o sistema de lema e plica, enviaranse á Irmandade de Centros Galegos en Euskadi, R/ Pablo Picasso, nº 4, 48012 Bilbao. O certame está dotado con dous premios, un primeiro de 600 € e un segundo de 150 €; así mesmo, os traballos premiados poden ser publicados nas revistas dos Centros Galegos en Euskadi. Nesta cuarta edición o prazo de admisión das obras rematou o 15 de maio e a resolución deuse a coñecer o Día de Galicia en Euskadi, que se celebrou o día 20 de xuño en 2004 en Ondarroa.

IXº Premio de poesía "Johán Carballeira"

O Concello de Bueu organiza este certame dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johan Carballeira, e dende a novena convocatoria simultanéase este premio co homónimo de xornalismo. Poderán concorrer todos os autores que presenten textos inéditos, escritos en lingua galega e cunha extensión superior aos catrocentos versos. O premio terá unha dotación única de 1.500 euros. Remitiranse cinco copias en tamaño folio, mecanografadas a dobre espazo e asinadas con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado cos datos persoais do participante, á Casa da Cultura (Ramal dos Galos, s/n, 36930 Bueu-Pontevedra). O xurado darase a coñecer no día, lugar e hora que se comunicarán oportunamente e estará composto por cinco membros relacionados co mundo da cultura e mais un secretario, con voz e sen voto, en representación da Corporación. O Concello de Bueu resérvase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en todas as linguas do estado. No 2004 o prazo para presentar os traballos rematará o 15 de xaneiro de 2005, polo que o gañador desta edición se coñecerá o vindeiro ano.

Referencias varias:

- Iván García, 'Cultura presentó los premios 'Johán Carballeira' de poesía y periodismo', *Diario de Pontevedra*, 'O Morrazo/Bueu', 30 maio 2004, p. 16.

Noticia da presentación, por parte do concelleiro de Cultura de Bueu, da novena edición do premio de poesía Johán Carballeira, así como do premio homónimo de xornalismo. Na presentación participou tamén o vicepresidente da Asociación Cultural Amigos de Johán Carballeira.

VII Concurso de Poesía do Concello de Carral

Convocado polo Concello de Carral, nel poden participar todos os maiores de 18 anos con textos en lingua galega, orixinais e non premiados noutros concursos. O premio deste certame inclúe 1 200 € e mais a publicación da obra dentro da colección de poesía da editorial Espiral Maior. O prazo para presentar os traballos rematou o 14 de marzo; nesta edición, entre os corenta poemarios presentados, resultou gañador Xurxo Alonso pola obra *Brevario de Aldemunde*.

Referencias varias:

- Adriana Rodríguez, 'Xurxo Alonso gaña o VII concurso de Poesía do Concello de Carral', *Diario de Arousa*, 16 maio 2004, p. 23.

Noticia sobre a obtención do citado premio por parte deste poeta bonaerense, do que se recolle a súa traxectoria profesional e outros dos galardóns que obtivo anteriormente. A nova péchase cunha escolma de varios dos poemas do libro galardoado, *Breviario de Aldemunde.*

VIIIº Certame de poesía 'Xohán de Requeixo'

Convocado polo Círculo Recreativo Cultural de Chantada para honrar a figura do trobador chantadino do século XIII e fomentar a creación poética, este certame outorga ao gañador un premio de 150 euros, unha insignia de prata e un diploma. Presentáronse nesta ocasión vinte e seis traballos, de entre as que o xurado escolleu a obra *Nocturno*, de Xosé Randolfe Vilariño, que recibiu o premio o 15 de maio, no transcurso da IXª Festa da Poesía.

Referencias varias:

- A.L., 'Randolfe ganó el certamen poético 'Xohán de Requeixo' del Círculo', *El Progreso*, 'Chantada', 29 febreiro 2004, p. 18.

Breve noticia da próxima entrega do premio do VIII Certame Xohán de Requeixo, que nesta edición gañou o pintor e poeta José Randolfe Vilariño por un poema titulado *Nocturno.*

- A.L., 'El Círculo de Chantada celebra el sábado la IX Festa da Poesía', *El Progreso*, 'Terra de Lemos', 10 maio 2004, p. 10.

Noticia da concesión do premio Xohán de Requeixo a José Randolfe Vilariño polo poema *Nocturno*. Ademais da entrega do premio, na IX Festa da Poesía presentarase o libro *As árbores das edade*s de Anxo Boán Rodríguez. Engádese que José Randolfe ten previsto

publicar proximamente un libro titulado *Naufraxio da lúa*.

- A.L., 'Una única candidatura opta a regir el Círculo Recreativo de Chantada', *El Progreso*, 'Chantada', 12 setembro 2004, p. 16.

Entre outras cuestións alleas á literatura, salienta a potenciación do certame poético Xohán de Requeixo por parte do Círculo Recreativo Cultural de Chantada.

VIIIº Certame 'Francisco Añón' de poesía

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste Concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. Estabelécense catro categorías: A) para nenos de seis a dez anos, B) para os de once a catorce anos, C) para os mozos de quince a dezasete anos e D) para os maiores de dezaoito anos. Os orixinais deberán presentarse en sobre pechado no que conste o título da obra, a categoría e o lema ou pseudónimo do autor e dentro outro sobre que conteña os datos persoais e fotocopia do DNI ou CIF. Os traballos entregaranse antes do 2 de abril na Oficina de Información Xuvenil (Avda. de San Campio, s/n. 15230 Outes) e os das categorías C e D terán unha extensión mínima de cento cincuenta versos. O fallo desta oitava edición deuse a coñecer nos actos de celebración do Día das Letras Galegas; os gañadores das distintas categorías son:
Categoría A:
1º Premio: 'Poemas' de Jennifer Alvite González.
Accésit compartido: 'Poesías soltas' de Nerea Añón Nine.
Accésit compartido: 'Meus poemas' de Andrea Brea Rodríguez
Categoría B:
1º Premio: 'Arañas de Mar' de Zita López Teijeiro.
Categoría C:
1º Premio: 'Miaumización entre primeiras, segundas e terceiras persoas' de Alicia Fernández Rodríguez.
Accésit: 'Conxúgase un verbo' de Cristina Nieto Nogueiras.
Catogoría D:
1º Premio: 'Erótica' de Alberte Moman Noval.

VIIIº Premio de poesía "Avelina Valladares"

Convócao o Concello da Estrada xunto coa Asociación de Amas de Casa e Consumidores co desexo de contribuír á difusión da lírica galega, valorar o traballo do poeta, descubrir novos valores, perseverar no cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poetisa estradense Avelina Valladares, precursora xunto ao seu irmán Marcial Valladares do cultivo literario do noso idioma no século XIX. Os textos, en galego e inéditos, serán presentados baixo lema por

cuadriplicado, con liberdade de tema e forma, contando cun mínimo de cento cincuenta versos e un máximo de catrocentos. Deben remitirse antes do 14 de marzo ao seguinte enderezo: Excmo. Concello da Estrada, Praza da Constitución s/n, 36680 A Estrada (Pontevedra). Con cada orixinal entregarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor. O premio, cunha dotación de 1.503 euros, será indivisíbel e poderá ser declarado deserto. Nesta edición o xurado, integrado por tres figuras recoñecidas do mundo da cultura e un secretario, con voz e sen voto, en representación do concello da Estrada, decidiu entregarlle o premio ao poemario *A cidade sen luz*, de Olalla Cociña.

VIIº Premio de poesía 'Faustino Rey Romero'

Convocado polo Centro Cultural Faustino Rey Romero de Rianxo para estimular a creación literaria en galego e promover a figura e obra do insigne poeta isornés. Premiaranse poemas ou conxuntos de poemas escritos en galego, de temática libre e cunha extensión de entre cincuenta e cento cincuenta versos. Deben enviarse por triplicado ao Centro Sociocomunitario s/n, Isorna, 15983 Rianxo, nun sobre pechado sen remite, que conteña á súa vez outro no seu interior cos datos do autor. O premio, único e indivisíbel, é de 600 euros e o gañador debe asistir á entrega e recitar a súa obra neste acto. A entidade que convoca o premio resérvase o dereito de editar a obra, tamén o gañador pode publicala facendo constar a calidade de gañadora deste certame. O xurado estará formado por personalidades relevantes no ámbito da creación e a crítica literaria. Nesta convocatoria o prazo de entrega rematou o 26 de decembro e o xurado, composto por Xosé Luís Axeitos, Helena Villar, Avelino Abuín, Xosé Ramón Brea e Carmen Figueira, como secretaria, resolveu premiar a obra *O amor do mar,* de Francisco Quiroga López; acordou, asemade, conceder unha mención especial á obra '12 estampas sobre a cidade e o desexo', de Elena Ribeiro Tobío.

VIIº Xogos Florais-Cedeira 2004

Festival organizado pola Sociedade Río Condomiñas, en colaboración co Concello de Cedeira, no que poden participar todos os poetas que o desexen, presentando unha composición escrita en lingua galega e cunha medida exacta de vinte e cinco versos. Os participantes deberán asistir á celebración do Festival dos Xogos Florais, onde cada un dos poetas deberá ler no escenario o seu traballo; cando finalice o desfile de poetas, o xurado deliberará e puntuará aos creadores, tanto en función do valor literario do poema como das dotes declamatorias do autor. Estabelécense tres premios: o primeiro está dotado cunha violeta de prata maciza bañada en ouro, mentres que o segundo e o terceiro recibirán unha flor do mesmo material pero sen o baño aúreo. O xurado desta sétima edición estivo composto por José María Dobarro, Álvaro Porto, Lázaro Domínguez, Helena González e Belén Caridad.

Referencias varias:

- Xoán García López, 'Cedeira, de mar e luz', *Diario de Ferrol*, 'La ventana', 3 abril 2004, p. 23.

Fai referencia á VII edición dos Xogos Florais-Cedeira 2004, que terá lugar no mes de maio. Refírese tamén ao libro *Cinco primaveras*, no que se reúnen os poemas de todos os participantes nos Xogos Florais desde 1998 ata 2002.

- Carlos Barcón, 'Las primaveras de Cedeira', *Diario de Ferrol*, 'Entre nosotros', 8 abril 2004, p. 16.

Refírese á VII edición dos Xogos Florais de Cedeira, que organiza a asociación cultural Río Condomiñas, presidida por Xavier Vergara Rodríguez, baixo o patrocinio do Concello. Destaca a edición do libro *Cinco primaveras dos Xogos Florais de Cedeira (1998-2002)*, que contén, ademais de varias fotografías inéditas, os poemas dos participantes no certame.

VIº Premio de poesía "Antonio Prados Ledesma"

Convocado polo Concello de Viveiro, poden participar neste concurso todas as persoas que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten escritos orixinais e inéditos en lingua galega ou castelá, cun mínimo de cento cincuenta versos. Deben entregarse mecanografados a dobre espazo por unha soa cara, grampados, cosidos ou encadernados, baixo lema e plica, no seguinte enderezo: Concello de Viveiro, Praza Maior, nº 1, 27850, Viveiro (Lugo). O premio consiste en 1.500 euros, e o xurado estará constituído, segundo as bases, por personalidades vencelladas ao mundo da cultura. O gañador desta sexta edición foi Fernando Rodríguez Gómez, coa obra *Miradas ausencias*.

Referencias varias:

- Adriana Rodríguez, 'Fernando Rodríguez faise co premio de poesía Prados de Ledesma do Concello de Viveiro', *Diario de Arousa*, *'Arousa, un mar de cultura'*, 'E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós...', 2004.

Entrevista a Fernando Rodríguez, gañador do premio de poesía Prados de Ledesma, ao que se presentou coa obra titulada *De reollo*, que "destacou sobre as setenta e cinco obras restantes, cun conxunto de poemas breves, concisos e cun toque crítico". O autor confesa estar particularmente interesado na publicación do libro.

Vº Premio de poesía "Fiz Vergara Vilariño"

A 'Agrupación Cultural Ergueitos' e o Concello de Sarria convocaron este premio co obxectivo de que figure entre os primeiros de Galicia dedicados á poesía e de honrar, ao mesmo tempo, ao poeta de Lóuzara que lle dá nome. Os traballos estarán en galego e terán unha extensión mínima de catrocentos versos. Presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, en sobre pechado cun pseudónimo, no

seguinte enderezo: Vº Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, Concello de Sarria, R/ Maior, 14, 27600 Sarria. O premio consta dunha dotación económica de 3.000 euros e a publicación da obra na editorial Espiral Maior. O xurado estará integrado por persoas destacábeis nos eidos da creación e crítica literaria. O prazo de recepción dos orixinais nesta convocatoria rematou 15 de decembro e a decisión do xurado darase a coñecer ao longo do primeiro trimestre de 2005. Así mesmo, no 2004 o xurado da cuarta edición deste premio, integrado por Marta Dacosta, Xosé María Álvarez Cáccamo, Xesús Pereiras, Miguel Anxo Fernán-Vello, José Antonio García e María Casar, deu a coñecer o nome do gañador desa edición, que foi para Miguel Mato Fondo por *O whiskey na barrica*.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Na aldea de Oscar Wilde', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 marzo 2004, p. 53.

Breve artigo no que se recollen palabras de Miguel Anxo Mato Fondo en referencia á súa obra *O whisky na barrica*. A primeira frase xa define case todo o texto: "doidamente contento". Con estas palabra Mato Fondo comeza o comentario da obra e dalgunha das sensacións que a motivaron. A continuación recóllense opinións de Xosé María Álvarez Cáccamo como membro do xurado do Premio Fiz Vergara Vilariño co que este volume foi galardoado. En breve cadro recóllense unhas palabras que Mato Fondo dedica á falecida escritora Luísa Villalta.

- X.R. Penoucos, 'Fernán Vello reivindica en Sarria un homenaje a Fiz Vergara Vilariño', *La Voz de Galicia*, 'Provincia', 18 maio 2004, p. L11.

Dise que a presentación do libro gañador da cuarta edición do premio Fiz Vergara Vilariño, *O wiskey na barrica* de Miguel Mato Fondo, serviu para reivindicar a figura do poeta de Lóuzara como candidato a ser, nun futuro próximo, o homenaxeado no Día das Letras Galegas; proposición que correu a cargo de Miguel Anxo Fernán-Vello, quen formaba parte da mesa presidencial, xunto con María Casar -presidenta de Ergueitos-, Xesús Pereiras, o vencedor da segunda edición do devandito premio, e o alcalde de Sarria. A continuación trasládanse algunhas das palabras do autor do libro galardoado, que tivo palabras para María Braxe, a autora da portada e das ilustracións do exemplar.
Así mesmo, infórmase, baixo o título "Olaia Tuñas e Mirian Núñez, gañadoras del concurso de cuento" , que ao remate do mencionado acto se procedeu á entrega de premios da terceira edición do concurso de contos para alumnos de secundaria e de bacharelato organizado por Meigas e Trasgos coa colaboración de *La Voz de Galicia*.

- Ángel Arnáiz, 'El premio Fiz Vergara', *El Correo Gallego*, 'Lugo', 8 setembro 2004, p. 26.

Breve noticia da convocatoria do Premio Fiz Vergara Vilariño, convocado polo Concello de Sarria e a asociación cultural Ergueitos. Afírmase que nesta quinta convocatoria o premio se converte nun clásico da poesía en Galicia.

XIIIº Premio de poesía "Espiral Maior"

A editorial Espiral Maior e o club poético do mesmo nome convocaron por vez primeira no 1992 o premio poético Espiral Maior, coa intención de abrir canles de publicación para as novas xeracións (menores de trinta e cinco anos) que non tivesen ningún libro editado. Dende a novena edición, o premio abriuse tamén a poetas de calquera idade e con obra publicada. Este premio non ten dotación económica e consiste na publicación da obra gañadora na colección "Espiral Maior Poesía". Os traballos presentados (por triplicado, mecanografados a dobre espazo e baixo plica) teñen que ter un mínimo de catrocentos versos e ser remitidos a Espiral Maior (Apartado de Correos 192, 15080 A Coruña). O xurado está formado por críticos e poetas do país nomeados pola editorial. Nesta ocasión, o galardón convocouse a principios de decembro, o prazo para presentar os traballos rematou o 31 de decembro e o ditame do xurado darase a coñecer en xaneiro do ano 2005. Neste 2004 coñeceuse, asemade, o fallo da XII edición deste premio, que se lle concedeu a Luísa Villalta por *En concreto*; o xurado desa vixésimo segunda edición estivo composto por Miguel Anxo Fernán Vello, Xosé María Álvarez Cáccamo e Xavier Rodríguez Baixeras.

Referencias varias:

- J.Y., 'A Coruña es grande en horizontes, pero pequeña en dotación cultural', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 26 xaneiro 2004, p. 9.

Conversa con Luísa Villalta con motivo da concesión do Premio Espiral Maior ao seu poemario *En concreto*, recoñecemento do que se mostra moi satisfeita. Sinala que na obra reflexiona poeticamente sobre a vida colectiva na cidade, uns modos de vida que considera que ofrecen liberdade aínda que por veces choque coa imposibilidade deste medio. Manifesta que o xénero no que máis cómoda se sente é a poesía, que na cidade da Coruña se fala moito en galego, malia que as novas xeracións empreguen máis o castelán, talvez movidos por unha idea equivocada de progreso, e que a literatura galega está a vivir un excelente momento. Remata referíndose á relación entre poesía e música e ao feito de que considera o galego unha lingua moi cadenciosa e melódica.

- Carme Vidal, 'Luísa Villalta gaña o Espiral Maior cunha recreación poética da Coruña', *A Nosa Terra*, nº 1.114, 'Cultura', 29 xaneiro 2004, p. 25.

Anúnciase a concesión do Premio Espiral Maior ao libro de poemas *En concreto*, de Luísa Villalta. Ademais de sinalar os membros do xurado e os poemarios anteriores de Villalta, refírese aos significados do título, nunha obra que ten a cidade da Coruña como eixo temático. Repasa cada unha das cinco partes que forman parte da estrutura da obra, dende "Brasón", na que se fai referencia a aspectos míticos da cidade; "Edificios", na que se alude ás construcións pero tamén aos baleiros e ruínas; "Estampas", na que se recrea a dinámica da cidade; "Nomes", un poema no que se recupera o significado e a memoria perdida dalgúns termos; e "Poema da cidade alta", no que a poeta se proxecta no espazo, nunha comuñón entre o eu e o nós. Recóllense declaracións da poeta sobre a súa concepción do volume, entre elas a súa identificación co expresionismo, ou a importancia da poesía na

literatura galega.

XIIIº Premio dos Xogos Florais da "Orden de María Pita"

A este certame, que convoca anualmente a Orden de María Pita da Coruña para celebrar algunha efeméride relacionada con esa cidade, pódense presentar todos os interesados, salvo o gañador do ano pasado. Os poemas terán que ir acompañados dun lema e un sublema. Nun sobre á parte, deberán figurar o nome e apelidos do autor, xunto co seu domicilio e número de teléfono. Os traballos, en galego ou castelán, remitiranse ao enderezo da Orden de Caballeros, rúa San Andrés, 122, 1º, 15003, A Coruña, antes do 30 de setembro. Establécense dúas categorías: a 'senior', na que participarán os maiores de dezaoito, cunha dotación de 1000 euros, e a 'infantil', cun premio de 400 euros; os traballos dos participantes na primeira destas categorías versarán sobre a figura de Curros Enríquez, mentres que na categoría infantil o tema das composicións poéticas é libre. Neste ano, a figura homenaxeada foi Manuel Curros Enríquez, xa que se cumpre un século do momento no que o poeta foi laureado na cidade.

Referencias varias:

- Susana Formoso, 'Presentan los Juegos Florales', *El Correo Gallego*, 'A Coruña', 8 setembro 2004, p. 22.

Faise eco da presentación das bases do premio dos Xogos Florais da Orden de María Pita por parte de Carlos González-Garcés nun acto que tivo lugar na Casa Museo María Pita. Saliéntase que o padriño do certame será Manuel Curros Enríquez.

XIIº Premio de poesía "Miguel González Garcés"

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña. As súas bases salientan que os traballos, orixinais e inéditos, deberán estar escritos en galego e a súa extensión non será inferior aos trescentos versos. Presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e acompañados dun sobre pechado no que conste, por fóra, o título da obra e, no interior, o nome e dirección do seu autor. Enviaranse á Deputación Provincial da Coruña (Alférez Provisional s/n.) antes do 15 de abril. O xurado, que estará presidido por Salvador Fernández Moreda, estivo integrado nesta ocasión por Ánxeles Penas, Xosé María Álvarez Cáccamo, Manuel Álvarez Torneiro, Xavier Seoane e Román Raña, gañador da pasada edición. O premio está dotado de 6.050 € e a publicación da obra por parte da Deputación, quen poderá sacar a primeira edición sen dereitos para o autor, a quen se lle entregarán trinta exemplares. Nesta edición, á que se presentaron setenta e nove orixinais, a obra gañadora foi *Capital do corpo* de Miguel Anxo Fernán-Vello, mentres que Noel Blanco Mourelle con *Mecánicas celestes* resultou finalista.

Referencias varias:

- Albino Mallo, 'De abril a agosto', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 marzo 2004, p. 50.

Noticia da presentación dos galardóns culturais da Deputación da Coruña: o premio de ensaio histórico Manuel Murguía, o V premio de literatura infantil e xuvenil Raíña Lupa e o XII premio de poesía González Garcés.

- E.P., 'Resólvese o Premio González Garcés', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 maio 2004, p. 47.

Breve nota da próxima resolución do XII premio de poesía González Garcés, dotado de 6.050 euros e a publicación da obra gañadora. Os orixinais presentados a esta convocatoria foron 79, segundo se indica.

- Isabel Mariño, 'Fernán-Vello gaña o premio de poesía Miguel González Garcés', *La Opinión*, 'Poesía', 21 maio 2004, p. 62.

Faise eco da concesión do XII premio de poesía González Garcés, no que resultou premiado o poeta Miguel Anxo Fernán-Vello polo libro *Capital do corpo*; como finalista ficou Noel Blanco Mourelle coa obra *Mecánicas celestes*, que será publicada malia non recibir o autor dotación económica. Gañador e finalista coincidiran hai uns anos como xurado e aspirante no Minerva, certame no que Noel Blanco obtivo unha mención, polo que se mostra orgulloso de "quedar xusto detrás de Fernán-Vello no González Garcés". O xurado deste premio destacou, pola súa parte, a elevada calidade dos textos presentados, así como o alto índice de participación.

- Jaureguizar, 'Miguel Anxo Fernán Vello gaña o Premio González Garcés de poesía', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 21 maio 2004, p. 87.

Noticia da concesión do XII premio González Garcés a Miguel Anxo Fernán-Vello, polo libro *Capital do corpo*, presentado baixo o lema de *Vers un langage.* Segundo os membros do xurado, na obra gañadora salienta a "síntese entre a corporeidade e a linguaxe, a vivencia e a indagación". Destácase, ademais, que o filólogo Noel Blanco Mourelle foi finalista por *Mecánicas celestes*.

- Albino Mallo, 'Fernán Vello gaña o 'González Garcés' co libro 'Capital do corpo', *El Correo Gallego*, 'Literatura', 21 maio 2004, p. 76.

Faise eco da concesión do XII premio de poesía González Garcés, no que resultou premiado o poeta Miguel Anxo Fernán-Vello polo libro *Capital do corpo*; como finalista ficou Noel Blanco Mourelle coa obra *Mecánicas celestes*, que será publicada malia non recibir o autor dotación económica. Gañador e finalista coincidiran hai uns anos como xurado e aspirante no Minerva, certame no que Noel Blanco obtivo unha mención, polo que se mostra orgulloso de "quedar xusto detrás de Fernán-Vello no González Garcés". O

xurado deste premio destacou, pola súa parte, a elevada calidade dos textos presentados, así como o alto índice de participación.

- Albino Mallo, 'A vivencia radical', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 21 maio 2004, p. 47.

Noticia da concesión do XII premio González Garcés a Miguel Anxo Fernán-Vello, polo libro *Capital do corpo*, obra na que, segundo Salvador Fernández Moreda, se recoñece "a vivencia radical" da poesía deste autor. A noticia inclúe un apartado no que se anuncia a concesión do premio Cidade de Ourense ao poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro.

- I.M., 'Los ganadores del González Garcés de poesía recogen hoy sus galardones', *La Opinión*, 'Cultura', 29 outubro 2004, p. 54.

Noticia do acto de entrega do XII premio de poesía González Garcés no paraninfo da Universidade da Coruña. O gañador é Miguel Anxo Fernán-Vello, co libro *Capital do corpo*; como finalista foi elixido Noel Blanco Mourelle, por *Mecánicas celestes*. Segundo a Deputación da Coruña, nesta edición obtívose un "récord de participación", pois foron 79 as obras presentadas ao certame.

XVIIIº Certame de Poesía en Lingua Galega Rosalía de Castro

Organizado, dende o 1987, pola Asociación Cultural Rosalía de Castro da localidade catalana de Cornellá para premiar un poema ou un poemario de tema libre. Establécense tres categorías: un primeiro premio dotado con 1.000 euros, un segundo de 400 euros e un terceiro de 300 euros. Contémplase tamén a publicación das obras premiadas nun volume colectivo. O poema ou conxunto de poemas con temática común estará escrito en lingua galega e terá un máximo de cen versos e un mínimo de trinta. O traballo concursante enviarase antes de finalizar o mes de outubro e en sobre sen remitente ao enderezo da Asociación: Rúa Frederic Soler, nº 71, Cornellà (Barcelona). Noutro sobre pechado figurará exteriormente o primeiro verso do poema e no interior do mesmo sobre constará o nome e enderezo do autor, número de DNI, correo electrónico e teléfono. Nesta ocasión, o primeiro premio foi para Alberte Momán polo libro *O pasado nas horas*, o segundo foi para Olalla Cociña por *Aquí pechada* e o terceiro para Fernado Díaz-Castroverde por *Comisuras*.

Referencias varias:

- Pedro Conde, 'Rosalía de Castro' fallou os seus premios literarios', *El Progreso*, 'Cantón', 5 decembro 2004, p. 9.

Noticia da convocatoria de premios da asociación cultural galega Rosalía de Castro, de Cornellá, en Barcelona. No XVIII Certame de Poesía en Lingua Galega Rosalía de Castro resultaron premiados Alberte Momán, Olalla Cociña e Fernando Díaz.

XVIIIº Premio de poesía "Feliciano Rolán"

Convocado pola Agrupación Cultura Guardesa, co patrocinio do Concello da Guarda, a este certame poderán presentarse poetas de calquera nacionalidade, sempre que os traballos que concursen estean escritos en galego ou castelán. Os traballos serán orixinais e inéditos, de tema e métrica libre. Cada concursante pode enviar un máximo de dous poemas cun mínimo de trinta versos e un máximo de cen; enviaranse mecanografados a dous espazos e por unha soa cara, en folio e por quintuplicado; en plica pechada faranse constar os datos do autor, así como o enderezo e o número de teléfono; os orixinais enviaranse antes do 3 de agosto ao apartado de correos, 69-36780, A Guarda (Pontevedra). Establécense tres premios, o primeiro dotado de 360 € e placa, o segundo dotado de 120 € e placa e o terceiro dotado de 60 € e placa. O xurado, que estivo constituído por Chuny Vázquez, Ricardo Rodríguez, Luís Bugarín e Fátima Pérez, deu a coñecer o seu fallo a través de distintos medios de comunicación e entregou os premios nun acto cultural poético que se celebrou o 11 de agosto; nesta edición, o primeiro premio foi para Arturo Alonso Novelhe, por 'Infancia'; o segundo foi para Francisco Álvarez, por 'Principio de las solemnidades'; e o terceiro foi para Óscar Peña López, por 'No obstante'.

Referencias varias:

- Ricardo R. Vicente, 'La Cultural Guardesa convoca un certamen de poesía', *Faro de Vigo*, 'Louriña-Baixo Miño', 13 xullo 2004, p. 14.

Breve noticia da convocatoria do XVIII Premio de Poesía Feliciano Rolán, na que se indica a dotación económica dos tres premios e o prazo de presentación.

- A.F., 'La Agrupación Cultural Guardesa entregó el Premio de Poesía Feliciano Rolán', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 12 agosto 2004, p. 21.

Noticia da entrega do Premio Feliciano Rolán, que tivo lugar no transcurso dun festival poético-musical no salón de actos do centro cultural da Guarda. O primeiro premio recibiuno o ourensán Arturo Alonso Novelhe, polo poema 'Infancia'; o segundo, obtívoo o vigués José Francisco Álvarez Saavedra por 'Principio de las solemnidades'; o terceiro premio foi para Óscar Peña López, de Nigrán, por 'No obstante'.

XVIIº Premio de Poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón"

O Concello de Dodro decide convocar con carácter anual este premio para contribuír á reafirmación da lírica galega, tan importante na historia cultural de Galicia, e honrar a memoria do poeta que lle dá nome ao certame. A el poden concorrer todos os poetas que o desexen, sempre que as obras coas que participen estean escritas en lingua galega, sexan orixinais e de temática libre e teñan un mínimo de catrocentos versos. Enviaranse catro

exemplares escritos a máquina, sen remite identificador, ao seguinte enderezo: Concello de Dodro-A Coruña, XVIIº Premio de Poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón". Así mesmo, as obras terán un lema, que figurará no exterior da plica, onde se incluirán os datos persoais do autor. Establécese un único e indivisíbel premio de 2300 € e a publicación da obra na colección de poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" de Ediciós do Castro. O Concello de Dodro resérvase os dereitos desta primeira edición e, a partir da segunda, a obra pasa a ser propiedade do seu autor, quen, en sucesivas edicións, deberá facer constar a condición de ser premiada con este galardón. O xurado será designado polo Concello de Dodro, entre personalidades de Galicia vinculadas á poesía e á crítica literaria, facéndose pública a súa composición antes de concluír o mes de novembro. Un membro da Corporación Municipal actuará como secretario, sen voz nin voto. O prazo de entrega de orixinais rematou o 12 de novembro. O ditame deuse a coñecer nun acto celebrado na Casa da Cultura do Concello de Dodro o día 11 de decembro e a entrega do premio tivo lugar o día 19 do mesmo mes. Nesta edición presentáronse un total de trinta e dúas obras, entre as que o xurado, formado José Fernando Vila Brión, María Comesaña Besteiros, Xavier Castro, María Xesús Nogueira, Román Raña e José Manuel Fabeiro Batalla, como secretario, elixiu como gañadora a obra *Azul estranxeira,* de Lupe Gómez.

Referencias varias:

- C.B., 'Veintiocho trabajos concurren al Premio Eusebio Lorenzo Baleirón', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 17 novembro 2004, p. 37.

Noticia sobre a próxima resolución deste certame, do que se ofrecen unha serie de características xerais, como o prazo de presentación de obras, a súa data de entrega ou a contía dos premios.

- MARÉ, 'Fiel ás súas palabras', *Galicia en el mundo*, 'MARÉ', 12 decembro 2004, p. 33.

Noticia na que se recolle a obtención por parte de Lupe Gómez do premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón con *Azul estranxeira*. Enuméranse os temas da obra e recóllese un bo número de declaracións da autora nas que reflexiona sobre a súa propia creación literaria.

- A. Lopo, 'Lupe Gómez gaña o Premio Eusebio Lorenzo Baleirón', *El Correo Gallego*, 'Dodro', 12 decembro 2004, p. 39.

Noticia na que se recolle a obtención por parte de Lupe Gómez do premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón con *Azul estranxeira*. Enuméranse os temas da obra e recóllese un bo número de declaracións da autora nas que reflexiona sobre a súa propia creación literaria.

XXIIº Premio de Poesía en Galego 'O Poeta Azul de Ferrol'

Certame convocado pola 'Sociedad de Artistas Ferrolanos' para resaltar a figura de Xosé María Pérez Pallaré, que é coñecido como 'o poeta azul de Ferrol'. No 2004 o premio foi para Luis Fernández, concelleiro de cultura e director da Banda da Escola de Música de Sober, polo seu poema titulado 'Amor musical'.

Referencias varias:

- Carlos Barcón, 'Xosemaría Pérez Parallé', *Diario de Ferrol*, 'Entre nosotros', 20 maio 2004, p. 20.

Dentro dunha reflexión xeral sobre a poesía, aplicada en parte ao caso de Ferrol, recóllese a noticia da convocatoria, por parte da Asociación de Artistas Ferrolanos, do XII premio de poesía en galego na honra do poeta Xosé María Pérez Parallé, nado nesta cidade. O columnista lembra a figura e enxalza as virtudes e a valía profesional e humana do homenaxeado, ademais de recoller polo miúdo os premios que recibiu polo seu labor e os títulos da súa obra poética.

XXIº Premio de Poesía Cidade de Ourense

Certame convocado pola Concellaría de Cultura do Concello de Ourense no que poderán participar todas as persoas que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que as súas obras se presenten en galego ou portugués. Os traballos, que terán que ser orixinais e inéditos, cun mínimo de seiscentos versos, presentaranse mecanografados e a dobre espazo en follas tamaño folio, escritas por unha soa cara en exemplar sextuplicado, debidamente grampados, cosidos ou encadernados. Outorgarase un único premio dotado con 6000 €, placa de prata e a publicación do libro. As obras deberanse presentar baixo lema, indicando 'Para o XX Premio de poesía Cidade de Ourense', en sobre á parte, pechado lacrado, que se acompañará ao traballo. Deberá figurar o nome, apelidos, número de carné de identidade e enderezo do autor. O xurado cualificador será nomeado a proposta da Comisión Municipal de Goberno, estará integrado por personalidades das letras galegas e portuguesas, e un representante da Corporación. O prazo para presentar os traballos remata o 30 de decembro de 2004; a entrega farase na Concellería de Cultura do Concello de Ourense (rúa Arcediagos 3-2º dereita), directamente ou por correo certificado; os concursantes portugueses poderán entregar os seus traballos na Cámara Municipal de Vila Real (Portugal) dentro dos mesmos prazos. Neste ano coñeceuse o nome premiado da vixésima edición, correspondente ao ano 2003; o galardón foi para Xosé Carlos Gómez Alfaro por *O clamor da eclipse*.

Referencias varias:

- Víctor Furelos, 'Destacan la importancia de la cocina gallega para el turismo', *El Correo Gallego*, 'Ourense', 7 febreiro 2004, p. 28.

Entre outras cuestións alleas á literatura, fai referencia á resolución, o día de publicación da

nova, do XX Premio de Poesía Cidade de Ourense. Noméanse os membros do xurado e indícanse os premios que obterá o gañador.

- M.A., 'Xosé Carlos Gómez Alfaro gana la XX edición del Cidade de Ourense', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 8 febreiro 2004, p. 75.

Noticia na que se refiren as características da obra vencedora, a contía económica do galardón e se fai un breve repaso polo labor profesional de Gómez Alfaro.

XXIVº Premio "Esquío" de poesía

Convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol, dende o 1980. Establécense dous premios indivisíbeis de 9.000 euros con cadanseu accésit de 1.500 euros para traballos presentados en lingua galega e castelá, respectivamente. Poderán concorrer poetas nacionais e estranxeiros, sempre e cando os orixinais estean escritos en calquera dos idiomas citados. Cada premio ou accésit adxudicarase a un libro de poemas con tema libre e extensión mínima de cincocentos versos. Os orixinais terán que ser inéditos e non premiados noutro certame. Enviaranse antes do 31 de xullo de 2004 por cuadriplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, á Fundación Caixa Galicia (Unidade Departamental de Bolsas e Premios, R/ Montero Ríos, 7, 15706 Santiago de Compostela) ou entregaranse en man en calquera oficina da Caixa Galicia. Os traballos premiados serán propiedade dos respectivos autores, a excepción da primeira edición, que será publicada pola Fundación Caixa Galicia na colección "Esquío de Poesía". No 2003 o xurado da parte galega, que estivo composto por Xulio López Valcárcel, Vicente Araguas, Ana Romanía e Marica Campos, outorgoulle o primeiro premio a Daniel Salgado, por *Días no imperio*, e o accésit a Carlos Penela Martín, por *O que ardeu nos espellos*.

Referencias varias:

- M.J. Rico, 'La colección de poesía Esquío incorpora a los últimos ganadores', *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol/Diario de Arousa*, 'Galicia/Ferrol/Galicia', 17 abril 2004, p. 30/11/27.

Describe as traxectorias literarias de Noni Benegas e Daniel Salgado, que obtiveron o Premio Esquío 2004 en lingua castelá e galega respectivamente. Menciona a temática social, que impregna *Días no imperio*, de Salgado e destaca tamén que lle outorgaron o Premio Uxío Novoneyra no 2002.

- Chica Pantín, 'Una semana de poesía mundial', *El Correo Gallego*, 'Ferrol', 25 setembro 2004, p. 22.

Noticia sobre a semana literaria previa ao fallo do Premio Esquío de Poesía, do que se sinalan o número de obras e a súa procedencia xenérica.

- Ramón Loureiro, 'Daniel Salgado gana el Esquío en gallego y Noni Benegas, en castellano', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 2 outubro 2004, p. 46.

Dá conta da concesión do Premio Esquío de Poesía en galego a Daniel Salgado por *Días no imperio*, e en castelá na Noni Benegas por *Fragmentos de un diario desconocido*. Sinala tamén que os accésits se outorgaron a Carlos Penela, por *O que ardeu nos espellos* e a Miguel Sánchez Robles, por *Desecación de la alegría*. Remata indicando os compoñentes dos xurados e o número de participantes.

- C.P., 'Daniel Salgado y Noni Benegas ganan el Premio Esquío de poesía', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 2 outubro 2004, p. 67.

Informa de que Daniel Salgado con *Días no imperio* e Noni Benegas con *Fragmentos de un diario desconocido* foron os gañadores da vixésimo cuarta edición do Premio Esquío de poesía en galego e en castelán respectivamente. Indica tamén que *O que ardeu nos espellos* de Carlos Penela Martín e *Desecación de la alegría* de Miguel Sánchez Robles obtiveron accésits.

- MARÉ, 'Un muro de voces', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 outubro 2004, p. 59.

Informa de que Daniel Salgado obtivo o Premio Esquío de Poesía na modalidade de lingua galega con *Días no imperio*, a súa segunda obra. Con *Sucede*, a primeira, obtivo o Premio Uxío Novoneyra no 2003. Realiza a seguir un breve comentario conxunto das dúas obras e repasa o resto das obras nas que participou Salgado.

- Ágatha de Santos, 'El lucense Daniel Salgado y Noni Benegas, premios Esquío de Poesía', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 3 outubro 2004, p. 52.

Informa de que se lle outorgaron os Premios Esquío de Poesía en galego a Daniel Salgado e en castelán a Noni Benegas e os accésits a Carlos Penelas Martín e Miguel Sánchez Robles. A seguir comenta as obras dos galardoados. De *Días no imperio* de Salgado di que é unha reflexión sobre o poder que os Estados Unidos exercen sobre o resto do mundo e de como este se ve baixo as premisas do "imperio estadounidense".

- Xosé María Dobarro, 'Esas voces novas necesarias', *Diario de Ferrol*, 'Outra volta', 3 outubro 2004, p. 28.

Indica que xa se fixeron públicos os nomes dos gañadores e os accésits do Premio Esquío de Poesía. En lingua castelá a galardoada foi Noni Benegas con *Fragmentos de un diario desconocido* e en galego Daniel Salgado con *Días no imperio*. A seguir cualifica a Salgado como unha nova promesa e menciona algúns actos nos que coincidiu con el e salienta as

principais actividades que realiza.

- Vicente Araguas, 'Glamour', *Diario de Ferrol*, 'Miudiño', 3 outubro 2004, p. 71.

Vicente Araguas gaba os premios Esquío, citando aos seus organizadores e ao vencedor e accésit da edición deste ano.

- A.N.T., 'Daniel Salgado recibe o Esquío por un poemario contra o imperio', *A Nosa Terra*, nº 1.145, 'Cultura', 7 outubro 2004, p. 25.

Noticia que incide especialmente nos galardóns e na traxectoria profesional do vencedor no certame, ademais de subliñárense os premios que por este concurso obtivo.

XXIX Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal

Certame organizado polo centro cultural José Domínguez Guizán, de Begonte, entidade promotora do belén electrónico, que conta co patrocinio de Caixa Galicia. A este certame poden concorrer todos os poetas que o desexen con textos en galego e castelán, cunha construción libre, sempre que teñan como base literaria o Nadal. A entrega dos orixinais farase por triplicado no centro cultural convocante, tanto personalmente como por correo, antes do 5 de xaneiro de 2005. O certame está dotado cun premio de 900 € que se reparte do seguinte xeito: un primeiro premio, dotado de 600 € e unha figura de Sargadelos; e un segundo premio, dotado de 300 € e mais doutra figura de Sargadelos.

Referencias varias:

- Mayte Corbelle, 'El centro cultural convoca el XXIX Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal', *El Progreso*, 'Terra Chá', 28 decembro 2004, p. 20.

Recóllese a noticia da convocatoria deste certame por parte dunha institución cultural de Begonte, na Terra Chá. Faise referencia aos premios que se ofrecen ou aos requisitos que deben reunir as obras que se presenten.

XXVIIº Certame Poético 'Ciudad de Archidona'

Certame de carácter internacional convocado polo Concello de Archidona (Málaga), no que poderá participar calquera autor con poemas inéditos, en castelán ou en calquera das linguas ou dialectos do Estado Español, en cuxo caso terán que ir acompañados da súa tradución ao castelán. Os poemas, que deben ter entre catorce e setenta liñas, remitiranse ao Concello de Archidona, Certamen Poético, CP 29300 Archidona (Málaga). Concederánse tres premios: o primeiro consiste nunha medalla de ouro, 1 580 € e flor natural; o segundo

consiste nunha medalla de plata, 800 € e flor natural; e un terceiro premio con medalla de bronce, 600 € e flor natural. Na edición de 2004 presentáronse cincocentos poemas, procedentes de todos os puntos de España e doutros países como México, Estados Unidos e Cuba.

X.3. TEATRO

Concurso de Teatro para afeccionados de Gondomar

Para conmemorar o Día Mundial do Teatro, o grupo Vichelocrego do IES Auga da Laxe, de Gondomar, convoca este concurso dirixido a parellas de actores e actrices afeccionados, maiores de dezaoito anos, que terán que realizar unha representación libre dun texto breve que se lles entregará vinte e catro horas antes da actuación. Nesta edición, as actuacións tiveron lugar o venres 26 de marzo e o xurado estivo formado por cinco persoas vencelladas ao mundo do teatro, que concederon un único premio de 300 €.

IIº Premio Internacional de Teatro para Títeres "Barriga Verde"

Convocado polo IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), coa colaboración do festival Galicreques, este certame presentouse en 2003 como o primeiro en España creado especificamente para textos destinados a obras representadas con monicreques. Posúe un carácter internacional, podendo concorrer autores de calquera nacionalidade sempre e cando presenten o traballo traducido ao galego. Divídese en dous apartados, dotados con 3.000 euros cada un: textos dirixidos ao público infantil, por unha banda; e textos escritos para o público adulto, pola outra. As obras, que serán de temática e extensión libres, presentaranse acompañadas polo menos de un exemplar na lingua orixinal e cinco en galego, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, en tamaño Din A-4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados. Os textos presentaranse baixo lema, xunta cun sobre pechado no que consten os datos do autor, e remitiranse ao seguinte enderezo: II Premio Internacional Barriga Verde. Instituto Galego das Artes Escénica e Musicais, Pavillón de Galicia, San Lázaro, s/n, 15703, Santiago de Compostela. Nesta segunda edición, o prazo de presentación rematou o 12 de xullo e o ditame do xurado deuse a coñecer no mes de outubro; o xurado, composto por Amado Ricón, Mar Nogueira, Jorge Rey, Inma López Silva e Xosé Cermeño, concedeu o premio na modalidade de nenos a Celia Díaz pola obra *Cataventos e Cía, ou a verdadeira historia de Amanda, a princesa, e Leonardo, o poeta*; o xurado acordou, asemade, outorgar unha mención especial á obra *Canus Digas Narice*. O premio da modalidade de adultos quedou deserto.

Referencias varias:

- S.P., 'Novo premio Barriga Verde para títeres', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 abril 2004, p. 53.

Recóllese a convocatoria da segunda edición do certame e sublíñase o seu carácter pioneiro

en Galicia, ademais de facerse referencia ás dúas modalidades que distingue. A convocatoria busca homenaxear ao mítico personaxe Barriga Verde, creado polo artista José Silvent. Tamén se fai referencia ás obras premiadas na primeira edición, e recóllese o labor que este certame, xunto co Álvaro Cunqueiro, está a realizar a prol do teatro en galego.

- J.R., 'Cultura convoca el premio Barriga Verde de textos teatrales de títeres', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 8 abril 2004, p. 68.

Infórmase da primeira edición do certame e do seu carácter pioneiro no seu xénero en Galicia, ademais de citárense as dúas modalidades que se distinguirán. A convocatoria, sublíñase, é unha homenaxe "ao mítico personaxe de Barriga Verde", creación do artista José Silvent, precursor do teatro de títeres na nosa comunidade. Este certame viría a complementar ao Álvaro Cunqueiro como máximos representantes do labor pola promoción da escritura dramática en galego. Precisamente na última parte da noticia faise referencia de maneira máis extensa a este último galardón.

- AX, 'O premio Barriga Verde resólvese hoxe', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 outubro 2004, p. 50.

Recóllese a nova da resolución pública, o mesmo día de publicación da noticia, do premio Barriga Verde. A noticia compleméntase cunha serie de datos xerais relativos ao premio (as institucións promotoras do mesmo, o seu ano de creación, os seus obxectivos ou a presenza no acto de resolución, presidíndoo, de Amado Ricón, presidente do IGAEM e do xurado).

- MARÉ, 'Celia Díaz faise co premio 'Barriga Verde' para nenos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 outubro 2004, p. 48.

Recóllese a obtención por parte de Celia Díaz do premio, na modalidade de teatro para nenos e cunha obra na que o argumento central son as complicadas relacións amorosas entre un mozo pobre e unha rica princesa. Enuméranse os membros do xurado desta edición do certame e faise un percorrido pola traxectoria da galardoada.

Iº Certame de teatro afeccionado Daniel Cortezón

Certame convocado polo Concello de Ribadeo coa finalidade de promover o teatro e incentivar ás compañías afeccionadas. As compañías que desexen participar deben enviar unha gravación en video da súa representación, que será representada en directo no Auditorio Municipal. Nesta primeira edición as representacións tiveron lugar no mes de xullo e os gañadores en cada unha das categorías son os seguintes:
- Mellor espectáculo: *Esquerda-Dereita,* da Escola de Teatro de Narón.
- Mellor interpretación masculina: Óscar Rodríguez, da Escola de Teatro de Narón.

- Mellor interpretación feminina: Chus Millares, da compañía Francisco Lanza (Ribadeo)
- Mellor director: José Luis Prieto, da Escola de Teatro de Narón.
- Mellor escenógrafo: Luis Ramos, da Escola de Teatro de Narón.

Referencias varias:

- Susana Pérez, 'Dulce estreno teatral', *La Opinión*, 'Narón', 21 xullo 2004, p. 20.

Informa que os alumnos da escola de teatro profesional de Narón gañaron coa obra *Dereita-esquerda* catro premios dos cinco que se entregan no Certame de Teatro Afeccionado Daniel Cortezón celebrado en Ribadeo. Refírese tamén á alegría coa que foi recibido o galardón e inclúe as palabras de agradecemento dalgúns dos actores e do director, José Luis Prieto.

Iº Concurso de teatro afeccionado de Campo Lameiro

Organizado pola Asociación Cultural Vintureira, en colaboración co organismo municipal e a Deputación provincial, este certame premia con tres galardóns as mellores obras de teatro presentadas no prazo de inscrición; optarán a estes premios as tres mellores representacións das seleccionadas entre as inscritas, que se representarán durante as fins de semana do mes de outubro. Nesta primeira edición, o prazo de presentación das obras pechouse o 12 de agosto e as representacións tiveron lugar durante os sábados 9, 16 e 23 de outubro no Centro Cultural Sobrino Buhígas. Contou coa participación de varios grupos afeccionados, a razón de dúas representacións diarias. Os responsábeis de abrir fogo foron o grupo infantil da asociación organizadora obra *La criada sorda* e a agrupación pontevedresa Bacharel Teatro con *A Caída do conselleiro*. O obradoiro de teatro Traquers e a obra *Romeo e Xulieta* xunto a asociación Inzar, que levou a cabo un espectáculo de teatro espontáneo, participaron no segundo día. A clausura correu a cargo do Círculo Teatral de Cesantes, coa montaxe ¡*Hip, hip, hurra!*, e o grupo adulto da Asociación Vintureira, coa representación da obra *O limpa chemineas*. O xurado estivo composto por personaxes coñecidas da escena como Federico Ríos 'Oti', xefe de produción do Centro Dramático Galego, ou o actor Manuel Millán.

Referencias varias:

- A.P., 'Vintureira' convoca el primer concurso de teatro aficionado de Campo Lameiro', *Diario de Pontevedra*, 'Pontevedra/comarca', 15 agosto 2004, p. 11.

Anuncia que a Asociación Cultural Vintureira desenvolverá o primeiro concurso de teatro afeccionado de Campo Lameiro coa colaboración do concello e da Deputación de Pontevedra. Sinala que o mencionado concurso premiará as tres mellores obras das presentadas no prazo de inscrición e que o xurado estará formado por un membro da directiva da asociación, un actor, un representante do Instituto Galego das Artes Escénicas, a edil de cultura e o alcalde ou a persoa en que delegue.

- Belén López, 'A Aula de Teatro de Pontevedra gaña o certame de Campo Lameiro', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 26 outubro 2004, p. 85.

Dá conta dos gañadores do primeiro certame de teatro afeccionado de Campo Lameiro. O primeiro premio foi para a Aula de Teatro de Pontevedra, o segundo para o Círculo Cultural de Cesantes e o terceiro para o obradoiro de teatro Traquers. Informa de que entregaron os galardóns o alcalde de Campo Lameiro e o actor Manuel Millán. A obra gañadora leva por título *A caída do conselleiro* e conforma a quinta montaxe que saca adiante a Aula de Teatro Municipal de Pontevedra dirixida por Anxo Lourido.

IVº Certame de teatro para afeccionados 'Enxebre'

Este certame está convocado, dende o ano 2000, polo Concello do Grove e a Asociación Cultural Enxebre, e vai dirixido a colectivos teatrais non profesionais. Cómpre que os interesados envíen aos organismos convocantes os textos das súas obras máis unha copia en formato audiovisual. Os gañadores recibirán 500 euros e un diploma cada un, e terán a posibilidade de levar a súa peza á escena. Nesta edición o prazo de presentación de obras rematou o 5 de decembro e foron recibidas un total de vinte e sete, das que se seleccionaron cinco para ser representadas entre os días 26 e 30 de decembro.

Referencias varias:

- Manuel Jabois, 'Arume llevó los 'seis personajes' de Pirandello al 'Enxebre' de O Grove', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 29 decembro 2004, p. 69.

Informa de que o grupo de teatro Arume foi seleccionado para participara na cuarta edición do certame teatral Enxebre que organiza a Asociación Xuvenil Cultural Deportiva Enxebre do Grove coa colaboración da concellaría de cultura municipal. Indica que a compañía Arume representou a obra *Seis personajes en busca de autor* de Luigi Pirandello. Por último, ofrece algúns datos acerca do texto de Pirandello

IVº Premio de interpretación teatral "Maruxa Villanueva"

O Concello de Padrón convoca este premio en homenaxe a Maruxa Villanueva, que foi case tres décadas guardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro e tamén recoñecida actriz de teatro. A el poden concorrer aqueles actores e actrices que, durante o ano, participasen nun espectáculo teatral en galego, ademais de ser extensivo a un artista de recoñecida traxectoria neste ámbito. Conta cun premio de 1.202 euros, diploma acreditativo e estatuíña de bronce que representa o busto de Maruxa Villanueva. O xurado estivo composto nesta ocasión por Manuel Baltar, Francisco Pillado, Miguel Gómez Segade, Rubén García Fernández, Euloxio Ruibal, Inma López e Camilo Forján. Este xurado decidiu premiar nesta cuarta edición a Manuel Lourenzo pola súa traxectoria teatral e polo seu espectáculo

Liturxia de Tebas, realizado ao longo do ano.

Referencias varias:

- C.B., 'La capital del Sar dedica este mes a la figura de Maruxa Villanueva', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 3 novembro 2004, p. 38.

Informa de que o concello de Padrón dará a coñecer no mes de novembro o gañador do IV premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva. Dá conta tamén das diversas funcións teatrais que se representarán na vila de Padrón.

- C.B., 'Veintiocho trabajos concurren al Premio Eusebio Lorenzo Baleirón', *El Correo Gallego*, 'Área de Compostela', 17 novembro 2004, p. 37.

Informa de que vinteoito traballos optan ao premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón convocado polo concello de Dodro. O gañador que se dará a coñecer o próximo once de decembro verá a súa obra publicada na colección de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón de edicións do Castro e recibirá dous mil trescentos euros. Por outra banda, anuncia que o próximo día 19 de novembro se dará a coñecer o actor ou actriz gañadora do IV premio de interpretación teatral Maruxa Villanueva que outorga o concello de Padrón. Até o día de hoxe recibiron este galardón Roberto Vidal Bolaño, Susana Dans e Rosa Álvarez.

- U.L., 'O Premio Maruxa Villanueva recoñece a traxectoria profesional do actor Manuel Lourenzo', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 20 novembro 2004, p. L13.

Anuncia que o IV premio de interpretación teatral Maruxa Villanueva, fallado en Padrón, recaeu en Manuel Lourenzo polo seu espectáculo *Liturxia de Tebas*. O premiado recibirá un busto de Maruxa Villanueva e un cheque por valor de mil douscentos euros. O xurado, que tamén recoñeceu a traxectoria de Manuel Lourenzo, estivo formado por Manuel Baltar, concelleiro de cultura de Padrón, Francisco Pillado, Miguel Gómez Segade, Rubén García Fernández, Euloxio Ruibal, Inma López e Camilo Forján.

- C.B., 'Logo de 40 anos de teatro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 novembro 2004, p. 48.

Dá conta da sorpresa e alegría do actor, director e autor de teatro Manuel Lourenzo, quen acaba de ser galardoado co IV premio de interpretación teatral Maruxa Villanueva outorgado polo concello de Padrón. Refírese á dilatada traxectoria profesional do actor lugués e a breve historia do premio Maruxa Villanueva, que en edicións anteriores premiou a Roberto Vidal Bolaño, Susana Dans e Rosa Álvarez. Apunta que o xurado estivo composto por Manuel Baltar, concelleiro de cultura de Padrón, Francisco Pillado, Miguel Gómez Segade, Rubén García Fernández, Euloxio Ruibal, Inma López, Camilo Forján e Masito Beiró.

Premio de Teatro Romería Vikinga

Premio convocado anualmente pola Universidade de Santiago, en colaboración co Concello de Catoira, para seleccionar a obra teatral que se representará na romaría do desembarco vikingo, que se celebra na vila de Catoira. O premio, dotado con 5000 euros, permítelle ao premiado dirixir e representar a súa obra cunha peculiaridade, pois todos os actores e o persoal que traballa na montaxe da obra son veciños da vila que colaboran desinteresadamente nesta montaxe. O gañador desta edición foi Lucho Penabade, pola peza *O carro das mentiras*.

Referencias varias:

- Adriana Rodríguez, 'Lucho Penabade domina o Teatro Vikingo de Catoira', *Diario de Arousa*, 2004.

Informa de que o gañador de Premio de Teatro Romería Vikinga foi Lucho Penabade coa obra *O carro das mentiras*, que se representará en Catoira durante o transcurso da semana vikinga. Recolle unha entrevista co galardoado por cuarta vez co premio que outorga o concello de Catoira. Penabade refírese á súa predilección polo teatro histórico, ao argumento de *O carro das mentiras* e á posta en escena da obra.

VIIIº Premios "María Casares"

Premio convocado pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de escena de Galicia en colaboración co Concello da Coruña. A estes galardóns concorren todas as producións galegas realizadas en lingua galega e estreadas na nosa comunidade autónoma entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2003. Selecciónanse de entre elas tres finalistas para cada unha das modalidades que se teñen en conta: mellor actor e actriz protagonistas; actor e actriz secundarios; director; texto, adaptación e tradución; mellor espectáculo; música orixinal; escenografía; vestiario e maquillaxe. Haberá tamén un premio especial á traxectoria persoal ou labor de promoción do teatro que leva o nome da actriz Marisa Soto e que será o dado pola xente da Asociación. Os socios da agrupación, aproximadamente trescentos, xunto cos anteriores nominados emiten o seu voto por correo e en segredo. Esta selección de nomeados pásaselle a un xurado integrado por persoas relacionadas co mundo da escena. A entrega de galardóns, que consisten nun busto de cerámica da actriz María Casares realizado por Sargadelos-Cerámicas do Castro, coincide co Día Mundial do Teatro, o 27 de marzo, e o acto de entrega ten lugar no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Na edición correspondente ao ano 2004, os galardoados nas diferentes categorías foron:

- Mellor espectáculo: *Así que pasen cinco anos,* de Sarabela Teatro.
- Mellor dirección: Ánxeles Cuña por *Así que pasen cinco anos*, de Sarabela Teatro.
- Mellor actriz protagonista: Maxo Barjas por *A gran ilusión* de Teatro do Morcego.
- Mellor actor protagonista: Artur Trillo por *Bicos con lingua*, de Talía Teatro.
- Mellor actriz secundaria: Sonia Rúa por *A gran ilusión,* de Teatro do Morcego.

- Mellor actor secundario: Xavier Estévez por *Así que pasen cinco anos,* de Sarabela Teatro.
- Mellor escenografía: Suso Díaz por *Así que pasen cinco anos,*de Sarabela Teatro.
- Mellor texto orixinal: autores de *Bicos con lingua,* de Talía Teatro.
- Mellor texto adaptado: Ánxeles Cuña por *Así que pasen cinco anos,* de Sarabela Teatro.
- Mellor música orixinal: Fran Pérez por *Sidecar,* da compañía Belmondo.
- Mellor iluminación: Baltasar Patiño por *Acto seguido,* de Matarile Teatro.
- Mellor vestiario: Carlos Alonso e Teté Seoane por *A gran ilusión* e *Así que pasen cinco anos*.
- Mellor maquillaxe: Fanny Bello por *Sidecar,* da compañía Belmondo.
- Premio de honra "Marisa Soto": Padroado de Cultura do Concello de Narón, pola súa política continua de promoción do teatro.

Referencias varias:

- MARÉ, 'A recompensa do teatro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 marzo 2004, p. 53.

Dá a coñecer a nómina completa dos nomeados ás distintas categorías dos premios María Casares. Destaca que *Acto seguido*, *Así que pasen cinco anos* e *O canto do dime-dime* das compañías Matarile Teatro, Sarabela e Factoría Teatro respectivamente optan ao premio ao mellor espectáculo teatral do 2003. Informa tamén de que a entrega de premios terá lugar o vintesete de marzo no Teatro Rosalía de Castro da Coruña.

- Lorena Romero, 'El padroado da Cultura recibe el premio honorífico Marisa Soto', *Diario de Ferrol*, 'Narón', 5 marzo 2004, p. 24.

Anuncia que o Padroado da Cultura do concello de Narón recibirá o galardón honorífico Marisa Soto que outorga a Fundación María Casares. Informa que con este premio trátase de recoñecer a labor deste concello a prol do teatro e, ao mesmo tempo, alentar para que continúen con esta tarefa. Inclúe as palabras de Luciano Fernández, director técnico do Padroado, quen manifesta a importancia do premio. Finalmente, apunta que a compañía Teatro do Aquí estrea en Narón o seu espectáculo *Camiño longo*.

- Susana Pérez, 'Premio a 15 años de labor teatral', *La Opinión*, 'Narón', 21 marzo 2004, p. 26.

Indica que o Padroado de Cultura do concello de Narón vai recibir na gala de entrega dos premios de teatro María Casares o premio honorífico Marisa Soto pola súa labor a favor do teatro. Recolle as palabras de Luciano Fernández, director técnico do Padroado de Cultura, quen destaca a creación da escola de teatro municipal. Indica que o Padroado está preparando unha programación especial para celebrar a concesión deste importante premio.

- Isabel Mariño, 'Los María Casares vindican a Valle-Inclán para mostrar la 'esperpéntica'

actualidad', *La Opinión*, 'Cultura', 26 marzo 2004, p. 61.

Informa dalgúns dos detalles da gala de entrega dos premios María Casares que se celebrará no teatro Rosalía de Castro da Coruña. Así mesmo apunta que o Padroado de Cultura de Narón será galardoado co premio de honra Marisa Soto e que as compañías Sarabela, Matarile e Factoría optan á mellor montaxe teatral.

- Albino Mallo, 'Arte de carne e óso', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 marzo 2004, p. 58.

Apunta que nun acto presidido por Cándido Pazó se deron a coñecer os candidatos das diferentes modalidades dos premios María Casares e así mesmo do gañador do premio de honra Marisa Soto que recaeu no Padroado de Cultura do concello de Narón pola súa política cultural e, en concreto, pola súa política teatral que, segundo o articulista, moitos concellos deberían imitar. Inclúe as palabras de Xosé Manuel Rabón, director de escena da VII edición dos premios e representante IMCE do concello coruñés, quen se refire á importancia dos premios María Casares e á certos aspectos da cerimonia.

- MARÉ, 'Dúas montaxes parten como favoritas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 marzo 2004, p. 58.

Anuncia que as obras *Así que pasen cinco anos* do grupo de teatro Sarabela e *Acto seguido* da compañía Matarile Teatro copan as principais candidaturas dos premios María Casares, seguidas por *Bicos con lingua* de Talía Teatro e *O canto do dime-dime* de A Factoría. Dá conta tamén dos nomeados ao mellor actor, á mellor dirección, ao mellor espectáculo, ao mellor texto orixinal e ao mellor texto adaptado.

- Sonia Torre, 'Hoy, todos a escena', *La Región*, 'Interpretación', 27 marzo 2004, p. 59.

Sinala que o Teatro Principal de Ourense súmase á celebración do Día Internacional do Teatro coa representación da obra *El tren*. Destaca a entrega dos premios María Casares que terá lugar na Coruña e lembra que a compañía ourensá Sarabela Teatro parte como favorita por optar a un maior número de candidaturas. Informa de que se presentará tamén a Mostra Internacional de Teatro Universitario que se celebrará na cidade das Burgas. Por último, refírese á boa saúde da que goza o teatro en Ourense, onde ademais dos tres niveis da Aula de Teatro Universitario, diversos centros educativos ofrecen o teatro como actividade escolar.

- Camilo Franco, 'A escena galega cumpre 25 anos de profesionalismo', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 54, 'Teatro', 27 marzo 2004, p. 12.

Co gallo da entrega dos premios de teatro galego María Casares, Camilo Franco apunta brevemente a traxectoria e os trazos dalgunhas das compañías teatrais do país galego como Sarabela Teatro, Chévere, Matarile, Teatro do Aquí, Talía Teatro ou o Centro Dramático

Galego. Informa que o Padroado de Cultura do concello de Narón será agasallado co premio de honra Marisa Soto. Por último, sinala os nomeados nas distintas categorías e destaca que a compañía ourensá Sarabela parte como favorita.

- MARÉ, 'Días dos dramáticos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 marzo 2004, p. 60.

Informa dos diversos actos que terán lugar co gallo da celebración do Día Mundial do Teatro. Destaca a gala de entrega dos premios María Casares que se celebrará no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e na que as obras *Así que pasen cinco anos* de Sarabela Teatro e *Acto seguido* de Matarile Teatro parten como favoritas. Apunta que o Centro Dramático Galego aplicará unha redución do 50% no prezo da entrada do seu espectáculo *O ano da cometa* que se está a representar en Santiago. Sinala que en Ourense no Teatro Principal representarase *El tren* da compañía Teatro Paraíso e en Madrid os profesionais do teatro colocaranlle a bufanda á estatua de Valle-Inclán. Neste acto concederanse Alfileres de Bufanda ao autor Luis Riaza, ao produtor Álvaro Luis, ao actor Manuel Tejada e ao director Manuel Canseco, o encargado de ler a mensaxe internacional será Enrique Cornejo. Finalmente, en Barcelona destaca a participación das xentes do teatro en diversas reivindicacións socio-políticas.

- I. Mariño, 'Sarabela acapara los María Casares en la gran noche del teatro gallego', *La Opinión*, 'Cultura', 28 marzo 2004, p. 68.

Faise eco do triunfo indiscutíbel da compañía Sarabela Teatro na cerimonia de entrega dos premios María Casares, dado que recibiu pola peza *Así que pasen cinco anos* seis galardóns, entre os que destaca o de mellor dirección e mellor espectáculo. Apunta que a compañía Teatro do Morcego conseguiu tres; Belmondo e Talía Teatro, dous e Matarile, un. Sinala que o Padroado de Cultura do concello de Narón foi galardoado con premio de honra Marisa Soto. Finalmente, refírese ao especial protagonismo que se lle dedicou á figura de Ramón María del Valle-Inclán na gala.

- MARÉ, 'Xuntos na paixón do teatro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 marzo 2004, p. 67.

Refírese aos actos que conmemoran o Día Internacional do Teatro. Informa que en Madrid se procedeu a colocar a bufanda á estatua de Valle-Inclán, entregouse o Alfiler da bufanda 2004 a diversas personalidades relacionadas co mundo da cultura e anunciáronse os galardoados para o ano 2005. Por último, sinala a celebración da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense que terá lugar entre o 14 de abril e o 2 de maio.

- Camilo Franco, 'A adaptación de Lorca feita por Sarabela acapara os María Casares', *La Voz de Galicia*, 'Espectáculos', 28 marzo 2004, p. 50.

Anuncia o éxito de Sarabela Teatro, que recibiu por *Así que pasen cinco anos* seis premios María Casares incluído o de mellor espectáculo e mellor dirección. Apunta que a gala do

teatro galego lembrou algúns dos problemas que padece a profesión e recordou a figura de Ramón María del Valle-Inclán. Recolle as palabras reivindicativas dalgúns dos premiados.

- M.P.L., 'A resistencia da extravagancia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 marzo 2004, p. 45.

Dá conta do triunfo da compañía Sarabela Teatro na gala da oitava edición da entrega dos premios de teatro María Casares. Afirma que a compañía ourensá recibiu por *Así que pasen cinco anos* seis galardóns, entre eles o de mellor dirección e mellor espectáculo. Informa de que outra das compañías máis premiada foi Teatro do Morcego que recibiu os premios á mellor actriz protagonista, á mellor actriz secundaria, á mellor escenografía e ao mellor vestiario, categoría que compartiu con Sarabela Teatro. Por último, apunta os gañadores das restantes categorías e comenta que as produccióǹs do Centro Dramático Galego non levaron ningún galardón.

- L.R., 'Sarabela se consolida en el teatro gallego tras obtener seis premios en los 'María Casares', *La Región*, 'Ourense', 29 marzo 2004, p. 5.

Alude ao éxito de Sarabela Teatro que obtivo seis premios María Casares pola súa produción *Así que pasen cinco anos*, entre eles o de mellor dirección e mellor espectáculo. Faise eco da satisfacción da compañía ourensá, en especial da súa directora, Ánxeles Cuña. Dá os nomes dos outros galardoados e apunta o carácter reivindicativo e crítico que tivo a gala.

- A.N.T., 'Sarabela Teatro copa os María Casares', *A Nosa Terra*, nº 1.123, 'Cultura', 1 abril 2004, p. 24.

Informa de que Sarabela Teatro foi a gran triunfadora da gala da VIII edición dos premios María Casares obtendo seis galardóns, entre os que figuran o de mellor espectáculo e mellor dirección. Afirma que a compañía ourensá é unha das máis estábeis do país galego. Apunta que o resto dos premios repartíronse entre as compañías Talía Teatro, Teatro de Morcego, Matarile Teatro e Belmondo. Por último, refírese ás diferentes críticas e reivindicacións que se emitiron no transcurso da gala.

- José Luis Prieto Roca, 'Os María Casares, Narón e as persoas', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 'A Pupila', 11 abril 2004, p. 22.

Refírese á gala de entrega dos premios María Casares. Aplaude a idea de lle outorgar o premio de honra ao Padroado de Cultura do Concello de Narón. Subliña o labor desta concellaría a prol do teatro, en concreto destaca o feito de manter unha programación estábel e o especial coidado que pon na escola de teatro municipal. Felicita a cada unha das persoas que fai isto posíbel sen esquecer o público que acode a cada cita teatral.

- Xosé Lueiro, 'Artur Trillo. 'Estamos a marxinar a nosa lingua', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 28 abril 2004, p. 64.

Artur Trillo manifesta o seu agradecemento pola concesión do premio María Casares de mellor interpretación masculina por *Bicos con lingua*. Eloxia a labor de Avelino González, autor da dramaturxia de *Bicos con lingua* e comenta que a finalidade desta obra non é outra que a defensa da lingua galega.

VIIº Premio "MAX" de teatro

En 1998 naceron os premios Max das Artes Escénicas co propósito de estimular e premiar o talento dos artistas e profesionais das artes escénicas. A este premio concorren todos os espectáculos estreados ou en xira na temporada anterior. Os premios concédense en distintos apartados como autores, tradutores, adaptadores, compositores, escenografía, iluminación, etc., que son elixidos mediante os votos dos seus compañeiros. Dentro do apartado do premio ao mellor autor teatral nas primeiras convocatorias só se contemplaba a escritura en castelán, pero máis tarde tívose tamén en conta as outras linguas do estado. Deste xeito, nesta sétima edición, o premiado na categoría de mellor autor teatral en galego foi Suso de Toro pola obra *Círculo*.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Mazás con antiface', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 febreiro 2004, p. 50.

Informa de que a obra *Las bicicletas son para el verano*, escrita por Fernando Fernán Gómez e dirixida por Luis Olmos, recibiu un total de doce nomeamentos dos premios Max de Teatro, obra á que lle segue *El burlador de Sevilla*, *Alejandro y Ana* e *Yerma*. Outros espectáculos nomeados son *Historia de una escalera* ou *Juli César*. Apunta que tres galegos optan ao premio ao mellor autor teatral: Suso de Toro por *Círculo*, Dorotea Bárcena por *As mulleres do porvir* e Evaristo Calvo por *Hotel Run*. Lembra tamén que os premios Max conceden tres galardóns de designación directa: Novas Tendencias escénicas, Hispanoamericano das Artes Escénicas e Premio de Honra.

- E.P., 'Círculo' de Teatro de Ningures ós Max', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 febreiro 2004, p. 52.

Informa de que a montaxe *Círculo* da compañía Teatro de Ningures optará a o Premio Max de teatro na categoría de mellor espectáculo revelación. Así mesmo, Suso de Toro, Dorotea Bárcena e Evaristo Calvo por *Círculo*, *As mulleres do porvir* e *Hotel Run* respectivamente, optan ao premio ao mellor autor teatral.

- E.P., 'A presentación dos finalistas dos Max, 'sen solemnidades', *Galicia Hoxe*, '11 de marzo', 13 marzo 2004, p. 35.

Anuncia que a Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) e o Concello de Madrid decidiron manter o tradicional acto cos finalistas aos premios Max das Artes Escénicas. Os dramaturgos, actores, directores, coreógrafos e demais profesionais do teatro, serán recibidos pola presidenta da SGAE, Ana Diosdado, o presidente do Consello de Dirección da SGAE, Eduardo Bautista e o alcalde de Madrid.

- C.M.P., 'Sanchís Sinesterra, Max de Novas Tendencias', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 marzo 2004, p. 59.

Informa de que José Sanchís Sinisterra e o seu Teatro do Común recibiron o premio especial de Novas Tendencias Escénicas de Teatro na gala de entrega dos premios Max. Refírese tamén ao seu último espectáculo *Terror y miseria del franquismo*, que ofrecía en nove cadros un mosaico da realidade española dos anos corenta.

- E.P., 'Francisco Nieva, Premio de Honra nos Max', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 abril 2004, p. 50.

Anuncia que o comité organizador dos Premios Max decidiu concederlle o Premio de Honra da sétima edición a Francisco Nieva, quen recollerá o galardón o 26 de abril no Auditorio Palacio de Congresos de Zaragoza. Recorda que outros galardoados con este premio foron Buero Vallejo ou Gala.

- MARÉ, 'Os Max prometen sorpresas esta noite', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 abril 2004, p. 45.

Apunta algunhas das actuacións que terán lugar na gala de entrega dos Premios Max de Teatro. Dá conta dos finalistas: *Las bicicletas son para el verano* é a obra que ten máis nomeamentos un total de doce, séguena *El burlador de Sevilla*, *Alejandro y Ana* e *Yerma*. Outros espectáculos nomeados son *Historia de una escalera* ou *Julio César*. Informa de que os premios especiais serán para Francisco Nieva (premio de Honra), o Festival Internacional Cervantino Guanajuato-México (premio Hispanoamericano) e o Teatro do Común (premio de Novas Tendencias Escénicas). En canto á presenza galega nos premios, sinala que *Círculo* opta ao premio ao mellor Espectáculo Revelación. Suso de Toro por *Círculo*, Dorotea Bárcena por *As mulleres do porvir* e Evaristo Calvo por *Hotel Run* foron finalistas na categoría de mellor autor teatral.

- Xosé Carlos Caneiro, 'Max', *La Voz de Galicia*, 'De sol a sol', 29 abril 2004, p. 64.

Co gallo da entrega dos premios Max de Teatro, Caneiro critica aos artistas que adulan á ministra de cultura e se alían co poder, pois, segundo el, "un artista nunca está co poder".

- J.D.C., 'Miguel Ángel Solá: 'El Premio Max fue una caricia de miles de personas que no conozco', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 8 xullo 2004, p. 14.

Anuncia a representación da obra *Hoy: el diario de Adán y Eva, de Mark Twain* no Centro Cultural Caixanova. Recorda que o protagonista da obra, Miguel Ángel Solá, recibiu o premio Max ao mellor actor. Recolle as palabras do propio actor, quen agradece enormemente o galardón.

VIº Certame Nacional de Teatro para "Directoras de Escena"

Certame convocado pola Área da Muller do concello de Torrejón de Ardoz e a Asociación de Directores de Escena de España, coa colaboración da Consellería de Artes da Comunidade de Madrid, o Teatro Municipal "José María Rodero", Obra Social de Caja Madrid, El Corte Inglés, Cadena SER, o Instituto da Muller do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e o Instituto Nacional de Artes Escénicas e da Música do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. O seu obxectivo é levar á cidade madrileña o mellor teatro feito por mulleres do noso país e contribuír a que estas manifestacións artísticas se fagan un sitio nunha programación teatral maioritariamente protagonizada por directores varóns. Consta de tres premios dotados de diferente contía económica, un primeiro de 6.050 €, un segundo de 4.550 € e un terceiro de 3.050 €. Nesta sexta edición a directora da compañía galega Matarile Teatro, Ana Vallés, recibiu o segundo premio pola montaxe *A brazo partido*.

XIIIº Premio "Álvaro Cunqueiro" para textos teatrais

Este galardón foi convocado por vez primeira en 1988 polo Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), aínda que dende 1992 a 1999 deixou de convocarse. Reapareceu no ano 2000, e conta agora cunha dotación de 6025 euros, mais a posibilidade de publicar e representar a obra galardoada. Os textos que se presenten teñen que ser inéditos, de temática libre e sen limitación de extensión agás as obras de teatro breve. Non deberán ser premiados nin representados anteriormente. Enviaranse por quintuplicado en exemplares separados e mecanografados a dobre espazo ao IGAEM (Pavillón de Galicia, s/n San Lázaro, apartado 150, 15703, Santiago de Compostela). O xurado terá en conta a viabilidade da representación da obra no que se refire a aspectos que afectan ao número de páxinas, espazo escénico ou condicións técnicas. Nesta edición o prazo para presentar os traballos foi ata o 5 de outubro, e o xurado, composto por Amado Rincón, Albino Mallo, Francisco Pillado, Euloxio Ruibal e o gañador do pasado ano, Siro López, premiou a obra orixinal *Os homes só contan ata tres* de Antón Lopo.

Referencias varias:

- T.R., 'Premio Alvaro Cunqueiro de teatro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 agosto 2004, p. 50.

Informa de que o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) da Consellaría

de Cultura, Comunicación Social e Turismo, nunha resolución publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) do día catro de agosto, convocou a XIII edición do premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais escritos en galego. Sinala que o galardoado contará cun premio en metálico de seis mil vintecinco euros, a publicación e a posibilidade de representación da obra.

- MARÉ, 'O IGAEM convoca o Premio Cunqueiro de teatro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 agosto 2004, p. 42.

Dá conta da XIII edición do premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais escritos en galego que vén de convocar o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Informa de que as bases do galardón foron publicadas no Diario Oficial de Galicia (DOG) do día catro de agosto. Apunta que o premio está dotado con seis mil vintecinco euros e a publicación da obra na colección Os libros do Centro Dramático Galego (CDG) que coedita xunto á editorial Xerais. Ademais, o Centro Dramático Galego apoiará a súa posta en escena. Por último, engade que o xurado tomará a decisión dentro dos dous meses seguintes ao remate do prazo de admisión das obras e que se dará a coñecer nos medios de comunicación.

- E.P., 'O Igaem convoca o XIII Álvaro Cunqueiro para textos teatrais en galego', *El Correo Gallego*, 'Premio', 13 setembro 2004, p. 69.

Anuncia que o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo convocou o XIII premio Álvaro Cunqueiro para pezas de teatro escritas en galego normativo que non fosen representadas nin premiadas noutros concursos. Apunta que as bases do premio foron publicadas no Diario Oficial de Galicia (DOG) do día catro de agosto. Engade que o galardón está dotado con seis mil vintecinco euros e a publicación da obra premiada na colección Os libros do Centro Dramático Galego (CDG) que coedita xunto a Xerais. Ademais, o Centro Dramático Galego apoiará a súa posta en escena.

- MARÉ, 'O Igaem convoca o 'Álvaro Cunqueiro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 setembro 2004, p. 44.

Informa de que o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo convocou o XIII premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais inéditos e escritos en galego normativo que non fosen representados nin premiados noutros concursos. Apunta que o galardón está dotado con seis mil vintecinco euros e a publicación da obra premiada na colección Os libros do Centro Dramático Galego (CDG) que coedita xunto á editorial Xerais ao que hai que engadir o apoio do Centro Dramático Galego para a súa posta en escena. Sinala que as bases do premio foron publicadas no Diario Oficial de Galicia (DOG) do día catro de agosto. Finalmente apunta que a obra *Hai que confiar na esperanza* do debuxante e humorista Siro López foi a galardoada na última edición do premio Álvaro Cunqueiro.

- MARÉ, 'Ábrense as plicas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 10 decembro 2004, p. 38.

Refírese aos varios premios de literatura que en breve anunciarán os seus gañadores. Entre eles destácanse o premio de novela Blanco Amor, o premio de novela curta Xulián Magariños e o premio de teatro Álvaro Cunqueiro. Déixase constancia de que o premio Blanco Amor de novela conta entre a súa nómina de galardoados con Suso de Toro, Víctor Freixanes ou Xavier Alcalá. Apunta que o xurado do premio Xulián Magariños estará formado entre outros polos profesores Xosé A. Ponte Far, Antonio Puentes Chao e Manuel Quintáns Suárez e que a súa contía é de mil cincocentos euros. Finalmente, sinálase que o premio de teatro Álvaro Cunqueiro, convocado polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), está dotado con seis mil vintecinco euros.

- MARÉ, 'Cómplices do poder', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 decembro 2004, p. 39.

Anuncia que o gañador da XIII edición do premio de teatro Álvaro Cunqueiro convocado polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) é Antón Lopo coa obra *Os homes só contan ata tres*, na que pon de manifesto como os seres humanos colaboramos en ser verdugos da nosa propia execución e como somos cómplices dun poder enganoso, destrutivo e que nos compra. Por este galardón Lopo recibirá seis mil vintecinco euros, ademais da publicación da obra na colección Os libros do centro Dramático Galego e o apoio para a súa representación. Sinala que o xurado estivo formado por Amado Rincón, Albino Mallo, Francisco Pillado, Euloxio Ruibal e Siro López. Recorda que entre os anteriores galardoados figuran Roberto Salgueiro, Euloxio Ruibal, Agustín Magán, Roberto Vidal Bolaño, Xosé Cid Cabido ou Siro López. Apunta tamén que, dende o seu carácter innovador, moderno e multidisciplinar, Lopo realizou traballos moi diversos: poemarios, performances, tradución, espectáculos de danza e música, etc. Finalmente recolle algúns dos seus títulos, en poesía apunta *Sucios e desexados* (1987), *Manual de masoquistas* (1990), *O libro dos amados* (1996) ou *Fálame* (2002) e en narrativa destaca *As reliquias* (1991) ou *Ganga* (2001).

XIIIº Premio SGAE de Teatro 2004

Certame que anualmente convoca a Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) co propósito de impulsar e apoiar a creación de novos textos dramáticos que contribúan ao enriquecemento do panorama teatral. O premio consta de 6.000 €, un trofeo e a publicación da obra na colección TeatroAutor da entidade; a el poden presentarse todos os autores socios da SGAE con obras orixinais e inéditas, non estreadas nin premiadas en ningún outro concurso. Os textos presentaranse mecanografados a unha soa cara e dobre espazo en Din A-4, baixo lema, e remitiranse por duplicado, e a través de correo certificado, a Iberautor (Bárbara de Braganza, 7-Madrid) ou entregaranse na Delegación Xeral da SGAE en Galicia (Federico Tapia, 13, 1º esquerda, 15005 A Coruña), antes do 30 de setembro.

X.4. INVESTIGACIÓN

IIIº Premio Ramón Piñeiro de Ensaio

A Editorial Galaxia convocou por primeira vez este premio no ano 2001 con motivo do cincuentenario e co propósito de estimular a reflexión dende Galicia. Nel poden participar todas aquelas persoas que presenten escritos orixinais e inéditos en lingua galega, segundo a normativa vixente. A extensión dos traballos abranguerá entre douscentos mil e trescentos mil caracteres, incluídos espazos. Deberán ser presentados por quintuplicado, en formato DIN A4, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara. O tema dos ensaios será libre e os traballos deberán evitar o enfoque de investigación especializada ou de carácter estritamente académico. Os orixinais enviaranse por correo certificado, baixo plica, á Editorial Galaxia (R/ Reconquista, 1, 36201 Vigo), indicando no sobre "III Premio "Ramón Piñeiro" de Ensaio". Establécese un único premio, consistente en 3.005 euros e unha escultura conmemorativa, que será outorgado ao ensaio que posúa maior fondura e orixinalidade e reúna suficientes méritos estilísticos e literarios. A contía do premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador, que será publicado pola Editorial Galaxia na súa colección "Ensaio". Nesta terceira edición resultou gañador Xosé Luís Barreiro Rivas, coa obra *A terra quere pobo*; o xurado estivo composto por Ramón Villares, Uxío Labarta, Dolores Vilavedra, Carlos Lema e Víctor F. Freixanes.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Aposta polo cambio', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 xuño 2004, p. 48.

Infórmasenos de que a obra *A terra quere pobo* de Xosé Luís Barreiro Rivas foi a gañadora do III Premio Ramón Piñeiro de Ensaio. A continuación, vaise describindo a obra a través de citas dos comentarios do propio autor. O libro caracterízase por "ser unha reflexión do devir galego e sen conclusións optimistas". Tamén se fala dos futuros traballos do profesor articulista.

IIº Premio "Centro Ramón Piñeiro" de Ensaio breve

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades convoca por primeira vez este premio no seu décimo aniversario para homenaxear a figura do ilustre galeguista Ramón Piñeiro López e, ao mesmo tempo, contribuír á difusión do ensaio breve en lingua galega, xénero que Ramón Piñeiro cultivou con asiduidade e ao que fixo importantes achegas. Nel pode participar calquera persoa interesada, a excepción do persoal pertencente ao Centro Ramón Piñeiro, con traballos orixinais e inéditos, en lingua galega, axustados á normativa oficial do idioma que versen sobre o ámbito xeral do pensamento humanístico (lingua, literatura, antropoloxía, filosofía, historia). Os traballos, que deberán estar asinados cun lema ou pseudónimo, deberán ter unha extensión máxima de sesenta páxinas e mínima de corenta que conteñan de trinta a trinta e dúas liñas por páxina. O autor do ensaio

premiado recibirá 3.000 € e este será publicado na colección "Cadernos Ramón Piñeiro" polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Este galardón será único e indivisíbel e o xurado, formado por personalidades de relevo da vida cultural galega, poderá recomendar a publicación de traballos de interese que non recibiran o premio e así mesmo poderá declarar deserto o premio. Nesta edición o prazo de presentación de orixinais rematou o 15 de outubro. O xurado, que deu a coñecer a súa resolución o 27 de outubro, concedeu o galardón desta segunda edición ao investigador viveirense Emilio Ínsua López polo traballo titulado *Antón e Ramón Villar Ponte: unha irmandade alén do sangue.*

Referencias varias:

- MARÉ, 'Irmandade de sangue', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 outubro 2004, p. 48.

Dáse conta do acto de entrega do II Premio do Centro Ramón Piñeiro de Ensaio Breve e no que se presentaron tamén nove publicacións do centro. O gañador foi Emilio Xosé Insua López co estudo *Antón e Ramón Vilar Ponte: Unha irmandade alén do sangue*. No evento, o presidente da Xunta, Manuel Fraga, salientou o gran labor que leva a cabo o centro e tivo palabras para as nove obras que se presentaron. Primeiro para as que tiñan que ver con Ramón Piñeiro, logo para as de lírica e prosa medieval, e, por último, para as que trataron a recuperación da prensa de emigración. A noticia inclúe un apartado "A cerna" no que se resalta a reedición dun poemario de Álvaro de las Casas e dunha monografía sobre Roberto Nóvoa Santos.

- Jose Matamoros, 'De Ramón Piñeiro a Cervantes', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 28 outubro 2004, p. L15.

Informa de que o Centro Ramón Piñeiro presentou varias publicacións e que entregou ao mesmo tempo o II Premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve a Emilio Xosé Insua López polo estudo *Antón e Ramón Vilar Ponte: Unha irmandade alén do sangue*. Despois fala, moi brevemente, das publicacións presentadas.

- E.P., 'Nove publicacións do Centro 'Ramón Piñeiro', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 28 outubro 2004, p. 75.

Esta noticia céntrase na intervención que Manuel Fraga fixo no acto organizado polo Centro Ramón Piñeiro no que presentaron varias publicacións e que no que se entregou, ao mesmo tempo, o II Premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve a Emilio Xosé Insua López por estudo sobre os Vilar Ponte. M. Fraga gaba o labor do centro e louva a calidade das obras presentadas.

- Jaureguizar, 'Insua López gaña o 'Ramón Piñeiro' cun ensaio sobre os Villar Ponte', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 28 outubro 2004, p. 89.

Descríbese o estudo co que Emilio Xosé Insua López, titulado *Antón e Ramón Vilar Ponte: Unha irmandade alén do sangue*, gañou o II Premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve. Trátase dunha análise en paralelo das traxectorias destes dous irmáns, feita con material de dúas investigacións anteriores do mesmo investigador.

- Xan Carballa, 'Emilio X. Insua: 'Os irmáns Vilar Ponte son dúas figuras principais do nacionalismo', *A Nosa Terra*, nº 1.149, 'Cultura', 4 novembro 2004, p. 28.

Ao principio da noticia dísenos que Emilio X. Ínsua foi galardoado co II Premio de Ensaio Breve do Centro Ramón Piñeiro con estudo *Antón e Ramón Villar Ponte: unha irmandade alén do sangue*. Logo, vén unha entrevista que se lle fixo ao propio gañador na que vai expoñendo, a través das preguntas que se lle fan, a súa perspectiva sobre a relación entre os irmáns Villar Ponte, certas partes das súas vidas, das súas orientacións políticas, dalgunhas relacións coa política da época e da importancia que se lle dá hoxe ás súas persoas e obras.

IVº Premio de investigación "Bouza Brey"

Premio creado polo Concello de Ponteareas para conmemorar o centenario do nacemento do poeta Fermín Bouza Brey e que naceu co obxectivo de premiar traballos inéditos que versaran sobre temas tratados polo intelectual galego como a arqueoloxía, a arte, etnografía, historia ou literatura da comarca do Condado; na IIª edición decidiuse introducir unha novidade fundamental, premiar unha proposta de investigación, que será financiada co importe do premio; as propostas de traballo deben presentarse antes do 27 de decembro no Museo Municipal de Ponteareas (R/ Gabino Bugallal 56, 36860 Ponteareas), con carácter anónimo por quintuplicado cunha plica onde figure: copia do DNI, datos persoais, enderezo e teléfono do participante. O premio está dotado con 2.000 euros, entregándose un vinte e cinco por cento unha vez decidido e o setenta e cinco por cento restante despois de entregar o traballo de investigación. O xurado estará integrado polo alcalde do Concello de Ponteareas, por un representante do Consello da Cultura Galega, por un representante do Instituto Galego Padre Sarmiento, por un representante da Universidade de Vigo, por un representante do Consello Galego de Museos e polo director do Museo Provincial de Ponteares. O premio entregarase nun acto académico que se celebrará en Ponteareas arredor do 31 de marzo de 2005, aniversario do nacemento de Fermín Bouza Brey. No 2004 deuse a coñecer o gañador da terceira edición deste certame, que foi para Ángel Rodríguez Gallardo polo traballo *A represión franquista en Ponteareas (1936-1939)*.

Referencias varias:

- G.P., 'O mestre Ángel Rodríguez Gallardo gaña o premio de investigación 'Bouza Brey', *Faro de Vigo*, 'Val Miñor-Condado/Área Metropolitana', 26 maio 2004, p. 16.

Esta nova informa de que Ángel Rodríguez Gallardo foi o gañador do III Premio de Investigación Fermín Bouza Brey co traballo *A represión franquista en Ponteareas (1936-1939)*. A continuación, conta a orixe do premio e dá conta dos membros do xurado. Para

rematar, fai mención aos motivos polos cales se escolleu a esta obra como gañadora.

Premio "Vicente Risco" de antropoloxía e ciencias sociais

Convocado dende 1994 polo Concello de Castro Caldelas e Allariz en colaboración coas Fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco. Está dotado con 6.000 euros e a publicación da obra pola Editorial Sotelo Blanco. Poden concorrer a el os que presenten obras sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das ciencias sociais (historia, economía, socioloxía, literatura, etc.). Os textos, cunha extensión mínima de cento cincuenta ou máxima de trescentos folios a dobre espazo, teñen que ser presentados, por quintuplicado, na Fundación Sotelo Blanco (Apartado de Correos 2096, 15780 Santiago) baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que consten os datos persoais e enderezo do autor; nesta edición, os traballos deberán ser presentados antes do 15 de decembro de 2004. O xurado está constituído por cinco membros do mundo da cultura e o seu fallo darase a coñecer na segunda quincena de xaneiro de 2004. Deste modo, na convocatoria realizada no ano 2003 resultou gañador o traballo "A Ulfe, socioloxía dunha comunidade rural galega", de Julia Varela Fernández; o xurado estivo composto por Fernando Acuña Castroviejo (en representación do Concello de Castro Caldelas), Xusto Beramendi e Xosé Manuel Cid Fernández (en representación da Fundación Vicente Risco), Pilar Gallego Cid (en representación do Concello de Allariz) e Francisco Fernández (en representación da Fundación Sotelo Blanco).

Premio de investigación "Xohana Torres"

A Concellaría da Muller do Concello de Santiago de Compostela convoca dende 1993 este premio ao que poden concorrer mulleres, de xeito individual ou colectivo, que presenten un traballo inédito de investigación. Os traballos presentados referiranse a calquera aspecto da muller dentro da nosa comunidade: sociolóxico, humano, histórico, etc. Estarán escritos en lingua galega e mecanografados a dobre espazo e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello identificados cun lema e acompañados cun sobre pechado co mesmo lema no que se inclúan os datos das participantes. A partir do ano 2001 a contía do premio pasou das 1.800 euros iniciais a 3.000 euros para o único traballo premiado. A concesión do premio implicará a cesión en exclusiva ao Concello dos dereitos de propiedade intelectual e de explotación do traballo premiado por parte da gañadora nos termos da lexislación vixente (RDL 1/1996, do 12 de abril). Neste ano 2004 o xurado premiou o traballo de Ana Sánchez Bello, *Os traballos das mestras en Galicia*.

Referencias varias:

- M.M., 'Xohana Torres asistirá a la entrega del premio de investigación sobre la mujer que lleva su nombre', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 5 marzo 2004, p. L5.

Informa de que Xohana Torres asistirá á entrega do premio que leva o seu nome, o cal chega xa á súa XII edición. Tamén dá conta dos tres traballos que se presentan: *As mulleres*

da costa galega. Unha historia de traballo sobre o feminismo, *Os traballos das mestras en Galicia* e *O triunfo da vontade. Ser muller e labrega na Galicia rural*. E remata falando dos actos organizados polo Concello de Santiago.

- Marga Mosteiro, 'Santiago alzó su voz contra la violencia de género y la discriminación laboral', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 9 marzo 2004, p. L8.

Entre outras cousas, esta noticia conta que Xohana Torres asistiu, por primeira vez, á entrega do premio que leva o seu nome, e que obtivo o traballo *Os traballos das mestras en Galicia* de Ana Sánchez Bello. Neste estudo ponse de relevo o labor das primeiras mulleres que entraron no espazo público laboral e a adaptación desta na sociedade actual, funcionando de "produtora e reprodutora".

VIº Premio "Dámaso Alonso" de investigación filolóxica

A Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Ribadeo e o Grupo Voz, editor do xornal *La Voz de Galicia*, co gallo do centenario do nacemento de Dámaso Alonso Fernández de las Redondas, que estivo afectiva e intelectualmente moi vinculado a Galicia, acordaron o 10 de xullo de 1998 convocar anualmente, baixo o nome de tan egrexio poeta, profesor e académico, un premio para dar a coñecer a mellor das obras de filoloxía realizadas por investigadores novos sobre os eidos que cultivou Dámaso Alonso. O premio estará dotado coa suma de 6.000 euros que o autor da obra galardoada recibirá do Concello de Ribadeo á conta dos dereitos de edición da obra por parte do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. Poderán concorrer orixinais inéditos de extensión comprendida entre cento cincuenta e douscentos cincuenta follas tamaño DIN-A-4, escritas mecanicamente a dobre espazo e por unha soa cara, en letra de paso non compensado, que deberán ser enviados por sextuplicado ao Rexistro Xeral da USC (Rectorado-Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15705 Santiago) antes do 30 de abril de 2004. Os exemplares irán acompañados de todos os datos persoais do autor, que non debe ter aínda os trinta anos de idade. A lingua das obras de investigación filolóxica poderá ser o galego ou o castelán e o tema corresponderase cos eidos cultivados por Dámaso Alonso: estudos lingüísticos peninsulares, estudios e ensaios histórico-críticos sobre as literaturas románicas peninsulares de todas as épocas, edicións e comentarios de textos literarios hispánicos, estilística e teoría da literatura, historia da crítica literaria. O xurado, presidido polo Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela ou persoa en quen delegue, estará formado ademais por catro filólogos nomeados pola Universidade que convoca o premio, e actuará como secretario, con voz e sen voto, unha persoa designada polo Alcalde de Ribadeo. A reunión do xurado terá lugar no Concello de Ribadeo ou na Universidade de Santiago de Compostela nun día do mes de xuño de 2004, no que se fará público o ditame e o nome do premiado. A obra será editada polo Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela con tempo suficiente para ser presentada o 22 de outubro de 2004, data do nacemento de Dámaso Alonso en 1898, ou en datas próximas. O gañador da VIª edición foi María do Cebreiro Rábade Villar, polo traballo *Representación poética e ficción lóxica. As*

antoloxías da poesía en Galicia e Cataluña.

Referencias varias:

- C.P., 'María do Cebreiro Rábade gaña o premio filolóxico Dámaso Alonso', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 xullo 2004, p. 41.

Infórmase de que foi a poeta, filóloga e profesora compostelá María do Cebreiro Rábade Villar a gañadora do Premio Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica. Resalta que gañou a única obra das que se presentaron que estaba en galego. Tamén di que gañou por ser "metodoloxicamente novidosa e que está ben fornecida de elementos analíticos". A continuación menciona os membros do xurado, e remata falando da data de entrega do concurso.

- MARÉ, 'María do Cebreiro, a mellor filóloga', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 xullo 2004, p. 40.

Esta noticia fala de que María do Cebreiro Rábade Villar foi a gañadora do Premio Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica, dos organizadores, do motivo polo cal gañou, do xurado, das bases do premio, dos temas, da dotación económica e do número de obras presentadas. Remata informando de cando se vai entregar o premio e dos premios e obras que ten publicadas xa a gañadora.

- Jose Matamoros, 'El Casino premia a una italiana', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 13 xullo 2004, p. L11.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, fálase de que tivo lugar no rectorado o fallo do sexto premio Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica, que obtivo María do Cebreiro Rábade Villar. Logo, dáse conta dos compoñentes do xurado.

- V. Oliveira, 'Ficcións do desacougo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 novembro 2004, p. 50.

Noticia artellada a través de citas tomadas das conclusións que María do Cebreiro Rábade Villar recolle no seu traballo *As antoloxías da poesía en Galicia e Cataluña*, co que gañou o VI Premio Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica, para dar unha idea do seu contido. Entre estas conclusións está a que di que "se pode detectar tamén nos prólogos unha dependencia das antoloxías con respecto á historia, algo normal nas literaturas con menos peso institucional".

- S.L., 'Premio Dámaso Alonso para María do Cebreiro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 decembro 2004, p. 50.

Noticia na que se nos informa da entrega do VI Premio "Dámaso Alonso" de investigación

filolóxica á obra *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica* de María do Cebreiro Rábade Villar por parte do reitor da Universidade de Santiago. A seguir, dáse conta da contía do premio e dos temas sobre os que poden versar os traballos presentados ao dito certame.

Vº Premio "Manuel Murguía" de Ensaio

Dotado cun premio de 6.050 euros e a publicación da obra gañadora, convócao a Deputación Provincial da Coruña co obxecto de enxalzar a vida e obra "dunha figura das letras galegas, un precursor do galeguismo, político, literato e historiador". Poden concorrer todo tipo de ensaios de carácter histórico referidos á provincia coruñesa. A extensión dos textos será libre e enviaranse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara, en tamaño DIN A4, numerados, grampados ou encadernados. Os orixinais presentaranse baixo un título e un lema no seu exterior. O interior debe conter o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Deberán enviarse á sede da Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional s/n., 15006 A Coruña). O xurado desta quinta edición, composto por Salvador Fernández Moreda, Celestino Poza, Alfredo Erias, Emilio Grandío, José Gómez Alén e Pablo Bouza Suárez, premiou a obra *Raíña Lupa. As orixes pagás de Santiago,* de Antonio Balboa Salgado.

Referencias varias:

- Albino Mallo, 'A cultura a debate nunha semana de honra a Murguía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 novembro 2004, p. 42.

Infórmase dos actos culturais que se artellan ao redor do premio de ensaios Manuel Murguía. A continuación, di que coa resolución deste premio a Deputación da Coruña pecha a xeira de premios deste ano. E remata facendo un resumo das bases para despois expoñer os ensaios gañadores do Manuel Murguía de anos anteriores.

- Albino Mallo, 'Comezan os actos culturais de Manuel Murguía', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 15 novembro 2004, p. 68.

Dá conta do inicio dos actos culturais da Deputación da Coruña en torno a resolución do premio de ensaio Manuel Murguía.

- Isabel Mariño, 'Un ensaio sobra a raíña Lupa gaña o premio Manuel Murguía', *La Opinión*, 'Cultura', 18 novembro 2004, p. 62.

Dáse a coñecer ao gañador do premio Manuel Murguía. O agraciado foi o doutor en historia Antonio Balboa co estudo *A raíña Lupa. As orixes pagás de Santiago*. A seguir, comenta os motivos polos que o xurado a escolleu e vai tomando citas do autor para describir o

contido, caracterizado por ser doado de ler e ten un carácter divulgativo e rigoroso. Despois, a xornalista párase na persoa de Antonio Balboa e na obra. E acaba mencionando a calidade dos traballos presentados, e dando a coñecer o segundo clasificado.

- Albino Mallo, 'A deusa do paganismo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 novembro 2004, p. 51.

Informa de quen foi o gañador do concurso de ensaios Manuel Murguía, de que tipo de obra se trata, do contido, dos motivos polos cales se premiou e do importante que foi ampliar o tema da Coruña a toda a Galicia. Di que esta ampliación abriu un abano grande de preocupacións investigadoras, e que 14 obras en ensaio xa é un número moi importante. Remata presentando o derradeiro evento cultural co que se clausuran os actos organizados en torno ao concurso de ensaios.

XVIIIº Premio literario "Ánxel Fole"

Premio convocado pola Fundación Caixa Galicia e o xornal *El Progreso* dende 1987 para premiar orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade da cultura galega, sendo o personaxe elixido nesta edición Uxío Novoneyra. Os orixinais deben ter unha extensión mínima de cen folios e máxima de douscentos, mecanografados a dobre espazo, e teñen que enviarse, por cuadriplicado e baixo plica, ao Departamento de Obras Sociais da Caixa Galicia (de calquera das súas delegacións) ou ao xornal *El Progreso*. Está dotado cun único premio indivisíbel de 9.000 € e a publicación da obra. O ditame do xurado, constituído por personalidades designadas polas entidades convocatorias, realízase na primeira quincena de maio coincidindo co cabodano do falecemento de Ánxel Fole. O prazo de admisión de orixinais remata o 31 de marzo e a este premio non poderán concorrer os redactores de *El Progreso*. Os orixinais non premiados non lles serán devoltos aos seus autores e as entidades convocantes non manterán correspondencia sobre os mesmos. Na edición do 2004 o xurado, que estivo constituído por José de Cora, Xesús Alonso Montero, Manuel María e Ramón Soilán, premiou a obra *Uxío Novoneyra: lingua loaira,* de Olga Novo.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Olga Novo rescata textos inéditos de Novoneyra para gañar o 'Ánxel Fole', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 8 maio 2004, p. 88.

Sinala que a profesora e poeta Olga Novo gaña o XVIII premio literario Ánxel Fole co ensaio *Uxío Novoneyra: lingua loaira*. Nesta traballo a investigadora achega textos inéditos do escritor. Despois, dá conta do xurado e resúmense as intervencións de Blanca García Montenegro e de Ramón Soilán que interviron no acto. Para rematar, informa de que o tema do próximo ano do concurso será Nicomedes Pastor Díaz.

- Jaureguizar, 'Olga Novo: 'Novoneyra soubo ser un creador vangardista e popular', *El*

Progreso, 'Cultura y Comunicación', 17 xuño 2004, p. 80.

Nesta nova infórmase de que Olga Novo recollerá o XVIII premio literario Ánxel Fole polo ensaio *Uxío Novoneyra: lingua loaira*. A seguir, vanse dando unhas pinceladas, a través de citas, do que foron as conclusións deste traballo, é dicir, as etapas e as características que esta estudosa considera na obra poética de Novoneyra.

- A.N.T., 'Olga Novo recibe o Ánxel Fole por un estudo sobre Novoneyra', *A Nosa Terra*, nº 1.134, 'Cultura', 24 xuño 2004, p. 30.

Informa de que Olga Novo recibiu o XVIII premio literario Ánxel Fole polo seu ensaio *Uxío Novoneyra: lingua loaira*, no que analiza, entre outras cousas, a relación entre os dous escritores. A seguir menciónanse algunhas das características da obra de Novoneyra que se recollen neste traballo, como a súa capacidade para conciliar a creación vangardista e a popular.

- Ángel Arnáiz, 'Un plan provincial puede mejorar los servicios turísticos en el rural', *El Correo Gallego*, 'Lugo', 7 xullo 2004, p. 26.

Entre outras cousas fálase de que a vida e a obra de Nicomedes Pastor Díaz centran o Premio Ánxel Fole de ensaio. A seguir especifica algúns datos sobre a convocatoria: dotación económica, condicións dos traballos e prazo de entrega.

- Ángel Arnáiz, 'Convocado el Ánxel Fole', *El Correo Gallego*, 'Lugo', 21 setembro 2004, p. 28.

Dáse conta da convocatoria do premio Ánxel Fole e dalgúns requisitos das bases (tema, lingua, extensión, prazo de entrega e dotación económica).

X.5. EDICIÓNS

Premio ao Libro Mellor Editado do ano 2003

Premio convocado pola Dirección Xeral do Libro do Ministerio de Cultura que non inclúe dotación económica. Concédese anualmente, e conta con oito modalidades: libros de arte, bibliofilia, facsímiles, ensino, libros científicos, investigación e erudición, e obras xerais. En 2004, o volume *O paseante anónimo encontra un libro*, de Antonio Portillo, editado por Kalandraka, levou o Premio ao Mellor Libro do ano 2003 na categoría infantil e xuvenil.

Referencias varias:

- M.L., 'Un volumen de Kalandraka gana el premio al libro infantil y juvenil mejor editado', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 11 setembro 2004, p. 53.

No primeiro parágrafo infórmasenos de que o libro galego *Artefactes. O paseante anónimo encontra un libro* de José Antonio Portillo e editado por Kalandraka gaña o premio ao Libro Mellor Editado do ano 2003 na categoría infantil e xuvenil. No resto da noticia dáse conta do resto das modalidades e dos gañadores, nestes casos non galegos.

XIIIº Premios 'Irmandade do Libro'

Están organizados pola Federación de Libreiros de Galicia e foron creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor da cultura literaria galega realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos, engadíndose nesta edición un premio para o mellor libro en galego. As propostas de participación poderán ser presentadas polos interesados, antes do 27 de febreiro de 2003, na Federación de Libreiros de Galicia (Rúa República del Salvador, 28 entrechán B. 15701 Santiago de Compostela). O galardón, para cada unha das seis modalidades, consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e unha dotación económica de 1.502 euros só na modalidade destinada á promoción da lectura e, en libros para a biblioteca, no apartado de centros educativos. No ano 2004, resultou galardoado, na modalidade de autor, Agustín Fernández Paz; na de libreiros, a librería Pedreira de Santiago de Compostela; na de medios de comunicación e novas tecnoloxías, á Biblioteca Virtual de Literatura Infantil e Xuvenil; na de colexios, os CEIP Castrelos (Cambados), Carrasqueira (Coruxo) e A Rúa (Vigo); e na de mellor libro en galego, a *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno* (2003), de Ernesto Vázquez Souto.

Referencias varias:

- Jaureguizar, 'Os libreiros outorgan a Fernández Paz o Premio Irmandade do Libro', *El Progreso*, 'Cultura y comunicación', 19 marzo 2004, p. 82.

Dá conta da concesión do Premio 'Irmandades do Libro' a Agustín Fernández Paz pola súa 'presenza constante no ámbito da literatura infantil e xuvenil', valorando o xurado o feito de ser un dos autores máis lidos, entre outras cuestións; así, Agustín Fernández Paz cualifica este galardón como 'valioso', por ser a Federación de Libreiros quen o concede. Así mesmo, informa doutros premios concedidos anteriormente ao escritor e recolle a historia deste galardón.

- M.J.R., 'Os premios Irmandade converteron a Ferrol na capital cultural de Galicia', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 28 marzo 2004, p. 3.

Sinala que ontes tivo lugar en Ferrol o acto de entrega dos galardóns do premio 'Irmandade

do Libro', que a Federación de Libreiros outorga cada ano dende 1992. Dá conta de cada un dos premiados nas distintas modalidades e inclúe unha breve entrevista a Agustín Fernández Paz, quen resultou gañador na modalidade de autor; nesta entrevista, o escritor fala do seu compromiso coa lingua galega, do estado actual da literatura infantil e xuvenil en Galicia e a diferencia existente entre esta literatura e a destinada ao público adulto.

- X. Amancio Liñares Giraut, 'Feiras', *La Voz de Galicia*, 'O fiadeiro', 2 maio 2004, p. L15.

Dáse conta das feiras dos libros que se celebran a principios de maio. E, entre outras cousas, fálase da entrega dos premios Irmandade do Libro en Ferrol como limiar da posta en marcha destes mercados bibliográficos.

XVIIIº Premio Xerais á 'Cooperación no labor editorial'

Con este premio sen dotación económica, a editorial Xerais recoñece publicamente a axuda que, dende distintos ámbitos da edición e da promoción, se presta para a mellor difusión da cultura do noso país. Estes premios entréganse nun acto que cada ano se celebra nun lugar distinto de Galicia e no que tamén se entregan os premios "Xerais" de novela e o "Merlín" de literatura infantil e xuvenil. Este ano tivo lugar en Vigo e distinguiuse "Xerais á cooperación editorial" a cinco persoas dedicadas á crítica literaria: Francisco Martínez Bouzas, Armando Requeixo, Xosé Manuel Eiré, María Xesús Fernández Fernández e Ramón Nicolás.

X.6. MIXTOS

Certame Galego de Novos Creadores 'Na Vangarda 2004'

Convocado pola Consellaría de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, está dirixido aos mozos e ás mozas galegos/as de entre 16 e 30 anos, cumpridos en 2004, que non sexan profesionais das súas respectivas actividades, isto é, que non manteñan relación contractual cunha empresa ou non teñan como fonte de ingresos algunha das actividades contidas neste premio. Ten como obxectivo declarado o de promover aos novos creadores nas seguintes artes: teatro, artes plásticas, banda deseñada, moda e relato curto. Cada persoa só pode optar a un dos premios. Para cada unha das tres categorías estabelécense tres premios, os tres de exclusiva remuneración económica, que son de 6000 euros, 3000 e 1500 para primeiro, segundo e terceiro, respectivamente. En cada unha das bases existen categorías diferentes, ás que nos referimos aquí de xeito individual só naquelas que interesan a este Informe. Con respecto ao teatro, o público obxectivo son compañías ou grupos, cun máximo de 25% de membros maiores de 30 anos, que presenten unha gravación dunha obra representada durante 2004, en galego, diante da entidade convocadora. Esta, a efectos de xulgar mellor o seu labor, poderá chamar aos concursantes para representala nun lugar e data a determinar por ela: estabelecendo unha contía mínima de 400 euros por grupo, que

cubra os gastos derivados por este concepto. Nesta edición participaron un total de 21 obras, resultando gañadora do primeiro premio *A danza das bruxas*, representada por un grupo de alumnos do Instituto de Educacións Secundaria Manuel García Barros da Estrada; o segundo premio foi para a obra *Romeo e Xulieta*, posta en escena pola asociación Teatro do Grilo; o terceiro premio correspondeu para o Taller de Expresión Dramática da USC de Lugo, pola obra *Joan*. A categoría de Banda Deseñada esixe aos participantes unha obra en galego dun mínimo de 10 páxinas e con tema e técnica de elaboración libres. As obras gañadoras foron, do primeiro premio, *Non penso responder a túa carta*, do ourensán Cosme Fernández; o segundo foi para a obra *Xilenios*, do coruñés Alberto Vázquez Rico; o terceiro foi para *Corredora*, obra da arousana Enma Ríos e o ourensán David Rubín. A cerimonia de entrega de galardóns tivo lugar no contexto das Xornadas de Banda Deseñada que se celebraron en Ourense no mes de outubro. No tocante ao relato curto, as bases esixen unha obra inédita e en galego dun mínimo de 20 páxinas a dobre espazo mecanografado, letra arial 12.

Referencias varias:

- V. Oliveira, 'Á procura dos novos valores', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 20 agosto 2004, p. 50.

Expón a convocatoria do "Certame Galego de Novos Creadores Na Vangarda 2004" , promovido pola Consellería de Familia. O concurso presenta como modalidades a moda, as artes plásticas -pintura, escultura e fotografía-, a banda deseñada, o teatro e, por primeira vez, o relato curto. O certame ten o obxectivo de fomentar a busca de novos valores e facilitar saídas profesionais aos participantes.

- Cándida Andaluz, 'Promesas del cómic en Galicia', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 15 outubro 2004, p. 53.

Dá conta da entrega dos premios do certame "Na Vangarda 2004" no apartado de banda deseñada a Cosme Fernández, gañador polo traballo *Non penso responder a túa carta*, Alberto Vázquez Rico, segundo premio por *Xilenios*, e Enma Ríos e David Rubín, quen conseguiron o terceiro premio con *Corredora*.

- Sonia Torres, 'Historietas con premio', *La Región/Atlántico Diario* , 'Cultura/Galicia', 15 outubro 2004, p. 75/29.

Informa da celebración dos actos de entrega dos premios de banda deseñada "Na Vangarda 2004" dentro da décimo sexta edición das Xornadas de Banda Deseñada organizada pola Casa da Xuventude de Ourense. Asimesmo, María Teresa Táboas, decana do Colexio de Arquitectos, recolleu o "Premio Ourense", concedido á institución que representa polo traballo *Proxecto Terra*.

- E.P., 'O premio 'Na Vangarda', para rapaces da Estrada', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 decembro 2004, p. 50.

Anuncia a representación da obra *A danza das bruxas* a cargo dun grupo de alumnos do I. E. S. Manuel García Barros (A Estrada) no Salón Teatro compostelán. A obra obtivo o primeiro premio da modalidade de teatro do concurso "Na Vangarda", mentres que o segundo e o terceiro premios foron para a asociación Teatro do Grilo (Ourense) e o Taller de Expresión Dramática da USC lugués, grupos que levaron á escea, respectivamente, *Romeu e Xulieta* e *Joan*.

- José Alonso, 'Éxito teatral lucense con la obra 'Joan', *El Progreso*, 'Notas de un reportero', 4 decembro 2004, p. 12.

Comunica a concesión do terceiro premio no apartado de teatro do certame "Na Vangarda" ao grupo lucense Taller de Expresión Dramática da USC, dirixido por Paloma Lugilde, pola obra *Joan*.

Certame literario "Manuel Orestes Rodríguez López"

Convocado polo Concello de Paradela (Lugo) co obxectivo de honrar a figura de Manuel Oreste Rodríguez López. A respecto del, neste ano, damos conta de tres actos de distinto carácter referidos a este certame. O primeiro deles é a celebración do acto de entrega de premios da VIII edición, que tivo lugar no salón de actos municipal o 3 de xaneiro e ao que asistiron os premiados. Outro é a resolución da IX edición e que deixou como premiados, na modalidade de narrativa, a Francisco Piñeiro González polo relato "Da auga e da terra de Paradela" e na de poesía a María Goretti Fariña Caamaño, por "As devocións danadas". O xurado tamén decidiu a concesión de catro accésit que considerasen o alto valor dos numerosos traballos presentados. Estes corresponderon, na modalidade de narrativa, a Vicente Javier García Gómez e a Andrés Albuerne de Frutos, polas súas obras "A moza da fonte do Barán" e "El sargento de Waterloo", respectivamente. Na modalidade de poesía outros dous accésit foron para as obras "No sirven estos ojos para mirarte", do andaluz Manuel Luque Tapia, e "A man que mece o berce", da coruñesa María Rey Torrente. O xurado desta edición estivo presidido polo alcalde de Paradela, José Manuel Mato Díaz, o delegado provincial da Consellería de Cultura, Antonio Calvo; o fillo do escritor homenaxeado, Santiago Rodríguez López; o crego, Xesús Mato Mato; o funcionario da Delegación Provincial de Cultura, Xulio Xiz; e o escritor Xabier Rodríguez Barrio, todos eles coma vogais. A esta edición concorreron, ademais, un total de 84 traballos en poesía (41 deles en galego) e de 97 en narrativa (38 en galego). Por último, o 10 de novembro foi cando se fixeron públicas as bases que rexen a X convocatoria, que se resolverá en 2005. Segundo as bases a este certame puideron concorrer todas as persoas que elaborasen, en galego ou castelán, unha narración ou un poema (ou conxunto deles) de tema libre e extensión indeterminada e a remitiran ao Rexistro municipal antes do 30 de novembro. O premio consiste, como en edicións anteriores, en 600 euros para cada unha das dúas modalidades.

Referencias varias:

- Víctor L. Villarabid, 'Autores de Vilagarcía y Cervo se llevan el 'Manuel Oreste', *El Progreso*, 'Sarria', 30 abril 2004, p. 18.

Danse a coñecer as obras gañadoras do IX Premio de Poesía e Narrativa do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López: María Goretti Farariña Caamaño, de Vilagarcía de Arousa, gañou na modalidade de poesía con *As devocións danadas* e Francisco Piñeiro Goinzález, de Cervo (Lugo), na modalidade de narrativa, co traballo *Da auga e da terra de Paradela*. O premio foi de 600 € e o xurado estivo presidido polo Alcalde de Paradela, Xosé Manuel Mato.

Concursos Culturais para a "Galicia Exterior"

Organizada pola Xunta de Galicia, a través da Consellería da Emigración, está dirixida a todos os galegos ou descendentes de galegos residentes no exterior co obxectivo de construír un espazo de creación artística e cultural para a diáspora galega. A convocatoria atópase dividida en varios premios individuais para distintas categorías.
Para a narrativa breve convócase o premio Bolboreta. A el poderá concorrer calquera persoa que non teña gañado, nos últimos 4 anos, algún primeiro premio ou dous ou máis premios distintos do primeiro nesta mesma categoría. As narracións orixinais e inéditas puideron redactarse, en lingua castelán ou galega, cunha extensión máxima de 15 folios a dobre espazo e por unha soa cara. O lugar de entrega dos escritos foi o das instalacións compostelás da Consellería e a data de remate foi o 31 de outubro. Os premiados nesta categoría foron Óscar Eduardo Tarrío Salvarezza del Rosario (Arxentina), que recibiu o primeiro premio por "Nacido otra vez"; o segundo correspondeulle a Omar Darío Porta Mercadal (Uruguay), por "Historia de raíces"; e o terceiro foi para José Ramón Varela Cousillas (San Sebastián), por "A pedra da serpe". Os premios consistiron en sendas contías en metálico de 1200, 600 e 300 euros, respectivamente. Na modalidade de redacción e conto convócase o Premio Pomba e diríxese, exclusivamente, aos beneficiarios do programa público Actividades de Campamento 2004. Os textos deben versar sobre a súa experiencia durante o transcurso deste programa ou aínda con algunha experiencia vivida en Galicia, se ben o xurado valorará especialmente aqueles cuxo argumento conteña referencias ao Ano Santo Xubilar de Compostela 2004. As narracións, en lingua galega ou castelán, tiveron un espazo mínimo de 1 e máximo de 5 folios mecanografados a dobre espazo e enviáronse ás instalacións da Consellería de Emigración en Santiago de Compostela antes do 31 de outubro, data de peche da convocatoria. Os premios foron tres e consistiron nun diploma acreditativo e 400, 300 e 150 euros para primeiro, segundo e terceiro, respectivamente. Estabeleceuse tamén unha modalidade de ensaio e investigación baixo a denominación de 'Premio Galeguidade'. Puideron participar na convocatoria deste premio todos os galegos emigrados ou descendentes deles e residentes no exterior que non recibisen un primeiro premio ou dous ou máis de calquera outros premios, nesta categoría, nos últimos catro anos. Os textos, redactados ben en lingua galega ben en lingua castelá, deberon referirse ao tema da xuventude ante o futuro da Galicia exterior, valorándose especialmente as ideas e propostas creativas enmarcadas no contido do Ano Santo Xubilar de Compostela 2004. Os ensaios ou investigacións deberon enviarse á sede compostelá da

Consellería de Emigración antes do 31 de outubro, por quintuplicado e facendo constar en sobre pechado todos os datos do remitente. O Premio Galeguidade consiste nun diploma acreditativo e 3000 euros brutos e en metálico.

Referencias varias:

- E.P., 'Convócase un concurso de creación para os emigrantes galegos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 abril 2004, p. 63.

Anúncianse os Concursos Públicos Culturais para a Galicia Exterior convocados pola Consellería de Emigración, aos que poden acceder galegos/as descendentes de galegos/as que residen no exterior. Os premios teñen distintas categorías: artigos xornalísticos, vídeo, narración, etc., e supoñen unha canle para a participación na vida social e cultural de Galicia.

Iº Premio de Xornalismo en lingua galega Francisco Fernández del Riego

Organizado e patrocinado por Caixanova, este premio naceu coa vontade decidida de animar e impulsar o uso do idioma galego nos medios de comunicación, ao tempo que recoñece a tradición literaria e xornalística dos escritores que utilizaron e utilizan a lingua galega na prensa. A entidade organizadora afirma tamén que "a figura de FERNÁNDEZ DEL RIEGO reúne as características esenciais que inspiran esta convocatoria: identidade coa cultura galega, espírito aberto e universal, compromiso ético e presencia activa no xornalismo, no que dirixiu e animou iniciativas moi diversas". Procurando así unha homenaxe á "súa figura e, a través deste premio que leva o seu nome, fai extensiva a homenaxe aos escritores e xornalistas que contribúen decote á construcción do discurso cívico en Galicia". Para optar a el téñense en conta todos os artigos publicados, con nome ou pseudónimo, en calquera medio de comunicación impreso de Galicia ou fóra de Galicia, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2004. Só se pode presentar un traballo por autor e deberá remitirse á Área Sociocultural de CAIXANOVA, sendo o prazo de recepción de traballos até o día 10 de xaneiro de 2005. De cada traballo deberán presentarse orixinal e catro fotocopias da páxina completa do xornal ou a revista na que se acolle a publicación, de xeito que se poida identificar a data correspondente á edición do traballo.O xurado cualificador estará integrado por relevantes personalidades do mundo literario e xornalístico. O premio, que non poderá declararse deserto nin poderá ser dividido, terá unha retribución de 12.000 euros. Na edición de 2004, e inaugurando a relación de premiados, foille outorgado a Fina Casalderrey, polo seu artigo "Camiños Brancos", publicado no *Diario de Pontevedra* o 4 de xaneiro de 2003.

IVº Certame de investigación e creación literaria "Terra de Melide"

Convocado por primeira vez no ano 2001 polo Concello de Melide, chámase así pola denominación que os membros do Grupo Nós lle deron ao traballo de investigación que

publicaron en 1933 e que abranguía os máis diversos aspectos desta comarca: dende a arqueoloxía, pasando pola xeografía ou os estudos históricos. Está organizado pola comisión de estudos e publicacións do Padroado de Cultura e Deportes de Melide e naceu coa intención de premiar os traballos de poesía, relatos curtos, novelas e traballos de investigación dos veciños melidenses. Sen embargo, na segunda edición as seis modalidades quedaron reducidas a dúas, mentres, por outra banda, a dotación total do premio, que fora de 750.000 ptas., pasou a ser de 6000 euros, 3000 para cada unha das modalidades. Ao apartado de 'narrativa' poden concorrer traballos orixinais de temática libre, en lingua galega e con liberdade de normativa, cunha extensión mínima de 100 folios A4. Pola súa banda ao apartado de investigación poderán presentarse traballos orixinais que versen sobre Melide e a súa comarca. Fixouse a data do 7 de xuño para a entrega de premios como conmemoración da publicación da obra do Grupo Nós. Nesta convocatoria o premio na modalidade de investigación declarouse deserto, xa que non se presentou ningunha obra, mentres que na modalidade de narrativa o xurado, composto por Miguel Ramón Pampín Rúa (presidente), Manuel Díaz González (secretario), Beatriz Dacosta Molanes, Xosé Ramón Fandiño, Franck Meyer, Xerardo Quintiá e Santiago Jaureguizar, premiou o conxunto de relatos que Xoán Piñeiro Cochón presentou co título de *O sarabullo e outros agoiros*, decindindo así mesmo recoñecer a valía do traballo *Breviario de amores apócrifos e metaliteraturas para unha lectora inxenua* de Xabier López López.

Premio "Antón Losada Diéguez"

Organizado polos Concellos do Carballiño e Borborás, coa colaboración da Deputación Provincial de Ourense, ten como obxectivo premiar as dúas mellores obras publicadas, en galego, nos campos da investigación e da creación literaria. Este ano as empresas editoras, público ao que vai dirixido este premio, debían enviar antes do 31 de xaneiro de 2004 as obras que considerasen merecentes de tal galardón. As condicións para optar a el eran: as obras deberon imprimirse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2003, non deberon recibir ningún outro premio noutros certames e excluíronse da convocatoria os textos de uso escolar, as edicións facsímiles, as edicións de luxo ou de tiraxe restrinxida, as reimpresións ou as edicións posteriores á primeira. Os gañadores deste ano foron, na categoría de investigación, Manuel Caamaño Suárez, polo traballo *As construccións da arquitectura popular* (Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos) e, na categoría de creación literaria, Ramiro Fonte, pola súa novela *Os meus ollos* (Xerais). Este ano, nunha decisión política conxunta de ambos os organizadores, duplicouse a contía do premio pasando de 6000 a 12000 euros brutos, a repartir entre ambas as categorías. O acto de premios tivo lugar no Pazo de Moldes (Borborás), lugar de nacemento de Losada Diéguez, o 31 de abril. Neste ano tamén se publicou a convocatoria do XXº premio, cuxo proceso de recepción de obras remata o 31 de xaneiro de 2005.

Referencias varias:

- LR, 'O premio 'Antón Losada' duplica a cuantía no 75 cabodano do falecemento do galeguista', *La Región*, 'Carballiño', 22 marzo 2004, p. 12.

Infórmase da tentativa de relanzar o Premio Antón Losada Diéguez, que dende hai

dezanove anos organizan os concellos de Carballiño e Boborás, xusto no ano en que a corporación carballiñesa aprobou a declaración do Ano de Antón Losada.. Anúnciase a duplicación da contía económica a 12.000 €, que se repartirán entre as modalidades de investigación e creación literaria. Tamén se anuncian as actividades culturais que terán lugar no Pazo de Mordes con motivo do 75 cabodano.

- X.A. Reboiro, 'Máis obras e calidade no Losada Diéguez', *La Región*, 'Carballiño', 1 maio 2004, p. 20.

Anúncianse os nomes dos dous gañadores do Premio Antón Losada Diéguez: Ramiro Fonte, na modalidade de creación literaria, con *Os meus ollos*, e Manuel Caamaño, en investigación, polo seu traballo *As construccións* (sic) *da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*. Destácase o alto nivel de participación.

- Xosé María Dobarro, 'Un maio sen bruxas nin demos', *Diario de Ferrol*, 'Outra volta', 2 maio 2004, p. 28.

No medio dunha reflexión a propósito doutras cuestións recoñece o merecemento dos galardóns dados a Manuel Caamaño Suárez, polo ensaio *As construccións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia* e a Ramiro Fonte, pola obra de creación literaria *Os meus ollos*, gañadores do último premio Antón Losada Diéguez.

- X.A. Reboiro, 'O galeguismo saído da terra', *La Región*, 'Cultura', 13 xuño 2004, p. 83.

Resúmese o contido máis salientábel da entrega dos premios Antón Losada Diéguez na parroquia de San Mamede de Mordes. Enuméranse parte das personalidades asistentes e recóllense as palabras dalgúns deles como os propios galardoados sobre as súas obras: Ramiro Fonte (*Os meus ollos*) e Manuel Caamaño (*As construccións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*).

- E.F., 'Detrás da memoria histórica', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 xuño 2004, p. 62.

Con motivo do acto de entrega dos premios Antón Losada Diéguez, celebrado no Pazo de Mordes, no municipio de Borborás, recóllense algunhas das palabras dos gañadores a propósito das súas obras: Manuel Caamaño, coa obra de investigación *As construccións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*, e Ramiro Fonte, con *Os meus ollos*. Tamén se aproveita para achegarnos á figura de quen dá nome ao certame, Antón Losada Diéguez, por medio das palabras que sobre el tivo Xosé Ramón Barreiro.

- A.N.T., 'Ramiro Fonte e Manuel Caamaño gañan o Losada Diéguez', *A Nosa Terra*, nº 1.133, 'Cultura', 17 xuño 2004, p. 30.

Infórmase do nome dos gañadores do Premio Antón Losada Diéguez: Ramiro Fonte, en creación literaria, pola obra *Os meus ollos*, primeira parte dunha triloxía memorialística, e Manuel Caamaño, en investigación, por *As construccións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*, obra para a que o propio autor recoñece ter como referente a Xaquín Lorenzo.

Premio Benito Soto 2004

Organizado pola Agrupación de Libreiros de Pontevedra e, baixo o nome deste pirata pontevedrés, dirixido ás empresas editoras, ten o obxectivo de recoñecer o mellor libro publicado durante o ano pasado. O premio consiste en que a obra elixida permanecerá nos escaparates das librerías de Pontevedra durante todo o ano.

Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega á mellor obra do ano

Organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), concédese polos seus socios á persoa que consideren autor do mellor libro publicado no ano anterior. O sistema de voto, estreado hai dous anos e modificado o ano pasado, a fin de incentivar aínda máis a participación, contou cun comité preseleccionador formado por dez persoas nomeadas polo equipo directivo da AELG. Destes votos xurdiu un listado de nove finalistas que, mediante boletíns numerados, se lles enviou aos socios para que votasen unha soa obra; pudendo, ademais, elixir outra distinta das que se atopaban entre as finalistas. As nove obras finalistas foron: *Ancoradoiro* de Xosé María Álvarez Cáccamo, *(Cito)* de Emma Couceiro, *Por conto alleo* de Camilo Franco, *Casa última* de Xulio López Valcárcel, *Fálame* de Antón Lopo, *A construcción nacional no discurso de Otero Pedrayo* de Carme F. Pérez San Julián, *A esfinxe de amaranto* de Antón Riveiro Coello, *Traxectorias* de Vítor Vaqueiro e *Mar de bronce* de Xosé Vázquez Pintor. A maioría dos votos, remitidos ao Apartado de Correos da Asociación até o mércores 6 de outubro, foron a parar a *Ancoradoiro,* de Xosé María Álvarez Cáccamo, publicada pola editorial Espiral Maior, que pasou así a ser considerada como a mellor obra publicada durante o ano 2003. O Premio AELG 2004 conta, ademais de co recoñecemento, nunha pluma estilográfica gravada que se lle concedeu ao autor na Cea das Letras.

Referencias varias:

- MARÉ, 'O mellor libro do ano', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 outubro 2004, p. 50.

Informa da concesión do premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2004 á mellor obra do ano anterior ao libro *Ancoradoiro*, recompilación dos poemas escritos por Xosé María Álvarez Cáccamo dende 1983. Xunto ao libro do poeta vigués, optaban ao premio outros oito textos finalistas, que abranguen todos os xéneros agás o dramático e que pertencen a autores tales como Emma Couceiro, Camilo Franco, Xulio López Valcárcel, Antón Lopo ou Xosé Vázquez Pintor.

- Amaia Mauleón, 'Álvarez Cáccamo, premiado polos Escritores en Lingua Galega', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 14 outubro 2004, p. 41.

Dá conta da elección do libro *Ancoradoiro* como a mellor obra en galego editada en 2003 por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Destaca a grande satisfacción expresada por Xosé Mará Álvarez Cáccamo, quen, no relativo á evolución da súa poesía nos últimos vinte anos, afirma a súa orientación "hacia unha maior comunicabilidade e accesibilidade".

- Salvador García-Bodaño, 'Ancoradoiro de versos', *El Correo Gallego*, 'No pasar dos días', 17 outubro 2004, p. 3.

Manifesta a ledicia polo outorgamento do premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega á recompilación poética de Xosé María Álvarez Cáccamo. Considera que este galardón representa unha nova valoración da obra do poeta vigués, xa merecente de numerosas distincións anteriores. Define ao escritor como un "poeta de gran calado lírico, de recia poética vital e mareira, amador do verso libre e longo".

- Yolanda Castaño, 'Unha pita en Barcelos', *Galicia Hoxe*, 'Días (des)contados', 17 outubro 2004, p. 72.

Relata unha conversación sobre o premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega con Emma Couceiro, nominada a dito galardón co seu poemario *(Cito)*.

- Yolanda Castaño, 'Con moita pluma', *Galicia Hoxe*, 'Días (des)contados', 24 outubro 2004, p. 80.

Refire a asistencia ao acto de entrega do premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega a Xosé María Álvarez Cáccamo, celebrado nun restaurante compostelán.

Premio de tradución "Plácido Castro"

Convocado pola Fundación Plácido Castro para a promoción da obra dos tradutores galegos, diríxese a todos as persoas que teñan publicado na Biblioteca Virtual www.bivir.com algunha tradución ao galego dunha obra da literatura universal. A gañadora deste edición foi Enma Lázare, pola obra de Honoré de Balzac Eugenie Grandet. Os finalistas foron Xavier Rodríguez Baixeiras, pola tradución dos dous primeiros días do Decameron de Bocaccio e Sandra Sanmiguel Sousa, por A besta na xungla, de Henry James. O xurado compuxérono Xosé María Gómez Clemente, Xulián Maure, Antón Santamarina, Ana Luna e Xesús Pablo González Moreiras en representación, respectivamente, da Asociación de Tradutores Galegos, Fundación Plácido Castro, Real

Academia Galega, Universidade de Vigo e Xunta de Galicia. O premio consistiu nunha remuneración en metálico bruta de 3000 euros. A cerimonia de entrega tivo lugar o 23 de xaneiro na localidade coruñesa de Corcubión, da que era natural o homenaxeado, con motivo da celebración do seu nacemento.

Referencias varias:

- E.P., 'A traducción ó galego dun texto de Balzac gaña o Plácido Castro', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 19 xaneiro 2004, p. 68.

Anúnciase a Enma Lázare como gañadora do Premio Plácido Castro, dotado de 3.000 €, pola tradución de *Eugenie Grandet*, de Honoré de Balzac. O xurado estaba formado, entre outros, por representantes da Asociación de Tradutores Galegos, da Fundación Plácido Castro e da Real Academia Galega. Entre os finalistas estaba Xavier Rodríguez Baixeras, pola tradución das dúas primeiras xornadas de *A besta na xungla*, de Henry James.

- A.N.T., 'Sen tradución non se acadará a madurez do idioma', *A Nosa Terra*, nº 1.113, 'Sociedade', 22 xaneiro 2004, p. 15.

Revélase o nome da gañadora do III Premio de Tradución Plácido Castro, Enma Lázare, pola tradución da obra de Honoré de Balzac, *Eugenie Grandet*. A intención do premio é valorar a calidade das traducións dos clásicos da literatura universal que a Biblioteca Virtual (BIVIR) publica na súa páxina web, co que contribúe ao proceso de normalización da lingua. Tamén se salientan os problemas que na Galiza ten a tradución de obras ao galego, pois as editoriais non apostan por ela, xa que existe un mercado estábel en castelán. Finalmente anúncianse as actividades que terán lugar no marco das conmemoracións do aniversario de Plácido Castro.

- A.G., 'Emma Lázare gana el tercer Premio de Traducción Plácido Castro', *Atlántico Diario*, 'Val Miñor', 23 xaneiro 2004, p. 25.

Dáse a coñecer o nome da gañadora do Terceiro Premio de Tradución Plácido Castro: Enma Lázare, pola tradución de *Eugenie Grandet*, de Balzac. Os obxectivos do premio son: destacar a cualidade das traducións dos clásicos da literatura universal que a Biblioteca Virtual (BIVIR) publica periodicamente na súa páxina web e contribuír á normalización do galego.

- MARÉ, 'Convocado o Premio 'Plácido Castro' de tradución', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 11 xullo 2004, p. 61.

Infórmase da convocatoria da IV Edición do Premio de Tradución Plácido Castro. Tamén se aproveita para achegarnos a figura do escritor que dá nome ao galardón.

Premio 'Ourense' de Banda Deseñada

Convócao a Casa da Xuventude de Ourense xunto coa Concellaría de Cultura do Concello de Ourense. Presenta dous apartados distintos: un dedicado ás mellores iniciativas na Banda Deseñada Galega, que pode recaer tanto en persoeiros coma en institucións, e outro dedicado ao mellor autor novel. O certame ten lugar dentro da celebración das Xornadas de Banda Deseñada convocadas por esta institución, que van pola décimo quinta edición. O premio do primeiro dos apartados decídese segundo as propostas que os afeccionados de toda Galicia poden enviar á Casa da Xuventude (Rúa Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004 Ourense). O galardonado nesta edición foi Miguelanxo Prado, polo cómic *A mansión dos Pampín*.

Referencias varias:

- M. S., 'El festival de Ourense premia a Miguelanxo Prado y al COAG', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 24 setembro 2004, p. 15.

Coméntase que os organizadores das XVI Xornadas de Banda Deseñada de Ourense elixiron o Proxecto Terra do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia como a mellor iniciativa galega de promoción do cómic. Sinálase que este premio, que se entregará no transcurso do certame a principios de outubro, destaca a aposta do COAG polo debuxo como material didáctico, xa que o proxecto inclúe o reparto nos centros educativos do cómic *A mansión dos Pampín*, creado por Miguelanxo Prado.

Premio 'Táboa redonda' 2004

Convocado polos xornais galegos *Diario de Pontevedra* e *El Progreso*, ten como obxectivo declarado "premiar o Mellor Libro Galego do Ano". Concédese por votación dos lectores de ambos os xornais, a través das súas páxinas web, de entre unha escolma feita polos propios organizadores dos libros publicados en galego durante o ano 2004 e escritos por autores vivos. As votacións remataron o día 24 de outubro, inclusive. Nesta edición a obra gañadora foi *Ser ou non*, de Xurxo Borrazás, editada por Galaxia. O galardón é simbólico, non habendo outro tipo de recoñecemento.

Premios "Nacionais da Crítica"

Estes premios, que foron convocados por vez primeira en 1956 e son outorgados pola Asociación Española de Críticos Literarios, distinguen as mellores obras de narrativa e poesía escritas en castelán, galego, catalán e vasco ao longo do ano anterior. Neste ano os escritores galegos galardoados foron Xavier López López coa obra *A vida que nos mata*, na modalidade de narrativa; e, na modalidade de poesía, Xulio López Valcárcel co seu poemario *Casa última*.

Referencias varias:

- MARÉ, 'A distinción do recoñecemento', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 abril 2004, p. 61.

Anúncianse os nomes dos galardoados/as co Premio Nacional da Crítica e as súas obras en castelán, éuscaro, catalán e galego. No apartado de lingua galega, Xulio L. Valcárcel co libro de poemas *Casa última* e Xabier López López coa obra *A vida que nos mata* foron os gañadores deste premio sen dotación económica, pero con prestixio, segundo afirmou o presidente da Asociación de Críticos, Miguel García Posada.

- A. Mauleón, 'Xavier López y Xulio L. Valcárcel, Premios de la Crítica en gallego', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 4 abril 2004, p. 47.

Achéganos á vida e obra dos galardoados no apartado de lingua galega no Premio Nacional da Crítica, concedido pola Asociación Española de Críticos Literarios: Xavier López, pola novela *A vida que nos mata*, e Xulio L. Valcárcel, co libro de poemas *Casa última*. Tamén informa dos galardoados polas obras noutras linguas do Estado.

- Juan Fernan, 'Premio Nacional da Crítica', *El Ideal Gallego*, 'Vivir en A Coruña', 18 abril 2004, p. 6.

Juan Fernán mostra a súa satisfacción polo galardón concedido á Xulio López Valcárcel polo libro *Casa última* que a Asociación Española de Críticos Literarios lle concedeu. Con este xesto os membros da Asociación, despois de valorar os libros que foron publicados ao longo do ano, deciden premiar aqueles que consideran mellores.

Premios "Nacionales de Literatura"

Convocados polo Ministerio de Cultura para premiar as mellores obras publicadas nos diferentes xéneros, no ano anterior en calquera das linguas do Estado. Está dotado con 2.500.000 ptas. e nesta edición non se premiou ningunha obra galega. Os galardoados foron os seguintes: na modalidade de narrativa, Juan Marsé pola obra *Rabos de Lagartija*; na de poesía, José Ángel Valente por *Fragmentos de un libro futuro*; na de literatura dramática, Jesús Campos García por *Naufragar en Internet*; na de ensaio, Ángel González García por *El resto. Una historia invisible del arte contemporáneo*; na de literatura infantil e xuvenil, Miguel Ángel Fernández por *Verdadera historia del perro Salomón*; na de mellor traducción, Joan Francesc Mira por *La divina comedia*; na de mellor traductor, Francisco Torres Oliver; e, finalmente, o premio ao mellor labor editorial e cultural foi para a Editorial Valdemar.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Na memoria', *Galicia Hoxe*, 8 xuño 2004, p. 49.

Anúnciase a Álvarez Torneiro como finalista do Premio Nacional de Literatura no apartado de poesía coa súa obra *Epicentro*. O galardón distingue o mellor libro de poemas dun autor español en calquera das linguas oficiais do Estado. A continuación achégasenos á traxectoria literaria deste autor e a algúns dos seus libros publicados.

- J.L.P., 'Carmen Calvo fai entrega dos Nacionais de Literatura', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 15 xuño 2004, p. 48.

Enuméranse os distintos autores e obras que conseguiron os galardóns. Leopoldo de Luís foi Premio das Letras Españolas. En narrativa, o premio recaeu en Suso de Toro pola obra en galego *Trece badaladas*.

Premios da 'Crítica de Galicia' 2004

Estes premios están convocados polo Círculo Ourensán Vigués dende 1978 e polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Institúense co fin de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos que cristalicen en achegas relevantes para o desenvolvemento do eido particular no que xurdan. Os criterios que se utilizarán (como calidade, incidencia social, oportunidade ou outros) para a avaliación dos traballos concorrentes en cada modalidade son da competencia exclusiva de cada xurado. Ben entendido que, en calquera caso, o interese concreto que para a cultura galega ofrezan as achegas que se consideren, haberá de ser a guía fundamental do proceso de avaliación. A periodicidade dos premios é anual. As decisións, que se darán a coñecer no decurso dun acto público que se celebrará o sábado anterior ao Día das Letras Galegas, atinxirán á producción xurdida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. En cada modalidade o premio será un e indivisíbel, podendo quedar deserto. Todas as producións que se consideren premiábeis terán que ser presentadas á Fundación dos Premios da Crítica Galicia, antes do 1 de marzo, inmediatamente precedente á data da decisión do xurado. Este, aténdose así mesmo aos períodos fixados, poderá incluír traballos non presentados polos seus autores, por terceiras persoas ou por entidades. O xurado de cada modalidade compoñerase de sete membros, un deles o gañador da edición anterior. A Fundación designará un presidente entre eles que terá a misión de dirixir os debates e resolver, co seu voto de calidade, en caso de empate. O secretario auxiliará ao presidente e demais membros do xurado, redactará e lerá a acta no acto de entrega dos premios. Os membros de cada xurado terán que ser persoas de recoñecida competencia, alomenos nun sector da modalidade do premio, e non deberán ter relacións de autoría ou dirección dos traballos concorrentes, e ademais aceptar estas bases. Todos os xurados quedarán nomeados cun mínimo de dous meses de antelación respecto da data da decisión. Os seus membros terán que ter coñecemento ao seu tempo de todas e cada unha das achegas que se vaian cualificar, correspondéndolles aos secretarios o labor de faceren circular entre aqueles toda a información pertinente que se fose producindo. As decisións finais, que serán inapelábeis, tomaranse nunha sesión de traballo que se celebrará o mesmo día da entrega do premio e permanecerán secretas mentres os secretarios non dean

lectura pública ás correspondentes actas. Os Premios da "Crítica Galicia" abranguen as modalidades seguintes: I) Creación literaria. Considéranse premiábeis nesta modalidade todas aquelas obras de poesía ou narrativa, incluída o teatro, editadas no prazo sinalado de cada convocatoria; II) Ensaio e pensamento. Atinxen a esta modalidade todos os traballos breves, didácticos e interpretativos nos que o autor aborde dende un punto de vista persoal e subxectivo, con flexibilidade de métodos e clara vontade de estilo, temas -preferente, pero non exclusivamente- da realidade de Galicia; III) Investigación. Considéranse premiábeis nesta modalidade todos aqueles traballos que, desenvolvidos tanto no eido da humanística coma no da investigación positiva e empírica, fagan uso do método científico; IV) Música; V) Ciencias e artes da representación. Téntase nesta modalidade dar acollida ás manifestacións encadrábeis no amplo abano da cultura audiovisual. Abrangue, polo tanto, todas aquelas produccióǹs de transmisión, comunicación ou expresión que se articulan a partir de códigos verbo-icónicos (pintura, fotografía, deseño, cine, cómic e outros análogos) verbo-corporais (danza, mimo, teatro e similares) ou calquera outros que conforman o ámbito xenérico da representación. O xurado terá que poñer especial tino en evitar calquera tipo de competencia entre as distintas formas converxentes na modalidade, premiando en cada edición o feito de maior transcendencia na cultura audiovisual galega; VI) Iniciativas culturais. Nesta modalidade enxergaranse todos aqueles feitos ou labores que, levados a cabo por persoas ou institucións, destaquen na orixinalidade e eficacia en defensa, pulo ou espallamento da cultura galega e que, podendo ser consecuencia dunha traxectoria principiada fóra do período definido nesta convocatoria, permanezan vixentes no devandito período. A Fundación dos Premios da Crítica de Galicia poderá nomear "Galego Egrexio" a aquela personalidade que pola súa traxectoria de entrega a Galicia se estime merecente dela. Neste ano 2004 os premios nas diferentes modalidades foron os seguintes:

- "Investigación": Manuel Caamaño Suárez por *As construcións da arquitectura popular*. O xurado estivo presidido por Emilio Pérez Touriño e formado, ademais, por Manuel Teijeiro, Xosé Manuel González, Manuel González, Bernardo Maiz e Ana López-Suevos.

- "Ensaio e Pensamento": Manuel Mandianes Castro por *O río esquecemento. Identidade antropolóxica de Galicia*. O xurado estivo presidido por Xosé Manuel Beiras Torrado e formado, ademais, por Xosé Xoán Barreiro, Juan Luís Saco, Marcelino Agís, Xabier Martínez, Constantino Prol e Xosé Justo Martín.

- "Creación Literaria": Anxos Sumai pola súa obra *Anxos de garda*. O xurado deste apartado estivo constituído por Alfredo Conde, Luísa Castro, Dolores Vilavedra, Miguel Anxo Murado e Damián Villalaín, sendo secretaria Blanca-Ana Roig Rechou.

- "Iniciativas Culturais": a Fundación Pedrón de Ouro. O xurado que tomou a decisión conformárono Teresa Táboas, Fernando Franco, Xosé María Palmeiro, Xesús Fraga, José M. Blanco, Avelino Pousa Antelo e Martín Fernández.

- "Ciencias e Artes da Representación": o Museo Provincial de Lugo. O xurado compuxérono Manuel Abad, María Luz Villar, Arturo Baltar, Felipe Criado, José Ballesta, Álvaro de la Vega e Xaime Criado.

- "Música": Amador Santos Bartolomé, director da Banda Municipal de Santiago de Compostela dende 1967. O xurado constituírono Fernando Vázquez, Mercedes Rosón, Xosé Luís Freire e Celso Domínguez.

.

- "Galego Egrexio": o arquitecto Manuel Gallego Torrejo (O Carballiño, 1936). Outros galardoados con anterioridade foran Francisco Fernández del Riego, Xosé Filgueira Valverde, Andrés Torres Queiruga, Daniel García Ramos, Isaac Díaz Pardo, Basilio Losada, Milladoiro, a Editorial Galaxia ou Olegario Sotelo Blanco.

Referencias varias:

- S.P., 'O impulso necesario ', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 maio 2004, p. 61.

Infórmase da entrega dos Premios da Crítica, cos que o xurado galardoou á Fundación Pedrón de Ouro e á narradora Anxos Sumai polo libro *Anxos da Garda*, así como ao Museo Provincial de Lugo e a Manuel Mandianes por *O río do esquecemento*.

- J.D.C., 'La Fundación Pedrón de Ouro y el Museo de Lugo reciben los Premios da Crítica', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 16 maio 2004, p. 15.

Noticia da entrega dos Premios da Crítica, cos que se recoñeceu a traxectoria da Fundación Pedrón de Ouro na categoría de iniciativas culturais, o Museo Provincial de Lugo na de ciencias e artes da representación e a narradora Anxos Sumai na categoría de creación literaria. O premio de ensaio e pensamento recibiuno Manuel Mandianes Castro polo libro *O río do esquecemento*.

- Jorge Lamas, 'Os Premios da Crítica maniféstanse a prol da arquitectura popular galega', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 16 maio 2004, p. 57.

Infórmase das/os galardoadas/os por parte da Fundación Premios da Crítica de Galicia que, aínda que sen dotación económica, contan cun gran prestixio. Os premiados son elixidos por un xurado alleo á Fundación que muda de ano en ano. Foron concedidos seis premios correspondentes ás áreas de Creación literaria, Ensaio e pensamento, Investigación, Música, Ciencias e Artes da Representación e Iniciativas culturais, e o premio concedido ao Galego egrexio. Na modalidade de Creación literaria o premio foi para *Anxos de garda*, de Anxos Sumai; no de Ensaio e pensamento, para Manuel Mandianes, por *O río do esquecemento. Identidade antropolóxica de Galicia*; en Investigación, *As construccións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*, de Manuel Caamaño Suárez; o de Música, para Amador Santos; o de Ciencias, para o Museo de Lugo, polo seu labor de difusión, e o de Iniciativas culturais, para a Fundación Pedrón de Ouro.

- Fernando Franco, 'Desvelamos el jurado de los premios da crítica Galicia', *Faro de Vigo*, 'Mira Vigo', 19 maio 2004, p. 10.

Fotográfase ao xurado que en cinco comisións decidiu as persoas gañadoras dos Premios da Crítica de Galicia deste ano.

- César Lourenzo Gil, 'Anxos Sumai, premio da Crítica', *A Nosa Terra*, nº 1.129, 'Cultura', 20 maio 2004, p. 25.

Faise un percorrido polos/as distintos/as gañadores/as na XVII Edición dos Premios da Crítica de Galicia nas súas distintas modalidades, como Anxos Sumai, por *Anxos de garda*, en Creación Literaria, ou Manuel Mandianes, por *O río do esquecemento. Identidade antropolóxica de Galicia*, entre outros, e indícanse algúns dos membros do xurado e os motivos da elección.

Premios del Tren 2004

Convocados pola Fundación de Ferrocarriles Españoles, en colaboración coa Fundación Camilo José Cela, teñen o obxectivo declarado de manter viva a creación literaria sobre o ferrocarril. Está dirixido a todas as persoas que, para a realización das súas obras, se refiran ao ferrocarril en calquera das linguas oficiais do Estado. A convocatoria contén dúas modalidades: poesía e contos; que se denominan, respectivamente, "Antonio Machado" e "Camilo José Cela". Ambas as categorías se rexen polas mesmas bases. Tendo de prazo de entrega até o 17 de xuño, e dándose o ditame en outubro, os orixinais, sen límite no seu número, entregáronse na sede da Fundación convocadora. O xurado procedeu á elección de seis poemas e seis contos que foron, finalmente os gañadores. Os premios estipulados foron un primeiro de 15000 euros, un segundo de 5000 euros e catro terceiros premios de 500 euros para cada un. Nesta convocatoria non resultou premiada ningunha obra en lingua galega.

XIIIº Certame literario-lingüístico "Ricardo Carvalho Calero"

Creado no 1991 polo Concello de Ferrol, coa colaboración da Sociedade Medulio. Son dúas as modalidades que presenta: "Premio de Investigación Literaria ou Lingüística", ao que haberá que presentar traballos cunha extensión mínima de 50 folios, e "Premio de Creación Literaria (Narrativa Curta)", ao que poderán concorrer unha narración ou un conxunto de contos -por autor- que non superen o total de 100 folios. En ambos os dous casos os traballos deben estar escritos en lingua galega, con liberdade normativa, e ser inéditos, ademais de presentarse grampados e conter aproximadamente 2000 caracteres. Os orixinais e cinco copias entregáronse no Rexistro do Concello de Ferrol, co correspondente título e lema e cun remite que sexa exclusivamente o lema. Así mesmo, en sobre a parte, constarán os datos persoais, número de conta corrente, un currículo breve, o enderezo, o teléfono e o DNI do/a persoa participante. Non poderán concorrer os premiados en calquera das modalidades até cinco anos despois de que lles fose outorgado o premio. O galardón consiste nunha dotación económica para cada unha das modalidades de 4500 euros e a

publicación da obra gañadora; reservándose a entidade convocadora os dereitos de autor na primeira edición. A partires da segunda edición as obras premiadas pasan a ser propiedade do/a autor/a, quen deberá facer constar a condición de gañador deste premio na modalidade que corresponda. No caso de tratarse de investigación lingüística, atribuíselle ao xurado a facultade de determinar o tipo de publicación segundo corresponda á natureza do traballo. O xurado deste ano estivo presidido polo concelleiro de cultura, Xosé Manuel Couce Fraguela e composto polo catedrático X. L. Rodríguez, os escritores Manuel Forcadela e Francisco Salinas e a ensaísta Laura Tato Fontaíña. Nesta edición resultaron gañadores, na categoría de creación Paulino Pereiro, pola obras *Habitar nas illas*, e na de investigación lingüística Raquel Bello Vázquez, polo seu estudo chamado *Muller, nobre, ilustrada, dramaturga: Teresa de Mello Breyner*. O anuncio fíxose durante a entrega de premios da edición pasada, celebrada o 26 de maio no centro cultural Torrente Ballester sito na cidade departamental.

Referencias varias:

- A.N.T., 'Raquel Bello e Paulino Pereiro premios Carvalho Calero', *A Nosa Terra*, nº 1.130, 'Cultura', 27 maio 2004, p. 25.

Revélanse o gañador e gañadora do décimo terceira edición dos premios Carvalho Calero, organizados polo concello de Ferrol: en narrativa curta, pola obra *Habitar as illas*, recibiu o galardón Paulino Pereiro, e na investigación lingüístico-literaria, Raquel Bello Vázquez, polo estudo *Muller, nobre, ilustrada, dramaturga: Teresa de Mello Breyner*, cuxo grupo de investigación "Galabra" dirixe Elías Torres. O xurado estivo presidido polo Concelleiro de Cultura de Ferrol, X. M. Couce Fraguela, e composto por escritores/as e ensaístas.

- José Xavier Bom, 'Compostela tivo actividade nos que din séculos escuros', *La Voz de Galicia*, 'El cronómetro', 6 xuño 2004, p. L2.

Entrevístase á gañadora do Premio Carvalho Calero de Ensaio, Raquel Bello, polo traballo de investigación ligado ao grupo "Galabra" da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Aprovéitase para presentar á pouco coñecida Teresa de Mello Breyner, e é que aínda que non se lles deixase ostentalo publicamente, as mulleres tiñan poder na literatura do século XVIII. Tamén se aproveita para desmontar o mito dos Séculos Escuros, nos que en realidade si houbo creación cultural.

XIº Premios de Creación Literaria e Ensaio

Organizado pola Facultade de Filoloxía (campus de Ferrol) da Universidade da Coruña, está dirixido a todos/as os/as estudantes desta Universidade que desexen participar cunha creación inédita e orixinal en cada unha das seis categorías previstas. Estas categorías son, para a lingua castelá e para a lingua galega, as de ensaio, narrativa e poesía. Na categoría de poesía premiarase un único poema ou ben un breve grupo deles de unidade temática. Na de narrativa e ensaio a extensión mínima, a dobre espazo mecanografado, é de 15 folios. Os

premios puideron quedar desertos ou ben concederse un accésit por cada unha das categorías. O prazo de entrega de traballos rematou o 27 de abril, podendo facerse en persoa ou por correo na Secretaría na devandita Facultade. Os premiados foron, nas categorías de lingua castelá, Alejandro Ibáñez en narrativa, cun accésit a Jacobo Paz; Javier Tarrío en poesía, cun accésit para Sonia Rúa; mentres a categoría de ensaio quedou deserta. Para os traballos en lingua galega os premiados foron Lucía Mariño en narrativa, Javier Tarrío tamén foi galardonado aquí en poesía e, en ensaio, o premio correspondeu a Silvana Castro. O premio consiste na publicación, nun libro colectivo, dos traballos premiados e un vale de libros a cambiar na Libraría Xiada de Ferrol. O acto de entrega de premios tivo lugar na segunda quincena de maio, como estabelecen as bases.

Referencias varias:

- L.R., 'Poetas, ensayistas y novelistas en el campus', *La Opinión*, 'A Coruña', 17 marzo 2004, p. 10.

Anuncia a convocatoria da undécima edición dos premios de Creación Literaria e Ensaio da Facultade de Filoloxía da Universidade de A Coruña. Os textos presentados poden pertencer a calquera modalidade literaria e estar escritos tanto en castelán como en galego. O premio consistirá na publicación dun libro conxunto no que se recollerán os traballos gañadores e os accésits.

- María Ares, 'Javier Tarrío muestra la vena poética de la Escuela Politécnica Superior', *Diario de Ferrol*, 'Ferrol', 30 maio 2004, p. 11.

Dá noticia da concesión dos premios de poesía en galego e castelán da Facultade de Filoloxía a Javier Tarrío Saavedra, estudante de Enxeñaría Industrial. Asimesmo, na área de castelán o xurado do certame tamén outorgou un accésit de poesía a Sonia Rúa e premiou, na modalidade de narrativa, a Alejandro Ibáñez e Jacobo Paz. En canto á lingua galega, concedeuse o premio de narrativa a Lucía Mariño e un accésit a Jacobo, distinguindo, ademais, a Silvana Castro en ensaio.

XXXº Certame literario "Concello de Vilalba"

Certame convocado polo Concello de Vilalba no que poden participar os autores de obras escritas en lingua galega, con temática, extensión e métrica libres. Estabelécense dous premios, un primeiro, dotado con 3000 €, flor natural e diploma, e un segundo premio, dotado con 1000 €, flor natural e diploma. No 2004 o xurado, que estivo composto por José María García-Leira Boado, Antonio Calvo Varela, Darío Villanueva Prieto, Fidel Fernán Bello e Xulio Fiz, concedeu o primeiro premio a Pablo Bouza Suárez, por *Semántica Desorde*, e o segundo a Darío Xohán Cabana, por *Carballo*. Os premios foron entregados o 30 de agosto nun acto celebrado no transcurso das festas patronais.

Referencias varias:

- M.C., 'El certamen literario del San Ramón tiene un premio de 3.000 euros y otro de mil', *El Progreso*, 'Terra Chá', 26 xuño 2004, p. 20.

Anúnciase a convocatoria do XXX Certame Literario de San Ramón e Santa María organizado polo Concello de Vilalba, que tenta ser un estímulo á creación literaria na zona. Ao concurso poden presentarse obras inéditas en galego e consta de dous premios dotados con 3.000 € e 1.000 €, respectivamente, flor e diploma acreditativo.

- M.C., 'Pablo Bouza es el ganador de los 3.000 euros del premio de poesía', *El Progreso*, 'Vilalba', 23 agosto 2004, p. 7.

Noticia sobre a resolución da XXX edición do Certame de Poesía do Concello de Vilalba. Sinálanse os premios, os membros do xurado e as características que debían reunir as obras presentadas ao concurso.

XXXº Certame Literario "Meigas e Trasgos"

Convócao o Centro Cultural Meigas e Trasgos de Sarria e a el poden concorrer contos escritos en galego, que teñan como protagonistas as meigas e os trasgos, e poemas de tema libre. Concédense tres premios iguais en cada unha das modalidades, de tal modo que o primeiro será de 750 €, o segundo de 300 €, e o terceiro consistirá nunha mención de honra en prata. Os traballos enviaranse antes do 10 de agosto a: Centro Cultural "Meigas e Trasgos C.I.T.", Apdo. 11. 27680 Sarria (Lugo). Os gañadores, que se deron a coñecer en agosto foron: na modalidade de poesía, Fernando Díaz-Castroverde Gómez por *Delirio do xoguete*, primeiro premio; Agustín Hermida Castro por *Sonetos suados en brazos de...*, segundo premio; e Bernardo Vázquez y Gil por *Eu amo a María*, que acadou o terceiro premio. En canto á categoría de prosa, o primeiro premio quedou deserto, o segundo foi para Emma Pedreira con *Yule*, e o terceiro para Luis Seijido Rodríguez por *Os ollos do antílope*.

X.7. PREMIOS A UNHA VIDA

IIIº Premio "Ramón Piñeiro. Facer País"

Premio convocado pola Asociación Cultural Val de Láncara, co que se pretende enxalzar a vida e obra de persoa e institucións que no día a día loitan por facer país. Nesta terceira edición o galardón, consistente nunha escultura de Francisco Escudero, concedéuselle ao grupo de música folk Milladoiro; a entrega do premio tivo lugar o día 16 de outubro en Láncara nunha xornada na que houbo visitas a lugares de interese, actuacións musicais e ofrendas florais.

Referencias varias:

- M.D., 'Dez anos de colleita', *El Progreso*, 'Comarcas', 27 febreiro 2004, p. 20.

Fálase da actividade que desde 1994 vén desenvolvendo o colectivo Val de Láncara de Sarria, creado para traballar no eido da recuperación da cultura galega. Saliéntase a creación do Premio Ramón Piñeiro, co que se homenaxeou nas dúas edicións celebradas a Isaac Díaz Pardo e o actor Luís Tosar. Saliéntase o proxecto da asociación de editar un libro cos traballos dos alumnos do colexio Ramón Piñeiro, da Pobra de San Xiao, premiados nos certames das Letras Galegas de 2002 e 2003, para o que se solicitará unha axuda á Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

- Vázquez Rivas, 'Las asociaciones culturales elegirán el jueves al nuevo ganador del 'Facer País', *El Progreso*, 'Sarria', 1 agosto 2004, p. 13.

Nota da próxima reunión na que se resolverá a terceira convocatoria do Premio Ramón Piñeiro 'Facer País', co que a asociación cultural Val de Láncara homenaxeará a aquelas persoas que promocionen a cultura galega e luguesa.

- Miriam Vázquez, 'El grupo 'Milladoiro' recibirá el premio 'Facer país', *El Progreso*, 'Comarcas', 28 agosto 2004, p. 20.

Infórmase da concesión do Premio Ramón Piñeiro, convocado pola asociación Val de Láncara, ao grupo musical Milladoiro, consistente nunha escultura de granito de Francisco Escudero.

- María Cuadraro, 'Pulpo y música cubana para homenajear a Milladoiro', *La Voz de Galicia*, 'Al Día', 12 outubro 2004, p. L2.

Fala da entrega do premio 'Ramón Piñeiro. Facer País' que a asociación Val de Láncara lle concedeu este ano ao grupo musical Milladoiro. Neste acto a devandita asociación renderalle tamén unha homenaxe póstuma a Xela Arias, a Manuel María e a Vázquez Montalbán. Dise que estarán presentes Víctor Freixanes -encargado de ler o pregón-, Díaz Pardo, Luís Tosar e Benxamín Casal, entre outros.

- Xavier Lombardero, 'Milladoiro recibe o Ramón Piñeiro tras mil concertos e 17 discos', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 17 outubro 2004, p. 51.

Noticia da cerimonia de entrega do Premio Ramón Piñeiro, convocado pola asociación Val de Láncara, co que nesta terceira edición se homenaxeou ao grupo musical Milladoiro, cuxos membros recibiron unha escultura de Francisco Escudero e visitaron as casas natais do pai de Fidel Castro e de Ramón Piñeiro, ademais de recibiren as louvanzas do escritor e académico Víctor Freixanes.

- Vázquez Rivas, 'Tosar compara a 'Milladoiro' con los 'Rolling', *El Progreso*, 'Sarria', 17 outubro 2004, p. 19.

Recóllense as palabras do actor galego Luís Tosar na cerimonia de entrega do Premio Ramón Piñeiro da asociación Val de Láncara, que, se na anterior edición premiou a súa traxectoria, nesta terceira homenaxea ao grupo musical Milladoiro. Tosar afirma, segundo a noticia, que os membros do conxunto, que visitaron a casa natal do pai de Fidel Castro no Val de Láncara, son "os Rolling Stones galegos"; tamén Víctor Freixanes amosou admiración por Milladoiro e agradeceulles o seu traballo a prol da cultura galega.

Iº Premio "Roberto Vidal Bolaño"

Creado polo colectivo Redes Escarlata en 2004, este premio está destinado ao recoñecemento público daquelas persoas ou entidades comprometidas coa lingua e cultura galega e coa emancipación de Galicia. O premio, que non ten dotación económica, consiste nunha escultura de Gonzalo Araúxo. Nesta primeira edición integraron o xurado Méndez Ferrín, Manuel Lourenzo, Antón Dobao, Rosa López e X. M. García Crego; os galardoados foron Xosé Guillerme Rei Rouco, Xosé L. Trigo Cruzado e Xosé Méndez Torres, tres sindicalistas da CIG sometidos a prisión con motivo da folga xeral de xuño de 2002.

Referencias varias:

- MARÉ, 'De conscientes', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 febreiro 2004, p. 53.

Informa da institución do Premio por parte do colectivo Redes Escarlata; este será outorgado a persoas ou entidades comprometidas coa emancipación de Galicia ao redor do 18 de marzo de cada ano e terá un carácter simbólico, sen dotación económica.

- A.N.T., 'Crean o premio Roberto Vidal Bolaño', *A Nosa Terra*, nº 1.118, 'Cultura', 26 febreiro 2004, p. 25.

Nota informativa da creación do Premio. Indícase que o xurado nomeado polas Redes Escarlatas agasallará anualmente cunha escultura de Gonzalo Arauxo á persoa ou colectivo comprometida coa cultura e a lingua galega e coa emancipación de Galicia.

- MARÉ, 'Co proletariado', *Galicia en el mundo*, 'MARÉ', 18 abril 2004, p. 63.

Noticia que dá conta da I edición do Premio, que recaeu nos tres sindicalistas da CIG (Xosé Guillerme Rei Rouco, Xosé L. Trigo Cruzado e Xosé Méndez Torres) sometidos a prisión por un piquete obreiro na folga xeral de xuño de 2002. O xurado integrárono Méndez Ferrín, Manuel Lourenzo, Antón Dobao, Rosa López e X. M. García Crego.

Iº Premio Laxeiro

Creado en 2004 polo padroado da Fundación Laxeiro con motivo do aniversario do nacemento do pintor do mesmo nome, este premio consta dunha figura en bronce realizada polo estudo de Lino Cao a partir dun cadro de Laxeiro. Outorgarase a aquelas persoas destacadas pola difusión, apoio e enriquecemento da cultura galega. Nesta primeira edición o premiado foi Francisco Fernández del Riego, nun acto celebrado na Biblioteca Penzol de Vigo o 1 de marzo de 2004.

Referencias varias:

- I.M., 'Francisco Fernández del Riego recibe el primer premio de la Fundación Laxeiro', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 24 febreiro 2004, p. 12.

Informa do galardón outorgado a Francisco Fernández del Riego na primeira edición do Premio Laxeiro. Dá conta, ademais, da decisión da Fundación Laxeiro de organizar o Ano Laxeiro no 2008, así como da creación da figura de "amigo" da institución.

- E.P., 'Del Riego fixa en Vigo os anos de comuñón con Laxeiro', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 2 marzo 2004, p. 53.

Noticia na que se dá conta da entrega do I Premio Laxeiro a Fernández del Riego, quen recibiu unha escultura en bronce de Lino Cao de mans da alcaldesa de Vigo e presidenta da Fundación Laxeiro na Biblioteca Penzol.

- Alberto Quián, 'Del Riego reafirma o seu amor por Vigo ao recoller o I Premio Laxeiro', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 2 marzo 2004, p. 51.

Recóllense as palabras de agradecemento de Fernández del Riego ante a entrega en Vigo do I Premio Laxeiro, outorgado en recoñecemento do seu labor de difusor da cultura galega.

- Maite Gimeno, 'Fernández del Riego reafirma su vínculo con Vigo y Laxeiro', *El Correo Gallego*, 'Vigo', 2 marzo 2004, p. 27.

Informe do acto de entrega do I Premio Laxeiro a Fernández del Riego, que contou coa participación do neto do artista, Carlos García.

- Soledad Antón, 'Del Riego vuelve al trabajo al frente de la biblioteca Penzol', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 2 marzo 2004, p. 45.

A noticia informa da concesión do I Premio Laxeiro a Fernández del Riego, así como da súa incorporación á Biblioteca Penzol tras unha convalecencia, e da próxima publicación do seu libro *Lourenzá*.

- L.S.F., 'Fernández Del Riego reaparece en público para recibir el premio Laxeiro', *Atlántico Diario*, 'Vigo', 2 marzo 2004, p. 23.

Infórmase da entrega do I Premio Laxeiro e lémbrase brevemente a traxectoria dun dos fundadores do Día das Letras Galegas, quen acaba de recuperarse dunha operación cirúrxica.

Iº Premio 'Os bos e xenerosos'

Homenaxe organizada por primeira vez neste ano, coa que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) quere salienta o labor a prol da lingua, da literatura e da cultura de Galiza de persoas e institucións. Nesta primeira edición o galardonado foi Avelino Pousa Antelo.

Referencias varias:

- Rosa Aneiros, 'O tamboril de don Avelino', *Galicia Hoxe/El Ideal Gallego/Diario de Arousa/El Progreso/Diario de Pontevedra*, 'Opinión/Nove Ondas/Opinión&Análisis', 22 setembro 2004, p. 6/64/56/27/34.

Dáse conta da entrega do primeiro premio "Os bos e xenerosos" co que a Asociación de Escritores en Lingua Galega recoñece a persoeiros ou colectivos na defensa e promoción da lingua e cultura galegas. Salienta a humildade con que Pousa Antelo acolleu o galardón e dá conta dalgúns dos persoeiros presentes no acto.

Medallas de Galicia e Castelao

Para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguiron polo seu mérito ao servizo da comunidade en calquera aspecto social, cultural e económico, a Xunta de Galicia concede as Medallas de Galicia, que consisten nunha medalla de ouro, quince de prata e trece de bronce. Así mesmo, concede as Medallas Castelao, galardón creado en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño daquel ano, para distinguir a aqueles galegos que sexan autores dunha obra merecedora do recoñecemento do seu pobo no campo artístico, literario, doutrinal ou de calquera faceta de actividade humana. No ano 2004 nin as Medallas de Galicia, nin as Medallas Castelao foron concedidas a ningunha persoa relacionada coa literatura galega.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, 'Ezequiel Pérez Montes ya es cronista oficial de la batalla de Elviña', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 15 xuño 2004.

Informa da concesión da Medalla de Galicia na categoría de bronce ao xornalista Ezequiel Pérez Montes, "gran factotum de los veteranos y prestigiosos premios de periodismo Pérez Lugín"; o xornalista será, ademais, cronista oficial da batalla de Elviña.

- Fran Pérez Lorenzo, 'O Mesías de Galiza', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 29 xuño 2004, p. 5.

O autor reflexiona, a partir de certas declaracións de Manuel Fraga na entrega das Medallas Castelao, sobre diferentes asuntos da vida galega, como a marea negra do Prestige.

- Antonio Piñeiro, 'O Pepiño', *La Región*, 'Opinión', 29 xuño 2004, p. 20.

O autor fala do "Pepiño", un dos fundadores do Círculo Ourensán-Vigués que deu pé á Fundación dos Premios da Crítica e ideólogo de estratexias de normalización lingüística, que recibiu no día anterior á publicación deste texto a Medalla Castelao.

- Fernando Domínguez, 'La Xunta entrega las Medallas de Galicia', *La Región*, 'Día de Galicia', 25 xullo 2004.

Informa da próxima entrega das Medallas de Galicia no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia, enumerando os premiados nas tres categorías de ouro, prata e bronce; entre eles, os xornais *Faro de Vigo* e *El Correo Gallego* (ouro) ou o xornalista Ezequiel Pérez Montes (bronce).

Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro. Concédense dous premios: o "Pedrón de Ouro", a unha personalidade ou entidade galega que destaca en calquera dos aspectos culturais de Galicia, e o "Pedrón de Honra", a aquelas persoas ou entidades, galegas ou non galegas, que dende fóra divulgan e defenden a cultura galega. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. No ano 2004 o "Pedrón de Ouro" recaeu na profesora viguesa Antía Cal, mentres que o "Pedrón de Honra" foi concedido ao Centro Galego de Baracaldo. Os galardóns foron entregados o 23 de maio nun acto celebrado na Casa-Museo Rosalía de Castro.

Referencias varias:

- Avelino Abuín de Tembra, 'Os Pedróns 2004 (I)', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 11 marzo 2004, p. 5.

O autor fai referencia á historia do Pedrón de Ouro, que "naceu en Padrón en 1964", lembrando os persoeiros galardoados ao longo das sucesivas edicións do premio, que no 2004 será entregado á pedagoga Antía Cal e ao Centro Galego de Barakaldo. Advirte que a Fundación, que non ten relación ningunha con outras asociacións análogas, presenta unha "longa, honesta" e "nitidamente galega" traxectoria.

- Concha Pino, 'O Pedrón de Ouro recoñece por primeira vez o labor dunha muller', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 3 abril 2004, p. 41.

Informa da concesión do Pedrón de Ouro 2004 á pedagoga Antía Cal e do Pedrón de Honra ao Centro Galego de Biscaia. Engádese un "Perfil" relativo á traxectoria da pedagoga, fundadora en 1961 do colexio Rosalía de Castro de Vigo.

- Benedicto García, 'Antía Cal', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 7 abril 2004, p. 6.

O autor lembra a época na que coñeceu persoalmente á pedagoga Antía Cal, a quen os membros do Padroado da Fundación Rosalía de Castro acaban de conceder o Pedrón de Ouro 2004.

- Avelino Abuín de Tembra, 'Os Pedróns 2004 (e II)', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 12 abril 2004, p. 5.

O autor lembra que os requisitos estatutarios da concesión dos galardóns Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra son "a entrega, a fidelidade e a lealdade de cada candidato coas causas inviolables de Galicia ó longo dunha vida". Reflexiona, así mesmo, sobre a traxectoria da pedagoga galega Antía Cal, que recibiu o Pedrón de Ouro 2004; esta demostrou "o seu compromiso, facendo del unha marca de identidade do colexio Rosalía de Castro de Vigo nos anos máis duros da represión franquista". O Pedrón de Honra foi concedido ao Centro Galego de Biscaia en Barakaldo pola longa vida ao servizo das causas galegas, a atención aos emigrados e a capacidade de diversificar as actividades, segundo o autor.

- S.P., 'A coraxe de Antía Cal', *Galicia Hoxe*, 'Maré Hoxe', 31 abril 2004, p. 48.

Noticia da concesión do Pedrón de Ouro 2004, que entregará a Fundación do mesmo nome á pedagoga Antía Cal, creadora da Escola Rosalía de Castro de Vigo nos anos 60; co premio recoñécese o compromiso co idioma e a nación da homenaxeada. Comunícase tamén que o Centro Galego de Biscaia en Baracaldo recibirá o Pedrón de Honra, que co mesmo motivo se outorga aos residentes fóra de Galicia.

- MARÉ, 'Na defensa da esencia de Galicia', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 maio 2004, p. 50.

Informa da próxima cerimonia de entrega dos galardóns Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra, que se celebrará na Casa de Rosalía de Castro en Padrón. O primeiro deles recibirao a pedagoga Antía Cal, como "pioneira en Galicia na educación de vangarda", segundo sinala a Fundación Pedrón de Ouro; o Pedrón de Honra será entregado ao Centro Galego de Biscaia en Barakaldo, polo seu "servizo ás causas de Galicia nas terras de Euscadi". 'A cerna' da noticia subliña os corenta anos de historia da Fundación, que recibiu recentemente o Premio da Crítica-Galicia 2004 na modalidade de iniciativas culturais.

- MARÉ, 'Para os esquecidos mestres', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 24 maio 2004, p. 43.

Faise eco dos discursos de agradecemento de Antía Cal e Xulio González na cerimonia de entrega do Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra. A primeira dedicou o Pedrón de Ouro aos mestres, aos seus proxenitores e a seu home; o segundo, que recolleu o Pedrón de Honra en nome do Centro Galego de Barakaldo, defendeu "o dereito a manter viva a identidade orixinaria", á vez que destacou o "sacrificio" dos fundadores da entidade que preside. Pola súa parte, Xosé Ramón Fandiño, presentador do acto, lembrou a Xaquín Lorenzo, membro da Fundación a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas; Avelino Abuín de Tembra, presidente do Pedrón de Ouro, quixo advertir do perigo no que se atopa o idioma galego.

- J.L., 'Na defensa da cultura de Galicia', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 24 maio 2004, p. 67.

Noticia da cerimonia de entrega do Pedrón de Ouro e o Pedrón de Honra. O primeiro recibiuno a pedagoga Antía Cal, quen lembrou no seu discurso de agradecemento a profesión dos mestres e a importantancia dos seus pais. Xulio González, presidente do Centro Galego de Barakaldo, que recibiu o Pedrón de Honra, lembrou o esforzo dos fundadores da entidade, mentres que o presidente do Pedrón, Avelino Abuín de Tembra, advertiu do "gravísimo perigo" no que se atopa o idioma galego.

- Joel Gómez, 'El Pedrón de Ouro apela en su 40 aniversario a la defensa del gallego', *La Región/Atlántico Diario* , 'Santiago', 24 maio 2004, p. 13.

Faise eco da cerimonia de entrega do Pedrón de Ouro na casa de Rosalía de Castro en Padrón, que recaeu nesta edición na pedagoga Antía Cal. No acto, ao que asistiron galeguistas de diferentes xeracións, premiouse a actividade do Centro Galego de Biscaia co Pedrón de Honra. A noticia dá conta da traxectoria dos homenaxeados.

- Emilio Forján, 'A Fundación Pedrón de Ouro homenaxea a Avelino Pousa Antelo', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 24 novembro 2004, p. 13.

Dáse conta do nomeamento de Avelino Pousa Antelo como presidente de honra da Fundación Pedrón de Ouro. O acto foi celebrado en San Xoán de Barcala (A Baña), onde o

homenaxeado estivo acompañado polos membros da súa familia e amigos.

Premio Literario "Letra E"

Creado en 1995 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, pretende recoñecer a traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. Organízase baixo o lema "O escritor na súa terra". Non ten dotación económica. Consiste na plantación dunha árbore en homenaxe ao escritor, na inauguración dunha pedra que leva gravado un texto do autor e un xantar de confraternización. Dende a asociación convocante fanse as xestións institucionais oportunas para que se lle dedique unha rúa ao galardoado. Ao mesmo tempo, entrégaselle unha escultura feita en madeira por Manuel Coia coa letra "E", de escritor. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. No 2004 concedéuselle este galardón a Salvador García Bodaño, quen o recolleu o 17 de xullo na súa vila natal, no barrio vigués de Teis.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Presentan os 'Cantos de ausencia de García Bodaño', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 16 xullo 2004, p. 48.

Nota da presentación do volume *Cantos de ausencia* de García Bodaño nun acto levado a cabo no Pazo de Raxoi de Santiago de Compostela, que se enmarca na homenaxe "O escritor na súa terra" dedicada a este autor pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Infórmase, ademais, da próxima realización dos actos centrais do Premio Literario "Letra E" en Teis, Vigo.

- MARÉ, 'Son claustrofóbico', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 xullo 2004, p. 51.

Con motivo da homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle dedica a Salvador García Bodaño, recóllense as reflexións deste autor sobre o seu pasado, en particular sobre a época franquista. Dáse conta da presentación en Compostela do libro *Cantos de ausencia* e anúnciase a plantación en Teis dun amieiro ao pé dun monolito cuns versos dedicados á nai do escritor.

- A.N.T., 'Letra E, monolito e álamo para García-Bodaño', *A Nosa Terra*, nº 1.138, 'Cultura', 22 xullo 2004, p. 25.

Faise eco dos actos de homenaxe a Salvador García Bodaño, que recibiu o Premio Literario "Letra E" da Asociación de Escritores en Lingua Galega. A noticia informa da asistencia de diversos membros da AELG e diversas institucións galegas á cerimonia en Teis, na que se plantou un amieiro xunta a un monolito con versos do escritor, quen dedicou a homenaxe á súa nai e lembrou "o papel do idioma na identidade nacional".

- Manuel Bragado, 'A esperanza rebenta no aire', *Faro de Vigo*, 'Campo de Granada', 25 xullo 2004, p. 32.

Dá conta da entrega en Teis do Premio E que cada ano concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega, nesta décima edición concedido a Salvador García-Bodaño. Sinala que na súa intervención o poeta lembrou as causas de nacer en Teis (Vigo) e a seguir sitúao no contexto da literatura galega, na que o integra na xeración das chamadas "Festas Minervais", lembra o seu compromiso político e cultural que quedou plasmado en publicacións periódicas como *La Noche* ou *El Correo Gallego*. Da súa faceta como creador salienta obras como *Ao pé de cada hora* (1967), *Tempo de Compostela* (1979) ou *Cantos de ausencia* (2004). Remata manifestando a súa alegría por estes recoñecementos e reivindicando que se recupere a árbore e o monolito que en 1998 se lle erixira a María Xosé Queizán.

Premio 'Otero Pedrayo'

Convócase cada ano, dende o 1976, polas Deputacións provinciais para "perpetuar e honrar a memoria do egrexio home de letras, premiar un labor que constitúa unha achega eminente á cultura galega, fomentar os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora dos seus homes e institucións". Poderán optar ao premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das Deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura, pola Xunta de Galicia, oída a Consellaría correspondente, e polo propio xurado. A presentación do candidato ten que enviarse ao Presidente da Deputación convocante, no prazo de tres meses a partir da convocatoria, achegándose os seguintes documentos: descrición biográfica breve da persoa que aspira ao premio, documentos e antecedentes que se consideren de interese para o coñecemento da dimensión literaria ou científica da persoa que se propoña. Entregaranse cinco exemplares, mecanografados a dobre espazo, do traballo co que se optase ao premio, no caso de que a proposta estea baseada nunha obra ou produción singular concreta. No caso de personalidades e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexan e unha relación de tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio. Está dotado con 30.050 euros e o xurado estará constituído polos presidentes da Xunta de Galicia e das catro Deputacións Provinciais e polos representantes da Universidade Sur, da Coruña e de Santiago de Compostela xunto con algún membro da Real Academia Galega e do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos. Na edición de 2004 o xurado estivo composto por María del Carmen García Campelo, Rogelio Martínez González, Celestino Poza Domínguez, Fé Rodríguez Rocha, José Luís Valladares Fernández, José Luís Pérez Pérez, Luís Iglesias Feijóo, Xosé Manuel Cid Fernández, Luís Caparrós Esperante, Eduardo Pardo de Guevara e Valdés, Carlos Martínez Alonso, Felipe Senén López Gómez, Carlos Valle Pérez, Juan Soto Gutiérrez e Francisco Cacharro Gosende, como secretario; este xurado acordou conceder o premio á 'Hermandad Gallega de Venezuela', "en recoñecemento da súa condición de máxima expresión asociativa da presenza de Galicia na devandita

República, destino preferente dos galegos durante máis dunha década, como institución nada dun laudábel proceso de fusión dos tres centros galegos existentes en Caracas: Lar Gallego, Centro Gallego, e Casa de Galicia, cunha contrastada traxectoria de fomento e defensa do idioma e cultura galegos, do que son froitos perceptíbeis o Colexio Castelao, o Teatro Rosalía de Castro, a importante biblioteca de máis de 50.000 tomos ou o programa de radio "Sempre en Galicia", as agrupacións de danza, os coros e corais, as revistas e boletíns, a escola de música e os múltiples cursos de pintura, fotografía, lingua, literatura, historia e cultura galega, inxente labor ao que se veu sumar a aula permanente de formación e cultura de Galicia", segundo explicou o xurado na acta de concesión deste galardón.

Premios do Grupo Correo Gallego: "Galego do ano", "Galegos do mes"

Estes premios foron creados no ano 1990 polo Grupo Correo Gallego (responsábel dos xornais *El Correo Gallego* e *Galicia Hoxe*) a iniciativa do seu editor, Feliciano Barrera, co obxectivo de premiar a aquelas persoas e institucións que máis destacan na promoción de Galicia e son exemplo, dende a súa actividade profesional e social, dos máis nobres valores que definen esta terra e as súas xentes. Os galardóns consisten en 6.000 euros e unha medalla de ouro para o "Galego do Ano", que escolle un xurado nomeado polo xornal, e unha figura de Sargadelos para cada un dos premiados co "Galego do Mes", que escolle a mesa de redacción. O galardón "Galego do Ano" foi recibido en anteriores ocasións por Camilo José Cela, Isaac Díaz Pardo, Gonzalo Torrente Ballester, Antón Fraguas Fraguas ou Francisco Fernández del Riego. No ano 2004 fíxose entrega destes premios o 15 de outubro no Auditorio de Galicia; nesta edición ningún dos galardóns foi entregado a persoas vinculadas á literatura galega.

Premios 'Galegas Destacadas'

Promovido pola asociación de mulleres Diálogos 90 e o Concello de Vigo, este premio foi instituído no centenario da morte de Concepción Arenal. Con el recoñécese o esforzo das mulleres que enriquecen a sociedade galega. O 7 de febreiro de 2004, no Concello de Vigo, tivo lugar a entrega dos galardón Galegas Destacadas 2003, que foron para a escritora Fina Casalderrey, a presidenta de Fase de Encuentro Marita Poyatos, a deportista Teresa Portela e Soledad García Fajardo, da Asociación Concepción Arenal.

Referencias varias:

- Maite Gimeno, 'Las 'galegas destacadas' denuncian la violencia de género y piden igualdad', *El Correo Gallego*, 'Vigo', 8 febreiro 2004, p. 26.

Nota da entrega de premios Galegas Destacadas, concedido pola asociación Diálogos 90 á escritora Fina Casalderrey, a Marita Poyatos, Teresa Portela e Soledad García Fajardo. A nota dá conta da asistencia ao acto de diferentes escritoras, como María Xosé Queizán ou María do Carmo Kruckemberg e faise eco da denuncia de Fina Casalderrey á violencia de xénero.

- Águhata de Santos, 'Las 'Galegas Destacadas' dedican el premio a las mujeres maltratadas', *Faro de Vigo*, 'Vigo', 8 febreiro 2004, p. 6.

Noticia da recepción ofrecida pola alcaldesa de Vigo con motivo da entrega de premios Galegas Destacadas, que serviu de homenaxe á escritora Fina Casalderrey, entre outras mulleres representantes de diversos ámbitos culturais e públicos. Casalderrey dedicou o galardón ás precursoras do feminismo e ás mulleres maltratadas.

Trofeos Galeguidade no Mundo 2004

Premios convocados pola Enxebre Orde Vieira para recoñecer e render unha homenaxe ao labor de diferentes personalidades e institucións galegas en diversos ámbitos da sociedade, no que se estabelecen tres categorías: 'Trofeo Galeguidade no Mundo a medios de comunicación', 'Trofeo Galeguidade no Mundo a persoas físicas' e 'Trofeo Galeguidade no Mundo á personalidade xurídica'. Nesta edición os galardonados foron o xornal *Galicia Hoxe*, o teólogo e escritor Andrés Torres Queiruga e o Centro Superior de Computación de Galicia, nas categorías de medios de comunicación, persoa física e personalidade xurídica, respectivamente.

Vº Premio 'Rosalía de Castro' do Pen Clube

Convocado por primeira vez en 1996 polo Pen Clube galego, nacido en 1988. De edición bianual, entrégase a un escritor representante das outras catro linguas das literaturas peninsulares, para "desde Galicia establecer lazos coas nosas literaturas veciñas". En anteriores ocasións, foron galardoados José Saramago, Gonzalo Torrente Ballester, Joan Perucho, Bernardo Atxaga, Manuel Vázquez Montalbán, José Mari Lekuona, Miquel de Palol, António Lobo Antunes, José Ángel Valente, Sophia de Mello, Pere Gimferrer, Anjel Lertxundi, Ernesto Sábato, Nélida Piñón, Ricard Salvat e Felipe Juaristi. Nesta ocasión, os premiados foron Francisco Brines en lingua castelá, Rubem Fonseca en lingua portuguesa, Carme Riera en catalán e Ramón Saizarbitoria en euscaro. O acto de entrega dos premios celebrouse o 30 de setembro de 2004 no Salón Nobre do Pazo de Fonseca en Santiago de Compostela.

Referencias varias:

- MARÉ, 'O mosaico peninsular', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 setembro 2004, p. 41.

Noticia que informa da próxima entrega do Premio Rosalía de Castro, co que o PEN Clube de Galicia premia a traxectoria de Francisco Brines, Rubem Fonseca, Carme Riera e Ramón Saizarbitoria, dos que o texto fala brevemente tras lembrar algúns dos autores premiados en edicións anteriores. Inclúense varias citas dos textos de agradecemento dos homenaxeados referidas a Rosalía de Castro.

- Margarito Flowers, 'Reconocimientos literarios del Pen Clube y almohadas-novio para 'visitar' morfeo', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 30 setembro 2004, p. 80.

Nota que informa da entrega do Premio Rosalía de Castro a Carme Riera, Ramón Saizarbitoria, Rubem Fonseca e Francisco Brines; cos dous últimos, segundo o autor, celebrou a directiva do PEN Clube o galardón "por anticipado".

- MARÉ, 'Letras ibéricas cos versos de Rosalía', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 setembro 2004, p. 57.

Informa do xantar de recibimento de Rubem Fonseca e Francisco Brines organizado pola directiva do PEN Clube, que premiará, xunto con estes dous autores, a Ramón Saizarbitoria e Carme Riera nunha cerimonia celebrada no Salón Nobre do Colexio de Fonseca en Santiago de Compostela.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 30 setembro 2004, p. 75.

Infórmase da próxima cerimonia de entrega do Premio Rosalía de Castro a catro escritores en linguas peninsulares, Francisco Brines, Rubem Fonseca, Carme Riera e Ramón Saizarbitoria, "nomes todos de primeiro relevo nas letras de hoxe", segundo o o autor.

- MARÉ, 'A festa das letras veciñas', *Galicia Hoxe*, 'Maré Hoxe', 1 outubro 2004, p. 47.

Noticia da entrega do Premio Rosalía de Castro, co que o PEN Clube homenaxea cada dous anos a catro autores representantes das literaturas nas catro linguas peninsulares, que nesta ocasión son Francisco Brines, Rubem Fonseca, Carme Riera e Ramón Saizarbitoria. O galardón deste último, que non puido asistir ao acto, foi recollido no seu nome polo Catedrático de Teoría da Literatura Fernando Cabo Aseguinolaza.

- Concha Pino, 'O PEN clube entregou os premios Rosalía de Castro ás literaturas ibéricas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 outubro 2004, p. 46.

Con motivo da cerimonia de entrega do Premio Rosalía de Castro, a autora comenta a intervención dun dos autores galardonados polo PEN Clube, o brasileiro Rubem Fonseca, quen "rachou co cerimonial e decidiu falar de pé" no Salón Nobre de Fonseca. En canto aos discursos de Francisco Brines e Carme Riera, autores premiados como representantes da lingua castelá e catalana respectivamente, sinálase que louvaron notabelmente a Rosalía de Castro. Engádese que o premio de Ramón Saizarbitoria, escritor vasco, foi recollido por "Fernando Cao", nome co que a autora debe referirse ao Catedrático de Teoría da Literatura Fernando Cabo Aseguinolaza.

- Camilo Franco, 'Vitalidad y contención', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 1 outubro 2004, p. 46.

Recóllense anacos da conversa entre Rubem Fonseca e Francisco Brines na cerimonia de entrega do Premio Rosalía de Castro, co que o PEN Clube galardoou, ademais destes dous autores, a Ramón Saizarbitoria e Carme Riera. A conversa entre o narrador brasileiro e o poeta valenciano centrouse principalmente no oficio da literatura, ou o que o autor do texto chama "asuntillos literarios"; nela, segundo se desprende do texto, evidenciáronse as diferenzas entre dúas personalidades dedicadas á escrita de narrativa nun caso e de poesía no outro.

- Agustín Sixto Seco, 'A inminencia das linguas', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 2 outubro 2004, p. 3.

O autor refírese á ofrenda floral que os autores premiados polo PEN Clube realizaron a Rosalía de Castro tras recibiren os galardóns bianuais que levan o nome da poeta. Estes foron Francisco Brines, Rubem Fonseca, Carme Riera e Ramón Saizarbitoria, quen non puido asistir á entrega dos premios a causa dunha doenza. O autor lembra autores premiados en edicións anteriores, como Nélida Piñón, Jorge Amado, Derek Walcot e Wolé Soyinca.

- X.L.Méndez Ferrín, 'Fonseca entra en Fonseca', *Faro de Vigo*, 'Opinión', 4 outubro 2004, p. 50.

O xogo de palabras sérvelle ao autor para se referir ao Premio Rosalía de Castro do PEN Clube, que este ano homenaxeou no Pazo de Fonseca a Francisco Brines, Rubem Fonseca, Carme Riera e Ramón Saizarbitoria. Ferrín reflexiona sobre a obra do brasileiro Rubem Fonseca, cuxo libro *Feliz Ano Novo* foi prohibido polo goberno brasileiro en 1975. Segundo Ferrín, Fonseca, "voz da autenticidade", representa o François Villon do noso tempo ao amosar, mediante unha violencia non exenta de humor, "a cara da pobreza".

- César Lorenzo Gil, 'Rubem Fonseca en Fonseca', *A Nosa Terra*, nº 1.145, 'Cultura', 7 outubro 2004, p. 28.

Faise eco da ofrenda floral que, acompañada dunha lectura de poemas, realizaron a Rosalía de Castro na Casa da Matanza tres dos autores premiados pola V edición dos premios do PEN Clube que levan o nome da poeta. Carme Riera, Francisco Brines e Rubem Fonseca, un día despois de recibiren o galardón no Pazo de Fonseca, homenaxearon a Rosalía defendendo "as posibilidades do galego como lingua viva". Ramón Saizarbitoria, escritor premiado na modalidade de lingua vasca, non puido asistir aos actos por motivos de saúde.

XIVº Premios 'San Martiño'

Premios que concede anualmente a Fundación San Martiño a distintas persoas e entidades que co seu labor contribúen á normalización e promoción do galego. O galardón consiste nunha estatuíña realizada polo escultor estradense Manuel Villaverde. Nesta edición do 2004, Manuel Caamaño acadou o premio na categoría de "Toda unha vida", Lorenzo López fíxose co premio que recoñece a defensa e promoción do idioma galego a nivel rexional e no apartado local, Terra de Montes, premiouse a labor de Edicións Fervenza e do Spórting Estrada.

Xº Premio das "Letras e das Artes de Galicia"

Convocado e promovido pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia dende o ano 1995. En anteriores edicións contaba cunha dotación de 30.000 euros, aumentando logo a 36.000 euros. Pretende "recoñecer e recompensar o labor daquelas persoas que co seu traballo creador contribuíron á conservación, expansión e engrandecemento da cultura galega en calquera campo dela". Este galardón substitúe aos premios "Xunta de Galicia de Creación Cultural", "Carlos Velo", de guións de cine, e "Ramón Cabanillas", de tradución ao galego, aínda que durante anos tamén substituíu o premio "Álvaro Cunqueiro" de teatro. A presentación dos candidatos poderá ser realizada por calquera institución, fundación, academia, federación, asociación ou centro cultural ou de investigación, mediante un escrito dirixido ao Conselleiro de Cultura. A entrega terá lugar nun acto institucional o día 17 de maio no Hostal dos Reis Católicos. O xurado convocará aos cinco finalistas seleccionados. Nesta ocasión premiouse ao pintor pontevedrés Leopoldo Nóvoa.

Referencias varias:

- R.F./A.G.N., 'Nóvoa recibe o Premio das Letras e das Artes', *El Progreso*, 'Cultura', 18 maio 2004, p. 56.

Informa da entrega no día de onte do Premio das Letras e das Artes 2004 ao artista pontevedrés Leopoldo Nóvoa. O homenaxeado manifestou o seu agradecemento e sinalou que este galardón vén a ser un certificado de galeguidade a aquel que andou tanto tempo fóra da terra. Dá conta dos actos desenvolvidos e das palabras pronunciadas en honra do premiado por Manuel Fraga.

- R.F./A.G.N., 'O pintor pontevedrés Leopoldo Nóvoa recibiu o Premio das Letras e das Artes', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 18 maio 2004, p. 69.

Información sobre a entrega do Premio das Letras e das Artes 2004 ao artista pontevedrés Leopoldo Nóvoa. Recóllense as palabras pronunciadas pola secretaria do xurado, e resúmese o discurso do homenaxeado e a intervención de Manuel Fraga gabando a figura do premiado. Engádese unha breve nota biográfica na que se detallan as exposicións realizadas dentro e fóra das nosas fronteiras.

- Concha Pino, 'A Xunta distingue co Premio das Artes a universalidade de Leopoldo Nóvoa', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 18 maio 2004, p. 47.

Dá conta do acto de entrega do premio das Letras e das Artes de Galicia ao pontevedrés Leopoldo Nóvoa. Resume as palabras pronunciadas polo premiado. Fai historia deste galardón, que acada a súa décima edición, e dá conta de todos os premiados desde o ano 1995. Recolle a intervención de Manuel Fraga salientando os méritos do artista e dá conta dos membros do xurado encargado da concesión do premio. Inclúese un "Perfil" de Leopoldo Nóvoa no que se detallan algunhas circunstancias biográficas e se alude ao recoñecemento internacional deste artista que é un referente da arte contemporánea.

- Natalia Sequeiro, 'Con sabor a saudade', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 maio 2004, p. 51.

Informa do acto de entrega do premio das Artes e das Letras. Resume as palabras pronunciadas por Leopoldo Nóvoa, agradecendo a concesión do premio e recolle o discurso de Manuel Fraga destacando o carácter renovador do pontevedrés. Na sección "A cerna" preséntase a traxectoria humana e artística de Leopoldo Nóvoa e recóllense algúns fragmentos do texto elaborado por Fátima Otero para o Catálogo da mostra no que traza os aspectos fundamentais da súa obra pictórica.

XXIIº Premio "Trasalba"

Premio creado no ano 1980 pola Fundación Ramón Otero Pedrayo que se outorga todos os anos en conmemoración do pasamento de Ramón Otero Pedrayo. O galardón consiste nun diploma, un agasallo (polo xeral un exemplar dunha obra de Otero Pedrayo) e unha xerra de Sargadelos que todos os anos realiza Isaac Díaz Pardo para o premiado. Nesta edición o galardón concedeuse a Xosé Neira Vilas, nun acto celebrado no Pazo Museo Otero Pedrayo o 27 de xuño de 2004.

Referencias varias:

- Jesús Manuel García, 'A Fundación Otero Pedrayo concede o Premio Trasalba do 2004 a Neira Vilas', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 24 abril 2004, p. 47.

Anúnciase a próxima entrega do Premio Trasalba a Neira Vilas, recollendo as palabras da lectura da acta de Agustín Sixto Seco; engádese unha entrevista ao autor galardonado, na que se reflexiona sobre o éxito de *Memorias dun neno labrego*, da que se realizará proximamente a versión cinematográfica.

- MARÉ, 'Premio Trasalba 2004', *Galicia Hoxe*, 'Maré Hoxe', 24 abril 2004, p. 56.

Anúnciase a concesión do Premio Trasalba a Neira Vilas, que responde ao recoñecemento do fito editorial que supón *Memorias dun neno labrego*, a obra con maior número de edicións publicadas en Galicia. Apúntase brevemente a traxectoria vital do autor homenaxeado.

- LR, 'La Fundación Otero Pedrayo premia a Neira Vilas por su tratamiento constante de Galicia', *La Región*, 'Ourense', 24 abril 2004, p. 9.

Fala da concesión do Premio Trasalba a Xosé Neira Vilas, de quen os membros da Fundación Otero Pedrayo destacan o labor literario e ensaístico. Recolle, ademais, as declaracións do galardoado, quen lembrou a Otero Pedrayo.

- Agustín Sixto Seco, 'Neira Vilas en Trasalba e Rosalía en Padrón', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 24 abril 2004, p. 3.

O autor refírese aos actos aos que acudiu nos últimos días, entre eles a inauguración dos encontros dedicados ao Dereito do Museo do Pobo Galego, a proclamación do Premio Trasalba dedicado a Neira Vilas ou a exposición "Rosalía Ilustrada" na Casa-Museo de Padrón.

- X.M. del Caño, 'Xosé Neira Vilas gana el Premio Trasalba, que concede la Fundación Otero Pedrayo', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 24 abril 2004, p. 45.

Nota que anuncia a concesión do Premio Trasalba a Neira Vilas e a súa próxima entrega o último domingo de xuño; sinálase brevemente a traxectoria do autor de *Memorias dun neno labrego.*

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 25 abril 2004, p. 83.

Salienta o éxito do primeiro libro en galego de Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego*, e destaca a concesión do Premio Trasalba 2004 a este autor.

- LR, 'Los exploradores de la psique vuelven a Trasalba', *La Región*, 'Ourense', 25 abril 2004, p. 13.

Noticia da décimo cuarta edición das Xornadas de Psicoloxía da Asociación Galega de Saúde Mental, que tiveron lugar no Pazo de Trasalba e que foron clausuradas coa conferencia de Xosé Neira Vilas, autor galardonado co Premio Trasalba 2004.

- Marcos Valcárcel, 'Neira Vilas, Premio Trasalba', *Galicia Hoxe*, 'Andoliña', 26 abril 2004, p. 56.

Anuncia a concesión do Premio Trasalba 2004 a Xosé Neira Vilas, salientando o labor cultural e literario realizado polo autor de *Memorias dun neno labrego*.

- Agustín Sixto Seco, 'Un cuarto de século en Trasalba', *El Correo Gallego*, 'Fóra de portas', 26 xuño 2004, p. 3.

O autor, un día antes da cerimonia de entrega do Premio Trasalba, concedido a Neira Vilas, fala da "Romaría da Galeguidade", que será celebrada como todos os anos na honra de Ramón Otero Pedrayo.

- M.J.A., 'Neira Vilas recibe o Premio Trasalba das letras en Ourense', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 28 xuño 2004, p. 11.

Documéntase o acto de entrega do Premio Trasalba a Neira Vilas, quen compartiu o galardón coa súa dona, Anisia Miranda, no día que se cumpre "medio século" do seu primeiro encontro.

- R.V., 'Amor e galeguismo', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 xuño 2004, p. 43.

Relátase a cerimonia de entrega do Premio Trasalba a Xosé Neira Vilas, quen homenaxeou á súa vez á súa dona, Anisia Miranda e lembrou a súa relación epistolar e persoal con Otero Pedrayo. Dáse conta, ademais, da sucesión de Agustín Sixto Seco como presidente da Fundación Otero Pedrayo, cargo que desempeñará Víctor Freixanes.

- R.V., 'Neira Vilas comparte coa súa muller Anisia Miranda, o Premio Trasalba', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 28 xuño 2004, p. 65.

Fálase da entrega do Premio Trasalba a Neira Vilas, que quixo compartilo coa súa muller Anisia Miranda. A noticia dá conta, ademais, da cesión da presidencia da xunta directiva da Fundación Otero Pedrayo, que recaeu en Víctor Freixanes, así como da presentación da obra inédita de Otero Pedrayo Historia da Arte Universal por parte de María Luisa Sobrino.

- LR, 'Neira Vilas arrincou bágoas en Trasalba ó regalar o premio Otero Pedrayo á súa dona', *La Región*, 'Ourense', 28 xuño 2004, p. 5.

Faise eco da cerimonia de entrega do Premio Trasalba a Neira Vilas, quen agasallou á súa dona coa xarra de Díaz Pardo. Recolle as declaracións de Sixto Seco e Víctor Freixanes ao ceder aquel a este a presidencia da xunta directiva da Fundación Otero Pedrayo.

- A.N.T., 'Neira Vilas comparte con Anisia o premio Trasalba', *A Nosa Terra*, nº 1.135,

'Cultura', 1 xullo 2004, p. 25.

Refírese á entrega do Premio Trasalba a Neira Vilas, que quixo compartilo coa súa dona, e dá conta da sucesión na Presidencia da Fundación Otero Pedrayo, xa que Agustín Sixto Seco cedeu o seu cargo a Víctor Freixanes.

- Manuel Dourado Deira, 'Trasalba 04: forzada ausencia', *Galicia Hoxe*, 'Ardentía', 3 xullo 2004, p. 4.

O autor laméntase por non poder asistir á cerimonia de entrega do Premio Trasalba e confesa a súa predilección polo autor homenaxeado, Xosé Neira Vilas, comentando brevemente a súa obra literaria.

- Manuel Dourado Deira, 'Cela conquista a Rosalía', *El Correo Gallego*, 'Arousanía', 1 agosto 2004, p. 2.

Con motivo da celebración da Festa Literaria de entrega do Premio Trasalba e a conmemoración do pasamento de Rosalía de Castro que teñen lugar anualmente, o autor critica a tradución ao castelán de *Follas Novas* que Xesús Rábade e Helena Villar realizaron por encargo de Xesús Alonso Montero, así como a exposición "Padrón, cuna de escritores" da Matanza, toda ela en castelán. Dá conta, ademais, da presentación do libro *Páxinas sobre Rosalía de Castro, 1957-2004*, da autoría de Alonso Montero, "obra de rigorosa investigación". O autor remata solicitando a aniquilación do "aberrante e interesado mito da chorona".

XXº Premio "Celanova. Casa dos Poetas"

Creouse en 1985 por parte do Padroado Curros Enríquez e patrocínao o Concello de Celanova. O premio tenta recoñecer cada ano a unha persoa ou entidade que, ao longo da súa existencia, se teña significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da cultura galega en todas as súas facetas, ou da propia Galicia. O galardón non ten ningunha dotación económica e consiste nunha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que reproduce por unha face a casa de Curros Enríquez e pola outra cinco "C" concéntricas, que simbolizan a letra pola que comezan os elementos identificativos deste premio "Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso". Cabe destacar que o nome de Castor se refire a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que naceu tamén en Celanova, e o de Celso identifica a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o galardoado recibe tamén unha placa de prata na que se recolle un extracto da acta do acordo, co fin de dar fe da concesión do premio e firmará no libro de honra do premio. A concesión farase pública o 7 de marzo, coincidindo co cabodano de Manuel Curros Enríquez e entregarase nun acto que ten lugar en Celanova o 31 de agosto, coincidindo neste caso, coa data do falecemento de Celso Emilio Ferreiro. Tentando unir, así, as datas finais de dúas das figuras máis salientábeis das letras de Celanova. O xurado estará composto exclusivamente pola Xunta directiva do

Padroado Curros Enríquez, que preside o alcalde, en calidade de presidente de feito do Padroado e da que forman parte xentes de diversos ámbitos culturais de Celanova, tendo como figura máis salientábel no seu seo a do escritor orixinario de Vilanova dos Infantes, Xosé Luís Méndez Ferrín. No ano 2004 este galardón recaeu no escultor ourensán Acisclo Manzano.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Meu amor de neno', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 setembro 2004, p. 48.

Informa da homenaxe que tributará Celanova a Celso Emilio Ferreiro, no vinte e cinco aniversario do seu pasamento, coa pegada de doce poemas de *Onde o mundo se chama Celanova* na fachada do mosteiro de San Rosendo. Explica que con esta iniciativa preténdese achegar a Celso Emilio aos veciños de Celanova, que o propio poeta cualificou de "meu amor de neno". Sinala que os paneis cos poemas están ilustrados con imaxes fotográficas alusivas ao contido dos poemas. Informa tamén da entrega o vindeiro domingo do premio Celanova, Casa dos Poetas, ao escultor ourensán Acisclo Manzano e dá conta dos actos previstos para esta celebración: unha ofrenda floral ante o monumento de Celso Emilio, un xantar literario co premiado na horta da Casa de Curros e un recital poético a cargo de Luís González Tosar. Tamén informa dos actos que se celebraron en Vigo en homenaxe a Celso Emilio consistentes na colocación dunha coroa de loureiro no busto do poeta e dun baixorrelevo na casa onde morreu, no 28 da rúa Urzáiz. Asemade celebráronse en diversos centros de ensino recitais poéticos e concurso de redacción sobre o escritor. E o Centro Cultural Caixanova acolleu un festival-homenaxe ao poeta, coa participación de importantes representantes da vida pública, cultural, deportiva e empresarial galega.

- E.P., 'Premio ó traballo de Acisclo Manzano', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 5 setembro 2004, p. 75.

Dá conta da concesión do XX premio Celanova, Casa dos Poetas, convocado pola Fundación Curros Enríquez, ao escultor ourensán Acisclo Manzano pola súa defensa da cultura galega. Informa de que tras a entrega do premio haberá un xantar co galardonado na horta da Casa de Curros. Tamén se realizará unha ofrenda floral diante do monumento de Celso Emilio.

- E.P., 'Acisclo Manzano recibe o premio 'Casa dos Poetas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 5 setembro 2004, p. 63.

Informa da entrega do premio "Casa dos Poetas" ao escultor ourensán Acisclo Manzano. Explica que este galardón se lles concede a persoas e entidades que se teñan distinguido polo seu traballo a prol da cultura galega ou de Galicia. Dá conta de que tras a entrega do premio haberá un xantar co galardoado na horta da Casa de Curros e unha ofrenda floral diante do monumento de Celso Emilio, actos que estarán acompañados polo grupo de gaitas 'O Gaiteiro de Penalta' do Concello de Celanova. Finaliza indicando que os membros da Fundación Curros Enríquez sinalaron a contribución de Acisclo Manzano ás vangardas

artísticas galegas no eido da escultura, que iniciou os vieiros da innovación no faldoiro do Volter, baixo o maxisterio de Vicente Risco.

- LR, 'Celanova homenaxea a Celso Emilio Ferreiro agasallando ó seu amigo Acisclo Manzano', *La Región*, 'Celanova', 6 setembro 2004, p. 8.

Informa da entrega do premio "Casa dos Poetas" ao escultor Acisclo Manzano, neste vintecinco cabodano de Celso Emilio. Explica que o galardón, deseñado polo propio Acisclo hai máis de dúas décadas, consiste nunha medalla de prata coas tres "ces" de Celanova, Curros e Celso Emilio, mais unha placa conmemorativa. Sinálase a relación de amizade entre Celso Emilio e Acisclo, de quen se salienta seu labor como representante das vangardas e por conseguir a democratización da arte. Dáse conta das actividades desenvolvidas así como das personalidades da vida política e cultural asistentes a este acto.

- Jesús Manuel García, 'O Premio Celanova Casa dos Poetas recoñece ao escultor Acisclo Manzano', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 6 setembro 2004, p. 64.

Crónica da entrega do Premio Celanova Casa dos Poetas ao escultor Acisclo Manzano. Reproduce as palabras coas que Méndez Ferrín e Miguel Santalices loaron a figura do homenaxeado. Dá conta das personalidades presentes: os pintores Baldomero Moreiras, Xaime Quessada, así como representantes das institucións da fundación. Tamén explica que foi o propio Acisclo quen deseñou a medalla recibida, que é unha alegación simbólica dos tres grandes poetas celanoveses: Curros, Celso Emilio e Castor Elices.

- Rosa Veiga, 'A arte da ruptura', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 setembro 2004, p. 45.

Informa da entrega do premio Celanova, Casa dos Poetas, ao escultor Acisclo Manzano, como representante das vangardas artísticas galegas e por iniciar o seu camiño innovador en faladoiros xunto a Vicente Risco, os seus amigos Xaime Quessada e Xosé Luís de Dios e poetas e escritores ourensáns, entre eles Xosé Luís Méndez Ferrín. Sinala que esta entrega do premio corresponde á vixésima edición do mesmo, que coincide co vinte e cinco aniversario da morte de Celso Emilio. Dá conta das palabras pronunciadas por Xosé Luís Méndez Ferrín, membro do padroado Curros Enríquez, recoñecendo a Acisclo como un dos participantes asiduos en distintas iniciativas artísticas que abriron portas de expresión en Galicia. Tamén recolle a intervención de Miguel Santalices acerca do grupo artístico ourensán e da personalidade de Acisclo.

X.8. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

IIIº Premio "Estornela" de Teatro Infantil

Coa finalidade de estimular a creación teatral e de proporcionarlles a nenas e nenos obras que poidan representar, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca este premio que alterna anualmente co premio de poesía infantil "Arume". Poden concorrer a el todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega. Cada orixinal pode conter unha ou varias pezas teatrais. Os traballos enviaranse, un orixinal e tres copias, á sede da Fundación Xosé Neira Vilas (36587 Gres, Vila de Cruces (Pontevedra). A Fundación convocatoria escollerá un xurado de recoñecido prestixio e o premio, que ten unha dotación económica de 1.500 € e a publicación do traballo premiado en Ediciós do Castro, entregarase durante o mes de decembro. Nesta terceira edición, o prazo de presentación concluíu o 30 de setembro e o xurado, que estivo composto por Xosé Neira Vilas, Xoán Andrés Fernández Castro, Valentín García Gómez e Luis Reimóndez quen actuou como secretario, de entre as vinte e unha obras presentadas, premiou tres obras que se publicarán nun único volume, son: 'O ensaio', de Xosé Agrelo Hermo; 'Xoguetes', de Francisco Peleteiro Román e 'O porco que perdera a cabeza', de Ana María Galego Gen.

Referencias varias:

- V. Oliveira, 'O Premio Estornela recoñece o teatro infantil realizado en lingua galega', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 14 setembro 2004, p. 68.

Recóllese a convocatoria da terceira edición do certame por parte da Fundación Xosé Neira Vilas, así como outros datos de carácter xeral relativos ao mesmo (contía do galardón, data de resolución, bases). Noutra orde de cousas, faise referencia á traducción ao inglés da obra do propio Neira Vilas *Memorias dun neno labrego* grazas ao labor do profesor Camilo Ogando. Nun pequeno apunte independente lémbrase a data límite de entrega dos orixinais que desexen concorrer ao Estornela e o número de copias que se deberán enviar.

- V. Oliveira, 'Un ninguén chamado Balbino', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 14 setembro 2004, p. 42.

Sinálase a convocatoria por parte da Fundación Xosé Neira Vilas da terceira edición do Premio Estornela de Teatro Infantil, así como a contía do galardón ou as bases do mesmo e a súa data de resolución. Na segunda parte da noticia faise referencia á reedición de *Memorias dun neno labrego*, obra do propio Neira Vilas, neste caso a través dunha traducción ao inglés do profesor Camilo Ogando. Precisamente, na parte final da noticia faise unha breve mención da traxectoria profesional de Ogando.

IIº Premio "Pura e Dora Vázquez" de literatura infantil e xuvenil

Certame convocado pola Deputación de Ourense, que consta de dúas modalidades: narración e ilustración, dotado con 6000 euros para a totalidade das súas modalidades. De cada orixinal presentaranse seis copias, en papel tamaño folio ou en holandesa, mecanografados a dobre espazo e só por unha cara, antes do día 12 de setembro de 2004, no Rexistro Xeral da Excma. Deputación Provincial de Ourense, rúa do Progreso, 32,

32003, Ourense. En novembro de 2004, o xurado resolveu que a obra gañadora na modalidade de narración nesta segunda edición fose *Alende*, de Antón Cabaleiro; a partir dese momento, abriuse o prazo da modalidade de ilustración, coa finalidade de ilustrar o texto gañador; o prazo para presentar os traballos desta modalidade, que debían inspirarse no texto gañador, rematou o 20 de decembro de 2004. Neste ano, asemade, deuse a coñecer o nome do gañador da modalidade de ilustración do Iº Premio 'Pura e Dora Vázquez', que foi o ilustrador coruñés Luís Sendón

Referencias varias:

- Laura Grandal, 'Adeliña' pasa do libro á imaxe ilustrada', *La Región*, 'Cultura', 17 xaneiro 2004, p. 75.

Recóllese a noticia da comunicación a Luis Sendón, gañador do premio "Pura e Dora Vázquez" de Ilustración, da súa victoria no certame. As ilustracións deste autor, do que se fai un amplo percorrido pola súa traxectoria laboral, foron creadas para o libro *Adeliña*, vencedor no apartado literario. Ademais, a noticia compleméntase cunha referencia aos traballos presentados ao certame e ás razóns polas que o premio se outorgou a Sendón, e con outra na que se sinalan as mencións de honra para os dous finalistas e os membros do xurado. Finalmente, reúnense tres apuntes moi breves sobre outros aspectos diversos do certame.

- F.V.M., 'Dora Vázquez y la fe en las mujeres', *La Opinión*, 'Arteixo', 11 xuño 2004, p. 15.

Despois dunhas declaracións da propia Dora Vázquez, nas que subliña o afán de superación da muller, sinálanse a vencedora da edición do certame do mesmo nome, o artigo premiado, a contía do premio e os presentes na súa entrega. Faise un repaso pola traxectoria xornalística de Dora Vázquez e pola súa actividade intelectual e literaria actual e recóllense unhas declaracións súas nas que volve referirse á situación da muller e á necesidade de autoconfianza nas súas propias forzas.

- Mariluz Villar, 'Larga vida a un premio', *La Región*, 'Opinión', 20 xuño 2004, p. 24.

Tras unha referencia a unha exposición de pintura no Ateneo de Ourense chega a alusión ao certame en forma de felicitación por parte da articulista, que subliña a propia traxectoria intelectual e humana de Pura e Dora Vázquez e o estímulo que o premio supón para os rapaces. Sinálanse os vencedores nos apartados de literatura e ilustración e deséxaselle longa vida e numerosos participantes ao certame.

- José Lueiro, 'Inauguran el Parador de Santo Estevo con tentadoras ofertas', *El Correo Gallego*, 'Ourense', 24 xullo 2004, p. 23.

Informa da convocatoria realizada pola Deputación de Ourense, do premio de literatura infantil e xuvenil "Pura e Dora Vázquez" que conta cunha dotación económica de seis mil

euros.

- Cándida Andaluz, 'Un póstumo reconocimiento', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 4 novembro 2004, p. 55.

Dá noticia da sorpresa ao abrir a plica do Concurso de narracións Pura e Dora Vázquez, que outorga a Deputación de Ourense. O galardoado foi o mestre de lingua galega do compostelán Colexio Manuel Peleteiro Antón Cabaleiro Pita; que xa falecera había un ano. Infórmase de que foi a súa muller, María Teresa Fontenla, quen, despois de intentar publicar o libro do seu home, decidiu envialo ao Premio. Coméntanse datos biográficos do autor e de cómo xurdiu *Alende*, a obra premiada, unha viaxe á escola dos anos sesenta. Dáse conta tamén que agora faltan as ilustracións, obxecto dun novo concurso.

IIº Premio Internacional de Teatro para Títeres "Barriga Verde"

Convocado polo IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), coa colaboración do festival Galicreques, este certame presentouse en 2003 como o primeiro en España creado especificamente para textos destinados a obras representadas con monicreques. Posúe un carácter internacional, podendo presentarse autores de calquera nacionalidade sempre e cando presenten o traballo traducido ao galego. Divídese en dous apartados, dotados con 3.000 euros cada un: textos dirixidos ao público infantil, por unha banda; e textos escritos para o público adulto, pola outra. As obras, que serán de temática e extensión libres, presentaranse acompañados polo menos de un exemplar na lingua orixinal e cinco en galego, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, en tamaño Din A-4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados. Os textos presentaranse baixo lema, xunta cun sobre pechado no que consten os datos do autor, e remitiranse ao seguinte enderezo: II Premio Internacional Barriga Verde. Instituto Galego das Artes Escénica e Musicais, Pavillón de Galicia, San Lázaro, s7n, 15703, Santiago de Compostela. Nesta segunda edición, o prazo de presentación rematou o 12 de xullo e o ditame do xurado deuse a coñecer no mes de outubro; o xurado, composto por Amado Ricón, Mar Nogueira, Jorge Rey, Inma López Silva e Xosé Cermeño, concedeu o premio na modalidade de nenos a Celia Díaz pola obra *Cataventos e Cía, ou a verdadeira historia de Amanda, a princesa, e Leonardo, o poeta*; o xurado acordou, asemade, outorgar unha mención especial á obra *Canus Digas Narice*. O premio da modalidade de adultos quedou deserto.

Referencias varias:

- S.P., 'Novo premio Barriga Verde para títeres', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 8 abril 2004, p. 53.

Recóllese a convocatoria da segunda edición do certame e sublíñase o seu carácter pioneiro en Galicia, ademais de facerse referencia ás dúas modalidades que distingue. A convocatoria busca homenaxear ao mítico personaxe Barriga Verde, creado polo artista José Silvent. Tamén se fai referencia ás obras premiadas na primeira edición, e recóllese o

labor que este certame, xunto co Álvaro Cunqueiro, está a realizar a prol do teatro en galego.

- J.R., 'Cultura convoca el I Premio Barriga Verde de textos teatrales de títeres', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 8 abril 2004, p. 68.

Infórmase da primeira edición do certame e do seu carácter pioneiro no seu xénero en Galicia, ademais de citárense as dúas modalidades que se distinguirán. A convocatoria, sublíñase, é unha homenaxe "ao mítico personaxe de Barriga Verde", creación do artista José Silvent, precursor do teatro de títeres na nosa comunidade. Este certame viría a complementar ao Álvaro Cunqueiro como máximos representantes do labor pola promoción da escritura dramática en galego. Precisamente na última parte da noticia faise referencia de maneira máis extensa a este último galardón.

- AX., 'O premio Barriga Verde resólvese hoxe', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 outubro 2004, p. 50.

Recóllese a nova da resolución pública, o mesmo día de publicación da noticia, do premio Barriga Verde. A noticia compleméntase cunha serie de datos xerais relativos ao premio (as institucións promotoras do mesmo, o seu ano de creación, os seus obxectivos ou a presenza no acto de resolución, presidíndoo, de Amado Ricón, presidente do Igaem e do xurado).

- MARÉ, 'Celia Díaz faise co premio 'Barriga Verde' para nenos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 outubro 2004, p. 48.

Recóllese a obtención por parte de Celia Díaz do premio, na modalidade de teatro para nenos e cunha obra na que o argumento central son as complicadas relacións amorosas entre un mozo pobre e unha rica princesa. Enuméranse os membros do xurado desta edición do certame e faise un percorrido pola traxectoria da galardoada.

Iº Premio "Meiga Moira" de Literatura Infantil e Xuvenil

Certame convocado por Baía Edicións para premiar aos autores de textos de literatura infantil e xuvenil destinada a un lectorado de entre oito e dezaseis anos. Poden concorrer ao premio todos os autores que o desexen, de calquera nacionalidade, que presenten os orixinais escritos en lingua galega. As obras deberán ser inéditas e non premiadas, sen límite de páxinas, escritas en letra Times corpo 12 e a dobre espazo. O orixinal e mais cinco copias presentaranse antes do 15 de xuño en Baía Edicións, Polígono Pocomaco, 2º Avda. Parcela G-18, Nave Posterior, 15190 A Coruña. Con cada orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, xuntarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo, teléfono e correo electrónico do autor, así como o título da obra e grupo de idade ao que vai dirixido (oito a doce anos ou doce a dezaseis). O premio, que poderá quedar deserto, consiste nun

único galardón cunha dotación económica de 2500 € e a publicación da obra na colección 'Meiga Moira' de Baía Edicións. O xurado estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio, unha delas da propia editorial, que actuará como secretaria. Nesta primeira edición, o xurado, que deu a coñecer o seu fallo o 27 de setembro de 2004, concedeu o premio a Xosé García Rodríguez pola obra *O lume dos soños*.

Referencias varias:

- A.N.T., 'Xosé García. 'A cultura de masas non deixa soñar', *A Nosa Terra*, nº 1.144, 'Fin de semana', 30 setembro 2004, p. 33.

Recóllense unha serie de preguntas realizadas ao gañador do premio Meiga Moira, relativas ao recoñecemento da súa traxectoria que este certame supón, á trama da obra premiada e ás súas influencias, ás razóns que decidiron ao autor a embarcarse na literatura infantil ou á que dende o seu punto de vista é a mellor obra para rapaces.

- Margarito Flowers, 'Reconocimientos literarios del Pen Clube y almohadas-novio para 'visitar' a Morfeo', *El Correo Gallego*, 'Gente a la última', 30 setembro 2004, p. 80.

Cóbrese a noticia da obtención do premio polo xornalista Xosé García, así como a traxectoria literaria e laboral deste autor, do que tamén se recollen unhas declaracións relativas ao sentido da súa obra gañadora.

- Eva González, 'Mi novela es de ciencia ficción, con física cuántica', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño/Área Metropolitana', 31 outubro 2004, p. 16.

Comézase cun percorrido polos premios obtidos pola autora, subliñándose o seu activo labor literario. Así mesmo, na introducción tamén se recolle o seu posto como finalista no "Meiga Moira". A continuación, preséntanse unha serie de preguntas formuladas á galardoada, centradas na obra premiada e na súa protagonista, na base da que partiu a idea da novela ou nos proxectos actuais e a curto prazo da entrevistada.

- Almudena González, 'Conchi Regueiro, finalista con 'Un marciano en este mundo' del 'Meiga Moira', *El Progreso*, 'Cultura', 23 decembro 2004, p. 90.

Sinálase que a novela de Conchi Regueiro, *Un marciano en este mundo*, quedou finalista no primeiro Premio de Literatura Xuvenil e Infantil Meiga Moira, que convoca Baía Edicións. Así mesmo, apúntase que a obra gañadora desta edición foi *O lume dos soños*, de Xosé García Rodríguez, que se presentou baixo o pseudónimo de "Cibrán Ulloa". Achégase a trama argumental deste conto escrito para nenos a partir de oito anos e coméntase que Baía Edicións vai publicar en breve *Alba de Vilalba*, unha obra presentada ao certame e que non se axustaba ás súas bases, pero que convenceu á editora.

Premio "Lazarillo" de Creación Literaria

Este galardón, o máis antigo na literatura infantil e xuvenil española, foi convocado polo INLE (Instituto Nacional do Libro Español) no ano 1958 co fin de estimular a literatura para a infancia e xuventude a través da produción de bos libros infantís e xuvenís. Desde o ano 1986 convócao a OEPLI, anualmente, co patrocinio do Ministerio de Educación e Cultura. Nun principio, tiña tres modalidades: Creación Literaria, Ilustración e Labor Editorial. Esta última, de carácter honorífico, quedou deserta a partir de 1971 e deixouse de convocar en 1975. O premio sufriu sucesivas modificacións, entre elas: o incremento das dotacións económicas e a posibilidade de presentar orixinais en calquera das linguas oficiais do Estado. Na convocatoria de creación literaria, dende 1997, contémplanse dúas categorías que van alternando cada ano, unha infantil (obras destinadas a un lectorado menor de 12 anos) e outra xuvenil (obras destinadas a un lectorado maior de 12 anos). Na actualidade, a dotación ascende a 7.600 euros para a obra gañadora e 2.000 para aquela merecedora dun accésit. Os textos que opten ao premio (que poden comprender unha ou varias obras) terán un mínimo de oitenta e un máximo de cento vinte e cinco páxinas (de dous mil cen caracteres cada unha), no caso de narrativa e teatro, e un máximo de douscentos cincuenta versos para obras de poesía. Unha mesma obra poderá optar ao Premio Lazarillo de creación Literaria e ao de ilustración. O xurado estará presidido pola Presidenta da Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil; serán vocais un representante de cada unha das seccións da OEPLI e un representante do Ministerio de Cultura; e actuará como secretaria, con voz e sen voto, a secretaria da OEPLI. As personas que concursen remitirán á Secretaría da OEPLI (Santiago Rusiñol, 8, 28040 Madrid) tres exemplares de cada unha das obras coas que desexen concorrer. Os orixinais deberán presentarse baixo lema, xunto cun sobre pechado co lema identificador e o título. O fallo do xurado farase público durante a celebración da Semana do Libro Infantil e Juvenil, no mes de decembro de 2004. Nesta edición, que premiaba obras destinadas a un lectorado infantil, o gañador foi Xosé Neira Cruz, pola obra *A noite da raíña Berenguela*.

Referencias varias:

- S.J., 'Xosé Antonio Neira Cruz gaña cunha peza de teatro o 'Lazarillo', *El Progreso*, 'Cultura y Comunicación', 1 decembro 2004, p. 87.

Recóllese a noticia do outorgamento do premio Lazarillo a Xosé Antonio Neira Cruz e sinálase a obra teatral coa que obtivo o galardón, cunhas declaracións do propio autor nas que subliña que é a primeira vez que o Lazarillo se outorga a unha peza dramática. Na última parte da noticia resúmese o argumento do libro vencedor.

- MARÉ, 'As letras infantís son galegas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 decembro 2004, p. 50.

Recóllese o outorgamento do Premio Lazarillo ao escritor Xosé Antonio Neira Cruz e a importancia que dita entrega ten para a literatura infantil galega, que xa obtivo galardóns neste certame en pasadas edicións. Tamén se subliña o peso que no conxunto das obras

presentadas tivo a lingua galega, recóllense os obxectivos do premio, a súa creación por parte do Instituto Nacional del Libro Español ou os membros do xurado que decidiron declarar vencedor a Neira Cruz. A noticia complétase cun despece no que se refire a intensa traxectoria literaria do autor e os numerosos premios que ao longo desta colleitou.

Vº Premio de Literatura Infantil e Xuvenil "Lecturas"

GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) convoca este premio co propósito de estimular a lectura e a imaxinación entre a infancia e a adolescencia e apoiar as actividades de animación á lectura que se realizan nas bibliotecas galegas. As bibliotecas, por medio dos seus mozos lectores e lectoras, deberán seleccionar entre a produción do ano anterior dez volumes pertencentes a calquera destes xéneros: narrativa, poesía, teatro e cómic. Con respecto á primeira edición introducíronse dous cambios importantes: a primeira é que nos dez volumes escollidos deberán contemplarse catro grupos de idade (até sete anos, de oito a dez anos, de once a catorce e a partir dos catorce anos) e non tres, de xeito que haxa polo menos dous títulos para cada tramo, e a segunda é a creación dun premio para a ilustración. Os bibliotecarios darán a cada grupo de lectores a produción do ano 2003 para que elixa dez títulos e os lectores daranlle a cada libro unha puntuación entre cero e dez puntos. A biblioteca enviaralle a GÁLIX a listaxe de libros elixidos coa súa puntuación. Os títulos que acaden máis puntuación en cada grupo de idade serán os gañadores. O ditame do premio darase a coñecer nun acto público que se celebrará no mes de xuño no marco da Feira do Libro de Santiago. Os gañadores recibirán como distinción unha placa conmemorativa e, entre as bibliotecas e os lectores que formen parte dos xurados, sortearanse lotes de libros cedidos por editoriais galegas. Nesta edición a gañadora na modalidade ata 7 anos foi Eva Mejuto pola adaptación de *A casa da mosca chosca*; na modalidade de 8 a 10 anos foi Paula Carballeira por *Correo urxente;* na modalidade de 11 a 13 anos foi Xabier P. Docampo por *A casa da luz* e na modalidade a partir de 14 anos o gañador foi Suso de Toro por *Servicio de urxencias*. Na modalidade de libro mellor ilustrado resultou gañador Manuel Uhía por *A pantasma da torre.*

Referencias varias:

- C. Iglesias, 'Libros de hasta quince mil euros', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 1 maio 2004, p. 31.

A referencia ao premio de literatura infantil e xuvenil Gálix redúcese neste caso a unha breve mención enmarcada dentro dunha noticia moito máis ampla sobre a Feira do Libro de Santiago de Compostela. Sinálase que a entrega do galardón se celebrará na propia Feira o día seguinte á publicación da noticia e que os lectores son os que, elixindo o seu libro preferido de entre os publicados o pasado ano, determinarán o gañador do certame.

Vº Premio de Literatura Infantil e Xuvenil "Raíña Lupa"

Convocado dende 1998 pola Deputación da Coruña, ten unha dotación de 6.050 €, ademais da edición da obra gañadora a través do Servizo Provincial de Publicacións ou doutra editorial. Segundo as bases, ao premio poderán presentarse autores de calquera nacionalidade con obras en galego, con estrutura literaria de conto ou narración breve, orientadas ao mundo infantil, inéditos e non premiados con anterioridade. A extensión será libre e poderanse incluír ilustracións que fagan alusión ao argumento. Os orixinais deberán presentarse por duplicado, en tamaño DIN-A-4, por unha soa cara, numerados e grampados ou encadernados. Presentaranse baixo título e un lema, achegados de plica na que se fará constar o título e o lema no seu exterior e no seu interior os datos persoais do autor. A entrega de orixinais debe facerse na Deputación Coruñesa (Avenida Alférez Provisional, s/n. A Coruña), indicando no sobre "Premio de Literatura infantil Raíña Lupa". Nesta quinta edición, xa que non se convocou nos anos 2001 e 2003, o prazo de admisión de orixinais concluíu o 15 de xullo e o xurado, que estivo formado por Mª Xesús Fernández Fernández, X. Antón Neira Cruz, Irene Pena Murias, Ánxeles Roca López, Manuel Rodríguez López e Celestino Poza, de entre as cincuenta e catro obras participantes, premiou a Breogán Riveiro por *Tonecho de Rebordechao*.

Referencias varias:

- Albino Mallo, 'De abril a agosto', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 marzo 2004, p. 50.

A mención do Raíña Lupa inscríbese nesta noticia dentro dunha referencia, máis ampla, aos diferentes certames literarios convocados pola deputación da Coruña. Así, sinálanse tamén o de ensaio Manuel Murguía e o de poesía González Garcés. A principal referencia ao Raíña Lupa vén dada polo feito de que se sinala o prazo de presentación das obras que desexen concorrer ao certame e a data de resolución do mesmo.

- Albino Mallo, 'Breogán Riveiro, Raíña Lupa de Literatura Infantil', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 30 outubro 2004, p. 75.

Recóllense unhas declaracións do gañador nas que salienta o peso da tradición oral na obra premiada, sinálase a súa vinculación co audiovisual, os premios literarios que obtivo e a súa consideración de que a literatura infantil en galego posúe unha gran calidade, ademais de subliñar a maior liberdade que caracteriza a este tipo de literatura con respecto á dirixida ao público adulto. Tras as referencias ao gañador, apúntanse os nomes dos presentes no acto de lectura do fallo e dos membros do xurado, e recóllense unhas declaracións de Xavier P. Docampo e Xosé Antonio Neira Cruz, coordinador do certame e xurado do mesmo, respectivamente, ademais dunha alusión á convocatoria verbal da próxima edición do concurso por parte do titular da deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda. Finalmente, faise unha breve mención da presentación das edicións dos libros galardoados noutro certame literario, o de poesía González Garcés 2004.

- E.M., 'Breogán Riveiro gana el premio Raíña Lupa con una novela infantil sobre la libertad', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 30 outubro 2004, p. 46.

Sinálanse o gañador e finalista do certame e recóllense unhas declaracións de Xosé Antonio Neira Cruz, membro do xurado, sobre a obra premiada. Tamén se mencionan outros premios literarios obtidos anteriormente polo gañador do Raíña Lupa. Así mesmo, faise referencia á alta calidade das obras que concorreron a este certame. A noticia remata cunha alusión á entrega, o mesmo día da resolución do Raíña Lupa, do XII premio de poesía Miguel González Garcés.

- Albino Mallo, 'Breogán Riveiro gaña o premio Raíña Lupa', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 outubro 2004, p. 52.

Ao comezo do artigo recóllense unhas declaracións do gañador do Raíña Lupa, nas que expón a idea de que todo o que se escribe se basea na tradición oral. A continuación, faise referencia ás diferentes dedicacións laborais de Riveiro, para rematar cunha alusión á presentación das edicións dos libros galardoados noutro certame literario, neste caso o de poesía González Garcés.

- Isabel Mariño, 'Breogán Riveiro Vázquez. 'Para min, o cumio da literatura infantil é 'O principiño', sen dúbida ningunha', *La Opinión*, 'Cultura', 30 outubro 2004, p. 54.

Tras un parágrafo inicial no que se mencionan o gañador e o finalista do certame, reúnense unha serie de preguntas feitas ao primeiro, Breogán Riveiro. As cuestións céntranse nos valores que o xurado resaltou do libro ou na motivación que, segundo o autor, os propios fillos supoñen á hora de escribir. Riveiro tamén sinala que *O Principiño* é, dende o seu punto de vista, a obra máis salientábel da literatura infantil de todos os tempos. A entrevista remata cunha reflexión do premiado sobre a necesidade da literatura infantil de tratar aos nenos como persoas intelixentes.

Vº Premio SGAE de Teatro Infantil e Xuvenil

Certame que anualmente convoca a Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) co propósito de impulsar e apoiar a creación de novos textos dramáticos que contribúan ao enriquecemento do panorama teatral. O premio consta de 6.000 €, un trofeo e a publicación da obra na colección Serie de Teatro Infantil e Xuvenil Sopa de Libros da SGAE, que a entidade edita en colaboración co grupo Anaya; a el poden presentarse todos os autores socios da SGAE con obras orixinais e inéditas, non estreadas nin premiadas en ningún outro concurso. Os textos presentaranse mecanografados a unha soa cara e dobre espazo en Din A-4, baixo lema, e remitiranse por duplicado, e a través de correo certificado, a Iberautor (Bárbara de Braganza, 7-Madrid) ou entregaranse na Delegación Xeral da SGAE en Galicia (Federico Tapia, 13, 1º esq, 15005 A Coruña), antes do 30 de setembro.

XIIº Premio "EDEBÉ" de literatura infantil e xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas en castelán ou en calquera das linguas do Estado. Son dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas a lectores de entre sete e doce anos, dotada con 25.000 €, e a xuvenil, para obras dirixidas a lectores de máis de 12 anos, dotada con 30.000 €. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de vinte páxinas e un máximo de oitenta para a modalidade infantil, e de oitenta a duascentas para a xuvenil. Teñen que presentarse mecanografados a dobre espazo e enviarse por triplicado, baixo plica, antes do quince de setembro á Editorial EDEBÉ (Paseo San Juan Bosco, 62, 08017 Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado estará formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición darase a coñecer no momento da realización do ditame do premio, fixado para finais de xaneiro. A obra premiada publícase primeiro na lingua orixinal e logo tradúcese ás outras linguas do estado. Nesta edición á que se presentaron cento oitenta e unha obras en castelán, corenta e nove en catalán, doce en galego e oito en éuscaro, non se premiou ningunha obra en galego. Os gañadores das dúas modalidades son catalán e madrileña, respectivamente: Pau Joan Hernández con *Tripulació del Pánic* na modalidade de literatura xuvenil e Paloma Bordóns con *Mi abuelo el Presunto* na de literatura infantil.

Referencias varias:

- J.O., 'Doce obras galegas aspiran ó 'Edebé', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 27 xaneiro 2004, p. 50.

Recóllese a noticia de que doce orixinais en lingua galega concorren á XII edición dos premios Edebé de Literatura Infantil e Xuvenil, que se ía decidir o día seguinte da publicación da noticia. Sublíñase o prestixio que estes galardóns foron adquirindo co paso do tempo e menciónanse algúns dos escritores premiados noutras edicións, ademais de facerse referencia ás obras presentadas, por idiomas e por países, e á contía dos premios. Na última parte da noticia indícase a próxima publicación das dúas obras gañadoras nas catro linguas oficiais do Estado e en braille e danse os nomes dos vencedores na pasada edición dos premios.

- C.P., 'Una madrileña y un catalán ganan el premio Edebé de literatura infantil y juvenil', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 29 xaneiro 2004, p. 43.

Recóllense moi brevemente os gañadores do certame, as obras premiadas, a falla de galardóns para os autores galegos, os premiados da nosa comunidade en edicións anteriores, a publicación das obras gañadoras e a dotación do premio nas súas dúas modalidades: novela xuvenil e obra infantil.

- C.G.B., 'La novela juvenil gallega es la más potente de Europa', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 4 xuño 2004, p. 86.

Faise referencia á presentación da edición en galego do libro gañador do Edebé e á historia que neste se narra. A continuación, reúnense unha serie de preguntas feitas ao vencedor,

Pau Joan Hernández. Ditas cuestións céntranse na situación da literatura infantil e xuvenil galega, na do propio idioma galego, no que os adolescentes procuran na literatura ou na razón pola que el mesmo considera que gañou o premio.

XXIº Premio "Merlín" de literatura infantil

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Está dotado con 7.500 euros e poden participar todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal presentaranse seis copias en papel tamaño folio ou holandesa, mecanografados a dobre espazo, nos locais da editora (Dr. Marañón 12, 36211 Vigo). Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, acompañarase, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre para o Premio "Merlín". O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia pero, dende 1988, está constituído por cinco membros, escolleitos, para cada edición, entre lectores, algúns recoñecidos profesionais da cultura e un secretario con voz e sen voto nomeado pola editorial. Por outra parte, Edicións Xerais de Galicia, que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres de pago de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. Así mesmo, Edicións Xerais de Galicia resérvase durante o prazo de seis meses, a contar dende o día do outorgamento do premio, a opción de publicar calquera das obras presentadas ao mesmo, subscribindo a tal efecto cos autores os correspondentes contratos de edición. Na convocatoria deste ano o prazo para a entrega de orixinais rematou o 12 de abril e o xurado estivo composto polos alumnos do instituto Mendiño de Redondela, Victoria Amoedo Pérez e Fabián Barreiro Bouzón, a profesora de lingua francesa do mesmo centro, Raquel Villanueva Rozados, o ilustrador Pepe Carreiro, o escritor Agustín Fernández Paz e Helena Pérez Fernández, que foi a secretaria. Das trinta e cinco obras presentadas, resultou gañadora *O Brindo de ouro. I. A chamada do Brindo,* de Xesús Manuel Marcos. O acto de entrega tivo lugar o día 12 de xuño, en Vigo, coincidindo co ditame doutros dous premios convocados pola editorial: o "Xerais" de novela, que recaeu en *O exiliado e a primavera*, de Manuel Veiga, e o "Xerais á cooperación editorial", que lle foi outorgado a cinco persoas dedicadas á crítica literaria: Francisco Martínez Bouzas, Armando Requeixo, Xosé Manuel Eiré, María Xesús Fernández Fernández e Ramón Nicolás.

Referencias varias:

- Alberto Quian, 'Xerais traslada a entrega dos seus premios de San Simón a Vigo pola traxedia de 'O Bahía', *Faro de Vigo*, 'Sociedad y Cultura', 8 xuño 2004, p. 44.

Despois de referirse ás especiais circunstancias que motivaron o cambio de lugar de entrega dos premios Xerais e Merlín, enuméranse os lemas cos que concorreron os dous premiados.

Sinálase que os nomes dos gañadores se darán a coñecer o sábado seguinte nun acto no que tamén se fallará o Premio Xerais de cooperación no labor editorial.

- Camilo Franco, 'Manuel Veiga gaña o Xerais cunha novela sobre o retorno do exilio', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 13 xuño 2004, p. 57.

Recóllense os gañadores dos premios Xerais e Merlín, cos títulos, argumentos e elementos máis sobranceiros que o xurado destacou nas obras premiadas. Tamén se fai referencia ao cambio de data e de sé dos premios pola traxedia do barco O Bahía. A noticia complétase con dúas entrevistas nas que os dous gañadores responden a unha serie de cuestións maioritariamente centradas nas obras coas que obtiveron os citados premios.

- MARÉ, 'Esa parte que nos falta', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 xuño 2004, p. 63.

Recóllense as obras e autores galardoados nos premios Merlín e Xerais e a recuperación da memoria dos emigrados e exiliados na premiada co Xerais, da autoría de Manuel Veiga. Do argumento desta obra dáse ademais cumprida conta. A continuación, repítese o mesmo esquema coa gañadora do Merlín: resumo do argumento e elemento fundamental que dela destacou o xurado.

- César Lorenzo Gil, 'Xesús Manuel Marcos. 'Hai editores que non saben vender os seus libros', *A Nosa Terra*, nº 1.147, 'Cultura', 21 outubro 2004, p. 29.

Reúnense as preguntas dunha entrevista realizada ao gañador do Premio Merlín 2004. As cuestións refírense por unha banda a certos elementos da obra vencedora, como a súa viveza léxica, o feito de que se centre nun tema fantástico ou as referencias históricas que nela aparecen recollidas; por outra banda, as preguntas aluden ás consideracións que ao entrevistado lle merecen certos aspectos da nosa literatura: a súa valoración sobre a literatura de xénero, o descenso no número de lectores en galego na franxa infantil e xuvenil, a calidade da literatura infantil en galego, etc. Finalmente, na última parte da entrevista alúdese a distintos aspectos da producción literaria xeral do autor, como o uso do noso idioma en todas as súas obras ou a teima constante pola decadencia do mundo rural que caracteriza as súas novelas.

X.9. PREMIOS ESCOLARES E XUVENÍS

Certame artístico 'Lucus Augusti'

Certame convocado pola concellaría de xuventude de Lugo, no que se establecen catro modalidades diferentes: pintura, fotografía, poesía e relato; o concurso, de temática libre, está dirixido a mozos de entre trece e trinta anos; o primeiro premio de cada categoría está

dotado con 500 euros, agás o da modalidade de pintura, que recibirá 600 euros. Nesta edición presentáronse un total de sesenta e oito traballos, distribuídos do seguinte xeito: oito na modalidade de pintura, vinte e catro na de fotografía, dezasete na de poesía e dezanove na de relato.

Certame de Contos da Feira do Libro da Coruña

Certame que convoca a agrupación de libreiros da Feira do Libro da Coruña, na que se estabelecen diferentes categorías en función da idade dos participantes. Os gañadores desta edición son Alberto Escobar, Lúa Vargas e Lúa Ramos, na categoría de dez a once anos; Iria Vázquez, Amparo Cañás e Clara Presedo, na categoría de oito a nove anos; Andrea Ramos, Álvaro Escobar e Joslyn Ulloa, na categoría de seis e sete anos; e Carmen Gómez, Ricardo Vilariño e Irene Torres, na categoría dos máis pequenos.

Certame de Narracións Breves, Debuxo e Pintura 'Ave-Gondo'

Certame que o concello de Abegondo organiza cada ano con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, co que se pretende promover a lingua e a literatura galega. Neste ano déronse a coñecer os gañadores da convocatoria de 2003 e o concello editou un volume que recolle todos os traballos premiados.

Referencias varias:

- S.A., 'Un libro reúne los trabajos premiados en el certamen Ave-Gondo', *La Opinión*, 'Cambre', 21 maio 2004, p. 14.

Dá conta da presentación da primeira publicación compilatoria das obras gañadoras do Certame de Narración Breve, Debuxo e Pintura "Ave-Gondo" 2003. O Concello editou un total de dúas mil copias que serán distribuídas entre os veciños co fin de que a publicación sirva como ferramenta de achegamento a lectura.

Certame de Teatro Infantil e Xuvenil 'Atenea'

Convócao o Ateneo Ferrolán e a entidade Caixanova co obxectivo de promover o interese ou afección pola representación escénica. Os participantes poderán provir de todo tipo de grupos non profesionais de entidades veciñais, colexios públicos ou privados, sociedades culturais, etc. da comarca de Ferrolterra. As categorías que presentaba o certame na súa primeira edición eran tres: A) grupos de até doce anos, equivalente a Primaria en actividade escolar; B) grupos de até dezaoito anos, equivalente a Secundaria; e C) centros de Educación Especial. Na segunda edición engadíronse dúas máis: grupos de tres a cinco anos (Infantil) e grupos de seis a once anos. Cada unha destas compañías só poderá presentar unha obra ao certame e esta non deberá exceder os setenta e cinco minutos de duración. Os interesados en participar deberán enviar as súas solicitudes ao Ateneo

Ferrolán (R/ Magdalena, 202. Apartado 303, 15042, Ferrol) indicando o nome do colexio, entidade ou persoa responsábel cos datos referidos á compañía e á obra presentada. O prazo de presentación de solicitudes remata o 21 de xaneiro de 2005 e entre os meses de marzo, abril e maio deberán representarse as obras das que o xurado elixirá tres na categoría A e B, e unha na C. Todas as compañías seleccionadas actuarán na fase final do certame, que coincidirá coa semana das Letras Galegas. Ademais todas as compañías recibirán unha figura representativa e un diploma, e os finalistas 250 euros para a adquisición de material encamiñado á formación nas artes escénicas. O xurado estará composto por persoas elixidas polo Ateneo e Caixanova en función da súa relevancia dentro do mundo do ensino e da cultura de Ferrol. No 2004 coñecéronse os gañadores da segunda edición deste certame, que foron: o CEE Carmen Polo, coa obra 'Las tres Reinas Magas', na categoría especial; a Compañía de María, coa obra 'Canción de Navidad' e o centro Mandías, coa obra 'Xa veñen os Reis', na categoría de educación primaria; e o IES Carvalho Calero, coa obra 'Morde-me', e Os amigos de Valdoviño, coas obras 'Mal de moitos' e 'Trato a cegas', na categoría de educación secundaria. A entrega destes premios tivo lugar o día 8 de xuño, no Ateneo, e os grupos galardoados actuaron os días 1, 2 e 3 de xuño no Centro Cultural Carvalho Calero.

Referencias varias:

- Atenea, 'II Certame de Teatro Infantil e Xuvenil 'Atenea 2004"', *Atenea*, nº 15, 'Breves', 2004, p. 39.

Infórmase de que empeza a primeira fase da final deste certame, cuxas funcións se representarán entre o 15 de abril e o 15 de maio coa presenza do xurado para realizar a valoración e a selección final. Indícase que diferentes colexios e entidades de Ferrolterra participan neste certame, que grazas á colaboración e patrocinio de Caixanova se está a consolidar no seu segundo ano de convocatoria.

Certame Literario Xuvenil 'Entre Lusco e Fusco'

Certame organizado pola asociación cultural vilalbesa Entre Lusco e Fusco, co patrocinio do Concello de Vilalba, no que se establecen catro categorías distintas, segundo a idade dos participantes e o xénero dos traballos; cada unha destas categorías reciben un nome distintivo. De seguido damos conta dos gañadores de cada unha delas:
Premio Manuel Mato Vizoso: Sandra Loureiro, por *Falsa felicidade*.
Premio Xosé María Chao Rego: Rocío Airado, por *Non voltará, xa non*.
PremioXosé Lois García Mato: Ana Cristina Rancaño, por *Historia dun vello carballo*.
Premio Antonio García Hermida: Martiño Barro Guntín, por *Galiza*.
Premio Carmina Prieto Rouco: Raquel Prieto, por *Unha tarde no parque*.
Premio Xaquín Lorenzo Fernández: Miriam González, por *A lingua galega*.

Referencias varias:

- M.C., 'El festival das Letras Galegas está dedicado hoy a los poetas locales', *El Progreso*, 'Terra Chá/Meira', 23 maio 2004, p. 29.

Dá noticia da entrega dos premios correspondentes ao Certame literario xuvenil das Letras Galegas 2004, organizado pola asociación Lusco e Fusco da capital chairega, e dá conta do nome e traballos dos premiados.

Certame 'Os contos que contan'

Convocado polo Concello de Barro para celebrar o Día das Letras Galegas; está destinado aos escolares e estabelécense cinco categorías: A, para estudantes do primeiro ciclo de primaria; B, para estudantes do segundo ciclo de primaria; C, para estudantes de terceiro ciclo de primaria; D, para estudantes de ESO; e E, para participantes de dezasete a trinta anos. Nesta edición, na que participaron cento nove escolares, resultaron gañadores Irene Mosteiro Rey (categoría A), Eva Gómez Outeda (categoría B), Áurea Rivas Landín (categoría C), David González Alba (categoría D) e Marta Dolores García (categoría E).

Referencias varias:

- A.P., 'O certame 'Os contos que contan', de Barro, deixou un ronsel de premiados', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 23 maio 2004, p. 77.

Indícase que dentro dos actos do Día das Letras Galegas o concello de Barro fixo entrega dos premios do certame literario en galego "Os contos que contan" que anualmente convocan entre os rapaces de todo o municipio.

Certame provincial de poesía Nadal

Certame que convoca a Biblioteca Provincial de Lugo, en colaboración coa Xunta de Galicia e a Deputación Provincial lucense para premiar os poemas dos escolares galegos sobre o Nadal. Os participantes deben presentar os seus traballos nas bibliotecas dos seus municipios, onde se fará unha primeira selección e se premiarán os poemas que pasarán á final provincial. Neste ano, deuse a coñecer o nome dos escolares gañadores da edición Nadal 2003 e fíxose pública a convocatoria do Nadal 2004, que se resolverá o vindeiro ano.

Referencias varias:

- Marta Becerra, 'Pequeños poetas navideños', *El Progreso*, 'El despertador', 20 xaneiro 2004, p. 10.

Dáse a coñecer o nome dos diferentes gañadores nas distintas categorías do certame de poesía infantil "Nadal 2003", organizado pola biblioteca provincial.

- M.C., 'La biblioteca acogió la entrega de premios de un certamen poético', *El Progreso*,

'Terra Chá', 1 febreiro 2004, p. 14.

Infórmase do acto de entrega dos premios do certame poético "Nadal 2003", que tivo lugar na biblioteca de Xermade. Dá conta dos gañadores e en que consistían os premios.

Concurso de Contos 2004 do 'Ateneo Santa Cecilia de Marín'

O Ateneo Santa Cecilia en colaboración coa Federación Provincial de Comercio organiza este certame dirixido a todos os escolares de Marín e arredores, que cursen estudios de primaria, ESO, BUP e FP. Haberá seis categorías: A) 1º e 2º de Primaria, B) 3º e 4º de Primaria, C) 5º e 6º de Primaria, D) 1º e 2º de ESO, E)3º e 4º de ESO, BUP e FP e F) Educación Especial. Todos os participantes deben cubrir a ficha de inscrición que figura nas bases e que deberá acompañar o traballo presentado. Os relatos non poderán ter unha extensión superior aos tres folios DIN A-4 escritos por unha soa cara. Os membros do xurado serán elixidos pola Xunta Directiva e os premios consisten en libros e material escolar. A presentación dos traballos pódese facer dende o 1 ata o 31 de marzo no local do Ateneo e a entrega dos premios farase o 23 de abril. No 2004, os gañadores na categoría A foron Anxo Martínez Budiño, Breixo Domínguez González e Miguel Couso Martínez. Na categoría B, Rafael Cerviño Pintos, Martín Area Gómez e Paula Lema Villanueva. Na categoría C, Juan Lema Villanueva, Rocío Sanmartín Chapela e Rosi Neira Dopazo. Na categoría D, Daniel Abal Freire, Carla Area Pesqueira e Fátima Ferreiro García. Na categoría E, Alba Aguete Cajiao, Daniel García Souto e Marta Viñas Pesqueira. E por último, na categoría F, Liana Martínez Acuña.

Referencias varias:

- A. Agulla, 'Entrega de premios en el Ateneo de Marín', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 23 abril 2004, p. 84.

Informa da publicación do listado de gañadores do "Concurso de Contos 2004". Os premios serán entregados coincidindo co Día do Libro. A organización do certame salienta a gran cantidade de traballos presentados e a magnifica calidade de moitos deles.

- A. Agulla, 'Marín premia a jóvenes escritores', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 24 abril 2004, p. 84.

Dáse a coñecer o nome dos diferentes gañadores das seis categorías do "Concurso de Contos", organizado polo Ateneo Santa Cecilia.

Concurso de Contos do 'Liceo Casino de Marín'

Certame que convoca o Liceo Casino de Marín para celebrar o Día das Letras Galegas, no

que se estabelecen tres categorías en función da idade dos escolares. Nesta edición os galardóns entregáronse o día 4 de xuño e os premiados foron: Álex Regueira Parada, Paula Piñeiro Guimeráns, Sonia Piñeiro Collazo, Anxo Martínez Budiño, Abraham Vázquez García, Alba Quintairos Soliño, Carolina Álvarez Escudero, Carla López Santiago, Ana Recamán Moledo, María Domínguez Graña, Cristina Rodríguez Pumar e Diego Loira Reboiras.

Concurso de Teatro de Nadal

Certame que convoca a Asociación Xestal e o Centro Comercial Compostela, no que poden participar os centros escolares con representacións teatrais e no que se estabelecen varios premios para cada unha das modalidades, que se distinguen atendendo á idade dos alumnos participantes. Nesta edición, os premios entregáronse no transcurso dun acto que tivo lugar o día 28 de decembro no complexo do Paxonal; na categoría infantil resultaron galardoados os escolares de Nosa Señora de los Remedios (Santiago), Colexio Nantes (Sanxenxo), Asociación Beiramar (Vigo) e Asociación Ronsel (A Coruña), mentres que na categoría xuvenil se premiou as representacións dos alumnos do Colexio Nantes (Sanxenxo), a Asociación Aboal (Vigo), Asociación Abrente (Vilagarcía) e os Remedios (Santiago).

Referencias varias:

- Ana Iglesias, 'Gran éxito del Certamen de Teatro Navideño de Xestal', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 29 decembro 2004, p. 28.

Dá conta da entrega aos gañadores do "Concurso de Teatro Navideño" organizado pola Asociación Xestal e o Centro Comercial Compostela. Na categoría infantil e xuvenil os gañadores foron respectivamente os alumnos de Nuestra Señora de los Remedios de Santiago e os escolares do Colexio Nantes de Sanxenxo.

Concurso Día das Letras Galegas do Concello de Bergondo

Concurso de varias modalidades e categorías que o Concello de Bergondo organiza para celebrar o Día das Letras Galegas. Estabelécense catro modalidades, en función da idade dos participantes. Os nenos de entre catro e sete anos deben presentar un conto cunha extensión dunha folla DIN A-4, que pode levar un debuxo e que debe estar ambientado nun lugar do municipio; os nenos de entre oito e doce anos teñen que presentar un traballo cunha extensión máxima de dúas follas, como narración ou cómic, sobre a cultura popular e os estudos de Xocas; os rapaces de entre trece e dezaseis anos deben presentar narracións ou poemas, cunha extensión máxima de tres follas, sobre Xaquín Lorenzo Xocas; e o maiores de dezasete anos, que tratarán o mesmo tema que os anteriores, terán a extensión limitada a cinco follas. O prazo para presentar os traballos rematou o 3 de maio na Casa da Cultura de Bergondo e os premios, un por cada modalidade, entregáronse o día 17 de maio.

Concurso 'Emilia Estévez Villaverde'

Organizado polo patronato do Museo de Pontevedra está dirixido aos estudantes dos centros escolares que, pertencendo a calquera centro de ensino primario ou secundario desta provincia, elaborasen unha obra de tema libre en lingua castelá ou galega. No apartado destinado a Ensinanza Primaria e na modalidade de narrativa, obtiveron o primeiro premio os contos seguintes: no primeiro ciclo, "Unha viaxe en globo", da autoría de Sara Piñeiro Tenorio, alumna de 2º do C.E.I.P. "Carballal" de Marín; "Os 100 camiños do cometa", de Alba Quintairos Soliño, de 4º curso do mesmo colexio "Carballal", e "Florecilla. A flor que non podía crecer", de María Milagros Cordo Mariño, de 5º curso do C.E.P. de Riomaior - Vilaboa. Foi concedido un premio especial ao C.E.I.P. de Ponte Sampaio - Pontevedra polo conxunto de contos realizado por alumnos del centro baixo o título xenérico "As 400 primaveras de Don Quijote de la Mancha" baixo a supervisión da profesora Sara García Fernández e outro ó C.E.I.P. "Ramón Cabanillas" do Castiñeiriño - Santiago de Compostela, tamén polo número de narracións presentadas baixo a dirección da profesora María Dolores Domínguez. Na modalidade de poesía foron premiadas as seguintes composicións: no primeiro ciclo, obtivo o primeiro premio "A bolboreta", de Alfonso Lorenzo Fernández, de 1º do C.E.I.P. Sobrada, de Torrón - Tomiño, e sendos accésits "A Costureira", de Lidia Meis Casal, e "O policía", de Alejandro Prego Cardalda, ambos os dous do Colexio Público de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa; no segundo ciclo, "As estacións", de Lucía Chantrero Poceiro, de 3º, do C.E.I.P. de Santo André de Xeve - Pontevedra, e no terceiro ciclo "Terra de Breogán", de Alberto Escobar Pintos, de 5º do C.E.I.P. Campolongo de Pontevedra. No apartado destinado a alumnos de E.S.O., o primeiro premio recaeu no traballo "Miguel de Cervantes", da autoría de Lorena Fernández Franco, de 2º curso do C.P.I. "Manuel Padín Truiteiro" de Arcade - Soutomaior, obtendo un accésit o presentado sobre "El Quijote" por Edén García Veiga, de 1º do I.E.S. "Sofía Casanova" de Ferrol. O xurado, en recoñecemento ao elevado número de traballos realizados baixo a dirección da profesora Estela Martínez Moldes, concedeulle un premio especial ó C.P.I. "Manuel Padín Truiteiro" de Arcade.

Concurso 'Entre nós, en galego'

Conxunto de certames organizado pola Consellaría de Educación, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística. Está dirixido ao conxunto da comunidade escolar non universitaria cos obxectivos declarados de que: a) a sociedade valore o feito de posuír unha lingua propia como riqueza cultural, b) contribuír a prestixiar a lingua galega, e c) impulsar o uso da lingua galega nas nosas comunidades escolares. Para conseguilo organízanse os certames de cartel e lema, relato curto, poesía, recitado de poemas, contacontos, xogo 'o Preguntoiro', teatro, música e revistas escolares; dispostos en distintos ámbitos e fases que cheguen dunha vez ao maior número de público obxectivo posíbel. As bases do premio de relato curto dispoñen que puideron participar nel todos os alumnos de educación secundaria dos centros públicos, privados e mesmo da Galicia exterior que elaborasen, en galego normativo e nunha extensión mínima de 4 folios e máxima de 10, unha narración de tema libre e acompañada, se se desexase, de ilustracións. Os alumnos enviaron os traballos ao equipo de normalización de cadanseu centro, que foi o responsábel de seleccionar os traballos que pasaron á seguinte fase, provincial. Os traballos gañadores na fase provincial,

igualmente, pasaron á derradeira fase, autonómica. Para este proceso estabeleceuse o calendario polo cal, dende que se convocara o premio en decembro de 2003, o 7 de marzo era o derradeiro día para que os centros resolvesen o seu nivel, o 14 de marzo rematou o prazo para enviar os traballos gañadores á delegación provincial da Consellaría de Educación que, en abril, resolverá sobre o nome das persoas e traballos que pasarán á fase autonómica, que se resolveu ao longo do mes de maio. Sobre o xurado, a composición deste muda en cada fase. Na primeira fase o xurado estivo composto por polo director do centro ou persoa na que delegase, o xefe de estudos do centro, o xefe do departamento de lingua e literatura, o coordinador do equipo de normalización lingüística do centro (que actuou como secretario) e o secretario do centro (que enviou a acta correspondente). Na fase provincial o xurado integrárono o delegado provincial ou persoa en quen delegase, un inspector, un escritor de recoñecido prestixio e o xefe do Gabinete de Normalización Lingüística (que actuou como secretario). Na fase autonómica compuxérono o director xeral de Política Lingüística ou persoa en quen delegue, o director xeral de Centros ou persoa en quen delegue, un escritor de recoñecido prestixio e o xefe do Servizo de Plans e Programas do Ensino de Lingua Galega (que actuou como secretario). No tocante aos premios, dentro de cada fase estabelecéronse dúas categorías, segundo o alumno pertencese á educación obrigatoria ou á postobrigatoria. Ademais, distínguese entre os premios que recibe o centro educativo no que estuda o alumno e os que recibe o estudante responsábel do traballo premiado. Para os estudantes o premio é o mesmo, pertenzan á fase ou categoría que pertenzan e fosen primeiro, segundo ou terceiro gañador: un diploma acreditativo, unha cerámica conmemorativa e un lote de libros. No tocante aos centros, eles foron os responsables de determinar os premios no seu nivel. No nivel provincial, para cada categoría, estableceuse un primeiro premio de 200 euros e un ordenador persoal, un segundo premio de 150 euros e un equipo de música e un terceiro premio de 100 euros. Na fase autonómica, para cada categoría estabeleceuse un primeiro premio de 300 euros e unha impresora, un segundo premio de 200 euros e un xogo de CD, e un terceiro premio de 150 euros. O concurso de poesía posúe idénticas bases ao concurso de relato curto. O único cambio é que os poemas concursantes deben ter unha extensión mínima de 24 versos. O certame de recitado de poemas estivo dirixido aos centros de educación primaria e secundaria de Galicia e tamén á Galicia exterior. Requiriron a iniciativa do centro na selección previa dun alumno ou unha alumna participante na fase provincial xa que, antes do 1 de abril, enviaron unha vídeo casete coa súa dicción á delegación provincial da Consellaría de Educación. As categorías dos premiados son as destinadas á educación infantil e primaria e á educación secundaria. O calendario especifica que entre o 15 de abril e o 10 de maio se resolverá a fase provincial e, no mesmo mes de maio, a fase autonómica. O xurado, en cada fase, ten idéntica forma aos anteriores. Os premios tamén son idénticos aos do certame de relato curto en cada unha das dúas categorías; se ben estas mudan con respecto a aquel. O certame de contacontos posúe unha bases idénticas ao certame de recitado de poemas. O concurso de teatro ten como público obxectivo os grupos de teatro de calquera centro escolar de infantil, primaria e/ou secundaria, así como da Galicia exterior, que realizaran a representación dunha obra en galego cunha duración mínima de 12 minutos para os grupos de infantil e primaria e de 25 minutos para os grupos de secundaria. De teren máis dun grupo teatral aspirante para cada categoría, os centros deberán facer unha selección previa antes do 1 de abril; data límite para aspirar á fase provincial. Unha vez enviados os traballos a cadansúa delegación provincial, estas resolverán entre o 15 de abril e o 10 de maio. Os gañadores desta fase pasarán á fase

autonómica. A formación do xurado é idéntica a todos os xurados até aquí vistos. Os premios son, tanto para a fase provincial como para a fase autonómica, en ambas as categorías e para os centros, de 700 euros no primeiro premio, 500 no segundo e 400 no terceiro. Con respecto aos premiados na fase final autonómica, no relato curto foron Cristina Bouzas López, de Maceda, con "Clin: unha pinga de auga" e Paloma María Pérez Feijoo, de Vigo, polo relato "A amada inmortal". En poesía, os dous primeiros premios foron para Lorena Calvo López, de Coristanco, con "Ti, máter" e Alicia Fernández Rodríguez, de Monforte, con "Espireite coas sete vocais moi despacio". En recitado de poemas trunfaron Andrea Dunia Díaz Casal, de Bandeira, co poema "Miña casiña, meu lar" no nivel de infantil e primaria e, en secundaria, Douglas Adalberto de Oliveira, da Coruña, con "Vinganza".
No certame de contacontos destacaron Óscar Villanueva Decabo, de Irixoa, coa obra "A fraga das tres cruces" e David Díaz Rodríguez, de Ourense, con "Encol da morte do Bieito". No certame de teatro resultou gañador o grupo do CEIP de Tenorio de Cotobade, pola obra *Picadura mortal* e o grupo do IES Vilar de Ponte, de Viveiro, pola obra *Auto do entroido*. Todos os premios dos distintos certames deberon enviarse ás delegacións provinciais en tempo e forma, xunto coas instancias incorporadas á convocatoria. Ao final da convocatoria participaron 109.406 estudantes, con 1532 premios destinados aos centros e 1314 para os/as alumnos/as.

Referencias varias:

- M.A.C., 'Teatro do Mar', finalista provincial de 'Entre nós, en galego', *Diario de Pontevedra*, 'Sanxenxo/O Salnés', 25 abril 2004, p. 17.

Nota na que se nos informa de que o grupo de Vilalonga "Teatro do mar" quedou finalista na fase provincial do apartado de teatro dentro da campaña "Entre nós, en galego" convocada polo Gabinete de Normalización Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- José Matamoros, 'El gallego desde la escuela', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 30 abril 2004, p. L15.

Informa de que os finalistas provinciais da campaña "Entre nós, en galego" entran na fase final e, de como os alumnos do grupo de teatro Picariños do colexio A Imaculada resultaron finalistas provinciais na modalidade de teatro.

- E.P., 'Récord de alumnos en 'Entre nós, en galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 abril 2004, p. 62.

Ademais de facer referencia ao gran número de estudantes que participaron nas accións desenvolvidas nos centros galegos de ensino por mor da campaña "Entre nós, en galego", co fin de favorecer o emprego do galego nas aulas, menciona o feito de que a fase provincial foi clausurada, e que a final terá lugar en Santiago.

- Jose Matamoros, 'Los sabores del Xacobeo', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 5 maio 2004, p. L15.

Breve nota de prensa na que se nos informa de que o grupo de teatro do colexio Manuel Peleteiro quedou finalista do certame "Entre nós, en galego".

- José Matamoros, 'Un solo de gaita moderna', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 6 maio 2004, p. L15.

Informa dos centros gañadores dentro da fase provincial coruñesa da campaña "Entre nós, en galego".

- Mayte Corbelle, 'Escolares representaron en Rábade y A Pastoriza obras de teatro, cuentos y poesías', *El Progreso*, 'Comarca de Lugo', 6 maio 2004, p. 12.

Nota na que se nos informa dos finalistas na campaña institucional "Entre nós, en galego", campaña que ten como finalidade fomentar o uso do galego e dinamizar a vida cultural nos centros educativos. Dá conta asemade das distintas representacións teatrais, contacontos e recitais de poesía, feitas polos finalistas para elixir aos gañadores provinciais, co cal se lles dará acceso aos premios autonómicos.

- Oliver Pereira, 'O CPI celebrou as Letras Galegas con exposicións de fotos e un coloquio', *El Progreso*, 'A Fonsagrada/Os Ancares', 15 maio 2004, p. 27.

Dá conta de varias actividades no CPI de Baralla coa finalidade de conmemorar o Día das Letras Galegas, que este ano están dedicadas a Xaquín Lorenzo Xocas. E nun acto literario onde os estudantes deron conta da vida e obra de Xocas entregáronse os premios do certame "Entre nós, en galego".

- Eduardo Fernández, 'El colegio 'Tino Grandío' celebra hoy el Maio Cultural con varios actos', *El Progreso*, 'Comarcas', 21 maio 2004, p. 27.

Informa de que dentro dos actos do Maio Cultural, que celebra o colexio Tino Grandío, farase entrega dos premios aos alumnos gañadores no certame escolar "Entre nós, en galego"

- LR, 'Aplauso para os nenos que xogan en galego', *La Región*, 'Ourense', 30 maio 2004, p. 7.

Informa dos centros gañadores e dos nomes dos galardoados na sección de carteis, relato curto, poesía, teatro, recitado de poemas, narración de contos, concurso "O Preguntoiro",

certame musical e revistas, dos premios da campaña "Entre nós, en galego", un concurso que ten como obxectivo premiar actividades e experiencias de normalización lingüística.

- E.Á., 'Máis de cen mil nenos participaron este ano na campaña 'Entre nós, en galego', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 6 xuño 2004, p. 56.

Dá conta dos distintos centros gañadores e dos nomes dos galardoados nas distintas modalidades dos premios da campaña "Entre nós, en galego".

- Paula Pérez, 'Arte de pupitre con acento gallego', *Faro de Vigo*, 'Galicia', 6 xuño 2004, p. 24.

Alude á entrega de galardóns, que se realizou en Santiago, con motivo dos premios "Entre nós, en galego", concedidos pola Consellería de Educación para fomentar o uso do idioma entre os escolares. Os mozos que participaron nesta campaña procedían da comunidade Galega pero tamén da zona do Bierzo e da zona leonesa.

- LR, 'Entre nós' cierra su IV edición tras implicar a 110.000 alumnos en el impulso del gallego/Entre nós' clausura su edición, impulsando el gallego', *La Región/Atlántico Diario* , 'Sociedad', 6 xuño 2004, p. 76/63.

Informa da clausura da cuarta edición da campaña "Entre nós, en galego" que promove a Consellería de Educación co fin de impulsar o uso do idioma galego nas comunidades educativas. Salienta a alta participación da comunidade escolar involucrada nas distintas actividades.

- MARÉ, 'Achegar o galego ós nenos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 xuño 2004, p. 61.

Dá conta da participación dun elevado número de escolares, de ensino non universitario, nas distintas actividades e concursos da campaña de normalización lingüística "Entre nós, en galego", que pretende promover o uso da lingua entre os máis novos e que celebrou a súa clausura na cidade de Santiago. A campaña estivo composta de tres fases, unha primeira nos centros, outra provincial e finalmente a autonómica.

- María Roca Ramudo, 'Un niño de fábula', *El Progreso*, 'Terra Chá/Meira', 7 setembro 2004, p. 18.

Alude á participación dentro da campaña "Entre nós, en galego" do neno de oito anos David Castro que se presentou como contacontos. Ten no seu haber o primeiro premio autonómico de contacontos na categoría de Primaria, cando só contaba con sete anos.

Concurso infantil ¿Como ves ti aos teus maiores?

Concurso infantil de debuxo e narrativa convocado polo Fogar dos Maiores da Milagrosa ao que, nesta edición, se presentaron trescentos dez traballos.

Concurso Literario '25 anos da Constitución'

Con motivo da celebración do vinte e cinco aniversación da aprobación da Constitución Española, a Delegación da Consellería de Educación de Pontevedra e a Subdelegación do Goberno da provincia organizaron este concurso destinado aos escolares e que ten como finalidade que os nenos escriban textos literarios baseados na Carta Magna. Dos oitenta e nove traballos presentados, resultaron premiados os seguintes: 'Una pregunta curiosa' de Laura Sierra, '25 anos da Constitución Española' de Javier Márquez e '25 velas para la Constitución' de Covadonga Bernaldo de Quirós. Os tres gañadores foron obsequiados cunha viaxe ao Congreso dos Deputados. Tamén recibiron un ordenador portátil, unha cámara de video dixital e unha cámara dixital de fotos, respectivamente; así mesmo, os seus centros de estudo recibiron un fondo económico de 600 euros.

Referencias varias:

- Belén López, 'Hijos de 106 artículos', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 22 setembro 2004, p. 68.

Dáse a coñecer o nome dos tres gañadores do certame "25 anos da Constitución", organizado pola Delegación da Consellería de Educación de Pontevedra e a Subdelegación do Goberno da provincia. O galardón consiste nunha visita ao Congreso dos Deputados e unha serie de agasallos.

Concursos de Poesía e Cartas de Amor

Baixo esta entrada damos conta dos concursos que distintos concellos e entidades convocan con motivo da celebración do Día de San Valentín; adoitan ter dúas modalidades, poesía e epístola, e están dirixidos, maioritariamente, aos máis mozos. Algúns dos lugares onde se convocaron estes certames son Cangas, Fene, Vilagarcía ou Quiroga.

I Premio Biblos-Pazos de Galicia

Convocado pola empresa Biblos Clube de Lectores S.L. co propósito de contribuír ao achegamento e á participación das mozas e mozos na cultura galega, e de descubrir aqueles creadores máis novos que poidan ter unha obra de interese necesitada de apoio para a súa elaboración final e a súa proxección pública, convoca este premio co patrocinio de Pazos de

Galicia e a colaboración da Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Mesa pola Normalización Lingüística. Segundo as súas bases poderían participar todas as mozas e os mozos que ao rematar o ano 2005 non teñan cumprido os 25 anos e que, con independencia do lugar onde nacesen ou residan, amosen o coñecemento do idioma galego necesario para desenvolver nel unha obra narrativa de calidade. Deberán presentar unha memoria de entre 30 e 40 folios na que incluirán: a) unha exposición precisa das características que terá a futura novela, aportando a maior información posible sobre o argumento (trama, época e lugar en que se desenvolve a acción, personaxes, etcétera) e as técnicas narrativas que prevé utilizar; e b) un capítulo ou fragmento que permita valorar o estilo do autor/a; todo isto enviarase a Biblos Clube de Lectores, Quintá, 8-Mandaio, CP 15391, Cesures (A Coruña). Os premios para o autor gañador serán: a) unha escultura conmemorativa deseñada expresamente por un recoñecido escultor galego; b) a estancia dun mes, incluída a manutención, nun dos estabelecementos de Pazos de Galicia (nun lugar singular coas condicións necesarias para que o escritor desenvolva a última fase do seu proxecto); c) un ordenador portátil que, unha vez concluída a obra, quedará da súa propiedade; d) a tutela dun escritor de renome designado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega que o asesorará en xuntanzas periódicas durante ese mes; e) a publicación do libro en galego na colección Mandaio de Biblos nas mesmas condicións que os autores precedentes, coa percepción dos correspondentes dereitos de autor; e f) a tradución da novela ao castelán de cara a unha edición destinada aos clientes non galegos de Pazos de Galicia. Neste caso, o premio considérase un anticipo dos dereitos de autor da primeira edición que en ningún caso superará os mil exemplares. O gañador darase a coñecer no mes de xullo do ano 2005.

Referencias varias:

- Camilo Franco, 'Biblos convoca un galardón para proxectos de novela', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 26 novembro 2004, p. 47.

Informa da convocatoria do Premio Biblos-Pazos de Galicia. Presenta as bases do certame: ter menos de vintecinco anos no 2005, ter un proxecto de novela e aportar un capítulo da mesma. Das prostas recibidas o xurado elixirá cinco finalistas que terán que desenvolver a novela. De ahí saírá o gañador do premio. Dá a coñecer o galardón: un mes de estadía nun pazo para rematar a obra, asesorado por un escritor veterano, nada habitual neste tipo de premios, e a publicación da novela pola editorial Mandaio cunha tradución ao castelán. Remata recollendo as palabras de Tucho Calvo, director de Biblos, sobre a intención de estimular con este premio a escrita de autores novos.

- V. Oliveira, 'Desfrutar do pracer de escribir', *Galicia Hoxe*, 'Maré', 10 decembro 2004, p. 40.

Ademais de anunciar a convocatoria do premio Biblos para proxectos de novela e informar dos requisitos do certame, centra a súa información na singularidade do premio: a estadía dun mes na Casa Grande do Bachao para poder rematar a novela nun entorna tranquilo e relaxado, co asesoramento dun escritor designado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. O gañador do premio publicará a novela final na colección Mandaio e tamén

traducida ao castelán con destino aos clientes non galegos de Pazos de Galicia.

II Certame de narrativa 'Gregorio Fernández'

Certame que convoca o IES Gregorio Fernández, de Sarria, e que está dirixido a todos os centros educativos da comarca. Estabelécense diversas categorías, segundos os cursos que estuden os participantes, e varios premios en cada unha delas; ademais, os relatos gañadores serán publicados nun volume conxunto. Polo que respecta a esta segunda edición, cómpre sinalar que os premios pasaron de 1.800, da primeira edición, a 2.300 euros e que o prazo para presentar os traballos vai rematar o 31 de marzo de 2005. Neste ano déronse a coñecer os gañadores da primeira edición, que foron Gloria López Castro, Cristina López Pernas e Yolanda Pardo López, en Primaria; Irene Vázquez e Samuel Mao Gallego, en primeiro e segundo da ESO; e Yolanda Mendoza Pereiro e Beatriz Muñoz Ferro, en terceiro e cuarto da ESO; todos eles recibiron, ademais dunha dotación económica, un diploma, un trofeo e un lote de libros.

Referencias varias:

- S.R., 'El certamen de narrativa 'Gregorio Fernández' tendrá 2.300 euros en premios', *El Progreso*, 'Sarria', 24 novembro 2004, p. 14.

Informa da presentación do segundo premio de narrativa "Gregorio Fernández", que vai dirixido aos centros educativos da comarca. Neste acto tamén se presentou o libro no que se recolle os traballos gañadores do ano pasado.

IIIº Certame 'Conto contigo'

Organizado pola concellaría de xuventude do Concello de Soutomaior, está dirixido a todas as persoas que, nun mínimo de 5 folios e máximo de 10 a dobre espazo, elaboren un relato orixinal e inédito, en lingua galega, ao redor dalgún motivo do Concello. Para o certame estabelecéronse tres categorías: dos 9 aos 14 anos, dos 15 aos 19 e dos 19 en diante. O lugar de envío dos traballos foi a Oficina Municipal de Información Xuvenil, sita nas dependencias do concello. O xurado non se precisa nas bases, agás que o seu nomeamento virá dende o propio Concello. Os premios son coincidentes nas tres categorías: o primeiro premio recibirá un trofeo e un diploma acreditativo, mentres outras dúas persoas serán galardoadas cun diploma acreditativo e un lote de libros. A convocatoria pode ser declarada deserta. A resolución do xurado deuse a coñecer o 24 de maio, o mesmo día da entrega dos premios.

IIIº Certame de Xogos Florais de Poesía 'Barrio de Caranza'

Organiza este evento a Asociación de Veciños de Caranza, que divide o certame en dúas categorías: infantil e adulto. Os participantes presentarán os seus poemas, cun mínimo de catorce versos e un máximo de trinta, na asociación de veciños. Entre todas as composicións presentadas a concurso, con temática libre e escritas en lingua galega, o xurado escollera a doce finalistas, seis na modalidade de menores de dezaseis anos e outros tantos entre os maiores desa idade. Os seleccionados participarán na fase final, que se celebrará nas instalacións do Centro Cívico de Caranza, onde todos os poetas deberán recitar a súa obra persoalmente; unha vez concluído o recital, o xurado fará público o nome dos gañadores. En cada categoría haberá tres premiados e, ademais, o colexio que presente máis participantes ao certame recibirá un lote de libros para a súa biblioteca. O xurado desta terceira edición estivo composto por Rosa Méndez, Xosé Leira, María Ares, Francisco Rego, Xoán García e Raquel Ferrández.

IIIº Certame Literario 'Carlos Casares'

Denominación coa que, a partir do ano 2002, o Liceo de Ourense convoca seu premio anual que, dende este momento, se vai corresponder á modalidade de microrrelato. Estabelecéronse dúas categorías, para maiores e para menores de vinte e cinco anos, podendo presentar ao certame textos inéditos redactados en galego ou castelán cunha extensión máxima de dous folios DIN A4, mecanografados a dobre espazo por unha soa cara. Os orixinais deben remitirse por duplicado baixo plica e lema ao seguinte enderezo: Secretaría do Liceo de Ourense, rúa Valentín Lamas Carvajal, 5, 32005 Ourense, antes do 31 de maio. Estabelécese un premio de 600 € por categoría e 300 € para os accésits. Nesta ocasión, o xurado, que tivo que escoller entre uns dous centos traballos, estivo composto por Marcos Valcárcel, Teresa Devesa, Isabel García, José C. Martínez Pedrayo, Sexismundo Bobillo e Delfín Caseiro. O gañador na categoría de maiores de vinte e cinco anos foi Emma Pedreira por "Rota", categoría na que conseguiu un accésit Xosé Alfredo Naz Fernández por "O mar". No apartado de menores de vinte e cinco anos o premio foi para José María Barrios González por "En paz" e o accésit para Estefanía Caneda Martínez por "Trocalopses".

Referencias varias:

- MARÉ, 'Viaxe frustrada', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 xuño 2004, p. 45.

Dá conta do acto de entrega de galardóns no Liceo de Ourense, con motivo do "III Certame de Microrrelatos Carlos Casares", e dos nomes dos gañadores do concurso.

IIIº Certame Literario 'Abril dos Libros' 2004

Convocado en 2002 por primeira vez para premiar o centro escolar de ensino non universitario do Concello de Pontevedra que desenvolva a programación de maior interese sobre o libro e a animación á lectura. O premio terá unha dotación económica de 1.000 € en

libros ou outro material bibliográfico. Os centros escolares interesados en participar deberán presentar no rexistro do Concello de Pontevedra, antes do 24 de maio, unha memoria das actividades de animación á lectura desenvolvidas ao longo do curso 2003-2004 (actividades da biblioteca escolar, de promoción da lectura, de creación literaria, publicacións escolares, presentacións de libros, encontros con escritores, participación en actividades complementarias fóra do centro, etc.). O Concello de Pontevedra designará un xurado cualificador que estará presidido polo Concelleiro de Cultura e composto por: un representante de cada un dos grupos municipais, un representante das editoriais, un representante dos libreiros, un escritor ou escritora e unha persoa en representación das asociacións de renovación pedagóxica. A resolución do xurado darase a coñecer no curso dunha reunión que terá lugar durante a primeira quincena do mes de xuño. Nesta terceira edición, a programación organizada arredor deste certame incluíu unha homenaxe a Luisa Villalta, cursos de ilustración e relatorios de distintos autores galegos, como Eva Veiga, Marga Romero, Miguel Anxo Fernán Vello ou Marica Campo.

Referencias varias:

- Jose Matamoros, 'Libros para respetar la tierra', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 21 abril 2004, p. L15.

Dá conta da campaña de animación á lectura que realiza o Concello. A iniciativa afecta aos centros de secundaria. Dentro do programa "Abril dos libros para coidar a terra", intentase conciliar o Día Mundial da Terra e o Día do Libro.

IIIº Certame Literario de Narración Curta do Carballiño

Certame que, con carácter bianual, convoca o Concello do Carballiño para contribuír ao desenvolvemento da lingua galega e para animar a todos os escritores noveis. Poden concorrer a este certame todos os escritores que o desexen con unha única obra, de temática libre e escrita en lingua galega; os traballos deben ser orixinais e inéditos, dunha extensión non superior aos cinco folios escritos por unha soa cara, mecanografados a dobre espazo; así mesmo, os traballos presentaranse por cuadriplicado dentro dun sobre pechado no que figurará o pseudónimo e idade, noutro sobre faranse constar os datos do autor. Os relatos débense enviar, facendo constar no sobre IIIº Certame Literario de Narración Curta, ao Concello do Carballiño, Área de Educación e Cultura, Formación e Normalización Lingüística, Praza Maior, 1, 32500 O Carballiño (Ourense). Estabelécense tres categorías: de oito a doce anos, de trece a dezaoito anos e de dezanove en diante, sen límite de idade. O premio consiste na publicación das obras gañadoras e nunha credencial do premio acadado; así mesmo, o xurado poderá facer cantas mencións considere oportunas. O xurado fará publica a súa decisión no mes de maio.

Referencias varias:

- Sabela Pinal, 'Escritores noveis na defensa da lingua galega', *La Región*, 'Literatura', 21 xaneiro 2004, p. 67.

Describe as bases do "III Certame de relatos curtos" que organiza a Concellería de Cultura do Carballiño e, que vai dirixido aos escritores noveis de toda Galicia. Este certame ten como obxectivo principal o de contribuír no desenvolvemento da lingua galega.

IIIº Concurso de Relato Curto do Concello da Lama

Certame organizado pola Oficina de Información Xuvenil da Lama, no que poden participar os escolares que o desexen presentando un relato dun máximo de tres follas, escrito a man ou mecanografado, en galego ou castelán; cada participante pode presentar un máximo de tres relatos e o prazo para facelo remata o 7 de maio.

IIº Certame 'Contos solidarios'

Convocado pola Concellaría de Xuventude de Vilagarcía, en colaboración cunha ONG. Está dirixido a rapaces de entre seis e dezaseis anos, e estabelécense dúas categorías: de doce a dezaseis anos e de seis a once. A extensión máxima de cada traballo será de cinco folios manuscritos por unha soa cara e cada participante só poderá presentar un traballo; con cada orixinal presentarase, en sobre pechado, os datos do autor, indicando fóra do sobre a categoría á que pertence. Os traballos enviaranse, antes do 17 de novembro, á Concellaría de Xuventude, Concello de Vilagarcía. Praza de Ravella, 1, 36600. O xurado, que estará composto por cinco membros relacionados co ámbito da xuventude, educación, cultura e medios de comunicación, concederá dous premios e cinco mencións en cada categoría. Os traballos premiados nesta edición serán publicados nun libro que será doado a Unicef para financiar un proxecto literario. En 2004 déronse a coñecer os premiados da primeira edición deste concurso, na que a colaboración se estableceu con Aldeas Infantiles; os gañadores desa edición foron María Paula Castiñeira Touriño, por 'Vivindo un soño'; Esperanza Fajín Nieto, por 'A historia de Xoán sin rostro'; Óscar Martínez Rey, por 'A aldea dos Tikitaka'; Jennifer Jueguen Doval, por 'O neno solidario'; Zaida Martínez Cores, por 'Os náufragos'; Macarena González Llovo, por 'Quen empuxa a miña cadeira'; Javier Millos Castro, por 'Los salvadores'; Andrea Comojo Ozores, por 'Os nenos da praia' e Carlos Díaz Torres, por 'A tormenta de area'.

Referencias varias:

- Rebeca Fernández, 'Anxo Moure: 'Moitos contos nacen dos nenos', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 4 maio 2004, p. 64.

Entrevista a Anxo Moure, que leva dende hai anos iniciando aos nenos no compromiso coa solidariedade a través dos seus contos solidarios. Historias propias que tratan os temas actuais, comenta que se trata de contos activos que pretenden educar e entreter ó mesmo tempo. Informa que actúan dende as garderías ata os mozos da ESO, en Galicia, Asturias e Portugal pero o seu desexo é ampliar esta iniciativa.

IIº Concurso de Contos 'Que é un minusválido para ti' da Asociación Aspamite

Certame organizado polo Asociación Aspamite de Teo, no que poden participar todos os escolares inscritos nos colexios de primaria, centros públicos integrados e institutos de Galicia e no que se establecen tres premios para cada unha das categorías: educación primaria e educación secundaria. Os contos, que deben presentarse antes do 20 de abril, terán unha extensión de seis folios, escritos a man ou mecanografados a dobre espazo, e escritos en lingua galega normativizada. Os traballos presentaranse cun pseudónimo e deben enviarse nun sobre pechado, no que se de debe incluír outro sobre pechado que leve o pseudónimo escrito fóra e os datos do autor dentro. Todos os premios están dotados de lotes de libros ou de obxectos adecuados á idade de cada un dos galardoados; así mesmo, os participantes recibirán diplomas acreditativos da súa participación no certame. Os gañadores desta edición, na categoría de educación primaria, son: Adriana Montero, por *Unhas historias de Ánimo* (primeiro premio); Lorena Barreiro, por *Un amor para unha gran moza* (segundo premio); e Javier Pais, por *Pedro e o Camiño de Santiago* (terceiro premio). Os gañadores na categoría de educación secundaria son: Ángel Tato, por *Catro días do diario de... O soño dun minusválido* (primeiro premio); Jorge Durán, por *Unha inimaxinable minusvalía* (segundo premio); e Belén Puente, por *O meu mellor amigo* (terceiro premio).

IIº Premio '2' Día do Libro Infantil e Xuvenil

Convocado dende o ano 2003 pola Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix), en colaboración co Ámbito Cultural de El Corte Inglés, para celebrar a efeméride que lle dá nome. Poden concorrer a este concurso rapaces de até catorce anos de idade con traballos de narración en prosa, verso e debuxo. Nesta segunda edición, o prazo de presentación dos textos e debuxos transcorreu entre os días 2 e 16 de abril, data esta última na que se fixo entrega dos galardóns. Os temas das obras foron "O traxe novo do emperador" (para os nenos de ata oito anos) e "Desexo ser incluído no colexio Howgart" (nenos de entre nove e catorce anos), en referencia, respectivamente, á obra anómima de Hans Christian Andersen e a *Harry Potter* de Anne Rowling. Deste xeito, resultaron gañadores na modalidade de narración en prosa Andrea López Barreiro e Irene Serrano Carreño, na categoría de cero a oito anos, e Diego Fajardo e María Montero Alonso, na categoría de nove a catorce anos. Na narración en verso impuxéronse, na primeira categoría, Paula Barcia Alonso e Silvana García Patto, e na segunda, Aixa López Magdaleno e Iria Suárez Corral. Finalmente, os galardoados na modalidade de debuxo foron Carla Coedo Costa e Miguel de Uña Bóveda, na primeira categoría, e na segunda, José Pablo Fernández Coronel e Rubén del Río Regueira.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, 'Cuentacuentos y muestra en El Corte Inglés', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 16 abril 2004, p. 36.

Ademais de facer referencia a outros actos sociais celebrados en Santiago, dá conta dos traballos finalistas do "II Premio 2" cuxos galardóns serán entregados no transcurso dun maratón de lectura no que participaran todos os asistentes.

- Ana Iglesias, 'Los escolares hicieron alarde de su imaginación y creatividad en el Premio 2', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 17 abril 2004, p. 34.

Informa dos centros gañadores e dos nomes dos galardoados no "II Premio 2", os cales inspiraron as súas redaccións se debuxos en *El traje nuevo del emperador* e *Deseo ser incluido en el colegio Howgart.*

- Jose Matamoros, 'Niños escritores y peregrinos', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 17 abril 2004, p. L15.

Dáse a coñecer o nome dos gañadores nas distintas categorías do segundo premio do Día do Libro Infantil e Xuvenil que organiza o Centro Comercial Compostela.

Iº Certame '¿Como te imaxinas na USC?'

Certame creado pola Universidade de Santiago en 2004, co que se pretende que os nenos reflictan a través dun relato, dun cómic ou dun sitio web cómo imaxinan a súa vida na universidade e que lles gustaría facer ao rematar os seus estudos. Establécense tres modalidades: relato, cómic e web; os requisitos para as modalidades de relato e cómic son as seguintes: ser estudante de 4º da ESO, ciclo formativos ou bacharelato; a dimensión máxima dos traballos será de tres folios; e cada estudante só poderá concursar por unha modalidade. Os traballos, que deben presentarse antes do 26 de marzo, poden enviarse ao enderezo: Programa 'A ponte', Pavillón estudantil. Campus Sur. 15782. Santiago de Compostela, ou ao enderezo electrónico: aponte@usc.es <mailto:aponte@usc.es>. Concederase un primeiro premio, dotado cun ordenador persoal portátil, e unha mención, dotada cunha axenda electrónica, se procede, en cada unha das modalidades. Os premios foron entregados en distintos actos solemnes que a USC organizou nas súas facultades, colexios maiores e residencias. Nesta primeira edición os gañadores foron Mónica Hentschel, na modalidade de relato, e Javier Sánchez Loureiro, na modalidade de cómic.

Referencias varias:

- C.d.U., 'Un concurso para imaxinar cómo será a universidade', *El Correo Gallego*, 'Universidade', 20 xaneiro 2004, p. 2.

Informa do concurso "Como te imaxinas na USC", que se divide en tres modalidades como son Relato curto, Páxina web e Cómic. O que pretenden con este concurso e darlle a palabra aos estudantes a piques de entrar na Universidade para que expresen as súas inquedanzas académicas e profesionais.

Iº Certame de Banda Deseñada do Concello de Culleredo

Organizado polo concello de Culleredo, neste certame poden participar os mozos cullerdenses de até trinta anos. Os traballos deben ser deseños orixinais con textos en lingua galega e de temática libre; cunha extensión máxima de dúas páxinas e máxima de seis; poden presentarse en branco e negro ou en cor, sempre en formato A3 ou A4. Estabelécense dúas categorías: A) de catorce a dezasete anos, e B) de dezaoito a trinta anos, e dous premios para cada unha delas: na categoría A, o primeiro premio está dotado con 100 euros e o segundo cun lote de cómics; na categoría B, o primeiro premio levará 200 euros e o segundo outro lote de cómics. Nesta edición, o prazo para presentar os traballos rematou o 14 de xuño.

Referencias varias:

- S.A., 'Xuventude crea dos premios de fotografía y cómic para reconocer a artistas noveles', *La Opinión*, 'Culleredo/Cambre', 3 xuño 2004, p. 16.

Informa do "I Certame de Banda Deseñada", dirixido á mocidade de Culleredo, co obxectivo de recoñecer artistas noveis. Así mesmo descríbense as bases do concurso.

Iº Certame de Poesía San Valentín

Certame convocado pola Asociación Noia Histórica, no que se establece unha categoría para maiores de dezaoito anos e outra para menores desa idade. O gañador do certame na modalidade de adultos recibirá unha viaxe a Madrid, mentres que os menores serán obsequiados con vales para a adquisición de libros. Nesta primeira edición, o gañador da categoría de adultos foi Maximino Carlos Álvarez Olariaga, co traballo *Ocarina*; mentres que na modalidade de escolares se premiou a Maite Cambeiro Insua, por *Tuki*, e Noelia Alborés Vázquez, por *Só intentando toca-lo ceo cos pés podes chegar a coller uns farrapos de nubes coas mans*.

Iº Certame escolar de relatos, poesía e debuxo 'Argallar'

Certame convocado pola Asociación de Libreiros de Galicia en Ferrolterra, no que poden participar todos os concellos da comarca e no que se adxudican setenta e sete premios a escolares e tres premios para os colexios; a dotación económica deste certame é de 2100 euros e os premios distribúense de xeito proporcional á cifra de habitantes de cada municipio. Os traballos deben presentarse nas librerías colaboradoras antes do 1 de marzo ou enviarse ao apartado de correos número 8 de Narón. A entrega de premios farase na Feira do Libro de Ferrol e os traballos premiados publicaranse nunha revista.

Iº Certame Literario Concello de Ames

Certame creado pola Concellaría de Cultura e Deportes do Concello de Ames, dirixido aos escolares de todas as idades. Poden participar no certame todos os autores de calquera nacionalidade que presenten traballos orixinais e inéditos, escritos en galego e de temática libre. Estabelécense dúas modalidades, narrativa e poesía, e tres categorías en función das idades: 1ª, para nenos de até doce anos; 2ª, para nenos de entre trece e dezaseis anos; e a 3ª, para escolares maiores de dezaseis anos; en cada unha destas modalidades e categorías establécense tres premios dotados de 90, 60 e 30 euros para a primeira categoría, 120, 90 e 60 euros para a segunda categoría, e 180, 120 e 90 euros para a terceira categoría. O xurado estará composto por tres membros designados pola Concellaría de Cultura e un secretario, con voz e sen voto, en representación do Concello. O prazo para presentar as obras remata o 30 de abril e o xurado dará a coñecer o seu fallo o 14 de maio. A entrega dos premios terá lugar o 17 de maio, coincidindo co Día das Letras Galegas. Nesta primeira edición o xurado estivo composto por Sechu Sende, Dolores Vilavedra e Carlos Negro. O primeiro premio da modalidade de narrativa foi para Daniel Viaño e Rodrigo Villaverde (1ª categoría), Javier Aguado (2ª categoría) e Luz Pérez (3ª categoría); tamén foron premiados polos seus relatos Adrián Fernández, Lucía Paniagua, Lois Blanco, Noelia Vilas, Luz Pérez, Xosé Anxo Corral e Luis Sampaio. O primeiro premio da modalidade de poesía foi para Pablo Rodríguez (1ª categoría), Pablo Aguado (2ª categoría) e Luz Pérez (3ª categoría); tamén levaron premio nesta modalidade Brenda Iglesias, Álvaro Ramos, Carlos Outeiral e Francisco Maldonado.

Iº Concurso de Banda Deseñada Recollida Selectiva do Concello de Poio

Concurso organizado pola Concellaría de Medio Ambiente do Concello de Poio dirixido aos alumnos do instituto de ensino secundario do municipio. Os traballos, que se presentarán na conserxería do centro antes do 8 de marzo, irán acompañados do nome e curso do autor e versarán sobre a recollida selectiva e a Lei de Redución, Reutilización e Reciclaxe do Lixo. Os traballos terán unha extensión máxima de tres páxinas e poden ser en branco e negro ou en cor. Establécense un total de tres premios, consistentes en lotes de material de debuxo e pintura, e todos os participantes recibirán un diploma acreditativo. O xurado desta edición, formado por Julia Torregosa Sañudo, Ariela Peliquín Testa, Anxos Rial, Marta Silva e Sabela de Santiago, concedeu o primeiro premio a Noelia Santiago Couselo e Jésica Silva, por 'A recollida selectiva'; o segundo premio a Tamara Cernadas Albar e Noelia Gaspar García, por 'Sinchan aprende a reciclar'; e o terceiro premio a Estefanía Gándara Palacios, Hernán Freijo Carballa, Lucís Justo Soutelo, Jesús Alfonso Montes Mora e José Manuel Torres García por 'As travesuras do Capitán 3R'.

Referencias varias:

- E.G., 'Concurso de Banda Diseñada en el instituto', *Diario de Pontevedra*, 'Poio', 30 xaneiro 2004, p. 13.

Nota na que se nos informa da publicación das bases do "Concurso de Banda Deseñada",

onde poderá participar todo o alumnado que estea matriculado nos Institutos de Secundaria de Poio. Os traballos versarán sobre a recollida selectiva e a lei de Redución, Reutilización e Reciclaxe de lixo.

- Marina Abilleira, 'El concurso de cómics del IES de Poio ya tiene ganadores', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 30 abril 2004, p. 86.

Dáse a coñecer o nome dos gañadores do concurso de cómics organizado pola Concellería de Medio Ambiente dentro da campaña de recollida selectiva de residuos.

- M.A.C., 'Entregan en los centros escolares los comics del concurso 'Recollida Selectiva', *Diario de Pontevedra*, 'Poio', 25 xuño 2004, p. 14.

Dá conta da entrega, no Instituto Fontenla, dos cómics do "I Concurso de Banda Deseñada Recollida Selectiva" por parte da Concellaría de Medio Ambiente. As obras que se entregarán forman parte dos exemplares que se repartiran polos colexios do municipio.

Iº Concurso de Poesía Concello de Mos

Convocado pola Biblioteca Municipal de Mos, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, este concurso está dirixido aos escolares do municipio e nel estabelécense dúas categorías, segundo a idade dos participantes.

Iº Concurso Día das Letras Galegas do Concello de Porriño

Para celebrar o Día das Letras Galegas, o Concello de Porriño convoca este concurso dirixido a escolares e no que se estabelecen catro modalidades: debuxo, redacción, poesía e relato. Os traballos que se presenten a concurso deben facer referencia a oficios tradicionais, personaxes ou lendas relacionadas con Porriño e deben presentarse escritos a man, con bolígrafo e en lingua galega. Os premiados nesta primeira edición foron Sandra Parente, Raquel Lorenzo, Paula Teruel, Tania González, Virginia Pereira, Estela Fernández, Álex Martínez e Mercedes Ramírez.

Iº Concurso do Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil

Novo certame que o Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra incorporou nesta edición e co que se pretende incentivar aos colexios a participar con traballos sobre a Fauna Máxica, que foi o tema do salón neste ano. Estabelecéronse dúas categorías: Infantil/Primaria e Secundaria e a dotación do premio é unha viaxe a un lugar de Galicia relacionado cunha tradición máxica ou, no caso de non ser posíbel realizar a viaxe, 600 € en libros ou noutro material escolar. Nesta primeira edición participaron trinta

colexios con máis de mil traballos; o xurado, que estivo composto por membros da Asociación Socio-Pedagóxica Galega, do colectivo +Libros e do Concello de Pontevedra, fixo público o seu veredicto o día 19 de febreiro e decidiu premiar ao CEIP Vilaverde de Mourente, na categoría de Infantil/Primaria, e aos colexios La Inmaculada, na categoría de Secundaria. Os premios foron entregados no mes de marzo.

Iº Concurso Literario e de Debuxo da 'Asociación Cultural Carcaxía'

A Asociación Cultural Carcaxía, de Malpica, creou en 2004 este certame que inclúe tres modalidades, conto, poesía e debuxo, e que está destinados a nenos de entre catro e catorce anos. Os gañadores na modalidade de conto foron Adrián Fraga Veiga e Alba Rey, mentres que na modalidade de poesía resultaron premiadas Belén López e, novamente, Alba Rey.

Referencias varias:

- M. Negreira, 'Las campanas de las iglesias de Bergantiños repicaron al Año Santo 2004', *El Ideal Gallego*, 'Bergantiños', 2 xaneiro 2004, p. 15.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, dá conta do "I Concurso de literatura, relatos de poesía e debuxo" que organiza a Asociación Cultural Carcaxía. Informa de que o tema se centrará no Nadal, que haberá varias categorías e premios. E lembra que a entrega de premios coincidirá coa celebración da festa de Reis.

IVº Certame de "Contos e lendas do Concello de Mondariz Balneario"

Convocado polo Concello, posúe dúas categorías, escolares e adultos. As dúas categorías van dirixidas a persoas que, en castelán ou galego e nun máximo de 4 folios mecanografados a dobre espazo, elaboren unha narración de tema libre pero que, con estilo de lenda ou conto, se desenvolva, totalmente ou en parte, no entorno do Concello de Mondariz Balneario. O ditame leuse no acto de entrega de premios, o 17 de decembro, no transcurso dunha cea na que estiveron presentes o Concello, a Fundación Mondariz Balneario así como boa parte dos premiados. No que respecta aos premios, estes consistiron nun diploma acreditativo e 500, 300 e 150 euros, respectivamente, para cada un dos agraciados. No que respecta á categoría de adultos, dáse conta do nome dos premiados no apartado correspondente deste mesmo *Informe*.

Referencias varias:

- Maite Gimeno, 'Contratos temporales', *El Correo Gallego*, 'Vigo', 2 outubro 2004, p. 22.

Infórmase da convocatoria do premio organizado polo Concello de Mondariz no que poden participar traballos inéditos na categoría de adultos e infantil relacionados con algún aspecto municipal.

IVº Certame de Poesía do Concello de Ordes

Certame organizado pola Concellaría de Cultura de Ordes, no que se establecen tres categorías en funcións das idades: categoría infantil, para rapaces de ata dez anos; categoría media, para rapaces de ata dezaseis anos; e a categoría xeral, para maiores desta idade; en total repartiranse 750 € en metálico, divididos en seis premios distintos. Para poder optar aos galardóns, os concursantes deberán presentar traballos orixinais e inéditos obrigatoriamente en lingua galega, cunha extensión non superior aos cincuenta versos. As obras deben ser enviadas antes do día 11 de maio ao Concello de Ordes, mecanografadas a dobre espazo e baixo pseudónimo ou lema. Os gañadores das tres categorías recibirán os seus premios nun acto literario que o departamento de Cultura de Ordes organizará o 17 de maio, Día das Letras Galegas. Nesta edición resultaron gañadores: Olaia Viqueira e Alicia Fieira, na categoría de infantil; Victoria Arthaud e Carmen María Martínez, na categoría media; e María Jesús Lemos e Marisol Gándara, na categoría xeral.

Referencias varias:

- R.V., 'Ábrese o prazo do concurso de poesía do Concello de Ordes', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 4 maio 2004, p. L10.

Infórmase de que está aberto o prazo para participar no cuarto certame de poesía que organiza a Concellaría de Cultura de Ordes. Indícanse as categorías para os premios en función das idades, as bases do concurso e que os gañadores recibirán os seus premios o Día das Letras Galegas.

IVº Certame galego de poesía e narración por internet 'Temos un Parlamento, temos unha lingua'

Certame que organizan a Consellería de Educación e o Parlamento de Galicia, en colaboración coa plataforma Galiciadixital.net, no que pode participar todo o alumnado de ensino primario e secundario, a través dos seus centros. Establécense dúas modalidades: narración, na que a extensión máxima dos traballos será de cinco folios, e poesía, na que non se superarán os cento vinte versos; en ambos os dous casos empregarase a lingua galega. Os traballos serán remitidos polos centros, exclusivamente por correo electrónico e en formato texto sen comprimir, ao enderezo 'certame@galiciadixital.net', antes do 15 de abril; aos traballos axuntarase unha folla cos datos dos participantes e un aval dun profesor do centro.

Referencias varias:

- Jose Matamoros, 'Educación desde la base', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 5 febreiro 2004, p. L19.

Entre outras cuestións, sinala que onte se presentou en Santiago de Compostela o certame 'Temos un parlamento, temos unha lingua'; indica que ao que asistiron Celso Currás, José María García e Xulio Xiz Ramil e dá conta dos obxectivos do premio.

- Lazzarini, 'Premios y asuntos cibernéticos', *La Voz de Galicia*, 'La ventana indiscreta', 17 febreiro 2004, p. L15.

Breve referencia á posta en marcha do certame de poesía e narración cibernético por parte do Parlamento de Galicia, a Consellería de Educación e a plataforma Galiciadixital.net, baixo o lema "Temos un Parlamento-temos unha lingua". Dise que este concurso ten dúas modalidades, unha para o Ensino Primario e outra para o Secundario. Achégase o enderezo electrónico onde se pode conseguir información e a contía de cada un dos premios segundo a modalidade.

- Marta Becerra, 'Para jóvenes literatos', *El Progreso*, 'Lugo', 28 febreiro 2004, p. 18.

Ademais de facer referencia a outros actos sociais celebrados en Lugo, tamén dá conta da presenza na cidade do autobús do concurso "Temos un Parlamento, temos unha lingua" que busca potenciar este certame achegando este concurso aos nenos e maiores.

- Marta Becerra, 'Premio para un relato de una niña del 'Basanta Silva', *El Progreso*, 'A la última', 18 xuño 2004, p. 103.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, sinala que Antía Veres Gesto, de trece anos e alumna do IES Basanta Silva, de Vilalba, gañou o terceiro premio de Secundaria do concurso convocado polo Parlamento cun relato titulado 'O soño do meu avó', no que un avó lle conta a súa neta os anos que pasou no exilio e o que fixo para recuperar a súa lingua.

IVº Certame 'Historias na Universidade'

Convocado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), a través do seu Sistema Universitario de Residencias, así como dos Colexios Maiores de titularidade privada adscritos á USC, co obxectivo de fomentar evocacións literarias da vida universitaria nas cidades de Santiago e Lugo e nos seus colexios maiores e residencias; está dirixido a calquera estudante desta institución académica que, en galego e nunha extensión mínima de vinte e cinco folios a dobre espazo, elabore unha narración relacionada coa súa vivencia na USC. Nesta edición, o prazo para presentar os traballos rematou o 31 de marzo; o premio consistiu nun ordenador portátil, ademais da insignia do Colexio ou Residencia sostedora do acto.

Referencias varias:

- C.d.U., 'Premio narrativo para as 'historias' da universidade', *El Correo Gallego*, 'Universidade', 30 marzo 2004, p. 2.

Faise eco da convocatoria deste "IV Premio de narrativa Historias na Universidade" que busca fomentar evocacións literarias da vida universitaria nas cidades de Santiago e Lugo e nos seus Colexios Maiores e Residencias.

- Armando Requeixo, 'Da picaresca universitaria no medievo compostelán', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Historia', 21 novembro 2004, p. 4.

Faise eco da publicación do volume *O Dómine indómito*, novela breve coa que o lucense Xosé Díaz Díaz gañou o IV convocatoria do Premio de Narrativa da Universidade de Santiago. En primeiro lugar menciona os diferentes certames que propón a universidade, ente eles o anteriormente mencionado. Segue referindo os nomes de anteriores gañadores máis os nomes dos compoñentes do xurado para rematar aludindo á temática e estilo da obra gañadora: "unha noveleta picaresca na que se desenvolven as desventuras dun catedrático universitario compostelán dacabalo dos séculos XIV e XV".

IX Certame de Banda Deseñada do Concello de Arteixo

Organizado polo Concello de Arteixo, este certame está dirixido a mozos galegos ou residentes na comunidade autónoma en el estabelécense tres categorías: A) ata doce anos, B) de trece a vinte e un, e C) de vinte e dous a trinta anos; en cada unha delas haberá tres premios: libros para todos os gañadores da categoría A; 200, 150 e 100 euros para os gañadores da categoría B) e 500, 350 e 250 euros para os gañadores da categoría C). Os participantes poden presentar tantas obras como desexen, sen dobrar nin plastificar; o tema será libre e os traballos terán un mínimo de unha páxina e un máximo de dez. As obras poderán ser individuais ou en grupo (sempre que os integrantes do grupo pertenzan á mesma categoría) e se os traballos se realizan en formato dixital, deberá adxuntarse unha copia en disco compacto. Os interesados en participar neste certame deben enviar o seu traballo á Oficina de Información Xuvenil do Concello de Arteixo antes do 22 de marzo. O xurado, presidido polo alcalde e formado por expertos no campo artístico, dará a coñecer o seu ditame durante a celebración do Certame de Banda Deseñada que, nesta edición, tivo lugar entre os días 26 de marzo e 2 de abril; nestes oito días houbo exposicións dos traballos presentados, proxeccións, xogos de estratexia e a entrega deste premio, entre outras actividades.

Referencias varias:

- S.A., 'Ocho días 'volcados' con el cómic', *La Opinión*, 'Arteixo', 25 marzo 2004, p. 20.

Informa da inauguración da "IX Semana da Banda Deseñada de Arteixo" e "I Mostra de

Cómics e Literatura Xuvenil". Destaca que o concello acaba de sacar unha edición na que se reúnen doce dos cómics presentados a concurso o ano pasado, co obxectivo de que o certame sirva para que os nenos se animen a participar e desenvolvan a súa capacidade creativa.

IXº Certame de Teatro 'Intercentros' de Santiago de Compostela

Certame convocado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Santiago e o Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago, co que se pretende 'incorporar o feito teatral ao contorno sociocultural do escolar e da mocidade, deixando de ver o teatro como un fenómeno estraño, illado da súa experiencia cotiá e realizado en circunstancias excepcionais'. Nel poden participar os grupos de teatro dos centros de educación secundaria de Santiago e da súa comarca, que durante unha semana do mes de abril nos salóns de actos do IES Rosalía de Castro e do IES Xelmírez I representarán as súas obras, que deben ser en lingua galega. A obra gañadora representarase no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Na IX edición deste certame participaron os seguintes grupos de teatro: Rosalía 1 do IES Rosalía de Castro, Rosalía 2 do IES Rosalía de Castro, Regueifa do IES Cacheiras-Teo, Tantometén do IES Antón Fraguas, Teatro do Porviso do CPI dos Dices (Rois), Farándola do CPI de Bembibre, Vai no dentista do IES Xelmírez I, Herdeiros do demo do IES Pontepedriña e Raros somos todos (R.S.T.) do IES Eduardo Pondal. A obra gañadora foi *¡Deus, unha comedia!* do grupo de escolares de 4º da ESO do CPI dos Dices; que se representou nunha sesión especial o día 11 de maio de 2004 no Auditorio de Galicia.

Referencias varias:

- U.L., 'Alumnos de Rois gañan o Festival de Teatro Intercentros ', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 6 maio 2004, p. L12.

Breve nota de prensa que informa que os alumnos de Rois foron os gañadores do "Festival de Teatro Intercentros". A obra gañadora *Deus, unha comedia!* é unha adaptación dun texto de Woody Allen.

IXº Concurso Literario 'Ánxel Casal'

Creado no ano 1996 polo Concello de Santiago a proposta do Instituto de Bacharelato "Arcebispo Xelmírez I" para conmemorar o cento cincuenta aniversario do nacemento de Ánxel Casal e promover o coñecemento deste galeguista entre a mocidade. Este concello comparte a organización deste premio cada ano cun centro de ensino secundario da cidade, pois está dirixido a alumnos de Ensino de Secundaria. As obras en galego deben ser inéditas e de tema libre. Os orixinais deben remitirse ao Concello de Santiago (Departamento de Educación). O certame está dotado dun primeiro premio de 900 € e dun segundo de 600 para cada unha das modalidades: poesía, conto e teatro, engadíndose esta

última modalidade nas bases da sexta edición para estimular a creación de textos teatrais. A presidencia do xurado correspóndelle ao alcalde de Santiago e estará composto por unha representación dos institutos, unha representación dos creadores de poesía e conto e outra do concello. Nesta edición na modalidade de poesía o primeiro premio foi para Alicia Fernández Rodríguez por *Edredón e Asfalto*; na categoría de contos conseguiu o primeiro premio Brais González Pérez co título *Na Congostra*; e por último, na modalidade de teatro, o primeiro premio foi para Ricardo Daniel Xove Álvarez co título *Prometeu. Por qué Espinete vai espido todo o día e pon pixama para durmir;* o alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, foi o encargado de entregar os premios deste certame nun acto que tivo lugar o día 15 de outubro de 2004.

Referencias varias:

- Jose Matamoros, 'Literatura desde los institutos', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 18 setembro 2004, p. L15.

Ademais de facer referencia a outros actos sociais celebrados en Santiago, tamén dá conta dos gañadores do concurso literario "Ánxel Casal" nas probas de poesía, conto e teatro.

Premio 'Alfredo García Alén'

Convócao o Padroado do Museo de Pontevedra e está aberto a todos os alumnos de ensinanza Primaria e do primeiro ciclo de ESO de todos os centros de Galicia, integrados en equipos e dirixidos por un mestre. Os traballos poderán tratar sobre algún dos aspectos que atinxen aos temas dos seguintes apartados: costumes relixiosos, nomes de leiras e literatura oral. Este último está patrocinado polo Consello da Cultura Galega, con cargo ao Arquivo Sonoro de Galicia e ten como obxectivo recoller cantigas, romances, refráns, ditos e adiviñanzas existentes na zona de influencia do centro escolar ou nun concello determinado, coa súa música cando a teñan, presentándoas en cinta magnetofónica que o centro pode solicitar do citado Consello da Cultura. Os traballos redactaranse preferentemente en lingua galega e en cada un deles constará o nome do centro escolar, o do director do equipo e o dos alumnos que o compoñen, así como o enderezo, número de teléfono e curso a que pertencen. Deberán entregarse na Secretaría do Museo (Apartado 104, 36080 Pontevedra). Establécese para cada apartado un primeiro premio e un accésit, podendo o xurado propoñer a creación dalgún "Premio especial". A súa entrega terá lugar no Museo de Pontevedra durante a Semana das Letras Galegas. Na convocatoria correspondente ao ano 2004 no apartado de literatura oral premiouse ao IES Chano Piñeiro, de Vilagarcía, polo traballo 'Cancioneiro ilustrado da Terra de Montes'.

Referencias varias:

- A. Silva, 'Cancioneiro da Terra de Montes', *Diario de Pontevedra*, *'Minidiario'*, 30 maio 2004, p. 3.

Alude á entrega dos premios escolares do "Museo de Pontevedra", certame que se centra

nos aspectos que conforman o patrimonio cultural do municipio no que se atopa o centro escolar participante. Dá conta así mesmo do traballo premiado e do seu proceso de elaboración.

Premio de Narración 'Xuvenilo'

A Fundación Caixa Galicia convoca un premio de narración xuvenil ao que se poden presentar todos aqueles rapaces que teñan cumpridos os dezaoito anos antes do 2 de abril de 2004. Os traballos, que terán unha extensión mínima de vinte e cinco folios e máxima de cento vinte e cinco, poderán ser escritos en lingua galega ou castelán e presentaranse antes do 1 de marzo de 2004.

Premio 'Por un mundo máis xusto; faite solidario'

Por primeira vez convocado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, dirixiuse aos mozos e ás mozas dos centros de secundaria, públicos ou privados, de Galicia. Os textos, cun máximo de dous folios, podían pertencer ao xénero epistolar, á narración ou á poesía e debía versar sobre o leitmotiv do concurso. O prazo de entrega de textos, enviados polos centros por un máximo de 3 por alumno/a, pechouse o 7 de maio. O xurado foi proposto por cada unha destas cinco institucións: o Fondo Galego, a Real Academia Galega, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Asociación Galega de Editores e, en calidade de secretario, o director do IGADI, Xulio Ríos. Con esta proposta de xurado, a súa composición final foi, por institucións: Alfredo Nóvoa, Miguel Anxo Fernán Vello, Salvador García-Bodaño, Agustín Fernández Paz, Fabiola Sotelo Blanco e o antedito Xulio Ríos. A obra gañadora foi *Meu anxo*, escrita por Vanessa Balboa Salomón, alumna do IES de Poio. A entrega de premios tivo lugar 28 de xuño.

Referencias varias:

- Jose Matamoros, 'La suerte va por barrios', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 29 xuño 2004, p. L15.

Dá conta do acto de entrega de galardóns e dos nomes dos gañadores do concurso de redacción "Por un mundo máis xusto; faite solidario".

Premios "Muralla de Lugo" de debuxo e redacción infantil

Certame convocado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Lugo, a Universidade de Santiago, Caixanova, *El Progreso* e Telelugo dirixido a escolares menores de doce anos e no que se estabelecen dúas modalidades: debuxo e redacción. Concederase un premio en cada unha das

modalidades, dotado con 500 euros e mais unha viaxe cultural a París, e entregaranse equipos informáticos aos centros educativos que presenten o mellor grupo de traballos. Os traballos de redacción non superarán os tres folios, escritos a man e por unha soa cara, en lingua galega ou castelán. En ambas as dúas modalidades, a temática debe xirar entorno "á Muralla Romana de Lugo, a paz, a solidariedade e o respecto ao medio ambiente ou todos aqueles valores que contribúan manifestamente á concordia, a convivencia e o entendemento entre as xentes e pobos do mundo, sendo de referencia obrigada a Muralla Romana". Cada participante pode presentar un máximo de tres traballos en cada modalidade e debe remitilos nun sobre, cos seus datos persoais, incluíndo un teléfono de contacto ao diario *El Progreso*. Nesta edición o prazo de presentación finalizará o 12 de marzo de 2005 e os xurado, formado por un representante de cada un dos convocantes, dará a coñecer o seu fallo o día 15 de abril de 2005. En 2004, ademais, déronse a coñecer os gañadores da edición de 2003; os premiados foron Andrés Fernández, na modalidade de debuxo, e Patricia Duarte, na modalidade de redacción.

Premios de Poesía, Relato Curto, Tradución Literaria e Tradución Especializada

Certame que convoca a Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, no que se estabelecen catro modalidades: poesía, relato curto, tradución literaria e tradución especializada, e ao que só se poden presentar os alumnos desta universidade. Os traballos, que estarán escritos en lingua galega, deben presentarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e baixo lema no rexistro de Pontevedra. En cada unha das modalidades entregarase un primeiro premio, dotado con 700 €, e dous accésit, de 250 € cada un. O tema do concurso é libre e os traballos deben axustarse á extensión determinada para cada categoría: entre cen e cento cincuenta versos para poesía; entre oito e doce folios para relato curto; entre oito e vinte folios para tradución literaria; e entre cinco e quince páxinas para tradución especializada. O xurado estará integrado polo Reitor da universidade, ou persoa en quen delegue, e persoas de recoñecida solvencia.

VIIIº Certame 'Francisco Añón' de poesía

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste Concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. Establécense catro categorías: A) para nenos de seis a dez anos, B) para os de once a catorce anos, C) para os mozos de quince a dezasete anos e D) para os maiores de dezaoito anos. Os orixinais deberán presentarse en sobre pechado no que conste o título da obra, a categoría e o lema ou pseudónimo do autor e, dentro, outro sobre, que conteña os datos persoais e fotocopia do DNI ou CIF. Os traballos entregaranse antes do 2 de abril na Oficina de Información Xuvenil (Avda. de San Campio, s/n. 15230 Outes) e os das categorías C e D terán unha extensión mínima de cento cincuenta versos. O fallo desta oitava edición deuse a coñecer nos actos de celebración do Día das Letras Galegas; os gañadores das distintas categorías son:
Categoría A:
1º Premio: 'Poemas' de Jennifer Alvite González.

Accésit compartido: 'Poesías soltas' de Nerea Añón Nine.
Accésit compartido: 'Meus poemas' de Andrea Brea Rodríguez
Categoría B:
1º Premio: 'Arañas de Mar' de Zita López Teijeiro.
Categoría C:
1º Premio: 'Miaumización entre primeiras, segundas e terceiras persoas' de Alicia Fernández Rodríguez.
Accésit: 'Conxúgase un verbo' de Cristina Nieto Nogueiras.
Catogoría D:
1º Premio: 'Erótica' de Alberte Moman Noval.

VIIIº Premio de Narración Curta para Escolares Concello de Marín

Certame organizado pola Concellaría de Cultura de Marín, ao que se poden presentar todos os escolares dos centros de ensino do municipio. Os traballos deben ser inéditos, de temática libre e en lingua galega, cunha extensión máxima de tres folio DIN-A4, escritos por unha soa cara. Estabelécense tres categorías: A, para alumnos de primeiro, segundo e terceiro de Educación primaria; B, para alumnos de cuarto, quinto e sexto de primaria; e C, para primeiro e segundo da ESO. Cada centro escolar pode presentar un máximo de tres traballos por categoría; o xurado concederá tres premios por categoría, consistentes en material escolar e unha placa para o primeiro de cada unha delas. Todos os traballos, que deben presentarse antes do 16 de abril, levarán un título e a categoría á que pertencen e irán acompañados dun sobre pechado cos datos do participante.

Referencias varias:

- A. Agulla, 'Convocado o 'VIII Premio de Narración Curta para Escolares', *Diario de Pontevedra*, 'Marín/O Morrazo', 21 marzo 2004, p. 23.

Describe as bases do "Premio de Narración Curta para escolares", que este ano acada a oitava edición, convocado pola Concellería de Cultura.

VIIº Certame de Contos "Cultura Quente"

Convocado anualmente polo Concello de Caldas de Reis, ten dúas categorías, para maiores e menores de 18 anos. Os orixinais, con tema libre, son inéditos e escritos en galego e entregáronse nas instancias municipais antes do 30 de xuño. Os premios na categoría de adultos son tres, de 300, 150 e 80 euros, respectivamente. Nesta edición, e na categoría de maiores de 18, resultaron premiados en primeiro lugar Marcelino Sisto Deibe, coa obra "Nun breve solpor ferido"; o segundo correspondeu a Brais Pérez González, que concorreu co relato "A corda de esparto", e o terceiro foi para María Concepción Regueiro Digón, co conto titulado "Salvoconducto para a tranquilidade". O xurado encargado da entrega dos premios presidiuno o concelleiro de cultura local, Manuel González.

VIIº Certame Literario 'Benxamín Paz'

Certame que organiza o Centro Cultural e Recreativo de Vilalba, no que se establecen dúas modalidades: poesía e narrativa; á súa vez, hai dúas categorías e, en cada unha delas, estabelécense varios premios para cada unha das modalidades. Nesta edición, os premios entregáronse o 28 de maio e os premiados foron: na categoría A, Yasmine García, Carla Rouco, Meritxel Ramudo e Cristian Lastra en poesía, e Manuel Irimia, Marco Antonio Bermúdez e Tania Ares en narrativa; na categoría B gañou Patricia Cabarcos en poesía e Antía Veres e María Crespo en narrativa.

Referencias varias:

- M.C., 'El Centro Cultural vilalbés difunde los ganadores del 'Benxamín Paz', *El Progreso*, 'Terra Chá/Meira', 17 maio 2004, p. 10.

Breve nota de prensa na que se informa dos gañadores nas categorías A e B do "VII Certame Literario Benxamín Paz". E informa que a entrega de premios se fará o próximo día vinteoito.

VIIº Concurso de Contos 'IAR'

Concurso de contos que a asociación de veciños Castrillón-Urbanización Soto 'IAR' convoca anualmente para celebrar o Día das Letras Galegas; nel poden participar todos os mozos que o desexen, con idades comprendidas entre os sete e os quince anos. Estabelécense tres categorías: de sete a nove anos, de dez a doce anos e de trece a quince anos, fixándose tres premios por categoría. Os contos, que deben estar redactados en lingua galega e cunha extensión máxima de tres folios, deben ir acompañados dos datos do autor. Os gañadores desta edición son: Paula Cadaveira López, Silvia Aguión Comás e Rodrigo Cabanas Grille, na categoría de sete a nove anos; e Rodrigo Avendaño, Jonathan Lema e César Flores, na categoría de trece a quince anos. Os premios foron entregados o 19 de xuño.

VIº Certame de Cómic de Cangas

O Concello de Cangas convoca, no marco do VIIIº Salón do Cómic, este certame no que poden participar todos os mozos artistas de até trinta anos, cumpridos no ano da convocatoria. Establécense tres categorías: Categoría A, de dezaoito a trinta anos; Categoría B, de catorce a dezasete anos; e Premio Viñeta Xove, para menores de catorce anos. A extensión será de catro páxinas para as categorías A e B, e de dúas a catro páxinas para o Premio Viñeta Xove. Na categoría A estabelécense tres premios de 460, 310 e 160 euros; na categoría B estabelécense outros tres premios de 130, 100 e 70 euros; e na categoría para menores de catorce anos estabelécese un único premio, dotado con 100

euros. Os traballos teñen que ser orixinais, con textos en galego; o tema e a técnica serán libres, en cor ou branco e negro. Os participantes poden presentar cantas obras desexen, que serán entregadas, baixo o sistema de plica, na Oficina Municipal de Información Xuvenil, Avda. de Ourense, 46, 36940, Cangas do Morrazo. Nesta edición, o prazo de presentación rematou o 18 de xuño e ao certame presentáronse máis de sesenta traballos.

Vº Certame Literario de relato curto 'Os Viaductos'

Certame convocado pola Concellaría de Xuventude do concello de Redondela, no que poden participar autores cunha idade comprendida entre os dezaoito e os trinta anos, que presenten orixinais escritos en galego. Os traballos, de tema libre, orixinais, inéditos e non premiados, terán unha extensión máxima de quince folios e mínima de dez por unha única cara en formato DIN A4 e a duplo espazo. Remitiranse antes do 16 de abril á Concellaría de Xuventude, Afonso XII 2, 36800, xunto con catro copias sen asinar dentro dun sobre pechado que especificará no exterior o pseudónimo do autor e o nome do certame. Dentro do sobre incluirase outro sobre, co pseudónimo no exterior, que conterá fotocopia do DNI e os datos completos do autor. Establécense dous premios; un primeiro, dotado con 1202 €, e un segundo premio, cunha dotación 601 €; ademais, os traballos premiados serán publicados pola editorial Xerais. O xurado, que estivo integrado por Manuel Bragado, Xosé Manuel Moo e Ignacio Chao, outorgou o primeiro premio a Xosé Díaz Díaz por *O ollo alleo* e o segundo premio a Paulo Martínez Lema por *A cantiga de Talessin Sinnan*; así mesmo, o xurado recomendou a publicación de outras dúas obras que levan por título *O arredado* e *A execución*.

Referencias varias:

- S.B.I., 'Un día para la literatura', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 18 maio 2004, p. 20.

Infórmase do acto de entrega do Certame de Relatos Curtos "Os Viaductos" que recaeu nos relatos *O ollo alleo* de Xosé Díaz e *A cantiga de Talessin Sinnan* de Paulo Martínez Lema, nos dous primeiros postos respectivamente. Ademais o xurado recomendou a publicación de outras obras *O arredado* e *A execución*.

Vº Certame Literario Uxío Novoneyra

Certame que convoca o concello do Courel, no que a gañadora na categoría infantil foi Noelia Martínez Rey.

Vº Premio aos mellores usuarios infantís da Biblioteca Rosalía de Castro

Organizado pola Biblioteca Rosalía de Castro, de Vilagarcía, para premiar e estimular a lectura entre os máis pequenos. Participan neste premio todos os nenos de seis a catorce

anos que posúan a tarxeta de préstamo da biblioteca cunha antigüidade igual ou superior a seis meses. O criterio que se segue para ditaminar o premio é o historial de operacións rexistradas nas fichas de préstamos realizadas na biblioteca central e nas axencias de lectura de Carril e Vilaxoán, e que os lectores non fosen premiados en máis de dous anos consecutivos. En 2004, fíxose entrega aos mellores usuarios durante o ano 2003; os premiados son Marta Carro Pérez, Carlos Chenlo Cores, Alexandra Dávila Cores, Iria Fuentes López, Cora Pérez Ares, Sara Salgado Quinteiro, Tatiana Santiago Solla, Alberto Tajuelo Real, Erika Romina Traversaro Burgos e Paula Vidal Lorenzo; todos eles recibiron un lote de libros que se lles entregou o 2 de abril, nun acto que coincidiu co Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.

Vº Premio de poesía 'Díaz Jácome' para novos creadores

Premio convocado polo Concello de Mondoñedo, en colaboración coa Fundación Caixa Galicia, co que se pretende estimular a creación poética entre os mozos. Poden optar a este premio todas as persoas, de idade non superior a trinta anos, que presenten poemas orixinais e inéditos, escritos en galego de tema e metro libre, non premiados e cunha extensión máxima de cento cincuenta versos. Os orixinais deberán enviarse en DIN-A-4 mecanografados a dobre espazo cun lema e plica en sobre pechado, onde constará o lema, o título da obra, os datos persoais e unha breve nota biográfica do autor. A entrega dos traballos debe facerse no Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, 1, 27740 Mondoñedo) antes do 15 de maio e o xurado estará composto por tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario. Haberá un primeiro premio de 1.500 euros, placa e diploma, un segundo de 600 euros, placa e diploma e un terceiro de 300 euros, placa e diploma. Non hai constancia dos gañadores desta edición.

XIIIº Certame Literario de Piñor

Certame de relatos organizado pola Asociación Cultural Frouma e o Concello de Barbadás. Estabelécense catro categorías: categoría A, para participantes de catorce a dezasete anos; categoría B, para participantes de dez a trece anos; categoría C, para participantes de dez a trece anos; e categoría D, para participantes de até nove anos. Os contos serán de tema libre, orixinais, inéditos e en lingua galega e irán acompañados dun sobre pechado, no que figure no seu exterior o lema ou pseudónimo, así como a categoría na que participa; e no seu interior, o nome e apelidos do autor, idade, enderezo e número de teléfono. Os traballos deben presentarse na Casa Municipal da Cultura, R/San Bernabé, 37, 32002 A Valenza, Ourense, antes do 10 de maio.

XIIIº Concurso 'Picariños'

Certame literario que convoca o Círculo Cultural e Deportivo de Sanxenxo, no que se estabelecen dúas modalidades, poesía e narrativa, e dúas categorías, infantil e xuvenil. Nel poden participar todos os escolares do municipio e tanto o centro educativo gañador como o alumno que obteña o primeiro posto serán obsequiados cun lote de libros.

XIIº Certame de Relato e Debuxo 'Danzadeira'

Certame de gran tradición na comarca do Morrazo creado pola Asociación Cultural Danzadeira e dirixido aos nenos da parroquia de Cela, Bueu, que cursen estudos de Educación infantil ou primaria. Estabelécense dúas modalidades: debuxo, para os nenos de Educación infantil e primeiro ciclo de primaria, e relato, para o segundo ciclo de primaria; o tema desta edición, sobre a que versarán todos os traballos, será 'o mundo dos meus avós'. O prazo de entrega dos traballos será o 12 de maio e os premio, un para cada nivel académico, entregaranse no Salón de Actos do Centro Socio-Cultural de Cela o día 17 de maio, coincidindo co Día das Letras Galegas. Aínda que este certame foi realizado tradicionalmente pola Asociación Danzadeira, nesta edición pasou a encargarse da súa organización a Asociación Cultural 'Retrouso de Cela', que quixo manter o nome do certame como homenaxe á asociación creadora. Os gañadores na modalidade de relato desta edición son: Raúl Vidal Juncal, Cristian Rodríguez Ruibal, Sergio Portela Santos e Tamara Acuña Pazó.

XIIº Concurso Literario 'Xaime Isla Couto' de narrativa e poesía

Organizado polo Concello de Poio e as asociacións Sociedade Cultural e Deportiva de Raxó, Samieira, Vides Novas, Boureante e Ateneo Corredoira. Poden participar todos os alumnos dos distintos centros escolares do municipio de Poio en idades comprendidas entre seis e vintecinco anos, que antes da novena edición se limitaba aos dezaoito anos. As modalidades do concurso son relato curto ou conto e poesía e o seu contido pode estenderse até un máximo de catro caras de folio A-4. Os premios consisten nun obsequio, nun diploma e un vale de 35 euros para compra de material escolar en cada categoría, agás na que comprende entre os dezaoito e vintecinco anos que é un diploma de 160 euros. O xurado está composto polo Concelleiro de Cultura, un representante de cada entidade cultural e mais Xaime Isla que ademais de presidir é a persoa que dá nome ao concurso. Na edición de 2004, o ditame do xurado foi no mes de maio e o acto de entrega tivo lugar coincidindo co Día das Letras Galegas. Os gañadores das diferentes modalidades foron: no grupo A, correspondente a poesía de seis a oito anos, Xabier Silva Simón, e na de relato, Sonia González Oubiña; no grupo B, correspondente a nenos de entre nove e once anos, en poesía gañou Natalia Arosa da Silva e en relato Marcos Adrián Padín Abal; no grupo C, de doce a trece anos, tanto o premio de poesía como o de narrativa recaeu en Eva Piñeiro Fernández; polo que respecta ao grupo D, de catorce a quince anos, na modalidade de poesía gañou Andrea Ucha Soto e na de narrativa Paula Piñeiro Fernández; no tocante ao grupo E, para rapaces de entre dezaseis a dezaoito anos, o premio de poesía foi para María Dolores García Ucha e o de narrativa para Iria Quinquillán Piris; por último no grupo F, de dezaoito a vintecinco anos, o premio de poesía quedou deserto, e o de narrativa foi para María José Carballa Rosales.

Referencias varias:

- M.A.C., 'El Concello anima a la participación en el concurso Xaime Isla', *Diario de*

Pontevedra, 'Poio', 9 abril 2004, p. 8.

Breve nota na que informa deste certame literario "Xaime Isla Couto", así mesmo describe as base do concurso e lembra que a entrega dos premios coincidira coa celebración do Día das Letras Galegas.

- Marina Abilleira, 'Gran participación en el 'Xaime Isla', *Diario de Pontevedra*, 'Vivir aquí', 27 abril 2004, p. 83.

Informa da gran participación entre os alumnos dos centros educativos do municipio na duodécima edición do concurso "Xaime Isla". E lembra que a entrega coincidira co Día das Letras Galegas.

- M.A.C., 'El jurado eligió los ganadores del 'XII Concurso Literario Xaime Isla', *Diario de Pontevedra*, 'Poio', 5 maio 2004, p. 13.

Dáse a coñecer o nome dos diferentes gañadores nas modalidades de narrativa e poesía e, informa de que a entrega de premios terá lugar o día dezasete de maio.

- M.A.C., 'Raxó entrega os premios 'Xaime Isla', *Diario de Ferrol/El Ideal Gallego/Diario de Arousa*, 'Vivir aquí', 18 maio 2004, p. 69.

Alude a que coincidindo co Día das Letras Galegas entregáronse os premios aos gañadores do concurso literario "Xaime Isla". Tamén da conta que entre os galardoados atopábanse rapaces dos distintos centros educativos do municipio, facendo referencia así mesmo a calidade das obras e á alta participación.

XIº Certame Literario Concello de Cambre

Co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre os mozos, os Equipos de Normalización Lingüística e os Departamentos de Lingua Galega e Literatura dos institutos de Educación Secundaria "David Buján" e "Afonso X", as Asociacións de pais e nais e a Concellaría de Cultura do concello de Cambre, convocan este certame no que poden participar mozos con idades comprendidas entre os doce e vinte e seis anos de acordo coas seguintes categorías: A) de doce a catorce anos, B) de quince a dezaoito anos e C) de dezanove a vinte e seis anos. As modalidades ás que poden concorrer son a de poesía e narración. No caso da poesía presentaranse como mínimo tres poemas de tema e forma libre, e no caso da narración a extensión máxima será de cinco folios e o tema tamén será libre. Os traballos presentaranse mecanografados a dobre espazo e entregarase un orixinal e catro copias nun sobre no que figure: Certame literario, o lema ou pseudónimo do autor ou autora, a categoría (A, B ou C) e a modalidade (narración ou poesía). Cada traballo presentado incluirá un sobre pechado no que, por fóra, deberán figurar os mesmos datos e,

no interior, unha fotocopia do DNI, o teléfono e o centro no que estudia ou traballa, se é o caso. Os traballos poderán presentarse persoalmente nas administracións dos institutos convocantes ou ben poden enviarse por correo ao Concello de Cambre, Concellería de Cultura (Adro, 1, 15660 Cambre). Haberá dous premios por categoría e modalidade aínda que o xurado poderá declarar desertos calquera deles. O primeiro da categoría A será de 150 euros e o segundo de 90 euros. Na categoría B o primeiro será de 210 euros e o segundo de 120, e, na categoría C o primeiro será de 270 euros e o segundo de 150.

Referencias varias:

- S.A., 'Los premios del Certame Literario irán desde 90 hasta 270 euros', *La Opinión*, 'Culleredo/Cambre', 19 marzo 2004, p. 13.

Dá conta da undécima edición do "Certame Literario Concello de Cambre", describe as bases do concurso, a quen vai dirixido, cantas categorías se establecen, que modalidades teñen para participar no certame, como se repartiran os premios, a contía dos mesmos e por último informa que os nomes dos gañadores anunciaranse coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas.

- S.A., 'Jóvenes de dos institutos participan en el XI Certame Literario', *La Opinión*, 'Cambre', 13 abril 2004, p. 15.

Breve nota na que se nos informa da convocatoria do "XI Certame Literario Concello de Cambre", que como cada ano busca estimular a creación literaria en lingua galega tanto nas modalidades de poesía como na de narración breve.

Xº Certame de 'Poesía na Escola'

Certame que convoca a Asociación de Amigos da Poesía do Baixo Miño coa finalidade de atraer aos pequenos á poesía, tanto á escritura como á lectura. Estabelécense tres premios por cada centro educativo participante. O tema é libre, aínda que dende a asociación se propón como referencia o Nadal. Os participantes deben presentar os seus poemas, un orixinal e dúas copias, dentro dun sobre pechado, no que deben incluír os seus datos persoais, antes do 30 de novembro.

Referencias varias:

- M.D., 'Amigos da Poesía propone un certamen para que los jóvenes escriban', *Atlántico Diario*, 'Área Metropolitana', 19 novembro 2004, p. 26.

Faise eco da convocatoria deste certame no que sinala que se busca fomentar a poesía entre os pequenos tanto na lectura como na escritura. Informa de que os premios serán tres. O tema será libre, aínda que a asociación propón como referencia o Nadal.

XVIº Premio de Narracións Xuvenís 'Rúa Nova'

Premio de creación literaria convocado pola Biblioteca Nova 33 e a Fundación Caixa Galicia. Estabelécese un primeiro premio e accésit para traballos presentados en lingua castelá e un primeiro premio e accésit para traballos presentados en lingua galega por autores que non cumprisen dezaoito anos o día 2 de abril de 2004. Cada un dos dous primeiros premios contará cunha dotación económica de 1.500 euros e a publicación do texto na colección "Nova 33" que a Fundación coedita coa editorial Ir Indo. Estes traballos poden ter unha extensión de vinte e cinco a cento vinte e cinco folios, mecanografados a dobre espazo, e deben presentarse baixo plica, por quintuplicado, facendo constar o nome, o enderezo e o teléfono, así como fotocopia do DNI ou do libro de familia, na Biblioteca Nova 33 (Rúa Nova 33-2º 15705 Santiago, Apartado de Correos, 637, 15780 Santiago) ou en calquera das oficinas de Obras Sociais de Caixa Galicia. O prazo de presentación finalizou o 1 de marzo de 2004 e o fallo deuse a coñecer o 1 de abril; nesta edición, o xurado, que estivo composto por Helena Villar Janeiro, Anxo Tarrío Varela, Paulino Novo Folgueira e Xosé-Victorio Nogueira Barcia, deixou deserta a modalidade en lingua galega e concedeu dous accésits ás novelas *Klaus destruído*, de Santiago Sanjurjo Díaz, e *A cruz no ombreiro*, de Santiago Agra Bermejo. Cómpre sinalar que en setembro de 2004 xa se convocara o XVIIº Premio de Narracións Xuvenís Rúa Nova, ao que se poden presentar traballos até 1 de marzo de 2005.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, 'Vanesa Rodríguez Tembras obtiene el Premio Rúa Nova en castellano', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 7 abril 2004, p. 29.

Dáse a coñecer o nome da gañadora do "Premio de Narracións Xuvenís Rúa Nova" na modalidade en castelán. O certame está organizado pola Biblioteca Nova 33 e a Fundación Caixa Galicia. A obra gañadora foi *Sin aliento* de Vanesa Rodríguez Tembras. Na modalidade de galego o premio quedou deserto, concedéndose dúas mencións ás novelas *Klaus destruído* de Santiago Sanjurjo Díaz e *A cruz no ombreiro* de Santiago Agra Bermejo.

- Jose Matomoros, 'El rito iniciático del crisma', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecimos', 7 abril 2004, p. L7.

Ademais de facer referencia a outros actos sociais celebrados en Santiago, tamén dá conta da gañadora do "Premio de Narración Xuvenís Rúa Nova". Así mesmo dá a coñecer os nomes dos autores das obras que recibiron unha mención tanto en lingua castelá como en lingua galega.

- E.P., 'Deserto o Premio Rúa Nova na modalidade en galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 7 abril 2004, p. 48.

Informa de que nesta XVI edición do "Premio Rúa Nova" en lingua galega quedou deserto, pero concedéronse dúas mencións ás novelas *Klaus destruído* de Santiago Sanjurjo e *A cruz no ombreiro* de Santiago Agra. A novela gañadora en lingua castelá foi *Sin aliento* de Vanesa Rodríguez.

- C.P., 'O premio Rúa Nova distingue a dous composteláns con sendas mencións', *La Voz de Galicia*, 'Santiago', 9 abril 2004, p. 14.

Informa de que no premio "Rúa Nova", foron premiados dous autores composteláns con sendas mencións. No apartado de lingua galega o galardoado foi Santiago Agra e no de lingua castelá foi Ana Juanatey.

- Helena Villar Janeiro, 'Premio deserto', *El Correo Gallego*, 'Notas de actualidade', 9 abril 2004, p. 2.

Alude a que dentro do "Premio Rúa Nova" quedase deserto o "Rúa Nova" na modalidade galega. E xustifica esta decisión argumentando que se trata dun texto inmaturo, polo que consideran que non é atinado publicalo.

XVº Concurso de contos "Manuel Murguía"

Certame convocado polo Concello de Arteixo inicialmente para os seus escolares, aínda que máis tarde ampliou a súa convocatoria aos rapaces de fóra do concello. Todos eles deberán entregar un único conto inédito e escrito en galego cunha extensión mínima dun folio e máxima de cinco. O xurado desta edición, formado por Rosa Mª Ferrín Pazos, Rosa Mª Moreiras Mosquera e Mª Xosé Iglesias Lendoiro, decidiu que as obras premiadas nas distintas categorías fosen as seguintes: "Non quero a túa compaixón" de Paloma Calvo Varela, "O león" de Sara Pombo Paz, "O castigo de Xaquín" de Martín Castro Calvelo, "Diario dunha guerra" de Beatriz Rey Búa, "Unha viaxe espacial" de Noelia López Souto e "Historia do noso tempo" de Carlos Alberto Carro Prieto.

XXIIIº Concurso de Contos en Galego da Once

Concurso literario que organiza o Centro pontevedrés de Recursos Educativos 'Santiago Apóstolo' da ONCE, no que poden participar todos os escolares galegos de Educación primaria. Estabelécense tres categorías: A) primeiro ciclo de educación primaria, B) segundo ciclo de educación primaria, e C) terceiro ciclo de educación primaria; e tres premios, dotados con 200, 100 e 75 € en material didáctico e mais un diploma para cada un deles; ademais, co obxectivo de ofrecerlles a todos os concursantes un premio xenérico, o Santiago Apóstolo edita un libro con todos os contos gañadores. En 2004, o prazo para presentar os traballos rematou o 30 de abril e a entrega de premios realizouse no mes de

maio, coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas. Nesta edición participaron setecentos cincuenta rapaces; o xurado, integrado por Antón Pombo, Marta Veiga e Xoana González Muíños, premiou a Paula Piñeiro e Carolina Candelas, na categoría A; Andrea Franco, Rebeca Hermida e Martín Fernández, na categoría B; e Edén García, Ramón Otero e Noelia Amado, na categoría C.

XXIº Premio Ourense de 'Contos para a Mocidade'

Convocado dende os seus inicios pola Agrupación de Libreiros e pola Casa da Xuventude de Ourense, ten o obxectivo declarado de promover a creación literaria en galego entre a mocidade. Para iso, este premio diríxese á mocidade de entre 14 e 30 anos de idade que elabore, nun mínimo de 6 e máximo de 25 folios a duplo espazo, un relato inédito e orixinal de tema libre. O xurado estará formado por persoas pertencentes ou directamente nomeadas polas entidades convocadoras. O prazo de remate de entrega de orixinais foi o 26 de abril e o lugar a Casa da Xuventude de Ourense. Os premios consisten nun primeiro de 750 euros e en catro segundos de 180 euros cada un, ademais da publicación da obra. Nesta edición o relato gañador levou por título "Corduras ou martelos", escrito polo coruñés Iván García Campos.

Referencias varias:

- A.S.L., 'Do conto vivo bastante; teño a esperanza de vivir de escribir', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 31 maio 2004, p. 11.

Entrevista a Iván García Campos gañador do "Premio Ourense de Contos para a Mocidade". Nesta entrevista cóntanos dende cando escribe, que outros premios gañou e, tamén conta como xurdiu este conto a raíz dunha anécdota que aconteceu hai catro anos.

XXº Concurso Literario 'Os Fanagueiros'

Convocado pola asociación veciñal e cultural Os Fanagueiros de Eirexalba, no Incio; poden concorrer a el traballos presentados en galego normativo, que poden levar ilustracións. O certame vai sobre todo dirixido a escolares, con categorías diferenciadas para o alumnado de primeiro, segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria; habilítase unha cuarta categoría para as persoas que queiran concorrer e non queden englobadas en ningunha das tres anteriores. Cada modalidade conta con tres premios, sendo o primeiro de 40 euros, o segundo de 30 euros e o terceiro de 20 euros que se destinarán a libros e material escolar; os premiados recibirán un diploma. A extensión dos traballos será como máximo de seis folios. Nesta vixésima edición participaron sesenta e tres obras, das que o xurado premiou os traballos de Teresa Pardo López, Lorena Gómez López e Adrián Fernández (na categoría de seis a oito anos); Lucía Pardo López, Daniel Álvarez Vázquez e Cristina Pereiro Castro (na categoría de nove a once anos) e Xosé Lois Castro, Daniel Álvarez Vázquez e Diego Sanpedro López (na categoría de doce a dezaseis anos). A entrega de premios tivo lugar o día 31 de outubro, coincidindo coa festa do magosto que celebra a asociación convocante.

Referencias varias:

- V.L. Villarabid, 'Oural y O Incio coparon los premios de 'Os Fanagueiros', *El Progreso*, 'Sarria', 29 outubro 2004, p. 26.

Dáse a coñecer o nome dos diferentes gañadores do "XX Concurso Literario" que convoca un ano máis a asociación cultural e de veciños Os Faganeiros de Eirexalba, en O Incio.

XXVº Certame literario do 'Colexio Manuel Peleteiro'

A Asociación de Pais de Alumnos do Colexio M. Peleteiro, con ocasión do Día das Letras Galegas, convoca este certame para os alumnos de segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria e Primeiro ciclo de ESO. Os traballos deberán estar escritos en lingua galega e hai unha modalidade de poesía (un poema de extensión libre) e outra de prosa (narración breve dunha extensión máxima de dous folios). A temática darase a coñecer no momento da realización dos traballos. Cada alumno poderá presentar unicamente un traballo e en cada curso poderán concederse tres premios de poesía e tres de narración e accésits. O xurado formarano membros da Asociación de Pais e mestres do colexio, que dará a coñecer o seu ditame nun acto que se celebrará co gallo do Día das Letras Galegas. Dáse conta dos traballos premiados na revista *Vamos*, que edita este colexio. No 2004 algúns dos galardoados son Elisa Giraut, Lara Vázquez, Ana Berriochoa, Sara Otero, Clara Fernádez, Alba Ferradás, María Crespo, Pedro Hernández, María del Mar Rey, Jessica Barreiro, Mariña Naya, Ana Paseiro, Alfonso Mandía, Carmen Graíño, Ana González, Isabel Sastre, Rodrigo González, Ángela del Valle, Carolina Uriarte, Breixo Ferreiro, Antía Tuñas, Sofía Blanco, Rosario Gelabert, Alberto Marcilla, Marta Ríos, Belén Zapata, Paula Fernández, Santiago Valladares, Lucía Caramelo, Carmen Ortigueira, Jesús Fernández, Lucía Pérez, Saray Devesa, Sofía Blanco e Teresa Pérez.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, 'Antonio Heredero vuelve al Hostal', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 20 maio 2004, p. 31.

Ademais de facer referencia a outros actos sociais celebrados en Santiago, tamén dá conta da entrega de premios do "XXV Certame Literario de la APA" que tivo lugar no colexio Manuel Peleteiro.

XXVº Certame 'Terra Chá' de literatura e debuxo infantil

Certame que convoca a Asociación cultural Xermolos, no que poden participar todos os escolares da comarca. Nesta edición presentáronse un total de cincocentos setenta traballos de sesenta e tres colexios de toda a comarca; os premios entregáronse o día 8 de agosto,

durante o Festival de Pardiñas.

XXXIIº Premios Minerva

Certame convocado polo Colexio Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 e conseguido por escritores consolidados hoxe en día como Lois Diéguez, Ánxeles Penas, Darío Xohán Cabana, Anxo Rei Ballesteros, Suso de Toro ou Xabier Queipo. Nel pode participar o alumnado de segundo ciclo de Educación Secundaria e Bacharelato, que cursen os seus estudios en centros de Galicia e non teñan cumpridos os vinte anos o 31 de decembro de 2004. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e poderán concorrer nas seguintes modalidades: poesía (un conxunto de tres poemas, de tema e formas libres) e narración (de tema libre e dunha extensión máxima de seis folios, mecanografados a dobre espazo). Enviaranse cinco exemplares, con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado no que figuren os datos do autor, que deben vir selados polo Seminario de Galego para acreditar a súa condición de alumno ou alumna do centro. No exterior do sobre figurarán o pseudónimo ou lema e o título da obra e deben remitirse a XXXº Certame literario "Minerva" (Colexio M. Peleteiro, San Pedro de Mezonzo, 27, 15701, Santiago de Compostela). Concederanse tres galardóns en cada unha das dúas modalidades, de 750, 450 e 300 euros, respectivamente, medalla de prata conmemorativa do certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo centro que convoca o certame. O xurado estará constituído por escritores e profesorado de lingua ou literatura de distintos centros de Galicia e dará a coñecer o seu ditame nos medios de comunicación; a entrega de premios celebrarase no decorrer dun acto literario organizado no centro educativo. Durante o acto, os galardoados deberán ler a súa obra total ou parcialmente. Nesta edición, o prazo para presentar os traballos rematou o día 12 de marzo de 2004 e a entrega de premios tivo lugar o día 29 de abril nun acto no que Xosé Luís Méndez Ferrín actuou como mantedor. Na modalidade de narrativa, os galardoados foron en primeiro lugar Milena Martínez Basalo, co relato *Pantomima*; en segundo lugar quedou Felipe Trillo Taboada de Zúñiga con *O ataúde de zinc*, mentres que en terceiro lugar quedou Lorena Coto Ferreira con *A man do anxo*. Na modalidade de poesía o primeiro premio foi para Lorena Abuín Lorenzo con *Tese da boneca rusa*, seguida de Lidia López Teijeiro con *Inverno de Alaudas*, e o terceiro premio recaeu en Berta Dávila Fernández con *Tres asaltos*. Os áccesits foron para Andrea Calvo Rey, Antía García Casal, Lorena Abuín Lorenzo, Alexandra Eiras Rodríguez e Mónica Fernández Armesto. O xurado de poesía, presidido por Luís Alonso Girgado, contou con Avelino Abuín de Tembra, Lucía Aldao Sánchez, Baldo Ramos e Mon G. Buhigas. O da modalidade de narrativa estivo presidido por Manuel Quintáns Suárez e composto por Roque Cameselle Capón, Armando Requeixo, Manuel Castro Mera e Teresa González Silva.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, 'Convocados los 32 Premios Minerva', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 24 xaneiro 2004, p. 36.

Artigo no cal se fai un pequeno percorrido pola historia dos "Premios Literarios Minerva" e se informa da nova convocatoria, dirixida a alumnos de segundo ciclo de Secundaria e

Bacharelato. Nas modalidades de narración e poesía os traballos poderán presentarase escritos en lingua galega ou castelá.

- Ana Iglesias, 'Milena Martínez y Lorena Abuín, ganadoras de los XXXII Premios Minerva', *El Correo Gallego*, 'Santiago', 17 abril 2004, p. 28.

Informa dos gañadores do "XXXII Premios Minerva" que convoca o colexio Peleteiro. Na modalidade de narración a gañadora foi Milena Martínez Basalo co relato *Pantomima* e na modalidade de poesía coa triloxía poética *Tese da boneca rusa* a gañadora foi Lorena Abuín Lorenzo que ademais recibiu un accésit por outra obra, *Os corpos convexos e o xeo.*

- Eva González, 'Escribo para min cando me gusta e teño tempo', *Faro de Vigo*, 'Baixo Miño/Área Metropolitana', 27 abril 2004, p. 16.

Entrevista a Milena Martínez Basalo, gañadora do primeiro premio de narrativa dos "XXXII Premios Minerva" que convoca o Colexio Manuel Peleteiro de Santiago. Na entrevista fala da trama, onde se desenvolve, como naceu a historia, fala da súa personaxe e por último comenta que lle gustaría encamiñar os seus pasos profesionais no terreo literario.

XI. LITERATURA MEDIEVAL

XI.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Álvarez, Rosario e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, ♦, 2004, 770 pp. (ISBN: 84-95892-24-3) .

(Dis)cursos da escrita é un volume composto por trinta e un estudos de filoloxía galega, que abrangue dende traballos centrados no ámbito medieval até referencias á onomástica actual en Galicia, foi ofrecido en memoria de Fernando R. Tato Plaza, profesor da facultade de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago e investigador do Instituto da Lingua Galega, que finou a comezos do ano 2000. Entre os traballos aquí recollidos interésannos, dende o punto de vista da literatura medieval, os seguintes:

- Bieito Arias Freixedo, "A importancia do manuscrito", pp. 65-70.

A partir de exemplos extraídos da obra do trobador Airas Perez Vuitoron conservada nos apógrafos italianos B e V, Bieito Arias Freixedo explica de forma pormenorizada diversos casos de lecturas erradas para insistir na necesidade de acudir sistematicamente aos manuscritos como forma de evitar, na medida do posíbel, a incorrecta fixación dos textos líricos medievais galego-portugueses.

- Xosé Luís Couceiro, "A cantiga do Beato de Valcavado", pp.101-110.

Xosé Luís Couceiro dá conta da existencia dunha pouco coñecida cantiga *de loor* de Alfonso X, recollida nun códice palentino do século X, habitualmente citado co nome de Beato de Valcavado. O profesor Couceiro comenta o artigo que sobre ela publicaron López Aydillo e Rivera Manescau, dando especial importancia aos aspectos cronolóxicos, lingüísticos e gráficos da composición, ademais de comentar a lectura paleográfica que os dous investigadores incluíron como parte central do seu traballo. A continuación, Couceiro ocúpase do importante estudo que, tamén sobre esta cantiga, levou a cabo J. M. Ruíz Asencio. A este respecto, ofrécense datos pormenorizados dos aspectos máis relevantes: características do copista, da alternancia da lingua utilizada, particularidades da grafía, problemas de datación, e tamén problemas de autoría, punto este no que Couceiro fai especial fincapé.

- Dieter Kremer, "Voltando às "Genealogías" da Galícia medieval", pp. 315-428.

Dieter Kremer remítese a varios traballos anteriores sobre o mundo antroponímico galego principalmente do século XI. Inclúe documentación: a) xenealoxías, subdividida nos apartados de Celanova e o Tombo de Samos 270-274; b) outros inventarios e documentos, co tombo de Samos 305 e varios de Celanova e Sobrado dos Monxes, cada un deles coa transcrición do texto latino; varios índices, un que inclúe toda unha serie de esquemas xenealóxicos, e outro moi completo de nomes persoais.

- Ramón Lorenzo, "Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunhas abreviaturas", pp. 449-458.

O profesor Ramón Lorenzo explica os criterios de edición que considera máis adecuados para os textos medievais. Entre outros, como a corrección de erros evidentes, atópase o desenvolvemento de abreviaturas. O autor deste traballo considera de suma importancia que os editores de obras medievais conten con certa formación lingüística, que asegure aos estudosos a necesaria fiabilidade na súa lectura. Lorenzo concede especial importancia ao tema das abreviaturas, tan frecuentes neste tipo de textos, e exemplifica unha longa serie de problemas cos que o investigador pode atoparse a miúdo.

- Fernando R. Tato Plaza e Ana Isabel Boullón Agrelo, "Fontes para o estudo da lingua medieval", pp. 709-770.

Dada a cantidade de fontes documentais medievais galegas e a súa deficiente sistematización, os autores deste traballo propóñense achegar os instrumentos necesarios para a investigación filolóxica. A meirande parte do traballo está integrada por unha relación de índices, que resultan unha ferramenta de traballo indispensábel para os estudosos da lingua e da literatura galega medievais: o primeiro é un índice de fontes documentais, e recolle sobre todo escritos orixinais procedentes de mosteiros de toda Galicia así como edicións e estudos a partir de documentos eclesiásticos, reais e xurídicos; o segundo índice é de fontes literarias. Este subdivídese en *fontes primarias: manuscritos*, e *fontes secundarias: as edicións* (lírica: edicións facsímiles e edicións xenéricas ou dos

cancioneiros, e prosa). Por último, o traballo complétase cunha lista das abreviaturas bibliográficas e das siglas dos arquivos máis frecuentemente citados.

Amado Rodríguez, Teresa, Concepción Cabrillana Leal, Eva Castro Caridad, Cecilia Criado Boado e Amelia Pereira Pardo (coord.), *Iucundi acti labores: estudios en homenaje a Dulce Estefanía Álvarez*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2004, 583 pp. (ISBN: 84-9750-374-0) .

Traballos recollidos en memoria da profesora María del Dulce Nombre Estefanía, divididos nas categorías de Lingüística, Literatura e Varia. No campo da literatura galega medieval inclúese o seguinte estudo:

- Mercedes Brea, "El desamparo amoroso en la lírica gallego-portuguesa", pp. 219-229.

O traballo, que forma parte do proxecto de investigación *El léxico del sufrimiento en los trovadores*, aborda o tema da recorrencia de vocabulario nas composicións trobadorescas galego-portuguesas. Nesta liña, Mercedes Brea fixa a súa atención no campo semántico do *amparo / desamparo* e na súa orixe feudal, onde rexían as relacións de dependencia do vasalo cara ao seu señor, que foron transmitidas á lírica amorosa, de amigo, e mesmo á de tipo relixioso. Brea achega exemplos comentados de autores como Osoir' Anes, Johan Soarez Coelho, Pai Gomez Charinho ou o propio rei Don Denis, ilustrando as diferentes tipoloxías de uso deste recurso e os diversos contextos en que é posíbel atopalo. O traballo complétase cun apartado de bibliografía.

Candelas Colodrón, César, *O Cronicón de Hidacio*, Noia: Toxosoutos, febreiro 2004, Serie Trivium, nº 13, 103 pp. (ISBN: 84-96259-13-7) .

Obra gañadora do Premio de Historia Medieval de Galicia 2003, certame convocado de forma solidaria pola Editorial Toxosoutos e a Fundación Comarcal Noia. A concesión deste premio tivo lugar o 17 de decembro de 2003, co motivo da celebración do cabodano do Mariscal Pardo de Cela, en honor de quen se convoca este Premio. O xurado estivo composto nesta edición por Carlos Barros Guimeráns, que actuou coma presidente, Armando Luís de Carvalho Homen, Xerardo Agrafoxo Pérez, Xosé Miguel Andrade Cernadas, Pedro García Vidal e Henrique Monteagudo Romero, vogais, e coma secretario Xosé Agrelo Hermo. *O Cronicón de Hidacio* é unha tradución anotada baseada no texto latino editado por Burgess en 1993. O autor, César Candelas Colodrón, mantén todos os sistemas de cómputo empregados por Hidacio e segue unha estrita orde cronolóxica anual. Esta edición ofrece ademais na primeira parte un estudo sobre a figura do bispo Hidacio: a súa orixe, educación, ideoloxía e actividade política. A obra é fundamental para o estudo do comezo da Idade Media na Gallaecia.

Recensións:

- M. Quintáns, 'A Gallaecia do século V no 'Cronicón' de Hidacio de Chaves', *El Correo Gallego*, 'Historia', 28 novembro 2004, p. 4.

Sinala que César Candelas Colodrón recibiu o Premio de Historia Medieval de Galicia pola súa obra *O Cronicón de Hidacio*. O estudo é froito da investigación sobre a personalidade do famoso Bispo, *o Lémico* e sobre a súa obra, a cal nos permite achegarnos á realidade do tempo. É un traballo fundamental para o coñecemento dunha das etapas máis significativas do noso pasado histórico.

Correa Arias, José Francisco, *Fernán Pérez de Andrade, o Boó*, Premio Historia Medieval de Galicia, 2003, Noia-A Coruña: Toxosoutos, febreiro 2004, col. Serie Trivium, nº 12, 262 pp. (ISBN: 84-96259-12-9) .

Monografía sobre o señor de Pontedeume, de orixe humilde e que acada un impresionante ascenso social como cabaleiro ao servizo dos reis de Castela. A obra divídese en tres partes: a primeira versa sobre o marco histórico e social da época (finais do século XIII); a segunda vai sobre a ascensión social de escudeiro a cabaleiro e señor feudal que sofre o personaxe analizado, do xogo de lealdades na guerra civil castelá e o cambio de mentalidade de Pérez de Andrade decorrente do ascenso, adecuándose ás súas novas funcións sociais; e a terceira versa sobre o papel da relixión, do imaxinario e do inconsciente na vida do nobre. Esta obra foi a vencedora do Premio de Historia Medieval de Galicia 2003 convocado conxuntamente pola Editorial Touxosoutos e a Fundación Comarcal Noia.

Recensións:

- Eva Veiga, 'Fernán Pérez de Andrade o Bóo: Un Maquiavelo do século XIV', *Diario de Ferrol*, 'Enfiando', 2 maio 2004, p. 23.

Digresión sobre a importancia da publicación do estudo de Correa Arias para a historia galega, principalmente a de Ferrolterra, destacando o amplo uso de bases documentais, inéditas ou non, polo investigador, e destacando a importancia do *cursus honorum* percorrido por Fernán Pérez de Andrade e da nova configuración dunha mentalidade colectiva de tipo cabaleiresco durante os séculos XIII e XIV, dando homoxeneidade a esta nova clase social que engrosará as filas da nobreza, logo da guerra civil en Castela entre Henrique de Trastámara e Pedro I. A autora destaca tamén a análise na obra da mentalidade e do imaxinario da época en relación coa psicoloxía do personaxe en cuestión. O autor expón, para analizar mellor a figura, en que consiste o ideario cabaleiresco e as súas fontes de influencia, abordando tamén a condición persoal do seu protagonista, que ascende de escudeiro a señor de varias vilas ao longo da súa vida, concluíndo coa consideración que as forzas dos sistemas mentais merecen o mesmo interese histórico que as estruturas socioeconómicas. Conclúe a articulista defendendo a importancia de coñecer o pasado da comarca para coñecer o presente da mesma.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, 'Andel de novidades', *Faro de Vigo, 'Faro da Cultura'*, nº 75, 18 marzo

2004, p. VII.

Sección fixa na que se inclúen recensións de *O lago de Como* (2004), de Ramón Chao; *Fernán Pérez de Andrade, o Bóo* (2004), de José Francisco Correa Arias; *A ferida* (2004), Begoña Paz; e de *As amantes de Hamlet* (2003), de Marta Dacosta. Explica, con respecto á obra de José Francisco Correa, que nela se recolle a biografía de Fernán Pérez de Andrade, tomando como base os textos medievais e facendo fincapé no ideario da mentalidade cabaleiresca.

Fidalgo, Elvira (coord.), *As Cantigas de Loor de Santa María*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, □♦, 2004, (ISBN col: 84-453-3780-7), 432 pp. (ISBN: 84-453-3780-7) .

Edición crítica das corenta e dúas cantigas de Alfonso X, que forma parte do *Proxecto Cantigas de Santa María* integrado no proxecto matriz, ARQUIVO GALICIA MEDIEVAL, que pretende editar a poesía profana e relixiosa, así como a prosa medieval galegas. No limiar que precede a edición explícase que "o obxectivo que presidiu a elaboración deste volume foi o de ofrecer uns textos que se sustentasen no fráxil equilibrio de ser o máis próximos posible aos que saíron do obradoiro do rei Afonso e, á vez, de lectura e compresión fáciles para os lectores de hoxe; e útiles aos estudosos, tanto da lingua como da literatura" (p. 13). Nesta liña, as edicións preséntanse acompañadas por extensos comentarios, nos que se fai especial incidencia no aspecto retórico, estrutural e contextual, aportando datos que fan que a lectura deste tipo de cantigas resulte sumamente enriquecedora e panorámica, incluso para un público non especializado na literatura relixiosa medieval. Pensando neste último grupo, a edición coida de modo especial o aspecto explicativo das referencias conceptuais e litúrxicas, que, doutra forma, poderían pasar desapercibidas. O traballo vai acompañado dun apartado de bibliografía xeral, outra de carácter teolóxico, e catro índices: un de primeiros versos, un de palabras anotadas, un de nomes anotados e un temático.

Recensións:

- A.S., 'As Cantigas de Loor de Santa María', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 88, 'Letras en galego', 27 novembro 2004, p. 9.

Noticia da publicación da nova edición das cantigas, con mención ao equipo de colaboradores no proxecto. Sinala que o libro dedica un capítulo a cada cantiga, con información detallada para lectores comúns e filólogos. O autor destaca, asemade, a importancia da obra afonsina na literatura universal e na galega en particular.

Referencias varias:

- E.P., 'Nove publicacións do Centro 'Ramón Piñeiro', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 28 outubro 2004, p. 75.

Esta noticia céntrase na intervención que Manuel Fraga fixo no acto organizado polo Centro Ramón Piñeiro no que presentaron varias publicacións e no que se entregou, ao mesmo tempo, o II Premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve a Emilio Xosé Insua López por estudo sobre os Vilar Ponte. M. Fraga alardea o labor do centro e da calidade das obras presentadas, entre as que se atopa *As cantigas de loor de Santa María*.

- Jose Matamoros, 'De Ramón Piñeiro a Cervantes', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 28 outubro 2004, p. L15.

Informa de que o Centro Ramón Piñeiro presentou varias publicacións, entre elas, *As cantigas de loor de Santa María*, e que entregou ao mesmo tempo o II Premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve a Emilio Xosé Insua López polo estudo *Antón e Ramón Vilar Ponte: Unha irmandade alén do sangue*. Despois fala, moi brevemente, das publicacións presentadas.

- MARÉ, 'Irmandade de sangue', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 outubro 2004, p. 48.

Dáse conta do acto de entrega do II Premio do Centro Ramón Piñeiro de Ensaio Breve e no que se presentaron tamén nove publicacións do centro. O gañador foi Emilio Xosé Insua López co estudo *Antón e Ramón Vilar Ponte: Unha irmandade alén do sangue*. No evento, o presidente da Xunta, Manuel Fraga, salientou o gran labor que leva a cabo o centro e tivo palabras para as nove obras que se presentaron. Primeiro para as que tiñan que ver con Ramón Piñeiro, logo para as de lírica e prosa medieval, e, por último, para as que trataron a recuperación da prensa de emigración. A noticia inclúe un apartado "A cerna" no que se resalta a reedición dun poemario de Álvaro de las Casas e dunha monografía sobre Roberto Nóvoa Santos.

Lorenzo Vázquez, Ramón (ed.), *Miragres de Santiago*, 2 vol., Valencia: Scriptorium Ediciones Limitadas, 2004 (ISBN: 84-89472-23-8) .

Reprodución facsimilar do manuscrito 7455 da Biblioteca Nacional de Madrid no primeiro volume, seguido dun estudo crítico no segundo volume que contén a transcrición do texto medieval e a súa tradución ao galego actual e ao castelán, precedidos dun estudo introdutorio de carácter literario.

Morán Cabanas, María Isabel, **Rodríguez**, José Luís, **Souto Cabo**, José António, **Vieira**, Yara Frateschi, *Glosas marginais ao Cancioneiro Medieval Português de Carolina Michaëlis de Vasconcelos*, Universidade de Santiago de Compostela, 2004, Universidade de Coimbra, 2004, Maia: Editora Unicamp, ♦, novembro 2004, 592 pp. (ISBN: 972-616-223-8) .

Tradución ao portugués da importante obra da filóloga luso-alemá *Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch*, publicada entre os anos 1896 e 1905 na revista *Zeitschrift für romanische Philologie*, cunha revisión minuciosa do orixinal, completando cando é posíbel a información bibliográfica. Os editores elaboraron tamén sumarios e índices remisivos que facilitan a consulta dos textos.

Pensado Tomé, José Luís, **Pérez Barcala**, Gerardo, *Tratado de Albeitaria*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, □♦, 2004, 415 pp. (ISBN: 84-453-3859-5) .

Obra constituída de dúas partes diferenciadas: a primeira é o estudo de autoría de Pensado, que fai unha proposta de transcrición do texto ao lado da reprodución do manuscrito, seguido dun amplo estudo do vocabulario do mesmo. A segunda parte é de autoría de Pérez Barcala e trátase dunha proposta de edición to texto transcrito anteriormente. Consiste nun tratado de cabalaría traducido a partir dun orixinal latino por un notario no século XV.

Stegagno Picchio, Luciana (ed.), *Antologia della poesia portoghese e brasiliana. Supplemento al quotidiano 'La Republica*, col. La Biblioteca di Repubblica /Poesia Straniera, 992 pp. .

A autora deste volume ofrece unha selección antolóxica de textos poéticos medievais galego-portugueses. Atopamos exemplos comentados da obra lírica de trobadores como Martin Codax e Mendinho, e o rei poeta Don Denis, así como das *Cantigas de Santa María.*

Tavani, Guiseppe, *Unha Provenza hispánica : a Galicia medieval forxa da poesía lírica peninsular : discurso lido o día 22 de maio de 2004, no acto da súa recepción como académico de honra / polo señor Giuseppe Tavani ; e resposta do señor Ramón Lorenzo*, A Coruña: Real Academia Galega, ♦, 2004, 27 pp. (ISBN: 84-87987-53-2) .

Discurso pronunciado por Giuseppe Tavani no seu acto de nomeamento de académico de honra, no que intenta corrixir a expresión galego-portuguesa coma denominadora da produción lírica do oeste peninsular da Idade Media, a partir das diferenzas existentes a un e outro lado do Miño respecto do tratamento da cantiga de amigo, desde o punto de vista temático e expresivo e simbólico. A continuación, Ramón Lorenzo fai unha loanza do excelente labor que o mestre italiano fixo pola cultura galega ao longo de moitos anos.

X.A.P. (coord.), *Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela, ♦, 2004, 152 pp. (ISBN: 84-89597-46-4) .

Volume editado polo Concello de Santiago de Compostela para regalar aos seus visitantes e

que recolle semblanzas que diferentes autores, en galego ou castelán, fixeron da cidade compostelá. Dende o punto de vista da literatura medieval galega cómpre destacar a presenza de textos de Bernal de Bonaval, Airas Nunez, Johan Airas, Pedr´Amigo de Sevilla e Afonso X, o Sabio.

XI.2. REEDICIÓNS

XI.3. ACTAS

Brea, Mercedes (coord.), **VV. AA.**, *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, □♦, 2004, col. Difusión cultural, nº 41, 698 pp. (ISBN: 84-453-3919-2) .

Actas nas que recollen os traballos que sobre literatura medieval se presentaron no Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural celebrado en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón entre os días 25 e 28 de maio de 2004 para conmemorar o primeiro centenario da publicación da edición crítica do *Cancioneiro da Ajuda* realizada por Dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos (Halle: Max Niemeyer, 1904). De seguida, damos conta dos artigos incluídos nestas actas:

- Maria Ana Ramos, "O Cancioneiro ideal de D. Carolina", pp. 13-40.

Descrición do proceso de elaboración da edición crítica de Dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos do *Cancioneiro da Ajuda*, publicada en dous volumes no ano 1904. A intención da ilustre filóloga non era simplemente a de editar o texto do códice conservado na Biblioteca do Palácio Real, senón servirse del, así como dos seus coñecementos sobre os apógrafos italianos, para intentar reconstruír o que a autora denomina como un *cancioneiro ideal*. Os problemas que encontrou Carolina Michaëlis foron moitos, xa que o códice pergamiñáceo orixinal encontrábase moi deteriorado, fragmentado e aparentemente inacabado. Foi por isto polo que ademais de traballar na fixación do texto, tivo que ordenar os folios e os cadernos, buscándolle un lugar ás follas soltas aparecidas en Évora en 1843, e numeralos, tendo en conta o delicado deste labor debido ás consecuencias que a orde dos folios pode ter sobre a atribución das cantigas.

- Harvey L. Sharrer, "Estado actual de los estudios sobre el *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 41-53.

Repaso polas diferentes edicións que do *Cancioneiro da Ajuda* se realizaron ao longo da historia e descrición do códice conservado na Biblioteca do Palácio da Ajuda. O *Cancioneiro da Ajuda* é un dos poucos testemuños medievais que temos da lírica profana galego-portuguesa. Trátase dun cancioneiro colectivo que inclúe, maioritariamente, cantigas de amor, moi ao estilo da *canso* da lírica trobadoresca occitana e provenzal. O manuscrito está en moi mal estado e ten moitas carencias: non ten prólogo, non indica a autoría das composicións e carece de notación musical. Tampouco se coñece o seu lugar de procedencia, factor este que ten provocado a aparición de diferentes hipóteses baseadas no

tipo de letra do manuscrito, na lingua utilizada ou na comparación con outros códices do momento creados no *scriptorium* das cortes da época, como a de Alfonso X.

- Giuseppe Tavani, "Carolina Michaëlis e a crítica do texto, cen anos despois da edición de Halle", pp. 55-65.

Avaliación do traballo feito por Dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos na elaboración da edición crítica que do *Cancioneiro da Ajuda* publicou en Halle en 1904. A publicación desta edición representou no seu momento un acontecemento moi importante para a filoloxía textual galega e portuguesa, pois a editora adiantouse ás prácticas filolóxicas do seu tempo, xa que no proceso de transcrición crítica do texto cotexouno cos outros dous testemuños existentes para corrixir erros dos copistas e para encher os buratos deixados por estes e polo rubricador. As características da edición de Halle fan que cen anos despois da súa aparición continúe a manter moita da súa vixencia orixinal.

- Carlos Alvar, "Carolina Michaëlis y la lírica tradicional", pp. 67-77.

Descrición da edición crítica realizada por Dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos do *Cancioneiro da Ajuda*, publicada en Halle en 1904. A eminente filóloga dividiu o seu estudo en tres partes: investigacións bibliográficas, investigacións paleográficas e investigacións biográficas, históricas e literarias. Nesta última parte, ademais de estabelecer a biografía de máis de cen poetas e de explicar a presenza da poesía cortés no noroeste da Península Ibérica, xustifica a existencia das cantigas de amigo mediante tres argumentos: o papel da Igrexa nunha posición abertamente contraria á lírica profana e ao protagonismo feminino nela, a existencia dunha poesía feminina medieval relacionada coa culta e a pervivencia de poesías populares análogas ás cantigas de amigo, cantadas por coros femininos desde o século XV.

- Yara Frateschi Vieira, ""O processo da ama": passado e presente de uma polêmica trovadoresca", pp. 79-98.

Análise das diferentes opinións que ao longo dos anos os estudosos da lírica profana medieval galego-portuguesa manifestaron acerca do chamado "proceso da ama". A primeira investigadora que reparou no ciclo de cantigas que denominou "processo da ama" foi Dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos. Nun estudo publicado na serie *Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch* a filóloga luso-alemá numerou e ordenou as cantigas que segundo o seu parecer pertencían a este ciclo, designou os trobadores, estabeleceu os textos, datounos e concluíu que a ama á que fan referencia os poetas é unha nai nova, de boa familia, aínda que non nobre, e que vive na súa propia casa. A partir deste traballo numerosos estudiosos posteriores, como Manuel Rodrigues Lapa, Ângela Correia, Vicenç Beltrán ou Margherita Spampinato Beretta, retomaron o tema chegando a conclusións coincidentes coas de Carolina. Michaëlis ou totalmente opostas.

- Mª Isabel Morán Cabanas, "Carolina Michaëlis de Vasconcelos e o *Cancioneiro Geral* de Garcia de Resende", pp. 99-113.

Estudo sobre as investigacións que Dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos realizou do

Cancioneiro Geral de Garcia de Resende. Os vastos coñecementos que Dona Carolina posuía, permitíronlle incidir sobre diferentes tipos de intertextualidade entre os textos do *Cancioneiro Geral* e outros. Así pois, fai referencia ao bilingüismo a ás influencias entre a lírica portuguesa e os autores casteláns da época, á relación de continuidade entre algúns textos do *Cancioneiro* e certos ciclos literarios propios da lírica medieval galego-portuguesa, como pode ser o proceso da ama, ou ás alusións ao romance da *bella mal-maridada*. Outros aspectos que a ilustre filóloga tratou foron os relativos á lenda da traxedia de Inés de Castro, así como as biografías dalgúns dos colaboradores do *Cancioneiro Geral*, como o Infante D. Pedro, Duque de Coimbra ou Francisco Sá de Miranda.

- José Luís Rodríguez, "D. Carolina Michaëlis e o texto de escárnio e de maldizer", pp. 115-135.

Comparativa realizada entre os criterios de edición dos textos de escarnio e *maldizer* que Carolina Michaëlis de Vasconcelos publicou na súa edición crítica do *Cancioneiro da Ajuda* (1904), nas *Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch* (1896-1905) e na *Revista Lusitana* e os publicados por Teófilo Braga na súa edición crítica do *Cancioneiro da Vaticana*, baseada na edición diplomática de Ernesto Monaci de 1875, titulada *Cancioneiro Portuguez da Vaticana* (1878) e os editados por Manuel Rodrigues Lapa na súa obra *Cantigas de escarnho e de mal dizer* (1970). Son moi abundantes as diferenzas entre os criterios escollidos por Carolina Michaëlis e os seguidos polo seu contemporáneo Teófilo Braga, ao que a romanista luso-alemá criticou rixidamente en innúmeras ocasións. Tamén existen diverxencias importantes entre as solucións escollidas por estes dous filólogos e Rodrigues Lapa. De feito, non son moitas as características comúns que se poden sinalar entre as distintas edicións elaboradas por estes tres estudosos e que, basicamente, se reducen a dúas: unha certa tendencia á modernización ortográfica e o gusto polos incrementos textuais.

- Giulia Lanciani, "Repetita iuvant?", pp. 137-143.

Exposición da problemática da presenza de textos copiados por dúas veces nos cancioneiros medievais como indicio da variedade de fontes de compilación do códice. A autora apoia a teoría da confección do manuscrito nos talleres afonsinos, relacionando a súa interrupción coa morte do monarca. Pola datación da obra en relación coas recompilacións occitanas, non se ve probábel a existencia dun cancioneiro anterior a *Ajuda*, remontándose ás fontes entón a colección de rótulos dispoñíbel na corte de Castela durante o reinado de Fernando III e Alfonso X. A única composición dobre en A é *Oy eu sempre mia sennor dizer*, de Pai Gomez Charinho, presente nos folios 67v e 69r, corroboran a hipótese de Lanciani, xa que presentan diferenzas gráficas mínimas. A disposición da obra do trobador nos códices apunta tamén a diversidade de fontes de *A* por un lado e *B* e *V* por outro.

- Mariña Arbor Aldea, Paolo Canettieri e Carlo Pulsoni, "Le forme metriche del *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 145-175.

Análise das formas métricas presentes en *Ajuda*. Para o estudo estatístico, consideráronse todos os textos como composicións anónimas independentemente da atribución recollida

por outros cancioneiros. A distribución porcentual dos tipos de cobras do códice non coincide coa distribución total na tradición manuscrita, polas características da recompilación (compostas por textos dun só xénero e por non recoller composicións de autores tardíos). Detéctase un predominio das cobras singulares e unha concentración de textos de maior complexidade métrica ao comezo do cancioneiro, que poderían corresponderse aos testemuños máis antigos, comportamento semellante ao dos cancioneiros occitanos e franceses contemporáneos. Nótase tamén unha agrupación de textos por tipo métrico, buscando a disposición no mesmo folio de composicións metricamente similares. Os esquemas rítmicos tamén presentan unha alta porcentaxe de tipos propios á tradición galego-portuguesa.

- Dominique Billy, "Regroupements métriques dans le *Chansonnier d'Ajuda*", pp. 177-184.

Estuda a disposición das composicións no *Cancioneiro da Ajuda* segundo a semellanza de tipo métrico-estrófico, detectando varios grupos de semellantes, como a agrupación das cantigas de refrán nas seccións de Fernan Garcia Esgaravunha, Roi Queimado e Vasco Gil, ou a secuencia de refráns nas composicións de Roi Paez de Ribela. Xa os textos recollidos nos primeiros cadernos agrúpanse as cantigas de cobras *doblas*, buscando corresponderse coa distribución en folios. Tamén a sección de anónimos está organizada pola semellanza rítmica, dispondo as composicións de rima *abbcac*, raras, próximas ás cantigas de Fernan Velho, coas que se semellan tamén polo esquema rítmico da *fiinda*.

- Manuel Pedro Ferreira, "O rasto da música no *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 185-210.

O *Cancioneiro da Ajuda* nunca chegou a ser un códice musicado, mais existen evidencias que demostran a intencionalidade inicial de que así o fose. Son esencialmente dúas e sobre elas centra o autor este traballo. Por un lado está a presenza de iconografía musical. No *Cancioneiro* aparecen un total de dezaseis miniaturas nas que figura sempre un personaxe nobre, sentado e en actitude de mando acompañado por dúas figuras, normalmente tocando instrumentos musicais, excepto nun caso no que aparece acompañado por un único arpista. Ademais destas, o *Cancioneiro* inclúe outras dúas representacións relacionadas coa música: unha figura humana tocando un instrumento no interior dun "P" maiúsculo e un debuxo tardío que aparece na páxina duascentas trinta e unha e que fora deixada en branco polos copistas, no que se representan varias figuras humanas tocando diferentes instrumentos musicais. Por outro lado están os espazos en branco que de maneira consciente foron deixados polos copistas no texto e que servirían para introducir neles a notación musical. Baseándose no estudo destes espazos Manuel Pedro Ferreira apunta a posibilidade de que a *fiinda* das cantigas sería acompañada dunha música distinta á do resto da composición poética. No final do traballo inclúense cinco ilustracións que son mostra de miniaturas que representan a músicos e a danzantes.

- Juan Paredes, "Textos alfonsís en la edición del *Cancioneiro da Ajuda* de Carolina Michaëlis (Halle, 1904): comentarios críticos, biográficos e histórico-literarios", pp. 211-224.

Estudo sobre os comentarios de Carolina Michaëlis de Vasconcelos aos textos atribuídos a Alfonso X o Sabio incluídos na edición crítica do *Cancioneiro da Ajuda* de 1904. Nas súas

investigacións Dona Carolina apunta problemas de autoría, como na cantiga de amigo B 456 que ela atribúe a Sancho I de Portugal e Juan Paredes atribúe a Alfonso X. Fai referencia tamén á vida do autor e a doutros autores contemporáneos a el e que son citados nas súas cantigas de escarnio e *maldizer*, como Pero da Ponte ou Afons' Eanes do Coton e a dos que aparecen nas súas catro *tensós* (Garcia Perez, Pai Gomez Charinho, Vasco Gil e Don Arnaldo), así como ao contexto histórico no que viviron.

- Pilar Lorenzo Gradín, "Unidade e diversidade poéticas. As cantigas de refrán do *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 225-242.

Gran parte da crítica diferenciou, ao longo da historia, entre poesía de carácter popularizante, onde se incluían as cantigas de refrán, e poesía de carácter culto, onde se incluían as cantigas de mestría. Carolina Michaëlis de Vasconcelos discordaba desta distinción e consideraba que as cantigas de refrán, aínda que baseadas nunha poesía autóctona e arcaica, foran adaptadas aos ambientes da cultura laica e por iso prefería falar das cantigas de refrán como pertencentes a un tipo peculiar de *trobar*. Pilar Lorenzo Gradín retoma esta polémica e, baseándose na estrutura métrica e rítmica así como en certos recursos estilísticos empregados, conclúe que non se deben cualificar como popularizantes as cantigas de refrán.

- Fernando Carmona Fernández, "Tristán y la narrativa trágica en las cantigas de amor", pp. 243-260.

Análise das relacións de intertextualidade existentes entre as cantigas de amor da lírica profana medieval galego-portuguesa e a lenda de Tristán. As cantigas de amor caracterízanse por un lirismo tráxico do que é un bo exemplo, e funciona como modelo representativo, o sentimento tráxico que aparece nos amores de Tristán e Isolda. De feito, existen exemplos nos que a repetición de rimas *confort/mort* que aparece no lamento final de Isolda, no texto de Thomas do século XII, se reproduce en cantigas de amor coas rimas *confort(o)-conort(o)* con *mort(o)*, como en *Assi me trax coitado* de Don Denis ou en *E por quê me desamades* de Osoir' Anes. Co paso dos anos e debido aos cambios sociais e políticos que se produciron na sociedade peninsular, coa ascensión da burguesía e a desaparición da monarquía feudal, o gusto por esta temática decaeu.

- Esther Corral Díaz, "*Pero sei que me quer matar... aquel matador*: a conceptualización de *matar* no *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 261-276.

Análise do motivo configurador da 'morte por amor', un dos temas máis importantes e frecuentes da lírica trobadoresca galego-portuguesa. A autora do traballo pretende aportar a súa visión para a realización dun inventario dos espazos temáticos desenvolvidos nesta tradición poética. Neste senso, Corral Díaz afonda na idea de que no *Cancioneiro da Ajuda* este recurso está basicamente destinado a salientar de modo hiperbólico o *topos* recorrente da morte ficticia do amador por culpa do amor, e analiza a gran variedade de matices con que se presenta, ademais de explicar os recursos cos que se destaca, exemplificado en diversas composicións.

- Gérard Gouiran, "Fortunes de mer: Le pérfil de la mer chez les troubadours galiciens-

portugais et occitans", pp. 277-291.

Visión panorámica dun tema recorrente na lírica trobadoresca galego-portuguesa e occitana: o mar como elemento perigoso e incerto. Gérard Gouiran traza un exhaustivo percorrido polos numerosos exemplos atopados nestas dúas tradicións poéticas, achegando exemplos de moi variada índole e completando a análise con reveladores comentarios que fan deste traballo un exercicio de literatura comparada.

- Maria do Rosário Ferreira e José Carlos Ribeiro Miranda, "Meendinho ou as ondas em águas paradas", pp. 293- 312.

Interpretación da cantiga de Mendinho *Sedia-m' eu na ermida de San Simión*. Os autores sinalan a práctica imposibilidade real da formación de ondas arredor da Illa de San Simón e propoñen unha interpretación da cantiga na que a loita da protagonista coas ondas representaría unha loita contra a paixón que a consome debido ao desencontro amoroso ocasionado pola ausencia do amigo, e que a conduce á morte non por afogamento, senón por amor, tendo así unha morte por amor típica da cantiga de amor, mais imaxinada agora desde un punto de vista feminino. Por outro lado, Maria do Rosário Ferreira e José Carlos Ribeiro Miranda apuntan a posibilidade de que Mendinho non fose un simple xograr de baixa condición, xa que demostra un coñecemento profundo dos Salmos, factor que se pode apreciar na relación de intertextualidade que existe entre a súa cantiga e o *Salmo 68*.

- Elvira Fidalgo, "*E desmesura fazedes / que de min non vos doedes*: la reputación de la dama", pp. 313-330.

O *Cancioneiro da Ajuda* caracterízase por estar composto fundamentalmente por cantigas de amor cunha homoxeneidade formal e temática propia da área na que foron compostas. O seu tema principal é a coita do trobador polo amor non correspondido a unha *senhor*, nun escenario feudal no que a dama é o señor e o trobador é o vasalo. O característico da cantiga de amor galego-portuguesa é a imposibilidade do trobador de ser correspondido pola *senhor*, debido, segundo a autora, á necesidade da dama de conservar a súa boa reputación que a obriga a non aceptar o servizo amoroso do poeta. Elvira Fidalgo afirma que con esta actitude de rexeitamento, a *senhor* rompe o pacto vasalático xa que non cumpre as súas obrigas, negándolle ao trobador o *auxilium*, que pola súa parte morrerá de amor, ocasionándolle á *senhor* caer na deshonra. Baseándose nesta argumentación, algún trobador intenta exercer chantaxe emocional sobre a dama solicitándolle o cumprimento do pacto vasalático e explicándolle que conseguirá acadar mellor reputación se acepta as súas demandas amorosas. É o caso de Pai Gomez Charinho na cantiga *Sennor fremosa, por Nostro Sennor*.

- Attilio Castellucci, "Temas e motivos no *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 331-350.

Trata dos temas principais presentes na lírica galego-portuguesa, destacando a primacía da cantiga de amor tanto dentro da tradición textual como pola temática palaciana, estilizada. A análise retoma os catro campos sémicos propostos por Tavani: o tema da vista e o da morte, os ciúmes e a invocación a Deus. O primeiro abarca o namoramento pola vista e o sufrimento do poeta por non ver a *senhor*, representados nos textos polo uso abundante do

verbo *veer*. O segundo dos temas, a morte por amor, aparece no sesenta por cento das cantigas de amor e é empregado por case todos os autores, con variedade de motivos: a morte por distancia da *senhor*, por un amor non correspondido, pola descuberta do amor por parte da *senhor* e ou a súa recusa, entre outros, aínda que observa o convencionalismo do tema pola repetición continua incluso na mesma cantiga, e pola *coita* de amor que ataca o trobador día e noite sen descanso, e as diversas cantigas que fan burla das mortes finxidas dos poetas. Os últimos, temas menores, son os celos que chega a sentir o trobador pola presenza dun outro pretendente e a invocación de axuda ou misericordia a Deus pola situación do poeta.

- Gema Vallín, "¿Temas y motivos en el *Cancioneiro da Ajuda*?", pp. 351-356.

Gema Vallín afirma neste relatorio que a lírica cortés é un perfecto exemplo de poesía formal no que o tema é un mero pretexto. Considera que a orde estética é a característica dominante das cantigas condicionando o vocabulario, a sintaxe, a retórica e o estilo, ademais do verso e da rima. Para exemplificar as súas aseveracións analiza dúas cantigas: unha provenzal (*Can vei la lauzeta mover* de Bernart de Ventadorn) e unha galego-portuguesa (*Se Deus me valha, mia senhor* de Vasco Fernandez Praga de Sandin).

- Graça Videira Lopes, "O *Cancioneiro da Ajuda* e a questão dos géneros", pp. 357-371.

Tomando como punto de partida que o *Cancioneiro da Ajuda* é unha compilación de cantigas de amor, Graça Videira Lopes sinala o afastamento dalgunhas das cantigas dos patróns propios deste xénero. Diferenza entre tres tipos de cantigas disonantes: por un lado, están aquelas que presentan algún elemento discordante co modelo habitual da cantiga de amor, como as que indican referencias históricas e xeográficas concretas, as que citan o nome da dama ou as que presentan un ton lúdico ou humorístico; por outro lado, están as cantigas que denomina "ambiguas", nas que aparecen elementos totalmente afastados do universo padrón das cantigas de amor e máis relacionados coa sátira, coas adiviñas ou co *trobar clus* provenzal; xa por último, fala de cantigas "anómalas" referíndose a aquelas composicións que son totalmente alleas ao universo das cantigas de amor e que prefire incluír dentro do xénero de escarnio e *maldizer*.

- Xosé Bieito Arias Freixedo, "Ambigüidade e equívoco nas cantigas de amor", pp. 373-401.

Xosé Bieito Arias Freixedo analiza unha serie de composicións para demostrar que o procedemento retórico da *aequivocatio*, que aparece descrito na *Arte de trobar* fragmentaria que precede ao *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e que serve para distinguir entre as cantigas de *escarnho* e as cantigas de *maldizer*, é un elemento moi importante en moitas cantigas de amor. Afirma que a intencionalidade dos trobadores á hora de utilizar os mecanismos específicos do equívoco (polisemia e homonimia), así como outros procedementos tendentes a crear ambigüidade na interpretación do sentido da composición, sería a busca da participación activa do auditorio no espectáculo ou incluso a provocación da incerteza ou mesmo da polémica.

- Carlos Paulo Martínez Pereiro, "*Falad'amigo... falade migo*. Para a descrición e

discreción dos usos paronomásticos no trobadorismo profano galego-portugués", pp. 403-425.

Aproximación á retórica da lírica profana medieval galego-portuguesa centrada no recurso da paronomasia. Analizando unha serie de cantigas, Carlos Paulo Martínez Pereiro chega a varias conclusións: a importancia dos usos paronomásticos na textualidade do corpus profano galego-portugués; a funcionalidade poética destes usos e o grao de intencionalidade retórica, fundamentalmente nas cantigas satíricas; e a imposibilidade de creación dunha cronoloxía ou corte poética na que se producise unha especial utilización do recurso, a pesar da existencia dunha maior presenza na corte de Alfonso X e nas xeracións de trobadores tardíos. O traballo inclúe un índice de primeiros versos citados e outro índice de poetas citados.

- Xosé Luís Couceiro, "As cantigas a través das escolmas galegas (1886-1975)", pp. 427-442.

Repaso por algunhas das antoloxías literarias que incluíron nas súas páxinas cantigas profanas medievais galego-portuguesas. Xosé Luís Couceiro centra a súa análise en catro escolmas: a primeira é *El idioma gallego. Su antigüedad y vida* de Antonio de la Iglesia, publicada en 1886 e dividida en tres volumes, onde aparecen centro vinte e catro cantigas pertencentes a trinta e cinco trobadores, ademais da estrofa galego-portuguesa do descordo plurilingüe de Rimbaut de Vaqueiras; a segunda é a *Escolma de poesía galega* de Xosé María Álvarez Blázquez , publicada pola editorial Galaxia entre os anos 1952 e 1959, e na que se incluíron duascentas dezaseis composicións de cincuenta e cinco trobadores; a terceira é a *Escolma da poesía medieval (1198-1354)* de 1975, onde Álvarez Blázquez retoma a escolma de Galaxia e engádelle varios textos; a cuarta e última antoloxía estudada é a publicada en 1975 por Edicións Castrelos e titulada *Antoloxía. Poesía Galega. Dos devanceiros ao dezaoito*, na que Xosé Landeira Yrago inclúe cento setenta e cinco composicións de setenta e un trobadores.

- José Carlos Ribeiro Miranda, "O autor anónimo de A 36/A 39", pp. 443-458.

José Carlos Ribeiro Miranda apunta a posibilidade de que as cantigas comprendidas entre A 36 e A 39, *Sennor, os que me queren mal*, *Eu sõo tan muit' amador*, *No mundo non me sei parella* e *Meus ollos, gran cuita d' amor*, e atribuídas normalmente a Pai Soarez de Taveiros , poidan pertencer a outro trobador, baseándose na comparativa do *Cancioneiro da Ajuda* cos cancioneiros apógrafos italianos.

- Antonia Víñez, "Notas biográficas de Doña Carolina Michaëlis y notas sobre el estado de la cuestión", pp. 459-472.

Desde que Dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos ofrecera os primeiros datos biográficos de trobadores na súa edición crítica do *Cancioneiro da Ajuda* de 1904, son moitos os estudos que se realizaron acerca da vida dos trobadores, nun intento de estabelecer unha maior comprensión dos textos. Temos así, na actualidade, unha serie de trobadores moi ben documentados, moitos deles pertencentes a grandes liñaxes como Afonso Lopez de Baian, Gonçal' Eanes do Vinhal ou Pai Gomez Charinho, outros de liñaxe

de inferior categoría como Johan Soarez Coelho, Rodrigu' Eanes Redondo, Men Rodriguez Tenorio ou Johan Garcia de Guilhade dos que coñecemos bastantes datos, e, por último, unha serie de trobadores dos que hai moi poucas informacións e que continúan a ser un enigma como Fernan Padron ou Diego Moniz.

- José António Souto Cabo, "Airas Fernandes Carpancho e Nuno Eanes de Cêrcio", pp. 473-483.

Tomando como referencia varios documentos procedentes dos arquivos das catedrais de Ourense, Santiago de Compostela e Sevilla, José António Souto Cabo perfila a biografía de dous trobadores dos que non se dispuña de moitos datos: Airas Carpancho e Nun' Eanes Cêrzeo. Trátase de dous cabaleiros galegos, ligados á cidade de Compostela e á figura de Munio Fernandes de Rodeiro e, posibelmente, inmersos no proceso de reconquista de Sevilla. O traballo inclúe a reprodución de dous documentos, un de 1230 procedente do *Tombo* C do arquivo da catedral compostelá e outro de 1268 proveniente do arquivo catedralicio ourensán.

- Xosé Ramón Pena, "A singularidade do *Cancioneiro da Ajuda* e o "desvío" galego", pp. 485-496.

Xosé Ramón Pena salienta o carácter aristocrático do *Cancioneiro da Ajuda*, no que se pode detectar a procura dun equilibrio entre diferentes posibilidades estilísticas. O autor afirma que nos trobadores galego-portugueses existía un afán de imitación dos trobadores provenzais, fundamentalmente nos de etapas máis antigas, xa que aqueles autores que presentan unha cronoloxía máis recente propiciaron a ascensión á categoría de literatura cortés de formas líricas autóctonas, nas que a cantiga de mestría deixa paso á de refrán e o modelo de cobras singulares imponse ao de cobras doblas e unisonantes.

- Mariña Arbor Aldea, "Editar *Ajuda*: principios teóricos para unha nova experiencia ecdótica", pp. 497-511.

Percorrido polas diferentes metodoloxías aplicadas en crítica textual desde a época de Carolina Michaëlis de Vasconcelos até aos nosos días. Mariña Arbor Aldea apunta a necesidade de editar o *Cancioneiro da Ajuda* seguindo os métodos dos que dispón na actualidade a Filoloxía Románica. Esta edición debería presentar: o texto íntegro de *A*, respectando a ausencia de rúbricas atributivas e ofrecendo o texto na materialidade que presenta no códice, é dicir, sen reconstruír as posíbeis cobras adicionais baseándose no estudo dos apógrafos italianos, para as cantigas que presentan espazos en branco; a hipótese de lectura do editor; o desenvolvemento das abreviaturas; a regularización dos usos gráficos do manuscrito; a adopción dos criterios actuais no tocante á acentuación e ao uso das maiúsculas; a utilización do guión para indicar as asimilacións, do apóstrofo para sinalar as elisións e as aféreses, das parénteses cadradas para sinalar as integracións, das parénteses redondas para indicar a subtracción de elementos e dos corchetes para sinalar a existencia de fragmentos irrecuperábeis; a división dos versos conforme ao esquema métrico da cantiga; e a emenda da medida do verso e do esquema de rimas nos casos problemáticos. Con isto, afirma que se conseguirá un importantísimo documento para realizar estudos lingüísticos do único códice contemporáneo dos trobadores conservado.

- Francisco Fernández Campo, "Reflexións para unha lectura de *Oý eu sempre, mia sennor, dizer*, de Pai Gomez Chariño (A 248, B 816, V 400)", pp. 513.523.

Proposta de lectura da cantiga *Oy eu sempre, mia sennor, dizer*, de Pai Gomez Charinho. O autor destaca a polisemia de "ben" e "mal", palabras que aparecen en vinte e unha ocasións, o que responde a unha intención clara do poeta de marcar e centrar o tema da composición: o *gran ben* é o amor, mentres que o *gran mal* é a loucura. Francisco Fernández Campo indica a importancia da introdución de epígrafes retóricos que inclúan a análise semántica das palabras clave nas edicións críticas para facilitar a interpretación do texto por parte dos lectores. O traballo inclúe unha tradución instrumental da cantiga estudada.

- María do Pilar Zapico Barbeito, "As dúas cantigas do *Cancioneiro de Ajuda* atribuídas a Pero Gomez Barroso", pp. 525-541.

Análise das cantigas de amor do trobador portugués Pero Gomez Barroso, ofrecendo unha proposta de edición crítica das cantigas A222 *Quand' eu, mha senhor, convosco faley* e A223, *Par Deus, senhor, tan gran sazon.*

- Déborah González Martínez, "Algúns problemas de atribución no *Cancioneiro da Ajuda*: o caso das cantigas A68 e A69", pp. 543-554.

Exposición do problema de localización do autor das cantigas *En gran coita vivo senhor* (A68) e *¡Nostro senhor! en que vus mereci* (A69), transmitidas polo *Cancioneiro da Ajuda* como composicións dun mesmo autor e atribuídas a autores diversos nas recompilacións italianas pola dobre testemuña do primeiro texto (B181^{bis} e B1451).

- Alexandre Gaiferos Parrado Freire, "Algúns problemas de atribución no *Cancioneiro da Ajuda*: o caso das cantigas A 184 e A 291", pp. 555-564.

Análise dos problemas relacionados coa falta de indicación do nome do autor das composicións no *Cancioneiro da Ajuda* e o contraste entre a atribución nos cancioneiros italianos e as distintas propostas dos editores modernos, centrándose nas cantigas *Muitos veg' eu que se fazen de mi* (A184) e *A mha senho,r que eu mays d' outra ren* (A291)

- Mª do Socorro Oliveira Brandão, "A questão das lacunas no *Cancioneiro da Ajuda*: a outra face da produção amorosa dos poetas de A", pp. 565-576.

Reflexión sobre a posibilidade de reconstitución dos ocos presentes no *Cancioneiro da Ajuda* a partir do testemuño dos apócrifos italianos. A falta de textos podería ser atribuída tamén a unha selección de material por parte do recompilador de *A*, que eliminaría textos do arquetipo que non seguisen as liñas mestras da antoloxía. En concreto, a autora propón solucións para as lagoas (seguindo a identificación de Carolina Michaëlis) primeira a quinta, undécima e a vixésima.

- Santiago Gutiérrez García, "A parodia de xéneros a través do léxico do sufrimento nos escarnios de amor galegoportugueses", pp. 577-593.

Análise do escarnio de amor como subxénero presente no *Cancioneiro da Ajuda* a partir das teorías modernas da crítica literaria e as teorías de Genette sobre a escritura de segundo grao, cruzando as características de dous arquetipos: o da cantiga de amor e o do escarnio. O autor identifica entón os termos léxicos dun e doutro campo que, cruzándose nas composicións, dálles carácter propio do cruce de xéneros. O reducido número de textos, a súa localización nas diversas seccións da tradición manuscrita e a diversidade entre eles fai a súa descrición moi dificultosa.

- Gerardo Pérez Barcala, "«Ay lume d'estes olhos meus»: O lume, a *descriptio amantium* e o sufrimento amoroso na lírica galego-portuguesa", pp. 595-626.

Trata da descrición da amada, moi abundante noutras tradicións líricas medievais pero que na poesía galego-portuguesa é moi rara, primando a descrición psicolóxica dos efectos do amor no poeta. Levántase unha serie de exemplos de enumeración de trazos físicos da amada para entrar no campo máis abundante, o das referencias metafóricas, como a do lume como símbolo da luz que irradia a muller, presente en cincuenta e dúas composicións, e dedícase á análise do mesmo.

- Mariola Rodríguez González, "A antítese no *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 627-639.

Análise xeral do uso do procedemento da antítese nas cantigas de amor do *Cancioneiro da Ajuda*. A autora comeza por definir a figura en contraposición a outras figuras como o oxímoro, a cohabitación e o paradoxo, chegando á conclusión que a maioría das cantigas de *A* usa algunha figura de antítese, e a maioría emprega a cohabitación, destacando algúns exemplos extraídos da colección de cantigas.

- Xavier Ron, "O silencio e as marxes do *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 641-666.

Alude a algunhas cuestións sobre a elaboración do *Cancioneiro da Ajuda* das que non hai unha resposta clara da crítica, como os autores mencionados nas marxes interiores do manuscrito pero dos que non se coñece ningunha composición e os autores que figuran na marxe máis externa do cancioneiro. O autor levanta tamén o problema da definición do xénero da cantiga de amor, copiado da *cansó* provenzal, e cuestionando a súa completa adecuación aos textos de *A*. Posteriormente alude ás teorías de Michaëlis, Tavani e Resende de Oliveira para a reconstrución do posíbel arquetipo de *A*, e da lista de autores que figurarían nel a partir da disposición dos trobadores en *A* e *B/V*, xustificando a escolla dos nomes de autores que completarían as lagoas de *A*. Conclúe reafirmando a independencia de *Ajuda* fronte ao arquetipo dos apógrafos italianos e chamando a atención para a falta de continuidade textual posterior do mesmo.

- Joaquim Ventura, "As cantigas intrusas do *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 667-673.

Identificación de textos presentes no cancioneiro que non se corresponden estritamente ao canon esperado, o das cantigas de amor. O autor identifica as composicións 136, 142 e 143 como escarnios de amor, a 282 como cantiga de amigo, a 283 como burlesca, a 305 como cantiga moral, propondo reflexións sobre a disposición das cantigas tanto nesta

recompilación como nos apógrafos italianos co arquetipo da tradición documental.

- Alexandre Ripoll Anta, "Unha análise de determinadas cantigas do *Cancioneiro de Ajuda* desde a perspectiva da métrica rítmica", pp. 675-693.

Reflexión sobre a forma métrica máis común no *Cancioneiro da Ajuda* con base ás reflexións de D. Carolina Michaëlis e o modelo desenvolvido polo Instituto de Tecnoloxía de Massachussets e adaptado ao ámbito galego-portugués por D. Prieto Alonso.

Mancini, Marco (ed.), *Esilio, pellegrinaggio e altri viaggi. Atti del II Seminario Interdisciplinare sul «Viaggio»*, Viterbo: Sette Città Editores, xaneiro 2004, 527 pp. (ISBN: 88-86091-81-8) .

Actas que recollen os traballos presentados no *Convegno su "Esili pellegrinaggio e viaggio"* celebrado na Facoltà di Lingue e Letterature Straniere Moderne de Viterbo os días 6 e 7 de marzo de 2003. Inclúe o seguinte traballo sobre literatura medieval:

- Mariagrazia Russo, "Il pellegrinaggio a Santiago de Compostela nella lirica galego-portoghese", pp. 201-217.

Mariagrazia Russo trata o tema da peregrinación a Santiago de Compostela nalgunhas cantigas de Pai Gomez Charinho e Airas Carpancho.

Piñero Ramírez, Pedro (ed.), *De la Canción de Amor Medieval a las Soleares. Profesor Manuel Alvar in memoriam. (Actas del Congreso Lyra minima oral III, Sevilla, 26-28 de noviembre de 2001)*, Sevilla: Fundación Machado e Universidad de Sevilla, 2004, 656 pp. (ISBN: 84-472-0823-0) .

Actas do *Congreso Lyra minima orall III* celebrado en Sevilla do 26 ao 28 de novembro de 2001 e que recollen os seguintes traballos sobre literatura medieval:

- Carlos Alvar, "Al fondo de la caverna: lírica tradicional y cantigas de escarnio gallego-portuguesas", pp. 41-54.

Estudo sobre a reutilización e adaptación de materiais de tipo tradicional na lírica culta, o que afecta tanto á tecnica coma ao contido dos poemas. Realiza unha aproximación a textos de escarnio que utilizan habitualmente a forma da cantiga de amor, ademais dunha exploración individualizada dalgúns trobadores coma Johan de Gaia, Lopo Liáns, Pero Gomez Barroso, Pero da Ponte, Johan Garcia de Guilhade e os reis-poetas Alfonso X o Sabio e Don Denis.

- Pilar Lorenzo Gradín, "La *canción de malcasada* en las tradiciones líricas romances: del contexto al texto", pp. 189-208.

Aproximación ao xénero da malcasada que se integra dentro das coordenadas do código

medieval da canción de muller, a partir dun estudo comparativo das tradicións francesa, castelá e galego-portuguesa. Os textos son utilizados para explicar as estratexias de poder, as alianzas matrimoniais e a situación da muller na Idade Media. Ademais, realiza un percurso histórico do xénero, que arranca dende o nacemento até a súa consagración coma tal, sen se esquencer das vías de expansión polo occidente románico.

XI.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Arias Freixedo, Xosé Benito, 'E ja quites son los Mans. Nota paleográfica sobre o v. 4 da cantiga B 454 de D. Garcia Mendiz d'Eixo', *Revista Galega de Filoloxía*, nº 5, 2004, pp. 165-169.

Trata os problemas de lectura e interpretación que ofrece esta cantiga en lingua provenzal, debido a unha transmisión deturpada. Co fin de demostrar as diverxencias entre as diferentes versións, acude ás edicións de J. Marie D'Heur e Graça Videira Lopes, ademais de analizar as características paleográficas do manuscrito pormenorizadamente.

Camargo Rodrigues de Souza, José Antônio de, '¿Un fillo de Gómez Chariño? Álvaro Pais; traxectoria e promoción ao episcopado', *Revista Galega do Ensino*, nº 44, 2004, pp. 177-198.

Datos biográficos sobre a figura de Don Álvaro Pelaio e o seu pai, o trobador Paio Gomez Charinho. O primeiro, fillo bastardo, naceu en Galicia (c. 1270-1349/50) no seo dunha familia nobre. No ano 1304 ingresou na Orde dos Frades Menores. A súa participación nas loitas internas da súa congregación relixiosa e o apoio que prestou ao Papa Xoán XXII (1316-34) fronte ao emperador Ludovico IV de Baviera (1314-47) na súa obra *Defensor de la paz*, converteuno nun personaxe moi coñecido entre os seus contemporáneos.

Díaz y Díaz, Manuel C., 'Xacobe en Compostela: primeiros testemuños literarios', *Grial. Revista galega da cultura*, nº 42, 2004, pp. 8-20.

Descrición do ambiente no que se xeraron os primeiros relatos historiográficos, e concretamente a literatura que versa sobre a figura do apóstolo Santiago, que dende o século IV deu paso á creación de novas e variadas narracións. Antes de que xurda a corrente literaria xacobea de cuño compostelán, a literatura centrada no apóstolo pode ser dividida, a xuízo de Manuel Díaz, en dous grandes grupos: por unha banda, a *Passio Iacobi*; por outra, diversas pezas curtas que informaban sobre aspectos biográficos ou da predicación dos apóstolos. Neste traballo, ademais de dar conta dos aspectos máis destacados da devandita *Passio Iacobi*, destaca a visión panorámica dunha época bastante descoñecida, na que se fraguou o culto xacobeo en todas as súas manifestacións.

Disalvo, Santiago, 'Adán de San Víctor y las sequentiae en las Cantigas de Santa María del

Rey Sabio', *Letras*, nº 48-49, 2004, pp. 36-43.

Trata sobre a xénese das *Cantigas de Santa María*. As fontes arraigan non só cos modelos trobadorescos senón tamén cos modelos de tema relixioso da tradición escolar latina. O autor do cancioneiro tería tomado como paradigma a obra de Adán de San Víctor para realizar unha adopción consciente de elementos semánticos e prosódicos.

Filios, Denise K., 'Female Voices in the Cantigas de escarnio e de mal dizer: Index and Commentary', *Bulletin of Spanish Studies (University of Glasgow)*, nº LXXXI, marzo 2004, pp. 135-157.

Estudo da voz da muller na lírica medieval galego-portuguesa, con especial atención ás *cantigas de escarnio e maldizer*. Ofrécese un índice de textos onde a palabra da muller ten relevancia, se ben se sitúa nun contexto dominantemente masculino. Os textos aparecen agrupados baixo as categorías de monólogos, diálogos e monólogos encadrados en voz narrativa masculina.

Gonçalves, Elsa, 'Maldizer aposto? Acerca de uma inexistente categoria genealógica da sátira medieval galego-portuguesa', *Cultura Neolatina (rivista di Filologia Romanza fondata da Guilio Bertons)*, nº LXIV, 2004, pp. 527-541.

Cuestións metodolóxicas ligadas á investigación e didáctica na área da literatura románica medieval. Entre as ferramentas que emprega para entender os textos medievais, destaca a lingüística histórica e sinala a necesidade de elementos sólidos nese dominio para non correr risco de propoñer innovacións interpretativas que adulteren o significado histórico-literario.

Nunes Carreira, José, 'Antigo Testamento e Lírica Galaico-Portuguesa', *Portugaliae Historia*, nº 1, 2004, pp. 29-41.

Enfoque sobre motivos e tópicos preclásicos na lírica medieval galego-portuguesa, que se atopan no texto hebreo *Cántico dos Cánticos* e do *Salmo 42/41* da *Biblia*. As cantigas analizadas corresponden aos trobadores Pero Meogo, D. Denis, Pero de Veer e Airas Nunez. As composicións esténdense ata a lírica do antigo Exipto e a lírica sumeria.

Paden, William D., 'The beloved lady in medieval galician-portuguese and occitan lyric poetry', *La Corónica, a journal of Medieval Spanish Language and Literature*, nº 32, 2004, pp. 69-84.

Estudo comparativo acerca do status social e do estado civil da muller entre a lírica galego-portuguesa e a lírica occitana. Fai referencia a anteriores estudos coma os de Mercedes Brea, María del Carmen Pallares ou Georges Duby, entre outros, ademais de ofrecer interpretacións propias de diversos poemas pertencentes a Bernart de Ventadorn, Comtessa

de Dia, Eanes Marinho, Roio Paez de Ribela e Johan Garcia de Guilhade.

Paredes, Juan, 'Representaciones del poder político en las Cantigas de escarnio y maldecir de Alfonso X', *Cahiers de linguistique et de civilisation hispaniques médiévales*, nº 27, 2004, pp. 263-276.

Estudo do escarnio que o rei-poeta dirixe contra diversas figuras políticas do seu tempo, en concreto contra o Papa (posibelmente Clemente IV ou talvez Gregorio X) e contra o infante don Henrique, ademais doutros personaxes históricos que participaron na guerra de Granada. Todos estes textos satíricos remiten ao código extratextual que se tenta descodificar para entender a mensaxe.

Pérez Varela, Carlos, 'Richard de Fournival e Fernan Rodriguez: orgel ou sobervia', *Boletín Galego de Literatura*, nº 29, 'Estudos', 2004, pp. 45-59.

Nunha primeira parte deste estudo faise a análise do cancioneiro de amigo de Fernan Rodriguez de Calheiros dende o punto de vista retórico; na segunda, téntase a comparación dunha das súas cantigas máis célebres ("*Perdud'ei, madre, cuid'eu, meu amigo*") coa chanson de Richard de Fournival "*Onques n'amai tant que jou fui amee*". Ás coincidencias temáticas evidentes -*sobervia* da amiga e *orguel* da *femme* como causa da perda do amante- súmase a estrutura "afrancesada" da cantiga (non paralelística, pero con leixaprén). Conclúese que podería tratarse dun dos primeiros exemplos de importación da *chanson de danse* francesa.

Pérez Varela, Carlos, 'Richard de Fournival e Fernan Rodriguez: orgel ou sobervia', *Boletín Galego de Literatura*, nº 29, 'Estudos', 2004, pp. 45-59.

Nunha primeira parte deste estudo faise a análise do cancioneiro de amigo de Fernan Rodriguez de Calheiros dende o punto de vista retórico; na segunda, téntase a comparación dunha das súas cantigas máis célebres (*Perdud 'ei, madre, cuid' eu, meu amigo*) coa chanson de Richard de Fournival *Onques n'amai tant que jou fui amee*. Ás coincidencias temáticas evidentes -*sobervia* da amiga e *orguel* da *femme* como causa da perda do amante- súmase a estrutura "afrancesada" da cantiga (non paralelística, pero con leixaprén). Conclúese que podería tratarse dun dos primeiros exemplos de importación da *chanson de danse* francesa.

Picó Pascual, Miguel Ángel, 'Una reflexión acerca de las transcripciones de los cantares de loor de Sancta María', *Revista de Folklore*, nº 277, 2004, pp. 5-7.

O presente artigo dá conta da heteroxeneidade de criterios nas edicións musicais das cantigas de loor de Alfonso X. Miguel Ángel Picó Pascual recoñece a dificultade para achegarse ao descubrimento do ritmo orixinario alfonsino, tarefa para a que resulta imprescincíbel o coñecemento das fontes teórico-musicais, e non perder de vista que son

froito da lírica de carácter folklórico.

Sodré, Paulo Roberto, 'Entre a Guarda e o Viço: A madre nas cantigas de amigo galego-portuguesas', *Temas Medievales*, nº 12, 2004, pp. 97-118.

Relectura das cincocentas doce cantigas de amigo editadas por José Joaquim Nunes, deparando xéneros que escapan ao concepto de cantiga de amigo, ademais de delimitar as distintas voces emisoras nas cantigas, sexan estas a da namorada, a da nai, a confidente ou a do narrador. Cada unha destas voces presenta unha mudanza ou variación de discurso e protagoniza un xénero que se integra dentro do complexo denominado *cantiga de amigo*.

Sodré, Paulo Roberto, 'Os gêneros líricos no cancioneiro das cantigas de amigo', *Agália*, nº 77-78, 2004, pp. 135-164.

Análise de diversos puntos característicos do xénero 'cantigas de amigo', destacando a pouca importancia atribuída polos diversos críticos á heteroxeneidade da voz emisora feminina e a relevancia do papel da *madre* en diversas cantigas, constituíndo un subxénero das cantigas de amor. Identifica neste subxénero unha serie de marcas, como por exemplo o emprego do vocábulo *filha* como apóstrofe, e destacando catro papeis desempeñados pola nai nas cantigas: a que busca manter a orde social, a que comprende as necesidades da filla, a que expón a filla en función dos seus intereses propios e a que desafía a filla, xustificando a aparición do "cancioneiro de donas" con datos do contexto histórico-social medieval.

Souto Cabo, José António, 'Novas perspectivas sobre a génese da scripta romance na área galego-portuguesa. Textos e contextos', nº I, 2004, pp. 569-599.

Crítica ao inventario de primeiros textos romances de Frank e Hartmann (1997), que recollen poucos textos da área lingüística galego-portuguesa, algún deles mal localizado cronoloxicamente, e ignorados outros. O autor apunta a seguir os avances da investigación neste campo nos últimos anos e propón unha nómina de textos galegos e portugueses que formarían o conxunto de documentos máis antigos da zona lingüística occidental peninsular. Observa tamén a diferenza canto a adopción da scripta galego-portuguesa en detrimento da latina, xa que en Portugal o proceso é lento e gradual e en Galicia, rápido (entre 1230 e 1270 aproximadamente).

Víñez Sánchez, Antonia, 'El trovador Gonçal' Eanes Dovinhal - Estudio histórico y edición', *Verba*, 2004, pp. 1-324.

Esta versión correspóndese á publicación de grande parte da tese doutoral da autora, defendida no ano 1993 e aínda inédita. O traballo divídese en catro partes, dedicándose a primeira a unha tentativa de localización da figura real do poeta a través do estudo das fontes documentais referentes ao reparto de terras despois da Reconquista en Murcia e Andalucía, identificándoo co señorío de Aguilar (Córdoba). A segunda parte analiza a

poética, técnicas literarias e métrica da produción literaria do autor. A terceira parte fai un breve repaso á tradición manuscrita das composicións, e a cuarta trata da edición crítica das cantigas propiamente ditas. Complétase a obra cun breve glosario.

XI.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Castro Rodríguez, Xavier, 'Cantigas de Santa María', *Galicia Hoxe*, 'Pórtico das letras', 18 xullo 2004, p. 2.

Fala sobre a edición de Walter Wettman das Cantigas de Santa María, obra relixiosa que foi ben coñecida ao longo da xeografía europea, nun período no que Toledo e Compostela disputaban importantes espazos de poder civil e relixioso, o que derivou ás veces en enfrontamentos literarios. O autor, Alfonso X o Sabio, compuxo as Cantigas en galego nun momento no que comezaba a difusión clave e fundamental da nosa lírica a partir da escola trobadoresca.

Cenlumes, Vitelio, 'Xantar de trobadores (I)', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 20 xuño 2004, p. 25.

Reconstrución do ambiente no que se elaborou un curioso manuscrito dos séculos XI a XV que contén dende receitas de cociña ata nocións de dietética, agricultura ou medicina medieval. Nesta recensión dáse conta das vivencias de Frei Iácome de Permuy na súa viaxe por Galicia, en 1460, as queixas dun viaxeiro a Compostela no século XI a propósito das malas artes dos comerciantes, a copia dun códice de Alfonso X acerca de novos impostos sobre os alimentos, e unha das moitas receitas recollidas polos frades do mosteiro no que probabelmente vivía o compilador do volume.

Ventura, Joaquim, 'O legado de Dona Carolina', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 86, 'Reportaxe', 3 xuño 2004, p. II.

Con motivo da celebración en Compostela do congreso *O Cancioneiro de Ajuda cen anos despois* (25-28 de maio de 2004), o autor deste artigo fai un percorrido polas circunstancias nas que a erudita Carolina Michaëlis levou a cabo, a principios do século XX, a súa edición dun dos códices máis importantes da lírica galego-portuguesa. Joaquim Ventura reivindica a importancia da obra como expresión de autores individuais contra a tendencia da canonización de xéneros e a supervivencia de múltiples prexuízos metodolóxicos. En opinión de Ventura, colaborador do congreso, estas xornadas fanse absolutamente necesarias para valorar o estado de investigación da filoloxía galego-portuguesa.

XI.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE

OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Abuín de Tembra, Avelino, 'O Congreso de Ajuda', *Galicia Hoxe*, 'Ventos Ábregos', 24 maio 2004, p. 5.

O autor critica en primeiro lugar a falta de divulgación que ten a poesía da escola galego-portuguesa en Galicia, que fai con que esta non inflúa na literatura actual do país, lembrando a seguir da escola poética neotrobadoresca de inicios do século XX. Á continuación resalta a celebración en Galicia do centenario do *Cancioneiro da Ajuda*, o máis antigo dos cancioneiros galego-portugueses conservados hoxe, comentando a historia das súas edicións e a importancia da obra de Carolina Michaëlis para dar a coñecer os poemas desa colección. Comenta en seguida datos biográficos da filóloga e retoma a súa teoría de identificar a Pai Soarez de Taveiros como o autor da cantiga conservada máis antiga e localizalo na comarca galega do mesmo nome. Finalmente, comenta a organización do congreso *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois* pola Xunta de Galicia e o seu programa.

Alonso Montero, Xesús, 'Sant Andreu de la Barca', *La Voz de Galicia*, *'Culturas'*, nº 43, 'Beatus qui legit', 10 xaneiro 2004, p. 7.

Dáse conta dun acto que tivo lugar en terras de Chantada en honra do trobador Johán de Requeixo, e da publicación do volume *Homenaxe poética ao trobador Xohán de Requeixo* como froito do encontro por parte dos dous organizadores (chantadinos residentes en Barcelona) con diñeiro do Concello de Sant Andreu de la Barca. Deseguido, critícase a negativa das institucións públicas de Lugo a colaborar neste tipo de publicacións.

Cardalda, Teo, 'Anacos da historia', *Diario de Arousa*, 'Arousa, un mar de cultura', 6 marzo 2004, p. 20.

Rememórase un recital en Vilaxoán nos días 15 e 16 de maio de 1998, dedicado aos poetas do mar de Vigo (Johan de Cangas, Martin Codax e Mendinho), citando tamén a Paio Gómez de Soutomaior, "El Chariño", trazando á continuación unha biografía do autor. Alude tamén ao uso do tema marítimo na súa obra con sentido diverso ao dos autores citados, e relaciónao con outros autores tamén presentes no Cancioneiro da Vaticana. Remata o artigo describindo a situación da súa morte e o seu lugar de enterramento.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 6 abril 2004, p. 5.

Este artigo é o primeiro dunha serie que tratará de dúas figuras da historia galega que se chaman Martín: o trobador Martin Codax e o frei Martín Sarmiento, comezando polo primeiro. Comeza destacando o interese da cantiga de amigo dentro da produción poética da Idade Media, e en particular un grupo caracterizado polo uso da estrofa monorrima con refrán, paralelismo e simbolismo naturista, afín á poesía popular e relacionada coa primitiva

lírica vulgar en romance. Estas composicións seguen a interesar hoxe pola súa similitude coa poesía posromántica e pola súa doada comprensión.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 7 abril 2004, p. 5.

Retoma o final da columna anterior e resalta dúas razóns da importancia de Martin Codax como autor: a conservación dun cancioneiro persoal e o pergamiño Vindel, testemuño do que serían os rolos de poesía dos trobadores que aparecen en miniaturas e citas da época. Tamén radica a súa importancia en seren as dúas únicas cantigas de amigo das que se conserva notación musical, xunto ao recente achado do fragmento Sharrer.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 8 abril 2004, p. 5.

Retoma a columna anterior e resalta varias calidades do poeta como un dos mellores representantes da súa escola lírica.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 20 abril 2004, p. 5.

Fálase no artigo de Martín Codax como un dos trobadores galegos máis descoñecidos e enigmáticos e, non obstante, un dos máis estudados. De feito dísenos que o primeiro estudo publicado en España sobre un trobador galego se ocupaba del. Ese artigo era da autoría de Teodosio Vesteiro Torres, que doou á Universidade de Santiago de Compostela unha copia do Cancioneiro da Vaticana. Apúntanse algúns datos sobre a súa breve vida e da súa obra, destacando dela o libro *Gallegos Ilustres* de 1875.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 21 abril 2004, p. 5.

Coméntase a situación do achado do pergamiño Vindel, rótulo que recolle as notacións musicais das cantigas nel copiadas, polo libreiro Pedro Vindel, en 1915, ao desencadear un volume de *De officiis* de Cicerón. A existencia dos rótulos fora proposta por Gustav Gröber en 1877, e este foi o primeiro testemuño. As publicacións de Vindel, Carolina Michaëlis, que compara a notación musical cos códices das *Cantigas de Santa María* e a grafía co *Cancioneiro da Ajuda*, e a edición de Eladio Oviedo y Arce axudaron a dar a coñecer a obra.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 22 abril 2004, p. 5.

Cítase outra vez a proposta de Gustav Gröber sobre a existencia dos rótulos coas obras dos trobadores, citando a evidencia das miniaturas do manuscrito 846 da Bibliothèque Nationale de París. Cita a continuación os tres puntos de atracción sobre, Martin Codax: o musical, o documental e o filolóxico, citando traballos nese campo dos musicólogos Higinio Anglés, Ismael Fernández da Costa ou Manuel Pedro Ferreira, a interpretación por

Carlos Villanueva; a desaparición do pergameo desde a súa descuberta ata finais do século XX; e a edición crítica de Celso Ferreira da Cunha.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 23 abril 2004, p. 5.

Cítase o éxito que logrou Martin Codax nos últimos anos coa publicación dun breve artigo de Roman Jakobson de eco moi amplo pero discutíbel, censurado á altura por Giuseppe Tavani porque prescinde do contexto cultural no momento de analizar as estruturas poéticas, e de ignorar os estudos sobre o paralelismo literal existentes ata entón. O autor afirma que ese traballo non ten o mesmo nivel que a maior parte dos traballos do crítico, pero que a súa difusión contribuíu a estender o interese pola escola galego-portuguesa a ámbitos alleos ao lusista e romanista, que antes eran os únicos a ocuparse do tema.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 24 abril 2004, p. 5.

O autor afirma que a dedicación do Día das Letras Galegas de 1998 aos trobadores do mar de Vigo (Martin Codax, Mendinho e Johan de Cangas) tamén contribuíu á súa difusión, con publicacións e congresos en Birmingham e na illa de San Simón, e afirma que este é o poeta galego-portugués máis estudado, publicado e glosado. A pesar diso, aínda non se sabe nada sobre a súa personalidade e hai dúbidas sobre o seu apelido e cronoloxía, citando como referencia as palabras de A. Resende de Oliveira sobre o tema.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 4 maio 2004, p. 5.

Reprodución literal da columna do día 24 de abril.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 5 maio 2004, p. 5.

Alude ao éxito de Martin Codax polo espallamento en Castela da cantiga de amigo e cunha pasaxe enigmática nunha das súas cantigas, que suxire varias lecturas posíbeis do papel da nai na poesía.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 6 maio 2004, p. 5.

Faise referencia ao papel da auga nas cantigas de Martin Codax, Pero Meogo, Johan Zorro e Fernand' Esquio, e a ausencia de referencias explícitas á interpretación erótica do elemento. Mendinho fai unha reformulación do tema, incluíndo nel a morte por amor.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 7 maio 2004, p. 5.

Retoma a columna do día anterior e engade unha reflexión sobre o simbolismo erótico da

auga e do mar nas cantigas de amigo, exemplificando cuns versos de Martin Codax, Mendinho e Johan Zorro, chamando a atención á presenza en moi escasas cantigas do termo "salido" en lugar de "saído".

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 8 maio 2004, p. 5.

Reprodución da columna do día 5 de maio con nova disposición tipográfica.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 18 maio 2004, p. 5.

Repetición case literal da columna do día 5 de maio.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 19 maio 2004, p. 5.

Repetición da columna do día 6 de maio con lixeiros cambios.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 20 maio 2004, p. 5.

O autor observa o tema dos baños de amor a partir dunha composición de Martin Codax. Segundo Carolina Michaëlis, o tema é moi coñecido na canción de muller románica, pero a penas se repite na obra dos trobadores Nuno Fernandez Torneol e Estevan Coelho. Tamén alude á posíbel estruturación narrativa das súas cantigas.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 21 maio 2004, p. 5.

Retoma o tema da columna anterior e incide sobre a estruturación narrativa da obra de Martin Codax, aducindo os exemplos de autores nos que a crítica viu tentativas de ordenación das composicións, como Johan Mendiz de Briteiros, Johan Nunez Camanez e Fernan Velho.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 22 maio 2004, p. 5.

Retoma as columnas dos días 5, 6 de 19 de maio.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 1 xuño 2004, p. 5.

Retoma o exposto nas columnas dos días 20 e 21 de maio.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 2 xuño 2004, p. 5.

Analiza a singularidade da obra de Martin Codax pola intensidade de elementos de cohesión nas súas cantigas, que non se debe á intervención dos copistas segundo a documentación do pergamiño Vindel, e pola existencia de diversos testemuños das mesmas. Ademais aduce que a estrutura macrotextual da súa obra é o máis antigo documentado na Romania.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 3 xuño 2004, p. 5.

Relata a sobrevaloración da singularidade do pergamiño Vindel como rótulo de trobador e portador de notación musical, e comenta que as poesías de Martin Codax sorprenden polo elevado rendemento poético dos recursos propios da cantiga de amigo, polo emprego de fórmulas da canción de muller e do inmediato da súa poesía. Reproduce a cantiga *Ondas do mar de Vigo*.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes',
, *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 4 xuño 2004, p. 5.

Retoma o exposto na columna anterior e expón que, como outros cantores de santuarios, Martin Codax refírese moitas veces na súa obra á cidade de Vigo, á súa ría e igrexa, como tamén ao tema mariño, como Johan Zorro, detectando indicios dunha concorrencia entre os dous autores, e reproduce unha cantiga do primeiro, *Mandad' ey comigo*.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 5 xuño 2004, p. 5.

Afirma o autor que Martin Codax, a pesar de que ningunha das súas cantigas destaque singularmente, é un mestre da linguaxe, e aduce como exemplos a reprodución de dúas cantigas, *Mia irmana fremosa, treydes comigo* e *Ay Deus, se sab'ora meu amigo*.

Charamuscas, 'O segredo dos nomes', *Galicia Hoxe*, 'Opinión', 15 xuño 2004, p. 5.

Retoma o comezo da columna do día 2 de xuño, saltando a comentar datos biográficos de Frei Martín Sarmiento, homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2002.

Constela, Xesús, 'Cantigas', *Diario de Ferrol*, *'Nordesía'*, 'Enfiando', 3 outubro 2004, p. 23.

Discorre sobre o fermoso comezo da literatura galega, con obras líricas e non épicas como outras literaturas, poesía esa que une a autores de diversa procedencia e clase social. Aborda posteriormente a cifra de poetas e composicións recollidas hoxe e describe sumariamente cada un dos xéneros da lírica galego-portuguesa, ilustrada con exemplos de cantigas de Martin Codax, Johan de Cangas, Fernand'Esquio, Pero Viviaez, entre outros.

García Balado, Ramón, 'Sones de 'Martín Códax' en Praterías', *El Correo Gallego*, 'La Opinión', 12 agosto 2004, p. 32.

Actuación do grupo Martín Códax en colaboración co coro Ultreia de Pontevedra o 12 de agosto na Praza das Praterías. O repertorio de músicas antigas, co cal a lírica galego-portuguesa terá unha especial relevancia e poñerase en relación coa tradición francesa de Oc.

Manuel María, 'Unha cantiga de Alfonso X O Sabio', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Homes, feitos e palabras', 15 agosto 2004, p. 4.

Escolma e relectura dunha das Cantigas de Santa María, a número 26, que trata sobre o engano do Demo a un romeu que peregrinaba a Santiago. A Virxe María será quen salve o romeu da morte devolvendo a alma ao seu corpo, do que se despegara por o romeu ter cortado, por consello do Demo, o órgano co que pecara.

Matamoros, Jose, 'Imágenes de la adolescencia', *La Voz de Galicia*, 'Patio de vecinos', 27 maio 2004, p. L15.

Pequena nota que alude á realización do congreso *O cancioneiro da Ajuda, cen anos despois* en Santiago de Compostela.

Méndez Ferrín, X.L., 'O Cancioneiro de Arnaut Daniel', *Faro de Vigo*, 'Os camiños da vida', 25 xuño 2004, p. 24.

Este artigo comenta a saída á luz dunha edición crítica bilingüe das poesías do trobador provenzal Arnaut Daniel, editada polo prof. Martín de Riquer na editorial Acantilado de Barcelona. Critica tamén a falta de interese do especialista cara á "Provenza de Occidente". Louva tamén as calidades de Arnaut Daniel como poeta universal, citado por autores como Dante, Ezra Pound ou Petrarca. Propón tamén unha tradución ao galego duns versos do trobador.

Novo, Paulino, 'Relixiosos parte IV', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'Borboriño biográfico', 25 xaneiro 2004, p. 5.

O autor aborda a figura de tres poetas relacionados coa relixión. Do primeiro, Airas Nunez, da escola galego-portuguesa, a quen se atribúe o epíteto de "clérigo", Giuseppe Tavani explica que o termo fai referencia á súa formación máis que a un cargo eclesiástico. O segundo, Juan Rodríguez del Padrón, faise monxe franciscano en Xerusalén e relaciónase co mosteiro de Herbón. O terceiro é o cura de Fruíme, figura galeguista do século XVIII.

Valcárcel, Xulio, 'Xohán de Requeixo', *El Ideal Gallego*, 'Páxina literaria', 11 xaneiro 2004, p. 4.

Relata a publicación dun libro en homenaxe ao trobador Johan de Requeixo que recolle as intervencións dunha xornada na súa homenaxe realizada o 10 de agosto de 2003 en Chantada.

Vázquez, Pura, 'Da man dunha antiga troba', *Galicia Hoxe*, 'Verbas na ebra do vento', 29 marzo 2004, p. 5.

Reflexións sobre a vila de Allariz, citando ao final a lectura da composición de D. Denis *Com' eu en dia de Páscoa queria ben comer*, que se refire aos viños de Ourense.

XI.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Añón, Marta R., 'Paulina Ceremuzynska: 'Galicia ten unha gran potencia musical', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 5 agosto 2004, p. 64.

Paulina Ceremuzynska, cantante e musicóloga, estudante de Historia da Arte, expresa o seu interese pola interpretación de cantigas medievais galego-portuguesas. En 2002 fundou en Varsovia o grupo Alienor, especializado en lírica galego-portuguesa, é dicir, Cantigas de Santa María e Cantigas Profanas. En Galicia realiza un proxecto de investigación acerca das condicións de interpretación da lírica profana galego-portuguesa, isto é, con que instrumentos se interpretaba e como se facía. As conclusións deste estudo chegarán coa gravación dun disco no que cooperarán músicos galegos como Xaneco Tubío, Roberto Santamarina e Fernando Reyes. A idea do disco é difundir a música e a cultura galega en Polonia, que a xente saiba máis sobre Galicia e coñeza a súa lingua e a súa cultura. Na súa opinión, Galicia ten un gran potencial musical para quen se dedique á lírica medieval; ofrece grandes posibilidades en canto a material, posúe moi bos luthiers e conta tamén cunha interesante iconografía musical, como se pode ver por exemplo no Pórtico da Gloria ou no Pazo de Xelmírez.

XI.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

C.D.C., 'Galicia recupera a memoria histórica dos cancioneiros', *El Correo Gallego*, *'Correo das Culturas'*, 'No medievo', 25 xaneiro 2004, p. 2.

Co gallo do seu XX aniversario, o Consello da Cultura Galega realizou a primeira edición facsimilar do Códice de Toledo, importante manuscrito do século XIII e o máis antigo dos catro que recollen as cantigas do rei Alfonso X. Con este traballo, froito de arduas negociacións coa Biblioteca Nacional, preténdese achegar a obra a estudosos e interesados na lírica galego-portuguesa. A edición estará complementada con dous novos volumes, que

incluirán a transcrición tipográfica moderna das cantigas e comentarios de especialistas na materia afonsina.

C.d.U., 'Os personaxes literarios na narrativa medieval, na USC', *El Correo Gallego/Galicia Hoxe*, 'Universidade', 30 novembro 2004, p. 3.

A Universidade de Santiago de Compostela acolleu entre os días 1 e 4 de decembro de 2004 o congreso internacional *Os Camiños do Personaxe da Narrativa Medieval*. O congreso, dirixido pola profesora de Filoloxía Románica Pilar Lorenzo Gradín, afondou nos personaxes que forman parte do imaxinario cultural europeo, como o Rei Artur, Lanzarote, Xenebra, Percebal, o Cabaleiro Zifar e Alexandre Magno, entre outros.

C.P., 'O Consello da Cultura edita o facsímile do códice primitivo das cantigas de Alfonso X', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 22 xaneiro 2004, p. 49.

Presentouse a edición facsimilar do Códice de Toledo, considerado clave na investigación do corpus afonsino, e o único que aínda non fora obxecto deste tipo de edición. Este códice, o máis antigo dos catro que se conservan, e custodiado actualmente na Biblioteca Nacional, presenta a particularidade de ser o único redactado en vida do rei Alfonso X, aspecto que lle outorga unha gran importancia lingüística, histórica e codicolóxica, e que xa fora advertido polo erudito Xosé Filgueira Valverde na súa etapa como presidente do Consello da Cultura.

E.P., 'Os expertos debaten sobre 'O Cancioneiro de Ajuda', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 25 maio 2004, p. 49.

Coa celebración, en Santiago e na Illa de San Simón, do *Congreso Internacional do Cancioneiro de Ajuda, cen anos despois*, daranse cita expertos de todo o mundo na investigación filolóxica deste importante texto medieval.

E.P., 'Ábrense novas vías para a investigación multidisciplinar do repertorio mariano', *El Correo Gallego*, 'Hoy', 10 xullo 2004, p. 74.

Con motivo da celebración do coloquio universitario internacional *As Cantigas de Santa María: Textos e contextos. Historia, arte, música e literatura*, reuníronse en Santiago de Compostela numerosos expertos na investigación filolóxica, histórica e musical do legado poético do rei Alfonso X. Nestas xornadas destacouse a importancia deste tipo de actos para o estudo da lingua galega e do papel da muller na Idade Media.

EP., 'Expertos en lírica medieval celebran cen anos do Cancioneiro de Ajuda', *El Correo Gallego*, 'Literatura', 25 maio 2004, p. 76.

Expertos investigadores filolóxicos chegados de numerosas universidades daranse cita durante catro días en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón co gallo do *Congreso Internacional do Cancioneiro de Ajuda, cen anos despois*, no que se pretende abordar, entre outros aspectos, o estado das investigacións literarias, codicolóxicas ou ecdóticas deste importante texto medieval, así como a transcendencia do legado de Carolina Michaëlis de Vasconcelos.

EP., 'O mar das cantigas protagoniza o foro sobre o 'Cancioneiro de Ajuda', *El Correo Gallego*, 'Literatura', 27 maio 2004, p. 76.

Na segunda xornada do *Congreso Internacional do Cancioneiro de Ajuda, cen anos despois,* celebrada na pontevedresa Illa de San Simón, presentaron os seus traballos investigadores de recoñecido prestixio como o doutor Harvey L. Sharrer, Gerard Gouiran, ou Esther Corral, que abordaron diversos aspectos da lírica trobadoresca galego-portuguesa.

Fraga, Jesús, 'Un códice del siglo X guarda el retrato pintado más antiguo de Santiago', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 19 xullo 2004, p. 52.

Noticia dunha nova edición facsimilar do *Libro do Beato de Liébana* polo editor Manuel Moleiro, segundo o manuscrito conservado na catedral de Xirona. Neste códice atópase o retrato pintado máis antigo do Apóstolo, xa que o códice foi copiado ao redor do ano 975, e as ilustracións foron feitas por unha muller identificada como 'En'.

Freire, Carlos, 'A versión galega do Cancioneiro', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 92, 'Letras de sempre', 23 setembro 2004, p. II.

Destaca a difusión da obra de Petrarca noutras linguas, informando que a primeira versión ao portugués, do ano anterior, é posterior á versión ao galego por Darío Xohán Cabana, versión en constante perfeccionamento. Traza tamén interesantes paralelismos entre o grande poeta italiano e o autor chairego.

MARÉ, 'Homenaxe feita escrita', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 xaneiro 2004, p. 44.

Presentouse en Chantada a edición dos poemas escritos na honra do trobador Johan de Requeixo, e que foron compostos por vinte e cinco escritores galegos e portugueses. Xunto co volume, presentouse tamén o CD no que se recolle a interpretación musical das cinco cantigas conservadas deste poeta medieval de finais do século XIII, un dos máis valorados do panorama lírico galego-portugués. No acto de presentación estiveron presentes moitos dos poetas que colaboraron nesta homenaxe escrita, que conta cunha edición de cincocentos exemplares.

MARÉ, 'O consello edita o primeiro facsímile do 'Códice de Toledo', *Galicia Hoxe*,

'MARÉ', 22 xaneiro 2004, p. 51.

Con motivo do seu XX aniversario, o Consello da Cultura Galega publicou a primeira edición facsimilar do Códice de Toledo, o máis antigo dos catro manuscritos que conservan a produción lírica de Alfonso X e o único que aínda non contaba con este tipo de edición. O secretario do CCG, Henrique Monteagudo, recalcou a importancia deste traballo, que achegará a obra aos estudosos e interesados nas cantigas galego-portuguesas, e o feito de que sexa unha institución como esta a que leve a cabo traballos desta índole.

MARÉ, 'O corpus da Galicia medieval', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 febreiro 2004, p. 53.

O Centro Ramón Piñeiro presentou en Santiago, durante un acto que reuniu a numerosas personalidades políticas, o proxecto do Corpus Documentale Latinum Gallaeciae, corpus textual completo e actualizado da documentación medieval en lingua latina relacionada con Galicia entre os séculos VI e XV, cunha base de datos de máis de oito mil rexistros.

MARÉ, 'Un luxo para os coleccionistas', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 18 setembro 2004, p. 52.

Nota informativa sobre a presentación da edición facsimilar do *Liber Sancti Iacobi* segundo o manuscrito conservado na catedral de Santiago, coa presenza de ilustres figuras e a reprodución das palabras do ilustrador da obra, Celedonio Perellón, sobre as especificidades do labor desta edición.

P.A., 'Plurilingüe Alfonso X', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 9 xullo 2004, p. 50.

O *Coloquio Universitario Internacional sobre as Cantigas de Santa María: Textos e contextos* reuniu en Santiago de Compostela a numerosos expertos investigadores como Hans Joseph Niederche, Jesús Montoya ou Mercedes Brea, que afondaron na obra lírica de Alfonso X dende distintas perspectivas. Nestas xornadas pretendeuse subliñar a importancia do labor deste monarca para o recoñecemento literario e cultural da lingua galega.

P.A.M., 'O 'Cancioneiro de Ajuda', a debate en Compostela', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 23 maio 2004, p. 62.

O Centro Ramón Piñeiro presentou en Santiago, durante un acto que reuniu a numerosas personalidades políticas, o proxecto do Corpus Documentale Latinum Gallaeciae, corpus textual completo e actualizado da documentación medieval en lingua latina relacionada con Galicia entre os séculos VI e XV, cunha base de datos de máis de oito mil rexistros.

P.A.M., 'O 'Cancioneiro de Ajuda' regresa á Illa de San Simón', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 26 maio 2004, p. 48.

A profesora da Universidade Clásica de Lisboa Ana María Ramos pronunciou a conferencia inaugural do *Congreso Internacional do Cancioneiro de Ajuda, cen anos despois*, no que se abordarán os diversos aspectos desta importante obra da lírica medieval galego-portuguesa.

S.L., 'Edición de luxo do 'Codex Calistinus', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 17 setembro 2004, p. 51.

Noticia da publicación da edición facsimilar do manuscrito conservado na catedral de Santiago pola Liber edicións en edición limitada conmemorando o ano xacobeo 2004.

S.P., 'O Cancioneiro de Ajuda volve brillar', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 29 maio 2004, p. 61.

O *Congreso Internacional do Cancioneiro de Ajuda*, *cen anos despois*, celebrado en Compostela e na Illa de San Simón (Pontevedra), congregou a expertos investigadores filolóxicos como o académico de honra da Real Academia Galega Giuseppe Tavani, Giulia Lanciani, Carlos Alvar ou Elvira Fidalgo. Ao longo de catro días abordouse, desde distintas perspectivas, o estado das investigacións sobre lírica medieval galego-portuguesa.

Tabarés, Fernanda, 'Un cáncer de cara condicionó la política del rey Alfonso X el Sabio', *La Voz de Galicia*, 'Cultura', 3 maio 2004, p. 63.

Artigo no que se dá conta da publicación dunha biografía sobre Alfonso X, na que o seu autor, Salvador Martínez, propón a hipótese de que a vida e o reinado deste importante monarca estivo condicionada por un cancro maxilofacial, que, nos momentos máis críticos, tería afectado incluso ás súas decisións políticas. A obra afonda nos aspectos máis humanos de Alfonso X, e incide no reflexo dos anos vividos en Galicia na súa obra literaria, non só no emprego da lingua galega, senón tamén na reconstrución do ambiente campestre que se desprende dalgunhas das composicións. Martínez recalca o carácter de home adiantado ao seu tempo, cun concepto cultural e político sen parangón.

Torre, C. de la, 'Las posibilidades de coleccionar Historia en formato pergamino', *El Ideal Gallego*, 16 xullo 2004, p. 80.

A partir da descrición dun facsimilar dun salvoconduto aos peregrinos a Santiago emitido polos Reis Católicos, o autor aborda o tema do mercado de facsímiles, de edición limitada e prezo elevado, aludindo tamén á existencia dunha edición facsimilar dos *Miragres de Santiago*, tradución do século XV ao galego de seccións do *Codex Calixtinus*.

Villar, Carmen, 'O Códice de Toledo publícase por primeira vez nunha edición facsímile', *Faro de Vigo/La Opinión*, 'Sociedad y cultura/Cultura', 22 xaneiro 2004, p. 41/59.

Santiago de Compostela acolleu a presentación da primeira edición facsímile do Códice de Toledo levada a cabo polo Consello da Cultura Galega. Alfonso Zulueta de Haz sinalou a importancia literaria e artística deste antigo manuscrito e adiantou que o traballo será completado con dous novos volumes, centrados na transcrición tipográfica moderna e nos comentarios de expertos nas cantigas de Alfonso X.

XII. FOLLETOS DE NOVIDADES EDITORIAIS

Edicións Xerais de Galicia. A negrura do mar e As aventuras de Said e Sheila
(DL:VG. 1059-2004).

Tríptico co que Edicións Xerais quere promocionar as obras *As aventuras de Said e Sheila* e mais *A negrura do mar*, de Ramón Caride e Miguelanxo Prado. No folleto explícase que *As aventuras de Said e Sheila* é un volume recompitatorio no que se recollen as novelas *Perigo vexetal*, *Ameaza na Antártida* e *Futuro roubado*, publicadas anteriormente, e mais o relato 'A primeira aventura', que só fora publicado no volume colectivo *Historias para calquera lugar*; dáse conta, asemade, da publicación de *A negrura do mar*, na que os protagonistas son, novamente, Said e Sheila. O folleto inclúe as reproducións das portadas de todos estes libros, abundantes mostras das ilustracións interiores e resumos dos seus contidos.

Edicións Xerais de Galicia. Agustín Fernández Paz en Xerais, lecturas na colección Fóra de Xogo
(DL:VG.825-2004).

Díptico de pequeno tamaño no que a editorial Xerais dá conta das obras que o escritor chairego publicou na colección 'Fóra de Xogo', destinada ao lectorado xuvenil. O díptico ábrese cunha fotografía do autor; no seu interior inclúese a portada de todos os seus libros publicados na devandita colección: *Rapazas* (1993), *Cartas de inverno* (1995), *Amor dos quince anos, Marilyn* (1996), *O centro do labirinto* (1997), *Aire negro* (2000), *Noite de voraces sombras* (2002) e *Tres pasos polo misterio* (2004), sinalando de cada un deles o número de edicións publicadas até o momento e os premios obtidos, de ser o caso; o folleto péchase cun breve comentario biográfico sobre o escritor.

Edicións Xerais de Galicia. Agustín Fernández Paz en Xerais, lecturas para educación primaria
(DL:VG. 824-2004).

Díptico de pequeno tamaño no que a editorial Xerais dá conta das obras que o escritor chairego publicou nas colección 'Merlín', 'Sopa de libros' e 'Paseniño', destinadas ao

lectorado infantil. O díptico ábrese cunha fotografía do autor; no seu interior inclúese a portada de todos os seus libros publicados nas devanditas coleccións: *A cidade dos desexos* (1989), *As flores radiactivas* (1990), *Contos por palabras* (1991), *O laboratorio do doutor Nogueira* (1998), *Cos pés no aire* (1999), *Un tren cargado de misteiros* (2001), *No corazón do bosque* (2002), *A praia da esperanza* (2003), *Laura e os ratos* (2004) e *Raquel ten medo* (2004), sinalando de cada un deles o número de edicións publicadas até o momento e os premios obtidos, de ser o caso; o folleto péchase cun breve comentario biográfico sobre o escritor.

Edicións Xerais de Galicia. Caderno de críticas. Arraianos de X.L. Méndez Ferrín
(DL:VG.845-2004).

Folleto publicado pola editorial Xerais de Galicia que inclúe unha ficha técnica da obra de X.L. Méndez Ferrín, *Arraianos* (1991), a súa sinopse e mais seis recensións deste libro publicadas en xornais galegos nos anos próximos á súa publicación. As recensión incluídas neste caderno son as seguintes: 'Os arraianos de Ferrín' de Xosé Manuel Enríquez, publicada en *Diario 16 de Galicia* o 7 de decembro de 1991; 'Arraianos e cada cousa no seu sitio' de Darío Xohán Cabana, publicada en *Diario 16 de Galicia* o 11 de xaneiro de 1992; 'As afinidades electivas' de Xosé Luís Franco Grande, publicada en *Diario 16 de Galicia* o 14 de decembro de 1991; 'Arraianos' de P. de S.C., publicada en *El Progreso* o 20 de novembro de 1991; 'Entre as concas do Limia e do Arnoia' de X.A. Xesteira, publicada en *Faro de Vigo* o día 17 de xaneiro de 1992; e 'Arraianos, última obra de Xosé L. Méndez Ferrín' de X.A., publicada en *Atlántico* o 22 de novembro de 1991.

Edicións Xerais de Galicia. Caderno de críticas. Destrucción de Xavier López Rodríguez
(DL:VG. 840-2004).

Folleto publicado pola editorial Xerais de Galicia que inclúe unha ficha técnica da obra de Xavier López Rodríguez, *Destrucción* (2003), a súa sinopse e diferentes recensións deste libro publicadas en xornais galegos entre os anos 2003 e 2004; as recensións incluídas son as seguintes: 'Unha pinga de esperanza' de Encarna Otero, publicado n´*A Nosa Terra* o día 26 de febreiro de 2004; 'Do terrorismo doméstico' de Maré, publicado en *Galicia Hoxe* o 23 de xaneiro de 2004; 'Un monólogo recriminatorio, xusticeiro e liberador', de Francisco Martínez Bouzas, publicado en *El Correo Gallego* o 30 de novembro de 2003; 'O tema de Destrucción xera debate' de C.V., publicada n´*A Nosa Terra* o 22 de xaneiro de 2004; e 'A xustiza pola man' de Ramón Nicolás, publicada en *La Voz de Galicia* o 8 de novembro de 2003.

Edicións Xerais de Galicia. Caderno de críticas. Intramundi de Carlos G. Reigosa
(DL:VG. 841-2004).

Folleto publicado pola editorial Xerais de Galicia que inclúe unha ficha técnica da obra de Carlos G. Reigosa, *Intramundi* (2002), a súa sinopse e diferentes recensións deste libro

publicadas en xornais galegos durante o ano posterior á súa publicación. As recensións incluídas son as seguintes: 'Novas xentes de Tras da Corda' de Armando Requeixo, publicada en *Faro de Vigo* o día 6 de febreiro de 2003; 'Intramundi' de Dolores Vilavedra, publicada n´*O Correo Galego* o 30 de xaneiro de 2003; 'Carlos G. Reigosa regresa ao seu mundo orixinal con Intramundi' de Francisco Muñoz Guerrero, publicada en *Diario de Pontevedra* o 23 de marzo de 2003; 'Un libro sen fronteiras' de Ramón Loureiro, publicada en *La Voz de Galicia* o 11 de xaneiro de 2003; 'A novela de Reigosa é unha viaxe e tamén un salvavidas' de Ramón Loureiro, publicada en *La Voz de Galicia*, o 11 de xaneiro de 2003; e 'Nos lindes abafantes de Tras da Corda' de F. Martínez Bouzas, publicada en *El Correo Gallego* o 9 de febreiro de 2003.

Edicións Xerais de Galicia. Caderno de críticas. O lapis do carpinteiro de Manuel Rivas
(DL:VG.842-2004).

Folleto publicado pola editorial Xerais de Galicia que inclúe unha ficha técnica da obra de Manuel Rivas, *O lapis do carpinteiro* (1998), a súa sinopse e sete recensións deste libro publicadas en xornais e revistas galegas entre os anos 1998 e 1999. As recensións incluídas son as seguintes: 'A realidade intelixente de Rivas' de Armando Requeixo, publicada en *La Voz de Galicia* en xaneiro de 1999; 'Intelixente realidade' de Xosé M. Eiré, publicada n´*A Nosa Terra* o 2 de xullo de 1998; 'Liñas paralelas, vidas espelladas' de Xosé Manuel Enríquez, publicada en *Guía dos Libros Novos* en decembro de 1998; 'Unha novela sen concensións' de César C. Morán, publicada en *La Voz de Galicia* en xuño de 1998; 'O lapis narrador' de Dolores Vilavedra, publicada en *Tempos* en xullo de 1998; e 'O lapis do carpinteiro' de Helena González Fernández, publicada en *Lateral* en setembro de 1998.

Edicións Xerais de Galicia. Caderno de críticas. Tic-tac de Suso de Toro
(DL:VG. 843-2004).

Folleto publicado pola editorial Xerais de Galicia que inclúe unha ficha técnica da obra de Suso de Toro, *Tic-tac* (1993), a súa sinopse e mais algunhas recensións e comentarios sobre este libro que foron publicados en revistas e xornais, tanto galegos como foráneos. As recensións incluídas son as seguintes: 'Tic-Tac, de Suso de Toro, o compás da soedade radical do ser humano' de Anxo Tarrío, publicada en *El Correo Gallego* o día 15 de xuño de 1993; 'Tic-Tac de Suso de Toro' de XGG, publicada n´*A Nosa Terra* en 1993; 'Tic-Tac' de Ángel Basanta, publicada en *ABC* o 17 de xuño de 1994; 'Misterios dolorosos' de Bernardino M. Hernando, publicada en *Tribuna* o día 26 de setembro de 1994. Recolle, asemade, breves comentarios publicados por Andrés Sánchez Magro en *Reseña*; M. Quintáns en *El Correo Gallego*, o 10 de outubro de 1993; Xabier Ribalta n´*O Correo Galego*, o 19 de xuño de 1994; Xoán González-Millán en *Anuario de Literatura Galega*; e X.M. Enríquez en *Faro de Vigo*.

Edicións Xerais de Galicia. Catálogo setembro 2004

Catálogo de prezos de Edicións Xerais de Galicia no que se dá conta de todas as obras publicadas pola editorial ao longo da súa historia. De cada unha destas obras, que se organiza atendendo á súa materia ou colección, achéganse os seguintes datos: ISBN, título, autor, número de edición, premios obtidos e premios. O catálogo inclúe, ademais, un índice de obras e autores premiados, outro de autores e outro de obras.

Edicións Xerais de Galicia. Fóra de Xogo. Catálogo 2004-2005
(DL:VG.358-2004).

Catálogo de publicacións nos que a Editorial Xerais dá conta dos setenta e oito libros publicados en 'Fóra de Xogo' dende a creación desta colección, en 1994, até abril de 2004. O catálogo ábrese cun texto, a xeito de presentación, de Manuel Bragado, no que o director da editorial explica cales foron as razóns de motivaron a creación desta colección e no que fai un breve repaso pola súa traxectoria. De seguido, preséntanse as setenta e oito fichas dos libros publicados; os datos incluídos en cada unha das fichas é, por esta orde, o seguinte: portada da obra, título, autor, número de páxinas, número de edición, nivel educativo ao que vai destinado, sinopse da obra (baixo o epígrafe 'A obra'), biobibliografía do autor (baixo o epígrafe 'O autor'); nalgúns casos, a ficha inclúe, ademais, un apartado final no que se recollen comentarios que sobre a obra en cuestión apareceron na prensa galega. Tras as fichas, preséntase un listado das obras pertencentes a esta colección que foron galardonadas en diferentes certames literarios; asemade, inclúe un amplo cadro temático no que indica a temática de cada unha das obras. O catálogo péchase cun índice de autores e autoras e cuns enderezos, postal e electrónico, nos que o lectorado pode poñerse en contacto cos autores e autoras destas obras.

Edicións Xerais de Galicia. Historia da educación e da cultura en Galicia
(DL:VG.1024-2004).

Folleto que Xerais de Galicia edita para promocionar a obra *Historia da educación e da cultura en Galicia*, de Antón Costa Rico e publicada por esta editorial neste ano 2004. O folleto, que ten formato díptico, reproduce na primeira páxina a portada do libro; no seu interior inclúe a sinopse da obra, unha breve biobliografía do autor, o índice do volume e dous fragmentos extraídos dos prólogos que Xosé R. Barreiro Fernández e Agustín Escolano Benito asinan neste libro; péchase con outro comentario breve sobre a obra e cos datos de ISBN e o número de páxinas.

Edicións Xerais de Galicia. Paseniño

Catálogo editorial co que Xerais presenta todas as obras que, destinadas ao lectorado infantil, publicaron no 2004 dentro da colección 'Paseniño'. O catálogo ábrese cunha explicación sobre os obxectivos desta colección -que os nenos e nenas melloren o proceso de aprendizaxe da lectura, que adquiran o hábito lector e que, ademais, se divirtan cos libros- e mais cunha coidada descrición desta colección; de seguido, reprodúcense as portadas dos vinte libros publicados neste ano, incluíndo para cada un deles os seguintes

datos: título, autor, ilustrador, número de páxinas, ISBN e sinopse.

Edicións Xerais de Galicia. Plan de lectura Educación Primaria 2003/2004
(DL:VG. 588-2004).

Catálogo de publicacións especialmente destinado ao profesorado galego, no que se ofrece unha proposta de lectura para cada curso de Educación primaria; cada proposta de lectura está formada por tres títulos de narrativa para cada curso, que se completa cunha selección de tres poemarios por ciclo, de tres obras teatrais para cada etapa e de dous volumes de contos prodixiosos da tradición oral galega; a proposta compleméntase cunha selección doutros títulos por ciclo, clasificados por coleccións. Este plan de lectura, que recolle obras pertencentes ás coleccións 'Merlín', 'Merliño', 'Sopa de Libros', 'Sopa de Contos', 'Paseniño', 'As aventuras de Nunavut' e 'Cabalo Buligán', complétase dun dosier de cada un dos capítulos recomendados para cada curso, no que se achega información sobre a obra (sinopse argumental e núcleos temáticos), así como unha proposta de actividades de animación que, segundo se explica no propio catálogo, están destinadas a fomentar a creatividade e a reflexión do lectorado.

Edicións Xerais de Galicia. Plan de lectura ESO e Bacharelato 2004/2005
(DL:VG.603-2004).

Catálogo de publicacións especialmente destinado ao profesorado galego, no que se ofrece unha proposta de lectura para cada curso de ESO e Bacharelato; cada proposta de lectura está formada por tres títulos das últimas novidades, que se completa cunha selección doutros seis títulos por ciclo e unha ampla escolma de clásicos da literatura xuvenil universal. As fichas de cada un dos libros presentes neste catálogo, que pertencen ás coleccións 'Merlín', 'Sopa de Libros', 'Xabarín', 'Fóra de Xogo' e 'Narrativa', achegan diferentes datos segundo sexan unha novidade, unha obra recomendada para un determinado ciclo ou unha obra da literatura universal. Este plan de lectura complétase dun dosier de cada un dos capítulos recomendados para cada curso, no que se achega información sobre a obra (sinopse argumental e núcleos temáticos), así como unha proposta de actividades de animación que, segundo se explica no propio catálogo, están destinadas a fomentar a creatividade e a reflexión dos lectores e lectoras.

Edicións Xerais de Galicia. Un libro, o mellor agasallo
(DL:VG. 994-2004).

Folleto no que Xerais inclúe as fichas de vinte e un libros e tres coleccións, publicados pola editorial entre 1992 e 2004; cada unha destas referencias inclúe os seguintes datos: portada da obra, nome do autor, ISBN, código comercial, prezo sen IVE e con IVE, número de páxinas, características das ilustracións e da portada e mais unha breve sinpse. De todas as obras de 2004 incluídas neste catálogo cómpre facer referencia, polo que respecta á literatura galega, á inclusión de *Biblia Popular Galega* de Ramón Chao.

Everest Galicia. Infantil e Xuvenil. Ler é vivir

Catálogo no que o grupo editorial Everest Galicia dá conta do seu proxecto Ler é Vivir e que acolle as obras publicadas nas coleccións 'Montaña encantada', 'Punto de encontro', 'Rañaceos' e 'Teatro', todas elas destinadas ao público infantil e xuvenil. En cada unha destas coleccións, que á súa vez se subdividen atendendo á idade do lectorado, dáse conta dos libros publicados, incluíndo os seguintes datos: título, autor, ilustrador, ISBN, tema central, sinopse e reprodución da portada. O catálogo péchase cun cadro no que se informa dos valores transversais tratados en cada un destes libros.

Fundación Pedro Barrié de la Maza. Catálogo Publicaciones 2004
(DL:C-0744-2004).

Catálogo que recolle todas as publicacións que ao longo da súa historia sacou do prelo a fundación Pedro Barrié de la Maza, distribuídas nas seguintes coleccións: 'Geografía e Historia', 'Arte, Arquitectura y Arqueología', 'Música', 'Filología y Literatura', 'Ciencias Sociales', 'Filosofía y Religión', 'Ciencias Puras y Aplicadas', 'Fundaciones' e 'Economía'; as obras incluídas en cada unha destas coleccións, que están escritas en galego ou castelán, achegan os seguintes datos: título, autor, colección, ilustrador, lugar e data de edición, ISBN, número de páxinas e características da encadernación. O catálogo complétase cos índices de autores, títulos e coleccións e mais cun apartado final no que se informa dos colaboradores da editorial e dos seus distribuidores; péchase cun boletín de pedido.

Grupo Everest. Novedades editoriales año 2004

Catálogo no que este grupo editorial dá conta de todas as novidades publicadas ao longo do ano 2004 e organizadas atendendo á súa área temática ou á súa lingua; así, este catálogo inclúe un apartado no que se recollen as novidades presentadas polo grupo Everest Galicia, destinadas todas elas ao público infantil e xuvenil. Cada un destes libros inclúe os seguintes datos: reprodución da portada, título, ISBN, medidas, número de páxinas, tipo de encuadernación e prezo.

Linteo. Catálogo de publicaciones

Catálogo desta editorial no que dá conta de todos os libros que leva publicados ao longo da súa historia, en lingua galega ou castelán e que pertencen ás seguintes coleccións: 'Narrativa', 'Poesía', 'Lintei Libri', 'Font de la Cometa' e 'Colección aberta'. Polo que respecta á literatura galega, neste ano 2004, dá conta da publicación de dúas obras: *Ciclo da terra*, de Millán Picouto, e *Memoria solar*, de Luz Pozo Garza. De cada unha das obras incluídas neste catálogo achegan o seu ISBN, o número de páxinas, o prezo, unha pequena sinopse e a súa portada.

Obradoiro-Alfaguara. Catálogo infantil e xuvenil

Catálogo no que Obradoiro-Alfaguara recolle todas as obras que teñen publicadas, destinadas ao lectorado infantil e xuvenil. De cada unha das obras indícase o título, o autor, o ilustrador e unha breve sinopse; os libros incluídos neste folleto editorial distribúense por franxas de idade: serie verde (primeiros lectores), serie violeta (desde oito anos), serie amarela (desde dez anos), serie azul (desde doce anos) e serie vermella (desde catorce anos). Ao final do catálogo inclúese unha serie de actividades para traballar cos nenos sobre seis das obras catalogadas: *Adiviñas de animais*, de Gloria Sánchez; *A longa viaxe de Carambeliña Polar*, de Ana Mª Fernández; *A bruxiña da sorte*, de Concha Blanco; *O dromedario nadador*, de Xavier López; *Contos para Manuela*, de Mario Pereira; e *Conta saldada*, de Suso de Toro; o folleto péchase cun cadro no que, ao lado do título de cada unha das obras incluídas no catálogo, se sinala o autor, o tema, a área transersal tratada, a materia curricular coa que se relaciona, o número de páxinas e o prezo.

Toxosoutos. Catálogo de libros 2004
(DL:C-2027-2004).

Catálogo correspondente ao ano 2004 no que se ofrece unha panorámica das obras que ten publicadas esta editorial, organizadas por coleccións. Así aparecen obras pertencentes a 'Serie Keltia', unha colección seriada que pretende achegar ao lector a historia, arte, literatura, lendas e estudos etnográficos do mundo celta; 'Serie Trivium', dedicada exclusivamente ao estudo do medievo galego en todas as súas facetas; 'Os Barbanzóns', colección creada este ano que acolle as obras de banda deseñada de Pepe Carreiro, dirixidas ao público infantil e protagonizadas por uns peculiares personaxes que habitan no Castro de Baroña; 'Galicia en cómic', nova serie da que se publicaron dous volumes, un dedicado a Noia e outro a Santiago, cos que se quere dar a coñecer a historia destes lugares a través do cómic; 'Nume', conformada polos volumes de narrativa, poesía e teatro; 'Narrativa histórica', que acolle volumes nos que se tratan determinados momentos históricos; 'Memoralia'; 'Trasmontes', na que se ofrecen as traducións ao galego de autores galegos que escribiron en castelán ou de autores estranxeiros; 'Fasquía', na que aparecen breves biografías de persoeiros da cultura galega; 'Cadernos Cruceiro do Rego', na que se recollen cadernos de historia, xeografía, poesía ou teatro; 'Divulgación e ensaio', centrada en libros para o gran público de temas de interese xeral como o histórico-xeográfico, o filosófico, o científico ou o etnográfico; 'Ensino', na que aparecen os libros dedicados á ensinanza de distintas materias; 'Letra inversa'; 'Colección Seitura', dedicada á recuperación de textos antigos que están esquecidos; 'Colección Delfín', na que se inclúen obras monográficas sobre temas diversos; 'Fóra de colección', onde aparecen aquelas obras que polas súas características non se adecúan a ningunha das coleccións existentes; 'Biblioteca filolóxica', na que se acollen as obras dedicadas ao estudo do campo filolóxico do ámbito hispánico; e 'Colección Lingüística', na que aparecen obras de especialistas en lingüística de diversas universidades. Cada colección distínguese das outras cunha cor característica e cada obra aparece coa reprodución da súa portada, o nome do autor, o número de páxinas, o formato, o ISBN e o prezo, así como un pequeno resumo do seu contido.

XIII. PÁXINAS WEB

A Nosa Terra
(www.anosaterra.com/)

A páxina de Heracles
(www.terravista.pt/IlhadoMel/4424/index.html)

Agrupación Cultural "O Facho"
(www.teleline.terra.es/personal/ofacho/)

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
(www.vieiros.com/museohumor/castelao.html)

Ameixa cómics
(personal.redestb.es/ferreiro/)

Andar 21
(www.andar21.net)

Andel virtual
(www.andelvirtual.com)

ANILIJ
(www.uvigo.es/anilij)

Arousáns ilustres
(www.galeon.com/arousa/arousans_ilustres.htm?)

Arredemo!!!
(www.arredemo.info/)

Referencias varias:

- MARÉ, 'Encol da sociedade en marcha', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 6 xullo 2004, p. 49.

Dá conta do proxecto que está a desenvolver na web o colectivo 'Burla Negra', baixo o nome de "Arredemo!!!", que se define como unha nova rede de cultura democrática. Salienta tamén as funcións principais deste proxecto, aínda en proceso de desenvolvemento, como a elaboración dunha base de datos propia e interna, servir de plataforma para o intercambio de noticias en tempo real, ou a promoción de accións conxuntas e mobilizacións. Recolle as palabras do poeta Carlos Santiago, que mantén que o obxectivo é converter "Arredemo" nunha ferramenta de información e comunicación alternativa, sen ningún tipo de inscrición política. Presenta ademais unha referencia ao cometido de "Burla Negra" na web incluíndo o formulario inicial para formar parte do novo proxecto.

Asociación Cultural Conversas
(www.conversas.org)

Asociación Galega de Editores
(www.editoresgalegos.org)

Asociación Teatral Artello
(www.artello.com)

Augasverso
(www.aestrada.com/fcultural/augasverso.htm)

Autores galegos
(www.autoresgalegos.org)

Batallón Literario da Costa da Morte
(www.finisterrae.com/batallon)

Biblioteca de Literatura Infantil e Xuvenil
(www.filix.org)

Biblioteca Dixital de Galicia
(www.csbg.org/bibliotecadixital/asp/index.asp)

Referencias varias:

- MARÉ, 'Biblioteca galega na rede', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 4 novembro 2004, p. 57.

Fálase da creación da web de Autores Galegos pola Biblioteca Dixital a finais do ano 2004 onde se recollerán máis de un cento de escritores dos séculos XV a XIX e onde se sumará á correspondente bibliografía, material audiovisual e datos bibliográficos á súa obra dixitalizada. Recóllense algunhas verbas do seu coordinador, Ricardo Martínez Conde, e incídese na distinción que se levará a cabo entre escritores procedentes das letras, as artes, a ciencia e os polígrafos.

- C.D.C., 'Galicia incorpora a Internet ó gran tronco da súa literatura', *El Correo Gallego*, 7 novembro 2004, p. 1.

Refírese ao último proxecto do Centro Superior Bibliográfico para a creación a finais do ano 2004 da Biblioteca Dixital de Galicia incorporando á Internet a reproducción de obras de autores galegos de entre os séculos XV e XIX. Cítase, tamén, ao coordinador do proxecto, o escritor Ricardo Martínez Conde.

Biblioteca virtual de literatura universal en galego
(www.bivir.com)

Biblioteca Virtual Galega
(www.bvg.udc.es)

Referencias varias:

- MARÉ, 'A Biblioteca Virtual cumpre dous anos', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 22 febreiro 2004, p. 62.

Fálase do segundo aniversario cumprido pola BVG, Biblioteca Virtual Galega, que apareceu o 22 de febreiro de 2002 coa finalidade constituír un portal Web dinamizador da literatura e da cultura galegas mediante o uso da rede. Alúdese ao éxito acadado durante estes dous anos co aumento de visitantes á páxina web que ascende até 140.000 internautas e do convenio que desde o inicio mantén coa Real Academia Galega e coa sección de Literatura do Consello da Cultura Galega, (Lg3).

- J.P., 'A axuda dos escritores foi vital para a biblioteca virtual', *El Ideal Gallego*, 'A Coruña', 19 outubro 2004, p. 12.

Entrevista a Laura Tato Fontaíña, na que tenta amosar a andaina que desde o seu nacemento ten a Biblioteca Virtual Galega. Así, a profesora de Filoloxía Galega e Portuguesa, admite que esta ferramenta de divulgación lingüística e literaria en Internet xurdiu na Universidade en 2002 co obxectivo de aumentar a presencia da lingua na rede, incide nas boas relacións acadadas co Consello da Cultura e con Vieiros polo traballo en conxunto e a importancia

que os escritores tiveron debido ás colaboracións desinteresadas para a constante actualización da web á vez que favorecer a súa dinamicidade.

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes
(www.cervantesvirtual.com)

Blogaliza
(www.blogaliza.org)

Referencias varias:

- MARÉ, 'Medra Blogaliza', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 30 marzo 2004, p. 49.

Dá conta, en primeiro lugar, do aumento da comunidade de Blogaliza. Logo de centrarse no espazo 'blogmillo', que ofrece todo tipo de recursos e ligazóns aos blogueiros, e enumerar as súas principais funcións, remata referíndose, por un lado, á súa adaptación para o medio impreso como o *Vai de Blog* de Fran Pérez Lorenzo na sección de opinión de GALICIA HOXE, e por outro, ao seu aumento a escala internacional.

Bravú
(www.bravú.net)

Britonia
(www.pangalaica.com/britonia/inicio.htm)

Búsola
(www.busola.net)

Cabrafanada
(www.cabrafanada.blogs-pot.com)

Referencias varias:

- MARÉ, 'Cabrafanada, o diario web de Fran Alonso', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 13 xaneiro 2004, p. 41.

Anuncia a apertura de "Cabrafanada", o diario web de Fran Alonso, un espazo que acolle textos de opinión, creación, anécdotas e reflexións persoais ou sobre a vida diaria. Tamén dá conta dos textos que se atopan no diario virtual, ademais de enlaces a outras webs sobre

cultura e ocio.

- Jaureguizar, 'O museo pon 'Puerta de Toledo', *El Progreso*, 'Auto dos danados', 18 xaneiro 2004, p. 75.

Ademais de referirse a outras cuestións, dá conta do caderno de bitácora de Fran Alonso. Sinala, ademais, que Suso de Toro pechou o seu blog, alegando cansancio.

- Carme Vidal, 'Chegan os blogs', *A Nosa Terra*, nº 1.113, 'Cultura', 22 xaneiro 2004, p. 24.

Dá noticia do aumento dos blogs na rede, salientando a incorporación de tres novos escritores de diarios electrónicos: Fran Alonso, anunciando que o escritor bota man dos blogs porque considera que a cultura galega non pode quedar á marxe das novas tecnoloxías; segue con Manuel Gago, quen subliña a inmediatez e a continuidade de comunicación como ferramentas importantes do blog; para referirse logo a María Yáñez, quen mantén que o feito de compartir información e a sensación de comunidade é a característica do blog. Refírese a Fran Alonso para mencionar que os novos cadernos virtuais enchen un oco na literatura galega, onde o diario é un xénero case inédito. Reproduce así as verbas dos tres blogueiros en canto ás vantaxes destes diarios, recordando que este xénero invade outros xéneros, algo que se exemplifica nos *Diarios,* de Anxo Sumai, ou "Vai de Blog", de Fran Pérez Lorenzo, en *Galicia Hoxe*. Remata o artigo cunha referencia a Blogaliza.

- C. Domínguez, 'Do eu ó nós, unha nova forma de comunicarse', *Galicia Hoxe*, 'Internet', 1 febreiro 2004, pp. 2-3.

Dá noticia do crecemento dos blogs en Galicia, un xénero cibernético que presenta unha nova forma de comunicación a través da rede, centrándose na plataforma *Vai de Blog*, creada por Fran Lourenzo. Logo analízanse as vantaxes e desvantaxes do *Eu* dende o punto de vista do autor, como unha certa escravitude que se debe superar pero tendo en conta o seu poder subversivo de "dotar de verdade un texto en primeira persoa" e indagar nunha nova dimensión intimista. De seguido, dá conta do número de blogueiros, destacando a Fran Alonso como unha das últimas incorporacións, onde colga no seu blog tanto textos de carácter intimista como de intervención social. Alude ademais á multidisciplinariedade do blog do poeta, e ao diálogo que se crea entre el e os internautas, superando así a unidirecionalidade da comunicación tradicional. Ao remate do artigo atópanse dúas ventaniñas "A comunidade de galicia" e "Para salvar as distancias". A primeira describindo BloGaliza como un espazo común e punto de encontro dos blogs galegos e a segunda aludindo aos galegos que están fóra e fan do blog o medio de contacto coa terra.

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
(www.cirp.es)

Centro Superior Bibliográfico
(www.csbg.org)

Referencias varias:

- MARÉ, 'Todas as letras na rede', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 1 outubro 2004, p. 49.

Fálase da tentativa do novo proxecto da Biblioteca Dixital de Galicia que a Consellería de Cultura pensa pór en marcha a finais do ano 2004, e que reunirá neste portal todo o que ten que ver coa cultura galega, recollendo bibliografía de hemeroteca, manuscritos, cartografías, monografías e referencias bibliográficas. Refírese, tamén, á súa creación en 1989 vencellada á Fundación Cidade da Cultura, e recóllense verbas do xefe do servizo do Libro e Bibliotecas da Consellería da Cultura, Daniel Buján.

Colectivo de Escritores do Eo-Navia Cotarelo Valledor
(www.teleline.terra.es/personal/cvalledor)

Concello de Sandiás
(www.concellodesandias.com)

Consello da Cultura Galega
(www.culturagalega.org)

Referencias varias:

- Natalia Álvarez, 'Creei unha especia de adición aos lectores e mais á rede', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 82, 'Entrevista', 6 maio 2004, p. III.

Entrevista á escritora Anxos Sumai con motivo da publicación en *A Nosa Terra* do seu diario *Anxos da Guarda* que foi publicado cada semana na rede. Fala, ademais, da súa relación cos lectores debido aos correos que recibía na Internet, do éxito acadado oa publicación deste diario e do debate en que participou sobre *Novas Narradoras* organizado polo Consello da Cultura Galega. Esta mesma entrevista foi publicada no xornal *La Opinión*, o día 15 de maio.

- Natalia Álvarez, 'Creei unha especie de adicción aos lectores e mais á rede', *La Opinión*, *'Saberes'*, nº 57, 'Entrevista', 15 maio 2004, p. 7.

Entrevista á escritora Anxos Sumai con motivo da publicación en *A Nosa Terra* do seu diario *Anxos da Guarda* que foi publicado cada semana na rede. Fala, ademais, da súa

relación cos lectores debido aos correos que recibía na Internet, do éxito acadado oa publicación deste diario e do debate en que participou sobre *Novas Narradoras* organizado polo Consello da Cultura Galega. Esta mesma entrevista foi publicada no xornal *Faro de Vigo*, o día 6 de maio.

Contos ínfimos
(www.geocities.com/contosinfimos)

Referencias varias:

- V. Oliveira, 'Dicíao Lampedusa, aquí todo cambia pero todo continúa igual', *Galicia Hoxe*, 'Comunicación Hoxe', 16 febreiro 2004, p. 53.

Logo de adiantar o contido da súa próxima novela, entrevístase ao escritor Santiago Jaureguízar sobre temas que versan sobre cultura, a relación entre cine e literatura, as consecuencias do conservadorismo estadounidense sobre a nosa cultura, ou a escasa relación entre literatura e gastronomía. A través de alusións ás páxinas onde o autor publica microcontos, saliéntase a importancia de internet para a creación. Así maniféstase o interese do mesmo polos blogs, sen esquecer as referencias a importantes blogueiros como María Yáñez ou Fran Alonso. Remata a entrevista aludindo á parálise do nacionalismo galego motivada fundamentalmente pola falta de mobilización do pobo. Inclúese tamén un apartado que reflicte o perfil do escritor dando conta da súa ecleticidade como artista e rematando cunha alusión ao XXº Premio 'Xerais' que o autor gañou no 2003 con *Casa Skylab.*

Día das Letras Chairegas
(www.letraschairegas.com)

Día das Letras Galegas
(www.diadasletrasgalegas.com/)

Edicións do Cumio
(www.cumio.com)

Edicións Embora
(www.edicionsembora.com)

Edicións Xerais de Galicia
(www.xerais.es)

Ediciós do Castro
(www.sargadelos.com/ga/edicios.html)

Editorial Casals
(www.editorialcasals.com)

Editorial Kalandraka
(www.kalandraka.com)

El Caserón de Milagros Oya
(www.nenos.com)

Enfocarte
(www.enfocarte.com)

Referencias varias:

- V. Oliveira, 'Escolma para unha xeración/A revista Enfocarte.com dedica unha antoloxía á nova poesía galega', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Hoy', 6 outubro 2004, p. 52/76.

Fai referencia á revista electrónica, onde se presenta una selección de dezaseis autores pertencentes ás novas xeracións da poesía galega nados entre 1965 e 1979; para cada un destes autores preséntase unha ficha biográfica e unha mostra das súas obras coa tradución ao castelán.

- Marcos Valcárcel, 'Pan por pan', *La Región*, 'Cultura', 6 outubro 2004, p. 67.

Dá conta desta páxina web, incidindo na súa importancia pola súa atención a diferentes aspectos culturais, abranxendo temas como a literatura, artes plásticas, cine e teatro, plástica, pensamento ou filosofía.

Estudios Galegos
(www.vieiros.com/estudiosgalegos)

Festival Internacional de Títeres Galicreques
(www.galicreques.com)

Fillos de Galicia
(www.fillos.org/fillos/)

Referencias varias:

- Iria Suárez, 'Fillos.org' corre o risco de desaparecer por falta de medios', *La Opinión*, 'Sociedad', 19 xaneiro 2004, p. 44.

Anúnciase a posibilidade de desaparición da web 'fillos.org' debido á falta de medios económicos e persoais. Refírese, despois, á andaina que este portal tivo na rede desde o ano do seu nacemento en 1997 como iniciativa de Manuel Casal Lodeiro, fillo de galegos emigrados que apostou por esta web como forma de reencontro de familias esgazadas pola emigración. Danse datos dos socios e dos servizos que ofrece 'fillos.org' como *Atopadoiro* ou *A nosa voz*.

- Eduardo Rolland, 'El ´centro gallego´en la red', *Faro de Vigo*, 'Galicia', 19 xaneiro 2004, p. 10.

Fálase aquí do portal para emigrantes nado en 1997 onde se ofrecen noticias de Galiza, un servizo de busca de familiares, cursos de galego ou un *chat*. Alúdese á elaboración da páxina pola Asociación Cultural Fillos de Galicia, presidida polo informático Manuel Casal Lodeiro e recóllense as súas declaracións ao respecto.

Foro literario
(www.geocities.com/foroliterario/FLGalegoN.html)

Fundación Castelao
(www.terra.es/personal/castelao/)

Galicia Solidariedade
(www.chantada.com/solidariedade/)

Galicia Viva
(www.galiciaviva.org)

GÁLIX
(www.oepli.org/galix)

Grupo Edelvives
(www.edelvives.es)

Instituto da Lingua Galega
(www.usc.es/ilgas/)

Ir Indo Edicións
(www.irindo.com)

Jaureguizar
(www.geocities.com/jaure2000)

Kiko Neves
(www.arrakis.es/~kikoneves/)

La maleta ~ página de Óscar Villán
(www.ovillan.com)

Lg3
(www.culturagalega.org/lg3)

Referencias varias:

- MARÉ, 'Novos pulos para Lg3', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 3 febreiro 2004, p. 52.

Anúnciase a presentación da revista virtual *Lg3*, unha extensión de culturagalega.org do Consello da Cultura nada en 2003, na propia sede do Consello da Cultura Galega en Compostela, contando coa presenza de Alfonso Zulueta, presidente deste organismo, Víctor F. Freixanes, coordinador da sección de Literatura e Industrias da Edición, de Xosé López, coordinador da Sección de Comunicación, Nieves Brisaboa, codirectora da Biblioteca Virtual Galega, e Manuel Gago, director do portal. A tentativa da revista virtual é amosar novas reportaxes, fichas biográficas e novos lanzamentos, dando protagonismo aos axentes que forman parte do sector como son os escritores, editores, tradutores ou libreiros.

- MARÉ/E.P., 'Alianza de lg3 coa Biblioteca Virtual de Galicia/O Consello da Cultura e a Biblioteca Virtual, unidos pola rede Internet', *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, 'MARÉ/Hoy', 4 febreiro 2004, p. 52/75.

Refírese á colaboración entre a web literaria do Consello da Cultura Galega, *Lg3* e mais a

Biblioteca Virtual de Galicia, xurdida da man da Universidade da Coruña, e ás posibilidades que achegará este novo convenio. Recolle así as explicacións de Freixanes sobre a recolla das tertulias literarias que ten previsto organizar o Consello da Cultura e dá conta da satisfacción que amosaron o presidente do CCG, Alfonso Zulueta, e mais o coordinador da Sección de Comunicación e decano da Facultade de Ciencias da Comunicación, Xosé López.

Libraría Couceiro
(www.iaga.com/couceiro/index.stm)

Lonxa Literaria
(www.lonxaliteraria.tqr.biz)
.

Lúa Gris. Espacio para a poesía galega
(www.luagris.net)
.

Marilar Aleixandre
(www.terra.es/personal8/rfacal/)
.

Martin Codax
(www.cervantesvirtual.com/bib_autor/Codax/)
.

Murguía. Revista Galega de Historia
(www.revistamurguia.com)
.

Museo Castelao
(www.museocastelao.org)
.

Nadir
(www.arrakis.es/~rojea/nadir.htm)
.

Necesariamente X
(www.mais.vieiros.com/necesariamentex)
.

O Espello
(www.terravista.pt/Enseada/6172/espello/index.html)

.

O Pica-Folla
(www.o-pica-folla.org)
.

O Q do mundo
(www.ctv.es/USERS/luz)
.

Omnibus
(www.revistaomnibus.com/)
.

Patronato da Cultura Galega
(www.internet.com.uy/pcgalega)
.

Páxina de Avelaíña
(www.geocities.com/Area51/Shadowlands/7336/index.htm)
.

Pepe Carreiro
(www.terra.es/personal7/pecarrei/)
.

Poesía Lunática
(www.iitalia.com/luagris/luagris/lunatica.htm)
.

Referencias varias:

- MARÉ, 'Versos do mundo para falar galego', *Galicia Hoxe*, 'MARÉ', 28 abril 2004, p. 53.

Faise eco do proxecto *Poesía Lunática*, posto en marcha polos poetas que colaboraron coa publicación en rede de *A lúa gris,* destacando dous obxectivos principias: ofrecer ao lector galego a posibilidade de ler na súa lingua textos de distintos poetas e exercitar o labor da tradución, definida como enriquecedora para a literatura.

Polaqia
(www.inicia.es/de/kikebenlloch/polaqia)
.

Por conto alleo
(www.vieiros.com/rlts.asp)
.

Quartoescuro
(www.quartoescuro.org)
.

Redes Escarlata
(www.redesescarlata.org/)
.

Sala Nasa
(www.salanasa.com)
.

Sotelo Blanco
(www.corevia.com/~sotelo/index.html)
.

Suso de Toro
(www.ywz.com/susodetoro)
.

Teatro Avento
(www.teatroavento.com)
.

Tempus Naturae
(www.geocities.com/Paris/Rue/8653/index2.htm)
.

Títeres Cachirulo
(www.titerescachirulo.com)
.

Tresctres
(www.tresctres.com)
.

Referencias varias:

- Emilio Forxán, 'A editorial 3C3 Editores de Santa Comba pon en Internet o se fondo de libros', *La Voz de Galicia*, 'Comarcas', 20 outubro 2004, p. L13.

Anúnciase a posta en marcha da nova páxina de internet da Editora de Santa Comba, onde aparecen referencias a autores, coleccións ou novidades editoriais. Fálase, tamén, das novas publicacións que a editorial do Xallas publicará no último trimestre do ano 2004, como é o caso do libro ¡*A muller, que cale! Raíces do antifeminismo,* de Xosé Chao Rego, ou *Monasterios, cartujas y conventos en las rutas compostelanas españolas*, de José Vicente González e Mariano Azores Torres; de dous novos libros de poesía: *Maio de mel ou lapa* de

Xoán Xosé García e *Para no sufrir amnesia* de Juan Besada; dun *Diccionario galego de filosofía,* de Manuel Rivas, Moisés Lozano e Xosé Manuel Domínguez; ou de dous libros de ensaio: *A crise da fidalguía galega 1812- 1868,* de Antonio Presedo Garazo, ou *A emigración dos galegos a Río de Janeiro,* de Erica Sarmiento.

- A.N.T., '3C3 Editores estrea páxina web', *A Nosa Terra*, nº 1.147, 'Cultura', 21 outubro 2004, p. 25.

Fálase da inauguración da páxina web da editorial 3C3 que permite o acceso ao seu catálogo completo ou mercar as obras por correo electrónico, ademais de facer posíbel a consulta de fichas dos autores, as coleccións de literatura didáctica e as últimas novidades do mundo editorial. A seguir, dáse conta das últimas obras que a editora vén de publicar, entre as que se atopa ¡*A muller, que cale! Raíces do antifeminismo,* de Xosé Chao Rego; *Maio de mel ou lapa,* de Xoán Xosé García e *Para no sufrir amnesia,* de Juan Besada; ou a novidades en didáctica e ensaio: *Diccionario galego de filosofía,* de Manuel Rivas, Moisés Lozano e Xosé Manuel Domínguez; *A crise da fidalguía galega 1812- 1868,* de Antonio Presedo Garazo, e *A emigración dos galegos a Río de Janeiro,* de Erica Sarmiento.

Vieiros
(www.vieiros.com)
.
Referencias varias:

- R.M.C., 'Anxo Quintela: 'Cando me sae, escribo e punto', *Galicia Hoxe*, 'Latitudes', 26 febreiro 2004, p. 64.

Entrevista a Anxo Quintela presentada dende tres perspectivas distintas: como xornalista, poeta e director do portal galego Vieiros. Comeza a entrevista facendo balance do seu posto no web para logo definir o portal como un lugar aberto, que presenta unha información que non se encontra nos medios tradicionais. Logo as preguntas céntranse na traxectoria profesional do director dende os seus comezos en *Video Voz* até o actual labor de director de Vieiros, estabelecendo diferencias entre o traballo na TV e no web. Remata referíndose á súa faceta de poeta.

- V. Oliveira, 'Aspiramos a converternos nun medio de referencia na rede', *Galicia Hoxe*, 'Comunicación Hoxe', 1 marzo 2004, p. 53.

Logo de facerse un breve repaso do web Vieiros dende o seu nacemento no 1996, faise unha entrevista a Anxo Quintela, director do mesmo, para describir os cambios que se están a facer neste web, tanto a nivel de deseño como de contidos. Neste último, manifesta que se está a potenciar, por un lado, a sección de opinión e, por outro, iniciativas de creación en galego e a edición de noticias que poñen en contacto aos emigrantes con Galiza. Remata ofrecéndonos un percorrido pola traxectoria profesional de Anxo Quintela.

- Natalia Álvarez, 'O importante xa non é só buscar a noticia, senón xerar coñecemento', *Faro de Vigo*, *'Faro da Cultura'*, nº 104, 'Entrevista', 16 decembro 2004, p. III.

Entrevista a Anxo Quintela na que responde ás preguntas formuladas por Natalia Álvarez sobre o xornal dixital de referencia en Galiza. O director de Vieiros comeza por subliñar a complicidade cos lectores como responsábel do éxito do xornal para logo destacar a implicación do persoal na información do futuro. Ofrece, tamén, a súa opinión sobre a censura dixital e validez da información que achegan os blogs. Reivindica, ademais, a necesidade de políticas activas a prol das Tecnoloxías de Información e Comunicación. Logo de lembrar o premio que Vieiros acadou no apartado de *Comunicación TIC 2004* pola información e tratamento feito sobre as TIC e a sociedade de información, a entrevista conclúe cunha referencia á superación do localismo informativo no canal *Lusifonía*, que estreita relacións con Portugal ou Brasil.

Voz de Galicia
(www.lavozdegalicia.com)
.

Xabier Frías Conde
(www.teleline.terra.es/personal/roxavi/homepage.htm)
.

Xanela da cultura
(www.xaneladacultura.com)
.

Xornal Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela
(www.usc.es)
.

Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
(www.xunta.es/conselle/cultura/index.htm)
.

Yolanda Castaño
(www.fyl.unizar.es/delegacion/palabras/40/40.html)
.